I. Narrativa

I. 1. Narradores galegos





Álvarez Cáccamo, Alfonso, *O bosque de levas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 190, decembro 2002, 223 pp. (ISBN: 84-8288-584-7).

Novela de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) na que o narrador, Alberte, é un profesor de instituto que nos conta cómo entra na súa vida e na da súa familia o espectro dun impresor liberal axustizado durante o reinado absolutista de Fernando VII. O espectro non puido morrer de vez pola indignación que lle supuxo ser executado por medio do garrote vil, como se fose un vulgar ladrón, xa que como liberal que loitaba contra o absolutismo tería que ser fusilado; dende entón dedicouse a vagar pola península, ata chegar a Galicia, buscando o xeito de morrer dignamente. Así, ao longo da obra abórdase a convivencia da familia co espectro, que conta a súa historia, e contrástanse así dúas realidades históricas, a da Galicia de finais do século XX e a do reinado de Fernando VII. Esta convivencia acaba por ocasionar problemas, e finalmente Alberte busca o xeito de que o espectro sexa fusilado logo dun xuízo militar por traizón á coroa, para que deste xeito poida descansar en paz.

Aneiros Díaz, Rosa, *Corazóns amolecidos en salitre*, XIº Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero 2000, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 159, 2002, 123 pp. (ISBN: 84-8487-010-3).

Esta obra de Rosa Aneiros Díaz (Taraza-Meirás-Valdoviño, 1976) está formada por catorce relatos nos que o mar é o eixo. Son historias de diferentes personaxes, nomeadamente mulleres –que xogan un papel esencial na súa veneración e/ou odio cara ao mar, dende diferentes ópticas: viúvas, emigración, amor, traballo, etc., e en diferentes épocas (emigración a América, a Europa, etc.)– e que en conxunto nos amosan unha verdadeira panorámica da vida mariñeira galega. Cada relato é como unha homenaxe á xente galega vinculada ao mar e cada unha destas homenaxes comeza cunha cita nas que as xentes mariñeiras reflexionan sobre o que para eles é o mar.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Olladas e sentimentos aderezados con sal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 4 agosto 2002, p. 4.

Sinala as características máis salientábeis de *Corazóns amolecidos en salitre* e entre elas subliña a importancia do mar, coas evocacións de contornos mariños, e mais da ollada feminina. Comenta tamén que Rosa Aneiros está a facer desaparecer a invisibilidade das mulleres na narrativa galega e defínea como “auténtica contadora de historias”.

- Marta R. V., “Na realidade suceden cousas que nin a mente máis fértil inventaría”, *El Correo Gallego*,“*Correo das Culturas*”, 8 setembro 2002, p. 2.

Saliéntase que cada relato de *Corazóns amolecidos en salitre* é unha homenaxe ás xentes do mar e que neles hai unha fonda pegada xornalística. Afírmase tamén que estamos perante a loita constante entre o mar e as mulleres, e defínese este volume como “un retrato cheo de beleza e desacougo da realidade do mar”.

-Xosé M. Eyré, “Sentimentos arredor do mar”, *A Nosa Terra*, nº 1.048, “Cultura”, 19-25 setembro 2002, p. 26.

Comézase aludindo á traxectoria literaria de Rosa Aneiros e a seguir debúllase *Corazóns amolecidos en salitre* facendo unha breve aproximación a cada un dos catorce relatos que o integran. Lóase o lirismo da súa narración, destácase que a súa autora é unha narradora hábil e sublíñase que son "historias para unha leitura demorada".

- Francisco Martínez Bouzas, "Con corazóns amolecidos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 10, "Libros", 19 setembro 2002, p. IV.

Ponse de manifesto a rara avis de Rosa Aneiros, creadora puxante e eficaz de novas historias, dentro da miseria temática do relato curto en galego. Destácase que a narración de *Corazóns amolecidos en salitre* se alicerza na "evocación lírica e intimista" do mar e recálcase que estamos perante unha "escrita requintada" e imbuída de lirismo.

Referencias varias:

-A. N. T., "Rosa Aneiros: o mar produce amor e odio", *A Nosa Terra*, nº 1.039, "Fin de semana", 21-26 xuño 2002, p. 35.

Saliéntase, apoiándose nas palabras de Rosa Aneiros, que o mar é o encargado de fiar estes relatos e que un dos aspectos implícitos de *Corazóns amolecidos en salitre* é a denuncia das condicións dos percebeiros.

- Vicente Araguas, “Salitre”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 21 xullo 2002, p. 56.

O articulista recalca que leu estes relatos de *Corazóns amolecidos en salitre* “co corazón nun puño” xa que nel temos emoción e convicción, e asemade destaca as súas marabillosas historias de amor.

- Lupe Gómez, “Rosa Aneiros: a necesaria fantasía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 441, 31 outubro 2002, pp. 2-3.

Rosa Aneiros fala con Lupe Gómez da súa escrita e alude a algunhas das características de *Corazóns amolecidos en salitre*. Afirma que da imaxinación é de onde nace toda a súa escrita literaria, que este volume é unha homenaxe ás persoas da súa familia que foron

percebeiros e percebeiras, da interrelación xornalismo-literatura e con referencia aos seus gustos literarios resalta *El amor en los tiempos del cólera*, de Gabriel García Márquez.

Aneiros, Rosa, *Resistencia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 183, decembro 2002, 302 pp. (ISBN: 84-8302-925-1).

Resistencia é a primeira novela longa para adultos da escritora e xornalista Rosa Aneiros (Taraza, Meirás-Valdoviño, 1976). Nela nárrase unha historia baseada en feitos reais e ambientada en Portugal, na época que vai da dictadura salazarista á proclamación da democracia. Os personaxes ven multiplicarse as súas historias ou as dos seus antepasados nunha especie de eterno retorno do que non poden fuxir. Froito do amor ilexítimo entre Isaura e António Gonçalves naceu, na vila mariñeira de San Pedro de Moel, Dinís, o protagonista masculino. Sendo aínda moi novo pasa a traballar como operario do vidro nunha fábrica, onde entra en contacto con Raúl Guimarães, peón coma el, quen sabe captar o potencial activista que Dinís posúe e o inicia na loita revolucionaria. Na súa reivindicación sindical, os seus inimigos virán ser, ironicamente, o seu propio avó e o irmán paterno. Como consecuencia, Dinís acaba por ser recluído na prisión de Peniche e así interrómpese a historia de amor oculto que mantén con Filipa, a filla dun burgués asentado en Coimbra, e que comezara nas vacacións estivais da rapaza canda a súa avoa, dona Leonor (principal protectora deste namoramento segredo). Filipa, envolvida tamén coa oposición ao réxime, é

obrigada a exiliarse co pai a Río de Janeiro. Os anos pasan e Dinís e Filipa nada saben un do outro: a PIDE ten confiscados os centos de cartas que aquel lle escribe a esta. Concibida segundo unha estructura circular, a narración dá comezo e remata no verán de 1994, cando Filipa regresa a Portugal para cumprir a derradeira vontade do seu pai recentemente finado no Río, visita o antigo cárcere de Peniche e alí bate cuns documentos moi significativos: as misivas de Dinís que ela nunca tiña recibido. O reencontro entre os vellos amantes só ten lugar na imaxinación do lector, pois a novela acaba coa protagonista nunha encrucillada de camiños que a poden levar, cara ao Brasil de novo ou ata Dinís.

Blanco Ramos, Carmen, *A golpe de dor*, prólogo de Manuel Pereira, ilust. Cristina Durán Arufe, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, col. Céltigos/Narración, nº 2, 2002, 72 pp. (ISBN: 84- 932136-7-5).

Esta primeira novela de Carmen Blanco Ramos (Vilar de Céltigos-Santa Comba-A Coruña, 1957) está introducida por unha dedicatoria á súa nai e un pequeno texto de Manuel Pereira Valcárcel, quen se encarga tamén de elaborar un prólogo, no que se refire a esta obra como "Novela breve, pero de longo poder suxestivo, evocador e reflexivo. Escrita dende a madurez, en diálogo continuo co pasado, entre a luz e o escepticismo da experiencia". A partir da lectura dun telegrama da morte da súa nai en Istambul, a protagonista feminina regresa á súa aldea da Galicia interior, da que saíra con a penas cinco anos de idade. Así, ao longo de tres capítulos numerados en romano, dende a súa dor e angustia vai establecer un monólogo abafado polos recordos da súa infancia, da figura do seu avó, a do seu pai, que pouco coñeceu, e a da súa nai, así como o recordo dun aborto voluntario na súa mocidade ou o rexeitamento cara ao seu compañeiro sentimental. Esta muller inestábel atrapada polo seu pasado e lembranzas, pouco a pouco, vence esa loita interior e ábrelle paso a un novo home na súa vida, o que vai provocar que "o meu pasado comeza a ter

sentido e o meu futuro unha tendencia ou un destino". Acompañan esta obra tecida por frases curtas, pero cargadas de dor e sentimento, o traballo ilustrativo de Cristina Durán Arufe (Santa Comba de Xallas, 1975).

Recensións:

- Xosé Antonio Maroño Buján, “O fillo do emigrante/A golpe de dor”, *Grial*, nº 156, Tomo XL, “Liberalismo, Comunitarismo, Republicanismo”, “Libros”, outubro- novembro-decembro 2002, pp. 767-770.

Refírese aos dous primeiros números da nova colección de narrativa da editorial tresCtres. En primeiro lugar alude a *O fillo do emigrante*, na que Pablo Vaamonde ofrece unha nova achega ao mundo da emigración. Sen embargo destaca que non se tratan migracións pretéritas senón situacións que están a ocorrer nos nosos días. Ademais disto sinala que se trata na novela o tema do respecto e autoridade paterna, así como o do fracaso persoal, situación á que se ven abocados os seus protagonistas. Por outra banda indica que, a pesar dos matices pesimistas, esta novela polifónica, de ritmo áxil e ameno, constitúe un relato

agradábel que invita e anima á lectura. A seguir céntrase en *A golpe de dor*, primeira novela da escritora xalleira Carmen Blanco, membro dos grupos literarios “La Buena Letra” e do “Grupo Bilbao”. Sobre esta obra salienta a súa atmosfera intimista e o seu elevado ton poético. Ofrece ademais un resumo da historia, da que se destaca o seu dramatismo, só aliviado ás veces con digresións paisaxísticas dunha aldea que resulta ser remanso de paz para a atormentada protagonista. Finalmente xustifica o título da novela apoiándose no argumento e repara no ritmo vibrante desta historia que conta con abundantes saltos temporais e moitas contradiccións na protagonista, creando así tensión e incerteza no lector ata o final.

Referencias varias:

- C. B. M., “O monólogo da dor e a terra”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 maio 2002, p. 34.

Anuncia a saída do prelo da obra de Carmen Blanco, *A golpe de dor*, na que a dor cobra un cariz moi importante, chegando a converterse nun personaxe. Apunta que, segundo a autora, todos os personaxes son ficticios, a excepción da egua Linda, e que non se trata dun

relato autobiográfico, pese a que haxa certos paralelismos entre a protagonista e a súa creadora. Afirma que na obra existe unha crítica aos cambios operados no mundo rural e á perda de valores actuais, ademais de puntualizar que a autora optou porque a acción se desenvolvese en Galicia porque “esta terra está máis identificada coa dor”.

- C. Botrán, “O fillo do emigrante’ y ‘A golpe de dor’, dos obras de lucha personal”, *El Correo Gallego*, 30 xuño 2002, p. 39.

Dá conta da presentación das dúas novelas publicadas por 3C3, *O fillo do emigrante*, de Pablo Vaamonde; e *A golpe de dor*, de Carmen Blanco, buscando os puntos de conexión que se observan entre elas. En ambas destaca a loita que se desencadea, xa sexa colectiva ou individual, o feito de que ambos autores estean vinculados á terra do Xallas, que inauguren ambos a colección ou o feito de compartiren ilustrador. Achégase ao argumento de ambas novelas, apuntando na de Vaamonde a loita do rural, a incerteza da emigración ou o abandono persoal como algunhas das claves temáticas, mentres que na de Carmen Blanco destaca a reflexión e a loita persoal da protagonista pola superación dos atrancos

vitais. Remata referíndose ás ilustracións que aparecen en ambas entregas e ás persoas asistentes ao acto de presentación.

- X. Amancio Liñares Giraut, “Cristina”, *La Voz de Galicia*, “O fiadeiro”, 30 xuño 2002, p. 2.

Centra este comentario na obra pictórica de Cristina Durán Arufe, quen ilustrou o volume de Carmen Blanco Ramos, *A golpe de dor*. Tamén apunta que a citada pintora deseñou a cuberta de *O fillo do emigrante* (2002), unha novela de Pablo Vaamonde.

Borrazás, Xurxo, *Pensamentos impuros*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 178, setembro 2002, 223 pp. (ISBN: 84-8302-859-X).

Nesta nova achega literaria de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) atopámonos, como adoita suceder na producción deste escritor, perante un volume de difícil clasificación. *Pensamentos impuros* está formado por cincuenta e tres relatos curtos ensarillados, con número e título, nunha estructura secuencial na que predomina un narrador en primeira persoa. Nestas narracións –que aparecen definidas como "uns textos onde cada idea e a progresión desa idea son en boa medida intuitivas, a redacción reflexiva"– mestúrase a ficción coa realidade. Sobresae o monólogo reflexivo do autor sobre numerosos temas: efecto 2000, espantallos, térmites, merlos, lectura en papel ou CD-Rom, bibliotecas que foron arrasadas polo lume –de Alexandría á máis recente de Saraxevo–, os seus amigos – Xes, Pancho ou Farruco–, filmes, etc., dentro dos que a literatura xoga un papel sobranceiro. Así vemos a importancia da esposa do narrador –Marta– na elaboración deste volume, as queixas dos escritores e incluso se fai referencia á obra *Eu, é* de Xurxo Borrazás, ou ao segundo Encontro de Escritores e Escritoras da Costa da Morte.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Dialéctica literaria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, “Libros”, 7 novembro 2002, p. IV.

Considera que as múltiples historias de *Pensamentos impuros* son un bo exemplo da frescura e espontaneidade da escrita de Xurxo Borrazás. Destaca tamén o seu “bo número de microhistorias, moitas delas presentadas en clave simbólica” así como as ricas propostas que teñen cabida neste volume coa mestura da memoria persoal ou privada e a ficción.

-Ramón Nicolás, “Máis alá dos xéneros”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 14 decembro 2002, p. 10.

Comeza sinalando que nesta obra de Xurxo Borrazás, *Pensamentos impuros*, o autor volve presentar un texto sen adscrición clara a un xénero literario. Destaca que a estructura secuencial favorece altas doses de ironía e humor coas que se xoga entre a ficcionalidade e a “disección aguda e intelixente da nosa realidade”. Alude á presencia de personaxes xa

coñecidos e a un protagonista-narrador “máis espido e transparente ca nunca” que percorren as microhistorias que forman a obra. Tamén sinala que os pensamentos veñen da man de Marta, o alter-ego da muller do narrador, que chega a crear desasosego nel. Remata cualificando a obra como “libro fresco, espontáneo”, no que se atopan abondosas reflexións e suxestións.

-Xosé M. Eyré, “Os pensamentos de Borrazás”, *A Nosa Terra*, nº 1.060, “Cultura”, 12-18 decembro 2002, p. 26.

Xosé M. Eyré comeza a definir *Pensamentos impuros*, de Xurxo Borrazás como un conxunto de prosas que abranguen un abano temático moi variado e moi difícil de sintetizar. Mostra a continuación a importancia de Marta dentro da narración, quen é definida como un “artificio creado pola voz narradora para dialogar” co autor da obra. Subliña tamén as diferentes estructuras do libro e recalca que este volume xorde do cruzamento entre reflexión e narración.

Referencias varias

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 16, “Libros”, 31 outubro 2002, p. VII.

Comeza estas reflexións conxuntas sobre tres publicacións con *Pensamentos impuros*, de Xurxo Borrazás, obra da que sinala que se inscribe na tendencia literaria que mantén que non se debe diferenciar entre soño, memoria e imaxinación, na que a reflexión, a cotidianeidade, a literatura e a vida van da man. Segue por *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, de Xosé Ramón Pena, que considera que é un exhaustivo traballo co que tenta favorecer o achegamento de calquera lector a esta materia, revisando as análises e estudios que se publicaron ata o de agora, á vez que ofrece unha visión persoal das causa da formación, esplendor e decadencia das Letras galegas cunha ollada ampla e obxectiva. Remata con *Escáner*, de Caride Ogando, unha antoloxía na que sinala que fai un percorrido pola súa narrativa breve, publicada dende 1991, e ofrece relatos realistas xunto con outros de temática fantástica. Recóllense as palabras do prologuista do libro que sinala que Ramón Caride é un escritor “comprometido coa sociedade e co seu tempo”. Por outro lado,

coméntase que neste libro se recollen todas as tendencias da narrativa curta de Caride, realismo, denuncia, compromiso e hiperrealidade, entre outras

- Manuel Vidal Villaverde, “Relatos como detalles”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 10 novembro 2002, p. 47.

Conversa con Xurxo Borrazás na que reflexiona sobre os seus comezos literarios na poesía, sobre as motivacións de carácter psicoafectivas que o levan a escribir obras como *Pensamentos impuros*, posto que considera que ninguén escribe para si mesmo.

- Carme Vidal, “Xurxo Borrazás: na literatura hai moita tradición escolástica”, *A Nosa Terra*, nº 1.060, “Cultura”, 12-18 decembro 2002, p. 29.

Comeza Xurxo Borrazás aludindo aos matices relixiosos que se poden desprender do título da súa obra, *Pensamentos impuros*, da cotidianeidade e realidade á que responden algúns personaxes e ás semellanzas que se atopan no protagonista co autor real e que responden a unha decisión de escribir sobre o que lle apetecía. Segue aludindo á falta dun xénero ao

que adscribir a súa obra, posto que o único que buscaba era entreter e emocionar, que é unha das calidades da literatura que máis valora. Considera que a linguaxe afasta ao autor da realidade, unha abstracción que aparece simbolizada polo coleccionismo de listaxes que leva a cabo o personaxe secundario Pancho; móstrase consciente do cambio que se deu na súa obra pero non sabe a que é debido e da dificultade de chegar a un público amplo a través da literatura galega. Remata negando que sexa un dos renovadores da narrativa galega, posto que considera que iso se levou a cabo nos autores oitenta con autores como Reixa, Toro, Rivas ou Cid Cabido.

Calvo, Tucho, *Corazón entre desertos*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 41, 2002, 139 pp. (ISBN: 84-7680-401-6).

Volume de Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) que reúne dezanove relatos, de pouca extensión en xeral, caracterizados por un estilo lingüístico que tende á sinxeleza e á claridade expresiva, incluíndo mesmo algúns xiros coloquiais. Destaca nestas pequenas pezas a habelencia do narrador (unhas veces omnisciente, outras protagonista ou testemuña) para se situar nas fendas abertas entre o real cotián e o inesperado e fantástico. Dende o relato autorreflexivo que abre a serie, “A Musa”, ata figuracións futuristas como as dos contos titulados “Corazón” e “Un ser diferente”, pasando polas narracións máis realistas (“Corvo mariño”, “Pequena esmorga”, “Flores de pobreza”) ou aquelas en que domina o misterio e o medo (“A metamorfose”, “O coche negro”), no libro de Tucho Calvo é a existencia humana, nas súas diversas facetas e aparencias, a verdadeira protagonista. A través do recurso ao comezo *in medias res*, o lector introdúcese no mundo ficcional establecido en cada conto como se xa formase parte del con anterioridade. Pódese finalmente observar no conxunto a multiplicidade de espacios (reais, da Coruña a Nova

York, ou imaxinarios) e mais a presencia de temas inmorredoiros como son o amor, a busca da felicidade, a soidade, a saudade, a abulia ou a morte.

Recensións:

- Raúl Veiga, “A vida posible”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 15 xuño 2002, p. 11.

Comeza sinalando que en *Corazón entre desertos*, Tucho Calvo confronta ao lector coa vida dende a liberdade, a madurez e a experiencia acumulada como narrador. Sinala que nesta obra transita entre a “realidade e as súas metamorfoses” para deseñar estampas da Galicia actual. Exemplifica co relato “Flores de pobreza”, no que o autor consegue atopar a dignidade e a fermosura posíbel en toda vida. Destaca así mesmo o humor presente incluso en situacións tráxicas, como ocorre na propia vida, e aqueles contos construídos “sobre a distancia do narrador ao que conta”, co que intriga ao lector e mantén o enigma. Remata salientando a brevidade dalgúns textos da obra e a súa capacidade de facernos volver a eles.

- F. Martínez Bouzas, “Relatos e mais relatos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 134, 17 xuño 2002, p. 3.

Sinala que Xosé Benito Calvo Rego –coñecido no mundo xornalístico e literario como Tucho Calvo– regresa ao relato curto con este volume que ten unha estructura moi aberta onde teñen cabida calquera tipo de historias cunha narración áxil e fluída. Remata enfatizando que o sistema literario galego está a ser engulido por “unha verdadeira inflación do subxénero do relato breve”.

- Xulio Valcárcel, “Relatos de Tucho Calvo”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 214, “Páxina literaria”, 14 xullo 2002, p. 4.

Comeza afirmando que Tucho Calvo presenta estes dezaoito relatos breves despois de quince anos de silencio neste xénero. Manifesta que na súa escrita expresa o drama do noso tempo e que nestes relatos podemos ollar a realidade vivida por seres orfos, fráxiles e atormentados polas circunstancias. Remata destacando que todos eles se caracterizan pola densidade psicolóxica.





Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, “Libros”, 27 xuño 2002, p. V.

Reflexións conxuntas sobre as obras *A embaixada do vinagre*, de Xosé Luís Martínez Pereiro e *Corazón entre desertos*, de Tucho Calvo. Da primeira, sinala que foi a gañadora do premio Vicente Risco de Literatura Fantástica e que nela se reúnen unha manchea de relatos marcados pola presencia da maldade, nos que o autor xoga coa realidade e a ficción. Da segunda, sinala que é froito da relación entre “a realidade e as súas metamorfoses” e que o lector pode atopar elementos da vida cotiá á vez que míticos. Remata sinalando que nesta obra late a preocupación constante de Tucho Calvo que é a comunicación entre as persoas.

- Tucho Calvo, “Corazón”, *La Voz de Galicia*, “*Los domingos de la Voz*”, 5 maio 2002, pp. 10-11.

Cunha ilustración de Miguel Anxo Prado, Tucho Calvo ofrécenos un relato do seu libro, *Corazón entre desertos* (2002), que a editorial Ir Indo vai pór á venda proximamente. Este relato titúlase "Corazón" e nel relátase unha historia de amor, cuberta polos celos e a vinganza, na que o corazón transxénico do amado fará que a amada recobre de novo a vida.

- Juan R. Gómez Aller, "Tucho Calvo regresa al relato con 'Corazón entre desertos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 maio 2002, p. 34.

Refírese á presentación da nova obra de Tucho Calvo, *Corazón entre desertos*, que consta de dezanove relatos. Enumera as persoas que asistiron ao acto, entre as que estaban Raúl Veiga, Carlos Paulo Martínez ou Xosé A. Perozo e salienta a gran cantidade de xente que se congregou para este acto.

- Francisco Castro, "Corazón entre desertos", *Atlántico Diario*, "a crítica", 15 xuño 2002, p.

12.

Dá conta da presentación de *Corazón entre desertos*, de Tucho Calvo, que describe como unha serie de historias que tratan temas tan universais como o amor, a aventura, o desconcerto, a fermosura da vida, etc. Salienta algúns deles como o primeiro ou “Viaxe por Trapananda” unha especie de crónica de viaxe.

- Carme Vidal, “Tucho Calvo: a literatura está a volver aos xornais”, *A Nosa Terra*, nº 1.039, “Cultura”, 21-26 xuño 2002, p. 29.

Recóllense as opinións de Tucho Calvo sobre este volume e mais sobre *O xabaril branco* (2000). Afirma que *Corazón entre desertos* é un libro de relatos dispersos con temas e extensión variados vinculados todos eles pola temática das relacións humanas. Con respecto a *O xabaril branco* indica que no primeiro mes na rede foi baixado por 10.000 persoas e remata subliñando o éxito acadado pola colección “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia*.

- Beatriz Abelairas, “Los Premios Xerais”, *Qué leer día a día*, nº 68, “Otras letras”, especial verán 2002, p. 26.

Dáse conta dos autores galardoados cos Premios Xerais. Indícase que por segundo ano consecutivo o Premio de Narrativa recaeu nunha muller, Inma López Silva, quen narra en *Concubinas* a historia dunha saga familiar nunha aldea galega imaxinaria, e que Xosé Miranda gañou o Premio de Literatura Infantil Merlín con *Pel de lobo*, unha historia fantástica con elementos do xénero de terror, no que o autor recoñece ecos de Ánxel Fole, Vicente Risco ou Novoneyra. Tamén se apunta que Xerais recoñeceu o esforzo da colección "Biblioteca Galega 120" de *La Voz de Galicia* cun premio non remunerado que recolleu Tucho Calvo. Infórmase a seguir de que este periodista e escritor presentou dúas das súas obras: *Gatipedro*, conto editado por Kalandraka dentro da súa colección de historias con música, e *Corazón entre desertos*, libro feito de "boa materia narrativa" e que supón unha corrente de ar fresco no panorama actual, salientándose que Méndez Ferrín confesou o seu entusiasmo pola obra.

Campo, Marica, *Memoria para Xoana*, Premio de Narrativa do Concello de Vilalba 2001, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Narrativa, nº 31, marzo 2002, 63 pp. (ISBN: 84-95625-40-7).

Marica Campo (O Incio, 1948) presenta nesta súa primeira novela estructurada en doce breves capítulos, o longo monólogo dunha nai que agarda o nacemento da súa filla, Xoana. Nel cóntalle as súas orixes coa pretensión de que saiba quén é e poida situarse e entender o mundo. A nai, unha muller de 36 anos, é unha recoñecida violinista que decide aceptar a maternidade en solitario e que se remonta na súa narración a unha estirpe de mulleres que comezou coa súa tataravoa, Pepa a Toupa, unha muller cega, cantante e esmoleira que quedou preñada na feira de novembro de Monterroso froito dunha violación. Dela naceu Rosa, e despois naceron Carolina e Carme, en orde descendente ata chegar a ela mesma. As mulleres desta cadea, nais de mulleres, caracterízanse por seren loitadoras ante as adversidades dunha vida que se lles presentou difícil e o coñecemento desta historia serviralle a Xoana para comezar a encherse de memoria. Ademais o monólogo está cheo de propósitos educacionais para Xoana, nun intento de transmitir coñecementos e vivencias e

intentar aprender dos erros cometidos. Así, Xoana medrará no coñecemento dos libros, da música, do amor, da amizade e tamén da súa terra.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Mulleres despeiteadas (II)”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 130, 20 maio 2002, p. 3.

Comenta a volta á narrativa de Marica Campo tras seis anos de silencio despois da publicación de *Confusión e morte de María Balteira* (1996), un conxunto de relatos que presentaban “mulleres rebeldes, santas, pecadoras, soñadoras”. Recoñece en *Memoria para Xoana* as premisas que latexan no resto da súa obra: “a experiencia do amor, a recuperación da memoria ancestral, o espertar dos soños meigos e, nomeadamente, o mundo das mulleres”. A seguir percorre a saga de mulleres que poboan o relato comezando pola tataravoa, Pepa a Toupa, a muller violada da que naceu Rosa Pérez, forzada tamén polo señor de Mezur para que nacese Carolina, a “filla natural”. Virán despois Carme, a avoa, educada e expulsada logo dun internado de monxas de Zaragoza, da que nace a

narradora, a nai violinista que lle conta todo á filla, Xoana, sen rancor pero coa intención de que coñeza a historia e non esqueza a rebeldía que leva no sangue. Martínez Bouzas remata recoñecendo a exhortación presente nos últimos capítulos da novela: “advertencia contra a miseria, a desigualdade, a explotación e a inxustiza”, e sinalando que se trata dun texto escrito dende unha perspectiva feminina aínda que non é un libro escrito para mulleres porque nel está presente “a nosa historia, un pasado que ten nas estirpes femininas os verdadeiros alicerces, que todos temos a obriga de coñecer”.

Xosé M. Eyré, “Unha saga matriarcal”, *A Nosa Terra,* nº 1.035, “Cultura”, 23-29 maio 2002, 27.

Sitúa *Memoria para Xoana* na corrente revisionista do tempo pasado da narrativa dos últimos anos, á que adscribe tamén *Salseiros* (2001), de Francisco Calo. Sinala que ambas obras se diferencian na estratexia: no caso de Calo preséntase a visión da sociedade dende os seus elementos humanos, e, na obra de Marica Campo, a visión do individuo como producto da evolución social. A seguir, resume o argumento, enumera as personaxes femininas da obra e considera que se trata dunha invitación a non esquecer as propias

orixes, complementando este aspecto coa visión feminina da historia. Finalmente, adscribe o relato ao xénero do conto longo, xustificando esta etiqueta polas características do seu remate, polo reducido número de personaxes que presenta e pola ausencia nestes de evolución psicolóxica.

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 259, 4 maio 2002, p. 2.

Páxina literaria na que Blanco Rivas dá conta de diferentes novidades editoriais como: *Precipicios*, de Beatriz Dacosta Molanes, que baixo o epígrafe de “Unha muller na busca da felicidade” comeza sinalando que é unha novela atrevida, cun argumento que xira arredor da vida de Paz, a súa protagonista, que muda cando coñece a outra muller, Delia. Ademais de achegarnos ao argumento, presenta moitos interrogantes sobre o que pode pasar na obra e remata cunha breve biobibliografía da autora. A seguir, céntrase en *Trece badaladas*, de Suso de Toro, nun comentario que titula como “Novela inmensa de intriga e misterio”, no que comeza pola liña argumental, para logo sinalar que é unha novela froito de case unha década de traballo, na que predomina a intriga e o misterio. Destaca que a narración está concibida como forma de coñecemento e que se asenta na estructura da traxedia. Remata

achegando unha bibliografía de Suso de Toro. En “Relato épico sobre o valor da memoria”, Blanco Rivas comenta *Memoria para Xoana*, de Marica Campo, unha novela de estilo brillante e intelixente da que destaca que ten a memoria como garante “do ser e do estar no mundo”. En columna á parte ofrece tamén breves apuntamentos argumentais do conto para nenos *A casa da mosca chosca* (2002), de Eva Mejuto; *Terras raras* (2001), de Carlos Solla; e da nova edición de *O pazo baleiro* (1997), de Xabier P. Docampo.

-M. Blanco Rivas, “Memoria para Xoana”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. V.

Destaca que *Memoria para Xoana* é a primeira novela de Marica Campo e que acadou con ela o Premio de Narrativa do Concello de Vilalba 2001. Cualifícaa de “peza narrativa brillante” e salienta a sensibilidade e a tenrura que se desprenden da historia, centrada no universo dunha cadea de mulleres. Refírese tamén á linguaxe sinxela e directa, non exenta do xogo metafórico e recoñece elementos constantes na obra da autora como a terra, a casa, o amor e a beleza. Remata facendo unha síntese do argumento.

-Xosé Freire, “A evolución da muller galega en *Memoria para Xoana*”, *A Nosa Terra*, nº 1.044, “Cultura”, 25-31 xullo 2002, p. 27.

Comeza sinalando que Marica Campo recibiu por esta “novela curta” ou “conto longo” o Premio de Narrativa do Concello de Vilalba 2001 e que se trata dunha “novela apegada á terra”, xa que “Galiza está presente en cada capítulo”. Cualifica o estilo de *Memoria para Xoana* como “transparente, áxil, lúcido, cinematográfico e comprometido” e salienta que a autora deixa transpirar as súas ideas propias sobre temas como a pena de morte, a globalización, a lingua, os avances da ciencia ou a desigualdade. Ademais recoñece dúas partes na novela: a primeira dedicada á liñaxe de Xoana e a segunda centrada na súa nai e no mundo no que lle tocou vivir.

Referencias varias:

-Jaureguizar, “Marica Campo debuta na novela cunha saga feminina condicionada polo pasado”, *El Progreso*, “Cultura”, 24 abril 2002, p. 75.

Céntrase na presentación da primeira novela de Marica Campo, *Memoria para Xoana*, recoñecida co Premio de Novela Cidade de Vilalba, e recolle as palabras da autora que sinalou que se trata dunha saga de mulleres conscientes de que non se pode esquecer o pasado e que a escribiu en seis días. Salientou tamén que a súa intención foi falar "sobre unha muller que trunfa no seu país e quere quedar nel sen renunciar ás súas raíces" e sobre a influencia da condición feminina na construcción de Galicia. Recóllense tamén as palabras do catedrático Carlos Paulo Martínez Pereiro, que destacou que a obra se atopa na tradición da novela máis actual, e de Miguel Anxo Fernán-Vello, o editor da obra, que incidiu na revelación de Marica Campo como gran novelista.

- Carme Vidal, "Marica Campo. '*Memoria de Xoana* é a historia dunha estirpe de mulleres", *A Nosa Terra*, nº 1.032, "Cultura", 2-8 maio 2002, p. 25.

Recóllense as palabras de Marica Campo quen sinala que *Memoria de Xoana* presenta unha galería de mulleres de distintas épocas que ven medrada co paso do tempo a súa liberdade persoal e que presentan como característica común seren nais dunha nova muller. Subliña que a novela quere destacar o valor da vida e a idea da súa continuidade, xunto a

aspectos como a especificidade da condición feminina e a potencialidade que supón o acto de parir e indica que quizais a presencia das mulleres se deba á súa pertenza a unha familia de sete irmáns, dominada pola presencia da figura da nai como verdadeira matriarca. Remata aludindo á súa condición de poeta e narradora, xéneros nos que recoñece repetir obsesións como a recuperación da memoria, o mundo das mulleres, a defensa da lingua e da tradición galega ou a experiencia do amor, aínda que prefire a narrativa porque, segundo declara, “a poesía ponme en carne viva”.

- Alfredo Conde, “De nécoras e libros”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 maio 2002, p. 4.

Cualifica *Memoria para Xoana*, de Marica Campo, como un libro “tenro e lúcido”, “testemuñal e rexo” que representa, na súa opinión, en qué consiste a transmisión da cultura, “pois non é esta outra cousa que aquelo que se transmite e grava a lume no corazón das xentes”. Sinala tamén que gracias ao longo monólogo da súa nai, “Xoana saberá de onde ven e que calquera violín pode ser un stradivarius”. Remata sinalando que non sucede a miúdo que un libro agrade e entusiasme nuns tempos nos que se edita “con ledicia impúdica e se diría que

promiscua de xeito que dá a impresión de que os editores aínda non caeron na conta de que é mellor vender moitos libros de poucos autores que poucos libros de moitos autores”.

Carballo, Xosé Manuel, *Contrato nulo. Apuntes biográficos dunha meiga, recibidos misteriosamente desde o alén nunha lóbrega noite de treboada, e noticia dos seus esforzos errados por salva-lo matrimonio dun afiador de Verín*, Iº Premio de Narrativa do Concello de Vilalba 1995, proemio de Xosé Neira Vilas, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa, xuño 2002, 112 pp. (ISBN: 84-8485-064-1).

Xosé Manuel Carballo (Sanmartiño de Goberno-Terra Chá-Lugo, 1944) introdúcenos nunha historia que oscila entre o mundo natural e o sobrenatural a través de Martiño, un afiador das terras ourensás, morto había tempo, que contacta por escrito con Indalecio, un campesiño da comarca de Vilalba, quen nunha noite de forte treboada atopa enriba da súa mesiña de noite un estraño caderno, que recolle a historia escrita por Martiño. Sabemos a través da lectura deste caderno que o afiador coñeceu a través de Sabina, unha meiga, que a súa muller podería estar mantendo unha relación co seu xefe, Bertoldo, mentres el anda coa súa roda por terras de Castela. A proposta da meiga é que se toma un bebedizo poderá presentarse na casa despois de acompañala na súa vasoira, sen embargo, un accidente fai que Martiño caia e morra, sen saber que co bebedizo o que facía era entregar a súa alma ao

chan. Só entón coñecemos os enigmas que rodean esta historia. O libro leva un prólogo de Xosé Neira Vilas e ilustracións en branco e negro de Xosé Vizoso.

Recensións:

- Ricardo Polín, “Carballo Ferreiro, Xosé Manuel: *Contrato nulo. Apuntes biográficos dunha meiga, recibidos misteriosamente desde o alén nunha lóbrega noite de treboada, e noticia dos seus esforzos errados por salva-lo matrimonio dun afiador de Verín*”, *Lvcensia*, nº 25, “Libros”, 2002, pp. 393-394.

Neste comentario Ricardo Polín resume o tema (a venda da alma ao demo) e mais o argumento (o “autor” traba amizade cun home chamado Indalecio, quen lle amosa un caderno aparecido misteriosamente e no que un afiador relata as súas memorias) do libro, subliñando a presencia do marabilloso na novela e a súa fasquía popular. Enxalza por último o proemio de Neira Vilas e mais os deseños do artista lugués Xosé Vizoso.

Carredano Cobas, Ramón, *Frei Samuel*, Iº Premio do Certame de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Nume, xuño 2002, 48 pp. (ISBN: 84-95622-61-0).

Relato de Ramón Carredano Cobas (Noia, 1950), gañador do Iº Premio do Certame de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos, ambientado na Galicia da Idade Media no que se mesturan acontecementos e personaxes históricos coa ficción. A obra comeza presentándonos a dous protagonistas: Frei Samuel, un monxe ávido, larpeiro e mullereiro, e Elvira, unha pousadeira caracterizada polo estereotipo da época como nova, fermosa e de forte carácter. As cousas mudan cando chega á pousada un cabaleiro ferido, que é perseguido polos vasalos de Suárez de Deza, Martiño e Nuno, un personaxe histórico que rivaliza co Arcebispo Berenguel de Landoire. Cando os dous protagonistas están a curalo, o cabaleiro indícalles a existencia dunha misteriosa mensaxe que leva agochada nunha bota, á vez que chegan os seus perseguidores na súa busca, pero que serán enganados por Frei Samuel con enxeñosas artimañas. Desaparecido o perigo, o freire descifra a mensaxe confeccionada polo Arcebispo Berenguel e decátase da súa urxencia, polo que fará todo o posíbel para que esta misiva chegue ao seu destino.

Casares, Carlos, *O sol do verán*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 182, abril 2002, 240 pp. (ISBN: 84-8288-514-6).

Novela póstuma de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) tecida pola voz narrativa en primeira persoa de Helena, que, tralo suicidio de Carlos, desata as súas lembranzas sobre dous polos temporais: o das conversas previas á morte inesperada do mozo, o seu enterro e lectura dunhas cartas que desvelan certos enigmas amorosos, e o dos recordos ligados a Beiro, con algúns desprazamentos ao espacio urbano concretizados en cidades como Santiago ou Madrid. Así, ao longo de nove capítulos e mediante o exercicio de rememoración de Helena, coñecemos o transcurso vital desta parella de mozos, que viviron felices veráns da súa nenez e mocidade no *locus amoenus* representado por Beiro cos seus xogos, aventuras, primeiros amores e restantes membros da familia, que están solidamente construídos a partir das palabras da narradora, caso da súa nai, o pai de Carlos ou a Tía Mercedes. Pese a que as alusións a determinados feitos nos axuden a situarnos entre 1950 e os anos finais da década dos 60, o verdadeiro conflicto desta novela de tráxicos amores

líbrase no interior dos personaxes, que van coñecer unha verdade cun gran poder de destrucción, pois provoca tanto a morte de Carlos coma a do tempo da inocencia e da ilusión. Deste modo, o sol tan prezado da época estival, leitmotiv da novela, vai ferir e molestar a Helena no verán da morte do seu sempre amado Carlos.

Recensións:

-Dolores Vilavedra, “O sol céganos de novo”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 28.

Comenta que a Carlos Casares como escritor lle interesaban as historias e os sentimentos e que fuxía da retórica e procuraba a comunicación co lector. Estima que o dominio do punto de vista que tantas veces mostrou o Casares escritor explícase pola capacidade do ser humano homónimo para pórse no lugar do outro. Explica o que significa percorrer a súa obra deténdose no comentario de títulos como *Vento ferido* (1967), *Cambio en tres* (1969), *Ilustrísima* (1980) ou *Os mortos daquel verán* (1987), e salienta que é sobre todo “entrar nun mundo no que podemos ser outros, vivir outras vidas, soñarnos diferentes”. Apunta que *O*

sol do verán é o espacio idílico do seu Ourense natal, pois foi lembrando aquela xeografía da memoria e habitándoa de seres roubados á vida. A seguir, sinala que entramos nese mundo e xa somos outros, ademais de destacar que o texto vai sementando en nós algún interrogante, coma os que despregara en *Deus sentado nun sillón azul* (1996).

- F. Martínez Bouzas, “Os últimos agasallos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 121, 18 marzo 2002, p. 2.

Á espera da última novela de Carlos Casares, *O sol do verán*, refírese aos últimos agasallos que o citado autor nos ten deixado, entre os que cita a biografía do Padre Sarmiento. Considera que, trala súa morte, quédannos as súas obras, que considera a mellor maneira de perpetuarse nos lectores. Como homenaxe “a un dos mestres da arte da narración”, reproduce un fragmento do que escribira nos xornais sobre a obra do autor ourensán *Un país de palabras* (1998).

- Dolores Vilavedra, “Ser e sentir”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 415, 25 abril 2002, pp. 4-5.

Considera que *O sol do verán* continúa con coherencia a traxectoria narrativa de Carlos Casares e que nel a voz dunha muller nova é a que relata a súa propia historia a través de continuos *flash-backs* que remontan a distintos momentos do seu pasado. Sinala que, nesta ocasión, Casares se traslada aos arredores da cidade de Ourense, á bisbarra de Beiro, que constitúe un microcosmos idílico. Asemade, puntualiza que se trata dunha novela de personaxe, na que os dous protagonistas, Helena e Carlos, forman un dúo perfecto e salienta a solidez con que tamén están construídos os personaxes secundarios. Explica que a acción se desenvolve nun marco temporal ben definido, pois o texto conta con datos que nos permiten situarnos entre 1950 e o solpor da década dos 60. A seguir, afirma que o sol funciona na novela coma unha sorte de leitmotiv e que se trata dunha novela de amor e de busca, "que nos convoca a perseguir a auténtica felicidade, unha felicidade que equivale, dalgunha maneira, á verdade". Conclúe achegando outros comentarios sobre *O sol do verán* e a traxectoria narrativa de Casares.

- Adolfo Boado, "De repente, o derradeiro verán", *A Nosa Terra*, nº 1.031, "Cultura", 25 abril1 maio 2002, p. 27.

Achega un resumo do argumento da última novela de Carlos Casares, *O sol do verán*, na que lle resulta poderosamente atractiva a analoxía que atopa co *Werther*, de Goethe. Asemade, desenvolve a súa hipótese de que a novela pode ser lida en clave de traxedia grega, sabiamente transmutada nun drama contemporáneo. Tamén comenta que a sobriedade do estilo e unha técnica depurada están ao servicio da narración desta obra, para concluír ofrecendo unha mostra desa vontade de estilo do autor de Xinzo.

- Concha Pino, “Calidoscopio de soños e realidades”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 10.

Define *O sol do verán* como “un caleidoscopio no que a verdade se descompón en cristais de mil colores, fundindo a realidade co soño dunha felicidade que se agocha no pasado e que no presente é inalcanzable”. Resume o argumento desta novela e comenta que nela o sol coa forza dos meses de xullo e agosto é o fío conductor que vai debullando como grans de millo as lembranzas de Helena. Tamén comenta que Casares constrúe nesta novela póstuma un microcosmos rural marabilloso, polo que van desfilando personaxes que

compoñen todo un universo humano, de sabedoría popular, de filosofía de vida e de coñecemento.

- Manuel Rosales, “A nostalxia do paraíso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. II.

Sinala que con *O sol do verán* Carlos Casares pecha o ciclo que se podería denominar escritura da intimidade. Explica que a novela se nos presenta en nove capítulos de estructura circular, como unha acta memoria contada en primeira persoa por unha moza chamada Helena, ademais de considerar que se trata dunha “historia convulsa de tráxicos amores que progresa en marullada de ritmo binario”. Asemade considera que a concepción de Beiro como un *locus amoenus*, o suicidio, os amores prohibidos e a propia poética de “ensoñación” á que dan lugar as lembranzas, outórganlle a esta obra un certo aire romántico. Sinala que Beiro é a metonimia simbólica do Paraíso e que este alcance simbólico, que cobra o natural como espacio de fuxida da realidade, enfróntase co valor que
o espacio social (familiar) adquire como entramado material, significando a cada paso as estructuras inmobilistas da sociedade civil. Tamén destaca a maneira na que o lector queda

prendido do modo en que se van producindo os feitos, que se narran sempre con vistas ao devir dunha intriga da que nos sentimos arrastrados.

- Tomás Ruibal, “A novela póstuma de Carlos Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Revista! Letras”, “Anaquel dos libros”, 2 xuño 2002, p. 9.

Considera que *O sol do verán* é a mellor novela de Carlos Casares e que supón un xiro nas súas formulacións literarias, no estilo que emprega e mesmo na linguaxe, máis sinxela do que era habitual en obras anteriores. Achega o seu argumento e apunta que se trata dunha novela construída dende a memoria, que toma moitos elementos do melodrama e da novela psicolóxica. Afirma que un dos seus méritos máis grandes é a maneira en que discretamente se alude á inevitábel aparición do sexo ou da posibilidade de sexo. Tamén sinala que a obra avanza de maneira que o tempo se opón na realidade e nos recordos e que presenta un final rápido, con elementos tamén melodramáticos, que suxire discretamente o que leva insinuándose durante toda a obra: unha historia de amor imposíbel. Conclúe aludindo á producción escrita de Casares e á súa actividade como conferenciante, traductor ou xornalista.

- Xosé M. Eyré, “Cando o mundo se chamaba Beiro. A traxedia segundo Carlos Casares”, *A Nosa Terra*, nº 1.037, “Cultura”, 6-12 xuño 2002, p. 26.

Despois de aludir ao artigo de Adolfo Boado publicado en *A Nosa Terra* (nº 1.031), no que adiantaba e demostraba que *O sol do verán* debe ser lido en clave tráxica, entre Goethe e a traxedia clásica, apunta que para maior abondamento basta lembrar que o sentido tráxico da historia é o marco referencial básico da novelística de Carlos Casares. Considera que cada unha das novelas deste autor encaixa á perfección no seu proxecto narrativo e refírese ás conexións que presenta esta súa última novela con *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Tamén indica que sendo Helena o eixe sobre
o que xira *O sol do verán*, nun hábil exercicio de modestia, son poucos os datos que dela se coñecen, en contraste co esmero tratamento que recibe a súa nai. Cita as dualidades que se opoñen na novela e conclúe achegando certos comentarios sobre a súa composición, estilo ou coordenadas espacio-temporais.

- Beatriz Abelairas, “El Día de las Letras Gallegas”, *Qué leer día a día*, nº 67, “Otras letras”, xuño 2002, p. 28.

Despois de referirse á decisión dos libreiros galegos de agasallar un libro no Día das Letras Galegas, sinala que as obras máis demandadas foron a novela de Carlos Casares *O sol do verán* e a obra de relatos de Manuel Rivas *As chamadas perdidas* (2002). Da primeira destaca que nos traslada ao “reino del escritor: el paraíso de la niñez”, considera que é un dos mellores libros do ano e explica a súa liña argumental, ademais de facerse eco das palabras de Damián Villalaín na presentación desta obra, nas que lembrou a obsesión de Casares pola revisión de cada unha das súas obras antes de entregalas. De *As chamadas perdidas* sinala que é un compendio de relatos que tiveron o seu xerme na columna dun xornal, o que implica que Rivas volve empregar a fórmula doutras obras. Remata felicitando a *La Voz de Galicia* por recuperar a revista *Golfiño* da que sobrancea a nómina de debuxantes, con nomes como Miguelanxo Prado, Pinto e Chinto, Siro López ou Abraldes, entre outros.

- Dolores Vilavedra, “La verdad de ser y de sentir: *O sol do verán*, última novela”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 40-42.

Céntrase na novela *O sol de verán*, de Carlos Casares, na que comeza comentando unhas palabras premonitorias recollidas nesta que foi a súa última novela antes de morrer. Sitúaa na coherencia do proxecto narrativo de Casares, que buscaba a depuración estilística e un rexistro literario "fundamentalmente comunicativo", iniciado con *Vento ferido* (1967) e logo continuado en *Ilustrísima* (1980). En canto á técnica narrativa empregada, sinala que en *O sol do verán* presenta a voz dunha muller moza que relata a súa propia historia por medio de *flash-backs*. O espacio, como nas outras obras de Casares volve ser Ourense, situado nestaocasión nos arredores da cidade, Beiro, aldea vinculada coa figura de Basilio Álvarez e un tío abade do propio escritor. Sinala que como *Ilustrísima* e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), esta é unha novela de personaxe, onde os protagonistas Helena e Carlos están construídos con solidez, igual que os secundarios que os acompañan. Do marco temporal sinala que permite situar o lector entre os anos 1950 e 1960, pero que co recurso aos recordos de Helena o achegará aos anos de posguerra, momento da infancia desta. Ademais de chamar a atención do sol como leitmotiv da obra, sinala que estamos ante unha

novela de amor e de busca da felicidade, que encaixa á perfección no proceso de evolución no que se atopaba a obra global de Casares, da que destaca a forza que cada vez adquirían máis os personaxes e as voces femininas. Remata sinalando que esta é a novela máis íntima e introspectiva do autor.

Referencias varias:

- Pablo Carballo, “Casares deixa escrito ‘O sol de verán”, *La Voz de Galicia*, “Galicia chora a Casares. O legado inédito do escritor”, 10 marzo 2002, p. 10.

Apunta que Carlos Casares deixou na imprenta a novela *O sol do verán*, que estaba previsto se publicase a finais do mes de marzo de 2002 de xeito simultáneo en galego e castelán. Recorda diversos actos nos que Casares recoñecera que andaba a voltas cun novo libro e apunta que deixa empezados outros traballos literarios, como o libro no que quería destacar o apoio que Camilo José Cela lles prestara aos escritores galegos cando dirixía *Papeles de Son Armadáns*. Por outra banda, comenta que o último volume publicado polo autor ourensán, *A vida do Padre Sarmiento* (2001), recolle a vida deste intelectual “como se fose

un conto” e sinala que, despois da súa ultima novela, *Deus sentado nun sillón azul* (1996), publicou pequenas cousas, como a biografía de Juan da Cova.

-AFA, “Alfonso Zulueta de Haz asume a presidencia en funcións do Consello da Cultura Galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 marzo 2002, p. 75.

Fai fincapé en que a inesperada morte de Carlos Casares provoca reunións e plenarios en distintas institucións para cubrir a súa vacante. En primeiro lugar refírese ao baleiro que deixou no Consello da Cultura Galega, pasando agora a ser presidido en funcións por Alfonso Zulueta de Haz. A continuación sinala o que supón a súa perda para a Real Academia Galega e, por último, para a Editorial Galaxia, que publicará postumamente a novela que xa deixara rematada, e para a que se apunta como novo director a Damián Villalaín.

- Concha Pino, “A novela póstuma de Casares, ‘O sol do verán’, aparecerá en abril”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 marzo 2002, p. 29.

Ofrece un breve resumo de *O sol do verán* e sinala que os que tiveron a oportunidade de ler o seu manuscrito aseguran que esta derradeira novela reafirma o lugar destacado na historia da literatura galega de Carlos Casares. Tamén apunta que hai outra obra moi querida por Casares que non saíu a tempo para que el a presentase, *Da miña acordanza*, que son as memorias de Ramón Piñeiro. Conclúe sinalando que Galaxia, pese ao pasamento do seu director, non interrompeu as súas actividades, entre as que cita a presentación da traducción de *Harry Potter* e a entrega do primeiro premio de ensaio Ramón Piñeiro.

- Carlos Casares, “O sol do verán”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 29.

Reprodúcense as primeiras páxinas da obra de Carlos Casares, *O sol do verán*.

- Ágatha de Santos, “La presentación de ‘O sol do verán’ se convierte en un homenaje a Casares”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 maio 2002, p. 38.

Dá conta dos asistentes ao acto de presentación de *O sol do verán*, no que Hakan Casares leu unhas palabras de súa nai, Kristina Berg, nas que falaba de cómo coñeceu a Carlos Casares e de que non foi capaz de rematar a lectura da obra póstuma do seu esposo. Tamén reproduce as intervencións doutros dos asistentes, como Damián Villalaín, subdirector de Galaxia, Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, ou Alfonso Zulueta Haz, presidente do Consello da Cultura Galega, que trataron a figura humana e cultural do autor de Xinzo. Asemade, recolle a intervención de Manuel Rivas, quen cualificou a derradeira novela de Casares como un "libro de apariencia tranquila", no que prima "la emoción y el paisaje interior de los personajes y de la sociedad".

- C. P., "A literatura volveu á rúa", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 24 abril 2002, p. 9.

Faise eco da presencia na rúa no Día do Libro de tres librerías –Abraxas, Encontros e Pedreira– para animar os composteláns a mercar libros en galego ou castelán, despois de doce anos que non se fixera esta actividade. Infórmase que en galego a xente mercou a novela póstuma de Carlos Casares, *O sol do verán* e a de Suso de Toro, *Trece badaladas*, ademais de venderse moitos libros de Kalandraka e de A Nosa Terra en literatura infantil.





Por outra banda, refírese a outras citas que hai co libro ao longo do ano e á conferencia impartida na biblioteca de Melide por Suso de Toro, quen falou das relacións entre a literatura e o cine, centrándose na súa novela citada.

- Jorge Lamas, “A presentación da última novela de Casares amosa as múltiples facianas do escritor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 maio 2002, p. 28.

Refírese á presentación de *O sol do verán* e recolle parte das intervencións das persoas que estiveron na mesa, coas que abordaron diferentes facianas da personalidade de Carlos Casares, todas coincidentes en resaltar a súa bondade. Entre elas, están as de Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, Hakan Casares, que leu o discurso escrito pola súa nai, Xosé Luís Méndez, vicepresidente da Fundación Caixa Galicia, Damián Villalaín e Manuel Rivas, quen comparou *O sol do verán* cunha bóla de vidro que contén unha historia.

-Maite Gimeno, “Rivas califica la última novela de Casares como un ‘libro prodigioso”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 maio 2002, p. 75.

Alude ao acto de presentación da obra de Carlos Casares, *O sol do verán*, no teatro Fraga Caixa Galicia de Vigo. Cita o nome dalgúns dos asistentes e recolle as declaracións de José Luís Méndez, Damián Villalaín, Xosé Ramón Barreiro e Manuel Rivas, que se referiron á personalidade e obra do autor ourensán.

-M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 2, 16 maio 2002, p. VII.

Comentario de tres obras que veñen de ser publicadas: *O sol do verán*, de Carlos Casares; *Atuado na braña*, de Xabier Quiroga; e *Coloquio en coplas galegas*, de Frei Martín Sarmiento. Da obra de Casares sinala que o argumento xira arredor das lembranzas que suscita o suicidio de Carlos a Helena, nunha historia de amor e morte que está construída con mestría. Remata esta achega cun repaso pola obra que deixou Carlos Casares ata a súa morte. Da obra de Xavier Quiroga, sinala que está protagonizada por un empresario de éxito, Luís Salgueiro, que busca coñecer o seu pasado familiar. Cualifica a obra como novela "longa á vella usanza", onde a trama presenta paixóns, odios, obsesións e

desencontros que se mesturan con temas de actualidade como a corrupción política ou as relacións de parella. Finalmente, de *Coloquio en coplas galegas*, sinala que é unha obra escrita por Sarmiento despois da súa viaxe a Galicia en 1745, na que o bieito tentaba “xuntar moitas voces galegas particulares e escribilas na súa verdadeira ortografía”.

- AFA, “Os libros galegos son hoxe un 10% máis baratos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 maio 2002, p. 32.

Co gallo do Día das Letras Galegas infórmase de que os libros están rebaixados un dez por cento e mais que as editoriais aproveitan esta data para faceren os seus grandes lanzamentos como *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas, en Xerais, *Memoria do soldado*, de Alfredo Conde, en Sotelo Blanco ou *O sol do verán*, de Carlos Casares, en Galaxia.

-M. G., “La cuarta edición del ‘Salón del Libro Galego’ homenajea a Carlos Casares”, *El Correo Gallego,* “Galicia”, 6 xuño 2002, p. 21.

Anuncia a homenaxe que a Asociación de Editores lle quere render a Carlos Casares no Salón do Libro de Vigo a través da súa obra *O sol do verán*. Recóllense as declaracións de Fabiola Sotelo nas que reafirma a vontade dos editores de apostar pola literatura galega, da conselleira de cultura de Pontevedra quen avogou pola necesidade de que as novas tecnoloxías non minen o número de lectores e do alcalde da cidade que considera este salón unha porta aberta para advertir o esforzo das editoras galegas.

-Fina Casalderrey, “Casares, un pincel namorado”, *El Progreso*/*Diario de Pontevedra*, “Opinión”/“Opinión&Análisis”, 18 maio 2002, p. 25/p. 25.

Partindo da presentación da última novela de Carlos Casares, *O sol do verán*, achégase á figura humana, cultural e literaria deste autor. Comenta que se atreveu e se aproximou ás cousas pequenas pintándoas “con pincel namorado, facendo chiscadelas ás lectoras e lectores anónimos coa transparencia lingüística e narrativa das cartas de amizade”. Tamén sinala que a presentación se converteu nunha homenaxe ao autor falecido e supón que “alá onte se atope, botará a rir ao ve que axudou a democratizar a resistencia militante, unha das súas teimas, segundo opinan os que o coñeceron de cerca”.

- Francisco Castro, “Homenaxe a Casares”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 17 xuño 2002, p. 14.

Alude á conferencia impartida por Dolores Vilavedra na Casa do Libro sobre a obra de Carlos Casares, na que repasou a súa producción dende *Vento Ferido* (1967) ata *O sol do verán*, unha novela que está “engaiolando a todo o mundo”. Opina que a profesora e ensaísta fixo unha sinxela pero completa homenaxe a Casares e apunta que a isto lle hai que sumar outras iniciativas como a do Salón do Libro en Vigo, onde se leu o libro sobre Frei Martín Sarmiento feito polo autor ourensán falecido. Cita outros actos a celebrar pola Casa do Libro.

- LR, “La novela póstuma de Carlos Casares, ‘O sol de verán’, se presenta en Xinzo de Limia”, *La Región*, “Ourense”, 22 xuño 2002, p. 4.

Faise eco de que a lectura pública do conto *O galo de Antioquía* dará comezo ao acto de homenaxe ao recentemente falecido Carlos Casares no Concello de Xinzo de Limia. Apunta que o acto está organizado polo Centro de Cultura Popular da Limia e achega o nome dos

asistentes, ademais de destacar que nel se presentará o libro póstumo do citado autor, *O sol do verán*.

- L. P., “A Coruña rinde homenaxe a Casares, ‘un dos grandes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 agosto 2002, p. 45.

Recolle parte das intervencións de Kristina Berg, Víctor Freixanes e Damián Villalaín, actuais director e subdirector de Galaxia, respectivamente, na Feira do Libro da Coruña, onde se realizou unha homenaxe na que se lembrou ao amigo e ao intelectual galeguista, Carlos Casares. Asemade, alude á participación de Dolores Vilavedra, que se encargou de presentar a novela *O sol do verán*, da que o escritor ourensán chegou a realizar corenta e sete versións diferentes antes de entregala para a súa edición.

-Rubén Ventureira, “Naufragio en los jardines”, *La Voz de Galicia*, “María Pita 2002”, 8 agosto 2002, p. L5.

Alúdese á Feira do Libro, celebrada nos xardíns coruñeses de Méndez Núñez. Cítanse, a seguir, algúns dos títulos máis vendidos como *O sol do verán*, de Carlos Casares ou *O sol de Homero* (2002), de Xavier Seoane. Así mesmo, cítanse outros libros relacionados con catástrofes marítimas como *Naufraxios no mar de Vigo* ou *Rande: mito e realidade*.

-AFA, “Dobre homenaxe a Casares en Trives e nos Encontros Literarios do Liceo ourensán”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 novembro 2002, p. 35.

Faise eco da homenaxe a Carlos Casares celebrada na Comarca Terra de Trives, na que Damián Villalaín presentou *Da miña acordanza* e *O sol do verán*, ademais de inaugurarse dúas exposicións sobre o escritor ourensán, *Carlos Casares, unha estrela na Galaxia* e *O miolo das cousas*, e descubrirse un monolito e unha placa na súa memoria. Tamén anuncia os Encontros literarios que o Liceo ourensán lle dedicará a Casares e nos que participarán Basilio Losada, Mar Valcárcel, Juan Cruz ou Kristina Berg.

- Dora Vázquez, “A esas cartas amigas”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 11 decembro 2002, p. 4.

Refírese ao conxunto de “cartas amigas” que lle chegan para convidala a actos sociais, literarios ou artísticos e, en especial, céntrase na que lle envían dende a sociedade El Liceo de Ourense para os XIII Encontros Literarios dedicados a Carlos Casares. Dá conta das diversas actividades que van ter lugar neses Encontros, como son a conferencia e presentación do libro *Carlos Casares, punto de encontro*, editado polo Concello de Ourense, ou a presentación do derradeiro libro do homenaxeado, *O sol do verán*. Recorda que Casares participou na vida cultural e literaria de El Liceo dende o ano 1990 e que era Socio de Honor desa entidade.

Castiñeira Romar, Francisco M., *Seica chove*, limiar de Elisendo Gonzaga, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, serie Relatos, nº 14, decembro 2002, 147 pp. (ISBN: 8489803-32-3).

Este volume recolle dezasete relatos breves, gran parte deles premiados en diferentes certames literarios galegos entre 1999 e 2002, obra de Francisco Manuel Castiñeira Romar (Delémont-Suíza, 1977). O libro comeza cun limiar no que Elisendo Gonzaga –autocualificado catedrático en Policultura e Linguas Mortas na Universidade Oficial Estatal– fala dende o ano 2156 sobre o autor deste volume, a quen chama Xan Canabal, e sobre a realidade daquela altura caracterizada pola desaparición do galego. A seguir temos os diferentes textos, onde sobresaen os numerosos diálogos de Castiñeira Romar que integran este libro: “22” –Primeiro Premio no XIIº Certame “Vila de Pontedeume” 2001; “Loita”; “O Mártir”; “Amor catódico. Unha paixón de 365 liñas”; “Némese” –a xeito de obra de teatro xebrada en tres actos coa que acadou en 1999 o Segundo Premio no IIº Certame Roberto Blanco Torres de Cuntis e mais o Primeiro Premio no IVº Certame Concello de Burela–; “A Cincenta”; “De feridas e nomes” –Primeiro Premio no IIIº Certame Suárez Ferrín da Coruña en 2002”–; “O can Trosqui”; “W.C.” –Primeiro Premio no IIº Certame Ágora Conto de Lugo

en 2001”–; “Inspiración”; “O Reencontro”; “As súas mans baleiras”; “D.N.I.” –Segundo Premio no Certame Cultura Quente de Caldas de Reis en 2001–; “Caída libre” –accésit no IIº Concurso Concello de Valdoviño 2002; “Tebras” –Primeiro Premio no IIº Certame Literario de Narración Curta do Concello do Carballiño en 2002”; “Prohibido fumar” e mais “Conto do vello que vía chover” –Terceiro Premio no Certame Xuventude 2000. Fernández del Riego de Lugo. O volume péchase cun “Epílogo”, asinado dende un psiquiátrico en 2097 por Xan Canabal, no que reflexiona sobre a súa situación e no que se despide do lector.

Castro Paredes, Fernando, *O espacio exterior*, I Premio de Narrativa Historias na Universidade, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002, 51 pp. (ISBN: 84-8121-971-1).



❑◆♏ ♍□❍◘□⇧♏■ ♏⬧♦♏ ❖□●◆❍♏🖃 ♋ ◘♏❒⬧□♋ 🡅 ♋ ♦♏❒♍♏♓❒♋🖃 ♎♏⬧♦♋♍♋■♎□ ♦♋❍🡅■ ♎◆■ ☒♏♓♦□ ♏⬧◘♏♍♓♋● □ ◘♋❒♦♓♍◆●♋❒ ♏⬧♦♓●□ ☒□❒■♋●◪⬧♦♓♍□ ❑◆♏ ♍□■⬧♦♓♦▫♏■ □⬧ ➶❒♋♑❍♏■♦□⬧ ♎♏ ◘❒♏■⬧♋ ♓■♍●◆◪♎□⬧🖃

Cobas, Amadeo, *Contos de viaxe*, Noia-A Coruña: Toxosoutos, col. Nume, febreiro 2002, 155 pp. (ISBN: 84-95622-44-0).

Volume de relatos de Amadeo Cobas conformado por vinte contos. Todos eles localízanse en lugares que lles prestan o seu nome para o título. Deste xeito, atopamos lugares de Galicia como Malpica, Santa Cruz ou Santiago de Compostela e outros da Península como Tarragona ou Granada. Teñen en común unha descrición destes puntos da xeografía como se se tratase do relato dun viaxeiro que vai percorrendo diferentes sitios, pero nos que acontecen aventuras marcadas polo misterio e a intriga. Como é evidente a natureza e os símbolos de descrición de sentimentos constitúen o trazo común de todos estes textos.

Recensións:

-Xulio Valcárcel, “Horizontes poéticos”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 204, “Páxina literaria”, 5 maio 2002, p. 4.

Comentario conxunto de *Horizontes poéticos*, de Luciano Rodríguez e *Contos de viaxe*, de Amadeo Cobas. Da primeira comeza referíndose á idea que moveu ao autor a achegarse a poetas doutras linguas da Península para favorecer o coñecemento, o diálogo e o respecto mutuo. A seguir, indica que as voces antologadas son o catalán Alex Susana, o vasco Felipe Juaristi, a galega Pilar Pallarés, o español Luís García Montero e o portugués Fernando Pinto de Amaral. Sinala que non valora se a selección é acertada ou non, que se respectou a lingua de cada un, agás no caso vasco, e que o conxunto ofrece un "resultado moi interesante" a través dunha proposta integradora e plural do traballo poético a nivel peninsular. Da obra de Amadeo Cobas sinala que non é un libro de viaxes, senón que se basea en vinte lugares nos que se desenvolven aventuras tinguidas de misterio e intriga. Destaca a captación psicolóxica dos personaxes, o feito de que as viaxes serven como pano de fondo ou espacio literario e valora a calidade dalgún dos relatos, como o que se desenvolve en Tarragona. Remata aludindo ao aspecto metaliterario que presentan algúns dos contos e salientando a calidade do que pecha o libro, no que se recrea o mito de Fausto e que ve como un trasunto do propio autor.

Referencias varias:

- Pilar Val, “Un escritor que convierte el viaje en cuento”, *La Opinión*, “El personaje”, 6 abril 2002, p. 12.

Alúdese á presentación, na librería Lume da Coruña, do libro *Contos da viaxe*, segunda obra do noiés Amadeo Cobas e a primeira que escribe en galego. Trátase dun conxunto de vinte relatos de diferentes viaxes realizadas polo autor por Galicia, Teruel, Granada ou Santa Cruz de Tenerife. A seguir, cítase a primeira obra do autor, *Un amigo en el Galacho*, un conto infantil no que fabula sobre o río Ebro.

- A. Q., “Amadeo Cobas. ‘He descubierto que lo de la morriña es cierto”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 abril 2002, p. 54.

Entrevista con Amadeo Cobas, con motivo da publicación da súa obra *Contos da viaxe*. O autor afirma que lle gusta moito cambiar de xénero e que cultiva o relato infantil, a novela histórica e a narrativa en xeral. A seguir, comenta que *Contos da viaxe* é unha obra na que

pretende reflectir as sensacións que experimentou nas súas viaxes e que non pretende facer unha guía turística. Para rematar, afirma que lle gusta escribir en galego e en castelán.

- Afonso Fernández, “Amadeo Cobas comentou o seu libro no faladoiro literario de Bueu”, *A Comarca do Morrazo*, “Especial Corpus de Bueu”, 31 maio 2002, p. 20.

Sucinta nota de prensa sobre a presentación de *Contos da viaxe*, de Amadeo Cobas, no faladoiro literario celebrado en Bueu. Nel o autor presentou a súa obra, falou das sensacións que lle produciron as súas viaxes e solicitou dos participantes no faladoiro críticas sobre a súa obra.

Conde, Alfredo, *Memoria do soldado*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/Narrativa, 2002, 247 pp. (ISBN: 84-7824-397-6).

Esta novela de Alfredo Conde (Allariz, 1945) está composta por dez capítulos, nos que a voz narrativa é a primeira persoa do protagonista, un soldado de tendencias homosexuais e de profesión entomólogo, que narra dende a vellez os recordos dunha guerra na que loitou na mocidade. Reflexiona sobre as guerras e as súas brutalidades, as actitudes dos humanos diante delas e fai comparacións entre os homes e os insectos que el coñece ben dende a súa profesión. A novela está ateigada de simbolismos (a situación narrada, que se localiza nos países imaxinarios e Eol e Oldn, é un trasunto da Guerra Civil española) e nela destaca unha mensaxe antibelicista e profundamente ecoloxista.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “O espanto do belicismo”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*” n° 131, 27 maio 2002, p. 3.

Crítica da última obra de Alfredo Conde, *Memoria do soldado*, na que, segundo se afirma, o autor fai un "alegato" contra o horror da guerra. Achégase o esqueleto argumental da obra, do que se destaca a linearidade cronolóxica. Canto á súa adscrición xenérica, coméntase que se trata dunha novela histórica ou "de evocación", xa que recolle de modo indirecto os acontecementos da Guerra Civil. Alúdese así mesmo ao seu carácter "simbólico", sinalándose que deste xeito o escritor daría continuación á liña iniciada con *Los otros días*, texto co que gañara o Nadal en 1991. Apúntanse por último os trazos característicos do autor que se poden atopar no presente volume, xunto con aqueles máis innovadores con respecto a outras publicacións anteriores.

- Francisco Martínez Bouzas, "As claves do arrepío", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*" n°4, 30 maio 2002, p. IV.

Comentario á última obra publicada de Alfredo Conde, *Memoria do soldado*, no que se loan os “ecos universais” da obra. Polo seu carácter simbólico, ponse en conexión esta novela con autores clásicos como Apuleio, Gracián ou Kafka. Valórase positivamente tamén o feito de as claves interpretativas do texto ficaren descodificadas dende o primeiro momento, así

como se aplaude a súa “arquitectura lineal”, xa que permite unha lectura máis doada. Conclúese indicando que se trata dunha denuncia dos horrores da guerra.

- Xosé Manuel G. Trigo, “Memoria do soldado”, *Revista Galega do Ensino*, nº 37, “Recensións”, novembro 2002, pp. 199-200.

Valoración da novela *Memoria do soldado*, de Alfredo Conde, que o comentarista estima no seu conxunto negativamente. Así, afirma, esta obra decepciona ao lector coa súa linearidade discursiva e coa “precariedade” dos seus símbolos , resultando un texto “pobre” e “insulso”. Ademais, na súa opinión, hai algúns elementos potencialmente aproveitábeis que ficaron na narración como simples “enunciados” sen incidencia na trama. Non embargante, recoñece algúns fragmentos máis afortunados, especialmente no que di respecto ao retrato psicolóxico do protagonista.

-Tomás Ruibal, “Alfredo Conde en galego”, *Diario de Pontevedra*, “Revista! Letras”, “Anaquel dos libros”, 22 decembro 2002, pp. 8-9.

Recensión de *Memoria de soldado*, traducción ao castelán de *Memoria do soldado* que fixo o propio autor. Comeza analizando a diferencia existente entre ambos títulos e considera máis acertada a impersonalidade do título castelán, por ser a novela unha reflexión sobre as guerras en xeral. Describe o argumento e sinala que o protagonista é un soldade maior, que reflexiona sobre a guerra e a actitude dos seres humanos; este soldado é un experto entomólogo que constantemente compara aos homes e aos insectos e que loitou na guerra entre Eol e Oln, dous países imaxinarios que representan a todas as guerras do mundo. En canto á lingua, sinala a existencia de faltas ortográficas, expresións pouco castelás e o pesado que resultan os coñecementos do protagonista sobre insectos.

Referencias varias:

- F. P. Lorenzo, “Memoria do soldado’, outra forma de narrar”/“Alfredo Conde une ecoloxía, símbolos e desexo na novela ‘Memoria do soldado”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 16 maio 2002, p. 58/p. 76.

Dá conta da publicación de *Memoria do soldado* e fai un resumo do argumento. Recolle as palabras de Alfredo Conde sobre a novela e sinala que este libro culmina a triloxía que encetou con *Breixo* (1981) e *Memoria de Noa* (1982), coas que traballou sobre as diferentes formas de amor existentes.

- AFA, “Os libros galegos son hoxe un 10% máis baratos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 maio 2002, p. 32.

Ver Casares, Carlos, *O sol do verán* neste apartado do *Informe*.

- AFA, “Alfredo Conde gaña lectores con ‘Memoria do soldado’ na que puxo a vista a productora Continental”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 xuño 2002, p. 28.

Dáse conta da presentación no IV Salón do Libro en Galego de *Memoria do Soldado*, que segundo se indica foi escrita antes que *Azul Cobalto*. Descríbese o seu argumento e as intencións de Alfredo Conde, ademais de sinalarse que a productora cinematográfica Continental mostrou interese por levar a obra á gran pantalla.

- AGN, “Alfredo Conde escribe una novela simbólica sobre el antimilitarismo”/“Vuelve un Alfredo Conde antimilitarista”, *Diario de Ferrol*/*El Ideal Gallego/Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 14 xuño 2002, p. 42/p. 46/p. 86.

Sinala que Conde vén de publicar a súa ultima novela, *Memoria do soldado*, e fai un resumo do contido. Ademais informa de que o autor vai publicar a versión galega (que é a orixinal) de *Los otros días* e fai un repaso pola traxectoria literaria deste.

-Xurxo Fernández, “Alfredo y Kate, dos símbolos”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 1 xullo 2002, p. 64.

Neste texto fálase da candidatura que no seu momento tivo Ánxel Fole ao Nobel de Literatura, para comentar que entre os nomes que se citan nos últimos tempos para este galardón están Xosé Luís Méndez Ferrín e Alfredo Conde. A este respecto transcríbese a opinión de Luís Mariño sobre estes dous autores e entre as súas palabras destaca a comparación que fai entre *Memoria do soldado* e *Paths of Glory*.

-E.L., “El mercado literario está en crisis porque faltan autores de referencia”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 decembro 2002, p. 19.

Entrevista a Alfredo Conde, que estivo asinando exemplares de *Memoria do soldado* nun centro comercial da Coruña. O autor sinala que a obra é un canto ao ecoloxismo e ao antibelicismo co que se pretende denunciar a brutalidade da guerra. Explica que esta novela completa a triloxía iniciada con *Breixo* e *Memoria de Noa* e que o seu protagonista é un home maior homosexual, que lembra as atrocidades cometidas na Guerra Civil. Indica, finalmente, que a literatura galega está sufrindo unha crise e denuncia que o mercado editorial se rexe por criterios comerciais.

- AFA, “Conde verte ao castelán a súa “Memoria do soldado”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 decembro 2002, p. 36.

Infórmase da aparición da traducción ao castelán que o propio Alfredo Conde fixo da súa última novela, *Memoria do soldado*, e sinálase que o autor estivo, xunto co profesor Luís

Alonso Girgado, asinando libros en Santiago, onde explicou que é unha novela antibelicista e ecoloxista.

Dacosta Molanes, Beatriz, *Precipicios*, Vigo: Francka Editora, abril 2002, 152 pp. (ISBN: 84932575-0-8).

Segunda novela de Beatriz Dacosta Molanes (Cangas do Morrazo, 1967) na que relata a vida de Paz, unha muller aparentemente feliz, aínda que envolta na insatisfacción e na rutina da vida diaria. O libro ofrécenos a frustración e a desesperación dunha muller e a súa loita na busca dunha oportunidade para ser feliz. Na novela, o amor e o sexo liberador camiñan xuntos; dende unha perspectiva feminina a protagonista decide romper co seu pasado e comezar unha nova vida ao lado de Delia, coa que atopa a tranquilidade e a paz interior que necesita. En *Precipicios* predomina a lixeireza e a fragmentación do argumento, as frases curtas, as reflexións e diálogos, que van tecendo o mundo de Paz e a súa busca interior.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 259, 4 maio 2002, p. 2.

Ver Campo, Marica, *Memoria para Xoana* neste apartado do *Informe*.

- Xosé Freire, “Erotismo e voz feminina en Beatriz Dacosta Molanes”, *A Nosa Terra*, nº 1.034, “Cultura”, 16-22 maio 2002, p. 27.

Comeza lembrando a primeira obra de Beatriz Dacosta, *Cascas de noz* (2000), publicada por Galaxia e na que xa daquela Franck Meyer deixara ver a súa querencia por esta autora. A propósito de *Precipicios* di que é unha “novela intensa e erótica”, contada dende a perspectiva dunha muller que rompe co seu pasado, para afrontar unha nova vida na que poder ser feliz. Salienta que retrata un mundo feminino que foxe do convencional, para centrarse no mundo interior e no sentir da muller e considera que a fragmentación das oracións poden reflectir a da propia vida de Paz, a protagonista.

- Ramón Nicolás, “De desexos e realidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, 23 maio 2002, p. IV.

Fala do nacemento dunha nova editorial, Francka Editora, e da publicación, nesa mesma editora, da novela *Precipicios*, de Beatriz Dacosta. Comenta que as dúas teñen o mérito de introducirse nun mercado con propostas anovadoras e diferentes. Por outro lado, felicita aos responsábeis do deseño exterior do volume e achégase á historia que se conta no libro, na que unha muller busca unha saída ao seu estado de desencanto e infelicidade no amor doutra. Dá conta da fragmentariedade da obra e da visión maniqueísta baixo a que son presentados os personaxes masculinos. Así mesmo, sinala que o libro ofrece pasaxes descritivas cheas de lirismo e retoricismo e de diálogos que ás veces foxen da verosimilitude.

- Armando Requeixo, “De vertixes e precipicios”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 132, 3 xuño 2002, p. 4.

Afonda no argumento de *Precipicios* e na aposta estilística que fai Beatriz Dacosta, xa que segundo Requeixo, na narración teñen cabida imaxes, rexistros evocativos e metáforas moi influenciados pola lírica. Fala do tópico dalgunhas pasaxes descritivas e do enclave temático que, segundo el, a autora non consegue anovar. Finalmente, sinala que a obra, en

conxunto, presenta unha edición coidada e atractiva, polo que felicita a Franck Meyer, director da editorial, e a Serxio Suárez, responsábel do proxecto gráfico polo traballo desenvolvido.

Tomás Ruibal, “Unha nova editorial galega”, *Diario de Pontevedra*, “Letras”, 9 xuño 2002, 9.

Comeza dándolle a benvida á nova editorial que publica esta obra de Beatriz Dacosta, de quen di que malia ser unha autora pouco coñecida se atreve cunha historia directa e áxil, na que se aprecia a influencia de diversas autoras, especialmente anglosaxonas, e dos escritores do chamado “realismo sucio”. A seguir, sinala que o argumento de *Precipicios* xira arredor dunha ama de casa que traballa como secretaria e que ve a súa vida nunha rutina cotiá. Desta historia xa moi presente na literatura e no cine, sinala que ten como virtude a lixeireza narrativa que consegue coas frases curtas e a alternancia de reflexións e diálogos, así como a súa brevidade. Atopa como defecto o apriorismo, pola sucesiva aparición de amantes da protagonista que fai sospeitar que a saída está noutra muller, no que os personaxes masculinos resultan esquemáticos e pouco verosímil a situación que se crea.

Remata sinalando que aínda que lle falta “ese punto de oficio”, todas as eivas que percibe as pode superar en futuras novelas.

- María Navarro, “Historia dunha frustración”, *Guía dos libros novos* , nº 41, “Narrativa”, xuño 2002, p. 24.

A profesora de Lingua e Literatura galegas María Navarro considera a publicación de *Precipicios* como unha novidade no panorama da literatura galega que abre un camiño novo centrado no mundo das paixóns, do pracer e do descoñecido, temas que achegan claves para entender a complexa condición humana. Repasa a traxectoria da autora, natural do Morrazo e residente en Vigo, Beatriz Dacosta Molanes, da que destaca que dende moi nova manifestou o seu gusto pola creación, acadando varios premios durante a súa etapa de estudiante, e autora do libro de relatos *Cascas de noz* (2000), nos que xa amosou “unha verdadeira inquietude por retratar a complexidade humana, sempre dende unha perspectiva feminina”. A seguir detense no argumento desta nova achega narrativa, salientando que presenta as vivencias e os recordos de Paz, unha esposa e nai de familia que sente que a súa vida carece de sentido porque está condenada a unha rutina cotiá que deixa de lado os

seus desexos e sentimentos. Comenta tamén que a protagonista se sitúa ao bordo do precipicio cando lembra momentos do seu pasado, alude a actos do presente e pensa no futuro que a agarda. Cualifica este relato como a historia dunha frustración, personificada nunha muller submisa e abnegada, presa de convencionalismos e anulada por unha sociedade machista. Considera que se trata dunha achega fresca no eido da literatura galega, tanto pola temática coma pola forma e o estilo, no que recoñece a presencia de frases curtas, o léxico coidado ou o continuado uso de metáforas, adobiadas cun toque de lirismo que engaiola o lector.

- F. Martínez Bouzas, “Precipicios”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 427, 25 xullo 2002, p. 4.

Alúdese á creación dunha nova editorial, Francka Editora e á publicación da súa primeira novela, *Precipicios*. Coméntase que a novela reflicte o baleiro ao que se vén sometidas moitas persoas, ante a inexistencia do amor, a frustración e a desolación. Sinálase que a personaxe principal, Paz, lembra os sentimentos do protagonista do *Palacio da Lúa*, de Paul Auster, que se ve reducido aos convencionalismos e condicionantes sociais. Neste caso,

Paz, vese inmersa nunha relación reducida á soidade, ao tedio e ao desamor, ata que coñece a Delia, coa que atopa o verdadeiro amor. Así mesmo, apúntase que a obra está escrita dende unha perspectiva feminina, sen un tratamento maniqueísta á hora de manexar os personaxes masculinos. Finalmente, fálase da súa condición de novela erótica, polas descricións sexuais que se fan nalgunhas pasaxes, e dos achados lingüísticos e o ton lírico presentes ao longo dos capítulos que configuran a novela.

-Rafael Fernández Lorenzo, “Liberdade da muller, liberdade sexual”, *A Nosa Terra*, nº 1.054, 31 outubro-6 novembro 2002, p. 28.

En primeiro lugar, comenta que en *Precipicios*, de Beatriz Dacosta existe unha denuncia social sobre o papel da muller na sociedade actual, das relacións existentes entre homes e mulleres e dos cambios que se están a producir nestas relacións. Sinala que os capítulos do libro están secuenciados como flashes narrativos, de gran contido argumental, que proporcionan ao lector unha visión intemporal. Por outro lado, ofrece unhas pequenas notas sobre o argumento principal da obra e loa a riqueza léxica empregada na novela, a que cualifica de “poética” e “atractiva”.

Referencias varias:

-Jaureguizar, “O segundo libro da nova editorial Francka será do friolense Quintiá”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 18 abril 2002, p. 83.

Despois de aludir á faceta profesional e artística de Franck Meyer, dáse conta das iniciativas que quere emprender Francka Editora: por unha banda ter presente as traduccións, tanto de libros estranxeiros coma galegos, e por outra, ofertar unha literatura interesante para os lectores. Finalmente, fálase da novela *Precipicios*, de Beatriz Dacosta, da que sinala que o argumento xira arredor da vida dunha muller que é nai e esposa cando esta se namora doutra muller, e do último traballo de Xerardo Quintiá, *Libro dos aparecidos*, do que sinala que combina o presente, pasado e futuro galegos.

- Xesús Fraga “Francka editora nace en Galicia con la publicación de ‘Precipicios”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2002, p. 52.

Dá conta da presentación dun novo proxecto editorial, Francka Editora, promovido por Franck Meyer, que pretende comprometerse coas necesidades da comunidade lectora galega e achegar temas e estilos diferentes. Alúdese, tamén, á primeira novela publicada nesta editorial que leva por título *Precipicios*, na que destaca a historia contada dende un punto de vista feminino. Finalmente, menciónase que a editorial Bercimuel, publicou tres volumes que recollen contos da escritora Emilia Pardo Bazán.

- I. S., "Francka editora nace con la intención de hacer libros 'antiaburrimiento", *La Opinión*, "Cultura", 23 abril 2002, p. 51.

Alúdese á presentación en Santiago de Compostela da editorial Francka Editora e do seu primeiro título *Precipicios*, de Beatriz Dacosta, promovida polo franco-alemán Franck Meyer, quen sinalou que a editorial pretende facer libros "antiaburrimento". Comenta, ademais, que quere manterse na narrativa para adultos, aínda que non descarta entrar no campo da poesía. Así mesmo, subliña que non quere definirse nunha área editorial concreta, senón que quere explotar mercados novos.

- Amaia Mauleón, “La crisis de la lectura en gallego también es culpa de los editores”, *Faro de Vigo* “Sociedad”, 25 abril 2002, p. 40.

Entrevista ao editor e escritor Franck Meyer con motivo da presentación de Francka, unha editorial propia que se estrea con *Precipicios*, de Beatriz Dacosta. Meyer sinala que a editorial nace co obxectivo de dar cabida a voces moi dispares, que os que escriben non sexan sempre os mesmos. Sinala que pretende publicar narrativa e poesía en galego, castelán e portugués e que é unha editora libre de condicionantes histórico-culturais que nace sen prexuízos. Como editor ten intención de asesorar os autores, é dicir, ter un trato especial con eles.

- Concha Pino, “A Feira do Libro creará na Alameda un espacio para a cultura e o ocio”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 26 abril 2002, p. 9.

Nun primeiro momento, alúdese á inauguración da XXI edición da Feira do Libro en Santiago, onde se di que as diferentes editoriais presentaron a súa oferta. Faise mención, tamén, á exposición “Castelao e nós. Unha viaxe pola súa obra”, patrocinada polo

Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago e ás actividades das que puideron gozar os asistentes como teatro, monicreques, obradoiros, etc. Finalmente, dáse noticia da presentación de *Precipicios*, de Beatriz Dacosta, que contou coa presencia de Franck Meyer e Luísa Castro, na que a autora expuxo as claves interpretativas da obra.

- Francisco Castro, “Francka Editora”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 26 abril 2002, p. 13.

Malia que o mundo editorial galego, o libreiro e o da cultura en xeral están en horas baixas, sinala que dar conta do nacemento en Vigo dunha nova editorial galega por parte de Franck Meyer permítenlle escribir estas liñas de optimismo. Achégase á figura do citado alemán que é un “incombustible” da nosa cultura, que ten traducido a grandes clásicos ao galego e conta no seu haber co poemario *Pele-Mele* (2000). Anuncia que o primeiro producto de Franka Editora é a novela *Precipicios*, de Beatriz Dacosta e explica que traballará dende unha liña independente e plural, atendendo as necesidades dos lectores e tentando conectar a literatura galega co mundo da edición europea.

-Francisco Pérez Lorenzo, “De muller a muller”/“Beatriz Dacosta narra a necesidade dos retos na novela ‘Precipicios”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 26 abril 2002, p. 33/p. 75.

Aproximación á obra *Precipicios*, de Beatriz Dacosta, da que se di que pretende facer reflexionar sobre o dereito á felicidade, e sobre prexuízos e tópicos moi frecuentes na sociedade, como pode ser o da homosexualidade feminina. Recóllense as palabras de Luísa Castro que cualifica o libro como “dos nosos tempos e sen pedantería”.

-C.V., “Franck Meyer: Ninguén pensa en se os libros que se publican son os que lle interesan aos lectores”, *A Nosa Terra*, nº 1.031, “Cultura”, 25 abril-1 maio 2002, p. 30.

Dáse noticia da creación da editorial Francka Editora, unha iniciativa de Franck Meyer que nace para responder ás demandas da xente e para espertar o pracer da lectura. Así mesmo, faise referencia á visión que ten o editor sobre a crise do sector editorial e sobre os obxectivos que pretende acadar coa creación desta nova editorial. Por outro lado, alúdese, tamén, á publicación da novela *Precipicios*, de Beatriz Dacosta Molanes, que inaugura esta

andaina de Francka Editora, e á futura edición dun libro de Xerardo Quintiá sobre o tema das aparicións.

-Amaia Mauleón, “El libro hará al lector reflexionar sobre el derecho a ser feliz”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 maio 2002, p. 44.

Despois de dar un pequeno esbozo do argumento da novela *Precipicios*, ofrécese unha entrevista coa súa autora, Beatriz Dacosta, quen opina sobre a xénese do seu libro, así como dalgúns temas que se derivan del como é o da homosexualidade. Comenta que o libro pretende facer reflexionar sobre a igualdade na sociedade actual, e sobre o dereito a poder elixir e a ser feliz.

C. B.,"Editorial Francka se da a conocer manaña en Padrón con la novela 'Precipicios' de Beatriz Dacosta", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 maio 2002, p. 41.

C. B., “Dacosta: ‘Precipicios hace literatura de la cotidianeidad”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 xuño 2002, p. 76.

Dá conta da presentación da editorial Francka e da súa primeira novela da autoría de Beatriz Dacosta, *Precipicios*, na librería Sar de Padrón.

Alúdese á presentación en Padrón do libro *Precipicios*, de Beatriz Dacosta, á que asistiron, entre outros, o responsábel de Francka Editora, Franck Meyer e o regueifeiro padronés Pinto de Herbón. Fálase da temática e do argumento da obra e coméntase que a novela narra a busca interior dunha muller, na procura da felicidade.

-Cecilia Martínez, “Beatriz Dacosta lejos de ‘Precipicios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 26 xuño 2002, p. 76.

Recóllese unha conversa con Beatriz Dacosta Molanes, na que explica cal é a mensaxe que quere transmitir coa novela *Precipicios*, e, tamén, cal foi o motivo que a impulsou a escribir este libro.

Fernández, Miguel Anxo, *Un nicho para Marilyn*, Premio Manuel García Barros 2002, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 187, 2002, 141 pp. (ISBN: 84-8288-580-4).

Esta novela policial de Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) ten como eixo central o personaxe mitificado de Marilyn Monroe. A obra foi a gañadora do Premio de Novela Manuel García Barros do Concello da Estrada e está estructurada en dezanove capítulos. Frank Soutelo, investigador privado americano e de orixe galega, é o encargado de descubrir o paradoiro do cadáver da suposta Marilyn que desapareceu en circunstancias estrañas. Para chegar a resolver o caso, irá pasando por unha serie de contratempos ata que descobre que a desaparición do corpo está vinculada cunha rede de necrofilia. Ao longo do relato é tamén moi importante o personaxe de Pat Pérez, a eficiente secretaria, tamén de orixe galega, do propio Soutelo. Será ao final do relato cando se desvela todo, xa que por mor dun posíbel roubo deciden retirar o corpo da verdadeira Marilyn de seu nicho porque “era un convincente descanso para unha star merecedora dunha paz eterna que a vida lle negara con saña teimuda”. A novela presenta todos os tópicos característicos deste xénero, así como un destacado uso da parodia, da ironía e do humor do xénero de detectives.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Cadáveres exquisitos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, “Libros”, 19 decembro 2002, p. V.

Anúnciase a publicación de *Un nicho para Marilyn*, de Miguel Anxo Fernández, unha obra que recrea “en clave ficcional as pescudas de Frank Soutelo, un detective privado californiano de orixe galega ao que lle encargan resolver un caso ben estraño: atopar o cadáver de Marilyn Monroe”. Para rematar, ofrécense algunhas notas sobre o xénero negro, a novela policial e a literatura mortuoria.

- F. Martínez Bouzas, “Unha parodia do xénero negro e da literatura mortuoria”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 29 decembro 2002, p. 3.

Comentario sobre a obra de Miguel Anxo Fernández, *Un nicho para Marilyn*, premio García Barros de novela na súa XIV edición. En primeiro lugar, ofrécense algunhas claves orientadoras sobre a trama da obra, protagonizada polo detective galego Frank Soutelo,

afincado nos Ánxeles. Afírmase, así mesmo, que a obra remata, como mandan os canons do xénero detectivesco, cun final feliz. Para rematar, declárase que se trata dunha narración lineal “con formas expresivas próximas á linguaxe cinematográfica, tanto no dominio dun ritmo áxil á hora de reflectir lances vivos e acendidos, coma na creación de imaxes de forte contido sensorial, para facer visibles sucesos, lugares, obxectos e ambientes humanos”.

Referencias varias:

- AFA, “Un nicho para Marilyn”/ “Miguel Anxo Fernández gaña o XIV Premio García Barros de Novela”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 22 xuño 2002, p. 31/p. 75.

Faise eco das razóns esgrimidas polo xurado do premio García Barros para galardoar *Un nicho para Marilyn*, de Miguel Anxo Fernández. Destaca que o xurado salientou a súa temática de novela negra, infrecuente na nosa literatura, un campo aínda en construcción, e o entroncamento coa tradición que converte o humor nun eixo estructurador. Do mesmo xeito, tamén destaca o seu intenso ritmo narrativo e a súa “frescura estilística”. Recóllense as palabras de Valentín García, quen salienta que “é un relato moi divertido, que engancha

de seguido e que combina á perfección a narración en clave galega e co tan escenario universal", e as do autor que se confesa "fillo da xeración dos 60, da televisión e da novela barata" e asegura que a única finalidade que persegue ao presentarse a un premio é acadar a publicación do libro.

-Xosé Manoel Rodríguez, “Miguel Anxo Fernández gaña o García Barros de novela que convoca A Estrada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xuño 2002, p. 29.

Sinala que o xurado do premio García Barros seleccionou como obra gañadora *Un nicho par Marilyn*, do investigador e crítico de cine Miguel Anxo Fernández Fernández. Tras resumir brevemente a trama do libro indica que o xurado decidiu outorgar o premio de 9.015 € a esta obra, entre as vintecinco presentadas, polo seu humor e ironía, e recolle as palabras do autor quen afirma sentirse honrado por este galardón e indica que a súa intención con este libro era “facer unha parodia das vellas *pulps*, novelas baratas e populares do xénero negro, mesturado con referentes cinematográficos do cine de detectives tipo Bogart, unhas pingas de *gore* e o engadido dun chisco de retranca do país e fortes doses de relatividade e *tira pa diante*”. Anuncia tamén a saída do prelo doutra novela súa, *O sabre do francés*, escrita nun

rexistro totalmente diferente ao desta obra e constituída por un conxunto de relatos contextualizados na Galicia da afrancesada do século XIX.

-Carme Vidal, “Miguel Anxo Fernández. ‘A miña novela é unha homenaxe á literatura popular”, *A Nosa Terra,* nº 1.040, “Cultura”, 27 xuño-3 xullo 2002, p. 29.

Con motivo de se coñecer o dictame do Premio García Barros de Novela, que mereceu Miguel Anxo Fernández por *Un nicho para Marilyn,* sinálase que este autor vive un tempo afortunado, xa que ademais de ver publicado o seu primeiro libro de relatos, *O sabre do francés,* acadou un premio dos cineclubs polo estudio *A Bella Otero, pioneira do cine* e presentou *As imaxes de Carlos Velo,* que mereceu o Premio Sempre en Galiza de Ensaio. En palabras do escritor, sorprendeulle a decisión do xurado do García Barros ao premiar unha obra que rememora a literatura popular de xénero e que recolle os seus gustos persoais, como o Capitán Trueno, Roberto Alcázar e Pedrín, a televisión en branco e negro, o cine dos domingos e as novelas de Marcial Lafuente Estefanía. A seguir, define a literatura como un acto de comunicación co lector e destaca a introducción da ironía e da fantasía en *Un nicho para Marilyn*, recursos pouco habituais, na súa opinión, na serie negra da literatura

galega. A propósito de *O sabre do francés* declara que é o froito dun exhaustivo traballo de investigación e que o seu obxectivo foi trasladar o lector ao século XIX a través da creación de imaxes e do reflexo da historia e da cultura popular, que non aparecen nos libros de texto. Finalmente, sinala a súa admiración pola figura de Carlos Velo polo seu carácter de visionario no eido do cinema e do audiovisual.

- AFA, “Literatura de cine”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 decembro 2002, p. 33.

Anúnciase a presentación da primeira novela de Miguel Anxo Fernández, *Un nicho para Marilyn*. A obra, enmarcada no xénero negro, inclúe “dezanove secuencias. Personaxes cun lado escuro. Unha Bette Davies. Humor retranqueiro. Endogamia galega”. Trátase, segundo informa o seu autor, dunha estructura en forma de secuencias, “como se fose un guión cinematográfico”, relatado en primeira persoa e cun carácter autobiográfico. A seguir, resúmese o argumento da obra e coméntase que o seu autor está a elaborar unha segunda entrega das aventuras de Soutelo, o protagonista.

-AGN, “Miguel Anxo Fernández crea un detective que busca a Marylin”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 14 decembro 2002, p. 91.

Sucinta nota de prensa na que se informa da presentación da primeira novela de Miguel Anxo Fernández, titulada *Un nicho para Marilyn*, galardoada co Premio García Barros e publicada pola Editorial Galaxia. Coméntase, así mesmo, que o protagonista da obra, Frank Soutelo, é un galego que, despois de ser expulsado do corpo de policía, decide empezar a traballar como detective privado.

-Ángel Palmou, “O sabor do cine negro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 14 decembro 2002, p. 11.

Breve comentario sobre a publicación de *Un nicho para Marilyn*, de Miguel Anxo Fernández. Achégase un resumo do argumento destacando que a obra se centra na desaparición do corpo de Marilyn Monroe e na investigación que se deriva do asunto, da man do detective galego Frank Soutelo.

- Concha Pino, “Miguel Anxo Fernández presenta a súa novela negra ‘Un nicho para Marylin”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 decembro 2002, p. 46.

Ampla referencia á publicación da primeira novela do crítico cinematográfico Miguel Anxo Fernández, titulada *Un nicho para Marilyn*, galardoada co Premio García Barros na edición do 2002. Trátase, segundo o director editorial de Galaxia, Carlos Lema, dunha “parodia maxistral do xénero negro de detectives, cunha forte carga de humor”. A continuación, resúmese o argumento da obra e remátase cunhas palabras de Carlos Lema, que afirma que a novela, ademais de ser “redonda e divertida”, actúa como “unha aspirina que axuda a superar atrancos”.

- Salvador Rodríguez, “Son un cinéfilo que escribe por divertimento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, “Entrevista”, 19 decembro 2002, p. III.

Conversa con Miguel Anxo Fernández, autor de *Un nicho para Marilyn*, quen reflexiona sobre a súa obra. Para comezar, afirma que escolleu os Estados Unidos para ambientar a obra porque “quería que a acción se desenvolvese nunha cidade que actuase como

referente universal; isto é, recoñecido por todos". A continuación, alude ao xénero negro e comenta que para el non é un xénero literario menor en absoluto, senón "dunha casta de literatura moi vixente". En canto aos referentes para a súa novela, comenta que non tomou ningunha referencia literaria galega, motivo polo que as referencias que se poden atopar na obra proceden dos clásicos americanos. Para rematar, declara, como crítico cinematográfico, que, na actualidade, a crítica se achega cunha "visión moi positiva e compracente" ao cine de serie B dos anos corenta.

- A. P., “A paixón polo cine”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 28 decembro 2002, p. 5.

Anúnciase, brevemente, a presentación da obra *Un nicho para Marilyn*, galardoada co Premio García Barros 2002 de novela. Saliéntase que o seu autor, Miguel Anxo Fernández, nos ofrece unha trama “plagada de referencias cinematográficas que atrapa o lector dende as primeiras páxinas cunha linguaxe clara e sinxela”. A seguir, descríbese, sucintamente, o argumento o conclúese cunha breve referencia ao seu protagonista, o detective de orixe galega Frank Soutelo.

Fernández, Miguel Anxo, *O sabre do francés*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 183, xuño 2002, 156 pp. (ISBN: 84-8288-513-8).

Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) recolle neste volume once relatos pertencentes á narrativa histórica que comparten a característica común de estar ambientados nos tempos das campañas dos franceses por terras galegas que se realizaron no ano 1809. A maior parte céntranse no tema da resistencia do pobo galego á invasión napoleónica, a través da recreación de episodios históricos –como a batalla de Cachamuíña en Pazos de Arenteiro–; de estampas como a que abre o volume, titulada "O gaiteiro" e situada nunha aldea galega que se organiza para se enfrontar aos soldados franceses na que un gaiteiro anima os galegos ata a súa morte; e das relacións de rivalidade entre algúns dos militares franceses ao mando das tropas, como os mariscais Soult e Ney en "Cando Ney chegou a Ponte Sampaio". Nas narracións vanse poñendo de manifesto temas como a nobreza dos galegos fronte á vilanía e a crueldade dos franceses, como sucede en "Foi un afeitado histórico", onde o barbeiro ourensán Valentín Doforno, sente a súpeta tentación de rebandarlle o pescozo ao mariscal Soult aínda que non chega a consumala; a vinganza,

presente en relatos como “A carne de caza”, a través da iniciativa da cociñeira Pilara para vingar o seu home acoitelado polos franceses; en “A viña da rectoral” onde o crego de Allos prepara unha escena para enganar os franceses e protexer a súa colleita de viño; ou a reparación dos danos, presente en “Unha alborada de coitelos”, onde galegos e franceses chegan a unha relación fructífera, tamén presente en “Cen moedas de ouro”, onde o final sorpresivo conclúe o ambiente de misterio presente en todo o relato. De xorne máis fantástico é “Son un aceiro”, no que un sabre conta a súa historia ao longo de douscentos anos dende que foi forxado por un artesán en Tourse en 1782, e vai retratando a historia dos seus diferentes amos. Remata enrabechado nunha exposición ao non estar de acordo coa cartela que leva, xa que non fai xustiza ás súas nobres orixes. No último dos relatos, “O baúl dos adeus”, Ferdinand Vartel, xefe do servicio funerario do exército do mariscal Ney, fainos ver a barbarie aterradora dende a súa perspectiva de enterrador e de redactor ao dictado das cartas dos soldados antes de entrar nas batallas. Historia, fantasía e aventuras mestúranse nestes once relatos nos que predomina a utilización dunha linguaxe e dunha concepción cinematográfica.

Recensións:

- Xosé Manuel Rodríguez, “Franceses enterrados polas viñas do Ribeiro”, *La Voz de Galicia,* “Fugas”, “D Libros”, 6 xullo 2002, p. 11.

Recoñece a presencia da memoria colectiva arredor da guerra contra os franceses en *O sabre do francés*, de Miguel Anxo Fernández, así como as influencias cinematográficas, literarias, históricas e do mundo do cómic. Salienta que se trata dun conxunto unitario de relatos creados en clave visual e cinematográfica e ofrece un resumo do argumento dalgúns deles. Finalmente sinala a mestura de datos históricos, froito dun gran traballo de investigación, e da fantasía, conseguindo “crear uns relatos que enganchan ao lector desde
o primeiro momento”.

-F. Martínez Bouzas, “Uns relatos sobre a afrancesada”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, “Literatura”, 18 agosto 2002, p. 4.

Resume o argumento do relato que dá título a este volume, *O sabre do francés*, integrado por once relatos que inciden na mesma temática e marco argumental: os enfrontamentos

das partidas galegas contra as tropas napoleónicas en 1809. Salienta que se trata dun “paso adiante (...) ben cimentado, no camiñar da narrativa histórica galega”, así como a veracidade do relato, acompañada da invención de personaxes, ambientes e acontecementos “que moi ben puideron ter existido ou acontecido”. Finalmente destaca a presencia de expresións afíns á linguaxe cinematográfica e a confirmación de Miguel Anxo Fernández como unha “voz narrativa sólida e creadora de historias vigorosas”.

-Tomás Ruibal, “A loita contra os franceses”, *Diario de Pontevedra,* “Revista!Letras”, “Anaquel dos libros”, 6 outubro 2002, pp. 8-9.

Sitúa *O sabre do francés* , de Miguel Anxo Fernández, na tendencia destes últimos anos a escoller a ficción histórica. Aprecia a utilización da linguaxe cinematográfica así como a presencia de relatos áxiles e entretidos xunto a outros máis espesos polo abuso de detalles irrelevantes para o desenvolvemento da historia e o profuso emprego da adxectivación. Na súa opinión, os mellores relatos do libro son “O gaiteiro” e “Carne de caza” porque “permiten agardar a que o autor dea no futuro cun estilo e unha liña propia”. Finaliza o comentario

achegando algúns datos biográficos de Miguel Anxo Fernández e salientando que se trata da primeira obra dun crítico cinematográfico.

- Laura Caveiro, “O sabre do francés. Bebendo co mariscal Soult un tinto espeso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Libros”, 10 outubro 2002, p. V.

Refírese á coidada ambientación espacio-temporal dos once relatos que compoñen *O sabre do francés*, de Miguel Anxo Fernández, que van reflectindo as distintas posturas dos galegos fronte ao invasor francés. Detense brevemente nos contos protagonizados polo barbeiro Valentín Doforno, a cociñeira Pilara e o soldado Ferdinand Vartel e salienta as “fermosas descricións fotográficas”. Conclúe sinalando que “o único exceso nesta obra de anécdotas da vida cotiá en tempos de guerra é o relato do sabre do francés que narra en primeira persoa, ata o noxo, as súas repetitivas carnicerías de cabezas abertas, pescozos tronzados, brazos torados ou bandullos torados. Realmente excesivo”.

- Xosé M. Eyré, “Contos arredor da afrancesada”, *A Nosa Terra,* nº 1.051, “Cultura”, 10-16 outubro 2002, p. 26.

Destaca o labor no mundo do cinema galego de Miguel Anxo Fernández e cita algúns dos títulos que ten publicado como *Carlos Velo. Cine e exilio* (1996) ou *A Bella Otero, pioneira do cine* (2002). Refírese á ambientación dos relatos de *O sabre do francés* no século XIX nos tempos da afrancesada, á elección de Lugo e Ourense como espacios narrativos e á habilidade do autor na recreación dunha climatoloxía adversa, da desesperación e dos infortunios nos enfrontamentos entre os soldados franceses e os agrupamentos de veciños. Salienta tamén a variedade dos relatos, así como a presencia de temas como a vinganza ou a nobreza dos galegos fronte ao comportamentos dos franceses e detense especialmente en "Son un aceiro" e "Cen moedas de ouro". En canto á forma destaca a presencia do ton característico da narrativa histórica e conclúe que se trata dunha "boa carta de presentación" do autor na literatura de ficción.

Referencias varias:

- Carme Vidal, "Miguel Anxo Fernández, 'A miña novela é unha homenaxe á literatura popular", *A Nosa Terra,* nº 1.040, "Cultura", 27 xuño-3 xullo 2002, p. 29.

Ver Fernández, Miguel Anxo, *Un nicho para Marilyn* neste apartado do *Informe*.

- AFA, “Relatos da francesada”/ “Miguel Anxo Fernández confírmase na ficción con ‘O sabre do francés”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “AFA”/“Cultura”, 5 xullo 2002, p. 31/p. 68.

Nota sobre a presentación deste libro de relatos co que se inaugura unha nova etapa na editorial Galaxia, coa designación de Víctor Freixanes como director xeral da editorial. Recóllense as palabras de Miguel Anxo Fernández salientando o seu interese polo momento histórico que serve de ambientación ao seu libro e a súa vontade por recoller algúns dos relatos sobre o tema escoitados dos avós “a pé de lareira”. Indícase tamén que comezou a escribir o libro en 1997 e que nel verteu reminiscencias do seu tempo e que, ademais, lle gustaría ver *O sabre do francés* convertido en imaxes, ofrecendo ao debuxante Miguelanxo Prado a posibilidade de trasladar ao cómic o relato “Son un aceiro” xa que “está escrito para el”. Remata a nota cuns apuntamentos sobre a bibliografía do escritor e historiador cinematográfico.

-Concha Pino, “Os once relatos de ‘O sabre do francés’ primeiro libro de Miguel Anxo Fernández”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 5 xullo 2002, p. 27.

Recóllense as declaracións de Miguel Anxo Fernández no acto de presentación de *O sabre do francés* no que, segundo salientou, pretendeu transformar en imaxes os relatos da tradición popular que xiran ao redor da guerra cos franceses e homenaxear coa fantasía de cada relato os seus mitos cinematográficos: John Ford, Sam Peckimpah ou Robert Aldrich. Indícase finalmente que entre as razóns do seu paso á creación literaria está a súa preocupación “pola falta de material, de literatura para levar á imaxe”.

-X. A. Reboiro, “Once esceas dunha guerra de película”, *La Región,* “Cultura”, 24 xullo 2002, p. 67.

Breve crónica do acto de presentación de *O sabre do francés*, libro de relatos de Miguel Anxo Fernández que, segundo se informa, tivo lugar no Pazo da Almuzara. Recóllense as palabras do autor, que destacou o marco incomparábel elixido para a presentación, a mestura de feitos reais con outros fantásticos na súa obra e o desexo de que algún destes

contos poidan ser levados ao cine; e a opinión de Damián Villalaín, subdirector de Galaxia, que cualificou o volume de excelente inauguración para o autor.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo,* “*Faro da Cultura*”, nº 15, “Libros”, 24 outubro 2002, p. VII.

Comentario de tres obras de publicación recente: *O sabre do francés*, de Miguel Anxo Fernández, da que salienta a ambientación dos seus once relatos nos tempos da afrancesada de 1809 e a pretensión do autor de recuperar o espírito da literatura histórica, a de aventuras e a fantástica a través do recurso a secuencias case cinematográficas, ademais de facer unha achega ao labor do autor. *Os (pre)textos galegos*, de Goretti Sanmartín Rei, que refire o contido e a relevancia que adquiren estes elementos periféricos, dos que destaca a calidade literaria, a relevancia ideolóxica e a súa importancia na conformación do xénero ensaístico, á vez que destaca o carácter unitario dos prefacios interpretados como “as portas de entrada nun mundo conflictivo que precisa unha barreira defensiva”. Finalmente, de *A linguaxe literaria*, de Manuel Rosales, na que di que o lector atopará unha aproximación á obra literaria a través de tres niveis de coñecemento, nunha

obra que comeza cun percorrido pola historia da literatura galega e a súa relación coas outras artes.

Fernández Ferreiro, Xosé, *Millo verde*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 181, xullo 2002, 175 pp. (ISBN: 84-8302-824-7).

A trama argumental desta novela realista de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931) baséase nun feitos ambientados na actualidade, xa que parte da condena a un profesor dun instituto da Coruña por violar a unha alumna e da repercusión social deste suceso, polarizada en dúas grandes frontes: os amigos e compañeiros de traballo – favorábeis a el– e a opinión pública claramente contraria. A detención do profesor mentres impartían clase e a posterior concesión da liberdade condicional, van incrementando a indignación social, acirrada fundamentalmente polos medios de comunicación. A trama enléase cando o profesor recibe a visita do tío da rapaza, que lle propón retirar a demanda a cambio dunha boa recompensa económica, acontecemento que terá unha significación especial no desenlace da novela, que está chea de desagradábeis incidentes para o acusado, mesmo no xuízo que se desenvolve nun clima de agresivo acoso mediático e cidadán despois dun ano de espera. Malia ser encadeado, dáse a coñecer días despois toda a verdade do acontecido. A primeira persoa narrativa empregada en toda a novela achégase

a un estilo case xornalístico, aspecto que axuda en todo momento a pórse na situación dun narrador que coñece todo o que acontece.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Millo verde: a crónica realista dun drama social”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 22 setembro 2002, p. 3.

O articulista trata en primeiro lugar as principais características de toda a producción literaria de Fernández Ferreiro, marcada polo continuo percorrido entre os máis diversos xéneros e subxéneros literarios. No que atinxe á novela *Millo verde*, dá a coñecer o seu enraizamento nuns feitos auténticos acaecidos nunha excursión aos Ancares realizada en 1995, algo que convén subliñar para facer ver o profundo corte realista que posúe. Asemade, non esquece o que, quizais, é o punto máis forte da novela, a manifestación da agresión verbal, física e psicolóxica producida pola sociedade circundante. Remata incidindo nas marcadas diferenciais de ritmo existente ao longo da novela así como no seu pouco agardado

desenlace, sen deixar de eloxiar a madurez, sinxeleza e solidez da obra do escritor de Nogueira de Ramuín.

-Francisco Martínez Bouzas, “Situación límite”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, 10 outubro 2002, p. IV.

Ofrécese en primeiro lugar un pequeno repaso pola obra de Fernández Ferreiro no que se fai fincapé na versatilidade de toda a obra deste autor, caracterizada principalmente polo permanente tránsito entre os máis diversos xéneros e subxéneros, pasando dende a novela do Oeste con *A morte de Frank González* (1975) ata a narración realista de intriga da actual *Millo Verde.* Tras facer un repaso por aquelas composicións máis salientábeis, introdúcese nesta última, cargando as tintas sobre a relación entre certos feitos reais acontecidos en Coruña en 1995 e a trama argumental da novela, así como o marcado carácter de represión e acoso social que o autor pretende plasmar. Para rematar, alude a aspectos como o cambio de ritmo permanente ao longo da novela ou o inesperado final.

Referencias varias:

- R. G. “Xosé Fernández Ferreiro presenta a súa nova novela, *Millo Verde*, o próximo luns”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 agosto 2002, p. 50.

Nota na que se cita o lugar e hora da presentación de *Millo verde*, de Fernández Ferreiro na Feira do Libro da Coruña. Asemade, faise un breve inciso sobre o argumento da novela, para rematar mencionando os actos conmemorativos das seguintes xornadas.

-Albino Mallo, “Xosé Fernández Ferreiro novela os sucesos cotiáns”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 6 agosto 2002, p. 60.

Facendo referencia ás declaracións efectuadas polo escritor de Nogueira de Ramuín, Xosé Fernández Ferreiro, na presentación da novela *Millo verde* na Feira do Libro da Coruña, achégase a algúns aspectos relacionados coa súa confección como a pretensión de presentar o punto de vista psicolóxico dos personaxes continuamente sometidos a situacións de tensión que lles provocarán reaccións límite coma o intento de suicidio. Alude

tamén ao traballo que está a efectuar o escritor para a realización da súa vindeira novela, novela que suporá a continuidade de *Agosto do 36*, publicada tamén en castelán.

- Iván Villarmeá, “Se aquí se publicase ‘Cien años de Soledad’ morrería nunha esquina”, *La Opinión*, “de libros”, 6 agosto 2002, p. 3.

Entrevista na que, tras presentar sucintamente o escritor Xosé Fernández Ferreiro, como membro do grupo Brais Pinto e facer un breve comentario das súas obras máis importantes, se achegan aspectos referidos ás verdadeiras raíces nas que afonda o contido de *Millo verde*. Con respecto ao motivo que o impulsou a escribir sobre este tema, o autor declara que o elixiu para paliar a ausencia de sucesos coma este na literatura galega. Comenta tamén a súa concepción do proceso de construcción narrativa e opina sobre algúns temas de actualidade relacionados coa producción literaria en galego.

- Iván Villarmeá, “Busque e compare”, *La Opinión*, “La Opinión de verano”, 9 agosto 2002, pp. IV-V.

Neste comentario da Feira do Libro da Coruña, cítanse algúns dos escritores que pasaron pola Feira para asinar libros como Manuel Rivas, Suso de Toro, Luís Sepúlveda, Xosé Neira Vilas, Xurxo Souto ou Francisco Ibáñez, entre outros moitos. A seguir, alúdese ás presentacións que tiveron lugar durante a Feira de obras como *Millo verde*, de Xosé Fernández Ferreiro; *A retirada de Sir John Moore* (2002), de Pepe Carreiro e *Ganga* (2001), de Antón Lopo. Para rematar, faise referencia ás librerías que participan na citada Feira: dezanove da Coruña, cinco de Santiago e nove do resto de Galicia.

- R. L., "Un clásico vivo", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Libros", 10 agosto 2002, p. 11.

Nota na que se describe brevemente a trama argumental desta obra, destacando a sinxeleza da escritura e o bo ritmo que caracterizan a *Millo Verde*, unha constante na producción literaria de Fernández Ferreiro.

- Albino Mallo, "O suceso cotián", *O Correo Galego*, "AFA", 30 agosto 2002, p. 30.

Neste artigo faise referencia, en primeiro lugar, á presentación da novela *Millo verde* na Feira do Libro da Coruña. Asemade, achégase á construcción desta, citando as fontes verídicas que empregou Xosé Fernández Ferreiro para artellar a trama argumental e dando a coñecer a perspectiva psicoloxicista que tentou dar dos seus personaxes en todo momento. Tamén alude ao traballo que está a efectuar o escritor para a realización da súa vindeira novela, que lle dará continuidade a *Agosto do 36* (1991).

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, “Libros”, 19 setembro 2002, p. V.

Nesta páxina literaria dáse conta das novidades editoriais, comezando por *Millo verde*, de Xosé Fernández Ferreiro, da que se salienta a relevancia que ao longo de todo o suceso que se narra teñen os medios de comunicación, as investigacións xurídicas e policiais, as reaccións da comunidade educativa e, sobre todo, a belicosa embesta social, nunha agresión cargada de hipocrisía. Segue con *Artigos de posguerra*, de Ramón Otero Pedrayo, onde destaca que os artigos recompilados foron publicados nas revistas *Finisterre* e *Sonata Gallega*, á vez que o feito de que recollen dúas facetas do escritor, a de ensaísta e a de

autor de ficción, ademais de sinalar que o compilador e autor das notas foi Xosé Manuel Salgado. Finalmente, de *A modelo de Paco Asorei*, de Xoán Xesús González apunta que o seu autor participou en diversas actividades: xornalismo, narrativa, poesía, teatro, ensaio, política, sindicatos e que tamén foi labrego, avogado e canteiro. Resume o argumento da novela e sinala que o obxectivo desta reedición é “reactivar a figura intelectual de Xoán Xesús González”.

Fernández Pintos, Xulio, *A lenda do embruxado e outras historias*, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Nume, xuño 2002, 116 pp. (ISBN: 84-95622-55-6).

Volume de Xulio Fernández Pintos no que se presenta un conxunto de doce relatos breves de temática fantástica nos que o autor aborda diferentes temas, por exemplo: a orixe da empanadilla (en “Empadilla”), historias de costureiras acontecidas hai anos (en “Rebelión no taller”), meigallos ocorridos na catedral de Santiago (en “Embruxado”), aparecidos (en “O aniversario” e “Primavera”), a identificación co mundo rural (en “A lebre”), a obsesión (En “O xardín do namorado”), a política (en “O gran desastre”), a existencia dunha raza medio humana medio pataca (en “O home do saco”), o alén (en “O pasamento de D. Casto” e “A vocación de Bieito”) e o descubrimento dunhas tellas de madeira (en “O tellado”).

Referencias varias:

- Beatriz Abelairas, “El adiós a otro maestro, bienvenidas a granel”, *Qué leer día a día*, nº 70, “Otras letras”, outubro 2002, p. 26.

Laméntase a perda de Roberto Vidal Bolaño salientando o baleiro que deixa nas letras galegas. A seguir, coméntanse algunhas novidades editoriais, comezando por *A cidade dos Césares*, de Víctor Freixanes, unha versión definitiva que "redondea" e converte nunha novela "esencial" esta obra publicada por primeira vez en 1993. Da obra de Xulio Fernández Pintos, *A lenda do embruxado e outras historias*, indícase que son unha ducia de relatos nos que os espacios, ideas, vivencias e feitos incorporan veracidade gracias á imaxinación do autor. Coméntase tamén a aparición do manual de Manuel Rosales *A linguaxe literaria*, no que se atopa unha breve aproximación á historia da literatura galega, a exemplificación dos principais recursos que identifican a lingua literaria e unha caracterización dos xéneros poéticos, así como unhas pautas para realizar un comentario de texto. Finalmente indícase que Ir Indo vén de editar as novelas gañadoras do XIV Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova: *El héroe de Duranza*, de Juan Gómez Bárcena, e *OTMA Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas*, de Raquel Campos Pico, unha interesante achega á sorte da familia do último tsar de Rusia, Nicolás II.

García Seco, Paulino Froilán, *Contos con Filosofía*, prólogo de Darío Villanueva, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, col. Literatura, 2002, 158 pp. (ISBN: 84-8192-207-2). ⓾

sabedoría popular das nosas xentes. O volume conta tamén cun índice no que figuran os títulos dos contos, así coma da/s persoa/s aos que van dedicados. Previo aos relatos de *Contos con filosofía* atopamos un epígrafe titulado “Paulino Froilán García Seco” no que se indica, ademais duns breves datos biobibliográficos do autor lugués, que non son contos soamente os que no volume se recollen, senón tamén descricións sociolóxicas (máis ou menos conseguidas) de paisanos do agro ou das vilas rurais chairegas. Neste traballo podemos atopar, entre outros, contos como “O xordo”, no que o protagonista Dionisio fai o xordo cando dous cazadores lle preguntan pola lebre que feriron e que el ten agochada para levar á súa casa, ou “O convite”, onde se describe o apuro no que Xan de Xabarigo e Modestiña do Sixto se ven cando chegan á casa os seus respectivos pais e só hai unha perdiz para comer.

González Gómez, Xesús, *A lingua secreta*, Vigo: A Nosa Terra, col. Froita do Tempo, nº 4, xaneiro 2002, 266 pp. (ISBN: 84-95350-88-2).

Novela de Xesús González Gómez (A Rúa, 1950), na voz dun narrador omnisciente en terceira persoa que introduce en varias ocasións algún diálogo entre os distintos personaxes da novela. Está composta por vintecinco capítulos nos que se mesturan dous relatos que transcorren de forma parella aínda que sen cruzarse en ningún momento polo que poden lerse de forma independente. Sen embargo, cada unha desas historias recolle o que lles acontece a membros dunha mesma familia, concretamente a un pai nun campo de concentración nazi e o proceso de aprendizaxe do seu fillo, respectivamente. Cada un deles mostra un mundo distinto, por un lado, un pobo, a unión do home coa súa terra natal, a familia, a vida cotiá e, por outro lado, a miseria, a desgracia, o conflicto bélico, vivido nun campo de concentración nazi.

Recensións:

-Joaquín Ventura, “Historias nun abano”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n° 7, 27 xuño 2002, p. IV.

Comeza aludindo ao risco de que toda primeira novela dun autor presente eivas importantes por tentar incluír este toda a súa experiencia vital nela, aspecto que salienta que non ocorre neste volume de Xesús González Gómez, *A lingua secreta*. Considera que o autor sitúa as historias narradas arredor da fotografía de portada, que compara cunha “rosa dos ventos”, e na que narra historias dun pai e un fillo ambientadas nos anos posteriores á Guerra Civil. Remata destacando a habelencia do autor por conxurar o “maniqueismo, a nostalxia pola aldea esquecida e ou ese paternalismo que ás veces teñen as historias de descoberta da vida” e o coidado da edición.

- Xosé M. Eyré, “Reconstrucción persoal da historia”, *A Nosa Terra*, n° 1.044, “Cultura”, 2531 xullo 2002, p. 26.

Eyré cualifica *A lingua secreta*, de Xesús González Gómez, de “novela exemplar” e “lectura indicada para toda a familia”. Apunta que o autor intentou evocar algúns valores esquecidos

na actualidade como a solidariedade ou a xustiza. Detense tamén na estructura de dúas historias no decorrer dos capítulos e a presencia de elementos tomados da realidade ao lado doutros ficticios, coa intención de dar conta do periplo vital dun pai e dun fillo nos anos da posguerra. Finalmente, sinala a inclusión de motivos como a guerra, a miseria, a desesperación, a soidade, a angustia, a dor, a tristura, pero ante todo a esperanza.

-Armando Requeixo, “Centro de gravidade”, *Tempos Novos*, nº 63, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, agosto 2002, p. 69.

Despois de salientar a consolidada traxectoria de crítico de Xesús González Gómez, presenta a súa segunda novela, *A lingua secreta*. Apunta que se trata dunha “intensa reflexión sobre dunha raiceira idiomática e cultural identitaria e o absurdo universal da barbarie bélica”. Achega unha aproximación ao argumento e subliña a existencia de dúas tramas, nas que destaca que o papel da memoria é esencial. Así mesmo, sinala que é “unha novela de testemuño epocal” e que “ten moito de autobiografía”. Por outro lado, tras pór de manifesto certos aspectos como “solucións narrativas forzadas”, valora positivamente o traballo.

Referencias varias:

- Carme Vidal, “*A lingua secreta* é unha débeda persoal coa memoria de meu pai”, *A Nosa Terra*, nº 1.028, “Cultura”, 4-10 abril 2002, p. 29.

Carme Vidal achégase á novela de Xesús González Gómez, *A lingua secreta*, complementando os seus comentarios con opinións do propio autor. Comeza sinalando que é unha autoficción que naceu como “acto de xustiza” en homenaxe do pai, na que se relata a historia do seu proxenitor e as memorias da súa infancia, en dous relatos parellos que non chegan a cruzarse. Destaca que a diferencia entre eles dáse incluso a nivel formal, posto que a historia do pai comeza sempre coa mesma frase e nela desaparecen as maiúsculas. Sinala que con esta obra quere homenaxear a todos os que loitaron contra o fascismo, lembra cómo descubriu os feitos o día que seu pai falou en francés cuns descoñecidos, destreza que descoñecía o fillo, ou a súa alegría por ver publicada esta obra. Remata ofrecendo algúns datos biográficos e referíndose á súa concepción da literatura como necesitada de vivencias e desbotando a escrita experimental en si mesma.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, “Libros”, 23 maio 2002, p. V.

Comentario dalgunhas novidades editoriais como *Frei Martín Sarmiento*, de Mercedes Queixas Zas, un ensaio arredor da vida e obra de Frei Martín Sarmiento, no que se salienta a paixón que o monxe tiña pola educación dos máis novos e as súas preocupacións pola situación de marxinalidade na que se atopaba a lingua galega. De *A lingua secreta*, de Xesús González Gómez, destácase que se trata dun canto á liberdade a través de dúas historias que se cruzan nun relato "cheo de emocións e contrastes" co que moitos dos que padeceron a guerra se sentirán identificados. De *Tempos agradables*, de Conchi Regueiro, que mereceu o III Premio de Novela Mulleres Progresistas, coméntase que non está situado en tempo ou lugar determinados, pero narra unha situación de opresión dictatorial dende a perspectiva de dúas mulleres, Sara e Aurora, verdugo e víctima, respectivamente.

-AFA, "Xesús González Gómez traza a historia política da novela policial", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 xullo 2002, p. 67.

Faise referencia ao estudio publicado por Xesús González Gómez, titulado *A novela policial*, onde segundo se nos di o autor realiza un percorrido polo xénero policial e analiza o seu influxo na literatura galega. En cadro á parte, alude á publicación da novela autobiográfica *A lingua secreta*, publicada por A Nosa Terra.





Llorca, Guillermo, *Relatos para ver mundo*, prólogo de Alberto Sucasas, Ferrol: Edicións Embora, decembro 2002, 204 pp. (ISBN: 84-95460-22-X).

Primeira obra literaria do xornalista Guillermo Llorca (Ferrol, 1950), na que reúne cinco relatos situados en marcos temporais e espaciais totalmente diferentes. Todos os relatos coinciden na voz narrativa, unha terceira persoa que describe as peripecias vitais dos protagonistas e que, ao mesmo tempo, describe diversos períodos históricos ou culturas diferentes á propia. O primeiro relato, “En busca de melancolía”, narra unha historia de amor, entre un xornalista británico e unha muller casada kuwaití, acontecida a finais dos 70; no segundo relato, “Unha historia centenaria”, a protagonista é unha moza cubana que no 1997 investiga o pasado da súa bisavoa e descobre que mantivo unha relación amorosa cun mariño ferrolán a principios de século; “As cicatrices da liberdade” é o título do terceiro relato, que se desenvolve a cabalo entre Bos Aires e Valencia e que está protagonizado por un actor de teatro, fillo dun exiliado español, que vén a España despois de que o Exército cubano asasinase o seu pai e o torturase e retivese a el mesmo durante anos; no cuarto texto, “A caza do lobo”, describe a acción militar coordinada entre unha Guerrilla Antifranquista e o exército británico, durante a segunda Guerra Mundial, para capturar a un

submarino alemán que estaba a ser reparado no estaleiro ferrolán; por último, en “E. Underwood”, describe a traxectoria vital dun xornalista de Ares que, tras triunfar en EEUU, é galardoado no 1969 co título de fillo predilecto da súa vila natal. O libro inclúe, así mesmo, un “Prólogo” e unhas “Notas do autor”. No prólogo, de Alberto Sucasas, fálase da experiencia de Llorca como xornalista e historiador e descríbese o seu estilo como fluído e atraínte; en canto á temática sinala que hai unha especie de denuncia social e describe o tema concreto de cada relato. Nas “Notas do autor” indícase que os relatos son ficticios, pero que se desenvolven en contextos históricos reais e que os personaxes nacen a partir de xente coñecida polo autor.

Lobato Martínez, José M., *Diáspora.com*, ilust. Masito Beiró, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Nume, agosto 2002, 101 pp. (ISBN: 84-95622-63-7).

Colección de relatos de José Mª Lobato Martínez composta por sete contos (“O haiga”, “Voda pantasma”, “O rei dos cereais”, “A despedida”, “Empatía en contraste”, “Luces e néboas sagras”, “O rastro do Cuco” e “Ata o luns”) nos que o denominador común é a temática da emigración galega. Son diversas historias que, como se subliña na contracapa, pretenden incidir na presentación dun gran personaxe que nace e coexiste “pola súa relación íntima co fenómeno migratorio” e que, un por un, “presentan as súas vivencias, que conducen ao debate público, en pos de contribuír cada un coa súa insignificante historia a enriquecer e entender Galicia dende unha perspectiva moi particular. O mundo do emigrante galego”. Tras descubrir no primeiro, “O haiga”, a imaxe dun emigrado que regresa á súa casa de nacencia e os feitos que a partir deste momento se dan na súa aldea, en “Voda pantasma” rescata a temática das vodas amañadas por medio da historia da filla dun emigrado que, aos dezaoito anos, se ve obrigada a marchar a América para casar co fillo duns compañeiros de emigración de seu pai. En “O rei dos cereais” nárrase o periplo dun fillo de familia labrega, ensumida na desgracia, que marcha a terras americanas, onde

consegue fartura. Aínda así, o seu protagonismo político é quen de conducilo a unha morte violenta, por mor dos negocios fraudulentos que mantiña co goberno. En “A despedida” volvemos penetrar no mundo do alén, esta vez a través dun vello mariñeiro que tenta buscar unha solución psicanalítica para un soño seu no que participan as almas de varios emigrados. En “Empatía en contraste”, a narración lévanos cara á historia do sobriño dun rico facendado emigrado en La Habana que é requirido polo seu tío para facerse cargo das súas empresas. Despois de saborear o éxito, un cambio de goberno fai que quede sen ren e marche deportado a outro país, tras o que, finalmente, decide regresar a Galicia. En “Luces e néboas sagras”, sen embargo, retórnase ao mundo do alén para narrar a historia fabulosa das curacións operadas no Pico Sacro, que finalmente son explicadas por medio da benéfica acción das almas dos emigrados. En “O rastro do cuco” cóntase o periplo de regreso dunha emigrada á súa aldea, a carón do seu pequeno fillo. E en “Ata o luns” desenvólvese un breve relato no que un aldeán, de nome Xan, decide emigrar a Venezuela sen máis explicacións.

López López, Xabier, *O mono no espello*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2002, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/Narrativa, 2002, 102 pp. (ISBN: 84-7824-425-5).

Novela de Xavier López López (Bergondo, 1974) gañadora do Premio Manuel Lueiro Rei de Novela Curta organizado polo Concello do Grove. Neste volume estructurado en oito capítulos sen titular, o autor preséntao como unha revisión posmoderna do mito do nenosalvaxe, é dicir, eses rapaces que nalgún momento da súa vida quedan perdidos na praia, sen ninguén que os coide. O protagonista é un solitario profesor obsesionado coas súas lecturas, que un día rescata a un misterioso neno do desamparo, xa que coa noite ninguén o recolle nunha praia. Este acontecemento lévao a ter información sobre esta situación. Durante o relato inténtase mesturar intriga, humor, obsesión, reflexións, simbolismos, a medio camiño entre o fantástico e o alegórico e intentando analizar como as persoas facemos o posíbel para preservarnos da derrota e da soidade.

Recensións:

-A. R. López e Soedade Noia (coord.), “O mono no espello’: o mito do neno selvaxe”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 449, 26 decembro 2002, p. 5.

Sinálase que *O mono no espello*, de Xabier López López, ten como protagonista a un solitario profesor obsesionado coas súas lecturas, que recolle a un misterioso neno abandonado na caseta de socorrismo á primeira hora da noite. A seguir, reprodúcese o texto que aparece na contraportada do libro, no que se destaca que estamos ante unha “revisión posmoderna do neno-salvaxe”, nunha novela de intriga, humor e obsesión existencialista pola mirada do outro, que segue unha liña presente en toda a obra deste autor. Remátase sinalando que con esta obra Xabier López López foi gañador do Premio Lueiro Rey do Concello do Grove.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, 26 decembro 2002, p. VII.

Considera que *O mono no espello*, de Xabier López López, é unha revisión posmoderna do mito do neno salvaxe, unha novela de “intriga, humor e obsesión existencialista pola mirada do outro”. Comenta tamén *Contos completos de Charles Perrault*, editada pola editorial Xerais, coa que di quixo render unha homenaxe ao autor francés trescentos anos despois da súa primeira edición dos *Contos de antano* (1697). Indica que está prologada por Gustavo Martín Garzo e que nela se inclúen once contos que foron traducidos por Joelle Eyheramonno e Emilio Pascual. Da crónica *Impresións da Iberia*, de André Petitcolin, sinala que relata unha viaxe por Galicia e o norte de Portugal a finais do século XIX, na que ademais de descrición aparecen impresións da vida cotiá do momento. Finalmente, de *¿Quen viu as tesoiras?*, de Fernando Krahn, di que é unha adaptación para os máis pequenos, na que se narran as aventuras dunhas tesoiras viaxeiras, e cualifícaa de historia “sinxela e divertida”, feita co trazo limpo, ironía e humor intelixente.

López Rodríguez, Xavier, *Amigo medo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Froita do tempo, nº 6, novembro 2002, 207 pp. (ISBN: 84-95350-76-9).

Novela de Xavier López Rodríguez (San Cibrao de Hermisende-Zamora, 1956), na que se narran diversos acontecementos que tiveron lugar no verán do 1936 en Brumoso (aldea estremeña na que se fala galego). O protagonista e narrador é un home duns sesenta anos que no 36 guiou a un xeneral republicano dende a súa aldea ata Portugal e que, para non ter represalias por parte dos falanxistas, fixo crer a todos os veciños que fora obrigado e maltratado, polo que se converteu nunha especie de heroe. Desvela este e outros segredos por petición dun estudiante de historia, que lle entrega catro cintas e unha gravadora para que narre a súa experiencia como guía do xeneral e outros acontecementos relacionados coa Guerra Civil. Deste xeito, a novela preséntase en catro capítulos (que corresponden coas catro cintas) con dous apartados en cada un deles (cara A e B), nos que o narrador, mediante o monólogo, reflexiona sobre aquel episodio histórico, pero tamén sobre a evolución da sociedade e sobre a súa propia experiencia vital.

López Silva, Inma, *Concubinas*, Premio Xerais de Novela 2002, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 180, outubro 2002, 258 pp. (ISBN: 84-8302-883-2).

As experiencias vitais e a relación cos homes dunha estirpe de mulleres son os fíos conductores fundamentais desta primeira novela de Inma López Silva (Santiago, 1978), que sitúa a súa complexa trama no espacio simbólico de San Eirís. Nela predominan a mestura de perspectivas, os continuos xogos coa temporalización e a estructura de encaixe dunhas historias noutras. O espacio convértese nun referente fundamental da novela xa que nel conflúen todos os personaxes. San Eirís é unha vila poboada polas pantasmas das persoas que pasaron por alí noutros tempos, cada unha coa súa historia ás costas, formando parte dela e da súa esencia. Ademais recréase este escenario utilizando elementos procedentes do realismo máxico, tales como o feito de que a auga do río da vila baixe vermella cada 18 de xullo en memoria dos mártires da guerra ou que Helena Zumálave, a partir dun determinado momento da súa vida, recite a Troski e chore ouro. As mulleres que configuran o núcleo desta estirpe de mulleres –dona Zoé, a avoa mexicana; Helena, a filla, unha muller que herdou a súa hipersensibilidade da nai e que naceu católica a rabiar; e Inés, a neta, concibida nunha viaxe a Berlín de seus pais que herdou a fermosa cabeleira da avoa Zoé e

que sofre a maldición de ver morrer os seus namorados–, manteñen, en diferentes momentos das súas vidas, unha particular relación cos homes que configura ao longo do relato unha reflexión conxunta sobre a liberdade de amar e a aceptación implícita ou explícita de certo concubinato. Así dona Zoé, namorada ao ritmo dos tangos de Ugarte, fíxolle prometer ao seu home, cando morreu, que lle cumprise o soño de conseguir unha rosa azul, feito ao que el dedicou o resto da súa existencia; e Helena, que descubriu tardiamente o sexo ao lado do seu home Raúl Andrade, soportou por sempre as súas infidelidades e a presencia da amante en San Eirís onde o home lle puxo unha librería. A este núcleo feminino únense os episodios vividos en diferentes momentos temporais por outros personaxes que completan o cadro do relato. Entre eles destacan os protagonizados por Carmen Sálvora, que une os destinos das tres xeracións, unha muller da que se recrea o seu pasado de artista en París e Berlín ata que chega un día a San Eirís para se integrar nese espacio por sempre. Acompañada por Alain Meilland, quen lle fixo a promesa de procurala por todo o mundo, de Zacharias e de Isadora Xénova formaron parte da resistencia nos tempos da guerra europea, e ela é a responsábel do coidado e da educación de Inés que representa a nena que esperaba e nunca puido ter. Destaca tamén a figura de Frei Amaro Santos Cormes, o cura de San Eirís durante tantos anos que a xente o ten por

un santo porque non morre nunca. É un cura excéntrico que vive co convencemento de que é Cristo, fala cos paxaros e coas plantas e canta todas as mañás ás sete e media *L'alba separa dalla luce l'ombra* de Tosti. Ademais é quen recibe a encomenda da súa grande amiga Zoé de velar polos días futuros dos Zumálave.

Recensións:

- Ramón Loureiro, "Un vento de aire fresco", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Libros", 23 novembro 2002, p. 10.

A respecto de *Concubinas*, de Inma López Silva, recoñécese que se trata dunha obra construída por unha grande escritora que xa demostrara o seu talento no volume de relatos *Rosas, corvos e cancións*, e que dará no futuro moito que falar. Destácase da novela o seu estilo literario, a voz narrativa "persoalísima" e a vertebración de todo un mundo con habelencia. Saliéntase ademais a presencia da tradición literaria a través de intertextualidades e ecos tanto literarios coma cinematográficos, así como da emoción, "unha das mellores singraduras no mar da sinceridade". Sitúase a obra dentro da tendencia

practicada por algúns narradores galegos da xeración de Inma, entre os que se nomea a Rosa Aneiros e Xesús Fraga, que ten como finalidade gañar novos territorios e públicos para a literatura galega. Conclúese valorando este traballo como un froito do talento e da creación.

-Francisco Martínez Bouzas, “Amores en tempo de guerras”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 21, “Libros”, 5 decembro 2002, p. V.

Comeza salientando que o xurado do Premio Xerais valorou en *Concubinas,* de Inma López Silva, a súa calidade de novela ambiciosa ao tempo que dura e complexa e sinala que se trata dun texto que se enfronta ao reto de atraer o lector e convertelo en lector activo, capaz de inventar a súa propia lectura. Detense na traxectoria literaria da autora, mencionando *Neve en abril* (1996) e *Rosas, corvos e cancións*(2000), prosas nas que prima a linealidade, para se situar con *Concubinas* na madurez fabuladora e destaca o título insinuante da historia. Identifica como eixo central do relato “a épica das mulleres víctimas do amor e do desamor, dos afectos e das vinganzas en tempos de guerras e en tempos de paz” que, sen embargo, procuran a súa liberdade. Sitúa esta novela na corrente experimental da narrativa

galega actual polos seus xogos coa temporalización, polos diferentes escenarios espaciais e pola presencia de múltiples narracións subordinadas á historia principal. Reitera a necesidade da complicidade do lector á hora de abordar a lectura deste texto e remata salientando a presencia dunha “lingua rica e atrevida” e dunha “intelixencia creadora de alta voltaxe e unha interesante ollada ética e estética do mundo”.

- F. Martínez Bouzas, “Sobre tódalas vantaxes das expertas concubinas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 8 decembro 2002, p. 3.

Cualifica *Concubinas* de “novela con abondosos atributos en todos os seus niveis, mais non de lectura doada”. Cita as obras anteriores de Inma López Silva e sinala que nelas xa se percibían as marcas dunha narrativa de verdade, “desas que nos enmeigan con historias que apreixan a nosa imaxinación”. A seguir pon de relevo a caótica estructura temporal e espacial e o gran número de personaxes secundarios da novela, na que a historia principal desenvolve as relacións amorosas de tres mulleres dunha familia nun tempo de guerra e violencia e tamén de paz e de arelas de liberdade. Conclúe valorando a ousadía da escritora ao apostar por unha narración dura e complexa que esixe a complicidade dun lector que

debe ser activo para gozar dos “sabores e o calado inmenso da escrita que agacha esta novela de Inma López Silva”.

- Tomás Ruibal, “O último premio Xerais”, *Diario de Pontevedra*, “Revista! Letras”, “Anaquel dos libros”, 29 decembro 2002, p. 8.

Comeza o articulista sinalando que a concesión do Premio Xerais a *Concubinas,* de Inma López Silva, suscita de novo a reflexión sobre para quén escriben os autores e autoras galegos pois, na súa opinión, a novela, a pesar da presentación como historia de amores e vinganzas protagonizada polas mulleres dunha familia, adoece dun “serio problema de credibilidade”: a acumulación de citas literarias, escenarios cosmopolitas, expresións en inglés, italiano, francés e alemán, que cualifica de “innecesarias para un lector medio” e que o levan a preguntarse se “esta novela foi escrita para ser lida dentro dun mercado literario normalizado e considerando que se trata (...) da novela que recibe o premio máis importante do ano, ou se é unha obra para críticos e profesores que –aínda así– teñen que facer un serio esforzo para non perderse na maraña de demostracións gratuítas de cultura que fai a autora”. Para apoiar a súa afirmación transcribe un fragmento da novela que marca a súa

tónica xeral e sinala que a capacidade para contar historias ten que caracterizarse pola coherencia interna e pola busca de achegamento ao lector e non pola repetición de citas literarias “que máis ben parecen querer abafar ao pobre lector que confía na optimista definición da contraportada do libro”. Remata destacando que o maior mérito da novela reside no ambicioso intento de unir espacios e tempos moi variados.

Referencias varias:

- A. N. T., “Inma López Silva. ‘Concubinas reflexiona sobre a liberdade de amar”, *A Nosa Terra*, nº 1.039, “Cultura”, 21-26 xuño 2002, p. 30.

Entrevista con Inma López Silva na que se recollen as súas declaracións sobre a súa falta de tempo para celebrar o Premio Xerais que acadou con *Concubinas*, xa que está rematando un traballo de doutoramento sobre a crítica teatral nos anos noventa. A propósito da súa novela defínea como un texto fragmentario que conta a historia de varias mulleres e a súa relación cos homes na que procurou que tamén estivese presente a visión destes. Salienta que a presencia da fantasía no seu relato ten un sentido simbólico tanto histórico

coma político e está unida coa relación co marabilloso que se vive en Galicia. Valora a coincidencia de ser a segunda muller que gaña o Xerais como un feito que supón a visibilidade das mulleres na narrativa e sinala a súa satisfacción ao se tratar dun premio que conceden os lectores.

-Conchi Bilbao, “A literatura galega está a reclamar novas voces”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 30 xuño 2002, p. 2.

Recóllense as palabras de Inma López Silva con motivo da consecución do Premio Xerais de Novela por *Concubinas*. A escritora de vintecatro anos valora positivamente para a literatura galega que por segundo ano consecutivo se lle conceda este premio a unha muller e sinala que a súa novela presenta o tema do amor, que considera “a esencia da vida humana”. Infórmase tamén de que proximamente a autora comezará unha estadía en París para realizar un curso de doutoramento en estudios teatrais e que continúa cos seus labores de estudio e crítica no “*Correo das Culturas*”.

- Beatriz Abelairas, “Los Premios Xerais”, *Qué leer día a día*, nº 68, “Otras letras”, especial verán 2002, p. 26.

Ver Calvo, Tucho, *Corazón entre desertos*, neste apartado do *Informe*.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 22, 12 decembro 2002, p. VII.

Presenta as novidades editoriais: *Concubinas*, de Inma López Silva, Premio Xerais de Novela 2002, da que ademais de resumir brevemente o argumento da novela, destaca o coidado estilo literario e o escaparate fantástico que se presenta no relato. *Camiño perigoso*(2002), de Ánxela Loureiro, unha obra de aventuras para o público xuvenil da que ofrece o argumento e sinala que foi finalista do Premio Merlín 2002. Finalmente, de *A casa da luz*, de Xabier P. Docampo sinala que nela se relata unha aventura na que o mundo da arte e a memoria dunha guerra pasada están moi presentes, que constitúe unha reivindicación da beleza e da arte, cuestión sobre a que tamén indica que os cadros que atravesan os protagonistas, reproducidos no libro por Xosé Cobas, son de autores destacados.

- AFA, “Elas amantes, amados eles”, *O Correo Galego,* “AFA”, 18 decembro 2002, p. 33.

Faise referencia ao acto de presentación de *Concubinas* realizado na Facultade de Filoloxía de Compostela, no que Inma López Silva estivo acompañada de Marilar Aleixandre, María do Cebreiro, Dolores Vilavedra e Manuel Bragado. Recóllense as palabras da autora quen destacou que escribiu a novela máis ou menos de corrido aínda que cunha estructura pensada, que desexaba falar de mulleres aínda que non só delas e por iso aparecen no relato os seus correlatos masculinos e que todos os personaxes están asediados pola soidade e esquivados polo amor. Saliéntase tamén que López Silva rexeitou o termo realismo máxico a favor “dun simbolismo que oscila entre o real e o fantástico pero no que ata a fantasía está ao servicio dos significados”.

- Conchi Bilbao, “A historia de cada un nace daqueles que cruza no camiño”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, “Literatura”, 2 decembro 2002, p. 2.

Comézase destacando que *Concubinas* cativou tanto á crítica coma aos lectores e recóllense algunhas palabras de Inma López Silva nas que indica que o seu desexo foi conformar un mosaico de personaxes esquivados polo amor e marcar a diferencia entre homes e mulleres porque se segue coa idea de que a vida destas "consiste en buscar alguén con que estar. Eles téñeno moito máis fácil". A pesar desta intención sinala que non se trata dunha novela feminista e que a escribiu de corrido aínda que mantendo "o control dunha estructura conscientemente manipulada coa fin de procurarlle ao lector un amplo abano de camiños de lectura".

- A. R. López e Soedade Noia (coords.), "As 'Concubinas' de Inma López Silva", *O Correo Galego, "Revista das Letras",* nº 449, 26 decembro 2002, p. 3.

Breve nota na que se presenta como lanzamento de Xerais para o Nadal a novela *Concubinas,* considerada como unha obra complexa que confirma a Inma López Silva como unha das máis apreciadas narradoras galegas e como unha grande esperanza. Seguidamente recóllese a opinión de Martínez Bouzas a respecto da novela, da que opina

que é fermosa e complexa estructural e tematicamente, e salienta o seu estilo “potente e coidado”.

-Salvador Rodríguez, “Canto máis agobiada estou, máis escribo”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 24, “Entrevista”, 26 decembro 2002, p. III.

Inma López Silva comeza declarando nesta entrevista que non considera que *Concubinas* sexa unha novela feminista aínda que intentou ofrecer unha reflexión sobre o lugar que ocuparon as mulleres ao longo da historia. A seguir explica o significado dunha das dedicatorias coas que se abre o relato, dirixida ao profesor Alonso Montero pola descuberta de Mony Hermelo, e sinala que se trata dunha recitadora porteña que viaxou varias veces a Galicia e que espertou fascinación en moitos intelectuais galegos segundo lle descubriu Alonso Montero, aínda que todo o referente a esta personaxe na novela é ficticio. Salvador Rodríguez interroga á escritora sobre as influencias da literatura hispanoamericana que, trala súa lectura persoal, atopa en *Concubinas*, mencionándolle a García Márquez, Julio Cortázar e Isabel Allende. A este respecto, López Silva declara a súa fascinación por García Márquez nunha etapa xa pasada da súa vida, adscribe a súa influencia do realismo máxico

a Álvaro Cunqueiro e sinala non ter pensado en Cortázar nin en Allende á hora da escrita. Comenta a seguir que escribe por impulsos, sobre todo ao se sentir agobiada, e recoñece que a literatura galega vive na actualidade unha eclosión de narradoras aínda que non lle gustaría "que houbese algún tipo de utilización mediática e chea de frivolidade sobre o feito de que as mulleres escriban". Finalmente, como investigadora e crítica teatral, opina sobre a falta de publicación de textos teatrais para representar e anuncia que a súa próxima novela terá unha estructura bastante diferente á de *Concubinas*.

Manteiga, Xavier, *Ira*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 180, marzo 2002, 188 pp. (ISBN: 84-8288-503-0).

Novela de Xavier Manteiga (Santiago de Compostela, 1968) na que un xornalista que traballa para a sección cultural dun xornal europeo é enviado á illa de Santo Domingo en outubro de 1949 para lle facer unha entrevista a A. C., famoso escritor que tempo antes chegara á veciña Toitén. Atópao moi enfermo, pois un díptero picárao transmitíndolle "a enfermidade do sono", sen ganas de loitar e esperando resignado a morte. Chegan a un acordo polo que o moribundo lle vai dictar o final da novela que estivera escribindo e que o xornalista tería que entregar ao seu editor. No volume intercálase o relato do xornalista, que a modo de diario vai contar o que ocorre nos sete días que permanece na illa, e a novela de A. C., da que xa tiña redactados vintetrés capítulos. Nesta narra as vivencias posteriores á súa chegada a Toitén, a onde acudira guiado polo desexo de reencontro co seu amigo Marcelo e tamén pola ansia de "cambiar de aires". Naquel momento, di, "o destino e quizais, por qué non, a natureza se conxurou contra nós" e o levou ao estado actual. As relacións persoais alí estarán marcadas polo amor e a amizade, e tamén polo rancor e o odio; ao

tempo que a natureza e a malaria engolen o todopoderoso home. A profecía do louco Efrén cumprirase. Toda unha traxedia.

Recensións:

-Carme Vidal, “Xavier Manteiga. ‘Todo escritor conta a súa vida”, *A Nosa Terra*, nº 1.036, “Cultura”, 30 maio-5 xuño 2002, p. 29.

Tendo en conta opinións de Xavier Manteiga fai unha achega a *Ira*, comezando pola súa estructura de novela dentro da novela e o constante xogo de equívocos entre ficción e realidade. Recóllense nas súas palabras as razóns de situar a acción nun espacio e tempo concretos que lle dean verosimilitude á obra, á vez que responde á propia concepción do autor da literatura como universal. Outras claves que se destacan da novela son a fuxida de historias moralistas, a concepción da liberdade como un taboleiro de xadrez ou o cambio que se observa nesta obra con respecto ás anteriores do autor, na que se ve unha traxedia pura sen trazos cómicos como ocorría antes. Das influencias literarias salienta a de Albert Camus pola epidemia (coincidente coas iniciais do protagonista, A. C.) e a de Conrad pola

presencia da selva, entre outras; do estilo destácase que hai menos diálogos que nas obras anteriores debido a unha maior influencia da linguaxe cinematográfica.

- Domingo M. Tabuyo, “Onde a xungla vive de seu”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Libros”, 6 xuño 2002, p. V.

Comeza reproducindo unha frase de Xavier Manteiga que considera que recolle todo o sentimento dramático da trama de *Ira* e na que se compara o amor cun caracol. A seguir destaca a presencia constante e ameazante da selva, á que o home non pode vencer, e o seu poder simbólico. Sinala que estamos diante dunha novela dentro doutra novela, que transcorre en sete días e na que os protagonistas son un xornalista e un escritor a punto de morrer. Remata enumerando algúns dos elementos que forman parte do que el chama “puzzle” dunha historia de “naufraxios vitais”.

-Xosé M. Eyré, “Traxedia entre o sol e a selva”, *A Nosa Terra*, nº 1.043, “Cultura”, 18-24 xullo 2002, p. 26.

Despois dun “achegamento a respecto da disposición de elementos tráxicos”, critica certos aspectos que coida negativos no conxunto de *Ira* e salienta outros como positivos. Entre os primeiros, destaca que ás veces “a expresión está pouco traballada” ou que as dúas novelas que conforman a obra non se individualicen o suficiente. Pola contra, xulga moi acertada a caracterización dos personaxes, dos que analiza as diversas relacións que manteñen.

-Armando Requeixo, “O son furioso da ira”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 28 xullo 2002, p. 4.

Comeza referíndose á variedade que se atopa na obra de Xavier Manteiga, dende *Morrer na herba* (1995), cualificada como cinematográfica e faulkneriana; *Sinfonía inacabada* (1996), considerada compostelá e obsesiva; ata *Manancial* (1997), que ve como truculenta e policial, para agora dar paso a unha novela de ambientación tropical, *Ira*. Sinala que esta última obra é unha intensa novela de amor, na que tamén asistimos a unha reflexión sobre a desesperanza, na que os personaxes encarnan as paixóns máis primarias da especie humana e onde o importante é a exploración do mundo dos sentimentos humanos. Remata

referíndose ás influencias literarias que se deixan sentir como a de Conrad, Melville, Poe, Blanco-Amor ou Camus, entre outros.

Referencias varias:

- Conchi Bilbao, “Crónica da desidia”/“Manteiga estréase na novela dramática con *Ira*, unha crónica de desidia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 22 maio 2002, p. 32/p. 75.

Anuncia a presentación de *Ira*, de Xavier Manteiga novela na librería Pedreira de Santiago de Compostela. Da obra achégase o argumento que leva ao protagonista a unha illa na busca dun escritor desaparecido e a súa vivencia da traxedia do moribundo que transforma a súa existencia. Recóllense declaracións do propio autor nas que se refire á súa concepción da liberdade limitada do home e a súa interpretación literaria do erro e da incomprensión. Remata aludindo a outros proxectos do autor.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, “Libros”, 13 xuño 2002, p. V.

Ademais de dar conta doutras publicacións que veñen de ver a luz, no referido á literatura galega ofrece unha aproximación ao contido da novela *Ira*, de Xavier Manteiga, da que asegura que “confirma como unha voz sólida na narrativa galega” ao seu autor. Cita as súas obras anteriores *Morrer na herba* (1995), *Sinfonía inacabada* (1996) e *Manancial* (1997), e salienta o seu traballo como guionista.





Mariño López, Xesús Lois, *Xuízo final sobre Val Abiso*, Iº Certame de Creación Literaria e Investigación Terra de Melide, Melide-Lugo: Padroado de Cultura e Deportes do Concello de Melide, 2002, 250 pp. (DL: LU-18-2002).⓾

Novela de Xesús Lois Mariño López, galardoada co Premio Terra de Melide, que consta de dúas partes, divididas á súa vez en diversos capítulos e subcapítulos, mais un “Ensaio da apocalipse para un epílogo a Val Abiso”. Un narrador en terceira persoa cóntanos a historia de Caitán de Vértalo, o protagonista, que viaxa á súa aldea natal Val Abiso despois de moitos anos vivindo en Suíza, onde ten unha carpintería. En Val Abiso reencóntrase cos seus familiares e vellos amigos: a súa curmá Xela, os seus tíos Selmo e Áurea, os seus amigos Delio, Goros, Alicia, Galvao, etc. Recorda vivencias que de mozo lle pasaron e participa nas cuadrillas que se forman na parroquia para descubrir quen é o causante dos incendios de verán que se están producindo. Ademais, en Val Abiso indaga sobre a morte do seu irmán pequeno, Lixandre, e charla cun vello chamado Maxín de Abade para descubrir cousas da súa familia (sobre Vértalo, seu pai, e a súa morte; sobre a relación de seu pai cos veciños, etc.). Durante a súa estancia ten un pequeno *affaire* coa súa curmá viúva Xela e acude ao enterro de Delio e do cacique do pobo que el supón o causante da

morte de seu irmán e de moitas das desgracias da súa familia, Don Antonio o da Casagrande da Tosta, alcumado o “Abreaños”. Finalmente, regresa só a Suíza e á súa carpintería dado que Xela non acepta marchar con el.

Referencias varias:

-Xosé García, “Publican a primeira novela do certame literario de Melide”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 21 maio 2002, p. 8.

Dá conta do acto no que Xesús Lois Mariño, escritor galardoado no primeiro premio de novela organizado no Concello de Melide, presenta a obra gañadora *Xuízo final sobre Val Abiso*. Informa de quen estivo presente, así como de quen custeou a impresión do libro. Finalmente, infórmanos das palabras coas que cualificou a obra o autor desta e recóllese é unha novela realista na que o título xa alude a esa parroquia imaxinaria Val Abiso que pretende reflectir as parroquias galegas.

Martín Acero, Begoña, *Termodonte e outros contos*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, serie Relatos, nº 12, xuño 2002, 69 pp. (ISBN: 84-89803-78-1).

Libro de Begoña Martín Acero composto por sete prosas breves independentes, de aproximadamente catro páxinas cada unha, que se sitúan, a través dun narrador omnisciente en terceira persoa, en lugares e en épocas distantes. En todas elas búscase que as mulleres sexan protagonistas e que estean envoltas por unha mirada exótica e intimista que mesturan o real e o fantástico. Búscase o achegamento ao lector a través de temáticas recorrentes na literatura como son o amor á natureza e á terra, a presentación dun mundo real e dun mundo onírico ou o enfrontamento aos convencionalismos formais da sociedade.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Vivencias femininas engarzadas no mito”, *El Correo Gallego*, *Correo das Culturas*, 10 novembro 2002, p. 3.

Presentación crítica do libro de Begoña Martín Acero *Termodonte e outros contos*, composto por sete relatos breves onde, segundo se indica, se combina o real co onírico. Dísenos que con este volume a autora estréase no xénero da narrativa, pasando así a engrosar a escasa lista de mulleres que se mergulla nese campo. Suxire de pasaxe que o xénero da ficción en formato breve está sendo demasiado cultivado no noso sistema literario, en detrimento da novela longa. Coméntase tamén que esta obra posúe, na opinión do articulista, un contido intranscendente, xa que toca os temas de sempre dun xeito banal.





Martínez Pereiro, Xosé Luís, *A embaixada do vinagre*, Premio Risco de Literatura Fantástica 2002, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/Narrativa, 2002, 192 pp. (ISBN: 84-7824-398-4).

O debuxante humorístico, dramaturgo e narrador Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) volve achegarse nesta obra á arte da divagación, como xa o fixera en *Amálgama de desquiciados* (1992), *As irmás bastardas da ciencia* (1999), *Breviario de calamidades* (1999) e *Medición definitiva do limbo* (2000). Nesta ocasión, basea a súa escrita na microliteratura, en concreto no xénero coñecido como microrrelato, composto por textos breves dunha extensión máxima de corenta liñas, que se nutren de calquera xénero, literario ou non, e cun soporte argumental mínimo, pois o nivel diexético é moi feble e o papel do narrador é máis forte co dos propios personaxes, que son manipulados ao seu antollo na busca dun final sorpresivo. *A embaixada do vinagre* acolle un conxunto de setenta e nove textos, que arrincan na súa maior parte destas premisas e que se presentan en cinco capítulos, coa finalidade de achegar certa coherencia dende o punto de vista temático: “A vocación imbécil do mar”, “Sucedáneos da covardía”, “Visita guiada á fábrica de cretinos”, “Propiedades curativas da maldade” e “Ingredientes da carne viva”. Cada unha destas partes está

introducida por un conxunto de tres citas e recollen unha colectánea de relatos, nos que a realidade e a ficción se mesturan, dando lugar a situacións desatinadas, excéntricas, cómicas... Asemade, cabe salientar a “curiosa” erudición que se mostra nos textos, que resulta críbel na sintonía da obra, e a diversidade dos temas tratados: o sexo, a morte, a relixión, o suicidio, a enfermidade, a beleza, as malformacións, os vicios sociais ou o mundo medieval.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Miscelánea de brevidades fantásticas”, *A Nosa Terra*, nº 1.041, “Cultura”, 4-10 xullo 2002, p. 26.

Considera que *A embaixada do vinagre*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, é unha miscelánea de textos de marcado carácter fantástico, tendentes á brevidade. Sinala que esta obra nos ofrece unha visión da historia diferente, pois o vir e devir entre o real e a ficción, entre o histórico e o parahistórico, toma a forma de microliteratura e detense a explicar e a citar as diferencias xenéricas que presenta. Puntualiza que microrrelatos son os que compoñen a

citada obra e que nela a figura do narrador ten moito máis peso que a dos personaxes, ademais de sinalar que trata temas moi diversos, pese a que está organizada en cinco capítulos que tratan de conseguir unha mínima uniformización temática. Cita outras obras do autor coruñés nas que se fundamenta na arte da divagación e afirma que a erudición curiosa e a continua procura do humor son dous trazos definitorios de *A embaixada do vinagre*, na que abunda o medievalizante, o sexo ou os vicios sociais.

-F. Martínez Bouzas, “A embaixada do vinagre, máis fugas mentais”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 7 xullo 2002, p. 4.

Amplo comentario sobre *A embaixada do vinagre*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, que define como “inferno mancomunado”. Sinala que esta obra, gañadora do Premio Vicente Risco de Literatura Fantástica, se tece con esa arte de narrar “ensimesmado na creación de pequenas prosas, de centos de relatos concertados nunha soa frase e cun nivel diexético moi diverso e, polo xeral, moi feble”. Sinala que esas prosas están unidas polo engarce de cinco epígrafes e que, a excepción dalgunhas que están cimentadas en feitos reais, o resto dos relatos son unha réplica dos distintos “compangos de historias” que veu poñendo na

nosa literatura o escritor coruñés. Conclúe sinalando que o leitmotiv deste libro retoma os núcleos argumentais das súas anteriores entregas.

- Francisco Martínez Bouzas, “Misceláneas de imposturas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, 12 setembro 2002, p. V.

Sinala que, con *A embaixada do vinagre*, X. L. Martínez Pereiro volve a ese tipo de escrita baseada no microrrelato de fasquía fantástica, humorística e, por veces, corrosiva. Considera que a arte de relatar de Martínez Pereiro ten a penas base narrativa e está embebida na creación de pequenas prosas cun nivel diexético polo xeral moi feble. Tamén apunta que suturándoos baixo unha mesma estructura de cinco capítulos, desenvolve o autor coruñés a súa escrita elaborada por ducias de pequenas historias, “tráxicas, calamitosas, voluptuosas ou rebuldeiras, alicerzadas todas elas na divagación ou na trangallada”. Achega outros comentarios sobre este volume, que ofrece unha “colección de rarezas da natureza humana, tinxidas pola excentricidade, pola comicidade e pola retranca”, escritas cun estilo “áxil e diáfano”.

Referencias varias:

-I. M., “El lado humorístico se puede encontrar en lo más macabro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 27 marzo 2002, p. 19.

Entrevista a Xosé Luís Martínez Pereiro, gañador do premio Risco de Literatura Fantástica coa obra *A embaixada do vinagre*. Dise que contén cerca dun cento de relatos que xurdiron, en palabras do autor, da tentativa de condensar toda unha serie de pensamentos e ideas no mínimo espacio posíbel, dando así lugar a relatos de moi diversas extensións. Sinala que o eixo vertebrador do libro é o humor xa que, a pesar de ser máis complicado á hora de crear resulta máis corrosivo e dá máis marxe á crítica. Sinala o vínculo coa retranca galega, xa que constitúe a forma de ser dos galegos e interprétaa como un mecanismo de defensa. En canto ao premio, insiste que para el o fundamental é a publicación da obra. Considera que a literatura galega está nun moi bo momento, no que incluso alimenta á literatura en castelán. Remata aludindo a outras cuestións de carácter persoal.

- A. N. T., “Xosé Luís Martínez Pereiro: ‘¿Quen ten tempo hoxendía para ler unha novela de 800 páxinas?”, *A Nosa Terra*, nº 1.038, 19 xuño 2002, p. 35.

Conversa con Xosé Luís Martínez Pereiro na que explica que *A embaixada do vinagre* é o resultado imaxinativo de moitas das súas lecturas. Refírese ao xogo que realiza con situacións e personaxes que fan dubidar constantemente se estamos no plano real ou ficticio, ademais de aludir á súa opción por un libro con relatos pequenos, pois considera que na vida cada vez temos menos tempo para ler. Tamén apunta que no libro aparecen moitos personaxes amargados e corrosivos, que din cousas que molestan as feministas ou os homosexuais, e explica que o quere é facer pensar e meterse coas convencións.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, “Libros”, 27 xuño 2002, p. V.

Ver Calvo, Tucho, *Corazón entre desertos* neste apartado do *Informe*.

Miragaia, Raquel, *Diário Comboio*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento/Associaçom Galega da Língua, col. Narrativa, nº 165, 2002, 92 pp. (ISBN: 848487-018-9).

Nesta novela coral de Raquel Miragaia (Vilalva, Lugo, 1974), con fotografías de Luz Castro, os elementos centrais ao redor dos cales se desenvolve a complexa trama vital e psicolóxica dos protagonistas, son a pechada vila da Escravitude (o ritmo de vida da cal se rexe aínda segundo uns patróns de vida obsoletos) e o comboio que a une diariamente coa cidade próxima de Santiago de Compostela, representando este a posibilidade de abertura dos horizontes limitados dos moradores daquela pequena poboación, sexan antigos ou recentes, vindo así a se constituíren no fío conductor da narración. *Diário Comboio* é o relato aberto e secuenciado das vidas, aparentemente simples, dun grupo de veciños da Escravitude a partir da chegada en tren a este universo enclaustrado dun elemento foráneo: Berta, unha moza que abandona traballo e noivo en Madrid ao contraer unha grave doenza. Na aldea coñece a Domingo, o maquinista, un licenciado en Historia fracasado; Valero, o xefe de estación, limitado nunha rutina profesional herdada por tradición familiar que dirixe tamén o seu cotiá persoal; a muller deste, Pilar, e mailo fillo de ambos, Pedro, quen sofren as

consecuencias do carácter do Valero; a señora Engracia, sanadora en decadencia que nunca cedeu ao feitizo do amor pero que no fin da súa andaina se encontra apaixonada secretamente por Manolo, o taberneiro, quen partilla este amor inexpresado e loita contra si mesmo para vencer as barreiras que lle impiden alcanzar a felicidade; o vello Vicente, ex-piloto de aviación con remorsos pola súa actuación durante a Guerra Civil e que infunde en Pedriño a obsesión por voar; e, finalmente, Paco, cincuentón considerado na vila como un "ser exótico", nómade, viaxeiro incansábel mais afectado tamén por unha doenza mortal que lle fai sintonizar á perfección con Berta.

Monteagudo, Xosé, *As voces da noticia*, Premio Blanco Amor de Novela 2002, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 191, decembro 2002, 365 pp. (ISBN: 84-8288-589-8).

Novela de Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) que afonda na problemática social dunha Galicia rural que evoluciona aos poucos. Un redactor xefe dun xornal envía a un dos seus homes a facer unha reportaxe sobre un suceso acontecido nunha aldea interior de Lugo dez anos antes. A obra estructúrase en dúas partes. A primeira abrangue as primeiras páxinas nas que se relata brevemente "a viaxe do xornalista" ao concello da Brea onde sucedeu todo. Na segunda, "Traballo de campo", utilizando a metodoloxía de traballo dun verdadeiro xornalista, achega todo o material de investigación recollido nos días que pasa alí: correos electrónicos, transcricións de gravacións, resumo de entrevistas, extractos de sentencias... Así o narrador case non intervén, a penas con breves valoracións, pois van ser os propios protagonistas os que conten a historia. O autor mantén en suspense o lector, xa que deixa case para o final o desvelar cál é ese suceso, o crime dun veciño de Santo André a mans doutro veciño polos lindes dunhas leiras. Vai ser a familia a que conte a historia, relatando ás veces aspectos que son irrelevantes e que fan que o ritmo narrativo se demore, mais que contribúen a dar verosimilitude. O traballo do xornalista sitúase no 2001, pero as testemuñas

remóntanse en *flash back* a diversos puntos do pasado. Por outra banda, e en paralelo, o xornalista está a pasar por unha crise traumática a raíz dun accidente de tráfico, polo que achega tamén as súas teimas en relación a isto.

Referencias varias:

-B.L., “Vén de nacer un novo escritor”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 13 novembro 2002, p. 76.

Tras comentar cómo se inicia a liña argumental de *As voces da noticia* e salientar a concesión de tan importante galardón a un autor novel, presenta brevemente a este e recolle algunhas palabras de seu sobre a obra. Apunta que Xosé Monteagudo destacou o protagonismo da aldea galega e sinalou que ao xurado lle impresionou que “soubese plasmar tan ben” o mundo xornalístico. Ademais afirma que se confesa un “afeccionado” á lectura e que o premio lle servirá para chegar a máis lectores. Por outra banda, recolle o dictame do xurado sobre a novela, apuntando “unha excelente estructura narrativa, que

afonda en diferentes rexistros lingüísticos, o que fai dela unha obra acertadamente experimental”.

-Carme Vidal, “Xosé Monteagudo: ‘Quería contar unha historia rural de xeito diferente”, *A Nosa Terra*, nº 1.056, “Cultura”, 14-20 novembro 2002, p. 30.

Despois de presentar brevemente a Xosé Monteagudo, achega unha entrevista con el, na que este autor alude a cómo se inicia na escrita literaria e á súa concepción de cómo ten que ser esta. Asemade, subliña que o seu obxectivo coa novela galardoada co Premio Blanco Amor, *As voces da noticia*, era “contar unha historia do agro galego dun xeito diferente”, ademais de “dar a ler unha historia críbel que chegue o máis adentro posible e que deixe pouso”. Insiste tamén en que “a calidade depende da credibilidade literaria e iso conséguese coa técnica”.

- AFA, “As voces dun escritor ‘secreto”/“Xosé Monteagudo deixa de ser escritor secreto”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 21 decembro 2002, “O día”/“Área de Compostela”, p. 34/p. 39.

Alude ao acto de entrega do galardón do XXI Premio Blanco Amor en Santa Comba a Xosé Monteagudo pola súa novela *As voces da noticia*. Despois de salientar que o premiado se "estrea na literatura galega", recolle as palabras de Freixanes, quen, afirma, destacou o "poder da palabra", e as dos membros do xurado, M. Quintáns e Rosa Aneiros, que apuntaron que "a estigmatizada e mal chamada *Galicia profunda* xorde cun sabor novo e dignificante".

- AFA, "As voces da noticia"/ "Monteagudo escribe unha novela sinfónica sobre o mundo rural", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "AFA"/ "Cultura", 28 decembro 2002, p. 34/p. 68.

Fai referencia á presentación da novela *As voces da noticia*, de Xosé Monteagudo por parte de Galaxia. Tras uns breves apuntamentos sobre o escritor, recolle o que este di sobre a finalidade que perseguía. A seguir, refírese brevemente á trama argumental e destaca os "valores" que pon de manifesto. Por outro lado, achega certos aspectos que Freixanes e Carlos Lema salientaron da novela neste acto.

- C. Villar, “Monteagudo critica o tópico da ‘Galicia profunda’ en ‘As voces da noticia”, premio Blanco Amor”, *Faro de Vigo*, 28 decembro 2002, p. 49.

Refírese á presentación da obra *As voces da noticia*, de Xosé Monteagudo. Tras aludir brevemente ás liñas argumentais, subliña que o autor procurou “rachar cunha serie de tópicos” sobre a Galicia rural e reflectir os “cambios”. Ademais, fai referencia á técnica empregada e destaca que Carlos Lema sinalou no acto que a novela “nos vai conciliar coas nosas orixes”.

Moreda, Eva, *O demo e o profundo mar azul*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, decembro 2002, 103 pp. (ISBN: 84-87783-72-4).

Relato longo de Eva Moreda (Vegadeo, 1981) composta por trinta e un capítulos onde se recrea a historia de Gregorio Gancedo López, máis coñecido polos alcumes *Goro de Ferrería*, *Mr. Gancedo* ou *Gregory*, un home que aos vintedous anos, casado e cunha filla, marcha da casa coa intención de acadar sona e éxitos musicais como saxofonista en Norteamérica. Ambientada durante a Guerra Civil española, a posguerra e a democracia, a trama descobre o periplo dun músico autodidacta que marcha aos EUA crendo poder triunfar no mundo do jazz americano. Pero o certo é que unicamente pode malvivir. Pouco e pouco vai facéndose un nome nas orquestras de jazz e consegue abrir un club e crear unha banda. Malia a todo, ás veces lembra a súa muller e a filla, que envellecían e medraban en Galicia. Finalmente, falece en América, lonxe dos seus, mentres a súa filla recibe a súa derradeira carta lembrando as verbas que sempre lle dicía a súa nai: “Esta será xa a súa última carta; en poucos días estará de novo aquí”.

Pérez Valcárcel, Mª Eugenia, *A noite que avanza*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa. Relatos, nº 13, xuño 2002, 101 pp. (ISBN: 84-89803-93-5).

Tomando como título o pertencente a un dos dez relatos que contén, preséntasenos este libro de Mª Eugenia Pérez Valcárcel, que xa conta con obra publicada en castelán. Os relatos curtos aquí incluídos presentan temas diversos como a morte, a amizade e as relacións familiares, xunto a todo tipo de sentimentos persoais. Todos eles aparecen narrados dende a perspectiva da primeira e terceira persoa, con abundante diálogo no transcurso da acción na maioría deles. Os títulos dos distintos contos son os que seguen: “Noitébregas”, “A señora dos ventos”, “Sísifo”, “Contra toda esperanza”, “De heroes efémeros”, “Ninguén nos falou da pena”, “A casa amarela”, “A noite que avanza”, “Réquiem” e “Estaba tan cansa...”.

Queizán, Mª Xosé, *¡Sentinela, alerta!*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 176, maio 2002, 103 pp. (ISBN: 84-8302-800-X).

Mª Xosé Queizán (Vigo, 1939) aborda nestes dez relatos algúns dos aspectos que conforman o lado máis escuro da condición humana como o exercicio da violencia e da tortura. Todos eles teñen en común estaren situados no espacio dunha prisión nos tempos da dictadura e a ambientación rodeada de desacougo, crueldade e corrupción. Contan con protagonistas como o Dobre, o director do centro penitenciario que aparece en varios dos relatos, un ser corrupto e violento que sente pracer ao observar cómo o Licenciado, un preso con estudios universitarios, prepara o seu propio cadaleito na carpintería da prisión sen ser coñecedor do fatal desenlace que lle agarda; ou ao maltratar e torturar os homosexuais e a súa propia muller. Os malos tratos cara ás mulleres trátanse tamén na historia dun preso que vén de ingresar e que relata cómo acabou coa muller, dócil e obediente dende sempre, porque ela decidiu un día acabar co seu sometemento; e tamén no relato que conta cómo unha muller maltratada ten que fuxir tras decidirse a pedir o divorcio. A violencia entre homosexuais é o tema da historia de Moncho, un preso que sofre
o acoso constante de Rúper, o responsábel de exercer o abuso sexual cos compañeiros. A

busca dun sentido e a desesperación serven de eixo temático á historia dunha militante comunista que emprende unha folga de fame, no transcurso da cal rememora as comidas que facían súa nai e súa avoa. Pecha o volume o poema “Burka”, na que se aborda a existencia das mulleres que viven tralo cárcere e a obriga imposta do burka, outro tipo de prisión chea de reixas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Vidas arrincadas”, *Faro de Vigo*, *“Faro da Cultura”*, nº 4, 30 maio 2002, p. IV.

Lembra a súas sensacións ao entrar por vez primeira nas dependencias do antigo cárcere da rúa do Príncipe de Vigo, unhas sensacións que confesa ter recuperado ao observar a fotografía da portada de *¡Sentinela, alerta!*, de Manuel G. Vicente, e ao se internar nas páxinas deste volume. Recoñece como a intención fundamental do libro a recuperación da memoria, así como a cohesión dos relatos que conseguen os trazos comúns presentes nestas biografías ficcionais e o tempo histórico no que están situadas. Conclúe destacando

a naturalidade, a limpeza, a axilidade, a forza expresiva, a escolla de diferentes puntos de vista, “razóns que fan deste libro unha pequena alfaia que cómpre non ignorar” e “o máis salientable entre o aparecido no xénero nestes últimos tempos”.

-F. Martínez Bouzas, “As tebras do cárcere”, *O Correo Galego*, *“Correo das Culturas”*, nº 132, 3 xuño 2002, p. 3.

Cualifica os relatos que conforman *¡Sentinela, alerta!* como un cru e dura alegación contra o poder e a súa aceptación e emparenta este tema co que se manifestaba explicitamente na novela *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000) e no ensaio *A semellanza* (1988), aínda que plasmado nesta ocasión dun xeito ampliado. Neste sentido alude o recensionista a que xa non se trata só de revelar os prexuízos da diferencia sexual na sociedade actual senón tamén de amosar “o engulimento da dignidade dos seres humanos máis débiles no espacio da cárcere”, tanto as mulleres coma moitos homes que pasaron pola cadea nos tempos da dictadura. Sinala que foi M. Foucault quen chamou a atención sobre as estratexias do poder na modernidade, que “sen renunciar a exercer o seu dereito de vida e de morte sobre os seus súbditos, trocou o suplicio como espectáculo por penas de privación de liberdade,

formas sutís de normalización da capacidade de castración". Como trazo común a estes dez relatos identifica a opresión e o envilecemento, a atmosfera desacougante, o ambiente violento, desacougante e cheo de espanto que priva aos seres humanos de dignidade. A seguir detense nos personaxes dos contos e nos temas que predominan, destacando, finalmente, que estamos ante unha figura polifacética da literatura galega que ademais compón "briosos relatos", "ateigados de paixón militante, que traducen as teimas e ideas da autora".

-Francisco Martínez Bouzas, “Víctimas e predadores”, *Guía dos libros novos*, nº 41, “Narrativa”, xuño 2002, p. 21.

A propósito da aparición do volume *¡Sentinela, alerta!* (2002), de Mª Xosé Queizán, repara na recreación dunha atmosfera opresiva e desacougante e da alegación contra o poder que realiza a autora, e que xa manifestara en obras como *A semellanza* (1988) e *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000), aínda que nesta ocasión “o espacio do cárcere cristaliza tanto nas gaiolas da vida real, con dominados e dominadoras, como naqueloutras do sistema penal nas que agroman a esgalla víctimas e predadores”. Alude ás teorías expostas por

Foucault para poñer de relevo o troco do poder que se produce na modernidade en canto ás técnicas de dominación, caracterizado polo cambio do suplicio como espectáculo por un sistema penal que priva da liberdade nun espacio pechado, “a manifestación do poder máis delirante que se poida imaxinar, unha normalización da súa capacidade de castigar, un dispositivo que non só converte en mansos os presos, senón que os transforma”. Insiste na representación da cadea como un verdadeiro inferno no que se exerce a tortura e a humillación para minar a dignidade dos seres humanos e repara na presencia dos dominadores, os directores dos centros de reclusión e os carcereiros, todos caracterizados pola súa crueldade, e dos dominados, as víctimas, que son os heroes e heroínas dos relatos. A seguir detense nalgúns argumentos e personaxes e como conclusión destaca que nesta primeira escolma de relatos a autora amosa a súa capacidade para escribir briosas fabulacións, ateigadas de fervor militante e de paixón, que reflicten as súas obsesións e ideas, nomeadamente a denuncia da opresión que soportan os máis febles. Comenta tamén

o bo dominio da arquitectura do relato breve, a presencia dunha linguaxe moi natural, con forza expresiva, e de brillantes logos estilísticos.





-Tomás Ruibal, “Sentinela, alerta”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!Letras”, “Anaquel dos libros”, 21 xullo 2002, p. 9.

Saúda a aparición de *¡Sentinela, alerta!* tras dous anos de silencio narrativo de María Xosé Queizán e comenta que neste volume reúne un grupo de relatos unidos polo fío común da denuncia dos malos tratos, da tortura, da humillación e da violencia que sofren os máis débiles, sobre todo, os presos e as mulleres. Comenta que uns relatos están máis conseguidos que outros e destaca especialmente tres: “O cadaleito”, “Folga de fame” e “Lei de fuga” pola súa calidade. Contrapón aqueles nos que se amosa a tendencia da autora a ideoloxizar certas cuestións e que carecen de autonomía narrativa, pero a pesar destes reparos opina que se trata dun libro bo e valora a súa economía narrativa e a ausencia de pedantería. Finalmente repasa a traxectoria literaria de María Xosé Queizán mencionado os títulos máis relevantes que achegou ao campo do ensaio feminista, os poemarios e sobre todo a narración e salienta que *¡Sentinela, alerta!* “é unha das mellores obras de ficción publicadas este ano en Galicia”, escrito “por unha muller que xa leva demostrado a súa capacidade para contar historias”.

- Xosé M. Eyré, “Mulleres contra o fascismo”, *A Nosa Terra*, nº 1.046, “Cultura”, “Narrativa”, 5-11 setembro 2002, p. 26.

Comenta conxuntamente dúas creacións realizadas por mulleres, *Enderezo descoñecido*, de Kressmann Taylor, e *¡Sentinela, alerta*, de Mª Xosé Queizán que presentan as mulleres como víctimas dos fascismos. Con respecto á primeira das obras sinala que se trata dunha historia en forma epistolar tan dura que a autora decidiu asinala con pseudónimo para disfrazar a autoría feminina. Resume o argumento da novela, que relata o progresivo afastamento entre dous amigos que terá un desenlace tráxico e salienta que se trata dun xogo de sutilezas onde os silencios teñen un gran significado. Ademais subliña que é unha boa oportunidade para ler unha obra que permaneceu case esquecida, a pesar do seu éxito inicial, deica 1995 cando se reeditou e chegou a Europa e que pode compararse a *O parable ascenso de Artro Ui*, de Bertolt Brecht. Emparenta estes contidos cos relatos que presenta María Xosé Queizán en *¡Sentinela, alerta!*, que retratan o mesmo terror, medo e inxustiza. Considera que a escolla do cárcere como espacio elixido para situar a acción dos relatos quizais pode “vir motivada pola querencia que os réximes fascistas profesan pola institución penal, o que non é raro pois trátase dun dos seus principais instrumentos

represores, xunto coa lei". Fala tamén do protagonismo case exclusivo das mulleres na maioría dos relatos, sempre sometidas, anuladas, escravizadas e que sofren en silencio a violencia masculina, e da crueldade representada polo carcereiro. Define o libro como "unha flor, con follas todas diferentes pero coa mesma fragrancia", composto por relatos intensos, que manteñen a tensión ata o seu remate como mandan os canons, aínda que non deixa de sinalar a presencia de lugares comúns facilóns que afean a obra porque lle outorgan un aire de prosa de mensaxe extremadamente militante.

-Armando Requeixo, “Coas febras do corazón”, *Tempos Novos*, nº 66, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, novembro 2002, p. 76.

Despois de achegarse brevemente á traxectoria literaria de Mª Xosé Queizán céntrase no libro de relatos *¡Sentinela, alerta!*, do que sinala que recolle nove historias que xiran arredor do mundo carcerario. Percorre cada un dos títulos e a súa temática central como a ameaza, a morte, a ausencia de liberdade só mitigada pola esperanza, a homosexualidade ou a hipocrisía. Cualifícaos como contos “tremendos, feroces” moi traballados na caracterización psicolóxica dos personaxes nos que a autora consegue o efecto desexado no lector. Chama

a atención sobre o último, “Burka”, que ve como un “canto solidario” contra a discriminación da muller árabe e remata sinalando que é unha obra na que se fai unha dura alegación contra a inxustiza das civilizacións.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “¡Sentinela, alerta!”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 20 maio 2002, p. 12.

Refírese á nova obra publicada de María Xosé Queizán, *¡Sentinela, alerta!*, da que firmou exemplares uns días antes. Salienta deste libro a descrición que a autora fai da opresión e da vida nunha dictadura que se viviu neste país. Segundo Francisco Castro o libro necesario nestes tempos en que bota en falta voces que se ergan contra a opresión e as inxustizas.

-Carme Vidal, “Mª Xosé Queizán. ‘Metinme no cárcere para escribir *¡Sentinela, alerta!*”, *A Nosa Terra*, nº 1.037, “Cultura”, 6-12 xuño 2002, p. 29.

Esta entrevista realizada por Carme Vidal a Mª Xosé Queizán tenta afondar no armazón da súa última entrega, o conxunto de relatos *¡Sentinela, alerta!*. Así, explica a autora o título da obra, os paralelismos que nela trazou entre o mundo do cárcere e outras opresións máis cotiás, como a que sofren algunhas mulleres, as motivacións que a conduciron a escribir este libro, a súa finalidade de denuncia, etc. Así mesmo, reflexiona sobre a literatura de xénero e a cuestión do canon, que tradicionalmente ignorou as escritoras.

- Marta R. Valeiro, "Un libro non pode deixar á xente indiferente", *El Correo Gallego*, *"Correo das Culturas"*, nº 132, 3 xuño 2002, p. 2.

Entrevístase a Mª Xosé Queizán con motivo da publicación do volume de relatos *¡Sentinela, alerta!* A escritora sinala que se decidiu a abordar un tema tan duro porque o precisaba dende hai tempo para reflectir os tempos da dictadura, aínda que considera que esta temática segue a estar vixente na actualidade. Declara que concibiu o conxunto dos dez relatos como unha unidade e que cada proxecto escolle o seu propio xénero, nesta ocasión o conto, porque necesitaba reunir unha gran cantidade de personaxes. Identifica como a característica principal deste libro que está escrito con paixón e que non vai dirixido a un

público concreto, senón cara ao lector implícito e sitúao á marxe do panorama actual da literatura polo seu compromiso e porque “un libro non pode deixar á xente indiferente”. Anuncia que está preparando pequenos ensaios e conferencias, aínda que ten unha novela en mente.

- Fernando Franco, “O patriarcado xa empeza a tambalearse”, *Faro de Vigo*, “Entrevista”, 7 xullo 2002, p. 5.

Entrevista con Mª Xosé Queizán na que a escritora fala da súa última publicación, un libro de relatos titulado *¡Sentinela, alerta!*, do que di ser un “libro duro”. Tócanse tamén outros temas como o seu compromiso coa lingua galega, as limitacións que este feito supón por se tratar o noso dun idioma e dunha cultura minoritaria, o seu feminismo, a súa opinión sobre a poesía en galego e ata sobre a cidade de Vigo.

- AFA, “¡Sentinela, alerta!”/“María Xosé Queizán presenta a súa nova obra ‘¡Sentinela, alerta!”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Literatura”, 17 agosto 2002, p. 31/p. 60.

Recóllense as palabras de María Xosé Queizán sinalando que *¡Sentinela, alerta!* pretendeu retratar a tortura exercida sobre os presos nos tempos da dictadura, así como a sutil opresión sobre a muller. Define a súa escrita como ideolóxica e conceptual e valora como un dos principais logros do feminismo "facer do privado o público". Confesa que a súa intención foi crear dende a rabia e a cólera co convencemento de que o mundo pode ser mellor xa que segue a crer nos principios de igualdade e liberdade que caracterizan toda a súa obra. Valora tamén a crecente incorporación da muller á literatura galega e aclara que "a muller non ten métodos de escribir diferentes, o que teñen son diferentes conciencias das cousas e iso pódese expresar de diferente xeito".

-Ramón Nicolás, "O feminismo ten levado o testigo da ética", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 9, 12 setembro 2002, p. III.

Conversa con María Xosé Queizán na que a escritora comeza realizando un percorrido polo movemento feminista galego dende o seu nacemento ata a actualidade, unha historia que cualifica de irregular debido a varias causas, entre elas, a misoxinia arraigada na mentalidade de mulleres e de homes, o silenciamento dos abusos e a pouca importancia

que o Estado lles concede á escravitude e á violación de mulleres. Valora o carácter nacionalista do movemento con respecto ao resto dos nacionalismos españois e as grandes transformacións que logrou na sociedade e que non deben levar en ningún caso a baixar a garda. Opina sobre a gran presencia feminina na poesía da década dos noventa, que interpreta como unha mostra máis da incorporación das mulleres a todos os sectores sociais e que, ao seu entender, se debe á figura de Rosalía que actuou como modelo de prestixio universal e á consolidación da revista *Festa da palabra silenciada*, que dende 1985 foi un bo caldo de cultivo para dar lugar á renovación da poesía e á inclusión de novos temas. Declara que segue a crer no valor dun espacio propio para poder escribir, xa que a maioría das mulleres viven disociadas con múltiples tarefas que impiden a investigación e a continuidade e, con respecto á súa propia obra narrativa, sinala que se decata de que hai temas e obsesións que sempre están presentes como a reflexión sobre o poder, a dialéctica entre opresor e oprimida ou o compromiso. Comenta tamén a súa predilección polo artigo de prensa porque obriga á brevidade, á concisión e é un magnífico exercicio literario para aforrar banalidades e refírese á saída dun número monográfico da *Festa da palabra silenciada* dedicado á prostitución e de novos títulos da colección que dirixe en Xerais, “As literatas”, co obxectivo de difundir o labor de grandes escritoras do mundo. Repara

finalmente na presencia recorrente da cidade de Vigo nas súas obras, unha cidade que marcou a súa concepción da paisaxe e da conciencia social e que cualifica como "cosmopolita, controvertida, caótica". A propósito da súa última obra, *¡Sentinela, alerta!*, sinala que pese a ser cuestionada pola escolla do xénero "cada libro trae no colo o xénero" e que nel pretendeu reflectir "o despotismo, a opresión e a tortura, tanto física como psicolóxica, en diferentes situacións".

- Laura Caveiro, "Só a liberdade", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Libros", 5 outubro 2002, p. 11.

Refírese ao carácter polifacético de María Xosé Queizán, que se reflicte na variedade de rexistros formais da súa última obra, *¡Sentinela, alerta!* Identifica como trazos presentes nos relatos a presencia dun espacio común, o cárcere, e o tempo no que se desenvolven, a posguerra, así como o tema da dor que nace do desamparo e os berros reflectido no título do volume.

Quintiá, Xerardo, *O libro dos aparecidos. Historias*, fotos e ilust. Anxo Abalo, Franck Meyer e Serxio Suárez, Vigo: Francka Editora, 2002, 138 pp. (ISBN: 84-932575-1-6).

Volume de Xerardo Quintiá (Friol-Lugo, 1970) que recolle diferentes historias de persoas falecidas que, ben en primeira persoa, ben en terceira, contan anécdotas das súas ánimas: cal era a súa profesión mentres viviron, que é o que fan dende que morreron, as súas visitas ao mundo dos vivos, causas da súa morte, etc. Consta de seis historias tituladas: “O Partituras de Barallobre”, na que a ánima de Alfonso Díaz Recamonde conta o éxito que tiña como cantante de orquestra e a súa morte aos trinta e catro anos por culpa da súa mala vida e a adicción ao alcohol; “As cousas que nunca morren”, relato no que a ánima do aforcado Wenceslao Carballeiras visita o mundo dos vivos para declararlle o seu amor a unha muller aínda despois de morto; “Aquel silencio que nos asoballaba”, historia na que aánima de Conchi Álvarez Docarro conta aspectos da súa vida (amor ao seu home, divorcio, traballo, etc.) e como súa nai se lle apareceu para indicarlle que a morte andaba tras súa; “A vez que a ánima de Américo Lavandeira viaxou en tren”, relato no que a alma de Américo Lavandeira viaxa en tren e senta cabo dunha rapaza, que non sabe da súa presencia no departamento que viaxa, ata que marcha e deixa un retrato de cando el era mozo; “Como se

fose un sopro de aire", historia na que o finado poeta Manuel de Irixoa retorna ao mesmo lugar onde se suicidou un ano despois e no que lle celebran unha homenaxe póstuma; e "Manoliño do segundo", capítulo do libro no que se conta que a ánima de Manoel Ramírez Touce leva unha vida semellante á que tiña mentres viviu. Cabe sinalar que este libro conta cun capítulo previo ás historias titulado "Entrada posible" e dun relato final, "Saída". En "Entrada posible" cóntase o estraño suceso acontecido a Xerardo Quintiá co ordenador, que, estando apagado e desconectado da rede, lle invita a introducirse nun chat cun nome determinado. En "Saída" o propio autor comenta esa experiencia estraña do capítulo inicial do libro. Igualmente cabe destacar o "Breve cuestionario" que segue a "Entrada posible" e no que o lector debe dar resposta a unhas preguntas referentes ao libro.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “As ánimas que nos falan a través de internet”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 20 outubro 2002, p. 3.





Noticia que dá conta da publicación de *O libro dos aparecidos*, de Xerardo Quintiá. Segundo Martínez Bouzas o escritor, que debulla seis historias diferentes, bota man da tecnoloxía, en concreto dun chat que leva o nome de chacaritas-31, para tratar o tema das ánimas, o mundo dos espíritos. Do friolés destaca o seu poder fabulador e a forza da súa escrita, "sinxela e ateigada, á vez, dos incontables matices da maxia". Para Bouzas os relatos son "prosas de medianas dimensións nas que falan os mortos ou que deixan un narrador omnisciente que nos fai partícipes dos seus sentires".

-Francisco Martínez Bouzas, "Un mangado de historias fortes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 15, "Libros", 24 outubro 2002, p. IV.

Crónica de *O libro dos aparecidos*, de Xerardo Quintiá, na que Martínez Bouzas sinala a forma novidosa que ten o escritor de presentar os seis relatos dos que consta este libro, "relatos de ton nostálxico onde abundan vidas derrotadas polo peso da existencia". Da súa escrita o cronista destaca os "bríos da trama argumental" e a "sinxeleza e o frescor que fai do soporte lingüístico.

- Lupe Gómez, “Definir a morte”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 446, 5 decembro 2002, pp. 2-3.

Define *O libro dos aparecidos* coma unha metáfora da vida e da morte. Sostén que Xerardo Quintiá neste libro presenta a morte como un elemento máis da fábula, non coma un transo dramático, fuxindo da visión catastrófica que se ten desta e xogando co mundo da ultratumba e da Santa Compaña. En canto aos personaxes que poboan a obra defíneos como seres humanos sometidos á tristeza, á desilusión, á falta de valentía para remontarse á dor. Destaca, respecto da forma na que se presenta o libro, unha prosa fresca e suave; unha linguaxe moi poética e moi profunda porque “sendo prosa é tamén poesía”, enriquecendo o texto coas fotos que leva intercaladas.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “O segundo libro da nova editorial Francka será do friolense Quintiá”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 18 abril 2002, p. 83.

Ver Dacosta Molanes, Beatriz, *Precipicios* neste apartado do *Informe*.

- S. J., “Quintiá publica nove relatos de mortos que volven á vida en ‘O libro dos aparecidos”, *El Progreso*, “Cultura”, 1 outubro 2002, p. 82.

Nova que informa da publicación de *O libro dos aparecidos* do friolés Xerardo Quintiá. Sinálase que o autor debullou uns personaxes movidos polo amor e afírmase que o libro é unha recompilación de relatos que incorporan “parte da tradición” pero cun “xiro de actualidade”, o que evita que as historias quedaran no realismo máxico.

- AFA, “En terra de ninguén”/“Xerardo Quintiá fai presente da tradición”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 3 outubro 2002, p. 32/p. 68.

Noticia que informa da presentación do libro de Xerardo Quintiá, titulado *O libro dos aparecidos*. O texto recolle as opinións do propio autor que pensa que a súa obra é "a máis convulsiva" das cinco que leva publicadas. Ademais inclúense as declaracións feitas por Marilar Alexandre e Frank Meyer durante o acto de presentación. A primeira sinala, entre

outras cousas, a transparencia da narración e a veracidade e actualización dun tema propio da cultura do país; o segundo, responsábel da editorial Francka Editora, gaba o conxunto de instantáneas de Serxio Suárez que acompaña o volume.

-Concha Pino, “Doulle un toque de actualidade á tradición oral”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 3 outubro 2002, p. 2.

Breve entrevista co autor de *O libro dos aparecidos*, Xerardo Quintiá, na que o friolés, amante do realismo máxico e afeccionado á literatura de Cunqueiro, manifesta que pretendeu darlle un toque de actualidade á tradición oral ao botar man do chat para tratar un tema coma o dos espíritos.

- Rubén Valverde, “Existe conexión entre a internet e as ánimas”, *A Nosa Terra*, nº 1.050, 39 outubro 2002, p. 25.

Entrevista a Xerardo Quintiá con motivo da publicación da súa sexta obra, *O libro dos aparecidos*. O autor confesa que escribir é para el unha necesidade. Ademais explica como

usou o tema do chat e da Internet para darlle actualidade a un tema tan popular como o das ánimas. Por último, reflexiona sobre a literatura infantil que considera, fronte á feita para adultos, “moito máis libre, imaxinativa, surrealista e complexa” e anticipa a chegada da súa primeira novela, que estará baseada nos anos oitenta e terá como protagonista a un adolescente de dezaseis ou dezasete anos.

- J. Fraga, “Vieiros para as ánimas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 12 outubro 2002, p. 11.

Nota informativa que dá conta da saída ao mercado de *O libro dos aparecidos*, de Xerardo Quintiá, unha recompilacion de seis historias “que arrecenden ao misterioso gusto máxico polo alén e o sobrenatural”. Tamén se citan os títulos anteriores do autor.

- A.R., “Historias de aparecidos”, *Tempos Novos*, nº 66, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, novembro 2002, p. 76.





Nota da publicación de *O libro dos aparecidos* , de Xerardo Quintiá, na que se atende moi brevemente ao seu contido arredor de historias de ánimas, que veñen do alén para “completarse, redimirse e recoñecerse”.

Quiroga, Carlos, *A Espera Crepuscular. (Viagem ao Cabo Nom. 1)*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento/Edições Quasi, 2002, 109 pp. (ISBN de Laiovento: 84-8487015-4) (ISBN de Edições Quasi: 989-552-003-4).

Texto escrito por Carlos Quiroga (Escairón, O Saviñao, 1962) na "norma ortográfica de aproximaçom galego-portuguesa" que comeza cun "Incipit" no que se reflexiona, apoiándose en palabras de Gil Eanes de Zurara, sobre a simboloxía deste "percurso poético" que é *A Espera Crepuscular*. Tamén se detén na importancia das viaxes, fálase do conxunto de tres libros que forman *Viagem ao Cabo Nom* –do que este é o primeiro– e sublíñase a importancia da fotografía neste volume. Despois disto temos os cincuenta e oito textos titulados –a metade deles son relatos e a outra son poemas– que forman *A Espera Crepuscular*. Esta mestura de prosa e verso está acompañada por abondoso material fotográfico. En conxunto estamos perante un relato de viaxe no que un poeta resignado chega a Lisboa co fin de escribir un libro, e pouco a pouco vainos amosando o seu proxecto, e ao mesmo tempo xorde na narración unha segunda voz. Cómpre destacar, con referencia aos textos en prosa, que xa no "Incipit" se nos indicaba que "caberia propor um roteiro de páginas pares e ímpares", resultando deste xeito dúas narracións paralelas, e asemade,

cómpre tamén resaltar que nos poemas deste volume se emprega, en numerosas ocasións a poesía visual, obtendo así poemas como forma estética, como caligramas e novas formas visuais.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, 7 novembro 2002, p. VII.

Preséntanse tres obras: *Carmín*, de Domingo Tabuyo, da que ofrece algunhas liñas argumentais e cualifica como excelente novela de intriga, ambientada en Cambados e dotada dun “poderoso alento narrativo” coa que Tabuyo debuta na literatura galega. De *A Espera Crepuscular*, de Carlos Quiroga indica que é un relato de viaxes, un drama con dous personaxes principais ou mesmo unha reportaxe xornalística, á vez que un poemario, un diario ou un fotogramario. A esta indeterminación xenérica une a liña argumental arredor das dúas voces protagonistas. Remata con *Ao pé de cada hora/Tempo de Compostela*, de Salvador García-Bodaño, que describe brevemente por separado. De *Ao pé de cada hora*,

sinala que é a ópera prima deste autor organizada en catro seccións tituladas, “Oracións para os vosos nomes”, poesía civil que compón un mosaico de elexías a figuras senlleiras da cultura galega; “Pregoeira da ledicia”, “O teu corpo florido” e “Ausencia e noiva baixo raíces”, de marcado ton amoroso con matices de universalidade. De *Tempo de Compostela*, di que está composto por “Poemas diacrónicos”, “Poemas contemporáneos” e “Poemas nominados”, ademais de tres poemas limiares e un epilogal. Sinala que esta obra é unha boa oportunidade de achegarse á traxectoria de García-Bodaño.

- A. N. T., “Carlos Quiroga: Os lectores están instalados no sofá da comodidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.056, “Fin de semana”, 14-20 novembro 2002, p. 33.

Columna na que se recollen as respostas a algunhas preguntas a Carlos Quiroga arredor da súa obra *A Espera Crepuscular. (Viagem ao Cabo Nom. 1)*. Nelas sinala que o volume non pertence a un xénero determinado pero si ten características de todos e destaca que é o primeiro dunha triloxía que se irá publicando.

- Rafael Fernández Lorenzo, “As navegacións do poeta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, “Libros”, 28 novembro 2002, p. IV.

Sublíñase que a opción ortográfica de Carlos Quiroga en *A Espera Crepuscular* posibilita unha saída simultánea en Galicia e Portugal, mais que presenta o problema de ser unha obra indefinida na que se conxugan os distintos xéneros literarios “cunha clara preponderancia da composición poética”. Tamén se indica que o libro é unha metáfora da vida e que nel se tende á recuperación do medo ao descoñecido.

- AFA, “Vencer o medo”/“Carlos Quiroga une dúas editoras de ámbalas ribeiras do Miño”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 2 decembro 2002, p. 17/p. 76.

Sostén que Carlos Quiroga aposta pola identidade do galego dentro da norma portuguesa na ortografía e como exemplo sinálase *A Espera Crepuscular* no que se rompen as barreiras entre poesía e narrativa e no que se tracexa un dos máis ambiciosos proxectos literarios galegos dos últimos anos: unha triloxía multifacetal sobre as viaxes.

-José Xavier Bom, "*A espera crepuscular* é un libro de poesía, con reservas", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 2 decembro 2002, p. 2.

Nesta breve conversa Carlos Quiroga sinala que este libro é un volume de poesía con reservas, xa que inclúe prosa e fotografía, e describe a súa faceta como director das revistas galegas *Agália* e *Omaximo*.





Quiroga, Xabier, *Atuado na braña*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 173, marzo 2002, 627 pp. (ISBN: 84-8302-770-4).

Novela de Xavier Quiroga (Escairón-Lugo, 1961) que, segundo consta na lapela do libro, prefire non divulgar os seus datos biográficos, coa que resultou finalista do Premio Xerais 2001. A novela localizada nos tempos actuais, céntrase na temática da recuperación dun pasado situado nos tempos da guerra civil española e da posguerra, e da conseguinte represión dos últimos guerrilleiros e daqueles considerados “rojos” que tivo lugar neses anos polo poder dictatorial establecido. Preséntase dividida en tres partes precedidas dun capítulo limiar, en realidade unha prolepse temporal que leva entre parénteses o número do capítulo (47) que lle correspondería na primeira parte, e un cabo que supón o desenlace de todos os acontecementos presentados. A trama desenvólvese fundamentalmente no brañal de Bouzuás, nas terras de Escairón, un enclave inhóspito polas características da paisaxe anegada polas augas e a vexetación, aínda que tamén teñen protagonismo a cidade de Santiago, na que reside o protagonista, A Coruña, onde vive o seu pai, o Xeneral, e Roxos, onde ten a casa a súa nai. Relata a teima de Luís Salgueiro Pardo, un empresario acomodado e triunfador no seu negocio da construcción, que de súpeto vese inmerso na

recuperación do seu pasado. Un segredo revelado pola nai convértese na chispa que provoca a busca das súas raíces pero ademais reaviva vellas feridas que, despois de corenta anos, aínda seguen abertas entre as xentes do interior de Galicia. A perda dun irmán e do seu verdadeiro pai, a persecución infame á que foron sometidos, a verdadeira personalidade do Xeneral, a quen alcumaron pola súa crueldade o Carniceiro, a ira mercada dos seus secuaces, o Ferro e os seus homes, feitos que Luís vai descubrindo pouco a pouco, levarán a que deixe o temón da súa próspera empresa en mans de persoas da súa confianza e acometa unha viaxe apaixonada cara ás súas orixes, agochadas na Casona do Saviñao e na braña lamacenta de Bouzuás, onde se ocultan, dende hai anos, unha Meiga e dúas rapaciñas novas. Unha viaxe na que Luís Salgueiro poñerá en risco a súa propia vida e que suporá reavivar unha ferida que, despois de corenta anos, aínda segue aberta. A represión militar dos anos da posguerra, os receos das xentes da aldea, a crueldade dunha implacábel persecución que continúa nos tempos actuais, son os fíos principais desta narración cargada dunha tensión narrativa que conclúe axeitadamente na última páxina da novela. Á parte está a evolución psicolóxica do protagonista que na indagación sobre a verdade do acontecido descóbrese a si mesmo e rompe cunha vida que non lle proporcionaba máis que un baleiro familiar e unha vida social ridícula, á vez que reflexiona

sobre as ironías do destino que elixiu aleatoriamente o irmán para afastalo de todas as comodidades dunha familia "respectábel" e de considerábeis medios económicos e respecto social. Abórdanse ademais outros moitos temas de actualidade como a corrupción política e empresarial, os modelos de uso do idioma, xa que estamos ante un empresario que escolleu o galego como lingua de uso en todos os contextos, as relacións interpersoais de amizade e de parella, o parella, o pensamento mítico, ou as formas de vida tradicionais no mundo rural galego.

Recensións:

- Dolores Vilavedra, "Luxos", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 420, 30 maio 2002, pp. 10-11.

Vilavedra sinala a obra de Xabier Quiroga, *Atuado na braña*, como unha novela que amosa unha clara ambición literaria con diferentes planos, riqueza dos personaxes ao igual que unha sabia dosificación da información, creando expectativas no lector que non sempre se cumpren e isto crea o interese da novela. Sinálase a estructura da obra que aparece dividida

en tres partes de diferente extensión, e o argumento que se desenvolve de forma lineal. Para terminar, loase a lingua e cualifícase o final da obra como parcialmente aberto.

- Xosé Manuel Enríquez, “Escribir á vella usanza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. II.

Nesta breve recensión sobre *Atuado na braña*, de Xabier Quiroga alúdese a ela como obra contundente xa sexa pola súa lonxitude como pola densidade de contido, ademais do seu formato moi tradicional debido á estructura pouco complicada, lineal e fluente. Refírese tamén ás tres partes nas que se divide a obra, unha da busca de información, outra de confirmación da mesma e a última de reafirmación persoal.

- Fernando Carballa, “¡Paso á ficción nacional!”, *A Nosa Terra*, nº 1.037, “Cultura”, 6-12 xuño 2002, p. 27.

Repara nas dimensións da primeira novela de Xabier Quiroga, *Atuado na braña*, un conxunto de seiscentas vinteoito páxinas publicado por Xerais. Dela destaca a mestría do

autor para tecer un fío coherente onde “cos debidos pulidos se encontran as bases dun bo e ambicioso guión de cine”. Segundo Carballa o autor bota man da liña clásica e dunha verosimilitude traballada logrando, dese xeito, “graduar os datos para emocionar ao lector”, sen caer no drama simple nin na fría distancia que impón o obxectivismo. Un relato de consumo que, ao xuízo de quen firma o artigo, aínda que lle falte finura psicolóxica vén confirmar a emerxencia dunha ficción nacional.

- X. María Eyré, “A revelación de Xabier Quiroga”, *A Nosa Terra*, nº 1.045, “Cultura”, 1-4 agosto 2002, p. 26.

Alúdese á obra narrativa *Atuado na braña* da autoría de Xabier Quiroga, insistindo na complexidade da historia debido á alternancia de tres planos en que se divide a novela e que axudan a captar o interese do lector, ademais da existencia dos personaxes, ben configurados psicoloxicamente e caracterizados cos seus idiolectos. Eyré, admite a existencia de clixés previsíbeis contra o remate da novela ao igual que unha fácil reproducción da diglosia que fan que esta novela teña puntos de febleza aínda que sexa unha exitosa presentación do seu autor como narrador.

Referencias varias:

-AFA, “Conexión Escairón”/“Xabier Quiroga debuta con ‘Atuado na braña’, unha longa novela de intriga”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”, 11 maio 2002, p. 33/p. 76.

Faise eco da publicación de *Atuado na braña* que é o debut no eido da narrativa de Xabier Quiroga. Sinálase que o autor, que tardou nove anos en escribir a novela, a define como unha obra “a contracorrente, absolutamente clásica, sen complexidades e á marxe dos experimentalismos”. Destácase que o novelista, que pensa que a personalidade do autor está por baixo da propia obra, realiza unha crítica feroz da destrucción ética, ecolóxica e cultural do noso país, destapando o ocultamento da Guerra Civil e da posguerra a través do protagonista, un home empeñado na busca dun irmán perdido que acabará por recuperar o seu propio pasado e a súa identidade nas terras da Galicia interior.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, 16 maio 2002, p. VII.

Ver Casares, Carlos, *O sol do verán* neste apartado do *Informe*.

Ramallo Padín, Antonio, *O espigal. Os sete pecados*, Madrid: Astralón. Ediciones Limitadas, maio 2002, 157 pp. (ISBN: 84-930826-8-6).

Novela de Antonio Ramallo Padín que trata a temática dos sete pecados capitais dende unha perspectiva moi particular, xa que se narra a viaxe do protagonista, tras un accidente, a unha sorte de limbo no que coñece o anxo Laetitiael e se atopa cunha muller á que coñecera e que xa morrera había anos. Tras darse de conta de que a súa presencia alí era un erro, o anxo devólveo á Terra e o protagonista, innomeado en todo momento, comeza unha nova viaxe xunto con sete personaxes distintas, símbolos cada unha delas de cada un dos sete pecados capitais. Esteocles representa a envexa, Sansón a soberbia, Presuroso a preguiza, Irmo a ira, Galeón a gula, Abastos a avaricia e Lucrecio a Luxuria. Nunha sorte de repetición do descenso de Dante aos infernos, o protagonista viaxa con cada un deles a un sitio, mantendo conversacións nas que se analizan as representacións, manifestacións e xustificacións do pecado que cada un dos acompañantes representa. Finalmente, o protagonista deduce que a conxunción dos sete pecados capitais fan o “ESPIGAL onde estamos todos arrebuxados sen máis remedio que cada un busque un bo enchufe co seu Laetitiael, pero antes de morrer”. A novela está narrada en primeira persoa testemuñal.

Reigosa, Carlos G., *Intramundi*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 185, 2002, 309 pp. (ISBN: 84-8302-922-7).

Novela histórica de Carlos G. Reigosa (Lagoa de Pastoriza-Lugo, 1948), ambientada na parroquia de Tras da Corda, pertencente, segundo se indica, á comarca da Terra Chá. Estructurada en catro partes que indican os anos nos que se localiza a acción (1928, 1936, 1948 e 1966), reflicte a historia deste pobo a través das vivencias e ideas das súas xentes. A presencia duns cantos personaxes que interveñen ao longo de toda a novela: Anxo Xesto, Dolores Teixeiro, Xosé Trabada, o cura, ou don Nazario Pardo de Gondariz, o cacique, entre outros, permite ir vendo cales foron os cambios máis salientábeis nesta parroquia e en España en xeral. A primeira das partes sitúa ao cacique, aínda novo, como unha persoa temida á que os demais veciños lle son leais. Por outra banda presenta ao cura, defensor do cacique, e a Anxo Xesto, personaxe dunha forte personalidade, en clara discrepancia co terratenente don Nazario. A segunda das partes narra cómo se viviu o estoupido da Guerra Civil e cómo a victoria fascista fixo que uns cantos homes opostos a Franco tivesen que

permanecer no monte durante varios anos. Estes homes son os protagonistas de gran parte do narrado sobre o ano 1948, xa que se describe algún dos asasinatos que levaron a cabo e a persecución á que os someteron os homes do Réxime, que finalmente lograron abatelos. Por último, na parte localizada temporalmente no ano 1966 descríbense algúns pequenos cambios de carácter político que facían presaxiar cambios na sociedade e que concretamente para o pobo de Tras da Corda supuxera a inauguración dunha estrada reclamada dende sempre por Anxo Xesto, pero que non contaba co apoio de don Nazario, quen, ante a impotencia que sentía ao ver cómo mudaran os tempos, decide suicidarse o mesmo día en que os seus veciños celebraban a construcción desta vía.

Referencias varias:

-Xesús Fraga, “Cando saín da aldea eu quería traballar na NASA”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Entrevista”, 27 xullo 2002, pp. 6-7.

O escritor lucense Carlos G. Reigosa, con motivo da presentación da súa nova novela *Intramundi*, fala das súas orixes na aldea de Lagoa de Pastoriza, onde segue a ser Carliños

de Carracedo. Refírese tamén á súa faceta como xornalista, eido no que ten desempeñado todas as tarefas posíbeis, e á súa grande afección ao boxeo e ao jazz. Confesa que mudou a súa vocación de enxeñeiro de telecomunicacións aos vinte anos para elixir o mundo cultural, matriculándose, ás escondidas dos pais, en Periodismo e Ciencias Políticas e comezando logo unha carreira literaria. Fala do éxito que obtivo coa novela *Crime en Compostela*, o primeiro libro en galego que conseguiu rematar, e da creacións dos seus personaxes, que escapan do estereotipo porque evolucionan en cada unha das súas entregas. Sinala que a súa producción escapa da novela negra por personaxes e por época, aínda que recoñece que aprendeu dos clásicos deste xénero para que o lector non se escape de cada páxina.

- Albino Mallo, “O mundo desaparecido”/“Carlos G. Reigosa debuxa o rural en ‘Intramundi”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 5 agosto 2002, p. 33/p. 52.

Dáse noticia da presentación, na Feira do Libro da Coruña, da última novela de Carlos G. Reigosa, *Intramundi*, publicada, primeiramente, en castelán e que Xerais editou en galego. Coméntase que os títulos do escritor foron traducidos e publicados con éxito en castelán e

saliéntase o seu obxectivo de poñer a súa literatura á disposición de toda clase de lectores. Finalmente, alúdese a *Intramundi* e fálase do seu argumento, do que se destaca “o esforzo por recuperar un mundo desaparecido, a través de 38 anos de vida dun pobo”. Coméntase que o libro conta a historia dun lugar do interior de Galicia visto dende catro momentos ben diferenciados da súa historia, o seu illamento, a guerra civil, a loita clandestina contra o réxime e a modernidade.

- Albino Mallo, “Do illamento á modernidade, do castelán ao galego”/“Intramundi é un pobo que pasa do illamento á modernidade”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Entrevista”, 20 agosto 2002, p. 32/ p. 8.

Recóllense as opinións e reflexións de Carlos G. Reigosa, sobre a súa última novela, *Intramundi* e sobre o seu traballo como xornalista. Sinala que no libro se reflicte a historia dunha aldea que vai vivindo diferentes acontecementos ata integrarse na modernidade; en canto ao seu traballo como xornalista, comenta que lle serve para coñecer bastantes temas que logo transforma en novelas.

Regueiro, Conchi, *Tempos agradables*, IIIº Premio de Novela Mulleres Progresistas 2001, Vigo: Edicións do Cumio, 2002, 109 pp. (ISBN: 84-8289-161-8).

Novela de trazos histórico-políticos de Conchi Regueiro, nome literario de Concepción Regueiro (Lugo, 1968), que recolle as lembranzas que Sara Filgues relata á súa nora en demanda do relato dos feitos que rodearon o caso de desterro de Aurora Crisantes. A historia desenvólvese nun país sen determinar, suxeito a un goberno antidemocrático e opresor do que forma parte o home de Sara Filgues, polo que o seu relato dos feitos corresponde plenamente coa versión oficial destes, favorábel ao Partido único gobernante. O relato de Sara Filgues mestúrase con extractos de entrevistas radiofónicas, de artigos de prensa, de conversas gravadas por micrófonos ocultos en delegacións xornalísticas, cartas privadas de Aurora Crisantes, conversacións telefónicas ... para dar unha visión máis ampla dos feitos que rodean o caso de Aurora. Neste país antidemocrático e dictatorial os rebeldes son coñecidos como *metros*, por seren favorábeis ao retorno ao goberno da Metrópole. Estes *metros* defenden unha lingua distinta da oficial: defenden o castelán fronte ao galego. Aurora Crisantes é sospeitosa de pertencer a un destes grupos e de ter posto unha bomba

nun instituto da capital, polo que é denunciada por Sara Filgues, afecta ao réxime gobernante, e é detida. O home de Sara, Manel, é o Xefe Xeral de Seguridade do Estado e encárgase el mesmo do interrogatorio de Aurora Crisantes, que remata asasinándoo nunha situación que semella defensa propia, aínda que isto non se aclara na novela. Finalmente, Aurora é encarcerada e condenada a morte, pero as estrañas circunstancias do asasinato chaman a atención de diversas organizacións defensoras dos dereitos humanos (entre elas a ONU) que protestan e buscan os mellores avogados para o seu xuízo. O resultado é favorábel a Aurora, impoñéndoselle a pena de desterro de por vida, sentencia coa que ela está contenta, pois había anos que desexaba abandonar o seu país, no que as súas perspectivas laborais e vitais se vían moi coutadas. Na novela predomina a narración en primeira persoa debido a que a maioría do texto pertence á declaración persoal de Sara Filgues, a conversas de Aurora Crisantes, a entrevistas radiofónicas ..., pero tamén hai fragmentos narrados en terceira persoa non omnisciente (fragmentos de reportaxes xornalísticas, textos lexislativos...).

Recensións:

- Dorinda Castro, “Dun tempo e dun país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, “Libros”, 13 xuño 2002, p. V.

Artigo no que se resume sucintamente o argumento da primeira novela de Conchi Regueiro, *Tempos agradables*. Sinálase que na novela transcríbense os recordos de Sara Filgues, que relata a historia do seu país e, consecuentemente, a súa propia, pois está casada co Xefe de Seguridade do Estado. Cóntasenos a dictadura férrea á que está sometido o país e as sospeitas de que Aurora Crisantes forme parte dos “metros”, os rebeldes do país que pretenden volver ao coidado político da metrópole. Finalmente, destácase a variedade de estilos narrativos do libro, que van dende a narración en primeira persoa á transcrición de artigos xornalísticos, programas radiofónicos ou sermóns pronunciados por cregos.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Concepción Regueiro presenta su novela ‘Tempos agradables’, ganadora del Premio Mulleres Progresistas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 abril 2002, p. 44.

Infórmase da publicación da obra *Tempos agradables*, de Concepción Regueiro, que vén de gañar o IIIº Premio de Mulleres Progresistas. Ademais dun breve resumo da temática da novela, Amaia Mauleón recolle unhas declaracións da autora sobre a xestación da obra e a dificultade da muller escritora para publicar.

-Eva González, “Mi novela es ficción, pero Hitler fue una realidad”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 1 maio 2002, p. 14.

Entrevista realizada por Eva González a Conchi Regueiro, recente gañadora do III Premio Mulleres Progresistas coa súa novela *Tempos agradables*. Falan fundamentalmente da temática do libro, analizando sucintamente as dictaduras e as sociedades que as viviron, viven e vivirán. Dedícase unha pregunta ao propio acto creador de Conchi Regueiro, que non pode illarse do mundo para escribir, e tamén se fala da conexión da realidade novelística coa realidade actual. Finalmente, ante a pregunta sobre o final da obra, Conchi Regueiro declara: “Que se lo lean”.

-Beti Rey, “Tempos agradables’, primera novela de la tudense Conchi Regueiro”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 14 maio 2002, p. 23.

Recóllese neste artigo a recente edición por parte de Edicións do Cumio da obra *Tempos agradables*, galardoada co IIIº Premio Mulleres Progresistas e asinada por Conchi Regueiro, natural de Tui. Tras un breve resumo da temática da obra, Beti Rey fala da autora, cualificándoa de “voraz lectora” e anunciando que xa ten rematada outra obra.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, “Libros”, 23 maio 2002, p. V.

Ver González Gómez, Xesús, *A lingua secreta* neste apartado do *Informe*.

Risco, Antón, *O embrión*, IIº Premio de Novela Liceo Rubia Barcia de Ferrol, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 188, 13 novembro 2002, 188 pp. (ISBN: 84-8288-572-3).

Esta obra de Antón Risco (Ourense, 1926-Vigo, 1998) recibiu a título póstumo o Premio Liceo Rubia Barcia de Ferrol neste ano 2002. Trátase dunha obra de marcado carácter fantástico onde o autor cuestiona e reflexiona sobre a existencia en si. Toda a novela xira arredor de temas de índole profunda como poden ser os medos á vida, as frustracións e asobsesións por determinados aspectos do día a día. É un relato intimista no que o autor mestura a realidade e a fantasía e que a través da metáfora do embrión plasma a importancia das relacións tanto sociais coma persoais dentro do mundo no que vivimos e nos desenvolvemos. O tipo de linguaxe que emprega non é para nada doado pero si claro. Deféndense uns valores moi acordes coa sociedade de hoxe en día como poden ser a honestidade, a verdade e a pureza tanto de pensamento coma de actitudes.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Arca de ocultos tesouros”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 7 decembro 2002, p. 11.

Dáse conta da publicación na Editorial Galaxia da obra *O embrión*, de Antón Risco, gañadora do Premio Rubia Barcia da cidade de Ferrol. Indícase a inusual aparición desta no sistema literario galego tras a morte do seu autor e reprodúcense as palabras do limiar de Arturo Lezcano, nas que se explica cómo a novela inédita chegou ao certame e porqué. Así mesmo, afírmase que a maior parte da obra de Antón Risco segue inédita e sinálase que este libro vén enriquecer a literatura galega, como poucos dos que se levan publicando nos últimos anos, gracias á Editorial Galaxia e á decisión do xurado do certame. Finalmente cualifícase a obra como unha gran novela que máis que iso é unha vida.

Referencias varias:

- AFA, “Alén do Cid”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 decembro 2002, p. 48.

Sinálase a publicación de *O embrión*, de Antón Risco como unha das propostas de Galaxia para o Nadal e cualifícase como caso único na accidentada crónica dos premios literarios galegos, xa que esta novela gañou o premio Liceo Rubia Barcia despois de falecido o seu autor. Indícase que Arturo Lezcano conta algúns dos detalles de cómo a novela se presentou ao certame no limiar desta e dise que *O embrión* fai honra a esa vocación do autor de esculcar os límites entre a realidade e a fantasía. Finalmente, destácase que esta obra do autor de *Memorias dun emigrante* ou *Os fillos do río* sae publicada nas vésperas do quinto cabodano do falecemento do escritor.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, 19 decembro 2002, p. VII.

Comentario das novidades editoriais que seguen: *Harry Potter na cámara dos segredos*, de J. K. Rowling, da que explica o argumento da aventura protagonizada por este neno meigo e a súa panda de amigos na escola de maxia. Sinala que esta nova entrega traducida ao galego do heroe máis famoso da literatura infantil e xuvenil actual espertará o interese do lector por percorrer os mundos máxicos que descobre. *O embrión*, de Antón Risco, novela

da que destaca a súa linguaxe poliédrica, a mestura de mitos e figuras da cultura occidental nun relato “intenso e á vez abafante”, co que Antón Risco gañou o Premio Rubia Barcia da cidade de Ferrol. Finalmente, *Derradeira carta aos Reis Magos*, de Fina Casalderrey, da que apunta os trazos argumentais e fai fincapé en que o desexo do protagonista para a noite de Reis é un *scalextric* .

- A. R. López e Soedade Noia (coord.), “O embrión’: Antón Risco en plena intensidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 449, 26 decembro 2002, p. 5.

Sinálase *O embrión*, de Antón Risco como unha das propostas de Galaxia para o Nadal e como unha das primeiras ofertas que a editorial viguesa pon nos andeis baixo a dirección de Víctor Fernández Freixanes. Así mesmo, destácase ao autor como unha das eminencias do relato fantástico e cóntasenos cómo esta obra inédita gañou o concurso de narracións Rubia Barcia despois de falecido o escritor. Finalmente, dánsenos algunhas das características do autor, cítanse outras das súas obras e cualifícase *O embrión* como novela apaixonante, mais non para lectores fáciles.

Rivadulla Corcón, X. H., ... *do mar e a noite*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa/Gran Formato, 2002, 159 pp. (ISBN: 84-7680-402-4).

X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) presenta, nesta nova novela, a historia dun amor prohibido entre deuses e homes que orixina unha cadea maldita que se vai transmitindo de xeración en xeración. A novela, dende a perspectiva dun narrador protagonista, comeza facendo referencia a un mascato que vive nos tellados da zona vella da Coruña e que esconde un segredo que a obra ten intención de desvelar. Estructurada en dez capítulos, preséntanos a Henrique Chenel como o protagonista desta historia, que dende A Coruña se traslada a Muxía para facerse mariñeiro e vivir unha nova vida, xunto a Sofía; aínda que se vai ver envolto nas liortas dos deuses, entre os que queren manter a maldición e os que apostan por facer posible o amor.

Recensións:

- Rodri García, “Jazz de misterio e amor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 13 xullo 2002, p. 11.

Cunha cualificación de boa, faise unha aproximación á temática de *...do mar e a noite*, de X. H. Rivadulla Corcón e ao argumento, do que se salienta a historia dunha maldición ocorrida na Costa da Morte, onde os deuses e mortais son protagonistas. Coméntase que o autor deita no libro unha pegada de amor á terra, a través de “fermosas” metáforas e unha linguaxe próxima ao lector.

- F. Martínez Bouzas, “Un mascato entre o misterio do mar e a noite”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 21 xullo 2002, p. 4.

Despois de facer unha ampla aproximación ao argumento da historia que se nos ofrece en *... do mar e a noite*, de X. H. Rivadulla Corcón, céntrase noutros aspectos da obra entre os que destaca a “artificialidade temática” e a falta de “credibilidade” da trama. Así mesmo, resalta o mar como o escenario presente en todos os acontecementos da novela.

- Ramón Nicolás, “De aquí a ningures”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, 12 setembro 2002, p. IV.

Ofrécese, nun primeiro momento, unha crítica á novela *... do mar e a noite*, á que se cualifica como “lamentable”, tanto no seu argumento coma no estilo. Sublíñase que a obra presenta descoidos nas construccións sintácticas, unha redacción pueril e diálogos inverosímiles. Máis adiante, faise unha aproximación ao argumento e ás personaxes presentes na obra, para finalizar falando da “inconsistencia” e da “artificialidade” desta nova mostra narrativa de Rivadulla Corcón.

- Xulio Valcárcel, “Novela de Rivadulla Corcón”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 234, “Páxina literaria”, 1 decembro 2002, p. 4.

Despois de cualificar a Henrique Rivadulla Corcón como home polifacético, defínese a súa novela *... do mar e a noite* como unha obra atractiva para calquera lector, especialmente para os coruñeses, xa que está ambientada na cidade vella da Coruña, e máis concretamente arredor do convento da Praza das Bárbaras, e nela cóntasenos a

perplexidade dos veciños do convento ante a convivencia cunha grande ave mariña, un mascato capaz de pasar varios días sen pisar terra, que vive no propio convento coidado e alimentado polas monxas clarisas e que só sae para dar grandes voos. A pesar da aparente sinxeleza do argumento, Xulio Valcárcel di que este é máis complexo, así como o espacio, no que a Costa da Morte constitúe o pano de fondo do narrado. Menciona algúns dos personaxes e indica qué lugares da Costa da Morte son convertidos en vagabundos, en deuses caídos condenados a errar sen norte pola terra. Así mesmo, comenta que nas páxinas da novela atopamos o misterio, mais tamén, e a xeito de contrapunto, elementos da vida normal da cidade, lugares concretos, expresos e recoñecidos, e que nela o fantástico aparece incardinado no real inmediato, ademais de que existe unha dimensión ecoloxista.

Referencias varias:

- AFA, “Espíritos libres”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 xuño 2002, p. 39.

Alúdese á presentación na Coruña da novela *... do mar e a noite* e do poemario *Taberna á deriva*, ambos os dous publicados neste ano por Xosé H. Rivadulla Corcón. Coméntase que

no acto estiveron presentes Lino Braxe, Xose A. Perozo e Miguel A. Fernán-Vello, entre outros. Dise que en *... do mar e a noite* se desenvolve unha historia de amor protagonizada por dous personaxes que comparten circunstancias tráxicas e onde a liberdade, o misterio e

o mar constitúen os eixes principais sobre os que xira esta novela. Por outra banda, sinálase que en *Taberna á deriva* o mar volve estar presente, pero esta vez o libro acada un ton fantástico.

- A. N. T., “X. H. Rivadulla Corcón. ‘A poesía invade todos os meus traballos”, *A Nosa Terra*, nº 1.041, 4-10 xullo 2002, p. 35.

Conversa co autor de *Do mar e a noite*, Xosé H. Rivadulla Corcón, na que nos achega algunhas das claves do argumento da novela, que el mesmo cualifica de “complexo”, e na que o mar está constantemente presente. Cualifica o libro de “novela poética” e sinala, ademais, que traballou na obra dende o ano 1996, compaxinándoa con outras actividades.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, 28 novembro 2002, p. VII.

Comentario conxunto das seguintes obras publicadas este ano: *Estanislao, príncipe de Sofrovia*, de Manuel Lourenzo González, da que ofrece unha breve descrición do contido da novela, na que sinala que se trata a infancia do príncipe Tanis I, coñecido do lector pola anterior entrega *Tanis I, o Mocos* (1998). *O inmigrante imaxinario*, de Xosé Manuel Núñez Seixas, monografía da que destaca o novidoso enfoque da historia da emigración galega a través da análise das identidades, discursos e estereotipos arredor do emigrante galego en Arxentina entre 1880 e 1940. De *Do mar e a noite*, de X. H. Rivadulla Corcón salienta o misterio, a simboloxía, o amor e a liberdade como elementos fundamentais da trama, nunha novela ambientada na cidade vella da Coruña. Remata con *Ana soror*, de Marguerite Yourcenar, da que di que é unha traducción de María Xosé Queizán, resume o argumento da novela e pon de relevo o contraste entre o predominio relixioso do marco da Contrarreforma co esplendor da baía de Nápoles e a exuberancia dos corpos e das froitas.

Rivas, Manuel, *As chamadas perdidas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 175, abril 2002, 209 pp. (ISBN: 84-8302-811-5).

Nova entrega narrativa de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) na que nos presenta unha compilación de vintecinco relatos de diversa feitura e extensión. Nesta colección de contos están presentes as loitas interiores dos seus diversos protagonistas e é o resultado da asunción de ficción realista máis intimismo. En *As chamadas perdidas* atopamos, entre outros temas, o franquismo (“O heroe”); as andanzas de Ricardo Tovar e Tomé (“Nós os dous”); a síndrome de Down (“O partido de Reis”); o cadro *Retrato de Simone Nafleux* de Xermán Taibo, que acompaña o relato (“O escape”); o Nadal (“O amo das sombras”); o golpe de Estado do 23-F (“A duración do golpe”); a violencia (“Algo de comer”); reflexións sobre o feito de nacer (“Chiapateco”); a emigración a Londres (“A limpadora”) ou novamente un cadro como eixe, que tamén aparece reproducido, *Virxe da serpe*, de Caravaggio (“Espiritual”). Despois dos vintecinco relatos temos un pequeno texto no que Manuel Rivas explica algunhas das anécdotas de tres destes contos: “Nós os dous” –que ten unha escena inspirada en *Diario íntimo dun vello revoltado*, de Antón Tovar–, “O heroe” –indicando que é unha homenaxe a Antón Avilés de Taramancos– e “O amor das sombras”. Finalmente

cómpre sinalar que este volume presenta un marcapáxinas no que temos dun lado algunhas das bandeiras do código internacional de sinais marítimos, conformando tres palabras: GALICIA LIBERDADE AMOR que aparecen respectivamente nos contos “O estigma”, “A duración do golpe” e mais “Os inseparables Fisher”, mentres que do outro presenta o poema titulado “Unhas chamadas perdidas” no que se xoga poeticamente con este código marítimo.

Recensións:

- Armando Requeixo, “En clave marítima”, *El Correo Gallego*,“*Correo das Culturas*”, nº 133, 10 xuño 2002, p. 4.

Despois de sinalar que cada nova entrega de Manuel Rivas supón un acontecemento literario, Requeixo céntrase en *As chamadas perdidas*, volume do que sinala que está formado por vintecinco relatos, caracterizados os primeiros por unha extensión media e os últimos pola súa brevidade. Relaciona esta disposición formal co contido, achegando os primeiros delongadas descricións dos personaxes fronte á trama argumental mínima dos outros. Da temática sinala que uns xiran arredor da resistencia franquista como “O heroe”,

do asunto paranormal como “O leikista” ou de asuntos amorosos como “O amor das sombras”. Destaca a altura que acadan algúns contos aínda que tamén aprecia eivas como

o cambio de nome dun personaxe, o abuso do chiste fácil doutros ou a previsibilidade dalgunha solución. Remata salientando o “dominio estilístico” que nel se observa e a “fonda prospección psicolóxica” dalgúns personaxes.

-Ricardo Senabre, “Las llamadas perdidas”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “Letras”, 5-11 xuño 2002, p. 16.

Dáse conta da traducción ao castelán, polo propio Manuel Rivas, dos vintecinco relatos breves que constitúen *As chamadas perdidas.* Sinálase que nestes relatos atopamos exemplos como “El escape”, “El partido de Reyes” ou “El héroe” nos que se desenvolven simples anécdotas, así como outros como “Nosotros dos”, “La mirona” “La confesión” ou “El protector” nos que se deixan flotando suxestións incertas arredor da historia esbozada. O articulista, que ofrece o argumento dalgún dos relatos citados, opina que Rivas presenta unha habelencia indubidábel neste tipo de narracións, mais que non progresa con relación a obras anteriores, repetindo modelos xa explorados e aproveitándose da facilidade e

rexeitamento do risco. Tamén afirma que presenta relatos pálidos, descoidos na prosa, construccións confusas, concordancias erróneas, etc.

- Francisco Martínez Bouza, “Amalgama de contos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, “Libros”, 13 xuño 2002, p. IV.

Comentario sobre a última publicación de Manuel Rivas, o libro de relatos titulado *As chamadas perdidas*, no que F. Martínez-Bouzas examina o contido e a forma dos vintecatro contos incluídos no conxunto. Tras cualificar a escrita deste autor de “amable”, destaca o carácter conservador deste volume respecto doutros títulos anteriores canto ao tratamento xenérico, que xulga realista. Non embargante, recoñece que existen contos na obra “cunha feitura máis experimental”. Indica despois que os protagonistas das narracións son “pequenos heroes da vida cotiá”, e refire así mesmo a liña argumental de varias delas. Conclúe enxalzando neste libro “unha lingua ateigada de forza poética, de bríos expresivos ao servicio da narratividade”.

- José María Pozuelo Yvancos, “Doradas medianías”, *ABC*, “ABC Cultural”, 15 xuño 2002, p.

9.

Comeza sinalando que a obra de Manuel Rivas, *As chamadas perdidas*, vén de ser traducida polo propio autor ao castelán e que malia ser agardada polos seus lectores non engade nada novo á súa traxectoria literaria. Repasa os títulos do autor galego e considera que con esta obra non se dá o avance agardado, ademais de que nela se desaproveitaron moitas posibilidades. Considera que os principais fallos son o sentido da colección, por reunir relatos con pouca variación de estilo; a falta dunha selección máis rigorosa, polo que considera que o que se buscaba era que os contos respondesen a unha estética unitaria; a repetición de temas como a iniciación no amor, a perspectivización infantil ou os ritos de iniciación na adolescencia. Tamén lle critica a fácil emotividade que se agocha de xeito moi evidente detrás da iniciación ao amor, no paso da infancia á xuventude ou nas figuras dos vellos rurais a través dos que el reivindica os valores da aldea. Remata sinalando que este autor ten unha prosa moi sensitiva, que é un autor brillante e que na súa obra se observa o ritmo poético de xeito moi evidente, aínda que coa súa habelencia debería ter feito contos máis conseguidos.

- Beatriz Abelairas, “El Día de las Letras Gallegas”, *Qué leer día a día*, nº 67, “Otras letras”, xuño 2002, p. 28.

Ver Casares, Carlos, *O sol do verán* neste apartado do *Informe*.

- Xosé M. Eyré, “Rivas cento por cento”, *A Nosa Terra*, nº 1.040, “Cultura”, 27 xullo-3 agosto 2002, p. 26.

Considérase que o equilibrio harmónico entre o mundo de fóra –a realidade– e o de dentro –a lírica– son as características definidoras de *As chamadas perdidas*, un libro de relatos intimistas e sociais. Comenta que cada páxina conta con vintecinco liñas fronte ás habituais trinta e dúas e destaca que isto favorece unha lectura fácil. Asemade indica que os nove primeiros relatos son os máis extensos e finalmente valora que Rivas é fiel a si mesmo con estes relatos que teñen na palabra e na lingua un dos seus alicerces máis firmes.

-Ana María Moix, “Una historia del presente”, *El País* , “*Babelia*”, nº 568, “Narrativa”, 12 outubro 2002, p. 9.

Comeza repasando a traxectoria de Manuel Rivas e salientando o feito de que un autor chegue a acadar as cotas de éxito que el ten cun xénero como é o conto, do que considera que promoveu a súa saída das catacumbas, xunto con outros autores da súa xeración e ao que se mantén fiel. Comenta *As chamadas perdidas*, traducidas ao castelán, onde atopa trazos presentes nas súas obras de carácter xornalístico e poético, así como á inversa. Destes relatos apunta que se observa neles calidade xornalística como a visión do contorno a través da descrición de tipos humanos, da orde ou da desorde social, así como na recreación de ambientes. Da influencia poética destaca a elaboración de imaxes e a capacidade de suxestión que teñen estes contos. Dos personaxes destaca a interioridade marcada polo pasado opresivo colectivo e o afán de esperanza ou a carga emocional que presentan calquera dos protagonistas, especialmente asociada aos recordos. Remata destacando de entre o conxunto algúns dos contos.

- Xesús Fraga, “A literatura como puxilato”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 28 decembro 2002, p. 5.

Sinálase que *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas ocupou co 19,48 % o segundo lugar no podio do ano segundo as votacións dos internautas de *La Voz de Galicia* e reprodúcese o mesmo comentario publicado neste xornal o 17 de maio de 2002.

Referencias varias:

-Jaureguizar, “Manuel Rivas reflexiona sobre a incomunicación no seu novo libro”, *El Progreso*, “Cultura”, 22 marzo 2002, p. 90.

Informa de que Manuel Rivas está a corrixir as probas do seu vindeiro libro *As chamadas perdidas*, do que se destaca que cada relato parte dunha dimensión social, así como que axiña sairá do prelo a súa versión española.

- Jesús Fraga, “Descubrín que escribía aínda que non tivese destinatario”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Entrevista”, 27 abril 2002, pp. 6-7.

Conversa con Manuel Rivas co gallo da próxima publicación de *As chamadas perdidas*. Nela Rivas indica que sente predilección polas actividades portuarias e sinala que os contos deste libro son dun realismo que cualifica de “interior” e asemade reflexiona sobre a música así como sobre a súa participación no programa *O mellor* da TVG. Con referencia ao título desta nova publicación afirma que nun primeiro intre ía chamarse *Alfa Mike Oscar Romero (amor)* –segundo o código internacional de sinais– mais que se decidiu por *As chamadas perdidas* xa que representa a metáfora do tempo de hoxe en día.

-Manuel Rivas, “A limpadora”, *La Voz de Galicia*, “*Los domingos de la Voz*”, “Avance editorial”, 28 abril 2002, pp. 10-11.

Reprodúcese o conto “A limpadora”, que formará parte do libro *As chamadas perdidas* de Rivas, no que vemos a unha limpadora, emigrante en Londres, que lle conta ás plantas murchas historias da emigración.

- AFA, “Intra-historias”/“Rivas traza pontes entre o real e o persoal no libro *As chamadas perdidas*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 14 maio 2002, p. 33/p. 66.

Sinálase que con *As chamadas perdidas*, Manuel Rivas regresa á narrativa curta na que afonda na realidade interior e na historia dende olladas particulares, e tamén se indica que nel conflúen a historia individual e a colectiva conformando a intrahistoria.

-C. P., “Manuel Rivas busca a realidade na súa nova novela *As chamadas perdidas*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2002, p. 31.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela de *As chamadas perdidas*, acto no que Manuel Bragado sinalou que estes relatos están cheos de realismo interior co inconfundíbel selo de Manuel Rivas.

-Carmen Villar, “Pido que lle adiquen o Día das Letras a Pucho Boedo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 maio 2002, p. 41.

Conversa na que Manuel Rivas comeza respondendo á súa elección dos termos “Galicia, liberdade e amor” como bandeiras na presentación da súa nova obra, *As chamadas perdidas*. Dos personaxes destaca que todos están movidos pola loita e o afán de resistir, que ve Galicia con esperanza e que cada un dos personaxes está formado non por biografías concretas senón por parte do autor e a memoria dos demais. Sobre a escrita en galego, destaca que se autores como Elin Mouré, unha canadense, escribe en galego e inclúe palabras galegas nos seus libros, é necesario manter a esperanza na literatura galega. Remata contestando a outras insinuacións que aparecen nos seus contos, mantendo sempre unha posición optimista.

-Ruth Villar, “Un escritor tiene que plasmar lo que le sale dentro, con máxima libertad”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 maio 2002, p. 12.

Co gallo da presentación de *As chamadas perdidas* en Vigo, o seu autor resposta ás preguntas da entrevistadora. Rivas sinala que este libro presenta un título bastante definitorio, xa que as súas diferentes historias tentan recuperar o que non vivimos, “as

mensaxes perdidas”, e finalmente fala da importancia do mar dentro da súa producción literaria.

-Francisco Castro, “*As chamadas perdidas*”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 16 maio 2002, p. 15.

Aproxímase a *As chamadas perdidas*, do que destaca a omnipresencia do mar, da tradición e dos novos, e resalta os valores cinematográficos que achegan os seus diferentes relatos.

- AFA, “Os libros galegos son hoxe un 10% máis baratos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 maio 2002, p. 32.

Ver Casares, Carlos, *O sol do verán* neste apartado do *Informe*.

- Xesús Fraga, “A literatura como puxilato”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 11.





Sinálase que nos contos de *As chamadas perdidas* os seus personaxes se rebelan contra os reveses da vida e da fatalidade e que Rivas conta desta vez cun abano máis grande de personaxes fronte a obras súas anteriores.

- Beatriz Iniesta, “Cerca del bosque sagrado”, *El Progreso*, “Crónica social gallega”, 19 maio 2002, p. 33.

Ademais de dar conta das últimas estreas cinematográficas nas que intervén algún actor galego, tamén dá conta da presentación da novela de Manuel Rivas, *As chamadas perdidas*. Sinala que con esta obra recupera o autor a mellor tradición oral galega, intimista e irónica.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, “Libros”, 30 maio 2002, p. V.

Blanco Rivas comenta brevemente as novelas: *Homónima* (2000), de Antón Riveiro Coello,da que ademais de repasar o argumento sinala que foi a gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa. Salienta o ambiente de misterio, aventura e violencia primitiva co

que se enfronta o protagonista e repasa a traxectoria do autor. *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas, da que indica que o autor busca a realidade a través dos vintecatro relatos que a compoñen, nos que partindo dunha dimensión social expresa o ámbito persoal. Salienta a ligazón entre a estructura dos relatos e a propia da obra a xeito de “mar aberta” na que se insiren relatos de fasquía clásica fronte a outros experimentais. Remata con *Salseiros* (2001), de Francisco Calo, nun comentario no que comeza por definir a propia palabra que lle dá título á obra e garda estreita relación coa temática mariñeira. Destaca a faceta de narrador e ensaísta do autor e repasa brevemente a súa traxectoria.

- Salvador Rodríguez, “Escribo para entenderme millor a mín mesmo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, “Entrevista”, 30 maio 2002, p. III.

Reprodúcense as respostas realizadas por Manuel Rivas ás preguntas que lle fixo Salvador Rodríguez co gallo da publicación do seu último libro, *As chamadas perdidas*. Para comezar, o entrevistado explica o título desta obra, e afirma que escribe para comprenderse mellor a si mesmo, advertindo de que as loitas interiores dos protagonistas destes relatos son tamén as súas propias. A conversa deriva despois cara a outras derrotas, como o impacto da

globalización en Galicia, a posíbel mitificación dos anos sesenta que se estaría a producir na actualidade ou a suposta conta pendente de Rivas coa realización da “grande novela” galega.

- Carmen Sigüenza, “El escritor Manuel Rivas presenta su universo gallego en la versión castellana de su último libro *As chamadas perdidas*”/“Un universo gallego de Manuel Rivas”, *El Correo Gallego*/*Diario de Pontevedra*, “Cultura”/“Cultura. La obra”, 31 maio 2002, p. 76/p. 87.

Dá conta da traducción ao castelán da obra *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas, dentro da editorial española Alfaguara. Afírmase que neste libro, que agora leva o título de *Las llamadas perdidas*, o autor coruñés fala dende a súa realidade local inzada de emocións universais.

-Emma Rodríguez, “Rivas afirma combatir el cinismo de esta época con literatura”, *El Mundo*, “Cultura”, 31 maio 2002, p. 63.

Co gallo da publicación da versión española de *As chamadas perdidas* debúllase este volume e sinálase que nel Rivas fai converxer pasado e presente, vida e morte, realidade e fantasía e que asemade tenta atrapar os instantes nunha liña de tinta.

- R. C. G., “Manuel Rivas asinará na Feira do Libro o vindeiro día 5”, *El Progreso*, “Cultura”, 31 maio 2002, p. 91.

Infórmase de que a XX Feira do Libro de Lugo contará, entre outros, coa presencia estelar de Manuel Rivas, acto no que asinará exemplares da súa última obra *As chamadas perdidas*.

-Antonio Astorga, “Manuel Rivas reúne 25 relatos en *Las llamadas perdidas*”, *ABC*, “Cultura”, 2 xuño 2002, p. 44.

Sinálase que os relatos que compoñen *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas son sublimes tragos da dureza da vida e dos conflictos, se ben sempre hai neles unha luz no

final do túnel, e ao mesmo tempo, sublíñase que representan unha homenaxe aos seres invisíbeis de hoxe en día.

-Jaureguizar, “Longas colas onte en Lugo para conseguir unha sinatura de Rivas”, *El Progreso*, “Cultura”, 6 xuño 2002, p. 90.

Indícase que os lectores lucenses de Manuel Rivas fixeron longas ringleiras para obteren unha sinatura do escritor galego durante a Feira do Libro de Lugo, e sinálase que tamén presentou *As chamadas perdidas* cun espectáculo de contos e fados.

- Marcos Valcárcel, “Chamadas perdidas”, *La Región*, “Sociedad”, 12 xuño 2002, p. 65.

Considera que *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas agrupa relatos curtos de variada extensión e factura estilística, que apelan ao sentimento e á emoción e que incluso beben da tradición contista galega de Dieste e Castelao.

- Vicente Araguas, “Manolo Rivas”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 30 xuño 2002, p. 64.

Fala da tendencia literaria de escribir “miudiños” e con referencia a *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas afirma que engancha e mais que está escrito dende un corazón sensíbel.

- Óscar López , “El vigía de las nubes. Manuel Rivas”, *Qué leer día a día*, nº 67, xuño 2002, pp. 55-58.

Entrevista a Manuel Rivas que xira arredor da súa obra *As chamadas perdidas*, da que comeza referíndose á unidade dos relatos, á súa forma de escribir sobre feitos e non sobre abstraccións, á súa concepción da escrita como forma de resistencia e partindo sempre dos personaxes e non dos xéneros. Sinala que non planifica as súas historias, senón que parte de borradores e que gozou escribindo esta obra, feito que considera fundamental para escapar do egocentrismo e da rivalidade, posto que considera que o poder do mercado é moi forte pero que o escritor ten que "escribir por escribir". Alude á fascinación que lle causan as nubes, á presencia destas e das paisaxes galegas nun poemario que está a escribir e á súa concepción de Galicia como "exilio y expulsión". Tamén se refire a cuestións como a importancia da tradición oral, a súa pertenza á xeración influenciada polos medios

de comunicación ou o seu desacordo coa etiqueta de “realismo máxico galego”. Remata respondendo a cuestións de tipo persoal como a súa superstición, o panteísmo ou o cultivo da poesía, ademais de ofrecer a súa visión do mundo televisivo actual. En cadro á parte ofrécese un resumo argumental da obra e outras cuestións referentes a gustos persoais.

-Silvia Álvarez, “A literatura é un regalo para compartir, non para competir”, *El Progreso*, “Verano”, 30 xullo 2002, p. 59.

Con motivo da publicación de *As chamadas perdidas*, fáiselle unha pequena entrevista a Manuel Rivas na que comeza sinalando a súa preferencia polo xénero poético como mellor sinónimo da literatura. Sobre a traducción considera que o difícil é manter a singularidade dos significados das palabras, posto que se corre o risco de perder as sensacións. Cualifica a súa última entrega como relatos de forma máis directa que os anteriores nos que pugna a esperanza por saír adiante de cada ser humano fronte á súa parte de vencido. Sobre a traducción das súas obras considera que é un regalo á humanidade, un xeito de enriquecemento e unión do home. Remata sinalando que a súa obra véndese moito porque nela hai unha busca da verdade na literatura, un estilo realista e a fuxida de estereotipos.

- P. L., “Escritores y lectores conviven con los superhéroes y Sherlock Holmes”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 3 agosto 2001, p. 18.

Alude á presencia de Manuel Rivas asinando exemplares da súa obra *As chamadas perdidas* durante a Feira do Libro da Coruña e afírmase que esta obra será traducida ao español.

- Albino Mallo, “Rivas no Brasil”/“*O lapis do carpinteiro*, de Rivas, conta xa con versión brasileira”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 3 agosto 2002, p. 32/p. 68.

Destaca que a poeta brasileira Ladusha Spinardi é a encargada da traducción ao brasileiro de *O lapis do carpinteiro* (1998), cunha traducción diferente da que se fixo en Portugal, e mais que o relato “O heroe”, de *As chamadas perdidas*, servirá de base para unha representación teatral.

- Juan R. Gómez-Aller, “Rivas defiende la ‘fecunda relación’ que une al cine y a la literatura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de A Coruña*”, 3 agosto 2002, p. 5.

Asegúrase que moitos dos escritos de Manuel Rivas chegarán ao cinema e indícase que xunto con Suso de Toro estiveron a asinar exemplares das súas últimas obras, *As chamadas perdidas* e *Trece badaladas*, respectivamente, na Feira do Libro da Coruña.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 3 outubro 2002, p. 67.

Nota na que se informa de que Manuel Rivas estará no Liceo de Ourense nun acto literario-musical no que presentará a súa última producción narrativa *As chamadas perdidas*.

Suárez Abel, Miguel, *O repenique de Beatriz Gondar*, Premio de Novela por Entregas 2002 de La Voz de Galicia, ilust. Norberto Fernández Serrano, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa/ Gran Formato, novembro 2002, 133 pp. (ISBN: 84-7680-410-5).

Miguel Suárez Abel (Santo Estevo do Campo, Arzúa, 1952) resultou ser o gañador con esta novela, agora reunida nun só volume, do Premio de Novela por Entregas 2002 que o xornal *La Voz de Galicia* vén convocando nos tres últimos anos. Publicada diariamente neste xornal en trinta e unha entregas ao longo de todo o mes de agosto de 2002, xunto coas ilustracións de Norberto Fernández Serrano, esta novela narrada en primeira persoa está protagonizada por Mario, un mozo que verá modificada a súa vida pola presencia dunha enigmática muller que enche de intriga e misterio a súa existencia. Así, Mario comeza por contarnos cómo sendo aínda estudiante de Historia en Santiago de Compostela, cando tiña a penas vinte anos, entra a traballar nun banco como botóns. Alí coñece á Señora Beatriz Goldar (esta é a forma como aparece no corpo do texto, malia na capa figurar *Gondar*), unha cliente influente e atractiva que chama a atención do mozo, que acostuma facer todos os recados para ela. Co paso dos anos, e a base de gañar experiencia e madureza, tanto no campo amoroso coma no profesional, Mario acaba por conseguir un posto fixo como

empregado no banco e trasládase á Coruña. Alí reencóntrase por casualidade, vintecinco anos despois, con Beatriz, que conserva a súa beleza intacta malia un accidente de coche tela prostrado nunha cadeira de rodas. Mario e Beatriz inician daquela unha relación sentimental e ao final, e como remate ledo, vemos cómo a parella comeza a facer planos para adoptar unha nena.

Referencias varias:

- R. García, “A literatura parte da dor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xullo 2002, p. 28.

Entrevista a Miguel Suárez Abel, gañador do Premio de Novela por Entregas convocado por *La Voz de Galicia* coa obra *O repenique de Beatriz Gondar*. Primeiramente destaca que a experiencia de presentarse ao premio é algo que lle gustou para logo salientar certos aspectos da obra. Desta indica que é unha obra na que intentou buscar o lado máis sinxelo e amábel das cousas. Para isto destaca que botou man de personaxes mediocres por crer que estes poden acabar resultando do máis atractivos. Así mesmo opina que a literatura sempre parte da dor e que tal e como dicía Kafka unha boa novela ten que dar unha

navallada polas costas, aínda que afirma que na súa isto non ocorre. En columna á parte faise referencia a que Xan Carlos Silva, finalista do mesmo premio, presentara a súa primeira novela e que espera poder publicala.

Sucasas, José Luís, *O paxaro que ninguén ve*, edición do autor, 2002, 195 pp. (ISBN: 84-607-4254-7).

Narra, ao longo de oito capítulos intitulados, a historia cotiá dunha vila chamada Narahío e das súas xentes. A obra comeza cunha ampla descrición da vila, a través dos ollos dun dos seus protagonistas, Expédito Lavandeira, quen comenta, en primeiro lugar, que en Narahío non hai ruídos, “ata os animais fan menos barullo ca nos outros sitios (...)”, “a xente case non fala, as vacas brúan baixiño, os cans ladran como se tivesen unha argana na gorxa... só os paxaros cantan igual ca no resto do mundo...”. A seguir, o narrador achégase ás distintas familias que poboan a vila e introdúcese nas súas vidas cotiás. Deste xeito, alude a María Asunción e ao seu home don Bastián, donos da taberna da Costa; a familia dos Couto; a familia Lavandeira, que vive no lugar coa súa muller, María dos Remedios e a súa filla Sonia de Xesús. A meirande parte da historia xira ao redor da morte de Roberto de Novás, que todos pensan que morreu aforcado e, sen embargo, ao final descóbrese que morreu a consecuencia da picadura dun alacrán. Ao final da obra morre tamén un dos protagonistas, Expédito Lavandeira. A historia conta ademais coa presencia dunha lenda que circula pola vila dende hai varias xeracións e que lle costa a vida a Roberto de Novás.

Toro, Suso de, *Trece badaladas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 174, marzo 2002, 355 pp. (ISBN: 84-8302-788-7).

Obra na que predomina o misterio e a intriga, o que se pode cualificar como unha novela gótica que ten como escenario a cidade de Santiago de Compostela. Suso de Toro (Santiago, 1956) organízaa seguindo a propia estructura do *Requiem* en: *Introitus*, *Agnus Dei* e *Libera Me*, tres partes nas que o lector asiste a unha viaxe iniciática e de salvación protagonizada por Celia, que aparece acompañada polo productor de TV Xacobe que está posuído, o confrade Ramírez e unha forza maligna. O argumento baséase en supostas lendas da cidade e en historias acaecidas na Idade Media que chegan ata hoxe a través da loita entre o productor e o Maligno, que quere apoderarse da cidade. A novela está narrada dende diferentes puntos de vista, pequenos fragmentos nos que a voz narrativa fluctúa entre a primeira persoa do productor, a escritora, o confrade, un chat entre o productor e unha muller e unha terceira persoa allea á historia. A novela preséntase baixo a técnica do manuscrito atopado (o autor di ser o editor dun texto que lle foi entregado nun disquete) e

complétase cun apartado de “Anexos” nos que se recollen supostos recortes de prensa, textos de obras e notas aclaratorias relacionadas coa historia narrada.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 259, 4 maio 2002, p. 2.

Ver Campo, Marica, *Memoria para Xoana* neste apartado do *Informe*.

- Rexina Vega, “Terror e metafísica”, *A Nosa Terra*, nº 1.035, “Cultura”, 23-29 maio 2002, p. 26.

Achégase á novela dende elementos como o propio título que considera moi axeitado ao contido e premonitorio do que se atopa dentro. Ademais de ver nesta obra unha historia de terror, un relato de misterio ou unha novela gótica, considera que ademais busca reflexionar sobre o sentido do transcendente na sociedade actual. Detense amplamente no escenario que representa Compostela como cidade que xurdiu dunha necrópole e o xeito do autor en

presentar a maldición, así como nos personaxes e no que cada un deles representa. Remata referíndose ás dúas liñas contradictorias que predominan na escrita de Suso de Toro e que relaciona coas obras da súa producción. En cadro á parte, fálase da relación existente entre cine e literatura, xa que *Trece badaladas* xorde como novela a partir dun guión cinematográfico que foi levado ao cine por Xabier Villaverde. Sinálase que actualmente hai tendencia a facer adaptacións cinematográficas de novelas galegas e ponse como exemplo *A lingua das bolboretas* ou *Non volvas* e *A sombra cazadora*, aínda en proxecto; ao respecto recóllense as palabras de Celia, unha personaxe da novela, que reflexiona sobre a relación existente entre estas dúas artes.

- Xosé M. Eyré, “Terror e angustia. Suso de Toro volve aos eidos do misterio”, *A Nosa Terra*, nº 1.036, “Cultura”, 30 maio-5 xuño 2002, p. 26.

Comentario que se inicia co apuntamento de que Suso de Toro ten como motivo central da súa narrativa, especialmente dende *A sombra cazadora* (1994), a busca da identidade individual, feito ao que non resulta allea *Trece badaladas*. Tamén chama a atención sobre a presencia feminina e a traxedia que se ceba con personaxes establecidos no cotián,

marcados pola orfandade e desexosos de coñecer máis, que se dá nas súas últimas novelas, especialmente en *Non volvas* (2000). Observa que estes parámetros axudan a unha maior presencia da relixión nas súas obras, que polo demais mantén espacios e estilos anteriores. Da estructura explica a distribución en tres partes e diferentes anexos, os xogos do fragmentarismo, que propicia o inserir textos cibertextuais, ou a entrada dun segundo narrador. Outras cuestións ás que lles presta atención son as casualidades que adquiren un sentido tráxico, o feito de que se desenvolva a acción no contexto do Antroido ou que chova constantemente. Recrimínalle ao autor o desleixo gramatical e remata aludindo a outras novelas que teñen Compostela como escenario.

- Francisco Martínez Bouzas, “Sinos de traxedia e misterio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, 6 xuño 2002, p. IV.

Crítica da última novela de Suso de Toro, *Trece badaladas*, que é definida como novela ficcional de intriga. Sinala, asemade, que, a pesar da súa extensión, é áxil e que os dominios do idioma e dos rexistros que o autor posúe son moi positivos para o resultado da obra. Apunta, así mesmo, a confrontación que existe entre esta novela e outra como *Círculo*

(1998) ou *Non volvas* (2000), que son máis narrativas, fronte a outras anteriores, como *Tic-Tac* (1993), que é máis fragmentaria ou amalgamada.

-Tomás Ruibal, “Trece badaladas”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!Letras”, “Anaquel dos libros”, 16 xuño 2002, p. 9.

Análise da novela *Trece badaladas*, de Suso de Toro, na que comeza referíndose ao propio título e á connotación funesta deste, para logo seguir co argumento, do que indica que, nun primeiro plano, xira arredor da relación dunha escritora solitaria e un home torturado que dirixe unha productora, mentres que nun segundo plano é tamén un relato de misterio con elementos propios da literatura e o cine de terror, ademais da reflexión sobre o marco escénico e o valor simbólico da cidade de Compostela. Considera que é unha novela moi ben construída con diferentes puntos de vista que conforman un prisma a través do que se constrúe a historia central, aínda que lle sobraría a presencia dos chats ou o feito de escoller dúas figuras tan pouco representativas como un productor e unha guionista. Remata concluíndo que é unha das mellores novelas do ano que ten unha estructura por momentos semellante á da catedral da cidade que a protagoniza.

- Joaquim Ventura, “Trece misterios”, *Guía dos libros novos*, nº 41, “Narrativa”, xuño 2002, p. 20.

Entende a aparición de *Trece badaladas*, de Suso de Toro como unha proba da regularidade na producción e da consolidación da carreira deste escritor, do cal os lectores agardan sempre unha nova entrega. Repara na inclusión do misterio como leitmotiv da acción narrativa para crear desacougo no lector e emparenta esta nova entrega con novelas anteriores de Suso de Toro como *A sombra cazadora* (1994) e *Conta saldada* (1996), aínda que nesta ocasión o misterio ten a súa orixe na catedral de Compostela, ao que se engaden outros misterios das vidas das persoas. Percorre a trama da novela poñendo de relevo as dúas historias que converxen nun “labirinto de intereses e contraintereses”, protagonizadas respectivamente por unha guionista de programas de televisión que persegue o resultado dun orixinal que enviou a unha productora e por un membro da confraría que garda o sepulcro do Apóstolo. Salienta tamén a presencia dun ourive e acibecheiro do que se conta a misteriosa morte dun seu irmán, acontecida anos atrás, cando caeu da torre da Berenguela un día de treboada. Destaca a boa cohesión da trama, que conflúe nun xogo de

espellos, a presencia de “interesantes” reflexións sobre a fe, o misterio, o enfrontamento do home e da relixión e da doutrina da Igrexa e repara na similitude entre o personaxe do acibecheiro que cuestiona a viabilidade da doutrina relixiosa e as discusións teóricas dos cóengos de *O crime do padre Amaro*, de Eça de Queiros. Finalmente sinala que a pesar de que a novela mantén o interese ao longo das súas páxinas, “semella como se lle faltase un repaso final (…)”, tanto por algúns erros gráficos coma por “detalles que deixan perplexo o lector: ¿cocer uns santiaguiños cunha folla? Cabe supor que de loureiro… Ou ¿tan composteláns eran os pais do productor televisivo que bautizaron os seus xemelgos cos nomes de Xaime e Xacobe? (…) ¿resulta crible un redactado xornalístico –incluso nun medio de provincias– que fale dun neno de “poucos meses” e dun xemelgo que “ten os mesmos meses”? Ou esa présa por incorporar o euro nos comercios de “todo a cen”, pasados a “todo a 0,59” (sabendo o que custa que os rótulos sexan trocados); e logo, ¿vinte pesos non eran sesenta céntimos no redondeo?”. Á parte destes “pecados veniais” considera que *Trece badaladas* fornece argumentos dabondo para satisfacer o lector.

- Armando Requeixo, “A trecena badalada”, *Tempos Novos*, nº 62, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xullo 2002, p. 77.

Aproximación a *Trece badaladas*, de Suso de Toro. Principia reproducindo unhas reflexións metaliterarias dun dos personaxes que, segundo di, ofrecen “a clave constructiva da obra”. Sinala que é “ unha novela de misterio e terror” na que a liña argumental xira ao redor dunha “loita entre devotos do Apóstolo e as víctimas seducidas por un satánico Mestre Mateo”. Salienta, así mesmo, a novidade da técnica narrativa, anque cre recoñecer certos trazos xa presentes na obra anterior do autor. Apunta que este bota man do “recurso do manuscrito atopado” e loa a fluidez coa que narra. Pola contra, acha desmerecedores certos “despistes e saltos de racord”, aínda que coida que a obra en conxunto é un “acerto”.

- Ángel Basanta, “Trece campanadas”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “Letras”, 26 decembro 20021 xaneiro 2003, p. 28.

Dáse conta da traducción ao castelán feita por Dolores Vilavedra e Ana Belén Fortes na editorial Seix Barral da obra de Suso de Toro *Trece badaladas*. Cualifícase esta obra como a consagración do autor galego entre o público lector español, así como unha das máis importantes publicadas en Galicia nos últimos dez anos. Preséntanse as características

polas que se considera que esta obra ten un alto mérito literario (amenidade da intriga, diversidade de procedementos técnicos e rexistros estilísticos, aproveitamento de Santiago como espacio novelístico, etc.) e analízase a maneira en que está construído o texto (recurso do manuscrito atopado nun disquete, xogo de narradores e paranarradores, que ofrece o perspectivismo que sustenta a verosimilitude artística do discurso, presencia de narrador omnisciente e narradores en primeira persoa, etc.). Así mesmo, sinálase que o perspectivismo fundado na alternancia de narradores favorece a combinación de ingredientes heteroxéneos nun texto unitario, no que atopamos características da novela gótica, da novela negra, compoñentes de metanovela con autocrítica diseminada, etc. Finalmente, ofrécense as características principais que definen os personaxes e afírmase que é unha historia que nos somerxe na memoria dunha cidade.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Suso de Toro procura ‘a novela de Compostela’ en ‘Trece badaladas”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 13 abril 2002, p. 83.

Dá conta da presentación da última novela de Suso de Toro, *Trece badaladas*, que é cualificada como novela de suspense desenvolta no Santiago actual pero que narra unha historia que arrinca da Alta Idade Media. Sinala que a novela naceu hai sete anos, cando o autor escribiu trece capítulos para unha serie televisiva que non se levou a cabo por razóns económicas.

- Lois Fernández, “Aprendices y profesores”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 19 abril 2002, p.

12.

Entre outros actos que tiveron lugar en Santiago de Compostela, sinala que se levou a cabo a presentación da novela *Trece badaladas*, de Suso de Toro, na Facultade de Xornalismo de Santiago. Tamén indica que a esta presentación acudiu Manuel Bragado, Pancho Casal, Xavier Villaverde e Luís Tosar, entre outros, ofrece unha breve nota sobre o seu argumento e di que con esta obra Suso de Toro pecha o ciclo iniciado con *Tic-Tac* (1993).

- C. P., “A literatura volveu á rúa”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 24 abril 2002, p. 9.

Ver Casares, Carlos, *O sol do verán* neste apartado do *Informe*.

- M. Barba, “A vida dos escritores confúndese coa dos de ‘Crónicas Marcianas”, *La Opinión*, “Cultura”, 25 abril 2002, p. 49.

Entrevista a Suso de Toro na que fala da xénese e contido da obra e da súa versión cinematográfica. Ademais comenta que en setembro deste ano vai publicar a versión en castelán desta novela e sinala que hai proxectos para levar ao cine *A sombra cazadora* (1994), *Non volvas* (2000), *Calzados Lola* (1997) e *Conta saldada* (1996) e que na actualidade traballa nun relato de aventuras de dez páxinas.

- Marta Veiga, “A literatura que nace dun pesadelo”, *Diario de Pontedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 1 maio 2002, p. 61.

Dá conta da visita que o escritor Suso de Toro fixo aos rapaces de bacharelato de Poio, onde falou de *Trece badaladas*, das peculiaridades da linguaxe literaria e cinematográfica e

dos problemas existentes na sociedade actual, que achaca á falta de autocrítica da propia sociedade.

-Jaureguizar, “Non teño defensores, aínda que defenda a outros francotiradores”, *El Progreso*, ‘Cultura y comunicación’, 5 maio 2002, p. 67.

Conversa con Suso de Toro, que vén de presentar a súa última novela, *Trece badaladas*, que foi levada ao cine. Fala das súas intencións como escritor e das súas relacións cos lectores e coa crítica. Ademais de comentar obras súas como *Trece badaladas* ou *A carreira do salmón* (2001), anuncia que publicará proximamente *Servicio de urxencias*. Finalmente explica a súa relación co actual poder político galego.

-Rosé Carrera, “Santiago é claustrofóbico e por eso os santiagueses buscamos o mar”, *Atlántico Diario*, 30 maio 2002, p. 16.

Entrevista a Suso de Toro que, a raíz da publicación de *Trece badaladas*, visitou nos últimos días varios institutos de Vigo. Fala da presencia da chuvia na novela e do mar como destino

final, do contido da obra e das técnicas estilísticas empregadas. Así mesmo, recoñece que no libro aparecen teimas propias e que lle gustaría ter unha vida máis tranquila e seguir escribindo.

-Belén Fortes, “Suso de Toro. Sonoras disidencias”, *Tempos Novos*, nº 60, “Entregas Culturais”, maio 2002, p. 56.

Entrevista a Suso de Toro que xira arredor da súa tarefa de escritor e do panorama literario galego. Reflexiona sobre o que é ser escritor e a súa función hoxe, así como o que caracteriza a literatura. Defínese como escritor e acha certas “contradiccións” en si, ademais de sinalar que “é percibido con confusión polos observadores da literatura”. Por outro lado, opina sobre o estado actual da nosa literatura, na que observa unha crítica pobre e aposta pola renovación. Alude á súa última publicación, *Trece badaladas*, da que comenta a súa estética e móstrase descontento polo pouco éxito que tiveron dous dos seus títulos *Non volvas* (2000) e *O país da brétema* (2000), mais afirma que non se cuestiona abandonar a literatura. Finalmente, rexeita calquera tipo de premio e salienta que “non quere depender do sistema literario galego”.

- María Louro, “Suso de Toro: ‘Incomódanme bastante as feiras”, *La Opinión*, “Cultura”, 3 agosto 2002, p. 37.

Dá conta da presencia de Suso de Toro e de Manuel Rivas na feira do libro da Coruña para promocionar os seus libros *Trece badaladas* e *As chamadas perdidas*, respectivamente. De Toro recoñece que, a pesar de que a el non lle gustan, as feiras de libros son axeitadas para fomentar a lectura e Rivas afirma que, para el, unha proba de que as súas obras son boas é que o lector remate a súa lectura. Ambos conclúen sinalando que son optimistas ante o futuro da literatura galega.

-Salvador Rodríguez, “A xente xa non cre en demos nin en santos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, 1 xuño 2002, pp. 1-2.

Entrevista ao autor de *Trece badaladas*, na que fala da estructura da novela, do contido e da orixe da mesma. Sinala que a Compostela que reflicte no libro aproxímase máis á da súa infancia que á actual e recomenda unha segunda lectura da obra, por que asegura que o

lector atopará unha novela de reflexión que posiblemente pola súa intriga non percibira na primeira lectura. Fala da rodaxe da película baseada neste libro e asegura que o feito de residir en Galicia supón moitos atrancos para a súa profesión.

- Juan R. Gómez-Aller, “Rivas defiende la ‘fecunda relación’ que une al cine y a la literatura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de A Coruña*”, 3 agosto 2002, p. 5.

Ver Rivas, Manuel, *As chamadas perdidas* neste apartado do *Informe*.

-M. J. Díaz de Tuesta, “Suso de Toro construye con humor una novela de terror y sentimientos”, *El País*, “La cultura”, 29 outubro 2002, p. 38.

Nota de prensa na que se recollen as palabras de Suso de Toro, que foi ata Madrid para presentar a súa última novela, *Trece badaladas*. Indica que a obra está ambientada en Santiago porque é o marco perfecto para o misterio e que nela se introduce unha historia de amor, algo que non é frecuente na súa bibliografía porque se declara contrario á cursilería

típica. Finalmente, apunta que esta é a súa vixésima novela, que coincide co seu vinte aniversario na profesión.

- M. Guerreiro, “Pancho Casal: ‘Temos xa unha oferta para un ‘remake’ en EEUU”, *La Opinión*, “Cultura”, 26 novembro 2002, p. 60.

Infórmase da presentación da obra e películas homónimas, *Trece badaladas*, que tivo lugar na Coruña. Dise que ao acto asistiron Suso de Toro, Pancho Casal (da productora coruñesa Continental) e Manuel Bragado (da editorial Xerais), que explicaron que a partir da idea orixinal de Suso de Toro xurdiron dous proxectos diferentes. Pancho Casal explica que a película se estreará o 17 de xaneiro e que existen ofertas de productoras para facer un “remake”. Por outro lado, Suso de Toro sinala que a idea partiu das narracións que de neno escoitou dun amigo e que nun primeiro momento quería facer unha serie de televisión de trece capítulos.

- X. F., “Unha novela de indagacións”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 28 decembro 2002, p. 5.





Comentario de *Trece badaladas*, de Suso de Toro, no que se recolle o inicio da obra e cómo se coñecen os dous personaxes principais; tamén se informa da existencia dunha traducción ao castelán e da versión cinematográfica. Sinálase, finalmente, que a obra contén diferentes xéneros e que Santiago de Compostela é unha protagonista máis desta novela, na que hai, ademais de indagacións, metaliteratura.

VV. AA., *VIIIº Certame Literario*, A Coruña: Facultade de Filoloxía, Universidade da Coruña, 2002, 85 pp. (DL: C-2614-2002). ⓾

Este pequeno volume colectivo recolle os textos que resultaron premiados na oitava edición do Certame Literario organizado pola Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, incluíndo como apéndice unha copia das actas do xurado do concurso. O certame galardoa creacións poéticas, narrativas e ensaísticas en dúas modalidades: lingua castelá e lingua galega. Describimos a continuación as pezas de narrativa galega recollidas no volume:

-Brais Babarro Fernández, “Desterro no labirinto” (Primeiro premio da modalidade de narrativa en lingua galega), pp. 40-53.

Narración en terceira persoa que toca o tema da Segunda Guerra Mundial e o exterminio nazi. Situado na América da posguerra, o relato conta cómo un ex-xeneral do Terceiro Rëich, o señor Vailich, que tiña fuxido para Nova Iorque tralo enfrontamento bélico, se ve obrigado a convivir cunha multiplicidade étnica que non soporta (“ingleses, negros, indios, xudeus e demais merda”) e a iniciar así “o longo e duro camiño da conciencia”.

- Silvana Castro García, “Recordos do alén”, (Accésit da modalidade de narrativa en lingua galega), pp. 26-33 e 54-61.

Neste breve relato, que aparece reproducido por erro dúas veces, suxíresenos que a narradora protagonista morreu atropelada sendo aínda unha nena, e relembra un luns de Pascua, dende o máis alá, a súa infancia, a súa familia, os seus amigos, os días de escola, etc.





VV. AA., *Longa lingua. Os contos da MESA*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/MESA pola Normalización Lingüística, col. Narrativa, nº 177, 2002, 167 pp. (ISBN: 84-8302-812-3).

Volume que conmemora os quince anos de existencia da Mesa pola NormalizaciónLingüística. Ábrese cun prólogo asinado co nome desta organización no que se indica que a súa existencia aínda segue a ser necesaria por non ter acadado o desexado obxectivo de podermos vivir en galego no noso país e pola perda de falantes dos últimos anos. Indícase tamén que a pretensión deste libro foi utilizar a literatura para interpretar a realidade a través da voz dos narradores e narradoras socios e socias da organización, a quen se lles propuxo un exercicio de interpretación da realidade lingüística actual. Conclúen agradecendo aos escritores e escritoras a cesión dos dereitos de autor para a organización e o apoio de Edicións Xerais de Galicia que tamén cedeu unha parte dos beneficios obtidos. Os relatos que se inclúen neste volume son os que se enumeran a seguir:

- Xavier Alcalá, “Palabras de cacique”, pp. 11-20.

Xavier Alcalá (Miguelturra, 1947) colabora neste volume cunha crónica dunha viaxe a unha reserva india da Patagonia na que se perderon as referencias á lingua dos antergos, de xeito que dos techuelches xa non quedan máis que as formas do rostro. Esta situación sérvelle ao viaxeiro para establecer unha comparación con Galicia.

- Marilar Aleixandre, “Palabras descarreiradas”, pp. 21-25.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) presenta un relato en primeira persoa protagonizado por unha escritora que rescata palabras como devalo, cabeceira, termar, luras, reducio, roñado ou cutrefol. Algunhas atópaas agochadas nos currunchos e outras feridas e en estado lamentábel, pero de seguida pasa a lles atopar un oco nun conto ou nun poema.

- Fran Alonso, “Desviación de chamada”, pp. 27-32.

O relato de Fran Alonso (Vigo, 1963) achéganos unha conversa telefónica entre un interlocutor galegofalante e unha profesora que fala castelán e manifesta a súa indignación ao escoitar o galego. A pregunta que motivou a chamada queda sen resposta e a conversa

desvíase de tal xeito que os dous personaxes acaban mesmo nun desafío por ver cantas linguas é quen de falar cada un.

- Xurxo Borrazás, “Pancho, o intranquilo”, pp. 33-41.

Este conto de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963), está protagonizado por Pancho o Intranquilo, un coleccionista de palabras. O seu sistema de clasificación consiste en agrupalas en pares arbitrarios que non están obrigados a gardar entre si ningunha relación.

- Paula Carballeira, “Fala con Clara”, pp. 43-49.

Neste relato de Paula Carballeira (Maniños-Fene, 1972), unha moza dirixe as súas palabras a Clara, a responsábel do consultorio sentimental dunha revista para rapazas. Cóntalle o seu problema amoroso dende que coñeceu a Daniel e os problemas de comunicación que ten a parella, xa que cada vez que desexa expresar os seus sentimentos saen da súa boca palabras sen sentido. A rapaza culpa a Clara desta situación porque na súa adolescencia lle

silenciou esas palabras con conflictos e consellos expresados nunha lingua que non era a súa.

- Ramón Caride, “Espacios de resistencia”, pp. 51-57.

Un escritor que non é quen de encher tres folios para unha historia por encargo é o protagonista deste relato de Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957). Finalmente o personaxe decátase de que fora un día difícil xa que, farto do seu traballo de xornalista, rematara por degolar o seu xefe e metérao no seu conxelador.

- Uxía Casal, “A palabra de Deus”, pp. 59-67.

Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) preséntanos un relato protagonizado por Don Celso, un home xa vello que ten unha teima que só lle confesa ao padre Peteiro: sente remorsos porque os seus netos non falan senón que “hablan”. Non pode coa súa conciencia ao sen sentir responsábel de obrigar os seus fillos a falar castelán e culpa á Igrexa de impoñer unha lingua.

- Henrique Dacosta, “Diálogo de xordos”, pp. 69-79.

Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) relata unha anécdota ocorrida nunha farmacia na que o dependente se negou a atender a un cliente que falaba en galego. O enfrontamento entre ambos remata en xuízo, mais segundo recolle a sentencia inserida no relato, a denuncia acaba prescribindo. Con todo, o demandante leva a cabo unha particular vinganza contra o boticario.

- Lois Diéguez, “Fantasías”, pp. 81-89.

Recorrendo ao fragmentarismo, Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) ofrece catro escenas protagonizadas por personaxes que, en distinta medida, teñen conflictos a causa da súa lingua: un home de actitude prepotente que fala en castrapo, dous camareiros que teñen que atender os clientes en castelán e unha moza que chatea cun rapaz da “ciudaz”.

- Agustín Fernández Paz, “Unha vida”, pp. 91-103.

Neste relato de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) asistimos á desolación da avoa de Rosalía trala lectura dunha carta da súa neta ao sentir que lle puxo un espello diante da súa vida. A muller relata o interese que lle demostrara a rapaza, durante os quince días que pasou con ela, por coñecer o seu pasado, o seu traballo de mestra ou cándo se produciu a súa renuncia á súa lingua materna. Na carta, Rosalía expresa que só desexaba superar os seus conflictos por se decidir a ser galegofalante, recuperando así o elo dunha cadea que se rompeu coa xeración da avoa.

- Ánxela Gracián, “Reencontro”, pp. 105-118.

Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo, 1968) relata en terceira persoa a historia de Isolina, unha muller que pese a proceder da aldea, renuncia ás súas orixes para vivir na cidade. A súpeta morte de seu pai fai renacer nela unha morea de sentimentos e provoca que se reencontre con Brais, un mozo da aldea ao que sempre rexeitara por considerar que eran moi diferentes.

- Bieito Iglesias, “Momentos decisivos”, pp. 119-122.

Bieito Iglesias (Ourense, 1957) é o autor de tres escenas protagonizadas por unha muller galega que busca en Madrid os seus parentes madrileños, un borracho que camiña polas rúas dunha vila e uns estudiantes nunha protesta no salón de actos de Fonseca. Todos estes personaxes comparten a deformación da súa lingua propia.

- Manuel Núñez Singala, “De pais a fillos”, pp. 123-129.

Nesta colaboración de Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963), dúas nais, Carme e Lola, manteñen unha conversa na porta da escola mentres esperan os seus nenos e nela faise patente a súa negación do que elas aprenderon e compartiron, a relación que manteñen coa lingua galega e co castelán para falar cos fillos e mesmo o cambio dos costumes para se adaptar a modelos alleos.

- Román Raña, “O caso do señor G.”, pp. 131-134.

O mal que sofre o señor G. é o tema central deste relato de Román Raña (Vigo, 1960). O que nun principio parecía ser unha confusión ao respecto da súa estirpe converteuse nunha negación de si mesmo ata esquecer os seus íntimos desexos e mesmo o seu nome.

- Suso de Toro, “Ca, yo no te soy como ellos”, pp. 135-144.

Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) é o autor deste relato que presenta o monólogo dunha muller que afirma ser galega “como la que más”, pero que non tolera que os seus fillos aprendan expresións da lingua dos seus avós.

- Xelís de Toro, “Algúns apuntamentos do Diccionario Lóxico Ilóxico”, pp. 145-150.

Presenta Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) “algúns apuntamentos para o arrequentamento da lingua” que forman parte “de discusións internas levadas a cabo no seo do Sindicato do Escritor Nervioso”. Trátase de fragmentos irónicos e humorísticos nos que definen palabras como trabalinguas, bocaorella, bocarte, bocarribeira, bocabulo, trolepalabras, bocalada e linguarama.

- Xosé Vázquez Pintor, “Mar de palabras”, pp. 151-158.

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) rende con esta colaboración narrativa unha homenaxe ás palabras e ás xentes do mar e á súa linguaxe próxima e familiar, relatando algunhas escenas protagonizadas por Suso, o mariñeiro, e os seus fillos.

- Luísa Villalta, “Coa lingua de fóra”, pp. 159-166.

Luísa Villalta (A Coruña, 1957) preséntanos o encontro entre unha nai e o profesor de galego de seu fillo que acaba de suspender esa materia. Ambos manteñen unha entrevista na que ela intenta desviar a conversa a temas persoais coa intención de chamar a atención do profesor e ligar con el.

Recensións:



-F. Martínez Bouzas, “Caritarismo’ literario”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 133, 10 xuño 2002, p. 3.

Presenta este volume como o froito dunha convocatoria da Mesa pola Normalización Lingüística a dezaoito escritores e escritoras galegos para que escribisen un relato que reflectise a nosa realidade lingüística. Lembra iniciativas solidarias semellantes como a que deu lugar ao volume *Palabras con fondo*, composto por vintetrés relatos achegados como un compromiso dos escritores galegos coa cooperación e a solidariedade internacional. Adscribe *Longa lingua* ao “caritarismo”, un termo acuñado polo pensador francés G. Lipovetsky que reflicte “algúns dos trazos do norte que a ética de hoxe lles fixa a moitos esforzos sociais: atender a intereses colectivos sempre que non demanden demasiado esforzo”. A seguir sinala como eiva fundamental desta proposta narrativa a orfandade de tramas ficcionais nalgúns dos textos compilados, nos que se ben latexa unha visión desdramatizada e sarcástica dos problemas da lingua galega na actualidade, “a maioría dos textos non son outra cousa que panfletos no xusto sentido da palabra, literatura comprometida (...) mais sen un verdadeiro núcleo diexético”. Nomea como excepcións o relato de Fran Alonso, o de Agustín Fernández Paz, Xosé Vázquez Pintor e o de Suso de

Toro e conclúe insistindo na idea de que o compromiso anulou a literatura, “en resumo, moitas doses de espírito reivindicativo, pero moi pouca literatura”.

- Manuel Rosales, “Literatura e compromiso”, *Faro de Vigo,* “*Faro da Cultura*”, nº 7, “Libros”, 27 xuño 2002, p. IV.

Sitúa a publicación de *Longa lingua* como unha iniciativa altruísta da Mesa pola Normalización Lingüística e Xerais na que os narradores e narradoras e a editorial ceden os dereitos en beneficio da organización. Ademais sinálase que o obxectivo do volume é sensibilizar a poboación galega das agresións e discriminacións da lingua galega en clave literaria. Fai fincapé nos resultados dispares dos creadores e enumera algúns dos temas relacionados cos prexuízos lingüísticos presentes nos relatos: o sentimento de vergoña, a asimilación, o autoodio, etc., na liña da desintegración idiomática. Finalmente valora esta achega sinalando que aos relatos “non lles falta esa emoción, que aflora na vida das palabras, ironía e humor, acedo ás veces, outras absurdo na liña máis kafkiana, que dan ao conxunto un valor máis que estimable”.

Referencias varias:

- AFA, “O idioma narrado”/“Dezaoito autores dan a súa versión literaria da situación do galego no ‘Longa lingua”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “AFA”/“Cultura”, 28 maio 2002, p. 29/p. 75.

Con motivo da presentación do volume *Longa lingua* en Compostela, recóllense as palabrasde Emilio Ínsua, un dos coordinadores da proposta, quen sinalou que se trata dun intento de vinculación de compromiso e literatura para intentar entender o mundo que nos rodea e que mostra todas as perspectivas posíbeis da situación socio-lingüística galega. Ademais referiuse ao posible uso didáctico da publicación e ás propostas optimistas que contén, xa que “ofrece unha visión desdramatizada e mesmo sarcástica do problema galego”.

- C. Villar, “Suso de Toro cre que a lingua galega vive “un intre histórico de desesperanza”, *Faro de Vigo,* “Sociedad”, 28 maio 2002, p. 40.

Reprodúcense as palabras dalgúns dos escritores que participan en *Longa lingua* como as de Marilar Aleixandre quen asegurou que agarda que "sexa unha lambetada tan gorentosa ao padal que os lectores non poidan pasar sen ela"; as de Suso de Toro, que considera que a situación da lingua galega "vive un intre histórico de devalar, de desesperanza" e que espera que dentro doutros quince anos a existencia da Mesa non sexa necesaria. Finalmente recóllese a opinión de Manuel Bragado asegurando que "vivimos nunha época seguramente crucial para o futuro do galego, que corre o perigo de desaparecer nas próximas décadas pola rotura da cadea de transmisión familiar e polas políticas institucionais".

- Lois Fernández, "Trabajo de equipo", *La Voz de Galicia*, "O espello", 28 maio 2002, p. 12.

Entre outros actos de actualidade da cidade de Santiago de Compostela, dá conta da publicación do volume *Longa lingua. Os contos da Mesa*, que publica Xerais a proposta da Mesa pola Normalización Lingüística para celebrar os seus quince anos de existencia. Recolle algúns dos nomes dos autores participantes como Marilar Aleixandre, Bieito Iglesias, Paula Carballeira, Suso de Toro ou Núñez Singala, entre outros.

VV. AA., *Quixen ir a Nevermore*, XXIXº Premios Literarios “Minerva” 2001, limiar de Suso de Toro, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos, 2002, 107 pp. (ISBN: 84-607-4081-1).

Recompilación dos traballos gañadores dos premios e accésit correspondentes aos XXIXos Premios Literarios “Minerva”. Estes traballos van precedidos pola composición dos xurados e do discurso lido por Suso de Toro, como mantedor desta edición, na entrega dos premios, no que evoca os seus anos de estudiante no Colexio M. Peleteiro e comenta brevemente os traballos gañadores. A seguir damos conta daqueles traballos narrativos premiados neste certame:

- Bianca Cid Bouzas, “A rapaza que se colgou dun soño” (Iº Premio de Narración), pp. 67 72.

Relato gañador do primeiro premio na modalidade de narrativa, de Bianca Cid Bouzas, estudiante coruñesa de primeiro de Bacharelato. Neste relato, dedicado a seu pai, un narrador en terceira persoa relata cál é o soño de Coralia, unha moza que vivía nas terras da Limia cando a Lagoa da Antela aínda non fora desecada. A protagonista desexa con todas as súas forzas saber que é o mar, pero ninguén do seu contorno llo pode explicar posto que todos os descoñecen coma ela. O seu encontro fortuíto co que fora o seu mestre da escola propiciará que este lle dea unha explicación da grandeza do mar. O gran soño de Coralia desaparece o día que a Lagoa desborde de auga polas chuvias torrenciais e semelle un mar aos ollos da rapaza.

- Carolina A. Castro Estévez, “O peixe de prata” (IIº Premio de Narración), pp. 75-79.

Narración gañadora do segundo premio na modalidade de narrativa dos Premios Minerva da autoría de Carolina A. Castro Estévez. O texto, precedido duna cita de Federico García Lorca, está dedicado a todos “aqueles loitadores que aínda teñen folgos para chorar” e é unha homenaxe, segundo se indica na breve introducción, ao personaxe Holden Caulfield, de *O gardián no centeo*. O relato presenta un narrador en primeira persoa que lle fai chegar

ao lector as súas reflexións e denuncias dunha sociedade que non lle gusta. En canto ao estilo, destaca a lingua cargada de imaxes simbólicas e o ritmo áxil.

- Xabier Gil Jardón, “Camposanto de liberdades” (IIIº Premio de Narración), pp. 81-90.

Conto de Xabier Gil Jardón, gañador do terceiro premio da modalidade de narrativa dos Premios Minerva, recoñecido xa noutros concursos literarios como “Entre nós, en galego” e que manifesta predilección por autores como Méndez Ferrín, Caneiro ou Celso Emilio. Neste relato en terceira persoa ambientado no medio rural, descríbese a relación dun avó co seu neto, ao que fai partícipe dun gran segredo: os fogos fatuos que durante o verán se poden observar nun lugar do monte, a onde o acompaña e lle confesa que alí están soterrados os galeguistas e republicanos asasinados durante a Guerra Civil. A curiosidade e unha chamada interior que o levan a achegarse ao lugar carrexaralle ao mozo un tráxico final.

-Pablo Álvarez Vasallo, “¡A cousa... tiña pelos! Contos do fiadeiro” (IIIº Premio de Narración), pp. 91-96.

Relato de Pablo Álvarez Vasallo, mozo de Chandrexa de Queixa, ao que lle gusta a poesía de Celso Emilio Ferreiro. Este relato, debedor das narracións de transmisión oral, foi o gañador do terceiro premio. Ambientado nunha noite de parola á beira da lareira, o narrador, Manolo, relata o que lle aconteceu á moza Angustias o día que foi á feira da vila para sacar unha moa e mais para mercar unha pílula para que a marrá andase ao castizo. A confusión entre os medicamentos propician divertidas escenas nas que Angustias sofre as consecuencias do seu erro.

-Ana I. Cabido Quintas, “Escoitei unha parola vasta, espesa, continua e seguida e dixen” (Accésit de Narración), pp. 99-107.

Relato de Ana I. Cabido Quinta, unha moza nacida en Barcelona e estudiante de COU en Ourense, no que se reflicte o contraste entre o mundo rural, representado por unha avoa en constante conversa coa neta, e o mundo urbano, do que procede esta moza. O lector coñece as observacións da anciá, o seu xeito de falar e outros aspectos característicos dela, a través da propia moza que é a súa interlocutora.

VV. AA. *Relatos de verán 2002*, prólogo de Tucho Calvo, Vigo: Ir Indo Edicións/La Voz de Galicia, col. Narrativa, nº 42, 2002, 267 pp. (ISBN: 84-7680-422-9).

Comeza esta escolma dos “Relatos de verán”, que o xornal *La Voz de Galicia* publicou por terceiro ano consecutivo no período estival, cun prólogo a cargo de Tucho Calvo, coordinador do proxecto “Páxinas literarias” deste xornal e na que se acollen ditos relatos, no que sinala a importancia e consolidación que está a adquirir esta iniciativa, así como a gran resposta que vén tendo por parte dos participantes, máis numerosos en cada edición. Explica tamén as dificultades que o xurado ten en cada convocatoria para elixir os relatos que serán publicados entre os enviados por diversos medios á redacción. Remata sinalando que cando saen á luz son os propios lectores os que escollen os mellores, agora recompilados neste volume, co que agarda que lles sirva, especialmente a aqueles que comezan, como estímulo para seguir adiante no seu interese pola creación. A seguir, reprodúcense os cento vintecatro relatos comezando polos dos catro gañadores: “Hotel memoria”, de Félix Cid Conde; “Nas mans dun amigo”, de Mª Carmen Espasandín Domínguez (Zas, 1962); “Esquecido no tempo”, de Noelia Martínez Rey (Lugo, 1991); e “O

asedio”, de Ángel Mato Martínez (Curtis, 1984), para logo dar paso aos cincuenta e nove relatos escritos en galego e os sesenta e un en castelán; dos primeiros dámos cumprida conta no apartado V. 8 deste *Informe*.

Vaamonde García, Pablo, *O fillo do emigrante*, prólogo de Suso de Toro, ilust. Cristina Durán Arufe e Fernando Ruibal, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, col. Céltigos/Narración, nº 1, 2002, 102 pp. (ISBN: 84- 932136-8-3).

Ábrese cun breve prólogo de Suso de Toro, “A dor do corpo e a dor na páxina escrita”, no que subliña que o volume contén “contos, historias que se van tecendo como fíos que arman unha noveliña breve, lírica e dramática”. Pablo Vaamonde García (A Baña-A Coruña, 1956) relata en quince capítulos a traxedia dunha familia marcada xa por sempre pola morte do seu único fillo. Comézase coñecendo a noticia do falecemento do rapaz nun accidente de tráfico aos vinteún anos, e sorprende a aparente frialdade do pai, que se dispón a acudir ao hospital de Santiago a recoñecer o cadáver. A seguir, o autor céntrase no pasado da familia. Eliseo Buxán emigrara a Suíza sendo mozo na procura dun futuro mellor. Alí casa en 1975 e alí nace o seu fillo, que vai ser criado en Galicia polos avós paternos. Saen aquí todos os tópicos atribuídos a calquera emigrante galego –dura partida, morriña da aldea, privacións no estranxeiro para logo unha vez de volta presumir co gañado, etc. Despois de dezaoito anos fóra, vese obrigado a regresar pola enfermidade do seu pai e atópase cun rapaz “esquivo e brusco”, un folgazán que chega incluso a estar no cárcere e ao que xa

practicamente considera perdido en vida. A historia está contada dende diferentes puntos de vista, sendo os propios protagonistas os principias responsábeis de conducir o lector a través destas páxinas. Dor e impotencia mestúranse deixando a amarga sensación da derrota final.

Recensións:

- Laura Caaveiro, “Na busca do primeiro cegamento”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 7 setembro 2002, p. 11.

Comeza sinalando que *O fillo do emigrante* comeza cunha cita de Juan Marsé, na que se alude á busca de cada un no pasado, tema que considera central nesta obra. Destaca a fondura que o autor lle dá aos personaxes e a forza das imaxes sensoriais a través da Galicia rural que se está esvaecendo, simbolizada pola vaca. Apunta a habelencia do autor para manifestar a incomunicación que se dá entre os personaxes e as frustracións e problemas que lles carrexa a medida que avanza a novela. Sinala que o narrador omnisciente vai adiantando os feitos e se combina con outras voces para recompoñer o

pasado da familia Buxán. Sobrancea a harmonización dos personaxes cos ambientes e as descricións minuciosas do mundo laboral dos emigrantes en Suíza ou do rural galego. Remata referíndose ao estilo áxil e ás múltiples voces narrativas.

-Román Raña, “O fillo do emigrante”, *Faro de Vigo*, *“Faro da Cultura”*, nº 14, “Libros”, 17 outubro 2002, p. IV.

Comeza referíndose á profesión de médico do autor, Pablo Vaamonde, á súa asidua colaboración na prensa galega e aos seus inicios no mundo do teatro con obras como *A taberna* (1976) e *Agardando polo tren* (1977). Da novela *O fillo do emigrante* sinala que se abre cun prólogo de Suso de Toro no que analiza a narrativa de Vaamonde, e sinala a trama argumental, que encadra no realismo social por achegarse aos problemas que xorden entre diferentes xeracións. Da estructura destaca a forza coa que arrinca a obra no primeiro capítulo e a presencia do monólogo interior nos capítulos centrais, que se intercala coa terceira persoa. Do estilo sinala que é preciso, claro e áxil con frases curtas e ben trabadas, malia algunha imprecisión no emprego de tempos verbais.

- Xosé Antonio Maroño Buján, “O fillo do emigrante/A golpe de dor”, *Grial*, nº 156, Tomo XL, “Liberalismo, Comunitarismo, Republicanismo”. “Libros”, outubro-novembro-decembro 2002, pp. 767-770.

Ver Blanco Ramos, Carmen, *A golpe de dor* neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

- AFA, “Exercicio de memoria”/“O fillo do emigrante’, unha obra que recupera o drama do pobo galego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 20 xuño 2002, p. 22/p. 52.

Dáse conta da presentación na librería Follas Novas de Compostela da novela *O fillo do emigrante*, de Pablo Vaamonde, que ten como fío argumental a emigración de pais que deixan aos fillos cos avós. Ofrece algunhas claves temáticas, entre elas o desarraigo, o choque xeracional ou a perda da identidade, á vez que destaca que o autor busca dignificar a aldea como fonte de historias. Recóllense as palabras de Caetano Díaz, quen destaca da

escrita de Vaamonde a capacidade de evocación dunha “Galicia de sentimentos e de nostalxias”.

- C. Botrán, “O fillo do emigrante’ y ‘A golpe de dor’, dos obras de lucha personal”, *El Correo Gallego*, 30 xuño 2002, p. 39.

Ver Blanco Ramos, Carmen, *A golpe de dor* neste apartado do *Informe*.

- A.R., “Emigrantes”, *Tempos Novos*, nº 66, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, novembro 2002, p. 76.

Achégase brevemente a liña argumental de *O fillo do emigrante*, de Pablo Vaamonde, da que se indica que xira arredor do duro mundo da emigración. Ademais, apunta que o autor contou co “apadriñamento” de Suso de Toro.

Vaqueiro, Vítor, *Os nomes da morte*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 186, 2002, 263 pp. (ISBN: 84-8288-570-7).

O fío argumental da última novela de Vítor Vaqueiro (Vigo, 1948) é a morte de Herminio Rotea, un galego que emigrou a Río de Janeiro e que morreu na súa vila natal en estrañas circunstancias. Un narrador en terceira persoa, que se dirixe ao lector explicitamente e que opina sobre os sucesos, resume e transcribe os testemuños que oito personaxes fixeron sobre esta morte; este narrador sitúase na actualidade e baséase nas declaracións que aparecen nun caderno que ten corenta anos de antigüidade e que os seus autores fixeron varios anos despois de morrer Herminio. As testemuñas (un amigo da infancia, a compañeira sentimental, a filla do compañeiro de emigración, o abade, o mestre da vila natal, o seu irmán, un amigo de Brasil e un meigo) sinalan, segundo o seu parecer, se Herminio se suicidou ou o asasinaron, e neste caso quén foi e cáles foron os motivos. É a última das testemuñas quen aclara o suceso declarándose culpábel do asasinato e expoñendo os motivos que o levan a facer iso. Destaca o elevado número de citas (o índice analítico recolle máis de catrocentas entradas de nomes propios) e cómpre sinalar a existencia dunha bibliografía final e de sete citas textuais iniciais.

Recensións:

-Dorinda Castro, “Narrar en V. Vaqueiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 19, 21 novembro 2002, p. V.

Recensión da última novela do fotógrafo, poeta e narrador Vitor Vaqueiro, *Os nomes da morte*. Indica que o argumento parte da morte dun emigrante galego, que o narrador é un transcritor omnisciente que dende o presente conta o testemuño que no pasado ofreceron as persoas que coñeceron o protagonista. Sinala que o libro está composto por sete capítulos, que se corresponden co testemuño de cadansúa persoa, a través dos cales se constrúe a personalidade e experiencia vital do finado. Explica que o narrador se introduce na narración, que fai apelación ao lector e que introduce reflexións propias sobre diferentes temas (entre eles a creación literaria). Indica, finalmente, que o libro inclúe unha ampla bibliografía e un índice analítico e define a obra como novela de referencia, pola súa linguaxe, a técnica narrativa, o compromiso do autor con temas de actualidade e polo percorrido por diferentes mundos reais e imaxinarios.

- Adolfo Boado, “Unha intelixente novela entre a sátira e a parodia”, *A Nosa Terra*, nº 1.057, “Cultura”, 21-27 novembro 2002, p. 27.

Comentario da novela *Os nomes da morte*, que é cualificada como “libro que se le para que o home desenvolva a súa capacidade”. Compara o estilo de Vitor Vaqueiro co do austríaco Thomas Bernhard e define o emprego da voz narrativa como excelente. Considera que as longas e constantes interpolacións do autor, o aparato bibliográfico e o índice analítico son elementos dun xogo humorístico. Pensa que os testemuños dos diferentes personaxes poden ser unha especie de sátira-homenaxe ante un “xuíz ausente” de *A esmorga*. Sinala, finalmente, que esta obra pode supoñer un cambio na literatura galega e que suporía un impulso definitivo para Vaqueiro como autor de literatura.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Os nomes da morte”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 8 decembro 2002, p. 42.

Fai referencia á última novela de Vitor Vaqueiro, *Os nomes da morte*, e enumera as súas obras anteriores: *Lideiras antre a paisaxe*, *Informe de gavilla*, *Camiño de Antioquía*, *A fraga prateada* e *A cámara da néboa* en poesía; *Guía da Galicia Máxica* e *Guía do norte de Portugal* en libros de viaxes e *Os xenerales de África* en narrativa. Sinala que a obra se desenvolve ao redor da morte de Herminio Roteo, transcribe as primeiras liñas da obra e define o estilo como áxil e cativador.

-A. R. López, e Soedade Noia (coords.), "Vaqueiro busca lector, tan activo como o novelista", *O Correo Galego*, "*Revista da Letras*", nº 449, 26 decembro 2002, p. 6.

Transcríbense varias liñas de *Os nomes da morte,* nas que o narrador da novela fai a súa declaración de intereses: copiar, traducir e interpretar as declaracións que varios personaxes fixeron sobre a morte dun galego que emigrou a Brasil. Apunta, ademais, que Vítor Vaqueiro pretendía facer, nesta novela unha obra na que o lector teña que ser tan activo coma o propio autor, igual que propoñía Julio Cortázar.

Vázquez, Pura, *O frade era galego e outros relatos*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa, xuño 2002, 111 pp. (ISBN: 84-8485-071-4).

Pura Vázquez (Ourense, 1918) dedica este volume de relatos aos lectores de máis de catorce anos, facendo constar que é unha apaixonada do xénero xuvenil. Trátase de doce textos de breve extensión centrados nas cousas miúdas e ambientados case todos eles en escenarios rurais. O primeiro, “O frade era galego” serve para dar título ao volume e presenta a un misterioso frade que aparece un día nun convento e que provoca a sorpresa nos seus compañeiros porque non fala. Un día ante un incendio comeza a berrar, descubríndose así o misterio da súa procedencia. Tamén están presentes a loita do home contra os elementos da natureza (“O grande pecado”), o mundo da emigración que fai desiguais aos homes que triunfan e aos que fracasan (“O egoísta”), a humanización de elementos da natureza (“O vello cedro”), a violencia contra as mulleres (“Un pequeñodetalle” e “Ó fío da alba”), as traxedias da vida (“O afogadiño”, “O telegrama”) e as súas sorpresas (“Reconciliación”). En “Un neno indio nas paisaxes” o escenario trasládase á selva venezolana para lembrar a miseria na que vive un neno indio.

Referencias varias:

-Dora Vázquez, “Recordando ao ‘neno do Jaracuy”, *La Región*, “De paso”, 4 novembro 2002, p. 14.

Fai referencia á publicación destes doce relatos de Pura Vázquez baixo o título de *O frade era galego e outros relatos*, destacando que se trata de cadros de vida e esperanza nos que a autora retrata as aventuras e traxedias dos protagonistas, achegándose ao seu interior. Sinala que a obra está dedicada aos lectores de catorce anos para arriba e que o relato que máis a impresionou foi o titulado “Un neno indio nas paisaxes” que, segundo menciona, garda relación co que aparece no poema “Niño del Jaracuy” dedicado a Pascual Venegas Filardo. Conta que Pura Vázquez coñeceu a este neno na súa estancia en terras venezolanas na súa etapa na emigración e que quedou fondamente impresionada polos seus ollos tristes.

Vidal Rivas, Xerardo, *A balada do nudista caviloso*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa/Narrativa, 2002, 115 pp. (ISBN: 84-7824-400-X).

Volume de relatos do friolense Xerardo Vidal Rivas (Friol, 1979) constituído por doce contos transgresores que reflicten unha temática moi próxima ao cómic e á televisión, distanciándose así da narrativa curta tradicional galega. En “Edén” presenciamos un estraño parto con referencias televisivas, mentres que “Budiño and Terencio” cóntanos a historia destes dous personaxes, tomando o estilo e a estética das películas dos anos setenta. “Home vivo olla” é unha sorte de relato de terror que remata sendo surrealista, tamén con claras referencias ás películas de monstros de serie B, a certas series televisivas e ao que se coñece como *pulp fiction*. “Sex machine e a rebelión do centro de poder” é un relato cómico de referencias sexuais e culturais claramente dos anos setenta. En “Historia verídica” presenciamos o que semella ser unha anécdota no corredor dun centro educativo, pero que constitúe un estudio sociolóxico e psicolóxico do personaxe colectivo que presenta. “Entes sobrenaturais de dormitorio” é unha historia contada dende dúas perspectivas: a da nena que está na súa cama e ten medo dese “algo” sobrenatural que a axexa dende aí fóra, e a do pai que está no dormitorio da súa filla pensando en “consolala” porque lle parece que

ten medo de algo. “Os Lleison Búrgis in party time” é unha historia nocturna que presenta a animalización do colectivo *skin head* e unha estampa final dos “cazadores” que os deteñen na que se nos fai dubidar sobre a suposta condición non animal destes últimos. “Estaba escrito” é unha sorte de metarrelato acerca da sorte sufrida por “Os Lleison Búrgis in party time” nun concurso literario, presentándosenos a inxustiza da situación e as correspondentes queixas do autor. En “Mosca” atopamos outro relato cómico baseado na superior capacidade dunha mosca, que leva varios días molestando a un lector ata que consegue que este a bote fóra da casa, só para, no último momento, dar media volta, entrar pola fiestra da cociña e volver comezar coas molestias, creando así un círculo vicioso ignorado polo paciente lector. “...S’il vous plaît!” foi o relato premiado no Certame de Contos“Ágora” convocado no ano 2001 pola Asociación Cultural “Ágora” e o Concello de Lugo e fálanos das vicisitudes potencialmente sexuais de Serafín, lector habitual de Bukowsky, visitante asiduo da biblioteca e soñador libidinoso que remata tendo un desencontro sen encontro previo cunha muller á que viu na biblioteca. “Misterio en Al-Cantarilla” é un relato construído sobre un chiste popular pero que adquire características de relato de viaxes, próximo á épica. Finalmente, “A balada do nudista caviloso”, o relato que dá nome ao volume, recolle unha sorte de *flash-back* do protagonista, un nudista caviloso, que recorda a

súa vida de superheroe, aínda que ao final algúns datos fannos dubidar acerca da súa condición de tal.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Un feixe de contos entre a orixinalidade e a bagatela”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 30 xuño 2002, p. 3.

Artigo no que se dá conta da publicación de *A balada do nudista caviloso*, primeiro libro de Xerardo Vidal Rivas e que é un conxunto de relatos anovadores, frescos e sorprendentes. Comeza Martínez Bouzas falando das novas promesas literarias, centrándose posteriormente en Vidal Rivas e no libro antedito. Analiza, logo, algúns dos contos que constitúen este volume, dividíndoos en dous grupos: aqueles que non lle comunican nada e aqueles aos que considera verdadeiras xoias literarias. Remata cualificando a narrativa de Vidal Rivas de heteroxénea e dispar, pero esperando grandes cousas del.

- Joaquím Ventura, “Mosaico desaxustado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, “Libros”, 12 setembro 2002, p. IV.

Breve recensión de *A balada do nudista caviloso*, ópera prima de Xerardo Vidal Rivas, e sobre a que Ventura opina que ten ideas frescas pero non axeitadas para unha narrativa nun “nivel superior”, debido á desigualdade rítmica entre os relatos e ás extremas diferencias temáticas e de personaxes. Tamén lle parece criticábel a Joaquim Ventura a semigaleguización de certos vocábulos ingleses ou italianos ou certas incoherencias internas dos textos. Sen embargo, finalmente admite que “Xerardo Vidal amosa ter ideas para futuras historias que merecerán algo máis”.

-Xosé M. Eyré, “Contos de cine e superheroes”, *A Nosa Terra*, nº 1.056, “Cultura”, 14-20 novembro, p. 26.

Presenta ao autor Xerardo Vidal Rivas como un novo narrador que ofrece a oportunidade de achegarse, dende a ficción, “ás angueiras, ás preocupacións, ao horizonte vital das novas xeracións”. Ao longo do artigo describe varios dos doce contos que compoñen *A balada do*

nudista caviloso, mais o microconto que abre o mesmo. Emparenta estes relatos coa novela negra e con toda aquela literatura baseada na parodia, feito que para Xosé M. Eyré é un fenómeno caracterizador dunha boa parte da narrativa actual moi influída polo cinema.

Referencias varias:

- Jaureguízar, “O friolense Vidal Rivas amosa ‘a cor do caos’ no seu primeiro libro”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 12 xuño 2002, p. 82.

Achégase á edición de *A balada do nudista caviloso*, de Xerardo Vidal Rivas, publicada dentro da colección “Medusa” da Editorial Sotelo Blanco. Sinala que Vidal Rivas pretende reflectir a realidade na súa obra, tendo en conta que a realidade de hoxe “inclúe televisión, cómics e música”, dende unha perspectiva aceda moi próxima á “narrativa punk británica ou [á] dos *Giovani Canibale* italianos”. Finalmente, recolle as opinións de Vidal Rivas sobre a literatura galega actual, que considera estancada nos modelos dos anos 80, mentres que el intenta “tirar polo camiño contrario”.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, 13 xuño 2002, p. VII.

Nota na que fala de *A balada do nudista caviloso*, un volume de doce contos asinado por Xerardo Vidal Rivas que presenta vellas inquedanzas mesturadas con novas preocupacións, pasado todo isto por un filtro satírico e irónico para “mostralo espido, cru” e dotado dunha “mordacidade corrosiva”. Tamén describe brevemente a obra que Henrique Rabuñal, *O Padre Sarmiento*, publicada por Espiral Maior sobre a vida e obra deste bieito. Sinala que Rabuñal se centra principalmente na vida do Padre e no seu interese pola lingua galega así como pola defensa que este fixo da obra de Feixóo.

- Rocío Cortés Galdo, “O feitizo de Harry Potter”, *El Progreso*, “Verano”, 4 xullo 2002, p. 72.

A partir do personaxe creado por J. K. Rowling, Harry Potter, cita as actividades que se realizaron ao seu redor no Salón do Libro Galego de Lugo, como foi a maxia e o concurso de debuxos de Harry Potter, do que os seus gañadores foron premiados coa traducción ao galego no ano 2002 de Galaxia de *Harry Potter e a pedra filosofal* e unha colección de libros

de Astérix. Tamén nomea outros actos celebrados no Salón, como foi a presentación de *A balada do nudista caviloso*, de Xerardo Vidal.

-M. R., “Inquedanzas xuveniles”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 27 xullo 2002, p. 11.

Fálase brevemente de *A balada do nudista caviloso*, primeiro libro de Xerardo Vidal Rivas, no que se agrupan doce relatos de diverso cariz. Para M. R., Vidal Rivas sorprende pola frescura da súa linguaxe, pola súa ironía e pola súa mestura de vellas e novas inquedanzas. Finalmente, destácase que con dezanove anos o autor xa recibira un premio no Certame de Contos Ágora.





I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Alcalá, Xabier, *Fábula*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 59, 2002, 260 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-089-8) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-565-0).⓾

Publicada por vez primeira en 1980, esta *Fábula* de Xabier Alcalá (Miguelturra, Ciudad Real, 1947) non nos fala de universos imaxinarios imposíbeis fóra do mundo literario, como cabería esperar segundo o título: antes ben, será aquí a realidade “a materia con que se modelan as nosas fábulas”, como reza a cita de Andersen con que se abre a obra. A narración comprende sete días exactos (transcorridos, en cadanseu capítulo, entre o luns 28 de febreiro e o domingo 6 de marzo de 1980), e xira arredor da celebración duns comicios no aínda feble curso da transición á democracia, a comezar pola convulsa campaña electoral (cos seus resaibos de caciquismo, concentración e abusos de poder, intereses económicos, conflictos mediáticos, etc.) e a rematar polos resultados do plebiscito, prolongación consabida dun sempiterno inmobilismo. Temos así, dun lado, os perdedores,

co candidato nacionalista César Regueira e mais a súa moza Celia (unha brasileira afincada na vila dende a adolescencia) á cabeza. A parella traballa na conserveira que controla, da banda dos vencedores, o obeso Quintán, deputado polo partido no goberno, símbolo e chibo expiatorio de todo aquilo ao que se opoñen e contra o que loitan. Don Darío Quintán, estratéxica mais non felizmente casado, comezara a súa andaina político-empresarial nos tempos da dictadura. A pesar da súa situación privilexiada, o vello, víctima dun cancro e dos feroces ataques dos inimigos, vive unha existencia atormentada, cos remorsos de ter deixado morrer moitas persoas no pasado e o peso de terlle sido arrebatada a súa filla Amaliña con a penas uns meses de idade. Deste xeito, fronte ao tempo do relato, o tempo da historia resulta moito máis abranguinte, remitíndonos ao enfrontamento fratricida do 36, as consecuencias do cal atinxen o presente cunha forza incoercíbel, incluíndo as pantasmas dos personaxes que non sobreviviron á Guerra. A este respecto son especialmente significativas as pescudas do xornalista Gabriel Santamariña para reconstruír a biografía de Ernesto Abelaira, intelectual comprometido fusilado na contenda, cando Darío Quintán (o seu colega dende a infancia e sucesor no posto de xestor da fábrica de conservas) estaba de xefe de zona, e relacionado sentimentalmente co amante das belas artes e actual arquitecto respectábel Xulio Fernández-Pumariño e Castro. A novela resulta, neste sentido,

a historia dunha vinganza: de feito, rematamos sabendo que a Celia se trata en realidade da Amalia, quen tiña sido secuestrada por iniciativa de Fernández-Pumariño para o Quintán coñecer así "na propia carne o que é perder un ser querido". O arquitecto tiña combinado o rapto cun encofrador republicano da vila, que precisaba fuxir e que usará os cartos recibidos polo "traballo" para emigrar ao Brasil coa nena, á que coidará como se fose da súa propia estirpe ata traela de novo á vila.

Recensións:

- César Rodríguez, "Mestura humana e política", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 20 novembro 2002, p. 45.

Afirma o xornalista que *Fábula*, "historia coral", posúe "a facultade máxica de abrir unha fiestra á época" en que se sitúa o relato. Subliña que esta novela recibiu o Premio da Crítica Española e mailo da Cidade da Coruña e resume o seu argumento, subliñando "a sorpresa final incluída". Insiste no habelencioso artellamento que Alcalá, "sabio alquimista", consigue trazar entre os conflictos políticos ("retrato da sociedade galega na transición") e os dramas

persoais e humanos dos protagonistas, unha ducia de personaxes heteroxéneos suxeitos todos eles “á poderosa influencia da misteriosa morte de Abelaira”.

- Ricardo Díaz-Casteleiro Romero, “Dende un Ferrol tan galego”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 20 novembro 2002, p. 45.

Este médico e escritor entende que “non hai mellor maneira de acceder a unha novela que a través de quen a escribiu”, e por iso se aproxima da biografía de Xavier Alcalá: fillo dun coñecido doutor ferrolán nacido en Ciudad Real, o escritor “sentiuse e séntese galego dende o primeiro momento, e exerce diso”. Remata Díaz-Casteleiro o seu comentario facendo unha reivindicación da cidade do Ferrol que acolleu o escritor e da que este é “fillo e froito”.

Referencias varias

- Esperanza Piñeiro, “La Voz de Galicia entrega mañá a novela de Xavier Alcalá ‘Fábula”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 de novembro 2002, p. 45.

Explícase que Xabier Alcalá chegou ao Ferrol de neno, onde “medrou a súa creatividade” e destácanse como trazos da súa escrita, nos diversos xéneros que cultivou, o lirismo, o dominio da linguaxe, o humor e a tenrura. Convídase á relectura de *Fábula*, que combina unha trama “áxil, documentada e imaxinativa” coa fermosura das descricións, á vez que se advirte de que o autor “ocupa un posto de honra na literatura galega”.



Aleixandre, Marilar, *Unha presa de terra*, ilust. Xoán Carlos Abraldes, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Ir Indo Edicións, col. Biblioteca Galega 120, nº 113, 2002, 206 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-071-5) (ISBN de Ir Indo Edicións: 84-7680-367-2).

Novela negra de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) publicada primeiramente por entregas no xornal *La Voz de Galicia* no verán de 2001, despois de acadar o premio de Novela por Entregas convocado por ese xornal, como se deu noticia no *Informe de Literatura* dese ano. Nela relátanse, como se dicía no *Informe*, as pescudas da policía e dunha detective para achar o asasino de Lulú, atopada morta pola muller da limpeza no ascensor do edificio no que vivía co seu marido e principal sospeitoso do crime. Trátase de trinta e un capítulos nos que destacan a intriga e a complicidade dun narrador omnisciente co lector. A obra, situada no caos do mundo urbano actual, compleméntase coas suxestivas ilustracións de Xoán Carlos Abraldes (Barcelona, 1971).

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Os meus libros pretenden chegar aos lectores, esa é a súa finalidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 outubro 2002, p. 47.

Entrevista a Marilar Aleixandre sobre as pretensións que tiña con esta obra por entregas e a influencia que o feito de que aparecese por capítulos no xornal tivo na súa escrita e estilo. A escritora refírese ao feito de captar o interese do lector para o seu texto, a que goza máis facendo relato ou novela que poesía ou á súa capacidade para adaptarse a diferentes rexistros que considera que forman parte dun todo. En columna á parte refírese ao xogo de perspectivas que establece nas súas obras, que no caso de *Unha presa de terra*, sinala que consiste en ver cómo a detective se enfronta á personalidade da morta a través do que lle contan diferentes persoas sobre ela e que a autora relaciona coa incerteza que domina o mundo neste momento.

- Concha Pino, “O poder da imaxinación”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 outubro 2002, p. 46.

Comeza destacando o dominio que ten Marilar Aleixandre dos diferentes xéneros literarios e da súa capacidade para mergullar o lector nas historias que conta. Salienta tamén a súa capacidade para penetrar en ámbitos tan alleos a ela como os dos adolescentes, cos que sinala que ten conectado en bo número de obras. Outros aspectos que ten en conta son a complicidade que establece co lector, a importancia da música, o dominio do xogo entre o fantástico e o real ou a mestura entre o misterio e a intriga. Remata gabando a esta autora polo carácter de aventura que se atopa na súa obra e o feito de atraer a moitos lectores.

-Eva Ocampo Vigo, “O libro ‘Unha presada de terra’, de Marilar Aleixandre, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 outubro 2002, p. 46.

Tras salientar que existe unha diferencia entre as novelas folletinescas do pasado e as de entregas de hoxe, fai referencia ao argumento de *Unha presa de terra*. Tamén sinala as “limitacións” que carrexa a publicación por capítulos no xornal e pon de manifesto algúns trazos que engaiolan o lector, á vez que subliña outros como propios do xénero policial.

-X. Escoa, “A forza expresiva de Abraldes”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 30 outubro 2002, p. 46.

Centra o seu comentario no traballo de Xosé Carlos Abraldes en *Unha presa de terra*, de Marilar Aleixandre, de quen sinala os seus inicios na banda deseñada e a súa habelencia para recrear as escenas que esixa o guión. Remata destacando o seu “talento” para acadar a harmonía do conxunto, a expresividade dos personaxes ou a súa facilidade para a caricatura.

Alonso, Fran, *Males de cabeza*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 87, 2002, 222 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-041-3) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-821-2).⓾

Atopamos nesta reedición da obra *Males de cabeza* (2001), de Fran Alonso (Vigo, 1963), unha peculiar forma de tratar a tolemia, como xa se describiu no *Informe de Literatura 2001*. A tolemia, é pois, o denominador común dos vinte relatos que compoñen a novela. A medida que avanza a narración vainos presentando diferentes relatos nos que os protagonistas explican o que lles acontece directa ou indirectamente. De xeito impar e como presentación a cada un dos relatos, aparecen intercalados os relatos titulados "A tolemia é un sombreiro", onde un eu narrador analiza dende a súa propia experiencia a situación dos internos en centros para o tratamento da saúde mental. Os temas tratados son moi variados, dende a anorexia ("Coma o pato Donald"), a vellez ("Os aforros da vella"), a pobreza ("Economía de guerra"), as drogas ("05 AM Vigo"), etc. A linguaxe empregada é coloquial e desenfadada, intercalando a narración en terceira persoa coa narración en primeira.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O autor ofrece un texto duro, cheo de sensibilidade poética diante da realidade cotiá”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xullo 2002, p. 52.

Sitúa *Males de cabeza* como un chanzo máis no macrotexto que configura a obra de Fran Alonso dende que en 1991 publicara *Trailer*. Salienta a indefinición xenérica do volume, o que lle permite ao lector considerala un grupo de relatos ou unha novela fragmentaria, que caracteriza pola visión humanista, solidaria, irónica, tenra e cruel sobre a tolemia, nun texto no que percibe referencias doutros textos do autor e que o converten “nun espello da súa obra”. Tamén destaca a pegada do mundo cinematográfico, a particular esculca do autor na súa reescrita da tolemia e o resultado dun texto duro e cru, aínda que cheo de sensibilidade e ironía.

Referencias varias:

- Manuel M. Barreiro, “Viaxe á tolemia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xullo 2002, p. 52.

Segundo Barreiro, o que o autor Fran Alonso nos presenta en *Males de cabeza* é unha viaxe interna ao noso subconsciente, ao mundo dos sentimentos, das inseguridades... Cuestiona tamén o influxo directo que o poder exerce sobre as nosas vidas, as nosas monotonías e sobre todo os nosos medos.

- Pablo Vaamonde, “Saúde mental”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xullo 2002, p. 52.

O autor deste artigo manifesta que Fran Alonso en *Males de cabeza*, parte da observación da realidade para tecer un feixe de relatos que chegan a sorprender e mesmo conmover o lector.

-Xesús Fraga, “A incomunicación é un dos grandes problemas da sociedade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xullo 2002, p. 53.

Entrevista a Fran Alonso onde este defende a súa postura sobre a forma de tratar o tema da tolemia no seu libro *Males de cabeza*. Segundo el, a tolemia na sociedade actual é na meirande parte das ocasións producto dunha incomunicación xeneralizada. O autor pon de

manifesto que ás veces a mellor forma de tratar este aspecto é con sentido do humor, posto que “os tolos non son sempre tan tolos como semellan”.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *Xente de mala morte*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 85, 2002, 139 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-087-1) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-564-0).❿

Publicada por primeira vez en 1994, esta obra de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) foi galardoada co Premio Álvaro Cunqueiro en 1993. Consta dun conxunto de oito relatos (modalizados fundamentalmente a través dun narrador omnisciente heterodiexético) que teñen como denominador común o transfondo da morte. Son oito relatos centrados noutros tantos personaxes que se enfrontan á vida e acaban optando polo suicidio, tema que en todos eles é tratado con certa dose de humor.

Recensións:

- Domingo Tabuyo, “Os relatos de Álvarez Cáccamo, ‘Xente de mala morte’, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 novembro 2002, p. 52.

Reflexiónase sobre a morte e sinálase que dela falan os oito relatos que compoñen *Xente de mala morte*, de Alfonso Álvarez Cáccamo, malia non asistirmos á morte física dos protagonistas. Saliéntase a habilidade do autor para deseñar ambientes e o ben debuxados que están os personaxes, cargados de humanidade e compaixón. Sinala o emprego da ironía e a distancia descrida do narrador para armar a trama afectiva que latexa no ambiente, e considera que os oito relatos continúan gozando de boa saúde.

Referencias varias:

-Camilo Franco, “Os galegos somos os que mellor nos achegamos á morte”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 novembro 2002, p. 53.

Entrevista con Alfonso Álvarez Cáccamo arredor do seu libro *Xente de mala morte*, a partir do cal se abordan temas como o dereito ao suicidio, a visión da morte e as distintas posturas ante esta, o humor con que é tratado o tema no libro ou a pegada da ironía na literatura galega.

- Pedro X. Blanco Llano, “As distintas caras do suicidio”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 27 novembro 2002, p. 52.

Comeza lembrando a figura de Xaime Quintanilla Ulla, forense e investigador sobre o suicidio, e preguntándose que pensaría el de *Xente de mala morte*. Sinálase que o libro de Cáccamo ofrece oito historias diferentes, “oito maneiras de percibir e de sufrir a vida e oito formas de morrer por vontade propia”, e destácase a mestría para deliñar os ambientes do autor, así como que a obra nos aprende a observar e comprender o que sucede ao noso redor. Finaliza lembrando que o libro gañara o premio Álvaro Cunqueiro de 1993.

-Xaquín Marín, “Autor con cociña humorística”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 27 novembro 2002, p. 52.

Reflexiónase sobre o uso do humor na obra de Alfonso Álvarez Cáccamo, no que se observa que, como facemos os galegos, o autor bota man do humor como salvavidas ao que se aferrar para minimizar os efectos da traxedia. Así, indica cómo observou que nalgúnsrelatos de Álvarez Cáccamo de ambientes sórdidos se rompe a tristura da situación con

comentarios irónicos e diverxentes. Considera que en *Xente de mala morte*, que fala de oito suicidios, o autor usa de novo o seu dominio do humor para termos o “punto de optimismo preciso para aturar medos, angurias e depresións”.

Amado Carballo, Luís, *Os probes de Deus*, Vigo: A Nosa Terra, col. Froita do Tempo, nº 5, setembro 2002, 90 pp. (ISBN: 84-95350-16-5).

Reeditado co gallo do setenta e cinco aniversario da morte do autor pontevedrés, Luís Amado Carballo (Pontevedra, 1901-1927), en formato de peto e con ilustracións fotográficas, este relato breve escrito en 1923 foi publicado por primeira vez en 1925, na colección de novela curta Lar. Un narrador en terceira persoa repasa, en nove capítulos cargados de lirismo, e dende o punto de vista do labrego Pedro Lueiro, a vida cotiá dos hospicianos dun asilo da caridade en Carnota (entre os cales están o propio Lueiro, o mariñeiro Cidrás do Estevo, a fidalga arruinada Maluina de Gondarel, un xornalista alcuñado como “O Poeta”, etc.), rememorando no fin dos seus días as circunstancias pasadas, a amargura e o sufrimento inherente ás súas humildes e sacrificadas existencias de fame e miseria.

Recensións:

- Carlos L. Bernárdez, “Amado Carballo entre nós”, *Faro de Vigo*, *“Faro da Cultura”*, nº 14, “Libros”, 17 outubro 2002, p. V.

Ao fío da noticia da reedición de *Os pobres de Deus* pola editorial A Nosa Terra, Carlos Bernárdez repasa a vida e a obra do seu autor, destacando que Amado Carballo non foi a penas un poeta de referencia (sendo a súa contribución literaria máis decisiva a realizada no xénero lírico, no que “ensaia unha moderada renovación dende un paisaxismo animista”), senón que tamén esbozou unha “posíbel narrativa” interrompida “pola súa prematura morte”, e tivo aínda un importante papel cultural e ideolóxico (sobre todo, ao enfrontarse criticamente, como tamén o fixeron Manuel Antonio, Dieste ou Xoán Xesús González, contra o culturalismo do grupo Nós). Define *Os pobres de Deus* como “un fresco de sectores da sociedade galega” e comenta a “mestura de lírica melancolía cunha importante dose de pinceladas sociais” que contén esta novela breve, á que clasifica como a dun “escritor aínda en formación”. Para finalizar, reclama Bernárdez a necesidade de indagar no pasado literario mais recente para recuperar os capítulos “sobre os que caeu o esquecemento ou a rutineira repetición de lugares comúns”.

Referencias varias:

-B. L., “Os pobres de Deus’ de Amado Carballo ve a luz en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verano”, 6 setembro 2002, p. 75.

Dáse a coñecer a presentación na Galería Sargadelos de Pontevedra da reedición de *Os pobres de Deus* por A Nosa Terra, gracias a unha iniciativa da Asociación Cultural Maio Longo. Noméanse algúns dos asistentes como o editor Henrique Acuña e mailas fillas do amigo de Amado Carballo e tamén poeta Xoán Vidal Martínez. Resúmese brevemente o argumento da novela, “composta de nove cadros narrativos”, datada en Pontevedra no ano de 1923 e publicada por vez primeira en 1925.

Angueira Viturro, Anxo, *Pensa Nao*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 102, 2002, 180 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-045-6) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-820-4).

Nova edición desta obra de Anxo Angueira (Manselle-Dodro, 1961) publicada no ano 1999, na que un narrador omnisciente en terceira persoa nos presenta a vida e os costumes dos habitantes da vila de Sernanselle, unha pequena localidade do concello de Dodro sita entre o Ulla e as ladeiras da Barbanza. Toda a historia está ambientada nos meses previos á Guerra Civil, e vainos contando tanto os cambios a nivel social coma político nun mundo rural que se ve cada vez máis influenciado polas novas tecnoloxías. Esta narración aparece xunto cunha serie de cartas, que unha nai lle escribe a un fillo emigrante e que indirectamente nos serven para ver reflectidos estes cambios anteriormente citados. Ao longo da obra vemos como hai unha especie de movemento popular que se ve truncado coa revolta militar do 18 de xullo de 1936, comezo da Guerra Civil.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “A poderosa fabulación de Anxo Angueira en ‘Pensa nao’, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2002, p. 42.

Comeza sinalando que Anxo Angueira escribiu *Pensa nao* “sen se aclimatar a nada”, só partindo das súas vivencias dende a infancia no val de Laíño. Considérase como un autor pouco prolixo pero “potente e eficaz” e cun gran poder de fabulación, que ofrece nesta obra un traballo creativo “que nos reconcilia enteiramente coa literatura”. A seguir, Martínez Bouzas achega a liña argumental da obra e destaca que a novela é unha verdadeira inmersión na vida da aldea do momento, con abondoso número de personaxes, que retratan a biografía colectiva do mundo rural. Remata salientando que estamos ante unha obra de fondas resonancias sociais, na que se dá unha recuperación da memoria e da identidade, á vez que se achega unha historia de amor fascinante.

- Xosé M. Eyré, “Inesquecible”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2002, p. 42.

Despois de sinalar que *Pensa nao* reivindica a memoria heroica dos vencidos mediante o tratamento epopeico do que foi destruído polo alzamento franquista, sinala que esta novela

de Anxo Angueira sitúa a trama nos meses anteriores á Guerra Civil, na que os seus personaxes levan unha vida organizada e estructurada na aldea, con ilusións e proxectos que se ven fanados pola contenda. Destaca tamén a escrita “nada clásica” coa constante referencia do mar, na que busca homenaxear ás xentes de Dodro Vello. Remata apuntando que a obra gañadora do Premio Xerais de Novela 1999 é unha escrita comprometida, consciente, solidaria que representa unha das “cotas de meirande altura” entre os títulos sobre a Guerra Civil e as súas consecuencias.

Referencias varias:

-Camilo Franco, “A lingua é a arma da literatura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2002, p. 43.

Conversa con Anxo Angueira arredor da súa novela *Pensa nao*, da que comeza sinalando a súa vixencia política e o arriscado de empregar unha aposta idiomática que aposta pola reconstrucción dunha época. A seguir, céntrase no cambio de linguaxe que se dá entre as primeiras obras do autor e esta novela, o emprego de dialectalismos para caracterizar os

personaxes, á vez que recuperar a lingua propia dunha época. Destaca Angueira que quixo retratar o rural lonxe do estereotipo de miseria e atraso, ofrecendo unha imaxe do dinamismo e organización, nunha novela na que segue as teses que defenden algúns historiadores como Lourenzo Fernández Prieto, ademais de que na obra se quere transmitir que malia os problemas derivados do fascismo o horizonte de esperanza segue aí.

- Hixinio Puentes, “Na súa terra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2002, p. 42.

Sinala que con *Pensa nao*, Anxo Angueira acadou o Premio Xerais de Novela en 1999 e que nela presenta de xeito novidoso as consecuencias do enfrontamento civil de 1936. Sinala que está situada na ribeira do Ulla, que retrata a unha sociedade que experimenta cambios e remata sinalando que esta novela é lectura obrigatoria para todos os que estean interesados na nosa cultura, especialmente polo seu estilo coidado, os diálogos e descricións.





Araguas, Vicente, *A canción do verán*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Ir Indo Edicións, col. Biblioteca Galega 120, nº 115, 2002, 200 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-043-X) (ISBN de Ir Indo Edicións: 84-7680-358-3).

Nova entrega da que é ata o de agora a última novela de Vicente Araguas (Xuvia, Narón, 1950) publicada en 2001. Está composta por vintecatro capítulos breves nos que se narra a viaxe que dous amigos de Nevia fan nun día de verán á cidade da Coruña. Os protagonistas principais son Pacho Fontela e o seu amigo Fandiño, que é escritor e que pretende escribir unha novela sobre a vida do primeiro; por esta razón o acompaña na viaxe, na que Fontela se vai atopar cunha das súas amantes. No camiño de volta á casa Fontela morre tras un accidente de tráfico e a obra amósase como a novela prometida por Fandiño. Dende o punto de vista formal destaca a multiplicidade de narradores e a mestura de diferentes técnicas narrativas: monólogo interior, descrición, diálogo, etc.

Referencias varias:

-Benedicto García Villar, “Para non se perder unha liña”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 xullo 2002, p. 37.

Comentario de *A canción do verán*, no que sinala que Vicente Araguas fai un exhaustivo repaso á presencia da música na nosa existencia. Indica que a voz narrativa en primeira persoa do narrador principal dá paso á doutros protagonistas con axilidade, destacando o relato en boca da mulata Dorinda. Remata recomendando a súa lectura.

- Manuel Pérez Grueiro, “Volver co verán”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 xullo 2002, p. 37.

Fálase da traxectoria vital de Vicente Araguas que o levou, dende Galicia, a Glasgow e Madrid, da súa volta constante á terra da infancia na busca do reencontro co pasado. Repasa a súa traxectoria profesional e cítanse as súas obras máis importantes, como *Paisaxe en Glasgow*(1978), *Caleidoscopio* (1988), *En tránsito* (2001) ou *A canción do verán*.

- Ramón Loureiro, “A novela non é poesía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xullo 2002, p. 36.

Entrevístase a Vicente Araguas con motivo da nova edición de *A canción do verán*, que fala do seu traballo como cofundador de Voces Ceibes e da súa actividade como poeta e novelista, na que diferencia totalmente ambos xéneros. En cadro á parte fala do seu labor como crítico literario, que considera que é "un glosador do alleo"; que a lectura dun libro pode levarte ata o final en diferentes intentos, que de non ser así é mellor deixalo; da súa decisión de ser escritor en galego o levou a entendelo como un feito radical no que decidiu radicarse; que ten como autores de cabeceira os poetas medievais, a Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro ou Blanco Amor, ademais de Carlos Casares, do que sinala que non se recuperou aínda da súa morte.

- Xoán Rubia, "La Voz entrega mañá 'A canción do verán', unha novela de Vicente Araguas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 xullo 2002, p. 37.

Fálase dos inicios de Vicente Araguas como literato, sinalando que xa dende o instituto apuntaba dotes literarias. Tamén se indica que o seu inicio na música, como membro de Voces Ceibes, coincide co nacemento da chamada Nova Canción Galega.





Borrazás, Xurxo, *Criminal*, A Coruña/Santiago de Compostela: La Voz de Galicia/Sotelo Blanco Edicións, col. Biblioteca Galega 120, nº 88, 2002, 200 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-073-1) (ISBN de Sotelo Blanco Edicións: 84-7824-414-X).

Reedición da novela *Criminal*, publicada en 1994, de Xurxo Borrazás (Carballo-A Coruña, 1963), que segue un deseño editorial composto por corenta e seis capítulos, que recrea a historia dun asasino do país de Bergantiños, nas terras de Laracha. A xeito de quebracabezas, *Criminal* orixinouse nun relato curto que se foi ampliando con distintas pinceladas ata compoñer o periplo dun asasino que narra a súa propia vida dende un *flash-back* absoluto que tenta poñer de manifesto o primitivismo e a irreductibilidade duns personaxes ensumidos nunha ficción chea de violencia.

Recensións:

-Xosé María Palacios, “La Voz entrega mañá ‘Criminal’, a novela que consolidou a Xurxo Borrazás”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 outubro 2002, p. 60.

Ademais de recoller un pequeno currículo de Xurxo Borrazás, o artigo pon de relevo a novidade que supuxo a publicación de *Criminal* na literatura galega do momento. Emparentándoa coa literatura decimonónica, a novela é cualificada como unha proba excelente dunha narrativa que recrea a forza e o sentido, así como a concisión estilística, dunha historia tráxica que non por iso está falta de humor.

Referencias varias:

-Camilo Franco, “Os escritores estamos desbordados pola realidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 outubro 2002, p. 61.

Entrevista na que Xurxo Borrazás confesa a xénese de *Criminal*, destacando o carácter fantástico do inicio da peza e os seus trazos violentos, algo que para el non é suficiente para que se encadre no xénero da novela negra. Tamén salienta o desbordamento que os

escritores acadan por medio da realidade, o que o levou a compoñer *Criminal*, e as concomitancias do seu argumento coa sociedade na que se incardina.

-Ramón Tasende Pombo, “O ‘Criminal’ de Borrazás”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 21 outubro 2002, p. 60.

Texto que parte do labor creativo de Xurxo Borrazás para xustificar o seu valor como un dos maiores anovadores da literatura galega da súa época. Destaca a ficción que inza toda a novela, así como as pinceladas narrativas que permiten desenvolver “unha gran novela que descubre un gran escritor”. Tamén se asemella ao autor coa figura de Eduardo Pondal, cualificando finalmente *Criminal* como “a novela de Bergantiños”.

-Xosé Manuel Varela Varela, “Unha historia de aquí”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 21 outubro 2002, p. 60.

Colaboración na que se rescata o carácter localista de *Criminal*, algo que serve para matizar o seu interese literario. Non en van, falando de Pondal e as terras de Bergantiños, o crítico

salienta o labor de Borrazás nun tempo e nunha corrente na que inclúe a Abella, destacando anteriores achegas do autor en cuestión.

Cabana, Darío Xohán, *Galván en Saor*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 73, 2002, 177 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-079-0) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-876-X).⓾

Nova edición de *Galván en Saor*, novela publicada en 1989 e coa que Darío Xohán Cabana (Roás, Terra Chá, 1952) obtivo o Premio Xerais 1989. A obra, de temática fantástica e estilo que lembra a Álvaro Cunqueiro, estructúrase en quince capítulos nos que un narrador en terceira persoa conta as aventuras de Galván, sobriño do Rei Artur e membro da táboa redonda. Este personaxe fluctúa entre dous mundos: Saor (unha aldea luguesa) e a Idade Media, tempo ao que se despraza en motocicleta para vivir aventuras de cabaleirías. Diferénciase con respecto ao Galván de tradición artúrica pola súa disposición ante a busca do Graal.

Referencias varias:

- María Teresa Araúxo García, “La Voz entrega mañá ‘Galván en Saor’, de Darío Xohán Cabana”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 novembro 2002, p. 45.

En relación coa publicación de *Galván en Saor* explica que ela posúe un exemplar da primeira edición de 1989, que mercou cando iniciaba os seus estudios de Filoloxía. Sinala, ademais, que nun primeiro momento se interesou por esta obra polo seu título, xa que nel se fai referencia á materia de Bretaña e ela maniféstase unha apaixonada deste tema.

- Ramón Loureiro, “Os prodixios e as palabras”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 6 novembro 2002, p. 46.

Co gallo da reedición na colección “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia* de *Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana, Ramón Loureiro aplaude en clave de humor a revisión da materia de Bretaña como acontece nesta novela.

- Xesús Fraga, “O Galván fala das aventuras artúricas pero tamén fala de nós”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 novembro 2002, p. 46.

Entrevista a Darío Xohán Cabana, con motivo da publicación de *Galván en Saor* dentro da colección “Biblioteca Galega 120”. Sinala que a novela parte de tres eixes básicos: a materia de Bretaña, que é unha das tres grandes materias de Europa; a obra *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro, e o relato “Amor de Artur”, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Ademais de responder a diversas cuestións relacionadas con esta novela, fala de *Vinte cadernos, 1969-2002*, que é unha recompilación da súa obra poética que está a piques de publicarse en Edicións Xerais, e de cál é a súa motivación para escribir.

Calvo, Tucho, *O xabaril branco*, ilust. Miguelanxo Prado, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 109, 2002, 140 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-95-4) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-7680-3850).

Con formato propio da colección na que aparece publicado agora, esta obra de Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) saíu do prelo en 2000 con formato libro, despois de ser publicada por entregas no xornal *La Voz de Galicia* durante todo o mes de agosto, como gañadora do premio "Relatos de verán" convocado por este xornal. Está ilustrada por Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) e nela nárrase a vida de Fito, un mozo dunha remota aldea dos Ancares que marcha á Arxentina na segunda metade do século XIX, onde perde a vida. Estamos ante un texto marcado pola forte presencia do simbólico e máxico, onde por veces resulta difícil diferenciar o real do onírico e do máxico, ademais de ser unha reflexión sobre a odisea que para moitos galegos representou o mundo da emigración.

Referencias varias:

- Fina Casal Martínez, “A fantasía dos contos”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 abril 2002, p. 30.

Invítase aos lectores a ler *O xabaril branco*, novela de Tucho Calvo aparecida dentro da colección “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia.* Sinálase que nela se evidencia a súa orixe de novela por entregas, que ten agora a súa unidade como libro, e que a súa estructura anima a continuar ao lector, xa que o vai engaiolando dende o remate dun capítulo ata o inicio do seguinte. Así mesmo, indícase que nela existe a fantasía do conto mesturada coa aventura vital, a maxia, etc. e alúdese á arte dos debuxos do ilustrador Miguelanxo Prado.

- Miguelanxo Prado, “La Voz entrega mañá a novela de aventuras ‘O xabaril branco”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 abril 2002, p. 30.

Miguelanxo Prado comenta a súa experiencia como ilustrador das trinta e unha imaxes da novela aparecidas diariamente, por capítulos e ao longo dun mes, no xornal *La Voz de Galicia* e reeditada na Biblioteca Galega 120 do mesmo xornal.

- Pemón Bouzas, “Entre dous mundos”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 abril 2002, p. 30.

Sinálase a Tucho Calvo como o autor de *Astra o confín* e da publicación por entregas no xornal *La Voz de Galicia*, durante o verán de 2000, de *O xabaril branco,* obra na que se contan as andanzas de Fito, un mozo dos Ancares. Menciónase o feito de ser a primeira novela que se puido baixar de internet e considera que nela se recollen as aventuras que posibelmente puideron vivir, con diferente sorte, milleiros de galegos emigrantes.

-Rodri García, “Hai que vender un pouco de optimismo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 abril 2002, p. 31.

Entrevista a Tucho Calvo na que o autor fala sobre a súa obra *O xabaril branco*, ilustrada por Miguelanxo. José Benito Calvo Rego refírese a *O xabaril branco* como unha novela de aventuras nas que o seu protagonista Fito, un rapaz galego de finais do século XIX, emigra dos Ancares a Arxentina para acabar alí nunha guerra na Patagonia, e afirma que aínda que

buscou moita documentación da época, non é unha novela histórica senón actual. Tamén fala da pouca información da xente no tocante ás últimas novidades editoriais, do Día das Letras Galegas, do interese dos lectores cara a lectura en galego, etc.

Caneiro, Xosé Carlos, *Ébora*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 110, 2002, 537 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-0480) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-833-6).

Atopamos nesta reedición de *Ébora*, a obra de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) publicada inicialmente en 2000 e coa que no ano 1999 obtivo o Premio Xerais de Novela, unha complexa historia narrada en vintecatro capítulos xunto cun capítulo final. A narración empeza na posguerra e avanza ao longo do tempo ata chegar á etapa da transición.Os eixes principais de toda a novela son dous, por un lado as aventuras de Libardino Romero, personaxe colectivo da obra que vaga errante polas máis dispares situacións, e por outro a vida na vila de Ébora. Libardino trata de acadar esa situación máxica ou irreal na que se sinta feliz. Ao longo das súas andanzas vai atopando varios personaxes coma Susanito Cabral, “Suceso” o can intelixente, o fillo do alcalde ou Mefisto. Do lado paralelo danarración imos coñecendo a vida en Ébora, reflectida nalgúns habitantes significativos coma Dona Pura (nai de Libardino), o seu namorado Tintoreto (pintor republicano) ou o cura Don Blas. No capítulo final fúndense todos os espacios distintos que van aparecendo ao longo da novela.

Recensións:

- César Casal González, “Ébora’ incorpórase mañá á Biblioteca 120 de La Voz de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 agosto 2002, p. 47.

Tomando como referencia o gran número de páxinas da novela, así como o tema tratado, César Casal denomina a Xosé Carlos Caneiro “O Lobo Antunes galego”, que segundo el presenta uns libros cheos de aventuras, de palabras e sentimentos. De *Ebora* di que nos trae a Libardino Romero como outro Don Quixote errante, que foxe da realidade en busca dunha utópica felicidade. Salienta na obra a pegada de poeta de Caneiro, a súa “multiplicación total” en canto ao rexistro de todo o que acontece e o que non nesta obra tan ampla. Alude ás palabras de Torrente Ballester nas que sitúa a Manuel Rivas como chamado a escribir o Quixote galego, dubidando de que Caneiro non poida ser outro dos candidatos.

-Modesto Hermida, “Un Macondo arraiano”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 5 agosto 2002, p. 47.

Comeza Modesto Hermida referíndose á faceta de poeta e aos abondosos galardóns acadados por Xosé Carlos Caneiro como narrador. Sinala que en *Ébora* evoca mitoloxías próximas a nós e á nosa cultura, fantasías situadas no ámbito da tradición que nos leva a camiños andados por autores como Valle Inclán, Blanco Amor ou Camilo J. Cela. Sinala que se trata dun traballo que transmite un profundo interese pola lingua e pola expresividade, no que hai, en todo momento, un espírito de superación, de ser feliz, deixando atrás as sensacións de frustración.

Referencias varias:

-Xosé Manoel Rodríguez, “Sigo defendendo a literatura que intenta construír novas linguaxes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 agosto 2002, p. 46.

Fala Xosé Carlos Caneiro das ansias por romper a monotonía, neste caso, as gañas de Libardino Romero, un dos personaxes de *Ébora*, por fuxir dese día a día da súa vida, dos fracasos, das presións, etc. Indica que a obra de Caneiro é "periférica", afastada dun mero obxectivo económico ou comercial, e que está centrada nun profundo estudio da xente e dos seus costumes e inquedanzas.

-Xosé Manuel Eyré Val, "Un regalo para o mundo", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 5 agosto 2002, p. 47.

Pensa que con *Ébora*, Caneiro pega un gran cambio na súa obra e na súa narrativa. Di que o autor presenta un mundo máxico, cheo de fantasía e ilusión. Segundo el, o entramado da obra é digno de comparación con obras de autores como Homero, Proust, Cunqueiro, etc. pola súa esmerada calidade e perfección.



Carballo Calero, Ricardo, *A xente da Barreira*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 27, 2002, 109 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-019-7) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-522-7).

O presente volume inclúe a reedición da obra de Ricardo Carballo Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990) *A gente da Barreira* (1951) con transformacións ortográficasrespecto á edición orixinal. É unha novela histórica, ambientada no mundo rural galego, que abrangue dende a guerra contra os franceses ata o remate do século XIX e o comezo do XX. Nela relátasenos, mediante unha ampla síntese informativa, en dezanove capítulos, a historia da Casa da Barreira, dende don Ramón Frade de Eirís –fidalgo pobre que co seu traballo consegue propiedades– ata o esmorecemento da "esgrevia fidalguía da casa de Eirís" cos netos e bisnetos de don Ramón Frade. Nesta novela realista reflíctese a historia da Galicia daquela altura como a agonía da fidalguía, a desamortización ou a entrada do capitalismo.

Referencias varias:

- Silvia Gaspar, “Semana das letras galegas. A Biblioteca 120 entrega un libro cada día: *A xente da Barreira*”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la escuela*”, “Letras Galegas”, 13 maio 2002, p. 4.

Sinala que *A xente da Barreira* é a primeira obra narrativa galega da posguerra e subliña o “discreto éxito” que tivo ao ser publicada. Asemade, indica que o seu autor empregou a técnica da volta “á Galicia fidalga do XIX” de Otero Pedrayo mais dun xeito menos conservador e remata a falar do compromiso de Carvalho Calero coa lingua e literaturas galegas.

Caride, Ramón, *Escáner*, limiar de Xosé Miranda, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais Peto, serie Literaria, 2002, 183 pp. (ISBN: 84-8302-891-3).

Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) recolle neste volume unha recompilación de relatos escritos dende o ano 1991 ata a actualidade. O libro está conformado por quince relatos, catro deles inéditos ("Foto-shock", "Carta a Berta", "Hendra" e "Viaxe de volta"), de temática variada, dende relatos realistas, onde se ofrece unha visión de conxunto do ser humano, compromiso coa sociedade e denuncia dos males desta, ata relatos fantásticos, con influencias da ciencia ficción e de mundos alternativos. En todos eles déixase entrever unha preocupación polo destino da humanidade. Inclúe un limiar de Xosé Miranda no que alude, nun primeiro momento, á xeración á que pertence o escritor, que el denomina "novos narradores ourensaos", cualifícao de "narrador realista", que vai ao fondo das cousas e das persoas e que está comprometido coa sociedade. Alude tamén á súa facilidade para escribir, ao seu rigor e á súa eficacia para escoller as palabras xustas. Fala da súa condición de escritor fantástico no senso de que introduce nos seus contos crenzas, desexos, fobias, etc. Entre os relatos recollidos no libro pódense salientar "Foto-shock", no que se escarva na alma humana e se analiza a situación do mundo; "Hendra", un relato de ciencia ficción;

“Viaxe de volta”; “Lume de memoria”, onde está presente unha literatura de memoria, da historia das xentes humildes; “Camiño longo”, un drama interior; “As formas gastadas dos soños”, no que a materia son pesadelos repetitivos e mecánicos nos que afloran o autoodio, a xenofobia ou a procura da identidade; “Nocturno”, no que se destaca un realismo sucio e deprimente; “L. H.”, no que se nos mostra a un asasino lunático; ou “Interiores”, no que se reflexiona sobre as conexións entre a realidade e a ficción, entre o creador e o personaxe. Outros contos levan por título “Informe final”, que recolle o pesadelo dun biólogo; “Estación do Norte”, que é unha peza que xoga coa resignación e a fatalidade, “Descontinuidade”, “Louzós/Seattle blues” e “O camiño”.

Recensións:

Xosé Miranda, “Escáner”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 441, 31 outubro 2002, 9.

Extracto do limiar desta edición da obra de Ramón Caride Ogando, *Escáner*, no que se comeza aludindo á xeración literaria á que pertence o autor, que loitou contra o último

franquismo, e tamén a dos escritores biólogos que irromperon con forza na literatura. Fala das características da súa escrita, cualifícaa de realista, tráxica e pesimista que vai ao fondo das cousas e que intenta chegar ao interior do ser humano. Así mesmo, sinala que se centra nos problemas de identidade persoal, a crueldade, as paixóns e que se introduce nos sucesos que acontecen na nosa sociedade. Como escritor ourensán e biólogo comenta que as súas obras se caracterizan por unha escrita rigorosa e eficaz e por unha preocupación polo destino do ser humano. Por outro lado, destaca as súas pegadas como escritor fantástico na medida en que introduce crenzas, fobias, desexos, dúbidas, etc. nos seus personaxes. Finalmente, céntrase na análise de *Escáner*, libro no que se reúnen todas as tendencias do escritor, o realismo, a denuncia, o compromiso e a ciencia ficción. Fai referencia aos contos inéditos, así como ao resto dos relatos que configuran o libro

- Laura Caveiro, “Escaneando interiores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, “Libros”, 7 novembro 2002, p. 5.

Achégase ás principais características da nova obra de Ramón Caride, *Escáner*, e ofrece unha relación de relatos tirados de libros anteriores que se inclúen neste novo libro como

“Lume da memoria”, “Camiño longo”, “As formas gastadas dos soños” e “Nocturno”, recollidos de *Crónica de sucesos* (1991), e “L.H”, “Informe final” e “Interiores” de *Lumefrío* (1994). A seguir, fai referencia aos contos “Estación do Norte”, publicado, inicialmente, en *Fendas no tempo* (1996), do que salienta a súa emoción e “perfección formal” e a “Fotoshock”, no que o escritor escarva na alma do ser humano.

- F. Martínez Bouzas, “A potencia fabuladora de Ramón Caride”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, 24 novembro 2002, p. 3.

Dáse conta da aparición dentro da colección de “Peto” de Xerais da obra *Escáner*, de Ramón Caride. Indícasenos que esta obra contén, ademais dunha nota introductoria da editora e un limiar contextualizador de Xosé Miranda, quince relatos dos cales once significan un percorrido pola súa narrativa publicada a partir do ano 1991 nos libros *Crónica de sucesos* (1991), *Lumefrío* (1994) e *Fendas no tempo* (1996). Así mesmo, sinálanse as características deses relatos xa publicados e o número que se seleccionan de cada un deses libros. Respec to aos catro relatos inéditos cos que se abre o libro tamén se indican as súas características, así coma os seus títulos. Finalmente lóase a escrita en formato breve

de Ramón Caride e a súa maneira de argallar fabulacións cheas de argumento que son capaces de cativar a atención lectora.

Referencias varias:

- S. F., “Negros Espellos’ de Caride amosa o lado intrigante da literatura”, *Diario de Arousa*, 23 maio 2002, p. 15.

Recóllense as opinións de Caride Ogando sobre o seu libro *Negros Espellos* (2001). Comenta que é unha novela formada por catro relatos escritos dende o ano 91 ao 97, que se caracterizan pola intriga e pola presentación de situacións duras. Fai referencia, tamén, ao seu traballo *Escáner*, que considera un complemento do seu libro anterior, no que se recollen relatos curtos onde se mestura unha temática variada.

- A. N. T., “Ramón Caride: ‘Os meus relatos de agora descobren fendas na negrura”, *A Nosa Terra*, nº 1.053, 24-30 outubro 2002, p. 33.

Entrevista ao escritor Ramón Caride Ogando na que expón as súas ideas sobre o obxectivo do seu libro *Escáner*: unha recompilación dos seus relatos de temática realista e de ciencia ficción. Fala dos cambios que sufriu a súa narrativa neste tempo e sinala que as condicións persoais inflúen moito á hora de escribir. Así mesmo, alude aos seus próximos proxectos, *As máscaras de Crono*, antoloxía da poesía das últimas décadas e a publicación en español do libro *Perigo vexetal*, editado por Anaya e gañador do Premio Merlín en 1995.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 16, “Libros”, 31 outubro 2002, p. VII.

Ver Borrazás, Xurxo, *Pensamentos impuros* neste apartado do *Informe*.

- AFA, “A nova ciencia-ficción”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 novembro 2002, p. 31.

Alúdese á presentación en Compostela do libro *Escáner* e da obra de literatura infantil, *As aventuras de Said e Sheila* (2001), ambas de Ramón Caride. Deste último, destácase a recompilación de catro historias que nos trasladan a un mundo futurista, “Perigo vexetal”,

“Ameaza na Antártida” “O futuro roubado” e “A primeira aventura de Said e Sheila”. Enuméranse, por outra banda, as principais características temáticas que se desprenden da obra, como a ambientación futurista, a temática ambiental, as enerxías alternativas ou o patrimonio histórico e fálase, finalmente, de *Escáner*, libro dividido en catro apartados, nos que se ofrecen dezanove relatos, catro deles, inéditos, nos que prima unha temática que vai dende o terror ata o humor, pasando polo realismo e a ciencia ficción.

-Anxo Martínez, “O modelo do triunfo rápido conduce á frustración”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 novembro 2002, p. 20.

Despois dunha achega ao traballo e á actividade literaria de Ramón Caride tanto na narrativa, coma no drama, na poesía ou na variada temática que vai dende a ciencia ficción ata o drama psicolóxico ou o hiperrealismo, mantense unha conversa co autor na que fai referencia ás diferencias entre a literatura xuvenil e de adultos. Tamén se refire ao seu libro de literatura infantil *Said e Sheila*, onde critica as novas formas político-económicas, o totalitarismo, e no que fala da conxugación entre a ciencia e o ecoloxismo. Finalmente, dá

conta da obra *Escáner*, escolma de relatos onde predomina o relato fantástico, e no que se aparta do libro temático porque, como lector, gústalle que cada relato sexa unha sorpresa.

R. García, “Relatos biolóxicos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 16 novembro 2002, 11.

Sinálase a presencia da formación científica de Ramón Caride na súa obra *Escáner* que se manifesta, entre outras cousas, na preocupación polo destino da humanidade ou nas súas reflexións sobre o ADN, como asegura o autor do limiar da obra Xosé Miranda. Así mesmo, indícase que está constituída por quince relatos que se corresponden con dis tintas etapas do autor e que hai catro agrupados baixo o título de “Novos do trinque”. Tamén se sinala que nestas historias de Caride se poden atopar dedicatorias a xentes da cultura, como é o caso de Méndez Ferrín ou Modesto Hermida, así como personaxes habituais do contorno de cada lector.





Caride Ogando, Ramón, *Soños eléctricos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 82, 2002, 197 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-024-3) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-796-8).

exteriores, entra en contacto coa raza de “salvaxes” que se autodenominan *os homes* e que acollen a Stevo Dádik como unha sorte de elixido ao que rematan integrando dentro da súa conciencia colectiva. Mentres na cidade séguese buscando a Stevo, pero só atopan a un salvaxe de pel escura, co aparato fonador totalmente atrofiado, que lles fala da importancia do pensamento fronte á existencia física, e no interrogatorio final vai ser conectar a un ordenador con capacidade para recoller e almacenar os recordos e pensamentos dos individuos.

Recensións:

Silvia Gaspar, “Un futuro posible”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 20 maio 2002, 44.

Comeza sinalando que *Soños eléctricos*, aparecida en 1992, se inscribe no momento de expansión dos xéneros narrativos galegos. A seguir, indica que esta novela é a única que segue o modelo convencional do xénero da ficción científica fronte ao resto de obras que considera que adoptan a forma preferente de ucronía, se exceptuamos a literatura infantil e

xuvenil, onde o autor tamén cultiva este xénero. Sinala outras singularidades desta obra como a constante referencia ao espírito rebelde dos anos setenta encarnado no seu protagonista e a capacidade da literatura de funcionar como chamada de atención contra un futuro deshumanizado. Tamén salienta o tratamento da violencia “sen cortapisas”, aspecto que considera que xa ensaiara o autor en obras como *Os ollos da noite* (1990) e *Crónica de sucesos* (1991).

Referencias varias:

-Camilo Franco, “É unha historia de sentimentos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 maio 2002, p. 45.

Conversa con Ramón Caride Ogando, arredor da súa novela *Soños eléctricos*, gañadora no ano 1992 do Premio Blanco Amor. Sinala que non volveu lela, co que de facelo levaría algunha sorpresa. Indica que non le o que ten publicado cando está a escribir cousas novas, que é unha novela coherente co que pensaba nese momento e que nela hai moi de sentimentos. Di que escribiu esta historia de ficción científica porque lle “saíu así” e porque

lle gustaba o escenario, que logo retomou en *Sarou* (1997). Alude á situación da literatura galega de hai uns anos e aos prexuízos cara a autores que non viñeran do campo das letras, do mesmo xeito que cara a xéneros como a ficción científica, considerado menor. Apunta que en Galicia se rexeita a literatura que pode ser de consumo popular porque a crítica agarda uns productos concretos e xulga en función desas expectativas.

-César Lorenzo, “La Voz entrega mañá a novela de Ramón Caride ‘Soños eléctricos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 maio 2002, p. 44.

Achégase ao argumento de *Soños eléctricos* e fai elucubracións sobre o futuro do noso mundo real en comparación co que Ramón Caride nos presenta na súa obra. Comeza aludindo á disposición social no mundo futuro que nos retrata e ao emprego de clons, para sinalar logo a capacidade de Caride para fabular cos nosos medos e esconxuralos a través de imaxes que considera brillantes. Remata sinalando que esta obra “deixa pouso e reivindica o lugar na lista principal das nosas lecturas”. En columna á parte destácase a abondosa bibliografía do autor e que esta novela, gañadora do Premio Blanco Amor de

Novela en 1992 está considerada unha das primeiras de ficción científica na literatura galega.

-Domingo M. Tabuyo Romero, “Espacios de futuro”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 20 maio 2002, p. 44.

Apunta que ata que se publicou *Soños eléctricos*, de Ramón Caride Ogando, se tiña a sensación de que o futuro e os termos asociados a el estaban moi lonxe. Considera que esta obra veu constatar que non existen barreiras na capacidade creativa nin limitacións xenéricas e temáticas para un autor con habelencia para manexar os avances científicos, as emocións e sentimentos, que considera o eixo desta obra. Remata coa consideración de que dende que Caride Ogando publica a súa obra e gaña o Premio Blanco Amor de Novela autores como Huxley, Wells ou Dick nos resultan máis próximos.

Casares, Carlos, *Os escuros soños de Clío*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 58, 2002, 109 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-018-9) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-515-4).

Despois da súa primeira publicación no ano 1979, *Os escuros soños de Clío* de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) vén de coñecer outra nova edición no número 58 da colección “Biblioteca Galega 120”. Ábrese o volume cunha dedicatoria a Ramón Piñeiro, que mantivo unha relación moi estreita co escritor ourensán, e con dúas citas hológrafas de Fernando Pessoa e W. Lübbe. A seguir, reprodúcense os doce relatos, nos que se fan referencias a personaxes reais, inventivos ou imaxinarios, que se imprimen de vida propia na voz do narrador. Os feitos acaecidos ora ben sexan pouco comúns ora ben se semellen a realidade, sempre destacan polo seu carácter sorpresivo. Trátase, en fin, dun conxunto de relatos lendarios, lúdicos e, por veces, humorísticos, que son expostos cunha linguaxe afastada da artificiosidade, aínda que sen deixar de ser creativa.

Referencias varias:

- Antón Riveiro Coello, “A caroqueira”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 17 marzo 2002, p. 34.

Considera que Carlos Casares tece os relatos de *Os escuros soños de Clío* “co engado desa rede tan borgiana da referencia histórica que funciona como soporte verificador dunha realidade imposible”, aínda que afirma que neles o autor de Xinzo da Limia é un alquimista que amasa, modifica e enreda coa Historia para nos ofrecer esoutra medida desmitificadora que nos interesa máis. Tamén comenta que a lectura destes relatos “fermosísimos” déixanos “o saibo intelixente e lírico dun humor engaiolante, tenro” e que se constrúen cunha prosa “esencial, limpa”, como se o escritor non quixese estar presente na narración e provocase a ausencia para figurar á marxe “desta palabra eficaz”, “posta ao servicio dun enxeño e dunha imaxinación hiperbólica que se irmanda co mellor Cunqueiro”.

- Damián Villalaín, “La Voz entrega mañá o libro de Carlos Casares ‘Os escuros soños de Clío”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 marzo 2002, p. 34.

Comenta que por *Os escuros soños de Clío* coñeceu a Carlos Casares e que o debeu ler por primeira vez ao redor do ano 1983 ou 1984, quedando "fascinado por aquel libérrimo e brillante exercicio de imaxinación literaria". Recorda que ao autor de Xinzo de Limia lle divertían as especulacións dos críticos, que encontraban nestes relatos inequívocasinfluencias de Álvaro Cunqueiro, Borges ou Marcel Schwob. Afirma que escribiu este libro "por pura diversión" e que o definía como "unhas coñas que me apeteceu escribir". Conclúe apuntando que nesta obra se condensa "un retrato literario de Carlos Casares, pero tamén o retrato persoal dun home alegre, culto e degustador das cousas curiosas e dos personaxes pouco convencionais como os que aparecen nestas páxinas".

-X. M. Fernández Costas, "Complicidade", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 17 marzo 2002, p. 34.

Considera que nos doce relatos que Carlos Casares presenta en *Os escuros soños de Clío* resultan significativas as referencias que se fan a personaxes históricos imaxinarios, inventados ou reais, que teñen en común a relación dun feito extraordinario ou cotián, pero sorpresivo, ameno e que parece natural. Afirma que cunha prosa sinxela, aparentemente,

traza o autor uns relatos lúdicos, lendarios e, ás veces, humorísticos, de fonda sinceridade, cheos de lirismo e tenrura, con trazos expresivos novidosos e despoxados de artificiosidade lingüística. Comenta que se trata dun reencontro estimulante coa lectura e cita os personaxes dos diferentes relatos.

Cid Cabido, Xosé, *grupo abeliano*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 103, 2002, 155 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-014-6) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-780-1).

♦❒♋♦♋❍♏■♦□ ●♓■♏♋● ❑◆♏ ❒♏➚□❒⌘♋ ♋ ♓❍◘□❒♦♋■♍♓♋ ♎♋ ♋♍♍♓⇔■ ♎♏⬧♦♏ ♑❒◆◘□ ➚❒□■♦♏ ➚ ◘⬧♓♍□●□☒◪♋ ♎□⬧ ⬧♏◆⬧ ♓■♦♏♑❒♋■♦♏⬧☞

Recensións:

- Manuel Antón Mosteiro, “Derrota da utopía”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 6 maio 2002, p. 60.

Achégase ao argumento da novela *grupo abeliano*, de Xosé Cid Cabido, do que sinala que é unha historia sinxela protagonizada por un grupo de mozos, e no que atopa resonancias bíblicas. Compáraa con *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, polo seu carácter itinerante, malia non seren personaxes marxinais, e coa Nova Narrativa Galega polos recursos do personaxe colectivo, a difuminación de personaxes ou o ambiente urbano. Tamén destaca as sensacións contradictorias de adhesión e frustración no lector con respecto ao grupo que se ve sometido ao xugo dos cartos, para rematar preguntándose cál é o futuro das utopías.

Referencias varias:

- Dolores Gómez París, “Cid Cabido escribe unha versión especial da súa obra *Grupo abeliano* para La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 maio 2002, p. 60.

Faise eco dunha crítica que recibiu *grupo abeliano* despois da súa publicación na que, malia tentar “desmontar” a novela, admitía que era divertida, atractiva e que presentaba un mundo suxestivo para o lector. Sinala ademais que o seu autor variou a redacción desta obra para esta reedición, da que sinala que é “literatura sen adxectivos” dun grupo de persoas que “van daquí para alá facendo o que lle peta”.

- Manuel Seixas, “O estrano peixe”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 6 maio 2002, p. 60.

Fala da escrita de Xosé Cid Cabido, da que afirma que nas “abelianas estructuras de Cid” nada é tan evidente como debería ser; evoca outras obras do autor e remata salientando que o autor de *grupo abeliano* é “unha boa fichaxe para un equipo literario de primeira”.

Conde, Alfredo, *Xa vai o Griffón no vento*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 63, 2002, 274 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-056-1) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-848-4).

Trátase da reedición que *La Voz de Galicia* fai da obra de Alfredo Conde (Allariz, 1945) gañadora do Premio Blanco Amor no ano 1984. A obra presenta unha estructura cíclica e está articulada en dezasete capítulos que versan sobre a viaxe espiritual que o Profesor Visitador fai a Compostela para descubrir a verdadeira historia do Sieur Griffón. Despois dun longo ano de profundar e ler sobre o tema do Griffón, o protagonista sente unha necesidade imperiosa de saber máis sobre a pantasma do seu pasado. É un narrador omnisciente en terceira persoa o que dá conta desta viaxe e dos quefaceres do Profesor Visitador ata que este é quen de chegar a unha satisfactoria conclusión sobre o tema do Griffón, sobre a súa propia existencia e sobre o encantamento máxico do binomio vida-morte. Directamente ligado a este personaxe está a figura de Lourenzo Pedreira, que será un guía de moita axuda á hora de atopar a verdadeira lenda do Griffón, e que serve de axuda ao Profesor polas enigmáticas rúas compostelás do medievo. É ao final do relato cando o Profesor logra

descubrir, coa axuda do mapa que atoparon, que a lenda xira en torno ao personaxe de Martín Abalo, “levado de Aix por xentes vidas de España”.

Referencias varias:

- E. Feixoo, “Unha gran novela”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 9 setembro 2002, p. 46.

Cualifícase a obra *Xa vai o Griffón no vento*, de Alfredo Conde como a mellor obra do autor e sinálase a existencia nesta obra da mestura entre o soño e a realidade na que o pasado (século XVI) está representado por Martín de Abalos e o presente, polo profesor Martín, que se move por cidades eternas como Aix e Santiago. Así mesmo, indícase que esta novela trata un tema inmorrente como é a liberdade persoal e remátase facendo mención á obtención de diferentes premios de prestixio desta obra como son o Premio Nacional de Literatura ou o Premio da Crítica. Tamén se fai mención á traducción ao castelán, así como á súa comprensión sinxela e popular.

- Luís G. Tosar, “A orixinal obra ‘Xa vai o Griffón no vento’, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 setembro 2002, p. 46.

Dáse conta da aparición do libro de Alfredo Conde *Xa vai o Griffón no vento*, aparecido previamente en Galaxia no ano 1984, na colección 120 do xornal *La Voz de Galicia.* Sinálase esta obra como unha novela orixinal e innovadora, escrita con ambición, inmersa na aventura da linguaxe e sen excesos verbais, e dísenos que nela a historia de Martín o inquisidor en Galicia e Martín o profesor en Aix Provence discorren parellamente a través dunha realidade que inclúe outras realidades alternativas. Así mesmo, menciónanse os diferentes premios que recibiu esta obra e a súa traducción a outras linguas. Finalmente, sinálase que nesta obra de Alfredo Conde habería que salientar as moitas lecturas de atención e de traballo do autor, así como a súa reflexión creativa e lingüística.

-Roy Roland, “Unha lingua milenaria”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 9 setembro 2002, p. 46.

Faise referencia á lingua e á importancia desta nos personaxes de Alfredo Conde e en concreto nos personaxes da novela *Xa vai o Griffón no vento*, aparecida en 1984 e reeditada pola colección "Biblioteca Galega 120" de *La Voz de Galicia*. Cualifícase a lingua como a metáfora transcendental que abrangue todas as outras metáforas que lle dan forma e sentido a esta novela de Conde e tomando as palabras dun dos personaxes de *Xa vai o Griffón no vento* indícase que non hai nada máis enxebre, máis próximo á alma do país ou do pobo galego, cá súa lingua. Considera o autor do artigo que a lingua materna gratifica aos personaxes de Conde porque o galego é a súa lingua, a que confirma a súa galeguidade. Así mesmo, sinálase que como di o personaxe de Martín, o profesor en Aix Provence, a conciencia lingüística dos galegos ten unha dolorosa contrapartida, xa que hai momentos nos que os galegos poden sentirse marxinados postergados, desterrados do mundo das letras. Finalmente, declárase que en *Xa vai o Griffón no vento* se respira e transmite todo o que un galego experimenta cando fala na súa lingua.

- Xosé García, "Sen o sustento que me deron fóra aquí tería morto como escritor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 setembro 2002, p. 47.

Nesta entrevista Alfredo Conde fala da relación entre a súa faceta política e literaria e sinala que foi concelleiro porque era Premio Nacional de Literatura e tiña certo prestixio. De igual maneira sinala que aínda que a política non lle afectou creativamente e seguiu traballando, as polémicas do Premio Nadal e do Grizane Cavour, fixérono descubrir que todo se politizaba. No estranxeiro, declara Alfredo Conde, foi onde atopou o apoio para seguir adiante como escritor. No remate da entrevista e despois de indicarse os numerosos galardóns recibidos pola súa obra *Xa vai o Griffón no vento* fala dos premios literarios e afirma que os premios son bos para a obra e para o autor, pero xeralmente malos para a literatura, sobre todo cando hai inflación deles. Tamén se sinala que aínda que nas súas obras como *Azul cobalto* se ten sinalado que o protagonista, o Marqués de Sargadelos, representa a súa propia soidade, el nunca ten declarado nada ao respecto.





Cuevillas, Florentino, Anxel **Fole** e Luís **García Mañá**, *En galego, agora e sempre*, Vigo: Fundación Premios da Crítica de Galicia, xaneiro 2002, 41 pp. (DL. C-53-2002).

Referencias varias:

- L. R., “Un libro de contos sobre a morte promove o uso do galego nos trámites e actos do pasamento”, *La Región*, “Ourense”, 24 febreiro 2002, p. 9.

Breve nova que dá conta da iniciativa levada a cabo pola Fundación Premios da Crítica e coa que pretende a promoción do uso da lingua galega nos trámites e actos do pasamento poñendo a disposición de quen queira un acta notarial, na que se expresa esa vontade. Sinala que os que desexen apoiar esta iniciativa e expresar a súa vontade de facer os anteditos trámites na lingua galega só terán que asinar a acta anteriormente mencionada. Esta campaña, denominada “Galegos agora e sempre” tamén inclúe a presentación do libro *En galego, agora e sempre*, composto por contos de Fole, Cuevillas e García Mañá.

-María C. Noguerol, “En galego, agora e sempre; unha lingua para despois de nós”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 26 outubro 2002, p. 23.

Ademais de dar conta de diferentes iniciativas levadas a cabo polo Concello de Redondela para favorecer a normalización lingüística no municipio, tamén anuncia a publicación de *En galego, agora e sempre*.

- Helena Villar Janeiro, “Galeguizando o alén”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 1 novembro 2002, p. 3.

Comeza loando o Concello de Redondela na súa arela de dignificar a lingua propia de Galicia e despois alude á publicación de *En galego, agora e sempre*, un “libriño de relatos” que contén achegas de Fole, Cuevillas e García Mañá.

- Manuel Dourado Deira, “En galego, agora e sempre, deica o Alén”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 9 novembro 2002, p. 4.

Alén de reflexionar sobre o Día de Defuntos e sobre a importancia de Xosé González Martínez, Pepe de Redondela, na defensa da lingua galega destácase a edición de *En galego, agora e sempre*, volume que ten "como inspiración a vida e a morte en Galicia".

Cuevillas, Florentino, Ánxel **Fole** e Luís **García Mañá**, *En galego, agora e sempre*, Santiago de Compostela/Redondela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística)/Concello de Redondela, 2002, 41 pp. (DL: C-2363-2002).❿

Ver Cuevillas, Florentino, Ánxel Fole e Luís García Mañá, *En galego, agora e sempre* neste apartado do *Informe*.

Cunqueiro, Álvaro, *As crónicas do Sochantre*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 32, 2002, 172 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-063-4) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-546-4).⓾

Reedición de *As crónicas do sochantre* publicadas orixinariamente en 1965, obra de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), na que se relatan en terceira persoa e a partir duns caderniños atopados, as fantásticas peripecias de Charles Anne Guenolé Mathieu de Crozon, mais coñecido coma o sochantre de Pontivy, que ía nunha carroza para tocar o bombardino –instrumento de vento deste músico de capela– nos funerais do fidalgo de Quelvén. Mentres percorre a Bretaña francesa de finais do século XVIII, o sochantre atópase na carroza con personaxes do alén que falan das súas vidas pasadas. Esta obra está xebrada en dous limiares, máis tres partes –(A carroza), (As historias) e (Os viaxes)– e o "Final", co que sabemos que despois de tres anos con estes personaxes de ultratumba –que acudían ao enterro como parentes do finado–, o sochantre volta á casa da viúva Clementina Marot, que era onde estaba antes deste percorrido do trasmundo, onde non se tiña notado a súa falta pois fora substituído por un dobre. Péchase con dous apéndices: un

“Dramatis personae”, que é un índice onomástico da obra, e mais a “Noticia de Ismael Florito” que amplía a historia narrada anteriormente.

Referencias varias:

-José María López Ramón, “*As crónicas do Sochantre*, de Álvaro Cunqueiro, o martes do *La Voz*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 setembro 2002, p. 56.

Evoca a figura de Álvaro Cunqueiro a través das lembranzas das horas compartidas nas súas visitas a Ferrol. Destaca que a súa amizade “tiña o arrecendo inconfundible que dá o tempo”, que era un conversador pausado e un bo oínte dos que o rodeaban. De *As crónicas do Sochantre* sinala que é unha das súas obras máis peculiares na que consegue “todo o poder de suxestión que parecía terse esquecido”. Considera que nela a fantasía e a erudición “gozan do mesmo predicamento” e que a sensibilidade unida á imaxinación engaiolan ao lector co asombro do que ten entre mans.

- Mario Couceiro, “Un segredo”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 setembro 2002, p. 56.

Lembra a impresión que lle causou a lectura de *As crónicas do Sochantre* de que Álvaro Cunqueiro tivera que visitar con moito tempo a Bretaña francesa para facer unha descrición tan polo miúdo do lugar. Evoca o seu encontro co autor en Ferrol e a conversa na que lle confesa que nunca fora a Francia, senón que para esa descrición contara coa axuda dun plano de estradas Michelín e que para as paisaxes “só tiña que mirar dende as fiestras do meu faiado”. Explica que anos despois unha profesora destas terras cando leu a obra chegou á mesma conclusión ca el, pero que non lle desvelou o segredo.

- Xosé F. Armesto Faginas, “Sempre Bretaña”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 setembro 2002, p. 56.

Comeza sinalando que *As crónicas do Sochantre* son unha das obras capitais da literatura galega, cualificada por Méndez Ferrín como a “noveliña perfecta”. A seguir, achégase ao resto da obra narrativa anterior de Álvaro Cunqueiro, de entre a que destaca obras como

Merlín e familia, *Los tesoros del Donegal* ou o conto “René-la Mort”, dos que evoca algúns dos personaxes. Remata lembrando que Cunqueiro deixou nas páxinas do xornal *La Voz de Galicia* o ensaio do que ía ser a súa novela *A taberna da Galiana*.

Dieste , Rafael, *Dos arquivos do trasno*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 14, 2002, 91 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-016-2) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-517-0).⓾

Colectánea de vinte contos de Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981), con breve limiar do mesmo autor, que fora publicada por primeira vez en 1926, na que se narran historias curtas dende unha perspectiva moi próxima á da literatura tradicional e á da anécdota, na que Galicia e a súa cultura son os motivos temáticos. Os relatos recollidos son: “Sobre a morte do Bieito”, no que se fala das sospeitas do protagonista de teren enterrado a un amigo vivo; “De como se condenou o Ramires”, que narra como un indiano que está a morrer se nega a confesarse; “A volta”, que xira en torno á morte da señora Resenda mentres agarda que volva o seu home da emigración; “A luz en silencio”, que recolle un momento de medo sufrido polo protagonista, só na escuridade da súa casa; “Historia dun xoguete”, no que, a través da historia dun barquiño tallado, podemos deducir a morte do mariñeiro Bastián; “O Vello Moreno”, unha narración escoitada nunha taberna mariñeira; “O vagamundo”, que describe esta figura das vilas costeiras, achegándose levemente á psicoloxía do personaxe; “O vello que quería ve-lo tren”, no que se conta a historia dun

home xa maior que quere ver o tren antes de morrer; “O neno suicida”, un relato fantástico sobre un home que decidiu vivir a súa vida ao revés, nacendo vello e morrendo bebé; “Na morte da Estreliña”, que nos achega á vida cotiá desta nena a través das frases que os máis lle dirixían, sendo estas mesmas frases o único recordo gardado pola nai no momento da morte da rapaza; “O grandor do mundo”, centrado na emigración ilusionada dun barbeiro e a súa volta tan pobre como foi; “Pampín”, que fala da forma de ser deste personaxe do que só se sabe o alcume e que vive para os demais; “Espanto de nenos”, que narra a anécdota do medo que pasa un grupo de nenos cando se decatan de que algo parece observalos dende un furado do teito do vello almacén no que xogan; “Na ponte de ferro”, que recolle a dura vida dun emigrante co único desexo de poñer un quiosco de periódicos “alá nunha praciña que eu sei”; “Nova York é noso”, que é a frase que pronuncia un rapaz de aldea enfadado porque os seus amigos non lle preguntan sobre as aventuras na emigración do seu pai, que chegara ese mesmo día de América; “O caso dos tres fornos”, que narra a arroutada dun home que limpou os tres fornos do barco no que ía empregado; “Once mil novecentos vinteseis”, un relato fantástico que traslada o protagonista a un distante futuro hostil habitado por caníbales, ata que, no momento de máxima tensión, se descobre que todo era un soño; “O drama do cabalo de xadrez”, unha obriña de teatro na que se nos achega o drama do

cabalo branco, que quere ser Xogador de Brancas en contra de toda a xerarquía xadrecística; "Un conto de reis", que recolle o acontecido ao protagonista, xornalista que, buscando inspiración para un conto de Reis, atopa ao estreleiro do Rei Melchor nunha taberna e escoita dos seus beizos a súa historia; e "De como veu a Rianxo unha balea", que narra o recordo do protagonista sobre a chegada a Rianxo dunha balea e as posteriores rivalidades con Vilanova pola súa captura. A maioría destes relatos están narrados en primeira persoa, pero tamén os hai en terceira persoa omnisciente e que presentan un narrador-testemuña dos feitos.

Recensións:

- Camilo Franco, "Dos arquivos do trasno', mañá con La Voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 maio 2002, p. 25.

Artigo no que se debate sobre a modernidade da temática do libro *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, que se entrega ao día seguinte xunto co xornal *La Voz de Galicia* dentro da colección "Biblioteca Galega 120", que este xornal está a desenvolver conxuntamente

con diferentes editoriais galegas. Camilo Franco destaca que, cando se di dun libro que aínda é moderno, é porque “vai superando a proba do calendario”, e isto é o que acontece coa obra de Dieste que está a tratar. Tamén indica este xornalista que, na súa primeira edición, *Dos arquivos do trasno* “reunía relatos breves publicados en xornais”.

Darío Villanueva, “Nos alicerces”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 maio 2002, 25.

Darío Villanueva analiza neste artigo a obra *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, dende un punto de vista moi formal e analítico, comparándoa coa creación poética de Rosalía de Castro. Villanueva di que Dieste trata os temas máis característicos da literatura galega canónica: “a morte, a saudade e a morriña, a presencia viva dos defuntos [...], o misterio e, mesmo, a emigración. Tan só se bota en falta a dimensión do pesimismo metafísico [...] e a temática relixiosa.”. Tamén se destaca esta obra do autor rianxeiro como transformadora de dous substratos populares galegos: a estructura do relato oral e a “peculiar concepción da realidade que transcende os límites do obxectivo”. Finalmente, o

nese momento rector da Universidade de Santiago, tenta dar unha explicación do título outorgado por Dieste a esa colectánea de contos que constitúe *Dos arquivos do trasno*.

Referencias varias:

- Xesús Santos, “Clarividencia”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 maio 2002, p. 25.

Sentido artigo no que Xesús Santos, amigo persoal de Rafael Dieste, lle fai unha homenaxe agradecéndolle, en primeiro lugar, que lle dedicase a primeira edición de *Dos arquivos do trasno*, que é a que reeditan agora *La Voz de Galicia* e a Editorial Galaxia dentro da colección “Biblioteca Galega 120”. Pasa despois o autor a recordar os anos cincuenta, de tanta tebra cultural, a representación que fixo o grupo *Airiños*, de Asados (do que Xesús Santos formaba parte) de *A fiestra baldeira* e como, anos despois, comentou esta montaxe co propio autor. Finalmente, Xesús Santos dedica case a totalidade da última columna a recordar a morte de Dieste, no 1981, mesturando a recreación dos feitos con fragmentos da obra do rianxeiro.

Fernández Ferreiro, Xosé, *Agosto do 36*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 67, 2002, 154 pp. (ISBN: 84-8302-782-8).

Nova edición revisada polo autor da novela de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), publicada por primeira vez en 1991, ano no que gañou o Premio Xerais de Novela. Está baseada nun feito real acontecido en Abades (Ourense) e nela nárrasenos o sufrimento e morte de Sara, a mestra rural. Dividida en dúas grandes partes con títulos temáticos, "O cerco" e "A execución", a historia está narrada en terceira persoa omnisciente e comeza adiantando o final da historia cun estilo narrativo moi semellante ao da anécdota, nunha sorte de prolepse que dará pé á narración da historia dende os seus inicios. Todo xira arredor da aparición dos corpos de Sara e Gregorio, mestres rurais, torturados e asasinados nun piñeiral preto do pobo no que se localiza a acción. Froito de inimizades persoais, comezado o conflicto do ano 36, os falanxistas ameazan con prender ao mestre, acusándoo de comunista e ateo. Coñecedor da ameaza, Gregorio foxe ao monte ata que os falanxistas deciden secuestrar a Sara, que está preñada, e utilizala como cebo para atraer a Gregorio

cara á súa morte. Despois de días angustiosos nos que Sara permanece atada a unha árbore, sendo ameazada de morte e de violación, esta comunícase mentres tanto con Gregorio a través dun código secreto baseado en cantos de paxaros que ambos coñecían. Finalmente, Sara é asasinada e Gregorio aparece morto preto dela, suicidándose para evitar a tortura. Edicións Xerais de Galicia introduce nesta sétima edición de *Agosto do 36* as primeiras modificacións realizadas na novela polo seu autor dende a data da publicación orixinal. Cómpre destacar con respecto á primeira edición uns mínimos cambios léxicos, estilísticos e tipográficos, entre os que sobrancea a inclusión dunha especie de leitmotiv, a frase “Seguía a sentirse no aire aquel permanente e misterioso zunido”, e a intensificación do dramatismo da obra mediante amplificacións do discurso ao longo da narración.

Fernández Ferreiro, Xosé, *Agosto do 36*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 77, 2002, 171 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-051-0) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-844-1).

A colección "Biblioteca Galega 120" de *La Voz de Galicia* inclúe no seu número setenta e sete a novela de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), premio Xerais de Novela 1991, que se publicou por primeira vez nese mesmo ano e que aparece descrita neste apartado do *Informe*.

Recensións:

-E. Santander, "Un rexo escritor", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 12 agosto 2002, p. 46.

Comeza o artigo falando das obras de Xosé Fernández Ferreiro, nas que se trata o tema da Guerra Civil Española, entre as que están *Agosto do 36*, *A ceo aberto*, *A fraga dos paxaros salvaxes* e *O atentado*. De *Agosto do 36* destaca que está baseada nun feito real acontecido

en Abades, Ourense, en agosto do ano 1936. Tras ofrecer unha breve mostra do narrado na novela, fálase do seu dramatismo e do carácter cinematográfico da súa técnica constructiva. Finalmente, Santander considéraa, xunto con *Golfaróns de sangue* (1989) e *O silencio redimido* (1976), unha das mellores novelas galegas sobre a guerra de 1936.

- Rafael Pillado, “La Voz entrega mañá ‘Agosto do 36’, unha historia sobre a represión”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 agosto 2002, p. 46.

Columna que fala do argumento histórico de *Agosto do 36*, obra escrita por Xosé Fernández Ferreiro e na que se fala dos problemas da represión franquista e dos abusos que os soldados nacionais exercían sobre o pobo con calquera escusa, mesmo vinganzas persoais. Este é o caso narrado en *Agosto do 36*, obra da que Rafael Pillado destaca que os personaxes de Gregorio e de Manuel representan, respectivamente, s víctimas e os opresores. Para rematar o artigo e baixo o título á parte de “Outra víctima”, Rafael Pillado fala do caso real de Josefa Vigo no ano 1938, que foi violada e asasinada nun piñeiral por un mozo ao que rexeitara sendo nova e que, nese momento, se quixo vingar dela por ter casado con outro home na emigración, un caso moi semellante ao narrado neste libro.

- Xosé Manuel Salgado, “Para non esquecer”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 12 agosto 2002, p. 46.

Fala Xosé Manuel Salgado do narrado en *Agosto do 36*, de Xosé Fernández Ferreiro, ao que cualifica como "soberbio narrador, brioso e sen ambaxes", nunha obra na que sinala que conseguiu retratar un episodio dunha realidade atroz, que el transfigurou nun texto literario co que transcende a historia cara a calquera tempo e calquera país. Tamén destaca a literariedade do texto, así como o seu carácter de novela de suspense con base histórica e a importancia do personaxe no que se personifica todo o fascismo intransixente e asasino daqueles anos.

Referencias varias:

-Luís Pousa, "En Galicia non houbo Guerra Civil, só unha terrible represión", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 12 agosto 2002, p. 47.

Entrevista realizada a Xosé Fernández Ferreiro, autor de *Agosto do 36*, novela que publicou *La Voz de Galicia* dentro da colección “Biblioteca Galega 120”. Sobre o éxito desta novela, Ferreiro pensa que, aínda que non é a súa mellor narración, si é a de máis éxito porque toca o tema da Guerra Civil, que é algo que afectou a todas as familias galegas, e porque é a única de toda a literatura galega que trata o tema dos “paseos” dende o inicio ata o final e tamén das vinganzas, sentimento moi arraigado no ser social galego. Finaliza a entrevista evocando os recordos que o autor garda daqueles anos e agradecendo que os tempos cambiasen dende aquel agosto do 36.





Filgueira Valverde , Xosé, *Quintana viva*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 49, 2002, 109 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-064-2) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-544-8).

Recóllense neste número da colección “Biblioteca Galega 120” cincuenta relatos breves, repartidos en catro seccións (“Os nenos”, “Artistas aldeáns”, “Obradoiro” e “Os nomeandeiros”), que Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) tiña publicado en diversas ocasións. De feito, este autor vinculado á Xeración do Seminario de Estudos Galegos xa dera ao prelo en Lar (1925), de forma independente, a que constitúe hoxe a primeira sección de *Quintana viva*. En 1971, a Editorial Galaxia recolle as narracións de *Os nenos* e mais outros contos escritos con posterioridade baixo o título de *Quintana viva*, edición que sería revisada en 1990 e coñecería aínda outra impresión en dous volumes a cargo de *Diario 16* (1991). Ademais, na introducción autorial explícase que existiron outras escolmas que recolleran algúns destes relatos (*Grial*, *Galego 1*, etc.). Canto ao contido do libro, cómpre destacar que os múltiples personaxes retratados proceden do ámbito tradicional e popular e que as narracións seguen, como se recoñece dende o limiar, un “feitío” propio do Castelao de *Cousas*: trátase do desenvolvemento de pequenas situacións,

por veces anécdotas sen maior transcendencia en si, mediante unha prosa poética que deixa pasar a emotividade do narrador, moi a miúdo autodiexético.

Recensións:

- Isidoro Rodríguez, “Unha conversa tranquila”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 19 agosto 2002, p. 39.

Considérase a Xosé Filgueira Valverde como un home polifacético e importante dentro da cultura galega. Alúdese ao seu carácter amábel e aberto e destácase o seu libro de relatos, *Quintana viva*, do que se explica que recrea temas populares, como a vida e personaxes da aldea, a través dunha visión clara e concisa. Destaca a identificación que logra no lector ao integralo nas preocupacións do narrador e facelo partícipe dos seus sentimentos. Do seu estilo di que sobrancea polo realismo e a “frescura”.

Referencias varias:

- Álvaro Lago, “La Voz ofrece mañá ‘Quintana viva’, a reflexión de Filgueira sobre o tempo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 agosto 2002, p. 39.

Aproximación á figura de Xosé Filgueira Valverde, intelectual prolífico, moi vinculado á cultura galega. Fálase da importancia das súas obras e dáse unha relación dalgúns dos seus traballos sobre literatura, historia, biografías, etc. Finalmente, cítase o seu libro de contos *Quintana viva.*

- Xosé Fernando Filgueira Iglesias, “Lembranza de Filgueira”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 19 agosto 2002, p. 39.

Recóllense as reflexións de Xosé Fernando Filgueira Iglesias, fillo do escritor, que achega datos biográficos de seu pai, dende a infancia ata o seu contacto co mundo rural. Salienta que *Quintana viva* foi escrita en dúas fases diferentes: unha primeira titulada *Os nenos*, publicouse en Pontevedra en 1925 e estaba dedicada aos nenos de Irlanda, mentres que a segunda e terceira parte desta obra foron escritas posteriormente cunha prosa poética.

Fole, Ánxel, *Terra brava*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 33, 2002, 320 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-044-8) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-543-X).

Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) publicou no ano 1955 a súa obra *Terra brava*, reeditada nesta ocasión, por *La Voz de Galicia* e a Editorial Galaxia na súa colección “Biblioteca Galega 120”. A obra está dividida en varios apartados titulados “Solaina”, “O arreguizo”, “As trasnadas de Toño”, “Tres historias do pazo de Lucencia”, “Por us pelos”, “Cara de lúa”, “O corpo do delito”, “En cada vida o seu misterio” e “A estadea i o urco”. Trátase dunha colección de contos nos que o autor imita as maneiras narrativas da tradición oral popular e inclúe toda unha serie de elementos parapsicolóxicos tomados ben das súas lecturas, de experiencias vividas ou ben das crenzas e lendas galegas. Así mesmo, *Terra brava* constitúe unha queixa do autor polo atraso no que viven os habitantes das terras do Incio, á vez que unha denuncia dos abusos dos caciques da época.

Recensións:

- Claudio Rodríguez Fer, “Terra brava’, o trasmundo da Galicia rural escrito por Fole, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xullo 2002, p. 30.

Afírmase que Ánxel Fole, en *Terra brava*, describe unha paisaxe con figuras e, ao mesmo tempo, denuncia “as pésimas condicións da dura vida no campo”. Así mesmo, sinala “as súas causas, dende o abandono secular do agro por parte dos poderes establecidos ata o abuso caciquil imperante no medio rural”. Ademais, continúa, a obra de Fole ten como característica principal a presencia de “elementos parapsicolóxicos, ben tomados de lecturas ou de experiencias vividas (...) ou ben procedentes de crenzas ou lendas galegas”. Para rematar, comenta que os contos de *Terra brava* “parecen escoitados e teñen a autenticidade da vida”.

- Fernando Salgado, “Realidade máxica”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 10 xullo 2002, p. 30.

Inicia o artigo cunha poética descrición da atmosfera foleana, caracterizada polo “lume esmorecente e a tatexante lus do candil que debuxa sombras chinesas na cantería da torre do Courel, a píngona néboa luguesa agrisada pola raiola escuchimizada da farola, as serras de Quiroga ou as noites de invernía nas que zoa o vento e ouvean os lobos”. A seguir, o articulista afirma que os personaxes describen os escenarios paisaxísticos e humanos, ao mesmo tempo que abren “as portas do trasmundo, a realidade máxica dunha terra ateigada de vivencias misteriosas, crenzas míticas e vellas supersticióńs”. Para rematar, comenta que *Terra brava* é un “libro de fantasmas, de premonicióńs, de crimes e de difuntos”.

- María Lopo, “Tempo da palabra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xullo 2002, p. 30.

Ofrécese un breve resumo do contido da obra de Ánxel Fole, *Terra brava*. Coméntase que ao autor lle interesa todo, “o ton dunha conversa, o nome dun lugar, a intelixencia da criada, o tronco do castiñeiro, as trasnadas dun neno, os faladoiros dos homes de poder, o porqué dunha lenda”. Así mesmo, tamén lle interesan os autores románticos franceses como Hugo, Sand ou Musset.





Freixanes, Víctor F., *A cidade dos Césares*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 83, 407 pp. (ISBN: 84-8302-841-7).

Nova edición desta obra de Víctor F. Freixanes que no ano 1992 acadou o premio TorrenteBallester, que se presenta como a definitiva. É unha novela histórico-épica que conta a masiva migración do pobo galego cara ás Américas e está ambientada no século XVIII. Trátase dunha novela chea de lirismo que dun xeito moi humano presenta a vida e costumes da xente na emigración, que evoca o sentimento por unha patria e a dor que supón vivir na distancia. A novela aparece narrada en boca dun defunto, Basilio Vilariño, que xunto co seu compañeiro de viaxe, Chinto de Muras, nos van contando os quefaceres, fazañas e andanzas destes emigrantes.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "A versión definitiva dunha epopea fundacional", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 27 outubro 2002, p. 3.

Neste artigo, Martínez Bouzas lémbranos nun primeiro momento que *A cidade dos Césares*, de Víctor Freixanes mereceu no ano 1992 o premio literario Torrente Ballester. Segue loando o esmerado traballo que presenta Freixanes nesta súa obra así como a riqueza do léxico empregado. Di que a historia encerrada nestas páxinas é a historia dun pobo, o galego, que enganado polos funcionarios da coroa marcha no século XVIII cara a América buscando unha vida chea de luxos e benestar.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Libros”, 10 outubro 2002, p. V.

Entre as novidades editoriais que se acollen neste apartado atopamos *A cidade dos Césares*, de Víctor Freixanes, unha novela que cualifica de “témera, desacougante, torrencial, ateigada de lirismo e humanidade”. Achégase ao argumento que caracteriza por ser a historia dun soño protagonizado polas familias que embarcaron da Coruña cara á

Patagonia, nunha edición revisada e corrixida polo autor. *Salseiros* (2001), de Francisco Calo Lourido é descrita como un conxunto de catorce relatos caracterizados pola presencia do mar e da súa xente. Remata achegándose á traxectoria do autor.

- Beatriz Abelairas, “El adiós a otro maestro, bienvenidas a granel”, *Qué leer día a día*, nº 70, “Otras letras”, outubro 2002, p. 26.

Ver Fernández Pintos, Xulio, *A lenda do embruxado e outras historias*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Freixanes, Víctor F., *A cidade dos Césares*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 86, 2002, 395 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-051-0) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-845-X).⓾

Obra de Víctor F. Freixanes (Pontevedra, 1951), publicada inicialmente en 1993. A presente edición, que se publica dentro da colección "Biblioteca Galega 120" co número oitenta e seis, toma o texto da versión definitiva que apareceu en Edicións Xerais de Galicia no ano 2002, polo que o seu contido pode consultarse neste mesmo apartado do *Informe*.

Recensións:

- Xosé Manuel G. Trigo, "Normalización mítica", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 14 agosto 2002, p. 42.

Indica que a novela *A cidade dos Césares*, de Víctor F. Freixanes require do lector a vontade inicial de comprender a súa estructura, como por exemplo o narrador, que é o defunto Basilio Vilariño. Xustifica este recurso pola súa rendibilidade épico-simbólica. Afirma

que Freixanes non quixo facer unha novela realista, senón que busca máis alá da realidade e restaura as estructuras míticas das que fomos expropiados. Propón finalmente que en lugar de esixir a normalización lingüística o fagamos da “normalización mítica” para coñecer os contidos épicos do noso inconsciente colectivo. Lembra as palabras de Richard Ford nas que cualifica unha obra de grande cando esta fai de nós outra persoa, o que el ve que ocorre con *A cidade dos Césares*, de Víctor F. Freixanes.

Referencias varias:

- Breogán Riveiro, “Víctor F. Freixanes narra a épica dos colonizadores galegos da Patagonia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 agosto 2002, p. 42.

Describe ao autor como “elegante, reflexivo, culto, dialogante e razoable”, á vez que lembra unha entrevista que lle realizara na que lle resultaba difícil desbotar algo. Da reedición de *A cidade dos Césares*, sinala que é unha “epopea tráxica, durísima, densa, abafante” de lectura nada doada, na que se somerxe o lector na agonía de todo un pobo. Remata

sinalando que a novela, do mesmo xeito que a realidade da emigración galega á Patagonia non é “complaciente” senón que deixa ao descuberto a historia daqueles “malpocados”.

- Camilo Franco, “O meu primeiro impulso para escribir é a curiosidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 agosto 2002, p. 43.

Conversa con Víctor F. Freixanes, con motivo da publicación, dentro da colección “Biblioteca Galega 120”, da obra *A cidade dos Césares* . Comenta que o feito de ser recoñecida co Premio Torrente Ballester acelerou o seu proceso de publicación, malia ser consciente dalgunhas eivas. Sinala que cando se esgotou foi adiando a súa revisión ata o de agora e que a entrada é dificultosa para o lector, pero que unha vez dentro se ve plenamente involucrado nesta novela coral sobre un colectivo humano. Refírese ao seu protagonista e aos dous planos nos que se desenvolve, á rigorosidade que mantén coa historia, posto que “o 90% dos feitos, o 80% dos personaxes” son reais e están documentados. Considera que malia os traballos xa feitos, está sen escribir a gran novela galega sobre a emigración e que o manexo de tanta información histórica é un risco para o escritor. En columna á parte alude a cuestións relacionadas co seu labor como director na Editorial Galaxia.

-Carlos Gómez, “Tender pontes”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 14 agosto 2002, p. 42.

Reflexiona sobre a materia que lle serve a un pobo para fundamentar a súa identidade colectiva, que no caso galego é abondosa para as epopeas literarias. Considera que neste plano temático é onde se sitúa a novela de Víctor F. Freixanes, *A cidade dos Césares*, unha obra na que destaca as xentes anónimas que a protagonizan e a linguaxe de estilo coidado e complexo, con abondosos topónimos e palabras de América, que fan desta novela “unha obra que tende pontes entre dúas culturas que no seu momento foron estrañas, pero que agora teñen moito en común”.





García Barros, Manuel, *Contiños da terra*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 21, 2002, 200 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-023-5) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-794-1).⓾

Reedición de *Contiños da terra*, libro de relatos de Manuel García Barros (A Estrada, 1876-Callobre, 1972), que apareceu publicado por primeira vez en 1931. Os cincuenta e catro contos dos que consta o libro van precedidos dunha introducción que o autor elaborou para a primeira edición no ano 1930. Nela, dá conta da andaina que comezaba a emprender a literatura galega na primeira década do século vinte e loa a figuras como Otero Pedrayo, Vicente Risco e Villar Ponte, aínda sen deixar de recoñecer o labor feito polos precursores décadas antes. Así mesmo, sinala que decidiu escribir contos como unha forma de dar a coñecer a súa mensaxe, sen atopar contratempos por parte da censura, e tamén, para familiarizar o pobo coa lingua e afeccionalo á lectura. Por outra parte, ofrécese unha segunda introducción escrita en 1952, na que fala sobre a boa aceptación do libro entre a xente e sobre as causas que el considera que foron as que propiciaron esa boa acollida, principalmente, a idea de que o libro foi pensado para o pobo, contando aquilo que máis lle interesaba. Finalmente, preséntanse os relatos, xeralmente breves e de raigame costumista,

ambientados no contorno rural no que viviu o autor. Neles recóllese a narración dun caso ou anécdota chocalleira cun estilo sinxelo e eficaz, evitando o compromiso social explícito. Os temas que toca invitan o lector a reflexionar sobre eles, como a emigración, a cultura, as crenzas, o caciquismo, etc.

Referencias varias:

-Carlos Loureiro Rodríguez, “Contos do e para o pobo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xuño 2002, p. 52.

Cualifícase a obra *Contiños da terra* como o reflexo do conto popular que transmite a esencia do pobo. Coméntase que o aspecto formal, aínda que está nun segundo plano, cobra importancia na totalidade da obra. Por outra banda, sinálase que o libro tiña, no seu momento, unha finalidade didáctica, co obxectivo de invitar á reflexión as xentes, e manter o contacto destas coa lingua galega. En canto aos temas que tocou Manuel García Barros destacan o caciquismo, as crenzas, a emigración e a cultura, entre outros.

- Xoán Carlos Garrido, “La Voz entrega mañá a obra de Manuel García Barros ‘Contiños da terra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xuño 2002, p. 52.

Faise un achegamento á obra e á figura de Manuel García Barros. Saliéntase de *Contiños da terra* a capacidade de rexistrar toda a riqueza do noso pobo e a retranca galega das súas xentes. En canto á súa persoa, destaca o seu traballo como mestre e a súa loita antifranquista.

-Xosé Porto Matalobos, “Un ronsel de integridade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xuño 2002, p. 52.

Repaso da traxectoria de Manuel García Barros dende os seus comezos como xornalista nas páxinas de *El Emigrado*, da Estrada nos anos vinte. Sinala que *Contiños da terra* foi o seu primeiro libro que publicou en 1930 a editorial Nós, e logo foi reeditado en Buenos Aires en 1952. Destaca o éxito acadado e a calidade das ilustracións de Colmeiro, Castelao ou Virxilio Blanco, entre outros. Lembra que logo escribiu *As aventuras de Alberte Quiñoi* no que o autor está sensibilizado con outros temas, xa que nel relata as memorias dun rapaz

aldeán. Remata sinalando que o recoñecemento deste escritor chegou moi tarde, mesmo o seu ingreso na Real Academia Galega.

Gonsar, Camilo, *Cara a Times Square*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 60, 2002, 161 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-082-0) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-879-4).



Recensións:

- Xavier R. Baixeras, “A obra dun humanista”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 18 decembro 2002, p. 50.

O escritor fai unha crítica de conxunto á obra de Camilo Gonsar, cualificándoa de “humanista”. Con este termo quérese referir non tanto ao saber erudito e multidisciplinar, que por outra parte considera “tan brillante como estéril”, senón máis ben á “pescuda en torno á subxectividade do home contemporáneo”. Sinala que a narrativa de Gonsar se tería complicado progresivamente dende un obxectivismo inicial cara a unha cada vez máis turbadora e sutil ambigüidade, situándose nos límites entre realidade e ficción e deseñando uns personaxes á procura da súa identidade. Remata advertindo que o devandito non supón que a de Gonsar sexa unha “obra evasiva”; pola contra, nalgúns libros obsérvase un “humanismo crítico, mesmo demoledor” en que a realidade do país está abertamente presente.

-Xosé Luís Franco Grande, “Un clásico anovador”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 18 decembro 2002, p. 50.

O escritor e académico, concedéndolle a Camilo Gonsar a condición de “clásico”, sitúa o autor de *Cara a Times Square* dentro das correntes de modernidade dos anos 50 e 60, onde ocupa “un posto sobranceiro”, nomeadamente con esta novela. Esta, segundo di, é “unha narración ascética na forma, ambigua no fondo e toda ela chea de sorpresas”. Remata facendo unha comparación entre a literatura anterior (tradicional) e a de Gonsar, resultando dela non unha negación pero si un adianto, pois o mencionado novelista dá “un paso máis alá” con respecto ao que se facía nos 50.

Referencias varias

- Jorge Lamas, “O final do libro constrúe o regreso dun mundo cheo de hipóteses”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 decembro 2002, p. 51.

Nesta entrevista o xornalista dirixe a conversa, ao comezo, cara á interpretación de *Cara a Times Square*, que para o autor é "unha escusa para formular unha serie de cuestións que transcenden á historia mesma". Así, Gonsar, mesmo sostendo que "o autor non é o máis indicado para xulgar a súa obra", admite que se trata dunha novela que rompe coa narración tradicional (aínda que non quixo ser hermético), polo que se relaciona "co que se chamou nova narrativa". Destácanse a ausencia de nomes propios, o feito de os protagonistas se recoñeza como galegos a través do polbo, e o significado do final, optimista, como "regreso dun mundo cheo de hipóteses". Despois sucédense cuestións ao redor do traballo actual do escritor e da difusión da súa obra, que considera escasa aínda que afirma non se molestar con ese feito xa que "os lectores son minoritarios" e desconfía das vendas masivas. Comenta Gonsar cómo foron os seus comezos literarios, con referencias á censura e á súa toma de contacto co galeguismo, a través de Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro. Por último, menciónase a súa daquela recente incorporación á Real Academia Galega e inquírese acerca do tema do discurso de ingreso.

- Ruth Fernández Fernández, "La Voz entrega 'Cara a Time Square', unha viaxe interior por Manhattan", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 decembro 2002, p. 50.

Resúmese o argumento de *Cara a Times Square*, de Camilo Gonsar, trazando un certo paralelismo con Dante e destacando o estilo directo e a forma epistolar que a caracteriza xunto coa súa ambigüidade, “como ambiguo é o ser humano”. Trátase dun relato “entre o esquecemento e a memoria” e “na fronteira entre a realidade e o mundo da ensoñación”, no que o distanciamento é un factor clave: os narradores (o Traductor, o Narrador, o Belga) vanse cedendo a palabra como no xogo das caixas chinesas ou das bonecas rusas. Por último, sublíñase o nihilismo propio da década dos 60 que transcende da novela e afírmase que supón un xiro dentro da Nova Narrativa.





González, Xoán Xesús, *A modelo de Paco Asorei*, ed. de Marcos Seixo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 51, 2002, 250 pp. (ISBN: 84-8302-834-4).

Edición que Marcos Seixo Pastor fai da novela *A modelo de Paco Asorei*, de Xoán Xesús González (Cuntis, 1895-Santiago, 1936), que foi publicada por primeira vez en 1933. A novela está composta por vinte capítulos nos que Diego de Longarela, narrador e protagonista principal, narra ao seu sobriño unha historia de amor ambientada nos inicios do século XX. O argumento é a historia de amor que o narrador mantivo con Lucinda de Gundisal durante os seus anos universitarios, que durou dous meses e que finalizou por presións da familia dela. Os amantes atópanse quince anos despois en Madrid e reinician a relación, pero el desaparece deixando unha nota na que presupón que o encontro forma parte dunha vinganza. Ao final da peza reaparecen Diego de Longarela e o seu sobriño, de xeito que a novela presenta unha estructura narrativa circular. A novela inclúe, ademais, un pormenorizado estudio do editor, un apéndice no que recollen tres textos políticos do autor: “En pé campesiños”, “Unión socialista Gallega” e “Unión Socialista Gallega ante los agrarios” e un glosario.

Recensións:

-Xosé Feixó, “Recuperar unha novela”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 12, 3 outubro 2002, p. V.

Comeza destacando a importancia de recuperar unha obra como *A modelo de Paco Asorey*, de Xoán Xesús González, publicada en 1933 pola editorial Nós. Desta segunda edición destaca a actualización lingüística e o estudio introductorio de Marcos Seixo, no que distingue tres partes: a biografía do autor, a análise da súa obra e o estudio desta novela. Do aspecto biográfico salienta o autodidactismo e a defensa da causa galeguista levada a cabo por Xoán Xesús González, que o levou a ser fusilado en 1936; da súa obra as diversas vertentes cultivadas: xornalismo, ensaio, poesía, teatro e narrativa; mentres que na achega a esta novela se presta atención ao espacio, tempo, personaxes e lingua. Remata sinalando que bota en falta unha revisión lingüística e felicitando aos responsables desta iniciativa.

-F. Martínez Bouzas, “A recuperación dunha novela erótica galega de 1933”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 13 outubro 2002, p. 3.

Comeza o seu comentario da reedición de *A modelo de Paco Asorei*, de Xoán Xesús González, destacando o autodidactimos do seu autor e o seu labor a prol do galeguismo e do republicanismo da súa época. Do contido da obra explica pormenorizadamente o argumento arredor dunha trama amorosa entre un mozo humilde, chamado Diego, e a moza de condición aristocrática, Lucinda de Gundisal. Destaca a ambientación na cidade de Santiago de Compostela, a abondosa descrición e a profundidade coa que son descritos os personaxes principais. Do mesmo xeito, tamén salienta que a trama argumental romántica por veces roza o erotismo, co que tenta achegar a literatura escrita en lingua galega ao lectorado culto, urbano e castelán falante da súa época, e emprega para iso a ambientación urbana e unha lingua culta e enxebre. Remata sinalando que esta edición e o estudio introductorio é de Marcos Seixo.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, “Libros”, 19 setembro 2002, p. V.

Ver Fernández Ferreiro, Xosé, *Millo verde* no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

- A. N. T., “Primeira homenaxe a Xoán Xesús González 66 nos despois do seu fusilamento”, *A Nosa Terra*, nº 1.048, “Cultura”, 19-25 setembro 2002, pp. 25.

Dá conta da homenaxe a Xoán Xesús González que tivo lugar o 12 de setembro e que foi organizada pola Asociación Cultural O Meigallo, na que participaron diferentes entidades e asociacións culturais. Comenta que esta actividade forma parte dunha iniciativa da asociación organizadora mediante a cal se pretende divulgar a figura do autor de *A modelo de Paco Asorey*, que foi un militante dos movementos progresista e nacionalista que morreu fusilado no cemiterio de Boisaca en 1936. Informa, ademais, do ciclo de conferencias “A adversa reconquista da palabra”, organizado pola Asociación Cultural Maio Longo de Pontevedra, coa que se quere conmemorar o cincuenta aniversario da denuncia do

intelectualismo vasco, galego e catalán pola situación que vivían as súas linguas diante do ingreso do Estado Español na UNESCO. Sinálase ademais que no marco deste ciclo, Marcos Seixo (editor de *A modelo de Paco Asorey*) pronunciará unha conferencia sobre Xoán Xesús González.

-Marcos Valcárcel, “Xoan Xesús Gonzáles”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 25 setembro 2002, p. 69.

Informa da reedición da novela de Xoán Xesús González, *A modelo de Paco Asorey* e apunta que o seu autor foi cofundador da Unión Socialista Gallega e que publicou artigos de interese no xornal *La Zarpa*, probabelmente animado por Roberto Blanco Torres. Tamén se achega ao argumento da obra e destácase o amplo estudio biográfico do autor feito por Marcos Seixo.

-Xosé Lois García, “Xoán Xesús González”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 3 outubro 2002, p. 3.

Tomando como pretexto a nova edición de *A modelo de Paco Asorey*, o articulista fai un repaso pola traxectoria vital de Xoán Xesús González, atendendo sobre todo á súa actividade política e intelectual.

-Carlos L. Bernández, “Unha novela perdida na néboa bélica de 1936”, *A Nosa Terra*, nº 1.050, “Cultura”, 3-9 outubro 2002, p. 27.

Ademais de reflexionar sobre a época na que foi escrita a obra, a falta de recoñecemento dalgúns autores como Xoán Xesús González, dá conta da reedición da súa obra *A modelo de Paco Asorey*, que avalía positivamente por que supón unha promoción do seu autor, que foi silenciado e asasinado polo fascismo. Repasa brevemente a súa actividade política e xornalística, e achégase ao volume editado por Marcos Seixo, do que sinala que ademais da novela inclúen tres textos políticos-ideolóxicos.

Iglesias, Bieito, *Miss Ourense*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 97, 2002, 204 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-062-6) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-545-6).

Reedición da colección de relatos que baixo o título *Miss Ourense* publicou Bieito Iglesias (Coles, Ourense, 1957). Trátase dun feixe de narrativas policiais, composto polos relatos "Luanda", "Miss Ourense", que dá título á obra, "A cruz de prata" e "O que enganan as iguanas", no que se recrea o Ourense dos anos 60 do século XX a través dun fío conductor concentrado na historia de Gumersindo Nespereira, un inspector de policía caracterizado cos trazos do antiheroe da figura literaria de Carvalho. Na colección reflíctese unha época, a do escándalo do metílico en Galicia, que colle substancia por medio de persoeiros ourensáns de arrabaldes e que trata de explicar, en clave de novela negra, a remanencia dunha memoria colectiva deturpada pola emigración, a piedade ou unha melancolía inzada polas veas dun barco que se impulsa polos procederes dos heroes tradicionais galegos.

Referencias varias:

-Alfredo Martínez, “Difícil de esquecer”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 28 agosto 2002, p. 35.

Texto no que se emparenta *Miss Ourense* coa traxectoria e os personaxes literarios policiais anteriores, destacándose Bieito Iglesias como “creador dun destes tipos memorables”. Céntrase en Gumersindo Nespereira, o protagonista da novela, pondo de manifesto o espacio e o tempo que se presenta tras del. Conta, ademais, algún exemplo da súa historia, incidindo en que se trata dun antiheroe retranqueiro.

-Juan Fonseca Moretón, “La Voz entrega mañá un volume con catro relatos policiais de Bieito Iglesias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 agosto 2002, p. 35.

Colaboración xornalística na que, ademais de rescatar a traxectoria profesional e literaria do autor, se pretende salientar o parentesco do escritor Bieito Iglesias co espacio de Ourense, un espacio que utiliza para situar a trama dos relatos que compoñen *Miss Ourense*. Destaca o ambiente, os personaxes e o modo de vida dun Ourense que, neste caso, é usado para o desenvolvemento do argumento dunha novela negra en clave galega.

- Óscar Iglesias, “Periferia Nespereira”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 28 agosto 2002, p. 35.

Artigo no que recorda a boa recepción que a crítica do momento realizou sobre *Miss Ourense*, de Bieito Iglesias, no se pon de manifesto o xénero ao que pertence a novela, o negro, e que incide na expresión dun traballo que se sitúa nunha “literatura nacional” quen de conducir a cultura a unha parcela da identidade comunitaria.

-Xesús Fraga, “O xénero policial aportou normalidade á literatura galega”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 28 agosto 2002, p. 36.

Entrevista na que Bieito Iglesias explica a xénese de *Miss Ourense* e incide na xustificación dun xénero, o negro, que para el veu normalizar a literatura galega do momento. Recupera parte da temática da súa obra para salientar o espacio no que situou a historia, o tempo que quixo retratar e, finalmente, confesa a afección que desenvolveu pola literatura policial de Conan Doyle e o seu personaxe Sherlock Holmes, xa que, como el mesmo expresou, “esta

literatura o que fai é encher as carencias da vida real, e esa evasión non me parece mal. É como os soños: unha forma de cumprir os nosos desexos".

Labarta Pose, Enrique, *O tío Miseria e outros contos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 15, 2002, 100 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-015-4) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-518-9).❿

Reedición da obra de Enrique Labarta Pose (Baio, Zas, 1863-Barcelona, 1925), *O tío Miseria e outros contos*, que inclúe oito relatos breves titulados "O tío Miseria", "O sacreto do tío Sanfona", "A íngoa pequena", "O rei que rabiou", "A compaña", "O libro de San Ciprián", "Na romaría da Barca" e "Alegría que pasa". Neles, o autor reflicte, por medio da ironía, a retranca, o desenfado e a fantasía literaria, a vida tráxica do protagonista, o tío Miseria. Así mesmo, cómpre sinalar que o humor e, sobre todo, o compromiso do autor están presentes en toda a obra. Doutra banda, destaca tamén a habilidade narrativa do autor, así como o emprego dun rexistro lingüístico ligado á máis fonda tradición popular.

Referencias varias:

- Jorge Mira Pérez, "La Voz entrega mañá o libro de Labarta Pose, 'O tío Miseria e outros contos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 maio 2002, p. 52.

Amplo comentario sobre *O tío Miseria e outros contos*, de Labarta Pose, reeditado pola colección Biblioteca Galega 120 de *La Voz de Galicia*, coa colaboración de Galaxia. Afírmase que a obra "é un claro expoñente do terceiro trazo definitorio de Labarta: a vea humorística e satírica, quizais a que o fixo máis coñecido". Para rematar, ofrece unhas breves notas biográficas sobre o autor.

- Luís Lamela, "Retranca galega", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 27 maio 2002, p. 52.

Comeza o artigo cuns breves apuntamentos sobre Enrique Labarta Pose. Cítanse, a seguir, algunhas das revistas das que foi fundador e/ou colaborador como *Galicia Humorística*, *La Pequeña Patria*, *Extracto de Literatura*, *Pasatiempos* ou *Galicia Moderna*. A seguir, alúdese ao seu libro *O tío Miseria e outros contos*, no que "destacan ademais do desenfado, a ironía, a retranca e a fantasía literaria, o compromiso envolto cun fino humor cos desherdados".

- Xosé Manuel Varela, “Fortuna do tío Miseria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 maio 2002, p. 52.

Comentario da obra de Labarta Pose, *O tío Miseria e outros contos*, e afírmase que "humorismo, sátira, tradición, habilidade narrativa e un rexistro lingüístico (intencionado) de estirpe popular son aspectos que caracterizan a súa narrativa galega". A seguir, cítanse algunhas das revistas nas que Labarta publicou algúns dos seus contos como *Galicia Moderna*, de Pontevedra; *Fray Prudencio*, de Caldas de Reis, ou *Aires da Miña Terra*, de Buenos Aires.



Lesta Meis, Xosé, *Abellas de ouro*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 19, 2002, 150 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-058-8) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-851-4).

♐❒□■♦♏ ↑⬩ ♎♓♐♓♍◆●♦♋♎♏⬩☝ ☞❒♏♎□❍♓■♋ ◆■♒♋ ♎♏⬩♍❒♓♍♓⇔■ ♍♒♏♋ ♎♏ ♎♏●♓♍♋♎♏⌘♋ ♏ ♦♏■❒◆❒♋ ♏ □♏❒♍◚♌♏⬩♏ ♋ ♓■♐●◆♏■♍♓♋ ♎□ ♍□⬩♦◆❍♓⬩❍□☝

Lezcano, Arturo, *Os dados de Deus*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 92, 2002, 109 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-92-X) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-501-4).

Nova edición baixo formato propio da colección que a acolle desta obra de Arturo Lezcano (Ourense, 1939), que foi publicada por primeira vez en 1994. A obra está composta por un conxunto de dezaseis contos organizados en cinco partes acordadas pola súa temática, estas son: Nós, Eles, Descubrimentos, Apocalipses e Alén. A obra vén precedida dunha introducción na que o propio autor explica a temática de cada unha das partes e comenta os relatos. O elemento común a todos eles é a presencia de dous aspectos: dunha banda a realidade galega (así aparecen botellas de auga de Mondariz, lendas de lagos asolagados, procesións, etc.) e da outra, elementos da ciencia ficción (por exemplo viaxes espaciais, peixes voadores, planetas inexistentes, ovnis, cámaras do tempo, etc.).

Referencias varias:

-Constantino Pazos Sobrino, “O pracer da ficción”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 14 marzo 2002, p. 32.

Comeza recomendándolle ao lector o pracer da ficción e lembra unha anécdota que lle ocorreu a Arthur Conan Doyle nunha viaxe a Boston, onde se viu sorprendido pola perspicacia do taxista que o levou ata o hotel. A seguir, sinala algunhas concomitancias entre a obra de Arturo Lezcano, *Os dados de Deus*, e o propio Conan Doyle, comezando polo nome de ambos autores. Cualifica a obra de Lezcano como un “intenso exercicio de literatura fantástica”, no que se aprecia a influencia de Risco e de Cunqueiro. Remata sinalando que o autor crea un amplo universo referencial que dá paso a unha visión universal, na que se combina o netamente galego como os lobishomes ou a estadea, con ovnis e naves espaciais.

-José Antonio Ponte Far, “La Voz de Galicia entrega mañá o libro de Arturo Lezcano ‘Os dados de Deus”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 marzo 2002, p. 30.

Informa da reedición, dentro da colección “Biblioteca Galega 120”, de *Os dados de Deus*, de Arturo Lezcano. Ademais de sinalar os trazos característicos desta obra, comenta a traxectoria profesional do seu autor e anuncia que este está a escribir unha obra de política, que non se desenvolve en España.

- Ramón Nicolás, “E se Deus xoga aos dados”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 13 marzo 2002, p. 30.

Sinala que *Os dados de Deus*, de Arturo Lezcano se caracteriza por unir ficción e contemporaneidade e que se pode situar na liña do imaxinario simbólico de Vicente Risco. Considera que as súas son narracións de ritmo áxil con trazos da linguaxe cinematográfica e moita ironía.

- Silvia Gaspar, “Quixen ser director de películas, pero nesta vida nunca se consegue todo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 marzo 2002, p. 31.

Entrevista ao xornalista e escritor Arturo Lezcano na que fala maioritariamente do seu primeiro libro *Os dados de Deus* (1994). Explica que na súa obra ten unha forte presencia a temática fantástica ou de ciencia ficción e que o seu estilo se caracteriza pola ironía e a sinuosidade. Recoñece as influencias de autores como Lovecraft, Bradbury, Huxley e Antón Risco, entre outros, e comenta que estudiou na Escola Oficial de Cinematografía, estudios que nunca rematou.

López Ferreiro, Antonio, *A tecedeira de Bonaval*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 9, 2002, 248 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-012-X) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-779-8).

Reedición desta novela de Antonio López Ferreiro (Santiago de Compostela, 1837-San Pedro de Vilanova, 1910) publicada inicialmente en 1894 nas páxinas do xornal *El Pensamiento Gallego,* que utiliza o texto fixado por Xosé A. Palacio e Blanca-Ana Roig, con estudio literario de Anxo Tarrío, dado a coñecer en 1985 por Edicións Xerais de Galicia. Trátase dunha novela que se desenvolve na Compostela do século XVI e na que en vintecinco capítulos se presentan dúas historias entrelazadas: por unha banda as disputas entre o poder civil e o eclesiástico sobre a designación de alcaldes, a obriga de hospedar acompañantes das comitivas arcebispais ou a explotación de penais, e por outro lado unha historia romántica cun triángulo amoroso que remata por se resolver felizmente ao xeito folletinesco.

Referencias varias:

- Francisco Carballo, “Amante de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 29 abril 2002, p. 53.

Cualifica *A tecedeira de Bonaval* como a novela máis inspirada en feitos históricos. Sinala que debido á súa formación foi primeiro un convencido da metafísica escolástica e estudioso do documento e da “verdade histórica” e que aínda non foi superada a súa contribución á historia da igrexa galega, a diversas épocas e temas da historia de Galicia. Recoñece que aínda que con puntos comúns co positivismo, sepárase desta metodoloxía polo seu tradicionalismo militante, ao lado do seu rexionalismo.

- José María Díaz Fernández, “El arraigo y la flor”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 29 abril 2002, p. 53.

Recoñece en López Ferreiro a figura dun home que viviu dende a súa mocidade rodeado de códices, arquivos e bibliotecas, acrecentando o seu saber nos eidos da paleografía, a teoloxía, a historia e a arqueoloxía. Sinala que a súa figura pode ser entendida “como un continuo buscador de armonía en contacto amoroso con la naturaleza, con la tierra nativa” e

que en *A tecedeira de Bonaval* “se trasluce ese arraigo en lo nativo que provoca siempre brotes de primavera”.

- Mercedes Pacheco, “A tecedeira de Bonaval’, unha historia de amor e conflictos, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 29 abril 2002, p. 53.

Sinálase que *A tecedeira de Bonaval* pode considerarse como unha das novelas precursoras da modernización da narrativa galega, na liña que seguirán anos despois os integrantes da Xeración Nós. Enuméranse as edicións do texto dende a súa primeira publicación por entregas no xornal *El Pensamiento Gallego,* a edición de 1895 da man de Andrés Martínez Salazar ata chegar a reedición de 1953 de Pedret Casado na colección “Bibliófilos Gallegos” xunto con *O niño de pombas* e *O castelo de Pambre*. Recoñécese que
o verdadeiro protagonismo corresponde á cidade de Compostela, da que se describen os seus monumentos, as súas rúas e prazas, habitados pola incipiente burguesía, o mundo dos gremios artesáns e os cregos.

Loureiro, Ramón, *O corazón portugués*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 104, 2002, 187 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-0863) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-563-4).

Publicada por primeira vez no ano 2000, esta novela de Ramón Loureiro (Fene, 1965) sitúase, como se sinalaba xa no *Informe de literatura 2000*, na terra de Escandoi (trasunto literario de Ferrol) e nela nárrase a historia de varios personaxes entre os que destacan a figura da alma errante do Marqués de Escandoi ou de Guillerme, o Meiriño Maior de Landares. Tamén se dá conta dos paseos nocturnos do Cabaleiro da Torre de Escandoi, Miguel, morto de mala morte nun camiño, así como das súas afeccións e amizades. De igual xeito, nárranse os feitos protagonizados por Guillerme de Landares, amigo do defunto Miguel, a quen a soidade tras a perda da súa dona Lía o fai delirar e querer desaparecer do mundo, feito que só conseguirá ao final e no que o acompaña o Morgado Miguel.

Recensións:

- Gabriel Rei-Noval, “Corazón, memoria e tempo”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 novembro 2002, p. 66.

Cualifícase a prosa de Ramón Loureiro en *O corazón portugués* como fácil e áxil, mais non como unha literatura plana ou ausente de matices, e sinálase que nesta obra conviven personaxes da rúa e pantasmas en trinta capítulos onde se mestura o real e o imaxinario. Así mesmo, destácase o personaxe do morgado Marqués de Escandoi, que vertebra a obra nun nivel a medio camiño entre a lenda, a historia e a realidade, e o do Maratonista, próximo á realidade máis inmediata. Finalmente recoméndase a lectura da obra.

- Kerry Ann Mckevitt, “Os prodixios da imaxinacion”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 novembro 2002, p. 66.

Cualifícase o libro *O corazón portugués*, de Ramón Loureiro, como prodixioso en imaxinación e en paixón creadora e coméntanse os temas que nel se tratan, temas binarios e universais como son a vida e a morte, a memoria e a desmemoria, o amor e o desamor, etc. De seguido, sinálase que nesta obra atopamos un mundo lendario e intemporal

poboado por personaxes reais e fantásticos que loitan cos seus propios problemas e que buscan unha ledicia inaprensíbel. Así mesmo, indícase que se nos presenta unha visión alternativa da realidade na que conviven os mortos e os vivos sufrindo as mesmas obsesións e buscando respostas aos mesmos interrogantes. De seguido, e despois de vincular esta narración cos *folktales* do oeste de Irlanda representados por Yeats ou Lady Gregory, fálase da lingua sinxela e descritiva empregada na novela e do estilo narrativo no que se alterna entre diversos puntos de vista: do narrador omnisciente, diálogo, diario, etc. Finalmente clasifícase *O corazón portugués* como obra con contido imaxinario, mais tamén realista e creativa. Tamén se sinala que é un libro evocador e máxico por ilustrar a influencia da memoria histórica no presente.

- Mª Fe González Fernández, “La Voz entrega mañá o libro de Ramón Loureiro ‘O corazón portugués”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 novembro 2002, p. 66.

Dáse conta da entrega co xornal *La Voz de Galicia* de *O corazón portugués*, de Ramón Loureiro e sinálanse os seus temas, así como os personaxes: Guillerme, o Meiriño Maior de Landares, Antón Vilademouros ou o Corredor Nocturno, que conviven nun único tempo,

nunha única viaxe e entre os que existe un xogo de indefinición temporal que axuda a revelar realidades moitas veces latentes. Finalmente, sinálase que esta obra dialoga con outras do mesmo autor como *Morgado* (1997).

Referencias varias:

- Xosé María Palacios, “A novela sempre ten que servir para abrir novos camiños”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 25 novembro 2002, p. 67.

Entrevista na que Ramón Loureiro fala da súa obra *O corazón portugués*. Nela Ramón Loureiro afirma que está de acordo en definir a súa novela como unha novela do mundo e do transmundo, unha combinación do real e do imaxinario, aínda que considera que a realidade non é moi fácil de definir. Sinala que a novela ten que ser un mundo aberto, así como polifónica e fragmentada e non funcionar linealmente. Interésalle o xogo co lector e afirma que en *O corazón portugués* hai rexistros coloquiais e costumistas mostra dese xogo intencionado. Así mesmo, sinala que nesta súa obra está presente Cunqueiro, pero que a súa visión do mundo e a del non coinciden. Despois de indicar que se Escandoi, o espacio

da obra, tivese unha situación física, esa sería o sur da ría de Ferrol, afirma que as lecturas que a el máis lle inflúen na escrita son *Merlín e familia* de Cunqueiro e *Vento ferido* de Carlos Casares. Finalmente, di que a escrita xornalista é un xénero máis se hai vontade de estilo.

Lueiro Rei, Manuel, *O sol na crista do galo*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 61, 2002, 157 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-039-1) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-830-1).

Nova edición desta novela de Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes-Pontevedra, 1916-O Grove, 1990), publicada orixinalmente en 1982, na que se parte da edición fixada por Ramón Nicolás para Edicións Xerais de Galicia, aínda sen publicar. Presenta trece historias tituladas protagonizadas por xente cotiá, nas que se emprega unha linguaxe clara e sinxela e se narran os acontecementos de personaxes como Tucho e Raúl que levan unha vida do máis dispar, ou Xosé, que tenta estafar os seus compañeiros despois de seren agraciados coa lotería fuxindo cara a Portugal. Un narrador omnisciente en terceira persoa vai enfiando estes trece relatos, intercalando a maxia coa realidade e perfilando uns personaxes do día a día que non deixan de ser ao mesmo tempo humanos e racionais, as miserias e traxedias que mergullaron nos anos posteriores da guerra civil aos pobos e aldeas de Galicia. A pesar da traxedia na que se desenvolve toda a acción, destaca a esperanza que deixan entrever os personaxes.

Recensións:

- Juanma Figueiro, “O pai dos personaxes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xullo 2002, p. 34.

Análise da obra de Manuel Lueiro, *O sol na crista do galo*, na que se salienta que está composta por doce relatos breves que consisten nunha ollada á memoria histórica nos anos da posguerra civil. Comenta ademais que os personaxes se volven identificábeis porque dan vida a aquela xente que puidemos coñecer naquela época ou mesmo na actual. Preséntase a obra como un canto ás ganas de vivir, de loitar polo esencial, ambientada con trazos fatalistas aínda que non tráxicos, onde a morte é unha constante.

Referencias varias:

- Alberto Bouza, “Peninsular”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xullo 2002, p. 34.

Artigo dedicado á vida de Manuel Lueiro e aos aspectos que inflúen na súa obra con motivo da publicación do seu libro *O sol na crista do galo*. Preséntao como un escritor contemporáneo preocupado polas reivindicacións sociais e políticas que marcaron a literatura desa época e que se reflicten nesta obra.





Martínez Oca, Xosé Manuel, *Náufragos en terra. Os amores imposibles*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 62, 2002, 149 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-038-3) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-818-2).

Volume de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942), publicado por vez primeira en 1995 por Edicións Xerais de Galicia, que contén seis relatos de diferente extensión. Estes están conectados entre si por unha mesma liña temática: a frustración amorosa dos seus protagonistas. Distintos puntos de vista narrativos móstrannos situacións dispares nas que, polo xeral, se volve dende a soidade do presente ao pasado na procura de vellos amores. Así, atopámonos cun vello que lembra cómo xurdiu sendo rapaz o seu amor pola señora do pazo, do que o seu pai era o caseiro; coa oposición da familia dunha moza castelá á súa relación cun viaxante galego; con problemas matrimoniais que levan a buscar a felicidade noutros brazos; co abandono da esposa ou cun vixilante burlado por un amor de fin de semana. As narracións, situadas en moi diversos escenarios e tempos, poñen de manifesto a complexidade das relacións humanas.

Recensións:

-Xesús González Gómez, “Náufragos en terra’, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xullo 2002, p. 29.

Sinala como vínculo entre os relatos os amores imposíbeis que protagonizan os seis textos desta obra de Martínez Oca, *Náufragos en terra. Os amores imposibles*, coa que acadou a súa “madurez total”. Outra das constantes que establece entre eles son o seu estilo, que cualifica de moi traballado, e a lingua empregada, caracterizada pola súa aparente sinxeleza, a transparencia, a nitidez, precisión ou o amplo rexistro léxico co que conta. Do mesmo xeito, sitúa o mundo no que se moven os personaxes e a súa incomunicación como
o verdadeiro vínculo. Apunta que o lector atopa en relatos como “Presencia” ou “Saudade con botellas e velador”, a oralidade; e en “Cari” e “Os cumios da serra”, a penetración psicolóxica.

Referencias varias:

- Carlos Loureiro, “O narrador”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xullo 2002, p. 29.

Caracteriza a Xosé Manuel Martínez Oca pola súa “soltura” e “madurez” da escrita e considérao un referente incuestionábel da narrativa galega actual. Opina que é difícil situar o autor nunha única corrente pola pluralidade da súa obra, dende o punto de vista temático, temporal e espacial. Remata sinalando que só lle falta gañar o Premio García Barros para acadar o seu “cume existencial”.

-Pepe Carballude, “Amores amargos”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 17 xullo 2002, p. 29.

Sinala que *Náufragos en terra*, de Xosé Manuel Martínez Oca, é unha obra á que sempre volve coa seguridade de atopar algo novo e que os seus seis relatos simbolizan a “magoa aceda da vida, as frustracións amorosas e os soños fanados”. Sitúa a obra como unha das mellores dos últimos vinte anos, dentro da tradición literaria galega, e destaca especialmente o relato “A presencia” pola súa mestría resolutiva. Remata sinalando que a

obra está escrita nunha das mellores prosas e cunha lingua como a de Valladares, García Barros ou Neira Vilas.

- Verónica Milo, “Estou cheo de dúbidas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xullo 2002, p. 28.

Entrevista a Xosé Manuel Martínez Oca na que este reflexiona sobre o significado dos premios e sobre o proceso de escribir, dende onde xorde a súa necesidade de contar e onde procura a inspiración. Tamén se refire a *Náufragos en terra*, da que se mostra “satisfeito” e subliña que a finalidade da obra é falar da fraxilidade das relacións humanas. Por outro lado, confesa que “sempre estamos uns plaxiándonos aos outros” e destaca que as súas influencias van dende Ferrín ata un artigo de xornal. Finalmente, xulga que hoxe temos excelentes escritores, mais considera incerto o futuro da nosa lingua.

Mayoral, Marina, *Unha árbore, un adeus*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 70, 2002, 85 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-072-3 (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-560-X).

Trátase da reimpresión dunha das novelas de maior éxito de Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942), publicada orixinalmente por Galaxia en 1988. A narración, de introspección psicolóxica, consiste na transcrición en primeira persoa dos pensamentos e diálogos da muller protagonista en canto realiza a plantación dun magnolio, coincidindo deste modo o tempo da historia co tempo do relato. Laura, residente en Madrid e non moi felizmente casada cun pianista, regresa profundamente enferma e espiritualmente baleira á súa aldea natal en Galicia para se despedir dela. O acto da plantación é a escusa para unha auténtica sesión de auto-psicanálise, e no degrañar desta especie de *stream of conciousness* imos percibindo as verdadeiras inquedanzas ocultas da narradora-protagonista, así como as inmensas saudades do pazo en que foi criada, da súa ama Nana, do seu finado pai (un mestre de escola republicano moi apreciado na vila) e do seu antigo amor, Paco, que representa unha posibilidade para a súa existencia (ter ficado na terra) que non escolleu,

que lle foi arrebatada polo destino que ela mesma trazou e que agora, cando xa é demasiado tarde, gustaría de ter podido vivir.

Recensións:

- Carmen Blanco, “Coidar o magnolio”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 7 outubro 2002, p. 61.

Carmen Blanco subliña que o xeito de despedirse do amigo de sempre (e do amor, e da vida) que ten a protagonista de *Unha árbore, un adeus* é pedirlle que coide do magnolio que plantan xuntos. Comenta tamén que a obra vai dedicada a Ramón Piñeiro, “mestre” de Marina Mayoral, e que narra as dúbidas que asaltan a unha muller de cincuenta anos cando volve á súa terra para ser enterrada nela sobre as eleccións (quedar ou marchar, provincia ou capital, terra de sempre ou aventura) que fixo na vida. Para alén da protagonista e o amigo que representa “a outra alternativa” non experimentada, destaca a figura do pai ausente, con quen dialoga de xeito imaxinario a práctica totalidade do tempo, xa que é “a única persoa que de verdade a comprendeu e a quixo”.

- Germán Gullón, “La curiosidad por la vida”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 7 outubro 2002, p. 61.

Afirma que Marina Mayoral é desas autoras que espreitan con interese a vida real para despois transformala a través da invención, ata tal punto que a súa narrativa “satisface plenamente la curiosidad del lector que desea saber de las vidas de sus contemporáneos”. Sinala que esas historias do día a día veñen matizadas, no caso, “por esa imaginación cultural gallega donde la muerte, el dolor, la saudade, el sentimiento de familia, figuran prominentemente”. Remata aludindo ao troco de rumbo que supón a segunda metade dos anos 90 no conxunto da obra de Mayoral: a partir desa data a muller pasa a ser o foco de atención preferente da súa narrativa e as súas personaxes femininas caracterízanse pola procura frustrada dun amor que adoita ser satisfactorio no pasado.

Referencias varias:





- Camiño Noia, “La Voz ofrece mañá a novela de Marina Mayoral ‘Unha árbore, un adeus”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 outubro 2002, p. 61.

Descríbese o argumento de *Unha árbore, un adeus*, de Marina Mayoral, como desenvolvemento literario dunha circunstancia humana habitual: o facer balance da propia existencia ao entrar “na chamada madurez”. Despois de ter fuxido de nova cara a Madrid en procura dunha “vida independente de muller liberada na gran cidade”, Laura regresa á vila natal e dá en comparar o que foi co que podería ter sido. Considera que o percorrer vital da protagonista-narradora, que esta repasa ao volver á casa paterna, é ademais unha representación da “historia social da muller que na represiva etapa da dictadura ansiaba unha vida en liberdade”. Indica que a novela é un monólogo dirixido a tres figuras: a criada do pazo, o amor da adolescencia e o pai defunto. Nótase así mesmo como no universo ficcional da narración se establece unha oposición entre “o universo rural como sustentador dos valores tradicionais, da solidariedade e da seguridade afectiva” e “a modernidade da cidade, coa carga de individualidade e de soidade que supón”.

- Ramón Loureiro, “Galicia non só é unha terra, senón tamén unha maneira de vivir”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 outubro 2002, p. 62.

O desenvolvemento desta entrevista vén marcado polo feito de Marina Mayoral ter nado en Galicia, “territorio da infancia” que non significa para autora “só unha terra, senón tamén unha maneira de vivir”, e habitar case todo o ano en Madrid a causa do seu traballo como profesora da Universidade Complutense. Considera que Mondoñedo, berce de moitosautores ilustres dende Frei Antonio de Guevara a Álvaro Cunqueiro, e Galicia lle “imprime carácter” e a marca en aspectos como o sentimento da morte, a intuición do Alén, etc. Fálase tamén do presente e do futuro de Galicia, que segundo a perspectiva da escritora está experimentando un cambio “para ben”, cara á unha “maior universalidade”. Por último, hai unha referencia emocionada a Ramón Piñeiro, ao que Mayoral estima como “un santo laico”.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, *Arraianos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 79, 2002, 193 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-022-7) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-795-X).



♦♏❍◘□❒♋♓⬩ ♎♓⬩♦♓■♦♋⬩ ♌⬩🡅♍◆●□ ✠✋✠🖃 ☝◆♏❒❒♋ 👍♓❖♓●♌ ♏ ♦♋❍🡅■ ⬩□■ ♎♓❖♏❒⬩♋⬩ ♋⬩ ♦🡅♍■♓♍♋⬩ ■♋❒❒♋♦♓❖♋⬩ ♏❍◘❒♏♑♋♎♋⬩🖃 ❑◆♏ ♎♋■ ♌□♋ ❍□⬩♦❒♋ ♎□ ♎□❍♓■♓□ ♎□ ☒🡅■♏❒□ ◘□❒ ◘♋❒♦♏ ♎□ ♋◆♦□❒🖅

Recensións:

- Concha Pino, “Límites humanos”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 5 xuño 2002, p. 31.

Comeza destacando a forza narrativa de *Arraianos*, de Méndez Ferrín, no que considera que as historias dos dez relatos conseguen espertar no lector moitas sensacións, especialmente polas “imaxes de tal forza que lle fan sentir o aire xélido das serras”. Tamén sinala a fusión da realidade e a ficción, a importancia de *Arraianos* no sistema literario galego ou a capacidade para facer estremecer e reflexionar ao lector. Refírese ademais a algúns dos personaxes e aos papeis que lles toca desenvolver, entre eles o mestre de Lobosandaus, a nena das botas de elástico ou a coxa do conto de Liño. Remata concluíndo que a Raia Seca ourensá é nesta obra unha metáfora de mundos reais “adobados pola ficción e a particular riqueza léxica deste narrador e poeta”.

- Manuel Amor Couto, “Auténtico clásico”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 5 xuño 2002, p. 31.

Salienta a capacidade de Xosé Luís Méndez Ferrín de situar as súas constantes temáticas, ideolóxicas e estéticas nun novo contexto, co que considera que se funde e matiza a literatura deste autor e a presencia nela da terra. Destaca o papel que o autor lle outorga á fronteira como símbolo de liña divisoria, de unión, de encontro e de separación. A seguir, céntrase nas constantes literarias presentes en cada un dos relatos que compoñen *Arraianos*, como as "escisións" entre realidade e soño que observa en "O militante fantasía"; entre o presente e o futuro como en "O castelo de poulas"; así como outros aspectos presentes en "O exclaustrado de Diabelle", que representa a integridade; en "Botas de elástico", que critica o terror fascista; ou "Lobosandaus", no que se manifesta a angustia pola perda da identidade.

Referencias varias:





-Camilo Franco, “A vida na aldea era moi represiva”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xuño 2002, p. 32.

Entrevista a Méndez Ferrín, de quen salienta “unha biografía literaria ligada vitalmente a unha biografía de resistencia”. A conversa xira fundamentalmente arredor de *Arraianos*, do cal o autor subliña a súa “repercusión”. Tenta xustificar as coordenadas espaciais, destacando o poder da aldea e os seus mitos. Tamén apunta a diferencia que hai entre poesía e narración. Por outro lado, responde ironicamente á pregunta sobre “literatura comprometida”.

-Xosé Henrique Costas, “La Voz entrega mañá ‘Arrianos’, unha das mellores obras de Méndez Ferrín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xuño 2002, p. 31.

Ademais de anunciar a saída de *Arraianos* na colección “Biblioteca Galega 120”, pon de relevo o “compromiso” de Ferrín “cos nosos arraianos de leste” e lembra que o puxo de manifesto no discurso que pronunciou o 18 de maio na reunión da Real Academia Galega no Bierzo.

Miranda Ruíz, Xosé, *Morning Star*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 101, 2002, 268 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-034-0) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-819-0).

Novela de Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955) publicada en 1998, ano no que resultou gañadora do Premio Xerais de Novela, que como se describía no *Informe de literatura 1998* consta de oito partes, cada unha das cales acolle varios capítulos ata os trinta e un totais, na que o narrador protagonista é o bandoleiro Lourenzo de Trasende. Esta novela de aventuras está situada na metade do século XIX e nela desenvólvense persecucións, crimes, odios e amores, que se pechan cun apéndice no que se dá conta daqueles datos históricos que rodean a memoria deste personaxe.

Referencias varias:

- Isidro Novo, “Un gran galeón”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 26 xuño 2002, p. 25.

Evoca os xogos da infancia para achegarse a *Morning Star*, de Xosé Miranda, na que destaca a conformación dos personaxes, a “minucia con que está situada na historia e na xeografía” e pola maneira cómo está manexado o tempo da acción. Remata sinalando a súa opinión de que esta novela está á altura de calquera outra do seu xénero da literatura universal.

- Miguel Anxo Fernández, “De película”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 26 xuño 2002, p. 25.

Comenta as palabras de Xosé Miranda no prólogo de *Morning Star*, nas que sinala que pretende rescatar nesta novela as aventuras do século XIX galego e homenaxear a Stevenson e a Faulkner. Considera que a peripecia de Lourenzo Tasende se converteu nunha obra de referencia para este xénero de pouco cultivo na literatura galega. A seguir,

fala das potencialidades desta novela para a súa adaptación ao cine, tanto polo marco ambiental do século XIX coma pola ampla variedade de personaxes.

Xesús Fraga, “En tódalas vidas hai aventura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xuño 2002, 24.

Entrevista a Xosé Miranda, na que aborda cuestións como a homenaxe a Stevenson que lle tributa en *Morning Star*, feita de xeito consciente e do que se declara admirador e imitador en canto ao seu estilo transparente, no que o lector pode seguir con claridade o fío argumental. Lembra a Álvaro Cunqueiro, quen manifestaba que había que narrar ben e seguido, malia que iso non queira dicir que non haxa unha trama complicada, difícil de seguir para o lector, como ocorre no *Ulises*, de Joyce. Da novela de aventuras opina que é boa para gañar lectores, que as grandes novelas de aventuras son unha metáfora da vida e que calquera persoa se identifica co protagonista, posto que en todas as vidas hai aventura. En cadro á parte, defende a idea do interese de calquera tempo (presente, pasado ou futuro) para as historias, o mesmo que o fantástico e marabilloso fronte ao realismo para contar historias. Refírese ao labor da colección “Cabalo buligán”, na que se recollen contos

da tradición oral dirixidos aos lectores novos. Considera que son necesarios os contos porque hoxe a transmisión, especialmente no medio urbano, corre a cargo da escola e da televisión, que non resultan satisfactorias, e ve nos contos da tradición oral un bo material para favorecer a integración dos nenos doutras culturas polas coincidencias que presentan.

- Xosé Luís Barreiro Rivas, “Acción en galego”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 26 xuño 2002, p. 26.

Barreiro Rivas lembra a primeira lectura que fixo de *Morning Star*, de Xosé Miranda, cando aínda era un inédito que se presentara, xunto con outras trinta novelas máis ao Premio Xerais. Salienta que a leu dunha vez, sen descansar, que lle gustou o seu ritmo trepidante e correcto, e que malia a violencia dalgúns episodios en ningún momento se percibe “linguaxe soez nin violencia gratuíta”.

Murado, Miguelanxo, *Ruído. Relatos de guerra*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 95, 2002, 106 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-093-6) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-578-2).

Editado inicialmente en 1995 pola Editorial Galaxia, despois de ser galardoada co Premio Arcebispo de San Clemente, dentro da súa colección “Literaria”, nesta colección de trece relatos curtos de Miguelanxo Murado (Lugo, 1965) achégasenos a unha trama bélica, a da guerra de Croacia en 1991. Cun estilo que mestura a crónica e a literatura, ás veces recreando feitos reais, o libro profunda en diferentes feitos da condición humana perante a guerra, falando das diferentes caras que desenvolve a morte na batalla, todo ambientado baixo un crisol que narra acontecementos do periplo xornalístico dos correspondentes de guerra, partindo o autor da súa experiencia persoal ao ser correspondente da TVG na ex-Iugoslavia.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Da humana condición”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 9 decembro 2002, p. 60.

Lóase a pericia de Miguelanxo Murado en todas as fórmulas textuais por el empregadas e sinálase *Ruído*, obra coa que obtivo en 1995 o Premio Arcebispo San Clemente, como confirmación do dito. Así mesmo, sinálase que, fronte aos relatos desta obra, ninguén pode quedar indiferente porque as emocións que conteñen son “a arxila mesma da que estamos feitos” e afírmase que son contos duros, narrados con sobriedade, nos que o horror, a inhumana crueldade e a barbarie están presentes, mais tamén nas que hai faíscas de esperanza, solidariedade ou compaixón.

-Xosé María Palacios, “La Voz entrega mañá ‘Ruído’, unha crónica de Murado sobre a guerra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 decembro 2002, p. 60.

Preséntasenos *Ruído*, obra de Miguelanxo Murado entregada na colección “Biblioteca Galega 120” e baseada no conflicto da antiga Iugoslavia, como trece relatos nos que se confirma que calquera guerra pode ser a nosa, así como obra na que se amosa o dominio

do relato curto conseguido polo autor. Sinálase que cunha alternancia de voces, que unha veces falan en primeira persoa e outras en terceira, preséntansenos todas as caras do horror e as reaccións que este provoca en todas as partes. Exemplifícase o dito aludindo aos relatos “Zoolóxico”, “Grandes cambios no último minuto” e “Francotiradores”.

Referencias varias:

- Rubén Santamarta, “A do meu avó”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 9 decembro 2002, p. 60.

Sinálase a semellanza de todas as guerras, así como a dureza dos trece relatos de *Ruído*, obra de Miguelanxo Murado na que se contan as vivencias durante a guerra de persoas dos Balcáns.

- Xesús Fraga, “A estranxeiría é unha boa metáfora da condición orfa do ser humano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 decembro 2002, p. 61.





Entrevista na que Miguel Anxo Murado fala sobre a súa obra *Ruído*, así como da experiencia que supuxo o seu primeiro libro premiado, da súa escrita sobre países distantes, da diferencia entre *Ruído* e outra novela súa sobre Oriente Medio, etc. De *Ruído* comenta o conto titulado "Zoolóxico" e cualifica o conxunto das súas narracións como obra de ficción na que se pretende presentar a guerra da maneira máis parecida a como se experimenta, como unha traxectoria cotiá asumida e non como unha experiencia extraordinaria.

Navaza, Gonzalo, *Erros e tánatos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 100, 2002, 119 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-054-5) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-847-6).

La Voz de Galicia reedita na súa colección “Biblioteca Galega 120” este libro de narrativa curta de Gonzalo Navaza (Lalín, 1957), que tiña sido publicado por Xerais en 1996. Como xa se daba conta no *Informe* dese ano, trátase dun conxunto de dez relatos (“Bull e Mignonne”, “Castelos na area”, “O amigo Delmiro”, “Tinta chinesa”, “Decoración e interiorismo”, “O home do saco”, “A proba do alfinete”, “Balangandán”, “Viva a Revolución” e “Vinte pesos de prata”) nos que o elemento unificador é a omnipresencia do engano (“erros”), levando este case sempre aos personaxes cara á morte ou a destrucción (“tánatos”). Relátansenos nestes contos, cun estilo lingüístico contido, equilibrado, clásico, anacos soltos de vidas máis ou menos ordinarias nas que interrompen acontecementos inesperados. Navaza, ao xeito diestiano, dota estas narracións dos mecanismos precisos para conducir ao lector, atrapado na intriga, cara a un final sorprendente e mesmo irónico, por absurdo.

Referencias varias:

-Camilo Franco, “O humor dos galegos utilízase máis na rúa que na literatura” *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 agosto 2002, p. 48.

Entrevista realizada a Gonzalo Navaza, autor da obra que o levou a conseguir o premio Arcebispo San Clemente, *Erros e Tánatos*. Nela responde a aspectos da obra como a súa propia definición, a ironía dos galegos, o humor na literatura, o carácter lúdico dos seus relatos, a tradición oral e popular existente en Galicia ou as relacións entre a oralidade e a escrita.

- Pedro Castro, “Máis poderosa que a realidade”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 29 agosto 2002, p. 47.

Castro, despois de recordar o protagonismo que tiveron os erros ao longo da historia da literatura citando a Shakespeare, carga as tintas sobre o poder que pon de relevo Gonzalo

Navaza para facer peculiares certos elementos aparentemente non transcendentais na vida cotiá e sobre o azar que inunda a obra.

- Rosa Aneiros, “O equilibrio do palíndromo”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 29 agosto 2002, p. 47.

Artigo no que, por unha banda, recorda a transcendencia que tivo o feito de que a *Erros e Tánatos* lle outorgasen o Premio Arcebispo San Clemente xusto cando o seu autor iniciaba a recuperación dun grave accidente de tráfico. Pola outra, loa o “equilibrio, inteligencia, ritmo compasado e tensión” que mantén Navaza na obra.

- Xesús Fraga, “O humor a e fina ironía de Gonzalo Navaza entran mañá na Biblioteca 120”, *La Voz de Galicia*, 29 agosto 2002, p. 47.

Columna na que Xesús Fraga fala das características da obra de Gonzalo Navaza *Erros e tánatos*, amosando a relevancia que ten no prelo e destacando aspectos coma a facilidade que o escritor posúe para facer importantes situacións inicialmente triviais.

Novoa, Francisco A. de, *Pé das Burgas*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 10, 2002, 137 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-007-3) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-773-9).❿

Francisco Álvarez de Novoa (Granada, 1873-Ourense, 1936) abre este volume de relatos, publicado por vez primeira no ano 1896 gracias á iniciativa de Andrés Martínez Salazar, cun texto titulado “Dous parrafeos”. Nel expón as razóns polas que considera necesaria unha unificación ortográfica do idioma galego e mostra o seu parecer sobre a prosa literaria decimonónica. Así, afirma que non vai facer unha obra costumista e defende a galeguidade dos seus textos literarios, ademais de empregar o recurso da *captatio benevolentiae* para facerse cos favores do seu público lector, aludindo á súa condición de andaluz. O corpus da obra intégrano vintecatro relatos, algúns dos cales están introducidos por textos do propioÁlvarez de Nóvoa ou doutros autores, que reciben por título: “O louco”, “Na costa”, “Que senón”, “Turuleque”, “A nai”, “A garda da morte”, “A posta dos corvos”, “Unha agonía”, “A horta embruxada”, “Os caneiros”, “A lámpada rosa”, “Chuvia”, “Soa”, “No Miño”, “Anémica”,

“Abandonado”, “Unha frase”, “De Entroido”, “A codia”, “Redimido”, “¡Tanto ten!”, “O Paraíso”, “Paisaxe” e “A goleta”. Trátase dun conxunto de relatos, nos que a cidade de Ourense ten unha gran relevancia, por desenvolverse nela seis dos contos e por haber outros localizados noutros puntos xeográficos galegos semellantes á cidade das Burgas. Asemade, outros dos espacios literaturizados son as vilas mariñeiras ou do esteiro e as ambientacións rurais de localización non concreta. Cabe salientar as descricións que se realizan, tanto de espaciosinteriores coma de exteriores, nas que Álvarez de Novoa se revela como un pintor plástico. Tamén é de destacar que fronte ao tipo de personaxes que acollen outras obras da época, en *Pé das Burgas* ten unha forte presencia o mundo dos traballadores do mar e o da burguesía. Os temas que funcionan como motores destes relatos son de carácter universal, como o amor, a familia, a morte ou o desamor.

Recensións:

- Delfín Caseiro Nogueiras, “O Ourense do XIX”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 abril 2002, p. 53.

Sinala que *Pé das Burgas* é a porta que abre o Ourense do século XIX. Comenta que o seuautor, Álvarez de Nóvoa, chegou á cidade no 1889 e que decidiu ser ourensán para sempre. Asemade apunta que contribuíu coa súa obra xornalística e literaria a facer da cidade un dos centros dinamizadores da lingua e cultura galegas. Sinala que no tren da memoria viaxa a outras paraxes da xeografía galega e que os relatos se afastan do costumismo ruralista e a narrativa histórico-tradicionalista, ademais de constituír a máis orixinal manifestación da narrativa galega decimonónica. Conclúe afirmando que as narracións de Álvarez de Nóvoa retratan con óleos de lirismo a traxedia da vida.

- Jorge Martínez Jiménez, “A dor humana”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 8 abril 2002, p. 53.

Considera que todas as historias de *Pé das Burgas* veñen dar conta dunha soa: a da dor humana. Apunta que o seu autor, Álvarez de Nóvoa, ten como primordial pretensión facer unha lectura da dor humana dende unha moderna formulación literaria galega, que desfaga os moldes ruíns do noso conto literario decimonónico. Sinala que nas liñas introductorias de "Dous parrafeos" se persegue elaborar unha teoría do conto que permita incorporar á

modernidade a literatura nosa dese xénero, ademais de indicar que o mortal silencio da morte e a adversidade están presentes nas páxinas desta obra. Remata comentando que moitos dos seus personaxes saben do sufrimento, da cruel trabada da desgracia e do berro ou da acción vingativa.

- Luís Martínez-Risco, “A Biblioteca 120 edita os relatos ‘Pé das Burgas’, centrados no vello Ourense”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 abril 2002, p. 53.

Comenta que *Pé das Burgas*, de Francisco A. de Nóvoa, está formada por auténticos cadros costumistas de gran plasticidade cunha prosa de forte carga poética e valor estético, na que o uso do galego vai máis alá do simple emprego do idioma. Apunta que no escrito inicial “Dous parrafeos”, o autor fai fincapé na necesidade da creación dunha Academia que poña orde na normativa ortográfica do galego. Tamén sinala que a lectura da obra lle permite ao lector achegarse ao vello Ourense, A Coruña, Sada ou Betanzos, que son reflectidos con pincelada plástica en diferentes relatos. Conclúe sinalando que o autor debuxa un mundo rural que, en ocasións, fai lembrar o aire místico das pinturas de Millet e que os personaxes son tratados con grande amor.

Otero Pedrayo, Ramón, *Arredor de si*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 20, 2002, 161 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-020-0) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-521-9).

Nova publicación dunha das novelas centrais do autor ourensán, Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) aparecida por vez primeira no ano 1930, e que agora se presenta no formato acostumado por esta colección de *La Voz de Galicia*. *Arredor de si* é a historia dunha viaxe física dende Galicia ata Europa, pasando por Madrid, co seu correlato interior no personaxe do protagonista. Adrián Solovio procúrase a si mesmo en cada un destes lugares e o seu contorno socio-cultural, para chegar finalmente a atoparse no punto de partida, descubrindo unha realidade antes ignorada. A novela ten moitas concordancias biográficas co autor e os seus compañeiros da Xeración Nós, sendo unha metáfora válida para definir o proceso intelectual-espiritual desenvolvido neles.

Recensións:

-Aida Pazos Quintillán, “Arredor de si’, a novela de Otero Pedrayo, mañá con La Voz de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 maio 2002, p. 32.

Informa da publicación dentro da “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia* da novela *Arredor de si*, de Ramón Otero Pedrayo. Así mesmo, analiza ao seu personaxe principal, Adrián Solovio, e ao personaxe secundario e antagónico, Xacobe (irmán de Adrián). Cualifica a Adrián Solovio como idealista; soñador; home de estudios; preocupado por cultivar o espírito e polas cousas menos materiais, pero máis achegadas; etc., fronte a Xacobe Solovio, emprendedor, preocupado polos cartos e a súa rendibilidade, intelectualmente pobre, materialista, antigalego, etc. Clasifícase o personaxe principal como home moderno para aqueles comezos do século XX, pero non para os tempos actuais, para os que sintoniza mellor o seu antagonista Xacobe.

-Camilo F. Valdehorras, “Sete voltas”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 22 maio 2002, p. 32.

Sinálanse setes claves esenciais para entender tanto *Arredor de si* coma outras obras de Ramón Otero Pedrayo. Son sete presupostos, entre eles a epifanía da fe cristiá do autor, que se atopan, segundo o articulista, incardinados en dous feitos: a persoalísima forma de expresión do señor de Trasalba e a temática cultural e simbólica de Galicia segundo Otero Pedrayo a entende.

-Craig Patterson, “Fiel a Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 22 maio 2002, p. 32

Comézase facendo mención a como en *Arredor de si* Adrián Solovio ve como a súa vida se transforma a medida que a lingua galega lle axuda a tomar conciencia de Galicia e do seu lugar no mundo. A continuación fálase de que a importancia que Otero Pedrayo lle confire ao galego lle vén dada de varias fontes culturais, sendo a máis importante, frei Martín Sarmiento. Reparando na defensa que Sarmiento fai do galego oral do seu tempo o señor de Trasalba reivindica o carácter diferencial do pobo galego, como metáfora de obxectivos políticos máis ambiciosos.





- X. M. Rodríguez, “A novela de Ramón Otero Pedrayo ‘Arredor de sí’, hoxe con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 maio 2002, p. 28.

Enmárcase a publicación de *Arredor de si* (1930) na época máis prolífica e creativa de Ramón Otero Pedrayo (1920-1936) e sinálase a súa entrega na colección “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia*. Así mesmo, clasifícase *Arredor de si*, como unha novela de tese e como unha historia de viaxe interior na que Adrián Solovio, trasunto de Ramón Otero Pedrayo, busca as súas raíces. Igualmente, ponse en relación isto coa traxectoria vital de autores da Xeración Nós como Vicente Risco e Cuevillas, xa que as obras *Nós, os inadaptados*, *Dos nosos tempos* e *Arredor de si* comparten un fío conductor común: a evolución histórica dos seus protagonistas, ou da xeración, dun desprezo cara ao galego e a terra a un achegamento a Galicia e a conversión ao nacionalismo. Finalízase facendo mención á viaxe de Adrián Solovio a Madrid para estudiar, fuxir da sociedade atrasada e inculta e vivir no cosmopolitismo encarnado pola Marquesa de Portocelos, e á súa posterior conversión. Tamén se sinalan algúns dos elementos fundamentais na vida de Otero Pedrayo que aparecen na súa obra como son a decadencia da fidalguía ou a paixón pola xeografía.

Queipo, Xavier, *Papaventos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 116, 2002, 204 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-0308) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-814-X).

Publicada por primeira vez no ano 2001, aparece de novo dentro da colección "Biblioteca Galega 120", esta obra de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957). Nela, como xa se se indicou no *Informe de literatura 2001*, a partir dunha historia real centrada na cegueira progresiva que sufriu o traductor ao inglés do *Ensaio sobre a cegueira*, de Xosé Saramago, o autor dá vida a Francis para se centrar no seu proceso de deterioro tanto físico coma mental.

Recensións:

- Carlos Lema, "O libro *Papaventos*, unha mostra da orixinalidade de Queipo, mañá con La Voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xuño 2002, p. 31.

Con motivo da reedición da obra *Papaventos*, de Xavier Queipo na colección da “Biblioteca Galega 120”, sinala que este autor destaca pola orixinalidade das súas historias, nas que se dá a busca da identidade, a confrontación con outras culturas ou unha forma de entender o mundo nada común. Sinala que xa dende obras como *Ártico e outros mares* (1990), Premio da Crítica Española, conseguía a combinación pouco usual da habelencia do narrador de aventuras para engaiolar o lector. Segue pola presencia dos microcosmos científicos, a exploración das personalidades e as viaxes en *Diarios dun nómada* (1993), aínda que destaca que é nas súas dúas últimas obras nas que Queipo ofrece a súa mellor arte narrativa como son *Malaria sentimental* (1999) e *Papaventos* (2001), das que sinala a liña argumental e o protagonismo dun científico e un traductor, respectivamente, caracterizados por cuestionárense a si mesmos quén son.

Referencias varias:

- Domingos Sampedro, “Esta novela é unha historia de ilusión”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xuño 2002, p. 30.

Entrevista a Xavier Queipo, autor de *Papaventos*, na que sinala que nesta obra se desenvolve unha historia de amor na que o tema central é a perda da visión que sofre o protagonista, o que fai que se acentúen outros sentidos como o tacto ou o olfacto. Considera que esta novela ten un estilo diferente ás anteriores, que supón un punto de inflexión na súa obra, e parte dun feito real. Da súa situación de funcionario en Bruxelas e escritor sinala que elixiu dous nomes para diferenciar ambas facetas, fala da procedencia do seu nome artístico e da importancia de iniciativas como a colección da "Biblioteca Galega 120", que evidencia que hai mercado para a literatura pero hai que saber conquistalo. Sinala como as súas principais influencias as lecturas, as viaxes e os soños. En columna á parte, alude á proximidade da bioloxía, a súa profesión, coa natureza, onde ocorren moitas cousas que son logo plasmadas na literatura, ademais da gran sensibilidade que se dá no gremio e o seu afán por manter a súa independencia e liberdade.

-Xavier Manteiga, "O rostro do mar", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 12 xuño 2002, p. 31.

Fai unha reflexión sobre os autores que nas súas obras falan do mar, entre os que poucos souberon captar a dimensión do universo acuático como Melville ou Conrad, que no caso galego destaca a Xavier Queipo. Refírese á grandeza do mar e á dificultade de reflectilo no papel e á súa influencia sobre o home, que sente a necesidade de achegarse a contemplalo nalgún momento da súa vida. Remata agardando que siga co seu labor de "desentrañar algún día ese misterio insondable".

- Xosé Feixó, "Autor vocacional", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 12 xuño 2002, p. 31.

Sinala que son dúas as características da narrativa de Xavier Queipo: a súa vontade narradora e a procura de crear novas estructuras narrativas. Considera que é un dos valores máis sólidos da narrativa galega á que contribuíu con obras como *O paso do noroeste* (1996), *Malaria sentimental* (1999) *e Papaventos* (2001). Considera que o aspecto que máis chama a atención na obra completa de Queipo é a diferencia entre a altura dunhas prosas e a indiferencia que provocan outras. Opina que debería dedicarse só á literatura e

seleccionar máis o material que publica, co que se convertería nun dos mellores escritores da literatura galega.

Queizán, María Xosé, *Amor de Tango*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 83, 2002, 163 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-031-6) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-815-8).❿

Amor de tango, que agora reedita *La Voz de Galicia* na súa colección "Biblioteca Galega 120", é unha novela de vocación histórica publicada orixinalmente en 1992. Dende o punto de vista narratolóxico destaca o contraste entre a brevidade do tempo do relato e a amplitude do tempo da historia. Así, os lectores percorremos xunto coa protagonista (Margot, que non sustenta a voz pero si a visión da narración) o espacio urbano que se estende dende un céntrico cine vigués (onde están pasando *O último tango en París*) ata o Club Náutico. Pero, sobre todo, repasamos nese periplo os acontecementos que unha Margot xa entrada en anos (estamos no comezo da Democracia) relembra durante o seu paseo chuvioso cara ao mar. Deste xeito, María Xosé Queizán bríndanos a oportunidade de coñecermos mellor os tres primeiros decenios do século XX, un período convulso e clave para a nosa historia contemporánea, nomeadamente para a historia da muller. Durante a xuventude, no marco da República e dun Vigo vizoso que se estaba convertendo na gran potencia industrial do país, Margot e mailas súas amigas Alma e Chelo encarnaban un novo

modelo feminino que, non sen certo escándalo, xurdía paseniño entre as mozas da alta sociedade viguesa. Era tempo tamén para a concienciación social e para coñecer o amor, que no caso da protagonista é un amor prohibido, case incestuoso: a chegada do seu tío Chinto de Buenos Aires supón para Margot o descubrimento do transgresor e sensual baile arxentino e dun sentimento coas mesmas características. Non embargante, a sublevación franquista trunca todos os soños progresistas das tres amigas, e, con eles o seus destinos futuros.

Referencias varias:

-Amanda Álvarez González, “Amor de tango’, de Queizán, hoxe con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xuño 2002, p. 30.

A xornalista Amanda Álvarez González analiza o Vigo que retrata a súa veciña, María Xosé Queizán nas páxinas do seu libro *Amor de tango*, entregado na colección “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia*. Afirma que no libro se pode atopar o amor da escritora pola súa cidade, unha cidade que a ten “atrapada igual que a Margot”, a protagonista da novela.

Percorre os diferentes espacios que aparecen na obra asociándoos á súa propia traxectoria vital e identificándose coas actitudes das mulleres que aparecen na novela.

- Francisco J. Gil, “A xeración que foi negada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2002, p. 60.

Comeza referíndose ao poder suasorio dun título para achegarse a unha obra, que no caso de *Amor de tango*, considera que non lle producía ningunha atracción. Sinala que é unha magnífica novela, escrita con intelixencia e na que se observa, tras a aparente sinxeleza, o fondo traballo dunha autora cunha ampla traxectoria. Considera unha das súas principais características a reivindicación dunha xeración que sacrificou a súa vida na loita cotiá durante a dictadura. Remata salientando que a autora desenmascara a verdade ocultada pola versión dos vencedores e que por iso perdurará no tempo.

- Jorge Lamas, “A guerra nunca é un destino tráxico, senón que é unha consecuencia humana”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2002, p. 59.

Entrevista a María Xosé Queizán con motivo da entrega do seu libro, *Amor de tango*, n colección “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia*. A escritora, que ten cultivado todos os xéneros literarios, afirma que esta novela publicada xa hai unha década pretende reflectir o Vigo de principios do século XX e os tempos da guerra a través de tres mulleres que ven como o conflicto bélico tronza as súas vidas cando comezaban a descubrilas. Para Queizán a guerra é unha consecuencia humana que fixo atravesar á súa xeración por “unha etapa de fame física e cultural, de censura por parte dun nacionalcatolicismo abafante que amargou a nosa xuventude”. María Xosé Queizán, que sostén que debemos estar sem pre á espreita para que o fascismo non volva ás nosas vidas, afirma que moita xente recoñece os personaxes da súa novela como reais aínda que son creacións súas. Por último, a escritora anuncia unha próxima novela que ten por escribir e cita un dos seus últimos traballos, *¡Sentinela aberta!,* que compaxinou coa traducción doutros libros e a escrita de varios ensaios.

- Silvia Vázquez Lorenzo, “Íntima, profunda...”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2002, p. 60.

Vázquez Lorenzo, encargada de prensa na editorial Ir Indo, ofrece unhas breves pinceladas do traballo como escritora de María Xosé Queizán, da que destaca a súa loita incansábel a favor dos dereitos femininos e o seu activismo social na procura dunha Galicia máis libre.



Rábade Paredes, Xesús, *Branca de Loboso*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 84, 2002, 97 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-068-5) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-549-9).❿

Reedición de *Branca de Loboso*, publicada orixinalmente en 1991, coa que o seu autor Xesús Rábade Paredes (Cospeito-Lugo, 1949) acadou o premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa nese mesmo ano. Esta novela, ambientada no mundo da Inquisición e na Galicia do século XVII, describe a historia de Branca de Loboso –a xeito de memoria ou diario– coa denuncia, proceso e tortura á que foi sometida con motivo dos seus amores con Antonio Aldán e Cangas, procesado por menciñeiro astrólogo. Nos dez capítulos, que conta cada un deles cun longo título que case sintetiza o seu contido, nárrase esta historia de Branca de Loboso mediante a primeira persoa, da súa protagonista, que se mestura coa terceira persoa do narrador.

Recensións:

-Alfonso Becerra de Becerreá, “¡Á luz das sombras do barroco!”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 18 setembro 2002, p. 49.

Achégase á novela, *Branca de Loboso*, de Xesús Rábade Paredes, na que sinala a trama argumental arredor da vida da protagonista condenada pola Inquisición, na primeira metade do século XVII. Explica que se presenta a xeito de diario íntimo, no que a protagonista fai partícipe ao lector da inxustiza que se comete con ela; salienta a presencia do autor que se introduce na novela dende o noso momento actual e presenta probas do proceso contra Branca, nun xogo metaliterario no que o humor e a linguaxe do momento lle dan á obra maior verosimilitude. Considera que esta obra forma parte dunha triloxía na que Rábade Paredes reivindica a dignidade humana contra todas as represións nun exercicio de memoria crítica do pasado.

Referencias varias:

- Concha Pino, “Un escribe do que sabe e do que é, tratar de impostarse é pernicioso”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 setembro 2002, p. 50.

Conversa con Xesús Rábade Paredes arredor da súa novela *Branca de Loboso*, coa que o autor manifesta querer recuperar a novela dos séculos XVI e XVII galega que non existiu. Considera que esta é a súa mellor novela, entre outros aspectos por darlle o protagonismo a unha muller, que estamos ante unha obra de orientación barroca e cun humor moi fino, que supuxo un punto de inflexión na súa obra. Considérase ante todo poeta, polo que malia non mesturar xéneros, sinala que é constante o seu cultivo. Alude ao papel renovador dentro da poesía que xogou o colectivo Cravo Fondo, do que formou parte nos anos setenta, xurdido como resposta ao realismo crítico. Da situación actual da poesía destaca a pluralidade de voces e temas e maniféstase militante na defensa da dignidade humana. En columna á parte responde a cuestións como a súa coautoría coa súa dona, Helena Villar Janeiro, e á vocación dos seus fillos elixida libremente.

-Marta de Sinllán, “A labarada do amor frustrado”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 18 setembro 2002, p. 49.

Lembra que a novela *Branca de Loboso*, de Xesús Rábade Paredes, fora merecedora do Premio Álvaro Cunqueiro. Sinala que está ambientada na Galicia do século XVII e na que se narra a vida e o proceso que sofre unha moza chamada Branca de Loboso. Compara a ambientación e os personaxes desta novela cos doutras obras do autor e destaca a capacidade de Rábade Paredes para achegarnos a feitos históricos cunha linguaxe próxima e actual.



Rei Núñez, Luís, *Expediente Artieda*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 112, 2002, 223 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-001-4) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-762-3).

Volume editado por primeira vez no ano 2000 e descrito dentro do *Informe de literatura* correspondente a ese ano. Nel dabamos conta de que esta novela coral de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) se localiza nos anos da posguerra na cidade da Coruña e recupera os personaxes e o ambiente cotián dos tempos da loita contra o franquismo, como xa se fai constar no *Informe de literatura 2000*.

Recensións:

- Carlos Fernández, “Antifranquismo”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 1 abril 2002, p. 53.

Comeza o historiador e xornalista reparando nalgúns títulos da abundante producción literaria que, no noso ámbito, se centra na época franquista. Entre ela, a novela de Rei

Núñez, *Expediente Artieda*, distínguese por ser a primeira que trata o tema dos conspiradores contra o réxime. Subliña a “fascinante mestura” que supón a coexistencia no relato de personaxes reais (como Pedro Barrié ou Enrique Mariñas) e ficticios, así como a súa estructura argumental de *thriller* (con Ricardo Artieda preparando unha vinganza dos seus catro camaradas asasinados finalmente frustrada).

-Silvia Longueira, “O pasado próximo”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 1 abril 2002, p. 53.

Comenta que Luís Rei Núñez introduce en *Expediente Artieda* unha realidade gardada por quen a viviron de primeira man “na rexión íntima e desolada” da memoria. Distingue tamén dous niveis temporais na narración: o histórico e o dos personaxes protagonistas, que configuran cos seus pensamentos e arelas “unha cotidianeidade perto á nosa”. Por outra banda, salienta a participación do lector no desenlace da novela.

Referencias varias:

- X. A. Neira Cruz, “Luis Rei novela un atentado a Franco na Coruña no libro que entrega mañá La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 abril 2002, p. 53.

Saliéntase a aparición ao día seguinte, xunto co exemplar do xornal, da reedición de *Expediente Artieda*, novela de Luís Rei Núñez que recibiu o Premio Xerais en 2000 e que está localizada na Coruña do tardofranquismo. Resúmese a trama do libro, que narra a tentativa de atentar contra o Xeneral Franco durante unha estadía de verán deste na Coruña, e destácanse a súa beleza lingüística e maila humanidade dos personaxes protagonistas, humildes heroes do cotián.

Rey Ballesteros, Anxo A., *Dos anxos e dos mortos* , A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 55, 2002, 201 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-067-7) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-550-2).❿

Novela polifónica de Anxo Rey Ballesteros (Codeso-Boqueixón, A Coruña, 1952), publicada por primeira vez en 1977, que está dividida en dúas grandes partes carentes de título. Nela nárranse as andanzas e desventuras dun grupo de universitarios composteláns mesturando varias voces narrativas e puntos de vista. A acción principal sitúase en Compostela, pero hai partes da novela que se desenvolven na costa galega, onde teñen lugar encontros amorosos. Os temas principais do libro son aqueles que preocupaban á mocidade galega do momento: a soidade, a morte, a autodestrucción, o paraíso perdido, a marxinalidade ou a inadaptación. A linguaxe do libro achégase en moitas ocasións á fragmentación característica da narración fílmica e posúe un lirismo herdeiro da Nova Narrativa Galega.

Recensións:

-Pastor Rodríguez Santamaría, “Un fito da narrativa galega”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 16 setembro 2002, p. 54.

Fálase da importancia de *Dos anxos e dos mortos* dentro da literatura galega, pois supuxo a fin do franquismo na escrita do noso país. Ademais, Pastor Rodríguez cualifica este libro de universal, pois trata unha temática estudiantil dende unha perspectiva polifónica que fai que nunca perda actualidade a súa temática, tratando así os problemas universais da mocidade. Tamén se destacan a súa “linguaxe próxima ao cinematógrafo e os seus xogos lingüísticos pero, sobre todo, a autoironía e o anuncio de novas formas de narrar”.

- Xoán González-Millán, “O telón da (ir)realidade social”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 16 setembro 2002, p. 54.

Artigo dedicado a revisar as críticas e opinións que, dende a súa publicación no ano 1977, recibiu *Dos anxos e dos mortos*, novela escrita por Anxo Rey Ballesteros. Destaca Xoán González-Millán que xa dende os seus inicios se cualificou esta novela como rupturista e innovadora, dotada dunha linguaxe próxima ao lirismo e que recollía gran parte da tradición

da Nova Narrativa Galega. Finalmente, fálase das influencias desta novela na producción literaria da década seguinte, que son fundamentalmente temáticas: paraíso perdido e terra prometida, soidade e incomunicación, morte e autodestrucción, inadaptación e marxinalidade, etc.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O amor está condenado á traxedia”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 16 setembro 2002, p. 55.

Entrevista a Anxo Rey Ballesteros a propósito da reedición da súa novela *Dos anxos e dos mortos*, na que destaca fundamentalmente a importancia que para a época (1977) tiña o feito de escribir en galego e a temática amorosa do seu escrito, aínda que había voces que a cualificaban de pouco comprometida, pois non ofrecía solucións de esquerda aos problemas do momento. Tamén se fala do carácter rupturista da súa linguaxe e do lirismo que Rey Ballesteros tería atenuado de ter escrito agora esta novela.

- Manuel Teira, “A novela ‘Dos anxos e dos mortos’, de Anxo Rey, entrégase mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 setembro 2002, p. 54.

Columna dedicada a destacar a riqueza e profundidade da novela *Dos anxos e dos mortos*, de Anxo Rey Ballesteros, da que se di que supuxo unha innovación no ano da súa publicación en 1977. Remata Manuel Teira agradecendo a *La Voz de Galicia* a posibilidade de ler de novo este libro.

Risco, Vicente, *O porco de pé*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 18, 2002, 141 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-035-9) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-526-X).

Reedición da novela de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), *O porco de pé*, publicada por vez primeira no ano 1928. A obra constitúe unha crítica á nacente sociedade de consumo ourensá da época, a través dun personaxe-protagonista, don Celidonio, procedente de Castela e que, como indica Risco nas primeiras liñas da súa novela “ascendeu de porco a marrán e chegou a alcalde”. Na obra, así mesmo, conviven dous personaxes opostos que tratan de saír adiante na vila ourensá de Oria. Trátase do último dos fidalgos, Alveiros, quen loita por non sucumbir ás trampas de don Celidonio, alcalde da vila. Por último, cómpre engadir que *O porco de pé* constitúe unha importante mostra das tensións sociais propias dunha cidade provinciana cunha marcada influencia rural.

Recensións:

- Ana María Sotelo González, “Risco e o humor”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 1 xullo 2002, p. 54.

Iníciase o artigo cunha breve referencia ao final da obra de Vicente Risco, *O porco de pé*. Deste xeito, alúdese ao incendio da biblioteca pública de Ourense, o 8 de decembro de 1927. Así mesmo, faise referencia ás tensións sociais propias do Ourense da época, representadas polos distintos personaxes que aparecen na obra, comezando por Don Celidonio. Para rematar, alúdese ao sentido do humor, presente en toda a obra e que é fundamental para comprender como vía Risco a sociedade na que lle tocou vivir.

-Olivia Rodríguez, “La Voz entrega mañá ‘O porco de pé’, de Vicente Risco, dentro da Biblioteca 120”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 xullo 2002, p. 54.

Comentario sobre *O porco de pé*, de Vicente Risco, unha “potente sátira do estado de cousas na España fracasada antes e despois da dictadura, sátira explosiva pola súa vizosa carga humorística”. Así mesmo, destaca que esta novela inaugura as novas técnicas narrativas na literatura galega do século XX. Comenta que a novela ten “un ritmo prodixioso

sostido por unha sólida estructura” e que se trata, ao mesmo tempo, dun relato de personaxe e tamén novela colectiva.

- Xabier López López, “Os ollos do miope”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 1 xullo 2002, p. 54.

Afírmase que Risco foi o verdadeiro narrador da Xeración Nós, quen con máis éxito logrou unha prosa moderna. Deste xeito, coméntase que “erudición, axilidade, sarcasmo, interpelación ao lector, autoparodia” son as características máis salientábeis no autor ourensán. A seguir, alude á mestría con que soubo crear o seu personaxe Don Celidonio Latas Tinajero, o protagonista de *O porco de pé*, “que ascendeu de porco a marrán e chegou a alcalde”. Para rematar, afirma que a obra “non deixa títere con cabeza” e critica “a política, a prensa, a lei do beneficio, os usos sociais, a cultura, as ideoloxías, as modas”.





Riveiro Coello, Antón, *A quinta de Saler*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 106, 2002, 198 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-005-7) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-504-9).

Nova edición para a colección “Biblioteca Galega 120” da novela finalista do Xº Premio de Narrativa Torrente Ballester, publicada por primeira vez no ano 1999, no formato clásico da colección de *La Voz de Galicia* e a Editorial Galaxia. Como se dicía xa no *Informe de literatura 1999*, o autor presenta un xogo literario de estructura múltiple, centrado no desafío dirixido por un editor –Manuel Monteira– a dous escritores, que logo se verá aumentada en dous niveis diferentes: un inferior que se corresponde co relato que estes –Bieito Pereira e Helena Otero– escriben; e outro paralelo relativo ao personaxe de Xesús Paradela, garda civil que xoga ao plaxio coa creación dos anteriores. Riveiro achega unha serie de documentos xornalísticos e xudiciais, tanto no comezo coma no remate, ademais de retomar
o antigo Couto Mixto como lugar literario e introducir referencias a Méndez Ferrín, contribuíndo deste xeito a conformar un historia máis verosímil.

Recensións:

- Luís M. García Mañá, “Antón Riveiro recupera a historia do ‘Couto Mixto’ en *A Quinta de Saler”*, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 abril 2002, p. 58.

Presenta o espacio que comprende o Couto Mixto, como un lugar histórico e literario, onde Antón Riveiro, axudándose do que lle tiña contado o seu avó, artellou a novela *A Quinta de Saler*. Tamén fai referencia a este territorio como o berce doutros personaxes novelescos, o do *Exclaustrado de Diabelle*, de Méndez Ferrín. Resume o argumento da novela no que un editor contrata a dous escritores para que escriban unha novela compartida sobre o Liberal de Saler, un home que intentou instaurar unha especie de comunismo no antigo Couto Mixto, aquel territorio de soberanía compartida na raia ourensá.

- Pedro X. Blancollano, “Unha gran descuberta”, *La Voz de Galicia,* “Lecturas cualificadas”, 15 abril 2002, p. 58.

Céntrase na forma en que Antonio Riveiro escribiu *A Quinta de Saler*, destacando a capacidade descritiva, a riqueza léxica, a soltura e certeza para xogar cos tempos e

espacios. Resalta tamén a sinxeleza na reproducción da fala limiá. Recorda que con esta novela quedou finalista no Premio Torrente Ballester e repasa todos os outros premios que acadou o escritor ourensán: o García Barros por *As rulas de Bakunin*, o Café Dublín por *Animalia* e o Álvaro Cunqueiro por *Homónima*.

Referencias varias:

- Federico Cocho, “Moita literatura”, *La Voz de Galicia,* “Lecturas cualificadas”, 15 abril 2002, p. 58.

Fai unha breve descrición do seu perfil biográfico de Antón Riveiro Coello, situando o seu nacemento en Xinzo de Limia e no mesmo ano que o ciclista Miguel Indurain. Di que tras deixar a carreira de dereito comeza a carreira de narrador, salientando a súa obra “xa consolidada” con novelas como *A quinta de Saler, Animalia* (2000)*, Homónima* (2000) ou *As rulas de Bakunin* (2000).

- Jesús Fraga, “Nesta novela hai unha implicación co meu pasado e co orgullo de terra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 abril 2002, p. 59.

Presenta a obra *A quinta de Saler,* como a novela coa que o escritor Antonio Riveiro Coello iniciou o seu despegue literario. Sitúa a historia arredor dun territorio histórico pero con moito de mito, o Couto Mixto, na raia entre Ourense e Portugal e engade que esa historia puido ser a primeira experiencia comunista en Galicia. Na entrevista que lle fai ao escritor, este recoñece o territorio do Couto Mixto como un lugar mítico no que viviron os seu devanceiros, do que tamén tiña coñecemento a través de lendas das que botou man para desenvolver na novela unha pequena república independente. No tocante á forma en que se presenta a obra, o novelista di ter escrito os capítulos “como no xadrez, está condicionada pola xogada-argumento do contrincante”, xa que a obra se constrúe sobre a competición de dous escritores que escriben alternativamente unha mesma novela. Finalmente falan do protagonista da novela, o escritor Suso Paradela, que tamén o é doutras novelas do escritor como *Cartafol do Barbanza* (2002)*, Homónima* (2000) ou *As rulas de Bakunin* (2000).

Suárez Abel, Miguel, *Turbo*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 72, 2002, 181 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-013-8) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-776-3).

■□ ■♋❒♍□♦❒↑♐♓♍□ □□●♋ ❒♏●♋♍♓⇦■ ❑◆♏ ❍♋■♦🡅■ ♋ ♦▫♋ ❍◆●●♏❒ ♍◆■ ■♋❒♍□♦❒♋♐♓♍♋■♦♏🖃 ♋♍♋♌♋ ❍♋♦↑■♎□♋ ♏ □❒♏■♎♏■♎□ ●◆❍♏ ♋□ ●□♍♋● ♎♏ ♋●♦♏❒■♏ □■♎♏ ♏●♋ ♦❒♋♌♋●●♋♌♋🖃

Referencias varias:

- Alvaro Pino, “Lector por amizade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 setembro 2002, p. 39.

O articulista parte do coñecemento e amizade que o une con Miguel Suárez Abel para afirmar que sempre leu as súas obras. Apunta que *Turbo* é o modelo de narrativa que lle gusta.

- Camilo Franco, “Os escritores debemos ser observadores e atender á realidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 setembro 2002, p. 38.

Diante das preguntas do xornalista Miguel Suárez Abel fai unha reflexión sobre *Turbo*, publicado no ano 1988 e que confesa que non volveu ler. Manifesta que quizais a obra fose atractiva polo novidosa que resultou nese momento a súa temática, e máis se temos en

conta que está localizada na comarca de Arousa, moi recoñecíbel, afirmando que a razón foi por ser quizais o sitio que el tiña máis preto. No referente aos personaxes, manifesta que algúns responden a certos estereotipos e outros, como é o caso do cura, queren representar

o fracaso interior pola falta de decisión, como un reflexo do que pasaba na sociedade.

- Victorino Pérez Prieto, “Frustración e impotencia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 setembro 2002, p. 39.

Pérez Prieto fai unha análise de *Turbo*, de Miguel Suárez Abel, definíndoa como unha historia triste, na que se mesturan ingredientes suficientes para acadar o éxito inmediato: un protagonista que fora cura casado cunha muller de alterne, un banqueiro corrupto, o narcotráfico, etc. Sinala que se trata dun relato da decadencia dun home que remata en traxedia, unha historia de frustración e impotencia, amor e odio nun mundo marxinal, e quizais por iso, a crítica non foi unánime no xuízo desta obra, pero si o foi sen embargo o público, entre o que tivo unha grande acollida.

Taibo, Xoán Ignacio, *Homes de ningures*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 56, 2002, 132 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-046-4) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-831-X).

Esta nova edición da obra de Xoán Ignacio Taibo (Madrid, 1949), publicada por primeira vez en 1978 por Edicións do Rueiro, ano no que resultou gañadora do Premio da Crítica Española, aparece agora cos textos fixados polo propio autor para a ocasión. Comeza cunha dedicatoria, que segundo se sinala, non estivo presente na primeira edición e que agora vai para Reimundo Patiño, Iago, Inés e Iria. A seguir, reprodúcense os diferentes capítulos titulados nos que se narran a vida e aventuras de Niéstor Galkin e de Breixo Freire, ambientadas nos anos cincuenta. Trátase dunha obra de ritmo áxil que presenta dun xeito paralelo dúas vidas completamente distintas. Niéstor Galkin é un soviético moi inhibido que nun principio leva unha vida solitaria e monótona. Pola contra, o galego Breixo é un nómade, viaxeiro desenfreado, que vive as máis dispares situacións nos máis recónditos lugares. De aí a diversidade de espacios que se atopan na novela, por un lado Nóvgorod, de onde é orixinario Niéstor e por outro Galicia, Buenos Aires, Paris, etc., lugares polos que se move Breixo. A busca da identidade e as viaxes son dous dos temas principais.

Referencias varias :

-Sabela Romero, “A miña presencia en Madrid foi un pequeno erro que durou vintesete anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xullo 2002, p. 29.

Entrevista a Xoán Taibo coincidindo coa publicación desta nova edición da obra *Homes de ningures*, Premio da Crítica Española, na que o autor deixa ver o seu comprometido traballo a prol da lingua galega, a súa defensa e as súas preocupacións pola súa supervivencia. Lembrando o seu pasado en Madrid, di que foi circunstancial, posto que el sempre desexou volver a Galicia e poder estar en contacto directo tanto coa lingua coma coa xente. Finalmente, fala o autor dos seus proxectos e a ilusión que lle faría escribir un libro cheo de relatos con biografías históricas ficticias.

Toro, Suso de, *Polaroid*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 69, 2002, 157 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-010-3) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-777-1).

Conxunto de relatos de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) que saíron do prelo por vez primeira en 1986 da man de Edicións Xerais de Galicia. Esta obra que foi Premio da Crítica de Galicia en 1987 supuxo, segundo os críticos, unha renovación temática e estilística no panorama literario galego. Dá comezo ao volume un prólogo que está constituído de forma caótica por unha serie de citas de, entre outros, Shakespeare, O. Welles ou V. Woolf. O autor retrata instantes ou secuencias da vida cotiá de xente do mundo urbano do seu tempo. Dá cabida a personaxes de diferentes procedencias, moitos deles marxinais, que reflicten os problemas da sociedade na que viven: incomprensión, incomunicación, soidade, etc. O escatolóxico e o absurdo tamén teñen un lugar, non faltando algunha que outra reflexión de tipo literario. Ensaia diferentes técnicas narrativas, cunha pluralidade de voces que adoptan unha lingua propia do mundo que fotografa. Ademais, sarcasmo e a ironía están presentes en todo momento.

Recensións:

- Cristina Patiño Eirín, “Unha cámara na cidade viva”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2002, p. 30.

Dá conta do mundo urbano que mostra a “cámara” de *Polaroid*. Así mesmo, refírese ás outras obras de Suso de Toro e destaca que este se move sen problema por diferentes xéneros. Observa, ademais, certos paralelismos con Joyce, en especial pola creación de cidades “mitotópicas” e como “donos dunha ironía poderosa”. Tamén recolle o apuntado por Pedrós Gascón cara a unha reformulación que fai Suso de Toro do complexo edípico, especialmente a través da presencia de personaxes como Hamlet, Caín, Prometeo ou Teseo. Remata pondo de manifesto que o escritor racha con todo o anterior con esta súa obra.

- Franck Meyer, “Preguntas sen resposta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2002, p. 30.

Confesa que a lectura deste feixe de relatos que conforman *Polaroid*, de Suso de Toro, o "achegou" ao resto da obra do autor e tamén á literatura galega. Por outra banda, subliña certos aspectos, ao seu ver, engaiolantes deste volume, como o "pulo rebelde" ou o ser un dos "pronunciamentos máis atrevidos sobre a identidade galega". Destaca que o autor faga preguntas sobre as que non ten resposta de antemán, que lle serven para chamar a atención sobre distintos problemas. Como un dos maiores logros sinala o feito de atopar un conxunto de textos que ademais de todo o anterior "fan rir e pasalo ben".

- Sandra Faginas, "A vida nun instante", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 abril 2002, p. 30.

Procura achegarse ás claves de *Polaroid*, pondo de relevo a novidade que supuxo dentro do panorama das letras galegas a finais dos anos 80. Sinala que con esta obra Suso de Toro reflicte a realidade galega, que mestura realidade e ficción acadando unha emoción que parte do máis fondo da alma individual e colectiva. Considera que o espacio, Santiago, se converte no “escenario dunha cosmovisión” como ocorre noutras grandes obras da literatura universal. Tamén sinala que na obra o relato é o molde idóneo para as instantáneas que se

ofrecen da vida cotiá, nunha obra que “zumega vangarda porque o autor é capaz de verse e vernos por dentro e por fóra”.

Referencias varias:

- Rodri García, “Estou repensando se de verdade paga a pena ser escritor profesional”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2002, p. 31.

Entrevista a Suso de Toro na que se comeza aludindo a *Polaroid*. O escritor subliña os obxectivos que procurou con esta obra e salienta o significado que esta tivo na época na que se publicou. Por outro lado, cuestiónase o seu futuro como escritor profesional e sente profundamente a perda de Carlos Casares. Ademais, opina sobre a situación da sociedade, a cultura e a lingua galegas, queixándose de que hai demasiadas “fracturas”.

Valcárcel, Xesús Manuel, *O capitán Lobo Negro*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 99, 2002, 205 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-070-7) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-557-X).

Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) publicou no ano 1995 a súa obra *O capitán Lobo Negro*, reeditada, nesta ocasión, por *La Voz de Galicia* e a Editorial Galaxia na súa colección "Biblioteca Galega 120". A obra inclúe, como se sinala no *Informe de literatura 1995*, un conxunto de catorce relatos breves nos que se mesturan rexistros e temáticas ben diferentes: historias de personaxes misteriosos e mesmo terroríficos, sucesos nos que a espectacularidade chega aos límites da inverosimilitude ou imaxes dunha infancia desgraciada. Así mesmo, cómpre engadir que os diferentes relatos que conforman a obra se desenvolven a medio camiño entre o relato de terror e o disparate humorístico. Ademais, as imprecisións no eido espacio-temporal contribúen a que todo o conxunto se impregne dunha atmosfera de misterio e inquedanza.

Recensións:

- Armando Requeixo, “O libro ‘O capitán Lobo Negro’, de Xesús M. Valcárcel, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 outubro 2002, p. 52.

Alúdese, brevemente, ao libro de relatos de Xesús Manuel Valcárcel, *O capitán Lobo Negro*. Destácase, en primeiro lugar, “a súa prodixiosa habelencia para mergullarse nos fondos da alma humana”. A seguir, céntrase na obra e coméntase que se trata dunha colectánea de catorce relatos curtos, que amosan unha “diversidade argumental”, que non é máis que “diferentes irisacións dunha mesma luz, un melancólico arco da vella no que se entremesturan, a partes iguais, o terror, o absurdo, o abafo do enigmático, a anguria estarrecente e a soidade radical, mais tamén o poder salvífico do amor, a fulcral existencia da amizade e a balsámica recorrencia aos valores da lealdade, da dignidade, da tan humana tenrura”.

- Miguel A. Mato Fondo, “Oprimidos”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 14 outubro 2002, p. 52.

Sucinta nota de prensa na que se alude á obra de Xesús Manuel Valcárcel, *O capitán Lobo Negro*. Afírmase, en primeiro lugar, que se trata "dunha viaxe cara o coñecemento dun permanente sentimento de saudade". Describe, a seguir, o perfil dos personaxes que forman parte dos catorce relatos que conforman o libro e declara que o libro é a historia "do desvalimento, do absurdo e da angustia dunhas personaxes cercadas por un mundo que non entende o alleo, que non acepta outras normas que as súas e que reacciona con agresividade ante o estraño".

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A miña literatura entronca co imaxinario popular galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 14 outubro 2002, p. 53.

Conversa con Xesús M. Valcárcel, autor de *O capitán Lobo Negro*. Comenta que escribe aquela literatura que lle gusta ler, unha literatura "que mestura o humor e o terror" e recoñece que o seu mestre á hora de escribir foi Ramón Piñeiro, quen lle aprendeu a "ler Galicia e a entendela". Deste xeito, engade que a súa literatura é "continuadora dunha

delongada tradición cultural galega de humor e medo". Para rematar, confesa que o lector "agradece a brevedade de condensar as historias".

-Vicente Araguas, “O labirinto da memoria”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 14 outubro 2002, p. 52.

Comentario sobre *O capitán Lobo Negro*, de Xesús Manuel Valcárcel López. Destaca que o autor lugués “traballa con eficacia e esixencia matemáticas canto sutil recuncho aparece na devolución do pasado dende a ollada presente”. Trátase, segundo o articulista, dun autor que escribe contra corrente, “lonxe de escolas e capelas”.





Valenzuela, Ramón de, *O Naranxo*, edición de Manuel Iglesias e Mario Pereira, Lalín-Pontevedra: Asociación Cultural O Naranxo, 2002, 85 pp. (ISBN: 84-926769-1-0).

Reedición do libro do autor de Bandeira, Ramón de Valenzuela Otero (Bandeira, 1914-Adina, 1980) que reúne doce contos aparecidos separadamente entre os anos 55 e 60 en diferentes medios e que Brais Pinto compilou por primeira vez no 1974 para a súa publicación conxunta. Precede un breve estudio dos editores sobre a vida e obra do autor, así como un perfil biográfico/antropolóxico do *Naranxo*, alcume de Manuel González Ferradás, no que se inspira o personaxe que dá nome ao volume, que se compara coa figura creada no relato por Valenzuela, destacando a importancia que o mundo que circunda a idea de tolemia toma na súa narrativa. O resto dos contos mesturan costumismo, paisaxe e paisanaxe, introducindo numerosos elementos fantásticos procedentes da mitoloxía popular para rematar volvendo ao tema inicial do “tolo da aldea”, pero esta vez dende un punto de vista esteado na diferente natureza e orixe do personaxe con respecto á sociedade. Péchase o libro cun anexo do propio autor que constitúe a súa primeira colaboración para *Galicia Emigrante,* no ano 1955, un artigo descritivo e de gabanza sobre a comarca do Deza.

Recensións:

-Xosé Feixó, “O Naranxo”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 23, “Libros”, 19 decembro 2002, p. IV.

Fai un repaso pola biografía e a producción literaria de Ramón de Valenzuela. Atribúelle a este escritor exiliado en Bos Aires a peza teatral *As bágoas do demo* (1964) e as novelas *Non agardei por ninguén* (1957), *Era tempo de apandar* (1980) e *O Naranxo* (1974). Fala da reedición desta última baixo os criterios de Manuel Iglesias e Mario Pereira, autores da súa introducción e estudio. Remata a súa colaboración falando dos catro “Naranxos”: o que naceu en Lalín, o folclorizado, o recreado plasticamente por Laxeiro e o literaturizado por Valenzuela.

Referencias varias:

-C. V., “As asociacións do Deza homenaxean a Ramón de Valenzuela”, *A Nosa Terra*, nº 1.039, “Cultura”, 21-26 xuño 2002, p. 28.

Dáse conta de dúas homenaxes rendidas ao escritor Ramón de Valenzuela: a primeira celebrouse na Casa de Cultura de Bandeira, promovida por varias asociacións da comarca do Deza, onde se instalou unha placa co nome do escritor; a segunda consistiu na reedición do seu libro *O naranxo*, editado pola Asociación Cultural O Naranxo de Lalín e que leva na portada un cadro de Laxeiro. O xornalista repasa a historia do Naranxo, un personaxe real coñecido como o tolo de Lalín, e explica tamén como Laxeiro lle prometera a Ramón de Valenzuela, xa antes da guerra civil española, o cadro que agora ilustra a portada do libro.

-F. Martínez Bouzas, “A ‘industria’ cultural do Deza”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 131, 27 maio 2002, p. 2.

Enxalza o labor que a Asociación Cultural O Naranxo de Lalín está a facer nas terras do Deza, como as celebracións dos entroidos, procesións varias, seminarios, roteiros en defensa do patrimonio histórico e agora a edición da obra *O Naranxo* do galeguista Ramón

de Valenzuela. Martínez Bouzas fai alusión á faceta antifascista do escritor e repasa a vida do Naranxo “un esmoleiro e inmensamente rico en terras e capital que percorreu o Deza repartindo obrigas de pagamento por valor de centos de millóns e trillóns entre os que lle ofrecían unha cunca de caldo, un vaso de viño ou un recanto na palleira onde repousar”.

Vaqueiro, Víctor, *Os xenerais de África*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 107, 2002, 106 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-0928) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-579-0).⓾

Reedición deste volume de dez relatos máis un epílogo de Víctor Vaqueiro (Vigo, 1948), que viu a luz na súa primeira edición en 1999. Trátase de narracións de breve extensión, como se sinala no *Informe de literatura* correspondente, nas que a cidade de Vigo é o espacio elixido e mesmo ás veces funciona como coprotagonista, unha especie de homenaxe á cidade natal como declara o autor no "Epílogo". Entre as temáticas desenvolvidas sobrancea a Guerra Civil española, de xeito explícito como en "Balanzo", ou soterradamente como en "Tarde de fútbol", un relato iniciático de abandono da nenez, ou "As desvantaxes da defensa en liña", que toman como escusa os gozos que produce o fútbol. O mundo da guerra serve tamén para recrear a infelicidade e os abusos sociais ("Memoria do silencio") ou como lembranza de figuras heroicas, como o recordo ao episodio no que Manuel Lence rachou en xullo do 36 o bando de guerra que estaba lendo un oficial que é o motivo de "Manuel Lence", ou a vida unida á fotografía que se conta en "Biografía de Xoán Henrique Lamas". Outros relatos desenvolven a angustia polo paso do tempo e a morte, como "Moviola" ou "Análise

facial”, mentres que noutros se reflexiona sobre as relacións de parella e os conflictos que ocorren no seu seo (“Reflexións dun zoólogo en día feriado”) ou se dosifica a intriga para conducir o lector a un final inesperado e sorprendente (“Visitas”).

Referencias varias:

-Xosé Daniel Gandaísco, “La Voz entrega mañá ‘Os xenerais de África’, do vigués Vítor Vaqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 decembro 2002, p. 62.

Lembra o articulista a traxectoria como fotógrafo de Víctor Vaqueiro e alude á tradición de escritores-fotógrafos e fotógrafos-escritores de moitas literaturas, citando a Juan Rulfo, Blanco Amor e mesmo Carlos Casares. Sinala a continuación que a relación de Víctor Vaqueiro coas imaxes axudou a que se convertese nun gran mestre do relato que demostra a súa habelencia en *Os xenerais de África.* Cualifica de acerto a reedición deste volume no “extraordinario proxecto” da “Biblioteca Galega 120”.

- Damián Villalaín, “Madurez e autenticidade”, *La Voz de Galicia,* “Lecturas cualificadas”, 16 decembro 2002, p. 62.

Cualifica *Os xenerais de África* como “un dos mellores libros de relatos da década dos 90” ao consideralo un exercicio de madurez e autenticidade. Lembra a profesión de Víctor Vaqueiro como fotógrafo e a súa traxectoria como poeta e autor de guías divulgativas. Menciona tamén o seu primeiro libro de relatos, *O soño dirixido* (1992)*,* “que correra a sorte, habitualmente infausta, das estreas literarias” e detense na importancia da cidade de Vigo, “espacio basilar (...) desa literatura e da memoria que lle dá orixe”. Finalmente alude á unión da memoria persoal coa experiencia colectiva que se plasma nos seus relatos.

- Rubén Santamarta, “A nostalxia e as historias”, *La Voz de Galicia,* “Lecturas cualificadas”, 16 decembro 2002, p. 62.

Fai fincapé na presencia da nostalxia e nos temas cotiáns que aparecen nos relatos de *Os xenerais de África* e alude ás referencias literarias de Víctor Vaqueiro, mencionando a Milan Kundera, Mario Benedetti e James Joyce.

- Jorge Lamas, “O título foi esixencia da editorial, eu prefería ‘Memoria do silencio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 decembro 2002, p. 63.

Víctor Vaqueiro declara nesta entrevista que os relatos de *Os xenerais de África* tratan temas universais e que os situou na cidade de Vigo polo convencemento de que o universalismo parte da pequenez das cousas e por ser o lugar no que vive e que coñece. Alude á elección do título e sinala que el prefería *Memoria do silencio,* mais por consello da editorial elixiuse para o volume outro título. Sinala como unha constante o tratamento temporal tanto nesta obra coma na anterior, *O soño dirixido* (1992), que responde a unha preocupación persoal sobre a morte e o paso do tempo. Opina tamén sobre temas como a normativa oficial do galego e declárase partidario de achegarse ao portugués, porque "galego e portugués son esencialmente a mesma lingua", e anuncia a publicación dun novo libro titulado *O nome da morte* e da recompilación da súa poesía completa.

Vázquez Pintor, Xosé, *A memoria do boi*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 117, 2002, 181 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-011-1) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-778-X).

Esta novela de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), publicada por primeira vez en 2001, está estructurada en trinta e un capítulos, nos que como se indica no *Informe de literatura 2001*, presenta a un narrador omnisciente en terceira persoa que nos achega a vida de Boapedre, as historias dos seus personaxes e aos primeiros anos do século XX na cidade de Pontevedra, a través dun mosaico de historias que semellan anacos independentes que logo se van unindo e dando sentido á obra nun todo. Diversos personaxes tratan de achegarnos aos inicios do século XX dende diversas perspectivas e caracterizacións, xa que
o autor introduce tanto ao señorito de boa posición, como por exemplo, á lavandeira, ao taberneiro ou ao poeta.

Recensións:

-Francisco Martínez Bouzas, “A cidade da pedra”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 24 abril 2002, p. 30.

Despois de sinalar que *A memoria do boi*, de Xosé Vázquez Pintor, foi a gañadora en 2000 do Premio Torrente Ballester, sinala que é unha novela dun narrador maduro que evolucionou cara a unha prosa que manexa con facilidade e que tamén abordou a súa faceta de poeta. Cualifica a novela como o “intento engaiolante e á vez orixinal de literaturizar unha cidade”, que achega á nosa literatura unha ensoñación fabulosa da cidade de Pontevedra e unha metáfora na figura totémica do boi. Sinala que esta novela coral está ambientada no último tercio do século XIX e principios do XX, que nela se recrea a vida de numerosos personaxes reais e inventados. Remata destacando a linguaxe empregada, o estilo epopeico asentado na oralidade e no lirismo.

- M. Lourenzo González, “De longo percorrido”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 24 abril 2002, p. 30.

Sinala dúas lecturas paralelas de *A memoria do boi*, de Xosé Vázquez Pintor, novela que cualifica de ardua, densa e cunha profundidade que non se deixa ver na primeira aproximación. Explica que ten unha estructura complexa de historias breves que se van ensarillando con precisión, que os personaxes son homes e mulleres do común, aínda que predominan os que Víctor Hugo cualificou de "miserables", que conta coa presencia doutros protagonistas e elementos nos que a memoria é o engrenaxe permanente. Do plano estilístico destaca a mestura da voz do narrador coa dos protagonistas, do mesmo xeito que a influencia de autores como Valle-Inclán ou Blanco Amor.

- Xosé Fortes, "A memoria do boi', de Xosé Vázquez Pintor, retrata a vida da vella Pontevedra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 abril 2002, p. 30.

Comeza sinalando que os relatos de a *Memoria do boi*, de Xosé Vázquez Pintor, recoñecida co Premio Torrente Ballester e logo co Premio da Crítica, semellan secuencias cinematográficas, que van acadando unidade e sentido a medida que o lector completa a súa lectura. Percorre os lugares da cidade de Pontevedra nos que está ambientada, o

significado da figura do boi e os personaxes, dos que sinala que teñen trazos de gran vigor. Remata aludindo á riqueza e aos arcaísmos léxicos, que lle dan autenticidade ao narrado.

Referencias varias:

-Rodri García, “O boi é a metáfora de Galicia, da súa resistencia, do seu paso lento e seguro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 abril 2002, p. 31.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor con motivo da entrega na colección “Biblioteca Galega 120” da súa obra *A memoria do boi*, na que sinala que é froito do “deslumbramento dun autor” pola cidade de Pontevedra, fala dos seus paseos polas rúas nos que se imaxinou a cidade descrita, na que a ficción se achega aos últimos anos do século XIX ao longo dos trinta e un capítulos.

I. 3. Traduccións ou versións

Cabré, Jaume, *Señoría*, trad. Dolores Martínez Torres, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 185, xullo 2002, 391 pp. (ISBN: 84-8288-553-7).❿

Esta novela de Jaume Cabré (Barcelona, 1947), que foi publicada no seu orixinal catalán en 1991, está ambientada no último ano do século XVIII e localízase na cidade de Barcelona. O protagonista é Rafel Massó, un xuíz da Audiencia de Barcelona que a pesar da imaxe de home serio e responsábel que ofrece, agocha tras de si infidelidades, un asasinato, subornos e incumprimento do seu deber. A trama narra como, a partir dun asasinato acontecido en 1979, se descobre que Rafel Massó asasinara á súa amante en 1977 e como todos os seus inimigos se afanan en afundilo social e economicamente, ata que desesperado opta polo suicidio. Ademais desta historia central, a novela é unha descrición da sociedade barcelonesa do XVIII atendendo a hábitos, celebracións, roupas, etc.

Estructuralmente o libro divídese en tres partes: “Baixo o signo de Orión”, “O pánico das Pleiades” e “Errático Plutón”, que inclúen once, tres e seis capítulos, respectivamente.

Recensións:

- Joaquim Ventura, “Unha recuperación necesaria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 14, “Libros”, 17 outubro 2002, p. IV.

Neste comentario de *Señoría* cítanse os premios que obtivo Jaume Cela por esta obra, entre os que destacan: os premios da Crítica española e catalana e da revista *Serra d´Ors*, Prudencia Bertrana dos lectores e da Crítica, Joan Crexells e dos lectores da revista *El Temps*. Indícase, ademais, que o seu autor é un recoñecido autor de literatura catalana e que, na actualidade, é o Presidente da Associació d´Escriptores en Llengua Catalana. Finalmente resume o argumento da obra e sitúaa no seu marco espacio-temporal.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, “Os ecos do Tempo das Luces”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 10 agosto 2002, p. 11.

Dá conta da traducción que Dolores Martínez Torres fixo de *Señoría*, de Jaume Cela. Indica que o seu argumento transcorre na Barcelona de finais do século XVIII e cualifícaa de novela “cunha fermosísima prosa asentada sobre unha rigorosa documentación histórica”.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 12, “Libros”, 3 outubro 2002, p. V.

Comeza facendo un resumo do argumento de *Señoría*, de Jaume Cabré, unha novela protagonizada por un xuíz de Barcelona, na que a narración histórica se vincula coa crónica vital deste vencedor que se ve abocado á derrota, ademais dunha achega á traxectoria profesional do autor. Segue con *Terra das Frieiras*, de Elixio Rivas e J. Rodríguez Cruz, un volume do que sinala que nel se analizan diversos aspectos da comarca “Terra das Frieiras”, formada polos concellos da Caniza e A Mezquita, entre eles a literatura popular. Finalmente, presenta a obra de Raquel Campos Pico, *OTMA Nicolaievna. As catro grandes*

descoñecidas, que gañou o XIVª Premio de Narracións Xuvenís “Rúa Nova” 2002 e fai unha breve achega á temática deste volume sobre a familia do derradeiro tsar de Rusia.

Castro, Rosalía de, *A filla do mar (La hija del mar)*, trad. Olga Patiño, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Trasmontes, nº 3, 2002, 193 pp. (ISBN: 84-95622-33-5).❿

Traducción de *La hija del mar* da escritora galega Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), publicada en 1859 e unha das súas novelas de xuventude, de corte folletinesco e romántico, inspirada na paisaxe da bisbarra de Muxía. Baixo un deseño editorial de vinte capítulos numerados, un prólogo e unha conclusión, a historia recrea o periplo mítico de Esperanza, filla do desamor, quen é concibida polos seus paisanos como un ser misterioso e inexplicábel, en parte pola súa beleza, que se presenta como o propio froito do mar. O mar, sen embargo, é quen de arrebatarlle ao seu propio fillo e ao seu esposo, que regresará finalmente pero envolto na fantasía da voluptuosidade e do luxo mundano. Aínda que a galería de personaxes está composta por unha nómina moito máis grande (Fausto, amigo de Esperanza; Tareixa, a súa nai adoptiva; Alberto Ansot, queaparece ensumido na súa propia sensualidade, ou Ánxela, unha muller corroída pola vinganza), é Esperanza quen delimita dunha forma máis evidente a atracción que desprega o mar sobre o ser galego. É por iso que, ao final, a protagonista fúndese co elemento mariño, un ente que, semellando estar vivo, parecía chamala constantemente.

Chopin, Kate, *O espertar* (*The anekening*), trad. María Ana Valladares Fernández, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Trasmontes, nº 5, 2002, 207 pp. (ISBN: 84-95622-56-4).

Novela de Kate Chopin (St. Louis-Montana, 1851-1904) que discorre na Luisiana de finais do século XIX. Edna, a súa protagonista, está casada co señor Pontellier, un exitoso home de negocios, e é nai de dous fillos. A punto de cumprir os trinta anos, a súa vida segura e tranquila entra en crise ao se namorar do mozo Robert Lebrun. Estes sentimentos provocan o "espertar" de Edna, quen decide reclamar a súa autonomía como muller, tanto na reafirmación da súa sensualidade coma da súa capacidade creativa. Mais o intento por recobrar a súa liberdade choca cos prexuízos da época, abocándoa a un final tráxico no que a morte no mar será o único camiño cara á liberdade.

Recensións:

- Moisés R. Barcia, “Feminismo pioneiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 12, “Libros”, 3 outubro 2002, p. 4.

Realiza un breve repaso pola actividade literaria da escritora estadounidense Kate Chopin, resaltando que só a súa obra costumista foi considerada apta pola crítica norteamericana, pois a súa segunda novela, *O espertar*, foi rexeitada e censurada polo seu contido: por describir a viaxe dunha muller cara á independencia e a sensualidade e sobre todo por discutir as necesidades sexuais e emocionais das mulleres. Destaca a traducción ao galego feita por Ana Valladares Fernández e o deseño que lle deu a Editorial Toxosoutos.

-M. Quintáns S., “Un icono do movemento feminista no século XIX”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 20 outubro 2002, p. 4.

Cualifica *O espertar*, de Kate Chopin como unha perla da narrativa americana da segunda metade do século XIX e catalógaa como un dos referentes obrigados do neorromanticismo do sur americano. Relaciona o ambiente no que se desenvolve a novela, un clima de xentes acomodadas e conformistas, amantes do benestar pacífico e intranscendente, e sobre todo

o papel de simple obxecto que se lle reserva á muller co mundo de hoxe e sostén que, despois de cen anos, se converteu nunha icona do movemento feminista do século XX. Enxalza a súa traducción ao galego porque contribúe ao enriquecemento da literatura estranxeira en lingua galega.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, “O libro de Carolina”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 16 agosto 2002, p. 3.

A escritora aproveita o acto inocente dunha nena de dezasete meses que foi á súa casa e colleu de riba da súa mesiña de noite o libro de Kate Chopin, para falar deste e da súa protagonista. Describe a Edna Pontellier como a esposa sureña que se “espreguiza do trato ofrecido por unha sociedade opresora, que se fai artista plástica e descobre que é o amor fóra de tanto puritanismo”. Relaciónaa coa nai desta cativa e coas nais de hoxe en día, que ven a maternidade dun xeito diferente e que tentan buscar nesta sociedade o posto que lles corresponde.

Elorriaga, Unai, *Un tranvía cara a SP* (*Sprako tranbia. Un tranvía en SP*), Premio Nacional de Literatura 2002, trad. Ramón Loureiro, Vigo: Editorial Galaxia, 2002, 144 pp. (ISBN: 84-8288-590-1).

Obra coa que Unai Elorriaga (Algorta, 1973) gañou o Premio Nacional de Narrativa no 2001. Trátase dunha novela emotiva que plasma dun xeito innovador a filosofía da vida. Cunha certa maxia poética, Unai narra a historia dun vello que desexa ardentemente subir ao monte Shisha Pangma (S.P.) na cordilleira do Himalaia. O vello Lucas, que sofre unha enfermidade mental dexenerativa vive coas lembranzas da súa muller subindo cara ao S.P. nun tranvía. El, vello e canso, soña con poder facer esa viaxe e converterse nun dosoitomiles. É por iso que cando Matías, un mozo okupa, aparece na súa casa, o matrimonio de anciáns adóptao e ve nel o esvaecido reflexo da súa xuventude. A novela está estructurada en capítulos pequenos que rompen a liña estructural clásica e mostra as relacións entre diferentes xeracións dun xeito positivo.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Galaxia publica en galego o último Premio Nacional de Narrativa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 decembro 2002, p. 51.

Refírese ao novo Premio Nacional de Narrativa, *Un tranvía cara a SP*, como unha obra innovadora que presenta unha estructura novidosa. Fala de Unai Elorriaga como un autor vinculado coas linguas periféricas que manifesta gozar das lecturas de escritores galegos tales como Manuel Rivas.

-AFA, “Un tranvía cara a S.P.”/“Un ‘tranvía’ novidoso e atrevido en Galicia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 20 decembro 2002, p. 31/p. 76.

Comenta que Unai Elorriaga presenta en Santiago, da man de Galaxia, a versión galega da súa obra, “novidosa e innovadora”, *Un tranvía cara a SP*, que foi gañadora do Premio Nacional de Literatura. Sinala que o autor se mostrou moi satisfeito pola acollida que o libro tivo entre o público galego.

- AGN, “Galaxia publica en galego ‘Un tranvía cara a S.P.’ antes da versión en castelán”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 20 decembro 2002, p. 91.

Dá conta da presentación da versión galega do libro de Unai Elorriaga, gañador do Premio Nacional de Literatura, *Un tranvía cara a SP*. Indícase que a versión que corre a cargo da Editorial Galaxia incluso se adianta á versión en castelán e salienta o toque experimental e innovador que caracteriza a estructura da obra.

- I.M., “Los ‘Asterix’ son mejor literatura que muchos libros de 200 páginas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 20 decembro 2002, p. 25.

Salienta que, a pesar da súa xuventude, o escritor bilbaíno Unai Elorriaga foi merecedor do Premio Nacional de Literatura e que co seu novidoso libro, *Un tranvía cara a SP*, gañou o respecto do gran público.

-Concha Pino, “En las lenguas pequeñas podemos experimentar”, *La Voz de Galicia*, “El

cronómetro”, 20 decembro 2002, p. L2.

Entrevista a Unai Elorriaga onde manifesta que no seu libro, *Un tranvía cara á SP*, tentou xuntar persoas distintas e presentalas dun xeito natural. Sinala que nas linguas "pequeñas" se pode experimentar, posto que os autores non viven da literatura nin están condicionados polo mercado. Sinala tamén que antes desta novela tiña escrito algún relato curto, que nesta obra verteu dalgún xeito a súa filosofía de vida e que aínda que non escribiu o libro para xente nova gustou moito entre ela.

- Mayte Silva, "La prensa necesita a un héroe de vez en cuando y esta vez me ha tocado a mi", *La Opinión*, "Cultura", 20 decembro 2002, p. 51.

Entrevista a Unai Elorriaga, gañador do Premio Nacional de Literatura, con motivo da presentación da súa obra na cidade da Coruña. Declara que en ningún momento pensou ser o gañador deste premio, que non era consciente da súa dimensión, e que merece a pena a difusión da obra de xente que coma el escribe en lingua minoritarias. Resume o argumento da súa obra, que non aborda cuestións políticas, e alude a cuestións editoriais para publicar

antes en lingua galega ca en castelá.

-A. R. López e Soedade Noia (coords.), “Unai Elorriaga, un brillante debut”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 449, 26 decembro 2002, p. 3.

Indícase que Unai Elorriaga tomou como tema para *Un tranvía cara a SP* os montañeiros, que en Euskadi son considerados coma unha especie de heroes. Así, sinálase que o protagonista principal da obra é un ancián que ansía subir ao Himalaia: ao Shisha Pangma. Menciónase tamén que esta obra, editada pola Editorial Galaxia, foi traducida ao galego por Ramón Loureiro.

- Carmen Villar, “Me encantaría ser un profesional del rugby, pero sólo sé escribir”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 decembro 2002, p. 40.

Entrevista ao gañador do Premio Nacional de Literatura, Unai Elorriaga, onde fai un amplo repaso de *Un tranvía cara a SP* e sobre todo ao trazado psicolóxico dos seus personaxes. O autor sinala que incluso se sente admirador de Lucas, protagonista principal do libro, pola

súa enteireza e forza mental.

-Beatriz Abelairas, “Relevo con polémica”, *Qué leer día a día*, nº 72, “Otras letras”, decembro 2002, p. 34.

Indícase que a morte de Carlos Casares deixou moitos baleiros na vida cultural galega, sobre todo en tres entidades: a editorial Galaxia, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia, sendo Víctor F. Freixanes quen ocupou o lugar de Casares nas tres. Apúntase que a súa chegada á dirección de Galaxia supón un cambio de estratexia e discurso na editorial, así como unha nova etapa, marcada tamén pola polémica marcha de Damián Villalaín da editorial. Sinálase, sen embargo, que este episodio non afectou á actividade da editorial e saliéntanse os importantes e numerosos proxectos que se están levando a cabo, as novas liñas de traballo e as apostas por aumentar a competitividade da marca, ademais de apuntar algúns títulos de próxima aparición en galego como *SP rako tranbia*, de Unai Elorriaga, antes que en español, a edición de *O laberinto dos soños*, primeiro libro interactivo en CD, ou a segunda entrega de Harry Potter.

- Carme Vidal, “Unai Elorriaga. A morte tamén se pode tratar con ironía”, *A Nosa Terra*, nº 1.062, “Cultura”, 26 decembro 2002-3 xaneiro 2003, p. 29.

Nesta entrevista, Unai Elorriaga, autor de *Un tranvía cara a SP*, manifesta que na súa obra tenta plasmar a realidade cotiá dun xeito natural e sinxelo. Unai explica que tal como dicía Julio Cortázar, as novelas non teñen por qué ser lineais senón como a vida mesma, con xiros, cambios e altibaixos. Resalta ademais que trata o tema da vellez e da morte dun xeito transparente e tenro, porque “xa que temos que pasar o trago, non ten sentido que por riba nos amarguemos antes”.

Kipling, Rudyard, *Quince relatos*, trad. Celia Recarey Rendo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Clásicos, serie Relatos, 2002, 171 pp. (ISBN: 84-7680-411-3).

Recóllense neste volume quince relatos que Rudyard Kipling (Bombai, 1965-Sussex, 1936) publicou nas páxinas da prensa india nos comezos da súa carreira. No prólogo que precede a estes textos achéganse aspectos referidos á vida do escritor que, tras nacer na India, á idade de seis anos trasládase a Inglaterra para continuar coa súa educación ata que en 1881 volve de novo á colonia para comezar a traballar como xornalista. Nesta etapa comeza tamén a publicar relatos breves que servían para cubrir os ocos das publicacións locais nas que traballaba, cos que acadou rapidamente unha gran sona na colonia que se estendeu tamén por Inglaterra cando decidiu dedicarse de cheo á literatura. Os textos que se inclúen neste volume forman parte precisamente desa primeira etapa de mocidade do escritor. Foron compilados en 1888 no volume *Plain Tales from the Hills,* aínda que a súa escrita corresponde cos anos 1886 e 1887. Neles o autor reflicte historias da vida cotiá da colonia, transmitindo a esencia da sociedade india e os conflictos culturais xurdidos entre os ingleses, os nativos e os mestizos. Caracterízanse pola presencia dun ton irónico con respecto ao imperialismo, tinxido en ocasións por certa ambigüidade en canto á atracción e

ao rexeitamento que suscita o mundo indio. Así por exemplo en “Xunguida cun infiel” considérase un feito desgraciado o matrimonio mixto entre o inglés Phil Garron e unha muller india; en “Lispeth” amósase a traxedia dunha moza montañesa ao ser enganada na súa relación cun inglés e en “Trala reixa” o protagonista atopa a súa perdición ao manter unha relación oculta cunha adolescente india. Outros relatos céntranse na crítica sutil ao descoñecemento dos costumes da India a través de personaxes como Silas Rey en “Unha fraude bancaria”. Mesmo en “A emenda de Tods” o narrador pon en dúbida a capacidade dos ingleses para decidir o que máis lle convén á sociedade india. En xeral os relatos están protagonizados por personaxes que sofren de indiferencia, desarraigamento, desorientación e loucura e os seus actos condúcenos ás veces á morte como demostran o suicidio do Rapaz en “Desfeito”; a loucura do soldado en “A loucura do soldado Ortheris”; o vicio da bebida dun funcionario en “Nun erro” ou a perda dos estrictos costumes ingleses, como o cabaleiro que mostra os seus sentimentos en público en “Falso amencer”.

Poe, Edgar Allan, *Berenice e outros relatos*, trad. Ana Belén Varela Miño, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Clásicos, serie Relatos, 2002, 191 pp. (ISBN: 84-7680-409-1).

Conxunto de sete relatos de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849), traducidos ao galego por Ana Belén Varela Mariño. A obra inclúe, ademais, un estudio introductorio realizado pola traductora, no que se resume a traxectoria vital de Poe e se explican as principais características da súa producción literaria. Varela Mariño clasifica os contos, segundo a súa temática, en contos de matrimonio: "Berenice", "Morella" e "O retrato Oval"; de terror psicolóxico: "O bocoi amontillado"; e de raciocinio: "Os crimes da Rue Morgue", "O misterio de Marie Roget" e "A carta roubada". Todos os relatos están narrados en primeira persoa e caracterízanse polas innumerábeis citas noutras linguas ou referencias culturais, que fan necesarias as notas aclaratorias a pé de páxina.

Recensións:

- R. Barcia, "Berenice e outros relatos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 22, 12 decembro 2002, p. 5.

Sinala que a traductora é licenciada en Traducción e Interpretación pola Universidade de Vigo e que a traducción destes sete relatos de *Berenice e outros relatos* forma parte do seu traballo de fin de carreira. Cita o título dos relatos e considera que Poe foi o creador do detective moderno, que logo continuarían Arthur Conan Doyle ou Agatha Cristie. Apunta que Poe foi o autor favorito de Kafka e Stalin e revela que os seus relatos se ambientan en Francia, Inglaterra e Alemaña. Opina que os problemas que o autor tivo coa droga ou co xogo foron determinantes para o seu estilo literario. Avalía, finalmente e de xeito positivo, o traballo da traductora.

-F. Martínez Bouzas, "As tebras matemáticas dos relatos de Edgar Allan Poe", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 22 decembro 2002, p. 3.

Informa da publicación de sete relatos de Allan Poe que foron traducidos ao galego e recompilados baixo o título de *Berenice e outros relatos*. Sinala que Ir Indo Edicións pretende, con esta iniciativa, achegar os grandes clásicos ao lector galego e paliar a crise editorial derivada do descenso de lectores. Considera que Poe é un dos autores máis

destacados dos Estados Unidos e que obtivo máis relevancia en Europa, en parte pola consideración que del tiña Mallarmé, Baudelaire ou Neruda. Describe, finalmente, o tema de cada un dos relatos e clasifícaos en contos de matrimonio (“Berenice”, “Morella” e “O retrato Oval”), de terror (“O bocoi amontillado”) e detectivescos (“Os crimes da Rue Morgue”, “O misterio de Marie Roget” e “A carta roubada”).

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 18, 14 novembro 2002, p. VII.

Comentario de *Berenice e outros relatos*, de Edgar Allan Poe, obra da que sinala que inaugura unha nova colección de clásicos da literatura universal traducidos ao galego, na que se fai unha selección de relatos de Poe marcados pola pegada racionalista, á vez que ofrece algúns dos títulos traducidos. De *Indo para o Samaín*, de Carlos e Sabela Labraña, fai fincapé en que esta peza teatral pretende achegar a festa do Samaín aos primeiros lectores, unha festa que probabelmente coñezan como Halloween. Por outro lado, ofrece os

datos bibliográficos da obra e destaca que nela se describe a noite na que as cabazas celebran a súa festa anual. Finalmente, de *A Virxe do Cristal. Lenda de Curros Enríquez axeitada para ópera*, de Ramón Cabanillas, destaca que é un texto inédito, escrito en 1924, que constitúe un fito no desenvolvemento teatral e no proceso de recuperación literaria. Tamén indica que ademais dun amplo estudio introductorio, tamén se reproduce como apéndice a teatralización que sobre a lenda de Curros publicou en Buenos Aires Roxelio Rodríguez Díaz en 1948.

- J. Fraga, “Clásicos en galego”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 16 novembro 2002, p. 11.

Explica que *Berenice e outros relatos* é o primeiro libro da colección que Ir Indo dedica á traducción dos clásicos da literatura universal. Sinala que a obra está composta por sete relatos que fluctúan entre o fantástico e o policial. Destaca, por último, a introducción biográfica e a análise que da obra de Poe fai a traductora, Ana Belén Varela.

- David Faro, “Berenice e outros relatos”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 17 novembro 2002, p. 45.

Dá conta da traducción que Ana Belén Varela Mariño fixo para Ir Indo dos relatos de Edgar Allan Poe. Sinala que o autor ten influencias platónicas, enumera os relatos que integran *Berenice e outros relatos* e destaca a valía da introducción que precede os textos literarios.

Scott Fitzgerald, Francis, *O gran Gatsby (The great Gatsby*, 1925), trad. Laura Rodríguez Gómez, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Ir Indo Clásicos, 2002, 220 pp. (ISBN: 84-7680-418-0).⓾

Esta novela de Francis Scott Fitzgeral (Saint Paul, Minnesota, 1896-Hollywood, 1940) reflicte a sociedade americana dos anos vinte. Unha sociedade chea de novos ricos que verán truncado o seu benestar e vida de luxos co crack do 29. Narrado por un dos protagonistas, Nick Carraway, versa sobre a vida do acaudalado Jay Gatsby que vive en West Egg, un barrio de non moi boa reputación ás aforas de Nova York. O relato que comeza sendo unha crónica dos extravagantes anos vinte, muda a unha tenra historia de amor entre Gatsby e Daisy, para rematar nun sanguento melodrama. Daisy, casada con Tom Buchanan, vanglóriase nese mundo fráxil, enganoso e de fermosas aparencias no que vive. Nick Carraway, actúa dentro do relato como unha testemuña implicada, contando a vida duns personaxes planos como son o matrimonio Buchanan, Jordan Baker e o propio Gatsby.

Taylor, Kressmann, *Enderezo descoñecido (Address Unknown)*, trad. Emma Lázare Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 170, 2002, 69 pp. (ISBN: 84-8302-764-X).

Kressmann Taylor, pseudónimo de Kathrine Kressmann (Portland, Oregon, 1903-1996) composto polo apelido da escritora e o do seu home, Elliot Taylor, é a autora desta historia sobre o ascenso do nazismo, que no momento da súa escrita foi considerada demasiado dura para que a asinase unha muller. A novela obtivo un grande éxito editorial nos Estados Unidos no momento da súa aparición en 1938, sufriu logo un esquecemento que durou seis décadas e experimentou de novo o éxito coa súa reedición en 1995, con motivo da conmemoración dos cincuenta anos da liberación dos campos de concentración, momento a partir do cal foi traducida a linguas europeas como o francés, o castelán, o catalán e o portugués. O argumento desenvolve mediante a forma epistolar o progresivo afastamento entre dous amigos que remata cun desenlace tráxico. O intercambio de cartas entre un xudeu norteamericano, Max Eisenstein, e o seu socio alemán nunha galería de arte en California, Martin Schulse, vai retratando os feitos que deron orixe ao holocausto xudeu e ao ascenso do nazismo a partir da volta ao seu país de orixe do alemán en 1932. A través da

evolución do pensamento do alemán, conséguese construír unha dura alegación contra o nazismo e contra a crueldade e a sen razón nas que caeu o réxime. A carta permite a presencia dun xogo de sutilezas onde os silencios acadan un alto grao de significación, de xeito que é o lector quen se vai decatando da verdadeira natureza dos acontecementos.

Recensións:

- Hadrián Loureiro, “Estarrecedor”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 411, 28 marzo 2002, pp. 4-5.

Faise referencia ao editor francés Henry Dougier, que rescatou no ano 1999 *Enderezo descoñecido*, de Kressmann Taylor que aparece publicada en galego por Xerais na súa colección de narrativa, e á autora, Kathrine Kressman, que adoptou un nome literario para editar esta obra. Loureiro refírese á trama da obra admitindo un certo parecido con outra, *Reencontro*, de Fred Uhlman, publicada en 1998 en galego pola Editorial Galaxia, para finalizar afirmando que esta é unha literatura testemuñal, de urxencia, efectiva e impactante, sobre un período da historia como foi o exterminio nazi que non se pode esquecer.

- Salvador Rodríguez, “Maxistral denuncia adiantada do nazismo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 254, “Libros”, 29 marzo 2002, p. 2.

Fálase aquí de *Enderezo descoñecido*, peza á que hai que incluír no xénero da novela tanto pola súa estructura como polo seu apaixonante desenvolvemento reflectido nas súas sesenta e cinco páxinas. Rodríguez comenta a trama da obra incidindo no mérito da autora ao advertir o horror que se aveciñaba e acaba resaltando o acerto de Xerais con esta traducción de Emma Lázare ao galego.

- F. Martínez Bouzas, “As cartas da verdade”, *El Correo Galego*, “*Correo das Culturas*”, nº 125, 15 abril 2002, p. 3.

Martínez Bouzas encabeza a súa recensión facendo referencia á obra *Enderezo descoñecido* na súa aparición nos Estados Unidos no ano 1939 e á súa autora. Afirma que esta é unha novela atemporal, literatura testemuñal que nos fai presentes a malignidade da pezoña nazi e o antisemitismo que percorreu media Europa. Fala do tema da novela, a

correspondencia entre un xudeu e un alemán, onde se percibe a evolución da súa amizade, cun remate acelerado, resolvéndose a trama por medio dunha implacábel vinganza, realizada a través da mesma censura alemana.

-Manuel Vidal Villaverde, “Enderezo descoñecido”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 28 abril 2002, p. 47.

Vidal Villaverde dános unhas notas básicas da vida e da obra da escritora Katharine Kressmann Taylor, autora de *Enderezo descoñecido* (1938), verquida ao galego por Emma Lázare. Sinala que o libro, un conxunto de sesenta e catro páxinas, é “un dos máis estarrecedores alegatos contra o nacismo” e que bota man do formato epistolar para achegar a historia aos lectores de onte e hoxe.

- Moisés R. Barcia, “Crónica do Terror”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, 23 maio 2002, p. IV.

Alúdese á trama de *Enderezo descoñecido*, de Kresmann Taylor, arredor do cambio de mentalidade dun cidadán familiarizado cos hábitos democráticos e coa convivencia de diversas culturas, na súa estancia nos Estados Unidos, que os esquece para abrazar plenamente a barbarie nazi. A seguir, Barcia céntrase na traducción feita por Emma Lázare que consegue un resultado fluído e digno afastándose do ínfimo nivel acadado por algunhas traduccións recentes ao galego.

- Moisés Rodríguez Barcia, “No limiar da traxedia”, *Guía dos libros novos* , nº 40, “Narrativa”, maio 2002, p. 23.

Ofrece algúns datos biográficos da autora de *Enderezo descoñecido*, Kressmann Taylor, pseudónimo de Kathrine Kressmann composto polo apelido da escritora e o do seu home, Elliot Taylor, ao considerar este último e o editor da obra que a historia era demasiado dura para ser firmada por unha muller. Define a novela como unha sutil crónica sobre o ascenso do nazismo e fala do éxito editorial que acadou en Estados Unidos no momento da súa aparición en 1938 no ámbito intelectual, do seu posterior esquecemento ao longo de seis décadas e do renacer que experimentou coa súa reedición en 1995, con motivo da

conmemoración dos cincuenta anos da liberación dos campos de concentración, e o éxito que obtivo ao se traducir a linguas europeas como o francés, o castelán, o catalán e ou portugués. Considera que é unha novela de argumento e estructura simples, xa que se trata dun intercambio de cartas entre un xudeu norteamericano e o seu socio alemán, pero consegue unha fortuna e un sentido crítico aceptábel, ao retratar os feitos que deron orixe ao holocausto xudeu e ao ascenso do nazismo a través da evolución do pensamento dun dos seus personaxes. Con respecto á traducción, realizada por Emma Lázare, opina que non desmerece nada ao orixinal pola súa lingua fluída e natural, que reproduce o ton informal do xénero epistolar, aínda que observa algúns aspectos mellorábeis como a ausencia de traducción ou de notas que aclaren os termos alemáns citados, a incorrecta traducción literal do artigo inglés cando se refire a un suxeito xa mencionado na frase anterior ou a orde das palabras, por veces demasiado anglosaxona.

Referencias varias:

- Conchi Bilbao, “A traducción é síntoma de madureza dunha literatura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 122, 25 marzo 2002, p. 2.

Entrevista á traductora de *Enderezo descoñecido* ao galego, Emma Lázare, do orixinal da autora americana Kressmann Taylor no ano 1939. Lázare afirma o interese que lle produciu a obra tanto pola calidade literaria coma polo seu valor de documento histórico, para despois incidir na relativa facilidade da súa traducción e no incremento de traduccións ao galego de obras estranxeiras que, na súa opinión, axudan á normalización da lingua e literatura galegas.



Wells, Herbert George, *A máquina do tempo (The time machine)*, trad. Raúl Araya Tauler e www.bivir.com, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, 2002, 114 pp. (ISBN: 84-95622-72-6).

Traducción do clásico de Herbert George Wells (1866-1946), considerado un dos pais da ciencia ficción. A obra presenta dende o punto de vista da modalización dúas partes ben diferenciadas. Ao comezo da obra un narrador testemuña relata o sucedido nun faladoiro na casa dun científico inglés, ao que se refire como "o Viaxeiro do Tempo", onde este lles expón a el e a unha serie de colegas e xornalistas, a súa teoría sobre a existencia de catro dimensións: os tres planos do espacio, e unha cuarta que sería o tempo, sostendo a posibilidade de desprazarse por esta cuarta dimensión igual que nos desprazamos polas outras tres, o que tenta demostrar cunha máquina do tempo en miniatura. A pesar do escepticismo dos asistentes, o Viaxeiro do Tempo cítaos de novo para a semana seguinte. Nesa ocasión o Viaxeiro aparece nunhas condicións moi precarias mentres os convidados están ceando, e tras recuperarse, cóntalles a súa historia. A partir de aí transcríbese o relato do Viaxeiro en primeira persoa. Este conta cómo deseñou unha máquina do tempo e viaxou ao ano 802.701. Describe a sociedade que atopou no futuro, as súas primeiras impresións e cómo foi descubrindo que a raza humana se dividira en dúas especies de psicoloxía moi

primaria: os Eloi, seres de aspecto infantil, fermosos e decadentes, e os Morlocks, depredadores que vivían no subsolo e que alimentaban os Eloi como gando para despois cazalos e comelos. O protagonista tense que enfrontar aos Morlocks para recuperar a máquina do tempo e regresar á súa época, pero antes de facelo aínda ten ocasión de seguir avanzando no futuro e contemplar a destrucción total da vida sobre a Terra. Cando o Viaxeiro finaliza a súa historia recupera de novo a voz o narrador testemuña, que conta o final da velada e cómo ao día seguinte viu desaparecer ao viaxeiro do Tempo na súa máquina, dándolle así creto á historia que contara. Máis alá do seu carácter fantástico, a novela ten un forte transfondo filosófico, ao se reflexionar durante toda a obra sobre a responsabilidade dos homes respecto do futuro da humanidade, nun ton bastante pesimista. Así, os Eloi e os Morlocks preséntanse como o resultado ao que levou a explotación das clases traballadoras por parte da burguesía e aristocracia: uns seres estupidizados pola súa vida ociosa e outros animalizados polas condicións de vida ás que foron sometidos polos seus iguais.

Yourcenar, Marguerite, *Ana, Soror*, prólogo e trad. Mª Xosé Queizán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, col. Xerais Peto, serie As literatas, 2002, 121 pp. (ISBN: 848302-688-3), 10

das convencións cristiás dos protagonistas. Miguel, marcado pola conciencia do pecado, paga o prezo coa súa propia vida a través dunha morte, case voluntaria, nunha galera do rei. Ana, pola súa parte, vive o resto da súa existencia marcada por unha inconsolábel dó e unindo o amor por Miguel á confianza en Deus. No epílogo que pecha o volume, Yourcenar alude á xénese da novela e percorre algunhas obras que tratan o tema do incesto: *This pity she's a whoew*, de John Ford; *Manfred*, de Byron; *René*, de Chateaubriand; *Wilhelm Meister*, de Goethe; *Sangue reservado*, de Thomas Mann ou *Confidencia Africana*, de Martin du Gard, amosando as diferencias ou semellanzas coa súa novela.

Recensións:

-Francisco Martínez Bouzas, “Ana, soror. A diáfana literaturización dun incesto”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 18, 14 novembro 2002, p. V.

Saúda a aparición da segunda traducción ao galego dunha obra da belga Marguerite Yourcenar á que cualifica de “clásico da literatura do século XX”. Sinala que *Ana, soror* foi redactada cando a escritora tiña vintedous anos aínda que a edición definitiva deste relato

data de 1981. A seguir, céntrase no tema do incesto levado a un acto carnal voluntario que se converte “en tabú e é elevado á categoría de paradigma das conductas humanas antinaturais” e que foi desenvolvido por unha ampla tradición de escritores. A este respecto salienta que Yourcenar presenta o tema dunha forma orixinal xa que elixe un escenario impregnado da relixiosidade da Contrarreforma nunha cidade chea de igrexas tétricas que lles lembran aos protagonistas o seu pecado pero á vez incide no carácter irrefreábel da paixón amorosa que fai esquecer os remorsos, “aceptando a morte ou a dor inconsolábel durante toda unha vida como un prezo pactado de antemán para pagar a transgresión”. Finalmente comenta que nesta novela breve están presentes algúns dos trazos da escrita da autora na que impera o amor, a sensualidade ou a percepción do prohibido.

-F. Martínez Bouzas, “A incubación dun desexo nefando”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, “Crítica”, 17 novembro 2002, p. 3.

Alude ao valor de *Ana, soror*, de Marguerite Yourcenar e ás connotacións paraliterarias que a autora fai ver no epílogo da novela, onde tamén expón que se trata dunha obra de xuventude. Refírese tamén ao “amplo e documentado limiar” de María Xosé Queizán, que

ilustra sobre os distintos enfoques que se lle teñen dado “a este verdadeiro enigma do comportamento humano” dende a antropoloxía. Sinala que Queizán esquece a resposta de Lévi-Strauss, “quizais a que máis ten que ver coa realidade dos feitos. A prohibición do incesto, sería, segundo o pensador estructuralista francés, unha regra básica desa linguaxe que son as relacións de parentesco que pertencen tanto á orde natural como á cultural”. Salienta a presencia da sensualidade e da tenrura na novela e, sobre todo, do frenético desexo que agroma no tempo da Semana Santa, configurando un texto cheo de contrastes e desenvolvido con elegancia e naturalidade.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, 28 novembro 2002, p. VII.

Ver Rivadulla Corcón, X. H., ... *do mar e a noite* no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

I. 4. Antoloxías

Gutiérrez Palacio, Javier, *Antología de la obra de Eugenio Montes*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión Cultural, nº 28, xullo 2002, 702 pp. (ISBN: 84453-3332-1).⓾

Volume que recolle unha antoloxía da obra de Eugenio Montes (Vigo, 1900-Madrid, 1982) precedida dunha ampla introducción que atende primeiramente a súa semblanza biográfica dende os seus primeiros anos, os seus comezos literarios e xornalísticos en Ourense co grupo Nós e en Vigo en *El Pueblo Gallego*; as súas relacións cos coetáneos do 27, xeración á que pertence con todo dereito pola súa formación similar e a evolución semellante; o seu cambio ou evolución radical do galeguismo e do vangardismo á literatura política e da esquerda á dereita militante a partir de 1931; o comezo do seu labor xornalístico profesional en *El Sol*, de Madrid dende 1929 e súas corresponsalías dos anos 30 en París, Berlín e Roma; o seu nomeamento en 1940 como membro da Real Academia e a súa etapa como embaixador cultural en Hispanoamérica en 1941; a súa longa estadía en Roma e os seus

últimos anos en Madrid. Atendendo a súa inxente obra ofrece en primeiro lugar un panorama xeral seguido dos trazos esenciais e as cinco etapas nas que pode estructurarse; os temas fundamentais (Europa, España e Arte e Literatura), e o estilo, no que o artigo e o discurso son os elementos básicos. A seguir, inclúese a antoloxía de textos, organizada en cinco etapas que poñen de relevo a evolución da escrita de Montes: os seus primeiros escritos (1916-1930), que inclúen os textos adscritos ao ultraísmo (1919-1922), o vangardismo novecentista galego onde se recollen poemas en galego, algúns en castelán versionados ou autotraducidos ao galego, prosas en galego e castelán (onde se inclúen *Estética da muiñeira*, algunhas colaboracións en *El Pueblo Gallego* e en *La Zarpa*, colaboracións en revistas e *Tres contos de cegos*); textos pertencentes á súa etapa no periodismo profesional (1931-1940); ao período portugués (1940-1954); á fecunda etapa romana (1954-1977); e, como epílogo, os seus últimos textos producidos en Madrid (19771982). Complétase a antoloxía cuns índices que recollen os títulos en prosa e o seu lugar de publicación, os poemas por orde de aparición nesta antoloxía e un índice onomástico.

Nicolás, Ramón e Armando **Requeixo** (eds.), *Materia prima. Relatos contemporáneos*, prólogo dos editores, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 179, setembro 2002, 264 pp. (ISBN: 84-8302-840-9).

O volume recolle dezasete relatos inéditos de autores que consolidaron a súa escrita na década dos noventa ou finais dos oitenta. Ábrese cunha introducción na que os editores tentan trazar un breve panorama da "narrativa galega dos últimos anos". Subliñan que é complicado achegar unha "clasificación simplificadora", explicando que as causas residen na diversidade. Con todo, sinalan certos "trazos técnicos de carácter xeral compartidos" e ofrecen unha clasificación por "subxéneros", encadrando a diversos autores, tanto antologados coma non. Tamén, salientan a importancia do "referente espacial" e "temporal", así como a "dialéctica "entre o real e o irreal". Por outro lado, aluden a outros nomes cunha xa longa traxectoria como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Xosé Neira Vilas, e destacan a presencia de novas narradoras e o auxe da literatura infantil e xuvenil. Rematan referíndose aos criterios que definen a súa antoloxía que, din, é "epocal", e aos obxectivos desta. Precedendo cada un dos relatos antologados, ofrécese unha biobibliografía do seu autor e

unha descrición de cada relato, asinadas alternativamente por cada un dos editores. De seguido damos conta de cada un dos relatos seleccionados nesta obra:

- Marilar Aleixandre, “O coitelo en novembro”, pp. 19-32.

Relato de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), dedicado á memoria de Marcelo e a todos aqueles que dedicaron a súa xuventude a loitar pola liberdade, no que se narran os derradeiros e agoniantes instantes de Franco, que entrelaza con lembranzas do seu pasado criminal.

- Fran Alonso, “O día das torres”, pp. 33-50.

Neste texto de Fran Alonso (Vigo, 1963) recréase a temeraria aventura dun adolescente, tendo de fondo os acontecementos do 11 de setembro de Nova York.

- Anxo Angueira, “O cura de Fruíme”, pp. 51-63.

Anxo Angueira (Manselle-Dodro, 1961) recrea neste relato, no que o onírico se mestura coa realidade e o lirismo, o que lle aconteceu ao cura de San Martiño mentres esperaba pola súa namorada unha fría noite da posguerra.

- Xurxo Borrazás, “Pena dos Ancares”, pp. 65-79.

A través da visión aceda de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963), preséntasenos un relato no que se recrea a vida solitaria dun home duns trinta anos que aluga unha casa na aldea Pena dos Ancares, onde manterá relacións sexuais coa única habitante do lugar, unha anciá septuaxenaria.

- Xosé Carlos Caneiro, “Tombstone Blues”, pp. 81-92.

A través dunha narradora en primeira persoa, Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) navega entre o amor e a tolemia, nun relato no que se conta como unha deixa eivada a súa irmá e lle rouba o noivo a partir do que fora un sinxelo xogo de suplantación. Sempre de fondo e como referencia constante aparece a música de Bob Dylan.

- Cid Cabido, “Confesións dun asasino”, pp. 93-100.

A través do emprego das técnicas vinculadas coa oralidade, Cid Cabido (Xunqueira de Ambia, 1959) achéganos un relato protagonizado por Morbo, no que un narrador en terceira persoa nos relata cómo foi o seu primeiro delicto, unha vinganza que levou a cabo contra un profesor que o castigara salvaxemente.

- Bieito Iglesias, “Hotel Arriaga”, pp. 101-109.

Bieito Iglesias (Ourense, 1957) é o autor deste relato no que se mesturan os recordos amorosos da xuventude coas vivencias no presente dunha relación sentimental un tanto singular.

- Ramón Loureiro, “Un cabaleiro de aire soña”, pp. 111-121.

Ramón Loureiro (Fene, 1965) presenta un relato de liña artúrica, protagonizado polo Morgado de Escandoi, quen pulula entre o mundo dos vivos e o alén, na procura dunha raiceira identitaria.

- Xosé Miranda, “Tarxeta vermella”, pp. 123-131.

A través dun monólogo, Xosé Miranda (Lugo, 1955) achégalle ao lector a un personaxe que está xogando un partido de fútbol sen ter conciencia de si mesmo, o que o leva a vivir un verdadeiro inferno. A sensación de anguria e opresión dominante no texto transmítese a través da creación dunha atmosfera na que predomina o medo, o castigo, a violencia e a irracionalidade.

- Miguel-Anxo Murado, “Os Outros”, pp. 133-146.

Relato de Miguel-Anxo Murado (Lugo, 1965) no que se fala de lobicáns, que nos fai lembrar os contos de Ánxel Fole. Nel, un narrador en terceira persoa narra cómo catro lobicáns levaron a cabo a vinganza do seu dono.

-Xavier Queipo, “A illa dos lenures”, pp. 147-165.

Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) dedica este relato á xornalista Rosa Navia, falecida en accidente de tráfico no pasado ano. Nel un vello celgo chamado Alexandre, home de mar contador de historias abraiantes, relata o que leu nun manuscrito árabe sobre a navegación dun pobo indíxena en busca de mellor fortuna.

-Luís Rei Núñez, “Báñate comigo (teoría e práctica)”, pp. 167-178.

Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) recolle neste conto a temática amorosa, no que a iniciación erótica dun adolescente centra a historia narrada. A nostalxia dun universo sensitivo marcado pola melancolía e a tenrura é o escenario dunhas evocacións saudosas da mocidade perdida.

-Antón Riveiro Coello, “Idacio F.C.”, pp. 179-196.

Antón Riveiro Coello (Xinzo da Limia, 1964) dedica este relato a Carlos Casares e a Xerardo Agrafoxo. Nel, un narrador en terceira persoa tenta desenredar, ao longo de cinco capítulos, o enigma que envolve a vida de quen foi un mestre exemplar, don Xavier, e coñecer cál foi o motivo do seu traslado.

-Xurxo Souto, “A voda máis bonita do mundo”, pp. 198-216.

Neste conto Xurxo Souto (A Coruña, 1966), a través de catro capítulos intitulados, achéganos a un casamento un tanto singular e desatinado, a través do que tamén se coñece o derrubamento do vertedoiro de bens.

- Suso de Toro, “A roupa alí tirada”, pp. 217-227.

Conto de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) no que a soidade e a rutina dun matrimonio, trala marcha do fillo, centra o desenvolvemento da narración, de marcado ton desacougante.

- Xesús Manuel Valcárcel, “Ama de chaves”, pp. 229-242.

Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) recrea neste conto un personaxe que nos fai lembrar ao Gregorio de *A metamorfose*, de Kafka, co que mesmo comparte o nome. A trama xira arredor do roubo dunha xoia, que provoca no protagonista a súa reclusión nunha pensión ata autoaniquilarse, preso da loucura e perseguido por unhas teimas ridículas.

- Luísa Villalta, “Máis alá das raíces”, pp. 243-264.

Luísa Villalta (A Coruña, 1957) emprega unha personaxe feminina para facerlle chegar ao lector a conferencia dun vello emigrante, Xosé Barreiro, no Círculo Recreativo, na que trae ao recordo un pasado agridoce, coa Guerra Civil e un amor de xuventude frustrado de fondo.

Recensións:

- Tomás Ruibal, “Narrativa galega actual”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!Letras”, “Anaquel dos libros”, 29 setembro 2002, pp. 8-9.

Sinala que o volume “é unha boa proba da riqueza e variedade da narrativa galega”, mais subliña que faltan certos autores. A seguir, alude ao traballo dos editores, aos que só lles obxecta o uso dunha lingua “demasiado técnica e especializada para o lector medio”. Logo, fai unha escolla dos mellores relatos, ao seu ver, comentándoos brevemente. Así refírese a: “O día das torres”, de Fran Alonso; “O cura de Fruime”, de Angueira; “Pena dos Ancares”, de Borrazás; “Tombstone Blues”, de Caneiro; “Un cabaleiro de aires soña”, de Loureiro; e “A roupa alí tirada”, de Suso de Toro. En xeral, achega unha valoración positiva do libro.

-F. Martínez Bouzas, “Materia Prima: unha antoloxía literaria epocal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 29 setembro 2002, p. 3.

Presenta o volume como “unha cartografía que lle permita ó lector orientarse pola narrativa galega actual”. Apunta que o vínculo que une os autores presentes no libro é só epocal e pon de manifesto “o politematismo textual e os diversos subxéneros”. Ademais, despois de

citar o nome de todos os narradores, achega as súas “preferencias”. Así, destaca “O día das torres”, de Fran Alonso; “O cura de Fruime”, de Anxo Angueira; “Confesións dun asasino criminal”, de Cid Cabido; e “Os outros”, de Miguel-Anxo Murado. Remata ponderando o labor dos editores.

- Joaquim Ventura, “Un repaso necesario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Libros”, 10 outubro 2002, p. IV.

Aplaude o proxecto e recoméndao. Alude á diferencia de idade dos antologados e aos seus vencellos a determinados ámbitos. Ademais lamenta que non estean todos os que deberían e subliña algunhas vantaxes e algúns inconvenientes dun volume que contén relatos “inéditos”.

-Dolores Vilavedra, “Materia prima”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 441, 31 outubro 2002, pp. 10-11.

Achega unha descrición do volume, que comeza salientando a finalidade deste. Comenta os criterios de escolla e fai notar a falta de Manuel Rivas, aínda que, afirma, “todos os que están, son”. Tamén aplaude a Xerais por apoiar esta iniciativa e outras similares que, di, son básicas para “historiar a literatura”. Céntrase, logo, nos relatos e cita primeiro os escritores, agradecéndolles a súa achega. Así mesmo, comenta moi sucintamente as distintas liñas temático-estilísticas elixidas.

- Xosé M. Eyré, “Dezasete historias contemporáneas”, *A Nosa Terra*, nº 1.054, “Cultura”, 31 outubro-6 novembro 2002, p. 26.

Apunta que esta iniciativa nos “debuxa un panorama da narrativa galega optimista” de cara ao futuro. Subliña o nome dos escritores e salienta as ausencias. Ademais, comenta algunhas das claves narrativas que achegan os editores na introducción. Por outro lado, destaca certos recursos como o “lirismo” ou a “fragmentación”, e alude á diversidade temática. Subliña que “os conflictos de identidade” son moi recorrentes. Só observa como negativo “a pouca presencia feminina e a nula infantil-xuvenil”.

Referencias varias:

-R. García, “Materia prima” propón unha viaxe pola narrativa galega actual”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 setembro 2002, p. 42.

Salienta a importancia e a “orixinalidade” da antoloxía, *Materia prima* e tras citar a nómina de autores que a conforman, destaca os obxectivos que se marcaron os editores na introducción.

- Marcos Válcarcel, “Materia prima”, *La Región*, 2 outubro 2002, p. 69.

Pon de manifesto o valor da antoloxía *Materia prima* e salienta a variedade “temática e estilística”, entre outras características. Ademais refírese a algúns temas ensaiados polos autores, de quen achega o nome.

- Concha Pino, “Un volume reúne ós dezasete autores máis sólidos da narrativa actual”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 18 outubro 2002, p. 9.

Dá noticia da presentación da antoloxía *Materia prima* na librería Couceiro de Santiago e ofrece algunhas características do libro. Ademais, recolle a impresión dos editores, Ramón Nicolás e Armando Requeixo, sobre o seu obxectivo final.

- AFA, “O difícil equilibrio”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 outubro 2002, p. 33.

Alude á presentación en Santiago da selección de Armando Requeixo e Ramón Nicolás, *Materia prima*. Salienta a intervención de M. Bragado, director de Xerais, quen, afirma, pon de relevo “a crise do sector editorial”. Por outro lado, sinala que Bragado apuntou que o volume é “unha proposta aberta e plural que reúne ós integrantes da Xeración Polaroid”. Por outro lado, sinala que Requeixo fixo referencia aos criterios da escolla e cita algún dos escritores participantes.

- Francisco Castro, “Relatos contemporáneos”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 28 outubro 2002, p. 14.

Fai mención á presentación da antoloxía *Materia prima* en Vigo e subliña certos trazos desta, entre eles, a nota bio-bibliográfica que precede a cada conto. Ademais, fai unha escolla subxectiva dos mellores contos, acompañándoa dunha brevísima descrición.

- Salvador Rodríguez, "O conto é o rei dos xéneros da literatura galega", *Faro de Vigo, "Faro da Cultura"*, nº 20, 28 novembro 2002, p. III.

Entrevista a Ramón Nicolás na que un dos editores da antoloxía *Materia prima* fala da selección, dos criterios empregados e dos riscos, así como dos fins do libro, dubidando da calidade dalgúns contos. Tamén subliña a pouca presencia feminina. Asemade, destaca que estes autores “abriron outros camiños” e pon de relevo o éxito do relato curto.

Vázquez, Dora, *Letras no tempo. Antoloxía*, limiar da autora, Ourense: Gráficas Gutenberg, 2002, 155 pp. (DL: OU-218-72002).

Volume que comeza cun limiar no que a autora desta antoloxía, Dora Vázquez (Ourense, 1913), sinala que os textos que nela aparecen xa foran publicados en xornais e revistas. Apunta que os recolle agora nun volume para os investigadores e curiosos e asemade afirma que neles repasa a "historia de cousas do medio século atrás". Para isto divide esta antoloxía en corenta apartados, con título e con numeración romana, nos que Dora Vázquez reflexiona en prosa sobre unha variada temática mais tendo como referentes a Galicia –nomeadamente Ourense e a súa paisaxe– e á súa poética. Detense nas figuras de Rosalía, Curros, Murguía, Otero Pedrayo, Lamas Carvajal ou Pondal, e tamén ten acollida neste volume o conto "Estreliña do mar" –co que acadou o 2.º premio "O Facho" en 1969– así como outros textos centrados no teatro en Galicia, na paz ou nas acordanzas saudosas do tempo pasado.

Referencias varias:

- Gwede, “*Letras no tempo*, de Dora Vázquez”, *La Región*, “De paso”, 26 decembro 2002, p. 19.

Detense en reflexionar sobre esta antoloxía de pequenos ensaios titulada *Letras no tempo*, xa publicados en xornais e revistas, dos que se destaca que tratan cuestións de actualidade e a seguir fala da personalidade de Dora Vázquez.

II. Poesía

II. 1. Poetas galegos

Alonso, Xurxo, *Onde viven os saqueadores de naufraxios*, VIº Premio Johán Carballeira, A Coruña: Espiral Maior Edicións, col. Poesía, nº 120, decembro 2002, 49 pp. (ISBN: 8495625-45-8).

Preséntanos Xurxo Alonso (Buenos Aires, 1956) unha trintena de pezas engarzadas unha trala outra, como se dun único poema se tratase, e así semella querer amosalo no *poema índice* que recolle o primeiro verso de cada un de todos os demais. Atopamos nas súas páxinas un abano de personaxes, tan absurdos coma profundos, inventores de cadanseus mundos, mergullados en irrealidades con ecos de lenda pero chantados na propia existencia; universos exóticos e viaxes con destino incerto que xiran unha e outra volta en torno ao mar como vehículo de intercambio. Tres ilustracións (catro, se contamos a cuberta) a modo de colaxes dan solidez a unha imaxe global cosmopolita e sen prexuízos que xa vén

anunciada nuns textos que, por momentos, adoitan un carácter case prosístico dentro da súa narratividade. Unha vasta colleita de léxico que abrangue gran variedade de campos semánticos axuda á construcción dese universo propio que representa o libro premiado na sexta edición do Premio de Poesía “Johán Carballeira”.








Alonso Montero, Xesús, *Versos Republicanos e outros versos políticos (1963-2001)*, Pontevedra: Colección Hipocampo Amigo Poesía, nº 9, marzo 2002 [92 pp.]. (ISBN: 84-932093-3-3).

Colectánea de vintedous poemas breves da man de Xesús Alonso Montero, dedicados “A don Manuel Azaña e a Dolores Ibárruri *Pasionaria in memoriam*”. A obra vai precedida dunha nota preliminar, na que o autor explica que oito dos textos que recolle no libro son inéditos. Así mesmo, comenta que a obra contén versos políticos, ou de contido sociopolítico, “versos todos que me dictou, coa fortuna que se verá, a miña musa civil”. Engade, ademais, que estes versos son “un desafogo da miña carraxe, terapia á que todos temos primordial dereito nun mundo que, a cotío, nos ata de pés e mans”. Para rematar, agradece a Sabino Campos, director da colección “Hipocampo Amigo”, a publicación deste poemario. A continuación, comeza a obra con “Dous poemas (alleos) a modo de prólogo”, de Luciana Stegagno Picchio e Víctor Campio Pereira. A seguir, no apartado titulado “Coa República”, ofrece unhas palabras de Castelao, a modo de limiar. Nun segundo apartado presenta os seus “Versos republicanos”, titulados “Cántigas de catro versos ó xeito popular”, “Triadas ó xeito popular”, “Cántigas con versos do cancioneiro popular”, “Traducción dun

poema de Antonio Machado” e “Mariana Pineda: recuerdo y esperanza”. No apartado “Homenaxe a cinco homes republicanos” inclúe outros tantos poemas. A seguir, ofrece dous poemas dedicados a Franco e ao franquismo titulados “Franco e o franquismo en dous tempos: coplas con versos do cancioneiro popular” e “Retrato moi incompleto de Francisco Franco Bahamonde”. Pola súa banda, presenta tamén unha “Carta a Mario Terán, executor de Ernesto Che Guevara”, unhas chamadas “Lecturas sociolóxicas –non entonóxicas– de dous vellos cantares populares”, “Dous sonetos heréticos (na preceptiva literaria e, aínda máis, na política”, un apartado titulado “Varia” e catro traduccións. Para rematar, inclúe un apartado no que alude á procedencia dos textos e ofrece algunhas observacións.




Recensións:

- Ramón Nicolás, “Memoria política e poesía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, 27 xuño 2002, p. V.

Sucinto comentario no que se alude á obra de Xesús Alonso Montero, *Versos republicanos e outros versos políticos (1963-2001)*, que, segundo Ramón Nicolás, “din moito do seu autor

e da súa concepción máis persoal da historia e da política, nesta ocasión moldeados nun vaso poético; versos dictados, ademais, pola musa civil como o propio autor recoñece no prólogo". Coméntase, a seguir, que o volume contén vintedous textos poéticos, oito deles inéditos, "presentados en sete seccións diversas que van desde a titulada 'Coa República' ata aquela dedicada ás traduccións".




-Manuel Vidal Villaverde, “Versos republicanos”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 8 setembro 2002, p. 51.

Descríbese o libro de Xesús Alonso Montero, *Versos republicanos e outros versos políticos (1963-2001)*. Deste xeito, coméntase que a obra leva na portada un debuxo de Pancho Rodiño e a seguinte dedicatoria: “A don Manuel Azaña e a Dolores Ibárruri Pasionaria in memoriam” e, ademais, unha nota preliminar do propio autor. O libro consta de vintedous poemas escritos entre o 1963 e o 2001.

-Xulio Valcárcel, “Versos republicanos”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 224, “Páxina literaria”, 22 setembro 2002, p. 4.

Alúdese, brevemente, ao poemario de Xesús Alonso Montero *Versos republicanos e outros versos políticos (1963-2001)*. Trátase, segundo o articulista, dunha obra que ten o propósito de incordiar, posto que se rebela "contra os atropelos e as inxustizas, singularmente as padecidas durante o franquismo, sen esquecer outros réximes dictatoriais, e sen excluír a tepedeza da esquerda actual, acomplexada fronte á dereita imperante". Engádese, así mesmo, que os poemas foron escritos ao longo dos anos, comezando alá polo 1963, con motivo do asasinato de Julián Grimau. Remátase o artigo sinalando que en Alonso Montero sempre primou a faceta crítica sobre a creativa. Sen embargo, "sempre que se achegou a tarefas creativas obtivo –este libro non é unha excepción– moi notables resultados".

Referencias varias:

-Jaureguizar, "Alonso Montero presentou un novo libro de poemas escrito 'para escandalizar", *El Progreso*, "Cultura y comunicación", 8 maio 2002, p. 75.

Comentario sobre a obra de Xesús Alonso Montero, *Versos republicanos e outros versos políticos (1963-2001)*, “un libro escrito para escandalizar, pero máis que de República falo de *res publica*; que é o que nos interesa ós socialistas, sobre o ben común”. A seguir, afírmase que o autor escribe sobre o dictador e tamén sobre republicanos como Ernesto Guevara.

- Xosé María Dobarro, “Versos republicanos”, *Diario de Ferrol*, “Outravolta”, 14 maio 2002, p. 30.

Alúdese á presentación, en Lugo, de *Versos republicanos e outros versos políticos (1963-2001)*¸ da autoría de X. Alonso Montero. Na presentación, participaron Sabino Torres Ferrer, editor da Colección Hipocampo Amigo, e Xosé María Dobarro, catedrático de Lingua Galega na Universidade da Coruña. Dobarro afirma que os versos de Alonso Montero son transgresores e “tratan de incordiar ao xeito que o fai o tabau”. Para rematar, afírmase que no poemario hai versos dedicados a Curros, ao Che Guevara ou a Xesús “Chichi” Campos.

- B. L., “Xesus Alonso Montero revivirá ‘Versos republicanos’ na Feira”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 18 xullo 2002, p. 70.

Breve nota de prensa na que se alude á presentación, na feira do libro de Pontevedra, da obra de Xesús Alonso Montero, *Versos republicanos*, editado na colección “Hipocampo Amigo”. Tamén se anuncia a presentación de *Luz de la estrella en la frente*, poemarioescrito por Emilio Álvarez.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Depósito natural*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, maio 2002, 41 pp. (ISBN: 84-8457-107-6).⓾

Ábrese o libro cunha breve introducción de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), na que salienta a orixe deste poemario. Comenta que os poemas que se reúnen no libro foron aparecendo nun proceso paralelo ao da escrita dos seus últimos libros desde 1995. Moitos foron publicados en publicacións periódicas (*Dorna*, *Clave Orión*, etc.), en volumes colectivos, e outros, recitados en diferentes actos. Son textos que o autor escribiu en momentos determinados e por diferentes motivos. Sinala que ata o de agora moitos permanecían inéditos ata que el lles deu a luz. A organización dos poemas segue unha liña cronolóxica e a maioría van dedicados a diferentes persoeiros, a maioría escritores, como Manuel María, Bernardino Graña, Miguel Anxo Fernán-Vello, Gonzalo Navaza, Uxío Novoneyra, Fiz Vergara Vilariño ou María Xosé Queizán, entre outros.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Un volume composto por poemas ventureiros”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 30 xuño 2002, p. 3.

Dá conta, nun primeiro momento, da xénese de *Depósito natural*, composto por poemas publicados en anos anteriores en revistas, libros colectivos e de homenaxes, entre 1995 e2001. Coméntase que Xosé Mª Álvarez Cáccamo domina a linguaxe poética, empregando un léxico rico e pulido. Así mesmo, caracterízase o libro como “comprometido”, no que se bota man das vellas canles da poesía belixerante.

Referencias varias:

- AFA, “As liñas da poesía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 xuño 2002, p. 17.

Recóllese neste artigo a recente publicación de catro novos títulos na colección de poesía “Tambo”, patrocinada pola Deputación de Pontevedra. De *Depósito natural*, de Xosé MªÁlvarez Caccamo, sinálase que aparecen poemas circunstanciais ou que xa foran publicados en distintas revistas, ademais de presentar variados rexistros nos que o poeta

deixa ver a pegada dos autores que máis o influenciaron; de *Pita velenosa, porta dos azares*, de Alfonso Armada, destácase como unha das características os versos breves nos que está presente a evocación da infancia; en *-orama*, de Estíbaliz Espinosa, sobrancéase o percorrido polos fantasmas e labirintos da escrita, nun volume no que tamén se incluíron os poemas cos que gañara o Premio Díaz Jácome en 2001; e de *A luz secreta*, de Domingo Tabuyo Romero, saliéntase que nel se acha a vertente intimista deste poeta. Dise que con estas entregas a colección chega aos doce títulos. Tamén se lembra que entre os que xa se contaban están autores como Rei Núñez, Ramiro Fonte, Blanco Valdés, Xavier Queipo, etc.




- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, 27 xuño 2002, p. VII.

Achégase ao poemario *Depósito natural*, de Xosé María Álvarez Cáccamo, do que se di que está formado por poemas que xa foran publicados anteriormente en revistas, libros colectivos, etc., e que o autor quixo recompilar baixo a forma dun novo poemario. De *O camiño do solpor* (2001), de Antonio Sá, editado por Edicións Alén-Miño, fálase do

argumento, que recobra a historia dunha testemuña de excepción que viviu a contenda entre falanxistas e republicanos na Galicia de 1936-1944.




- Manuel Vidal Villaverde, “Depósito natural”, *Atlántico Diario*, 11 agosto 2002, p. 44.

Faise unha louvanza a Xosé Mª Álvarez Cáccamo pola publicación do novo poemario, *Depósito natural*. Dise que o escritor é un “elocuente poeta”, cunha poesía fácil de entender.

- T. S., “Hora primeira”, *Tempos Novos*, nº 64, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, setembro 2002, p. 72.

Alude ao contido da antoloxía poética *Depósito natural*, de X. Mª Álvarez Cáccamo, apuntando que este procura o “momento da primeira luz e da memoria máis fonda” con “verso potente e lúcido”.

Arias, Asunción, *Muller de vidro*, ilust. Pablo Otero, edición da autora, decembro 2002, 99 pp. (ISBN: 84-607-6089-8).❿

Obra que contén corenta e cinco poemas de Asunción Arias (a maior parte dos cales teñen título a excepción de once) e que está ilustrada por Pablo Otero Peixe con debuxos en branco e negro e fotografías a cor. Neste poemario a presencia da muller está patente a partir do mesmo título da obra, que toma nome dun dos poemas, e nela atopamos poemas dedicados a mulleres coñecidas, a Dora e Pura Vázquez, por exemplo, e a mulleres descoñecidas, como por exemplo, a señora Lola Bouzas. Así mesmo, tamén presenta nalgún poema referencias ao holocausto das guerras, á violencia sexual, á imaxe da muller, á liberdade, etc.

Armada, Alfonso, *Pita velenosa, porta dos azares*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, maio 2002, 125 pp. (ISBN: 84-8457-105-X).

Poemario de Alfonso Armada (Vigo, 1958) composto por cento catorce poemas nos que o autor comeza facendo un percorrido polos recordos, impresións, sensacións da súa infancia en consonancia coa cita de Pedro Rosa Mendes que abre o volume. Os poemas non semellan desembocar no estadio adulto dos recordos, pero tampouco ficar na infancia máis tenra. Xogos, amores, conversas, anécdotas, paisaxes, sucesos, cancións, acontecementos compoñen os poemas deste libro, moi breves case todos eles e de temática intimista. O verso é libre e a rima aparece en escasas ocasións.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Experiencia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 423, 27 xuño 2002, p. 5.

Artigo que se inicia falando de Alfonso Armada, da súa vida e da súa residencia en Nova York, onde é correspondente do xornal *ABC*. Fálase despois de *Pita velenosa, porta dos azares*, poemario que vén de publicar este autor e que é unha mostra de poesía autobiográfica que Vicente Araguas se dedica a comparar cunha foto do autor cando era neno que se inclúe no volume. Finalmente, faise referencia á linguaxe "liñal senón violenta" de Armada.

Referencias varias:

- AFA, "As liñas da poesía", *O Correo Galego*, "AFA", 17 xuño 2002, p. 17.

Ver Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Depósito natural* neste apartado do *Informe*.

- R. García, "Lírica das Lembranzas", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Libros", 23 xullo 2002, p. 11.

Comentario do poemario *Pita velenosa, porta dos azares* que Alfonso Armada vén de publicar. Nesta nota dise que o poeta reflicte as súas vivencias desde a infancia e ofrece dúas mostras dos versos inseridos neste volume para demostralo.





Barbosa, J. M. e Roi **Brâs**, *Ámago/Mágoa*, prólogo de João Guisan Seixas, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Branca, nº 8, febreiro 2002, 135 pp. (ISBN: 84-89803-91-1).

Achámonos perante un duplo poemario escrito por dous ourensáns antecedidos por un prólogo no que João Guisan Seixas non fala nada deste volume senón que nel remoe sobre a poesía como un "texto com forma", sobre a invención da escrita por parte da cultura Hyr, anterior á sumeria, e remata sinalando que desbota "o costume de adiantar nos prólogos o juízo que o leitor deve fazer ao ler um livro". Os dous poemarios deste libro son *Ámago*, obra de José Manuel Barbosa Álvares (Ourense, 1963), e *Mágoa*, de Roi Brâs (Ourense, 1962), dos que cómpre salientar que xogan en numerosas ocasións coa páxina como lugar estético, mediante poesía visual –nomeadamente en *Mágoa*, con caligramas e acrósticos–, que empregan no título dos poemarios a paronomasia e mais que, a pesar de estaren escritos en galego –na normativa de máximos e na oficial– o primeiro poema de *Ámago* está escrito en francés mentres que o derradeiro de *Mágoa* está en inglés. *Ámago* está formado por vinteoito poemas, datados entre 1980 e 2001 e na súa maioría sen título, nos que o eu lírico, apoiándose en numerosas imaxes da natureza, reflexiona preferentemente sobre o

amor, mentres que nos preto de trinta poemas, con título a maior parte, que integran *Mágoa*




o poeta expresa os seus sentimentos sobre variados temas desde unha actitude íntima.

Referencias varias:

- T.S., “As dúas mans”, *Tempos Novos*, nº 64, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, setembro 2002, p. 72.

Pon de manifesto a independencia dos poemas de Roi Brâs e J.M. Barbosa que conforman*Ámago/Mágoa*. Subliña dunha banda “as inquedanzas íntimas vencelladas ó amor e á desesperanza” e, doutra, a “dimensión colectiva e grupal na denuncia que se combina coa metaliteratura”.

Braxe, Lino, *O longo día acaba*, Accésit de Poesía Miguel González Garcés 2002, ilust. Xavier Correa Corredoira, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2002, 109 pp. (ISBN: 84-95950-19-7).❿

Como o propio autor, Lino Braxe (Mugardos, 1962), indica na coda, e facendo honra ao título do conxunto, este libro é un “poemario final” que, ao longo de trinta e nove pezas de moi diversa extensión, abrangue un período existencial ben amplo desde a nostálxica ollada cara ao pasado que parte dunha madurez asumida polo *eu lírico*. Está dividido en seis partes, algunhas das cales (*A deusa branca* e *O poema da desolación*) constitúen un único poema. Hai unha máis que abundante presencia de referencias literarias e musicais, algunhas en forma de citas (que preceden a maior parte das composicións) e outras explícitas dentro das propias pezas, achegándose nalgúns casos ao universo cultural galego actual –*The indian in his glade (elexía a Lois Pereiro)*; ou *O poeta do acordeón*, onde o centro é Rómulo Sanjurjo, acordeonista de Os Diplomáticos de Monte Alto. A man de Xavier Correa Corredoira (A Coruña, 1952) completa esta obra, finalista do González Garcés, cunha serie de ilustracións entretecidas ao longo de todo o texto e partindo xa da propia capa.

Cebreiro, María do, *(Nós, as inadaptadas)*, acéssit do XXIº Premio Esquío de Poesía, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, nº LXXXVII b, marzo 2001, 72 pp. (ISBN: 84-95289-29-6).☒⓾

Poemario de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) no que fai unha reflexión profunda sobre a condición feminina explicada/dictada desde o contorno socio-cultural imperante ao noso redor. Está escrito como un poema épico, descritivo, pero coa forte presencia dun eu lírico por veces máis e por veces menos explícito, con constantes referencias á mitoloxía grega. Este ton vén avalado tamén pola estructura primaria do libro, concibido en tres cantos, se ben cadanseu título –*Os síntomas*, *O diagnóstico* e *A terapia*– nos aparta da tradición clásica levándonos ao campo léxico da enfermidade, feito intimamente relacionado co desenvolvemento do tema de reflexión. O contorno cultural, que ás veces aparece en forma de citas musicais e outras en elementos relacionados cos Mass Media reflicte un mundo confuso expresado tamén na utilización alternativa do castelán, no medio dunha recorrente territorialización chantada na toponimia galega, onde o eu lírico non

cesa a súa propia procura. Aparece tamén un universo mitolóxico infantil tradicional pero violentado na súa esencia por medio da transgresión e non faltan alusións a emblemas (estandarizados ou non) da feminidade ao longo da Historia, desde Helena ata a autora galega Lupe Gómez.




Recensións:

-Xulio Valcárcel, “María do Cebreiro”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 207, “Páxina literaria”, 26 maio 2002, p. 4.

Despois de mencionar o accésit que o poemario *(Nós, as inadaptadas)*, de María do Cebreiro, acadou no último Premio Esquío, o xornalista fala da súa estructura, dos principais compoñentes literarios que atopa nel e sobre o que lle transmiten estes poemas. Defíneo como un exercicio de rebeldía, de cuestionamento duns valores que non se asumen por que si, senón que se desenvolve a autocrítica evitando solucións demagóxicas ou simplistas. Xulio Valcárcel destaca a ambigüidade intencionada e a ironía como os elementos que

explican o poemario e repasa algúns dos autores aludidos ao longo do libro como: Carrol ou Nabokov.




-Lupe Gómez, “María do Cebreiro: ‘A ironía é o humor dos tristes”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 427, 25 xuño 2002, pp. 2-3.

A xornalista verte unha serie de características da personalidade de María do Cebreiro e tamén numerosos trazos da súa obra poética. Defínea como unha persoa culta, chea de matices, intelixente e enxeñosa. Do libro, *(Nós, as inadaptadas)*, di que está cheo de sentimento, concisión, diversión, dor, palabras inquietas e un corpo espido de muller alegre que sente amor e desamor. Engade a ironía como ingrediente fundamental da maioría dos poemas, xa que, segundo a súa autora, “o humor é dos tristes, é unha forma de lucidez, e a lucidez ten máis que ver coa dor que coa alegría”.

- A. R., “Emigrantes”, *Tempos Novos*, nº 66, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, novembro 2002, p. 76.

Trata de achegar as claves estructurais e temáticas sobre as que María do Cebreiro constrúe o seu poemario *(Nós as Inadaptadas)*. Apunta que conforma a "épica vital dun eu poético feminino que adopta diversas personalidades arquetípicas" na busca da ansiada liberdade. Analiza o paso do "eu" Wendy ao "eu" Serea nesta procura. Así mesmo, alude ás "referencias tomadas de diversas fontes con códigos textuais de signo múltiple". E tamén subliña a presencia de "termos do idiolecto da crítica literaria".

-Rafael Fernández Lorenzo, "A lenta aprendizaxe das sereas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 24, "Libros", 26 decembro 2002, p. V.

O articulista fai un repaso pola biografía de María do Cebreiro e pola súa obra. Despois analiza a estructura e a temática do poemario *(Nós, as inadaptadas)*. Empeza comparándoa coa serea de Andersen, que xunto co *Peter Pan* e *Wendy*, de J. M. Barrie, constitúen as referencias obrigadas ao longo de todo o poemario. Enuméranse todas as obras que a poeta ten publicadas: a primeira*, O estadio do espello* (1998) e a segunda, unha antoloxía titulada *Damas negras. Música e poesía* cantada por mulleres (2002) foron publicadas na colección "Ablativo Absoluto". Engade que no 2001 obtivo o accésit do XXI Premio Esquío

de Poesía en lingua galega. Por último o xornalista comenta cada unha das partes nas que está estructurada o poemario *(Nós, as inadaptadas)*: “Os síntomas”, “O diagnóstico” e “A terapia”.




-Arturo Casas, “*Spleen/splash* e outras antigas dialécticas”, *Grial*, nº 156, Tomo XL, “Liberalismo, Comunitarismo, Republicanismo”, “Libros”, outubro-novembro-decembro 2002, pp. 777-784.

Reflexiona sobre distintos aspectos tratados en (*Nós, as inadaptadas*), de María do Cebreiro, libro que comeza presentando como merecedor dun accésit do XXI Premio Esquío. Despois disto pono en relación co anterior e primeiro libro desta autora, *o estadio do espello* (1998), en primeiro lugar porque ambos títulos presentan minúsculas iniciais e en segundo lugar porque os dous son títulos culturalistas e alusivos, xa que nesta segunda obra hai unha clara referencia a Vicente Risco. Así mesmo, tamén en liña co seu primeiro libro, indica que a pesar de estar ante poemas, hai no volume unha clara dimensión analítico-ensaísta onde os temas son variados, ao igual que os recursos escollidos para plasmalos, dos que aquí destaca a multiplicación de voces e rexistros e a combinación de

sensibilidades e discursos, estes últimos mesmo icónicos ou visuais, subliñando ademais que a cultura global é o arquidiscurso que domina sobre as identidades locais e outros discursos particulares. Cre, pois, que esta é unha obra "dunha gratificante complexidade estructural e semiótica", incluso algo críptica, aínda que isto último está atenuado pola estructura tripartita de presentación, nó e desenlace que se corresponde cos tres cantos do libro. Por outra banda sinala que dous alicerces importantes da poética desta autora son a elusión e o distanciamento, polo que as emocións expresadas non están plenamente explicitadas. Detense tamén nas hibridacións e colaxes que fai esta autora que recorre tanto a fontes literarias coma fílmicas, así como ao mito. Finalmente repasa algunhas das figuras femininas que aparecen: amazonas, lolitas ou sereas, indicando que estas últimas son as inadaptadas por antonomasia e son ademais unha metonimia da muller en sentido extenso.

Referencias varias:

-Manuel Dourado Deira, "Letras Galegas na Barbanza", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Barbarousa", 21 maio 2002, p. 42.

Informa das actividades que se desenvolveron na comarca do Barbanza con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, entre as que se atopan un recital a cargo de poetas novos, a entrega de premios da asociación O Grelo, unha edición da *Escolanía de Melros*, de Rey Romero, un debate arredor da Frei Martín Sarmiento e a súa época, a entrega do Pedrón de Ouro e a presentación do poemario *(Nós, as inadaptadas)*, de María do Cebreiro a cargo de Miro Villar, unha poeta que intúe como unha das grandes figuras na poesía galega. Conclúe sinalando que "a Cultura dun país nunca será un 'pretérito perfecto', senón un proceso aberto ó porvir".

- AFA, "Os guerreiros"/ "(Nós, as inadaptadas), a resposta de María do Cebreiro a unha crise", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 24 maio 2002, p. 31/p. 75.

Primeiramente no artigo infórmase de que o poemario *(Nós, as inadaptadas)* foi presentado por Arturo Casas na librería Couceiro en Santiago de Compostela, e despois proséguese cunha serie de consideracións sobre aspectos concretos que caracterizan a obra. En palabras da autora, o poemario é unha reposta a unha crise que lle serviu para obxectualizala, e ao mesmo tempo para reconciliarse coa escrita. Sobre o título do libro,

María do Cebreiro di que non se trata dun plural feminino, senón que é unha especie de “xénero epiceno, non marcado que se refire a todo o que se rebela contra os estereotipos” e que está dedicado aos zurdos, a quen nivela coas inadaptadas.




- Concha Pino, “As etiquetas só teñen valor comercial, e hai que evitalas”, *La Voz de Galicia*, 24 maio 2002, p. 2.

A xornalista, despois de presentar a autora como filla de escritores galegos, de dar conta da presentación deste libro na librería Couceiro e de falar do accésit que gañou no certame Esquío do 2001, faille unha entrevista á poeta preguntándolle de quén fala, a quén llo dedica e por qué o título está en feminino. María do Cebreiro afirma que fala da marxinalidade e que llelo brinda aos zurdos, porque eles son os inadaptados, xa que a realidade está pensada para os destros, para os convencionais. Sobre do título, *(Nós, as inadaptadas)*, afirma non ser tanto unha reivindicación de xénero coma do valor cívico da emoción, que se mercantilizou e se reduciu ao fetichismo e ao ámbito do sentimental e romántico.

-Marta de Sinllán, “María do Cebreiro: a serea da poesía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 25 agosto 2002, pp. 2-3.

Ao longo deste artigo fálase de cómo entende María do Cebreiro a poesía, do que significa para ela facer poesía e de cómo ve o seu estado actual. Tamén se comentan as outras facetas da poeta: a de profesora nun Instituto e a máis persoal, onde revela que lle apaixonan as viaxes porque a fan máis permeábel e máis flexíbel. Respecto da forma dos seus poemas a poeta recoñece a importancia que lle dá ao metro e di traballar co hendecasílabo e co octosílabo, aínda que logo busque efectos de ruptura máis acordes coa poesía vangardista.

Espinosa, Estibaliz, *-orama*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, maio 2002. 88 pp. (ISBN: 84-8457-106-8).

en particular, *-orama* presenta unha poesía de temas persoais, aínda que non sempre de carácter intimista.




Recensións:

- María Xesús Nogueira, “A palabra-encantamento, destemida, de Estíbaliz Espinosa”, *Grial*, nº 155, Tomo XL, “Galicia, cidade atlántica”, “Libros”, xullo-agosto-setembro 2002, pp. 562 564.

Comeza indicando que con *Pan* (2000), Estíbaliz Espinosa mostráranos unha obra sorprendente, ousada e heteroxénea, para destacar a continuación que en –*orama* recupera algunhas das súas estratexias como a cultura oral, o talante lúdico e, sobre todo, a experimentación lingüística, actitude que –di– individualiza a esta autora. Ademais disto sinala que outras características desta obra son a presencia de mitoloxías diversas, a renuncia ao emprego de maiúsculas e o constante exercicio dunha intertextualidade desenfadada. Exemplificando con versos do poemario indica que outras claves da obra son tamén a presencia dunha voz lírica provocadora, que mesmo desafía o receptor, ou a

recorrencia a estratexias cohesionadoras, tanto semánticas coma morfosintácticas. Por outra banda alude á estructura do volume, que remata cun poema longo que dota de unidade ao conxunto, e á vocación experimentadora desta autora no plano lingüístico, salientando o uso de palabras da ciencia e da tecnoloxía, a mestura de rexistros das máis variadas disciplinas e as ocorrentes paronomasias e xogos fónicos. Destaca ademais que se trata dun poemario presentado a xeito de brincadeira, gracias ao humor, un dos ingredientes fundamentais da poética da autora. Conclúe facendo referencia ao “eu poliédrico” que é o encargado de levarnos a un particular percorrido polo universo, deténdose sempre na condición humana e mesmo por veces acadando unha dimensión social.




Referencias varias:

-AFA, “As liñas da poesía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 xuño 2002, p. 17.

Ver Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Depósito natural*, neste apartado do *Informe*.





Forcadela, Manuel, *Lámpada e Medusa*, XXIº Premio Esquío de Poesía, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, nº LXXXVI b, marzo 2002, 69 pp. (ISBN: 84-95289-28-8).

Volume no que se recollen as composicións poéticas de Manuel Forcadela (Tomiño, 1958), gañador do XXIº Premio Esquío de Poesía en lingua galega convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. Os poemas caracterízanse polos versos longos, mesmo algún deles con presentación de texto ao xeito de prosa e pola falta de puntuación como “O falar da natureza” ou “Paterna”, aínda que cun marcado ritmo poético pola disposición das estructuras silábicas escollidas. Tamén destaca o poemario pola presencia temática da música, elemento aglutinador que incluso dá título a algúns poemas como “Piano”, o que abre a obra, e outros como “Audición de J. S. Bach”, “Pitagórica (improvisación para piano)” ou “Concerto melodioso, acaso Baudelaire”, entre outros. A luz, como símbolo de vida e morte, a propia poesía e a morte son outros dos elementos fundamentais dunha obra na que o autor lles dedica algúns dos seus poemas a coñecidos persoeiros galegos, entre eles Gonzalo Navaza ou Vicente Araguas.

Referencias varias:

- Marta R. Valeiro, “Podería deixar de escribir, pero deixaría de existir”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 114, 30 xaneiro 2002, p. 2.

O escritor e doutor en Filoloxía, Manuel Forcadela, comeza esta conversa dunha breve alusión ao Premio Esquío de Poesía, que vén de gañar pola súa obra *Lámpada e Medusa*. A seguir, comenta que el escribe “por arroutadas”, xa que non concibe o de “escribir por oficio”. Para rematar, afirma que é un “humilde escritor” pero, se tivese que definirse, prefire ser poeta e ensaísta.

-Manuel Vidal Villaverde, “Alegoría do coñecemento”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 17 febreiro 2002, p. 51.

O novelista, poeta, ensaísta e catedrático de Lingua e Literatura Galega, Manuel Forcadela defínese a si mesmo nesta entrevista como un nostálxico do clasicismo e do mundo grego. Cita as súas obras literarias *Ferida acústica de río* (1982), *O regreso das ninfas* (1985), *O*

varredor en outono (1987), *Paisaxe con muller e barco* (1990), *Sangue sobre a neve* (1990), *Profecía* (1992), *A morte do fadista* (2000), *Refutación da musa* (2001) ou *Lámpada e medusa* (2002). Sinala que fixo ensaios sobre Pondal, a Nova Narrativa, Fole, Blanco Amor e Curros Enríquez, ademais de ter exercido como crítico literario e xornalista.




- Vicente Araguas, “Forcadela”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 30 maio 2002, p. 80.

Dá conta das impresións que lle causou a lectura do libro gañador da última edición do Premio Esquío de Poesía, *Lámpada e Medusa*, de Manuel Forcadela. Sinala que estamos ante unha poesía moi traballada e culta, que está feita a partir dun oído moi fino e na que a música é un factor importante. Tamén apunta os recursos clásicos empregados polo autor, ademais da ironía e do “hermetismo ben diáfano” empregado polo autor. Remata aludindo ao poema “Sistema literario” no que o poeta o fai a el protagonista.

- Manuel Vidal Villaverde, “Lámpada e medusa”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 30 xuño 2002, p. 50.

Comeza sinalando que o poemario *Lámpada e Medusa*, de Manuel Forcadela continúa na liña da súa poesía anterior e con el gañou o Premio Esquío. Reproduce os versos do poema “Pianos”, cos que se abre a obra, e considera que o poeta acadou con esta obra non só o galardón literario senón tamén “o inmorrente da palabra”.

Fraga, Modesto, *Ese estraño silencio*, prólogo de Luís G. Tosar, ilust. Baldo Ramos, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 23, maio 2002, 78 pp. (ISBN: 84-85385-70-5).

Último libro de poemas publicado por Modesto Fraga (Fisterra, 1974), membro do Batallón Literario da Costa da Morte. A obra inclúe un prólogo de Luís G. Tosar, titulado “Fraterna soleira para un poeta”, no que indica que o tema central dos poemas do libro é o sentimento, sobre todo, amoroso. Os poemas repártense en tres apartados (“Corpos paisaxe”, “Itinerario de silencios” e “Luz de equinoccio”), que inclúen quince poemas cada un deles. O tema central de todos os poemas é o amor e para explicar a súa evolución polo paso do tempo empréganse imaxes das catro estacións do ano. Hai, así mesmo, certas reminiscencias con poetas como Pablo Neruda ou Manuel Antonio e varias citas doutros poetas, como por exemplo de Miro Villar, Mario Benedetti ou Domingo Tabuyo. A nivel formal destaca o emprego dunha primeira persoa que se dirixe constantemente a unha segunda e a fluctuación entre poemas cunha medida e rima totalmente irregular, xunto a outros de métrica clásica, por exemplo o grupo de sonetos incluídos no segundo apartado.

Recensións:

-Vicente Araguas, “O estraño silencio dos versos de Modesto Fraga”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 29 setembro 2002, p. 3.

Comeza sinalando que estima moito aquela poesía “que acompaña a súa feitura do silencio”, para logo centrarse no poemario *Ese estraño silencio*, de Modesto Fraga. Alude a que este é o cuarto volume que publica o autor aínda novo, que xira arredor da temática amorosa, centrándose especialmente na vertente erótica e que a súa poesía se entende facilmente posto que busca ante todo a comunicación. Cualifica esta poesía de “aseada”, que nela se deixan ver o bo oído e as lecturas do autor, para rematar referíndose ao xogo metaliterario que se establece, así como ao prólogo de Luís G. Tosar que abre o volume.

-Román Raña, “Estraño silencio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 22, 12 decembro 2002, p. IV.

Comentario de *Ese estraño silencio*, que é o terceiro libro de poemas de Modesto Fraga (*Do amor salgado*, 1997 e *Mar de ausencia*, 2000). Sinala que o prólogo do libro é de Luís G. Tosar e que contén ilustracións de Baldo Ramos. Describe as tres partes nas que se divide o volume e recoñece influencias de Lope de Vega e Quevedo, aínda que tamén hai orixinalidade no tratamento que Modesto Fraga fai do amor.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, "Un país de versos", *O Correo Galego/La Región*, "Pé das Burgas"/"Ronsel dos libros", 5 xullo 2002/3 xullo 2002, p. 2/p. 69.

Dá conta da publicación de *Ese estraño silencio*, de Modesto Fraga; de *Alén do lume*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, que leva un prólogo de Xesús Alonso Montero, e de *Ciclo de Mercurio*, de Millán Picouto. Desta última obra sinálase que é o primeiro volume da serie que conforma a *Obra dramática completa*, deste autor ourensán e que nela se agrupan dúas comedias e dúas traxedias. Sinala os títulos e o fío argumental de cada unha delas, ademais de destacar como marca do seu estilo a construcción de versos clásicos e rotundos, a forte

capacidade narrativa e a expresividade lírica ou a relevancia dos coros e as voces colectivas. Remata referíndose á habelencia de Millán Picouto para combinar a pegada de grandes autores europeos coa tradición popular. Da obra de Xosé Carlos Gómez Alfaro, que conta con prólogo de Xesús Alonso Montero, chama a atención sobre a feitura formal dos cincuenta sonetos que conforman a obra e que son unha homenaxe á súa esposa e ao fillo morto, tema que sinala como o eixo que estructura a obra. Ve nesta poesía un alento amoroso que busca "fundirse coa natureza nunha evocación telúrica" a través dunha gran forza expresiva. Finalmente, da obra de Modesto Fraga, que ten prólogo de González Tosar, sinala que nela o amor é o alento primixenio que festexan a vida e as paisaxes, que é un canto no que se celebra a sensualidade do amor coa pegada de autores como Pablo Neruda ou Manuel Antonio.




- R. L., “Dende o mar”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 31 agosto 2002, p. 11.

Fai referencia a *Ese estraño silencio* de Modesto Fraga, que tamén é autor de *O amor salgado*, membro do Batallón Literario da Costa da Morte e cofundador de Letras da Cal. Destaca a importancia da colección “Libros da Frouma” de Edicións Follas Novas, na que se

publicou o libro e sinala que o prólogo é de Luís G. Tosar, ademais de comentar que os sentimentos amorosos son a base argumental dos poemas.




-Tomás Ruibal, “A nova poesía galega”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!Letras”, 17 novembro 2002, p. 9.

Dá conta da publicación de dúas novas obras de poesía, a primeira *Caderno a destempo*, de Frank Meyer, e a segunda *Ese estraño silencio*, de Modesto Fraga. Comeza referíndose ao amplo currículo de Frank Meyer no campo da creación e da traducción e sinala que este é “un bo libro” que se move entre a experimentación e a reflexión e o intimismo. De *Ese estraño silencio* salienta que é un libro de amor desesperanzado que converte en palabra a angustia da vida, o sufrimento ou a paixón. Remata sinalando que Modesto Fraga é un autor novo que ten colaborado en diversas publicacións.

Frías Conde, Xavier, *Axarquia (aššarqiya)*, limiar de Inma Pérez Rocha, Madrid: ACEF (Asociación Celso Emilio Ferreiro), col. O Roibén, nº 5, maio 2002, 27 pp. (ISBN: 84-8623050-0).

Recorrendo a este topónimo andalusí que significa *"(as cousas) orientais"*, como sinala Inma Pérez Rocha, autora do limiar, Xavier Frías Conde (Navia-Eo, 1955) leva o lector, a través de dezaoito poemas, de viaxe por todo un mundo de soños e recordos onde o exotismo, a exuberancia e o erotismo do Oriente Próximo se manifestan por medio de todos os sentidos. O deserto convértese así en escenario central da lembranza onírica que nos achega atmosferas abafantes e estáticas chantadas nun universo a cabalo entre o real e o irreal onde o hedonismo acada un papel elemental, deixando un pouso de nostalxia aliviado só polo propio acto recordatorio de seu, a escrita. Percorridos pola xeografía dunha cultura pero tamén pola xeografía duns corpos e unhas sensacións que se estenden ata o máis profundo. *Axarquia* vén ser a segunda publicación, dentro da colección "O Roibén", da que o autor é director.

García Teijeiro, Antonio, *Na agonía dos outonos en silencio*, limiar de Fran Alonso, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, xuño 2002, 78 pp. (ISBN: 84-8485-065-X).

Poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), estructurado en nove partes: “Outono a golpes de silencio”, “Apuntamentos da memoria”, “Amor en dúas persoas (primeira e terceira)”, “Desexos e promesas”, “Apuntamentos furtivos”, “Ó abeiro da tenrura”, “Desconcertos”, “Solos de saxo en Outono, quizais” e “Mestres sen ira”, introducidos, cada un deles, por versos de diferentes poetas como Alfonso Pexegueiro, Antón Tovar, Román Raña, Uxío Novoneyra, Manuel Antonio, Luís Pimentel, Rosalía de Castro ou Marta Dacosta, aos que quere render unha homenaxe. O libro inclúe tamén un breve limiar de Fran Alonso titulado “Na punta dos pés”, no que fala, en primeiro lugar, das sensacións que lle transmitiu o poemario ao ser lido. Dá conta da influencia da música jazz nos poemas e da atmosfera outoniza e tristeira que se reflicte nas composicións. Achégase, tamén, á temática do libro, destacando a importancia do silencio sobre o que xira todo o demais. Os sesenta poemas que recolle *Na agonía dos outonos en silencio* están enmarcados no outono, nun clima de desesperanza, angustia e tristeza. Invitan á reflexión e neles cántanse as incertezas e os desacougos da vida e os medos, centrándose na soidade do ser humano e

no paso do tempo. O silencio e o tempo outonal son unha constante ao longo deste poemario, que resulta un libro de evocación e afondamento no ser humano, no que se ofrecen tamén composicións que falan de jazz ou blues, e que pretenden ser unha homenaxe a músicos como Lester Young, Charlie Parker, Johnny Hodges, Coleman Hawkins, etc.




Referencias varias:

- Manuel Veiga, “Antonio García Teixeiro: ‘Aos que escribimos para rapaces considérannos escritores de segunda”, *A Nosa Terra*, nº 1.046, 5-11 setembro 2002, p. 29.

Alúdese, nun primeiro momento, á traxectoria literaria de Antonio García Teijeiro e aos seus proxectos futuros como a edición dun libro de relatos sobre a guerra titulado, *Trala liña do horizonte*. A continuación, recóllense unhas breves reflexións do autor nas que se centra nas diferencias que existen entre a poesía infantil e a de adultos, destacando que os temas que toca son os mesmos para ambas as dúas, o amor, a morte, a emigración, etc., só

cambia a forma de expresión. Finalmente, fala do que significa para el a poesía e salienta que existe certo menosprezo da literatura infantil e xuvenil.




-Amalia Mauleón, “Los niños deben aprender que leer un poema no es ridículo”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad”/“Entrevista”, 4 outubro 2002/9 outubro 2002, p. 44/p. 64.

Recóllense as opinións e as impresións de Antonio García Teijeiro sobre o seu novo libro, *Na agonía dos outonos en silencio*. Comenta que o poemario fala da soidade e do paso do tempo e que pretende ser unha pequena homenaxe ao mundo do jazz. Por outro lado, destaca a necesidade de acercar os nenos á lectura, dunha forma lúdica, e de facerlles ver que non é ridículo ler poesía. Finalmente, sinala que non quere deixar de lado a literatura infantil, xa que ten pensando editar un poemario infantil e un libro de relatos xuvenís sobre a guerra.

Gómez Alfaro, X. C., *Alén do lume*, prólogo de Xesús Alonso Montero, A Coruña: Espiral Maior Edicións, col. Espiral Maior Poesía, nº 119, abril 2002, 66 pp. (ISBN: 84-95625-49-0).

Xosé Carlos Gómez Alfaro (As Chabolas, Rivadavia, 1949) recolle neste novo poemario un conxunto de cincuenta sonetos, nos que o escritor lembra a triste perda do seu fillo Carlos, e nos que, ademais, lle rende unha homenaxe á súa esposa, a quen está unido polo amor e pola dor. Os versos de amor sono tamén de entrega á súa muller, Rosa Berta, na cal busca o refuxio e o consolo polo duro golpe que recibiron. Hai que sinalar que predomina un léxico relacionado co mundo do viño, coas terras do Ribeiro, un léxico cargado de simbolismo. Ademais, contén un prólogo de Xesús Alonso Montero no que fai referencia ao pouco coñecemento que se ten do escritor, lembra a súa traxectoria poética e cita a temática imperante nos seus libros, como as terras do Ribeiro ou o mundo do viño, aínda que salienta que o tema principal presente en toda a súa obra é a morte do seu fillo Carlos.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Lume sacro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 134, 17 xuño 2002, p. 3.

Comeza sinalando que *Alén do lume*, de X. C. Gómez Alfaro, está prologada por Xesús Alonso Montero, á vez que denuncia o “ninguneo” que sofre o poeta por parte da crítica. Destaca da súa obra a autenticidade e a abondosa aparición de obras nos últimos anos. Tamén sinala deste volume o corte clásico por estar composto por sonetos, as pegadas relixiosas, dionisíacas e eróticas que contén, así como a homenaxe á súa esposa e ao seu fillo falecido.

- Rafael Fernández Lorenzo, “Unha vendima laboriosa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 16, 31 outubro 2002, p. IV.

Despois de falar da traxectoria literaria do autor e dos premios obtidos ao longo da súa carreira, faise referencia ao principal eixo temático da obra de Gómez Alfaro, como son os poemas elexíacos ao seu fillo Carlos, morto prematuramente, que marcará boa parte da súa producción poética. Lembra que xa en *Alba plena do alén* (1997) lle dedicaba a obra ao fillo,

do mesmo xeito que agora en *Alén do lume*, sinala que aínda continúa latente a perda do fillo. Considera que é a súa muller, Rosa Berta, a principal inspiración desta obra, a compañeira á que lle canta nos cincuenta sonetos que compoñen a obra en versos hendecasílabos, nos que lembra tamén a figura do seu fillo.




Referencias varias:

- R. R. V., “Xosé Gómez Alfaro presenta en A Guarda su poemario ‘Alén do lume”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 9 xuño 2002, p. 18.

Nota de prensa sobre a presentación na Guarda do poemario *Alén do lume*, de Xosé Gómez Alfaro, profesor e colaborador en diversas revistas e xornais galegos.

- A. F., “Alén do lume’, nuevo poemario de José Carlos Gómez Alfaro”, *Atlántico Diario*, 11 xuño 2002, p. 28.

Dá noticia da publicación do poemario, editado por Espiral Maior, *Alén do lume,* de José Carlos Gómez Alfaro. Coméntase que á presentación do libro asistiron Xesús Alonso Montero, Miguel Anxo Fernán-Vello e o Concelleiro de Cultura da Guarda, Celso Rodríguez Fariñas.

- Ricardo Rodríguez Vicente, "O poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro presentou seu novo poemario 'Alén do lume", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño-Louriña", 29 xuño 2002, p. 26.

Alúdese á presentación de *Alén do lume* na Guarda. Recóllense as palabras de Xesús Alonso Montero, quen falou da existencia de numerosos motivos para estimar a poesía de Gómez Alfaro. Por outra banda, Xosé M. Díaz, editor literario de Espiral Maior, destacou a traballo realizado polo escritor e a temática do poemario, mentres que o protagonista do evento agradeceu aos asistentes o apoio dado para a publicación do libro.

- Antón Ferreira, "El profesor Alonso Montero presentó el poemario 'Alén do lume' de Alfaro", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 1 xullo 2002, p. 19.








Fálase da presentación do libro *Alén do lume*, de X. C. Gómez Alfaro no Centro Cultural da Guarda. Ofrécese unha relación dos persoeiros que asistiron ao acto, entre os que sobresaen Xesús Alonso Montero, Xosé Manuel Díaz e Rodríguez Fariñas, entre outros, e faise unha aproximación ao contido da obra, da que se di que é unha homenaxe ao fillo e a esposa do autor. Sinálase, tamén, que o poemario ten un ton intimista, no que predomina a metáfora.

-Alfredo Conde, “Poemas nada superfluos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 xullo 2002, p. 4.

Despois de aludir á publicación do seu primeiro libro en Galaxia, fai unha aproximación ao libro *Alén do lume*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, que describe como “fermoso e estremecedor”.

-Marcos Valcárcel, “Un país de versos”, *La Región*/*O Correo Galego*, “Ronsel dos libros”/“Pé das Burgas”, 3 xullo 2002/5 xullo 2002, p. 69/p. 2.

Ver Fraga, Modesto, *Ese estraño silencio*, neste apartado do *Informe*.

- X. M. R., “Amor e ausencia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D libros”, 3 agosto 2002, p. 11.

Dá conta da aparición do libro de X. C. Gómez Alfaro, *Alén do lume*, do que se di que é unha obra “traballada a conciencia”, no que cunha linguaxe “limpa”, ofrece poemas sinxelos e revolucionarios.

Iglesias, Serxio, *Métodos para afogar un cisne*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, maio 2002, 57 pp. (ISBN: 84-87783-68-6).

Poemario de Serxio Iglesias cunha corentena de poemas distribuídos en cinco apartados baixo os epígrafes: “Santuarios”, “Cadernos da cidade pánico”, “A memoria espesa”, “Bramidos nus” e “Maneiras de morrer”. Hai unha recorrencia continua á temática de ambientes marxinais desde un punto de vista que denota certa desesperanza na relación do home co seu contorno, pero tamén coa súa especie. Atopamos referencias a diferentes atmosferas características que se constitúen en lugar común desta cultura marxinal, resultando determinantes sobre as historias que transloce o libro e o advento dunha actitude de resignación final como conclusión. Neste sentido, semella haber unha estructura lineal, agrupada arredor dos epígrafes mencionados, que conduce cara a un punto único inevitábel. Verso libre, referentes musicais e literarios, e xogos que dan volta ás palabras transgredindo o plano dos significantes para construír un nivel con significación propia.

Recensións:

-Rafael Fernández Lorenzo, “Un mar inmaterial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 18, “Libros”, 14 novembro 2002, p. IV.

O articulista comeza falando da traxectoria do Grupo Ronseltz no que estivo Serxio Iglesias, e sostén que o colectivo poético, nado nos anos oitenta do pasado século, é transgresor e orixinal. Tras a publicación do libro *Unicornio de cenorias que cabalgan os sábados* (1994), en Edicións Positivas, disolveuse o grupo de forma amigábel. O xornalista destaca que en *Métodos para afogar un cisne,* o libro co que reaparece Iglesias no mundo da poesía, hai un pasado errante e turbulento de droga, alcol e sexo extremo, e que aflora por momentos a nostalxia e a melancolía “dun mar inmaterial”. Finalmente, Rafael Fernández sostén que nunha primeira lectura a poesía de Serxio Iglesias pode parecer innovadora, pero cualifica os seus versos como un tanto herméticos.

Referencias varias:

- AFA, “Camiño da angustia”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 xuño 2002, p. 33.

Fálase da presentación de *Métodos para afogar un cisne*, o primeiro poemario en solitario de Serxio Iglesias, que tivo lugar no Salón do Libro de Santiago. Nesta entrevista, o autor, membro do Grupo Ronseltz, analiza os seus versos como "un canto á xente que non ten nada, ós ionquis, ós inmigrantes, á morte". O xornalista destaca que o libro está dividido en cinco capítulos a modo de cadernos. Por último, falan dos proxectos de futuro que ten o poeta: rematar un poemario que sería a continuación de *Métodos para afogar un cisne* e afrontar a creación dunha novela sobre a emigración.

-Marta R. Valeiro, "Entendo a creación case como unha posesión demoníaca", *El Correo Gallego,* "*Correo das Culturas*", 22 setembro 2002, p. 2.

A xornalista entrevista ao poeta que foi inspirador e motor do Grupo Ronseltz. Di de Serxio Iglesias que está a revolucionar cos seus versos o panorama da poesía galega pola súa liña innovadora. O poeta sinala que o seu primeiro libro, *Métodos para afogar un cisne*, nace da inspiración que lle produce a Costa da Morte e engade que a innovación na arte é relativa, pero si fai fincapé en que os seus poemas non teñen nada que ver "coa luminosidade

preciosista que impregnou a lírica da miña xeración nin tampouco con esa sorte de conceptualismo transcendente que vexo agora nalgúns poetas”.








Luna, Luís e Óscar **Curieses**, *Ignicións*, limiar de Carlos Solla, Madrid: ACEF (Asociación Celso Emilio Ferreiro), col. O Roibén, nº 4, maio 2002, 42 pp. (ISBN: 84-86230-49-7).

Cun limiar que comeza citando a Gonzalo Navaza e que fai un repaso, a modo de introducción, por unha serie de mitos que configuran o poemario, desde a tradición cristiá do Pentecostes ou o San Xoán, ata os clásicos Prometeo e Sísifo, pasando por elementos da tradición mitolóxica galega como o facho, os mouros, ou a cinza, ábrese o segundo traballo en galego destes autores do Grupo Bilbao de escritores galegos en Madrid. Trinta composicións onde o lume, nas múltiples formas sinaladas no limiar, entre outras, fluctúa nunha atmosfera por veces épica na que o *tempus fugit* se manifesta como pegada da acción ígnea, e a necesidade esencial de dous elementos para que esta se poida desenvolver patentízase tanto no terreo espiritual coma no máis estricto dominio da carne. O lume é comezo e final dun ciclo, crea e destrúe, é paso inevitábel no decorrer do tempo e da Historia (humana e individual) e así se deixa ver neste conxunto.

Martínez, Verónica, *Deshabitada e sen verdugo*, introd. de Manuel Pereira Valcárcel, Madrid: ACEF (Asociación Celso Emilio Ferreiro), col. O Roibén, nº 1, maio 2002, 30 pp. (ISBN: 84-86230-46-2).

Manuel Pereira Valcárcel presenta a Verónica Martínez nas palabras que abren o poemario, mencionando a súa obra anterior, *Desterrada do meu corpo*, accésit do Iº Premio de Poesía Letras de Cal. Sinala que ambas obras presentan como trazos comúns a capacidade suxestiva, a profundidade sentimental e un gran rigor expresivo. Con respecto a *Deshabitada e sen verdugo* salienta que se trata dunha "viaxe polos vieiros afiados da vida, a vertixe que esconde o baleiro, as chantaxes do silencio, as derrotas impostas, os dictames do destino. Busca persoal que a escritora transforma en camiños abertos, en ríos que avanzan cara ao mar que tamén ten fondo". Seguidamente ábrese o poemario, integrado por vinteseis poemas breves compostos por versos curtos nas que a voz lírica reflexiona sobre as súas experiencias a partir do abandono do amado, da soidade e dos recordos do vivido. Estructúrase nunha sucesión de escenas nas que se presenta a imaxe desolada dunha muller na paisaxe do desamor, da tristeza e da derrota e que van conformando unha

historia que alcanza a súa resolución nun final que condena a voz lírica ao fracaso como última esperanza.








Martínez Dios, Rosa Mª, *Cando falan as buguinas*, prólogo de Antonia López, Ferrol: Edicións Embora, col. Autoris Poesía, novembro 2002, 76 pp. (ISBN: 84-95460-17-3).

Primeiro libro de poemas de Rosa María Martínez Dios (Ferrol, 1960), que está composto por un prólogo de Antonia López e catro apartados: “Interiores”, “Descritivas”, “Amor, desamor...” e “Morte e vida”. No prólogo explícase que a actividade creativa é para a autora unha vía de liberación, que escribe pola súa necesidade de comunicar os sentimentos propios. Ademais dáse conta da temática dos poemas do libro. No apartado titulado “Interiores” recolle sete poemas de temática metaliteraria, nos que a autora explica a súa relación coa poesía e a necesidade de escribir para comunicarse; o apartado “Descritivas”, que inclúe vintetrés poemas, é de temática moi variada e nel recolle a súa impresión sobre aspectos de actualidade (emigración, fame no mundo, mundo mariñeiro) ou do mundo que a rodea (fai descricións de lugares próximos a Ferrol: Camariñas, Pontedeume, Castelo de San Felipe, Cedeira, ...); en “Amor, desamor...” inclúe oito poemas de temática amorosa, dous deles dedicados aos seus fillos; e en “Morte e Vida”, que recolle catro poemas, expresa os seus sentimentos ante a morte de seres queridos.

Martínez Méndez, Rosa, *Intres*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, col. Cuentos Literarios, nº 291, febreiro 2002, 565 pp. (ISBN: 84-8190-237-3).

En torno a catrocentos poemas enchen este primeiro libro de Rosa Martínez Méndez, poetisa nacida en Vigo e pertencente ao grupo Brétema. Están divididos en trece apartados baixo os epígrafes: “Fala, dereito dos marxinados”, “Poesía para os poetas”, “Nin público, nin privado”, “Verdades da farsa”, “Detrás da música”, “Xentes e xeitos”, “Intres”, “Sexo con siso”, “Detrás da música”, “Pescudando no interior”, “Anoxo”, “Orgullo” e “Arpa”. A variedade de estructuras estróficas é ampla e maniféstase de maneira omnipresente unha rima constante e persistente. Tematicamente hai varios eixes que se corresponden cos epígrafes mencionados, desenvolvendo mediante un léxico sinxelo e directo o núcleo conceptual de cada un deles, que se ve representado por un breve subtítulo a modo de declaración de intencións no comezo de cada parte.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, *O outro*, ilust. Manuel Facal, A Coruña: Promocións Culturais Artesa, setembro 2002, (sen DL nin ISBN).

Estoxo de gran volume en edición de luxo para bibliófilos que contén poemas de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) e gravados de Manuel Facal. A súa tiraxe foi de oitenta exemplares segundo consta na primeira páxina do volume, onde tamén se sinala que os once gravados que a acompañan están numerados e asinados polo artista. Formada por grandes pregos, intercálanse poemas e gravados, en cores vermella e sepia, nunha simbiose de palabra e trazos pictóricos abstractos. Os poemas recollidos levan os títulos de: “Artista e guerra (A Pousa)”, “Quen é esa que sobe a encosta de Cortiña Grande”, “Agora meniños cantan fronte o mare”, “Tu ou Eoas”, “O outro”, “Le Piano est mort”, “Verbas a lector futuro”, “Novoneyra”, “Presenza dun de Nóvoa na revolución do 54 (A Coruña)”, “Maldito seja el mare” e “Mantecón”. Tematicamente xiran arredor das consecuencias da guerra, da presencia do mar, da aldea e os seus habitantes, que por veces se identifican coas lembranzas da infancia do poeta. Santiago de Compostela constitúe algún dos espacios no que se sitúa a voz poética, nunha homenaxe á cidade da xuventude do autor e a

compañeiros como Uxío Novoneyra, ao que cariñosamente denomina o “Mozo grande”. Formalmente, son poemas de versos longos, moitos deles sen ningún tipo de puntuación.




Referencias varias:

- Alberto Quián, “Agora reflexiono nos meus poemas sobre a vellez, o final da vida”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 novembro 2002, p. 35.

Entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo da publicación de *O outro*, un conxunto de once poemas inéditos con ilustracións de Manuel Facal. Comeza respondendo a cuestións de temática da súa poesía actual, na que di reflexionar sobre a vellez, sobre a presencia neles da súa poesía de todas as épocas. Refírese tamén a cómo xurdiu a colaboración con Manuel Facal, ao feito de que malia seren poemas para unha edición de luxo tamén sairán en colección normal para chegar a máis público. Alude á linguaxe e actitude diferente que configuran a poesía, ao seu valor de subversión ou transformadora, e remata valorando positivamente a situación do panorama galego da poesía actual. En columna á parte ofrécense pormenorizadamente os detalles desta edición de luxo.

- Alberto Quián, “A poética de Ferrín é moderna e rupturista”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 novembro 2002, p. 35.




Conversa con Manuel Facal, autor dos gravados que acompañan os poemas de Xosé Luís Méndez Ferrín en *O outro*. Sinala que quixo facer esta colaboración pola amizade que o une co poeta, que os seus debuxos son unha interpretación persoal duns poemas que considera máis modernos e rupturistas que cos que ten traballado ata o de agora e remata aludindo ao prezo da obra, que considera asequíbel.

Meyer, Franck, *Caderno a destempo*, ilust. Serxio Suárez, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 24, xuño 2002, 84 pp. (ISBN: 84-85385-72-1).

Segunda entrega poética de Frank Meyer (Lorena, 1968) despois de ter publicado en 2000 *pêle-mêle fel*. Este novo poemario –que comeza cunhas referencias musicais na súa primeira páxina– caracterízase polo intimismo, o amor, o día a día e o erotismo. Como anécdota cómpre sinalar que conta cun poema bilingüe galego-alemán e que os poemas están acompañados con ilustracións, en branco e negro, a cargo de Serxio Suárez. Ademais, os poemas de *Caderno de destempo* caracterízanse por seren, nomeadamente, curtos e sen título, e asemade presentan sempre a súa primeira palabra resaltada con letra grosa e non seguen ningún tipo de métrica.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Franck Meyer, un tipo raro”, *El Correo Gallego*,“*Correo das Culturas*”, 22 setembro 2002, p. 3.

Comeza referíndose á faceta de traductor do inglés e alemán ao galego de Frank Meyer, autor de *Caderno a destempo*. Destaca o talento e o anceio do autor de apoderarse do poema con sensibilidade. Alude ás estratexias eróticas empregadas nun volume que cualifica de "mesto e denso" e á escolla de poemas breves "nun afán de condensación" onde o corpo é o límite que se impón o poeta. Remata referíndose tamén á presencia anecdótica de colaxes idiomáticos dentro do contido "enxebre e radical" da obra.

-Armando Requeixo, "Novos aires no panorama lírico galego que fan pontes con outras tradicións", *El Correo Gallego*,"*Correo das Culturas*", 29 setembro 2002, p. 4.

Sitúa a Frank Meyer entre as voces poéticas galegas máis orixinais e que semella que camiñan por libre, atribuíndo este feito á súa procedencia franco-alemana que se deixa sentir na súa producción. Sinala como trazos recorrentes nas súas obras o cotidianismo epifánico, o desesperanzado pasar da vida ou a pulsión erótica, á vez que observa outros novidosos como a rebeldía cívica ou determinante presencia do universo atmosférico, que se presentan a través de recursos como os encabalgamentos, os hipérbatos ou poemas

inconclusos. Tamén destaca o diálogo entre os versos e os debuxos de Serxio Suárez, para rematar dándolle a benvida a esta “lufada de aire fresco” para a nosa lírica.




- Xosé Freire, “Caderno a destempo”, *Grial*, nº 156, Tomo XL, “Liberalismo, Comunitarismo, Republicanismo”, “Libros”, outubro-novembro-decembro 2002, pp. 775-777.

Achega a *Caderno a destempo*, de Franck Meyer, terceiro libro de poemas que escribe en galego, aínda que aclara que o segundo está agardando a súa publicación. Axudándose da reproducción de varios poemas ofrece sobre todo un estudio temático deste volume do que tamén se destaca a súa fuxida das maiúsculas, dos títulos dos poemas e dos signos de puntuación. Considera que esta obra é unha continuación do pulso poético comezado xa no seu primeiro libro, aínda que agora engade a recorrencia á palabra “casa”. Salienta tamén que neste volume hai un paseo pola intimidade ao mesmo tempo que afonda no tecido social dun xeito visceral. Finalmente alude ao xogo de palabras que fai este autor nun idioma, do que é un autodidacta no seu estudio, polo que lle acaba atribuíndo a etiqueta de poeta galego.

Referencias varias

-Belén López, “Franck Meyer, un poeta descolocado”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 17 xullo 2002, p. 59.

Dá conta da presentación de *Caderno a destempo*, de Frank Meyer, na Feira do Libro de Pontevedra. Recóllense as declaracións do autor, quen sinala cómo naceu o proxecto e os cambios que foi experimentando ata a súa publicación. Da temática destaca o sentimento de descolocación experimentado polo propio autor motivado polo seu traslado de Alemaña a Galicia, o cambio de valores e pautas de comportamento que provocan o sentimento de sentirse fóra de lugar xeográfica e emocionalmente.

- Carme Vidal, “Franck Meyer: escribir hoxe en día un soneto resulta cómico”, *A Nosa Terra*, nº 1.044, “Cultura”, 25-31 xullo 2002, p. 25.

Achégase a *Caderno a destempo*, de Frank Meyer a través das declaracións e reflexións do propio autor. Destaca que este poemario o coloca entre a súa Alemaña natal e Galicia, que

xurdiu nun momento de dúbida, cando Meyer pensara en regresar ao seu país de orixe. Sinala que na obra se percibe unha voz do desterro, da inmigración e da emigración, que manifesta o sentimento de perda á vez que a busca de asentamento. Ve no erotismo que se manifesta na obra un signo de identidade da creación do autor, quen salienta tamén nos seus versos a dúbida da compatibilidade das persoas.




-Tomás Ruibal, “A nova poesía galega”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!Letras”, 17 novembro 2002, p. 9.

Ver Fraga, Modesto, *Ese estraño silencio*, neste apartado do *Informe*.





Pato, Claudio, *Unha vida de traballo nos bosques do cánabo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 24, 2002, 81 pp. (ISBN: 84-8302-886-7).

Poemario de Claudio Pato Díaz (Ourense, 1962) estructurado en nove partes: “É a vida unha máquina flipper?”, “Le dejauneur sur l´herbe”, que contén tres textos relacionados e presentados en páxinas diferentes e numerados; “Araucaria”, que contén catro poemas; “Benares”, composto por dous textos; “Sharleena-Hotel, con oito textos; “As meteorolóxicas”, que contén seis poemas; “Intuición da morte dos bañistas”, con outros seis; “Escritos dende o ciber-sanatorio”, con once poemas; e “Gymnopédies”, que contén dous poemas. A nivel formal destaca a escaseza de signos de puntuación, a falta de maiúsculas a ausencia de métrica formal e rima. A temática dos poemas céntrase na reflexión do significado da vida e no tratamento de aspectos e costumes da vida cotiá; a nivel paratextual destaca o elevado número de dedicatorias e citas, doce e oito respectivamente, ademais das referencias a personaxes reais dentro dos poemas, por exemplo Ludwig, Charlot, Wolfran Amadeu ou Rosalía de Castro.

Recensións:

- Vicente Araguas, “O máis alá presente nos versos de Claudio Pato”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 8 decembro 2002, p. 3.

Comentario do segundo libro de poemas de Claudio Pato, *Unha vida de traballo nos bosques do cánabo*, quen é definido como poeta revolucionario e non interesado na “poesía comercial”. Sinala, ademais, que os seus poemas teñen unha compoñente narrativa importante e que o libro resulta, nas primeiras lecturas, difícil, xa que se estructura a modo de crebacabezas ao que o lector debe dar sentido. Apunta, por último, que as referencias culturais (nomes e citas) son moi abundantes.

-Dorinda Castro, “Poesía para este tempo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, 26 decembro 2002, p. 4.

Comentario de *Unha vida de traballo nos bosques do cánabo*, de Claudio Pato. Recoñece no título de cada unha das partes que integran a obra a influencia do cosmopolismo, do orientalismo e da actualidade. Sinala que os poemas pretenden reivindicar o poeta catalán

Joann Brosa e que neles, ausentes de argumento, o autor experimenta sensacións estéticas semellantes ás vangardas. Destaca o elevado número de oracións interrogativas que hai e as múltiples referencias culturais, sobre todo literarias. Por último describe os poemas formalmente e sinala que hai medidas e rimas libres, ruptura sintáctica, xogos de palabras e amálgamas.








Pedreira, Emma, *Os cadernos d'amor e os velenos*, Premio de Poesía Centenario Fermín Bouza Brey, Vigo: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Poesía, nº 117, abril 2002, 79 pp. (ISBN: 84-95625-46-6).

O último poemario de Emma Pedreira (A Coruña, 1978), que obtivo o Premio de Poesía Centenario Fermín Bouza Brey, está composto por un Limiar máis tres partes: "Posturas para reclamar antigüidade", que inclúe oito poemas; "Diccionario de posturas íntimas", que inclúe vinteún poemas e "As cartas de asasinada", que inclúe dezaseis poemas narrativos. Na primeira parte a voz poética pertence a unha nena coa que a autora pretende facer unha especie de homenaxe ás antergas; na segunda é unha voz autobiográfica que denuncia os aspectos sociais que prexudican a muller e a terceira está composta por un conxunto de textos poéticos nos que se denuncia o maltrato físico e psicolóxico da muller.

Recensións:

- Laura Caveiro, "De velenos e amores", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 10, 19 setembro 2002, p. V.

Comeza salientando de *Os cadernos d´amor e os velenos*, de Emma Pedreira, o peso da evocación do amor envelenado ou das imaxes desacougantes ao longo de toda a obra. Galardoada co Premio de Poesía “Centenario de Fermín Bourza Brey”, destaca que por riba da emoción se ergue a continuidade das imaxes impactantes así como a renovación da linguaxe poética para tratar o sentimento amoroso atormentado. Sinala que se observa unha presencia constante dun eu lírico feminino, que se dá unha evocación da infancia e a busca das orixes. Destaca o resultado nidio na expresión da simboloxía e reproduce algúns parágrafos de poemas da obra.

Referencias varias:

- M. Louro, “Emma Pedreira: ‘Como mujer, hay que gritar con fuerza”, *La Opinión*, “Cultura”, 5 xullo 2002, p. 53.

Fala da presentación de *Os cadernos d’amor e os velenos* e da súa temática. Tamén informa dos proxectos máis inmediatos de Emma Pedreira, entre os que destaca a

corrección dunha novela que vén de rematar e a adaptación, para representar, dunha obra de teatro escrita xa hai tempo.




-AFA, “Homenaxe ás antergas”/“Tres olladas de muller conflúen no novo libro da poeta Emma Pedreira”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 6 xullo 2002, p. 31/p. 68.

Dá conta da presentación na Coruña da última obra de Emma Pedreira, *Os cadernos d’amor e os velenos*, que segundo a autora inicialmente eran tres poemarios diferentes pero que se configuran nun só por ter unha temática afín. Explícanse as partes que compoñen o libro e o seu contido.

-Manuel Vidal Villaverde, “Os cadernos e os velenos”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 7 xullo 2002, p. 45.

Fai referencia á publicación de *Os cadernos d’amor e os velenos*, que é cualificada moi positivamente. Destácase a calidade poética de Emma Pedreira, que foi gañadora entre

outros premios do Fermín Bouza Brey, e sinala que hai algún poema seu que lembra cancións de Silvio Rodríguez.




- R. L., “Nas entrañas da alma”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 10 agosto 2002, p. 11.

Analiza a tarefa de Miguel Anxo Fernán-Vello, en xeral, e da editorial Espiral Maior, en particular, pola súa aposta e o pulo inferido á poesía galega. Ademais, destaca a madureza creativa de Emma Pedreira e recomenda a lectura do poemario *Os cadernos d’amor e os velenos*.

Pereiras, Xesús, *Cantos da seiva*, IIº Premio Fiz Vergara Vilariño, limiar de Emilio Xosé Ínsua, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Poesía, nº 116, abril 2002, 52 pp. (ISBN: 84-95625-45-8).

Primeiro libro de poemas de Xesús Pereiras (Monterroso, Lugo, 1960) que reúne un total de vintenove poemas divididos en cinco partes tituladas: “Despida apoloxía”, “Cancións necesarias”, “Cantos das estacións”, “Cantos de tristura” e “Para unha hora fuxida”. O libro é un canto a vida, á liberdade, sempre desde unha mirada marcada pola sensibilidade ecoloxista. Poemas nos que se conxuga o amor cun marcado vitalismo. Aparecen tamén reflexións melancólicas e sobre os comportamentos do ser humano ante o medio que o rodea. Dos poemas despréndese o amor á terra, xa que é fonte de vida, e a reivindicación dun espacio no que sexamos libres e no que esteamos rodeados de beleza. Inclúe un limiarde Emilio Xosé Ínsua, no que alude, nun primeiro momento, ao Premio Fiz Vergara Vilariño, no que participou como xurado, e do que comenta que aínda que se presentaron moi bos poemarios, *Cantos da seiva* foi o que reuniu un gran valor literario. Fala tamén dos trazos máis característicos da obra, sinalando aspectos formais, lingüísticos e temáticos.

Recensións:

- José Miguel A. Giráldez, “Nunha carballeira sen estremas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 133, 10 xuño 2002, p. 8.

Nun primeiro momento, alúdese á presentación do libro *Cantos da seiva*, en Sarria, onde Xesús Pereiras falou do sentido dos seus versos. Sinálase que os poemas son reflexos atrapados na xuventude, reflexos da celebración da natureza, do corpo, da festa e da esperanza dun tempo de cambios. Coméntase que do poemario se desprende un espírito ecolóxico e telúrico, herdado de Avilés de Taramancos e Aquilino Iglesia Alvariño. Finalmente, faise referencia á linguaxe, da que se di que é depurada e clasicista.

-Román Raña, “Nos cantos da seiva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, 12 setembro 2002, p. 5.

Despois de evocar a actividade ecoloxista desenvolvida polo autor e pola que era coñecido, refírese ao prólogo escrito por Emilio Xosé Insua, do que salienta que esclarece os camiños

poéticos emprendidos por Xesús Pereiras e que resume o gusto polo diálogo coa natureza. A seguir, cítanse algunhas das características que se desprenden do poemario como a reflexión sobre a existencia, a identificación do ser humano coa terra, etc. Fálase da riqueza léxica, da súa ecoloxía e da chamada ao gozo dos sentidos no medio natural.




Referencias varias:

- José Miguel A. Giráldez, “A poesía biolóxica de Suso Pereiras”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 111, 9 xaneiro 2002, p. 8.

Primeiramente, faise unha aproximación á figura de Xesús Pereiras, para seguidamente centrarse no seu primeiro poemario, *Cantos da Seiva*, gañador do Premio Fiz Vergara Vilariño. Coméntase que a súa poesía é telúrica, terreal, vexetal, biolóxica ou carnal. Reprodúcense as palabras do autor para comentar a obra, da que comeza sinalando que os versos que recolle o libro son “doutro mundo”, dun mundo de paixón que agora mudou porque foron escritos no ano 1990 e desde entón a súa vida mudou moito. Das súas

influencias sinala a Avilés de Taramancos, Ferrín, Fernán Vello, Crecente Vega ou Aquilino Iglesia Alvariño, entre outros.




-AFA, “Xesús Pereiras verte en ‘Cantos da seiva’ as imaxes poéticas dun biólogo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 xuño 2002, p. 35.

Faise referencia ao libro de Xesús Pereiras, *Cantos da seiva*, gañador do Premio Fiz Vergara Vilariño que organiza o Concello de Sarria, no que o autor fai un canto á natureza desde unha perspectiva “ecoloxista”. Sinálase que o libro foi presentado na Librería Couceiro coa participación de Miguel Anxo Fernán-Vello. Por outra banda, faise un breve comentario biográfico do autor, quen recoñece que os premios son unha vía para introducir nos circuítos de edición a persoas afastadas deles, e afirma, asemade, que unha literatura normalizada precisa de autores procedentes de diferentes campos que poidan achegar todo tipo de imaxes.

-José Xavier Bom, “Nos meus poemas hai unha celebración da natureza”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 3 agosto 2002, p. 2.

Conversa con Xesús Pereiras, autor de *Cantos da seiva*, que fala sobre o seu primeiro libro de poemas. Comenta que leva escribindo desde os quince anos, pero que nunca sentiu a necesidade de publicar ata agora. Fala, tamén, da temática do libro, destacando, por unha banda, o canto á natureza e á terra e, polo outro, o compromiso co movemento ecoloxista galego.

Piñeiro Fernández, Antonio, *Paisaxes de cinza (Caderno II)*, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Nume, novembro 2002, 43 pp. (ISBN: 84-95622-71-8).

Libro de poemas de Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962), que se estructura en tres partes: “Paisaxes de cinza”, “Ofrendas no retorno” e “Cinco poemas antigos”. O libro inclúe, asemade, un limiar no que o autor explica que os textos deste libro son pequenas historias cotiás contadas baixo o tópico poético do namoramento, cos que procura a busca dun novo humanismo. Sinala, ademais, que os poemas abranguen diferentes mundos (o urbano, as experiencias, o rural, a beiramar, etc.) e que neles se procura a imaxe ou flash instantáneo. No apartado denominado “Paisaxes de cinza” inclúense dezaoito poemas, parte deles foron distinguidos co Premio de Poesía Vila de Rianxo e outra parte co Premio de Poesía do Barbanza, celebrado en Boiro. Os textos son, maioritariamente, breves, de rima irregular, con quebrantamentos rítmicos e efecto inacabado, nos que se describen situacións nas que a voz poética lembra diferentes momentos vividos coa persoa amada. En “Ofrendas no retorno” inclúense seis poemas nos que, igualmente, se describen situacións amorosas xa pasadas; nestes poemas destaca o recordo dunha cidade (probablemente Santiago de Compostela), vinculada ao recordo amoroso. Finalmente, inclúense “Cinco poemas antigos”,

que foron distinguidos co Premio O Penedo, convocado polo fogar galego de Barcelona e que teñen temática e formalmente as mesmas características que os anteriores.








Pondal, Eduardo, *Poesía Galega Completa III. Poemas manuscritos*, ed. de Manuel Ferreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Clásicos Galegos, 2002, 596 pp. (ISBN do volume: 84-7824-406-9) (ISBN da obra completa: 84-7824-408-5).

Terceiro volume da poesía galega de Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917), no que se recollen aqueles poemas que deixou manuscritos, da man, como en ocasións anteriores, do estudioso Manuel Ferreiro. Esta edición está precedida por unha nota introductoria na que se sinala que a vontade de Pondal antes de morrer foi deixar todo o seu material manuscrito á Real Academia Galega para que esta levase a cabo a súa edición. Tamén sinala que nesta producción pondaliana se atopan diferentes tipos de manuscritos, segundo o número de redaccións, as vacilacións ou certo grao de acabamento, o que lle dá pé para explicar a actitude do crítico no momento de enfrontarse á edición destes materiais, o aparato crítico que se empregou e a ordenación que se lles deu aos poemas. Despois da relación de siglas empregadas reprodúcense os poemas que se organizan en cento vintetrés "Poemas autógrafos" e vintesete "Poemas apógrafos", todos eles numerados. A seguir, recóllese un "Apéndice" no que se inclúen as abondosas notas aclaratorias de cada

un dos poemas e das súas versións. Péchase o volume cun índice de palabras e expresións comentadas, así como o índice dos primeiros versos.




Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Os verdadeiros textos dos nosos clásicos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas”*, “Olladas”, 24 novembro 2002, p. 2.

Dáse conta da publicación do terceiro volume da edición crítica da poesía completa de Eduardo Pondal. Indícase que dentro da colección “Clásicos Galegos” da editorial Sotelo Blanco, na que xa viran a luz *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, ou *A poesía galega completa*, de Luís Amado Carballo, aparece o último volume desta edición crítica de Manuel Ferreiro sobre a lírica do bardo bergantiñán titulado *Poemas manuscritos* e ao que preceden *Queixumes dos pinos* e *Poemas impresos*. Así mesmo, sinálanse as razóns polas que a edición crítica da lírica pondaliana era necesaria, destacándose a vontade manifestada polo propio poeta en relación ao futuro da súa obra e o carácter deficiente e con frecuencia

deturpador dos textos xa editados acriticamente. Finalmente cualifícase esta edición crítica como manancial de reserva que asegurará o futuro da literatura galega.




-Pilar Ponte, “A herdanza do Bardo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 21, “Libros”, 5 decembro 2002, p. IV.

Dáse conta da terceira e definitiva entrega da edición de Manuel Ferreiro da *Poesía Galega Completa de Eduardo Pondal* e sinálanse as partes nas que este terceiro volume se podería dividir. Indícase que a primeira parte estaría formada por unha nota introductoria do editor na que explica a delimitación do corpus e os criterios de edición. A segunda, estaría formada pola presentación dos poemas manuscritos (autógrafos e apógrafos) e a terceira polas notas de edición dos textos presentados. Así mesmo, indícase que tamén se achegan dous índices que completan o estudio, un de palabras e expresións comentadas e outro de primeiros versos que facilitan a procura de calquera elemento para o lector. De seguido infórmasenos das características da obra e felicítase a Manuel Ferreiro polo seu traballo.

Referencias varias:

- Froilán Varela, “Na compaña de Pondal”, *El Progreso*, “Comarcas”, 15 abril 2002, p. 11.

Anuncia a publicación dos *Poemas manuscritos*, de Eduardo Pondal en edición de Manuel Ferreiro, estudioso do que fai un repaso da traxectoria no estudio do Bardo. Recóllense as palabras de Ferreiro nas que sobrancea a lingua culta que tiña Pondal e o seu papel como “poeta da identidade nacional galega”. Ofrécense algúns datos biográficos do poeta e do estudioso. En cadro á parte, cítanse algúns dos traballos do estudioso arredor da figura de Eduardo Pondal.

-Manuel Vidal Villaverde, “Poemas de Eduardo Pondal”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 27 outubro 2002, p. 51.

Dáse conta da publicación do libro de Eduardo Pondal, *Poesía Galega Completa. Poemas Manuscritos*, novo estudio da autoría de Manuel Ferreiro sobre a poesía do escritor de Ponteceso. Destácase o traballo realizado polo investigador, do que se salienta a

metodoloxía empregada e a paciencia coa que traballou nos arquivos da Real Academia Galega.




-X. L. Méndez Ferrín, “Pondal resucitado”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 11 novembro 2002, p. 2.

Valora positivamente a edición dos poemas manuscritos de Pondal a cargo de Manuel Ferreiro e sinala o seu “abraio” ante esta nova entrega de composicións inéditas do poeta bergantiñán. Por outra parte, céntrase na temática imperante no libro como a cosmovisión naturalista, o nacionalismo idealista, o arfar épico, ou a evocación de espacios imaxinarios, e felicita a iniciativa da editorial Sotelo Blanco pola publicación dos poemas.

-Manuel María, “Lendo os versos de Eduardo Pondal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, “Homes, feitos e palabras”, 17 novembro 2002, p. 8.

Manuel María menciona a aparición do terceiro tomo da *Poesía Galega Completa*, de Eduardo Pondal realizada por Manuel Ferreiro e sinala que Pondal é un poeta claro, mais

non doado, no que aparecen palabras como infames, imbéciles e idiotas que expresan valores moi negativos e que representan a seres vulgares, insensíbeis e envilecidos, fronte a aqueles que loitan con “constancia heroica” para liberar a patria.








Quiroga, Carlos, *A Espera Crepuscular. (Viagem ao Cabo Nom. 1)*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento/Edições Quasi, 2002, 109 pp. (ISBN de Laiovento: 84-8487015-4) (ISBN de Edições Quasi: 989-552-003-4).

Volume no que se mestura a prosa e o verso, acompañados por abondoso material fotográfico, que está descrito no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Ramallo Padín, Antonio, *Amoriños doentes por airiños ausentes*, Madrid: Astralón. Ediciones Limitadas, xuño 2002, 118 pp. (ISBN: 84-932637-0-2).

Longo poema, con aires populares, no que Antonio Ramallo Padín presenta unha trama que desenvolve un triángulo amoroso entre unha parella aldeá, o mariñeiro Nico e a labrega Silviña, e un remilgado fidalgo, Carlos del Torque, quen atraído pola súa beleza, escribe desde a fronte de guerra á muller para que actúe como “naiciña”, contestando ás súas cartas. A carón do namoramento da muller, o fidalgo non ve na relación máis que un divertimento. O clímax acádase cando Nico vai en procura do seu opoñente mentres este, pouco e pouco vaise namorando da labrega. Finalmente, Silviña casa co mariñeiro e, unha vez viúva e xa con netos, volve atoparse con aquel vello amor xuvenil.

Ramallo Padín, Antonio, *Cousas de rapaces en versos audaces*, Madrid: Astralón. Ediciones Limitadas, maio 2002, 222 pp. (ISBN: 84-932637-1-0).

Poemario de Antonio Ramallo Padín, no que un eu poético dá conta a través dos versos da súa historia durante os anos mozos. Fai unha regresión ao pasado para lembrar algúns dos seus primeiros sentimentos e medos. Un temor recorrente é o do conflicto bélico e a morte, a cal viviu de moi preto pois conta que andou enrolado no exército polo que tivo que ir á fronte, mergullándose nos grandes males que atacan e consomen este “pequeno mundo”.

Ramallo Padín, Antonio, *Cousiñas dun neno en versos sen freno*, Madrid: Astralón. Ediciones Limitadas, maio 2002, 239 pp. (ISBN: 84-930826-9-4).

Facendo honra ao título do libro, o autor recolle, logo de introducir no propio poema as motivacións da súa escrita, unha serie de episodios autobiográficos da infancia, unha escolma de pequenos relatos versificados constituíntes dunha peza homoxénea común e sen pausa, como indica o propio título, onde predomina o estilo narrativo directo e as citas textuais explícitas dos personaxes que poboan a historia, aínda que por veces se insiren reflexións en torno á escena contada. Son reflexións de quen nos conta, ollando de lonxe, con melancolía e saudade, mais tamén coa felicidade do que o soubo vivir, un mundo xa esgotado con imperfeccións e inxustizas, pero tamén co encanto das cousas xa esvaecidas. Altérnanse diferentes tipos de estrofas e métrica, e a rima é moi variábel segundo o momento, sendo constante pero non respondendo a esquemas pechados.

Ramos, Baldo, *A árbore da cegueira*, Vº Premio de Poesía Concello de Carral, prólogo de Armando Requeixo, A Coruña: Espiral Maior Edicións, col. Espiral Maior Poesía, nº 118, abril 2002, 73 pp. (ISBN: 84-95625-48-2).

Colectánea de poemas de Baldo Ramos (Celanova, 1971) englobados en dous apartados titulados “A memoria será ó final...” e “Un lugar no que atoparse”. Todas as composicións deste volume xiran arredor de temas abstractos e intimistas, aínda que sempre se retoma a referencia da cegueira mencionada no título ou temas relacionados, como a vista, os ollos, a percepción. O elemento natural e ligado á terra tamén ten especial importancia ao longo destes poemas, aínda que o intimismo é o tema fundamental. O verso é libre, a rima inexistente e, en determinadas páxinas, podemos apreciar ilustracións conformadas polo que semellan ser letras chinesas ou xaponesas acompañadas, nalgúns casos, por frases, palabras ou parágrafos manuscritos que, en moitas ocasións, son difíciles de descifrar e non constitúen poemas, senón que forman parte da ilustración que vimos de mencionar.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A raíz das cousas”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 2, 16 maio 2002, p. 51.

Comenta o poemario *Raizames* (2001), de Baldo Ramos, editado polo selo editorial Follas Novas, unha iniciativa da que se sinala que supera xa os vinte títulos e que concilia, ademais de traduccións, textos poéticos de autores clásicos e outros máis contemporáneos como os de Emma Pedreira, Martínez-Conde ou Gómez Alfaro. Sitúa neste último grupo a Baldo Ramos e a esta súa ópera prima e anuncia a próxima publicación de *A árbore da cegueira*, poemario galardoado co Premio de Poesía Concello de Carral que será editado en breve por Espiral Maior. Recoñece en *Raizames* un labor de “refacción e pulimento” do autor que, malia á súa mocidade, presenta poemas que reflicten a súa madurez e unha poética baseada na reflexión unida á creación. Refírese a seguir ao prólogo que abre o volume, de Armando Requeixo, no que destaca cómo Baldo Ramos constrúe unha poética que harmoniza sinxeleza e poder reflexivo, que recolle os eidos do silencio, do telúrico e da memoria ás veces suxeridos a través do haiku, e tamén unha poética da palabra e das súas variadas dimensións significativas.

- Armando Requeixo, “A árbore da saudade”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 25 agosto 2002, p. 4.




Artigo no que se fala do último poemario de Baldo Ramos, titulado *A árbore da cegueira* e que aparece aproximadamente seis meses despois da publicación de *Raizames*, o seu primeiro poemario en galego. Destaca Armando Requeixo que *A árbore da cegueira* continúa os modelos estéticos, temáticos e estilísticos de *Raizames*, "non en van moitos dos poemas de ámbolos libros foron creados a un tempo". Fálase tamén do fío conductor da cegueira como metáfora da falta de algo ao longo de todo o libro e da relación do contido do volume coa fotografía de Susa Blanco Montecelos que aparece na portada do libro.

-Román Raña, "Unha voz prometedora", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*" nº 12, 3 outubro 2002, p. IV.

Columna dedicada a salientar a publicación de *A árbore da cegueira*, de Baldo Ramos, e que se inicia coa mención aos últimos premios recibidos por este autor. Posteriormente, fálase da temática principal do poemario, centrado no tema da cegueira como metáfora da

falta de algo, da incomprensión. Tamén ofrece Roman Raña unha pequena mostra da poesía de Baldo Ramos.




Referencias varias:

-Silvia Pampín, “Baldo Ramos, un escritor afincado en Caldas, gana varios premios literarios”, *Diario de Arousa*, “Caldas/Pontecesures/Cuntis”, 31 marzo 2002, p. 22.

Entrevista ao profesor e poeta Baldo Ramos que acaba de publicar *Raizames* (2001) e publicará en breve *A árbore da cegueira* e *Los ojos de las palabras*. Explica que *Raizames* foi publicado na colección “Libros da Frouma”, que leva un prólogo de Armando Requeixo, que trata dunha temática variada (amor, desterro, silencio, memoria, etc.) e que leva ilustracións da súa autoría coas que pretende a convivencia de palabra e imaxe. Sinala, así mesmo, que polas outras dúas obras obtivo os Premios de Poesía do Concello de Carral e o María del Villar de Tagallo (Navarra), gracias aos cales serán publicados neste ano.

- C. Vidal, “Baldo Ramos. ‘O poeta está para mostrar as sombras”, *A Nosa Terra*, nº 1.042, “Cultura”, 11-17 xullo 2002, p. 24.

Fálase de *A árbore da cegueira*, último poemario publicado por Baldo Ramos, que vén de recibir o V Premio de Poesía do Concello de Carral. Comenta C. Vidal que a poesía deste volume é reflexiva e abstracta, desesperanzada, pero escrita, segundo o propio autor, para ser feliz e estar máis a pracer no mundo. Baldo Ramos confesa que o título deste poemario é froito da palabra non publicada durante moito tempo e considera que o poeta debe mostrar
o lado escuro da vida e das cousas. Segundo Vidal, a palabra é o máis importante de *A árbore da cegueira*, entendida como unha interiorización. Finalmente, Vidal enumera toda a obra de creación de Baldo Ramos e menciona as exposicións que se van realizar, xa que o autor é tamén pintor.

Raña, Román, *Eloxio da desorde*, Premio de Poesía Miguel González Garcés 2002, ilust. Ánxel Huete, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2002, 48 pp. (ISBN: 84-95950-21-9).⓾

Neste *Eloxio da desorde*, Premio de Poesía Miguel González Garcés 2002, Roman Raña (Vigo, 1960) preséntanos un conxunto de vintecinco poemas cun profundo corte intimista nos que, tal e como afirma o propio autor no seu prólogo, o amor, a morte e a soidade son os tres principais protagonistas. Sen embargo, como tamén subliña no citado apartado, todo o poemario vese impregnado por sentimentos coma a saudade ou a anguria pola imposibilidade de recuperar os acontecementos do pasado, feito que abre unha meditación acerca do paso do tempo. A todos estes pensamentos hai que sumarlles unha continua alusión a lugares coma Ribadavia, Muimenta, Lodario ou o Berbés, localizacións do eu poético saudoso, principalmente. Estructuralmente, os seus poemas non se ven agrupados por bloques. Son presentados os vintecinco sen interrupcións a non ser as das ilustracións a cor de anónima autoría.

Referencias varias:

- Carme Vidal, “Román Raña. ‘Os poetas dos oitenta fumos demasiado herméticos”, *A Nosa Terra*, nº 1.038, “Cultura”, 13-19 xuño 2002, p. 24.

Entrevista a Román Raña, que con *Eloxio da desorde* acadou o Premio de Poesía González Garcés. A través das súas palabras sábese que despois dunha crise que lle durou doce anos, este autor atópase de novo nun óptimo momento creativo. Destaca que respecto á súa poesía anterior agora busca máis transparencia sentimental, polo que abandonou o hermetismo que o caracterizaba a el e a outros poetas da xeración dos oitenta. Comenta que esta decisión persoal se debe a que agora pretende escribir de forma menos tímida e pudorosa e a que pretende achegar máis lectores á poesía. Relacionado con isto dá conta do dato contradictorio de que se ben o momento actual da poesía galega é excelente, hai unha grave falta de lectores.

-F. P. Lorenzo, “Roman Raña depura en ‘Eloxio da desorde’ a súa saudade elegante”, *El Correo Gallego*, 29 novembro 2002, p. 76.

Nova na que se anuncia a presentación do libro gañador do Premio González Garcés, *Eloxio da desorde*, de Román Raña. Ao longo do artigo trátanse as principais características desta obra e infórmase do accésit conseguido por Lino Braxe con *O longo día acaba*, un poemario do que son destacadas as súas referencias vitais, musicais, literarias e cinematográficas, así como o recital poético que se levará a cabo trala presentación da obra.

Reimóndez, María, *Moda galega*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Diversos, decembro 2002, 79 pp. (ISBN: 84-87783-70-8).

Este poemario da escritora e traductora María Reimóndez Meilán (Lugo, 1975), dividido en dúas partes de estructura paralela (“Colección de Primavera Verán”, “Colección de Outono Inverno”) ten como motivo unificador, tal e como se indica no título, a industria e comercialización da moda, con todos os elementos que rodean esa actividade, tratado desde o punto de vista do seu consumidor habitual: a muller. De feito, as composicións posúen sempre o mesmo suxeito lírico e seguen un certo fío narrativo: unha compradora compulsiva (que afirma de si mesma nos poemas introductorios “son un manequín/E vouno probar todo”), ao tempo que consciente e reflexiva, percorre as rúas e tendas de Vigo, en diferentes alturas do ano. Hai nesta obra unha crítica evidente ao consumismo (“o verme do nunca-me-chega”), á globalización ou “proceso de clonación” e á despersonalización que implica, á falta de escrúpulos das multinacionais (nomeadamente no que respecta aos delictos ecolóxicos e á explotación dos nenos), á frivolización da figura da muller e á marxinalización da que non se suxeita ao patrón estético imperante, etc. Todo isto, ademais, desde unha perspectiva declaradamente feminista, cun estilo conciso (a base de incisivas

frases curtas) no que se mestura a linguaxe cotiá coa metáfora surrealista e sen descoidar a dimensión de introspección psicolóxica no eu.




Referencias varias:

- Jaureguizar, “A luguesa María Reimóndez traduce ó galego lendas populares da India”, *El Progreso,* “Cultura y comunicación”, 10 decembro 2002, p. 74.

Comenta a publicación dunha recompilación de relatos da India que recibe o título de *Mitos e lendas hindús* e que agrupa unha serie de textos traducidos pola luguesa María Reimóndez. Dise que esta versión toma como fonte obras en inglés que parten do sánscrito orixinal. Anúnciase tamén a próxima publicación do poemario *Moda galega*, escrito pola mesma autora e que tenta recrear unha visita aos escaparates, criticando o uso que se fai da muller e o consumismo.

Rielo, Pedro, *Illado na incerteza*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 34, febreiro 2002, 45 pp. (ISBN: 84-95625-41-5).

Primeiro libro de poesía do pontevedrés Pedro Rielo (Pontevedra, 1972) que consta de trinta e oito poemas, todos eles titulados, no que se vai envolvendo aos lectores nun aire de tristura. Neste poemario, no que aparecen en abundancia termos que suxiren frialdade como mármore, xeado, friaxe, etc., trátanse temas como a soidade, o desacougo, a nostalxia ou a inquietude, en textos como “Aquí, en ningures”, “Nada” ou “Desterro”. Tamén aparece o tema do mar en “O prezo do pan”, “Baixo o mar” ou “Diante do mar”. Finalmente, presenta poemas con evidentes referencias a personaxes míticos, como “O feitizo da morte” ou “Labirinto”, nos que aparecen Nínive, Pasífae, o Minotauro, Aquiles, Pentesiles, etc.; poemas nos que se alude a filósofos como Aristóteles, como é o caso de “Historia”; ou con referencias á cultura da xeración do poeta.

Recensións:

-Pilar Sampedro Martínez, "*Illado na incerteza*", *Revista Galega do Ensino*, nº 37, "Recensións", novembro 2002, pp. 205-207.

Comeza reflexionando sobre a situación dos escritores galegos e da lingua galega en Galicia e a seguir aproxímase ao poemario *Illado na incerteza*, de Pedro Rielo. Afirma que a través dos diferentes poemas deste volume o seu autor vainos "envolvendo nun ar triste" e asemade destaca que nel teñen cabida as referencias á cultura da xeración do poeta, aos seus mitos, así como aos clásicos.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, "*Illado na incerteza*", *Atlántico Diario,* "La Revista", "Musas", 12 maio 2002, p. 51.

Vidal Villaverde realiza unha pequena crítica de *Illado na incerteza*, o primeiro poemario do pontevedrés Pedro Rielo. Del destaca o intimismo e a tenrura que conteñen os vocábulos

poéticos. Repara tamén nas referencias a xenios como Van Gogh e na falta de unidade temática que, en ningún caso, leva ao sobresalto.

- Xosé Luís Blanco, “Montse, la imagen de Localia”, *El Correo Gallego*, “Vips de Galicia”, 8 xuño 2002, p. 80.

Dentro das noticias de actualidade que teñen por obxecto a coñecidos persoeiros da cidade de Santiago de Compostela inclúe a nova da presentación do poemario de Pedro Rielo, *Illado na incerteza*, na Galería Sargadelos onde anuncia que vai ser apadriñado por Manuel María, Miguel Anxo Fernán-Vello e Rafa Villar.

- AFA, “A porta da alma”/“O primeiro poemario de Pedro Rielo, ‘*Illado na incerteza’*, ‘*víngase*’ contra o paso do tempo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 11 xuño 2002, p. 26/p. 76.

A noticia analiza o universo poético de Pedro Rielo baseándose nas declaracións que este fixo durante a presentación na Galería Sargadelos de Santiago do seu primeiro poemario,

Illado na incerteza. O autor, tamén xornalista e colaborador de varios relatos en numerosos artigos de prensa, sostén que “o poeta ten a función de abrir as portas da alma e da conciencia” e, é por iso, que aposta por un “xornalismo poético”. Segundo el unha das temáticas que centra o seu libro é a memoria íntima, “sen renunciar a contar as inxusticias que nos rodean”. Ademais Pedro Rielo reserva parte das páxinas do poemario para tratar temas coma a dor, a desesperación, o paso dos anos ou a recuperación do tempo perdido.




- Lois Fernández, “No es un avión, es la Catedral”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 11 xuño 2002, p. 16.

Ademais de se referir ás visitas dos turistas a Compostela tamén dá conta da presentación do poemario *Illado na incerteza*, de Pedro Rielo, que se levou a cabo na Galería Sargadelos de Santiago. Sinala que neste acto estiveron presentes Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel María e Rafa Villar.

- M. J., “Arqueoloxía da memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 11 xuño 2002, p. 71.

Transcribe algunhas das declaracións máis importantes de Pedro Rielo, autor de *Illado na incerteza*, durante o acto de presentación do que é o seu primeiro poemario publicado. Recolle así que para este pontevedrés licenciado en Xornalismo escribir poesía "é como realizar un exercicio de arqueoloxía da memoria", un intento de "reordear o pasado para que no presente esté a experiencia do vivir".

-Manuel Jabois, "*Illado na incerteza*, o paseo polas palabras de Pedro Rielo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 11 xuño 2002, p. 71.

Jabois informa da presentación do poemario de Pedro Rielo na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela. *Illado na incerteza* é, segundo o seu creador, "a crónica dos anos vividos, da experiencia". Saliéntase que durante o acto, no que tamén estiveron presentes poetas como Manuel María e Rafa Villar ou o editor Miguel Anxo Fernán-Vello, Rielo confesou que o seu libro non ten nada de exhibicionista a pesar de que se afunda na propia incerteza, tal e como reza o título.

- F. Franco, “Pedro Rielo, poeta en la incertidumbre”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 267, 29 xuño 2002, p. 4.

A raíz da publicación do poemario *Illado na incerteza*, do pontevedrés Pedro Rielo, Franco recolle as opinións do autor sobre o que significa ser poeta e escribir poesía. Ademais fai un breve repaso pola súa traxectoria profesional como xornalista e polas súas colaboracións en revistas culturais como *Dorna* ou *Microfisuras* . Da escritura de Rielo, que se estrea na poesía con este volume que fala da incerteza, Franco destaca a súa sensibilidade como poeta e o uso da palabra sostida por trazos descritivos cheos de suxestión e cromatismo.

-Juan Capeáns, “O poema é o ADN do escritor”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 29 xuño 2002, p. 2.

Capeáns realiza unha pequena entrevista a Pedro Rielo autor de *Illado na incerteza*. Rielo, que actualmente traballa como xornalista en Antena 3 Televisión. Este responde brevemente a cómo afronta o papel en branco ou a cál é a temática do seu poemario, entre outras cuestións. Para Rielo, a poesía ten que ser “sincera e misteriosa porque o poema é

como o ADN do escritor". De aí que aborde temas como o pasado e a memoria íntima e colectiva neste seu primeiro libro publicado pola editorial Espiral Maior.








Rivadulla Corcón, X. H., *Taberna á deriva*, prefacio de X. H. R. C., A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 35, febreiro 2002, 75 pp. (ISBN: 84-95625-43-1).

Xosé Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) encabeza este poemario cun prólogo explicativo no que relata a historia da aparición destes poemas, cando o 18 de setembro de 1899, un grupo de percebeiros que traballaban no faro de Touriñán en Muxía, descubriu unha casa á deriva que levaba o letreiro “A taberna do mascato preto”. Ao entrar na casa descubriron que se trataba dunha taberna de estilo irlandés e que no fondo repousaba un esqueleto cunha botella de ron, un vaso, un lapis e un caderno de bitácora. Unha vez que se lle deu sepultura ao corpo, alguén colleu o caderno e atopou nel os poemas escritos polo anónimo tripulante que son os que o autor transcribe a continuación. Tras dun poema introductorio que relata cómo chegou o home á taberna-mundo, as composicións aparecen divididas en tres partes que anuncian o seu contido: “Cando a taberna toma conciencia de si mesma e parte a navegar sen rumbo”, “Cando a soidade toma conciencia de si mesma e se personifica nunha muller que é só alma”, “Cando o navegante toma conciencia de si mesmo e acomoda a súa alma ao navegar constante”. Todas elas compóñense de textos breves nos que predomina o léxico referido ao mar, a soidade do home ante a inmensidade, a

ilusión do amor que o acompaña na travesía e a conciencia de estar a levar a cabo unha viaxe que o conducirá á morte.




Recensións:

-Manuel Xosé Neira, “Unha certa insubstancialidade”, *Guía dos libros novos*, nº 41, “Poesía”, xuño 2002, p. 26.

Comeza este comentario cunhas notas biobibliográficas de X. H. Rivadulla Corcón, nas que se destacan datos como o seu nacemento na Coruña en 1962, as súas facetas de dramaturgo, poeta, narrador, guionista, actor, profesor de Guión Audiovisual no Centro de Formación en Novas Tecnoloxías de Santiago de Compostela, colaborador de *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego* e *Faro de Vigo* e guionista de series para a TVG. Cítanse tamén títulos das súas obras, como as pezas teatrais *Capadoras Castelao* (2000) e *Furga garabela* (2001), o relato *O bebé máxico* (2000) e o poemario *Igor de Albatros en Selene*, en colaboración con Lino Braxe e Julio Béjar. Con respecto a *Taberna á deriva* considérao debedor de Manuel Antonio e de Amado Carballo e descríbeo como un conxunto de poemas

breves, esencializados con algunha imaxe e metáfora atinadas. Opina que son “poemas sen substancia”, “sen dobre fondo e sen universo”, que se trata dun “esquelético caderno de bitácora” e que mesmo “semella a escritura xuvenil dun rapaz”, aínda que “non se trata dun pésimo libro”, en definitiva, “non fracasa pero si decepciona”.




-Vicente Araguas, “Rivadulla Corcón, un poeta moi narrativo”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, 6 outubro 2002, p. 3.

Comeza sinalando que, na súa opinión, Rivadulla Corcón é un poeta de gran vocación narrativa segundo se desprende de *Taberna á deriva* e que, despois de ter realizado guións televisivos, obras de teatro e novelas, publicou o seu primeiro poemario, *Igor de Albatros en Selene* (1985), en colaboración con Lino Braxe e Julio Béjar. Menciona o prólogo explicativo que precede a esta nova entrega poética do autor e sinala que o seu interese, como acontece moitas veces, pode eclipsar o resto do poemario que transcorre no mar de Muxía e está conformado por poemas breves. Sinala que Rivadulla Corcón “supera os límites da dignidade esixible aos que desexan ser poetas, o que sen dúbida axuda ao lector abondo farto de poetastros”, aínda que “tampouco vai máis lonxe desta categoría”. Comenta que a

estes poemas, a pesar do misterio que promete o prólogo, fáltalles “pathos, ritmo desacougante, auténtica suspensión nunha historia que se vai tensando e tensando na estructura pero non na definición, excesivamente prosaica”, polo que recoñece que o autor ten material para a construcción dunha “nouvelle” e non debe desaproveitalo. Considera *Taberna á deriva* coma un “aperitivo, uns fogos de artificio de pouco fuste agardando que sobreveña a traca final”.




Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Taberna á deriva”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 9 xuño 2002, p. 41.

Dá conta da publicación na colección Illa Verde de Espiral Maior de *Taberna á deriva*, de Rivadulla Corcón, que cualifica como unha “singradura de arrecendos maríticos” na que considera que sobra a explicación. Ve na obra deste poeta a influencia de Manuel Antonio, especialmente nun poema que reproduce e que lle lembra o “Navy bar” do poeta rianxeiro.

Remata referíndose a outras facetas artísticas de Rivadulla e recomendando a lectura deste "agradable" poemario.

- AFA, "Espíritos libres", *O Correo Galego*, "AFA", 26 xuño 2002, p. 39.

Ver Rivadulla Corcón, X. H., ... *do mar e a noite*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.





Rivas, Paco, *De ti, perdidamente*, prólogo de Xesús Alonso Montero, selección de Luís Alonso Girgado, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, xullo 2002, 75 pp. (ISBN: 84-8485-070-6).

Nova achega poética de Paco Rivas (Cervo, 1955) que conta cun limiar titulado “Páxinas dun gran madrigal” no que Xesús Alonso Montero cualifica o autor como “fistor culto, cidadán cultural e dialectal da Mariña luguesa” e no que apunta algunhas das claves da obra á que denomina “delicioso poemario de episodios amatorios”. *De ti, perdidamente* consta de sesenta poemas de extensión variábel, predominando as composicións curtas, con versos simples de arte menor –nomeadamente heptasílabos e octosílabos–, nos que a voz dos poemas presenta un punto de vista lírico en primeira persoa. Con este eu lírico o poeta expón os seus sentimentos, cos que se dirixe á muller amada dentro dunha ambientación simbólica tipicamente mariñeira. A composición que pecha o volume é un “Poema engadido” de homenaxe a Curros Enríquez e que aparece tamén reproducido no libro *47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez* (2001).

Rodríguez Ferrer, Xosé, *Alén da paixón e dos soños*, limiar de Isidro García Tato, Lugo: Grupo Cupire Padesa, 2002, 97 pp. (DL: LU-359-2002).

Ábrese cun limiar de Isidro García Tato no que este declara a súa amizade co autor, repasa a súa traxectoria poética, da que forman parte os poemarios *Amencidas de Valdeorras* (1995) e *No camiño* (1998), e percorre o presente poemario aludindo á súa estructuración e aos temas máis recorrentes das composicións. A seguir preséntase o poemario de Xosé Rodríguez Ferrer (Vilamartín de Valdeorras, 1946), dividido en dúas partes. A primeira, “Sonetos do tempo de florecer”, comprende trinta e seis composicións nas que a voz lírica quere plasmar os seus sentimentos nun estado aínda cheo de inocencia, un tempo de florecer no que todo é posíbel aínda e no que o ton predominante é a dor e o desasosego do que só lle salva o amor do ser querido. Trátase de poemas que reflicten o espertar da realidade primixenia coma un Edén do que axiña se ve afastado. Na segunda parte, “Latexos platónicos”, composta por trinta e tres poemas, o autor volve gozar das boas experiencias, xa curado das feridas e do sufrimento. Predomina nesta segunda parte o léxico referido a cores, olores, sabores e flores que remiten a un mundo cheo de beleza.

Rodríguez Gómez, Fernando, *A Mala Idea*, Lisboa: Edições Tema, 2002, 32 pp. (DL: 182759/02).

Edición non venal de Fernando Rodríguez Gómez (O Telleiro-Pontecesures-Pontevedra, 1966), no que se recollen unha serie de composicións poéticas curtas e libres de toda convención formal. A temática xira arredor dunha crítica á sociedade actual, así como dun achegamento aos propios conflictos interiores ou aos conflictos de cada individuo. Así, a través da ironía e do humor máis sarcástico ataca a globalización, a mendicidade, a pobreza, a drogadicción, o maltrato, etc. Vai do máis próximo ao máis afastado ou viceversa, botando man en moitas ocasións dos dobres sentidos. Ademais, algúns poemas están creados a partir de fórmulas preestablecidas como refráns ou anuncios publicitarios.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A aforística galega nos versos de Fernando Rodríguez Gómez”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 15 decembro 2002, p. 4.

Despois de subliñar o traballo da editorial portuguesa Tema “a prol da cultura galega” e achegar algúns nomes que publicaron nela, fai unha achega a *A Mala Idea*. Subliña entre as liñas temáticas a denuncia social ou o “cotidianismo paradóxico e antitético”. Asemade destaca o equívoco, a retranca e o delicado xogo conceptual como bases da poética deste autor.





Rúa, Xosé Lois, *O tránsito da auga*, XIVº de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, xullo 2002, 89 pp. (ISBN: 84-8485-066-8).

Xosé Lois Rúa (Castrelo de Val, 1951) ofrece neste novo poemario as lembranzas da súa infancia na aldea de Campobecerros. O libro presenta dúas partes, “O adeus a Penaboa” e “Memoria da herba”, nas que se dá cabida a setenta e cinco poemas onde se concentra unha temática de corte telúrico. Na primeira parte fálase da nenez e da lembranza da súa aldea, Campobecerros, mentres que na segunda se presenta un rexistro máis intimista, amoroso e panteísta, no que se evoca a auga como elemento esencial da vida. Despréndese tamén dos poemas un canto ás súas xentes, ás paisaxes e aos elementos que forman parte da natureza, a auga, o lume, a terra, etc. O libro, por outra parte, inclúe unha “Xustificación preliminar” do propio autor na que fala da desaparición da aldea ourensá de Campobecerros, tras ser asolagada polo encoro das Portas, e todo o que iso carrexou, xa que tras ela desapareceron a vida tradicional e unha cultura milenaria. Lembra o río Camba,
o parque natural do Invernadoiro ou o alto de Pena Nofre, e todas aquelas xentes que desfilaron pola historia dese lugar.

Referencias varias:

Marcos Valcárcel, “Da auga e das raíces”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 16 outubro 2002, 69.

Dá conta do novo poemario de Xosé Lois Rúa, *No tránsito da auga*, publicado por Ediciós do Castro. Coméntase que o poeta gañou en 1995 e en 2002 o Premio de Poesía Cidade de Ourense polos seus libros *O lobo nos outeiros* e *Elexías de Orfeo*, respectivamente. Por outra banda, sinálanse algunhas peculiaridades temáticas da súa última obra, como a reflexión sobre o tempo, a busca das raíces ou a inserción do home no mundo, entre outras.

Tabuyo Romero, Domingo, *A luz secreta*, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, col. Tambo, maio 2002, 42 pp. (ISBN: 84-8457-104-1).❿

Libro de Domingo Tabuyo Romero (Pontevedra, 1959) composto por trinta e catro poemas, que trata de facer un percorrido polos sentimentos e o amor cotián e para o que fai uso dunha gran cantidade de recursos poéticos. Constitúe un canto ao amor, a un sentimento utópico e íntimo dun home nunha dimensión abstracta e idealista, pero tamén nos achega a súa expresión física a través do seu pensamento e do seu comportamento. Axúdase coa utilización da descrición de diversos fenómenos atmosféricos para reflectir o seu estado de ánimo. Ademais do amor, o paso do tempo e un tema recorrente nesta obra, a nostalxia do tempo pasado, as cicatrices do tempo presente e as ilusións postas no tempo futuro.

Referencias varias:

- AFA, “As liñas da poesía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 xuño 2002, p. 17.

Ver Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Depósito natural* neste apartado do *Informe*.

-T. S., “A mirada interior”, *Tempos Novos*, nº 65, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, outubro 2002, p. 72.

Indica que *A luz secreta*, de Domingo Tabuyo Romero é “un poemario intimista” no que “a amada” é “luz que vivifica e ilumina os momentos cruciais da vida dun ser que se sente en harmonía co contorno”.

- Vicente Araguas, “Amores de a diario”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, n° 135, 23 xuño 2002, p. 3.

Presentación do último poemario do pontevedrés Domingo Tabuyo Romero *A luz secreta*, que é definido por Araguas como poesía cotiá, que se alimenta das experiencias vividas polo poeta e que se traduce nunha linguaxe sinxela, de fácil comprensión para o lector, á vez que foxe da poesía filosófica e conceptual.

Seoane , Xavier, *Dársenas do ocaso (1999-2002)*, Iº Premio Caixanova de Poesía 2002, Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia/Danú S. L., col. Arte de Trobar, nº 2, decembro 2002, 160 pp. (ISBN: 84-931711-7-4).

Neste novo libro que segue a engrosar a obra poética de Xavier Seoane (A Coruña, 1954) podemos atopar un conxunto perfectamente estructurado de composicións que remiten ao mar e o horizonte como fondo sobre o que se ergue unha palabra crepuscular, mais tamén acomodada na resignación, de tal modo que goza dela na súa dobre extensión: a que se observa, xa caduca, ollando cara a todo o acontecido, cara a atrás; e a que se presenta confusa, mais esperanzadora, nun horizonte percibido coa cautela e a serenidade de quen xa ten vivido e asumido as múltiples formas do fracaso, e sempre desde un presente contemplativo e fóra de todo medo. Este percorrido dos tres estados do tempo fica patente nun índice perfectamente esquematizado no que distinguen tres partes: “Libro primeiro: dársenas do ocaso”, “Libro segundo: do sosego e do lar” e “Libro terceiro: da aventura e da viaxe”. Asemade, cada unha delas divídese en varios apartados que inciden, desde diferentes perspectivas, no concepto implícito en cada epígrafe. Remata o poemario cunha

nota do autor na que se especifica a inclusión de dúas pezas, xa publicadas anteriormente, por pertenceren ao mesmo ciclo poético.




Referencias varias:

-A. Q., “Este país deberá ser máis rebelde e menos pasivo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 decembro 2002, p. 42.

Conversa con Xavier Seoane, quen destaca que *Dársenas do ocaso* é un libro que tardou varios anos en escribir e que nel sintetiza varias das súas preocupacións ontolóxicas. Así mesmo, responde a outras cuestións manifestando que o horizonte da arte non só debe ser estético senón tamén moral e que neste momento a creatividade poética é boa, aínda que a súa consideración non é o suficientemente boa.

-Maite Gimeno/M. Gimeno, “Xavier Seoane se siente ‘honrado’ tras lograr el premio Caixanova”/“Dársenas do Ocaso”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 3 decembro 2002, p. 31/p. 75.

Salienta que Xavier Seoane se sente satisfeito por recibir o primeiro premio de poesía Caixanova con *Dársenas do ocaso*, obra da que indica que é o resultado de anos de traballo. Tamén sinala que nela se achega á condición occidental de Galicia e a cuestións fundamentais do ser humano. Por outra banda este autor sinala que para el non é transcendente gañar premios e cre que a súa obra sempre se mantivo afastada das correntes comerciais. Ademais disto, en cadros á parte, ofrécense datos sobre este premio como por exemplo o número de obras que se presentaron, os membros do xurado ou a valoración que estes fixeron sobre a obra gañadora.

-V. V., “Un libro meditativo e contemplativo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 decembro 2002, p. 12.

Entrevista a Xavier Seoane para falar do seu libro *Dársenas do ocaso*, libro no que, segundo indica, fixo unha criba espectacular logrando así un resultado coherente coa súa obra. Así mesmo, cre que é unha obra meditativa e contemplativa cun transfondo moi galego.

Finalmente, sinala que se sente máis cómodo na poesía que na prosa e opina que a primeira é un xénero máis denso, que na actualidade está vivindo un bo momento.

- María Guerreiro, “Sen a poesía o que queda é un home amputado e roto”, *La Opinión*, “Entrevista”, 5 decembro 2002, p. 68.

Entrevista a Xavier Seoane, que con *Dársenas do ocaso* gañou a primeira edición do Premio de Poesía organizado polo Pen Club de Galicia. A propósito desta obra destaca que toda ela está traspasada por unha certa saudade e pola melancolía e nela ademais está sempre o mar. Ademais disto responde a outras preguntas relacionadas coa poesía en xeral poñendo de relevo que este é un xénero necesario para crear un home polifónico e plural, así como para estudiar a dimensión social do ser humano. Tamén se alude a *O sol de Homero*, ensaio no que defende as artes, entre elas a poesía, necesaria para que o home sexa un verdadeiro cidadán e non só un home amputado e roto.

- Carme Vidal, “Xavier Seoane. ‘Os tempos de crise son bos para a reflexión poética”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, 5-11 decembro 2002, p. 37.

Apunta que Xavier Seoane foi o gañador do premio do primeiro certame de poesía do Pen Club e Caixanova con *Dársenas do ocaso*, obra da que o xurado salientou a súa condición pictórica. Sinala ademais que o autor cre que este é un libro onde ten cabida a saudade e onde se indaga sobre cuestións eternas. Así mesmo baixo o titular “En defensa da poesía”, aínda que se refire a outras obras de diversos xéneros da autoría de Xavier Seoane, destaca que este autor é un apaixonado da poesía e por iso ten reflexionado sobre ela. Outro dos epígrafes incluídos está relacionado coa condición dos poetas sinalando a este respecto que este autor cre que o poeta debe defender a súa autenticidade, polo que tamén di rexeitar estéticas comúns, opinando ademais que calquera creador pretende transcender
o tempo. Conclúe este artigo ofrecendo diversos títulos de creación deste autor, que xa ten consolidada unha persoal obra lírica.

VV. AA., *VIIIº Certame Literario*, A Coruña: Facultade de Filoloxía, Universidade da Coruña, 2002, 85 pp. (DL: C-2614-2002).⓾

Como ficou apuntado no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*, o presente volume recolle os traballos gañadores da oitava edición do Certame Literario organizado pola Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Damos conta a seguir da única composición poética en lingua galega que aparece no libro.

- Alfonso Méndez Souto, “Poemas”, pp. 34-39.

Trátase dunha colección de poemas sen título nin unidade de conxunto (“Nó”, “-Onde vas triste mariñeiro?”, “Impotencia”, “Vello tronco” e “Volverás a ser nosa!”) nos que o suxeito lírico acostuma estar en primeira persoa (agás na última composición, onde aparece como a colectividade galega). Son versos libres, en xeral de fasquía tradicional e tendentes á condensación de ideas.

VV. AA., *Quixen ir a Nevermore*, XXIXºˢ Premios Literarios “Minerva” 2001, limiar de Suso de Toro, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos, 2002, 107 pp. (ISBN: 84-607-4081-1).

Como xa se indicaba no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*, o presente volume recolle os traballos gañadores dos Premios Literarios Minerva da súa edición do ano 2001. A seguir, dáse conta dos premiados no apartado de poesía:

- Lucía Aldao Sánchez, “No ceo con diamantes” (Iº Premio de Poesía), pp. 15-22.

Lucía Aldao mereceu o primeiro premio por tres poemas titulados “A muller que se retorce; o sentimento marciano; a incontinencia...”, “Decoración Ebria” e “Poesía Desconxelada”. En todos eles fala unha primeira persoa, singular e plural, para dar conta das súas experiencias, emocións ou desexos.

- Ana Vidal Fernández, “Mais, quen sabe?” (IIº Premio de Poesía), pp. 23-32.

Ana Vidal recolle baixo o título de “Mais, quen sabe?”, tres poemas e un epílogo. Todos eles son moi visuais, posto que xoga co espacio axustándose este ao contido dos poemas. En xeral son versos nos que predomina a desesperanza e tamén a dúbida.

- Antía Gándara Hermida, “Entre un cabalo e unha bolboreta” (IIIº Premio de Poesía), pp. 33




40.

Baixo este título Antía Gándara presentou ao premio tres poemas, dous deles titulados (“Nu” e “Na distancia”). Neles transparéntanse os sentimentos dunha voz lírica que en ocasións se dirixe a un interlocutor non identificado.

- Lucía Aldao Sánchez, “A lingua das nenas” (Accésit de Poesía), pp. 41-47.

Poemas cos que Lucía Aldao Sánchez, que resultou gañadora do Iº Premio de Poesía desta convocatoria, obtivo tamén un accésit. Nestes tres poemas titulados “Poesía para que non te asustes no verso 25”, “Os tristes pánicos” e “A lingua das nenas”, predominan os versos

longos nos que se intercala algún de métrica curta para romper o ritmo e resaltar certos aspectos temáticos.




- María López Jiménez, “Moraima” (Accésit de Poesía), pp. 49-56.

Conxunto de poemas titulados “Subcomandante Marcos”, “A vella” e “Infinitos”. O primeiro deles está dirixido ao personaxe ao que se refire no título e consta tan só de cinco versos cunha disposición asimétrica. Pola contra os dous poemas seguintes son máis longos e neles a mirada xoga un papel destacado.

- Marisol Gándara Sánchez, “Sen título” (Accésit de Poesía), pp. 57-62.

Poemas de Marisol Gándara Sánchez, que xa conseguiu algún outro premio e que, segundo se indica, se presentou a este premio pola insistencia doutras persoas. As composicións aquí premiadas cun accésit non levan título e todos elas conteñen altas doses de nostalxia.

Vázquez, Pura, *A Música dos Tempos* , Ourense: Gráficas Gutenberg, 2002, 52 pp. (DL: OU162/02).

Este poemario comeza cunha dedicatoria da súa autora, Pura Vázquez (Ourense, 1918) á súa irmá Dora Vázquez, aos seus amigos e a Ourense e na que afirma que "pode ser o derradeiro libro que vexa publicado". Inclúe trinta e oito poemas, xebrados en catro partes, que integran o volume. A primeira parte, "O mar daquela infancia", consta de nove poemas; a segunda, "Doutras terras que amei", de nove; a terceira, "Investirme de amor", de doce; e a derradeira, "O almiscle dos membrillos", de oito. En conxunto os poemas –titulados todos agás dous– aséntanse en referencias á saudade dos tempos idos, á paisaxe e ao amor e están vinculados coa música que imbúe todo o poemario desde o debuxo da portada –unha partitura– ata o derradeiro poema.

Referencias varias:

- Xosé Lois García, "O mar e as voces", *O Correo Galego*, "Opinión", 31 xullo 2002, p. 3.

Para analizar o poemario *A música dos tempos* , de Pura Vázquez, céntrase en debullar tres dos seus poemas: “O mar e as voces”, “O mar daquela infancia” e mais “A onda doe e doe”, que teñen como referente o mar. Destaca que a súa autora fai neles unha “premonición” do desastre do *Prestige*.





Veiguela, Viqui, *O ouvido e o calado*, introd. Carmen Mejía, Madrid: ACEF (Asociación Celso Emilio Ferreiro), col. O Roibén, nº 1, maio 2002, 30 pp. (ISBN: 84-86230-46-2).

O segundo poemario da autora veiguense contén trinta e oito composicións nas que se presenta un rico mundo interior en contraposición á unha realidade externa. Esta dualidade vén xa marcada desde o mesmo título, no que se abeiran os dous contornos, o intanxíbel e o tanxíbel, en base a unha relación que tanto pode ser harmónica coma conflictiva, en calquera caso dous planos complementarios. Están presentes ao longo de todo o libro o amor e o erotismo dunha maneira evidente, aínda que por veces menos explícita, e evócase a un ti lírico que se manifesta na presencia e na ausencia pero que, tanto dun coma doutro xeito, percorre como un fío o conxunto dando unha continuidade tamén sinalada polo encabezamento dos poemas en números romanos consecutivos, agás nos casos de *Manifesto I* e *Manifesto II*. O corpus poético está precedido dun breve estudio da profesora da Universidade Complutense de Madrid Carmen Mejía.

Villar, Miro, *Gameleiros, mar de rostros*, fotografías de Manuel Álvarez, epílogo de Manuel Álvarez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002, [120 pp.]. (ISBN: 84-8302-839-5).

Edición orixinal de mil exemplares, obra do poeta Miro Villar (Cee, A Coruña, 1965) e dofotógrafo Manuel Álvarez (A Guarda, 1954), dos que vinteoito están numerados e asinados polos seus autores. Consta de vintesete retratos fotográficos en branco e negro de gameleiros da Guarda xunto cuns versos. Estas imaxes fotográficas están acompañadas polo nome e o alcuño dos mariñeiros de baixura guardenses retratados e están precedidas polos versos de Miro Villar. Este acompañamento poético, en estrofas de cinco versos de arte maior é unha reflexión sobre cada unha das fotografías deste libro e mais sobre todo o que elas simbolizan: a dureza do traballo do mar. Este poemario fotográfico péchase cun epílogo, no que o fotógrafo, Manuel Álvarez, reflexiona sobre este volume e mais sobre o seu proceso de composición.

II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Acuña, Manuel Luís, *Fírgoas*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 22, 2002, 108 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-057-X) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-850-6).⓾

Reedición do único poemario de Manuel Luís Acuña (Póboa de Trives, 1899-Ourense, 1975), publicado por vez primeira en 1933 baixo o título de *Fírgoas. Poemas (1930-1931)* na editorial Nós. Para esta nova publicación empregáronse os textos fixados para a edición de Xerais de 1992. O libro ábrese cunha composición que funciona como limiar, despois da cal se suceden os seguintes apartados, con cadansúa dedicatoria (por exemplo, a Vicente Risco e a Ramón Otero Pedrayo): “Poemas do alalá”, “Camiñantes”, “Gris”, “Regueifa”, “O neno”, “Vodas” e “Máis”. Esta edición inclúe ademais unha sección con “Outros poemas” non incluídos orixinalmente en *Fírgoas*, que, como se explica en nota ao pé, son un poema inédito e mais seis publicados en *La Zarpa* e *Vida Gallega*, sendo o responsábel da súa edición e selección Ramón Nicolás. A lírica de Acuña é densa, contida, dun vangardismo

sintetizador, non rupturista e popularizante, na liña de Amado Carballo, na que predomina o hilozoísmo e o neotrobadorismo. Canto á métrica, conxúgase o versolibrismo (máis escaso) coas rimas tradicionais (romances) e clásicas (sonetos).




Recensións:

- Carlos L. Bernárdez, “Para revelar un universo”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 23 setembro 2002, p. 61.

Alude á obra de Manuel Luís Acuña, *Fírgoas*, publicada por vez primeira no ano 1933. Comenta que se trata dun libro “deliberadamente plural que nos presenta un poeta pleno, lixeiro e denso, popular e vangardista, que culmina a súa singularidade creando unha linguaxe poética dun acusado sintetismo, que escapa do elemento narrativo, potencia a economía verbal e suprime e anecdótico”. A continuación, comenta que o primeiro que chama a atención na poesía de Acuña é o “esencialismo formal que elimina o elemento narrativo”. Do mesmo xeito, tamén é novidoso o tratamento que fai o autor do material temático, posto que parte, “a miúdo, de motivos de forte carga popular que con

anterioridade, e utilizados con outras claves estéticas, serían o soporte temático para unha poesía costumista”.




-Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Carnet de cuco vello”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 23 setembro 2002, p. 61.

Descríbese a obra de Manuel Luís Acuña como “breve e selecta”, que, segundo o articulista, segue a gozar dunha “actualidade extraordinaria”. Comenta, así mesmo, que Acuña mantivo unha estreita relación cos homes da Xeración Nós e unha mostra disto é que dúas partes do libro están dedicadas a Ramón Otero Pedrayo e a Vicente Risco. Destaca, para rematar, a “forza creativa” que domina as súas imaxes poéticas.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “La Voz recupera a figura de Manuel Luís Acuña coa entrega de ‘Fírgoas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 setembro 2002, p. 61.

Ofrécese unha breve biografía de Manuel Luís Acuña e alúdese ao seu estilo. A seguir, o articulista céntrase en *Fírgoas* e comenta que se trata dun conxunto de poemas que contribúen a confirmar que tanto a súa figura como a súa obra é aínda hoxe un "manantío atractivo e inesgotábel que redefine a ensancha a relevancia deste poemario irrepetible, arrecendente a frescura e talento, transido de versos transparentes, límpidos e innovadores".

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Canle segredo*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 52, 2002, 94 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-059-6) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-852-2).

♎♏ ♦♋◆♎♋♎♏ ♏ ❍□❐❐♓⇧♋ ◘□●□ ◘♋♦♋♎□ ♏ ♋♌♦□●◆♦♋ ♓■♍♏❐♦♏⌘♋ ◘□●□ ♐◆♦◆❐□ ❖♓■♎♏♓❐□ ♋□ ●□■♑□ ♎♏ ♦□♎□




o escrito.

Recensións:

- Carlos Méixome, “Canle Segredo hei ser”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 4 novembro 2002, p. 54.

Este breve artigo divídese en tres partes claramente segmentadas. En primeiro lugar, faiseunha descrición das obras máis importantes que escribiu Álvarez Blázquez e destaca o feito de que *Canle segredo* se publicase con vintetrés anos de atraso. Por outra banda asegura, fundamentándose nunha hipótese establecida por Xosé Luís Méndez Ferrín, que de publicarse no propio momento da elaboración a poesía galega producida en anos posteriores tería cambiado o seu rumbo. En terceiro lugar, pon de relevo o especial carácter de denuncia social que posúen os poemas agrupados baixo o epígrafe “As mágoas”.

Referencias varias:

- Alfonso Álvarez Cáccamo, “La Voz entrega mañá o poemario de Álvarez Blázquez *Canle Segredo*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 outubro 2002, p. 46.

Álvarez Cáccamo desenvolve unha columna na que dá a coñecer as peculiaridadespersoais que caracterizaron ao seu pai, Álvarez Blázquez. Del subliña, en primeiro lugar o seu marcado carácter galeguista, comprometido coa mocidade dos seus tempos. Do mesmo xeito, deixa patente a súa integridade como persoa, o seu compromiso social, a súa valentía en épocas difíciles e o seu inquedo entusiasmo cultural. Tras ese eloxio das súas calidades, dá a coñecer o marco temporal e cultural no que naceu *Canle Segredo,* unha obra escrita entre 1951 e 1953 pero publicada moito máis tarde.

-Suso Vila, “Inquedanza dunha familia”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 4 novembro 2002, p. 54

Ao longo de todo este artigo infórmase da importante traxectoria literaria que ten toda a sagafamiliar dos Álvarez. Así, cita figuras relevantes coma o seu avó, pai, irmáns, curmáns, fillos

e sobriños. Do mesmo xeito, plásmase a multitude de facetas que levou a cabo o propio Xosé María como arqueólogo, historiador, conferenciante, narrador, poeta, etc. incidindo, sobre todo, na traxectoria política.








Álvarez Torneiro, Manuel, *Habitante único*, A Coruña: La Voz de Galicia/Edicións Espiral Maior, col. Biblioteca Galega 120, nº 93, 2002, 110 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-080-4) (ISBN de Edicións Espiral Maior: 84-8302-877-8).

O poeta coruñés Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) incide nos temas recorrentes ao longo da súa obra nesta reedición do poemario publicado por vez primeira no ano 1997. Seguindo a estructura orixinal da primeira edición, o verso libre chántase, agás nalgunhas excepcións nas que atopamos poemas en prosa, ao través de corenta e tres pezas nas que a memoria se constitúe en vehículo que articula un pasado pouco desexábel por veces, o referente a unha posguerra triste e esquecíbel na que se forxa unha infancia eivada, pero tamén un íntimo extraviado no tempo que se perdeu. Hai un laio permanente e nostálxico da desaparición do arrecendo da natureza nas súas máis diversas manifestacións, dese arrecendo portador da memoria totalizadora, dentro da obra do xornalista coruñés premiado no Esquío (1994), no González Garcés (1998 e 2000) e pola crítica española (1999).

Recensións:

- Concepción Delgado, “O poemario de Álvarez Torneiro *Habitante Único* mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 novembro 2002, p. 60.

A xornalista enmarca *Habitante único* nunha liña de poesía civil que se centra na negatividade da época político-social da posguerra e noutra intimista, existencial e testemuñal, onde o eu poético manifesta un sentimento de perda. Fala tamén do grandeacerto co que Manuel Álvarez Torneiro mesturou o verso libre, o tradicional e o poema en prosa.

Referencias varias:

-Arantza Aróstegui, “Un valor permanente”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 18 novembro 2002, p. 60.

Fala de cando Álvarez Torneiro formaba parte da redacción de *La Voz de Galicia*, resaltando da súa profesionalidade a tenacidade e o toque humano que sempre lle imprimía ás noticias. Sostén que a súa presencia era un valor permanente no lugar de traballo e que a miúdo lle

saía a súa faceta artística e, sobre todo, a alma de poeta. Di que o mesmo encadeaba uns hendecasílabos como esbozaba un debuxo a lapis.




- Luís Pousa, “Paisaxes do idioma”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 18 novembro 2002, p. 60.

O redactor acode ás palabras de Valle-Inclán “El periodismo avillana el estilo”, tamén repetidas por Umbral en numerosas ocasións, para enxalzar o labor de escribir poesía ademais de ser xornalista de Manuel Álvarez Torneiro. Relaciónao con Álvaro Cunqueiro, quen tamén escribía poesía despois de pechar a edición diaria do xornal que dirixía, “como se quixesen cos seus poemarios, limparse as mans da prosa cotiá da rotativas” en palabras de Luís Pousa.

-Xesús Fraga, “A poesía non resolve problemas drásticos, pero axuda, dá calor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 novembro 2002, p. 61.

Antes de empezar coa entrevista ao escritor o xornalista Manuel Álvarez Torneiro destaca deste a cordialidade que se desprende tanto dos seus versos coma da súa conversa. O poeta sostén que se escribe un libro e que despois, os vindeiros son variacións dese mesmo libro. Recoñece a súa débeda literaria con Blas de Otero, Pepe Hierro ou Victoriano Kremer. Sobre a poesía di que a el non lle resolve problemas drásticos, pero que lle axuda a liberarse. Por último recoñece a necesidade dos premios literarios, dada a dificultade para publicar libros de poesía. Rematan a entrevista falando do momento que necesita para crear e da súa serodia aparición como poeta.

Armada Teixeiro, Ramón, *Aturuxos*, limiar de Luís Alonso Girgado, prólogo de Manuel Curros Enríquez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística)/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2002, 100 pp. (DL: C-2719-2002).

Edición facsimilar de *Aturuxos* , de Ramón Armada Teixeiro (Santa Marta de Ortigueira, 1868-La Habana, 1920). O texto procede da biblioteca galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, onde Xosé Neira Vilas estivo traballando para recompilar libros eprensa de galegos en Cuba. É un poemario popular, onde o autor reflicte nun ton intimista as preocupacións e intereses da xente emigrada. Desde a emigración, cultivou tanto a poesía coma o teatro, deixando sempre constancia das súas queixas pola tráxica situación do seu pobo galego alén do mar. A maioría dos poemas presentados en *Aturuxos* constan de catro versos de arte menor e rima asonante, que plasman dun xeito moi persoal a lírica popular. Os temas principais tratados no libro son, entre outros, a saudade, a terra, o amor e a inxustiza.

Ávilés de Taramancos, Antón, *Última fuxida a Harar*, A Coruña: La Voz de Galicia/Edicións Espiral Maior, col. Biblioteca Galega 120, nº 81, 2002, 102 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-083-9) (ISBN de Edicións Espiral Maior: 84-8302-880-8).❿

Última fuxida a Harar, publicado por vez primeira en 1992 e dedicado a Miguel Anxo Fernán-Vello, pode ser considerado o testamento poético de Antón Avilés Vinagre (Taramancos-Noia, 1935–A Coruña, 1992). De feito, algúns versos deste libro, que foi composto pouco antes e viu a luz pouco despois do pasamento do autor, convídannos a realizar unha lectura biográfica do mesmo, a comezar polo poema que serve de prólogo á obra (asinado en maio de 1991): "Un gume negro acaba/de me ferir a xuventude". O poemario divídese despois en tres grandes seccións ("O cazador no escuro", "Silva de vária fermosura" e "Crónica de antigos reis"), con cadanseu apéndice ao final (o último dos cales vai dedicado a Xosé Manuel Beiras). O tema da morte, feito que se asume como a natural culminación do ciclo vital, é recorrente no conxunto. O suxeito lírico sabe dese "anxo da noite, cazador no escuro/que vés flamíxero a me expulsar do souto", pero sabe tamén que o desaparecer físico non implica a aniquilación total do ser. Fica a palabra, "sempre viva", e fica aínda unha gran "seara" por "arar detrás do tempo", que é a de dar vida coa propia morte aos que fican

na terra. Tal como, por outra parte, os seus antepasados fixeron con el: “os vellos que me deron/este corpo mortal que son agora”. A vida é, así, “un trasvase” fugaz como a espreita do cazador, un “don furtivo”, e o tempo, o “túnel” no que entramos “devagariño para a eternidade”. Pero neste libro hai tamén cabida para outras cuestións, expresadas a través dunha simboloxía variada (e o eido marítimo ten neste senso unha singular presencia) e un estilo depurado e construído coa exactitude de quen ergue unha torre no ar: por exemplo, a patria, a reinvención dun pasado mítico en clave de alegoría política ou a propia poesía.




Recensións:

-Xavier Castro, “A lírica premonitoria”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 24 decembro 2002, p. 45.

Afírmase que *Última fuxida a Harar* é “un poemario que nace desde a serenidade, non exenta de rebeldía, do home-poeta que albisca a fuxida dos folgos e dos alentos da vida”, onde a morte se enfronta con tranquilidade porque é considerada como unha transición. Nel concentra Avilés de Taramancos todos os trazos que caracterizaron a súa producción lírica.

Finalmente, fálanos das tres partes da obra: “O cazador no escuro” (co apéndice correlativo “En-psalmos para escorrentar a besta”), “Silva de vária fermosura” (mailo apéndice “Cruxol de amor e cofre dos olvidos”) e “Crónica de antigos reis” (complementada con “As armas e os barões assinalados”).

Referencias varias:

- María Dolores Arxóns, “O manuscrito”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 24 decembro 2002, p. 45.

Coméntase a existencia do manuscrito de *Última fuxida a Harar*, xa exposto ao público na Casa de Cultura de Noia. Sinálase que se trata dunha carpeta con noventa e catro follas cos poemas e as ilustracións autógrafas que Avilés concibiu para o poemario. Destácase a presencia de figuras e símbolos como unha gran bolboreta, un arqueiro aguerrido, un veleiro coa bandeira galega, etc. Suxírese como conclusión a posibilidade de realizar unha edición con estes deseños co gallo da dedicatoria do Día das Letras ao autor, “para que así esta obra poética e plástica estivese ó alcance de todos”.

-Xaime Bello Costa, “La Voz Entrega mañá ‘Última fuxida a Harar’, de Antón Avilés de Taramancos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 decembro 2002, p. 45.

Dá noticia da vida de Antón Avilés, que viviu en Noia, Ferrol (onde se relaciona coa xente da revista *Aturuxo*), Colombia (onde permaneceu vinte anos) e Noia de novo. Sinala que neste regreso chegou a ser Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e Concelleiro de Cultura polo BNG. Falecido en 1992, no 2003 vai ser homenaxeado co Día das Letras Galegas. Faise eco, así mesmo, da presentación da edición de *Última fuxida a Harar* por *La Voz de Galicia* na Casa da Cultura de Noia. En cadro á parte faise un breve repaso da biografía do autor, destacando o seu exilio colombiano, e enuméranse os seus libros: *As moradías do vento* (1955), *A frauta e o garamelo* (1958), *O tempo no espello* (1982), *Cantos araucanos* (1985), *As torres no ar* (1989), *Nova crónica de Indias* (1989) e*Última fuxida a Harar* (1992).

Bouza Brei, Fermín, *Nao senlleira/Seitura*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 23, 2002, 119 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-040-5) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-822-0).

Reedición dos poemarios *Nao senlleira* e *Seitura* de Fermín Bouza-Brey (Ponteareas, Pontevedra, 1901- Compostela, 1973), que recollen o seu labor como poeta galego. A través da súa lectura, o mar de Arousa, onde o autor se criou e a rentes do que medrou, ábrese cunha forza digna do espírito atlantista que presidiu a súa época. Tanto na primeira colección, composta por dezanove pezas, como na segunda, de corenta e un poemas, divididos en sete cadernos, o autor traballa cos motivos populares que, con anterioridade, Correa Calderón apuntara como claves a recuperar por unha literatura que se abría ás vangardas peninsulares. A súa orixinalidade, sen embargo, reside na alimentación cancioneiril medieval e na adaptación severa aos moldes máis anovadores do momento.

Referencias varias:

-Fernando Acuña Castroviejo, “Lembranza”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 26 xullo 2002, p. 54.

Artigo polo que se fai un percorrido sentimental polo periplo e a traxectoria “dunha persoa comprometida coa súa terra e que como fundador do Seminario de Estudos Galegos tentou levar a cabo en todo tipo de circunstancias mesmo en épocas escuras o espírito que impregnou aquela grande institución liquidada pola guerra civil”. A continuación rescata a reconstrucción cultural que levou a cabo coa creación do Instituto “Padre Sarmiento” de Estudios Gallegos.

-María Xosé Fernández Cerviño, “Amar o mar”, *La Voz de Galicia*, “Lectuas cualificadas”, 26 xullo 2002, p. 54.

Amais de lembrar a súa primeira andaina literaria no eido narrativo, con *Cabalgadas en Salnés*, a autora recorda o compromiso poético dun escritor intimamente vencellado ao mar. Rescata os criterios de Antonio Fraguas ao respecto da chegada de Bouza-Brey a

Compostela e a súa amizade con Otero Pedrayo e salienta os gravados que Sesto e Creo realizaron para a primeira edición de *Nao senlleira* e a obra literaria completa.




- Rafael Sánchez Bargiela, “La Voz entrega mañá o poemario de Fermín Bouza Brey ‘Nao Senlleira”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xullo 2002, p. 54.

Láiase o autor do descoñecemento da figura de Bouza-Brey, malia a térselle dedicado o Día das Letras Galegas de 1992 e a celebrarse o centenario do seu nacemento en 2001. Ademais de destacar o seu carácter como “creador dunha nova corrente literaria, o neotrobadorismo”, a súa proxección como un dos fundadores do *Seminario de Estudos Galegos* e o seu valor como polígrafo de gran relevancia na Galicia de preguerra, saliéntase
o compromiso lírico de Bouza-Brey coa poesía dunha Galicia que consideraba eminentemente tradicional. Non en van, recreando os seus propios criterios, exponse que “da poesía galega penso que o que desconoza os segredos da fala debe absterse totalmente de escribila”.

Bouza-Brey, Luís, *Obra Completa*, ed. de Gonzalo Bouza-Brey e Xosé Ramón Fandiño, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, abril 2002, 222 pp. (ISBN: 84-8485-055-2).

Edición a cargo de Gonzalo Bouza-Brey e Xosé Ramón Fandiño que, baixo o título de *Obra completa*, recompila unha manchea de materiais que Luís Bouza-Brey (Ponteareas, 1901-Santiago de Compostela, 1973) deixou espallados ou inéditos. Está estructurado o volume en sete capítulos titulados que son os que seguen: “Introito”, no que a xeito de introducción Gonzalo Bouza-Brey explica as razóns sociais que levaron a seu pai a permanecer silenciado durante a dictadura e o seu afán, unha vez morto este, por recompilar aquela obra espallada e inédita que deixara, á vez que adianta a organización cronolóxica do material recollido. “Esbozo biográfico”, no que se recolle un breve percorrido biográfico; “Antoloxía poética”, sen dúbida o capítulo máis amplo e no que se recollen poemas que van desde 1932 ata 1976, nos que se aprecia unha forte heteroxeneidade en canto ás temáticas e ao estilo, posto que se poden atopar sonetos, panxoliñas, romances e outras composicións do máis dispar. A seguir, o cuarto capítulo constitúeo a “Biografía humana e apaixonada de Ramón Cabanillas”, un relatorio no que recolle as lembranzas que do poeta

de Cambados gardaba no ano 1965, no que está datado. En “Alcumario de Arousa, do Ullán e do Salnés”, asinado en colaboración co seu fillo Gonzalo, recolle un amplo traballo arredor dos alcumes, que clasifica en xerais (ironizantes, lingüísticos, familiares, xentilicios, toponímicos e descritivos) e sectoriais ou xeográficos. No capítulo sexto que se titula “Prosa. Escolma de publicacións”, recolle un amplo abano de textos heteroxéneos arredor de cuestións xurídicas, lingüísticas e históricas, que dan paso ao último capítulo, un “Apéndice gráfico”, no que se recolle material iconográfico dos momentos máis importantes da vida do autor.




Referencias varias:

- Fernando Salgado, “Luís Bouza-Brey, a testemuña dun home consecuente coas súas ideas”, *Diario de Pontevedra*, 22 xuño 2002, p.70.

O xornalista comenta a presentación na Casa da Cultura de Vilagarcía da *Obra Completa*, de Luís Bouza-Brey. Destaca deste traballo a pluralidade de composicións que rexistra:

desde cantigas medievais ata versos sobre a morte de Franco. Tamén resalta o carácter de proximidade que tiña o poeta coa terra e coa fala popular.

- Manuel Rodríguez, “Liberando un poeta”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 28 setembro 2002, p. 10.

Comeza lembrando que nos anos sesenta do século pasado moitos poetas se querían ver publicadas as súas obras tiñan que facelo en Portugal, feito que tamén viviu o poeta Luís Bouza-Brey. Respecto da poesía de Bouza-Brey o xornalista destaca a minuciosidade coa que foi elaborada e a presencia de rexistros de carácter íntimo e persoal. Remata aludindo á enfermidade que levou ao poeta á morte impedíndolle ver publicada a súa obra completa.

Crecente Vega, Xosé, *Folla Bricia. Poesía galega completa*, introd. Manuel María, edición crítica e estudio de Ricardo Polín, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria/Dirección Xeral de Política Lingüística)/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2002, 684 pp. (ISBN: 84-453-3430-1).❿

Esta obra constitúe unha ampla edición crítica e estudio da poesía galega completa de Xosé Crecente Vega (Santa María de Outeiro-Castro de Rei, 1896-Segovia, 1948), así como un profundo estudio da vida deste autor da Terra Chá. Está dividida en dous grandes apartados "Vita et littera" e "Editio". Na primeira delas faise un minucioso estudio da súa vida e dos feitos acontecidos trala súa morte (homenaxes, traslado dos seus restos mortais, etc.) así como tamén un estudio da lingua, da métrica e do estilo da súa poesía. Na segunda parte transcríbense os poemas de *Codeseira* e a súa poesía inédita. *Codeseira* aparece dividida en cinco partes cada unha cos seus correspondentes poemas, mentres que o apartado de poesía inédita está estructurado segundo os poemas se poidan encadrar dentro da poesía metafísica, ontolóxica e existencial; do lirismo da natureza; do lirismo circunstancial; da épica, encomiástica e de evocación; dos versos ás mariñas ferrolás; do realismo costumista; da poesía animalística; da poesía de tipos; dos versos á irmandade galega de Segovia; dos

versos para adiviñar; dos ditos e cantares; da poesía moral, didáctica e social ou da poesía devota. Unha soleira de Manuel María precede a estes dous grandes apartados. Nesta soleira Manuel María comeza facendo mención á maneira en como el entrou en contacto co obra do Xosé Crecente Vega e como, despois de deixar claro que desde o seu punto de vista era preciso un estudio da obra do falecido autor, foi Ricardo Polín o autor que nesta obra fai un excelente traballo de investigación. Manuel María loa o traballo de Polín e agradécelle o feito de escollelo para apadriñar o seu libro. Ao final da obra e despois do apéndice con textos fragmentarios atopamos varios índices de grande interese que facilitan a busca dentro do volume.








Cuña Novás, Manuel, *Fabulario novo*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 28, 2002, 102 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-091-X) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-898-0).

Este poemario de Manuel Cuña Novás (Pontevedra, 1926-1992) que agora reeditan Edicións Xerais e *La Voz de Galicia* para a súa "Biblioteca Galega 120" foi publicado orixinalmente en 1952 e retocado en 1991. Leva un prefacio asinado por Fermín Bouza Brey, poeta do que se poden rastrexar diversas pegadas (neotrobadorismo) ao longo do libro, e un prólogo autorial que prepara o ambiente anímico, simbólico e paisaxístico no que o suxeito lírico se atopa e ao que vai convidar a somerxerse ao lector. Unha atmosfera noitébrega, solitaria, neboenta, en que os elementos máis triviais da natureza (o lagarto, o sapo, o paxaro mouro, a fonte, o vagalume, o carro, a lúa, as estrelas, os cans ouveando), de longa tradición entre nós, se nos amosan por entre as tebras como forzas máxicas irreais, ou dunha realidade transcendente, que a penas un espírito angustiado é á procura de respostas pode captar. Como advirte Bouza Brey, estes versos "seguen dous vizosos carreiros: o das modernas esenzas que campan no mundo composto de símbolos puros, e o da tradizón galega bifurcada no popular e no medieval, enmallada sempre na rede da nova

sensibilidade". En efecto, *Fabulario novo* é froito dunha actitude lírico-filosófica de corte existencialista, mesmo neorromántica (pódese lembrar neste sentido a Rosalía de *Follas Novas*), pero expresada sempre con contención e naturalidade, recorrendo á versificación popular. O eu poético declárase abertamente pertencente ao sinistro grupo dos "magoados de tebra dura", dos chamados pola voz "crudel do desacougo", dos que vagan desnortados "dun mundo derrubado sen eixo que os sosteña / a outro referido de anxos e pantasmas", dos que senten con nitidez e sen esperanza "o rencor de ser home, a culpa de ser home". E o lugar predilecto para este perpetuo insomne atópase na noite, portadora de segredos indescifrábeis mais intuídos, na soma ou na morte presentida, onde permanece "sempre debecendo a chama que n-atopo". Hai entre estas composicións dúas dedicadas a Celso Emilio Ferreiro e Castelao, respectivamente.








Recensións:

-Arturo Casas, “Cinza dos astros”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 4 decembro 2002, p. 54.

Fai referencia o profesor Casas ao cambio de rumbo que a Escola da Tebra supuxo na poesía galega, e explica como Cuña Novás conviviu co existencialismo en París e asimilou esta influencia coa do surrealismo e o irracionalismo. Comenta despois o ton (atormentado), os temas e as imaxes (moitas delas propias do animismo) de *Fabulario novo*, coa súa rede de símbolos tecida lentamente para expresar a idea central da confusión existencial e a inseguridade de ser.

- Luís Alonso Girgado, “Unha creación polifónica”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 4 decembro 2002, p. 54.

Considera *Fabulario novo* un fito na lírica galega do século XX, portador no seu momento dunha nova sensibilidade que callará co tempo na chamada Escola da Tebra, aínda que no

ano 1952 en que se publicou pasase un pouco desapercibido. Lembra que Manuel Cuña Novás “naceu á poesía” na Pontevedra dos anos 50, formando parte do grupo creado arredor da colección Benito Soto de poesía. Analiza, por fin, o poemario, que vai do vangardismo lúdico ao ton existencial e angustiado.




Referencias varias:

- Xosé Miguel Vidarte Ramos, “La Voz entrega mañá ‘Fabulario novo’, do pontevedrés Manuel Cuña Novás”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 4 decembro 2002, p. 54.

Repasa a biografía de Cuña Novás, incluíndo a súa estancia parisina e a súa bibliografía, desde as súas publicacións iniciais en revistas ou xornais como *Sonata Gallega*, *Finisterre*, *Litoral* e *El Pueblo Gallego* ata os poemarios en formato libro. Afirma que a aparición de *Fabulario novo* sinala a aparición da corrente denominada Escola da Tebra e fala da influencia apuntada polos críticos do existencialismo, a lírica medieval e autores como Neruda, Aleixandre, Bouza Brey e Cunqueiro.

Curros Enríquez, Manuel, *Aires da miña terra*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 5, 2002, 164 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-91-1) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-502-2).

Reedición da obra de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908) *Aires da miña terra*, publicada por primeira vez en Ourense no ano 1880, e pola que foi censurado, procesado, e, finalmente, absolto polas autoridades civís. O libro recolle trinta e catro poemas nos que Curros expresa o seu compromiso coa causa dos oprimidos desde unha posición galeguista, progresista e republicana. Tamén se distinguen outras liñas temáticas como a sociopolítica (denuncia da condición dos labregos e da emigración, as críticas á Igrexa, e á monarquía,etc.), a intimista (poemas elexíacos á morte da nai e do fillo) e a costumista, na que recolle tipos e costumes populares.

Recensións:

- Elisardo López Varela, “O libro de Curros Enríquez ‘Aires da miña terra’ mañá con La Voz de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 marzo 2002, p. 59.

Céntrase no primeiro momento da publicación de *Aires da miña terra*, no que a censura e o proceso xudicial ao que se viu sometido o poeta de Celanova lle deron unha resonancia que non agardaba e que fixo que a obra se esgotase en quince días. Sinálase que a non tolerancia do poder do momento á crítica e á liberdade de expresión levouno a considerar como ataques ao culto da relixión católica os poemas “Mirando ó chau”, “Pelegrinos a Roma” e “A igrexa fría”. Tamén se alude á temática da obra da que se salienta o seu carácter social e político, a defensa da lingua, a denuncia da emigración e do caciquismo, así como as críticas á igrexa e á monarquía, sen excluír os poemas de corte intimista. Remata lembrando os poemas “A Virxe do Cristal”, “Unha boda en Einibó” e “O gaiteiro”, gañadores do Certame poético de Ourense de 1877 e que lle deron máis sona ao autor. En cadro á parte destácase o ton reivindicativo da obra e a súa popularidade.

Referencias varias:

-Manuel Forcadela, “Rebelde e realista”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 11 marzo 2002, p. 59.

Ofrécese un breve percorrido vital de Manuel Curros Enríquez, considerado o “modelo galego de poeta realista”, desde a súa fuxida da casa paterna sendo un adolescente, a súa estadía en Madrid ou a súa volta a Ourense, onde publicará a súa obra *Aires da miña terra* (1880). Alude aos seus problemas coa Igrexa, aos seus problemas matrimoniais e a súa emigración a Cuba en 1894, onde morre en 1908.

-Olga Patiño, “O latexar do poeta”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 11 marzo 2002, p. 59.

Asocia a figura esculpida nos xardíns Méndez Núñez da Coruña cos xogos da súa nenez. Do poeta celanovés destaca a vixencia da súa “conciencia certeira galega”, así como o seu compromiso cos marxinados moi presente nesta obra. Considera que o momento que lle tocou vivir a Curros lle serve de fonte de inspiración para poñer de manifesto o seu compromiso ideolóxico cos asoballados e o seu carácter loitador.

Díaz Castro, Xosé María, *Nimbos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 38, 2002, 91 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-017-0) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-516-2).

Único poemario de Xosé María Díaz Castro (Guitiriz, 1914-Lugo, 1990), reeditado, nesta ocasión, por *La Voz de Galicia* e Galaxia, na súa colección "Biblioteca Galega 120" e publicado por vez primeira no ano 1961 pola editorial Galaxia. Na obra, Díaz Castro recorre, con frecuencia, ao contraste entre luz e sombra e desprende un ton de desesperanza, dor e morte, que se fai patente pola presencia constante da noite. Así mesmo, podemos dicir que en *Nimbos* aparecen poemas que tratan da fidelidade á terra, das raíces, do tempo, da morte, do home ou da apertura a Deus, entre outros moitos aspectos. Para rematar, cómpre engadir que o libro consta de trinta e dous poemas breves agrupados en sete apartados titulados "Pórtico", "Noite", "Lus", "Espranza", "Milagre", "Soño" e "Ferida". A obra finaliza cun vocabulario galego-castelán.

Recensións:

- Alfonso Blanco Torrado, “O poemario de Díaz Castro ‘Nimbos’, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 maio 2002, p. 29.

Anúnciase a entrega da obra de Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*, co exemplar de *La Voz de Galicia*. Afírmase que o único poemario do autor de Guitiriz emprega como eixe da súa creación “a memoria da infancia, a fidelidade á Terra, ó paraíso que non quería perder: as raíces”. Coméntase, así mesmo, que os temas fundamentais da obra son o tempo, a terra, a morte, o home e a apertura ao Outro. Para rematar, reproduce unhas palabras de Otero Pedrayo ao ler *Nimbos*: “a pura unidade do libro solo pode ser reflexo da unidade dun vivire”.

Referencias varias:

- Raul Río Díaz, “O Ulises dos Vilares”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 29 maio 2002, p. 29.

Nota na que se alude ao poemario *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro. Ofrécese un breve perfil biográfico do autor e afírmase que era un home sinxelo e bo conversador, ao que non lle gustaban as gabanzas nin as homenaxes, porque dicía que o que fixera non tiña importancia, que simplemente se dedicara a xogar coas palabras e que empezara a escribir para levar á literatura a fala da súa obra.

-Xaime da Pena, “Mística e compromiso”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 29 maio 2002, p. 29.

Con motivo da reedición de *Nimbos*, de Díaz Castro, afírmase que a súa poesía “xira arredor da inspiración mística e o compromiso social do poeta ca súa terra”. Trátase, así mesmo, dun escritor “apegado á Galicia máis profunda, con unha linguaxe sinxela e enxebre, doada de escribir, segundo o poeta, e de ler”. Para rematar, cítanse algúns amigos de Díaz Castro como Iglesia Alvariño, Fole, Pimentel, Novoneyra ou Carballo Calero.

Ferreiro, Celso Emilio, *Longa noite de pedra*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 40, 2002, 115 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-026-X) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-792-5).

❽☝♋❒♦♋ ↑ ❍♓⇧♋ ❍◆●●♏❒❾🕭 ❽☟♏⬧♦♏❒❒☐❾☽🕭 ♋
☐♏❒⬧♏♍◆♍♓⇔■ ♓♳♏☐●⇔☒♓♍♋ ♏ ●♓■♑✓🡿⬧♦♓♍♋ ☎❽❄♏❍☐☐
♳♏ ♍♒☐❒♋❒❾🕭 ❽☟♏♓♦♋♳☐ ➚❒♏■♦♏ ♋☐ ❍♋❒🕬🕬🕬❾☽🕭 ♋
➚♋❍♏ ♏ ♋ ♓■☒◆⬧♦♋ ♳♓⬧♦❒♓♌◆♍♓⇔■ ♳♋ ❒♓❑◆♏⌘♋ ❑◆♏
⬧☐♌❒♏❖♏◆ ♦❒♋⬧ ♋ ☝◆♏❒❒♋ ☃♓❖♓● ☎❽✞■ ☐❒☐♌♏ ☐☐●♋
❒▫♋ ♳♋ ♍♓♳♋♳♏❾🕭 ❽💣☐■⇔●☐♑☐ ♳☐ ❖♏●●☐
♦❒♋♌♋●●♋♳☐❒❾🕬 ❽☃♓❍♏■♦♏❒♓☐ ♳♋ ♍♓♳↑❾☽🕭 ♏♦♍🕬
🏳◆♦❒☐⬧ ☐☐♏❍♋⬧ ♏☒☐❒♏⬧♋■ ♋ ⬧☐●♓♳♋❒♓♏♳♋♳♏ ♍☐⬧ ❑◆♏
⬧☐➚❒♏■ ☎❽✋■❖♏❒■☐❾🕭 ❽✋❒❍♋◆⬧❾🕭 ❽☠☐♓♦♏♌☐♋ ♏■
☤♋❒●♏❍❾☽🕭 ♏ ♒♋♓ ♦♋❍↑■ ●◆♑♋❒ ☐♋❒♋ ♋ ♏⬧☐♏❒♋■⌘♋
♏■♦❒♏ ♋ ☐❒☐♦♏⬧♦♋ ♏ ☐ ♍♋■♦☐ ↑ ❒♏⬧♓⬧♦♏■♍♓♋
☎❽✌♓❒♏ ☐◆❒☐❾🕭 ❽☜⬧☐❒♋■⌘♋❾🕭 ❽✞■♒♋ ❖♏⌘❾☽🕬




Referencias varias:

- Millán Picouto, “Sinceridade”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 14 maio 2002, p. 30.

Fálase do contido e forma de *Longa noite de pedra*, afírmase que o éxito da obra reside na “virtude de comunicación duns temas con-sabidos nun ton con-sentido por unha minoría”, e sinálase que Celso Emilio incorre en certa inxustiza con Goethe (en referencia a un poema satírico que se reproduce ao final do libro).

- Ramón Chao, "*Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, mañá con La Voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 maio 2002, p. 30.

O escritor Ramón Chao achega neste artigo anécdotas e lembranzas da súa amizade con Celso Emilio Ferreiro, perfilando así a súa personalidade. En columna á parte, dise que o libro supuxo unha "afortunada" metáfora da dictadura e que a crítica subliña a vixencia de *Longa noite de pedra* corenta anos despois de ter aparecido.

-Rodri García, "Palabras prestadas", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 14 maio 2002, p. 30.

Pedíndolle "as palabras prestadas" a Celso Emilio Ferreiro, recolle o xornalista anacos de poemas do autor que serían representativos do conxunto que agora reedita *La Voz de Galicia*.

Franco Grande, Xosé Luís, *Entre o si e o non*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 45, 2002, 110 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9737-074-X) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-561-8).

♓♋♌□❒❒♑♌♏● ♋■♑◆❒♓♋ ❑◆♏ ♏⬧♦♓♑♋♋♦♓⌘♋ ♦□♎□ □
◘□♏♋♋❒♓□♤ ◆■♒♋ ♋■♑◆❒♓♋ ♍□♋◘♋❒♑♌♏● ↑ ♎♏
☼□⬧♋●◤♋ ♎♏ ☝♋⬧♦❒□♤ ♐♓♑◆❒♋ ♍□♋ ❑◆♏ ⬧♏ ❖♏
♓♎♏■♦♓♐♓♍♋♎□ □ ◘❒□◘♓□ ◘□♏♦♋♤ ♦♋● ♏ ♍□♋◘□ ♎♑ ♋
♍□⇧♏♍♏❒ ♏● ♋♏⬧♋□ ■♋ ◘♏■▫●♦♓♋♋ ◘□♏⬧◤♋
☎❽☼□⬧♋●◤♋❾◑📣




Recensións:

- Armando Requeixo, “La Voz entrega mañá o poemario de Xosé Luís Franco Grande ‘Entre o si e o non”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 novembro 2002, p. 55.

Comenta Armando Requeixo cómo a recepción do poemario *Entre o si e o non*, de Franco Grande, nun contexto en que predominaba a poesía social, non foi moi favorábel, pois trátase dunha lírica ligada ao intimismo e á indagación ontolóxica. Finalmente, cualifica *Entre o si e o non* de “clásico” e sitúao á par dos mellores froitos de autores clave na literatura universal como Rilke, Kavafis, Machado, Cernuda, Pessoa ou Rosalía de Castro.

- Salvador García-Bodaño, “Das fonduras do ser”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 4 novembro 2002, p. 55.

Considerando o poemario de Franco Grande que agora reedita *La Voz* dentro dunha "tendencia metafísica de reflexión existencial", García-Bodaño explica o título do mesmo para despois examinar o contido e a forma das composicións que nel aparecen. Refírese tamén ao labor de Ramón Piñeiro como fundador na Galicia da altura dunha corrente a favor da intuición como método de coñecemento do ser, pensamento que influenciou claramente ao autor comentado.

- Vicente Araguas, "Xa temos idade", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 4 novembro 2002, p. 55.




O escritor Vicente Araguas comeza por sinalar que “o mundiño cultural galego” aínda non estaba preparado en 1967, data da publicación de *Entre o si e o non*, “para este tipo de libros”, e por iso non foi ben acollido a pesar de ter recibido o Premio Nacional de Poesía Rosalía de Castro. Por outra parte, comenta a musicalidade da obra, que contén segundo indica unha referencia á canción “Non ho l’etá”, interpretada por Gigliona Cinquetti.

Referencias varias:

-B.R. Sotelino. “A creación literaria está nun momento de vulgaridade total”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 novembro 2002, p. 54.

O entrevistador, despois de facer uns apuntes acerca dos sucesos máis senlleiros da traxectoria biográfica de Franco Grande, céntrase na entrevista comezando por ofrecer información relativa á obra *Entre o si e o no*, da que destaca as consecuencias do paso do tempo entre a súa primeira publicación (en 1967) e a actualidade, así como a dedicación do escritor á poesía. Falando da cultura galega, comenta que se atopa nun momento de baixa calidade e amósase contrario a moitas das iniciativas emprendidas na actualidade. Finalmente, dáse a coñecer a actitude que ten o escritor cara á lectura e a súa propia escritura.

García-Bodaño, Salvador, *Ao pé de cada hora*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 46, 2002, 97 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-036-7) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-527-8).❿

Esta nova edición da obra de Salvador García-Bodaño (Teis-Vigo, 1935), *Ao pé de cada hora* (1967), ábrese cunha nota autorial na que se explica que este libro de poemas foi impreso gracias ao entusiasmo e amizade de Carlos Casares e Francisco Xabier Carro, así como cunha cita hológrafa de Salvador Espriu, que pode considerarse unha declaración de intencións poéticas. A seguir, Ramón Piñeiro asina un limiar, no que sinala que foi coñecendo os textos deste poemario segundo saían do pulo creador que lles ía dando vida e forma e refírese á austeridade da súa publicación. Asemade, fai certos comentarios sobre este poemario de García-Bodaño e apunta que "el escribe cada poema concentrando todo o espírito na vivencia emotiva e toda a atención na procura da fidelidade expresiva", ademais de citar os temas tratados nestes poemas que cualifica de "poesía verdadeira". O volume estructúrase en catro seccións tituladas –"Oracións para os vosos nomes", "Pregoeira de ledicia", "O teu corpo florido" e "Ausencia e noiva baixo as raíces"–, que van introducidas polo poema "Galicia", no que se recollen os pensamentos e sentimentos que lle provocan ao

suxeito enunciador a cuestión nacional. Temática e pragmaticamente, as citadas catro partes poden estructurarse internamente en dúas: unha primeira, que acolle “Oracións para os novos nomes”, na que se lembran e laian as perdas de personaxes da cultura galega como Rosalía de Castro, Alexandre Bóveda, Ramón Cabanillas, Carlos Maside e incluso a perda privada do pai do autor; e unha segunda, que abranguería as tres restantes partes, que constitúen unha manifestación da lírica amorosa, que traza un itinerario narrativo que pasa por diversas etapas en función da situación da relación á que se atenda: coñecemento, namoramento, relación ou desengano.




Recensións:

- Iria Sobrino Freire, “Traballo da memoria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xullo 2002, p. 27.

Breve comentario sobre a obra *Ao pé de cada hora*, de Salvador García-Bodaño, na que o eu vai construíndo unha historia colectiva, evocada a través dunha serie de elexías dirixidas a figuras ilustres da cultura galega e unha historia individual, conformada polos sucesivos episodios dunha experiencia amorosa. Puntualiza que a memoria actúa como “forza activa,

creadora de significado” e que esta obra se ofrece como “resultado desta aproximación reflexiva ó mundo interior e exterior do falante”.




Referencias varias:

- Concha Pino, “Escollín unha poesía intimista amorosa na que a muller é un complemento existencial”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xullo 2002, p. 26.

Nesta entrevista, Salvador García-Bodaño expón que o seu poemario, *Ao pé de cada hora*, rompeu coas barreiras da poesía tradicional, que foi algo moi habitual da súa xeración dos 50, na que os seus integrantes abriron camiños diferentes e el escolleu o dunha poesía intimista de signo amoroso. Refírese á súa xeración, coñecida como a das Festas Minervais, e fala da súa sensibilización diante do tempo que está manifesta tanto en *Ao pé de cada hora* coma en *Tempo de Compostela* e *As palabras e os días*, entre outra producción máis. Alude a outro dos elementos constantes da súa obra, cita os seus títulos e considera que o importante non é presentar “un palleiro de poemas”. Asemade, fala do momento que está a vivir a poesía galega e afirma que a literatura de hoxe está moi mercantilizada.

- M. Rodríguez, “Mentira”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xullo 2002, p. 27.

A partir dos versos de *Ao pé de cada hora*, de Salvador García-Bodaño, fai unha serie de consideracións polas que estima que é mentira que o amor morrese.

- Xavier Carro, “O poemario ‘Ao pé de cada hora’, de García-Bodaño, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xullo 2002, p. 27.




Faise eco da nova edición dun dos “libros máis fermosos e importantes da nosa lírica de posguerra”, *Ao pé de cada hora* (1967), de Salvador García-Bodaño, que, segundo Arcadio López-Casanova, inauguraba “o primeiro cancioneiro moderno que mostraba unha historia amorosa”. Sinala que esta obra mostra unha maneira nova de poetizar a patria negada, mitificada desde a vivencia duns homes que conformaban o imaxinario galeguista do autor. Tamén indica que se editou gracias ao seu entusiasmo e o de Carlos Casares e que tivo moi pouca repercusión, ademais de facer outros comentarios sobre este poemario, que presenta o amor como eixe cosmovisionario dos poemas que o conforman.

García-Bodaño, Salvador, *Ao pé de cada hora/Tempo de Compostela*, ed. Iria Sobrino Freire, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 52, 2002, 175 pp. (ISBN: 84-8302-835-2).

Compílanse as edicións definitivas de *Ao pé de cada hora* (1967) e de *Tempo de Compostela* (1978). Esta edición foi elaborada a partir dos textos publicados no volume *Obra poética* (A Coruña, Espiral Maior, 1993) e revisada polo propio autor que considerou oportuno introducir cambios, especialmente no aspecto lingüístico, nun intento de someterse á normativa estándar. Inclúe, ademais, unha introducción aos textos de Salvador García-Bodaño (Teis, Vigo,1935) na que se recollen os datos biográficos fundamentais do escritor, mostrando especial fincapé no feito de ser membro activo de numerosas institucións. Seguidamente, reconstrúese o contexto histórico-cultural no que ten lugar a súa producción, inserido na "Xeración das Festas Minervais". Achégase un estudio pormenorizado de ámbalas dúas obras atendendo á súa disposición, ás liñas temáticas, á importancia dalgúns poemas e aos recursos dos que se serve para transmitir as distintas sensacións que se

desprenden no poemario. A introducción complétase cunha análise lingüística e unha bibliografía básica, tanto activa coma pasiva e, finalmente, inclúese un glosario de voces.




Recensións:

- Xavier Castro R., “Unha reedición fundamental e clásica de dous poemarios de García-Bodaño”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 6 outubro 2002, p. 4.

Despois de salientar o lugar que ocupa Salvador García-Bodaño dentro da lírica galega, céntrase na reedición de dous poemarios fundamentais da súa producción da man de Iria Sobrino para a colección “Biblioteca das Letras Galegas” de Edicións Xerais de Galicia. Sinala que en *Ao pé de cada hora*, se presenta como unha miscelánea de poemas caracterizados pola presencia da terra a través das figuras de persoeiros da cultura galega como Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro ou Luís Pimentel, e da lírica amorosa. De *Tempo de Compostela* salienta que é unha homenaxe á cidade desde a perspectiva do tempo e da historia.

- Armando Requeixo, “Tempo de García Bodaño”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 19, “Libros”, 21 novembro 2002, p. 4.

Comeza indicando a disposición que presenta a edición definitiva de *Ao pé de cada hora/Tempo de Compostela* e achega a súa boa opinión sobre o estudio realizado pola editora. Destaca a compensación do traballo, así como a boa comuñón entre a información e os apuntamentos técnicos. Resalta algún punto feble como pode ser unha escasa biografía, a falta dunha explicación razoábel sobre os motivos que levaron a García-Bodaño a non corrixir certas voces, ou o curto glosario final. Con todo, entende que esta nova edición é proveitosa e necesaria.

- Vicente Araguas, “García-Bodaño, poeta con vitola de clásico”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, 17 novembro 2002, p. 3.




Comenta que a incursión de García-Bodaño dentro da colección “Biblioteca das Letras Galegas” achégao á consideración dun clásico da nosa literatura. Entende que este recoñecemento chegoulle tarde por motivo da introducción da poesía erótica en *Ao pé de*

cada hora (1967), liña pouco comprensíbel naquel momento. O certo é que esta veta, existente no poemario, eclipsou aquela máis comprometida coa realidade galega e quedou relegado a un segundo plano, por iso entende que é o momento de facerlle xustiza.




Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, 7 novembro 2002, p. VII.

Ver Quiroga, Carlos, *A Espera Crepuscular. (Viagem ao Cabo Nom. 1)* no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

- Manuel Vidal Villaverde, “Hora e Tempo en García-Bodaño”, *Atlántico Diario*, 3 novembro 2002, p. 47.

Presentación da reedición das dúas obras *Ao pé de cada hora/Tempo de Compostela*, de Salvador García Bodaño nun volume editado na colección “Biblioteca das Letras Galegas”

de Xerais. Dise ademais, do seu contido, que é un poemario que pretende desprender expresividade a través dunha linguaxe íntima e persoal a pesar do paso dos anos, e que os homes foron revisados polo propio autor.








González Garcés, Miguel, *Poesía galega*, A Coruña: La Voz de Galicia/Edicións Espiral Maior, col. Biblioteca Galega 120, nº 67, 2002, 107 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-027-8) (ISBN de Edicións Espiral Maior: 84-8302-791-7).

Obra de Miguel González Garcés (A Coruña, 1916-1989) estructurada en seis apartados, cada un dos cales recolle varios poemas breves, todos con título e ano ao que pertencen, e que se atopan entre o 1961 e o 1989, agás o sexto que recolle varios poemas inéditos. Poesía galega parece mostrar xa o estilo consolidado do seu autor. Persegue o encontro coa beleza, unha beleza que debuxa de forma ideal. Parece abraiarse con cada ollada ao mundo, ás pezas que o compoñen, o natural e o humano.

Recensións:

- Carlos López, “A lírica de González Garcés, en La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 maio 2002, p. 34.

Achegamento a *Poesía Galega*, de Miguel González Garcés, da que comeza destacando a súa técnica depuradísima derivada da ampla formación literaria e cultural do autor. Considera que carente da "enerxía da paixón", o poemario *Claridade en que a tentas me persigo* (1977) supuxo un punto de inflexión na súa producción, e no que se agocha un sentimento desbocado que dá páxinas de "feroz erotismo". Remata sinalando que este libro será unha revelación para os que se acheguen a el por primeira vez.

- Xulio López Valcárcel, "Luminosidade", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 12 maio 2002, p. 34.




Diferencia na *Poesía galega*, de Miguel González Garcés dúas actitudes: a de angustiado e a de vitalista, sendo esta segunda a que predomina. Considera que sobrepóndose aos propios dramas Garcés ofrece unha poesía “luminosa e profunda”, caracterizada pola recreación sensorial, especialmente da vista e a captación dos cambios da paisaxe. Compara a súa estética “expresionista” coa pintura de Monet. Tamén destaca a súa melomanía, reflectida no ton, a cadencia, o ritmo ou a musicalidade da palabra en correlación coa da natureza e sinala que, no momento da súa escrita, debido á situación

política acadaron éxito outras tendencias malia que co paso do tempo se valora cada vez máis a súa obra.




Referencias varias:

- Laura González-Garcés Santiso, “Un sentido de vida”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 12 maio 2002, p. 34.

A filla de González Garcés considera que a poesía de seu pai non é suficientemente coñecida nin valorada, malia a saída de obras como *Miguel González Garcés. Poesía galega*, de Xulio López Valcárcel, e *Poesía*, en edición de Luciano Rodríguez. Sinala que están pendentes de publicación os artigos que o poeta escribiu en *La Voz de Galicia*. Alude ás diversas facetas culturais que desenvolveu durante a vida e salienta a súa ampla cultura, así como o seu espírito independente e o afán de liberdade. Destaca tamén o gran sentido do humor, da familia ou da amizade que tiña e agradece a súa actitude ante a vida.

Graña, Bernardino, *Profecía do mar*, prólogo de X. M. Millán Otero, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 44, 2002, 91 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-049-9) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-8433).

súas obras, á crítica e ao obxectivo deste poemario e un comentario de “A febre no mar” publicado en *El Correo Gallego* o 6 de maio de 1993.




Recensións:

- Xosé M. Millán Otero, “La Voz ofrece mañá a lírica vitalista do poemario “Profecía do mar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 agosto 2002, p. 36.

Comeza referíndose ao panorama poético galego dos anos sesenta no que confluían dúas tendencias poéticas fundamentais: o intimismo radical de corte existencialista e o social-realismo, o primeiro influencia de Luís Pimentel e a escola da tebra e o segundo inaugurado por Manuel María e Celso Emilio Ferreiro, ante os que considera que se ergue como un canto de esperanza *Profecía do mar* en 1966. Cualifica esta poesía como “da materia, da enerxía e do dinamismo, poesía das augas e dos seres que as habitan”. Sinala que na tensión dialéctica de destrucción e creación que se establece, o ser humano vese reducido á dimensión dunha criatura máis, pero enfrontándose ao mar adquire “a estatura épica dos mariñeiros do mar de Vigo”. Apunta que no mundo mariñeiro é onde se integra Bernardino

Graña para reflectilo na súa poesía, na que emprega un vocabulario rico, de extraordinaria musicalidade e efectos fonosimbólicos. Remata chamando a atención sobre a innovación que presenta a obra tanto temática coma formalmente.




Referencias varias

-Antonio Sánchez, “Mensaxe nunha botella”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 7 agosto 2002, p. 36.

Ofrece unha sucinta aproximación aos temas de *Profecía do mar*, de Bernardino Graña, ao que considera “un libro orgánico e telúrico, mesmo de carácter ecolóxico, que desde Galicia proxecta a cada rincón dos mares unha luz poética”, “o eco da memoria”.

-Camilo Franco, “Non creo no verso libre, no poema ten que haber ritmo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 agosto 2002, p. 35.

Entrevista a Bernardino Graña sobre o seu poemario *Profecía do mar*. Lembra cómo xurdiu e foi aceptado nun primeiro momento. Refírese tamén ao comentario que sobre a crítica fixo no prólogo dunha das edicións, e reflexiona sobre a situación desta hoxe. Subliña a intención destes versos e o significado dos personaxes que neles aparecen. En canto á forma, destaca o papel do ritmo. Finalmente achega a súa concepción do mar, lamentando que se estea a converter nun "negocio".

- Xerardo Dasairas, "Profecía ecolóxica", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 7 agosto 2002, p. 36.

Despois de destacar a importancia de Cangas e do universo mariño para Bernardino Graña, refírese ás claves temáticas de *Profecía do mar* e á imaxe que do mar se achega. Sinala, ademais, que estes versos representan unha "transmisión de valores", entre os que está a "conciencia ecolóxica".

Iglesia Alvariño, Aquilino, *Cómaros verdes*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 26, 2002, 118 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-029-4) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-813-1).⓾

Nova edición desta relevante obra da literatura galega de Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane-Abadín, 1909-Santiago de Compostela, 1961), publicada por vez primeira en 1947. Esta edición parte dos textos fixados por Xesús Alonso Montero na edición de *Aquilino Iglesia Alvariño. Poesía galega completa*, que fora publicada por Edicións Xerais de Galicia no ano 1986. Trátase dun volume heteroxéneo en canto a estilo e temas, aínda que a natureza e a paisaxe teñan unha gran presencia, que acolle poemas escritos entre 1932 e 1947. Divídese en cinco seccións de distinta amplitude: “E eu vou namorado”, “O pastor das horas”, “Nenias”, que contén composicións elexíacas que levan por título o nome de ilustres poetas como Pondal ou Rosalía, “Cabrifollos e oucas” e “Versións”, na que tan só se achega un poema inédito. Nas composicións rastréxase por desigual a pegada de distintas tendencias, entre elas o hilozoísmo, o neotrobadorismo, o clasicismo e elementos populares. Destaca tamén pola voz poética plural e a riqueza léxica.

Recensións:

-Luciano Rodríguez, “Aquilino Iglesia supera a guerra cos poemas recollidos en *Cómaros verdes*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xuño 2002, p. 52.

Achégase ao contido de *Cómaros verdes* sinalando, en primeiro lugar que é acumulativo e non ten carácter unitario por estar escrito ao longo de tres lustros. Sinala que as dúas primeiras seccións conteñen poemas escritos nos anos 30 moi próximos aos de obras como *Señardá* (1930) e *Corazón ao vento* (1932), mentres que da terceira parte sinala que é unha poesía homenaxística-elexíaca, para rematar cos poemas máis persoais nos que Aquilino Iglesia Alvariño se achega ao mundo clásico e baixo a forma do hendecasílabo. Conclúe que este volume supón “a primeira madurez poética do seu autor”, que logo seguirá con *Se día a día*, *Lanza de soledá* e *Nenias*, á vez que o encadra na “escola paisaxísticamindoniense” e na xeración de Álvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro. Remata salientando a súa faceta de traductor. En columna á parte resáltase o argumento da obra, ofrécense algúns datos sobre o autor e anúnciase a súa saída co xornal *La Voz de Galicia*.

Referencias varias:

-Asociación Aquilino Iglesia, “Linguaxe e traducción”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 10 xuño 2002, p. 52.

Ademais de facer unha breve achega biográfica, tamén se pon de manifesto a relevancia de Aquilino Iglesia Alvariño e a súa estreita relación coa terra natal. Por outro lado, faise referencia á asociación que leva o seu nome, aos seus obxectivos e actividades.

-María do Carme Ríos Panisse, “Amor á palabra”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 10 xuño 2002, p. 52.

Laudatio de Aquilino Iglesia Alvariño, que fora profesor da articulista, de quen destaca a súa pegada do que chama “profesor-eixe”e “rebuscador da palabra”. Para referirse á súa escrita colle un fragmento de Cunqueiro no que fala do poder da palabra e da súa maleabilidade. Remata mostrando a súa ledicia por esta reedición.

Leiras Pulpeiro, Manuel, *Cantares Gallegos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 12, 2002, 110 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-003-0) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-505-7).❿

Entrega nesta colección da única obra publicada en vida de Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912) no ano 1911. Esta obra homónima do poemario rosaliano é unha achega culta ao cantar popular galego. Leiras Pulpeiro amosa un amplo dominio do léxico campesiño neste mundo en coplas, todas elas de catro versos, que presentan ademais da filosofía propia do pobo, outras temáticas de índole amorosa e mesmo social e anticlerical a través das súas páxinas.

Referencias varias:

- Antonio Carro Fernández-Valmayor, “Insigne masón”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 1 maio 2002, p. 31.

Antonio Carro afirma que poucos exemplos de humanismo houbo en Galicia coma o de Leiras Pulpeiro. Lembra as palabras de Antón Vilar Ponte que definía o poeta como "venerable cantor" de Galicia. Sostén que na obra deste autor se defende a liberdade persoal do home e da muller do seu tempo por riba do sectarismo relixioso, a emigración e o caciquismo que dominaban a realidade galega do seu tempo. Remata recordando que o seu enterro foi unha das manifestacións laicas máis multitudinarias de Galicia.

- Antonio Meilán, "A mellor obra de Leiras Pulpeiro, 'Cantares Gallegos', mañá con La Voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 maio 2002, p. 31.




Neste artigo lémbrase a figura dun home que naceu, viviu e morreu en Mondoñedo, onde exerceu a profesión de médico, pero tamén onde destacou como poeta, masón e militante do Partido Republicano Federal. Destácase así mesmo o seu anticlericalismo nunha cidade bispal. No tocante á súa faceta creativa Antonio Meilán relaciónaa directamente co seu traballo como médico, onde aprecia as inxustizas sociais que despois levará á súa obra.

Resalta tamén que o contacto de Leiras Pulpeiro cos labregos da zona axudoulle a perfeccionar a súa fala.

- Xosé María Palacios, “Un clandestino”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 1 maio 2002, p. 31.

O xornalista conta a anécdota de cómo un amigo seu cando chegou a República lle foi anunciar este acontecemento á tumba de Leiras Pulpeiro. Tamén se fala do seu epitafio: “un home que amou a verdade e practicou o ben”. Despois fala da súa obra, non moi abundante, pero que recolle fielmente as falas populares e lamenta que esta non teña transcendido o suficiente.

López-Casanova, Arcadio, *Mesteres*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 53, 2002, 98 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-081-2) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-878-6).

Nova edición dun dos poemarios considerados fundamentais por marcar a renovación simbólica da poesía galega en 1976, ano no que foi publicado en edición bilingüe pola editorial valenciana Lindes. A esta primeira edición seguiríalle unha segunda publicada por Vía Láctea no ano 1987 e unha terceira de carácter crítico que sacou do prelo Edicións Xerais de Galicia no ano 1999. A presente edición, que corresponde ao número 53 da colección "Biblioteca Galega 120", toma os textos fixados na edición da editora olívica. Este volume de Arcadio López Casanova (Lugo, 1942) intégrano un conxunto de composicións poéticas protagonizadas polo exilio, a morte, a infancia labrega, a desposesión ou a metapoesía, cun "eu lírico" introspectivo que emprega unha linguaxe selecta coa que se interroga a si mesmo e ao lector. Destaca a pretensión por parte do poeta de recuperar e actualizar as formas poéticas galegas, botando man da tradición literaria e da literatura popular e medieval.

Referencias varias:

-Camilo Fernández Valdehorras, “A palabra edificante”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 11 decembro 2002, p. 53.

Céntrase Camilo Fernández Valdehorras no carácter metafísico da poesía de Arcadio López Casanova, ao que encadra dentro da denominada xeración do 68 ou da Transición. Canto a *Mesteres* , libro que é reeditado agora na colección “Biblioteca Galega 120”, cualifícao de “reacción neorromántica” perante o dominio do socialrrealismo nos anos 70, época en que apareceu publicado por vez primeira.

- Rodri García, “A vivencia que percorre toda a miña poesía é a dunha desfeita”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 decembro 2002, p. 54.

Introduce esta conversa co teórico da literatura, crítico e poeta Arcadio López Casanova, unha presentación biobibliográfica. A entrevista coincide coa reedición por *La Voz de Galicia* do libro *Mesteres*, que xa na década dos setenta, como recoñece o escritor, marcara un

cambio con respecto á poesía social daquela imperante. Así, López Casanova detense a comentar algúns aspectos desta obra, que segundo el é un “símbolo do exilio”. Reflexiona tamén sobre o feito literario e o futuro da lírica e dos restantes xéneros. Por último, e en columna á parte, faise referencia ao *Diccionario metodolóxico de análise literaria* (2001) do que o mesmo López Casanova é autor.




- Román Raña, “Mesteres’ incorpórase mañá á Biblioteca 120 de La Voz de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 decembro 2002, p. 53.

Presentación da reedición de *Mesteres*, poemario de Arcadio López-Casanova do que se salienta, entre outras “virtudes”, o uso de técnicas propias da oralidade. Dise tamén que o ton destes versos é de desamparo, seguindo así unha tradición lírica iniciada con *Lanza de soledá* (1961), de Aquilino Iglesia Alvariño.

-Victorino Pérez, “Unha poesía coral”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 11 decembro 2002, p. 53.

Tras situar ao autor de *Mesteres* na xeración de Bernardino Graña, Salvador García Bodaño e Carlos Casares, analízase sucintamente a arte poética de Arcadio López Casanova no seu conxunto. Do libro agora reeditado coméntase que trata o tema do exilio e que establece un diálogo entre o eu lírico e a voz do pobo.





Manuel Antonio, *De catro a catro*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 17, 2002, 85 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-006-5) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-506-5).

Trátase da reedición da única obra aparecida en vida do malogrado poeta Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930), tomando os textos fixados por Helena González Fernández para a edición do poemario pola Editorial Galaxia en 1998. *De catro a catro* tiña sido publicado por vez primeira en 1928 (Editorial Nós), constituíndo daquela –como aínda agora– unha das máis notábeis mostras de renovación poética da historia da nosa literatura. Froito dunha adaptación persoal do espírito e a estética de vangarda, nomeadamente dos movementos creacionista e ultraísta, estas composicións que levan por subtítulo *Follas sin data dun diario d'abordo* configuran un conxunto unitario. O suxeito lírico que sustenta a voz dos poemas eríxese en protagonista e relator á vez dunha travesía ao mesmo tempo externa (marítima) e interna (ontolóxica), remitindo a primeira á segunda a través da perfilada rede de símbolos articulada na obra. O libro pode ser dividido en tres partes: partida, singradura (con a penasdúas "recaladas" en porto) e regreso a terra. É frecuente atopar nestes saudosos versos xogos de palabras, presencia de estranxeirismos, disposicións tipográficas innovadoras, etc.

Recensións:

- Félix Casal, “Experiencia única”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 22 abril 2002, p. 53.

Comentario que se inicia coa alusión á dificultade que entraña a lectura do poemario *De catro a catro*, de Manuel Antonio. Para rebater tal apreciación propón diferentes claves de lectura tentando convencer o lector de que non teña o afán de querer facer dela o que non é, como ocorreu moitas veces, non deixándose levar pola súa lectura na “viaxe inmóbil” que nos propón. Sinala que tampouco debemos buscar un significado oculto nas súas metáforas, senón achegarnos ao superficial que xa nos leva ao máis fondo, posto que ve a mestura das voces poéticas co barco e co mundo como anacos “dun corpo inmenso”, no que son vasos comunicantes a terra, o mar e o ceo. Fala das sensacións que pode experimentar o lector ante esta obra “única” na literatura galega. Finalmente, propón a lectura fragmentada, a escolla ao chou de diversos poemas que sempre nos levarán “de catro a catro” nunha exploración das posibilidades da lingua.

- X. L. Axeitos, “De catro a catro’ unha obra clave da poesía galega, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2002, p. 53.




Comeza sinalando que durante moitos anos a poesía de Manuel Antonio estivo “ancorada na incerteza”, que despois dunha etapa inicial empregou a canle da vangarda para expresar o seu inconformismo e rebeldía, desde a súa independencia persoal. Considera que o mellor froito desta loita individual é *De catro a catro* que fora publicado en 1928 pola imprenta Nós,de Ánxel Casal, aínda que xa saudado epistolarmente por Roxerius, de quen reproduce unhas palabras. Ve nesta obra unha entrega dun mundo mellor do poeta ao seu pobo co que comparte a súa experiencia de busca, a súa visión e o afán de ampliar os horizontes na construcción do país. Remata referíndose á presencia da tradición mariñeira na obra do poeta rianxeiro que mantén “un permanente diálogo con vocación de comuñón universal”. En columna á parte saliéntase desta obra a vontade de renovación e a súa integración na vangarda.

-Xulio Pardo de Neyra, “Luz de Vangarda”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 22 abril 2002, p. 53.

Saliéntase o carácter vangardista de *De catro a catro*, de Manuel Antonio, que ve auspiciada polo maxisterio de Vicente Risco. Fai un percorrido polo fenómeno dos ismos en Galicia, que considera iniciados da man de Correa Calderón en 1917. Alude ao manifesto *¡Máis Alá!*, asinado polo rianxeiro e Cebreiro en 1922, ademais de referirse ao enfrontamento entre “vellos” e “novos”. Destaca que Manuel Antonio se entregou a un sincretismo que fará da súa obra “un dos chanzos obrigados” na análise dos ismos en Galicia, na que a temática mariñeira agocha “unha fundamentación sustentada na teleoloxía futurista”. Remata sobranceando que o labor de Manuel Antonio se dirixía cara á creación dunha “imaxe sinestésica ultraísta e creacionista galega” que buscaba situar a Galicia no “panorama plurivalente das literaturas europeas do momento”.

Manuel María, *Terra Chá*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 30, 2002, 193 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-060-X) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-873-5).❿

Son cento catorce os poemas de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) os que integran esta edición dun dos poemarios máis dinámicos da literatura galega, sendo case sesenta os que a distancian da primeira de 1954 en Edicións Celta. Os engadidos do autor ao longo do tempo foron constantes. Con respecto á edición crítica de X. M.ª Dobarro en Xerais (1989) atopamos catro pezas máis e un limiar do propio Manuel María no que explica a xestación do libro, desde as lecturas de *Do Ermo*, de Noriega Varela, con Uxío Novoneyra durante o servicio militar en 1952, que supuxeron o pulo que levou ao autor a escribir os cincuenta e cinco poemas orixinarios aparecidos na editorial luguesa, ata a obra definitiva, segundo promesa do poeta, desta edición. Sinala tamén no limiar a aparición dalgúns pequenos cambios na estructura do libro así como a aparición de cadansúa nova estrofa en *Poetas da Terra Chá* e *Homenaxe ós poetas da Terra Chá*. Inclúese ademais nesta ocasión o prólogode Ánxel Fole *De par dun poeta*, presente en todas as edicións anteriores agás na de Xerais

(1989), e sen o cal o poemario, segundo deixa patente o de Outeiro de Rei no limiar, “é un libro mutilado”.




Recensións:

- Camilo Gómez Torres, “La Voz entrega mañá *Terra Cha*, un poemario de carácter social e rupturista”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 outubro 2002, p. 45.

O xornalista sinala os comezos de Manuel María na Escola da Tebra, cunha poesía retórica surrealista e engádese que foi a raíz do poemario *Terra Cha* cando o autor racha coa liña citada e afronta unha etapa onde recolle as raíces populares, a naturalidade, a sinxeleza e a problemática do home labrego. Segue comentado que os versos de Manuel María foron adscritos pola crítica ao neovirxilianismo ou ao paisaxismo humanista, e el engade que o poemario está comprometido cunha concepción de Galicia que o fai entroncar directamente co pensamento nacionalista anterior á Guerra Civil.

-Manuel Roca Cendán, “Cincuenta anos do ‘Terra Cha”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 16 outubro 2002, p. 45.

Lembra que o libro *Terra Cha* foi publicado en 1954 pola Editorial Celta de Lugo, sendo o quinto poemario de Manuel María, terceiro en editarse. Destaca que co tempo houbo cambios en posteriores edicións, pero sempre recolleu “a pegada humana na paisaxe chairega”. No artigo tamén se recollen os lugares, as cousas e as persoas que máis se repiten na obra de Manuel María: o Miño, o regato Cepelo, o campo de Santa Isabel, os carballos, os bidueiros, e por suposto, os labregos.

- Susa Blanco Montecelos, “Viaxe pola chaira”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 16 outubro 2002, p. 45.

A articulista di que nun comezo *Terra Cha* estivo formado por cincuenta e cinco poemas, pero en posteriores edicións chegou aos cento dez definitivos. Afirma que os versos se enmarcan na tradición do paisaxismo humanista iniciado por outros poetas chairegos. Segundo Susa Blanco o poeta chairego fixo unha viaxe pola comarca, nominalizando os

elementos que a forman: os pobos, os montes ou os ríos, e detrás desa viaxe, a autora destaca un forte compromiso do poeta coa terra.




Referencias varias:

- Miguel Sande, “Con 72 anos e 47 poemarios, non imaxino a miña vida sen a poesía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 outubro 2002, p. 46.

Entrevista ao poeta chairego, que cos seus setenta e dous anos e corenta e sete poemarios publicados recoñece que sen a poesía a súa vida non tería senso e engade que escribir para el é unha maneira de supervivencia, aínda que tamén afirma que en principio dá por rematada a súa obra. Tamén lle pregunta sobre cómo se concibiu *Terra Cha* ao que o escritor lucense responde que foi nunha viaxe de Outeiro de Rei ao Miño. Despois afirma que o impulso verdadeiro foi a lectura dos versos de Uxío Novoneyra, con quen coincidiu no servicio militar.

Novoneyra, Uxío, *Os eidos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 34, 2002, 147 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-047-2) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-832-8).

Libro de poemas de Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, 1930-Compostela, 2000), que foi editado por primeira vez no ano 1955. Esta obra, *Elegías del Caurel y otros poemas* (edición bilingüe, 1966) e *Os eidos 2* (1974) aparecen recollidas novamente en *Os eidos. Libro do Courel* (1981), no que o autor fixo modificacións con respecto á primeira edición. O libro divídese en tres partes: "Os eidos/1", "O Couso da door" e "Os eidos/2", nas que se recollen poemas de temática telúrico-existencial e paisaxística caracterizados pola reflexión existencialista do ser humano e pola descrición da Serra do Courel e de pequenos elementos da natureza. A nivel formal os poemas deste libro caracterízanse, en xeral, pola brevidade e a intensidade. Destaca o emprego do fonosimbolismo, a disposición e o formato textual como recurso poético, o uso dos signos de puntuación como recurso extraliterario e a aparición de caligramas.

Recensións:

- Antonia López, “Emoción e angustia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 xullo 2002, p. 50.

Analiza a poesía de Novoneyra e sinala que o poeta describe a admiración que sente pola paisaxe e que non é unha simple descrición. Comenta que na súa obra ten relevancia o silencio e os sons da natureza que se representan polo fonosimbolismo e a onomatopea e teñen ademais, de estaren presentes, os catro elementos da natureza.

Referencias varias:

- Francisco Albo, “Unha xeografía poética”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 xullo 2002, p. 50.

Considera que Novoneyra é un dos autores galegos que máis se identificou cun territorio, pois o poeta está presente no Courel (nas guías turísticas, en placas, etc.) e na memoria das súas xentes. Sinala que *Os eidos* é unha especie de xeografía poética, coa que coñecer mellor da Serra do Courel e unha especie de referente para que no futuro non cambie máis do necesario.

-Miguel Sande, “O poemario de Novoneyra ‘Os eidos’ incorpórase mañá á Biblioteca Galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 xullo 2002, p. 50.

Texto no que Miguel Sande describe a admiración que sente por Uxío Novoneyra, a quen define como o “poeta pai”. Lembra cando o poeta visitou Viveiro e foron xuntos ata San Roque, onde Novoneyra lembrou a súa montaña natal. Fala da súa personalidade e sinala que non lle facía falta escribir para ser poeta, porque as súas palabras tiñan moita forza e saían do silencio máis profundo.

Pexegueiro, Alfonso, *Seraogna*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 54, 2002, 94 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757061-8) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-875-1).

Reedición do volume *Seraogna* (1976) que aparece agora lixeiramente ampliado, revisado e corrixido fronte á edición orixinal. Este poemario –no que o seu título é o anagrama da parroquia natal do seu autor, Alfonso Pexegueiro (Angoares-Ponteareas, 1948)– ten á infancia, á muller, á liberdade e mais á patria como eixes temáticos e cómpre subliñar que foi o seu primeiro poemario e que esta reedición baséase nos textos fixados por Luciano Fernández Martínez na súa edición de 1997. Podemos xebrar o poemario en dúas partes "Seraogna. A aldea e mais eu" –formado por unha corentena de poemas, con ou sen título– e mais "Devalo (Apéndices)", que non aparece na edición orixinal, e no que atopamos o poema "La canción de Seraogna" –poema inédito en español datado en 1973– xunto coas prosas "A vinte anos de *Seraogna*" e mais "Algo máis de *Seraogna*: Christina" nos que reflexiona sobre o momento nos que estivo a escribir o libro.

Referencias varias:

- Anxo Angueira, “A bandeira da ruptura”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 28 outubro 2002, p. 61.

Subliña a importancia de *Seraogna* como fonte da ruptura democrática en Galicia desde a literatura e lembra que foi co seu mestre Bernardino Graña con quen leu por primeira vez este poemario de Alfonso Pexegueiro.

-Camilo Franco, “A poesía é unha ponte entre o coñecido e o descoñecido”, *La Voz de Galicia*, “Entrevista”, 28 outubro 2002, p. 60.

Conversa con Alfonso Pexegueiro, autor de *Seraogna*, na que se recollen as súas opinións sobre a arte poética, en xeral, e sobre o libro agora reeditado por *La Voz de Galicia*, en particular. Indica, por exemplo, que nesta nova edición se inclúe un poema titulado “A canción de Seraogna”, fundamental para comprender o conxunto porque lle deu inicio, anteriormente desbotado por estar escrito en castelán. Tamén declara concibir a poesía como instrumento de coñecemento.

- Luciano Fernández, “La Voz entrega mañá *Seraogna*, de Alfonso Pexegueiro, na Biblioteca 120”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 outubro 2002, p. 61.

Faise unha aproximación a *Seraogna*, de Alfonso Pexegueiro, subliñando que abriu novas direccións na “anquilosada” poesía galega da década dos setenta e que foi publicada baixo o selo de Rompente. Explícase, así mesmo, que o título do poemario consiste nun anagrama de Angoares, vila natal do autor.

-María do Cebreiro, “Árbore de palabras”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 28 outubro 2002, p. 61.

Apoiándose nalgúns dos versos de *Seraogna*, de Alfonso Pexegueiro, María do Cebreiro reflexiona sobre a poética deste poemario e agradécelle ao seu autor que lle puxese “nome de muller á liberdade”.

Pimentel, Luís, *Sombra do aire na herba*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 37, 2002, 96 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 849757-088-X) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-566-9).

Reedición do poemario de Luís Pimentel (Lugo, 1885-1958) que contén un conxunto de poemas estructurados en dúas partes: “Sombra do aire na herba”, que consta de corenta e dous poemas, e “Triscos”, con oito poemas introducidos por un fragmento en prosa titulado “Fondo de espello” que fai as veces de presentación. Na primeira parte un eu lírico que, en ocasións, se dirixe a unha segunda persoa, fala fundamentalmente da terra, tanto no sentido físico coma no patriótico. O amor é tamén un tema importante, tanto dirixido cara ás mulleres como cara á súa patria, Galicia, da que presenta unha visión subxectiva, baseada nas propias sensacións do poeta. A música e as referencias musicais tamén xogan un papel importante, xa que o ritmo e a musicalidade dos poemas, todos eles en verso libre, son moi marcados, e incluso se menciona á música, tendo especial importancia o piano. Destaca tamén a temática metapoética, sobre todo, en “A poesía é o gran milagre do mundo”. Hai tamén series de poemas de temática común ou similar, como son os catro dedicados ásestacións do ano, os tres dedicados a Rosalía de Castro ou os tres titulados “Nouturno”. É

importante tamén o tratamento da paisaxe, na que teñen moita importancia os elementos florais. As mulleres aparecen en varias ocasións, pero sempre mencionadas dun xeito indirecto, referíndose a elas falando de partes dos seus corpos, ás que o poeta cualifica como canon de fermosura. Nalgún momento atopamos tamén unha presencia residual da mitoloxía clásica. A partires do poema “Canción das tres cucharas” aparece a temática infantil, con versos rimados, breves e dotados de gran musicalidade e ritmo, logrados a través de aliteracións e anáforas. Outro tipo de temática infantil é a que podemos observar cando o autor trata os recordos da infancia, pero desde una perspectiva adulta. Tamén aparece o tema da relixión, facendo moitas referencias á imaxinería eclesiástica, pero centrándose no panteísmo e no poder de Deus. Por último, destaca unha serie de poemas dedicados a personalidades como Carballo Calero e Otero Pedrayo. A segunda parte, “Triscos”, iníciase cunha introducción que semella non ser de Pimentel, aínda que non se menciona ao autor dela, na que se fala de “Triscos” como un libro e se anuncia a publicación de *Barco sin luces*, ademais de incluír unha composición poética en castelán. Dos poemas de “Triscos” salienta a importancia do ritmo, as alusións á terra e ao ser galego, o tratamento telúrico da paisaxe, o intimismo e subxectivismo, a importancia da música de novo, certos trazos surrealistas nalgúns poemas, unha mención ao cinema e un poema

dedicado a Piñeiro. Sen embargo, o máis importante desta segunda parte é a temática infantil, tratada dun xeito ben distinto á parte primeira deste volume. Nesta ocasión, relaciónase a infancia coa pobreza, co sufrimento, facéndose así poesía social de denuncia das desgracias da sociedade galega do momento. O exemplo máis claro é “Canzón pra que un neno non durma”.

Recensións:

- Luís Alonso Girgado, “A sombra perdurable”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 11 novembro 2002, p. 62.

Artigo no que se fala da figura lírica de Luís Pimentel, que superou a difícil proba de permanecer no tempo como escritor de valía co pequeno feixe de poemas que se recolle en *Sombra do aire na herba*. Destaca Girgado que os seus poemas deixan un “recendo de melancolía e tristeza, de beleza murcha” por teren como protagonista ao seu Lugo recoleto e provinciano. Remata o artigo coa afirmación de que o lirismo “chámase Luís Pimentel na poesía galega”.

Referencias varias:

-Bonifacio Borreiros, “La Voz entrega mañá ‘Sombra do aire na herba’, do lugués Luís Pimentel”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 novembro 2002, p. 62.

Columna que se refire ao labor poético de Luís Pimentel, que introduciu na poesía galega a modernidade da que carecía no seu momento. Cualifícase á súa poesía de concentrada, de alta musicalidade, existencialista e expresionista. Tamén se destaca a importancia da guerra na poesía do lugués, quen sufriu tres guerras sendo un “médico humanista”.

-Paco Rivas, “Poeta médico de garda”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 11 novembro 2002, p. 62.

Artigo que comeza facendo un percorrido pola vida de Luís Pimentel e destacando as súas publicacións e colaboracións literarias para rematar falando brevemente de *Sombra do aire na herba* e do Lugo lento e tranquilo que é protagonista desta obra.

Pintos, Xoán Manuel, *A gaita gallega*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 3, 2002, 365 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-033-2) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-816-6).❿

Nova edición da obra máis coñecida de Xoán Manuel Pintos (Pontevedra, 1811-Vigo, 1876), publicada por primeira vez en 1853. Antes de reproducir o corpo da obra, dáse conta dos criterios de edición utilizados. Tal como se indica nesas páxinas iniciais, botouse man dos textos fixados por Carme Hermida na publicación que este mesmo ano fixo Edicións Xerais de Galicia, que á súa vez se baseaba no facsimilar realizado pola Real Academia Galega no ano 1981. Así, pois, para achegarse ao contido da obra, pódese consultar a mencionada edición de Xerais, neste mesmo apartado do *Informe*, reproducción esta última que, a diferencia da da "Bilblioteca Galega 120", conta cun estudio introductorio que analiza e contextualiza a obra.

Referencias varias:





- Carme Hermida Gulías, “Libro Fundacional”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xuño 2002, p. 31.

Repaso polas circunstancias políticas que condicionaron a vida de Galicia desde o XVI e que “tronzaron as posibilidades da lingua galega de converterse nun idioma románico normalizado”. Partindo deste contexto, Carme Hermida sitúa *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos como a primeira obra editada no Rexurdimento e dela destaca que sexa o “alicerce sobre o que se asentou o edificio da cultura galega letrada que seguimos construíndo na actualidade”. Ademais considérao o libro fundacional e programático da época na que comezaron a rexurdir as nosas letras.

- Xesús Vaamonde Manteiga, “Pintos e os gaiteiros”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xuño 2002, p. 31.

Xesús Vaamonde, gaiteiro de profesión, centra o seu artigo sobre *A gaita gallega* baseándose na definición que fai de gaiteiro Xoán Manuel Pintos, autor da obra publicada

no 1853. Vaamonde Manteiga rescata desa definición o carácter innato do gaiteiro aí como




o seu aspecto místico. Por último remata avogando por unha maior dignidade no mundo da música galega actual, sobre todo de parte de quen a interpreta e a "executa".

- Xosé González Martínez, "A gaita gallega, mañá con La Voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xuño 2002, p. 31.

Xosé González Martínez sinala na presentación que fai da obra *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos, a súa reivindicación do galego como medio de expresión literaria e a súa visión de Galicia como terra "asoballada". Xosé González Martínez, presidente da Fundación Premios da Crítica de Galicia, recorda cómo o feito de revelar dese xeito a marxinación idiomática arredor do 1853, data de publicación do libro, "deu lugar a un dinámico movemento de recuperación da nosa identidade nacional que aínda segue en pé hoxe".

Pintos, Xoán Manuel, *A gaita gallega*, introducción e notas de Carme Hermida, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 53, 2002, 436 pp. (ISBN: 84-8302-927-8).

Trátase da reedición comentada da obra de Xoán Manuel Pintos *A gaita gallega*, publicada por vez primeira en 1853, na que Carme Hermida Gulías ofrece en primeiro lugar unha introducción, e logo, a obra en si con numerosas anotacións a pé de páxina. Na introducción desta reedición aparece en primeiro lugar a traxectoria biográfica do autor do XIX. A seguir e baixo o epígrafe de "A producción literaria de Pintos e os seus contextos" a autora comenta a producción literaria de Xoán Manuel Pintos así como os contextos político, económico e sociolingüístico nos que este viviu e escribiu. No apartado "A gaita gallega. Caracterización e estudio", a autora trata a estructura, a temática, e caracteriza estilística e lingüisticamente a obra de Pintos. Así mesmo comenta os criterios da súa edición e engade un par de páxinas de bibliografía selecta. Esta obra de Pintos está divida en sete foliadas de desigual extensión e nela a parte principal é un diálogo bilingüe entre dous personaxes (Pedro Luces, mozo castelán que aínda sen ter coñecementos de música colócase de tamborileiro cun gaiteiro, e o gaiteiro,

home orgulloso do seu oficio, respectado polos seus concidadáns e que vive no Burgo pequeno, un barrio da cidade de Pontevedra), aínda que tamén existe un amplo número de poemas situados á marxe deste diálogo, cartas e a voz dun narrador. Na obra hai textos e citas en diferentes linguas e nela descríbese e deféndese a lingua galega, analízase a situación económica de Galicia, reivindícanse os costumes galegos, etc.








Pondal, Eduardo, *Queixumes dos pinos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 7, 2002, 149 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-002-2) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-761-5).

A colección “Biblioteca Galega 120” achega aos lectores de *La Voz de Galicia*, nesta ocasión, á obra dun clásico da literatura galega: Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917). Así, e seguindo os textos fixados por Manuel Forcadela para a edición de Edicións Xerais de Galicia da *Poesía* do autor (1989), ofrécense neste volume non só as oitenta e oito composicións que conforman o único libro publicado en galego por este representante do Rexurdimento, *Queixumes dos pinos* (1886), senón tamén algúns “Poemas Soltos” (entre os cales, poemas tan representativos e coñecidos como “Os pinos”, que musicado por Pascual Veiga daría lugar ao Himno galego, ou “A fala”) e “Fragmentos de *Os Eoas*”, o longo poema épico que ficara inédito en vida de Pondal e co que o bardo bergantiñán quixo emular os grandes referentes cultos de boa parte dos sistemas literarios occidentais. A lectura do conxunto fornece, polo tanto, un bo coñecemento da estética e a simboloxía pondaliana, sempre ao servicio dunha ideoloxía celtista coa que pretendía

lexitimar a nosa existencia como pobo diferenciado e dotar o país dun pasado mítico e heroico do que carecía.




Recensións:

-Manuel Ferreiro, “Pondal consagra ‘Queixumes dos pinos’ á tarefa lírica de reconstruír Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 abril 2002, p. 31.

Comentario no que comeza sinalando que *Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal reúne toda a producción do poeta ata o momento da súa publicación, agás nove poemas engadidos, e que unificou o conxunto coas composicións inicial e última. Destaca que é na composición que pecha a obra na que se atopa a clave da lírica pondaliana “pasados, futuros destinos”, posto que o tema que desenvolve é a reconstrucción mítica do pasado do pobo galego, abrindo unha liña patriótica na que a proposta de redención é o tema central. O autor asegura que esta liña patriótica se ve reforzada en poemas que deixou inéditos e que pronto verán a luz, nos que tamén se observa un autor máis completo, onde desenvolve

a “poesía costumista, amorosa, bucólica, elexíaca, etc.”, así como a preocupación polo futuro da súa obra.




- Miguel A. Mato Fondo, “Estética e compromiso”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 3 abril 2002, p. 31.

Percorrido por algunhas das características máis destacadas da obra de Eduardo Pondal, no que comeza chamando a atención sobre o distanciamento do poeta co mundo. Salienta do autor a súa capacidade para a interpretación de feitos históricos como a revolución de 1846 ou de eventos como o coñecemento da lírica medieval galega, onde se pon de manifesto o seu sentido visionario, feito que o converte nun incomprendido. Di tamén que chama a atención o carácter nómade dos protagonistas humanos da lírica pondaliana nos que ve un herdo romántico. Sinala outras características como a impotencia do poeta ante a historia, o rexeitamento do burgués e conformista, o vigoroso tratamento da paisaxe ou a exaltación do idioma galego, plasmada na súa preocupación por estilizalo e enriquecelo. Remata sinalando o afán de beleza que dominaba no seu momento, o carácter moderno

que conserva Pondal, herdeiro dos románticos pero influenciado polos mellores do seu momento.




Referencias varias:

- Xosé María Varela Martínez, “Memoria do seu pobo”, *La Voz de Galicia*, 3 abril 2002, p. 31.

Evocación da figura de Eduardo Pondal ao que asocia desde a súa nenez coas poesías que o pobo memorizou, especialmente as da terra bergantiñá. Tamén se refire ás homenaxes que se lle teñen rendido como os versos gravados na pedra en Ponteceso ou a celebración anual do Simposio Pondaliano, organizado pola Asociación Cultural Monte Branco, da que é directivo.

Pozo Garza, Luz, *Códice Calixtino*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 68, 2002, 93 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-008-1) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-774-7).⓾

Reedición do coñecido *Códice Calixtino* da poetisa Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) dentro da colección "Biblioteca Galega 120", que fora publicado inicialmente en 1986. Neste exemplar recóllese o xa clásico poemario, composto por un "Limiar" (que consta dunha cita de Paul Valéry mais o poema "Agora contemplamos o mar de Vigo") e os apartados "Códice Calixtino" (integrado polos poemas "Chovía en Compostela", "Onde moran os que aman", "Na súbita compaña", "Morte en Compostela", "O reino de despois do diluvio", "Far blues", "Souben amar", "Cantiga para ler en tempo de penumbra" e "Teoría da comunicación"); "Idea dunha cidade escura" (composto polos poemas "Idea dunha cidade escura", "Primeira memoria", "Vemos fuxir o corvo torvo", "Réquiem por Romy Schneider", "Volver a Lugo cando sosega o tempo", "Evocación dun vello piano", "Escuro designio", "Baixo da chuvia en Oxford", "Illumniations", "Falando a Rosalía", "Non se sabía" e "Poemas de Gernika"); e "Homenaxe" (cos poemas "A Luís Pimentel", "A Luís Seoane", "Agora que regresa a primavera", "A Paul Éluard", "A Ánxel Fole", "Consagración de Trasalba" e "Búsqueda").

Finalmente, neste libro aparece un “A modo de epílogo” datado no verán de 1991 e no que a autora fala de teoría da literatura, dando os conceptos fundamentais para a interpretación da súa obra. As composicións poéticas que conforman o corpo fundamental deste volume recollen a temática propia de Luz Pozo Garza, facéndose especial fincapé na paisaxe urbana da cidade de Santiago de Compostela, nas metáforas de resonancia sacra e no amor.

Recensións:

- Ana Abelenda, “A ferida do regreso”, *La Voz de Galicia*, “Lectura cualificadas”, 10 abril 2002, p. 28.

Comentario no que, en clave poética, se aborda a temática de *Códice Calixtino*, de Luz Pozo Garza. Repasa todas as influencias que se observan na temática destas poesías desde a chuvia de Compostela, as cantigas de Martín Codax, poetas como Valéry ou Rimbaud, autores como Borges ou Rosalía, entre outros moitos. Tamén destaca a presencia da luz, dainfluencia de Luís Pimentel, de Luís Seoane ou Ánxel Fole e sinala que se empregan os

tempos verbais en pasado, que o interlocutor elixido pola voz poética é a segunda persoa e que se remata coa busca do que “foi atopando polo silencio na palabra”. Remata destacando que esta autora é unha das “voces principais” da poesía galega.




- Camiño Noia, “Fonte de coñecemento”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 10 abril 2002, p. 28.

Comézase sinalando que *Códice Calixtino* é unha das máis importantes da literatura galega dos últimos anos do século XX. Desde a posición dominante na súa vida de amor e liberdade, ve que esta poesía está feita desde a madureza e unha ampla formación literaria. Lembra os comezos de Luz Pozo Garza en 1952 co poemario *O paxaro na boca*, inicio dun camiño de cultivo de poesía de variada temática. Dise que esta obra recolle poemas escritos entre 1981 e 1986, que se abre cunha autopoética e que está estructurada arredor de tres núcleos temáticos: o amor, a nostalxia e a lembranza dos amigos. Tamén se alude á fondura da obra, propiciada pola reflexión arredor da creación poética e a presencia da música, nun “poemario de nostalxias” do que recomenda a súa lectura.

-Gonzalo Vázquez Pozo, “Luz Pozo retrata a arela do amor nos versos de ‘Códice Calixtino”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 10 abril 2002, p. 28.

Gonzalo Vázquez Pozo, profesor, editor e fillo de Luz Pozo Garza, achéganos neste artigo ás claves interpretativas de *Códice Calixtino*. Parte da grande influencia das primeiras lecturas da autora e da súa formación académica para desvelar as claves dunha obra que cualifica de “sistemática”. Sinala como coordenadas principais a experiencia do amor, a presencia da terra nai que interpreta como dons marabillosos no que o mar é un símbolo de liberdade, onde a presencia de artistas galegos moi destacados na historia ten gran relevancia, entre eles Pimentel, Fole, Seoane, Cunqueiro, Otero Pedrayo, etc., á vez que se reflicte que a poetisa “vive o seu tempo” de xeito independente e por veces illada. Alude á súa escolla lingüística e ao sentimento de recompensa que a “sorprende día a día”.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “Rosalía é a miña segunda nai, unha nai de tinta e do espírito”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 abril 2002, p. 29.

Breve entrevista feita a Luz Pozo Garza por Xesús Fraga co gallo da publicación do seu poemario *Códice Calixtino* dentro da colección “Biblioteca Galega 120” que, conxuntamente, están a levar adiante o xornal *La Voz de Galicia* e a Editorial Galaxia. Nesta entrevista, a poetisa lucense desvela o porqué do título deste poemario (que posúe reminiscencias medievais e compostelás), a súa concepción de poesía, das cidades presentes nos seuspoemas, da universalidade da poesía, etc. Á parte, fálase da influencia doutros autores na creación poética xeral de Luz Pozo, tales como Borges, Luís Pimentel, Manuel María ou Eduardo Moreiras.





Seoane , Luís e Valentín **Paz-Andrade**, *Fardel de eisilado/Pranto Matricial*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 29, 2002, 93 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-037-5) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-817-4).⓾

Volume no que se recollen conxuntamente a obra de Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979), *Fardel de eisilado*, e de Valentín Paz-Andrade (Lérez, 1899-Vigo, 1987), *Pranto Matricial*. A primeira foi publicada inicialmente en 1952, tomando como edición de referencia a feita por Beatriz Eiroa e Concepción Moure en 1989 e publicada por Edicións Xerais de Galicia, mentres que para a segunda, publicada por primeira vez en 1955, se parte da edición que 1975 publicou Ediciós do Castro. A obra de Luís Seoane, que comeza con referencias de P. B. Shelley e de Miguel de Unamuno, ábrese cunha “Adicatoria e crida”, na que o autor lle dedica estes poemas á súa familia marcada pola emigración, tema que adianta como central, do mesmo xeito que canta as fazañas anónimas e colectivas protagonizadas polo pobo galego ao longo da súa historia. A obra está formada por nove poemas titulados “O pintor eisilado”, “Dende o Highland Princess”, “Ramón Cernadas”, “O ponte de Brooklyn”, “Un ollo soio”, “Emigrantes nunha data calquera”, “Cantiga aos

emigrantes", "Building Castles in Spain" e "Volta do vello emigrante". Todos eles caracterízanse polos versos longos, a temática do exilio dos galegos e, nalgúns casos, pola estructura en varios corpos titulados do propio poema. A obra de Valentín Paz-Andrade ábrese coa dedicatoria a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, seguida do limiar de Rafael Dieste para a edición de 1975, no que o autor cambadés se refire á conmemoración do vixésimo quinto aniversario da morte do rianxeiro, á amizade que uniu ao autor do poemario co homenaxeado e a identificación colectiva que busca a obra, así como a esperanza coa que se pecha. A obra en si está formada por seis poemas numerados e titulados: "O que todo galego choraría", "Door da paisaxe", "A terra e os sinos", "Alá lonxe", "Teu destiño" e "Cando ti volvas", que como os propios títulos temáticos indican van desde a identificación colectiva coa dor pola perda, pasando pola lembranza ata chegar á esperanza final.




Referencias varias:

- Charo Portela Yáñez, “Cando ti volvas polo mare...”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xullo 2002, p. 36.

Reproduce as primeiras liñas do artigo que Paz-Andrade publica con motivo da morte de Castelao, asunto sobre o que volve na obra poética. Considera que estamos ante unha elexía ao amigo morto, en especial polo feito de que morrese no exilio. Remata reproducindo algúns versos deste pranto esperanzado.

- Xosé Díaz, “Os versos de Jill Balcon”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xullo 2002, p. 36.




Breve recreación do que foi o periplo vital de Luís Seoane desde a súa saída como exiliado de Galicia en 1936, no que se sinala a súa estadía en París e Londres, o seu contacto con importantes artistas europeos e, en especial, coa actriz Jill Balcon como protagonista do recital de poemas de García Lorca. Considera que a emoción do autor durante a travesía preto das costas galegas do transatlántico que o levaba de volta a Buenos Aires, a rabia pola imposibilidade de volver á terra e a lembranza do recital lorquiano son os xermolos desta obra.

Tovar, Antón, *Arredores*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 42, 2002, 100 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-090-1) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-562-6).⓾

Reedición da obra de Antón Tovar (Rairiz de Veiga, Ourense, 1921) *Arredores* (1962), colección de corenta e un poemas que abordan o existencialismo, as lembranzas infantís, os desexos humanos, a terra, a historia do Portugal das descubertas e diversos mundos do ser galego (o viño do Ribeiro, o río, o monte, a casa aldeá familiar, a lúa, os afiadores, o gando, o outono e a chuvia). Ao final dedícanse varios textos a personaxes como o Emilio de Ourense, unha vella aldeá, unha Virxe galega, un cego, unha labrega, un vello criado da súa familia, un can e un gato. Tamén se inclúen catro poemas dedicados aos peregrinos, aos maios e ao San Martiño.

Referencias varias:

- Baldo Ramos, “Arredor da soidade”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 2 decembro 2002, p. 62.

Refírese Ramos a algúns pormenores relacionados con *Arredores*, libro publicado por vez primeira na colección "Salnés" de Galaxia o mesmo ano que *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro (1962). Trátase, indica, da primeira incursión do poeta no galego. Resume o contido e a forma deste poemario e afirma asemade que Tovar é dos poetas "que empregan a palabra silenciada para calar o que saben".

- Delfín Caseiro, "La Voz de Galicia entrega mañá o poemario de Antón Tovar 'Arredores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 decembro 2002, p. 62.

Indícase que este libro agora reeditado por *La Voz* foi publicado orixinalmente en 1962. Achéganse informacións sobre a poética de Antón Tovar, baseadas en textos autógrafos, e descríbese o estilo e mais os temas de *Arredores*. En columna independente achégase unha nota biobibliográfica do autor.

- Xosé Luís Rúa, "Retrato puntillista", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 2 decembro 2002, p. 62.








Conta o poeta e xornalista cómo coñeceu e estableceu amizade con Tovar, autor a quen xa ten entrevistado en máis dunha ocasión e do que afirma estar “sempre presente nas miñas lecturas e nos meus versos”.

-Xosé Manoel Rodríguez, “Non está un para moitas festas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 decembro 2002, p. 63.

Entrevista que Antón Tovar lle concedeu a Xosé Manoel Rodríguez na casa ourensá onde o autor, achacado polas enfermidades, vive “mergullado nunha especie de apatía e desinterese lúcido”. Despois de describir o cuarto “conquistado polos libros” onde Tovar recibe ao xornalista e repasar a súa bibliografía, iníciase unha conversa na que se achega a relación do poeta con Risco (influencia fundamental no que respecta á lingua galega e á toma de contacto coa literatura galega e portuguesa contemporánea) e Otero Pedrayo, o seu emprego na librería Tanco (“lugar de promisión para fornecerse daqueles libros que non ‘existían”), as pegadas do existencialismo na súa obra, o seu bilingüismo castelán-galego e as repercusións que tivo a crítica negativa de Méndez Ferrín a *Arredores*.

Tovar Bobillo, Antonio, *Calados esconxuros* , limiar de Anxo Tarrío, ilust. Manuel Prego de Oliver, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 25, setembro 2002, 155 pp. (ISBN: 84-85385-73-X).

Nova edición do poemario de Antonio Tovar Bobillo (Rairiz de Veiga, Ourense,1921) que fora publicado por primeira vez da man de Edicións Xerais de Galicia en 1980 e co mesmo prólogo de Anxo Tarrío co que atopamos esta edición. O volume contén sesenta poemas que presentan diversos rexistros líricos e un profundo ton intimista. Ao longo dos poemas vemos que aparecen personaxes moi significativos e relevantes na vida do autor como son Susa, a súa compañeira Tucha, e tamén outros coñecidos escritores galegos tales como Alonso Montero, Luís Pimentel, Blanco Amor, etc. A diversidade de temas que o autor trata ao longo dos seus poemas dálles un forte carácter heteroxéneo. Trátase a amizade, o amor, a relixión, a nostalxia e tamén queda plasmado o amor que o poeta ten por Portugal. Evocando os poetas clásicos, atopamos nalgún dos poemas a saudade polos tempos pasados (*tempus fugit*).

Recensións:

- Marcos Valcárcel, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 20 outubro 2002, p. 91.

Nesta páxina Marcos Valcárcel achégase á obra *Calados esconxuros* de Antón Tovar e céntrase en distintos aspectos nos catro apartados nos que estructura esta recensión. Así, fala da importancia de recuperar os versos de Antón Tovar pois segundo el trátase dun dos nosos poetas comprometidos tanto co pobo coma coa lingua. Dinos tamén que este poemario recibira no ano 1981 o premio da Crítica Galega aínda que este título serviu para desagraviar en parte ao escritor. Así mesmo, refírese a todas esas persoas que foron importantes na biografía do poeta como sombras amigas e que están presentes na maioría dos seus poemas, como por exemplo a vella Susa, a compañeira Tucha, vinculadas moi directamente á vida familiar do autor e outros personaxes e intelectuais coñecidos coma Carlos Casares, Blanco Amor ou Pimentel. Por outra banda, Valcárcel resalta o ton irónico co que Tovar deixa ver a súa ideoloxía nas súas produccióǹs. Di que atopamos por un lado un poeta vinculado co seu pobo, defensor deste e cunha personalidade radical tanto a nivel

literario coma político. Sen embargo, por outro lado é un poeta intimista que canta á paisaxe galega, aos seus castiñeiros, animais, plantas... Destaca tamén que a obra do poeta é de marcado carácter intimista e comprometida. Así mesmo salienta a variedade de temas que atopamos nos seus poemas, como son a saudade polos tempos pasados, a lembranza dos mortos esquecidos da Guerra Civil, a represión violenta dos poderosos sobre os condenados do destino, etc.




- Vicente Araguas, “Os versos belixerantes de Antón Tovar”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 27 outubro 2002, p. 3.

Di que Antón Tovar como poeta non admite discusións e que por iso se trata dun libro destacábel. Fai un pequeno percorrido pola historia de *Calados esconxuros* desde que saíu á luz por primeira vez no ano 1980. Resalta Araguas o poema que o autor lle dedica a Alonso Montero e a loanza que fai do seu carácter inconformista e loitador.

-Román Raña, “Un poeta necesario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 16, 31 outubro 2002, p. IV.

Comeza facendo un breve resumo da vida e obra de Antón Tovar e a continuación gaba a súa obra e a súa persoa. Di que *Calados esconxuros* é un libro moi singular nas nosas letras, principalmente pola sinceridade que atopamos nos seus versos; que a nudez da súa poesía non é sinónimo de pobreza senón que serve para reflectir unha mente inqueda e abraiada polo sen sentido da vida.





II. 3. Traduccións ou versións

Costa i Llobera, Miquel, *Un vol d'inefable poesía*, edición de María Antònia Perelló, trad. de Xavier Rodríguez Baixeras, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Poesía, nº 123, decembro 2002, 326 pp. (ISBN: 84-95625-56-3).

Antes de presentar o corpus antolóxico do recoñecido poeta mallorquino, Miquel Costa i Llobera (Pollença, 1854-Palma, 1922), Maria Antònia Perelló fai un extenso percorrido pola súa biografía e pola traxectoria poética, desde a primeira edición de *Poesies*, en 1885, cargada de notas e influencias dun serodio Romanticismo, ata as *Visions de Palestina* (1908) que tan firmemente se chantaron na mente do autor ou o *Crepuscle a la vora del Nil* dos seus derradeiros anos, pasando pola liña narrativa de *De l'agre de la terra* (1887) e *Tradicions i fantasies* (1903), e polo modelo do clasicismo retomado en *Horaciones* (1906). O corpus ofrecido é un extracto de cada un dos libros da obra poética en catalán de Costa i Llobera e está presentado en edición bilingüe e con notas a pé de páxina que,

especialmente nos poemas correspondentes a *Horacianes* e *Visións de Palestina*, constitúen unha información adicional de interese para situar certos elementos mitolóxicos aos que o autor fai referencia.








Eminescu, Mihai, *Poeme Postume (Poemas Póstumos)*, trad. e introd. Inma Pérez Rocha, Madrid: ACEF (Asociación Celso Emilio Ferreiro), col. O Roibén, nº 2, maio 2002, 54 pp. (ISBN: 84-86230-47-0).

Ábrese este volume cunha introducción asinada pola traductora, Inma Pérez Rocha, na que cualifica a Mihai Eminescu (Ipotesi, Bucovina, 1850-1889) como o poeta nacional romanés, ademais de romántico e universal. Sitúao nas terras de Romanía, rodeadas de paisaxes extraordinarias protexidas polos Cárpatos e con certas similitudes con Galicia en canto ás paisaxes, á forza das súas lendas e tradicións e ao uso dunha lingua románica. Achega a seguir algúns datos biobibliográficos do escritor, entre os que salienta que escribiu o seu primeiro poema aos dezaseis anos e ata os trinta e tres emprendeu a realización dunha obra monumental publicada en seis tomos o mesmo ano da súa morte. Con respecto ás súas composicións poéticas destaca que están impregnadas de lirismo e que nelas Eminescu fala do infinito, do cósmico, do irracional e dos seus motivos románticos predilectos, entre eles, as civilizacións da antigüidade, a mitoloxía, o pesimismo e as viaxes a espacios interplanetarios, sempre cun ton de melancolía, resignación, tristeza e soidade. Repara así mesmo noutras constantes temáticas da súa producción como a presencia dos bosques, a

relación de Deus co mundo e o mar. Finalmente ocúpase das traduccións existentes do poeta, sinalando que, como figura destacada da literatura europea os poemas de Eminescu contan con traduccións a máis de sesenta linguas, sendo aínda descoñecido no eido galego. Tras desta introducción comeza a selección de poemas, un total de dezaoito, que se presentan en edición bilingüe romanés-galego e cunha ordenación cronolóxica que abrangue desde 1868 a 1885. Trátase de composicións representativas dos temas máis frecuentados por Eminescu –o amor concibido como un misterio, as conversas con Deus, a finalidade da existencia humana, o misterio do cósmico que rodea o home, etc.– como “Oración dun dacio”, escrito entre 1876 e 1879, no que amosa un heroe mitolóxico dominado pola furia; “A noite sobre o outeiro”, centrado na materia cósmica en perpetuo movemento e integrado por unha serie de imaxes visuais e auditivas que rodean un encontro entre dous amantes que finalmente non chega a lograrse, ao igual que sucede en “A través das noites caladas” e “O lago”.




Referencias varias:





T.S., “Certezas”, *Tempos Novos*, nº 65, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, outubro 2002, 72.

Presenta brevemente a antoloxía dalgúns poemas de Mihai Eminescu, *Poeme Postume (Poemas Póstumos),* traducción á nosa lingua de Inma Pérez Ferreiro. Apunta que o romanés é un dos grandes poetas románticos europeos “atormentado polas dúbidas vitais”.





Heinze de Lorenzo, Úrsula, *Torso. Gedichte/Poemas* , trad. Ramón Lorenzo, ilust. Isaac Díaz Pardo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, decembro 2002, 125 pp. (ISBN: 84-8485-081-1).

Edición bilingüe (alemán/galego) deste novo poemario de Úrsula Heinza de Lorenzo (Colonia, Alemaña, 1941). Componse de sesenta pezas breves, no tocante ao número de versos e á súa extensión, que concentran densidade no contido e un sentimento de saturación de experiencia vital, aínda dentro da imposibilidade do desapego, e vocación deinfinito manifesta cara ao futuro. É significativa, neste sentido, a cita de Kajetan Kovic coa que se abre o libro. As ilustracións de Díaz Pardo enriquecen a imaxe poética creada polos propios versos, mesmo dándolles matices novos e axudando á construcción desa atmosfera íntima que Heinze crea non só coa palabra, senón tamén coa súa situación no espacio físico da páxina, que asume a súa responsabilidade como portadora da esencia poética en cada composición.

Hutchinson, Pearce, *Achnasheen. Corenta e catro poemas irlandeses*, trad. Kathleen March e Luís Martul, Santiago de Compostela: Noitarenga, 2002, 159 pp. (ISBN: 84-9207425-6).

Esta obra do poeta irlandés Pearce Hutchinson (Glasgow, 1927) é unha recompilación de poemas tomados dos seus poemarios *Tongue Without Hands* (1963), *Watching the Morgning Grow* (1972), *The Frost is all over* (1975), *Climbing the light* (1985), *The Soul that Kissed the Body* (1990) e *Bransley Main Seam* (1995), aos que se engaden seis poemas inéditos, polo que conforman un total de corenta e catro poemas como se recolle no propio título da obra. Os poemas de Hutchinson caracterízanse polo seu ton combativo, polo emprego da linguaxe como instrumento de denuncia. Aínda que escritos na súa maior parte en inglés, o gaélico actúa como elemento acusador e transgresor, rompendo un discurso que se volve autoconsciente. Son as palabras do pobo silenciadas e que o poeta tenta recuperar a través das voces que manteñen viva a tradición, desvelando os topónimos ridiculamente traducidos, a través dos que aparecen os sons dunha lingua forte e fermosa coma os seus fillos.

Riera, Miquel Àngel, *Antoloxía poética*, prólogo e selección de Francisco Díaz de Castro, traducción de Xavier Rodríguez Baixeras, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Poesía, nº 122, decembro 2002, 218 pp. (ISBN: 84-95625-55-5).

Un prólogo onde o aspecto biográfico fica en segundo plano amósanos de xeito detallado a evolución e significado da obra poética de Miquel Àngel Riera (Manacor, 1930-1996), poeta, mais tamén narrador, mallorquino de referencia inevitábel na literatura en lingua catalana. A antoloxía inclúe poemas pertencentes aos seis libros publicados: *Poemes a Nai* (1965), *Biografia* (1974), *Paràbola i clam de la cosa humana* (1974), *La bellesa de l'home* (1979), *Llibre des benaventurances* (1980), e *El pis de la badia* (1992). Respondendo a criterios confesadamente persoais de selección, Díaz de Castro presenta un corpus onde se pode apreciar o esencial da obra de Riera: o aprofundamento nas relacións do ser esencialmente humano por medio dunha expresión sinxela e directa herdeira dalgúns autores do 27. Este aprofundamento lévase a cabo desde a perspectiva do *eu* cara ao *ti*/*vós*, presente nos catro primeiros libros, ata o intimismo de *Llibre des benaventurances* e a visión materialista do erotismo na súa derradeira obra poética publicada.

Roselló-Pòrcel, Bartomeu, *Obra poética*, edición de Joan Mas i Vives, traducción de Xavier Rodríguez Baixeras, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Poesía, nº 121, decembro 2002, 143 pp. (ISBN: 84-95625-54-7).❿

Compilación do corpus poético completo do autor mallorquino Bartomeu Roselló-Pòrcel (Palma, 1913-Barcelona, 1938). Comprendida en tres libros, dos cales o derradeiro foi publicado postumamente, a de Rosselló-Pòrcel é unha obra truncada por unha morte prematura por tuberculose no medio da voráxine dunha Guerra Civil que o separou da terra e a familia. Joan Mas i Vives fai unha introducción bio-bibliográfica na que repasa a súa traxectoria e dá conta do esencial e relevante do seu traballo, facendo unha minuciosa análise dos contidos temáticos e mais estilísticos de cada un dos libros do autor, desde a brevidade de *Nou poemes*, publicado en 1933, que recolle pezas de índole moi diferente e que, en conxunto, supón unha homenaxe á tradición literaria mallorquina, ata a riqueza formal e conceptual de *Imitació del foc*, poemario fundamental na literatura das illas, do que a súa publicación foi adiada, por mor do comezo do conflicto bélico español, perdendo o

autor a oportunidade de vela no prelo xa que saíu á luz poucos meses logo da súa morte, e pasando pola extensa referencialidade intertextual de *Quadern de sonets*, ás veces moi explícita e outras máis agochadas, mais sempre facendo patente a atención e formación do poeta na literatura europea máis actual da época.








Thibaut, Daniel, *Branca, no desxeo das tebras* (*Blanche, dans la débâcle des ténèbres*, 2000), trad. Paulino Pereiro, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 36, febreiro 2002, 71 pp. (ISBN: 84-85385-72-1).

Edición bilingüe (francés-galego) deste poemario publicado por Daniel Thibaut (Brive-la-Gaillarde, Francia, 1943) que se compón de trinta e tres poemas breves que aparecen sen título mais con numeración romana. Trátase dun feixe de poesías que representan un canto a Branca –palabra que aparece directa ou indirectamente en cada un dos poemas deste volume–, adobiadas con referencias á natureza.

Recensións:

- Vicente Araguas, *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 1 decembro 2002, p. 3.

Vicente Araguas sinala que merece a pena seguir a ler poesía se un topa con poemarios como *Branca, no desxeo das tebras*, do que subliña o seu autobiografismo, os seus

silencios acendidos e, asemade, emparenta este libro coa poética de Uxío Novoneyra e deJosé Ángel Valente.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Daniel Thibaut”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Crítica”, 19 maio 2002, p. 47.

Aproximación a *Branca, no desxeo das tebras*, poemario bilingüe, do que se resalta que o galego foi a primeira lingua do Estado español ao que tivo versión propia e das súas características destácase que presenta un vocabulario vivo e preciso.

II. 4. Antoloxías

Alonso Girgado, Luís e Carmen **Fariña Miranda** (eds.), *O libro dos abanos (Palabras no aire)*, presentación de Marián Diéguez e Antonio Ibáñez, limiar de Anxo Tarrío Varela, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 26, decembro 2002, 99 pp. (ISBN: 84-85385-74-8).

Esta antoloxía comeza cunha breve presentación feita por Marián Diéguez e Antonio Ibáñez, da Galería Noroeste de Santiago. A ela, séguelle un limiar de Anxo Tarrío onde explica a razón desta iniciativa (a recollida de poemas decorando abanos) aparecida xa en Vigo no 1922 onde Xosé Filgueira Valverde fixo un pequeno comentario recollido polos editores do libro, e na Exposición de Países de 1996 na Galería Noroeste. Na obra recóllense un total de trinta e cinco voces poéticas, onde ademais da reproducción dos poemas tamén se acompaña a reproducción fotográfica en cor dos abanos expostos. Os autores antologadosque aparecen por orde alfabética son: Xosé Mª Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) con “Abanodo Noroeste”, Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932), Vicente Araguas (Xubia- Narón, A

Coruña, 1950), Xela Arias (Lugo, 1962) con “Intempériateme”, Lino Braxe (Mugardos, A Coruña, 1962) con “Haiku”, Darío Xohán Cabana (Roás-Cospeito, Lugo, 1952), Arturo Casas (A Coruña, 1958) con “Óbelo pra Zenón”, Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), Emma Couceiro (Cospeito, Lugo, 1977), Estevo Creus (Cee, A Coruña, 1975), Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974), Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, Lugo, 1958), Ramiro Fonte (Pontedeume, A Coruña, 1957) con “Versos para un abano”, Manuel Forcadela (Forcadela-Tomiño, Pontevedra, 1958), Salvador García Bodaño (Vigo, 1935) con “Á dona do abano”, Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1951), María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976), Gonzalo Navaza (Lalín, Pontevedra, 1957), Olga Novo (Vilarmao-Pobra de Brollón, Lugo, 1975), Chus Pato (Ourense, 1955), Ánxeles Penas (Curtis, A Coruña, 1948) con “Poema ao abanico”, Luz Pozo Garza (Ribadeo, Lugo, 1922), Mª Xosé Queizán (Vigo, 1939), Anxo Quintela (Vigo, 1960), Xesús Rábade Paredes (Cospeito, Lugo, 1949), Luís Rei Núñez (Muros, A Coruña, 1958) con “Para abanares remorsos”, Antón Reixa (Vigo, 1957), Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945), Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) con “Abano público”, Ana Romaní (Noia, A Coruña, 1962), Anxos Romeo (A Estrada, Pontevedra, 1965) con “Obxeto doméstico”, Xavier Seoane (A Coruña, 1954) con “Haiku da

primavera", Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931), Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) e Miro Villar (Cee, A Coruña, 1965).

Referencias varias:

- A. R. López e Soedade Noia (coord.), "Abanos de poetas", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 449, 26 decembro 2002, p. 4.

Comentario da antoloxía recollida por Luís Alonso Girgado na colección "Libros da frouma" de Follas Novas. Anuncia e felicita a súa publicación facendo referencia aos distintos poetas que participaron nesta iniciativa como Luz Pozo, Chus Pato, Pilar Pallarés ou Arturo Casas, ademais de salientar o que hai de innovadora nesta idea, onde a palabra atopa un soporte novo que son os abanos que expuxo a Galería Noroeste de Compostela. Remata facendo mención do goce das imaxes ademais do literario.

Alonso Montero, Xesús (ed., prólogo e notas), *A guerrilla antifranquista e os guerrilleiros de Galicia na voz dos poetas*, Catoira-Pontevedra: Concello de Catoira, 2002, 146 pp. (DL: C-1635-02).❿

✌■♦□●□⊠◤♋ ◘□🡅♦♓♍♋ ◘◆♌●♓♍♋♎♋ ◘□●□ 👌□■♍♏●●□ ♎♏
👌♋♦□♓❒♋ ♏ ◘❒♏⬩♏■♦♋♎♋ ■□ ❍♋❒♍□ ♎♋⬩ ✞ as Xornadas de Catoira na Historia, da que Xesús Alonso Montero é editor, prologuista e autor das notas que acompañan os poemas. A obra inclúe un estudio preliminar titulado “Poetas coa guerrilla antifranquista”, que se divide en cinco apartados (“Cita con Clío”, “Epicedios”, “Dous grandes poetas de fóra: Rafael Alberti e Raúl González Tuñón”, “A muller na guerrilla” e “A guerrilla nas páxinas dalgúns exiliados galegos de Buenos Aires: Castelao, Luís Seoane, Lorenzo Varela...”). Neste limiar informa do lugar no que se editaron os poemas do libro, xustifica a presencia dalgúns autores e explica as situacións que deron orixe a poemas dedicados a personaxes concretos. Inclúe, asemade, unha introducción que recolle trece poemas nos que se reflicten as repercusións da sublevación fascista de 1936. Estes poemas organízanse en tres subapartados: “Dos vencidos e dun lume que nunca se apaga”, “Os mortos do 36, algúns mortos” e “Os que adiaron a morte: oito homes e unha muller inmolados no bou Eva, en Vigo, o 23 de abril de 1937”. O apartado antolóxico estructúrase

en sete partes (“Biografía e epopeia do guerrilleiro”, “Antón Arias, fusilado en 1940”, “Da vida e da morte de Manuel Ponte”, “A muller na guerrilla galega”, “Versos para José González e Antonio Seoane”, “Os médicos e a guerrilla: homenaxe ó doutor Bartrina”, “Duras represalias contra a familia do guerrilleiro José Remuiñan Barreiro”), inclúe vintecinco textos de autores como Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979), Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo-Valdeorras, 1903-Estados Unidos, 1987), Manuel Ponte, José Gómez Gayoso, Lorenzo Varela (La Habana, 1917-Madrid, 1978), Xosé L. Méndez Ferrín (Ourense, 1938), Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces, 1928), Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), Xesús Rabade Paredes (Cospeito, 1949), etc., e conclúe nun “Apéndice”, no que inclúe cinco poemas de diversos autores dedicados a Che Guevara. A obra contén, ademais, sete ilustracións entre as que destacan gravados de Luís Seoane, unha estampa de Castelao, unha fotografía de Manuel Ponte ou un retrato de Antonio Seoane.




Recensións:

-Ramón Nicolás, “Historia e poesía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 14, “Libros”, 17 outubro 2002, p. IV.





Destaca que *A guerrilla galega antifranquista e os guerrilleiros na voz dos poetas* sexa a primeira compilación poética feita sobre este tema, e subliña o seu carácter literario e de reapropiación memorialística. Explica que se publicou nas V^{as} Xornadas de Catoira na Historia e que recolle poemas creados entre 1943 e 2000. Resume o limiar e indica que o volume tamén inclúe textos en prosa dalgún guerrilleiro.

- Xulio Valcárcel, "Literatura da resistencia", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", nº 231, "Páxina literaria", 10 novembro 2002, p. 4.

Explica o contido da obra e indica que Xesús Alonso Montero é o coordinador e autor do prólogo e das notas. Sinala que foi editada polo Concello de Catoira e apunta que Xosé Ramón Fandiño é o encargado da edición. De seguido, dá conta da maioría dos poemas e outros textos que integran o libro. Así, fala do poema de Neruda dedicado aos mestres galegos; do poema de José María Acebo sobre a morte de dez persoas nun bou; do poema de Blanco Amor sobre o asasinato de García Lorca; da carta de Manuel Ponte ao

embaixador británico e do poema de Luís Seoane sobre o desterro sufrido polos familiares de José Remuiñán Barreiro.




-Armando Requeixo, “Introducíndonos na aceirada voz dos poetas de Galicia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 19 decembro 2002, p. 4.

Explica que a obra *A guerrilla antifranquista en Galicia* xurdiu das últimas Xornadas de Catoira na Historia e que o seu editor, ademais de autor do prólogo e das notas, é Xesús Alonso Montero. Indica que o libro recolle a producción poética de diferentes autores e valora positivamente o traballo introductorio, no que se explica a realidade histórica que orixina os poemas do libro.

Referencias varias:

-E.P., “Catoira na Historia’ aborda o papel da guerrilla antifranquista”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 30 xullo 2002, p. 68.

Explica que as Xornadas Catoira na Historia tratarán o tema da guerrilla antifranquista en Galicia e que están organizadas pola Universidade de Santiago, o Concello de Catoira e o Consello da Cultura, colaborando a Fundación 10 de Marzo. Describe o programa previsto, dando conta dos relatores participantes e do título das súas conferencias e sinala que Alonso Montero impartirá unha lección sobre a presencia das guerrillas na poesía galega. Anuncia, ademais, un recital dos textos poéticos incluídos no volume *A guerrilla galega antifranquista e os guerrilleiros na voz dos poetas*.

- Xosé María Dobarro, "Memoriais", *Diario de Ferrol*, "Outravolta", 30 xullo 2002, p. 15.

Dá conta de dúas actividades culturais que se van celebrar proximamente, o Vº Curso de Pensamento Contemporáneo "Carlos Gurméndez" e as V^{as} Xornadas de Catoira na Historia. O primeiro está dedicado á construcción europea a través da figura do coruñés Salvador de Madariaga e o segundo á guerrilla antifranquista en Galicia. Cita os relatores que intervirán en ambos eventos e anuncia a presentación, nas Xornadas de Catoira, do libro de Alonso Montero *A guerrilla antifranquista e os guerrilleiros de Galicia na voz dos poetas*.

- Jesús J. Blanco, “A historia e o teatro enriquecen o programa previo á Romaría Vikinga”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Caldas”, 2 agosto 2002, p. 22.

Fai referencia ás Xornadas da Historia que se celebrarán esta semana en Catoira, xunto co desembarco viquingo e coa representación teatral *Retorno a Escandinavia*, no recinto das Torres do Oeste. Explica que nas Xornadas intervirán Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Xosé Ramón Fandiño Veiga, Victor Santidrián e Gonzalo Bouza Brey, que se presentará o libro *A guerrilla antifranquista e os guerrilleiros de Galicia na voz dos poetas* e que se proxectará o documental *O fusilamento de Gayoso e Seoane*.

- Xesús Alonso Montero, “Guerrilleiros en Catoira”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 2 agosto 2002, p. 11.




Sinala que se están a celebrar as Xornadas de Catoira na Historia, este ano dedicadas ás guerrillas antifranquistas, e que nelas se presentou o volume *A guerrilla antifranquista e os guerrilleiros de Galicia na voz dos poetas*. Explica que na antoloxía aparecen textos do poetas galegos e de fóra e destaca o pranto que o guerrilleiro José Gómez Gayoso fai ao

seu compañeiro Manuel Ponte. No acto tamén se incluíu un recital poético e a actuación dos cantautores Mini e Mero. Cita algún dos relatores que participaron nas xornadas e indica que o libro inclúe textos dedicados ao Che Guevara.




- C. Fernández, “Guerrilla y poesía”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 5 outubro 2002, p. 11.

Dá conta do último traballo de Xesús Alonso Montero, *A guerrilla galega antifranquista e os guerrilleiros na voz dos poetas*. Explica que a obra está editada polo Concello de Catoira e que inclúe poemas nos que se homenaxea a diversos guerrilleiros galegos. Enumera algúns dos autores antologados e destaca a inclusión dunha carta que Castelao enviou ao nacionalista vasco Irujo.

- Marcos Valcárcel, “Poesía e guerrilla”, *La Región*, “Sociedad”, 11 decembro 2002, p. 69.

Dá conta da publicación de *A guerrilla antifranquista en Galicia* e sinala que a obra foi publicada polo Concello de Catoira, ao abeiro das Xornadas de Catoira na Historia e que o

editor da antoloxía é Xesús Alonso Montero. O libro está composto por unha introducción do editor sobre este tema, sete capítulos de antoloxía e un apéndice. Cita, así mesmo, algúns dos poeta recollidos na obra.




- Manuel Vidal Villaverde, “A guerrilla antifranquista”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 1 decembro 2002, p. 51.

Informa da publicación de *A guerrilla antifranquista*, sinala que é obra de Xesús Alonso Montero, que conteñen cento corenta e seis páxinas e que inclúe ilustracións de Luís Seoane, Castelao, Isaac Díaz Pardo e fotografías de Manuel Ponte. Enumera algúns dos autores incluídos e avalía os textos do editor como un referente para coñecer a época histórica reflectida nos poemas.

Álvarez Pousa, Concepción e Xosé Henrique **Costas** (ed.), *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*, limiar dos editores, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, maio 2002, 85 pp. (ISBN: 84-87783-67-8).

Compilación dirixida, segundo os editores expoñen no limiar da obra, a un público fundamentalmente escolar e da zona do Bierzo, con motivo da instauración de aulas de lingua galega na súa área máis occidental, é dicir, onde aínda se conserva o uso da nosa lingua. Despois dunha breve introducción lexitimadora e definitoria da edición, preséntanse cinco autores bercianos –Isidoro Andrés Ovalle (San Fiz de Corullón), Antonio Fernández Morales (Astorga, 1817-Cacabelos, 1896), José Bálgoma Suárez (Vilafranca do Bierzo. 1861-1931), Francisco De Llano e Ovalle (Vilafranca do Bierzo, 1871-1945) e Ramón González-Alegre Bálgoma (Vilafranca, 1919-Vigo, 1968)– organizados en orde cronolóxica e con cadansúa biografía, habendo diferencias cuantitativas en canto a esta e tamén ao corpus publicado. Agás o derradeiro, todos son nados no século XIX, podéndose situar dentro da esfera dos autores do Rexurdimento ou dos seus continuadores, utilizando nos seus poemas temáticas sobre todo costumistas e paisaxísticas. No caso do restante, aprécianse, ademais deste, outros temas máis elaborados e cabe mencionar, e a escolma

así o salienta, a súa importancia dentro do desenvolvemento da poesía galega de mediados do século XX, logo da fundación da revista *Alba*, no 1949, así como as súas contribucións ao teatro.




Recensións:

-José Miguel A. Giráldez, “O incrible retorno de Fernández y Morais”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 13 maio 2002, p. 1.

Dáse conta da próxima presentación en Edicións Positivas dunha escolma de poetas bercianos, que escribiron en galego ao longo de cen anos (1860-1960), froito do traballo recompilatorio de Xosé Henrique Costas e Concepción Álvarez Pousa. Indícase que un dos escolmados, o autor de *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), Antonio Fernández y Morales (1817-1896), constitúe unha figura de grande importancia para a nosa literatura, danse as razóns da súa relevancia e sinálanse os autores que se dedicaron ou dedican ao estudio deste escritor de Cacabelos e da súa obra, entre os que destaca Balboa de Paz. Ofrécense tamén algúns datos biográficos e da súa actividade literaria, así como a

estructura da súa obra de 1861 xa mencionada. Por outro lado, cítanse os autores que ademais de Fernández y Morales aparecen en *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*: Isidro Andrés Ovalle, Francisco del Llano, José Bálgoma e Ramón González Alegre, e as obras destes. Finalmente, menciónanse os estudios que van ser publicados arredor da figura de Fernández y Morales da man de Balboa de Paz e do Instituto de Estudios Bercianos.




- Carme Vidal, “O poeta berciano Antonio Fernández Morais rexurde no Ano Sarmiento”, *A Nosa Terra*, nº 1.034, “Cultura”, 16-22 xullo 2002, p. 24.

Sinálase a Antonio Fernández Morales como autor do longo poemario *Ensayos poéticos en dialecto berciano* publicado en 1861 e como escritor para o que algunhas voces reclaman un lugar preferente no Rexurdimento galego. Ofrécensenos algúns datos biográficos deste autor, así como as características da obra que precede en dous anos a *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro. Indícanse as referencias que os estudiosos da escrita galega lle teñen dedicado ao poeta de Cacabelos e destácase, entre outras obras relevantes para o estudio deste autor, a importancia de *Escolma de poesia berciana (1860-1960)*, de Xosé

Henrique Costas, así como da publicación en *A Trabe de Ouro* do primeiro estudio literario sobre este autor realizado por Anxo Angueira. Tamén se dá conta dalgunha das novas publicacións sobre Fernández Morales como é a preparada por Balboa de Paz ou a nova da edición facsimilar de *Ensayos poéticos en dialecto berciano (1860-1960)* que está a preparar




o Instituto de Estudios Bercianos. Dentro deste artigo aparece un recadro que baixo o título de “Cinco voces galegas nun século de poesía do Bierzo” se dá conta da presentación en Vilafranca do Bierzo o día 17 de maio do libro *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)* en Edicións Positivas. Indícase quen son os autores encargados de realizar a escolma: Xosé Henrique Costas e Concepción Álvarez, os obxectivos e pretensións desta e os autores escolmados: Isidoro Andrés Ovalle, Antonio Fernández Morales, José Bálgoma Suárez, Francisco de Llano e Ovalle e Ramón González-Alegre.

- Xosé Freire, “A vitalidade da lírica en galego alén das fronteiras actuais”, *A Nosa Terra*, nº 1.042, “Cultura”, 11-17 xullo 2002, p. 27.

Analízase a obra *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*, de Xosé Henrique Costas e Concepción Álvarez e indícase a importancia dun dos autores

escolmados neste traballo: Antonio Fernández y Morales. Fálase de cál foi o xermolo da obra do poeta de Cacabelos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), da estructura desta e dos estudiosos deste autor e da súa obra. Cítanse os outros poetas que aparecenna escolma, así como os seus poemas, e dise que no limiar do traballo de Costas e Álvarez veñen explicadas as diferencias do galego do Bierzo, os obxectivos da obra e o público ao que esta está destinada.




-M. Quintáns S., “Unha antoloxía berciana en galego”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 8 setembro 2002, p. 4.

Dáse conta da aparición de mans de Concepción Álvarez Pousa e Xosé Henrique Costas de *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*. Sinálase que está formada por un limiar, no que se explica a razón e os obxectivos da publicación; por unha nota biobibliográfica dos autores escolmados, que precede á selección de textos; polos textos escolleitos, e máis por un apéndice léxico. Así mesmo, destácase a importancia neste volume do recurso a pé de páxina no ámbito léxico. Finalmente, indícase a existencia de

modificacións fonéticas e morfolóxicas coa finalidade de facer máis doada a lectura e a comprensión dos poemas.




-Xosé Feixó, “Poesía berciana”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, “Libros”, 19 setembro 2002, p. IV.

Dá conta da aparición dunha breve selección de poesía, elaborada no occidente do Bierzo, de sesenta páxinas e con poemas datados entre 1860 e 1960 correspondentes a cinco autores. Indícase que no limiar se nos introduce no contexto histórico e sincrónico da producción escolmada e explícansenos os criterios desta edición. A continuación sinálase que o volume presenta un resumo da producción poética no século XIX e que nel se destacan en negriña os autores escolmados, conseguindo así que o lector poida situalos con facilidade. De seguido aparece a escolma dos autores dos que se ofrecen os datos máis significativos e finalmente un pequeno glosario. Indícase que a edición desta obra está orientada fundamentalmente para o mundo escolar e o público en xeral e que o obxectivo dos autores é o de fornecer de textos galegos aos colexios do Bierzo onde o galego se está introducindo no sistema educativo. Así mesmo, coméntase o que se bota en falta na edición

(notas orientativas respecto da calidade poética dos autores e das obras, comentarios literarios, análises textuais, etc.) e explícase que debido ao carácter escolar os textos están ortograficamente retocados co fin de facilitar a lectura e a comprensión.




-Armando Requeixo, “Concepción Álvarez Pousa/Xosé Henrique Costas: *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*”, *A Trabe do Ouro*, nº 52, Tomo IV, “Publicacións”, outubro-novembro-decembro 2002, pp. 97/529-101/533.

Armando Requeixo gaba a oportunidade da publicación da *Escolma de poesía berciana*, preparada por Concepción Álvarez Pousa e Xosé Henrique Costas, “pois non debía permanecer por máis tempo esquecida esa lírica realizada na nosa lingua común por terras bercianas”. Non embargante, e visando a crítica constructiva, realiza ao mesmo tempo unha serie de observacións dos aspectos que considera negativos. Resume por fin o contido e estructura deste libro de Edicións Positivas, que se divide nun “Limiar”, un “Resumo da producción poética en galego no século XX”, a escolma propiamente dita (con composicións de cinco autores) e un “Glosario” final.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Reeditarán a un berciano que publicou en galego dous anos antes que Rosalía”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 3 abril 2002, p. 59.

Dá conta da publicación do volume *Escolma de poesía berciana en lingua galega (18601960)*, a cargo de Concepción Álvarez e Henrique Costas. Destaca desta escolma a presencia nela de Antonio Fernández Morales, un autor que publicou en 1861 *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, ademais de se referir aos catro escolmados máis: Isidoro Andrés Ovalle, José Bálgoma Suárez, Francisco De Llano e Ovalle e Ramón González-Alegre Bálgoma. Sinala que esta obra é un adianto da edición que dos *Ensayos poéticos* está a preparar a Universidade de Vigo. Recolle a historia desta obra, influencia no autor do filólogo catalán Mariano Cubí i Soler, de quen Henrique Costas sinala que é un descoñecido malia a súa contribución á literatura galega do século XIX. En cadro á parte faise unha breve biografía deste autor, de quen se reproduce o poema “O fiandón da aldea”.

- Miguel Giráldez, “O poeta berciano en lingua galega Antonio Fernández y Morales vai ser recordado en Cacabelos o día 19”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 12 maio 2002, p. 76.




Anuncia a homenaxe que se lle vai render a Antonio Fernández y Morales na súa terra natal do Bierzo. Sinala que este autor sufriu un forte esquecemento, pois só foi nomeado no *Diccionario da literatura galega*, de Francisco Fernández del Riego e no de Dolores Vilavedra. Sinala que desde o Instituto de Estudios Bercianos se reivindicou a súa figura eanuncia a saída do prelo de obras como a de Concepción Álvarez e Henrique Costas, *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*, na que se antologa a este autor. Ademais de nomear os outros autores escolmados, tamén se citan proxectos arredor desta figura, entre eles unha edición facsimilar da súa obra *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861).





Álvarez Torneiro, Manuel, *Os reinos do fulgor. Antoloxía esencial (1982-2002)*, edición e introducción de Concepción Delgado Corral, ilust. Xosé Cobas e Siro, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2002, 530 pp. (ISBN: 84-95950-12-X).❿

Volume antolóxico da obra de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932), que se inicia cun limiar de Concepción Delgado Corral, no que, tras achegar unhas cantas notas de carácter biográfico sobre o autor e situalo nun determinado contexto literario, fai un repaso polas obras en galego que inclúe o libro, comentando as liñas temático-estructurais. Ademais, analiza varios aspectos que, afirma, se observan en toda a poética do xornalista, entre eles a presencia da natureza desde diversa perspectivas, "a esperanza e o amor á vida", ou o poder da memoria e do silencio. Tamén centra a atención nos recursos estilísticos e nas "influencias culturais". Conclúe salientando a orixinalidade da obra de Torneiro (A Coruña, 1932) e recapitulando as claves que contribúen a dar "unidade" ao volume. Recolle poemas dos seguintes libros: *Memoria do silencio* (1982), *Fértil corpo do soño* (1985), *Restauración dos días* (1986), *As voces consagradas* (1992), *As doazóns do incendio* (1993), *Rigorosamente humano (*1995), *Habitante único* (1997), *Campo segado (2000)* e *Setembro Stradivarius* (inédito). Péchase con once poemas dos que non se indica a procedencia. Os

temas máis recorrentes son os de tipo existencial e social, nos que a voz poética lembra con emoción un tempo pasado, na maioría dos casos non grato. Así, volve os ollos á infancia e recorda as “ausencias” ou os difíciles tempos da posguerra. Ante as penurias o “único refuxio está na arte ou no mundo do soño”. Asemade, tamén hai composicións de corte amoroso-erótico ou paisaxístico.




Referencias varias:

-Francisco P. Lorenzo/Francisco Pérez Lorenzo, “Poeta de fondo”/“Torneiro ve na recuperación do eu ‘o gran logro da poesía galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 20 decembro 2002, p. 33/p. 75.

A raíz da publicación da antoloxía *Os reinos do fulgor. Antoloxía esencial (1982-2002)*, fai unha caracterización da poesía de Torneiro, apoiándose en palabras do propio autor. Lembra os comezos no “social-realismo” e encádrao na xeración dos cincuenta. Así mesmo, alude ao colectivo Mencer que contribuíu a fundar. Apunta que “todos os libros son un único” e que a súa “é unha obra silenciosa”. Tenta describir a súa “linguaxe poética”, pondo de

manifesto que escapa a todo artificio. Subliña ademais que “o humano, o real, vivente latente, valor dos valores... mora no corpus da súa escrita vocativa, saudosa”. Por último, pon de relevo a importancia do soño.








Cabanillas, Ramón, *Escolma poética*, edición, selección e notas de Xesús Rábade Paredes, Santiago de Compostela: P.E.N. Clube de Galicia/Caixanova/Edicións Xerais de Galicia, col. Arte de Trobar, nº 1, decembro 2002, 245 pp. (ISBN: 84-931711-6-6).

O libro ábrese cunha extensa introducción realizada por Xesús Rábade Paredes que desenvolve os seguintes epígrafes: “Noticia biográfica”, “Cuba no nacemento do poeta”, “De *No desterro* a *Na noite estrelecida*”, “Un logro irrepetible: *Na noite estrelecida*”, “De *Na noite estrelecida* a *Samos*” e “Poeta e versificador nato”. En todos eles trátase de pór de manifesto a actividade literaria de Ramón Cabanillas (Fefiñáns, Cambados, 1876-Cambados, 1959), facéndoo a través de diferentes destinos nunha viaxe marcada pola edición das súas obras capitais. A continuación, trala “Advertencia sobre a presente edición”, atópase a “Escolma poética (1913-1959)”, que recolle trece composicións de *No desterro* (1913), sete de *Vento mareiro* (1915), cinco de *Da terra asoballada* (1917), tres de *Na noite estrelecida* (1926), seis de *A rosa de cen follas* (1927), catro de *Camiños no tempo* (1949), tres de *Da miña zanfona* (1954), cinco de *Samos* (1958) e tres de *Poesías ventureiras* (1959).

Referencias varias:

- AFA, “Fonte de voces”, *O Correo Galego*, “AFA”, 1 xullo 2002, p. 49.

Sinala que se inicia a colección de poesía do Pen Club, en colaboración con Caixanova, coa publicación de *Obra selecta*, de Ramón Cabanillas, preparada por Xesús Rábade Paredes. Apunta que González Tosar, presidente do Pen Club, prevé que anualmente saian tres libros nesta colección que dará acollida tanto a clásicos como a autores contemporáneos, escollidos polo consello de redacción que está nas mans de Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández del Riego, Luz Pozo, Basilio Losada, Darío Villanueva e Arcadio López Casanova. Dá conta tamén de que está por resolverse en Compostela o premio xurdido a partir desta colaboración coa entidade de aforro ao que concorreron, segundo Helena Villar Janeiro, máis de oitenta obras e destaca quen formará o xurado deste premio que é o de maior dotación económica de Galicia.

Cebreiro, María do, *Damas negras. Música e poesía cantada por mulleres*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 25, 2002, 182 pp. (ISBN: 84-8302-887-5).

Damas negras é unha antoloxía bilingüe (inglés-galego) de cancións interpretadas por mulleres afroamericanas (Aretha Franklin, Nina Simone, Billie Holiday, Ella Fitzgerald, Tracy Chapman, Tina Turner, Sade, Lauryn Hill, entre outras) preparada pola escritora, teórica da literatura e cantante María do Cebreiro (Santiago, 1976). Precede á escolma, que abrangue varios estilos musicais (blues, gospel, soul, rythm&blues, jazz, folk, pop, rock, rap e hip-hop), un estudio preliminar en que a antóloga dá conta dos criterios seguidos tanto na escolla coma na traducción, á vez que describe os principais trazos que definen a música popular urbana de ámbito anglosaxón. Cómpre destacar tamén que, como se explica na introducción, o concepto de *negro* ten no libro "pouco que ver coa cor da pel" e máis coa "escuridade do canto", no fondo coma na forma. Isto xustifica a inclusión de "damas brancas" como Janis Joplin. Cada unha das seis seccións do volume leva, ademais, a súa propia nota explicativa.

Coordenadora Leixaprén de Equipos de Normalización Lingüística, *Anacos de Historia. Ría de Noia*, Noia: IES Campo de San Alberto de Noia, 2002, 96 pp. (DL: C-2266/2002).

Volume publicado polo Equipo de Normalización Lingüística do IES Campo de San Alberto de Noia, que pertence ao colectivo Leixaprén, integrado tamén polos equipos denormalización lingüística do IES Fontexería e As Ínsuas de Muros, Poeta Añón de Outes, Virxe do Mar e Campo de San Alberto de Noia, A Cachada de Boiro, Félix Muriel de Rianxo e os CPI da Picota en Mazaricos e Cernadas de Castro de Lousame. Esta asociación é a que convoca tamén o premio Leixaprén, outorgado na súa primeira convocatoria ao poeta Manuel María, na segunda a Xosé Agrelo Hermo e na terceira a Isaac Díaz Pardo. Con motivo da entrega deste premio, o equipo organizador decidiu publicar este volume para achegar o lector ás súas raíces, á vez que procurar o respecto e a dignificación da cultura. Ábrese o volume co poema “Eu son o teu soldado máis forte”, de *O tempo no espello*, de Antón Avilés de Taramancos, segue “Eu soñei ver no cumio do Pindo”, de *Poesías*, de Francisco Añón; e “Paresce o mar de Noia un vieiro de lúa”, publicado na revista *Tapal* en 1951por Manuel Fabeiro Gómez. Despois dunha breve introducción dos editores na que explican a estructura da obra, que combina nas páxinas pares fotografías de finais do século

XIX e principios do XX da vida cotiá da comarca de Noia cos poemas antologados nas páxinas impares, recóllense os que seguen: “Pequena historia dunha rapariga”, de *Os nobres carreiros*, de Eduardo Moreiras (Quiroga,1914-Vigo, 1991); “Primeira comunión”, “Os nenos” e “Solpores da miña vila”, de *Sombra do aire na herba*, “Cruceiro”, de *Triscos* e “Mañá da miña rúa” e “¡Si ti vises esta tarde!”, de *Poesía enteira*, de Luís Pimentel (Lugo, 1885-1958); “Foliada” da adaptación de *Vento mareiro*, e “Astra a morte”, de *Da terra asoballada*, de Ramón Cabanillas (Fefiñáns-Cambados, 1876-Cambados, 1959); [“Nenos de dez anos soñando amor de area”] e [“Dóeme a terra”], de *Pel de ameixa*, de Marta Dacosta (Vigo, 1966); “Ai, Capitán”, de *Nimbos*, de Xosé Mª Díaz Castro (Parga-Guitiriz, 1914-Lugo, 1979); [“Tiven medo de bogar”] e “Noia”, de *Palabra no tempo*, e “Mocedá, diviño tesouro!”, de *Verba que comeza*, de María Mariño Carou (Noia, 1907-Parada do Courel, 1967); “Lembranza do vello crego”, de *O galo*, de Luís Amado Carballo (Pontevedra, 1901-1927); “O neno”, de *Non*, e “Fotos familiares”, de *Calados esconxuros* , de Antón Tovar Bobillo (Rairiz de Veiga-Ourense, 1921); “Eu en ti”, “Historia dunha muller”, “Muller” e “Moi lonxe”, de *O soño sulagado*, de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979); [“Este vaise i aquel vaise”] e [“Lévame a aquela fonte cristaíña”], de *Follas Novas*, de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885); “As origens”, de *A luz resuscitada*, e “Aquí

ergueu-se um fogar", de *Antoloxía poética*, de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929); ["Na morte da nena nena"] e ["Os nenos xogan os ollos"], de *Cantiga nova que se chama Riveira*, e ["¿Non coñeces o mar?"], de *Mar ao norde*, de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981); "A escola", de *Lugo blues*, de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956); "Días de feira", de *Costa da morte blues*, e "A negra terra", de *Mohicania*, de Manuel Rivas (A Coruña, 1957); "Recalada", de *De catro a catro*, de Manuel Antonio (Rianxo, 1900-Asados-Rianxo, 1930); ["¡Quen me dera ser nao senlleira"], de *Nao senlleira*, de Fermín Bouza Brey (Ponteareas, 1901-Santiago de Compostela, 1973); "Adicatoria", de *Os poemas da ausencia*, e "O tempo canta no espello", de *Nova crónica de Ulises*, de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-1992); "Das mans", de *Memoria de Agosto*, de Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953); ["A cidade onde vivo ten mar"], de *Cidades*, de Fran Alonso (Vigo, 1965); ["Meu corazón –branca vela– "], de Manuel Fabeiro (Muros, 1916-1992), recollido da revista *Tapal*; ["Os carros pasan longos sobre os mares de fume"], de *Anos de viaxe*, Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945); ["De frescos cheiros cargada"], de *Aires da miña terra*, de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908); "O día de festa", de *Escolma poética*, de Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906); "Oración", de *As voces consagradas*, de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932); "Emigrantes nunha data calquera", de *Fardel de eixilado*,








de Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979); e “Un consolo”, de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1988).

Elices, Castor, *Obra poética*, ed. e introd. de Xesús Fernando Román Alonso, limiar de X. L. Méndez Ferrín, Ourense: Ediciones Linteo, col. Aberta, marzo 2002, 272 pp. (ISBN: 84-931893-6-7).

Volume que comeza cun limiar no que X. L. Méndez Ferrín describe a Celanova de 1850, sinala que o autor da presente edición, Xesús Fernando Román Alonso, descende da estirpe dos Elices e remata indicando os diferentes apartados deste libro. Este estudio está dividido en seis partes. Na primeira delas, a "Introducción", faise unha achega biobibliográfica a Castor Elices Rodríguez (Celanova, 1847-1886) –amizade con Curros Enríquez, desengano amoroso, médico militar en Cuba, Filipinas, etc.–, repásase cómo o tratou a crítica e apúntanse algunhas das características da presente edición. A seguir vén o apartado "Obra poética" que recolle oitenta e seis poemas, algúns deles inéditos, do poeta celanovés –dos que só catorce están en galego–; en primeiro lugar están os dous poemas galegos máis coñecidos de Elices –"As follas secas" e "A miña nai"– e despois veñen, en orde cronolóxica, poemas en galego e logo os españois. Cómpre sinalar que Román Alonso indica que Castor Elices publicou en 1877 co pseudónimo Siecle un caderno titulado *Cualquier cosa. Renglones cortos*, publicación descoñecida entre os "eruditos na materia en

relación coa prensa e publicacións galegas do século XIX". En "Artigos periodísticos" reprodúcense tres artigos que Castor Elices publicou en *El Correo Gallego*, mentres que en "Apéndice documental" aparecen textos relacionados coa súa vida familiar, académica e profesional, así como dous artigos de Joaquín de Arévalo referidos á discusión literaria que mantivo co poeta celanovés. O libro péchase co apartado "Documentos", que presenta algunhas reproduccións facsimilares de poemas de Castor Elices e mais coa "Bibliografía".




Referencias varias:

-Xosé Manoel Rodríguez, “Linteo recupera a obra inédita do poeta celanovés Castor Elices”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 23 marzo 2002, p. 7.

Infórmase de que a editorial ourensá Linteo vén de sacar do prelo o volume *Castor Elices. Obra poética*, obra de Fernando Román, que inclúe un limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín e que será presentada o vindeiro mes de abril na Deputación de Ourense.

-Jesús Manuel García, “Recupero 24 poemas inéditos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 4 abril 2002, p. 2.

Conversa con Fernando Román na que fala dalgunhas das características súa obra *Castor Elices. Obra poética*, como que nela recupera oitenta e seis poemas deste escritor celanovés dos que catorce son en galego e vintecatro inéditos, e indica tamén os seus arredados vencellos familiares con Castor Elices.

- Marcos Valcárcel, “Volve Castor Elices”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 5 abril 2002, p. 2.

Sinala que esta obra se insire dentro do labor de recuperación de autores do século XIX que comezara Carvalho Calero coa súa *Historia da literatura galega contemporánea* e que hoxe en día continúa coa colección “Narrativa Recuperada” do Centro Ramón Piñeiro. Apunta algunhas das características deste volume e amosa algúns datos biográficos de Castor Elices.

- Alfredo Conde, “O equilibrio”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 abril 2002, p. 4.

Refírese aos poetas galegos que protagonizan dúas novas edicións literarias: Castor Elices, coa *Obra poética*, e mais José Rubinos, con *Cantigas, fábulas e outros poemas*. Con referencia a Castor Elices sinala que “fixo a poesía que lle cumpreu” naquela altura.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 6 abril 2002, p. 59.

Reflexiona sobre o mundo literario de Celanova e destaca a importancia de Socorro Alonso Martínez-Risco, nai do autor deste libro, na conservación “da memoria fiel” de Castor Elices.

- C. C., “La obra del celanovense Castor Elices “revive” de la mano de Fernando Román”, *La Región*, “Celanova. Actualidad”, 29 xuño 2002, p. 23.




Saliéntase que o autor deste estudio descende da familia dos Elices por vía materna e asemade sublíñase que a poética de Castor Elices é intimista e de gran sensibilidade.

-Manuel Vidal Villaverde, “Verán en Castro Elices”, *O Correo Galego*, “Fai fume”, 16 xullo 2002, p. 2.

Fala deste libro, do seu autor e do poeta escolmado, Castor Elices, que é cualificado de “poeta posromántico” e a seguir reproduce un poema e mais unha cita, de Curros, que forman parte deste volume.

Freire Freire, Marivel, *Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galicia emigrante*, Lugo: Brigadas en Defensa do Património Chairego, 2002, 256 pp. (DL: LU-217/2002).

Este estudio de Marivel Freire Freire céntrase en repasar a vida e obra poética de Avelino Díaz Díaz (Travesa, Riotorto, 1897-Buenos Aires, 1971). Divide este estudio en dous grandes bloques: a “Bibliografía” e mais a “Obra”. No primeiro bloque detense nos datos biográficos, na súa exemplar personalidade, na súa faceta nos movementos republicanos e galeguistas así como nas numerosas homenaxes de aquén e alén mar que protagonizou. Con respecto á súa obra literaria poética, que se corresponde co segundo bloque, céntrase na súa obra édita –volumes poéticos *Flor de retama* (1947), *Debezos* (1947) e mais *Pallaregas* (1963)–, inédita e desaparecida. Reprodúcese e escólmase a producción poética de Avelino Díaz: así, recóllense cen poemas, setenta e sete en galego e vintetrés en español, e asemade tamén se detén nas súas composicións en portugués e italiano así como nas súas traducción ao galego, desde o español e o portugués, e ao español desde o galego. Finalmente cabe sinalar que este texto está acompañado de fotografías relacionadas coa figura de Avelino Díaz.

Referencias varias:

-Manuel María, “A recuperación do poeta Avelino Díaz”, *El Correo Gallego*,“*Correo das Culturas*”, 1 decembro 2002, p. 8.

Aplaude a edición da biografía e antoloxía do autor lucense Avelino Díaz, titulada *Avelino Díaz: Unha voz comprometida na Galicia emigrante*, de Marivel Freire Freire. A seguir, faise un repaso pola vida deste nacionalista galego e da súa poética da que destaca os seus temas patrióticos e costumistas así como os dedicados ao río Miño e á terra de Meira.

Gutiérrez Palacio, Javier, *Antología de la obra de Eugenio Montes*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión Cultural, nº 28, xullo 2002, 702 pp. (ISBN: 84453-3332-1).⑩

Para coñecer o contido de carácter poético deste volume véxase a súa descrición no apartado I. 4. Antoloxías deste *Informe*.

Pablos, Francisco e Maximino **Cacheiro Varela**, *O Mar na pintura e na poesía galegas*, limiar dos autores, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, marzo 2002, 76 pp. (ISBN: 84-8457-093-2).

Francisco Pablos e Maximino Cacheiro levan a cabo nesta obra unha escolma pictórico-literaria que ten como criterio unificador a referencia ao mar, ao que o ser humano, e o "ser galaico" en especial, "está estreitamente vencellado". Son vintenove composicións de ton, época e feitío diversos mais un tema común, representativas da nosa producción lírica ao longo da historia: dos trobadores (Fernando Esquío, Mendiño, Martín Códax, Gómez Chariño, Xohán Zorro), aos autores contemporáneos (Luz Pozo, María do Carmo Kruckenberg, Bernardino Graña, Avilés de Taramancos, Méndez Ferrín, Xohana Torres, etc.), pasando polos "clásicos" (Rosalía, Pondal, Cabanillas, Amado Carballo, Manuel Antonio, Blanco Amor, Bouza Brey, Iglesia Alvariño, Seoane, Cunqueiro, Celso Emilio, etc.). Dialogando con estes poemas aparecen outros tantos cadros mariños da autoría, entre outros, de Urbano Lugrís, Suárez Llanos, Francisco Lloréns, Sotomayor, José Solla, ManuelTorres, Xabier Pousa, María Formoso, Abelenda, Rafael Alonso, Ánxeles Penas (tamén poeta antologada), Colmeiro, etc. No "Limiar" que precede a antoloxía, Maximino Cacheiro e

Francisco Pablos introducen, respectivamente, o contido verbal (“O mar na poesía galega”) e mailo icónico (“O mar na pintura galega”) do libro. Así, explican, o mar é unha referencia fundamental nas diferentes áreas que alicerzan a nosa civilización occidental (as epopeas e mitoloxías grecolatinas, a filosofía, a psicoloxía). E, se ben na plástica galega o motivo do mar non atinxiu a amplitude nin a antigüidade da lírica, este elemento aparecerá nunha e noutra canle de expresión como signo ou como símbolo, como marco para “a reflexión metafísica ou a aventura existencial” ou como camiño cara á procura dunha vida mellor, como amigo pacífico e cordial ou como ser violento, tráxico e enérxico, como fonte de subsistencia ou como denotación de ausencias e arelas.




Recensións:

- Ángel Núñez Sobrino, “O mar presente na pintura e na poesía galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 25 agosto 2002, p. 1.

Despois de considerar que o mar, fronte á praia, “pode traducirse na pintura e na poesía galega como unha vivencia chea de plenitudes”, e afirmar que existe “unha conexión

perfecta entre poesía e pintura", céntrase na aparición ("inauguración fértil") do libro de Maximino Cacheira e Francisco Pablos *O Mar na pintura e na poesía galegas*. Este sería "un pentágono perfecto, pois cada ángulo traslada a súa ó seguinte en satisfacción xeométrica". Refírese así aos dous organizadores, aos dous vehículos artísticos escollidos e ao tema do mar que os unifica. Dedica por outra banda unhas palabras de gabanza para os directores da institución editora, Miguel Pereira e César Manuel López Marras, responsábeis tamén das revistas *Pontevedra*, *Pontenova* e *Pontenorga*. Subliña a dobre funcionalidade do libro ("goce para a mirada e para as lecturas"), comenta brevemente o contido e remata augurándolle un posto de honra nunha "futura historia da literatura galega e historia da arte galega".




- Estro Montaña, “E mirarémo-las ondas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, “Libros”, 12 setembro 2002, p. IV.

Comeza por referir un antecedente ao libro de Francisco Pablos e Maximino Cacheiro *Fragmentos de mar*, unha carpeta con litografías de Berta Cáccamo e textos poéticos de Xosé María Álvarez Cáccamo, que os dous irmáns presentaban en Baiona no verán de

1989, e que viña demostrar “cómo os artistas visuais e os escritores poden crear un territorio común que teña como eixo o mar”. A seguir, achéganos o contido de *O Mar na pintura e na poesía galegas*, lembrando o financiamento da Deputación de Pontevedra: os breves estudios limiares precedendo a dobre compilación poético-pictórica organizada respectivamente por Cacheiro e Pablos. Como conclusión, expresa a súa inconformidade coa ausencia entre os antologados de nomes importantes tanto no dominio lírico (como o propio Cáccamo antes mencionado, Baixeras, Ramiro Fonte, etc.) coma no plástico, reclamando así a presencia no libro de autores máis recentes que están á altura dos máis vellos. Así non sendo, pensa, “o libro queda escaso para un título que nos lembra a inmensidade do océano”.




-Xavier Castro R., “O mar como motivo na creación pictórica e na lírica de varios autores galegos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 20 outubro 2002, p. 4.

Comeza Castro por notar a versatilidade do mar: é un fenómeno da natureza que “provoca diferentes reaccións e sentimentos no espectador”. Así, o traballo de Francisco Pablos e Maximino Cacheiro viría dar “numerosos exemplos” literario-pictóricos desa multiplicidade de

reaccións “á beira desta fermosa realidade”. Gaba o labor editorial de Miguel Pereira Figueroa, director do Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, e a combinación de dúas artes que se leva a cabo no libro, pois son complementarias. Reproduce algúns fragmentos da introducción e remata cunha breve nómina dos poetas e pintores seleccionados.




Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, “O mar na pintura e na poesía”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 2 xuño 2002, p. 53.

Dáse noticia da aparición de *O Mar na pintura e na poesía galegas*, a cargo do Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, cualificado como “precioso texto de continente e contido”. Enuméranse os poetas e os pintores recollidos por Francisco Pablos e Maximino Cacheiro Varela no libro e recoméndase a introducción dos compiladores.

- Dora Vázquez, “O mar, na pintura e a poesía galegas”, *La Región/O Correo Galego*, “De paso”/“Ronseis”, 22 xuño 2002/2 xullo 2002, p. 26/p. 2.

Comeza Dora Váquez por encarecer as virtudes paratextuais de *O Mar na pintura e na poesía galegas*: o título e a encadernación (capas), para despois comentalo “por adentro”. Resume a introducción dos autores e menciona as mulleres poetas que se antologan no volume, esquecendo a penas o nome de María do Carmo Kruckenberg: Rosalía de Castro,Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Ánxeles Penas e Xohana Torres. Pasa a continuación a realizar unha rememoración autobiográfica da súa relación persoal co mar na infancia e xuventude, o que motiva o seu encantamento coa lectura da antoloxía en cuestión, transcribindo para mellor expresarse unha cuarteta do poema da súa irmá Pura, incluída na mesma, na que se transmiten esas primeiras sensacións marítimas coas que ela se identifica. Remata agradecendo este “regalo” aos autores e á Deputación de Pontevedra.

Pozo Garza, Luz, *Ribadeo, Ribadeo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural), 2002, 73 pp. (ISBN: 84-453-3363-1).

Escolma poética que se abre cun texto de presentación de Dionisio Gamallo Fierros, datado en 1951. A escolma, luxosamente editada e acompañada de numerosas ilustracións e fotografías, foi concibida como unha homenaxe da autora á súa terra natal, e recolle textos en galego e castelán tirados dos libros *O paxaro na boca*, (1952)*, Paraíso Perdido. Ciudad de la niñez* (1954)*, Últimas palabras* (1964), *Concerto de outono*, (1981), *Prometo a flor de loto* (1992)*, O que acorda de nós. Vida secreta de Rosalía* (1996), así como outros poemas publicados en prensa ou nos programas de festas de Ribadeo, recollidos no epígrafe "Impresións".

Recensións:

- Xavier Castro R., "Arredor do universo poético de Luz Pozo Garza, a poeta que lle cantou a Ribadeo", *El Correo Gallego,* "*Correo das Culturas*", 8 decembro 2002, p. 4.

Sitúa a traxectoria de Luz Pozo Garza nun lugar cimeiro das letras galegas, apuntando que poemarios como *O paxaro na boca* (1952), *Concerto de outono* (1981) ou *Códice Calixtino* (1986) marcaron novas formas, contidos e estructuras na lírica galega dos últimos tempos. Salienta tamén o labor cultural da autora á fronte de revistas como *Nordés* ou *Clave Orión*. A seguir dá conta da publicación desta escolma, da que salienta a súa amplitude cronolóxica, as ilustracións e fotografías coas que se apoia e o feito de estar proxectada cara á terra da autora nunha emocionada homenaxe. Remata recollendo unhas verbas de Dionisio Gamallo Fierros coas que se abre o volume, sinalando que este foi un dos valedores da lírica da poeta desde os primeiros tempos.

Rodríguez, Luciano (ed.), *25 anos de poesía galega (1975-2000), I-II-III*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nºs 75-77, 2002, 218 pp./214 pp./250 pp. (ISBN de La Voz de Galicia do volume I: 84-9757-052-9) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia do volume I: 84-8302-846-8)/ (ISBN de La Voz de Galicia do volume II: 84-9757-053-7) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia do volume II: 84-8302-849-2)/(ISBN de La Voz de Galicia do volume III: 84-9757-077-4) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia do volume III: 84-8302-872-7) (ISBN da obra completa: 84-9757-054-5).❿

Nunha breve introducción preséntanos o editor as pautas seguidas á hora de elaborar esta antoloxía, sinalando o seu carácter unitario malia estar publicada, por razóns editoriais, en tres volumes diferentes. O profesor da universidade coruñesa, Luciano Rodríguez, fai tamén unha reflexión sobre a natureza e función da *antoloxía* recorrendo á definición que dela ofrece o Equipo Glifo, por unha banda, e citando as palabras do catalán Emili Bayo, pola outra, con alusións a traballos interesantes ao respecto de autores como Varela Suances-Campegna, González-Millán, María do Cebreiro ou Alfonso Reyes e Claudio Guillén. Remata por amosar a súa intención de ter ofrecido ao lector unha compilación que lle sirva para se facer unha composición sobre o momento poético galego do derradeiro cuarto do

século XX. No que se refire á estructura da obra, sinala que reúne un total de setenta e cinco autores nados entre 1945 e 1979, ordenados cronoloxicamente e vintetrés dos cales corresponden ao primeiro volume, outros tantos ao segundo e vintenove ao terceiro (sen embargo isto non é correcto, pois atopamos un total de setenta e sete poetas distribuídos do seguinte xeito: 24 no Vol. I; 23 no Vol. II; e 30 no Vol III); o número de poemas de cada un deles varía segundo a súa obra e a extensión das pezas seleccionadas, oscilando sempre entre tres e cinco, aos que se engade unha brevísima información biobibliográfica como presentación de cada poeta. O volume I está dedicado á memoria dos falecidos Eusebio Lorenzo Baleirón, Lois Pereiro, Fiz Vergara Vilariño e Xoán Manuel Casado, e os autores que atopamos nel son: Xavier Baixeras (Tarragona, 1945), Antonio Domínguez Rey (Rianxo, 1945), Xosé Lois García (Lugo, 1945), Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), Fermín BouzaÁlvarez (Santiago de Compostela, 1946), Alfonso Pexegueiro (Angoares, Ponteareas, 1948),Vítor Vaqueiro (Vigo, 1948), Ánxeles Penas (Curtis, 1948), Marica Campo (O Incio, 1948), Millán Picouto (Ourense, 1949), Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949), Edelmiro Vázquez Naval (A Peroxa, 1949), Xoán-Manuel Casado (Barcelona, 1949), Vicente Araguas (Xuvia-Narón, 1950), Xosé Mª Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), Cesáreo Sánchez Iglesias (O Carballiño, 1951), Ricardo Martínez Conde (Aldariz, Sanxenxo, 1951), Xosé M. Costa

(Chantada, 1951), Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951), Luís G. Tosar (Buenos Aires, 1952), Darío Xohán Cabana (Roás, Cospeito, Terra Chá, 1952), Fiz Vergara Vilariño (Santalla de Lóuzara, Samos, 1953), Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953) e Xavier Seoane (A Coruña, 1954). Comezando por Xavier Rodríguez Barrio (Lugo, 1954) e rematando con Ana Romaní (Noia, 1962), o segundo volume desta antoloxía poética inclúe ademais, e por esta orde, os seguintes autores: Chus Pato (Ourense, 1955), Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande, A Estrada, 1955), Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955), Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), Manuel Guede Oliva (A Guaira, Venezuela, 1956), Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), Manuel Rivas (A Coruña, 1957), Gonzalo Navaza (Lalín, 1957), Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), Antón R. Reixa (Vigo, 1957), Luísa Villalta (A Coruña, 1957), Arturo Casas (A Coruña, 1958), Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958), Manuel Forcadela (Forcadela, Tomiño, 1958), Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958), Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958), Román Raña Lama (Vigo, 1960), Anxo Quintela (Vigo, 1960), Antonio R. López (Monforte de Lemos, 1961), Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962) e Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro, 1962-1986). O derradeiro volume desta antoloxía poética recolle, por esta orde, os seguintes autores: Xela Arias (Lugo, 1962), Lino Braxe (Mugardos, 1962), Manuel Outeiriño (Ourense, 1962), Henrique Rabuñal (A Pastoriza,








1962), X. Antón Dobao (Lugo, 1963), Fran Alonso (Vigo, 1963), Xosé Manuel Vélez (Ourense, 1963), Helena de Carlos (Barbadás-Cenlle, 1964), Manuel Xosé Neira (Meilán, Lugo, 1964), Xosé Manuel Millán Otero (Bueu, 1964), Cristal Méndez Queizán (Vigo, 1965), Xabier Cordal (A Coruña, 1965), Miro Villar (Cee, 1965), Marta Dacosta (Vigo, 1966), Luísa Castro (Foz, 1960), Rafa Villar (Cee, 1968), Ignacio Chao, Martín Veiga, Carlos Negro (Lalín, 1970), Igor Lugrís (Melide, 1971), Lupe Gómez (Fisteus, Curtis, 1972), Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974), Modesto Fraga (Fisterra, A Coruña, 1974), María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976), Estevo Creus (Cee, A Coruña, 1971), Olga Novo (Vilarmao-Pobra de Brollón, 1975), Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), Emma Couceiro (Cospeito, Lugo, 1977), Emma Pedreira Lombardía (A Coruña, 1978) e María Lado (Cee, 1979).

Referencias varias:

- Alberto Bouza, “Modelos e cargas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 agosto 2002, p. 34.

O articulista e filósofo fala do carácter reivindicativo que sempre tivo a poesía en galego, pero enxalza o feito de que nos últimos tempos se poidan escoller tamén outros camiños poéticos. Tamén apela ao paso do tempo como método seleccionador de todos os versos escritos en galego. Finalmente sinala que a poesía galega se atopa nun estado de madurez e segue a ser un referente para Galicia.

-Camilo Franco, “A lírica galega goza dunha normalidade que non ten o país”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 agosto 2002, p. 35.

Conversa con Luciano Rodríguez con motivo da realización dunha antoloxía en tres volumes dos últimos vintecinco anos da poesía galega para a “Biblioteca Galega 120”. Explica que está organizada seguindo un criterio cronolóxico, recollendo poetas nacidos desde 1945 ata 1979. A propósito do contido de cada un dos volumes, sinala que o primeiro comprende vintetrés poetas desde Rodríguez Baixeras a Xavier Seoane, o segundo outros vintetrés desde Chus Pato a Ana Romaní e o terceiro, con vintenove poetas, vai de Lino Braxe a María Lado, incluíndo tres ou catro poemas de cada autor. Sobre as poéticas presentes comenta a aparición de revistas e grupos poéticos desde mediados dos setenta, o equilibrio

entre forma e mensaxe, sen abandonar nunca o ton comprometido, e a apertura a temas moi amplos na década dos noventa. Pronúnciase a seguir sobre a normalidade do sistema poético galego e o diálogo que mantén con outros sistemas literarios, ademais de recoñecer que se prima o xénero narrativo a partir dos oitenta e que non todas as editoriais teñen claro




o papel da poesía. Neste sentido cita a Espiral Maior, “que normalizou moito a producción poética do país” fronte a Xerais, “que mantén unha colección aberta” e Galaxia, “unha editorial grande, que ten unha colección, “Dombate”, sen títulos novos desde hai tempo”.

-Juan L. Blanco Valdés, “Apátrida poesía”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 21 agosto 2002, p. 34.

Neste artigo deféndese a poesía máis aló de xeracións ou grupos concretos, porque para o seu autor a creación é atemporal e inclasificábel. Engade que a poesía non constitúe un acto voluntario porque a considera froito dunha coincidencia biolóxica. Remata lembrando as palabras de Féliz de Azúa cando dicía que era imposíbel vivir sen segregar poesía.

- Ramón Saborido, “La Voz ofrece mañá *25 anos de poesía galega*, unha escolma lírica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 agosto 2002, p. 34.

O xornalista destaca da poesía dos noventa a busca da beleza e o seu achegamento aos obxectos máis cotiáns. Cita como autores que seguen estas liñas a Estevo Creus, os irmáns Villar, Ana Romaní, Olga Novo ou Chus Pato. A todos eles defíneos como “cociñeiros de vangarda en busca dunha conciencia social”, como persoas moi achegadas ao pensamento dos mozos do seu tempo pero afastados da poesía fría que se viña escribindo ata o de agora.

-Erin Moure, “La Voz entrega mañá o seu segundo volume da antoloxía de poesía contemporánea”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 setembro 2002, p. 55.

A escritora deste artigo, que di ser poeta canadense, resalta a función da poesía galega no panorama literario universal na medida en que está a axudar a crear vocacións poéticas fóra de Galicia, poñéndose ela mesma como exemplo. Salienta o dinamismo da poesía que contén *25 anos de poesía galega*, que ela basea nas diferentes rupturas, nas vías creativas

e no papel que xoga a muller nel. Finalmente considera que a poesía axuda á imaxinación dos lectores. No mesmo artigo tamén se achegan os nomes dalgúns dos poetas que integran esta antoloxía como Xabier Rodríguez Barrio, Claudio Rodríguez Fer, Manuel Rivas, Lois Pereiro, Pilar Pallarés, etc.




- Miguel Anxo Fernán-Vello, “A xeración dos oitenta”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 2 setembro 2002, p. 55.

Neste artigo expóñense as características xerais da chamada Xeración Poética dos oitenta. Resalta o carácter filolóxico e artístico dos autores deste grupo que acadan unha lingua poética culta, e defende a idea de xeración polo plano histórico, humano e literario que comparten. Remata sinalando a madurez que lle imprimiron á poesía galega todos estes novos poetas e que contribuirán a poñela no lugar propio e universal que lle corresponde.

-Ramiro Fonte, “Defensa da poesía galega”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 2 setembro 2002, p. 55.

Para o articulista son os poetas os que mellores logros acadaron no eido da literatura galega desde a chegada da democracia. Máis que de xeración, Ramiro Fonte, prefire falar da suma de individualidades e enmarca a súas obras dentro dunha importante tradición poética, fiel á lingua literaria galega pero con referentes en todo o Occidente. Resalta tamén o esforzo destes novos poetas á hora de dar a coñecer a poesía galega fóra de Galicia.

- Enma Couceiro, “Condición poética”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 9 outubro 2002, p. 46.

Reprodúcese unha poesía de Enma Couceiro, que versa sobre a condición poética.

-Olga Novo, “La Voz entrega mañá o último volume da antoloxía de poesía contemporánea”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 outubro 2002, p. 46.

A autora do artigo, quen tamén participa na antoloxía *25 anos de poesía galega*, expón que por riba das clasificacións xeracionais existe unha poesía libre e propia de cada autor. Destaca o feito de que nos últimos anos aumentase a nómina de poetas, sobre todo de

mulleres, e resalta destes novos poetas (Lino Braxe, Fran Alonso, Manuel Xosé Neira, Lupe Gómez, María do Cebreiro, Yolanda Castaño, Rafa e Miro Villar...) a diversidade de temáticas e de discursos. Finalmente, Olga Novo apunta como elemento común de todos estes herdeiros dos antecesores da literatura galega a desligación ás modas, á industria literaria ou á autocensura.




-Teresa Cuíñas Lavandeira, “Contra a anestesia”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 9 outubro 2002, p. 46.

A xornalista fala da importancia da poesía tanto a nivel persoal coma social. Valora os espacios dedicados a exercitar a poesía, como os locais nocturnos, a rúa, Internet... ou a sensibilidade dalgúns proxectos editoriais. Teresa Cuíñas remata defendendo a poesía porque a considera “unha viaxe alucinante” e agradece a publicación de antoloxías para uso e aproveitamento delas.

Rodríguez, Luciano, *Horizontes poéticos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/ Universidade da Coruña, col. Alternativas, 2002, 238 pp. (ISBN: 84-8302-781-X).

❒♏⬧◘♏♍♦♓❖♋⬧ ●♓■♑◆♋⬧ ♏ ♏■ ♑♋●♏♑◘▭ ◘⬧ ❖♏❒⬧◘⬧ ♎♏ ♘♓●♋❒ ♘♋●●♋❒🡅⬧🖃 ♏■ ♑♋●♏♑◘▭ ◘⬧ ♎♏ ☹◆♓⬧ ☝♋❒♍🡿♋ 💣◘■♦♏❒◘🖃 ♏■ ♍♋⬧♦♏●🡅■ ♏🖃 ◘◘❒ ▫●♦♓❍◘🖃 ◘⬧ ♎♏ ☞♏❒■♋■♎◘ ♘♓■♦◘ ♎◘ ✌❍♋❒♋●🖃 ♏■ ◘◘❒♦◆♑◆🡅⬧✍




Recensións:

- Xulio Valcárcel, “Horizontes poéticos”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 204, “Páxina literaria”, 5 maio 2002, p. 4.

Ver Cobas, Amadeo, *Contos de viaxe* no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

-Conchi Bilbao, “Os poetas galegos dos 80 viven un momento de plenitude”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 130, 20 maio 2002, p. 2.

Referencia á antoloxía de Luciano Rodríguez titulada *Horizontes poéticos*, coa que quere demostrar que a “intercomprensión é posible”. Sinala que se trata dun volume no que serecollen poemas e entrevistas do catalán Álex Susanna, do vasco Felipe Juaristi, do español Luís García Montero, do portugués Fernando Pinto do Amaral e da galega Pilar Pallarés.

Coméntase, a continuación, que a obra é “unha visión poliédrica desde o punto de vista lingüístico da chamada xeración dos 80”. A seguir, alúdese ao labor do profesor Luciano Rodríguez, quen, nesta obra, detecta unha serie de coincidencias entre estes cinco poetas: “existe unha sensibilidade común, inquedanzas semellantes, pero que responden á coincidencia no momento histórico e por tanto os puntos de intercambio son sorprendentes só relativamente”.

- Vicente Araguas, “Iberia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 132, 3 xuño 2002, p. 3.

Alude á publicación da obra *Horizontes poéticos*, de Luciano Rodríguez, publicada por Edicións Xerais de Galicia no ano 2002. Trátase, máis que dunha antoloxía, dunha mostrade cinco poetas nas cinco linguas que se fanan na Península Ibérica: Álex Susanna, Felipe Juaristi, Pilar Pallarés, Luís García Montero e Fernando Pinto do Amaral. Coméntase, a seguir, que cada autor vai seguido dunha “breve antoloxía e, sobre todo, dunha entrevista feita por Luciano que sirve para poñer as cousas no seu sitio”.

Román Raña, “Viaxe á poesía ibérica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, 13 xuño 2002,

V.

Comeza citando algunhas obras de Luciano Rodríguez como *Desde a palabra, doce voces*, *Seis poetas gallegos de hoy* ou *Para saír do século, nova proposta poética*. A seguir, céntrase en *Horizontes poéticos*, que reúne os versos de cinco poetas peninsulares. En canto aos poetas escolleitos, comenta o articulista que non se pode criticar tal elección. Engade, así mesmo, que os poemas seleccionados “recollen dun modo sintético a cosmovisión poética de cada autor”. En terceiro lugar, Román Raña apunta que Luciano Rodríguez “sempre fixo gala dunha grande sensibilidade para determinar aquelas pezas que considerou representativas ou complementarias para definir un modo de escribir ben específico”. Remata coa afirmación de que se trata dun volume “de enorme utilidade e interese, elaborado con acerto, moi informativo e que contén moitos dos mellores poemas escritos nas linguas da península ibérica”.

-Teresa Seara, “Versos no horizonte”, *Tempos Novos*, nº 64, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, setembro 2002, p. 72.

Fai referencia ao contido de *Horizontes poéticos*, escolma de L. Rodríguez. Apunta que este pretende "establecer pontes coas literaturas máis próximas a nós" e "ofrecerlle ó lector non só os textos máis representativos dos autores escolmados senón a de facelo partícipe da reflexión que eles mesmos mostran da súa obra e do contorno" que a rodea. Achega o nome dos antologados e recolle as palabras de Pilar Pallarés sobre o "descoñecemento da poesía foránea".

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, "Horizontes poéticos", *La Región*, "Ronsel dos libros", 1 maio 2002, p. 69.

Descríbese o contido de *Horizontes poéticos*, de Luciano Rodríguez, e afírmase que o autorescolleu a Pilar Pallarés, en galego; a Álex Susanna, en catalán; a Felipe Juaristi, en éuscaro; a Luís García Montero, en español e a Fernando Pinto de Amaral, en portugués,

para formar parte da súa antoloxía poética. Así mesmo, cada grupo de poemas vai acompañado de “valiosas entrevistas, que nos sitúan nas orixes de cada poeta”.




- AFA, “Horizontes poéticos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 maio 2002, p. 33.

Breve comentario sobre *Horizontes poéticos*, de Luciano Rodríguez. Na obra o autor entrevista a cinco poetas en cinco linguas peninsulares: catalán, galego, éuscaro, castelán e portugués. Así mesmo, o autor presentou a antoloxía coa fin de “establecer un diálogo entre a poesía portuguesa, catalana, vasca, galega e castelá”. A seguir, ofrece unhas breves notas biográficas dos cinco autores antologados, nacidos entre 1957 e 1960.

-A. N. T., “Luciano Rodríguez. ‘A xeración poética dos 80 está agora no seu mellor momento”, *A Nosa Terra*, nº 1.032, “Fin de Semana”, 2-8 maio 2002, p. 35.

Breve entrevista con Luciano Rodríguez, autor da antoloxía titulada *Horizontes poéticos*. O autor afirma que Álex Susanna, Pinto de Amaral e García Montero coñecen a poesía galega.

Así mesmo, Pilar Pallarés e Felipe Juaristi confesan a influencia da poesía social nas súas poéticas.

- Vicente Araguas, “Inocentes”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 19 xuño 2002, p. 64.

Coméntase, brevemente, o contido de *Horizontes poéticos*, de Luciano Rodríguez, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Cítanse, así mesmo, os cinco autores que forman parte dacitada antoloxía: Álex Susanna, Felipe Juaristi, Pilar Pallarés, Luis García Montero e Fernando Pinto de Amaral.

- Manuel Veiga, “Luciano Rodríguez. ‘A cultura en castelán segue sendo reticente ás outras linguas”, *A Nosa Terra*, nº 1.052, “Cultura”, 17-23 outubro 2002, p. 29.

Conversa con Luciano Rodríguez sobre a súa obra *Horizontes poéticos*. En primeiro lugar, comenta que existe un intercambio entre as diferentes linguas do estado, sobre todo, “no ámbito de recitais ou xornadas de convivencia”. Engade, así mesmo, que existen tamén conexións entre os diferentes autores da Península. A seguir, céntrase na citada obra e

declara que os cinco autores pertencen á mesma xeración: entre o 57 e o 60. Engade, así mesmo, que “é un pouco a poesía da experiencia, aínda que descrea bastante desa definición, porque penso que toda poesía provén da experiencia, máis ou menos ficcionalizada”. En canto á poesía galega actual afirma que “cuantitativamente hai máis obra publicada nestes últimos vintecinco anos que nos setenta e cinco anteriores”. Por último, declara que o didactismo se observa, principalmente, na narrativa e, sobre todo, na infantil.








Rubinos, José, *Cantigas, fábulas e outros poemas (Escolma poética)*, edición de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, nº 22, febreiro 2002, 288 pp. (ISBN: 84-85385-65-9).

Ábrese este volume co estudio de Dania Vázquez Matos, "José Rubinos, su obra literaria y periodística en Cuba", no que se fai un percorrido polo periplo vital deste autor (A Coruña, 1898-Estados Unidos 1963) pouco coñecido no sistema literario galego. Dáse conta dos estudios realizados por este xesuíta, que se doutorou en Teoloxía e Filosofía e Letras, e que residiu na illa cubana entre os anos de 1929 e 1961. Faise eco do seu labor educativo e periodístico en cabeceiras como *Diario de la Marina*, *Revista Cubana*, *Vida Gallega*, *Raíz* ou *Cultura Gallega*, así como da súa vasta producción literaria bilingüe, que acolle poesía, teatro, narrativa breve, ensaios e estudios. Asemade, alude á súa pertenza á Academia da Lingua de Colombia e Cuba e da Real Academia Galega. A continuación, Luís Alonso Girgado, baixo o título de "José Rubinos, poeta galego en Cuba", volve incidir en certos aspectos biobibliográficos deste coruñés, que mantivo relacións co mundo intelectual cubano e coas colonias de emigrados galegos e españois, e detense na análise da súa producción poética en galego, que xira tematicamente ao redor de Galicia, Deus e a

infancia. Destaca o seu poema épico *Covadonga* (1950), que considera a súa “empresa poética máis ambiciosa”, *Dial poético da viaxe dun galego pol-os Estados Unidos* (1958), que sobresae polo contacto co ámbito norteamericano a través dun itinerario de viaxes; e *Fábulas galegas pra os nenos grandes e pequenos* (1960), que contén as súas composicións “máis conseguidas (...) e as que exhiben un máis rico abano de matices intencionais e expresivos”. Por outra banda, Teresa Monteagudo fai unha serie de consideracións sobre a lingua de José Rubinos e, de novo, Luís Alonso Girgado fai unha bibliografía da súa obra poética galega tanto édita coma inédita. De seguido, ofrécese a escolma poética que acolle mostras das obras xa citadas e de *O poema da Cruña* (1933), *Cántigas de novo xeito vello* (1959) e *Cantigas de piedade* (1961), ademais dun monllo de poemas soltos e inéditos. Tamén se recolle o vocabulario galego-castelán que o autor engadía ao final dos textos e xa, para concluír, Teresa Monteagudo, no apartado “Anexos”, acolle dúas notas biográficas do xesuíta, recensións da súa obra, algunha das homenaxes das que foi obxecto e unha selección dos seus discursos.




Recensións:





-Vicente Araguas, “Rareza”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 129, 13 maio 2002, p. 3.

Alude ao seu descoñecemento sobre José Rubinos, doutor en Filosofía e Letras e Teoloxía, académico correspondente das Academias da Lingua en Colombia e Cuba, que tivo unha certa sona e “extraordinaria” difusión crítica dos seus libros no exterior, segundo aclara Luís Alonso Girgado. Cita parte dos volumes escritos por Rubinos en galego e sinala que como poeta “era un home que sabía de qué ía o verso, controlando ben os recursos métricos, desde unha aparente sinxeleza” e que ideoloxicamente “era obviamente de dereitas, o que fai máis chamativa a súa elección idiomática nos anos escuros”. Tamén apunta que do poeta Rubinos, desde a perspectiva actual, o máis destacado podería ser o fabulista. Estes comentarios parten da saída á luz do volume *Cantigas, fábulas e outros poemas*, coeditado por Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo.

- Ramón Nicolás, “A obra galega de José Rubinos”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Poesía”, maio 2002, p. 26.

Comeza facendo referencia ao dilatado percorrido da colección “Libros da Frouma”, que xa conta con máis de vinte títulos publicados, e á nova publicación que acolle, *Cantigas, fábulas e outros poemas (escolma poética*), en edición de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo, volume que rescata, “con bo tino”, a obra dun autor case inaccesíbel, José Rubinos. Atribúe este carácter inaccesíbel ao feito de ter publicado case a totalidade da súa obra na emigración americana e sinala que só era coñecido entre nós por ser o autor do poema epopeico *Covadonga*, publicado na posguerra, co que imitou os metros clásicos ao estilo de Homero. Detense a seguir na estructura no volume, comentando o limiar da investigadora cubana Dania Vázquez Matos, que percorre a obra literaria e xornalística do poeta en Cuba, onde residiu entre 1929 e 1961; a análise de Alonso Girgado sobre o labor de Rubinos como poeta galego en Cuba, a súa colaboración no Centro Galego da Habana, o seu labor docente no colexio xesuíta de Belén, a creación dunha Academia Literaria e mesmo a pertenza e a presidencia da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, entre outros aspectos; e a análise lingüística de Teresa Monteagudo, responsábel tamén do anexo que recolle os documentos que xerou a obra de Rubinos. Valora os textos recolleitos na escolma, pois permiten achegarse ao esencial do poeta coruñés, e menciona os fragmentos de *Covadonga*, *O poema da Cruña*, composicións das *Cantigas de piedade*,

poemas inéditos e versos de *O dial poético da viaxe dun galego pol-os Estados Unidos* (1958), “se cadra, a súa peza máis orixinal e atractiva”: Finaliza destacando que a edición cumpre o obxectivo de pór ao día e valorar un poeta pouco estudiado, e ofrece os seus parabéns aos responsábeis.




-Xavier Castro R., “Poeta galego en Cuba”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 133, 10 xuño 2002, p. 4.

Sinala que o padre José Rubinos Ramos desenvolveu case toda a súa actividade relixiosa e literaria nas terras americanas nun periplo persoal e creativo que comezou con vinte anos e que se centraría desde 1929 en La Habana. Explica que en *Cantigas, Fábulas e outros poemas* se nos achega un importante volume lírico da gran producción poética do citado xesuíta, que está acompañada de estudios de Dania Vázquez Matos, Teresa Monteagudo e Luís Alonso Girgado, a través dos cales se analiza a súa vida e obra. Tamén apunta que este volume trata de abeirarnos unha personalidade literaria e humana, de rica oratoria e cunha alta capacidade de traballo. Conclúe citando a producción literaria de Rubinos, para quen “Galicia é unha das súas coordenadas temáticas xunto coa infancia e a relixiosidade

(Deus en particular) que o leva polo camiño do franciscanismo, o panteísmo e unha devoción cristiá manifestada en cada verso".




Referencias varias:

- Isidoro Guede, “Estudio de la poética del P. Rubinos (de Luís Alonso Girgado)”, *La Región*, “De Paso”, 22 marzo 2002, p. 18.

Comenta que en *Cantigas, fábulas e outros poemas (Escolma poética)*, Luís Alonso Girgado se fixo coa figura do Padre José Rubinos, xesuíta galego instalado no Colexio de Belén de La Habana, a quen estudiou, analizou e compendiou, así como coa axuda de Teresa Monteagudo Cabaleiro construíu este volume no que a “recia” personalidade do citado autor “asoma con fragmentos de su obra y muestra la figura de gran escritor, de poeta encendido, de periodista interesado en los problemas de la inteligencia, de gallego que en Cuba desarrolló una tarea ingente”. Tamén apunta que o editor lle encargou a Dania V. Matos unha breve biografía do P. Rubinos en Cuba e considera que vale a pena coñecelo, porque

foi unha personalidade moi forte e interesada, ademais de ser a súa obra poética “diversa, variada y, en muchos casos, atrevida”.








Sobral, Antón (coord.), *O trazo aberto. Poesías e debuxos*, presentación de Manuel Abeledo, introducción de Xaime Toxo, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 2002, 234 pp. (ISBN: 84-8457-132-7).

Logo dunha breve presentación de Manuel Abeledo, presidente da Exma. Deputación de Pontevedra, e unha introducción de Xaime Toxo, esta antoloxía preséntanos un conxunto dun centenar de poemas doutros tantos autores e un número lixeiramente inferior de debuxos de diferentes artistas co único fin de potenciar a creación como acto da cultura galega, polo que a variedade é a nota dominante tanto nos textos como nas ilustracións. Os poetas que atopamos son, por orde alfabética: Xosé Abeal, Marta Abeledo, Lucia Aldao, Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), Manuel Álvarez Álvarez, Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo,1952), Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932), Anxo Angueira (Manselle-Dodro, 1961), Vicente Araguas (Xuvia, Narón, 1950), Nesa Arza, Alberto Avendaño (Vigo, 1957), Carlos L. Bernárdez (Vigo, 1958), Adolfo Caamaño, Xosé Manuel Cairo Antelo, Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957), Luís Carril, Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1951), Arturo Casas (A Coruña, 1958), Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), Xabier Castro, Palmira Castro Marcote, M. Chao, Compás de Recalada, Corporación Semiótica

Galega, Carlos Corredoira, Emma Couceiro (Cospeito-Lugo, 1977), Marta Dacosta Alonso (Vigo, 1966), Beatriz Dacosta Molanes (Cangas do Morrazo, 1967), Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944), María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976), Estíbaliz Espinosa Río (A Coruña, 1974), Eduardo Estévez, Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956), Manuel Forcadela (Tomiño, 1958), Modesto Fraga (Fisterra-A Coruña, 1974), Jesús Franco, Carlos Fuentes, Salvador García-Bodaño (Teis-Vigo, 1935), Pedro Gonzálves García, Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1932), F. A. Koki, Mª do Carmo Kruckenberg (Vigo, 1926), Manuel Lage Touriño, Rafael Lema, Xosé Manuel Lema, Carlos López, Manuel López Losada, Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942), Luis Maçás López, Manuel María (Outeiro de Rei, Lugo, 1929), Ricardo Martínez Conde (Aldariz-Sanxenxo, 1951), Jorge Moro, Alexandre Nerium (Fisterra, 1960), Lucía Novas, Olga Novo (Vilarmao-Pobra de Brollón, 1975), Eugenio Outeiro, Olga Patiño Nogueira, Chus Pato (Ourense, 1955), Claudio Pato (Ourense, 1962), Mª Jesús Payo Boullosa, Emma Pedreira (A Coruña,1978), Miguel Pereira, Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande-A Estrada, 1955), Ánxela Penas (Curtis, 1948), Alfonso Pexegueiro (Angoares-Ponteareas, 1948), Rafael Pintos, Francisco Quiroga López, Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949), Henrique Rabuñal (A Pastoriza, 1962), Román Raña (Vigo, 1960), Maxi Rey, Luís Rey, Paco Rivas, Xermán Rodríguez, José

Ruíz Guirado, Miguel Sande (Pastoriza-Arteixo, 1961), Celso F. Sanmartín, Antonio Santos, Xavier Seoane (A Coruña, 1954), Francisco Souto, Domingo M. Tabuyo Romero (Pontevedra, 1959), A. Tajes, Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931), Sabino Torres Ferrer, Xosé Uxío, Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1955), Víctor Vaqueiro (Vigo, 1948), Xavier Vásquez Freire, Pura Vázquez (Ourense, 1918), Dora Vázquez (Ourense, 1913), Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951), Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), Eva Veiga (Ombre-Pontedeume, 1961), Clementina Vidal, Marisa Vidal Caramés, María Dolores Aurora Vidal Caramés, Manuel Vidal Villaverde (Vigo, 1946), Luísa Villalta (A Coruña, 1957), Miguel Villanueva, Rafa Villar (Cee, 1968), Miro Villar (Cee, 1965), Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) e Rafa Xaneiro (Santiago de Compostela, 1969).

III. Teatro

III. 1. Dramaturgos galegos

Becerra de Becerreá, Afonso, *Agnus patris*, Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2001, introd. Joan Casas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 34, 2002, 70 pp. (ISBN: 84-8302-745-3).❿

Agnus patris, primeira peza publicada polo actor, director e dramaturgo Afonso Becerra (Becerreá-Lugo, 1973), é unha traxedia moderna que mereceu o Premio Álvaro Cunqueiro de teatro e na que se barallan os temas inmorredoiros da incomunicación humana, a paixón e a morte. O libro vai dobremente prologado por Joan Casas, do Institut del Teatre de Barcelona ("A natureza do misterio"), dunha banda, e polo propio autor ("A traxedia ou a linguaxe da liberdade"), da outra. A escolla xenérica vén xustificada por Becerra nesas palabras liminares: "a traxedia é a esencia do mundo, que se creou a partir dunha ben grande, unha explosión. Da desintegración xorde o mundo e os seres". Son as figuras

protagonistas Teodosio, un pai vello, achacoso e dominante; Orestes, o fillo afeccionado á música, a súa moza Diana e mais “o personaxe ausente da nai morta, quizais só na cabeza do pai”. A trama transcorre na actualidade e nun espacio único e pechado, constituído por unha sala e un cuarto elevado sobre aquela. A obra divídese en cinco escenas tituladas “A cea”, “Pulsacións”, “Piano”, “Caza” e “A derradeira palabra” e ábrese cunha cea na que Orestes presenta a Diana ao seu pai, e o autor ás personaxes perante o público. Nos seguintes actos asistimos ao enfrontamento entre pai e fillo, que vai paulatinamente aumentando ata sobrevir o disparo que pon fin ao conflicto. Trátase, non embargante, dun final ambiguo, aberto á libre reconstrucción do espectador. Na peza, de grande condensación e economía formal, todos os elementos escénicos, tanto os estrictamente textuais coma os indicados nas didascalias, tenden a crear un clima fortemente simbólico: os propios nomes das personaxes, certas referencias literarias nos diálogos (*A Fiestra Baldeira*, *Longa noite de pedra*), os sons, as cores, a iluminación, etc. Por iso, Joan Casas recalca que, en contra do que parece, non é este un texto “que se libre facilmente á lectura, e pedirá sensibilidade e intelixencia no escenario”; sinala que “non hai nada que sexa obvio detrás da súa sinxeleza”; e aplaude a “sabedoría” que supón “construír con todo isto carne de escenario”.




Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “A mellor épica e traxedia da nosa dramaturxia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 15 setembro 2002, p. 3.

A medio camiño entre a recensión e a referencia, o autor deste artigo fai un percorrido polo argumento e a significación de *Os Irmandiños*, salientándoa como unha peza teatral épica da mellor traxectoria dramática galega. Destaca o valor do Centro Dramático Galego ao recuperar esta obra revisada e o empurre do dramaturgo ao compoñer un texto afundido no pasado histórico dunha Galicia levantadiza ante os “roubos e desaforos de don Nuño Freire de Andrade e os seus fillos”. A continuación, na mesma liña, valora *Agnus patris* de Alfonso Becerra de Becerreá.

-Manuel F. Vieites, “A morte do pai”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, “Teatro”, 28 novembro 2002, p. VIII.

Este texto achéganos unha interpretación da peza de A. Becerra, á que considera unha fonte de preguntas sen resposta que reclama varias lecturas. O tema central de *Agnus patris*(Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2001) é, pensa Vieites, o que recolle no titular: o pai aparece sempre, en efecto, "situado por riba do fillo" (na casa, no negocio, na atención á moza do fillo); de aí a necesidade da súa morte "para que o fillo poida ser". Só que esa morte non fica aclarada no final. Ao conflicto entre pai e fillo (que é tamén a confrontación entre dúas formas de entender a vida, entre forza e sensibilidade, o cazador e o poeta) superpóñenselle outras personaxes, historias e "relacións diádicas e triádicas": as da nai, a moza, o amigo do fillo, etc.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, "Agnus patris", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 269, "Librería galega", 13 xullo 2002, p. 2.

Comentario dalgunhas das características que presenta a obra de Afonso Becerra, entre elas a presencia de tres protagonistas (Teodosio, Orestes e Diana) nunha "breve e intensa

traxedia” que mereceu o Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2001. Tamén recolle as palabras do prólogo de Joan Casas nas que destaca a economía máxima de recursos e a densidade poética, que se erixe “nunha proposta singular no panorama das escrituras ibéricas actuais”.




- E. P., “Louvar o teatro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 agosto 2002, p. 49.

Anúnciase a publicación da peza de Afonso Becerra de Becerreá, *Agnus patris*, gañadora doPremio Álvaro Cunqueiro 2001 para textos teatrais en galego, na colección Os libros do Centro Dramático Galego. Dise que nesta colección aparecen todas as obras recoñecidas con tal distinción dende 1988 en que foi instituído pola Xunta de Galicia. Repásase a carreira do dramaturgo e actor e sinálanse os motivos que o xurado esgrimiu en favor de *Agnus patris*: a recuperación do teatro clásico e a esixencia lingüística que comporta. Apúntanse finalmente algunhas cuestións da edición de 2002, como por exemplo que compiten vinte orixinais, ademais de referirse ao volume *Os Irmandiños*, de Daniel Cortezón.

- Alfredo Conde, “O noso teatro”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 agosto 2002, p. 4.

Trátase dun artigo en que se contrapón e se reproba a debilidade do funcionamento real, nos palcos, do teatro galego actual, fronte a vizosa producción editorial do mesmo. A este último respecto Alfredo Conde repasa algunhas das coleccións teatrais existentes ("Os libros do Centro Dramático Galego", a da "Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor", a "Biblioteca de Teatro" de Galaxia) ou proxectadas (como a que Miguelanxo Fernán-Vello anunciou crear en Espiral Maior) e as últimas publicacións destas, entre as que se atopa *Agnus patris* de Afonso Becerra, premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2001.

- Marta de Sinllán, "A xente de teatro ten que face-lo amor co público e deixar de masturbarse cando está en escena", *O Correo Galego*, "Lecer", "Entrevista", 22 setembro 2002, pp. 10-11.




No comezo desta longa entrevista hai unha presentación do autor, recalcando a súa xuventude e brillante currículo (formación, pezas estreadas, fundación da revista cultural *A Pipa*, ocupacións actuais, etc.) e mailo feito de ter gañado o Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais 2001 con *Agnus patris*. Despois, a xornalista opta pola recreación narrativa

do encontro co dramaturgo na súa casa de Becerreá, coa transcrición intercalada das súas declaracións. Así, Afonso Becerra afirma que a emoción e a esencia do teatro: se o espectador *sente* desde a butaca sairá diferente de como entrou. Non embargante, “o gran paradoxo do comediante” é que esa emoción está fundamentada na mentira. O actor “xoga e actúa de verdade pero non sente de verdade porque é capaz de controla-los seus medios expresivos” e o espectador reacciona ante a ficción con máis vehemencia do que o fai ante a realidade. Concibe o teatro como busca e dálle unha importancia especial á linguaxe. Por outra banda, como “director e actor galego” que se sente malia se estar formando en Barcelona, reclama para Galicia unha escola superior de arte dramática. Respecto a *Agnus patris*, defínea como “un intento de traxedia frustrada”, confesa o seu interese por recuperar este xénero “capaz de limparte por dentro”, e fai notar as grandes diferencias existentes entre esta obra e a anterior (non publicada), *Rexurdimento*.




Dans, Raúl, *A chamada*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Teatro, nº 5, xuño 2002, 158 pp. (ISBN: 84-89803-57-9).

❍♏❒♑◆●●♋♎□⬧ ■◆■♒♋ ♏⬧♍◆❒♓♎♋♎♏ ■♏♌□♏■♦♋ ♏ ♎♏⬧□❒♓♏■♦♋♎□⬧🖃 ♐♋●♋■♎□ ♎◆■ ☒♏♓♦□ ❍□♓ ⬧◆❒❒♏♋●♓⬧♦♋🖃




o que nos pode facer supoñer que tiveron un accidente automobilístico e se atopan nunha sorte de limbo. Finalmente, Carme prende uns mistos e atopa un teléfono, marca un número e alguén colle o auricular, rematando aí a obra.

Referencias varias:

-Francisco Pérez Lorenzo, “A escrita teatral é en Galicia o espacio literario de máis liberdade”, *El Correo Gallego*, “Galegos do novo milenio”, 8 agosto 2002, p. 8.

Conversa con Raúl Dans, na que sinala que *Mantis (A misión)* “é unha peza curta, nunha liña moi kafkiana, un divertimento para a miña propia satisfacción que sempre quixen escribir”. Asemade, explica que *A chamada* “é unha proposta diferente, que culmina un proceso de desestructuración” e que nela se fala do destino e da non posibilidade de mudar certas cousas, pero dende unha perspectiva nova e cunha maneira de contar diferente; así como destaca que ten un diálogo moi fresco e lixeiro. Sinala que conseguir premios coma o Rafael Dieste ou o Álvaro Cunqueiro é importante, aínda que para el a tarefa principal é

chegar con normalidade aos escenarios. Apunta que o Centro Dramático Galego vén de representar unha das súas obras, *Lugar*, e quéixase de que non o representen moito as compañías privadas. Tamén ser refire a cómo relaciona a creación teatral co seu labor como guionista e alude ás principais diferencias entre a escrita teatral e a escrita de guións. Por outra banda, ofrécese un perfil deste dramaturgo coruñés.




Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, A Coruña: Cadernos de Teatro-2ª época/IGAEM, nº 8, 2002, 16 pp. (ISBN: 84-95806-05-3).❿

Raúl Dans (A Coruña, 1964) vén de publicar esta breve peza teatral que está introducida por un fragmento dun texto de *Gargantúa e Pantagruel*, de F. Rabelais. A seguir, faise unha descrición dos tres personaxes deste drama amoroso de intriga: dous deles masculinos, que se presentan con roupas que lle permiten agochar a súa verdadeira identidade e que reciben por nome o de dúas letras gregas, Lambda e Kappa; e un feminino, que é definida como muller fatal e actúa baixo o pronome persoal Ela. A obra vaise desenvolver en tempos e espacios diferentes, que veñen a marcar unha división interna en tres partes: “C 8, sector azul, 23:30 horas”, “P 74, sector laranxa, 15:00 horas” e “Vector Irisado, 1:00 horas”. A través destas localizacións espacio-temporais, os citados personaxes, que posúen unhas calidades superiores a do resto dos humanos, iranse encontrando e mostrando os seus sentimentos e as súas dúbidas con respecto á súa pertenza a unha organización, que ten como misión loitar pola liberdade e polos seus irmáns.

Referencias varias:

-E. P., “Últimos títulos dos Cadernos de Teatro”/“A colección dramática ‘Cadernos de Teatro’ publica dous novos números en colaboración co IGAEM”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 22 marzo 2002, p. 35/p. 76.

Refírese á colección “Cadernos de Teatro. 2ª época”, que vén de publicar dous novos títulos, *Mantis (A misión)*, de Raúl Dans e *Entrecontos*, de Chus Álvarez, Covadonga Berdiñas, Ana Carril e Victoria Teijeiro. Da primeira das pezas, apunta que o seu autor presenta un drama amoroso con trazos de intriga policial ao estilo dos clásicos do cine negro, mentres que da segunda, comenta que se trata dun texto dirixido ao público infantil, no que coñecidos personaxes dos contos tradicionais loitan por sobrevivir nun mundo dominado polos xoguetes electrónicos. Apunta que esta colección persegue a difusión de obras de teatro que, pola súa brevidade, non encontran lugar nos formatos máis tradicionais e que retoma a tradición dos libros publicados pola antiga Escola Dramática Galega, ademais de achegar os títulos editados por esta nova colección.

- AGN, “El Día Mundial del Teatro se celebra con descuentos en Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 27 marzo 2002, p. 62.

Informa dos descontos nas representacións teatrais, co gallo da celebración do Día Mundial do Teatro, e fálase da presentación de varios volumes vencellados co teatro, entre eles *O teatro de Xan da Cova*, de Goretti Sanmartín Rei, *Mantis. A misión*, de Raúl Dans ou *Entrecontos* obra de varios autores.

- AGN, “Cultura celebra el Día del Teatro con nuevas publicaciones y descuentos”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 28 marzo 2002, p. 39/p. 25.

Destácase a presentación de seis publicacións –*Nun pregue de veludo* (2001), de Alexandre Ballester; *O espacio literario do teatro*, de José Oliveira; *O teatro de Xan da Cova*, de Goretti Sanmartín Rei; *Teatro, cerimonia e xogo* (2001), de Euloxio R. Ruibal; *Mantis. A misión*, de Raúl Dans e mais a obra colectiva *Entrecontos*– con motivo de se celebrar o Día Mundial do Teatro.

-Francisco Pérez Lorenzo, “O teatro galego reflíctese nos seus textos e desbota os centralismos”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 28 marzo 2002, p. 67.

Ademais de facer referencia ao Día Mundial do Teatro, alúdese á presentación no Salón Teatro de seis novas publicacións dramáticas e de dúas novas entregas dos Cadernos de Teatro, *Mantis (A misión),* de Raúl Dans e *Entrecontos* de Chus Álvarez, Covadonga Berdiñas, Ana Carril e Victoria Teijeiro. Así mesmo, faise alusión á presentación do volume *Teatro, cerimonia e xogo* (2001), nunha edición de Anxo Abuín, que analiza a traxectoria teatral, literaria e cinematográfica de Euloxio Ruibal. Tamén sinala que outras tres publicacións veñen completar estes estudios teatrais e de material de investigación da Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor que son: *Nun pregue de veludo (Fagamos comedia)* (2001), *O teatro de Xan da Cova (La Galiciana e María Pita)* e *O espaço literario do Teatro (Estudo sobre literatura dramática portuguesa)*.

- Lois Fernández, “Emoción en los pasos. El día mundial”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 28 marzo 2002, p. 16.

Nova da presentación das seis publicacións teatrais do Consello da Cultura Galega co gallo da celebración do Día Mundial do Teatro. Estas novas publicacións son: *Nun pregue do veludo (Fagamos comedia)*, de Alexandre Ballester; *O Espaço Literario do Teatro (Estudos sobre literatura dramática portuguesa I)*, de José Oliveira Barata; *O teatro de Xan de Cova (La Galiciana y María Pita)*, de Goretti Sanmartín Rei; *Teatro, cerimonia e xogo. A traxectoria teatral, literaria e cinematográfica de Euloxio R. Ruibal* (2001), en edición de Anxo Abuín; *Mantis (A misión)*, de Raúl Dans, e *Entrecontos*, de Chus Álvarez, Covadonga Verdiñas, Ana Carril e Victoria Teijeiro.

-Francisco Pérez Lorenzo, “A escrita teatral é en Galicia o espacio literario de máis liberdade”, *El Correo Gallego*, “Galegos do novo milenio”, 8 agosto 2002, p. 8.

Ver Dans, Raúl, *A chamada*, neste apartado do *Informe*.

Fra Molinero, Eduardo, *Teatro Settaro presenta "Opera Buffa"*, prólogo de Gustavo Pernas Cora, introd. do autor, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle Inclán, col. Soláster, xullo 2002, 84 pp. (ISBN: 84-95289-31-8).

Volume no que se recolle a peza *Teatro Settaro presenta "Ópera Buffa"* de Eduardo Fra Molinero (Ponferrada, León, 1946). Ábrese esta obra cun prólogo, no que Gustavo Pernas Cora, tras mencionar unha serie de aspectos sobre os protagonistas e o contexto e a época na que ten lugar a obra, reflexiona sobre a relevancia de Fra Molinero no panorama teatral actual, denominándoo un "ilustrado do século XXI". Gustavo Pernas sinala tamén neste prólogo que "Fra Molinero ponnos diante o espello do pasado para mirarnos a nós mesmos". Despois desta primeira presentación, no apartado de "Introducción" a cargo do propio autor, Eduardo Fra intenta brevemente contextualizarnos a obra e confesa que quixo "revivir unha época que en moitas cousas se parece á nosa, principiando polo problema da intolerancia, pola persecución e incomprensión dos dereitos das persoas". Logo aparece un breve apartado de notas aclaratorias. Eduardo Fra preséntanos, unha traxicomedia ambientada no Ferrol de fins do século XVIII, que combina dúas accións que aparentemente non teñen conexión entre elas, pero que conflúen finalmente nunha síntese. A primeira, estructúrase

en catro actos (o primeiro está composto de catro escenas, o segundo de tres, o terceiro de sete e o último de tres escenas), todos eles sen titular, co nome dos personaxes ao inicio de cada parágrafo e cun breve parágrafo no que se nos di o lugar ónde se está desenvolvendo. A segunda acción aparece no medio de cada acto e leva por título “Os amores de Xúpiter (Ópera Buffa)”, e recóllese dentro do libro cun tipo de letra diferente e dividido en catro partes. O protagonista da primeira acción é Nicolás Settaro, un músico napolitano que viaxa na compaña do seu criado Cristino por Europa, e chega a Ferrol. Cristino é negro. O que para uns é exemplo de mestizaxe e de convivencia, para outros é motivo de escándalo intolerábel e de conturbación social. Ambos son nómades, ambulantes que tentan levar creatividade, enxeño e divertimento aos lugares que visitan, polo que chegan a Ferrol co propósito de establecer o seu teatro “Ópera Buffa”. A esta primeira acción onde se revive un tempo histórico, uns feitos reais, onde se observa un problema de tolerancia, de liberdade nunha cidade marcada polos poderes fácticos, que agocha unha denuncia social que se concreta na loita pola igualdade de razas, de sexo e de liberdade relixiosa, úneselle unha segunda acción, baseada nunha visión mitolóxica dos deuses cun extremado sentido do humor, anacrónica e moi divertida a través duns personaxes e unhas situacións propiamente bufonescas, que fan da peza unha explosión de comicidade.




Recensións:

-Armando Requeixo, “Teatreiros no Ferrol ilustrado”, *Diario de Ferrol*, “Literatura”, 17 novembro 2002, p. 19.

Este profesor da Universidade de Santiago de Compostela sinala que a traxicomedia *Teatro Settaro presenta “Ópera Buffa”*, de Eduardo Fra Molinero, foi editada pola Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol nas súa colección Soláster. Está ambientada no Ferrol de fins do século XVIII. Informa de que este volume insire dentro de si outra peza, una ópera bufonesca na que os Deuses do Olimpo padecen e se conducen como vulgares mortais, víctimas dos seus mesmos apetitos e debilidades. Sinala como mérito principal o extremado sentido do humor, pero tras desta cortiza agóchase unha denuncia social que se concreta na loita pola igualdade de razas, de sexo e de liberdade relixiosa. Manifesta dúas posíbeis eivas nesta peza teatral, o forzado da caracterización lingüística dalgúns personaxes e o deficiente galego do que se serve o autor. Para rematar, Armando Requeixo felicita a Fra Molinero polo libro realizado.

- Xulio Valcárcel, “No Ferrol da ilustración”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, “Páxina Literaria”, nº 233, 24 novembro 2002, p. 4.

Esta peza teatral, segundo o cronista, representa unha páxina importante da historia de Ferrol. Ao longo do artigo fala dos protagonistas da obra e como nela se presenta o problema da tolerancia e da liberdade nunha cidade marcada polos poderes fácticos. A continuación, preséntasenos a estructura da obra en dúas accións que aparentemente non teñen conexión entre elas, pero que conflúen finalmente nunha síntese. Finaliza o artigo referíndose á fascinación experimentada polo lector polos acontecementos que vai relacionando a medida que a acción avanza, intrigando polas preguntas que se presentan e que soamente ao final da obra obterán a correspondente resposta.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, “Ópera Buffa”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 28 outubro 2002, p. 48.

Achega unha serie de comentarios sobre esta peza dramática, situada no Ferrol do século XVIII, con dúas tramas en paralelo que rematan atopándose. Sinala que hai moita paixón, e honestidade e que Fra Molinero puso en función unha ampla bagaxe de coñecementos históricos e artísticos. Por unha banda, considera que *Teatro Settaro* é "un achegamento á totalidade dunha urbe matemática na que a modernidade estaba entrando a cachón", por outra, avanza que *Ópera Buffa* é unha traxicomedia anacrónica e moi divertida. Finalmente,
o cronista cualifica a Eduardo Fra coma un dos líderes na Compostela de 1968.

Guede Oliva, Manuel, *O nome dos disfraces* , prólogo de Inma López Silva, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, col. Rubín/Teatro, 2002, 103 pp. (ISBN: 84-932667-0-1).

Estamos perante a primeira achega de Manuel Guede (Venezuela, 1956) como autor teatral ás letras galegas. Este volume conta cun prólogo titulado “A clave do xeroglífico”, no que Inma López Silva afirma que M. Guede é un director de escena que resultou ser poeta. Así mesmo fala dos comezos deste dramaturgo na Mostra de Teatro Abrente e con respecto a esta obra apunta que se caracteriza por ser unha historia de fronteiras: entre o literario e o escénico; entre a realidade e a ficción –que se dilúen a través do espacio– e mais entre os personaxes. A seguir, temos *O nome dos disfraces*, que está xebrada en XI partes e que presenta abondosas acoutacións, que comeza cunha aproximación ao espacio, ao tempo, á luz, etc., desta obra dramática. Nesta peza vemos cómo na fantasmal cantina de Antano El e Ela falan da morte de don Alexandro –que era o pai de Ela e que fora asasinado hai vintecinco anos– quen frecuentaba esta cantina, mais no decurso da peza sábese que El estivera a falar coa pantasma de Ela, que morrera pouco tempo despois de seu pai. Os personaxes que dialogan nesta peza son tres El, Ela e mais a Camareira da cantina, se ben tamén hai outros seres que asemellan espectros e que non falan.

Jaureguizar, *Estación Mir*, Lugo: Editorial Tris Tram, col. Teatro, 2002, 68 pp. (ISBN: 84-89377-40-5).

Peza teatral en tres actos na que Jaureguizar (Bilbao, 1965), con clara vontade irónica e humorística, presenta nunha delirante historia protagonizada por cinco excéntricos personaxes: o astronauta Mijail Analiev, o ferroviario Felipe González, un garda de tráfico, un mecánico e un vendedor. A aterraxe inesperada dunha nave espacial coa misión de por en funcionamento a estación espacial rusa MIR nunha estación de trens do mesmo nome (Estación de Movementos Internos Rodados) propicia unha serie de encontros nos que se suceden situacións equívocas e absurdas. As referencias constantes á sociedade actual e á recente historia nacional e internacional, facilmente identificábeis polo lector/espectador, dotan á obra dunha dimensión irónica e sarcástica que non está exenta dunha mordaz crítica á sociedade contemporánea.

Picouto, Millán, *Ciclo de Mercurio*, Ourense: Editorial Linteo, col. Aberta, nº 1, maio 2002, 299 pp. (ISBN: 84-931893-7-5).

Libro de teatro escrito en verso por Millán Picouto (Ourense, 1949) que recompila catro obras que son dúas comedias (*Conto de Abril* e *A peso de ouro*) e dúas traxedias (*Silvania* e *Fisterra*). As comedias e traxedias aparecen alternadas no volume e só dúas delas están situadas en espacios reais: *A peso de ouro* localízase no Ourense medieval, aínda que presenta unha acción paralela nun reino fantástico de resonancias árabes, e nárranos a historia dun tratante de cabalos extremadamente cobizoso; e *Fisterra* ten lugar nas terras que o propio título indica, aínda que se trata dunha sorte de adaptación dunha clásica traxedia grega. En *Conto de Abril* vemos o desenvolvemento da historia de Hímmel e Erde, reis do reino de Iolanda, que teñen un fillo que resulta ter aspecto de burro. Finalmente, o burriño recobra a forma humana pola virtude do amor dunha doncela. *Silvania* preséntanos tamén unha historia de reis e gobernantes, pero que, nesta ocasión, están ansiosos por conseguir o poder e gobernar o reino de Silvania. Irmás derrocadas, irmáns traizoeiros, subordinados, fillos, sobriños e lacaios conforman unha trama de enganos e estrataxemas que remata coa rebelión do pobo, que non é quen de aturar máis a situación de opresión.

Finalmente, toda a nobreza acaba morta, agás a filla do lugartenente do rei, contra a que o pobo non ten nada, pois é de bo corazón, feito que demostra auxiliando ao agonizante rei no seu derradeiro alento.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Ciclo de mercurio”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 26 xuño 2002, p. 77.

Recóllese a publicación do libro *Ciclo de Mercurio*, de Millán Picouto, pola editorial ourensá Linteo, cando aínda está recente a publicación doutra obra súa titulada *Ciclo de Venus*. Marcos Valcárcel achega tamén os títulos das dúas traxedias (*Silvania* e *Fisterra*) e dúas comedias (*Conto de abril* e *A peso de ouro*) que compoñen este volume, ademais de comentar brevemente o argumento de cada unha delas, así como a influencia da tradición narrativa doutras culturas neste autor.

-Marcos Valcárcel, “Un país de versos”, *La Región/O Correo Galego*, “Pé das Burgas”/“Ronsel dos libros”, 3 xullo 2002/5 xullo 2002, p. 69/p. 2.

Ver Fraga, Modesto, *Ese estraño silencio*, no apartado II. 1. Poetas galegos deste *Informe*.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, 12 setembro 2002, p. VII.

Breve nota na que se dá conta da publicación de *Ciclo de Mercurio*, obra asinada por Millán Picouto e que constitúe o primeiro volume da serie homónima e complementaria á chamada *Ciclo de Venus*, publicada polo mesmo autor no 2001. Destaca Blanco Rivas que esta obra está constituída por dúas comedias e dúas traxedias (*Conto de abril*, *A peso de ouro*, *Silvania* e *Fisterra*) que toman elementos de contos dos irmáns Grimm e doutras tradicións para reelaboralos. Tamén se refire a *Luz Pozo Garza: a ave do norte*, de Carmen Blanco, da que sinala que son tres ensaios sobre a figura e os poemarios *Códice Calixtino* e *Vida secreta de Rosalía*, de Luz Pozo Garza. Remata facendo un breve percorrido pola producción da poetisa de Ribadeo.

Pisón, Xesús, *Animal vacío*, A Coruña: Cadernos de Teatro. 2ª Época/IGAEM, nº 12, 2002, 28 pp. (ISBN: 84-95806-09-6).❿

Peza de teatro de Xesús Pisón (Ferreira do Valadouro, 1954), que foi estreada pola Compañía teatral Casahamlet na Casa da Cultura da Serra de Outes o 20 de outubro de 2002. Inclúe o reparto artístico e técnico e, ademais, o autor sinala que é “unha homenaxe ao ser humano, un escenario de sangre e frío...”. A obra está protagonizada por cinco personaxes: oficiante, noiva, noivo, larva 1 e larva 2, que desenvolven a acción nun escenario descrito como ‘cuarto das momias’, non hai división en actos ou escenas (aínda que se sinalan sete ‘pausas’) e as indicacións escénicas son breves e escasas. En canto ao contido, cómpre sinalar que *Animal vacío* é a recreación dun mundo irreal habitado por seres con corpo de home e cabeza de animal que necesitan matar para liberarse de tal condición e converterse en homes; descríbese, polo tanto, unha situación caracterizada pola violencia irracional onde a guerra e a loucura son signos definitorios da especie.

Rivadulla Corcón, X. H., *¡Furga Garabela!*, prólogo de Olegario Sotelo Blanco, relatos literarios de Nazaret López, ilust. Xosé Vizoso, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2002, 113 pp. (ISBN: 84-7824-395-X).❿

Este texto teatral de X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) estructúrase en varias partes. Comeza cun prólogo de Olegario Sotelo Blanco titulado “O rescate da memoria”, no que loa a figura e o traballo do afiador e dá unhas pequenas claves interpretativas da obra. Cualifica o texto teatral de “romántico” e sinala que invita a revisar as nosas conciencias e a nosa memoria. Seguidamente, ofrécese un pequeno fragmento, “Por qué un afiador”, no que Pepe Penabade fai referencia á compañía Volta e Dálle e as súas experiencias como locutor de radio, onde comezou a sentir interese pola figura do afiador, sobre todo, a raíz de coñecer ao afiador Carlos Carballo. Tamén se reproduce unha carta do autor do texto teatral, X. H. Rivadulla Corcón, na que alude á súa amizade con Pepe Penabade e a todo o proceso que orixinou a creación de *¡Furga Garabela*!. Así mesmo, recóllense as opinións de tres *naceiros* (mestres): José Pichel, Carlos Carballo e Juanito das Casas Novas, que falan das súas experiencias como afiadores e comentan anécdotas que lles sucederon. En canto ao texto teatral está dividido en sete escenas e conta con catro personaxes interpretados

todos eles polo mesmo actor, Pepe Penabade: o afiador, debuxo dun cadro que quere ser home; a roda, que é a conciencia do afiador; Vladimir, un porco que participou na Revolución Cubana; e Dalmacio, un can filólogo experto en “barallete”, a lingua dos afiadores. Na obra, o afiador bota, nun primeiro momento, unha ollada esperanzadora á sociedade, pero esta vaise apagando pouco a pouco, ata chegar a sentir morriña do seu estado principal. Vese o contraste entre a soidade do debuxo e o rebumbio louco da nosa realidade. Invita á reflexión sobre o mundo no que estamos a vivir e a deshumanización á que nos estamos vendo sometidos. Por outro lado, na parte final, expóñense unhas fotografías da montaxe teatral e reprodúcese un vocabulario con léxico do barallete, sacado do libro *Os afiadores. A industria ambulante* (1994), de Olegario Sotelo Blanco.




Referencias varias:

- Manuel Beceiro, “Interésame un teatro feito en Galicia e para Galicia”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 12 xullo 2002, p. 2.

Breve conversa con Xosé Penabade, actor, director e autor teatral, productor da compañía Volta e Dálle, así como organizador de coloquios sobre o barallete e montador de *sketches* sobre afiadores en feiras medievais. O actor fala, nesta entrevista, sobre a nova obra *¡Furga Garabela!* da que é protagonista. Comenta que a figura do afiador é un tema que lle pode interesar a todo o mundo, e incluso, tamén, ser exportado fóra das nosas fronteiras. Sinala que Galicia posúe unha forte riqueza cultural, de aí que lle interese facer un teatro en Galicia e para Galicia.

Salgueiro, Roberto, *Matanza,* Finalista do Premio de Teatro Rafael Dieste 2001, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2002, 53 pp. (ISBN: 84-95335-65-4).

Roberto Salgueiro (Caracas, 1966) é o autor deste texto dramático de forte carga simbólica protagonizado por dous porcos que están a piques de morrer. Ambos teñen unha postura diferente ante a morte inevitábel que lles agarda e se o Porco 1 non quere asumir o seu destino por considerarse diferente aos demais porcos, o Porco 2 asome que vive nun país no que a súa especie é importante e morrerá con orgullo. A discusión entre os dous personaxes chega ao seu maior dramatismo cando se enfrontan á presencia do Matachín e comezan as esixencias e as dúbidas de cada un deles antes da chegada do seu momento final. A obra foi estreada o 28 de novembro de 2001 na Escola Superior de Arte Dramática de Murcia coa compañía institucional da Universidade compostelá.

San Luís Romero, Xesús, *Xenreira*, ed. de Alfonso Rey López e Breogán Rey Souto, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Follas de Teatro, nº 3, marzo 2002, 183 pp. (ISBN: 84-85385-68-3).

Obra teatral en verso de Xesús San Luís Romero (Carballo, 1872-Santiago, 1966) que nos conta a historia da familia do cesteiro Manoel, composta por Rita, a súa muller, Pilara, a filla, e Ramón, o fillo. Transcorre no tempo da Guerra Civil Española e, na xornada primeira, preséntasenos a situación: todos eles subsisten gracias ao xornal de Ramón, mentres que as veciñas, sen fillos e unha delas viúva, dedícanse ao estraperlo. Nesta xornada primeira aparece reflectida a festa local, ao termo da que Ramón le a carta que o convoca a unirse ás tropas en litixio. A desgracia cínxese sobre esta familia, que ve como un fillo e irmán parte para a guerra e os deixa desconsolados e sen medio de subsistencia. Na xornada segunda, que transcorre un ano despois da primeira, vemos que a situación cambiou pouco e a única novidade é que Pilara, a filla do cesteiro, ten que se dedicar ao estraperlo como as súas veciñas para poder subsistir. Don Xoán, o almacenista que lles proporciona as mercadorías para venderen, deixa preñada a Pilara e abandónaa por uns días, aínda que está verdadeiramente namorado dela. Sen embargo, a rapaza non perdoa o abandono nin

ante o propio Don Xoán, que fala con ela e lle entrega unha carta. Pilara tira a carta ao chan, onde a atopa Manoel, que se desgusta tremendamente porque nela se enteira do estado da súa filla. O segundo desgusto vén cando lles chega a nova da morte de Ramón nos altos de León. A terceira xornada transcorre seis meses despois da segunda e iníciase co funeral por Ramón, á volta do cal as veciñas tentan convencer a Pilara, que xa ten un neno no berce, de que faga caso de Don Xoán, que quere casar con ela e amañar o seu erro. A insistencia de Don Xoán ao longo de toda esta xornada atopa sempre a oposición de Pilara ata que, ao final, o propio Manoel lle pide que acceda, pero a xenreira da filla faina negarse ao desexo do seu pai, negación que acaba por matar a Manoel, que xa estaba moi aqueloutrado pola morte do fillo e a deshonra da filla. Esta edición de *Xenreira* conta cunha introducción dos editores na que falan do autor, da súa obra e dos criterios de edición do presente volume.




Recensións:

- M. Quintáns S., “Unha obra inédita de San Luís Romero”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 29 setembro 2002, p. 4.

Columna na que se dá conta da publicación de *Xenreira*, obra de San Luís Romero que ata o de agora permanecera inédita, na colección Follas de Teatro. Tras falar brevemente da importancia da recuperación das obras inéditas, M. Quintáns informa de que a edición crítica desta obra teatral estivo ao cargo dos investigadores Alfonso Rey López e Breogán Rey Souto, que fixeron unha grande achega coas interesantes notas ao pé de páxina e coa breve pero profunda introducción. Remata o artigo Quintáns facendo un breve resumo da biografía de San Luís Romero.

Referencias varias:

- AFA, “Onte é hoxe”, *O Correo Galego*, “AFA”, 27 abril 2002, p. 32.

Apunta que Luís Alonso Girgado escolleu un texto inédito do dramaturgo Xesús San Luís Romero, *Xenreira*, para abrir a colección de pezas dramáticas “Follas de teatro”. Comenta que o citado autor foi un dos máis célebres dramaturgos da comunidade galega na Arxentina e que tivo como obra de maior éxito, *O fidalgo*, estreada en Santiago en 1918. A seguir, sinala que a colección inclúe a antoloxía *Teatro Nós*, que é unha reedición da

realizada en 1972 por Ricardo Carballo Calero coas pezas de Vicente Risco, *O bufón*, Ramón Otero Pedrayo, *A lagarada*, e Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*. Asemade, apunta que recupera unha das obras máis populares de Álvaro de las Casas, *Matria*, estreada no Liceo de Noia no ano 1935. Conclúe explicando que a colección aspira a incluír pezas dramáticas contemporáneas.




Sande, Miguel, *39 veces chao*, Finalista do Premio de Teatro Rafael Dieste 2001, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2002, 87 pp. (ISBN: 84-95335-66-2).

Esta obra de Miguel Sande é un monólogo dunha muller co seu teléfono móbil. A obra recolle as conversas que a protagonista mantén a través do seu teléfono en diversas chamadas que se suceden e que teñen ao lector expectante, xa que o autor tan só nos achega a parte do diálogo que lle corresponde a este personaxe feminino, pero non o do seu interlocutor. O lector ten que imaxinar cal é o escenario, a situación, a acción, e todo a través do monólogo da rapaza e do seu cambiante estado de ánimo.

Taxes, Francisco, *O velorio*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 57, 2002, 100 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-025-1) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-793-3).

♋♌□❐♑♋ □ ♦♏❍♋ ♑♋ ❍□❐♦♏📠 ♑♋ ●♓♌♏❐♑♋♑♏ □◆ ♑□ □□♑♏❐ ♑♏ ♍●♋⬧♏⬧▭ ❽☼♓♌♋♑♋❖♓♋💻 ♦♏♋♦❐□ □♋❐♋ ◆■ □□♌□❾📠 ♑♏ ☹◆🡿⬧ 🕐●❖♋❐♏⌘ 🏳□◆⬧♋📠 ■□ ❑◆♏ ♑↑ ♍□■♦♋ ♑♋ ♌□♋ ♓❍□❐♏⬧♓⇔■ ❑◆♏ ●●♏ ♍♋◆⬧□◆ ♋ □□⬧♦♋ ♏■ ♏⬧♍♏■♋ ♑♏⬧♦♋ □♏⌘♋ ♑♏ ❄♋☒♏⬧ ■♋ 💣□⬧♦❐♋ ♑♏ ♦♏♋♦❐□ ♑♏ ☼♓♌♋♑♋❖♓♋📠 ♏ ❽🗁✉📻🖱📠 ◆■ ♋♌❐♏■♦♏ ♑♏ ♏⬧□♏❐♋■⌘♋❾📠 ♑♏ 👌♋❍♓●□ ✞♋●♑♏□❐❐♋⬧📠 ■□ ❑◆♏ ⬧♏ ❐♏↗♓❐♏ ↑ ♓❍□□❐♦♋■♍♓♋ ♑♋ 💣□⬧♦❐♋ ♑♏ ♦♏♋♦❐□ ♑♏ ☼♓♌♋♑♋❖♓♋ □♋❐♋ □ ☒🡅■♏❐□ ♦♏♋♦❐♋● ♑♋●♏♑□ ♏ ♑♋ ⬧▫♋ ⬧♏☒♦♋ ♏♑♓♍♓⇔■ ♑♏⬧♦♋♍♋ ↗♏♓◆□⬧ ♍□❍□ ♋ ⬧□●♓♑♋❐♓♏♑♋♑♏ ♑□⬧ ♑❐◆□□⬧ □♋❐♦♓♍♓□♋■♦♏⬧📠 ♋ ♍❐♏♋♍♓⇔■ ♑♋ ✌⬧♋❍♌●♏♋ ♑□ ❄♏♋♦❐□ ☝♋●♏♑□ ♏ ♋ □❐□↗♏⬧♓□■♋●♓⌘♋♍♓⇔■ ♑♏ ♑❐◆□□⬧ ♍□❍□ ❄❐□◆●♋📠 ♏ ❽✋❍♋☒♏⬧❾📠 □■♑♏ ⬧♏ ❐♏□❐□♑◆♍♏■ □⬧ ♍♋❐♦♏♓⬧ ♑♏ □❐♏⬧♏■♦♋♍♓⇔■ ♑♋ □♌❐♋ ♏ □ ⬧♏◆ ❐♏□♋❐♦□🔏




Recensións:

-Antonio Simón, “La Voz entrega mañá a obra inédita de Francisco Taxes ‘O velorio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 maio 2002, p. 30.

Comeza encadrando a peza dentro do chamado “costumismo expresionista”, por ser un texto “especial de grandísimo significado na historia do teatro galego”. Destaca que esta obra rachou no seu tempo coa concepción do teatro, que é un texto “áxil, directo, conciso,

moderno”, no que os personaxes son debuxados con trazos intensos, onde os diálogos son “breves, coloristas e primarios”, aínda que destacan por unha eficacia que considera que lle vén dada polo ritmo e a sonoridade, ademais de por unha estructura secuencial moi cinematográfica. Considera que por características como as rachaduras de imaxes ou o atropelo de sensacións e sentimentos esta é unha obra “punta de lanza” na dramaturxia galega actual. Remata atendendo ao contido, do que sinala que é froito do compromis o do seu autor co país, no que se reflicte a súa concepción de que o teatro é unha arma para loitar contra a dictadura. En cadro á parte destácase da obra a linguaxe cotiá e o feito de que permanecera inédita ata o de agora.




- Pedro P. Riobó, “Francisco Taxes. *O velorio*”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, “Libros”, outono 2002, pp. 77-78.

Comentario da peza *O velorio*, de Francisco Taxes, na colección “Biblioteca Galega 120”, que o Centro Dramático Galego ten proxectado representar no ano 2003, conxuntamente con *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño. Sinálanse as semellanzas e as diferencias entre estas dúas pezas teatrais, ademais de indicar que foran estreadas na VI

Mostra de Teatro de Ribadavia en 1978, onde os grupos teatrais Troula e Antroido se reivindicaban como profesionais. De seguido, analízase a edición de *O velorio*, que vénacompañada de tres recensións críticas de Manuel Rivas, Luís Álvarez Pousa e Camilo Valdeorras e as reproduccións dos programas de man. Repásase o argumento da peza, que desenvolve un drama esperpéntico do velorio dun amo, e sinálase a disposición espacial e as características dos personaxes. Finalmente, afírmase que *O velorio* é producto dun tempo determinado no que é doado atopar lecturas políticas inmediatas a toda manifestación cultural. Opina o autor do artigo que nin os membros da compañía, nin o público en xeral, podía escapar á interpretación implícita naquelas coordenadas históricas: inicio da transición tras a morte do dictador.




Referencias varias:

- Camilo Franco, “Escribín para os que non ían ó teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 maio 2002, p. 31.

Entrevista a Francisco Taxes, autor do *Velorio*, que opina sobre a repercusión que tivo a obra no seu momento. Comenta que a peza foi escrita para a xente que non ía ao teatro, e para que puidese ser entendida. Sinala que a obra pode resultar pouco atractiva debido a que non lle deu moita importancia ao aspecto formal. Cre, por outra banda, que o éxito que tivo no seu momento se debeu á identificación da xente co que alí se contaba, xa que el quería unha proximidade coa xente da rúa.

-Gonzalo Uriarte, “Unha nova época”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 15 maio 2002, p. 30.

Lembra a posta en escena do *Velorio* por parte da compañía Troula, no ano 1977. Comenta que a creación de Troula xurdiu como idea de crear a primeira compañía galega de teatro profesional. Ofrece, tamén, a relación de actores que formaban o grupo como Antonio Simón, Suso Medal, Manuel Manquiña e Manuel González, entre outros.

- Lino Braxe, “Apampados”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 15 maio 2002, p. 30.

Lémbrase, nun primeiro momento, da posta en escena da obra *O velorio*, a cargo do grupo de teatro Troula, cando el era un neno. Así mesmo, destaca a relación persoal que mantén con Francisco Taxes, do que pensa que é un autor “desperdiciado” no panorama literario galego.

Vidal Bolaño, Roberto, *¡Anxeliños! Comedia satánica*, pp. 295-395, en **Becerra Suárez**, Carmen e Mª Teresa **Vilariño Picos** (eds.), *Roberto Vidal Bolaño. Escritor escénico*, Lugo: Editorial Tris Tram, col. Máscaras, nº 2, 2002, 398 pp. (ISBN: 84-89377-37-5).

⧈♏❒♑♋ ♑□⬧ ❖♋●□❒♏⬧ ♑♋ ⬧□♍♓♏♑♋♑♏ ♍□■♦♏❍⧈□❒↑■♏♋▱ □♌⬧♏⬧♓□■♋♑♋ ⧈□□●□ ♍□■⬧◆❍□ ♏ ⧈□□●□ ♑♓⇧♏♓❒□▱ ♏■♦❒♏●↑⌘♋⬧♏ ♍□■ ↗□■♑♋⬧ ❒♏↗●♏⊠♓⇔■⬧ ♑♏ ♍♋❒↑♍♦♏❒ ❍□❒♋● ♏ ❍♏♦♋↗↙⬧♓♍□ ♦♓■⊠♓♑♋⬧ ⧈□□●□ ♒◆❍□❒ ♋❍♌♓❖♋●♏■♦♏ ♏ ♓❒⇔■♓♍□ ♑◆■ ♋◆♦□❒ ♑♓⬧♦♋■♍♓♋♑□ ♏ ♓❍□♋⬧↙♌♏● ♋■♦♏ □⬧ ⬧♏◆⬧ ⬧♏❒♏⬧ ♑♏ ↗♓♍♍♓⇔■▱




III. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Carballo Calero (ed.), *Teatro Nós.* Vicente **Risco/**Ramón **Otero Pedrayo** e Alfonso **Castelao**, *O bufón d'El Rei/A Lagarada*/*Os vellos non deben de namorarse*, revisión e ampliación de Teresa Monteagudo, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Follas de Teatro, nº 1, 2002, 217 pp. (ISBN: 84-86407-73-7).

Reedición da obra aparecida no ano 1979 co mesmo título, agora revisada por Teresa Monteagudo e adaptada á actual normativa ortográfica. Trátase dun estudio do feito teatral na época Nós, como punto de partida do posterior teatro galego tendo en conta o salto cualitativo que, segundo o autor, significaron as pezas destes homes nun momento no que a posibilidade de representación era moi baixa. Logo dunha análise arredor da figura de Vicente Risco, Alfonso Castelao e Ramón Otero Pedrayo como autores dramáticos, onde as influencias e/ou encadramentos –Maeterlink e Wilde no caso do primeiro; o expresionismo, no de Castelao; e o simbolismo, no do derradeiro– fican ben clarificadas, así como se

resolven as cuestións máis puramente formais e estructurais das pezas, a edición reproduce, para rematar, os textos íntegros orixinais coa pertinente normalización gráfica.




Recensión:

- Xavier Castro R., “Unha reedición do teatro do grupo Nós”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 132, 3 xuño 2002, p. 4.

O xornalista fala da iniciativa de Follas Novas de reeditar o libro *Teatro Nós* co motivo do seu trinta aniversario. Di que este volume recolle tres obras de teatro: *O Bufón d’El Rei* de Vicente Risco, *A lagarada* de Otero Pedrayo e *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao. Explica tamén que este libro se fixo a partir da edición de Carballo Calero, e que conta cunha ampliación e revisión de Teresa Monteagudo, que expón as circunstancias e influencias das tres pezas. Finalmente, Xabier Castro resalta as diferentes traxectorias que percorreron estas obras teatrais e considéraas como emblemáticas da producción dos autores de Nós.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, “Dramaturxia”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 1 abril 2002, p. 4.

Comeza lembrando algunhas das obras de teatro que vén de ler e as colaboracións semanais que sobre teatro escribiu no xornal *El Correo Gallego*, para logo falar do primeiro exemplar dunha nova colección, *Follas de Teatro*, que dirixe Luís Alonso Girgado e que conmemora o trixésimo aniversario da librería Follas Novas. Deste exemplar, *Teatro Nós*, comenta que é unha reedición revisada e ampliada por Teresa Monteagudo da feita por Ricardo Carballo Calero das obras de *O Bufón d'El Rei* de Vicente Risco, *A lagarada* de Otero Pedrayo e *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao. Remata cunha opinión persoal sobre Vicente Risco.

Casas, Álvaro de las, *Matria*, ed. de Dolores Arxóns Álvarez, Xavier Castro Rodríguez e Xosé Agrelo Hermo, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Follas de Teatro, nº 2, marzo 2002, 63 pp./44 pp. (ISBN: 84-85385-67-5).

Edición facsimilar de *Matria*, peza teatral de Álvaro de las Casas (Ourense, 1901-Barcelona, 1950), cando se cumpren cincuenta e dous anos do pasamento do autor. A obra tiña sido publicada por vez primeira en 1935, na colección "Teatro Galego" creada pola editorial Nós. Rescátase así o texto deste "drama en dous aitos" tal e como tiña aparecido orixinalmente: unha peza de tese que combina o realismo e a alegoría e que, como comenta o profesor Agrelo, "é resume e compendio" da temática dominante na dramaturxia da altura: a denuncia do caciquismo e da realidade dolorosa da emigración, o lamento pola perda de identidade do país, sometido ao xugo dun goberno espurio, e a exaltación do mundo rural como garda e custodia das esencias do enxebre ser galego. Protagonizada por nove personaxes, destaca entre eles Nela de Albán, símbolo da Galiza asoballada e nai de tres fillos aos que a penosa situación familiar forza a fuxir cara a outras terras. Malia o fracaso final, asistimos a un chamamento cara á loita e a esperanza do pobo galego. Para alén diso, este libro brinda aínda ao lector interesado, a través dos estudios introductorios preparados

polos editores, oportunas informacións ao redor do escritor, a súa época e a súa obra.Dolores Arxóns Álvarez (“Vida”) achéganos á biografía de Álvaro de las Casas, orador, profesor, ensaísta, impulsador e animador de empresas culturais como os grupos “Ultreya” ou a editorial bonaerense Emecé, que defendeu, cultivou e dignificou a nosa lingua e a nosa literatura. Xavier Castro Rodríguez, pola súa banda, achega coas súas “Notas sobre o teatro galego no período de 1916-1936” un panorama da producción teatral da primeira parte do século pasado. Por último, Xosé Agrelo Hermo (“O teatro de Álvaro de las Casas”) achégase á producción do autor e considera que levou a cabo un teatro abertamente propagandístico a favor da causa galeguista.




Recensións:

- Armando Requeixo, “Recuperar a nosa dramaturxia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 8, “Libros”, 5 setembro 2002, p. IV.

Lóase a reedición de *Matria*, de Álvaro de las Casas como paso necesario para a revisión da producción deste autor, aínda que se sinala a existencia doutros estudios sobre este autor

na revista noiesa *Casa da Gramática* ou un ensaio feito por Francisco Abeijón Núñez. Indícase que a primeira edición desta peza data de 1935 e foi realizada en Compostela, naeditorial de Ánxel Casal, Nós. Agora, continúa o articulista, recóllese outra vez en Follas Novas Edicións, en colaboración co instituto noiés Virxe do Mar, e cun prólogo feito por Dolores Arxóns Álvarez, Xavier Castro Rodríguez e Xosé Agrelo Hermo onde se mergullanna vida de Álvaro de las Casas ao igual que na súa obra.




- M. Quintás S., “Lembrando a ‘Matria’ de Álvaro de las Casas”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, 8 decembro 2002, p. 4.

Exponse que, co gallo do Centenario do nacemento do ourensán Álvaro de las Casas, o Instituto Virxe do Mar de Noia –de onde o autor foi catedrático nos anos trinta– lle rende unha homenaxe editando unha das súas obras, *Matria*, nunha edición facsimilar. Fálase tamén da estructura e do contido da peza teatral: dise que está formada por dous actos e defínese como un texto de carácter patriótico. Do facsímile, o xornalista resalta os estudios de investigadores como Dolores Arxóns, Xabier Castro ou Xosé Agrelo, unha bibliografía do autor homenaxeado e colaboracións súas verquidas en revistas da época.

Referencias varias:

- Sara Ares Lema, “Noia recuerda a De las Casas”, *La Voz de Galicia*, “La cita”, 27 febreiro 2002, p. 13.

Dá conta da homenaxe a Álvaro de las Casas Blanco polo cincuenta e dous aniversario do falecemento do intelectual, político e escritor. Dise que esta celebración corre a cargo dos coordinadores da revista *Casa da Gramática* do centro Virxe do Mar, no cal se instalou como catedrático de Xeografía e Historia. Continúa por referirse á obra de Álvaro de las Casas, *Matria*, publicada inicialmente en 1935 e reeditada para este acontecemento da man da editorial Follas Novas. Remata aludindo a algúns títulos dos máis de cincuenta do autor e destacando proxectos como o ser secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega, fundador do partido Galeguista e da editorial Emecé.

Centro Cultural de la Villa de Madrid (ed.), *Castelao, los ojos de Galicia. "Os vellos non deben de namorarse" y versión teatral de "Los viejos no deben enamorarse"*, Madrid: Centro Cultural de la Villa de Madrid/Centro Dramático Nacional/Centro Dramático Galego, abril 2002, 159 pp. (ISBN: 84-88406-43-6).❿

Obra que recolle o texto dramático *Os vellos non deben de namorarse* de Daniel Alfonso Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) e a traducción que ao castelán fixo Xesús Alonso Montero para a coprodución realizada polo CDN, o CDG e o Centro Cultural de la Villa de Madrid, que foi dirixida por Manuel Guede. Ademais da obra en ambas as dúas linguas, inclúense os seguintes textos: "Castelao, un hombre que dibujó un país" de José Ramón Fernández, no que achega datos biográficos e bibliográficos de Castelao; "Sobre la traducción (y los textos) de *Os vellos non deben de namorarse*: cuatro alteraciones" de Xesús Alonso Montero, no que fala das traduccións existentes, da revisión que agora fixo á traducción feita en 1990, sobre o texto orixinal e sobre as dificultades e criterios empregados para facer a traducción; e "Un gallego para la posteridad" e "Así es la fiesta" de Manuel Guede Oliva, que fala da relación entre Castelao e Valle Inclán, da importancia do primeiro e

da obra en cuestión. Ao longo das páxinas do libro inclúense os debuxos que Castelao fixo para o texto dramático, así como fotografías del mesmo e da representación.




Recensións:

- Xavier Castro, “Unha edición bilingüe de ‘Os vellos non deben de namorarse’ de Castelao”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 22 setembro 2002, p. 4.

Sinala que este libro está destinado ao lector foráneo e que pretende ser un achegamento á obra e personalidade de Alfonso Castelao. Así mesmo, dá conta do contido do libro e sinala que inclúe a versión orixinal e a traducción ao castelán de *Os vellos non deben de namorarse* e mais os textos de Xesús Alonso Montero, José Ramón Fernández e Manuel Guede Oliva, dos que resume o seu contido.

Cortezón, Daniel, *Os irmandiños*, ilust. X. Braxe, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 35, 2002, 130 pp. (ISBN: 84-8302-730-5).

Reedición da peza teatral de Daniel Cortezón (Ribadeo, Lugo, 1927), premiada hai trinta anos nun certame convocado en Sitges (Barcelona) e ilustrada con debuxos de X. Braxe. O volume ábrese cun epígrafe, “Fontes”, que recupera textos historiográficos de Vicetto, González López, Pérez de Guzmán e, de maneira rápida, fragmentos breves de Molina e Gándara y Ulloa. Prosegue con outro, “Observacións”, onde xustifica a escrita e a inclusión da peza na liña dun “teatro épico” quen de desalienar “unha cultura en pseudomorfose histórica como a nosa, co peso inxusto da infravaloración e o desprestixio interno” máis absolutos. Tamén apunta neste epígrafe tipos e xeitos de actitude e dicción que haberían primar na posta en escena da obra. Por último, inclúese a peza teatral, na que se desenvolve un episodio das revoltas irmandiñas do século XV galego, que remata co axustizamento dos capitáns populares e Roi Xordo, quen se converte no adaíl do espírito levantadizo galego que se proxecta por toda a peza.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “A mellor épica e traxedia da nosa dramaturxia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 15 setembro 2002, p. 3.

Ver Becerra de Becerreá, Afonso, *Agnus patris*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

- Manuel F. Vieites, “Contra os señores da terra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, 12 setembro 2002, p. VIII.

Crítica na que se rescata o carácter épico da peza teatral en clave sociolóxica, rescatando o valor literario da obra como un cántico polas liberdades populares dunha terra suxeita aopoder dunha nobreza que unicamente buscaba o seu propio beneficio. É así que un dos seus xuízos expón como “a identidade e a nación tamén se poden converter en fonte de opresión e barbarie. Contra esta, tamén se ergue, comprometida e solidaria, a obra de Cortezón, un exemplo de humanismo e defensa da dignidade”.

Referencias varias:

- E. P., “Louvar o teatro”, *O Correo Galego*, 4 agosto 2002, p. 49.

Ver Becerra de Becerreá, Afonso, *Agnus patris*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.





Cortezón, Daniel, *Prisciliano*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, n. 47, 2002, 125 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9767-042-1) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-542-1).

❑◆♏ □ ♋◆♦□❒ ♎♏⬧♏■❖□●❖♏ ◆■♒♋ ♍□■❖♏❒⬧♋ ■♋ ❑◆♏ ⬧♏ ◘□⇧♏■ ♎♏ ❒♏●♏❖□ ♋⬧ ♋❒♦♓❍♋⇧♋⬧ ♏❍◘❒♏♑♋♎♋⬧ ♏■ ☼□❍♋ ◘♋❒♋ ♑♋⇧♋❒ ♋ ♌♋♦♋●●♋ ◘♏❒♋■♦♏ ♋⬧ ☝□❒♦♏⬧☙ ✌■♦♏⬧ ♎♏ ♍♒♏♑♋❒ □ ⬧♏♑◆■♎□ ♑❒♋■ ♍□■♦❒♋♦♏❍◘□☙ ◘❒□♎▫♍♏⬧♏ ◆■ ♏◘♓⬧□♎♓□ ■□ ❑◆♏ ➚ ♏⬧♍♏■♓↗♓♍♋♎□ □ ■♋❍□❒♋❍♏■♦□ ♏■♦❒♏ □ ◘❒□♦♋♑□■♓⬧♦♋ ♏ ◆■♒♋ ❒♋◘♋⌘♋ ❑◆♏ ♋◘♋❒♏♍♍ ♏■ ♏⬧♍♏■♋ ☙☞❒⇔♍◆●♋☙☙ ■♋❍□❒♋❍♏■♦□ ❑◆♏ ⬧□♌❒♏◘♋⬧♋ □⬧ ●◤❍♓♦♏⬧ ♎□ ❑◆♏ ⬧♏ ♋♑♋❒♎♋☙ ♋ ◘❒♓□❒♓☙ ♎◆■ ♌♓⬧◘□☙ ♍♒♏♑♋■♎□ ➚ ◘♋♓☒⇔■ ♏ ◘❒□❍♓⬧♍◆♓♎♋♎♏☝ ✌ ⬧□❍♌❒♋☙ ❒♏◘♏♦♓❍□⬧☙ ❖□●❖♏ ♏⬧♍◆❒♏♍♍❒ □ ➚◆♦◆❒□ ♎♏ ☞❒♓⬧♍♓●♓♋■□💻 □ ☜❍◘♏❒♋♎□❒ ☝❒♋♍♓♋■□☙ ♍□■ ❑◆♏■ ♍□■⬧♏♑◆♓❒♋ ♑♋⇧♋❒ □ ◘❒♏♓♦□☙ ➚□♓ ♎♏❒❒□♍♋♎□ ◘□❒ ☝●♏❍♏■♦♏ ◕➚☒♓❍□☝ ✌⬧◤ ◘□♓⬧☙ ♋ ❒♏⬧□●◆♍♓⇔■ ➚♋❖□❒➚♌♏● ❑◆♏ ●●♏⬧ ◘♏❒❍♓♦♓❒♋ □ ◘❒♓❍♏♓❒□☙ ◘□♎♏❒◤♋ ❖□●❖♏❒⬧♏ ♏■ ♍□■♦❒♋ ♎□ ♌♓⬧◘□ ✌❖♓●➚⬧ ♏ ♍□■❖♏❒♦♏❒⬧♏ ♋◆♦□❍♋♦♓♍♋❍♏■♦♏ ♏■ ♓■♓❍♓♑□ ♎□ ■□❖□ ⬧□♌♏❒♋■□☙ ◘□●□ ❑◆♏ ♎♏♍♓♎♏■ ❖□●❖♏❒ ♋ ☼□❍♋ ◘♋❒♋ ♦♏■♦♋❒ ⬧□●◆♍♓□■♋❒ ♋ ⬧♓♦◆♋♍♓⇔■ ♋■♦♏⬧ ♎♏ ❑◆♏ ✋♦♒♋♍♓□ ♏ ✋♎♒♋♍♓□ ⬧♏☒♋■ ♋●♓♋♎□⬧ ♎□ ■□❖□ ◘□♎♏❒☙ ✌♏❒❒ ♓⬧♦□ ❒♏◆⬧ ➚♏♓♦◘💻 □⬧ ♎□◆⬧ ♌♓⬧◘□⬧ ♎♋ ☤♓⬧◘■♓♋ ■□■ ⬧□♋❍♏■♦♏ ♏❒♋■ ◘♋❒♦♏ ♎□ ■□❖□ ♑□♌♏❒■□☙ ⬧♏■⇔■ ❑◆♏ ♋♎♏❍♋♓⬧ ♏⬧♦♋♌♋■ ♦❒♋❍♋■♎□ ◆■♒♋ □➚♏■⬧♓❖♋ ♍□■♦❒♋ ☞❒♓⬧♍♓●♓♋■□☙ ☜♏♍♓♎♓◆⬧♏ ➚♋♍♏❒ ◆■ ☒◆◤⌘□ ♍□■♦❒♋ ♏● ♏☙ ◘❒♏♍♓⬧♋❍♏■♦♏☙ ♍□♋ ⬧▫♋ ❒♏⬧□●◆♍♓⇔■ ❒♏❍♋♦♋ ♋ □♌❒♋☙ ◆■♒♋ ❒♏⬧□●◆♍♓⇔■ ❑◆♏ ♍□♓■♍♓♎♏☙ ■□❖♋❍♏■♦♏☙ ♍□ ❖♏❒♎♋♎♏♓❒□ ➚♓■♋● ❑◆♏ ●●♏ ♦□♍□◆ ❖♓❖♓❒ ♋□ ◘♏❒⬧□■♋☒♏ ♒♓⬧♦⇔❒♓♍□☙




Recensións:

- Roberto Casteleiro, “A historia como dialéctica” *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 xullo 2002, p. 60.

Coméntanse tres principais aspectos. Por unha banda, as obras máis premiadas ou recoñecidas do dramaturgo galego, é dicir, *Irmandiños, Prisciliano* e *Crónica de Henrique IV.* En segundo lugar, destaca a relevancia que tiñan *Pedro Madruga* e a primeira das obras citadas; conclúe recomendando a inclusión de Cortezón na Real Academia Galega.

Referencias varias:

- Gonzalo Bouza Brey, “A obra teatral *Prisciliano*, de Daniel Cortezón, entrégase mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xullo 2002, p. 60.

Repaso daquelas obras que a el máis lle impresionaron de Daniel Cortezón (citando títulos coma *As covas do rei Cintolo, Ribanzo, O cabaleiro da lus, El Rey de Harlem,* etc.). Posteriormente, comenta todo o que supuxo esta obra para os mozos do ano 68 por poder

extrapolar o argumento baseado na época romana á situación contemporánea que estaba a sufrir Galicia. Culmina o escrito afirmando que Cortezón, “cargado de obras e premios literarios, é un dos máis importantes autores vivos de Galicia”.




- Roberto Vidal Bolaño, “Daniel Corazón” *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 xullo 2002, p. 60.

Vidal Bolaño dedícalle unhas verbas á obra de Cortezón baseándose nunha anécdota que lle acaecera nunha entrevista feita cun grupo de teatro ao ministro de Cultura na época franquista Pío Cabanillas. Este, que citara a Cortezón erroneamente nomeándoo “Daniel Corazón”, provocou que Vidal Bolaño se introducira na obra do dramaturgo de Ribadeo e descubrise títulos coma *Prisciliano, Xelmírez ou a Gloria de Compostela, Os Irmandiños* ou *Pedro Madruga*.

Dans, Raúl, *Lugar*, prólogo de Xosé Fernández Castro “Pepes”, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 94, 2002, 90 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-000-6) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-760-7).

Nova edición da obra de Raúl Dans (A Coruña, 1964), que fora publicada inicialmente en 1999, incluída nesta ocasión dentro da “Biblioteca Galega 120”. A obra vai precedida dun prólogo de Xosé Fernández Castro, “Pepes”, no que ofrece as claves temáticas e argumentais da obra ao mesmo tempo que valora que se trata por riba de todo dunha peza de teatro e non de poesía ou narrativa disfrazados de teatro. A continuación aparece a obra, desenvolta nun acto único, e na que se reflicte a conversa de dúas persoas, David e O Viaxeiro, que se atopan na plataforma dun apeadeiro. Os dous reflexionan sobre a súa infancia, os vellos amigos e a situación actual de cada un, o que os levará a un final tráxico.

Recensións:

- Alberto Bouza, “Preguntas”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 27 marzo 2002, p. 27.

Considera que *Lugar*, de Raúl Dans, se converte nun texto que bascula nesa indefinición territorial e no sentido territorialmente sentimental da vida. Asemade, sinala que ten unha concepción contemporánea porque hai máis lugar para a derrota que para a nostalxia e que o pesimismo como método de análise é unha conquista da intelixencia. Explica que, nese sentido, *Lugar* é intelixentemente pesimista porque non acepta as certezas e opina que o texto advirte que o teatro é un espacio para as preguntas e son preguntas tan humanas que non teñen unha resposta inmediata.

- Iolanda Ogando, "Lugar', de Raúl Dans, mañá con La Voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 marzo 2002, p. 27.

Comenta que Raúl Dans constrúe con *Lugar* a terra de todo o mundo nun espacio baleiro, que é só unha vía de tren a cabalo entre os tempos. Sinala que tres personaxes apuran os pasos para enfrontar obxectivos contrarios e que a intriga se desenvolve nunha forte tensión que se basea nunha sólida estructura de diálogos, nun ritmo coidado e nunha intriga moi ben mantida ata o remate da obra. Tamén cita os temas desta peza teatral, entre os que

están a mestura dos anos, o custo do progreso e a defensa do pequeno, que se volven nun gancho para percorrer a historia ata o desenlace. Conclúe afirmando que *Lugar* se converte en crónica de Galicia.




- X. M. Fernández Castro, “Fado do fracaso”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 27 marzo 2002, p. 27.

Achega o argumento da obra de Raúl Dans, *Lugar*, na que aparece un exiliado, “de vontade renqueante e bébeda”, que ten como móbil a busca das pegadas doutrora. Comenta que a súa ánima en pena carga coa culpabilidade inocente dunha traxedia e regresa ao lugar dos autos, pero non encontra recordos, senón o pasado. Tamén sinala que dous personaxes oficiarán o sacrificio do fado do fracaso, baténdose por segunda vez na mesma pedra.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Os autores teatrais somos moito máis clandestinos do que pode ser Manu Chao”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 marzo 2002, p. 26.

Entrevista ao dramaturgo e escritor Raul Dans que fala de *Lugar* (1999), a súa obra máis coñecida e que foi publicada e representada polo CDG; explica o problema que teñen os autores teatrais que non posúen unha compañía para ver representados os seus textos e comenta cál é a diferencia existente entre os autores que escriben e os que representan.





Lourenzo, Manuel, *Veladas indecentes*, A Coruña: La Voz de Galicia/Edicións Laiovento, col. Biblioteca Galega 120, nº 105, 2002, 117 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-989) (ISBN de Edicións Laiovento: 84-847-003-0).

Este volume presenta tres obras de Manuel Lourenzo (Ferreira de Valadouro, Lugo, 1943): *A velada de Londres* (1991), *Cando chega Decembro* (1994) e mais *A velada espectral de Mister Peabody* (1995). *A velada de Londres* céntrase no mito do vampiro e nela os seus tres personaxes –Harker, Mina e Doutor– entran nun xogo no que se confunden os que están xa posuídos polo seu poder aos que aínda non o están. Ademais dilúense sen poder traspasar a barreira que lles permite transgredir a propia personalidade e así gozar plenamente do amor. A segunda obra, *Cando chega Decembro* xira ao redor da organización dun nacemento vivente nun psiquiátrico baixo as ordes do doutor Lagarto, director do Sanatorium. Os personaxes entran nunha loita por acadaren o papel que máis desexan: as mulleres o de virxe –pois isto supón o visado para pasar a ser a nova esposa do doutor– e os homes o do neno Xesús, aínda que este papel xa está adxudicado a Coconut, o enfermeiro negro máis desexado de todo o hospital. A obra que pecha este volume, *A velada espectral de Mister Peabody*, xebrada en tres partes, recrea o proceso de

investigación que se leva a cabo dende o xornal *O Eco-Gráfico*, ao coñecer a nova de que o convento da Santa Momia vai ser vendido a especuladores co fin de montar unha multinacional.




Recensións:

-Roberto Salgueiro, "*Veladas indecentes*, unha referencia básica para o teatro galego moderno", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 marzo 2002, p. 53.

Salgueiro analiza as tres pezas da obra teatral de Manuel Lourenzo, *Veladas indecentes*, Premio Nacional de Literatura Dramática 1997, con motivo da súa entrega o día 26 de marzo dentro da colección Biblioteca 120 de *La Voz de Galicia*. Para Roberto Salgueiro, director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago, a obra do autor, director e actor teatral que naceu en Ferreira de Valadouro no ano 1943 evidencia "o inconformismo e o desexo de volver a ollada aos mestres franceses do teatro do absurdo, con outros referentes teatrais recentes como Müller". Asemade, sinala que Lourenzo consegue explorar as paisaxes da conducta humana, mesturando esa capacidade coa de desenvolver unha

“profunda ironía” que estimula “unha lectura activa, creativa”. Salgueiro lamenta tan só que o libro, escrito en galego, non estea traducido a máis idiomas có castelán.




Referencias varias:

-Camilo Franco, “Os libros fan sobrevivir ó teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 marzo 2002, p. 52.

Conversa con Manuel Lourenzo con motivo da reedición de *Veladas Indecentes* por parte da Biblioteca 120. Explica cál foi a xénese de cada unha das tres veladas que compoñen a obra e sinala que, a pesar do éxito que tivo o libro por obter o Premio Nacional de Literatura, co tempo, desapareceu das librerías e escureceu outras pezas nas que el tiña máis confianza. Tamén explica que sempre tivo problemas coa normativa lingüística e que pensa que publicar as pezas teatrais é importantísimo, xa que permite a sobrevivencia do teatro.

- Pablo Rodríguez, “Indecente realidade”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 25 marzo 2002, p. 53.

Pablo Rodríguez, intérprete do personaxe Coconut das *Veladas indecentes*, de Manuel Lourenzo, repara no universo simbólico do autor nese libro que lle valeu no seu día o Premio Nacional de Literatura Dramática. Segundo Rodríguez, Manuel Lourenzo logra introducirnos nun mundo no que nada é o que parece, no que a intriga está ao servicio dun discurso velado que descobre a realidade máis próxima do autor inquedo e crítico co decurso da historia actual.

- Santiago Fernández, “Espellos cóncavos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 marzo 2002, p.




53.

O actor Santiago Fernández analiza as tres *Veladas indecentes* de Manuel Lourenzo que, segundo o seu punto de vista, vai pintando con personaxes “aparentemente irreais pero que se observan silenciosamente están cheos de realidades”. Ademais resalta a figura do dramaturgo de Ferreira en canto que é un dos principais impulsores do teatro galego actual.

Pisón, Xesús, *Venenos*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 96, 2002, 92 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-032-4) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-525-7).

✌♎□●➚□ ♏●♋♌□❒♋■ ◆■♒♋ ♒♓⬧♦□❒♓♋ ➚♓♍♦♓♍♓♋ ❑◆♏ ■□■
➧ □◆♦❒♋ ❑◆♏ ♋ ♎♋⬧ ⬧▫♋⬧ ❒♏⬧◘♏♍♦♓❖♋⬧ ❖♓♎♋⬧🖋
❄❒➧♦♋⬧♏ ♎♏ ♎▫♋⬧ ◘♏⌘♋⬧🖃 ■♋⬧ ❑◆♏ ◘♏❒⬧□■♋☒♏⬧
♋❒♦♓⬧♦♋⬧ ♏➚♏♍♦▫♋■ ◆■♒♋ ♓■♦❒□⬧◘♏♍♍♓⇔■ ♎□ ⬧♏◆
♓■♦♏❒♓□❒🖃 ♏☒♦♏❒♓□❒♓⌘♋■♎□ □⬧ ⬧♏◆⬧ ⬧♏■♦♓❍♏■♦□⬧🖃
♓■⬧♋♦♓⬧➚♋♍♍♓⇔■⬧🖃 ➚❒◆⬧♦❒♋♍♓⇔■⬧ □◆ ♎♏⬧♏☒□⬧🖋




Referencias varias:

Camilo Franco, “Os directores arriscan pouco”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xuño 2002, 50.

Conversa na que Xesús Pisón fala do teatro que escribiu en *Venenos* (1994) coa perspectiva do ano 2002. Afirma que está máis interesado nos conflictos que nas comedias, que dende 1995 non se representou ningunha obra súa e recalca que a homosexualidade non é o argumento da obra.

-Cilha Lourenzo, “Punto de inflexión”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 24 xuño 2002, p. 51.

Sinala que neste volume “traça-se o mapa desolador das relaçons persoais, corrompidas pela consciência culpável dos protagonistas” e asemade afirma que *Venenos* supón un punto culminante de inflexión na traxectoria dramática do autor.

- Manuel Pazos, “As relacións humanas que narra Xesús Pisón en *Venenos*, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xuño 2002, p. 51.

Afirma que *Venenos* é unha obra consecuente co seu tempo, que nelas podemos ver cousas que acontecen a diario arredor nosa e mais que o autor conta as cousas tal e como pasan.

- Vicente Monto, “Xardín dos venenos”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 24 xuño 2002, p. 51.

Fala dos comezos dos ensaios da representación de *Venenos* que tiña como guía a Manolo Lourenzo no ano 1995 na cidade de Vigo e aplaude que se publique novamente este libro.

Sanmartín Rei, Goretti, *O Teatro de Xan da Cova. (La Galiciana e María Pita)*, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”/Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, serie Azul, nº 17, marzo 2002, 204 pp. (ISBN: 84-9749-008-8).

O presente volume ofrece un estudio monográfico que Goretti Sanmartín levou a cabo sobre a obra dramática de Xan da Cova (Ourense, 1829-1899). O libro está estructurado en dúas partes: unha primeira na que se ofrece o estudio propiamente dito, e unha segunda na que se reproducen as pezas *La Galiciana* e *María Pita*, escritas no ano 1863. Comeza o libro cunha introducción biobibliográfica do autor, no que se fai un percorrido pola súa vida e pola súa producción bibliográfica, acompañada dun comentario sobre o teatro na época precursora da nosa literatura. A continuación, ofrécese unha aproximación ás dúas pezas teatrais máis importantes do escritor como son *La Galiciana* e *María Pita*, as cales se reproducen ao final do libro, e das que se destacan as súas características formais e temáticas. En *María Pita*, combínase o tema da exaltación patriótica coa temática amorosa, centrándose nas figuras do marqués de Cerralbo e da heroína María Pita. En *La Galiciana*, o

argumento xira arredor dos casamentos am añados entre Xan e Marica e Pepe e Xulita. Por outra banda, inclúese un estudio sobre o modelo lingüístico presente na literatura do Rexurdimento, no que se salientan as características principais da lingua destes primeiros anos do século XIX, así como as características lingüísticas principais dos textos incluídos no libro.




Referencias varias:

- AGN, “Cultura celebra el Día del Teatro con nuevas publicaciones y descuentos”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 28 marzo 2002, p. 39/p. 25.

Ver Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

-Francisco Pérez Lorenzo, “O teatro galego reflíctese nos seus textos e desbota os centralismos”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 28 marzo 2002, p. 67.

Ver Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

- Lois Fernández, “Emoción en los pasos. El día mundial”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 28 marzo 2002, p. 16.

Ver Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

- M.J.M., “Xan da Cova, un ‘precursor’ en gallego”, *La Región*, “Publicaciones”, 5 abril 2002, p. 59.

Fálase neste artigo da recente publicación da obra *O teatro de Xan da Cova*, de Goretti Sanmartín, na Biblioteca Archivo teatral “Francisco Pillado Mayor”, obra na que se recolle, ademais dun estudio sobre o teatro e a lingua deste autor, dúas obras de Xan da Cova (Ourense, 1829-1899): *La Galiciana* e *María Pita*. Á parte, preséntase unha breve biografía deste autor e recóllese a anécdota da súa invención do idioma “trampitán”, do que é mostra excelente o seu poemario *La trampiana*.

Vidal Bolaño, Roberto, *Saxo Tenor*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 80, 2002, 109 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-99-7) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-759-3).

Reedición da obra teatral de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002), que foi publicada por primeira vez en 1991. A peza está composta por cinco actos e toda ela sucede nunha pequena praza dunha vila, na que acontecen tres mortes (dous asasinatos e un suicidio). Destaca o emprego de dous tempos de acción: nos actos pares o protagonista principal nárralle a un home as dúas primeiras mortes, acontecidas o día anterior; nos pares
o lector observa en primeira persoa o ocorrido. No último acto, o que foi oínte da narración asasina ao narrador no mesmo lugar no que ocorreron as outras mortes.

Referencias varias:

- Antonio Durán “Morris”, “Realidade e ficción”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 26 marzo 2002, p. 27.

Refírese a *Saxo tenor*, de Roberto Vidal Bolaño, que é unha obra escrita nunha linguaxe directa, coloquial e moi accesíbel para o traballo actoral. Comenta que ten forza nos personaxes, que son moi singulares, marcados en canto a carácter, pegados á realidade nalgúns sentidos e fantásticos noutros. A seguir, alude a esa mestura entre realidade e ficción da obra, que era unha das grandes novidades que ofrecía a principios dos noventa.

- Camilo Franco, “O teatro galego restrinxe o labor dos autores, é conservador cos dramaturgos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 marzo 2002, p. 26.

Entrevista ao finado Roberto Vidal Bolaño que fala da súa obra, da importancia dos premios teatrais para os creadores e da relación existente entre texto dramático e espectáculo. Afirma que *Saxo Tenor* (1993), que se publicará na colección Biblioteca 120, tivo unha grande importancia en relación con toda a súa producción porque supuxo unha ruptura con todo o que fixera anteriormente e isto permitiulle unha maior liberdade creativa posterior.

- Cándido Pazó, “Teatralidade”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 26 marzo 2002, p. 27.




Confesa o motivo polo que leu e asistiu á representación da peza de Roberto Vidal Bolaño, *Saxo tenor*, coa máis malintencionada das atencións. Sinala que o que atopou nela foi unha restra de personaxes suxestivos e magnificamente pintados e gaba o seu feitío cinematográfico, que non deixa de ser estricta teatralidade de gran dinamismo, que obriga ao lector a continuos exercicios de sintaxe escénica virtual.

-Pancho Tristán, “Saxo tenor’, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 marzo 2002, p. 27.

Achega o argumento desta peza teatral de Roberto Vidal Bolaño, *Saxo tenor*, na que se nos conta que “a vida é unha cuestión de fondo, non de formas”. Tamén comenta que os personaxes da obra confeccionan para o lector/espectador o fresco da súa existencia e que a historia está “cargada de curvas. A vida mesma”. Conclúe sinalando que o autor compostelán nos ofrece “unha historia social que nos prevén contra o despiste da autocompracencia”.

Villar Ponte, Antón, *A patria do labrego/Almas mortas* , A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 11, 2002, 189 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-078-2) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-874-3).

Recóllense neste volume dúas das primeiras pezas de Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936), *A patria do labrego* e *Almas mortas* . A edición conta cun estudio introductorio de Emilio Xosé Ínsua, no que aborda as orixes da vocación teatral de Villar Ponte, analiza a estructura e os personaxes das dúas obras recollidas neste volume, sitúa o labor do autor no contexto das Irmandades da Fala e atende á fortuna crítica de ambos textos. *A patria do labrego* foi editado en 1905. O texto vai precedido de dúas notas previas, unha sobre o rexistro do galego usado na obra "copiado do natural" e outra aclarando o verismo intencional da trama. A peza segue a estética do chamado "teatro de tese" ou "social", seguindo o modelo de Ibsen, Strindberg, Gorki, Galdós ou Lugrís Freire, a obra do cal *A ponte* serve de modelo inmediato ao autor. A acción da peza sitúase nunha mañá de inverno e está protagonizada por catro personaxes: un vello labrego, tío Xan, a súa filla, Rosa, un cacique que abusa deles, o Señorito, e o Vagamundo, contrapunto á tiranía do cacique. O

drama, que se desenvolve nun acto dividido en oito escenas, xira ao redor do dilema dunha familia labrega sobre a decisión ou non de emigrar e tamén sobre o intento de chantaxe sexual que o Señorito leva a cabo, aproveitando a súa forza e dominio sobre a familia. A propósito de *Almas Mortas* , cómpre dicir que foi editada en 1922 pola editora Céltiga, e que vai precedida dun limiar no que Antón Villar Ponte ofrece algunhas consideracións sobre a intencionalidade da peza. A acción ambiéntase nunha aldea galega e está dividida en tres estancias nas que se aborda o tema da emigración dende o punto distinto ao que aparecía no texto anterior, pois agora o autor verque a súa visión crítica sobre o fenómeno polo seu papel desgaleguizador e prexudicial para a sociedade galega. Na obra aparecen numerosos personaxes, entre eles salienta D. Ramonciño, un médico de orixe fidalga que axuda aos enfermos pobres porque constitúe un nó na trama. Ambas pezas reeditáronse en 1928 formando parte dun tríptico, xunto coa peza *Entre dous abismos*.




Recensións:

- Emilio Xosé Ínsua, “O libro ‘A patria do labrego’, de Antón Vilar Ponte, entrégase mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 outubro 2002, p. 54.





Resúmese a xénese desta obra escrita durante a estadía do autor como boticario en Foz e publicada en 1905. Ínsua adscribe a peza á concepción estética denominada “teatro de tese”, seguindo os modelos dos escandinavos Ibsen e Strindberg, o ruso Gorki, os españois Dicenta e Galdós, os cataláns Ignaci Iglèsias e Guimerá ou o galego Lugrís Freire. Recolle as palabras de Vilar Ponte sinalando que a súa intención con esta peza era amosar “n-as pobraciós o servilismo y-a escravitú á que leva ós labregos a praga do caciquismo” e sinala que non foi posta en escena ata o 7 de decembro de 1919 na Coruña e que se editou en 1928 no volume *Tríptico teatral* xunto con *Entre dous abismos* e *Almas mortas.* Finalmente, valora esta obra como texto fundamental da etapa do xurdimento da dramaturxia galega e como mostra da ideoloxía solidaria e progresista do nacionalismo galego contemporáneo.

Referencias varias:

- Carlos Nuevo Cal, “Un forzado da pluma”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Lecturas cualificadas”, 23 outubro 2002, p. 54.

Percorre o labor de Vilar Ponte como xornalista que comezou no semanario *Nueva Brisa* (Viveiro, 1899) e continuou nos semanarios satírico-humorísticos *El automóvil* (1903) e *¡Guau... Guau!* (1906) e con colaboracións nos xornais republicano-federais da Coruña *El Esclavo, Tierra Gallega* e *El Combate.* A seguir, cita a fundación en Viveiro de *Germinal*, a súa curta estadía na redacción madrileña de *El País,* a dirección en Cuba, a partir de 1908, do *Diario español* e das revistas *Follas Novas* e *Alma Gallega* e as súas colaboracións en xornais como *El Comercio de Camagüey* e *El Tiempo*, entre outros. Despois de 1910, coa súa volta a Galicia, enumera a súa colaboración en *La Voz de Galicia* e o seu labor de popularización do galeguismo dende *A Nosa Terra* (1916-1921) e *El Noroeste* (1918), *Galicia* e *El Pueblo Gallego* de Vigo. Finalmente, sinala que na II República foi elixido deputado pola Coruña en 1931 e que en 1934 ingresou no Partido Galeguista.

- Elias Torres Feijo, “Unha obra para parar e ver”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 23 outubro 2002, p. 54.




Detense na figura de Antón Vilar Ponte salientando a súa actividade pública, o seu impulso ás Irmandades da Fala e o seu labor precursor. Cualifica a súa obra literaria como reflexo da

súa ideoloxía e como combinación de innovación estética e vontade divulgativa e salienta o "vigor republicanista de *A patria do labrego* e a definiçom político-social já nacionalista de *Almas mortas*", así como o tratamento de problemas como a concepción socio-económica, cultural e lingüística, a ausencia de proxectos colectivos no país ou a articulación do Estado. Por último, sinala que a edición contribúe a situar a este autor ao lado de figuras como Castelao, Risco, Otero, Portela Valladares ou Paz Andrade.




III. 3. Dramaturgos traducidos ou versionados

Dürrenmatt, Friedrich, *O Colaborador (Der Mitmacher)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo)/IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº 29, outubro 2002, 171 pp. (ISBN: 84-453-3418-2).⓾

Adaptación da peza teatral *Der Mitmacher*, de Friedrich Dürrenmatt (Suíza, 1921-1990), feita por Manuel Guede Oliva. É precisamente este quen dá inicio ao volume cunhas palabras nas que alude ás montaxes desta obra, equipara o noso teatro a outros peninsulares e salienta o diálogo con Portugal. A seguir, recóllense unhas notas sobre o reparto e a escenografía. O texto está precedido dun estudio de Carlos Buján, que presenta ao autor suízo e a súa producción literaria, situándoos nunhas determinadas coordenadas; achega tamén unha análise desta peza teatral, da trama, da estructura, do espacio e tempo, da linguaxe teatral, fai unha caracterización dos personaxes, etc. e remata encadrándoa entre “drama sombrío ou farsa tráxica”. A acción estructurada en dúas partes, nun total de vinte escenas, xira arredor de Doc, un biólogo que pasa de ter un bo traballo e unha boa familia á

ruína ao ser despedido pola crise económica. Traballa de taxista ata que se atopa con Boss, un asasino a soldo que contrata os seus servicios para que co seu invento, un necrodializador, faga desaparecer a xente que mata. O protagonista “véndese para sobrevivir”, chegando incluso á “autonegación”. O negocio do crime representa a avaricia, a ambición, a falta de escrúpulos, ou sexa, o lado máis escuro do ser humano. Desenvólvese todo nun soto cinco pisos baixo terra dun vello almacén americano, en diferentes unidades temporais. O autor ofrece unha “visión grotesca” dunha sociedade corrupta e engulidora da dignidade humana. O volume péchase cunha serie de “fotografías dos ensaios xerais” da obra, que foi estreada en outubro de 2002 en Santiago.




Referencias varias:

- X. Amancio Liñares Giraut, “Colaborador”, *La Voz de Galicia*, “O Fiadeiro”, 15 decembro 2002, p. L15.

Comentario eloxioso, tanto da obra coma da súa posta en escena, da peza *O Colaborador*, escrita en 1973 polo autor suízo en lingua alemana F. Dürrenmatt e representada polo

Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Compostela. Recoméndase, ademais, a lectura do texto na edición que o propio CDG preparou cos apuntamentos correspondentes á escenificación.




Ibsen, Henrik, *Os espectros*, versión ao galego de Manuel Guede Oliva, estudio crítico de Mª Teresa Vilariño Picos e Anxo Abuín González, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo)/IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº 28, marzo 2002, 204 pp. ISBN: 84-453-3269-4.

♋□⬧ □●●□⬧ ♎□⬧ ♎♏❍♋♓⬧ ♐□❐♋ ◆■♒♋ □♏❐⬧□♋
♓❍□♏♍↑♌♏●🔊 💣♋♓⬧ □⬧ ♋♍□■♦♏♍♏❍♏■♦□⬧ □❐♏❖♓□⬧ ↑
♓■♋◆♑◆❐♋♍♓⇔■ □❐♏♍♓□♓♦♋■ ❑◆♏ ♏●♋ ❍♏⬧❍♋ ♎♏⬧❖♏●♏
♦□♎♋ ♋ ❖♏❐♎♋♎♏📻 □❐♓❍♏♓❐□ ♋□ ❐♏❖♏❐♏■♎□
💣♋■♎♏❐⬧📻 ♍◆●□↑♌♏● ♏■ □♋❐♦♏ ♎♏ ♦□♎□📻 ♏ ●□♑□
♋□ ⬧♏◆ ♐♓●●□ 🏳⬧❖♋●♎□📻 ❑◆♏ ❐♏♑❐♏⬧♋❐♋ ♎♏ 🏳♋❐◤⬧
♍◆■♒♋ ♏■♐♏❐❍♓♎♋♎♏ ❍□❐♦♋● ♒♏❐♎♋♎♋ ♎♋ ❖♓♎♋
❽♎♓⬧□●◆♦♋ ❾ ♎□ ⬧♏◆ □♋♓🔊 ❽🏳⬧ ♏❑◆◤❖□♍□⬧ ❑◆♏
♍♓❐♍◆●♋■ ♎♏ ☒♏❐♋♍♓⇔■ ♏■ ☒♏❐♋♍♓⇔■ ♍□❍□ ⬧♏
♐□⬧♏■ ♏⬧□♏♍♦❐□⬧❾ ♍□■♎◆♍♏■ ↑ ♐♋❍♓●♓♋ ↑
♦❐♋☒♏♎♓♋🔊 👌❐◤♦♓♍♋📻 □□♓⬧📻 ♍□■♦❐♋ ◆■♒♋
⬧□♍♓♏♎♋♎♏ ♍♏❐❐♋♎♋ ♏ ♒♓□⇔♍❐♓♦♋🔊




Recensións:

- M. Quintáns S., “Henrik Ibsen no CDG”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 132, 3 xuño 2002, p. 4.

Comeza reflexionando sobre o papel que está o xogar o CDG dentro do teatro galego e, a seguir, indica as diferentes achegas que podemos atopar no volume nº 28 da Colección Centro Dramático Galego, titulado *Os espectros*, que se centra na representación homónima de Henrik Ibsen con versión galega obra de Manuel Guede.





Referencias varias:

- E.P., “O Igaem publica o libro do espectáculo ‘Os Espectros’, que o Centro Dramático Galego representa en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 6 marzo 2002, p. 76.

Dá conta da publicación do libro que recolle a obra *Os espectros* , derradeiro espectáculo que se está a representar nestas datas en Compostela polo Centro Dramático Galego.





Ionesco, Eugène, *A cantante calva (Anti-Obra) (La cantatrice chauve)/A lección (Drama Cómico) (La leçon)*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, nº 157, 2002, 110 pp. (ISBN: 84-8487-005-7).⓾

Con *A cantante calva* o autor romanés Eugéne Ionesco (Slatina-Rumanía, 1912-París, 1994) inaugura o chamado *Teatro do absurdo*, ao que se adscribe tamén *A lección*. Ambas as dúas suxiren xa este carácter nos respectivos subtítulos –*Anti-obra*/*Drama cómico*– utilizando a contradicción como base. As dúas rematan do mesmo xeito no que empezan, presentando unha serie de personaxes estáticos envoltos en diálogos e accións que non conducen a ningures e que negan o sentido ao individuo. Se na primeira Ionesco presenta unha situación de incomunicación social desenvolvida por diferentes axentes encerrados nuns roles completamente automatizados –dous matrimonios ingleses, unha criada e un capitán de bombeiros– que responden non ás súas necesidades, senón á situación estandarizada na que se atopan; na segunda vemos o xogo do poder nos mesmos termos de sen-sentido por medio de dous personaxes, o profesor e mais a alumna, que desenvolven o seu papel sen outro fin que o propio papel, é dicir, a alumna-víctima é destruída polo profesor-poder sen outra razón que a propia destrucción. O autor utiliza

diversos elementos que contribúen ao absurdo por medio da esaxeración, a incongruencia dialogal ou a aparición de obxectos irreais ou incoherentes (un coitelo imaxinario, un reloxo de parede que dá a hora cantas veces quere, etc.).




Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 256, 13 abril 2002, p. 2.

Fálase da biografía e producción de Eugène Ionesco. Blanco Rivas caracteriza as súas obras pola incomunicación entre as persoas, a fosilización do ser humano, a soidade e a crise do idioma. De *A cantante calva* resalta que a súa importancia foi similar á que tivo *Hernani*, de Víctor Hugo no século XIX, por ser un teatro novo e diferente ao feito ata o momento. De *A lección* destaca o seu carácter pesimista e o eterno retorno dos feitos, xa que non existe solución nin desenlace. A seguir, tamén se achega ao volume *Salgroso/A muller de Lot*, de Xosé Manuel del Caño. Comeza repasando a producción do autor con títulos como *O mal tempo* (1981), *Areas* (1990) ou *Literaria* (1997), entre outras. Sinala que esta é unha obra na que se recompilan diversos relatos marcados polo carácter realista, a

presencia da cidade de Ourense como espacio sociolóxico e xeográfico e da morte e o erotismo. En columna á parte ofrece un breve apuntamento argumental do volume de Xoán Babarro González dirixido aos máis pequenos *Carpametacarpadeduna* (2001), do conxunto de relatos de L. C. Carballal *Historias non irreais* (2001) e do volume asinado por Frei Martín Sarmiento *Meco-moro-agudo*, publicado pola Editorial Toxosoutos.




- F. Martínez Bouzas, “Os antidramas”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 127, 29 abril 2002, p. 3.

Neste artigo dáse conta da publicación das dúas primeiras obras de teatro de Eugène Ionesco: *A cantante calva* e *A lección*, traducidas ao galego por Henrique Harguindey e Francisco Pillado, respectivamente. Explícase a importancia que tivo *A cantante calva* para o teatro moderno, enmarcada dentro do teatro absurdo. Esta corrente é definida por Martínez Bouzas pola falta de sentido da condición humana e da incomunicación entre os homes. Sitúa *A cantante calva* entre o grotesco, o humor, o pesimismo e unha realidade que funciona ao revés. Conta as peripecias dalgúns personaxes e detense nas escenas máis

coñecidas. Sobre *A lección* sinala que se expón en clave de absurdo o proceso de destrucción dunha víctima polo poder.




- Manuel F. Vieites, “O primeiro Ionesco”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 15, 24 outubro 2002, p. 8.

O xornalista comeza falando dalgúns autores que escribiron pezas de teatro dentro da corrente do absurdo (Albert Camus, Samuel Becket ou Harold Pinter); atribúelle á obra de Ionesco a creación do teatro do grotesco, do pesimismo, do nihilismo posmoderno e da denuncia dos totalitarismos. Considera que a esencia da súa producción está na denuncia da dominación a través da linguaxe. Respecto das dúas obras traducidas por Harguindey e Pillado, *A cantante calva* e *A Lección*, respectivamente, di que os seus significados van máis aló do que se pode ler ou ver representado.

Madách, Imre, *A traxedia do home. Poema dramático*, trads. Lajos Asztalos e Gonzalo Navaza Blanco, ilust. András Farkas, Budapest: Sociedade Literaria Madách, MK, nº 28, 2002, 208 pp. (ISBN: 963 9386 08 1).

Peza teatral traducida do orixinal húngaro na que Imre Mádach (Hungría, 1823-1864) expón alegoricamente as reflexións sobre o seu tráxico destino persoal, así coma tamén trata de buscar unha explicación para o destino do seu país e da humanidade. A obra está dividida en quince cadros e é unha tentativa de expoñer simbolicamente toda a historia universal. Comeza a peza co episodio relixioso da expulsión de Lucifer do ceo e o de Adán e Eva do paraíso. A partir do momento no que a Adán come do froito da árbore do saber (tentado por Lucifer) quere saber todo tal cal lle prometera o demo, incluso o seu futuro, polo que Lucifer lle di que cun encantamento e a través de imaxes ensoñadas poderán ollar o futuro e que se ao cabo advirten que o final é absurdo e dura a loita no seu camiño, para que non prenda neles o desánimo e acaben fuxindo do combate enviaralles un raio de esperanza que alente na crenza de que esa visión era falsa. Lucifer lévaos á choupana na que viven e alí adormecen. A partir de aí Adán e Eva, como símbolos da condición humana, aparecen baixo diversas formas en diferentes épocas históricas (antigo Exipto, Atenas, Roma,

Constantinopla, etc.) ata o Londres capitalista ou nunha prospección cara o futuro no cadro décimo cuarto, nunha época posterior á decadencia da humanidade. No cadro final da obra, Adán esperta horrorizado das súas visións sen saber se son verdade ou non. Tenta suicidarse máis a nova que Eva lle dá da súa futura paternidade impídello. Chora e Deus volve acollelo de novo no seo da súa gracia vencendo a Lucifer, quen terá como castigo eterno ver como o que quere corromper arreo se fai xerme do que é fermoso e nobre. Precede á obra unha breve introducción dos traductores titulada “Imre Mádach” na que se nos ofrece unha pequena biografía do autor húngaro (lugar e data de nacemento, profesión, etc.) e algún dato da súa obra.




Miller, Arthur, *Morte dun viaxante*, trad. María Xosé Noia Ansede, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 33, 2002, 149 pp. (ISBN: 84-8302740-2).

Traducción ao galego da coñecida obra *Death of a Salesman* do autor norteamericano Arthur Miller que acadou grande éxito na súa estrea, nas posteriores representacións teatrais e tamén na súas adaptacións cinematográficas. O drama de Miller constitúe unha dura e punzante crítica ao soño norteamericano encarnado nos desexos e proxectos de Willy Loman, viaxante comercial que, despois de máis de trinta anos traballando sen descanso, non ve cumpridas as súas expectativas profesionais nin persoais. Interesantes xogos espaciais e temporais permiten reconstruír dende o presente angustioso e decepcionante do personaxe principal o seu pasado e o da súa vida familiar. Loman, frustrado polo seu propio fracaso e polo dos seus fillos, non é quen de facerlle fronte ás cargas económicas dunha familia de clase media afogada polas débedas dunha hipoteca e dos pagos aprazados. A ensoñación constante do personaxe que experimenta fortes crises nas que rememora momentos cruciais da súa vida –escenificadas puntualmente polos personaxes implicados nun espacio que dilúe con efectos sonoros e visuais as súas

fronteiras– descobre a falsa realidade que el, a súa muller Linda e os seus fillos Happy e Biff foron construíndo. A anguria de non acadar o ascenso e recoñecemento social esperado conclúe co enfrontamento de Willy Loman co seu fillo Biff e culmina co fatal desenlace anunciado xa no título da obra.




Recensións:

- Manuel Vidal Villaverde, “Morte dun viaxante”, *La Revista*, “Musas”, 29 setembro 2002, p. 55.

Nun primeiro momento presenta ao autor como un recoñecido autor teatral norteamericano militante da esquerda que casou con Marylyn Monroe. Logo insire a historia externa da peza teatral: a súa estrea en Broadway da man de Elia Kazan, o seu premio Pulitzer, a súa versión cinematográfica realizada polo director Volker Schöndorft e protagonizada por Dustin Hoffman. E agora a traducción para o galego, feita por María Xosé Noia Ansede, é publicada por Xerais na colección “Os libros do Centro Dramático Galego”. Cualifica a obra de

maxistral, destacando a transmisión que as catorce personaxes fan da paixón e morte do viaxante.




-Xosé Freire, “Arthur Miller en galego”, *A Nosa Terra*, nº 1.052, “Cultura”, 17-23 outubro 2002, p. 27

Indica que a vida dun viaxante de comercio convertida por Arthur Miller nun clásico do teatro do século XX aparece agora vertida ao noso idioma por María Xosé Noia Ansede que galeguiza a mirada do autor estadounidense sobre a falsa liberdade dos homes comúns. O prototipo de home traballador dunha sociedade desenvolvida, preocupado pola educación dos seus fillos, por ter casa de seu e levar unha vida digna, atopa a súa fin aos sesenta anos no momento en que reúne pulos suficientes para pedir un ascenso e o despiden. Salienta que en 1949, ano en que Elia Kazan presenta a obra en Broadway, a sociedade dominada pola tecnoloxía e o sistema económico que devoran ao individuo e o condenan ao eterno anonimato aínda non se perpetuara. Libro que non deixa ao lector indiferente, consagrado polas adaptacións televisivas e radiofónicas, premios, películas, etc. é considerado por Xosé Freire como un dos máis importantes do século ao par dos outros

títulos da colección na que se publica. Non se esquece tampouco a traxectoria do recente Premio Príncipe de Asturias sempre baixo a sospeita do seu goberno pola súa ideoloxía de esquerda.




-Manuel F. Vieites, “Morte dun viaxante”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 18, 14 novembro 2002, p. VIII.

Co subtítulo de “A cara oculta do “American Dream” Manuel Vietes encabeza a reflexión sobre as palabras que recentemente Arthur Miller pronunciou en Asturias reclamando a necesidade de compromiso, que interpreta como a chamada a “unha actitude crítica, rebelde, lúdica e lúcida diante da realidade” e que sitúa na liña de verbas tan afastadas no tempo, mais sempre actuais e universais, como as de Nathaniel Hawthorne en *The Scarlet Letter* ou as recentes de Peter Jennings a respecto da reacción da sociedade americana ante o 11 de setembro. Prosegue cunha pequena análise sobre *Morte dun viaxante*, unha das primeiras obras que denuncia o soño americano, escrita trala victoria segunda guerra mundial, unha etapa na que se reafirma o soño totalitarista americano reforzado cunha “revolución conservadora” e un “rearme ideolóxico” fronte ao outro. Servíndose do monólogo

como estratexia que simboliza en si a negación do diálogo e marca o individualismo, o protagonista cóntanos a súa historia mentres se enfronta a súa derrota definitiva. Historias e pantasmas do pasado, do presente e do futuro mestúranse revelándolle ao protagonista que vive nun inferno.




Referencias varias:

-EFE, “Versión Galega de ‘Morte dun viaxante’, incorporada por ‘Os libros do Igaem”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 11 setembro 2002, p. 75

Co número trinta e tres da colección de textos teatrais “Os libros do Centro Dramático Galego” sae do prelo, da man de Xerais e o IGAEM, *Morte dun viaxante*, do recén galardoado co Príncipe de Asturias, Arthur Miller. Entra, pois, por primeira vez, un norteamericano no seu catálogo, neste caso un dos dramaturgos máis destacados do século vinte, cunha obra aínda moi vixente que xa foi levada a Broadway en 1947 por Elia Kazan. A colección edita tamén *Agnus Patri* de Afonso Becerra, número trinta e catro, e *Os irmandiños* de Daniel Cortezón, número trinta e cinco.

-Xosé Neira Vilas, “Miller en galego”, *El Correo Gallego*, “O sarillo do tempo”, 27 outubro 2002, p. 2.

O narrador galego recoñece todo un acerto na publicación en galego do Premio Pulitzer de 1949, *Morte dun viaxante*, do norteamericano recentemente homenaxeado co Príncipe de Asturias. Resalta o realismo e a crítica descarnada á sociedade ianqui onde o éxito se mide unicamente en cartos, así como a actualidade do tema: tras entregar a súa vida e suor a unha empresa un home é despedido sen piedade na súa vellez. Lembra o ano 1954 no que viu en Buenos Aires a representación na que participaba Narciso Ibáñez Menta. Destaca a impecábeltraducción de María Xosé Noia Ansede e considera fundamental que se leve á escena. Resultan para el significativas as traduccións de literatura universal para o galego, que en eidos como o catalán xa se fixeran a comezos do século vinte.

-Marcos Valcárcel, “Arthur Miller en galego”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 30 outubro 2002, p. 77.

Partindo das palabras de Federico Luppi respecto á situación político-económica do seu país: “Nada envilece máis ao home que declaralo inútil”, o articulista amosa a vixencia da trama de *Morte dun viaxante* de Arthur Miller, estreada en New York en 1949 e traducida agora para o galego por María Xosé Noia Ansede na colección “Os libros do Centro Dramático Galego” de Xerais. O seu argumento, cualificado aquí de clásico, xorde da experiencia dun familiar do autor norteamericano, como conta Mari Ann Newman en *El País Semanal* do 13 de outubro, e resulta ser un retrato preciso do lado máis escuro do soño americano.

Pereyró, Josep Pere, *Desertos. Deserto de paxaros. Pranto de paxaros*, introd. e trad. Xesús González Gómez, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor/Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística), serie Azul, nº 18, xuño 2002, 123 pp. (ISBN: 84-9749-027-4).

Texto teatral de Josep Pere Peyró de 1989, caracterizada, como todas as súas obras, por ser unha comedia dramática. A obra, que se divide en catro actos, e os dous primeiros en varias escenas, xira en torno ao cambio que se produce nas vidas dun matrimonio burgués a partires da aparición en escea de Eduardo, un "intruso" que descobre as súas verdadeiras personalidades. A temática central constrúese sobre unha intriga que xermola de intereses económicos concretos froito da avaricia dun dos protagonistas, deixando ao descuberto coma contrapunto, o descoido das relacións humanas. A trama, que comeza de forma aparentemente realista, no descorrer vaise transformando nun angustioso pesadelo que introduce referencias a anteriores obras do autor.

Referencias varias:

- AFA, “Amar o teatro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 xullo 2002, p. 49.

Recolle as obras coas que a Biblioteca Pillado Mayor amplía a súa oferta. Son *Auto de Santiago* de Alfonso Álvares e *Desertos* de Joseph Pere Pereyró.

-E.P., “Dous novos títulos da colección ‘Pillado Mayor”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 24 xullo 2002, p. 68.

Ampliación da colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor coa edición das obras dramáticas *Desertos* (2001), de Joseph Pere Peyró, en edición bilingüe catalán/galego, e *Auto de Santiago*, de Afonso Álvares, que se centra principalmente na busca de obras significativas galegas, portuguesas e francesas.

III. 4. Postas en escena

III. 4. 1. Ciclos, encontros, mostras, semanas e salas alternativas

Ciclo de teatro galego de **Caixanova**

Ciclo organizado pola entidade crediticia galega que se estende do mes de xaneiro ao de xuño. Na edición de 2002 tiveron lugar as actuacións de Teatro do Noroeste, con *Alta Comedia*, os días 25 e 26 de xaneiro; Producción Librescena, con *A morte e a doncela*,o día 2 de febreiro; Áncora Producción, con *Footing*, actuou os días 28 de febreiro e 1 de marzo; Teatro do Morcego, con *Os vellos non deben de namorarse*, os días 18 e 19 de marzo; Rara Avis, con *Baby Boom no paraíso*, o día 6 de abril; Teatro do Atlántico, con *Pervertimento*, os días 19 e 20 de abril; Nordesía Producción, co espectáculo de humor *O país da comedia*, os días 3 e 4 de maio; Teatro do Aquí, con *Os Papalagui*, os días 11 e 12 de maio; o Centro Dramático Galego, con *Os espectros*, os días 24 e 25 de maio; e pechou
o ciclo Teatro do Adro con *Binomio de Newton*, os días 6 e 7 de xuño.

Ciclo de teatro de **Cedeira**

Froito da colaboración co Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), o Concello de Cedeira contou no ano 2002 cunha programación estábel de teatro que tivo comezo o 23 de febreiro coa peza *Eliana en Ardentía* , de Nordesía Producciónss. No mes de marzo foi a peza *Cartas de amor*, de Lagarta, Lagarta, á que seguiu *Os papalagui*, de Teatro do Aquí unha semana despois. Os días 19 e 20 de maio púxose en escena *Otelo*, da compañía Librescena Teatro, á que seguiu o 8 de xuño a peza *Tres tristes traumas*, da compañía de Cee Talía Teatro. O 22 de xuño representouse *El Lazarillo de Tormes*, da compañía castelá Teatro del Norte, mentres que o ciclo se pechou o 29 de xuño coa peza *O espírito do bosque*, a cargo de Títeres Falcatrúa.

Ciclo de “Teatro de Primavera” de **Culleredo**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, este ciclo celebrouse ao longo dos meses de marzo, abril e maio e estivo dedicado a Adolfo Marsillach. Nel participaron: Teatro Galileo con *Ruzzante*, Sal-Monela Teatro con *Cuatro Cuartos*, Teatro do Noroeste con *O país acuático*, Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse*, Teatro Muradana con *Farsa plautina*, Specullum Meigallada con *As sete vidas do gato*, Teatro do Atlántico con *Pervertimento*, Talía Teatro con *Supermáis!!!*, Miro Magariños con *Os xigantes* e a Escola do Teatro Liceo de Noia con *Comisaría especial para mulleres*.

Referencias varias:

- S. A., “Teatro do Morcego representa en O Burgo la obra ‘Os vellos non deben de namorarse”, *La Opinión*, “Culleredo”, 22 marzo 2002, p. 14.

Nota na que se informa da representación, en Culleredo, da obra *Os vellos non deben de namorarse*, por parte de Teatro do Morcego. A obra, dirixida por Celso Parada, conta coa

participación de trece actores e actrices e unha montaxe definida polos membros do grupo como “un texto clave en la historia del teatro gallego”. Para rematar, cita os nomes dos intérpretes.




J. A. Martínez Sevilla, “Piezas de primavera”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 27 marzo 2002, 17.

Comeza destacando a iniciativa do Concello de Culleredo no desenvolvemento de actividades educativas e culturais, como o ciclo “Teatro de Primavera”, celebrado este ano en homenaxe do actor e director Adolfo Marsillach. Asemade, cítanse as compañías que participaron neste ciclo como Teatro Galileo, Sal-Monela Teatro, Teatro do Noroeste, Teatro do Morcego e Talía Teatro, entre outras.

-S. A., “Specullum Meigallada presenta esta tarde ‘As sete vidas do gato”, *La Opinión*, “Culleredo/Cambre”, 19 abril 2002, p. 14.

Noticia sobre a actuación da compañía teatral Specullum Meigallada no ciclo de teatro en homenaxe a Adolfo Marsillach, organizado pola Concellería de Cultura de Culleredo. A compañía, formada hai cinco anos no Instituto Crucero Baleares, representará *As sete vidas de gato*, unha adaptación realizada por Alberto Caneda Rey, director da citada compañía teatral.

Ciclo de teatro afeccionado "**Domingos a escena**"

Ciclo teatral organizado pola Concellería de Cultura de Ferrol dende o mes de novembro do ano 2000 en colaboración coa Asociación Max de Teatro, no que tamén teñen o patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO. A participación está aberta a todos aqueles grupos de teatro da comarca de Ferrol e mesmo doutros puntos de Galicia. Cada unha das súas tempadas engloba os meses de novembro a marzo. No que se refire ás actuacións correspondentes ao ano 2002, durante o primeiro trimestre do ano (do 20 de xaneiro ao 17 de marzo) actuaron dez grupos, que fixeron as súas representacións ás 19:00 horas, comezando polo Grupo de Teatro de Oleiros con *Ulises o Grego*, a Escola Municipal do Padroado de Cultura de Narón con *O soño dunha noite de verán*, Ad Libitum con *El pavoroso caso de un señor cualquiera*, Equus, da Escola Municipal de Miño, con *Non se chora*, Luzada con *Sexo débil*, Candelexas con *Cando os bancos falan*, Bartoleta Teatro con *Los cuernos de Don Friolera*, Teatro o Bosque con *O bosque animado*, Metátese con *O Tartagueiro* e Imaxina Teatro con *Campanas de Bastabales*. A seguinte edición comezou o día 10 de novembro coa representación de *Cascudas*, a cargo de Metátese; seguiulle Teatro

do Imprevisto, con *Lisístrata*; Teatro Mutante, con *Comida*; Éteatro, con *Exercicios de amor... polo teatro*; e rematou coa actuación do grupo A Bufarda, que levou a escena *Tres, tres, tres*, de Xoán Carlos Mejuto.




Referencias varias:

-Gonzalo Rodríguez, “Cando chove e vai sol...”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, outono 2002, pp. 42-43.

Indícase para comezar cómo o teatro debe ser entendido xa desde a Grecia antiga como unha gradación de rituais. Destácase despois o labor de Bonifacio Borreiro no Concello de Ferrol, así como o de Víctor López Carbajales, e dáse conta de todos os cambios que se produciron na Área de Cultura do concello ferrolán para o aumentar o prestixio, as representacións e a asistencia do público aos espectáculos teatrais. Sinálase, así, que se retomaron os “Xoves Teatrais”, que se crearon os “Domingos á Escena”, que se incluíu como parte nas festas do verán o “Teatro na Rúa”, que o Concello de Ferrol colabora con outros para a realización da Mostra de Teatro Infantil, que se creou o Padroado Municipal de

Música e Artes Escénicas, no que a rama do teatro está coordinada por Gonzalo Rodríguez, etc.




Ciclo de teatro "**Falando de nós"**

Organizado pola Concellería de Muller do Concello de Vigo, celebrouse entre o 13 e o 15 de marzo no Auditorio Municipal ás 20:30 horas. Inaugurou o ciclo a Asociación de Mulleres Dorna coa peza *As Olímpic@s e a marquesa de piollos cream*, logo seguiulle a Asociación de Mulleres de Moaña coa peza *Pic-nic*, e pechou o ciclo Produccións Circunstanxias con *Mulleres de armas tomar*.

XIIIº **Ciclo** de teatro profesional de **Moaña**

Celebrado dende o ano 1988, está organizado pola Concellería de Cultura do Concello moañés, co financiamento da Dirección Xeral de Cultura. Celébrase no outono e nos catro últimos anos adquiriu carácter semanal. A edición do 2002 tivo lugar entre o 2 de novembro e o 21 de decembro no Colexio de Tirán e posteriormente no Auditorio de Quintela. As compañías participantes foron: Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*, Nove Dous con *Historias mínimas*, Teatro do Aquí con *Animaliños*, Teatro do Morcego con *Momo*, Balea Branca con *Notas dun estudiante que morreu tolo*, Teatro de Ningures coas pezas *Tic-Tac* e *O principiño* e, finalmente, pechou o ciclo Tanxarina Títeres con *Rapatú*.

Referencias varias:

- E. V. R., “Los Circuítos de Teatro se trasladan al centro socio cultural Daniel Castelao”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 26 novembro 2002, p. 20.

Os Circuítos de Teatro que organiza o Concello de Moaña, e que estaban a se desenvolveren no Colexio de Tirán, son trasladados por problemas co abastecemento eléctrico ao centro socio-cultural Daniel Castelao de Quintela. Ese será o emprazamento para as catro representacións que faltan para concluír o ciclo: *Notas dun estudiante que morreu tolo*, *Tic-tac*, *O principiño* e *Rapatú*.

Iº **Ciclo** de teatro afeccionado do **Morrazo**, “Citeamor”

Organizado pola Asociación Cultural “A Cepa”, ten por obxectivo reunir a todos os grupos de expresión dramática da comarca e ofrecer aos amadores deste xénero artístico a posibilidade de presenciar o teatro de recreación máis próxima. As actuacións desta primeira edición tiveron lugar no Auditorio Municipal de Cangas os venres a partir das 22.30 horas e celebráronse entre o 3 de maio e o 14 de xuño. A inauguración do ciclo correu a cargo da Compañía Avresno coa peza *As árbores morren en pé*, despois da lectura do pregón feita polo actor Celso Parada. Tamén actuou o grupo teatral da Asociación de Mulleres de Moaña para escenificar *A casa de Bernarda Alba* e da Compañía de Teatro da Esmorga de Cangas con *Farsas*.

Ciclo de teatro de **Mugardos**

Ciclo coordinado pola Compañía Max coa colaboración do Concello de Mugardos, celébrase no Casino desta localidade en sesións semanais que teñen lugar ás 20.00 horas. No ano 2002 iniciouse o sábado 20 de abril e celebrouse durante seis semanas, comezando coa actuación da compañía de Noia Candelexas que representou *Cando os bancos falan*, de Víctor Vez; o 27 de abril a Escola Municipal de Narón representou *O soño dunha noite de verán*, de William Shakespeare; o día 4 de maio actuou Balea Branca con *Parella aberta*, de Darío Fo; o 11 de maio tocoulle a Imaxina Teatro con *Campanas de Bastabales*, arredor de Rosalía de Castro; o 17 de maio Oquetiqueiras actuou con *Oh!*, de José Luís Prieto Roca; e, finalmente, Ad Libitum pechou este ciclo coa peza *El pavoroso caso de un señor cualquiera*, de Gonzalo Torrente Ballester.

Ciclo de teatro do Concello de **Rábade**

Organizado polo Concello de Rábade tivo lugar durante o mes de xuño e as actuacións estiveron enmarcadas na campaña “Móvete en Verán”, organizada polo departamento de Cultura deste concello. As representacións que se levaron a cabo estaban enmarcadas tamén dentro dos “Itinerarios Culturais” organizados pola Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a Deputación Provincial de Lugo. Comezou o 6 de xuño coa actuación de Ubú Teatro, que representou *A raíña aborrecida*; o 13 de xuño foi Argalladas quen actuou con *Non hai ladrón que por ben non veña*, de Darío Fo; o día 20 foi o Grupo de Teatro de Chantada, con *Artefacto*; e, finalmente, o grupo de teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, que escenificou *O Quixote*.

IIIº **Ciclo** “Verán de teatro” de **Vigo**

Incluído no programa de festas do verán do Concello de Vigo, naceu no ano 2000 coa denominación de “Verán de teatro e danza”, organizado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural, e ten como escenario a Praza da Estrela, onde se levan a cabo representacións nocturnas durante unha semana. Nesta edición de 2002 comezou o sábado 13 de xullo e rematou o día 18 do mesmo mes. Inaugurouse a semana con actuacións musicais e das compañías teatrais foráneas La Tartana e Teatro Arca. En canto á presencia galega participaron o día 16 de xullo Patricia de Lorenzo, o 17 o grupo santiagués Dous son compañía coa peza *As cincentas desclowntroladas* e pechou esta edición a compañía Volta e Dálle con *Furga garabela!*.

Ciclo de teatro **"Vigo a escena"**

Organizado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, comezou no mes de decembro de 2001 e prolongouse ata o mes de maio de 2002. A xeito de circuíto, celebrouse en diferentes barrios e parroquias deste concello, así como no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén quere ser unha forma de promocionar os diferentes grupos locais, que percorren estes escenarios en distintas datas coas súas pezas. As compañías participantes foron: Teatro Aforo con *Tres de Ionesco*, Teatro Avento con *Papá e mamá están ben* e *Boas noites, mamá*, Dobre Xiro con *Situacións*, Sísifo Teatro con *¿Que...?*, Máscara Producción con *Malandros* e *Guillados*, Fulano, Mengano e Cítano con *Cheiro de estrelas II* e Teatro Artello alla Scala con *Á do libro* e *Amadís de Algures*.

IXª edición das **Curtas de teatro galego**

Celebrados dende o ano 1993, alcanza a novena edición e inclúese dentro da programación propia de espectáculos que durante o ano teñen lugar na sala Teatro Galán. É un programa no que unha serie de profesionais do teatro representan espectáculos nos que a característica fundamental é a orixinalidade, a improvisación e o feito de que os actores traballan sós ou con alguén co que non traballan habitualmente. Na edición deste ano 2002 celebrouse os días 22 e 23 de febreiro e nel presentáronse sete propostas, de entre as que correspondían a obras en galego as iniciativas de Gena Baamonde con *Xogo para nenas* e de José Prieto con *As orixes do imbécil*.

Referencias varias:

- AFA, “Embrións e futuro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 febreiro 2002, p. 34.

Nota de prensa na que se anuncia o comezo das Curtas de Teatro, na súa novena edición, organizadas por Teatro Galán. Coméntase que as Curtas se inician coa posta en escena da

obra *Xogo de nenas*, da actriz Gena Baamonde, da compañía María a Parva, ademais doutras actuacións foráneas.




- M. Beceiro, “La danza-teatro domina en la novena edición de cortos de la Sala Galán”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 febreiro 2002, p. 9.

Anúnciase a programación da novena edición das Curtas de teatro galego, organizada pola sala Teatro Galán en Santiago. Dise que a proposta inclúe sete representacións, coa proliferación de danza-teatro, aínda que tamén hai teatro sen máis ou xéneros como o clown, entre outros. A continuación, cítanse algúns dos espectáculos como *Xogo para nenas*, de Gena Baamonde.

-Carmen Villar, “Gran teatro en pequeñas dosis”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”, 23 febreiro 2002, p. 1.

Informa da celebración en Santiago da novena edición de Curtas de teatro galego. Di que foi a compañía “María a Parva” co curto *Xogo para nenas* a encargada de inaugurar a edición.

Asimesmo, comenta que a Compañía Matarile Teatro será a encargada de porlle o broche final a este minifestival de teatro coa obra *Mírame.*

- Inma López Silva, “Curtos de teatro na Galán”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 118, 27 febreiro 2002, p. 5.

Coméntanse os espectáculos representados na primeira velada da IX edición das Curtas de Teatro que programa a Sala Galán. Comeza pola posta en escena *Xogo para nenas*, de Gena Baamonde, un “monólogo baseado no humor procedente da parvidade e no equívoco metateatral, tendo sempre coma fondo o sentido do xogo infantil”. Indícase que hai unha tentativa de *happening* que non chega a funcionar e detéctase unha certa débeda co estilo de Lina Morgan, se ben se salienta que Baamonde consegue personalizar o seu traballo, que resulta unha proposta coherente ao non caer no perigo da mímese. Tamén se refire ao espectáculo de teatro-danza *Carta a los instintos*, de Sergio Zarreta e Bárbara Monteagudo, e finalmente abórdase o espectáculo *The disappearence of the groom,... o dónde coño se ha ido el novio*, de Roberto Traba e Minke Lap.

-Inma López Silva, “Curtos de Teatro na Galán (II)”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 119, 4 marzo 2002, p. 5.

Coméntanse os catro espectáculos presentados na segunda velada das Curtas de Teatro da Sala Galán, dende *Sin sombra de duda*, de Ana Vallés, pasando por *No se culpe a nadie*, ou *As orixes do imbécil*, do que se sinala que é un monólogo de José Prieto interpretado por Santi Prego no que se dá voz á historia dun espermatozoide e a súa viaxe ata chegar ao óvulo. Cualifícase como “obra xenial” e saliéntase o traballo do actor, cunha interpretación áxil, divertida e ben medida. Finalmente abórdase *¡Mírame!*, de Eugenia Iglesias e remata gabando o reto que a Sala Galán lles propón aos creadores coa organización destas Curtas.

- Belén Puñal, “As curtas da sala Galán”, *Tempos Novos*, nº 58, “Voces e Culturas. Crítica”, “Teatro”, marzo 2002, pp. 78-79.

Fai un repaso ao que deu de si a novena edición do programa de curtas da Sala Galán. Salienta a relevancia deste tipo de iniciativas para a innovación teatral e alude aos diferentes espectáculos, centrándose sobre todo na interpretación dos actores.

II° **Encontro "Camiños Teatrais Galicia-Norte de Portugal"**

Encontro que se enmarca nun proxecto de intercambio profesional e artístico entre o Centro Dramático Galego, o Centro Dramático de Viana, a Companhia de Teatro de Braga e Seiva Troupe de Porto, que mesmo subscribiron un manifesto neste senso. Está organizado polo Centro Dramático Galego e integrado nun plan de colaboración cultural máis amplo entre compañías galegas e lusas, promovido pola Consellería de Cultura a través do IGAEM, co que se quere promover o teatro do norte de Portugal en Galicia. Na edición do 2002 celebrouse entre o 11 e o 20 de xaneiro no Salón Teatro de Santiago de Compostela. As obras representadas foron *A moeda falsa*, de Maximo Gorki, representada pola Companhía de Teatro de Braga e dirixida por Rui Madeira, e *O Colaborador*, de Friedrich Dürrenmatt, representada polo Centro Dramático de Viana, dirixida por Manuel Guede Oliva. A primeira das obras representouse os días 11, 12 e 13, mentres que a segunda tivo lugar os días 18, 19 e 20 de xaneiro.

Referencias varias:

- AFA, “Portugal, cerca”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 xaneiro 2002, p. 33.

Anúnciase o comezo do Encontro “Camiños teatrais Galicia-Norte de Portugal”, na súa segunda edición, que terá lugar no Salón Teatro de Santiago, durante dúas fins de semana do mes de xaneiro de 2002. Dise que neste evento se representarán dúas pezas: *A moeda falsa* e *O Colaborador*. Tamén se sinala que no acto de presentación estivo o director do CDG, Manuel Guede Oliva, quen destacou a importancia desta colaboración entre Galicia e Portugal.

- Inma López Silva, “Teatros distintos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 112, 16 xaneiro 2002, p. 5.

Fala do proxecto Camiños Teatrais, que permite que se achegue ao público teatro producido en Portugal que conta coa colaboración de Galicia. Di que este ano son dúas as compañías

convidadas, a de Braga, que presentará *A moeda Falsa*, de Máximo Gorki, e o Centro Dramático de Viana do Castelo con *O Colaborador*, de F. Dürrenmatt.

- AFA, “O CDG homenaxea a Vidal Bolaño e ó teatro profesional de Galicia”, *El Correo Gallego*, “AFA”, 4 outubro 2002, p. 75.

Informe da nova programación do CDG para a vindeira tempada teatral, con obras como *O colaborador* ou *Daquel abrente*, e do IIº Encontro “Camiños teatrais” do Eixo Atlántico. A programación foi presentada nunha rolda de prensa concedida por Amado Ricón, presidente do IGAEM, e Manuel Guede Oliva, director do CDG. Tamén se incidiu en que a nova programación coincide co 25º aniversario do teatro profesional galego e o 30º aniversario da Primeira Mostra de Teatro Abrente de Ribadavia. Despois de volver incidir nas próximas representacións, *Laudamuco, Señor de Ningures* e *O Velorio*, Guede afirmou o pouco recoñecemento social do teatro galego, as boas palabras dos directores foráneos para coas montaxes galegas e que cómpre “sacar da marxinalidade” ao teatro de Galicia.

Iº **Encontro** de teatro independente da **Coruña**

Promovido pola Asociación Cultural A Bufarda e o Concello da Coruña, celebrouse por primeira vez nesta cidade entre o 22 e o 27 de xaneiro no Forum Metropolitano. As sesións diarias tiveron lugar ás 20:30 horas e despois de cada unha delas abriuse un coloquio. Inaugurouse coa actuación da compañía Leria Teatro coa peza *Encontros. Cando o amor non é perfecto*, seguida logo por Paparota Teatro con *Noveccento*, A San&San con *Concerto bífido*, Bagoada Teatro con *Cataclown* e pechou esta primeira edición a compañía organizadora coa peza *Rei Lear*.





Encontros culturais de Outono de **Culleredo**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, celebrouse os venres do último trimestre do ano no salón de actos do Edificio de Servicios Múltiples de Culleredo e estivo dedicado ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño. Inaugurouse o día 4 de outubro coa actuación de Balea Branca con *Notas dun estudiante que morreu tolo*, continuado logo polas actuacións de Nove-Dous con *Historias mínimas*, Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*, Pífano Teatro, Sarabela Teatro con *A conxura dos necios* e Títeres Falcatrúa con *Dado trucado, xogo revirado*.

Xª **Feira** do teatro de **Galicia**

Celebrada con regularidade dende o ano 1997 en que era a quinta edición despois de tres anos sen se convocar, está organizada polo IGAEM e coordinada por Rubén García. Celébrase en Santiago de Compostela e por primeira vez no ano 2001 foi incluída na Coordinadora de Feiras de Teatro do Estado Español. Na súa décima edición contou co vintetrés compañías, dezanove delas galegas, e desenvolveuse dende o día 9 ao 13 de abril. Como novidade desta edición apareceron compañías que escenificaron obras do xénero infantil. Os escenarios foron: o Salón Teatro, o Teatro Principal, o Teatro Galán, a Sala Nasa, a Sala Sant-Yago e a Aula de Cultura de Caixa Galicia. As estreas absolutas foron as de Bacana Teatro con *Ratman e Bobyn*, Teatro da Lúa con *Flores a María* e Teatro Maltés con *Porca Vita*. O resto das compañías participantes son: a Factoría Teatro con *Coitelos nas galiñas*, Teatro do Aquí con *Animaliños*, Bucanero&Eme 2 Producciónss con *Jánsel e Pónsel*, Matarile Teatro con *A brazo partido*, Teatro do Noroeste con *Alta comedia*, Teatro do Atlántico con *Pervertimento*, Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse*, Teatro de Ningures con *Fausto*, Uvegá Teatro con *Mulleres*, Teatro do Adro con *Binomio de Newton*, Producciónss Librescena con *A morte e a doncela* e Áncora

Produccións, que pecha a feira con *Footing*. En canto a compañías que atenden ao teatro infantil participaron as foráneas Factoría Norte e Teatro de Malta, ademais das galegas Compañía Trinke Trinke con *A princesa e a pardela*, Monicreques de Kukas con *Xan Trapallas*, Talía Teatro con *Supermáis!* e Títeres Trompicallo con *Jiñol*.




Referencias varias:

-AFA, “Comeza a X Feira do Teatro de Galicia en Santiago”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 abril 2002, p. 36.

Anúnciase o comezo da Feira do Teatro de Galicia, adiantando que conta con vintetrés compañías teatrais, dezanove galegas e catro foráneas, que representarán os seus espectáculos. Así mesmo, coméntase que este ano algunhas compañías poñerán en escena espectáculos dirixidos ao público infantil. Para rematar, sinálase que, co fin de promover as obras teatrais galegas, a Feira contará con máis dun cento de técnicos, xestores e programadores de España e Portugal a través dun programa elaborado por unha

mesa de traballo composta por representantes do Igaem e programadores de distintos concellos de Galicia.




- AFA, “O escaparate da escena”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 abril 2002, p. 32.

Alúdese, brevemente, ao contido da Xª Feira do Teatro de Galicia, na que participarán vintetrés compañías que, no espacio de cinco días, “amosarán o seu traballo escénico a productores, programadores e distribuidores de Galicia e do resto do Estado”. Así mesmo, no marco da citada Feira terán lugar tres estreas absolutas. A seguir, cita as compañías que participarán no evento: Factoría Norte, Teatro de Malta, a compañía Trinke Trinke, Os Monicreques de Kukas, Talía Teatro, Títeres Trompicallo, A Factoría Teatro, Teatro de Aquí, Bucanero & Eme2 Producciónes, Matarile Teatro, Teatro do Noroeste, Teatro do Atlántico, Teatro do Morcego, Teatro de Ningures, Teatro de Adro, Uvegá Teatro, ProducciónsLibrescena, Áncora Producciónes, Bacana, Teatro da Lúa, Teatro Maltés, Producciones Micomicón e Teatro Meridional.

- C. P., “Vintetrés espectáculos compiten polo mercado na Feira do Teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 abril 2002, p. 26.

Coméntase o programa da Feira do Teatro de Galicia, sinálase o número de compañías e destácase que se estrearán as pezas *Ratman&Bobyn*, de Bacana; *Con flores a María*, de Teatro da Lúa; e *Porca Vita*, de Teatro Maltés. A seguir, noméanse as demais compañías galegas e foráneas e remátase afirmando que a Feira do Teatro de Galicia “consolida unha traxectoria de dez anos, sobre todo porque ten acadado ao cen por cen o obxectivo de dar a coñecer aos programadores galegos e de fóra o teatro que se produce en Galicia”.

- C. Villar, “La X Feira do Teatro servirá como escaparate a 19 compañías gallegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 abril 2002, p. 60.




“Cinco días. Veintitrés compañías. Tres estrenos absolutos. Seis escenarios. Más de treinta horas de teatro. Eso es lo que ofrece la X Feira do Teatro de Galicia, que abrirá el próximo martes, día 9”. Así se inicia este artigo, que resume o programa e o calendario da Feira do Teatro de Galicia, na súa décima edición. Para rematar, reprodúcense as palabras de Aníbal

Otero, xerente do Igaem, quen recordou que “la salida de nuestras compañías fuera de la comunidad está siguiendo un camino moderadamente optimista”.




- Francisco Pérez Lorenzo, “Vintetrés produccións e tres estreas galegas na décima Feira do Teatro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 6 abril 2002, p. 74.

Comentario do calendario da Xª Feira do Teatro de Galicia, na que participarán vintetrés compañías. A seguir, o director do evento, Rubén García, comenta que “o certame está a cumprir o seu cometido de expor e vender o traballo teatral das compañías galegas”. A continuación, cítanse todas as compañías teatrais que participarán na citada Feira.

- AFA, “Para ben e para mal”/“A comedia imponse na primeira das xornadas da Feira do Teatro de Galicia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 9 abril 2002, p. 31/p. 75.

Amplo comentario sobre a primeira xornada da Feira do Teatro de Galicia, na súa décima edición. Afírmase que a comedia é o xénero que se impón nesta xornada, coa participación

de tres compañías: Teatro de Aquí, Producciones Micomicón e Bucanero &Eme2. Así mesmo, nesta primeira xornada actuarán tamén as compañías Trinke Trinke, con *A princesa e a pardela*, un espectáculo para os máis pequenos e A Factoría Teatro, que presentará o drama titulado *Coitelos nas galiñas*. Pola súa banda, Teatro do Aquí presentará a comedia *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño; e, por último, Bucanero&Eme2, *Jánsel e Pónsel*.




- C. P., “A Feira do Teatro arranca cun cartel no que a comedia é o xénero dominante”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 9 abril 2002, p. 8.

Alúdese á primeira xornada da Feira do Teatro de Galicia, na que domina a comedia. A continuación, cítanse as tres pezas que se representarán neste primeiro día: *A princesa e a pardela*, espectáculo infantil da compañía Trinke Trinke; *Animaliños*, de Teatro do Aquí; e *Jánsel e Pónsel*, de Bucanero&Eme2. Pola súa banda, sinálase que Factoría Teatro poñerá en escena *Coitelos nas galiñas*, o único drama nesta primeira xornada da Feira do Teatro.

-Europa Press, “A comedia protagoniza hoxe a primeira xornada da Feira do Teatro de Galicia”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 9 abril 2002, p. 75.

Nota na que se anuncia a programación da primeira xornada da Feira do Teatro de Galicia, na súa décima edición. Afírmase que a comedia é o xénero no que se enmarcan tres das cinco compañías que participan nesta xornada: Teatro de Aquí, Producciones Micomicón e Bucanero & Eme2 Produccións. Así mesmo, tamén participarán a Compañía do Trinke Trinke cun espectáculo infantil e A Factoría Teatro, cun drama.

- Inma López Silva, “Ábrese o telón”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 9 abril 2002, p. 75.

Anuncia as distintas obras que formarán parte do maratón teatral que é a Feira do Teatro de Galicia. Comenta que se trata do “acontecemento máis importante do teatro galego, e como tal, merece atención e análise”. A continuación, cítanse algunhas das obras da primeira xornada: un espectáculo infantil da compañía Trinke Trinke; *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño; e *Coitelos nas galiñas*, premiada coa mellor dirección na última edición dos Premios María Casares.

- AFA, “Defectos de forma”/“Eduardo Alonso advirte ‘defectos de forma’ e pide ‘axustes de calendario’ na Feira do Teatro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 10 abril 2002, p. 32/p. 76.




Noticia sobre a edición da Feira do Teatro de Galicia, na que se inclúen os comentarios de Eduardo Alonso, autor de *Alta comedia*, que "arremetía contra unha confusa política de subvencións que merma a eficacia deste escaparate da escea". Así mesmo, coméntase que *Alta comedia* é unha peza teatral sobre o típico triángulo amoroso, acometendo en tres actos as diferentes relacións establecidas entre os personaxes aos que dan vida Antonio Simón, Luma Gómez e Rebeca Montero.

-AGN, "Matarile y Noroeste, en la segunda jornada de la 'X Feira do Teatro", *Diario de Pontevedra*, "Cultura&Ocio", 10 abril 2002, p. 63.

Cítanse as catro obras que forman parte da segunda xornada da Feira do Teatro de Galicia con pezas como *A brazo partido*, de Matarile Teatro; *Alta comedia*, de Teatro do Noroeste e, por último, a da compañía madrileña Teatro Meridional.

- C. P., “A competencia de xéneros marca a oferta dun programa con catro espectáculos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 abril 2002, p. 8.

Breve referencia á segunda xornada da Feira do Teatro de Galicia, que se desenvolveu en Santiago e que contou coas seguintes representacións galegas: *A brazo partido*, de Matarile Teatro e *Alta comedia*, de Teatro do Noroeste.

- Camilo Franco, “Formas de mirar”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 10 abril 2002, p. 8.

A propósito da celebración da segunda xornada da Feira do Teatro de Galicia, Camilo Franco fai un breve comentario nesta columna de dúas representacións da mesma. Para iso, sinala que hai diferentes formas de ver as cousas: unha delas sería a de A Factoría Teatro con *Coitelos nas galiñas*, un teatro denso, directo e visceral que busca o centro do ser humano no centro do seu conflicto. Outra sería a de Vidal Bolaño en *Animaliños*, obra que tamén presenta un conflicto, pero que busca neste caso o que hai de risíbel no

paradoxo. Considera Camilo Franco que a obra, cun humor ás veces inmediato e outras acedo, ten os seus mellores momentos cando a súa parodia se achega máis á realidade.




- Inma López Silva, “Luz cenital”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 10 abril 2002, p. 76.

Reflexión sobre a obra *A brazo partido*, de Matarile Teatro, que se representou na Feira do Teatro de Galicia. Segundo Inma López Silva, este é un espectáculo que aposta pola mestura entre a danza e a palabra e entre a realidade e a ficción. Comenta que o escenario é por veces unha festa, e por veces unha traxedia, e que a peza non deixa en ningún momento impasíbel ao espectador. Así mesmo, alúdese a *Alta comedia*, de Teatro do Noroeste, unha obra que cualifica como traxicómica, áxil e divertida, na que se pasa revista á gran cuestión que é a soidade en relación co fracaso amoroso. Para rematar, cita dúas obras que tamén se representaron na Feira a dos asturianos Factoría Norte e a de Teatro Meridional.

- AFA, “Optimismo no ecuador”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 abril 2002, p. 34.

Alúdese, brevemente, ao ecuador da Feira do Teatro de Galicia e reflexiónase sobre o ocorrido ata o momento. Deste xeito, coméntase que o director da Feira, Rubén García, ve con optimismo esta primeira metade e afirmou que está á altura dos modelos estatais, como constataron tamén os cento trinta programadores asistentes. A seguir, cítanse todas as obras que se representaron ata o momento.

- C. P., "O numeroso público que asiste á Feira do Teatro reforza o encontro escénico", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 11 abril 2002, p. 8.

Comentario sobre algunhas das obras que se representaron na Feira do Teatro de Galicia, das que se citan: *Pervertimento*, de Teatro do Atlántico; o musical *Ratman & Bobyn*, escrito por Carlos Santiago e dirixido por Marcos Orsi; *Supermáis!!!*, de Talía Teatro, "unha comedia musical prantexada para os rapaces"; *Xan Trapallas*, de Monicreques de Kukas, escrita e coprotagonizada por Isabel Rey e, por último, *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, da man de Teatro do Morcego.

- Inma López Silva, "Voz en off", *El Correo Gallego*, "Cultura", 11 abril 2002, p. 74.

Dáse conta da estrea do musical *Ratman&Bobyn*, da compañía Bacana. Así mesmo, cítase *Xan Trapallas*, de Monicreques de Kukas e *Os vellos non deben de namorarse*, de Teatro do Morcego, todas elas no marco da Feira do Teatro de Galicia.

- AFA, "Dúas estreas", *O Correo Galego*, "AFA", 12 abril 2002, p. 32.

Alúdese a dúas estreas que terán lugar na Feira do Teatro de Galicia. Trátase de *Con flores a María*, de Teatro da Lúa, e *Porca Vita*, de Teatro Maltés. Así mesmo, cítanse outras obras que se representarán na citada Feira como *Fausto*, de Teatro de Ningures; *Mulleres*, de Uvegá Teatro e a peza de Teatro de Malta.

- C. P., "A Feira do Teatro mantén ata o final o equilibrio entre novidades e calidade", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 abril 2002, p. 7.




Anúnciase que, na cuarta xornada da Feira do Teatro, participarán catro compañías galegas e unha de Castela-A Mancha. As galegas son: Teatro de Ningures con *Fausto*, Uvegá

Teatro con *Mulleres*, Teatro Maltés con *Porca Vita* e a representación da actriz Dorotea Bárcena en *Con flores a María*.




- Inma Lopez Silva, “Actores”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 12 abril 2002, p. 76.

No marco da Feira do Teatro de Galicia cítanse as obras que se representaron na cuarta xornada da Feira. Trátase de *Con flores a María*, de Teatro da Lúa; *Porca Vita*, de Teatro Maltés; *Los poderes de Lila*, de Teatro de Malta; *Fausto*, de Teatro de Ningures e *Mulleres*, de Uvegá Teatro.

-AFA, “Catro compañías galegas pechan a Feira do teatro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 abril 2002, p. 34.

Céntrase na clausura da Feira do Teatro de Galicia, na que se agardan as actuacións de Títeres Trompicallo, Teatro do Adro, Producción Librescena e Áncora Producción. Deste xeito, coméntase que Títeres Trompicallo representará a obra *Jiñol*, da que se di que é unha montaxe que emprega a técnica dos títeres de luvas e que conta a historia dun

enfrontamento entre o Señor Bulú, Jiñol e un crocodilo famento. Pola súa banda, Teatro do Adro vai representar *Binomio de Newton*, unha comedia escrita e dirixida por Cándido Pazó; Producciónss Librescena, *A morte e a doncela*, que é unha adaptación da obra de ArielDorfman; e, por último, Áncora Producciónss, *Footing*, do que se di que é un texto de Gustavo Pernas premiado co X Premio Rafael Dieste e que nel se agocha unha reflexión sobre a incomunicación.




- AGN, “Cuatro compañías gallegas cierran la X Feria do Teatro de Compostela”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 13 abril 2002, p. 63.

Coméntase a actuación das compañías que pecharán a Xª edición da Feira do Teatro de Galicia. Trátase de Títeres Trompicallo coa obra *Jiñol*, Teatro do Adro con *Binomio de Newton*, Producciónes Librescena con *A morte e a doncela* e, finalmente, Áncora Producciónes con *Footing*.

-Concha Pino, “A Feira do Teatro de Galicia remata con retos para a confrontación escénica”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 13 abril 2002, p. 7.

Faise referencia á clausura da Feira do Teatro de Galicia, que remata as cinco xornadas dedicadas a mostrar, en seis escenarios da cidade, as últimas producciónS de dezaoito compañías profesionais de Galicia e catro doutras comunidades. Coméntase, así mesmo, que no acto de clausura participarán catro compañías galegas: Áncora Producciónes, Títeres Trompicallo, Producciónes Librescena e Teatro do Adro.

- C. F., “Os programadores destacan a calidade media dos espectáculos da feira teatral”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 14 abril 2002, p. 10.

Reflexión sobre a calidade dos diferentes espectáculos que formaron parte da Feira do Teatro de Galicia. Os moitos programadores que asistiron ao evento, coinciden en afirmar que a calidade das representacións acadou un nivel medio. Por outra banda, as distintas compañías galegas discutiron sobre o número de obras que deberían formar parte da citada Feira, así como sobre as datas de celebración do evento.

- Inma López Silva, “Mercar teatro nunha festa: Festa do Teatro de Galicia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 125, 15 abril 2002, p. 5.

Reflexiónase sobre a importancia de que o teatro galego teña referentes institucionais a propósito da celebración da Feira do Teatro de Galicia. Así, celébrase que esta cumpra dez anos, insinuando que xa é hora de que a organización introduza algúns cambios. Sinálase que a Feira é unha ocasión idónea para que se fale de teatro galego, para que se centre a atención nel e para poder comparalo co que se está a facer noutros países, así como fomentar o diálogo coa crítica e o público en xeral. Apunta a variedade cualitativa que presentou a oferta de teatro galego nesta edición, malia aumentar o nivel con respecto á do ano pasado. Destaca os espectáculos *A brazo partido, Animaliños, Coitelos nas galiñas, Pervertimento* e *Binomio de Newton*, así como outros que apostan pola conquista do público como *Alta comedia* ou *Mulleres*.

- Concha Pino, “A Feira do Teatro encheu as salas da cidade con cinco mil espectadores”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 16 abril 2002, p. 8.




Valoración da Feira do Teatro de Galicia, que ofrece un balance moi positivo. A continuación, alúdese ao Certame Intercentros de Teatro, organizado polo Concello de Santiago de Compostela e os Equipos de Normalización Lingüística dos institutos da cidade, que ofrecerá un cartel con nove obras, interpretadas por outros tantos grupos de estudiantes de secundaria de Compostela e a súa comarca. A seguir, cítanse os diferentes centros e as obras que representarán no citado Certame.

-A. N. T., “Títeres, danza, poesía e drama na *Feira do Teatro*”, *A Nosa Terra*, nº 1.029, “Cultura”, 11-17 abril 2002, p. 29.

Comentario sobre as diferentes actuacións que forman parte da Feira do Teatro de Galicia. A continuación, cítanse algunhas das obras que se representaron na citada Feira, que sonas de Áncora Producción con *Footing*, a da compañía madrileña Teatro Meridional, a dos manchegos Teatro de Malta, a de Teatro da Lúa *Con flores a María*, Teatro Maltés con *Porca Vita*, Talía Teatro con *Supermáis!!!*, Monicreques de Kukas con *Xan Trapallas*, Teatro de Ningures con *Fausto*, Títeres Trompicallo con *Jiñol* ou Producción Librescena con *A morte e a doncela*”, entre outras moitas.

- Inma López Silva, “Máis sobre a feira: entre estreas e reflexións”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 126, 22 abril 2002, p. 5.

Faise un balance das obras galegas representadas na Feira de Teatro de Galicia. Considera positivamente os, ao seu entender, interesantes camiños que abren para o teatro galego obras como *Coitelos nas galiñas, A brazo partido, Os vellos non deben de namorarse, A morte e a doncela* e *Footing*, ou, no teatro infantil, *Jiñol*. Coméntanse tamén, expondo as razóns das respectivas valoracións positivas ou negativas, outras pezas levadas á escena durante a Feria de Teatro como *Mulleres*, *Alta comedia*, *Fausto*, *Binomio de Newton*, *Animaliños*, *Ratman e Bobyn*, *Con flores a María* e *Porca Vita*. Remata cun balance xeral da feira, resaltando que amosou, na súa opinión, un teatro desigual con tendencias en contraste.

-Inma López Silva, “Feira do Teatro. O camiño da renovación”, *Tempos Novos* , nº 60, “Entregas Culturais”, maio 2002, pp. 74-77.

Analiza os resultados da Xª Feira de Teatro de Galicia e salienta as novidades. Primeiro comenta as estreas e subliña os acertos e os erros destas. A seguir, valora positivamente o aumento de obras de autores galegos. Sinala que "o denominador común de todos estes textos de autoría autóctona contemporánea é o diálogo en ton traxicómico [...] cunha realidade socio-histórica circundante". Así mesmo, destaca a representación de *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao por parte de Teatro do Morcego. Tamén apunta que, a diferencia da edición pasada, case non hai adaptacións das obras de autores universais. Por outro lado, indica "o interese polo musical e a achega ao cómic". Por último, alude aos espectáculos infantís.

-Inma López Silva, "De musicais a comedias pasando polos clásicos: Feira de Teatro", *Revista Galega de Teatro*, nº 30, "Opinións desde a butaca", primavera 2002, pp. 37-40.




Dende este espacio de opinión de *Revista Galega de Teatro* dáse conta da décima edición da Feira de Teatro de Galicia, que segundo sinala Inma López Silva se converteu nunha importante referencia para a nosa producción dramática. Comeza por apuntar as diferencias con respecto ás anteriores edicións, a saber: hai unha maior presencia do xénero musical,

constátase a existencia de máis montaxes baseadas en textos autóctonos e percíbese certa atención á linguaxe do cómic. Repasa despois as tres estreas que se produciron na Feira: *Ratman e Bobyn* da compañía Bacana (a cal, na súa opinión, constitúe un "espectáculo malogrado"); *Con flores a María* de Dorotea Bárcena, interpretada por Teatro da Lúa (na que detecta certos problemas de posta en escena) e *Porca Vita* de Teatro Maltés (a mellor das tres, segundo López Silva). Comenta seguidamente outras obras representadas, destacando e reseñando eloxiosamente algunhas como *A brazo partido* de Matarile, a nova versión de *Os vellos non deben de namorarse* de Teatro do Morcego, *A morte e a doncela* de Librescena, *Coitelos nas galiñas* de A Factoría, *Footing* de Áncora Producciónss, *Binomio de Newton* da autoría de Cándido Pazó, ou *Animaliños* de Roberto Vidal Bolaño. Refírese por último a *Mulleres*, *Alta comedia*, *Fausto* e, no ámbito do teatro infantil*, Jiñol*, *Supermais!* e *Xan Trapallas*.




- Pedro Rubín, “Memorias da X Feira de Teatro”, *Revista Galega de Teatro*, nº 30, “Cartas á redacción”, Primavera 2002, pp. 93 –96.

Pedro Rubín, director de Teatro Galileo, vén por este medio facer pública a súa inconformidade con respecto á exclusión da súa compañía, co espectáculo *Ruzzante* de Angelo Beolco, da Xª Feira de Teatro de Galicia. Deste xeito, tras insistir na boa vontade que o anima ao levar á prensa a súa queixa, explica que o caso particular que vai comentar serve de mostra para observar cómo, na súa opinión, a aplicación dos criterios de selección das pezas da Feira se realiza de maneira "arbitraria e caprichosa". Pasa a continuación a enumerar e refutar os argumentos esgrimidos á agrupación polo director do encontro, a saber: a puntuación negativa nos apartados de traxectoria, distribución e interese do espectáculo. Así, pensa que canto ao primeiro baremo non se tiveron en conta os once anos de permanencia de Teatro Galileo como compañía profesional; respecto do segundo, considérao inxusto porque o único circuíto puntuábel é a REDE, específico do IGAEM; finalmente, estima completamente absurdo negar o interese de *Ruzzante* polo simple feito de posuír características semellantes ao anterior espectáculo da compañía (*Caprichos de Cervantes*). Tamén se inclúe, precedendo este texto, a carta dirixida por Rubín ao director da revista na que lle solicita a publicación deste escrito.

- Inma López Silva, "Feira do Teatro", *Escaramuza*, nº 13, xuño 2002, p. 9.




Ofrécese un repaso polo contido da Feira do Teatro de Galicia. Coméntase, en primeiro lugar, que se trata dunha efeméride no teatro galego “e iso semella un paso adiante no camiño da normalización”. Engade que xa van alá dez anos dende a celebración da Iª Feira de Teatro e, polo tanto, “chegou o momento de repensala, de asumir que medrou e que, coma acontecemento que é do teatro galego, podería aproveitarse para instituíla en algo máis ca nun mercado”. Así mesmo, afirma que a feira é unha “ocasión de ouro” para dialogar co teatro de fóra, compartir experiencias e aprender. A continuación, declara que este ano o musical irrompeu nas montaxes galegas e cita varios exemplos entre os que destaca *Ratman e Bobyn*, *Porca Vita*, *Os vellos non deben de namorarse* e *Mulleres*. Así mesmo, sinala que destacou tamén unha “certa atención “ á linguaxe do cómic e un leve descenso das traduccións de autores canónicos doutros sistemas teatrais. Para rematar, comenta que, fronte á feira do ano 2001, na que só houbo sete espectáculos de autoría galega, nesta ocasión presentáronse once.

-Inma López Silva, “Crece la dramaturgia propia”, *Primer Acto*, nº 294, “Autonomías. Galicia”, xullo-agosto-setembro 2002, pp. 90-93.

Fai un repaso polos distintos espectáculos que se representaron na décima edición da Feira de Teatro de Galicia e expón algunhas das súas características comúns. Ademais este seguimento das obras sérvelle para constatar a vitalidade do teatro galego e as novidades desta feira con respecto a entregas anteriores. Comeza destacando que tan só houbo tres estreas absolutas: *Ratman e Bobyn*, *Con flores a María* e *Porca Vita*, afirmando que esta última foi a mellor. Das tres fai algunha valoración e, a seguir, pon de relevo as diferencias con respecto á anterior edición. Así, por exemplo, o feito de que houbese menos traduccións e adaptacións de textos doutros xéneros sérvelle á autora para falar dunha tentativa de reactivación da escritura dramática galega, relacionando isto coa representación dun dos nosos clásicos, *Os vellos non deben de namorarse*. Por outro lado, vendo o conxunto das obras, destaca que hai predilección polo xénero cómico aínda que destaca o nivel cualitativo de dramas como *Coitelos nas galiñas* ou *A morte e a doncela*. Ademais, este gusto polo cómico pono en relación co recurso á estética da historieta como base creativa de montaxes como *Ratman e Bobyn* e *Supermáis!!!*. Así mesmo, constata que unha das novidades máis interesantes da feira foi a irrupción do xénero musical na producción teatral galega, tendencia que no sistema español triunfa e atrae ao público. Finalmente, céntrase nos

espectáculos dirixidos ao público infantil, a maioría de monicreques, aos que contrapón o musical *Supermáis!!!*, escenificado integramente por actores. Conclúe coa advertencia de que haberá que estar atentos á continuación das novidades desta feira que, segundo di, debe estar aí ano tras ano para mostrar que o teatro é algo vivo, dinámico e que aínda debe madurar na cultura galega.

Iº **Festival** de teatro afeccionado "**Agustín Magán**"

Organizado por primeira vez polo IGAEM e a Federación de Teatro Afeccionado (Fegatea), quere ser unha ocasión na que se lembre e homenaxee a Agustín Magán, así como que sirva de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. Celebrouse do 4 ao 8 de decembro de 2002 no Teatro Principal e no Salón Teatro de Santiago. Os grupos participantes foron Cámara Ditea de Santiago de Compostela con *A pousada de Petra Cotón*, Candelexas de Noia con *A sombra do Tenorio*, Achádego Teatro de Lugo con *Aulularia*, Metátese Teatro de Palas de Rei con *Vesania*, Lohengrin Teatro de Vigo con *A batea perdida*, Teatro Mutante de Ourense con *Comida* e pechou o ciclo O Trasno Novo Teatro de Vigo con *Foreber*.

Referencias varias:

-E. P., "Un teatrobús ofrecerá en Santiago dos funciones diarias a fin de mes", *El Correo Gallego*, "Cultura", 2 decembro 2002, p. 75.

Repasa a programación do último mes do ano no Salón Teatro de Santiago, do que destaca a celebración do Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán” e do IIIº Festival de Nadal dedicado ao teatro infantil, no que participan cinco compañías de fóra de Galicia. En cadro á parte, tamén ofrece as datas de representación da última montaxe do CDG, *O Colaborador*, en toda Galicia e mesmo Portugal.

-AFA, “Escenario de Nadal”/“Sete compañías galegas participan no Festival de Teatro Afeccionado”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 4 decembro 2002, p. 30/p. 75.

Dáse noticia do inicio en Compostela da primeira edición do Festival de Teatro afeccionado “Agustín Magán”, organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) e o Igaem. Sinálase que se pretende render homenaxe ao desaparecido dramaturgo que lle dá nome, así como se constituír nun espacio onde intercambiar experiencias entre os grupos amadores. Ofrécese, de seguido, o programa de actuacións completo.

- C. Pino, “O teatro afeccionado amosa a vitalidade dos grupos de base”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 7 decembro 2002, p. L9.

Anúncianse os catro espectáculos previstos para ese día e o seguinte no marco do primeiro Festival de Teatro Afeccionado “Agustín Magán”, con funcións no Salón Teatro e no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- A. N. T., “O Teatro Afeccionado cítase en Compostela”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, “Cultura”, 5-11 decembro 2002, p. 38.

Infórmase que a compañía Ditea de Compostela, outrora dirixida por Agustín Magán, inaugura a primeira edición dun certame que quere homenaxear ao devandito autor: o Festival Teatro Afeccionado Agustín Magán. Sinala que o encontro foi promovido polo Igaem e a Fedega, anuncia os grupos participantes coas súas obras e remata cunha presentación biográfica de Magán.

IIIº **Festival “Alternativa” 2002**

Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar en Santiago de Compostela no ano 2000. Está organizado polas salas Nasa e Galán, coa colaboración do IGAEM e Caixanova, e dende 2001 conta tamén co apoio do Consello da Cultura Galega. En 2002 celebrouse entre o 6 e o 23 de marzo e nel tiveron lugar as representacións das compañías galegas Matarile Teatro con *A brazo partido* e Teatro Chévere con *O navegante*. Tamén se levou a cabo *Radio Universo*, unha producción propia de Alternativa interpretada por Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo e Manuel Cortés, na que se reúnen elementos de teatro radiofónico e serial teatral. Tamén nesta edición, na sección “Sen conTexto”, participaron Anxos Romeo, Lupe Gómez e Ana Romaní, conformando un programa especial dedicado ás “autoras galegas en escena”.

Referencias varias:

-AGN, “Compostela se prepara para el III Festival Alternativa de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 24 febreiro 2002, p. 63.

Nota de prensa sobre a inauguración do IIIº Festival de Teatro, Música e Danza "Alternativa" 2002 que terá lugar, durante tres semanas, en Santiago organizado pola Sala Nasa e Teatro Galán e que conta co patrocinio de Caixanova e do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Igaem).

- AGN, "El tercer Festival Alternativo de Teatro de Santiago, entre el 5 y el 23 de marzo", *El Progreso*, "Cultura", 24 febreiro 2002, p. 75.

Anúnciase que o día 5 de marzo de 2002 comeza o IIIº Festival de Teatro, Música e Danza "Alternativa" 2002, organizado pola Sala Nasa e Teatro Galán. Dise que no festival haberá propostas locais e internacionais, que se concretarán en trece espectáculos de teatro, música e danza. Por último, anúnciase que o programa se abrirá coa obra *A brazo partido*, de Matarile Teatro e *O Navegante*, do grupo Chévere.

-AFA, "Compostela estrea marzo co programa cultural do Festival Alternativo", *O Correo Galego*, "AFA", 25 febreiro 2002, p. 16.

Infórmase da inauguración do IIIº Festival de Teatro, Música e Danza Alternativa 2002 e dise que na primeira xornada se representarán as obras *A brazo partido*, de Matarile Teatro, e a da compañía madrileña El Canto de la Cabra. Dise que a primeira das obras xira arredor do medo constante á morte, pero enfocado con ironía e ganas de vivir e co obxectivo de rirse das miserias cotiás. Por último, coméntase que a programación de Alternativa 2002 se completa con concertos, espectáculos musicais e números de danza.

- M. Beceiro, "La renovación toma la 'Alternativa", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 28 febreiro 2002, p. 8.

Ofrécese un comentario sobre a apertura do IIIº Festival de Teatro, Música e Danza "Alternativa" 2002, organizado pola Sala Nasa e o Teatro Galán. Afírmase que se presentarán trece espectáculos: seis propostas teatrais, tres de danza, unha de danzateatro, dúas de música e un programa especial de autoras galegas en escena. A seguir, cítanse algúns dos espectáculos como *A brazo partido*, de Matarile Teatro ou *O navegante*, de Chévere, entre outros moitos.

- Europa Press, “Comienza mañana el Festival Alternativo de Teatro, Música y Danza de Santiago”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 4 marzo 2002, p. 67.

Anúnciase o comezo do Festival de Teatro, Música e Danza “Alternativa” 2002, na súa terceira edición. Afírmase que unha producción galega e outra madrileña abrirán o Festival, que se celebrará na sala Teatro Galán en Santiago. Trátase de Matarile Teatro coa obra *A brazo partido* e o grupo El Canto de la Cabra.

- AFA, “Alternativa 2002”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 marzo 2002, p. 31.




Faise referencia á presentación en Santiago do IIIº Festival de Teatro, Música e Danza "Alternativa" 2002, na que estiveron presentes Xesús Ron, da Sala Nasa; Ana Vallés, do Teatro Galán; Ramón Castromil, do Consello da Cultura Galega; Aníbal Otero, do IGAEM, e Manuel Arca, de Caixanova. A seguir, ofrécese o programa do festival, que contará coa representación de trece espectáculos de teatro, música e danza a cargo dun total de setenta

e seis artistas procedentes do País Vasco, Madrid, Cataluña, Galicia, Gran Canaria, os Países Baixos e Alemaña.




- F. P. Lorenzo, “Tres semanas de teatro, danza e música en ‘Alternativa 2002”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 5 marzo 2002, p. 75.

Dáse conta da presentación do Festival “Alternativa” 2002 no Consello da Cultura Galega. Dise que é un evento organizado, por terceiro ano consecutivo, pola Sala Nasa e Teatro Galán e que conta coa axuda da Consellería de Cultura, do Igaem e de Caixanova. No acto de presentación, os organizadores apelaron “a unha maior xenerosidade e colaboración das institucións e empresas públicas e privadas” para que “Galicia se poña ó nivel doutros lugares do Estado”. A seguir, comentaron que o Festival se prolongará durante unhas tres semanas e contará coa representación dun total de catorce espectáculos de teatro, danza e música, a maior parte deles estreas.

- M. Beceiro, “Alternativa’ abre el telón con duras críticas al Concello y a la Universidad”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 5 marzo 2002, p. 8.





Coméntase que o IIIº Festival de Teatro, Música e Danza "Alternativa" 2002 comeza con duras críticas, por parte dos responsábeis da Sala Nasa e Teatro Galán, Xesús Ron e Ana Vallés, ao Concello de Santiago e á Universidade compostelá pola súa falta de apoio ao Festival. A continuación, coméntase a data de inicio e a representación das pezas *A brazo partido* e *O navegante*, da man das compañías Matarile Teatro e Chévere, respectivamente.

-C. F., "Compostela encontra os territorios non convencionais da escena en Alternativa 2002", *La Voz de Galicia*, "Espectáculos", 6 marzo 2002, p. 91.

Alúdese ao IIIº Festival de Teatro, Música e Danza "Alternativa" 2002, organizado pola Sala Nasa e Teatro Galán, caracterizado por investigar nos límites do discurso escénico e admitir todo tipo de secuencias, dende as máis próximas ao teatro ata as que se achegan á música. Coméntase, en primeiro lugar, que as compañías Matarile Teatro e Chévere presentaron as súas respectivas obras *A brazo partido* e *O navegante*. Así mesmo, alúdese ás representacións de dúas compañías clásicas do alternativo: Legaleón T e El Canto de la

Cabra. Para rematar, cítanse algúns dos espectáculos de música e de danza que formarán parte do Festival.




- C.D.C, “Marzo, mes de Alternativa en Santiago”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 120, 11 marzo 2002, p. 1.

Infórmase da celebración en Santiago do festival de teatro, música e danza “Alternativa” 2002, organizado pola Sala Nasa e Teatro Galán, que ofrecerá trece montaxes nas que participarán un total de setenta e seis artistas procedentes do País Basco, Madrid, Cataluña, Gran Canaria, os Países Baixos e Alemaña. Despois de indicar os patrocinadores do festival e as críticas da organización ao Concello e á Universidade pola súa falta de apoio, sinálanse as achegas escénicas que as compañías residentes das dúas salas, Chévere e Matarile, fixeron ao festival, representando os seus últimos espectáculos: *O navegante* e *A brazo partido*, respectivamente. Apúntase o mantemento de dúas liñas de programación propia: “Sen conTexto”, destinada a acoller as propostas creativas dos novos artistas galegos, e “Fóra de Serie”, dedicada aos espectáculos de danza, informándose dalgúns dos espectáculos que acollerán.

- A. Estévez, “O escenario do futuro”, *A Nosa Terra*, nº 1.024, “Fin de semana”, 7-13 marzo 2002, p. 31.

Comentario no que se reflexiona sobre o Festival de Teatro, Música e Danza “Alternativa” 2002. Afírmase que os espectáculos que a xente pode ver en Compostela son a resposta á creación artística sobre os condicionantes comerciais e de mercado. Así mesmo, cítanse algunhas das compañías teatrais que amenizarán coas súas obras as tardes e noites compostelás como Matarile Teatro, Chévere, Experimentaclub, Leguleón-T ou Korzo Productions, entre outras moitas.

- AFA, “A palabra en escena”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 marzo 2002, p. 33.

Infórmase do espectáculo “Autoras galegas en escenas” no que tres autoras galegas –Lupe Gómez, Ana Romaní e Anxos Romeo– xogan coas posibilidades teatrais da poesía no teatro Galán de Compostela, dentro do Festival “Alternativa” 2002.

- M. Beceiro, “El tercer festival Alternativa consolidó los niveles de asistencia y de calidad”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 24 marzo 2002, p. 7.

Coméntase a marcha do terceiro Festival de Teatro, Música e Danza “Alternativa” 2002, do que os organizadores fan un balance positivo, tanto pola afluencia de público coma pola acollida dos trece espectáculos que se representaron ao longo de dúas semanas, na sala Nasa e Teatro Galán. A seguir, Ana Vallés, responsábel de programación de Teatro Galán, comentou que o público asistente foi fundamentalmente xente entre 35 e 40 anos.

- Inma López Silva, “Alternativa 2002”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 123, 1 abril 2002, p. 5.




Celébrase a consolidación do festival “Alternativa” como un espacio de referencia no que procurar estéticas diferentes e un foro de diálogo entre tendencias e culturas. Saliéntase a súa programación de luxo, e o feito de que a achega galega amose a aposta do festival polo aperturismo, o cosmopolitismo e o diálogo. Lóanse algunhas das montaxes foráneas e de

danza para, finalmente, criticar os atrasos nas funcións da Sala Nasa. Remátase cun aplauso aos que fan posíbel que o festival siga aí.




-Inma López Silva, “Asentando alternativas”, *Tempos Novos*, nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Teatro”, abril 2002, pp. 74-76.

Fai un repaso polo que deu de si a terceira edición do Festival Alternativo de Teatro, Música e Danza de Compostela, organizada pola Sala Nasa e o Teatro Galán. Céntrase, primeiramente, en clarexar o carácter alternativo deste evento, destacando o “diálogo intercultural”. Logo, achega unha valoración dos espectáculos representados que, en xeral, é positiva. Dos galegos, salienta, por unha banda, *A brazo partido* de Matarile como “un dos mellores espectáculos desta temporada”, do que di que “afonda con paixón en diversas linguaxes [...] mesturando realidade e paixón”; e, por outra parte, *O navegante* de Chévere,
o cal sinala como “unha viaxe ao útero” na que se “exploran os camiños do serial radiofónico”. Por outro lado, destaca o recital poético de Ana Romaní, A. Romero e Lupe Gómez.

- Inma López Silva, “Escenas diferentes en Compostela”, *Primer Acto*, nº 293, “Autonomías. Galicia”, abril-maio-xuño 2002, pp. 124-126.

Destaca que a importancia deste festival “Alternativa” 2002 reside na posibilidade de que o público galego se achegue a tendencias e maneiras de facer teatro que a miúdo non chegan á periferia. Así mesmo, pon de relevo que a través da súa programación se pode acceder á danza, práctica que non se programa, a pesar de que a afluencia de público a estes espectáculos dentro do festival puxo de manifesto o seu interese. Por outro lado, fai unha pequena reflexión sobre o matiz que adquire o adxectivo “alternativo” en Galicia, onde segundo di, o teatro é unha actividade marxinal, e a continuación describe dun modo xeral este festival que se caracteriza pola heteroxeneidade. Primeiramente, céntrase nos espectáculos procedentes de fóra de Galicia e a seguir achégase ás montaxes galegas que se ofertaban. Subliña que as dúas compañías organizadoras presentaron as súas obras como apertura do festival: *A brazo partido* e *O navegante*, destacando da primeira o coidado exquisito na organización da escena e na dirección de movementos e interpretacións, e da segunda o traballo que se fai co espacio escénico e coa relación entre este e o público. Ademais, detense no recital poético, con altas doses de espectáculo, de Ana Romaní, Anxos

Romeo e Lupe Gómez, para destacar que a súa presencia neste festival sitúa ao movemento poético máis relacionado coas artes escénicas que coa propia cultura libresca.




XIº **Festival** Internacional “Outono de teatro” de **Carballo**

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellería de Cultura do Concello de Carballo, nesta edición levou como título “FIOT02”, estreando o Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo. Celebrouse dende o 18 de outubro ata o 2 de novembro e nel participaron as seguintes compañías: El Galpón de Uruguai, Malayerba de Ecuador, Teatro Meridional e Producciones Yllana, ambas de Madrid, e Teatro Corsario de Valladolid como representacións foráneas, mentres que as compañías galegas que estiveron presentes foron: Nordesía Producción co espectáculo de humor *O país da comedia*, Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse* e Teatro de Ningures con *Fausto*. Dentro deste festival tamén se entregou o Premio do Público outorgado na pasada edición a Producciones Yllana e os premios “Xosé M. Eirís” do Concurso Escolar de Teatro Lido aos tres mellores traballos, que recaeron no Grupo Vagalume Animación da asociación cultural San Cristovo, na Escola de Teatro Vieiro da asociación do mesmo nome e na escola infantil Os Pequerrechos. Do mesmo xeito, tamén tivo cabida dentro deste festival unha homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, que a título póstumo recibiu o nomeamento de “Xoglar de outono”.

Referencias varias:

-M.C.S., “La compañía Yllana vuelve al Festival de Teatro carballés con la obra ‘Spingo’”, *La Opinión*, A Coruña, 29 setembro 2002, p. 20.

Destácase que a compañía Yllana estará presente no Festival Internacional de Teatro de Carballo, onde representará a obra *Spingo*. Sinálase que o certame está organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo e que nel se celebran actividades paralelas como o Certame Galego de Dramatización de Monólogos Cómicos ou o Concurso Escolar de Teatro Lido.

-R. Busto, “Nordesía Produccións arrasa con su comedia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 outubro 2002, p. 34.

Dá conta da participación desta compañía co seu espectáculo de humor, ademais de adiantar outras como Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse* ou Teatro Meridional con *Miguel Hernández*.

- M. C. S., “El Festival de Teatro de Carballo rinde homenaje a Vidal Bolaño”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 25 outubro 2002, p. 18.

Infórmase de que os organizadores do Festival Internacional de Teatro de Carballo dedicarán este festival a Roberto Vidal Bolaño, no que tamén se representará a obra *Os vellos non deben de namorarse*. Asemade, indícase que tamén terá lugar a primeira edición do certame galego de Dramatización de Monólogos Cómicos “Outono de Teatro” así como o espectáculo de rúa “Rúa dos Contos”.

- M. Carmen Suárez, “Carballo baja con éxito el telón”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 3 novembro 2002, p. 23.





Dáse conta da clausura do Festival Internacional de Teatro organizado pola Asociación Cultural Telón y Aparte e o Concello de Carballo e faise balance da súa edición. Indícase que se celebraron oito espectáculos, dos que catro esgotaron as entradas; fálase da entrega de premios que se levou a cabo, da cantidade de público asistente, etc. Así mesmo, sinálanse os cambios que se introduciron nesta undécima edición do Outono de Teatro de Carballo con respecto a anos anteriores e cómo contribuíron a incrementar o éxito do certame, e mencionanse as compañías asistentes e a variedade de espectáculos. Finalmente, alúdese á homenaxe que os organizadores lle brindaron ao falecido Roberto Vidal Bolaño e sinálase o lugar da entrega de premios, por Manuel Lourenzo, aos gañadores do Concurso de Teatro Afeccionado de Carballo

Festival de teatro grecolatino de **Lugo**




Organizado polo Concello e o Instituto de Estudios Clásicos Setóbriga, celebrouse os días 11 e 12 de marzo de 2002 no Auditorio Municipal "Gustavo Freire" de Lugo. Participaron tres compañías, que foron o Grupo de Veteranos de Sardiña da Coruña, que puxo en escena *Electra*, de Eurípides, e que actuou o 11 de marzo ás 12:00 horas; o Grupo Sardiña dos IES Elviña e Sardiñeira da Coruña, que representou *Gemelos*, de Plauto, o mesmo día ás 17:00 horas; e, finalmente, o día 12 ao mediodía actuou o Grupo Thiasos de Madrid cunha peza de Aristófanes.

Referencias varias:

- Roberto Angulo, "La programación cultural en Lugo, ¿es mejorable?", *El Progreso*, "Gente", 10 marzo 2002, p. 2.

Repaso pola oferta cultural da cidade de Lugo, que no referido ao teatro dá conta da celebración de eventos como a Mostra de Teatro Clásico, celebrada entre o 14 e o 20 de

xaneiro; do Festival de Teatro Grecolatino e da Mostra de Teatro Galego, así como da Mostra de Teatro Infantil que se celebra en outubro.




IIº **Festival** "**Teatrarte** " de Redondela

Organizado por primeira vez en 2001 pola Concellería de Cultura do Concello de Redondela coa colaboración do IGAEM, leva como subtítulo "Sete olladas de teatro para Redondela". Naceu coa vontade de institucionalizalo e que durante os meses de febreiro e marzo Redondela se convertera na vila do teatro de Galicia. As actuacións serán integramente en galego e en cada edición estará como convidada unha compañía de teatro de Redondela. Na edición do 2002 comezou o 2 de febreiro e nel participaron sete compañías galegas: Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse*, Rara Avis con *Baby Boom no paraíso*, Máscara Producción con *Malandros*, Teatro do Noroeste con *Alta comedia*, Os Sete Magníficos máis Un con *Cousa de mulleres*, Nordesía Producción con *Eliana en Ardentía* e pechou esta edición do festival o día 6 de abril o grupo de teatro redondelán convidado Teatro os Viaductos con *O menciñeiro á forza*.

Referencias varias:

-Belén Otero, “Teatrarte de Redondela reúne en un ciclo a algunas de las mejores compañías gallegas”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, 30 xaneiro 2002, p. 20.

Coméntase que se está a celebrar a segunda edición de Teatrarte en Redondela, organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Redondela. Sinálase que nela participarán sete compañías de teatro galegas: Teatro do Morcego, Rara Avis, Máscara Producciónes,Teatro do Noroeste, Os Sete Magníficos Mais Un, Nordesía Producciónes e a compañía de Redondela Teatro Os Viaductos. A seguir, ofrécese o calendario de representaciónes e, para rematar, o concelleiro de cultura, Javier Núñez Salgado, comenta que Redondela precisa dun auditorio capaz de acoller este evento e outras programaciónes culturais que se celebran na cidade.

-B. R. O., “La compañía Teatro do Morcego abre la programación de Teatrarte”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 2 febreiro 2002, p. 23.

Anuncia a representación de Teatro do Morcego coa peza *Os vellos non deben de namorarse*, que inaugura este festival. Refire brevemente o argumento da obra e adianta outras datas do evento.

- B. O., "Teatrarte regresa el sábado con la puesta en escena de 'Baby Boom no paraíso", *Atlántico Diario*, "Redondela", 14 febreiro 2002, p. 21.

Anúnciase a representación de *Baby Boom no paraíso*, a cargo da compañía Rara Avis de Santiago de Compostela. Trátase, en palabras do articulista, dunha "comedia fresca, absolutamente contemporánea, inteligente, con un lenguaje vivo y actual", na que se narra a historia do embarazo de Ariana. A seguir, coméntase que na programación de Teatrarte se inclúen outras cinco obras de teatro ao longo de distintos fins de semana, que culminará o día 6 de abril coa actuación do grupo Os Viaductos, das Escolas Municipais de teatro de Redondela.

-B. O., "Máscara Producciónss pone en escena la obra 'Malandros", *Atlántico Diario*, "Redondela", 23 febreiro 2002, p. 20.

Fai referencia á posta en escena, en Redondela, da obra *Malandros*, a cargo de Máscara Producciónes. Trátase dunha das propostas que forman parte da programación de Teatrarte, organizada pola Concellería de Cultura. Sinálase que a obra, baseada na novela *Crónica dos bos malandros*, do escritor e xornalista Mario Zambujal, conta a historia de seis personaxes da marxinalidade lisboeta. Para rematar, coméntase que na obra, dirixida por Xerome Calero e Antón Casal, interveñen ademais dos dous directores, Patricia Alfaya, Verónica Codesido, Beatriz Míguez e Pablo Puga, acompañados polo guitarrista Tony Darco.

- B. O., "Eliana en Ardentía', en la programación de Teatrarte", *Atlántico Diario*, "Redondela", 20 marzo 2002, p. 21.

Coméntase que a compañía de teatro Nordesía Producciónes de Santiago poñerá en escena a obra *Eliana en Ardentía*, dirixida por Roberto Salgueiro, dentro da programación de Teatrarte 2002. A seguir, coméntase que a trama da obra xira ao redor de Bernardo, un home que busca o amor desesperadamente.

- Belén Otero, “Redondela necesita un auditorio con un aforo de 1000 espectadores’, dice Núñez Salgado”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 27 marzo 2002, p. 23.

Noticia na que se alude á necesidade de facer un novo auditorio en Redondela, con motivo da celebración de Teatrarte 2002. Coméntase que a programación de Teatrarte finalizará coa representación da obra *O menciñeiro á forza*, unha adaptación da comedia de Molière, da man do grupo de teatro Os Viaductos. Así mesmo, Javier Núñez, concelleiro de cultura, afirmou que o balance foi positivo e que se demostrou, un ano máis, que á xente de Redondela lle gusta o teatro.

- Neli Pillado, “Las doce divas de Teatro Os Viaductos”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 4 abril 2002, p. 18.




Amplo comentario centrado no Programa Teatrarte, no que se anuncia a participación do Grupo de adultas da Escola Municipal de teatro Os Viaductos. Sinálase que o grupo, formado por doce veciñas de Redondela, representará a obra *O menciñeiro á forza*, versión

libre dunha adaptación de Molière, na que o director do grupo, Jesús Cameselle, incluíu situacións e detalles doutras obras do autor. A continuación, sinálase o argumento da obra e, para rematar, ofrécense uns breves apuntamentos sobre as actrices que forman parte do grupo.




VIIIº **Festival** internacional de teatro universitario da **Universidade de Santiago de Compostela**

Celebrado dende 1995, este festival está dirixido por Roberto Salgueiro e celébrase nos dous campus da Universidade Compostelá, que teñen como coordinadores a Pablo Rodríguez no Campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago de Compostela. En 2002 celebrouse en ambas cidades entre o 7 e o 21 de marzo baixo a organización da Aula de teatro do Campus de Lugo e tendo como escenarios o auditorio Gustavo Freire en Lugo e o Teatro Principal en Santiago de Compostela. Participaron once grupos de España, Portugal, Colombia, Brasil e Puerto Rico. Os grupos galegos participantes foron: a Aula de Teatro do Campus de Lugo con *Europa*, Teatro Espido de Vigo con *Roberto Zucco*, Aula de Teatro da Universidade de Santiago con *Matanza* e o Grupo Maricastaña do Campus de Ourense con *Fahrenheit 451*.

Referencias varias:

- M. Beceiro, “El teatro universitario peninsular y latinoamericano se cita en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 marzo 2002, p. 6.

Alúdese á presentación, no Teatro Principal compostelán, da obra *Matanza*, a cargo da Aula de Teatro da Universidade de Santiago e dentro da oitava edición do Festival Internacional de Teatro Universitario. A obra, baseada nun texto do seu director, Roberto Salgueiro, foi finalista do Premio Rafael Dieste. A continuación, cítanse outras compañías de Andalucía, Madrid, Murcia, Extremadura, Portugal, Colombia, Brasil e Puerto Rico, que participarán no citado Festival.

- C. d. U., “Continúa nos campus de Santiago e Lugo o VIII Festival de Teatro Universitario”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 13 marzo 2002, p. 3.

Alúdese á oitava edición do Festival Internacional de Teatro Universitario, que se está a celebrar no Teatro Principal de Santiago. Cítanse algunhas das obras que forman parte do programa deste festival de compañías de fóra como a Aula de Teatro da Universidade de Murcia, a Escola Superior de Arte Dramático de Murcia, o Departamento de Drama da

Universidade de Porto Rico, a Aula de Teatro da Universidade de Granada ou o grupo In Vitro Teatro, da Universidade de Xaén.




- Ana Rodríguez, “Un país de cerdos”, *El Progreso*, “Cultura”, 20 marzo 2002, p. 61.

Coméntase a representación da obra *Matanza*, a cargo da Aula de Teatro de Santiago e no marco do Festival Internacional de Teatro Universitario. A obra, de Roberto Salgueiro, resultou finalista na última edición do Premio Rafael Dieste para textos teatrais. Trátase da historia de dous porcos nun país no que a identidade nacional se relaciona directamente co aprecio a este animal e esconde unha crítica cara aos gobernantes e cara a nós mesmos. Para rematar, alúdese á representación da obra *Fahrenheit 451*, da man da compañía ourensá Maricastaña.





VIIº **Mes** do teatro de **Ferrol**

Evento organizado anualmente pola Asociación de Mulleres “Amistad” de Santa Mariña durante os sábados do mes de outubro, que ten como fin dar a coñecer ao público as compañías de teatro afeccionado. Na edición de 2002 contaron coa colaboración da Obra Social de Caixa Galicia e tivo como escenario o local do Río de Santa Mariña, onde deu comezo o día 4 deste mes coa actuación do grupo Longoiro Teatro da asociación de veciños de Meirás, que puxo en escena *Melocotón en almíbar*, seguiulle o grupo mozo de Amistad con *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro; Bartoleta Teatro con *Los cuernos de Don Friolera*, e pechou este mes de teatro o grupo de adultos de Amistad coa estrea de *Mariñeiro en terra*, de Manuel Basoa.

Mes do teatro de **Zas**

Celebrado durante o mes de xuño ten como escenarios o auditorio de Zas e de Baio. Na edición de 2002 contou coa participación de San&San con *Concerto bífido* que actuou o día 1 de xuño, Contraste fíxoo o día 8 con *Unha avoa a catro patas*, Luzada actuou o día 15 con *O sexo débil*, o 22 foi o grupo Amistade con *A lebre das ánimas/A medosa Blandina*, para rematar o 29 de xuño con Teatro Xuvenil do Curro que puxo en escena *Marchando unha de humor*.

VII[a] **MITEU** (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego)

A Aula de Ourense organizou en 1994 a I[a] Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense, que pasaría en 1996 a constituírse na I[a] MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Esta Mostra pretende potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Ten como escenario o Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares, e ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola Compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense "Maricastaña", baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo, co patrocinio daUniversidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense, o IGAEM e Caixanova. Dende 1999 celébrase o Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro para premiar con seiscentos euros a unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da Miteu de cada edición. A presente edición tivo lugar entre o 11 e o 28 de abril e contou coa presencia de agrupacións de Alacante, Xaén, Madrid, Salamanca e Zaragoza, así como de Lisboa, Coimbra, México e Chile. No que se refire á presencia galega actuaron: o Grupo

Rosaura da Universidade Sur con *Acción na rúa*, o grupo Hac Luce da Universidade da Coruña con *Vida e obra de Tantotén*, o Grupo Cordelia da Universidade Sur con *Ao redor de Shakespeare*, o grupo de Teatro Universitario de Pontevedra con *A balada do cárcere de Circe*, grupo de Teatro Universitario de Vigo, Espido, con *Roberto Zucco*, o grupo de teatro Universitario de Lugo con *Europa*, grupo Maricastaña de Ourense con *Fahrenheit 451*, o grupo de Teatro Universitario de Santiago con *Matanza* e Caleac de Lugo con *Hedera*. Unha das novidades desta edición foi a opción que se lle deu a todos os participantes de votar a unha persoa que lles interesara que estivera presente para dar unha conferencia, resultando gañador Quique Sanfrancisco e Ernesto Chao que estiveron na cidade das Burgas o día 5 de maio, día da resolución dos premios convocados na mostra. O premio “Carlos Couceiro”, do que foron xurado Sonia Ferro, Benito Losada, Xavier Paz e Tito Asorey, foi para o espectáculo *Ubu Rey* do grupo de teatro da Universidade de Zaragoza. O premio dos espectadores foi para o grupo da Universidade de Temuco.




Referencias varias:

M. J. M., “El teatro universitario prepara su fiesta anual”, *La Región*, “Cultura”, 3 abril 2002, 59.

Coméntase o contido da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense, que contará con máis de trescentos participantes e uns cinco mil espectadores. A seguir, sinálanse as datas e a inauguración cun desfile polas rúas de Ourense. Así mesmo, alúdese ao Premio Carlos Couceiro, asumido polo Teatro Principal de Ourense. Deste xeito, Fernando Dacosta, director da Mostra, comenta que haberá un premio dos espectadores, outro outorgado polo xurado e un terceiro premio por parte da Miteu. Para rematar, anúnciase que, como novidade deste ano, calquera interesado do público poderá votar para escoller un conferenciante para as xornadas.

-Marta Vázquez, “Más de 300 actores acudirán a la Mostra de Teatro Universitario de Ourense”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 3 abril 2002, p. 6.

Dáse conta da presentación da VIIª edición da MITEU que terá lugar en Ourense, dende o 11 de abril, na que participarán uns 300 actores de compañías universitarias galegas e de outras dez comunidades españolas así como de Portugal, México e Chile.

- M. V., “Ourense se rinde al arte”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 11 abril 2002, p. 5.

Coméntase que dende o 11 ao 28 de abril terá lugar en Ourense a VIIª edición da MITEU e que comezará cunha acción teatral nas rúas ourensás, ao redor da praza do Ferro, a cargo do grupo Rosaura de Ourense.

-M. J. M., “La Miteu abrió con dos obras mexicanas que reflexionan sobre la vida y las pasiones”, *La Región*, “Mostra de Teatro Universitario”, 13 abril 2002, p. 9.

Céntrase na apertura da Mostra Internacional de Teatro Universitario, na que sinala que actuou o grupo Hac Luce, da Coruña, que representou *Vida e obra de Tantotén*, baixo a

dirección dos mexicanos Yvonne Ruiz e Benito Cañada. Tamén se fai eco da posta en escena do grupo teatral da Universidade de Querétaro (México).

- Marta Vázquez, “Arte con mensaje social”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 13 abril 2002, p. 7.

Indícase que na xornada de onte se representou a obra *Vida e obra de Tantotén*, do grupo de Teatro da Universidade da Coruña, e asemade sinálase que hoxe pola tarde actuará o grupo do campus de Ourense.

- Sabela Gago, “O entusiasmo anegou a rúa”, *La Región*, “Mostra de Teatro Universitario”, 13 abril 2002, p. 9.

A directora do grupo de teatro universitario Rosaura e actriz de Sarabela Teatro comenta brevemente o desfile que inaugurou esta edición da MITEU. Sinala a sorpresa dos viandantes e a importancia que para os docentes de Sarabela teñen actuacións deste tipo na aprendizaxe dos seus alumnos.

- Fernando Dacosta, “A Miteu chegou ó escenario do Teatro Principal”, *La Región*, “Mostra de Teatro Universitario”, 14 abril 2002, p. 75.




Comentario sobre a inauguración de dúas representacións da Mostra Internacional de Teatro Universitario, *Vida e obra de Tantotén*, da man da Aula de Teatro da Universidade da Coruña, e *La loca de Miramar*, da Aula de Teatro da Universidade mexicana de Querétaro. Da primeira dise que presenta o mundo visto por Tantotén, un neno que medra sen a atención dos seus pais e que se pregunta xa adolescente polo porqué de tanta violencia e tanta sen razón. Pola súa banda, da segunda dise que narra a historia da emperatriz Carlota.

-M. V., “Poesías desde el psiquiátrico”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 17 abril 2002, p. 7.

Afírmase que mil cincocentas persoas xa pasaron pola MITEU, entre elas as que asistiron onte á representación do grupo de teatro de Jaén, e que para hoxe terá lugar a representación do grupo da Universidade de Alcalá.

- M. V., “Más de 2.500 personas han acudido a alguna de las obras de teatro de la Miteu”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 19 abril 2002, p. 6.

Sublíñase o éxito desta edición da MITEU, como no día de onte coa representación en sesión dobre dos grupos do campus de Vigo e Pontevedra, e anúnciase que hoxe actuarán a aula de teatro de Lugo.

- Pilar Val, “Contagiar a los estudiantes la ‘fiebre’ teatral”, *La Opinión*, “A pie de calle”, 19 abril 2002, p. 12.

Coméntase a representación de *Vida e obra de Tantotén*, a cargo do grupo teatral Hac Luce, con Yvonne Ruiz e Benito Cañada, participante na Mostra Internacional de Teatro

Universitario de Ourense, ademais de anunciar a súa próxima representación nas IX[as] Xornadas de Teatro Universitario da Coruña.

- Fernando Dacosta, “A memoria que reta ó efímero”, *La Región*, “Cultura”, 23 abril 2002, p. 59.

Breve reflexión sobre a Mostra de Teatro Universitario de Ourense, na que participaron grupos de teatro galegos e estranxeiros. O articulista comenta que a última semana da MITEU “promete montaxes que entren na memoria do espectador retando o suposto feito efímero do teatro... Porque isto transcende”.

-Sonia Ferro Cid, “¡O espectáculo continúa!”, *La Región*, “Cultura. Mostra de Teatro Universitario”, 24 abril 2002, p. 67.

Sonia Ferro Cid, membro do xurado da MITEU 2002, reflexiona sobre a celebración da Mostra Internacional de Teatro Universitario e comenta, brevemente, algúns dos espectáculos que formarán parte da citada Mostra.

- Fernando Dacosta, “Fahrenheit 451”, *La Región*, “Cultura”, 26 abril 2002, p. 73.

Fernando Dacosta, director da Mostra Internacional de Teatro Universitario e do grupo Maricastaña, reflexiona sobre a lectura e o lector na actualidade. Comenta que “os libros fan pensar. Por iso os libros están prohibidos”. Engade, para rematar, que “está prohibido pensar porque pensar non fai feliz”.

- Xavier Paz, “Matanza”, *La Región*, “Cultura”, 27 abril 2002, p. 51.

Alude á posta en escena de *Matanza* a cargo da Aula de Teatro da Universidade de Santiago o mesmo día que chegaba ás librerías a versión impresa da obra, que foi finalista do premio de teatro Rafael Dieste no ano 2001. Tamén dá conta da liña argumental e do bo facer dos universitarios que a interpretan.

- Fernando Dacosta, “Ata pronto”, *La Región*, “Ciudad”, 29 abril 2002, p. 8.

Fernando Dacosta, director da MITEU e do Grupo Maricastaña, reflexiona sobre o futuro da cultura e dos libros. Deste xeito, compara a situación actual coa do ano 2099, no que afirma que “está prohibido pensar, porque pensar non fai feliz. Os libros fan pensar, por iso os libros están prohibidos”.

- Marta Vázquez, “La Mostra de Teatro Universitario se consolida y supera los 5000 visitantes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 29 abril 2002, p. 11.




Anúnciase o remate da MITEU de 2002 cun coloquio con Enrique Sanfrancisco e Ernesto Chao e destácase que esta mostra chegou a superar os cinco mil visitantes e que xa se está a traballar na IXª edición da MITEU que se desenvolverá en abril de 2003.

-Zaida Iglesias, “Ernesto Chao, Quique Sanfrancisco y los premios ‘Carlos Couceiro’ despiden la Miteu”, *Atlántico Diario*, “Universidade”, 2 maio 2002, p. 39.

Alúdese á clausura da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense, na súa sétima edición. Anúnciase que no acto de clausura participarán Sarabela Teatro, a

Universidade de Vigo e a Aula de Teatro da Universidade de Ourense. Así mesmo, Ernesto Chao e Enrique Sanfrancisco darán dúas conferencias no último día. A seguir, afírmase que se entregarán os Premios de Dramaturxia Carlos Couceiro.




- L. R., “Enrique Sanfrancisco: ‘No hay nada como tener al público de frente y notar cómo respira”, *La Región*, “Ourense”, 6 maio 2002, p. 4.

Dáse conta da clausura da VIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario, na que participaron os actores Ernesto Chao, Enrique Sanfrancisco, Fernando Dacosta e Olga Mojón.

III[a] **Mostra** de teatro "**Cabanateatro"**

Esta mostra naceu no ano 2000 coa finalidade de premiar a posta en escena de orixinais e adaptacións de textos dramáticos contemporáneos. No ano 2002 deixou de ser un certame de teatro e converteuse nunha mostra, con participación de grupos profesionais e afeccionados contratados polo Concello. Celebrouse os días 17, 18 e 19 de maio no Pavillón Municipal como xeito de conmemorar o Día das Letras Galegas. Nela participaron: a Aula de Teatro de Pontevedra con *Un millón de vacas*, Achádego Teatro con *A tempestade* e Talía Teatro con *Supermáis!*.

XIX[a] **Mostra** internacional de teatro cómico e festivo de **Cangas**

Organizada polo colectivo formado polo Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, contou co patrocinio do IGAEM, do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio Xiria, co que se destaca o labor teatral dunha persoa. Na edición de 2002 celebrouse en rúas, discotecas, pubs, a Casa da Cultura e o Auditorio Municipal, escenarios que acolleron as actuacións de compañías foráneas como a arxentina Extravagante Teatro, a andaluza Los Ulen, a madrileña Extrema Arte, a uruguaia El Galpón, a ecuatoriana Malayerba Teatro ou a compañía de monicreques La Tartana Teatro, así como as galegas Teatro de Ningures con *O Principiño*, de Saint-Exupéry, e Teatro do Atlántico con *Pervertimento*, de Sanchís Sinisterra. Na última xornada da mostra entregouse o Premio Xiria ao labor teatral, que nesta edición lle foi concedido a Antonio Francisco Simón.

Referencias varias:

-Estela Veloso, “La Mostra de Teatro traerá a Cangas a tres grupos iberoamericanos”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 1 agosto 2002, p. 18.

Anuncia a celebración da mostra, as colaboracións que reciben os organizadores por parte de diferentes institucións e a presencia de tres importantes compañías hispanoamericanas.

- G. M. P., “La Mostra de Teatro de Cangas llega a su mayoría de edad con trece grupos de renombre internacional”, *Faro de Vigo*, “Redondela/O Morrazo”, 1 agosto 2002, p. 14.

Adianta os preparativos que se están pechando arredor da celebración da edición XIXª da Mostra de Cangas, da que destaca como novidade a celebración de actos de presentación antes da súa inauguración co pregón que lerá Antonio Durán “Morris”. A seguir repasa todas as actuacións previstas ao longo da semana de mostra e os diferentes escenarios nos que terán lugar.

-Salvador Rodríguez, “¿Venecia? ¡No, Cangas!”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 276, “En portada”, 31 agosto 2002, pp. 1-2.

Comeza a súa achega á XIXª edición da mostra canguesa coa alusión ao novo Auditorio no que se celebrará este ano, unha vella reivindicación da asociación organizadora Xiria. A seguir, céntrase nas diferentes propostas programadas das que ofrece brevemente a liña argumental e o máis destacado de cada unha das pezas, que no que á representación galega se refire dá conta da proposta de Teatro de Ningures con *O Principiño* e Teatro do Atlántico con *Pervertimento*, ademais das actuación de Toñito de Poi e Ana Pudor. En cadro á parte, ofrécese o calendario das actuacións, a súa procedencia e o lugar no que se van levar a cabo, ademais dun pequeno texto no que se enxalza o labor da Asociación Cultural Xiria ao longo de todos estes anos de celebración da mostra de Cangas.

-P. Xermade, “Cangas ofrece hoxe mostras de teatro feito en Madrid, Uruguay e Galicia”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 4 setembro 2002, p. 20.

Ademais de dar conta das pezas que se representan durante o día nos diferentes escenarios, tamén se dá conta da presencia como espectadores de xente relacionada co teatro como Celso Parada, Xaime Costas ou Lois Soaxe.

- P. Xermade, “O Principiño, poético e tenro, engaiolou ao público da Mostra”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 5 setembro 2002, p. 18.

Faise unha eloxiosa recensión da estrea de *O Principiño*, de Teatro de Ningures, na Mostra Internacional de Teatro de Cangas. Comézase sinalando a poética propia da compañía, centrada na palabra, o traballo actoral e a estética da sinxeleza. Saliéntase a capacidade de plasmar nas táboas o espírito delicado do libro. Gábase a calidade da interpretación (nomeadamente o traballo de Gabriel Lezcano e Santiago Cortegoso), así como a escenografía e a iluminación. A única pexa que se lle pon á obra é o decaemento do ritmo ao final da obra, mais considérase que é propio dunha estrea e facilmente subsanable.

- P. Xermade, “Malayerba presenta no Auditorio ‘Nuestra señora de las nubes”, *Atlántico Diario*, “Mostra de Teatro de Cangas”, 6 setembro 2002, p. 23.

Anúncianse as representacións que terán lugar na penúltima xornada da Mostra de Teatro de Cangas, resumindo o argumento de cada unha delas. No que se refire ao teatro galego

apúntase que a xornada rematará co espectáculo “HumANA”, unha proposta musical de café-teatro de Ana Pudor e o guitarrista Javi Abraira. Por último coméntase o éxito que obtivo a compañía foránea El Galpón.




- P. Xermade, “Teatro do Atlántico ofreceu unha proposta fresca e innovadora”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 7 setembro 2002, p. 21.

Elóxiase a representación feita por Teatro do Atlántico de *Pervertimento,* presentada na Mostra de Teatro de Cangas. Destácase a lectura lúcida e profunda que a compañía fixo do texto de Sanchís Sinisterra, recalcando a intención de homenaxe a Becket do autor valenciano, e cómo se mesturan teatro, metateatro e realidade no que cualifica de exercicio de estilo brillante na palabra e na escenificación, asequíbel ao tempo que difícil. Finaliza gabando o nivel interpretativo e a dirección ‘delicada, rigorosa e comprometida’, así como a resolución e coherencia deste espectáculo arriscado e anovador.

- P. Xermade, “Malayerba deixou unha pegada profunda no público da Mostra”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 8 setembro 2002, p. 19.

Lóase a representación da compañía Malayerba Teatro, sinalando que obtivo un gran éxito entre o público da Mostra. Resúmese o argumento da obra e infórmase por último de que na última xornada da Mostra se lle entregou o Premio Xiria ao labor teatral a Antonio Francisco Simón, ofrecéndose un breve resumo da súa traxectoria profesional.

-P. Xermade, “A XIX Mostra de Teatro contou cunha programación ampla e variada”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 9 setembro 2002, p. 17.

Sinálanse as múltiples e variadas propostas na rúa ou en locais alternativos cos que contou a Mostra alén do seu espectáculo central diario, potenciando a dimensión festiva do evento e achegándoo a públicos menos habituais. Faise un pequeno balance de cada un destes espectáculos de maxia, clown, teatro de bonecos, café-teatro, etc.; así como doutros complementos á programación da Mostra: un curso de danza e teatro, a exposición de revistas do fondo teatral María Casares e a presentación do número 31 da *Revista Galega de Teatro*.

-Vanesa Martínez Sotelo, “XIX Mostra Internacional de Teatro Cómico y Festivo”, *Primer Acto*, nº 295, “Autonomías. Galicia”, outubro-novembro 2002, pp. 126-127.

Comeza por destacar que nesta décimo novena edición os organizadores e o público da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas viron feito realidade o seu desexo de ter un espacio digno para os espectáculos. Así, o Auditorio Municipal acolleu durante a primeira semana de setembro distintas obras das quince compañías participantes. Ademais de referirse a algunhas representacións foráneas, destaca a obra da compañía local Teatro de Ningures ou a obra *Pervertimento* de Teatro do Atlántico. Sen embargo opina que as compañías que máis impactaron no público foron dúas latinoamericanas: El Galpón (Uruguay) e Malayerba Teatro (Ecuador). Conclúe ofrecendo como claves desta Mostra a variedade e calidade nos textos, nos autores e na procedencia das compañías.

- Vanesa Martínez, “XIX Mostra Internacional de teatro cómico e festivo de Cangas”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, outono 2002, pp. 13-16.

Dáse conta da celebración durante a primeira semana de setembro da XIX Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Infórmase das actividades realizadas nos diferentes lugares da vila, da asistencia masiva de público, dos obxectivos da mostra, etc. Igualmente indícanse todos os espectáculos realizados nos diferentes días que durou a mostra, as compañías asistentes e as obras representadas, así como as características destas e dos seus actores. Finalmente sinálase que na última xornada desta XIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas se lle rendeu unha homenaxe a Antonio Simón polo seu labor teatral.

VII[a] **Mostra** de teatro de **Cariño**

Esta Mostra foi organizada pola Asociación Cultural Malveira, dende 1976 ata 1988 como a Mostra de teatro galego portugués. A partir de 1995 o Concello de Cariño volveu organizala e foi a partir do ano 1997 cando se celebrou baixo a denominación de “Noites teatrais” ou “Noites de Teatro de Cariño”. Dende entón celébrase todos os anos durante o mes de agosto no Auditorio Municipal, a partir das dez da noite. A edición de 2002 tivo lugar entre os días 17 e 21 de agosto e nela participaron: a Asociación de Amas de Casa de Cariño con *Os cravos de prata*, que son a única agrupación non profesional da mostra; Teatro do Noroeste con *Alta comedia*, Uvegá Teatro con *Mulleres*, Teatro do Atlántico con *Pervertimento*, Teatro do Aquí con *Animaliños* e Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse*, que pechou a mostra.

XV[a] **Mostra** de teatro de **Cee**

Celebrada de xeito continuado dende o ano 1988, naceu co obxectivo primordial de dar promoción á actividade teatral na comarca de Fisterra. Está organizada pola Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade e a Compañía Talía Teatro, en colaboración co Concello de Cee, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e o IGAEM. No ano 2002 celebrouse entre o 22 e o 29 de agosto e nela participaron as compañías Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*, Teatro do Atlántico con *Pervertimento*, Fulano, Mengano e Cítano con *Cheiro de estrelas II*, Talía Teatro con *Supermáis!!!*, a Aula de Teatro de Pontevedra con *Un millón de vacas* e Teatro do Aquí con *Animaliños*. Nesta edición fanse como novidade tres sesións: a infantil ao mediodía, unha vespertina ás dez da noite e unha "golfa" todos os días á media noite.

Referencias varias:

- Inma López Silva, "A chegada do verán e o remate da temporada escénica", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 21 xullo 2002, p. 3.

Anuncia que aínda que o teatro descansa durante o verán nestas datas podemos atopar a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia ou o festival de Teatro Afeccionado de Cee. Asemade, sinala que o curso teatral 2001-2002 amosou un certo regreso ao teatro de autoría autóctona e mais que as compañías galegas máis afianzadas non defraudaron.

- B. L., "A Aula de Teatro leva 'Un millón de vacas' á Mostra de Cee", *Diario de Pontevedra*, "Vivir verán/Cultura", 24 agosto 2002, p. 70.

Anuncia a representación da Aula de Teatro de Pontevedra, dentro da Mostra de Teatro de Cee, da peza *Un millón de vacas*. Lembra que esta obra está baseada en textos de Manuel Rivas e que foi galardoada co Premio do Público no Certame nacional de Teatro de Reinosa, a Mellor Interpretación Feminina para a súa integrante Sonia Abollo, así como o premio do Certame Galego de Teatro de Cabana e o de Mellor Interpretación Masculina para Gregorio Montilla.

- Inma López Silva, “Animaliños’ ou o sarcasmo sobre a nosa vida cotiá”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 1 setembro 2002, p. 3.

Fálase de *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño, a propósito da súa representación na Mostra de Teatro de Cee. Sinálase o regreso de Vidal Bolaño á comedia, xénero no que, segundo a autora, se sente cómodo como director e como autor. Fai un resumo do argumento da obra, sinalando que esta satiriza a realidade ao levala aos extremos, e cando é posíbel ao absurdo, e indica que esta crea espacios para a risa e para a reflexión. Lóase o traballo dos actores (Avelino González, Rubén Ruibal e Mónica Caamaño) e a iluminación. No entanto, critícase que a estructura do texto resulta problemática para a representación, ao traizoar en ocasións a fragmentariedade da peza o argumento e ao resultaren repetitivas as transicións. Finaliza indicando que *Animaliños* pertence a esa clase de espectáculos “que demostran que o teatro é lecer e que somos máis felices se sorrimos e se pensamos”.

- Arthur Trillo, “Mostra de teatro de Cee ‘Que quince anos non son nada”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, outono 2002, pp. 28-29.




Dáse conta da celebración da XVª Mostra de Teatro de Cee, explicando de paso a súa orixe e evolución posterior. Sinálase, así, cómo foi creada en 1988 da man da Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade e do grupo de teatro Talía, e faise un repaso dos quince anos que se leva realizando. Indícase tamén cómo seguiron adiante sen a axuda das institucións ás que se lles critica o seu pouco compromiso, á vez que se lle agradece a colaboración ás diferentes compañías participantes. Finalmente, laméntase pola falta de recoñecemento da mellora.

XII[a] **Mostra** de teatro popular de **Chantada**

Organizada polo Centro Teatral Faro-Miño, en colaboración coa delegación de Cultura do Concello de Chantada, e por primeira vez co IGAEM, a Confederación Estatal de Teatro Amateur (CETA) e a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), ten como escenario a Praza do Cantón. Nacida en 1990 coa creación do grupo Faro-Miño, na edición de 2002 celebrouse entre o 19 e o 23 de agosto na praza do Cantón. Os grupos participantes foron: O Carballo de Taboada con *O rei nu*, O Bordelo de Cervo con *Cambadela*, Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*, Faro-Miño con *Arte farto* e pechou a mostra Candelexas de Noia coa peza *O tremoeiro*.

Referencias varias:

- A. L., “Cinco agrupaciones actuarán del 19 al 23 de agosto en la XI Mostra de Teatro”, *El Progreso*, “Chantada”, 25 xullo 2002, p. 21.

Infórmase do calendario de actuacións das distintas compañías teatrais que representarán as súas obras na Mostra de Teatro de Chantada. Dise que as actuacións correrán a cargo do colectivo teatral Faro Miño e participarán, entre outros, Candelexas, O Bárdelo, a agrupación de teatro O Carballo, Fulano, Mengano e Citano e os anfitrións Faro-Miño.

- A. L., “Unas 3.000 personas participaron en la XII Mostra de Teatro Popular”, *El Progreso*, “Comarcas”, 25 agosto 2002, p. 15.




Faise un balance positivo desta edición da mostra, da que se destaca a afluencia de público en actuacións como a de Faro-Miño, *Arte farto*, e se lembra ás agrupacións participantes.

III[a] **Mostra** de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de **Gondomar**

Organizada por primeira vez en 1999 pola Concellería de Cultura de Gondomar, baixo o patrocinio de Caixanova e Plastic Onium, esta iniciativa enmárcase nun programa cultural que ten como obxectivo ofrecer ao pobo de Gondomar representacións de teatro e música de calidade, que dende o 2001 se diferenciou en “Mostra de Teatro de Primavera” e “Mostra de Teatro de Outono”. Conta co patrocinio da Xunta de Galicia, Caixanova e a empresa Inergy e ten como escenario o Auditorio Luís Tobío desta localidade. En 2002, a mostra de primavera celebrouse entre o 6 de abril e o 4 de maio. As compañías que participaron foron: Llu Llu Teatro con *O circo enmeigado*, Balea Branca con *Parella aberta*, Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II* e pechou esta edición o grupo Vichelocrego con *Woody Woody*. Na edición de outono, foi inaugurada o 9 de novembro por Pífano Teatro con *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os 50?*, o 16 de novembro foi Teatro do Morcego quen puxo en escena *Momo*, o día 23 Vichelocrego escenificou *Proceso en Jacobusland, fantasía xudicial en ningures*, o día 30 Máscara Producción representou *Guillados*, o 7 de decembro foi Chévere quen levou a súa estrea *Humana: o novo show de Ana Pudor*, para ser clausurada o 14 de decembro por unha segunda obra da compañía

Teatro do Morcego, *Os vellos non deben de namorarse*. Nesta edición de outono tamén se lle rendeu unha homenaxe póstuma a Roberto Vidal Bolaño. Todas as representacións tiveron lugar ás 22:00 horas cunha entrada de dous euros.




Referencias varias:

- Vicente Montejano, “Gondomar abre la Mostra de Teatro de Primavera”, *Faro de Vigo*, “Especial. Val Miñor”, 29 marzo 2002, pp. 6-8.

Amplo artigo sobre a Mostra de Teatro de Primavera de Gondomar, que abre as súas portas o día 6 de abril, no Auditorio Municipal. Anúncianse as compañías de teatro profesional de Galicia que participan: Llu Llu, Balea Branca, Fulano, Citano e Mengano, Mofa e Befa e o grupo Vichelocrego, sinalando as obras e unhas notas do seu argumento.

- A. G., “Cheiro de Estrelas’, el sábado en el auditorio ‘Luis Tobío’ de Gondomar”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 19 abril 2002, p. 23.

Anúnciase que na Mostra de Teatro de Primavera de Gondomar vai actuar a compañía Fulano, Mengano e Citano coa obra *Cheiro de Estrelas II*. Segundo os seus creadores, "a través de esta obra el espectador descubre que cada gallego es una estrella en su casa (si le dejan)".

-Vicente Montejano, "Teatro y poesía para este fin de semana en Gondomar y Baiona", *Faro de Vigo*, "Val Miñor. Especial 2002", 1 maio 2002, p. 23.

Dáse conta dos actos celebrados durante a Mostra de Teatro de Primavera de Gondomar. Coméntase que a Mostra se iniciou o 6 de abril coa participación de cinco compañías de teatro e que se clausurará o 4 de maio coa actuación do grupo Víchelocrego, que representará a obra *Woody, Woody*, baixo a dirección de Margarita Cachaza. Para rematar, alúdese ao Certame de Poesía organizado polo Concello de Baiona, no que poden participar todos os que o desexen nas súas tres categorías.

- A. G., "Clausura de la Mostra de Teatro de Primavera Gondomar", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 4 maio 2002, p. 24.

Comentario sobre a Mostra de teatro de Primavera de Gondomar que se clausurará cunha obra da compañía de teatro Vichelocrego, dirixida por Margarita Cachaza. Dise que se trata de *Woody, Woody*, unha homenaxe ao neoiorquino “disfrazado de ironía, sátira y burla que es Woody Allen”.

-A. G., “Presentan la Mostra de Teatro de Outono de Gondomar”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 20 outubro 2002, p. 21.

Faise eco do anuncio da Concellería do Concello de Gondomar da Mostra de Teatro de Outono e adianta os nomes das compañías que van participar. Tamén sinala que a partir de agora a mostra vai levar o nome de Roberto Vidal Bolaño en memoria do dramaturgo falecido.

- Alfredo Goberna, “Cultura de Gondomar inicia la Mostra de Teatro ‘Roberto Vidal Bolaño”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 9 novembro 2002, p. 23.

Infórmasenos da posta en marcha dunha nova edición da Mostra de Teatro de Outono, que segundo se nos di pasa a chamarse Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño, en homenaxe ao desparecido dramaturgo galego, a quen se lle dedicará un acto en lembranza o día 30 de novembro. Repásase a seguir o contido do programa preparado pola Concellería de Cultura de Gondomar, indicándose que van pasar polo Teatro Lois Tobío as seguintes compañías: Pífano coa obra *¿Qué pasa con las dependientas al pasar de los 50?*), Teatro Morcego con *Momo* e mais unha versión de *Os vellos non deben namorarse*), Vichelocrego con *Proceso en Jacobusland. Fantasía xudicial en ningures*, Máscara Producciónss con *Guillados* e Chévere con *HumANA*.

- Vicente Montejano, “Pífano abre la Mostra de Teatro de Otoño”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, 9 novembro 2002, pp. 6-7.




Comenta Montejano que coa comedia *¿Qué pasa con las dependientas al pasar de los 50?* da compañía Pífano se dá inicio á Mostra de Teatro de Outono (agora baixo o título de Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño), organizada polo Concello de Gondomar. Sinala que a presente edición do certame serve de homenaxe ao dramaturgo e actor galego

recentemente finado que lle dá nome, e que o programa deste ano é “extraordinario”. Pasa despois a enumerar e describir cada unha das obras e compañías que van pasar pola Mostra para alén da posta en escena inaugural xa mencionada: Teatro Morcego representará *Momo* (baseada na novela homónima de Michael Ende), Grupo Vichelocrego levará ao escenario *Proceso en Jacobusland. Fantasía xudicial en ningures* (adaptación da peza escrita por Blanco Amor), Máscara Producciónss presentará *Guillados* (sobre un orixinal en castelán de Alonso de Santos), Chévere porá en escena *HumANA: o novo shou de Ana Pudor* (producción propia) e xa na clausura da Mostra actuarán de novo Teatro Morcego versionando o clásico de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*. Menciónase tamén que o día 30 de novembro, antes de comezar a sesión de Máscara Producciónss, terá lugar un recoñecemento a Vidal Bolaño coa presencia da súa viúva. Toda esta información vai acompañada de fotografías.




- A. G., “Os vellos non deben namorarse’ cierra la Mostra de Gondomar”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, 14 decembro 2002, p. 36.

Faise eco da clausura da Mostra de Teatro de Gondomar Roberto Vidal Bodaño co clásico *Os vellos non deben namorarse* de Castelao, na versión que Celso Parada preparou para Teatro de Morcego, resumindo o seu argumento. O evento foi organizado pola Concellería de Cultura de Gondomar.

IIª **Mostra** de teatro afeccionado **Laxeteatro**

Organizada por primeira vez en 2001 pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe, naceu con carácter competitivo para fomentar a arte escénica no municipio. Na edición de 2002 celebrouse entre o venres 25 de outubro e o domingo 3 de novembro no Salón Municipal do Concello de Laxe. Os grupos afeccionados participantes foron: a Aula de Teatro de Pontevedra coa peza *O mellor dos mundos*, Teatro Atlántida con *O segredo das mulleres*, Teatro o Carballo con *O rei nu*. O primeiro premio (dotado con 750 €) foi para *O mellor dos mundos*, o de mellor actor e mellor actriz foron para os integrantes da Aula de Teatro de Pontevedra, Xabier Cerdeira e Sonia Abollo. O segundo premio deste certame foi para Teatro Atlántida coa peza *O segredo das mulleres* e o terceiro para Teatro o Carballo con *O rei nu*.

IIª **Mostra** de teatro clásico de **Lugo**

Organizada por primeira vez en 2001 polo Concello de Lugo, no ano 2002 contou coa colaboración de Achádego Teatro e o patrocinio nalgunha das súas obras da Fundación Caixa Galicia. Celebrouse do 14 ao 20 de xaneiro en sesións que se levaron a cabo ás 20:30 horas no Auditorio Municipal "Gustavo Freire" e no Centro Social Municipal "Uxío Novoneyra". As compañías participantes foron Teatro Corsario de Valladolid, Teatro Meridional e Atryl Producciónes, ambas de Madrid, Teatro del Norte de Asturias, Corrales de Comedias de Ciudad Real e, como representante galega, Achádego Teatro que representou a peza *A tempestade*, de Shakespeare.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "Infortunio", *El Progreso*, "Mostra de Teatro", 20 xaneiro 2002, p. 75.

Crítica sobre a representación, por parte de Achádego Teatro de Lugo, da obra *A tempestade*, baseada nun texto de Shakespeare. A articulista comenta que a adaptación

levada a cabo por Achádego Teatro ten “un ritmo excesivamente lento que provocó pesadez en el espectador, aunque ésta se compensó gracias a las escenas protagonizadas por los dos cómicos, Trínculo y Estevo”. Engade, por último, que nin os “momentos estelares de Ariel”, nin as achegas das bailarinas conseguiron que a obra cobrase vida.




- Roberto Angulo, “La programación cultural en Lugo, ¿es mejorable?”, *El Progreso*, “Gente”, 10 marzo 2002, p. 2.

Ver Festival de Teatro Grecolatino neste apartado do *Informe*.





Iª **Mostra** “Teatro en Galicia” de **Lugo**

Celebrada por primeira vez no ano 2002, está organizada pola Área de Benestar Social da Concellería de Cultura e Educación do Concello de Lugo. Tivo lugar entre o 22 e o 26 de abril en sesións que comezaron ás 20.30 horas e que tiveron lugar no Auditorio Municipal Gustavo Freire e no Centro Social Municipal Uxío Novoneyra. As compañías participantes foron: o luns 22 de abril inaugurou a Companhia Internacional de Teatro Arte Livre coa peza *Isadora Duncan*; o martes día 23 actuou Sarabela Teatro con *Romance de Micomicón a Edhelala*; o mércores 24 foi Volta e Dálle Teatro con *¡Furga garabela!*, para o xoves 25 deixar lugar a Teatro Maltés con *Fillo do rigor*, e pechou as actuacións da semana Nove-Dous con *Rexurdimento: Coplas de cego* que subiu ás táboas o venres 26 de abril.

Referencias varias:

- Roberto Angulo, “La programación cultural en Lugo, ¿es mejorable?”, *El Progreso*, “Gente”, 10 marzo 2002, p. 2.

Ver Festival de Teatro Grecolatino neste apartado do *Informe*.

III**ª Mostra** “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de **Palas de Rei**

Organizada polo Grupo Metátese tenta mostrar o traballo dos grupos afeccionados galegos e foráneos que participan en cada edición. No ano 2002 celebrouse entre os días 3 e 11 de agosto de 2002 na Casa da Cultura desta localidade luguesa. Abriuse co grupo palentino Lapus Teatro que representou *Agnus Dei*, o día 4 actuou o Grupo de Teatro da Asociación de Amas de Casa de Palas de Rei que escenificou *A tía Lambida* e *O achado do castro*. O luns día 5 actuou o Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla que puxo en escena *A cantante calva*, o martes día 6 actuou o Grupo de Teatro Falcatrueiros de Monterroso con *Tócaa outra vez Sam* . O mércores 7 a mostra homenaxeou á terceira idade coa participación do Grupo Xeito, do Centro Social de Xinzo de Limia, que representou a adaptación de *Le medicin malgré*, de Molière. O xoves día 8 foi o Grupo de Teatro Berenguela da Baña o que puxo en escena *A casa de Bernarda Alba*, o venres 9 foi Teatro A Machina de Ferrol o que representou *Arte*. O sábado 10 foi o grupo valenciano Comarcal 234 o que representou *Las señoritas de Siam*, mentres que o día 11 o grupo organizador Metátese, representou a súa estrea *Vesania*. Nesta terceira mostra tamén se fixo entrega do Iº Premio Mácara, co que se recoñeceu a traxectoria do actor de Sarabela Teatro, Fernando

Dacosta, que comezou o seu labor no teatro afeccionado e con el segue na Aula de Teatro do Campus de Ourense ou coa organización da Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario (MITEU).




Referencias varias:

-Ángel V. A., “No sólo de fiestas vive la cultura”, *El Progreso*, “De actualidad”, 8 agosto 2002, p. 80.

Refírese a algunhas novas relacionadas coa provincia de Lugo, que no referido á literatura galega son a celebración das xornadas “Mar por medio” en Ribadeo e a entrega do premio “Mácara” ao actor Fernando Dacosta na Mostra de Teatro Afeccionado de Palas de Rei.

-Inma López Silva, “III Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 18 agosto 2002, p. 3.

Tras censurar o “ermo teatral que é Santiago en agosto”, alude á celebración da terceira edición da Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei, que considera moi útil e necesaria para a promoción deste tipo de teatro afeccionado. Infórmanos de que foron nove as compañías que pasaron polos escenarios da mencionada vila lucense, e de que no acto inaugural entregouse un premio ao actor Fernando Dacosta. Comenta para rematar a peza *Vesania*, crítica alegórica coa que Metátese Teatro clausurou o evento.

Iª **Mostra** de teatro afeccionado de **Poio**

Organizada por primeira vez pola Concellería de Asuntos Sociais do Concello de Poio, busca a promoción das artes escénicas no municipio. Ten como escenario o salón do Centro Social da Casa Rosada. Celebrouse durante os meses de marzo, abril e maio, sendo inaugurada o día 3 de marzo polo grupo Avante de Sanxenxo con *Historia de María atrapada* e *Casados de pouco*, ao que lle seguiron Fonte da Tella con *O achado do castro*, a Asociación de Mulleres de Moaña con *Pic-nic*, o grupo Expresión con *Queridos Reis Magos*,
o grupo Casa da Bola de Cangas con *Sala de espera*, a Mimosa de Monte Porreiro con *Pánico en casa Pepe* e pechou a mostra o grupo do Centro de Servicios Sociais de Poio con *Triste chegada*.

Referencias varias:

-Chus Gómez, “Poio, coas artes escénicas a través da I Mostra de Teatro Afeccionado”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 23 marzo 2002, p. 20.

Infórmase da celebración da Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Poio, para conmemorar o Día Internacional do Teatro. Dise cales son algúns dos grupos participantes, entre os que cita a Fonte da Tella de Soutomaior, a Asociación de Mulleres de Moaña, o grupo pontevedrés A Mimosa ou o do Centro de Servicios Sociais de Poio.

-M. I., “Tempo de teatro continúa su programación en el Centro Social”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 12 abril 2002, p. 18.

Alúdese á celebración da Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Poio, na que participaron, entre outros, os seguintes grupos teatrais: Casa da Bola, de Cangas do Morrazo, coa obra *Sala de espera*; o grupo A Mimosa, de Monte Porreiro, con *Pánico en Casa Pepe* ou o grupo de teatro do Centro de Servicios Sociais de Poio, con *Triste chegada*.

-M. I., “Teatro y perfumes artesanales en el Centro Social”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra//Poio”, 21 abril 2002, p. 18.

Nota na que ademais doutras actividades celebradas no Centro de Servicios Sociais da Casa Rosada, tamén dá conta da posta en escena da peza *Pánico en Casa Pepe*, a cargo do grupo de teatro afeccionado A Mimosa.

III[a] **Mostra** de teatro afeccionado das **Pontes**

Organizada polo grupo Amigos do Teatro, está patrocinada polo concello Pontés e celébrase ao longo do mes de marzo. As actuacións desenvólvense ás 20:00 horas no auditorio da Casa Dopeso. Nesta terceira convocatoria participaron: O Bordelo con *Cambadelas*, Candelexas con *Cando os bancos falan*, Amistad con *A lebre das ánimas/A medosa Blandina* e pecha a mostra o grupo anfitrión, Amigos do Teatro, con *O pauto do demo*.

IXª **Mostra** de teatro afeccionado de **Pontevedra**

Organizada polo Concello de Pontevedra e a Coordinadora de Teatro desta cidade dende hai nove anos. No ano 2002 celebrouse entre o 24 e o 30 de setembro no Teatro Principal desta cidade, con funcións ás 21:30 horas. Os grupos participantes foron os seguintes: A Mimosa con *Amores e desamores de Micomicón e Adelala*, Etrunoia con *Destino dun idiota*, Expresión con *A casa de Bernarda Alba*, Arume con *Menciñeiro á forza*, Xenio con *O ferreiro de Satán*, a Aula de Teatro Municipal con *O mellor dos mundos* e Quarto Escuro, que pechou a mostra, con *Eu son un Ser normal*.

XVIII[a] **Mostra** internacional de teatro de **Ribadavia**

Baixo a organización do Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellería de Cultura, está dirixida por Rubén García, tendo como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo as rúas e outras prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na vindeira edición. Na edición de 2002 celebrouse entre o 19 e o 25 de xullo,foi inaugurada por Luís Álvarez Pousa, xornalista e profesor que leu o pregón. Participaron vinte compañías de toda España, de entre as que catro eran galegas: Eme 2 con *Malicia*, Artello alla scala 1:5 con *Amadís de Algures*, Teatro do Noroeste con *Campo Sur* e Nordesía Producciónss con *Un país de comedia*. Nesta edición o Premio de Honra "Abrente" foi concedido a Rosa Álvarez e a Ernesto Chao, pola súa vinculación con Abrente e a súa traxectoria profesional. O premio do público foi para o espectáculo *Bar de lágrimas*, da compañía andaluza Los Ulen. Como actividades paralelas celebrouse unha mostra na que

se percorreu a historia deste evento e tamén se levou a cabo a presentación da obra *Un abrente teatral* (2002), de Dolores Vilavedra e Inma López Silva.




Referencias varias:

- M. Macía, “Teatro de luxo con orzamento de saldo”, *La Región*, “Festival”, 19 maio 2002, p. 69.

Infórmase dos distintos proxectos e espectáculos que terán lugar na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Entre outros, destacan unha exposición que percorra os dezaoito anos da citada Mostra, a presentación dun libro sobre o teatro ou unha mesa redonda.

- Carmen Paradela, “El cartel de la Mostra de Teatro de Ribadavia recuerda sus orígenes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 22 xuño 2002, p. 11.

Anúnciase que o cartel promocional da XVIIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia presenta un xogo de imaxes creado a través das seis letras da palabra teatro e que este certame terá lugar entre os días 19 e 25 de xullo na capital do Ribeiro.

-Carmen Paradela, “La Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia ofrecerá 15 estrenos en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xullo 2002, p. 26.

Sucinto comentario sobre a celebración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, quese inaugurou o día 19 de xullo cun pregón a cargo do xornalista e profesor Luis Álvarez Pousa. A seguir, afírmase que na Mostra tiveron lugar vintecatro representacións, catro delas dedicadas ao público infantil. Para rematar, cítanse algunhas das compañías que participaron na citada Mostra como Iguana Teatre, de Baleares; Teatro do Pronto, de Cataluña; Producciones Imperdiábels, de Andalucía; Joey Joey, de Estados Unidos; Versisseurs, de Francia; Guixot de 8, de Cataluña ou Albena Teatre, de Valencia, entre outras moitas.

-S. P., “Veinte compañías harán la Mostra deRibadavia”, *La Región*, “Ourense”, 5 xullo 2002, p. 10.

Infórmase da celebración da XVIII[ª] Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, entre os días 19 e 25 de xullo de 2002. Trátase dun acontecemento de carácter anual que reúne a vinte compañías teatrais, catro estranxeiras, catro galegas e as outras doce de distintas comunidades autónomas. A seguir, o coordinador da Mostra, Rubén García, afirma que este ano lle prestarán unha atención especial ao público infantil, con catro espectáculos.

-Gonzalo Gay, “Mostra de Teatro de Ribadavia: siete días a toda escena”, *La Región*, “Verano al sol”, 19 xullo 2002, p. 22.

Repaso ao cartel que configura a décimo oitava edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, no que se comeza salientando a “maioría de idade” que acada esta mostra. Repásanse as actuacións do día e destácanse as estreas absolutas das compañías galegas Eme 2, Artello alla Scala e Teatro do Noroeste.

- Camilo Franco, “Teatro: capital, Ribadavia”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 20 xullo 2002, p. 2.

Achega algunhas das obras que se van representar na mostra de teatro, segundo o seu xénero. Así, destaca o humor e a capacidade de facer reflexionar ao espectador de pezas como *Bar de lágrimas* ou *O país da comedia*; a seriedade de *Miguel Hernández*, de Teatro Meridional, ou as montaxes dirixidas aos máis pequenos como *Amadís de Algures*, para rematar coas estreas de *Malicia* e *Campo Sur*.

- Xosé Manoel Rodríguez, “Luís Álvarez Pousa: o teatro é a máis social das artes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 20 xullo 2002, p. 5.

Coméntase que Luís Álvarez Pousa foi o pregoeiro da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2002 no que loou a supervivencia deste certame e anúnciase que a representación galega de hoxe correrá a cargo de Eme coa montaxe *Malicia*.

- Xosé Manuel Rodríguez, “Un espectáculo de animación abriu a Mostra de Teatro de Ribadavia”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 20 xullo 2002, p. 56.

Ademais de referirse á posta en escena da compañía catalana Teatro de Pronto, taménalude ao pregón do xornalista Luís Álvarez Pousa e ao compromiso da subdirectora do Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais de axudar a esta mostra polo seu carácter de "foro teatral de Galicia".

- EFE, "Ribadavia vuelve a ser la capital del teatro gallego", *El Correo Gallego*, "Cultura", 21 xullo 2002, p. 68.

Faise eco dos actos celebrados na xornada inaugural da Mostra de Teatro de Ribadavia, dos que destaca o pregón do xornalista Álvarez Pousa, no que se referiu ás figuras deErnesto Chao e Rosa Álvarez, ambos premio de Honor Abrente nesta edición. Do mesmo xeito, tamén recolle as palabras do alcalde nas que destacou a maioría de idade que acada este evento e o apoio ofrecido pola subdirectora do INAEM.

- Elena Rojo, "Arriba el telón", *La Región*, "Verano al sol", 21 xullo 2002, p. 21.




Nota de reflexión sobre a influencia positiva que exerce o teatro no público, enmarcado na Mostra de Teatro de Ribadavia e nas actuacións do día.

-Inma López Silva, “A chegada do verán e o remate da temporada escénica”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 21 xullo 2002, p. 3.

Ver XVª Mostra de teatro de Cee neste apartado do *Informe*.

- X. M. R., “A Mostra de Ribadavia acolleu a estrea absoluta de ‘Malicia”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 21 xullo 2002, p. 71.

Infórmasenos de que a compañía Eme 2 estreou en primicia absoluta a peza *Malicia*, no marco da décimo oitava edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Enuméranse tamén outras estreas acontecidas recentemente ou previstas para ese mesmo día dentro do citado certame, entre as cales, *Amadis de Algures* de Artello alla Scala 1:5. Faise referencia, por fin, e en columna á parte, ao compromiso por parte do Ministerio de

Cultura de apoiar economicamente este evento, tal e como foi expresado pola subdirectora do Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais na súa pasaxe por Ribadavia.




- Sabela Pinal, “El público encantado”, *La Región*, “Verano al sol”, 22 xullo 2002, p. 14.

Incluída na páxina na que se fai un resumo da xornada do día anterior da Mostra de Teatro, nesta nota salienta o apoio que o público mostra ano a ano ao teatro que se leva a cabo nesta vila ourensá.

- José Pérez Iglesias, “Prestixo constatado”, *La Región*, “Verano al sol”, 24 xullo 2002, p. 19.

Nota de prensa do alcalde de Ribadavia na que sinala que o programa da actual edición da Mostra de Teatro é o máis completo dos que lembra. Destaca que este evento dinamiza a vila e que se nota que acadou “a madurez necesaria para ser valorada por todos”. Ademais de sinalar como positivo a presencia da subdirectora do INAEM, tamén pide apoios ás institucións e á iniciativa privada para o teatro.

- Ernesto Chao, “O profeta na terra”, *La Región*, “Verano al sol”, 25 xullo 2002, p. 27.

Alude o actor ao nerviosismo que sente cando actúa en Ribadavia, aínda que lle resulta agradábel. Nesta ocasión sente moita emoción por ser galardoado co Premio Abrente, considerado máis que un premio por ter sido un dos fundadores desta asociación.

- Lolín Lira Pousa, “El teatro en Ribadavia”, *La Región*, “De paso”, 25 xullo 2002, p. 18.

Fixándose na exposición conmemorativa da maioría de idade da Mostra Internacional de Ribadavia, lembra a presencia nela ao longo dos dezaoito anos de existencia de persoeiros e compañías de renome internacional no mundo do teatro. Lembra tamén o precedente que supuxeron as “Mostras e Concursos de Obras Teatrais en galego” dos anos setenta organizadas pola Asociación Abrente. Remata sinalando que dende hai tres anos se vén entregando o Premio de Honra Abrente, que neste ano se lle concederá a Ernesto Chao eRosa Álvarez, membros da asociación Abrente.

- Xosé Manoel Rodríguez, “Ribadavia pecha a Mostra con teatro de rúa e a obra ‘Miguel Hernández”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 25 xullo 2002, p. 5.

Dá conta da apresentación do libro *Un abrente teatral* en Ribadavia, e sinala asemade que a derradeira xornada desta mostra estará marcada polas homenaxes –a Rosa Álvarez e Ernesto Chao– e pola entrega do III.º premio de honra Abrente.

- Mónica Macía, “O futuro soñado”, *La Región*, “Verano al sol”, 26 xullo 2002, p. 18.




Balance, concluída esta edición da Mostra, da boa acollida que dende hai anos lle dispensa o público ao teatro nesta vila. Recomenda que, unha vez rematada, se reflexione sobre as pezas vistas, e afirma que o futuro da mostra ten que pasar por acadar máis apoios económicos para asegurar a súa continuidade e calidade.

-Xosé Manoel Rodríguez, "*O país da comedia* rebentou a Mostra", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 26 xullo 2002, p. 5.





Informa de que a montaxe *O país da comedia* dinamitou as previsións da organización ao reunir no castelo de Ribadavia a máis de mil cen persoas, e indícase que o premio de votación do público desta edición recaeu na montaxe *Bar de lágrimas* do grupo andaluz Los Ulén.

-Inma López Silva, "18ª Mostra Internacional de Teatro: Ribadavia", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 4 agosto 2002, p. 3.

Artigo que se centra en describir e resaltar a importancia da XVIIIª edición da MIT de Ribadavia. Subliña que a presencia galega neste certame foi bastante baixa e mais afirma que Ribadavia é a vila galega que ten "unha tradición teatral máis asentada".

-Paz Castro, "Ribadavia en escena", *Tempos Novos*, nº 63, "Voces e Culturas. Crítica", "Teatro", agosto 2002, pp. 66-67.

Achega unha aproximación crítica aos tres primeiros días da Mostra de Teatro de Ribadavia deste ano. Alude aos distintos espectáculos e salienta que a " innovación, a experimentación

formal e mesmo a renovación dos repertorios argumentais están en retroceso". Asemade, apunta que o festival centrou gran parte do seu interese no teatro infantil. Por outro lado, tendo en conta o programa, observa o peso do "teatro realista e dun certo compromiso social". Finaliza destacando a relevancia destas xornadas teatrais e deséxalle "longa vida".




- Rubén García, “XVIII Mostra Internacional de teatro de Ribadavia”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 64, “Teatro”, agosto 2002, pp. 30-33.

Da man do director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia debúllase a súa XVIIIª edición. Sinala que ficou satisfeito mais sen triunfalismo, destaca que contou cun orzamento irrisorio, debido á case nula implicación das institucións, e subliña que esta mostra teatral debe ter a repercusión que merece debido á súa historia.

-Inma López Silva, “Reflexiones en torno a la Mostra de Ribadavia”, *Primer Acto*, nº 295, “Autonomías. Galicia”, outubro-novembro 2002, pp. 123-125.

Salienta que a décimo oitava edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) é a máis veterana das citas teatrais en Galicia, e que este ano rendeu homenaxe aos tempos da Asociación Abrente, xa que no 2003 se cumpren trinta anos da fundación do teatro galego contemporáneo e vintecinco do teatro profesional en Galicia. Comenta cómo para anunciar esa efeméride se presentou o libro *Un abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*. Por outro lado, destaca que esta mostra é un referente para a existencia dun movemento teatral autóctono, e pon de relevo o labor do director, destacando o seu bo aproveitamento dos espectáculos de rúa. Ademais disto, comenta algunhas das actuacións subliñando a importante cota de teatro infantil das tardes a cargo de grupos de fóra de Galicia, así como a reducida presencia galega no resto de espectáculos. A propósito destes últimos, dedica unhas palabras á estrea de Eme-2 titulada *Malicia*, obra feminina en canto ao tema, a autoría, a interpretación e a dirección. Outra das obras comentadas é *Campo sur* de Teatro do Noroeste, coa que a actriz Elina Luaces debuta na dirección. Refírese ademais ao espectáculo de humor *Un país de comedia*, no que participan distintos actores, e remata desexando que continúe esta Mostra na que o mundo chega a Galicia e a "Profesión" ve mundo.

-Rubén García, “XVIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, outono 2002, pp. 11-12.

Balance do director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, no que salienta a satisfacción polos resultados acadados malia os atrancos orzamentarios. Sinala que estiveron presentes vinte compañías, das que once fixeron estrea en Galicia e ofrece algúns dos datos máis relevantes da mostra. Evoca o seu comezo en 1973 e a continuidade do espírito co que naceu esta iniciativa. Expresa os obxectivos de mellora que se perseguen,alude ao pregón de Luís Álvarez Pousa e ao ton reivindicativo deste respecto do papel do teatro como “fogo purificador e subversivo”. Remata lembrando os premios Abrente, querecaeron en Rosa Álvarez e Ernesto Chao, e o do público que foi para a compañía andaluza Los Ulen.

VIIIª **Mostra** de teatro de **Ribeira**

Organizada pola Concellería de Cultura e Xuventude do Concello de Ribeira coa colaboración da Deputación da Coruña e a Fundación Caixanova, vense celebrando dende o ano 1995 de xeito ininterrompido durante os meses de outubro e decembro de cada ano. Na edición de 2002 comezou o 28 de setembro coa actuación do Grupo Municipal de Ribeira que representou *Por nosotras*, seguiu o 4 de outubro con *A morte e a doncela* da Compañía Librescena, o 11 de outubro foi *O tremoeiro* do Grupo afeccionado Candelexas, o 18 de outubro *Cousas de mulleres* de Os sete magníficos máis un, o día 20 representouse *A conxura dos necios* de Sarabela Teatro, o 25 *Comida* do grupo profesional Teatro Mutante, ao que lle seguiu o 8 de novembro Teatro do Adro con *Binomio de Newton*, o 15 de novembro Teatro da Lúa con *A longa agonía das centolas*, o 22 deste mes volveu actuar o Grupo Municipal de Ribeira e pechou a mostra a compañía Rara Avis coa peza *Baby Boom no paraíso* o día 29 de novembro.

III[a] **Mostra** de teatro universitario da Universidade de **Santiago de Compostela**

Organizada pola Universidade de Santiago de Compostela, baixo a coordinación da Aula de Teatro da USC e coa producción do Vicerrectorado de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria, naceu coa vontade de ser un referente para a posta en escena dos grupos de teatro de carácter universitario de toda Galicia. Na edición de 2002 celebrouse entre os días 20 e 30 de abril e tivo como escenarios o Auditorio da Universidade, o Salón Teatro e a Sala Nasa. Os grupos participantes foron: English Theater Group con *Traballos de amor perdidos*, Comité pro autores perseguidos con *Silencios de guerra*, Aula de Teatro do Campus de Lugo con *Europa*, Madialeva con *As pulgas nunca dormen*, Caleac Teatro con *Hedera*, Eis con *Fando e Lis*, Cadáver Exquisito con *Saír con Sidney Potier*, Hac Luce con *Vida e obra de Tantotén*, Ápeiron con *A negra do señor*, Maricastaña *Fahrenheit 451*, Captatio Benevolentiae con *Historias de clowm* e Fatuati con *Nihilo tempore (dramedia de ningún tempo)*.

Referencias varias:

- R. S., “Santiago amosa a versatilidade do teatro universitario galego cun terceiro festival”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 25 abril 2002, p. 9.

Alúdese á IIIª edición da Mostra de Teatro Universitario, organizada pola Universidade de Santiago de Compostela. Faise referencia á obra *Vida e obra de Tantotén*, da man dos alumnos e alumnas da Aula de Teatro da Coruña. Trátase dunha “proposta aberta polo humor no escenario, incluso con doses do teatro absurdo ás veces e cun protagonista en constante cambio”.

VIª **Mostra** de teatro afeccionado de **Sanxenxo**

Naceu no ano 1997 e celebrouse na primavera organizada pola Asociación de Prevención e Loita contra a Droga Avante, coa colaboración do Ministerio de Asuntos Sociais, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e o Concello de Sanxenxo. Esta iniciativa enmárcase dentro do Programa de Prevención de Drogodependencias, no ámbito do lecer e o tempo libre que a Asociación Avante puxo en marcha hai seis anos. No 2002 celebrouse entre o 19 e o 27 de xuño no Multiusos de Portonovo, inaugurada como en edicións anteriores polo grupo O Tarabelo con *O menciñeiro a paus*, levándose a cabo en días sucesivos as actuacións tamén de Teatro do Mar do IES de Vilalonga coas pezas *Salaios dunha vella labrega*, *Os contos da miña avoa* e *A tía Lambida*, o grupo de teatro do Centro Social de Poio con *Triste chegada*, o grupo Aturuxo da Sociedade Cultural O Castro de Baión-Vilanova con *A familia sempre unida*, o grupo de expresión xuvenil do IES Francisco Asorey de Cambados con *O medallón do emperador*, e clausurou esta mostra o grupo da Asociación Avante con *Tics* e *Apertas*. Todas as actuacións tiveron lugar ás 21:00 horas cunha entrada de 2 euros.

Referencias varias:

- Adrián Rodríguez, “La ‘Mostra de teatro afeccionado subirá el telón este miércoles”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Sanxenxo”, 16 xuño 2002, p. 23.

Nota sobre a celebración da Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo, na que anuncia a participación de grupos como O Tarabelo, Teatro do mar do IES de Vilalonga ou a agrupación do Centro Social de Poio, ademais do grupo Aturuxo, o Expresión Xuvenil do IES Francisco Asorey de Cambados ou o da Asociación Avante.

IV[a] **Mostra** internacional de teatro universitario da **Universidade de Vigo**

Promovida polo Instituto das Artes Escénicas e Musicais, está organizada pola Compañía Teatro de Ningures, co patrocinio do Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo e conta coa colaboración da Facultade de Belas Artes, do Concello de Pontevedra e Caixanova. Está coordinada no Campus de Pontevedra por Casilda García Alfaro e no de Vigo por Salvador del Río. As pretensións desta mostra son as de dar a coñecer o teatro a nivel universitario que se fai nos campus de Pontevedra e de Vigo, á vez que busca fomentar a formación dos alumnos das aulas de teatro universitarias e favorecer o seu contacto con outras agrupacións teatrais. Na edición de 2002 tivo lugar entre o 22 e o 27 de abril no Campus de Pontevedra, mentres que no de Vigo se celebrou entre o 13 e o 16 de maio. Tivo como escenario o Auditorio de Caixanova de ambas cidades, participando na cidade do Lérez os grupos: Pimpiriflauta de Chile, Morgana Teatre das Illas Baleares, Eis de Santiago con *Fando e Lis*, o grupo da Universidade de Extremadura e pechou o grupo Teatre de Pontevedra con *A balada do cárcere de Circe*. Pola súa parte, as actuacións en Vigo estiveron a cargo da Aula de teatro do Campus de Lugo con *Europa*, o Grupo La Vuelta de México, Maricastaña con *Fahrenheit 451*, Caleac Teatro da Universidade de Santiago de

Compostela con *Hedera*, Hac Luce da Universidade da Coruña con *Vida e obra de Tantotén* e clausurou a edición de Vigo Teatro Espido desta cidade con *Roberto Zucco*.




Referencias varias:

-B. L., “Seis representacións compoñen a IV Mostra de Teatro Universitario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí / Cultura”, 20 abril 2002, p. 68.

Dáse conta do acto de presentación da IVª Mostra de Teatro Universitario de Vigo, da que adianta as datas e nomea aos membros da organización presentes no acto. Sinala os obxectivos cos que naceu esta iniciativa, as actuacións dos diferentes grupos e as súas datas, ademais de anunciar tamén a próxima celebración da Mostra de Teatro de ensino secundario do Morrazo, da que adianta algunhas actuacións e datas.

- Belén López, “Adquirindo ‘tablas’ en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 abril 2002, p. 70.

Comentario sobre a IVª Mostra de Teatro Universitario de Pontevedra, na que interviron os chilenos Pimpiriflauta e os vigueses de Teatro Espido. Deste xeito, coméntase que Pimpiriflauta representou *Eteu* e Teatro Espido *Roberto Zucco*, de Bernard Marie Koltés, "unha obra sobre un 'anxo da morte', aparentemente sen moral, pero que en realidade é unha criatura poética, filosófica e que resulta moi cercana".

- B. L., "A última balada foi a dos anfitrións", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 27 abril 2002, p. 69.

Fai referencia á IVª Mostra de Teatro Universitario do Campus de Pontevedra, que se pechou coa obra *A balada do cárcere de Circe*, da man da Aula Teatre e baixo a dirección de Fran Paredes e Santiago Cortegoso, quen afirma que a obra "é unha reflexión crítica sobre a xente que está no cárcere. Non son máis que víctimas da sociedade".

- T. D. F., "IVª Mostra Internacional de Teatro Universitario", *Atlántico Diario*, "Universidade", 16 maio 2002, p. 37.




Informa da celebración da IVª Mostra Internacional de Teatro Universitario, no Centro Cultural Caixanova de Vigo, na que van participar a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Querétaro de México e a Universidade de Vigo. Cita, así mesmo, as obras que van representar estas agrupacións.

Vª **Mostra** de teatro de **Vilanova de Arousa**

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Vilanova de Arousa, que a partir desta edición conta con novidades de contido e organización, como a entrada do Concello na programación do IGAEM, o que lle dá a posibilidade de contar con espectáculos periodicamente que entran no circuíto galego, na edición de 2002 celebrouse na Casa de Cultura do Esteiro con entrada gratuíta. Inaugurada o 4 de xullo coa obra de Valle-Inclán, *Los cuernos de Don Friolera*, a cargo de Bartoleta Teatro, contou coas actuacións tamén de Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*, Llu LLu Teatro con *O circo enmeigado*, Pífano Teatro con *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os 50?* e Nove-Dous con *Historias mínimas*.

Referencias varias:

- Fernando Salgado, “Valle-Inclán sale a escena en Vilanova”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán. Cultura”, 4 xullo 2002, p. 60.

Ademais de dar conta da posta en escena da obra de Valle-Inclán, tamén adianta, en recadro á parte, outras actuacións de compañías galegas como Fulano, Mengano e Cítano, Pífano Teatro ou Nove-Dous, presentes nesta edición da Mostra de Teatro de Vilanova de Arousa.

XV[as] **Noites teatrais** do Pazo de **Vilamarín**

Organizadas pola área de Cultura do Concello de Vilamarín en colaboración con Caixanova, a Consellería de Cultura e a Deputación Provincial de Ourense. Na edición de 2002 celebráronse entre o 15 e o 18 de xullo e nelas participaron o grupo teatral carballinés Tiruleque con *Mil pesos para Carmiña*, Teatro de Ningures con *Fausto*, Muxicas ONCE con *O círculo vicioso* e Fulano, Mengano e Citano con *Cheiro de estrelas II*. Todas as representacións leváronse a cabo no Pazo de Vilamarín a partir das 21:30 horas e con entrada libre.

Outono teatral do **Carballiño**

Despois da desaparición en 2000 do Festival do Teatro Galego que durante quince anos tiña organizado a Asociación Cultural Orballo, o Concello do Carballiño organizou durante dúas edicións unhas xornadas de teatro de rúa, que neste ano 2002 xa non se celebraron. No lugar destas, e coa entrada do Concello carballinés na Rede Galega de Teatros e Auditorios, tiveron lugar catro representacións que levan por nome “Outono Teatral”, nas que participaron as compañías Teatro de Ningures con *Fausto* o día 15 de novembro; Teatro do Adro con *Binomio de Newton* o 22 de novembro e Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse* o 29 de novembro, ademais da catalana Producciones Micomicón que representou *Atra Bilis* o día 6 de decembro.

Sábados teatrais de **Narón**

Organizados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do IGAEM e da Deputación da Coruña, celébranse no Auditorio Municipal de Narón durante os meses de xaneiro a abril, continuando logo a partir de setembro e ata decembro, cunha sesión semanal. A entrada é de catro euros para os adultos e dous para os menores, aínda que se puxo a disposición do público un abono para dez sesións por 28€. No ano 2002 actuaron as compañías galegas: Matarile Teatro con *The queen is dead*, Teatro do Adro con *Binomio de Newton*, Teatro de Ningures con *Tic Tac*, Nordesía Producciónss con *Eliana en Ardentía*, Teatro do Aquí con *Animaliños*, Teatro do Atlántico con *Pervertimento*, Monicreques de Kukas con *Anxélica no ombral do ceio*, Bucanero con *Jánsel e Pónsel*, Títeres Cachirulo con *Artur e a abominable dama*, Matarile Teatro con *A brazo partido*, Factoría Teatro con *Coitelos nas galiñas*, Monicreques de Kukas con *Xan Trapallas* e Teatro do Morcego con *Momo*.

Referencias varias:

- X. T., “Luciano Fernández, único galego nun foro internacional das artes escénicas”, *Diario de Ferrol*, “La entrevista del día”, 21 marzo 2002, p. 24.

Conversa co director técnico do Padroado da Cultura do Concello de Narón, Luciano Fernández, na que responde a cuestións como o interese que espertou na revista *Ubú* a experiencia dos Sábados Teatrais de Narón. Tamén se refire ao convite ao foro internacional que se celebra en Sitges, no que se tenta conseguir que o Parlamento europeo promulgue unha lei que regule todo o relacionado coas artes escénicas, fundamentalmente no que respecta ao teatro e á danza. A continuación, alude aos cambios promovidos polo Padroado da Cultura de Narón dende a súa chegada á dirección hai dezaseis anos, e remata sinalando que Narón precisa dun “teatro de verdade, cun escenario que dea cobertura a todo tipo de espectáculos relacionados coas máis diversas manifestacións das artes escénicas, sen limitación algunha”.

Sala Nasa

Creada en 1992 co nome de Nave de Servicios Artísticos (NASA), é unha sala alternativa na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e xornadas audiovisuais. Durante o ano 2002 continuou coas actividades que veñen sendo habituais nos últimos anos como a organización do Festival Alternativa 2002 e das Curtas de teatro galego xunto coa Sala Galán, ademais das programacións de "Asteroide B-612" ou as "Ultranoites". Para conmemorar o décimo aniversario a súa compañía estábel, Chévere, decidiu rescatar unha das primeiras obras que levaran a escena, *Río bravo*, e actualizala.

Referencias varias:

- C. P., "A Compañía Chévere abre esta noite a nova singladura artística da Sala Nasa", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 xaneiro 2002, p. 10.

Coméntase, brevemente, a inauguración dunha nova singradura da Sala Nasa compostelá, coa presentación da obra *O navegante*, da man do grupo Chévere. A seguir, anúnciase a

presencia, en Santiago, de dúas compañías portuguesas: Teatro Art'Imagem, que estrea en España *Rei Ubú*, e Trigo Limpo, coa obra *Sexo? Sim obrigado*, unha versión de Darío Fo e Franca Rame dun manual de terapia sexual. A continuación, cítanse outros espectáculos que se representarán na Sala Nasa como "Asteroide b-612", para o público infantil; as "Ultranoite" dos sábados; as denominadas "Fanzinadas", nas que se mesturan curtametraxes e música ou o espectáculo "Cirque Melero", da compañía catalana Cortocircuíto Produccións.




- M. Beceiro, “Las salas mantienen espectadores pero se ven incapaces de crecer”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 20 agosto 2002, p. L6.

Balance dos resultados da programación da tempada de verán, no que comezan criticando a falta de apoios do concello ás salas alternativas. Salientan que a falta destes apoios impídelles medrar, posto que só cobren gastos. Tamén se dan cifras de espectáculos e de espectadores, que se manteñen na liña dos catro últimos anos. Recóllense as declaracións de Xesús Ron, encargado da programación da Sala Nasa, e de Ana Vallés, portavoz do Teatro Galán. En columna á parte alúdese á creación da rede de teatros alternativos e á

elección por parte da Coordinadora de Salas Alternativas de Matarile Teatro con *A brazo partido* para realizar unha xira por toda España.




- M. Beceiro, “La Nasa reabrirá con una fiesta para celebrar su décimo aniversario” *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 7 setembro 2002, p. L6.

Infórmase da reapertura da Sala NASA, un espacio alternativo que abriu as súas portas no ano 92 e que celebra o seu décimo aniversario no mes de outubro. O xornalista plasma no artigo algunhas palabras de Xesús Ron, o responsable de programación da sala, que manifesta que este feito é especialmente relevante porque demostra a consolidación dun proxecto independente e amosa a posibilidade de subsistencia dun teatro estábel de iniciativa privada. Asemade, explícase o seu sistema de financiamento mixto pero nun 80 % de carácter privado.

-Camilo Franco, “O teatro galego estrea unha temporada que mira ó pasado”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 1 outubro 2002, p. 47.

Anuncia o proxecto de CDG para conmemorar os vintecinco anos do teatro profesional galego, que contempla entre outros actos a posta en escena da obra *Daquel abrente*, formada por *O velorio*, de Francisco Taxes e *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño, coas que se homenaxea aos autores e á Mostra de teatro de Ribadavia. Tamén se anuncian as estreas de *O colaborador*, a cargo do propio CDG; *Río bravo*, de Chévere; e *A conxura dos necios*, de Sarabela Teatro. En columna á parte, lémbrase que a Sala Nasa celebrará en breve o seu décimo aniversario anunciando algunhas das actividades previstas.

- Paula Bergantiños, “Xesús Ron. ‘A NASA dalle un lugar aos artistas para que os coñezan”, *A Nosa Terra*, nº 1.050, 3-9 outubro 2002, p. 29.

Entrevista na que Xesús Ron avalía o periplo da NASA ao cumprírense dez anos da súa creación. Destaca a súa xestación como froito do grupo *Chévere* e como a primeira sala alternativa de teatro galego e sinala a falta de apoio por parte do Concello e a Fundación Caixa Galicia.

- A. I. S., “Cabaret colectivo con grandes estrellas”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 11 outubro 2002, p. 33.

Anuncia a celebración da primeira “Ultranoite antolóxica”, da que ofrece os nomes dalgúns participantes como Quico Cadaval, Carlos Blanco, Mofa e Befa, Josito Porto, Rafa Xaneiro ou Patricia de Lorenzo, entre outros. Remata adiantando a posta en escena de *Río bravo* a cargo de Chévere nesta sala.

- Lupe Gómez, “Unha ultranoite popular e altiva”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 20 outubro 2002, p. 5.

Acolle moi ben a idea de que na sala Nasa se representen pequenas pezas cun ritmo correcto, pausado. Indica así mesmo que lle parece acertado este tipo de respresentacións que serven para elevar o ánimo, e salienta a conexión que se dá entre o público e o que pasa no escenario. En definitiva, sen nomear ningunha das representacións que tiveron cabida nas “Ultranoites”, cre que todos eles son espectáculos bos aos que paga a pena asistir.

- Carlos Crespo, “Una década de aventura en el espacio (alternativo)”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 284, 26 outubro 2002, p. 1.




Dá conta da importancia da Nave de Servicios Artísticos NASA dende que se fundara en 1992. Indícase que o seu xerme estivo na compañía Chévere e que durante este tempo tivo 1150 días de actividade con máis de 4.000 artistas de máis de 19 países. Como complemento faise un inventario imposíbel da música –Manu Chao, Negu Gorriak, etc.– e mais do teatro galego –Quico Cadaval, Manquiña, Miguel de Lira, etc.– e español que pasou por esta sala alternativa.

-Iolanda Ogando, "Ou de cando un fillo che sae ben criado", *Tempos Novos*, nº 66, "Cataventos", novembro 2002, pp. 8-9.

Alude á celebración do décimo aniversario da Sala Nasa e de Chévere. Primeiro destaca a súa relevancia dentro do espacio teatral galego e o seu "compromiso coa creación artística contemporánea e, en xeral, non-oficial". Subliña que a pesar das dificultades a sala seguiu

adiante, e alude á variedade de espectáculos que acolleu. Por outro lado, refírese á forma de celebrar o aniversario, subliñando a representación de novo de certos espectáculos que fixeron historia, entre eles, “Retorno a Río Bravo”. Céntrase nas características desta e salienta os cambios. Remata felicitando o labor da empresa.




Sala Yago

Espacio escénico que dende mediados de outubro de 2001 se converteu en teatro estábel, se integrou na Coordinadora de Salas Alternativas de España, igual que a Sala Galán e a Nasa, e no que a oferta de espectáculos de monicreques é o seu factor diferenciador. Dende mediados do ano 2002 mudou a súa denominación de “Sala Sant-Yago” a “Sala Yago” debido á ampliación da súa programación a teatro de actor. Nacida inicialmente como sala de programación de monicreques vinculada á compañía Cachirulo, neste ano asociouse coa compañía de teatro de actor Teatro do Noroeste, que vai ser a encargada de abrir unha nova liña de programación. Ademais seguiu mantendo a súa programación habitual de monicreques con actividades como os dous festivais “Festival de Reis” e “Festival Internacional de Títeres”, así como as programacións “O domingo ven aos títeres”, que agora se denomina “Títeres no Yago”, ou a campaña de “Teatro escolar”, na que se programaron espectáculos, os luns e os martes, dirixidos aos alumnos dos centros escolares. Coa nova liña de programación comezáronse a establecer dous programas diferentes, por un lado o “Teatro no ensino medio” da man da compañía Teatro do Noroeste e, por outro, o teatro para adultos no que vai predominar o teatro de actor de producción

propia e de compañías convidadas que levará como denominación xenérica “Tardes de teatro”.




Referencias varias:

- Eduardo Alonso, “A Sala Yago”, *Bululú*, nº 2, “Actualidade”, verán 2002, pp. 76-78.

Artigo centrado nas actividades que leva a cabo a Sala Yago e os motivos que levaron ao cambio de nome. Sinala que o cambio vén motivado pola ampliación das actividades á programación de teatro de actor. Despois de repasar as actividades, sinala que as características técnicas desta sala obrigan a levar a cabo representacións de pequeno formato e espectáculos asociados aos novos autores, nos que se favorece o aspecto textual “vencellado á nova dramaturxia”.

-Ana Iglesias, “La Sala Yago inicia una nueva etapa ofertando teatro y títeres”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 setembro 2002, p. 36.

Nota informativa sobre a programación do derradeiro trimestre do ano, baixo un presuposto de 60000 euros. Esta desenvolverá cinco ciclos ("Títeres na escola", dirixido a escolares; "Títeres no Yago", oferta para familias; "Galicreques", orientado á temática galega; "Teatro no ensino medio", que ofrecerá obras destinadas a alumnos de ensino medio, e "Teatro no Yago", que recolle teatro para adultos) e un Festival Tradicional de Títeres, algo xa clásico nos seus obxectivos anuais. Finalmente, nun apartado de "características", faise fincapé na dimensión didáctica da Sala Yago, no especial interese despregado cara a espectáculos e compañías galegas, nas últimas novidades no que atinxe ás estreas, no seu obxectivo para tentar converterse en "lugar de referencia de la ciudad", en que "será un lugar de encuentro para las familias" e na presencia multicultural respecto das compañías de bonecos que compoñen a programación devandita.

- Montse Pernas, "A Sala Yago recupera as funcións teatrais na súa nova programación", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 28 setembro 2002, p. L9.

Colaboración que desenvolve principalmente os obxectivos da sala teatral, salientando o éxito obtido en edicións anteriores e a novidade respecto das representacións dirixidas a

ensino medio de Galicia. Tamén se destaca como a sala promoverá un ciclo destinado a adultos, o que, segundo se sinala, quere servir para iniciar un foro de debate sobre autores dramáticos contemporáneos.




-Lupe Gómez, “Paranoia de ton surrealista”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 13 outubro 2002, p. 5.

Comenta a posta en escena de “Drácula”, obra de monicreques dirixida pola compañía coruñesa Trompicallo dentro do festival Galicreques. Destaca que nesta obra hai influencia do cine e que a reacción que desperta no espectador é estraña porque case ris pero non ris, case choras pero non choras. Salienta da representación que os manipuladores das marionetas o fan realmente ben e que as dúas mulleres protagonistas reflicten o instinto e a moral dunha mesma persoa. En definitiva, cre que esta obra é vangardista, moderna actual e revisionista.

- A. I. S., “Teatro de títeres y ciclo de cine en la agenda de la Yago”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 21 decembro 2002, p. 38.

Dá conta da presentación do programa que a Sala Yago ten previsto realizar ao longo do primeiro trimestre do ano 2003, na que ademais de ciclos de cine e grupos de monicreques tamén se inclúen representacións de compañías teatrais como Teatro do Noroeste ou Librescena. Do mesmo xeito, tamén se fai unha valoración do último trimestre do ano que remata, do que se destaca que pasaron pola sala máis de vinte compañías con vinteún espectáculos en noventa e seis funcións que contaron cun público de máis de cinco mil persoas.

-C. Pino, “A Sala Yago estrea a oferta de cine na súa programación”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 21 decembro 2002, p. L8.

Faise eco da presentación da programación do primeiro trimestre de 2003 para este espacio por parte dos responsábeis deste: Eduardo Alonso, Luma Gómez, Jorge Rey e Carmen Domech. Como novidade, inclúense ciclos de cine en versión orixinal. Adiántanse xa os primeiros espectáculos con que se abrirá a temporada e sinálase que a maioría do público

da sala (preto de once mil espectadores no 2002) pertence ao sector escolar, polo que a Yago aposta hai tempo.




Teatro Galán

Sala independente de Santiago de Compostela que forma parte do Circuíto de Salas Alternativas Españolas e na que se organizan actividades teatrais, debates e cursos sobre o teatro, ademais doutras actividades artísticas relacionadas coa danza. A encargada da programación é Ana Vallés, directora tamén da Compañía Matarile Teatro, que é a que xestiona esta sala. Entre outras actividades anuais, neste ano 2002 organizou unha vez máis, xunto coa Sala NASA, a novena edición das Curtas de Teatro Galego os días 22 e 23 de febreiro, no que como en edicións anteriores, se puxeron en escena pezas de entre dez e quince minutos que se adoitan interpretar por unha ou varias persoas. Nesta ocasión participaron os actores galegos Gena Baamonde con *Xogo para nenas* e Santi Prego con *As orixes do imbécil*, ademais doutros moitos participantes de fóra de Galicia. Outras actividades que tiveron lugar ao longo do ano foron distintos cursos relacionados coa actividade teatral ou da expresión artística en xeral, ademais de espectáculos como o de Antón Lopo, *Prestidixitador*, unha peza sen guión pechado que ten como único soporte a poesía, onde se combinan as influencias do teatro, da *performance* e do *body art*. Tamén

nesta sala se acolleron ao longo do ano abondosas representacións de compañías foráneas.




Referencias varias:

- AFA, “Antón Lopo ensaia esta noite na Galán a viaxe a Madrid do seu ‘Prestidixitador”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 xaneiro 2002, p. 35.

Apúntanse algunhas das características máis salientábeis do poemario oral *Prestidixitador* de Antón Lopo e anúnciase que volverá ao teatro Galán de Santiago de Compostela para despois ir a Madrid con esta “forma de crear onde o único soporte é o poeta”, en palabras do seu autor.

- AFA, “Lopo volveu á Galán co Prestidixitador”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 xaneiro 2002, p. 32.

Moi sucinto comentario no que se anuncia a representación dun poemario oral titulado "Prestidixitador", da man do escritor, xornalista e coordinador das páxinas de AFA e do suplemento "Revista das Letras" de *O Correo Galego*, Antón Lopo. Segundo o seu autor, a representación é "unha nova proposta creativa que pretende desconstrinxi-la canle habitual da poesía". Anúnciase, para rematar, que Antón Lopo viaxará a Madrid en abril para representar o seu "Prestidixitador" na sala El Canto de la Cabra, durante tres semanas.

- Inma López Silva, "De happenings en pubs a Teatro del Norte", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 127, 29 abril 2002, p. 5.




Fala dos xéneros ou tendencias inexistentes ou escasos dentro da escena galega, entre eles o *happening* ou a *performace* improvisada. Refírese a dous espectáculos ofrecidos por Orestes e por Teatro del Norte na Sala Galán. Sinala que Orestes é un grupo de rock que nas súas actuacións musicais mesturan disfrace, interpretación, escenografía, etc., mentres que Teatro del Norte está a escenificar o obra *Solos*, que se caracteriza pola mestura de xéneros teatrais.

III[as] **Xornadas** de teatro afeccionado de **Arteixo**

Celebradas por terceiro ano consecutivo, na edición de 2002 contou coa actuación de oito grupos teatrais que representaron as súas obras dende o 15 de marzo ata o 20 de abril no Centro Cívico Cultural desta vila. As actuacións, celebradas ás 20:00 horas, están abertas a todo o público e son de entrada gratuíta. As actuacións correron a cargo de Sal-Monela, o Grupo Xiria, Trebellos, Pasapadentro Teatro Xóvenes de Oseiro, todos con pezas en castelán, mentres que representaron obras en galego: Teatro de Cámara Ditea con *A pousada de Petra Cotón*, o grupo de teatro do Colexio de Galán con *Pauto do demo*, Faíscas con *¿Quen é a seguinte?* e Os Trasnos de Ponte dos Brozos con *E dalle cas laranxas*.

III[as] **Xornadas** de teatro afeccionado de **Miño**

Organizadas polo Concello de Miño en colaboración co grupo de teatro Equus de Miño, na edición de 2002 celebráronse nos meses de abril e maio e contaron coa presencia de Metátese Teatro de Palas de Rei, que representou *O Tartagueiro*, o grupo Candelexas de Noia con *Cando os bancos falan*, os Amigos do Teatro das Pontes con *Menciñeiro a paus* e pechou as xornadas o grupo anfitrión, Equus do Miño coa peza *Non lle busques tres pernas ó alcalde*.





II[as] **Xornadas** de teatro de Maiores de **Ourense**

Organizadas pola Concellería de Asuntos Sociais do Concello de Ourense e o Centro de Maiores de Caixa Galicia, pretende estimular a participación das persoas maiores en actividades teatrais e servir de escaparate ao traballo que estas levan a cabo. Ten como escenario o Teatro Principal de Ourense e, nesta segunda edición, contou coas actuacións do grupo de teatro Toural do Centro Social de Verín con *Cousas*, de Emilio Mateo; de SPES con *Os vellos non deben de namorarse*, do grupo Pacorroques de Celanova con *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor, e *O Estebiño*, de Prado Lameiro; do grupo de teatro Xeito de Xinzo da Limia con *De xastre a menciñeiro ou o menciñeiro desastre*, de Moliére; do grupo de teatro Aturuxo coa peza *Aquelas reboticas*, de Francisco Iglesias, e remataron as xornadas coa actuación do grupo de teatro Asubío de Caixa Galicia, que representou *A farsa das pintoras e o manequín*.

Referencias varias:

-Mónica Macía, “La importancia de las Xornadas de Teatro”, *La Región*, *“Gente Mayor”*, novembro 2002, p. 2.

Coméntase o éxito da segunda edición das ‘Xornadas de Teatro de Maiores’, o vivas que están as organizacións de maiores e o traballo e ilusión que hai detrás das representacións. Celébrase a idea de reunir os grupos de teatro de maiores da provincia nunha sala en condicións, como o Principal, xa que deste xeito se lle dá ao teatro de maiores a importancia que ten.

Xoves teatrais de Ferrol 2002

Programa organizado polo concello ferrolán coa colaboración do IGAEM e a Fundación Caixa Galicia e coordinado polo Ateneo Ferrolán, no que se levan a cabo representacións teatrais os xoves de cada semana ao longo de todo o ano. Organízanse en dúas tempadas: a primeira os meses de febreiro, marzo e maio e a segunda os meses de outubro, novembro e decembro no auditorio do Centro Torrente Ballester. Na edición de 2002, contou durante a primeira tempada coas actuacións das compañías galegas Teatro de Ningures con *Fausto*, Áncora Producción con *Footing*, Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse*, Teatro do Aquí con *Animaliños*, Teatro do Adro con *Binomio de Newton*, Teatro do Atlántico con *Pervertimento* e Librescena con *A morte e a doncela*, Bucanero con *Jánsel e Pónsel*, Sarabela Teatro con *A conxura dos necios*. Xa a partir do 19 de setembro, día no que deu comezo a segunda tempada que foi dedicada a Roberto Vidal Bolaño, tiveron lugar as representacións de Teatro do Noroeste con *As Damas de Ferrol*, Santi Prego&Eme2 con *Monólogo do imbécil*, Matarile Teatro con *A brazo partido* e con *The queen is dead*, Factoría Teatro con *Coitelos nas galiñas* e Teatro do Atlántico con *Vanzetti*.

Referencias varias:

- C. G. F., “Los ‘Xoves Teatrais’ de Ferrol traerán por primera vez a Galicia a la compañía búlgara de títeres Two Hands Theatre”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 12 febreiro 2002, p. 66.

Ademais de anunciar a presencia da compañía búlgara Two Hands Theatre no ciclo Xoves Teatrais de Ferrol, tamén dá conta doutras compañías galegas que pasarán polo Centro Torrente Ballester para poñer en escena as súas pezas, entre elas, Teatro do Morcego, Teatro do Adro, Sarabela Teatro ou Bucanero, entre outros.

- Europa Press, “Ferrol programa un ciclo dedicado a Vidal Bolaño con 16 representacións”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 17 setembro 2002, p. 67.

Anuncio de que a Concellería de Cultura do Concello do Ferrol decidiu dedicarlle a tempada de outono dos “Xoves Teatrais” a Roberto Vidal Bolaño, recentemente falecido. Sinálase o orzamento do ciclo e recóllense as palabras do Concelleiro de Cultura nas que destaca que

nel se poderá ver o “mellor teatro independente e vangardista que se está facendo arestora en Galicia e España”.




-Gonzalo Rodríguez, “Cando chove e vai sol...”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, outono 2002, pp. 42-43.

Ver Ciclo de teatro afeccionado “Domingos a escena” neste apartado do *Informe*.

III. 4. 2. Estreas

III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais

Achádego Teatro: *A tempestade*, de William Shakespeare.

Obra de William Shakespeare que se caracteriza pola ausencia de fontes literarias na súa trama e na que a hipótese que se mantén con máis forza é a de que está baseada en relatos de viaxes que comezaron a circular por Inglaterra nos inicios do século XVII.

Dirección e coordinación: Antón Sampaio. Interpretación: María Fernanda López, Xoán Carlos Laxe, Antón Sampaio, Guillermo Díaz, Iago López, Alberto Pérez, Rafael Sánchez, Tareixa Campo, Roi Macía, Marco Abeledo, Esther Pedrouzo, Paloma Lugilde, Mónica Ouro, María Fernández, Alba Fernández, María Franco e Ana Fernández.

Deseño escenografía: Carlos Laxe e Antón Sampaio. Realización escenografía: Suso Meilán, José Blázquez e Guillermo Díaz. Deseño vestiario: Esther Pedrouzo e Tareixa Campo. Realización vestiario: Mercedes Cotelo. Atrezzo: Xoán C. Laxe. Caracterización e maquillaxe: Achádego/Palimoco. Deseño de iluminación e efectos: Antón Sampaio. Selección musical: Camilo Santos, Paloma Lugilde e Antón Sampaio. Realización e deseño de máscaras: Kukas. Técnico de son e de iluminación: Camilo Santos e Suso Meilán. Documentación: Xoán C. Laxe. Traducción: Pilar García Negro e Marica Campo.

Ver IIª Mostra de teatro clásico de Lugo.

Arte livre: *La Belle Otero. O corpo que fala*, a partir dunha obra de Marga do Val.

Dirección: Roberto Cordovani. Interpretación: Roberto Cordovani e Einsehowe Moreno.

Referencias varias:

-AFA, “As mulleres de R.C.”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 decembro 2002, p. 33.

Infórmase da estrea no Teatro Principal, esa mesma noite, da peza *Aurora Rodríguez e a boneca de carne*, interpretada por Roberto Cordovani, director e actor da Companhia de Teatro Arte Livre do Brasil e outros tres actores, e escrita por Marga do Val. Lémbrase tamén que o actor tiña levado ao escenario o día anterior outra obra de do Val: *Belle Otero, o corpo que fala*, sobre a lendaria figura galega. Sinálase a extraordinaria habilidade de Cordovani para dar vida a personaxes femininos míticos (Eva Perón, Isadora Duncan ou Greta Garbo entre outras) e a recente publicación dun volume coas súas contribucións ao teatro brasileiro na Galiza. Finalmente, resúmese a historia recreada na peza teatral, que

conmocionou a sociedade española na Segunda República: a ferrolá Aurora Rodríguez planeou a educación da súa filla Hildegart ata o punto de convertela nunha nena prodixio, pero acaba traxicamente ao se deterioraren as relacións entre nai e filla, esta ser asasinada por aquela, e Aurora rematar no cárcere.




-A.N.T., “Roberto Cordovani: ‘O mundo feminino ten máis forza”, *A Nosa Terra*, nº 1.060, “Fin de Semana”, 12-18 decembro 2002, p. 33.

Entrevista ao actor Roberto Cordovani co gallo da súa presentación en Santiago de Compostela con dúas obras de Marga do Val: *La Belle Otero* e *Aurora Rodríguez*. O entrevistado afirma que lle interesa o mundo feminino pero que está disposto a interpretar calquera papel, e que escolleu esas dúas personaxes porque desexaba dedicarlle o ano a figuras galegas.

-Ágatha de Santos, “La vida de la ‘Bella Otero’ llega al teatro de la mano de la compañía Arte Livre”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 decembro 2002, p. 42.

Anúnciase a próxima estrea da obra *Belle Otero* no Auditorio Caixanova de Vigo, obra interpretada por Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, da compañía brasileira afincada en Galicia Arte Livre. Os dous actores interpretan a máis de media ducia de personaxes nesta peza que repasa a vida da artista galega desde a súa infancia e a montaxe da cal implica un grande esforzo (vestiario, caracterización, recreación dos musicais que interpretara a protagonista, etc.). Sinálase que non é a primeira vez que Cordovani encarna a unha muller e que na función colabora El Corte Inglés.

Arte livre: *Aurora Rodríguez e a boneca de carne*.

Dirección: Roberto Cordovani. Interpretación: Roberto Cordovani, Einsehowe Moreno, Nilton Tavares e Maximiliano di Marco.

Referencias varias:

-AFA, “As mulleres de R.C.”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 decembro 2002, p. 33.

Ver Arte livre: *La Belle Otero. O corpo que fala*, neste apartado do *Informe*.
-A.N.T., “Roberto Cordovani: ‘O mundo feminino ten máis forza”, *A Nosa Terra*, nº 1.060, “Fin de Semana”, 12-18 decembro 2002, p. 33.

Ver Arte livre: *La Belle Otero. O corpo que fala*, neste apartado do *Informe*.

-Lupe Gómez, “Unha historia de horror e de amor”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 29 decembro 2002, p. 5.

Dáse noticia da estrea en Compostela a cargo da compañía brasileira Arte Livre da obra *Aurora Rodríguez e a boneca de carne*, escrita por Marga do Val. Resúmese o argumento, que trata da historia dunha muller de Ferrol que quixo facer da súa filla un modelo de salvación do mundo e á que mata cando esta escolle o seu propio camiño, polo que a nai (Aurora) vai para o manicomio, onde tamén tenta reformulalo todo, partindo dos psiquiatras. Lóase a interpretación da protagonista por parte de Roberto Cordovani, que se traviste de xeito natural, e a forza humana da propia historia.

Teatro do **Aquí**: *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño.

Terceira entrega da triloxía formada por *Anxeliños*, *Criaturas* e *Animaliños*, peza na que, fixándose en distintos animais, se analizan fenómenos da realidade actual. Parodia a contradictoria relación entre a sociedade da opulencia e o contorno natural. O espacio está situado nun xardín simbólico dunha urbanización de chalés adosados na que xorde unha praga de caracois.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Mónica Camaño,
Avelino González e Rubén Ruibal.

Referencias varias:

-X. T., “Vidal Bolaño asegura que Narón é un referente do teatro en Galicia”, *Diario de Ferrol*, “La entrevista del día”, 12 marzo 2002, p. 24.

Conversa con Roberto Vidal Bolaño, director do grupo Teatro do Aquí, que está a representar en Narón a obra *Animaliños*. En primeiro lugar, comenta que Narón é un dos principais referentes dese xénero minoritario que é o teatro. A seguir, afirma que o teatro, en xeral, está a atravesar un dos seus mellores momentos, aínda que é imposíbel, na súa opinión, vivir sen apoio institucional, debido ao grande número de compañías profesionais que existen. Máis adiante na conversa céntrase na obra *Animaliños*, que están a representar neste momento, e comenta que forma parte dunha triloxía que se iniciou hai uns anos e que é "un paseo polas persoaxes que ó longo de un ou dous anos puidemos ir ollando polos xardíns de asfaltos, que hai moitos". Para rematar, comenta que o teatro é un xénero minoritario en todo o mundo pero, non por iso, deixa de ser importante.

- Belén López, "Animaliños' soltos polo Principal", *Diario de Pontevedra*, "Cultura&Ocio", 21 marzo 2002, p. 70.

Alúdese, brevemente, á representación de Teatro do Aquí, *Animaliños*, dirixida por Roberto Vidal Bolaño, quen comenta que a obra "é un intento de reflexionar unha vez máis sobre determinados aspectos da nosa realidade presente a través do humor e da comedia".

Engade, así mesmo, que “Animaliños” forma parte dunha triloxía que se iniciara con *Anxeliños* e que continuara con *Criaturas*. Para rematar, ofrécese unha breve biografía de Vidal Bolaño, merecedor, entre outros, dos premios Abrente (1976) e Irmandade do Libro como autor (2001).

- Camilo Franco, “Formas de mirar”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 10 abril 2002, p. 8.

Céntrase na obra *Coitelos nas galiñas*, de Factoría Teatro, do que sinala que é “un teatro que entra sen medo nese territorio do padecemento, tan difícil e tan desacougante”. Así mesmo, alúdese a *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño, que “ten os mellores momentos cando a súa parodia achégase máis á realidade, cando o retrato ten a súa imprescindíbel ración de mala intención”.

-Concha Pino, “Teatro do Aquí presenta no Principal a última obra de Roberto Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 18 setembro 2002, p. L7.

Nota que informa sobre a representación de *Animaliños*, a derradeira obra de Roberto Vidal Bolaño. Ademais de facer un percorrido crítico pola obra literaria en si, o texto dá conta da última representación da compañía, desenvolvida no pasado mes de marzo en Narón, que leva máis de vinte representacións e da que se agardan outras trinta máis ao longo da xeografía española.

-Lupe Gómez, "Un espectáculo renovador e arroutado", *El Correo Gallego*, 29 setembro 2002, p. 5.

Crítica da comedia, centrada case exclusivamente no texto literario. Do espectáculo unicamente se sinala o xentío presente na sala e os aplausos, que "xurdían rápidos e continuos e contentos e emocionados e emocionantes".

- J. A. Martínez Sevilla, "Añoranza", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 17 outubro 2002, p. 19.

Dá conta da posta en escena da peza do malogrado Roberto Vidal Bolaño *Animaliños*, que conforma, segundo di, unha triloxía con *Anxeliños* e *Criaturas*. Tras realizar unha loanza do

recentemente desaparecido autor, advirte que esta obra en concreto non é na súa opinión unha das súas “aportaciones cumbres”. Comenta o argumento, que retrata mediante unha sucesión de *sketches* a sociedade media actual, e aplaude a posta en escena repasando a adecuación e idoneidade de todos os elementos en xogo (actores, iluminación, vestiario, dirección, etc.).




-E. P., “Teatro do Aquí’ leva a obra ‘Animaliños’ a Vigo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 1 decembro 2002, p. 76.

Anuncia a posta en escena desta peza no Auditorio do Centro Cultural Caixanova de Vigo. Sinala que a obra forma parte dunha triloxía xunto con *Anxeliños* e *Criaturas*, na que se abordan aspectos da sociedade actual con ironía e humor. Remata sinalando o reparto desta.

- M. C. S., “Teatro do Aquí inaugura el ciclo dramático de Carballo”, *La Opinión*, “Costa da Morte/Carballo”, 13 decembro 2002, p. 30.

Dá conta da posta en escena de *Animaliños*, a cargo de Teatro do Aquí, ademais de anunciar tamén a de *Obras completas de William Shakespeare*, de Librescena.

Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña. Ver Xª Feira do teatro de Galicia. Ver XVª Mostra de teatro de Cee. Ver Sábados teatrais de Narón. Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Teatro do **Atlántico** (1): *Pervertimento*, de José Sanchís Sinisterra

Montaxe na que se recrea unha realidade chea de lirismo, humor e tenrura na que os mortos son tan protagonistas coma os vivos, onde os cadáveres se erguen e protestan mentres os humanos falan sen ter que dicir.

Dirección e iluminación: Xulio Lago. Versión galega: Xosé Manuel Pazos. Interpretación: María Barcala, Xoán Carlos Mejuto, Iolanda Muíños, Santi Prego e Xosé Vilarelle. Vestiario: Susa Porto. Técnicos de escena: Xosé M. Molinos e Antón Arias.

Referencias varias:

- X. T., “O cine interésame moito, pero é un camiño moi difícil con outro estilo”, *Diario de Ferrol*, “La entrevista del día”, 22 marzo 2002, p. 24.

Conversa con Iolanda Muíños Paredes, membro do grupo Teatro do Atlántico, que estreou, en Narón, a súa obra *Pervertimento*. A actriz comenta que a obra é "unha reflexión sobre o teatro, o público e as personaxes do espectáculo". A seguir, fala do seu papel na película de Javier Villaverde "Trece Campanadas" e comenta que lle interesa moito o mundo do cine pero "é un camiño difícil, con outro estilo".

- Ágatha de Santos, "Pervertimento' es el teatro como metáfora de la vida", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 abril 2002, p. 44.




Conversa con Xulio Lago, director de Teatro do Atlántico, na que fala de *Pervertimento*, obra do dramaturgo valenciano José Sanchís Sinisterra, que a compañía representará no Centro Cultural Caixanova, de Vigo. Lago afirma que Sanchís é o dramaturgo español máis importante deste momento e un dos mellores despois de Valle-Inclán e Lorca. A continuación, comenta que parte de dúas parellas dobres que representan a dous sectores sociais: o humilde e o acomodado. Para rematar, sinala que esta obra é “desesperante”

dende o punto de vista da dirección; é tan sinxela en apariencia que as dificultades aparecen “pos sorpresa”.




- A. C., “Concursos y conferencias abren la celebración de las Letras Gallegas”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 14 maio 2002, p. 39.

Entre outros actos que se desenvolven na cidade de Santiago de Compostela, dá conta da posta en escena no Teatro Principal de dúas representacións de *Pervertimento*, de Sanchís Sinisterra, por Teatro do Atlántico.

- M. B., “Teatro do Atlántico rinde homenaje a Beckett y Brook en ‘Pervertimento”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 15 maio 2002, p. 9.

Alúdese á obra *Pervertimento*, última montaxe da compañía coruñesa Teatro do Atlántico. Trátase dunha obra na que se reflexiona sobre a morte e se establece, dende principio a fin, un xogo irónico co espectador e a apariencia. A seguir, o director da obra, Xulio Lago, afirma

que no espectáculo “se abordan sutilmente cousas que nos atinxen a todos: o medo á noite, a soedade, o desencontro amoroso, a vacuidade...”.




Manuel F. Vieites, “Teatro e cidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, 16 maio 2002, 54.

Reflexión sobre a importancia do teatro e sobre a súa posíbel crise e no que se apuntan algunhas das características da representación de *Pervertimento*, de Teatro do Atlántico, da que se destaca a sobria interpretación cun Xosé Vilarelle “brillante por momentos”. Remátase indicando que se vaia ao teatro dado que apoiando o teatro se fai cidade e país.

-Inma López Silva, “E rebeláronse os personaxes”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 131, 27 maio 2002, p. 5.

Céntrase nas impresións obtidas despois de ter visto *Pervertimento*, montaxe de Teatro do Atlántico, que cualifica como “un xogo no que todos esquecemos a diferencia entre realidade e ficción, teatro e vida, persoa e personaxe”. Fálase tamén do tema metateatral da

obra, dos seus personaxes e conclúese subliñando que estamos perante unha obra “que nos fai pensar”.




-Pepe Marín, “Pervertimento. O dóce pracer de subvertir e divertir”, *Revista Galega de Teatro*, nº 30, primavera 2002, pp. 41-42.

Reseña da obra *Pervertimento*, da autoría de José Sanchís Sinisterra (autor de *Ai Carmela*), representada pola compañía Teatro do Atlántico. Para alén de deixar constancia da ficha técnica da montaxe, Pepe Marín repasa para comezar a bibliografía e características da dramaturxia do autor español da peza. Despois resume o argumento da mesma e analiza a posta en escena a cargo de Teatro do Atlántico, advertindo de que o texto orixinal (traducido ao galego por Xosé Manuel Pazos) é só recollido en parte, e louvando o traballo dos actores e do director (Xulio Lago).

- Inma López Silva, “O teatro resucita cada noite”, *Revista Galega de Teatro*, nº 31, verán 2002, pp. 63-65.

Tras indicar o nome do espectáculo, o autor, o director e iluminador, a compañía, os intérpretes e a responsable do vestiario, sinálase “Pervertimento” como unha obra na que intencionadamente se demostra que a diferencia entre o teatro e a vida pendura dun fío fráxil. Indícase que, baseada no metateatro, ten un toque cómico, ou máis ben irónico, que desmonta mitos sobre o teatro, e afírmase que non está exenta da crítica lúcida de Sanchís Sinisterra (o autor), tan afín ás ansias de Xulio Lago co Teatro do Atlántico. Sinálase que na representación Xulio Lago (director e iluminador) centra o peso da acción sobre a interpretación dos autores ao optar por unha solución minimalista a respecto da escenografía, así como que a iluminación acada un protagonismo importante como focalizadora dos acontecementos na escena e como conductora dos ollos dos espectadores. De igual xeito, analízase o papel dos actores María Barcala, Xoan Carlos Mejuto, Xosé Vilarelle e Iolanda Muíños e destácanse as características da súa representación.

- B. L., “Teatro do Atlántico inclínase por propoñer un ‘Pervertimento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 novembro 2002, p. 77.




Infórmase da representación pola compañía Teatro do Atlántico, no Teatro Principal de Pontevedra, da obra *Pervertimento* de José Sanchís Sinisterra, e destácase a boa estructuración coa que conta, facendo dela un todo onde nada é gratuíto. Tamén se destaca a capacidade da peza para involucrar ao espectador e facelo pensar.

-J. A. Martínez Sevilla, "Perversión esotérica", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 3 decembro 2002, p. 11.

Crítica da posta en escena de *Pervertimento* por parte da compañía Teatro do Atlántico no Rosalía de Castro, baixo a dirección de Xulio Lago. A obra do valenciano José Sanchís Sinisterra, versionada para o galego por Xosé Manuel Pazos, é na opinión do comentador demasiado didáctica e confusa; non embargantes, considera a escenificación da compañía galega impecábel e ten palabras de eloxio para todos os compoñentes, repasando deste xeito o reparto e maila ficha técnica da peza.

Ver Ciclo de "Teatro de Primavera" de Culleredo
Ver Xª Feira do teatro de Galicia.

Ver Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas. Ver XVª Mostra de teatro de Cee. Ver Sábados teatrais de Narón. Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.





Teatro do **Atlántico** (2): *Vanzetti*, de Luís Araújo.

Recreación das cartas que nos anos 20 o anarquista italiano Vanzetti lle enviou á súa familia antes de ser executado.

Dirección: Xulio Lago. Interpretación: José García, Gonzalo Uriarte e Manuela Varela. Axudantes de dirección: María Barcala e Gloria Rico.

Referencias varias:

- N. V., "Teatro do Atlántico reivindica con 'Vanzetti' a escena comprometida", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 19 decembro 2002, p. 19.

Teatro do Atlántico, "unha das máis importantes compañías galegas", anuncia perante os medios de comunicación a próxima estrea en Ferrol da peza de Luís Araújo *Vanzetti*, interpretada por Josué García, Gonzalo Uriarte e Manuela Varela, e dirixida por Xulio Lago,

coas actrices María Barcala e Gloria Rico como axudantes. A obra recrea a vida dun anarquista italiano que foi executado e con ela o grupo reivindica unha arte comprometida fronte a unha banal e de consumo rápido.




Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Bacana Teatro: *Ratman&Bobyn*.

Definida polos seus integrantes como “aventura musical, aeróbica e furiosamente anticapitalista”. Cunha mestura de humor, música e interpretación satirízase sobre os heroes e os mitos, á vez que se aposta polo entretemento do espectador. Os dous heroes, Ratman e Bobyn terán que enfrontarse ao roubo do Ratbuga, o compañeiro incombustíbel na loita contra o pensamento único e a globalización.

Dirección: Marcos Orsi. Interpretación: Xulio Abonjo e Marcos Orsi. Axudante de dirección: Mara Sánchez. Música: Carlos Santiago e Pepe Sendón. Coreografía: Marcos Orsi. Iluminación: Baltasar Patiño. Vestiario, maquillaxe e atrezzo: Mara Sánchez.

Referencias varias:

- B. L., “Os superheroes da cloaca ameazan no Teatro Principal con roubarlle o posto a Spiderman”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 5 abril 2002, p. 70.

Nota de prensa na que se informa da posta en escena, no Teatro Principal pontevedrés, do musical *Ratman e Bobyn*, da man dos compoñentes de Bacana Teatro. O director do espectáculo, Marcos Orsi, comenta que o que pretenden “é quitarlle as ás ó morcego e quedar co fundamental, a rata”. Deste xeito, a obra sérvelles para facer “unha crítica feroz ó capitalismo”. Para rematar, coméntase que para a creación de espacios, Fausto Isorna elaborou unha serie de diapositivas que se proxectan nunha persiana.

- Inma López Silva, “Secuestráronnos o humor”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 132, 3 xuño 2002, p. 5.

Coméntase a montaxe *Ratman e Bobyn* da compañía Bacana, da que se afirma que “cae no falso sentido da ironía, no chiste fácil e na referencia ao intranscendente e inmediato” mais

que presenta boas ideas nos números musicais. Sublíñase que o principal guieiro da estética do cómic é o vestiario, de Mara Sánchez, e a iluminación, de Baltasar Patiño.

- M. Beceiro, “Vamos al festival de Maputo para luchar contra el sida”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 21 agosto 2002, p. L2.

Entrevista coa periodista e productora de música, teatro e arte Belén Brandido a propósito da viaxe que realizará a Maputo, a capital de Mozambique, acompañando a varias compañías galegas para realizar un festival con fins benéficos que ten como obxectivo recadar fondos para a loita contra a SIDA e a compra de medicamentos contra esta enfermidade. Ademais de destacar que no transcurso deste festival se impartirán diversos cursos e *work-shops*, cita os grupos galegos que participarán na viaxe: Bacana Teatro con *Ratman e Boby* ; Lilí Berlín, cun cabaré; Belmondo con *Lolamento*; Arrepentimientos de Padrón, gañadores do Festiclown e Carlos Santiago e Fran Pérez, que estrearán unha obra escrita cos portugueses Trigo Limpo.

-Belén Brandido, “Cinco compañías gallegas participan en un festival teatral en Mozambique”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 agosto 2002, p. 36.

Dá conta da participación no Festival Internacional d’agosto 2002 de Mozambique das compañías Bacana Teatro, Belmondo, Arrepentimientos de Padrón e Lily Berlín, ademais do dramaturgo Carlos Santiago e o músico Fran Pérez.

- Belén López, “Mozambique coñecerá a Belmondo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 23 agosto 2002, p. 88.

Anuncia a participación desta compañía no Festival Internacional de Agosto de Maputo, xunto con Bacana Teatro con *Ratman e Bobyn* ou Lily Berlín, ademais das actuacións dun cento de artistas europeos. Sinala que é a primeira vez que se dá esta participación de xente do teatro europeo neste festival benéfico de loita contra a SIDA e destaca o éxito que os mozos pontevedreses xa acadaran coa peza *Lola Mento* na Sala Nasa de Santiago e na Feira do Humor de Pontevedra.

- Belén Brandido, “El gallego elimina fronteras en el Festival de teatro de Mozambique”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 agosto 2002, p. 42.




Nova na que somos informados acerca da presencia de cinco compañías galegas na maior cita cultural que nunca Mozambique realizara: O festival Internacional de Teatro D´Agosto 2002 no que participaron compañías africanas, principalmente, e outros moitos grupos procedentes de diversas partes do mundo. Incídese na fin cultural e humanitaria que ten o encontro debido ao traslado das compañías sen ningún afán lucrativo para facer valer o concepto da palabra e a arte de manifestarse de modos ben distintos.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.

Belmondo: *Lolamento (I'm zorry)*, de Marta Pazos e PTT.

Espectáculo no que se concibe o teatro como arte total e no que se critica o afán da xente por triunfar a toda costa. Lola Mento desvela na noite de actuación as súas claves autobiográficas coas que garante acadar a fama.

Dirección: Montse Triola. Interpretación: Marta Pazos e Borja Fernández. Adaptación e traducción: Rocío González e Marta Pazos. Deseño escenografía: Rubén Ramos. Deseño vestiario: Mónica Lavandera. Deseño, imaxe e fotografía: Nuevos Olores. Deseño iluminación: Nuevos Olores. Música e espacio sonoro: Borja Fernández e Marcos "Ptt" Carballido. Xénero: Cabaret.

Referencias varias:

- M. Beceiro, “Marta Pazos afronta el cabaré desde lenguajes dispares en ‘Lola Mento”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 1 marzo 2002, p. 8.

Alúdese, con brevidade, á estrea do espectáculo *Lolamento*, que forma parte do denominado Proxecto Lola. Trátase dunha “propuesta de cabaré crítica con la fama”, protagonizada por Marta Pazos da Compañía Belmondo. A actriz comenta que optou pola linguaxe do cabaré porque lle interesa especialmente a súa estética e a súa liberdade. Así mesmo, engade que “a nocturnidade e certa clandestinidade do cabaré permiten poder falar de moitas cousas que están ocurrindo na realidade”.

- M. Beceiro, “Vamos al festival de Maputo para luchar contra el sida”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 21 agosto 2002, p. L2.

- Belén Brandido, “Cinco compañías gallegas participan en un festival teatral en Mozambique”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 agosto 2002, p. 36.

Ver Bacana Teatro: *Ratman e Bobyn*, neste apartado do *Informe*.

- Belén López, “Mozambique coñecerá a Belmondo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 23 agosto 2002, p. 88.

Ver Bacana Teatro: *Ratman e Bobyn*, neste apartado do *Informe*.





Ver Bacana Teatro: *Ratman e Bobyn*, neste apartado do *Informe*.

Casahamlet, estudio de teatro: *Animal vacío*, de Xesús Pisón.

Ver Pisón, Xesús, *Animal vacío*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

Dirección e dramaturxia: Manuel Lourenzo. Interpretación: David Lendoiro, Santiago Fernández, Xabier Ramilo, Paulo Serantes e Manuel Lourenzo. Axudante de dirección: Gloria Rico. Dirección técnica: Octavio Mas. Axudante de dirección técnica: Xabier Candeira. Iluminación e atrezzo: Xoán M. López Eirís. Composición musical: Brandam. Deseño de iluminación: Gloria Rico. Deseño gráfico: Xesús Pisón. Fotografía: Cilha Lourenço.

Referencias varias:

- M. Guerreiro, “Prefiro representar teatro nunha igrexa ou nunha cociña”, *La Opinión*, “Entrevista”, 14 novembro 2002, p. 68.

Entrevista co actor e dramaturgo Manuel Lourenzo, director da compañía coruñesa Casahamlet, que é tamén un “laboratorio de investigación e creación teatral”. Repásanse nesta conversa cuestións relativas a arte teatral, expresando o entrevistado a súa particular concepción dramatúrxica e mailas súas opinións a respecto da situación do noso teatro (cunha mención especial ao desaparecido Roberto Vidal Bolaño), do papel do público nas salas, da diferencia entre o espectador de teatro e o doutros xéneros como o cine ou a televisión, etc. Refírese así mesmo á peza *Animal vacío*, da autoría de Xesús Pisón, que é o novo espectáculo posto en escena por Casahamlet. Lourenzo afirma desta obra que se trata dunha forma “moi nova e tamén moi agresiva de facer e de entender o teatro” e que non obedece “a calquera tipo de canon”.

Centro Dramático Galego: *O colaborador*, de Friedrich Dürrenmatt.

Ver Dürrenmatt, Friedrich, *O Colaborador (Der Mitmacher)*, no apartado III. 3. Traduccións, deste *Informe*.

Dirección: Manuel Guede Oliva. Interpretación: Miguel Pernas, Marcos Viéitez, Celso Parada, Rebeca Montero, Estevo Creus, Toño Casais, Miguel L. Varela e Francisco Lestón. Axudante de dirección: Inma Antonio Souto. Construcción máscaras: Águeda Viéitez. Escenografía: Francisco Oti Ríos. Espacio sonoro: José Pratas. Estudio crítico: Carlos Buján. Imaxe gráfica: Alberte Permuy. Fotografía: Miguel A. Fernández. Producción: Francisco Oti Ríos. Vestiario: Argimiro Rodríguez.

Referencias varias:

-Inma López Silva, “E que alguén nos vía”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 113, 23 xaneiro 2002, p. 5.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela da obra *O Colaborador*, de Fiedrich Dürrenmat, levada á escena da man do teatro do Noroeste de Viana do Castelo, dirixida por Manuel Guede. Di que se trata dunha peza onde o romanticismo e o amor son capaces de competir coa morte e co coñecemento.

- Camilo Franco, “O teatro galego estrea unha temporada que mira ó pasado”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 1 outubro 2002, p. 47.

- AFA, “O CDG homenaxea a Vidal Bolaño e ó teatro profesional de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 4 outubro 2002, p. 75.

Ver III Encontros “Camiños Teatrais Galicia-Norte de Portugal” no apartado III. 4. 1 deste *Informe*.

- AGN, “O CDG conmemora 25 anos de teatro galego recuperando as primeiras estreas”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 4 outubro 2002, p. 91.

Ver Sala Nasa no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas, deste *Informe*.

Nota na que se anuncia o programa do CDG para a próxima tempada, destacando especialmente a estrea da montaxe *Daquel abrente*.

-Concha Pino, “O CDG conmemora o nacimento do teatro profesional galego cunha montaxe única”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 4 outubro 2002, p. L8.

Infórmase da estrea da tempada teatral do Centro Dramático Galego coa montaxe *O colaborador,* dirixida por Manuel Guede, un ano despois de que fose representada pola

compañía portuguesa Teatro do Noroeste-Centro Dramático de Viana do Castelo en colaboración co CDG. Saliéntase tamén que nesta tempada poderemos ver a montaxe *Daquel abrente*, coa que o Centro conmemora os vintecinco anos do nacimento do teatro profesional galego e os trinta da primeira Mostra de Teatro de Rivadavia. Trátase dun espectáculo dirixido por Antonio Simón que funde dous textos fundacionais da escea prefesional galega: *Laudamuco, señor de ningures*, de Vidal Bolaño, e *O velorio,* de Francisco Taxes, estreadas ambas en 1978.




-Europa Press, “O director do CDG reivindica o recoñecemento do teatro galego no seu vintecinco aniversario”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 outubro 2002, p. 42.

Reprodúcense unhas declaracións de Manuel Guede, realizadas na presentación da programación do Centro Dramático Galego para a tempada 2002-2003, nas que afirma que o teatro galego está á altura do español e do portugués, sobre todo no tocante á calidade dos actores, e reivindica que se lle preste o recoñecemento que merece dentro de Galicia, tal como se lle está a prestar fóra. Infórmase así mesmo das montaxes que o CDG levará á escena nesta tempada, que se iniciará coa estrea de *O colaborador.*Ademais, coincidindo

coa conmemoración do vintecinco aniversario do teatro profesional galego e do trinta aniversario da primeira Mostra de Teatro “Abrente”, estrearase *Daquel Abrente*, integrada por dúas pezas. Apúntase que esta montaxe se convertirá nunha homenaxe a Vidal Bolaño. Indícase por último que o CDG desenvolverá tamén o III Encontro “Camiños Teatrais”, e colaborará cunha compañía portuguesa.




-C.B., “Tras vintecinco anos subidos ós escenarios galegos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 6 outubro 2002, p. 1.

Ademais de incidir no anteriormente exposto, lémbrase a figura de Vidal Bolaño, a programación do CDG e o valor de *O colaborador*, un espectáculo en clave de “humor ácido” que “presenta as peripecias dun científico que, despois dunha sucesión de fracasos profesionais, sobrevive traballando a soldo para un *ganster*”. Finalmente, aclárase que “hoxe, e aínd (*sic*) que a situación da escena galega dista moito da perfección, é innegábel a lonxitude do camiño percorrido desde entón, a través do esforzo de tantas persoas que se entregaron en corpo e alma á causa teatral”.

- AFA, “Clásico da modernidade”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 outubro 2002, p. 17.

Dísenos que o Centro Dramático Galego abre a temporada en que conmemora os seus vintecinco anos de existencia coa peza *O colaborador* de Dürrenmatt, dirixida por Guede Oliva. Resúmese o argumento da mesma, o protagonista da cal é un científico fracasado que acaba traballando para un *gángster*, e coméntase que se trata dunha producción propia do CDG, constituída a través dun proceso de “transcreación”. Engádense algunhas declaracións a respecto do espectáculo de Guede Oliva e Carlos Buján, para concluír anunciando a seguinte producción prevista polo CDG.

- A. N. T., “O teatro profesional celebra as vodas de prata”, *A Nosa Terra*, nº 1.051, 10-16 outubro 2002, p. 24.

Dáse conta da presentación da programación, para a temporada 2002-2003, do Centro Dramático Galego, sinalándose as actividades que esta entidade realizará con motivo da celebración dos vintecinco anos de creación do teatro profesional galego. Indícase que o CDG recuperará para os escenarios, nunha montaxe dirixida por Antonio Simón e titulada

Daquel abrente, as pezas coas que deron o salto cara a profesionalización as compañías Antroido e Troula: *Laudamuco, Señor de Ningures* do falecido Roberto Vidal Bolaño, e *O velorio* de Francisco Taxes, respectivamente. Así mesmo, infórmasenos da razón do título *Daquel abrente* para a representación conxunta das citadas obras e cítanse as palabras de Francisco Pillado en valoración a este proxecto. A seguir, sinálase que a tempada do CDG comezará coa representación da obra *O Colaborador*, de Friedrich Dürrenmatt (1921-1990), obra da que se resume o argumento. Finalmente menciónanse as actividades que se realizarán dentro do manifesto de colaboración que asinaron as compañías que integran a Comunidade de Teatro Galicia-Norte de Portugal.




- X. G. G., “Friedrich Dürrenmatt, unha obra contra o non-compromiso”, *A Nosa Terra*, nº 1051, 10-16 outubro 2002, p. 24.

Sinálase a Friedrich Dürrenmatt (1921-1990) e a Max Frisch como grandes dramaturgos en lingua alemana no momento da desaparición de Bertolt Brecht, do que son discípulos. Indícase a concepción de comedia que o autor de *O colaborador* posúe, coa aceptación de principios brechtianos como o estrañamento e a non identificación do espectador co

exposto, e tamén as características das súas comedias, como uso de receitas da comedia vienesa, dos gags de cabaré, os recursos do burlesco e do teatro, etc. A seguir, cítanse diferentes obras do autor suízo e dáse conta da próxima representación polo Centro Dramático Galego da obra *O colaborador*. Finalmente recoméndase a lectura das súas novelas e sinálanse características das súas obras como a sempre presente imposibilidade da xustiza, a denuncia do crime colectivo ou a sátira dos cartos, todo isto recuberto cun fino humor que ás veces é excéntrico e outras profundamente negro.




- AFA, “Arriba o pano”/“O ‘teatro grotesco’ de Dürrenmatt vén da man do Centro Dramático”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 18 outubro 2002, p. 33/p. 75.

Infórmase de que o CDG abre esta nova tempada teatral coa obra *O colaborador*, do suízo Friedrich Dürrenmatt, que é cualificada polo seu director, Manuel Guede, como “unha traxedia grotesca ou unha comedia sombría”, e tamén se sinala que se representará por Galicia e mais polo norte de Portugal.

-C. Pino, “O CDG abre a temporada teatral coa estrea de ‘O colaborador”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 18 outubro 2002, p. L8.

Dá conta da presentación en sociedade de *O colaborador*, obra do suízo Friedrich Dürrenmatt, e que representará o CDG. Indícase que o seu tema é a imaxe dunha sociedade corrupta inzada de capitalismo e delincuencia e, como complemento, sinálanse os seus actores, técnicos e as funcións que levarán a cabo en próximas datas.

- Carmen Villar, “O Centro Dramático estrea ‘O Colaborador’, que reflexiona sobre o home sometido ó poder”/“O Centro Dramático abre a súa tempada coa obra de Dürrenmatt ‘O colaborador”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad”/“Cultura”, 18 outubro 2002, p. 40/p. 51.

Dá conta das declaracións do director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede Oliva, no acto de presentación da nova montaxe da compañía institucional, *O Colaborador*. Destácase das súas palabras que a peza é unha comedia sombría ou unha traxedia grotesca, que era preciso incorporar a Dürrenmatt á escena galega por ter sido un renovador do teatro e que o

teatro galego xa acadou a súa maioría de idade, celebrada cunha peza que pretende desmentir o “discurso victimista ó que nos teñen afeitos”.




- EFE, “El CDG inicia hoy su temporada con el teatro ‘grotesco’ de ‘O colaborador”, *El Progreso*, “Cultura”, 18 outubro 2002, p. 75.

Nota na que se anuncia a estrea de *O Colaborador* no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Sinálase que é unha peza orixinal de Friedrich Dürrenmatt, principal representante do teatro grotesco. Tamén se dá conta do reparto, da dirección de Manuel Guede Oliva e das próximas actuacións fóra de Santiago.

-Manuel Beceiro, “Debemos seguir mantendo a bandeira do teatro público”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 29 outubro 2002, p. L2.

Entrevista a Manuel Guede Oliva na que o director do Centro Dramático Galego (CDG) fala sobre a asistencia de público ao teatro, concretamente ás representacións nos teatros

públicos ou ás representacións de obras en salas alternativas. Así mesmo, alúdese á representación por Chévere de *Río Bravo* e á montaxe do CDG *O colaborador*.

- Lupe Gómez ,"Unha obra asombrosa, vital, con peso", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 10 novembro 2002, p. 5.

Cualifica a última obra do CDG, *O colaborador*, como "horrorosa pero tan boa como terrible, tan fea como impresionante", indicando que se trata dunha obra chea de sinceridade sobre o mal, sobre a corrupción e sobre a sociedade. Fai fincapé na perversidade dos personaxes, na dificultade do guión e no peso da obra e do escenario sobre o espectador, producida pola grande tensión contida. Destaca así mesmo o traballo dos actores, o enriquecedor que resulta a carga verbal da obra, a música e a escenografía. Finaliza cualificando a obra de "moi masculina", e moi reveladora dos comportamentos vixentes dos homes.

-X. Amancio Liñares Giraut, "Colaborador", *La Voz de Galicia*, "O Fiadeiro", 15 decembro 2002, p. L15.

Ver Dürrenmatt, Friedrich, *O Colaborador (Der Mitmacher)*, no apartado III. 3. Dramaturgos traducidos ou versionados deste *Informe*.

-Vanesa M. Sotelo, “Átomos monosilábicos”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, “Opinións desde a butaca”, outono 2002, pp. 70-72.

Dáse conta da montaxe de *O colaborador* por parte do Centro Dramático Galego e dirixida por Manuel Guede Oliva. Explícase o argumento, o espacio no que se desenvolve a escena e os personaxes. Así mesmo, destácase o mosaico de caracteres e propostas interpretativas como un dos aspectos máis interesantes da montaxe e analízase a interpretación dos actores e a estructura da posta en escena, sinalando como aspectos positivos a intelixente estructura, o predominio dos monólogos introductorios, así como os negativos da excesiva retórica. Finalmente, Vanesa Sotelo cualifica a montaxe como correcta, mais sobre a que queda moi patente o autor, e comenta a obra en relación co nihilismo e gulliverismo de Dürrenmatt.

Ver IIº Encontro “Camiños Teatrais Galicia-Norte de Portugal”.

Centro Dramático Galego/Teatro de Braga: *Os espectros* , de Henrik Ibsen.

Dirección: Rui Madeira. Interpretación: Luisa Merelas, Antonio Durán “Morris”, Miguel Pernas, Miguel López Varela e Mónica García. Axudante de dirección: Toño Casais. Ambiente sonoro: João Ricardo de Barros Oliveira. Estudio crítico: Teresa Vilariño e Anxo Abuín. Escenografía: Alberto Péssimo e Jorge Gonçalves. Iluminación: Jorge Ribeiro. Figurinos: Silvia Alves. Fotografía: Miguel A. Fernández. Producción: Francisco Oti Ríos.

Referencias varias:

- C. P., “O CDG prepara ‘Espectros’, unha das obras máis emblemáticas de Ibsen”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 1 febreiro 2002, p. 9.

Breve comentario sobre a representación da obra “Os espectros”, baseada nun texto do noruego Henrik Ibsen. A obra, representada polo Cendro Dramático Galego e dirixida por Rui Madeira, está protagonizada por Luisa Merelas, Antonio Durán “Morris”, Mónica García, Miguel Pernas e Miguel López Varela. A seguir, coméntase que “Os espectros” “é un drama sobre a opresión e a hipocresía da sociedade burguesa”. En opinión de Manuel Guede, director do CDG e responsable da versión galega do texto de Ibsen, a trama ten algo de policial “porque os personaxes e espectadores van descubrindo evidencias e enigmas que remiten inexorablemente á imaxe central do libro, ó que di a protagonista, a señora Alving: os espectros somos todos”.

- AFA, “Un drama moderno”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 febreiro 2002, p. 48.

Coméntase a presentación da obra “Os espectros”, da man do Centro Dramático Galego, dirixidos, nesta ocasión, polo portugués Rui Madeira. A obra está interpretada por Luisa Merelas, Antonio Durán “Morris”, Miguel Pernas, Miguel López Varela e Mónica García. A seguir, afírmase que se trata dun “drama sobre a hipocresía e a opresión dunha sociedade burguesa na que a falsa moral se enfronta directamente coa felicidade e a alegría de vivir”. Para rematar, dáse conta dos ensaios, por parte do Centro Dramático Galego, da obra “Los viejos no deben de enamorarse”, baseada nun texto de Castelao.

- C. P., “O CDG estrea ‘Espectros’, obra de Ibsen coa que nace o teatro contemporáneo”, *La Voz de Galicia*, “Televisión y espectáculos”, 26 febreiro 2002, p. 64.




Coméntase que o Centro Dramático Galego estrea, no Salón Teatro compostelán, a obra “Os espectros”, do dramaturgo noruego Henrik Ibsen, texto co que “arranca o teatro europeo contemporáneo”. A obra está coproducida pola Companhia de Teatro de Braga e dirixida por Rui Madeira. A seguir, o director do CDG, Manuel Guede Oliva, comenta que unha obra como esta tardou tanto en incorporarse ao repertorio galego “porque hai proxectos que non se poden defender se non se conta con magníficos actores”. Pola súa banda, Rui Madeira

afirma que está moi satisfeito de dirixir por primeira vez en Galicia “porque se cumpriron os obxectivos que me marquei (...) como confrontar dúas culturas, dúas metodoloxías de creación artística”. Por último, Madeira engade que a obra de Ibsen é vital porque “nos últimos vintecinco anos se teñen escrito grandes textos, e tal vez a gran contribución que podemos facer sexa profundizar no que xa está descuberto, porque construir teatro a partires de novelas é un roubo”.




-EFE, “El Centro Dramático Galego estrena el viernes ‘Os espectros’ de Ibsen”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura & Ocio”, 26 febreiro 2002, p. 71.

Alúdese á representación da obra “Os espectros”, baseada nun texto do dramaturgo noruego Henrik Ibsen, da man dos actores e actrices do Centro Dramático Galego. A obra, dirixida polo portugués Rui Madeira e coproducida pola Companhia de Teatro de Braga, está interpretada por Luisa Merelas, Antonio Durán “Morris”, Miguel Pernas, Miguel López Varela e Mónica García. Por último, cítase a outra obra coa que o Centro Dramático Galego inaugurou a temporada teatral 2001-2002. Trátase da *Rosalía*, de Ramón Otero Pedrayo.

- B. F., “Norte de Portugal, obxectivos do 2002”/“Guede fija como objetivo del CDG para 2002 la proyección en el norte de Portugal”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 28 febreiro 2002, p. 35/p. 75.

Ofrécense algúns dos comentarios do director do Centro Dramático Galego no marco dun coloquio cos medios de comunicación titulado “Galicia, teatro y música”. Manuel Guede Oliva afirmou, en primeiro lugar, que o primeiro obxectivo da compañía para este ano 2002 é a proxección exterior a través do Eixo Atlántico Oporto-Braga-Viana do Castelo e mediante as coproduccións do Centro Dramático Nacional (CDN). A continuación, fixo referencia á estrea da obra “Los viejos no deben de enamorarse”, baseada nun texto de Castelao e en colaboración co Centro Dramático Nacional. A obra estrearase en Madrid e, a seguir, representarase en Salamanca, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo.

-AFA, “O CDG estrea hoxe ‘Os espectros’ de Ibsen”, *O Correo Galego*, “AFA”, 1 marzo 2002, p. 30.

Sucinta nota de prensa na que se informa da representación, a cargo do Centro Dramático Galego, da obra “Os espectros”, de Henrik Ibsen e baixo a dirección escénica do portugués Rui Madeira. A seguir, cítanse os autores que interpretan a obra: Luisa Merelas, Antonio Durán “Morris”, Miguel Pernas, Miguel López Varela e Mónica García. Así mesmo, os encargados da escenografía son os portugueses Alberto Péssimo e Jorge Gonçalves.

- C. Villar, “Espectros’ detrás de un escaparate”, *Faro de Vigo*, “Ojo”, 2 marzo 2002, p. 80.

Resúmese, brevemente, o contido da obra “Os espectros”, baseada nun texto de Henrik Ibsen e levada a escena polo Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Rui Madeira, convidado polo director do CDG, Manuel Guede Oliva, para dirixir este espectáculo. A seguir, Rui Madeira comenta que nin a luz, nin a música, nin a iluminación son os elementos máis importantes da obra, senón que o que máis destaca, na súa opinión, son os protagonistas, que levan todo o peso da obra. Trátase de Luísa Merelas, Antonio Durán “Morris”, Miguel Pernas, Miguel López Varela e Mónica García. Para rematar, engade que “se trata de mostrar que vivimos de contradicciones y no de frases hechas”.

- Concha Pino, “Ibsen recala no Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 3 marzo 2002, p. 8.




Noticia sobre a posta en escena da obra “Os espectros”, baseada nun texto do dramaturgo noruego Henrik Ibsen e baixo a dirección do portugués Rui Madeira, invitado polo director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede Oliva. Coméntase, a continuación, que a obra recrea “o drama da sociedade burguesa de finais do XIX, a opresión e a hipocresía na que viven e que lles impide ser felices”. Para rematar, cítanse outras obras dirixidas por Rui Madeira, entre as que destacan pezas de Musset, Tourgueniev, Gil Vicente, Marivaux, Garret, Claudel, Ibsen, Strauss, Castelo Branco, Thomas Bernhard, Brecht, García Lorta, Tchejov e Gorki.

-Pancho Tristán, “Hurgar en vidas ajenas”, *El Mundo*, “*El Cultural*”, “Teatro”, 27 febreiro-5 marzo 2002, p. 38.

Anuncia a estrea de *Os espectros*, de Ibsen a cargo do CDG en Santiago de Compostela baixo a dirección de Rui Madeira. Ofrece un resumo do argumento da obra e sinala que é un

retrato e posicionamento ante as convulsións sociais da época de Ibsen. Refírese ao traballo que directores de compañías teatrais públicas portuguesas están levando a cabo co CDG, que ten unha duración de tres anos e que o seu segundo froito é esta peza. Remata referíndose ao papel dos personaxes, especialmente aos femininos.




- Inma López Silva, “Os espectros’ entre músicas e cristais de Oriente”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 120, 11 marzo 2002, p. 5.

Abórdase a estrea de *Os espectros*, de Henrik Ibsen, por parte do Centro Dramático Galego e baixo a dirección de Rui Madeira. Saliéntase a montaxe minimalista e os xogos de mamparas, espacios móbiles e transparencias tras o cristal, así como a iluminación fría e clara. Sinálase que a vontade sorpesiva sobre a escena está ao servicio dunha constante alusión aos espectros, ao que contribúe a banda sonora, malia considerar que en ocasións a copresencia e ausencia dos personaxes non é verosímil. Considérase que a estética espectral conseguida a través desta escenografía é a base para entender a vontade do director por centrar a proposta na interpretación e no diálogo. No tocante ao traballo actoral, destácase a actuación de Miguel Pernas, e en menor medida o de Luísa Merelas, Morris e

Miguel López Varela, apuntando que Mónica García non está á altura dos seus compañeiros. Finalízase sinalando que se trata dunha montaxe de contrastes, con momentos moi bos e outros tristemente malogrados, e destacando a estética da montaxe, a lectura de Ibsen, o coidado polo detalle na interpretación e a dirección de Manuel Rui.




- Francisco Pérez Lorenzo, “Os vellos non deben de namorarse’ fai a ponte entre Madrid e Santiago”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 abril 2002, p. 74.

Coméntase, brevemente, a representación, a cargo do Centro Dramático Galego, da versión castelá de “Os vellos non deben de namorarse”, de Castelao. Trátase dunha coprodución do Centro Dramático Galego e o Centro Dramático Nacional. A seguir, cítanse outras obras que se representaron na Xª edición da Feira do Teatro de Galicia. Trátase do musical *Ratman&Bobyn*, *Supermáis*!!!, de Talía Teatro, e *Xan Trapallas*, de Monicreques de Kukas.

- Salvador Rodríguez, “Todos somos espectros”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 3 maio 2002, p. 1.

Alúdese á representación do Centro Dramático Galego *Os espectros*, de Henrik Ibsen, protagonizada por Luisa Merelas e Antonio Durán "Morris" e dirixidos polo portugués Rui Madeira. A seguir, o director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, afirma que a obra de Ibsen "a partir dunha estructura dramática que lembra ó Edipo sofócleo, o autor desenvolve unha trama policial na que os personaxes van descubrindo evidencias e enigmas que remiten inexorablemente ao eixo central da obra 'os espectro somos todos".

- Salvador Rodríguez, "Morris entre espectros", *Faro de Vigo*, *"El Sábado"*, nº 261, 18 maio 2002, p. 4.




Entrevista ao actor vigués Morris, protagonista da peza “Os espectros”, de Ibsen, representada polo Centro Dramático Galego. Nela fala sobre a crítica social reflectida na peza destacando que algunhas das cuestións aquí criticadas xa non están vixentes hoxe en día, mentres que outras, como o dereito a morrer dignamente, están de plena actualidade. Asemade, fala do personaxe que interpreta, salientando que se diferencia de todos os que tiña representado con anterioridade. Por outra banda, fala sobre o director da obra, Rui Madeira, subliñando que o sorprenderon moitas cousas del e que coñece moito os procesos

interpretativos. Finalmente alude á situación dos actores en Galicia, onde algúns intentan combinar o seu labor como actores de teatro e de televisión ou cine.




- Tere Gradín, “Regresa con fuerza el Festeixo”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 261, 18 maio 2002, p. 4.

Dáse conta da participación de varias compañías galegas na VII edición do Festival luso de teatro Festeixo, entre as que sinala a colaboración do Centro Dramático Galego e da Compañía de Teatro de Braga con *Espectros*, así como Teatro de Ningures con *Fausto*, Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse* e Teatro do Noroeste con *Alta comedia*.

- Pablos, “Destrozar a Ibsen”, *Atlántico Diario*, “La crítica”, 27 maio 2002, p. 11.

Alúdese á representación da obra *Os espectros*, de Ibsen, a cargo do Centro Dramático Galego e dirixida polo portugués Rui Madeira. O cronista considera moi negativamente a montaxe, afirmando que o que se fai a partir da peza de Ibsen, xa “clásica de la dramaturgia

moderna”, é simplemente un “bodrio inentendible”. Critica o falseamento dos personaxes protagonistas, o decorado inexpresivo e a, segundo el, feble interpretación dos actores, para rematar advertindo que “así, de seguro, no se ganan aficionados al teatro”.




- Manuel F. Vieites, “Mundos e pantasmas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, 27 xuño 2002, p. VIII.

Reflexión sobre a peza *Os espectros*, de Henrik Ibsen, representada polo Centro Dramático Galego e mais pola Companhia de Teatro de Braga e baixo a dirección de Rui Madeira, da que se sinala que “parte dunha lectura que quere ser novidosa” e na que se alude ao seu eclectisimo.

- Inma López Silva, “Unha dobre rapa para valora-las coproduccións do CDG”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 7 xullo 2002, p. 3.

Neste artigo de opinión Inma López Silva faise eco da polémica xurdida ao redor da versión castelá de *Os vellos non deben de namorarse*, o clásico de Daniel R. Castelao, levada á

escena polo Centro Dramático Galego en colaboración co Centro Dramático Nacional. A autora manifesta o seu apoio a esta clase de iniciativas porque levan para fóra de Galicia o que “aquí vale para ensinar”, e compáraas coas moi aplaudidas e nada discutidas coproduccións galego-portuguesas, como acontece na peza *Espectros*.




Chévere: *Río bravo 02*

Wester recuperado con motivo do décimo quinto aniversario da Sala Nasa. Esta comedia fora estreada no ano 90, aínda que agora só repiten dous dos membros do reparto e a peza conta cunha nova formación musical, ademais dalgúns arranxos. Respondendo ao xénero, conta con todos os seus tópicos e arquetipos.

Interpretación: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Marcos Ptt Carballido e Xesús Ron. Músicos en escena: Ramón Orencio López e Xacobe Martínez. Música orixinal: Fran Pérez. Letras das cancións: Pepe Sendón.Iluminación e son: Óscar Álvarez. Roupas e obxectos escénicos: Carlos Alonso.

Referencias varias:

-Camilo Franco, “O teatro galego estrea unha temporada que mira ó pasado”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 1 outubro 2002, p. 47.

Ver Sala Nasa no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas, deste *Informe*.

- A. I. S., “Cabaret colectivo con grandes estrellas”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 11 outubro 2002, p. 33.

Ver Sala Nasa no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas, deste *Informe*.

- AFA, “O oeste galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 outubro 2002, p. 30.

Anuncia a estrea o día 18 de outubro na Sala Nasa de *Río Bravo 02*, da compañía Chévere, para conmemorar os seus quince anos no escenario. Dise que é unha comedia na que se recollen a través de *sketchs* todos os tópicos das películas do oeste, que vai ter

representacións escolares e para o público en xeral. Ademais de aludir a algúns cambios con respecto á montaxe de 1990, tamén sinala que mantén a liña de humor e musicalidade presente noutras obras desta compañía e remata referíndose á xira que realizarán durante tres meses polas principais cidades galegas.




-Carmen Villar, “Chévere celebra sus quince años con la repetición del montaje de ‘Río Bravo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 outubro 2002, p. 38.

Anuncia a estrea na Sala Nasa de *Río Bravo*, unha peza da compañía Chévere cualificada por Miguel de Lira como un “grelo-wester”, actor que encarna ao chérif, xunto con Xesús Ron que é Flan Flanagan, o malo. Sinala que con respecto á montaxe orixinal do ano 1990 presenta cambios como o inicio e final da obra e os membros do reparto, no que só quedan os actores nomeados, dos que se recollen as declaracións nas que apuntan ao interese da compañía en reivindicar o seu repertorio e ao divertido de xogar a indios e vaqueiros.

- Concha Pino, “Chévere recupera ‘Río Bravo’ para os escenarios que anovou hai doce anos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 16 outubro 2002, p. L10.

Anuncia a próxima estrea do espectáculo *Río Bravo*, co que di que a compañía Chévere puido crear a Sala Nasa. Como cambios sinala que da compañía orixinal só queda Miguel de Lira e Xesús Ron, polo que o reparto é case todo diferente, do mesmo xeito que o comezo e algunhas escenas da peza. Ademais de recoller as palabras de Xesús Ron, que destaca o propósito de atraer ás novas xeracións, e de Miguel de Lira, que salienta que é unha das obras máis divertidas da compañía, tamén se indica que con esta montaxe se queren celebrar os dez anos da Sala Nasa e demostrar a capacidade de renovación e experimentación escénica da compañía.

- M. B., "En Río Bravo non importa o que se di sinón como se di", *La Voz de Galicia*, "El cronómetro", 20 outubro 2002, p. L2.




Conversa con Miguel de Lira, membro do reparto de *Río Bravo*, da compañía Chévere. Sinala que elixiron representar esta peza quince anos despois da súa primeira estrea porque supuxo o inicio da actividade da compañía. Dos cambios co paso do tempo na montaxe observa que é máis madura, do mesmo xeito que a propia compañía. En canto aos cambios

entre as dúas postas en escena, sinala que son moi semellantes e que chega ben ao espectador actual polo xeito de dicir as cousas.




-Camilo Franco, “Non pasan os anos”, *La Voz de Galicia*, “Crítica. Teatro ”, 29 outubro 2002, p. 59.

Fálase da nova representación de *Río Bravo 02*, e indícanse as diferencias desta coas postas en escena levadas a cabo en anos anteriores. Sinálase que segue mantendo a intensa parodia, aproveitando de lonxe a película de John Ford para buscarlle as voltas ás manías dun xénero que ten tantas e tan coñecidas, e que conserva recoñecíbeis o argumento e os *gags*, así como a música e a letra. Así mesmo, afírmase que nesta versión remozada da peza engadiuse algunha volta máis para “apretar” o humor e para facela actual.

-Paula Bergantiños, “Río Bravo 02”, *A Nosa Terra*, nº 1.054, “Fin de semana”, 31 outubro 2002, p. 31.

Miguel de Lira comenta as diferencias entre a representación de *Río Bravo 02* e o espectáculo, o máis emblemático da compañía Chévere, representado doce anos antes. Sinala que houbo cambios no equipo, no espectáculo, que correxiron algúns anacronismos, que o inicio e o final son distintos, etc. Explica o que no pasado supuxo a representación da obra (posibilidade de reformar a Sala Nasa pola mínima disposición económica da que se beneficiaron), cómo e por quen se formou Chévere, e o éxito que tivo esta comedia musical. Tamén alude ao humor, proposta fundamental da compañía á que pertence. A seguir, fai balance do paso dos anos e indica que as dificultades son cada vez maiores debido á falta de apoio institucional. Finalmente no artigo dáse conta do día e hora das representacións de
Río Bravo 02.

-Camilo Franco, “Chévere volve ó Oeste”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Escenario”, 28 decembro 2002, p. 8.

Infórmasenos de que a compañía Chévere volve á parodia do xénero do *western* ao presentar no Centro Cultural Caixanova de Vigo a peza *Río Bravo 02*, actualización do “atraco musical” que xa tiña suposto, en 1992, *Río Bravo*. O reparto é novo pero non a

intención e a capacidade humorística, aínda que suxire unha menor espontaneidade e inxenuidade con respecto á versión de hai dez anos. O argumento, repleto de gags, descende directamente dos clásicos do xénero, ao que se lle dá a volta “como se fai cos calcetíns vellos”.




- Ágatha de Santos, “Chévere celebra sus quince años con la reposición de ‘Río Bravo’, su montaje más emblemático”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 decembro 2002, p. 48.

Refírese á recuperación da montaxe inspirada no Oeste americano, *Río Bravo*, por parte da compañía santiaguesa Chévere, para conmemorar o seu nacemento hai quince anos. A xira de catro meses dá comezo en Vigo e pasará pola Coruña e Pontevedra (pero non Lugo e Ourense, por motivos alleos á compañía) e destinará un euro de cada entrada a axudar os damnificados pola catástrofe do “Prestige”. Dáse a nómina dos actores que participan neste espectáculo con música en directo (cinco para máis de quince personaxes) e inclúese unha breve entrevista cun deles: Patricia de Lorenzo.

Eme2: *Malicia* Ver XVIIIª Mostra internacional de teatro de Ribadavia.

Teatro **Galileo**: *Ruzzante*, de Angelo Beolco. Dirección: Pedro Rubín. Ver Ciclo de “Teatro de Primavera” de Culleredo.





Llu-Llu Teatro: *O circo enmeigado ou a amazona e os excéntricos* , de Rafael Dieste.

Comedia na que se conta a historia de Cándido e Flor, pallasos de circo, que se preparan concienzudamente para asistir a unha cita amorosa con Casilda, unha fermosa amazona. A partir de aquí comeza unha pugna polo amor desta amazona, que os porá a proba antes de decidir quen lle interesa máis.

Dirección: Salvador del Río. Interpretación: Santiago Cortegoso, Fran Paredes, Andrea Herrero e Alberto Barreiro “Warren”.

Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar.
Ver Vª Mostra de teatro de Vilanova de Arousa.

Teatro da **Lúa**: *Con flores a María*, de Dorotea Bárcena.

Peza estructurada en catro partes na que os protagonistas principais son Deus, Adán, Eva, a serpe do paraíso, os arcanxos San Miguel, San Gabriel e María, nunha comedia na que se parte da creación de Eva a partir dunha costela de Adán e os problemas que esta ten coa serpe, coa que se leva moi mal. Do mesmo xeito, tamén se aborda a historia da Virxe María e de Carapuchiña Vermella, tres tipos de mulleres moi deferentes. A través das complicadas situacións que se producen, trátase a situación da muller na sociedade actual, sen deixar de lado a capacidade reivindicativa desta compañía, na que se reflexiona sobre os valores establecidos e os roles predominantes.

Dirección: Dorotea Bárcena. Interpretación: Dorotea Bárcena, Beatriz Graña, Ramiro Neira e Diego Bárcena. Xénero: Comedia.

Referencias varias:

-M. Beceiro, “Teatro da Lúa ironiza sobre la marginación de la mujer”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 11 setembro 2002, p. L2.

Fálase da obra *Con flores a María*, escrita e dirixida por Dorotea Bárcena, a propósito da súa representación no Teatro Principal de Santiago. Saliéntase a ironía, humor e sarcasmo co que a obra critica, a través dos "contos" de Eva, a Virxe María e Carapuchiña Vermella, a marxinación da muller, ao tempo que reflexiona sobre 'os valores establecidos e os roles que predominan na sociedade desde a orixe ata a actualidade'. Destácanse tamén os problemas de identidade da cuarta personaxe da obra, un Deus a quen os seus torpes anxos lle fan mal as cousas. Conclúe caracterizando a obra como unha síntese de *La Biblia contada a los pasotas* e *Florido pensil*, e apuntando que, malia ser a idea orixinal facer algo próximo a esta última obra, a reducida subvención determinou a modesta producción final.

- Lupe Gómez, "Mulleres libres, rindo, abertas", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 22 setembro 2002, p. 5.

Crítica do guión e do espectáculo que chama *Flores a María* e *Flores para María*. Destaca a comicidade do guión e a posta en escena polo Teatro da Lúa, compañía da que se salienta o despregue de efectos especiais. Finalmente, subliña este tipo de teatro, xa que "o teatro

tamén é para crear xustiza social, para fomentar a integración, para elevar o ánimo, para entender a xente".




-Amaia Mauleón, “En el mundo del teatro también hay mucho machismo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 decembro 2002, p. 52.

Entrevista coa autora, directora e actriz da peza *Con flores a María*, a viguesa Dorotea Bárcena, que se presenta no Teatro Caixanova de Vigo en dúas funcións. Bárcena interpreta o papel de Deus nunha obra que segue a liña reivindicativa de Teatro da Lúa ao recoller, en clave de humor, tres modelos de muller: a vampiresa, a virxinal e a acosada. Lémbrase o percorrido profesional da entrevistada (fundadora de catro compañías, dramaturga, profesora, actriz de cine e televisión), que adianta a súa intención de tocar a crise do Prestige na próxima montaxe que está a preparar, *Mulleres do porvir*.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.

Teatro **Maltés**: *Porca vita (Matanza)*, de Roberto Salgueiro.

Protagonizada por dous cochos e un matachín, establécese un xogo de contrastes simbolizado polos dous porcos que centran o diálogo, onde un deles soña con ser trompetista dunha *big band*, e o outro ten como máxima aspiración rematar sendo degustado nun banquete da Xunta.

Dirección: Lino Braxe. Interpretación: Lino Braxe, Xavier Deive e Xosé Luís López "Sacha". Música: Diplomáticos de Monte Alto.

Referencias varias:

-Inma López Silva, "A Fábula dos porcos en Galicia", *El Correo Gallego*,"*Correo das Culturas*", nº 110/nº 122, 2 xaneiro 2002/25 marzo 2002, p. 2/p.5.

Dáse conta da estrea de *Matanza*, obra de Roberto Salgueiro que quedou finalista do premio Rafael Dieste de Teatro e que é representada pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. Ofrécese o argumento da obra e sinálanse as funcións que realiza a Aula de Teatro da Universidade. Así mesmo, analízanse as características da proposta escénica de *Matanza*, así como a interpretación de varios actores. Finalmente, Inma López Silva manifesta o desexo de que a Aula de Teatro universitaria siga, xunto con RobertoSalgueiro, sendo referencia inescusábel do noso teatro.

- Camilo Franco, “Textos e xéneros”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 14 abril 2002, p. 10.

Alude a varios espectáculos que terán lugar nos próximos días. Trátase de *Fausto*, da que o articulista afirma que “ten un desequilibrio entre a imaxe e a interpretación, demasiado limitada para o conflicto de tal personaxe”. Así mesmo, cítase *Mulleres*, “unha montaxe sinxela, directa e divertida, moi a pé de obra e sen complicacións”. Por último, fálase de *Porca Vita*, “un texto un pouco absurdo” e “para rir”.

- Tere Gradín, “Regresa con fuerza el Festeixo”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 261, 18 maio 2002, p. 4.

Ver Centro Dramático Galego/Teatro de Braga: *Os espectros* , neste apartado do *Informe*.

- J. A. Martínez Sevilla, “Entremés rock”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 13 outubro 2002, p.




18.

Refírese á posta en escena da obra *Porca Vita*, de Teatro Maltés. Indícase que a peza, escrita orixinalmente por Roberto Salgueiro co título de *Matanza*, está dirixida por Lino Braxe e nela participa o grupo musical *Os diplomáticos de Monte Alto*. Faise neste artigo un resumo do argumento de *Porca Vita* e lóase a escenificación, salientando a execución musical, o traballo actoral, a dirección, a luminotecnia e o son.

- Manuel Beceiro, “Teatro Maltés lleva el teatro-rock a la sala Yago con la obra ‘Porca Vita”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 27 novembro 2002, p. L8.

Explícase que a compañía coruñesa Teatro Maltés, baixo a dirección de Lino Braxe, leva a escena, en versión libre, o texto de Roberto Salgueiro orixinalmente titulado *Matanza*, que na obra comparten escenario dous porcos e mais o seu matachín no cortello, e o grupo líder da música *bravú* Os Diplomáticos de Monte Alto na cociña. Resulta así un xénero pouco común no noso panorama teatral: o teatro-rock. Destaca que é unha peza esperpéntica e melodramática, que nos fala da vida e na que está moi presente a nosa idiosincrática "maneira animalesca de ser".

- Lupe Gómez, "Vita porca, luminosa, animada", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 8 decembro 2002, p. 5.

Comentario eloxioso para esta orixinal e interdisciplinaria versión que Lino Braxe (director e tamén actor da peza) realiza da obra de Roberto Salgueiro *Matanza*, coa única salvedade de ficar quizais un pouco "atrapallada" na resolución. En escena aparece o grupo musical Os Diplomáticos de Monte Alto, que lle achega ao espectáculo un ton de festividade. Trátase dunha historia que combina o lúdico e o transcendental, protagonizada por dous porcos á espera da morte, como metáfora da existencia humana.

- M. Silva, “Lino Braxe leva ó Rosalía o teatro-rock con ‘Porca Vita”, *La Opinión*, “Cultura”, 10 decembro 2002, p. 56.




Anuncio da posta en escena desta obra, da que se salienta a súa orixinalidade.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.

María A Parva: *Xogo para nenas*

Interpretación: Gena Baamonde.
Escenografía: Kukas. Atrezzo:
Mercedes Rey. Soporte lumínico:
Jorge Méndez Oro.

Referencias varias:

- AFA, “A Galán estrea ‘Xogo para nenas’ de María a parva”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 xuño 2002, p. 34.

Alúdese ao novo espectáculo de Gena Baamonde, da Compañía de Teatro María a Parva, que tivo lugar en Teatro Galán de Santiago. A seguir, Gena Baamonde afirma que se trata dun espectáculo “formulado como un xogo, xogar un pouquiño co amor, cómo se ama, os reproches, cómo é o teatro e en definitiva o xogo completo da vida que dá para moito”.

- M. B., “La actriz Gena Baamonde ofrece ‘Xogo para nenas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 13 xuño 2002, p. 9.

Infórmase, brevemente, da representación da obra *Xogo para nenas*, da man da Compañía María a parva. A obra non é un monólogo en sentido estricto posto que a actriz Gena Baamonde entra en contacto directo co público a través dun diálogo coa persoa supostamente amada.

- Inma López Silva, “Xogos para nenas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 135, 23 xuño 2002, p. 5.

Inma López Silva describe a representación *Xogo para nenas*, da compañía María a Parva, que é cualificada como un monólogo no que unha muller “oscila entre a irreverencia e a inxenuidade baseándose no equívoco metateatral e no xogo infantil”. Destaca que a comicidade alicerza toda a proposta e cualifica como xenial o vestiario “composto por suxeitadores de cores superpostos”.

- Lupe Gómez, “Con ironía, con pracer”, *A Nosa Terra*, nº 1.040, “Cultura”, 27 xuño-3 xullo 2002, p. 27.




Sinala que asistiu á representación de *Xogo de nenas*, obra coa que se identifica e que considera que está moi ben interpretada por Gena Baamonde. Destaca da peza a súa capacidade para espertar sentimentos no espectador, nunha “mezcla de poesía e paixón”.

Ver IXª edición das Curtas de teatro galego.

Matarile Teatro: *Quen te quere, quen te chama*.

Obra representada no festival “En pé de pedra”.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Mechtild Barth, Helen Berterls, Juan Berzal, Ana García, Eugenia Iglesias, Roberto Leal e Daniel Moreno.

Teatro do **Morcego**: *Momo*, de Michael Ende.

Adaptación e Dirección: Celso Parada. Interpretación: Miro Magariños, Eva Carreras, Mundo Villalustres, Salvador del Río, Santiago Cortegoso, Maxo Vargas, Alberto Barreiro, Sonia Rúa e Pepa Barreiro. Iluminación: Celso Parada.

Referencias varias:

-Manuel Beceiro, “En Compostela hai un exceso de oferta teatral”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 30 outubro 2002, p. L2.

Entrevista a Celso Parada, actor en *O colaborador* e *O lazariño de Tormes* e director do Teatro do Morcego*,* na que fala da súa montaxe *Momo* e sinala que o teatro público galego sofre un exceso de oferta puntual en Santiago. Celso Parada explica o argumento de *Momo* e indica as razóns da montaxe desta obra de Ende, así como a estética empregada na obra.

-Xosé Peón, “O ciclo escénico das Pontes ofrece esta tarde unha representación de ‘Momo”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 14 novembro 2002, p. 16.

Anuncia a presencia da compañía Teatro do Morcego nas Pontes, onde porá en escena a súa peza *Momo*, de Michael Ende. Ademais de ofrecer a liña argumental da obra, tamén sinala cal é o reparto.

Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña. Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar. Ver Sábados teatrais de Narón.

Teatro de **Ningures** (1): *A tráxica historia do doctor Fausto*, Christopher Marlowe.

Lectura contemporánea dos pactos co demo que fai cada un de nós.

Dirección: Etelvino Vázquez. Interpretación: Casilda García, Salvador del Río, Santiago Cortegoso, Fran Paredes, Pepa Barreiro e Sonia Rúa.

Referencias varias:

- AFA, “O Fausto’ de Teatro de Ningures, en Santiago”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 febreiro 2002, p. 30.

Nota da presentación da obra en Santiago de Compostela na que se sinalan os intérpretes, a dirección e o argumento ao redor do que xira esta nova versión da obra de Marlowe.

- C. P., “Teatro de Ningures enfronta ós espectadores co Fausto que levan dentro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 febreiro 2002, p. 9.

Infórmase da representación en Santiago desta adaptación da obra de Marlowe, que a compañía abordou cunha formulación contemporánea. Trátase dunha versión, segundo se nos di, bastante fiel, na que só se eliminaron “esceas que hoxe resultan excesivamente explicativas”. Por último, tras anunciar que a próxima estrea da compañía será unha adaptación da novela *Círculo,* de Suso de Toro, faise un pequeno repaso da súa traxectoria.

- Camilo Franco, “Textos e xéneros”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 14 abril 2002, p. 10.




Ver Teatro Maltés: *Porca vita (Matanza)*, neste apartado do *Informe*.

Teatro de **Ningures** (2): *O Principiño*, de Saint-Exupery.

Dirección: Salvador del Río. Interpretación: Fran Paredes, Gabriel Lezcano, Marián Bañobre, Santiago Cortegoso e A. Barreiro “Warren”.

Referencias varias:

- P. X., “Teatro de Ningures estrea hoxe no Auditorio a súa versión do Principiño”, *Atlántico Diario*, “Mostra de teatro de Cangas”, 3 setembro 2002, p. 19.

Anuncia a estrea no Auditorio de Cangas da obra *O Principiño*, de Teatro de Ningures. Repasa a traxectoria desta compañía canguesa e destaca a renovación na interpretación de novos valores.

Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña. Ver Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas.

Teatro do **Noroeste** (1): *Campo Sur*, de Lino Braxe.

Drama no que a protagonista é Aixa, unha mestra que perde o seu traballo polas súas ideas, e a través da que se contan as historias de moitas mulleres. Vive nun campo de refuxiados e cóntanos a historia da súa vida, as súas memorias e as súas relacións coa familia e cos amigos a través dun monólogo que se estructura en catro partes: a do irmán, a do pai, a da amiga e a do mestre-amante.

Dirección: Elina Luaces.
Interpretación: Luma Gómez.

Referencias varias:

- M. B., “Luma Gomez acerca ó espectador ao mundo da muller islámica”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 13 decembro 2002, p. L9.

A noticia informa da estrea, na sala santiaguesa Yago, da obra de Lino Braxe *Campo sur*, interpretada pola actriz de Teatro do Noroeste Luma Gómez e dirixida por Elina Luaces. Braxe conta neste drama a historia dunha muller islámica que perde o seu traballo de mestra a causa das súas ideas, e que rememora anacos da súa vida dende o campo de refuxiados en que se encontra. A obra non pretende pór énfase no horror, senón conmover a través dos sentimentos expresados pola protagonista.

Ver XVIIIª Mostra internacional de teatro de Ribadavia.

Teatro do **Noroeste** (2): *As damas de Ferrol*, de Eduardo Alonso.

Historia de dúas supostas irmás, xa maiores, Maruxa e Lourdes, que falan sobre a súa situación actual e as causas que as levaron a ela. Pechadas nun vello casarío, unha delas aparentemente impedida, e a outra aparentemente infantilizada, degrañan a súa realidade que pode ser unha fantasía ou unha realidade do acontecido. Entre elas está a constante evocación dun home que lles condicionou a vida. O marco no que se insire a obra é a cidade de Ferrol, onde aparentar é máis importante que o que se é realmente.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación:
Elina Luaces e Luma Gómez. Xénero:
Comedia.

Referencias varias:

- AFA, “Dúas mulleres no xogo da realidade”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 novembro 2002, p. 34.

Dáse conta da estrea e do tempo de permanencia en cartel na Sala Yago de Santiago de Compostela de *As damas de Ferrol*, peza teatral dirixida por Eduardo Alonso e interpretada por Luma Gómez e Elina Luaces. Indícase que esta comedia representada por Teatro do Noroeste xira arredor de dúas mulleres que viven fóra do tempo real; dúas irmás que en palabras das protagonistas son "seres contradictorios que non seguen unha liña lóxica de pensamento" e que "falan amigabelmente e tamén discuten pola estupidez máis grande". Igualmente indícase que a peza está ambientada na cidade de Ferrol, que posúe "unhas características concretas que serven como referente imaxinario da obra, pero que tamén podería equivaler a outras cidades galegas". Finalmente sinálanse os lugares nos que foi e será representada a obra.

-M. Beceiro, "En Ferrol tamén é máis importante parecer que ser", *La Voz de Galicia*, "El cronómetro", 6 novembro 2002, p. L2.

Entrevista a Luma Gómez na que a actriz comenta aspectos do espacio e personaxes da obra *As damas de Ferrol*, escrita e dirixida por Eduardo Alonso, na que interpreta, xunto con

Elina Luaces, a unha desas damas da sociedade ferrolá. Afirma que é unha comedia negra, bastante cáustica e pouco amábelcon Ferrol, na que dúas irmás de entre sesenta e setenta anos viven xuntas intentando aparentar que son dúas damas, mentres realmente viven nunha decadencia económica. Así mesmo, sinala a actriz que nesta obra están presentes temas, como a hipocresía ou os malos tratos, que existen en todas as sociedades.




-Lupe Gómez, “Dúas mulleres maleducadas e libres”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 24 novembro 2002, p. 5.

Comenta que Teatro do Noroeste representa *As damas de Ferrol*, unha obra escrita e dirixida por Eduardo Alonso e interpretada por Luma Gómez e Elina Luaces. O argumento xira en torno do absurdo da existencia, coas dúas protagonistas encerradas nunha casa e pechadas sobre si mesmas ata perderen as formas e a razón, liberándose así da frialdade e o aburrimento das súas vidas.

Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Nove-Dous Teatro: *Historias mínimas. Un espectáculo mutante de teatro*, de Javier Tomeo.

Peza na que se mesturan o drama, a comedia, o amor, o absurdo ou a morte, nunha representación aleatoria das distintas partes da que se conforma a obra. Está formada por arredor de vinte historias curtas a partir dunha primeira que se elixe sacando unha bola dunha urna.

Dirección: Jouse García.
Interpretación: Lois Soaxe, Josi Lage.

Referencias varias:

- C. A., “Nove-Dous estrena en O Carballiño la obra *Historias mínimas*”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 22 febreiro 2002, p. 7.

Infórmase de que a nova obra *Historias mínimas*, da compañía Nove-Dous, se representará no Carballiño hoxe, e que tamén formará parte do festival de teatro do Carballiño que terá lugar nos próximos días.

- X. A. Reboiro, “Nove-Dous estrena en Carballiño la obra ‘Historias mínimas”, *La Región*, “Cultura”, 22 febreiro 2002, p. 68.




Anuncia a estrea desta peza de teatro, *Historias mínimas*, no Carballiño. Explica o argumento, a novidosa forma de enfocar a montaxe no que é a primeira dirección de Jouse García e adianta outras actuacións na vila, entre elas: *Cheiro de estrelas*, de Fulano, Mengano e Citano; *Divos*, da compañía de María Asquerino; e *Ofelia*, de Pilar Pereira.

-Alberto Canal, "Amor, morte e absurdo nun esceario mutante", *La Región*, "Teatro", 24 febreiro 2002, p. 75.

Fálase sobre a presentación de *Historias mínimas*, de Javier Tomeo, estreada no Auditorio de Carballiño pola compañía Nove Dous. Os actores protagonistas, Lois Soaxe e Josi Lage,

narran algunhas das historias que compoñen a obra, por exemplo, a dunha dona “que termina desnucando ó seu compañeiro de viaxe porque non soporta as cores da súa gravata”, ou as que levan por título “Suicidio”, “Asasiño”, “Chosca”, “Lúa” e “Duque”. Os responsables da obra comentan que *Historias mínimas* “é comedia, é drama, é poesía, éamor, é absurdo, é morte. É ese ‘elo’ freudiano que nos avergoña manifestar en público por aquello do que dirán e que precisamente andamos reprimindo constantemente”. Por último, Jouse García, director da obra, refírese a *Historias mínimas* como un“espectáculo mutante”, porque cambia en cada función.




- M. Beceiro, “El teatro retorna al Principal con el espectáculo mutante de Nove-Dous”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 4 setembro 2002, p. L9.

Anúnciase a estrea no Principal de *Historias mínimas*, da compañía Nove-Dous, peza realizada a partir de vintedúas das máis de corenta historias que forman o libro de Javier Tomeo, nas que se entrelazan comedia, drama, poesía, amor, morte e absurdo. Sinálase que a obra xa fora estreada o pasado ano en castelán en Getafe, e saliéntase o carácter ‘mutante’ da representación, ao mudar aleatoriamente a orde das escenas (mediante a

extracción de bólas numeradas) en cada función, e con elas o ritmo das mesmas. Finaliza cunhas declaracións do director, Jouse García, nas que apunta o amor e a morte como temas recorrentes da obra.




Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña.
Ver Vª Mostra de teatro de Vilanova de Arousa.





Pífano Teatro: *Estima*, de Xabier Picallo.

Dirección: Xan Cejudo. Interpretación: Mela Casal, Gloria Ferreiro e Guillermo Cancelo.

- P. X., “Teatro de Ningures estrea hoxe no Auditorio a súa versión do Principiño”, *Atlántico Diario*, “Mostra de teatro de Cangas”, 3 setembro 2002, p. 19.

Anuncia a estrea no Auditorio de Cangas da obra *O Principiño*, de Teatro de Ningures. Repasa a traxectoria desta compañía canguesa e destaca a renovación na interpretación de novos valores.





Os **Quinquilláns**: *O circo das máscaras.*

Conta a historia dun pai, Xoán, e da súa filla, Sabela, que buscan a verdade e o entendemento. O circo prepárase para a estrea dun novo espectáculo pero Sabela quere marchar e o resto dos habitantes están arrefriados e confusos. Con esta peza quérese reflectir a vida das xentes do circo e os seus esforzos por saíren adiante.

Dirección: Carolina Ramos. Interpretación: Xoán Curiel, Nazaré Davila, Zezilia Meléndez, Xurxo V. Piñeiro e Eva Vila. Máscaras de: Christina Rozendaal. Música en directo: Manolo Ribeiro.

Grupo de teatro **San&San** (1): *Concerto bífido.*

Grupo de teatro **San&San** (2): *¿E nós que pintamos?.*

Sarabela Teatro: *A conxura dos necios*, de John Kennedy Toole.

O protagonista, Iñacio Rei, vive aos seus trinta anos coa súa estrafalaria nai e dedícase a escribir unha estensa denuncia contra o século XX, que considera falto de teoloxía e xeometría coma de decencia e bo gusto. Por unha inesperada necesidade de diñeiro vese catapultado á febre da existencia contemporánea á que Iñacio subirá algún grao máis.

Dirección e adaptación: Ánxeles Cuña. Interpretación: Fernando Dacosta, Xosé A. Porto "Josito", Elena Seijo, Xavier Estévez, Fina Calleja, Sabela Gago e Tito R. Asorey. Escenografía e atrezzo: Marcelino de Santiago "Kukas". Xénero: Traxicomedia.

Referencias varias:

- M. J. Miragaya, “Risa e sorpresas, ingredientes da nova montaxe de ‘Sarabela”, *La Región*, “Cultura”, 18 setembro 2002, p. 59.

Ademais de dar conta do equipo e do horario da representación (2, 3 e 4 de outubro de 2002, 20:30 h, Teatro Principal de Ourense), trátase dunha crítica da posta en escena de *A conxura dos necios* por parte da compañía teatral Sarabela. Logo de dar conta de anteriores representacións, ao respecto da nova escenificación destácase que está ambientada no Ourense actual e que o proceso creativo procede dos traballos de Ánxeles Cuña, a súa directora, e o equipo da compañía. Tamén se apunta que houbo que facer un intenso traballo de reducción, pois a obra literaria posúe catrocentas páxinas e o guión dramático só ten corenta.

- M. Beceiro, “Desde o humor se traballan aspectos muy duros da vida”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 17 outubro 2002, p. L2.

Entrevista ao actor Josito Porto, que dá vida ao axente Mancuso na peza *A conxura dos necios*, versión da obra de Kennedy Toole que Sarabela Teatro estreou a comezos de mes

no Teatro Principal de Santiago. Tócanse cuestións respectivas á citada traxicomedia, ao “encasillemento” do actor no xénero bufo e mais á súa colaboración coa compañía Sarabela en tres ocasións.




-V. V., “Ánxela Cuña: ‘Na obra trocamos a Nova Orleáns de Tool por Ourense”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 outubro 2002, p. 14.

Destaca que a compañía Sarabela adapta en *A Conxura dos necios* unha obra que critica a sociedade de finais dos anos sesenta en Nova Orleáns. Na posta en escena o espacio cambiouse pola cidade de Ourense, e outros elementos coma a comida tamén se adaptaron a outros máis adecuados á nosa cultura. Desta maneira, sinala, a crítica que se fai á sociedade corrupta segue estando totalmente vixente no século XXI.

-Lupe Gómez, “Unha obra animista e moi animada”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 27 outubro 2002, p. 5.

Dá conta da estrea en Santiago de Compostela de *A conxura dos necios* e indícanse algunhas características desta montaxe. Afírmase que se trata dunha adaptación dende a literatura ben feita, que é un exercicio dramatúrxico de alto nivel e mais que toda a obra "é un interrogante que fai pensar".

- Alberto Quian, "Ánxeles Cuña Bóveda: 'O que sucede en Nova Orleáns pode pasar en Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 outubro 2002, p. 53.

Entrevista a Ánxeles Cuña Bóveda, que adpatou a novela do norteamericano John Kennedy Toole para levala ao teatro. Sobre este traballo indica que non sería posíbel se antes non tivese feito outras adaptacións en equipo como a de *A Esmorga* ou a de *O lapis do carpinteiro*. En canto ao contido da obra, sinala que se trata nela unha temática universal e que, polo tanto, o que orixinalmente sucede en Nova Orleáns poderá suceder tamén en Galicia.

-JTA, "Unha obra en galego enche o teatro malia coincidir cun partido", *Atlántico Diario*, "Vigo", 2 novembro 2002, p. 13.

Fálasenos do éxito acadado en Vigo pola compañía compostelana Sarabela Teatro, que encheu o Teatro García Barbón coa súa adaptación da famosa obra de Kennedy Toole *A conxura dos necios*. Cualifica este feito o xornalista de "milagre" por ter coincidido a posta en escena da peza coa retransmisión dun partido de fútbol do Real Clube Celta de Vigo. Resúmese o fío argumental da obra e transcríbense as declaracións feitas trala función polos actores.

- Pablos, "Ritmo intenso de farsa", *Atlántico Diario*, "La crítica", 2 novembro 2002, p. 13.

Despois de destacar a presencia do xénero dramático da farsa ao longo da historia literaria galega, referíndose especialmente a Valle Inclán, dáse conta da versión galega de *A conxura dos necios* , dramatizada por Ánxeles Cuña Bóveda a partir da novela do norteamericano J. K. Toole. Sinálanse aspectos da representación da obra levada a cabo por Sarabela Teatro, así como da escenografía e *atrezzo* de Marcelino de Santiago "Kukas", e da dirección da autora do texto. Igualmente, indícase que é un acerto a adaptación de ambientes tópicos e *gags* ao mundo galego actual, así coma o xogo de luces para o cambio

de situacións, ou o seu encadeamento, sen variar a decoración. Finalmente, afírmase que ante fucións así, pódese crer nas posiblidades dun teatro autóctono en lingua galega.




-Iolanda Ogando, “Cando a repulsión é arte”, *Tempos Novos*, nº 66, “Voces e Culturas. Crítica”, “Teatro”, novembro 2002, pp. 75.

Refírese á adaptación que Sarabela Teatro fixo da obra de J. Kennedy Toole, *A conxura dos necios*. Céntrase no argumento, primeiramente, destacando que se “traza unha áceda visión da sociedade occidental contemporánea e, mais concretamente, da galega” Así mesmo, retrata ao personase principal, Iñacio Rei, pondo de manifesto o significado do seu estadode loucura. Ademais, sinala o acerto de Ánxeles Cuña á hora de elaborar a adaptación do texto, así como salienta a actuación dos actores. E, aínda que recoñece certos aspectos non moi logrados, o conxunto da obra é valorado positivamente.

Ver XVª Mostra de teatro de Cee.
Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Colectivo **Seisdedos**: *O Bululú*.

Espectáculo organizado pola Consellería de Cultura para promocionar o Camiño de Santiago a través deste espectáculo de monicreques, que se vai enriquecendo coa recollida de historias dos propios peregrinos, á vez que recupera a figura do teatro popular galego: o Bululú.

Referencias varias:

- E. P., "Títeres con historia de peregrinos", *O Correo Galego*, "AFA", 2 xullo 2002, p. 31.

Dáse conta da iniciativa da Consellería de Cultura, en colaboración co colectivo Seisdedos e Disctribu Producciónes, de realizar un espectáculo de monicreques ao longo do mes de xullo en diferentes localidades do Camiño de Santiago. Esta iniciativa pretende recuperar a figura do Bululú, así como recoller novas historias de boca dos peregrinos para contar noutras

ocasións. Os actores desta singular compañía titiriteira percorrerán o Camiño de Santiago, iniciado a súa marcha dende O Cebreiro, onde se realizará a primeira representación.




- M. R. V., “Seisdedos resucita o bubulú no Camiño de Santiago”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 7 xullo 2002, p. 1.

Infórmase de que a compañía de títeres Seisdedos, integrada por Anxo García e Ignacio Vilariños, está a efectuar o Camiño de Santiago co fin de compilar historias e lendas dos lugares polos que pasan para despois os incorporar ao seu espectáculo.

-E. P., “O ‘Bululú’ percorre o Camiño ata chegar a Santiago de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 14 xullo 2002, p. 68.

Sinálanse algúns dos puntos do Camiño de Santiago que percorre este espectáculo itinerante, que comezou a súa andaina no Cebreiro e que chegará o 24 de xullo a Santiago de Compostela, e nos que leva a cabo cada unha das súas representacións.

-Agn, “O espectáculo de títeres do Bululú remata o mércores en Compostela”, *El Ideal Gallego/Diario de Arousa*, “Galicia”, 22 xullo 2002, p. 18/p. 30.

Nota da próxima chegada a Santiago de Compostela do espectáculo de monicreques que percorre o camiño de Santiago. Sinálase que está organizado pola Consellería de Cultura e que as diferentes representacións se van enriquecendo coas achegas dos propios peregrinos.

Sísifo Teatro: *¿Que...?*

Serie de monólogos cómicos, nos que unha serie de homes saen ao escenario para debullar algúns dos problemas, dúbidas e inseguridades que os atinxen. Aquí falan diante do psicólogo-espectador que se mostra compasivo por identificarse con moitas delas, malia seren ridículas.

Dirección: Manuel Camba. Interpretación:
Rafael Costas e César Aldea. Selección
musical: Manuel Camba. Violoncello:
Rebeca Núñez.

Referencias varias:

- A. Rodríguez, “Teatro, conciertos y títeres para festejar las Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los costados”, 14 maio 2002, p. 8.

Infórmase de que o Centro Cultural e Veciñal de Valladares, en Vigo, dedicou varios días a celebrar as Letras Galegas cun programa que incluíu un concerto de corais; unha verbena; a actuación da Compañía Sísifo Teatro, coa obra *¿Qué...?*; a actuación de títeres a cargo do Grupo Spaghetti Títeres, que representarán a obra *Chímpate, Chámpata* e varias representacións musicais.

- A. Rodríguez, “Sísifo Teatro prepara un ciclo de obras leídas de Agatha Christie”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los costados”, 20 agosto 2002, p. 8.




Ademais de facerse eco dos plans de traballo de Sísifo Teatro, entre os que están a preparación de actuacións teatrais lidas baseadas nalgunhas obras de Agatha Christie, tamén alude á intención da formación de crear un grupo de teatro afeccionado. Do mesmo xeito, salienta que levan escenificado moitas veces a obra *¿Que...?*, caracterizada por ser monólogos cómicos. Remata anunciando as próximas representacións.

Talía Teatro: *Xustiza Infinita*, de Cándido Pazó.

Monólogo no que o personaxe dialoga cos espectadores.

Dirección: Cándido Pazó.
Interpretación: Artur Trillo.

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, “La visión cómica y amarga del mundo tral el 11-S”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 14 decembro 2002, p. L2.

Anúnciase a chegada ao Teatro Principal de Compostela da obra *Xustiza infinita*, estreada en Boiro pola compañía de Cee Talía Teatro. De carácter unipersoal e humorístico, esta peza escrita por encargo por Cándido Pazó e interpretada por Artur Trillo, parte dos soados acontecementos do 11 de setembro nos Estados Unidos para lanzar unha crítica ao país que moitas nacións admiran sen reparar nos agravios que ten cometido. O protagonista

único vai esparexendo no seu monólogo frases curtas coas que o espectador debe reconstruír despois o puzzle argumental.




Camilo Franco, “Contar desde o cotidiano”, *La Voz de Galicia*, “Crítica”, 31 decembro 2002, 57.

Fálanos da última producción de Talía Teatro, *Xustiza infinita*, peza de protagonista único que parte da realidade máis cotiá para interpretala dende unha óptica diferente. Escrita e dirixida por Cándido Pazó, Franco bótalle en falta “algo máis de ambición”. Canto á interpretación de Artur Trillo, pensa que consigue equilibrar o monólogo cun diálogo constante cos espectadores e que sintoniza moi ben co personaxe.

Uvegá Teatro: *Mulleres*, de Darío Fo e Franca Rame.

Peza coa que esta compañía conmemora o seu décimo quinto aniversario. Nela dáse unha visión crítica e solidaria das sempre difíciles relacións entre o home e a muller, cun punto de humor grotesco no que a risa golpea ao home, o eterno antagonista.

Dirección: Vicente Montoto. Interpretación: Susana Dans,
Mara Sánchez e Laura Ponte. Traducción e adaptación:
Vicente Montoto. Espacio escénico: Carlos Alonso.
Iluminación: Octavio Más.

Referencias varias:

-A. N. T., “Vicente Montoto. ‘Quince anos de teatro son para celebrar”, *A Nosa Terra*, nº 1.021, “Fin de semana”, 14-20 febreiro 2002, p. 35.

Conversa con Vicente Montoto sobre o labor profesional de Uvegá Teatro. Comenta, en primeiro lugar, que escolleron a obra *Mulleres*, de Darío Fo e Franca Rame para conmemorar o seu XVº aniversario porque pensan que "o movemento feminista, solidario, non excluínte e cunha visión global da sociedade, está chamado a cambiar o mundo xunto a outros como o ecoloxista ou o xurdido recentemente para loitar contra a globalización económica". A seguir, comenta que, dende que comezaron o seu traballo no ano 1987, as cousas foron moito máis lentas do que pensaban nun principio, posto que "a burocracia é un dos males nesta profesión". Para rematar, engade que *Mulleres* é un espectáculo que fai rir ao público e que o futuro da obra depende dos programadores.

- M. Beceiro, "Uvegá cumple quince años con tres historias de mujeres de Fo y Rame", *La Voz deGalicia*, "Santiago", 26 febreiro 2002, p. 11.

Alúdese á representación, no Teatro Principal compostelán e a cargo de Uvegá Teatro, da obra *Mulleres*, baseada en tres historias de mulleres escritas por Darío Fo e Franca Rame. As protagonistas, dirixidas por Vicente Montoto, son Susana Dans, Laura Ponte e Mara Sánchez. A seguir, alúdese ao acto de presentación da obra, no que estiveron presentas as

concelleiras de Cultura e Muller, Teresa García-Sabell e Encarna Otero e que constitúe un evento máis para celebrar o Día da Muller Traballadora. Para rematar, as tres protagonistas comentan que a obra pon en escena pequenos problemas sociais “como a falta de comprensión, de comunicación e de entender que antes que mulleres somos personas”.




- E. P., “Por elas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 marzo 2002, p. 33.

Dá conta da posta en escena de *Mulleres* con motivo da celebración do Día da Muller, do mesmo xeito que anuncia o dictame do Premio Xohana Torres de Investigación.

- Belén López, “É tempo de ‘Mulleres’ no Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura & Ocio”, 7 marzo 2002, p. 62.

Coméntase, con brevidade, a presentación, no Teatro Principal de Pontevedra, de *Mulleres*, a cargo da compañía Uvegá Teatro. Con esta obra, o grupo pretende celebrar quince anos de vida e de traballo profesional. A obra, da autoría de Darío Fo e Franca Rame, está adaptada ao galego e dirixida por Vicente Montoto e protagonizada por Susana Dans, Laura

Ponte e Mara Sánchez. Por último, inclúese unha entrevista con Vicente Montoto na que afirma que o teatro é “un oficio imposible sen vocación. Se o obxectivo fose económico non tería sentido”. Así mesmo, engade que o teatro galego, nestes últimos quince anos, deu moitos bandazos e cambiou en moitos sentidos, sobre todo, dende o punto de vista dos axentes “que teñen a responsabilidade de difundi-la cultura entre os cidadáns”. Para rematar, comenta que Caixanova exerce un papel moi importante á hora de subvencionar o teatro, pero engade que é moi necesario “involucrar á empresa privada na financiación da cultura”.




- Camilo Franco, “Textos e xéneros”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 14 abril 2002, p. 10.

Ver Teatro Maltés: *Porca vita (Matanza)*, neste apartado do *Informe*.

- M. Beceiro, “A discriminación positiva dos homes no teatro funcionario”, *La Voz de Galicia*, “O cronómetro”, 29 maio 2002, p. 2.

Entrevista co director do espectáculo *Mulleres*, Vicente Montoro. Nela o entrevistado, director de Uvegá Teatro, afirma que encher unha sala de público depende do "traballo de difusión e do compromiso dos medios para dar a coñecer á xente que hai teatro". Comenta, así mesmo, que repartiron cincocentas tarxetas a través das emisoras que colaboran nesta campaña e da propia Caixa Galicia.

-Ágatha de Santos, "Uvegá Teatro trae a Vigo 'Mulleres', tres monólogos sobre el mundo femenino", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 21 setembro 2002, p. 42.

Anúnciase a representación de *Mulleres* no Auditorio Caixanova de Vigo, por parte da compañía Uvegá Teatro. Sinálase que a obra emprega como ferramenta dramática o monólogo xunto con toques de humor grotesco e, ás veces, acedo. Recolle, así mesmo, declaracións das actrices Mara Sánchez e Laura Ponte sobre os seus papeis e a súa vixencia, salientando que para ambas o éxito da obra se debe ao texto e ao feito de tratar asuntos que aínda viven as mulleres sen ferir os homes. Remata sinalando que Susana Dans interpreta unha muller que, ademais de traballar fóra, leva todo o peso da casa.

-Xosé Peón, “Uvegá leva a peza de Darío Fo ‘Mulleres’ ao ciclo escénico das Pontes”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 7 novembro 2002, p. 15.

Dá conta da posta en escena nas Pontes, por parte de Uvegá Teatro, da obra *Mulleres*. Refírese ás actrices protagonistas, ao director e á temática, da que sinala que é a reivindicación da psicoloxía feminina a través de tres personaxes. Tamén destaca que detrás do humor está unha feroz crítica ao papel secundario que a muller desenvolve na sociedade.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.

Vede3: *16 horas*, de Xosé Luís Prieto.

Peza na que se fala da historia de tres mulleres que contan, con moita ironía, as súas preocupacións. O traballo, o seu aspecto físico ou as súas relacións cos homes son algunhas das cuestións que se poñen en escena.

Dirección: Xosé Luís Prieto. Interpretación: Iolanda Muíños,
Silvia Casal e Patricia Vázquez. Música: Xosé Bonome.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “As Vede3” debutan cunha obra sobre a vida cotiá das mulleres”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 17 novembro 2002, p. 19.

Dáse conta do argumento da peza e recóllense as opinións das intérpretes, que valoran a proximidade co espectador. Do mesmo xeito, recóllense tamén os nomes dos demais membros participantes nesta montaxe.

III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias Amigos do Teatro: *O pauto do demo*.

Grupo de teatro **Amistad** (1): *Mariñeiro en terra*, de Manuel Basoa.

Dirección: Manuel Basoa.

Grupo de teatro **Amistad** (2): *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro.

Dirección: Manuel Basoa.

Grupo de teatro de **Antas de Ulla** (1): *A cantante calva*.

Referencias varias:

- A. N., “No pobo hai unha base de teatro, saben entendelo”, *El Progreso*, “Fotomatón”, 19 maio 2002, p. 12.

Entrevista con Teresa Batán, coordinadora do grupo teatral de Antas de Ulla e responsábel da biblioteca da vila. Afirma que o grupo teatral xurdiu hai uns sete anos e está integrado por unhas corenta e seis persoas, entre os catro e os sesenta anos. Engade que todo comezou como unha actividade de animación á lectura. A seguir, cita algunhas das obras que representaron como *A cantante calva*, *O Quixote*, *O rei Artur* e *Esquecéusenos o título*. Para rematar, comenta que a compañía gañou o sexto Premio de Teatro Xuventude da Xunta de Galicia, no 2002, e o segundo Premio de Iluminación e Son no Certame Teatral de Laxe, no 2001.

- Estrella Villares, “Aficionados que pisan escenarios”, *El Progreso*, “Especial Antas de Ulla”, 8 setembro 2002, p. XVI.




Achégase á formación de teatro de Antas de Ulla, que se iniciou como unha actividade de animación á lectura e que logo pasou a grupo teatral, formado actualmente por cincuenta persoas de 5 a 63 anos. Dise que están representando catro obras: *O rei Artur*, a cargo de nenos de entre 5 e 10 anos, *O Quíxote*, a cargo de mozos que están tendo moito éxito, *A cantante calva* e *Esquecéusenos o título*. Tamén se sinala que dende 1996 contan cun profesor de Arte Dramática, Jouse García, e que estrean as obras no inverno e logo percorren colexios, institutos e concellos coa súa representación.

Ver IIIª Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.

Grupo de teatro de **Antas de Ulla** (2): *Esquecéusenos o título*.

Referencias varias:
- A. N., “No pobo hai unha base de teatro, saben entendelo”, *El Progreso*, “Fotomatón”, 19 maio 2002, p. 12.

Ver Grupo de teatro de Antas de Ulla: *A cantante calva* neste apartado do *Informe*.

Grupo de teatro de **Antas de Ulla** (3): *O Quixote*.

Dirección: Jouse García.
Coordinación: Teresa Batán.

Referencias varias:

- Begoña Mouriño, “Unas 200 personas, en el estreno de dos obras del grupo de teatro de Antas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 12 marzo 2002, p. 12.

Nota de prensa na que se anuncia a estrea das obras *O Quixote* e *O rei Artur*, da man do grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla. A primeira obra foi representada por un grupo de catorce nenos e nenas, entre dez e dazaseis anos e a segunda por once nenos e nenas entre catro e nove anos. As obras están dirixidas polo profesor Jouse García e coordinadas pola responsable da biblioteca de Antas, Teresa Batán. Para rematar, alúdese á representación da obra *O Tartagueiro*, a cargo do grupo Metátese Teatro, de Palas de Rei.

- A. N., “No pobo hai unha base de teatro, saben entendelo”, *El Progreso*, “Fotomatón”, 19 maio 2002, p. 12.




Ver Grupo de teatro de Antas de Ulla: *A cantante calva* neste apartado do *Informe*.

Ápeiron Teatro: *A negra do señor*, de Carlos Losada. Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de teatro **Argalladas**: *Non hai ladrón que por ben non veña*, de Darío Fo.

Grupo de teatro **Arume**: *Menciñeiro á forza*. Grupo de teatro **Asubío**: *A farsa das pintoras e o manequín*. Ver IIª Xornadas de teatro de Maiores de Ourense.

Teatro **Atlántida**: *O segredo das mulleres*.





Aturuxo (1): *A familia sempre unida*, de María Jesús Bajo. Comedia

sobre os intereses que unen ás familias nos malos momentos.

Adaptación e dirección: Manuel Solla.
Traducción: Compoñentes do grupo. Ver VIª

Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo.

Aturuxo (2): *Aquelas reboticas*, de Francisco Iglesias.

Ver IIª Xornadas de teatro de Maiores de Ourense.





Aula de Teatro do Campus de Lugo: *Europa*, de David Greig.

Estructurada en dezanove escenas, esta peza desenvólvese nunha pequena vila do corazón do vello continente que foi continuamente maltratada, coa que o autor busca reflectir as inquedanzas do mundo actual, que van dende o problema dos refuxiados ata o tráfico de marcadorías, as guerras ou os nacionalismos, co que expoñer a decadencia de Europa, que é extrapolábel a todo o mundo.

Dirección: Pablo Rodríguez.

Ver VIIIº Festival internacional de teatro universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario da Universidade de Vigo.

Aula de teatro do Campus de Pontevedra: *A balada do cárcere de Circe*, baseado en texto de tres reclusas de Alcalá Meco.

Reflexión crítica sobre a xente que está no cárcere como víctimas da sociedade. Os personaxes son cinco reclusas que preparan unha representación teatral, mentres agardan a que chegue alguén importante lembran qué foi o que as levou alí.

Dirección: Fran Paredes e Santiago Cortegoso.

Referencias varias:

- Susana Díaz Núñez, “A balada do cárcere de Circe”, O o*llo público*, nº 4, “Teatro”, maio-xuño 2002, pp. 37-38.

A autora do artigo, poeta e actriz do Grupo Teatre, que pon en escena “A balada do cárcere de Circe”, conta a súa experiencia de cómo vai avanzando esta obra. Dela destaca que se trata dunha peza sobre mulleres feridas e atrapadas. Fai unha descrición da situación que

levou a cada unha delas ao cárcere e como apuntamento final destaca que todas narran peripecias, que alternan con fragmentos da *Odisea*, para descubrir finalmente que en realidade son elas as verdadeiras protagonistas das súas vidas. Así mesmo sinala que tamén se decatan de que o camiño da liberdade debe buscalo un mesmo.

Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario da Universidade de Vigo.





Aula de Teatro Municipal de Pontevedra: *O mellor dos mundos*, de Quim Monzó.

Peza na que se dá vida a unha cadea de historias crueis e desazonadoras que xorden dun mundo en aparente equilibrio, onde os infernos privados asoman baixo o sorriso de personaxes patéticos, grotescos e feábels.

Interpretación: Sonia Abollo, Alfonso Rodiño, Rosa Corvacho, Luís Gómez, Xabier Cerdeira e Fran Costa.

Ver XVª Mostra de teatro de Cee.

Aula de Teatro do Campus de Santiago de Compostela: *Matanza*, de Roberto Salgueiro.

Ver Salgueiro, Roberto, *Matanza*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

Ver VIIIº Festival internacional de teatro universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Grupo da asociación **Avante** (1): *Tics*, de Sarabela Teatro.

Ver VIª Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo.

Grupo da asociación **Avante** (2): *Apertas*, adaptación do grupo da obra *El libro de los abrazos*, de Eduardo Galeano.

Ver VIª Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo.

Bagoada: *Cataclown*. Grupo de teatro **Berenguela**: *A*

casa de Bernarda Alba.
Ver IIIª Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.

Escola de teatro de **Boborás**: *Baixar ó moro*, de José Luís Alonso de Santos.

Dirección: Jouse García.

Referencias varias:





- X. A. R., “El grupo de teatro de Boborás estrena la obra ‘Baixar ó moro”, *La Región*, “Ourense”, 4 xaneiro 2002, p. 10.

Dáse conta da representación, da man do grupo da Escola de Teatro de Boborás, da obra *Baixar ó moro*, baseada nun texto de José Luis Alonso de Santos e baixo a dirección de Jouse García. A seguir, lembra outras producciónsdeste grupo de teatro coas que acadou moito éxito como *Aspirina para dous* e *Virilidade*, baseadas en textos de Woody Allen e Antón Losada Diéguez, respectivamente.

- X. A. R., “A escola de teatro de Boborás estrea a peza ‘Baixar o moro”, *La Región*, “Carballiño”, 13 xaneiro 2002, p. 19.

Anúnciase a posta en escena da obra *Baixar ó moro*, da Escola de Teatro de Boborás, baixo a dirección de Jouse García. Dise que se trata dunha comedia ambientada nos anos oitenta, que ten o seu trasfondo no mundo da droga, aínda que o tema principal é a amizade. A seguir, coméntase que a obra está protagonizada por catro actrices e un actor.

Grupo de teatro O **Bordelo**: *Cambadela*. Ver

XII[a] Mostra de teatro popular de Chantada.

Grupo de Teatro O **Bosque**: *O bosque animado*.





Bucanero Teatro (1): *Monólogo do imbécil*, de Xosé Luís Prieto.

Dirección: Xosé Luís Prieto.
Interpretación: Santi Prego.

Referencias varias:

- AFA, “A historia dun imbécil na Sala Galán”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 abril 2002, p. 36.

Sucinto comentario sobre o *Monólogo do imbécil* que a compañía Bucanero representa na sala Teatro Galán. A obra, dirixida por José Luis Prieto e protagonizada por Santi Prego, “é a historia dun individuo que non é un gañador, alomenos no sentido social do termo. Dentro del, ademais, subxace unha revolución entre o que quixera ser e o que é”.

Ver IXª edición das Curtas de teatro galego.
Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Bucanero Teatro (2): *Tres notas*, de Xosé Luís Prieto Roca.

A pregunta sobre a que xira o argumento é a de se hai vida antes da morte. Para resolver este enigma atravesarán mares e cruzarán montañas ata chegar a un asentamento humano que observarán e analizarán a conciencia tirando as conclusión pertinentes.

Dirección: Santi Prego. Interpretación: Xosé Bonome,
Pedro Picos e Santi Prego. Texto: José Luís Prieto.

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, “Bucanero se pregunta si hay vida antes de la muerte en ‘3 Notas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 novembro 2002, p. L9.

Anúnciase a presentación, na Sala Nasa de Compostela, de *Tres notas*, a cargo do dúo ferrolán Bucanero (Xosé Bonome e Pedro Picos) coa colaboración do compostelán Santi Prego. Dise que a peza, escrita por José Luis Prieto, continúa a liña de teatro humorístico e didáctico de Bucanero, que se combinan nun escenario nu de decorados o texto, a música *a capella*, a coreografía e a iluminación simbólica deseñada por David Castro.

Grupo de teatro A **Bufarda**: *Rei Lear*.

Grupo de teatro A **Bufarda**: *Tres, tres, tres*, de Xoán Carlos Mejuto.

Cadáver Exquisito: *Saír con Sidney Potier*, de Fernando Epelde.

Ver III[a] Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Caleac Teatro: *Hedera*, creación propia.

Obra baseada na traxedia de Shakespeare *Romeo e Xulieta*.

Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario da Universidade de Vigo.

Candelexas (1): *A sombra do Tenorio*. Ver Iº Festival

de teatro afeccionado “Agustín Magán”.

Candelexas (2): *O tremoeiro*.





Ver XIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

Captatio Benevolentiae : *Historias de clown* , creación propia. Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Teatro O **Carballo**: *O rei nu*, gañadora do terceiro premio da IIª Mostra de teatro afeccionado Laxeteatro. Ver XIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

Grupo de teatro de Amas de Casa de **Cariño**: *Os cravos de prata*.

Grupo de teatro **Casa da Bola**: *Sala de espera*.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio.

Grupo de teatro **Casa Rosada**: *Triste chegada*, de Manuel Varela Buxán.

Peza cómico-sentimental que xira arredor da emigración á que se viron sometidos milleiros de galegos a principios do pasado século e a dificultade de volver á terra e reencontrarse cos seus seres queridos.

Dirección: Manuel Solla.

Referencias varias:

- M. I., "El grupo de teatro de la Casa Rosada se estrena con la obra 'Triste chegada", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Poio", 16 xuño 2002, p. 22.

Infórmase da representación, da man do grupo de teatro da Casa Rosada, da obra de Varela Buxán *Triste chegada*, que trata da volta á casa dun emigrante. A seguir, dise que o grupo está formado por nove persoas, entre vinte e setenta anos.

- C. F., “Festival teatral en el segundo aniversario de ‘Fonte da Tella”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra. Comarca”, 23 outubro 2002, p. 15.

Infórmase de que a asociación cultural Fonte da Tella de Soutomaior, co gallo do seu segundo aniversario, convidou á asociación xuvenil Noitebra de Marín, para que represente *Inés no país dos contos*, e á agrupación de centro de Servicios Sociais de Poio con *Triste chegada*.

- E. G., “El grupo de teatro de Servicios Sociais actúa en Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, 26 outubro 2002, p. 17.




Anúnciase que o grupo de teatro dos Servicios Sociais de Poio representará a obra *Triste chegada* e que a asociación xuvenil Noitebra de Marín o fará con *Inés no país dos contos* por mor da invitación recibida pola asociación cultural Fonte da Tella de Soutomaior.

-E. G., “El grupo de teatro municipal representa ‘Triste chegada”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 24 decembro 2002, p. 19.

Nota da representación no local da Comunidade de Montes de Combarro da peza *Triste chegada*, de Varela Buxán. Sinala que esta agrupación, dependente do departamento de Servicios Sociais, conta cun monitor especializado que asesora á agrupación.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio. Ver
VIª Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo.





Grupo de teatro de **Chantada**: *Arte farto*. Ver

XIIª Mostra de teatro popular de Chantada.

Produccións **Circunstanxias**: *Mulleres de armas tomar*, de Natasia Rampoya.
Peza na que se fala, a través de diferentes personaxes, da violencia, da corrupción, do racismo, da hipocrisía, etc., empregando unha linguaxe irónica, mordaz, transgresora, provocadora e cun gran sentido de humor.

Interpretación: Antonava Masedosky, Silvina Arroio e Susana Martín.

Comité pro autores perseguidos: *Silencios de guerra*, de Patricia Piñeiro. Ver IIIª

Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Compañía Avresno: *As árbores morren en pé*.

Grupo de teatro **Contraste**: *Unha avoa a catro patas.*

Grupo de teatro **Cordelia**: *Ao redor de Shakespeare*, de Helena Seijo e Fina Calleja.

Dividida en tres partes, comeza cunha introducción a partir dun xogo de obxectos emblemáticos das obras shakespeareanas, segue traballos sobre varios personaxes como Otelo, Hamlet ou Xulieta, das distintas versións realizadas e un peche cunha escena coral a partir dun monólogo de Ofelia.

Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

Grupo de teatro do **Curro**: *Marchando unha de humor*.

Dobre xiro: *Situacións*.

Peza formada por tres obras curtas tituladas *Trans-Lata-Madre*, *Pel con pel* e *Dens, Oli e pedra*, nas que trata dunha proposta oriental, que sen mensaxe concreta busca o regreso á época infantil para buscar o contido da linguaxe coreográfica; é a historia dunha relación na que non importa a cor ou o sexo; e un traballo sobre cómo introducirse no espacio, percorrelo ou saír del a través dunha densidade, respectivamente.

Dirección: Francesc Bravo, Olga Cameselle e Cristiane Boullosa.
Interpretación: Francesc Bravo, Olga Cameselle e Cristiane Boullosa. Deseño de luces: Beatriz Díaz e Marcial Barro. Vestiario: Natalia Lumbreras e D. X.D.

Asociación de Mulleres **Dorna**: *As olímpic@s e a marquesa de piollos cream*.

Cabaret no que se reflicte o mundo das Olímpicas, que eran as formadas nas artes do olimpismo, próximo ao mundo do absurdo. As mulleres protagonistas deixaron atrás o pedestal mítico, ignoran os mandados da moda e a presión social, son contradictorias e están salvaxemente vivas.

Dirección: Mónica Bar.

Dous son compañía: *As cincentas desclowntroladas*.

Eis: *Fando e Lis*, de Fernando Arrabal. Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da

Universidade de Santiago de Compostela.

Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario da Universidade de Vigo.

Emeigual Teatro: *Lux nas torres* .

Obra tentadora, irreverente e colectiva na que se implica aos espectadores a través do humor.

Referencias varias:

- Javier Pena, “Valdoviño cuida el teatro”, *Diario de Ferrol*, “Especial Navidad”, 21 decembro 2002, p. 21.

Infórmase de que o Concello de Valdoviño vai contar con algunhas actuacións teatrais nas datas de Nadal, que terán lugar na Casa da Cultura. Entre as pezas representadas sinala *Menos lobos*, de Talía Teatro ou *Lux nas torres*, de Émeigual Teatro. Comenta que a obra do grupo Emeigual é unha parodia relixiosa sen palabras e para todos os públicos.

English Theater Group: *Traballos de amor perdidos*, de William Shakespeare. Ver

IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Grupo de teatro **Entre lusco e fusco**: *O paso*.
Reflexión sobre as vellas amizades. O argumento xira arredor do encontro entre dúas persoas que se atopan e lembran o pasado, co que os espectadores deberán discernir se esas persoas xa se coñecían de antes ou non.

Escola de teatro Liceo de Noia: *O peirao dos soños*, baseada en textos de Antón Avilés de Taramancos.

Fantasía visual na que se traslada a escena, de forma onírica, os eixos fundamentais da poesía de Antón Avilés de Taramancos e na que atopamos personaxes como o chamán, o vento mareiro, o vento nordés, o mar, os trasnos, o vello labrego, a terra, o pai emigrante, o viaxeiro, o capitán, a luz, o progreso ou a hora da morte, entre outros.

Dirección, dramaturxia e son: Manuel Sabín. Interpretación: Alex Lojo, Aurora Marco, Rosa Paz, Domingo Lago, Dani Romero, Ana Martínez, Noela Tojo, Mónica Morandeira, Ramón Carredano, Emilio Xosé Pazos, Isabel Veiras, María Filgueira, María González, Adriana Pérez, Canucha González, Antía Barreiro e Adriana Pérez. Vestiario: Mª Carmen Moledo Romero e Lucha Blanco Vidal. Técnico de iluminación: Víctor Romero Ces. Técnico de video: Xavier Uhía. Atrezzo: Rosa Paz Suárez.

Voz en off: Manuel Sabín. **Escola Municipal de Miño Equus**: *Non lle busques tres pernas ó alcalde*. **Escola Municipal de Oleiros** (1): *Ulises o grego*. **Escola Municipal de Oleiros** (2): *Un refaixo para Celestina*, de Eduardo Blanco Amor.

Dirección: Lino Braxe e Flor Maceiras.



Teatro **Espido**, Aula de teatro da Universidade de Vigo: *Roberto Zucco*, de Bernard Marie Koltés.

Baseada nun feito real ocorrido en 1988, conta os crimes cometidos polo fillo dun policía que degolou homes, violou mulleres e cometeu secuestros sen ningún motivo lóxico. Un “anxo da morte”, aparentemente sen moral, pero que en realidade é unha criatura poética e filosófica que resulta moi próxima.

Dirección e iluminación: Salvador del Río. Interpretación: Gabriel Lezcano, Javier Posada, Iván Fernández e Paulino Figueroa.

Ver VIIIº Festival internacional de teatro universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario da Universidade de Vigo.

Éteatro (1): *Concerto*, de Manuel Lourenzo.

Conversa de dous homes moi diferentes que se atopan nun parque, a través da que se van desfacendo das súas máscaras para deixar á luz as verdadeiras causas deste encontro.

Dirección: Luís Avilés. Interpretación: Xosé Manuel
Espérante e Javier Rei.

Referencias varias:

-Marcos S. Pérez, “Os intelectuais temos máis deberes dos que cumprimos”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 7 agosto 2002, p. L2.

Conversa con Manuel Lourenzo, autor da peza que representa Éteatro, que contesta a algunhas cuestións relacionadas coa posta en escena. Considera a versión moi interesante, atinada, gráfica e humana. Do tema sinala que se trata de dous homes que se atopan nun parque, onde un representa ao sistema establecido e quere convencer ao outro. Tamén fala

sobre a dificultade dun teatro pleno en galego, da súa compatibilidade coa televisión ou do papel que deben cumprir os intelectuais na nosa sociedade. **Éteatro** (2): *Exercicios de amor... polo teatro*, creación colectiva. Dirección: Xosé Manuel Espérante. Grupo de teatro **Etrunoia**: *Destino dun idiota*. Grupo de teatro **Expresión**: *A casa de Bernarda Alba*. Grupo de teatro **Expresión**: *Queridos Reis Magos*.





Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio.

Grupo de teatro **Faíscas**: *¿Quen é a seguinte?*.

Grupo de teatro **Falcatrueiros**: *Tócaa outra vez, Sam*. Dirección: Jouse García.

Ver IIIª Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.

Faro-Miño: *Teatropello*.

Referencias varias:





- Francisco de Gracia, “Teatro de Chantada para Cataluña”, *El Progreso*, “De actualidad”, 19 xuño 2002, p. 80.

Entre outras cuestións de actualidade relacionadas coa provincia de Lugo, dá conta da representación que o grupo de teatro Faro-Miño levou a cabo en Sant Andreu de la Barca (Barcelona) da súa última peza estreada *Teatropello*.

-F.V., “Magia, teatro y la Xira popular animarán las fiestas en Rábade”, *El Progreso*, “Comarcas”, 10 agosto 2002, p. 10.

Percorrido das actividades que desenvolve o concello con motivo da celebración das festas patronais, entre as que se enmarca a actuación de Faro-Miño, que porá en escena a peza *Teatropello* na praza de España desta localidade.

Fatuati Teatro: *Nihilo tempore (dramedia de ningún tempo)*, creación propia.

Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de

Compostela. A **Fervenza**: *Todo ten goberno*. **Referencias varias:**

-R. N., “Música y teatro para vivir la Navidad”, *La Región*, “Nadal Maceda”, 21 decembro 2002, p. 44.

Dáse conta das actividades programadas por este concello para as datas de Nadal, entre as que está a posta en escena de *Todo ten goberno*, a cargo da formación local A Fervenza.

Fonte da Tella: *O achado do castro*.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio.

Grupo de expresión do IES **Francisco Asorey** de Cambados: *O medallón do emperador*, de Manuel Núñez Singala.

Ver VIª Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo.

Fridon Espik Teatro: *Pedro Pablo e Leandro José*, de José Luís Prieto.

Historia dun dúo musical que cando vai actuar estrágaselle o equipo de música. Entón lembran o seu pasado e van interpretando distintos temas musicais.

Dirección: José Luís Prieto. Interpretación:
Pedro Pablo e José Lamas.





Hac Luce, grupo da Aula de teatro da Universidade da Coruña: *Vida e obra de Tantotén*, de Enrique Ballesté.

Historia da vida dun home dende o seu nacemento ata a vellez, na que aprende a cambiar as cousas a partir de si mesmo.

Dirección: Benito Cañada e Yvonne Ruíz.

Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario da Universidade de Vigo.

Referencias varias:

-Doda Vázquez, “El grupo Hac Luce inauguró las jornadas de teatro universitario”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 abril 2002, p. 12.

Anuncia a posta en escena por parte do grupo Hac Luce da súa obra *Vida e obra de Tantotén*, unha peza de Enrique Ballesté. Sinala que a obra está dirixida por Ivonne Ruíz e Benito Cañada, que nela se conta a historia de Tantotén, unha persoa que vive nun mundo no que o ser humano xa non ten tempo para vivir. Remata adiantando outras actuacións como a do grupo Estragón.

Imaxina Teatro: *Campanas de Bastabales.*

Recreación da vida de Rosalía de Castro, en especial da súa relación co marido, Manuel Murguía e coa súa filla maior Alexandra, así como o posíbel contido dos seus escritos perdidos.

Dirección: Luís Ramos. Interpretación: María Polo,
Marga Bouza e Pilar Polo. Música: Eva Díaz.

Teatro do **Imprevisto**: *Lisístrata.*

Leria Teatro: *Encontros. Cando o amor non é perfecto*.

Lohengrin Teatro: *A batea perdida*. Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán”.





Longoiro Teatro: *Melocotón en almíbar*.

Grupo de teatro **Luzada** (1): *A lebre das ánima*

Está protagonizada por un home rico de aldea que vai celebrar a festa das Ánimas e ten convidados da vila, polo que todos os seus esforzos se centrarán en preparar o mellor xantar da aldea.

Dirección: Manuel Basoa Vizoso.

Referencias varias:

- X. G., “A compañía de teatro Luzada escenificará dúas obras hoxe na Casa de Cultura melidense”, *La Voz de Galicia*, “Melide-Sar”, 17 febreiro 2002, p. 13.

Anúnciase a posta en escena, na Casa da Cultura de Melide, de dúas obras da man do grupo de teatro Luzada: *A lebre das ánimas* e *A medosa Blandina*, das que se ofrece brevemente o argumento e se comenta que o acto está organizado pola Biblioteca Municipal de Melide e patrocinado polo Concello e pola Deputación da Coruña.

Grupo de teatro **Luzada** (2): *A medosa Blandina*.

A protagonista é unha moza chamada Blandina que, moi garrida ela, volta soa dunha festa de noite e ten que cruzar uns piñeirais. Dirección: Manuel Basoa Vizoso.

Referencias varias:

-X. G., “A compañía de teatro Luzada escenificará dúas obras hoxe na Casa de Cultura melidense”, *La Voz de Galicia*, “Melide-Sar”, 17 febreiro 2002, p. 13.

Ver Grupo de teatro Luzada: *A lebre das ánima*, neste apartado do *Informe*.

Grupo de teatro **Luzada** (3): *Sexo débil*.

Grupo de teatro **Madialeva**: *As pulgas nunca dormen*. Ver IIIª Mostra de teatro

universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Teatro do **Mar**, do IES de Vilalonga: *Salaios dunha vella labrega*, de Manuel Varela Buxán/*Os contos da miña avoa*, de Hugo Andrade Padín e *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor.

Ver VIª Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo.





Maricastaña, grupo da Aula de teatro do Campus de Ourense: *Fahrenheit 451*, de Ray Bradbury.

Protagonizada por un bombeiro que ten ordes do seu goberno de queimar todos os libros, esta peza é un alegato contra o pensamento único.

Adaptación e dirección: Fernando Dacosta.
Interpretación: María Díaz,

Ver VIIIº Festival internacional de teatro universitario da Universidade de Santiago de Ver VIIª MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego). Ver IIIª Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario da Universidade de Vigo.

Grupo de teatro **Mendiño**: *Todo sobre o meu pai*, de Máximo Ruíz Herrera.

Historia de Teurópides, un pai que regresa a Roma despois dunha longa ausencia na que o seu fillo, Filóloques, aproveitou para facer todo o que lle deu a gana.

Dirección: Máximo Ruíz Herrera. Interpretación: Alba Bouzón, Miguel Gil, José Manuel González, Salvador Pérez, Mercedes Rodríguez.

Referencias varias:

- Neli Pillado, “Teatro clásico de hoy”, *Faro de Vigo*, “Redondela/Morrazo”, 31 marzo 2002, p. 12.

Anuncia a estrea da peza *Todo sobre o meu pai*, que o grupo de teatro do Instituto Mendiño de Redondela vai levar por diferentes centros culturais da bisbarra. Sinala que a peza é unha comedia baseada en textos clásicos pero con alusións ao mundo actual. Recóllense as impresións dos intérpretes e o calendario de actuacións previstas.

- B. O., “Teatro Mendiño pone en escena en Chapela la obra ‘Todo sobre o meu pai”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 26 abril 2002, p. 21.




Nota sobre a actuación do grupo Mendiño, integrado por alumnos e alumnas do IES Mendiño, de Redondela. Coméntase que poñerán en escena a obra *Todo sobre o meu pai*, escrita por Máximo Ruíz Herrera, profesor do Centro e director do citado grupo de teatro.

Metátese Teatro (1): *O tartagueiro*, de Afonso García Penas.

Peza de creación propia do grupo, na que se denuncia a miseria e pobreza intelectual dun mundo desenvolvido que vive da extorsión a outro subdesenvolvido que está situado nun punto xeográfico non beneficiado economicamente.

Dirección: Afonso García Penas.

Referencias varias:

- Begoña Mouriño, “Unas 200 personas, en el estreno de dos obras del grupo de teatro de Antas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 12 marzo 2002, p. 12.

Ver Grupo de teatro de Antas de Ulla: *O Quixote*, neste apartado do *Informe*.

Metátese Teatro (2): *Vesania*.

Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán”. Ver IIIª Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.

Metátese Teatro (3): *Cascudas*.

Dirección: Alfonso García Penas.

A **Mimosa**: *Amores e desamores de Micomicón e Adelala*.

Asociación de Mulleres de **Moaña**: *Pic-nic*, de Fernando Arrabal. Trata do soldado Zapo, con destino nas trincheiras da fronte de batalla, que recibe a inesperada visita de seus pais que veñen pasar un día de pic-nic co seu fillo. As inesperadas visitas e continuas interrupcións farán que o día sexa moi movido. Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio.

Asociación teatral O **Moucho**: *Maxia vermella*.

Teatro **Mutante**: *Comida*, de Martín Van Veldhuizen.

Historia de tres irmás: unha bulímica que é Leo, a outra anoréxica que é Ana e a terceira Lole, para quen o éxito e a satisfacción persoal dependen das dietas que segue. O motivo que as reúne é a celebración do cabodano da morte da súa nai.

Dirección: Toto Asorey. Interpretación: Beatriz Rodríguez Bóveda, Tegra Vázquez Carpentier e Mónica González Sueiro.

Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán”.

Grupo de teatro **Muxicas**: *Círculo vicioso*, de Antonio Martínez Ballesteros.

Comedia irónica e mordaz na que o fío conductor é un sobre de euros que pasa de man en man e xera ilusións e decepcións nos protagonistas.

Dirección: Matilde Vázquez.

Referencias varias:

-M. J. M., “Enredos y carcajadas con ‘Círculo vicioso”, *La Región*, “Cultura”, 14 febreiro 2002, p. 75.

Anúnciase a representación da obra *Círculo vicioso*, do grupo Muxicas, integrado por deficientes visuais. Refírese ao argumento da obra e sinala que o grupo Muxicas está dirixido por Matilde Vázquez, de Sarabela Teatro. Afírmase que o grupo ten as súas orixes nun taller de teatro dos socios da ONCE constituído hai trece anos e que está integrado por homes e mulleres entre trece e cincuenta e oito anos. Para rematar, coméntase que esta actividade supón un reto para os membros do grupo, así como un paso máis cara á integración social dos invidentes.

Grupo de teatro **Noitarenga**: *A túa muller e a miña*.

Dirección: Manuel Basoa. Grupo de teatro **Nosa Terra** de Pereiras (1): *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor. Grupo de teatro **Nosa Terra** de Pereiras (2): *O Estebiño*, de Prado Lameiro. **Oquetiqueiras**: *Oh!*, de José Luís Prieto Roca. Grupo de teatro **Pacorroques** (1): *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor.

Ver IIª Xornadas de teatro de Maiores de Ourense.

Grupo de teatro **Pacorroques** (2): *O Estebiño*, de Prado

Lameiro. Ver IIª Xornadas de teatro de Maiores de Ourense.

Grupo de teatro de Amas de Casa de **Palas de Rei** (1): *A tía Lambida*. Ver IIIª

Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei. Grupo de

teatro de Amas de Casa de **Palas de Rei** (2): *A tía Lambida*. Ver IIIª Mostra “Teatro

no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.
Ver IIIª Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.

Porta Aberta: *O galego, a mulata e o negro*, de Gustavo Pernas.

Desenvolvida en Cuba, percorre en cinco movementos a historia deste país caribeño, dende a época escravista, pasando polo desastre do 98 ata a época actual.

Dirección: Froíña García. Interpretación: Pablo Fernández, Lucía Martínez e Roi González.

Referencias varias:

- Rosé Carrera, “A satisfacción e o éxito foron superiores ós atrancos que tivemos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 febreiro 2002, p. 16.

Conversa con Froíña García Abalo, directora do grupo de teatro Porta Aberta, con motivo da celebración do seu noveno aniversario. Nela Froíña García comenta que a evolución do grupo nestes nove anos foi desigual, posto que houbo bastantes atrancos, aínda que “a satisfacción e o éxito foron superiores”. Así mesmo, engade que o teatro é unha actividade cultural que non se recoñece, motivo polo que se atopa con tantas dificultades. A continuación, fai referencia á obra *O galego, a mulata e o negro*, de Gustavo Pernas, coa

que celebran este noveno aniversario. Trátase, na súa opinión, dunha obra “chea deanécdotas. É moi activa e todo é historia. É unha comedia histórica”, que foi galardoada, no ano 1991, co Premio Compostela de Teatro ao Mellor Texto Dramático Orixinal e finalista como Mellor Espectáculo e Mellor Actor Protagonista. Para rematar, comenta que o futuro de Porta Aberta é incerto.




Quarto Escuro: *Eu son un Ser normal*.

Grupo de teatro **Rosaura**: *Acción na rúa*.

Dirección: Sabela Gago.

Ver VII[a] MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego).

SPES: *Os vellos non deben de namorarse*, de

Castelao. Ver IIª Xornadas de teatro de Maiores de

Ourense.
Grupo de teatro de veteranos **Sardiña**:

Electra. Ver Festival de teatro grecolatino de

Lugo.
Specullum Meigallada: *As sete vidas do gato*, de Enrique Jardiel

Poncela. Dirección e adaptación: Alberto Caneda Rei. Ver Ciclo de “Teatro

de Primavera” de Culleredo.





Grupo O **Tarabelo**: *Menciñeiro a paus*, de Molière.

Comedia na que se critica o feito de darlle méritos e medallas a quen nunca fixo nada loábel para conseguilo. Adaptación, traducción e dirección: Xosé M. Hermida. Ver VIª Mostra de teatro afeccionado de Sanxenxo.

Grupo de teatro **Tiruleque** : *Mil pesos para Carmiña*, baseada na peza *Asinaria*, de Plauto. Farsa sobre o engano.

Grupo de teatro **Toural**: *Cousas*, de Emilio Mateo.

Ver IIª Xornadas de teatro de Maiores de Ourense.

Trasno Novo Teatro: *Foreber*. Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán”. Os **Trasnos de Ponte dos Brocos**: *E dálle cas laranxas*. **Ubú Teatro**: *A raíña aborrecida*, versión de *O rei aborrecido*, de Xesús Pisón; Grupo de teatro **Valacar**: *Faragullas*.

Baseada nas pezas de varios autores que teñen como nexo común o espacio.





Dirección: Arturo López García.

Grupo de teatro **Vichelocrego** (1): *Proceso en Jacobusland. Fantasía xudicial en ningures*, de Eduardo Blanco Amor.

Farsa grotesca ambientada en 1973 baseada nunha sala de xuízos onde se narra a actividade do xuíz, do avogado e do fiscal.

Dirección: Margarita Cachaza. Interpretación: Nieves Costas, Juan Montenegro e Mercedes Butrón.

Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar.

Grupo de teatro **Vichelocrego** (2): *Woody Woody*, baseada en textos de Woody Allen.

Dirección: Margarita Cachaza. Ver IIIª Mostra de teatro

“Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar.

Grupo de teatro **Xeito**, do Centro Social de Xinzo da Limia: *De xastre a menciñeiro ou de menciñeiro desastre*, de Moliére.

Dirección e adaptación: Alfonso Carlos Lois.

Ver IIIª Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.
Ver IIª Xornadas de teatro de Maiores de Ourense.

Grupo de teatro **Xoven Amistade**: *Que quere quen te quere*.

III. 4. 3. Postas en escena que continúan en cartel

III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais

Achádego teatro: *Aulularia ou Comedia da ola*, de Plauto.

Dirección e Coordinación: Camilo Sampaio. Axudante de Dirección: Camilo Santos. Interpretación: Xoán C. Laxe, Antón Sampaio, Tareixa Campo, Marga Portomeñe, Alberto Pérez, Guillermo Díaz, Lel Pardo, Mónica Ouro, Marco Abeledo e Roi Macía. Escenografía: Alberto Pérez, Guillermo Díaz e Suso Meilán. Deseño Vestiario e ambientación: Tareixa Campo, Esther Pedrouzo e Marga Portomeñe. Modista: Silvia Martos. Técnico de son: Camilo Santos.

Documentación: Xoán C. Laxe. Traducción:
Mercedes Boado e Mª Xesús Frei.

Referencias varias:

- Alberto Gallego, “Darío Xohán Cabana dará una charla el 17 y se representará ‘Aulularia’ el sábado”, *El Progreso*, “Comarcas”, 13 xuño 2002, p. 22.

Dáse conta da charla que Darío Xohán Cabana dará o próximo día 17 na biblioteca municipal de Baralla ás seis da tarde. Tamén se destaca a representación da obra *Aulularia*, de Plauto, o sábado día 15 da man de Teatro Achádego e como conformante dos itinerarios culturais promocionados pola Xunta de Galicia.

-Ángel V. A., “Aproximaciones culturales”, *El Progreso*, “De actualidad”, 23 outubro 2002, p. 96.

Entre outras novas relacionadas coa cultura na provincia luguesa dá conta da representación que Achádego levou a cabo, na Pobra de San Xiao, da súa obra *Aulularia*.

Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán”.

Teatro do **Adro**: *Binomio de Newton*.

Sátira sobre a inmadurez e a fuxida do compromiso na que se conta a historia dun cazador que vai polo monte e se atopa cun mozo a piques de se aforcar, ao que ameaza con pegarlle un tiro se non desiste da súa actitude. O suicida, asustado, desiste e comeza un diálogo existencialista entre eles no que se reflicte a frustración e o sentido da vida do suicida fracasado.

Dirección: Cándido Pazó. Interpretación: Josito Porto e Manuel Oliveira “Pico”. Xénero: Cómico.

Referencias varias:

-C. P., “Teatro de Adro recupera a Xosé Manuel Olveira ‘Pico’ para a escena privada”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 7 febreiro 2002, p. 10.

Alúdese á representación, na Sala Teatro Galán, da obra *Binomio de Newton*, adaptada e dirixida por Cándido Pazó e interpretada por Xosé Antonio Porto

Josito e Xosé Manuel Oliveira Pico. A seguir, inclúense as palabras de Oliveira Pico, quen confesa que a experiencia de traballar no Centro Dramático Galego "foi moi positiva e enriquecedora". Sen embargo, engade que agora regresa ás orixes con Teatro do Adro "porque me empezaba a sentir un pouco funcionario e necesitaba cambiar de aires". Por último, coméntase que *Binomio de Newton* foi escrito para dous personaxes: un fillo da revolución e un fillo do fascismo e trátase dun espectáculo "ácido e realista, que mistura traxedia e humor".

- AFA, "A obra teatral Binomio de Newton hoxe na Galán", *O Correo Galego*, "AFA", 9 febreiro 2002, p. 34.

Comentario sobre a posta en escena da obra *Binomio de Newton*, da man de Teatro do Adro, coa participación de X. A. Porto Josito e X. M. Oliveira Pico. A obra, dirixida por Cándido Pazó, artella, segundo o articulista, "unha esgrima de diálogos onde se mestura o humor coas reflexións sobre o inmobilismo vital, a imposibilidade dos afectos, o hedonismo ou a fuxida do compromiso". A continuación, alúdese á traxectoria profesional de Cándido Pazó, autor e director de *Bululú do linier*, galardoado co Premio María Casares ao mellor texto orixinal

ou director da obra *Tica Tac*, coa que debutou Teatro do Adro, entre outros moitos proxectos.

-Inma López Silva, "Binomio de Newton: aprender a vivir", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 116, 13 febreiro 2002, p. 5.

Informa que Cándido Pazó vén de representar na Sala Galán con Teatro do Adro a obra *Binomio de Newton*. Sinala que é unha obra marcada polo destino, destino marcado polos acontecementos históricos ou ideolóxicos.

-M. C. S., "El teatro protagoniza en Cee y Carballo la conmemoración del Día das Letras Galegas", *La Opinión*, "Carballo / Costa da Morte", 5 maio 2002, p. 21.

Fai referencia ás distintas representacións programadas en Cee e Carballo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Entre outros, actuarán Teatro do Atlántico, coa obra *Solo para Paquita*; Teatro do Adro, con *Binomio de Newton*; o Grupo da Escola Municipal de Música e a Agrupación Árdelle o Eixo, de Vedra.

-J. A. Martínez Sevilla, “Saber vivir la vida”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 novembro 2002, p. 23.

Dá conta da representación no Teatro Rosalía, dentro do ciclo Caixanova, da obra *Binomio de Newton*, representada por Teatro do Adro. Menciona ao director, Cándido Pazó; ao autor da ambientación escénica e do vestiario, Carlos Alonso; ao encargado do espacio sonoro, Santi Frutos; e ao iluminador, Antón Vázquez Ferreiro. Así mesmo, ofrece as características principais dos dous protagonistas da peza teatral, que encarnan posturas antagónicas e confluíntes ante a vida, representados por Xosé A. Porto “Josito” e Xosé M Olveira “Pico”. O primeiro deles representa ao fillo dun progre do maio francés, mentres que o segundo, representa ao fillo dun fascista voluntario italiano durante a nosa última guerra civil.

-B. L., “Matemáticas e física no Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 14 novembro 2002, p. 79.

Dá conta da representación da obra dirixida por Cándido Pazó, *Binomio de Newton*, no Teatro Principal de Pontevedra. Sinálase que Xosé A. Porto 'Josito' e José Manuel Olveira 'Pico' son os protagonistas desta peza, da que se destaca a mestura nos seus diálogos entre o humor e as reflexións sobre o inmobilismo vital, a imposiblidade dos afectos, as relacións humanas, o hedonismo, a fuxida do compromiso e o custe de facerse adulto.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.
Ver Sábados teatrais de Narón.
Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Alalá Produccións&**Aprendendo a Nadar**: *Coma. Prácticas de gramática caníbal*, de Claudia Campos.

Xénero: Heroico-cómico.
Dirección: Claudia Campos.
Interpretación: Claudia Campos.

Áncora Producciónes (1): *Footing*, de Gustavo Pernas Cora, Xº Premio Rafael Dieste da Deputación da Coruña.

Historia de tres homes e unha muller que fan footing no paseo marítimo dunha cidade, que aparentemente corren como adestramento, pero que en realidade corren para escapar de si mesmos. Trátanse as escapadas diarias, o desexo de desconexión e renuncia do home moderno, os seus prexuízos, racismo, fanatismo... do home actual.

Dirección: Gustavo Pernas Cora. Interpretación: Lino Braxe, Manuel Areoso, Ánxela G. Abalo e Vicente de Souza.

Referencias varias.

-Europa Press, “Alta comedia’ abre o 25 de xaneiro a tempada de abono de teatro galego promovida por Caixanova en Vigo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 xaneiro 2002, p. 68.

Sinálase que *Alta comedia* inaugura a tempada de abono de teatro galego na entidade crediticia viguesa. Recóllese tamén o elenco de actores e adiántanse outras actuacións previstas como Producción Librescena con *A morte e a doncela*, Áncora Producción con *Footing*, Teatro do Morcego con *Os vellos non deben de namorarse* e Rara Avis con *Baby Boom no paraíso*, das que sinala quén leva a dirección e quén se encargan da interpretación.

- Ágatha de Santos, "Es obsceno hablar de sentimientos, pero se exhibe la vida en TV", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 27 febreiro 2002, p. 48.

Entrevista con Gustavo Pernas, director teatral e dramaturgo, quen ofrece a súa opinión sobre a obra *Footing*, galardoada co Premio Rafael Dieste 2001. Pernas comenta que a obra trata das fuxidas cotiás e dos prexuízos humanos a través de catro personaxes dunha cidade costeira calqueira, que corren cara áningunha parte. A seguir, afirma que os personaxes, interpretados por Ánxela G. Abalo, Manuel Areoso, Lino Braxe e Vicente de Souza, escapan dos malos tratos, do paro, das responsabilidades ou de non ter papeis, entre outras cousas. Para rematar, engade que, coma no século pasado, "vivimos en una sociedad

llena de hipocresía, donde desvelar los sentimientos a los amigos parece obsceno y sin embargo se exhibe la vida en televisión".

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.

Áncora Produccións (2): *Sucesos*, de Gustavo Pernas Cora.

Montaxe teatral dividida en catro "sucesos" nos que o fío conductor son diversos acontecementos que xiran arredor da vida cotiá da nosa sociedade. Os catro actos levan por título "Ruínas", "A vella sensación do prohibido", "Branco e negro" e "¡Ai, que sería de nós sen os obreiros!". Estes sucesos poden ser os que enchen as páxinas dos xornais e, quizais as butacas do teatro, así como parellas que intentan lembrar como sucedeu a primeira vez, vellas que axexan baixo as estadas o que pode suceder, mulleres que corren para previr que non suceda, turistas con fame de sucesos ou viúvos que non puideron evitar que sucedese.

Dirección: Gustavo Pernas Cora.

Interpretación: Gustavo Pernas Cora e Ánxela G. Abalo. Colaboración musical: Mon Santiso. Xénero: Comedia.

Teatro do **Aquí** (1): *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño. (Premio Eixo Atlántico de textos dramáticos 1999).

Montaxe que se organiza dende o punto de vista baseado no suceder cinematográfico e no que se retoma o mito do terror do Doutor Frankestein para comparalo cos terrores da vida cotiá actual. A criatura de ficción é retomada no momento en que esta decide achegarse á civilización, despois de permanecer illada dela, unha civilización que crea polos sen prumas, ovos sen colesterol e que creou ademais monstros como Frankestein. A posta en escena ten como trazos fundamentais o humor e a ironía, e ten como pretensión detectar e poñer en descuberto o que a razón ou a civilización poida ter producido de monstruoso en nós ou nos que nos rodean.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño.

Axudante de dirección: Carlos Losada. Interpretación: Miguel Varela, Belén Constenla, Roberto Vidal Bolaño e Rubén Ruibal. Vestiario: Gonzalo Vilas. Deseño de escenografía e atrezzo: Julia Brens. Realización da escenografía e atrezzo: Rodrigo Roel. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Cobertura técnica: Kachet. Deseño gráfico: Fausto C. Isorna.

Teatro do **Aquí** (2): *Os Papalagui*, de Roberto Vidal Bolaño.

Conxunto de oito monólogos atribuídos ao xefe dunha tribo samoana, Tuiavii, que é convidado a viaxar a Europa a finais do século XIX polo Emperador alemán. Xa de volta el ofrece a súa propia visión do observado, e que vén demostrar as falacias da civilización occidental e a onde poderían conducir os valores que din defender.

Dirección e adaptación: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Roberto Vidal Bolaño, Mónica Caamaño e Xabier Camba. Música: Xavier Camba. Espacio escénico e vestiario: Julia Brens. Xénero: Comedia.

Referencias varias:

-Amaia Mauleón, “Los samoanos nos muestran lo absurdos que somos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 maio 2002, p. 44.

Entrevista con Roberto Vidal Bodaño, director, autor e actor teatral, sobre *Os papalagui*, unha comedia baseada nun monólogo e protagonizada por Vidal Bolaño e Ana Gago. A seguir, afirma que a obra está chea de sarcasmo, de ironía e fai rir ao público, aínda que non de maneira gratuíta. Para rematar, alude ao premio ao mellor actor que obtivo recentemente.

-Manuel F. Vieites, "*Os papalagui*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 3, 23 maio 2002, p. VIII.

Comentario da posta en escena de *Os papalagui* que é cualificada como unha ollada crítica sobre occidente. Sinálase que a obra analiza o absurdo que pode haber nos usos e costumes da civilización occidental e que, na representación, contén varios monólogos "que se salfiren con diálogos breves entre o xefe tribal samoano e unha monxa europea".

Teatro do **Atlántico**: *Solo para Paquita*, de Ernesto Caballero de las Heras.

Paquita, unha solteirona que é funcionaria pública nun Ministerio, despista a súa soidade riscando números nun bingo, cartón tras cartón, un día e outro día. Ata que na súa vida aparece El, o da mesa 15, con quen cre empezar unha fermosa relación de amor e séntese feliz. Pero un día, ao acudir á habitual cita co seu amado, descobre que en lugar do apartamento no que el vivía ata onte, hai agora un curioso negocio de mensaxes.

Dramaturxia e dirección: Xulio Lago. Traducción: Xosé Manuel Pazos Varela. Dirección: Xulio Lago. Axudante de dirección: Susana Dans. Interpretación: María Barcala. Técnicos de escena: Antón Arias e Xosé M. Molinos. Realización escenográfica: Xosé Manuel Molinos e Daniel Lorenzo. Deseño de iluminación: Xulio Lago e Baltasar Patiño. Espacio escénico: Baltasar Patiño. Vestiario: Susa Porto.

Xénero: Comedia de humor negro.

Referencias varias:

-M. C. S., “El teatro protagoniza en Cee y Carballo la conmemoración del Día das Letras Galegas”, *La Opinión*, “Carballo / Costa da Morte”, 5 maio 2002, p. 21.

Ver Teatro do Adro: *Binomio de Newton*, neste apartado do *Informe*.

- M. C. S., “Teatro do Atlántico actúa esta noche en al Cine Rega”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 23 maio 2002, p. 20.

Anuncia a representación da peza dentro do programa do concello para celebrar o Día das Letras Galegas. Alude ao argumento que desenvolve e atende a outras cuestións municipais.

Teatro **Avento** (1): *Boas noites, mamá*, de Marsha Norman.

Drama no que se narra a relación que se establece entre unha nai e a súa filla, que malia levaren toda a vida xuntas decátanse de que, en realidade, son unhas descoñecidas.

Dirección: Xoan Abreu. Interpretación: Gloria Sampedro e Beatriz Alonso.

Teatro **Avento** (2): *Papá e mamá están ben*.

Traxicomedia que acadou o Premio de Teatro Afeccionado Ciudad de Reinosa no ano 1999 e o Premio á Mellor Actriz no mesmo certame para Gloria Sampedro, que está baseada na película de Mario Monicelli, na que se contan as vivencias da familia de Miguel nun Nadal calquera, cando os pais lle presentan aos fillos a cuestión de que son maiores e alguén terá que facerse cargo deles.

Dirección: Xoán Abreu. Interpretación: Benito A. Correa, Gloria Sampedro, Marta Lloves, Carlos R. Roca, Beatriz Alonso, Juancho Ferrón e Marcos Alonso. Voz en off: Iolanda Veloso. Guión: Lauri Abreu, Iolanda Veloso e Xoán Abreu. Luz e son: Lauri Abreu.

Teatro **Avento** (3): *¿Quen matou a Mari Lauri?*, de Xoán Abreu.

Comedia na que se parodian algúns tópicos das películas de suspense e de acción.

Dirección: Xoán Abreu. Interpretación: Benito A. Correa, Carlos R. Roca, Juancho Ferrón, Marcos Alonso e Xoán Abreu. Guión: Xoán Abreu. Escenografía. Teatro Avento. Realización da escenografía: Antón Salgueiro e Teatro Avento. Vestiario: Teatro Avento. Realización do vestiario: Teatro Avento. Música: Teatro Avento. Técnico de son: Gustavo Loira. Iluminación: Teatro Avento. Técnico de iluminación: Gustavo Loira.

Balea Branca Produccións (1): *Notas dun estudiante que morreu tolo*, de Sebastián Juan Arbó.

Por medio dun manuscrito, un estudiante que se volveu tolo de tanta lectura fálanos da súa vida, dos seus amores non correspondidos, da amizade, da guerra, da familia, da hipocrisía da sociedade na que vive, pondo en dúbida os valores desta. O escepticismo do personaxe vai en aumento ata perder contacto coa realidade e chegar deste xeito a matar, ao non poder soportar a presión acumulada: os pais que con gran sacrificio lle envían cartos para que se faga un home de ben, o amor non correspondido de Antonia, etc., acabando finalmente nun manicomio.

Dirección: Damián Contreras. Interpretación:
Dami Contreras e Álex Delgado. Xénero:
Drama.

Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña.

Balea Branca Producciónes (2): *Parella Aberta*, de Darío Fo e Franca Rame.

O tema desta posta en escena que os autores expoñen é a dun matrimonio en crise que, despois de moitos anos de convivencia en común, deciden experimentar un novo modelo de parella. O fío conductor da obra é a muller, que disecciona a relación e informa ao espectador da súa situación, analizando o papel da muller nunha sociedade machista. Os típicos e tópicos conceptos sobre as relacións de parella como, por exemplo, o amor, a infidelidade, os celos, o machismo e a liberdade sexual son postos en tea de xuízo.

Traducción: Xosé Carlos Caneiro e Dami C. Orero.
Dirección, escenografía e iluminación: Rodrigo
Roel. Axudante de dirección: Dami C. Otero.
Interpretación: Damián Contreras e Matilde Blanco.
Selección musical: Pedro Díaz. Son: Raúl
Llongueira e Manolo Pereira.

Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar.

Berrobambán Teatro: *Ndc*, de Rodrigo García Elenco.

Obra feita a partir de textos extraídos de “Notas de cociña” de Rodrigo García. Trátase dun experimento coas formas do teatro conceptual e visual, no que se lle concede unha maior relevancia ao movemento e á creación de imaxes en escena, malia non esquecer o protagonismo do texto. Nesta peza o espacio é unha cociña e os personaxes son cinco mulleres. O tema principal é a educación alienante, o recoñecemento da arte ou a explotación da pobreza como espectáculo de masas.

Dirección: Chiqui Pereira. Interpretación: Nate Borrajo, Paula Carballeira, Raquel García, Lorena Conde, Teresa Rodríguez. Iluminación: Chiqui Pereira. Movemento escénico: José Campanari. Atrezzo: Pablo Giráldez. Textos: Rodrigo García. Traducción: Xabier Cid.

Fotografía: Mónica Gago.

Teatro **Cachuzo**: *Fume*, de Rubén Ruibal.

Fume relata unha parte da vida de dous traballadores: Pedro, un mozo músico a piques de casar coa moza de toda a vida, e Lourenzo, un pai de familia concienciado, contratados por unha empresa cárnica a través dunha empresa de Traballo Temporal. A incertidume polo futuro, a música, o enigmático amor de Pedro, o humor e mais o seu hábito común: fumar, levaráos a establecer unha perversa amizade. Seis meses de camiño, un contrato na vida de Pedro López e Lourenzo Loureiro, operarios con licencia oficial de manipulador de alimentos.

Dirección: Carlos Losada e Rubén Ruibal. Interpretación: Nacho Castaño e Rubén Ruibal. Música: Pablo Ruibal. Voces: Patricia de Lorenzo, Gonzalo Rei Caho, Ursia Gago e Zan Galiñanz. Iluminación-Escenografía: Erik Cachuzo. Vestiario: Hjerebert Bönn e Dolores Pernas.

Espacio Sonoro: Fernando Epelde. Realización e Escenográfica: Xosé Perozo e Sandra Costas. Producción: Teatro Cachuzo. Xénero: Monólogo cómico.

Casahamlet (1), estudio de teatro: *Hamlet e familia.*

Peza baseada en textos de Álvaro Cunqueiro, Willian Shakespeare e Heiner Müller, na que Hamlet opta por dar a cara e a palabra ao horror que deixou restos de ósos que ninguén recolle nun patio de Elsinor. A través deste personaxe escóitanse as voces de centos de personaxes verbalizando as súas dúbidas e confiando aos oíntes todas as súas artes de simulación e ironía.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Manuel Lourenzo, Santiago Fernández e Pablo Rodríguez.

Referencias varias:

- Ivonne Ruiz, “Hamlet, Galicia e eu”, *Tempos Novos*, nº 58, “Voces e Culturas. Crítica”, “Teatro”, marzo 2002, p. 77.

Fai referencia á posta en escena de *Hamlet e familia*, de Manuel Lourenzo, no Pazo de Mariñán. Apunta que o texto se basea nas achegas de Cunqueiro, Shakespeare e Müller. E, sinala que “este Hamlet é un home de hoxe... que loita coas súas pantasmas”. Refírese tamén á sinxeleza da escenografía, así como alaba a interpretación. Finaliza pondo de manifesto a súa satisfacción co resultado da obra e alabando o teatro ben feito.

Casahamlet, estudio de teatro (2): *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lourenzo (Premio de teatro Rafael Dieste 1999).

A acción desta peza desenvólvese nun balneario sobre o golfo de Corinto.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Manuel Lourenzo, Ramiro Neira, Pablo Rodríguez e Santiago Fernández.

Casahamlet, estudio de teatro (3): *A velada de Londres*, texto que forma parte da peza dramática *Veladas indecentes*, (Premio Nacional de Teatro 1997), de Manuel Lourenzo.

Persoal adaptación do clásico de Brom Stoker, *Drácula*, constituída por tres personaxes. A historia transcorre no Londres de finais do século XIX entre unha parella posuída polo segredo do vampirismo e obsesionada por alcanzar a inmortalidade, polo que deciden visitar a casa dun extravagante e escuro doutor.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Xosé María López Baño, Manuel Lourenzo e Cilha Lourenço. Guión: Manuel Lourenzo.

Centro Dramático Galego: *Rosalía*, de Otero Pedrayo.

Peza na que se fai unha evocación lírica e persoal de Ramón Otero Pedrayo sobre os feitos e situacións biográficas da poetisa de Padrón e na que se ofrece tamén un retrato da época na que viviu.

Dirección e adaptación: Roberto Vidal Bolaño. Axudante de dirección: Carlos Losada e Belén Quintáns. Interpretación: María Barcala, Mónica Camaño, Xan Cejudo, Susana Dans, Xaquín García, Xulio Lago, Miguel López Varela, César Martínez "Goldi", Pancho Martínez, Xoán Carlos Mejuto, Iolanda Muiños, Laura Ponte, Gloria Rico, Alfredo Rodríguez, Rubén Ruibal e Xosé Vilarelle. Atrezzo, vestiario e máscaras: Rodrigo Roel. Música: Rodrigo Romaní. Fotografía: Miguel A. Fernández. Producción: Francisco Oti Ríos.

Referencias varias:

- Efe, “El Centro Dramático Galego presenta ‘Rosalía’ de Otero Pedrayo en Ourense”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 xaneiro 2002, p. 75.

Anuncia a representación desta peza no Teatro Principal de Ourense. Ademais de sinalar que é un texto de Ramón Otero Pedrayo con dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño, tamén indica que é unha homenaxe ao autor ourensán con motivo do vixésimo quinto aniversario da súa morte.

-Jesús M. García, “Cultura propone recuperar la casa de Otero Pedrayo en la rúa da Paz”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 16 xaneiro 2002, p. 4.

Anúnciase, co gallo da presentación da montaxe *Rosalía* do CDG, que a Consellaría de Cultura da Xunta en Ourense tenciona recuperar para fins culturais o edificio das vivendas de Otero Pedrayo e de Vicente Risco sito na rúa da Paz de Ourense.

- Marcos Valcárcel, “A Rosalía de Otero”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 18 xaneiro 2002, p. 3.

Reflexión sobre a obra *Rosalía*, de Otero Pedrayo, representada no Teatro Principal ourensán polo Cendro Dramático Galego, baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño. Comenta, en primeiro lugar, que resulta bastante difícil levar a escena as obras de Otero, "que só se guiaba pola súa capacidade de fantasía e imaxinación". Sen embargo, engade que Vidal Bolaño foi capaz de "ler o mundo oteriano con liberdade, coa mesma liberdade que guiou sempre a súa escrita". A seguir, felicita aos actores da obra, especialmente a María Barcala e Susana Dans e, engade, que, dende o seu punto de vista, sobran "algúns toques de frivolidade cómica, tan habituais no teatro galego de hoxe, que rachan o espírito global da montaxe". Por último, fai referencia a un catálogo, publicado polo Centro Dramático Galego, no que aparece o texto da obra e unha serie de apuntamentos críticos de Vidal Bolaño, Luciano Rodríguez e Xosé María Dobarro Paz.

-J. A. Martínez Sevilla, "Versos caminantes", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 29 xaneiro 2002, p. 21.

Coméntase, brevemente, a presentación da obra *Rosalía*, de Ramón Otero Pedrayo, da man dos actores e actrices do Centro Dramático Galego, baixo a dirección artística de Roberto Vidal Bolaño. A seguir, cita os colaboradores da obra e os seus intérpretes, entre os que destacan María Barcala e Susana Dans. Para rematar, reflexiona sobre esta peza de teatro e afirma que "los adjetivos se agotan ante una realidad que nos despierta y emociona. Donde todos ocupan su sitio a través de 18 personajes principales y grupos corales de mendigos, vendedores, feriantes, gentes de Compostela, romeros y muertos".

Chévere: *O Navegante*, baseado nun texto de Cristina F.

Trama na que se desenvolve a historia dun feto que nos conta a súa viaxe a xeito de astronauta umbilical, e na que ten algúns atrancos cun controlador que é tamén manipulador xenético.

Dirección, dramaturxia e interpretación: Xesús Ron e Manolo Cortés. Música: Kozmic Muffin. Equipo Técnico: Óscar Álvarez e Xurxo Piñeiro. Voces: Patricia de Lorenzo. Textos: Cristina F. e Manuel Cortés. Banda sonora: Kozmic Muffin. Espacio escénico: Xron. Atrezzo: Marián González e Cristina Ferreiros. Mecanismos: Pepe Penabade. Producción: Belén Brandido.

Referencias varias:

- C. P., “A Compañía Chévere abre esta noite a nova singladura artística da sala Nasa”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 12 xaneiro 2002, p. 10.

Ver Sala Nasa no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

- B. L., “Chévere estrea a obra ‘O navegante’ coa intención de baleira-lo patio de butacas”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 28 febreiro 2002, p. 62.

Coméntase, brevemente, a posta en escena da obra *O navegante*, da man do grupo de teatro Chévere. Trátase dun espectáculo inusual no que os actores e actrices que interveñen na obra pretenden baleirar o patio de butacas e situar a todos os espectadores no escenario. Así mesmo, a compañía agasallará a cada espectador cun Cd Rom, no canto dun programa de man.

-Belén López, “Historia dun embrión no Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 1 marzo 2002, p. 70.

Alúdese á obra *O navegante*, que narra a historia dun embrión humano e está representada polo grupo Chévere. Trátase dun espectáculo que “introduce as novas tecnoloxías no espectáculo, enche o escenario de xente, vacía o patio de butacas e, no canto de programa de man, o público recibe un CD Rom”. Deste xeito, os resposables da obra, Xesús Ron e Manuel Cortés comentaron que se trata dun espectáculo moi especial “onde forzámo-los límites do teatro entendido de xeito convencional”. Ademais, o aforo está limitado, en cada represetación, a corenta persoas, que comparten escenario cos actores e actrices, teñen uns auriculares e asisten a distintas proxeccións de vídeos.

Ver Iº Festival “Alternativa” 2002.
Ver Sala Nasa.

Os **Contracontos**: *Caperucitoloxía.*

Espectáculo teatral humorístico no que varias personaxes narran, tanto oral coma visualmente, o que eles consideran a auténtica versión do conto de Carapuchiña Vermella (un lobo existencialista inglés e un cazador catalán), ou ben fan comentarios disparatados sobre o mesmo (unha cidadá envelenada, unha licenciada en Caperucitoloxía, un académico recalcitrante e unha presentadora entrometida). A peza culmina nunha vertixinosa versión do relato de Perrault, nunha Carapuchiña veloz. A posta en escena caracterízase polo humor surrealista, irónico e disparatado, traballado sen máis recursos cós propios actores e actrices. Baséase no uso de diversas linguaxes tanto corporais, coma orais ou guturais.

Textos de: Pilar Alonso, Paula Carballeira, Nekane Fernández e César Martínez “Goldi”. Dirección: Nekane Fernández. Interpretación: César Martínez “Goldi”, Nekane Fernández, Marcos Orsi e Xulio Abonjo.

Referencias varias:

- Inma López Silva, “Caperucitoloxía… ou cómo conquistar o público”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 130, 20 maio 2002, p. 5.

Destaca que *Caperucitoloxía* é un interesante xogo de realidade e ficción co único recurso da voz e mais da palabra. Sinálase que os seus catro integrantes –que na representación visten de negro e vermello– parten da hipótese de inverter o conto *Carapuchiña vermella* de Perrault e tamén se apuntan algunhas das características representativas dos seus integrantes.

Ditea Teatro: *A pousada de Petra Cotón*, de Agustín Magán.

Comedia grotesca inspirada na *Roman Comique* do clásico francés Paul Scarron. Dirección: Fernando Arcay e Alberte Álvarez. Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán”.

Espello Cóncavo: *Tres no bambán*, de Luigi Lunari.

Cóntase a historia de tres homes: un profesor, un industrial e un militar retirado que, por diferentes motivos, coinciden nun mesmo lugar, malia pensaren que cada un está nunha editorial, nunha pensión de citas e nunha oficina do exército, respectivamente. Ante a activación dunha alarma de anticontaminación os tres teñen que permanecer no edificio durante un tempo. Alí coñecen a unha señora da limpeza e comezan os equívocos entre eles. O espectáculo transcorre entre o absurdo e a risa con moito diálogo.

Dirección: Arturo López. Interpretación: Xabier Pan, Fernando Morán, Arturo López e Teresa Horno. Xénero: Comedia.

A **Factoría Teatro**: *Coitelos nas galiñas*, de David Harrower, Premio María Casares á Mellor Dirección Escénica 2002.

Peza ambientada na Escocia rural do século XVIII, que pretende ser o estandarte da rebelión de homes e mulleres de todos os tempos. Neste ambiente vive unha muller sometida ao seu marido e que comeza a aprender a poñerlle palabras ao mundo que a rodea, malia o seu analfabetismo a través da súa amizade cun muiñeiro.

Dirección: Cristina Domínguez. Interpretación: Rocío González, César Martínez "Goldi" e Alfredo Rodríguez. Deseño do espacio escénico: Carlos Alonso. Xénero: Drama.

Referencias varias:

-Camilo Franco, "Formas de mirar", *La Voz de Galicia*, "Entreacto", 10 abril 2002, p. 8.

Ver Teatro do Aquí: *Animaliños* no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais, deste *Informe*.

-M. J., "Sesión de teatro no Principal", *Diario de Pontevedra*, "La Cita", 17 outubro 2002, p. 75.

Nesta nota refíresenos que se vai representar en Pontevedra a obra de David Harrower *Coitelos nas Galiñas*, traducida ao galego por Pepe Sedón, a cargo da compañía A Factoría e dirixida por Cristina Domínguez. Enuméranse os actores do reparto e dásenos abondante información, tamén, do autor e a peza en cuestión, o título orixinal da cal é *Knives in hens*. A historia está localizada na Escocia rural do século XVIII e os temas principais do argumento son o adulterio e o crime, cometidos con toda impunidade e inocencia.

-Manuel Jabois, "Teatro de altura no Principal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 18 outubro 2002, p. 75.

Comentario á premiada posta en escena da peza *Coitelos nas galiñas*, representada en Pontevedra pola compañía Factoría Teatro. Resúmese o

argumento da obra, que tiña percorrido xa os escenarios de todo o mundo con grande éxito: trátase do retrato da Escocia rural do século XVIII, onde as forzas subterráneas dirixen as vidas dos protagonistas. Dáse conta, así mesmo, da ficha técnica de Factoría Teatro, grupo que asumiu o papel de presentar a mencionada peza por vez primeira en España, como se subliña no artigo e como, segundo se di, xa notou a prensa e a crítica estatal.

- Manuel Beceiro, “A Factoría proclama la libertad de la palabra con ‘Coitelos nas galiñas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 21 novembro 2002, p. L9.

Comeza sinalando o éxito acadado por esta compañía coa representación desta peza por Galicia e fóra das súas fronteiras, recoñecida tamén co premio á mellor dirección nos María Casares. A seguir, sinala que a través desta obra deron a coñecer ao autor escocés, e que nela se recrea un ambiente moi semellante á Galicia do momento que aborda, que é descrito polo miúdo. En columna á parte, alúdese á liberdade que adquire a protagonista principal cando aprende a ler, o ritmo vertixinoso que adquire a obra e ao feito de que escenograficamente a obra ten o círculo como espacio e metáfora da roda do muíño cunha estética minimalista.

-Lupe Gómez, “A fermosa terra e a necesaria palabra”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 1 decembro 2002, p. 5.

Crítica laudatoria da escenificación do texto de David Harrower *Coitelos nas Galiñas* á raíz da asistencia á súa posta en escena por parte da compañía A Factoría Teatro na Sala Yago de Santiago de Compostela. Destaca especialmente a actuación de Rocío González. Resume tamén a historia representada, ambientada no campo e repleta de naturalidade e lirismo.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.
Ver Sábados teatrais de Narón.
Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de Estrelas II*.

Trátase dun espectáculo no que o público asiste a unha viaxe a un país imaxinario chamado “Jalisia”, onde se vai gravar un programa de televisión de variedades. Trátase do magazine da TVJá, Cheiro de Estrelas, no que actúa Chicho de Chantada, participante que non se conforma con que só lle paguen os quilómetros.

Dirección: Manuel Pombal. Interpretación: Xosé Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal. Escenografía: Paula Mariño. Música: Bernardo Xosé e Manuel Pombal. Fotografía: José Groba e Isabel Álvarez. Asistencia técnica: Roi Sobral. Realización vestiario: Alberto Moldes e Pilar Pombal. Axudantes de producción: Marisa Gallego e Maribel Pérez. Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, “Nove-Dous estrena en Carballiño la obra ‘Historias mínimas”, *La Región*, “Cultura”, 22 febreiro 2002, p. 68.

Ver Nove-Dous Teatro: *Historias mínimas*, no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais, deste *Informe*.

- Chelo G. B., “Teatro, folclore y folk se mezclarán en Xinzo”, *La Región*, “Xinzo. Fiestas de Santa Mariña”, 18 xullo 2002, p. 42.

Ademais de dar conta das actuacións musicais que se celebrarán con motivo das xornadas culturais desta vila tamén se fai eco da representación de *Cheiro de estrelas*, de Fulano, Mengano e Citano na Casa da Cultura de Xinzo da Limia.

- R. L. G., “Teatro en la Plaza del Concello”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Bueu”, 26 xullo 2002, p. 19.

Anuncia a próxima representación de *Cheiro de estrelas II*, a cargo de Fulano, Mengano e Citano na Praza do Concello de Bueu. Sinálase que o argumento

xira arredor da parodia dun programa de televisión, que o grupo se formou no ano 1994 e lembra algunhas outras actividades nas que participaron os seus integrantes nos últimos anos.

-E. F. G., "Teatro y música, dos platos fuertes para el otoño", *El Progreso*, "Especial", 4 outubro 2002, p. 55.

Adianto das actividades culturais que organiza o Concello da Pontenova, entre as que se atopan as representacións de *Cheiro de estrelas II*, de Fulano, Mengano e Citano, e *Os vellos non deben de namorarse*, de Teatro do Morcego.

- E. G., "El auditorio de Salceda es el capitolio del espectáculo local", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Louriña", 30 novembro 2002, p. 26.

Dá conta da representación de *Cheiro de estrelas II*, de Fulano, Mengano e Citano no Auditorio Municipal de Salceda de Caselas, así como dos monicreques de Tanxarina con *Contaloucos* e Spaguetti teatro con *Cinco contos para unha man*. Remata anunciando outros actos a celebrar neste foro, entre eles unha conferencia de Xosé Neira Vilas.

Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña. Ver XVª Mostra de teatro de Cee. Ver XIIª Mostra de teatro popular de Chantada. Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar. Ver Vª Mostra de teatro de Vilanova de Arousa.

Galería Compañía de Teatro&**Manivela** Producciónss: *Compañía*, de Eduardo Rovner.

Posta en escena na que se narra a vida dun matrimonio normal que ten os fillos xa criados e fóra de casa. A monotonía invade as súas vidas. El entón decide marchar do traballo para aproveitar o sol na praia, e durante ese tempo coñece a unha mestra viúva coa que xorde unha especial simpatía. Ambos presentaranse na casa do matrimonio e isto provocará unha serie de violentas discusións, ata que ao final conseguen chegar a un final feliz. Na trama dise que se trata dun ensaio, un xogo sobre as relacións das persoas, por medio dunha linguaxe absurda que se utiliza como recurso cómico.

Dirección: Antonio Simón. Interpretación: Ernesto Chao,
Rosa Álvarez e Mabel Rivera.

Teatro Galileo: *Caprichos de Cervantes*, baseada nos entremeses de Miguel de Cervantes.

Peza na que se lle dá vida ás grandes obras cómicas do Manco de Lepanto, na que a temática xira arredor das incompatibilidades matrimoniais ou de antagonismos, como o que existe entre as armas e as letras, tendo como nexo común algunha amargura, sátira ou os problemas sociais combinados con aspectos cómicos. Todo isto da man dunha compañía de cómicos entre os que está un director pobre e simple, un actor borracho e burlado, unha actriz moza, outra non tan moza e un estudiante namorado que provocan situacións grotescas e cómicas con intrigas, cancións, ciumes, vinganzas, etc.

Dirección: Pedro Rubín. Interpretación: Teresa Horro, Fernando Morán, Ana Santos e Raúl Varó. Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- Alberto Quián, “Os temas dos entremeses de Cervantes son do máis actual”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 novembro 2002, p. 42.

Dáse conta da representación no Auditorio do Centro Cultural Caixanova de Vigo, por parte da compañía compostelana Teatro Galileo, de dous entremeses de Miguel de Cervantes, baixo o título de *Caprichos de Cervantes*. Indícase o reparto de actores e entrevístase ao director de Teatro Galileo, Pedro Rubín, quen sinala que os temas dos dous entremeses (vello que casa cunha moza e namorado que non deixa en paz á súa amada) son do máis actual. Así mesmo, Rubín explica o tipo de adaptación dos entremeses que a compañía fixo para a representación, e fala dos problemas dos actores e do teatro galego. Finalmente,
o director da compañía comenta que en Galicia existe un descoñecemento xeral do mundo teatral. Tamén explica a razón da escolla do título da peza.

Lagarta Lagarta: *Cartas de amor (Love letters)*, de A. R. Gurney.

Baséase na improvisación de dous actores, que non contan con aparello escenográfico nin de atrezzo, na que todo xira arredor dun home e unha muller que se coñecen cando son nenos e non deixan de escribirse cartas ata a madurez. Os dous actores fan unha lectura ante os espectadores destas cartas que se escribiron durante toda unha vida, e a través delas analizan a relación de encontros e desencontros dunha parella.

Dirección e dramaturxia: Avelino González.
Traducción: Mabel Rivera. Interpretación: Xosé M. Olveira “Pico” e Mabel Rivera. Selección Musical: Rubén García. Espacio escénico e vestiario: Equipa Erro. Iluminación: Miguel L. Soto.

Produccións **Librescena**: *A morte e a doncela*, de Ariel Dorfman.

Ten como escenario unha casa na praia onde unha muller, Paulina, fai a cea mentres agarda polo seu marido, Gerardo. Nese momento chega un coche que non é o del e un home entra na casa acompañando ao seu marido. Trátase do médico Miranda, un home que acaba de axudar a Gerardo porque picara unha roda e non tiña outra de reposto. A sorpresa vén dada polo feito de que Paulina recoñece a este médico como o autor das torturas ás que fora sometida durante o réxime político anterior, dando comezo a partir de aquí a trama para a vinganza.

Traducción do texto: Inma Antonio e Miguel Pernas.
Dirección: Xosé M. Rabón. Interpretación: Inma Antonio, Miguel Pernas, Agustín Vega. Escenografía: Xosé Méndez. Realización escenográfica: Escenoset.

Referencias varias:

-Europa Press, “Alta comedia’ abre o 25 de xaneiro a tempada de abono de teatro galego promovida por Caixanova en Vigo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 xaneiro 2002, p. 68.

Ver Áncora Producciónes: *Footing*, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

- Amaia Mauleón, “Los actores regresamos al teatro cuando queremos calidad”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 febreiro 2002, p. 44.

Entrevista con Xosé M. Rabón, director de Producciónes Librescena, que interpreta, en Vigo, *A morte e a doncela*, unha obra de Ariel Dorfman. A obra, protagonizada por Miguel Pernas, Inma Antonio e Agustín Vega, narra as inxustizas da dictadura chilena e de calquera dictadura existente. O director do grupo afirma que, con esta obra, pretenden seguir co teatro de compromiso que caracterizou ao grupo dende os seus comezos. Comenta, así mesmo, que a obra é “fuerte y densa” pero, a pesar disto, chega ben ao público porque se trata dun tema moi vixente na actualidade. Para rematar, opina que a continuidade do teatro galego está asegurada “porque es un arte inmediato e irrepetiábel”.

-Inma López Silva, “A morte e a doncela”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 115, 6 febreiro 2002, p. 5.

Refírese á última producción da compañía Librescena, *A morte e a doncela*. Obra de Ariel Dorfman que nesta ocasión é dirixida por Xosé M. Rabón e que conta no seu reparto cun Miguel Pernas, Inma Antonio e Agustín Vega. Comenta que Librescena representa esta obra sobre as torturas nunha dictadura.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.
Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Llu-Llu Teatro: *Ñaque ou de piollos e actores*, de Sanchís Sinisterra.

O espectáculo xira arredor de dous cómicos representantes do século XVII, Solano e Ríos, que falan co público mentres representan fragmentos e escenas de obras coñecidas do teatro. Teñen que interpretar un espectáculo, a medio camiño entre o relato e a interpretación, pero o cansazo, o aburrimento, a fame ou as dúbidas atrasan e interrompen, unha e outra vez a súa actuación, o que reflicte as contradiccións entre o ser e o estar do home no mundo.

Dirección: Salvador del Río. Interpretación: Fran Paredes e Santiago Cortegoso. Traducción e música: A. Barreiro “Warren”. Vestiario, atrezzo e espacio escénico: Llu Llu teatro. Iluminación: Salvador del Río. Producción: Llu Llu Teatro A. C. Música: Alberto Barreiro.

Teatro da **Lúa**: *A longa agonía das centolas*, de Ovidio Lucio Blanco, traducción de Iolanda Ogando.

Comedia negra con todos os compoñentes clásicos do xénero dende asasinatos, traficantes, almas en pena, ata encaixes de Camariñas, inxenuas artesanas que falan coas centolas ou drogadictos. Partindo da exquisitez dos mariscos galegos e o cotizados que están, aquí os personaxes queren facerse donos de tan prezado negocio.

Dirección: Gina Piccirilli. Interpretación: Dorotea Bárcena, Beatriz Graña, Roberto Leal e Ramiro Neira. Escenografía e atrezzo: Ovidio Lucio Blanco. Música: Pablo Pérez. Xénero: Comedia negra.

Teatro Maltés: *Fillo do rigor*, de Álvaro Ahunchaín.

Percorrido pola vida dun home e a súa esposa, os seus traumas, ambicións, decepcións, amores e desenganos. Baseado nun texto que fala con humor, ironía e crueldade do fracaso e dos fracasados.

Dirección: Lino Braxe. Interpretación: Javier de Fornos, Flor Maceiras e Xosé Lois López, “Sacha”. Xénero: Drama social.

Ver Iª Mostra “Teatro en Galicia” de Lugo.

Máscara Producciónss (1): *Guillados*, de Alfonso Sastre.

Versión galega da comedia *Fuera de quicio* de Alonso de Santos, que se centra nas aventuras e desventuras de dúas tolas que se citan no interior do psiquiátrico con dous internos do pavillón dos homes.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal. Interpretación: Patricia Alfaya, José Julio Bañón, Verónica Codesido, Beatriz Míguez, Pablo Puga, Xerome Calero e Antón Casal. Traducción: Antón Casal. Vestiario: Carmen Vázquez López.

Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar.

Máscara Producciónes (2): *Malandros*, adaptación da novela *Crónica dos bons malandros*, de Mário Zambujal.

Montaxe teatral que se centra na aventura de Renato o Pacífico, alias o Valium 10, e a súa banda seleccionada que integran Magrinha, Flavio, o Doutor, Silvino Bitoque, Marlene e Arnaldo, todos eles preparan un asalto que ten pensado espantar ao mundo.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal. Interpretación: Patricia Alfaya, Xerome Calero, Antón Casal, Verónica Codesido, Beatriz Míguez e Pablo Puga. Música: Sergio Gramary. Guitarrista: Tony Darco.

Ver IIº Festival “Teatrarte” de Redondela.

Matarile Teatro (1): *A brazo partido*, de Ana Vallés.

Obra na que se trata o tema da morte abertamente. O argumento parte da morte dun home que está sentado pelando unha laranxa, o que desencadea toda unha serie de situacións entre cómicas e desesperadas.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Helen Bertels, Ana García, Eugenia Iglesias, Roberto Leal, Juan López Berzal, Daniel Moreno e Ana Vallés. Deseño de iluminación, espacio escénico e montaxe musical: Baltasar Patiño. Textos: Juan Martínez Alejandre. Traducción ao galego e dicción: Anxos Sumai. Fotografía e vídeo: Javier M. Oro, Baltasar Patiño e Miguel Suárez R. Vestiario: Matarile Teatro.

Referencias varias:

- J. A. Martínez Sevilla, “Arte con mayúsculas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 marzo 2002, p. 21.

Ofrécese, entre outros temas, un breve comentario sobre a obra *A brazo partido*, de Matarile Teatro. O articulista comenta que se trata dun espectáculo innovador, no que a fantasía, o existencialismo filosófico, a música, as cancións, o baile, o mimo, a pantomima e a xestualidade constitúen a armazón de éxito e acerto total.

-Daniel Moreno, "A brazo partido' crónica de una revelación. En el camino de Damasco", *Primer Acto*, nº 292, "Autonomías. Galicia", xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 135-138.

Invitado por esta revista, Daniel Moreno escribe unha crónica persoal sobre a súa participación en *A brazo partido* xunto a outros autores de fóra de Galicia coma el. Comeza indicando que se dirixiu a Santiago para os ensaios sen saber cal era o seu papel porque, en vez de recibir un texto teatral, o que lle chegaran foran tres cartas nas que intuíra que a obra se encamiñaba cara a un musical. Despois describe o proceso seguido nos ensaios nos que se deixaba improvisar aos actores parar logo ver o resultado en gravacións. Este modo de preparar o espectáculo fixo que Daniel Moreno cambiase o seu concepto de actor que, ao

> contrario do que el cría, tamén pode ser creador. Idea esta última que confirma cando indica que, partindo dos textos non teatrais que logo se incorporaron á obra, podía adaptalos persoalmente. Por outro lado salienta que, a pesar desta aparente falta de texto, unha vez relidas as cartas e comparadas coa montaxe preparada, viu que case todo estaba apuntado nelas. En definitiva, di que se trata dun espectáculo que se parece máis á vida real que ao teatro, que máis que unha interpretación é unha vivencia dun momento común no que non hai personaxes senón que cada actor é el mesmo, e que con esta obra se expresa perfectamente que unha función é unha festa, unha celebración do feito de estar vivos.
>
> Camilo Franco, "Vidas paródicas", *La Voz de Galicia*, "Entreacto", 11 abril 2002, 8.

Alúdese, en primeiro lugar, á obra *Atra bilis*, de Micomón. Trata do "asunto este das vidas segredas descobertas nos velorios". A continuación, céntrase en *Jánsel e Pónsel*, que "converte a historia nunha parodia amena e divertida, merodeando por ese territorio que pode ser teatro ou contacontos ou todo a un tempo". Por último, alúdese á obra *A brazo partido*, de Matarile Teatro, "unha

ironía sentimental que ás veces coquetea coa melancolía e outras déixase levar pola indisciplina da vida".

- AFA, "Reflexión e creación", *O Correo Galego*, "AFA", 31 maio 2002, p. 30.

Apúntase que a compañía compostelá Matarile Teatro estará presente no XXX° Festival Internacional de Teatro de Sitges coa súa montaxe *A brazo partido*, do que se salienta que percorreu Galicia cun notábel éxito.

- AFA, "Matarile Teatro exporta as súas últimas montaxes", *O Correo Galego*, "AFA", 21 setembro 2002, p. 32.

Sinálanse as próximas viaxes do grupo teatral co gallo de ser seleccionado o seu último espectáculo, *A brazo partido*, entre as noventa e seis propostas españolas para participar no Circuíto da Rede de Teatros Alternativos. Tamén se informa do espectáculo *The Queen is Dead*, que recibiu o "Premio María Casares" á mellor dirección en 2002, así como o segundo premio á mellor dirección no "Certame Nacional de Teatro" en 2001.

- Agn, “Matarile’ abrirá a temporada de teatro en Bilbao coa obra ‘A brazo partido”, *El Progreso*, “Cultura”, 28 setembro 2002, p. 91.

Anuncia a apertura da tempada desta compañía en Bilbao, onde foi seleccionada entre máis de noventa compañías para participar no novo Circuíto da Rede de Teatros Alternativos. Tamén adianta as datas e lugares das súas próximas actuacións.

-Amaia Mauleón, “En ‘A brazo partido’ hacemos un conjuro contra el miedo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 outubro 2002, p. 40.

Entrevista colectiva á compañía compostelá Matarile Teatro co gallo da presentación en Vigo do seu espectáculo teatral, musical e de danza *A brazo partido*, o argumento do cal xira arredor das dúbidas e incertezas do home actual. Os actores coméntanlle á xornalista diversos aspectos da obra, como o seu tema, o seu carácter interdisciplinar, a peculiaridade das personaxes que a protagonizan, a boa acollida por parte da crítica desta peza, a recepción do teatro de vangarda en xeral, etc.

- M. J., “A brazo partido’ el martes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “La cita”, 18 outubro 2002, p. 77.

Anúnciase a representación en Pontevedra de *A brazo partido*, unha peza da que sinala que vén continuando a liña que a compañía Matarile Teatro xa levara a cabo con *Teatro para camaleón* e *The Queen is Dead*. Sinálase que nela se aborda a incerteza do home actual, a conciencia da súa fraxilidade, da fugacidade do tempo e das súas ansias de vivir. Do mesmo xeito que se leva a cabo unha mestura de realidade e ficción, se desenvolven distintas linguaxes en escena e se busca unha comunicación directa na que o público saca as súas propias conclusións.

- B. L., “Conxuro entre a realidade e a ficción”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 23 outubro 2002, p. 79.

Achéganse algunhas das características de *A brazo partido*, de Matarile Teatro, que se vén de representar en Pontevedra. Sinálase que os seus actores “mesturan conversacións sobre o divino e o humano, con bailes e cancións”

mediante unha serie de cadros e que, asemade, a obra non presenta un fío conductor.

- M. Beceiro, “Matarile triunfa en España con su montaje ‘A brazo partido”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 decembro 2002, p. L9.

Transmítesenos o éxito atinxido fóra de Galicia pola compañía compostelá Matarile coa obra escrita e dirixida por Ana Vallés, *A brazo partido*. As críticas do público e dos expertos chaman a atención do comentarista, pois non adoita ser (re)coñecido o teatro galego en España. O Festival de Sitges e diversos medios de comunicación (*El País*, *La Razón*, *El Periódico*, xunto coas revistas especializadas) coinciden en celebrar a montaxe, que foi seleccionada entre 96 propostas para participar no circuíto da Rede de Teatros Alternativos. Este triunfo provocou, ademais, unha grande demanda do espectáculo por parte dos programadores e ata a posibilidade de saír ao estranxeiro coa representación.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia. Ver IIIº Festival “Alternativa” 2002. Ver Sábados teatrais de Narón.

Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Matarile Teatro (2): *The queen is dead*, de Ana Vallés.

Estreada en 1999, esta obra foi gañadora do Premio María Casares á Mellor Dirección do Teatro Galego 2000 e o segundo Premio á Mellor Dirección no Certame Nacional de Teatro para Directoras 2001. Tamén participaron con esta obra no Euro-Scene, un certame celebrado na localidade alemana de Leipzig, no que actúan compañías teatrais de toda Europa.

Dirección: Ana Vallés/Baltasar Patiño. Interpretación: Mechtild Barch, Eugenia Iglesias, Rosa Manteiga e Ana Vallés. Traducción ao galego: Anxos Sumai. Deseño de iluminación, espacio escénico e montaxe musical: Baltasar Patiño. Textos: Javier Martínez Alejandre. Asistente de iluminación: Claudio José "Kevi". Asistentes de producción: David Castro e Paz Múñoz. Realización do espacio escénico: Matarile Teatro. Deseño gráfico: Baltasar Patiño. Deseño vestiario: Helena Mareque e Matarile Teatro.

Referencias varias:

-AFA, “Matarile Teatro exporta as súas últimas montaxes”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 setembro 2002, p. 32.

Ver Matarile Teatro: *A brazo partido*, de Ana Vallés, neste apartado do *Informe*.

-Agn, “Matarile Teatro viaja a Leipzig”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 10 novembro 2002, 71.

Anuncia a participación de Matarile Teatro con *The Queen is dead* no Festival Euro-Scene que se vai celebrar na localidade alemana de Leipzig. Lembra que esta peza foi estreada en 1999 e que obtivo diversos premios, entre eles, o María Casares á mellor dirección. Remata sinalando que a compañía leva 16 anos na escena e dende hai nove xestiona o teatro compostelán Galán.

Ver Sábados teatrais de Narón. Ver
Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Migallas Teatro: *O cantante e as mulleres*, creación do grupo.

Espectáculo que reúne un bo número de cancións de todos os estilos, dende cancións tradicionais ata o rap ou a canción africana e onde os diferentes personaxes que aparecen no escenario, todos moi próximos aos rapaces e rapazas, tratan temas como os xogos tradicionais fronte á televisión ou os videoxogos; os xoguetes bélicos e sexistas fronte á animación á lectura ou a importancia do uso do galego, a ecoloxía, a lectura, a cultura en xeral, etc.

Dirección: Migallas. Interpretación: María Campos e Carlos Yus. Escenografía, vestiario, cancións, fotografía, deseño gráfico e producción: Migallas.

Referencias varias:

- Belén López, “O recital imposible de Migallas Teatro. As mil caras de María”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir o verán”, 8 agosto 2002, p. 67.

Dá conta da representación de *O cantante e as mulleres* a cargo de Migallas, integrado por María Campos e Carlos Yus, un espectáculo estreado no ano 1992. Recóllense declaracións dos integrantes nas que aluden á súa constante renovación das pezas, nas que fan alusións ao lugar de representación. Tamén se refiren á negativa que, en anos sucesivos, recibiron para participar na Feira do Teatro de Galicia, polo que consideran que vén motivado polos contidos críticos coa política lingüística, de financiamento do ensino privado ou das listaxes de agarda da sanidade pública.

-G.B., "Teatro en la Casa de Cultura de Ribadumia", *Diario de Arousa*, "Vilanova/Ribadumia", 15 decembro 2002, p. 26.

Nota da posta en escena desta peza dentro das Xornadas Xacobeas celebradas en Ribadumia, no marco do programa de actividades que o Concello confeccionou para as datas de Nadal.

Mohicania: *Espantoso.*

Nun museo onde se mesturan cadros de arte contemporánea con pezas de cerámica chinesa, ou mobles de estilo francés con zanfonas medievais, é depositado un espantallo como mostra dunha cultura rural en franca desaparición. Será a través dos ollos deste espantallo que iremos entrando en contacto cunha vida que nos parece imposíbel que exista alí dentro.

Dirección: Quico Cadaval e José Campanari.
Interpretación: Víctor L. Mosqueira e Piti Sanz.
Xénero: Divertimento escénico.

Teatro do **Morcego**: *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso R. Castelao.

Todo xira arredor dos amores de tres vellos imprudentes, D. Saturio, D. Ramón e o Sr. Fuco, que teñen a desgracia de poñer os seus ollos en tres mozas: Lela, Micaela e Pimpinela.

Dirección: Celso Parada. Interpretación: Carlos Alonso, Maxo Barjas, Pepe Barreiro, Miguel Borines, Eva Carreras, Belén Constenla, Casilda García, Andrés Giráldez, Miro Magariño, Sonia Rúa, Patricia Vázquez, Salvador del Río, Gonzalo Uriarte e Braulio Velo. Vestiario: Carlos Alonso. Técnico de luces: Suso Barreiro. Técnico de son: Francisco Alfaro. Colaboración musical: María Xosé López e Xico de Cariño. Xénero: Comedia.

Referencias varias:

-Europa Press, “Alta comedia’ abre o 25 de xaneiro a tempada de abono de teatro galego promovida por Caixanova en Vigo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 xaneiro 2002, p. 68.

Ver Áncora Producciónss: *Footing*, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

- Amaia Mauleón, “Esta pieza de Castelao ha sido muy maltratada”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 marzo 2002, p. 13.

Entrevista na que Celso Parada, director da compañía Teatro do Morcego, fala da obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. En primeiro lugar, comenta que a obra foi moi maltratada ao longo dos anos e que intentaba reflectir un aspecto moi moralista, que non pretendía, na súa opinión, Castelao. A seguir, afirma que na súa versión empregaron “decorados muy impactantes y un vestuario muy colorido, además de vistosas máscaras”, buscando “la estilización de lo popular”. Para rematar, engade que esta producción foi moi costosa, un dos espectáculos máis caros do teatro privado galego.

- Inma López Silva, “Os vellos… co Chauve-Souris de Celso Parada”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 129, 13 maio 2002, p. 5.

Comentario da posta en escena de *Os vellos non deben de namorarse*, da que se salienta que é un espectáculo fascinante. A seguir, despois de felicitar ao seu director, Celso Parada, ponse de manifesto a importancia do uso da máscara para o coro así como a vertente musical do espectáculo. Remata aplaudindo e recoñecendo o valor esta adaptación teatral.

-Tere Gradín, “Regresa con fuerza el Festeixo”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 261, 18 maio 2002, p. 4.

Ver Centro Dramático Galego/Teatro de Braga: *Os espectros* , no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

-E. F. G., “Teatro y música, dos platos fuertes para el otoño”, *El Progreso*, “Especial”, 4 outubro 2002, p. 55.

Ver Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de Estrelas II*, neste apartado do *Informe*.

Ver Ciclo de “Teatro de Primavera” de Culleredo. Ver Xª Feira do teatro de Galicia. Ver Encontros Culturais de Culleredo. Ver XIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo. Ver IIº Festival “Teatrarte” de Redondela. Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar. Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Teatro de **Ningures** (1): *Fausto*, de Cristopher Marlowe.

Montaxe na que se fai unha lectura contemporánea do Fausto, cunha visión política que tenta achegarse ao público e que fala do constante pacto co demo. Esta obra é unha reescrita do Fausto de Marlowe e de Goethe sen renunciar á fantasía e á maxia da obra, aspecto que o achega ao mundo mítico de Galicia. Con só seis actores téntase facerlle ver ao espectador a complexidade dun personaxe que sucumbe ás súas propias contradiccións. Este espectáculo quedou finalista nos Premios María Casares 2002.

Traducción e adaptación: Xosé M. Pazos e E. Vázquez. Dirección: Etelvino Vázquez. Interpretación: Casilda García, Pepa Barreiro, Sonia Rúa, Francisco Paredes, Santiago Cortegoso e Salvador del Río. Escenografía: P. Pastor. Vestiario: Carlos Alonso. Deseño Iluminación: Jesús Pérez. Técnicos: Paco Alfaro e Suso Barreiro.

Referencias varias:

- C. P., “Teatro de Ningures enfronta ós espectadores co Fausto que levan dentro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 19 febreiro 2002, p. 9.

Coméntase a representación da obra *A tráxica historia do doutor Fausto*, de Christopher Marlowe, da man da compañía galega Teatro de Ningures. A obra, dirixida por Etelvino Vázquez e interpretada por un elenco de seis actores e actrices, “fai unha lectura contemporánea dos pactos co demo que fai cadaquén, de maneira que enfronta ós espectadores cos seus particulares Mefistos”. A seguir, coméntase que esta é a montaxe número dezaseis das producidas e representadas por Teatro de Ningures nos últimos quince anos. Para rematar, cítanse algúns dos directores da citada compañía como Etelvino Vázquez, Manuel Vieites, Celso Parada, Xosé Manuel Pazos, Alberto Bokos, Julio Cardoso, José Martíns e María Armesto.

- AFA, “O Fausto’ de Teatro de Ningures, en Santiago”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 marzo 2002, p. 30.

Nota na que se informa da posta en escena da obra *A tráxica historia do doutor Fausto*, de Christopher Marlowe, da man da compañía Teatro de Ningures. Sinálase que está dirixida por Etelvino Vázquez e protagonizada por Fran Paredes, Santiago Cartegoso, Salvador del Río, Pepa Barreiro, Sonia Rúa e Casilda García. Por último, recóllense as palabras dos compoñentes da compañía, que afirman que a obra "é unha montaxe da palabra, que postula unha lectura contemporánea do *Fausto*, unha lectura social, que a achega ó público, e que fala do constante pacto co demo".

Ver Xª Feira do teatro de Galicia. Ver XIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo. Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Teatro de **Ningures** (2): *Tic Tac*, baseada na novela homónima de Suso de Toro.

Ao servicio dun texto contemporáneo esta posta en escena pretende ser un espectáculo de humor, o que non se contradí co seu contido acedo e crítico. Nel mestúrase o drama co humor, o real co fantástico, a risa co pranto e a música co silencio e procura reflectir o mundo actual, a través dunha visión lúdica e tráxica da nosa existencia. O personaxe protagonista lembra o seu pasado, a súa infancia, cunha certa nostalxia romántica, que se enfronta a diferentes personaxes que van saíndo, exemplos das diferentes máscaras que pode adoptar unha nai, que teñen unha dimensión grotesca e que poden provocar esa visión traxicómica.

Dirección: Etelvino Vázquez. Adaptación do guión: Xosé Manuel Pazos e Etelvino Vázquez. Interpretación: Casilda García, Xosefa Barreiro, Sonia Rúa e Salvador del Río. Xénero: Traxicomedia.

Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña.

Ver Sábados teatrais de Narón.

Produccións **Nordesía**: *Eliana en Ardentía*, de Roberto Salgueiro, premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2000.

Autor e director: Roberto Salgueiro. Interpretación: Blanca Cendán, Marcos Correa, Xulia Gómez e Maite da Costa. Deseño da escenografía, vestiario e iluminación: Roberto Salgueiro. Escenografía: Rodrigo Roel. Vestiario: Clotilde Vaello.

Ver IIº Festival “Teatrarte” de Redondela. Ver Sábados teatrais de Narón.

Teatro do **Noroeste** (1): *Alta Comedia*, de Eduardo Alonso.

Montaxe na que se desenvolve un triángulo amoroso entre o Federico, o marido catedrático de Matemáticas, Rosario, a súa esposa, que se aburre dende hai anos na casa e Mónica, a amante deste. Unha comedia que se centra na soidade de moitas mulleres ás que se lles negan perspectivas de futuro.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Antonio Simón, Rebeca Montero e Luma Gómez. Música: Chefa Alonso. Escenografía e vestiario: Equipo Teatro. Deseño de iluminación: Eduardo Alonso. Xénero: Comedia.

Referencias varias.

-Europa Press, “Alta comedia’ abre o 25 de xaneiro a tempada de abono de teatro galego promovida por Caixanova en Vigo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 xaneiro 2002, p. 68.

Ver Áncora Producciónss: *Footing*, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

-C. P., "Alta comedia' recrea no Principal disputas amorosas entre matemáticos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 29 xaneiro 2002, p. 8.

Faise referencia á obra *Alta comedia*, de Eduardo Alonso, estreada polo grupo Teatro do Noroeste, no Teatro Principal compostelán. Sinálase que a peza trata as relacións entre un catedrático de matemáticas, a súa muller e colega e unha axudante. Recóllense as palabras do seu autor e director, Eduardo Alonso, que di que os tres personaxes non son capaces de atopar a felicidade "porque a felicidade é inversamente proporcional ao seu coeficiente intelectual, ou porque non existe". Para rematar, alúdese tamén á presencia de dúas compañías portuguesas na Sala Nasa.

-Damián Villalaín, "Humor cortés", *Tempos Novos*, nº 56, "Voces e Culturas. Crítica", "Teatro", xaneiro 2002, p. 70.

Valoración positiva de *Alta Comedia* de Teatro do Noroeste e, principalmente, do texto escrito por Eduardo Alonso, de quen salienta a súa traxectoria como director e o seu "debut" como autor con esta peza. Apunta que a obra se move entre a comedia e o drama, sendo o humor e a ironía elementos claves no desenvolvemento argumental. Subliña as liñas temáticas e alude, tamén, ás personaxes e á escenografía.

- Eduardo Alonso, "Un triángulo ácido en Alta Comedia", *ADE-Teatro (Revista de la Asociación de directores de escena de España)*, nº 89, "Notas de Dirección", xaneiro-marzo 2002, pp. 170-174.

O autor deste artigo debulla o espectáculo *Alta comedia*, escrito e dirixido por el mesmo. Comeza afirmando que é unha obra sobre as relacións humanas, as súas miserias e a súas soidades, e a seguir destaca que, seguindo á alta comedia máis convencional, nesta obra ten cabida un típico triángulo amoroso. Tamén describe a estructura espacial xeométrica e a estructura temporal, baseadas ambas en conceptos matemáticos, de *Alta comedia* e finalmente fai referencia á acción dos tres actos deste espectáculo.

- Tere Gradín, “Regresa con fuerza el Festeixo”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 261, 18 maio 2002, p. 4.

Ver Centro Dramático Galego/Teatro de Braga: *Os espectros* , no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

-Belén López, “Provocación exquisita e risos refinados”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 23 maio 2002, p. 67.

Infórmase da representación da obra *Alta comedia*, a cargo de Teatro do Noroeste. Trátase da historia dun triángulo amoroso, interpretado por Antonio Simón, Luma Gómez e Rebeca Montero. A obra consta de tres actos e lanza a mensaxe de que “as parellas case sempre están abocadas ao fracaso, e, como di unha das personaxes, nese fracaso todos somos culpables”.

- J. A. Martínez Sevilla, “Buena aportación teatral”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 setembro 2002, p. 17.

Comenta a posta en escena de *Alta Comedia*, por Teatro do Noroeste, da que describe o argumento, sinala a existencia de referencias a outras obras ou tópicos, valora positivamente aos actores e remata cualificando a peza como unha achega positiva para o noso teatro.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia. Ver IIº
Festival “Teatrarte” de Redondela.

Teatro do **Noroeste** (2): *A Celestina*, *comedia dos tolos amores de Calisto e Melibea*, de Eduardo Alonso.

Trátase dunha posta en escena baseada no clásico de Fernando de Rojas, na que se trasladan os personaxes e a acción á Galicia actual. Nárrase en clave de comedia as aventuras de Calisto, un colombiano enviado polos seus xefes de Medellín a resolver negocios nas rías de Galicia. Os encargos non saen ben e, mentres trata de resolver os conflictos relacionados co tráfico de drogas, coñecerá a Melibea, empregada dunha tenda e a Celestina, que aparece reconvertida como a xefa dun bordel, que pon en contacto aos dous mozos.

Dirección: Eduardo Alonso. Axudante de dirección: Juan Udaondo. Interpretación: Luma Gómez, Xavier Estévez, Elena Atienza, Xosé Vilarelle, Carlos Mosquera “Mos”, Luísa Vieira e Belén Constenla. Escenografía e vestiario: Equipo Teatro. Deseño de iluminación: Eduardo Alonso. Deseño gráfico: Oscar Canal. Música: Chefa Alonso.

Iluminación: Eduardo Alonso. Fotografía: Margen, S. L. Técnicos de escena: Miguel López Soto, Francisco Gómez Pena e Xosé M. Molinos. Administración: Belén Arnejo.

Referencias varias:

- B. L., “Calisto e Melibea falarán galego nun escenario de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 6 febreiro 2002, p. 63.

Coméntase a representación de *A Celestina*, que terá lugar no Teatro Principal pontevedrés. Dise que a obra é unha versión de Eduardo Alonso, que está interpretada por Luma Gómez, Xavier Estévez, Xosé Vilarelle, Carlos Mosquera “Mos” e Belén Constenla. A continuación, os membros da compañía comentan que “A Celestina’ de Rojas é un texto monumental a tódolos niveis, imposible de afrontar na súa totalidade”. Por este motivo, engaden que “non se trata de montar escenicamente ‘A Celestina’ senón de realizar un traballo teatral sobre ela”. Para rematar, engaden que, ademais de recuperar a historia de Calisto e

Melibea, Teatro de Noroeste decidiu adaptar a súa historia á actualidade; para isto transladaron as aventuras destes dous amantes “a un ambiente de mafiosos e narcotraficantes”. Xa por último, alúdese, brevemente, á traxectoria profesional da citada compañía teatral.

- Belén López, “Teatro do Noroeste converte ‘A Celestina’ nunha ‘madame’, para os pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 8 febreiro 2002, p. 78.

Breve comentario sobre a presentación, en Pontevedra, da obra *A Celestina*, adaptada por Eduardo Alonso a partir do texto orixinal de Fernando de Rojas. A obra, representada por Teatro do Noroeste, desenvólvese nun ambiente de narcotráfico, “coa celestina como ‘madame’ dun clube de alterne”. A continuación, cítanse outros espectáculos de Teatro do Noroeste como *Medea*, de Eurípides; *Macbeth*, de Shakespeare ou *Galileo Galilei*, de Bertolt Brecht, entre outros.

Teatro do **Noroeste** (3): *Feirantes*, baseada en textos de *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro.

Espectáculo teatral que se basea nunha selección de textos escollidos da serie de retratos de tipos populares coñecidos por Álvaro Cunqueiro e recollidos na súa obra *Os outros feirantes*. Na posta en escena a protagonista é unha vaca marela, que serve de fío conductor para realizar o percorrido polos diferentes sitios e personaxes que aparecen na obra do escritor mindoniense.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Luma Gómez. Música: Chefa Alonso. Escenografía: Equipo Teatro. Vestiario: Carmela Montero. Posta en escena: Miguel López Soto e Francisco Gómez Pena.

Nove-Dous: *Rexurdimento.Coplas de cego*, de Afonso Becerra.

Tomando as coplas de cego e o universo deste personaxe preséntanos a Saturio e ao seu axudante Cirilo, que gañan a vida contando e cantando coplas que relatan sucesos truculentos. Fartos destes temas soñan que visitan a Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez para que lles escriban coplas máis "cultas".

Dirección: Afonso Becerra de Becerreá. Interpretación: Jouse García, Clara Vázquez, Tamara Cristóbal e Lois Soaxe. Escenografía e vestiario: Carlos Alonso. Axudante de Dirección: Josi Lage. Xénero: Comedia.

Ver Iª Mostra "Teatro en Galicia" de Lugo.

Ollomoltranvía (1): *ÑikiÑaque*, de Cándido Pazó. Premio Max ao Mellor Texto teatral 2002.

Posta en escena para todos os públicos na que se conta cómo un home de poder precisa dos servicios dunha “troupe” teatral para que monte unha peza celebratoria. Para iso manda que a contraten: unha “troupe” que se move con dous trailers e un microbús no que viaxan vintedous actores, tres maquinistas e dous técnicos. Pero a tal “troupe” é simplemente un “ñaque”, un grupo composto por dous cómicos piollentos montados nunha lambreta con sidecar. A partir de aquí asistimos á controversia entre o carácter dos dous cómicos: o que pensa que foi pouco honesto aceptar a empresa e o que di que dous poden facer o traballo teatral de vinte.

Dirección: Candidó Pazó. Interpretación: Avelino González e Santiago Prego. Producción: Ollomoltranvía. Música orixinal: Piti Sanz. Escenografía, vestiario e atrezzo: Carlos Alonso. Técnicos de son e iluminación: Sacha e Alfredo Laforet.

Deseño de iluminación: Alfredo Laforet.
Producción executiva: Carme Varela.
Xénero: Comedia.

Referencias varias:

-Marta R. Valeiro, “Falta un circuíto que nos faga ter unha relación real co público”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 129, 13 maio 2002, p. 6.

Conversa co autor teatral Cándido Pazó, quen fala, en primeiro lugar, do Premio Max ao mellor texto teatral, que obtivo pola obra *Ñiqui Ñaque*. A seguir, engade que este premio lle axudará a ser coñecido fóra de Galicia. En canto ao teatro galego, comenta que está a vivir un momento confuso, “porque os circuítos están paralizados e movémonos na mesma calidade de hai dez anos”. En canto aos seus proxectos inmediatos, comenta que pensa escribir un texto para a compañía Talía e outro para Ollomoltranvía. Así mesmo, declara que segue coas súas sesións de contacontos.

Ollomoltranvía (2): *Policía*, de Slawomir Mrozek.

Preséntasenos ao último preso político opositor ao réxime gobernado polo Infante e o seu tío o Rexente, que abxura das súas ideas, quedando o país nun remanso de paz. Como todo está tan tranquilo, a policía corre o risco de facerse innecesaria, polo que o alto mando do corpo toma a decisión de buscar unha saída que garanta a súa continuidade e supervivencia.

Dirección e adaptación: Cándido Pazó. Axudante de dirección: Xosé Luís López Saxa. Interpretación: Santi Prego, Jouse García, Carlos Sante e Avelino González. Traducción do francés: Noemí Pazó. Escenografía e vestiario: Carlos Alonso. Música orixinal e espacio sonoro: Piti Sanz. Iluminación: Alfredo Laforet. Realización escenográfica e atrezzo: Carlos Alonso, Rodolfo Cunha e Santos Carrera. Técnico de son: Raquel Laforet. Fotografía: Simón Balvís.

Deseño gráfico: Fausto e
Peixe. Administración: Yumy.
Producción: Ollomoltranvía.
Xénero: Comedia.

Referencias varias:

- Marta R. Valeiro, “O teatro en Galicia está excesivamente institucionalizado”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 112, 16 xaneiro 2002, p. 6.

Conversa co actor Avelino Pousa, quen reflexiona sobre a situación do teatro galego actual. Comenta, en primeiro lugar, que hoxe en día existe unha “diversificación de posibilidades para o traballo de actor”. A seguir, afirma que a Feira do Teatro, dende o seu punto de vista, precisa dunha reformulación. Comenta, así mesmo, que a súa compañía de teatro, Ollomoltranvía, se atopa nun bo momento representando a obra *Policía*. Por último, sinala outros proxectos nos que está traballando.

Pífano Teatro (1): *Mirinda Affaire*, de Xavier Picallo.

Todo xira arredor dunha cita a cegas na que unha muller contacta, vía internet, cun actor profesional para que lle diga aquilo que os seus amigos/amantes nunca lle din. Mentres, un actor en paro prepara un texto para recitarlle a unha descoñecida. No desenlace desta peza de equívocos será Calderón de la Barca, coa súa *La vida es sueño*, quen bote unha man no remate.

Director: Xavier Picallo. Interpretación: Eva Fernández e Juan Curiel.

Pífano Teatro (2): *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ao cumpriren os 50?*, de Antón Losada.

Posta en escena que narra a vida de dúas dependentas duns grandes almacéns, Juli e Puri. Fórono todo na empresa na súa mocidade: brillantes, atrevidas e ousadas, fíxéronse as raíñas das súas respectivas seccións de venda. Agora viven desprazadas polas novas xeracións de “pipioliñas sen conciencia”, como elas mesmas as cualifican, lonxe das luces e do trato directo cos clientes. Juli ten problemas de dependencia con todo tipo de pastillas, mentres que Puri é unha fanática das liñas 906, e precisamente unha excesiva factura do consumo telefónico centra boa parte da intriga desta obra.

Dirección: Xan Cejudo. Axudante de dirección: Xavier Picallo. Interpretación: Mela Casal e Gloria Ferreiro. Música e Soundtrack: Piti Sanz. Deseño vestiario e maquillaxe: Carmela Montero. Realización vestiario: Carme Pichel. Escenografía: Baltasar Patiño.

Realización escenografía/Iluminación:
B&K. Asistencia técnica: Kachet S.L.
Fotografía: MARGEN.

Ver IIIª Mostra de teatro “Roberto Vidal Bolaño” de Gondomar.
Ver Vª Mostra de teatro de Vilanova de Arousa.

Pilar Pereira: *Ofelia sen a virtude do pudor*.

Dirección: Quico Cadaval.
Interpretación: Pilar Pereira.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, “Nove-Dous estrena en Carballiño la obra ‘Historias mínimas”, *La Región*, “Cultura”, 22 febreiro 2002, p. 68.

Ver Nove-Dous Teatro: *Historias mínimas*, no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais, deste *Informe*.

Os **Quinquilláns**: *A Noite.*

Recreación das andanzas de Felipe de Amancia, o fiel criado de Merlín, que sospeita que a soidade e a ruína da casa e Miranda acabará por separalos, mentres que o mago lle amosa os seus segredos máis valiosos: a copa dos países que dá luz á noite, a bola de neve por onde se ve o mundo e o cadro misterioso dos cegos amigos que o visitan buscando un remedio. Estes tres agasallos só Felipe poderá velos antes de que o maleficio convirta os soños en pesadelos.

Dirección: Gabriel Penabade. Interpretación e manipulación dos monicreques: Anxo García e Ignacio Vilariño. Música: Xurxo Piñeiros e David Vieites. Interpretación, danza, manipulación e zancos: Xoán Carlos Iglesias.Iluminación: Óscar. Vestiario: Betti Lobato. Inchables a cargo de: Nazaré da Vila.

Referencias varias:

- Betti Rey, “Os Quinquilláns representan en Tui una versión de ‘Merlín y familia”, *Atlántico Diario*, “Baixo Miño”, 13 xullo 2002, p. 22.

Dá conta do argumento desta peza, da que destaca o emprego de elementos do teatro de rúa. Anuncia a súa posta en escena en Tui e adianta outras actuacións nesta vila de compañías foráneas.

Rara Avis Teatro: *Baby boom no paraíso*, de Ana Istarú.

Comedia fresca, moi contemporánea, intelixente e cunha linguaxe viva e actual na que unha muller, Ariadna, relata a historia da súa preñez e todas as circunstancias, pensamentos e personaxes que rodean o feito. Moi divertida e ácida, é unha crítica radical a un proceso sobradamente coñecido como é o das cerimonias que acompañan á maternidade, sen caer en tópicos e lugares comúns. O marido de Ariadna, Diego, é o contrapunto cómico do relato, así coma outros personaxes coma a sogra, o veciño, o médico e o propio bebé que fai chegar os seus pensamentos a través dunha voz en "off". Esta obra resultou gañadora do segundo premio María Teresa León para autoras dramáticas.

Dirección: Rita Cabezas. Interpretación: Xosé Bonome, Carlos Mosquera e Ana Santos. Xénero: Comedia.

Referencias varias.

-Europa Press, “Alta comedia’ abre o 25 de xaneiro a tempada de abono de teatro galego promovida por Caixanova en Vigo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 xaneiro 2002, p. 68.

Ver Áncora Producciónss: *Footing*, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

- Inma López Silva, “Bebés que nacen no teatro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 117, 20 febreiro 2002, p. 5.

Dá conta da posta en cartel, casi ao mesmo tempo de dúas obras cun tema común: o proceso de xestación dun bebé. Puntualiza que as obras eran *O navegante*, do grupo Chévere, e *Baby Boom no paraíso*, de Rara Avis. Di que o espacio escénico da primeira supón toda unha innovación, pois mesmo lle reparten un CD-Rom ao público asistente. E fala, por outra banda dos interesantes xogos temporais de *Baby Boom no paraíso*, presentado dende a simultaneidade ata o flash-back.

- Ágatha de Santos, “La maternidad hace que se te vea de otra manera”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 abril 2002, p. 60.

Coméntase a representación da obra *Baby Boom no paraíso*, dirixida e protagonizada por Rita Cabezas, do grupo Rara Avis, e escrita pola dramaturga costarricense Ana Istarú. A seguir, ofrécese unha entrevista con Rita Cabezas, quen afirma que escolleu esta obra porque lle parecía un texto moi contemporáneo e divertido. Así mesmo, comenta que a maternidade asusta, sobre todo, pola falta de liberdade que pode supoñer o feito de ter un fillo. Para rematar, declara que o público masculino tamén se identifica coa obra e coa situación que nela se relata.

- A. I. S., “Rara Avis Teatro trae a La Salle su divertida ‘Baby Boom no paraíso”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 10 abril 2002, p. 38.

Entre outros actos que se celebran ao longo da xornada en Compostela, dá conta da representación desta peza de teatro no Auditorio do Colexio La Salle, motivada pola exclusión desta compañía da Feira de Teatro de Galicia. Recóllense as declaracións da directora da compañía, quen sinala que non

entende o motivo desta decisión, posto que a obra está avalada polo éxito de crítica e público.

Ver IIº Festival “Teatrarte” de Redondela.

Grupo de teatro **San&San**: *¿E nós que pintamos?.*

Estructurada en tres partes, analiza todo o relacionado coa seguridade dos museos. Presenta un simulacro de roubo e mesmo parodia algúns programas televisivos.

Sarabela Teatro (1): *O lapis do carpinteiro*, baseada na novela homónima de Manuel Rivas.

Trátase dunha historia de amor, melancolía e busca da liberdade en tempos da guerra civil española e da postguerra. A historia de amor está protagonizada por Marisa Mallo, unha fermosa moza de Fronteira, filla dunha familia de ambiente reaccionario, e o médico republicano Daniel da Barca, posuidor da beleza tísica e seguidor da teoría da realidade do doutor Nóvoa Santos. Fronte a eles a mirada escrutadora dun home que non tiña medo, Herbal, o garda da cadea da Falcona que verá restaurada a súa condición de ser humano por obra e gracia de tantas formas de amor como o lapis do carpinteiro lle foi ensinando a debuxar. Esta obra foi galardoada con oito premios María Casares de Teatro no ano 2001.

Dramaturxia: Begoña Muñoz, Fina Calleja e Ánxeles Cuña Bóveda.Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Adaptación: Sarabela Teatro. Interpretación: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Fina Calleja, Elena Seijo, Xosé A. Porto “Josito”, Xavier Estévez, Pepe Soto e Tito R. Asorey.

Deseño de escenografía e atrezzo: Jesús Costa. Realización de escenografía e atrezzo: Arteficción S. L. e Jesús Costa. Deseño e realización de máscaras: Jesús Costa. Deseño de vestiario: J. Carlos Rodríguez. Deseño de son: Arturo González. Deseño de iluminación: Antón R. Macías, Ánxeles Cuña e Suso Díaz. Perruquería: Quique Martínez. Deseño Gráfico: 1:Media. Fotografía: Mario G. Herradón.

Sarabela Teatro (2): *Sexismunda*, de Calderón de la Barca.

Rosaura, acompañada por Clarín, atópase nunha paisaxe estraña na que se atopa a moza Sexismunda, cautiva dende o seu nacemento sen saber porqué. Clotaldo, coñecedor da identidade de Sexismunda que é filla do rei Basilio, manda apreixar aos forasteiros e recoñece entre as pertenzas de Rosaura algo que el lle dera anos antes a unha muller. O rei Basilio desvela a existencia desta filla e a presencia de Rosaura e Clarín fan cambiar os acontecementos. Esta peza foi recoñecida con seis galardóns na entrega dos premios María Casares.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Interpretación: Fernando Dacosta, Xosé A. Porto "Josito", Fina Calleja, Sabela Gago, Elena Seijo, Suso Díaz e Tito R. Asorey. Xénero: Drama sobre o destino.

Referencias varias:

- AGN, "El montaje *Sexismunda* de Sarabela obtiene el premio María Casares", *Diario de Pontevedra*, "Cultura&Ocio", 28 marzo 2002, p. 62.

Resalta que a montaxe *Sexismunda*, da compañía ourensá Sarabela Teatro, foi a gran gañadora dos premios María Casares ao acadar seis –mellor espectáculo dramático galego, mellor actriz protagonista, mellor actor secundario, mellor adaptación, maquillaxe e iluminación– dos trece premios María Casares.

-Belén Puñal, “Ánxeles Cuña. O risco escénico”, *Tempos Novos*, nº 60, “Entregas Culturais”, maio 2002, pp. 70-73.

Entrevista á directora do grupo Sarabela Teatro sobre a súa labor e a da súa compañía. Despois de agradecer os recoñecementos tras *Sexismunda*, alude á súa experiencia no teatro, así como aos proxectos de Sarabela e ao bo ambiente de traballo do grupo. Refírese á muller no seu teatro e tamén no galego en xeral, ou á adaptación dos clásicos, entre outros asuntos. Por outro lado, valora a situación da dramaturxia galega. Cre que non hai decadencia, aínda que ve necesarias certas actuacións para mellorar. Tamén opina sobre os premios, coidando que os Max teñen certas deficiencias e salientando na súa carreira como moi positivo o premio que lle concedeu a Asociación Xiria de Cangas.

-José Ramón Fernández, “Teatro y público, exigencia y normalidad”, *ADE-Teatro (Revista de la Asociación de directores de escena de España)*, nº 91, “Certame de directoras 2002”, xullo-setembro 2002, pp. 227-230.

Dáse conta da celebración do Vº Certame de Teatro para directoras de escena, que tivo lugar entre o 8 e o 16 de marzo de 2002 no teatro José María Rodero de Torrejón de Ardoz. Descríbense os seis espectáculos que interviñeron nesta edición, entre eles a “propuesta arriesgada” da compañía ourensá Sarabela Teatro con *Sexismunda*, da que se subliña que converte a “Segismundo en Segismunda”.

- M. R., “Sarabela Teatro representa este viernes ‘Sexismunda”, *La Opinión*, “Arteixo”, 27 novembro 2002, p. 27.

Anuncia a representación de *Sexismunda* nesta localidade coruñesa, sinala os actores da compañía Sarabela Teatro que participan na peza e resume o argumento arredor do que xira a trama da mesma.

Volta e Dálle Teatro: *Furga Garabela*, de X. Enrique Rivadulla “Corcón”.

Cóntase a historia do debuxo dun afiador que sae do cadro no que se atopa e se converte nun afiador de carne e óso coa intención de experimentar a vida dos humanos. No seu deambular traballando de afiador e capador atopará a amizade de Vladimir, un cocho afeccionado aos puros habanos e ao licor café e a de Dalmacio, un can de palleiro experto en linguas gremiais como o barallete. Despois de percorrer o mundo, dáse conta da verdadeira condición humana, da insolidaridade dos seus semellantes e decide que é mellor ser debuxo e volver ao cadro.

Texto e dirección: X. H. Rivadulla “Corcón”. Interpretación: Pepe Penabade. Cartel, escenografía e máscaras: Xosé Vizoso. Deseño de iluminación: Antonio Simón. Espacio sonoro: Paco Nogueiras. Axudante de dirección: Marisa A. Garea. Vestiario: Carmen Pichel. Maquillaxe: Carmen González.

Técnico de escena: Xavier Olite, Miguel Betés e Xurxo Piñeiro. Fotografía: Xan G. Muras. Distribución: Pepe Penabade, Nazaret López e Neves Fernández. Asesor: Miguel de Lira. Electricista: Xan Carlos Iglesias Tarrío. Xénero: Traxicomedia.

Referencias varias:

-M. L., “Volta e Dálle recrea la vida del afilador en el Principal”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 5 abril 2002, p. 8.

Noticia de prensa na que se anuncia a posta en escena da obra *Furga Garabela*, a cargo da compañía teatral Volta e Dálle. Trátase da historia dun afiador que está debuxado nun cadro e, para evitar a soedade que o angustia, salta ao outro lado do cadro e pasa a formar parte da vida dos seres humanos. O obxectivo da obra, segundo o articulista, é conducir ao público á reflexión sobre o mundo actual e, ao mesmo tempo, facer unha chamada á esperanza. Para rematar,

anúnciase que o texto da obra, editado por Sotelo Blanco, está á venta nas librerías.

-Chelo G. B., “La primera obra teatral sobre afiladores, en Allariz”, *La Región*, “Allariz. San Benito”, 10 xullo 2002, p. 38.

Dá conta da representación que terá lugar en Allariz, da man da compañía teatral Volta e Dálle. Trátase da obra titulada *Furga Garabela*, un monólogo no que aparecen varias personaxes interpretadas por un único actor, Pepe Penabade. A obra narra a historia dun afiador, debuxado nun cadro que está colgado na parede do Museo Etnográfico. Así mesmo, infórmase de que a editorial Sotelo Blanco editou un libro no que aparece o texto da obra, o deseño da escenografía, un diccionario de barallete e parte da mostra etnográfica.

Ver Iª Mostra “Teatro en Galicia” de Lugo.

III. 4. 3. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Teatro **Aforo**: *Tres de Ionesco*, baseada nas pezas do autor francés *Saúdos e escenas para catro actores* e *A cantante calva*.

Peza composta por tres obras curtas de Eugéne Ionesco, que son *Escena para catro actores, Os saúdos* e *A cantante calva*.

Dirección: Leonel García Laborde. Axudantes de dirección: Susana Faccio e Maruja Pueyo. Interpretación: María Gramary, Germán Pardo, José Martínez, José ManuelBraga, Marco Álvarez, Fanny Fernández, César Aldea, Gael Camacho, Pilar Díos, Susana Faccio, Beatriz Míguez, Maruja Pueyo, Maite García e Leonel García. Traducción: María del Carmen Pérez Balado. Escenografía: Leonel García. Perruquería: Teresa Brándao. Maquillaxe: Montse V. Trigo.

Grupo de teatro **Amistade**: *A lebre das ánimas/A medosa Blandina*, de Eduardo Blanco Amor.

Dirección e adaptación: Manuel Basoa. Interpretación: Belén Barreiro, José Cabanas, Marité Fernández e Checha Serantes.

Compañía da **Asociación de mulleres de Moaña**: *A casa de Bernarda Alba.*

Grupo de teatro da asociación **Avante** (1): *Casados de pouco*, de Daniel Varela Buxán.

Referencias varias:

- M. I., “El teatro de Avante inicia en marzo la programación de la Casa Rosada”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra / Poio”, 27 febreiro 2002, p. 20.

Coméntase, con brevidade, a participación do grupo de teatro Avante, de Sanxenxo, nas actividades que se desenvolverán durante o mes de marzo na Casa Rosada. O grupo Avante poñerá en escena as obras *Casados de pouco*, de Varela Buxán e *Historia de María Atrapada*, de Roberto Salgueiro. A seguir, coméntase que Teatro Avante, dirixido por Inés Uhía, está composto por mozos e mozas entre catorce e vintecatro anos e que naceu a principios do ano 1997.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio.

Grupo de teatro da asociación **Avante** (2): *Historia de María Atrapada*, de Roberto Salgueiro.

Referencias varias:

- M.I., “El teatro de Avante inicia en marzo la programación de la Casa Rosada”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra / Poio”, 27 febreiro 2002, p. 20.

Ver Grupo de teatro da asociación Avante: *Casados de pouco*, neste apartado do *Informe*.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio.

Bucanero Teatro&Eme2 Producciónss: *Jánsel e Pónsel. Documental lúdico didáctico recreativo neurótico*, baseada nun texto de José Luís Prieto.

Explicación peculiar da orixe do universo e a evolución do home ata desembocar no “homo global”, coa que se fai parodia dun documental arredor da historia da humanidade.

Dirección: Santi Prego. Interpretación: Xosé Bonome
(Nero) e Pedro Picos (Buca). Adaptación: Flor Maceiras.

Referencias varias:

Camilo Franco, “Vidas paródicas”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 11 abril 2002, 8.

Ver Matarile Teatro (1): *A brazo partido*, de Ana Vallés, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais, deste *Informe*.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia.
Ver Sábados teatrais de Narón.
Ver Xoves teatrais de Ferrol 2002.

Candelexas*: Cando os bancos falan*, de Víctor Vez.

A partir das experiencias dun moinante chamado Xanciño, que se comunica cos bancos dos parques, coñecemos o que nos contan estes dos casos que lles ocorren á xente do común que se senta neles. A obra está composta por catro pezas tituladas *A herdanza*, *Soidade*, *O peto de mamá* e o epílogo *O moinante*.

Dirección: Víctor Vez. Interpretación: Maluca Amado, Puri Fernández e Víctor Vez. Voz: Segundo Duran "Chiqui".

Referencias varias:

-E. F., "Teatro e títeres copan a edición do outono cultural bañés", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 8 novembro 2002, p. L13.

Adianto da programación teatral coa que contará a Baña ao longo do outono, coa presencia de grupos como Candelexas de Noia, Buratini, Tres Globos ou Cascanueces.

Centro Dramático Vilalbés: *Á beira do río*. Peza costumista ambientada nunha aldea de principios do século XX. Dirección: Mª Xosé Lamas.

Escola Municipal de Miño Equus: *Non se chora*, de Roberto Cossa.

Traxicomedia na que se aborda o tema da herdanza e os problemas derivados da posesión das leiras.

Dirección: Manuel Basoa. Interpretación: Adelaida Abad, Puri Cabana, María Sande, Maruja Valiño, Chus Hernández e Pilar del Río.

Escola de Teatro do Liceo de Noia: *Comisaría especial para mulleres*, de Alberto Miralles.

Comedia na que se abordan cuestións como a drogadicción, os conflictos familiares, a desesperación suicida e os maltratos físicos e psíquicos.

Dirección: Manuel Sabín. Interpretación: Rosa Paz, Canucha González, Isabel Veiras, Noela Tojo, Rosa Pestonit, María González, Antía Barreiro, María Filgueira e Aurora Marco.

Ver Ciclo de “Teatro de Primavera” de Culleredo.

Escola Municipal de Teatro Narón: *O soño dunha noite de verán.*

Dirección: Lino Braxe. Interpretación: Ana Castro, Marta Villar, Maite Dacosta, Xosé Bonome, Pedro Picos, Miguel Lago, Eva Veiga e Silvia Casal.

Teatro a **Esmorga**: *Farsas*, de Alfonso Zurro.

Faro-Miño: *Vitamina T.*

Fonte da Tella: *Petición de man*, de Anton Chejov.

Dúas familias son as protagonistas desta comedia, na que a trama central xira arredor do conflicto entre os intereses individuais que poden impedir acadar o estado social idílico do matrimonio.

Grupo de teatro **Luzada**: *Non se chora*.

Comedia ambientada no rural galego cunha trama na que leiras e testamentos se unen nunha aceda parodia das iniquidades familiares.

Dirección e adaptación: Manuel Basoa Vizoso.

A **Machina**: *Arte*, de Yasmina Reza Ora.

Dirección: Luís Ramos. Adaptación: Alberto Domínguez.
Traducción: Eva Blanco e Belén González. Interpretación:
Jesús Bastida, Rafa Veiga e Alberto Rodríguez.

Ver IIIª Mostra “Teatro no camiño de Santiago” de teatro amador de Palas de Rei.

A **Mimosa**: *Expediente XL (Pánico en casa Pepe).*

Historia dun grupo de turistas que quedan sen gasolina no medio dunha fraga, dende onde camiñando chegan a un hostal de aspecto lúgubre. Deciden pasar alí a noite e acaban implicados nun extraño caso de fenómenos paranormais. Finalmente, dous axentes especiais serán os encargados de aclarar todo o que pasa.

Interpretación: Martín Martínez, Tamara Campos e Eduardo Hermida.

Referencias varias:

- B. L., “A Mimosa’ leva unha historia de Mulder e Scully a ‘Casa Pepe”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura & Ocio”, 2 febreiro 2002, p. 62.

Fálase da posta en escena da obra *Expediente XL (Pánico en Casa Pepe)*, do grupo A Mimosa, da Asociación Cultural “A Mimosa” de Monte Porreiro (Pontevedra). Dise que é unha obra coa que pretenden recrear as películas de terror e de suspense. Recóllense as palabras dos compoñentes do grupo que

resumen o argumento da peza e aluden á improvisación, que forma parte do seu espectáculo, como “unha das armas máis efectivas que os actores empregan para sorprender ós espectadores da obra”.

Ver Iª Mostra de teatro afeccionado de Poio.

Paparota Teatro: *Noveccento*, de Alessandro Baricco

Grupo de teatro **Pingallas**: *En tódalas casas cocen fabas*.

Peza elaborada polo propio grupo teatral, creado no ano 1995, coa que denuncian a marxinalidade social que sofre a muller. Dirección: Toño Penas.

Referencias varias:

-P. S., “El grupo caldense ‘Pingarallas’ realiza un intercambio teatral con Arcade”, *Diario de Arousa*, “Caldas”, 3 xullo 2002, p. 22.

Infórmase da representación do grupo caldense Pingarallas, *En tódalas casas cocen fabas*, que terá lugar en Arcade, que é froito dun intercambio co grupo Fonte da Tella, de Soutomaior, Arcade, que actuará en Caldas de Reis.

- P. S., “El grupo teatral ‘Pingallas’ critica ‘el vacío que recibe del Concello de Caldas de Reis”, *Diario de Arousa*, “Caldas”, 6 xullo 2002, p. 22.

Nota na que se informa da representación, por parte do grupo Pingallas, da obra *En tódalas casas cocen fabas*. Infórmase, así mesmo, que o grupo está formado por doce integrantes, todos eles naturais de Caldas de Reis e que manteñen un intercambio co grupo Fonte da Tella de Arcade.

Os **Sete magníficos máis un**: *Cousas de mulleres*.

Producción de creación propia que xorde da improvisación.

Ver IIº Festival “Teatrarte” de Redondela.

Grupo de Teatro **Simalveira**: *Noites de lixo.*
Dirección: Rosa E. Gantes. Interpretación: Victoria Argibay, Ángela González, Andrea Mandado, María Piñeiro, Uxío López, Margarita Portela, Xosé A. Portela, María del Carmen Santos, Cristina Rial e Emérita Barreiro.

Grupo **Teatre**, da Aula de teatro do Campus de Pontevedra: *Un millón de vacas*, gañadora do IIº Premio do Certame, Premio Especial do público e Mellor Interpretación Feminina de Reparto (a Sonia Abollo) no Festival de Teatro Afeccionado de Reinosa (Cantabria). Premio do Certame Galego de Teatro de Cabana e Mellor Interpretación Masculina para Gregorio Montilla.

Dirección, adaptación e dramaturxia: Anxo Lourido. Interpretación: Rosa Corbacho, Ruth Briones, Sonia Abollo, Gregorio Montilla, Alfonso Rodiño, Bibiana Piñeiro, Encarna Salas, Carolina Besada, José Luís de la Torre e Águeda Piñeiro. Ambientación sonora: José Manuel Aragunde.Asistentes na dirección: Alex Vicente e Alma Álvarez. Deseño e realización de vestiario: Vanesa Collazo. Deseño e realización da escenografía: Encarna Salas, Bibiana Piñeiro e Sonia Abollo. Iluminación: Xurxo Cortázar e José Luís Franco.

Referencias varias:

- Belén López, “Anxo Lourido: ‘Por teatro afeccionado segue entendéndose calquera cousa cando non o é”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 24 febreiro 2002, p. 62.

Conversa con Anxo Lourido, director da Aula de Teatro Municipal de Pontevedra. Nela Lourido fai referencia ao VIIº Certame de Teatro de Reinosa, no que representarán a obra *Un millón de vacas*, baseada nun texto de Manuel Rivas. Confesa, a seguir, que se sorprenderon polo feito de seren escollidos para participar no citado festival. Engade, ademais, que “Pontevedra bota en falta un grupo profesional para adultos”, xa que só hai un grupo profesional: Migallas Teatro, e outro semiprofesional: Teatro Akatro, “que tamén traballa para cativos”. Para rematar, comenta que el é partidario de que o teatro, “como espectáculo que é, conte con apoios de empresarios. Se non, o teatro galego acabará por desaparecer”.

-Belén López, “A Aula de Teatro de Pontevedra faise co segundo premio no Certame de Reinosa”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 1 abril 2002, p. 63.

Nota de prensa na que se explica que a Aula de Teatro de Pontevedra obtivo o segundo premio do Certame Nacional de Teatro para Afeccionados “Ciudad de Reinosa”, organizado por este concello de Cantabria e a compañía Cococotta. Así mesmo, a citada Aula de Teatro obtivo tamén o Premio Especial do Público e o premio á mellor actriz, que recaeu en Sonia Abollo, pola súa interpretación na obra *Un millón de vacas*, baseada nun teaxto de Manuel Rivas. Para rematar, alúdese ao primeiro premio do Certame que foi para a compañía zaragozana Quía Teatro, pola representación da obra *Ubu Rey* e o terceiro premio foi para Teatro Cero de Elche, pola obra *La sombra del Tenorio*.

- Efe, “Premiado en Reinosa un grupo de teatro pontevedrés”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 1 abril 2002, p. 67.

Coméntase, moi sucintamente, que a Aula de Teatro de Pontevedra obtivo o segundo premio no Certame Nacional de Teatro Afeccionado “Ciudad de Reinosa”, pola representación da obra *Un millon de vacas*, adaptada polo director do grupo, Anxo Lourido, a partir dun texto de Manuel Rivas. A continuación, cítanse os outros galardoados no citado Certame.

-Clara Aldán, “Premios teatrales muy oscarizados”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, 2 abril 2002, p. 12.

Descríbese o acto celebrado na cidade cántabra de Reinosa, con motivo da entrega dos premios do Certame Nacional de Teatro Afeccionado “Ciudad de Reinosa”. A seguir, coméntase que a Aula de Teatro de Pontevedra obtivo o segundo premio do Certame, o premio do público ao mellor espectáculo e o premio á mellor actriz, que recaeu en Sonia Abollo, pola súa representación na obra *Un millón de vacas*, baseada nun texto de Manuel Rivas.

Ver XVª Mostra de teatro de Cee. Ver VIª Mostra de teatro do ensino secundario do Morrazo no apartado VII. 3. 2.
1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas, deste *Informe*.

Os **Viaductos**: *O menciñeiro á forza*, adaptación da comedia de Molière.

Ver IIº Festival “Teatrarte” de Redondela.

Teatro **Xenio**: *O ferreiro de Santán*, de Manuel Daniel Varela Buxán.

Peza cómica de carácter costumista que trata da expansión do galeguismo na Galicia rural da Segunda República.

Referencias varias:

-Belén López, “O grupo Xenio recupera a obra ‘O ferreiro de Satán’ de Varela Buxán”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 maio 2002, p. 67.

Comentario sobre a actuación do grupo de Teatro Xenio de Mourente, con motivo da celebración do seu vintecinco aniversario. Deste xeito, representaron a obra *O ferreiro de Satán*, escrita na emigración e estreada en decembro de 1941 no Teatro Argentino de Buenos Aires pola compañía Boga-Tacholas, formada por emigrantes galegos.

Xerigonza (Universidade de Vigo): *Arsénico*, de Joseph Kesselring.

Referencias varias:

-C. d. U., “O grupo de teatro Xerigonza prepara ‘Un marido ideal’ de Óscar Wilde”, *O Correo Galego*, “*O Correo da Universidade*”, 13 marzo 2002, p. 3.

Céntrase no Grupo de Teatro Xerigonza, composto por unha decena de alumnos e alumnas da Universidade de Vigo, especialmente da Escola de Telecomunicacións e dirixido por Iago Vázquez Brea. Sinálase que están a preparar *Un marido ideal*, baseada nun texto de Óscar Wilde, unha historia “sobre as relacións de parellas de finais do século XIX, en versión comedia”, que se estreará en novembro. Así mesmo, coméntase que o grupo segue coa representación da obra *Arsénico*, de Joseph Kesselring. Remata cun repaso pola traxectoria deste grupo, na que quedan pezas como *Pauto do demo* ou *A gran noite de Fiz*.

IV. 1. Creación: Reedicións

Sarmiento, Frei Martín, *Antiga e nobilísima lingua. Escolma de escritos sobre o idioma galego*, Vigo: Editorial Galaxia, maio 2002, 75 pp. (DL: VG-306-2002).❿

Escolma de escritos sobre o idioma galego, publicados coa edición matinal do xornal *El Ideal Gallego* e recollidos da edición de Henrique Monteagudo *Sobre a lingua galega. Antoloxía*, da editorial Galaxia. Estes escritos divídense en dous grandes apartados. Un primeiro, que leva por título “Discurso apoloxético pola arte de rastrexar as máis oportunas etimoloxías das voces vulgares”, achega unha serie de textos numerados e clasificados arredor da lingua galega, nos que atende á linguaxe infantil e ao cura do Fruime, entre outros aspectos. Péchase a obra cun segundo grupo de escritos no que se reproducen

textos sobre “Un programa de estudios sobre a lingua galega. O alethophilo ou amigo da verdade”.




Sarmiento, Frei Martín, *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de un particular que desee comprar de tres a cuatro mil tomos*, edición de Henrique Monteagudo, Noia: Toxosoutos, col. Seitura, setembro 2002, 56/174 pp. (ISBN: 84-95622-66-1).

Comeza este volume cun extenso limiar, de Henrique Monteagudo, no que se describe o *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de un particular que desee comprar de tres a cuatro mil tomos*, obra de Martín Sarmiento, asemade repásase a xénese deste libro, a afección de Sarmiento polos libros e debúllase este *Catálogo de libros selectos* ofrecendo unha proposta de índice así como algúns comentarios para afondarmos mellor neste texto de Sarmiento. A seguir aparece a reproducción facsimilar deste *Catálogo de libros selectos* publicado en Madrid en 1787 como quinto tomo do *Semanario erudito* de Antonio Valladares de Sotomayor e que se atopa na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 14, 17 outubro 2002, p.VII.

Blanco Rivas, ademais de dar conta doutra publicación de carácter lingüístico, presenta o libro co que Henrique Monteagudo recupera unha das obras de F. Martín Sarmiento, *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de un particular que desee comprar de tres a cuatro mil tomos* que xa en vida do autor fora un dos textos mellor acollidos. Fala tamén da actitude negativa que P. Sarmiento tiña para dar a coñecer os seus escritos. Do mesmo xeito, achégase a *A esperanza bretona á luz dos estudios de traducción*, de Anxo Fernández Ocampo, na que sinala que se estudia a conformación dun espacio atlántico caracterizado por personaxes e textos nacionalizados, algúns baixo mecanismos da invención do pasado literario. Sinala que esta obra foi merecedora do premio Vicente Risco de Ciencias Sociais.

Sarmiento, Frei Martín, *Coloquio de 1200 coplas gallegas. Facsímile do orixinal autógrafo*, adro de Henrique Monteagudo, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2002, 64 pp. (ISBN: 84-95415-49-6).






Referencias varias:

- Concha Pino, “Atopan en Madrid o orixinal autógrafo da única obra en galego do Padre Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 marzo 2002, p. 34.

Informa de que o profesor Monteagudo vén de atopar a única obra orixinal autógrafa en galego do Padre Sarmiento *Coplas Galegas* no fondo da Biblioteca Nacional de Madrid. Sinala tamén que forma parte do bibliófilo do século XIX Pascual de Gayangos. Ademais dá conta de que o mestre Monteagudo vén de obter o permiso da Casa de Medina Sidonia para microfirmar a copia dos orixinais. En cadro aparte, aparece recollida a decisión do Consello da Cultura Galega de reunir e editar a obra completa do erudito galego, unhas 40.000 páxinas contempladas practicamente na totalidade en depósito na Biblioteca do Duque de Medina Sidonia, se ben faltaban tres dos 18 tomos que apareceron no Museo de Pontevedra. Da copia de Medina Sidonia fíxose a coñecida *Colección Dávila*, elaborándose

outras edicións da obra *Coplas galegas* polos profesores Pensado e Monteagudo. Finalmente, recóllese a petición feita polo Consello da Cultura Galega á Biblioteca Nacional para facer unha edición facsímile deste volume.




- Carmen Villar, “El Consello da Cultura completa la digitalización de la obra de Sarmiento”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 maio 2002, p. 40.

Informa de que o Consello da Cultura rematou a dixitalización da obra completa do Padre Sarmiento composta de quince volumes gardados en Sanlúcar de Barrameda e os tres que se conservan no Museo de Pontevedra. Logo dá conta de que na busca de textos autógrafos do homenaxeado se atopou na Biblioteca Nacional de Madrid o orixinal do *Coloquio en 1200 copias galegas*, única obra que o ilustrado escribiu en lingua galega. Tamén se refire á edición facsimilar de *El gran gallego* de Antolín López Peláez editada por primeira vez en 1895, como outro dos tributos que o Consello da Cultura lle dispensa ao bieito. Finalmente sinala, que con motivo das Letras Galegas se reeditan as actas dedicadas a Sarmiento en 1995. En cadro aparte, saliéntanse as numerosas publicacións que xurdiron para recordar ao autor galego.

- E.P., “Sarmiento sen a imaxe da “conciliación”, *O Correo Galego,* “Un día para as letras”, 16 maio 2002, p. 59.

Dáse conta de que a Real Academia Galega presentou por medio do seu presidente Xosé Ramón Barreiro e en presencia do Presidenta da Xunta de Galicia e do Secretario Xeral dos Socialistas Galegos, Emilio Pérez Touriño, o libro editado polo profesor Henrique Monteagudo *Coloquio en 1.200 coplas galegas.*

- Carmen Villar, “Santos Puerto, experto en Sarmiento, cre que o fraile segue a ser un ‘desterrado cultural”, *Faro de Vigo,* “Sociedad”, 17 maio 2002, p. 41.




No acto de presentación do libro de Santos Puerto *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII,* o escritor considera ao bieito como un “desterrado cultural” porque ía adiantado ao seu tempo. Neste artigo tamén se dá conta da obra publicada polo Consello da Cultura galega, *Coloquio en 1.200 coplas galegas*, do texto editado pola Consellería de Familia sobre a defensa da igualdade na obra do ilustrado *As*

mulleres na obra de Frei Martín Sarmiento e do volume feito polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela.




-R. L., “Un facsímile, un tesouro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 10 agosto 2002, p. 11.

Salienta o traballo que Henrique Monteagudo fixo por recuperar a obra de Frei Martín Sarmiento. Destaca que é unha obra de excepcional interese e que nela atopamos esta edición facsimilar de *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*.





Sarmiento, Frei Martín, *Coloquio en coplas galegas*, edición e notas de Xesús Carballo Soliño, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, febreiro 2002, 154 pp. (ISBN: 84-8288-498-0).

Edición con abondosas notas a rodapé a cargo de Xesús Carballo Soliño na que se inclúe, traducida ao galego, a carta que Frei Martín Sarmiento lle envía ao "Reverendísimo Padre Mestre Francisco de Rábago, confesor do rei, dono e moi señor meu", na que lle explica que estas coplas son froito das súas viaxes a Galicia e do interese pola súa lingua e cultura. Recóllese a listaxe dos vintecinco personaxes que aparecen nas coplas como novidade e a continuación reprodúcense as coplas numeradas coa súa disposición tradicional. Pecha o volume unha nota bibliográfica na que se dá conta das diferentes edicións que coñeceu e doutras de especial interese para a comprensión do léxico empregado neste *Coloquio*.

Recensións:

- Estro Montaña, "Viaxar cara a Sarmiento", *Guía dos libros novos*, nº 40, "Letras galegas", maio 2002, p. 14.

Dá conta da publicación de tres libros dedicados ao Padre Sarmiento, *Frei Martín Sarmiento* (2001), de Isidro García Tato e Ana Mª Suárez Piñeiro; *Viaxe a Galicia (1745)* (2001), en edición de José Luís Pensado e traducido por Carlos Castro; e *Coloquio en coplas galegas* (2002), en edición de Xesús Carballo Soliño. Con respecto ao primeiro deles, destaca que contén unha pequena biografía do Padre Sarmiento, que se trata dun traballo divulgativo e que nel se trata o seu apego a todo o relacionado con Galicia, á cultura popular e ás linguas vernáculas. Incide tamén no interese que demostrou o intelectual nacido en Villafranca do Bierzo en 1695, pola historia natural, as investigacións etimolóxicas e lingüísticas e polo ensino do galego, entre outros aspectos. Referíndose á edición realizada por José Luís Pensado, destaca que o finado profesor da Universidade de Salamanca amosa o seu coñecemento da obra de Sarmiento, xa que é un dos maiores especialistas na súa obra. Salienta que *Viaxe a Galcia (1745)* é unha traducción do castelán precedida por un estudio do manuscrito, no que se pon de relevo a importancia das viaxes para Sarmiento, que describiu con brevidade e que se converteron en documentos fundamentais para o retrato dunha época. De idéntico interese considérase a publicación de *Coloquio en coplas galegas*, nunha edición realizada por Xesús Carballo Soliño na que as notas aclaran determinados

parágrafos do texto, ofrecen información referida ao léxico e a figuras históricas citadas nas coplas. Sinala tamén que as mil duascentas coplas, en galego no orixinal, se presentan como obra do finxido autor Marcos da Portela e que van precedidas dunha carta introductoria traducida por Henrique Monteagudo. Estro Montaña conclúe destacando que Sarmiento resultou un adiantado para o seu tempo e unha personalidade sorprendente e agarda que a celebración da súa figura sirva para ordenar a súa inmensa obra e espallar o seu traballo.

Referencias varias:

- R. Carrera, “Libros para o ano de Sarmiento”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 xaneiro 2002, p. 13.

Informa de que o Consello da Cultura declara oficialmente o ano 2002 coma o ano de Frei Martín Sarmiento. Sinala sobre este escritor que xa están no mercado varios volumes coma *Sarmiento. Un intelectual ilustrado* (2001) e *Frei Martín Sarmiento. Pensador, crítico científico, filólogo e educador* (2001), ambas de Pilar Allegue, e a obra de Carlos Casares da

editorial Galaxia *A vida do Padre Sarmiento* (2001). Finalmente refírese á reedición feita pola editorial Galaxia de *Coloquio de 24 gallegos rústicos.*




-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, 16 maio 2002, p. VII.

Ver Casares, Carlos, *O sol do verán*, no apartado I. 1. Narradores galegos, deste *Informe*.

- X.F., “Libros para coñecer a un ilustrado e un país do XVIII”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 9.

Dáse conta da reedición co gallo do Día das Letras Galegas, de dúas obras de Frei Martín Sarmiento baseadas na súa viaxe a Galicia de 1745. Son *Viaxe a Galicia*, na que tras a introducción de José Luís Pensado, se ve como o frei facía unha descrición física da Galicia do século XVIII, e *Coloquio en coplas galegas* que edita Galaxia, na que as cuestións da lingua son centrais e recolle toda a información sobre palabras e frases galegas que Sarmiento recolleu na súa viaxe. Remata referíndose a que Toxosoutos rescata un raro

panfleto de 1795: *Meco moro agudo: Epítetos de impostor Mahoma. Por qué los Gallegos no pueden ni deben perdonar á Meco* (2001).

Sarmiento, Frei Martín, *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 2, 2002, 186 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-021-9) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-523-5).

Reedición a cargo da “Biblioteca Galega 120” partindo da edición e notas de Henrique Monteagudo na que se comeza reproducindo a carta ao Padre Rávago que frei Martín Sarmiento lle remite coa súa obra. A seguir aparece o *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* precedido por un comentario no que o bieito explica o proceso de elaboración da obra e as súas peculiaridades, ademais de ofrecer os nomes dos vintecinco personaxes que aparecen nas mil duascentas coplas que veñen a seguir. Finalmente aparece un glosario no que se ofrecen aclaracións sobre o significado daquelas palabras e expresións máis dificultosas. Péchase a obra cuns apéndices no que se reproducen a carta de Frei Martín Sarmiento ao seu irmán Francisco Xavier sobre a educación do seu sobriño Alonso datada en 1758, e unha escolma do onomástico etimolóxico da lingua galega.

Referencias varias:

-Clodio González Pérez, “O Meco”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 16 maio 2002, p. 28.

Refírese ao coñecemento que Frei Martín tiña do personaxe do “Meco” a través da tradición de representar no Corpus en Pontevedra a derrota de todo o que este representaba. Sinala que na súa viaxe a Galicia en 1745 visitou o lugar no que se dicía que morrera o Meco, que a Sarmiento lle molestaba que se empregara como insulto dos galegos e que non logrou cambiar un prexuízo que seguía vivo no século XIX, segundo Murguía.

-Mercedes Queixas, “Coloquio en mil duascentas coplas galegas’, mañá con la Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 maio 2002, p. 28.

Con motivo da publicación desta obra na colección “Biblioteca Galega 120”, Mercedes Queixas, profesora e autora dunha biografía de Sarmiento, reflexiona sobre diferentes ideas do bieito e afirma que para ollarmos cara o futuro é fundamental coñecer o pasado, e para iso e básico coñecer a obra deste Padre. En cadro á parte recóllese unha serie de datos a salientar sobre este volume e as palabras do profesor Henrique Monteagudo, quen se refire

a este libro como “un dos textos máis sinxelos saídos da man do seu autor, pero tamén o máis traducido”.




Pilar Allegue, “Luces e sombras”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 16 maio 2002, 28.

Ademais de referirse ás múltiples facetas de Frei Martín Sarmiento, destaca a súa concepción empirista e precursora do romanticismo, a súa idea da patria como cultura, da historia natural como acontecer cotián, ademais de todas as innovacións e conquistas do home ilustrado. Remata destacando que foi un home do seu tempo que encarna as “antinomias que o século XVIII vive e practica”.





Sarmiento, Frei Martín, *Reflexiones literarias para una biblioteca real (A referencia cultural da ilustración española)*, edición e estudio de José Santos Puerto, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Sección de Patrimonio Histórico), col. Base, 2002, 204 pp. ISBN: 84-95415-47-X)

♏⬧♦↑ ♎♓❒♓⊠♓♎♋ ♋ 💣♓♑◆♏● 🙏♏❒❒♏❒□📪 ♎♓❒♏♍♦□❒ ♎□ 🏳♋●♋♍♓□ ☼♏♋●📪 ♏ ♍↑■♦❒♋⬧♏ ■□ ❍♏⬧❍□ ♦♏❍♋📣 ♦♋❒❍♓♏■♦□ ♋♍♒♏♑♋ ◆■ ♍□■⊠◆■♦□ ♎♏ ◘❒□◘□⬧♦♋⬧ ❍□♓ ♋❍◘●□📪 ❒♏↗□❒❍♋⬧ ❑◆♏ ♋♦♓■⊠♓❒🡿♋■ ■□■ ⬧⇔ ♋□ ♍♋❍◘□ ♍◆●♦◆❒♋● ♏ ●♓♦♏❒♋❒♓□📪 ⬧♏■⇔■ ♦♋❍↑■ ♋□ ♏♍□■⇔❍♓♍□📫⬧□♍♓♋●📣 🏳 ●♓♌❒□ ◘↑♍♒♋⬧♏ ♍□⬧ 🡿■♎♓♍♏⬧ ♦♏❍↑♦♓♍□📪 □■□❍↑⬧♦♓♍□ ♏ ♌♓♌●♓□♑❒↑↗♓♍□📣




IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos

Alonso Girgado, Luís, Carmen **Fariña Miranda** e Teresa **Monteagudo Cabaleiro** (eds.), *De Rosalía a Sarmiento. Escolma do Día das Letras Galegas (1963-2002)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo)/Federación de Libreiros de Galicia, 2002, 139 pp. (ISBN: 84-453-3305-4).❿








Referencias varias:

- E. P., “As consellerías de Educación e Cultura repartirán nas escolas diverso material sobre Frei Martín Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 abril 2002, p. 76.

Infórmase de que os conselleiros de Educación e Cultura veñen de presentar en Santiago os materiais didácticos que ambas as dúas consellerías entregarán nos centros de ensino, co ánimo de difundir a imaxe de Frei Martín Sarmiento e de contribuír a normalizar a lingua, dentro dos actos de conmemoración do Día das Letras Galegas. Entre estas obras encontramos o libro *De Rosalía a Sarmiento, Escolma do Día das Letras Galegas (19632002)*, un cartel conmemorativo do humorista gráfico Siro López, un vídeo didáctico realizado por Francisco Rodríguez Fontariego e o libro *El gran gallego* de Antolín López.

Álvarez Lires, Mari, *Sarmiento: un científico da segunda Ilustración*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Biblioteca de Divulgación, nº 26, serie Galicia, 2002, 314 pp. (ISBN: 84-9750-028-8).

metalurxia. O estudio leva un extenso Limiar de Manolo Bermejo, que adianta o contido do libro e, entre outras cousas, subliña os eidos en que Frei Martín foi un precursor, nomeadamente a súa defensa da lingua e o seu feminismo *avant la lettre*, aspectos nos quetamén insistirá Álvarez Lires. Hai ademais deste prólogo unha Introducción autorial na que se deseña o panorama da época para mellor situar o noso ilustrado.




Axeitos, Xosé Luís (ed.), *As coplas galegas do Padre Sarmiento*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, maio 2002, 149 pp. (ISBN: 84-8485-060-9).

Nova entrega desta obra de Sarmiento publicada xa polo mesmo editor no ano 1982 que conta cun breve prólogo deste no que destaca o interese de figuras sobranceiras do século XVIII galego para a recuperación e coñecemento da nosa cultura. Destaca a pervivencia de Sarmiento como alicerce de movementos reivindicativos galegos nos últimos séculos e transmisor da nosa cultura oral e popular facéndose eco dalgunhas das súas reivindicacións. A seguir inclúese unha biobibliografía de Sarmiento na que se fai un recorrido vital dende o seu nacemento en 1695, pasando pola súa etapa pontevedresa ou as súas viaxes a Galicia, ata a súa morte en 1772 ofrecendo a súa ampla bibliografía. Tamén se recolle a recepción da obra deste bieito en especial no século XIX galego. Logo céntrase na personalidade do padre Sarmiento, figura moi admirada e respectada tanto na sociedade española do seu momento coma de fóra. Por último, céntrase nas diferentes edicións que coñeceron estas coplas e os problemas textuais aos que se enfrontaron para de seguido centrarse na presente edición da que sinala que está baseada na do profesor Pensado e que ten fins divulgativos, explicando pormenorizadamente as modificacións ortográficas

levadas a cabo. Unha bibliografía sobre Sarmiento dá paso á reproducción destas mil duascentas unha coplas cun marcado ton popular. A edición péchase cun apéndice gráfico e cun vocabulario.




Bande Rodríguez, Enrique, *As viaxes do P. Sarmiento na provincia de Ourense*, Ourense: Duen de Bux, 2002, 117/XXX pp. (ISBN: 84-932078-2-9).

Neste traballo de Enrique Bande faise un percorrido polas “viaxes de estudio” que o padre Sarmiento fixo en Galicia, centrándose na provincia ourensá. Comeza co apartado “O persoaxe (sic) e o seu marco histórico” no que se fai unha pequena achega a frei Martín Sarmiento para logo pasar a describir, en seis apartados, dúas das viaxes galegas –en 1745 e 1754– de Sarmiento, das que se salienta que para recoller datos sobre o terreo aplicaba un método científico, preparado previamente, e asemade sinálase que o seu obxecto, alén de coñecer a xeografía galega e de recoller mostras dos tres reinos naturais, foi o de se pór en contacto coa lingua galega. Debúllase tamén os percorridos ourensáns destas viaxes –toponimia, lugares que visitou ou os que só cita, paisaxe, etc.– pero centrándose na descrición dos edificios que Sarmiento máis destacou así como nas plantas que recolleu. O libro remata cunha sucinta mención a outras preocupacións do padre Sarmiento –lingua, ensino, etc.– e péchase con corenta e tres fotografías dos lugares e monumentos que aparecen mencionados neste estudio.

Referencias varias:

- M. J. Miragaya, “Bande repasa los viajes de Sarmiento”, *La Región*, “Cultura”, 6 abril 2002, p. 59.

Anuncia a publicación do libro de Enrique Bande *As viaxes do Padre Sarmiento pola provincia de Ourense* no que fai un percorrido biobibliográfico e unha achega ás viaxes do bieito a Ourense. Ademais de detallar as datas e lugares destas viaxes o articulista tamén se fai eco doutras publicacións desta mesma editorial, entre elas, *Manuel Curros Enríquez. O home e o seu contexto* (2001). En columna á parte tamén se dá conta doutras actividades realizadas en toda a provincia ao redor da figura de Sarmiento.

- M. J. M., “Prensa y arte, la oferta de ‘Duen de Bux”, *La Región*, “Cultura”, 27 abril 2002, p. 51.

Alúdese aos proxectos nos que está traballando a editorial ourensá “Duen de Bux”. Cítase a publicación do estudio realizado por Enrique Bande, *As viaxes do Padre Sarmiento na*

provincia de Ourense, e tamén tres volumes sobre a historia da prensa en Galicia, divididos en *La prensa agrarista*, de Miguel Cabo, *La prensa obrera*, de Oscar Freán e *La prensa de la masonería*, de Alberto Valín. Por outra banda, faise referencia a outras publicacións desta mesma editorial referidas á arte e coméntase que quere pór en marcha unha colección de iconografías, así como unha colección de libros que tratan sobre as relacións entre Galicia e Portugal.




Barreiro Barreiro, Xosé L., *Martín Sarmiento (1695-1772) na Ilustración*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Pensamento, nº 1, xaneiro 2002, 111 pp. (ISBN: 84-89803-88-9).

Volume no que Xosé Luís Barreiro se achega á figura de Frei Martín Sarmiento. Comeza cun cadro cronolóxico no que se presentan aspectos importantes tanto da vida e obra do homenaxeado coma do contexto no que lle tocou vivir. A seguir preséntase uns trazos xerais da época da Ilustración, a nivel xenérico, en España e máis en concreto en Galicia. Logo céntrase na figura de Sarmiento e a Ilustración. Neste apartado Barreiro presenta un breve apunte biográfico de Frei Martín, diferentes aspectos da súa personalidade e estilo, para rematar presentándonos as dimensións fundamentais do pensamento sarmentiano (dimensión filosófica, científica, social e utópica). Unha breve conclusión dá paso a unha selección de doce textos tanto de Sarmiento coma doutros autores da súa época, ademais da bibliografía que pecha o volume.

Recensións:

- Xosé Luís Pastoriza Rozas, “Xosé L. Barreiro Barreiro. *Martín Sarmiento na Ilustración*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 128, “Recensións”, maio-xuño 2002, pp. 99/371-100/372.

Coméntase a obra de Xosé L. Barreiro Barreiro, *Martín Sarmiento na Ilustración*, publicada na nova colección Baía Pensamento. Coméntase, en primeiro lugar, que “rigor e divulgación” son dous motivos que poden convidar á lectura da citada obra. Así mesmo, declárase que o libro proporciona “unha visión xeral dos rasgos fundamentais do pensamento sarmentiano”. Engade, ademais, que o seu autor intenta “detectar no pensamento de Sarmiento os trazos característicos da Ilustración: natureza e experiencia, ser humano e razón”. Para rematar, declárase que o núcleo da obra de Xosé L. Barreiro é un estudio das “dimensións fundamentais do pensamento sarmentiano: (...) a filosófica, a científica, a social e a utópica”.

- Xosé L. Pastoriza Rozas, “Martín Sarmiento: pensar e obrar dun ilustrado”, *Guía dos libros novos*, nº 41, “Filosofía”, xuño 2002, p. 11.

Sitúa a aparición da obra *Martín Sarmiento na Ilustración* (2002), de Xosé L. Barreiro Barreiro, dentro do conxunto de libros dedicados cada ano ao persoeiro homenaxeado co Día das Letras Galegas, que adoitan presentar as figuras elixidas ben dende a perspectiva divulgativa, destinada basicamente ao ensino, ben dende o enfoque académico. Precisa que este volume se coloca entre un extremo e o outro, xa que amosa unha ollada diferente ao escoller o lente da filosofía e ao combinar rigor e divulgación, e adianta que se trata dun libro moi suxestivo porque achega unha visión xeral dos trazos fundamentais do pensamento de Martín Sarmiento, que o sitúan de cheo no seo da Ilustración. Incide nos grandes eixes que caracterizan esta etapa e que Sarmiento soubo reflectir: “a natureza e a experiencia, a razón e o ser humano (…), a primacía da experiencia sensible, a valorización da razón”, así como a concepción do ser humano dende unha vertente humanista, empírico-naturista. Sinala que todas estas ideas serven para entender a figura de Sarmiento como pensador ilustrado que comunga e comparte os ideais desta corrente coa peculiaridade “dunha fe firme harmonizada coa crenza nos poderes da razón para procurar a verdade e a reforma nas condicións materiais da nosa existencia”, ideas que se traducen na presencia dunha conciencia crítica común á minoría ilustrada española (Feixoo, Campomanes, Jovellanos) e galega (Cornide, Lucas Labrada, Vicente do Seixo), que permite descubrir e denunciar os

problemas do país e que se manifesta na proposta de reformas e na crítica dos abusos, preservando ás institucións, o Altar e o Trono. Comenta tamén que o núcleo da obra presenta un estudio das dimensións filosófica, científica, social e utópica do pensamento de Sarmiento, acompañado dun cadro cronolóxico que abre o volume para situar o pensador no contexto histórico e cultural, e dunha escolma de textos ao final que apoian a exposición.

Referencias varias:

-AFA, “Pensar Galicia”/“Baía Edicións presenta unha colección, feita desde Galicia, sobre os grandes pensadores”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 15 marzo 2002, p. 34/p. 76.

Infórmase de que Baía Edicións presenta unha edición de peto, coordinada por Manuel Rivas, co obxectivo de facer unha serie de estudios monográficos dos grandes pensadores como o Padre Feixoo e o Padre Sarmiento desde Galicia. Ademais de recoller as declaracións do coordinador da colección, tamén dá conta dos autores destes estudios, entre os que se atopan Xosé Luís Barreiro que realizou a obra arredor do Padre Sarmiento.

-C. V., “O pensamento dos grandes mestres en libros de peto”, *A Nosa Terra*, nº 1.029, “Cultura”, 11-17 abril 2002, p. 25.

Dá conta de que a colección Bahía pensamento presenta uns monográficos de peto referidos a Sarmiento, Mounier, Ortega y Gasset, etc. Un dos coordinadores desta colección, Manuel Rivas, sinala que o obxectivo desta colección é ofrecernos a historia do pensamento achegándonos aos autores galegos, facendo un proxecto aberto que integre as ideas xeradas en e sobre Galicia. Toda unha colección de libros de peto cunha linguaxe asequíbel para que poidan acceder lectores habituais doutros xéneros. Refírese logo a un dos primeiros títulos feito por Xosé Luís Barreiro, *Martín Sarmiento na Ilustración*.

-Engracia Vidal, “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 127, “Libros chegados”, marzo-abril 2002, pp. 123/271-124/272.

Como é habitual nesta sección, cítanse e coméntanse, brevemente, algunhas das últimas novidades aparecidas no mercado. Trátase de *Martín Sarmiento na Ilustración*, de Xosé Luís

Barreiro Barreiro; *José Ortega y Gasset*, de Manuel Rivas García; *Xosé Luís Pensado: philologus et Magister. In memoriam*, editado e coordinado por Xosé Amancio Liñares Giraut, e *Homenaxe a Noriega Varela*, de Ramón Otero Pedrayo.




-Xesús López Fernández, “No día de Sarmiento, no ano de Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 13 maio 2002, p. 15.

Menciona toda unha listaxe de obras de diferentes autores que se elaboraron co gallo da homenaxe ao Padre Sarmiento. A Fundación Barrié presenta a obra titulada *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*, da autoría de José Santos Puerto; Barreiro Barreiro, *Martín Sarmiento na Ilustración*; Puentes Chao e Liñares Giraut, *Diccionario*; ou as páxinas que Monteagudo lle dedica na súa *Historia Social da Lingua Galega*.

-Miguel V. Freire, “Unha fórmula para a edición do pensamento”, *Tempos Novos*, nº 61, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xuño 2002, p. 72.

Presenta os catro títulos da colección Baía Pensamento (*Eloy Luís André*, *Emmanuel Mounier*, *José Ortega y Gasset* e *Martín Sarmiento na Ilustración*), da que apunta que atende tanto a “grandes pensadores universais”, coma a autores galegos, entre eles Frei Martín Sarmiento. Sinala que a obra de X. L. Barreiro Barreiro comezou esta colección con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas a este persoeiro. Ve na obra dedicada a Eloy Luís André o intento de recuperación dun “esquecido notable provinciano” galego. Como característica común ás catro obras destaca que o autor non renuncia a dar unha visión persoal sobre o estudiado, que no caso de Barreiro se centra en situar a Sarmiento na Ilustración, demostrando a súa existencia, malia as negacións doutros estudiosos.

Biblioteca Pública de Ourense , *Frei Martín Sarmiento. Letras Galegas 2002*, Ourense: Servicio de Difusión e Orientación Bibliográfica, 2002, 22 pp. (DL: OU-36-2002).☒⓾

Volume publicado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2002 que se centra na figura do homenaxeado neste ano: frei Martín Sarmiento. En primeiro lugar faise un repaso biobibliográfico á figura de Martín Sarmiento no que se salienta a súa preocupación pola lingua galega así como a súa faceta como escritor ilustrado. Despois reprodúcense algúns fragmentos das súas obras como “O problema corográfico para describir a Galicia”, *Discurso apologético*, *Coloquio de Perico e Marica*, así como seis definicións de palabras galegas escritas por Sarmiento. Na derradeira parte desta obra divulgativa indícanse –incluída a sinatura– todas as obras referidas á bibliografía de frei Martín Sarmiento e aos estudios centrados na súa figura que se poden atopar nas tres seccións –galego, infantil e préstamo– da Biblioteca Pública de Ourense.

Carballo Carballo, Francisco, *Martín Sarmiento*, Vigo: A Nosa Terra, xaneiro 2002, 64 pp. (ISBN: 84-95350-46-7).

Edición en tapas duras que inclúe una biobibliografía de Sarmiento na que se fai un percorrido dende o seu nacemento en Vilafranca do Bierzo en 1695, pasando pola súa etapa na cidade de Pontevedra, o seu período no que é novicio, a época na que regresa a Madrid, ata a súa morte en 1772. Tamén aborda a temática presente nas obras de Sarmiento, entre elas, a xeografía, ciencia, medicina, historia natural, lingua galega ou pedagoxía. Toda a obra complétase en cada unha das súas páxinas con material icónico que vai ilustrando o contido que nela aparece.

Recensións:

-Xosé Ramón Pena, “O soño da Galicia ilustrada”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Letras galegas”, maio 2002, p. 15.

Tras dunha introducción na que se achegan algúns datos de Frei Martín Sarmiento (1695-1772), preséntanse catro volumes dedicados a dar a coñecer a vida e a obra desta figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2002. Do primeiro dos libros, *Frei Martín Sarmiento. Pensador, crítico, científico, filólogo, educador* (2001), da autoría de Pilar Allegue e publicado na colección "Galegos na Historia" da editorial Ir Indo, salienta que trata todos os aspectos anunciados no título, dando conta das liñas esenciais de cada unha destas facetas do freire bieito. Comenta que contén unha aproximación biográfica e unha introducción dedicada ao seu "soño erudito", "aos seus amores, libros e viaxes", e que en conxunto constitúe unha presentación áxil, amena, con vontade divulgativa pero con rigor, e que non esquece incluír unha bibliografía básica, un listado das fontes manuscritas e unha cronoloxía esencial. Sobre *Sarmiento. Vida e obra* (2002), de Antón Costa Rico, sinala que analiza a vida de Sarmiento deténdose fundamentalmente na defensa que fixo da lingua galega e do seu emprego nos diferentes terreos da vida cotiá, dende o ensino, unha das preocupacións do autor do volume, ata a predicación. Conclúe mencionando os apartados "Anexos" e "Escolma de textos" e valorando o volume como un producto de especial aprecio para o público, especialmente para profesores e alumnos de Lingua e Literatura galegas. A propósito de *Frei Martín Sarmiento e a cultura galega* (2002), de Sonia Varela, considera

que é unha viaxe áxil e recomendábel polo mundo dos ilustrados galegos e que ademais achega a ideoloxía lingüística dominante no século XVIII e as ideas expresadas por Sarmiento, un apéndice cunha cronoloxía dos escritos de Sarmiento contidos na colección Medina Sidonia e unha bibliografía básica. Finalmente, en relación a *Martín Sarmiento* (2002), de Francisco Carballo, resalta que en breves e documentados capítulos recolle a vida de Sarmiento e un retrato da Pontevedra do seu tempo e analiza a etapa comprendida entre 1745 e 1755, fundamental para comprender as ideas do erudito sobre Galicia e o seu universo mental, "outro traballo de interese e que non debe faltar nas nosas bibliotecas".

Referencias varias:

-Xan Carballa, "A estirpe materna de Martín Sarmiento reivindica a súa memoria e conserva orixinais do seu antepasado", *A Nosa Terra*, nº 1.025, "Esta semana", 14-20 marzo 2002, p. 3.

Conversa con Francisco Carballo na que este escritor destaca que o Padre Sarmiento e o Padre Feijoo foron as figuras da Ilustración Galega, se ben é o Padre Sarmiento o que se

preocupa por modificar o sistema dende o propio ensino, defendendo que este debe ser en galego. Asemade comenta que a pesar de celebrarse en 1995 o terceiro centenario do nacemento do bieito e neste 2002 dedicarlle o Día das Letras Galegas e o Ano Cultural, falta por facer unha biografía seria do homenaxeado, debido probabelmente á dispersión da súa obra e á cantidade de obras inéditas. Finalmente menciónase o libro que o entrevistado vén de publicar e a exposición que vén de inaugurar no Pazo de Mugartegui en Pontevedra.




-Belén López, “Aquí viviu Frei Martín Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 7 abril 2002, p. 54.

Despois de dar a coñecer a opinión que Francisco Carballo recolle na biografía que fixo para A Nosa Terra sobre Frei Martín Sarmiento, onde o define coma un cidadán da “Boa Vila, Pontevedra”, e merecente de que a Real Academia Galega decidise dedicarlle ao intelectual o Día das Letras Galegas, infórmase tamén do programa de actividades que o concello de Pontevedra puxo en marcha para conmemorar o Ano de Sarmiento, dentro do cal, unha das actividades máis importantes foi o roteiro na honra do bieito guiado polo historiador Francisco Carballo.

- Alberto Canal, “Un Ilustrado con visión global de Galicia”, *La Región,* “Cultura”, 25 abril 2002, p. 75.

Informa de que o teólogo e historiador Francisco Carballo vén de publicar unha biografía de Frei Martín Sarmiento na Editorial A Nosa Terra, coa que pretende dar a coñecer a súa doutrina, a súa situación persoal e o contorno no que se atopaba. Destaca tamén a preocupación de Frei Martín pola lingua galega e defíneo coma un ilustrado que tiña unha visión global de Galicia.





Costa Rico, Antón, *Sarmiento. Vida e obra. Pensador e investigador ilustrado*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, marzo 2002, 108 pp. (ISBN: 84-8302-771-2).

Volume de marcado carácter didáctico que Antón Costa Rico estructura arredor da vida e obra de Frei Martín Sarmiento no que chama a atención a distribución ao longo de toda a obra de citas aclaratorias e material icónico nas marxes, o que facilita o acceso inmediato ao máis destacado. Comeza cun breve estudio cronolóxico, para dar paso a continuación, a unha análise máis profunda da vida e época do autor. A seguir, céntrase nun dos moitos aspectos que o bieito perseguiu ao longo da súa obra como é a defensa da lingua e dun ensino racional en galego. Tamén se recollen, no que Costa denomina Anexos, breves análises de aspectos puntuais da traxectoria do homenaxeado como as viaxes a Galicia, os pergameos e documentos que Sarmiento analizou, etc. Remata o volume cunha escolma de textos presentada por temas e unha bibliografía.

Recensións:

-Xosé Ramón Pena, “O soño da Galicia ilustrada”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Letras galegas”, maio 2002, p. 15.

Ver Carballo Carballo, Francisco, *Martín Sarmiento*, neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 258, 27 abril 2002, p. 2.

Nesta páxina literaria Blanco Rivas atende a algunhas das novidades editoriais que van saíndo do prelo. Co epígrafe de “Biografía do ilustrado Frei Martín Sarmiento” achégase á biografía que Antón Costa publicou sobre este ilustrado. Sinala que é unha obra na que podemos atopar datos interesantes sobre a vida intelectual que tivo Sarmiento e o relevante que foi a súa figura no século XVIII. Destaca ademais que o percorrido pola súa personalidade e o seu tempo se acompaña de textos breves saídos da súa pluma e ofrece tamén algún apuntamento biográfico sobre o autor desta monografía. Do mesmo xeito, tamén comenta a traducción ao galego da obra *Un pesadelo no meu armario* (2001), de

Mercer Mayer no epígrafe titulado “Como vencer aos monstros terribles”, no que salienta que se trata dun exercicio de fantasía e imaxinación na narración dunha primeira persoa que reflicte os temores nocturnos dun neno que se rebela contra eles. Das ilustracións salienta a expresividade e calidade artística, a seguir dá datos biográficos da autora e ilustradora da obra Mercer Mayer (Arkansas 1943) e recorda que esta obra viu a súa primeira edición en Estados Unidos en 1968. Do mesmo xeito, tamén dá noticia doutras obras de carácter infantil como *Barbazul* (2002), de Tareixa Alonso; e *¡Bos días!*, de Rotraut Susanne Berner, ademais do poemario *Mel de arañas*, de Carlos Solla, das que ofrece os argumentos e as liñas temáticas.




-Xesús Fraga, “As editoriais vólcanse na publicación de obras sobre Martín Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 maio 2002, p. 24.

Fai referencia a que as editoriais con motivo da celebración do Día das Letras Galegas se centran na publicación de libros sobre o Padre Sarmiento, que ofrecen un punto de vista diferente que os fan complementarios. A continuación, noméanse unha serie de obras que se caracterizan por algún aspecto en concreto como *A vida do padre Sarmiento* (2001), de

Carlos Casares, publicada pola editorial Galaxia, na que fai fincapé na estreita relación do bieito con Galicia; Pilar Allegue coa súa biografía sobre o homenaxeado na editorial Ir Indo presenta unha visión rápida e completa do ilustrado; Antón Costa escribe para Xerais a *Vida e obra de Sarmiento*; do mesmo xeito que Henrique Rabuñal publica outra biografía en Espiral Maior e, finalmente tamén se mencionan dúas obras publicadas por Toxoutos, *Viaxe a Galicia* de José Luís Pensado e *Meco-Moro-Agudo* (2001) un folleto completado cun traballo de Clodio González Pérez.




Fernández del Riego, Francisco e Xosé **Filgueira Valverde**, *O Padre Sarmiento e Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia, maio 2002, 86 pp. (DL: VG-332-2002).⑩

Edición de tamaño reducido que acompaña a edición do día 17 de maio do xornal *Atlántico Diario* con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Está composta por tres importantes achegas: “Invitación á Ilustración de Frei Martín Sarmiento” de Xosé Ramón Quintana Garrido, onde se fai un breve percorrido pola etapa na que lle tocou vivir ao benedictino; “O padre Sarmiento e Galicia” de Francisco Fernández del Riego, que recolle aspectos da vida e obra do homenaxeado e “Sarmiento e Galicia”, de Xosé Filgueira Valverde que inclúe diferentes temas que tratou Frei Martín na súa obra: o estudio de Galicia, a lingua, os estudios literarios, os escritos en galego, a xeografía, as ciencias da natureza, a historia e a antropoloxía cultural. Estas dúas últimas achegas van precedidas polo retrato do padre Sarmiento, de José Vicente Gusiño, a primeira, e a segunda pola fotografía do busto do padre Sarmiento feita por Felipe de Castro.

Filgueira Valverde, José Fernando, *Frei Martín Sarmiento*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Nosa Memoria, nº 30, marzo 2002, 85 pp. (ISBN: 84-453-3293-7)

Indias” e a disposición do *Sistema de Adornos* de Palacio que lle encomendara a Coroa. A seguir repasa o seu papel como historiador da literatura e os seus traballos de pedagoxía (recalcando que foi un dos grandes pedagogos do seu tempo). No capítulo no que se estudia o estilo de Sarmiento, este é caracterizado como oral e natural, algo que se considera especialmente valioso nos seus escritos en galego, xa que trataba de atopar no falar do pobo o modelo da súa lingua, que procuraba ser enxebre e non literaria. Abórdanse por último os escritos que deixou en galego, e saliéntase a defensa de Sarmiento da necesidade de vehicular o ensino en galego e introducir esta lingua tamén na Igrexa. Finaliza o estudio apuntando que todas as súas obras están movidas por tres forzas: o ideal relixioso, o amor a Galicia e o desexo de ensinar.




Referencias varias:

- E.P., “Cultura reedita ‘Frei Martín Sarmiento’ de Filgueira Valverde polo 17 de maio”, *O Correo Galego,* 8 maio 2002, p. 32.

Informa de que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, vén de reeditar a obra de Xosé Filgueira Valverde *Frei Martín Sarmiento*, que forma parte da colección A Nosa Memoria. Sinálase que este libro fai un percorrido pola vida e obra do bieito. Por outra banda e tamén polo mesmo motivo, infórmase que esta Consellería encárgalle á escultora Soledad Penalta a elaboración dunha medalla representativa do autor.

Filgueira Valverde, Xosé, *Frei Martín Sarmiento (1695-1772)*, trad. Xesús Carballo Soliño, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, novembro 2002, 891pp. (ISBN: 84-8457-128-9).

■□ ♍♋❍◘□ ●♓♦♏❒♋❒♓□☝ ☞♓■♋●❍♏■♦♏☞ ■□ ♦♏❒♍♏♓❒□ ♍♋◘◤♦◆●□ ♋♦♏■♳♏ ♋□⬩ ♏⬩♍❒♓♦□⬩ ♑♋●♏♑□⬩ ♳♏ ♁♋❒❍♓♏■♦□ ♏ ↑ ⬩▫♋ ♋♳□◘♍♓⇔■ ♳□ ■□❍♏ ♳♏ 💣♋❒♍□⬩ ♳♋ ⌲□❒♦♏●♋ ☎♒♏♦♏❒⇔■♓❍□ ❑◆♏ ♍♒♏♑♋❒◤♋ ♋♦♋ □ ⬩🡅♍◆●□ ✠✋✠ ♏ ❑◆♏ ♳♋❒◤♋ ■□❍♏ ♋□ ◘❒♓❍♏♓❒□ ☒□❒■♋● ♏⬩♍❒♓♦□ ♏■ ♑♋●♏♑□☽☝ ☼♏❍♋♦♋ ♋●◆♳♓■♳□ 🡅⬩ ⬩▫♋⬩ ♓♳♏♋⬩ ⬩□♌❒♏ ♋ ●♓■♑◆♋☜ ♋ ◘❒♏⬩♏■♍♓♋ ♳♏⬩♦♋ ■□ ♏■⬩♓■□ □◆ ♋ ❒♏●♋♍♓⇔■ ❑◆♏ ❍♋■♦♓❖□ ♍□♋ ♦♏❒❒♋ ♳♋ ⬩▫♋ ♓■➚♋■♍♓♋☝




López Peláez, Antolín, *El gran gallego (Frei Martín Sarmiento)*, A Coruña/Santiago de Compostela: Editor Andrés Martínez, col. Biblioteca Gallega/Consello da Cultura Galega, maio 2002, 268 pp. (DL: VG-263/2002).

Edición facsimilar da obra de Antolín López Peláez publica en 1895 dentro da Biblioteca Gallega de Andrés Martínez que se centra na figura de Frei Martín Sarmiento. A edición orixinal para a realización desta facsimilar foi cedida pola Real Academia Galega. Conta cunha dedicatoria ao Arcebispo de Burgos, seguido dunha introducción do autor na que adianta os contidos da obra. A seguir aparecen os sete capítulos numerados en romanos nos que trata dende a familia do biografado, a vida pública que desenvolveu, fronte ao seu carácter e vida privada, así como, o seu estilo de escrita, a súa relación con Galicia, coa lingua galega e coa cidade de Pontevedra.

Referencias varias:

- E. P., “As consellerías de Educación e Cultura repartirán nas escolas diverso material sobre Frei Martín Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 abril 2002, p. 76.

Ver Alonso Girgado, Luís, Carmen Fariña Miranda e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.), *De Rosalía a Sarmiento. Escolma do Día das Letras Galegas (1963-2002)*, neste apartado do *Informe*.

- AGN, “El Consello da Cultura multiplica las actividades sobre el padre Sarmiento”, *Diario de Ferrol/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 14 maio 2002, p.47/p.45.

Informa de que o Consello da Cultura Galega con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas vén de multiplicar as actividades sobre a figura de Frei Martín Sarmiento, como pode ser a edición especial de libros ou a exposición itinerante “Sarmiento e a Galicia do seu tempo”. Logo dá conta da edición facsimilar de Antolín López Pelaez *El Gran Gallego.*

- Carmen Villar, “El Consello da Cultura completa la digitalización de la obra de Sarmiento”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 maio 2002, p. 40.




Informa de que o Consello da Cultura rematou a dixitalización da obra completa do Padre Sarmiento composta de quince volumes gardados en Sanlúcar de Barrameda e os tres que se conservan no Museo de Pontevedra. Logo dá conta que na busca de textos autógrafos do homenaxeado se atopou na Biblioteca Nacional de Madrid o orixinal do *Coloquio en 1200 copias galegas*, única obra que o ilustrado escribiu en lingua galega. Tamén se refire á edición facsimilar de *El gran gallego* de Antolín López Peláez editada por primeira vez en 1895, como outro dos tributos que o Consello da Cultura lle dispensa ao bieito. Finalmente sinala, que con motivo das Letras Galegas reedítanse as actas dedicadas a Sarmiento en 1995. En cadro á parte, saliéntanse as numerosas publicacións que xurdiron para recordar ao autor galego.

Monteagudo, Henrique (selección, introducción, edición, notas e índices), *Sobre a lingua galega. Frei Martín Sarmiento. Antoloxía*, trad. Henrique Monteagudo e Xosé Manuel Soutullo, Vigo: Editorial Galaxia, maio 2002, 423 pp. (ISBN: 84-8288-528-6).

Henrique Monteagudo preséntanos unha antoloxía que ten a pretensión de contribuír a dar a coñecer a importancia e o interese da figura de Frei Martín Sarmiento no eido dos estudios filolóxicos. O volume dedicado á memoria de Carlos Casares comeza cun limiar do propio autor onde sinala a importancia da figura do homenaxeado, explícanos como estructurou a obra e enuméranos unha ampla lista de agradecementos. Esta antoloxía inclúe unha selección de obras xa coñecidas a través das edicións de J. L. Pensado, pero incorpora tamén textos tomados de obras peor coñecidas e mesmo fragmentos inéditos. A seguir, o volume complétase con cartas (ao seu irmán Francisco Xavier e a Pedro Rodríguez de Campomanes), apéndices, unha nota bibliográfica e varios índices (de autores e personaxes, obras citadas, palabras comentadas, temático, xeral) que fan máis doada a consulta detallada dos textos.

Pite Sanjurjo, Soledad (dir. e coord.), *Pequena escolma ilustrada de Sarmiento*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2002, 95 pp. (ISBN: 84-95415-53-4).❿

Soledad Pite dirixe e coordina unha pequena escolma ilustrada e elaborada polos alumno/as de educación plástica e visual de 4º da ESO do IES “Rosalía de Castro” de Santiago de Compostela. A obra está estructurada seguindo a propia organización do traballo por equipos dos alumnos do centro: consideracións sobre Sarmiento na ilustración, algunha das cartas que enviou ao seu irmán Xavier, ao Duque de Medina Sidonia ou a Campomanes, escritos sobre o Meco Moro Agudo e sobre a Cruz de Ferro, así como algunhas das mil trescentas oito coplas que conforman o *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*. Cada un destes textos vai asinado e enmarcado por variados motivos plásticos, que, a modo de orla, conforman a páxina.

Referencias varias:

-Clodio González Pérez, “Unha fermosa obra xilográfica”, *O Correo Galego,* “O rodicio do tempo”, 1 xuño 2002, p. 4.

O autor recoñece a importancia da obra do monxe nado en Vilafranca, e a pesares de chegar as súas mans unha publicación con posterioridade ao Día das Letras Galegas, xustifica con argumentos de futuro a necesidade de referirse ao traballo dos alumnos do IES Rosalía de Castro *Pequena Escolma Ilustrada de Sarmiento,* máis ca nada pola orixinalidade do traballo, que fai desta publicación unha obra sobranceira e única no eido da ilustración galega. Finalmente, sinala que o linóleo é unha técnica moi axeitada para a escola e a mellor mostra témola con este libro dedicado a Sarmiento polos alumnos.

- Elva Otero, “Os nenos e Sarmiento”, *O Correo Galego,* “Literatura/Lecer”, 2 xuño 2002, p. 10.

Dáse conta de que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, os alumnos de 4º da ESO do IES Rosalía de Castro, fan unha homenaxe dentro da asignatura de Plástica e Visual, na que se achegan á vida e obra do ilustrado, que desde a distancia sempre tivo a mente e o corazón postos en Galicia, analizando cales eran as necesidades das xentes e do país, así como levando a cabo unha defensa da lingua galega.

Puentes Chao, Antonio e X. Amancio **Liñares Giraut**, *"Diccionario" Frei Martín Sarmiento*, limiar de Xesús Alonso Montero, Santa Comba-A Coruña: 3C3 Editores, col. Diccionario/Letras dous mil...2, 2002, 144 pp. (ISBN: 84-932136-6-7).

Segunda monografía de Puentes Chao e Liñares Giraut dedicada á figura do Padre Sarmiento. Conta cunha breve presentación dos propios autores onde dan conta do contido da obra, para a continuación dar paso ao limiar da autoría de Xesús Alonso Montero que contextualiza a figura do persoeiro na súa época. A obra divídese en capítulos que aparecen por entradas, nunha orde alfabética coma nos Diccionarios. Intenta dar a coñecer a vida de Frei Martín Sarmiento, a súa obra e ideario, diversas análises e conceptualización na época, xunto cunha importante restra de imaxes, relación de textos e traballos realizados polo autor e bibliografía consultada, antoloxía de textos e propostas didácticas. Péchase o volume cunha sinopse dos feitos más salientábeis relativos ao autor, a súa época en Galicia e no Mundo.

Recensións:

- M. Quintáns S., “Un encontro moi práctico con Sarmiento”, *El Correo Gallego*,“*Correo das Culturas*”, nº 129, 13 maio 2002, p. 4.

Dá conta da publicación do diccionario sobre Frei Martín Sarmiento da man dos profesores Antonio Puentes Chao e Amancio Liñares Giraut. Sinala que en orde alfabética, se presenta un estudio que trata tanto aspectos biográficos coma histórico-culturais no contexto do propio Sarmiento. Cre que se trata dun libriño que convida a todos a encontrarnos con Sarmiento e o seu pensamento, aínda que moi especialmente aos alumnos de ESO e Bacharelato. Conclúe sinalando que a ensinanza que nos transmitiu este frade é que o camiño do noso futuro está no estudio dos nosos ditos e costumes, das nosas xentes, da nosa lingua, etc.

Referencias varias:

- E. F. “Presentan en Santa Comba o Diccionario do Pai Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Sar-Xallas”, 7 abril 2002, p. 12.

Recóllense as súas declaracións sobre o significado da importancia de Sarmiento. Dá conta da presentación do *Diccionario” Frei Martín Sarmiento* no Instituto Terra de Xallas de Santa Comba e sinala que nela participaron os autores e o crítico Manuel Quintáns Suárez.

- Xesús López Fernández, “No día de Sarmiento, no ano de Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 13 maio 2002, p. 15.

Ver Barreiro Barreiro, Xosé L., *Martín Sarmiento (1695-1772) na Ilustración*, neste apartado do *Informe*.





Queixas Zas, Mercedes, *Frei Martín Sarmiento. O inicio da recuperación da conciencia galega*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 158, 2002, 113 pp. (ISBN: 84-8487-006-5).

Volume no que Mercedes Queixas se achega á figura de Frei Martín Sarmiento. Comeza a obra cun exordio da propia autora onde dá as gracias ao profesor J. L. Pensado polos seus traballos magnificamente editados sobre a obra do bieito, presenta a Sarmiento como un lúcido representante da Ilustración e agradece á editorial Laiovento a posibilidade de dar a coñecer este traballo. A seguir presenta aspectos importantes tanto da vida e obra do homenaxeado, como do contexto económico, social, político e lingüístico da época da Ilustración. Ademais presenta un punto que a autora denomina “Idearium Sarmentiano (...)” onde se dá a coñecer as ideas de Frei Martín sobre a educación, administración, sociedade, lingua e antimilitarismo. Tamén se recollen unha serie de puntos que tratan o estilo da prosa e a escrita en galego de Sarmiento. A edición péchase cunhas conclusións e un punto sobre bibliografía, aspectos que dan paso por último a unha escolma de textos.

Referencias varias:

-I. Suárez, “As ideas de Frei Sarmiento son unha absoluta revolución”, *La Opinión*, “Entrevista”, 11 abril 2002, p. 68.

Informa da entrevista que se lle fai a Mercedes Queixas trala publicación do seu ensaio sobre Frei Martín Sarmiento, co que pretende dar unha información global e básica sobre o homenaxeado. A autora define a Sarmiento como un analista moi crítico da Ilustración galega e coma un dos máis maiores defensores do galego como lingua, apoiándose nos seus descubrimentos en bibliotecas sobre a existencia de textos cultos en galego. Sinala ademais que a preocupación básica de Frei Martín era a lingua e a sociedade, propoñendo unha serie de cambios que nesa época foron incomprendidos.

-AFA, “Ilustrado Descoñecido”/“Mercedes Queixas descobre a Frei Martín Sarmiento nun ensaio editado por Laiovento sobre o autor”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 12 abril 2002, p. 33/p. 76.

Refírese á publicación do ensaio de Mercedes Queixas na Editorial Laiovento *Frei Martín Sarmiento,* no cal a autora o define como un "sabio valente". Con posterioridade fai referencia á estructura da obra, que consta dunha primeira parte biográfica e unha segunda parte de coñecemento da obra de Sarmiento, todo recollido no contexto económico, social, político e lingüístico que rodea ao autor. Así mesmo afirma que Sarmiento realiza un labor crítico referente a moitos contidos, introduce propostas renovadoras..., en definitiva, é un cronista do seu tempo. Finalmente, sinala que o obxectivo do seu ensaio é "descubrir o papel crítico e concienciador de Sarmiento".

-M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 3, 23 maio 2002, p. V.

Ver González Gómez, Xesús, *A lingua secreta*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Rabuñal Corgo, Henrique, *O Padre Sarmiento. Arquivo da lingua e cronista da patria*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Espiral Maior Ensaio, nº 20, febreiro 2002, 141 pp. (ISBN: 84-95625-39-3).

Henrique Rabuñal abre este estudio centrado na figura do Padre Sarmiento (Pontevedra, 1695-Madrid, 1772) cun prólogo, no que achega aqueles datos máis relevantes sobre a vida e obra deste frade bieito, que foi unha das figuras centrais do século XVIII. Cita os diferentes saberes e disciplinas das artes e das ciencias que cultivou e os seus textos impresos de carácter maior e menor. Salienta a súa defensa racional e afectiva da súa patria e o seu labor como arquiveiro do noso idioma e como cronista culto e plural da realidade galega do seu século. Refírese a aqueles estudiosos que trataron a súa biografía intelectual (Antolín López Peláez, José Luís Pensado Tomé ou Xosé Filgueira Valverde), ademais de apuntar aquelas publicacións ou congresos que se produciron co gallo do segundo centenario da súa morte e co terceiro do seu nacemento. Estes contidos da instancia prefacial van ser desenvolvidos con máis detalle nos sucesivos capítulos en que se estructura este traballo monográfico e que seguen o periplo vital do Padre Sarmiento. A saber: “A boa vila e a patria de Sarmiento (1695-1710)”, “O mosteiro de San Martín (Madrid) (1710)”, “Tempo de

Formación (1711-1725) e primeira viaxe a Galiza (1725)", "Vinte anos en Madrid (17251745)", "Literatura galega nas memorias da poesía (1745)", "Segunda viaxe a Galiza (17451746)", "*Colección de voces y frases gallegas* (1746-1770)", "De volta a Madrid (17461754)", "Derradeira viaxe a Galiza (1754-1755)", "*Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (1745-1755)", "Encerrado na cela (1755-1772)", "*Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales* (1745-1758)", "*El porque sí y porque no* (1758)", "Os *elementos etimológicos según el método de Euclides* (1766)", "*Onomástico etymológico de la lengua gallega* (1758-1768)", "*Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método* (1762), "Da educación (1768)", "A morte do sabio (1772)" e "Recordo, vindicación e divulgación de Sarmiento (1772-1997)".




Referencias varias:

- AFA, “Cronista da Patria”/“Rabuñal ve no Padre Sarmiento ‘un arquivo da lingua e cronista da patria”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “AFA”/“Cultura”, 27 abril 2002, p. 33/p.76.

Refírese á obra *O Padre Sarmiento* que Enrique Rabuñal publica por medio da editorial Espiral Maior con motivo da conmemoración das letras galegas. Nela define ao homenaxeado coma un "arquivo da lingua e cronista da patria". A continuación sinálase que a obra segue unha orde cronolóxica, primeiro como cronista da patria e logo como arquivo da lingua ao recoller a lingua oral por medio da fala coas xentes, recolle tamén os temas máis abordados polo personaxe e incluso anécdotas que puideron influír na súa posterior traxectoria, como é o feito de ser obxecto de burla do seu profesor por ser galego-falante.

- Roberto L. Moskowich, "Rabuñal y el Día das Letras Galegas", *El Ideal Gallego*, "Torre de Cristal", 17 maio 2002, p. 27.




Trala reivindicación do autor para que as Letras Galegas se celebren durante todo o ano, non nun día concreto, faise referencia á publicación na Editorial Espiral Maior do libro do profesor Henrique Rabuñal, titulado *O Padre Sarmiento: arquivo da Lingua e cronista da Patria,* onde se analiza toda a obra do bieito e a súa traxectoria biográfica.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, 13 xuño 2002, p. VII.

Ver Vidal Rivas, Xerardo, *A balada do nudista caviloso*, no apartado I. 1. Narradores galegos, deste *Informe*.

Santamarina, Antón (coord.), *Frei Martín Sarmiento. Día das Letras Galegas 2002*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Departamento de Filoloxía Galega), 2002, 221 pp. (ISBN: 84-8121-973-8).

Volume monográfico co que o departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela homenaxea a Frei Martín Sarmiento co gallo do Día das Letras Galegas a el dedicado. Esta obra conta con catro colaboracións nas que se analizan diversos aspectos da obra literaria e do ideario do bieito.

- X. Alonso Montero, “O padre Sarmiento e os poetas”, pp. 7-31.

Nesta achega faise un breve percorrido pola aceptación que tivo a obra de Sarmiento entre os poetas dende 1773 ata 1932. Neste podemos observar que poucos poetas se interesaron polo Padre Sarmiento, probablemente polo nulo ou escaso coñecemento que tiñan da súa vida e obra, non así doutros como por exemplo o Padre Feijoo. Podemos atoparnos dende unha coroa poética feita en 1773 trala morte do bieito, que recollía unha oración fúnebre pronunciada polo Padre Anselmo Avalle no mosteiro de San Martín de Madrid onde se

recollen composicións poéticas en castelán, grego, hebreo e latín que varias persoas fixeron para manifestar o aprecio a Sarmiento. Logo sinálase que o primeiro cura de Fruime (1702-1777) gaba en nove poemas ao bieito. A continuación, faise referencia a Xoán Manuel Pintos, autor do primeiro poema en galego en loanza do Padre Sarmiento (1859). Tamén moi brevemente, menciónase a Murguía para sinalar a cativa presencia do Padre no Rexurdimento. Finalmente, recóllese unha prosa poética en castelán de Luís Amado Carballo (1932) que co título de *Cosas y figuras* publicou no segundo número de *Cristal* (Pontevedra) sete estampas nunha especie de prosa poética, unha das cales se titula “El Padre Sarmiento”. Para rematar esta primeira análise de Alonso Montero preséntanse dous apéndices facsimilares, o primeiro reproduce a cuberta e cinco páxinas da colectánea sarmentiana de 1773 (Madrid), e o segundo, reproduce tres páxinas sarmentianas das obras do Cura de Fruime (1780).




-A. Costa Rico, “Frei Martín Sarmiento: alethophilo e fundador da Pedagoxía Galega”, pp. 33-48.

Realízase un breve estudio sobre diferentes ideas que tiña o bieito sobre o que posteriormente se definiría como a pedagoxía galega. Entre estes aspectos podémonos atopar cos motivos de Sarmiento para o estudio en galego, a necesidade de que o profesorado coñecese a lingua galega, algúns procedementos didácticos para a educación lingüística, enumeración dalgúns libros para a galeguización escolar, etc.

- R. Mariño Paz, “Perfil humano e intelectual do Padre Sarmiento”, pp. 49-76.

Esta achega comeza aconsellando a lectura dos textos de Sarmiento titulados *Catálogo de los pliegos que yo, Frey Martín Sarmiento, benedictino y profeso de San Martín de Madrid, he escrito de mi mano, pluma y letra sobre diferentes asuntos*. En canto á obra en xeral de Sarmiento, Mariño Paz sinala que existe unha grande variedade temática, que é unha obra en bruto, desordenada, mesmo caótica, carente de coherencia e sistematicidade, obra dunha mente inquieta, vivaz, tan capaz de interesarse nos máis variados temas e que moita desta obra foi feita por encargo. Este estudioso tamén menciona tres cuestións fundamentais que reflexiona Sarmiento relativas á súa traxectoria intelectual: o papel de motor elemento aglutinador que os estudios etimolóxicos desempeñaron no conxunto do seu

labor intelectual; o punto de inflexión que na súa carreira supuxeron as súas viaxes a Galicia, estas viaxes marcan un antes e un despois no percorrido intelectual do Padre Sarmiento, ou cando menos, no conxunto da súa producción científica; e en terceiro lugar, o papel representado polas coplas galegas de *Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Para rematar este traballo, aparece un Anexo onde se recolle unha cronoloxía dos escritos do Reverendísimo Padre Maestro Sarmiento, e finalmente unhas referencias bibliográficas.




- H. Monteagudo, “Martín Sarmiento en el Correo Literario de la Europa (1782). Unha nova achega á súa bibliografía dezaoitesca”, pp. 77-93.

Henrique Monteagudo analiza neste libro homenaxe a Sarmiento a relación do bieito co Correo Literario de la Europa, publicación que se editou semanalmente dende maio de 1781 ata xullo de 1782, e despois dende outubro de 1786 a xaneiro de 1787. Esta era unha publicación da época, de pequeno formato e extensión breve que ofrecía información científica e literaria posta ao día, con resumos de novidades editoriais, sobre todo de Francia e Inglaterra. Os textos que a nós nos interesan aparecen dende o número 35 ao número 56, isto é de xaneiro a xullo de 1782. Están organizados en dúas series. A primeira (números 35

a 45) corresponde co “Catálogo” da colección Medina Sidonia, e a segunda (números 47 a 56) corresponde a unha serie de doce escritos de Martín Sarmiento sobre diversos asuntos, case todos en forma de carta ao devandito Duque. Finalmente, aparece un Apéndice que recolle unha reproducción facsimilar que leva por nome *Martín Sarmiento en el Correo Literario de la Europa*, onde se recollen o número da revista, o día, o mes, o ano, e as páxinas.




Referencias varias:

-Carmen Villar, “Santos Puerto, experto en Sarmiento, cre que o fraile segue a ser un “desterrado cultural”, *Faro de Vigo,* “Sociedad”, 17 maio 2002, p. 41.

Ver Martín Sarmiento, *Coloquio de 1200 coplas gallegas. Facsímile do orixinal autógrafo*, no apartado IV. 1. deste *Informe*.

Santos Puerto, José, *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII* (I-II), prólogo de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, col. Galicia Histórica, 2002, 545 pp./407 pp. (ISBN do volume I: 849752-010-6) (ISBN do volume II: 84-9752-009-2) (ISBN da obra completa: 84-9752-009-2).

♦❒♋♦♋❍♏■♦□ ♎♋ ⬩▫♋ ⬩□♓♎♋♎♏ ♏ ❍□❒❒♓⇧♋ ♎♋ ♦♏❒❒♋
♋♦♋ ♋ ⬩▫♋ ❍□❒♦♏🖃 ☠♋ ⬩♏♑◆■♎♋ ◘♋❒♦♏🖃 ♍🡅■♦❒♋⬩♏
■♋⬩ ⬩▫♋⬩ ♓♎♏♋⬩ ♏ ♓■❖♏⬩♦♓♑♋♍♓⇔■⬩ ♦♋■♦□ ■□ ♍♋❍◘□
♎□ ♎♏❒♏♓♦□ ♍□❍♋ ■□ ♎♋ ♍♓♏■♍♓♋ ♏ ♎♋⬩
♓■♎♋♑♋♍♓⇔■⬩ ♒♓⬩♦⇔❒♓♍♋⬩🖃 ✠♋ ■♋ ♦♏❒♍♏♓❒♋🖃
♋♦🡅■♎♏⬩♏ ↑ ⬩▫♋ ♐♋♍♏♦♋ ♎♏ ♏♎◆♍♋♎□❒ ♏
❒♏♍⇔●●♏■⬩♏ ♋⬩ ⬩▫♋⬩ ♓♎♏♋⬩ ♏ ♓■♐●◆♏■♍♓♋⬩ ⬩□♌❒♏ □⬩
◘❒♓■♍♓◘♓□⬩ ◘♏♎♋♑⇔☒♓♍□⬩🖃 ♋⬩ ♓■⬩♦♓♦◆♍♓⇔■⬩
♏♎◆♍♋♦♓❖♋⬩🖃 ♋⬩ ❍♋♦♏❒♓♋⬩ ♏ □⬩ ♋☒♏■♦♏⬩🖃 ◘♋❒♋
❒♏❍♋♦♋❒ ■♋ ♍◆♋❒♦♋ ◘♋❒♦♏ ❑◆♏🖃 ♦♓♦◆●♋♎♋ ❽💣🡅⬩
♋●●↑ ♎♏ ●♋ ♓●◆⬩♦❒♋♍♓⇔■💻 ♋● ♏■♍◆♏■♦❒□ ♎♏ ●♋
◆♦□◘🡇♋❾🖃 ⬩♏ ♋♍♒♏♑♋ ♋ ♍◆♏⬩♦♓⇔■⬩ ♍□❍□ ♋ ⬩▫♋
♍□■♍♓♏■♍♓♋ ♎□ ◘♏❒♓♑□ ❑◆♏ ♍□❒❒♏ ♎♏
♎♏⬩♋◘♋❒♏♍♏❒ □ ⬩♋♌♏❒ ◘□◘◆●♋❒🖃 🏳🡅♍♒♋⬩♏ ♋ □♌❒♋
♍□⬩ ♋◘🡅■♎♓♍♏⬩ ■□⬩ ❑◆♏ ⬩♏ ♎↑ ♍□■♦♋ ♎♋⬩ ♐□■♦♏⬩
❍♋■◆⬩♍❒♓♦♋⬩🖃 ♎□⬩ ❍♋■◆⬩♍❒♓♦□⬩ ■□■ ◘◆♌●♓♍♋♎□⬩ ♏ □⬩
♓❍◘❒♏⬩□⬩🖃 ♋⬩🡇 ♍□❍□ □◆♦❒□⬩ ♏⬩♦◆♎♓□⬩ ⬩□♌❒♏
💧♋❒❍♓♏■♦□ ♏ ♐□■♦♏⬩ ♌♓♌●♓□♑❒↑♐♓♍♋⬩ ♍□■⬩◆●♦♋♎♋⬩🖃




Referencias varias:

- A. Mallo, “Santos Puerto ve en Martín Sarmiento la esencia de la Ilustración española”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 9 maio 2002, p. 76.

Dáse conta da presentación na Fundación Barrié de la Maza, por parte do profesor da Universidade da Laguna, Xosé Santos Puerto, dun libro composto de dous volumes sobre o

Padre Sarmiento, *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*. Doutra banda, infórmase de que o Consello da Cultura Galega estrea unha curtametraxe chamada *A escola das areas*, arredor da figura do bieito.

- Iria Suárez, "Sarmiento, a ilustración da utopía", *La Opinión*, "Cultura", 9 maio 2002, p. 56.

Dáse conta da presentación na Fundación Barrié en colaboración co Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, do libro *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII,* no que o autor Xosé Santos Puerto recoñece que a pesares da importancia do Padre Sarmiento na Ilustración, non é recoñecido o seu labor fóra de Galicia, debido á súa negativa a publicar en vida. Para rematar, sinálase que desta maneira preténdese colocar ao bieito no lugar que se merece na Ilustración.

- S.B.N., "Un libro denuncia o esquecemento de Sarmiento na historia da Ilustración", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 maio 2002, p. 31.

Con motivo da presentación na Fundación Barrié do libro *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII,* o autor Xosé Santos Puerto recoñece que a pesares da importancia do Padre Sarmiento na Ilustración, non é recoñecido o seu labor fóra de Galicia, debido á súa negativa a publicar en vida.

-Xesús López Fernández, "No día de Sarmiento, no ano de Sarmiento", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 13 maio 2002, p. 15.

Ver Barreiro Barreiro, Xosé L., *Martín Sarmiento (1695-1772) na Ilustración*, neste apartado do *Informe*.

-Carmen Villar, "Santos Puerto, experto en Sarmiento, cre que o fraile segue a ser un "desterrado cultural", *Faro de Vigo,* "Sociedad", 17 maio 2002, p. 41.

Ver Martín Sarmiento, *Coloquio de 1200 coplas gallegas. Facsímile do orixinal autógrafo*, no apartado IV. 1. deste *Informe*.

Servicio Galego de Igualdade, *As mulleres na obra de Frei Martín Sarmiento, 1695-1772*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Servicio Galego de Igualdade), 2002, 69 pp. (DL: VG. 362-20).



♏⛒♍♏◘♍♓□■♋●❍♏■♦♏ ⬩♏
♋ ❖□⌘ 🡅 ♏⛒♍♏●♏■♦♏☜




Referencias varias:

-Carmen Villar, “Santos Puerto, experto en Sarmiento, cre que o fraile segue a ser un “desterrado cultural”, *Faro de Vigo,* “Sociedad”, 17 maio 2002, p. 41.

Ver Martín Sarmiento, *Coloquio de 1200 coplas gallegas. Facsímile do orixinal autógrafo*, no apartado IV. 1. deste *Informe*.

VV. AA., *Congreso sobre Frei Martín Sarmiento*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), col. Difusión Cultural, nº 29, novembro 2002, 334 pp. (ISBN: 84-453-3464-6).❿



♦♏♑◆♓❒🖃 ♎♋❍□♦ ♍□■♦♋ ♎♋❑◆♏●♋♦ □□■♏■♍♓♋♦ ❑◆♏ ♏♦♦↑■ ❒♏●♋♍♓□■♋♎♋♦ ♍□♋ ♌♓□🖆♌♓♌●♓□♑❒♋➶🡿♋ ♎□ ♋◆♦□❒ ♏♦◆◆♎♓♋♎□🖋




-Henrique Monteagudo Romero, “*O coloquio en mil duascentas coplas galegas* e o seu *comento*: notas para unha revisión”, pp. 11-34.

A conferencia de Henrique Monteagudo, tal e como se reproduce no volume, tiña por obxectivo revisar en sete partes seguidas dunha conclusión (“Cabo”) o *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* e mais o seu *Comento* ou *Glosario* (ao que lle dedica o penúltimo apartado), tendo en conta non só os escritos orixinais do freire senón tamén a bibliografía publicada ao respecto. O primeiro que fai o profesor Monteagudo é propor unha mudanza do título co que a crítica acostuma referirse a esta obra inacabada (*Coloquio de 24 Gallegos Rústicos*), xa que o considera “enganoso”: efectivamente, esa rúbrica responde á intención inicial do autor, que finalmente quedou reducida a catro interlocutores con certa extensión (oito se contamos os que interveñen esporadicamente). A seguir, presenta unha proposta de estructuración do texto en seis bloques precedidos de dous prólogos, comentando ademais que se trata dunha sucesión de parlamentos longos de carácter

narrativo descritivo. Despois estudia a carga crítica contida no *Coloquio*, dentro sempre do que se consideraba tolerábel na época, e a súa comicidade, producida polo contraste entre "o sinxelo universo de experiencia da paisanaxe galega e o mundo empingorotado da Vila e Corte". Canto á adscrición xenérica, atense á proposta polo propio autor, e fala así do (aínda pouco coñecido) (sub)xénero de *Perico y Marica*. Debrúzase a continuación sobre a historicidade das coplas, pois o asunto retrata con fidelidade o falecemento de Felipe V e a proclamación do seu herdeiro. Para rematar considera a idoneidade do xogo das comparanzas inserido por Sarmiento (de maneira que os rapaces relatan os sucesos da corte aos aldeáns galegos botando man da cultura popular compartida por todos eles) e examina a organización do léxico na obra (seguindo un criterio semántico), sendo que esta se concibiu principalmente como "un artificio para almacenar e estibar o léxico galego colleitado polo autor."




- Xesús Alonso Montero, “O Padre Sarmiento: as singularidades dun sabio galego do século XVIII (na vida e *post mortem*)”, pp. 131-149.

Estudia Alonso Montero as peculiaridades que fan de Sarmiento unha *rara avis* tanto no seu contexto vital como moito tempo despois. En primeiro lugar, salienta o profesor a insólita humildade deste "Salomón gallego", que refugaba pese á súa grandísima erudición calquera actitude vaidosa: de aí que non publicase a penas ningunha obra en vida das moitas que deixou escritas (só se era para se defender dalgunha acusación inxusta) e que chegase a rexeitar o cargo de abade de Ripoll. Outra ben coñecida postura orixinal do bieito foi a súa defensa do idioma galego, presentándosenos a este respecto como un adiantado, un "revolucionario". No tocante á reivindicación do galego no ensino, cita e reproduce parcialmente Montero dous textos clave: o *Onomástico etimológico de la lengua gallega* e mais unha carta dirixida ao seu sobriño Alonsiño. Para alén diso, Sarmiento esforzouse por descubrir algún vestixio literario na nosa lingua, tanto tempo silenciada, e atopouno nun códice das *Cantigas de Santa María* de Alfonso X (ao lelo chega á conclusión de que está escrito en galego) e na declaración de Santillana na famosa *Carta-Prohemio* a respecto do dominio do galego-portugués na poesía trobadoresca composta dentro e fóra do noroeste peninsular. A última singularidade apuntada por Alonso Montero é a que se refire, xa *post mortem*, ao estudio da vida e á edición das obras de Sarmiento durante o franquismo, época na que polo xeral se marxina ou trata con recelo ao ilustrado. Para o estudioso queda claro

que hai que remitirse ao exilio arxentino para ver algún interese pola figura do ilustrado. Así, cita a persoeiros como Luís Seaone, que publicou como editor dúas obras fundamentais de Sarmiento: *Memorias para la historia de la lengua gallega*, (1942) e *Estudio sobre la formación de la lengua gallega* (1943), Castelao (que o menciona en varias ocasións no seu *Sempre en Galiza*), Xosé Núñez Búa (pedagogo galego e galeguista) ou Clemente Hernando Balmori (filólogo asturiano exiliado), entre outros. En España, no mesmo período, destaca Montero a aparición de dous libros en que se recupera a Sarmiento: *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII* (Lázaro Carreter, 1949) e mais *Tres hombres y un problema: Feijoo, Sarmiento y Jovellanos*.

- Ramón Mariño Paz/Armando Requeixo Cuba, “Clasicismo e literatura popular no *Coloquio de 24 gallegos rústicos*”, pp. 151-176.

Neste estudio examínase polo miúdo a obra de Martín Sarmiento coñecida como *Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Escrita no ano 1746, pero inédita en vida do bieito, o *Coloquio* foi concibido como pretexto literario para vehicular o seu amplo coñecemento arredor da lexicografía popular galega, que acabara de perfilar tras unha recente viaxe polas nosas

terras. Non embargante, ese obxectivo de orixe non impediu, na opinión dos profesores, a consecución dun texto de “apreciables cualidades literarias”. O texto da ponencia vai dividido en catro partes seguidas dunha “Conclusión” e mais unhas “Referencias bibliográficas”. Na primeira examínase “A ambigua relación de Frei Martín Sarmiento coa poesía”; isto é, advírtese do escaso interese do erudito por este xénero, tirando unhas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* feitas por encargo. No seguinte apartado, “Ideas poéticas do Padre Sarmiento”, obsérvase que Frei Martín consideraba a poesía, ante todo, e nunha concepción utilitarista da arte moi propia da época, como un óptimo instrumento didáctico, seguindo así o lema ilustrado “aproveitar deleitando”. Baixo o epígrafe “Concepción e execución do *Coloquio de 24 gallegos rústicos*” estudian os autores os pormenores do proxecto sarmentiano, que finalmente ficou en mil duascentas unha coplas, adiantando así algunhas das cuestións que volven aparecer no último apartado: “Notas para unha análise literaria do *Coloquio*”. Así, analizan aspectos tales como a plurivalencia do *Coloquio* (documento interesante a nivel lingüístico, literario, etnográfico e sociohistórico); certa dimensión crítica contida na obra; a súa filiación xenérica (que para estes especialistas hai que procurar na literatura dramática en verso), a temática (construída arredor da morte e exequias de Felipe V e posterior subida ao trono de Fernando VI); os

seus narradores (catro rapaces mais o Tío Marcos da Portela, que é o intermediario entre eles e nós) e receptores (implícitos ou externos e explícitos ou internos); o tratamento do tempo e do espacio (onde destaca o contraste entre un espacio rural: o Chan da Parafita, onde se encontran os protagonistas, e un espacio urbano: a corte madrileña que aqueles coñeceran e da que falan); e outras cuestións tales como o dominio do hexasílabo, a influencia da literatura de transmisión oral no texto e o seu estilo (dominado pola obediencia á regra do decoro poético e tendente á descrición, á enumeración e á comparación).

- Xosé Luís Axeitos Agrelo, “A recepción da obra do Padre Sarmiento en Galicia”, pp. 267 286.

Xosé Luís Axeitos, que abre a súa ponencia cunha cita de Kant, comeza presentando a Sarmiento como “o prototipo de home ilustrado”, afirmando que dotou a Galicia do necesario proxecto de país, e indicando cómo a sabedoría do bieito non chegou a espallarse como merecía entre os seus contemporáneos. Antes ben, como vai demostrando ao longo do traballo, serán os seus lectores posteriores os que se acheguen amplamente á obra do Padre Sarmiento, variando a súa recepción ao longo da historia. Así, repasa os momentos

en que esta producción tivo unha menor atención, co que se demostran “as tremendas restriccións con que as luces chegaron a Galicia”, ata chegar aos nosos tempos, que é cando acada pleno recoñecemento (sobre todo, pensa Axeitos, ao ficar a súa obra lingüística recollida en 1980 no *Diccionario crítico etimológico e hispánico* do insigne filólogo Juan Corominas Pascual; e ao se lle dedicar o Día das Letras de 2002). Entre ambos polos salienta o profesor certas ocasións en que o pensamento de Sarmiento gozou de certo eco, lembrando por exemplo que o primeiro núcleo de sarmientistas se formou na Pontevedra de mediados do século XIX, iniciándose nesta altura a tradición impresora dos escritos do polígrafo que despois continuará Manuel Murguía. Outros autores que estiveran interesados nesta figura foron, entre outros, o historiador Benito Vicetto, o padre Saco y Arce e outros clérigos galegos comprometidos coa nosa cultura, ou os membros do Seminario de Estudos Galegos. Conclúe daquela Axeitos que o horizonte de expectativas cara ao bieito e a súa obra se vai alongando a medida que medra a concienciación galeguista.




- Enrique Bande Rodríguez, “A provincia de Ourense nas viaxes do Padre Sarmiento”, pp. 301-326.

Trala presentación do autor e a súa época, onde Enrique Bande enxalza a figura de Sarmiento como un “humanista integral”, “un amante da lingua dos sen lingua” e “un dos galegos ilustres de tódolos tempos”, céntrase o estudioso na súa faciana viaxeira: sendo a base da súa versátil actividade científica, estas excursións tiñan por obxectivo coñecer os lugares xeográficos e recoller a súa toponimia, mostras da súa flora, vestixios do seu pasado, peculiaridades da súa fala, detalles da súa realidade socio-económica, etc. Concretamente, Sarmiento percorreu a provincia de Ourense en tres ocasións (dúas en 1745 e unha en 1754), e Bande relata puntualmente os lugares polos que pasou e a visión que deles deixou anotada (por unha banda, descricións de edificios, nomeadamente igrexas ou ermidas e conventos ou mosteiros, barcos e barcas, camiños, casas, castros, feiras, minerais, vexetais, montes, pontes, ríos, torres e castelos, vales; pola outra, noticias relacionadas coa medicina popular, co folclore, coa igrexa e o seu tempo, coa lingua, cos métodos de ensino, coas mulleres, coa modernidade, co sufrimento dos animais e das xentes, coa agricultura). Por todo o exposto, conclúe o especialista tras emitir o seu xuízo sobre as viaxes do polígrafo ilustrado, que o Padre Sarmiento resulta “un modelo digno de imitación para cantos visiten Galicia aproveitando a nosa oferta turística e cultural”.

- Evaristo Rivera Vázquez, “Os xesuítas e o Padre Sarmiento”, pp. 327-332.

O Padre Evaristo Rivera, S. J., examina neste artigo a relación existente entre Sarmiento e os xesuítas, dado que os derradeiros anos da vida do freire bieito coinciden cos últimos da primeira etapa da Compañía de Xesús, expulsada por Carlos III en 1767. Clasifica as relacións en tres tipos: familiares, didácticas e pedagóxicas. Canto ás primeiras, parece moi probable (nalgúns casos totalmente certo) que o pai e tres irmáns de Sarmiento estudiaran cos xesuítas, chegando mesmo un deles, Xosé Antonio, a ingresar na Compañía. Sarmiento mantivo tamén amizade cun membro da orde que chegou a ser confesor de Fernando VI. Polo que respecta ás relacións didácticas e pedagóxicas, Rivera sinala que “neste tema a relación tivo que ser antagónica”, malia compartiren o fondo interese pola educación. Subliña que Sarmiento, que coñecía o modo de ensinar e de educar dos xesuítas, promulgaba no seu tratado *La educación de la juventud*, unha serie de principios que supuñan unha alternativa ao sistema xeral de ensino e que eran moi adiantados con respecto aos seguidos por aqueles. Así mesmo menciona que se baseaba en Bacon ou Locke (fronte ao Descartes dos xesuítas), defendía o ensino en galego (fronte ao latín ou castelán da Compañía) e mais a introducción das ciencias modernas nos currículos (en

detrimento da atención exclusiva á cultura clásica), promovía a reforma das técnicas de estudio (que nos centros dos xesuítas, coma noutros, consistía na pura memorización de datos), etc.




Varela Pombo, Sonia, *Frei Martín Sarmiento e a cultura galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2002, 98 pp. (ISBN: 84-7824-396-8).

Volume centrado na figura de Frei Martín Sarmiento que se estructura en nove capítulos. Nos tres primeiros realízase un breve percorrido pola vida, obra, personalidade e estilo da escrita do homenaxeado. A seguir, a autora fai unha análise sobre a Ilustración, tratándoa dende o máis xeral ao máis específico, é dicir, dende as ideas xerais sobre a Ilustración ata a posición dos ilustrados galegos respecto ao Antigo Réxime. Logo, preséntanos un capítulo que intenta dar a coñecer a importancia e o interese da figura de Frei Martín Sarmiento na lingua galega. O volume péchase cun apéndice onde se presenta unha cronoloxía dos escritos do bieito contidos na colección Medina Sidonia e unha bibliografía básica.

Recensións:

-Armando Requeixo, “O gran entre o xoio”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 131, 27 maio 2002, p. 4.

Di que despois deste ano, no que Frei Martín Sarmiento foi homenaxeado polo Día das Letras Galegas, deberiamos ter en conta e como referencia a obra *Frei Martín Sarmiento e a cultura galega*, escrita por Sonia Varela Pombo, do que destaca a fonda análise que esta moza investigadora fai da obra do escritor berciano. Refírese ao contido dos distintos capítulos que van dende a biografía de Sarmiento, pasando polo seu pensamento ata as súas contribucións e apoio á dignificación do idioma. Destaca o capítulo "Sarmiento e a lingua galega", pola aproximación "global modélica", do mesmo xeito que os apartados finais nos que a autora achega unha cronoloxía dos escritos do autor estudiado e unha selecta bibliografía. Finalmente, critica a pouca atención prestada á obra literaria *Coloquio de 24 gallegos rústicos*.

- Xosé Ramón Pena, "O soño da Galicia ilustrada", *Guía dos libros novos*, nº 40, "Letras galegas", maio 2002, p. 15.

Ver Carballo Carballo, Francisco, *Martín Sarmiento* neste apartado do *Informe*.

Referencias varias:

-Serafín Alonso Pintos, “Sarmiento no día das Letras”, *Tempos Novos*, nº 60, “Entregas Culturais”, maio 2002, pp. 52-54.

Realiza un repaso polas distintas publicacións que se editaron en 2001 e 2002 para homenaxear ao Padre Sarmiento. Vainas enumerando por orde alfabética e achega de cada unha moi sucinta descrición, destacando a súa orixinalidade, no caso de habela. Así, entre outras obras, cita *Vida do Padre Sarmiento* (2001) de Carlos Casares, “prolixa en episodios curiosos” cun “marcado ton literario”, di; ou *Frei Martín Sarmiento e a cultura galega*, de Sonia Varela Pombo, de quen afirma que desbota “algúns lugares comúns máis estendidos sobre a personalidade do bieito”. Remata subliñando a importancia das actas do congreso co que no 97 o Consello da Cultura Galega celebrou os trescentos anos do nacemento do egrexio intelectual, así como expón a posibilidade de que esta institución teña proxectado publicar toda a obra de Sarmiento.

IV. 3. Publicacións en revistas

Alonso Montero, Xesús, "Un labrego na vida e na obra do filólogo Martín Sarmiento", *A Trabe de Ouro*, nº 50, Tomo II, "Crónica", abril-maio-xuño 2002, pp. 123/267-127/271.

Alonso Montero fala neste artigo do maxisterio exercido polo labrego Marcos da Portela sobre Martín Sarmiento, que o visitou nas súas tres viaxes a Galicia e que puxo na súa bocaas coplas do Coloquio. Á información lingüística que lle proporcionou, o autor engade unha posíbel concienciación acerca da realidade social galega, que aparece nas coplas a través de temas coma a sega de Castela. Alonso Montero remata propondo unha homenaxe a este labrego que considera "o primeiro [catedrático de galego] no tempo e, quizais, na gloria."

Alonso Montero, Xesús, “O nome e a obra do padre Sarmiento no franquismo”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363, “Estudios e investigacións sobre o P. Sarmiento”, 2002, pp. 9-24.

Achega á figura de Frei Martín Sarmiento e á súa obra, nun texto que se estructura en seis apartados: “Algunhas singularidades”, “A gran singularidade”, “Máis sobre esta singularidade: a carta, de 1758, sobre a educación de Alonsiño”, “Páxinas de Sarmiento sobre a defensa e ilustración da lingua galega”, “Estudio da vida e a edición das obras de Sarmiento nos anos do franquismo: outra singularidade” e “Final”. En primeiro lugar, Alonso Montero sinala que Sarmiento foi un erudito inédito, xa que en vida só publicou *Demostración crítico-apologética del theatro crítico universal*, 2 vol. (1732) e que non admitiu nin solicitou cargos de responsabilidade. Explica, cualificándoa de singularidade, a defensa e empeño de Sarmiento para que aos nenos se lles ensinase latín na súa lingua materna, é dicir en galego, e, como exemplo desta postura, transcribe parte dunha carta que Sarmiento enviou a un irmán seu e na que lle di que o seu sobriño debe aprender a ler e escribir en galego e, só despois, en castelán e latín. No quinto apartado do libro dá conta dos diferentes estudios que se fixeron deste personaxe e das edicións da súa obra; cita, ao respecto, os

traballos do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento publicados nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, os libros publicados polo exiliados galegos na Arxentina (*Memoria para la historia de la poesía y poetas españoles* (1942) e *Estudios sobre el origen y formación de la lengua gallega* (1943) e os libros publicados por autores de fóra de Galicia e que inclúen referencias a Sarmiento, entre os que destaca *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII* (1949), de Fernando Lázaro Carreter, e *Tres hombres y un problema: Feijoo, Sarmiento y Jovellanos* (1953), de Mª Angeles Galino. No apartado final critica o silenciamento que de Sarmiento se fixo, cando menos ata 1972.




Alonso Montero, Xesús, “Un labrego na vida e na obra do filólogo Martín Sarmiento”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363, “Alocucións académicas sobre o P. Sarmiento no Día das Letras Galegas”, pp. 203-206.

Explica que Frei Martín Sarmiento viviu no convento de San Martín (Madrid) e que, dende que marchou para alí, só visitou Galicia en tres ocasións: en 1725, 1745 e 1755. Sinala que nas tres viaxes se achegou a Monteporreiro para visitar ao tío Marcos da Portela; este personaxe era un labrego e vello amigo, sabio en cuestións lingüísticas, do que aprendeu moita lingua galega e cousas do país. O tío Marcos da Portela morreu un ano despois da última visita de Sarmiento e o seu nome aparece como heterónimo na obra do berciano; Alonso Montero indica, finalmente, que este personaxe puido ensinarlle, ademais de lingua, cuestións sociais que afectaban daquela a Galicia, pois algúns fragmentos da obra de Sarmiento poden lerse dende a perspectiva da denuncia social, por exemplo a denuncia do caciquismo ou o trato que os galegos recibían na sega.

Álvarez, Rosario e Xosé Luís **Rodríguez Montederramo**, “O Diálogo de Alberte e Bieito. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363, “Traballos de investigación sobre outros temas”, pp. 241-311.

Estudio da obra dramática *Diálogo de Alberte e Bieito* de frei Martín Sarmiento, que se estructura en nove apartados: “Noticia, contido e forma”, no que dan conta da súa aparición, do seu argumento e da súa descrición física; “Trazos de teatralidade”, onde expoñen os trazos do texto que permiten definilo como obra teatral; “O círculo de Gondomar”, no que demostran a filiación existente entre este escrito e o círculo que rodea ó Conde de Gondomar; “A recepción do Diálogo: a ocasión e o espacio”, onde explican que este texto puido lerse ou representarse nas festas locais de Pontevedra ou na corte literaria gondomariense; “Datación e localización”, onde sitúan a súa orixe en Pontevedra e a súa data de creación entre 1595 e 1596; “Contexto social e histórico”, onde indican que o texto de Sarmiento describe a miseria que padece o reino de Galicia nos tempos de Olivares, fai unha sátira dos diferentes sectores sociais e trata os abusos dos soldados, a regulamentación do comercio, os sectores marxinados e a inxustiza; “Características lingüísticas do texto: grafías, pronuncia, morfoloxía e sintaxe, léxico”, onde se fai unha

ampla descrición destas características; “Criterios da edición”, que inclúe os criterios editoriais, unha edición facsímile do texto e a edición dos autores e, finalmente, o “Glosario” de todas as palabras rexistradas no *Diálogo*. Ademais destes nove apartados, inclúense referencias bibliográficas e dous apéndices: “Contido de Ada Caixa 124/207” e a “Canción galega en loor de Don Diego das Mariñas Parragués”.




Axeitos, Xosé Luís, “El padre Sarmiento: la retórica soledad de un sabio”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas* , nº 664, abril 2002, pp. 11-13.

Achégase á figura do Padre Sarmiento para desvelarnos que nel se esconden dous personaxes distintos: un asesor político e un defensor da fala galega e do popular, actitude esta última pola que se homenaxea durante o 2002. Fai ademais un repaso exhaustivo da súa obra *El porque sí y porque no del Padre Fray Martín Martesino* (1758), demostrando así a razón pola que este erudito non daba as súas obras á imprenta. Ademais destácase desta obra a defensa que fai da súa persoa contestando a diversas “mentiras, necedades e imposturas” dirixíndose nela a dous tipos de interlocutores, aos impostores e aos amigos. Así mesmo faise referencia a distintos estudiosos interesados na figura de Sarmiento, de quen destaca que é un “espíritu de aparencia contradictoria”, que despois de dous séculos da súa morte segue sendo unha peza clave para ilustrar o espírito reivindicativo do primeiro provincialismo de Galicia.

Bande, Enrique, “Los viajes del padre Sarmiento por la provincia de Ourense”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 57, “Rutas”, xaneiro 2002, pp. 24-27.

Neste artigo escrito en español apúntanse algunhas das características das dúas viaxes de Frei Martín Sarmiento –a primeira no mes de decembro de 1745 e a segunda entre finais de outubro e comezos de novembro de 1755– que fixo pola provincia ourensá durante as súas viaxes a Galicia.

Bande Rodríguez, Enrique, “A provincia de Ourense nas viaxes do Padre Sarmiento”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, “Especial Letras Galegas”, 2002, pp. 80-87.

Tras unha breve introducción na que o autor loa a figura de Sarmiento como investigador infatigábel e defensor de todo o galego (idioma, toponimia, flora, fauna, etc.) explícanse as viaxes que Sarmiento realizou pola provincia de Ourense: a primeira entre os días 6 e 17 de decembro de 1745 e a segunda entre os días 22 de outubro de 1755 e o 7 de novembro dese mesmo ano. Neste artigo sinálase o percorrido desas viaxes e os lugares que viu o monxe, así como a descrición que das paisaxes e edificios fai Sarmiento (describe a igrexa de Santa Comba de San Torcuato, a de San Pedro de Rocas, os Fornos de Santa Mariña e o Castro de Armeá, etc.). Previo ao artigo ofrécense datos biobibliográficos do autor do mesmo.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “A imprecación contra a morte de Xosé Labrada. A primeira *laudatio* en honra do Padre Sarmiento”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363, “Estudios e investigacións sobre o P. Sarmiento”, 2002, pp. 25-43.

Estudio sobre a primeira *laudatio* en honra de Frei Martín Sarmiento, publicada en galego aos poucos meses do seu pasamento. O estudio divídese nos seguintes apartados: “O texto”, “O autor”, “Motivos”, “A expostulatio”, “Conclusión” e “Notas”. Explica que hai dúas edicións desta *laudatio* (unha editada en Santiago e outra en Madrid), entre as que hai poucas diferencias, e que foi escrita en latín e traducida polo seu autor ao grego. Dá conta dos poucos datos biográficos que hai do autor do texto, do que só se sabe que foi profesor de gramática, residente en Ferrol durante algún tempo e pai dun ilustrado galego que vendeu a súa biblioteca. En canto ás razóns polas que se escribiu este texto, desbota que fose por encargo e pensa que o autor a escribiu por admiración a Sarmiento; pensa, ademais, que o autor podería coñecer ao Cura de Fruime, Diego Antonio Cernadas de Castro, quen tamén escribiu unhas honras fúnebres a Sarmiento. Finalmente, explica cales son as características da *laudatio*, que é un xénero literario e oratorio sen antecedentes na prosa latina do século XVIII en Galicia, ademais de analizar os seus aspectos formais e de

contido, indica que é unha composición breve con tres partes: introducción, desenvolvemento e desenlace. Este estudio inclúe, asemade, unha copia das dúas edicións, a transcrición da primeira edición e un esquema das diferencias existentes entre ambas.




Barreiro Barreiro, Xosé Luís, "Martín Sarmiento e os problemas de Galiza", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, "Especial Letras Galegas", 2002, pp. 88-93.

Comézase facendo alusión ao motivo da celebración do Día das Letras Galegas, desde o ano 1963, e cítase unha nómina de autores aos que ese día lle foi dedicado. De seguido, no apartado "O acerto da proposta a prol de Sarmiento", ofrécense argumentos que Xosé Luís Barreiro considera oportunos para a conmemoración do Día das Letras Galegas 2002 en honra a Martín Sarmiento (1695-1772) sendo, os seus numerosos estudios e os diferentes campos estudiados; a súa ampla producción e a sorprendente cantidade de datos que sobre Galicia foi recollendo nas súas viaxes, algúns deles. A continuación analízase a figura de Sarmiento dentro do período da Ilustración e faise referencia ás súas circunstancias históricas en Madrid e á súa obra *Coplas de vintecatro galegos rústicos* da que se sinala a preparación dunha nova edición por Henrique Monteagudo despois de atopar na Biblioteca Nacional de Madrid o orixinal autógrafo desta única obra que Sarmiento escribiu e comentou en galego. Finalmente, coméntase a dimensión social do monxe bieito que amosa a súa preocupación pola realidade problemática de Galicia, realidade que era preciso transformar

por medio dunha reforma socioeconómica, política e educativa. Fálase da reforma agraria e a mellora da agricultura, do fomento da industria e do comercio, das vías de comunicación, da reforma administrativa e da reforma educativa. Previo ao artigo ofrécense datos biobibliográficos do autor do mesmo.




Carballo, Francisco, “Frei Martín Sarmiento. Bibliografía”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 127, marzo-abril 2002, pp. 53/201-57/205.

Ofrécese unha breve relación dos estudios, manuscritos e copias de Frei Martín Sarmiento, presentes na obra de Xosé Luís Pensado, Xosé F. Filgueira Valverde, Pilar Allegue e X. L. Barreiro. Deste xeito, reprodúcense as fontes das copias, dos textos publicados polo autor e as obras póstumas do Padre Sarmiento. A seguir, ofrece un listado de biografías e estudios sobre Sarmiento e a súa obra. Para rematar, reproduce un texto de Frei Martín, que resume o seu pensamento filosófico e pedagóxico e que data do 28 de xuño do ano 1758.

Costa Rico, Antón, “Frei Martín Sarmiento. Escritos de educación. Significado histórico-pedagóxico”, *Revista Galega do Ensino*, nº 35, “Colaboracións especiais. Letras galegas 2002”, maio 2002, pp. 41-68.

Detense en reflexionar na faceta de escritor de Pedagoxía de frei Martiño Sarmiento, describindo o corpus dos seus textos sobre a educación e debullando os argumentos e posicións pedagóxicas que defendeu. Antes destas cuestións párase a describir o sistema educativo do momento no contexto europeo e hispano. Conclúe sinalando que aínda que este personaxe non construíu unha nidia teleoloxía educativa, trazou un programa de posíbeis accións didácticas a ter en conta na Escola Primaria e no período que se correspondería cunha Educación Secundaria.

Costa Rico, Antón, “Os nenos son a ledicia das rúas’: xogos infantís e as tradicións populares ao servicio da educación en Fr. Martín Sarmiento”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, “Especial Letras Galegas”, 2002, pp. 94-99.

Analizando as obras de Sarmiento (1695-1772) Antón Costa Rico céntrase naquelas referidas á educación e a partir delas ensínanos a concepción que o monxe ten desta, como se educa na súa sociedade e cales son as súas propostas. En *Notas a la Copia del Privilegio de Ordoño II al monasterio de Santos y Reflexiones previas* (1752) , en *Obra de 660 pliegos* (1764), no seu *Tratado de la Educación de la juventud española* (1768), etc. critica o que considera unha metodoloxía e unha orientación cultural e educativa tradicionalistas, autoritaria, disciplinaria, etc.; defende unha metodoloxía racional de estudio; sinala que hai que aprender as cousas e os seus significados, estudiar de modo graduado; estudiar a lingua vulgar con extensión, usar unha didáctica conversacional, etc. Así mesmo, manifesta unha singular preocupación pola educación dos nenos e dos mozos galegos para os que reclama unha educación galeguizada en lingua e contidos e amósase partidario de integrar a educación física e o lecer no conxunto de accións tendentes ao desenvolvemento, dándolles ademais, unha positiva valencia ao partir de que nos xogos, nas coplas e nos

saberes de rúa están gardadas sementes de saberes cultos de todo punto de vista convenientes para unha racional educación. Previo ao artigo ofrécense datos biobibliográficos do autor do mesmo.




G.V.P., “Está demostrado que o uso do galego non supón unha perda económica do producto”, *Eco*, nº 133, “Sociedade”, xuño 2002, pp. 70-71.

Entrevista con Alfonso Zulueta, presidente do Consello da Cultura Galega, na que aborda cuestións como a continuidade dos proxectos desta institución, que debe dar resposta ás inquedanzas culturais da sociedade, tras o repentino falecemento do anterior presidente, Carlos Casares. Sinala que o seu labor á fronte do Consello supón un reto importante pola gran proxección que ten no país cada unha das actividades que se desenvolven e explica que o organismo está dividido en once seccións que contan con especialistas en temas como a lingua, o patrimonio histórico, o patrimonio natural, o dereito ou a tecnoloxía. Con respecto á figura homenaxeada no Día das Letras, Frei Martín Sarmiento, explica a existencia no Consello da Cultura do Proxecto Sarmiento, que pretende recuperar a obra deste acérrimo e audaz defensor do galego no século XVIII que tocou todos os temas a fondo e que o proxecto terá unha duración mínima de cinco anos. Opina tamén sobre a situación da lingua galega na actualidade e considera que cómpre loitar pola normalización en todos os eidos e que, segundo os estudios realizados polo Consello, a utilización do galego en ámbitos como o empresarial non supón ningún tipo de perda económica, polo que

cómpre mentalizar a sociedade sen enfrontarse a ninguén pero conquistando a xente. Con respecto á situación da cultura galega cualifica o momento actual como bastante aceptábel, aínda que son necesarios esforzos para que a sociedade acceda con maior facilidade á lectura e sinta inquedanza pola cultura propia.




Méndez Ferrín, X. L., "O Coloquio do Padre Sarmiento", *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363/*A Trabe de Ouro*, nº 50, Tomo II, "Alocucións académicas sobre o P. Sarmiento no Día das Letras Galegas"/"Crónica", pp. 233-236/pp. 135/279-139/283.

Méndez Ferrín comeza o seu estudio afirmando que o *Coloquio de los 24 gallegos rústicos* é a primeira pedra da nosa cultura literaria; de seguido rompe con dous dos tópicos que se lle atribúen a Sarmiento, por unha banda afirma que non é do Bierzo e, pola outra, defende a calidade literaria do *Coloquio de los 24 gallegos rústicos*. Fai, asemade, unha descrición deste poema e sinala que está composto por catro mil oitocentos versos hexasílabos, nos que alternan diferentes voces de estilo rústico, pueril e humilde para tratar diversos temas. En canto ao seu contido, afirma que pode intuírse unha simpatía de Sarmiento pola monarquía e que o texto ten matices burlescos e anticlericais. Sinala que foi unha obra lida polos nosos Precursores, que é a base do Rexurdimento e que establece un eixo tópico. Analiza, finalmente, o seu contido argumental.

Monteagudo, Henrique, “Tradición manuscrita e divulgación impresa do *Coloquio en coplas galegas*. Consideracións á luz do autógrafo orixinal”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363, “Estudios e investigacións sobre o P. Sarmiento”, 2002, pp. 95-122.

Aproximación á obra de Frei Martín Sarmiento *Coloquio de los 24 gallegos rústicos*, tamén coñecido como *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*. Segundo Henrique Monteagudo esta obra é destacábel, entre outras razóns, por ser unha das escasas tentativas de escrita en galego xurdidas no século XVIII e pola riqueza do caudal léxico que presenta. Sinala que Sarmiento elaborou, a partir do *Coloquio*, un *Glosario* que constitúe o primeiro estudio filolóxico da lingua galega e indica que, na actualidade, ambos textos están incompletos. Describe o conxunto de pezas textuais que integran esta obra e explica os razoamentos a partir dos cales se pode afirmar que o texto atopado na Biblioteca Nacional de Madrid é o orixinal, do que fai unha coidadosa descrición. Explica que a aparición do texto orixinal permite observar as correccións que Sarmiento fixo e, deste xeito, descubrir que nalgúns casos mudou palabras galegas por outras máis próximas ao castelán e noutros mudou palabras para introducir formas máis enxebres. Dá conta dos catro textos que conforman o conxunto da tradición manuscrita, descríbeos e explica cales foron os camiños que seguiron

tanto o orixinal, como as copias existentes. Fala, finalmente, das seis edicións impresas existentes desta obra, detallando as edicións completas e sinalando as fontes manuscritas das que bebe cada unha delas. O estudio inclúe, ademais, un gráfico do *stemma* da tradición manuscrita e impresa, fragmentos da cartas autógrafas de Sarmiento ao Duque de Medina (datadas en 1749 e 1760) e copias dalgunhas páxinas do manuscrito orixinal.




Monteagudo, Henrique, “Contribución para o inventario cronolóxico da obra filolóxica e lingüística de Martín Sarmiento”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, “Especial Letras Galegas”, nº 15, 2002, pp. 100-106.

Tentativa de inventario ordenado cronoloxicamente de escritos filolóxicos e lingüísticos de Martín Sarmiento feita por Henrique Monteagudo Romero desde o ano 1715 ata o ano 1770, que, en palabras do autor do artigo, é de grande interese para facerse unha idea de conxunto da producción do monxe nos diferentes eidos por el tratados. Neste inventario é visible a deriva de Sarmiento desde unha focalización máis filolóxica a unha máis lingüística (máis atenta coa lingua falada). Sinálanse como fontes principais para este inventario: *Chronología de los escritos* que encabeza a colección Medina-Sidonia; o *Catálogo de pliegos*, que escribiu o propio Padre Sarmiento a modo de compendio biobibliográfico, e o índice da propia Colección Medina-Sidonia. Así mesmo, ofrécense na bibliografía final as referencias dos escritos e das edicións máis importantes dos traballos filolóxicos e lingüísticos de Sarmiento e finalízase, agradecendo as facilidades ofrecidas polo Consello da Cultura Galega no marco do “Proxecto Sarmiento” para a consulta dos orixinais

empregados na realización do artigo. Previo ao artigo ofrécense datos biobibliográficos do autor do mesmo.




Portilla, Pedro de la, “Martín Sarmiento, monje benedictino. El hombre, el gallego, el sabio”, *Lvcensia*, nº 24, “Estudios”, 2002, pp. 27-38.

Escrito en castelán no que se nos aproxima á biografía e á personalidade do P. Martín Sarmiento, con base nos textos autobiográficos e obras eruditas que nos deixou o autor. Tras repasar os primeiros anos de vida de José Pedro García de Seraxe Balboa, que tal era o seu verdadeiro nome, o estudioso céntrase na etapa de ingreso na Orde Bieita, ofrecendo pormenores sobre a súa formación académica e relixiosa. Continúa comentando as relacións de Feijoo e Sarmiento, que se tiñan coñecido xa como mestre e alumno no Mosteiro do Lérez, para despois deixar constancia da imaxe que o propio monxe deseñou de si mesmo. Para concluír, resúmese a súa traxectoria vital e sublíñase o peso intelectual que tivo e aínda ten este monxe polígrafo.

Rabuñal, Henrique, “Martín Sarmiento descubridor e cronista da literatura galega”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, “Especial Letras Galegas”, 2002, pp. 72-75.

Ao longo de cinco apartados trátase de reivindicar a condición de Sarmiento (1695-1772) como descubridor e cronista da nosa literatura que no seu tempo estaba en radical decadencia, aínda que o mesmo bieito deixando inédita a práctica totalidade da súa obra non contribuíra a saír da mesma. Dáse conta de cómo Sarmiento descubriu en 1726, cando cataloga o arquivo e biblioteca catedralicia de Toledo, as *Cantigas de Santa Maria,* e cómo a partir de aí busca testemuños que consoliden a súa sospeita de que Galicia tivo no pasado unha próspera literatura. Sinálase que co acceso á Carta que o Marqués de Santillana redacta en 1441 ao Condestable de Portugal don Pedro, Sarmiento sabe que o códice toledano que consultara é tan só unha parte dun conxunto textual máis amplo e pluriautorial, e dise que nos anos 40 e 50 viaxa por Galicia e redacta catálogos, coleccións de voces e expresións galegas tomadas directamente da lingua oral galega, ou ben, da lingua escrita dos séculos XIII, XIV ou XV. Indícase que dos textos escritos literarios e non literarios que atopa intúe unha historia dos usos do noso idioma fatalmente cambiada e afírmase que

escudriña nas súas viaxes arquivos de diferentes lugares para investigar sobre os cambios nos usos do idioma. No comezo deste estudio ofrécense datos biobibliográficos do autor que o asina.





Rabuñal, Henrique, “Martín Sarmiento, disfrazado do poeta Marcos da Portela”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, “Especial Letras Galegas”, 2002, pp. 76-79.

Tras facer alusión a diferentes estudiosos que editaron a obra *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* do monxe Martín Sarmiento (Xoán Manuel Pintos, López Peláez, etc) infórmase neste artigo do contido e o valor da obra no contexto da cultura galega do XVIII e no ámbito específico da bibliografía sarmentiana. Dáse conta das características da obra (do número de coplas, de a quen están dedicadas, da lingua, de cómo é a rima, cómo é a grafía, etc.), do glosario que chega ata a copla 195, dos personaxes que aparecen, do argumento, etc. Sinálase que os diálogos entre os vinte adultos e catro rapaces, que converte en coplas o *poeta* Marcos da Portela, se establece no Morrazo e que o escenario clave para os asuntos das coplas é Madrid, onde traballan de criados os dous nenos, Perucho e Xepiño, e as dúas raparigas, Maruxa e Minguiña, que son os que contan os acontecementos da capital. Así mesmo, menciónase a obra editada en 1975 por Filgueira Valverde na que se ofrecen cento sete coplas como final ás de Sarmiento e das que os principais estudiosos da

obra sarmentiana cuestionaron a súa autoría. Como remate aparece a bibliografía empregada polo autor para o artigo.




Rodríguez Ennes, Luis, “Sarmiento e o dereito de propiedade”, *Revista Galega do Ensino*, nº 35, “Colaboracións especiais. Letras galegas 2002”, maio 2002, pp. 15-39.

Artigo que se detén en analizar que dentro dos mil setecentos folios manuscritos do padre Sarmiento podemos atopar diáfanas ideas sobre o dereito de propiedade do século XVIII. O articulista describe estas ideas precursoras de Sarmiento sobre a mesta, os foros, os morgados, a reforma tributaria ou a propiedade intelectual.

Santos Puerto, José, “Una Bio-Bibliografía actualizada de Martín Sarmiento: Catálogo de los pliegos (...) sobre diferentes asuntos”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 6, “Estudios”, 2002, pp. 69-95.

Recóllese neste artigo unha biobibliografía actualizada de Frei Martín Sarmiento, na que ademais do “Catálogo de los Pliegos”, que se reproduce, tamén se incorporan notas sobre as distintas edicións dos escritos sarmentianos e a localización daqueles outros que aínda non foron publicados. Rexístranse tamén os traballos elaborados sobre a vida e obra do monxe bieito. No final do artigo inclúense nun apéndice tanto os escritos coñecidos que non aparecen no “Catálogo de los Pliegos” como os escritos de Sarmiento que son posteriores a este, así como un abondoso repertorio de notas e referencias e mesmo un índice onomástico.

Tabuyo, Domingo M. “Sarmiento visto por Casares”, *Guía dos libros novos* , nº 40, “Letras galegas”, maio 2002, p. 13.

Céntrase na contribución de Carlos Casares ao estudio da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2002 con *A vida do Padre Sarmiento* (2001), destacando o tratamento “cunha especial tenrura, cun aquel de respecto e de admiración”. Sinala a análise humana de Sarmiento realizada por Casares, facendo fincapé nas súas inquedanzas e paradoxos, na súa evolución intelectual, na súa curiosidade, aspectos que converten a Pedro José García Balboa nun auténtico ilustrado. Con respecto á estructura do libro, comenta que está dividido en dezasete capítulos, que abranguen dende a súa etapa de “Neno en Pontevedra” ata “Os últimos anos”, pasando por epígrafes nos que se abordan temas como a defensa da aprendizaxe en galego, a aplicación dunha pedagoxía que permitise a asimilación de conceptos abstractos, a amizade que estableceu co Padre Feixoo. Cualifica o libro de áxil e ameno, e destaca o seu obxectivo de entreter o lector e espallar a figura deste galego universal que achegou os mellores estudios lingüísticos sobre o galego, anticipándose con moito aos primeiros estudios de lingüística románica.

Villar Ponte, Ramón, “Sarmiento, un precursor do galeguismo”, *A Xanela*, nº 13, “Festa das Letras”, primavera 2002, pp. 18-19.

Reprodúcese o texto “Sarmiento, un precursor do galeguismo” declamado por Ramón Villar Ponte en maio de 1953 na emisora de Londres da BBC. Nel Villar Ponte subliña a importancia de frei Martín Sarmiento como o mellor defensor do galego a finais do século XVIII e asemade apunta algunhas das características das obras máis salientábeis do padre Sarmiento. Remata indicando que Sarmiento é o faro aceso que nos sinala o vieiro que leva ao ideal degoirado.

IV. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Calvo, Tucho (coord.), “Alba de nós”, *La Voz de Galicia*, 9 maio 2002, pp. 36.

Suplemento especial aparecido no xornal *La Voz de Galicia* e dedicado á figura de Frei Martín Sarmiento con motivo da reivindicación da súa figura no Día da Letras Galegas. Consta de varios artigos nos que se sinala o pensamento do ilustrado en relación coa súa época, así como as súas preocupacións polas cuestións educativa, económica, idiomática, a súa maneira de achegarse á natureza e a súa relación coa igrexa. Así mesmo, atopamos a un defensor de Galicia e de todo o galego interesado pola botánica, que detecta problemas en diferentes campos, como son o da educación, a agricultura ou o do idioma, pero que tamén achega alternativas para dar solución a eses problemas dos que se fan eco as súas obras. Ademais da mención ao descubrimento de Galicia nas súas viaxes á terra natal, na banda superior de todas as páxinas deste suplemento reprodúcense os textos e imaxes do catálogo da exposición: “O século de Sarmiento. No III centenario do nacemento do escritor”

organizada en 1995 polo Consello da Cultura Galega, con textos de Xosé Filgueira Valverde e fotos de Xurxo Lobato. Así mesmo, na parte inferior das páxinas do suplemento coméntanse algunhas palabras recollidas e comentadas por Sarmiento na súa obra *Colección de voces y frases gallegas*. As páxinas centrais reproducen un mapa de Galicia no que se sinalan as rutas seguidas por Sarmiento nas súas viaxes coa descrición dos lugares aos que chegou e as datas. Damos conta de seguido daqueles artigos nos que se trata a literatura galega:




- Xosé R. Barreiro Fernández, “Un ilustrado ‘sui generis”, pp. 2-3.

Expóñense as razóns polas que o presidente da Real Academia Galega considera que Sarmiento era un ilustrado “sui generis”. As tarefas “raras” que realizou durante a súa estancia en Salamanca; a publicación en vida de só unha obra, posibelmente por ser consciente da fraxilidade e da precariedade da súa preparación nalgúns campos nos que a publicación dos seus estudios provocaría a crítica dos seus inimigos; o amor e paixón por Galicia e a súa historia, xeografía, idioma, flora, fauna, etc.; a defensa de Galicia e do galego e a perda de espírito crítico no tocante á nosa terra, etc., son algunhas desas razóns.

- X. L. Axeitos, “Nos horizontes da cultura galega”, pp. 4-6.




Infórmasenos de como foi aparecendo publicada a obra de Sarmiento en vida e, principalmente, despois da súa morte. Alúdese ademais a cómo o monxe tentou xustificar nalgunha das súas obras a súa grafomanía, así como a súa negativa a dar ao prelo os seus escritos. Así mesmo, menciónase a tendencia na época á transmisión manuscrita causante de problemas textuais nas súas obras, algúns dos cales foron corrixidos polo labor filolóxico de Pensado, e a aparición dos autógrafos dos que dá conta Henrique Monteagudo. De seguido, céntrase este estudio nos temas tratados por Frei Martín Sarmiento que provocaron maior atención en Galicia: os temas lingüísticos e os relacionados coa historia natural e faise un repaso aos diferentes personaxes que se preocuparon pola obra do monxe bieito e reivindicaron a súa figura e obra. Destácanse no século XVIII a Antonio Valladares y Sotomayor; aos irmáns Rodríguez Seoane, a Fernández Anciles, a Gregorio Vicente Aspa e a José López de la Vega, participantes do xornal pontevedrés *El País*; as reedicións das coplas de Pintos ou de Antolín López Peláez; a revista *Galicia. Revista Universal de este Reino*; a Murguía e o seu labor en *La Ilustración Gallega y Asturiana*; a

Agustín López Peláez, a quen lle debemos a primeira biografía de importancia do monxe ou a Lago González; ao Seminario de Estudos Galegos; ao exilio coa editorial Nova fundada por Seoane; etc.




- Henrique Monteagudo, “Nobreza e antigüidade”, pp. 8-9.

Expóñense as ideas de Sarmiento sobre o galego enmarcadas no pensamento lingüístico ilustrado. Ao longo de tres apartados titulados: “Primeira etapa (ata 1745): luz sobre a literatura galega medieval”; “Segunda etapa (1745-55): luz sobre o galego falado” e “ Terceira etapa (1755-72): luces para o porvir”, Henrique Monteagudo dá conta de cómo as súas preocupacións cara á lingua teñen que ver primeiramente coas súas tarefas de arquiveiro e filólogo en senso clásico e cómo vai descubrindo a literatura galega medieval e tentando descubrir o seu enigma a partir da descuberta do Códice das *Cantigas de Santa María* de Afonso X , dunha *Crónica* de fins do século XIII, así como da Carta-Prohemio do Marqués de Santillana de mediados do século XV. Así mesmo, indícasenos cómo obtivo unha visión de conxunto do idioma galego na súa diversidade xeográfica a raíz das súas viaxes a Galicia. Igualmente menciónanse os traballos nos que se recolle o groso da súa

inxente contribución á lingüística galega como é o das obras *Coloquio en 1200 coplas galegas* (1746-47) ou *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces y frases de la lengua gallega*. Finalmente, indícase cómo nunha terceira parte Sarmiento mostra nas súas obras preocupacións pedagóxicas e intencións reivindicativas das que son mostras obras como *Discurso apologético por el Arte de rastrear las mas oportunas Etimologías de las Voces Vulgares* (1770) ou o *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1758).




- Camilo Fernández Valdehorras, “Xurde a literatura vernácula”, pp. 13-15.

Despois de sinalar o grande que é a obra de Frei Martín Sarmiento danse as claves para o estudio de *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* e os argumentos polos que Camilo Fernández Valdehorras considera que esta obra é unha peza dramática, alicerce da literatura galega dentro e fóra do seu tempo de emisión. Sinálase a importancia da páxina que precede á enumeración dos “Dramatis personae” da obra, que vai no comezo das coplas, e afírmase que nela atopamos detalles precisos para o encadre do texto como obra literaria de ficción, para a fixación do contexto autobiográfico de emisión do texto e para a postulación como peza dramático-escénica conforme ás esixencias da poética

neoaristotélica. Así mesmo, desenvólvense catro razóns polas que ao xuízo do autor esta obra é alicerce na dramaturxia galega. Analízase unha dimensión epistémica, unha dimensión histórica, unha dimensión lingüístico-filolóxica e unha dimensión estético-retórica. De seguido, ofrécense datos sobre a xénese da obra e sinálanse as edicións máis importantes, así como a recepción da obra nos século XVIII, XIX e XX.




- Xesús Alonso Montero, “Ante os eruditos franquistas”, p. 22.

Sinálase a Pedro Xosé García Balboa (1695-1772), Frei Martín Sarmiento, como unha víctima máis dos silencios ou das reservas que, como quen non quere a cousa, foi perpetrando a erudición franquista, polo menos ata o ano 1972. Alonso Montero destaca a dimensión sarmentiana de estudioso e reivindicador da lingua galega, en obras como *Vida y viajes literarios* nas que o monxe bieito se ten pronunciado no tocante a esta cuestión, e afirma que foi a menos grata para o pensamento oficialista español desde 1936. Así, dá mostras do dito, comparando a reedición anotada e realizada polo galeguista Luís Viñas Cortegoso no ano 1952 na Editorial Monterrey de *Vida y viajes literarios* e a realizada polo director do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos, *Viaje a Galicia (1754-1755)*,

Sánchez Cantón, dous anos antes, na que ningún parágrafo se dedica á defensa e a ilustración da lingua galega. Contrastando con este desinterese por parte do Instituto Padre Sarmiento, indica que os homes do Seminario de Estudios Galegos se propuñan reeditar en 1995 o *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Ademais menciona outras obras que tratan sobre este autor e que foron feitas por persoas do exilio.




- Francisco Fernández del Riego, “O que se ten dito do polígrafo”, p. 23.

Fálase da opinión que mereceu para distintos estudiosos a figura do Padre Sarmiento. Ofrécese a opinión que teñen sobre o bieito e a súa obra autores como López Peláez, biógrafo de Sarmiento que describe a súa cela de San Martín; o coetáneo do monxe, Terreros, quen se aproveitou de traballos sarmentianos; ou o francés Jussieu; xa no século XIX alude á visión de Vesteiro Torres, quen lembrou con aquecemento as virtudes que singularizaban a Frei Martín; de Azorín; de Josep M. Piel, quen falando do *Onomástico* considerou que é un léxico etimolóxico razoado e unha auténtica defensa e ilustración do idioma galego; de Ángel del Río; de Lázaro Carreter; de Rodrigues Lapa; de Filgueira

Valverde; do profesor Tomé, autor de boas edicións críticas da obra sarmentiana, e finalmente, de Xosé Luís Pensado.




- Xosé Carlos Valle Pérez, “Sarmiento en Pontevedra”, p. 31.

Destácase Pontevedra como cidade na que dispares iniciativas individuais e sociais para a promoción da figura de Sarmiento se realizaron e infórmase da importancia que este autor tivo na *Sociedad Arqueológica* de Pontevedra creada en 1894 e posteriormente, e ata a actualidade, no Museo de Pontevedra. Indícase que neste museo existen tres apartados relacionados con Martín Sarmiento e dáse conta do contido, con material do museo e con material foráneo a este, da exposición que se vai levar a cabo no mesmo. O primeiro dos tres apartados relacionados con Sarmiento no Museo de Pontevedra, sinala o autor do artigo, está formado polos retratos e recordos familiares e persoais do monxe (sinálase entre os máis representativos unha mesa de traballo de Sarmiento ou o escudo de armas familiar); o segundo, correspóndese coas cartas autógrafas e manuscritos das obras (destácase a misiva que lle dirixe ao Concello de Pontevedra en relación coa concesión á Vila do título de Cidade e a Capitalidade dunha Provincia e os tres tomos doados en 1961

por José Fernández López, a colección das súas obras reunida entre 1772 e 1778 polo XIV Duque de medina Sidonia); e o terceiro, correspóndese coas obras impresas de Sarmiento e cos estudios sobre a súa asombrosa producción científica.




- X. L. Axeitos, “Biobibliografía Sarmiento: 1695-1722”, pp. 33-35.

Xosé Luís Axeitos divide a vida de Sarmiento en diferentes períodos cronolóxicos e sinala os aspectos máis destacados da vida e obra deste autor do XVIII. O primeiro período cronolóxico na proposta biobibliografía de Axeitos é a data de nacemento do frade bieito: 1695. De seguido aparece a “Etapa pontevedresa: 1695-1710” e o “Ingreso na orde benedictina: 1710-1711”. Ás denominadas nesta biobibliografía etapas leonesa (1714-1717) e asturiana (1720-1725), séguelle a “Estancia madrileña enmarcada nas dúas viaxes a Galicia 1725-1745” e de seguido, a “Segunda viaxe a Galicia 1745-1746”. Logo do dito, Xosé Luís Axeitos titula un epígrafe como “Madrid de novo 1747-1754” e os dous seguintes como “Terceira viaxe a Galicia 1754-1755” e “Madrid e fin da viaxe 1755-1772”. O último epígrafe denomínao Axeitos como “Morte e enterramento de P. Sarmiento 1772”.

Feixoo, Xosé, “Ilustrado frei Martín”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”, nº 2/“Cultura”, 16 maio 2002/19 maio 2002, pp. 46-47/p. 54.

Retrospectiva na que de maneira introductoria se fai referencia ao século XVIII, coñecido coma o século das luces polo labor levado a cabo por Locke, Montesquieu, Diderot.... Sen embargo, en España foi menos importante, e todo o que houbo debeuse ao labor dun galego, o Padre Feixoo. Recálcase ademais que Galicia era a periferia aínda de España, e a pesares da labor do Padre Feixoo, non recibiu a influencia da Ilustración en toda a súa medida. Cómpre destacar que ademais de Feixoo, Frei Martín Sarmiento foi o prototipo do saber enciclopédico e gran defensor das ciencias, o verdadeiro punto de referencia da nosa Ilustración. Indica que defendeu que se publicasen os poetas clásicos, a creación do Real Xardín Botánico, creación de bibliotecas públicas... As súas ideas avanzadas pódense resumir en trazos tales como: as mulleres deben aprender tódalas profesións, oposición á festa dos touros e postura contraria á pena de morte. En definitiva, cre que somos herdeiros de Sarmiento e continuadores de ideas e proxectos aínda inconclusos.

Fernández Teijeiro, J. J., "De médicos y medicinas: Fray Martín Sarmiento", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 22 setembro, p. 4.

Salienta a gran capacidade intelectual do padre Sarmiento. Defíneo coma un home adiantado ao seu tempo que era consciente da pobreza das teorías médicas no seu tempo. Di que Feixoo era censor da medicina rutineira daqueles anos, pero que distinguía entre os bos e os malos médicos, sen embargo comenta que Sarmiento os trataba a todos con igual desdén.

López, A. R. e Soedade **Noia**, “Cinco ensaios sobre Sarmiento”, *O Correo Galego*,“*Revista das Letras*”, nº 418, 16 maio 2002, 36 pp.

Número especial da *Revista das Letras* dedicado integramente a frei Martín Sarmiento (1695-1772), berciano ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2002. Esta revista inclúe unha cronoloxía cos feitos máis salientábeis da súa biografía; un apartado de citas de Sarmiento extraídas, maioritariamente, de *O padre Sarmiento* (Espiral Maior, 2002), de Henrique Rabuñal; as estrofas iniciais de *Coloquio de vintecatro rústicos* e tres anacos de cartas que Sarmiento enviou ao seu irmán sobre a educación do seu sobriño (datada en 1758), ao duque de Medina Sidonia sobre o deleite de contemplar a natureza (datada en 1754) e ao padre Rábago, acompañando o envío da colección de palabras, voces e frases galegas. Este caderno inclúe, asemade, cinco ensaios sobre a vida e obra do berciano da man de Henrique Monteagudo con “Martín Sarmiento na biblioteca universitaria de Compostela: textos e notas para a súa xenealoxía”; Antón Santamarina con “Sarmiento e a lexicografía galega”; Pilar Allegue con “Presencias de Locke, Voltaire, Beccaría, Montesquieu e Rousseau en Sarmiento”, no que se refire a cuestións de dereito e filosofía; María A. Lires con “O lugar de Sarmiento na ciencia europea da Ilustración”; e Antón Costa

con “Sarmiento: un educador para o pobo”. Damos conta de seguido do artigo no que se trata a literatura galega:




- Henrique Monteagudo, “Martín Sarmiento na biblioteca universitaria de Compostela: textos e notas para a súa xenealoxía”, pp. 16-20.

Lembra o proxecto do Consello da Cultura Galega para editar a obra completa de Sarmiento e sinala que, con este fin, se está a realizar unha “Guía de fondos manuscritos”. Explica que na Biblioteca Nacional de Madrid se atoparon os manuscritos de *Coloquio en coplas galegas* e que na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago hai manuscritos de Sarmiento moi importantes, entre os que salienta o conxunto de papeis reunidos no cartafol coa signatura M.599/4. Indica que os documentos deste cartafol pertencían a Francisco de Paula (neto dunha irmá de Sarmiento que quixo redactar unha biografía do seu tío avó) e que inclúe autógrafos de Sarmiento sobre a súa xenealoxía redactados arredor de 1756 (cando acababa de ser presentado para a abadía de Ripoll polo propio Rei), notas biográficas e rascuños xenealóxicos, probabelmente da man de Francisco de Paula, e tres cartas dirixidas a este por Pedro de la Riega. Entre os novos datos xenealóxicos descubertos destaca a

posible tradición da familia materna pola carreira eclesiástica e a conexión da familia de Sarmiento coas terras do Bierzo. Presenta, finalmente, un texto de Sarmiento, tres extractos de cartas de Pedro de la Riega ao seu curmán Francisco de Paula e catro fotografías dos documentos aparecidos no cartafol arriba mencionado.




Navaza, Gonzalo, “Sarmiento e a toponimia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, “Letras galegas 2002”, 16 maio 2002, p. 48.

Destaca a figura do Padre Sarmiento, non só en España, senón en toda Europa. Di que foi un dos homes ilustrados do seu tempo. Resalta que entre os seus múltiples estudios , abordou a disciplina da onomástica. Comenta que Sarmiento consideraba os topónimos como un patrimonio cultural e por iso analizou detalladamente a evolución das formas latinas.

Picallo Fuentes, Heitor, “Ilustración e aristocracia: ¿loita ou amizade?”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 130, 20 maio 2002, p. 1/8.

Resalta o papel de galeguista que Frei Sarmiento tivo durante a época da Ilustración. Unido a este papel destaca tamén o “modernismo” na súa figura. Mostra a Sarmiento como un home avanzado ao seu tempo con moitas inquietudes, un home fidalgo que era “sabedor dos seus emblemas aínda que non lle causaba simpatía facer uso deles”.

Pousada, Pilar, Marta **Rodríguez** e Natalia **Sequeiro**, “Letras Galegas. Maio”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 maio 2002, pp. 1-31.

Suplemento no que as autoras despois de describir cómo xurdiu a celebración do Día das Letras Galegas dende que Francisco Fernández del Riego a impulsou en 1963, fan un percorrido polos homenaxeados. Así comezan por Rosalía de Castro salientando que *Cantares Gallegos* (17 maio 1863) foi o “primeiro libro de poemas escrito integramente en galego”, e a seguir dan datos biobibliográficos da autora. Este esquema repítese ao falar dos homenaxeados posteriores: Alfonso Daniel R. Castelao (1964), Eduardo Pondal (1965), Francisco Añón (1966), Manuel Curros Enríquez (1967), Florentino López Cuevillas (1968), Antonio Noriega Varela (1969), Marcial Valladares (1970), Gonzalo López Abente (1971), Valentín Lamas Carvajal (1972), Manuel Lago González (1973), Xohán Vicente Viqueira (1974), Xoán Manuel Pintos (1975), Ramón Cabanillas (1976), Antón Vilar Ponte (1977), Antonio López Ferreiro (1978), Manuel Antonio (1979), Alfonso X O Sabio (1980), Vicente Risco (1981), Luís Amado Carballo (1982), Manuel Leiras Pulpeiro (1983), Armando Cotarelo Valledor (1984), Antón Losada Diéguez (1985), Aquilino Iglesia Alvariño (1986), Francisca Herrera Garrido (1987), R. Otero Pedrayo (1988), Celso Emilio Ferreiro (1989),

Luís Pimentel (1990), Álvaro Cunqueiro (1991), Fermín Bouza-Brey (1992), Eduardo Blanco Amor (1993), Luís Seoane (1994), Rafael Dieste (1995), Xesús Ferro Couselo (1996), Ánxel Fole (1997), Trobadores medievais (1998), Roberto Blanco Torres (1999), Manuel Murguía (2000), Eladio Rodríguez (2001) e Frei Martín Sarmiento (2002).




Quintáns S., M., “Unha dobre homenaxe”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 118, 27 febreiro 2002, p. 4.

Fálase da celebración do Día das Letras Galegas, que no 2002 se dedica a Frei Martín Sarmiento, pero M. Quintáns tamén recorda o recente falecemento de J. L. Pensado, quen dedicou moita da súa vida investigadora á figura do antedito bieito. A edición de Pensado da obra *Viaxe a Galicia* de Sarmiento constitúe, pois, unha dobre homenaxe. O corpo central do artigo dedícao o xornalista a recordar os obxectivos e motivos fundamentais que propiciaron a viaxe de Sarmiento a Galicia con tan avanzada idade (preto de 50 anos).

Quintáns S., M., “Frai Martín Sarmiento e ‘O Meco”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 119, 4 marzo 2002, p. 4.

Di que na edición facsimilar sobre o libro do Padre Sarmiento *Meco-Moro-Agudo* (2001), que vén de presentar Clodio González Pérez, se explican e aclaran as teorías sobre a existencia dun personaxe histórico chamado “O Meco”. Comenta que Sarmiento poñía en dúbida que tal personaxe fose “un Estudianton, que era natural del lugar de Meco” que conseguiu ser crego do Grove, e por abusar das mulleres, foi aforcado nunha figueira.

Quintáns S., M., “Sarmiento cara ó futuro”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas*”, nº 133, 10 xuño 2002, p. 4.

Destaca o traballo que Mercedes Queixas Zas fixo sobre Frei Martín Sarmiento, que leva por título o nome do bieito e que foi publicado en 2001 por Laiovento. Di que se trata dun traballo feito a modo de ensaio sobre a figura de Sarmiento, a súa obra e o papel desempeñado nos ilustrados do seu tempo. Un traballo que considera feito con todo rigor e estructurado en sete capítulos, dos que ofrece os títulos.





VV. AA., “Día das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, 17 maio 2002, pp. 38-51.

Suplemento editado por este xornal con motivo da celebración do Día das Letras Galegas no que se homenaxeou a Frei Martín Sarmiento. Describimos de seguido os artigos asinados que nel se inclúen:

- Manuel Vidal Villaverde, “A flor da carqueixa”, p. 38.

Fala do padre Sarmiento co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e reproduce o diálogo deste cura antiborbón con Góngora sobre as “Soledades”. O recensionista remata este artigo pedindo que se lle dedique o Día das Letras Galegas de 2003 a Avilés de Taramancos.

- Francisco Castro, “Un intelectual de noso”, p. 38.

Céntrase en describir a participación de Sarmiento no debate filosófico que procuraba a resposta á pregunta de se se lle pode indicar á persoa o camiño para ser feliz. Sinala que

Sarmiento defendeu neste debate, no que tamén estiveron Kant e Locke, a idea do optimismo, segundo a cal gracias á escola as persoas serían máis boas.




-Pilar Allegue Aguete, “O empirismo educativo dun home ilustrado”, *Atlántico Diario*, “Día das Letras Galegas: Frei Martín Sarmiento”, p. 42.

Afróntase neste artigo a figura do padre Sarmiento dende a súa perspectiva de home ilustrado. Coméntase o seu autodidactismo, a súa confianza na natureza, o seu pacifismo así como as súas críticas institucionais.

- Ramón Rodríguez Otero, “O monxe bieito”, p. 46.

Detense en comentar o importante rol que desenvolveron as ordes benedictinas en Galicia, dende que se asentaron no século X, como revulsivo para Galicia co seu lema “ora et labora”, e asemade alúdese ao labor que como botánico desenvolveu o padre Sarmiento.

- Xoán Tallón, “Sarmiento defendeu os valores de Galicia”, p. 47.

Conversa con Xosé R. Barreiro, presidente da RAG, na que analiza a transcendencia da celebración do Día das Letras Galegas e na que apunta a posibilidade de que esta celebración deixe de ser día festivo.

- M. Valcárcel e A. Monxardín, “Os personaxes do Día das Letras Galegas (1963-2002)”, pp. 50-51.




Repásase brevemente a vida e a obra –acompañado dunha fotografía ou retrato– dos máis de corenta nomes aos que se lles dedicou o Día das Letras Galegas dende a súa primeira edición, en 1963 e dedicada a Rosalía, ata o ano pasado, 2001, que se lle dedicou ao ourensán Eladio Rodríguez.

VV. AA., “Frei Martín Sarmiento. Día das Letras Galegas”, *Diario de Ferrol/Diario de Arousa/El Ideal Gallego,* 17 maio 2002, pp. 1-24.

Suplemento que apareceu no *Diario de Ferrol,* no *Diario de Arousa* e en *El Ideal Gallego* co gallo da Letras Galegas e en homenaxe a Frei Martín Sarmiento. Nel dáse cabida aos estudios, entrevistas e escritos varios que tratan a figura de Frei Martín Sarmiento.Estes céntranse na súa vida e os seus estudios tanto sobre a toponimia, a xeografía, a pedagoxía, a historia natural, a botánica, a etnografía ou a lingüística, entre outros, salientando que foi o primeiro estudioso e documentalista da lingua galega. Infórmase tamén da tarefa emprendida polo Consello da Cultura Galega para recuperar a obra completa de Frei Martín Sarmiento a través do proxecto “Martín Sarmiento. Obras Completas”, que levarán a cabo un amplo grupo de especialistas nas distintas áreas do saber que abordou o citado ilustrado. Dise que o traballo comprende a recollida de textos e a súa catalogación, para unha posterior dixitalización, transcrición e estudio das máis de 20.000 páxinas que o Padre Sarmiento deixou escritas. Do mesmo xeito, dáse conta dalgúns títulos xa publicados con motivo desta homenaxe. De seguido damos conta daqueles artigos que aparecen asinados:

- Guillermo Llorca, “unha viaxe polo patrimonio ferrolán” p. 4.

Este artigo céntrase na descrición das dúas viaxes que Sarmiento realizou por terras ferrolás a mediados do século XVIII. Saliéntase que foi un dos primeiros en describir o panorama arquitectónico e monumental da comarca de Ferrol, facendo fincapé na influencia que estas impresións tiveron en viaxeiros e escritores posteriores.

- Armando Requeixo, “Prosista en galego”, p. 6.

Tras destacar os diferentes campos de estudio aos que se dedicou Frei Martín Sarmiento, Armando Requeixo valora especialmente os escritos en prosa en lingua galega que elaborou no século XVIII, por constituíren unha das contadas mostras que se conservan da prosa galega de todos os Séculos Escuros. Nesta liña salienta o libro *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* (1769), no que ademais se reflicte a teima que o investigador tiña sobre a conveniencia de ensinar aos nenos galegos na súa propia lingua.

- Antonio Souto, “Sarmiento era unha especie de enciclopedia”, p. 8-9.

Entrevista ao catedrático de Filosofía Xosé Luís Barreiro, quen valora os estudios e monografías que se están a realizar sobre o Padre Sarmiento e considera que se debería transcribir e editar as corenta mil páxinas que se conservan da súa obra, xa que sendo un home coñecido no seu tempo silenciáronse moitos dos seus escritos. Defíneo como un ilustrado moderado que sabía e escribía de todo, e sobre a súa dimensión filosófica, Barreiro prefire definilo como pensador que rexeitaba os sistemas.

- Ramón Mariño Paz, “Poeta e lector de poetas”, p. 10.

O profesor Mariño Paz céntrase na faceta poética do Padre Sarmiento. Analiza as influencias que exerceron os críticos da época sobre Frei Martín Sarmiento para que este dubidase nun principio sobre a seriedade da poesía fronte aos estudios históricos, botánicos ou lingüísticos. Sen embargo, -engade Mariño Paz-este xénero foi reconsiderado polo propio Sarmiento, como se demostra no libro *Memorias para la Poesía y poetas españoles.*

- Xavier Castro, “Un bieito egrexio” p. 14-15.

> Resáltase de Sarmiento toda unha vida dedicada á reflexión das distintas disciplinas do saber e tamén a minuciosidade que aplicou sempre ao seu traballo.Destácase asemade que tiña en conta as fontes orais e os libros dos grandes centros de documentación que había nos Mosteiros, salientando que os máis de oito mil volumes da súa biblioteca persoal constituíron as fontes onde bebía a cotío o escritor ilustrado. Das súas numerosas loitas que levou a cabo destácase a da necesidade de reformar o sistema escolar, profesionalizando aos mestres e impartindo clases en galego.

- Teresa Monteagudo, “A pegada do erudito ilustrado”, p. 16-17.

Faise un percorrido pola biografía do padre benedictino, facendo fincapé nos lugares onde foron tendo lugar as súas aprendizaxes e nos encargos literarios que tivo ao longo da súa vida por parte de diversas personalidades, como as do Padre Feixoo ou as de Felipe V. Tamén se repara nas súas viaxes a Galicia e nas inquedanzas que amosou sobre a lingua galega, as tradicións populares e sobre a historia natural , sobre todo en botánica.

- Belén López, “Unha mirada sobre o lingüista”, p. 18.

De todas as facetas de Frei Martín Sarmiento escóllese neste artigo a de lingüista, falando dos estudios que o profesor José Luís Pensado realizou sobre a obra lingüística de Sarmiento. Pensado destaca a minuciosidade como ingrediente principal de todos os seus traballos e a inquietude intelectual e a memoria que posuía o homenaxeado.

- Mercedes Queixas, “(A intra)historia da lingua galega, p. 20.

Tras falar do nacemento e desenvolvemento da lingua galega a articulista céntrase na achega precursora de Sarmiento no estudio do idioma. Explica a través dos escritos do autor homenaxeado os inicios do problema lingüístico do galego: unha política fortemente centralizadora e uniforme que está asentada principalmente en tres piares, na Administración, na Igrexa e no Ensino.

- Xulio Valcárcel, “Defensor do galego”, p. 22.

Neste artigo, Xulio Valcárcel loa a defensa do idioma galego que o Padre Sarmiento levou a cabo no século XVIII, defendendo a dignidade desta lingua e a necesidade do seu estudio polos rapaces, polos mestres e por todos aqueles funcionarios e autoridades que tiveran destino en Galicia. Como exemplificación de tal preocupación, Valcárcel lembra que, con só dezanove anos, Frei Martín Sarmiento elabora un diccionario coas correspondencias en galego, latín e castelán e destaca a influencia que esta e outras obras do freire benedictino tiveron nas obras lexicográficas posteriores.

- Gonzalo Bouza Brey, “Polo mar de Arousa”, p. 23.




Bouza Brey describe o recorrido que fixo Sarmiento no Ano Santo de 1745, en peregrinaxe dende Pontevedra ata Santiago. Destaca as descricións que o Padre foi facendo de toda a paisaxe galega do que actualmente se coñece como a Ruta Fluvial Xacobea, investigando a flora e a fauna e recollendo todo tipo de cunchas de moluscos.

VV. AA. “Frei Martín Sarmiento”, *Diario de Pontevedra,* “Diario das Letras”, 17 maio 2002, pp. 1-16.

Suplemento dedicado a Frei Martín Sarmiento con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, no que alén dunha axenda cos actos culturais que se celebran na cidade con motivo deste día, se nos ofrece ao longo das súas páxinas unha cronobiografía do frade, así como unha relación da súa obra publicada, tanto en vida como despois do seu pasamento, e reprodúcense algunhas das coplas do *Coloquio de 24 galegos rústicos*. Na contraportada reprodúcese así mesmo a traducción que os editores da obra *De Rosalía a Sarmiento*, editada pola Xunta de Galicia, fixeron dun extracto dun dos textos nos que reflexiona sobre a lingua galega. O suplemento conta tamén con numerosos artigos centrados en diversos aspectos, que se describen de seguido:

- Belén López, “Porque nunca fomos como os anxos”, pp. 2-3.

Destácase a figura de José Luís Pensado como o maior especialista na obra lingüística de Sarmiento, comentando a súa obra ao respecto, e indícase que foi por medio deste polo que

Pilar Allegue se comezou a interesar polo frade bieito. Sinálase que Pilar Allegue é unha das maiores especialistas na vida e na obra de Martín Sarmiento e menciónanse as súas numerosas obras e conferencias sobre o ilustrado. Así, da man desta estudiosa faise un percorrido pola obra de Sarmiento arredor da lingua. Saliéntase que o máis interesante da actividade lingüística de Sarmiento é o marco da súa investigación: a reivindicación da lingua galega. Resáltase o empirismo do frade e a importancia que lle daba á educación, considerando que a lingua era un instrumento fundamental desta, de aí a súa reivindicación de que o ensino se realizase na lingua materna dos rapaces. Sublíñase a súa identificación co pobo e co popular, e caracterízase a Sarmiento como un dos máis importantes lingüistas do seu tempo. A seguir o artigo céntrase nos onomásticos, considerada a obra lingüística cume de Sarmiento, e resalta as diferencias entre un onomástico e un vocabulario. Finaliza sinalando a opinión de Allegue de que o traballo lingüístico de Sarmiento estaba encamiñado, igual que o científico, a conseguir a felicidade da humanidade.




- AGN, “Non publicou e pagou un tributo de silencio”, p. 4.

Entrevista co catedrático de Filosofía Xosé Luís Barreiro Barreiro arredor da figura de Sarmiento. Destácase entre outras cousas o importante e coñecido que era na Corte, e que o feito de que non publicase a súa obra fixo que quedase silenciado. Abórdanse tamén outras cuestións como a súa dimensión filosófica e científica ou a súa visión de Galicia.

- E. P., “Un monxe galego nacido no Bierzo”, p. 5.

Infórmase dos numerosos actos que en torno á figura do Padre Sarmiento está previsto que se celebren en Vilafranca do Bierzo, organizados por parte de diversos colectivos e asociación culturais co apoio do concello. Apúntase que tamén a Real Academia Galega e o Consello da Cultura realizarán actos institucionais nesta vila, da que se destaca o seu sentimento galego e o feito de que en tres escolas da comarca se impartan clases de galego.

- Belén López, “A hora do monxe”, p. 6.

Dáse conta da inauguración dunha exposición no Museo de Pontevedra para homenaxear a Martín Sarmiento, salientando que este museo ten a maior colección de manuscritos e materiais sobre Sarmiento que hai en Galicia. Infórmase tamén da celebración dunha homenaxe ao frade no Café Moderno, organizada polo Partido Popular.

- Benito Fontán Rivas, “Do Padre Sarmiento a Rosalía de Castro”, p. 8.

Faise un percorrido por diversos traballos xenealóxicos centrados nos devanceiros do padre Sarmiento e Rosalía de Castro, apuntando a posibilidade de que ambos procedesen da liña dos Gosende de Cercedo, sendo así parentes sanguíneos.

- Belén López, “Clases do século XXI na honra dun ilustrado”, pp. 10-11.

Saliéntase que Pontevedra é a única cidade que conta cun Instituto de Educación Secundaria co nome de Frei Martín Sarmiento. Indícase a oferta formativa coa que conta o centro e cal é a súa historia. Por último dáse conta das actividades realizadas este ano con motivo do Día das Letras Galegas.

- Carlos Solla Varela, “Tralos pasos do frade”, p. 12.

Dáse conta da inauguración do roteiro Sarmiento en Cerdedo, descríbese por onde transcorre este e a relación deses lugares co frade ilustrado.

- Juan Laka, “Las jornadas en Poio”, p. 13

Ofrécense algúns datos biográficos de Sarmiento, salientando as súas visitas ao mosteiro de San Xoán de Poio. Indícase que dunha desas visitas a revista *Museo de Pontevedra* publicou en 1943 un interesante “diario” do frade chamado “Jornadita al Poyo”, e transcríbense algunhas das súas anotacións.

- AGN, “Familia edita un libro sobre a defensa da igualdade na obra do benedictino”, p. 14.




Infórmase da presentación da obra *As mulleres na obra de Frei Martín Sarmiento*, editada polo Servicio Galego de Igualdade, resaltando que será distribuída por todos os centros

escolares para promover a reflexión sobre os estereotipos de xénero, estudiar as repercusións do pensamento discriminatorio na convivencia de homes e mulleres e analizar a defensa que Sarmiento fixo do colectivo feminino do seu tempo. Descríbese a estructura da obra e recóllense as opinións de López Besteiro e Aurora Montes Santa-Olalla na presentación da obra.




- Luís Rodríguez Ennes, “Sarmiento e o dereito”, p. 14.

Analízanse as achegas de Sarmiento ao Dereito. Recoñécese que se ben non pode ser considerado un xurista ao uso, a súa vontade de influír na realidade levouno a escribir páxinas onde se pon de manifesto a súa visión do Dereito. Resáltase deste xeito que se adiantou ao seu tempo en cuestións como a súa defensa da abolición da pena de morte, a necesidade de reformar o sistema tributario ou a defensa da propiedade intelectual.

- Vía Láctea Comunicación, “O instituto Padre Sarmiento súmase ás homenaxes en torno ó monxe”, p. 14.

Infórmase da presentación do libro *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII* por parte do Instituto de Estudios Galegos ‘Padre Sarmiento’ e da Xunta de Galicia, dentro da Colección Galicia Histórica editada polo IEGPS e a Fundación ‘Pedro Barrié de la Maza’. Recollénse unhas declaracións do seu autor, José Santos Puerto, nas que fala da importancia de Sarmiento e do seu descoñecemento en España, explicando os motivos polos que pensa que Sarmiento desapareceu da Historia.

- E. P., “O misterio da carqueixa e os seus antecedentes”, p. 15.




Saliéntanse os estudios suscitados pola consideración de Sarmiento como un precursor dos movementos de renovación pedagóxica. Así, fálase da obra de Adela Figueroa *Un precursor da innovación pedagóxica galega do século XVIII: o Padre Sarmiento*, publicado en 1984, recollendo algunhas das consideracións que nela se verten a este respecto. Destácase, entre outras cousas, que a atracción de Sarmiento cara á botánica se xustifica tamén desde un punto de vista pedagóxico, xa que este consideraba que a educación dos rapaces debía comezar polas cousas que lles son máis próximas, como os animais e a natureza.

VV. AA., “Especial Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2002, pp. 46-52.

Suplemento dedicado a Frei Martín Sarmiento con motivo do Día das Letras Galegas, no que se tratan diversos aspectos sobre a súa vida, obra e pensamento. De seguido damos conta dos artigos que aparecen para homenaxear ao autor ao que este ano se lle dedica esta celebración:

- Carmen Adrio, “Un intelectual completo”, p. 46.

Co motivo do Día das Letras Galegas homenaxéase a figura de Frei Martín Sarmiento. Despois de apuntar os datos biográficos, destácanse os seus estudios nos que se reflexa o interese científico, histórico, e por Galicia e a súa lingua, o que levou ao Consello da Cultura Galega a crear un proxecto no que se recolla toda a súa producción, que será publicada en catro tomos clasificados tematicamente.

- Luís Rodríguez Ennes, “Frei Martín e o dereito do seu tempo”, p. 47.

Destácase a importancia de Sarmiento á hora de reformar as leis penais nos seus tempos, como por exemplo a supresión da pena de morte, tamén a loita polos dereitos dominicais e a defensa da propiedade intelectual. O autor conclúe afirmando que Sarmiento foi un "auténtico xurista".

- AGN, "Sarmiento era unha especie de enciclopedia que sabía de todo", p. 48.

Barreiro Barreiro, catedrático de Filosofía e investigador, afirma nesta entrevista que Sarmiento foi un home que "sabía de todo" e ese saber non se atopa actualmente nada investigado. Coa dedicación do Día das Letras Galegas á súa figura e ao seu labor comprobarase que era o "equivalente en España ao que representaron en Francia Voltaire ou Montesquieu", e o proxecto de recuperación, recoñece Barreiro, que é unha gran contribución para a cultura galega.

- Belén López, "Como lingüista, o fundamental é o marco da súa investigación", p. 50.

Infórmase sobre Pilar Allegue como a maior especialista da obra de Frei Martín Sarmiento, quen publicou sobre o escritor na colección *Galegos na Historia* da editorial *Ir Indo*. Allegue apunta que a lingua forma parte do pensamento de Sarmiento quen considera que as ciencias deben ser útiles e para iso é necesaria a lingua como un medio de coñecemento.

- Carmen Adrio, “A atracción do berce”, p. 51.

Anúnciase a creación da Comisión Sarmiento integrada por dez agrupacións, avalada polo Concello e fundada en Vilafranca do Bierzo co obxectivo de facer á vila sede de todos os actos institucionais que se celebran o Día das Letras Galegas en homenaxe a Frei Martín Sarmiento. Sinala ademais que esta comisión pretende recuperar a casa natal do escritor para utilizala como centro cultural e crear un busto del e situalo nalgún lugar da vila.

- Carmen Adrio, “Un precursor das teorías de renovación pedagóxica”, p. 52.




Saliéntase o labor de Frei Martín Sarmiento por achegar renovacións na docencia, faceta comentada pola catedrática en Bioloxía, Adela Figueroa, quen destaca tamén do escritor o

seu estudio naturalista e etimolóxico como base do ensino sempre en galego dos nenos, e a creación de xardíns botánicos.




VV. AA., “Día das Letras Galegas. Frei Martín Sarmiento”, *La Región*, 17 maio 2002, pp. 37 52.

Suplemento dedicado ao Día das Letras Galegas que comeza cun artigo titulado “A Feira do Libro Galego en Ourense ofrece hoxe descontos na compra de exemplares”, no que se informa das distintas actividades que terán lugar nas vilas ourensás, entre elas a celebración da tradicional Feira do libro galego na rúa do Paseo de Ourense con descontos na compra de exemplares, un certame de exposición e venda de libros en galego na Praza Maior de Xinzo de Limia, a estrea da obra *Pañolín Rompenubes*, pola Compañía Amigos do Marcial na Casa da Cultura de Allariz ou as maratóns de lectura que terán lugar nos concellos do Barco de Valdeorras, O Bolo, Viana, A Rúa, Córgomo, Rubia e Carballeda, organizadas pola Asociación Cultural e Educativa Vagalume. Baixo o titular “Frei Sarmiento: un leonés volcado en Galicia”, recóllese unha cronoloxía do homenaxeado nesta festividade dende o seu nacemento en 1695 en Vilafranca do Bierzo ata a súa morte en 1772 en Madrid. A seguir, co título “Natureza e etimoloxía: as súas paixóns”, inclúese unha bibliografía de Frei Martín Sarmiento na que se destaca que o estudio da natureza e da etimoloxía foron as dúas grandes paixóns do berciano, así como o seu amplo saber que plasmou nos máis de

setenta traballos impresos e nos manuscritos póstumos; en “O seu legado será inmorrente”, infórmase da repercusión que está a acadar o Proxecto Sarmiento, unha iniciativa do Consello da Cultura Galega co que se pretende dixitalizar, transcribir e realizar unha edición crítica da obra de Sarmiento. Destácase tamén que o portal do Consello da Cultura prepara unha lista de correo arredor do Proxecto Sarmiento, que moderará o profesor Henrique Monteagudo, así como a realización da curtametraxe de animación *A escola das areas*, realizada pola productora galega Lúa Films, na que se recrea en plastilina a figura de Frei Martín Sarmiento. Recóllense tamén algunhas referencias bibliográficas sobre Frei Martín Sarmiento. En “Unha ampla obra por descubrir”, alúdese á reedición por parte da Editorial Galaxia do *Coloquio en Coplas Galegas,* unha obra de Frei Martín Sarmiento realizada no ano 1745, co obxectivo de recompilar voces e frases galegas e escribilas “na súa verdadeira ortografía”. Ademais inclúense os seguintes artigos asinados:




- Enrique Bande, “As súas viaxes por Ourense”, p. 42.

Cualifica o Padre Sarmiento como un home moderno no sentido pleno da palabra, un galego ilustre polo seu amor a Galicia e un pensador co que se inicia o Rexurdimento. Detense nas

súas viaxes de estudio, nas que realizaba apuntamentos, descricións sinxelas e debuxos. Alude ao seu interese pola xeografía, a historia natural, a lingua, as inscricións romanas, suevas, visigodas e medievais, a arquitectura, a paisaxe e as tradicións, e aos datos que deixou sobre igrexas, prioratos, conventos, castros, ermidas, noticias folclóricas, plantas, etc. Detense tamén na súa constante preocupación pola lingua e o ensino en galego, pola igualdade das mulleres na sociedade e pola racionalización da vida política, a relixión, os costumes, a economía e a sociedade. Conclúe sinalando que por todos estes traballos a figura de Frei Martín Sarmiento debe ser considerada como a dun racionalista e como un modelo digno de imitación “para cantos na actualidade visiten Galicia aproveitando a nosa oferta turística e cultural”.




- R.N., “O libro galego sae á rúa”, p. 44.

Infórmase da presencia das librerías Betel Salgueiros, Eixos, Cancos, La Viuda, Torga, Platero e Padre Feijóo na exposición de libros organizada pola Federación provincial de libreiros para o Día das Letras Galegas na rúa do Paseo de Ourense. Recóllense as declaracións de Pilar Rodríguez, presidenta da Federación, que sostén que a literatura

galega non vende moito, aínda que estes días algúns lectores aproveitan para comprar as obras de Sarmiento e algunhas das obras que sacan as grandes editoriais aproveitando estas datas como *Trece badaladas*, de Suso de Toro, *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas, e *O sol do verán*, de Carlos Casares.




- Chelo G.B., “Os seus méritos son indiscutibles”, p. 46.

Recóllense as opinións de Víctor Campio, Alfredo Conde e Luís Martínez Risco sobre a dedicatoria do Día das Letras Galegas a Frei Martín Sarmiento. Víctor Campio sinala que é unha figura moi importante porque traballou moito por Galicia e polo idioma galego e que cómpre dar a coñecer a súa obra; Alfredo Conde pensa que Frei Martín Sarmiento foi un adiantado do seu tempo e que defendeu valores que hoxe están de actualidade; e Luís Martínez Risco considera que a figura lle parece ben pero que en realidade a celebración non debería limitarse a un só día senón que debería estenderse ao resto do ano. Pregúntase tamén a Luís González Tosar, Delfín Caseiro e Bieito Ledo sobre cómo van celebrar o día. Luis González Tosar sinala que vai participar nun recital en Caldas de Reis, no acto da Real Academia Galega en Pontevedra e no acto de entrega do Premio das

Letras e das Artes de Galicia; Delfín Caseiro anuncia que asistirá á I Romería Etnográfica “Raigame” en Vilanova dos Infantes; e Bieito Ledo di que asistirá á lectura de textos de Carlos Casares que terá lugar na Ramallosa, organizada pola Asociación de Estudios de Valmiñor.




- Juan Tallón, “A Real Academia podría pedir que o 17 deixe de ser festivo”, p. 48.

Breve entrevista con Xosé Ramón Barreiro que asiste, como presidente da Real Academia Galega, ao seu primeiro Día das Letras. Considera a Frei Martín Sarmiento como un home que non posúe a formación habitual dun frade do século XVIII, xa que en lugar de estudiar filosofía ou teoloxía dedicouse á lingua, á botánica ou á economía. Salienta que a vinculación da súa obra con Galicia é total pola actualidade das súas ideas, pola súa defensa do ensino na lingua propia e pola defensa dos valores galegos e dos seus escritores. Cre que debería ocupar un papel senlleiro na cultura galega, que é o que lle está a dar a Real Academia con esta celebración e anuncia que se está a discutir na institución que preside, a conveniencia ou non do carácter festivo deste día.

- Luís Fernández González, “Filólogos-gramáticos e normativa”, p. 48.

Céntrase no papel que tiveron os filólogos e os gramáticos á hora de elaborar unha normativa oficial para o galego que, na súa opinión, non chegou a acadar os resultados agardados. Fala do descoñecemento que tiñan ambos colectivos do galego da xente do común. Considera que ante a dificultade da tarefa escolleuse o modelo portugués pola súa similitude, e que no proceso influíu a politización da lingua e a decisión dos partidos nacionalistas radicais de afastarse do castelán, obviando a lingua italiana “que a parte de ser, coa galega, a máis semellante ó latín, tivo o mesmo problema de normativización e idénticas circunstancias”. Cualifica de “aberracións lingüísticas” algunhas das solucións adoptadas partindo do modelo gramatical castelán e do vocabulario portugués, ou viceversa. Conclúe destacando que case ninguén fala de lingua na festividade do Día das Letras Galegas e que “si o ano pasado se falou do extraordinario diccionario de Eladio Rodríguez, non fai falla ler moito do que escriben tódolos nosos literatos para decatarse que ninguén fai caso dil. O que si acadaron foi que cada ‘Día das Letras Galegas’ asemelle, máis ben, o Cabo de Ano das mesmas”.

- Marcos Valcárcel e Afonso Monxardín, “Os nomes propios das Letras Galegas (1963-2002)”, p. 50.




Recóllese unha breve biobibliografía de cada un dos autores e autoras homenaxeados no Día das Letras Galegas dende 1963 a 2001: Rosalía de Castro (1963), Castelao (1964), Pondal (1965), Francisco Añón (1966), Curros Enríquez (1967), Florentino Cuevillas (1968), Antonio Noriega Varela (1969), Marcial Valladares (1970), Gonzalo López Abente (1971), Valentín Lamas Carvajal (1972), Manuel Lago González (1973), Xohán Vicente Viqueira (1974), Xoán Manuel Pintos (1975), Ramón Cabanillas (1976), Antón Villar Ponte (1977), Antonio López Ferreiro (1978), Manuel Antonio (1979), Alfonso X o Sabio (1980), Vicente Risco (1981), Luís Amado Carballo (1982), Manuel Leiras Pulpeiro (1983), Armando Cotarelo Valledor (1984), Antón Losada Diéguez (1985), Aquilino Iglesia Alvariño (1986), Francisca Herrera Garrido (1987), Ramón Otero Pedrayo (1988), Celso Emilio Ferreiro(1989), Luís Pimentel (1990), Álvaro Cunqueiro (1991), Fermín Bouza Brey (1992), Eduardo Blanco Amor (1993), Luís Seoane (1994), Rafael Dieste (1995), Xesús Ferro Couselo(1996), Ánxel Fole (1997), Martín Códax, Meendiño e Johán de Cangas (1998), Roberto Blanco Torres (1999), Manuel Murguía (2000) e Eladio Rodríguez González (2001).

IV. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “Pontevedra por Martín Sarmiento”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 28 xaneiro 2002, p. 3.

Menciona algúns exemplos de vilas e cidades de Galicia que se vincularon ao autor que se evoca cada ano no Día das Letras Galegas, e presenta algúns posíbeis autores para que nun futuro se lle dedique o Día das Letras Galegas. Sinala, ademais, as razóns polas que a cidade de Pontevedra deber ser onde se celebren os actos centrais do Padre Sarmiento, quedando expresado así o apoio do cronista a cidade de Pontevedra como sede oficial das cerimonias culturais, científicas e institucionais do Día das Letras Galegas.

Abuín de Tembra, Avelino, “Candidatos para o DLG 2003 (I e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 19/20 maio 2002, p. 3.

Denúnciase a inexistencia en Galicia de expertos en Frei Martín Sarmiento dadas as simplezas ditas nos días previos ao dezasete de maio, a excepción do falecido Xosé Luís Pensado, e indícase que este baleiro será solucionado no momento no que o Consello da Cultura Galega publique a obra completa do sabio bieito. Así mesmo, faise mención ao achegamento, con motivo da celebración do dezasete de maio en honra a Sarmiento, entre Galicia e Asturias occidental, e afírmase que despois da celebración do día das nosas letras xa se barallan os próximos candidatos para o 2003. Sinálase a existencia de tres posíbeis escritores para reivindicar no Día da Letras Galegas do ano 2003 e danse as razóns polas que os aspirantes deben ou non ser reivindicados nese día. O primeiro deles é Enrique Labarta Pose mentres que os seguintes son Herminia Fariña e Florencio Delgado Gurriarán. Fálase das súas obras, das características destas, reprodúcense fragmentos exemplificativos dos poemas, ofrécense datos biográficos, etc. Finalmente, o cronista expón a súa opinión respecto á proposta da Asociación Amigos de Valle-Inclán de que este autor sexa o homenaxeado.

Alonso, Julio, “Na lembranza dos defensores da nosa fala”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, “Musas”, 26 maio 2002, p. 51.

Tras denunciar o pouco compromiso da cidadanía, así como o descoñecemento desta respecto á celebración do Día das Letras Galegas, dáse conta da orixe da celebración do dezasete de maio. Así mesmo, ofrécesenos unha breve biografía de Frei Martín Sarmiento.

Alonso Montero, Xesús, “Catedrático en Monteporreiro”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 16 maio 2002, p. 15.

Alonso Montero refírese ao valor filolóxico do señor Marcos da Portela. Enxalza a este labrego galego ao que cualifica de “catedrático en Lingüística sen estudios filolóxicos e catedrático sen cátedra” e detense a reflexionar sobre a importancia do padre Sarmiento na historia da lingua galega.

Alonso Montero, Xesús, “Philologus et magister”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 23 maio 2002, p. 12.

Dáse conta da aparición dunha colectánea de textos de homenaxe, recompilada e ordenada por Amancio Liñares Giraut nun volume editado polo Concello de Negreira, no que o protagonista é Xosé Luís Pensado Tomé (1924-2000), importante estudioso de Frei Martín Sarmiento. Indícanse os traballos máis destacados deste estudioso sobre a figura do padre bieito *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas* (1960) e a edición de *Colección de voces y frases gallegas* (1970) e critícase o labor do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos nos anos nos que Pensado publicaba fóra de Galicia esas obras, dado que esta institución permaneceu allea ás obras de Frei Martín, especialmente ás que eran unha defensa e ilustración da lingua galega. Finalmente, sinálase a importancia da aparición da colectánea en honor de Xosé Luís Pensado Tomé nun momento de xusto recoñecemento do polígrafo ao que o nado en Negreira dedicou tantos esforzos.

Amenedo, Cristina, “Fray Martín Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “Lorelei”, 10 maio 2002, p. 4.

Infórmasenos do nome real de Frei Martín Sarmiento e dánsenos algúns datos biográficos deste monxe bieito. Indícasenos o nome do pai, a profesión deste, a razón pola que Pedro José García Balboa naceu en Vilafranca, etc. Así mesmo, fálase dos saberes de Frei Martín, da súa adoración por Pontevedra, da súa capacidade memorística, etc. Finalmente, coméntase a relación entre este sabio e o seu mestre o Padre Feijoo, a quen Sarmiento defendeu incondicionalmente.

Araguas, Vicente, “Festa”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 17 maio 2002, p. 72.

Manifesta a súa opinión favorábel sobre que o Día das Letras Galegas sexa día de festa, a pesar das moitas críticas existentes. A seguir, sinala o desagradábel que podería ser a desaparición do galego e laméntase por aqueles que coñecen esta lingua e non a utilizan. Finalmente, fai unha loanza da lingua do Padre Sarmiento e anima aos lectores a que coiden a Fala.

Bande, Enrique, “El Padre Sarmiento, por tierras de Celanova”, *La Región*, “De paso”, 29 xaneiro 2002, p. 20.

Fai referencia á primeira viaxe do Padre Sarmiento á provincia de Ourense entre o 6 e o 17 de decembro de 1745. Sinala que o centro desta primeira viaxe foi no mosteiro de San Salvador de Celanova.

Bande, Enrique, “Segundo viaje del Padre Sarmiento por Ourense”, *La Región*, “De paso”, 30 xaneiro 2002, p. 20.

Descrición da segunda viaxe do Padre Sarmiento a provincia de Ourense entre os días 22 de outubro e 7 de novembro de 1755, onde se vai sinalando o percorrido que segue o bieito na súa viaxe.

Bande, Enrique, “Fin del viaje del Padre Sarmiento”, *La Región*, “De paso”, 1 febreiro 2002, p. 24.

Describe a igrexa subterránea de Rocas a onde chega Sarmiento na súa segunda viaxe a Galicia. Explícanos o inmenso país que se divisa dende o alto de dita igrexa.

Barreiro Fernández, Xosé R., “Día das Letras Galegas: unha reflexión”, *La Voz de Galicia*, “Tribuna”, 14 maio 2002, p. 11.

O director da Real Academia Galega fai un repaso pola historia do Día das Letras Galegas. Comenta que dende a proposta de Francisco Fernández del Riego, a RAG instituíu tal día para conmemorar a unha figura da cultura galega, converténdose así o día 17 de maio no día simbólico da defensa e promoción da lingua e das letras galegas. Vai explicando como este fito se foi introducindo nos distintos ámbitos sociais: no ensino, no político, no sindical e mesmo no da ciencia. Xosé Ramón Barreiro tamén repara nas críticas que este día está suscitando, por ser día de lecer e as escolas e librerías permaneceren pechadas; a este respecto anuncia unha reformulación por parte da RAG pero allea aos intereses políticos e do mimetismo con outras comunidades que fan a celebración de acordo coa súa propia tradición , historia e cultura.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, “Pasó el Día y pasó la romería”, *La Voz de Galicia*, “A torre vixía”, 18 maio 2002, p. 10.

Critica a celebración do Día das Letras Galegas, sobre todo por que este ano ao caer en sábado pasou máis desapercibido. Considera que para o 99,9 % da poboación é unha data sen interese, na que a xente continúa falando a súa lingua habitual, na que só muda a primeira páxina dos xornais e que non ten sentido celebrar o día das nosas letras nunha xornada na que pechan as escolas e as institucións. Afirma, así mesmo, que só serve para que algún libreiro concienciado venda o libro de moda aos ‘galeguistas divinos’ e para que os investigadores publiquen as súas teses de doutoramento que serán editadas e regaladas polas institucións.

Cabano Vázquez, J. Ignacio, “La gastronomía gallega en Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 17 maio 2002, p. 76.

Dá conta da importancia de prestarlle atención á dieta alimenticia cando estudiamos a biografía dos grandes personaxes. No caso do Padre Sarmiento a comida tamén se converte en algo salientábel tanto na súa vida como reflectida en partes da súa obra. Compáranse os alimentos degustados polo bieito na abadía de San Martín de Madrid, a base de potaxes monacais, cos da súa querida Pontevedra compostos na súa maioría por variados peixes. Tamén se presentan pequenos fragmentos da carta que lle escribe Frei Martín dende Pontevedra o 3 de xuño de 1754 ao Duque de Medina Sidonia onde lle comenta diferentes aspectos relacionados coa gastronomía, sobre todo, o seu interese especial polas ostras.

Cabano Vázquez, J. Ignacio, “A batalla de Rande na memoria de Sarmiento”/“La batalla de Rande en la memoria de Sarmiento”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Tribuna libre”/“Cultura”, 27 maio 2002, p. 15/p. 68.

Sinálase a Frei Martín Sarmiento como un dos autores do século XVIII que fala nas súas obras da batalla de Rande. Indícase que o monxe bieito menciona este acontecemento histórico na súa autobiografía manuscrita ao referirse ao ano 1702, así como na súa obra de seiscentos sesenta pregos (manuscrito da colección Dávila que se conserva na Biblioteca Nacional). Finalmente, fálase, respecto a un comentario feito por Sarmiento nunha das súas obras, da orixe de “Rabachol” personaxe mítico da vila de Pontevedra que se enterra cada ano, en vez da sardiña, como peche do Antroido. Tamén se menciona a opinión de Sarmiento con respecto aos cataláns aos que lle reprocha falta de memoria histórica.

Carballo, Francisco, “De Sarmiento a hoxe”, *A Nosa Terra*, nº 1.034, “Galiza”, 16-22 marzo 2002, p. 7.

Sinálase que a Ilustración Galega do século XVIII iniciada por Benito Feixóo e Martín Sarmiento colapsouse no século XIX e indícase que Sarmiento tivo menos fortuna que o seu mestre Feixóo no tocante á publicación da súa obra. Tendo en conta o dito, indícase cómo primeiramente circulaban os escritos de Sarmiento entre os seus familiares e veciños. A seguir faise un repaso daqueles estudiosos que centraron os seus traballos na figura do monxe bieito nado en Vilafranca despois da súa morte. Destácase a Xoan Manuel Pintos; Murguía; Antolín L. Peláez, quen o biografou; Manuel Lago, que editou o *Onomástico etimolóxico de Lingua galega* e Xosé Luís Pensado. Finalmente destácase a decisión do Consello da Cultura Galega de editar a *opera omnia* do monxe bieito e indícase a importancia desta, pois conta con moitos autógrafos, así como coa copia primeira que mandara facer o Duque de Medina Sidonia.

Carreiro, Xosé Carlos, “Sobrevivir”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 30 abril 2002, p. 27.

Solicita un maior significado e maiores contidos para o Día das Letras Galegas, porque esta sería unha forma de poder sobrevivir. Presenta a posibilidade de converter o 17 de maio no Día do Libro Galego.





Casares, Carlos, “As vidas por contar”, *La Voz de Galicia,* “Á marxe”, 29 xaneiro 2002, p. 14.

Manifesta a súa inclinación e gusto pola lectura e escrita de biografías, que entende que son como novelas ou contos. Tamén se refire á impresión que lle provocou a un amigo da novela ou conto a súa obra titulada *Vida do Padre Sarmiento* (2001). Sinala que non lle interesa escribir biografías científicas, que forman parte da investigación científica e non da creación literaria. Por último, láiase da falta de biografías sobre personaxes interesantes da nosa historia.





Casares, Carlos, “A nai de Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 5 marzo 2002, p. 15.

Analiza a polémica existente sobre o lugar de nacemento e a vila natal da nai de Sarmiento: Samos ou Vilafranca do Bierzo. Corrixe o erro que presenta na súa obra sobre a biografía de Sarmiento onde dicía que a nai do frade era da Casa de Perros, en Samos. Tras unha serie de investigacións confirma a hipótese de que a nai de Sarmiento era natural de Vilafranca.

Conde, Alfredo, “Frei Martín Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 xaneiro 2002, p. 4.

Dá conta das publicacións, na segunda semana de xaneiro, de dúas biografías de Frei Martín Sarmiento, sen sinalar as autorías destas. Di que unha parece un *currículo vitae* do berciano e que a outra parece achegar algún dato interesante, así como unha imaxe didáctica e cabal do frei. Finalmente, pregúntase qué sería de Sarmiento se tivese publicado algo no seu tempo e indica que podería ter sido desprestixiado, pois algúns autores sufriron esa reacción por parte dalgunha xente que nin le as obras que avalían.

Conde, Alfredo, “Tarefa urxente”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 26 xaneiro 2002, p. 4.

Fala da necesidade de recuperar a memoria e os feitos da nosa historia que foron ocultos ou terxiversados por aqueles que escribiron a Historia. Pensa que en moitos casos houbo tópicos transmitidos sen xustificación e xenios que foron condenados sen comprender; por todo isto alédase de que Sarmiento non dese a coñecer as súas teorías lingüísticas no seu momento e poder hoxe coñecer e recoñecer o seu traballo.

Cora, José de, “17 m: Sarmiento y su nombre”, *El Progreso*, “Calendas Galegas”, 17 maio 2002, p. 26.

Faise un breve percorrido pola orixe familiar dos seus pais e avó materno. Logo preséntase a polémica entre Vilafranca e Pontevedra como lugar de nacemento do bieito, que segundo os indicios debeu nacer en Vilafranca e trasladarse con só catro ou cinco anos para Pontevedra. Finaliza presentando a posíbel explicación do seu rebautizo no convento de San Martín de Madrid cando cambiou o nome de Pedro José García Balboa por Frei Martín Sarmiento.

Corbelle, Sabela, “Letras Galegas”, *El Progreso*, “De norte a sur”, 19 maio 2002, p. 12.

Repróbase que un ano máis o Día das Letras pasase sen pena nin gloria, e o feito de ser moi pouca a xente concienciada da importancia de promover o idioma como parte fundamental da nosa cultura. Critícase que en Lugo non se celebrase ningún acto cultural e que o Día das Letras non vaia máis alá dos círculos oficiais da Xunta de Galicia, da Real Academia Galega e do mundo do ensino.

Corral Prieto, Xaime Carlos, “Compre reaxir”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 12 maio 2002, p. 32.

Reflexiona sobre o estado actual da lingua e a literatura galega, que non se atopa nun momento para moita celebración senón máis ben para a reivindicación. Fai un chamamento á sociedade pero sobre todo aos libreiros e librerías para que desenvolvan as súas potencialidades como axentes normalizadores.

Costa Rico, Antón, “A casa (caída) de Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Tribuna”, 23 xaneiro 2002, p. 12.

Destaca a vinculación con Pontevedra e Vilafranca do Padre Sarmiento. Propón unha serie de ideas que sería importante que tivesen en conta as institucións políticas tanto do goberno galego como de Castilla León, para a realización dos actos das Letras Galegas e para una maior coñecemento do que a cultura galega lle debe a Martín Sarmiento, fundador da pedagoxía galega e reivindicador da lingua galega e de tantos aspectos da historia e cultura deste país.

De la Vega, Alfonso, “Perdonar a Meco”, *La Voz de Galicia¸* “Garita de Herbeira”, 14 xaneiro 2002, p. 12.

Comenta un texto que escribiu o Padre Sarmiento en 1756 sobre a reivindicación da condición galega no que se explicaba a orixe da “chanza” sobre o suposto perdón a Meco. Este suposto ten que ver co consentimento ás relacións íntimas e extramatrimoniais das freguesías galegas co seu párroco. Finalmente, presenta o estudio de Pepe Rodríguez, titulado *La vida sexual del clero* publicado na editorial Ediciones B, (2001) prologado por Enrique Miret Magdalena y Victoria Camps, entre outros.

Dobarro, Sara, “Ferrol, Letras Gallegas y Argentina”, *Diario de Ferrol,* “Opinión”, 9 maio 2002, p. 8.

Comenta unha iniciativa que se leva a cabo na cidade de Ferrol co gallo do Día das Letras Galegas: a recollida de libros galegos para enviar a Arxentina. Con esta campaña segundo a cronista conséguese un triple obxectivo: estreitar os lazos entre as comunidades galegas de ambos lados do Atlántico, consolidar o Día das Letras Galegas na Galicia do interior e, potenciar o sector do libro. Finalmente menciona a valiosa función do libreiros como axentes culturais.

Dobarro, Sara, “Misas en el castillo de San Felipe”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 16 maio 2002, p. 7.

Moi brevemente ao comezo do artigo menciónase a visita do Padre Sarmiento ao castelo de San Felipe, na cidade de Ferrol, no ano 1745, e xa case no último parágrafo refírese á petición que fixo a cidade de Ferrol para que se lle dedicase tamén a distinción do Día das Letras, á Escola Literaria do Seminario de Mondoñedo, onde estudiou o bieito.

Dourado Deira, Manuel, “Defensa do galego: De Sarmiento a Castelao”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 18 maio 2002, p. 2.

Indícase que é necesario celebrar o dezasete de maio como unha festa reivindicativa e non como un festexo do triunfo da normalidade lingüística recuperada e sinálase que na semana do Día das Letras Galegas concellos e institucións culturais rompen a indiferencia ou a hostilidade que practican durante o resto do ano respecto á nosa lingua introducindo o galego nos seus programas, aínda que só sexa por non quedar mal. Así mesmo, afírmase que continuamos á defensiva igual que o fixeron o Padre Sarmiento no século XVIII e Castelao en 1931. A seguir, entresácanse dos textos de Sarmiento e Castelao parágrafos que aínda na actualidade teñen vixencia con respecto á marxinación e ao autoodio galegos, así como á situación do galego na igrexa.

Dourado Deira, Manuel, “Día das Letras Galegas: ¿cumpre a súa misión?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 25 maio 2002, p. 2.

Coméntanse as opinións pronunciadas polos diferentes participantes no debate aberto ao público que a asociación Galicia Viva (Tertulia Rianxeira) mantivo o 18 de maio de 2002 sobre “Sarmiento e a súa época” para contribuír á celebración do Día das Letras Galegas. Indícase que o tema debatido era se o Día das Letras Galegas seguía cumprindo a misión para o que fora creado na súa orixe e o autor do artigo ofrece a súa opinión respecto dos comentarios feitos por algúns participantes no debate, Helena Villar e Xesús Rábade, así como sobre o artigo publicado ese mesmo día por X.L. Barreiro Rivas. Afirma Dourado Deira que está de acordo con eles (afirman que o Día das Letras Galegas foi ben ideado na súa orixe e no seu momento, pero na actualidade ou se reforma no seu sentido e obxectivos ou resulta preferible non celebralo), agás no de non celebrar o día das nosas letras.

Farto, Marta, “Pasó el Día das Letras Galegas, y ahora qué...”, *El Correo Gallego*, “A salto de mata”, 19 maio 2002, p. 16.

Apúntase a necesidade de substituír o Día das Letras Galegas polo Ano das Letras Galegas, e de non dedicalo a un único autor senón a todos, xa que a difusión do libro galego debería ser constante. Deféndese así mesmo que sería bo promocionar o libro galego fóra de Galicia, e malia recoñecer o difícil que é que os de fóra lean na nosa lingua, considera que a captación dun só lector xa xustifica o esforzo. Sinálanse por último as importantes colonias de galegos que hai no exterior e que hai moitos galegos en Galicia aos que lles viría ben acostumarse a ler na nosa lingua.

Feijoo Lamas, Leoncio, “Os xigantes do Corpus e o Padre Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 18 maio 2002, p. 26.

Sinálase o tema dos xigantóns da procesión de Corpus como un dos tratados por Filgueira Valverde e Sánchez Cantón no seu tempo, así como polo Padre Sarmiento, e cítanse parágrafos das obras do monxe bieito nos que se alude a estes xigantes, ademais de explicar o significado que o sabio outorga a estas populares representacións nos cortexos eucarísticos. De igual xeito dise que o Padre Sarmiento non se esqueceu de incluír estas figuracións na parola das súas “Coplas Gallegas”. Finalmente, indícanse lugares onde este costume de sacar aos xigantes en procesión segue vixente e anímase a recuperalo naqueles lugares onde desapareceu.

Fernández, Lois, “Todo por las letras del país”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 14 maio 2002, p. 16.

Recolle algúns dos actos que se celebran con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas a Frei Martín Sarmiento, comezando pola Fundación Granell onde se levou a cabo unha lectura reivindicativa do uso do galego; a presentación de dous volumes en galego na colección “Pensamento actual”; a mesa redonda celebrada na Escola Galega de Administración Pública onde se falou do labor do bieito na “reforma administrativa” pola súa crítica á política centralizadora dos Borbóns, ou a entrega de premios do concurso de carteis Letras Galegas 2002 que levou a cabo o Centro Comercial Compostela.

Fernández, Miguel Anxo, “As letras”, *La Voz de Galicia*, “Interferencias”, 17 maio 2002, p. 69.

Loa a iniciativa da TVG por volcarse no libro galego na Semana das Letras Galegas, pero reivindica a presencia do libro dun xeito máis importante na programación diaria durante todo o ano. Para isto suxire que se comece este labor, metendo o libro nas accións cotiás dos programas, sexa directa ou subliminalmente.



Fernández, Ruth, “Ensino na lingua nai”, *O Correo Galego*, “Noticias cotiás”, 26 marzo 2002, p. 4.

Neste artigo faise un percorrido por algunhas das obras de Sarmiento, onde sempre mantivo unha postura de preocupación polo idioma propio e defendeu con forza o seu emprego no ensino. Segundo o cronista este feito de posuír unhas ideas lingüísticas distintas ás dos homes do seu século, puido influír na escasa recepción da obra de Sarmiento na época. Finalmente o artigo remata cun chamamento para que entre todos poidamos facer que o galego non fique coma unha especie en extinción nun experimento de laboratorio; aconsella seguir as ideas de Sarmiento: empregar o galego na escola.

Fernández del Riego, Francisco, “Ramallos de flores para Rosalía”, *La Voz de Galicia* “Crónica”, 18 maio 2002, p. 28.

Lembra o proceso previo á consagración do 17 de marzo como Día das Letras Galegas; explica que a primeira edición se celebrou no 1963 e que se escolleu esta data por celebrarse nela o centenario da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Así, celebrouse a calidade poética de Rosalía e a súa condición de iniciadora do renacer cultural galego. Explica, finalmente, cales foron os actos cos que se celebrou esta festividade nas diferentes cidades e vilas galegas.





Flitter, Derek, “Celebrar as letras”, *La Voz de Galicia*, “Tribuna”, 19 maio 2002, p. 13.

Tomando como pretexto a conmemoración de Santo David, patrón de Gales, o día 1 de marzo e os sentimentos que en opinión do autor do artigo esa celebración produce respecto da lingua e da conciencia de terra diferenciada, compárase co Día das Letras Galegas e destácase a importancia de manter a súa celebración. Así mesmo, coméntanse palabras do galeguista Ramón Piñeiro na obra *A lingua, sangue do espírito*, datada no ano 1952.





Fonte, Ramiro, “Camiños exteriores”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, “Cultura”, 2 maio 2002, p. 24.

Fala da súa propia vivencia e doutros moitos emigrantes que falan e se senten máis galegos que persoas que viven na propia Galicia. Subliña que para eles o galego é algo do día a día non unicamente do Día das Letras Galegas.





Freixanes, Víctor F., “Manolo o do acordeón”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 6 maio 2002, p. 59.

Víctor Freixanes conta unha anécdota baseada nun rapaz pontevedrés que ía polas casas cun acordeón felicitando a onomástica aos veciños a cambio dunha propina. Co paso do tempo e co progreso –explica o xornalista-a xente avergoñábase de que Manolo o do acordeón petase ás súas portas e seguíanlle dando pequenas propinas pero non o quería á porta. Isto sérvelle para facer un símil coa historia do galego, sostén que lle ocorre o mesmo: énchese de axudas xenerosas (congresos, seminarios...) e mesmo “sacámolo en procesión (Día das Letras Galegas) [...] pero non llelo falamos aos fillos, a penas está nos medios de comunicación, no comercio, na Igrexa, na Xustiza, na escola en Administración”.

Freixanes, Víctor F., “Despois das letras”, *La Voz de Galicia*, “Vento nas velas”, 24 maio 2002, p. 16.

Con motivo de sinalar que a razón de ser da lingua galega é a da súa utilidade e a consciencia que desa utilidade teñan os falantes, comézase facendo alusión ao primeiro documento en galego datado arredor de 1175 do que temos noticias e do que José Antonio Souto afirma que é un contrato de prestación de servicios no que dous irmáns concertan un convenio de mutuo auxilio fronte a terceiros. A seguir denúnciase o estatismo no que a cidadanía está inmersa con respecto á reivindicación da lingua e indícase que son precisas as liturxias e as celebracións coma a do Día das Letras Galegas, pero que é malo cando estas ocultan ou disimulan a realidade impedindo o diagnóstico ou servindo de escusa para non actuar.

García-Bodaño, Salvador, “Educación e sensibilidade”, *El Correo Gallego,* “No pasar dos días”, 19 maio 2002, p. 3.

Dáse conta da celebración do Día da Letras Galegas cos fastos que carrexa, dedicada á figura de Martín Sarmiento. Alén doutras consideracións sobre o homenaxeado, sinálase cómo unha das grandes preocupacións de Sarmiento era a educación das nenas e nenos galegos desde a súa lingua e partindo da realidade que os rodeaba, liña que séculos máis tarde defenderían os modernos pedagogos. Saliéntase tamén a preocupación do frade porque non se lles metese medo aos rapaces, o que leva ao autor a reflexionar sobre as “barbaridades incríbeis” ás que están expostos os rapaces de hoxe en día por culpa da televisión.

Gil de Bernabé, J.M., “Festa das letras”, *La Opinión*, “El periscopio”, 20 maio 2002, p. 4.

Comenta que escribe esta columna tras visitar a carpa que se montou nos xardíns de Méndez Núñez con motivo do Día das Letras Galegas. Salienta que máis de vinte mil libros representativos da literatura galega agardan polos lectores para coñecer o pensamento que transportan entre eles, os de Martín Sarmiento ou os actuais. Cualifica tamén de gratificante a festividade do Día das Letras, “que ofrece ó público o mellor do mellor cara á normalización lingüística do noso país” e que precisa do esforzo de todos os implicados no tema para lograr “mil primaveras de substancia desenvolvida para as nosas letras”.

Gippini, David, “Libros”, *La Voz de Galicia*, “Entre líneas”, 18 maio 2002, p. 2.

Afírmase que as celebracións coma a do Día das Letras Galegas nunca sobran pero que tampouco deben servir para ocultar a realidade como é o feito de que lemos pouco e en galego menos. Infórmase da existencia da feira do libro antigo e de ocasión na Alameda de Compostela e sinálase esta como unha estupenda ocasión para redimirnos e ler aínda que non sexa no idioma galego.

González Mariñas, Pablo, “Feijoo y Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Rincón del Viento”, 16 maio 2002, p. 12.

Refírese aos meirandes vencellos que tiña o padre Sarmiento con Galicia fronte ao padre Feijoo e asemade apláudese a faceta de Sarmiento como defensor da escrita en galego que ben se podería aplicar á realidade de hoxe en día.

González Pérez, Clodio, “O P. Sarmiento e o Panteón de Galegos Ilustres”, *O Correo Galego*, “O rodicio do tempo”, 20 abril 2002, p. 3.

Refírese ao artigo de D. Xosé Filgueira Valverde do ano 1972, publicado na revista Cuadernos de Estudios Gallegos, titulado: “Sobre el paradero de los restos del P. Sarmiento”. Nel explícase como os restos de Sarmiento foron trasladados dun sitio a outro ata chegar ao punto que non se sabe do seu paradoiro. Ademais, o cronista Clodio González expresa a tremenda inxustiza de que na igrexa de San Domingo de Bonaval onde está o Panteón de Galegos Ilustres non exista unha lápida ou túmulo dedicado ao Padre Sarmiento, polo feito de descoñecerse onde está enterrado. Propón que se aproveite o Día das Letras Galegas para “enterrar” a Sarmiento en Bonaval. Finalmente di que isto abrirá as portas doutros nomes que tamén teñen que estar na necrópole compostelá de San Domingo: Manuel Murguía, Francisco Añón, Manuel Curros Enríquez, Concepción Arenal, Alexandre Bóveda...

Grandal, Laura, “O galego non está no nivel desexable, pero os rapaces xa non teñen prexuizos co idioma”, *La Región*, “Ourense”, 17 maio 2002, p. 9.

Faise unha entrevista a unha profesora e a cinco alumnos do instituto de Bacharelato Eduardo Blanco Amor, acerca do que pensan sobre a situación do idioma en xeral e tamén da celebración do Día das Letras Galegas. Case todos sinalan que é un día moi importante para o coñecemento do galego, para o fomento da literatura galega e tamén coinciden en sinalar que a pesares de ter mellorado moito a situación, o galego non se atopa aínda no lugar que lle corresponde.

Jaureguizar, “Berce berciano”, *A Nosa Terra*, nº 1.020, “Opinión”, 7-13 febreiro 2002, p. 5.

Presenta a iniciativa e a reivindicación de Agustín García Millán, alcalde de Vilafranca, polo partido popular que pediu acoller o Día das Letras Galegas en Vilafranca do Bierzo, lugar de nacemento do homenaxeado.

Lago Mestre, Xabier, “A polémica sobre o Día das Letras Galegas no Bierzo”, *O Correo Galego*, “Opinión”, 26 xaneiro 2002, p. 4.

O presidente da Asociación Fala Ceibe do Bierzo salienta o gran esforzo que dende anos está a realizar a comunidade galego falante do Bierzo por dignificar a lingua galega. Presenta a polémica que existe polo lugar de celebración dos actos en homenaxe a Sarmiento: Pontevedra ou Vilafranca. Finalmente sinala as actividades que se están a desenvolver no Bierzo para dignificar e mellorar a lingua galega.

Liñares Giraut, X. Amancio, “Letras”, *La Voz de Galicia*, “O Fiadeiro”, 17 maio 2002, p. 2.

Fai un chamamento para que todos no Día das Letras Galegas regalemos libros e flores. Segundo o cronista isto seviría non só como detalle de agarimo senón que de esta forma se estaría apoiando aos autores, editoriais e libreiros, nun día de lecer para un pobo que honra o seu idioma milenario e propio.

Lois Garcia, Xosé, “Frei Martín Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 2 xaneiro 2002, p. 3.

Céntrase na figura do Padre Sarmiento coma unha das grandes figuras do rexurdimento galego do século XVIII. Sinala que a pesar de que a súa obra en galego é mínima e testemuñal, a súa obra de investigación e reivindicación sobre o noso idioma ben merece que se lle dedique o Día das Letras Galegas. A seguir, incide nos posicionamentos do homenaxeado con respecto á Galicia do século XVIII, que o converten no precursor do nacionalismo galego. Finalmente, recorda que cos seus escritos orixinou unha serie de intencións de cambio estructural, de dignidade e de emancipación.

López, Alfredo, “Sarmiento e os arroaces”, *A Nosa Terra*, nº 1.030, “Opinión”, 18-24 maio 2002, p. 5.

O biólogo Alfredo López refírese neste artigo a unhas das temáticas estudiadas por Martín Sarmiento, a fauna mariña. Sinala que o bieito estudiou a fauna mariña como unha das súas innumerábeis curiosidades. Tamén menciona que a preparación científica de Sarmiento levouno a formular unha hipótese sobre porqué varan os golfiños que hoxe é considerada probábel. Este articulista tamén recolle que Sarmiento partía da idea, xeneralizada entre os mariñeiros da época, de que os arroaces eran os causantes da desaparición da sardiña.

López, Román, “Facer da data unha verdadeira festa en toda Galicia e dar a coñecer mellor os escritores galegos”, *La Voz de Galicia*, “A idea”, 15 maio 2002, p. 28.

Presenta a idea achegada por Ramón López para dignificar o Día das Letras Galegas, que sexa un día de festa para toda Galicia e unha forma de promocionar a literatura e o emprego do galego como a lingua normal para todo.





López Fernández, Xesús, “O ano de Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 14 xaneiro 2002, p. 13.

Loa a elección de Frei Martín Sarmiento como homenaxeado no Día das Letras Galegas. A seguir, fai un percorrido polos feitos máis salientábeis da vida do bieito, destacando a súa vinculación coa cidade de Pontevedra. Finalmente fai fincapé na importancia que a obra de Sarmiento pode ter nos debates dos “señores académicos” para retomar a fala do galego conforme ao espírito do homenaxeado: “non hai idiomas menores, aínda que carezan de escritura”.

López Fernández, Xesús, “Entre dous (ou máis) ventos”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 28 xaneiro 2002, p. 15.

Recolle a súa visión sobre as respostas que o presidente da Real Academia Galega ofreceu a varios internautas en relación con distintas cuestións sobre a cultura galega. López Fernández está de acordo coa posición da RAG ao respecto da responsabilidade que ten a propia sociedade para a recuperación da fala pero difire no tocante á normativa actual e ás modificacións feitas no ano 1995. Ao seu ver debería respectarse máis o galego popular, aspecto que xa aconsellaran persoeiros das letras como Sarmiento, Vicente Risco ou Camilo José Cela. A seguir, comenta a reivindicación que as xentes do Bierzo están facendo para levar a terras castelás a celebración do acto central do Día das Letras Galegas dedicadas a Frei Martín Sarmiento, natural desa zona da comunidade de Castela-León.

López Fernández, Xesús, “Sarmiento, obra e memoria recuperada”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 marzo 2002, p. 15.

Presenta a Henrique Monteagudo, posibelmente, xunto co desaparecido Pensado, coma un dos máis profundos coñecedores da obra da Frei Martín Sarmiento. Tamén sinala que o Consello da Cultura Galega e a Editorial Galaxia recuperan con diferentes volumes a obra de Sarmiento. Finalmente o cronista menciona a noticia das orixes da familia do bieito en Vilafranca do Bierzo e a decisión da Real Academia Galega de celebrar o Día das Letras Galegas en dous lugares importantes na vida do homenaxeado: Pontevedra e Vilafranca.

López Fernández, Xesús, “Algunhas xeneloxías, en Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 25 marzo 2002, p. 17.

Fai referencia a cuestións da heráldica, a cómo moita xente asimila o seu apelido a un escudo de armas que non ten que ver coa súa xenealoxía. Presenta ademais o Onomástico de Sarmiento onde aparece reflectido este tema. Son moitas as páxinas que o frade dedica a este asunto, nas que se percibe segundo o cronista moito sentido do humor. Finalmente presenta a clasificación que fai o bieito da conexión entre nomes de lugar e as xenealoxías, e exemplifica dous apelidos portugueses: Magallanes e Camões.

López Fernández, Xesús, “Cara ó Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 15 abril 2002, p. 17.

Denúnciase neste artigo que moitos escritos están redactados na cuestionada normativa de consenso na que se poden descubrir mostras claras dun certo “rigor mortis”. Afírmase que os autores destes escritos camiñan na dirección oposta á apuntada por Sarmiento, que recomendaba restaurar o idioma desde a fala viva a partir do léxico dos distintos territorios de Galicia e analízanse algunha das palabras aparecidas en distintos diccionarios que amosan o dito. Finalmente afirma o autor que se debe facer esforzo por achegar a normativa ao galego falado e aconséllase, en relación aos lusismos, acoller a recomendación de Sarmiento de “non introduciren voces estrañas”.

Losada, Antón, “Profesionais do galego”, *La Opinión*, “A reviralvolta”, 17 maio 2002, p. 26.

Alúdese ao bombardeo publicitario con motivo do Día das Letras Galegas e critícase a inexistente autocrítica con respecto á situación real do idioma galego por parte das autoridades gobernativas. Así mesmo, sinálase que cos datos na man a situación actual do noso idioma non é mala, pois é a primeira vez na historia en que o cento por cento dos nenos galegos estudian galego e nunca foi tan falado, escrito e aprendido. Destácase tamén que a actitude de organismos como a Xunta é cuestionábel, pois sobran subvencións, pero falta compromiso, limitándose só a cumprir e aplicar a lei do mínimo esforzo mentres alguén non se moleste en esixirlles algo máis. Finalmente, sinálase que a falta de compromiso das autoridades tamén se ve axudada pola confusión que rodea á lingua no tocante á fixación dunha normativa ou do emprego lingüístico feito polos membros da “cultura galega”.

Martínez Bouzas, F., “Sarmiento tres días despois”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 130, “Olladas”, 20 maio 2002, p. 2.

Dá conta do remate do Día das Letras Galegas, dedicado a Frei Martín Sarmiento. Comenta que foron moitas as publicacións feitas na honra deste ilustrado home das letras. Finalmente di que aínda que foi un home moi concienciado coa lingua galega e un incansábel loitador en prol da lingua e cultura, segue a ser un personaxe descoñecido por moita xente.

Martínez Couselo, Xosé, “Pensado, o defensor de Frei Martín Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Recuncho de Altamira”, 17 maio 2002, p. 2.

Sinálase que aínda non se publicou a obra completa do finado en 1772 Frei Martín Sarmiento, así como que pola divulgación da obra deste benedictino fixo máis a Universidade de Salamanca, por obra e gracia de Xosé Luís Pensado, ou a Xunta de Galicia, que o Consello Superior de Investigacións Científicas ao que o monxe lle deu nome. Dáse conta da próxima publicación da obra completa deste sabio do século XVIII a cargo do Consello da Cultura Galega e menciónase o discurso “Fray Martín Sarmiento testigo de su siglo” pronunciado na apertura do curso académico 1972-1973 na Universidade de Salamanca por Xosé Luís Pensado, así como as súas edicións de 1972 e 1995. Tamén se fai mención ás obras que Frei Martín publicou en vida, así como ás opinións de Xosé Luís Pensado respecto da obra de Sarmiento publicada despois do seu pasamento. Así, indica que Xosé Luís Pensado afirmaba que a obra sarmentiana publicada *post-mortem* non reflectía os manuscritos orixinais e que nesta foron recorrentes os abusos dos editores e as alteracións dos amanuenses.

Martínez Couselo, José, “La obra de Sarmiento podrá ser conocida”, *El Correo Gallego*, “Con acento gallego”, 17 maio 2002, p. 2.

Tras salientar a escasa obra de Sarmiento que está publicada, o cronista sinala este ano como un momento ideal para dar a coñecer a inmensa obra de Frei Martín. Finalmente manifesta o seu asombro porque ata agora a orde á que pertencía o homenaxeado e o Instituto que leva o seu nome non fixera nada para dar a coñecer a súa obra.

Méndez Ferrín, X. L., “Digamos Burbia e Valcarce”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 18 febreiro 2002, p. 2.

Salienta a importancia de celebrar ademais de en Pontevedra, algunha sesión do Día das Letras Galegas en Vilafranca do Bierzo, pobo onde sitúa as raíces da familia de Sarmiento.

Méndez Ferrín, X. L., “Día do Galego Exterior”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 3 maio 2002, p. 28.

Refírese este artigo a que este ano coa homenaxe ao P. Sarmiento é un bo momento para que os galegos coñezan mellor a extensión real da lingua e da cultura galega alén das fronteiras administrativas e, mesmo nun caso, xeográficas. Exemplifícase isto coa presentación, coincidindo coa sesión académica do Día das Letras Galegas, da obra de Antonio Fernández Morales: *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Tamén nomea que a institución cultural de Padrón co Pedrón de Ouro premia o labor de colectivos galegos de Asturias e de Castela-León. Finalmente, reivindica que debemos lembrarnos dun colectivo de persoas da provincia estremeña de Cáceres, que tamén falan en lingua galega.

Méndez Ferrín, X. L., “Sarmiento e Vilafranca”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 24 maio 2002, p. 2.

Indícase que pola investigación de Antonio Rodríguez Fraiz sábese moito da familia paterna de Sarmiento e pouco da materna e menciónase a J.A. Balboa de Paz como outro historiador coñecedor da biografía de Sarmiento e do pobo no que naceu: Vilafranca. Ofrécense algúns datos sobre os proxenitores de Pedro Xosé García Balboa (Frei Martín Sarmiento) e ponse en relación con Sarmiento e con Vilafranca á Duquesa de Medina-Sidonia, Luísa Isabel Álvarez de Toledo, quen convencida por Carlos Casares, accedeu a deixar escanear o corpus documental que se encontra en mans do Consello da Cultura Galega da obra sarmentiana conservada no arquivo da súa Casa en Sanlúcar de Barrameda. Informa a propósito disto que este *corpus* conta cos manuscritos mais completos das obras de Sarmiento.

Méndez Ferrín, X. L., “Sarmiento contemporáneo”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 27 maio 2002, p. 2.

Afírmase que o Día da Letras Galegas trouxo consigo, entre outros beneficios, unha reflexión colectiva sobre o Padre Sarmiento e sinálase que seguramente a partir de que a Academia lle consagrou o Día das Letras a este sabio do XVIII iremos pensando a orixe da nosa literatura contemporánea de maneira diferente. Así mesmo dise que a pesar de ser considerado por moitos o *Coloquio* do monxe bieito o único texto escrito en galego e un simple exercicio práctico de lingua, para o autor isto non é así constituíndo esta obra literaria unhas das que a partir dela se constitúe a nosa Literatura Nacional. Afírmase que é un poema excelente que constitúe xunto con outras pezas como *A Gaita Gallega* de Xoán Manuel Pintos ou o *Álbum de la Caridad*, o esquema básico do noso Rexurdimento e finalmente, faise referencia ás influencias de o *Coloquio* sarmentiano nos Precursores.

Méndez Ferrín, X.L, “Sarmiento precursor”, *Faro de Vigo,* “Os camiños da vida”, 31 maio 2002, p. 2.

Sinálase que o Padre Sarmiento estableceu no *Coloquio* algún dos tópicos que fan peculiar a literatura galega contemporánea: os pobres, a paisaxe galega, a crítica política e anticlerical, atributos consensuados da nosa cultura tradicional e a saudade. Con respecto a este último termo, o cronista resalta que é o propio Padre Sarmiento o que o introduce a palabra saudade na propia lingua literaria. Finalmente, refírese ao bieito como o verdadeiro precursor las letras galegas contemporáneas.

Méndez Ferrín, X. L., “Sarmiento e o PRG”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 23 setembro 2002, p. 2.

Resalta a temática que se desprende do Coloquio do Padre Sarmiento. Entre outros aspectos, trata sobre os costumes, a flora, a fama, etc. Pero puntualiza tamén que Sarmiento caeu no erro no que moitos galegos caen continuamente “envergoñarse do que nos é propio”.

Mera, Manuel, “Lingua, da teoría á práctica”, *Diario de Ferrol*, “La ventana”, 7 maio 2002, p. 30.

Denúnciase o pouco que se fai desde as institucións para realizar o desexo da maioría da sociedade reflectido nas enquisas e no que esta se amosa partidaria de potenciar tanto a cultura, como a lingua propia. Sinálase que existen pequenas excepcións, como é o caso de Fene, pero que en xeral as institucións prefiren empregar os cartos en obras públicas e non na potencia da cultura popular e o uso da lingua galega, incumprindo incluso en casos a Lei de Normalización Lingüística. Finalmente, exprésase o desexo de que o vindeiro dezasete de maio, no que por un día se normaliza a nosa lingua e cultura, sirva para crear conciencia sobre a importancia de facer coincidir a práctica coa teoría, as declaracións e os programas partidarios.

Morgade, Carlos, “O Frei en Mourente”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 9 maio 2002, p. 61.

Dá conta da derradeira etapa da infancia de Sarmiento no chamado Pazo de Santa Margarida no pobo de Mourente na provincia de Pontevedra. Fala das súas actividades neste pobo, e da relación que mantivo con Marcos da Portela, de quen tomou o nome para facelo protagonista do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* . Finalmente tamén se menciona a actividade que se vai a celebrar no colexio de Vilaverde de Mourente en homenaxe ao bieito.

Neira Cruz, Xosé A., “364 días sen letras galegas”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 19 maio 2002, p. 52.

Fai unha crítica de cómo o Día das Letras Galegas para moitos non deixa de ser unha das moitas festividades cívico-solidarias marcadas pola minoría, pola anormalidade, pola precariedade. Pero a realidade do tema tal como expresa o xornalista é que Galicia cada día conta con menos nenos que falan a súa lingua dende o berce, ese é o verdadeiro problema.





Neira Vilas, Xosé, “O galego no Bierzo”, *El Correo Gallego*, “O sarillo do tempo”, 6 outubro 2002, p. 2.

Presenta nun primeiro intre a figura e entorno de Sarmiento dende o seu nacemento no Bierzo. Comenta tamén que a Asociación Cultural Fala Ceibe solicita formalmente que na Lei Comarcal do Bierzo se inclúa o galego como lingua oficial.

Nicolás Rodríguez, Ramón, “Educación para o porvir”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, “Cultura”, 1 maio 2002, p. 30.

Nicolás Rodríguez expresa a súa opinión sobre o Día das Letras Galegas indicando que é un día soamente institucional que non enche as expectativas de practicamente ninguén. Solicita que ademais de iniciativas que alenten todo o ano a lingua e a cultura galega, haxa unha maior implicación e compromiso no ámbito educativo.





Otero, David, “Letras do pobo”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 2 maio 2002, p. 2.

O cronista expresa a súa opinión con respecto á celebración do Día das Letras Galegas e di que debe ser un día singular para Galicia non soamente xustificado coa presencia da oratoria duns poucos. Sinala que este día precisa normalizarse e non constituír unha data sectorial minoritaria, reducida a proclamas minoritarias. Apunta, pois, que debe ser un día de reflexión que manifeste o que defendemos dende o que achegamos a cotío.

Otero, David, “Na véspera do día grande”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 16 maio 2002, p. 2.

Fálase da celebración do Día da Letras Galegas un ano máis desde hai trinta e nove anos e sinálase a Frei Martín Sarmiento como a figura reivindicada no presente ano. Lóase o traballo deste monxe bieito na súa época e finalmente preséntanse unhas cuestións para, como di o autor do artigo, “poñer en solfa as nosas intelixencias”.

Otero, David, “Non está perdido o día”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 17 maio 2002, p. 28.

Declaración de intencións na que o autor se dirixe á Lingua Galega e lle di, entre outras cousas, que no futuro o pobo galego a defenderá no desánimo para o ánimo e que reflexionaremos no pobo solvente, así como que a veremos fóra de bilingüismos mal adquiridos.

Otero Guldrís, Francisco, “O Padre Sarmiento, un home adiantado o seu tempo”, *Faro de Vigo*, “Firmas”, 15 maio 2002, p. 23.

Fai un percorrido pola súa etapa, nos anos 50-60 do século XX, no Instituto de Estudios Galegos “Padre Sarmiento”, onde coñeceu diferentes persoeiros que traballaban no coñecemento da lingua e literatura galega: Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey, Ramón Otero Pedrayo... Tamén menciona o ano 1961 como data na que coñece o que considera o seu compañeiro e amigo Carlos Casares. A continuación, refírese á obra de Carlos Casares *A vida do Padre Sarmiento* (2001), loando a maneira que Casares elixiu para presentar a vida e a obra do homenaxeado. Remata o artigo coa frase “na lembranza de Carlos Casares”.

Pereira Fernández, Xosé Manuel, “Sarmiento, manipulado polo Concello (1, 2 e 3)”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, 18, 19 e 20 xuño 2002, pp. 26, 30, 16 e 18.

Analízase ao longo de tres entregas o libro-guía editado polo Concello de Pontevedra con motivo da celebración do Día da Letras Galegas dedicado a Frei Martín Sarmiento. Cualifícase como cúmulo de despropósitos e con inaudita información sobre a poboación de Pontevedra. Sinálase que a redacción lle foi encargada a unha/s persoa/s sen o máis mínimo coñecemento do tema e dise que é no referido á ópera bufa da Feira Franca onde se atopan a maior capacidade de manipular, falsear e terxiversar dos nacionalistas pontevedreses. Aos nacionalistas do Concello de Pontevedra acúsaselles de terxiversar o legado histórico atendendo exclusivamente a intereses partidarios electorais e de empregar de mala maneira os cartos dos administrados. Finalmente, anímase aos aludidos no artigo a defenderse das acusacións.

Pereiro, Xosé Manuel, “Vésperas de todo, resacas de nada”, *La Opinión*, “Sí home sí”, 17 maio 2002, p. 27.

Refírese en ton humorístico a varios aspectos relacionados coa celebración do Día das Letras Galegas e expón a súa proposta de celebrar a festividade con “algo menos traballoso e máis festeiro que mercar un libro” como “poñer unha flor de toxo (…) na chaqueta, levar un gorro azul ou algo así”. A seguir alude a algúns dos debates recentes a respecto da lingua como o caso do topónimo A Coruña, a normativa da concordia, a publicación pola Universidade de Vigo dun estudio científico que asegura que a forma *Galiza* é a única “con pedigree histórico e científico” e que coincide co lanzamento da *Proposta Galiza*, que ten como obxectivo recuperar este nome para o país co argumento de que “non é unha reivindicación nacionalista, porque hai nacionalistas que non o usan”.

Pérez Prieto, Victorino, “Frei Martín Sarmiento: un soñador para un pobo”, *A Nosa Terra*, nº 1.034/*Diario de Ferrol*, “O Foro das Ideas e das Artes”/“O recanto”, 16-22 maio 2002/12 maio 2002, p. 1/p. 19.

Fai un chamamento á Igrexa Galega, xa que varios séculos despois, aínda non deu aprendido a lección do Padre Sarmiento de usar a lingua galega. Sobre este ilustrado destaca a súa erudición e o seu amor a ciencia e a Galicia. Por outra banda sinala que non é o primeiro Día das Letras Galegas que se lle dedica a un clérigo en agradecemento ao seu labor a prol da lingua e a cultura galega. Refírese tamén ao seu paso por un programa de Radio Unión Catalunya, no que participou xunto con outros intelectuais galegos para falar do tema que leva por título este artigo.

Piñeiro, Antonio, “Dígallo cun libro”, *La Región*, “Ourensalia”, “De paso”, 14 maio 2002, p. 22.

Manifesta a súa desfavorábel opinión sobre no que se está convertendo o Día das Letras Galegas. Segundo o cronista este día foise academizando, escolarizando e festivizando ata o punto de perder o seu contido ou obxectivo inicial. Invita a reflexionar sobre cara a onde, como conxunto social, camiñamos e sobre cara a onde encamiñamos os pasos dos que nos seguen.

Pousa, Luís, “O gran cazador de palabras”, *La Voz de Galicia*, “Análise”, 17 maio 2002, p. 3

O autor define a Sarmiento coma un cazador de palabras, que logo transmitía por medio de etimoloxías e catálogos de voces, o que o convertía nun dos precursores da lingüística galega e románica. Logo fai un breve comentario da biografía do autor para referirse á importancia da súa obra na cultura galega, ou ao seu carácter de fundador da filoloxía galega polo seu traballo de campo na atención á fala. Salienta, ademais, que Sarmiento foi un acérrimo defensor do uso do galego na educación para garantir a súa subsistencia ao tempo que se rebelou contra a decadencia do ensino na súa época. Tamén indica que incluso contribuíu ao desenvolvemento da ciencia por medio da introducción e divulgación da obra de dous colosos do seu tempo: Newton e Linneo.

Rodríguez, Carlos Luís, “Unha primavera máis”, *El Correo Gallego*, “A bordo”, 17 maio 2002, p. 2.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas fálase da situación actual da lingua galega, da que subliña que aínda que presenta problemas, a situación non ten que ser derrotista e destaca que un dos elos na súa recuperación é superar o rexeitamento dunha parte da sociedade.

Rubido, Bieito, “Regale un libro”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 20 maio 2002, p. 33.

Fai un chamamento para que todos celebremos o Día das Letras Galegas por todo o alto, porque esta festa maxistral parece esmorecer, e os galegos non podemos deixala morrer. Di que poucas comunidades poden presumir de ter unha herdanza cultural tan rica e profunda, baseada na súa propia lingua. Finalmente propón que cadaquén regale un libro en galego ás persoas que aprecia.

Sotelo Blanco, Fabiola, “Popularizar este día”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 4 maio 2002, p. 27.

Ofrece a súa opinión sobre a perda do espírito co que naceu o Día das Letras Galegas. Segundo a cronista este día está baleiro de significado. Por iso reivindica que se debe popularizar este día e ilusionar aos galegos co patrimonio cultural e literario existente. Para isto, sinala que é esencial motivar a todos os sectores da sociedade para que promocionen e difundan non só o persoeiro, senón tamén o significado desta festa e da lingua galega.





Suárez Abel, Miguel, “A necesaria liturxia das palabras”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 17 maio 2002, p. 29.

Fai un chamamento á importancia de celebrar o Día das Letras Galegas porque deste xeito “medrou o recoñecemento e respecto público e oficial polas nosas letras e pola nosa lingua”, e polo tanto non se debe desperdiciar a forza litúrxica dese día. A continuación, sinala que se debe aproveitar este día en dúas direccións: incrementando as aparicións nos medios de comunicación e recuperando a palabra na infancia e na adolescencia. Reivindica que volva a ser un día laborábel onde se potencie e anime a celebración, con medios, nos centro escolares. Remata o artigo dicindo que “só as liturxias que saben incluír nas súas cerimonias aos máis pequechos teñen garantida a súa continuidade e eficacia”.

Suárez Blanco, Orestes, “O pai Sarmiento en Carballedo (I)”, *El Progreso*, “Firmas”, 1 agosto 2002, p. 14.

Puntualiza que Sarmiento estivo en Carballedo no seu regreso dunha das súas viaxes ao Mosteiro de San Estebo de Ribas do Sil, en decembro do ano 1745. Critica, dun xeito claro que o concello ou mesmo o colexio non se preocupara de facer saber esta estadía. Di que este feito ten que aproveitarse para promocionar tanto o concello en sí como a estancia de Sarmiento nel.

Tallón, Juan, “Sen compromiso”, *Atlántico Diario/La Región*, “El Laberinto”, 18 maio 2002, p. 27/p. 25.

Cualifícase o Día das Letras Galegas como unha data floreiro no ano contrastando co resto do calendario que dá testemuña de que o galego non acadou un desenvolvemento pleno. Ofrece exemplos de feitos cotiáns que son mostra do dito, como por exemplo as nóminas escritas en castelán, a presencia testemuñal do galego nos xornais, etc., e afirma que a asignación de responsabilidades é múltiple.

Varcálcel, Marcos, “Unha primeira achega a Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 1 febreiro 2002, p. 2.

Refírese ao libro de Carlos Casares *A vida do Padre Sarmiento* (2001) e di que é un volume que presenta a vida do bieito, a súa formación, as súas viaxes e a obra do ilustrado. Ademais indica que foi feito nun modelo de divulgación que pode ser lido tanto por persoas adultas coma por mozos. O cronista bota en falla que Carlos Casares non incluíse unha pequena nota bibliográfica que permitise afondar no homenaxeado. Finalmente, sinala que os cregos e laicos cristiáns máis comprometidos co noso idioma e os pedagogos, son dous sectores que neste ano deberían ter unha especial atención ás celebracións arredor de Sarmiento.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 18 maio 2002, p. 59.

A propósito dos actos a favor do galego que con motivo do Día das Letras Galegas se celebran en Vilafranca do Bierzo, Valcárcel confronta a indiferencia de moitos galegos a respecto da normalización do noso idioma coa vontade e entusiasmo que amosan moitos falantes e organizacións do galego exterior, lembrando os moitos galegofalantes e zonas de fala galega que quedan fóra da Galicia administrativa, e poñendo ese entusiasmo como exemplo para aqueles que poderían facer moito máis ao teren o poder político nas súas mans.

Valcárcel, Xulio, "O Padre Sarmiento", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", nº 206, "Páxina literaria", 19 maio 2002, p. 4.

Destácase o traballo de Henrique Rabuñal como estudioso da vida e obra do Padre Sarmiento e faise un breve repaso polos estudios que se fixeron sobre o monxe anteriores á celebración do Día das Letras Galegas. Sinálase ao profesor Pensado como primeiro e principal estudioso que se achegou á obra do monxe en 1960 con *Fray M. Sarmiento: sus ideas lingüísticas*, así como as datas de 1972 e 1995 nas que se reivindicou a figura do monxe con motivo do segundo centenario da súa morte e terceiro do seu nacemento.

Vázquez, Dora, “Dous galegos”, *O Correo Galego/La Región*, “Ronseis”/“De paso”, 30 xaneiro 2002/2 febreiro 2002, p. 3/p. 24.

Fai referencia á obra da investigadora e periodista coruñesa da Casa Grande de Xanceda, Mª Victoria Arnesto, *Dos gallegos, Feijóo y Sarmiento*, imprentada na Coruña, no ano 1964 pola editorial Moret. Indica que neste traballo histórico-biográfico de cento sesenta e unha páxinas a autora descubría os valores e calidade destes dous personaxes, mesturados coa súa historia e liñaxe de onde naceran. Manifesta tamén a preocupación no estudio do rendemento e a economía daquela época na Galicia na que existía unha masiva emigración.

Vázquez, Dora, “Dúas fermosas horas”, *La Región*, “De paso”, 11 xuño 2002, p. 20.

Dora Vázquez opina que as nosas Letras, na data en que se dedicaron ao Padre Sarmiento, foron ben festexadas en Ourense e na súa provincia, así como noutras cidades e municipios de Galicia. Así mesmo, explica os actos realizados no Colexio Amadeo Rodríguez Barroso, situado nos Rosais en Ourense, aos que tanto ela coma súa irmá Pura foron invitadas e onde lle entregaron dúas placas. Finalmente, agradece ao colexio, aos seus mestres e ao alumnado as fermosas dúas horas que pasou.

Vázquez Allegue, Jaime, “Fray Martín Sarmiento”, *Diario de Ferrol*, “La ventana”, 22 maio 2002, p. 29.

Declara a súa satisfacción porque lle dediquen o Día das Letras Galegas ao Padre Martín Sarmiento polo seu espírito conciliador e polas súas múltiples e variadas investigacións sobre Galicia, a pesar de que non era galego senón berciano. Destaca as estadías do filósofo en Salamanca, Madrid, Asturias e Toledo, que fixeron del “un fraile mundano interesado por las artes y las ciencias” e sinala que non publicou a penas nada en vida “para evitar vanidades intempestivas”, un labor que acometeu Francisco Dávila. Alude tamén ao seu traballo como prolífico escritor, investigador e coñecedor enciclopedista de todas as artes e as ciencias e, sobre todo, como defensor do galego e dos estudios de crítica literaria e filoloxía galega. Finalmente comenta que a elección desta figura para a festividade parece
o resultado dunha decisión consensuada e obxectiva, “ante la sospecha, no siempre infundada, de que en ediciones anteriores este galardón, honor y privilegio era el resultado de una decisión ideológica interesada y con intenciones poco –muy poco– literarias”, o que lle fai pensar que a defensa da lingua xa non é patrimonio dunha ideoloxía nin ataque “frontal, despiadado y radical contra nadie ni contra nada”.

Vázquez Gil, Lalo, “Un frade por Vigo”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 17 maio 2002, p. 3.

Presenta un pequeno fragmento da obra do Padre Sarmiento *Corografía, Antigüedades y Lengua Gallega*, onde se relata o paso do bieito por Vigo nunha viaxe que fixo a Galicia no ano 1745.

Vázquez Pintor, Xosé, “Foro de Vilafranca”, *A Nosa Terra*, nº 1.021, “Sociedade”, 14-20 febreiro 2002, p. 12.

Gaba a iniciativa dun grupo de amigos que crearon o chamado “Foro por Vilafranca”, dende onde fan unha chamada á concordia para a celebración do Día das Letras Galegas no Bierzo-Galicia, xunto con Pontevedra co gallo da homenaxe a Frei Martín Sarmiento. Os amigos do Foro piden sinaturas para reclamar esta celebración da Festa da Palabra, dos libros, da Memoria, en Vilafranca e Pontevedra conxuntamente. O cronista di que esta é unha ocasión inmellorábel para fornecer de orgullo a nosa relación histórica de afectos e cultura que foi e aínda é común.

Vence, Anxel, “Día do optimismo”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Opinión”/“Crónicas galantes”, 17 maio 2002, p. 2./p. 25.

Sinálase o dezasete de maio como un día de optimismo para o noso idioma dado que celebracións coma a do Día das Letras Galegas, así como outras empresas colectivas semellantes, serven para combater a desaparición da nosa lingua por falta de usuarios, que contrasta coa crecente e enganosa presencia do galego en ámbitos dos que estivo desterrada durante séculos. Dise que, a pesar de ser o noso país é un dos que posúe os índices máis baixos de lectura de Occidente, a celebración do Día da Letras Galegas leva consigo a maior venda de libros, aínda que só sexa nese día, así como o desprazamento do tradicional vintecinco de xullo.

Vidal Villaverde, Manuel, “O Padre Sarmiento”, *Atlántico Diario*, “Fai fume”, 15 abril 2002, p. 3.

Expresa a súa opinión sobre a porcentaxe esaxerada e oportunista de publicacións arredor de Frei Martín Sarmiento, que se fixeron co gallo do Día das Letras Galegas e propón a Antón Avilés de Taramancos para ser homenaxeado no ano 2003.

Vidal Villaverde, Manuel, “O Padre sarmiento”, *O Correo Galego*, “Fai fume”, 7 maio 2002, p. 2.

O articulista compara a ampla biblioteca que se di que tiña o Padre Sarmiento coa bibliografía que a raíz do Día das Letras Galegas se vai xerar ao redor da súa figura. Moitas das obras cualifícaas de oportunismo editorial e sostén que, fóra da obra e do aparato crítico do profesor Pensado, moitos dos libros publicados sobre Frei Sarmiento son iguais e nada achegan sobre o pensamento sarmentiano. O xornalista espera que unha vez pasado o día dedicado ó autor se volvan a “facer páxinas menos apuradas verbo da vida, morte e resurrección efémera de Frei Martín Sarmiento”.

Vidal Villaverde , Manuel, “Este idioma”, *O Correo Galego*, “Fai fume”, 21 maio 2002, p. 2.

O cronista sinala que con motivo do dezasete de maio moito cinismo de dobre faciana asomou ás páxinas dos xornais e, así, citando versos de Celso Emilio Ferreiro e citas deÁlvaro Cunqueiro ou Xosé Luís Franco Grande dá a entender que os inimigos do galego teñen moito e moitas persoas coas que loitar para vencer a nosa lingua.





Vilela, Xosé Luís, “Celebrémonos”, *La Voz de Galicia*, “As palabras”, 15 maio 2002, p. 28.

Menciona diferentes aspectos que podemos atopar na obra de Sarmiento. En primeiro lugar, recolle unha frase de Frei Martín datada en Madrid o 28 de xuño de 1758, “Teño a evidencia de que un neno galego, se xa sabe ben a súa lingua, entrará como pola súa casa a entender latín, e despois a entender o castelán mellor ca os mesmos casteláns”. A continuación, refírese á idea do bieito de rexeitar que os rapaces teñan que estudiar de memoria. Finalmente salienta a importancia da celebración do Día das Letras Galegas.

Yebra de Ares, A., “A nai de frei Martín Sarmiento”, *El Progreso*, “Firmas”, 17 maio 2002, p. 27.

Dá conta da orixe do pai e da nai de Frei Martín Sarmiento centrándose nesta última. Fala do Pazo de Perros (Sarria), edificación onde naceu dona Clara de Balboa Sarmiento, e onde pasou parte da súa xuventude. Menciona os símbolos heráldicos que locen as fachadas do casarío e explica as liñaxes dos personaxes que alí entroncaron. Por último, informa de cómo xurdiu o nome de Frei Martín Sarmiento.

IV. 6. Publicacións en xornais: entrevistas

AGN, “Imos rescatar a figura de Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 2 maio 2002, p. 62.

Entrevista ao notario vigués Alfonso Zulueta de Haz, novo presidente do Consello da Cultura Galega, que fala dun dos proxectos da entidade: a edición completa das obras do Padre Sarmiento. Sinala que esta é unha empresa moi laboriosa e custosa, pero que xa conta co apoio da Xunta de Galicia. Comenta, ademais, que parte da obra xa está dixitalizada e que a súa publicación terá grande importancia para Galicia e para a Ilustración española.

Carballo, Pablo, “La edición de la obra del Padre Sarmiento marcará un hito en la cultura española”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 marzo 2002, p. 33.

Entrevista inédita concedida por Carlos Casares o día 18 de febreiro durante a súa última viaxe a Madrid. Fala, sobre todo, da publicación da obra completa do Padre Sarmiento, que cualifica como obra importantísima no ámbito cultural galego e español. Sinala que estará composta por trinta ou corenta volumes e que por primeira vez hai en Galicia unha copia total da súa obra. Así mesmo, fala das relacións existentes entre goberno central e autonómico, e de cómo isto inflúe na cultura.

Carneiro, Montse, “¡Coidado co populismo barato!”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio de 2002, p. 6.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro, Presidente da RAG, que defende que diante de reivindicacións de diferentes movementos culturais, o Día das Letras Galegas non debe converterse nunha feira. Refírese a Sarmiento coma “peculiar”, un crítico desapiadado que publicou pouco porque sabía da debilidade da súa obra. Di, ademais, que foi un precursor en moitos temas, estaba ao día en todo o que pasaba... Define a cultura coma algo que diferencia aos pobos pero ningunha é mellor que a outra, non é necesario nin sequera saber ler para ser un home culto e para isto pon coma exemplo unha anécdota cun home de Ordes, analfabeto, que sen embargo, ademais de ser culto, tiña unha memoria que lle permitía escoitar un discurso e logo repetilo palabra por palabra.

López, Belén, “Un ‘patriota pontevedrés’ en 64 páxinas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 abril 2002, p. 69.

Entrevista á profesora universitaria Pilar Allegue con motivo da presentación no Museo de Pontevedra da biografía que realizou sobre Frei Martín Sarmiento, publicada na editorial Ir Indo no ano 2001. Comeza a conversa describindo a autora o homenaxeado no Día das Letras Galegas como “galeguista, feminista e pacifista”. A continuación, sinálase que a editorial presenta esta biografía como “a máis completa que se realizou sobre o pensador, crítico, científico, filólogo e educador”. Tamén se dá conta dos pasos seguidos pola autora deste libro para a súa realización, libro que é froito da súa tese, e para o que tivo que perseguir a súa obra porque el non quixo publicar en vida. Finalmente a autora fala da figura de Sarmiento como un ilustrado que nunca estivo ben considerado e que segue sen ocupar
o lugar que lle corresponde dentro da historia do pensamento e da ilustración galega, española e europea. Remata a entrevista facendo un chamamento ás administracións para que publiquen a súa obra.

IV. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

Abad, Sandra, “Tras los pasos del Padre Sarmiento”, *La Opinión*, “A Coruña”, 26 maio 2002, pp. 16-17.

Faise unha referencia a dúas obras de Sarmiento nas que pretende facer unha cartografía da súa viaxe pola comarca coruñesa, dende O Burgo ata Ferrolterra. Sinala as datas das incursións de Frei Sarmiento na comarca coruñesa, primeiro no ano 1725, ao percorrer en mula a comarca de Betanzos, Mondoñedo, Ribadeo, Santiago. Pero é na viaxe de 1745, de novo nunha mula e cun caderno, cando fai a análise máis minuciosa co propósito de dotar a Galicia dunha Xeografía moderna, e rexistrar de paso a súa historia natural. O historiador Ramón Boga, responsábel do Museo Arqueolóxico de Cambre destaca a curiosidade científica do monxe antes do seu carácter de relixioso. Sarmiento, chega á comarca brigantina tomando o camiño de Santiago en Ordes cara a Betanzos, dende alí pon rumbo cara a Santa María de Miño e empeza a aproximarse ás Pontes do Eume e Ferrolterra. Xa

en Pontedeume, describe a entrada do Eume e Fene antes de bordear a ría por Neda e dende alí alcanzar Ferrol, lugar onde destaca a parroquia de Santa Icia (Narón), San Salvador de Serantes (Ferrol) e a súa ruta pola costa ata Cabo Prioriño e Doniños. A seguir indica que baixou ao porto de A Graña, dende onde divisou Mugardos e chega á conclusión de que Mugardos, Graña e Ferrol forman case un triángulo equilátero. Continúa na segunda parte da viaxe, onde indica que pon rumbo cara a Bergondo volvendo sobre os seus pasos, por Fene, Pontes do Eume e Centroña onde encontra a división entre as rías de Pontedeume e Betanzos. Indica que logo para en Monte Faro, albiscando Oleiros e Coruña cara a onde se dirixe e onde describe as instalacións portuarias e a súa situación con respecto aos tramos que xa coñecía de litoral. Finalmente destaca que na súa segunda xornada na cidade percorre Monelos, Elviña, chega a Cambre, Arteixo, Boedo e incluso ao Monte Xalo. Remata o artigo con referencias a outras dúas viaxes á comarca coruñesa.




AFA, “A RAG entra na Cámara galega”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 xaneiro 2002, p. 37.

Dá conta de que o responsábel da RAG Xosé Ramón Barreiro Fernández tras reunirse co presidente da Cámara Galega, Xosé María García Leira, chegan ao acordo de elaborar a *Historia dos parlamentarios de Galicia*. Tamén se sinala que nesta reunión o propio presidente Barreiro confirmou que o 9 de febreiro a RAG en pleno decidirá o lugar das celebracións do Día das Letras Galegas neste ano, diante do reclamo de Vilafranca do Bierzo.

AFA, “Sarmiento, galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 2 febreiro 2002, p. 31.

Con motivo da presentación do libro de Carlos Casares *A vida do Padre Sarmiento* (2001), o escritor aproveita a ocasión para reivindicar o protagonismo de Pontevedra fronte a Vilafranca no Día das Letras dedicado ao frade. Considera suficiente a cesión permanente da exposición sobre o bieito, que en verbas do académico foi “o home máis sabio da España do século XVIII”, o pai da filosofía románica.

AFA, “9 de febreiro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 febreiro 2002, p. 31.

Infórmase de que o 9 de febreiro de 2002 terá lugar a primeira sesión da RAG baixo a presidencia de Xosé Manuel Barreiro e que nela se debaterá sobre a elección de candidatos para as cadeiras baleiras e mais sobre o Día das Letras Galegas de 2002, concretamente o lugar onde se homenaxeará a frei Sarmiento: Pontevedra ou Vilafranca do Bierzo.

AFA, “Pontevedra e o Bierzo pídenlle á RAG ser co-sedes do Día das Letras”, *O Correo Galego*, “AFA”, 7 febreiro 2002, p. 35.

Informa de que en Santiago presentouse unha petición conxunta entre Pontevedra e Vilafranca do Bierzo para compartir as celebracións do Día das Letras Galegas en homenaxe a Frei Martín Sarmiento. Comenta que Henrique Costas, profesor da Universidade de Vigo, insiste en que máis alá dos localismos, o Día das Letras Galegas se converta nun acto lúdico e reivindicativo. Ademais, sinálase que neste ano no que se implanta o galego nas escolas bercianas, se esquece a tradición de celebrar os actos só en Galicia co obxectivo de defender o galego. Finalmente, manifesta a flexibilidade na postura do presidente da Real Academia Galega, nun principio moi receptiva sobre a idea de compartir os actos.

AFA, “Comeza o ano Sarmiento”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 febreiro 2002, p. 33.

Informa de que o Consello da Cultura Galega iniciou os actos en homenaxe a Frei Martín Sarmiento coa exposición *O Padre Sarmiento e a Galicia do seu tempo* sobre a vida e a obra do bieito composta por setenta e cinco fotografías de Xurxo Lobato con textos de Filgueira Valverde e, a presentación do libro *Frei Martín Sarmiento* de Isidro García Tato e Ana Mª Suárez no antigo Hospital de San Roque en Santiago de Compostela, onde destacan o talante ilustrado do bieito e o inédito da súa obra. Destaca tamén a presencia neste acto do Presidente do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento. Comenta ademais que Carlos Casares destacou a dificultade de escribir sobre o bieito xa que ten practicamente inédita a súa obra. Finalmente, sinálase que ese mesmo día a RAG ten que decidir onde se van a celebrar os actos do Día das Letras Galegas, se en Pontevedra ou en Vilafranca do Bierzo.

AFA, “Un novo centro cultural no terreo onde estaba a casa de Frei Martín Sarmiento, propiedade da Xunta dende hai sete anos”/“Acordan erguer un centro cultural sobre a casa natal do Padre Sarmiento”, *O Correo Galego/El Correo Galego*, “AFA”/“Cultura”, 19 marzo 2002, p. 30/p. 76.

Dá conta que despois de que a Xunta adquirira hai sete anos a casa natal do Padre Sarmiento, a directora xeral de Turismo da Xunta, María Antón e a súa homóloga da Xunta de Castela-León veñen de asinar un convenio polo que o vindeiro 18 de maio, se colocará a primeira pedra do que será un novo centro cultural en Vilafranca.

AFA, “O pronacionalismo de Frei Sarmiento”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 abril 2002, p. 30.

Refírese primeiro ás palabras sobre Sarmiento que o presidente da Real Academia Galega expón en Pontevedra sobre o bieito como “un pronacionalista que dicía que non tiña sentido estudiar español ou latín antes que galego”. Estas palabras foron escoitadas durante unha reunión co alcalde pontevedrés para ultimar os detalles da celebración do Día das Letras Galegas. Tamén se deu conta de que o vindeiro luns se presentará unha biografía do homenaxeado feita por Pilar Allege, dunha maneira próxima á autobiografía, pois a autora realiza un estudio das propias notas autobiográficas que o ilustre dispuxo de maneira dispersa ao longo da súa obra. Finalmente menciónase que o redor da figura do Padre Sarmiento tamén se celebrarán unhas xornadas organizadas polo Centro de Estudios Humanísticos José Filgueira Valverde de Madrid e a Universidade Complutense.

AFA, “Un bus a Vilafranca”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 maio 2002, p. 34.

Fai referencia á xornada reivindicativa que baixo o lema *Pola lingua que nos une* a Mesa pola Normalización Lingüística e unha ducia de colectivos convocan para o día 19 de maio, logo dos actos oficiais da Real Academia Galega e a Comisión Sarmiento, en Vilafranca do Bierzo cun dobre obxectivo: unir o galego da Galicia e o falado fóra das fronteiras administrativas, así como, unir as diferentes organizacións na “recuperación dun diálogo perdido hai tempo”.

AFA, “Sarmiento de plastilina”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 maio 2002, p. 32.

Informa de que no marco das homenaxes que a Consellería de Cultura lle rende ao intelectual ilustrado, a Televisión de Galicia emitirá o 17 de maio unha curtametraxe de animación titulada *A escola das areas*, baseada no método didáctico do padre Sarmiento nun intento de achegar as súas ideas aos máis novos.

AFA, “Sarmiento, recuperado”, *O Correo Galego,* “Un día para as Letras”, 17 maio 2002, p. 33.

Faise unha referencia ao erudito esquecido e descoñecido. Indícase que a teoloxía, a lingüística, a botánica ou a pedagoxía eran algúns dos temas plasmados nas notas de Sarmiento. Sen embargo, a súa meirande preocupación, era a educación; non comprendía que a nenos galego-falantes se lles ensinase en castelán ou como os curas predicaban en latín. Faise eco ademais das palabras de Henrique Rabuñal quen indica que “dende a súa infancia foi obxecto de burla por un profesor por ser galego falante”, para acabar definíndoo como “un arquivo da lingua e un cronista da patria”. Destaca tamén que Sarmiento propoñía como solución, que en todas as vilas de Galicia houbese un catedrático de galego, que ensinara dende esta lingua. Conclúe que Sarmiento era un adiantado ao seu tempo e sinala que José Santos Puertos se refire a el como “o primeiro exiliado cultural da modernidade española”.

AFA, “Gratificación galega”/“A Academia agradécelle ó Bierzo a súa fidelidade á lingua galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “Un día para as Letras”/“Cultura”, 19 maio 2002, p. 48/ p. 73.

Infórmase da celebración dunha sesión extraordinaria na vila natal de Frei Martín Sarmiento na cal agradeceron alén da defensa da lingua galega do literato, a fidelidade das xentes do Bierzo cara a esta lingua. Dáse conta de que a esta sesión acudiron tamén o presidente da Xunta, os conselleiros de cultura e de educación ademais do alcalde de Vilafranca. Destaca que nela os académicos fixeron referencia a distintos aspectos da obra de Sarmiento (anticlericalismo, obsesión pola lingua...). Finalmente, infórmase de que está prevista en Vilafranca unha manifestación para reivindicar o galego exterior.

AFA, “Lazos interautonómicos”, *O Correo Galego,* “Un día para as Letras”, 19 maio 2002, p. 49.

Infórmase da sinatura dun convenio para construír un centro cultural sobre o terreo da casa na que naceu Sarmiento e que xunto cunha exposición sobre Sarmiento instalada na Igrexa San Francisco de Vilafranca, constitúen os actos centrais de homenaxe celebrados en Vilafranca e que estiveron presididos por Manuel Fraga, o presidente de Castela-León, Juan Vicente Herrera Campo, e o alcalde de Vilafranca. Salienta que centro é un complexo que intenta servir como centro de exposicións e como referencia dentro do Camiño de Santiago.

AFA, “O centro cultural ‘Padre Sarmiento’ entrará en funcionamiento na primavera de 2004”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 maio 2002, p. 74.

Faise referencia ao acordo da creación dun centro cultural no solar da casa natal de Frei Martín Sarmiento por parte de Manuel Fraga, Juan Vicente Herrera e máis o alcalde de Vilafranca, e que vai levar a cabo funcións como centro de exposicións e tamén como centro de referencia dentro do camiño de Santiago. Manifféstase que a obra vai ser financiada a partes iguais por ambas administracións autonómicas. Por outra banda di que o presidente da Xunta, inaugurou unha exposición sobre o monxe organizada polo Consello da Cultura Galega na Igrexa de San Francisco da Vila, en Vilafranca.

A. G., “Nigrán rinde homenaje al ‘vecino’ Carlos Casares”, *Atlántico Diario*, “Val Miñor”, 15 maio 2002, p. 19.

Fai referencia a que o Concello de Nigrán e mais o Instituto de Estudios Miñoranos lembrarán a figura de Carlos Casares e anúncianse as actividades que desenvolverán co gallo do Día das Letras Galegas de 2002.

A.G., “Alberto Valverde hablará en Tempo Libre sobre el Padre Sarmiento”, *Atlántico Diario,* “Val Miñor”, 17 maio 2002, p. 22.

Dáse conta de que aproveitando a estadía de emigrantes en “Vacacións para lembrar”, Alberto Valverde falará e achegará a figura do Padre Sarmiento aos oíntes, sobre de todo no relativo ás descricións que sobre o Val Miñor fixo o bieito.

AGN, “Casares anuncia que un acto del Día das Letras Galegas se celebrará en El Bierzo”, *Diario de Ferrol/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 26 xaneiro 2002, p. 46/p. 56.

Informa de que ao Presidente do Consello da Cultura Galega non lle cabe ningunha dúbida sobre onde se deben de celebrar os actos do Día das Letras Galegas, a vila de Sarmiento pois aínda que o bieito nacera en Vilafranca, a súa vida fíxoa íntegra en Pontevedra. Segundo di, Casares cre que isto non debe privar de conmemorar da mesma maneira dita celebración na súa vila natal con algún acto da RAG ou do Consello da Cultura Galega.

AGN, “Carlos Casares publica na Editorial Galaxia ‘A vida do Padre Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura & Ocio”, 2 febreiro 2002, p. 62.

Dá conta da obra *A vida do Padre Sarmiento* (2001) que o escritor Carlos Casares vén de publicar, unha biografía pensada como se fora un conto. Tamén informa, que por outra banda o Consello da Cultura Galega que el mesmo preside está a facer unha recompilación de máis de trinta mil manuscritos de Sarmiento como conmemoración do Día das Letras Galegas. Casares presenta a Sarmiento coma un home moderno, de enorme sentido común. Finalmente sinala que a importancia do bieito para a cultura galega vén dada polos seus escritos sobre a lingua, que estudiou e diferenciou razoada e apaixonadamente.

AGN, “Pontevedra e Vilafranca compartirán sede na celebración das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 10 febreiro 2002, p. 70.

Informa de que a Real Academia Galega vén de decidir facer unha celebración compartida do Día das Letras Galegas entre Pontevedra e Vilafranca, se ben, non como pensaban os representantes das vilas (un acto pola mañá e outro pola tarde), senón en dous días distintos. Refírese tamén ás manifestacións feitas por ambos concellos sobre a súa intención de sumar esforzos “para conseguir a máxima proxección da figura humana e intelectual” do bieito.

AGN, “O executivo galego busca divulga-la figura de Sarmiento nas escolas”, *Diario de Arousa/Diario de Ferrol/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 19 abril 2002, p. 31/p. 44/p. 46.

Dá conta de que os conselleiros de Educación e Cultura veñen de presentar en Santiago os materiais didácticos que ambas as dúas consellerías entregarán nos centros de ensino, co ánimo de difundir a imaxe de Frei Martín Sarmiento e de contribuír a normalizar a lingua, dentro dos actos de conmemoración do Día das Letras Galegas.

AGN, “Los actos del Día das Letras Galegas se prolongarán en la ciudad del 8 al 29 de mayo”, *El Progreso*, “Lugo”, 19 abril 2002, p. 3.

Sinala que os concelleiros Branca Rodríguez Pazos e Ignacio Rodríguez Eguíbar avanzaron que os actos conmemorativos na cidade de Lugo se prolongarán do 8 ao 29 de maio. Indica tamén que no programa de actividades se incluirán dende charlas sobre o Padre Sarmiento ata unha xornada dedicada ao baile galego.

AGN, “Pérez Varela presenta ‘A escola das areas’, un curto de animación en plastilina”, *Diario de Ferrol/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 11 maio 2002, p. 47/p. 51.

Informa de que o Conselleiro de Cultura presentou en Santiago *A escola das Areas*, unha curtametraxe destinada a achegar a todo tipo de público a figura e obra de Frei Martín Sarmiento. Sinálase tamén que esta curtametraxe pertence á serie de producciónsa *A lingua animada*, un proxecto de animación con personaxes modelados en plastilina que ten unha duración de once minutos e está destinada principalmente a súa difusión pola televisión.

A.G.N., " Pontevedra, O Bierzo e Santiago acollen os principais actos das Letras Galegas", *El Progreso,* "Cultura", 17 maio 2002, p. 91.

Infórmase de que Pontevedra, Vilafranca do Bierzo e Santiago acollen os principais actos conmemorativos ao Padre Sarmiento no día das Letras Galegas, entre os que se atopan dúas sesións plenarias extraordinarias da RAG en Pontevedra e Vilafranca. Sinálase tamén, que en ambas as dúas estará presente o Presidente da Xunta, e incluso na de Vilafranca, estará tamén o Presidente da Junta de Castilla-León, Juan Vicente Herrera. Para rematar, indica que se firmará un protocolo para a creación dun Centro Sociocultural na casa natal do Frei.

AGN, “Pontevedra, Villafranca e Santiago protagonizan o Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa/Diario de Ferrol/El Ideal Gallego,* “Galicia”, 17 maio 2002, p. 29/p. 47/p. 45.

Dáse conta de que a RAG celebrará dúas sesións plenarias extraordinarias en Pontevedra e Vilafranca onde se conmemorará a Martín Sarmiento. Da mesma maneira, indícase que en Santiago se entregarán os Premios das Letras e das Artes a onde asistirán tanto o Presidente da Xunta coma os dous líderes da oposición. Así mesmo, as Universidades de Santiago e Coruña súmanse tamén aos actos coa lectura de conferencias, presentación de libros e concertos. Doutra banda, segundo se sinala, os partidos políticos tamén celebrarán diversos actos conmemorativos que van dende ofrendas florais á lectura de textos do bieito.

AGN, “A Xunta axudará a crear no Bierzo un centro dedicado a Sarmiento”, *El Progreso,* “Galicia”, 19 maio 2002, p. 37.

Infórmase de que o presidente da Xunta e o seu homólogo de Castela e León, Juan Vicente Herrera, veñen de asinar un convenio para a construcción dun centro sociocultural no solar da casa natal de Sarmiento e que segundo Manuel Fraga, debe ser froito “dunha sabia conxunción entre tradición e innovación” como se pode extraer da lectura da obra de Sarmiento. Indica ademais que o edificio servirá para potenciar o uso do Camiño de Santiago constituído ao longo de séculos coma o “cordón umbilical” entre Galicia e Castela.

AGN/A. M./EFE, “Una exposición sobre Sarmiento recorrerá 174 concellos gallegos”/“Una muestra del Padre Sarmiento recorrerá 174 ayuntamientos”/“Una exposición sobre Martín Sarmiento recorrerá 174 ayuntamientos de toda Galicia”, *Diario de Pontevedra/ABC/El Correo Gallego*, “Cultura & Ocio”/“Cultura”/, 28 marzo 2002, p. 63/p. 42/p. 68.

Anúnciase que unha mostra itinerante formada por doce paneis con textos e imaxes da vida e a obra do Padre Sarmiento percorrerá un total de cento setenta e catro concellos galegos, dentro do programa de actividades do Día das Letras Galegas. Refírese tamén ás palabras do conselleiro de Cultura, Celso Currás, que sinala que o Padre Sarmiento foi un adiantado do seu tempo e un apaixonado de todo tipo de disciplinas intelectuais, sen ben, destaca a súa defensa da lingua galega e, que esta exposición supón unha “magnífica ocasión” para divulgar a obra do humanista. Apunta ademais que aproveitando estes materiais se elaborarán varias unidades didácticas para os colexios.

A. N. T., “Vilafranca do Bierzo e Pontevedra ofrécense para celebrar a Sarmiento”, *A Nosa Terra*, nº 1.016, “Cultura”, 10-16 xaneiro 2002, p. 24.

Sinala que o Concello leonés de Vilafranca do Bierzo, ten previsto celebrar neste ano un amplo programa de actos que conmemoren a Frei Martín Sarmiento, entre os que confían ter a propia celebración do Día das Letras Galegas, posto que a Real Academia Galega ten como norma celebrar dita conmemoración na vila natal do homenaxeado. Sen embargo, coma neste caso queda fóra de Galicia, informa que tamén ten moito peso a idea de celebrar os actos na vila de adopción do bieito, Pontevedra, que ademais pola súa banda ten previsto tamén a celebración de diversos actos institucionais.

A. N. T., “Vilafranca e Pontevedra compartirán o Día das Letras”, *A Nosa Terra*, nº 1.021, “Cultura”, 14-20 febreiro 2002, p. 25.

Informa da decisión tomada pola Real Academia Galega de compartir as celebracións do Día das Letras Galegas a cidade de Pontevedra e o pobo de Vilafranca, se ben esta última realizará o acto o sábado 18 por ser o venres 17 día laborábel. Sinala tamén, que desta maneira o presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, mantivo o seu compromiso de celebrar este Día en Galicia. Finalmente, menciona que o Presidente da Xunta, Manuel Fraga, mostrou publicamente o seu apoio ao acordo acadado.

A. N. T., “O Bierzo tamén celebra o Día das Letras. Asociacións e entidades culturais conmemoran a data” *A Nosa Terra,* nº 1.034, “Cultura”, 16-22 maio 2002, p. 25.

Dáse conta da singularidade da celebración do Día das Letras Galegas, que de xeito oficial levará a cabo a RAG (referencia ao programa de actividades tanto en Pontevedra coma en Vilafranca), pero que dende asociacións se está a levar a cabo durante toda a semana e non soamente centrándose na figura de Sarmiento senón tamén na celebración doutro tipo de actos sobre o día 17 de maio. Destácase que fóra dos actos oficiais, Vilafranca acollerá a presentación do libro *Escolma de poesía berciana en lingua galega* para continuar cun acto reivindicativo da Mesa pola Normalización Lingüística na que participaran outras moitas asociacións. Infórmase tamén doutras actividades a celebrar en Sarria e Porto.

A. P., “Arte mural en homenaxe a Frei Martín Sarmiento”, *Faro de Vigo*, “Louriñá/Porriño-Mos”, 8 maio 2002, p. 16.

Menciona que os alumnos de 3º e 4º da ESO do Instituto Ribeira do Louro de Torneiros realizaron os tradicionais murais con motivo do Día das Letras Galegas, para dar a coñecer a figura de Frei Martín Sarmiento a todos os veciños da vila; unha figura que segundo Xosé Manuel Rodríguez antes do Día das Letras Galegas era un personaxe completamente esquecido. Finalmente, preséntanse as palabras da profesora Mª José Iglesias quen resalta a importancia desta iniciativa e invita a todos os veciños a admirar o traballo dos escolares.

A. R., “El teatro, la música y los lemas centrarán las ‘letras galegas’ de Cambados, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés/Arousa”, 24 marzo 2002, p. 22.

Refírese á programación cultural deseñada con motivo do Día das Letras Galegas polo concello de Cambados, na que destacan a celebración por segundo ano consecutivo do concurso de lemas, teatro e música. Ademais coma novidade incluirase música acorde co día dos Letras Galegas. En cadro á parte, infórmase dunha exposición de murais referida a Sarmiento, que se inaugura o día 13 no Paseo da Calzada.

Álvarez, Elisa, “Atopan en Silos dous manuscritos descoñecidos de Martín Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 agosto 2002, p. 36.

Di que tras varias pescudas , Henrique Monteagudo atopou finalmente o manuscrito “La Iglesia Romana es la católica columna y fundamento de la verdad”, que lle atribúe sen dúbida ao Padre Sarmiento. Monteagudo explica que o derradeiro libro do autor é un encargo da orde benedictina para disuadir ao Rei da pretensión de que fose el o que nomease directamente aos abades.

B. L., “O Museo acóllese á mirada de Allegue sobre Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 abril 2002, p. 66.

Informa de que o Museo de Pontevedra acolle a presentación da biografía sobre Frei Martín Sarmiento realizada en 2001 por Pilar Allegue. Dende a editorial definen a biografía como unha das máis completas por estar baseada en moitas notas autobiográficas relatadas polo propio autor. Sinala que este libro pretende debuxar a personalidade do bieito e o seu pensamento a través da análise que mestura coñecementos académicos e populares.

B. L., “Repaso ó pensamento dun monxe: da erudición benedictina á visión das plantas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 abril 2002, p. 69.

Dá conta de que a segunda parte do ciclo de conferencias arredor de Frei Martín Sarmiento organizado polo Museo de Pontevedra comeza coa exposición de Antonio Linage sobre o papel do bieito na erudición benedictina do seu tempo. Sinala que este é o punto de partida sobre unha ampla visión do Padre Sarmiento que rematará o vindeiro 8 de maio coa intervención de Javier Dosil sobre “A natureza no pensamento ilustrado de Frei Martín Sarmiento: a súa visión da botánica e da conservación dos recursos pesqueiros”. Finalmente enuméranse outras das conferencias que tamén están programadas.

B. L., “O alcalde volve ó instituto”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 9 maio 2002, p. 61.

Sinala que o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, con motivo da celebración do Ano Sarmiento, visitou o único instituto de Galicia que leva o nome do bieito coa intención de coñecer os actos que de xeito especial se están a organizar no centro, entre os que se poden destacar: a colocación dunha placa conmemorativa, exposición de libros, artigos e traballos relacionados coa vida e obra de Sarmiento, presentación dunha montaxe audiovisual, etc.

B. L., “Sarmiento en la memoria de Filgueira”, *Diario de Pontevedra*, 29 outubro 2002, p. 75.

Información xornalística do II Memorial Filgueira Valverde en Pontevedra. Sinálase a presencia das autoridades que interviñeron, así como o interese do intelectual pontevedrés pola figura de Sarmiento, a colaboración da Universidade de Vigo e Caixanova e o interese de lembrar a Filgueira.

B. L., “Sarmiento, faise camiño ó andar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 11 novembro 2002, p. 64.

Neste artigo fálase dos camiños de Sarmiento, distintos lugares de Galicia como Cotobade, por onde Frei Martín Sarmiento pasou e que serviron para inspirar a súa obra.

B. L., “Aló vai o Ano Sarmiento en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 15 decembro 2002, p. 76.

Coméntase a celebración do acto de clausura do Ano Sarmiento no Pazo da Cultura en Pontevedra. Sinálase que despois das intervencións do concelleiro de cultura, Luís Bará; do secretario da Comunidade de Montes de Mourente, Carlos Morgade, e do alcalde da cidade de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, falaron a historiadora Pilar Allegue e o escritor Xosé Vázquez Pintor. Sobre Pilar Allegue dise que leu tres textos do Padre Sarmiento nos que denunciaba, entre outras cousas, “a xente situada arredor do poder que vive diso así como o uso que dos galegos se fai dende o poder político exterior”. Pola súa banda, o escritor Xosé Vázquez Pintor leu o manifesto da súa autoría “Mil primaveras”. Finalmente destácase que pechou o acto o alcalde de Pontevedra, quen falou sobre a “dramática situación que vive o país” dende o naufraxio do Prestige.

B.L./AGN, “Luís Bará avoga en Santiago por un Ano Sarmiento coa capitalidade compartida”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 7 febreiro 2002, p. 69.

Refírese ás palabras de Luís Bará, concelleiro de cultura de Pontevedra, quen avoga para que do mesmo xeito que no caso de Xesús Ferro Couselo en 1996 houbo actos en Valga e Ourense, este ano a celebración do Día das Letras Galegas debe compartirse entre Pontevedra e Vilafranca, cidade de adopción e de nacemento de Frei Martín Sarmiento. A continuación, infórmase de que representantes de ambos os dous concellos se reuniron na cidade de Santiago de Compostela para tratar este tema. En concreto, pretenden celebrar un acto pola mañá en Vilafranca e outro pola tarde na cidade do Lérez. Finalmente dise que

o veredicto final se decidirá na sesión plenaria que a Real Academia Galega celebrará o 9 de febreiro.

B. L./AGN, “Asociacións e Concello comezan a prepara-lo Ano Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura & Ocio”, 20 febreiro 2002, p. 62.




Informa de que o Concello de Pontevedra vén de comezar os contactos con veciños e institucións interesadas en colaborar na celebración de actividades para homenaxear este ano dedicado a Sarmiento. Salienta que os actos comezarán coa inauguración dunha rúa restaurada co seu nome, para seguir cunha explicación e publicación das súas obras. Refírese tamén aos actos que celebrará o Museo Provincial, a Asociación Amigos do Camiño Portugués e o Instituto de Ensinanza Secundaria de Pontevedra que leva o nome deste persoeiro.





B. L./AGN, “Unha homenaxe na casa de Sarmiento inicia os actos dun ano na súa honra”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura & Ocio”, 9 marzo 2002, p. 69.

Refírese á homenaxe que a profesora Pilar Allegue e o Alcalde Miguel Anxo Fernández Lores lle realizan ao autor ao que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas, no día do seu nacemento mediante o descubrimento dunha placa na casa onde viviu o autor. O día da homenaxe rematará cun concerto da Banda Municipal de Música de Pontevedra nos soportais da Casa da Luz. Sinálase ademais que, aproveitando esta homenaxe, o alcalde fixo un comentario ao programa de actividades que se van a realizar para conmemorar ao bieito. Para rematar o xornalista fai unha pequena biografía de Pedro José García Balboa, máis tarde coñecido como Padre Sarmiento.

B. L./AGN, “O carballo de Santa Margarida, imaxe oficial do ano Sarmiento”, *Diario de Pontevedra,* “Cultura & Ocio”, 15 marzo 2002, p. 69.

Sinala que o carballo milenario de Santa Margarida que medrou ao carón da casa familiar do bieito, será a imaxe do ano Sarmiento en Pontevedra. Indica que dita árbore aparece citada con moito agarimo na obra do homenaxeado e por outro lado é un símbolo de forza da súa personalidade, como intelectual e estudioso, sendo ademais a árbore máis representativa do noso país.

B. L./AGN, “O monte da Fracha terá un carballo por cada personaxe de Martín Sarmiento” *Diario de Pontevedra*; “Cultura & Ocio”, 21 marzo 2002, p. 70.

Dá conta de que o concello de Pontevedra vén de elixir á Pedra Longa de Pintos, con motivo dun dos anacos das mil duascentas unha coplas escritas polo padre Sarmiento, como lugar para render unha homenaxe ao bieito na terceira actividade oficial do ano cultural. Ademais informa de que a Comunidade de Montes de Marcón, plantará vintecinco carballos, un por cada personaxe da obra do homenaxeado.

B. R., “Henrique Monteagudo hablará en Tomiño sobre Frei Sarmiento”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 4 maio 2002, p. 22.

Informa de que o claustro do Instituto de Ensinanza Secundaria de Tomiño e a Asociación de Pais e Nais veñen de organizar a Festa da Primavera á cal asistirá o Secretario do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo, quen ofrecerá unha conferencia sobre a figura de Frei Martín Sarmiento.





Blanco Rivas, M., “A liñaxe galega de Sarmiento”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”/“Cultura”, 16 maio 2002/19 maio 2002, p. 49/p. 53.

Faise un estudio da liñaxe do monxe, nado o 6 de marzo de 1695. Sinálase que era fillo dun mestre de obras de Gosende e que naceu en Vilafranca por motivos laborais do pai. A seguir di que emigraron a Pontevedra onde se asentaron definitivamente. Destaca, pois, que a familia Gosende é orixinaria da Terra de Montes, estendéndose despois por unións matrimoniais por todo Montes, Santiago, Padrón, Tabeirós e Lalín.

Busto, Ramón, “Monte Branco homenajea hoy en Ponteceso a la escritora Concha Blanco”, *El Correo Gallego,* “Área de Compostela”, 19 maio 2002, p. 43.

Dáse conta de que a Asociación Cultural Monte Branco de O Couto (Ponteceso) celebra hoxe o día grande das letras galegas coa homenaxe a un escritor galego vivo para seguir a tradición dos últimos dezanove anos e que nesta ocasión recaeu en Concha Blanco. As conmemoracións das letras galegas comezaron xa o pasado 20 de abril co itinerario bergantiñán do Pai Sarmiento, para seguir co II Encontro de Normalización, coa literatura infantil e xuvenil, na cal participa cunha conferencia a propia homenaxeada. A isto engádense concertos folk, relatos tradicionais, festival de danza, etc.

C.B.G., “As fronteiras de Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 114, 30 xaneiro 2002, p. 1.

Destaca a figura do Padre Sarmiento dentro do panorama de lingua e literatura galega. Resalta que foi un dos primeiros galegos que propuxo que os nenos estudiasen nas escolas na súa propia lingua. Finalmente, di que é en Pontevedra onde se garda a maioría do seu legado e onde escribiu tamén “parte das súa escasa obra en galego, como o *Coloquio de 24 galegos rústicos*”.

C. D. U., “Fonseca acolle unha exposición sobre Frei Martín Sarmiento”, *El Correo Gallego*, “*O Correo da Universidade*”, 22 maio 2002, p. 4.

Dáse conta de que o Claustro Alto do Colexio de Fonseca acolle ata o vindeiro 31 de maio unha mostra bibliográfica sobre a figura de Frei Martín Sarmiento, na cal se recollen documentos que fan referencia á ampla e fecunda obra do Frei, así como a súa vida dende o seu nacemento en Vilafranca, o seu traslado a Pontevedra e o seu pasamento no convento de San Martín en Madrid en 1772.

C. F., “Exposición sobre Frei Martín Sarmiento en Ponte Caldelas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Comarca”, 3 maio 2002, p. 15.




Informa que o Centro Cultural de Ponte Caldelas acolle durante os días 3, 4 e 6 de maio unha exposición sobre Frei Martín Sarmiento, organizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para facer chegar a todos os veciños do municipio a importancia da figura do bieito ao cal se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas. Tamén se dá conta de que na sala de exposicións da Alameda de A Lama se atopa aberta unha exposición sobre a figura de Sarmiento organizada pola OMIX do Concello.





C. G., “Chega a Moraña a exposición sobre Martín Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Caldas”, 21 abril 2002, p. 22.

Sinala que a exposición sobre Frei Martín Sarmiento realizada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, dependente da Consellería de Educación, chega á Casa da Cultura de Moraña e estará alí ata o 24 de abril. Apunta que esta exposición inclúe paneis informativos de cartón pluma sobre a vida e obra do ilustre escritor galego.

C. P., “Casares conta de xeito ameno a obra e a vida do Padre Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 febreiro 2002, p. 30.

Refírese á presentación do libro de Carlos Casares *A vida do Padre Sarmiento* (2001), editado pola editorial Galaxia con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Destácase que Casares afirma do bieito que “pudo ser o pai da Filoloxía Románica pois iba uns anos adiantado, pero a súa teima de non publicar as obras impediuno”. Finalmente dise que esta biografía foi realizada como unha novela ou como un conto sinxelo de ler.

Cabano Vázquez, J. I., “A gastronomía galega en Sarmiento”, *O Correo Galego,* “Un día para as Letras”, 17 maio 2002, p. 34.

Sinálase a importancia en toda biografía da referencia á dieta alimenticia do personaxe. De feito, no caso de Sarmiento, e estudiando os seus propios escritos pódese descubrir, que o Frei farto da dieta baseada en hidratos de carbono que tiña na súa cela madrileña, decide viaxar a Pontevedra na busca doutros manxares e co obxectivo de rebaixar o seu peso pois el mesmo dicía “temo rebentar de gordo”. Destácase que unha vez que chega á cidade do Lérez, coa súa teima de observar, critica a cociña madrileña por botarlle vinagre ás ostras, pois coma el mesmo di, descoñecendo que era por motivos de conservación, débense servir con viño branco. De feito, el mesmo fai unha receita para as mesmas, que hoxe en día, se se tivese en conta, axudaríanos á recuperación piscícola e á autenticidade gastronómica, pois séguese aplicando o vinagre ás ostras en lugar dos nosos excelentes brancos.

Carballa, Xan, “A estirpe materna de Martín Sarmiento reivindica a súa memoria e conserva orixinais do seu antepasado”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Esta semana”, 14-20 marzo 2002, pp. 2-3.

Preséntase a reivindicación da familia de Concha Grandas Rodríguez, descendente en liña directa da familia materna do Padre Sarmiento, sobre uns datos biográficos erróneos que situaban o nacemento da nai do bieito en Vilafranca, cando este lugar foi Perros, no concello de Sarria. Sinálase tamén, que a estirpe materna do homenaxeado conserva intacto o pazo de Perros, e ofrece aos historiadores e biógrafos a documentación conservada por séculos que inclúe textos autógrafos do ilustrado ao que se dedica o Día das Letras Galegas.

Casares, Christian, “A Real Academia pide políticas de defensa do galego no ensino, a empresa e os medios”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 18 maio 2002, p. 25.

Informa de que a RAG lle propón á Xunta unha serie de medidas para potenciar o uso do galego, entre as que destacan a que fixo o propio presidente da RAG para que Política Lingüística se convertese en vicepresidencia. Por outra banda, sinala que Díaz-Fierros, Ferro Ruibal e Alonso Montero, gabaron o labor de Sarmiento.





Castro, V, “A Academia demanda máis apoio á lingua na empresa e no ensino”, *El Correo Gallego,* “Cultura”, 18 maio 2002, p. 65.

Dáse conta de que a RAG celebrou unha sesión extraordinaria no Teatro Principal de Pontevedra en homenaxe á figura e obra de Sarmiento, na cal, os académicos por voz do seu presidente, pediron unha actualización da Lei de Normalización Lingüística ademais de destacar a “irrisoria” situación da lingua galega na actualidade. Xa a pé de páxina fanse varias referencias sobre a vida e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Conde, María, “Barreiro cre que Pontevedra acollerá o acto oficial do Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2002, p. 30.

Informa de que o Goberno Local de Pontevedra xa se puxo en contacto coa Real Academia Galega para ofrecer a colaboración do concello na celebración do Día das Letras Galegas, que este ano honra a Frei Martín Sarmiento. Sinala tamén que con respecto á candidatura de Vilafranca, o concelleiro de cultura pontevedrés afirma que non entra en localismos, pero considera que a relación de Pontevedra co homenaxeado é moito máis directa. Dá conta tamén de que o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, pensa do mesmo xeito. O artigo remata referíndose a que o propio concello de Pontevedra, por medio da súa comisión de Goberno, vén de declarar o ano 2002 como o Ano de Sarmiento coa conseguinte programación cultural.

Domínguez, Tino, “Las huellas pontevedresas de Sarmiento”, *Atlántico Diario*, “La Revista. Reportaje”, 29 decembro 2002, p. 43.

Artigo no que se analiza a traxectoria do Padre Sarmiento na cidade de Pontevedra. Estúdiase a súa vida na cidade do Lérez, dende que chegou, aos catro meses de idade, ata os quince anos. A seguir, cítanse os catro referentes na obra de Sarmiento: Mourente, o Mosteiro de Poio, Monteporreiro e a Basílica de Santa María a Maior. A continuación, ofrécese un percorrido pola cidade de Pontevedra, seguindo as pegadas do Padre Sarmiento. Para rematar, fálase da súa condición de precursor de dereitos e liberdades, posto que propuxo a reformulación do ensino, rexeitou a tortura como medio para obter confesións nos procesos xudiciais, liderou unha corrente contra a pena de morte ou avogou pola igualdade entre o home e a muller, entre outros moitos aspectos.

Domínguez Prieto, X. M., “Fe e razón en Martín Sarmiento”, *O Correo Galego,* “Lecer”, 19 maio 2002, p. 19.

O autor fai unha reflexión filosófica sobre o dobre carácter de Martín Sarmiento. Por un lado sinala que está inspirado en Locke, no seu racionalismo e na defensa do coñecemento sensíbel e a imposibilidade do coñecemento innato e por outro lado, defende a excepción da propia idea de Deus, esculpida no entendemento humano ao nacer. Cre que, fronte ao que se adoita dicir de que Sarmiento era partidario da teoría da dobre verdade dos averroístas, temos máis ben un crente de boa fe ao que lle é totalmente irrelevante toda problematización sobre cómo conxugar a súa fe coa razón. Destaca ademais que, deste xeito puido manter posturas “non oficiais” dentro da Igrexa, igual que criticaba a políticos e administradores, tamén o facía cos cregos cando tiña novas das súas corrupcións. Do feito de que non se fixera eco do problema da relación fe-razón, non significa que non influíse a súa fe nalgunha das súas formulacións e propostas. Defende para rematar, que igual que a meirande parte dos máis coñecidos ilustrados europeos, o pensamento de Sarmiento é máis sinxelo que os referentes nos que se basea, sendo a súa intención sempre práctica e non especulativa.

Durán Corsanego, Emilio, “O bilingüismo do padre Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Personaxes”, 30 xuño 2002, p. 2.

O autor refírese a Sarmiento como un erudito do seu tempo, algo que xa era recoñecido naquel momento polo seu correlixionario Padre Feixoo. Fai referencia á multitude de temas tratados por Sarmiento e ademais á súa peculiar personalidade. Indica que só se lle coñece unha obra escrita en galego *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, sen embargo, nas súas obras escritas en castelán, a meirande parte fan referencia a Galicia, salvo aquelas que respondían a encargos que lle facían os nobres ou a correspondencia que mantiña con outros científicos. Sen embargo, chega a recoñecer que á súa chegada a Madrid fala castelán e que case esqueceu de todo o galego, e aínda así chega a propoñer a queima das gramáticas que entren en Galicia e que non se expliquen en galego. Apunta, pois, que aquí está unha das contradicciónS, posto que con posterioridade e durante a súa estadía en Madrid, chegou a escribir un Vocabulario Castellano. En definitiva, é unha demostración de que se pode amar verdadeiramente a Galicia sen escribir nin falar o galego. Finaliza o autor reflexionando sobre o actual estado do idioma galego, considerando como contraproducente

o intento de impoñer o seu uso na sociedade cando sería máis productivo gastar esas partidas na publicación de máis libros, así como partir do bilingüismo histórico do noso pobo e non intentar impoñer un monolinguismo.

F., “El centro cultural de Brión acollerá unha exposición de Frei Martín Sarmiento”, *La Voz de Galicia”*, “Área Metropolitana”, 6 abril 2002, p. 10.

Informa de que a Casa da Cultura de Brión acollerá unha mostra sobre a vida e a obra de Frei Martín Sarmiento. Salienta que a exposición está composta por doce paneis e que mostra o traballo do bieito en defensa da lingua galega cando esta estaba relegada ao uso popular.

EFE/E. P., “Cultura producirá un cortometraxe de animación sobre Martín Sarmiento”/“Cultura realizará unha curta de animación para divulga-la figura do Padre Sarmiento”, *El Progreso/El Correo Gallego*, “Cultura y Comunicación”/“Cultura”, 3 marzo 2002, p. 75.

Dá conta de que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ten ultimado un amplo programa de actividades arredor da figura de Frei Martín Sarmiento. Sinala que entre as accións que se levarán a cabo figura a edición do libro de Filgueira Valverde *A nosa memoria*, unha fotobiografía, e unha curtametraxe de animación con personaxes en plastilina sobre o bieito *A Escola das Areas*, que se proxectará nos centros educativos de toda Galicia. Remata o artigo informando que tamén colaborarán con outras institucións en todos aqueles actos que poñan de relevo a vida deste erudito escritor.

EFE, “Presentan mañana en Santiago un corto en plastilina sobre Sarmiento”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 9 maio 2002, p. 82.

Informa de que o Consello da Cultura Galega acollerá a estrea da curtametraxe *A escola das areas* arredor da figura de Frei Martín Sarmiento. Sinala que esta curta de once minutos é a terceira producción de Lúa Films dentro da serie *A lingua animada*. Indica tamén que anteriormente homenaxeouse a outros personaxes co gallo do Día das Letras Galegas,como Manuel Murguía, Ánxel Fole e Eladio Rodríguez.

EFE, “Villafranca del Bierzo homenajeó a Sarmiento con la Fiesta de la Poesía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2002, p. 58.

Dáse conta de que no medio da celebración da Festa da Poesía na vila natal de Sarmiento, e por medio do doutor en Historia Medieval Eduardo Pardo de Guevara, rendeuse unha homenaxe á figura do ilustrado destacando a prolífica obra de Sarmiento a pesares de ser o que menos publicou en vida.





E. P., “Sarmiento en debuxos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 marzo 2002, p. 18.

Sinala que desde que a Real Academia Galega decidira que os actos oficiais do Día das Letras Galegas se dedicaran a Frei Martín Sarmiento, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo comezou a desenvolver un variado programa de actividades para homenaxear ao bieito. Entre estas menciónanse a publicación de obras, fotobiografía, proxectos audiovisuais (curtametraxes), apertura de páxina en Internet con informacións sobre a súa vida e obra, etc.

E. P., “A edición da obra de Sarmiento amosará unha figura que abraiará a moitos, segundo o Consello”, *El Correo Galego*, “Cultura”, 15 maio 2002, p. 76.

Con motivo dunha entrevista na televisión de Galicia recollida por Europa Press, o presidente do Consello da Cultura Galega, Alfonso Zulueta, salienta a importancia deste Consello de editar toda a obra do Padre Sarmiento co obxectivo de dar a coñecer “unha figura que vai a asombrar a moitos”, que cultivou unha gran cantidade de cuestións do máis diverso e que fixo unha enorme defensa da lingua galega. Finalmente, menciónase o traballo xa feito por esta institución e o que está previsto a curto prazo.





E. P., “Sarmiento, por riba de fronteiras”, *O Correo Galego,* “Un día para as Letras”, 17 maio 2002, p. 30.

Dáse conta de que o Día das Letras Galegas celébrase hoxe en Pontevedra coa homenaxe a Frei Martín Sarmiento, sobre quen o profesor da Universidade da Laguna, José Santos Puerto, escribe que Sarmiento segue sendo un “descoñecido en España e un adiantado do seu tempo”. Indica que as celebracións comezarán coa visita de distintos académicos e autoridades ao Museo de Pontevedra. Asemade destaca que o sábado será a localidade leonesa de Vilafranca a que acolla actos vinculados con Sarmiento. Así, segundo di, inaugurarase na igrexa de San Francisco unha exposición organizada polo Consello da Cultura Galega sobre a figura de Sarmiento e desenvolverase unha ofrenda floral. Por outra banda, comenta que a Real Academia Galega celebrará unha sesión extraordinaria no Teatro desta localidade coas intervencións dos académicos Francisco Díaz-Fierros, Francisco Fernández Rei, Xosé Luís Méndez Ferrín e do propio presidente Xosé Ramón Barreiro. Apunta tamén que o secretario do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo, presentará no Teatro de Vilafranca o libro “Reflexións literarias para unha biblioteca Real do Padre Sarmiento”.

E. P., “Expertos na obra de Sarmiento analizan dende hoxe en Pontevedra a súa figura”, *El Correo Gallego,* “Cultura”, 23 maio 2002, p. 75.

Dáse conta da celebración en Pontevedra, dun congreso, organizado polo Consello da Cultura Galega, no que estarán os expertos sobre a vida e obra de Sarmiento, como Henrique Monteagudo, Eduardo Pardo de Guevara, Xesús Alonso Montero, Ramón Mariño, Xosé Luís Mariño o Xosé Luís Axeitos, entre outros. Indica que a primeira exposición será levada a cabo por Henrique Monteagudo coa conferencia “Noticia do manuscrito autógrafo e orixinal do Coloquio en coplas galegas”, que dará paso á ponencia de Eduardo Pardo de Guevara, titulada “Frei Martín Sarmiento; o amador da verdade” e desta maneira dará paso aos diferentes conferenciantes.

E. R. “48 horas galegas”/“O Día das Letras Galegas celebrarase de forma consecutiva en Pontevedra e Villafranca”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 febreiro 2002, p. 50/p. 75.

Informa de que a Real Academia Galega, presidida por Xosé Ramón Barreiro, decidiu en sesión plenaria, que os actos do Día das Letras Galegas celebraranse o día 17 en Pontevedra, onde residiu o polígrafo da Ilustración, e ao día seguinte en Vilafranca del Bierzo, a súa vila natal, acabando coa disputa entre os dous concellos en relación coa sede. Barreiro tamén sinala que para fuxir de agravios os dous actos serán “coa mesma solemnidade e ritual”. Neste artigo tamén se informa do nomeamento do escritor vigués Camilo Gonsar como membro numerario da RAG. Finalmente, dáse conta de que Barreiro presidiu na sede de Tabernas a presentación do sexto tomo da *Enciclopedia Galega Universal* editada por Ir Indo.

E. V. N., “Moaña achégase á figura do intelectual Martín Sarmiento”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 12 maio 2002, p. 18.

Dá conta de que o concello de Moaña en colaboración coa Consellería de Cultura, vén de presentar unha exposición itinerante sobre Frei Martín Sarmiento. Esta exposición consta de doce paneis con fotografías, debuxos e reproduccións de libros e manuscritos. Remata o artigo presentando o calendario de actividades que ten programado o concello co gallo do Día das Letras Galegas.

Estévez, A., “Os carballos do Padre Sarmiento”, *A Nosa Terra,* nº 1.028, “Fin de Semana”, 4-10 abril 2002, p. 33.

Infórmase da iniciativa levada a cabo polo alcalde de Pontevedra, coa plantación dun carballo na honra de O Tío Marcos da Portela, unha das personaxes do *Coloquio dos vintecatro galegos rústicos* escrito por Sarmiento. Faise referencia tamén a outro carballo ao que se refire Sarmiento e que se atopaba no pazo de Santa Margarida onde residiu durante uns anos o propio Sarmiento. Sinala que, de feito, desde o concello propoñen un xeito diferente de coñecer rúas e prazas, seguindo as pegadas bibliográficas do cura ilustrado, para rematar no Museo de Pontevedra, onde se poden ver os manuscritos alí depositados e lembrar as avanzadas ideas de Sarmiento sobre as bibliotecas.

F. V. M., “Vieiros celebrará el Día das Letras Galegas con la II Festa da Palabra”, *La Opinión*, “Oleiros”, 5 maio 2002, p. 19.

Refírese ás actividades que co gallo da celebración do Día das Letras Galegas vai realizar a agrupación sociocultural Vieiros das Mariñas. O programa de actividades ábrese cunha conferencia a cargo da profesora Mercedes Queixas sobre Frei Martín Sarmiento. Tamén se mencionan outras actividades para completar o programa conmemorativo como un festival de música folk, un contacontos e a celebración da segunda edición da Festa da Palabra.

F. V. M., "Vieiros organiza un coloquio sobre Frei Martín Sarmiento", *La Opinión,* "Oleiros", 16 maio 2002, p. 15.

Dáse conta da celebración dun coloquio sobre Frei Martín Sarmiento organizado pola Agrupación Cultural Vieiros das Mariñas e que irá precedido da conferencia "Coñecer a Frei Sarmiento" impartida pola profesora Mercedes Queixas Zas.





Fernández, Afonso, “Sarmiento, que pasou por Bueu, recolleu a fala do Morrazo”, *A Comarca do Morrazo*, “Especial Corpus de Bueu”, 31 maio 2002, p. 24.

Fai referencia á charla mantida polo arquiveiro municipal Xabier Framil e o animador sociocultural Belarmino Barreiro, ambos do concello de Bueu, sobre a figura de Frei Martín Sarmiento e a súa vinculación coa vila de Bueu con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Nesta conferencia sinálase que o bieito na súa obra *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* simula un encontro de habitantes desta comarca no Chan de Parafita e reproduce a forma de falar da zona. Tamén se dá conta das palabras expresadas por estes dous traballadores do concello sobre as ideas que defendía Sarmiento.

Fernández, Lois, “Una ciudad muy didáctica”, *La Voz de Galicia,* “O espello”, 22 maio 2002, p. 12.

Infórmase de que o director xeral de Política Lingüística, González Moreiras, e o poñente municipal de educación de Santiago de Compostela, Xosé M. Iglesias, presentaron onte a exposición didáctica que sobre a vida e obra de Sarmiento se pode visitar dende onte e ata o luns 27 no Museo do Pobo Galego.





Fraga, X., “As letras galegas tamén poderán vivirse na televisión ó longo da vindeira semana”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 maio 2002, p. 29.

Informa das actividades que con motivo das letras galegas ten programada a Televisión de Galicia, entre as que podemos destacar a presentación de *A escola das areas*, unha curtametraxe referida a Frei Martín Sarmiento, que emprega animacións en plastilina, que se atopa dentro da serie *A lingua animada*, e que ten a intención de achegar a figura do bieito a públicos de todas as idades. Menciona tamén outros traballos realizados anos anteriores en homenaxe a Manuel Murguía e Eladio Rodríguez.

Fraga, X., " Editoriais e institucións publican máis de vinte libros que analizan a Sarmiento", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 17 maio 2002, p. 8.

Faise unha enumeración dos diferentes libros clasificados por temáticas tales como: un intelectual ilustrado, Sarmiento como personaxe, lingua e patria ou vida e obra, que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas publicaron diferentes editoriais e institucións, co obxectivo de comprender a un personaxe polifacético e achegarse á Galicia do seu tempo.

Fraga, Xesús, “Galicia ofrece múltiples xeitos de tomar parte na festa do Día das Letras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 abril 2002, p. 33.

Sinala que a celebración este ano do Día das Letras Galegas vén precedido polo suspense, dende a problemática da determinación do lugar de celebración dos actos conmemorativos, ata a última achega do profesor Henrique Monteagudo na Biblioteca Nacional do único escrito de Frei Martín en galego, *Coplas galegas*. Tamén se fai un chamamento á participación popular nos actos programados na cidade de Pontevedra, entre as que podemos sinalar conferencias, exposicións e outra edición da carreira popular Correlingua, actividade esta última que pretende achegar un elemento lúdico ao cultural e reivindicativo deste día.





Fraga, Xesús, “Sarmiento, un curioso pola cultura e precursor da filoloxía galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 abril 2002, p. 52.

Preséntase unha biobibliografía da figura do Padre Sarmiento dándose algunhas pinceladas moi concretas da vida e obra do bieito. Sinalan que detrás de Frei Martín se atopa un nome, Pedro José García Balboa, e unha obra. Refírese ao homenaxeado neste ano do Día das Letras Galegas coma un humanista, un erudito e un representante da Ilustración, pero tamén sinala que existe outro Sarmiento por descubrir, o curioso pola cultura galega, o estudioso da lingua e do léxico, en definitiva, unha figura fascinante que paga a pena coñecer.

Fraga, Xesús, “Galicia celebra hoxe a súa festa da cultura homenaxeando a figura dun pioneiro”, *La Voz de Galicia*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2002, p. 2.

Faise referencia á celebración do Día das Letras Galegas coa ledicia de ter unha linguapropia e o seu emprego na vida cotiá. Recorda o autor unhas palabras de Álvaro Cunqueiro, unha lingua “debe saber na boca a pan fresco”. Ademais alude a que este ano o homenaxeado é o Padre Sarmiento que durante o século XVIII, tempos verdadeiramente difíciles para a nosa vida, defendeu un ensino racional da nosa lingua. Indica, por último, que as celebracións se levarán a cabo en Pontevedra, cidade na que se asentou o frei e máis en Vilafranca, a súa vila natal.

Franco, F., “Fernández del Riego: “Sarmiento amou a Galicia e comprometeuse coa súa esencia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 maio 2002, p. 39.

Fai referencia á mesa redonda organizada polo Club Faro de Vigo con motivo do Día das Letras Galegas. Segundo di, esta mesa estaba constituída polo ex-presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, o actual presidente Xosé Ramón Barreiro e o profesor de literatura Española Xosé Luís Axeitos, actuando como moderador o subdirector da editorial Galaxia, Damián Villalaín. Comenta que o profesor Axeitos escusou
o descoñecemento da obra do bieito, en que a pesares de ser un grafómano, na primeira etapa da súa vida só se dedicou aos encargos que lle facía o poder da época, ata 1745, cando comeza a aplicar o seu saber etimolóxico ao galego. Fernández del Riego pola súa banda defendeu a discreción e a grande erudición de Sarmiento mentres outros como o Padre Feixoo se lucían. Finalmente Barreiro fai referencia á elección dos apelidos do homenaxeado pola orixe nobre do mesmo coa intención de conseguir así relacións con Duques. Remata o artigo sinalándose, en palabras de Barreiro, que Sarmiento non publicou moitas cousas por medo aos expertos, así como nunca declarou o seu nacemento en Vilafranca por razóns familiares.

García, José Manuel, “Unha tese recrea a relación dos 7.000 libros que tiña Frei Martín na súa celda”, *La Voz de Galicia*, “A reportaxe”, “Días das Letras Galegas, revitalizar o 17 de maio”, “Cultura”, 6 maio 2002, p. 59.

Destaca o traballo desenvolvido por Justo Carnicero Méndez-Aguirre nunha tese que recolle a relación dos aproximadamente sete mil libros que Frei Martín Sarmiento tiña na súa cela. Apunta que Carnicero loa o saber e bo facer do bieito e demostra que o monxe se adiantou en sesenta e dous anos ao mellor catálogo de libros que editou en París en 1810 o afamado Brunet. Tamén se fai mención da localización das obras de Sarmiento en moitos lugares e nomea algúns dos títulos de manuscritos que posuía o bieito, entre as que están: *El Cid Campeador,* o poema de Juan Ruíz, Arcipreste de Hita, unha edición gótica da *Celestina*, etc. Finalmente, Carnicero sinala que “non chegan 132 millóns de euros para adquirir a biblioteca de Sarmiento”.





García, Rodri, “Villafranca del Bierzo quere acoller o acto oficial do Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xaneiro 2002, p. 34.

Dá conta de que a Comisión Cultural Sarmiento 2002 dirixiuse ao Consello da Cultura Galega para solicitar que a mostra “Sarmiento e o seu tempo” poida verse na vila natal do homenaxeado, onde se conserva a casa natal e a igrexa onde foi bautizado. Por outro lado, informa de que a asociación Fala Ceibe prepara actos para o Día das Letras Galegas na Casa da Cultura de Ponferrada como pode ser a celebración do primeiro concurso escolar de galego para alumnos do Bierzo. En cadro á parte, o presidente da Real Academia, Xosé Ramón Barreiro Fernández, mantén a liña de que as celebracións deben de ser en Galicia e adianta que posibelmente sexan en Pontevedra.

García, Rodri, “Villafranca quere que as honras a Sarmiento deixen pegada na vila”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 maio 2002, p. 28.

Faise referencia aos actos que se están levando a cabo na vila que viu nacer a Frei Martín Sarmiento. Indícase que ademais de colaborar cos actos oficiais do día sinalado para a celebración, faranse concursos de debuxo e relato para que participen os nenos e a isto unirase o labor dos mestres nas distintas materias que os achegarán á figura do freire bieito. Comenta tamén ao mesmo tempo, intentarase recuperar un museo de ciencias naturais que tiñan os monxes e inaugurarase unha exposición itinerante.

García, Rodri, “Un centro multicultural ocupará o solar da casa de Sarmiento en Villafranca”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2002, p. 28.

Informa que tras adquirir a propiedade do solar que ocupou a casa natal de Frei Martín no Xacobeo do ano 1993, a Xunta de Galicia por medio do seu presidente, asinará o vindeiro día 18, aproveitando os actos institucionais en honor a Sarmiento que terán lugar en Vilafranca, o acordo para facer neste solar un “centro polivalente del Camino de Santiago”.

García, Rodri, “A celebración do Día das Letras Galegas cumpriu onte a edición número corenta”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 18 maio 2002, p. 28.

Faise unha retrospectiva da orixe do Día das Letras Galegas por parte de Salvador García-Bodaño dende ese primeiro día 17 de maio de 1963, con motivo do cumprimento dun século dende a publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, que supuxo un símbolo de renacencia da nosa lingua. Por outra banda, indícase que a Academia celebra hoxe unha sesión extraordinaria en Vilafranca tralo dilema xurdido sobre onde se ían celebrar os actos e que a RAG solucionou cunha decisión salomónica.

García, Rodri, “Villafranca fai historia ó acoller unha sesión da Academia celebrada en galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2002, p. 30.

Fai referencia á celebración por primeira vez do Día das Letras Galegas fóra das nosas fronteiras. Ademais da celebración da citada sesión na que interviñeron os académicos Díaz-Fierros e Méndez Ferrín, infórmase de que o día comezou coa inauguración da exposición “Sarmiento”, (organizada polo Consello da Cultura Galega) por parte do Presidente de Xunta de Galicia no interior da igrexa de San Francisco e que fai un percorrido pola vida e obra de Sarmiento e outros ilustrados galegos. Doutra banda, dáse conta tamén da sinatura dun convenio por parte dos presidentes das comunidades autónomas de Galicia e Castela-León para a construcción dun centro cultural na casa natal do escritor berciano, que será financiado a partes iguais por ambas autonomías.

Garrido, Santi, “O galego xa está presente en máis de trinta universidades de todo o mundo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 4.

Faise unha escolma de diferentes actos que se van realizar en diferentes universidades de todo o mundo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, e que van desde San Petersburgo ou Cracovia, ata Oxford, California, Italia, Helsinki ou La Trobe (Australia), non esquecendo as diferentes universidades españolas como a de Salamanca, País Vasco, Universidade Central de Barcelona e Complutense de Madrid, etc.

Goberna, Alfredo, “Nigrán celebrará un ‘Día das Letras Galegas’ especial con Casares al fondo”, *Atlántico Diario*, “Metropolitana”, “Val Miñor”, 15 marzo 2002, p. 24.

Informa de que a concellería de Cultura do Concello de Nigrán, organizará unha xornada especial do Día das Letras Galegas coa figura de Carlos Casares ao fondo. Cabe sinalar que curiosamente este ano o escritor comprometérase a presenciar a homenaxe ao Padre Sarmiento en Nigrán.

Goberna, Alfredo, “Nigrán recuerda a Frei Martín y a Casares en el Día das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, “Metropolitana”, “Val Miñor”, 13 abril 2002, p. 23.

Refírese ás actividades que a concellería de Cultura do concello de Nigrán ten previsto con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Frei Martín Sarmiento. Saliéntase que entre elas se realizará unha exposición sobre a vida, obra e tempo do bieito, unha conferencia a cargo de Henrique Monteagudo, e unha lectura de vinte pequenos fragmentos da obra que escribiu e publicou pouco antes de morrer Carlos Casares. Con esta última actividade preténdese facer unha homenaxe póstuma ao escritor que naceu na Limia pero que viviu ao longo de moitos anos nesta vila.

Goberna, Alfredo, “Nigrán recordó a Frei Sarmiento con la lectura de una obra de Carlos Casares”, *Atlántico Diario,* “Val Miñor”, 18 maio 2002, p. 21.

Dáse conta de que o Instituto de Estudios Miñoranos e o Concello de Nigrán, organizaron unha homenaxe a Carlos Casares na que participaron unhas duascentas persoas entre as que se atopaba a súa viúva e mais o seu fillo, que consideraron o acto como entrañábel. Así mesmo indícase que María Xesús González Chamorro, do Instituto de Estudios Miñoranos, aludiu ao papel dos escritores e avogou por un Día das Letras Galegas máis reivindicativo.

Guiadás, Luís, “A revolución do Padre Samiento a prol do galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 marzo 2002, pp. 6-7.

O autor realiza un percorrido pola obra de Frei Martín Sarmiento co afán de que quizais quede constancia da diversidade e multiplicidade dos temas tratados polo Frei, o cal, a quen o seu compañeiro, o Padre Feixoo, definiu como “monstruo en humanas e divinas letras”. Salienta que o profesor Pensado recorda que o Padre Sarmiento elabora un complexo plan de estudios no que se valora fundamentalmente a achega galega dos catedráticos das vilas. Destaca que esta inquedanza polo ensino galego non era nova en Pedro Xosé García Balboa, (Padre Sarmiento), xa que con oito anos bocexa un plan ao respecto, cargado de forte denuncia social, no que reflexa a necesidade das escolas na aldea e da educación primaria para que a multitude de galegos poidan obter mellores empregos.

Iglesias Diéguez, Alfredo, “Frei Martín Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Descubrir”, 25 novembro 2002, p. 9.

En varios apartados analízanse, brevemente, algunhas das características máis salientábeis do Padre Sarmiento, homenaxeado neste ano no Día das Letras Galegas. Comeza o artigo cunha breve referencia a Sarmiento como “pioneiro que se esforza por pó-la ciencia ó servicio da humanidade e elevar a dignidade do galego e dos seus falantes”. A seguir, cítanse algunhas das súas obras como *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales*, *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, *Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la Paleofragía española*, *Onomástico etymológico de la lengua gallega*, *Coloquio de Perico e Marica* ou *Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Nun segundo apartado alúdese á obra inédita do autor e, para rematar, cítanse algúns dos seus saberes nos eidos das matemáticas, a historia natural, a farmacoloxía, a medicina, a metalurxia, a física, a óptica e a mecánica.

Jaureguizar, “Villafranca pretende albergar os actos do Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 3 xaneiro 2002, p. 74.

Refírese á solicitude do alcalde de Vilafranca do Bierzo ao Consello da Cultura Galega e á Real Academia Galega para celebrar o acto institucional do Día das Letras Galegas na vila natal do bieito, para o cal poñen a disposición de ditos organismos as infraestructuras e medios culturais. Por outra banda, informa de que o concello desta vila promoverá actividades entre a data de nacemento do homenaxeado (9 marzo) e o Día das Letras Galegas (17 maio).





Jaureguizar, “Xuntan firmas para celebrar o Día das Letras Galegas en Villafranca”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 24 xaneiro 2002, p. 74.

Informa de que a RAG decidirá onde se celebran este ano os actos do Día das Letras Galegas, se ben o seu presidente Barreiro Fernández non tivo reparo ao indicar a súa postura de non abandonar Galicia diante da reivindicación da vila natal de Frei Martín Sarmiento, Vilafranca do Bierzo (León). Sinálase tamén, que diante disto asociacións como o *Instituto de Estudios Bercianos* ou *Fala Ceibe* comezaron a recollida de sinaturas para buscar o apoio dos académicos no plenario a celebrar o vindeiro mes de febreiro.

L., Estrella, “Punto e seguido ó ano Sarmiento”, *Diario de Pontevedra,* “Cultura”, 26 maio 2002, p. 77.

En relación co Congreso sobre Sarmiento que se está a celebrar en Pontevedra, os profesores Xosé Luís Axeitos Agrelo e Manuel González González, foron os derradeiros conferenciantes antes de dar paso á mesa redonda onte tres expertos participaron nun intenso debate co público sobre a figura a que este ano se dedica a celebración do Día das Letras galegas, ao que consideraron coma o creador da lingüística galega, ademais de describir monumentos, vales e fragas do noso país, costumes, tradicións, etc.





L. R., “Literatura si, pero repousada”, *La Región,* “Ourense”, 17 maio 2002, p. 8.

Faise unha reivindicación de que, a pesares de que o Día das Letras Galegas é un día para o lecer, pódese aproveitar para ler Sarmiento, para participar por exemplo nunha manifestación que se vai celebrar en Santiago en defensa da lingua galega ou asistir a algunha conferencia coma a de Mª Xosé Porteiro no Carballiño, etc.

Lago Mestre, Xabier, “A polémica sobre o Día das Letras Galegas no Bierzo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 19 febreiro 2002, p. 12.

Este mestre do Bierzo reflexiona sobre a posibilidade de que a comunidade galegofalante do Bierzo fique sen actos no Día das Letras Galegas de 2002 e avoga para que a RAG teña “a suficiente sensibilidade para desenvolver os actos oficiais do vindeiro 17 de maio en Vilafranca do Bierzo”.

Lázaro, Mónica, “Un libro y una exposición abren las actividade sobre Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 febreiro 2002, p. 35.

Informa de que o Consello da Cultura Galega iniciou os actos en homenaxe a Frei Martín Sarmiento coa exposición sobre a vida e a obra do bieito composta por setenta e cinco fotografías de Xurxo Lobato con textos de Filgueira Valverde e, a presentación do libro *Frei Martín Sarmiento* (2001) de Isidro García e Ana Suárez no antigo Hospital de San Roque en Santiago de Compostela. Ademais indica que Carlos Casares destacou a dificultade de escribir sobre o bieito xa que ten practicamente inédita a súa obra.

López, Belén, “Un paseo pola vida de Frei Martín Sarmiento sen saír de Mugartegui”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 13 marzo 2002, p. 61.

Informa de que *A Nosa Terra* vén de presentar no Pazo de Mugartegui unha biografía do Padre Sarmiento feita polo historiador Francisco Carballo, que consta dunha serie de paneis nos que o historiador fai referencia máis que nada a anécdotas da vida do bieito. Dá conta de que estes paneis permanecerán en Pontevedra durante os próximos dous meses. En cadro á parte recóllese o programa de actividades que a cidade de Pontevedra ten programado en homenaxe a Sarmiento.

López, Belén, “A Real Academia ultima os detalles no Concello para a sesión do 17 de maio no Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 20 abril 2002, p. 68.

Informa de que a Real Academia Galega ultima os detalles da celebración no Concello de Pontevedra do día grande das Letras Galegas, no que se celebrará unha sesión extraordinaria no Teatro Principal e unha exposición didáctica no Pazo de Mugartegui.





López, Belén, “Un ‘patriota pontevedrés’ en 64 páxinas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 abril 2002, pp. 68-69.

Refírese á presentación que fixo a profesora universitaria Pilar Allegue no Museo de Pontevedra da biografía feita por ela sobre Frei Martín Sarmiento publicada pola editorial Ir Indo en 2001. A intelectual describe o bieito como un “auténtico hippy”, que defendía en pleno século XVIII, idiomas que nin sequera se consideraban dialectos, como o galego, falaba da igualdade entre os homes e as mulleres e non cría nas guerras. Sinálase tamén que as distintas personalidades que asistiron ao acto literario cualificaron ao protagonista do Día das Letras Galegas de “patriota pontevedrés”. En cadro á parte preséntase unha cronobiobibliografía que leva por título “de Perucho a Frei Martín”.

López, Belén, “Mourente decláralle o seu amor incondicional a Frei Sarmiento”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 10 maio 2002, p. 68.

Informa de que os veciños de Mourente na provincia de Pontevedra inauguraron no colexio Vilaverde a exposición titulada *Martín Sarmiento e Mourente*, composta de doce paneis nos que se realiza un percorrido visual polo Mourente que coñeceu o bieito.





López, Belén, “O instituto lémbrase do seu nome”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí/Cultura”, 15 maio 2002, p. 70.

Fai referencia a que o Conselleiro de Educación, Celso Currás, o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e o presidente da Deputación Provincial, Manuel Abeledo, apadriñaron as distintas actividades celebradas no instituto Padre Sarmiento, único centro de Galicia que leva o nome do bieito, descubrindo unha placa conmemorativa. Tamén se dá conta das palabras do director, quen explicou aos convidados en que consistía a mostra recompilada polos alumnos co obxectivo de profundizar na vida e obra do monxe. En cadro á parte preséntase o programa de actividades do Día das Letras Galegas na cidade de Pontevedra.

López, Belén, “Actores profesionais de plastilina”, *Diario de Pontevedra,* “Vivir aquí/Comunicación”, 22 maio 2002, p. 68.

Dáse conta de que a Delegación Provincial de Cultura que dirixe Rosanna López Salgueiro vén de presentar a curtametraxe “A escola das areas” producida pola Televisión de Galicia e baseada no método didáctico do Padre Sarmiento, co obxectivo de achegar a súa obra aos máis novos e poñer tamén de manifesto o interese do benedictino pola escolarización en lingua galega. Esta curtametraxe forma parte do proxecto “A lingua animada” da que xa se realizaron e emitiron outros tres episodios dedicados a Manuel Murguía, Anxel Fole e Eladio Rodríguez.

López, Belén, “Unha boa noticia para comezar”, *Diario de Pontevedra,* “Cultura”, 24 maio 2002, p. 80.

Infórmase do descubrimento do texto orixinal de *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, por parte de Henrique Monteagudo. Así sinálase que o congreso que se fixo en Pontevedra non podía comezar doutra maneira, coa intervención de Henrique Monteagudo, quen manifestou o importante descubrimento e ao mesmo tempo relataba imprecisións saídas en prensa, como é o feito de que el non descubriu o texto, senón o manuscrito orixinal. Por outro lado indícase que para rematar as sesións do congreso, a organización decidiuse por mesas redondas entre os distintos especialistas co obxectivo de suavizar as conferencias.

López, Belén, “El benedictino amaba la verdad”, *Diario de Pontevedra,* “Vivir aquí”, 24 maio 2002, p. 81.

O autor céntrase na celebración da primeira xornada do Congreso Frei Martín Sarmiento no auditorio Caixanova de Pontevedra, deténdose na figura do director do Instituto de Estudios Galegos “Padre Sarmiento”, Eduardo Pardo de Guevara, quen lle concede unha entrevista. Nela revela que nunha conversación con Filgueira Valverde nos soportais do Pazo de Raxoi, ambos os dous chegan á conclusión de que o que máis caracterizada ao padre Sarmiento era que era un auténtico *Veritatis amator* (Amador de la Verdad), figura á que o frei fai referencia na súa obra “Onomástico etimológico de la lengua gallega”, e que define como un mozo galego de boa posición sen obrigas que desviasen a súa atención do traballo que debía realizar.

López, Belén, “Lectura obrigada: Sarmiento por Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 25 maio 2002, p. 79.

Artigo no que se destaca a lectura continuada da obra *A vida do Padre Sarmiento* (2001) feita no IV Salón do Libro Galego como homenaxe a Carlos Casares (autor da obra) e ao propio Padre Sarmiento (a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2002). Por un día, di Belén López, a carpa do Salón do Libro Galego encheuse de algo máis que de visitantes, contando coa presencia de persoeiros da cultura, de editores e escritores que efectuaron a lectura continuada desta obra.

López, Belén, “Por qué Sarmiento perdeu no 36”, *Diario de Pontevedra,* “Cultura”, 25 maio 2002, p. 83.

Comenta que dentro do Congreso “Frei Martín Sarmiento” que se celebra en Pontevedra, o profesor Alonso Montero fai unha curiosa relación de Sarmiento coa Guerra Civil. É curioso en palabras do mestre, que o Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento fose dirixido por Francisco Javier Sánchez Cantón, irmán de Luís, o que secuestrou a Alexandre Bóveda no 36, e que logo apareceu morto. Pero sinala que tamén resultaría curioso que unha institución franquista defendese a un autor que avogaba polo ensino en galego. Remata dicindo que polo tanto, “Sarmiento foi un dos perdedores da Guerra Civil”.

Lugilde, Anxo, “A crise arxentina provoca o rexurdir da esmorecente cultura galega en Bos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 5.

Dáse conta da celebración de diferentes actos do Día das Letras Galegas por parte da comunidade galega na Arxentina, que debido a vinculacións políticas non se celebran de maneira unitaria. Así mesmo, o autor sinala que as celebracións lévanse a cabo na totalidade do territorio do país, e que a crise de identidade que sofre o pobo arxentino fai que os seus habitantes busquen as súas raíces galegas coma refuxio. Sinala ademais que aínda que hai interese pola lingua a situación está moi mal porque a meirande parte dos emigrantes non lle transmitiron a súa lingua aos seus fillos.

M. C. S., “La Festa das Letras de Ponteceso rinde homenaxe este año a Concha Blanco”, *La Opinión*, “Da Costamorte/Carballo”, 14 abril 2002, p. 24.

Informa de que a Asociación Cultural e Artesanal *Monte Branco* de O Couto, con sede en Ponteceso, programa a décimo novena edición da Festa das Letras, que se celebrará do 12 ao 19 de maio. Ademais de homenaxear ao Padre Sarmiento polo Día das Letras Galegas, e seguindo coa tradición de homenaxear aos escritores vivos da comarca, renderase unha homenaxe a Concha Blanco e a Pepe Carballude.

M. C. S., “El Museo de Bergantiños ofrece una exposición sobre Fray Martín Sarmiento”, *La Opinión*, “Da Costamorte/Carballo”, 14 abril 2002, p. 24.

Informa de que o Museo de Bergantiños acollerá do 17 ao 20 de abril unha exposición sobre Frey Martín Sarmiento onde se amosarán obras do autor, así como referencias biográficas do mesmo. Tamén se menciona que esta mostra marca o inicio das actividades conmemorativas do Día das Letras Galegas que vai desenvolver o Concello de Carballo.





M. C. S., “La asociación Monte Branco presenta las últimas obras de los escritores de la comarca”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 14 maio 2002, p. 20.

Dá conta de que a Asociación Cultural Monte Branco inicia a celebración do Día das Letras Galegas coa presentación das últimas obras de autores da Costa da Morte, como Xan Fernández Carrera, Mercedes Queixas, Xosé Manuel Varela, Xosé María Lema Suárez e Yolanda Díaz.

M. C. S., “Teatro, bailes y lectura centran el Día das Letras Galegas” *La Opinión*, “Da Costamorte/Carballo”, 19 maio 2002, p. 19.

Fai referencia ás actividades varias que na comarca de Bergantiños se van celebrar con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

M. I., “A semana das Letras Galegas comeza no instituto de Poio”/“Animación á lectura a cargo de David Otero no instituto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 12 maio 2002/14 maio 2002, p. 19.

Sinálase que dentro das actividades da concellería de educación de Poio desenvolveranse nos centro educativos do municipio na semana das Letras Galegas sesións de animación á lectura dirixidas por David Otero, pedagogo, escritor e membro da fundación Castelo de Pedrome, que mantén un compromiso permanente coa normalización do idioma galego.

M. I., “Os centros escolares celebran o Día das Letras Galegas con distintas actividades”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 16 maio 2002, p. 17.

Informa das actividades a desenvolver polos colexios do concello de Poio co gallo do Día das Letras Galegas, que xa comezaron as conmemoracións o 7 de maio e seguirán ata o día 30. Entre estas actividades faise referencia a diferentes traballos sobre a biografía de Sarmiento, recitais de poesía, cancións de frauta, obras teatrais e musicais, baile tradicional, correlingua, etc.

M. M., “Los editores homenajean a Casares en Méndez Núñez el Día das Letras Galegas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 15 maio 2002, p. 8.

Informa que con motivo da celebración da segunda edición na Coruña do Salón do Libro Galego nos xardíns de Méndez Núñez, os editores galegos homenaxearán ao que fora presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, mediante a lectura da súa obra *A vida do Padre Sarmiento* (2001). Finalmente enuméranse parte das actividades programadas para este Salón.

Mallo, Albino, “Un galego ilustrado”/“Pilar Allegue analiza a obra de frei Martín Sarmiento, un ilustrado galego do século XVIII”, *O Correo Galego/El Correo Galego*, “AFA”/“Cultura”, 12 xaneiro 2002, p. 33/p. 67.

Informa da opinión de Pilar Allegue, biógrafa de Frei Martín Sarmiento, sobre que o motivo do descoñecemento da obra do bieito débese a que “durante a súa vida sempre se opuxo a que os seus escritos foran publicados”, salvo un en defensa do seu mestre e amigo o Padre Feijoo, titulado *Demostración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal*. Destaca que a profesora Allegue realiza unha das biografías máis completas sobre o homenaxeado, na colección *Galegos na Historia* de Ir Indo, publicada en 2001, baseándose nas notas biográficas que o frade deixou espalladas polos seus escritos. Entre outras cousas afirma que o bieito “foi recoñecido polos ilustrados máis insignes da corte dos Borbóns” e que Sarmiento foi un descoñecido ata que en 1972 José Luís Pensado fixo un estudio comparativo das tres coleccións de manuscritos, que precisamente este ano ten intención de publicar o Consello da Cultura Galega. Finalmente, menciona a obra *Coplas de Perico e Marica* como a única que o bieito escribiu en galego.

Mallo, Albino, “Lectura pública de ‘A vida do padre Sarmiento’ de Casares no Salón do Libro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 18 maio 2002, p. 67.

Faise un repaso polo que foi o IV Salón do Libro Galego, celebrado na Coruña e na que participaron diversas personalidades relacionadas co mundo literario, como os escritores Tucho Calvo, Xavier Alcalá, Bieito Rubido, Yolanda Castaño e Mercedes Queixas, entre outros, que colaboraron na lectura pública e continuada do libro *A Vida do Padre Sarmiento* (2001) de Carlos Casares. Alúdese, por outra parte, á presentación do novo libro do escritor Xesús Vaamonde, *Solo de gaita*, publicado por Edicións do Cumio.

Méndez Ferrín, Xosé L., “Sarmiento aquí, entre nós”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*Faro da Cultura*”, nº 2/“Cultura”, 16 maio 2002/19 maio 2002, p. I/p. 53.

O autor fai referencia a que con salvedades da obra en defensa do Padre Feixoo, a práctica totalidade da obra de Sarmiento estaba en posesión da Duquesa de Medina Sidonia que só accedeu a cedela ao Consello da Cultura Galega tras a insistencia do defunto Carlos Casares. Así, opina que é agora cando a obra deste erudito vai poder ser estudiada na súa totalidade, coa profundidade que merece o autor do Bierzo ou “Terra do Verzo” onde as xentes seguen a falar e pensar en galego. Así pois, indica que dende Vilafranca ata Pontevedra, estaremos todos na memoria de frei Martín Sarmiento, alguén que como poucos é ben merecente desta homenaxe.

Montesano, U., “La comarca aprovecha el Día das Letras para homenajear a Casares”, *Faro de Vigo,* “Val Miñor”, 18 maio 2002, p. 13.

Sinala que unhas trescentas persoas homenaxean en Nigrán, aproveitando a celebración do Día das Letras Galegas, a Carlos Casares, coa presencia da súa viúva e do seu fillo máis vello.

Mosteiro, S., “As Letras Galegas brillan en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra,* “En Portada/Día das Letras Galegas”, 18 maio 2002, p. 2.

Sinálanse os diferentes actos de conmemoración que se levaron a cabo na cidade do Lérez con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Infórmase de que a ditos actos acudiron o alcalde da cidade, o Presidente da Xunta, o alcalde de Vilafranca do Bierzo –vila natal de Sarmiento–, así coma os membros da Real Academia Galega. Indícase que percorreron o antigo colexio dos xesuítas, onde Frei Martín Sarmiento estudiou durante varios anos, e finalizaron co descubrimento dunha placa conmemorativa do paso de Sarmiento por Pontevedra, por parte do Presidente da Xunta. Finalmente faise referencia ao labor levado a cabo polo director do Museo, Carlos Valle, que recuperou retratos, recordos persoais e familiares de Sarmiento nunha casa particular en Huesca.

Mouriño, Begoña, “A Casa da Cultura acolle mañá unha lectura colectiva de varios poemarios”, *El Progreso,* “Comarcas”, 16 maio 2002, p. 23.

Dáse conta de que a casa da cultura de Antas de Ulla acolle unha lectura colectiva dunha versión de Bernardino Graña das Cantigas de Santa María; das coplas de Sarmiento e unha antoloxía de poetas galegos.

Navaza, Gonzalo, “Sarmiento e a toponimia”, *La Opinión,* “Cultura”, 17 maio 2002, p. 55.

Dáse conta do paradoxal carácter de Sarmiento como un dos autores máis importantes do século das Luces. Destaca que conxuga o seu interese pola escrita co desinterese na publicación das súas obras, o que sen embargo lle permite construír en moitas das súas obras un discurso áxil e informal, sometendo a cuestionamento crítico toda clase de asuntos nun estilo libre, o que deu lugar a intuicións xeniais que, de telas dado á imprenta, o erixirían no gran precursor de varias disciplinas científicas modernas. Salienta que unha desas disciplinas é o estudio dos topónimos que el considera coma patrimonio monumental. Así, indica que comprobou que a evolución dos topónimos desde a forma latina ata a galega responde ás mesmas pautas de evolución fonética que no léxico común. De feito, o propio autor sinala cómo o propósito da súa obra “Onomástico Etimológico” era “señalar el Origen de la Lengua Gallega en el latín”. Apunta, polo tanto, que foi o primeiro en poñer de relevo a extraordinaria riqueza da toponimia galega e en sinalar a necesidade do seu estudio sistemático, deseñando un proxecto integral con criterios que en boa medida aínda manteñen vixencia na actualidade. Cre que é unha mágoa que o seu proxecto non se levase a cabo despois de douscentos cincuenta anos. Finaliza o autor manifestando o desexo de

que con motivo de que este ano o Día das Letras Galegas homenaxea a Sarmiento, as autoridades lle presten a atención que merece o noso patrimonio toponímico e vexan a necesidade de tomar medidas para a súa preservación.




P. B., “Vilafranca e Pontevedra pretenden celebrar xuntas o 17 de Maio”, *A Nosa Terra*, nº 1.021, “Cultura”, 7-13 febreiro 2002, p. 29.

Dáse conta de que o Concello de Pontevedra e a Comisión Sarmiento 2002 de Vilafranca do Bierzo propuxéronlle á Real Academia Galega un programa conxunto de actividades do Día das Letras Galegas. Destácase que RAG tomará unha decisión no plenario que terá lugar o sábado 9 de febreiro. Refírese tamén ás palabras do concelleiro de Cultura de Pontevedra Luís Bará, quen afirma que compartir as celebracións suporía apoiar institucionalmente aos galegofalantes da comarca do Bierzo.

Pino, Concha, “Descobren o manuscrito inédito da primeira biografía de Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 outubro 2002, p. 45.

Fala do achado da que se pode considerar como primeira biografía do Padre Sarmiento e apunta que dita obra foi publicada no ano 1785, trece anos despois da súa morte. O valioso manuscrito, segundo indica, foi descuberto no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento de Santiago.





Quian, Alberto, “O Salón do Libro Galego expón en Vigo dez mil volumes ata o vindeiro domingo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 xuño 2002, p. 50.

Anuncia a apertura do Salón do Libro Galego en Vigo, organizado pola Asociación de Editores Galegos. Tamén adianta que se levarán a cabo diversas actividades paralelas como contacontos, sinatura de exemplares por parte dos autores ou coloquios. Como novidade destaca a homenaxe a Carlos Casares e ao Padre Sarmiento como figura celebrada no Día das Letras Galegas, un acto que consistirá na lectura da obra *A vida do Padre Sarmiento* (2001), de Carlos Casares.

Rodríguez, María, “Un libro por Frei Martín Sarmiento”, *La Opinión*, “Arteixo”, 4 maio 2002, p. 18.

Sinala que a Consellería de Educación vén de subvencionar a iniciativa de varios profesores dos colexios Galán de Oseiro e Ponte dos Brozos de Arteixo pola elaboración dun traballo sobre Frei Martín Sarmiento, onde se recolle a vida, a obra e un conto do bieito, ademais dunha cronoloxía dos momentos históricos máis importantes do século XVIII en Galicia e en España. Informa tamén que estes mesmos profesores elaboraron un libro de exercicios relacionados co ilustre para que realicen os alumnos.

S. A., “Tercer viaje y definitivo a las Rías Altas”, *La Opinión,* “A Coruña”, 26 maio 2002, p. 17.

Destácase esta terceira viaxe de Sarmiento no 1755, na que volve á comarca que coñecera en 1745. Indica que volveu a Fene, Eume e Miño e dende alí pasou por Sada e por Oleiros para volver outra vez á Coruña. Salienta que descobre nesta ocasión a comarca de As Mariñas e conta que saíu de Coruña cara ao Santuario de nosa Señora de Pastoriza (Arteixo), volvendo por Elviña, Palavea e encauzando o Camiño Real onde por primeira vez pasa polos municipios das Mariñas dos Condes e dos Frades. Narra Sarmiento que pasa por Vilaboa, Cambre, Carral.

S. M., “Homenaxe ó labrego de Monte Porreiro”, *Diario de Pontevedra,* “En Portada/Día das Letras Galegas”, 18 maio 2002, p. 3.

Infórmase da celebración en Pontevedra dunha sesión histórica da Real Academia Galega, na que se salientou dun xeito especial a vida e obra de Frei Martín Sarmiento. Indícase tamén que Xesús Alonso Montero solicitou ao alcalde da vila pontevedresa a construcción dun monumento para “o tío Marcos da Portela”, labrego galego que enchía a Sarmiento de verbas e tradicións que logo este reflectía nos seus escritos. Francisco Días-Fierros pola súa banda resaltou a importante contribución do Frei á Botánica mentres Xesús Ferro definiu ao frei coma “unha peza indiscutible e fundamental na transmisión deses saberes á sociedade”.

S. P., “La exposición sobre Frei Martín Sarmiento se inaugura hoy en Cuntis”, *Diario de Arousa*, “Cuntis/Moraña/Caldas”, 4 abril 2002, p. 24.

Anuncia que a exposición itinerante organizada pola Consellería de Educación sobre a figura de Sarmiento chegou a Cuntis e será inaugurada na Casa da Cultura Roberto Blanco Torres.

S. P., “José Monteagudo inauguró la exposición sobre el Padre Sarmiento”, *Diario de Arousa*, “Cuntis/Pontecesures”, 5 abril 2002, p. 23.

Informa de que o concelleiro de Cultura do concello de Cuntis, Xosé Monteagudo, presentou na Casa da Cultura Roberto Blanco Torres a exposición itinerante sobre a figura do Padre Sarmiento.

S. P., “La exposición sobre Frei Martín Sarmiento llega a la villa de Pontecesures”, *Diario de Arousa*, “Cuntis/Moraña/Pontecesures”, 11 abril 2002, p. 25.

Dá conta de que a exposición itinerante sobre Frei Martín Sarmiento chega á vila de Pontecesures co obxectivo, en palabras do concelleiro de educación de que “sirva como guía na aproximación ao estudio do coñecemento da obra do ilustre monxe”. Finalmente informa de que o alumnado do colexio público integrado Infesta visitará esta exposición.

S. R., “Sarmiento protagoniza el plan de actividades 2002 de los Amigos do Camiño”, *Faro de Vigo*, “Pontevedra”, 3 febreiro 2002, p. 23.

Informa de que a Asociación Amigos do Camiño Portugués súmase ás homenaxes a Frei Martín Sarmiento recorrendo as rutas seguidas polo bieito ao longo deste ano. Ademais dá conta de que se desenvolverán actividades coma unhas xornadas de Encontro de “Hospitaleros”.

Varcárcel, Marcos, “A vida de Sarmiento”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, “Sociedad”, 30 xaneiro 2002, p. 69.

Refírese ao libro de Carlos Casares *A vida do Padre Sarmiento* (2001) coma un volume na liña de síntese biográfica, que presenta a vida do bieito, a súa formación, as súas viaxes e a obra do ilustrado. Di ademais que este libro foi feito nun modelo de divulgación que pode ser lido tanto por persoas adultas como por mozos.

Varcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 16 maio 2002, p. 75.

Menciona uns coloquios que tiveron o cronista e Xosé María Carballeira no Liceo e no Instituto de As Lagoas. O tema destas charlas centrábase na inmensidade da obra de Sarmiento, onde Carballeira o definiu “como un personaxe omnívoro, porque comía de todos os campos do saber”.

Varcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 83.

Fai referencia á cela na que viviu Sarmiento a maior parte da súa vida no mosteiro de San Martín en Madrid. Nela podíase atopar todo tipo de libros e aparellos que o bieito utilizou nos seus estudios.

Vicente, R. R., “La Agrupación Cultural Guardesa homenajea a Manuel Fernández”, *Faro de Vigo,* “Baixo Miño/Louriña”, 25 maio 2002, p. 32.

Dáse conta das diferentes actividades levadas a cabo pola Agrupación Cultural Guardesa con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, entre as que destacan un concurso escolar, a venda de libros e a distinción de D. Manuel Fernández Rodríguez pola súa andaina profesional e cultural.

Villar, Carmen, “Hallados dos manuscritos de Sarmiento que revelan que el autor también tuvo inquietudes teológicas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 agosto 2002, p. 30.

Segundo as declaracións de Henrique Monteagudo e tal como atoparon no arquivo do mosteiro de Silos, o Padre Sarmiento publicou, aínda que como anónimo, polo menos outro texto. Un deles, datado no 1742, pon de manifesto que o noso home de letras tiña preocupacións de diversa índole, entre elas de tipo científico, humanístico e lingüístico.

X. G., “Chega a Arzúa a mostra itinerante sobre a vida e obra de Frei Martín Sarmiento”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 3 maio 2002, p. 13.

Fai referencia a que o alcalde de Arzúa Manuel Moscoso e o delegado provincial de Normalización Lingüística, Manuel Rico Verea, presentaron a exposición que sobre Frei Martín Sarmiento se vai expoñer na capela da Madalena de Arzúa. Sinala que a mostra componse de varios paneis explicativos centrados en diversos aspectos da biografía e da extensa e polifacética obra do bieito, aos que acompañan trípticos que fan tamén un bosquexo biográfico do ilustre frade.

Zotero, “O Carballo’ celebra mañana el segundo festival del Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 16 maio 2002, p. 20.

Anuncia actividades con motivo da celebración do Día das Letras Galegas no Concello de Taboada, entre as que aparece a lectura de textos de Frei Martín Sarmiento.

V. Ensaio. Teoría xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Agrelo, Xosé, *Antón Avilés de Taramancos*, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Fasquía, nº 9, decembro 2002, 72 pp. (ISBN: 84-95622-74-2).

Volume que resume a vida e obra do poeta Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-1992). Seguindo unha orde estrictamente cronolóxica, en primeiro lugar dáse conta da infancia do autor en Noia, lugar no que con tan só quince anos publicou o seu primeiro poema na revista *Tapal*. Ademais de reproducir esta composición achega outros escritos deste autor que, sen pasar pola Universidade, chegou a ter unha ampla formación humanística, literaria e histórica. A continuación trátase a etapa coruñesa de Avilés, cidade á que fora para estudiar na Escola de Náutica, aínda que nunca chegou a asistir a esas clases, xa que alí dedicouse a frecuentar o ambiente bohemio da cidade. Sinala as relacións de amizade que fixo nesa cidade e refírese ás súas primeiras obras publicadas. Despois de sinalar que se

trataba de alguén que cada vez se facía máis incómodo para o réxime, destaca a súa partida para Colombia. Da súa estadía nese país, ao que chegou en 1961, saliéntanse os distintos oficios desempeñados polo autor e as composicións que escribiu. Noutro capítulo abórdase a etapa do seu regreso a Noia, lugar no que recupera os seus amigos e recompila os seus poemarios en *O tempo no espello* (1982). Desta nova etapa menciona ademais outros traballos literarios e achégase á súa vida laboral e política. Péchase o volume cunha relación de textos póstumos e homenaxes literarias ao autor, un breve epílogo no que se recollen versos do autor, unha listaxe de obras en verso e prosa da súa autoría e unha bibliografía sobre el.








Alonso Girgado, Luís e Carmen **Fariña Miranda**, *Actas do Comité Pro-Centenario do nacemento de Curros Enríquez (A Habana, 1951)*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, serie Estudios e Ensaios, nº 4, outubro 2002, 132 pp. (ISBN: 84-85385-71-3).

Consta dun epígrafe introductorio no que se aborda a presencia de Curros Enríquez na illa de Cuba entre 1894 e 1908 e a celebración do Iº Centenario do seu nacemento no Centro Gallego de La Habana, acaecido en 1951. Tras el preséntanse as actas do evento, custodiadas no Instituto de Literatura y Lingüística de La Habana e quince notas de prensa, tanto galega coma cubana e porteña, nas que se informa das actividades desenvolvidas naquela celebración. Finalmente, tras un apartado de referencias bibliográficas do acto na prensa cubana, o libro péchase cun epígrafe de material gráfico alusivo a este evento.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Antón Avilés de Taramancos*, Vigo: A Nosa Terra, outubro 2002, 64 pp. (ISBN: 84-95350-73-4).

Breve biografía do poeta noiés Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-1992) que fai especial fincapé naqueles aspectos da súa andaina vital que contribuíron á configuración do seu ideario político e do seu legado literario. Principia na súa infancia en Noia, subliñando o significado das raíces, para a seguir referirse á etapa coruñesa e ao seu paso por Ferrol. Logo, tras aludir á súa volta á aldea, ocúpase da emigración en Colombia. Remata co regreso á terra natal ata a morte. En todas estas etapas vai salientar o nome de importantes persoeiros que influíron na súa formación intelectual, o contacto co nacionalismo de esquerdas, a súa participación en actividades galeguistas... Ademais de centrar a súa atención no eido literario, destacando a colaboración en revistas ou en actos literarios. Achégase á súa obra que, di, arranca coa publicación do primeiro poema na revista *Tapal*. Pon de relevo por exemplo que *O tempo no espello* (1982), que recolle a obra anterior á emigración, supoñía un “balance de vellas rotas para dar paso ao curso de renovadas singladuras” nos anos 80 e principios dos 90, poesía esta última que cualifica como a mellor do século. O seu quefacer poético aparece, anque de xeito breve, perfectamente

caracterizado. É salientábel, asemade, o que asegura a propósito de *Última fuxida a Harar* (1992), “resultado definitivo da maduración de todas as súas voces, o acento erótico, a ollada simbólica, o cántico celebrativo, a pronuncia épica e reivindicativa”. Existe outra edición conmemorativa dos vintecinco anos da Fundación Caixa Galicia, que a diferencia desta presenta pasta branda.




Referencias varias:

-Carme Vidal, “Varias carpetas de poemas inéditos completarán a obra de Avilés de Taramancos”, *A Nosa Terra*, nº 1.049, “Cultura”, 26 setembro-2 outubro 2002, p. 25.

Anuncia a publicación por parte de Espiral Maior da obra completa de Antón Avilés de Taramancos, que se proxecta publicar no mes de decembro. Salienta que nela se incluirá abondoso material inédito, ademais da edición de textos publicados en volumes colectivos e publicacións periódicas. Recóllense as declaracións de Miguel Anxo Fernán-Vello nas que sobrancea a calidade dalgúns poemas inéditos, e a responsabilidade e satisfacción que supón a preparación desta obra, como era o desexo do poeta noiés. Tamén se adianta que

esta obra vai levar un prólogo do editor e un estudio de Xosé Mª Álvarez Cáccamo, á vez que se anuncia outra obra desta mesma editora na que se recollerán poemas en homenaxe de Avilés asinados por máis de corenta autores nunha edición a cargo de Miguel Anxo Fernán-Vello e Ana Romaní. Repásanse outras publicacións que as editoriais están ultimando de cara ao Día das Letras Galegas, entre elas a publicación dunha antoloxía feitapor Ana Romaní, unha biografía a cargo de Xosé Mª Álvarez Cáccamo ou a recuperación da colección "Dombate" por parte de Galaxia coa edición de *As torres no ar*; unha biografía e unha fotobiografía por parte de Edicións Xerais, que tamén editará *Nova Crónica das Indias*, *Cantos caucanos* e unha obra de teatro inédita. Finalmente, adiántase que A Nosa Terra prepara unha biografía do homenaxeado feita por Xosé Mª Álvarez Cáccamo ademais de lembrar o monográfico editado con motivo do décimo aniversario da morte de Avilés, do que sinala os nomes dos colaboradores.








Angueira, Anxo, *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro*, Vigo: A Nosa Terra, col. As viaxes, nº 6, decembro 2002, 205 pp. (ISBN: 84-95350-97-1).

Nova entrega nesta colección de viaxes, obra de Anxo Angueira (Manselle-Dodro, 1961), que desta vez percorre as terras coruñesas de Iria. Para isto o seu autor xebra esta guíaestudio en oito apartados, acompañados dun mapa da zona percorrida e mais dunha bibliografía. Durante esta viaxe, case sempre a pé mais tamén dacabalo ou en coche, o autor está só aínda que ás veces mantén conversas con xentes destes lugares que moitas das veces o guían. Describe esta comarca coruñesa, comezando polo monte Meda, e a seguir vén o Ulla e o val de Carcacía. A continuación, segue a reflexionar, con apuntes históricos e literarios, sobre esta comarca centrándose agora en Cesures, Padrón, Laíño, Valga, Rois e en Iria, así como na contorna de todas estas localidades. Este texto está apoiado con deseños en cor dos lugares máis salientábeis que aparecen descritos neste volume. Este percorrido péchase cun mapa e coa bibliografía empregada.

Arca Caldas, Olimpio, *Bernardo Rodríguez Ribeira. Emigrante sobranceiro*, limiar de Francisco Fernández Rei, A Estrada-Pontevedra: Fundación Cultural da Estrada, decembro 2002, 344 pp. (ISBN: 84-60760-44-8).❿

Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928), autor de varias obras de investigación e divulgación, cumpre neste volume unha vella arela xa expresada por Eladio Rodríguez González: reunir, seleccionar e publicar a obra do estradense Bernardo Rodríguez Ribeira. No primeiro capítulo, Arca achéganos a biografía deste emigrante nado nunha pequena aldea da parroquia de San Xiao de Vea en 1853 e finado en Bos Aires en 1924. Formado no Seminario Conciliar de Santiago de Compostela, onde dá comezo aos estudios de Filosofía, Bernardo Rodríguez sae para a Arxentina a finais de 1873 por mor de evitar a participación na terceira guerra carlista. Naquel país chega a ser bibliotecario e tesoureiro-contador da Universidade de Bos Aires, desenvolvendo ademais unha intensa vida cultural: participa nos faladoiros de intelectuais galegos e españois inmigrantes coma el, colabora na prensa americana (*La Unión Gallega*, *El Gallego*, *Eco de Galicia*, *Almanaque Gallego*) e galaica (*El Libredón*), escribe contos e poemas, é Membro Correspondente da *Academia Gallega da Coruña*, socio de varios centros galegos, Presidente da *Asociación Protectora de la Real*

Academia Gallega en Bos Aires, etc. Bernardo Rodríguez destaca, aínda, por ter aberto na altura un debate xornalístico sobre a necesaria unificación ortográfica do galego. Nos restantes capítulos, Olimpio Arcas compila diversa documentación sobre esta figura: novas, *in memoriam* e homenaxes xurdidas co gallo do seu pasamento (II-III); documentos relativos a nomeamentos, distincións e felicitacións por el recibidas (IV); escolma de artigos e contos (V); e mais os escritos de varias procedencias xerados pola devandita polémica da normativización da lingua escrita (VI). O libro vai precedido dun “Limiar” asinado por Francisco Fernández Rei no que se loan os méritos do autor (mestre de profesión, labor polo que ten sido recoñecido e premiado) e se resume a súa bibliografía.








Armas García, Celia María, *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, limiar de Francisco Rodríguez, prólogo da autora, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 156, 2002, 344 pp. (ISBN: 84-8487-004-9).

Francisco Rodríguez é o encargado de abrir este volume cun “Limiar”, no que sinala que este traballo parte da Tese de Licenciatura de Celia María Armas García (Santiago de Compostela, 1974) e apunta que nel se trata de analizar a participación da muller escritora, concretamente na prensa galega, na década de 1860 a 1870. Alude á metodoloxía empregada e ás principais conclusións extraídas deste traballo, do que destaca o rigor na investigación realizada nas hemerotecas e a capacidade para avaliar a escrita das respectivas escritoras. A seguir, Armas García asina un “Prólogo”, no que volve incidir nalgunha destas cuestións e explica os motivos que a levaron a adentrarse neste estudio, ademais de referirse á bibliografía consultada e a outros traballos neste mesmo campo de investigación. O labor de investigación propiamente dito iníciase coa delimitación do obxecto de estudio e cunha breve aproximación á metodoloxía empregada, que se basea fundamentalmente nas Teorías sistémicas de Itamar Even-Zohar, que están complementadas polo Campo literario de Pierre Boudieu. Esta partida teórica vaille permitir

falar á autora da existencia dun subsistema literario da Galicia, que está conformado pola maioría das escritoras que empregan elementos caracterizadores do repertorio do sistema literario español (lingua, temas, preocupacións...), e dun sistema literario galeguista, integrado por aquelas mulleres que tentaron producir segundo as normas repertoriais deste novo campo de expresión centrado en Galicia. No segundo bloque titulado “O estado da cuestión (1862-1999), faise un repaso por toda aquela bibliografía que teña tratado este tema, mentres que no terceiro se realiza unha caracterización do polisistema literario da década 1860-1870. O cuarto bloque céntrase na actividade da muller na prensa galega, dando conta das colaboracións previas de autoras como Dionisia Salomón, Avelina Valladares, Ramona Simán e Carolina Coronado, para logo deterse máis polo miúdo nas da considerada fructífera etapa de reivindicación galeguista (1860-1867) e a da revolución de 1868 e anos posteriores, na que se produciu un paradoxal retroceso. A nómina de mulleres estudiadas está composta por Elena de Cordespall, Carlota Smith, Emilia Calé, Francisca Torres, Elvira Luna, Manuela Cambronero, Virginia Felicia Auber Noya (“Felicia”), Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Narcisa Pérez Reoyo, Constanza Verea, Emilia Pardo Bazán, Mme. Pascal Doré, Jovita Goyanes, Clara Corral, Julia Suárez, Micaela López Riestra, Emilia Portal, Carolina Coronado, Ana Isabel Ladrón de Guevara, Aurora Pérez Mirón,

Baronesa de Wilson, María Nordon, Antonia Díaz Lamarque, Catalina Rodríguez, Joaquina Ruíz de Mendoza, María Concepción Pérez de Villamil y Roig, Soledad Roffigñac de Cobian, Adelina Eugénia de Belleville e María del Pilar Sinués de Marco, entre outras. De entre todas estas féminas, a achega máis salientábel da época vaina ofrecer Rosalía de Castro con obras como “Las Literatas” e “El Cadiceño”, ademais doutras colaboracións na prensa, por cultivar con naturalidade o repertorio do campo masculino, xa que non permaneceu dentro da temática permitida ás mulleres nin se limitou a practicar o código lingüístico dominante e oficial.

Recensións:

- Carme Vidal, “As vinte escritoras de cando Rosalía”, *A Nosa Terra*, nº 1.029, “Cultura”, 11-17 abril 2002, p. 24.

Sinala que o obxectivo de *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, de Celia María Armas García, é aproximarse a eses anos de incorporación de mulleres á escrita nuns intres nos que o galego agromaba no sistema literario e, á vez, comprobar se ambas liñas

novidosas se cruzan. Destaca que, á vista dos textos recuperados das máis de vinte escritoras, a obra de Rosalía de Castro móstrase, na opinión da autora, máis “transgresora, galeguista e rompedora, se se compara co que escreben as outras mulleres”. Asemade salienta a importancia que se lle presta ao revolucionario e pouco atendido texto da escritora padronesa *Las literatas*, no que mostra a dificultade para unha muller ser escritora e, especialmente, dunha literatura non normalizada, polo que Celia Armas bota man do concepto de sistema literario para poder incluílo no sistema literario galego. Por outra banda, detense noutras autoras investigadas, como é o caso de Emilia Calé, Virginia Felicia Auber Noya, Emilia Portal, Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán, entre outras, ofrecendo diversos comentarios sobre a súa obra.




- Dorinda Castro, “Pombas e flores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. IV.

Céntrase no comentario da obra de Celia Mª Armas García, *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, que define como un “minucioso” estudio dunha década clave, na que, ademais de producirse o rexurdir literario do galego, as mulleres se incorporan á

escrita. Afirma que se explican as razóns polas que as mulleres escritoras se decidiron polo emprego do idioma castelán e os temas que trataron a través da teoría do profesor I. Even-Zohar, que integra os elementos que permiten coñecer a realidade en que un escrito literario ten lugar. Tamén explica que con abondoso aparato crítico se nos dá información dos xornais e personaxes da época, incluídas mulleres que escribían e nas que destaca que varias delas non fosen galegas de nación. Conclúe apuntando que bota de menos algún exemplo máis de textos poéticos e un índice das autoras.




Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 27 abril 2002, p. 51.

Apunta que no volume *As mulleres escritoras (1860-1870)*, Celia María Armas recolle máis de vinte autoras descoñecidas ata agora polos especialistas, que apareceron na prensa e entre as que hai poetas costumistas e escritoras católicas e moralistas. Tamén se refire ao texto de Rosalía de Castro, *Las literatas*, no que denuncia a marxinación das escritoras, e

destaca que nin entre elas se apoiaban, pois Fernán Caballero non respondeu á dedicatoria rosaliana.




- AFA, “Canda Rosalía”/“Celia Armas recupera nun libro o legado das escritoras coetáneas de Rosalía de Castro”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 7 maio 2002, p. 31/p. 76.

Considera que non é casual que Celia María Armas na súa obra *As mulleres escritoras* escollera a década entre 1860 e 1870 para profundar nas achegas da muller ao sistema literario galego, pois toma como referente a publicación de *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro, confrontando as teses transgresoras daquela ás visións das vinte mulleres coetáneas que asinaron traballos na prensa galega daquel tempo. Acolle unha serie de declaracións da autora deste ensaio, quen di que “o feito de que as mulleres escribisen algo é, en si, valorable” e alude aos trazos comúns da escrita de todas elas en canto á temática, que se presupoñía “naquel momento feminina, con artigos sobre a moralidade ou os costumes da vida no fogar”, aínda que tras Emilia Calé e Virginia Felicia Auber atopa “a concentración de producción de ensaio”. Por outra parte, cita as contribucións de autoras como Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal.

- José Xavier Bom, “Rosalía era a única que trataba temas de homes”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 7 maio 2002, p. 2.

Nesta entrevista Celia Armas explica que no seu traballo, *As mulleres escritoras (18601870). O xénio de Rosalia*, estudiou o período 1860-1870, unha década na que apareceu *Cantares Gallegos*, e que trata de verificar cómo se achegan as mulleres á escrita nun momento en que o galego se aproxima, de novo, á literatura. Apunta que era preciso ver os condicionantes vitais e sociais, polo que para tal fin considerou óptimas as metodoloxías dos polisistemas e do Campo literario. Tamén indica que Rosalía foi a única con producción en galego e que tocaba temas considerados dos homes, así como sinala que o seu éxito levouna a atinxir o centro do canon literario galego, pese a superar unha dobre marxinación: por ser muller e empregar o idioma do país.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 1, 9 maio 2002, p. V.

Comentario de tres novidades editoriais que son: *Naufraxios no mar de Vigo*, de Francisco Díaz Guerrero; *As mulleres escritoras (1860-1870)*, de Celia María Armas; e *O violín de Sarasate*, de Alberto Fortes. Da obra de Armas sinala que é un ensaio no que se estudia o papel que as mulleres galegas desenvolveron durante esa década na prensa galega, fixándose de xeito especial no labor de Rosalía de Castro que foi máis alá do que ningunha outra. Da novela xuvenil de Alberto Fortes sinala que xira arredor da desaparición do violín do músico Sarasate, pescuda na que intervén Sherlock Holmes, protagonista desta novela que cualifica de "divertida trama na que mestura ficción e realidade".

- Miguel Anxo Fernán-Vello, "As mulleres escritoras", *O Correo Galego*, "A Fenda", 9 maio 2002, p. 3.








Despois de aludir ao papel fundamental que ocupan na actualidade as mulleres escritoras galegas no espacio da creación literaria do noso país, cualifica de “excelente e mesmo sorprendente” a obra de Celia María Armas García, *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*. Apunta que se trata do resultado da tese de licenciatura da autora e que está sostido por un gran rigor analítico e unha gran densidade erudita e conceptual, ademais

de explicar que analiza a participación da muller no sistema literario galego no século XIX. Tamén comenta que Armas García nos sorprende “pola súa calidade científica e literaria, pola súa oportunidade no ámbito da investigación e polo seu peso textual e ensaístico”.








Baamonde, Antón, *Aire para respirar*, limiar de Fermín Bouza “A memoria das miñas mesmas sombras”, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2002, 161 pp. (ISBN: 84-8302-921-9).

Este libro de memorias de Antón Baamonde (Vilalba, 1959) vén divido en catro capítulos. Nos tres primeiros, o autor repasa dun xeito contido, sobrio, malia que subxectivo, as súas vivencias persoais (relacións familiares, amizades, namoros, viaxes, intereses intelectuais), as súas diversas intervencións no eido da cultura galega (sobre todo a través da participación en faladoiros e da colaboración xornalística en publicacións como *Luzes de Galiza*, *La Voz de Galicia*, etc.) e a súa progresiva introducción no ámbito do nacionalismo político (incluídos algúns desencantos), comezando pola súa adolescencia nos tempos do franquismo e rematando coa chegada da Democracia, a aprobación do Estatuto, e a adquisición e consolidación da Autonomía. O último (“Recapitulación: Galicia, hoxe, máis ou menos”) constitúe unha consideración xeral a modo de conclusión, retomando as ideas diseminadas ao longo do volume. Trátase, por iso, dun traballo *sui generis*, a medio camiño entre a autobiografía e a reflexión ensaística, en que Baamonde dá renda solta, sen patetismos, á súa visión –moi crítica– do país: a súa estructura socio-económica, o peculiar

desenvolvemento da vida urbana, as súas institucións políticas e a súa paulatina despersonalización como pobo e como identidade diferenciada. Como subliña Fermín Bouza, que asina o prólogo titulado “A memoria das miñas mesmas sombras” este é un “exercicio literario que parte da memoria histórica dun habitante culturalmente cualificado da Galicia dos anos 70, 80, 90 e os primeiros anos deste século en curso.”




Referencias varias:

-Damián Villalaín, “Aire para respirar”, *A Nosa Terra*, nº 1.062, “Cultura”, 26 decembro-3 xaneiro 2002, p. 30.

Coméntase a aparición de *Aire para respirar*, libro de memorias de Antón Baamonde que provocou certo desconcerto polo feito de o autor ter a penas corenta e poucos anos; “extravagancia” que, por outra parte, Villalaín di acoller de brazos abertos. Destácase a capacidade de Baamonde para transmitir no libro unha “emoción púdica pero palpable”, así como a súa “intelixencia irónica”. Por último, afírmase que o volume é unha boa referencia

para saber do acontecido en Galicia nos últimos vintecinco anos, tendo sempre en conta que se trata do punto de vista “dun nacionalista heterodoxo”.








Barreiro, Herminio, *No solar galego de Camoens,* Santiago de Compostela: edición de autor, 2002, 70 pp. (ISBN: 84-688-0043-0).

A propósito das súas pescudas sobre a orixe da familia galega de Camões e onde se localizaría o seu pazo, e despois de relatar cómo lle comezou a interesar o tema, o autor fai unha crónica novelada do seu percurso polas diversas teorías existentes ao respecto, mesturando anécdotas de todo tipo, referencias históricas, teorías etimolóxicas, citas... e formulando unha serie de dúbidas e preguntas que non se preocupa en contestar, deixando o tema aberto a futuras investigacións.

Referencias varias:

- C. Pino, “Herminio Barreiro relata nun pequeno libro as divagacións sobre as orixes galegas de Camoens”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 24 novembro 2002, p. L9.

Comeza falando da orixe galega de Camões, e sinala que disto trata o novo libro de Herminio Barreiro. Indica que non se trata dun texto erudito senón dun ameno relato no que

se recollen as súas divagacións sobre as referencias históricas, citas e testemuñas das diferentes teorías sobre a localización do pazo da familia galega do escritor portugués, mesturando anécdotas e pescudas intelectuais e populares. Saliéntase que o fermoso da obra é que alén do seu carácter divulgativo cóntanos o que lle acontece ao autor mentres recolle información e ata cabos soltos.




- AFA, “Humanismo real”/“Herminio Barreiro afonda no pasado galego de Luis de Camoens”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 26 novembro 2002, p. 31/p. 76.

Anúnciase a presentación do libro na galería Trinta de Compostela “dentro dun acto que terá máis de ‘subersivo’ que de trámite editorial”. Cualifican o libro de inusitado, ao romper os moldes dos traballos anteriores do autor cunha crónica novelada das investigacións que o autor realizou sobre a orixe galega de Camões, e no que o de menos son os resultados concretos aos que chega, deixando así o tema aberto. Indícanse as orixes e alicerces do estudio, e anúnciase a intención do autor de publicar un novo volume en novembro de 2003 sobre Rousseau.

Becerra Suárez, Carmen e Mª Teresa **Vilariño Picos** (eds.), *Roberto Vidal Bolaño. Escritor escénico*, Lugo: Editorial Tris Tram, col. Máscaras, nº 2, 2002, 398 pp. (ISBN: 84-89377-37-5).❿

Volume colectivo en homenaxe a Roberto Vidal Bolaño con motivo do seu falecemento no que, ademais das colaboracións de moitos intelectuais galegos vinculados co mundo do teatro, tamén se reproduce a súa peza teatral *¡Anxeliños!. Comedia satánica*. Despois da introducción de María Teresa Vilariño Picos, que titula "Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico" e na que adianta o contido da obra, abórdanse os máis diversos aspectos do labor desenvolvido arredor dos espectáculos teatrais por Vidal Bolaño, como se pon de manifesto nos artigos que de seguido pasamos a describir:

-Damián Villalaín, "Entre Otero Pedrayo e William Holden. Unha lembranza de Roberto Vidal Bolaño", pp. 21-31.

Lembra que a primeira vez que viu actuando a Roberto Vidal Bolaño debeu ser no ano 1977, cando a súa compañía, Antroido, estreaba *Laudamuco, señor de ningures*. Fai unha radiografía do panorama teatral dos anos setenta e sinala que o seu achegamento ao mundo do teatro produciuse a través do grupo Esperpento Teatro Joven, así como apunta que coñeceu a Vidal Bolaño na Casa da Parra, onde acudira a unha convocatoria para a formación dun grupo de teatro auspiciado pola Universidade de Santiago. Comenta que a súa relación co autor teatral compostelán foi moi escasa na década dos 80 e que pouco despois comezou a facer crítica teatral en *La Voz de Galicia* e *Tintimán*, onde escribiu unha artigo moi negativo sobre *Agasallo de sombras* de Vidal Bolaño. Asemade, refírese ao labor desenvolvido por este home do teatro co grupo Chévere e sinala que entre o fidalgote oteriano e William Holden se lle presenta na lembranza aquel Vidal Bolaño. Tamén considera que estas dúas facianas aparecen no seu teatro, que dende a década dos 90 se fixo máis libre, radical e intelixente. Cita as obras que o converteron no autor vivo máis importante da literatura dramática galega e nun destacado actor, director, escenógrafo ou iluminador.

- Manuel Guede Oliva, “Para facer grande a nosa escrita dramática”, pp. 32-36.

Manuel Guede Oliva, Director do Centro Dramático Galego, fai neste texto unha loanza e unha emotiva homenaxe en primeira persoa do creador Roberto Vidal Bolaño, a quen coñeceu por vez primeira na Ribadavia de mediados dos setenta, e a quen considera "o autor teatral máis importante de toda a historia da literatura dramática galega". Destaca, entre as contribucións máis salientábeis deste autor e promotor teatral, a creación da compañía "Antroido" (Compostela, 1974) e mais a dirección de varias pezas levadas a escena con grande éxito por parte do CDG (*Amores e crimes de Xan, o Panteira* de Blanco Amor, *Xelmírez ou a gloria de Compostela* de Daniel Cortezón, *Rosalía* de Otero Pedrayo, *Burla do galo* e *Mar Revolto*, do propio Vidal Bolaño). Aproveita tamén Guede Oliva a ocasión para lamentar a ausencia dun "pobo teatral" no país.

-Inmaculada López Silva, "Roberto Vidal Bolaño no sistema teatral galego. O seu traballo como autor e director do CDG", pp. 37-66.

Partindo da base de que as compañías teatrais institucionais, polo simple feito de selo, son mecanismos canonizadores esenciais nun polisistema cultural, sostense que estas non só

conforman un canon de referencia nun sistema teatral determinado, senón que se nutren de autores e directores xa canónicos ou que van adquirindo cotas de canonicidade cada vez maiores. Así, estúdiase a progresiva colaboración entre Vidal Bolaño e o Centro Dramático Galego desde a creación do centro en 1984 ata o momento de redacción do artigo, amosando cómo o proceso de canonización de Vidal Bolaño é paralelo á maduración e asentamento do CDG como compañía pública e institucional e pondo en relación este proceso coas características do sistema teatral galego. Deste xeito non só a posición central de Vidal Bolaño no sistema se vería reforzada polas súas colaboracións co CDG, senón que este recorrería a autores xa canonizados como Bolaño para se lexitimar e consolidarse como compañía de referencia do teatro galego. A seguir, faise un percurso pola recepción crítica destas montaxes e finaliza amosando cómo o proceso de canonización de Vidal Bolaño atende tanto á súa faceta como escritor dramático como á faceta de director escénico, salientando que o seu traballo para o CDG insiste nesta dupla condición.




- Dolores Vilavedra, “Roberto Vidal Bolaño no sistema literario galego”, pp. 67-90.





Neste artigo a autora fai unha análise de cómo a crítica se achegou á obra de Vidal Bolaño e de cómo se foi desenvolvendo un proceso de canonización –mediante o que a profesora chama “avaliacións secundarias”-converténdoo nun dos tres dramaturgos galegos máis importantes. Ao longo do traballo Dolores Vilavedra vai describindo os Premios que o citado autor recibiu contrastando a valoración que de cada un deles fixo a crítica, baseándose esta en criterios cuantitativos unhas veces e cualitativos noutras. Tamén destaca o feito de que algúns críticos só lograron ver en Vidal Bolaño a súa faceta de autor teatral, mentres que outros o gabaron pola dimensión escénica da súa literatura e, aínda outra parte dela, enxalzou a súa faceta de adaptador. Conclúe a profesora que “a producción de Vidal Bolaño suscitou case sempre unha achega crítica (pola súa propia natureza moito máis continxente cá analítica) na que se primaron a miúdo valores extrateatrais e extraliterarios, sobre todo políticos, cívicos e profesionais”.

-X. M. Fernández Castro, “Roberto Vidal Bolaño, crítico teatral. Introducción, corolario teórico e edición de sete das súas críticas na tempada de 1974-1975 en *El Ideal Gallego*”, pp. 91-116.

Na introducción comenta que Roberto Vidal Bolaño se deu a coñecer publicamente como crítico teatral cos traballos aparecidos en *El Ideal Gallego* durante a tempada de 1974-1975. Sinala que estes traballos interesan por tratarse das achegas públicas máis recuadas do autor ao sistema teatral galego e por sustentárense nun sistema de postulados teóricos. Refírese ás modificacións que efectuou na edición destes textos e cita os espectáculos estudiados neles: *Pancho de Rábade* do Grupo Teatral do Liceo de Noia, *O mendiño e o can morto* de O Facho da Coruña, o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* de Teatro Circo da Coruña, *A forza dos alisios e contralisios, montana e tramontana, ciclós e contraciclós, furacáns, tornados e torbelliños, ou sopre, señor segredario* do grupo Rosalía de Castro de Compostela, *Morte e vida Severina* de Teatro de Cámara Ditea de Compostela, *Os vellos non deben de namorarse*, *El retablillo de Don Cristóbal* e *Morte e vida Severina* de Soft Knife da Universidade de Cardiff e *Farsa do cigarrón* e *O bufón e o rei* do Grupo Infantil do Colexio Martín Codax de Vigo. A seguir, en corenta puntos, recolle os postulados teatrais no inicio da carreira de Vidal Bolaño e presenta a edición anovada das súas críticas teatrais publicadas en *El Ideal Gallego* entre 1974-1975.

- Manuel F. Vieites, “Teorías da interpretación nos primeiros textos de Roberto Vidal Bolaño. Un marco teórico posible para o seu estudio”, pp. 117-192.

Na primeira parte deste artigo Manuel F. Vieites fai unha revisión dalgunhas cuestións fundamentais na práctica teatral no pasado século XX (importancia do director, actores, público, contexto cultural, teoría da interpretación...). No segundo bloque céntrase exclusivamente en tres dos primeiros textos dramáticos de Roberto Vidal Bolaño: *Laudumuco señor de ningures*, *Ledaiñas pola morte do meco* e *Bailadela da morte ditosa*. A tentativa básica deste crítico é construír un marco teórico desde o que describir, analizar, explicar e interpretar a creación teatral de Roberto Vidal Bolaño como director de escena, actor e dramaturgo.

-Nuria Araúxo García, “*Agasallo de sombras*, unha dramaturxia épica para a desmitificación”, pp. 213-246.

Lévase a cabo nestas páxinas un estudio de *Agasallo de sombras*, que Roberto Vidal Bolaño escribiu e levou aos escenarios en 1984. Salientando en primeiro lugar que o autor

conseguiu realizar unha peza moi ben documentada, Nuria Araúxo explica cómo o dramaturgo vehicula a través desta obra a súa particular e provocadora interpretación dun mito do Rexurdimento: Rosalía de Castro. O obxectivo é desmitificar a visión desta figura como “Nai da Patria”, que non tería reivindicado a terra galega na súa escrita polas razóns que se acostuman aducir, senón motivada polo afán de agradar a Manuel Murguía. Ou dito coas palabras da estudiosa, a Rosalía de Vidal Bolaño estaría a “acalar as peticións dun marido cunha grande ambición política, que precisaba da prodixiosa sensibilidade artística da súa muller [...] para alcanzar as súas metas”. Apúntase asemade que o autor tería atopado a súa inspiración nun dos textos do *Teatro de Máscaras* de Otero Pedrayo, pasando a especialista a enumerar as concomitancias que encontra entre as dúas creacións. Examina tamén cómo están construídas as personaxes, con especial atención á da protagonista, así como a presencia desta senlleira escritora noutras incursións dramáticas de Vidal Bolaño. Xa cara á fin do estudio, Araúxo comenta outros aspectos da peza, como a súa espacialización e temporalización, a destrucción da ilusión dramática que nela se opera, o espectador esperado da mesma, os seus trazos lírico-narrativos, as intertextualidades incluídas, os recursos metateatrais que posúe, etc.








-Carmen Becerra Suárez, “Aproximación ó análisis de *Cochos* de Roberto Vidal Bolaño”, pp. 247-266.

Principia aludindo ás claves temáticas desta peza, comentando a “proposta ideolóxica” que se pode apreciar. Mais onde centra maioritariamente a atención é na parte formal, tentando demostrar que o dramaturgo domina “as técnicas e os recursos das artes escénicas”. Tras apuntar o coñecemento do autor das “limitacións” do noso teatro, achega unha serie de reflexións a partir das primeiras acoutacións, sobre o destinatario e a escenografía. A seguir, analiza cál é o propósito do prólogo, observando funcións diferentes segundo se sexa espectador ou lector. Despois sinala que hai un só espacio escénico no que se difuminan as “fronteiras entre a realidade e a ficción”, e comenta cómo se entrelazan os diversos planos temporais. Ao mesmo tempo, explica cómo se vai dosificando a información e caracterizando ao protagonista. Ao final, conclúe afirmando a perfecta “conxunción armónica da tradición coa modernidade” en *Cochos*.

- Montserrat Ribao Pereira, “De *Brétemas e sombras* no labirinto dos *Doentes*”, pp. 267-284.

Artigo centrado na análise dos personaxes que aparecen na peza teatral *Doentes*, coa que Vidal Bolaño gañara o premio Rafael Dieste de Teatro en 1997. Salienta que todos os personaxes que aparecen nela vagan pola néboa de Santiago nunha peregrinación que remata nos tellados da Catedral, na comisaría e, finalmente, en San Paio. Ademais indica que todos eles se presentan coma entes incorpóreos ou coma seres observados dende unha óptica animalizante, e que hai dúas presencias constantes na obra, a de Franco, e en menor medida, a de José Antonio. Outra característica común que destaca é o feito de que todos os personaxes se achegan á morte a medida que avanza a acción. En contraste con isto, comenta que a figura de Franco cobra cada vez maior protagonismo. Subliña, ademais, outros trazos da obra que se poden poñer en relación co carácter destes personaxes que peregrinan na sombra: o campo semántico das cores xira arredor dos grises, a miseria e a escuridade presiden o vagar dos protagonistas e, por último, hai certas referencias ao esperpento e ao humor verbal de raíz valleinclaniana.

- Anxo Abuín González, “Post-scriptum: Eloxio do a(u)ctor”, pp. 285-289.

Precedido por un fragmento dunha obra de David Mamet, o profesor Abuín achégase, en primeiro lugar, á figura do director de escena, un "tipo de artista-estrela" que emerxeu no século XX. A seguir, céntrase na persoa de Roberto Vidal Bolaño e no seu labor como actor teatral. Comenta, en primeiro lugar, que se trata dun "ser atípico, disposto a poñer con xenerosidade toda a súa enerxía en riba dun escenario". Deste xeito, Abuín comenta que Vidal Bolaño foi un "inventor de formas de participación viva a partir da copresencia física do actor e do público". Así mesmo, afírmase que Bolaño posuía unha "visión totalizadora" do espectáculo, unha "vocación absorbente", como nunca antes sucedera no teatro galego. Para rematar, cítanse algunhas das súas últimas pezas como *Saxo tenor*, *Días sen gloria*, *Rastros*, *Doentes*, *As actas escuras* ou *Anxeliños*, entre outras moitas.

- Roi Vidal Ponte e Paulo Rodríguez Lema, "Bibliografía", pp. 291-294.








Presentan unha bibliografía primaria do autor baixo os seguintes epígrafes: “Creación dramática” onde dan conta da producción do autor publicada e mesmo reeditada, ata o momento. Tamén reflicten outras creacións baixo os títulos “Obras estreadas non

publicadas", "Adaptacións" e "Guións". Finalizan coa producción ensaística do homenaxeado co título "Ensaio".




Referencias varias:

-Jaureguizar, “Tris Tram publicará unha comedia inédita de Roberto Vidal Bolaño”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 14 setembro 2002, p. 83.

Alude á publicación dun estudio sobre Roberto Vidal Bolaño, que incorporará a obra inédita *Anxeliños (Comedia satánica)*, duns cincuenta folios. Trátase dun volume, publicado pola editorial luguesa Tris Tram, na colección Máscara que dirixe Anxo Abuín. Así mesmo, o estudio, coordinado por Carmen Becerra Suárez e Teresa Vilariño Picos, conta coa colaboración de Damián Villalaín (subdirector de Galaxia) e de Manuel Guede (director do Centro Dramático Galego). A continuación, fálase dos distintos colaboradores: Inma López Silva analiza “a pegada do dramaturgo compostelán no sistema teatral galego”; Dolores Vilavedra alude á influencia de Vidal Bolaño no sistema literario galego; X. M. Fernández Castro alude á súa faciana como crítico teatral; Fernández Vieites estudia as teorías de

interpretación dos seus primeiros textos; Noemí Pazó achégase ás súas obras para a infancia; Nuria Araúxo García estudia a épica en *Agasallo de sombras*; Carmen Becerra analiza a obra *Cochos*, representada por Uvegá Teatro en 1988; Montserrat Ribao Pereira estudia a obra *Doentes*, galardoada co Premio Rafael Dieste en 1997. Para rematar, ofrécese un breve achegamento á obra *Anxeliños*, representada por Teatro do Aquí no ano 1996 e galardoada co Premio María Casares no ano 1998.








Biscaíno Fernandes, Carlos Caetano e Cilha **Lourenço Módia**, *O ideario teatral das Irmandades da Fala. Estudio e antoloxía*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2002, 119 pp. (ISBN: 84-95950-14-6).

Amplo e detallado estudio sobre o teatro na época das Irmandades da Fala, da man de Carlos Caetano Biscaíno Fernandes (A Coruña, 1968) e Cilha Lourenço Módia (A Coruña, 1974). A obra comeza cunha breve introducción a cargo dos autores, na que explican o propósito da súa obra. A continuación, no capítulo titulado "*Deus fratresque gallaetiar*: As Irmandades da Fala", analízase o labor das Irmandades dende o seu nacemento no ano 1916. Alúdese, así mesmo, ao acto fundacional da denominada Hirmandá d'os Amigos d'a Fala, o 18 de maio de 1916 na Real Academia e reprodúcense algúns fragmentos de xornais que fan referencia a este acontecemento. Deste xeito, Víctor Casas comenta "Nasceron as 'Irmandades da Fala', segundo o seu nome indica, para velar pol-o noso idioma que estaba esvaindose e para o facer rexurdir ocupando o posto que lle corresponde". A seguir, en "O ideario teatral irmandiño", céntrase no labor que as Irmandades levaron a cabo no eido teatral. Deste xeito, alúdese a unha serie de figuras como Lugrís Freire, "que xogaron un importante papel na Escola Rexional de Declamación".

Alúdese, así mesmo, ao Boletín das Irmandades, que se fixo eco das distintas montaxes teatrais en galego. Faise referencia, ademais, á estrea, en marzo de 1919, de *A man da Santiña*, de Ramón Cabanillas, e unha versión da peza portuguesa *Uma anedota*, de Marcelino Mesquita, entre outros moitos acontecementos. Para rematar, no capítulo titulado "Antoloxía", reprodúcense fragmentos das seguintes pezas teatrais: *Enredos*, de Leandro Carré Alvarellos; *A man da Santiña*, de Ramón Cabanillas; *Uma anedota*, de Marcelino Mesquita; *A tola de Sobrán, comedia galega n'un acto*, de Farruco Porto Rey; *No íntimo, monólogo dramático*, de Xacobe Casal; *A pátrea d'o labrego, drama n'un acto y-en prosa*, de Antón Vilar Ponte; *Entre dous abismos, farsada granguiñolesca n'un paso feita ó correr da pruma*, de Antón Vilar Ponte; *Alén, comedia dramática*, de Xaime Quintanilla; *María Rosa, comedia en dous pasos*, de Gonzalo López Abente; *O corazón d'un pedáneo*, de Leandro Carré Alvarellos; *¡Vaites... Vaites!, pasatempo cómico n'un acto y-en prosa galega*, de Ricardo Frade Giráldez; *Desourentación, boceto teatralizado e analítico de ideas*, de Fernando Osorio e *O Mariscal, traxedia histórica en verso*, de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte.

Blanco, Ana (dir. e coord.), *Diálogos na Casa de Rosalía*, Padrón-A Coruña: Fundación Rosalía de Castro/Patronato Rosalía de Castro, xullo 2002, 167 pp. (ISBN: 84-87668-151).

A Fundación Rosalía de Castro e a Consellería de Cultura publican este *Diálogos na casa de Rosalía*, unha obra que recolle os encontros realizados entre os meses de novembro de 1999 e xuño de 2000 no lugar que cita o propio título nos que se crearon os máis diversos debates acerca da nosa realidade cultural e a nosa identidade. Neles participaron máis de trinta destacados persoeiros do mundo das letras para ofreceren a súa particular visión sobre aspectos coma a poesía, a escrita da muller en Galicia, a literatura infantil e a relevancia das ilustracións nestes libros, a relación entre a música ou o teatro e a poesía, Castelao, o exilio da nosa literatura, o porvir do libro galego o as revistas. Todos estes foron tópicos dos que falaron firmas coma Francisco Fernández del Riego, Henrique Rabunhal, Anxo Tarrío, Mª Xosé Queizán, Marilar Aleixandre, Antón Lopo, Lino Braxe, Xosé Antonio Neira Cruz, Damián Villalaín, Avelino Pousa Antelo, Helena Villar, Henrique Monteagudo, Carmen Blanco, Olga Novo, Ana Romaní, Miguel Anxo Fernán Vello, Fran Alonso, María do Cebreiro, Álvarez Cáccamo, Miguel Vázquez Freire ou Xosé Luís Axeitos.

Recensións:

-Ramón Nicolás, “Á fala na casa de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, 10 outubro 2002, p. 5.

Os encontros realizados entre os meses de novembro de 1999 e xuño de 2000 son o leitmotiv da creación da obra *Diálogos na casa de Rosalía*, e neles creáronse os máis diversos debates acerca da nosa realidade cultural e a nosa identidade, aspecto que comeza subliñando o autor do presente artigo. Así pois, o libro, como espello do que aconteceu nos mesmos, reflicte moitas das interrogantes que se presentaron e que atinxen a aspectos coma a linguaxe poética, a actualidade das revistas literarias, o futuro do libro galego, a ilustración na literatura infantil e xuvenil, a lectura nas escolas ou os premios. Asemade, non deixa de citar algunhas posibles ausencias coma debates acerca da arte cinematográfica, as novas tecnoloxías na literatura ou a realidade política.

Referencias varias:

- C. B., “La Fundación Rosalía de Castro dará a conocer el número tres de la colección ‘Vintecatro de Febreiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 abril 2002, p. 41.

Sinálase a multitude de proxectos que presenta a Fundación Rosalía de Castro na súa asemblea realizada en abril de 2002. Entre outras moitas cuestións, coma a creación do número tres da colección *Vintecatro de Febreiro*, o número dous da revista *Estudios Rosalianos*, as actividades programadas para o ano, as obras de mantemento da Fundación ou a nova sinalización da Ruta Rosaliana, sublíñase a creación dunha síntese dos *Diálogos con Rosalía* a cargo de Xesús Alonso Montero.

-C. B., “La Fundación Rosalía de Castro editará una antología bilingüe de la poetisa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 xullo 2002, p. 34.

O groso do presente artigo céntrase na primicia realizada polo director do Centro de Estudios Rosalianos de crear unha antoloxía poética na que se recollan os escritos máis representativos de Rosalía e na que se albergará unha selección de poemas de *Cantares*

Gallegos, Follas Novas e *En las orillas del Sar* creada por Helena Villar e Xesús Rábade. A pesar de ser o aspecto máis destacable do artigo, tamén é citada a presentación das novidades presentadas pola Fundación con motivo do CXVII aniversario da morte da escritora padronesa: *Dúas interpretacións de Rosalía* –número tres da colección *Vintecatro de Febreiro*– e *Diálogos con Rosalía*, unha compilación das conferencias realizadas na Casa Museo de A Matanza durante máis de medio ano.




- U. L., “Ana Blanco presenta o libro que recopila os ‘Diálogos na casa de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 17 xullo 2002, p. 9

Facendo especial fincapé na presentación da obra *Diálogos na casa de Rosalía* feita pola coordinadora e promotora da actividade, Ana Blanco, o xornalista recorda as principais características dos encontros que serviron de manancial ao citado libro. Do mesmo xeito, subliña o incremento da asistencia que cada ano experimenta a Fundación no acto de conmemoración da data da morte da escritora.





Blanco, Carmen, *Luz Pozo Garza: a ave do norte*, Ourense: Linteo, col. Aberta, xullo 2002, 165 pp. (ISBN: 84-931893-9-1).

Reúnense neste volume tres estudios dedicados á figura e á obra de Luz Pozo Garza, que xa foran dados a coñecer anteriormente por Carmen Blanco. O primeiro deles, "A figura literaria de Luz Pozo Garza: a ave da luz sabe ónde está o norte", publicado orixinalmente na revista *Moenia* en 1988, recolle un percorrido vivencial da poeta dende o seu nacemento en Ribadeo en 1922 ata o seu traslado a Lugo e posteriormente a Marrocos (1936-1940), a súa estadía en Vigo, cidade na que permanece ata a década dos setenta, e a súa volta á Coruña (1991-2002). Ademais, cita os títulos e as liñas poéticas practicadas pola escritora dende o intimismo de *O paxaro na boca* (1952), a poética minimalista da desolación de*Últimas palabras/Verbas derradeiras* (1976), o erotismo gozoso de *Concerto de outono* (1981), o misticismo de *Códice calixtino* (1986), o amor e a morte presentes en *Prometo a flor de loto* (1992) e o tema rosaliano de *Vida secreta de Rosalía* (1996). O segundo traballo do volume "O libro da vida en *Códice calixtino*", publicado na edición de *Códice calixtino* de 1991, céntrase precisamente na análise deste poemario, atendendo á súa estructura, á súa temática, presidida polo amor e tamén polo tema da terra e da problemática social. O

terceiro dos artigos, titulado “As confidencias no xardín da *Vida secreta de Rosalía*”, dado a coñecer no volume colectivo dedicado a homenaxear a Alonso Montero *Cinguidos por unha arela común*, analiza a xénese de *Vida secreta de Rosalía* (1996), poemario co que culmina a poética dialogal de Luz Pozo con Rosalía, reconstruíndo o ambiente real da existencia rosaliana, ao tempo que insiste no transcorrer do tempo histórico en Galicia e na nenez e adolescencia de Luz Pozo.




Recensións:

- Armando Requeixo, “Das aves do norte”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 12, 3 outubro 2002, p. IV.

Refírese primeiramente ao primeiro estudio biográfico e crítico centrado en Luz Pozo que realizaron Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer hai algo máis dunha década, ao que se une agora *Luz Pozo Garza: a ave do norte*, que reúne “tres exemplares artigos sobre a súa figura e obra”. Indica que se trata de traballos xa editados por Carmen Blanco, “máis ou menos reescritos, segundo os casos” e a seguir resume detidamente o contido de cada un

deles. Cualifica o contido de excelente e detense tamén na edición do volume realizada por Linteo, que ofrece edicións coidadas e graficamente impecábeis, felicitando ao seu director Manuel Ramos.




Referencias varias:

- X. M. R., “A obra de Luz Pozo Garza”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 7 setembro 2002, p. 11.

Dá conta da presentación do estudio de Carmen Blanco *Luz Pozo Garza: a ave do norte*, coincidindo co oitenta aniversario da escritora de Ribadeo e detense na estructura do volume indicando que contén tres artigos que se achegan ao mundo literario e persoal de Luz Pozo. Cualifica o ensaio de rigoroso, ameno e serio.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, 12 setembro 2002, p. VII.

Ver Picouto, Millán, *Ciclo de Mercurio*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

-Alfredo Conde, “Poemas que acaen”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 14 setembro 2002, p. 4.

Refírese á lectura do libro de Carmen Blanco ao tempo que releu os poemas de Luz Pozo que se inclúen no volume. Sinala que este tipo de libros adoitan ser compilacións de poemas xunto a uns textos que moitas veces “camiñan á marxe deles”, e preséntanse cheos de retórica aínda que, na súa opinión, non é o caso deste estudio que combina a admiración de Carmen Blanco pola obra de Luz Pozo co rigor e o espírito analítico.

-R.M., “La obra de Luz Pozo es como una manzana roja, por su sensualidad”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 3 outubro 2002, p. 19.

Entrevista a Carmen Blanco con motivo da publicación do ensaio *Luz Pozo Garza: a ave do norte*, na que a profesora luguesa comeza afirmando que decidiu escribir sobre Luz Pozo

porque a considera unha excelente poeta que alcanzou a súa madurez máxima e merecía un estudio da súa obra. Cualifica a obra da poeta de Ribadeo de rompedora polo seu erotismo e pola súa sensualidade e sinala que elixiu o título porque se corresponde coa simboloxía asociada ao voo, que representa a liberdade, polo apelido da escritora, Garza, e pola súa procedencia do norte galego. Achega ademais outras imaxes para definir a poeta: “en su primera etapa es como una manzana roja como símbolo de sensualidad y placer. En los 90 es mística, pero vitalista y bella, como una flor. Puede ser de loto, que representa la armonía, o una camelia, por ser la rosa gallega”.




- Albino Mallo, “Carmen Blanco analiza a obra poética de Luz Pozo”/“Un ensaio afonda na poética de Luz Pozo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 17 outubro 2002, p. 34/p. 76.

Recóllense nesta nota as palabras de Carmen Blanco a propósito da publicación do libro *Luz Pozo Garza: a ave do norte*. A profesora de literatura galega da Universidade de Santiago no Campus de Lugo salienta que Luz Pozo “é unha poeta excelente” que merecía un libro científico e analítico sobre a súa obra. Explica tamén que o título do libro ten varios

significados: o relacionado co seu apelido, Garza, “unha ave de voo elegante”; o vinculado coa súa obra, na que a ave está presente cun sentido de liberdade; e o que ten que ver co norte galego do que Luz Pozo procede. Finalmente, Carmen Blanco considera á poetisa como unha escritora rupturista xa que na década dos cincuenta eran poucas as mulleres que facían poesía en galego e porque foi a primeira que introduciu os contidos amorosos e eróticos nos seus versos.




-Olga Novo, “Carme Blanco. ‘Comparto a visión positiva e vitalista de Luz Pozo”, *A Nosa Terra*, nº 1.053, “Cultura”, 24-30 outubro 2002, p. 29.

Con motivo da publicación do ensaio *Luz Pozo Garza: a ave do norte*, Carmen Blanco sinala nesta entrevista que, en síntese, a contribución de Luz Pozo Garza á literatura galega consiste na conxunción de amor, plenitude vital e liberdade en loita cos seus contrarios, como centros temáticos, e na lixeireza nos seus versos como característica formal. Comenta que a intención do seu libro foi homenaxear a obra dunha vida e tamén a unha amiga e que tanto a editorial coma ela procuraron que a edición estivese nas mans da escritora coincidindo co seu oitenta aniversario. Continúa sinalando que comparte con Luz Pozo

“afinidades profundas dentro das tamén profundas diferencias” e que procurou, aínda baseándose en datos obxectivos, reconstruír a súa obra e a súa figura nun libro que está escrito “desde o pracer e a identidade”. Así mesmo comenta que a súa obra merecía un recoñecemento no mundo literario galego e ofrece o contraste entre Rosalía, a quen lle asombra a sombra, e Luz, a quen lle asombra a luz, “son como dúas caras dese sol negro”. Finalmente, cualifica a Luz Pozo como unha autora “da vangarda en sentido profundo, pois contribúe ao avance humano”, aínda que no terreo formal e noutros aspectos é “máis unha clásica que unha vangardista”, a pesar dos elementos vangardistas que presenta a súa obra como a integración multiartística ou a da arte e a vida.








Bouza-Brey, Luís, *Obra Completa*, ed. de Gonzalo Bouza-Brey e Xosé Ramón Fandiño, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, abril 2002, 222 pp. (ISBN: 84-8485-055-2).

Para coñecer os contidos de carácter ensaístico que se inclúen nesta obra ver Bouza-Brey, Luís, *Obra Completa* no apartado II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles deste *Informe*.

Referencias varias:

- Fernando Salgado, “Luís Bouza-Brey, a testemuña dun home consecuente coas súas ideas”, *Diario de Pontevedra*, 22 xuño 2002, p. 70.

O xornalista comenta a presentación na Casa da Cultura de Vilagarcía da obra poética completa de Luís Bouza-Brey. Destaca deste traballo a pluralidade de composicións que rexistra: dende cantigas medievais ata versos sobre a morte de Franco. Tamén resalta o carácter de proximidade que tiña o poeta coa terra e coa fala popular.

- Manuel Rodríguez, “Liberando un poeta”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 28 setembro, 2002, p. 10.




O articulista comeza lembrando que nos anos sesenta do século pasado moitos poetas se querían ver publicadas as súas obras tiñan que facelo en Portugal, feito que tamén viviu o poeta Luís Bouza-Brey. Respecto da poesía de Bouza-Brey o xornalista destaca a minuciosidade coa que foi elaborada e a presencia de rexistros de carácter íntimo e persoal. Finaliza o comentario falando da enfermidade que levou ao poeta á morte impedíndolle ver publicada a súa obra completa.





Bouzas, José Manuel (coord.), *Cándido Fernández Mazas. Vangarda, militancia e esquecemento (1902-1942)*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, abril 2002, 341 pp. (ISBN: 84-95491-44-3).

Trátase dun amplo volume que intercala o texto e o debuxo sobre a obra do artista ourensán Cándido Fernández Mazas (Ourense, 1902-1942). O contido versa sobre todas aquelas obras do autor que xa no seu momento tiveron unha forte repercusión social debido á profunda carga intelectual tinguida cun marcado ton irónico que o autor posuía. Fondamente preocupado pola situación social, lingüística e política do momento, Cándido Fernández, aproveita os seus esbozos e narracións para criticar dun xeito cómico e mordaz aqueles estratos sociais que gozan dunha clara situación avantaxada. O volume recolle a producción dun Fernández Mazas humorista, poeta, ilustrador... que tiña entre o seu círculo de amigos a personaxes tan destacados como Eugenio Granell, Otero Pedrayo ou Torrente Ballester.

Recensións:

- Jesús Fraga, “Unha vida de vangarda”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 11 agosto

2002, p. 11.




Fai un percorrido pola obra de Cándido Fernández Mazas. Defíneo coma un home moi comprometido coa lingua galega, xa dende os seus anos mozos, colaborando en diferentes publicacións da época tales como *La Zarpa*, *Alfar*, *El Pueblo Gallego*... e preséntao como unha persoa polifacética que tiña entre o seu círculo de amigos a célebres autores galegos coma Gonzalo Torrente Ballester ou Ramón Otero Pedrayo.

Referencias varias:

- Francisco Pérez Lorenzo, “A mostra do Círculo en Madrid resitúa a Mazas no panorama das vangardas”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 4 abril 2002, p. 66.

Dáse noticia da mostra que recolle o Círculo de Belas Artes de Madrid sobre a figura do pintor ourensán Cándido Fernández Mazas. Coméntase que o comisario da exposición, Xosé Manuel Bouzas, foi o encargado da recuperación da obra do debuxante, pintor, ilustrador e teórico da renovación creativa, que desenvolveu a súa traxectoria artística nos

anos que precederon á Guerra Civil. Dise tamén que foi colaborador e ilustrador das revistas *Nós* e *Alfar* e que viaxou por Madrid e París, onde realizou a maior parte dos seus debuxos.

Bugarín López, Mª Xesús, José **Cajide Val**, Agustín **Dosil Maceira**, X. Gregorio **Ferreiro Fente**, Manuel **González González** e Miguel Anxo **Santos Rego** (eds.), *VIII Conferencia internacional de linguas minoritarias. Políticas Lingüísticas e Educativas na Europa Comunitaria/VIII international conference on minority languagues. Linguistic and Educational Policies in the European Community*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), 2002, 668 pp. (ISBN: 84-453-3465-4).❿

Volume no que se recollen as actas deste encontro celebrado en Santiago de Compostela entre os días 22 e 24 de novembro de 2001. Seguindo a estructura coa que contou o propio evento, dáse conta dos discursos de inauguración, das conferencias plenarias, dos relatorios, simposios, mesas redondas e comunicacións libres que nesta conferencia tiveron cabida, ademais dos obradoiros e as conclusións que del se extraeron. Damos conta de seguido daquelas comunicacións libres que abordan a literatura galega:

- Carlos Caetano Biscaino Fernandes e Cilha Lourenço Módia, “Un sistema teatral en lingua minorizada. O caso galego”, pp. 413-418.

Os autores deste artigo poñen de manifesto que un dos campos nos que se fai patente a tensión do idioma é o teatro. Para isto válense do caso galego e fan unha pequena análise de distintos momentos do noso teatro dende que este renace, a fins dos anos sesenta, ata a actualidade. Apuntan que nesta primeira etapa de renacemento e na década dos setenta a lingua é unha ferramenta básica no traballo actoral. Sen embargo indican que nas décadas seguintes debido a importantes mudanzas políticas e á aparición do elemento institucional no teatro, a lingua foi perdendo importancia e en xeral foise volvendo pobre. É por isto polo que apuntan que no teatro actual o galego é unha "lingua anquilosada, pouco dúctil e ritualizada". Así mesmo destacan que hai algúns dramaturgos preocupados polo idioma, pero que estes están relegados a un lugar moi secundario dentro do sistema.

- Carlos Manuel Callón Torres, "Algúns aspectos do ensino da literatura galega nun contexto diglósico. O caso galego", pp. 419-424.




Fai unha análise das vendas de libros en galego e español xunto a unha descrición do tratamento da literatura galega en libros de texto para demostrar que esta se desenvolve

nun contexto claramente diglósico. Para avalar isto indica que en moitas librerías non hai libros de literatura galega e que noutras son un “segundo prato”. Ademais apunta que as traduccións se mercan sobre todo en castelán, mesmo ás veces de libros galegos. Por outro lado salienta a oposición que hai entre libros de texto de literatura galega e de literatura española, mesmo xa na capa, polo que os horizontes de expectativas varían moito tamén. Salienta que mentres nos manuais de literatura española se transmite a idea de cultura, no caso dos galegos se identifica a nosa literatura cos tópicos de ruralismo e intimismo. Destaca por último cómo se tratan certos aspectos de literatura galega nos manuais de literatura española para indicar que os datos que se ofrecen son reducidos e confusos, polo que os alumnos non recoñecen a identidade cultural tal e como é.








Cabano Vázquez, José Ignacio (dir. e ed.), *A imprenta en Galicia. Século XIX. Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia, I-II*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural), col. Bibliofilia de Galicia, nº 18, xaneiro 2002, 1685 pp. (ISBN do volume I: 84-453-3329-1) (ISBN do volume II: 84-453-3330-5) (ISBN da obra completa: 84453-3328-3).










Casares, Carlos, *Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural), xuño 2002, 71 pp. (DL: VG-431-2002).

A obra consta de dous textos de Carlos Casares dedicados ao novelista Torrente Ballester. O primeiro recolle como Carlos Casares se achegou á súa obra e posteriormente como o coñeceu e xurdiu a amizade entrambos. O segundo texto procede doutro libro de Casares *Un país de palabras*. O libro inclúe así mesmo, fotografías dos dous escritores pertencentes a Xurxo Lobato.

Casas, José Luís (ed.), *Da Galiza de Nós á Galicia de hoxe*, Ourense: Ediciós OKAPI, 2002, 128 pp. (ISBN: 84-921898-3-5).

Volume de pequeno formato que está xebrado en dous apartados: “Galiza en 1933” e mais “Galicia hoxe 2001”. O primeiro deles reproduce o texto “Galiza” (1933) que fora publicado por Álvaro das Casas (Ourense, 1901-1950) na revista *Nós*. Nel este escritor ourensán repasa diferentes aspectos da Galicia daquela altura –situación, xeografía, historia, idioma galego, literatura, etc.– a xeito de breviario de galeguidade. A seguir temos o texto “Galicia”, a cargo de José Luís Casas, onde repasa e reflexiona sobre os mesmos aspectos tratadospor Álvaro das Casas mais reflectindo neste caso esta realidade dende a óptica do ano 2001, acompañado cunha síntese demográfica e socio-económica de Galicia en 2001.

Castro, Xavier e Jesús de **Juana** (dirs.), *XIº Xornadas de Historia de Galicia. Historia da cultura en Galicia*, limiar dos directores, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2002, 284 pp. (ISBN: 84-87575-96-X).⓾

Volume colectivo que se abre cun limiar dos directores da publicación no que ademais de encadrar a celebración destas xornadas no contexto do eido historiográfico no que teñen cabida as novas perspectivas da historia da cultura, tamén repasan brevemente o contido de cada unha das colaboracións coas que conta o volume e das que, no referido á literatura galega, nós damos conta de seguido:

- Isidro Dubert, “Historia y Antropología. Cultura Popular y Tradición Literaria Oral en Galicia”, pp. 131-169.

Longo estudio no que despois de se falar das ambiguas relacións entre a Historia e a Antropoloxía téntanse sentar os alicerces para o emprego da tradición oral como fonte de información histórica sobre a composición e reproducción do universo cultural das masas analfabetas no pasado en Galicia. Para isto, Isidro Dubert propón tres elos ordenados. No

primeiro deles habería que establecer os ritmos temporais polos que decorreu a evolución da cultura popular en Galicia entre os séculos XVI e XX, onde subliña as políticas represivas da Igrexa contra as bases da cultura popular. No segundo elo habería que situar as narracións da tradición literaria oral no espacio e no tempo, mais indícase a súa dificultade dado que non hai compilacións de contos galegos anteriores a 1900, se ben Dubert analiza as novidades do relato “O angazo”, que aparece recollido por Sarmiento e douscentos anos despois nas compilacións do Centro de Estudos Fingoy ou de L. Carré Alvarellos. O último elo sería o de establecer, mediante a Antropoloxía, en cada fase histórica as significacións sociais e culturais presentes na tradición oral e aquí Dubert defende a indispensábel converxencia entre a Antropoloxía e mais a Historia.




- Xosé Ramón Barreiro Fernández, “A cultura da transgresión na Galicia do século XIX”, pp. 171-182.

Comeza Barreiro falando da cultura de transgresión, que é posíbel gracias aos excéntricos e extravagantes, ofrecendo unha definición etimolóxica destas dúas verbas, o que xustifica plenamente a súa elección. Remata esta sorte de introducción exemplificando o exposto ata

o momento facendo mención a Oscar Wilde. Despois disto xustifica a desviación social que é a extravagancia dende un punto de vista sociolóxico, xa que o transgresor "é o que racha consciente ou inconscientemente coa norma do grupo. Por conseguinte o transgresor necesariamente ten que ser rexeitado, expulsado porque atenta contra o máis esencial: a normalidade". Tras esta introducción sobre a cultura da transgresión pasa a falar de Benito Fandiño como transgresor dentro do marco cultural galego do século XIX. Comeza facendo un breve esbozo da súa vida, moi ligada á súa condición de transgresor, xa que o meteron no cárcere en 1810 e, a partir dese momento, pasou máis tempo preso que libre. O carácter transgresor de Benito Fandiño vénlle dado pola súa escrita, iniciada con composicións poéticas de carácter festivo e satírico que nunca publicou por medo á Inquisición, aínda que "aproveitando a liberdade de prensa de 1808, Fandiño escribe e publica sen parar" en xornais composteláns e mesmo en algún madrileño. Destácase finalmente que en 1812 publica *Memoria o ensayo sobre la historia de la Real Cárcel de La Coruña* e que dirixiu "El Heráclito español o Demócrito Gallego". Remata o ensaio falando da confusión sobre a data da súa morte, que se di que foi no ano 1831, pero Barreiro asegura que atopou un documento no que, no 1832, Fandiño recoñece ás súas fillas, polo que a data da súa morte non pode ser 1831.








-Jesús J. Blanco Rosas, “A cultura da emigración a América no imaxinario colectivo dos galegos”, pp. 183-213.

Identifícanse algunhas ideas que conforman o imaxinario colectivo sobre a emigración galega, incidindo en primeiro termo sobre a estreita relación existente entre a difusión e a práctica da emigración e a boa prensa do proceso, que demostra o feito de que en determinados lugares e momentos a emigración se converta nun hábito, creando unha necesidade de emigrar aínda sen existir un contexto desfavorábel que incite a facelo. En segundo lugar, repárase nas experiencias dos emigrantes que trunfan e na ostentación dalgúns indianos retornados, feitos que favorecen a creación dunha imaxe favorábel do proceso que foi a máis aceptada nas etapas da emigración masiva. Recóllense tamén as informacións dos emigrantes fracasados, que tiveron menor eco popular e que impactaron moito máis nos intelectuais galegos que mostraron, en xeral, unha visión negativa do feito migratorio que consolidou a imaxe que chegou practicamente ata os nosos días. Saliéntase unha terceira imaxe proporcionada polas cartas de chamada, que ofrecen unha visión do proceso moi próxima á realidade e que posúen unha función pragmática: a de informar con

veracidade das vicisitudes da emigración para que os afectados a afronten con garantías de éxito. A seguir, analízanse as visións do emigrante nas sociedades receptoras, destacando que experimentaron variacións en función das circunstancias históricas, a situación económica do país e o grupo social considerado. Neste sentido sinálase que as posturas evolucionaron dende o maior dos desprezos nos tempos inmediatos á independencia colonial, en consonancia coa hispanofobia dominante, ata unha progresiva consideración que alcanza as súas máis altas cotas na etapa da posguerra, na que se exiliaron os principais intelectuais da cultura galega (Castelao ou Seoane) e que ocasionou un período de mitificación dos colectivos emigrados. Coméntase que, a pesar desta visión positiva, non todos os galegos emigrados tiñan un compromiso co galeguismo e que en moitos casos se utilizaba a participación en centros culturais para incrementar o prestixio social e os intelectuais eran utilizados coma instrumento propagandístico, nomeando a denuncia de Celso Emilio Ferreiro a este respecto en *Viaxe ó País dos Ananos*. Nun segundo bloque do artigo, analízanse as estratexias utilizadas polos galegos para acadar a integración sociolaboral e a valorización social nas sociedades de destino, poñendo en marcha experiencias educativas que operan nun nivel acelerado e práctico para os emigrantes e nun nivel sosegado para os seus fillos. En Galicia destácase a creación de numerosas escolas e

Sociedades de Instrucción por parte dos indianos, e repárase nas múltiples iniciativas que se desenvolven no período do exilio para difundir a cultura galega, tales como asociacións, coros, compañías teatrais, editoriais ou medios de comunicación, e que conseguen as máis altas cotas de consideración social, o que chega a mitificar os colectivos emigrados. Finalmente sinálase que a progresiva reducción da emigración galega a América, primeiro polo cambio de orientación cara Europa e logo pola recesión case definitiva do proceso, o retorno de moitos exiliados ao normalizarse a situación política en España, e o empeoramento da economía latinoamericana que obrigou a retornar a moitos galegos, provocou a reducción dos nosos colectivos e que rexurdisen novamente os tópicos pexorativos sobre os galegos que nunca chegaran a desaparecer totalmente.

Referencias varias:

-AFA, “Xavier Castro e Jesús de Juana compilan nun volume visións sobre a cultura galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 7 xuño 2002, p. 75.

Anuncia a presentación desta obra na Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela. Destácase que forma parte da colección aparecida en 1983 como froito das Xornadas da Historia de Galicia celebradas en Ourense e que está financiada pola Deputación ourensá, do mesmo xeito que sinala o contido desta obra, ofrecendo algúns dos nomes dos participantes e os títulos das súas intervencións. Recolle as declaracións de Xavier Castro nas que destaca a importancia do coñecemento da nosa historia cultural e da reflexión para a interpretación dos feitos. Remata aludindo ao enfrontamento histórico entre a cultura eclesiástica e a laica, tratada tamén neste volume.





Castro de Paz, José Luís e Jaime **Pena Pérez** (coords.), *María Casares, unha actriz fronte á cámara. Entre o exilio e o reino*, trad. Rafael Adán Rodríguez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude)/Servicio Galego de Igualdade, novembro 2002, 161 pp. (ISBN: 84-453-34255).❿



☞♓●❍□♑❒♋➚➙♋ ♌●□■♑♋❍♏♦❒♋⊠♏⬧☞ ♍◆❒♦♋❍♏♦❒♋⊠♏⬧ ♏ ♎□♍◆❍♏■♦♋♓⬧☞ ♏ ❍♋♓⬧ ➚♓♍♍♓⇔■⬧ ♦♏●♏❖♓⬧♓❖♋⬧♌ ♎♏⬧♦♋ ♋♍♦❒♓⌘ ♎♏ □❒♓⊠♏ ♑♋●♏♑♋☙




- Xosé Ramón Barreiro, “Os Casares e A Coruña”, pp. 17-27.

Fai unha aproximación aos sesenta anos, dende 1866 a 1936, que a familia Casares estivo vinculada á cidade da Coruña. Divide este estudio en tres partes “Chegan os Casares á Coruña”, “A gloria dos Casares” e mais “A traxedia dos Casares”. No primeiro indícase cómo o avó de María Casares, Santiago Casares Paz, chega á Coruña ata que á súa morte deixa todos os negocios ao seu fillo Santiago Casares Quiroga, pai de María Casares. En “A gloria dos Casares”, repásase a fortuna desta familia, incluída a nacencia da futura actriz María Casares, ata que Casares Quiroga é ministro da República e mesmo presidente do Consello de Ministros. Xa no derradeiro apartado descríbense os avatares dos Casares dende o alzamento fascista de 1936 e a posterior fuxida ao exilio.

- Arantxa Estevez, “María Casares, correndo detrás de si mesma”, pp. 29-37.

Repásase a faceta artística e persoal de María Casares. Sinálase a súa relación amorosa co Nobel Albert Camus así como a súa amizade con Picasso, Sartre e Alberti, e sublíñase que as súas aparicións no cinema son inesquecíbeis. Con referencia ao teatro destácase que comezou formando parte da Comedia Francesa e despois do Teatro Nacional Popular, co que chegará a Buenos Aires onde será recibida como unha deusa por Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Tacholas, Virxinia, a viúva de Castelao, Ramón de Valenzuela e Luís Seoane. Asemade fálase doutras das súas colaboracións teatrais como *Yerma* ou *El adefesio*, obra coa que, se non chega a ser por unha enfermidade, volvería a ver a súa Coruña natal despois da morte do dictador que a levara a ter que fuxir de Galicia.

- José María Paz Gago, “Entre o teatro e o cine”, pp. 49-59.




Artigo que se centra no dilema de María Casares entre a súa faceta de actriz de teatro ou de cinema. Con referencia a isto, o articulista afirma que “a gran figura do teatro francés do século XX nacera na Coruña”. Indica que María Casares era unha gran lectora e declamadora de poesía dos grandes poetas españois e que logrou acceder á *Comédie Française* pola porta grande, como primeira actriz consagrada, en 1952. Tamén fala, de que

a súa temperá vocación teatral xorde, con tan só dez anos, ao representar o papel dunha pobre vella en *El príncipe que todo lo aprendió en los libros*. Asemade indica que co filme *Les enfants du paradis* (1945) comezou unha intensa actividade cinematográfica que, aínda que alternaba coa actividade teatral, predominará absolutamente entre 1945 e 1950, mais que tamén lle chegará a desilusión co cinema e de novo a entrega ao teatro, a partir de 1952, altura na que chega a simultanear ata catro montaxes teatrais diferentes.




- Arantxa Estévez, “Cronoloxía”, pp. 149-153.

Neste texto, que xa fora publicado no nº 3 de *Casahamlet. Revista de teatro*, repásanse cronoloxicamente os feitos máis salientábeis da vida e obra de María Casares dende o seu nacemento en 1922, ata a súa morte en 1996, ano no que os actores e actrices de Galicia lle poñen o seu nome, “María Casares”, aos premios que outorgan anualmente.

Referencias varias:

-César Silva, “El Festival de cine Independiente de Ourense”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 63, “Cine”, xullo 2002, pp. 32-33.

Anúncianse as principais actividades que terán lugar durante o VIIº Festival Internacional de Cine Independente de Ourense. Entre estas, e dentro do apartado dedicado á memoria histórica, sinálase que se publicará o libro *María Casares, unha actriz fronte á cámara*, coordinado por José Luís Castro de Paz e mais por Jaime Pena, que estará centrado na figura da actriz de cine e de teatro María Casares.

- X. R. M., “Un libro y un ciclo de películas recuperan la obra de María Casares”, *La Voz de Galicia*, “Ourense”, 11 novembro 2002, p. 12.

Sinálase que o Festival de Cine Independente de Ourense renderá unha homenaxe á actriz galega María Casares mediante a proxección dun ciclo das películas nas que participou e coa presentación do libro *María Casares, unha actriz fronte á cámara* que foi coordinado por dous historiadores cinematográficos.

-Marcos Valcárcel, “María Casares”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 4 decembro 2002, p. 77.

Artigo no que se fai unha descrición deste volume colectivo que ten como protagonista á actriz María Casares e que se publicou co Festival Internacional de Cine de Ourense. Indícase que neste libro se fai un percorrido monográfico pola vida e obra de María Casares, que nel teñen cabida textos, entre outros, de Xosé Ramón Barreiro, Arantxa Estévez ou José Luís Castro de Paz, e que conta tamén cun texto da autoría da propia María Casares, “O comediante fronte á cámara”.

Cernuda, Luís e Ramón **González-Alegre**, *Dúas interpretacións de Rosalía*, ed. e prólogo de Xesús Alonso Montero, Padrón-A Coruña: Fundación Rosalía de Castro (Centro de Estudios Rosalianos), col. Vintecatro de febreiro, nº 3, xullo 2002, 39 pp. (ISBN: 84-8766816-X).⓾

Volume que acolle, por un lado, o capítulo “Rosalía de Castro (1837-1885)” de *Estudios sobre poesía contemporánea* (1957), de Luís Cernuda e, por outro, unha “réplica” a este de R. González-Alegre que leva por título “Sobre una interpretación de Rosalía de Castro”. Trátase de “textos en facsímile” en castelán, o primeiro tomado de *Prosa completa* de Cernuda de 1975 e o segundo da revista *Papeles de Son Armadans* publicada en Mallorca en 1958. No prólogo, Xesús Alonso Montero presenta aos dous autores e describe sucintamente o ensaio do primeiro. Así mesmo, recoñece que si hai certos aspectos que “merecen réplica ou matización, pero non sempre na liña… das formuladas por González-Alegre”, e fai referencia á perspectiva dende a que un se debe achegar a este estudio. A seguir damos conta de cada un destes artigos:

- Luís Cernuda, “Rosalía de Castro (1837-1885)”, pp. 13-21.

Principia referíndose ao enfado de Azorín, derivado do feito de que Valera, a quen xustifica, non “incluíra” no seu libro *Poetas castellanos del siglo XIX* a Rosalía de Castro. A seguir pon de manifesto a “notoriedade” da insigne escritora, mais asegura que esta non deixou pegada na poesía española posterior, apuntando que isto “se deba… ao seu rexionalismo”. Sinala que a crítica tampouco lle prestou moita atención, sobre todo, por escribir en galego. Apunta que o seu comentario se vai centrar en *Las orillas del Sar*, sen embargo fai unha achega aos prólogos de *Follas Novas* e *Cantares Gallegos.* Procura os “antecedentes” da poetisa, indicando entre eles a poesía medieval, Bécquer e Campoamor, ademais de observar certas “coincidencias curiosas” con autores como Machado. Refírese máis sucintamente á súa relixiosidade e ás “emocións” que subxacen nos seus versos, achegando unha interpretación sobre a “amargura”, que se fai visíbel por veces, e chámanlle a atención as penas de Galicia que Rosalía fai súas. Parece ver nela algúns trazos dos modernistas, pero nega que influíra neles. Remata insistindo en que a de Padrón non ten “continuadores” e cualifícaa de “caso aparte”.

- Ramón González-Alegre, “Sobre una interpretación de Rosalía de Castro”, pp. 23-38.








Declara que o seu obxectivo é responder ao non moi acertado, ao seu ver, ensaio de Cernuda, a quen presenta na súa faceta de poeta e de estudioso da poesía. Principia achegando unha sucinta descrición do libro no que se insire o estudio. A seguir, apunta que o feito de que Rosalía use o galego non foi un impedimento. Céntrase, logo, nas influencias que Cernuda ve na poesía da escritora galega e non cre que "o individualismo sentimental de Rosalía" veña de Bécquer, senón "dun vínculo profundo co seu país". Tampouco recoñece a Campoamor como posíbel fonte. Pola contra, si acha unha clara influencia da autora de *Follas Novas* nos poetas modernistas. Asemade, afirma que cando escribía sobre os problemas de Galicia non pretendía "mostrar as súas angustias persoais". Insiste en que hai "profundos erros na súa interpretación e indígnase porque Cernuda a considere "aislada". Remata pondo de manifesto que Rosalía deixou a pegada en todos os movementos galegos posteriores e tamén en poetas modernistas como Rubén Darío ou Machado.





Chao, Ramón, *A paixón de Carolina Otero*, presentación de Ignacio Ramonet, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 181, marzo 2002, 246 pp. (ISBN: 84-8288-512-X).

Ramón Chao (Vilalba, 1935) presenta neste novo libro as memorias de Carolina Otero. Ábrese a obra cunha presentación da autoría de Ignacio Ramonet, froito dunha intervención súa na presentación do libro *La Bella Otero* no Colegio de España en París. Nela, ofrece unha análise dos motivos que causan o interese desta muller e sinala que Carolina representa o lado escuro dunha sociedade burguesa na que prima a simulación e a beatería, representa todo o contrario á abnegación e aos ideais cristiás da época. Inclúe tamén un apartado titulado “O manuscrito atopado”, no que o autor alude a súa viaxe a Niza en Novembro de 1956, e o seu encontro coa bailarina, de quen opina que era de “expresión hostil” e “orgullosa”. Subliña que foi nesa cidade onde atopou os oito cadernos manuscritos da galega, de volume desigual, escritos nun castelán influído polo galego, con frases noutros idiomas, como o francés, italiano, inglés e incluso ruso. Finalmente, comenta que tratou de transcribilos conservando a sintaxe e os vocábulos da súa lingua materna. Na obra, en particular, realízase unha prospección psicolóxica do personaxe; un narrador protagonista, en primeira persoa, lembra en *flash-back*, e dende a vellez, a súa infancia

galega nas terras de Valga, a súa mocidade, as súas prematuras relacións amorosas e as súas viaxes por Madrid, Lisboa, e Barcelona, ata chegar a París. O libro está formado por oito capítulos que se corresponden cos oito cadernos atopados en Niza, nos que se van relatando as súas vivencias, relacións amorosas, soños, ilusións, e sobre todo o desexo que tiña de converterse nunha gran cantante de ópera.




Recensións:

- Pilar Ponte, “A paixón calada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, 13 xuño 2002, p. IV.

Comeza aludindo aos manuscritos que o autor di ter atopado e que foron o xerme desta obra de Ramón Chao. A seguir, alúdese á percepción que tiña a bailarina sobre a sexualidade como forma de poder, proveniente da violación que sofre sendo nena e que marcará a súa vida. Reprodúcense algúns parágrafos da obra nos que se deixa oír a voz da protagonista e nos que fala destas percepcións, do seu amor pola música e a súa consciencia da importancia acadada pola súa figura na sociedade do seu momento.

- Armando Requeixo, “Un singular achegamento á controvertida peripecia vital de Carolina Otero”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 13 outubro 2002, p. 4.




Dáse conta, nun primeiro momento, da importancia que se lle está a dar á figura de Carolina Otero neste ano e cítanse como exemplos o libro de Carmen Posadas, a biografía de Marga do Val, e a última obra de Ramón Chao, *A paixón de Carolina Otero*. Deste último, destácase a prospección psicolóxica que se fai da bailarina galega, sinalando que se consegue unha caracterización, en xeral, concreta, aínda que ás veces parece perder verosimilitude polo forzado dalgúns episodios. Finalmente, sinálase que a obra resulta ser unha elaborada recreación novelística do mito de Carolina Otero.

-Xosé M. Eyré, "A Lolita que quería ser prima donna", *A Nosa Terra*, nº 1.053, 24-30 outubro 2002, p. 26.

Despois de facer unha breve introducción sobre o proteccionismo acadado por Carolina Otero nestes últimos anos, céntrase na obra de Ramón Chao. Fai referencia á estructura do libro, centrándose, nun primeiro momento, no prólogo de Ignacio Ramonet, do que di que se

deixa entrever a promesa dunha segunda parte para tratar os últimos anos da bailarina. Tamén alude á parte titulada “O manuscrito atopado”, onde se informa cómo foron atopados os oito cadernos nos que Carolina lembra a súa vida dende a nenez ata a súa segunda estadía en Portugal. Así mesmo, ofrece unhas breves referencias sobre a súa infancia, os seus primeiros contactos co mundo da prostitución, as relacións amorosas que mantivo, etc. Comenta que un dos alicientes da obra é a aposta que se fai pola vertente sexual, así como a facilidade da súa lectura, aínda que ás veces pareza confusa, debido á fragmentariedade das súas lembranzas.




Referencias varias:

- E. P., “Santiago acollerá hoxe a presentación para a prensa de ‘A paixón de Carolina Otero’, de Ramón Chao”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 25 marzo 2002, p. 76.

Dáse conta da presentación, en Santiago desta obra editada por Galaxia. Coméntase que durante o acto se proxectou un vídeo con intervencións de Carlos Casares e Ignacio Ramonet. Remátase cunha biobibliografía de Ramón Chao.





-AFA/A. V., “Chao lembra a La Bella Otero a través dos seus manuscritos”/“Ramón Chao ofrece un libro sobre la Bella Otero basado en sus manuscritos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 26 marzo 2002, p. 35/p. 68.

Alúdese á presentación en Santiago do libro *A paixón de Carolina Otero*, de Ramón Chao, na que estiveron presentes Damián Villalaín e Xosé Manuel Beiras. Coméntase que o libro está baseado nas memorias que Carolina Otero escribiu en galego e francés e que o autor atopou hai máis de vinte anos nun anticuario francés. No libro, a bailarina recorda a súa infancia e as súas viaxes a Madrid, Lisboa e París. Por outro lado, sinálase que Ramón Chao coñeceu a *La Bella Otero* en persoa, á que cualificou de arisca e de mal xenio.

- EFE, “Ramón Chao edita los diarios de la ‘Bella Otero”, *El Progreso*, “Cultura”, 26 marzo 2002, p. 69.

Dáse noticia da presentación deste libro, do que se sinala que está baseado nas memorias de Carolina Otero, publicado por Galaxia e cun prólogo de Ignacio Ramonet. Ademais,

analízase a repercusión que tivo a figura da bailarina en Francia, onde aínda se lembra a Carolina.




- Mónica Lázaro, “Ramón Chao recrea la azarosa vida de la ‘arisca’ Bella Otero”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 marzo 2002, p. 25.

Despois de facer unha breve referencia ao argumento da obra, faise alusión ao encontro que o autor, Ramón Chao, mantivo coa bailarina en Niza.

- C. D. C., “Paixóns por Carolina. A pluma de Ramón Chao sucumbe ante a Bella Otero”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 123, 1 abril 2002, p. 2.

Aproximación á figura de Carolina Otero e ás numerosas biografías que se publicaron sobre ela nos últimos anos, como as de Torrente Ballester, Borobó, Marga do Val ou M.ª Xosé Queizán, entre outras. A seguir, alúdese ás súas peripecias vitais dende a nenez ata os seus anos en Niza, protagonizados pola súa adicción ao xogo, dato que considera coincidente en todas as aproximacións que se fixeron á vida desta muller que se converteu

en símbolo dunha época. Finalmente, faise unha breve alusión ao libro *A paixón de Carolina Otero*, do que se salienta que está baseado nos manuscritos da bailarina, atopados polo escritor en Niza hai vintecinco anos e que segundo el só transcribe.




- Manuel Vidal Villaverde, “A paixón de Carolina Otero”, *Atlántico Diario*, 5 maio 2002, p. 45.

Ademais de facer un breve percorrido pola biografía de Ramón Chao, alúdese ao libro que ten como protagonista a figura de Carolina Otero. Coméntase que o libro está dividido en oito cadernos, cun epílogo, onde se retrata as viaxes dela ata chegar á súa vellez. Sinálase, tamén, que a figura da galega foi tratada por María Xosé Queizán, Carmen Posadas, Borobó ou Marga do Val, entre outros.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Libros”, 6 xuño 2002, p. 5.

Comentario de tres novidades editoriais, que no que se refire á literatura galega son: *A paixón de Carolina Otero*, de Ramón Chao, da que sinala que se centra nas peripecias vitais

da bailarina, en especial na etapa da súa nenez, das súas posteriores miserias, os seus itinerarios por Madrid, Barcelona e Lisboa, e a persecución do seu soño de ser cantante, botando man da arma da fermosura. Tamén comenta *A novela policial*, de Xesús González Gómez, un ensaio no que se percorre a evolución da novela policial como xénero, especialmente dende as achegas de Callois, e sinala que axudou a impoñer a novela "como comarca dominante no mapa literario".




- Ignacio Ramonet, “La Bella Otero”, *La Voz de Galicia*, “Res Publica”, 30 outubro 2002, p. 16.

Comeza falando do triunfo acadado por esta novela en Francia e da consideración que se ten dela como un dos relatos preferidos do ano, recomendada polos críticos literarios. A seguir, afonda nos motivos que considera que poden suscitar ese interese pola bailarina galega, entre os que salienta a descrición da sociedade galega na segunda metade do século XIX, o reflexo da condición feminina naquela época e o da clase burguesa, así como
o símbolo que representa Carolina Otero, como unha muller que encarna os praceres prohibidos fronte a unha sociedade na que prima o finximento e a beatería.





-Jaureguizar, “Ramón Chao edita a súa novela sobre Carolina Otero en Francia”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 11 novembro 2002, p. 75.

Alude nun primeiro momento, á versión francesa, feita por Laude Bretón desta obra de Ramón Chao, *A paixón de Carolina Otero*. O autor vilalbés considera que a intención do libro ao escribilo é a de rebater “as faladeiras” sobre o mito da bailarina. Sinálase tamén que o xornal galo *Le Monde*, se ocupou da novidade facendo unha risiña sobre a artista, da que comenta que viviu con liberdade, “sen sentir a menor culpabilidade” e que o que máis lle interesaba dos seus amantes era o gusto polo desexo de coñecer novos lugares.

Cora, José de, *Pascual Veiga*, Lugo: El Progreso de Lugo, 2002, col. Fillos de Lugo, 2002, 84 pp. (LU/321-02).❿

Seguindo a consigna da presente colección (homenaxear e dar testemuña do labor dalgúns dos máis ilustres lugueses), o presente volume, dedicado a Pascual Veiga (1842-1906), dá a coñecer, cando se cumpren case cen anos do seu pasamento, a figura deste mindoniense célebre por ter musicado o poema de Eduardo Pondal “Os pinos” (1890). Ademais de ser coñecido poro musicar este poema, que hoxe constitúe o himno de todos os galegos, tamén se coñece por ter composto a peza *Alborada*, fito na andadura desta arte en Galicia. Este músico senlleiro, que comezou a súa carreira como organista na Colexiata da Nosa Señora do Campo de A Coruña, morreu en Madrid, sendo os seus restos posteriormente trasladados ao Mondoñedo natal.

Cores Trasmonte, Baldomero, *Alfredo Brañas e os medios de comunicación do seu tempo*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Brañiana, nº 16, febreiro 2002, 132 pp. (ISNN: 84-88051-97-2).☒⓾

Tras agradecer a colaboración de C. Arias Iglesias na traducción ao galego de boa parte do traballo (redactada en castelán), e desculparse pola demora da súa publicación, aproxímase o autor deste ensaio, en once capítulos, á vertente xornalística do polígrafo e multifacetado "apóstolo" do Rexionalismo. Analízase no libro o seu labor como figura activa da publicística (pois Brañas preséntasenos como promotor, animador, articulista, redactor, historiador do xornalismo, etc.); a súa prosa relixiosa ou política, case sempre castelá, cunha fonda preocupación formal e unha finalidade ideolóxica moi marcada; e a súa presencia nos medios da altura como personaxe público de relevo. Todo isto, nas diversas publicacións periódicas, autóctonas (fundamentalmente compostelás) ou foráneas (madrileñas, catalanas ou da Galicia exterior), nas que participou ou foi noticiada e representada iconograficamente a súa figura. Inclúense no volume indicacións das fontes documentais e mais uns índices cronolóxico, toponímico e onomástico confeccionados por Francisco Ruy Muñoz.

Recensións:

-M. Quintáns, “Brañas e os medios”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 11 agosto 2002, p. 4.

Destácase a saída do volume *Alfredo Brañas e os medios de comunicación do seu tempo*, rescatando o interese xornalístico que encerra. Despois de salientarse o paralelismo entre a figura estudiada e o propio autor, Cores Trasmonte, o articulista profunda na dimensión informativa que a obra de Brañas despregou no estudio realizado. Non en van, para el, Alfredo Brañas “foi capaz de producir unha obra non exenta de valores estéticos e literarios” e tamén repleta dos “canons do quefacer que os medios de comunicación dispoñibles esixían”. Logo de facer unha rápida alusión ás partes nas que se divide o ensaio, o autor do artigo declara o interese global da obra, así como, especialmente, o capítulo referido á socioicónica, para el “unha contribución fundamental ao desenvolvemento desta técnica de investigación sociolóxica que Baldomero Cores Trasmonte eleva á categoría de ciencia”.

Díaz Rey, María, (ed.), *Antonio Baltar. O compromiso do exilio*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, nº 177, novembro 2002, 239 pp. (ISBN: 84-8485-084-6).

Ensaio arredor da figura de Antonio Baltar (Santiago de Compostela, 1906-Buenos Aires, 1970), que inclúe múltiples textos recollidos e organizados por María Díaz Rei. Esta colectánea vai precedida dun prólogo de Xesús Alonso Montero, no que achega algunhas notas sobre Antonio Baltar e no que narra unha anécdota ocorrida na entrega dos premios dos Xogos Florais en marzo de 1957, á que asistiu Antonio Baltar e na que Alonso Montero tivo que xustificar por qué empregaba a lingua castelá e non a galega como esperaba o público. María Díaz explica na Introducción que o obxectivo do libro é, igual que todos os publicados na colección "Documentos pra a Historia Contemporánea de Galiza", analizar e recuperar a nosa memoria histórica mediante o achegamento á vida e ao compromiso político, ético e social de Antonio Baltar. O libro estructúrase en catro partes: "Vida", na que inclúe unha detallada biografía e un "Apéndice gráfico" con vintedúas fotografías e outras imaxes; "Escolma de textos", que inclúe vintesete textos da autoría de Antonio Baltar, datados entre 1933 e 1968, publicados en diferentes medios (revistas, actas de congresos,

boletíns da colectividade galega, etc.) e que versan sobre cultura, historia, política, medicina, Galicia ou a emigración; “Epistolario, unha selección”, que recolle trece cartas, datadas entre 1948 e 1972 con intelectuais galegos; e “O que din de Antonio Baltar”, no que a editora inclúe textos de Eduardo Dieste, Xosé Núñez Búa, Borobó, Isaac Díaz Pardo, Eladio Dieste, Otero Pedrayo e Otero Espasandín, tirados de diferentes fontes, nos que estas persoas falan do exemplo de Antonio Baltar como literato, científico, estudioso do seu tempo, participante de actividades e iniciativas relevantes como a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas, Editorial Citania, etc. e home comprometido con Galicia e co seu exilio. A obra inclúe, asemade, unha completa bibliografía.




Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “Antonio Baltar na Costa de Morte”, *La Voz de Galicia* “Beatus qui legit”, 26 decembro 2002, p. 13.

Apunta algúns datos da biografía de Antonio Baltar, entre eles que foi profesor de Histoloxía e Anatomía Patolóxica na USC, que emigrou a Arxentina no 1936 pola represión fascista,

que asistía aos parladoiros cos demais exiliados ou que veu a Galicia no 1957 para expoñer




o seu programa socioeconómico e científico para Galicia. Explica que Baltar baseaba o seu ideario moral e político na *República* de Platón e dá conta da publicación de *O compromiso do exilio*, que inclúe textos do propio Baltar e un estudio biográfico e bibliográfico de María Díaz Rey.





Dobarro Paz, X. e Luciano **Rodríguez** (coord.), *Xosé Luís Méndez Ferrín: o home, o escritor*, A Coruña: Universidade da Coruña, febreiro 2002, 144 pp. (ISBN: 84-9749-010X).

Este volume monográfico recolle os textos das cinco conferencias (“Ferrín Político”, “Ferrín: o articulista de opinión”, “Xosé Luís Méndez Ferrín. Os traballos de investigación”, “A Poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín” e “Arredor da narrativa ferriniana. Notas dun lector de No ventre do silencio”) presentadas no marco da oitava edición das Xornadas sobre Literatura Galega celebradas na Coruña no mes de outubro de 2001, que ese ano foron dedicadas ao estudio de Xosé Luís Méndez Ferrín. Acompaña ao libro un disco compacto coa gravación de poemas do citado autor, seleccionados e recitados por Laura Pérez Landeira, cunha introducción e un peche musical. A continuación referimos os catro artigos que se relacionan coa producción e/ou a reflexión literaria de Méndez Ferrín.

- Anxo Angueira, “Ferrín: o articulista de opinión”, pp. 35-61.

Anxo Angueira foi o encargado de analizar a producción de Méndez Ferrín como articulista dentro destas oitavas Xornadas sobre Literatura Galega celebradas no Salón de Actos da Real Academia Galega. Lémbranos que a esta labor deu comezo o autor con a penas quince anos, publicando os primeiros textos na revista pontevedresa *Litoral* e no xornal compostelán *La Noche*, onde apareceu ademais o seu primeiro poema: “Adeus” (1956). Continúa repasando as publicacións periódicas nas que ten colaborado o ourensán, asinando unhas veces co seu verdadeiro nome e outras baixo pseudónimos, e menciona por exemplo *Vieiros*, de México, *Espiral*, editado en Portugal por Galicia Ceibe, o vigués *Faro de Vigo* ou *A Trabe de Ouro*, dirixida polo mesmo Ferrín e da que foi fundador. Enxalzando sobre todo a liberdade con que sempre se ten desenvolvido o escritor neste eido, Angueira ofrece ademais unha clasificación dos seus temas principais, a saber: a actualidade, o tempo, a literatura, as artes plásticas e a lingua, entre outros. Canto á literatura, dísenos, Ferrín realizou como articulista reseñas e críticas, mantivo algunhas polémicas, ocupouse de figuras autóctonas (Cunqueiro, Pondal, Otero Pedrayo...) ou foráneas (dos sistemas portugués, francés, italiano, español, alemán...), adiantou cuestións de historia da literatura que despois retomaría nos seus ensaios, etc.

- Ramón Lorenzo, “Xosé Luís Méndez Ferrín. Os traballos de investigación”, pp. 63-85.

Nestas páxinas o profesor Lorenzo glosa e explica algúns dos traballos de investigación realizados por Xosé Luís Méndez Ferrín. Así, subliñando con coñecemento de causa (pois Ferrín e Lorenzo foron compañeiros de Universidade e grupo xeracional en Santiago e Madrid) a vocación pola pescuda que de sempre amosou o autor ourensán, comeza por se referir á publicación da que fora a súa tese de licenciatura: *O Cancioneiro de Pero Meogo* (1966), edición crítica das nove cantigas deste trobador que se converteu hoxe “nun libro de consulta obrigada para tódolos estudiosos da lírica medieval”. Despois de describir pormenorizadamente esta obra, analiza outros estudios, que cualifica de “maxistrais”, que Ferrín lanzou máis recentemente co mesmo tema, como por exemplo o seu Discurso de ingreso na Real Academia Galega. Pasando a outros motivos presentes nese mesmo texto ferriniano, sinala Lourenzo o das orixes de Galicia e o das orixes da nosa poesía medieval, aclarando cales son as ideas do autor ao respecto. Outro foco de interese é, prosegue, a literatura moderna, cuestión da que se ocupa Ferrín en diversos artigos, discursos, conferencias ou no libro *De Pondal a Novoneyra* (1984), tamén de “consulta obrigada” na

súa opinión. Ramón Lorenzo remata a súa intervención, precisamente, resumindo capítulo por capítulo esta obra.




- Manuel Forcadela, “A Poesía de Xosé Luís Méndez Ferrrín”, pp. 87-113.

Tras unhas consideracións previas, Forcadela somérxese no universo poético de Xosé Luís Méndez Ferrín, unha vertente creativa á que deu inicio en 1957 (*Voce na néboa*) e da que o último título saíu en 1994 (*Estirpe*). Comeza por abordar a cuestión da adscrición xenérica do autor, que pertence á Xeración dos 50, tamén denominada Xeración de La Noche ou, como propón o propio Ferrín, Xeración das Festas Minervais. A continuación describe as tres etapas que a crítica acostuma distinguir na evolución da súa obra poética, exemplificándoas cun comentario aos poemarios (e tamén ás obras narrativas, porque para Forcadela existen ligazóns evidentes entre uns e outras) publicados en cada unha delas. Desta maneira fala dun primeiro período, o da mocidade, iniciado con *Voce na néboa* e caracterizado por unha escrita influenciada polo existencialismo e máis ou menos afín á estética da chamada Escola da Tebra. Nunha segunda fase (1964-1980), máis comprometida e combativa sen seguir exactamente os patróns do social-realismo, a lírica

ferriniana dá froitos como *Antoloxía da poesía popular* e *Sirventés pola destrucción de Occitania*, despois recollidos en *Poesía completa de Heriberto Bens*, e que culminaría coa elaboración de *Con pólvora e magnolias* (1976). A última etapa (1980-actualidade), con títulos como *O fin dun canto*, *Homes e illas*, *Morte de Amadís*, *Erótica* e *Estirpe*, estaría dominada pola fantasía, a metaliteratura e a nostalxia. Por último, o conferenciante detense no exame de "algunhas características salientables" do conxunto que vén de analizar; entre elas: o diálogo coa tradición literaria galega e universal, a intertextualidade interna e externa, a parodia autorial, a construcción dun novo modelo de lector, etc.




-Xosé M. Salgado, “Arredor da narrativa ferriniana. Notas dun lector de No ventre do silencio”, pp. 115-144.

A ponencia de Xosé M. Salgado divídese en dúas partes: a primeira de caracterización xeral da obra narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín e a segunda centrada xa na análise da novela *No ventre do silencio* (1999). Comeza, xa que logo, examinando algunhas cuestións básicas para comprender a producción narrativa do escritor, entre elas o seu compromiso cívico e político coa nación e a lingua, que ten evidentes repercusións no seu labor de creación

literaria. Sinala asemade a unidade fundamental da producción ferriniana, e afirma que o autor escribe “un único relato” ou macrotexto no que están presentes os escritos anteriormente por el mesmo ou por outros creadores galegos ou foráneos, reinventando continuamente o que xa foi dito. Apunta tamén como trazo característico a convivencia do real e o fantástico na súa literatura ficcional e a existencia dun persoal sistema de recorrencias temáticas (destacando a presencia da violencia, a morte, o erotismo, a opresión, etc.), mitos (entre os que sobrancean os tirados da materia de Bretaña) e símbolos. A súa linguaxe épico-lírica, continúa Salgado, é difícil, non axeitada para un consumidor *fast-food*. Por outra parte, salienta o protagonismo dos espacios reais na súa narrativa, que ás veces se converten mesmo en “cidades-personaxes”, caso de Santiago en *No ventre do silencio*. Inmerso xa no comentario a esta novela, refírese ao seu xénero (o das “novelas de campus”, segundo a opinión de Darío Villanueva), ao seu carácter non realista, á súa temática e aos seus personaxes (algúns xa aparecidos en novelas anteriores). Comenta tamén que esta novela xa estaba anunciada no prólogo a *Antón e os inocentes* (1976).








Domínguez Rey, Antonio, *Limos del verbo (José Ángel Valente)*, Madrid: Editorial Verbum/Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2002, 256 pp. (ISBN: 84-7962-228-8).

Obra de Antonio Domínguez Rey sobre a poesía de José Ángel Valente (1929-2000) que consta dun prefacio do autor e de cinco partes: “Pórtico”, “Latencias del lenguaje”, “El vuelo del poema”, “Paxariña” “Branquias del respiro” e “Invasión de la sombra”, nas que se esmigalla a obra poética e ensaística de Valente, a través dos numerosos ensaios que publicou en diferentes libros e revistas, e nas que se analiza o carácter bilingüe do falecidoescritor. No prefacio Domínguez Rey explica cómo coñeceu a José Ángel Valente en París arredor de 1982, qué foi o que o sorprendeu da súa personalidade e cómo xurdiu a idea de *Limos del verbo*, obra da cal J. A. Valente chegou a coñecer a súa penúltima parte. Así mesmo, sinálase que algúns dos capítulos do estudio foron previamente publicados en xornais, revistas, outros escritos sobre a obra de Valente ou como introducción ben a algún dos seus libros, ben a algunha antoloxía dos seus poemas; mentres que outros son totalmente inéditos e ultiman o conxunto desta reflexión crítica sobre a escritura poética e ensaística do autor de *El fulgor*. Indícase que os epígrafes introducidos en cada un dos

capítulos facilitan a lectura e sinalan o nesgo crítico e expositivo, orientando sempre á explicitación da poética ou pensamento poético do autor, e afírmase que se respectou a edición orixinaria dos estudios empregados, engadindo, ao mesmo tempo, algúns cambios ou correccións, así como notas e citas que non figuraban antes. Finalmente achéganse as referencias deses traballos. Algunhas das partes desta obra relaciónanse coa poesía galega de José Ángel Valente para salientar algúns dos temas tratados e ofrecer algúns aspectos da súa forma, destacando asemade os trazos converxentes entre esta poesía e a escrita en castelán. Sobre esta última ofrécese ademais a opinión do autor, que cría que non era necesario traducila ao galego por ser todos os seus falantes bilingües.




Referencias varias:

- EFE, “Un ensaio destaca a necesidade da visión crítica de Valente”/“Un ensayo destaca lavisión crítica de José Ángel Valente”/“Un ensayo subraya la visión crítica de José Ángel Valente”/“Destacan el talento de Valente para dar nuevas lecturas de los clásicos líricos”, *O Correo Galego/Diario de Pontevedra/Faro de Vigo/El Progreso*, “AFA”/“Vivir

aqui”/“Cultura”/“Sociedad”/“Cultura y comunicación”, 26 novembro 2002, p. 31/ p. 77/p. 39/p.




90.

Dáse conta da presentación do libro de Antonio Domínguez Rey *Limos del verbo* editado por Verbum no que se esmigalla a obra poética e ensaística de Valente, a través dos numerosos ensaios que publicou en diferentes libros e revistas. Así mesmo, indícasenos que nesta obra o autor tamén analiza o carácter bilingüe do falecido escritor.

- Jesús Pardo, “Un nuevo libro reúne la obra poética de José Ángel Valente”/“Antonio Domínguez publica un libro sobre la poesía de Valente”, *La Opinión/La Voz de Galicia*, “Letras”/“Cultura”, 6 decembro 2002, p. 60/p.45.

Dáse conta da publicación do libro de Antonio Domínguez Rey sobre a poesía de JoséÁngel Valente (1929-2000) titulada *Limos del verbo(José Ángel valente)* e editada pola editorial Verbum e pola Universidade de Educación a Distancia. Así mesmo, explícase brevemente a concepción da poesía que tiña Valente segundo o autor do estudio e sinálase a este, ademais de como poeta, como ensaísta e profesor universitario. Indícase a xeración

e as características do grupo de poetas nos que Valente se podería incluír e relaciónanse algunha das súas obras. Finalmente indícase que este estudio representa un ataque frontal a un problema pouco debatido como é o de se a poesía debe ser un medio de ir ao fondo das cousas ou un simple entretemento para ganar xogos florais.








Eiré, Alfonso (coord.), *Antón Avilés de Taramancos*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. A Nosa Cultura, nº 21, marzo 2002, 63 pp. (ISSN: 0213-3105).

Volume de carácter monográfico, coordinado por Alfonso Eiré, dedicado ao poeta Antón Avilés de Taramancos, nado en Noia no ano 1935 e morto na Coruña no 1992. A continuación, ofrecemos unha breve descrición de cada unha das colaboracións que forman parte desta homenaxe:

- Ana Romaní, “Que non existe o olvido, meu señor amigo”, pp. 6-8.

Ampla lembranza da persoa e da obra de Antón Avilés de Taramancos. Comeza o artigo cunha serie de recordos e anécdotas que compartiu a autora co poeta de Noia. A seguir, Ana Romaní comenta que hai unha xeración en Noia que non se podería explicar sen a figura de Avilés, unha xeración “que convive máis aló das idades, convive no soño e na palabra, no desexo da terra e no poema, na preocupación polo seu tempo”. A continuación, céntrase na súa volta do exilio e comenta que chegou “e púxose ó poema como se puxo á terra, enteiro e inmolado”. Máis tarde, fai un percorrido, a modo de telegrama, polo labor

cultural que Avilés levou a cabo dende a súa Noia natal. Deste xeito, alude á creación da Asociación Cultural de Noia, Catavento; aos actos de homenaxe a María Mariño; ás conferencias en lingua galega; ao labor dende a Concellería de Cultura, entre outros moitos méritos. Para rematar, cita algúns dos autores aos que traduciu e moitos dos intelectuais cos que se relacionou ao longo da súa vida.




- Manuel Álvarez Torneiro, “Memoria na Coruña dos anos cincuenta”, pp. 9-13.

Lembra a marcha de Avilés de Taramancos a Colombia e o seu labor en terras americanas. Deste xeito, comenta a chegada do poema “Pranto por Urbano Lugrís”, que Francisco Pillado publicou en *La Voz de Galicia*. A continuación, e xa de volta en Galicia, o articulista alude a dúas obras do autor coas que rompeu “o fogo lírico”: *As moradías do vento* e *A frauta e o garamelo*. A seguir, alúdese ao compromiso do autor coa sociedade e coméntase que Avilés sostiña que o primeiro que tiña que facer un poeta era “poesía verdadeira, que sería sempre digna, cantaría á escravitude dos labregos ou a fermosura das magnolias”. Para rematar, Álvarez Torneiro lembra a chegada de Avilés á Coruña, concretamente á casa de Pepe Guillén, co fin de estudiar na Escola de Náutica. A seguir, cita algúns dos

pertencentes ao grupo de poetas chamado Peña Amanecer, do que Avilés foi un dos catro membros fundadores e do importante labor que o poeta de Noia levou a cabo durante a súa vida.




- Xosé Agrelo Hermo, “Os compromisos de Avilés”, pp. 14-16.

Coméntanse, con detalle, algúns dos compromisos que marcaron a vida de Avilés de Taramancos. En primeiro lugar, cítase o seu compromiso coa lingua, que escoitou dende a súa infancia. Deste xeito, cando preparaba o Bacharelato, Avilés aferrouse á lingua como “sinal de identidade”; así mesmo, busca a compaña de persoas máis vellas “que levan como bandeira de rebeldía o uso do cotián da lingua, nun tempo e nun lugar nos que falar galego tiña as connotacións de ‘paifoco’, ‘pintoresco’ se non de ‘separatista”. A seguir, alúdese ao compromiso do autor coa patria e co pobo. Deste xeito, coméntase que Avilés se incorporou á vida galega no 1980 e, dende entón, escribiu sen parar, “recompila textos antigos e poemas de ausencia, cria novos mundos, edita apuradamente como presentindo a morte que non tardaría”. Así, dende o seu propio fogar literario, na taberna que rexenta en Noia,

decide “traballar para o seu povo como se dunha maqueta de Galiza se tratase”. Por último, no artigo alúdese á morte do escritor, na primavera do ano 1992.




- Antón Capelán, “Os soños comprometidos dun poeta épico”, pp. 17-31.

Comeza o artigo cunha breve alusión ás literaturas minorizadas. Deste xeito, faise referencia a “un dos documentos socio-literarios máis importantes da cultura galega tras a desaparición da Dictadura franquista”: o chamado Manifesto de Poblet, elaborado o 24 de xuño de 1984 no Iº Encontro dos escritores galegos, vascos e cataláns. Cítase, a seguir, o segundo apartado deste documento, no que se alude ás condicións políticas nas que se poderá normalizar a lingua e a cultura desas tres nacións. A continuación, alúdese ás diferentes teses sobre o compromiso nacional defendidas por Avilés de Taramancos, nun artigo publicado no xornal *Barbanza*, de Noia. A seguir, Capelán analiza a producción épica do Rexurdimento e “doutros renacementos de literaturas de nacións sen Estado”. Por outra banda, analízase a épica galega na Posguerra e, para rematar, céntrase no épico dentro da obra de Avilés de Taramancos. Cita, así mesmo, as conexións entre o escritor de Noia e as tres grandes obras épicas de todos os tempos: *Odisea*, *Divina Comedia* e *Os Lusíadas*.

-Dolores Arxóns Álvarez e Xavier Castro Rodríguez, “Poesía de mocidade dun home de Taramancos”, pp. 32-33.

Sucinto artigo no que se analiza a poesía de Avilés na súa época de mocidade. En primeiro lugar, cítanse algunhas das súas primeiras obras como *A frauta i-o garamelo*, *Pequeno Canto* e *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*. Así mesmo, cítanse algunhas das publicacións coas que colaborou o autor nos primeiros tempos tales como *Tapal* (nos números de 1951, 1952, 1953, 1954 e 1955), *Lar*, *Atlántida*, *Amencer* e *Aturuxo.*

- Luísa Villalta, “Un canto á procura do corpo”, pp. 34-40.

Comeza o artigo cunha breve referencia á tarde na que a articulista coñeceu a Avilés e se iniciou a súa relación de amizade. A seguir, achégase á poesía do autor de Noia e afirma que esta “nace co vento, con el ergue, baila, mais todo zoa, zoando como zoa a Cidade de Orzán”. En primeiro lugar, analiza unha serie de sete poemas publicados no ano 1955 baixo o título de *As moradías do vento* e, a continuación, *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto*,

escrito no ano 1959 a 1960. Noutro apartado achégase, con detalle, a *Poemas da ausencia*, *Nova crónica das Indias* e *Cantos Caucanos*. Remata o artigo coa reproducción duns versos do autor que, segundo a articulista, "cerran sen fechar o seu xeito persoal de continuar a viver acompasada e tenramente".

- Xosé María Álvarez-Cáccamo, "A semente e o navío (Sobre *As torres no ar*)", pp. 41-43.

Comeza o artigo cunha afirmación do articulista que di que "cada imaxe, cada poema, cada libro foi construído con aparello de oficio cabal e proxecto expresivo consciente". Deste xeito, "desde *As moradías do vento* (1955) ata *Última fuxida a Harar* (1992) os poemas van completando con exhaustivo rigor as estancias do plano emocional e temático". A seguir, céntrase na obra *As torres no ar* (1989) e define o poemario como "o libro da celebración vitalista, do entusiasmo ensimismado, da relixiosa exaltación pagana que ten lugar no interior do templo paradisíaco, dos días primeiros". A continuación, alude ás distintas partes do poemario: "Cantos á carón da terra", "A torre secreta" ou "O cántico das naves".

- Teresa Seara, “Do epicentro a luz (Notas para o comentario dun poema de Antón Avilés de Taramancos)”, pp. 45-47.

Breve comentario centrado na análise do poema “Eu amo as minerais entrañas do meu eido”, que forma parte do poemario titulado *Os poemas da ausencia*, publicado no ano 1963. Trátase dun poema que, segundo a articulista, supón “unha declaración da súa idolatría pola terra entendida na dobre vertente de cosmos e nai”. A seguir, comenta que a estructura do poema divídese en cinco estrofas, que reproduce no artigo, e que teñen “desigual número de versos”. Para rematar, achega a resposta ás eternas preguntas ¿De onde veño?, ¿cara a onde vou? e declara que “vimos da terra e debemos aspirar á infinitude pero mantendo sempre os vínculos coa nai”.

- Martín Veiga, “Un home fronte á vida. A Nova Crónica das Indias”, pp. 48-54.




Comeza o estudio da obra *Nova crónica das Indias* cunha breve definición da palabra "crónica". A seguir, o autor declara que "nas miñas *Novas Crónicas das Indias* [sic] que, en certa medida, son atemporais, vén moito da miña historia persoal. Todos e cada un dos

personaxes que aparecen no libro teñen algo que ver comigo. Dun xeito ou doutro cruzáronse na miña vida". A continuación, Martín Veiga céntrase na obra e comenta que se trata do único libro que o autor escribiu en prosa, composto por "dezaseis relatos ou pezas que se inician mediante unha especie de limiar diferenciado do resto polo emprego de letra cursiva". A seguir, analízanse, con certo detalle, cada un dos relatos: o "Limiar", "Gaitana", dous relatos sen título que comezan "Bicho raro a xaguarana negra" e "Indio aguaruna non sabe de labranza", "De día, o Bulevar do ron en Buaneventura é lugar desolado", "O buscador de illas", "Luzmila", "O home da rosa branca", "Crescencio Salcedo", Nariño", "Soliloquio e filtro de amor que o almirante do mar, Don Pedro Sarmento de Gamboa fai para invocar o favor de Doña Elizabetu, raíña dos ingleses, e por esconxurar a presencia no leito real de Sir Walterio Raleigh, poeta e bucaneiro de mellor fortuna: Torre de Londres", "Servos de Deus e amos de indios" ou o epílogo titulado "O regreso de Ulises Fingal", que "entronca coas páxinas iniciais da obra, cerrando o círculo". Como conclusión, M. Veiga declara que *Nova Crónica das Indias* "abre para nós un mundo novo, inexistente ata daquela na literatura galega".




- Antón Avilés de Taramancos, “Manuel Antonio: Revolución Permanente”, p. 55.

Breve artigo no que se alude á persoa de Manuel Antonio é ao seu influxo na literatura galega. Comenta, en primeiro lugar, que o poeta de Rianxo “é o vixía do horizonte que ve ‘máis alá’ do que ninguén ve e que experimenta e sente a sensación da descoberta, dun mundo novo na poesía e no ideario que o leva a un comportamento anovador. Eis o fermento revolucionário”. Engade que, en tan só os catorce ou quince anos que formaron o seu “ciclo criador” case ninguén como Manuel Antonio deu “tanto de si e con tanta claridade tanto no persoal como no literario”.

- Antón Avilés de Taramancos, “Morrer pola Patria é vivir”, p. 56.




Sucinto comentario no que se reproducen unhas palabras que o poeta de Noia pronunciouen Soutomaior a Dona Amalia Álvarez, na memoria de Alexandre Bóveda no cincuentenario do martirio. Entre outras cousas, Avilés comenta que “todos os que amamos a Galiza. Levaremos sempre no noso labre, como un caravel inmorredoiro, o nome de Alexandre Bóveda. Esa é a sua vitória, que bique a sua man, que el tanto acariciou, para que me dea

forza e valentia, para que lle poida transmitir tamén aos compañeiros que dia a dia arriman o ombreiro para lograr unha Galiza ceibe e popular”.




- Antón Avilés de Taramancos, “Os tempos do Wolfram”, pp. 57-58.

Reproducción dun artigo publicado por Avilés en *A Nosa Terra* no ano 1987. Trátase dunha lembranza dos tempos do Wolfram nas bisbarras de Bergantiños, Silleda ou Lousame, entre os anos 1941 e 1944, “un bálsamo para esconxurar a miseria dos máis arriscados, unha palanca nas mans dos poderosos, e unha desgrácia para labregos, mariñeiros e vilegos que non participaban da fartura e que vian encarecer nas prazas de mercado ou nas tendas todos os artículos por unha abundáncia de diñeiro que eles non posuían”. Analiza, así mesmo, a figura do Martelo “que baixo o charol do tricórnio collia unha apariéncia de mómia enfurecida, de criatura desenterrada disposta a chuchar sangue e a desvastar á Humanidade”.

- Antón Avilés de Taramancos, “Carta gnómica a Urbano Lugrís”, p. 59.

Reproducción dunha carta de Avilés de Taramancos dirixida a Urbano Lugrís e publicada en *La Noche* no ano 1959. Nela Avilés afirma que escribe “na badía de Muros a bordo dunha goleta carregada de esmeraldas”. Coméntalle, así mesmo, que coñeceu a noite “nos casi de Alexandría, co meu traxe de fauno, o asubío pánida, vendo como fuxían escorrentadas as meniñas de feble van”. Remata o artigo describindo as rosas de Alexandría, que teñen “un algo misterioso, entrañábel e feridor. Na noite espállase o seu arrecendo e rúbeche polo corpo coma unha man delicada que fai durmir pracidamente”.

- Xan Carballa, “Antón Avilés de Taramancos ‘O poeta é o guieiro dos sentimentos”, pp. 60




63.

Con este artigo Xan Carballa pecha o monográfico dedicado a Antón Avilés de Taramancos. Nel ofrécenos unha conversa que mantivo co poeta noiés na súa taberna e que se publicou en *A Nosa Terra* o 19 de xuño de 1987. En primeiro lugar, refírese ao seu exilio en Colombia con vintecinco anos, por razóns económicas e, sobre todo, políticas. A seguir, comenta que comezou a escribir con quince anos, en Noia, onde publicou en galego “porque tiña un problema de linguaxe que non podía resolver en castellano: falaba do meu contorno

aldeano, e dos nomes dos paxaros, das árbores, das cousas, non os sabia en castellano, e tiven que romper escrebendo en galego". Declara, a continuación, que "a poesía é necesaria en todos os actos públicos, sobretodo nunha pátria que está por liberar". Así mesmo, engade que "os poetas galegos non podemos facer literatura por literatura, non podemos meternos na nosa torre de marfin tranquilamente e facendo fermosura cando o povo está sofrendo e está por liberar". A seguir, comenta que un libro de poemas tamén ten a súa estructura, xa que "cando o comezas xa sabes o que tés que facer e onde rematar... se podes, naturalmente". Para rematar, afirma que lle parece ben que haxa moitos poetas novos, posto que "hai que botar moita leña ao lume sagrado para que a poesía se concentre e saian os poetas que teñen que saír".




Recensións:

- Xosé Freire, “Avilés de Taramancos no horizonte”, *A Nosa Terra,* nº 1.046, “Cultura”, 5-11 decembro 2002, p. 27.

Refírese ao monográfico dedicado por A Nosa Terra, dentro da colección “A Nosa Cultura”, a Antón Avilés de Taramancos, adiantándose nuns meses ás publicacións dedicadas ao escritor noiés homenaxeado no Día das Letras Galegas 2003. Nomea os colaboradores dovolume que repasan a vida e a obra do noiés, como Ana Romaní, Manuel Álvarez Torneiro,Xosé Agrelo Hermo, Antón Capelán, Manuel María, Xosé María Álvarez Cáccamo, Luísa Villalta, Xan Carballa, entre outros, e sinala que se recollen tamén tres colaboracións de Avilés: “Morrer pola Patria é vivir”, na memoria de Alexandre Bóveda; “Os tempos do wolfram” e “Carta gnómica a Urbano Lugrís”. Considera este volume como unha invitación para volver ler a obra de Avilés de Taramancos, comezando polo seu derradeiro libro, *Última fuxida a Harar* (1992), do que sinala que se trata do testemuño dun poeta que cre na fondura e na permanencia da palabra, que está estructurado en seis partes nas que hai compromiso social, político, cultural e unha reflexión sobre a historia de Galicia, así como amor pola palabra.

Referencias varias:





- Belén López, “Antón Avilés de Taramancos”, *Diario de Pontevedra*, “O personaxe”, 26 abril 2002, p. 76.

Coméntase, brevemente, o volume *Antón Avilés de Taramancos*, publicado pola editorial A Nosa Terra. Trátase dunha homenaxe á figura do poeta de Noia Avilés de Taramancos. A seguir, alúdese ao acto de presentación da obra, na galería Sargadelos de Pontevedra, e no que interviñeron Enrique Acuña e Xosé María Álvarez Cáccamo. Para rematar, ofrécense unhas breves notas biográficas sobre o autor de *As moradías do vento*, *A frauta e o garamelo*, *O tempo no espello*, *As torres no ar* ou *Última fuxida a Harar*, entre outras.

Estévez, Xosé, *A lagoa da memoria*, intr. Koldo Izaguirre, Trintxerpe-Pasaia: Fato Cultural Galego Daniel Castelao, maio 2002, 127 pp. (ISBN: 84-607-4668-2).❿

Sorte de memoria vital de Xosé Estévez, que recorre neste volume os seus recordos dende o natal val de Quiroga ata os de Hernani, pobo do País Vasco no que actualmente reside. Recorre na súa viaxe pola memoria a cultura galega dende o ano 1943, no que nace, falando de feiras, festas, xuntanzas de mozos, tradicións, etc. Combínanse todas estas lembranzas con anacos literarios doutros autores como os poemas de Manuel María, deKoldo Izaguirre, etc. É pois, esta, unha memoria da vida diaria da Galicia da segunda metade do século XX, incluíndose situacións políticas e feitos históricos que se perciben dende o punto de vista particular do autor. A introducción, asinada por Koldo Izaguirre, destaca a importancia de non perder a memoria histórica nin persoal do acontecido ao longo da vida, apoiando así o proxecto literario de Xosé Estévez.

Fernández da Ponte, José, *Noesba*, ed. de Gustavo Adolfo Fernández da Ponte y García, Noia-A Coruña: Fundación Feiraco, 2002, 124 pp. (DL: C-973-2002).

Miscelánea bilingüe dos escritos, en galego e castelán, verso e prosa, do mestre rural José Fernández da Ponte (Tabeirós, A Estrada, 1901-Santiago, 1989), recompilados polo seu fillo Gustavo A. Fernández da Ponte (Noia, 1942). Acompañan os textos unhas fotografías da homenaxe que o autor de *Latexos* (1979) recibiu en Noia co gallo da concesión da Cruz de Alfonso X El Sabio en 1964. O libro leva ademais un "Prólogo" de Xosé Agrelo no que se destaca a figura de Fernández da Ponte e, máis en xeral, a do antigo mestre de aldea co seu papel multifacético e valor simbólico na comunidade. Conta tamén o volume cunhas notas bio-bibliográficas redactadas por Amancio Liñares Giraut.

Referencias varias:

-X. Amancio Liñares Giraut, "Noesba", *La Voz de Galicia*, "O Fiadeiro", 28 maio 2002, p. 2.

En primeiro lugar comézase explicando o título desta compilación como acrónimo das “tres referencias xeográficas vitais” para o mestre e poeta José Fernández da Ponte, a saber: Noia, A Estrada e A Baña. A continuación, Liñares Giraut refírese á recente presentación do citado libro na Casa da Cultura da Baña, na que el mesmo participou, cunha excelente resposta por parte do público. Resume despois o contido do volume e destaca a cuberta (a cargo do artista noiés Alfonso Costa) e o prólogo de Xosé Agrelo. Finalmente, infórmanos das próximas presentacións previstas en Noia e A Estrada.





Fernández del Riego, Francisco, *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*, introd. Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, serie Documentos, nº 172, xuño 2002, 182 pp. (ISBN: 84-8485-059-5).

Volume que vai introducido por un prólogo de Xesús Alonso Montero no que se desenvolve e sitúa o contexto cultural da Galicia do exilio, e no que se dá conta da riqueza informativa que supón este espistolario. Así mesmo sinala que xa con anterioridade se publicaran obras similares como *Un epistolario de Ramón Piñeiro* e *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*, de Manuel Rodrigues Lapa, obras que se poden considerar capítulos precedentes deste libro por supoñer unha importante achega á historia da cultura galega. No libro ofrécense cento vinteunha cartas escritas, entre 1947 e 1979, por Luís Seoane a Francisco Fernández del Riego, cartas que aparecen ordenadas seguindo un criterio cronolóxico e nas que a temática é variada aínda que centrada na actividade cultural galega. Ao final ofrécese un índice onomástico que axuda a localizar a todas as persoas aludidas na correspondencia e un índice das cartas no que se marcan o lugar e data na que foron escritas.

Recensións:

- X. Enrique Acuña, “Correspondencia de arte e exilio con Galiza ao fondo”, *A Nosa Terra*, nº 1.043, “Cultura”, 18-24 xullo 2002, p. 27.

Indícase que Fernández del Riego realiza unha nova achega a un xénero, o epistolar, sempre procurado polos investigadores, con escasos exemplos no caso galego malia as recentes publicacións de cartas de autores de posguerra. Sinálase a necesidade de ter en conta se o autor era ou non consciente da súa posterior publicación pola posíbel manipulación que puidera causar e lígase o xénero ao das memorias, de pouca difusión no caso galego. Coméntase que o libro aquí presentado recolle trinta e dous anos (desde 1947 á 1979, ano da morte do autor) de correspondencia de Seoane co compilador desde América e que nos primeiros anos as preguntas máis frecuentes obedecen á necesidade de saber que pasou coa xente da que non ten novas. Destácase no artigo a rechamante ausencia de demanda de información e debate político, non se comenta nunca a actividade de Castelao e xa nos anos setenta non se menciona a actividade do nacionalismo popular, reducíndose a temática ao intercambio cultural e persoal. Seoane fala nas misivas das

disputas entre a comunidade galega na capital bonaerense, do desconcerto ante a percepción que Ramón Piñeiro tiña da intelectualidade exiliada e o seu enfrontamento, do seu distanciamento do galeguismo de Castelao e Núñez Búa en prol do achegamento aos dirixentes do Centro Gallego, do seu medo a ver filiación comunista detrás de calquera intelectual, da arte como evasión ante os proxectos culturais falidos, do seu desencontro con Isaac Díaz Pardo, do seu rexeitamento da arte que se está a crear no territorio galego a anos luz de Maruxa Mallo ou Laxeiro, dos seus medos a instalarse de novo en Galicia, etc. Como colofón a reseña recolle unha cita de 1978: “Foi un erro, matino, declarar disolto o Partido Galeguista”.








Fernández del Riego, Francisco, *Desde a miña fiestra. 13 figuras da cultura galega contemporánea*, limiar do autor, Vigo: Concello de Vigo (Concellería de Cultura), novembro 2002, 232 pp. (ISBN: 84-607-5902-4).❿

O ex Presidente da Real Academia Galega, nado en 1913, preséntanos nesta ocasión un conxunto de trece relatos acerca do mesmo número de personalidades da vida cultural galega contemporánea. No propio Limiar, o autor subliña que con elas mantivo "relacións de amizade e de actividade ó servicio de Galicia" e non destaca outras moitas figuras da época "por teren finado entes de que puidera coñecelas en vida". Acerca de Castelao, Vicente Risco, Otero Pedraio, Florentino L. Cuevillas, Rafael Dieste, Blanco Amor, FilgueiraValverde, Bouza Brey, Carballo Calero, Iglesia Alvariño, Cunqueiro, Luís Seoane e Ánxel Fole, todos autores que tiveron a oportunidade de escribir antes do 36, destaca a xenialidade das súas producciónS, mergúllase nalgunhas das súas obras máis senlleiras e dá a coñecer peculiaridades non soamente das diferentes plumas senón tamén das personalidades. Arrincando en *Nós*, estructuralmente divídese en tres partes que conteñen catro, catro e cinco "retratos" (cada unha e respectivamente) ás que denomina *"A Xeración Nós"*, *"Os continuadores"* e *"A Xeración que seguiu"*.

Fernández del Riego, Francisco, *Ourense sentimental. A cidade vivida por Francisco Fernández del Riego*, ilust. Álex Vázquez-Palacios, Vigo: Fundación Caixanova, 171 pp. (DL: PO-186-2002).

Volume no que Francisco Fernández del Riego se detén a reflexionar sobre a cidade de Ourense. Para isto divide este libro en dezasete apartados nos que partindo dende a súa primeira visita a Ourense –como estudiante– vai trazando as súas reflexións, lembranzas e inquedanzas sobre diferentes aspectos da cidade de Ourense: as figuras da vida cultural ourensá, os cafés, os teatros, a imprenta e os libros, a historia, descricións dos monumentos máis salientábeis, etc. Estes comentarios de Fernández del Riego contan co apoio de apuntes históricos sobre Ourense –escritos por Javier Mosquera– nos que se nos fornece máis información sobre a Cidade das Burgas, entre ela cómpre sinalar o apartado dedicado á prensa e a vida cultural ourensá. Todos estes escritos están acompañados con debuxos alusivos aos diferentes textos, obra de Álex Vázquez-Palacios, nomeadamente referidos á cidade de Ourense, que engalanan as páxinas deste libro.

Referencias varias:

- E. P., "*Ourense sentimental*", *O Correo Galego*, "AFA", 16 setembro 2002, p. 31.

Dáse conta de que Francisco Fernández del Riego vén de presentar este libro no que relata as súas impresións sobre a Cidade das Burgas que están acompañadas coas lembranzas de Otero Pedrayo e Risco. Asemade, sinálase que estamos perante un luxoso volume de 171 páxinas, xebrado en 17 capítulos acompañados de ilustracións de Alex Pazos.

Fernández Ocampo, Anxo, *A esperanza bretona á luz dos estudios de traducción*, Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2002, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudios e investigación, 2002, 139 pp. (ISBN: 84-7824-405-0).

O propósito deste rigoroso e denso ensaio, merecedor do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais 2002, é observar o fluxo de trocos intersistémicos operados no marco das culturas atlánticas con respecto á materia de Bretaña, demostrando a súa función lexitimadora dende o punto socio-político, cultural e identitario. Para tal fin sérvese o autor, Anxo Fernández Ocampo (París, 1968), dos instrumentos metodolóxicos que fornecen desde o ámbito da traducción as últimas correntes dos *Traslation Studies*. Así, na primeira parte do libro ("Os estudios de traducción"), Fernández Ocampo deseña o devandito marco teórico, onde a antropoloxía terá unha singular importancia. Na segunda sección, céntrase xa na apropiación que da Idade Media fixeron os románticos, ao empregárense e reelaborárense os seus productos culturais (a literatura artúrica entre eles) dende diferentes linguas, literaturas e nacionalidades conforme as necesidades dos seus respectivos procesos de lexitimación. Non embargante, será o derradeiro apartado ("A materia de Bretaña para o galego") da última parte ("A talasocracia") o que conteña un maior interese do punto de vista

da literatura galega. Se as páxinas anteriores, “que non nos atinxen directamente” segundo recoñece o propio autor, serven para constatar a competencia entre diferentes sistemas por un mesmo espacio do pasado literario atlántico, Fernández Ocampo debrúzase nesta parte final na apropiación galega da materia de Bretaña. Autores senlleiros como Murguía, Pondal, Vicetto, Risco, Otero, etc., lembra o profesor, procuraron no mito “sebastianista” do celtismo a lexitimación da nosa existencia como entidade diferenciada e oposta a Castela. Asemade, apunta que o mito atlantizador favoreceu a traducción transformadora de diversos traballos procedentes dese constructo xeográfico. Este fenómeno mantense vivo hoxe,nomeadamente na literatura, desde Álvaro Cunqueiro a Méndez Ferrín ou Carlos G. Reigosa.




Recensións:

- Carlos Pérez Varela, “Anxo Fernández Ocampo: *A esperanza bretona*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 52, outubro-novembro-decembro 2002, pp. 535-538.

Analízase cómo na obra de Anxo Fernández Ocampo *A esperanza bretona* se amosan os

fluídos intercambios que alimentan o sistema literario galego ao inserir a materia bretona. Carlos Pérez Varela fai unha pequena introducción ao nacemento deste ciclo literario e aos principais personaxes do mesmo, para a continuación dividir o seu artigo en tres apartados. No primeiro deles, “A talasocracia”, abórdase a investigación realizada sobre o atlantismo literario e móstrase cómo as literaturas intentan establecer contacto con outras de diversas épocas nas que se recoñecen. No seguinte, que recibe o título de “Contra a filoloxía”, fálase do papel do filólogo e do traductor en favor deste último, aínda que Pérez Varela matiza esta afirmación e entende que cada un ten unha finalidade distinta á hora de traducir. Finalmente, no último apartado, “En favor dos medievalistas”, danse unha serie de obras medievais nas que se pode observar a unión cultural dos pobos atlánticos.




Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 14, 17 outubro 2002, p.VII.

Ver Sarmiento, Martín, *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de un particular que desee comprar de tres a cuatro mil tomos*, no apartado IV. 1.deste *Informe*.





Fernández Santander, Carlos, *El exilio gallego de la guerra civil*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Biblioteca del exilio, Anexo I, novembro 2002, 638 pp. (ISBN: 84-8485-0838).

Inaugura o volume unha introducción, na que se comenta que a Guerra Civil española de 1936 tivo unha das súas manifestacións máis acusadas no exilio de miles de persoas cara a terras distantes, tendo o exilio galego o seu foco máis importante en América. Detense na figura de Castelao por consideralo a "encarnación viva de la Galicia del exilio" e achega o nome doutros personaxes de importante relevo que compartiron con el o mesmo drama. A continuación e seguindo unha división marcada pola profesión destes exiliados, achega unha biobibliografía de cada un deles, que, en ocasións, acompaña de anécdotas, fragmentos da súa obra ou testemuños da súa autoría. Entre os exiliados tratados e vinculados ao sistema literario galego, cabe citar a Castelao, Luís Seoane, Eduardo Blancoamor, Alejandro Campos Ramírez ("Alejandro Finisterre"), Florencio Delgado Gurriarán, Rafael Dieste, Antonio Fernández Pérez, Serafín Ferro, Xosé Neira Vilas, Xosé Núñez Búa, Ramón Valenzuela Otero, Lorenzo Varela, Ramón Cabanillas, Pepe Velo ou Ernesto Guerra da Cal, entre outros. Por outra banda, refírese ás institucións e asociacións galegas no exilio

como o Consello de Galiza, á longa marcha do Estatuto Galego de Autonomía, ao Goberno da República no exilio, ao espolio do Seminario de Estudios Galegos, ao I Congreso da Emigración Galega (Buenos Aires, 1956) e ás Sociedades Galegas que tiveron relación co exilio da Guerra Civil. Asemade, alude á obra cultural no exilio facéndose eco do labor levado a cabo por certas editoriais, revistas, libros ou programas de radio, ademais de recoller unha serie de documentos relativos a cartas, manifestos, intervencións e mensaxes dos protagonistas do exilio.








Ferro Ruibal, Xesús (coord.), *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*, Vigo: Fundación Premios da Crítica-Galicia, marzo 2002, 229 pp. (ISBN: 84-87755-81-X).☒⓾

A publicación deste libro forma parte da homenaxe que a Fundación Premios da Crítica-Galicia lle rendeu a Francisco Fernández del Riego. Nel colaboran cincuenta e cinco artistas plásticos e corenta e dous escritores, do mesmo xeito que setenta e sete asociacións de diferente índole se adheriron a esta homenaxe. Este volume estructúrase en dúas partes que levan por título “O que xa se dixera de Don Paco”, que recolle discursos e textos xa publicados noutras homenaxes anteriores, e “O que agora queremos dicir de Don Paco”, onde se recollen os textos elaborados expresamente para esta ocasión. A obra ábrese cunha introducción a cargo de Xosé González Martínez, presidente da Fundación dos Premios da Crítica na que explica as “Razóns para unha homenaxe”, na que destaca a importancia deste persoeiro para a cultura galega e lembra as grandes homenaxes que se lle renderan a Cunqueiro e Otero Pedrayo. Na sección “O que xa se dixera de don Paco” inclúense os seguintes artigos: “O que del se dixo en 1985”, que consiste nunha escolma feita por Xesús Ferro Ruibal do libro *Rolda de amigos derredor de Francisco Fernández del Riego* (1993), no que se recollen artigos aparecidos en prensa no 1985 con motivo dunha

homenaxe ofrecida en Santiago. Nestes textos fálase do seu aspecto físico, da súa obra e das súas principais características e valores. Tamén se reproduce o discurso que Xesús Ferro Ruibal pronunciara en 1993 na Fundación Premios da Crítica con motivo da entrega do premio de Galego Egrexio a Fernández del Riego. A seguir reprodúcese o poema “Francisco Fernández del Riego. Retrato sobre papel”, de Salvador García Bodaño”, e pecha o apartado o artigo “Un misterio a desvelar arredor de Don Francisco Fernández del Riego”, que recolle o discurso ofrecido por Marcos Valcárcel na presentación de Fernández del Riego en Ourense, antes de que este pronunciase unha conferencia titulada “Castelao no seu tempo”. No apartado “O que agora queremos dicir de don Paco”, ademais dos poemas “Na retina, desde nena”, de Xela Arias; “Debuxo de xinetes”, de Ramiro Fonte; “Luz de Evelín’, de Luís G. Tosar; “Ninguén pode”, de Bernardino Graña; “Galicia no espello”, de Arcadio López Casanova; “Voz in lontano”, de Xesús Rábade Paredes; e “Volve Penélope”, de Helena Villar Janeiro, inclúense os seguintes artigos:




- Antonio Alonso Fontán, “Don Paco de Galicia”, p. 45.

Describe a Francisco Fernández del Riego atendendo sobre todo á pegada que deixou nos seus lectores e á súa faceta máis intelectual. Remata cun breve poema, no que presenta a Don Paco como timonel da 'nao senlleira' que é Galicia e como persoa admirada por todo o país.

- Xesús Alonso Montero, "Fernández del Riego ten quen lle escriba", p. 49.

Fala da relación epistolar existente entre Luís Seone e o homenaxeado, un total de 124 cartas que serán publicadas proximamente en Edicións do Castro. Recolle algúns anacos breves e indica que del Riego foi para Seoane un amigo, un informador cultural e político, un crítico, e sobre todo un transmisor de comprensión e azos dende a Galicia interior.

- Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, "Salvador Lorenzana ingresa na academia", pp. 53-55.




Fala da tendencia de Fernández del Riego a usar pseudónimos, entre os que destaca, polo seu uso, Salvador Lorenzana. Ademais de explicar a que se debe este nome e que comezou a usalo na posguerra para protexerse, dá conta da existencia dunha carta de

Manuel Casás a Otero Pedrayo na que lle di que debería propoñer a Salvador Lorenzana para entrar na Real Academia Galega (RAG).




- Valentín Arias López, ‘Brazo executor/cerebro creador’, pp. 59-61.

Atende á vinculación de Fernández del Riego coa editorial Galaxia; sinala que el foi o brazo executor, cerebro creador e corazón impulsor e critica que aínda non se lle dese o recoñecemento debido por este importante labor desisteresado.

- Xosé Ramón Barreiro Fernández, “Paco del Riego”, p. 69.

Explica como se coñeceron e como a súa relación persoal se estreitou nos últimos catro anos, durante a presidencia de Don Paco na RAG. Describe a súa personalidade e o seu xeito de traballar; remata sinalando que sería un bo presidente para Galicia.

- Xosé Luís Blanco Campaña, “Don Paco e a radio”, pp. 73-75.

Despois de explicar como se coñeceron, fala da relación existente entre del Riego e a radio. Recolle algunhas declaracións de Don Paco sobre o papel culturizador deste medio e sinala que colaborou nos inicios da Radio Galega e que coordinou o espacio Galiciam Programme, emitido pola BBC dentro dun ciclo no que se emitían programas dedicados a Galicia, Cataluña e País Vasco.

- Borobó, “Anacos soltos. Fernández del Riego en *La Noche*”, pp. 79-81.

Fala do traballo realizado no suplemento cultural do xornal santiagués *La Noche*; destaca este labor pola cantidade e calidade das súas colaboración e sinala que é de especial interese o prólogo que o propio del Riego fixo para a edición facsimilar que deste suplemento publicou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

- Manuel Caamaño Suárez, “D. Paco del Riego, servidor de Galicia”, pp. 85-87.




Lembra como o coñeceu, cando el estaba en Barcelona e lía os artigos que este publicaba nas revistas galeguistas do momento: *Lar, Galicia, Galicia emigrante*, etc. Posteriormente

coñecéronse en persoa, con motivo da conferencia que del Riego pronunciou en Barcelona sobre Pondal. Sinala que dende aquel momento están unidos por unha gran amizade e repasa algunha das súas empresas máis destacadas.




- Alfredo Conde, “Ramallo de palabras escolmadas para Don Paco”, pp. 91-93.

Comeza sinalando que está presente nesta homenaxe, sobre todo pola amizade e o cariño que sente cara a del Riego. De seguida sinala que el é escritor, en parte gracias ao empeño de don Paco ao fronte de Galaxia e que el foi quen editou os seus primeiros libros. Finalmente destaca a importancia que como editor tivo para os escritores da súa xeración.

- Isaac Díaz Pardo, “Presencia de Francisco Fernández del Riego”, p. 97.

Comenta algúns dos recordos que ten de del Riego, entre eles cando o homenaxeado vestiu un traxe tradicional galego para unha revista etnográfica ou cando impediu que un debuxo do propio Isaac acompañase un texto que Parrado quería traducir ao castelán. Destaca o seu labor a cargo da presidencia da RAG.

- Ana María Fernández del Riego, “Recordos de irmáns”, p. 101.

A súa irmá confesa algún dos seus recordos da infancia e caracterízao como traballador, bondadoso, retranqueiro e gracioso.

- Julio Fernández Gayoso, “O espello no que nos miramos”, p. 105.

Fala en representación de Caixanova e expresa a inmensa admiración e cariño que sente polo homenaxeado. Así mesmo, subliña a gran amabilidade de del Riego hacia a entidade e destaca que sempre colaborou con tódalas empresas culturais que organizaron.

- Xesús Ferro Ruibal, “Así os vexo eu”, p. 109.




Loa a figura de don Paco e a súa importancia dentro do mundo cultural galego; de seguido sinala que esta homenaxe vai tamén para Dª Evelina, porque o traballo realizado é froito de

ambos e conclúe afirmando que del Riego é unha especie de paternidade espiritual, cultural e nacional para todos os intelectuais galegos actuais.

- X. L. Franco Grande, “Homo Faber”, pp. 117-119.

En primeiro lugar sinala que o coñeceu a través de Ramón Piñeiro, cando del Riego foi a traballar como avogado a Vigo. En segundo lugar explica que o vínculo de unión existente entre del Riego, Ramón Piñeiro e Xaime Illa era o intento de reconstrucción do galeguismo trala guerra civil e apunta que o que fixo mellores xestións neste eido foi o homenaxeado. Finalmente fala do labor ao fronte de Galaxia e sinala que sempre tivo dúas teimas: a regularidade e o cumprimento das datas de saída para *Grial*.

- Olga Gallego Domínguez, “Don Paco”, pp. 121.

Da súa personalidade destaca o respecto que don Paco ten por todo o mundo e fala do seu labor ao fronte da Biblioteca Penzol; sinala que ela traballou no equipo que catalogou as

doazóns feitas por Penzol e apunta que sempre tiveron o respecto, a xenerosidade, a entrega, a constancia e a laboriosidade de del Riego.

- Constantino García González, “Aquelas xuntanzas na cidade de Vigo”, p. 125.

Fala dos primeiros anos da década dos 70, cando el, del Riego e Álvaro Cunqueiro estaban en Vigo e se xuntaban diariamente para conversar; sinala que dende aquela están unidos por unha gran amizade que se intensificou nos últimos anos de traballo conxunto na RAG.

- Manuel González González, “Francisco Fernández del Riego, entre a admiración e a amizade”, pp. 129-131.

Comeza explicando como coñeceu ao homenaxeado e analiza a súa dedicación cultural, onde destaca a atención e interese polo que se estaba facendo fóra de Galicia; tamén deixa constancia do seu carácter de traballador calado, da súa independencia e do seu importante papel como recuperador e actualizador da lingua galega.

- Modesto Hermida García, “A F.U.E. en Compostela”, pp. 143-145.

Explica a historia da Federación Universitaria Escola, á que o homenaxeado se afiliou no 1931; dende este ano ao 1936 a súa función foi dinamizar as iniciativas galeguistas e culturais. Sinala que no 1933 del Riego asinou o manifesto ‘Aos escolares, aos universitarios’ redactado por Ricardo Carvalho Calero e que no 1932 pronunciou o discurso de apertura do novo curso académico, no que tratou a galeguización da Universidade. Finalmente fala da revista *Universitario*, voceiro da FUE, que estivo dirixida por del Riego e na que el mesmo publicou dous artigos.

- Bieito Ledo Cabido, “Territorio Comunal”, p. 149.




Afirma que Don Paco é un programa en si mesmo e que é un exemplo a seguir; explica que o coñeceu cando montou a súa librería en Vigo, pero que o tratou máis profundamente cando empezou a traballar en Galaxia. Asegura que a experiencia nesta editorial, xunto coa súa vida en Padroso, foron as súas dúas grandes universidades.





- Pedro López Gómez, “D. Paco e a biblioteca Penzol”, pp. 157-161.

En calidade de facultativo de arquivos da Biblioteca Penzol, fala da súa relación con del Riego e narra cómo foron os primeiros traballos de catalogación; finalmente describe detalladamente os fondos desta biblioteca.

- Basilio Losada, “Para min, Paco”, pp. 165-167.

Narra como soubo da existencia de don Paco mentres estudiaba Filosofía e Letras en Barcelona, cando el e tres compañeiros máis se subscribiron ao suplemento *La Noche*. Sinala que cando se creou Galaxia tamén se subscribiron a ela e que cando viaxou a Vigo foi ata a editorial para coñecer a Francisco Fernández del Riego, a Xaime illa e a Ramón Piñeiro; finalmente fala da correspondencia que mantiveron (sempre revisada pola censura) e conclúe afirmando que del Riego foi unha auténtica universidade para el.

- Marina Mayoral, “Don Paco e as cebolas”, pp. 171.

Apunta como outra das calidades de del Riego a cortesía e para exemplificalo narra unha anécdota que o propio Paco contou nun convite entre amigos: en certa ocasión foi convidado por unha dama que cociñou para el a súa especialidade, cebolas recheas; a pesar de que a el non lle sabían as cebolas comeu unha ración sen dicir nada e ao rematar dixo que estaban exquisitas, a muller pensou que lle gustaran e botoulle outra ración, que por cortesía tivo que comer.

- Xosé L. Méndez Ferrín, “O del Riego dos anos 50”, pp. 175-177.

Despois de repasar pormenorizadamente as tarefas ás que se dedicaba del Riego polos anos 50 (escritor, conferenciante, etc.), fala de dous aspectos do seu traballo relacionados consigo mesmo. Por unha banda sinala que Fernández del Riego foi o prologuista do seu libro de contos e cualifica este texto de teórico e clarificador; pola outra narra que, cando el foi acusado de asociación ilícita e propaganda ilegal, del Riego fixo unha traducción ao castelán dunha das súas obras atenuando e modificando os puntos máis comprometedores.

- Xosé Neira Vilas, “O exemplo dun intelectual galeguista”, pp. 181-183.

Explica que coñeceu a Don Paco nunha viaxe que este fixo a Bos Aires, cita tódalas conferencias que ofreceu e os actos aos que asistiu. Sinala que a partir dese momento comezaron unha gran amizade e que mantiveron unha importante relación epistolar e profesional.

- Camiño Noia, “Mestre e amigo de tantos nós”, pp. 187-189.

Comenta a relación que mantén con Don Paco e que se iniciou cando Ramón Piñeiro lle mandou que fose a xunto del para beneficiarse dun desconto que Galaxia facía aos seus colaboradores; explica que dende aquela ocasión foi frecuentemente á biblioteca Penzol e que adoitaban ir xuntos a actos culturais fóra de Vigo. Conclúe sinalando que el e Evelina traballaron pola creación dun País e dunha convivencia pacífica e libre.

- María Xosé Queizán, “Francisco Fernández del Riego. Director da Revista Grial”, pp. 193












Fala do último rexurdimento da cultura galega sucedido nos últimos anos da dictadura franquista e impulsado pola Xeración de Galaxia, que está encabezada por Francisco Fernández del Riego. Explica cómo foi a súa chegada a Vigo e o seu labor a cargo da dirección de *La Noche*; tamén comenta o seu traballo como coordinador dunha serie na BBC sobre cultura galega e como fundador de Galaxia. Finalmente explica que del Riego foi creador, fundador e redactor de *Grial*; resume a historia desta revista e afirma que don Paco é un referente importantísimo na nosa cultura.

- Antón Santamarina, “Del Riego”, pp. 203-205.

Coincide cos demais artigos en loar a súa calidade humana e o seu traballo, en diferentes facetas, por Galicia. Ademais narra unha coincidencia que os vincula: a súa sogra, Maruja Panisse, era íntima amiga de Evelina e lembra cando o seu futuro marido e Don Paco iniciaron as relacións amorosas con elas. Tamén sinala que a súa sogra garda as cartas do seu mozo, nas que fai referencia aos diversos sucesos que lle acontecían a Francisco Fernández del Riego.

- Agustín Sixto Seco, “Paco del Riego, a insubornable coherencia galeguista”, pp. 209-211.

Comenta que del Riego foi relevante na súa introducción no ambiente galeguista compostelán, arredor do 1950. Explica cal foi o inicio da relación que mantiveron e comenta, anecdoticamente, como nunha ocasión tivo que curarlle un nocello. Finalmente, transcribe dúas dedicatorias que del Riego escribiu en dous libros que del ten o doutor e incide nos adxectivos cos que o autor da dedicatoria destaca un aspecto da súa personalidade: no primeiro libro resalta a súa faceta de médico e no segundo de dinamizador galeguista, algo que segundo o propio Sixto Seco lle debe ao propio don Paco.

- Xohana Torres, “Paco”, p. 215.

Lembra que coñeceu a don Paco recitando a Pondal; destaca a súa tenrura disfrazada de serenidade, a comunicación que sempre mantivo coa xente nova e a súa constancia no traballo. Fala de Evelina, que tamén tivo un papel relevante, e sinala que ambos son unha ‘embaixada humana para non esquecer’.

- Andrés Torres Queiruga, “Unha fervenza de vida”, p. 219.

Loa o seu traballo e a súa figura; dos seus labores destaca dous e ambos recentes, dunha banda a Fundación Penzol e doutra a presidencia da RAG. Conclúe sinalando que del Riego debe ser un exemplo e unha liña de traballo e compromiso a seguir.

- Ramón Villares, “Un guieiro truncado”, pp. 227-229








Destaca, en primeiro lugar, o discurso ofrecido en 1931 por del Riego, sendo estudiante de Dereito, dentro do acto de inauguración do curso universitario; sinala que foi un feito irrepetíbel, destaca o carácter galeguista do mesmo e resume o labor político de don Paco durante os seu anos de universitario. De seguido, e no mesmo ámbito, fala do papel relevante que desempeñou na II República e fai un breve resumo desta época.

Recensións:

- Xosé González Martínez, “Don Paco, unha vida a prol da cultura galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 250, 2 marzo 2002, p. 1.

Informa do acto organizado pola Fundación Premios da Crítica Galicia que se vai celebrar para homenaxear a Francisco Fernández del Riego na cidade de Vigo e apunta o lugar e data do evento. Así mesmo, dá conta dos asistentes previstos e actividades organizadas na celebración e sinala que na mesma se presentará o libro *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego* editado pola fundación e patrocinado por Caixanova. Infórmase do seu contido, dos coordinadores, etc.. Finalmente, menciónanse algúns aspectos da traxectoria profesional do que foi director xerente da Editorial Galaxia e lóase a súa figura.

- M. Quintáns S., “Un agasallo a Francisco Fernández del Riego”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 13 outubro 2002, p. 4.

Descrición do libro *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*, atendendo ao seu contido e á súa forma. Sinálase nel un primeiro apartado titulado “O que xa se dixera de D. Paco”, no que figuras de relevo como Xesús Ferro Ruibal, Salvador García Bodaño e Marcos

Valcárcel evocan lembranzas de momentos anteriores á celebración deste novo acto de recoñecemento e homenaxe, e un segundo apartado no que se recollen achegas, en prosa e verso, de máis dunha corentena de relevantes personalidades das letras e cultura galegas. Así mesmo, destácase a coidada ilustración do volume no que participaron unha ampla nómina duns cincuenta artistas plásticos. Tamén se mencionan os coordinadores da edición literaria: Xesús Ferro Ruibal, e da edición plástica, Antón Pulido.




Referencias varias:

- Xosé Luís Blanco “Homenaje de Galicia a don Paco del Riego”, *El Correo Gallego*, “Vips de Galicia”, 12 xaneiro 2002, p. 72.

Ademais de dar conta doutros actos de actualidade, tamén anuncia a celebración dunha homenaxe a Francisco Fernández del Riego para o mes de febreiro en Vigo. Adianta do mesmo xeito a edición do libro *Homenaxe de Galicia a Don Paco del Riego*, lembrando ahomenaxe tributada a Álvaro Cunqueiro. Do mesmo xeito, recolle as palabras dos

organizadores que ven nesta homenaxe o “reconocimiento general a toda una vida de dedicación a Galicia y su cultura”.




-B. R. S., “La sociedad civil gallega rendirá un masivo homenaje a Del Riego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 febreiro 2002, p. 28.

Fala da homenaxe que se lle renderá a Francisco Fernández del Riego e recolle as palabras do presidente da Fundación dos Premios da Crítica e de Ferro Ruibal, que sinalan que se trata dunha homenaxe de carácter civil e que tivo unha resposta masiva de amigos e responsábeis de empresas, entidades públicas e privadas.

- M. G., “La Fundación Premios da Crítica de Galicia homenajea el 8 de marzo en Vigo a Del Riego”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 febreiro 2002, p. 67.

Anuncio da homenaxe que a Fundación Premios da Crítica de Galicia brindará en Vigo a Francisco Fernández del Riego, e que conta con dous actos: un concerto de piano ofrecido

por Ramón Castromil e a presentación do libro de homenaxe ao autor. Recolle a opinión de Xosé González, Bieito Ledo, Xosé Ferro Ruibal e Luís García Mañá sobre o homenaxeado.

- Albino Mallo, “Por vostede, Don Paco”/“Vigo acollerá a gran homenaxe galega a Fernández del Riego, ex presidente da RAG”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 5 marzo 2002, p. 32/p. 76.

Informa da homenaxe que a Fundación Premios da Crítica de Galicia ofrecerá a Fernández del Riego en Vigo. Sinala que está prevista a actuación do pianista Ramón Castromil, a proxección dun vídeo da TVG sobre a súa vida, as intervencións de diferentes persoeiros sobre del Riego e a presentación de *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. A nota de prensa complétase cun resumo da traxectoria vital e profesional do homenaxeado.

- AFA, “Mañá, en Vigo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 7 marzo 2002, p. 41.

Informa que de que o suplemento “*Revista das Letras*” se vai sumar á homenaxe que a Fundación Premios da Crítica de Galicia ofrecerá a Francisco Fernández del Riego cun

número dedicado á revista cultural *La Noche*. Así mesmo, dá conta dalgunhas das actividades realizadas por del Riego ao longo da súa vida.




- Carlos G. Machuca, “Un narrador contra corriente”, *Faro de Vigo*, 9 marzo 2002, p. 12.

Descrición da homenaxe ofrecida a Francisco Fernández del Riego pola súa dedicación ao mundo da cultura e á defensa da lingua e literatura galega. Dise que foi un acto moi ameno e perfectamente organizado no que Don Paco foi obsequiado cun exemplar do volume *Homenaxe* forrado en pel e cunha medalla de Sargadelos coa súa caricatura. Recóllense algunhas declaración dos seus admiradores e o nome dos asistentes como público.

-AFA, “A cultura galega homenaxea nun libro a Fernández del Riego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 abril 2002, p. 35.

Fala do libro *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*; sinala que nel corenta e un colaboradores, entre os que hai escritores, xornalistas e historiadores, expoñen a súa visión

acerca do que fora presidente da RAG, nalgunhas ocasións de xeito literario, en forma de poema ou conto breve. Tamén se describen as partes que compoñen o libro.

-AGN, “La cultura gallega rinde homenaje a Fernández del Riego en un libro”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Arousa*/*Diario de Ferrol*, 3 abril 2002, p. 45/p. 31/p. 39.

Explica o contido do libro que a Fundación Premios da Crítica editou para homenaxear ao que fora presidente da RAG. Indícase cales son as súas partes e o nome dalgúns dos corenta e un colaboradores que participaron na elaboración do volume.

- AGN, “La cultura gallega homenajea a Del Riego en un nuevo libro”, *El Progreso*, “Cultura”, 3 abril 2002, p. 61.

Dá conta da saída dun libro de homenaxe da Fundación Premios da Crítica a Francisco Fernández del Riego. Sinálase brevemente cómo está estructurada a obra e algúns dos nomes dos colaboradores.

- Marcos Valcárcel, “Don Paco del Riego”, *La Región*, “Sociedad”, 10 abril 2002, p. 69.




Refírese á homenaxe celebrada o día 8 de marzo en Vigo a Francisco Fernández del Riego na que se presentou o volume *Homenaxe a Francisco Fernández del Riego*. Faise unha descrición formal do libro e do seu contido.





Fundación Premios da Crítica Galicia, *En louva do galego egrexio 2001*, Vigo: Fundación Premios da Crítica Galicia, 2002, 16 pp. (DL: C-828-2002).☒⓾

Edición na que se recolle o discurso en loa de Olegario Sotelo Blanco pronunciado por Basilio Losada o 12 de maio de 2001 no acto de entrega por parte da Fundación Premios da Crítica-Galicia do título de Galego Egrexio, así como a resposta de Sotelo Blanco. Basilio Losada destaca as características que comparte co seu amigo Olegario, ao ser ambos trasterrados e dedicar as súas vidas a pensar, falar e soñar con Galicia, ademais de pertenceren ao mundo da aldea. A seguir fai un percorrido pola súa biografía dende o seu nacemento en Terra de Caldelas, a súa estancia como emigrante en Barcelona e a súa conversión nun empresario arriscado. Detense tamén na fundación da colección Leliadoura, que serviu para dar a coñecer unha promoción de poetas, no financiamento de coleccións de teatro, ensaio, narrativa, na dotación de premios, na dinamización dende Barcelona da vida cultural galega, na creación da Fundación Sotelo Blanco e no seu traballo como escritor, entre outras moitas iniciativas como a fundación da revista *A Trabe de Ouro* ou a creación das primeiras emisoras radiofónicas en galego que houbo en Barcelona. Salienta que o galardón de Galego Egrexio quere poñer de relevo a liberdade de espírito deste

home, o seu traballo xeneroso, o seu carácter de home de aldea, de emigrante, de empresario e de dinamizador cultural que nunca quixo renunciar ás súas orixes. Na súa resposta, Olegario Sotelo Blanco destaca que a súa preocupación fundamental ao longo de toda a súa vida foi lograr a integración de todos os galegos dende o orgullo pola súa identidade, un orgullo que o levou recentemente a asumir a dirección do Centro Galego de Barcelona, dende o que intenta impulsar unha visión obxectiva e fiel do que representa a lingua e a cultura galegas, fóra de tópicos e falsas imaxes. Expresa a súa gratitude polo galardón, que interpreta como un estímulo para seguir adiante e que estende a todos os emigrantes galegos, aos que anima a investir parte dos seus aforros en proxectos de integración.








García Domínguez, Raimundo “Borobó”, *O novelo dos anacos e outros exemplos (2000-2001)*, IIIº Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo de Opinión 2001, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002, 325 pp. (ISBN: 84-9750-123-3).

Volume no que se recolle máis dun cento de artigos de Raimundo García Domínguez, “Borobó” (Pontecesures, 1916), escritos para a súa sección de *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, entre xuño de 2000 e xuño de 2001, que foron merecentes do galardón Blanco Torres. Ademais achega oito “anacos” máis, publicados nas mesmas datas en *A Nosa Terra*. Todos eles están precedidos , primeiro, por unha nota editorial na que se advirte que Borobó nos “propón unha viaxe pola memoria de, quen comprometido sempre co oficio de xornalista viviu anos difíciles, pero intensos, na Compostela e na Galicia da década dos 40, 50 e 60”. A este breve apuntamento séguelle “Conversa con Borobó” de Víctor Freixanes, quen lle fai lembrar parte da súa traxectoria xornalística, centrándose sobre todo, no traballo en *La Noche*. Explica aquí Raimundo García o que son os seus “anacos”, cómo xorden no xornal compostelán en 1946 e qué tipo de información achegan. Ademais, comenta cuestións de xorne político do pasado. Así pois, Borobó nas súas colaboracións lémbranos

episodios xa vividos, anécdotas curiosas, a amigos e compañeiros de profesión, a intelectuais xa falecidos,... A súa profesión é unha fonte importante, que enche unha grande parte dos artigos, sobre todos os relacionados con *La Noche*. Toca eidos moi variados, a maioría relativos a Compostela, que aluden a case un século, dende a cultura, a sociedade, ata a política e a historia. Tamén a literatura ten un lugar moi destacado no volume. Por estas páxinas pasan ilustres autores como Rosalía, Cunqueiro ou Otero Pedrayo. Así, por exemplo, do señor de Trasalba lembra a súa faceta de prodixioso orador ou os seus "parladoiros " en *La Noche*, onde, afirma, destacaba a súa prosa barroca. En definitiva, como se asegura na nota do comezo, unha "crónica persoal" dunha época.








Garrido Couceiro, Xoán Carlos, *Manuel García Barros*, A Estrada: Editorial Fervenza, col. As Nosas Fontes, nº 1, xuño 2002, 56 pp. (ISBN: 84-930917-6-6).

Volume que recolle a biografía do estradense Manuel García Barros (1876-1972). Nel, co apoio gráfico de varias fotografías e reproduccións xornalísticas, repásase dende a súa infancia nunha familia de clase humilde ata as súas publicacións literarias e xornalísticas na súa etapa de madurez. Ademais destácase a súa paixón pola profesión de mestre, aínda que tamén desempeñou outros oficios como o de viaxante, comercial de imprenta ou director de xornal. Por outra banda déixase constancia das súas ideas morais e das relacións que mantivo con persoeiros destacados no ámbito da cultura do seu momento, tanto cos que residían en Galicia coma con algúns exiliados cos que, sen saír da súa aldea, chegou a ter unha boa comunicación. En canto á súa faceta literaria sinala que sentía admiración polos irmáns Avelina e Marcial Valladares e que os seus inicios foron na poesía, aínda que logo se sentiu máis cómodo no relato. Aínda así, cultivou tamén a prosa ensaística, o artigo, o manifesto e a novela. Remata esta obra cunha “cronoloxía” na que se recollen de forma moi breve os feitos máis salientábeis da súa vida e obra.

Recensións:

-Ramón Nicolás, “Unha ollada a García Barros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, “Libros”, 26 decembro 2002, p. IV.

O articulista comeza lembrando o trixésimo aniversario da morte do escritor Manuel García Barros, para seguir falando da recuperación histórica e literaria que se está dando nos últimos anos do devandito autor. Destaca os estudios que levaron a cabo Freixeiro Mato, F. Rodríguez, Carlos Loureiro ou o propio Garrido Couceiro. Repara tamén na publicación de textos teatrais e prosaicos inéditos de García Barros. Por último dedícalle unha liñas á biografía preparada por Garrido Couceiro, que cualifica de didáctica e valora o material documental que contén o citado volume.

Referencias varias:

- A. N. T., “Xoán Carlos Garrido: ‘García Barros foi maltratado polos prexuízos literarios”, *A Nosa Terra*, nº 1.046, 5-11 setembro 2002, p. 33.

Entrevista a Xoán Carlos Garrido, autor dos libros *Manuel García Barros, loitando sempre* (1995) e *Manuel García Barros* (editorial Fervenza, 2002). Garrido reflexiona sobre a figura do literato e galeguista, ao seu ver moi maltratado no eido da literatura xunto a autores como Varela Buxán. "Barros non pretendía facer unha literatura arqueolóxica recollendo sen máis as tradicións do pobo, senón que escribía de xeito crítico", afirma Garrido.





Gómez Torres, Camilo, *Bibliografía de Manuel María*, limiar do autor, presentación de Alfonso Blanco Torrado, Lugo: Fundación Manuel María da Terra Chá, 2002, 365 pp. (DL: LU-311-02).

Traballo recompilatorio da bibliografía de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929), unha obra que o seu autor, Camilo Gómez Torres, confesa ter iniciado en 1970. Neste documento recóllese, en primeiro lugar, o bloque de creación literaria do escritor chairego, subdividido á súa vez en tres partes: as dedicada á poesía, narrativa e teatro respectivamente. Como segundo conxunto preséntanse as obras de estudio, reflexión e crítica, contando cunha primeira parte dedicada ós estudios e edición e unha segunda de colaboracións xornalísticas. En terceiro lugar, o da discografía, poñendo a súa atención nos poemas e contos cantados ou recitados; en cuarto, o das traduccións da súa obra literaria; en quinto, o das entrevistas realizadas e a presencia da súa obra na rede e, en sexto e último, a bibliografía sobre a súa obra. Conclúese a compilación con catro índices: un de revistas e xornais, outro onomástico, un terceiro de ilustracións e o derradeiro de materias.

González Fernández, Anxo, *Castelao*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Pensamento, nº 8, xuño 2002, 123 pp. (ISBN: 84-89803-73-0).

Este libro, obra de Anxo González Fernández, céntrase na descrición e reflexión sobre diferentes aspectos da vida, obra e pensamento do rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950). Está xebrado en seis apartados: “Introducción”, “Pensamento”, “Bibliografía”, “Selección de textos”, “Glosario” e mais “Notas”. No primeiro deles temos un cadro cronolóxico da vida de Castelao así como unha aproximación á súa biografía. En “Pensamento”, que é o apartado máis extenso, debúllase a complexa personalidade de Castelao así como o seu mundo conceptual centrándose no dualismo entre a forza simpática e a frenética, no ideal romanticismo e na metafísica celta, na súa estética teórica e práctica, nos vencellos entre o seu pensamento e a súa literatura, e mais, na súa acción política ao servicio da súa ética social. Despois da “Bibliografía” temos unha “Selección de textos”, tirados de *Cousas*, *Os dous de sempre*, *Sobre la caricatura*, *O galeguismo na arte* e *Sempre en Galiza*, nos que se exemplifica o mundo conceptual de Castelao detallado no apartado “Pensamento”. O volume péchase coas “Notas” e cun “Glosario” dos conceptos máis salientábeis do pensamento de Castelao.

González Gómez, Xesús, *A novela policial. Unha historia política*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Breviarios, nº 9, 2002, 82 pp. (ISBN: 84-8487-008-1).

Estudio de Xesús González Gómez no que se achega á historia do xénero narrativo da novela policial e a súa presencia na literatura galega. Aparece introducido por un limiar do propio autor no que denuncia a consideración de "forma de escapismo" coa que foi tratado este xénero e as análises parciais das que foi víctima. A seguir, achégase brevemente ás orixes da novela policial, cuns precedentes que retrotrae ata pasaxes da propia Biblia ou os relatos cabaleirescos e as traxedias isabelinas ata a novela gótica inglesa. Sinala como precursores do xénero a autores da Francia do século XVIII e XIX, entre eles a Voltaire ou Honoré de Balzac, mentres que os pioneiros serían Emile Gaboriau, Wilkie Collins ou Artur Conan Doyle, pasando por Maurice Leblanc ou Gaston Lerroux, ata chegar a Agatha Christie. Destes autores nomea algunhas obras e refírese á evolución do xénero dende aquelas obras que tiñan o "crime como diversión", ata o que se denominou novela enigma ou negra. Finalmente, centrado no caso galego, sinala que a orixe do xénero se sitúa en

1984 coa publicación de *Crime en Compostela*, de Carlos G. Reigosa, aínda que sinala como precursor a Bernardino Graña con *Vinte mil pesos crime* (1962). Sinala como a segunda novela policial do sistema galego *A chave das noces* (1987), de Xavier P. Docampo, e salienta a importancia de iniciativas como a de *A Nosa Terra* coa publicación dun dos seus "Cadernos" a este xénero, logo apoiada por coleccións como "Negra" de Xerais ou "Cómplice" de Cumio. Apunta algúns autores que cultivaron este xénero como Manuel Forcadela, Ramiro Fonte, Ramón Caride, Xosé Miranda ou Fina Casalderrey, entre outros. Móstrase crítico con outras obras publicadas na década dos noventa, como *Polas inmensas e alleas fortunas* (1995), de Laura Caveiro, ou *O lume de Santo Antón* (1997), de Luís García Mañá, por consideralos promesas do xénero. Tamén nomea a autores que empregaron a estructura da novela policial como Xaquín del Valle Inclán e Manolo Pérez Mahía en *As horas que nos quedan* (1995) ou Aníbal Malvar en *Un home que xaceu aquí* (1993), entre outros. Conclúe que no caso galego a novela policial "naceu mal", tanto pola falta de calidade coma por non entenderen os cultivadores que é "a literatura moral do noso tempo" e os puntos de vista dende os que debía ser narrada. Polo tanto, considera que hoxe xa non se cultiva a novela policial e que tal vez non sexa o mellor vehículo de denuncia na actualidade.








Referencias varias:

- AFA, “Xesús González Gómez traza a historia política da novela policial”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 3 xullo 2002, p. 67.

Ver González Gómez, Xesús, *A lingua secreta* no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Libros”, 6 xuño 2002, p. 5.

Ver Chao, Ramón, *A paixón de Carolina Otero*, neste apartado do *Informe*.

González Suárez-Llanos, Camilo, *Sobre a literatura galega: un achegamento subxectivo*, A Coruña: Real Academia Galega, decembro 2002, 31 pp. (ISBN: 84-87987-34-6).

♍□■♍♏□♦□ ❑◆♏ ♎□⬧ ❽■♋♍♓□■♋●♓⬧❍□⬧ □♏❒♓➚➧❒♓♍□⬧❾ ♦♏■□ ❽■♋♍♓□■♋●♓⬧❍□ ♒♏☒♏❍⇔■♓♍□❾📠 ♍□■♦❒♋♎♓♍♓■♎□ □ ⬧◆□□⬧♦□ ♏♦■□♍♏■♦❒♓⬧❍□ ❑◆♏ ♎♏■♎♏ ♋ ♓♑■□❒♋■♍♓♋ ⬧♏ ●●♏⬧ ♓❍□◆♦♋ ♏ ♋➚♓❒❍♋■♎□ ♋ ❖□♍♋♍♓⇔■ ♓■♦♏❒■♋♍♓□■♋● ♏ □ ❽□◆●□ ♍♏■♦❒◪➚◆♑□❾ ❑◆♏ ♎♏ ⬧♏❍□❒♏ ♋■♓❍□◆ ♋□ ■♋♍♓□■♋●♓⬧❍□ ♑♋●♏♑□📠 ☜☒♋❍♓■♋ ♋◪■♎♋ □◆♦❒♋⬧ ♍◆♏⬧♦♓⇔■⬧ ♍□■➚●♓♍♦♓❖♋⬧ ♍□❍□ □ ♍❒♓♦♏❒♓□ ❑◆♏ ♎♏➚♓■♏ □ ❑◆♏ ➧ ●♓♦♏❒♋♦◆❒♋ ♑♋●♏♑♋ ☎❒♋♦♓➚♓♍♋■♎□ □ ●♓■♑✓◪⬧♦♓♍□ ♍□❍□ ♎♏♍♓⬧♓❖□◑▭ ♋ ➚◆■♍♓⇔■ ♎♏ ◘❒♏⬧♏❒❖♋♍♓⇔■ ♎♋ ●♓■♑◆♋ ❑◆♏ ◘□⬧▫♏ ♋ ●♓♦♏❒♋♦◆❒♋ ♑♋●♏♑♋📠 ♋ ♦❒♋❖➧⬧ ♎♋ ♍♋● ♋❑◆♏●♋ ⬧◆♌⬧♓⬧♦♓❒➧ ⬧♏❍◘❒♏▭ □ ♍♋❒➧♍♦♏❒ ❽♋■♦♓📠♒♓⬧♦⇔❒♓♍□❾ ♎♋ ■□⬧♋ ♍□❍◆■♓♎♋♎♏▭ ♋ ♓■♍□■❖♏■♓♏■♍♓♋ ♎♏ ◘❒♏♎♏➚♓■♓❒ □ ❑◆♏ ♎♏♌♏■ ⬧♏❒ ♋⬧ ❽♏⬧♏■♍♓♋⬧❾ ♑♋●♏♑♋⬧ ■♋ ●♓♦♏❒♋♦◆❒♋ ♍□❍□ ■□ ■♋♍♓□■♋●♓⬧❍□📠 ♏♦♍📠 ☞❒♋■♍□ ☝❒♋■♎♏📠 ◘□●♋ ⬧▫♋ ♌♋■♎♋📠 ♎♓❒♓☒♏ ■♋ ⬧▫♋ ❽❒♏⬧□□⬧♦♋❾ ◆■♒♋⬧ ◘♋●♋♌❒♋⬧ ♎♏ ◘❒♏⬧♏■♦♋♍♓⇔■ ♎□ ■□❖□ ❍♏❍♌❒□📠 ♏⬧♌□⌘♋■♎□ ♋ ◘♏❒⬧□■♋●♓♎♋♎♏ ♏ ❒♏◘⬧♋■♎□ □ ◘♏❒♍◆❒⬧□ ❖♓♦♋● ♏ ❍♋♓●♋ □♌❒♋ ■♋❒❒♋♦♓❖♋ ♎♏ ☝♋❍♓●□ ☝□■⬧♋❒ ☎◘⬧♏◆♎⇔■♓❍□◑📠 ◘♋❒♋ ❒♏❍♋♦♋❒ ♍◆■♒♋ ♌❒♏❖♏ ❖♋●□❒♋♍♓⇔■ ♎♋ ♏☒◘□⬧♓♍♓⇔■ ➧ ❑◆♏ ❖♏⇧♏■ ♎♏ ♋⬧♓⬧♦♓❒ ♏ ♋ ♌♏■❖♓♎♋ ♋□ ❒♏♍♏■♦♏ ♋♍♋♎➧❍♓♍□📠




Referencias varias:

- M. Barba, “Non se deben propoñer reformas normativas sen saber se os pobos as poderán asimilar”, *La Opinión*, “Cultura”, 14 decembro 2002, p. 60.





Camilo Gonsar fala nesta entrevista do seu ingreso na Real Academia Galega e afirma que no seu discurso de entrada falará, de maneira subxectiva, dos problemas da literatura galega, como son a escrita en galego ou a relación entre literatura e lingua. Así mesmo fai comentarios sobre a situación da lingua na última metade do século XX (fai mención á televisión, aos *mass media* e a presencia do castelán); afirma que á hora de propoñer unha reforma da normativa hai que ter en conta se o pobo a asimilará; e considera que aínda que non sabe moi ben cal é o traballo dun académico, porque nunca foi unha das súa metas, na academia pode que se precisen máis mem bros. Finalmente declara ter boa relación con outros membros da Nova Narrativa e asistir a faladoiros da actualidade diferentes aos dos anos cincuenta polo simple feito de realizarse nunha actualidade distinta.

Gutiérrez Palacio, Javier, *Antología de la obra de Eugenio Montes*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión Cultural, nº 28, xullo 2002, 702 pp. (ISBN: 84453-3332-1).⓾

Para coñecer o contido de carácter ensaístico deste volume véxase a súa descrición no apartado I. 4. Antoloxías deste *Informe*.

Ledo Cabido, Bieito (ed.), *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, (Tomo VI:)(Tomo VII: curb/edt) (Tomo VIII: edu/fad), Vigo: Ir Indo Edicións, 2002, 518 pp. (ISBN do Tomo VI: 84-7680-294-3) (ISBN do Tomo VII: 84-7680-295-1) (ISBN do Tomo VIII: 84-7680-296-X) (ISBN do Tomo IX: 84-7680-297-8) (ISBN da obra completa: 84-7680-288-9).❿

Novos volumes da *Enciclopedia Galega Universal (EGU)* que chegaron ata nós neste ano 2002, concretamente o seu volume sexto, sétimo, oitavo e noveno. Coma nos tomos anteriores, nas páxinas iniciais de cada un deles dáse conta dos seus créditos, da nómina dos seus colaboradores e das abreviaturas empregadas, ademais de describirse a estructura das entradas e mostrar os signos convencionais que aparecen nos mapas. A seguir, aparece a descrición de cada unha das voces, que no volume sexto se corresponden con *color*, como inicial e *curaxita* como final; o volume sétimo ábrese co nome da árbore americana *curbaril* e remata co ácido chamado *EDTA*; o oitavo ábrese con *Eduardo/Eduarda* e péchase co nome da cidade de *Fadrusz*; e, finalmente o noveno recolle dende a parroquia da *Faeira* ata *Giraudoux*.

Referencias varias:

- X. L. Méndez Ferrín, “As cousas vistas desde acó”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 8 xullo 2002, p. 2.

Comeza reflexionando sobre a influencia das perspectivas fronte ao saber, para logo chamar a atención de que os galegos estivemos durante séculos condicionados pola perspectiva española que se impuña na cultura que chegaba a nós do saber universal. Neste sentido lembra a celebración dun congreso arredor de Valle-Inclán no que se tentaba achegar ao autor dende unha perspectiva galega e dálle a benvida ao novo volume da *Enciclopedia Galega Universal* por ser un proxecto no que se introduce ao lector nos datos enciclopédicos dende unha perspectiva galega. Sobrancea tamén o feito de que estea escrito en galego, o que favorece un feito tan transcendente como é a normalización lingüística e remata dicindo que, movido polo seu gusto a ler enciclopedias, dedicoulle algún tempo a revisar o volume VII que vén de saír do prelo.

- Salvador Rodríguez, “Hai que facer que o galego sexa necesario para vivir”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, 10 outubro 2002, p. III.

Entrevista a Bieto Ledo, director de Ir Indo Edicións, na que se lle pregunta sobre cuestións relativas ao mercado editorial galego, do que considera que ten demasiadas editoras e moi pequenas, o que vai levar á fusión. Das publicacións da súa editorial destaca o proxecto da *Enciclopedia Galega Universal*, que vén de editar o volume sétimo e anuncia a saída do oitavo. Considera que este proxecto é un distintivo da súa editora, que a resposta do mercado é satisfactoria, que non ten competencia directa polo forte investimento que precisa e que mantén a esperanza de que co tempo estea presente en todos os fogares galegos. Alude á excesiva presencia de premios en Galicia, o que por veces leva a premiar obras mediocres, e que Ir Indo publica libros en castelán por necesidades comerciais. En cadro á parte, responde a cuestións relacionadas con novidades editoriais como a traducción de clásicos ao galego, a aparición de novas biografías na súa colección "Galegos na Historia" ou a saída dalgúns títulos en castelán.

- Xosé Manuel Rodríguez, "A Enciclopedia terá máis visitas que a catedral de Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 6 novembro 2002, p. 2.








Conversa con Bieito Ledo na que reflexiona sobre a importancia da “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia*, que cualifica de “fenómeno de masas” e mais sobre a *Enciclopedia Galega Universal* da que indica que será de “consulta obrigada”.





López García, Antonia, *Se as aves insisten na ledicia: A obra de Bernardino Graña*, Premio de Ensaio Ricardo Carvalho Calero 2001, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 161, 2002, 155 pp. (ISBN: 84-8487-012-X).

Nesta obra, Antonia López fai un estudio da obra do escritor Bernardino Graña, dividindo a obra en cinco grandes apartados. No primeiro comeza cun achegamento ao home e ao poeta. No segundo recolle as características xerais da súa obra. E os seguintes dedícaos á obra poética, á prosa e ao teatro de Bernardino Graña, a través dos comentarios a varios dos seus textos, onde se mesturan a visión do home coma ser social, nun contexto histórico definido e marcado pola revolución industrial, e o descubrimento do home como ser individual que se deixa levar polas emocións e os sentimentos.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Librería galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 270, 20 xullo 2002, p. 2.

Comentario de *Se as aves insistisen na ledicia. A obra de Bernardino Graña*, de Antonia López García. Comeza sinalando que na obra de Graña se atopa unha dimensión individual e social, que é testemuño histórico dun tempo e dun país a través dunha visión do propio dende o punto de vista da universalidade. Tamén indica que esta obra foi gañadora do premio de ensaio Ricardo Carvalho Calero 2001 e que está estructurada en catro apartados que abordan a dimensión humana, as características xerais da súa obra, a poética e a prosa. Remata ofrecendo algúns datos biográficos desta estudiosa. En columna á parte ofrece tamén breves comentarios argumentais do volume de literatura infantil *O pescador e a súa muller* (2002), de J. e G. Grimm; e do poemario *A árbore da cegueira* (2002), de Baldo Ramos.

López, Teresa e Francisco **Salinas** (eds.), *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero. Memoria do século*, A Coruña: Universidade da Coruña (Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística)/Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, 2002, 367 pp. (ISBN: 84-89679-66-5).⓾

♎♋❑◆♏●♏⬧ ♋❒♦♓♑□⬧ ❑◆♏ ♋♦♏■♎♏■ ♋ ♎♓⬧♦♓■♦□⬧
♋⬧□♏♍♦□⬧ ♎♋ ●♓♦♏❒♋♦◆❒♋ ♑♋●♏♑♋ □◆ ♎♋
□♏❒⬧□■♋●♓♎♋♎♏ ♎□ ♋◆♦□❒💻




- José Luís Rodríguez, “Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna”, pp. 13-27.

José Luís Rodríguez comeza subliñando a importancia de Carvalho Calero como figura fundamental do século XX galego e asemade sitúao “num lugar de máxima centralidade da nossa cultura”. Despois debulla a traxectoria do profesor Carvalho Calero xebrándoa en tres momentos. O primeiro ao chegar á universidade a Santiago de Compostela –onde destaca que se compromete como intelectual galeguista e nacionalista–, un segundo momento está situado a seguir da Guerra Civil –cando publica *Historia da literatura galega contemporánea* (1963), obtén a cátedra de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela, etc.– e xa a derradeira etapa encádrase dende 1980, ao se xubilar, e a súa entrega á escrita propiamente reintegracionista. Despois deste percorrido repasa a evolución de Carvalho Calero exemplificando con algunhas das súas colaboracións en *Grial* e mais en *Agália*.

- Elías J. Torres Feijó, “Como saír do cerco. A legitimaçom galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria”, pp. 31-66.

Comeza Torres Feijó fundamentando o sistema literario galego baseándose nas teorías de Zohar para, pouco despois, facer un resumo da vida e obra de Carballo Calero. O corpo deste ensaio céntrase, sen embargo, na análise de dous escritos de Calero: o seu artigo “Algo sóbor da poesía de Curros” aparecido no número tres da revista *Grial* e o ensaio titulado “Arredor de Rosalía” que publicou en *Siete ensayos sobre Rosalía*. No primeiro artigo, Calero reclama unha mellor análise de Curros, reivindicando a súa obra. Sen embargo, as ideas de crítica literaria de Calero son levadas adiante en pleno funcionamento en “Arredor de Rosalía”, pasando Torres Feijó a falar da importancia deste libro no contexto crítico literario galego, que basean os autores deste volume colectivo en torno á saudade e ao saudosismo, sentimento que só poden ter os galegos e os portugueses, segundo eles. Na análise que Torres Feijó fai do ensaio de Calero neste volume destaca que se fala da obra rosaliana, analizándoa e facendo crítica literaria seria e comparatismo.

- Manuel Forcadela, “A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta”, pp. 109-117.








Agradecendo, nun primeiro momento o convite ao simposio, centra o seu discurso no estudio da novela de Carballo Calero, *A xente da Barreira*, publicada en 1951, cunha segunda edición corrixida en 1982. Sinala que a obra, nun principio, pretendía ser unha colección de contos, e sinala como exemplo a autonomía coa que parecen funcionar os capítulos, dándolle coherencia ao texto unhas coordenadas espacio-temporais. Resáltaa como unha obra "ponte" entre o pasado e o futuro, que implica unha continuidade nos obxectivos de consolidar o discurso en prosa. Asemade, alude ao paralelismo entre *A xente da Barreira* e *Os camiños da vida*, no que se refire ao decadentismo da sociedade e subliña que incorpora actitudes importantes na evolución da nosa tradición narrativa e no realismo máxico. Por outro lado, considera que debe ser valorado o rexistro lingüístico escollido, a pulcritude do estilo e a capacidade para sintetizar personaxes e acontecementos. Fala de que o obxectivo da novela era o de presentar a historia da transición dos séculos en Galicia, así como o de reflectir unha actitude subversiva que se formula en termos de resistencia simbólica contra o sistema, xa que Carballo Calero considera a literatura unha institución

privilexiada no proceso dunha conciencia nacional. Finalmente, fai referencia ao importante papel que o escritor lle asigna á literatura na producción e configuración dunha conciencia colectiva e na reivindicación dunha identidade.




- Arturo Casas, “A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica”, pp. 119-135.

Partindo dunha definición de retórica Arturo Casas céntranos na obra de Carvalho Calero. Fai antes de nada unha breve sinopse sobre o que a retórica e o discurso en si significaron para os gregos e dende aí a súa evolución ata hoxe en día. Diferencia entre un tipo de educación clásica fronte ao que el chama unha educación clasista. Puntualiza tamén a importancia dos esquemas axiolóxicos dentro da obra literaria , e a precisión da verdade. Segundo el, a semiótica ten unha gran importancia dentro da narración e a descrición. Profundando máis na obra de Carvalho resalta os esmerados estudios que este fai da obra de Rosalía e Castelao, así como as comparacións entre ambos sen esquecer os estudios da obra de Emilia Pardo Bazán a quen define como: “non hostil pero si extraña hacia o pobo”. Arturo Casas di que a obra de Carvalho é moi parecida á de Castelao en canto á economía

narrativa e sen embargo queda máis distante da de outros autores coma Cunqueiro ou Dieste.




- Carlos Paulo Martínez Pereiro, “Do carácter hibrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de *Aos amores seródios*)”, pp. 137-160.

Analízase, con detalle, a obra de Carballo Calero titulada *Aos amores seródios* (1979), “complexo e árduo texto (...) por constituír unha meditación, despoxada no fondo e complexa na estrutura, sobre a natureza efémera da existencia”. A seguir, estúdianse os distintos capítulos que conforman a obra. No primeiro deles, intitulado “Os vellos non deben de namorar-se”, un “autor-ventrílocuo” transmite “textos ensaísticos previos do Carvalhogramático e estudioso da nosa literatura”. No segundo capítulo, “Ásia Menor”, alúdese ao achádego, nun santuario do Meandro, dunha cabeza feminina de mármore. No terceiro capítulo titulado “O poeta” ofrécese un poema, “claro e brillante exemplo do fascinio polo feminino que obsidiou o noso autor”. A seguir, no cuarto capítulo retómase o chamado “rexistro reflexivo”; no quinto e sexto capítulos, pola súa banda, o narrador da obra lévanos “a un novo diálogo especular co pasado”. Por último, o sétimo capítulo “retoma a única liña

narrativa ficcional ‘pura’ que, pontual e lixeiramente, salfire o discurso até aí desenvolvido: ao descubrimento da cabeza de mármore e ao poema de Erik, súmase agora a narración da ‘derradeira cea’ no hotel, antes da partida, dos seis -agora o sabemos-integrantes da expedición arqueolóxica”. Para rematar o artigo, ofrécense cinco afirmacións, derivadas da lectura da obra e complétase o traballo cunha breve bibliografía das obras consultadas.




- Xosé María Álvarez Cáccamo, “O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero”, pp. 163-170.

Faise unha achega á obra de Ricardo Carvalho Calero na procura de poemas de temática metaliteraria. Segundo Álvarez Cáccamo só nove, da totalidade da producción poética de Carvalho Calero, tratan de xeito directo sobre a literatura. Indica que estes poemas, que son explicados e analizados, son: “Ven ti acó” e “Retrato do poeta” de *Anjo de terra* (1950); “Para vós a verdade...” e “Non amo moito a poesía” de *Pretérito Imperfecto* (1980); “E para qué escreber máis”, “Será o seu verso el mesmo” e “Poeta es, pois da-che noxo todo” de *Saltério de Fingoy* (1961); e “Verdadeiro poeta foi” de *Reticências* (1980).

- Kathleen March, “As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero”, pp. 171-181.

Análise das pegadas vangardistas na obra de Ricardo Carvalho Calero. Destaca que o autor ferrolán estudiou a Manuel Antonio e sinalou as características da súa poesía na obra *Historia da Literatura Galega*. A seguir enumera algúns do trazos polos que Carvalho Calero cre que este poeta se pode adscribir ao movemento creacionista, citando entre outras cousas que as demais tendencias de comezos do século XX resultan excesivamente lúdicas para ter unha conexión con Manuel Antonio. Inclúe, despois, uns poemas de *Vieiros*, publicado en 1931 por Carvalho Calero, para poder comprender as pegadas de Manuel Antonio nesta obra, aínda que se deixa constancia de que no momento de publicación quizais tivese influído máis neste autor Amado Carballo, que xa publicara *Proel* (1927) e *O Galo* (1928). Finalmente resúmese o contexto no que xurdiron as vangardas en Galicia e indícase que estas non triunfaron porque no momento de definir unha nova estética, Galicia estaba nun proceso de definirse como nación.

- Pilar Pallarés, “Carvalho Calero: mitos para un exilio”, pp. 183-202.








Aínda que recoñece que a poesía de Carvallo Calero posúe elementos dabondo que xustifican as reticencias que suscitou, afirma que este feito se converteu nun tópico. Insire a obra poética do autor na vangarda galega, da que foi un dos principais creadores, críticos e historiadores, e salienta as influencias que recibiu de Luís Pimentel, Casado Nieto, Xosé María Álvarez Blázquez, os mozos da "Escola da Tebra", e as temáticas desenvolvidas pola denominada poesía dos oitenta, xa adiantadas por Cunqueiro, Avilés de Taramancos ou Díaz Castro. Considera que o mesmo Carballo foi responsábel dese relegamento da súa poesía ao entender que a consolidación do estudio da lingua e da literatura galegas na universidade era unha tarefa moito máis urxente e necesaria para a colectividade, aínda que o seu descoñecemento como poeta veu sobre todo provocado pola "marxinazón e crítica feroz ás que foi submetido polo 'holding', como el costumava dizer". Percibe unha cosmovisión propia que dá coherencia e unidade a todos os seus textos, dende os primeiros ata os derradeiros, con trazos e motivos omnipresentes e persistentes e coa expresión dun conflicto existencial. Seguidamente realiza un percorrido por toda a obra poética de Carballo Calero, destacando tres "rumos" que intentan acceder á transcendencia: a poesía en castelán con *Trinitarias* (1928); *Vieiros* (1931), onde mestura o Simbolismo humano coa

intranscendencia, o ludismo e a iconoclastia da vangarda; e textos como “Abisag” e “A estéril”, ao redor de motivos como o amor vello-moza, a *femme fatale* a ou evocación da infancia perdida. Comenta tamén que o Carballo Calero da posguerra, a través dos poemas que deu a coñecer en *Alba*, *Aturuxo*, *Vida Gallega* e dos libros *Anxo de terra* (1950) e *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), intenta recuperar a fe na transcendencia e retoma os motivos da cosmovisión simbolista. Detense especialmente en *Saltério de Fingoi* (1961), que cualifica como un poemario fundamental no conxunto da súa obra e imprescindíbel para entender os libros posteriores, recoñecendo que garda especial relación coa peza teatral *Auto do prisioneiro* (1969) e coa reflexión existencialista de *A esmorga* (1959), de Blanco-Amor, e que pode inserirse no “proceso de desacralizazón experimentado no mundo occidental nos últimos séculos e consolidado no XX”. Sinala que os poemarios posteriores demostran o afastamento do mundo, a renuncia e a amargura, citando *Futuro condicional* (1961-1980), os apartados VII e VIII de *Cantigas de amigo e outros poemas* (1980-1985) e algúns poemas de *Reticências* (1986-1989). Finalmente, pon de relevo o interese de Carballo polo mito xa dende a súa etapa xuvenil, que concibe como “un requintado produto cultural, mais é sobretodo unha tentativa de achar-lle ao mundo un sentido que a razón nos nega, de iluminar o espazo de sombra que mora no centro de nós propios, de eternizar o

condenado a ser efémero, de soñar con todos os que nos precederon, de indagar no que nos fai comúns a todos os humanos e compartir cos que veñan esa sabedoría".

- João Guisan Seixas, "Carvalho Calero: o Teatro e a Vida", pp. 205-225.

Comeza afirmando que o teatro non constitúe un elemento esencial na obra de Carballo Calero, senón que pode considerarse máis ben unha vertente marxinal no seu conxunto. Interpreta a súa producción teatral como un reflexo da súa vida e compáraa con diferentes aspectos persoais propios. Considera a súa producción teatral influída pola obra poética e lingüística, un trazo que atribúe ao carácter diverso da súa vocación artística e das súas preocupacións intelectuais. Refírese á peza *A sombra de Orfeu* (1948) e sinala que o seu protagonista, Rafael Golpe, é unha sombra ou un super ego de Carballo Calero e que a obra constitúe deste xeito unha especie de diálogo ou soliloquio con el mesmo no que presenta cuestións sobre a arte e a vida. A seguir detense na falta de relación desta peza co teatro galego do momento e sitúa a producción de Carballo como un elo entre o teatro das Irmandades e o dos anos 60 e 70. Identifica certo aire británico na obra que tamén recoñece na personalidade do autor, "na sua maneira de ser e de escrever". Compara a obra con

outras pezas que escribe na mesma época e nas que presenta propostas diferentes, *A farsa das zocas*, unha farsa rural con influencias da ópera chinesa e do teatro de arte, e *A arbre*, teatro poético, e sinala que, ao seu entender, responden a un programa común pola súa falta de coherencia coa tradición teatral anterior e en boa parte coa posterior, xa que están feitas por un crítico máis que por un dramaturgo que pretendía encher ocos no panorama teatral galego. Ademais, pon de relevo outros aspectos como a relación entre a súa escrita e as súas preocupacións estilísticas de crítico e a lingua retórica e simbólica que adoita empregar nestes textos teatrais. Considera que a creación do reintegracionismo foi a súa principal obra e que mesmo serve como criterio para dividir a súa producción en dous períodos: a de antes do reintegracionismo e a de despois desta práctica lingüística. Valora esta segunda etapa como a máis luminosa e serena xa que nela por fin pode sentirse dono da súa literatura e da súa lingua.




-Araceli Herrero Figueroa, “Carballo Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista”, pp. 227- 247.





Araceli Herrero pretende amosarnos o filólogo Carballo Calero como poeta dramático, ademais de como lector, recitador, traductor ou incluso actor. Preséntanos un estudio da visión que Calero mantivo sobre a literatura dramática a través dunha das súas obras menos estudiadas, *Os Xefes*, que conta tan só cunha análise realizada polo profesor Fernández Roca, na que intenta atopar e explicar o uso da ironía na literatura dramática deste autor. No apartado dedicado ao "receptor" dise que este non pasa indiferente ante a lectura de Carballo, senón todo o contrario, requírese dunha implicación, dunha participación subxectiva. En canto ao "emisor" di que este era o centro na creación textual e así o reflectía
o propio Calero en cada unha das escenificacións dramáticas que realizaba nas aulas do colexio Fingoi. O estudio continúa co "corpus dramático", e remítese ademais de a *Os xefes* a obras coma *O redondel* ou *Farsa das zocas*, buscando o realismo a través da crítica social política para o que fai uso da ironía intratextual que se mestura coa sátira no tratamento do conflicto dramático.

- Isaac Díaz Pardo, "Algúns recordos de Carvalho Calero", pp. 297-300.

Refírese, principalmente, á vinculación do profesor co Seminario de Estudos Galegos ao longo do tempo e ás discrepancias que tivo co poder. Cita, así mesmo, os títulos que lle publicou Sargadelos e loa a transparencia do galeguista.

-Miguel Anxo Fernán-Vello, "Ricardo Carballo Calero: a elegancia do intelectual comprometido", pp. 301-307.

Aproximación á traxectoria vital do egrexio ferrolán que sinala que reflicte "un espíritu de servizo á comunidade, sempre desde perspectivas progresistas e galeguizadoras". Ao tempo que, polo medio, debulla boa parte do seu quefacer no eido literario que está en consonancia co "seu compromiso" co país.

- Aurora Marco, "O professor, o mestre, o amigo: evocaçom saudosa", pp. 309-320.

Indica que lle é moi difícil expresar o que sente por Ricardo Carvalho Calero, pois aprendeu moito del, e explica que ten lembranzas súas como profesor, mestre e amigo. Describe como iniciou con el unha relación de profesor/alumna e como se converteu en amizade

persoal co paso dos anos; ademais de ser o seu profesor de lingua galega, foi o director da súa tese de licenciatura, colaborou con el nas súas investigacións e mantiveron o contacto mediante cartas e encontros periódicos. Critica que fose rexeitado tras posicionarse a favor do reintegracionismo, explica que moitos compañeiros o trataron de tolo e defende os seus criterios lingüísticos, que ela comparte.




- Darío Villanueva, “Carvalho Calero novelista”, pp. 323-339.

Explica que Ricardo Carvalho Calero tivo un lugar destacado na recuperación da literatura galega trala Guerra Civil, pois é autor da primeira novela escrita en galego na posguerra: *A xente da Barreira* (1950). Indica que para Carvalho Calero a literatura tiña unha función catártica, mais que sendo consciente da situación da literatura galega traballou para acadar o seu rexurdimento. Dá conta da súa producción literaria, destacando os principais aspectos de cada obra e fai fincapé nas producciónsnarrativas; deste xeito clasifica as novelas de Ricardo Carvalho en novelas de espacio (*A xente da Barreira* e *Os señores da Pena*) e en novelas de personaxe (*O lar de Clara* e *Scórpio*). As novelas de espacio caracterízanse por describir un marco espacio temporal concreto, neste caso os pazos e a decadencia da

fidalguía acontecida a finais do XIX; mentres, nas novelas de personaxe, a acción xira ao redor dun protagonista central. Describe o argumento de *A xente de Barreira* e de *Scórpio*, avalía a pegada autobiográfica existente na segunda obra e considéraa a mellor novela do modernismo europeo no século XX.




- Teresa López, “Ricardo Carballo Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936”, pp. 349-365.

Artigo no que Teresa López analiza a carta que Ricardo Carballo Calero enviou a Xosé Filgueira Valverde nos comezos do 1936, nela respondía a un cuestionario para preparar unha antoloxía da poesía galega que estaba realizando por encomenda do Seminario de Estudos Galegos. Despois do estudio reprodúcese a carta transcrita á vez que a escrita á man polo crítico e estudioso da literatura galega. Salienta nesta análise que esta antoloxía tiña como obxectivo homenaxear a Rosalía de Castro no centenario do seu nacemento e ofrecer unha panorámica de toda a poesía galega. Segundo indica, para isto último dirixiuse un cuestionario a cincuenta poetas preguntándolles sobre cuestións biográficas, preferencias estéticas, lingua literaria empregada, así como preguntas sobre a escolma e o

seu lugar nela. Destaca tamén que destas respostas só se conservan vinte e que do conxunto da resposta de Carvalho o realmente relevante é a reflexión que realiza sobre a función da antoloxía e os criterios que debían guiar a súa confección. Subliña, polo tanto, que se trata dunha carta na que este autor fai varias consideracións sobre a súa propia obra mostrando xa un gran sentido autocrítico e poñendo xa de manifesto algunhas orientacións, preferencias e opinións que co paso do tempo completaría, pero que nunca contradiría.




Recensións:

- Armando Requeixo, “Carballo Calero baixo o punto de mira”, *Tempos Novos*, nº 65, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, outubro 2002, p. 73.

Salienta as *Actas do simposio Ricardo Carvalho Calero, Memoria do século* como un excelente medio ao que achegarse á figura do polifacético profesor. Asemade, fai un breve repaso polos diferentes estudios, apuntando o tema. Así, por exemplo, sinala que ManuelForcadela alude ás “trabes mestras da narrativa calariana”, mentres que X. Mª Álvarez Cáccamo se ocupa da poesía e Araceli Herrera Figueroa do teatro.

López Silva, Inma e Dolores **Vilavedra**, *Un abrente teatral. As mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Continental, xullo 2002, 306 pp. (ISBN: 84-8288-554-5).

□♌❒♋⬧ ❑◆♏ ◘♋❒♦♓♍♓◘♋❒□■☞ ☞♓■♋●❍♏■♦♏▱ ■□ ♍◆♋❒♦□ ♋◘♋❒♦♋♎□ ♋⬧ ♋◆♦□❒♋⬧ ➚♋■ ❒♏➚♏❒♏■♍♓♋ ♋□ ♍♋❍♓⇧□ ♎♋ ◘❒□➚♏⬧♓□■♋●♓⌘♋♍♓⇔■ ♎□ ♦♏♋♦❒□ ♑♋●♏♑□ ◘♋❒♦♓■♎□ ♎□ ♦♏♋♦❒□ ♋➚♏♍♍♓□■♋♎□ ♏ ♎♋⬧ 💣□⬧♦❒♋⬧ ♎♏ ☼♓♌♋♎♋❖♓♋▱ ■□ ❑◆♏ ⬧♏ ♎♏⬧♦♋♍♋■ ♋⬧ ♎♓➚♏❒♏■♦♏⬧ ♍□❍◘♋⇧◤♋⬧ ❑◆♏ ♍□❍♏⌘♋♌♋■ ♋ ☒◆❒♎♓❒ ♏ ❑◆♏ ♍□■♍□❒❒♏❒□■ ↑⬧ 💣□⬧♦❒♋⬧☞ ❄♋❍➚■ ⬧♏ ➚♋●♋ ♎♋ ◘❒□➚♏⬧♓□■♋●♓⌘♋♍♓⇔■ ♍♋❒♋ ↑ ❑◆♏ ♍□❍♏⌘♋♌♋■ ♋ ♍♋❍♓⇧♋❒ ♎♓➚♏❒♏■♦♏⬧ ♑❒◆◘□⬧ ♦♏♋♦❒♋♓⬧ ♏ ♎♋⬧ ❽☺□❒■♋♎♋⬧ ♎♏ ✞♓♑□❾▱ ❑◆♏ ♦♓❖♏❒□■ ●◆♑♋❒ ♎◆❒♋■♦♏ □⬧ ♋■□⬧ ⬧♏♦♏■♦♋☞ ✠♋ ◘♋❒♋ ♍□■♍●◆◤❒ ♏ ♋ ☒♏♓♦□ ♎♏ ♋◘➚■♎♓♍♏⬧▱ ❒♏♍⇔●●♏■⬧♏ ♋⬧ ◘♋●♌♌❒♋⬧ ♎♋●♑▫■⬧ ♎□⬧ ◘❒□♦♋♑□■♓⬧♦♋⬧ ♎♏ ✌♌❒♏■♦♏▱ ♏⬧♍❒♓♦□❒♏⬧▱ ♍❒◤♦♓♍□⬧▱ ❍♏❍♌❒□⬧ ♎□ ☒◆❒♋♎□▱ ♋♍♦□❒♏⬧▱ ♍♓♎♋♎➚■⬧▱ ♏♦♍☞ ♍□❍□ ✠♏⬧▫⬧ ✌●□■⬧□ 💣□■♦♏❒□▱ ☜♏♎❒□ ✍♋❒♏♋ 💣□■♑♏▱ ☼◆♌➚■ ☝♋❒♍◤♋▱ 💣♋■◆♏● ☝◆♏♎♏ ⚐●♓❖♋▱ ☺□♏●




R. Gómez, Gustavo Luca de Tena, Maribel Outeiriño, Eloxio Ruibal ou Roberto Vidal Bolaño, entre outros. Tamén se achega unha listaxe de todos aqueles grupos que chegaron a representar as súas obras nas Mostras de Abrente.

Recensións:

- Xosé Manoel Rodríguez, “A pedra filosofal do teatro galego”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 17 agosto 2002, p. 10.

Nun primeiro momento, alúdese á actividade que se xerou en Ribadavia polos anos setenta, na que se deron cita autores, afeccionados, actores, animadores, etc., agrupados baixo o nome de Asociación Cultural Abrente, para debater sobre a construcción dunha infraestructura estábel para o teatro galego. Coméntase que polas Mostras de Abrente pasaron os autores máis representativos do panorama do teatro galego actual, como Roberto Vidal Bolaño, Euloxio Ruibal, Manuel Lourenzo, etc. Así mesmo, dáse conta do libro *Un Abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*, publicado por Inma López Silva e Dolores Vilavedra e infórmase que as autoras profundaron na historia de Abrente debido a que nel se depositaron as bases do que hoxe é o teatro galego. Tamén se menciona que no libro teñen cabida gravacións, testemuñas dos participantes, arquivos xornalísticos, e críticas, ademais de dous apéndices nos que se recollen as reflexións dalgúns dos seus protagonistas, Xesús Alonso Montero, Pedro Barea Monge, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Guede, Gustavo Luca de Tena, e Xosé A. Perozo, entre outros, e unha relación de obras e compañías que pasaron por aquelas Mostras, entre as que se citan, Histrión 70, Candea, Farándula, Escola Dramática Galega, Antroido, Mari-Gaila, etc.

- Tomás Ruibal, “Un fito na historia teatral galega”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!Letras”, 13 outubro 2002, p. 8.

Primeiramente, fai referencia ao pouco desenvolvemento que tivo na historia o teatro galego e alude, tamén, ás Mostras de Ribadavia, nas que se propuxeron iniciativas que contribuíron a elevar o teatro cara ao camiño da profesionalización, tanto a nivel de aparición de textos, como na creación dun ambiente máis favorábel. A seguir, céntrase no estudio *Un Abrente teatral*, que cualifica de traballo “definitivo” para quen queira ter unha visión de conxunto do que significaron as xornadas en Ribadavia. Por outra banda, sinala que a obra analiza a Mostra de Teatro e o Concurso de Textos Teatrais que se desenvolveron na vila ourensá, así como tamén fai un breve repaso polo contexto histórico e social da época. Comenta, ademais, que as autoras dan conta dos principais creadores e compañías que participaron nestas mostras. Segue engadindo que o libro remata cun apéndice titulado “Falan os protagonistas”, no que se recollen as impresións das figuras máis destacábeis que participaron naquelas xornadas. Finalmente, remata dicindo que o estudio é un libro “bo” para todos aqueles que estean interesados en coñecer a evolución do teatro galego nesa época do tardofranquismo.

- Xavier Castro, “O recordo e análise de mostras e concursos teatrais en Ribadavia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 17 novembro 2002, p. 4.

Dáse conta da aparición de *Un Abrente Teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia* de Inma López e Dolores Vilavedra na colección Continental da editorial Galaxia e indícase que neste libro podemos atopar a historia do chamado *fenómeno teatral Abrente* de Ribadavia desde 1973 ata 1980 e a súa importancia para o teatro galego creado en anos posteriores a ese fenómeno. Igualmente, indícasenos que o libro se divide en catro amplas partes: “O Contexto socio-histórico: 1973-1980”, “Abrente, prehistoria e evolución”, “O concurso de textos teatrais” e “As compañías. Abrente e a profesión teatral” e que na parte final do libro atopamos uns “apéndices” realizados a partir das experiencias de numerosas persoas vinculadas con aquel tempo e con aquela empresa cultural, como é o caso de Roberto Vidal Bolaño.

- G. Luca de Tena, “Repulgo da tradición e traición da modernidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, “Cultura”, 5-11 decembro 2002, p. 33.

Sinálase a importancia do libro de Inma López e Dolores Vilavedra, editado por Galaxia, sobre o fenómeno Abrente á hora de repasar a historia do teatro galego e indícase que en *Un Abrente Teatral* podemos atopar a historia da asociación Abrente e a súas mostras teatrais desde o seu comezo en 1973 ata a súa desaparición no ano 1980; a importancia da persoa de Chucho, autor clave da historia teatral; a censura franquista nas representacións; as polémicas xurdidas nos diferentes debates e as posturas defendidas polos diferentes participantes, como é o caso de Blanco Amor ou Euloxio Ruibal.

- Manuel F. Vieites, “Reconstruír un pasado imperfecto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 22, “Teatro”, 12 decembro 2002, p. VIII.








Coméntase a importancia do libro de Inma López Silva e Dolores Vilavedra sobre o "fenómeno Ribadavia" que ofrece unha ampla panorámica sobre aqueles anos nos que a loita polas liberdades ía da man da loita por reconstruír un sistema cultural, e no caso da escrita dramática e da creación teatral, por crear , practicamente *ex novo* unha tradición propia. Indícase que *Un abrente teatral. As mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*

constitúe un estudio pormenorizado e moi documentado, complementado ademais por un apartado no que podemos ler a opinión dalgúns dos protagonistas, no que se invita á reflexión e no que se conteñen claves para entender o pasado, pero tamén para traballar no presente e proxectar un futuro posíbel da dramaturxia galega.




Referencias varias:

-Mónica Macía, “Abrente ou a fraxilidade da memoria”, *La Región*, “O Ribeiro”, 12 agosto 2002, p. 15.

Alúdese á publicación do estudio *Un Abrente teatral*, da autoría de Dolores Vilavedra e Inma López Silva, no que se fai un percorrido polo que foron as Mostras e os concursos do Teatro de Ribadavia, dende 1973 ata 1980. Coméntase que un dos obxectivos do traballo foi o de facer “xustiza ó labor de Abrente”, xa que non se pode entender o teatro que se fai hoxe en Galicia se non se ten presente este fenómeno histórico. Por último, sinálase que houbo unha estreita colaboración cos protagonistas que participaron cos seus espectáculos nas Mostras de Ribadavia.

- A. N. T., “Dolores Vilavedra: ‘Ao teatro galego dánselle as datas que sobran no calendario”, *A Nosa Terra*, nº 1.052, “Fin de semana”, 17-23 outubro 2002, p. 33.

Entrevista a Dolores Vilavedra na que reflexiona sobre a importancia do labor desenvolvido por Abrente e sobre os problemas cos que se está a atopar actualmente o teatro galego, como, por exemplo, a falta de autores novos, de compañías e de editoriais que publiquen as obras. Sinala que o sector está controlado por un “minifundismo cultural”, e que as compañías galegas só permanecen en cartel tres ou catro días. Despois de expor estes problemas, propón como solucións a creación de salas estábeis que se convertan en puntos de referencia para o público e nas que se poidan manter os espectáculos durante varios días.

- Inma López Silva, “Reflexiones en torno a la Mostra de Ribadavia”, *Primer Acto*, nº 295, “Autonomías. Galicia”, outubro-novembro 2002, pp. 123-125.

Ver XVIIIª Mostra internacional de teatro de Ribadavia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.





Lorenzo, Ramón (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 2003. 726 pp. (ISBN: 84-8121-972-X).






- Xabier Campos Villar, “A pseudonimia en Manuel Lugrís Freire”, pp. 61-71.

Este traballo ten por fin rexistrar e analizar os pseudónimos cos que asinou Lugrís Freire (Sada, 1863–A Coruña, 1940) parte da súa producción, e estructúrase en dúas partes, segundo as dúas fases experimentadas por este autor: a chamada “etapa cubana” ou de mocidade (entre 1883, data da súa partida cara á Habana, e 1896) e mais a época do “regreso” ou madurez creadora (que se inicia en 1896 co asentamento definitivo de Lugrís na Coruña). Así, realizando un percorrido cronolóxico, atopa o estudioso, nos primeiros anos, unha multiplicación de pseudónimos (L.U.Gris, Roque das Mariñas e K.Ñoto) en “uso ocasional” ou non delimitado para as diferentes tipoloxías textuais (artigos xornalísticos, teatro, contos e novelas curtas) ou incluso cunha función de identificación administrativa (caso de Roque das Mariñas na cabeceira das catro primeiras “Tocatas” da que foi a primeira publicación galega monolingüe, *A Gaita Gallega*, que Lugrís axudou a fundar). Xa

no segundo período, en que o escritor reparte as súas publicacións entre a prensa (nomeadamente, *A Nosa Terra*) e o formato libro, constata Xabier Campos un emprego máis reducido e especializado dos pseudónimos: asina como Asieumedre a maior parte da súa obra narrativa e co ortónimo a obra teatral, poética ou ensaística.




-Henrique Monteagudo, “Aínda sobre o ensaísmo castelaiano: a triple significación da iconografía xacobea”, pp. 211-221.

Sinálase que as intervencións de Castelao na celebración do Día de Galicia durante os seus anos de exilio rioplatense, vehiculadas a través da oratoria e dos artigos de imprenta, xiraron arredor de tres asuntos: o contraste entre a Historia e a Tradición, a interpretación simbólica da iconografía xacobea, e a emigración a América entendida como continuación do pulo atávico que levara os celtas desde o Oriente aos Fisterres europeos, concretamente o galego. Céntrase aquí na evolución do segundo destes núcleos temáticos (no que se detecta a influencia de Vicente Risco), para amosar cómo Castelao moldea ideoloxicamente o tema segundo os parámetros pragmáticos nos que se insire o texto (contexto, destinatarios e finalidade), e ver así as estratexias de comunicación empregadas. Así, faise

un percurso pola evolución da súa interpretación da iconografía xacobea nos artigos e discursos que con motivo da celebración do Día de Galicia publicou e pronunciou de 1941 a 1948, ata chegar á versión que do texto se incluíu na segunda edición de *Sempre en Galiza*.




- María Xesús Nogueira, “Do vangardismo poético cunqueiriano. Apuntamentos sobre *Soma de craridades*”, pp. 223-234.

Afirma que a poesía de Cunqueiro constitúe un caso particular en canto á fixación textual, unha particularidade que se incrementa por unha cronoloxía irregular, xa que o escritor publicou en vida os libros *Mar ao norde* (1932), *Cantiga nova que se chama riveira* e *Poemas do si e do non* (1933) e *Dona de corpo delgado* (1950); no ano 1981 apareceu a primeira entrega de *Obra en Galego Completa*, que reunía os anteriores e sumaba composicións posteriores baixo o título *Herba aquí ou acolá*, poemario que tivo unha segunda edición, ampliada con textos posteriores, en 1991. Ante este estado de cousas, Nogueira considera indispensábel a compilación e edición da obra poética de Cunqueiro. Cualifica tamén de singular a aparición de *Soma de craridades* (1930), publicada en 1977 da man de Luis Seoane e a miúdo esquecida nas achegas á poesía de Cunqueiro, e sinala que

se trata dun conxunto de sete textos agrupados en dúas series, os “poemas provisionaes” e os textos definitivos, importantes non só pola súa data, que os sitúa no que Arcadio López-Casanova denominou ciclo de xuventude da poesía cunqueiriana, senón tamén pola finalidade coa que foron escritos e polas circunstancias da súa transmisión. Analiza a seguir




o feito da perda dos debuxos de Luís Seoane que acompañaban os poemas, xa que deste xeito se limitan as posibilidades dunha análise comparativa interdisciplinar, que enriquecería as experiencias estéticas compartidas polos dous intelectuais. Pon de relevo ademais a xerarquización dos textos aos debuxos, trazo que se manifesta non só na temática das composicións senón tamén na presencia de abundante léxico procedente da pintura. Achega unhas notas para o estudio da xenética textual de *Soma de craridades*, reparando nas versións que figuran na edición de Seoane e cotexándoas cos textos manuscritos e as dúas series de poemas, para concluír que presentan as seguintes diferencias fundamentais: unha reducción do número de textos de catro a tres; cambios na titulación dos poemas; eliminación da dedicatoria e incorporación ao título nos poemas definitivos; eliminación dun verso e procesos de depuración sexual nas segundas versións. Nun anexo reprodúcense as versións de “Soma de craridades”.

- Xosé M. Salgado, “El Maniquí’: un vieiro cara a *O señorito da Reboraina*”, pp. 267-275.

Achega ao conto “El maniquí” de Ramón Otero Pedrayo, escrito en castelán e publicado na revista *Finisterre*. Sinala, en primeiro lugar, que Ramón Otero Pedrayo foi un escritor serodio, que chegou á creación literaria despois dun demorado proceso de decantación e reflexión; a pesar do cal, a súa producción narrativa é ampla, debido á súa continuidade e celeridade. Esta gran cantidade de obras, a existencia dalgunha novela con episodios difíciles de relacionar entre si, a desaparición dalgúns personaxes e os seus manuscritos sen a penas borranchos fixeron que se falase dun Otero anárquico, descoidado e pouco repousado á hora de escribir; para desbotar o tópico de improvisación oteriana expón os puntos en común existentes entre a novela *O señorito da Reboraina* (1959) e o relato “El maniquí”. Salgado explica que o que Otero Pedrayo fai nesta obra é novelar a vida de D. Juan Manuel Pereyra, señor de Reboreda, un personaxe real que exerceu sobre o autor ourensán gran poder de seducción e ao que xa fixera alusións noutros escritos. Otero propúxose escribir a súa biografía e, para isto, fíxose cun libro de viaxes escrito polo propio Pereyra. Salgado indica que o relato “El maniquí” foi publicado en 1944 e narra unha infidelidade do fidalgo don José María cunha criada nunha tarde do mes de xullo nun pazo

da beiramar; este episodio ten o seu correlato no capítulo segundo da parte terceira da novela, no que don Xoán Manueliño chega a Galicia dende o Extremo Oriente, ten un encontro cunha antiga amante e é descuberto pola súa muller; en ambos textos, os fidalgos son encubertos por un crego. Sinala, por outra banda, que entre o protagonista do relato e don Xosé María da Pedreira, personaxe de *Os camiños da vida*, hai moitas similitudes; igual que entre a protagonista feminina do relato e dona Adelina, de *O señorito da Reboraina*. Por todo isto, Salgado mantén a hipótese de que os personaxes destes textos estaban perfectamente deseñados e que a creación das obras non se basea na improvisación.




- Carme Branco, “Levar lume ou a liberación de Prometeo”, pp. 671-674.

Ábrese o artigo con distintas citas, entre elas unha de *Frankenstein ou o moderno Prometeo* (2000), de Mary Shelley, traducida ao galego por Fernando R. Tato Plaza. A seguir fai unha análise desta obra subliñando que nela a autora mesturou características de diferentes épocas que se repiten ao longo da historia. A idea de liberdade, coñecemento, romanticismo, etc. conviven na obra mediante a aplicación de novas formas expresadas

baixo a reflexión dunha muller. O artigo conclúe coa idea inicial de acadar a liberdade de pensamento dentro dun progreso imparábel.




- Mª Consuelo de Frutos Martínez, “As traduccións da literatura italiana ó galego”, pp. 675 685.

Partindo da premisa da escaseza de traduccións ao galego non só da literatura italiana senón da universal, no presente traballo analízase o estado da cuestión das traduccións do italiano ao galego, co fin de dar conta das presencias e das ausencias relevantes. Aclárase que non se ofrecen en ningún caso referencias á calidade das traduccións, tan só se inclúe o apuntamento de que en ocasións as traduccións dos títulos son moi libres e mesmo chegan a presentar erros ortográficos e gramaticais e, no caso das obras poéticas, habería que falar máis que de traduccións de recreacións. A seguir, achégase un inventario bibliográfico das obras italianas traducidas, realizado a través da información aparecida nos catálogos editoriais, nas revistas de literatura, nos xornais, nos *Informes de Literatura* que edita o Centro Ramón Piñeiro e en Internet. O compendio divídese en tres apartados: poesía, narrativa e prosa varia e teatro. Finalmente, no apartado dedicado ás conclusións

destácase de novo a pouca cantidade de traduccións, sobre todo de obras relevantes para o coñecemento da cultura e da literatura italiana como os contos do *Novellino*, o *Milione*, de Marco Polo, a *Arcadia* de Sannazaro, o *Orlando furioso*, de Ariosto, as *Ultime lettere de Giacopo Ortis*, de Foscolo, outras obras de Leopardi como as *Operette morali*, máis comedias de Goldoni, algunhas obras de Verga ou clásicos modernos como D'Anunzio, Moravia, Svevo, Vittorini, Volponi ou Morante. En canto aos xéneros traducidos sinálase o predominio da poesía, sobre todo de poemas soltos e dos máis coñecidos poetas italianos, os poucos títulos narrativos e a escasa presencia do teatro. En canto aos traductores coméntase que foron os integrantes da Xeración Nós os primeiros en traducir do italiano, como é o caso de Losada Diéguez ou Otero Pedrayo, e xa na actualidade, alúdese aos excelentes traductores para continuar esta tarefa.




- Noemí Pazó González, “Unha petición (de man) que cumpre vinte anos”, pp. 687-695.

Neste artigo a autora procura ofrecer unha perspectiva sobre a repercusión, valoración, mecanismos de introducción e funcionamento escénico dalgúns dramaturgos realistas xa clásicos (Ibsen, Strindberg, Chekhov) no espacio teatral galego. A tal fin, refire o punto de

inicio deste interese entre nós: os homes das Irmandades da Fala (Antón Villar Ponte, Vicente Risco, etc.) xa reclamaban os referidos nomes xunto con outros como modelos a seguir para acadar a modernidade do teatro galego. Non embargante, a concreción deste desexo non se dá ata transcorrido un amplo espacio de tempo, máis acentuado aínda no caso do ruso (ausente xa da admiración dos nosos intelectuais de preguerra). Agora ben, a atención foi tardía, pero verdadeiramente productiva: a partir dos anos 80 hai un gran número de publicacións e representacións de Anton Chekhov en Galicia. Neste feito ten influído moi notabelmente o labor dos "Cadernos da Escola Dramática Galega", "primeira plataforma estable para a edición das traduccións ao galego de obras universais", e de Francisco Pillado Mayor, que deu inicio coa versión da *Petición de man* (1980) a unha serie de publicacións en galego de Antón Chekhov, case todas realizadas polo propio Pillado.




- Manuela Palacios González e Carmen Ríos Fernández, “Virginia Woolf no feminismo galego”, pp. 697-704.

Abórdase a recepción de Virginia Woolf por parte do feminismo galego, que se atribúe á necesidade deste de buscar referentes e mais á énfase que a escritora inglesa puxo nas

condicións materiais de producción da arte, aceptando moitas autoras que as súas análises eran aplicábeis á situación precapitalista que viviu Galicia ata mediados do século XX. Así, analízanse as referencias e citas que das obras de Woolf, principalmente de *A Room of One's Own,* apareceron nas revistas feministas *Festa da palabra silenciada* e *Andaina*, así como as súas motivacións e implicacións e os artigos nos que se discutían os seus posicionamentos. Tamén se amosa o impacto da autora inglesa no feminismo galego salientando o destacado tratamento que Carmen Blanco lle dá nos seus libros *Literatura galega de muller* e *O contradiscurso das mulleres: historia do feminismo*, e resumindo algunhas das consideracións sobre o seu pensamento e influencia en feministas posteriores expostas nestas dúas obras.




- Armando Requeixo, “Xosé María Díaz Castro traductor”, pp. 705-713.

Empeza falando da faceta do escritor como poeta para logo centrarse no seu papel como traductor. Di que se trata dunha persoa culta e polifacética que dominaba idiomas tales como o francés, inglés, alemán... sen esquecer o seu dominio do castelán e do galego. Despois de varios anos de estudios en Galicia en localidades como Santiago ou Vilagarcía

de Arousa, foi no ano 1948 cando marcha a Madrid coa idea de perfeccionar os seus coñecementos. Será alí onde traduza ao castelán obras como *Morir en Irlanda* de Kenyon, *El hombre de Monticello* de Fleming, etc. Ademais informa de que foi Díaz Castro o que fixo




o Nuevo Diccionario Internacional del Frío no ano 1960 e sobre o feito de traducir indica queeste autor opinaba que “a traducción é un xeito de recreación. É ciencia, pero tamén é un arte”.

-Dolores Vilavedra, “*Valle-Inclán 98*: achegas para un modelo de análise da recepción teatral”, pp. 715-725.

Comentario crítico sobre a polémica xurdida pola representación da obra *Valle-Inclán 98* polo Centro Dramático Galego a partir dunha montaxe en castelán, ante o que se opuxo a Mesa pola Normalización Lingüística e varios críticos actuais, ao mesmo tempo que a iniciativa foi apoiada por outra parte da crítica como Dolores Vilavedra, quen participou como traductora dalgún dos textos. O corpo do artigo está constituído ao redor da diferencia entre a recepción analítica e a recepción crítica no que se inclúen dous niveis de interpretación,

para explicar que a recepción teatral é importante á hora de enfrontarse a un texto, ademais da decisión lingüística. Finalmente a autora decántase cara unha recepción axiolóxica.








Lozano Paz , Moisés, *Frei Benito Xerónimo Feixoo*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Pensamento, nº 6, xuño 2002, 115 pp. (ISBN: 84-89803-47-1).

Obra de Moisés Lozano Paz na que se estudia a figura de Frei Benito Xerónimo Feixoo (1676-1764), prestando especial atención ao estudio do seu pensamento. A obra estructúrase en sete capítulos: “Cadro cronolóxico”, “Biografía de Feixoo”, “O pensamento de Feixoo”, “Selección de textos”, “Bibliografía”, “Glosario” e “Notas”. No “Cadro cronolóxico” sitúa temporalmente os feitos sociopolíticos, culturais e filosóficos máis destacados acontecidos entre o ano do seu nacemento e o do seu pasamento. No segundo capítulo dá conta dos datos biográficos máis relevantes de Feixoo e inclúe un cadro coas súas obras, tanto as publicadas como as inéditas. O terceiro capítulo, dedicado ao estudio do seu pensamento, é o máis amplo e divídese nos seguintes sub-apartados: “Contexto e influxos da obra de Feixoo”, onde explica a influencia que na súa obra exerceu Aristóteles, a Escolástica, o humanismo renacentista, a ciencia e o pensamento moderno; “A filosofía ¿filosofía natural ou metafísica”; “Os presupostos antropolóxicos e psicolóxicos”, “Teoría do coñecemento: experiencia e razón”, “Coñecementos e ser”, “Método, evidencia, certeza e verdade”, “As ideas estéticas”, “O pensamento político” e “O pensamento ético”. No cuarto

capítulo inclúe vinteún textos aos que fai referencia na explicación teórica do capítulo anterior e que pertencen ás súas obras *Ilustración apologética*, *Teatro crítico universal* (publicada en nove tomos entre 1726 e 1741) e *Cartas eruditas y curiosas* (publicada en cinco tomos entre 1742 e 1760). No capítulo de bibliografía cita vintecinco obras relacionadas coa vida, obra e pensamento de Feixoo. No capítulo sexto, “Glosario”, define, en función do significado que teñen dentro da obra do frei, catorce conceptos, entre eles: autoridade, coñecemento, Galicia, natureza, ... Inclúe, finalmente, un capítulo de notas.








Martul, Luís, Carmen **Luna** e María **Golán**, *Xavier Bóveda. Belezas locais, bohemia e aventura emigrante. Colectánea de textos inéditos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Arquivo da emigración galega, col. De peto, 2002, 306 pp. (ISBN: 84-95415-60-7).⓾

Volume que conta cunha introducción de Luís Martul, Carmen Luna e María Golán, investigadores do proxecto “Escritores de orixe galega: a súa inserción nos sistemas literarios arxentino e cubano”, subvencionado pola xunta de Galicia. Neste estudio introductorio dan conta da orixe humilde de Xavier Bóveda (Ourense, 1898-Madrid, 1963), e do seu periplo vital e literario. Así, ofrecen datos sobre a relación deste personaxe con outros intelectuais e mecenas da súa obra. Da súa estancia en Ourense antes de marchar a Arxentina, destacan que frecuentaba o “Cenáculo ourensán”, reunión na que participaba xunto a Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas ou Arturo Noguerol Buján, entre outros. Así mesmo aluden á súa participación en revistas como *La Centuria*, dirixida por Vicente Risco. A seguir salientan o seu achegamento ao movemento ultraísta e
o que supuxo para el a súa viaxe a Arxentina, lugar no que se converteu nun escritor cualificado por certos xornalistas de galego, aínda que escribiu maioritariamente en español.

Sinalan que Bóveda aproveitou isto para dar a imaxe dun poeta enraizado na natureza ou na paisaxe galega e destacan que para el Galicia no aspecto literario só merecía unha atención secundaria, supeditada ao español. A continuación deste estudio inclúense escritos deste autor, moitos deles inéditos, agrupados xenericamente baixo as etiquetas de “Ensaio”, “Poesía” e “Teatro”. Finalmente achégase un epistolario deste autor con distintos persoeiros como Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo ou Federico García Lorca.





Mascato, Antón, *Paco del Riego. Unha historia da restauración política e cultural*, Vigo: Edicións do Cumio/Concello de Nigrán/Instituto de Estudios Miñoranos, col. Biografías Históricas, 2002, 103 pp. (ISBN: 84-8289-207-X).

Breve biografía do intelectual laurentino Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, Lugo, 1913), que, segundo o seu mesmo autor confesa no "Limiar", "segue no fundamental o seu propio relato en *O río do tempo. Unha historia vivida*", que Fernández del Riego publicou en Ediciós do Castro. Seguindo un método rigorosamente diacrónico, a biografía divídese en seis apartados, fundamentalmente centrados a través dos espacios que ocuparon a vida do intelectual: Lourenzá e Monforte de Lemos, Madrid e Santiago de Compostela, Compostela e Vigo, Vigo e Coruxo, Vigo e Nigrán e, finalmente, Lourido e A Coruña, abranguendo dende o seu nacemento ata 2002, ano da edición do traballo. O estudio péchase con senllos epígrafes finais, un cadro cronolóxico da autoría de Carlos Méixome Quinteiro e unha bibliografía sobre a vida de Fernández del Riego.

Referencias varias:

- Xosé Feixó, “Biografía de ‘D. Paco’. Arredor da vida/obra de F. Fdez. del Riego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, 7 novembro 2002, p. V.

Artigo no que se celebra a enteireza intelectual de Francisco Fernández del Riego como un dos piares actuais da cultura galega e como un dos poucos representantes vivos da anterior traxectoria cultural da Galicia prebélica. Confesa ter quedado abraiado pola intensa capacidade do laurentino cando, hai dez anos, actuou como corrector de varios escritos seus. A continuación sinala os apartados nos que se divide a biografía e o cadro cronolóxico, para rematar destacando a importancia da figura rescatada.

- S. Jaureguízar, “Unha biografía de Del Riego revela o seu enfrontamento con Casares”, *El Progreso*, 29 outubro 2002, p. 90.

Colaboración xornalística na que se incide fundamentalmente no enfrontamento que sobre a xestión da Editorial Galaxia mantiveron quen foi un dos seus fundadores, Francisco Fernández del Riego, e Carlos Casares, que era antes da súa repentina morte o principal responsaábel da empresa editora viguesa.

Mato, Mª Isabel, *Álvaro Cunqueiro*, Lugo: El Progreso de Lugo, 2002, col. Fillos de Lugo, 2002, 100 pp. (LU/322-02).

Biografía de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) estructurada en seis capítulos que se corresponden coas diferentes etapas vivenciais do poeta, novelista, autor teatral, xornalista e traductor mindoniense. Os distintos capítulos son “Infancia e mocidade: ler e imaxinar. Mondoñedo e Lugo 1911-1927”, “Universidade e poesía. Entre Santiago e Mondoñedo. 1927-1936”, “De oficio en tempos de guerra. Ortigueira-Vigo-San Sebastián-Madrid. 1936-1947”, “O poeta mindoniense é un mago da prosa. Mondoñedo. 1947-1960”, “O recoñecemento sen descanso na redacción. Vigo 1961-1981” e “Na memoria. Mindoniense universal ata a fin dos días”; neles nárrase a súa traxectoria vital comprendida entre os anos do epígrafe correspondente. A obra inclúe, así mesmo, textos de diversas fontes como boletíns de literatura, biografías, revistas e xornais, manuais de literatura, etc.,que completan a biografía achegando textos do propio Álvaro Cunqueiro, dos seus amigos ou doutros biógrafos.

Mato, Mª Isabel, *Ramón Piñeiro*, Lugo: El Progreso de Lugo, 2002, col. Fillos de Lugo, 2002, 89 pp. (LU/323-02).❿

Neste volume da colección Fillos de Lugo faise un repaso á vida e á actividade pública de Ramón Piñeiro. Dende o seu nacemento en 1915 ata o ano da súa morte en 1990 cóntase o lugar e a data na que naceu, onde realizou os seus estudios, en que momento empezou a entrar en contacto co galeguismo, as persoas coas que colaborou, as empresas que levou a cabo, as súas actuacións durante a guerra e a posguerra, etc. Este volume está estructurado en distintas partes nas que cada unha delas é un período cronolóxico da vida do autor de *Filosofía da saudade.* Esas partes son: 1915-1931, 1932-1936, 1936-1939, 1936-1946, 1946-1949, 1950-1965, 1966-1974 e finalmente 1975-1990. Cabe sinalar o feito de que os acontecementos da vida de Ramón Piñeiro que aquí se narran están acompañados de citas de diferentes libros sobre Piñeiro ou incluso citas do propio lugués, así como o feito de dar explicación a termos, empresas ou movementos característicos do

contexto socio-político no que Ramón Piñeiro viviu e da evolución posterior á participación de Piñeiro neles.








Miragaya, Ana (coord.), *IGAEM. 1991-2001*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, marzo 2002, 170 pp. (DL: C-862-2002).

Balance dos dez primeiros anos de funcionamento do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Tralos prólogos institucionais, o presidente do organismo, Amado Ricón Virulegio, presenta o volume como un percorrido de reflexións, datos e imaxes, proposto á sociedade galega para revisar e celebrar estes dez primeiros anos de actividade do IGAEM, destacando a evolución e afianzamento desta institución. Abórdanse na primeira das catro seccións nas que se divide a obra, "IGAEM 1991-2001", as orixes, funcións, estructura (ofrecendo cadros nos que se amosa a evolución da composición dos Consellos Rectores do IGAEM desde 1991 á actualidade), orzamento e instalacións coas que conta o Instituto, así como as institución públicas e entidades privadas coas que colabora. Na sección "Promoción e programación" saliéntanse as actividades culturais relacionadas co teatro, danza e música que o IGAEM promove, ben unilateralmente, ben en colaboración con outras iniciativas privadas ou públicas. Así mesmo destácase a creación da Rede Galega de Teatros e Auditorios e mais a programación do Salón Teatro. No eido teatral dáse conta dos

investimentos en axudas á producción e distribución das montaxes de compañías privadas,da organización da Feira do Teatro de Galicia, da convocatoria do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, das axudas para o mantemento da actividade das salas privadas de exhibición escénica, do apoio ao teatro universitario e afeccionado, aos monicreques, etc. Na sección “Centros e unidades de producción propia” dáse conta das actividades realizadas polo Ballet Galego Rey de Viana, o Centro Dramático Galego, o Grupo de Música Tradicional do IGAEM, a Escola de Altos Estudios Musicais de Galicia e o Centro de Documentación das Artes Escénicas e Musicais de Galicia. Na sección dedicada ao CDG (aberta cun texto do seu director, Manuel Guede, na que valora positivamente a creación do IGAEM e a adscrición do CDG a este), faise un percurso polo camiño percorrido polo CDG desde a súa adscrición ao IGAEM en 1991. Saliéntase que as súas liñas de programación apuntan en tres direccións: a recuperación da nosa literatura dramática, a incorporación á escena galega dos grandes nomes da dramaturxia universal e a presencia de dramaturgos galegos contemporáneos. Danse datos como cifras de espectadores, a relación de directores que tivo o Centro ou os directores de escena que interviñeron nos seus proxectos, así como diversos proxectos de futuro. Ofrécese, por último, a ficha técnica de todas as montaxes do CDG desde 1991 ata o 2001. Na última sección do libro, “Formación, difusión

editorial e futuro", apúntanse as actividades levadas a cabo polo IGAEM relativas á formación e difusión editorial nos eidos do teatro, música e danza, e adiántanse os proxectos de futuro nos que se está a traballar. Así, no referente á difusión editorial do teatro ofrécese unha relación dos libros editados ata o momento nas coleccións "Centro Dramático Galego. Libros do espectáculo", "Os libros do Centro Dramático Galego", "Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor", "Cadernos de Teatro, 2ª época", e "Máscaras", así como das unidades didácticas e libros editados fóra de colección. Sinálanse tamén as publicacións periódicas especializadas que se editan co apoio do IGAEM e as montaxes do CDG editadas en formato VHS.

Referencias varias:

- E. P., "O Igaem celebra dez anos de vida e edita un libro conmemorativo", *O Correo Galego*, "Cultura", 25 xuño 2002, p. 73.

Co gallo do décimo aniversario do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), anuncia que se vai presentar un libro en Santiago de Compostela que recolle a traxectoria

desta compañía ao longo da súa vida. Nesta presentación actuará o “Grupo de Música Tradicional do Igaem”. Dende a presidencia do Instituto destácase o grande labor que esta institución está a realizar en prol das artes escénicas e musicais. O acto de presentación do libro terá lugar o 25 de xuño e nel proxectarase un documental que percorre a historia do Igaem dende a súa fundación na tempada 1991-1992.




- Albino Mallo, “Os dez primeiros anos do Igaem”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Dende a miña fiestra”, 25 agosto 2002, p. 16.

Dáse conta dos dez anos de historia do IGAEM, recollidos no volume *IGAEM. 1991-2001*. Así, indica que comezando polos prólogos institucionais, recóllense a continuación algunhas cifras das actividades do IGAEM, destacándose que o 63,5% das actividades realizadas están relacionadas co teatro e dándoselle tamén importancia ao cofinanciamento de actividades culturais cos diferentes concellos galegos. Finalmente, destácanse neste artigo algunhas das obras representadas polo IGAEM, mencionando aos autores das mesmas e prestando especial atención ás coproduccións en castelán co CDN (*Valle-Inclán 98* e *Os*

vellos non deben de namorarse) e ás adaptacións de autores “alleos” como Shakespeare, Buchner, Gil Vicente, Aristófanes, Synge, Camus ou Schnitzler.








Núñez Seixas, Xosé M., *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Monografías da USC, nº 210, 2002, 325 pp. (ISBN: 848121-977-0).

Libro articulado en oito apartados, que comezan cun limiar, unha introducción, as seccións tituladas “Sobre a imaxe dos inmigrantes galegos na Arxentina”, “Reinventando os galegos”, “Sobre identidades colectivas e lingüísticas”, e “A gaita e o tango: As festas étnicas como crisol da identidade”, unha conclusión e un apartado bibliográfico. Nel abórdase a dimensión da emigración galega na República Argentina. A primeira sección profunda no desenvolvemento da imaxe do emigrante galego no século XIX e a primeira metade do XX, no campo literario (onde se rescata a presencia galega no sainete crioulo e na figura da mucama) e na propia asunción do estereotipo polos inmigrantes; a segunda parte trata da reinvención do mito galego a través de imaxes como a do bo obreiro, o berce de Colón, o vó do *Plus Ultra*, Farabutti ou o síndrome da aldraxe; a terceira analiza a pervivencia do idioma na colectividade porteña por medio de distintos discursos das elites ou un inquérito datado en 1932, e a cuarta aborda o aparato festeiro galego importado na Argentina,

fundamentalmente pola análise da irrupción da festa popular galega e o teatro. Finalmente incide no costumismo galego e na simboloxía iconográfica.




Recensións:

- Marcos Valcárcel, “As uvas na solaina”/“O inmigrante imaxinario e os gayegos de América”, *La Región/A Nosa Terra,* nº 1.058, “Sociedad”/“Sociedade”, 24 novembro 2002/28 novembro-4 decembro 2002, p. 74/p. 22.

Comeza sinalando o pulo que recibiron nos últimos anos os estudios sobre a emigración, salientando os traballos de Núñez Seixas ao respecto. A seguir céntrase na análise da última obra deste autor, da que indica que aborda o problema das identidades específicas no mundo da emigración e a imaxe que dos galegos se tiña na sociedade arxentina entre o século XIX e 1940, abordando cuestións como os estereotipos despectivos sobre os galegos, a imaxe transmitida desde a cultura de masas, a resposta das elites dos Centros e Sociedades ante estas imaxes, etc. Indícase que para isto o autor rastrexa a figura do galego na literatura arxentina, no teatro e no cinema, e amósanse algúns dos estereotipos

cos que se caracterizaba a estes inmigrantes, así como o papel dos personaxes galegos nos sainetes e no cinema. Tamén se sinala que no estudio de Núñez Seixas se detallan as estratexias empregadas polos emigrantes para responder a estas imaxes denigrantes, comentando algúns dos exemplos máis relevantes. Remata destacando a pluralidade e heteroxeneidade do colectivo galego e das súas opcións políticas que recolle o libro, exemplificándoo cunha enquisa de 1932 do *Correo de Galicia* na que establecen as porcentaxes de emigrantes favorábeis ao centralismo, de autonomistas, de federalistas e de independentistas, así como os poucos partidarios cos que contaban as propostas de cooficialidade do galego, refutando así a "mitoloxía pangaleguista que ás veces se presenta da Galiza americana".




Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, 28 novembro 2002, p. VII.

Ver Rivadulla Corcón, X. H., ... *do mar e a noite*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

- Marcos Valcárcel, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 1 decembro 2002, p. 71.

Fala da importancia da emigración na historia contemporánea de Galicia, facendo un percurso pola presencia deste tema nos poetas galegos e a visión que estes ofrecen dos emigrantes, da emigración e das súas causas (para o que cita versos de autores como Neira Vilas, Manuel María, Rosalía de Castro, Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferreiro, etc.). Ao falar dos traballos publicados sobre as visións da emigración na literatura galega fai referencia, entre outros, aos estudios de Xosé M. Núñez Seixas.





Núñez Sobrino, Ángel, *Un ímpeto do tempo (Unha fixación deleitosa)*, prólogo de Aníbal Pinto de Castro, Coimbra: edición de autor, 2002, 157 pp. (ISBN: 84-607-3901-5).

Ángel Núñez Sobrino (Santiago de Compostela, 1955), presenta neste libro un conxunto de vintetrés artigos (todos eles en galego, excepto un, *Alrededor de la chimenea*, en castelán) xa publicados entre xaneiro do ano 2000 e maio de 2001 no xornal *El Correo Gallego*, nos que, como o propio autor cita na nota explicativa, continúa "o tema humanístico e filosófico", algo do que non desexa –engade– pararse nin separarse nunca. Ao longo de todos eles trata os máis variados tópicos, acerca dos cales reflexiona e facilita numerosas referencias bibliográficas. Así pois, encontrámonos as máis profundas reflexións efectuadas ben acerca da relevancia que unha poesía lle atribúe a un lugar, mitificándoo e ata converténdoo nunha revelación, ben acerca do que supoñen iniciativas culturais galegas de tal calado coma a Semana Galega da Filosofía, ben sobre o debuxo arqueolóxico (pensamento debido especialmente á producción da colección *Los dibujantes de la sociedad Arqueológica* de Alfredo Eiras) ou ben sobre as antigüidades e as diferentes visións que achega. Todo isto pasando por outros pensamentos que fan referencia aos pubs, á música dos 60 e 70, os

símbolos de Compostela, a García Sabell, á elocuencia, a unha cheminea, ao día a día, ás escaleiras, ao outono ou incluso a editoriais coma Ir Indo.








Otero Pedrayo, Ramón, *Artigos de posguerra. Finisterre* e *Sonata Gallega*, compilación, edición e notas de Xosé Manuel Salgado, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria (Obras de Otero Pedrayo. 16), nº 184, xuño 2002, 238 pp. (ISBN: 84-8288-547-2).

Este volume acolle as colaboracións de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976) nas revistas *Finisterre* e *Sonata Gallega*. O volume ábrese cunha introducción de Xosé Manuel Salgado, na que fai referencia primeiramente á actividade do egrexio ourensán nos anos corenta, á vez que realiza unha breve descrición das dúas revistas. A seguir elabora un sucinto estudio do contido desta compilación, para rematar "a xeito de epílogo" convidando ao lector a achegarse a estas páxinas. En primeiro lugar recolle as vintecinco entregas de *Finisterre*, escritas entre 1943 e 1946, e redactadas todas elas en castelán. Hai aquí trece artigos de corte ensaístico, nos que os temas son moi variados: acontecementos históricos, a festa do Apóstolo, o mapa Fontán, a saudade, a nosa paisaxe, os cambios da aldea, personaxes como o bispo Diego Peláez ou a obra do poeta Francisco de Castro, entre outros. Contén tamén once contos de diversa índole, reais ou irreais, nos que a ironía e o humor ás veces non están exentos. Preséntanos fidalgos como o saudoso señorito de Torroal que emigra ás Antillas na procura de estabilidade económica; un cura, "segundón de

familia ilustre", que é enviado a unha aldea remota; un vello louco de amor por unha moza; a "Patacón", mozo licenciado en Filosofía e Letras que a penas gaña para vivir; etc. Completa este apartado unha breve peza teatral en tres actos na que pedras e penedos cobran vida. De *Sonata Gallega* achega nove colaboracións, escritas entre 1944 e 1952, seis en galego e tres en castelán. Entre elas, figuran un poema de carácter elexíaco, un conto e sete artigos ensaísticos. Nestes últimos alude, entre outros asuntos, á emigración, a Compostela, a Manuel Murguía e a Almeida Garret.




Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Escritos do exilio interior de Ramón Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 8 setembro 2002, p. 3.

Comeza referíndose ao contexto histórico-cultural no que Otero escribiu os artigos que se recollen en *Artigos de posguerra*, para logo centrarse en cada unha das revistas nas que apareceron. Sinala que en *Finisterre* publicou vintecinco colaboracións dende setembro de 1943 ata abril de 1946 co pseudónimo de Santiago Amaral, agás un que asina como Luís

Peñanofre. Sinala que emprega o pseudónimo pola lingua que lle viña imposta. De *Sonata Gallega* destaca que recolle nove colaboracións entre 1944 e 1952, na que recupera o galego como lingua escrita e asina co seu nome, que ocorre en seis das colaboracións, mantendo nas outras o pseudónimo. Repasa tamén as temáticas que aborda, sinalando que nos artigos ensaísticos está presente a simboloxía da paisaxe ou as transformacións da sociedade galega, mentres que nos ficcionais son estampas de anécdotas da vida aldeá. Remata destacando a importancia de Otero na renovación do relato breve e a importancia de recuperar estes artigos espallados.




- Manuel Rosales, “Artigos de Posguerra”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”*, nº 13, “Libros”, 10 outubro 2002, p. IV.

Despois de salientar a inmensidade da producción xornalística de Ramón Otero Pedrayo e alegrarse polo feito de que o volume *Artigos de posguerra* contribúa á recuperación desta, destaca do prólogo, entre outros aspectos, os motivos que levaron ao insigne escritor a refuxiarse na prensa e a botar man do castelán. Ademais, pon de manifesto a “variedade de

xéneros e subxéneros” utilizados e subliña a presencia do característico estilo do señor de Trasalba.




Referencias varias:

- Alfredo Conde, “Trasalba”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 xullo 2002, p. 40.

Alude nunhas poucas liñas á entrega do Premio Trasalba e cita os dous libros que trouxo daquela cerimonia, *Teceláns*, de Pérez Alberti, e *Artigos de posguerra*, de Otero Pedrayo. Gaba tamén o ambiente que se respira na terra do egrexio ourensán nunha data tan sinalada coma esta.

-Alfredo Conde, “Pequenas transgresións”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 xullo 2002, p. 4.

Tras unhas breves divagacións filosóficas sobre a vida, alude a *Artigos de posguerra* de Otero Pedrayo. Mostra a súa admiración polo ourensán e di que a súa prosa vén ser "unha bacina contra o despilfarro do asimilacionismo comodón".

- X. L. Méndez Ferrín, "Otero Pedrayo no naufraxio", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 16 agosto 2002, p. 2.

Presenta este volume, *Artigos de posguerra*, e logo evoca a figura de Otero na difícil situación vivida despois da contenda civil. Lembra o ostracismo ao que foi sometido e a súa tristura pola perda de amigos asasinados ou exiliados. Tamén rememora a primeira lembranza que ten de ver en Ourense ao polígrafo paseando coa súa dona e o respecto da xente que os saudaba pola rúa. Finalmente, refírese á súa actividade intelectual que non deixou nunca, tanto de obras literarias coma de investigación, que era a súa forma de loitar contra o réxime. Remata recomendando a lectura desta obra.

- X. L. Méndez Ferrín, "Pasa don Antonio por S. Miguel dos Agros", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 19 agosto 2002, p. 2.

Comeza referíndose á figura do II Cura de Fruime, de quen di que está “finamente deseñado por Ramón Otero Pedrayo” na obra *Artigos de posguerra*, en edición de X. Manuel Salgado. Describe a esta figura, as súas relacións con persoeiros da época e a súa personalidade. Destaca a imaxe que nos transmite Otero e cómo aproveita para evocar o clima da Universidade e da sociedade galega no tránsito do século XVIII ao XIX. Remata reproducindo un fragmento dun poema de Antonio Francisco de Castro, que considera que anuncia a poesía que viría logo de Rosalía de Castro.

- Manuel Vidal Villaverde, “Artigos de posguerra”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 1 setembro 2002, p. 51.

Breve achega á compilación de X. M. Salgado, na que subliña o “talento” e “erudición” do autor de Trasalba. Destaca do libro dous ensaios, “Un poeta de la soledad antes del romanticismo” e “Os dezasete anos de Almeida Garret”, para rematar dándolle a noraboa ao editor.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, “Libros”, 19 setembro 2002, p. V.








Ver Fernández Ferreiro, Xosé, *Millo verde*, no apartado 1. I. Narradores galegos deste *Informe*.

-Rodri García, “Heterónimos de Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 12 outubro 2002, p. 10.

Refírese á aproximación que Salgado realiza a Ramón Otero Pedrayo nos anos nos que escribe os artigos que conforman esta obra. Sinala que o máis destacábel é o emprego que fai de pseudónimos para asinar os seus escritos na prensa, que era do que vivía despois de ser destituído da súa cátedra, entre eles Santiago Amaral, Luís Peñanofre ou Juan Gallego, entre outros. Alude tamén ao feito de que o autor ourensán empregue o seu nome cando comeza a escribir de novo en galego, mentres que mantén o pseudónimo naqueles artigos en castelán, especialmente o de Santiago Amaral.

- Ramón Pernas, “El efecto carrusel”, *La Voz de Galicia*, “Nordés”, 19 outubro 2002, p. 16.

Achega unhas cantas reflexións sobre a “tradición” e a “modernidade” a propósito da lectura do artigo “La ronda de las horas” de Otero Pedrayo recompilado na obra *Artigos de posguerra*. Del di que versa sobre un día na vida campesiña.





Pardo de Neyra, Xulio, *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme*. *Textos galegos de Zernadas y Castro*, prólogo de Francisco Fernández del Riego, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 160, 2002, 375 pp. (ISBN: 84-8487-011-1).

Volume no que se presenta a totalidade da obra lírica galega de Diego Antonio de Zernadas y Castro (1702-1777), máis coñecido como “O cura de Fruíme”, un dos compoñentes da nómina ilustrada de Galicia e o autor máis prolífico do longo período que coñecemos como os Séculos Escuros. Tras un prólogo da autoría de Francisco Fernández del Riego, o ensaio ábrese cunha traxectoria vital do cura de Fruíme, seguida dunha detida análise histórica sobre o contexto cultural da Galicia e a Compostela do século XVIII. A continuación preséntanse os textos galegos de Zernadas e, dende unha perspectiva filolóxica, a carón dunha pormenorizada análise de todo o período dos Séculos Escuros, analízanse segundo criterios intratextuais (contido, temática e personaxes), formais (niveis gráfico, fónico, gramatical, léxico-semántico e pragmático) e estructurais, e extratextuais, onde teñen cabida os históricos, os literarios, os sociais, os antropolóxicos e etnográficos, os ideolóxicos e os biográficos. Tras o balance e o apartado bibliográfico-documental, inclúense os facsímiles dos textos presentados.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Librería galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 269, 13 xullo 2002, p. 2.

Baixo o título de “O labor lírico do cura de Fruíme”, Blanco Rivas comenta esta obra elaborada por Xulio Pardo de Neira. Ademais de facer un resumo do contido do ensaio e de rescatar palabras procedentes do prólogo realizado por Francisco Fernández del Riego, esta colaboración céntrase en salientar o volume considerando as merecentes achegas que,segundo se di, alí se presentan. É por iso que, finalmente, sinala que o seu autor “non se limita a encher unhas fichas bibliográficas ou a facer un resume das actividades da personalidade que estudia, senón que engade novos coñecementos aos que a erudición acadou ata hoxe”. En columna á parte, ofrece tamén brevemente o argumento da peza de teatro *Agnus patris* (2002), de Afonso Becerra de Becerreá; do poemario *Alén do lume* (2002), de X. C. Gómez Alfaro; e da reedición de pezas teatrais *Ciclo de Venus* (2001), de Millán Picouto.

-Xosé Freire, “O cura de Fruíme e a defensa da Galiza ilustrada. Rescate dos escritos galegos de Zernadas y Castro”, *A Nosa Terra*, nº 1.048, “Cultura”, 19-25 setembro 2002, p. 27.

Insístese en todos e cada un dos aspectos que Francisco Fernández del Riego, prologuista do ensaio, considerou na súa introducción: o rescate da obra do cura de Fruíme, a análise da súa época, a cultura do momento e o movemento da ilustración. Ademais, o columnista destaca o interese que o autor despregou polo desleixo que estaba a sufrir a Galicia do século XVIII e o rigor erudito co que se afrontou a presentación e a análise do corpo literario galego do crego compostelán: “a verdadeira razón de ser do libro é a obra en galego do primeiro cura da parroquia coruñesa de Fruíme (...) e someter esta á erudición de Pardo de Neyra”. Tamén se destacan os apartados bibliográfico e facsimilar.

Pilar Ponte, “A lírica dun ilustrado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 16, 31 outubro 2002,

V.





Trátase dun artigo no que se combinan a recensión bibliográfica (dando contas do contido do volume glosado) e a referencia crítica (pois profunda en aspectos sobre a metodoloxía empregada e o rigor analítico do estudio elaborado). Respecto a este último aspecto, a súa autora subliña “a acertada opción” do ensaísta: por unha banda, polo “emprego das citas a pé de páxina que facilitan a lectura e comprensión do texto”, e pola outra, “o método de clasificación levado a cabo na bibliografía, un labor do que tirará proveito calquera futuro estudioso ou interesado sobre a época ou sobre a obra que nos ocupan”.





Pardo de Neyra, Xulio, *Vanguardia Gallega ou o compromiso xornalístico lucense coa II República Española. 'A xeración da República' na literatura, na prensa e na política galegas*, Lugo: Concello de Lugo/Asociación Cultural Ágora Cultural, maio 2002, 157 pp. (ISBN: 84-930760-7-4).☒⓾

Volume no que se fai unha aproximación ao feito xeracional galego da Época Nós, onde se incardina unha 'xeración da República' da que se fan piares a Dieste e a Evaristo Correa Calderón, este último un dos fundadores do xornal lucense *Vanguardia Gallega* (19311933). O libro componse de cinco epígrafes principais nos que se analiza o ambiente lucense daquela época, o proxecto literario galego e castelán dos irmáns Evaristo e AntonioCorrea Calderón, a problemática xeracional da Galicia da Época Nós, o xornal *Vanguardia Gallega* e o "Himno a Galicia republicana" do mestre Freire Penelas, o único documento desta tipoloxía existente na nosa traxectoria cultural. Finalmente, tras un balance, o libro péchase cun apartado bibliográfico-documental e outro con ilustracións.

Referencias varias:

-S. Jaureguízar, “Pardo de Neyra delimitou onte a ‘Xeración da República”, *El Progreso*, “Lugo”, 23 maio 2002, p. 74.

Crítica na que se destaca o estudio xeracional presentado en *Vanguardia Gallega ou o compromiso xornalístico lucense coa II República Española. ‘A xeración da República’ na literatura, na prensa e na política galegas* e na que se incide no seu contido, salientando o valor e a enteireza do xornal republicano galego. Segundo as súas verbas, “o autor conta a vida desta xeración entre 1931 e 1944; cunha primeira etapa que remata contra o 36, aínda en Galicia, e unha segunda, que se vive en Buenos Aires ata o 44, cando o Goberno republicano perde o favor internacional”.





Pascual Carballo, Alberto, *A uva acedohíbrida de Forxán ou do humor gráfico galego*, prólogo Xaquín Marín, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, febreiro 2002, 288 pp. (ISBN: 84-87575-99-4).



♦♏⊠♦□⬩ ♋⬩⬋ ♍□❍□ ■◆❍♏❒□⬩♋⬩ ❖♓⇧♏♦♋⬩ ♎♋ ♍□●♏♍♍♓⇔■ ♎♏ ☞□❒⊠➚■☜ ❑◆♏ ♦♋❍➚■ ♋♍□❍◘♋⇧♋■ ♦□♎□⬩ □⬩ ♋◘♋❒♦♋♎□⬩ ♎♏⬩♦♏ ●♓♌❒□☝




Referencias varias:

-Lola Airas, “Caricatura y juegos populares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 9 marzo 2002, p. 16.

Indícase que no Centro Cultural da Deputación de Ourense tivo lugar a presentación do libro *A uva acedohíbrida de Forxan* obra de Alberto Pascual do que se sinala que contará cun prólogo de Xaquín Marín que afirmou no acto que esta obra é fundamental para coñecer a historia do humor galego. Asemade indícase que na libraría Torga tivo lugar a presentación do volume *O libro dos xogos populares galegos* e mais que na Aula de Cultura de Caixa Galicia se representou a montaxe *Hamlet e familia* dirixida por Manuel Lourenzo.

Pazos Touriño, Belén, Pilar **Pena Búa** e Marcos **Seixo Pastor**, *Roberto Blanco Torres. Vida, obra e pensamento*, A Estrada-Pontevedra: Editorial Fouce, col. Strata, nº 4, maio 2002, 279 pp. (ISBN: 84-95429-05-5).

Extenso volume de Belén Pazos Touriño (Cuntis, 1969), Pilar Pena Búa (Cuntis, 1965) e mais Marcos Seixo Pastor (Lugo, 1959) no que se fai un pormenorizado percorrido pola vida e mais pola obra de Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936). Presenta un limiar, a cargo de Miro Villar, no que aplaude que o Día das Letras Galegas de 1999 se dedicase a Blanco Torres amais de destacar o labor feito polos autores desta obra. Este libro xébrase en dous grandes bloques. No primeiro repásase a vida e obra de Blanco Torres mentres que no segundo se reproduce parte da súa obra, tanto literaria coma xornalística. O primeiro bloque conta con cinco seccións– “Aspectos biográficos”, “Blanco Torres e o xornalismo”, “Agrarismo e Nacionalismo”, “O republicanismo de Blanco Torres” e mais “O segundo Rexurdimento”– nas que se debullan todos os aspectos referidos á traxectoria biobibliográfica de Roberto Blanco Torres. No referente ao segundo bloque, nel reprodúcense poemas de *Orballo da media noite* (1929) xunto con outros poemas do poeta, en galego e español, así como a traducción ao galego de seis poemas de autores europeos.

Asemade reprodúcense nove relatos en galego, numerosos artigos sobre política ou emigración e dezanove dedicados á literatura galega, obra de Roberto Blanco Torres.

Recensións:

-Ramón Nicolás, "Blanco Torres de actualidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 22, "Libros", 12 decembro 2002, p. V.

Sinálase que este libro xorde dentro da liña de redescuberta da figura de Roberto Blanco Torres que comezara coa celebración do Día das Letras Galegas de 1999. Centrándose neste volume indícase que nace dentro da asociación cultural "O Meigallo" de Cuntis gracias ao labor de Marcos Seixo, Belén Pazos e Pilar Pena, e del sinálase que "establece un ricaz diálogo" sobre a figura de Roberto Blanco Torres e mais que está acompañado de abondoso material gráfico.

Pérez Alberti, Augusto, *Teceláns. Viaxes*, Ourense: Fundación Otero Pedrayo, xuño 2002, 115 pp. (DL: VG-460-2002).

Este coidado libro está constituído por un “Limiar” mais tres partes que relatan outras tantas viaxes realizadas por Pérez Alberti na década de 1980. Deste xeito, reúnense tres textos independentes pero con características similares, entre as cales cómpre salientar a recorrencia á narración en terceira persoa, referíndose o autor a si mesmo como “o viaxeiro”. Os dous primeiros capítulos (“Polos cumes de Queixa” e “Pola Beira do Miño”) xa tiñan sido publicados no primeiro tomo da *Xeografía de Galicia* da *Gran Enciclopedia Gallega*; o último, sen embargo, é inédito. Como afirma o propio Pérez Alberti nas palabras de presentación, estes escritos constitúen un documento xeográfico, literario e histórico á vez: de feito, nestas impresións de viaxe hai, para alén dunha minuciosa descrición topográfica, unha clara vocación literaria (esmero lingüístico, comparacións, visión subxectivada da paisaxe e paisanaxe) e unha vontade por anotar os feitos, os costumes, as crenzas e as historias das aldeas e vilas polas que pasa o camiñante, tal vez hoxe xa modificadas. Canto ao título, este fica explicado no prólogo: o autor escribiu esta obra deixando a súa imaxinación “voar como os teceláns –así chaman os pastores de Queixa ós

lagarteiros ou gabiáns, non me lembro agora– por riba das diferentes rexións do noso espacio xeográfico”.




Referencias varias:

- Alfredo Conde, “Trasalba”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 xullo 2002, p. 40.

Ver Otero Pedrayo, Ramón, *Artigos de posguerra. Finisterre e Sonata Gallega*, neste apartado do *Informe*.





Pérez Leira, Xan Carlos, *Castelao e os irmáns da liberdade*, fotografías de José Luís Abalo, ilust. Marcela Santorun, Meira-Moaña-Pontevedra: Acuarela Comunicación, col. Memoria viva, 2002, 167 pp. (ISBN: 84-607-5786-2).

O libro baséase no filme que realizou o autor e que leva o mesmo título. Trátase dun documental no que á parte de estar centrado na personalidade de Castelao quérese, en paralelo, render homenaxe a outros moitos que loitaron de xeito ímprobo polo galeguismo, segundo palabras de Ángel Luís Hueso, autor do limiar. Este apunta que o volume debería levar o subtítulo de "rescate da memoria", a dun período importante da historia de Galicia: II República, Guerra Civil e Posguerra. Séguelle unha introducción na que o autor fai unha sucinta aproximación á "historia" do ilustre rianxeiro. Logo, en seis capítulos, recóllese o testemuño de relevantes persoeiros que dalgunha maneira viviron aqueles acontecementos ou tiveron algún tipo de relación con Castelao. Entre estes cóntanse: Teresa Castelao, Isaac Díaz Pardo, Xaime Illa, Borobó, ou Lois Tobío. Cada capítulo iníciase cunha liña cronolóxica na que se resumen os episodios máis relevantes e, a seguir, acóllense as narracións dos protagonistas, que van acompañadas de fotos e ilustracións. O primeiro capítulo, "Unha nova Galiza", vai dende o nacemento do rianxeiro ata o ano 1920, no que "expón as

estampas do Álbum Nós". O segundo, "A II República e o Partido Galeguista", abrangue dende 1931 ata 1935, co desterro do autor de *Cousas* e de Bóveda. O terceiro, "A victoria", vai de 1935 ata o "plebiscito autonómico" no 36. O cuarto, "A traizón", alude aos sucesosque tiveron lugar en 1936 trala sublevación de África. O quinto, "A loita continúa", abrangue dende o final da guerra ata 1948, cando Castelao pronuncia o discurso "Alba de Groria". E o último, "A morte. O adeus a Castelao", supón a alusión aos últimos momentos do egrexio galeguista e á súa morte. Remata cun "colofón" a cargo de David Otero, no que, entre outros aspectos, pon de manifesto a relevancia deste traballo e enxalza a figura de Castelao e dos que chama "xeración dos valentes". Así mesmo, achega un fragmento dun poema de Ferrín no que reivindica a liberdade do pobo. Finaliza cun poema de seu no que fai un chamamento á mocidade para que loiten por Galicia.




Recensións:

-Xosé Feixó, “Irmáns da liberdade”, *Faro de Vigo*, *“Faro da Cultura*”, nº 22, 12 decembro 2002, p. IV.

Sitúa o libro no conxunto do traballo de Xan Leira, salientando que este é froito dun período longo de investigación. Apunta que o volume “de formato especial e coidada edición [...] sintetiza aqueles acontecementos que debulla no filme con rigor e sensibilidade, para render homenaxe” a Castelao. Logo, tras aludir aos colaboradores e ás testemuñas, subliña uns comentarios de Xaime Illa que cre relevantes. Achega a estructura da obra e recalca a “intención” do autor. Remata facendo referencia aos proxectos inmediatos do autor e reivindicando o apoio para esta iniciativa.

Referencias varias:

- AFA, “Contra a lenda negra”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 xaneiro 2002, p. 33.

Faise referencia ao acto de presentación en Compostela da longametraxe documental *Castelao e os irmáns da liberdade* no que participaron o seu director, Xan Leira, e mais o escritor David Otero. Asemade sinálanse algunhas das características deste filme como que é a primeira longametraxe documental galega contra os tópicos da indiferencia da Guerra

Civil e mais que nela se mostra a actividade de Castelao durante a IIª República, a Guerra Civil, o plebiscito e a emigración.




-Salvador Rodríguez, “Castelao é unha figura á altura de Gandhi ou Mandela”, *Faro de Vigo*, *“Faro da Cultura”,* nº 18, 14 novembro 2002, p. III.

Achega unha entrevista co autor de *Castelao e os irmáns da liberdade*, na que, principalmente, se abordan cuestións relativas ao proxecto no que se insire o libro. Na conversa Pérez Leira salienta cál foi o seu obxectivo e explica por qué elixiu a Castelao, ao que cualifica de líder e de modelo político. Mostra a súa satisfacción polos resultados e reflexiona sobre a utilización que hoxe se fai da figura do ilustre rianxeiro. Por outra banda, alude ao documental que prepara sobre A. Bóveda, subliñando a súa relevancia. Ademais, apunta que el faga o que faga sempre o realizará “dende o punto de vista do compromiso social e político”.

-Carlos Fernández, “Castelao, un libro de película”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 15 novembro 2002, p. 77.





Fai referencia ao acto de presentación do libro *Castelao e os irmáns da liberdade*, e achéganse as impresións do equipo que o elaborou. Apunta que Leira destacou a importancia do proxecto por referirse non só á vida de Castelao senón tamén por recoller parte da historia de Galicia. Sinala que Abalo subliñou "a naturalidade" das súas fotografías e Marcela Santorun, a ilustradora, salientou a "profundidade" do traballo. Ademais, acolle a reflexión do autor sobre a "simbiose Pobo-País-Persoa en Castelao". Destácase o "respecto" ás testemuñas e dáse o seu nome. Por outra banda, ponse de manifesto que este volume forma parte dun proxecto máis amplo sobre a historia de Galicia. Tamén se dá a páxina de Internet sobre esta iniciativa.

- Concha Pino, "Castelao define moi ben un momento do noso país", *La Voz de Galicia*, 21 novembro 2002, p. 2.

Fai mención á presentación do proxecto "Castelao e os irmáns da liberdade" en Sargadelos que, afirma, recolle "unha longametraxe documental, un vídeo didáctico, unha exposición de fotos e pintura, un portal na rede e un libro". E acolle unha breve conversa co autor. Este,

entre outros aspectos, destaca que se centrou na figura do rianxeiro “por ser unha das máis ricas da nosa historia” e salienta a relevancia das testemuñas que contribuíron á elaboración do seu traballo. Asemade, alude ao seu próximo proxecto, “Atila en Galicia”.




- C. V., “Xan Leira leva a historia de Galiza do século XX ao cine”, *A Nosa Terra*, nº 1.057, “Cultura”, 21-27 novembro 2002, p. 25.

Fai referencia ao conxunto do proxecto co que Leira “pretende recoller os testemuños directos da historia de Galiza do século XX”. Así mesmo, salienta a importancia das testemuñas que contribuíron na primeira parte desta iniciativa, sinalando que son “fundamentais para construír unha épica e unha iconografía propia”. Por outro lado alude sucintamente ao documental que acaba de estrear sobre Neira Vilas e as súas *Memorias dun neno labrego* (1961).

Piñeiro, Ramón, *Da miña acordanza. Memorias*, introd. Carlos Casares, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, abril 2002, 277 pp. (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288520-0) (ISBN de Fundación Caixa Galicia: 84-95491-45-1).

□ ❍↑♓♦ ●□■♑□♋☞ ■♋ ♦▫♋ ♏☒◘♏❒♓♏■♍♓♋ ♍□❍□ ♎□♍♏■♦♏ ◆■♓❖♏❒♦♓♦♋❒♓□ ■□♦ ☜♦♦♋♎□♦ ✞■♓♎□♦ ♏ ❒♏❍♋♦♋ ➚♋●♋■♎□ ♎♋ ♎♏❍□♍❒♋♍♓♋ ♏ ❍♋♓♦ ♎♋ ♋◆♦□■□❍◪♋ ♏■ ☝♋●♓♍♓♋☞ ☞♓■♋●❍♏■♦♏ ♏♦♦♏ ❖□●◆❍♏ ♍□■♦♋ ♍◆■ ❽✌◘🡅■♎♓♍♏ ♑❒↑➚♓♍□❾☞ ♍□■ ■◆❍♏❒□♦♋♦ ➚□♦□♑❒♋➚◪♋♦ ♏■ ♌❒♋■♍□ ♏ ■♏♑❒□ ♍♏■♦❒♋♎♋♦ ■♋ ➚♓♑◆❒♋ ♎♏ ☼♋❍⇔■ ☞♓⇧♏♓❒□☞ ♏ ❍♋♓♦ ♍◆■ ❽♌■♎♓♍♏ □■□❍↑♦♦♓♍□❾ ♎♏♦♦♋♦ ❍♏❍□❒♓♋♦☝




Recensións:

-Xoán C. Garrido Couceiro, “Crónica dunha domesticación”, *A Nosa Terra*, nº 1.041, “Cultura”, 4-10 xullo 2002, p. 28.

Comeza facendo referencia ao inicio da difusión de documentos inéditos do galeguismo na revista *Grial*, dende 1991, e a seguir detense neste volume. Afirma que é a “crónica da domesticación do nacionalismo histórico baixo unha brutal represión” e mediante unha longa cita sinala algúns dos desacordos sobre os datos que Piñeiro achega neste libro.

-Xulio Valcárcel, “As memorias de Ramón Piñeiro”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 227, “Páxina literaria”, 13 outubro 2002, p. 4.

Repásanse algúns dos contidos destas memorias de Ramón Piñeiro e apúntanse algunhas das características da súa personalidade: non era nacionalista, en palabras de X. L. Méndez Ferín era “anti-nacionalista”, optou polo defensa de Galicia dende a vertente cultural, etc.

Referencias varias:

- Carlos Fernández, “As memorias dun rexo galeguista”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 29 xuño 2002, p. 11.

Ponse da manifesto que o xermolo deste volume está na dona de Ramón Piñeiro, Isabel, quen lle deu a Carlos Casares un caderno para que escribise “as cousas que falas con Ramón”. A seguir faise unha breve aproximación aos diferentes capítulos destas memorias dos que se destaca que as “mellores páxinas, cecais, sexan as da nenez” de Ramón Piñeiro.

- Benxamín Casal, “Ramón Piñeiro na acordanza”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 27 agosto 2002, p. 15.




Detense a reflexionar sobre as súas experiencias como amigo de Ramón Piñeiro dende os ambientes estudiantís. Subliña a intelixencia de Piñeiro, que cualifica de “potente e persistente como a mesma claridade” e remata facendo outras referencias á personalidade de Piñeiro.

-AGN, “As memorias de Ramón Piñeiro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 20 setembro 2002, p. 79.

Dá conta da novidade editorial de *Da miña acordanza. Memorias*, que supón un dos derradeiros agasallos que deixou Carlos Casares. Ademais salienta que nela podemos ollar cómo foi a vida e obra de Ramón Piñeiro.

- Pablos, “Galleguismo y utopía”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 24 setembro 2002, p. 3.

Reflexiónase sobre a concepción política de Ramón Piñeiro e con referencia ao libro de memorias *Da miña acordanza. Memorias* , sinálase que é a historia emotiva e melancólica dunha utopía e mais de proxectos que ficaron en soños.

- AFA, “Casares ‘salva e compón’ a memoria de Piñeiro nunha entrega na que se mesturan as dúas subxectividades”/“Casares ‘salva e compón’, no seu último libro, a memoria de Piñeiro”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 27 setembro 2002, p. 31/p.




75.

Fálase da presentación en Compostela deste volume que é cualificado como a autobiografía de Ramón Piñeiro asinada polo seu fillo espiritual Carlos Casares. Afírmase que uns advirten acusadas ausencias neste libro mestres que outros lóano dado que deixou "constancia dun tempo e dun país".

- Tomás Ruibal, "As lembranzas de Ramón Piñeiro", *Diario de Pontevedra*, "Revista! Letras", 20 outubro 2002, p. 10.

Pon de manifesto o atraso co que apareceu o volume *Da miña acordanza. Memorias*, do que destaca os apartados referidos a estudiar a evolución do galeguismo e a figura de Castelao. Tamén sinala que a falta de coherencia interna é a principal eiva deste volume e asemade xébrao en dúas partes: "Da miña acordanza", escrita polo propio Ramón Piñeiro, e despois a transcrición das cintas das conversas que mantivo con Carlos Casares.

- Alfredo Conde, "Piñeiro e Casares", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 29 outubro 2002, p. 4.




Alfredo Conde fala da integración de Ramón Piñeiro, Casal, Casares e el mesmo dentro do PSOE, das reunións na mesa braseiro con Ramón Piñeiro e remata indicando que dende había dez anos non se falaba con Carlos Casares.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 19, 21 novembro 2002, p. VII.

Comentario que, no que á literatura galega se refire, trata das obras: *¡Balea morta ou lancha a piqué!*, de Santiago Jaureguizar, da que se presenta unha síntese do seu argumento e se destaca finalmente a presencia no relato de aventuras trepidantes, de fantasía desbordante, de humor e dos xogos cos anacronismos; ademais da de Ramón Piñeiro *Da miña acordanza*, da que recolle algunhas palabras da introducción asinada por Carlos Casares para salientar o valor da obra. Sinala que se recolle a vida do intelectual galego con algunhas páxinas escritas por el mesmo e as de Carlos Casares son conversas que gravara co autor de Láncara.

- Europa Press, “Destacan o papel ‘clave’ de Ramón Piñeiro na Galicia contemporánea”, *El Progreso*, “Cultura”, 27 novembro 2002, p. 83.

Sinálase que *Da miña acordanza* foi presentado en Santiago de Compostela e reprodúcense as palabras de loanza que Afonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura Galega, lle dedicou á personalidade de Ramón Piñeiro e mais ao volume que se estaba a presentar.

-Carmen Villar, “A biografía de Piñeiro revela o seu carácter galeguista máis aló dos partidismos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 novembro 2002, p. 37.

Indícase que Illa Couto, Freixanes e Afonso Zulueta de Haz, entre outros, presentaron no Consello da Cultura Galega este libro de memorias de Ramón Piñeiro que foi escrito e compilado por Carlos Casares.

- Carmen Villar, “Casares anota as cousas que lle falou Ramón Piñeiro”, *La Opinión*, “Cultura”, 27 novembro 2002, p. 60.

Detense na presentación no Consello da Cultura Galega deste libro de memorias de Ramón Piñeiro. Sublíñase que el só escribiu unha pequena parte mentres que Carlos Casares foi quen recolleu definitivamente estes textos coeditados por Galaxia e mais a Fundación Caixa Galicia.





Pisón, Xesús, *Memoria da esfinxe*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Manuais Casahamlet. Teatro, nº 4, 2002, 85 pp. (ISBN: 84-95950-38-3).

Volume no que se recollen quince pequenos ensaios (moitos dos cales se sitúan nos límites do xénero pola súa breve extensión e carácter poético), de Xesús Pisón, que xa foran publicados por separado en diversas revistas e xornais. Neles o autor reflexiona, a través da análise de diversos personaxes mitolóxicos e literarios, sobre diversas cuestións como o carácter subversivo do teatro, a función da literatura, o ser humano e as súas paixóns… No texto que funciona como prólogo, Xesús Pisón sinala que escribiu a obra "como unha procura, atento aos ecos do teatro e da vida. Botei man da intelixencia e da imaxinación, da historia e da literatura, da realidade e do desexo", e pregúntase: "¿Quen son Edipo, Hamlet, Fausto, Ahab. Drácula, Nemo? ¿Fillos de meu? ¿Carne da contradicción, igual que o teatro, igual que a vida? Na resposta vai embora a miña ansia primordial."

Polín, Ricardo (ed.), *Á primeira luzada. Obras completas de Francisco de Fientosa* (edición, estudio e notas), Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/filoloxía, setembro 2002, 531 pp. (ISBN: 84-8485-075-7).

Edición completa das obras de Francisco de Fientosa, nome literario de Francisco Vega Ceide (Santa María de Outeiro-Lugo, 1912-Madrid, 1936), a cargo de Ricardo Polín. Comeza o volume co agradecemento a todas as persoas que lle axudaron no labor de recuperación da súa obra ou de información sobre a súa vida. Estructurada en catro grandes capítulos, comeza por facer un repaso á curta vida deste intelectual, dende a súa infancia na aldea de Outeiro de Rei ata a súa morte en Madrid, en plena contenda militar. A seguir, céntrase no estudio da poesía e da prosa de Fientosa, destacando para o noso interese a presencia dalgunhas composicións en lingua galega, posto que a práctica totalidade da producción deste autor chairego está escrita en castelán. Sinala que entre os seus manuscritos se atopou un pentámero galego composto polos poemas “Imos coller niños novos”, “Sentada na soleira”, “Ao vir o neno mencer”, “¡Como te ris, miña amiga! e “A noite do meu noivado”, ao que hai que engadir as composicións “A pandeireta das seis azas”, que describe como ritmo popular con exaltación do universo natural; o cantar “Hoxe houbo unha

gran riada”, a copla fragmentaria “A néboa é un trasmallo”, o enredo paralelístico “Río, si ti foras prado” e unha quintilla encomiástica e de carácter amoroso “Hoxe amor, amor, sólo hoxe”. Tamén destaca o seu labor con outros textos galeguizantes nos que glosa composicións de carácter popular. Destaca na poesía de Vega Ceide as influencias de poetas galegos como Crecente Vega ou Amado Carballo, así como de correntes vangardistas como o neotrobadorismo. Todas estas composicións aparecen reproducidas xunto con toda a obra do poeta no apartado final.




Referencias varias:

- Mayte Corbelle, “Doscientas personas rindieron un homenaje a Francisco da Fientosa”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 2 decembro 2002, p. 91.

Dáse conta da presentación do libro *A primeira luzada*, que tivo lugar no Colexio Ramón Falcón de Castro de Rei. Informa tamén de que o volume recolle un estudio sobre a vida e traxectoria literaria de Francisco Veiga Ceide, o poeta de A Fientosa. O resto do artigo dedícallo aos comentarios que Ricardo Polín emitiu sobre Francisco Veiga Ceide na citada

homenaxe. Así, indica que este destacou o asasinato do poeta no ano 1936 e sobre a súa obra sinalou a maneira clara e moderna de escribir que tiña o poeta.








Prol, Santiago e Xan **Carballa**, *Conversas con Francisco Carballo*, Vigo: A Nosa Terra, col. Prensa&Criación, nº 8, abril 2002, 209 pp. (ISBN: 84-95350-49-1).

Obra conformada por entrevistas feitas a Francisco Carballo, verdadeiro protagonista do libro, quen fala, ao longo dos cinco apartados nos que se divide o libro, da súa infancia ("Maceda, os anos primeiros"), de relixión ("Relixión. A inculturación da fe"), de educación ("A docencia. Fronte ao pensamento único"), de nacionalismo ("O nacionalismo, a conciencia de país") e de historia ("A Historia. Contra a manipulación da memoria"). Moitos e moi variados son os temas que se tocan nesta obra, expresándose nas entrevistas as ideas nacionalistas e igualitaristas deste crego fóra do común. A pesares do variado da obra, en todos os apartados se nota un forte influxo da relixión, que lle serve a Francisco Carballo para interpretar a vida, a realidade e tentar explicala, aínda que fai uso tamén da filosofía e outras correntes de pensamento. Todo o tratado neste libro está pasado polo cribo das vivencias persoais deste crego, polo que sempre se presenta unha perspectiva subxectiva da realidade.

Recensións:

-Marcos Valcárcel, “Francisco Carballo”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 19 xuño 2002, p. 69.

Dáse conta da aparición desta obra, editada por A Nosa Terra, e faise un breve resumo dos temas tratados nela, entre eles a súa involucración na vida cultural galega, entre outras empresas foi fundador de Promocións Culturais Galegas ou animador da elaboración da *Historia de Galicia*. Tamén se destaca o feito de que esta obra estea conformada por entrevistas mantidas polo crego nacionalista Francisco Carballo con persoas como Caballo Calero, Xosé Manuel Beiras, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Camilo Nogueira, entre outros.

Referencias varias:

- X. C., “Francisco Carballo, entrevista cun ilustrado”, *A Nosa Terra*, nº 1.037, “Cultura”, 6-12 xuño 2002, p. 24.

Neste artigo faise un breve percorrido pola vida de Francisco Carballo, un crego nacionalista sobre o que Santiago Prol e Xan Carballa veñen de publicar un libro, froito de vinte horas de conversa no que o protagonista fala de Galicia e do cristianismo. Preséntase, finalmente, un breve extracto do libro antedito: *Conversas con Francisco Carballo.*

Regueira, Ramón, *Xosé Neira Vilas. Narrador, poeta, xornalista, historiador da nosa emigración*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na Historia, nº 25, 2002, 62 pp. (ISBN: 84-7680-413-X).

Estructurado en cinco capítulos, este volume achéganos á vida de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928). Baixo o título de "O neno, o adolescente, o mozo", dáse conta da súa orixe campesiña e dos traballos que facía ao mesmo tempo que asistía á escola. Ademais xa na súa xuventude mostra afección pola literatura e en 1946 crea, con outros mozos e mozas, un grupo de teatro galego. O segundo e terceiro capítulo titulados "Rumbo á Cruz do Sur" e "Unha estrela reloce no Caribe", céntranse na súa etapa de emigrante en América, primeiro en Bos Aires e logo en Cuba. Desta etapa destaca as diversas actividades culturais nas que participou, as distintas profesións que desempeñou, a relación que estableceu con Anisia Miranda, con quen casou no 1957, e a fundación da Editorial Follas Novas, unha organización destinada a distribuír o libro galego en América. O cuarto capítulo céntrase na volta do autor a Galicia, á súa vila natal, onde cedeu a casa que herdara dos pais coa condición de que se restaurase e se establecese alí un centro cultural. Por último, no capítulo titulado "Resumo dunha vida", loa o seu quefacer literario e investigador. Ofrece

ademais unha bibliografía do autor e outra sobre el. Complétase todo isto cunha cronoloxía e fragmentos de discursos lidos por Neira Vilas en distintos actos.




Referencias varias:

- Afa, “Neira Vilas, na historia”/“Un libro percorre o compromiso vital na biografía de Neira Vilas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 21 decembro 2002, p. 31/p. 75.

Dáse conta da presentación na Galería Sargadelos de Compostela da biografía *Xosé Neira Vilas. Narrador, poeta, xornalista, historiador da nosa emigración* publicada por Ir Indo na súa colección “Galegos na historia”, así como das persoas presentes neste acto. Sinálase que o autor da biografía, Ramón Regueira, dividiu a súa obra en catro etapas segundo o criterio da situación xeográfica na que viviu o autor de *Memorias dun neno labrego*, e así indícasenos que o libro aparece dividido en: “O neno, o adolescente, o mozo”, que abrangue a existencia de Neira Vilas en Gres ata os vinte anos; “Rumbo á Cruz do Sur”, que se corresponde coa estancia en Bos Aires; “Unha estrela reloce no Caribe”, que abrangue desde o triunfo en 1959 da Revolución Cubana ata o regreso á terra natal; e “Outra vez na

casa do romano", retorno a Galicia en 1992 e actividades aquí realizadas. Así mesmo sinálase que esta biografía aparece complementada cunha cronoloxía, unha bibliografía e un apartado que recolle extractos de discursos como o de ingreso na Real Academia Galega.




- Concha Pino, “Xosé Neira Vilas é, sobre todo, un home de principios”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 21 decembro 2002, p. L2.

Dáse conta da aparición do libro de Ramón Regueira sobre a biografía de Xosé Neira Vilas en Ir Indo Edicións e faise unha entrevista ao autor na que se sinala que se trata dun libro de só sesenta e catro páxinas aparecido dentro dunha colección de divulgación moi interesante e pensada para dar a coñecer a personalidades galegas, a un nivel asequíbel para todo tipo de públicos. Así mesmo, indica que Ramón Rodríguez Varela sinala que o libro dá conta das catro grandes etapas da vida de Neira vilas e que segue estando pendente unha biografía do autor de *Memorias dun neno labrego* cunha análise da súa obra de creación, do ensaio e da investigación, así como do seu labor na dinamización cultural en América. Finalízase cunha definición persoal do autor de Gres por parte do seu biógrafo.

Rivas, Manuel, *Muller no baño*, edición de Mª Dolores Torres París, limiar de Manuel Bragado "Iluminando entre as sombras", Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2002, 266 pp. (ISBN: 84-8302-924-3).

Esta nova publicación de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) é unha recompilación de setenta e cinco textos xornalísticos que posúen unha gran calidade humana. Son uns escritos que tratan os máis variados temas, dende a filosofía da vida, os problemas domésticos etc.;pasando pola incomprensión da mocidade e a marxinación dos emigrantes. É un narrador omnisciente o que conta con todo detalle as aventuras de personaxes como Emmeline en "A muller no baño", que fai referencias a Roberto Benigni en "A arte antidramática de vivir" ou que describe a célebres escritores como Dickens, James Joyee e Rafael Alberti en "As casas dos escritores son moi tristes". Ao longo destes setenta e cinco textos, o autor deixa translucir aspectos moi significativos na vida das persoas e dos pobos tales como a mocidade, a emigración e a falsa realidade.

Referencias varias:

-Jaureguizar, “Manuel Rivas prepara un libro de relatos que se edita en noviembre”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 6 setembro 2002, p. 67.

Alude, brevemente, ao libro de Manuel Rivas, *Muller no baño*, publicado en galego por Edicións Xerais de Galicia e en español por Alfaguara. Indica que se trata dun conxunto de setenta e cinco textos publicados polo escritor en diversos xornais e revistas e parte dunha conferencia que Rivas pronunciou no Museo Tyssen-Bornemisza, ante un cadro pintado en 1963 polo artista de pop art Roy Linchtenstein. Para rematar, cítanse outras obras do autor como *Todo ben* (1985); *Un millón de vacas* (1989), Premio da Crítica Española no 1990; *¿Que me queres, amor?* (1995), Premio Torrente Ballester e Nacional de Literatura de Narrativa no 1996; *A man dos paíños* (2000) ou *As chamadas perdidas* (2002).

- AFA, “A última campaña”/“Xerais presenta este nadal o novo de Manuel Rivas, ‘Muller no baño”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Nadal literario”/“Cultura”, 7 decembro 2002, p. 31/p. 68.

Breve nota de prensa na que se alude á presentación da última obra de Manuel Rivas, *Muller no baño*, unha colectánea de setenta e cinco textos de carácter xornalístico, publicados polo autor con anterioridade en diversos xornais e revistas. A seguir, cítanse outras novidades de Xerais recentes ou que sairán en breve como *Resistencia*, de Rosa Aneiros; *Intramundi*, de Carlos G. Reigosa; *Nova Crónica das Indias*, de Antón Avilés de Taramancos; *A morte de A.*, de Anxo Angueira; *Relatos mariñeiros*, de X. Neira Vilas; *Mans salgadas*, de Fran Alonso; *Aire para respirar*, de Antón Baamonde; *Gameleiros*, de Miro Villar ou *Vigo por Magar*, de Manuel García Castro.

- Albino Mallo, “Manuel Rivas entrega o seu novo libro ‘contra a derrota do mundo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 decembro 2002, p. 75.




Infórmase, brevemente, da saída do último libro de Manuel Rivas, *Muller no baño*, formado por setenta e cinco textos publicados por Rivas en xornais e revistas e publicado por Edicións Xerais de Galicia. Coméntase, así mesmo, que *Muller no baño* é o terceiro volume da triloxía da súa obra xornalística, recolleita en *Toxos e frores*, *Galicia, Galicia* e *Muller no*

baño. Para rematar, Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, afirma que moitos dos artigos publicados neste libro foron escritos durante a estadía de Rivas en Londres “e tamén hai unha gavela dos publicados en *Luzes de Galicia* e en diversas revistas de arte”.




- Albino Mallo, “Contra a derrota”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 decembro 2002, p. 43.

Infórmase da publicación da obra *Muller no baño*, de Manuel Rivas, un total de setenta e cinco textos publicados polo escritor en diversos xornais e revistas. O autor, que ofrece unha “mirada incisiva” sobre a “sociedade da globalización e a creación contemporánea”, declara que a obra se podería titular “Contra a derrota do mundo”. A seguir, coméntase que *Muller no baño* é tamén unha “lúcida reflexión sobre a creación e as artes contemporáneas”.

- EFE, “Rivas reúne 75 textos periodísticos en el libro ‘Muller no baño”, *Diario de Pontevedra* / *El Progreso*, “Vivir aquí”/“Cultura y comunicación”, 19 decembro 2002, p. 86/p. 82.

Informa da publicación do terceiro volume da triloxía de Manuel Rivas, titulado *Muller no baño*. Trátase dun volume que contén setenta e cinco textos xornalísticos aparecidos en diferentes xornais e revistas coas que colabora o autor. Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, declara que a idea de escribir este libro xurdiu a raíz dunha conferencia que Rivas pronunciou no Museo Tyssen ante un cadro de Lichtenstein, no que aparece unha muller bañándose. Para rematar, Bragado engade que os textos analizan "la cotidianeidad, el terrorismo doméstico, la marginación, la falsa reforma educativa, la manipulación de los medios de comunicación y la pobreza".

- I. M., "La ironía y el compromiso social se dan cita en el último libro de Manuel Rivas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 19 decembro 2002, p. 21.




Ofrécese un comentario breve sobre a publicación da obra *Muller no baño*, volume editado por Edicións Xerais de Galicia, no que Manuel Rivas reúne setenta e cinco textos xornalísticos publicados en diversos xornais e revistas. A seguir, Rivas comenta, na presentación da obra, que se trata dun libro “impregnado por una voluntad de resistencia y,

sobre todo, con ánimo de resistencia". Engade, así mesmo, que a obra ten moito de xornalismo creativo.




-María Guerreiro, “Rivas aborda o ‘terrorismo doméstico’ en ‘Muller no baño”, *La Opinión*, “Cultura”, 19 decembro 2002, p. 52.

Breve comentario sobre a publicación de *Muller no baño*, de Manuel Rivas, que recolle setenta e cinco textos xornalísticos do autor. Coméntase, a continuación, que o libro é “unha reflexión sobre o papel da muller na sociedade e sobre esa cuestión tan tremenda e tráxica que tanto nos impacta e que é o terrorismo doméstico”. Así mesmo, o autor comenta que é moi importante o sentido do humor , “unha compoñente da tradición galega que lle di tamén un enfoque transgresor”.

- Roberto L. Moskovich, “Os Belés’, un bar-cantante convertido en foro literario”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 19 decembro 2002, p. 26.

Alúdese, moi sucintamente, á presentación da nova obra de Manuel Rivas, *Muller no baño*, que tivo lugar no bar coruñés Os Belés. A obra completa a triloxía *Toxos e frores* e *Galicia, Galicia* e reúne setenta e cinco textos xornalísticos publicados polo escritor en distintos xornais e revistas.

- X. F., "Manuel Rivas reúne artigos sobre arte na recompilación 'Muller no baño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 decembro 2002, p. 52.




Faise referencia á publicación de *Muller no baño*, de Manuel Rivas. Trátase dunha recompilación de setenta e cinco textos xornalísticos do autor de *O lapis do carpinteiro*. Infórmase, así mesmo, de que a obra xurdiu a partir dunha conferencia que o escritor galego pronunciou no Museo Tyssen, diante dun cadro de Lichtenstein.

-Xosé M. Pereiro, “Manuel Rivas recopila sus últimos trabajos periodísticos”, *El País*, “La Cultura”, 19 decembro 2002, p. 42.





Coméntase, brevemente, que Manuel Rivas vén de publicar unha colectánea de setenta e cinco textos xornalísticos, baixo o título de *Muller no baño*. A seguir, ofrécense unhas palabras que o autor pronunciou no acto de presentación da obra e que aseguran que "el periodismo, quiera o no quiera, es parte de la literatura, y su dignidad es no sólo contar, sino procurar acercarse a la verdad".

- Carme Vidal, "Manuel Rivas. 'Somos a vangarda da traxedia do mundo", *A Nosa Terra*, nº 1.061, "Cultura", 19-25 decembro 2002, p. 38.

Amplo comentario no que se alude á presentación do libro de artigos xornalísticos *Muller no baño*, publicado por Edicións Xerais de Galicia. A seguir, cítanse algunhas reflexións de Rivas sobre as últimas dúas traxedias vividas en Galicia: a crise das vacas tolas e a marea negra provocada polo Prestige. Así mesmo, reprodúcense algunhas das declaracións de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, quen afirma que os artigos recolleitos no libro son "unidades dese xornalismo intencional que fixa un adxectivo e pretende provocar algún tipo de cambio".

Riveiro Coello, Antón, *Cartafol do Barbanza. Viaxe polo cuadrante das sereas*, Vigo: A Nosa Terra, col. As Viaxes, nº 5, febreiro 2002, 425 pp. (ISBN: 84-95350-45-9).

Antón Riveiro Coello é o autor desta viaxe literaria pola comarca coruñesa do Barbanza, que se inaugura cun "Limiar", onde se recolle a proposta feita a Suso Paradela, trasunto do autor ourensán, para a confección deste cartafol e se alude aos os seus coñecementos sobre a citada comarca, así como aos preparativos acometidos antes de iniciar a viaxe. Despois de durmir na vila medieval de Noia, Suso Paradela vai percorrer as terras de Lousame, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira e Porto do Son. O seu paso por cada un destes puntos xeográficos vai sernos trasladado por un narrador en terceira persoa, que parece facer o camiño da man de Suso Paradela e que vai ser o encargado de darnos conta dos elementos naturais e materiais que conforman os citados concellos (edificacións laicas e seculares, monumentos, cruceiros, ríos, montes, etc.). Asemade recolle as súas lendas e historias e refírese aos seus escritores, dos que mostra un fragmento da súa producción literaria. Esta viaxe literaria esta relatada con tal minucia, que tamén se fai referencia ás hospedaxes visitadas, comidas degustadas ou xentes coñecidas ao longo do camiño que, en moitas

ocasións, fan de ciceróns. É de salientar que en cada un dos capítulos dedicados a un dos concellos descubertos emana un relato, a saber: “Rodrigo de Nous”, “O náugrafo irlandés”, “Mariño Abanqueiro”, “O cadernos de Abanqueiro”, “O mastro dos soños” e “O cantil dos mortos”. Conclúe o volume cun mapa no que se ilustra a localización dos monumentos e construccións máis representativos do Barbanza.




Recensións:

-Xulio Valcárcel, “Cartafol do Barbanza”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 221, “Páxina literaria”, 1 setembro 2002, p. 4.

Fai un achegamento á obra *Cartafol do Barbanza*, de Antón Riveiro Coello, da que salienta a peregrinaxe feita por Suso Paradela (ficción literaria creada polo escritor ourensán) polas terras do Barbanza, na que se mestura realidade e ficción e na que se fai alusión a diferentes persoeiros da zona como Castelao, Dieste, Avilés de Taramancos ou o cura de Fruime, entre outros. Sinala que a cada concello vaille parello cadanseu relato, do que

destaca “O náufrago irlandés”. Finaliza, comentando que Riveiro Coello, soubo ofrecer neste libro un equilibrio entre o solemne e o coloquial e entre o lírico e o trivial.




- Ramón Nicolás, “Viaxar polo Barbanza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 8, 3 setembro 2002, p. V.

Dáse conta da publicación do novo libro de Antón Riveiro Coello, *Cartafol do Barbanza*, no que se descobre unha guía de viaxes polas terras do Barbanza, Lousame, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira e Porto do Son. Coméntase que o escritor ofrece, neste libro, ademais de aspectos xeográficos, outros de carácter histórico, literario ou artístico, todos recompilados por Suso Paradela, personaxe ficcional creado polo autor, que nos serve de guía no itinerario por estas terras. Así mesmo, sinálase que o libro é unha mestura de literatura, arte, historia e paisaxe, que se funde coas descricións das terras do Barbanza.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Cartafol do Barbanza”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 17 xullo 2002, p. 61.

Alude aos libros de viaxes feitos en Galicia e sinala algúns exemplos como *Andando a terra*, de Manuel María, ou a colección “As Viaxes”, editada por *A Nosa Terra*, con títulos de Lois Diéguez, Francisco Fernández Naval e Xosé M. Martínez Oca, entre outros. A continuación, fai referencia ao libro *Cartafol do Barbanza*, que se presenta como a andaina do escritor Suso Paradela polas terras do Barbanza, e onde se mestura patrimonio, literatura, historia e arte, xa que xunto con el viaxan personaxes nativos desa zona como Paio Gomez Charinho, Manuel Antonio, Castelao, Dieste, Avilés de Taramancos, etc. Sinala, tamén, que, ao final de cada ruta, se ofrece un breve relato de homenaxe a estes autores.

Rodríguez, Olivia, *Vicente Risco. Escritor, etnógrafo e ideólogo do galeguismo*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na Historia, nº 23, 2002, 62 pp. (ISBN: 84-7680-395-8).

Obra dedicada ao estudio da vida e obra de Vicente Risco; nos tres apartados nos que se divide o libro: “Etapa de formación e os primeiros traballos periodísticos e literarios (1884-1918)”; “Etapa de madureza, o nacionalismo galego e a plenitude intelectual (1918-1936)” e “O difícil camiño trala Guerra Civil, Vicente Risco na España de Franco (1937-1963)”. A autora aproxímase á súa tarefa de escritor, etnógrafo e ideólogo, dando coidada conta do seu labor literario e político. Así mesmo, en cada un dos apartados inclúese un breve estudio do contexto histórico cultural que axuda a comprender a relevancia do autor. A obra complétase cunha bibliografía sobre Risco, cunha cronoloxía de datas importantes con respecto ao autor e cunha serie de fotografías, imaxes e portadas de obras relacionadas con el.

Rodríguez Otero, Ramón, *O recendo do fogar*, debuxos de Xesús Rodríguez Otero, prólogos de X. L. Méndez Ferrín e de Manuel Vidal Villaverde, Vigo: Edición do autor, 2002, 62 pp. (Sen ISBN nin DL).

Obra de Ramón Rodríguez Otero (Ponteareas, 1928), composta por dezaoito textos breves, que xa foran publicados con anterioridade no xornal de Vigo *Atlántico Diario*. A obra conta ademais con algunhas ilustracións de Xesús Rodríguez Otero relacionadas cos contidos dos textos. Todos eles son escritos con títulos independentes nos que se achega a temas propios de Galicia como as súas crenzas ou as súas festas. Mais non só isto, xa que tal e como indica Xosé Luís Méndez Ferrín no seu prólogo estamos ante textos nos que "se engarzan valiosas informacións referidas á arte, ao pasado, á arqueoloxía, á etnografía e moitas cousas máis". Pola súa banda Manuel Vidal Villaverde opina na súa introducción que son traballos ilustrativos e intelixentes. Hai que salientar tamén desta obra que en todos os artigos cobran especial relevancia os refráns, escollidos pola relación que manteñen con cada un dos temas que trata.

Recensións:

- Xosé R.Vasco, “Ó recendo do fogar” *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n° 8, 5 setembro 2002, p. V.

Presentación da obra *Ó recendo do fogar* de Ramón Rodríguez Otero, que constitúe unha compilación de traballos publicados con anterioridade nun medio xornalístico e que intentan achegar o lector ás raíces do pobo galego a través dunha fonte cultural importante coma son os refráns populares. Destaca tamén algúns dos traballos máis sobresaíntes na vida deste escritor coma que foi colaborador dalgúns medios xornalísticos galegos.

Referencias varias:

-AFA, “Rodríguez Otero lembra o Día de Galicia na súa última obra”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 xullo 2002, p. 41.

Fálase da obra *Ó recendo do fogar* de Ramón Rodríguez Otero e dise que nela se recolle a institución do Día de Galicia polas Irmandades da Fala. Reprodúcense as palabras do seu

autor referidas a esta obra (as súas pretensións, o eixe vertebrador da novela, a súa división co nome dos diferentes meses do ano denominados pola súa peculiaridade, como é o caso de San Xoán ou Nadal, etc.) e sinálase a Xosé Luís Méndez Ferrín como o autor do prólogo no que se afirma que o libro de Ramón Rodríguez Otero está feito da súa memoria e da súa complexa documentación sobre as tradicións galegas. Finalmente alúdese tamén á introducción de Manuel Vidal Villaverde e cualifícase a obra como traballo de antropoloxía cultural.




-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 8, “Libros”, 5 setembro 2002, p. V.

Ademais de dar conta doutras novidades do mundo editorial, tamén atende a *Ó recendo do fogar*, de Ramón Rodríguez Otero, unha escolma de traballos publicados en medios xornalísticos. Recolle as palabras do autor nas que sinala que con esta obra pretende contribuír “ó maior enriquecemento da memoria de nós”. Ofrece algúns datos biográficos do autor, entre eles que é coengo da catedral de Tui, e remata indicando que o volume conta con dous prólogos: un de Xosé Luís Méndez Ferrín e outro de Manuel Vidal Villaverde.

Rosales, Manuel, *A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2002, 227 pp. (ISBN: 84-8302-842-5).

Ábrese o volume cunha introducción na que Manuel Rosales (Marín, 1955) realiza un breve percorrido polas principais correntes da teoría da literatura coa finalidade de establecer unha primeira aproximación á lingua literaria, comezando polo formalismo ruso e pasando pola estilística idealista e o estructuralismo, ata chega á teoría da recepción. Este percorrido móstranos a literatura como un fenómeno comunicativo e estético, polo que, atendendo aos diversos factores da comunicación literaria, propón unha aproximación á obra literaria a través de tres niveis de coñecemento ordenados nunha metodoloxía comprensíbel e ecléctica que permita seleccionar aqueles aspectos que mellor se adaptan ao texto literario que vaia ser obxecto de lectura ou comentario. O primeiro dos niveis titúlase “A literatura como expresión histórico-social” e nel preténdese un coñecemento da literatura como instrumento de transmisión e de creación cultural e como expresión histórico-social para chegar a establecer a relación entre os textos e a realidade histórica, cultural e social da súa

producción. Así, refire os diferentes contextos histórico-sociais da literatura galega seguindo os períodos de “Literatua medieval e Séculos Escuros”, “Século XIX” e “Século XX”. Asemade, atende a estreita relación que a obra literaria mantén co resto das manifestacións artísticas, por compartiren un contorno histórico-social e responderen aos mesmos gustos e modos. O segundo dos niveis recibe por título “As figuras retóricas e os tópicos como recursos da linguaxe literaria” e nel explica e exemplifica as figuras retóricas, en función do niveis fonolóxico, morfolóxico, sintáctico, textual, semántico e pragmático, o mesmo que fai cos tópicos, que divide en tópicos de persoa e de cousa. O terceiro e máis amplo dos niveis estudia “Os xéneros literarios”, que presenta en tres grandes bloques –a lírica, a narrativa e a obra dramática–, que, á súa vez, se subdividen noutros apartados, nos que se trata a estructura formal, linguaxe, subxéneros, períodos históricos, temas, obras e autores, entre outras cuestións propias de cada xénero. Pecha o volume cun cuarto apartado dedicado ao comentario de textos, no que ofrece unha proposta de análise de textos literarios mediante a que se poida apreciar o sentido que adquiren como obxecto artístico e comunicacional.




Referencias varias:





- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 15, “Libros”, 24 outubro 2002, p. VII.

Ver Fernández, Miguel Anxo, *O sabre do francés*, no apartado I. 1. Narradores galegos, deste *Informe*.

- Beatriz Abelairas, “El adiós a otro maestro, bienvenidas a granel”, *Qué leer*, nº 70, “Otras letras”, outubro 2002, p. 26.

Ver Fernández Pintos, Xulio, *A lenda do embruxado e outras historias*, no apartado I. I. Narradores galegos deste *Informe*.

Sanmartín Rei, Goretti, *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, A Coruña: Espiral Maior Edicións, col. Universitas, nº 1, xuño 2002, 257 pp. (ISBN: 84-95625-50-4).

Volume no que Goretti Sanmartín Rei, partindo da análise dos elementos paratextuais de obras comprendidas entre 1863 e 1936, nos achega datos sobre a historia literaria e lingüística de Galicia. Na primeira parte da obra fai un estudio teórico de diferentes paratextos como os nomes dos autores, os títulos, as dedicatorias, os prólogos, as advertencias editoriais, os epílogos, as notas e outros elementos paratextuais verbais e non verbais, seguindo sobre todo a Genette, quen acuñou a denominación de "paratexto". A seguir céntrase en achegar datos sociolingüísticos da época tratada e en destacar cómo pouco a pouco o galego pasou a ser de uso normal en todos os xéneros da nosa literatura. Así mesmo resalta cómo os paratextos de distintas obras dan conta de cómo se foi producindo este cambio xa que, segundo indica nas conclusións do traballo, "Un título, un prólogo, unha nota, unha dedicatoria, ofrecen unha información de primeira man sobre as inquietudes daqueles que apostaban polo emprego do idioma galego, transmitindo uns contidos que, polas características especiais deste proceso comunicativo, dificilmente

ocuparían outro lugar". Pecha o volume un apartado de abundantes referencias bibliográficas divididas en dous bloques: estudios e textos, relacionando neste último caso todas as obras que a autora tivo en conta para a súa análise.




Recensións:

- Dorinda Castro, “Tempos de compromiso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 11, 26 setembro 2002, p. IV.

Comenta que Goretti Sanmartín explica no seu libro *Lendo nas marxes* cales son os elementos que se poden considerar paratexto segundo Genette. Dá conta tamén de que logo desde unha lectura sociolingüística se achega aos paratextos de obras comprendidas entre 1863 e 1936. Sinala que a viaxe por estes paratextos informa dos esforzos normalizadores desa época e ademais que a través deles se asiste a debates aínda non superados hoxe como a necesidade dun canon literario, a confrontación aldea/cidade ou o dos esforzos editoriais. Así mesmo salienta o abondoso aparato crítico desta obra e o feito de que este é un repaso necesario para ver que é o que se estudia ou se invita a estudiar no

traballo daqueles anos. Conclúe felicitando á autora que con esta obra demostra o seu amor á lingua e a defensa que fai dela.




-Armando Requeixo, “Paratextos galegos”, *Tempos Novos*, nº 64, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, setembro 2002, p. 73.

Sinala que *Lendo nas marxes* de Goretti Sanmartín é un estudio dos paratextos dende o Rexurdimento ata a Guerra Civil que, afirma, se basea na súa tese de doutoramento. Tras aludir aos diversos tipos de paratexto, sinala que ao seu ver o mellor do libro se atopa nas primeiras sesenta e cinco páxinas “polo que supoñen de contribución metodolóxica como pola súa pericia analítica”. Coida que o restante xa aparece en análises precedentes. Aínda así, só lle “obxecta” certas ausencias bibliográficas.

Referencias varias:

-A.N.T., “Goretti Sanmartín Rei. ‘Os limiares eran grandes receptáculos de ideoloxía”, *A Nosa Terra*, nº 1.050, “Fin de Semana”, 3-9 outubro 2002, p. 33.

Breve entrevista a Goretti Sanmartín con motivo da publicación de *Os (pre)textos galegos (1863-1936). Estudio e escolma de prólogos*. Nela, respondendo á pregunta sobre o papel dos pretextos na época estudiada, responde que era principalmente ideolóxico, como loanza do autor e a obra e diferente segundo a importancia da persoa que os asinaba. En canto á súa consideración como subxénero cre que é posíbel polos tópicos comúns que presentaban, entre eles a modestia, a loanza ou o xeito de chamar a atención do público, á vez que interrogada sobre cál deles escollería di que polo valor literario os de Rosalía de Castro e Otero Pedrayo e polo ideolóxico os de Antón Vilar Ponte. Para rematar responde á motivación que a levou a elixir os textos estudiados en *Lendo nas marxes* (2002), ao que responde que os paratextos son "grandes receptáculos da ideoloxía" que rodean as obras como factor de compromiso igual que os prólogos.

-AFA, "Entre liñas"/"Goretti Sanmartín: 'Moita carga ideolóxica reside nos paratextos", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 22 outubro 2002, p. 33/p. 67.

Alude á presentación de *Lendo nas marxes* , obra de Goretti Sanmartín, en Santiago de Compostela. Destaca que nela se poden distinguir dúas partes e que a súa lectura serve para obter información sobre a historia lingüística e literaria referida á etapa que vai dende 1863 ata 1936. Así mesmo sinala que o contido destes paratextos reflicte o grao de normalización social da lingua e apunta que autora desta obra defende a súa relevancia mesmo no momento actual. Ademais disto no primeiro dos xornais e en columna á parte anuncia que a mesma autora publica en Sotelo Blanco *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*, obra na que se achega a un conxunto de noventa e cinco prefacios desa época.

Sanmartín Rei, Goretti, *Os (pre)textos galegos (1863-1936). Estudio e escolma de prólogos*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudios e investigacións, 2002, 287 pp. (ISBN: 84-7824-407-7).

Escolma de Goretti Sanmartín Rei, dirixida a especialistas na materia e a persoas interesadas, na que se reproducen noventa e cinco prólogos en lingua galega, organizados cronoloxicamente, dende o que Rosalía de Castro inclúe no seu poemario *Cantares Gallegos* (1863) ata o que Vázquez Abelleira sitúa en 1936 como prólogo da súa obra *Cousas e contos de por aló*. A reproducción destes textos está precedida por unha introducción na que se comeza explicando o valor que acadan os paratextos nun sistema literario periférico e cunhas circunstancias históricas específicas como é o caso galego. Tamén se define o que é un prólogo, a súa situación limiar na obra, a función de solidariedade e complicidade que se establece entre o prefaciador e o público ou os distintostipos de prólogos que se atopan na literatura galega. Á vista dos textos escolmados considera que no período estudiado non houbo ningunha cuestión de relevancia que quedara allea á instancia prefacial como ferramenta para a recuperación de ámbitos de uso da lingua e da literatura galegas; que os prefaciadores se converten así en auténticos

críticos que marcan as liñas ideolóxicas e sinalan o camiño que se debe seguir; que hai unha forte vinculación entre os prólogos e o nacemento posterior do ensaio galego, xa que estes son os auténticos precedentes do xénero ensaístico, á vez que os sitúa como indicadores da formación dunha conciencia nacional que fixo do idioma un instrumento de expresión de todas as variedades do saber. Tamén sinala que estes elementos foron empregados como xustificación dos contidos e da lingua empregada en cada obra, como un recurso de humildade, de captación de benevolencia e a xeito de contrato de ficción co lector. Finalmente, inclúense os criterios de edición, nos que resaltan cuestións como o feito de que só se escolmaron textos en galego, que se desbotou calquera outro tipo de elementos paratextuais como epílogos ou dedicatorias, e que se lle deu preferencia aos prólogos de autor, e as referencias bibliográficas.




Referencias varias:

-A. N. T., “Goretti Sanmartín Rei. ‘Os limiares eran grandes receptáculos de ideoloxía”, *A Nosa Terra*, nº 1.050, “Fin de Semana”, 3-9 outubro 2002, p. 33.

Ver Sanmartín Rei, Goretti, *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, neste apartado do *Informe*.

-AFA, “Entre liñas”/“Goretti Sanmartín: ‘Moita carga ideolóxica reside nos paratextos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 22 outubro 2002, p. 33/p. 67.

Ver Sanmartín Rei, Goretti, *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, neste apartado do *Informe*.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 15, “Libros”, 24 outubro 2002, p. VII.

Ver Fernández, Miguel Anxo, *O sabre do francés*, no apartado I. 1. Narradores galegos, deste *Informe*.

Seoane , Xavier, *O sol de Homero. Unha defensa da poesía*, limiar do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ensaio, nº 3, 2002, 303 pp. (ISBN: 84-8302-837-9).

Obra ensaística asinada por Xavier Seoane na que pretende dar un novo pulo á poesía dende o presuposto actual de que son “malos tempos para a lírica”. Tras un limiar do propio autor no que se fala da morte da poesía e se remata coa pregunta retórica de se “¿Poderemos falar, na actualidade, da melancolía esmorecida dun inmenso ‘clube de poetas mortos’?” atopamos o primeiro dos corenta e sete capítulos que conforman o libro, que precisamente se titula “¿Malos tempos para a lírica? Todo o tempo é tempo. A fundación da mirada” onde describe a situación da poesía actual, concluíndo que “moita da mellor poesía parece ter nacido dos tempos de esgazamento e desencanto”. Esta temática continúa no segundo capítulo, titulado “¿Pero estarán enmudecendo os poetas?”, no que se aborda a escaseza creadora poética destes días. Nos seguintes capítulos, titulados “Poesía é poesía”, “Algunhas abordaxes do número insondábel”, “¿Mais onde está a poesía?”, “O óbolo do poema”, “A luz da escoita”, “O cervo da loucura”, Seoane trata da concepción da poesía que teñen algúns poetas, así como tamén ofrece opinións sobre o seu futuro e evolución ao longo da historia, demostrando así que este que estamos a vivir non é o único

nin último momento baixo o que este xénero viviu nin vivirá. Máis adiante entra xa no proceso de creación poética, nos capítulos titulados “Entre a pedra e o lóstrego (Razón e inspiración na creación poética)”, “Prostibularia, arisca musa. Os amigos Borges, Lorca e Daumal”, “Gracia baixo presión”, “Algunhas experiencias creativas. Do soño ao corvo”, “De Dunio a Sete. Do poeta vate ao poeta *faber*”, “A musa e o anxo. Da *ejaculatio* á pequena morte. Ascenso e caída do cabalo”, “Que a inspiración te colla traballando. A viaxe poética de Wordsworth”, “Os campos magnéticos. Os camaradas de Breton”, “O momento da creación”. Como dixemos, os capítulos anteriormente mencionados tratan do proceso de creación poética, visto tanto dende unha perspectiva persoal coma dende o punto de vista de multitude de autores aos que Seoane cita nestas páxinas, facendo tamén un pouco de historia da poesía, pero dende unha perspectiva nada academicista. En “A quen comigo vai”, “Deberiamos estar na montaña con Apolo”, “Coñecemento e comunicación. A utilidade do inútil”, “Comunicación no balbucido”, “Portas ao campo e xanelas ao espacio. Mirada e cántico”, “Luz da liberación e o espertar”, “Algunhas razóns para a felicidade”, “A sede de eternidade” e “O consolo da voz. A poesía como catarse”, Seoane profunda máis nas funcións da poesía, tanto no senso filolóxico como no comunicativo e sentimental. A continuación, Seoane entra xa a falar do escritor como tal e do seu papel fronte á sociedade,

á poesía, ... e faino en capítulos como: “Tomei a miña pluma por unha espada”, “Os poetas e o poder”, “¿Hóspedes das néboas ou mendigos do Verbo?”, “¿Pero de onde saen estes tipos?”, “¿Mascato burlado ou Pegaso subxugado?”, “Planetas desorbitados. A maldición do anxo”, “Unha tribo variopinta”, “O insecto ateniense. A cigarra poética”, “Brocelandia *University*” e “A crise climática e as máquinas de trobar”. Vólvese a falar da poesía fronte a outras artes, ciencias e disciplinas nos últimos capítulos, que se titulan, moi descritivamente, “Poesía e filosofía”, “Poesía e relixión”, “Relación entre poesía e Ciencia”. Finalmente, Seoane pasa a temáticas máis metafísicas e filosóficas, facendo unha sorte de filosofía da poesía ou de poética, se se quere, en “A Alquimia do Verbo e o tempo do dicíbel”, “A loita coas palabras. O soño da palabra-cousa”, “A onde non chega a palabra: o anel, o cabalo”, “O acordo humano entre o Verbo e a música”, “A libélula e a baíña de pemento”, “Paixón tan solitaria”, “A linguaxe ecoante: a palabra e o labio” e “Mira cómo o sol de Homero tamén nos sorrí a nós”, sendo este último o derradeiro capítulo do libro, no que se dá unha visión máis ben optimista do futuro da poesía, aínda que augurando un camiño non fácil. Non esquece tampouco Seoane, ao longo desta obra, mencionar e citar a multitude de poetas que o precederon no exercicio desta arte, constituíndo así este libro unha verdadeira escolma de poesía mundial.

Recensións:

- Román Raña, “O acto poético”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 15, “Libros”, 24 outubro 2002, p. V.

Artigo no que se destaca a publicación de *O sol de Homero*, última obra de investigación asinada por Xavier Seoane. Román Raña comeza destacando a tarefa enciclopédica que Seoane tivo que afrontar para analizar todos os aspectos da poesía que neste volume presenta: rima, ritmo, linguaxe, signo lingüístico, relación coa música, etc. Finaliza o artigo agradecendo a Seoane o labor feito pero reprochándolle a “escasa e tardía mención a escritores galegos, que mal aparecen representados ocasional e oportunamente.

- Xulio Valcárcel, “O sol de Homero”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 229, “Páxina literaria”, 27 outubro 2002, p. 4.

Artigo dedicado a analizar brevemente a última obra de Xavier Seoane, titulada *O sol de Homero* e consistente nunha acendida defensa teórica da poesía. A primeira parte do escrito de Valcárcel constitúe un breve repaso pola obra de Seoane para pasar, máis adiante, a falar de *O sol de Homero* propiamente dito. Segundo Valcárcel, Seoane debe superar o toque inicial da marxinalidade da poesía, pero faino con soltura a través da obra antedita, na que ofrece exemplos tanto de poetas en galego como en outros idiomas para facer unha múltiple análise da poesía (histórica, semiótica, filosófica, conceptual, social, lúdica, ...). Finaliza Valcárcel, destacando a importancia dos poemas sobre dos poetas, xa que o que en poesía conta é atopar a beleza, como dicía a cita de Borges coa que remata o artigo: "esa emoción singular que non recollen nin a psicoloxía nin a retórica".

- Vicente Araguas, "Festa rachada", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 441, 31 outubro 2002, p. 8.




Comentario sobre a obra *O sol de Homero*, que Xavier Seoane vén de publicar e que consiste unha das únicas obras teóricas sobre a poesía existentes en galego. Comeza o artigo Araguas falando da mala situación actual da poesía, que o común dos lectores

considera “refuxio de preguiceiros e moinantes cando non de xente con pouco talento incapaz de levar adiante proxectos de máis fuste (por exemplo, novelas)”. Por este motivo, *O sol de Homero* vén enchendo un dobre oco dentro da literatura galega: o de ampliar o escaso número de obras teóricas sobre a poesía e o de defender este xénero tan esquecido ofrecendo nas súas páxinas fragmentos das creacións dos mellores poetas tanto en lingua galega como en linguas alleas, aínda que estes últimos aparecen traducidos ao galego polo propio Seoane. A pesares de atopar na falla dun índice onomástico un grande inconveniente, Araguas remata o artigo loando esta obra e indicando a pretensión de Seoane con este volume: “facernos copartícipes da súa paixón poética, unha paixón polo demais apolínea que vai acompañando de grandes doses de reflexión”.




- Teresa Seara, “Palabra espiral”, *Tempos Novos*, nº 65, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, outubro 2002, p. 72.

Achega as liñas básicas sobre as que xira *O sol de Homero* de Xavier Seoane. Sinala que o obxectivo é “facilitarnos unha mellor comprensión do feito poético e os mecanismos que o rexen”. Salienta a profundidade, rigor e claridade do ensaio, así como a presencia de poetas

universais como “apoio” ao seu discurso. Así mesmo, apunta que xustifica a “necesidade” deste xénero hoxe.




-Xosé Freire, “Viaxe pola poesía en 47 estacións”, *A Nosa Terra*, nº 1.054, “Cultura”, “Ensaio”, 31 outubro-6 novembro 2002, p. 27.

Fálase da obra recentemente publicada por Xavier Seoane e titulada *O sol de Homero*, na que o autor, a través de corenta e sete capítulos, analiza todos os aspectos da creación e análise poética, dende a intervención das musas ata a lectura dun poema. Destaca Xosé Freire a cantidade de exemplos ofrecida por Seoane no seu libro, que inclúe tanto poetas en galego como noutros idiomas, aparecendo estes últimos versionados ao galego polo propio Seoane. Finaliza o artigo cualificando o libro de Seoane como un libro erudito e un “gran libro de poesía en si mesmo”.

Referencias varias:

-Rubén Ventureira, “Naufragio en los jardines”, *La Voz de Galicia*, “María Pita 2002”, 8 agosto 2002, p. L5.

Ver Casares, Carlos, *O sol do verán*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

-Iván Villarmeá, “Os poetas fan moita falta na ágora da cultura e do espírito”, *La Región*, “De verano”, “De libros”, 14 agosto 2002, p. III.

Entrevista feita a Xavier Seoane, autor do recentemente publicado *O sol de Homero*, da que destaca a razón pola que o autor deu ese título ao seu libro, que responde a unha cita de Friedrich Schiller, aínda que Seoane non pensa que o seu libro poida cambiar a poesía ou o mundo. Destácase tamén a cualificación da poesía como unha “secrección natural do ser humano”. Finalmente, abandónase o tema de *O sol de Homero* para pasar a falar do foro *Luzes de Galiza*, conformado por un grupo de intelectuais que quere cambiar o noso país, que, segundo Seoane, xa cambiou radicalmente nos últimos vinte anos, pero ao que aínda lle falta algunha renovación. Para rematar o artigo, Seoane declara que ten outra novela case rematada, despois de ter publicado *Ábrelle a porta ao mar* hai un par de anos, e que lle

parece ben o feito de que o libro de poesía máis vendido do ano sexa o de Joaquín Sabina, xa que “oxalá houbera máis intrusismo laboral do bo”.




- Miguel Anxo Fernán-Vello, “O sol de Homero”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 15 agosto 2002, p. 3.

Artigo no que Fernán-Vello dá a súa opinión sobre a última obra de Xavier Seoane, titulada *O sol de Homero*. Fernán-Vello presenta un balance moi positivo da súa lectura, xa que contabilizou máis de “275 poetas e creadores citados ao longo das máis de 300 páxinas do conxunto”; citas, como di Vello, de grande calidade e traídas moi a propósito ao longo dos corenta e sete capítulos da obra de Seoane. Menciona, ao longo do artigo, o simbolismo do sol e a relación do título da obra cunha cita de Schiller para finalizar relacionando o subtítulo desta obra (*unha defensa da poesía*) cunha obra homónima de Shelley. Para rematar, Vello cualifica a obra de Seoane de “imprescindíbel”.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 11, “Libros”, 26 setembro 2002, p. V.

Notas de presentación da recente publicación de *O sol de Homero*, obra de investigación asinada por Xavier Seoane na que, como o seu subtítulo indica, defende a poesía e analiza todos os seus aspectos ofrecendo exemplos tanto poéticos coma prosísticos, e da novela xuvenil *Nun lugar chamado guerra* (2001), de Jordi Sierra i Fabra, da que ofrece unha breve achega argumental, sinala que foi merecedora do Premio Abril de Narrativa e que estamos ante unha novela de amizade e de denuncia da situación das víctimas dos conflictos bélicos.

- María Guerreiro, “Sen a poesía o que queda é un home amputado e roto”, *La Opinión*, “Entrevista”, 5 decembro 2002, p. 68.




Ver Seoane, Xavier, *Dársenas do ocaso (1999-2002)*, no apartado II. 1. Poetas galegos deste *Informe.*

Silva del Río, Mª Pilar, *Guía de Escritores de Monterroso*, prólogo de Xesús P. González Moreiras, limiar de Antonio Gago Soengas, Monterroso-Lugo: Concello de Monterroso, 2002, 99 pp. (DL: LU-262-2002) ⓾








Referencias varias:

- Francisco de Gracia, “Fiestas, toros y un poco de cultura”, *El Progreso*, “De actualidad”, 13 xullo 2002, p. 80.

Entre os eventos das vilas de Lugo, anuncia a próxima publicación da *Guía de Escritores de Monterroso*, da que sinala que se van editar mil exemplares e que terá arredor de cento cincuenta páxinas.

-Estrella Villares, “Obras y estudios para la villa”, *El Progreso*, “Comarcas”, “Especial”, 27 setembro 2002, p. 26.

Nota que dá conta da presentación da *Guía de escritores de Monterroso* no centro sociocultural de Monterroso e do seu contido, así como da introducción realizada para a

publicación por Xesús Pablo González Moreiras, director de Política Lingüística, e do prólogo redactado por Antonio Gato Soengas, alcalde de Monterroso. Saliéntase que o volume contén unha pequena biografía da vida e da obra dos vinteún autores que se inclúen nela, ilustrada con citas textuais dos seus traballos. Aclárase tamén que non só hai escritores senón que contaron coa colaboración de mestres, biólogos, lingüistas e artistas relacionados coa localidade. A seguir coméntase que o proxecto naceu dunha idea de Antonio Gato co obxectivo de conmemorar as festas patronais da vila e que a presentación do volume se acompañou dunha exposición na que se exhibiron algunhas das obras que realizaron os autores que participan na guía. Saliéntase especialmente a inclusión do trobador Johan D'Ulhoa polo labor de busca e investigación nos arquivos, que deu como resultado a inclusión dunha cantiga de amigo e doutra de amor.








Tarrío Varela, Anxo (coord.), *A literatura desde 1936 ata hoxe: narrativa e traducción*, A Coruña: Hércules de Ediciones, vol. XXXIV, 2002, 567 pp. (ISBN do volume XXXIV: 84-89468-81-8) (ISBN da obra completa: 84-89468-65-6).

Última entrega da serie "Galicia. Literatura" do denominado "Proxecto Galicia" no seu percorrido histórico pola literatura galega, que comezou no século XIII e remata aquí nos anos finais do século XX. Conta cunha introducción na que o coordinador do volume, Anxo Tarrío Varela, explica ademais dos contidos que se atopan neste volume que haberá unha próxima entrega pero dedicada a aqueles autores que sendo "de nación galega" escribiron en castelán. Adianta que neste volume XXXIV se inclúen estudios arredor da literatura producida dende 1936 ata o ano 2000 no eido da narrativa, do ensaio, da crítica, das publicacións periódicas, o labor do exilio, a literatura infantil e xuvenil e o panorama da traducción. Chama a atención sobre algúns destes aspectos como o labor do exilio ou a literatura infantil e xuvenil, non considerados ata o de agora dentro do que se denomina a "institución social" que é a literatura e que mudou coa aplicación das teorías sistémicas.

- Gonzalo Navaza, “Catro narradores: Fole, Cunqueiro, Blanco-Amor e Neira Vilas”, pp. 22 85.

Estudio da obra de catro narradores galegos, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor e Xosé Neira Vilas, que participan no proceso de recuperación literaria promovido pola editorial Galaxia despois do silenciamento que supuxo a Guerra Civil e os primeiros anos da dictadura. Caracterizados por seren catro intelectuais que publicaron algunhas das súas obras inmediatamente despois de 1950, comézase en cada caso cunhaachega biográfica, que dá paso ao estudio da súa obra narrativa. No primeiro, Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986), estudia as características de *Á lus do candil* (1953), *Terra brava* (1955), *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981), ademais de tratar algúns dostrazos que presenta a lingua utilizada por este autor. De Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) estudia as súas obras *Merlín e familia* (1955), *As crónicas do Sochantre*(1956) e *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961), parándose tamén na súa narrativa breve que se compón de máis dun cento de textos recollidos en *Escola de menciñeiros* (1961), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). Despois da achega biográfica á figura de Eduardo Blanco-Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979),

céntrase nas súas obras *A esmorga* (1959), *Os biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972), producción que xunto coas dúas obras en castelán *La catedral y el niño* (1948) e *Los miedos* (1963) sinala que conforma unha pentaloxía ou "macrotexto unitario" arredor da cidade da infancia e adolescencia do autor, Ourense. Finalmente, ofrece unha biografía de Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces, 1928) que dá paso á análise das súas obras *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977), ademais dos relatos breves *Xente no rodicio* (1965) e *A muller de ferro* (1969), ou obras como *Camiño bretemoso* (1967), *Querido Tomas* (1980), *Lar* (1973), *Nai* (1980) e *Pan* (1986), estes tres últimos recollidos nun único volume titulado *Charamuscas*, en 1993.




- Mª Camiño Noia, “A narrativa de posguerra”, pp. 86-149.

Estudio da narrativa de posguerra que Camiño Noia estructura en cinco apartados: unha “Introducción”, na que se refire brevemente ás circunstancias socioculturais da Galicia dos anos corenta ata os setenta; “A narrativa galega no exilio”, na que diferencia entre narrativa breve, publicada principalmente en revistas, e a novela da Guerra Civil, con cinco exemplos na que exiliados galegos escriben sobre as súas experiencias vitais durante o conflicto; “A

narrativa en Galicia de 1950 a 1970”, onde estudia as tendencias marcadas pola narrativa realista, que está representada por Lois Diéguez; a narrativa fantástica, con Daniel Cortezón, e a Nova Narrativa Galega, na que atende á súa xénese, ás características comúns que presentan os autores incluídos neste movemento e a recepción que tiveron as súas obras; “Autores e obras da Nova Narrativa Galega”, no que se achega a autores como Xohán Casal, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Camilo González Suárez-Llanos, María Xosé Queizán e Carlos Casares; e, finalmente, “A narrativa na década dos anos setenta”, no que estudia os autores da colección Illa Nova, en especial o caso de Xohana Torres e a narrativa costumista das irmás Dora e Pura Vázquez.




- Silvia Gaspar Porras, “A novela desde 1975”, pp. 150-213.

Para o estudio da novela dende o ano 1975 ata a actualidade dentro do sistema literario galego, Silvia Gaspar establece cinco apartados, que son os que seguen: unha breve “Introducción”, na que alude ás circunstancias socioculturais que propiciaron os cambios culturais e literarios en Galicia a partir de 1975, seguida de tres períodos que establece dende 1975 a 1983, de 1984 a 1990 e a novela na década dos noventa. No primeiro, de

1975 a 1983, estudia as manifestacións narrativas posfranquistas que se conforman cun ciclo de memorias infantís, unha serie de producción non canónicas de autores como Xosé Fernández Ferreiro, Lois Diéguez, Paco Martín ou Xoán Ignacio Taibo, e a busca dunha nova fronteira, na que destaca a Anxo Adolfo Rei Ballesteros. Segue coa adaptación aos anos oitenta, na que se dá conta das tendencias prioritarias que están marcadas pola toma de conciencia dunha comunidade galega fortemente ideoloxizada, que dá paso á análise da producción novelística entre os anos 1980 e 1984, que está marcada pola promoción dos premios a autores como Víctor Fernández Freixanes, Xavier Alcalá, Úrsula Heinze, Alfredo Conde e Xosé Manuel Martínez Oca. Péchase este apartado cun repaso aos autores que comezan en 1975 como Xosé Fernández Ferreiro e Tucho Calvo ou outros como Daniel Cortezón e Xoán Bernárdez Vilar. No segundo dos períodos establecidos, de 1984 a 1990, estudia o novo panorama literario con atención tanto á producción literaria, na que se fai unha reapropiación da historia e se sitúa a novela como xénero principal, coma ao desprazamento das fronteiras narrativas, no que se indican factores como a priorización da narrativa sobre outros xéneros, se atende aos autores tardíos e ás novas exploracións ou á narrativa fragmentaria. No apartado dedicado á novela na década dos noventa, aténdese a cuestións como a producción durante esta década en xéneros como a novela negra, a

ficción futurista ou a novela rosa e erótica, entre outras; á nova novela histórica e ás súas diferentes tendencias, dende a recuperación da historia, pasando polo "pasatismo cunqueirista" ou a historia como reflexión, ao que lle segue a achega a aqueles autores que se manteñen na narrativa convencional como Luís Xosé Pereira, Bieito Iglesias, Luísa Villalta ou Antonio Riveiro Coello, así como aqueles que apostan polo fragmentarismo, entre eles Xelís de Toro, Xurxo Borrazás ou Xavier Queipo. Péchase o capítulo cunhas breves conclusións.

- Teresa Seara e Teresa Bermúdez, "A narrativa breve desde 1975", pp. 214-279.

Estudio da narrativa breve galega dende o ano 1975 que está estructurado en catro grandes bloques. Comezan atendendo ao labor de premios como o Pedrón de Ouro na dinamización da literatura, as coleccións de relatos e as antoloxías e volumes colectivos. Atenden, de seguido, á caracterización temático-formal do período estudiado no que se diferencia entre "Do realismo costumista ó hiperrealismo urbano", no que aparecen autores como Manuel Lueiro Rey, Xesús Rábade Paredes, Celso Emilio Ferreiro, Carlos G. Reigosa ou FranAlonso, entre outros; "A liña intimista", representada por Xosé María Álvarez Cáccamo,

Henrique da Costa, Ricardo Beiras, Manuel Lourenzo González e Xaquín del Valle-Inclán; “Na procura dunha voz propia. A narrativa feminista”, no que se estudia a producción de autoras como Margarita Ledo Andión, Marica Campo, Marina Mayoral, Mª Teresa Otero Sande, Carmen Panero, Marilar Aleixandre, Helena Villar Janeiro, Mª Xosé Queizán, Susana Antón, Luísa Villalta, Xela Arias e Luísa Castro; “O biografismo”, representado por Olegario Sotelo Blanco, Xavier Lama, Miguel Vázquez Freire e Xosé de Cora; “Construcción dunha literatura mítico-simbólica”, na que está integrada Marica Campo, Carlos G. Reigosa, Antón Castro, Lois Diéguez e Antón Avilés de Taramancos; seguen coa atención aos subxéneros nos que inclúen o relato negro ou policial, o fantástico, de terror, o erótico, de humor-parodia e a narrativa de viaxes, pra rematar este apartado atendendo aos representantes do “vangardismo finisecular” onde atopamos a Antón Reixa, Xavier Queipo, Xurxo Souto,Alfonso Pexegueiro, Claudio Rodríguez Fer, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Rafa Villar, Xerardo Méndez e Xurxo Borrazás. O último apartado refírese ás “grandes voces” que representan nomes como Xavier Carro, Paco Martín, Xavier Alcalá, Alfredo Conde, Xoán Ignacio Taibo, Xosé Manuel Martínez Oca, Úrsula Heinze, Alfonso Álvarez Cáccamo, Xesús Manuel Valcárcel, Manuel Rivas e Manuel Lourenzo González. Péchase cunha reflexións sobre os

camiños de futuro e a tendencia das propostas para o novo milenio, así como unhas conclusións.

- Isabel Soto López, “O ensaio e a crítica dende 1936”, pp. 280-337.

Tras establecer unha serie de pautas definitorias do ensaio como xénero e situar os seuscomezos en galego na denominada Época Nós (1916-1936), abórdase neste estudio a producción do ensaio e da crítica literaria en Galicia en dous períodos: dende 1936 a 1975 e dende 1975 ata finais de século, anos nos que se sitúa a producción do que se ten denominado a segunda xeración do ensaísmo galego e a doutros autores que foron apareceron nestes anos. No primeiro período considerado saliéntase a fundación da editorial Galaxia en 1950, por acoller unha ampla nómina de intelectuais que van fundamentar novas liñas de pensamento, e aténdese á producción que viu a luz no exilio, tanto en formato libro coma na prensa periódica. Destácanse as achegas fundamentais de pensadores como Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Xoán Rof Carballo e Domingo García-Sabell, xunto a outras figuras e títulos salientábeis. Como conclusión, sinálase que o ensaísmo galego comeza a se asentar fundamentalmente a partir da década

dos cincuenta, acadando unha diversificación temática que non fará máis que se consolidar coa chegada da democracia, a incorporación de novas figuras e o asentamento da normalización lingüística e cultural. Destácase tamén que se produciu o asentamento do ensaio filosófico, sobre todo cos integrantes da xeración Galaxia, aos que se suman intelectuais das novas xeracións que comezan a divulgar as primeiras interpretacións políticas, da historia e da economía dende concepcións rigorosas e sistematizadas, así como o ensaio sobre temas sociolingüísticos que comeza a súa andaina. Na segunda das etapas, dende 1975 ata finais de século, faise fincapé nos cambios que se producen coa chegada da democracia e da Lei de Normalización Lingüística en 1983, na aparición de novas editoriais e de nova coleccións dedicadas ao ensaio. A seguir, estructúrase a producción segundo as diferentes liñas temáticas tratadas: ensaio de reflexión filosófica, liña relixiosa, ensaísmo de orientación feminista, indagacións sobre o feito artístico, reflexión política, ensaio histórico e económico, ensaio sociolingüístico e “ensaio puro”. En definitiva, apúntase que nesta etapa se diversifican os campos de pensamento, consolídanse os estudios históricos, elabóranse análises económicas fundamentais, achegas sociolingüísticas e de reflexión filosófica. Ademais insístese na importancia da aparición de publicacións periódicas, que favorecen a difusión desta literatura de pensamento e do

ensaio na súa modalidade de curta extensión, aínda que se pon de manifesto a escaseza de textos sustentados no diálogo suxestivo e elaborados dende unha manifesta vontade de estilo, liña carente de moitos representantes. No que atinxe á crítica literaria sinálase que dende 1936 e ata 1975 se produce un avance definitivo na configuración do discurso crítico que ten por obxecto a reflexión, a análise e a avaliación de diversos aspectos da literatura galega. Aténdese á aparición dos primeiros manuais sistematizadores da literatura galega, ás recompilacións da literatura popular, ás reedicións de obras publicadas en anos anteriores, aos prólogos da nova producción literaria, á producción que se dá a coñecer nas revistas deste período (*Alba*, *Aturuxo*, *Grial*, *La Noche*) e aos traballos que se publican no exilio. Dedícase tamén un apartado especial ao nacemento do Día das Letras Galegas en 1963 e á producción que comeza a xurdir arredor desta celebración, e sinálase o carácter emerxente da crítica literaria neste período a pesar de certas eivas como a ausencia de modernas canles de difusión da obra literaria ou dunha metalinguaxe crítica. Con respecto á crítica literaria que se produce dende 1975, fálase do afianzamento das liñas iniciadas na etapa anterior gracias ás contribucións de especialistas formados nos novos métodos de análise da obra literaria, responsábeis de poñer de relevo as descompensacións do sistema literario galego e de elaborar unha revisión crítica de xuízos anteriores. Aténdese aos títulos








e autores máis relevantes dentro da temática historiográfica, da interpretación literaria, así como á producción de guías de lectura, edicións facsimilares de revistas e xornais, antoloxías, manuais de retórica, crítica literaria feminista, ensaios comparatistas, traballos centrados na literatura medieval, na literatura de transmisión oral, no Día das Letras Galegas, e destácase a relevancia da aparición de revistas e publicacións especializadas e das páxinas de cultura de xornais e suplementos. Como conclusión, apúntase que a investigación e a actividade crítica en Galicia alcanzou nos últimos anos do século XX unha gran madureza, tanto na súa dimensión académica, universitaria, coma na xornalística, aínda tendo en conta que sería desexábel unha maior presencia nos medios de comunicación. Destácase a multiplicación de materiais que se produce progresivamente a partir dos anos oitenta e a incorporación de moitos e decisivos ensaios de interpretación, biográficos, revistas especializadas, antoloxías, etc., que axudan a configurar un corpus crítico considerábel en número e en calidade.

- Xosé Manuel Dasilva, “Panorama da traducción literaria”, pp. 339-353.

Estudio sobre a traducción literaria en Galicia que se inicia cunha aproximación retrospectiva sobre esta realidade comezando pola Idade Media, momento no que se pode citar a existencia de versións ao galego de obras historiográficas, fragmentos xurídicos ou textos haxiográficos e coleccións de milagres. Pasando ao período do Rexurdimento indica que “os pioneiros modernos da traducción ó galego” puxeron textos gregos e latinos na nosa lingua. A seguir destaca que esta tendencia de traducir os clásicos continúa vixente no século XX e cita como caso ilustrativo de traductor deste tipo de obras a Avelino Gómez Ledo. Por outro lado sinala que tamén no século XX os grupos nacionalistas Irmandades da Fala e Nós sentiron a necesidade de incorporar grandes autores foráneos para enriquecer o repertorio textual galego. Mais, tal como destaca, a Guerra Civil interrompeu esta actividade e no período de posguerra tíñase a sensación de comezar outra vez. Segundo indica foi esta unha época na que se traduciron sobre todo obras clásicas e de autores recoñecidos de literaturas modernas. Ofrece unha listaxe con algúns títulos e detense en dous casos singulares, os *Carmina*, traducidos por Aquilino Iglesia Alvariño e *Versos de alleas terras e de tempos idos*, pasados ao galego por Ramón Cabanillas. Despois deste repaso histórico analiza a función da traducción no sistema literario galego achegándose a momentos máis recentes e sinalando tamén que as funcións das traduccións de épocas anteriores

coincidían en pretender reforzar o sistema literario galego. Pola contra indica que as traduccións dos últimos anos se rexen por unha anarquía que fai que non contribúan nin a renovar a nosa literatura nin a situar os textos dentro da cultura receptora. Nun último apartado achégase á proxección exterior da literatura galega indicando que neste sentido se abren boas perspectivas, sobre todo con países como Portugal. Salienta ademais que varias obras foron xa traducidas a linguas como o inglés, francés, alemán, portugués, italiano ou ruso, superándose así o prexuízo de que algúns escritores galegos non resistían a proba da traducción. Comenta tamén o caso daquelas obras que son autotraducidas polos seus autores para o castelán e indica que o sistema literario español se apropia rapidamente destas obras e autores, feito que prexudica a literatura galega, ao igual que a práctica de utilizar esta lingua como ponte para outras linguas. Conclúe este estudio indicando que algúns dos feitos paradoxais comentados se deben ás necesidades do mercado, pero a pesar dos problemas existentes, indica que o futuro da traducción se presenta esperanzador.

- Xosé Luís Axeitos Agrelo, “Cultura galega na emigración e no exilio despois de 1939”, pp. 354-379.

Neste capítulo, estructurado en cinco apartados, Xosé Luís Axeitos Agrelo achéganos á cultura galega da emigración e do exilio, termos que cre necesario diferenciar ben, xa que estes dous fenómenos son provocados por causas distintas e polo tanto maniféstanse con poéticas culturais diferenciadas. A esta distinción dedica o primeiro apartado que conta con reproduccións epistolares nas que queda claro cómo entenderon estas realidades distintos persoeiros. Despois desta primeira parte, nun segundo bloque titulado “Galicia como tarefa” alúdese ao asociacionismo xurdido en América e á confluencia “emigración-exilio”, aínda que os exiliados prefiren diferenciar estes dous fenómenos sociais. Ofrece ademais algúns títulos de obras publicadas polos exiliados cunha clara actitude combativa e de denuncia. Na terceira parte, “Galicia nos prelos de alén-mar”, relaciona toda unha serie de iniciativas editoriais (Emecé, Nova, Galicia, etc.) e pon de manifesto que un dos seus máximos impulsores foi Luís Seoane. Nun cuarto apartado denominado “A palabra, sempre a palabra”, trata sobre os diferentes xéneros literarios destacando aqueles autores que publicaron no exilio intentando expor algunhas características comúns a todos eles. Por último, en “Cultura e comunicación no exilio galego”, menciónanse algunhas revistas e programas de radio cos que os exiliados pretendían manter viva a cultura galega, aínda que,

tal como se indica, a partir de 1945 as esperanzas do regreso vense frustradas e a soidade e o silencio empezan a sentirse como unha seria ameaza.

- Blanca-Ana Roig Rechou, “A literatura infantil e xuvenil en Galicia”, pp. 380-501.

Ábrese este panorama da literatura para a infancia e mocidade publicada en Galicia cun apartado introductorio, no que se atende ao seu estado a través dos tempos, comezando pola Idade Media e pasando polos Séculos Escuros e século XIX, ata chegar ao século XX. Explícase que a literatura infantil e xuvenil galega agromou a finais do século XIX, aínda que non se desenvolveu con normalidade ata as dúas derradeiras décadas do século XX, o que leva á profesora Roig Rechou a centrar o seu estudio neste último século, no que establece tres grandes períodos: “De 1900-1950: primeiras manifestacións”, “De 1950-1980: transición e asentamento” e “De 1980-2000: consolidación”. Asemade, seguindo as propostas de René Wellek e Karl Mannheim, establece unidades xeracionais en cada un dos períodos e dos xéneros que vai sinalando, pois considera que o método xeracional de Mannheim “permite maior flexibilidade epistemolóxica ó basearse máis nos procesos socioculturais, é dicir en tódolos axentes que conforman o sistema, ca en cronoloxías e ideoloxías humanas”. Deste

modo, cada un dos tres grandes períodos está encabezado por un percorrido polos axentes que axudaron á constitución do sistema literario infantil e, seguindo unha subdivisión por xéneros, dáse conta das diferentes unidades xeracionais que foron asumindo os seus respectivos obxectivos e aceptando unha estratexia común no campo literario. Cabe salientar que de cada unha das unidades xeracionais se fai referencia aos diferentes autores que a integran e ás obras que publicaron durante cada un dos períodos, ofrecéndose un resumo argumental e comentándose os seus aspectos literarios máis salientábeis, ademais de tratarse outras cuestións relativas ao seu papel no sistema. Remátase cada etapa con referencias específicas á traducción, á crítica e investigación e dando unha conclusión, coa axuda da crítica e a reflexión sobre os textos lidos.




- Marcos Valcárcel, “Prensa cultural e literaria, editoriais e institucións culturais desde 1939”, pp. 502-551.

Amplo estudio sobre a prensa cultural e literaria en primeiro lugar e sobre as editoriais e institucións culturais galegas despois. Comeza presentando algunhas revistas culturais e literarias de posguerra editadas en Ourense, Vigo, Pontevedra, Lugo, A Coruña, Ferrol,

Santiago e Noia, aínda que sinala que esta foi unha etapa de silenciamento e exilio exterior para moitos escritores. A seguir, seguindo a mesma estructura no que respecta á indicación do lugar de edición, ofrece unha relación dos xornais diarios que se publicaban na posguerra, e sinala que eran un medio de difusión que chegaba a un público máis heteroxéneo, aínda que tamén estaba máis suxeito á censura. Nun terceiro bloque achégase ás revistas da emigración, diferenciando nestas publicacións entre as de carácter político e outras de temática diversa para logo facer unha análise máis polo miúdo de dúas revistas que considera emblemáticas: *Galicia emigrante* (1954-1959), editada en Bos Aires, e *Vieiros* (1959), subtitulada “Revista do Padroado de Cultura Galega do México”. A continuación describe a prensa galega do período actual comezando polas revistas *Grial* e *A Trabe de Ouro*, xa que ambas actuaron como portavoces dun grupo cultural definido. Continúa este repaso con aquelas publicacións vinculadas ás universidades ou a institucións culturais, ademais de mencionar outras de carácter lingüístico. Céntrase despois en revistas de creación poética como *Nordés*, *Clave Orión*, *Poesía Galicia* ou *Dorna*; en revistas vinculadas a un grupo xeracional; noutras de asociacións culturais do país; en revistas de temática teatral; nas que son impulsadas por asociacións e grupos literarios, distinguindo nestas as que se dedican a algún subsector concreto das letras, as impulsadas polo

movemento reintegracionista, as que posúen un carácter sectorial, as que son impulsadas por algunha institución oficial e, por último, aquelas que son monolingües en galego como *Encrucillada* ou *Irimia*. Detense tamén a analizar algunhas revistas e xornais de información xeral e os suplementos culturais que apareceron a aparecen en distintos medios. Así mesmo fai un repaso de distintos escritores que teñen unha presencia fixa nas páxinas de opinión dos diarios. Por último dedica un apartado a facer unha pequena historia da producción editorial do século XX e a salientar distintas institucións culturais, así como a funcionalidade da Asociación de Escritores de Galicia e do Pen Club Galicia.

Referencias varias:

-Albino Mallo, “El ‘Proyecto Galicia’ era una necesidad latente para salir más allá de Pedrafita”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 14 febreiro 2002, p. 6.

Entrevista a Francisco Rodríguez Iglesias, editor do Proxecto Galicia, na que comeza lembrando os seus inicios no mundo editorial como vendedor de libros a domicilio. Percorre a xestación deste proxecto dende que fora rexeitado en varias ocasións inicialmente, dá

conta do apoio de Xosé Ramón Barreiro e Camilo Xosé Cela. Sinala que comezou o proxecto pola historia pola baixa estima que hai en Galicia polo noso pasado, pero que logo se uniron os volumes correspondentes a arte, xeografía ou antropoloxía, ademais dos catro de literatura que xa están publicados e dos que faltan dous. Refírese tamén a outros proxectos da Fundación Hércules, entre eles a creación dun grupo de teatro ou a inauguración dun auditorio na cidade da Coruña.




- E. P., “Pontevedra acoge hoy la presentación de un nuevo tomo del ‘Proyecto Galicia”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 20 maio 2002, p. 76.

Anuncia a presentación en Pontevedra do quinto volume da serie de literatura deste proxecto que levará a cabo Darío Villanueva, acompañado polo coordinador, Anxo Tarrío, e o editor, Francisco Rodríguez. Reproduce o título deste volume e os nomes dos autores participantes entre os que están Gonzalo Navaza, Silvia Gaspar, Xosé Manuel Dasilva, Blanca Ana Roig ou Marcos Valcárcel, entre outros. Tamén se di que nesta obra se estudia aos grandes autores galegos do século pasado, dende Fole ou Cunqueiro ata Casares ou

Rivas, ademais doutros aspectos como a literatura infantil ou a cultura galega na emigración e no exilio.




- Belén López, “Proxecto Galicia: volume 34”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 21 maio 2002, p. 68.

Faise eco da presentación do volume XXXIV do Proxecto Galicia, que se corresponde co quinto de literatura. Sinala a presencia dos máximos responsábeis do proxecto, entre eles o coordinador deste volume, Anxo Tarrío, do que sinala que expuxo pormenorizadamente o seu contido; Darío Villanueva e Rodríguez Iglesias, que lembraron as figuras de Carlos Casares e Filgueira Valverde. En cadro á parte, faise referencia á excepcionalidade dun proxecto deste tipo que non ten igual en toda España, á calidade dos seus traballos ou as temáticas que se abordan.

- J. Casanova, “La editorial Hércules traslada a Andalucía el Proyecto Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 maio 2002, p. 28.

Artigo no que se dá conta da iniciativa do editor Francisco Rodríguez Iglesias, quen está a editar en Andalucía un proxecto semellante ao que se leva a cabo en Galicia dende hai dez anos. En cadro á parte sinala que se vén de presentar en Pontevedra o último volume publicado polo de agora e que corresponde á literatura galega dende 1936 ata o ano 2000. Dise que este volume está coordinado por Anxo Tarrío, quen na presentación valorou o traballo dos máis de corenta colaboradores e a importancia do estudio da obra e vida dos autores galegos do século XX. Tamén se sinalan aspectos como a asistencia ao acto doutros persoeiros, algúns dos nomes dos colaboradores como Gonzalo Navaza, Teresa Bermúdez ou Camino Noia, así como algunhas temáticas presentes na obra, entre elas a literatura infantil, a cultura galega na emigración e no exilio ou a crítica e a traducción.

- E. P., “Presentan hoy en Ourense un tomo sobre literatura gallega desde 1936 hasta la actualidad”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 3 xuño 2002, p. 67.

Breve nota na que se anuncia a presentación do quinto volume de literatura deste proxecto en Ourense. Adianta a presencia de Darío Villanueva, Anxo Tarrío que coordina este volume, e o editor Francisco Rodríguez. Remátase aludindo á temática do volume.

- Pilar Gómez, “Somos muy modestos: si otros tuviesen el patrimonio gallego lo explotarían más”, *La Opinión*, “acoruña”, 30 setembro 2002, p. 6.








Entrevista a Mar Pérez, directora de edición do Proxecto Galicia, quen lembra os inicios e dificultades polas que atravesou esta empresa dende os seus inicios. Fala das distintas series que a conforman, a coordinación dos equipos e considera que en Galicia non se valora a nosa cultura e historia polo descoñecemento. En cadro á parte fálase de cómo chegou á empresa na que agora ocupa un cargo de responsabilidade.





VV. AA., *VIIIº Certame Literario*, A Coruña: Facultade de Filoloxía, Universidade da Coruña, 2002, 85 pp. (DL: C-2614-2002).❿

Como xa indicabamos no apartado I. 1 deste Informe, o presente volume recolle os traballos premiados na oitava edición do Certame Literario organizado pola Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Describimos a continuación o único traballo en lingua galega que resultou premiado no Certame dentro do xénero ensaístico.

- José Ángel García López, “Notas sobre o labor teatral de Ánxel Fole”, pp. 62-85.

En catro capítulos, precedidos dunha introducción e acompañados dun corpo final de notas,repasa José Ángel García a achega de Fole (xeralmente máis coñecido como narrador) ao teatro galego. Así, malia que só publicou unha comedia (*Pauto do demo*, 1958, da que neste traballo se dá abundante información e que se estreou en 1970), deixou escrita unha farsa inédita (*A liorta*, tamén comentada por García López) e hai noticia da concepción doutros espectáculos que non chegaron a se concretaren na escrita nin na representación. Así mesmo déixase constancia de que realizou tamén o autor diversas incursións xornalísticas

que reflexionan sobre o feito teatral galego, manifestándose nelas como partidario dunha dramaturxia ligada ao ruralismo e á tradición. Por outra banda, sinálase que existen algunhas adaptacións escénicas de textos narrativos do lucense (nomeadamente, a partir de relatos tirados de *Á lus do candil*), case sempre feitas por parte de grupos afeccionados e escolares.








VV. AA., *Crítica e autores I/II. Artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*, A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, 2002, 743 pp. (ISBN do volume I: 84-9757-097-9) (ISBN do volume II: 84-9757-098-7) (ISBN da obra completa: 84-9757-099-5).⓾

Estes dous volumes recollen os artigos e entrevistas que o xornal *La Voz de Galicia* publicou ao longo do ano 2001 e 2002 con motivo da saída ao mercado, xunto cun exemplar do xornal, dos cento vinte volumes da colección "Biblioteca Galega 120". Organízanse segundo o número que tiña asignado cada un destes volumes dentro da colección, é dicir, dende a *Antoloxía da lírica medieval*, que é o número un, ata a *Antoloxía do conto de tradición oral*, que aparece como o número cento vinte. Todos estes artigos aparecen descritos nos apartados correspondentes do *Informe de literatura 2001* e neste mesmo, acompañando ás obras das que dan conta. Tamén pode ocorrer que algún deles apareza no apartado de "Estudios e recensións", "Entrevistas" ou "Escritos varios", polo feito de que, sendo entregada a obra co xornal nos primeiros meses do ano 2002, levara como Depósito Legal o ano 2001, provocando así a disociación entre o volume e a súa recepción. A presentación escollida nestes dous volumes recompilatorios segue o seguinte esquema: inclúese o título da obra correspondente como encabezamento e o nome do seu autor e a súa profesión,

para reproducir inmediatamente debaixo cada un dos titulares dos artigos e os nomes dos autores que os asinaron. A seguir, damos conta dun artigo sobre a obra *Contos por palabras* de Agustín Fernández Paz, debido a que este, por confusión, tal como indicamos nas referencias que saíron no xornal sobre esta obra, presentaba o mesmo contido que outro artigo de Eva Mejuto referido a *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín. A continuación recollemos, polo tanto, unha descrición do artigo incluído no segundo destes volumes referido á obra de Agustín Fernández Paz.




- Xavier Cordal Fustes, “Erudito en castañas”, pp. 426-427.

Comeza indicando a abondosa producción de Agustín Fernández Paz, do que ofrece algúns datos biográficos. A seguir, considera que honras como os éxitos literarios, os premios acadados (Merlín, Lazarillo, Edebé, etc.) ou as traduccións da súa obra a outras linguas non lle han gustar tanto a este autor como saberse o máis lido desta colección.

VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, Ferrol: Concello de Ferrol. Concellería de Cultura, col. Ferrol en tempo de historia, nº 16, decembro 2002, 221 pp. (DL: C-2508-02).❿

Este volume é unha edición revisada e aumentada dos artigos que se publicaron neste mesmo ano 2002 na separata do número 17 da revista *FerrolAnálisis*, publicada polo Concello de Ferrol e na que se lle quería, igual que con este volume, render unha homenaxe a Ernesto Guerra da Cal. De seguido damos conta dos estudios incluídos neste volume, que se abre cuns versos do homenaxeado nos que evoca a figura do trobador Paio Gomes Charinho:

- Francisco Fernández del Riego, “O brillante escritor na memoria”, pp. 13-18.

Repasa Francisco Fernández del Riego a súa relación con Ernesto Guerra da Cal, comezando por unha achega biográfica ao intelectual galego nacido en Ferrol e logo trasladado con súa nai a Quiroga. Lembra os seus estudios en Madrid, o seu contacto con intelectuais como García Lorca ou a súa actividade ao longo da Guerra Civil no bando

republicano. Despois do exilio, relata a súa peripecia vital nos Estados Unidos onde exerce a docencia en distintos centros, elabora unha tese arredor da figura de Eça de Queiroz, e as súas visitas despois da dictadura á cidade de Vigo, onde se reencontraban os dous amigos. Destaca a súa influencia en estudiosos americanos para que se achegaran á literatura galega como Anne Marie Morris, a súa participación no *Diccionario de Literaturas Portuguesas, Galega e Brasileira* ou a súa propia producción poética con obras como *Lúa de alem mar* (1959).




- X. L. Franco Grande, “A poesía de Ernesto Guerra da Cal posterior a 1962”, pp. 19-24.

Achégase á figura de Ernesto Guerra da Cal, do que comeza apuntando que é un poeta serodio aínda que cunha obra poética de certo volume. Céntrase na súa producción posterior a 1977 como *Futuro imemorial* (1985)*, Deus, Tempo, Morte, Amor e outras bagatelas* (1987) e *Coisas e loisas* (1992). Destaca da súa evolución a busca de si mesmo a través do virtuosismo formal, a amplitude temática, a sabedoría técnica e o lirismo. Repasa algunhas das temáticas dende a da poesía de tema relixioso, na que se mestura coa melancolía da infancia perdida ou o predominio da figura de María; a recorrencia a “Galicia e

Rosalía” como tema; e a poesía metafísica, na que se interroga sobre a morte, o amor, o tempo, Deus ou a vellez. Tamén alude á temática da infancia, ao patriotismo ou ao esoterismo, entre outras. Caracteriza a súa poesía polo virtuosismo formal e expresivo, xunto coa fondura lírica e a modernidade da súa mensaxe presente en poemas como “Obscuro mito”. Remata coa análise de “Ambiguidade”, poema no que observa unha expresión máis austera, a linguaxe máis sinxela e imaxes menos atrevidas.




- Joaquim de Montezuma de Carvalho, “Despedida ao portugalego Ernesto Guerra da Cal, nosso amigo”, pp. 25-35.

Recupera o texto escrito en 1994 e lido no Congreso Internacional de Língua, Cultura e Literaturas Lusófonas celebrado en Santiago de Compostela, no que evoca a figura de Ernesto Guerra da Cal e dos seus contactos. Sinala que lle falou del Isabel García Lorca, que coincidiron en Mozambique e posteriormente trataron da edición do filme *La Zapatera Prodigiosa*, no que participaba Federico García Lorca. Tamén lembra o seu contacto con ocasión de lle solicitar unha copia do poema de Rosalía de Castro “Dend’as fartas orelas do Mondego”. Evoca do mesmo xeito o seu nomeamento como doutor *honoris causa* pola

Universidade de Coimbra e remata sinalando que este autor foi unha das principais pontes entre Galicia e Portugal. Nunha ampla nota felicita a iniciativa da revista *FerrolAnálisis* de levar a cabo esta homenaxe e salienta o interese do autor galego pra a cultura portuguesa en xeral.




- Theodore S. Beardsley, Jr., “Ernesto Guerra da Cal: Recuerdos entrañables”, pp. 37-40.

Repasa a súa relación persoal con Ernesto Guerra da Cal dende que se coñeceron en 1964 en Nova York. Destaca que era unha persoa moi cordial e intelixente coa que simpatizou dende o primeiro momento e coa que logo cultivou unha relación de amizade que se reforzou coa colaboración profesional. Relata algunhas das ocasións nas que visitaron a familia de Guerra da Cal en Lisboa, Nova York ou Londres. Destaca da súa personalidade a brillante e animada conversa que o caracterizaba e o seu multilingüismo.

- Xavier Alcalá, “Resposta apurada a Ernesto Guerra da Cal”, pp. 41-46.

Carta dirixida ao homenaxeado, que recoñece como o seu mestre, e na que lle comeza por falar da situación actual de Europa. A seguir, pide un maior recoñecemento para a figura de Ernesto Guerra da Cal no seu Ferrol natal, xa sexa dedicándolle unha rúa ou publicando o seu epistolario. Tamén alude á falta de recoñecemento que se dá na literatura portuguesa dos autores da literatura galega, salientando a ignorancia mutua que se dá entre dous pobos tan próximos e ao feito de que na península todo xira arredor de Madrid e Lisboa. Remata evocando algún dos escritos que Ernesto Guerra da Cal asinara co pseudónimo de D. C. Warnest.

- Xosé Estévez Rodríguez, “Un edén no sil da memoria”, pp. 47-50.




Repasa a correspondencia mantida con Ernesto Guerra da Cal dende 1982, despois de telo convidado a que visitara o val de Quiroga, a súa terra da infancia. Alude á fermosura destas terras galegas que funcionaban como elo entre ambos e que foran cantadas por autores como Ramón Cabanillas, Manuel María, Eduardo Moreiras ou Pura Vázquez. Lembra tamén que lle enviara un poema titulado “Fuga”, dedicado a el e a seu avó, no que evocaba os paseos co seu ascendente ata a estación de San Clodio de Ribas do Sil, do cal se

reproduce a versión mecanografada. Remata referíndose a outro poema “Alucinação”, no que atopa reminiscencias de Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro.




- Joel R. Gômez, “Ernesto Guerra da Cal: Um cientista e literato galego para o século XX”, pp. 51-58.

Comeza reproducindo unha cita de Ramón Piñeiro e outra de Carlos Reis nas que gaban a Ernesto Guerra da Cal, para logo loar a importancia desta figura como cientista e poeta galego que foi admirado a nivel internacional. Do seu labor científico sinala a súa docencia en dúas universidades de Nova York, o seu doutoramento cunha tese sobre Eça de Queiros, escritor sobre o que se especializou e co que obtivo gran recoñecemento pola metodoloxía empregada no seu estudio. Ofrécese unha ampla listaxe dos estudiosos que destacaron o traballo de Guerra da Cal, entre os que se nomea aos galegos Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo ou Xosé Luís Franco Grande. Do seu labor como poeta sinala que comezou a publicar poesía en 1937 na revista *Nova Galiza*, actividade reiniciada nos anos cincuenta en revistas de colectividades galegas no exilio, ademais de obras como *Motivos do Eu* (1966), *Futuro imemorial. Manual de velhice para*

principiantes (1985) ou *6 poemas a Rosalía de Castro* (1988), percorrendo tamén algúns dos nomes que se ocuparon da súa producción. Refírese ao seu papel como captador de persoeiros para a literatura galega como Federico García Lorca ou Anne Marie Morris. Remata referíndose á súa condición de galego, cunha personalidade que espertou simpatías por todo o mundo, e reclamando para el maior recoñecemento.




- Luís Gonçalez Blasco, “Ernesto Guerra da Cal, poeta galego”, pp. 59-74.

Reivindicación de Ernesto Guerra da Cal como poeta galego a través do repaso da recepción de dous dos seus poemarios no momento da súa publicación. Comeza lembrando o entusiasmo con que o articulista recibiu *Lúa de alem mar* (1958), caracterizado pola grafía lusitanizante que aparece mesmo na nota introductoria da Editorial Galaxia. Lembra as palabras do propio Guerra da Cal nas que se refire a que non tivo ningunha oposición por parte de Ramón Piñeiro nin de Francisco Fernández del Riego para empregar esta lingua. Destaca a boa acollida deste poemario e de *Río de sonho e tempo* (1963) por parte de intelectuais como Concha Castroviejo, Vicente Risco ou Ramón Lorenzo, que aceptaban o emprego da grafía máis próxima ao portugués, fronte a posturas opostas como a de Manuel

García Barros ou Manuel Rabanal Álvarez. Tamén se refire ao papel de Ernesto Guerra da Cal durante a Guerra Civil e reproduce o seu primeiro poema publicado en *Nova Galiza. Revista de escritores galegos antifeixistas* en 1937, “Mariñeiro fusilado”. Remata coa reproducción dos poemas “Patria” e “Preito mítico a Dom Pedro Pardo de Cela” publicados orixinalmente en *Agália* e *A Nosa Terra*, respectivamente.




- Armando Requeixo, “Ernesto Guerra da Cal poeta de posguerra”, pp. 75-80.

Dásenos conta da lingua de creación de Ernesto Guerra da Cal e da súa situación no sistema literario. De igual maneira, e tomando como base as súas obras *Lúa de além mar* e *Rio de sonho e tempo*, dentro do apartado “Poeta único, poeta ecléctico” infórmasenos da súa pertenza á chamada Xeración do 36 e de diferentes propostas lírico-estéticas nas que se poderían incluír os poemas de Guerra da Cal. As propostas lírico estéticas serían: poéticas continuadoras dos ismos de Preguerra, discursos intimistas e/ou clásicoculturalistas, poesía existencialista e socialrealismo lírico das que o autor ferrolán tería poemas de exemplo, así como tamén estarían presentes o neopopulismo, o saudosismo e o humorismo satírico. Como coda Armando Requeixo di que aínda sendo recoñecida a

relevancia deste exiliado autor como docente, investigador e ensaísta precísase unha análise e valoración por parte da comunidade crítico-literaria da súa poesía, pois tamén ten moita importancia.




- Luís Pérez Rodríguez, “As poesías galegas de Federico García Lorca”, pp. 81-88.

Luís Pérez Rodríguez comenta que son diversos factores os que levaron a Federico García Lorca á composición de *Seis poemas galegos*: o coñecemento de Galicia obtido nas súas viaxes, a atracción forte para os escritores coetáneos de Federico e a descuberta dos cancioneiros galegos que explicaba a tradición modernizada da poesía popular de Rosalía de Castro e Curros, pero sobre todo, a íntima amizade e proximidade coa xeración de escritores, artistas e amigos galegos da Xeración da República, entre os que destaca Ernesto Pérez Guerra. Cóntasenos aquí a relación do escritor ferrolán con Federico (van xuntos a faladoiros de galeguistas, etc.) e a polémica xurdida pola autoría lingüística e literaria de *Seis poemas galegos.*

- Luís Pérez Rodríguez, “Oito cartas de Ernesto Guerra da Cal a Eduardo Blanco Amor”, pp. 89-110.

Reproducción de oito cartas de Ernesto Guerra da Cal, dirixidas a Eduardo Blanco Amor, que dan testemuña dunha amizade que esmorecería nos derradeiros anos da vida do escritor auriense e que pertencen aos fondos da Biblioteca Eduardo Blanco-Amor da Deputación Provincial de Ourense. Nelas Guerra da Cal loa a obra de Blanco Amor; infórmalle ao auriense das súas publicacións e pídelle consello sobre os poemas de *Lua de Além-Mar*; fala da cuestión da ortografía e comunícalle ao seu amigo que cre que é preciso unificala coa portuguesa; cóntalle cousas das súa viaxes, etc. A maior parte delas proceden de Nova York e nelas podemos ver a visión que Guerra da Cal ten dalgúns personaxes da época como pode ser Castelao ou Suárez Picallo.

- Guillermo Escrigas, Marta González, Glória López, Alfonso Mato, Charo Portela e Xosé Vizoso, “García Lorca e Galicia. Ernesto Guerra da Cal y Lorca”, pp. 111-112.

Sinálase o ano no que posibelmente Ernesto Pérez Guerra coñeceu a Federico García Lorca, 1931, e reprodúcense os fragmentos de dúas cartas para explicar a relación entre eses dous escritores que deu lugar á creación de *Seis poemas galegos* de Lorca. O primeiro fragmento que se reproduce é unha carta de Eduardo Blanco Amor datada no ano 1959, no que se insinúa que Ernesto Pérez Guerra foi o incitador decisivo para a escrita deses poemas. O segundo fragmento epistolar reproducido data de 1940 e pertence a unha carta de Ernesto Guerra da Cal, dirixida a Blanco Amor, na que este lle explica ao auriense a súa intervención na xénese dos poemas. Finalmente sinálase o silencio que mantivo Guerra da Cal durante moitos anos sobre a súa participación na redacción dos poemas lorquianos. Tamén se alude á aclaración de algunhas incógnitas sobre a participación de Guerra da Cal na composición dos *Seis poemas galegos* no momento da compra da biblioteca de Eduardo Blanco Amor pola Deputación de Ourense, así como á relación de Lorca e Guerra da Cal con Serafín Ferro.

- María Pilar García Negro, “A Ernesto Guerra da Cal, *in memoriam*”, pp. 113-115.

María Pilar García Negro ofrece a súa opinión sobre o falecido autor Ernesto Guerra da Cal ao que coñeceu, xunto con Xosé María Dobarro, en 1981 cando o visitaron e pasaron uns días na súa casa de Estoril. García Negro loa a persoa de Guerra da Cal e a amizade que mantivo con este, e alude ao feito de Guerra da Cal atender sempre os seus pedidos, ao envío de obras do ferrolán, ás ensinanzas que de Pérez Guerra obtivo, etc. Finalmente, pide desculpas pola brevidade da homenaxe ao seu amigo.

- Teresa López Fernández, “En ilustre compaña: Os trobadores galego-portugueses na poesía de Ernesto Guerra da Cal”, pp. 117-128.












Sinálanse os inicios poéticos en galego de Ernesto Guerra da Cal en 1937 na revista *Nova Galiza* e de seguido, analízase brevemente a obra *Lua de alén Mar* (1959). Desta obra indícanse as razóns da súa boa acollida na crítica, sobre todo no ámbito da cultura luso-brasileira, entre as que destacan a opción ortográfica ou a escolla do autor do prólogo. Así mesmo, indícanse as seis seccións de extensión desigual nas que *Lua de alén Mar* se divide e analízase a relación de Guerra da Cal co neotrobadorismo en "Triadas a Dom Paio Gomes Charinho. Navegador e troveiro do mar medieval", pertencentes á sección inicial "Tríptico", e

en poemas de *Futuro Inmemorial* como “A Mendinho, jogral galaico-português do Medievo”. Coméntase o achegamento de Guerra da Cal como lector a trobadores e cantigas medievais e a posterior selección, elaboración e incorporación de elementos de proveniencia trobadoresca na súa poesía. Póñense en relación o poema de Guerra da Cal dirixido a Charinho co poema “Con él”, incluído en *Marinero en tierra,* de Rafael Alberti, así coma con outros poemas contemporáneos como “Epístola a Pero da Ponte” de Manuel Casado Nieto; “Convosco falo con vós el Rei Alfonso Esguío e Torneol” de Uxío Novoneyra e “María Balteira” de Lorenzo Varela. De seguido, analízase o poema “A volta”, incluído tamén en *Lua de alén Mar*, e que é unha nova aproximación a Charinho, e finalmente o poema “A Mendinho, jogral galaico-português do Medievo”.




- Carlos Reis, “Evocação e louvor de Ernesto Guerra da Cal”, pp. 129-132.

Reproducción do texto publicado por Carlos Reis no *Jornal de Letras, Artes e Ideias* cando Ernesto Guerra da Cal faleceu. Neste texto cóntansenos as circunstancias en que o autor coñeceu ao exiliado ferrolán e a relación que mantivo con este, ao que admirou polos seus estudios sobre Eça de Queirós. Sinálase que a Edição Crítica das Obras de Eça de Queirós

na que participou Carlos Reis debe moito aos estudios de Guerra da Cal e faise unha valoración da personalidade do falecido escritor. Tamén se alude a aspectos biográficos dos últimos anos da vida do autor de *Lua de alén Mar* (1959) e ao cambio na súa personalidade nos anos da vellez.




- Isabel Seoane, “Cartas de Ernesto Guerra da Cal a Otero Pedrayo”, pp. 133-149.

Reproducción de oito epístolas de Ernesto Guerra da Cal dirixidas a Ramón Otero Pedrayo ao que coñeceu, sendo aínda un mozo estudiante, en Madrid nos faladoiros celebrados no “Café Regina”. Nestas misivas escritas na década dos sesenta e enviadas por Guerra da Cal desde Nova York dásenos conta da relación de amizade entre os dous escritores. Nelas o autor ferrolán envíalle ao señor de Trasalba exemplares dos seus escritos, como é *Lengua y Estilo de Eça de Queiroz. I. Elementos básicos* (1954) ou poemas, inéditos daquela, dedicados; agradécelle os comentarios feitos á súa obra; informa ao autor de *Os camiños da vida* das súa próximas publicacións; agradécelle as cartas que lle envía, etc.

- Xosé María Dobarro, “Lembranzas dun amigo ilustre e epistolario americano”, pp. 151-176.

Xosé María Dobarro recorda a biografía e bibliografía de Ernesto Guerra da Cal desde o momento do seu nacemento en 1911 ata a súa morte no ano 1994. Así mesmo, reproduce nove misivas do autor ferrolán, datadas entre 1955 e os primeiros anos da década dos setenta, dirixidas a Xosé Rubia Barcia, galego ilustre co que o autor de *Rio de Sonho e Tempo* (1963) mantivera relación. As epístolas transcritas foron facilitadas a Xosé María Dobarro pola muller de Xosé Rubia Barcia gracias á mediación de Xoán Rubia e nelas observamos como ambos os dous galegos intercambian referencias bibliográficas; como Guerra da Cal loa a bibliografía feita por Rubia Barcia á figura de Valle Inclán; como agradece os comentarios feitos á súa obra; como se piden favores entre eles, etc.

Referencias varias:

- Xoan Rubia, “Guerra da Cal en tempo de historia”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 8 decembro 2002, p. 19.

Dáse conta da aparición dentro de colección “Ferrol en tempo de historia” da biografía do ferrolán Ernesto Guerra da Cal. En primeiro lugar, lóase a iniciativa da publicación de “Ferrol en tempo de historia”, que agrupa as biografías de ferroláns que dalgunha maneira tiveron influencia na vida política e cultural, como poden ser López Seoane, Francisco Suárez ou Benito Vicetto, e menciónase o cambio de formato desta publicación. De seguido, ofrécense algunhas notas biográficas de Guerra da Cal, sinálase a súa implicación directa na creación dos seis poemas galegos de García Lorca e a súa corrección da edición do libro de poemas “Voz Fuxitiva” que escribira en galego Anne Marie Morris. Finalmente indícase que o número dezaseis da colección nomeada titúlase “Ernesto Guerra da Cal lonxe da súa terra matricial” e que a súa coidada edición correu a cargo de Luís Mera, Fernando Bores e Xosé María Dobarro, colaborando tamén o Club de Prensa.

VV. AA., *Xornadas sobre Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), col. Difusión Cultural, nº 27, xaneiro 2002, 283 pp. (ISBN: 84-453-3308-9).

Volume no que se recollen as actas das xornadas que tiveron lugar os días 22 e 23 de xuño de 2001 en Ourense, organizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural. Despois dos prólogos institucionais reprodúcense os relatorios dos estudiosos participantes, que no referido á literatura galega son os que seguen:

-Iago Seara, "A conservación dos bens culturais na obra e vida de don Ramón Otero Pedrayo", pp. 31-35.

Afirma que a Lei de patrimonio cultural de Galicia se alicerza no compromiso integral dos bens culturais e do territorio como unidade cultural e indisociábel que defendía Otero Pedrayo, e para xustificar esta idea apóiase nos textos *Cerros de los Llanos. Historia del arte universal*, *Paisaxe y cultura* e mais *Ensaio sobor da paisaxe galega* de Otero Pedrayo.

- Francisco Javier Río Barja, “Teoría da paisaxe: de Otero Pedrayo ós nosos días”, pp. 37 42.

Sinala que o “sentimento xeográfico” do que falaba Otero Pedrayo estase a reflectir nos centros de estudios europeos de hoxe en día e a seguir describe os factores naturais e humanos dentro da paisaxe. Tamén se detén nos aspectos visuais da paisaxe –físico, biótico e antropolóxico–, exemplifica o estudio metódico da paisaxe ao describir as paisaxes montesías do Courel e mais as paisaxes penechairas da Terra Chá e conclúe subliñando que a riqueza paisaxística galega necesita “dun tratamento específico en cada unha das unidades de paisaxe que a compoñen”.

- Enrique Bande Rodríguez, “A relixiosidade en Don Ramón Otero Pedrayo”, pp. 43-64.

Divídese este estudio en doce apartados que tratan a fe e a relixiosidade na persoa e obra de Ramón Otero Pedrayo. No primeiro, Enrique Bande cualifica a fe de Don Ramón de “cósmica, telúrica, panteísta”. No segundo, o autor explica que a de Pedrayo era a relixiosidade do pobo sinxelo, a das romarías e procesións, na que “Deus é a resposta a

tódalas incógnitas do home". No terceiro apartado, titulado "A praxe relixiosa de Don Ramón", fálasenos do reflexo deste tema na obra do ourensán, na que están presentes numerosas procesións, romarías, peregrinacións, ofrecementos, misas, etc. Indica asemade que a súa relixiosidade máis fonda pode apreciarse nas biografías que dedicou a tres clérigos ourensáns, así como na súa asistencia asidua á misa. Xa en "Estudios sobre a relixiosidade de Don Ramón", Bande lamenta a escaseza dos mesmos, mencionando non embargante a existencia dalgunhas achegas como as de Pedro Gómez Antón, Victorino Pérez Prieto ou Andrés Torres Queiruga. Na quinta parte analízanse as raíces desta relixiosidade oteriana, e cítanse as fontes das que o escritor bebía para as súas crenzas: a Biblia, as obras de La Martine e Chateaubriand e os que el consideraba os apóstolos da relixiosidade galega (Idacio, San Martiño de Braga, San Frutuoso, San Rosendo e Xelmírez). En "Don Ramón o místico da paisaxe" trátase brevemente o panteísmo de Otero, que vía a Deus presente en todas as cousas da terra. A "Escatoloxía na obra de Don Ramón" céntrase sobre todo na cultura mortuoria típica de Galicia, e destaca a relación familiar e humorística que Otero mantiña coa súa propia morte. No oitavo apartado examínase a dimensión que a misa, a providencia, o pecado e a redención teñen na obra de Otero Pedrayo. En "Deus, os Santos e a Virxe na obra de Don Ramón" coméntase de novo

o panteísmo de Otero e a súa opinión de que non ter a Deus en conta é unha ofensa. No seguinte apartado afirma que a antropoloxía relixiosa na obra deste escritor reflicte a realidade social galega do momento, a través de lendas, contos, refráns, e ditos do pobo. Na penúltima sección indica Bande que as festas e as romaxes aparecen nos textos de Otero tanto no seu senso purificador e redentor como no seu senso profano. O último apartado, titulado "O defensor das confesións relixiosas na Segunda República", fala fundamentalmente de dúas intervencións que Otero realizou nesa época ante o parlamento e nas que se opuxo á supresión das confesións e congregacións relixiosas.

- Juan Luis Saco Cid, "Don Ramón, mestre na aula", pp. 65-88.

Achégase á figura de Otero Pedrayo centrándose na súa profesión como docente na Universidade de Santiago e no Instituto do Xardín. Comenta que o seu relatorio vai xirar en torno ás súas relacións persoais co escritor, dada a súa condición de alumno naqueles anos. Alude, nun primeiro momento ás causas polas que a súa condición de mestre no foi tan valorada como outros aspectos da súa traxectoria profesional. Sinala que os que escribiron sobre el foron poucos discípulos seus nas aulas e que se tende tamén a falar

máis da obra escrita do autor, polo que quedaría fóra de estudio as súas clases e conferencias, xa que as impartía sen ningún tipo de nota ou escrito. A continuación, fai unha aproximación á figura profesoral do ourensán percorrendo toda a súa vida académica dende a súa nenez ata a madurez. Céntrase na aprendizaxe de Otero neno, na súa estadía en Trasalba, a influencia dos seus pais, etc. Asemade, fai referencia ao seu ingreso no Instituto de Segunda Ensinanza e aos estudios en humanidades, linguas clásicas e outras materias orientadas a aprender recursos lingüísticos e culturais para conseguir unha boa expresión oral e escrita. Segue falando dos seus estudios universitarios en Madrid, cidade na que cursou Letras e Dereito, das oposicións ás que se presentou e dos primeiros institutos nos que impartiu clase. Finalmente, céntrase no ano 1947, no que cursaba segundo curso, e do que lembra as clases do escritor. Destaca algunhas das anécdotas que lle aconteceron e resalta a gran calidade que tiña Otero como orador, a paixón que sentía polo mundo clásico, a terra e as paisaxes. Por último, ofrécese como anexo, exames de bacharelato que se conservan do escritor.




- Ramón Villares, “Otero Pedrayo historiador. A formación dun intelectual nacionalista”, pp. 89-109.





Ramón Villares fala principalmente neste escrito da variedade temática dentro da grande obra de Otero Pedrayo. Coméntanos a capacidade que tiña este consagrado escritor para mesturar dun xeito peculiar e eficaz a cultura e a novela histórica dentro das súas produccióǹs. Villares define a Pedrayo como un “escritor con fonda raizame romántica”. Otero Pedrayo vese perfilado neste estudio como unha persoa comprometida co nacionalismo galego e que ao mesmo tempo segue as máis diversas correntes e tendencias europeas, estando en contacto directo coas obras de autores tan célebres coma Herde, Goethe, Bergson, Nietszche... Finalmente fai un esmerado comentario sobre a obra de Pedrayo en si, o seu papel dentro da Xeración Nós e a gran calidade humana e psicolóxica dos seus personaxes.

-Olivia Rodríguez González, “Os contos de Ramón Otero Pedrayo na revista *Misión*”, pp. 111-121.

O artigo preséntase como continuación e revisión de outro publicado pola autora en 1995 que tamén fala das Colaboracións de Otero nesta revista. Nun principio fálase das diferentes

etapas da existencia da revista en Ourense (1937-39), Navarra (dende o fin da guerra) e en Madrid (a partir de 1941), e como Otero colaboraba habitualmente en todas elas. Trátase de pasada o tema dos pseudónimos, que usou en todas estas colaboracións e que segundo declaracións atribuídas a Manuel Cerezales se debían á imposibilidade de escribir en galego. Dos artigos que Pedrayo escribe en seccións como “Motivos del vago lector” ou “Contos de Misión” á autora interésanlle os narrativos sobre os ensaísticos. E na análise dos primeiros fai tres divisións: biografía novelada, conto como pretexto do ensaio discursivo e o “conto puro” que pasa a analizar. Moitos dos arquetipos parecen os xa coñecidos en Otero Pedrayo:o fidalgo, o sacerdote, o vello; e o mesmo pasa coa temática: o cambio operado polo paso do temo, o culteranismo, etc. Aínda que se constata, xa na posguerra, a introducción de novos personaxes, como o pirata ou a muller con cultura, ou da narrativa fantástica. Por último conclúese cun chamamento ao estudio e edición destes textos como “achega importante á valoración da obra literaria de Otero”.




- Augusto Pérez Alberti, “Analizando as paisaxes”, pp. 123-130.

Ofrécese un achegamento ás distintas paisaxes e alúdese ao tratamento que, das paisaxes, fixo Otero Pedrayo nos seus textos. En primeiro lugar, faise referencia ás paisaxes tradicionais e cítanse unha serie de factores que contribúen á diferenciación da paisaxe: a forma do terreo, a altitude na que se atopa, a orientación, a presencia de rochas, o clima e a vexetación propia de cada zona. A seguir, no apartado “As novas paisaxes”, alúdese ás distintas distribucións da terra e ás paisaxes que xurdiron a partir dos anos sesenta do pasado século, cando se comezou a producir unha masiva emigración dende as aldeas cara ao estranxeiro ou ás cidades. Deste xeito, produciuse unha progresiva reforestación natural “de amplas áreas do noso territorio que desembocou nunha ampliación considerábel do noso monte, tanto de mato como de bosque”. Por último, en canto ás paisaxes descritas por Otero Pedrayo, coméntase que “estaban marcadas polo valor da terra. Nunha sociedade labrega, como era a galega -e segue a ser en moitos lugares- o valor agronómico do chan implicaba un uso diferencial”.

-Xosé Manuel Souto, “A imaxe xeográfica galega en Otero Pedrayo e o futuro urbano do noroeste peninsular”, pp. 131-149.

Analízase, con detalle, a visión da xeografía galega que se desprende dos textos de Otero Pedrayo. Deste xeito, coméntase, en primeiro lugar, que cabe salientar dous momentos básicos á hora de analizar a obra xeográfica de Pedrayo. Por unha banda, destacan os anos vinte, durante a dictadura de Primo de Rivera e, en segundo lugar, os anos cincuenta, na dictadura de Franco. Trátase de dous momentos de control ideolóxico, marcados pola censura e a loita pola identidade de Galicia. A seguir, cítanse algunhas obras de Otero Pedrayo nas que reflexiona e estudia a xeografía galega. Trátase, entre outras, de *Guía de Galicia*, *Síntese xeográfica de Galicia*, *Problemas da Xeografía de Galicia. Notas encol das formas de poboazón labrega* ou *Paisajes y problemas geográficos de Galicia.* Nun segundo apartado, analízase a evolución dos estudios urbanos despois de Otero Pedrayo. Deste xeito, estúdianse novos enfoques “para avaliar a realidade urbana e a súa imaxe externa”, incídese na “funcionalidade e atracción das cidades e a recuperación dos centros históricos como parte da memoria cidadá” e interesan os “procesos económicos e sociais que inciden nos usos do solo e na edificación volumétrica da cidade”. A continuación, faise referencia ao proxecto do Eixo Atlántico e estúdiase a súa incidencia nas relacións sociais e económicas en Galicia e o norte de Portugal. Para rematar, ofrécense unha serie de mapas nos que se poden comprobar as distintas distribucións do terreo en Galicia ao longo do tempo.

- Carlos Baliñas Fernández, ‘Vivencia estética e simbólica da paisaxe’, pp. 151-159.

Analízase a teoría que Otero Pedrayo ten da paisaxe e enmárcase dentro da disciplina da Estética. Estructúrase o texto en seis apartados: “Dous enfoques posibles”, onde sinala que a teoría oteriana conxuga os aspectos físicos/xeográficos e o sentimental; “Palabra nova para sensibilidade nova”, onde se fala da orixe da palabra paisaxe e o seu significado; “Unha realidade recíproca”, onde sinala que a paisaxe non se pode definir por si mesma porque non é unha realidade obxectiva e empírica; “Diversas actitudes diante do mesmo”, onde explica o xeito diferente de ver unha paisaxe por un pintor, un literato, un turista, etc.; “Xeografía estética”, onde describe a paisaxe dende un punto de vista xeográfico e estético” e “Nostalxia do paraíso”, no que sinala que en *O espello na serán* Otero Pedrayo amosa o que a natureza ten de símbolo e destaca o final da súa obra *Ensaio sobre a paisaxe galega*.

- Xosé M. Salgado, ‘Un blasfemo, un miñato e o colar dunha xitana’, pp. 161-169.

Comeza afirmando que na obra de Otero Pedrayo se mesturan ficción, realismo, fantasía, erudición, literatura popular e historia e para demostralo analiza a novela *La vocación de Adrián Silva*. Nesta obra aparecen reflectidos varios destes aspectos: o seu protagonista reaparece en *Pantelas, home libre*, nun texto autobiográfico de Otero Pedrayo e que el mesmo insinúa a súa existencia nunha conferencia ofrecida en Bos Aires no 1959; introduce anécdotas reais da súa cidade natal, por exemplo a historia de Dª. Lucia, que xa publicara na sección "Del Orense antiguo" do xornal *La Región*; e inclúe episodios de literatura popular, como é a historia da xitana Pola, que o autor coñeceu por transmisión popular.

-Xosé Anxo Fernández Roca, "O Teatro de máscaras: da prosopopea ó espectáculo", pp. 171-183.

Comézase afirmando que xa non se pode considerar o teatro de Otero Pedrayo como un capítulo menor da súa producción, senón que hai que entendelo como parte dun todo, dunha obra caracterizada pola súa unidade e pola disolución de fronteiras entre os xéneros. Repásase como tras a morte de Otero se foron coñecendo máis textos teatrais seus e foron aparecendo diversos estudios sobre o seu teatro, amosando que a súa producción

dramática non foi pequena nin ocasional. Apúntase tamén a súa relación coas ideas de Castelao sobre un Teatro da Arte para Galicia, e as débedas do seu teatro coa tradición e a modernidade, co popular e as vangardas. A seguir o estudio céntrase en *Teatro de máscaras,* rebatendo a idea de que existan pegadas expresionistas nesta obra, para o que se sinalan as diferencias que existen co teatro de Valle-Inclán. Abórdase a relación que se establece no teatro de Otero entre literatura e espectáculo, que se expresa especialmente nos acoutamentos, dunha grande literariedade, o que supón problemas para a representación. Así, a converxencia nos acoutamentos do plano literario e do plano espectacular considérase unha mostra da súa modernidade e da audacia das súas propostas, que rivalizan coas vangardistas. Neste sentido indícase que o recurso básico é a prosopopea, e analízase a súa utilización en *Teatro de Máscaras,* que desencadea o que o autor chama "visión prosopopeica" e que atinxe desde manifestacións estilísticas ata procesos escenográficos. Finalmente conclúese que: a) Otero Pedrayo é ante todo poeta, tamén na súa condición de dramaturgo; b) Galicia contémplase como natureza viva en diálogo co home; c) esta visión de Galicia focalízase en clave hilozoísta; d) o hilozoísmo vehicúlase a través da prosopopea e recursos afíns; e) a escrita prosopopeica concentrada en forma teatral desenvolve unha visualización vivificadora, e f) a interacción prosopopea

verbal-prosopopea visual evidencia que o teatro de Otero ten vocación de poesía e de espectáculo.

- Chema Paz Gago, “O Teatro de Máscaras de Ramón Otero Pedrayo. A vangarda teatral en Galicia”, pp. 185-190.

Sitúa a Castelao e, sobre todo, a Otero Pedrayo e a Álvaro Cunqueiro, como os dramaturgos que encabezan os movementos vangardistas teatrais na Galicia dos anos trinta, fundamentados esteticamente nas propostas europeas. Repara no extraordinario carácter vangardista que presentan os textos de *Teatro de Máscaras*, de Otero Pedrayo, que configuran na escena as ideas teatrais dos grandes teóricos e dramaturgos da vangarda histórica, especialmente Edward Gordon Craig ou Antonin Artaud e sinala que estas influencias surrealistas e expresionistas chéganlle a Otero a través das conversas persoais e da correspondencia, ata o de agora inédita, que mantén con Castelao cando este se encontra de viaxe por Europa en 1921. Destaca as revelacións de Castelao ao descubrir en París representacións como *La Chauve-souris* da compañía moscovita de Nikita Balief ou ao visitar unha exposición de artistas rusos na que observa detidamente un libro con debuxos

de decorados e vestiario, feitos que o levan a idear un teatro de arte en Galicia ao xeito do ruso, entendido como un espectáculo total no que se integren diálogos, música, danza, coros populares, mascaradas, bufonadas, mímica e mesmo a pintura. Paz Gago cualifica de "interesantísima" a coincidencia e o paralelismo entre as ideas teatrais de Castelao e as do fundador do surrealismo e do teatro da crueldade, Antonin Artaud, influído tamén pola descuberta dos teatros orientais, de Balí e de Rusia, segundo recolleu no seu ensaio *Teatro Oriental e Teatro Occidental* (1935). Sinala tamén as coincidencias coas propostas de Edward Gordon Craig con respecto á despersonalización dos actores por medio de autómatas, marionetas, figuras e, sobre todo, máscaras. Salienta que esta estética teatral recollida por Castelao inspira radicalmente o teatro de Otero Pedrayo, sobre todo nas pezas *A Estadea*, *Os espantallos do vento* e *O café dos espellos* en canto á concepción dos personaxes e os elementos escenográficos. Na súa opinión, os esbozos dramáticos de Otero Pedrayo, dan conta dun "teatro fragmentario e aberto que debe ser revalorizado, tanto na investigación como nos escenarios".




- Francisco Fernández del Riego, “O home no marco de Trasalba”, pp. 191-199.





Fernández del Riego repasa algúns aspectos fundamentais da personalidade de Otero Pedrayo como dinamizador da cultura galega e como home de formación europea. Comeza aludindo á importancia da aldea de Trasalba para coñecer a Otero na súa verdadeira dimensión, xa que foi alí onde percibiu por vez primeira a presencia de Galicia e onde aprendeu a amala. A seguir repasa a súa formación literaria, citando as súa lecturas preferidas: Sthendal, Balzac, Proust, *As memorias de ultratumba* de Chateaubriand, as poesías de Baudelaire, Verlaine, Rilke, os poemas latinos da Idade Media e Platón e Bergson, entre os filósofos. Sinala tamén que comentou e traduciu moitos destes textos, dos que nomea o *Ulyses* , de Joyce, que verteu ao galego por primeira vez en España. Salienta ademais a súa faceta de viaxeiro e sitúao ao lado dos membros da súa xeración, Risco, Cuevillas, Primitivo R. Sanjurjo, todos eles marcados por unha experiencia semellante: o paso do exotismo e do dandismo á entrega total ao seu país natal, “despois de moitas voltas e reviravoltas por alleos horizontes”, unha confesión plasmada en *Nós, os inadaptados*, de Risco; *Dos nosos tempos*, de Cuevillas e *Arredor de si*, de Otero Pedrayo. A propósito desta última obra comenta que se trata dunha verdadeira autobiografía espiritual que consagra a Otero Pedrayo e os homes da súa xeración por entregarse definitivamente ás esencias da súa terra, decidíndose a servir á cultura autóctona. Detense a seguir no sentimento e

interpretación da paisaxe característicos de Otero Pedrayo, que ilustraron moitas das súas mellores páxinas, nas que se percibe cómo penetra fondamente na esencia de Galicia, nos seus latexos e no ritmo da súa vida. Neste sentido cita as descricións de *Pelerinaxes*, a interpretación completamente nova do país en *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* e a *Guía de Galicia*. Refírese ademais á intelixente visión de Otero cando interpreta as manifestacións históricas da nosa evolución cultural, non só en ensaios como *Morte e Resurreición* ou *Ensaio sobre a cultura galega*, senón tamén na creación novelística, tal é o caso de *Devalar*, novela histórico-cultural protagonizada por Galicia, ou *Os camiños da vida*, onde plasma a historia interna do noso país durante o século XIX dándolle protagonismo ao pobo galego. Conclúe o artigo mencionando que o europeísmo de Otero Pedrayo maniféstase aínda na súa vocación compostelá e na súa concepción de Santiago como a cidade máis moderna de Galicia e a derradeira en aparecer entre as metrópoles relixiosas e culturais de Europa.

- Rosario Álvarez, “O don da palabra”, pp. 201-215.

A autora realiza un percorrido polo emprego do galego en Otero Pedrayo. Enxalza a figura de Otero Pedrayo mostrándoo coma un grande orador, posuidor dunha ampla cultura xeral ademais dunha grande imaxinación. Introduce un apartado sobre “a consideración do galego” no que, o máis destacábel é a constante pretensión de Pedrayo por conseguir chegar a un estilo culto propio que empregaba intentando fuxir da diglosia e convencido de que non debía tampouco construílo de costas ao galego popular. No apartado de “creación dun estilo propio” expón as dificultades que se lle presentan ao lector na lectura e comprensión dos seus escritos xa que, o seu estilo persoal repercute na sintaxe dificultando a tarefa do lector. Na apartado “modelo de galego” destácase o emprego de variacións formais dentro dun mesmo texto ou incluso dentro dun mesmo parágrafo; a súa liberdade creadora para reinventar o idioma creando palabras novas ou mesmo dándolles novos significados ás xa existentes; o emprego de grande cantidade de estranxeirismos na súa loita por acadar que o galego sexa unha lingua de cultura para o que estes recursos lle servirán coma vía de fuxida permanente de todo parecido co castelán. Finalmente apunta que a figura de Otero Pedrayo conta co recoñecemento dos seus contemporáneos e apunta que quen o coñeceu só ten cualificativos positivos para definir a este escritor

- M. Ríos Panisse, “Algunhas repercusións da ideoloxía de Otero na súa obra literaria”, pp. 217-223.

Procura “sintetizar o concepto de ser galego en Otero e analizar, máis de vagar algunha das súas repercusións na creación literaria deste autor”, en concreto en *Arredor de si*, *Escrito na néboa* e *Vidas paralelas*. Desta última, tras achegar a visión oteriana á de Risco e contrapola á de Castelao, tira varios “esterotipos sincrónicos do ser galego […] con valor diacrónico respecto da ideoloxía galeguista”.

- Camiño Noia, “Unha nova ollada sobre as innovacións na narrativa de Otero”, pp. 225-235.

Refírese á narrativa vangardista do egrexio ourensán, situándoa nas mesmas liñas que o “proxecto” de “vangarda moderada” de Ortega y Gasset, “base teórica na tarefa de renovación da narrativa galega”. Así mesmo apunta a Azorín como influencia directa e compara a obra vangardista deste coa de Otero, extraendo unha serie de “semellanzas”. Remata enumerando un conxunto de características deste tipo de escrita oteriana.

- Delfín Caseiro Nogueiras, “A oratoria oteriana”, pp. 237-247.

Delfín Caseiro analiza nestas páxinas os temas e o estilo que caracterizan o discuso oral de Ramón Otero Pedrayo, intelectual que, provisto dunha excepcional capacidade de improvisación e dunha memoria prodixiosa conseguía facer das súas intervencións oratorias verdadeiras mostras de acrobacia verbal. Tendendo aos períodos longos, á frase barroca, ao lirismo, o de Trasalba facía referencia de xeito recorrente a cuestións xa básicas na súa escrita coma o atlantismo, a Idade Media, a paisaxe, etc. O estudioso toma como base desta exposición o traballo *A voz de Otero: a fortuna da palabra*, onde se compilan algúns treitos representativos da oratoria de Otero (gravacións ordenadas por temas e acompañadas da respectiva transcrición textual) a partir dos materiais de que se dispuña no Arquivo Sonoro de Galicia (entrevistas, discursos e conferencias pronunciadas polo autor entre 1958 e 1975).

- Basilio Losada, “O *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* no seu tempo e no noso”, pp. 249-253.

Tras un lamento pola imposibilidade de dispoñer facilmente do texto castelán do *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* de Otero Pedrayo e despois de mencionar as edicións desta obra, explícase cal é a función da historia e sinálase ao autor de *Os camiños da vida* como o membro da Xeración Nós encargado de trazar o esquema dunha historia galega de signo nacionalista. Menciónanse cales son as pretensións do Señor de Trasalba neste seu ensaio (entre outras, definir a condición esencial dunha Galicia invariábel no fundamental, pero capaz de asimilar canto de orixe allea non conturbase a súa esencia) e explícanse os aspectos da meditación sobre a esencia de Galicia que trazou Otero nesta obra. Fálase da consideración da raza como alicerce cultural; do ruralismo como fundamental na construcción da imaxe mítica da Galicia de Otero; etc. Así mesmo, respóndese a que é o que atopamos neste ensaio (indícase, por exemplo, que o autor acerta na visión das épocas da historia ou que expón as diferencias entre a Galicia Bracarense e a Lucense) e, para rematar, considérase que posibelmente non teñamos reparado na grandeza deste *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*.

- Xulio Francisco Ogando Vázquez, “Otero Pedrayo, orador”, pp. 255-280.












Estudio sobre a faceta oratoria de Otero Pedrayo, de quen se destaca no final do artigo que era “a nosa voz”, “de toda a nosa nación”. Comeza destacando o maxisterio que sobre el exerceron Marcelo Macías y García, mestre de literatura, e Eduardo Moreno López, mestre de xeografía e historia. Salienta do primeiro deles que foi quen o iniciou nos coñecementos da retórica e poética e subliña que este mestre, que tiña preferencia pola oratoria, garda certo paralelismo co seu discípulo. Trata, ademais, o labor literario deste autor que era pouco lido pola dificultade da súa lingua e estilo, contrastando este escaso recoñecementodo seu labor literario cos aplausos que recibía como orador. É por isto polo que significativamente nun apartado titulado “O drama do escritor. O triunfo do orador”, destaca algúns dos éxitos conseguidos partindo da súa oratoria, exemplificando isto coa súa reintegración á cátedra da que fora destituído. Ofrece ademais unha relación dalgúns discursos deste autor e reproduce un deles, a saudación en nome dos asistentes ao Congreso internacional de etnografía, realizado en Santo Tirso en xullo de 1963.

Referencias varias:

-AGN, “A vida e obra de Otero Pedrayo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán/Cultura”, 10 xullo 2002, p. 69.

Breve nota da presentación oficial deste volume de actas arredor da figura de Otero Pedrayo levado a cabo por Manuel Fraga, de quen se recollen as súas palabras nas que destaca a importancia deste autor para a cultura galega e as súas facetas de escritor e orador.

-Agustín Sixto Seco, “O nacionalismo de Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Fóra de portas”, 30 outubro 2002, p. 3.

Entre outras reflexións de carácter político inclúe o anuncio de que Ramón Villares lle enviou a separata do seu traballo incluído nas actas do volume *Xornadas sobre Otero Pedrayo*, nas que se recollen os traballos presentados neste evento celebrado con motivo do XXXV aniversario da morte de Ramón Otero Pedrayo.

Valcárcel, Marcos (ed.), *Carlos Casares, punto de encontro. Lembranza e homenaxe desde Ourense*, limiar Víctor Freixanes, Ourense: Concello de Ourense (Concellería de Cultura), col. Auria, nº 7, setembro 2002, 178 pp. (ISBN: 84-87623-56-5).

Este novo volume da colección Auria está centrado na figura do ourensán Carlos Casares –na súa traxectoria vital e profesional– e nos seus vencellos coa Cidade das Burgas. Comeza cun limiar titulado "O primeiro Casares" no que Víctor Freixanes reflexiona sobre os contidos desta compilación do corpus literario xornalístico de Carlos Casares e a seguir temos as catro partes máis un epílogo que integran esta colectánea. Na primeira parte recóllense os artigos que Carlos Casares publicou no xornal ourensán *La Región* entre 1968 e 1974, en español ata o 17 de maio de 1973 cando comeza a estaren escritos en galego dentro da sección "Con esta lupa". Tamén se reproducen as caricaturas dos personaxe sobre os que reflexionaba Casares e que eran obra de Siro López. Como peche deste primeiro elo do libro temos o texto "Con esta outra lupa" no que Siro López comenta esta sección e destaca que este foi o primeiro espacio de política internacional en galego. Na segunda parte teñen cabida algunhas das entrevistas a Carlos Casares –realizadas por Arturo Lezcano, Víctor Freixanes, Alfonso Sánchez Izquierdo, etc.– nas que se fala da presencia de Casares en

Ourense ou que apareceron na prensa ourensá e que se realizaron entre 1963 e 1999. Na terceira parte “Crónica da súa presencia en Ourense”, temos varios textos que falan de diversos aspectos literarios e vitais de Casares: “Xinzo, o seu Macondo periodístico”, de Federico Cocho; “Memorial de amigo”, publicado no número cincuenta e seis de *Tempos Novos* e que é obra de Manuel Rodríguez Álvarez; “Un silencio no Liceo para pensar” de Antonio Piñeiro; “Carlos Casares colaboró en la fuga de un guerrillero de Portugal a Francia”, que é unha entrevista de Xosé M. del Caño, así como varios artigos de Marcos Valcárcel nos que debulla a súa producción literaria. A cuarta parte recolle dezaoito artigos publicados na prensa con motivo da morte de Carlos Casares, entre eles, “Carlos o maquinista” e “Carlos”, de X. C. Caneiro; “Carlos Casares na lembranza”, de Afonso Vázquez-Monxardín; “Débeda e gratitude con Carlos Casares”, de Delfín Caseiro; “Un corazón de diamante”, “Isto non pode ser unha despedida”, de Marcos Valcárcel; “O arcebispo de Antioquía”, de Antón Riveiro Coello, etc. No epílogo –“Apuntamentos para unha cronoloxía de Carlos Casares en Ourense (1969-2002)”–, acompañado de abondoso material gráfico, recóllense as relacións de traballos e actos nos que estivo presente Carlos Casares na sociedade cultural ourensá dende que en 1969 comeza as súas colaboracións en *La Región* e ata que en xullo de 2002 se presenta a fundación Carlos Casares.








Referencias varias:

Dora Vázquez, “A esas cartas amigas, gracias”, *La Región*, “De paso”, 9 decembro 2002, 12.

Refírese á importancia de Carlos Casares como un dos maiores impulsores dos “Encontros Literarios” que anualmente se desenvolven no Liceo de Ourense. Céntrase a seguir nos encontros de 2002, os XII Encontros Literarios, dos que salienta a homenaxe que se lle fixo a Carlos Casares e asemade dáse conta da presentación do volume *Carlos Casares. Punto de encontro*.

-E. P., “Trives réndelle unha homenaxe a Casares”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 22 novembro 2002, p. 76.





Infórmase de que durante a homenaxe que se lle rendeu a Carlos Casares nas terras ourensás de Trives o historiador Marcos Valcárcel falou do volume *Carlos Casares. Punto de encontro*, do que é editor.





Vega Pato, Tomás, (coord.), *Dez anos do Teatro Principal. Ourense (1992-2002)*, Ourense: Deputación de Ourense, 2002, 96 pp. [ISBN: 84-607-4041-2]

♎□ 💣◆⬧♏□ ☝♋●♏♑□ ♎♋ 💣♋❒♓□■♏♦♋ ♎♏ ☹♋●↙■📠 🏳⬧ ♦❒♏⬧ ♎♏❒❒♋♎♏♓❒□⬧ ♌●□❑◆♏⬧ ➶□♦□♑❒↑➶♓♍□⬧ ⬧□■ ❽☝♋⬧♦❒□ ☞●□☒□💻 ♏⬧♍♏■♓➶♓♍♋♍♓⇔■ ♎♏ ♦❒♋♎♓♍♓⇔■⬧ ◘□◘◆●♋❒♏⬧❾📠 ❽☝♋❒♦♏●♏❒↙♋📠 ➶□♦□♑❒♋➶↙♋ ♏ ❍♋♦♏❒♓♋● ◘❒□❍□♍♓□■♋●💻 ♦♏♋♦❒□ ♏■ 🏳◆❒♏■⬧♏📠 ♋♍♦□❒♏⬧📠 ♑❒◆◘□⬧ ♏ ♍♓■♏❍♋❾ ♏ ❍♋♓⬧ ❽💣♓⬧♍♏●↑■♏♋💻 ●♓♌❒□⬧📠 ❍♋♦♏❒♓♋● ♓❍◘❒♏⬧□📠 ⬧♓■♑◆●♋❒♓♎♋♎♏⬧ ♏ ❖♋❒♓□⬧❾📠








V. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Alonso Montero, Xesús, *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 114, 2002, 236 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-009-X) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-775-5).⓾

Nova edición deste ensaio publicado por primeira vez en 1994 por Edicións Xerais de Galicia. Nel Xesús Alonso Montero ofrece un estudio arredor da vida, obra e perfil intelectual de Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979). Estructurado en catro capítulos, no primeiro aborda a súa etapa de aprendizaxe e consolidación do compromiso galeguista e marxista do autor. No segundo, achéganos a súa relación con persoeiros destacados coma Castelao e mais o labor desenvolvido por Seoane en Buenos Aires, centrado na edición do libro galego entre os anos 1940 a 1950. No terceiro, estudia as propostas de Seoane arredor do discurso literario e ideolóxico galego, que cualifica de progresista, en obras como *Fardel de eisilado* (1952) ou a súa obra dramática en xeral. Finalmente, no cuarto capítulo céntrase

na etapa final da vida do artista (1960-1979), ademais de ofrecer unha cronoloxía e unha bibliografía anotada. Cómpre sinalar tamén que na obra se inclúen catro apéndices nos que se recollen unhas táboas sobre a producción bibliográfica galega do exterior, a recepción de *Fardel de eisilado*, a polémica mantida entre o autor e Ramón Piñeiro arredor do social-realismo, e diversos documentos e textos sobre esta figura, escritos entre 1935 e 1975.




Referencias varias:

- Alberto González-Alegre, “Unha lección”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 21 abril 2002, p. 34.

Opínase que o libro de Alonso Montero parece estar concibido como un discurso, como un dictado cargado de datos e razóns no que se fala das cousas polo seu nome, e sitúao á altura dos seus mellores discursos sobre Rosalía, Curros ou Celso Emilio, nun ton que lle acae moi ben a Seoane. Saliéntase que é unha obra que pon a Seoane en contacto co universo intelectual que o preocupara tanto na Galicia republicana como no exilio, no que a

distancia lúcida fixo posíbel o seu discurso universalista. Sinálase que no libro asoma o Seoane da aldea familiar de Arca, os retratos do firme lector ávido, de limpa condición, as semellanzas e diferencias con Castelao, a firmeza do seu discurso cultural galeguista, e a súa disciplina estética, que reborda o mellor da ensaística do seu tempo.




- B. R. Sotelino, “O Tipo intelectual que encarnou Luís Seoane é o máis necesario hoxe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 abril 2002, p. 35.

Entrevista con Xesús Alonso Montero que xira principalmente arredor da figura de Luís Seoane. Sinálase que a de Seoane é moral, artística e intelectualmente unha das biografías máis preclaras que deu Galicia. Destácanse así as súas tentativas de conxugar os postulados do marxismo e o nacionalismo, e a súa vida exemplar de loita contra o fascismo, tanto co seu lapis como coa súa pluma, sendo con Castelao un dos grandes debuxantes antifascistas do mundo. Alonso Montero apunta que o seu libro é militante pero non mitificante, confesando que Seoane é o tipo de intelectual que lle interesa por ser o máis necesario hoxe ao personalizar un capítulo do discurso universal contra a inxustiza. Finalízase a entrevista abordando a faceta de poeta de Alonso Montero, falando dos seus

libros *Versos satíricos para hoxe ó xeito medieval* e *Versos Republicanos 1963-2001*, recentemente publicado.

-Juan José Lago Pereira, “Algo aprendín”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 21 abril 2002, p. 34.

Lémbranse algunhas anécdotas de cando o autor cursaba Hispánicas no CUVI e Alonso Montero era o seu profesor de Literatura Española, gabando as súas clases, que describe como “moi persoais” e “anárquicas”, e sinalando o moito que aprendeu naqueles anos, aínda que non fose consciente ata agora.

- Xulián Maure, “Alonso Montero amosa ó mundo de Seoane en ‘As palabras do exilio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 abril 2002, p. 34.

Sinálase que Xesús Alonso Montero nos ofrece en *As palabras do exilio* (obra galardoada co Premio da Crítica de Galicia no 95) a biografía intelectual de Luís Seoane, presentándoo como o primeiro intelectual galeguista cun discurso progresista no que coexiste o universal

co particular. Indícase que os seus anos de infancia e adolescencia transcorren en Galicia, onde as súas xentes e paisaxes farán nacer nel un serio compromiso social e militante. Pero é nas páxinas dedicadas aos anos da posguerra onde nos podemos achegar máis a Luís Seoane e descubrir as relacións que tivo con outros persoeiros como Castelao, Piñeiro ou Díaz Pardo. Advírtese de que non é un libro sobre Luís Seoane como artista plástico, e destácase o feito de ser este un home de palabra que se presenta hoxe como modelo de universalidade e galeguismo. Remata indicando que a obra é un feliz encontro cun galego que puxo dignidade, amor e arte nas nosas letras nos duros anos da dictadura.








Castroviejo, Xosé María, *Memorias dunha terra*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 50, 2002, 132 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-094-4) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-568-5).

Colección de relatos de Xosé Mª Castroviejo (Santiago de Compostela, 1909-Tirán-Moaña, 1983) publicados por primeira vez en 1973. Introducida por unha dedicatoria a Álvaro Gil, presenta un limiar do propio Castroviejo no que se di que estes relatos recollen as súas lembranzas da infancia e adolescencia nas terras do Ulla. A evocación da nai, dos avós, da xente da comarca en xeral e dos seus sons e lugares son a constatación do paso do tempo e da infancia perdida. A obra estructúrase en vinteún contos titulados de carácter costumista e breve extensión nos que o narrador relata diversos episodios nos que rememora acontecementos como a súa primeira cacería, as festas e romarías da zona do Ulla ou as historias de diversos personaxes do lugar como “Doloriñas”, “O ‘Tolo da barca”, “O Marquesito” ou “O señor Ramón”. O estilo está marcado pola prosa áxil e de gran plasticidade.

Referencias varias:

- Cristino Álvarez, “Enamorado de un paisaje”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 23 decembro 2002, p. 74.

Sinálase que Castroviejo é un eficaz antídoto contra a morriña, e que o grande atractivo da súa prosa é a paisaxe, incluíndo a paisaxe humana. Indícase que non precisou inventar esta paisaxe xa que estaba namorado da súa, que foi a que escribiu, e saliéntase cómo sabe facer compartir a súa paixón ao lector.

- Ramón Chao, “La Voz entrega o xoves ‘Memorias dunha terra’, de Xosé Castroviejo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 decembro 2002, p. 74.

Recorda Ramón Chao cómo coñeceu a Castroviejo e as impresións que lle causou en sucesivos encontros, e cómo se decatou do errado que estaba cando lle describiron os momentos finais de Castroviejo e a enteireza coa que afrontou a morte.

-Xosé Miguel Vidarte Ramos, “As grandes riquezas”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 23 decembro 2002, p. 74.

Despois de facer unha pequena semblanza de Castroviejo sinálase que a obra nos ofrece unha iluminación paisaxística da súa terra, e saliéntase que o autor era un grande coñecedor da beleza desta. Apúntase tamén cómo a través da paisaxe se van intercalando semblanzas de persoeiros, festas e romarías. Remátase salientando que esta é unha obra que nos ensina a afondar no amor á terra.

Fernández de la Vega, Celestino, *O segredo do humor*, limiar de Ramón Piñeiro, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 43, 2002, 247 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-004-9) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288507-3) ❿

☼♋❍⇔■ ⚐♓⇧♏♓❒□🖃 ♦❒↑♦♋•♏ ♎◆■♒♋ ❽♋□□❒♦♋♍♓⇔■
♍♏❒♦♋❍♏■♦♏ □❒♓☒♓■♋● ♏ ♓❍□□❒♦♋■♦♏ ↑ ♍◆●♦◆❒♋
♏◆❒□□♏♋❾✍




Recensións:

-Carlos Fernández, “Unha sabiduría”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 17 abril 2002, p. 24.

Describe cómo se xestou a idea de facer esta obra entre Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega dentro dun proxecto de antropoloxía filosófica galega. Sinala que son dúas as ideas básicas da obra: o feito de que o humor é un fenómeno moderno que existe a partir de Cervantes e de que é unha forma de sabedoría. Compara o humor coa traxedia e a comedia, fixándose no papel dos personaxes e na postura que adopta o humorista por dar unha resposta onde é difícil atopala. Remata salientando a ironía e a percepción que o autor deixa ver na obra que destaca principalmente polo momento histórico na que está elaborada.

-Manuel Rodríguez Fernández, “Entre dúas augas”, *La Voz de Galicia,* “Lecturas cualificadas”, 17 abril 2002, p. 24.

Pon de relevo o significado literario de *O segredo do humor*, na que se establecen os principios prácticos fundacionais do concepto do humor, así como o seu desenvolvemento posterior. Tamén sinala que na obra se tenta delimitar o concepto de humorismo fronte ao de ironía, sarcasmo ou comedia, cos que habitualmente se confunde. Alude á súa suxestión de que existe unha idiosincrasia galega cara á expresión humorística, que como galego “pensante e sentinte” está especialmente dotado para ver as dúas caras opostas da realidade. Conclúe dicindo que é unha das “máis precisas e sintéticas reflexións sobre o humor” que resulta útil e compresíbel.

-Siro López, “A Biblioteca 120 ofrece mañá unha visión humanista do humor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 abril 2002, p. 24.

Comeza chamando a atención sobre o feito destacado por Celestino Fernández de la Vega en *O segredo do humor*, de que son moi escasos os autores españois con obra humorística.

Partindo da idea do autor de que Cervantes foi un dos primeiros, logo continuado por Valle-Inclán, Castelao ou Eça de Queiroz, ve en todos eles a ascendencia galega como feito determinante co que poida estar vinculado o humor. Sinala tamén que a tese do autor deste estudio é que o humor literario comezou con Cervantes e Shakespeare, que o humorismo é un esforzo por superar a debilidade humana, unha resposta asisada ante unha situación conflictiva, ademais dunha “forma sutil de sabedoría, pudor sentimental, simpatía, tolerancia, paciencia, etc. En columna á parte destaca a orixinalidade da obra e sitúa ao autor dentro das coordenadas espacio temporais galegas do seu tempo.





Vázquez Cuesta, Pilar (coord.), *Nós. A Literatura Galega*, Lisboa: Livros Horizonte, 2002, [180 pp.]. (ISBN: 972-24-1190-X).

Nova edición desta antoloxía coordinada por Pilar Vázquez Cuesta coa que pretende, segundo sinala nunha nota preliminar, presentar aos lusófonos e lusitanistas a dez dos autores considerados "clásicos" da literatura galega. Este volume publicárase como monográfico especial da revista *Colóquio/Letras*, ao que acompañaba un caderniño no que se recollían algúns dos chamados "Falsos amigos" co que facilitar a comprensión de calquera posíbel dúbida, e sae agora como parte da homenaxe rendida a esta profesora con motivo do seu nomeamento como Doutora *honoris causa* pola Universidade de Lisboa. De cada un dos autores antologados inclúese un comentario biobibliográfico e abondoso material fotográfico. A relación de escritores antologados é: Eduardo Pondal, de quen se inclúen poemas de *Queixumes dos pinos*, incluído o de "Os pinos"; Rosalía de Castro, con poemas de *Cantares Gallegos* como "San Antonio bendito" ou "Castellanos de Castilla", así como "A xustiza pola man" ou "¡Pra Habana!", de *Follas Novas*; Curros Enríquez, con poemas de *Aires da miña terra*, entre eles "O maio" ou "Na chegada a Ourense da primeira locomotora"; Ramón Cabanillas cos poemas "Galicia", "Acción Gallega" e "O galo negro", de

Vento mareiro (1915); “O mentideiro” e “Os pinos saudosos, de *No desterro* (1926); “O noso señor Sant Iago”, de *A terra asoballada* (1926); un fragmento de “O cabaleiro do Santo Grial”, de *Na noite estrelecida* (1926); e “Xelmírez”, de *Camiño no tempo* (1949); Alfonso Rodríguez Castelao, de quen se reproducen algúns dos contos máis coñecidos de *Cousas* (1929), como “O retrato”, de *Retrincos* (1934) e catro fragmentos de *Sempre en Galiza*; Ramón Otero Pedrayo con dous fragmentos de *Arredor de si* (1930) e *O señorito da Reboraina* (1960); Eduardo Blanco Amor, de quen se inclúe unha selección da súa obra *Xente ao lonxe* (1972); Luís Seoane, con “As sociedades” e “Building castles in Spain”, de *Fardel de eisilado*; o poema “O tapiz”, de *Na Brétema, Santiago* (1956), “Galicia, un xigante barco”, de *Cicatrices* (1959), e “Fai máis de coarenta avós”, de *A maior abondamento* (1972); Álvaro Cunqueiro, de quen se reproducen os poemas “A dama que ía no branco cabalo” e “Agora trobo o vento e maila lúa fría”, de *Dona do corpo delgado* (1950), “A sirea grega”, de *Merlín e familia* (1955), “Melle de Loboso”, de *Escola de menciñeiros* (1960), “Louzao de Mouride”, de *Xente de aquí e de acolá* (1971), e un fragmento do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega e de *Os outros feirantes*(1979), ademais de dous poemas de *Herba aquí e acolá* (1980); e, por último, Celso Emilio Ferreiro, de quen se inclúen os poemas “Carta a Fuco Buxán”, de *Poemas soltos* (1959); “Longa noite de pedra”,

"Carta á miña muller", "María Soliña", "Deitado frente ao mar" e "Romance incompleto", de *Longa noite de pedra* (1962); "Limiar", de *Viaxe ao país dos ananos* (1967); "Escrito na parede do cimeterio", "O optimista", "O alleado", "O lóxico" e "O señor dono", de *Cimenterio privado* (1973); e "Moraima", de *Onde o mundo se chama Celanova* (1975).

Referencias varias:

-Borobó, "Os dez clásicos de dona Pilar", *O Correo Galego*, "O novelo dos anacos", 27 agosto 2002, p. 48.

Sinala, en primeiro lugar, que Pilar Vázquez Cuesta lle dedicou este libro por que el lle recomendou facer o remonte do río Ulla en catamarán e ela gozou moito coa viaxe. De seguido recolle os obxectivos que a autora sinala no prólogo e cualifica a obra como "escolma esencial das letras galegas", aínda que bota en falta algún autor, como Aquilino Iglesia Alvariño.

-Borobó, “As inconveniencias dos nosos clásicos”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 29 agosto 2002, p. 48.




Fai referencia ás semblanzas que Pilar Vázquez fai dos autores recollidos nesta obra; apunta que a diferente extensión entre as duns autores e as doutros pode deberse á intención da autora por amosar ao público portugués os autores galegos menos coñecidos, como poden ser Blanco Amor ou Luís Seoane. Sinala que a autora foi coetánea dos dez autores reseñados, agás de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez, e considera que na semblanza que fai de Blanco Amor é apreciábel o agarimo que tivo por el.





V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

Badiou, Alain, *A idade dos poetas (L'age des poètes)*, trad. Emilio Araúxo, Santiago de Compostela: Amastra-n-gallar, col. Cadernos Amastra-n-gallar, 2002, 40 pp. (DL: C-303-2002).

Mallarmé, Rimbaud, Trackl, Pessoa, Mandelstam ou Celan entrarían, segundo o autor, na categoría que dá título ao ensaio, deixando claro, por outra banda, que non se trata en ningún caso dunha clasificación histórica nin estética, mais dunha orde filosófica a cabalo das condicións científica e política e sempre partindo da concepción da poesía como "lugar de pensamento" e "procedemento de verdade"; En *A Idade dos Poetas* o poema constitúese como "pensamento do pensamento", partindo da base de que aquel sempre é acto e se pensa a si mesmo. Badiou sinala tres operacións activas levadas a cabo polos autores referidos para acadar este punto: o alleamento da concepción romántica do poema, centrándoo antes nun concepto tácito que na forza da imaxe; o principio de inconsistencia

para reivindicar a destotalización e multiplicidade irreconciliábel dun, ata o momento, suposto *todo*; e a diagonalización do ordenamento estratificado da significación na procura dun curtocircuíto caótico que estableza pensamentos localizábeis en cada unha das súas intersecciónS. Finalmente engade dous elementos presentes na poesía destes autores: a desobxectivización do poema, que supón a instauración dun marco autorreferencial, e a desorientación organizada de calquera sentido histórico.




Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “A idade dos poetas”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº 123, “Olladas”, 1 abril 2002, p. 2.

O xornalista comeza eloxiando a iniciativa de Emilio Araúxo, editor da revista *Amastra-N-Gallar*, que edita numerosos cadernos monográficos e destaca algunha das voces poéticas universais que aparecen nestes. Esta mesma revista editou dous cadernos de filosofía de Alain Badiou, o primeiro titúlase *A poesía como condición da filosofía,* no que se fala da relación entre arte e filosofía; o segundo é a *Idade dos poetas* do mesmo autor e traducido

polo propio Arauxo. O xornalista di que Badiou entende a poesía como un espacio de pensamento e sinala que certos poetas (Mallarmé, Rimbaud, Pessoa ou Celán) están a ocupar os espacios que deixan baleiros os filósofos.








Castro del Río, Plácido R., *Unha escolma xornalística*, selección e prólogo de Xulio Ríos, trads. María Xosé Viqueira Cores, Cándido Rial Rodríguez, Marta González Cabrera, Sylvia Gómez Saborido, Leticia Gallego, Daniel Ricart Alonso e David Reinero González, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, 2002, 138 pp. (ISBN: 84-8485-046-3).❿

Volume que comeza cun fragmento da biografía titulada *Plácido Castro* de Xulio Ríos, editada pola editorial Ir Indo en 1997 e ao que lle segue un prólogo do mesmo autor. No prólogo sinálanse as razóns polas que se descoñece a Plácido Castro del Río (1902-1967), así como as características máis salientábeis do seu pensamento (idea do nacionalismo, do universalismo, do pacifismo, etc.). Así mesmo, dise que hai que reivindicar a súa figura e divulgar a súa obra e pensamento. Fálase tamén neste prólogo da súa intensa relación co Reino Unido e coméntanse as súas actividades neste país durante unha primeira etapa formativa, así como as realizadas no seu retorno a Galicia (participación no Partido Galeguista, colaboración coas Irmandades da Fala, etc.). A seguir, danse as razóns polas que regresa de novo a Londres onde exerce de locutor na BBC e ten un programa en galego, despois de ser desterrado e inhabilitado durante a Guerra Civil, e infórmasenos do seu retorno definitivo a Galicia en 1956 onde participa novamente na prensa tratando temas

pioneiros, etc. Finalmente, Xulio Ríos menciona o seu labor de traductor que, na súa opinión, merece un gran recoñecemento. O autor do prólogo selecciona textos publicados por Plácido Castro en diversos medios escritos da época que se presentan neste volume en diferentes apartados segundo o seu contido. Aparecen textos baixo o epígrafe “Democracia e nacionalismo”, outros baixo o de “Irlanda e celtismo”, outros no epígrafe “Acción exterior de Galicia”, outros baixo “Progreso e identidade” e finalmente outros en “Sobre literatura e traducción”.




Recensións:

- Sylvia Gómez Castro, “O tempo de Plácido Castro”, *Tempos Novos*, nº 57, “Horizontes”, febreiro 2002, pp. 38-41.

Refírese polo miúdo ao ideario nacionalista do xornalista galego Plácido Castro, dende cómo se xesta ata cál é a súa concepción. Ademais, alude á súa participación na política galega tralo seu regreso de Inglaterra en 1931 e á creación do Partido Galeguista, as súas actividades de concienciación nacionalista, a elaboración do Estatuto, etc.

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 257, 20 abril 2002, p. 2.




Páxina literaria na que se inclúen comentarios sobre novidades editoriais como *Plácido Castro, unha escolma xornalística*, de Xulio Ríos, no que baixo o título de "O compromiso cunha Galicia universalista" se comeza destacando a importancia deste persoeiro para a vida política e cultural do seu tempo. Lémbranse algunhas das súas actividades como a de membro do Partido Galeguista ou comentarista en galego na BBC, e remata aludindo á función de divulgación que ten a fundación que leva o seu nome. Baixo o epígrafe de "Poesía estonia contemporánea" alúdese á publicación dun volume monográfico dedicado á poesía estonia, incluído no *Boletín Galego de Literatura*, baixo a edición de Arturo Casas e Jüri Talvet. Coméntase que no volume se recolle unha antoloxía trilingüe (español-inglésestonio), de poetas estonianos de obra e idade moi variada como Hando Runnel, Andrés Ehin, Jaan Kaplinski, etc. Co título de "Cinco grandes relatos para adolescentes", comenta moi brevemente a obra *Historias para calquera lugar* (2001), composta por relatos de diferente fasquía, como o de iniciación e recuperación da memoria de An Alfaya, o de ficción científica de Caride Ogando, protagonizado polos protagonistas xa coñecidos Sheila e Said;

o de terror e intriga de A. Fernández Paz, o de X. P. Docampo caracterizado fundamentalmento polo humor, e, finalmente, o de M. Vázquez Freire, tamén de ficción científica. En columna á parte tamén ofrece os argumentos de *Santos e defuntos* (2001), de Gonzalo Navaza; *O patadón* (2001), de Manuel Lourenzo; e *Desde Arcadia para Govinda* (2001), de Charo Pita.








Cela, Camilo José, *A Rosa*, trad. Mª Isabel Soto e Alexandra Cabaleiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), abril 2002, 277 pp. (ISBN: 84-453-3325-9).❿

A Rosa é o primeiro libro de memorias de Camilo José Cela (1916-2002), que abranguen dende o seu nacemento en 1916 ata 1923. Esta edición contén once capítulos que non se incluíron no orixinal castelán aparecido en 1959, data da primeira publicación en volume de *A Rosa*, que forma parte dun proxecto titulado *La cucaña* que Cela comezou aos trinta e catro anos e que non chegou a completar. Ao longo de sete capítulos, o autor vai rescatando os episodios máis significativos da súa infancia; os momentos compartidos coa familia materna, os ingleses Trulock, e coa familia paterna de Tui, os Cela, cos que vai pasar unha temporada; os primeiros xogos e trasnadas na casa de Iria Flavia na que naceu, referíndose a usos e hábitos da época; divaga acerca da súa xenealoxía, etc. Así mesmo recupera unha galería de tipos curiosos, que son revividos polo escritor a través das anécdotas e de diferentes episodios das súas vidas, e de personaxes familiares como os seus avós, as tías, os pais, os curmáns e os primeiros amigos, cun ton que se achega por veces á morriña e á nostalxia da nenez perdida. O texto vai precedido dun “Prólogo en

forma de aparente divagación” no que Cela expón a súa concepción da memoria, “dolorosa e amarga” e da lembranza como iniciación á morte, así como do xénero que as acolle, que entende non se debe abordar na vellez senón na idade da dor pola “xuventude que se perde, a da primeira cana, a da primeira ponte na dentadura, a do primeiro fondo suco na fronte, a do tempo no que un quixese chorar con desconsolo e sen fin”.




Referencias varias:

- Europa Press, “La semana que la Xunta dedica a Cela se abrirá con ‘La rosa’ en gallego”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 30 abril 2002, p. 91.

Breve nota que informa da próxima presentación do volume de memorias de Cela, *La rosa* como acto previo dunha semana de homenaxe dedicada ao nóbel que se celebrará do 7 ao 11 de maio. Saliéntase que a edición da obra é responsabilidade da Xunta de Galicia e que ademais está previsto realizar a presentación dunha reportaxe realizada pola TVG sobre a vida e a obra do escritor, a edición dun CD realizado polo Departamento Audiovisual da Fundación baseándose no manuscrito de *La familia de Pascual Duarte* e a inauguración dun

cadro de Celedonio Perellón titulado “Alegoría de la Colmena” e da escultura de Víctor Ochoa, “Máscara de C.J.C”.




- EFE, “La presentación de la edición en gallego de ‘La rosa’ abrirá la semana de homenaje a Cela”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 30 abril 2002, p. 35.

Nota de prensa na que se recolle a próxima presentación da edición en galego de *La rosa*, as memorias da infancia de Camilo José Cela, como acto previo dunha semana de homenaxe dedicada ao nóbel que se celebrará do 7 ao 11 de maio. Saliéntase que no acto estarán presentes Xesús Pérez Varela, o alcalde de Padrón, Jesús Villamor e o director da Fundación Tomás Cavanna. Ademais cítanse outros dos actos previstos como a presentación dunha reportaxe realizada pola TVG sobre a vida e a obra do escritor, a edición dun CD realizado pola Fundación co manuscrito de *La familia de Pascual Duarte* e a inauguración do cadro de Celedonio Perellón “Alegoría de la Colmena” e da escultura de Víctor Ochoa, “Máscara de C.J.C”.

-C. B., “Cela xa pode contar a súa infancia en galego”/“Pérez Varela afirma que Cela muestra en ‘La rosa’ su sentir profundamente gallego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Área de Compostela”, 4 maio 2002, p. 31/p. 36.

Dáse conta da presentación por parte do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, dos actos previstos na Semana dedicada a conmemorar o nacemento de Camilo José Cela, nun acto celebrado na fundación que leva o nome do nóbel galego. Sinálase que se trata dun programa elaborado conxuntamente pola Xunta de Galicia, as catro deputacións galegas, a USC e o Concello de Padrón, que comprende actividades literarias, concertos e a presentación da edición galega das súa memorias, tituladas *La rosa*, a edición virtual de *La familia de Pascual Duarte* e a escultura da “Máscara de Cela”. Recóllense as palabras de Pérez Varela quen sinalou que a Xunta quixo achegar o seu gran de area na homenaxe ao escritor coa edición de *La rosa*, o primeiro volume das súas memorias que recolle os anos que van de 1916 a 1923 e no que Cela demostra “que non só era galego senón que amaba profundamente esta terra”. A este respecto infórmase de que a Xunta tirou dous mil exemplares da obra, que se repartirán de forma gratuíta ao longo da semana de homenaxe entre os escolares galegos que visiten a fundación. Ademais dá conta de que Tomás

Cavanna, director da Fundación Cela, sinalou distintos actos de homenaxe entre oso que está o proxecto do equipo informático da Fundación, que consiste na edición virtual do facsimilar manuscrito de *La familia de Pascual Duarte* en formato CD, un proxecto que representa ademais unha homenaxe aos sesenta anos da novela, a primeira que publicou o nóbel galego en 1942 e que é a obra española máis editada e traducida a outras linguas despois de *El Quijote.*




- Carmen Villar, “La edición en gallego de ‘La Rosa’ abre la semana de homenaje a Cela”, *La Opinión*, “Cultura”, 4 maio 2002, p. 52.

Refírese á presentación na sede da Fundación Cela en Iria Flavia do volume de memorias *A Rosa*, do CD que recolle a novela *La familia de Pascual Duarte* e doutras actividades dedicadas ao nóbel que terán lugar na semana de portas abertas que vivirá a súa fundación, na que terán lugar visitas guiadas, aulas de literatura, concertos e recitais. Faise especial fincapé na presencia ao longo da semana de homenaxe do catedrático de Literatura José María Paz Gago, quen analizará a obra de Cela e o cine; do escritor Agustín Fernández; do director da Real Banda de Gaitas de Ourense, Xosé Luís Foxo, que doará á fundación a

partitura orixinal de “Mazurca de Don Camilo”; de Juan Manuel de Prada, que analizará a obra do escritor; e da soprano Montserrat Martí Caballé, que ofrecerá un recital.




- Carmen Villar, “La edición en gallego de ‘La Rosa’ abre la semana de homenaje a Camilo José Cela”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 maio 2002, p. 48.

Nota sobre a presentación na sede da Fundación Cela en Iria Flavia do programa de actos que servirán de homenaxe a Camilo José Cela que o 11 de maio de 2002 cumpriría 86 anos. Cítase a presencia no acto do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, do xerente da Fundación, Tomás Cavanna, e do alcalde de Padrón, Jesús Villamor. Infórmase así mesmo da presentación, no transcurso deste acto, do volume de memorias *A Rosa*, traducido do castelán por Mª Isabel Soto e Alexandra Cabaleiro, e do CD que recolle a novela *La familia de Pascual Duarte.* Saliéntase tamén a realización doutras actividades dedicadas ao nóbel como visitas guiadas, aulas de literatura, concertos, recitais e un ciclo de conferencias no que intervirán o catedrático de Literatura José María Paz Gago, o escritor Agustín Fernández; o director da Real Banda de Gaitas de Ourense, Xosé Luís Foxo, o escritor Juan Manuel de Prada e a soprano Montserrat Martí Caballé, que ofrecerá

un recital acompañada ao piano por Alejandro Zabala. Finalmente, sinálase que a Fundación contará con dúas novas pezas no seu patrimonio: un óleo de Celedonio Perellón e unha escultura de bronce de Víctor Ochoa.




-Uxía López, “La edición en gallego de ‘La Rosa’ trata de iniciar a los jóvenes en la obra celiana”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 maio 2002, p. 26.

Infórmase do acto de presentación celebrado na Fundación Cela en Iria Flavia dos actos previstos na Semana dedicada a conmemorar o nacemento do escritor padronés. Cítanse algunhas das actividades previstas como as visitas guiadas para escolares, aulas de literatura nas que participarán especialistas na obra de Cela, a presentación pública da edición virtual de *La familia de Pascual Duarte*, a presencia da soprano Montserrat Martí e o descubrimento dun óleo de Celedonio Perellón e dunha escultura de Víctor Ochoa. Recóllense tamén as palabras de Pérez Varela quen sinalou que a Xunta apostou pola traducción ao galego de *La rosa* para homenaxear a Cela. A este respecto Tomás Cavanna destacou que se trata dunha obra que “facilitará el acceso a las lecturas celianas del público joven y del más próximo a su entorno natural”.

Manuel Dourado Deira, “Cela en Galego”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 14 maio 2002, 43.

Alude á semana celebrada en Iria Flavia en honra de Camilo José Cela, na que o articulista destaca a presencia de persoeiros da política e da cultura. Comenta que “é de agradecer que, en España, se lle rendan homenaxes a un literato, cousa pouco habitual na nosa Historia, inda que esa devoción sexa interesada”, e pregúntase se non deberían recibir igual trato outros escritores nacidos en Galicia que “sen embargo, son sepultados na indiferencia ou no silencio”. Cita particularmente a Valle-Inclán ou a Rosalía interrogándose sobre “¿por que o alcalde Villamor non trata coa mesma solemnidade a Rosalía? ¿Tal vez porque non a cre tan rendible politicamente?”. A seguir sinala que Pérez Varela anda “empeñado” en galeguizar a obra de Cela coa presentación da versión galega de *A rosa*. Valora esta traducción comentando que todo o que sexa enriquecer o uso do galego está ben, aínda que se decanta pola lingua orixinal. Con respecto á pregunta de se se pode “falar de ‘galeguidade’ al margen de idiomas e idiosincrasias”, como pretende Marina Castaño, sintetiza e subscribe a resposta de Castelao nas Cortes Constituíntes de 1931: “El idioma,

más que un medio de expresión, es el vehículo del alma original de un pueblo... El desprecio de la lengua materna significa un renunciamiento de derechos y proviene de una anestesia de la dignidad colectiva”.








Cuadriello, Jorge Domingo, *Los españoles en las letras cubanas durante el siglo XX. Diccionario bio-bibliográfico*, Sevilla: Editorial Renacimiento, novembro 2002, 270 pp. (ISBN: 84-8472-069-1).

Volume de Jorge Domingo Cuadriello, que lle dedica á súa familia, emigrados asturianos na illa de Cuba, e no que se recollen os datos biobibliográficos fundamentais daqueles autores de orixe española que desenvolveron parte do seu labor cultural na illa caribeña en distintas épocas, moitos dos cales son galegos. Como sinala na nota de “Advertencias y abreviaturas”, os autores aparecen organizados alfabeticamente coa data e lugar de nacemento e morte entre paréntese, ao que seguen aqueles datos vinculados á súa actividade cultural, sempre da área das Humanidades, na illa. As obras que inclúe sinala que son sempre a primeira edición do texto. No que se refire aos persoeiros galegoscompendiados, aparecen editores e libreiros como José Albela Fuentes, Manuel ÁlvarezGonzález; xornalistas, ensaísta e conferenciantes como Gerardo Álvarez Gallego, Pedro Antón García, Ramón Cornide Peláez, ou Ramón Fernández Mato; poetas ou dramaturgos como Alfredo Fernández, José Manuel Fernández, Ramón Ferreira, Francisco Gómez Gómez, Manuel Gondell Linares, Eduardo Núñez Sarmiento ou Antonio Rey Soto, entre

outros moitos. Sen embargo, ao lado destes nomes, moitos deles descoñecidos, aparecen figuras da literatura galega como Ramón Armada Teijeiro, José Bañá Pose, Roberto Blanco Torres, Ramón Cabanillas, Manuel Curros Enríquez, Xosé Neira Vilas ou José Rubinos Ramos. A seguir, inclúense as principais fontes bibliográficas, tanto para a confección das fichas biográficas dos autores coma para a súa bibliografía, un apéndice no que se repasan algúns autores que estiveron un curto período de tempo en Cuba, entre os que figura Basilio Álvarez, Alfonso Rodríguez Castelao ou José Ángel Valente, ao que segue un breve estudio das publicacións periódicas españolas que durante o século XX se publicaron na illa, entre as que se atopan algunhas galegas como *Airiños da Miña Terra*, *Alma Gallega*, *Almanaque Gallego*, *Cultura Gallega*, *El Galiciano*, *La Patria Gallega* ou *Vida Gallega*.








Petitcolin, André, *Impresións de Iberia* (*Impressions d'Iberie*, 1899), trad. Leandro García Bugarín, ilust. Teresa Cámara, Vigo, Editorial Galaxia, col. Galicia no espello, outubro 2002, 153 pp. (ISBN: 84-8288-574-X).






Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, 26 decembro 2002, p. VII.

Ver López López, Xabier, *O mono no espello*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

-Manuel Vidal Villaverde, “Impresións da Iberia”, *Atlántico Diario*, “Musas”, 29 decembro, 2002, p. 41.

Reseña da traducción feita por Leandro García Bugarín de *Impresións de Iberia* de André Petitcolin. Salienta que este libro de viaxes foi publicado por primeira vez en Francia no século XIX polo que nos serve para coñecer Galicia e o Norte de Portugal (Vigo, Coruña, Porto, Lugo, Coimbra e Ourense) daqueles anos mediante as notas persoais da vida do escritor. Segundo indica resulta ser unha nova mostra da Galicia que noutrora percorreron camiñantes estranxeiros.

Rodríguez Alonso, Manuel, *Historia de la literatura gallega*, Madrid: Acento Editorial, 2002, 141 pp. (ISBN: 84-483-0682-1).

Nesta historia da literatura galega realizada por Manuel Rodríguez Alonso en lingua castelá, desenvólvese de xeito divulgativo un percorrido diacrónico polos avatares da literatura galega a través dos tempos. A periodización elixida é a clásica como xa se indica na “Introducción” na que se dan unhas pinceladas polos períodos Medieval, Séculos Escuros, Rexurdimento, Irmandades da Fala, A posguerra, Dos cincuenta aos setenta e a recuperación e finalmente Da democracia a hoxe. Estes períodos trátaos nos dez capítulos seguintes cun pouco máis de amplitude aínda que só incidindo nos fitos máis salientábeis, o mesmo nos xéneros, obras e autores e autoras. Tamén atende, aínda que moi por riba, á Literatura infantil e xuvenil e á escrita en lingua castelá, dende a posguerra a hoxe, por escritores e escritoras galegas en todos os xéneros. Remata co capítulo “Una literatura para el nuevo milenio: tradición y renovación en la literatura gallega actual” no que fala de que a literatura galega aumentou cantidade e calidade, que nela dáse combinación de tradición e innovación, que se traduce a outras linguas con éxito e dos grupos de galegos e galegas que dende Madrid ou Barcelona se dedican a escribir na lingua do seu país de orixe e a

divulgar a literatura galega, como por exemplo o grupo do café Bilbao en Madrid ou a asociación AULIGA, da man do rianxeiro Antonio Domínguez Rey.




Referencias varias:

- AFA, “Guía básica das letras de Galicia no mercado español”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 decembro 2002, p. 33.

Comenta que o filólogo Manuel Rodríguez acaba de presentar baixo o título *Historia da literatura galega* once bloques que estudian e caracterizan o galego en diferentes etapas históricas. Sinala que empezando co “esplendor da Idade Media” segue un camiño na evolución do galego ata os anos máis recentes.

Roubine, Jean-Jaques, *Introducción ás grandes teorías do teatro (Introduction aux grandes théories du theâtre*, 1990), trad. Xoán Manuel Garrido Vilariño, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca de Teatro, nº 1, xuño 2002, 270 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-3352-6)(ISBN da Editorial Galaxia: 848288-535-9).

Trátase da traducción de todo un clásico nos estudios de teatro actuais, Jean-Jacques Roubine, quen elaborou unha completa visión reflexiva sobre a actuación e os intereses dramáticos dende Aristóteles a Kantor, incidindo no discurso teatral europeo desde o século XVII ata o XX. No volume faise un percorrido polas formulacións máis importantes dos teóricos e escritores dramáticos da cultura occidental, intercalando os ideais máis academicistas coas teorías dos mestres da escena dos séculos XIX e XX. Despois de afrontar o estudio da perspectiva aristotélica dende unhas detidas consideracións, o autor profunda en conceptos como ‘traxedia’ e ‘drama’, ‘principio de realidade’ e, finalmente, efectúa unha viaxe polas correntes teatrais máis anovadoras, dende Brecht ata Craig. Tras a conclusión, os apartados cronolóxicos, bibliográficos e onomásticos pechan o estudio.

Referencias varias:

- Manuel F. Vieites, “Teoría teatral en galego. Unha visión da reflexión teatral desde Aristóteles a Tadeusz Kantor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 16, 31 outubro 2002, p. VIII.

Artigo que comeza rescatando o pioneirismo de Carlos Casares no que atinxe á constitución dunha escola superior de arte dramática galega e laiándose de que “Galicia vai camiño de se converter na única comunidade do Estado sen contar cun centro superior de formación en Arte Dramática”. Despois da crítica ao poder actual (Xunta de Galicia e concellos galegos), o columnista céntrase no interese que, hai tempo, persoas como José María Sánchez ou Aníbal Otero amosaron respecto da constitución dun centro formativo dramáticoen Galicia. É neste caldo onde sitúa a actuación da Revista Galega do teatro, as coleccións da Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña e a Colección Biblioteca do Teatro na que se inclúe a traducción. Finalmente, dunha forma rápida, achégase á obra *Introducción ás grandes teorías do teatro*, destacando o seu interese por significar unha das escasas contribucións galegas á causa dramática propia.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 21, 5 decembro 2002, p. VII.

Notas de presentación de volumes que veñen de ser editados, que no referido á cultura galega lle dá cabida a *Os tres amigos*, de Helme Heine, da que indica que recolle dúas das historias máis coñecidas deste autor alemán “Tres amigos” e “O espertador”, nas que se reflexiona sobre a amizade a convivencia, a comprensión e o respecto á diferencia. Tamén se detén en *Introducción ás grandes teorías do teatro*, de Jean-Jacques Roubine, un ensaio do que sinala que presenta as grandes teorías da práctica teatral moderna. Destaca da obra a organización do material e a linguaxe “case narrativa” neste percorrido histórico dende o século XVII ata a actualidade.

Villaverde, Mariví, *Tres tempos e a esperanza*, prólogo Anxos Sumai, Vigo: A Nosa Terra, col. Mulleres, nº 5, xullo 2002, 241 pp. (ISBN: 84-95350-18-1).

Trátase das memorias que Mariví Villaverde tiña dado ao prelo en castelán no ano de 1962 e que agora se publican na colección "Mulleres" da editorial A Nosa Terra. O libro, que leva unhas palabras preliminares de Anxos Sumai, vai dividido en tres partes ou "tempos", acompañados de documentación gráfica. No primeiro capítulo transmítenos Mariví Villaverde as súas lembranzas de infancia na Vilagarcía natal, ata o momento en que a ledicia e a inocencia da nenez son truncadas pola violencia dunha incomprensíbel guerra fratricida que lles sega as vidas a moitas persoas coñecidas. No segundo "tempo", céntrase na madurez forzada polo desencadeamento da Guerra Civil, sendo como era Mariví pertencente a unha familia republicana: é o tempo do medo e do silencio, do pai fuxido, dos bens familiares confiscados, da rapa do cabelo ás mulleres, do desterro... No terceiro, relata o seu exilio en diversos puntos de Francia e Arxentina e a volta a Galicia, onde casa con Ramón de Valenzuela, intelectual que tiña padecido o cárcere e que chegará a ser o secretario de Castelao. Na derradeira sección da autobiografía, engadida nesta edición galega a modo de epílogo ("Palabras que escribín corenta anos despois"), pasa a contar a

estancia na Arxentina co seu marido, dando conta da inxente actividade que ambos os dous realizaron no eido da cultura galega no exilio (nomeadamente, no do teatro) ata regresar definitivamente á terra, previo paso por Madrid. Pese a todo este sufrimento, hai nas palabras de Villaverde unha actitude vitalista e esperanzada. Cun ton poético dominando o conxunto e unha grande preocupación estilística, a autora consegue afectar sentimentalmente ao lector ao facer memoria (e denunciar) dos sucesos reais acontecidos na Galicia das décadas dos trinta e corenta. A súa historia particular convértese, así, no retrato da “intrahistoria” colectiva.




Recensións:

-Anxos Sumai, “Mar, amor e exilio”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 442, 7 novembro 2002, pp. 4-5.

Anxos Sumai, traductora da obra *Tres tempos e a esperanza*, de Mariví Villaverde, repasa a biografía da escritora que se recolle nesta obra. Destaca o feito de que a súa vida estivera marcada polo Alzamento Franquista, o medo e os mortos da Guerra Civil na súa infancia e

da Segunda Guerra Mundial na adolescencia; o exilio do seu pai a Marsella, os seus exilios a Francia e Bos Aires e un amor na distancia, o de Ramón de Valenzuela. Tamén se centra na época na que Mariví volveu para Galicia despois do seu primeiro exilio a Bos Aires, nunha época marcada pola represión, a incultura e a inxustiza, o que provocou a súa nova marcha a terras arxentinas.




- María Laxe, “A muller que narra os seus exilios”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 442, 7 novembro 2002, pp. 6-9.

María Laxe o periplo vital de Mariví Villaverde, con motivo da publicación das súas memorias por Edicións A Nosa Terra. Nesta ocasión achégase con moito detalle a todos os acontecementos que foron dándolle forma á súa vida, citando con precisión datas e nomes e parafraseando á propia escritora.

- Marga Romero, “Dignidade e entusiasmo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras* ”, nº 442, 7 novembro 2002, pp. 10-11.

Terceiro texto da monografía, realizado pola escritora e amiga persoal de Mariví Villaverde, Marga Romero. Nesta ocasión, nárranse as vivencias da autora dende 1966, cargando as tintas na época en que facía "perigosas" reunións en Madrid no seu propio domicilio condestacados persoeiros coma Patiño, Bautista Álvarez, Ben-Cho-Shei, Laxeiro, Luís Seoane, Rafael Dieste ou mesmo dirixentes do partido.

- Marga Romero, "Tres tempos e a esperanza", *A Nosa Terra*, nº 1.056, "*O Foro das Ideas e das Artes*", 13-20 novembro 2002, p. 7.




Marga Romero refírese á autora deste *Tres tempos e a esperanza* como “traductora dunha realidade que lle tocou vivir”, gabándolle a capacidade para converter ese material en “maxia literaria”. Preséntanola despois, facendo un resumo da súa vida e a do seu compañeiro, Ramón de Valenzuela, do que tamén fornece os títulos que publicou como escritor. Máis adiante entra xa de cheo no libro de Mariví Villaverde, indicando que xa existía unha edición anterior (Buenos Aires, Alborada, 1962) e saudando con agrado a publicación en galego a cargo de A Nosa Terra. Estudia a continuación, pormenorizadamente, o contido destas memorias, repasando capítulo por capítulo.

-Xosé M. Eyré, “Unha intensa biografía nos anos duros”, *A Nosa Terra*, nº 1.061, “Cultura”, 19-25 decembro 2002, p. 32.

Céntrase primeiro na figura do marido da autora de *Tres tempos e a esperanza*, Ramón de Valenzuela, de quen se repasa a biografía e a producción bibliográfica. Tamén se fai lembranza dalgúns títulos que aínda se continúan a publicar hoxe en relación á etapa do posfranquismo. Tras estes prolegómenos, somérxese xa Eyré no libro de Mariví Villaverde que quere comentar. Analiza, deste modo, aspectos xerais da obra (xénero, significado, estructura), para detallar a seguir o fío argumental de cada unha das súas partes.

Referencias varias:

- Mariví Villaverde, “O tempo de Francia”, *A Nosa Terra*, nº 1.056, “*O Foro das Ideas e das Artes*”, 13-20 novembro 2002, p. 6.

Reproducción dun extracto da autobiografía de Mariví Villaverde *Tres tempos e a esperanza* publicada por A Nosa Terra, cunha breve introducción sobre o conxunto da obra.

V. 4. Publicacións en revistas

A. R., “Pondal do A ó Z”, *Tempos Novos*, nº 56, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xaneiro 2002, p. 66.

Sinala que Manuel Ferreiro reuniu todas as composicións poéticas pondalianas “non compiladas nos seus poemarios” en *Poesía completa II. Poemas impresos* (2001), obra da que salienta a “exhaustividade e rigor” do editor.

A. R., “Da fatiga do salmón”, *Tempos Novos*, nº 57, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, febreiro 2002, p. 66.

Caracteriza ao Suso de Toro de *A carreira do salmón* (2001) como unha voz crítica e inconformista.

A. R., “Miserias de currante”, *Tempos Novos*, nº 57, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, febreiro 2002, p. 66.

Alude ás liñas argumentais de *Breve crónica universal da clase obreira* (2001), de Jaureguizar, de quen salienta “un estilo peculiar” e un ton “realista” e “sarcástico”.

A. R., “Menú de degustación”, *Tempos Novos*, nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, abril 2002, p. 68.

Salienta a variedade temática dos contos de *O ladrón de esperma* (2001), de Xavier Queipo, que, afirma, son “tan plurais na súa concepción coma desiguais no seu acerto”. Alude tamén á “Nota final para curiosos do libro” na que sinala que se achan certas claves narrativas.

Abelairas, Beatriz, “Voces con voz”, *Qué leer día a día*, nº 62, “Otras letras”, xaneiro 2002, p. 22.

Céntrase neste apartado dedicado ás novidades máis salientábeis da literatura galega en explicar a xénese da iniciativa que levou ao xornal *La Voz de Galicia* a crear a colección "Biblioteca Galega 120". Destácase a calidade e formato das obras así como o seu prezo simbólico que é froito dun convenio asinado polo xornal e nove editores galegos. Indícase que a primeira entrega será *Follas Novas* (2001), de Rosalía de Castro, e o primeiro volume de *Sempre en Galiza* (2001), de Alfonso Rodríguez Castelao. Explica tamén as datas de entrega das cento dezanove obras, das que especifica que trinta e seis son novelas, vintecinco libros de relatos, sete novelas para o público infantil, trinta e cinco poemarios, oito obras de teatro e oito ensaios. Remata aludindo brevemente á publicación de *O Jalisco* (2001), de Fernando Salgado, unha novela da que destaca que está baseada nun feito real.

Abelairas, Beatriz, "Letras y academias", *Qué leer día a día*, nº 63, "Otras letras", febreiro 2002, p. 24.

Repaso polas últimas novidades do mundo editorial galego no que se atende á renovación de Fabiola Sotelo Blanco como presidenta da Asociación Galega de Editores, á elección de Xosé Ramón Barreiro Fernández como presidente da Real Academia Galega en

substitución de Francisco Fernández del Riego, ou á publicación de obras como: *Diario de ausencias* (2001), de Manuel Seixas, ou *Ganga* (2001), de Antón Lopo.




Abelairas, Beatriz, “Jubileo en el Año Sarmiento”, *Qué leer día a día*, nº 64, “Otras letras”, marzo 2002, p. 28.

Malia comezar aludindo ás novidades editoriais centradas na figura de Frei Martín Sarmiento que están a chegar ás librerías galegas, céntrase noutras obras como o libro de relatos *Un rabaño de ovellas brancas* (2001), de Xerardo Quintiá. Desta obra salienta a presencia de contrastes e unha forte impotencia do autor pola perda do medio de vida rural, recursos cos que sinala que consegue “una versión de realismo mágico gallego”. Tamén se achega ao poemario *Ónfalos* (2001), de Lois Diéguez, do que destaca a amargura da voz poética ante a morte e os efectos desta na vida. Finalmente, céntrase na nova edición do Premio Esquío do que apunta que o gañador na modalidade de poesía galega foi Manuel Forcadela con *Lámpada e medusa*, mentres que a finalista resultou ser María do Cebreiro con *A lenta aprendizaxe das sereas*. Remata repasando algúns dos gañadores noutras edicións comoManuel Álvarez Torneiro, Xosé Miranda ou Ramiro Fonte.

Abelairas, Beatriz, “Adiós Carlos Casares”, *Qué leer día a día*, nº 65, “Otras letras”, abril 2002, p. 30.

Artigo centrado na figura de Carlos Casares con motivo do seu pasamento. Comeza facendo alusión á aparición en branco da súa columna no xornal *La Voz de Galicia* e refírese a el como “el Gabo de Ourense”. Destaca a súa afección a contar historias, a súa valía intelectual e o seu afán de quedar co mellor de cada persoa. Da súa concepción da literatura destaca a busca da claridade e da sinxeleza nas súas obras, á vez que lembra asúa amizade con persoeiros como Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro ou Gonzalo Torrente Ballester. Repasa os últimos actos públicos nos que estivo presente, como a homenaxe a Francisco Fernández del Riego, ademais da “desolación” pola súa perda na entrega do Premio de Ensaio Ramón Piñeiro, galardón que el mesmo fundara. Remata repasando algún dos seus títulos dende *Vento ferido* (1967) ou *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) ata *Deus sentado nun sillón azul* (1996) ou a biografía do Padre Sarmiento publicada en 2001.

Abelairas, Beatriz, “Capitán Casares/capitán Nemo”, *Qué leer día a día*, nº 69, “Otras letras”, setembro 2002, p. 24.

Infórmase da apertura da Feira do Libro da Coruña cunha homenaxe a Carlos Casares, sinalando a estreita relación que o autor mantivera coa Federación de Libreiros de Galicia. Dáse conta de que unha mesa redonda formada por Kristina Berg, Dolores Vilavedra, Víctor Freixanes e Damián Villalaín evocou a personalidade e repasou a traxectoria literaria de Casares. Saliéntase así mesmo a consternación amosada por Víctor F. Freixanes polo escaso uso do galego por parte do estudiantado de secundaria e apúntanse as actividades encamiñadas á promoción da literatura galega que se realizaron durante a Feira. Por último fálase da Batalla de Rande, indicando que Xulio Verne a inmortalizou en *Vinte mil leguas de viaxe submariña,* para darlle publicidade á exposición do Museo do Mar de Galicia “Rande 1702. Arde o mar”.

Abuín González, Anxo, “Apuntamentos para unha teoría do ‘non lugar’ no teatro de Gustavo Pernas”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 58-61.

Estudio do “non-lugar” no teatro do dramaturgo Gustavo Pernas, quen presenta nas súas obras espacios utópicos e intercambiábeis, na liña da xeración de autores teatrais á que pertence. Así, Abuín conclúe que, no teatro de Gustavo Pernas, tan importante é a ausencia de espacio e os silencios como a presencia de escenografía e os diálogos, xa que o espacio e o tempo rupturistas e dispares reflicten á perfección a “crise epistemolóxica que determina a arte e o teatro actuais”, así como o autorrecoñecemento das personaxes como entes puramente ficcionais.

Acuña, Ana, “Francisco Fernández del Riego, académico e director da Biblioteca Penzol”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Entrevista”, 2002, pp. 155-162.

Comeza esta entrevista con Francisco Fernández del Riego abordando os seus recordos da infancia e da mocidade, entre os que destacan a súa vila, Vilanova de Lourenzá, os seus primeiros estudios, o traslado a Monforte ao colexio dos escolapios, os seus estudios de Dereito en Madrid, o cambio para a universidade de Santiago ou as súas primeiras colaboracións co Seminario de Estudos Galegos da man de Lois Tobío. Seguidamente fala da súa incorporación definitiva á cultura galega, da súa dedicación aos estudios de Filosofía

e Letras, a súa verdadeira vocación, do seu labor como delegado de estudiantes na Xunta de Goberno da universidade, do seu discurso de apertura de curso en nome do estudiantado en 1934, da dirección do segundo número da revista *Universitarios* e da súa incorporación ao Partido Galeguista. Declara a admiración que sentiu por Otero Pedrayo, Castelao e Risco e opina sobre a mocidade galega actual, que considera moito mellor que no seu tempo, e valora tamén a incorporación da muller ao mundo da cultura. Fala dos seus tempos destacando a represión brutal, a incapacidade absoluta para actuar, a prohibición pública da lingua galega e aborda o seu labor de ensaísta dentro do Seminario de Estudos Galegos, co obxectivo de difundir as ideas, como colaborador en *La Noche*, na BBC de Londres e en *Grial*. Fala tamén da xénese da Fundación Penzol, do seu labor á fronte da Real Academia Galega e da súa proposta de celebración do Día das Letras Galegas. Finaliza referíndose á gran nómina de traballos que leva publicado, ás súas lecturas e das viaxes que realizou ao longo dos anos por Europa e América. Conclúe declarando que traballou sempre “ó servicio do país, da súa cultura e do seu idioma desde o primeiro momento ata o último”, cun traballo ao que sempre foi fiel e coherente.




Adán, Rafael, “Adeus de Carlos Casares”, *Libredón. Órgano oficial del Centro Gallego de Santander*, nº 46, “Cultura”, 2002, p. 11.

Con motivo do pasamento de Carlos Casares faise unha aproximación á traxectoria literaria deste ourensán, da que se subliñan as súas novelas e os seus contos. Tamén se fai referencia ás traduccións das súas obras –español, catalán ou asturiano– e fálase asemade dalgúns dos cargos que ocupou, dos premios que acadou, da súa “capacidade de fabulación” e do baleiro que deixou na cultura galega.

Agrelo Hermo, Xosé, “Entrevista a Avilés de Taramancos”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 70-72.

Con respostas literais que Antón Avilés de Taramancos deixou nas súas obras publicadas, Xosé Agrelo Hermo confecciona esta entrevista ficticia ao autor de *A frauta i-o garamelo*. Comeza con alusións a cómo foi a súa nenez en Taramancos, os seus estudios, a presencia do mar e dos veleiros que os estudiantes debuxaban nos seus cadernos; segue pola súa estadía en Colombia durante vinte anos, na que dá conta dos diferentes oficios que tivo, das

dificultades económicas e do seu casamento cunha “india andina”. A seguir, selecciónanse outras cuestións sobre as que Avilés deixou escrito na súa obra como o que para el significaba a lingua galega, cál consideraba que era a función dun escritor galego e a súa visión de Noia dende lonxe. Da primeira considera que é a maior obra de arte que un pobo pode construír; da segunda considera que o escritor é a conciencia do seu pobo, a luz da súa memoria e o artífice da literatura de combate que o esperte; e da terceira fai unha ampla evocación dos seus recordos ligados á vila natal, simbolizada en lugares e persoas característicos e lembrados dende o desexo da volta. Remata esta entrevista co poema “Miña patria” na voz do poeta de Taramancos.




Alcalá, Xavier, “Resposta apurada a Ernesto Guerra da Cal”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 78-81.

Este artigo está xa descrito no volume colectivo VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Allegue Leira, Alberto, "O xardín das pernas roubadas ou un exercicio de civismo", *Casahamlet*, nº 4, "Estudios", maio 2002, pp. 62-63.

Escrito no que Alberto Allegue Leira comeza protestando pola escasa atención prestada polas editoriais á obra *O xardín das pernas roubadas*, de Xoán Carlos Mexuto, publicada, finalmente, "a modo de" apéndice no estudio asinado por Cilha Lourenço e Carlos C. Vizcaíno, *Talía na Crónica de Nós. Dez anos de teatro galego (1990-1999)* (2001). A maior parte deste escrito está dedicado a resumir o argumento da obra antedita, que Alberto Allegue cualifica de comedia. Finalmente, agradece ao autor da comedia a consideración que ten co lector ou espectador da súa obra pois, polos temas que trata, dedúcese que o considera un ser capaz das máis fondas reflexións político-sociais que expón na súa obra.

Alonso Montero, Xesús, "Aínda os medos", *Guía dos libros novos*, nº 38, "Narrativa", marzo 2002, p. 20.

Análise da novela *Como levar un morto* (2001), de Xesús Rábade Paredes, que foi finalista do Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey. Explica que o título do libro é un verso de

Cunqueiro e que remite á Guerra Civil. Sinala que este acontecemento histórico se viviu en Galicia como unha época de dura represión e de medos, que aínda perduran na actualidade. Indica que Amador Souto é o protagonista e cronista desta historia, un personaxe que viviu a represión sendo neno e describe aqueles anos dende a madurez, pois o relato foille aconsellado por un médico do psiquiátrico de Conxo, onde está ingresado. Explica que a novela conta en once capítulos, de febreiro a decembro de 1999, os feitos vividos, os medos padecidos, o seu amor de sempre por unha nena que coñeceu na escola e o asasinato do seu pai. Por último destaca que a narración está cargada de grandes doses de lirismo, o que é unha característica habitual na narrativa dos poetas.




Alonso Montero, Xesús, “Un aspecto de las letras y de las artes en el exilio gallego: la obra de las musas frentepopulistas”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 15-16.

Artigo dedicado a Raimundo García Domínguez “Borobó”. Nel trátase sobre a ideoloxía e o labor que levaron a cabo certos artistas e intelectuais defensores do Frente Popular en 1936. Destaca que varios deles, exiliados despois do 1936, escribiron sobre Galicia. Cita por

exemplo o álbum de Castelao *Atila en Galicia* e *13 estampas de la traición*, publicado por Luís Seoane en Buenos Aires. Aínda que cita a varios defensores do frentepopulismo, céntrase na figura destes dous autores afirmando que ambos loitaron desde o primeiro día contra o fascismo coa espada da pluma e coa espada da arte plástica. Ademais, de Seoane enumera outras actividades, como por exemplo a de editor que publicou no exilio libros galegos que estaban prohibidos pola censura de Franco.




PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Alonso Montero, Xesús, "*Abrojos (1948)*, primeiro poemario –inédito-de Novoneyra", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Artigos", 2002, pp. 9-21.

Dá a coñecer unha mostra do primeiro libro de poemas de Uxío Novoneya (1930-1999), *Abrojos* (1948), acompañada de noticias histórico-literarias e do anuncio dunha futura edición facsimilar do poemario completo. Relata cómo coñeceu ao daquela Eugenio Novo Neira nas aulas da Universidade Central de Madrid, ás que o mozo do Courel asistía como oínte ás clases "máis acordes coa súa inclinación", como Literatura Española. Conta tamén que Novoneyra axiña se converteu nun asiduo da Biblioteca Nacional, na que consultaba, sobre todo, a *Historia da Literatura Universal* (1946) para se asomar aos poetas de distintas

linguas e tempos. Salienta que foi así cómo Uxío se converteu nun erudito e nun coñecedor de poetas como Kalidasa, Safo, Virxilio, Song Yu, Petrarca, Ronsard, Shakespeare, Goethe, Petöfi, etc. Sitúa nesas datas a redacción de *Abrojos (Poemas cortos)*, inédito ata o presente, e relata que o orixinal chegou a el como agasallo de José Luis Salgado Diéguez en 1960, acompañado de sete cuartillas soltas con poemas autógrafos. A seguir, detense na descrición de *Abrojos*, un caderno de 8x11 que consta de tapas e corenta e unha follas manuscritas que conteñen trinta e seis poemas breves numerados en romanos. Destaca como excepción o XXV pola súa extensión, xa que contén sete estrofas en varias páxinas, e




o titulado “Elegía a la muerte de Gustavo Freire”, porque ofrece unha pista cronolóxica referida á morte do homenaxeado. Comenta tamén “El día del fallecimiento de G. A. Bécquer”, que confirma o becquerianismo do poeta e, finalmente, refírese á relación entre Novoneyra e Manuel María, que comeza en 1952 e que ocasiona que o poeta do Courel asista ao faladoiro do Café Español en Santiago. Remata o artigo cunha reproducción facsimilar dalgunhas das composicións de *Abrojos.*

Álvarez, Rosa e Xavier **Estévez**, “Informe da secretaría de teatro”, *Escaramuza*, nº 13, “Informes”, xuño 2002, p. 11.

Dáse conta da formación da denominada Asociación de Compañías, que consta dunha xunta directiva interina "co mandato de constituír unha asociación de compañías profesionais de teatro en Galicia". Declárase, para rematar, que unha asociación desas características era moi necesaria para "a pervivencia do debilitado corpus teatral de Galicia".

Álvarez Pousa, Luís, "O potencial da actualidade", *Tempos Novos*, nº 56, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", xaneiro 2002, p. 68.

Recomenda os volumes que recollen as colaboracións xornalísticas de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Un escritor nos xornais* (2001); Suso de Toro, *A carreira do salmón* (2001); e Xosé Manuel Pereiro, *Si, home si* (2001). Analiza brevemente o estilo de cada un, falando así de "pedagoxía e axitación" en Ferrín, "prospección e provocación" en Suso de Toro, e "síntese e chiscadelas contraculturais" en Pereiro.

Álvarez Pousa, Luís, "Galicia, ou a metáfora do país", *Tempos Novos*, nº 57, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", febreiro 2002, p. 69.

Sinala que a pluralidade de voces, temas e ideas de *Galicia, unha voz no Atlántico* (2001), volume coordinado por Víctor F. Freixanes, non impide "unha mirada xeracional e crítica, distante e á vez comprometida" coa nosa terra. Apunta, asemade, a "identidade como estratexia" e a "reivindicación da diferencia".

Angueira, Anxo, "Un poema de Rosalía de Castro", *A Trabe de Ouro*, nº 49, Tomo I, "Cuestións", xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 13-38.

Analízase o poema de Rosalía de Castro "Miña santiña, miña santasa, miña cariña de calabasa" incluído na segunda edición de *Cantares Gallegos* (1872), no que se establece un diálogo entre unha moza costureira e unha santa. Anxo Angueira presenta lecturas do poema que fixeron autores como Carballo Calero, Andrés Pociña e Aurora López, Francisco Rodríguez e Catherine Davies e defende a que el considera que explica mellor o poema. Céntrase neste estudio nalgunhas cuestións ecdóticas de interese, como é o feito de non estar incluído na primeira edición da obra, a confusión nas diferentes edicións entre algunhas palabras e a relación deste poema de Rosalía co cancioneiro popular galego, co

que busca as similitudes e diferencias. Sinala que estamos ante un cantar dialogado de santos ou romaría cunha estructura propia do dístico vinculada á literatura medieval. A continuación analiza a figura da costureira, que compara coas características que presenta no cancioneiro popular, e a figura da santiña, que segundo Angueira, presenta unha postura reaccionaria. Para rematar ofrecésenos unha comparación entre a obra de Rosalía de Castro e Antonio Trueba, un apartado coas conclusións tiradas polo autor do seu estudio e a bibliografía.




Araguas, Vicente, “De viajes”, *Leer*, nº 128, “Letras gallegas”, decembro 2001-xaneiro 2002, p. 124.

Dá noticia de tres obras comezando por *No corazón de Galicia. Viaxe polas terras de Chantada e A Ulloa* (2001), de Xulio Valcárcel, da que sinala a súa riqueza documental con contido humano. Tamén observa na obra a influencia da súa faceta poética e a presencia do humor para achegarse á Galicia interior que percorre no libro. A seguir, céntrase en *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, despois de salientar o interese da obra poética, antropolóxica e narrativa deste autor, destacando da súa poesía a evolución dende

a “factura socio-política” ata “unos derroteros suntuosos, rayanos a veces en la metafísica”, mentres que da narrativa salienta a presencia dun mundo “dúctil” e espléndido. De *A memoria do boi* di que é unha novela coral na que se reivindica a través de tres tempos históricos a vella cidade de Pontevedra, destaca o seu lirismo, a súa riqueza lingüística, onomástica e de situacións. Finalmente, comenta a novela *Fado* (2000), de Álvaro Lago, na que comeza sinalando a preocupación do autor pola edición, que resulta moi orixinal. Di que é unha historia realista á vez que fantástica, na que se xoga coa combinación entre a terra e




o mar e coas confusións. Remata recomendando a súa lectura e cualificándoa de “novela realista y melancólica”.

Araguas, Vicente, “Novela erótica”, *Leer*, nº 129, “Letras gallegas”, febreiro 2002, p. 92.

Sitúa a aparición de *Martázul* (2001) dentro da traxectoria de Xosé Antonio Perozo, marcada pola producción infantil e xuvenil. Considera que o aspecto erótico resulta recorrente na obra para adultos deste autor, dende *Misterios gozosos* (1995) ata *Coral de lirios morenos* (1994). Da novela de 2001 di que é un libro claramente erótico, unha novela de relevo na que o devir erótico da protagonista é o de menos, posto que o importante é a

contextualización. Apunta as datas de 1993 e 1996 como eixo temporal, aínda que os xogos de *flash-backs* levan ao lector ao pasado máis inmediato, á vez que fai unha proposta reivindicativa da figura do don Juan de Zorrilla. Tamén lembra que na obra a protagonista se move polas cidades de Vigo, Madrid, París e Berlín, o que lle permite ofrecer unha breve visión delas. Remata cualificando a obra de boa novela e chamando a atención sobre a mestría do autor no xogo de voces narrativas. Remata centrándose na obra *Dos meus recordos* (2001), de Manuel García Barros, da que di que non entende como puido estar máis de trinta anos inédita, e alude á temática, que xira arredor de recordos e anécdotas do autor.




Araguas, Vicente, “Plácido R. Castro, traductor”, *Grial*, nº 153, Tomo XL, “No centenario de Plácido Castro”, xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 131-138.

Artigo no que se reivindica a figura de Plácido R. Castro como traductor adiantado ao seu tempo. Dende o comezo destaca que traducía sobre todo do inglés, lingua que dominaba xa que pasara parte da súa infancia e toda a adolescencia en Glasgow. Así mesmo, incide na súa predilección polos escritores e letras irlandeses, feito que está en consonancia coa súa

preferencia polas culturas celtas. Destaca tamén que o seu labor traductor sufriu un parón despois da Guerra Civil, polo que fala de dous momentos distintos nas súas traduccións. Sinala que nos derradeiros anos vinte e comezos dos trinta traducía sobre todo para xornais, mentres que a partir do 1949 o faría para un programa da BBC, sendo ademais este ano o da publicación de *Poesía (inglesa e francesa verquida ao galego)*, libro no que tamén aparecen como traductores Lois Tobío Fernández e F. M. Delgado Gurriarán. Enumera os autores de lingua inglesa traducidos por Plácido R. Castro nesta obra e subliña que o único que os une é a súa esixencia estética, idea que defende este traductor que tamén demostrou ir contracorrente ao traducir as *Rubáiyát* de Omar Khayyan a partir da traducción inglesa de Edwar Fitzgerald en 1965, traballo no que puxo de manifesto os seus dotes poéticos e do que aquí se reproducen tres cuartetas.




Araguas, Vicente, “La guerra continúa”, *Revista de Libros*, nº 69, setembro 2002, pp. 46-47.

Reflexiónase sobre o número de novelas publicadas sobre a Guerra Civil e afírmase que hoxe en día esta é un “feito literario canónico”, ademais dun motivo recorrente arredor do que xorden libros en todas as linguas peninsulares. Indícase que *Agosto del 36* aparecera

orixinalmente en galego en 1991, ao gañar o Premio Xerais de Novela, e critícase que tardase dez anos en ser publicado en español. Considérase que é unha boa obra e que ocupa un lugar moi digno dentro da narrativa realista producida sobre a Guerra Civil. Faise, a continuación, un resumo do argumento da novela, da que sinala que ten a grandeza dun cantar épico ou dun *western* de John Ford. Finalmente apunta a exactitude e efectividade da traducción de Mª Dolores Torres París.




PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Araúxo García, Nuria, “A escrita dramática galega”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 2-5.

Análise da actualidade do teatro galego na que chega á conclusión de que o teatro galego actual “está hoxe vivindo un momento de interrogación sobre si mesmo, unha etapa metaliteraria de autorreflexión que o leva, necesariamente, ó emprego xeneralizado de recursos metateatrais”. Comeza falando brevemente da historia do teatro galego dende os inicios nos anos sesenta, no que o teatro presentaba unha temática fundamentalmente historicista coa intención de conseguir unha práctica normalizada da actividade teatral. Considera que agora que o público xa está afeito a esta actividade é o momento de que o

teatro reflexione sobre si mesmo e poña en xogo todos os recursos metateatrais que poida, como demostran os diferentes autores teatrais mencionados por Nuria Araúxo: Roberto Vidal Bolaño, Raúl Dans, Candido Pazó, Roberto Salgueiro, etc. Indica que estes recursos metateatrais van dende a narratividade do teatro ata o espello que reflicte a escena, pasando pola mestura de medios (proxeccións e representacións simultáneas en escena), pola ruptura dos límites espaciais, temporais e, incluso, reais. Observa, finalmente, “un constante afán de experimentación nos nosos dramaturgos de hoxe”.




Arxóns Álvarez, Dolores e Xavier **Castro Rodríguez**, “Un poemario da mocidade: *A frauta i-o garamelo*”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 68-69.

Achega ao poemario de Antón Avilés de Taramancos *A frauta i-o garamelo* (1959) despois de percorrer outras publicacións anteriores do autor, das que lembran as colaboracións nas revistas *Tapal*, *Atlántida*, *Amencer* ou *Lar*, ademais da mención honorífica que acadara no certame literario do Circo de Recreación de Noia cos poemas “Antón de Noia” e “Cadarso”, así como a publicación en 1955 de *As moradías do vento*. Do poemario que é obxecto de

estudio sinalan a súa estructura en nove poemas numerados e dous titulados “Cántico ao albre” e “Carta a un corvo que se chama Alberte”, a temática arredor do “estímulo da terra e a comuñón dela co poeta” ou a presencia de abondosas aves, que aparecen debuxadas por Xosé Lois e Alexandre González Pascual. Tamén se fan eco da boa acollida que estespoemas de Antón Avilés tiveron entre autores como Ramón Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro. Por último, destacan o rico universo poético das aves, das árbores, os seus froitos ou a música como elementos fundamentais destas composicións.




Avilés, Luís, “Estación Wadley”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 14-15.

Emotivo artigo no que Luís Avilés describe a súa viaxe iniciática a Estación Wadley, na que, como fillo de Antón Avilés de Taramancos, chega a comprender mellor a personalidade do seu pai morto no transcurso desta viaxe real ao deserto. O sentimento de perda e a descuberta do sentimento de unión coa terra do proxenitor son as dúas constantes deste texto, no que nos narra os periplos da viaxe que en 1996 realiza co mexicano Alejandro Barbosa a Estación Wadley en México, a camiñada polo deserto onde sentiu que a

presencia da inmensidade e da nada fan que sexa “posíbel escoitar o movemento dos planetas”. Asocia as sensacións experimentadas nesta estadía no deserto coas lembranzas do pai e entende entón que o que el sentira no deserto era o que Antón Avilés de Taramancos sentira toda a súa vida por Galicia, aquilo que aprendera a querer “dun xeito único e abraiante”.




Barcia, Moisés R., “Cianuro espumoso”, *Guía dos libros novos*, nº 41, “Narrativa”, xuño 2002, p. 23.

Comenta que *Cianuro espumoso* (2001) constitúe a terceira entrega da colección que Galaxia dedica a Agatha Christie, tras a publicación de *Asasinato no Orient Express* (2000) e *O asasinato de Roger Ackroyd* (2001). Detense nas diferencias con respecto a estas obras, en particular no que se refire ao escenario da acción, á estructura do crime e ao personaxe encargado de desvelar o misterio, o coronel Race. A seguir fai fincapé no éxito deste xénero que despois do auxe de escritoras anglosaxonas como Ruth Rendell ou P. D. James, conta con novos creadores como o ruso Boris Akunin, o sueco Henning Mankell, o italiano Andrea Camilleri ou o grego Petros Markaris, que engaden á resolución dos crimes

aspectos alleos a Christie, así como peculiaridades nacionais en canto á gastronomía ou á política. De feito, sinala que a autora inglesa recibiu críticas pola presentación aséptica da realidade, polo esquema tradicional das súas tramas e polo deseño plano dos personaxes, mentres que Mankell e Markaris recorren ao comentario social, á actualización dos crimes coa violencia; Akunin mestura o detectivesco coa reflexión histórica e Camilleri cultiva un tipo de novela que enche o sentido do gusto. Con respecto á traducción ao galego de *Cianuro espumoso* opina que se trata dun traballo "francamente malo" e que María Cameselle, a traductora, comete os máis típicos e previsíbeis fallos da traducción do inglés ao galego, amosa "escasa gracia ó redactar" e introduce frases incomprensíbeis, aínda que considera máis grave a presencia de erros sistemáticos que denotan un coñecemento pobre do galego como a incorrecta colocación dos pronomes e o uso de formas verbais inexistentes en galego. Sinala que a esta traducción cumpriríalle un proceso de revisión e recoméndalle aos responsábeis de Galaxia "que endereiten o rumbo, que recorran a profesionais da traducción competentes e que valoren na súa xusta medida o proceso de revisión, para que a forma con que chega ó público non desvirtúe o fondo dunha aposta editorial valente e orixinal".




Bascoy Lamelas, Montserrat e Marga **Romero Lorenzo**, “Rainer María Rilke”, *O ollo público*, nº 6, “Literatura”, outubro-decembro 2002, pp. 10-11.

Ademais de reproducir o poema de Rainer María Rilke, “Die Schwestern” en alemán, Montserrat Bascoy Lamelas e Marga Romero Lorenzo achegan unha versión deste en galego. Estes poemas van precedidos por unha nota introductoria na que deixan constancia dalgúns datos biográficos e da obra deste autor, así como un pequeno comentario do poema do que destacan que nel puideron influír dous cadros: un de Coubert e outro de Chassériau. Asemade, apuntan que este poema nos lembra a vida das Marías, aquelas irmás que percorreran Compostela e que hoxe contan cunha escultura no paseo da Alameda de Santiago.

Beardsley Jr., Theodore S., “Ernesto Gerra da Cal: recuerdos entrañables”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 76-77.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Beiras, Xosé Manuel, "Carta a Antón Avilés", *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, "Homenaxe a Avilés", marzo 2002, pp. 18-19.

Carta de Xosé Manuel Beiras que comeza cun verso de Arthur Rimbaud, na que se dirixe a Antón Avilés de Taramancos como "Meu capitán". Invócao malia saber que non recibirá o correo e comeza lembrando que está diante da obra que non chegou a ver impresa, ante a que experimenta o contradictorio sentimento da perda do amigo pero á vez a súa presencia e perdurabilidade deste a través da súa escrita. Reproduce algúns anacos de textos de Avilés, que aparecen intercalados en letra cursiva, á vez que lle fala da situación actual de Galicia, moi semellante á que el deixou e na considera que é preciso aplicar as súas ideas.

Bernal, Diego, Manuel **Dans**, Xosé Mª **Dobarro** e Afonso **Méndez**, “Os libros de Fontenla Leal”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 363, “Traballos de investigación sobre outros temas”, 2002, pp. 313-326.

Explican que José Fontenla Leal (Ferrol, 1864-A Habana, 1919) morreu rodeado de pobreza e abandono e que, só despois de morto, recibiu as gabanzas merecidas tras unha vida de dedicación á causa galega. Entre os seus múltiples méritos destacan a súa preocupación polos libros e o seu proxecto para crear unha gran biblioteca galega coa que dar a coñecer as obras inéditas e esquecidas. Este interese de Fontenla Leal polos libros reflíctese no legado que, tras a súa morte, fixo á Real Academia Galega, composto por cincocentos cincuenta e sete tomos e cento tres folletos e revistas. Sinalan que, aínda hoxe, non se coñece a listaxe de libros doados e que, unicamente, se puideron identificar os libros que outras persoas dedicaron a Fontenla Leal. O texto inclúe fotografías das portadas e dedicatorias dos libros localizados coa transcrición deses textos (entre outros de Ramón Cabanillas, Florencio Vaamonde, Andrés Martínez Salazar, Luís Mesía ou César Vaamonde Lores) e un texto de Juan Casifranco, no que se gaba a figura de Fontenla Leal e no que é

comparado con Breogán. Finalmente, recóllese un apartado de notas e outro de referencias bibliográficas.




Bernárdez, Carlos L., “Un relato suxestivo”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Narrativa”, febreiro 2002, p. 22.

Comentario do libro de relatos *Elexías a deus e ao diaño* (2001), de Samuel Solleiro, que foi publicado na colección “Abismos” que Edicións Xerais creou para publicar, en formato de libro de peto, aos novos narradores. Sinala que os relatos se caracterizan pola súa aproximación a un universo relixioso a cabalo entre o real e o fantástico e que a súa calidade é dun nivel elevado. Considera que o emprego da palabra e das frases feitas como elementos enfiadores dos relatos é unha das características máis orixinais da obra e sinala que este tratamento lingüístico lembra ao tratamento que dos mitos facía Álvaro Cunqueiro. Entre todos os relatos destaca “Polos xardíns da carne”, do cal transcribe as primeiras liñas. Intúe, finalmente, un bo futuro literario para o seu autor, por posuír talento, ironía e capacidade de distanciamento coas súas historias e personaxes.

Bernárdez, Carlos L., “Ou sont les neiges d´antan?”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Biografía”, marzo 2002, p. 9.

Comentario da monografía *Carolina Otero* (2001), de Marga do Val, da que se di que é unha completa biografía desta muller galega que se converteu nun mito de finais do século XIX. Sinala que o volume inclúe unha biografía documentada e rigorosa sobre aspectos coñecidos da vida desta personaxe e que a autora fai unha recreación do que significou a Belle Otero como mito dunha época; inclúe, ademais, numerosas fotografías, debuxos, portadas de xornais e postais. Explica que a Bela Otero naceu no 1868 en Valga e que foi bautizada co nome de Agustina Otero; con once anos foi brutalmente violada e, naquel momento, se converteu en Carolina Otero, unha muller que aproveitou o seu atractivo físico e a súa intelixencia para vivir chea de luxos e con influencia sobre algúns dos homes máis importantes e ricos do mundo (o kaiser Guillerme, o rei Leopoldo de Bélxica, o príncipe de Gales, etc.). Indica, finalmente, que Carolina Otero morreu en Niza con case cen anos de idade e sumida na pobreza, despois de perder toda a súa fortuna como causa da súa adicción ao xogo.

Bernárdez, Carlos L., “Voces do Mediterráneo”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Poesía”, abril 2002, p. 27.

Comentario da obra *Vinte poetas das Baleares*, de Pere Rosselló e vertida ao galego por Xavier Rodríguez Baixeras. Dise que se trata dunha antoloxía de poemas de vinte autores das Illas Baleares publicada por Espiral Maior no ano 2001. Sinálase que a obra ofrece, ademais da escolma de textos, un estudio introductorio do profesor Pere Rosselló Bover, da Universitat de les Illes Balears. Coméntase, a seguir, que a antoloxía ofrece un percorrido pola tradición poética das Illas, dende a segunda metade do século XIX ata a actualidade. Afírmase, así mesmo, que a antoloxía se divide en cinco partes ben diferenciadas: “Entre dous séculos”, “Fillos do novecentos”, “Poemas en tempos de silencio”, “Anos de combate” e “Fin de milenio”. Para rematar, cita algúns dos poetas que conforman a citada antoloxía, entre os que se atopa Miquel Costa i Llovera, Joan Alcover, Miquel dels Sants Oliver, Gabriel Alomar, María Antònia Salvà, Miquel Ferrà, Bartomeu Rosselló-Pòrcel, Blai Bonet, Josep M. Llompart ou Miquel Àngel Riera.

Bernárdez, Carlos L., “Poesía das illas entre nós”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Poesía”, maio 2002, p. 27.

Fai referencia á escolma da obra de Josep María Llompart (Palma de Mallorca, 1925-1993), *Antoloxía poética* (2001), coa que Espiral Maior segue a ofrecer ao lector galego mostras da poesía catalana do século XX. Destaca o traballo de selección realizado por Encarnació Viñas, viúva do poeta, e Cèlia Riba, autora da introducción, e a traducción ao galego de Xavier Rodríguez Baixeras. Achega algunhas claves para comprender a obra de Llompart como a súa pertenza á xeración dos cincuenta, xunto a Jaume Vidal Alcover e Blai Bonet, que tentou superar os presupostos estéticos clasicistas e esteticistas da denominada escola mallorquina; e os temas recorrentes da súa poesía como o pasado, a infancia, a morte e os trazos de contido social. Cita tamén algúns dos títulos publicados polo poeta como *La Terra d’Argensa* (1972), *Memòries i confessions d’un adolescent de casa bona* (1974), *Mandràgola* (1980), que supón un punto de inflexión pola aposta polos sonetos e os poemas en prosa de influxo simbolista e surrealista, ou *Jerusalem* (1990). Alude á relación de Llompart coa cultura galega, xa que pasou na Coruña os primeiros anos da súa vida, ao seu labor como traductor da poesía galega, dende os cancioneiros medievais, os poetas do

Rexurdimento como Rosalía, Curros e Pondal, ata poetas do século XX como Luís Pimentel e Celso Emilio Ferreiro, traballos recollidos en volumes de ampla difusión como *Les millors obres de la literatura universal. Poesia galaico-portuguesa* (1984). Comenta finalmente que esta proximidade con Galicia acabará por se converter nunha referencia mítica na súa obra, ligada á infancia, e que se plasmará, por exemplo, na sección de poemas en prosa de *Mandràgola*, titulada “Lobishome”, na homenaxe poética a Pero Meogo noutro poema e no emprego de esquemas métricos da tradición medieval galega.




Bernárdez Vilar, Xoán, "¡Euro, euro, euro!, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 126, "Rolda da Cultura", xaneiro-febreiro 2002, pp. 101-111.

Amplo comentario, dividido en varios apartados, nos que se toma o pulso á actualidade cultural e social galega. En primeiro lugar, no apartado "Banda Deseñada", alude á revista *Jaimito*, publicada pola Editorial Valenciana no ano 1952, na que aparece o "simpático gatiño Pumby". A seguir, alude, ademais, a Miguelanxo Prado, galardoado co Premio do Festival de Cómic de Blois, en Francia. Pola súa banda, no apartado "Cine e Teatro" alude a unha iniciativa de Pedro Casais, que está a traballar nun filme "no que trata de recrear

determinados fitos cos que trata de definir axeitadamente a cultura, os costumes e a historia de Galicia". Comenta, así mesmo, que, entre os días 15 e 21 de xaneiro se celebrou o Festival Internacional de Cine sobre as Minorías, promovido polo Concello de Pontevedra, no que se proxectou, entre outras películas, *A lingua das bolboretas*, baseada nun libro de Manuel Rivas. En "Congresos. Comunicacións" alude ao Premio Modesto R. Figueiredo de narrativa breve, co que foi galardoado Álvaro Lago, coa obra *O crime do Pombal*. Os accésit foron para Xosé Monteagudo e Andrés Pociña por *O engado do triángulo* e *Medea en Camariñas*, respectivamente. A seguir céntrase na Asociación Galega de Editores e salienta a nova directiva encabezada por Fabiola Sotelo. Alude, a continuación, á creación, en Cotobade, dun premio de ensaio e investigación sobre a historia, a antropoloxía ou a etnografía co nome de Antonio Fraguas. No apartado de "Decesos" alude á morte de José Piñeiro Ares, alcalde e cronista oficial de Pontecesures, mestre e, ademais, "un fecundo investigador sobre temas galegos". A continuación, no apartado "As Letras" fai referencia ao Día das Letras Galegas, dedicado a Frei Martín Sarmiento, e ofrece un breve perfil biográfico do autor ilustrado do século XVIII. Comenta que o seu concello berciano natal acaba de constituír a denominada "Comisión Cultural Sarmiento 2002". Noutra orde de cousas, declara que a viguesa Carme Pampín foi galardoada co Premio de Poesía

Fernández del Riego polo seu traballo titulado *Poesía.* Pola súa banda, o profesor César Rodríguez-Gavela mereceu o Premio Torrente Ballester de Narrativa pola súa novela *El obispo de Cuando*. En "Novas en xeral" coméntase que o historiador Xosé Ramón Barreiro vén de se converter no presidente da Real Academia Galega e ofrécese un breve perfil biográfico do autor. Para rematar, en "Varia" alude ao IVº Congreso de Escritores Galegos, celebrado en Vigo baixo o lema "O futuro da literatura galega".

Bernárdez Vilar, Xoán, "A biblioteca virtual galega", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 127, "Rolda da Cultura", marzo-abril 2002, pp. 100/248-106/254.

Comenta, en primeiro lugar, que se presentou, no Rectorado da Universidade da Coruña, a Biblioteca Virtual Galega, un portal informático "a través do que é posible acceder a información directa tanto sobre a nosa literatura como sobre os nosos autores". A seguir, no apartado "Congresos. Comunicacións", afirma que Pepe Carballude gañou o premio de Literatura Infantil Barco de Vapor coa obra *De cómo o Santo dos Croques se fai peregrino*. Así mesmo, Lois Tobío e Valentín Arias foron os vencedores do recentemente instituído Premio de Traducción Plácido Castro, polas obras *Fausto* e *O sobriño de Rameau*,

respectivamente. En canto ao certame de xornalismo Julio Camba, patricinado por Caixanova, declara que o vencedor foi o coruñés Manuel Rivas, polo traballo *Estampas e aforismos*. A seguir, infórmase que Basilio Lourenzo Fondevila mereceu o premio de ensaio Ramón Piñeiro, pola obra *A submisión das masas* e, pola súa banda, o historiador XavierCastro gañou o Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro, pola obra *A lume manso. Estudios sobre historia social da alimentación en Galicia*. No apartado de “Decesos” declara que faleceu Felipe Fernández Armesto, máis coñecido como Augusto Assía, autor de *Xelo, o salvaxe* e director da páxina universitaria *El Pueblo Gallego*. En “As Letras” alúdese a unha homenaxe a Francisco Fernández del Riego. En “Novas en xeral”, pola súa banda, declara que a Asociación de Escritores en Lingua Galega xa ten unha nova directiva formada por Bernardino Graña, Iolanda Castaño, Carlos Bernárdez, Marta Dacosta, Cesáreo Sánchez, Marica Campo, Rafa Villar e Francisco Fernández Naval.




Bernárdez Vilar, Xoán, “Erre que erre”..., *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 128, “Rolda da cultura”, maio-xuño 2002, pp. 81/353-87/359.

Ofrécense unhas novas sobre a actualidade socio-cultural galega. No apartado denominado "Banda Deseñada" alúdese á revista *Bule Bule*, que deixou de ser un suplemento do semanario vigués *A Nosa Terra* e pasou a publicarse independentemente. Así mesmo, cítase a revista *Golfiño*, que se comezou a publicar novamente o 17 de maio de 2002, gracias ao xornal herculino *La Voz de Galicia*. En "Cine e Teatro" faise referencia aos galardóns María Casares, que lle corresponden maioritariamente á Compañía Sarabela Teatro, pola súa obra *Sexismunda*. Así mesmo, alúdese ao premio ao mellor actor, recibido por Roberto Vidal Bolaño, polo seu papel en *Os papalagui*. Pola súa banda, en "Congresos. Comunicacións" declárase, en primeiro lugar, que Alfonzo Zulueta de Haz foi nomeado presidente do Consello da Cultura Galega, en substitución de Carlos Casares. A seguir, en "Decesos", alúdese ao falecemento de Silverio Cañada, responsábel de sacar adiante, a mediados da década dos setenta, a "monumental *Gran Enciclopedia Gallega*". A continuación, en "As Letras", alúdese á obra *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, galardoada co premio da Asociación Española de Críticos Literarios na modalidade de narrativa. Pola súa banda, Manuel Forcadela mereceu o mesmo galardón, na modalidade de poesía, pola obra *Refutación da Musa* (2001). En canto aos Premios da Crítica coméntase que o de Creación Literaria foi para a *Obra completa* (2001), de Manuel María; e

o de Ensaio e Pensamento foi para Olivia Rodríguez González, pola obra *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* (2001). En canto á celebración do Día das Letras Galegas, coméntase que apareceron moitas novidades editoriais. Para rematar, en "Varia" anúnciase que, con motivo do Día Mundial do Libro, Francisco Fernández del Riego foi galardoado coa Medalla de Ouro de Galicia "como defensor da súa lingua e da súa cultura".

Bernárdez Vilar, Xoán, "A batalla de Rande e o capitán Nemo", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 129, "Rolda da cultura", setembro-outubro 2002, pp. 95/479-100/484.

Ofrécese, como é habitual nesta "Rolda de Cultura", un percorrido polas últimas novidades do panorama cultural galego. En primeiro lugar, no apartado que leva por título "Banda Deseñada", fala das XIV^{as} Xornadas de Ourense, a IV^{a} edición de Viñetas desde o Atlántico e a terceira exposición itinerante da Semana de Banda Deseñada. No apartado "Congresos. Comunicacións" fai referencia a Inma López Silva, que vén de gañar o Premio Xerais de Novela, coa obra *Concubinas*. Así mesmo, o Premio Merlín foi para a obra *Pel de Lobo*, do lugués Xosé Miranda. A continuación, baixo o epígrafe "Decesos" alude ao pasamento do

dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, “o auténtico criador do noso teatro profesional” e autor, entre outras obras, de *Laudamuco, señor de Ningures*, *Memorias de mortos e de ausentes*, *Bailadela da morte ditosa*, *Ruada das papas e do unto*, *Criaturas*, *Touporroutou por Ti*, *Percival*, *Caprice des Dieux* ou *Días sen gloria*. A seguir, en “As Letras”, afirma que Manuel María e Víctor Freixanes son os que van ocupar as vacantes que deixaron Marino Dónega e Carlos Casares na Real Academia Galega. Así mesmo, comunícase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega concedeu o seu máximo galardón, a Letra E, ao polígrafo e ensaísta Xosé Chao Rego. En canto ao Día das Letras Galegas, comenta que será dedicado a Antón Avilés de Taramancos, autor de obras como *A frauta i-o garamelo* (1959), *Poemas da ausencia* (1963), *Pranto por Urbano Lugrís* (1974), *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) ou *Última fuxida a Harar* (1992), entre outras. A continuación, no apartado titulado “Novas en xeral”, declara que a poetisa, dramaturga, narradora, investigadora, traductora e académica ferrolá Xohana Torres, recibiu




o Premio Celanova Casa dos Poetas pola súa “fundamental e imprescindible tarefa” e como recoñecemento da súa calidade como “gran tecedora de poesía”. Pola súa banda, alude a unha homenaxe dedicada ao poeta Luís Amado Carballo. Para rematar, en “Varia” declara que Francisco Díaz-Fierros foi nomeado vicepresidente do Consello da Cultura Galega.

Bernárdez Vilar, Xoán, “Santos, magosto, Samain”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 130, “Rolda da cultura”, novembro-decembro 2002, pp. 83/58788/592.

Nesta ocasión, Bernárdez Vilar declara, no apartado “Banda Deseñada”, que se acaba de celebrar a XIVª edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, na que se homenaxeou a Juan Berrio e Miguel Núñez. En “Cine e Teatro” alude ao novo filme *Castelao e os irmáns da liberdade*, galardoado co premio especial das Xornadas de Cine e Vídeo de Galicia Chano Piñeiro 2001. A seguir, en “Congresos. Comunicacións”, comenta que o Centro Galego de Buenos Aires recibiu o Premio Otero Pedrayo pola súa “intensa actividade nos ámbitos académico e asistencial a favor do pobo galego, desde a súa creación en 1907”. Así mesmo, engade que a editorial Toxosoutos, de Noia, “mantedora do Premio de Investigación sobre Historia Medieval de Galicia” estudia a posibilidade de ampliar o certame “a traballos redactados tamén en lingua portuguesa”. A continuación, en “Decesos” alude ao pasamento do catedrático de Filoloxía Románica no Hunter College, Xoán González-Millán, coordinador dos Estudios Galegos do programa de estudios literarios Hispano e Luso

Brasileiros do Gradverte School and University Center e director do *Anuario de Estudos Literarios Galegos*. No apartado que leva por título “As Letras” declara que Xosé Monteagudo gañou o Premio Blanco Amor de Novela coa obra *Os ecos da noticia*. A seguir, dá conta da desaparición de dúas revistas de información e crítica literaria: *O Mico* e *Guía dos libros novos*. Así mesmo, comenta que Pepe Carballude mereceu o Premio de Literatura Infantil e Xuvenil O Barco de Vapor, coa súa obra *De cómo o Santo dos Croques se fixo peregrino*, e que o profesor Xulio Parada Rodríguez gañou o Premio Antonio Fraguas de Investigación co seu traballo *Ensaio Histórico sobre a violencia*. En “Novas en xeral” anuncia que ingresaron na Real Academia Galega o científico e edafólogo Francisco Díaz-Fierros Viqueira, vicepresidente do Consello da Cultura Galega, e o escritor Víctor F. Freixanes, que substituíu a Carlos Casares. En “Varia”, por último, fai referencia a unha iniciativa da Real Academia Galega de nomear unha comisión para estudiar unha reforma ortográfica.




PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Blanco, Carmen, “Líneas abiertas”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, p. 2.

Artigo que serve de presentación a este número monográfico que, baixo o título de “Galicia viva: líneas abiertas”, está dedicado integramente ás letras galegas. Antes de centrarse nos aspectos tocados neste número fai referencia a números anteriores dedicados a escritores galegos, algúns deles só en lingua castelá, e a dous números que tocaron diversos aspectos da nosa literatura, o primeiro deles de 1959 (nºs 152-153) e o segundo, máis recente, de 1999 (nº 629), indicando que este número que coordina quen fai esta presentación parte do panorama constatado en 1999. A seguir xustifica o título elixido para o monográfico e apunta os temas tratados polos distintos colaboradores. Finalmente salienta que as fotografías que aparecen non son só un adorno senón que estas tamén din moito do que as palabras non din ou non poden dicir.

Blanco, Carmen, “Quérote, pai Pan, dixo Tigrida”, *Unión Libre*, nº 7, “Aperturas indixenistas”, 2002, pp. 111-113.

Páxinas de recordo nostálxico da infancia de Carmen Blanco con alusións a Lugo e a cousas cotiás da casa, nas que mesmo se alude á súa disposición. Así mesmo recórdanse animais coma os cans e tamén a varias persoas, especialmente a figura do pai e da nai.

Remata evocando a Pan e Moira dos que di que chegaron a ser home e muller completos aínda que sobre eles tamén di que "escaparon o día que naceron".

Blanco Mourelle, Noel, "O erotismo da literatura de Cunqueiro", *Dorna*, nº 28, "Caderno da crítica", maio 2002, pp. 97-104.

Estudio centrado no tratamento do erotismo da literatura de Álvaro Cunqueiro, que a pesares de ser unha temática que sufriu unha repentina evolución no transcurso do século XX, se viu fortemente influenciada polo catolicismo que profesaba o autor. Considera que este feito se traduciu en composicións que contiñan elementos eróticos febles e sutís, que deixan un amplo espacio á imaxinación do lector, e que permiten, así mesmo, entrever paralelismos con algunhas obras clásicas como a *Odisea*, de Homero, ou *Decamerón*, de Bocaccio.

Bouzada, Xan, "Carlos Casares: de la utopía a la institución (Los itinerarios del desafío de la cultura)", *Quimera*, nº 217, "Carlos Casares: memoria y homenaje", xuño 2002, pp. 14-17.

Comeza sinalando a importancia da figura de Ramón Piñeiro para Carlos Casares. Logo fai referencia á figura de Piñeiro destacando o seu labor como herdeiro de manter vivo o partido Galeguista e salienta a súa decisión de apostar pola vía da cultura coa creación da editorial Galaxia, editorial que tería moita importancia na vida de Casares. Tras asumir a súa dirección salienta a súa calidade como persoa sempre disposto a tender lazos entre os diferentes personaxes da cultura galega.

Callón Torres, Carlos Manuel, "As innovacións de Xesús Pisón na literatura dramática galega", *Casahamlet*, nº 4, "Estudios", maio 2002, pp. 64-67.

Análise diacrónica da obra de Xesús Pisón dende os seus inicios ata a actualidade. O propio Carlos Callón explica na introducción que é unha relación breve a que vai expoñer, obedecendo a este principio, ao longo dos apartados deste escrito. Inicia o estudio cunha breve biografía de Pisón e, posteriormente, céntrase en cada unha das súas etapas fundamentais, dende o teatro da década dos anos 80 no que lle dá prioridade aos repertorios infantís con pezas como *O xigante don Gandulfo, señor de Tentequedo* (1980), *O pauto* (1983) e *O rei aborrecido* (1984), pasando polo recoñecemento do público e os

galardóns, chegados na década dos 90, na que considera que se dá a súa consolidación con *Ei, Felmühle! Fantasía do Valadouro, con vampiros*, gañadora do premio Rafael Dieste de 1991, galardón que volvería acadar en 1994 con *Venenos*, publicado nese mesmo ano. En 1995, publicaba a obra *Viva Peter Pan*, ano a partir do que sitúa o comezo da súa etapa de experimentación con obras como *Teatro-minuto* (1996), *Breviario Hamlet II. O Aro* (1997), *O vampiro*, *Aniversario de Medea*, *Tambores en París*, *Primeira comuñón* e *Hamlet III (Vampiros*), todas elas de 1998 ata *Crisálidas* (2000). Sinala que Pisón emprega dous recursos para ofrecer unha visión desacougante da realidade, que son a literaturización das manifestacións do subconsciente e a recreación de mitos do teatro occidental.




Callón Torres, Carlos Manuel e Paulo **Filgueiras Fachal**, “Un relevante contributo aos estudos sobre Rosalía de Castro”, *A Trabe de Ouro*, nº 51, Tomo III, “Publicacións”, xullo-agosto-setembro 2002, pp. 115/403-123/411.

Análise que se centra no libro de Andrés Pociña e Aurora López *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra* (2000). Afírmase que, especialmente na primeira parte da obra, se van desbotar algúns prexuízos e distorsións que circulan sobre a poetisa e que viven entre e

poboación porque foron sucesivamente amparados polos discursos políticos-institucionais e polo mundo académico. Tendo en conta a división en seis apartados do libro baixo os títulos de “Biografía”, “Sobre edicións”, “Estudios sobre a obra”, “Para unha historia do rosalianismo”, “Notas biográficas” e “Varios”, faise un labor de síntese do que en cada apartado é máis destacábel. Ao mesmo tempo, móstranse os puntos febles ou cuestións que se obviaron e que merecerían estar para Paulo Filgueiras e Carlos Manuel Callón. O maior inconveniente que eles observan é a recollida masiva de traballos sobre a autora que non proporcionan información polo que entenden sería máis útil escolmar o material e optar por un criterio máis estricto. Pese ás eivas que subliñan entenden que se trata dunha interesante achega sobre todo na parte cronobiográfica que está tratada con rigor e supón unha novidade nos estudios rosalianos.




Calo, Iván, “¡Sssh!”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, “Textos”, outono 2002, [30 pp.].

Estructurada en sete actos, esta peza teatral breve de Iván Caloto recolle a conversa entre dous personaxes: Delon, un mozo homosexual, e a nai de Tadeo, a súa parella que só aparece nominada como Nai. Ademais da conversa que manteñen os dous arredor da

personalidade de Tadeo, tamén asistimos a través de *flashes* en escenas paralelas ao problema que xorde na familia cando Tadeo decide marchar e declara a súa homosexualidade. Enfrontado a un pai autoritario que non acepta a vida bohemia e desviada do que considera normal, somete á súa muller aos seus criterios e prohibe a súa relación co fillo pródigo. Morto este por algunha razón, a nai acode á casa na que Tadeo vivía con Delon para coñecer cómo era o seu fillo e saber porqué morreu.




Campos Villar, Xabier, “Como levar un morto”, *Grial*, nº 154, Tomo XL, “O audiovisual galego”, “Libros”, abril-maio-xuño 2002, pp. 342-344.

Primeiramente válese de abondosas citas de *Como levar un morto* (2001), de Xesús Rábade Paredes, para dar conta do argumento tratado, así como dalgúns temas como a recuperación da memoria histórica e a crítica directa que se fai aos protagonistas da transición política cara á democracia. A seguir describe a estructura desta obra, finalista do premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta, salientando que nela ten cabida unha ampla gama de técnicas narrativas, xa que aparecen dende un narrador omnisciente ou un narrador-protagonista, ata distintos textos que funcionan como operadores realistas. Por

outro lado, pon de relevo que, a pesar de describir a dura realidade da Guerra Civil, hai espacio para o lirismo, trazo xa característico de boa parte da obra anterior deste autor. Conclúe indicando que se trata dunha novela na que a temática da Guerra Civil e as súas consecuencias están tratadas dunha maneira atrevida e orixinal.




Campoy, Concha e Fátima **Rodríguez**, “Miguel de Lira. Os riscos de xogar con pólvora mollada”, *Escaramuza*, nº 12, “En Portada”, inverno 2002, pp. 9-11.

Nunha ampla conversa co actor Miguel de Lira, que xira principalmente ao redor dos medios audiovisuais e, sobre todo, da televisión, o actor alude tamén, brevemente, ao mundo teatral. Deste xeito, comenta que, debido á industria do cine e ao éxito acadado polas series de televisión, as compañías de teatro están a quedar sen xente, “os grupos de teatro saen perdendo e as compañías quedan mui desmembradas”. Para rematar, afirma que, na súa opinión, ten que haber máis “trasvase entre seitores criativos. O seitor audiovisual, xa que ten tantas pelas, non debía ser tan prepotente cos outros espectáculos”.

Cancio, Miguel, “In memoriam por dous galegos que toda a súa vida defenderon Galiza e a súa cultura”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, “Literatura e Socioloxía Vital”, maio 2002, pp. 18-21.

Artigo dividido en dous apartados: “In memoriam para Uxío Novoneyra: muiñeira freudiana-galaico-luso-brasileira para Novoneyra” e “In memoriam: Para o meu grande amigo. Luis Rivas” no que se reproducen os dous “in memoriam” que escribiu Miguel Cancio en homenaxe aos citados autores no momento do seu falecemento. No primeiro deles, fálase da participación de Isabel Escudero e Agustín García Calvo no libro homenaxe a Novoneyra e no acto celebrado no Teatro Principal de Santiago ao pouco de morrer o poeta do Caurel en 1999. Así mesmo, fálase da composición feita por José Martín Solera “Licho” (portavoz da “Coordinadora Novoneyra for ever and ever”) para Uxío Novoneyra titulada “Muiñeira das Gaivotas/muiñeira para Novoneyra” que foi musicada por Amador Santos Bartolomé e que se incluíu no repertorio da Orquestra Compostela por Manuel Muñiz. Tamén se menciona a gravación con versos de Novoneyra feita por Licho. No segundo apartado, lóase a personalidade do falecido economista Luís Rivas, grande amigo de Miguel Cancio.

Carballido, Cesáreo, “Cesáreo Carballido”, *Amastra-n-gallar*, nº 2, inverno 2002, pp. 53-60.

A modo de entrevista Cesáreo Carballido reflexiona amplamente sobre tres ideas importantes –a da fidelidade, a do tempo (memoria) e a do espacio (lugar)–, concluíndo que “a fidelidade é fundamental para o pensamento, e que unha fidelidade o é sempre dun intre e dun lugar; mais isto non é só negocio de poetas. Abonda con postularse ‘pensante”. A seguir, comenta como se reescribe na súa escrita “Galicia” e “Soñar”, destacando que Galicia se reescribe no poema “como inventora, coas maiúsculas da Política e as minúsculas do que temos diante do nariz, aínda que sexa un fieito do bosque de *Saint Germain*. Considera que a poesía ten na actualidade unha chea de funcións que cumprir e que a poesía galega “é por riba de todo un pensamento”. Finalmente reproduce un poema inédito.

Carballo-Calero, María Victoria, “As palabras pintadas: Baldomero Moreiras ilustra a Cunqueiro”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 68, “Ourensanos”, decembro 2002, pp. 16-17.

Reflexiona sobre o que tentou realizar Baldomero Moreiras na súa exposición centrada en pórlle imaxes á novela *Merlín e familia i outras historias* (1955), de Álvaro Cunqueiro. Sinala que se trata de acrílicos, un por historia, sobre un soporte dunha lona negra inzados de eclecticismo.

Carro Estévez, Liliana, "Os anos mozos da miña avoa", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 16, "Especial Romaría Etnográfica Raigame", novembro 2002, pp. 74-79.

Segundo premio do apartado literario fallado na Primeira Romaría Etnográfica Raigame titulado "Os anos mozos da miña avoa", de Liliana Carro Estévez, un relato no que unha nena de dez anos conta a visita a Vilanova dos Infantes que fixo con súa avoa e un amigo seu. Nesta visita a Vilanova o día da primeira "Romaría Etnográfica Raigame" ve moitas cousas das que lle ten oído falar á súa avoa á que xeralmente non fai caso. Declara finalmente que lle gustou a romaría e que lle serviu para entender mellor á súa avoa.

Casares, Carlos, “La generación de la lata”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 60, “Auria das letras”, abril 2002, pp. 34-35.

Dáse conta do falecemento de Carlos Casares, sublíñase a súa colaboración co xornal ourensán *La Región* e reprodúcese o seu artigo “La generación de lata” –datado o 5 de maio de 1972 neste xornal ourensán–, ademais de anunciarse que o Concello de Ourense publicará, na súa colección Auria, un volume que recollerá todos os artigos publicados por Casares en *La Región*.

Casares Mouriño, Carlos, “Unha visión dos vintecinco anos de *Encrucillada*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 128, “Encrucillada”, maio-xuño 2002, pp. 41/313-55/327.

Reprodúcese a alocución pronunciada por Carlos Casares na sede do Consello da Cultura Galega o 28 de febreiro de 2002, con motivo do acto de presentación do número 126 da revista *Encrucillada* e para celebrar os seus vintecinco anos. No discurso, Casares cita outras revistas que “acompañaban ou que ían acompañar a *Encrucillada*”, tales como *Grial*,

Teima, *Vagalume* ou *Logos*. A seguir, relata unha serie de anécdotas que viviu en distintas partes da xeografía galega. Máis tarde, refírese á aparición de *Encrucillada*, no 1977, e declara que é unha revista á que lle interesa "o diálogo co mundo e o diálogo da cultura; nun primeiro momento, quizais, radicalizando moito as posturas". En canto aos contidos de *Encrucillada* comenta que "toda a crónica política que foi analizando os avatares que sufriu o proceso de discusión e aprobación do Estatuto de Galicia probablemente está mellor contada en *Encrucillada* que en ningún outro sitio". Para rematar, declara que está seguro de que esta revista "vai durar vintecinco anos máis, polo menos, e quizais moitísimo máis".




Casas, Arturo, “Antón Figueroa: *Nación literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*”, *A Trabe de Ouro*, nº 49, Tomo I, “Publicacións”, xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 115-123.

Despois dunha introducción na que se sitúa a Antón Figueroa e Xoán González Millán como representantes de dous modelos teóricos no campo literario galego, menciónase a ausencia e necesidade de grupos de investigadores novos que afortalen e amplíen con lealdade crítica os proxectos de investigación para que se actualicen os estudios literarios e culturais

en Galicia. A seguir, Arturo Casas analiza polo miúdo a última obra *Nación literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia* (2001), de Antón Figueroa, que está dividida en catro capítulos que Casas analiza e critica achegando o seu coñecemento e indicando os puntos en que está de acordo, así como aqueles nos que a súa opinión é diferente. Considera que nesta nova entrega de Figueroa se fai unha mirada ao pasado recente e nela a crítica aos inmobilismos académicos e ás inercias metodolóxicas chega a ser evidente, por moito que o autor siga cultivando unha prosa elegante e discreta na que non abundan os nomes propios nin as recriminacións ou as impugnacións directas. Afirma que o autor fala maiormente dese complexo de actitudes e predisposicións mentais que Bourdieu denomina "habitus" e destaca a racionalidade do modelo teórico propugnado, así como que o autor nunca cede ao exhibicionismo nin á gratuidade floral de códigos corporativos ou nomenclaturas técnicas. Despois de sinalar as referencias básicas desta obra, entre as que destaca Pierre Bourdieu e a súa teoría do campo literario, descríbese a arquitectura interna da publicación e indícanse as catro estacións do labor de Figueroa en *Nación literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia* como son a revisión dos instrumentos de análise teórica asumidos como "naturais" ou "idóneos" de xeito acrítico, a proxección dos resultados da fase anterior sobre a análise das "dinámicas

literarias en procesos de configuración da identidade nacional"; as aplicacións pertinentes ao campo literario galego; e o estudio dos intercambios literarios entre campos/nacións. Finalmente Arturo Casas loa a obra de Figueroa e afirma que é un libro necesario e imprescindíbel.

Casas, Arturo, "Palabras para presentar a *Obra poética* de Francisco Vales Villamarín", *Anuario Brigantino 2001*, nº 24, "Arte, Literatura, Antropoloxía", xullo 2002, pp. 473-482.

Nestas páxinas reprodúcese o discurso pronunciado polo profesor Arturo Casas no acto celebrado en Betanzos en homenaxe a Francisco Vales Villamarín (1891-1982). O autor, como lembra Casas Vales, foi fundador e primeiro director do *Anuario Brigantino*, secretario da Real Academia Galega e Cronista Oficial de Betanzos, do que se ten publicado recentemente en dous volumes a súa *Obra Poética*, e Arturo Casas é o encargado de presentala. Fala en primeiro lugar da multiplicación de tarefas que é característica dos nosos escritores pola situación de anormalidade do sistema literario galego. Resume a seguir a biobibliografía do festexado betanceiro e, finalmente, refírese á devandita *Obra Poética*, indicando cómo o primeiro volume contén a producción en galego (poemas divididos en

dúas series: “Estampas betanceiras” e “Xente coñecida”), e o segundo, os escritos en castelán.




Casas, Arturo, “Da restitución dun mundo”, *Grial*, nº 155, Tomo XL, “Galicia, cidade atlántica”, “Libros”, xullo-agosto-setembro 2002, pp. 567-571.

Primeiramente fai referencia a *As linhages do frio* (1998) para logo facer un amplo comentario sobre *Acaso o inverno* (2001), ambos os dous títulos da autoría de Carlos Penela, de quen sinala que non ten doado acceso ás imprentas poéticas, xa que estes son os seus únicos libros e os dous foron publicados por teren acadado importantes premios de poesía. Como posíbeis causas do illamento deste autor sinala as súas opcións ortográficas e a súa comprensión persoal do que é o oficio de escribir, lonxe de agrupacións. Sobre a súa maneira de facer poesía salienta a súa voz meditativa e moral, con trazos racionalistas. Destaca que en parte a súa é unha poesía sobre ruínas que esixe desciframento por parte do lector, así como unha poesía sentimental na vella acepción romántica. Ademais indica que a actitude predominante neste último poemario é unha contemplación en sentido civil e cultural, na que se constatan perdas reais como a da paisaxe rural, subliñando que o autor

introduce este tema con mecanismos discursivos pouco frecuentes na poesía galega, pero connaturais a algúns autores foráneos. Sen embargo apunta que este autor tamén coincidecon algúns poetas coevos galegos como Álvarez Cáccamo, Baixeras, Martín Veiga ou Paulino Vázquez. Engade, ademais, outros trazos característicos da súa poesía como por exemplo o ton elexíaco, apropiado para a súa opción de síntese e abstracción, ou o feito de que a súa sexa sobre todo unha poesía substantiva, que pretende recuperar o mundo, apuntando que este poeta se recoñece na misión rilkeana da restitución. Por outro lado sinala que hai no libro unha serie de homenaxes a autores como Rosalía, Kavafis, Pound, Constable, Bach e Otero Pedrayo, que non sempre están explicitadas e que os lectores deben complementar coa súa experiencia para saber quen é o seu destinatario.




Caseiro, Delfín, “Imaxe e palabra”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 59, “Fotografía”, marzo 2002, p. 8-13.

Reprodúcese o longo poema “Souto de fantasías”, obra de Delfín Caseiro acompañado do abondoso material fotográfico de Juan Cid, que en palabras do seu autor constitúe “un xogo de luces e son na cara branca da existencia”.

Caseiro Nogueiras, Delfín, “No centenario do seu pasamento. A obra literaria de Alberto García Ferreiro”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, “Literatura”, maio 2002, pp. 58-70.

Logo dunha breve introducción na que se ofrecen os datos biográficos de Alberto García Ferreiro (1860-1902) Delfín Caseiro analiza a obra literaria deste autor, a fortuna desta nos estudios críticos e fai unha achega á súa poesía épica: *Leenda de groria*; á súa poesía lírica: *Volvoretas*, *Chorimas* e *Follas de papel*; á súa poesía costumista-realista; á súa poesía cívico-patriótica e á poesía intimista. Remata cunha análise da lingua: presencia excesiva de enxebrismos e diferencialismos, considerábel número de deturpacións lingüísticas, abundantes castelanismos, uso do diminutivo, de formas pronominais de solidariedade e de interese, abundancia de dialectalismos da área ourensá, etc.

Castro, Luísa, “Carlos Casares todavía”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, p. 13.

Neste artigo Luísa Castro fai un recordo emocionado do autor desaparecido de maneira recente, Carlos Casares. Loa a súa contribución como home das artes pero sobre todo a súa calidade como persoa. Descríbeo como "el mejor padre literario e intelectual que se pudiera tener".

Castro Buerger, Iago, "Xabier Cordal Fustes: A vella peneira a noite", *A Trabe de Ouro*, nº 50, Tomo II, "Publicacións", abril-maio-xuño 2002, pp. 109/253-111/255.

Comentario de *A vella peneira a noite* (2001), poemario de Xabier Cordal que, segundo Castro Buerger, presenta unha poesía máis calma cá de anteriores achegas do autor. Sinálase que Cordal segue profundando "nos nosos recordos, na derrotas nosas", mais esa centralidade do "nosoutros" non exclúe a incorporación de elementos doutras culturas ou tradicións. A influencia de Manuel Antonio, a presencia de motivos como a lingua, a Guerra Civil ou a metapoesía son outros dos aspectos que se tocan neste artigo.

Castro González, Xosé Luís, "Casa atlántica, casa cabaret", *Grial*, nº 153, Tomo XL, "Libros", xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 151-154.

Salienta que María Lado con *Casa atlántica, casa cabaret* (2001), intenta renovar a poesía galega en xeral e a súa en particular. A este respecto subliña que esta obra é máis íntima que *A primeira visión* (1997), aínda que as voces que fan unha confesión individualizada, sempre mulleres, desempeñan distintos papeis: nai, filla, papel de inocente, etc. Distingue neste volume dous bloques de poemas e afirma que a primeira parte da *Casa atlántica* nos leva ao espacio do pasado, máis cómodo para a poeta, mentres que o segundo se identifica cunha casa nova e fría. Indica ademais que na primeira parte os distintos obxectos da casa teñen a súa historia e que o emprego da letra grosa serve para focalizalos, que a voz lírica por veces se fusiona con eles, proxectando en cada poema unha mirada desde o máis particularizado ao máis xeral ata abranguer toda a cidade de Santiago. No tocante á segunda parte subliña que os baleiros que deixa a familia, que segue a ser recordada, se cobren cos amigos e o ser amado. Referido á voz lírica desta parte parécelle curioso que agora sexa nai da casa e pon de relevo que os obxectos lle sirvan para encher de luz e calor o baleiro de ausencias. Respecto á linguaxe poética empregada, aínda que resulte por veces excesivamente explicativa, cre que alcanza nas metáforas e xogos de palabras o seu grao máis elevado. Ao mesmo tempo sinala que esta é unha obra para ser lida, vista e

escoitada debido ao xogo creativo que contén. Conclúe opinando que María Lado nos leva ao seu mundo do recordo e que nos obriga a intentar ver nas nosas casas máis alá do que nos amosan.




Castro Ojea, Celia, “Unha data para o recordo”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 127, marzo-abril 2002, pp. 64/212-65/213.

Alude á presentación, no Consello da Cultura Galega, do número 126 da revista *Encrucillada*, con motivo do vintecinco aniversario da súa aparición. Comenta que, neste acto de presentación, falaron Andrés Torres Queiruga e Carlos Casares. A seguir, declara que tamén se entregaron os premios Encrucillada aos gañadores nas modalidades de poesía e artigo, María López Jiménez e Xosé Manuel Caamaño López, de 16 e 21 anos, respectivamente. Para rematar, comenta que o epílogo deste acto de presentación da revista foi musical, da man de Pablo López Campo á frauta e Xosé Manuel Campello ao piano.

Cebreiro, María do, “María do Cebreiro”, *Amastra-n-gallar*, nº 2, inverno 2002, pp. 61-74.

A modo de autopoética, María do Cebreiro reflexiona sobre o "xénero lugar", a tradición e o papel da literatura na sociedade, ademais de reproducir un fragmento do poema inédito "Prato circense" e o titulado "Pérfida Erín (Sete visións en terra)".

Cordal, Xabier, "Antón Lopo: Ganga", *A Trabe de Ouro*, nº 51, Tomo III, "Publicacións", xullo-agosto-setembro 2002, pp. 111/399-114/402.

Reprodúcese, con pequenas modificacións, o texto que Xabier Cordal leu na presentación da novela de Antón Lopo *Ganga*, editada por Xerais en 2001. Define esta obra como maxistral, merecente de contarse entre as mellores novelas galegas de calquera tempo. Fai unha pequena introducción ao libro e adianta que o protagonista se chama Ganga, que se trata dun home adicto ás drogas que sofre un importante revés coa morte dun traficante, pero como advirte non conta o miolo da trama nin o desenlace desta. Sinala que o escritor insire a mestura de xéneros, o humor e, sobre todo, a liberdade, a igualdade e a fraternidade para tratar temas de ficción científica. Finalmente, fai fincapé no seu maxistral estilo e na brillante utilización do galego, para rematar lembrándolle ao público que é un libro que non

pode ser ignorado.




Cordal Fustes, Xabier, “25 puntos sobre a actuación social da literatura galega”, *A Trabe de Ouro*, nº 51, Tomo III, xullo-agosto-setembro 2002, pp. 85/373-94/382.

A través de vintecinco puntos faise un percorrido pola actuación social da literatura galega. Céntrase especialmente na época posfranquista para criticar a actuación dos diversos entes culturais e os propios escritores que subvencionados pola Xunta de Galicia se converten en emisarios das súas ideas ou, cando menos, agóchanas por medo a deixar de recibir as axudas. Sinálase que a literatura ten que ser liberdade para deste xeito construír unha democracia real, polo que se considera que para que isto suceda é necesario rematar con esta voráxine clientelar que move as nosas letras.

Cortezón, Daniel, “As escaleiras mecánicas (representación nun só acto)”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 6-9.

Texto para unha breve representación teatral de Daniel Cortezón (Ribadeo-Lugo, 1927) que ten lugar nunha estación de metro ruidosa e atafegada. Mentres un moinante semella durmir nun recanto da estación, dous viaxeiros empéñanse no inútil labor de subir polas escaleiras mecánicas de baixada e baixar polas de subida. Todo isto é observado e discutido por dous transeúntes, que comezan falando do equívoco dos viaxeiros, continúan co tema do misterioso moinante e, tras certo tempo, volven ao tema dos viaxeiros, para o que o Transeúnte 2º propón a solución de que se cambien de sitio, proposta pola que é acusado de anárquico polo Transeúnte 1º. Durante toda a representación, circulan os transeúntes 3º, 4º, 5º, 6º e 7º, comportándose este último como se fose un galo. Ao longo da representación, tamén se pode oír a voz en off do moinante, que fala en castelán sobre o espanto da carne mentres, de fondo, se oen os latidos do seu corazón. Finalmente, todos os transeúntes se reúnen arredor do corpo do moinante para aplaudirlle, mentres os latidos de fondo se van apagando aos poucos.

Costa, Alfonso, “A sombra”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 38-44.

Relato de Alfonso Costa, cunha forte carga simbólica, no que Pepiño de Camboño nos conta cómo un día que saíu da súa casa coa intención de ir a Noia descubriu que a xente se ría del porque non tiña sombra. Aconsellado de que fora á casa de Antón de Taramancos, coñece a un home que lle recomenda que vaia polo mundo para poder adquirir unha sombra. Decidido a cumprir coa encomenda, Pepiño embárcase e marcha a Buenos Aires onde coñece todo tipo de tratantes, pero malia que lle prestan unha sombra para que probe se lle senta ben, non é capaz de aturala e decide volver á terra. Cando vai de camiño para a súa casa decide parar a visitar ao amigo de Taramancos, que xa non está, pois decidira marchar definitivamente e deixáralle un "paquetiño". Cando o abriu, alí atopou un poema no que lle fala de que onde el está non precisa a súa sombra e polo tanto que lla deixa.

Costa, Paula, "Helena de Carlos: 1999", *A Trabe de Ouro*, nº 50, Tomo II, "Publicacións", abril-maio-xuño 2002, pp. 105/249-107/l251.

Comentario de *1999* (2001), segundo poemario de Helena de Carlos, no que Paula Costa detecta reminiscencias do anterior, *Alta casa*. Tamén sinala a progresiva depuración expresiva da autora, o carácter cíclico do poemario (con composicións que van

encadeándose entre si, emulando o tránsito do ano) e o papel de guía que en ocasións adopta na obra a voz poética.




Costa Clavell, Xavier, “Avilés Vinagre no espello humano”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 50-51.

Lembra algúns datos biográficos de Antón Avilés de Taramancos, a súa peripecia vital primeiro na Coruña, onde mantivo unha fonda amizade con Urbano Lugrís e coa bohemia dos anos cincuenta e a súa etapa americana durante un período de vinte anos, da que considera que deixou moitas pegadas nas súas obras publicadas despois do regreso a Galicia como *Cantos caucanos* (1985). Reproduce algúns versos do primeiro canto desta obra e lembra cómo se coñeceron en Noia cando rexentaba a Tasca Típica. A seguir sinala que en *As torres no ar* (1989) aparece “nitidamente a faz humana de Antón”, un home imaxinativo, como todo poeta, cualificado como “un mito vivo cheo de humanidade”.

Cozinha, Ivám, “A escrita desde as mulleres. Máis alá das etiquetas”, *Tempos Novos*, nº 64, “Voces e Culturas”, “Opinión”, setembro 2002, pp. 61-70.

Recolle un debate sobre a literatura escrita por mulleres entre Helena González, Ana Romaní, Inma López Silva, María do Cebreiro Rábade Villar e Yolanda Castaño. Comézase reflexionando sobre a etiqueta “literatura de mulleres”, na que se abordan aspectos como a necesidade, o valor simbólico, a vixencia, a utilidade, os perigos, a intervención e a estratexia do mercado editorial, entre outros. Ao tempo que se discute sobre isto, déixase ver o estado da literatura galega hoxe e, en particular, o da escrita feminina, que se di,destaca sobre todo en poesía. É isto o que as leva a falar do pouco éxito que hai noutros xéneros e a buscar as causas. Aínda así, saliéntase o despegue paseniño na narrativa. Os lectores, os novos soportes, a visión de futuro, a influencia do contexto cultural e editorial, a mestura de linguaxes, a proxección cara á fora ou os premios son outros moitos temas de debate.

Dans, Raúl, “Día da festa”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 10-13.

Breve texto teatral de Raúl Dans (A Coruña, 1964) protagonizado por un fillo e a súa nai, que conversan sobre a súa vida, falando principalmente dun accidente que o rapaz tivo de

pequeno no regato e que nunca se acaba de contar por completo. A chegada dunha veciña, Margarida, móstranos a pretensión da nai de solicitar na consellería a desviación do regato, xa que está preocupada porque ás súas netas pequenas lles pase o mesmo que ao seu fillo no seu momento. Remata a obra coa volta do fillo e da nai a temas de conversación máis agradábeis, como é o da moza do rapaz. O texto acompáñase de tres ilustracións: unha de Móndelo, outra de Francisco Pérez Porto e a terceira de Miguelanxo Varela.




Dans, Raúl, “Un dramaturgo na TV”, *Escaramuza*, nº 12, “En Portada”, inverno 2002, p. 10.

Ofrece un breve estudio comparativo entre a televisión e o teatro. Para comezar, declara que, para David Mamet, “o dramaturgo é alguén que basicamente pasa o seu tempo falando consigo mesmo. Un esquizofrénico”. A seguir, comenta que “a arte dramática representa a liberdade, o oficio de guionista, a submisión”. Na súa opinión, a televisión e o teatro son linguaxes ben diferentes. Deste xeito, afirma que hai que ter en conta “a transparencia da televisión fronte á complexidade do teatro, rixidez ou flexibilidade, personaxes arquetípicos fronte a personaxes multidimensionais, repetición fronte a experimentación, respostas ou preguntas, denotación ou connotación”.

Dasilva, Xosé Manuel, “Rosalía, outra volta en lingua portuguesa”, *Grial*, nº 154, Tomo XL, “O audiovisual galego”, “Libros”, abril-maio-xuño 2002, pp. 359-362.

Con motivo da traducción recente ao portugués de *En las orillas del Sar* de Rosalía de Castro, fai unha achega a algúns dos estudios que tratan sobre Rosalía no ámbito lusófono, así como a obras que recolleron o labor poético desta autora, ben adaptándoa ou traducíndoa. Así, fai algúns comentarios sobre a *Antología de poemas* (1958), colectánea de poemas seleccionados por Juan Naya, da que salienta a reproducción do idioma de partida e a inclusión dun “Glossário” só para as voces galegas. En canto a *Antologia poética. Cancioneiro rosaliano* (1985) en edición de Guerra da Cal, destaca que este traduciu as pezas de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* só coa pretensión de que estes versos estivesen na lingua da comunidade lingüística á que historicamente pertencen. Finalmente referíndose a *Poesia* (1966 e 1988), en edición de Ecléa Bosi, indica que non só se traduce senón que tamén se fan operacións mediadoras de índole cultural para “facer comprensible nun ámbito diferente o dicir da escritora”. Por último céntrase xa en *Nas margens do Sar* destacando o seu prólogo, xa que os seus contidos son moi útiles para observar notas

ideolóxicas relacionadas con este novo traslado de Rosalía á lingua portuguesa. Así, clasifica estas notas en dous grupos, as de carácter significativo e as de ton apaixonado, reproducindo algúns fragmentos deste paratexto introductorio, asinado polo traductor José Carlos González, para xustificar esta división. Nun último parágrafo alude a que intención última desta obra é que se lle preste unha seria atención á poeta que Pascoães e outros tanto admiraran.




Delgado Corral, Concepción, “O decaer do espírito galego nos terceiros Xogos Florais de Betanzos”, *Anuario Brigantino 2001*, nº 24, “Arte, Literatura, Antropoloxía”, xullo 2002, pp. 483-487.

En primeiro lugar, Delgado Corral fai un repaso pola historia dos Xogos Florais anuais que naceron en Toulouse en 1324 e contaron coa súa primeira celebración peninsular en Cataluña (1393). Desaparecidos no século XVI, vólvense convocar durante a Renaixença (1859). Sinala que en Galicia os primeiros Xogos Florais tiveron lugar na Coruña no ano de 1861. Centrándose xa en Betanzos, infórmasenos de que a cidade convocou os primeiros en 1886, tendo lugar os segundos xa no ano seguinte e os terceiros en 1901. Describe cada

unha destas celebracións, examinando os seus xurados, promotores, bases, modalidades de premios e composicións galardoadas en cada edición. Constata deste xeito que nos últimos a comisión organizadora non se esforzou moito por facer da lingua galega a principal, que ficaba relegada á penas para as composicións humorísticas e populares.




Díaz, Agustín, “Memoria de 25 anos. Entrevista con Engracia Vidal”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 126, “25 anos de Encrucillada”, xaneiro-febreiro 2002, pp. 73-78.

Conversa con Engracia Vidal Estévez, colaboradora habitual da revista *Encrucillada*, con motivo da celebración do vintecinco aniversario da citada publicación. Engracia Vidal, secretaria do Consello e da Mesa de Redacción da revista, lembra, en primeiro lugar, algúns acontecementos importantes na orixe da publicación. Deste xeito, salienta o proxecto “Os Coloquios”, inviábel nos anos sesenta, pero que se levou a cabo máis tarde. Comenta, así mesmo, que *Encrucillada* tivo unha serie de problemas legais e materiais nos seus comezos. En canto aos subscritores da revista engade que, nos comezos, había vintecinco subscritores e na actualidade hai xa mil catro centos corenta, entre os que destacan María

do Cebreiro Rábade Villar e Alberte Brenlla. En canto aos colaboradores habituais da revista, con textos e ilustracións comenta que xa hai cincocentos nos 189.950 exemplares. A seguir, alude á publicación de monografías e declara que teñen un resultado desigual. Para rematar, engade un capítulo de agradecementos e comenta que nos números 50 e 100 se poden atopar máis datos sobre a historia de *Encrucillada.*




Díaz Pinheiro, María J., “A obra de Joâo Guisan: um regalo aos sentidos e à consciência”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 68-71.

Artigo no que María J. Díaz Pinheiro se dedica a analizar a figura persoal de Joâo Guisan relacionándoo coa súa obra e expresando en todo momento a súa admiración por el tanto como persoa coma autor teatral. Considera que as súas creacións superan o teatro tradicional, facendo pensar ao lector ou espectador e incluíndo nas representacións elementos rupturistas ata agora nunca considerados no mundo escénico. Como a propia autora di ao final “eu só quero aquí com este pre-texto aproveitar para fazer protestos por umha Obra que, com certeza, e apesar do actual silenciamento, consistiu em si mesma a garantía de que nom vai desaparecer nunca”.

Diéguez Cequiel, Uxio-Breogán, “Álvaro das Casas e a súa actividade política na Galiza Republicana (1931-1936)”, *A Trabe de Ouro*, nº 49, Tomo I, “Acoutacións”, xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 93-105.

Despois de lamentarse polas poucas noticias aparecidas na prensa sobre Álvaro Mª das Casas Blanco (Ourense 1901- Barcelona 1950) no centenario do seu nacemento, Uxío-Breogán Diéguez Cequiel tenta esclarecer aspectos biográficos e dar unha visión o máis completa posíbel do político, circunscribíndoo ao período cronolóxico da Segunda República1931-1936. Ao longo de oito apartados titulados: “Álvaro das Casas no período pre-republicano”, “Álvaro das Casas na II República”, “Álvaro das Casas e ‘Ultreya’”, “Verbas aos mozos galegos e vanguarda nazonalista galega”, “Vanguarda nazonalista galega”, “Eleicións ao parlamento español”, “Boletín de Estudos Políticos Alento” e “Esmorecimento eviraxe definitiva” dáse conta de como Álvaro das Casas se traslada de Madrid a Noia e lentamente vai espertando, formando parte e participando do galeguismo; de como funda a agrupación xuvenil nacionalista “Ultreya” e como se enfronta ao Partido Galeguista ata darse de baixa a finais de 1932; de como se presenta como candidato independente nas eleccións

ao Parlamento español de novembro de 1933; de como será director de *Alento*; ou como nos últimos anos da súa vida marcha a Portugal, etc.




Dios Martínez, Manuel de, “Cantiga popular”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 65, “Auria das letras”, setembro 2002, pp. 36-37.

Manuel de Dios Martínez publica un total de oito poemas en galego dentro da sección “Auria das letras”. Acompáñanse algúns datos biográficos do autor e dise que a súa poesía se alicerza na raizame popular.

Dobarro, Xosé María, “Curros Enríquez escolmado por Cabanillas: tres epístolas inéditas a César Alvajar”, *Anuario Brigantino 2001*, nº 24, “Arte, Literatura, Antropoloxía”, xullo 2002, pp. 455-466.

Ao tratar de examinar a difusión dos clásicos decimonónicos no exilio, o profesor Dobarro lembra a publicación parisina *Poemas. Rosalía de Castro. Eduardo Pondal. Curros Enríquez* (1953), unha escolma que contén dez poemas de cada autor cunha introducción na que

participaron Ramón Cabanillas, Domingo García-Sabell e Ramón Otero Pedrayo. A seguir, ocúpase do primeiro dos prologuistas, do que reproduce o seu poema “¡Curros!”, en homenaxe a este escritor, e mais tres cartas inéditas que axudan a coñecer mellor os pormenores da devandita edición de 1953. Trátase das respostas de Ramón Cabanillas á editorial Monte Medulio, símbolo da resistencia, dirixida por César Alvajar. Inclúese unha copia dos manuscritos epistolares e a transcrición mecanografada destes.




Dobarro, Xosé María, “Lembranzas dun amigo ilustre e un epistolario americano”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 114-125.

O contido deste artigo aparece xa descrito en VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, “Os mundos de Carlos Casares”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 68, “Homenajes”, decembro 2002, pp. 34-35.

Domínguez Alberte describe o conxunto da homenaxe, organizada pola Sociedade Comarcal da Xunta de Galicia, dedicada a Carlos Casares. Afirma que consta dun "motivo audiovisual", a mostra biográfica "Un país de libros", unha colección de fotos titulada "O miolo das cousas" e a exposición de paneis "Os mundos de Carlos Casares", que repasa dunha forma pedagóxica a rica personalidade de Carlos Casares.

E. A., "Xabier Cordal", *Amastra-n-gallar*, nº 4, outono 2002, pp. 77-78.

Nesta breve entrevista Xabier Cordal comenta que dar os nomes de escritoras e escritores para referenciar a súa escritura é "un acto cabalístico". Expón a súa periodización da poesía galega actual e afirma que non se sente autorizado para glosar o que escribe,á vez que reproduce o poema que comeza com o "primeiro misterio".

E. A., "Paulino Vázquez", *Amastra-n-gallar*, nº 4, outono 2002, pp. 83-87.

Conversa con Paulino Vázquez na que reflexiona amplamente sobre o que acontece co acto poético nunha época na que o acto da palabra declina, apuntando que escribir en formas

estróficas pechadas é hoxe un exercicio “póstumo” de retórica e que se hai algo que poida facer fronte á deturpación da linguaxe e ao grao máximo de alienación é a Arte e a Relixión. A seguir, comenta cómo se inscribe a cuestión do corpo e do suxeito no seu pensamento poético e o papel que xoga a poesía na vida cotiá de Galicia. Sinala que pouco sabe da recepción dos seus poemas e que prefire o anonimato á moda, así como aos outros, entre os que cita, a Xavier Cordal, Anxo Quintela, Chus Pato, María do Cebreiro e Olga Novo. Considera que todos os seus poemas falan no fondo “da casa vella de amelia santalices” e reprodúcese o poema “droma a Uxío Novoneyra”.




Enríquez, Xosé Manuel, “A falta dun referente modélico”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, xaneiro 2002, p. 21.

Comentario da obra de Marilar Aleixandre *Teoría do Caos* (2001), da que comeza sinalando que está dividida en tres partes: “Círculo noveno, “O monte do Paraíso” e “Desparaiso”, e que é o “relato da actividade onírica dun insomne que nos escribe os seus soños para que os vexamos cos ollos abertos”. Explica que a sensación de desconstrucción que podería supor a título, non se corresponde coa realidade, nin polo seu contido, nin pola súa

estructura narrativa. Con respecto á estructura, indica que é unha novela “normal” na que se observa unha coidadosa elaboración técnica, así hai elementos paratextuais, referencias históricas, diálogo intertextual, etc. Sinala, finalmente, que a obra (gañadora do Premio Xerais de Novela 2001) contrapón o mundo que rodea a Paco, home de esquerdas pasado ao conservadorismo e que agora é alcalde do Partido Popular, e o que rodea a un grupo de universitarios, entre eles o fillo de Paco, que teñen unha ideoloxía e un posicionamento perante a vida contrario ao de Paco.




Enríquez, Xosé Manuel, “Expectativas inconclusas”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Narrativa”, febreiro 2002, p. 21.

Da novela *A historia escríbese de noite* (2001), de Bieito Iglesias, explica que narra a historia dun fracasado profesor de ensino secundario con problemas matrimoniais e sexuais, que ten que escribir uns artigos sobre a prostitución en Galicia e que remata separándose da muller. Considera que na historia se mesturan demasiados elementos e que a súa combinación non resultou combinada, nin harmónica; indica, ademais, que o ton e a lingua empregados son “educadamente irreverentes e directos” e que o emprego de trazos

lingüísticos dialectais resulta curioso e enxebre. Fai, en definitiva, unha valoración negativa da novela e sinala que, trala súa lectura, queda no lector un retrogusto acedo.




Enríquez, Xosé Manuel, “Paixóns conxeladas”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Narrativa”, abril 2002, p. 24.

Comentario sobre a obra *Infidelicidades* (2001), de Manuel Lourenzo González. Sinálase que se trata dunha escolma de trece relatos breves, polos que o seu autor foi galardoado co Iº Premio de Literatura Erótica de Narrativas Quentes. A seguir, cita algúns dos títulos dos relatos como “Paixóns nocturnas”, Amantia”, “Protogaia” ou “Nobreza”, entre outros. Coméntase, así mesmo, indica que os textos que compoñen a obra “circulan na liña do esperable, sen que a capacidade imaxinativa se deixe notar ata o extremo de ser faceren impresionantes”.

Enríquez, Xosé Manuel, “Dialogar co lector”, *Guía dos libros novos* , nº 40, “Narrativa”, maio 2002, p. 20.

A propósito de *O ladrón de esperma* (2001), de Xavier Queipo, Premio Café Dublín na súa sétima convocatoria, destaca que está composto por cinco relatos máis unha coda aclaratoria que achega información para a correcta localización e comprensión de dous dos contos, "Shiniu" e "O ladrón de esperma", que tamén dá título ao volume. Apunta que Queipo se move nunha liña literaria experimental no que atinxe á organización e tratamento dos materiais narrativos, ás técnicas e ao papel que se concede a si mesmo e aos lectores. Enumera os títulos e subtítulos dos relatos e sinala que con estes datos o lector xa pode intuír o seu contido, ademais de valorar as "doses de concreción historial tan ben dosificadas e realizadas", que suxiren múltiples posibilidades de lectura. Reitera o importante protagonismo concedido ao lector, a quen se lle obriga a dialogar e se lle implica na construcción dos relatos. Neste sentido sinala que "non o trata como un receptor pasivo e neutro, vivifícao na lectura. E iso é moito de agradecer nos tempos de creacións excesivamente trituradas, e case que deglutidas, que hoxe corren tanto pola letra impresa".

Estévez, Carmen, "Erotismo y feminidad en tres novelas de Alfredo Conde: *Breixo*, *Memoria de Noa*, *Xa vai o griffón no vento"*, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Artigos", 2002, pp. 39-46.

Defínese o valor universal da literatura de Alfredo Conde polo seu xeito de recrear a Galicia campesiña e máxica mesturándoa sabiamente co presente da Galicia actual. Alúdese ao espacio urbano no que transcorren as súas novelas: Pontevedra e Marín en *Breixo* (1990); Ourense, Santiago e Pontevedra en *Memoria de Noa* (1982), Santiago en *Xa vai o Griffon no vento* (1984), e tamén cidades non galegas como Madrid ou Aix, aínda que en opinión de Carmen Estévez “es la Galicia campesina, rural y mágica la que se cuela, al menos en el tema que nos ocupa, el del erotismo y la feminidad, dando así a los personajes su verdadera dimensión”. Atribúe a este trazo o feito de que se presenten nestas novelas curas que viven amancebados, bispos a punto de ser nomeados cardeais, pais de familia, nais solteiras ou matrimonios amañados, e en ningún caso se conciben como personaxes culpabilizados ou marxinados pola sociedade. Salienta que é este un dos principais logros destas novelas, nas que os personaxes viven aventuras, sofren desamores, viaxan, teñen as angustias propias de calquera cidadán do mundo, pero a súa forma de se enfrontar a elas e de vivilas está condicionada polo mundo ancestral e mítico que lles é tan propio e que lonxe de os emprobrecer, se manifestan ante o lector con esta ancoraxe que os dota de personalidade. Pon de relevo tamén a descrición da paisaxe, que recolle a sensualidade e o erotismo dos

personaxes, ao ser presentada como unha Galicia feminina, matriarcal, e o carácter das personaxes femininas destas novelas, que adoitan ser mulleres de gran coraxe. Como conclusión sinala a recorrencia de elementos como "sexo y violencia, ésta última como la de las olas del Atlántico que bañan y azotan permanentemente las costas de Galicia. Magia y mito, elementos todos ellos esenciales de una cultura, de un pueblo, que Alfredo Conde conoce muy bien y que, desde ese conocimiento, transmite a sus lectores".

Estévez, Xosé, "Un edén no Sil da memoria", *FerrolAnálisis*, nº 17, "Separata Especial", 2002, pp. 82-83.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, "Palabras na néboa dun xornalista", *Casahamlet*, nº 4, "Creación", maio 2002, pp. 14-17.

Obra teatral asinada por Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958) na que podemos observar a un xornalista en escena rodeado de néboa e mantendo unha discusión cunha voz en off que, a maior parte do tempo, o insta a rematar o seu discurso, xa que o seu tempo está a chegar ao seu fin. O xornalista amósase enfadado porque toda a súa vida é "un si" e el non quere estar disposto a aturar iso por máis tempo, xa que é especialista en "ética e deontoloxía profesional". A obra remata co xornalista berrando "Quero que a miña voz exista" mentres o escenario se transforma nunha discoteca e o ruído non permite escoitar máis.

Fernández, Carlos, "Casares na tradición galeguista", *Tempos Novos*, nº 59, "Voces e Culturas. Crítica", "Obituario", abril 2002, pp. 64-66.

Comeza expoñendo as ideas galeguistas de Ramón Piñeiro e dos homes de Galaxia, para enlazar despois co ideario de Carlos Casares, a quen considera discípulo del. Sinala que o egrexio ourensán "defendeu que a valoración da literatura e, por extensión, da cultura, non debían depender de cores políticas, senón do talento do creador". Fai referencia ao "laicismo" do ourensán e insiste en que o concepto de cultura está só "vinculado ó

individuo”. Ademais sinala que o seu é un “galeguismo, fundamentalmente pragmático e alleo a todo tipo de dogmatismo”.




Fernández, María Sara, “Una literatura en femenino plural”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 16-17.

Achégase a distintas figuras femininas da nosa literatura e á súa obra para constatar que a muller foi gañando terreo literario ao longo do século XX, contando só co precedente de Rosalía de Castro, autora que se perpetúa nalgunhas das súas sucesoras como Luz Pozo. Saliéntase que hai unha concepción da muller identificada como poetisa, pero tamén se indica que aínda que hai moi boas poetas, as nosas literatas foron gañando outros terreos como o didáctico, o narrativo, o dramático e o da literatura infantil e xuvenil. A pesar de que de todos eles apunta autoras que os cultivan, afirma que os xéneros que contan cunha maior presencia feminina son a poesía, o ensaio e a literatura infantil e xuvenil. Así mesmo subliña que tamén se avanzou no campo periodístico debido a que algunhas mulleres se fixeron cargo de revistas como *Nordés, Clave Orión*, *A Nosa Terra*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, *Unión Libre* ou *Valdeleite*. Finalmente apunta características da poesía

de autoras como Luz Pozo, Yolanda Castaño, Olga Novo, Xohana Torres, Ana Romaní ou Pilar Pallares, así como algúns dos temas tratados nos ensaios de María Xosé Queizán e Carmen Blanco.




Fernández Borge, José Antonio, "Los sucesos de Oseira", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 60, "Personajes", abril 2002, pp. 22-25.

Repásanse os feitos tráxicos ocorridos ao pé do mosteiro de Oseira en 1909 e tamén se lembra o xeito en que Eduardo Blanco Amor tratou estes sucesos na súa novela *Xente ao lonxe* (1972).

Fernández Castro, Xosé M., "Memoria do *Día da festa*", *Casahamlet*, nº 4, "Estudios", maio 2002, pp. 72-75.

Análise de Xosé M. Fernández Castro da peza teatral *Día da festa*, de Raúl Dans, que tamén aparece no mesmo número da revista *Casahamlet*. Iníciase o ensaio dedicando gran parte do escrito a repasar detalladamente a biografía de Raúl Dans, así como unha breve

enumeración da súa obra, que se completará nun pequeno apartado final titulado “Outras obras do mesmo autor”. O resto do artigo dedícase fundamentalmente a analizar dous aspectos de *Día da festa*: o da teatralidade do texto, concluíndo que é un texto “literario dramático polivalente esceno inmanentista”, e o da condición sobrenatural ou non do tema tratado. No que respecta ao segundo punto, Fernández Castro ofrece varias posibilidades: “¿Trátase do encontro do mundo da nai co trasmundo do fillo morto a unha nai solitaria no día da festa? (Nivel 3). ¿Trátase da visualización das fantasías da vella? (Nivel 2). ¿En realidade o rapaz non morrera? (Nivel 1)”. Tras discutir brevemente estas tres posibilidades, Fernández Castro remata o ensaio lamentando non dispoñer de máis espacio e tempo para enunciar outras cuestións sobre o texto de Raúl Dans.




Fernández del Riego, Francisco, “Las letras gallegas contemporáneas”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas* , nº 664, abril 2002, pp. 3-4.

Fai un repaso pola historia da literatura galega comezando por destacar que esta se inicia coa chamada Xeración Nós. Subliña que os homes que a integraban se comprometeron coa realidade galega e apunta algunhas notas características dos catro prosistas que considera

que sobresaían neste conxunto xeracional: Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Rodríguez Castelao, Vicente Martínez Risco e Florentino López Cuevillas. Respecto á poesía salienta que tamén a comezos do século XX se renovou e indica que Antonio Noriega Varela e Ramón Cabanillas Enríquez presidían un grupo preocupado pola forma e o estilo. A seguir destaca que Galicia non quedou á marxe das vangardas sendo Manuel Antonio o poeta máis significativo dentro desta tendencia. Tamén se detén nos escritores que naceron arredor de 1910, grupo afectado pola Guerra Civil, o que provocou que esta fose unha xeración rota. Apunta que este feito histórico supuxo que o seu labor tivese que ser retomado en Buenos Aires onde un dos principais animadores culturais foi Luís Seoane. Sinala tamén que máis tarde se retomou a actividade en Galicia, arredor dos anos cincuenta, e que a prosa galega experimentou un acento renovador con destacados autores como Cunqueiro, Fole ou Blanco Amor. Así mesmo menciona o nome de destacados ensaístas e o de escritores que loitaron polo teatro. Dá conta tamén de cáles foron as tendencias que xurdiron na poesía a partir desta época e destaca a autores exiliados e de Galicia. Remata coa idea de que a partir de aquí se sucederon distintas promocións de escritores dos que haberá que avaliar o seu papel cando chegue o momento.




Fernández del Riego, Francisco, "O brillante escritor na memoria", *FerrolAnálisis*, nº 17, "Separata Especial", 2002, pp. 62-65.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Fernández Rodríguez, Manuel, "Pescadores de altura en el vanguardismo gallego", *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 14-15.

Ofrece unha interpretación da vangarda artística na cultura galega tendo en conta, como indica desde o principio, a situación xeográfica, física e ideolóxica de partida. Destaca que a introducción da vangarda en Galicia, ademais de supoñer a renovación artística respecto a manifestacións anteriores, tamén implica rebelarse contra as imposicións que recibe como territorio periférico. A seguir fala sobre a introducción da vangarda en Galicia, sobre todo da man de Manuel Antonio, quen converte ademais esta tendencia artística nun contrasistema político. Con respecto a isto sinala que outros escritores vangardistas posteriores se

diferencian de Manuel Antonio por non ter que opoñerse politicamente a nada. Constata como característica común aos escritores que cita, a súa intensa relación co medio físico e, finalmente, alude a propostas vangardistas que apostan polo diálogo multiartístico como por exemplo a revista *Clave Orión* ou *Nordés*, así como distintos traballos de Claudio Rodríguez Fer, autor ao que destaca dentro da vangarda galega xunto a Luz Pozo Garza.




Folgueiras López, Mónica, "*Ganga*, un acerto", *Grial*, nº 154, Tomo XL, "O audiovisual galego", "Libros", abril-maio-xuño 2002, pp. 339-341.

Primeiramente destaca que xa pasou unha década dende a publicación da novela máis coñecida de Antón Lopo, *As reliquias* (1991), e apunta que no tempo que pasou ata a aparición de *Ganga* (2001), se dedicou a abrir novos vieiros na poesía galega. A continuación fai un resumo do argumento de *Ganga*, baseado na peregrinación do personaxe principal que irá ata a India, por onde discorre o río do que el leva o mesmo nome. Destaca ademais que este espacio é pouco habitual na narrativa galega, pero que aínda así a obra non perde credibilidade. E precisamente sostén que este aspecto é moi importante debido a que un dos eixes da novela, xunto á cuestión da identidade, é o

concepto de realidade. Apunta ademais que un dos grandes acertos do libro está na innovación nos personaxes e na trama, así como na mestura que se fai de subxéneros (ciencia ficción, suspense, policial, etc., aínda que en xeral loa toda a obra, clasificándoa dentro dunha narrativa alternativa á literatura máis comercial. Remata sinalando que se trata dunha novela que require un lector activo e que mantén o interese deste en todo momento.




Fortes, Susana, “Carlos Casares. Palabra de escritor”, *Tempos Novos*, nº 56, “Voces e Culturas”, xaneiro 2002, pp. 61-65.

Entrevista a Carlos Casares sobre, entre outros asuntos, o mundo cultural e literario galego, así como as diversas facetas que o caracterizan –autor, Presidente do Consello da Cultura, etc. Reflexiona sobre a situación da nosa cultura, os elementos negativos ou as súas carencias. Por outro lado, opina sobre cuestións literarias. Recorda cómo se fixo escritor, cáles son as súas preferencias literarias e subliña o que debe definir a un escritor. Coida que “a clave na literatura é a maneira de contar” e acha que o factor decisivo á hora de clasificar unha literatura é a lingua, salvo excepcións. Compara as nosas letras coas españolas e observa certo “equilibrio”. Subliña as dificultades para darse a coñecer fóra e

avoga polo cosmopolitismo. Mais cre que aquí o máis exitoso é escribir en galego, opinando tamén sobre a cuestión normativa. Asemade, refírese ao mercado editorial.




Franco, Camilo, “Retórica de vellos”, *Revista Galega de Teatro*, nº 31, verán 2002, pp. 68 70.

Crítica moi negativa da montaxe do Centro Dramático Nacional *Los viejos no deben de enamorarse*. Sinálase que os problemas non veñen da traducción, da interpretación plana dos personaxes ou da perspectiva costumista e visión tópica de Galicia que se adopta, senón de que se parte dunha lectura errada de Castelao e das súas intencións e ambicións dramáticas. Indícase que a obra é unha farsa popular, que conta con suficientes virtudes escénicas, e que fai un retrato satírico dos personaxes para criticar a súa decadencia, algo que non entende o director do CDN, que busca en Castelao o que haxa de identificábel cun tipo de teatro máis valorado segundo as interpretacións académicas da cultura. Deféndese que buscar na obra un asomo de traxedia é “unha intención perversa porque supón alterar a natureza da montaxe, non para darlle outra dimensión máis ou menos discutible, senón para quitarlle a que ten”. Así, sinálase cómo nesta montaxe a obra fica sen a súa condición

satírica e paródica, deixando de ser as intencións dos seus personaxes “farsescas” e pasando a ser reais, co que se está a cambiar o xénero da obra e a súa modulación, malia conservarse o argumento. Como consecuencia de non entender a obra considera que se perde o seu humor e se chega a unha interpretación plana e monótona que apaga os diálogos e mata o teatro. Indícase, así mesmo, que o envoltorio aparentemente contemporáneo da versión acaba por ser unha trampa escénica, un elemento decorativo case sen utilidade. Por último, Camilo Franco reflexiona sobre o complexo de inferioridade e a falta de confianza que algunha xente ten na calidade escénica de Castelao e que os leva a tentar corrixir os “fallos” da obra.




Franco Grande , Xosé Luís, “Precisións a unhas memorias de Ramón Piñeiro”, *Tempos Novos*, nº 64, “Voces e Culturas. Crítica”, “Opinión”, setembro 2002, pp. 54-58.

Pon de manifesto os “silencios” e as “lagoas” , así como as incoherencias que se achan en *Da miña acordanza*, de Ramón Piñeiro. Subliña que estas memorias non ofrecen unha visión certeira da figura de tan ilustre persoeiro e non se explica que este non se lembrase de aludir a certas secuencias da súa vida na que sobresaía o seu intenso labor a prol do

galeguismo. Entre estas ausencias estráñase de que non se referise case á súa contribución á formación de novas xeracións, ou que evite falar de compañeiros cos que compartiu innumerábeis actividades culturais ou do seu papel na renovación da Real Academia Galega. Ata sinala “inexactitudes”como que apuntara a Celestino Fernández de la Vega como simple axudante na traducción de *Da esencia da verdade*. Ademais, critica que o libro contiña xa material publicado con anterioridade que se presenta como “pezas inconexas”. Para concluír salienta que o volume “empequenece” a obra deste intelectual, e pon de relevo a necesidade dunha verdadeira biografía.




Franco Grande, Xosé Luís, “A poesía de Ernesto Guera da Cal posterior a 1962”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 66-69.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Freire, Xosé, “Novela negra e reflexión”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, xaneiro 2002, p. 27.

Da novela de Jaureguizar *As horas sucias* (2001), sinala que pertence ao xénero de novela negra e que se caracteriza pola “narración pausada, minuciosa, detallista e de conclusión impaciente”. Sinala que o protagonista é Carlos Seoane, un xornalista que traballa nunha TV local de Lugo e que está inmerso nun proceso de autodestrucción. O traballo de protagonista permítelle ao autor analizar o mundo da televisión, que se caracteriza pola manipulación, a invención e pola loita para obter maior porcentaxe de audiencia sen ningún escrúpulo; por outra banda, Jaureguizar fai un retrato da sociedade actual na que está mergullado Seoane. Faise, finalmente, fincapé na forza e paixón da prosa de Jaureguizar.

Freire, Xosé, “Clásicos entre nós”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Poesía”, febreiro 2002, p. 27.

Dá conta da publicación en 2001, dentro da colección “Literaria Ensino” da Editorial Galaxia, das obras *Aires da miña terra*, de Manuel Curros Enríquez, editada por Manuel Forcadela, e

A Esmorga de Eduardo Blanco Amor, editada por Xosé Ramón Pena. Indica que a estructura de todas as obras desta colección é a mesma: “Bio-bibliografía” do autor, na que se estudia a importancia e incidencia da obra dentro da literatura galega; “A nosa edición”, na que se explican os criterios empregados polo editor; un retrato do autor e a portada da primeira edición da obra; o “Comentario-Guía de lectura”, as “Propostas de análise” e unha “Bibliografía”. Explica que *A Esmorga* foi publicada en Bos Aires, en 1959; que foi levada ao cine nunha versión desafortunada, traducida ao castelán polo propio Blanco Amor e que ten unha importancia destacada dentro da nosa narrativa; fala, ademais, do seu contido e da técnica narrativa empregada. En canto a *Aires da miña terra* indica que é un dos libros máis populares da literatura galega, dende o Rexurdimento, e que é moi apreciado fóra das nosas fronteiras (como mostra o feito de ser traducida por Constantino Llombart). Sinala, finalmente, que Curros é un poeta comprometido co idioma, cunha biografía intensa e unha ideoloxía anticlerical que reflectiu nos seus poemas, polo que estivo condenado en varias ocasións.




Freire, Xosé, “Denuncia da hipocrisía”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Narrativa”, marzo 2002, p. 22.





Comentario da novela *Breve crónica universal da clase obreira* (2001), de Santiago Jaureguizar, coa que obtivo o Premio de novela curta Lueiro Rey 2001. Explica que o protagonista é Raúl, un proletario, casado, que está esperando un fillo e que é despedido do traballo; sen dicir nada á familia, comeza a buscar a vida aceptando empregos temporais e vexatorios nos que perde a dignidade. Sinala que a novela, de forte contido social, denuncia a situación laboral actual, caracterizada pola precariedade e pola inestabilidade e sorpréndese de que, a pesar desta crítica, a novela fose gañadora do premio arriba sinalado. En canto ao estilo indica que, igual que en todas as novelas de Jaureguizar, predomina a narración áxil, o dominio total da acción e unha linguaxe directa e contundente, que mantén sempre interesado ao lector.

Freire, Xosé, "Un canto multicultural", *Guía dos libros novos*, nº 39, "Narrativa", abril 2002, p. 25.

Artigo no que se ofrece un breve comentario sobre a obra de Patxi Zubizarreta titulada *De fel e mel*. Trátase dunha novela traducida ao galego por Xosé Manuel Moo Pedrosa e

publicada, no ano 2001, por Edicións Xerais de Galicia. A obra narra as aventuras cotiás de Selim Al-Qadi, un emigrante ilegal, “que malvive desempeñando distintos traballos dentro e fóra da lei”, e de Esther, “unha moza que coñece ao marroquí (...) en Gasteiz, camiño de Francia”. Coméntase, a continuación, que Salim é o nome colectivo da mocidade marroquí que soña con chegar a Francia, en moitos casos, sen ter en conta os perigos da viaxe nin os prezos abusivos. Para rematar, afírmase que *De fel e mel* é un “canto a dúas voces, a primeira masculina, áspera, ronca, bruante e morna coma o vento do deserto, a segunda, doce, soturna, norteña, feminina”.




Freire, Xosé, “Un país soñado”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Narrativa”, maio 2002, p. 22.

Sinala que o propósito de Xosé Fernández Ferreiro con *O último paraíso* (2001) é levar o lector á reflexión e provocar unha postura crítica e comprometida ante a sociedade actual. Define esta proposta narrativa como novela curta ou narración longa, chea de referencias literarias e posuidora de trazos que a aproximan ao esperpento, aínda que cargada de humor e imaxinación. Salienta tamén que o autor quixo plasmar a súa falta de identificación cun mundo que observa e non comprende, a mudanza dos valores, a desaparición da aldea,

concibida como espacio da infancia, salvagarda das tradicións e referencia obrigada na busca da felicidade. Detense na localización espacial do relato, Papoulandia, “terra dos papóns, unha raza de homes excepcional e tan irreal coma absurda”, un país soñado e de vida fácil que demostra a capacidade de Fernández Ferreiro para a creación de mundos, ambientes e mitos. A seguir cita outras contribucións narrativas do escritor como *A morte de Frank González* (1975), o primeiro *western* en galego, *A ceo aberto* (1981) ou *O minotauro* (1989), coas que emparenta *O último paraíso* aínda que sen a insistencia nunha atmosfera abafante. En definitiva comenta que “a claridade, a narración simple e lineal, o achegamento ás fábulas converten a narración de Fernández Ferreiro en algo semellante a ese país imaxinario creado por Luis Eduardo Aute chamado *Albanta*, onde todo estaba do revés”.




Freixanes, Víctor F., “Memoria de editor”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 20-23.

Relata unha viaxe a Berlín que fixo con Carlos Casares invitados a falar sobre Galicia e a literatura galega. Destaca a dificultade para atopar as palabras axeitadas para describir Galicia á xente doutras culturas tan distantes. Logo céntrase en falar sobre a editorial

Galaxia e a súa fundación con Ramón Piñeiro á súa cabeza. Fala tamén da situación dos exiliados pola guerra que continúan publicando lonxe de Galicia e coloca á editorial Galaxia como relevo logo dos momentos máis duros do réxime. Remata aludindo a que Carlos Casares participaba sempre no encontro entre escritores vascos, cataláns, galegos e casteláns feito que era moi importante para a relación entre as diferentes culturas.




PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Frías Conde, Xavier, “Mostra poética de Antioco Casula “Montanaru”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Traducción”, 2002, pp. 149-151.

Preséntase ao poeta Antonio Casula (Desulo, 1878-1957), coñecido co alcume de Montanaru, como un clásico dentro da literatura sarda e achéganse algúns datos biográficos como a súa vinculación á zona central da illa de Sardeña, a Barbagia, un enclave montañoso que moitos consideran a reserva espiritual da “sardidade”. Destácase tamén o seu extenso labor poético e a súa “fe cega na poesía, que concibe como un elemento que irmanda persoas”, así como a presencia na súa obra da terra, a paisaxe e o espírito de Sardeña, trazos comúns nos ámbitos das literaturas e linguas minorizadas ou minoritarias, e ponse de relevo o paralelismo, nese canto á terra, coa poesía galega do oitocentismo e

parte do novecentismo. Con respecto ás formas poéticas empregadas por Casula sinálase a súa predilección polo soneto e o emprego da forma tradicional dos *mutos*, un tipo de composición que consta de dúas estrofas con versos octosílabos de tres ou catro versos. A seguir tradúcense ao galego as composicións “Desulu”, “O inverno”, “É unha noite de lúa” e “Mutos”.




Gallego, Mercedes, “Prado Lameiro”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 57, “Arte urbano”, xaneiro 2002, p. 39.

Descríbese o monumento de bronce e granito dedicado ao autor ourensán Xavier Prado Rodríguez (Ourense, 1874-Santiago, 1942), máis coñecido como Prado Lameiro, sito no xardín do Posío de Ourense dende 1944 e que é obra de Francisco Asorey.

Gallego, Mercedes, “Monumento a Florentino L. Cuevillas”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 61, “Arte urbano”, maio 2002, p. 40.

Sinálanse as características do monumento en pedra na honra de Florentino López Cuevillas que dende 1986 –co gallo do centenario do seu nacemento– engalana a Alameda da cidade de Ourense.

García, Afonso, "Os primeiros pasos da FEGATEA", *Revista Galega de Teatro*, nº 32, outono 2002, pp. 44-46.

Dáse conta de cómo foi o nacemento de FEGATEA (Federación Galega de Teatro Afeccionado) e do labor que na súa curta traxectoria leva desenvolto a prol da normalización do teatro afeccionado en Galicia. Así, sinálase o Curso "Técnicas de Teatro" impartido por Eduardo Alonso ou a participación no I Congreso sobre Teatro celebrado en Ourense en febreiro de 2002. Tamén se indica que, por medio da participación na Asemblea da C.E.T.A., a Federación Galega se integrou neste organismo de ámbito estatal, á súa vez integrado na AITA (Asociación Internacional de Teatro Amateur), sinalando as vantaxes que isto supón e enumerando algúns dos seus froitos. Infórmase, así mesmo, de que nese congreso da CETA foi elixida unha nova directiva, da que se reproduce a súa composición e mais as actividades previstas na súa proposta de traballo.

García, Xosé, “O berro da memoria”, *Tempos Novos*, nº 57, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, febreiro 2002, pp. 60-65.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor, na que este comeza valorando os premios literarios como “pulo” necesario para que as editoriais se lembren dos escritores. Logo tras aludir a lugares importantes na súa vida, refírese á súa faceta de narrador, confesándose abertamente “poeta” sobre outras etiquetas. Confirma que se pode “considerar a súa loita romántica contra a desmemoria”. E fai un repaso polos seus últimos títulos, entre eles *A memoria do boi* (2001), *Quen faga voar* (2000) e *Banzados* (2001). Indígnase ante a perda progresiva dos sinais que nos caracterizan como pobo e di que o seu refuxio é a literatura.

García López, Xosé Anxo, “Notas para unha análise estilístico-formal do poemario *Raza e terra* de Eladio Rodríguez González”, *Dorna*, nº 28, “Caderno da crítica”, maio 2002, pp. 105 132.

Artigo estructurado en cinco apartados, que comeza cunha introducción a modo de exposición de motivos que explica por qué cómpre realizar un estudio da obra *Raza e terra* (1922), de Eladio Rodríguez González, escritor segundo García López caracterizado por permanecer case na sombra ata o ano 2001, no que se lle dedicou o Día das Letras Galegas. No segundo apartado, ocúpase do "plano fónico-prosodomático", no que nos achega ao cómputo e ao ritmo da obra, composta por seis centos vinte versos nos que salienta o ton empregado, as pausas e os encabalgamentos. No terceiro punto atende ao "plano morfosintáctico", onde fai fincapé nos elementos que conforman a "frase nominal", a "frase verbal" e nas "figuras retóricas", que repercuten no ritmo e no significado do poema. Xa no cuarto apartado ocúpase do plano semántico, do que salienta a presencia de cuestións relixiosas, relacionadas coa paisaxe galega e cos fenómenos atmosféricos, ademais dos "tropos e figuras retóricas" como o símil e a metáfora que tratan de realzar a realidade galega. Por último, recolle nas conclusións unha síntese dos apartados anteriores tratando de achegar aos lectores a riqueza existente na composición da obra que cualifica de accesíbel.

García Negro, María Pilar, "A Ernesto Guerra da Cal, *in memoriam*", *FerrolAnálisis*, nº 17, "Separata Especial", 2002, pp. 104-105.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

García Vidal, Pedro, "Antón Avilés, memoria eterna de Taramancos", *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, "Homenaxe a Avilés", marzo 2002, pp. 57-62.

Partindo dos escritos que deixou Antón Avilés de Taramancos faise un retrato da aldea galega dos anos da posguerra, acompañado dalgúns debuxos de *A frauta i-o garamelo* (1959). Comeza reflexionando sobre o abandono actual que están a sufrir as aldeas e da diferencia de actitude dos que volven por breves períodos a ela fronte aos que habitan neste medio. Evoca a conxunción cósmica da natureza e o home a través da aldea de Taramancos, inmortalizada polo poeta noiés nas súas obras. Refírese á súa paisaxe, á súa conxunción de mar e terra, á presencia feminina da avoa e da nai fronte á ausencia

masculina do pai, á interacción do home coa terra e o respecto que este mostraba pola natureza, a vexetación e os animais, especialmente os paxaros. Todo isto no perfecto equilibrio que conforma “os territorios da infancia”, nunha poesía que é denuncia dos males do presente motivados pola falta de apoio do home no seu pasado milenario. Considera que a obra de Avilés de Taramancos é a “cosmovisión dun mundo que esmorece e ó que el se sente especialmente unido”, que é o bardo que tenta axitar as conciencias, que lembra a perda da memoria, da identidade e das raíc es.




Gaspar, Silvia, “El universo narrativo de Carlos Casares o retrato del mundo tras un cristal”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 34-37.

Fai un percorrido por toda a obra literaria de Carlos Casares, comezando por *Vento ferido* (1967) e *Cambio en tres* (1969), que caracteriza por seren obras de denuncia social constante. Segue pola obra de 1975 titulada *Xoguetes para un tempo prohibido*, onde salienta que o autor se centra nos espacios da infancia, mentres que en 1979 publica *Os escuros soños de Clío*, unha colección de relatos onde a fantasía é o eixe fundamental. Ao ano seguinte, en 1980, sinala que aparece *Ilustrísima*, novela que se caracteriza pola

sinxeleza en canto á súa forma de expresión. Considera que en 1987 con *Os mortos daquel verán* é o comezo para un elenco de títulos dedicados á Guerra Civil, ata que en 1996 publica a novela *Deus sentado nun sillón azul*, producción que remata coa obra póstuma *O sol do verán* (2002), na que destaca a exploración dos personaxes femininos.




Gil Jardón, Xabier, “333 Dafne 333”, *O ollo público*, nº 6, “Literatura”, outubro-decembro 2002, pp. 7-9.

Este pequeno relato de Xabier Gil Jardón conta unha historia –de final fantástico– na que se nos achega á vida solitaria dun botánico que logo de pasar trinta e tres días en completa soidade, no medio dun bosque, en pleno inverno, sen comunicarse con ningunha outra persoa, de xeito repentino, misterioso, e mesmo cruel, vese convertido en parte deste bosque.

Ginsberg, Allen, “Ouveo”, *A Trabe de Ouro*, nº 52, Tomo IV, “Textos”, outubro-novembro-decembro 2002, pp. 87/519-95/527.

Traducción ao galego que Daniel Salgado fai de “Howl”, longo poema escrito a mediados dos anos cincuenta e que fixo do seu autor, Allen Ginsberg, un símbolo mundial de depravación sexual. Seguindo unha estructura paralelística e polisindética, este texto dirixido polo autor ao seu colega Carl Solomon divídese en tres partes mais unha nota ao pé. Para dar expresión ao desacougo xeracional característico dos *beatniks*, emprega Ginsberg altas doses de erotismo e obscenidade, sintetizando unha linguaxe vulgar, propositadamente groseira, cun ton apocalíptico e salmódico.

Gómez, Joel, “Noia como modelo para Avilés de Taramancos”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, p. 45.

Breve nota na que Joel Gómez lembra as súas estadías en Noia e o contacto mantido con Antón Avilés de Taramancos. Tamén evoca a súa idea de que para recuperar o país había que traballar concello a concello, labor que el desenvolvía en Noia, ata acadar unha terra que lle proporcionase xustiza e felicidade ás súas xentes. Considera que a obra de Avilés engrandece as Letras galegas, malia que o labor político quedara interrompido.

Gômez, Joel R., “Guerra da Cal: um cientista e literato galego para o século XX”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 84-87.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Gómez Torres, Camilo, “O legado poético de Manuel María”, *Grial*, nº 156, Tomo XL, “Liberalismo, Comunitarismo, Republicanismo”, “Libros”, outubro-novembro-decembro 2002, pp. 770-775.

Estudio que xira arredor de *Obra poética* (2001), de Manuel María, volume que inaugurou acolección “Ópera omnia” de Espiral Maior e que mereceu o premio ao mellor libro editado en Galicia nese ano. Destaca que sacar á luz este volume era necesario e ao mesmo tempo un labor difícil pola cantidade de poemas escritos polo autor ao longo de corenta e cinco anos e polo feito de tratarse dunha voz poética independente. Así mesmo, sinala que con estes dous volumes o lector poderá comprobar se a súa escrita foi excesiva ao longo de catro

décadas, xa que esta foi unha das minusvaloracións que tivo que sufrir o poeta ao longo deste tempo. Apunta ademais que a diversidade temática, a riqueza recursiva e estrófica e a amplísima discursividade expresiva son aspectos que quedan patentes nesta obra de recompilación, feito que contradí a suposta irregularidade e falta de calidade estética. En relación coa variedade temática afirma que cultiva distintos temas ao mesmo tempo e indica que máis que de temas hai que falar de campos temáticos contabilizando ata trinta en toda a súa obra, aínda que cada poema seu ten a Galicia como eixo e centro temático. A seguir, céntrase no plano estrófico/lineal e recursivo salientando tamén aquí a súa variedade. Así, enumera unha serie de estrofas utilizadas polo autor e destaca a preferencia polo verso libre, a metáfora e a imaxe, se ben o experimentalismo formal é tamén unha constante neste autor. Detense tamén no plano da linguaxe e para rematar felicita ao editor e ao autor e afirma que toda esta variedade e riqueza estética demostra un coñecemento fondo da retórica e un dominio maxistral do equilibrio creativo, á vez que a súa obra dá testemuño da súa tarefa de axudar na creación dunha estética galega, variada e múltiple.




González, Susana, “Chus Pato o el hermetismo rupturista”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Artigos”, 2002, pp. 73-80.

Tras dunha introducción na que se achegan datos biobibliográficos de María Xesús Pato Díaz (Ourense, 1955), Susana González intenta adscribila a un grupo poético ou a unha xeración, para o que ten en conta que comezou a escribir os seus primeiros versos en galego en 1976-1977, cando a chamada renovación poética en galego se puxera en marcha coa publicación en 1976 de *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, e *Mesteres*, de Arcadio López Casanova; que publicou as súas primeiras composicións en revistas a partir de 1984 e que a súa producción poética aínda no está concluída. Recolle a opinión de Arturo Casas, para quen a obra poética de Chus Pato se inclúe na situación xeracional dos noventa, e de Iris Cochón, que a inclúe dentro dun grupo heteroxéneo caracterizado por un discurso denso e autorreflexivo como expresión pura da linguaxe e do contorno vital. A articulista atende tamén á arte poética expresada pola autora nas páxinas da revista *Dorna* (nº 22, 1996), na que puxo de manifesto o seu interese polo contraste na forma de ver e de narrar as cousas, a reivindicación da muller, o emprego de distintas voces para romper a unicidade e a univocidade dos poemas, a ambigüidade, o plaxio doutros autores e versos e a definición do poema como “indeterminación, debilitamento da referencia, suspensión das garantías da univocidade do sentido que representa a sintaxe “normalizada” e a conexión

lóxica das oracións, renuncia á metáfora como centralidade, renuncia das referencias semánticas e gramaticais comúns, montaxe de citas, escrita antigramatical, signos que continuamente delaten a producción: a praxe do texto". A seguir achégase ao poemario *Nínive* (1996) e á súa estructura, indicando que conta con sete partes diferenciadas a través do título que as precede e que dan idea da variedade da obra, Define os seus poemas como "superposiciones universalizadoras" e menciona características como a tendencia á narratividade e a presencia de referencias que pertencen a todos os ámbitos culturais. Comenta detidamente algúns dos elementos máis salientábeis de dous poemas que compoñen o libro: "Euridiche", do que destaca a súa variedade temática e a reflexión sobre a creación poética e a linguaxe como única forma perfecta de comunicación humana, e "A escada de Xacobe", unha reivindicación da condición feminina "que permita el regreso "ós nomes perdidos das nais", a la Casa, al Paraíso de Matriarcas como Ilduara Eriz o Adosinda".

González García, Miguel Ángel, "El Allariz entrañable de Marcial Suárez", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 66, "Crónica", outubro 2002, pp. 28-29.

Sinálanse as características do volume *O acomodador e outras narracións* (1969), obra do allaricense Marcial Suárez. Afírmase que as dezaoito historias deste título xiran ao redor da vila de Allariz e que nelas se dá a coñecer o vivir de Allariz durante varias décadas do século XX.

Gonçálex Blasco, Luís, "Ernesto Guerra da Cal, poeta galego", *FerrolAnálisis*, nº 17, "Separata Especial", 2002, pp. 88-95.

Este artigo aparece descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Grandío Seoane, Emilio, "O Lugo 'doméstico", *Guía dos libros novos*, nº 36, xaneiro 2002, pp. 6-7.

Crítica pola que se analiza a obra *Lugo: Cultura e República. As manifestacións intelectuais dunha cidade galega entre 1931-1936*, editada en 2001 por Ediciós do Castro dentro da

serie “Documentos”. Nela sinálase o ambicioso proxecto que representa a obra, sendo para el moito máis do que no propio título se adianta. Tamén expón a orixinalidade e a necesidade dunha obra como a que glosa, destacando que o seu autor considerou a época como “un momento de explosión da expresividade cultural”, descatándose axiña que non se podía desvincular cultura e política. Aínda así, cre oportuno sinalar que o traballo é excesivamente preciso e posúe un corpo documental e bibliográfico moi grande, así como que se trata dunha obra máis ben orientada a especialistas, sendo de difícil acceso para os neófitos.

Guisan Seixas, Joâo, “As incertezas de Scotty. Comedia filosófica”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 18-25.

Obra teatral de Joâo Guisan Seixas que ten como escenario a famosa nave interestelar Enterprise e como protagonistas ao vulcaniano Scott e a Lambert, aparecendo tamén un oficial como secundario. A acción da obra desenvólvese na ponte de mando da *Enterprise*, preto das cabinas de teletransporte, que serán as que provoquen o desenvolvemento da trama. Todo comeza coa insistencia de Lambert a Scott para que lle deixe practicar a danza

clásica nas anteditas cabinas, saltando así no hiperespacio e podendo bailar, literalmente, consigo mesmo. Mentres fai isto, Scott comeza a falar dos perigos do teletransporte, que provoca a perda de moléculas cada vez que se utiliza, pero non só a nivel físico, senón tamén ideolóxico. Lambert continúa danzando durante toda a conversa mentres Scott expón as súas teorías exemplificando co problema dos Klingon, que están sufrindo nese mesmo intre. Mentres todo isto ocorre, o público pode observar polo zapón aberto do fondo do escenario unha batalla entre soldados Klingon e soldados da Federación. Finalmente, destácase o feito de que o único que non pode empregar as cabinas de teletransporte é quen as manexa que, neste caso, é Scott, descubríndose ao mesmo tempo unha deformidade na súa cara. Mentres rematan de conversar, a batalla remata e Scott e Lambert comezan a recoller os corpos dos caídos e colócanos un a un nas cabinas coa intención de envialos aos confíns da galaxia.




Harguindey Banet, Henrique, “Oralidade e escritura na traducción teatral”, *Anuario Galego de Estudios Teatrais 2001*, “Artigos e notas”, 2002, pp. 163-168.





Abórdanse as implicacións e problemas específicos que presenta a traducción dos textos teatrais ao estaren estes destinados a se materializar oralmente, o que marca o labor do traductor tanto no plano da organización do material fónico coma no da transposición de certos significantes e significados. Exemplifica estes aspectos problemáticos mediante a traducción de tres pezas de teatro cómico francés que o autor publicara no número trinta a catro dos *Cadernos da Escola Dramática Galega* e no número nove da *Revista Galega de Teatro*, e que segundo anuncia aparecerán nun único volume con lixeiros retoques editados pola "Biblioteca-Arquivo Tetral Francisco Pillado Mayor". Son o *Dito da Herbería*, de Rutebeuf, e as anónimas *Monólogo do Arqueiro Franco de Bagnolet* e *A farsa do avogado Patelín*, todas elas traducidas coa intención de ofrecer un texto representábel para o público galego actual.

Hermida Gulías, Carme, "Crónicas xornalísticas nun libro: a mirada crítica sobre a actualidade", *Guía dos libros novos*, nº 38, "Comunicación", marzo 2002, pp. 11-12.

Achega ao volume de artigos periodísticos *Un escritor nos xornais* (2001), de Xosé Luís Méndez Ferrín. Sinálase que este libro recolle os artigos que Ferrín publicou no 2000 e que

motivaron que recibise o Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo de Opinión, convocado pola Facultade da Universidade de Santiago de Compostela e o concello de Cuntis. A autora do texto considera que Méndez Ferrín é o mellor escritor galego de todos os tempos e afirma que os lectores deste libro verán satisfeitas tres necesidades intelectuais: a artística, a cognitiva e a reflexiva. Indica que os textos teñen as características propias de toda a obra ferriniana e que achegan novos coñecementos de historia, de persoas e persoeiros e de feitos da actualidade ocultados polos medios de comunicación. Sinala, así mesmo, que todos os artigos van acompañados dunha valoración crítica do propio feito, coas súas causas ou as súas consecuencias, e que as súas valoracións están feitas dende o marxismo, o comunismo e o independentismo, a pesar do cal poden ser compartidos por persoas alleas a estas ideoloxías. Indica, finalmente, que todas as colaboracións comparten unha mesma estructura: Ferrín fai referencia a unha cuestión de actualidade para despois reflexionar sobre ela, recuperar un pasado máis ou menos recente ou realizar unha valoración crítica do mesmo.




Hermida Iglesias, Manuel, “Aniversario do pasamento de Avilés”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 76-82.

Repasa a traxectoria vital de Antón Avilés de Taramancos vinculada coa súa actividade na vila natal. Comeza lembrando algúns artigos do autor nos que se refería a persoeiros noieses ou a aspectos da vida cotiá desta vila, logo reproduce o poema “Don Severo”, no que poetiza a figura senlleira de Severo Loroño Laciana, impresor e xuíz. Do seu papel como concelleiro de Cultura lembra iniciativas como a creación da escola-taller, o conservatorio de música ou a Casa da Cultura, ademais da súa participación en actos como
o de homenaxe a María Mariño, organizado pola asociación Catavento, ou a elaboración dunha antoloxía de poetas noieses no programa das festas de 1987. Recolle as súas palabras publicadas en *A Nosa Terra* nas que se refire ao xeito de compatibilizar o seu traballo na tasca coa escrita poética e remata lembrando algún dos últimos actos aos queacudiu como a homenaxe a Teodoro Ávila Bustillo. Tamén repasa os recoñecementos póstumos dende o nomeamento como Fillo Predilecto da vila, o poñerlle o seu nome a unha rúa e á Casa de Cultura ou a homenaxe que se lle tributou en 1997 organizada polo grupo de Amigos de Avilés e o Concello de Noia.

Herrero Figueroa, Araceli, “Miguel A. Fernán-Vello, poeta dramático”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 76-81.

Breve estudio dalgunhas obras teatrais escritas polo poeta Miguel Anxo Fernán-Vello. Comeza Araceli Herrero o artigo cunha breve enumeración das obras dramáticas escritas e publicadas polo antedito poeta, así como cunha mención dos premios teatrais que levou e cunha breve introducción á calidade literaria da escrita teatral de Fernán-Vello, tendo tamén en conta a visión do propio autor con respecto da súa obra. O corpo principal do artigo dedícase a analizar dun xeito máis ou menos profundo as obras teatrais *A tertulia das máscaras* (1981), *A lúa gris de Xan Cidadán* (1981), *A extraña Sta. Lou* (1982), *Auto insólito do autor* (1985), *Cuarteto para unha noite de verao* (1989) (aparecendo estas dúas últimas unidas na análise e cualificadas de macrotexto), *A casa dos afogados* (1990) e *O espello*.

Iglesias, Bieito, “La ciudad cuyo nombre contiene oro”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 31-33.

Comeza por aludir á relación de Carlos Casares con membros da xeración Nós que tivo oportunidade de tratar en Ourense durante os anos cincuenta e sesenta. Así, estes feitos pódense ver dentro da súa obra como en *Ilustrísima* (1980). Continúa por falar sobre a súa obra *Vento ferido* (1967), que nacía nun momento no que a narrativa estaba sufrindo unha renovación técnica no que a nenez cobra a maior das importancias. Remata por centrarse nas numerosas cidades que aparecen nas súas obras e a importancia que Ourense tiña para o autor.

Iglesias Rodríguez, Serxio, "Sabor a fuga e a insondable", *Tempos Novos*, nº 56, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", xaneiro 2002, p. 69.

Fai unha valoración positiva dos vintetrés relatos que compoñen *Do lusco-fusco* (2001), de J. Alberte Corral Iglesias. Alude á sinxeleza do argumento e ás claves temáticas, salientando que profundan no "mellor e o peor da casa humana". Parécelle ver certasinfluencias de Álvaro Cunqueiro ou de Mia Couto. Apunta, así mesmo, que moitos personaxes os sitúa no barrio coruñés de Monte Alto, subliñando o simbolismo deste.

Iglesias Vázquez, Manuel Herminio, “Canto a Vilanova dos Infantes”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 16, “Especial Romaría Etnográfica Raigame”, novembro 2002, pp. 70-73.

Merecedor do Segundo Premio do apartado literario fallado na Primeira Romaría Etnográfica “Raigame” titulado “Canto a Vilanova dos Infantes”, de Manuel Herminio Iglesias Vázquez, é un longo poema de diferentes estrofas no que se localiza e describe Vilanova dos Infantes, así como aspectos característicos desta vila. Nel faise mención á torre, á Virxe do Cristal, aos oficios e á romaría do Día das Letras Galegas, entre outros aspectos. Acompáñase o poema cos debuxos de Luís Cid.

Kortazar, Jon, “La voz y la escritura”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, p. 24.

Fala sobre a súa relación con Carlos Casares. Destaca del sobre todo a gran capacidade que tiña para contar historias e a súa grande afección por achegarse a outras culturas.

Lado, Carme, “Verdades e fantasías dunha das estrelas máis aplaudidas do seu tempo”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Biografía”, abril 2002, pp. 11-12.

Comentario da obra *Carolina Otero. As auténticas memorias da Bela Otero*, traducida por François Davó e Dulce María Fernández Graña e publicada no ano 2001 por Edicións Xerais de Galicia. Coméntase, en primeiro lugar, que existen moitos biógrafos, investigadores e escritores “fascinados pola imaxe desta galega universal”, que “rescatan o mito para actualizalo, intentando así reconstruír a traxectoria vital e artística deste personaxe que fixo do espectáculo a súa verdade”. A seguir, coméntase que esta obra é a traducción ao galego das auténticas memorias que Carolina Otero lle dictou a Madame Claude Valmont en 1926. Así mesmo, dise que a edicion vai acompañada por un total de noventa e oito postais sobre a artista, moitas delas inéditas, que inclúe, a modo de prólogo, un texto de Luís Seoane recollido dunha emisión radial do programa *Galicia Emigrante*. Ademais, o volume contén unha “importante documentación” recollida por Carlos Díaz Martínez. Para rematar, cítase outra biografía da artista, publicada por Marga do Val na colección “Mulleres” de edicións A Nosa Terra.

Leiva Torreiro, Miguel, “López Presedo, Nuria: *Ángel Johán retrato dun artista*”, *Lvcensia*, nº 25, “Libros”, 2002, pp. 397-398.

Refírese Miguel Leiva ao libro co que Nuria López Presedo viña restaurar en 2001 a figura do poeta e debuxante lugués Ángel Juan Antonio González López (Ángel Johán, 19011965), quen se mantivo na marxinalidade, afirma, polas súas distancias ideolóxicas co réxime de Franco. Indícase que o volume consta dunha biografía e mais unha ampla escolma de creacións literarias e pictóricas do mencionado autor. Por último, caracterízase o estilo de Johán nun e noutro eido artístico.

Llorca Antolín, Fina, “La simbolización de la desnudez según Olga Novo: cuatro poemas de *Nós nus*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Artigos”, 2002, pp. 85-95.

Comeza o achegamento á poesía de Olga Novo recollendo algunhas das opinións da crítica con respecto ao seu primeiro libro, *A teta sobre o sol* (1996), segundo Teresa Seara unha reflexión sobre o erotismo entendido como unha “vivencia aniquiladora”; para Vicente Araguas, “poemas “vulvócratas”, neologismo que correspondería al tradicional “falócrata”; e

para Carmen Blanco, “poesía vitalista”. A seguir recolle os comentarios que suscitou o segundo poemario da autora, *Nós nus* (1997), destacando que a crítica recoñeceu ecos de Méndez Ferrín, Chus Pato, Manuel Antonio, Claudio Rodríguez Fer, Castelao, Otero, Hélène Cixous, Virginia Woolf e Rosalía, mentres que a propia autora citou as influencias de Breton, Sergio Lima e Monique Witting. A continuación detense no título do poemario, como primeiro indicador poemático, salientando que o “nós” remite a unha realidade cultural na cal a autora desexa inserirse e que o adxectivo “nus” incide na vontade de renovación rupturista. Analiza tamén a dedicatoria do libro, as citas traducidas de Joyce Mansour, de Breton, as catro seccións nas que aparece estructurado o poemario e o uso das maiúsculas e minúsculas. A partir da admiración que Olga Novo ten manifestado reiteradamente pola obra de Claudio Rodríguez Fer, a articulista destaca os obxectivos que ambos comparten: a renovación do erótico nas letras galegas, a superación da separación entre razón e sentimento e entre vida e literatura e a redefinición do masculino e, sobre todo, do feminino. Como características xerais da poética de Olga Novo enumera, no aspecto temático, a vontade de construír un mundo natural ligado á terra, aos animais domésticos e aos salvaxes, á vexetación, aos elementos minerais, ao mar e á pesca; a concepción do feminino, ligado ao eu, como colectivo, fronte a un ti masculino individualizado; a vontade utópica de integrar o corpo e a

vida na palabra poética e a presencia de referencias cultas explícitas; e, no aspecto formal, o verso libre, a forza das metáforas, a ruptura da sintaxe, o uso do eu rotundamente afirmativo ou a preferencia polas palabras que fan referencia ao corpo físico humano asimilado ao animal. Seguidamente reproduce e comenta catro dos poemas de *Nós nus*, "Entrada ó lugar dos cabalos", por se referir a unha paisaxe rural na que se insire o eu lírico namorado; "coma un canado de leite", porque contén a frase da que parte a dedicatoria do libro; "Os líquidos íntimos" e "deus negra", de onde proceden as palabras que pechan o poemario.

Llorca Antolín, Fina, "Arcadio López-Casanova (2001). *Diccionario Metodolóxico de Análise Literaria. I A poesía. Textos líricos galegos da Idade Media ós nosos días*. Vigo: Galaxia, 446 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Recensións", 2002, pp. 165-166.

Comentario centrado no *Diccionario Metodolóxico de Análise Literaria. I A poesía. Textos líricos galegos da Idade Media ós nosos días* (2001), primeiro volume dun proxecto centrado no ámbito da teoría e da crítica literarias que ten como obxectivo, segundo o seu autor, Arcadio López-Casanova, o de "axustar bases teóricas (fundamentos) e práctica textual,

facer unha proposta de *esquema* (guía) *metodolóxico* de análise do poema, e, ó tempo, abrir algunhas vías de clarificación no que ten sido –e está sendo– a tan fecunda, a tan rica historia da poesía galega". Salienta que se trata dunha tarefa nada fácil de afrontar e atribúese á dobre condición de poeta e profesor do autor do traballo o feito de que sistematice e ofreza criterios científicos aplicábeis ao texto e que, ao tempo, os exemplifique cunha gran variedade de poetas e textos nos que se pon de manifesto o gusto do autor pola lectura de poesía. Destaca como eivas deste traballo a escaseza de nomes de autoras incluídas, posto que dun total de sesenta e seis autores, atopa o nome e os textos de Rosalía de Castro, Luz Pozo Garza, Xohana Torres e María Mariño. A seguir detalla a estructura do volume: tras a introducción de López-Casanova, o apartado "Análise do poema. Guía Metodolóxica", un índice analítico aplicábel á análise do poema, dividido en dous apartados, dedicados ao Paratexto e ás Formas Líricas, despois o Diccionario Metodolóxico, o núcleo do traballo, a bibliografía ordenada en distintos apartados e un índice de termos. Comenta que non se trata dun diccionario de retórica a pesar de que conteña as figuras retóricas, nin tampouco dun diccionario de termos literarios aínda que tamén o sexa, senón dunha obra que se move á vez entre o terreo teórico-prescritivo e o do traballo textual. A propósito do contido de cada un dos artigos menciona que varía en extensión

segundo o termo definido e que aparecen nalgúns casos esquematizacións realizadas polo autor. Considera que esta obra será útil para "estudiosos y críticos de poesía, y quien se dedica a la actividad docente en el campo de la teoría literaria o de la literatura en general, y no sólo de la literatura gallega".

Llorca Antolín, Fina, "*Festa da Palabra Silenciada, 16* (2001). Vigo", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Recensións", 2002, p. 167.

Refírese aos contidos do número dezaseis da revista *Festa da Palabra Silenciada* que dirixe Mª Xosé Queizán e salienta que o seu obxectivo foi o de reunir neste volume a todas as voces poéticas femininas que publicaron nalgún número anterior da publicación nunha antoloxía que conta cun estudio de presentación de Helena González. Comenta que entre os nomes que se recollen atópanse algunhas das voces imprescindíbeis no panorama poético galego. Ademais detense no resto das seccións que completan o volume, mencionando o apartado "Temas Varios", que inclúe unha reflexión sobre a sentencia por violencia sexual dun tribunal de Pontevedra en maio de 2000, a cargo de Mónica Bar Cendón; un recordo póstumo para Gretel Ammann, militante feminista catalana que finou en

maio de 2000; un artigo de María Xosé Queizán e unha traducción dun dos seus textos e un total de dez recensións de libros entre as que destaca especialmente as dedicadas a *Rías de tinta*, volume elaborado polas profesoras da UB, Marta Segarra, Helena González e Francesco Ardolino e que recolle autoras en tres linguas; a última novela de Suso de Toro, protagonizada por unha muller e a novela *Ten o seu punto a fresca rosa* (2001), de María Xosé Queizán.




Lojo Abeijón, María José e Lourdes **Peruchena**, "*Porque non ten fame as rosas'* La configuración de la pobreza en la obra de Rosalía de Castro", *Anuario do Centro de Estudios Gallegos de Montevideo 2001*, abril 2002, pp. 203-232.

Estudio dividido en tres apartados nos que se pretende dar unha visión xeral da pobreza atendendo aos poemas de Rosalía de Castro. Analízanse todos aqueles versos nos que se lle preste atención a esta problemática para obter un cadro social da época da escritora. A primeira parte está reservada a trazar a vida e obra da poetisa, así como a escolla dunha lingua subalterna no século XIX para a súa elaboración. O segundo punto do estudio describe a pobreza dun xeito xeral, para logo centrarse nos pobres que ela pinta a través

dos seus poemas e as pretensións que a levan a este retrato. A consecuencia inmediata desta situación económica é a emigración que provoca unha sangría social que se reflicte neste traballo. O último apartado resérvase para as reflexións, nel destácase o ton de denuncia social que se percibe nos poemas de Rosalía.




Lombera, César, “Roberto Vidal Bolaño. Dá Ética á Estética”, *Escaramuza*, nº 14, decembro 2002, p. 7.

Lembranza de Roberto Vidal Bolaño con motivo do seu pasamento. Comenta, en primeiro lugar, que se foi Roberto: “actor e director de actores, escenógrafo e realizador de escenografías, iluminador, autor. Teatreiro e Titiriteiro”. Comenta, a seguir, que a revista *Escaramuza* lle rende tres “sentidos homenaxes”: “o dunha investigadora do teatro que reivindica a súa figura no marco das letras e do teatro galego, o dun estreito colaborador no terreo do cartelismo e o dun camarada daqueles tempos en que facer teatro galego era militar no maquis da cultura”.

López, Xosé, “Miradas propias arredor do que acontece”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Comunicación”, xaneiro 2002, p. 11.

Fala, inicialmente, do impulso que está a vivir o xornalismo de opinión nos medios de comunicación galegos e considera que se debe á demanda da sociedade por ter visións plurais do que acontece. Sinala que o xénero de opinión tivo unha presencia destacábel nos xornais dos anos setenta e oitenta, que logo sufriu un descenso e que agora volve a recuperarse, como demostra o feito de que *La Voz de Galicia* nomease un director de opinión ou a creación de diferentes premios xornalísticos (o Blanco Torres, Fernández Latorre, etc.). Dá conta, finalmente, da publicación de dous libros de artigos: *A carreira do salmón* (2001), que inclúe textos publicados por Suso de Toro en diferentes xornais, e *Si home si* (2001), que inclúe artigos publicados por Xosé Manuel Pereiro en *La Opinión*. Explica que o libro de Suso de Toro amosa a súa visión crítica do que acontece e o seu interese por comprometerse cos temas da construcción do país; pola contra, Pereiro ofrece a súa visión da realidade dende as perspectivas da ironía e do humor, sempre con aroma bravú.

López-Casanova, Arcadio, “Mundo medieval y literatura moderna (sobre un aspecto del discurso literario gallego”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 9-11.

Estudio no que se analizan unha serie de obras de distintos autores, épocas e xéneros para deixar constancia finalmente de que na literatura galega hai unha rica e variada presencia do mundo e a cultura medievais (escenarios, figuras, mitos), que se actualizan con caracteres marcados do discurso literario galego como o gusto polo fantástico, a cotidianización do mítico ou marabilloso, o humor, a vibración lírica, etc. O artigo estructúrase en dous bloques titulados “Compostela como escenario” e “Sobre la materia de Bretaña y el ciclo artúrico”, diferenciando así tematicamente as obras ás que se achega. No primeiro deles trata sobre *A romaría de Xelmírez* (1934), de Ramón Otero Pedrayo, novela da que salienta o maxistral retrato que se fai de Diego Gelmírez; e sobre a obra poética *Na brétema, Sant-Yago* (1956), de Luís Seoane, da que indica que a cidade compostelá aparece e funciona como un espacio intrahistórico. Baixo o segundo dos títulos achégase aos poemas de *Na noite estrelecida* (1926), de Ramón Cabanillas, indicando que é unha obra innovadora que ao mesmo tempo enlaza coa tradición. Despois céntrase en tres

novelas xa da posguerra: *Merlín e familia* (1955), de Álvaro Cunqueiro; *Percival e outra historias* (1955), de Xosé Luís Méndez Ferrín; e *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana, obras das que destaca aqueles elementos que supuxeron unha renovación dentro da narrativa galega.




López Giménez, María, “Cantares pequenos”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 127, marzo-abril 2002, pp. 66/214-74/222.

Reprodúcense once “poemas pequenos” nos que se trata, fundamentalmente, o tema do amor. Trátase dunha colectánea de poemas que resultaron galardoados co Premio Encrucillada de poesía. A seguir, coméntase que os Premios Encrucillada foron convocados como parte das conmemoracións do vintecinco aniversario da publicación da revista. Para rematar, coméntase que no próximo número se publicará o artigo galardoado co citado premio, na modalidade de mellor artigo.

López Silva, Inmaculada, “Un mundo de tremoias na imaxinación de Roberto Salgueiro”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 82-87.

Estudio no que se fai un percorrido pola obra e vida de Roberto Salgueiro, analizando a primeira ao longo da segunda. Iníciase o escrito cunha breve nota da actividade actual de Roberto Salgueiro, así como cunha tamén breve referencia á súa actividade anterior e aos seus inicios na actividade da escrita teatral. Tamén se mencionan premios e recoñecementos recibidos por este autor. No apartado “As primeiras obras: do drama policial ao clasicismo antigo” Inmaculada López fala da primeira etapa de creación de Roberto Salgueiro, con obras como *O arce no xardín* e *Historia de Neera*. En “Humor e absurdo” trátase o tema no título enunciado, facendo especial referencia a obras como *Todo é horrible, moi horrible e eu tamén*, *Opereta da morte ridícula*, *Váter* e *Historia de María atrapada* (2001). O penúltimo apartado leva por título “Comedia intelectual: *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado*” e nel analízase brevemente a obra citada. Péchase o artigo co apartado titulado “Entre a estética e a análise da realidade”, no que se fala da influencia na obra de Roberto Salgueiro da súa dobre condición de escritor e director escénico.

López Silva, Inmaculada, "Roberto Vidal Bolaño e a literatura dramática en Galicia", *Casahamlet*, nº 4, "Estudios", maio 2002, pp. 88-91.

Estudio de Inmaculada López Silva que pretende situar a Roberto Vidal Bolaño e á súa obra dentro do panorama da escrita dramática galega, para o que comeza analizando dun xeito xeral as súas obras, as súas representacións, a condición de Vidal Bolaño de autor e director escénico, a relación do autor coas editoriais, os premios recibidos ou a intención do autor coa súa obra. Chega, finalmente, á conclusión de que a obra de Roberto Vidal Bolaño "oscila entre tensións que a caracterizan coma dinámica, en constante diálogo coa realidade actual e coa historia", polo que o autor se erixe en portavoz dos marxinados ou silenciados de todo tipo, desde sociais ata políticos e históricos.

López Silva, José Antonio, "Dialéctica e confrontación intertextual en *A constelación da xuvenca*", *Dorna*, nº 28, "Caderno da crítica", maio 2002, pp. 133-145.

Estudio sobre o emprego da hipertextualidade na poesía galega da década dos 90 a través da obra *A constelación da xuvenca*, de Marilar Aleixandre, construída a partir dun fragmento

do clásico *Metamorfoses* , de Ovidio que a autora toma como fonte de referencia co obxectivo de provocar unha reinterpretación do mito provocando confrontacións entre os elementos que o conforman.




Lopo, María, “Mareas célticas”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 5-6.

Dá conta do interese que suscitou e suscita o celtismo en Galicia, discurso que se insire na liña do “Volkgeist” herderiano contemporáneo. Así, destaca que o celtismo constitúe un elemento diferencial fundamental do pensamento e a creación galaicas dos dous últimos séculos, e para demostralo comeza por citar autores que xa na época do romanticismo defendían esta corrente de pensamento: Verea y Aguiar, Benito Vicetto ou Manuel Murguía. Así mesmo detense na utopía céltica de Eduardo Pondal e destaca que o discurso do céltico acada o seu máximo esplendor coa Xeración Nós, feito que permite a súa introducción enxeracións futuras mencionando aquí a autores como Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro. Salienta finalmente que esta corrente funciona como discurso contra-poder e que aínda actualmente está moi vixente en Galicia.

Lourenzo, Manuel, “Eclipses (Fragmentos)”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 26-29.

Texto de Manuel Lourenzo (Ferreira de Valadouro, 1943) constituído por tres obras de teatro tituladas *A proba*, *Leria habitual de Hamlet* e *Actriz abandonada polo seu espectador*. Na primeira delas un actor asume o papel de león ante as esixencias do domador, que lle pide pasar polo aro cando sinta o golpe nas costas para, finalmente, dicirlle que xa é demasiado tarde para arrepentirse. *Leria habitual de Hamlet* amósanos a Hamlet, Ofelia e Horacio antes da función: os dous últimos botan unha partida de xadrez mentres o primeiro dubida do director e non fai máis que queixarse dos erros que, segundo el, ten a montaxe que van realizar. Ofelia e Horacio opinan que a súa actitude se debe aos nervios e a que non sabe o papel. A terceira obriña preséntanos a unha actriz no seu camarín que é observada polo seu lixeiramente despistado e único espectador. Ela pídelle constantemente que a aplauda no escenario e que lle diga que é fantástica, esixencias ás que o espectador asinte case mecanicamente.

Lourenço Fondevila, Basilio, "¿A onde vai Galaxia?", *Tempos Novos*, nº 62, "Horizontes", xullo 2002, pp. 36-39.

Coñecido o nome de Víctor F. Freixanes como sucesor de Carlos Casares en Galaxia, achega unhas cantas reflexións sobre o devir da editorial e o significado da elección do novo director. Faise eco do "conflicto interno" da empresa e volve os ollos ao pasado desta para se referir á estratexia que seguiron os predecesores de Freixanes. Así mesmo, achega a declaración que o Consello de Administración asinou co gallo do novo nomeamento. Nesta saliéntase "a figura de Casares", preséntase ao novo director e póñense de manifesto os obxectivos da empresa.

Louzao, Miguel, "Xavier Castro (ed.) *Castelao e os galeguistas do interior*, Vigo: Galaxia, 2000, 405 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Recensións", 2002, p. 168.

Comeza lembrando outros títulos que trataron o chamado "galeguismo do interior" como *Os anos escuros* (1985), de X. L. Franco Grande ou *Homenaxe a Ramón Piñeiro* (1991), e outros que achegaron material de primeira man sobre os galeguistas "históricos" e sobre o

seu ideario, como a obra completa de Castelao, editada pola Fundación que leva o seu nome, ou *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, editado por Francisco Fernández del Riego. A estas obras engade agora o presente volume, *Castelao e os galeguistas do interior*, salientando que "mostra cartas, informes e documentación varia de galeguistas e doutras persoas que operaban política e culturalmente entre os anos 1943 e 1954". A seguir ocúpase da estructura do libro, mencionando que se abre cun prólogo de Fernández del Riego, que sitúa algúns dos feitos relevantes acontecidos nestes anos como a reorganización do Partido Galeguista e os contactos mantidos con Castelao, o "Índice dos documentos", que ofrece unha clasificación do tipo de documentos recompilados e a súa data, exacta ou aproximada segundo o caso, a "Presentación dos documentos" e a "Glosa", apartados elaborados polo editor, que "axudan ao lector por canto separan a fariña do farelo". Valora a ordenación cronolóxica dos documentos porque favorece unha lectura lineal dos feitos relatados, así como a presencia de numerosas notas que engaden informacións adicionais para comprender o contexto social e político no que foron escritos. Engade que da lectura da obra pode extraerse a conclusión de que tanto o galeguismo do interior coma o do exilio contaban con dous líderes sólidos e dunha elevada talla intelectual como Castelao e Ramón Piñeiro, así como a crenza de que o xénero epistolar se converte nun xénero

literario atraente e cunha considerable vontade de estilo. Conclúe salientando o gran valor historiográfico deste material

Louzao, Miguel e Carmen **Mejía**, "Bos Aires desde a lembranza. Entrevista con Inés Canosa", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Crónica", 2002, pp. 123-126.

Inés Canosa, responsábel da librería Sargadelos en Madrid, lembra cómo foi a súa chegada a Bos Aires na primavera dos cincuenta e cómo transcorreu a súa vida alí intentando a integración e sempre cun "trauma da ausencia" por ter que deixar atrás as raíces da terra propia. Recupera tamén o recordo do Centro Galego de Bos Aires, do programa *Galicia emigrante*, que creou e dirixiu Luís Seoane, das primeiras edicións de libros en galego, da celebración da festividade do 25 de xullo, da súa pertenza á Asociación Arxentina de Fillos de Galegos que se fundou en 1959 e de vivencias compartidas con persoeiros como Ricardo Palmás, Antonio Pérez Prado, Clotilde Iglesias, a filla de Tacholas ou Manuel Mera. Conta que decidiu volver e que recibiu axuda de Luís Seoane e da súa muller, deixou o seu traballo nunha oficina duns grandes almacéns e pasou por diferentes traballos coa axuda de Díaz Pardo ata que se instalou en Madrid. Sinala tamén a súa admiración por esa xeración

de emigrantes que dedicaron a súa vida a Galicia, publicando libros, facendo revistas, xornais, exposicións, etc. e alégrase de que o seu labor se estea recuperando na actualidade. Sobre as actividades que se desenvolven en Madrid opina que é unha maneira de promover a cultura diferenciada e maniféstase orgullosa do seu labor cultural. Fala tamén do proxecto de Díaz Pardo de crear unha biblioteca do exilio, que cualifica de “extraordinario”, e da consideración de Sargadelos como un punto de encontro para artistas galegos.




Lugilde Rodríguez, Mª Jesús, “Abrindo as Portas ao San Froilán 2000”, *Lvcensia*, nº 24, “Libros”, 2002, p. 200.

Coméntase que o Concello de Lugo reuniu no libro *Abrindo as Portas ao San Froilán 2000* os textos que os escritores Marica Campo, Paco Martín, Isidro Novo, Carmen Blanco, Xulio Xiz, Antón Grande, Xosé Miranda, Antonio Reigosa, Lois Diéguez e Xosé de Cora pronunciaron no acto de apertura de portas da muralla lucense durante as festas do San Froilán. Compárase este volume co anterior (1999), no que tiñan participado historiadores, e

infórmase de que se recollen nel tamén o pregón de Felipe Arias Vilas e mailas palabras ditas por María López Sández na ofrenda floral a Rosalía de Castro.




Luís Gamallo, María, “A historia escríbea Bieito Iglesias”, *Grial*, nº 153, Tomo XL, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 149-151.

Encabeza o artigo cunha listaxe de obras e méritos de Bieito Iglesias, autor de *A historia escríbese de noite* (2001). Sobre esta obra comeza sinalando que é unha novela introspectiva e que o seu protagonista presenta algunhas coincidencias co autor, feito que leva a pensar nun alter-ego deste. Destaca que as voces narrativas que aparecen son a primeira e a terceira, correspondendo respectivamente ao protagonista e ao amor da súa infancia co que agora se reencontra nun bordel da cidade de Ourense, espacio no que se sitúa a acción. Subliña que nesta novela se presenta a través do presente e pasado do protagonista o tema da derrota do amor xunto a outra visión deste como negocio, e que vén a ser unha alegoría doutra realidade galega agochada, tema ao que ademais se une a pantasma da emigración. Así mesmo destaca que tamén se mostra a realidade lingüística galega, “vergoñosamente diglósica”, e a través de citas dá algúns exemplos de lugares nos

que non se usa o galego. Respecto ao vocabulario empregado destaca que é irónico e pródigo en matices e que a través del se ofrece unha visión cómica e grotesca dos personaxes e da realidade que os rodea. Remata indicando que ademais de mostrarse algunhas das mentiras que caracterizaron a vida do protagonista, tamén aparecen outras que caracterizan a realidade social e lingüística galega.




Manuel María, “Auto do alugado ou o encanto de raboces”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 30-33.

Breve obra teatral de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) que nos presenta a varios alugados volvendo da sega de Castela e falando das terras secas e con poucas árbores que acaban de deixar. Despídense finalmente e diríxense cada un á súa casa. O tempo II da obriña preséntanos ao Alugado Primeiro na Fonte de Raboces e ao que, de súpeto, se lle aparece unha doncela que lle ofrece unha tea para que lle leve á súa muller como agasallo. O Alugado, agradecido, colle a tea e retoma o camiño á casa, pero, ao pouco, bate coas árbores do Souto da Ribela, coas que, fala un pouco. Na conversa cóntalles do seu traballo, da viaxe e do encontro coa doncela, sendo entón cando se lle ocorre rodear ao castiñeiro

coa tea da doncela para botar contas dos vestidos que poderá facer con ela a súa muller. Nada máis remata de facer isto, o castiñeiro desaparece sen deixar rastro, o que provoca entre os demais o medo e a sorpresa.




Marco, Aurora, “As viaxes de Ulises Fingal. De Ítaca a Harar”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 21-31.

Amplo artigo no que se ofrece unha achega á biografía de Antón Avilés de Taramancos, que se divide en “O pórtico da infancia”, no que fala da influencia da nai e da avoa na vida do poeta, describe a vida da aldea na que se cría, a presencia do mar, os estudios primarios e logo de náutica na Coruña, onde se introduce nos círculos culturais da cidade; “A porta da mocidade”, no que se fala da súa fonda amizade con Urbano Lugrís, a súa relación conintelectuais como Álvaro Cunqueiro, Álvaro Cebreiro, Reimundo Patiño ou Xohán Casal, entre outros, e a publicación das súas primeiras obras *As moradías do vento* (1955) e *A frauta i-o garamelo* (1959), ata a súa viaxe a Colombia polos problemas coa dictadura. Segue logo o apartado “Polas rotas da saudade”, no que se achega aos máis de vinte anos que Antón Avilés pasou emigrado, a formación da familia, as dificultades económicas, a

inestabilidade laboral ata a etapa final en Cali, de maior benestar e contacto coa vida intelectual. Remata con “A volta a Galiza”, na que destaca o seu labor á fronte da Concellería de Cultura do Concello de Noia, a súa dedicación á escrita con obras como *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *Nova crónica das Indias* (1989) ou *As torres no ar* (1989), así como *Última fuxida a Harar* que se editou postumamente en 1992. Lembra do mesmo xeito as súas colaboracións en publicacións periódicas como *Dorna*, *Luzes de Galiza*, *A Nosa Terra* ou o *Boletín Galego de Literatura*, entre outras. Considera que esta foi unha etapa de plenitude para Avilés de Taramancos, evoca a súa imaxinación, a súa ansia por emprender novos negocios e empresas ata a súa morte o 22 de marzo de 1992, deixando proxectos como “Os clásicos na escola”, en colaboración con Xosé Agrelo e mais Aurora Marco.




Marco, Aurora, “Textos recuperados”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 83-84.

Á espera de recuperar toda a producción espallada de Antón Avilés de Taramancos, Aurora Marco ofrece tres textos que son: “Canto de nenos en Roda”, un poema hilozoísta publicado

en xuño de 1959 no *Programa oficial de festas de San Juan Bautista* de Sarria (Lugo); “O rapaz de surrisa pequena”, outro poema de 1967 que está dedicado ao seu amigo o pintor Xosé Ramón Vilar Chao e que aparece no catálogo da *Exposición homenaje póstumo a José Ramón Vilar Chao* celebrada na Coruña. Finalmente, o terceiro é un texto apoloxético en prosa asinado por Xan Perillán, “Apoloxía e mito dos allos do Obre”, onde conta a chegada deste froito a Galicia e a calidade inimitábel deste producto.




Mariño, Xoán X., “Memorial de débedas (e certos agravios)”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 52-56.

Lembra, dende a amizade que o uniu a Antón Avilés de Taramancos durante dez anos, algúns dos momentos que máis satisfaccións lle deron. Comeza pola encarga que o poeta lle fixera dunha *Guía de Noia*, en 1988, o que lembra con emoción pola confianza depositada nel e polo éxito posterior da publicación resultante. Por outra parte sinala que foi Antón Avilés quen o animou a abordar a obra *O escultor Ferreiro* (1991), coa que non se animaba por considerar que o labor o superaba, pero que o poeta noiés botou para adiante cos seus folgos. Tamén critica a falta de apoios que os sucesores de Avilés no cargo de

concelleiros de cultura mostraron cara aos autores de Noia. Repasa outros feitos derivados do labor do de Taramancos á fronte da Concellería de Cultura como a Casa da Cultura, a recuperación dunha escultura do noiés Ferreiro ou a publicación co patrocinio do concello de obras poéticas ou as xornadas de historia inauguradas por el. Relata algúns feitos que considera vergoñentos para a cultura de Galicia como foi a denuncia pola colocación dunha placa na casa da poeta María Mariño ou o acto na casa natal de Francisco Añón, así como outros incidentes políticos e xudiciais que o mantiveron sempre do lado de Antón Avilés de Taramancos, do que di que aprendeu a “conserva-la integridade como persoas e non se vender un xamais”.




Martínez Bouzas, Francisco, “Un retallo de crónica negra”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, xaneiro 2002, p. 20.

Achégase a *O Jalisco* (2001), que é a primeira novela de Fernando Salgado e que foi finalista do Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*, na convocatoria do ano 2001. Explica que a obra está baseada nun feito real da crónica negra da España franquista:
o triple asasinato pasional cometido por Jalisco (alcume do mexicano José García Peña),

quen despois do asasinato de tres mulleres recibiu os apoios dos servicios de espionaxe norteamericana e as visitas de políticos, embaixadores e cardeais. Indícase que a novela está narrada dende o punto de vista dun policía, que relata os crimes anos despois de aconteceren. Sinala, asemade, que a novela é unha crónica da posguerra e que a intriga está perfectamente distribuída ao longo dos seus capítulos, que son breves polo xénero inicial da obra: novela por entregas.




Martínez Bouzas, Francisco, “Cando Don Xoán é muller”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Narrativa”, marzo 2002, p. 21.

Comentario da novela *Martázul* (2001), coa que Xosé A. Perozo gañou o XX Premio Blanco Amor. Sinala que a protagonista da obra, Martázul, é unha muller que reinterpreta o mito masculino do *don juan* e que, tal e como se di no libro, “naceu para ser unha amante inesgotable”. Indica que Perozo desenvolve unha trama na que converte o personaxe de Martázul nun símbolo da conquista dos homes e que a protagonista é unha muller libre e independente, que goza profundamente da seducción e da conquista sexual. En canto á estructura, sinala que se divide en tres partes con múltiples secuencias articuladas e

considera que sería positivo que o autor fixese unha demouca de capítulos e episodios sobexos. Considera que no estilo predomina a frase curta e un rexistro léxico rico que, nalgunhas ocasións, causa dificultades ao lector. Conclúe sinalando que na novela hai saltos constantes da voz narrativa entre a primeira e terceira persoa e explica que, en ámbolos dous casos, é a voz de Martázul que, cando fala en terceira persoa, se está a describir a si mesma sendo testemuño do seu mundo de seducción e promiscuidade.




Martínez Bouzas, Francisco, “Na procura da identidade”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Narrativa”, abril 2002, p. 21.

Alude ao contido da obra *Ganga*, de Antón Lopo. Trátase dunha novela publicada por Edicións Xerais de Galicia no ano 2001. Segundo o articulista esta obra é unha “fabulación contracanónica. Unha ficción profundamente innovadora, nomeadamente no plano temático, que racha cos tópicos, dogmas e tabús que sinalan o que é normal na sociedade do simulacro e da máscara na que hoxe vivimos”. A seguir, comenta que se trata dunha novela de aventuras e aprendizaxe do amor, protagonizada por un heroe atípico. Para rematar, afírmase que en *Ganga* o autor consegue manter un bo ritmo narrativo, que se acelera

contra o final coa chegada do protagonista a diversos espacios da costa malabar, onde se consuma a historia e se atopan respostas ás súas esculcas.




Martínez Bouzas, Francisco “Prosas e destinos frustrados”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Narrativa”, maio 2002, p. 21.

Recupera a traxectoria de Manuel Veiga na escrita, citando a súa novela *As ruínas da cidade amada* (1998) e as súas colaboracións xornalísticas en *A Nosa Terra*, centradas na realidade e no estado actual da literatura galega. Con respecto á súa última entrega literaria, *Biografías de malogrados* (2001), comeza destacando a aposta do autor polo relato curto, xénero que require o dominio da temporalización e da condensación do fío argumental. Repara na estructura do volume, composto por dez relatos caracterizados pola carga biográfica e pola presencia de trazos como a retranca, a ironía e a crítica social e como eixe temático común a estas narracións recoñece a existencia duns personaxes que por diversas circunstancias ven truncados os seus horizontes vitais e semellan ter un destino estragado. Detense nalgúns dos relatos, facendo fincapé nesta temática do fracaso, que afecta tanto a persoas individuais —“Monólogo da nai solteira”, “O novato xuíz” ou “Nove anos”—, coma a

colectividades —“Unha experiencia no instituto de Aiaz”, que cualifica como o mellor da serie. Como excepción a eses finais malogrados nomea “O home que lía demasiado” e “O tresillo de M.B.”. Conclúe sinalando que estamos ante narracións “correctamente elaboradas, cunha escrita clara, sen inflación de artificios e enfeites, que ten na clareza e na precisión dun léxico ben escollido a súa principal virtude”, aínda que opina que a obra “é unha mostra, moi frecuentada nos nosos días”.




Martínez Pereiro, Carlos Paulo, “Da poderosa (in)verdade dos mitos no teatro de Manuel Lourenzo”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 92-101.

Artigo no que Carlos Paulo Martínez Pereiro pretende basear a súa afirmación de que para el o mellor teatro de base mítica é aquel “canto máis mentiroso, máis desvelador; canto máis enganador, máis verdadeiro”. Para confirmar e apoiar esta tese, Carlos Paulo dedícase ao longo das dez páxinas do seu escrito a analizar a obra dramática de Manuel Lourenzo e a súa relación cos mitos clásicos, presentándoselle esta como reflexo moitas veces de sucesos históricos ou reais. Conclúe Carlos Paulo que “Manuel Lourenzo, coa forza poética da súa linguaxe dramática, ten conformado, en modo céptico e radical, a (in)verdade das

nosas grandes ou pequenas utopías coa (in)certeza das frustrantes realidades que nos contornan”.




Martínez Xoubanoba, María, “Pociña, Andrés, *Versos para Aurora*, A Coruña, Ediciós do Castro, 1999”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Recensións”, 2002, pp. 168 170.

Destaca o tema do amor como eixo do poemario *Versos para Aurora* (1999), que leva o lector a se adentrar nun mundo no que, máis alá da forma literaria e do valor poético dos versos, a figura de Aurora se concibe como unha entidade superior á que se intenta acceder sen estar seguro de logralo. Recoñece a presencia, no poema que abre a obra, da *captatio benevolentiae* e de recursos como a humildade, que actúa “como un recurso eficiente, como una innovación retórica para la poesía contemporánea” e que á vez desvela os gustos poéticos do autor, un particular Parnaso no que sitúa xuntos a Virxilio e a Luz Pozo Garza, que é tamén a autora do prólogo deste volume. Percorre cada un dos apartados do poemario, comezando por “Na mañanciña”, do que salienta que supón a presentación inseparábel do eu poético e da descrición de Aurora e que nel o poeta reúne as distintas

auroras vitais, desenvolve a simboloxía relacionada con Aurora, “poéticamente ligada a la comprensión, a la luz, al equilibrio”, e retrata a dama nun poema-homenaxe a Whitman. Do segundo apartado, “Lembrando viaxes”, sinala que incorpora o mundo a través do encontro coa amada empregando un suxeito plural e evocando viaxes. Así, xunto ás reflexións sobre Buenos Aires, Canadá, Italia ou Lisboa, recóllense recordos de Lugo e Santiago situados na infancia. Ocúpase tamén María Martínez do terceiro conxunto de poemas, “Sonos e sensacións”, destacando que está integrado por poemas cargados de elementos oníricos e de maior contido simbólico, e do apartado que pecha o libro “As miñas poetas”, unha homenaxe ás mulleres que marcan o sentir poético do autor (Rosalía, Luz Pozo, Safo e Pura Vázquez) e por riba de todas elas, Aurora, que escribe os seus versos atados á existencia do poeta.




Mato Fondo, Miguel, “Edipo, aquel inxenuo poeta’ (unha achega ao teatro de Manuel María)”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 102-105.

Estudio da producción teatral de Manuel María que comeza co lamento de Miguel Mato pola escasa atención editorial e representacional prestada á maioría das obras teatrais asinadas

polo chairego. Despois disto, pasa a facer unha clasificación en catro tipos de toda a producción teatral de Manuel María: teatro lírico (*Auto do taberneiro*, *Auto do labrego*, *Auto da costureira*, *Auto do camiñante*, *Auto do Castromil ou a revolución dos baúis*, *Auto de D. Gaiferos ou o tránsito iluminado* (1993), *Auto do pescador de cana*, *Novo entremés famoso da pesca do río Miño*, *Brevísima farsa do antroido de Outeiro de Rei da Terra Chá*, *Auto do regato de Cépelo*, *Paso do viño novo*, *Brevísimo auto do Outono*, *Aventuras de desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, *Auto do maio esmaiolado* (1982) e *Barriga Verde* (1968), teatro de denuncia social e política (*A farsa do Bululú* (1992), *Auto trascendental da escola tradicional*, *Semente de dramón dos medios de comunicación*, *Auto dos simulados da garavilla*, *Auto da autonomía*, *Entremés da OTAN* e *Auto do CDRM*), teatro de carácter histórico (*Unha vez foi o trebón*, *A lúa vai encoberta* e *Abril de lume e ferro*) e teatro de recreación mítica (onde se insire a obra que dá título a este artigo, *Edipo, aquel inxenuo poeta*).

Mejía, Carmen, “Carlos Casares: *In memoriam* ”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Crónica”, 2002, pp. 131-132.

Lembranza persoal de Carlos Casares na que Carmen Mejía recupera o momento no que recibiu a noticia do seu pasamento e ademais conta cándo o coñeceu: cando empezou a dar clases de literatura galega aos alumnos de quinto curso de Filoloxía Hispánica no curso 1986-87 en Madrid. Relata que con motivo da visita que o escritor fixo a Madrid para dar unha conferencia sobre a súa obra no Ateneo invitou os seus alumnos a asistir e posteriormente Casares ofreceuse a tomar algo con eles. Lembra cómo nesa conversa "nos descubrió cosas de Cunqueiro, de Risco, de Piñeiro, etc., fue tan natural y tan sencillo que todos quedamos encantados". Tras dese primeiro encontro Casares axudoulle na organización das Primeiras Xornadas das Linguas e das Literaturas catalana, galega e vasca, poñéndoa en contacto co daquela Conselleiro de Cultura da Xunta, Alfredo Conde. Salienta que ambos lle demostraron o seu interese por difundir a cultura galega fóra de Galicia e conclúe sinalando que "era una persona que sabía escuchar, cualidad que, tal vez, le ha ayudado a crear ese rico universo literario que nos ha dejado y que consigue que Carlos Casares, a pesar de su ausencia, esté siempre con nosotros".

Meyer, Franck, "Úrsula Heinze: a voz da distancia no embigo", *Dorna*, nº 28, "Caderno da crítica", maio 2002, pp. 147-154.

Artigo que recolle brevemente a obra da escritora alemana Úrsula Heinze, que ata principios dos 90 se caracterizou por utilizar como vehículo a lingua galega –consecuencia do seu establecemento na nosa terra–, para logo centrarse na obra publicada na súa lingua materna no 1999 en Edicións do Castro *Credo*, con traducción en galego feita por Ramón Lorenzo, e no ano 2001 *Ambra*. Meyer refírese a esta como una "nova faceta creativa" da autora para a cal segundo a súa opinión tivo que "redescubrir e recrear" o seu idioma materno. Tamén se refire neste artigo á obra *Spanische Wand*, publicada en 2000, e *Atlantisches Tief*, do 2001, ambas publicadas en Alemaña. En canto aos contidos e á temática destas obras Meyer destaca as numerosas referencias que continúa a introducir sobre Galicia producíndose unha confluencia de elementos característicos daquela coa súa terra natal, e conclúe que podería considerarse que actualmente, Heinze segue a facer literatura galega pero escrita en lingua alemana.

Méndez, Xerardo e Enma **Pedreira**, "Premio Carlos Casares de microrelatos", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 63, "Auria das letras", xullo 2002, pp. 34-35.

Reprodúcense os relatos “Palabras”, de Xerardo Méndez, e “Cuarto Minguante”, de Enma Pedreira, que resultaron gañadores do premio Carlos Casares de microrelatos.

Méndez Ferrín, X.L., “Arredor d’o Divino Sainete”, *A Trabe de Ouro*, nº 49, Tomo I, “Acoutacións”, xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 73-81.

Reproducción da conferencia dictada no Congreso Curros Enríquez celebrado en Celanova no ano 2001, no que se comeza coa alusión ao acceso que desde cativo tivo á lectura dos poemas de Curros e os contos relacionados co autor de *O Divino Sainete*. De seguido, dise que *O Divino Sainete* foi recibido de xeito desprezativo por numerosos críticos literarios por ser esta obra de Curros a máis deliberadamente doutrinaria. Así mesmo, compárase *O Divino Sainete* con *De rerum natura* e danse as razóns que levan a que o poema de Curros fora rebaixado na doutrina común histórico-literaria de Galicia á condición de obra menor. Resáltase que a historia contemporánea do autor e dos seus lectores primitivos se fai evidente nesta obra e indícase que, aínda que por esta razón se podería correr o perigo de que transcorrida a época da súa concepción e primeira recepción envellecera e periclitase, isto non acontece con *O Divino Sainete*. Clasifica o poema de Curros como realista e fai un

breve percorrido polo contexto biográfico do autor. De seguido céntrase na figura de Emilia Pardo Bazán, na súa postura respecto á literatura galega e nos cualificativos desta ao talento e obra de Curros, así como doutros autores como Rosalía ou Pondal. A continuación, indica Ferrín que foron os estudiosos estranxeiros os que sinalaron que a igrexa e o sistema burgués da Restauración odiaban politicamente a Rosalía e a literatura galega e que Pardo Bazán encabezaba esa campaña contra o protonacionalismo da época e pon en relación a Curros con Víctor Hugo. Tamén sinala que autores aparentemente neutrais teñen considerado *O Divino Sainete* como unha obra cativa por se tratar dun opúsculo onde a sátira e o humor, tradicionalmente situados nos baixos degraus da escada das Belas Letras, están presentes e ao feito de ser unha obra complexa. Finalmente sinala que esta obra é unha ponte aos modos estilísticos do século XX e indica algunha das características que o fai considerar un texto precursor.




Mexuto, Xoán Carlos, “Unha misión humanitária”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 34-37.





Peza teatral de Xoán Carlos Mexuto na que se presenta a tres soldados pelando patacas mentres un deles conta unha historia épica aos máis. Sen embargo, cando o interrompen, non é quen de lembrala de novo, polo que os tres comezan a falar da "misión humanitária" que están a levar a cabo nese país, aínda que todos eles saben que máis ben son un exército de ocupación. Ante este incómodo tema, a conversa volve xirar arredor do problema do Soldado I para lembrar as historias que conta, xa que non as sabe, senón que lle "veñen". A escena II comeza co final dunha narración do Soldado I, que é novamente interrompido, polo que volven xurdir novos temas de conversación, neste caso o bombardeo das oito e a tardanza do resto da tropa no seu retorno á base. Finalmente, o Soldado I lembra a historia que lles ía narrar ao principio e comeza a facelo, rematando así a obra.

Mojón, Olga, "10 años de Teatro Principal", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 57, "Escena", xaneiro 2002, pp. 18-23.

Co gallo do Xº aniversario da reapertura do Teatro Principal de Ourense faise un repaso polos principais acontecementos que tiveron lugar neste teatro centrándose nos grupos

teatrais –nomeadamente en Sarabela– así como noutras manifestacións culturais, e sublíñase que durante este decenio o número de espectadores foi de 240.000.

Montaña, Estro, “Arredor de Bouza-Brey”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Estudios literarios”, xaneiro 2002, p. 29.

Sinala que xa están publicadas as actas das *Xornadas sobre Fermín Bouza Brey* (2001), que se celebraron os días 15 e 16 de marzo en Ponteareas e que foron publicadas na Colección Difusión Cultural, que patrocina a Consellería de Cultura. De seguido resume o contido dos doce relatorios que inclúe o volume, nos que amigos, familiares e estudiosos se achegan á figura do etnógrafo, arqueólogo, lingüista, filólogo, historiador e creador literario Bouza Brey. Nestes artigos, que pertencen a Xosé Manuel Dasilva, Teresa López, RomanNicolás, José Luís Bouza Álvarez, Moné Fernández Álvarez, Clodio González Pérez, Santiago Rodríguez Campos, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Fernando Acuña Castroviejo, Carlos García Martínez e Xosé Manuel González Reboredo, dise que se fala da súa obra, das súas amizades, da súa ideoloxía política, do seu pensamento, dos seus traballos etnográficos e históricos e do seu papel como ponte entre o Seminario de Estudos

Galegos o os novos investigadores. Indícase, finalmente, que as xornadas supoñen un recoñecemento a un dos homes que procuraron engrandecer Galicia.




Montezuma de Carvalho, Joaquín de, “Despedida ao portugalego Ernesto Guerra da Cal, nosso amigo”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 70-75.

Este artigo aparece descrito xa no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Navarro, María, “Unha dualidade ben configurada”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, xaneiro 2002, p. 23.

Da novela *O asasino bífido* (2001), de Breogán Ribeiro, explica que o protagonista é Luís Meilán, un inspector de policía que vive na Coruña e que debe investigar a morte, aparentemente accidental, dun conferenciante; pero as investigacións revelan que o conferenciante foi asasinado por un defensor da lingua galega que, tras un trauma por

razóns lingüísticas, asasina a aquelas persoas que considera inimigas da nosa lingua. A novela defínese, a nivel formal, como dinámica, de prosa áxil, irónica e de linguaxe clara, na que a temática e o argumento teñen máis importancia que os personaxes, polo que a súa descrición é superficial. Finalmente, destaca a dualidade manifesta ao longo de toda a obra (tamén no título) entre lingua galega vs. lingua castelá, galego culto vs. galego popular e normativa da Real Academia Galega vs. normativa reintegracionista, que leva a unha dobre interpretación suxerida polo autor: que por unha banda vemos como normalidade o bilingüismo existente na sociedade galega, pero que pola outra a existencia de diferentes normativas impide o consenso e frea o proceso normalizador.




Navarro, María, “Paisaxes do labirinto”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Narrativa”, marzo 2002, p. 24.

Despois dalgúns datos biobibliográficos de Francisco Castro analízase o seu libro *Xeografías*, aparecido en decembro de 2001. Indícase que o conxunto de relatos que constitúen este volume están estructurados en cinco bloques: “Teoría do puritanismo”, “Fetichismos simbólicos”, “O pracer de derrubar ídolos”, “A erótica do poder” e “A

perversión”, dos que nos ofrece a grandes trazos o seu argumento. Así mesmo, indícanse as características de *Xeografías*, como por exemplo a combinación do uso do monólogo, coa presencia dun narrador omnisciente en terceira persoa, o emprego de imaxinativos xogos de palabras, etc. Así mesmo, ponse en relación este libro coa colección “Narrativas Quentes” presentada por Edicións Positivas e destinada á ficción erótica. Finalmente, sinálase que esta obra é unha mostra máis de que a literatura galega circula por vías ata o de agora pouco exploradas ou escasamente concorridas.




Neira, Manuel Xosé, “Breves historias líricas”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, xaneiro 2002, p. 26.

Estudio da obra *Do lusco-fusco* (2001), de José Alberte Corral Iglesias, de quen se achegan os datos biográficos e bibliográficos sinalados na lapela do libro. Explica que a obra está formada por unha serie de narracións breves (sen título e unicamente enumeradas) que, pola súa calidade ben poderían ser da autoría do propio Castelao. Sinala que os relatos semellan poemas en prosa, nos que non hai liña argumental definida e nos que os excesos líricos abundan ou que están presentes, así mesmo, os seres da imaxinería popular como

os mouros, os trasgos, etc. Indica que nos relatos hai un certo exceso de tristura, ademais de observar reminiscencias coa obra de Miguel Torga.




Neira, Manuel Xosé, “De lóstregos e moxenas”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Poesía”, febreiro 2002, p. 26.

Comentario de *Retablo de luces mestizas* (2001), de J. Estévez L., unha obra de edición do autor. Dá algúns datos biográficos do autor e indica que xa publicou outros dous libros e que aínda ten outro inédito. Explica que o contido dos poemas se basea nunha reivindicación social dende un nivel intimista e persoal; sinala, ademais, que hai reminiscencias e referencias a Méndez Ferrín, Sartre, Simone e Mao. Critica a incorrecta colocación do artigo,
o abuso de adxectivos, do epíteto e da construcción substantivo/preposición de/substantivo. Subliña, ademais, o léxico empregado polas súa inconcrecións e polo abuso que fai de termos propios das ciencias tecnocráticas. Indica, finalmente, que é unha obra mal elaborada formalmente e que emprega unha ironía bastarda que resulta empalagosa.

Neira, Manuel Xosé, “Un volume plural”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Estudios Literarios”, abril 2002, p. 29.

Comentario sobre a obra de Emilio Araúxo, *Do lado dos ollos*, publicada por Edicións do Cumio, na súa colección “Documenta”, no ano 2001. Sinala que se trata dunha sucesión de conversas con setenta e nove poetas do mundo “arredor do feito lírico”. A seguir, ofrécese unha mostra das cuestións que aparecen no libro e unha listaxe dalgúns dos poetas galegos que deixaron as súas opinións reflectidas nas páxinas do presente volume. Trátase, entre outros, de Xulio Calviño, Bernardino Graña, Celso F. Sanmartín, Chus Pato, Lupe Gómez, Manuel Outeiriño, María do Cebreiro, Mónica Góñez ou Uxío Novoneyra. Para rematar, comenta que se trata dunha obra que nos axuda a coñecer mellor “os miolos do que resulta ser o proceso creativo, cómo cada autor elabora as súas obras, cómo compón o seu producto, cómo adobía o seu prato literario”.

Neira, Manuel Xosé, “Pulcritude formal”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Poesía”, maio 2002, p. 24.

Tras achegar algúns datos biobibliográficos do autor de *Acaso o inverno* (2001), Carlos Penela, como o seu primeiro título publicado, *As linhages do frio* (1998), VI Premio de Poesía Espiral Maior ou o seu traballo como traductor, menciónanse outros galardóns acadados como o XIII Premio Rosalía de Castro da Asociación Cultural Galega de Cornellá en Barcelona e o XIII Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón co presente poemario. A seguir, ofrécense algunhas consideracións sobre *Acaso o inverno*, que amosa, en opinión de Manuel Xosé Neira, un poeta dono do oficio literario polo dominio da dicción, a redacción literaria, que por veces semella anglófila, e a vontade de estilo. Entre a temática presente no volume recoñece o sentido do paso do tempo, a devastación das xeografías da memoria e a melancolía, así como certas influencias de Méndez Ferrín, Cunqueiro e Eusebio Lorenzo Baleirón. Sinala tamén a súa conexión coa xeración dos oitenta que se plasma nun “hábito no dicir, unha música constante, un discurso moi literario pero quizais pouco aventurado, autoesixente, pero cun control moi meditado”, trazos que o separan da “imperfección ou suposta falta de estilo dos 90, con textos, os destes, moi experimentais”, aínda que, como eiva, achácalle demasiada narratividade. Conclúe salientando que se trata dun libro moi ben escrito, con pulcritude e esixencia formal, no que se celebra unha estética do silencio e da

desposesión, feitos que converten a Penela nun autor que ten abondo que dicir, e que, en definitiva, se trata dun "libro artesanal que se presta a ser celebrado nas nosas bibliotecas".

Neira Vilas, Xosé, "Tiña o poeta dúas patrias", *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, "Homenaxe a Avilés", marzo 2002, p. 34.

Comeza referíndose ás dúas patrias que tiña Avilés de Taramancos, Galicia e Colombia, e ao feito de compartiren o destino de transterrados, da solidariedade respecto dos "pobres da terra" e o seu interese polo futuro de Galicia. Céntrase en describir cómo coñeceu a Avilés de Taramancos a través da revista *Tapal*, cómo mantivo correspondencia con el, a través da que coñeceu o seu periplo vital e o encontro persoal en 1981. Tamén alude ao feito de que tivera que marchar, en certa maneira, por uns folletos que Neira Vilas lle enviara das *Xornadas patrióticas galegas*, nos que se recollían os discursos do "Día dos nosos mártires" e polos que estaba fichado. Considera que nunca se arrepentiu desta decisión e que a emigración marcou a súa vida e a súa obra. Ademais de destacar o seu lugar privilexiado nas Letras galegas lembra as homenaxes recibidas despois da súa morte e a súa pervivencia a través da súa escrita.

Nicolás, Ramón, “De naufraxios e cancións”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, xaneiro 2002, p. 25.

Sinala que Francisco Castro é un articulista e especialista habitual na crónica dun xornal vigués, gañador de “Relatos Cidade Vella de Santiago” en 1990 e autor de *Amor de cinema* (1991), unha triple entrega que presentou no mercado a numerosos escritores noveis, así como de *Play Back* (2000), Premio de Novela curta Manuel Lueiro Rey. Céntrase, a seguir, no seu último libro *A canción do náufrago* (2001), no que indica que se inclúen once relatos, dos cales oito deles están relacionados pola intención do autor de experimentar o mundo amoroso. Entre todos eles destaca, pola súa calidade, “Nós non somos bárbaros”, no que fala dos rituais e liturxias que rodean o paso da adolescencia á madurez, e “Xisela”, no que relata a vida dunha meiga.

Nicolás, Ramón, “Narradores do XIX recuperados”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Narrativa”, febreiro 2002, p. 24.

Sinala, en primeiro lugar, que Ángel Vázquez Taboada e Roque Pesqueira son dous autores da nosa literatura que adoitan aparecer nos manuais de literatura mediante dúas breves referencias de carácter secundario; isto débese, sobre todo, á inaccesibilidade dos seus textos. A este respecto, informa da reedición de dous dos seus libros, que veñen de ser publicados na Colección Narrativa Recuperada, que foi creada polo Centro Ramón Piñeiro e coordinada por Modesto Hermida. Os volumes aos que fai referencia son *As noites no fogar e outros textos* (2001), de Ángel Vázquez Taboada, nunha edición de Alexandra Cabaleiro, e *Relatos e outras prosas* (2001), de Roque Pesqueira, nunha edición de María Teresa Araújo. Explica que o primeiro volume ofrece, ademais do libro que lle dá título, dez relatos publicados en diversos medios e un estudio da actividade xornalística e literaria do autor. Con respecto ao segundo, sinala que inclúe nove relatos e vintesete textos heteroxéneos en galego nos que hai diferentes focos temáticos: homenaxes a escritores galegos, tema amoroso, loanzas a Galicia e exposición de males que esta padece.

Nicolás, Ramón, “Cadaleito de brétema”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Narrativa”, abril 2002, p. 23.

Comentario da obra *Un baile de moscas* , de Kiko Neves, publicada no ano 2001 por Edicións Xerais de Galicia na serie Abismos da súa colección “Peto”. En primeiro lugar, cítanse outras obras do autor como *Ruído de Motos* (1997) e *Un poema de amor* (1998). A continuación, coméntase que a obra se pode chamar novela; sen embargo, trátase dunha serie de cen entregas ordenadas inversamente, da noventa e nove á número cero, motivo polo que tamén se pode facer unha lectura fragmentaria e mesmo inversa, “onde o relevante non é a liña argumental, nin tampouco cómo se conta, senón ese desexo de deixar entrar o lector nunha sorte de caos imprevisto e inesperado”. Finalmente, coméntase o argumento da obra, protagonizada por Xonás.

Nicolás, Ramón, “Letras galegas en Euskadi”, *Guía dos libros novos*, nº 41, “Estudios literarios”, xuño 2002, p. 27.

Presenta o volume *Letras galegas en Deusto. Dez anos de estudios galegos (1991-2001)* (2001), coordinado por Mª Luz Suárez e Isabel Seoane, como unha homenaxe á creación da Cátedra de Estudios Galegos na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Deusto hai dez anos. Sinala que nel se recompilan contribucións dedicadas a Galicia e vinculadas á

comunidade galega residente en Euskadi. Detense na introducción, realizada polo decano da Facultade, Roberto Pérez, da que salienta que se trata dun percorrido polas actividades desenvolvidas nesta Cátedra, e no artigo de Manuel Regueiro, centrado na interacción entre galego e castelán en Galicia. A seguir cita as contribucións de José María Paz Gago, "O Antroido no teatro galego contemporáneo"; de Silvia Bermúdez, da Universidade de California-Santa Bárbara, "*Festa da palabra* y el canon literario contemporáneo: la labor (des)mitificadora de Chus Pato y Ana Romaní"; e o artigo de Dolores Vilavedra sobre a narrativa galega. Destaca polo seu especial interese para o lector galego a intervención de Xesús Alonso Montero, "Traducción inédita ó euskera, por Juan Anjel Etxebarria, de *O bendito San Amaro* de Ramón Cabanillas. Cunhas notas preliminares", no que se reproduce un documento valioso para o coñecemento de Cabanillas; "Os galeguistas e a Real Academia Galega. Dúas cartas inéditas de Castelao", de Isabel Seoane; e "Opinións de Otero Pedrayo sobre o nacionalismo vasco. Exhumación de dúas entrevistas publicadas no diario *Euzkadi*", de Xosé María Dobarro en colaboración con Isabel Seoane, que recupera dúas entrevistas realizadas a Otero Pedrayo no diario do Partido Nacionalista Vasco nos anos 1932 e 1933. Finalmente, cita os artigos de Juan Villar e salienta a pluralidade temática do volume e as diversas orientacións e análises que contén.




Noia, Camino, “Casares, escritor”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 127, marzo-abril 2002, pp. 77/225-85/233.

Ofrece un artigo no que se resume a obra de Carlos Casares, “como loanza póstuma do escritor”. Comeza a análise cunha afirmación na que declara que a vida literaria de Casares está marcada fundamentalmente por tres etapas, “que corresponden cos espacios ourensáns, santiagueses e vigueses da súa existencia”. Cita, a seguir, os primeiros textos que escribiu para os máis pequenos: *A galiña azul* (1968) e *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973). Sinala que como ensaísta histórico publicou *Un país de palabras* (1998), no que relata as súas anécdotas con aquelas persoas “que máis influíron na súa maneira de entender a existencia”. No seguinte apartado alude á obra narrativa do escritor ourensán. Cita, a seguir, algunhas das súas obras: *Vento ferido* (1967), un conxunto de relatos que constitúen “un mosaico de existencias humanas tiradas do día a día e sometidas a tráxicos dramas persoais en ambientes de violencia e de crueldade, que teñen como referentes espacios da Galicia rural e urbana”. Pola súa banda, *Cambio en tres* (1969) “é unha historia de desarraigo social e de emigración contada mediante unha visión

retrospectiva ó morrer o protagonista en accidente de tráfico". Despois desta etapa inicial, Casares publica *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), unha autobiografía na que conta "a historia de forma tradicional, aínda que desde a perspectiva interior, subxectivista". Así mesmo, nesta época tamén publicou *Os escuros soños de Clío* (1979), no que fai "unha narrativa de fabulación histórica con elementos de fantasía nos que recordan, nuns casos, a narrativa de Cunqueiro e, outras, a de Borges". En canto ao terceiro período na narrativa de Casares, comenta que publicou *Os mortos daquel verán* (1987), no que utiliza "a linguaxe curialesca da Xustiza nas declaracións de dez personaxes para contar a historia dun asasinato". Así mesmo, en *Deus sentado nun sillón azul* (1996), última novela publicada por Casares en vida, ofrece unha "historia de amor e de compromiso político contada a través das lembranzas dunha muller de idade avanzada". Para rematar, alude a *O sol do verán*, obra que se vai publicar postumamente.




Noia, Camiño, “Casares en la Nova narrativa galega”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 38-39.





Fai un percorrido pola producción de Carlos Casares, dividindo a súa vida literaria en tres etapas que se corresponden cos espacios de Ourense, Santiago e Vigo onde habitou. Logo céntrase na producción na época denominada como Nova Narrativa coas súas obras *Vento ferido* (1967) e *Cambio en tres* (1969). Caracterízaas como historias que reflexionan sobre a condición humana pasando pola intolerancia política, a angustia pola soidade e a falta de liberdade.

Noia, Camiño, "Desde a memoria tranquila da madurez", *Tempos Novos*, nº 62, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", xullo 2002, p. 78.

Achega unha aproximación a *Pedinche luz prestada* (2001), de Marica do Campo, despois de se referir á súa obra anterior. Sinala que o poemario "de formas clásicas" acolle "desde a lembranza persoal unha antiga paixón gardada na memoria tranquila da madurez". Procura unha caracterización da voz poética percorrendo os sonetos que conforman o volume e observando cómo é presentada a relación na que se debate entre "sentimentos contradictorios".

Novo, Olga, “Diótima lee en los ojos de Eros”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 24-27.

Deténdose en determinadas figuras da literatura galega achégase á temática do amor, do erotismo e do pracer carnal. Comeza destacando que xa nas cantigas de amigo e nas de “escarnho e maldizer”, se atopan fermosas invitacións ao pracer nas primeiras, e abundantes mostras do erótico-obsceno nas segundas. A seguir, despois de ofrecer exemplos de cantigas que avalan este feito, achégase á poesía popular e salienta que a través do cancioneiro se poden coñecer as ideas que hai na nosa cultura sobre o sexo, o amor, o erotismo e as relacións interxenéricas. Destaca tamén que a simboloxía erótica presenta unha riqueza sorprendente nas manifestacións populares e detense, a continuación, na obra de Rosalía de Castro, autora da que comenta a súa inspiración nos cantares do seu pobo, sobre todo en *Cantares Gallegos* (1863), obra que, segundo indica, é totalmente oposta a *Follas Novas* (1880) no que respecta á visión das relacións amorosas. Analiza, ademais, baixo o título de “En el éxtasis de la luz”, a poética de Luz Pozo Garza, e baixo o de “En el centro de la vida”, a de Claudio Rodríguez Fer. Da primeira salienta que dende a súa primeira obra hai xa unha busca da harmonía desde a exaltación pagá e

dionisíaca a través dunha sensualidade desbordante, aínda que tamén distingue nesta autora varias etapas respecto á súa visión do amor. Por último, respecto a Claudio Rodríguez Fer, comenta que con el se dá un xiro fondo no discurso galaico sobre o sexo e o erotismo, e que a partir de certo momento a súa poesía xa non se di, senón que se vive.




Novoneyra, Uxío, “O eco, inda resoante, de ‘Grándola”, *Amastra-n-gallar*, nº 3, primavera 2002, pp. 72-73.

Recorda a composición “Grándola” cantada por José Afonso no Parque das Nacións de Santiago de Compostela e recolle o poema que, seis anos antes de dicir “Grándola”, o soño da liberdade fixo dicir diante da “porta xorda” da dictadura. A seguir, lembra a emoción que experimentou cos caraveis colorados do 25 de abril e como esa emoción se repite ao escoitar a citada canción do José Afonso. Comenta que “un, soñaba atopar un día, como el atopou, toda unha pequena cidade, de, solidaria como aquela, e, por que non, todo, un, pobo solitario”, polo que reproduce a letra de “Grándola” para que nos valla para ensaiar mentres agardamos.

Núñez Seixas, Xosé Manuel, "Polos vieiros da emigración", *Guía dos libros novos*, nº 37, "Historia", febreiro 2002, pp. 6-7.

Dá conta da reedición de *Polos vieiros da saudade* (2001), de Ramón Otero Pedrayo, na que o autor ourensán reflexiona sobre a emigración galega, nunha obra que escribiu despois de viaxar en 1947 a Cuba e que publicou, por primeira vez, en 1952. Explica que o libro ten un marcado carácter vivencial, pois describe a viaxe dende que saíu de Trasalba ata que se despide de Castelao para o seu regreso. Sinala, ademais, que está precedida por unha introducción de Luís G. Tosar e dunha contextualización histórica de Afonso Vázquez-Monxardín. Por outra banda, dá conta da última publicación da colección "A Nosa Diáspora", que se trata da tese de licenciatura da historiadora Ana Cabana Iglesia, *Pedro Murias, tabaqueiro na Habana, indiano na Devesa*.

O.T., "Unha obra de consulta de grande utilidade para os investigadores", *Eco*, nº 131, "Sociedade", abril 2002, p. 80.

Refírese á saída do CD que recompila os *Informes de Literatura 1995-2000* (2001) que edita o Centro Ramón Piñeiro e lamenta que nesta ocasión non se presente acompañado da correspondente versión en papel. Atribúe esta carencia inesperada a un "axuste de presupostos" e sinala que, na súa opinión, é un triste suceso que puidese ser reparado no futuro con carácter retroactivo e se non é así sería un despropósito "que condena ó lector (convertido en usuario) á procura da luz polo labirinto aínda imperfecto do CD nun ordenador". Repara nas carencias do formato como a lentitude das buscas ou a imposibilidade de facer buscas cruzadas. Aínda así cualifica o traballo de impagábel e inédito no panorama institucional do país, valora a exhaustividade da recolleita e a presencia das estatísticas. Conclúe reclamando ás instancias públicas "que non empobrezan os acertos conseguidos no campo da cultura" e pedindo a edición en formato libro xunto con outras posíbeis melloras: medios de busca cruzada no CD, máis colaboradores para adiantar a publicación en polo menos medio ano e maior coordinación e formación dos bolseiros, "que ás veces non atinan nos seus resumos coas claves dos contidos". Ademais destas reclamacións envía unha sincera felicitación á directora do proxecto, Blanca-Ana Roig Rechou e aos seus colaboradores.

Ogando, Iolanda, “Robertovidalbolaño”, *Escaramuza*, nº 14, decembro 2002, p. 8.

Comenta, para comezar, que o labor de Roberto Vidal Bolaño é “a encarnación máis clara da difícil navegación nas complicadas augas do teatro galego”. Engade que se deu a coñecer na Mostra Abrente de Ribadavia na década dos setenta e que iniciou “de forma real o camiño da profesionalización do teatro galego”. Fixo, así mesmo, unha das primeiras propostas para a creación dunha residencia teatral “ben atendida” e escribiu a primeira obra dun autor galego representada polo Centro Dramático Galego. Remata o artigo comentando que “gracias ao seu incesante traballo por dinamizar, renovar e consolidar o teatro galego, Roberto Vidal Bolaño converteuse nestes últimos anos nun clásico vivo da nosa literatura dramática”.

Pascual, Itzíar, “As voces de Penélope”, *Revista Galega de Teatro*, nº 31, “Textos”, verán 2002, [34 pp.].

Nesta nova entrega de textos de creación da *Revista Galega de Teatro* publícase *As voces de Penélope*, peza teatral da dramaturga española Itzíar Pascual (1967) traducida ao galego

por Xosé Manuel Pazos Varela. A obra vai dividida en dúas partes, que constan á súa vez de dezanove pequenas escenas (nove corresponden á primeira parte e as restantes á segunda) e un acto final titulado “Moitos anos depois… A miña historia certa”. Un obxecto, o Tear, comparte protagonismo coas tres mulleres que dialogan no escenario: Penélope, A muller que espera e A amiga de Penélope. Trátase dunha actualización do clásico homérico, feita dende o punto de vista feminino e feminista, onde a música contemporánea posúe unha gran importancia e onde a ausencia, a soidade e a espera son os temas clave.




Paz Gago, José María, “The Big Brother. O teatro e o audiovisual”, *Grial*, nº 154, Tomo XL, “O audiovisual galego”, abril-maio-xuño 2002, pp. 329-338.

Estudio que se achega á relación entre o teatro e as innovacións audiovisuais, destacando dende o principio que estas lle ofrecen ao teatro novas modalidades artísticas e novas posibilidades expresivas. No repaso que fai pola historia desta relación céntrase en destacar que o teatro sempre acolleu as innovacións lumínicas, acústicas e visuais, chegando a afirmar que o espectáculo teatral actual está marcado pola evolución do audiovisual debido a que o teatro ten unha inesquecíbel dimensión social e mantén diálogo constante coa

evolución técnica e cultural da sociedade na que se insire. Ademais disto baixo o epígrafe de “Interferencias” expón algunhas das “pretecnoloxías audiovisuais” que se podían ver en distintos teatros de Galicia, así como o efecto que causou a aparición do cinema. Complementando a este apartado estudia algunhas das interferencias do medio audiovisual dentro do teatro galego actual. Segundo apunta, a primeira proxección cinematográfica dentro dunha peza teatral foi en *Retorno a Tagen Ata*, aínda que os dramaturgos que máis se achegan ao mundo do audiovisual son Suso de Toro e Manuel Guede, dos que sinala distintos títulos nos que este está presente. Remata o artigo cun epílogo no que critica duramente algún programa televisivo.




Pazó, Noemí, “Euloxio R. Ruibal: unidade e pluralidade”, *Revista Galega do Ensino*, nº 37, “Recensións”, novembro 2002, pp. 201-204.

Noemí Pazó debulla o volume *Teatro, cerimonia e xogo. (A traxectoria teatral, literaria e cinematográfica de Euloxio R. Ruibal)* (2001), no que se destaca que o seu compilador, Anxo Abuín, propón a xeito de glosario as claves para entender a obra de Ruibal. Detense nos diferentes artigos sobre o seu teatro –que tanto falan do conxunto da súa obra como

dalgunhas obras en particular–, sobre a súa obra narrativa así como sobre a súa faceta de guionista, e remata salientando que é unha obra rigorosa que “supón o primeiro elo dun ambicioso traxecto”.




Pedreira, Penélope, “Símbolos do cotián”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Poesía”, marzo 2002, p. 28.

Comentario de *Casa atlántica, casa cabaret* (2001), segundo poemario de María Lado Lariño (Cee, 1979). Achéganse en primeiro lugar uns breves datos da obra e da actividade cultural da autora, como a súa participación no Batallón Literario da Costa da Morte ou a presencia dos seus poemas en diferentes antoloxías. Sinálase que a obra en cuestión está composta por dezasete poemas, realmente fragmentos dun só, e que están escritos en verso libre, sen puntuar e xogando coas posibilidades tipográficas. Así mesmo, dise que nestes textos se vai reconstruíndo o pasado a través dos obxectos, que dan título á meirande parte dos poemas, e de anacos de conversas. Afírmase que nestes poemas atopamos o obxecto cotián elevado á categoría de símbolo. Coméntase por fin a multiplicidade de voces que escoitamos en *Casa atlántica, casa cabaret*, pertencentes na

súa meirande parte ao pasado que se evoca, así como que é unha voz en primeira persoa a que fía un discurso sementado doutras (a do pai, a da nai, a chamado por veces “neno”).




Pedreira, Penélope, “Retrato dun corazón doído”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Poesía”, maio 2002, p. 25.

Dá conta da publicación do último poemario de Sabino Torres, *Intres de soidade* (2001), e alude aos contidos do prólogo de Xesús Alonso Montero que encabeza o volume, onde se trata de emendar o “inxusto tratamento” que, segundo el, recibe o autor no *Diccionario biobibliográfico de escritores* e na *Gran Enciclopedia Gallega*. A seguir repasa outros aspectos recollidos por Alonso Montero: o seu labor vital no ámbito cultural da posguerra, a súa participación cando novo na revista *Finisterre,* xunto a Emilio Canda e Celso Emilio Ferreiro, a dirección do xornal *Ciudad* (1946-1948), a subdirección do semanario *Litoral*, a creación en 1949 da colección de poesía “Benito Soto”, xunto a Manuel Cuña Novás eEmilio Álvarez Negreira, ou xa no exilio a dirección dende 1992 da colección de poesía “Hipocampo Amigo”, onde publica o seu primeiro poemario en galego, *Ondas do mar comigo* (1997). En relación a *Intres de soidade*, detense nas tres partes que conforman o libro,

salientando que na primeira, “Penas”, o poeta mantén un diálogo coa amada xa morta; na segunda, “No parque”, destaca o protagonismo da natureza, concibida dun xeito romántico, do mundo animal e vexetal coa interacción humana, e do ton nostálxico da infancia perdida; e na terceira, “Soidades”, resalta a homenaxe a Rosalía de Castro e o tormento que sofre o poeta pola soidade e os recordos. Conclúe destacando o fondo discurso poético do poemario e o seu ton elexíaco e nostálxico.




Pena, Xosé Ramón, “Alborada das nosas letras”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Poesía”, febreiro 2002, p. 28.

Dá conta da publicación da edición facsimilar de *Poesías galegas (“Égloga de Belmiro e Benigno” e “Alborada”)* (2001), de Nicomedes Pastor Díaz, que leva un prólogo de Ramón Nicolás. Indica que Pastor Díaz é un dos chamados Precursores da literatura galega e que foi autor, en galego, de “Alborada”, un texto que apareceu nas páxinas do *Museo Artístico Literario* en 1928, e un grupo de silvas tituladas “Égloga de Belmiro e Benigno”, ambostextos editados por Xosé Mª Álvarez Blázquez en 1951. Valora moi positivamente esta edición e indica que a obra vai precedida dun breve e interesante prólogo.

Penas, Ánxeles, “O mito da deusa nai na poesía de Antón Avilés”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 73-75.

Análise da presencia na poesía de Antón Avilés de Taramancos do arquetipo da terra como un ente sobrecolledor e sagrado, autor no que considera que ten máis forza ca en ningún outro autor galego. Unha característica que observa é a confrontación da terra co mito do heroe no eterno conflicto de luz fronte ás tebras, así como a loita de redención desa terra/nai. Para Penas a imaxe da Escura Deusa Nai “estremece” os versos do poeta, en especial en *Última fuxida a Harar*, onde se fai patente a presencia da morte. Destaca a importancia na obra de Avilés da presencia feminina, especialmente a forza que adquire a avoa Pastora en *Nova crónica das Indias*, que malia a súa ausencia física simboliza o mito do eterno retorno. Atende tamén ao papel preponderante que adquire Galicia como “a eterna e inconmovible casa da Deusa nai”. Atopa na poesía de Taramancos concomitancias coa de Rosalía de Castro ou Luís Pimentel a través da presencia da sombra, froito da incerteza, da ausencia ou do incognoscíbel, aínda que as “imaxes aurorais” e o “Reino da luz” é o destino ao que conduce a Nai aos seus fillos.

Pereira, Dionisio, “As bicicletas son para o verán...e os libros tamén”, *Tempos Novos*, nº 63, “Entregas culturais”, agosto 2002, pp. 48-49.

Recomenda para o verán a lectura de tres estudios ensaísticos: *Cercedo: Materiais para o estudio da freguesía de San Xoán de Cercedo. Inventario xeral*, de C. Solla Varela; *Carolina Otero* (2001), de Marga do Val; e o ensaio político *Tempo de sermos*, de G. Constenla. Preséntaos brevemente, aludindo principalmente ás claves temático-estructurais. Así do primeiro destaca a recollida de material etnográfico ao estilo de Sarmiento ou ao do Seminario de Estudos Galegos. Do traballo de Marga do Val apunta que “recrea, mediante minucioso traballo de documentación e suxestivo estilo, o abraiante acontecer de Belle Otero”.

Pérez Lorenzo, Simeón, “Poesías inconexas e inconclusas”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 58, “Auria das letras”, febreiro 2002, pp. 36-37.

Recóllense catro poemas de Simeón Pérez Lorenzo (Oímbra, 1960), apúntanse algúns datos da súa biografía e sinálase que está a completar o seu traballo *Poesías inconexas e inconclusas* "para poder ver a luz da editorial algún día".

Pérez Lourido, Manuel, "Escolma poética", *A Taboada*, nº 5, xullo 2002, pp. 91-94.

Tres poemas compoñen esta escolma de Manuel Pérez Lourido: "que fago (a modo delimiar)", "Sinais de identidade" e "Érguete das sombras". No primeiro deles, Manuel Pérez fala da súa actividade dun modo disperso, o segundo presenta unha sorte de recompilación dos sinais de identidade do pobo galego, ao que o autor pertence, e o último poema aparece dedicado a Roberto Blanco Torres, a quen o poeta se dirixe instándoo a erguerse das sombras e facerse verso novamente.

Pérez Rodríguez, Luís, "As poesías galegas de Federico García Lorca", *FerrolAnálisis*, nº 17, "Separata Especial", 2002, pp. 100-103.

Este artigo aparece descrito xa no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Pérez Romero, Miguel, "O teatro de Euloxio R. Ruibal", *Casahamlet*, nº 4, "Estudios", maio 2002, pp. 106-107.

Artigo reivindicativo da figura dramatúrxica de Euloxio R. Ruibal, de quen sinala que está sendo ingorado polo Centro Dramático Galego e polas compañías profesionais. Lembra o seu inicio como gañador do primeiro Premio Abrente en 1973 con *Zardigot* e a sorte de obras como *O roubo do aparello*, *As falcatrúas do marqués Patacón* ou *O cabodano*. Sinala outras pezas que foron representadas como *Azos de esguello*, *A outra* ou *A sonada e proveitosa enchenta*, aínda que lamenta que boa parte da súa producción non fora levada a escena. Caracteriza o seu teatro como froito da combinación do vangardismo e o experimentalismo con elementos da cultura popular galega. A seguir, achégase a algunhas das obras máis recoñecidas do autor, das que sinala o estilo, a temática e recolle opinións de estudiosos sobre elas. Comeza por *Zardigot* (1974), da que sinala que é unha traxedia

descarnada, de linguaxe espida e contundente na que se narra a crueza da guerra. De *A sonada e proveitosa enchenta do marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida* (1975) sinala que presenta unha linguaxe moi barroca, cunha técnica de teatro cerimonial e na que se desenvolve un pranto que é unha alegoría do poder absoluto. De *O cabodano* sinala que vén a ser unha "especie de misa negra" na que se parodia a liturxia católica. Considera que con *A sombra do bon cabaleiro* se entra no ámbito das lendas e fadas, que combina con elementos da cultura popular galega, mentres que despois dun tempo de silencio volveu con dúas pezas moi relacionadas como son *Azos de esguello* (Premio Álvaro Cunqueiro 1989) e *Unha macana de dote*, nas que a través da sátira farsesca critica o xeito rápido de medrar dun sector da sociedade galega, nas que emprega os diálogos breves e un ritmo cinematográfico. De *Maremia* sinala que é unha traxedia moderna moi dura na que
o ser humano se sente abafado e na que se lanzan mensaxes cara a responsabilidade coas armas nucleares e os productos tóxicos. Tamén se achega a *O son da buguina* (1999), peza que contrapón a *Zardigot*, que malia tratar a mesma temática bélica muda totalmente o seu enfoque. Remata nomeando as súas pezas de teatro infantil (*Cousas da morte*, *A gárgola* ou *Luscofusco*) ademais de ofrece unha bibliografía teatral.

Pérez Romero, Miguel, “Teatro e traducción”, *Anuario Galego de Estudios Teatrais 2001*, “Artigos e notas”, 2002, pp. 169-175.

Fanse algunhas consideracións xerais sobre a traducción do teatro partindo da experiencia do autor como traductor de Shakespeare ao galego. Discútese a distinción feita na teoría da traducción entre traduccións para ser lidas e traduccións para ser representadas, que o autor considera carente de sentido ao só poder acadar o texto teatral a súa plenitude na representación escénica. Abórdanse cuestións como a importancia das didascalias implícitas no diálogo, as notas explicativas e informativas, o equilibrio entre fidelidade e liberdade na traducción, ou a necesidade de que a obra traducida conserve a multiplicidade de sentidos e ambigüidades do orixinal.

Pernas Cora, Gustavo, “A vella sensación do prohibido. Peza pintoresca e Pinteriana”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 38-41.

Breve peza teatral de Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959) que ten como protagonista a un matrimonio que vai tirar un colchón a un monte. Mentres soben van falando e recordando

que hai vintecinco anos que foron alí por primeira vez e fixeron o amor no monte. Agora todo está rodeado de néboa e a parella parece ter problemas para conectar os seus recordos, que difiren bastante entre eles. A conversa vai derivando sobre si mesma e sobre o recordo ata chegar a un punto case surrealista. Nas últimas liñas, mentres ambos fan o amor de novo no monte, ela pídelle a el que diga o seu nome, pero é unha voz allea quen o berra, feito que malia que os estraña non os arreda do seu tema de conversa, que xira sempre arredor da vella sensación do prohibido.




Piñeiro, Antonio, “O Carrabouxo: mestre da rexouba”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 60, “Personajes”, abril 2002, pp. 12-17.

Entrevista con Xosé Lois González, o Carrabouxo, na que se repasan as principais características da retranca que vén empregando nos seus deseños dende hai vinte anos e asemade reprodúcense algúns dos seus debuxos máis representativos.

Piñeiro, Patricia, “Silencios de guerra”, *Revista Galega de Teatro*, nº 32, “Textos”, outono 2002, [22 pp.].

Peza teatral de Patricia Piñeiro, traducida ao galego por Mª Xosé González Domínguez, que está estructurada en sete actos titulados, precedidos dun breve limiar no que a voz número 1 anuncia que non se diga a palabra prohibida para que non a escoiten as víctimas. Cada un dos actos, que teñen como fío conductor as consecuencias da guerra e as diferentes posicións que no conflicto ocupan uns personaxes e outros, está protagonizado por víctimas que non son identificadas mais que con cadanseu número: unha nena que pide esmola na rúa, un militar que conversa coa muller dunha das víctimas e un neno morto que se lle aparece á súa nai. A través dun ambiente abafante e a simboloxía de espacios baleiros, póñense de manifesto as graves consecuencias dun conflicto que deixa víctimas de ambos lados e no que se lle dá voz a seres anónimos para que dean a coñecer a súa soidade e indefensión.

Pisón, Xesús, “Serpe”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 42-45.

Diálogo surrealista de Xesús Pisón (Ferreira de Valadouro, 1954) entre dous interlocutores denominados *1* e *2* que falan, de noite, da borracheira, de mudar a pel e de asasinatos,

dicindo *2* que el mesmo é un asasino. Finalmente, os dous foxen ao amencer dicindo que o socio volta para a cripta.




Pociña, Andrés e Aurora **López**, “Apuntes sobre cultura grecolatina en la poesía gallega”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 6-9.

Os autores deste artigo comezan destacando que xa noutros traballos trataron sobre a presencia da cultura grecolatina en poetas do século XIX e do XX. Detéñense agora nas figuras de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Aquilino Iglesia Alvariño, Luz Pozo Garza e Claudio Rodríguez Fer. Sobre a primeira autora salientan o feito de que aínda sen ter un amplo coñecemento dos autores do mundo antigo, foi Rosalía quen nos ofrece unha nova e fonda reinterpretación do mito de Penélope en dous poemas. En relación con este mito destacan tamén que foi interpretado de distinta forma por Xohana Torres e Xosé María Díaz Castro. Respecto a Curros Enríquez din que a pegada do mundo clásico aparece diluída ao longo da súa obra. Sobre Eduardo Pondal poñen de relevo a súa formación en latín e grego e das súas obras din que son un fito importante na literatura galega. Despois de tratar sobre estes autores do Rexurdimento céntranse na literatura do

século XX indicando que moitos dos autores teñen unha gran formación en letras con profesións afíns a elas. Primeiramente reparan en Aquilino Iglesia Alvariño a quen, segundo indican, non se entende sen os clásicos nin sen aqueles poetas que escriben no seu tempo noutras latitudes. A seguir, sobre Luz Pozo Garza destacan que as súas inquietudes literarias fan que trate con outros escritores galegos e admire as súas predecesoras americanas. Mais tamén contan entre as súas virtudes a súa "profundísima cultura clásica" como demostrou ao intercalar versos latinos das *Bucólicas* virxilianas nun poema do *Códice Calixtino* (1991), que aquí se reproduce. Por último, a Claudio Rodríguez Fer compárano con Catulo, "el poeta del verso atrevido", poeta que, como indican, aparece por todas partes nos seus libros, incluso nominalmente. Xustamente aquí expoñen un poema no que facendo unha mestura glosa a Hölderlin e a Catulo.




Portas Ferro, Xesús, “As teimas e os temas dun rebelde ata o final”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Memorias”, febreiro 2002, p. 10.

Comentario de *Diario íntimo dun vello revoltado* (2001), de Antonio Tovar Bobillo. Sinálase que o libro leva un prólogo de Xesús Alonso Montero, no que informa da historia da súa

redacción e que inclúe unha carta de Ramón Piñeiro a Tovar, datada en 1987. Sinala que a característica máis salientábel de toda a súa obra é a confesionalidade e explica que a idea de escribir as súas memorias vén de antigo (en 1987 xa publicou *Diario sen datas*). Nesta ocasión, presenta unha obra á que lle dá forma dun diario escrito en días salteados entre o verán de 1995 e 1996 e no que Tovar expón teimas, pensamentos e preocupacións presentes ao longo da súa vida. Sinala que no libro hai unha vontade manifesta de polémica, pois insulta a todos os que no pasado e presente admiten o que el rexeita (por exemplo, a existencia de deus). Destaca o intento de Tovar por facer crítica ideolóxica e sinala a ausencia do testemuño dunha vida e dunha época, como adoita acontecer neste tipo de memorias literarias. Indica, finalmente, que a expresión literaria é clara, directa e solta.




Postigo Aldeamil, Mª Josefa, “La actualidad cultural gallega en las publicaciones periódicas (2001)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Crónica”, 2002, pp. 127-130.

Repásanse os índices dalgunhas publicacións periódicas aparecidas ao longo do ano 2001 que se encontran nos fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade

Complutense ao peche deste número da revista *Madrygal*, facendo especial fincapé nos contidos relacionados coa cultura galega. Debido ao carácter sucinto deste resumo, recoméndase consultar outras publicacións como o *Informe de Literatura* do Centro Ramón Piñeiro. Recóllense os contidos das seguintes publicacións: *A Trabe de Ouro* (nº 45, nº 46, nº 47, nº 48), *Boletín Galego de Literatura* (nº 25), *Cadernos de Lingua* (nº 23), *Dorna* (nº 27), *Galicien Magazin* (nº 12), *Grial* (nº 150, nº 151), *El Museo de Pontevedra* (nº 55), *Revista Galega de Filoloxía* (nº 2), *Revista Galega de Teatro* (nº 27, nº 28), *Verba* (nº 28) e *Viceversa* (nº 6).




Pozo Garza, Luz, “La revolución silenciosa (Panorama interior)”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 19-20.

Neste artigo Luz Pozo Garza ofrece algunhas claves para interpretar o intimismo do poeta Luís Pimentel. Así mesmo manifesta a admiración que outros poetas como Dámaso Alonsoe José Ángel Valente sentiron por este escritor, chegando mesmo a dicir deste último que as ideas da súa poética van subliñando con delicada minuciosidade as inflexións pimentelianas. En xeral o que destaca da obra de Pimentel é o seu confinamento voluntario,

a súa revelación vivencial, o dominio do verso e do léxico, a súa soidade e a súa aprehensión ante a morte. Exemplifica todos estes aspectos con versos deste autor e conclúe dicindo que no conxunto destes datos está o secreto da revolución pimenteliana.




Puñal, Belén, “E a palabra fíxose carne”, *Tempos Novos*, nº 57, “Cataventos”, febreiro 2002, pp. 12-14.

Refírese a certos espectáculos poéticos que, afirma, se caracterizan pola “mestura de xéneros e artes”, “o contacto co público e a experimentación enterdisciplinaria”. Así cita, entre outros, *Prestidixitador*, de Ana Romaní e Antón Lopo; *Edénica*, de Yolanda Castaño, ou *A sereíña*, de María Ruído, Chus Pato e María Esteirán. Remata rescatando do pasado algún intento deste tipo, aludindo ao Grupo Rompente.

Quintairos, Xusto, “De vendima no Ribeiro”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 66, “Tradiciones”, outubro 2002, pp. 18-21.

Aproveitando o comezo da vendima no Ribeiro Xusto Quintairos, acompañado con fotografías de José Paz, reproduce versos de Eladio Rodríguez, tirados de *Oracións campesiñas* (1927), que describen este traballo centrándose na Ribeira ourensá.

Quintáns S., M., "Papeis de Literatura. Dez anos de revisión crítica", *Revista Galega do Ensino*, nº 34, "Recensións", febreiro 2002, pp. 317-320.

Sinala que *Papeis de Literatura. Dez anos de revisión crítica* (2001), de Ramón Nicolás, recolle unha selección de máis de cento cincuenta artigos e recensións sobre o quefacer literario galego do derradeiro decenio do século XX, mais tamén sinala que estamos perante unha revisión histórico-crítica da literatura desa altura. Finalmente, destácase que este libro debe ser "da maior utilidade para o estudiante" así como un agasallo para todos os curiosos da literatura galega.

Quintáns S., M., "Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia 1715-1970", *Revista Galega do Ensino*, nº 37, "Recensións", novembro 2002, pp. 163-166.

Comeza referíndose ás vantaxes do emprego do material en soporte electrónico, como é o caso do *Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia 1715-1970* do Museo Pedagóxico de Galicia, elaborado por Vicente Peña Saavedra, Manuel Fernández González e Óscar Montero Feijoo. Destaca que o usuario dispón a través da estructura moi sinxela de "libros e folletos" e "publicacións periódicas" da información referida ás 1.362 publicacións que se inclúen, das que explica a súa categorización e o feito de que son de autores relacionados dalgún xeito con Galicia. Explica as razóns da delimitación temporal entre 1715 e 1970 e pasa a explicar cómo están conformadas as fichas que se refiren ás publicacións catalogadas e os campos que se poden atopar, ademais de reproducir un exemplo aleatorio para facilitar a visualización do seu contido. Sinala que no apartado "Documentos" se poden consultar as siglas correspondentes á localización, onde tamén dá a opción de imprimir o material consultado. Ademais de chamar a atención sobre a importancia desta obra, sinala que son necesarios outros proxectos continuadores deste labor e as vantaxes da súa publicación en soporte libro, para facilitar o acceso a moitos interesados que poidan ter dificultades para manexar o soporte electrónico ou non fagan del unha utilización rendíbel.

Rábade Villar, María do Cebreiro, “Algunhas claves para un novo imaxinario galego”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Antropoloxía”, abril 2002, pp. 9-10.

Ofrécenos unha achega detallada á obra de Xosé Manuel González Reboredo e ManuelVilar Álvarez titulada *Galicia de lenda* e publicada por Hércules na súa colección “Galicia para soñar” no ano 2001. En primeiro lugar, céntrase no limiar que abre o libro. Nel, o profesor González Reboredo fala do contido do volume: un total de cento vintecatro lendas acompañadas por cadansúa fotografía. A seguir, María do Cebreiro salienta dous dos trazos “máis fermosos e novidosos da publicación”: a estreita relación entre os textos e as imaxes, así como o criterio de ordenación da mostra. A continuación, coméntase que o traballo achega “múltiples contribucións ó ámbito da antropoloxía cultural de Galicia. Para rematar, salienta o “indubidable interese” da obra e recomenda a súa lectura e consulta.

Rábade Villar, María do Cebreiro, “O aire doutros planetas”, *Grial*, nº 154, Tomo XL, “O audiovisual galego”, “Libros”, abril-maio-xuño 2002, pp. 344-346.

Estudio sobre o poemario *Elipse* (2001), de Xavier Rodríguez Baixeras, de quen destaca a súa “dilatada, sólida e coherente traxectoria literaria”, na que quizais esta obra, coa que obtivo o premio Antón Losada Diéguez, sexa un punto de inflexión. Dela destaca o equilibrio que hai entre unidade e variedade, cousa que consegue mediante cambios tonais, de voz e mesmo de lingua, ou mediante a conxugación de procedementos de carácter simbolista, surrealista e mesmo conversacional. Por outra banda cita a dous poetas cataláns dos que Rodríguez Baixeras se apropia personalizando as súas achegas, coincidindo por exemplo con Ferrater no tratamento que fai da figura feminina. Dos procedementos temáticos e estilísticos subliña o uso que fai de deícticos, topónimos e datas que apuntan a un “fóra do texto” e que conseguen un efecto de estrañamento. En canto á métrica indica que este autor demostra un grande espectro de posibilidades e salienta que o ritmo delongado dos seus versos favorece contidos de carácter meditativo e memorialístico. Ademais disto apunta o uso que se fai da poliglosia e da polifonía, aínda que en varios casos apareza unha “nonpersoa”. En definitiva, cre que este é “un lenzo poético abstracto”, aspecto que, como indica, xa se nota na ilustración da cuberta da autoría de Rafael Baixeras.

Ramos, Baldo, "*Raizames*", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 61, "Auria das letras", maio 2002, pp. 34-35.

Reprodúcense algunhas das composicións que integran o poemario *Raizames* (2001), do celanovés Baldo Ramos (Celanova, 1971), que foi publicado por Edicións Follas Novas, ademais de ofrecerse algúns datos biográficos deste novo poeta galego.

Ramos Mateo, Hugo, "Roberto Vidal Bolaño, *Mar revolto*, Santiago: Publicación do IGAEM, 2001, 295 páxinas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Recensións", 2002, pp. 170-171.

Comenta a última obra do autor, director e actor Roberto Vidal Bolaño, *Mar revolto* (2001), a quen considera un dos principais renovadores do teatro galego. Sinala que esta obra xurdiu como resultado da iniciativa da Comunidade de Teatro Galicia-Norte de Portugal e que se estreou no Teatro Campo Alegre de Porto en xuño de 2001 como coprodución do Centro Dramático Galego, a Companhia de Teatro de Braga, o Teatro do Noroeste, o Festeixo (Festival do Eixo Atlántico) e o Fitei (Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica).

Seguidamente achega un resumo argumental da obra e detense nos apartados deste volume mencionando a introducción de Manuel Guede sobre a orixe do proxecto, a do propio autor e a de José Martins, director artístico da obra e autor da versión en portugués do texto que tamén aparece no volume. Detense especialmente no estudio de Inmaculada López Silva, "que constitúe o máis salientable desta edición", centrado no teatro galego de posguerra e na obra de Vidal Bolaño. Recolle as ideas principais que aparecen nesta introducción, como a consideración da Mostra de Teatro en Galego e do Concurso de Textos Teatrais da Asociación Cultural Abrente de Ribadavia como fenómeno aglutinante do rexurdimento do teatro galego de posguerra e como foro de debate entre os partidarios do compromiso ou non compromiso político da literatura. Así mesmo salienta a concepción de López Silva a propósito dos precedentes e trazos xerais que permiten falar de "grupo xeracional" seguindo a teoría de Mannheim: "situación xeracional (compromiso democrático e galeguista nos últimos momentos do franquismo), conexión xeracional (o proxecto común de renovación da estética e a construcción dun teatro galego independente e maduro) e unidades de xeración (grupos concretos de reaccións homoxéneos e non necesariamente de idades aproximadas)". Seguidamente dá conta do resto dos apartados deste estudio, como os dedicados á figura de Vidal Bolaño como *autor factotum*, é dicir, que mestura

literatura e espectáculo, aos temas recorrentes na súa obra, como a reflexión sobre a morte e a súa relación coa liberdade humana, e á división temática do conxunto da súa producción que López Silva concibe distinguindo un ciclo xacobeo, ciclo do *dirty realism* e ciclo da represión dictatorial, onde encadra *Mar revolto*, obra á que dedica a última parte do seu estudio, destacando a dimensión humana e social da obra, a reflexión política sobre a revolución e o nacionalismo, aspectos que a conectan como *Doentes* (1997) e *Rastros* (1998), o exercicio de memoria histórica, a metáfora de liberdade e revolución que supón o título e o simbolismo do espacio, tempo e personaxes.

Raña, Román, "Paisaxismo delicado", *Guía dos libros novos*, nº 37, "Poesía", febreiro 2002, p. 28.

Dá conta da publicación do poemario de Xosé M. López Ardeiro, *Un xardín no tempo* (2001), que inclúe un prólogo de Luísa Villalta. Indica que neste prólogo se fala do traballo que supón poetizar a vida, para o que o poeta ten que trasladar a súa realidade vivida e circundante á realidade verbal. Indica que a poesía de López Ardeiro se constrúe ao redor de dúas coordenadas: o tempo e a distancia, que a descrición da natureza que rodea ao

autor ocupa un lugar relevante e que tamén describe outros lugares nos que o poeta viviu diferentes experiencias que se recollen nestes versos.




Raña, Román, “Melodía de vida”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Poesía”, marzo 2002, p. 27.

Despois de facer alusión á irrupción efervescente de voces femininas na lírica galega actual, cada unha coas súas particulares características, fanse comentarios respecto á obra *1999* (2001), de Helena de Carlos. Indícanse as pretensións da poetisa nela (entre outras, a elaboración dun diálogo co mundo, co lector invisíbel), así como as súas consecuencias no poemario. Igualmente, afírmase que a poetisa revela a experiencia do namoramento e do amor, que perturba os sentidos, e que para sempre estará acompañado do negro humor da melancolía, así como que narra o drama do non retorno, o conflicto entre a fecundidade do vivido e a exhausta esterilidade da lembranza. Tamén se di que este traballo mostra o rostro verdadeiro de quen escribe. Finalmente, menciónase o poema “Gliptoteca”, onde a reflexión poética sobre a poesía alcanza unha finura sorprendente.

Raña, Román, “Manancial de vida”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Poesía”, abril 2002, p. 26.

Achegan ao poemario de Xavier Rodríguez Baixeras, *Eclipse*, publicado por Espiral Maior no ano 2001. Coméntase que nesta obra atopamos "desde dilatados versículos ata fragmentos en prosa de altos voltios poéticos". Trátase dun volume dividido en cinco seccións, dedicadas a diversos sentimentos, que van "dende a pálida paixón ata a dor máis exacerbada". En canto á temática comenta que é do máis variada. Deste xeito, indica que se pode atopar a presencia do "drama xordo", o amor "como chama súbita e insondable", as figuras familiares e domésticas ou o pasado. A seguir, cita os títulos das cinco seccións e comenta o seu contido específico. Trátase de "Para escarnio das augas", "Ecos", "Criaturas do soño", "As pedras" e "11.8.99".

Raña, Román, "Os estigmas de existir", *Guía dos libros novos*, nº 40, "Poesía", maio 2002, p. 28.

Considera que Emma Pedreira co seu poemario *Velenarias* (2001), demostra a existencia dunha "lírica feminina desbordante". Menciona que a obra mereceu o Premio Xohán Carballeira do Concello de Bueu no ano 2000, así como outras obras da autora, os

poemarios *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999), *Grimorio* (2000), *Corpo* (2001) e *As posturas do día* (2001), e a narración *Bestiario de silencios* (2001), que a converten nunha escritora prolífica. Valorando en conxunto estas obras sinala a recorrencia de certas liñas como a recreación dun mundo de asfixiante angustia, presente en *Bestiario de silencios* e tamén en *Velenarias*, onde a muller se presenta vulnerada e privada dos seus soños; a presencia de imaxes impresionistas e a expresión de sentimentos de confusión e extravío, de desconcerto e de delirio.




Regueiro Salgado, Begoña, "VV.AA., *Muller de sal. Homenaxe a Inés Canosa*. Edición coordinada por Xavier Frías Conde, Carme Blanco Ramos y Ana Acuña Trabazo, Madrid: vtp editorial, 2000", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Recensións", 2002, pp. 171-173.

Presenta este volume como unha homenaxe a Inés Canosa, con motivo de se cumprir vintecinco anos da apertura da galería Sargadelos en Madrid, na que ela estivo dende o comezo. Sinala que o libro reúne a moitos dos nomes máis egrexios da literatura e dos estudios lingüísticos galegos "unidos polo agradecemento á muller da eterna paciencia e os

ollos de mar que axudan a afastar a saudade". Destaca tamén que o título está tomado dun verso de Carballo Calero e que o libro contén vintesete contribucións, entre as que se contan dezaseis poemas, catro contos, tres artigos sobre aspectos ou personaxes senlleiros da cultura galega, tres artigos sobre a figura de Inés Canosa, unha obra de teatro e sete debuxos. Cita os nomes de todos os que participan no volume, como Xesús Alonso Montero, Covadonga D'Lom, Alexandre Finisterre, Susana González, Luis Miguel Luna, José Manuel Outeiro, Carlos Sousa, Rudesindo Soutelo, Sabino Torres Ferrer, Rafael Yáñez Jato, Vicente Araguas, Xavier Frías Conde, Carmen Novoa, Claudio Pato, Manuel Pereira Valcárcel, Manuel Rivas, Carmen Blanco Ramos, L.C. Carballal, Célia Garcia, Xosé Galán, José Escudero, Ana Acuña, Borobó, Carmen Mejía, Fermín Bouza Álvarez, Isaac Díaz Pardo e José Antonio Durán. Menciona tamén que completan o contido deste libro sete debuxos, dos cales, cinco pertencen a Susana González, un a F. Sutil e un aparece sen asinar.




PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Reimóndez Meilán, María, “Literaturas minorizadas e conceptos identitarios”, *Grial*, nº 153, Tomo XL, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 163-166.

Comeza subliñando a necesidade de ver de vez en cando a nosa literatura dende unha perspectiva diferente e afastada tal e como permite facer o volume editado por Javier Gómez Montero, *Minorisierte Literaturen und Identitätskonzepte in Spanien und Portugal* (2001). Destaca que nel se intenta poñer en relación as literaturas minorizadas de toda a península e que quizais este diálogo entre elas e coas maioritarias en pé de igualdade sexa un primeiro paso para superar esa minorización. A seguir céntrase nas distintas seccións en que se divide este estudio, destacando da súa primeira parte, dedicada aos sistemas literarios, o artigo de González Millán. En segundo lugar hai unha sección dedicada á consciencia lingüística e á autoafirmación, servíndolle o tema dun dos artigos desta parte para destacar a importancia do estudio do papel das traduccións no tema da identidade. En canto á terceira parte indica que presenta as achegas do século XIX para a creación dunha conciencia común, mentres que a cuarta sección inclúe as propostas feitas no século XX. Sobre esta última parte salienta ademais que nos seus artigos se plasman propostas de identidade na Iberia actual, e delas resalta a nova corrente do poscolonialismo para reflexionar sobre este tema. Por outra banda alude á antoloxía de textos das tres literaturas minorizadas máis importantes da Península que se inclúe ao final do volume, e, aínda que

en xeral o loa, bota en falla o tratamento dos suxeitos emigrantes e o das mulleres no tocante ao tema da identidade.

Reinero, David, “Os artigos de costumes e a crítica social”, *Grial*, nº 153, Tomo XL, “No centenario de Plácido Castro”, xaneiro-febreiro-marzo 2002, pp. 139-143.

Analiza a relación de Plácido Castro co xornalismo, relación que comezou sendo mozo, despois de rematar os estudios de Filoloxía. Destaca que colaborou con distintos xornais da Península, e que el como lector consultaba prensa inglesa mesmo durante a súa estancia en Vigo. Subliña que na súa faceta de xornalista se poden diferenciar dúas etapas: unha anterior á Guerra Civil e outra bastante posterior, xa nos seus últimos anos. Indica que nesta segunda etapa é onde se sitúan os seus artigos literarios e de costumes, publicados no xornal *Faro de Vigo*. Respecto aos primeiros, incluídos na sección “Arte y Letras”, salienta que a pesar de estar escritos en castelán aparecen en moitos deles traduccións ao galego de poemas irlandeses e ademais tamén son numerosas as referencias que fai neles á música, á pintura e á vida cultural en xeral. Respecto aos artigos de costumes destaca

algúns dos temas tratados e sinala que tanto nestes coma nos literarios o ton empregado destaca pola súa claridade e accesibilidade.




Requeixo, Armando, “Para ler con criterio”, *Tempos Novos*, nº 56, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xaneiro 2002, p. 66.

Fai un bo acollemento do *Diccionario metodolóxico de análise literaria I. A poesía* (2001), de Arcadio López-Casanova. Destaca a experiencia do investigador no eido literario, citando algúns dos seus ensaios e estudios literarios. A seguir, alude ás diferentes seccións do manual, salientando a precisión das definicións, así como a utilidade da “guía metodolóxica”. Apunta que exemplifica con grandes nomes da nosa literatura.

Requeixo, Armando, “Amores en ruínas”, *Tempos Novos* , nº 57, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, febreiro 2002, p. 66.

Despois de citar a obra de Xosé Carlos Caneiro, salientando os premios recibidos, realiza unha aproximación crítica a *Triloxía dos tristes* (2001). Subliña que os contos “teñen como

base común o universo amatorio” e procura neles certas constantes literarias deste autor, como son a “ironía” ou “a indagación metaliteraria”. Así mesmo, da técnica narrativa destaca a “liricidade” ou o “dominio dos paralelismos constructivos”. Pola contra, ve negativo a existencia “dalgúns despistes estructurais”. Remata valorando positivamente o conxunto da obra.




Requeixo, Armando, “Soños feridos”, *Tempos Novos*, nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, abril 2002, p. 68.

Subliña que *Un rabaño de ovellas brancas* (2001) consolida a Xerardo Quintiá no eido narrativo galego. Salienta que da súa escrita que a maxia das historias que conta está “na capacidade innata para conmovernos, para revisitar un mundo rural en decadencia”. Achégase, así mesmo, a este libro a través dos seus personaxes, aos que cualifica de “seres tremendamente humanizados, tan vívidos e cribles”.

Requeixo, Armando, “Ernesto Guerra da Cal poeta de posguerra”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 96-99.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Rivas, Manuel, "Manifesto do Mar", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 130, "Achegas", novembro-decembro 2002, pp. 75/579-76/580.

Artigo do escritor coruñés Manuel Rivas no que o protagonista é o mar, ese mar do que o autor di que "non é un Leviatán como nos quere facer crer. Non é un ser monstruoso e incontrolable". A seguir, ofrece unha serie de frases precedidas da expresión: "O mar di". Deste xeito, comenta que "O mar non é cínico. O mar vomita as verdades. Cuspe, bota fóra os nosos pesadelos" e engade "O mar di en cada recanto de Galicia: ¡Eu acuso!" ou "¡Recorda, rapaz! Hai esperanza onde hai rebeldía".

Rodríguez, Gonzalo, "Cando chove a vai sol...", *Revista Galega de Teatro*, nº 32, outono 2002, pp. 42-43.

Partindo de que o Teatro é unha gradación de ritualidades, e de que ese ritual é preciso regulalo a través de dous factores: ordenamento e tensión, saliéntase o traballo do Concello de Ferrol para potenciar a creación dese ritual, procurando o ordenamento a través da institucionalización e a repetición de procesos fixos como os ciclos “Xoves Teatrais”, “Domingos á Escena” ou a Mostra de Teatro Infantil. Así mesmo, sinálase que a tensión se consegue formando o espectador, o que se fai dando ámbitos particulares ás diferentes representacións: dende o teatro afeccionado, de grupos profesionais ou espectáculos parateatrais. Sinálase que unha vez conseguido isto nos espectadores, era necesario a creación dese mesmo ritual nas compañías, que necesitaban coordinación. Destácase así a creación do Padroado Municipal de Música e das Artes Escénicas por parte do Concello, sendo Gonzalo Rodríguez o coordinador da rama de teatro. Inicia o seu traballo con dúas premisas: a coordinación das compañías e a formación teórico-práctica. A seguir, dáse conta das primeiras iniciativas do Padroado: unhas xornadas de encontro entre as diferentes compañías de afeccionados da comarca en outubro de 2000 e a creación dun censo dos grupos teatrais da comarca e dos seus compoñentes. Indícase tamén que o padroado pretende facer un censo de todos os espacios escénicos habilitados para representacións

existentes na comarca e crear unha aula aberta das artes escénicas de ensino regrado, sinalando que no eido da formación se celebrou o curso “Proceso de Creación dun Espectáculo”, impartido pola compañía Sarabela.

Rodríguez Álvarez, Manuel, “Carlos Casares. Memorial de amigo”, *Tempos Novos*, nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Obituario”, abril 2002, pp. 60-63.

Recorda ao ourensán Carlos Casares a través dunha amizade compartida ao longo de trinta anos. Apunta que coincidiron en inquietudes políticas e gustos literarios, subliñando aquí algunhas discrepancias. Destaca da súa personalidade a súa “condición de rigoroso gozador calidamente humano, de burlón lírico que atopa a reflexión literaria oportuna para facer máis habitable o mundo que nos tocou vivir”. Asemade, subliña que o autor de *Vento ferido* sentiu curiosidade por saberes tan dispares como a física, a bioloxía ou a historia. Por outra banda, sinala a Vicente Risco e a Ramón Piñeiro como “referentes fundamentais na súa biografía literaria” e afirma que as súas ideas e forma de ver a vida quedaron fixadas no seu legado.

Rodríguez Barcia, Moisés, “Unha modesta proposición”, *Guía dos libros novos* , nº 36, “Estudios literarios”, xaneiro 2002, p. 30.

Dá conta dalgúns trazos da obra *Ensaios, sátiras e aforismos* (2001), de Jonathan Swift, que foi traducida ao galego por Abel López Rodríguez. Comeza dando conta do tópico polo cal hai tendencia a traducir ao galego exclusivamente as obras básicas da literatura universal, co que, en moitos casos, se traducen obras que xa adaptadas ao castelán e deixando moitos autores inéditos. Explica que Swift foi autor, ademais, de *As viaxes de Gulliver*, de múltiples obras menores caracterizadas pola mordacidade e a ironía. Sinala que a obra inclúe sátiras sobre a situación irlandesa do século XVIII, ensaios como o que xira arredor da ausencia de condicións necesarias para o progreso económico do seu país, aforismos como “Resolucións para cando chegue a vello” e unha escolma de *As Viaxes de Gulliver*, na que o traductor fai unha especie de diccionario sociopolítico swiftiano con fragmentos desa obra. Conclúe, finalmente, eloxiando a Abel López polo seu traballo de editor, traductor e anotador desta obra.

Rodríguez Barcia, Moisés, “Canto universal”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Poesía”, marzo 2002, p. 27.

Dáse conta da publicación de *Canto de min mesmo* (2001), edición bilingüe galego-inglés dunha das seis partes en que se divide a obra *Follas de herba* (1855), de Walt Whitman. Infórmase que este libro foi editado por Edicións Positivas na colección “Di-versos” e traducido por Xosé Manuel Freire. Moisés Rodríguez ofrécenos algún dato biográfico sobre Whitman e características da edición da súa obra de 1855. Analiza a concepción que o autor ten sobre a democracia e as súas consecuencias, así como o seu concepto do home e o seu panteísmo. Finalmente, Rodríguez Barcia comenta a presente edición en galego, apuntando algunhas fallas que detecta (carencia de notas biográficas sobre o autor ou comenencia de que cadrasen os versos orixinais cos traducidos), pero resaltando o correcto traballo do traductor.

Rodríguez Barcia, Moisés, “Venus de todas as cores”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Narrativa”, abril 2002, p. 22.

Coméntase a obra de Ángela Carter, *Venus negra*, publicada no ano 2001 por Edicións Xerais de Galicia. Trátase dun volume de contos traducidos ao galego por Xela Arias e Xabier Martínez Martínez. Coméntase, en primeiro lugar, que esta obra supón "unha revisión crítica das tradicións, dos mitos e dos canons occidentais desde a perspectiva vocacionalmente *outsider* da que ela gozou como estranxeira en Xapón (...) ou como muller consciente de vivir nun mundo construído ó xeito dos homes". A seguir, ofrécense algúns dos títulos que compoñen este volume: "Pedro e o lobo", "O gabinete de Edgar Allan Poe", "Obertura e música incidental para un *Soño dunha noite de verán*", entre outros. Coméntase, así mesmo, que a obra ten unha serie de notas a pé de páxina só nalgúns dos seus contos e que, segundo o articulista, presenta unha serie de erros á hora de traducir algunhas expresións.

Rodríguez Fer, Claudio, "A fera fráxil", *Unión Libre*, nº 7, "Recreación maná", 2002, pp. 157 162.

Relato de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) posto en boca dun retrato do Metropolitan Museum of Art de Nova York, quen nos vai describindo a maneira en que unha auténtica

nativa americana traballadora dese museo levanta paixóns e mesmo leva á loucura a certas persoas. Relátase cómo o seu paso por distintas seccións do museo provoca que varios traballadores atraídos sexualmente por ela rematen tolos, ou cando menos, teñan que deixar o museo. Esta paixón provócaa mesmo en turistas e, finalmente, a voz lírica destas páxinas, despois de coñecer as historias anteriores, queda atrapada por esta muller coa que acaba mantendo un encontro amoroso e sexual.




Rodríguez Mociño, Lorena e Mª de los Ángeles **Mociño Chao**, “Vilanova ten encanto”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 16, “Especial Romaría Etnográfica Raigame”, novembro 2002, pp. 80-83.

Recóllese o poema de Lorena Rodríguez Mociño e Mª de los Ángeles Mociño Chao, merecente do Terceiro premio do Apartado Literario fallado na Primeira Romaría EtnográficaRaigame. É un longo poema con rima asonante nos pares no que se describe e loa Vilanova dos Infantes ao xeito das rimas populares. Acompáñase cos debuxos de Luís Cid.

Rodríguez Rodríguez, Purificación, “Era velliño...”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 16, “Especial Romaría Etnográfica Raigame”, novembro 2002, pp. 66-69.

Reprodúcese o relato gañador do Primeiro premio do Apartado Literario convocado con motivo da Primeira Romaría Etnográfica “Raigame” titulado “Era velliño...”, de Purificación Rodríguez Rodríguez. Nel nárrase a través do protagonista da historia, un vello zapateiro solteiro que percorre Vilanova dos Infantes, as lembranzas e as súas vivencias nos diferentes lugares polos que pasou, ata o punto de non discernir claramente se é realidade ou recordo o que no momento sente. O relato vai acompañado polos debuxos de Luís Cid.

Romaní, Ana, “As sólidas arquitecturas de Avilés de Taramancos”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, nº 7, “Homenaxe a Avilés”, marzo 2002, pp. 36-37.

Evocación da figura de Antón Avilés de Taramancos a través da lembranza da súa estadía co poeta na súa aldea natal, co que os máis novos descubrían os nomes, o amor á terra ou o valor do poema. Considera que é unha das voces máis potentes da literatura galega, que

construíu obras “como firmes arquitecturas de arxila”, do que aprenderon moito as xeracións máis novas, posto que é autor dunha das “obras poéticas máis singulares e intensas da literatura galega da segunda metade do século XX”.




Ruibal, Euloxio R., “Mariola. Cronoxogo diédrico”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 46-49.

Diálogo surrealista de Euloxio R. Ruibal (Ordes, 1945) entre *El* e *Ela*, que falan mentres xogan á mariola. A maior parte da conversa constitúe preguntas por parte da muller, que el responde dun xeito tamén moi enigmático: non saben onde están nin quen son, aínda que ela semella ter recordos dalgún momento pasado ou futuro que, de cando en vez, evoca. Finalmente, ambos repiten as palabras coas que se iniciaba a acción, aínda que de xeito inverso. Entón, unha luz aparece ao fondo do escenario e ambos se dirixen cara a elaextasiados. É el só quen volta e, abatido, borra a mariola.

Salgado, Xosé M., “Divagaciones sobre el paisaje”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 18-19.

Reflexiona sobre cómo interpretaron a paisaxe algúns dos autores galegos na súa escrita. Primeiramente sinala que o triunfo literario da paisaxe chega co romanticismo, época na que en Galicia xorden tres caracteres singulares nas nosas letras despois de case tres séculos de silencio: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Destes considera que foi este último o que mellor identificou a paisaxe galega na súa poesía. Céntrase ademais en cómo trataron este tema dous grandes paisaxistas como HeraclioPérez Placer e Francisco Álvarez de Nóvoa, ligados os dous á cidade Ourense e figuras clave no renacer da prosa. Tamén se achega a autores que se inspiraban en ríos, nomeando aquí a Rosalía de Castro, inspirada no Sar, e a Francisco Delgado Gurriarán, que cantaba ao río Sil. Dos ríos pasa ao mar e ás lendas que hai arredor del. Destaca que este mar xa está presente nas barcarolas dos trobadores medievais e menciona a Manuel Antonio como un dos seus máis peculiares intérpretes. Finalmente, ofrece algunhas notas sobre a interpretación que Otero Pedrayo facía da paisaxe por ser este autor, segundo indica, “el más eximio intérprete del paisaje de Galicia”.

Salgueiro, Roberto, “Apnea. Poema dramático con cinco acotacións”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 50-53.

Poema dramático de Roberto Salgueiro (Caracas, 1966), como di o propio autor, no que un home nu aparece en escena rodeado de milleiros de portarretratos “con retratos que o fitan con olladas perdidas no pasado”. Este home nu expresa en voz alta os seus pensamentos sobre a vida e o mundo, sobre ideoloxías e sobre o que está facendo alí. Sucesivamente, por tras del van pasando Béla Bártok cun can e unha comitiva de estólidos. Finalmente, o home nu mata a Béla Bártok dun disparo e volve sentar, agardando a que “chegue ese día”.

Seara, Teresa, “Arrecendo das lilas”, *Tempos Novos*, nº 56, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xaneiro 2002, p. 67.

Sinala que *Pedinche luz prestada* (2001), de Marica do Campo, se alicerza nunha lembranza dun “amor frustrado” e analiza cómo actúa o eu lírico ante a ausencia. Subliña as liñas temáticas e afirma que malia ser un “monólogo triste e estremecido” resulta un poemario vitalista e moi sensual. Apunta, así mesmo, que o metro elixido é o soneto.

Seara, Teresa, “Restauración”, *Tempos Novos*, nº 57, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, febreiro 2002, p. 67.

Subliña que a publicación da obra *Brétemas mariñas e outros poemas* (2001), de Celestino Luís Crespo e Crespo contribúe a “restaurar a verdadeira cronoloxía da recuperación cultural e literaria experimentada na posguerra”. Presenta ao o autor e achega unha breve aproximación a esta compilación poética, da cal salienta a pegada de Rosalía ou Pondal.

Seara, Teresa, “Regreso á casa”, *Tempos Novos*, nº 58, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, marzo 2002, p. 73.

Realiza unha breve descrición do primeiro poemario en galego de Juan Abeleira, *Animais, animais* (2001). Alude á estructura e ás claves temáticas, centrándose sobre todo en cómo é representado o amor entre os animais e o seu significado, “paixón en estado puro”. Destaca, así mesmo, o ton erótico das composicións.

Seara, Teresa, “Recordos do corazón”, *Tempos Novos* , nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, abril 2002, p. 69.

Sinala que Xohana Torres con *Ferrol, corazón de navío* (2001) regresa a “os espacios da súa infancia e a recordar de paso todos aqueles que marcaron a ruta inicial da súa vida”. Apunta que a través destes versos se atopa de novo cos seus seres queridos e subliña o significado destes seus “encontros saudosos”. Por outra banda, fai referencia ás fotos de Xan Carballa que, sinala, se funden cos poemas en perfecta harmonía.

Seara, Teresa, “Ópera Omnia”, *Tempos Novos*, nº 61, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xuño 2002, p. 70.

Sinala que a nova colección de Espiral Maior “Ópera Omnia” se inicia con *Obra poética completa* (2001), de Manuel María, da que fai unha sucinta descrición. Alude ao contido dos dous volumes que a conforman e salienta as palabras de Miguel Anxo Fernán-Vello da “Nota do Editor”. Asemade, subliña as constantes temáticas que caracterizan a poesía do chairego e destaca que esta é representativa das “etapas polas que foi pasando a nosa

lírica ó longo da segunda metade do século XX". Remata pondo de manifesto "o compromiso coa patria".




Seara, Teresa, “A vida doutro modo”, *Tempos Novos*, nº 62, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xullo 2002, p. 76.

Fai un repaso polas claves temáticas de *Desde Arcadia para Govinda* (2001), de Charo Pita, gañadora da novena edición do Premio Espiral Maior. Sinala que a muller é presentada como “sementadora” e “saudadora” e subliña “un ataque contra a súa liberdade negada historicamente” na liña doutras poetisas coetáneas como Emma Pedreira. Así mesmo, tamén destaca “unha vivencia do erotismo liberadora de tabús” e o “deseño de inventarse unha vida nova onde sexa posible evitar os ecos do pasado”.

Seoane , Isabel, “Cartas de Ernesto Guerra da Cal a Otero Pedrayo”, *FerrolAnálisis*, nº 17, “Separata Especial”, 2002, pp. 106-113.

Este artigo aparece xa descrito no volume colectivo: VV. AA., *Ernesto Guerra da Cal. Lonxe da súa terra matricial*, incluído no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

T. S., "Pecado", *Tempos Novos* , nº 56, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", xaneiro 2002, p. 67.

Alude ás liñas temáticas de *Desterrada do meu corpo* (2001), de Verónica Martínez Delgado, salientando que "ofrece unha lírica radical e aberta que desbota a filosofía do pracer como culpa".

T. S., "Corazón escuro", *Tempos Novos*, nº 56, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", xaneiro 2002, p. 67.

Comenta a evolución da "singradura polo lado máis perigoso" do mar de *Presencia da fenda* (2001), de Xosé de Cea.

T. S., “A lenta nudez”, *Tempos Novos*, nº 57, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, febreiro 2002, p. 67.

Salienta as “reflexións” que subxacen do “encontro co ámbito natural” en *A núa lentitude* (2001), de Ricardo Martínez-Conde.

T. S., “Galegos no mundo” *Tempos Novos*, nº 58, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, marzo 2002, p. 73.

Sinala que a antoloxía *En tránsito* (2001), de Vicente Araguas e Manuel Pereira Valcárcel recolle composicións dos que Borobó, autor do epílogo, chama “poetas madrigalegos”. Entre eles cita a Celso Emilio Ferreiro ou a Victoria Veiguela.

T. S., “Árbore xenealóxica” *Tempos Novos* , nº 58, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, marzo 2002, p. 73.





Subliña que R. Gómez Pato en *A casa deshabitada da familia Pena* (2001) “segue a liña experimental da súa obra anterior”. Apunta que “o poemario se constrúe como a árbore xenealóxica dunha familia” dando pé a sentimentos de todo tipo.

T. S., “Tosar en catalán”, *Tempos Novos* , nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, abril 2002, p. 69.

Refírese ao volume que recolle a obra poética de Luís Tosar, *Invocación dun tempo/ Invocació d’un temps* (2001). Subliña del que “no conxunto sobrancean temáticas como o amor, a presencia de Compostela e doutras paisaxes e a pegada do tempo, mesturadas cun culturalismo referencial”.

T. S., “Fetichismo”, *Tempos Novos*, nº 61, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xuño 2002, p. 70.

Apunta que *Sexto Fetiche* (2001), de Antón Fortes Torres segue a mesma liña temática do seu anterior poemario, onde "o desexo e o pracer son elementos fetiche que converten a vida do ser nunha nova existencia". Alude tamén ao símbolo da "hiena".

T. S., "Recendo das illas", *Tempos Novos*, nº 61, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", xuño 2002, p. 70.

Fai referencia a *Vinte poetas das Baleares* (2001), antoloxía realizada por Pere Roselló Bover e publicada por Espiral Maior. Apunta que recolle autores representativos das diversas tendencias que caracterizaron a poesía das Illes ao longo do século pasado.

T. S., "Paisaxe con ferida", *Tempos Novos*, nº 62, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", xullo 2002, p. 76.

Presenta *Ónfalos* (2001), de Lois Diéguez como un poemario elexíaco onde a dor pola morte da irmá acaba sendo a chave para evocar os días da infancia e as paisaxes natais.

T. S., “Camiños”, *Tempos Novos*, nº 62, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xullo 2002, p. 76.

Salienta que a voz lírica de *E se non é?* (2001), de X. Alberte Alonso viaxa a través “da diversidade de vivencias que conforman a vida”, sinalando a “chuvia” como elemento negativo do que foxe constantemente.

T. S., “Facetas”, *Tempos Novos*, nº 63, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, agosto 2002, p.

68. Dá noticia da traducción de *Canto de min mesmo* (2001), de Walt Whitman por parte de

X.
M. Freire. Destaca que o “eu poético posúe a omnipotencia do creador absoluto”.
T. S., “A vida sombriza”, *Tempos Novos*, nº 63, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, agosto 2002, p. 68.

Subliña que en *Acaso o inverno* (2001), de Carlos Penela o "eu amosa o seu dorido tránsito pola estación da neve afirmándose nas voces daqueles aos que rende homenaxe como Kavafis, Pound, Berger,...".

T. S., "Facetas", *Tempos Novos*, nº 63, "Voces e Culturas. Crítica", "Libros", agosto 2002, p. 68.

Tras salientar a faceta de traductor de Xavier Rodríguez Baixeras, presenta o seu último poemario, *Eclipse* (2001). Alude ás liñas temáticas, subliñando que se trata dun "percorrido pola desolación, o fracaso e a elexía" e salienta o poder da memoria e o papel simbólico da natureza.

Tabuyo, Domingo, "Unha novela ben documentada", *Guía dos libros novos*, nº 38, "Narrativa", marzo 2002, p. 23.

Coméntase que *Confesións do Mariscal Pardo de Cela* (2001) é unha novela ben documentada polo seu autor, Luís Enrique Cabanela, e menciónanse algunhas das fontes

usadas. Dáse conta de cal é a visión que presenta Cabanela do século XV e da figura de Pardo de Cela, á vez que se indica a estructura da obra. Sinálase que *Confesións do Mariscal Pardo de Cela* é unha obra organizada en dúas partes ben diferenciadas, das que se ofrece o argumento, subliñando que a figura de Alonso de Lanzós serve de elemento de ligazón entre ambas. Finalmente, dise que esta obra está concibida en primeira persoa e que nela o destino semella ter un importante papel, guiando ao personaxe ata unha dignidade social inicialmente non suposta e que enlaza coa visión hamletiana que o autor quería darlle ao tema. Tamén se afirma que existe un sentimento tráxico na novela. En palabras de Tabuyo, Luís Enrique Cabanela mostra unha visión persoal, ben traballada documentalmente, dun baleiro existencial arredor dun home, Pedro Pardo, procurando atopar unha explicación ao desenvolvemento da súa vida intensa




PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Tarrío Varela, Anxo, “Para un análisis comparativo de paratextos”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 27-28.

Principia destacando a necesidade dos estudios de literatura comparada, disciplina da que sinala que é mirada con escepticismo por parte de teóricos, críticos e historiadores da

literatura, pero que enriquece as nosas análises. A seguir salienta que conceptos como o de paratextualidade e outros próximos, de moda ultimamente, aínda non foron estudiados suficientemente, feito que seguramente ampliaría os estudios literarios cara a terreos só intuídos ou tratados sen rendibilidade. Unha vez xa centrado no tema da paratextualidade achégase ás fontes teóricas das que mana este concepto e destaca a función semiótico-pragmática dos paratextos, función, segundo di, na que se agochan un amplo abano de posibilidades de análises que interesan a persoas non só do ámbito literario senón tamén doutros como o político, social ou histórico. Así mesmo manifesta que o seu estudio sería idóneo no sistema literario galego por ser esta unha literatura emerxente onde certos paratextos como os premios cobran unha grande importancia, citando ademais cambios que se produciron na literatura do último cuarto do século XX e que se poden analizar a partir desta práctica paratextual. Remata aludindo a un proxecto de literatura comparada referido ás literaturas ibéricas e destacando que nel sería interesante un estudio comparativo de paratextos nas distintas literaturas ibéricas para un mellor coñecemento desta área xeográfica.




Toro, Suso de, “Sin sobre tras Carlos Casares”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 18-19.

Destaca a grandeza como persoa de Carlos Casares cualificándoo como un home amábel e que se centrou na sociedade galega. Fai tamén referencia á súa relación con Ramón Piñeiro poñéndoos en relación pola súa vinculación coa editorial Galaxia. Salienta a súa figura de aglutinador de diferentes pensamentos, feito que considera que agora logo da súa perda vai ser difícil de substituír.

Torres, A., “Manuel Rivas: un gallego que escribe en gallego”, *Anuario del Centro de Estudios Gallegos de Montevideo 2001*, abril 2002, pp. 257-267.

Repaso polo conxunto da producción xornalística e literaria de Manuel Rivas, no que se comeza pola achega a volumes como *Galicia, o bonsai atlántico* ou *Toxos e flores*, entre outros. Destas reportaxes saliéntanse a combinación do popular e o moderno e mais os frecuentes trazos líricos. Pasa a continuación á súa obra poética, iniciada co grupo poético “Loia” e o *Libro do Entroido* e que chega á actualidade coa antoloxía *O pobo da noite*. A

maxia cotiá, a nostalxia da infancia ou a relación entre tradición e modernidade son algunhas das constantes sinaladas por A. Torres. Tamén se ocupa da plasmación cinematográfica da obra de Rivas, co filme *A lingua das bolboretas*, do que destaca a boa acollida en distintos festivais e na prensa norteamericana. Por último detense na narrativa, sobre todo na novela *O lapis do carpinteiro* (1998), demorándose no seu argumento, interpretación e proceso de elaboración, sempre con declaracións do propio Manuel Rivas como apoiatura. Tras este percorrido, A. Torres tira como conclusión o feito de que a obra de Rivas "funde lo rural y lo urbano", facendo xurdir unha paisaxe nova, universal, aínda que fortemente alicerzada en Galicia: de aí que fale desta terra como dunha "metáfora del universo".




Torres Queiruga, Andrés, “Manuel Cabada Castro. *Paixón poética e militancia galeguista. Estudio biográfico sobre Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)*, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 128, “Recensións”, maio-xuño 2002, pp. 98/370-99/371.

Alúdese á aparición da obra *Paixón poética e militancia galeguista. Estudio biográfico sobre Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)* (2001), da man de Manuel Cabada Castro.

Coméntase, en primeiro lugar, que este libro contén un gran traballo de investigación, levado a cabo polo sobriño de Manuel Cabada Vázquez. A seguir, ofrécense algunhas notas biográficas sobre o autor e descríbese o contido do libro, que ofrece un amplo e detallado estudio da obra literaria do autor e do seu "insubornable compromiso galeguista, sempre moi unido a unha fe relixiosa viva e xamais abandonada".

Torres Regueiro, Xesús, "Roldan Paderne' un escritor descoñecido do tempo das Irmandades da Fala", *A Xanela*, nº 13, "Rescate", primavera 2002, pp. 21-24.

Destácase o pouco que se sabe de Roldan Paderne, pseudónimo de Xaquín López Pita, de quen só se coñece un texto en prosa poética "Nouturnio" e o conto "Irmandade cristiana" –reproducidos ambos nesta revista–, que morreu en Betanzos en 1918 e que era da xeración dos mozos que andaban ao redor da Irmandade da Fala de Betanzos.

Trigo, Xosé Manuel G., "Escarlata", *Guía dos libros novos*, nº 38, "Ensaio", marzo 2002, p. 3.

Dá conta dos recitais poéticos “Escarlata”, que tiveron lugar en Santiago e nos que participaron diversos poetas. Sinala que a poesía galega está a atravesar un momento excelente e afirma que a identidade nacional dun pobo está en razón directa cos versos que produce. A pesar disto, lembra o informe sobre as linguas minorizadas da Unesco (no que se indicaba que o futuro da lingua galega estaba en perigo) e explica que en Galicia convive unha alta producción poética cunha baixa conciencia comunitaria.

Trigo, Xosé Manuel G., “*Teoría do caos*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 35, “Recensións”, maio 2002, pp. 247-249.

Aproximación á novela *Teoría do caos* (2001), de Marilar Aleixandre, da que comeza subliñando os seus vínculos coa *Divina comedia*, de Dante. A seguir, indica que un dos temas principais da obra é a traizón, especialmente a que se dá na vida política. Salienta como o máis destacado o “laborioso urdido estructural” da obra, a contraposición temática, a fórmula de guión cinematográfico e mesmo a presencia do xénero cibernético. Do mesmo xeito, destaca o xogo con diferentes perspectivas narrativas e a súa gradación na proximidade á realidade. Do contido e do estilo considera que non está á altura do

tratamento constructivo, onde aprecia febleza temática e “opacidade do tecido cognitivo”, aínda que chama a atención sobre algunhas das imaxes e recursos metafóricos. Remata referíndose ao tratamento do erotismo por parte da autora na obra, que cultiva un discurso que se aparta do establecido.




PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Tudela, Olivia, “Ata sempre, Carlos Casares”, *Eco*, nº 131, “Sociedade”, abril 2002, p. 80.

Defínese a Carlos Casares como un magnífico narrador, tanto na faceta oral coma na escrita, e sinálase que el as consideraba mundos moi diferentes a pesar de estar ancorados nos mesmos principios. Alúdese tamén á súa aposta polo relato directo para chegar ao cerne das cousas, pero sobre todo, como medio de comunicación cos demais. Cita todos os seus títulos e sinala que son a súa contribución á cultura galega, unha “lección suprema de pacificación e tolerancia”. Olivia Tudela lembra unha entrevista que lle fixo para *Eco* en xaneiro de 1997, na que falou de editoriais, do Consello da Cultura Galega e da súa derradeira novela editada en vida, *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Cualifica a gravación como un testemuño da historia do galeguismo durante a transición política e como unha homenaxe á figura de Ramón Piñeiro. Destaca sobre todo a facilidade de Casares para

adoptar o punto de vista dunha muller e o seu interese en converter o Consello da Cultura Galega nun espacio máis amplo no que coubesen todos os representantes da cultura galega. Alude tamén ao seu libro *Un país de palabras* (1998), onde “non hai discordancias, senón a maxia da palabra galega a través dos que compartían e comparten con Carlos a profesión da conversa: desde Basilio Losada a Andrés Torres Queiruga”. Despídeo destacando que “a súa palabra queda entre nós, aínda que el nos teña deixado”.




VV. AA., “Aproximación a la poética de Claudio Rodríguez Fer”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, “Artigos”, 2002, pp. 23-37.

Reflexión sobre a poética do erotismo de Claudio Rodríguez Fer na que varios estudiosos argumentan as liñas máis significativas do lirismo do poeta e falan do seu rico simbolismo. Carmen Mejía introduce o artigo sinalando que nel se recollen os comentarios dos poemas de Claudio Rodríguez Fer “Blues da insubmisión”, “ORAINDIK”, “Caderno de Pedra”, “Rosa Negra”, “Neva no mar” e “A boca violeta”. Salienta que este artigo esmiúza o erotismo de Rodríguez Fer e deixa entrever que o seu lirismo depende do amor, segundo o propio poeta, “el eje de su existencia es la pasión amorosa, de ahí su lirismo erótico y pasional”.

Seguidamente comezan os comentarios dos poemas. María Martínez Xoubanova comenta "Blues da insubmisión", de *Extrema Europa* (1996), que entende como unha confrontación entre os dous eixes fundamentais da vida do poeta: o amor e o mundo universitario, e define coma un poema de prioridades ou un autorretrato. Detense en aspectos temáticos como a afirmación da prioridade do amor e no uso das figuras retóricas: imaxes e metáforas que conectan co resto da súa poesía erótica, xogos etimolóxicos e de palabras que constitúen o eixo formal do poema, a polisemia. Mar Velasco González comenta o poema "ORAINDIK", incluído en *A boca violeta* (1987), incidindo en que se refire a unha viaxe lingüística, temporal, cultural, erótica e persoal, na que destaca o peso da temática vasca, xa presente dende o título, que significa "aínda" en éuscaro. De "Caderno de Pedra" ocúpase Susana González López, que comeza destacando que en consonancia con outros poemas de *A boca violeta*, trátase dun texto de temática amorosa enfocado dende a nostalxia como recordo que permanece constante no interior do poeta. Pon de relevo aspectos como a representación do corpo da amada coa imaxe de gacela fría, o predominio do ton melancólico, o emprego do ritmo iámbico e o uso dun léxico de denotación e connotación negativas. Montserrat Martínez González destaca con respecto ao poema "Rosa negra" que xa dende a dedicatoria, un verso con disposición en palíndromo, a figura da muller como un

ser fantástico sitúase no centro do poema. Percorre as tres estrofas do poema indicando os temas principais: a muller como fonte de vida, descrición do goce do acto sexual e sentimentos nos corazóns dos amantes; e sinala o ton bíblico dos dous versos que pechan a composición. “Neva no mar” é o obxecto do comentario de Consuelo Brito de Freitas. Alude á cita de Quevedo que abre o poema, centrado no sentimento do amor e influído polas cantigas de amor da lírica galego-portuguesa. Destaca aspectos como a recorrencia da palabra amor e a significación sexual do lume. Finalmente, Fina Llorca Antolín ocúpase do poema “A boca violeta”, título que identifica co sexo feminino. Pon de relevo a presencia da cor violeta, que pertence historicamente á tradición reivindicativa feminista, na obra do poeta, así como a utilización doutras cores, e o simbolismo ao redor desta boca violeta e do encontro amoroso.

Valcárcel, Marcos, “Luces para iluminar o país”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Ensaio”, marzo 2002, pp. 3-5.

Dáse conta da publicación do volume coordinado por Víctor Freixanes *Galicia. Unha luz no Atlántico* (2001) e afírmase que será un fito na producción editorial e cultural do século XXI.

Sinálase que o espírito deste libro é a esculca da identidade galega e destácanse as características máis importantes do volume: capacidade sintetizadora e globalizadora, aparición de cento dezaseis entradas en páxinas dobres de temática variada, forte presencia do visual, etc. Así mesmo, enuméranse as ideas claves da obra (defensa da nosa autoestima, entre outras) e indícanse os títulos e os autores dos seis ensaios, que constitúen a parte máis teórica do volume. De seguido, Marcos Valcárcel comenta polo miúdo os ensaios de Ramón Villares ("Sobre a identidade histórica de Galicia"), o de Henrique Monteagudo ("O idioma") e o de Xosé M. Núñez Seixas ("A emigración. Galicia no mundo").

Valcárcel, Marcos, "Un contador de historias", *Quimera*, nº 217, "Carlos Casares: memoria y homenaje", xuño 2002, pp. 25-27.

Marcos Valcárcel céntrase na figura de Carlos Casares atendendo á súa faceta de periodista. Destaca os diferentes premios que recibiu, salientando o máis importante que é o recoñecemento dos lectores. Comeza aludindo a que a finais dos anos 60 empezou por colaborar en *La Región* e tamén en revistas como *Teima* ou *Grial*. Logo pasa a falar sobre

os seus artigos en *La Voz de Galicia*, onde durante moitos anos tivo unha sección crítica e titulada “A ledicia de ler”. A continuación, fala sobre a gran capacidade do autor para contar historias e a súa capacidade como membro de faladoiros.




Valcárcel, Marcos, “Unha viaxe polo Ourense antigo”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 67, “Auria das Letras”, novembro 2002, pp. 36-37.

Co gallo da publicación facsimilar de *Del Orense antiguo* (2001), Marcos Valcárcel realiza unha breve aproximación biográfica á figura do seu autor Adrio Menéndez e, a seguir, recolle algúns fragmentos deste volume como o relacionado coa españolización dos nomes das rúas ourensás, coa cólera, etc.

Valeiras Fernández, Andrea, “Un reencontro especial”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 16, “Especial Romaría Etnográfica Raigame”, novembro 2002, pp. 84-89.

Conto de Andrea Valeiras Fernández, gañador do Terceiro Premio do apartado literario fallado na Primeira Romaría Etnográfica "Raigame", no que a protagonista desta historia, unha nena de Ourense, acode á primeira "Romaría Etnográfica Raigame" de Vilanova dos Infantes acompañada dos seus pais e avós. Alí visita a torre e diferentes postos (a cestería, a docería, o tear, a panadería, o obradoiro de cartón pedra, etc.) e reencóntrase cun rapaz que lle gusta moito chamado David, ao que coñecera nun campamento o verán anterior. O relato está acompañado dos debuxos de Luís Cid.

Vázquez Monxardín, Afonso, "Del Orense antiguo, un libro imprescindible", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 57, "Historia", xaneiro 2002, pp. 36-38.

Sinálanse as características máis salientábeis da edición facsimilar de *Del Orense antiguo* (2001) e sublíñase a importancia do seu contido xa que é un libro imprescindíbel para ver a transformación e evolución cultural da cidade de Ourense dende 1830 ata finais do século XIX.

Vázquez Monxardín, Afonso, “A casa Museo de Otero Pedrayo”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 63, “Museos”, xullo 2002, pp. 22-27.

Faise un percorrido, co apoio de numerosas fotografías, á casa-museo de Ramón Otero Pedrayo que está situada na parroquia de Trasalba, concello ourensán de Amoeiro, integrada dentro da Fundación Otero Pedrayo. Sublíñase tamén que este organismo conta co espacio virtual www.oteropedrayo.com, así como con exposicións itinerantes e cun Centro de Estudios Oterianos.

Vázquez Monxardín, Afonso, “Valle Inclán en Ourense”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 64, “Personajes”, agosto 2002, pp. 14-17.

Reflexiónase sobre a posíbel localización, dentro da cidade de Ourense, dunha fotografía na que aparece Ramón Otero Pedrayo acompañado de Valle Inclán e que habitualmente se sitúa na praza do Toural de Santiago de Compostela. O autor do artigo sinala que esta famosa fotografía, que aparece reproducida acompañando a este texto foi tirada na praza

maior de Ourense en setembro de 1935 nunha curta visita que Valle fixo á Cidade das Burgas.




Vázquez Pintor, Xosé, “A sombra da memoria”, *Revista Galega de Teatro*, nº 30, “Textos”, primavera 2002, [16 pp.].

Como xa vén sendo habitual, a *Revista Galega de Teatro* dá cabida nas súas páxinas centrais a unha peza de creación, neste caso, *A sombra da memoria*, de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), profesor e escritor que xa conta no seu haber con varios premios literarios. Esta pequena obra foi finalista do premio Rafael Dieste de teatro en 1999. Nun escenario, no que se sinala que debe contar na posta en escena cos “mínimos elementos distractores”, desenvolven os protagonistas (El, Ela) os seus monólogos interiores. O primeiro acto está protagonizado por El e posúe un carácter metateatral: o personaxe é un actor ferido de amor que lle revela ao público o entramado da súa profesión, ao tempo que a practica. No segundo, máis longo, o protagonismo é para Ela (El intervén á penas ao comezo como introductor da fala daquela), unha moza chamada Navia que sofre do

chamado “complexo de Peter Pan” e conversa directamente co público ou cos seus mellores amigos: uns bonecos da infancia de nome Nada e Milo.




Vega, Rexina R., “Carlos Casares, palabras de escritor”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 43-45.

Reprodúcense nestas páxinas unha selección da que foi a última entrevista de Carlos Casares antes do seu falecemento, concedida polo escritor a Susana Fortes para ser publicada no número de xaneiro da revista *Tempos Novos*. A selección e traducción deste texto está feita por Rexina R. Vega, coordinadora deste suplemento especial, quen, segundo se indica, escolleu aquilo que mellor reflicte o talante máis crítico e constructivo ante a cultura e a sociedade do escritor galego. A entrevista referida aparece descrita en: Fortes, Susana, “Carlos Casares. Palabra de escritor”, *Tempos Novos*, nº 56, “Voces e Culturas”, xaneiro 2002, pp. 61-65, neste apartado do *Informe*.

Veidemann, Rein, “Estonian contemporary poetry in Galician”, *Elm (Estonian Literary Magazine*), nº 15, outono 2002, pp. 18-19.

Conversa co profesor Arturo Casas Vales, quen reflexiona sobre a poesía estoniana. Anúnciase, así mesmo, que Casas publicou unha antoloxía da poesía estoniana vertida ao galego. Comenta, en primeiro lugar, que a idea xurdiu a raíz dunha conferencia á que asistiu en Tartú, no outono de 1999, invitado polo tamén profesor Talvet. Deste xeito, engade que a idea de traducir a poesía estoniana ao galego partiu dos dous e doutros académicos e poetas que coincidiron con eles na citada conferencia. A seguir, afirma que a poesía, normalmente, é considerada como a área da literatura máis difícil de traducir. Ademais, hai autores estonianos como Hando Runnel, que son practicamente intraducíbeis. Engade, así mesmo, que as súas traduccións non son quizais a maneira perfecta de transmitir as peculiaridades rítmicas, semánticas e intertextuais dos autores estonianos pero, en calquera caso, intentaron achegarse o máis posíbel aos modelos orixinais. Como crítico literario declara, a continuación, que os seus autores preferidos son Kaplinski, Talvet, Mihkelson, Krull e algúns poetas máis que incluíu na súa antoloxía. En canto ao volume que publicou, declara que está escrito en galego, estoniano e inglés. Para rematar, comenta que o libro aparece comentado no *Boletín Galego de Literatura*, dirixido polo profesor Anxo Tarrío

Varela, e engade que se trata dunha das revistas da literatura galega máis importantes e que acadou un gran recoñecemento nos círculos académicos.

Veiga Alonso, Xosé R., "O xornalismo de Alfredo Vicenti", *Guía dos libros novos*, nº 39, "Historia", abril 2002, pp. 5-6.

Ofrécese un amplo estudio sobre o labor xornalístico de AlfredoVicenti, a partir do contido de dúas obras de José Antonio Durán tituladas *AlfredoVicenti, "El Maestro" del periodismo español (Santiago 1850/Madrid 1916)*, publicada pola Asociación de la Prensa de Madrid no ano 2001, e *Poesía e prosa, 1868-1916. Galiciana básica de Alfredo Vicenti*, publicada no mesmo ano pola Deputación Provincial de Pontevedra. A seguir, faise un percorrido breve polo seu traballo xornalístico, ordenado en función da moi variada temática que aborda nos seus artigos. Deste xeito, no primeiro libro citado recóllense as colaboracións de Vicenti en diversos xornais madrileños como *La Ilustración Gallega y Asturiana*, *La Ilustración Cantábrica*, *El Globo* e *El Litoral*. No segundo libro, pola súa banda, José Antonio Durán recolle aqueles artigos de temática máis especificamente galega, así como un ensaio

etnográfico titulado *A orillas del Ulla* e unha guía da provincia de Pontevedra que fixo Vicenti por encarga do balneario de Mondariz.




Ventura, Joaquim, “Contos de mortes anunciadas”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, xaneiro 2002, p. 22.

Comentario do libro de contos *Acompáñoo no sentimento* (2001), de J. A. Xesteira, do que explica que os textos teñen como elementos comúns a morte e a ironía, maioritariamente derivada das circunstancias nas que se produce a morte, e que teñen a estructura e extensión habitual deste xénero. Sinala, así mesmo, que a morte presente en todos os relatos non é o seu argumento central, senón o eixo ao redor do cal se centran as historias dos contos. Dá conta do argumento de textos como: “As catro amigas que se amaban máis alá da vida”, “E un cadáver no fondo do mar”, “Derradeiro paseo en carreta polo bulevar”, “Dúas vidas paralelas e un final tanxencial”, “A longa viaxe ...”, “Un caso no motel” e “Non sei se don Gaiferos chegará a Compostela”, que é o derradeiro relato do libro e que ten un ton fantástico que o afasta polo seu contido dos demais contos. Finaliza apuntando algunha inadecuación lingüística e cronolóxica aparecida no libro.

Ventura, Joaquim, “Amor para náufragos”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Narrativa”, febreiro 2002, p. 20.

Comentario da obra de Xosé Carlos Caneiro, *Triloxía dos tristes* (2001), que está formada por tres historias de amor: “Xogos de amor perdidos”, “A negación dos soños” e “As ruínas do Tucán”. Sinala que os protagonistas dos relatos son tres homes fracasados e que experimentan o amor “como sentimento puro na súa orixe”. No primeiro caso sinala que se narra a experiencia dun pintor con éxito no seu traballo e problemas coa bebida que, cando atopa á muller soñada, morre dunha grave intoxicación etílica. Na segunda historia dise que se describe a incomodidade que sente un actor e autor teatral co éxito obtido na súa carreira profesional e que desexa volver a ser o home gris, empregado dun banco, que era antes de namorarse. Finalmente, da terceira historia indica que é o balance que un home, fillo de nai solteira e dun crego, fai da súa vida, coñecendo que non é froito do amor e descubrindo que sofre unha alteración psíquica. O comentario inclúe, asemade, unha análise do amor, da súa orixe, da súa vertente máis literaria e da tristeza, como característica intrinsicamente vinculada ao amor.

Ventura, Joaquim, “Auga e aceite non casan”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Narrativa”, marzo 2002, p. 26.

Análise da obra *O baile das mariolas* (2001), de Rosa Vidal. Despois dunha primeira parte na que Ventura comenta a relación entre o ámbito narrativo e o ámbito da lingua de escritura dunha obra, esmigállase este conxunto de relatos feitos desde a visión dunha muller, e que se desenvolven na Costa da Morte. Analízase e indícase o argumento de “O chanzo do Anser”, “Mamerta”, “O macho-home”, “Príncipe ás 4’30”, “Superestare: o home-soma” e a última historia que dá título ao libro, “O baile das mariolas”. Finalmente, faise balance do conxunto da obra, que é cualificada de desigual pola diversidade de temáticas e rexistros narrativos, e da que se destaca a resolución estilística dos relatos, así como a complexidade lexical.

Ventura, Joaquim, “Pequenas historias”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Narrativa”, abril 2002, p. 20.

Ofrece un breve comentario sobre a obra de Xerardo Quintiá, *Un rabaño de ovellas brancas*, publicado por Galaxia no ano 2001. Ventura comeza cunha referencia ás obras anteriores do autor e, deste xeito, cita *Finísimo po nas ás* (1997) e *Unha soa man e outros intres* (1999). A seguir, céntrase en *Un rabaño de ovellas brancas* e comenta, en primeiro lugar, que se trata dunha colectánea de pequenos relatos cotiáns, "humanas, historias de intres que todos -dun xeito ou doutro-temos que pasar". Así os relatos sitúanse na Galicia rural "que cada vez máis é pasado" e fala da vida cotiá de nenos, mozos e vellos, "de persoas que viven e morren, que non elixiron vivir de certo xeito e que non sempre poden elixir o seu remate".

Verdeal Durán, Marieta, "Rodríguez González, Olivia, *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*, Editorial Galaxia, Vigo 2001", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 5, "Recensións", 2002, pp. 173-175.

Comentario de *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* (2001), de Olivia Rodríguez González, do que sinala que pretendeu recoller nel a análise do pensamento deste intelectual ourensán, dividindo o seu percorrido en tres grandes bloques que atenden ás

súas diferentes etapas. Percorre cada un destes bloques comentando que no primeiro capítulo, “A mocidade de Vicente Risco (1909-1917)”, se achega a un Risco mozo e inquedo e ás súas actividades primixenias como os contactos agraristas, a relación cos redactores de *La Centuria* e a formación do grupo *Nós*; “Ideas dos seus primeiros escritos”, nos que mostra as preocupacións que ateigaban a mente do Risco mozo, como a decadencia de Occidente e que desenvolveu en *Las tinieblas de Occidente*, o seu posicionamento “antinoventayochista” e o seu rexeitamento da política, a relixiosidade, o individualismo, o seu ideario estético baseado no simbolismo francés ou o pesimismo; “Correntes ideolóxicas e autores que inflúen en Vicente Risco”, no que sinala as fontes das que bebeu Risco. Sinala que o segundo capítulo, “O nacionalismo de Vicente Risco”, se centra na faceta de político radical do autor e nel Olivia Rodríguez se ocupa do labor pregaleguista, dende 1917 cando ingresa no galeguismo das Irmandades ata setembro de 1930 cando viaxa a centroeuropa; en “Características ideolóxicas do pensamento de Vicente Risco” resalta o valor da Historia e constantes como a decadencia de occidente, a teoría do atlantismo, os saberes ocultos e o sentimento relixioso; e en “O sentimento da Terra galega”, aborda as súas primeiras reflexións e estudios sobre a estética galega. Comenta tamén o terceiro capítulo do libro, “O ultraconservador Vicente Risco”, centrado na derradeira fase do

pensamento de Risco, marcado polos traballos *Mitteleuropa* e *Da Alemaña*, onde aborda os temas do catolicismo tradicional e o ataque ao comunismo e á propagación das ideas marxistas. Sintetízanse as ideas expresadas por Olivia Rodríguez a propósito da concepción católica do mundo, a interpretación da historia como un eterno retorno, a declaración antisemítica, o posicionamento a prol do autoritarismo e a defensa da dictadura, da monarquía e do patriarcado. Finalmente cita os últimos apartados do libro, "Nota final sobre
o discorrer ideolóxico nesta etapa" e "Polémica sobre a postura ideolóxica final de Vicente Risco", que recolle as opinións de varios autores.

Vidal, Engracia, "Libros chegados á redacción", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 126, "Libros chegados", xaneiro-febreiro 2002, pp. 128-129.

Dá conta dos últimos libros que chegaron á redacción da revista *Encrucillada*. Entre outros destaca a *Obra narrativa en galego* (2001), de Uxío Carré Aldao; *As noites no fogar e outros textos* (2001), de Ángel Vázquez Taboada; *Relatos e outras prosas*, de Roque Pesqueira Crespo; *Contos de Xente Nova* (2001), que recolle o resultado do XXº Concurso de Contos Infantís e Vº de Narrativa Curta Xuvenil "Afonso Eanes". Por último, alude á saída dos

números 2 e 3 da revista *A Taboada*, publicada por un grupo de mulleres e homes de Moraña e Cuntis.




Vidal Bolaño, Roberto, “A increpación (cinco variacións improbables arredor dun mesmo e brután maldicir)”, *Casahamlet*, nº 4, “Creación”, maio 2002, pp. 54-57.

Creación teatral de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) na que se fan cinco variacións sobre un mesmo tema: “¡Mecago no Euribor de Dios!”. A primeira delas, a breve, presenta un home ou muller normais que sae a escena moi enfadado/a, desesperado/a, di a frase e, sen agardar aplausos nin aclamacións, vaise tan bruscamente como entrou. Na segunda variación, a íntima, un home ou muller normal fica a unha banda da escena, reflexionando en voz alta sobre a súa covardía, xa que pensa que non vai ser quen de saír a escena e dicir a frase, pero, finalmente, faino e abandona rapidamente o escenario. A terceira variación é a moderna, na que se nos presenta a un home ou muller que sae a escena e, nunha sorte de coreografía de ballet, vai dando golpes contra as paredes e o chan ata sangrar. Entón, co seu propio sangue, escribe no chan “¡Mecago no Euribor de Dios!” e sae de escena. Antes de que baixe a luz, Elvira Souto sae a escena e

corrixe sobre o escrito “¡cago no Euribor de Deus!”. A cuarta variación, a didáctica, é a únicana que hai un diálogo entre Pepe, o responsábel da Área de Cultura do Concello, e Toña, da Área de Educación. Tras unha presentación e unha breve disertación sobre o que debe ou non ser teatro galego, Toña e Pepe falan un pouco sobre as hipotecas e a dificultade da súa obtención. Cando marchan, levan a unha chea de espectadores con eles, sae un actor ou actriz e comeza “¡Mecago...!”, pero cala cando ve que o teatro está case baleiro e que a luz baixa. A quinta e última variación é a talentosa e nela observamos a un actor ou actriz interpretando a un home ou muller normais, nerviosos por falar en público, e que fai do seu discurso en escena unha queixa ante a falla de talento do autor, que pretende facer unha obra teatral sobre a única frase “¡Mecago no Euribor de Dios!”.




Vidal Bolaño, Roberto, “Sen ir máis lonxe”, *A Trabe de Ouro*, nº 50, Tomo II, “Textos”, abril-maio-xuño 2002, pp. 85/229-103/247.

Nesta peza teatral de acto e protagonista único, de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002), asistimos ao monólogo dun pallaso identificábel co propio autor, que se dirixe a Santiago Apóstolo pretendendo atopar respostas a unha serie de preguntas.





A partir desta situación inicial vaise desenvolvendo unha visión irónica, satírica, de diversos temas (entre os cales a politización dos Anos Santos, as lembranzas da dictadura, os conflictos internacionais, etc.). O Apóstolo convértese, así, no destinatario aparente dunha serie de "cousas que pensamos moitos e case todo o mundo cala", isto é, nunha escusa para dar renda solta á reflexión crítica.

Vidal Estévez, Engracia, "Libros chegados á redacción", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 129, "Libros chegados", setembro-outubro 2002, pp. 118/502-119/503.

Ofrécese un breve resumo argumental dalgunhas das últimas novidades aparecidas no panorama editorial. En canto ás obras relacionadas coa literatura galega cabe destacar as seguintes: *Pequena escolma ilustrada de Sarmiento*, elaborada por oitenta alumnos e alumnas de cuarto curso da ESO do Instituto de Ensino Secundario Rosalía de Castro de Santiago de Compostela; *El gran gallego (Fr. Martín Sarmiento*), de Antolín López Peláez; *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*, de Frei Martín Sarmiento; *Miguel de Unamuno e a Lingua Galega*, de Alexandre Rodríguez Guerra; *O fillo do emigrante*, de Pablo Vaamonde

García; *A golpe de dor*, de Carmen Blanco Ramos; *Anuario de estudios teatrais*, de varios autores, que inclúe estudios, textos, documentos e recensións relacionadas co teatro universal e, por último, alude á aparición do número 5 da revista lucense *Xistral*.




Vieites, Manuel F., “Os inicios dunha dramaturxia nova”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Teatro”, marzo 2002, p. 30.

Comentario da obra dramática *Zardigot*, de Euloxio Rodríguez Ruibal, que foi reeditada en 2001 dentro da colección “Biblioteca Galega 120”, promovida polo xornal *La Voz de Galicia*. Explica que esta obra recibiu o primeiro premio do Concurso de Teatro Galego Abrente, convocado en 1973 pola Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia. Indica, así mesmo, que aqueles foron uns anos de gran transcendencia para o teatro galego (Concurso de Teatro Galego Abrente e Mostra de Teatro Galego Abrente, Concurso de Teatro Infantil convocado pola Agrupación Cultural O Facho da Coruña e Jornadas de Teatro de Vigo). Considera que *Zardigot* foi o inicio dunha revolución do teatro galego, pois supuxo unha innovación no estilo e na temática; sinala que a peza ten como argumento de fondo unha guerra indefinida, na que hai conservadores e liberais (o que establece un marco ideolóxico) e que se pode

identificar coa guerra civil española. Indica que a ausencia de referencias temporais e espaciais permite relacionar este texto con calquera outra guerra, xa que o que realmente se destaca no libro é o terror, a barbarie e as víctimas inocentes derivadas deste tipo de conflictos bélicos. Afirma, finalmente, que o trinta centenario desta obra dramática sería o momento axeitado para a súa recuperación na escena, pola súa calidade literaria e polas súas moitas posibilidades.




Vieites, Manuel F., “Fervenza clásica”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Teatro”, marzo 2002, p. 31.

Dá conta, por unha banda, da publicación de *Aulularia* (2001), de Plauto e sinala que a obra inclúe o texto orixinal latino e dúas versións galegas: a que fixeron Mercedes Boado Vázquez e María Xesús Frei Collazo e a adaptación publicada por Aquilino Iglesias Alvariño en 1960. Por outra banda, sinala que Millán Picouto vén de publicar o volume *Ciclo de Venus* (2001), no que recolle catro textos escritos en verso e que teñen como temática de fondo o amor, dende onde se van tecendo outras situacións e problemáticas.

Vieites, Manuel F., “Mirando cara a atrás sen ira”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Teatro”, abril 2002, p. 28.

Coméntanse, brevemente, as obras de teatro *Mar revolto*, de Roberto Vidal Bolaño, e *Rosalía*, adaptada por Vidal Bolaño da escrita por Ramón Otero Pedrayo en 1959, publicadas ambas no ano 2001 polo IGAEM. Ofrece, para comezar, unha breve reflexión sobre o sistema literario galego, centrándose no ámbito do teatro. A seguir, céntrase nestas dúas obras e comenta que constitúen “dous exercicios de estilo salientables”. Deste xeito, *Mar revolto* contén, segundo o articulista, “unhas virtualidades didácticas incuestionables no eido da dramaturxia”. Pola súa banda, de *Rosalía* di que supón unha adaptación libre dun texto homónimo de Otero Pedrayo. Para rematar, salienta que se trata de dous textos elaborados en proxectos de creación teatral do Centro Dramático Galego.

Vieites, Manuel F., “Daniel Cortezón e o compromiso histórico”, *Casahamlet*, nº 4, “Estudios”, maio 2002, pp. 108-109.

Artigo no que Manuel F. Vieites pretende reivindicar a figura de Daniel Cortezón como dramaturgo fortemente comprometido coa historia galega e o nacionalismo. Para isto, Vieites cita a varios teóricos teatrais que defenden esta postura e compara a obra de Cortezón coa doutros escritores nos que o compromiso histórico é claro como Shakespeare. O estudio acompáñase dun debuxo de Miguelanxo Varela.

Vieites, Manuel F., "Dramaturxias insulares", *Guía dos libros novos*, nº 41, "Teatro", xuño 2002, p. 28.

Presenta dúas novas publicacións na colección "Biblioteca Arquivo Francisco Pillado Mayor", *Desbaratos* (2001), de Llorenç Villalonga, e *Nun pregue de veludo (fagamos comedia)* (2001), de Alexandre Ballester, das que salienta o seu carácter bilingüe, o traballo de traducción realizado por Xesús González Gómez e o trazo común de estaren centradas na promoción de dous autores vinculados ás letras catalanas e á illa de Mallorca. Considera moi salientábel esta iniciativa pois atende á promoción da lectura e á diversidade do sistema educativo e achega algúns datos dos autores destes textos, separados pola diferencia de idade — Villalonga (1897-1980) e Ballester (1934)— mais unidos pola "mirada irónica e

crítica respecto da realidade circundante, ora para retratar cunha tonalidade case esperpéntica a decadente aristocracia insular, ora para ofrecer unha visión non menos esperpéntica da descomposición do poder e do ocaso dos dictadores". Alude a textos contemporáneos como *Tres sombreros de copa*, de Miguel Mihura; *Ubú Rei*, de Alfred Jarry; *Calígula*, de Albert Camus ou *Le Roi se Meurt*, de Eugène Ionesco. A seguir e con respecto a *Desbaratos*, sinala que acolle cinco textos a medio camiño entre o esperpento e a comedia de salón, analizados polo miúdo por González Gómez que considera o autor como un dos escritores máis importantes da literatura catalana contemporánea. De *Nun pregue de veludo*, destaca que Ballester acadou con esta obra o Premio Josep María de Sagarra en 1967 e emparenta o texto polo seu carácter esperpéntico con *Laudamuco señor de ningures* (1977), de Roberto Vidal Bolaño; *A sonada e proveitosa enchenta do Marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida* (1975), de Euloxio Rodríguez Ruibal ou *O xigante Mapoulas*, "escrito en 1842 por Juan Bautista Alberdi e traducido para o galego por Ramón Rocamonde Gómez", todos eles "alegorías de épocas sen liberdade e cheas de opresión". Conclúe valorando a publicación destes textos, "sobre todo cando van acompañados dese tipo de introduccións que adoita preparar Xesús González Gómez e que tanto axudan a entender o contexto no que se concibiron, escribiron e publicaron, sobre todo cando falamos

de sistemas teatrais e literarios que gardan semellanza co noso, co galego", e suxerindo a traducción ao galego de textos de Ignasi Iglesias, Santiago Russinyol, Felip Cortiella ou Angel Guimerá.

Vieites, Manuel F., "Se nos fue Roberto Vidal Bolaño", *ADE-Teatro (Revista de la Asociación de directores de escena de España)*, nº 93, "Noticias de asociados", novembrodecembro 2002, p. 224.

Dá conta do falecemento de Roberto Vidal Bolaño e sinala algunhas das características da súa ampla producción dramática. Indica que sempre achegou á escena galega propostas transcendentais, subliña a súa valía e mais afirma que a súa obra "habría maravillado a propios y extraños de haber vivido en un país con una cultura normalizada".

Vieites, Manuel F., "Do cainismo e outras patoloxías. A propósito do CDG, de Manuel Guede e dun teatro en obras (parte I)", *Escaramuza*, nº 14, decembro 2002, p. 13.

Alúdese ás críticas motivadas polo feito de que o Centro Dramático Nacional e o Centro Dramático Galego traian a Galicia un espectáculo en castelán: *Os vellos non deben de namorarse*, baseado na obra de Alfonso Rodríguez Castelao. Pola súa banda, o articulista declara que as institucións conciben o teatro como un simple instrumento e a realidade ében distinta. É certo, engade, que o teatro pode ser "un elemento de promoción lingüística e cultural" pero é moito máis ca iso. A este respecto, recolle unhas palabras de Rafael Dieste, que afirmaba que "a mellor maneira de dignificar o teatro galego e a literatura dramática galega era escribir ben e realizar bos espectáculos".

Vilanova, Manuel, "Unha luz azul e movediza", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 59, "Auria das letras", marzo 2002, pp. 38-39.

Faise unha breve aproximación á figura do ourensán Manuel Vilanova (Barbantes, 1944) e reprodúcese un poema longo seu no que se lembra a cidade de Ourense mediante un diálogo entre os escritores Eduardo Blanco Amor e Raymond Chandler.

Vilavedra, Dolores, “O agasallo da fortuna”, *Tempos Novos*, nº 63, “Entregas culturais”, agosto 2002, pp. 50-53.

Tras salientar a crise editorial, alude a varias publicacións de cara ao verán, presentándoas sucintamente e, nalgún caso non deixa pasar a ocasión para achegar unha breve crítica. Principia o repaso na literatura infantil, facendo referencias a unhas cantas traduccións. A seguir refírese a *Servicio de urxencias* de Suso de Toro, “textos de estatuto híbrido”, di, que se basean en guións televisivos e que, observa, teñen de fondo a pegada de Castelao. Logo, ocúpase da poesía, comentando varios poemarios, entre os que están, *A árbore da cegueira* de Baldo Ramos ou *Cantos da seiva* de Xesús Pereiras. En narrativa fai mención, primeiro, a *O sol de verán* de Casares, ao que denomina “libro de recreación íntima e de comentario amical”. Despois apunta que *Trece badaladas* de Suso de Toro pode ter o defecto de “querer ser demasiadas cousas”, mais salienta desta obra o “esforzo por dotar a Santiago dun hábeas mítico-lendario que compense os excesos xacobeos”. Alude así mesmo a outras moitas obras, deténdose un bo anaco a comentar certos aspectos relativos a *As chamadas perdidas* de Manuel Rivas. Recoñece a “calidade menor” dalgúns relatos, mais reivindica a doutros, así como salienta a mestría do autor con estas formas xenéricas.

Vilavedra, Dolores, “Historias do teatro galego”, *Anuario Galego de Estudios Teatrais 2001*, “Recensións”, 2002, pp. 229-230.

Comeza esta recensión indicando que non hai ninguén máis idóneo que a autora, Laura Tato, para abordar unha obra como *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936* (1999). Sinálase que o feito de ser unha encarga da editora determinou que o carácter didáctico e a clareza expositiva se impuxesen aos rigores academicistas. Constátase o enfoque historicista da obra, que vincula estreitamente o desenvolvemento da historia teatral de Galicia ao dos seus avatares políticos e á historia social da lingua, e faise un pequeno percurso por cada un dos seis bloques nos que se estructura a obra. Así, saliéntase o tratamento que se lle dá á participación dos coros na conformación da dramaturxia galega, ao conseguir a autora eludir o risco de distorsionar a súa importancia (por ser este o tema da súa tese de doutoramento), e elóxiase tamén o tratamento dado a un tema tan complicado como o do teatro na emigración. Sinálase que a autora quixo primar fronte aos criterios puramente estéticos, outros que atenden máis ás repercusións que no seu momento tiveron as obras no campo cultural galego, evitando así superpoñer os criterios

artísticos actuais á valoración real que as obras mereceron no seu día. Finaliza cualificando a obra como de “consulta imprescindible, utilísima e mesmo grata”.




Villalaín, Damián, “O xenio sinxelo”, *Tempos Novos*, nº 56, “Voces e Culturas”, “Obituario”, xaneiro 2002, p. 82.

Mostra o seu pesar pola morte de Xosé Antonio Moreno e resume a súa traxectoria vital, centrándose principalmente no eido literario. Salienta a súa capacidade para contar historias e apunta as características que definen a súa escrita que, di, é difícil de “enmarcar”.

Villares, Ramón, “Terra e memoria en Otero Pedrayo”, *A Trabe de Ouro*, nº 50, Tomo II, “Cuestións”, abril-maio-xuño 2002, pp. 37/181-58/202.

Análise da evolución intelectual de Ramón Otero Pedrayo, tomando como alicerces dous elementos imprescindíbeis no escritor: a terra e a memoria. Séntase primeiramente a débeda de Otero para coa cultura finisecular e cun historicismo de raigame romántica que atopa paralelos nos nacionalimos español, vasco e catalán. A continuación, realízase un

percorrido pola obra *Arredor de si*, que achega claves fundamentais para entender esa progresión ideolóxica. A partir de aquí, Villares céntrase xa na importancia que a formación de Otero como xeógrafo tivo de cara á conformación do seu pensamento, e de cómo a influencia da escola francesa o leva ao interese pola Historia (a Memoria). Do mesmo xeito destaca que esa visión da Historia xira arredor de determinados espacios (a aldea, Compostela, etc.) e personaxes (fidalgos, labregos, etc.), dotados dun determinado simbolismo na súa obra, así como o paso do tempo e as sazóns, a teoría das elites, etc. No derradeiro apartado, Villares remata aludindo á combinación de identidade local e universal que caracterizou a Otero e aos homes de Nós.




Widmer, Urs, “Dialogos suízos”, *A Trabe de Ouro,* nº 51, Tomo III, “Textos”, xullo-agosto-setembro 2002, pp. 95/383-109/397.

Isabel Blanco traduce uns diálogos de Urs Widmer que se localizan en Suíza e que teñen como protagonistas a Hans e Elsiña, un matrimonio que mantén conversas sobre diferentes temas. Trátase de sete pezas: “Diálogo sobre a festa do 1 de agosto”, “Diálogo sobre os estranxeiros”, “Diálogos sobre os animais”, “Diálogo sobre a sorte”, “Diálogo sobre o

deporte”, “Diálogo sobre o feito de ter fillos” e “Diálogo sobre o imperio”. Os temas máis salientábeis son o patriotismo que demostran ao falar das importantes batallas que gañaron, da gallardía dos seus soldados, así como a alta estima que senten pola súa terra cando entenden que pode ser considerada un museo a onde a xente acudiría a ver como se vive feliz. O protagonista manifféstase defraudado pola pasividade dos futbolistas que alcanzaron un estatus social demasiado elevado. Finalmente, o home mostra o seu carácter máis rebelde e manifesta todos os cambios que levaría a cabo se fose emperador de Suíza.




Zubillaga, Carlos, “Andaduras montevideanas de un orensano impar: gestiones diplomáticas y enseñanza universitaria de Eduardo Blanco Amor en Uruguay (1938-1947)”, *Anuario del Centro de Estudios Gallegos de Montevideo 2001*, abril 2002, pp. 175-199.

Achega documental da presencia de Eduardo Blanco Amor en Montevideo. Así, o autor comeza referíndose á vida deste autor no seu Ourense natal e, polo tanto, co contacto que Eduardo Blanco Amor tivo coa Xeración Nós, seguida da posterior emigración a Buenos Aires, onde adquiriu unha importante formación intelectual. Dáse a coñecer unha serie de revistas, entre elas, o *Despertar Gallego*, onde o escritor se iniciou no xornalismo despois de

comezar a escribir na *Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales* en setembro de 1921. Alude, tamén, á homenaxe en Montevideo a Federico García Lorca feita por Blanco Amor, que se chamou “Un recuerdo de Federico García Lorca. Como nació un libro inédito, *El Diván del Tamarit*”, ao igual que as achegas deste como voceiro republicano ou como catedrático universitario en Uruguay (1946-1947) na Universidade da República. Polo tanto, o autor tenta esclarecer algúns aspectos da influencia deste galego na sociedade uruguaia máis alá do fenómeno inmigratorio estricto coa figura do escritor galego Eduardo Blanco Amor, axudándose de enquisas feitas por Carlos Casares ao autor ou estudios de Alberto Vilanova Rodríguez.




V. 5. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Alcalá, Xavier, “Ao lector disidente”, *La Voz de Galicia*, “Biblioteca Galega 120”, 5 xaneiro 2002, pp. 12-15.

Iníciase este artigo coa mención ao IV Congreso de Escritores Galegos, celebrado baixo o lema “O futuro da literatura galega”, no que Luísa Villalta falou “dos traspés dos galegos, desde os tempos dos señores celtas que Roma subxugou ata os das liberdades machucadas polo franquismo e os degaros esmagados en democracia por un sistema que non quere saber de galeguidade”. Nesta liña, Xavier Alcalá vai falando ao longo do artigo da situación da literatura galega dende un punto de vista tanto sincrónico coma diacrónico e atendendo tamén á perspectiva do escritor, do lector e do editor. Fala de que a xa suficientemente asoballada literatura galega debe chamar a atención, feito ao que se contribúe coa publicación desta colección Biblioteca Galega 120.

Sinala Alonso Montero que escribe este artigo, a petición de Xosé Ramón Pena, contra a desmemoria. Aproveitando esta temática, recupera a lembranza de Edicións Monterrey, editorial previa ao nacemento de Galaxia, que deu ao prelo coidadas edicións de bibliófilo, consciente do glorioso nome que escolleran, o do lugar vinculado aos inicios da imprenta en Galicia. Achega tamén algúns datos de Luís Viñas, galeguista e vinculado aos libros mesmo dende a súa dimensión material, pois foi encadernador dende neno. Enumera os títulos que deu a coñecer esta editorial, todos eles cun ton reivindicativo do exiguo discurso literario daquela altura: *Égloga de Belmiro e Benigno* (1951), de Pastor Díaz, exhumado e analizadopor Álvarez Blázquez; o texto de 1671 inédito ata daquela *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, de Gabriel Feixoo de Araúxo, en edición do seu descubridor Fermín Bouza-Brey; *El búho gallego* (1951), texto atribuído ao VII Conde de Lemos editado por Álvarez Blázquez; *Vida y viajes literarios* (1952), do Padre Sarmiento, volume do que comenta que contén unha páxina que deixou pasar a censura franquista e na que o erudito do século XVIII propón o galego como idioma escolar. Entre outros títulos importantes publicados por

este selo editorial menciona tamén *O desengano do Prioiro* (1952), de Otero Pedrayo; o *Cancioneiro de Monfero* (1953), de Álvarez Blázquez; os primeiros relatos de Gonzalo Rodríguez Mourullo (1954, 1956) ou os *Inéditos de Rosalía* (1953), que editou Juan Naya Pérez. Conclúe destacando que se trata de libros de fermosa fasquía artesanal e coidados en todos os seus aspectos, que mesmo deberían ser obxecto dunha edición facsimilar, e que respondían a unha óptica antifranquista e galeguista. Nun apartado á parte lembra iniciativas anteriores como a editorial Bibliófilos Gallegos, fundada en 1949 co volume *Camiños no tempo*, de Ramón Cabanillas. E, finalmente, alude a Benito Soto, tamén de 1949, aclarando que se trata en realidade dun colección de libros de poesía e non dunha editorial e que durou dous anos escasos. Desta empresa menciona que foi dirixida por Sabino Torres Ferrer e que posteriormente se incorporou Celso Emilio Ferreiro.








Comeza referíndose á abondosa listaxe de poetas editados galegos na actualidade, o que lle provoca dificultades para elixir qué obra comentar. A seguir, céntrase na obra do poeta vilalbés Rafael Yáñez, que vén de editar *Lembranzas e olvidos dun estraño* (2001). Comeza sinalando que é un poeta "aparentemente humilde", pero que deixa pegada cando se le a súa obra. Reproduce algúns dos seus versos e cualifícao de neomodernista e lírico "ma non troppo". Remata chamando a atención sobre este autor e sinalando que merece oportunidades.





Fala Vicente Araguas do poemario *No leme das lembranzas* (2001), asinado por Daniel Pino Vicente, e inicia o artigo lamentando non ter datos biográficos do autor, polo que c culpa ao editor do libro de tal falta de información. Sinala que a temática de *No leme das lembranzas* está referida ao mar e á terra e os seus versos son “ben medidos”. Remata Araguas dicindo que “é un libro moi curioso, abondo diferente e visto desde hoxe axeracional”.

Comentario de *1999* (2001), poemario asinado por Helena de Carlos, que é cualificada como unha autora “todo agás, agás, hiperbólica”. Comeza Araguas falando dos poemarios e libros que levan un ano concreto por título e diferenciándoos do que neste artigo lle ocupa, xa que os poemas de Helena de Carlos sempre contan cousas, unha obra que caracterizar por que vai “por libre”.

Breve comentario a propósito de *Invocació d'un temps/Invocación dun tempo* (2001), de Luís G. Tosar. Salienta o limiar de Pere Gimferrer e alude ao contido do volume. Atribúelle á poesía deste autor unha "fondura telúrica" e "unha riqueza lingüístico-musical sobranceira", opóndoa a unha "poesía excesivamente beatifica", como é a galega ao seu ver. Fai referencia tamén ao "Tosar irónico" e "sarcástico", e dubida do "Tosar viaxeiro". Por outro lado, denuncia os problemas do poeta para publicar en Galicia.

Fala o xornalista do último poemario escrito por Xohana Torres, titulado *Ferrol, corazón de navío* (2001) e publicado por Edicións A Nosa Terra coa colaboración do Concello de Ferrol. Tras repasar brevemente a obra poética e non poética de Xohana Torres e destacar especialmente a súa importancia dentro do panorama literario galego con respecto á súa breve obra, Vicente Araguas remata por dicir que Xohana Torres é unha poetisa que foi e vai "por libre nunha literatura que ten a óptima liberdade que dá a periferia".





Dáse conta da publicación do *Diccionario metodolóxico de análise literaria* (2001), que Arcadio López Casanova vén de dar ao prelo. Sinala que neste volume, Arcadio López Casanova presenta, á maneira do século XVIII, unha catalogación dos recursos literarios, tipos versais, etc. e todo o necesario para analizar ou desmontar un poema á hora de facer un comentario literario sobre el. Como di Vicente Araguas, este é "un libro de consulta, pero tamén de lectura convencional".





Araguas, Vicente, “Útil”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 406, 28 febreiro 2002, p. 6.

Comentario de *Diccionario metodolóxico de análise literaria* (2001), de Arcadio López-Casanova. Achega algunha das entradas para demostrar que “se trata dun volume rigoroso e cheo de método”, ademais de “ameno”. Salienta, así mesmo, a exemplificación tirada da obra de grandes nomes da nosa literatura.

Fálase de *Casa atlántica, casa cabaret* (2001), o último poemario de María Lado, no que a poetisa fala do espacio vital que a rodea e rodeou dende unha perspectiva moi distinta á da poesía tradicional. Finalmente, Vicente Araguas agradécelle a María Lado o seu poemario, facendo unha lixeira descrición da actitude da autora fronte á vida.

Dáse conta da publicación de *Templo* (2001), a última obra do escritor lugués Manuel Xosé Neira. Sinala que en *Templo* Manuel Xosé Neira aborda unha temática relixiosa ou meta-relixiosa a través de poemas como “Busquei o círculo da unión perfecta”, “Edelweiss místico”, “A arca do mar: templo”, “Elexía branca”, etc. Cualificándoo como un poeta cauto, Vicente Araguas asegura que relerá este libro de Manuel Xosé Neira en moitas ocasións.

Fálase de *Diario íntimo dun vello revoltado* (2001), volume pertencente ao xénero dieturista asinado por Antón Tovar. Vicente Araguas lamenta que este xénero non sexa máis empregado na literatura galega, pero tamén agradece a Tovar a súa achega. Di o xornalista que esta obra é un "tratado de paixón, transcendental e transcendente, que nos leva pola anguria existencialista de quen procurando a Deus remata por negalo". Finalmente, destácase que a obra leve un prólogo de Xesús Alonso Montero.





Comeza Vicente Araguas lamentando non coñecer de antes a poesía de Baldo Ramos, autor de trinta anos que vén de publicar o seu primeiro poemario, titulado *Raizames* (2001). Indica que neste libro Baldo Ramos usa estructuras de pequeno formato, poemas breves, que son moi debedores da súa condición de pintor, e temática paisaxística, tanto referida á natureza coma aos corpos. Finaliza Araguas comentando que Baldo Ramos “vai por libre no mesto panorama poético galego actual”.

Comentario sobre a poesía de Fran Alonso e, en particular, da súa obra *Subversións* (2001). Defende o quefacer poético do vigués nun panorama actual, ao seu ver, non moi positivo para a lírica. Achega algunhas características do volume e encadra o poeta na "poesía urbana", salientando os "defectos" e as "virtudes" do seu traballo. Remata afirmando que Alonso "aposta por unha poesía viva, nada museística, na que a pureza vén dada polo achegamento á realidade humana".





Fálanos Vicente Araguas do noveno libro que Xavier Rodríguez Baixeras publica: *Eclipse* (2001), obra na que, a través dunha "prosa mineral", o autor segue na súa liña non demagóxica que xa iniciara, tardiamente, en 1981 con *Fentos no mar*. Finaliza a columna Araguas explicando que *Eclipse* non é un libro para despachar nunha soa lectura e preguntándose o motivo polo que se adscribe a este autor á chamada Xeración dos 80.





Recomenda a *Obra poética completa* (2001), de Manuel María, publicada por Espiral Maior e galardoado como o libro mellor editado. Considera que este libro precisa unha lectura "pracenteira e demorada", nunha obra de "valor enciclopédico", na que se recolle poesía de múltiples tendencias, dende o existencialismo, o paisaxismo, a belixerancia, ou a tendencia "beat", entre outras. Caracteriza esta poesía pola presencia do amor e o humor como o prebe cos que autor "molla o seu concepto poético". Percorre a súa traxectoria dende *Muiñeiro de brétemas* (1950), no que atopamos a un poeta de talante clásico e feituras modernas; pasando por *Terra Chá* (1954), que se converteu no seu libro insignia; ata *Libro dos pregos* (1962), do que considera que é necesaria unha relectura. Sinala que despois desta obra atopamos ao Manuel María socio-político, con algúns dos seus mellores poemas, e finalmente o poeta que cultiva unha poesía de "camiños demorados, lentos" dominados pola beleza. Remata sinalando que probabelmente este autor siga facendo poesía posto que é vocacional nel.

Araguas, Vicente, “Elexía”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 128, 6 maio 2002, p. 3.

Fálase da publicación de *Ónfalos* (2001), último poemario escrito por Lois Diéguez, que permanecía en silencio poético dende 1982. Sinala que en *Ónfalos*, o poeta escribe elexiacamente por mor da morte da súa irmá Carme no ano 1999, malia que o corpo central desta columna está dedicado a unha disertación de Araguas sobre o significado da palabra grega que dá título ao libro. Finalmente, cualifica a Diéguez como un poeta dotado de verbo sinxelo e directo, que non lineal e pouco elaborado, e dicindo que pertence á vella escola.





Trátase inicialmente a figura de Emilio Araúxo dentro da literatura galega como creador para pasar a falar da súa aposta editorial, que acaba de lanzar ao mercado galego ao, para Araguas, descoñecido poeta Yu Jian e a súa obra de carácter fragmentario titulada *Voo* (2001). Pregúntase Araguas, entre outras cousas, se a traducción que presenta Araúxo é directa ou provén dun idioma ponte e se Yu Jian é un escritor “beat”, sorprendéndose por encontrar referencias a Allen Ginsberg no interior do longo poema de Yu Jian. Finaliza o artigo comentando que está seguro de que Yu Jian escribe bos relatos.

Percorrido pola historia da traducción ao galego no que se sitúan os seus comezos nos inicios da literatura galega, dende a *Crónica xeral e Crónica de Castela*, de Alfonso X e un fragmento do *Livro de Tristán*, pasando pola etapa dos Séculos Escuros, da que non existe ningún texto traducido ata finais do século XIX, cando en 1897 Florencio Vaamonde traduce as *Odas*, de Anacreonte. Sinala que os clásicos grecolatinos foron obxecto de traducción nesta incipiente etapa e así cóntanse, nas primeiras décadas do século XX, as traduccións de obras de Virxilio, Horacio, Teócrito, Plauto, Heidegger ou Omar Khayyam e, posteriormente, nas décadas dos sesenta e setenta, comeza a traducción de textos relixiosos como a *Biblia*, o *Novo Testamento* ou o *Evanxelio dos nenos*. Ponse de relevo que os responsábeis destas traduccións comezan a ser xa persoas que aproveitan a experiencia adquirida para seguir con este labor, fóra do esforzo illado e filantrópico. Cualifícase a década dos oitenta como década prodixiosa da traducción ao galego porque nesta etapa comeza a pensarse en termos de normalización e de rendibilidade para traducir de xeito sistemático, feito ao que contribúe a chegada do galego ao ensino, a demanda de textos

doutras linguas ou a creación de Edicións Xerais. Así, cítanse as versións galegas de obras de Oscar Wilde, Herman Melville, Jack London, Jules Verne, Stevenson, Lewis Carroll, Alan Poe ou Conan Doyle. Nos noventa saliéntase a aparición de novas editoriais que dedican parte do seu catálogo ás traduccións, consolidando a oferta. Apunta a mellora da formación dos traductores ao galego a través da creación da Asociación de Traductores Galegos e a implantación da Facultade de Traducción e Interpretación na Universidade de Vigo. Nomea a algúns dos máis destacados traductores como Darío Xohán Cabana, Henrique Harguindey, Basilio Losada, Silvia Gaspar, Valentín Arias, Xavier Rodríguez Baixeras, Gonzalo Navaza ou Leandro García Bugarín. Conclúese afirmando que actualmente hai unha nova xeración de traductores formados, malia certo decaemento do mundo da edición. Nun epígrafe á parte refírese ao fenómeno das autotraduccións por parte dos autores, nomeadamente ao castelán. Sinálase como consecuencias desta cuestión o feito de que a miúdo non se consideran obras traducidas, senón escritas directamente en castelán, e provocando traduccións a outras linguas a partir da traducción ao castelán. Neste sentido menciónase os casos de Suso de Toro e Manuel Rivas.








Tras uns breves apuntamentos biográficos do autor da obra dáse conta da traducción ao castelán, feita polo propio autor, da novela *Martázul* (2001). Esta novela de Xosé A. Perozo é cualificada como novela provocadora que desenvolve unha atropelada educación sentimental en tempos de fondos cambios, onde a perversión e o sexo non deixan lugar ao amor. Coméntanse as características da protagonista desta novela gañadora do Premio Blanco Amor, sinalando que se trata dun personaxe que non esconde máis pregos psicolóxicos que enriquezan a súa figura máis alá dos encantos do seu corpo. Indícase que está dividida en tres partes, coincidentes con tres etapas da protagonista e contadas por ela en primeira persoa desde un presente narrativo situado entre 1993 e 1996, con frecuentes retrospeccións temporais ao pasado recente da súa adolescencia. Así mesmo, dáse conta do nome das partes (“El tren del placer”, “Pigmalión” e “Tiempo de la memoria”), así como o seu argumento. Finalmente, coméntanse as características da súa prosa, como pode ser o ritmo entrecortado pola sintaxe de frases breves, as repetidas alusións literarias ou a reiteración de fórmulas narrativas.

Bernárdez, Carlos, “Azul mediterráneo”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 1, 9 maio 2002, p. V.

Valora o esforzo da editorial Espiral Maior por contribuír ao coñecemento das diferentes tradicións poéticas peninsulares como proba a publicación de *Vinte poetas das Baleares* (2001), unha edición bilingüe traducida ao galego por Xavier R. Baixeras e cun estudio introductorio do profesor Pere Roselló Bover. Salienta desta antoloxía a rica tradición poética das Illas Baleares dende a segunda metade do século XIX ata a actualidade, a indiscutíbel calidade dos poetas e a constatación das circunstancias singulares das Illas con respecto a Cataluña que se reflicten na exaltación da tradición rural e relixiosa e nun posibilismo nacionalista. Menciona algúns dos poetas presentes na antoloxía como Miquel Costa i Llovera, autor de “Lo pi de Formentor”, un dos poemas que supoñen o cume da poesía romántica catalana e que foi traducido ao galego por Curros Enríquez; Joan Alcover, un poeta que practica formas máis espontáneas baseándose na captación da vida, da paisaxe e das xentes mallorquinas; María Antónia Salvá, representante dos “Fillos do novecentos”, ou Bartomeu Roselló-Pòrcel, influído polo surrealismo, a poesía pura e o neopopularismo. Sinala que trala Guerra Civil, o silencio e a persecución deron paso a unha

lenta recuperación dende os anos cincuenta e á aparición de poéticas innovadoras ligadas ao existencialismo, ao compromiso social e á diversificación,a así como ás grandes vocesda literatura catalana contemporánea como Blai Bonet, Josep M. Llompart ou Miquel Ángel Riera.








Nesta páxina dedicada ás publicacións en lingua galega, Blanco Rivas en “Unha denuncia sobre a precariedade social” ofrece as liñas argumentais e uns apuntamentos sobre o estilo narrativo de *Breve crónica universal da clase obreira* (2001), de Jaureguizar, novela gañadora do Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2001. Dela salienta o compromiso do autor co mundo obreiro e cita outras obras deste como *Fridom Spik* (1995), *Todo a cen* (1995), *A rutina corsaria* (1998) ou *Salitre* (2000). A seguir, e baixo o título de “Versos sobre a cidade da que todo xorde”, atende ao poemario *Ferrol, corazón de navío* (2001), de Xohana Torres, no que sinala que se recrea o currículo da escritora, fundamentalmente os seus libros de versos anteriores, e que se trata dun poemario mariño que posúe distintas paradas literarias que serven “para recalar en todos aqueles versos que evocan a cidade da que todo xorde”, a cidade portuaria do Ferrol, na que a propia autora pasou o tempo da nenez. En columna á parte, ofrece as liñas argumentais das obras editadas en 2001 *Nasce un árbore/Memorias de Tains*, de Gonzalo R. Mourullo; *Casa atlántica, casa cabaret*, María Lado; e o volume de literatura infantil *Moncho e a mancha*, de Kiko Dasilva.

Baixo o epígrafe de “As angurias dunha víctima da guerra civil”, faise unha crítica da obra *Como levar un morto* (2001), de Xesús Rábade Paredes, da que se sinala que é unha historia “convulsa e fragmentaria” que recrea a pesada carga que lle supón ao protagonista, Amador Souto, as súas vivencias de guerra. Tamén se refire ao emprego da técnica do diario, coa que se reflicte a viaxe interior do personaxe principal. A seguir, e baixo o epígrafe de “O libro dos habitantes imaxinarios”, dá noticia da saída ao lume da obra *Pequena mitoloxía de Galicia* (2001), realizada por Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba, e ilustrada por Irene Fra, Fino Lorenzo, Enjamio e Teresa Novoa. Sinala que é unha obra que recolle o mundo máxico poboado de trasnos, princesas, lobishome, etc., seres imaxinarios que forman parte da fantasía colectiva. Tamén ofrece as liñas argumentais do volume dirixido á infancia *O elefante que non era elefante* (2001), de Marta Rivera Ferner; da biografía *Xosé Crecente Vega* (2001), de Félix Villares Mouteira; e dos relatos *Elexías a deus e ao diaño* (2001), de Samuel Solleiro.

Nesta nova entrega desta páxina literaria ofrécense comentarios de dúas obras galegas que veñen de ser editadas. A primeira, e baixo o epígrafe de “A mirada do escritor que esculca o mundo”, é *A carreira do salmón* (2001), de Suso de Toro, da que apunta algúns dos temas tratados nos artigos xornalísticos que recolle o volume. Pon de manifesto o punto de vista do autor e cita algúns dos títulos que ten publicados como *Caixón desastre* (1983), *Ambulancia* (1990), *Calzados Lola* (1997) ou *O país da brétema* (2000), entre outras. En columna á parte ofrece tamén unha breve achega argumental á obra de Roque Cameselle, *O Pausiñas*, publicada en 2001. Dela sinala que ten como espacio de acción o Baixo Miño e que bota man das tradicións narrativas locais, especialmente marcadas polo humor costumista e lírico, así como da memoria histórica.

Páxina literaria na que se atende a algunhas novidades literarias galegas. Baixo o título de “Toda a poesía do bardo da Terra Cha”, achégase un breve retrato de Manuel María e refírese ás tres liñas temáticas que caracterizan a súa poesía. A seguir, alúdese á *Obra poética completa* (2001), na que Espiral Maior acolle toda a producción lírica do chairego. Sinálase que os corenta e sete títulos compilados están revisados polo autor e que neles se levou a cabo unha unificación lingüística. En “Investigación e literatura do 2000”, dáse noticia da publicación do novo número de *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, correspondente ao ano 2000. Alúdese aos traballos publicados neste número e aos autores e investigadores que participaron nel, como Xoán González-Millán, Craig Patterson, Manuel
F. Vieites ou Silvia Bermúdez, Lucía Fraga Rodríguez, Benoît Mitaine, María do Cebreiro e Dorothé Schubart. Finalmente, ofrécense unhas notas argumentais dos volumes dirixidos aos máis pequenos *A ratiña presumida* (2001), de José Antonio López; e *A fortuna de Bartolomeu* (2001), do Colectivo Crisol, ademais do volume narrativo de Francisco Castro *Xeografías* (2001).

Nesta páxina literaria dáse conta de catro novidades editoriais de diferentes xéneros que aparecen baixo os epígrafes de: “Sobre a aprendizaxe da vida e da morte”, no que se fai unha breve aproximación á trama argumental e á técnica narrativa da novela *Ganga* (2001), de Antón Lopo. Salienta a súa trama trepidante, a mestura de xéneros e rexistros e o feito de que é unha novela de personaxe na que se fai unha constante interrogante sobre a identidade. En “Historias e paixóns dunha galega universal”, faise unha presentación da biografía *Carolina Otero* (2001), da autoría de Marga do Val. Achega algúns datos biográficos da protagonista e salienta o material iconográfico incluído no volume, así como a presencia de datos inéditos. En “Unha obra poética na procura do sentimental”, faise unha crítica do poemario *Antoloxía poética* (2001), de Blai Bonet, unha selección bilingüe a cargo de Margalida Pons e con traducción de Xavier Rodríguez Baixeras. Destácase o periplo literario anterior de Blai Bonet, fálase dos premios que acadou e, respecto do presente traballo, exponse a fonda presencia de Grecia e a súa cultura no poemario rescatado. En columna á parte tamén se achega a liña argumental da novela *Helena e o solpor* (2001), de Juan Kruz Igarabide.

Blanco Rivas, M., “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 252, 16 marzo 2002, p. 2.

Ademais de dar conta de volumes de carácter etnográfico e divulgativo, no que á literatura galega se refire céntrase na novela *Jalisco* (2001), de Fernando Salgado baixo o epígrafe de “Un relato policial entre a realidade e a ficción”. Indica que foi finalista do premio de Novela por Entregas 2001 de La Voz de Galicia, destácase a súa boa construcción a partir dun acontecemento que conmocionou a opinión pública nos anos da posguerra e sublíñase que nela “realidade e ficción van parellas”. Tamén apunta o seu carácter policial inserido “dentro da panorámica da literatura galega dos nosos tempos”. En columna á parte ofrece as liñas argumentais do volume de relatos *O ladrón de esperma* (2001), de Xavier Queipo; do poemario *Eclipse* (2001), de Xavier R. Baixeras; e do album *Os Bolechas teñen gato* (2001), de Pepe Carreiro.

Baixo diferentes epígrafes, Blanco Rivas ofrece comentarios valorativos de varias obras literarias, entre elas *Biografías de malogrados* (2001), de Manuel Veiga, no que comeza insistindo en que os relatos da presente colección son experiencias vitais que queren profundar na condición humana. Do mesmo xeito, sinala que son biografías de "pequenos heroes que non esperan nada, só vivir a existencia". Asemade, achégase a *A Viaxe de Cora* (2001), de Meike Hinrichs, incluída na colección "Tiramillas" da Editorial Kalandraka. Sinala que é unha historia na que a nena protagonista realiza ao mesmo tempo unha viaxe externa e interna, un percorrido fantástico-realista que fai que poida descubrir como é a vida e a xente que a rodea. Remata cunha nota argumental sobre *Un conto de tres noites* (2001), de Xabier P. Docampo, con ilustracións de Xosé Cobas, que está protagonizado polo rei guerreiro Gaoth que atopa unha illa verde no mar.

O autor comenta brevemente a obra de Carlos Casares *Os escuros soños de Clío* (1979). Céntrase concretamente na influencia que nela tivo Marcel Schowb e as súas *Vidas imaxinarias*, influencia xa patente en Conan Doyle, K. Capeck ou, nos nosos días, Xavier Lama. Considera incluso que os trazos cunqueirianos apreciábeis en Casares se explican pola mesma presencia de Schowb na obra do mindoniense. Boado ofrécenos ademais un extracto dun informe inquisitorial que serviu a Casares para construír o conto “Un fidalgo fernandino”.

Dáse noticia da publicación en galego do *Canto de min mesmo* (2001), de Walth Whitman. O autor considera que a sacralidade é a nota característica deste poeta e explica “a súa inaprensibilidade”. Céntrase logo na obra mencionada, “a mellor antoloxía posible que se poida facer”, e refírese a unha serie de autores nos que advirte a influencia whitmaniana, entre eles algúns galegos como Antón Avilés de Taramancos.

Comeza cunha achega á vida e obra do autor polaco Witold Gombrowicz, centrándose especialmente na súa obra *Pornografía*, que lle serve de pretexto para comentar a de Xosé Cid Cabido *grupo abeliano* (1999). Comeza criticando que no suplemento "*Babelia*" comparasen ao autor galego con Kafka a través do español Javier Tomeo. Considera que nesta obra de Cid Cabido non aparece a influencia de Kafka tanto como en *Días contados* (1991) ou en *Oralmente pola boca*(1997), onde se aprecia nos personaxes o afán de desmontar todas as convencións e tradicións. Sinala afinidades con Beckett na falta de coñecemento de quén fala, malia que se distancia no feito de que o irlandés tende a "estrangular a acción" e Cid Cabido deixa ver que todo é posíbel. Remata sinalando que as conexións de Cid Cabido con Gombrowicz son o amor á sátira "chea da lóxica da desmesura", na que o autor galego escolle un marco convencional para parodiar.

Felicita a atinada traducción realizada por Armando Requeixo e Mª Fe González do texto poético *A terra baldía*, de T.S. Eliot, publicado pola editorial Follas Novas en 2001, porque "souberon darlle o ton que a linguaxe poética de Eliot solicita". Aborda un percorrido pola composición deste poema, destacando o seu carácter fragmentario e o peculiar tratamento do tempo. Entre os variados modos de realizar a lectura do texto recomenda mergullarse nel gozando da súa polifonía e prescindindo de estudios preliminares ou introduccións, e mesmo das notas incorporadas polo propio Eliot, que considera como unha proba ben das súas inseguridades ben da súa ironía cos críticos ou cos profesores. Atende tamén ás citas que preceden ao poema porque nelas reside, ao seu entender, a súa clave e a súa síntese. A primeira delas, en latín e grego, fai referencia ao mito tráxico de Sibila, que procede tamén do *Satiricón* de Petronio do que toma a súa dimensión satírica, aspectos ambos que se recoñecen en *A terra baldía*: "unha historia tráxica nun marco completamente sórdido". A segunda das citas está dedicada a Ezra Pound, "o mellor artesán", e con ela Eliot quixo recoñecer a súa débeda con Pound, que lle corrixiu o poema e incorporou algúns versos.

Boado, Adolfo, “A vida plural de Omar Khayyám”, *A Nosa Terra*, nº 1.051, “Cultura”, 10-16 outubro 2002, p. 27.

Repasa a creación colectiva da figura do poeta Omar Khayyám, comparando este fenómeno co seu inverso, practicado por Fernando Pessoa coa creación de heterónimos. Con respecto a Khayyán sinala que se trata dun personaxe dotado de múltiples interpolacións, falsas atribucións e diferentes eséxeses e traduccións, o cal deu lugar a múltiples personalidades. Entre elas destaca a visión ofrecida pola traducción inglesa de Edward Fitzgerald, quen o concibe como un poeta materialista e ateo; a traducción francesa de J. Nicolas, que o considera pertencente á tradición sufí; e outras interpretacións que sosteñen a condición zoroástrica do autor, continuadora no filosófico da obra épica de Nizami e Fardusi. Sinala que as múltiples interpretacións provocan discusións mesmo na data do seu pasamento, que uns sitúan en 1123 e outros en 1132. Comenta tamén o artigo que Borges dedicou ao escritor en *Otras inquisiciones,* onde baixo o título de “El enigma de Edward Fitzgerald” enfocou a vida e a creación literaria de Omar Khayyám considerando que se trata do mesmo Fitzgerald setecentos anos máis tarde.

Boado, Adolfo, “Escribín o teu nome: Paul Eluard”, *A Nosa Terra*, nº 1.053, “Cultura”, 24-30 outubro 2002, p. 27.

Con motivo do cincuenta aniversario da morte de Eluard, convida a ler a traducción galega da súa obra *Capitale de la doleur*, de L. Brault e H. González, e exalta a súa figura que cre hoxe “desdebuxada”. Así mesmo, alude á presencia deste libro no filme *Lemmy Caution*, de J. Luc Godard e refírese á historia do seu poema “Liberté”. Tamén deixa constancia da “polémica” sobre a influencia do “poeta surrealista” en *Poemas do si e do non*, de Álvaro Cunqueiro.

Artigo dedicado a repasar sucintamente a historia editorial da lingua galega, iniciada coa publicación de *Maxina ou a filla espúrea* (1880), aínda que o autor destaca a publicación da obra de Rosalía de Castro como a máis importante dentro do panorama inicial editorial galego. Máis adiante tamén destaca as iniciativas editoriais de Galaxia, Céltiga, Lar, Bibliófilos Galegos, etc. para rematar ofrecendo esperanzas coa presentación do dato do gran crecemento editorial vivido pola literatura galega entre os anos 1997 e 2000. Finaliza o artigo coa denominación da Biblioteca Galega 120 como “un novo facho de luz extraordinariamente esperanzador que agardemos axude a desvelar ao grande público a existencia dunha literatura e dun sector editorial en lingua galega de grande calidade”.

Comentario do poemario *Sexto Fetiche* (2001), de Antom Fortes. O autor, tras bocexar a traxectoria do poeta, analiza brevemente as tres partes da obra: “Sexto Fetiche”, “Hiena” e “O reverso da dó”. Na primeira salienta a progresiva explicitación da linguaxe sexual e a reflexión sobre a paixón dos seus poemas finais conectan xa coa terceira das seccións. En canto a “Hiena”, Callón detense na simboloxía negativa deste animal, enraizada xa na Idade Media. O autor remata felicitándose pola ousadía que esta obra amosa tanto na temática (amor homosexual) coma na opción lingüística (reintegracionismo).

Alúdese inicialmente a que dende a perspectiva de loita de sistemas entre unha literatura emerxente e outra dominante se comprende que determinados autores e intelectuais líderes do movemento de emancipación nacional acabasen por converterse en constantes temáticas da poesía, como acontece con Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas e, sobre todo, con Alfonso Rodríguez Castelao. A respecto deste último o articulista quere chamar a atención sobre a que considera a primeira composición centrada na obra plástica de Castelao, obra de Ramón Garaboa Nuevo e publicada no xornal compostelán *Gaceta de Galicia* (nº 21, xaneiro de 1909), que se reproduce neste artigo. Seguidamente pon de manifesto a importancia do modernismo na formación estética dos intelectuais que integran a denominada "Xeración do 16" e o papel relevante que desempeñaron os cafés como lugares de convivencia, intercambio de ideas nos faladoiros e creación de proxectos como as revistas literarias. Detense no Café Colón de Santiago, onde xurdiron as revistas *Galicia moza*, *Calínez* e a "Página literaria" de *Gaceta de Galicia*, a

canle de expresión fundamental deste grupo constituído por Lustres Rivas, Castelao, Eduardo Dieste, Ramón Fernández Mato ou Isidoro Millán García, entre outros. Enuméranse as distintas actividades e publicacións que emprenderon os membros deste faladoiro compostelán ata a súa constitución en 1910 na asociación “Joven Galicia” e lembra o manifesto desta asociación difundido en *Vida Gallega*, que tiña entre os seus obxectivos o de mobilizar aos universitarios contra o caciquismo e emancipar o campesiñado galego.








Neste estudio faise referencia á vida de Alberte García Ferreiro como avogado e xornalista en Ourense seguido da súa obra literaria *Volvoretas* (1887), *Chorimas* (1890), *Leenda de groria* (1891) e *Follas de papel* (1892). O autor afirma a importancia deste autor aínda que se ve en segundo plano debido ao protagonismo doutros coetáneos do Rexurdimento. Incídese na importancia de *Leenda de groria* como literatura épica galega gañadora, ademais, do certame convocado polo Liceo Brigantino da Coruña no 1890. Para terminar, o autor céntrase nas outras obras poéticas de Ferreiro onde a diversidade temática é unha constante tendo, entón, poemas costumistas-realistas, cívico-patrióticos e intimistas.

Castro, Dorinda, “Letra de muller”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 9, 12 setembro 2002, p. I.

Comeza declarando que toma prestadas as palabras de Ferrrín en referencia á escritora abadesa de Gandersheim no século X para dar título a este artigo, que pretende ser unha homenaxe ás mulleres escritoras pola valentía que supuxo o seu labor, e tamén as palabras de varias autoras da *Breve historia feminista de la Literatura Española* (2000). Caracteriza a literatura galega pola ausencia de voces femininas na etapa medieval, a pesar de que as cantigas de amigo estean postas en boca de muller, e recoñece en Rosalía a figura que deu comezo ao Rexurdimento e ao feminismo literario. Sinala que hai literatura feminina en galego na voz de terra de Pura Vázquez, na natureza de María Mariño, na recuperación de Rosalía de Luz Pozo, na forza das mulleres de Xohana Torres, en María Xosé Queizán, Chus Pato, Ana Romaní, Pilar Pallarés e, entre as máis novas, en Marta Dacosta coa súa proposta de poesía cívica, Olga Novo e a súa sensualidade e Yolanda Castaño co seu erotismo. Ademais das citadas, indica que foi longo o camiño dende Francisca Herrera Garrido, “despois de Rosalía a única muller con “Día das Letras”, a Dora e Pura Vázquez, Ursula Heinze, Marina Mayoral, Carme Panero, Marilar Aleixandre ou María Gándara. Pecha

o artigo nomeando as mulleres que traballan na recuperación das voces femininas e do discurso feminista como Carme Blanco, Mª Xesús Fariña, Beatriz Suárez ou Camiño Noia.








Trátase o último libro publicado por Bieito Iglesias e titulado *A historia escríbese de noite* (2001), obra que lle fixo merecer o Premio Manuel García Barros e que editou Galaxia. Tras repasar brevemente a obra narrativa de Bieito Iglesias, Xavier Castro fala sucintamente de *A historia escríbese de noite*, destacando os espacios nos que se desenvolve (Ourense, Firenze, Compostela) e, sobre todo, como os caracteriza o autor.

Fálase de *Raizames* (2001), o último poemario de Baldo Ramos, pertencente aos Libros da Frouma, promovidos pola librería compostelá Follas Novas. Este poemario, di o xornalista, está constituído por poemas breves e intensos ao estilo dos *haikus* xaponeses “en convivio coa experiencia da propia terra”. Destácanse tamén algúns fragmentos do prólogo de Armando Requeixo.





Nun primeiro momento, alude ao importante incremento que se está a sentir nas publicacións periódicas, revistas e xornais especializados no eido do libro. Cita, entre elas, a publicación *Falar/Hablar de Poesía*, que chega ao seu número cinco e en onde se informa aos lectores de libros, formación, entrevistas, etc. sobre o panorama galego, portugués e castelán.
Coméntase que neste número se recolle unha conversa mantida entre Mario Santos e Manuel Herminio Monteiro e unha entrevista que Francisco José Cruz lle fai a Eugenio Montejo sobre os grandes temas da poesía, como o tempo, a paisaxe, a comprensión mítica do mundo, etc.
Finalmente, infórmase que na revista teñen cabida, ademais, novas sobre a lírica brasileira en Portugal, un artigo de Claudio Rodríguez Fer, e creacións de Olga Novo e César Antonio Molina.

Tras facer mención aos suplementos de revistas non galegas como *Quimera*, *Falar/Hablar de Poesía*, etc., que ofrecen páxinas dedicadas á literatura galega, céntrase na publicación madrileña *Ínsula (Revista de Letras y Ciencias Humanas)*, que inclúe un suplemento especial dedicado á realidade galega baixo o título "Galicia viva: líneas abiertas", coordinado por Carmen Blanco. Coméntase que no especial teñen cabida estudios que van dende a época medieval ata o legado dos exilios, pasando polas vangardas e a cultura popular. Así mesmo, saliéntanse os traballos de Fernández del Riego sobre a literatura galega contemporánea, o de Arcadio López Casanova sobre literatura medieval e moderna, o de Xesús Alonso Montero sobre o exilio galego, así como os estudios de Xosé Luís Axeitos sobre o Padre Sarmiento, Armando Requeixo sobre a literatura oral, Sara Fernández sobre a literatura feminina e Anxo Tarrío sobre a análise dos paratextos.

Faise referencia ao número especial que a revista barcelonesa *Quimera* dedicou á figura de Carlos Casares. Sinálase que quixeron homenaxear ao escritor unha serie de colaboradores-amigos entre os que destacan Xan Bouzada, Víctor Freixanes, Jon Kortazar, Marcos Valcárcel, Basilio Losada, Bieito Iglesias, Camiño Noia e Dolores Vilavedra que ofreceron as súas persoais visións sobre o escritor. Así mesmo, infórmase que na revista tamén se inclúe unha biobibliografía do autor e a última entrevista que se lle realizou. Destes artigos damos conta nos apartados neste apartado e VIII. 3 deste *Informe*.

Retruca a unha crítica que escoitou nun programa galego de radio en Barcelona sobre *Triloxía dos tristes* (2001), último libro de Xosé Carlos Caneiro. Con respecto á consideración de "barroco", Emilio Cid sinala que moitas veces se utiliza esta etiqueta para identificar un estilo "recargado, ampuloso, relambido, sofisticado, artificioso, escuro, ilexíbel, elaborado en exceso, cheo de complexidade, etc. Pensa que hai libros que gustan ou non gustan, bos ou malos, e que os hai "barrocos" que son verdadeiras xoias, como *El siglo de las luces*, de Alejo Carpentier, e libros "transparentes" que son excelentes, como *O sol do verán* (2002), de Casares. Na súa opinión, a mellor crítica é o boca a boca e a lectura en vivo do texto para descubrirlle a música interna, ler e gozar da galería de personaxes de Caneiro e deixar de lado as opinións "dos tribunais literarios". Salienta que a incorporación de elementos narrativos ao texto de Caneiro, lonxe de ser algo "barroco", ten un ton do realmarabilloso que lle dá vida ao conxunto e cre que non se lle perdoa a Caneiro o seu exceso de imaxinación, a paixón e a tenacidade que translocen os seus textos, o compromiso radical coa literatura de calidade ou o ter ultrapasado os "límites impostos polos directores

espirituais do literariamente correcto”. Sitúa a súa opinión no marco dun debate máis amplo sobre a negación de Galicia e menciona a este respecto a traducción e representación en castelán de Castelao, o esquecemento da obra de Otero Pedrayo e o desprezo dalgúns polo discurso político de Ferrín.








Centra a súa atención nas obras de dous monfortinos, *Biografías de malogrados* (2001) e *Ganga* (2001), de Manuel Veiga e Antón Lopo, respectivamente. Sinala que os dous libros teñen en común que son "viaxes polas paisaxes resecas do Val; viaxes a través das xentes, da súa psicoloxía, que é o que máis importa", ademais de destacar que son "testemuña rigorosa dunha xeración malograda pola droga, submetida ao comercio máis duro da globalización". Considera que Manuel Veiga recupera o sabor gris e lineal dos personaxes e que neste novo volume comeza cunha narración en aparencia insulsa, máis profunda do que parece, aínda que narración a narración vai gañando en interese e en ritmo. Por outra parte, apunta que Antón Lopo fai unha viaxe contra a morte ou acaso na procura dela e que nos mostra o que non se quere ver, a homosexualidade, esa outra forma do ser, o mundo íntimo e libre do seu personaxe, ademais de afirmar que as aventuras veñen mostrar "os mundos novos e torturados, a vida infeliz, pero plena".

Eyré, X. M., "¿Que facer cun cadáver?", *A Nosa Terra*, nº 1.015, "Cultura", 4-9 xaneiro 2002, p. 26.

Comentario da colección de relatos *Acompáñoo no sentimento* (2001), de J.A. Xesteira, da que Eyré sinala como tema central non tanto a morte como o trato recibido polos cadáveres tras o óbito. O autor valora como principais virtudes do volume a súa variedade e amenidade, así como a desdramatización moderada que fai do tema, mais láiase do desaproveitamento de certos aspectos das tramas que poderían resultar de interese. No eido formal, agradece o estilo sobrio dos relatos, aínda botando en falta un maior coidado da linguaxe e unha expresión máis viva.

Comentario conxunto de dúas novelas de Bieito Iglesias. Sinala que a primeira, *A historia escríbese de noite* (2001), se caracterizase pola súa trama ourensá e a importancia temática do sexo. A segunda, *A vida apoteósica* (2001), ambientada en Compostela, é a que maior atención lle merece ao autor, subliñando a frescura da súa lingua, a proximidade a situacións e personaxes recoñecíbeis polo lector e a actitude de denuncia e compromiso que amosa Bieito Iglesias. X. M. Eyré só bota en falta unha maior moderación en certos casos.

Comentario da obra *Infidelicidades* (2001), de Manuel Lourenzo González, que o autor inicia cun breve repaso pola sorte do erotismo na literatura desde Bocaccio e a *Biblia* á actualidade. Traza a continuación unha panorámica dos trece relatos do volume, coa infelicidade sexual como idea de fondo. Saliéntase a habilidade para combinar o erotismo con elementos do relato fantástico, de terror ou futurista, mais sinala eivas que deslocen a obra, entre elas a reiteración de certos motivos ou a pobreza narrativa de determinados relatos como "Protogaia". Con todo, valora o conxunto positivamente.





Eyré, X. M., “Dúas obras protagonizadas pola fantasía. Novidades de Fernández Ferreiro e L.C. Carballal”, *A Nosa Terra*, nº 1.022, “Cultura”, 21-27 febreiro 2002, p. 26.

Coméntanse dúas obras que teñen en común a súa pertenza ao xénero fantástico. Da primeira, *O último paraíso* (2001), de Xosé Fernández Ferreiro, saliéntase que ofrece unha visión irónica e esperpéntica da sociedade dun país imaxinario, Papoulandia, mais acaba diluíndose excesivamente, a xuízo do autor. En canto a *Historias non irreais* (2001), de L. C. Carballal, son nove relatos nos que Eyré percibe certas carencias propias dun autor novel, nomeadamente na redacción e na escasa orixinalidade dalgúns dos textos.

Análise de *Ganga* (2001), de Antón Lopo, na que se sinala o tránsito de novela negra á espiritualidade e se poñen de relevo as súas conexións co posmodernismo. Tamén se destaca o seu inconformismo coa sociedade de hoxe e mais as particularidades estructurais e técnicas que presenta. A súa conclusión é que se trata dunha obra “moi persoal”, desas “que resisten o paso do tempo”.





Comentario conxunto de dúas obras poéticas, *Fucsia, talladas, estampados, boca* (2001), de Celso Fernández Sanmartín, e *Breviário do sol*, de Francisco Duarte Mangas e João Pedro Mésseder. Da primeira sinala que xira arredor de temas como a terra, a natureza e a xente, cos que o poeta está en interacción. Salienta do poemario o caos harmonioso co que están dispostas as composicións, aínda que di adiviñar que se podería estructurar en tres partes, que describe. Préstalle atención á temática da moda recollida no poemario, para rematar aludindo á falta de índice, ao xogo cos espacios interestróficos ou coa disposición dos poemas. Do segundo volume escrito en portugués, tamén describe a súa disposición, a temática e, por veces, compárao coa primeira, salientando de ambas as dúas a sinxeleza.





Dise de *Un rabaño de ovellas brancas* (2001), que é unha colección de prosas breves e relatos nos que o autor, Xerardo Quintiá, retoma episodios típicos do rural interior. No artigo saliéntase a narrativa directa, pouco experimental salvo en certas ocasións. O tratamento de motivos xa tópicos (costumismo) e un realismo excesivo (que desemboca en naturalismo) son as principais eivas que sinala Eyré nesta obra.





Análise de *Como levar un morto* (2001), de Xesús Rábade Paredes. Sinálanse conexións con outras novelas de temática moi próxima, así como a óptica posmodernista que se observa na obra, especialmente en aspectos como o fragmentarismo, as digresións, etc. Destaca que o eixo temático o constitúen as consecuencias que a crueldade falanxista trouxo para os protagonistas, Amador (que é quen evoca dende un manicomio) e Isaura.

Comentario da obra *Cincuenta asasinatos breves e un prólogo* (2001), de Antonio Sánchez Lorenzo e con versión galega de Gutiérrez Izquierdo, que desenvolve o xénero da microficción. Tras trazar os antecedentes do mesmo (Rubén Darío, Torri...), Eyré subliña a intensidade narrativa dos textos (que os converte de feito en microcontos), o seu ludismo, ironía e irreverencia e maila tendencia á parodia e á reelaboración. O que máis valora, con todo, é o final sorprendente e a capacidade de suxerir que teñen todos eles. O artigo conclúe cunha achega á situación da microficción na nosa literatura, nas letras hispanoamericanas e nas europeas.

Coméntase a obra narrativa de Kiko Neves, *Un baile de moscas* (2001), publicada na colección “Abismos” pola Editorial Xerais. Cualifícase como unha novela experimental debido á presentación dunha disposición nada convencional xa que comeza co último capítulo ata o primeiro onde se agacha unha fonda reflexión a respecto do que é a vida. Dise que son microcontos, xeralmente cun clímax de tipo lírico, onde a técnica do resumo e a habilidade, enlazando os distintos fragmentos, se erixen en características indispensábeis.

Faise referencia a *Elexías a Deus e ao diaño* (2001), primeira obra de Samuel Solleiro, autor cualificado como contestatario, inconformista e iconoclasta fustigador de dogmas e de verdades absolutas que ao longo da historia guiaron e condicionaron o comportamento humano. Nesta obra considera que se arremete contra dous piares da historia humana como son a relixión católica e a propia concepción da historia como cadea dunha secuencialidade causal definida. Indica que son trece contos onde a ironía ten un destacado papel e nos que se aprecia, como sinala Eyré, a un autor cunha prosa en boa medida clásica aínda que con problemas de dominio dos recursos literarios.

Comentario da obra de Francisco Calo, *Salseiros* (2001), no que se comeza sinalando que son catorce historias de protagonistas diferentes aínda que teñen un marco espacial común que é Porto do Son, como lugar de procedencia de case todos os protagonistas e ao que e fai continuas referencias. Indícase que se trata dos diferentes avatares da vida pola pertenza a un mundo no que o mar, e todo o que del se desprende, señorea. Aínda así,Eyré afirma un certo abuso do anecdótico e tamén influencias claras de Álvaro Cunqueiro.

A propósito de *O ladrón de esperma* (2001), de Xavier Queipo comenta que se compón de cinco relatos máis unha "Nota final para curiosos" que explica detalles sobre os motivos que orixinaron dous deles: "O ladrón de esperma" e "Shinju". Como trazo común a todos os textos sinala a presencia do experimentalismo. Con respecto ao primeiro deles, "Soño nunha noite de inverno", ademais de resumir o argumento, menciona os referentes explícitos na narración, Hermna Melville e Jhonathan Swift, e sinala que o seu verdadeiro simbolismo se atopa na oferta de catro finais diferentes. No comentario do segundo relato, "Shinju" comenta o recurso ao fragmentarismo e pono en relación con *Caderno de Xapón* (2001), de Miguel Anxo Murado. Recoñece o mesmo exotismo en "O ladrón de esperma", relato que dá título ao libro, en canto o tema transcende o anecdótico e se transforma nunha dura crítica do comportamento humano, da obsesión e da paixón desmedida e gratuíta. Con respecto aos dous relatos restantes, "O Filipe" e "Os cabalos da procesión", sinala que neles a morte ten un papel decisivo e destaca a estructura "máis clásica" do segundo aínda que "o remate





Refírese á obra *Ensaios, sátiras e aforismos*, de Jonathan Swift, traducida ao galego por Abel López Rodríguez e publicada por Laiovento en 2001. Valora a esmerada traducción, así como o feito de posibilitar o achegamento a unha faceta descoñecida do escritor, a de panfletista. A seguir comenta que o escritor empregou a literatura para influír na sociedade e alude a algúns dos seus textos como “Breve panorama sobre a situación en Irlanda”, no que conclúe que é o colonialismo inglés quen impide o desenvolvemento irlandés; ou “Unha modesta proposición”, onde cun ton de humor negro sinala as vantaxes da comercialización de nenos pobres con finalidade culinaria. Salienta tamén outros textos de intencionalidade político-social como “O conde de Warthon” ou “A arte da mentira política”. Apunta ademais que o volume inclúe unha escolma dalgunhas opinións contidas en *As viaxes de Gulliver*, que confirma unha mostra ampla das ideas de Swift sobre temas como a política, a medicina, a xustiza, a historia, a guerra, a corrupción ou a sociedade que configuran unha lectura diferente á da versión difundida para rapaces. Repasa o contido doutros textos deste volume como “Meditación acerca dunha vasoira”, que combina a cara amábel co ton agudo;

“Un relato fiel do que sucedeu en Londres”, onde ataca os falsos profetas; “Apuntamentos cara a un ensaio sobre a conversación”, que reivindica o valor da conversa como fonte de pracer e instrucción, ademais de censurar a exclusión da muller de calquera actividade social; e “Na morte da señora Johnson (Stella)”, un relato panexírico dedicado a unha das mulleres da súa vida. Dedica unhas palabras a Abel López, cualificándoo como un excelente coñecedor da obra swiftiana como demostra no limiar deste volume e, finalmente, conclúe que se trata dun libro interesante pola presentación dun clásico dende unha faceta descoñecida polo gran público, polo ameno didactismo e por conter textos do escritor que nunca foran traducidos a ningunha lingua peninsular.








Comenta o volume de relatos de Gerry Adams *A rúa e outros relatos* (2000), salientando que retrata Irlanda e o humanismo das súas xentes. Menciona algúns dos temas presentes nos relatos como a camaradaxe e optimismo, a fraternidade, a comprensión, o amor polas persoas e o civismo. Salienta que a memoria colectiva que recolle este volume é totalmente actual, xa que os protagonistas dos relatos son xentes que pasan penurias económicas, desemprego e estreiteces. Refírese tamén á tenrura coa que están descritas estas historias, froito da comprensión do autor, que a pesar de ser o líder do Sinn Fein e o protagonista da pacificación do Ulster non escribiu un libro político. Alude tamén a outros temas presentes nestes relato que axudan a entender a realidade dos irlandeses como o ritual das apostas, o whisky, as cervexas, os pubs, o humor, os cans, o desemprego, a emigración e a relixión. Como conclusión comenta que estes relatos agardan que o lector os complete coa reflexión posterior á lectura e que todos eles posúen un carácter emblemático que nalgúns é especialmente palpábel como “Os montes de Mourne”, “De ratos e homes” ou “Só era un xogo”.

Eyré, Xosé M., “A vida inventada de Carolina Otero”, *A Nosa Terra,* nº 1.058, “Cultura”, “Ensaio”, 28 novembro-4 decembro 2002, p. 32.

Achégase ao libro de Marga do Val titulado *Carolina Otero* (2001), do que resume os acontecementos desgraciados da vida desta muller e recoñecendo que malia a cantidade de libros e artigos escritos sobre ela, a súa vida continúa a ser case unha lenda ou unha especulación, coma a dos grandes mitos. Valora o esforzo de Marga do Val ao mergullarse nos pasos de Carolina Otero para realizar unha crónica que caracteriza pola presencia do lirismo, da tenrura e da comprensión sobre a súa figura, trazos que identifica como o principal mérito desta obra. Recoñece na estructura do libro o recurso ao leixaprén, “coller, deixar, tomar, retomar, un ir e vir, da vida, da experiencia, ou do que pasa pola vida de Carolina. Un mergullarse e emerxer e pousar con mimo as esencias líricas, que moitas veces son reflexións sobre a vida”, dende os tempos da súa infancia en Valga, onde é brutalmente violada, ata que percorre como artista París, Rusia, Inglaterra, Nova York, Arxentina, Australia, O Cairo ou Lisboa, os fracasos nos amores, as rivalidades coas que lle querían arrebatar a primacía, etc. Finalmente, destaca a inclusión de diversas fotografías





Fala Carlos Fernández da colección “Biblioteca Gallega” dende a súa perspectiva de historiador, facendo un recorrido pola historia desta iniciativa editorial dende a publicación de *Los precursores*, de Murguía, primeiro volume da colección, ata o inicio da colección “Biblioteca Galega 120”. Sinala que xa dende os seus inicios, a colección “Biblioteca Gallega” está ligada ao xornal *La Voz de Galicia* e aí segue aínda, a pesares das disolucións das sociedades que contribuían coa súa publicación e do escaso éxito de vendas nos inicios da colección nos últimos anos do século XIX. No corpo central do artigo, o autor dedícase a falar dos títulos publicados nesta colección ao longo da súa existencia e remata sinalando que con esta colección “se abre una nueva etapa en la editorial cuya vida a corrido paralela a la historia del periódico”.

Con motivo da reedición en 2001 na colección “Biblioteca Galega 120” da obra de Carlos Casares, *Os escuros soños de Clío* (1979), faise un comentario no que se centra nos personaxes que aparecen ao longo dos doce relatos que conforman a obra. Sinala que teñen tanto carácter histórico real, imaxinario ou fantástico e que todos aparecen ligados por feitos tanto extraordinarios coma cotiáns, pero sempre “sorpresivos”. Do estilo sinala a sinxeleza que fai do conxunto unha obra “engaiolante”. Pon algúns exemplos como o pirata Orm, o Alquimista Caaveiro ou o Republicano de Francelos, á vez que pide como homenaxe para o autor desaparecido a lectura das súas obras.

Comentario da obra *Venus negra* (2001), de Angela Carter, vertida ao galego por Xela Arias e Xabier Muguerza. X. Freire sinala que nesta obra (sobre todo no texto que lle dá título) se advirte moi ben o carácter provocador e comprometido que define a narrativa da autora inglesa, así como o recurso constante á intertextualidade e a preferencia polo realismo máxico fronte ao goticismo de raíz nórdica. Para o autor, os traductores souberon captar e manter estas notas dominantes.

Comentario da obra de Xosé Carlos Caneiro *Triloxía dos tristes* (2001). Tras bocexar a súa aclamada traxectoria literaria, Freire sinala as diferencias entre as anteriores novelas do autor e este volume de relatos, de menor complexidade a todos os niveis, mais que mantén os trazos característicos da narrativa do verinés: ironía, humor, metaliteratura, etc. Remata o artigo cos motivos centrais dos tres relatos e algunhas consideracións acerca dos seus protagonistas.

A primeira parte do artigo constata a fonda presencia do erotismo en Galicia, en concreto na lírica medieval e na tradición oral, contrastándoa co baleiro existente ao respecto na narrativa. Nunha segunda parte, Xosé Freire céntrase xa no libro *Xeografías* (2001), de Francisco Castro, colección de doce relatos eróticos que van do "erotismo fino" á pornografía, e que teñen como elemento cohesionador ao personaxe de Don Xulián.

Fálase en primeiro lugar da obra narrativa de Fran Alonso, *Trailer*, gañadora do Premio Blanco Amor en 1991, ao igual que da súa participación en diferentes revistas, para nomear, despois, a obra *Subversións* (2001), un novo poemario de Fran Alonso, do que se sinala que é unha escolma que vén a ser a reunión da obra poética do autor vigués nunha soa editora. Este poemario, segundo Freire, adquire unidade temática polo posicionamento activo ante circunstancias políticas e sociais concretas e puntuais, ademais de ter tamén unidade estilística cunha voz poética espida e directa.

Alúdese aquí á obra de Xavier Paz, *Sedimentos* (2001), como poesía de resistencia ao tempo e á ferruxe, como obra de madurez, de convencemento dun poeta que chega a publicar non tarde, senón cando pensa que a súa obra está preparada para afrontar unha revisión pública. Dise que *Sedimentos* aparece como un poemario con presencia do mar e que reclama sempre unha segunda lectura debido á utilización de simboloxía que lembra á poesía clásica.

Longo artigo que, inicialmente, fai un repaso xeral pola historia da literatura galega, destacando especialmente a publicación por entregas de *Maxina ou a filla espúrea* (1880), a primeira novela escrita en lingua galega. Posteriormente, chegado ao momento actual da literatura, destaca Freixanes que o libro está a vivir un momento baixo no seu consumo, perdendo terreo fronte á televisión e ás novas tecnoloxías. Aquí xustifica a existencia da colección "Biblioteca Galega 120" como medio achegador da literatura ao público en xeral dun xeito eficaz, xa que se entrega cun xornal e por un prezo simbólico. Segue o artigo falando das iniciativas editoriais históricas galegas, como a editorial Galaxia, as colecciónS "Céltiga" e "Lar" e tantas outras iniciativas editoriais que, ao longo da historia, pretenderon relanzar e impulsar as letras galegas, testemuña que agora recolle a editorial Galaxia en colaboración co xornal *La Voz de Galicia*, editando esta colección "Biblioteca Galega 120" que pretende, como os seus grandes promotores editoriais do século pasado, impulsar a literatura galega e, ao mesmo tempo, achegala ao público en xeral.

Escolma poética na que se recollen e traducen ao galego algunhas composicións de poetas nacidos en 1902 e que coa súa obra “dotaron ao século XX dunha harmonía que engrandece ao ser humano no seu trafego existencial”. Na introducción que precede aos poemas traducidos, Xosé Lois García percorre, comezando no Brasil, todos os lugares de procedencia dos autores antologados, que son os seguintes: o brasileiro Carlos Drummond de Andrade (1902-1987), o caboverdeano Jorge Barbosa (1902-1971), o canadense A. J. M. Smith (1902-1980), a costaricense Clementina Suárez (1902-1991), a croata Dobrisa Cesaric (1902-1980), os cubanos Nicolás Guillén (1902-1989) e Dulce María Loynaz (19021997), o dinamarqués Paúl La Cour (1902-1956), o ecuatoriano Jorge Carrera Andrade (1902-1978), os españois Rafael Alberti (1902-1999) e Luís Cernuda (1902-1963), os estadounidenses Arna Bontemps (1902-1973) e Langston Hughes (1902-1967), o finlandés Henry Parland (1902-1930), os franceses Pierre Bearn e Claude Sernet (1902-1968), o galego Florencio Delgado Gurriarán (1902-1987), o húngaro Illyés Gyula (1902-1983), o poeta de Illas Mauricio Malcolm de Chacal (1902-1981), o inglés Roy Campbell (1902-1957),

o malgaxe Jean-Joseph Rabearivelo (1902-1937), o mexicano Jaime Torres Bobet (1902-1974), o portugués Saúl Días (1902-1983), a romanesa Zaharia Stancu (1902-1974), o serbio Marko Rístic (1902-1984), o turco Nâzim Hikmet (1902-1963) e a venezolana Luísa del Valle Silva (1902-1962).








Faise eco do volume *El pasajero en Galicia*, que acolle unha serie de artigos dispersos por diarios e revistas, especialmente polo *Faro de Vigo*, da autoría de Álvaro Cunqueiro. Sinala algúns dos temas que tratan estes artigos recollidos por César Antonio Molina e loa o labor da escrita de Cunqueiro que tiña “el raro don de convertir la cotidianidad en magia, la rutina en milagro”.

Coméntase a edición da obra *La esfera de los libros*, de Manuel Francisco Reina e indícase que o autor só escribe unhas poucas liñas das autoras seleccionadas nesta antoloxía, como poden ser Carolina Coronado, Sagrario Torres, Aurora de Albornoz ou Rosalía de Castro, mais que sorprenden as súas afirmacións. O articulista considera que se cometen erros e que a obra presenta un claro humor involuntario. Así mesmo, sinálase que a pesar de que carece de criterio de selección, en *La esfera de los libros* se recollen espléndidos poemas de autoras coñecidas e poetisas hispanoamericanas. Finalmente, afírmase que a obra pretende reivindicar a poesía feminina, mais que exemplifica unha subconsciente minusvaloración.





Comeza situando a Ramiro Fonte como un dos autores máis destacados da súa xeración e moi vinculado aos casteláns coetáneos. Céntrase no seu poemario *A rocha dos proscritos (Poemas complementarios)* (2001), do que destaca a súa busca por retrotraer a poesía moderna ás súas fontes primixenias, "baudelerianas y modernistas". Salienta a influencia significativa de Baudelaire, mesmo na visión integral do mundo e na adopción de canons formais. Percorre detidamente algúns aspectos da súa visión global do mundo e destaca da súa escrita a lucidez, a dor, a narratividade e a introspección, ademais da sorna e o humor. Do aspecto formal sinala que emprega o cuarteto, o soneto, a redondilla, o romance, etc., sempre con rima, o que define o seu antivangardismo. Remata aludindo ás referencias na obra a Rubén Darío, á afiliación desta poesía á "transvanguardia" e ao firme compromiso do autor con esta idea nunha obra que cualifica de extensa, ambiciosa e de excelente poesía.

Artigo no que se dá conta da recente publicación en galego da obra de Walt Whitman *Canto de min mesmo* (2001), dentro da colección “Di-versos” de Edicións Positivas. Sinala que esta edición é unha traducción directa de Xosé Manuel Freire da primeira versión do poema escrita en inglés. José Miguel A. Giráldez dedica a maior parte do artigo a recoller as opinións que sobre Whitman teñen outros autores como Borges, Ralph Waldo Emerson, Harold Bloom e o propio Xosé Manuel Freire. Finalmente, recóllense as declaracións de Freire, que fala da satisfacción que lle deu poder traballar cunha primeira edición desta obra para realizar a traducción.

Achégase aos poemas de Xavier Cordal reunidos baixo o título de *A vella peneira a noite* (2001), que lle causaron a impresión de renuncia do autor á épica e aposta pola lírica, nun volume "ferido pero calmo". Lembra que este poeta publicara *Fruto de teixo* (1994), que o título é unha expresión coa que referirse á xeada, coa que xa adianta unha postura menos experimental que noutras obras. Recalca o feito do cambio na poética con respecto ás obras anteriores, marcado xa no poema segundo da obra que considera unha autopoética. Tamén se achega ás liñas temáticas das composicións, á sinceridade como vontade de non ir cara á metapoesía, á confusión do "eu" co "nós" ou á homenaxe á vangarda e aos libros anteriores na ultima parte da obra, dedicada a Méndez Ferrín.

Este número da *Revista das Letras* está dedicado a Florencio Delgado Gurriarán. As coordinadoras explican na introducción que se trata dunha "homenaxe lúdica" ao poeta na que pretenderon "dar corpo ó seu espíritu rexoubeiro tomando a súa obra como pretexto para o xogo literario". Así a cada convidado a participar nesta iniciativa déronlle un verso do corgomés para que crearan a partir del. É, desta maneira, que nestas páxinas se recollen dende pequenos estudios da súa obra ata poemas e breves relatos. A seguir, preséntase unha descrición de cada unha das colaboracións:

- María Xesús Lama, "Poeta baixo un único ceo", pp. 3-4.

Alude á simbiose entre a cultura mexicana e a galega na obra do poeta lugués Florencio Delgado Gurriarán, subliñando o seu significado e comentando algúns poemas de seu, mais concretamente, "Poemas mexicanos", incluídos na súa obra *Galicia Infinda* (1963). Tamén subliña a relevancia dos elementos populares na súa escrita.

- M. Anxo Murado, “O Gulf Strem é o noso río meirande”, p. 5.

Destaca o Delgado Gurriarán namorado da “beleza universal do Atlas, do globo terráqueo” e “a idea dunha Galicia sen límites” do seu libro *Galicia Infinda* (1963). Observa, así mesmo, a pegada nel de Walth Withman e salienta o seu interese polos topónimos.

- Marieta del Cebrer, “Decálogo para usar en tódalas direccións, ou en ninguna”, p. 6.

Trátase de dez mandamentos moi poéticos, mais caóticos, que rematan cunha advertencia, “habería que pór certo coidado en non facer poesía como quen xunta froitas para unha macedonia”.

- Inma López Silva, “De Ítaca a Ea”, p. 7.








Relato poético e moi feminista de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978), no que o eu narrador, tras opor a Circe e á Penélope de Ulises, se converte noutra Penélope e reivindica a liberdade.

- Dani G. Salgado, “[]”, p. 8.

Metaforicamente mostra a súa decepción e “resentimento” cara ao mundo literario galego por non acollelo.

- Alfonso Becerra de Becerreá, “O galego e unha aguia que invita aos morcegos”, p. 9.

Estructurado tipograficamente en dúas columnas, Alfonso Becerra de Becerreá (Becerreá-Lugo, 1973) ofrece un poema que fala sobre o doutor Albeiros e no que tamén se dirixe a el. De xeito metafórico alude a distintos aspectos deste personaxe do que se destaca a súa obsesión por atopar o Grial.

- Roxerio Pombo, “Apuntar contra abaixo”, p. 10.

Roxerio Pombo achega “dous poemas para dous versos de Florencio Delgado Gurriarán” titulados “En tecnicor, un romance” e “...pé do Mecsican volcano”. Segundo se indica no fondo da páxina estes foron traducidos polo autor en colaboración con Quico Cadaval e María do Cebreiro. A súa temática é independente xa que o primeiro xira arredor da rutina do traballo e o segundo trata sobre os torturadores de animais.

- Pilar Fernández Iglesias, “Estas son as bariles lendas de ¡ai! Xalisco non te fendas”, p. 11.

Recolle un relato ambientado en México no que unha muller, despois de ser asasinada polo seu home, a través do seu espírito consegue darlle a este un disparo certeiro que lle desfixo a entreperna. Xa no final indícase que esta historia non tardou en converterse en lenda nese país e en formar parte da superstición popular.

- Olga Nogueira, “A Florencio Delgado Gurriarán”, p. 12.

- Mónica Góñez, “Estramonio”, p. 13.

Destaca o poder da imaxinación de dous nenos a través do seu diálogo sobre aspectos de realidades estranxeiras.

- Helena González, “Sète, o cemiterio”, p. 14.

Explica que Florencio Delgado Gurriarán traduciu *Le cimetière marin*, de Paul Valery, debido ao interese que sentía pola estética francesa. Ademais ofrece algúns datos sobre esta traducción, como o feito de que con ela o autor e traductor se presentase a un certame de traducción organizado pola Federación da Sociedade Galega de Buenos Aires co gallo do seu vintecinco aniversario.

- María Rábade, “Mareas negras do exilio”, p. 15.












Pon de manifesto o inxusto que é que os exiliados, entre eles Florencio Delgado Gurriarán, non sexan recoñecidos na literatura de orixe nin tampouco integrados na literatura de acollida.

Lémbrase a figura de Alberto García Ferreiro, a quen considera un dos pioneiros na escrita do galego segundo a fonética da súa época. Contextualiza a normalización das linguas modernas a partir da corrupción do latín e valora o esforzo daqueles que comezaron a utilizalas abandonando a lingua considerada tradicionalmente da erudición e do prestixio, aínda que sinala que a lingua galega non se fixou por escrito ata máis tarde e permaneceu transmitíndose oralmente ata o Rexurdimento, cando os precursores tiveron que recoller as palabras seguindo a súa intuición. Entre os pioneiros desta tarefa destaca a Alberto García Ferreiro (1860-1902) a quen distingue como dinamizador cultural en Ourense e activo xornalista. Menciona que fundou e dirixiu a revista *La Pluma* e os xornais *La Semana* e *La Defensa de Galicia*, fixo incursións no teatro e dedicouse á poesía, recollida nos volumes *Volvoretas* (1887), *Chorimas* (1890) e *Follas de papel* (1892). A seguir, sinala que a súa poesía foi apaixonada e comprometida e que como homenaxe en 1959 a cidade da Coruña lle dedicou unha rúa.

Refírese ao poema *Leenda de groria* (1891), de Alberto García Ferreiro, sinalando que se trata dun texto no que o poeta enxalzou a resistencia da Coruña contra os ingleses na primavera de 1589 e que con esta composición acadou o primeiro premio no certame que, o 7 de setembro de 1890, organizou o Liceo Brigantino no Teatro Principal da Coruña. Dá conta a seguir da estructura do poema e comenta que consta de corenta e sete estrofas escritas en oitavas reais nas que o dramatismo vai ascendendo progresivamente dende o seu comezo cunha exhortación ás musas para que animen a intención poética. Recoñece despois a poetización sobre o Orzán e a descrición do combate que protagonizaron as mulleres coruñesas, así como a pregunta do poeta sobre por qué se enxalzan outras intervencións cruciais das mulleres ao longo da historia da guerra se o caso coruñés non envexa a ningún outro e reproduce os versos: “¿Pra qué falar de femias espartanas/Ond’están as mulleres coruñesas?/¿Pra qué cantar os trunfos d’as estranas/Si temos a carón os trunfos d’esas”.

Comenta a publicación en castelán, que vén de facer Ediciones B, da obra de Suso de Toro *Ambulancia*, publicada inicialmente en galego en 1990, da que sinala que é unha historia dos baixos fondos ambientada en Santiago de Compostela. Destaca a habelencia demostrada polo autor de superar os xéneros a través de recursos como as citas textuais, a ironía e o humor. Considera que esta obra é un dos *thriller* máis duros e á vez máis divertidos da literatura española dos últimos anos. Ve un acerto a estructura da narración a través da combinación dos monólogos de Sito, o protagonista, coa alusión á viaxe de Ulises que aparece en “El canto de las sirenas” ou o humor e frialdade que acada en capítulos como “Un dos tres” ou “El que busca”. Percibe a influencia de Robbe Grillet e chama a atención sobre as situacións traxicómicas protagonizadas por Sito e Pepete, personaxes cos que o lector se compadece e dos que sinala que son actualizacións doutros que forman parte do imaxinario popular, xa sexa Rincón e Cortado de Cervantes, algúns de Shakespeare ou mesmo outros máis actuais de índole cinematográfica. Conclúe que a través deles o autor consegue caricaturizar o xénero de xeito maxistral.

Comentario da novela *Conacho* (2001), de Guillermo Ferrández. Dise que se trata dunha visión do Ferrol dos anos 60, da que Llorca Freire destaca o coñecemento da cidade demostrado polo novelista e mais o seu hábil manexo da escrita. Segundo o autor, Ferrández constrúe un retrato realista e directo da vida ferrolá da época, dominada polo medo e a represión franquista (personificada en J. Santalla de la Iglesia), mais non exenta de certas doses de nostalxia e fantasía.

Comentario da traducción da obra de Xosé Antonio Perozo *Martázul* ao castelán, un ano despois da súa aparición en galego como merecedora do premio Blanco Amor de novela. Describe o argumento que se desenvolve na obra, dende o papel da moza protagonista, Martázul, e as súas conquistas ata a súa fuxida a París despois de matar ao seu amante e mentor ao que nunca chama polo nome, só referido como El ou Pigmalión. Destaca que coñecemos a historia pola conversa que a protagonista mantén cun interlocutor descoñecido ata o final para o lector, que está escrita nun estilo áxil que intercala a primeira e terceira persoa, tal vez para darnos a entender unha certa esquizofrenia na protagonista, do mesmo xeito que se suceden os tempos en pasado e en presente para tratar o donxuanismo feminino. Chama a atención sobre o feito de que se deixe ver unha interpretación de Don Juan non como mito senón como un asasino e de que se dea unha visión determinista da vida.

López Silva, Inma, “Teatro e vida”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 10 xuño 2002, p. 5.

Reflexiona sobre a relación existente entre teatro e vida. Parte das teorías do francés Jean-Marie Pradier, segundo o cal o teatro ficcionaliza a vida cotiá para convertela en arte co que producir pracer, e afirma que o teatro é un reflexo da experiencia vital con amplas doses de estética.





Analiza as carencias existentes no ámbito da crítica teatral galega. Sinala que nos últimos anos se produciu un aumento importante nesta actividade, pero aínda está lonxe de cumprir o seu papel de dinamizador teatral. Apunta como posíbel causa a interconexión que tende a existir entre crítica académica e xornalística, cando en realidade ambas as dúas teñen públicos ben diferenciados e finalidades contrapostas.





Á marxe de toda a polémica xurdida pola representación de *Os vellos non deben de namorarse* en castelán, López Silva analiza a versión realizada polo Centro Dramático Nacional. Salienta a relevancia que se lle outorga á morte nesta montaxe, na que actúa como fío de conexión entre os lances dándolles unidade; os diálogos empregados para evitar as transicións bruscas ás que é dada a obra; a escenografía baseada en transparencias e a importancia da luz no xogo de contrastes. Tamén sobrancea a interpretación de José Lifante. Remata concluíndo que é unha boa montaxe á vez que unha lectura "refrescante" dun texto clásico.

Percorrido panorámico pola situación do teatro galego que comeza coa lembranza de momentos cruciais como a estrea o 25 de xullo de 1961 da peza *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, dirixida por Rodolfo López Veiga, ou a fundación do teatro galego contemporáneo o 17 de maio de 1973 en Ribadavia, por parte da Asociación Abrente. Refírese a seguir ao carácter de discurso emerxente do teatro galego, ao seu paso da categoría amador a profesional, á elaboración dun repertorio propio, á creación do CDG en 1984 e do IGAEM en 1989 e a nomes que asentaron a dramaturxia autóctona como Roberto Vidal Bolaño, Cándido Pazó, Miguel Sande, Xavier Lama, Roberto Salgueiro, Gustavo Pernas, Manuel Lourenzo ou Euloxio R. Ruibal. Como constantes da dramaturxia galega sinala a preocupación simbólica pola lingua, a vontade de experimentación estética e a procura de públicos, á vez que recoñece o camiño de constitución en trazos como a variedade de compañías e estéticas ou o vínculo entre poéticas das compañías e producción de literatura dramática. Menciona a este respecto as compañías que teñen un autor escribindo en función das estreas (Teatro do Aquí con Vidal Bolaño, Casahamlet con

M. Lourenzo, Teatro do Noroeste con E. Alonso ou Áncora con G. Pernas) ou as que optan pola traducción e adaptación como Teatro do Atlántico, Sarabela, A Factoría ou Uvegá. Comenta outras propostas que están xurdindo como o teatro alternativo de Matarile, Chévere ou Teatro Bruto e o fenómeno dos contadores de historias como Quico Cadaval. Como eivas permanentes do teatro galego alude á creación sempre frustrada dunha Escola Dramática para Galicia, aos problemas editoriais e á falta de lectores e público.








Refírese á captación de público como un tema pendente do teatro galego. Na súa opinión, en Galicia existe un desaxuste do sistema provocado pola desproporción existente entre a oferta e a demanda. Segundo López Silva, a extensión e a normalización do teatro galego pasa pola presencia de espectadores que dean sentido á actividade escénica dos profesionais e que atopen no teatro unha alternativa de lecer e de formación cívica. Considera o mundo da animación teatral como un campo idóneo para incidir sobre os aspectos que afectan á sociedade galega contemporánea e insiste na idea de que este apoio debería vir da man das institucións e da realización de programacións teatrais serias e coherentes para atraer ao público. Apunta como posibilidade para lograr a normalización e extensión do teatro como opción de tempo libre e revitalizalo a educación dun público culto e crítico mediante campañas de asistencia ao teatro ou a participación en espectáculos de teatro amador.

Achega á “biografía” de *A vella peneira a noite* (2001), de Xavier Cordal, que principia salientando a lista de nomes que aparece nun dos poemas, “A ollada fixa”, en homenaxe aos fusilados no Campo da Rata da Coruña en 1936. Subliña o poder da memoria “contra o esquecemento” e refírese ás vivencias, persoais e xeracionais, que o poeta reconstrúe na súa obra. Pon de relevo, así mesmo, “a transparencia” dos seus versos, dos que destaca “o susurro dunha voz que ecoa regos de lava”.

Fai unha achega á obra *As fillas do coronel* (2001), da autora neocelandesa Catherine Mansfield, publicada por Edicións Xerais de Galicia na súa colección “As Literatas”. Comeza referíndose ao ambiente no que se desenvolveu o labor desta autora en Inglaterra, ao seu afán por explorar os límites do que era socialmente aceptábel na sociedade, cuestión que considera fundamental nestes relatos. Sinala que esta obra foi publicada por primeira vez en 1922, describe os argumentos, onde aparecen personaxes femininas, a crítica social á clase dominante e a “arela por subverte-la orde social”. Remata destacando o interese de obras coma esta para o lectorado galego.





Aproximación a *Venus Negra* (2001), de Angela Carter, publicada en “As Literatas” de Xerais Peto. Comenta algúns dos contos e subliña que se trata de “reelaboracións ou revisións que veñen sendo unha “transvaloración de tódolos valores” nitzscheana levada ó mundo da literatura”. Remata afirmando que é na súa “beleza rara”, “perla negra da literatura”, onde reside o seu atractivo.

Presenta *Canto de min mesmo* (2001), traducción galega de *Song of Myself*, de Walt Whitman, publicada por Edicións Positivas. Sinala que esta entrega aparece sen limiar nin notas. Salienta os acertos da traducción de Xosé Manuel Freire, que ten como antecedentea versión que Álvaro Cunqueiro fixo do inicio da sección vintecatro. Céntrase na imaxe de ancián que aparece na fotografía que abre esta edición, malia a que Whitman con trinta anos xa tiña a súa obra prefigurada, e que logo só foi perfeccionando. Sitúa dentro da obra de toda a vida do poeta, *Leaves of Grass*, o *Canto de min mesmo* como unha parte esencial, posto que nela se recollen as constantes do poeta. Sinala que nela non hai unha estructura clara, onde aparecen diferentes voces e onde se pode percibir a influencia de Wallace Stevens. Recomenda estudios para que o lector poida entender mellor ao poeta americano, que sinala como “poeta nacional”, e remata referíndose ao estilo predominante.

Basilio Lourenço, gañador do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio co traballo *A submisión das masas* (2002), reflexiona neste artigo sobre a importancia do ensaio nos tempos do espertar da conciencia da identidade galega nas dúas fases representadas pola Xeración Nós e polo grupo reunido arredor de Ramón Piñeiro e da Editorial Galaxia. Sinala a importancia naquela altura da recepción selectiva do pensamento europeo, a pesar do consumo interno dos traballos resultantes, a prol do obxectivo de vertebrar a conciencia operativa galega. Recoñece a seguir unha fase de esvaemento que, na súa opinión, debe rematar cunha reaparición do xénero no panorama das letras galegas, obxectivo co que foi creado o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio. Sinala que a súa participación nesta convocatoria obedeceu á solidariedade con este proxecto e ao desexo de dar resposta a temas universais como a mundialización. Conclúe destacando que a temática dominante do pensamento galego a desenvolver nestes momentos debería centrarse, na súa opinión, en dar resposta aos grandes retos da civilización e considera que agarda a continuidade do Premio e que se supere en Galicia a etapa do “autoconsumo intelectual”.

Luca, Gustavo, “Valente Roberto, inventor do teatro de nós”, *A Nosa Terra*, nº 1.047, “Cultura”, 12-18 setembro 2002, p. 24.

Artigo dedicado á Roberto Vidal Bolaño, a quen comeza considerándoo como o primeiro autor do teatro galego da posguerra e como un dramaturgo integral cunha importante obra e con moitos títulos sen publicar. Saliéntase que se declarou profesional do teatro antes mesmo de que se considerase a existencia deste oficio e que o seu labor se estendeu dende a creación, a dirección ou a actuación ata as realizacións máis variadas. Interprétase o seu labor como o resultado de dous obxectivos: superar as barreiras para representar en galego, nunha liña didáctica e claramente nacionalista, e romper co costumismo do teatro das Irmandades da Fala e dos agraristas. Sitúase a Vidal Bolaño na liña doutros “independentes” como Manuel Lourenzo, Eduardo Alonso, Luma Gómez, Dorotea Bárcena ou Paco Taxes, e destácase na súa obra o compromiso, o peso da tradición popular, os acenos dirixidos aos adultos no seu teatro para rapaces e o humor fondo. Con respecto ao teatro anterior a 1985, Gustavo Luca sinala as influencias de Jarry, do paradoxo do teatro alemán dos sesenta pero tamén de Brecht, Otero, Cunqueiro ou Ferrín, e a estrea da súa

primeira comedia dramática formalista, *Agasallo de sombras* (1984). Nestes tempos sitúa a escrita e a producción por conta propia de *Caprice des Dieux* (1985), unha sátira da política cultural do primeiro goberno autonómico e do cambio de posición dalgúns independentes do teatro. Nomea, a seguir, obras que emparenta co pesimismo lúcido do teatro realista irlandés e inglés de Howard Brenton, David Hare ou Edward Bon como *Cochos* (1988), *Saxo Tenor* (1991) e *Días sen gloria* (1992). Comenta que a partir dos noventa comezaron a editarse textos de Bolaño a xeito de recoñecemento do seu labor, aínda que bota en falta unha valoración do seu intenso traballo como director e como actor. Na súa carreira final sitúa a versión do *Desengano do prioiro*, o éxito de *Oé, Oé*, *Animaliños* e *Os Papalagüi*, que representaba por todo o país en carreira contra a enfermidade, así como o seu reencontro co teatro institucional ao se encargar da dirección de *Xelmírez*, de Daniel Cortezón, ou de *Rosalía*, de Otero Pedrayo.








Dáse conta da publicación do libro *Breve crónica universal da clase obreira* (2001), de Jaureguizar. Sinala que nel se afronta a problemática da clase traballadora, que pasa penas e fatalidades por mor da falta de traballo e que, nesta ocasión, personifica nas personaxes de Raúl e Leticia. Sinala tamén que este libro mereceu o último premio Lueiro Rey e que está editado por Sotelo Blanco.

Fálanos do libro *Ganga* (2001), asinado por Antón Lopo, no que o seu protagonista se ve envolto nunha serie de aventuras que se poden cualificar de ciencia ficción, propiciadas moitas delas pola súa relación coas drogas psicoactivas que unha rede mafiosa lle fai consumir a xeito experimental. Tras analizar brevemente a importancia das drogas na literatura galega, tanto dentro das obras como para os escritores, Martínez Bouzas declara que esta novela de Antón Lopo debería converterse nunha revelación dentro do sistema literario galego.

Coméntase a saída do prelo da publicación de *A canción do náufrago* (2001), unha recompilación de relatos breves de Francisco Castro, que xa se iniciara no terreo narrativo coa novela *Amor de cinema* (1994). Analiza Martínez Bouzas a temática desta obra, que se centra no amor, pero no amor dos "náufragos da vida" que se atopan ante situacións de desengano ou abandono amoroso. Finaliza o xornalista dicindo que este libro é "unha escolma de relatos de calidade desigual e que nunca nos abraiarán pola súa excelencia, pero que no seu conxunto constitúen un exercicio creativo coidadoso e certamente interesante".

Comentario da obra de Antón Lopo titulada *Ganga* (2001), unha novela de aventuras na que o protagonista experimenta fortemente cos psicotrópicos. Destaca Martínez Bouzas este feito, pero tamén o de que é unha obra “allea a calquera xénero de tabús e prexuízos”, xa que, entre outros temas delicados que non adoitan aparecer na literatura, atopamos o feito de que o heroe é atípico, debido á súa obesidade. Remata Martínez Bouzas preguntándose, quizais dun xeito retórico, se Antón Lopo lle faría caso aos versos de Juan Ramón Jiménez que din “Se vos dan papel pautado, escribide polo outro lado”.

Dáse conta da publicación de *Infidelicidades* (2001), escrita por Manuel Lourenzo González, e, segundo a prensa escrita, gañadora do primeiro premio de literatura erótica instaurado en Galicia e organizado por Edicións Positivas. Martínez Bouzas, sen embargo, encárgase de recordar que o primeiro premio de literatura erótica de Galicia foi o “Máquina de Vapor” organizado pola Asociación Universitaria Eis na década dos noventa. Tras facer un repaso á breve producción de literatura erótica editada en galego, Martínez Bouzas pasa a analizar brevemente a obra de Manuel Lourenzo, loándoa en todo momento e destacando a súa calidade.

Trata Martínez Bouzas a colección “Abismos”, de Xerais Peto, que pretende dar a coñecer a autores novos. Sen embargo, *O baile das mariolas* (2001), obra que pecha esta colección, non pode ser considerada como novel, segundo o xornalista, xa que a súa autora, Rosa Vidal, leva publicadas varias obras e colaborou moitos anos con revistas e publicacións. Tras esta aclaración, pasa a tratar o libro en si, explicando que se trata dun conxunto de “relatos desiguais”, pois carecen de núcleo diexético; que se desenvolven na Costa da Morte, espacio “mítico áspero e agreste, mais á vez ateigado de maxia”, e que tratan os problemas femininos.

Dáse conta da publicación de *Salseiros* (2001), libro asinado por Francisco Calo Lourido do que se sinala que trata o tema do mar e do mariñeiro, tan ausente da literatura galega e tan reclamado por persoeiros como Francisco Fernández Rei, Carlos Casares e outros autores. Sinálase que en *Salseiros*, Francisco Calo nos presenta a vida do mar de Porto do Son, a través da narración das actividades diarias de mariñeiros e traballadores do mar, así como das súas preocupacións e problemas.





Comeza Martínez Bouzas aledándose de que se edite o que el chama unha “verdadeira novela” nun ano tan escaso no que a este xénero narrativo respecta. Refírese aquí a *Martázul* (2001), de Xosé A. Perozo, que mereceu o XX Premio Blanco Amor de narrativa. Destácase que en *Martázul* se aborda a temática do donxoanismo pero dende unha perspectiva feminina, constituíndose así como unha novidade temática dentro da literatura galega, xa que tamén aborda a temática erótica dun xeito moi desinhibido.

Comentario da última novela editada por Xosé Fernández Ferreiro, titulada *O último paraíso* (2001), da que se sinala que constitúe unha alegoría ficticia dun mundo idealizado no que non existe a violencia e as súas xentes non saben contar, pero si narrar fermosos contos. Indica que o rei deste territorio é Papoulos, que ocupa a súa vida comendo, durmindo e rindo cos contos que lle contan os do gremio de contadores de contos. *O último paraíso*, di Martínez Bouzas, "é pois a alegoría dun mundo feliz, dun universo tan ditoso como imposible, sen que seguramente o autor persiga segundas intencións".

Fala Martínez Bouzas da traxectoria editorial de Xerardo Quintiá, que comezou publicando na colección "Descuberta" da Editorial Galaxia as obras *Finísimo po nas ás* (1997) e *Unha soa man e outros intres* (1999). Sinala que agora vén de publicar *Un rabaño de ovellas brancas* (2001) na "colección grande, na colección Literaria de Galaxia". Comenta que nesta obra Xerardo Quintiá recolle diversos relatos que tocan o tema da emigración e da desgracia das persoas que a teñen que emprender.

Comentario do libro finalista do primeiro Premio de Literatura Erótica, segundo a editora e a prensa, aínda que o xornalista nos saca do erro explicando que o primeiro premio galego destas características non é o que está a promocionar Edicións Positivas, senón que hai precedentes. A seguir, céntrase en *Xeografías* (2001), de Francisco Castro, da que sinala que, a través de varios relatos curtos, mete ao lector nun mundo con fortes pulsións eróticas dentro de ambientes cotiáns e comúns.

Fala Martínez Bouzas da última obra publicada por Xavier Queipo, titulada *O ladrón de esperma* (2001), conxunto de relatos experimentais e de temática diversa que constitúen "unha obra menor dentro da escrita de Xavier Queipo". No inicio do artigo, o xornalista infórmanos de que este libro mereceu o Premio Café Dublín 2000 e ofrece unha breve lista comentada da obra narrativa de Queipo.

Comeza este artigo falando dos escritores noveis en xeral, para particularizar no caso de X. M. Vila Ribadomar, poeta novel que cultiva a poesía erótico-amatoria con, segundo o xornalista, quizais un exceso barroco que, de pulirse, faría del un “escritor consolidado da nosa lingua”. Remata este artigo expresando o desexo de que algún editor se fixe nas composicións deste rapaz e lle dea unha oportunidade dentro do panorama literario galego.

Fálanos Martínez Bouzas do premio Novela por Entregas de La Voz de Galicia, que este ano destacou precisamente a novelas ou escritos do xénero negro como gañadores e finalistas. Sinala que unha das obras finalistas é *O asasino bífido* (2001), asinada por Breogán Riveiro, da que se sinala que é unha novela de xénero negro ou detectivesco que se articula arredor dunha serie de asasinatos en serie que semellan ter un nexo común de carácter lingüístico. Finalmente, revélase que o asasino é “un personaxe amante do galego que tivera algúns problemas por cousa da lingua ao ser rexeitado unha e outra vez de distintos traballos polos vixiantes da corrección idiomática”. Aborda así Breogán Riveiro a problemática da diglosia, da normativa e da socioloxía lingüística, nunha novela que, segundo Martínez Bouzas, non está exenta de eivas.

Fálase da recente publicación de *Biografía de malogrados* (2001), volume asinado por Manuel Veiga, no que se sinala que se narran, cun formato de historias curtas, diversas vidas que rematan mal, cun desenlace tráxico e coa perda dos soños. Sen embargo, tamén chama a atención sobre o feito de que non todas as historias deste libro son pesimistas, senón que hai un oco para dúas historias de desenlace non malogrado. Malia opinar que é un bo libro, Martínez Bouzas destaca que “a eiva destes relatos é a insubstancialidade do seu núcleo diexético”.





Comeza cualificando a aparición de *Ganga* (2001), de Antón Lopo, como un producto literario que salva a colleita de todo un ano. Comenta que foi recibida pola crítica con grandes gabanzas e que mesmo o autor foi considerado á par de Méndez Ferrín polo dominio da linguaxe. Destaca as innovacións tanto no plano temático coma no formal. Adscríbea ao xénero da novela de aventuras ao se tratar dun relato sobre o nomadismo á procura dunha identidade e da salvación a través dos psicotrópicos, na liña das "viaxes sen horizontes racionais" de Manuel Antonio e do kif como inspirador de aventuras exóticas de Vicente Risco, das que non adoitan falar os manuais de literatura. Comenta tamén aspectos referidos ao personaxe central da novela, Ganga, que se ve inmerso nunha lea de narcotraficantes e comunidades ocultas. Destaca que Antón Lopo aposta pola liberación persoal e polo dereito á busca da propia identidade. Como trazos atípicos e contracanónicos da ficción sinala a figura do protagonista, a naturalidade na presentación dunha relación homosexual e a exposición da concepción oriental sobre o uso de psicotrópicos dentro dunha filosofía "sobre a existencia da dor como ideal de vida". Finalmente refírese á





Comentario da primeira incursión narrativa de Kiko Neves, *Un baile de moscas* (2001), que vén de publicar a colección "Abismos" de Edicións Xerais de Galicia. Sinala que nesta obra nos presenta a Xonás, un personaxe que vive abafado nun pobo sempre cuberto de néboa, cheo de bares, oscilando entre dúas mulleres e obsesionado polas moscas, que simbolizan a podremia que o rodea e a tolemia á que está abocado. Considera que a característica principal deste libro é, sen embargo, a súa dobre posibilidade de lectura: "a convencional que vai da primeira á última páxina, pero neste caso non do primeiro ao último capítulo, senón do noventa e nove ao cero. Ou unha lectura ao revés.".

Comentario centrado no libro de relatos *O ladrón de esperma* (2001), de Xavier Queipo, que, en opinión de Martínez Bouzas, vén avalado por ter conseguido o Premio Café Dublín 2000, un dos máis prestixiosos dentro do noso sistema literario dentro da narrativa curta. Afirma estar de acordo coa opinión do autor no sentido de que os cinco relatos do volume só teñen en común a súa autoría, xa que se trata de historias independentes, escritas ao longo de vinte anos e de carácter experimental e innovador. Cualifica de constante na obra de Queipo
o feito de fuxir do etnicismo e rastrexar temas, espacios e tempos afastados “de nós”, sen renunciar, ao tempo, ás propias raíces. A seguir percorre os temas de cada unha das cinco narracións do libro e conclúe que estamos diante dun narrador eficaz que recorre á sinxeleza e á transparencia para construír unha escrita áxil e natural na que a experimentación ocupa un lugar destacado.

Alude á confirmación e á recuperación da voz de Xosé Vázquez Pintor para a narrativa, tras ter acadado o Premio da Crítica española e o Premio Torrente Ballester pola novela *A memoria do boi* (2001). Define esta novela como unha ensoñación fabulosa de Boapedre, que identifica coa cidade de Pontevedra, espacio no que se desenvolven as historias "aparentemente inconexas" de ducias de personaxes, algúns deles do común e outros recoñecíbeis, nunha temporalización que abrangue dende o último tercio do século XIX ata 1916. Considera que se trata dun "inmenso friso literario", dunha "novela coral" articulada sobre unha nova metáfora da nosa terra: "a figura totémica do boi, paso lento e firme, teimosía e perseveranza, que destapa o baúl das acordanzas, das fermosas historias tráxicas ou epopeicas que poboan as páxinas deste libro". Céntrase a seguir no contido dalgúns dos episodios e conclúe salientando a habelencia na construcción novelística, a presencia da maxia da memoria e dos saberes ancestrais, "todo isto adubado cunha escrita fulgurante na que se emprega a lingua e a fala dun xeito forte e brillante".

Dáse conta da publicación dun volume conmemorativo do décimo aniversario do Certame de Narracións Breves Manuel Murguía e que se titula *Paisaxes con palabras* (2001). Sinala que todos os premiados nestes últimos dez certames escribiron un relato para a ocasión, excepto Xesús Manuel Marcos, e que o volume está coordinado por Henrique Rabuñal, quen fai un limiar "necesario e esclarecedor". Enumera aos autores que relatan nestevolume, entre os que están Xavier Alcalá, Marilar Aleixandre, Alfonso Álvarez Cáccamo,Xosé Luís Álvarez Pérez, Xosé Carlos Caneiro, Joel R. Gómez, Isidro Novo, David Pérez Iglesias, Antón Ribeiro Coello, Manuel Riveiro Loureiro e Xosé Luís Vázquez Somoza.

Tras abordar o lugar sobranceiro da narrativa e da poesía na industria cultural deste país, aborda unha panorámica da narrativa galega do último ano. Recoñece como características fundamentais o alto nivel lingüístico dos narradores e a miseria temática e argumental, aplicábel sobre todo ao relato breve, un subxénero que produciu unha gran cantidade de títulos, especialmente os escritos por compromiso. Menciona a algúns autores xa coñecidos como Manolo Rivas, X. C. Caneiro, Xavier Queipo, Francisco Castro ou María Xosé Queizán; e outros que empezan como Rosa Vidal, Xerardo Quintiá, Francisco Calo Lourido, Kiko Neves, Manuel Solleiro ou Xerardo Vidal. Considera que existe unha escasa capacidade fabuladora, agás excepcións como certos relatos de *O ladrón de esperma, Triloxía dos tristes, O pausiñas, Un rabaño de ovellas brancas, Xeografías* e *A balada do nudista caviloso*. Destaca como novelas de gran calidade *A memoria do boi*, de Vázquez Pintor, e *A vida apoteósica*, de Bieito Iglesias, e alude a outras como *Teoría do caos*, de Marilar Aleixandre, que cualifica de “ambiciosa” ao tempo que “dura e complexa”; *Breve crónica universal da clase obreira*, de Jaureguizar, unha obra digna marcada pola

preocupación social; *Ganga*, de Antón Lopo, coa que se introduce na literatura galega a diversidade, a heterodoxia e a experimentación; ou *Martázul*, de X.A. Perozo, unha proposta sobre o donxoanismo en versión feminina, entre outras. Refírese tamén á narrativa serial ou folletinesca que, con excepción de *O Jalisco*, de Fernando Salgado, "fructificou en creacións de exigua calidade"; e á narrativa infantil e xuvenil que vai acadando maior recoñecemento dentro e fóra das nosas fronteiras. Aborda tamén o que cualifica de "prodigalidade creativa dos poetas galegos" a través de canles de expresión como as coleccións de Espiral Maior, Ablativo Absoluto e Libros da Frouma de Follas Novas e resalta como feitos significativos a edición das obras completas de Manuel María e Fran Alonso e a calidade dos poemarios como *Pedinche luz prestada*, de Marica Campo, ou *1999*, de Helena de Carlos. Como conclusión e referíndose de novo á narrativa, menciona dous feitos positivos: o carácter de apertura ao mundo da narrativa galega, que esperta interese fóra de Galicia e a incorporación das mulleres.








Despois de ofrecer a ficha completa da traducción ao castelán da obra de Luís García Mañá, *O lume de Santo Antón* (1997), refírese á particular afección e habelencia deste policía metido a escritor, que considera un caso excepcional nas letras hispánicas aínda que non tanto nas anglosaxonas. Sinala algúns datos biográficos do escritor ourensán, para logo centrarse na traducción neste ano da súa obra ao castelán, da que sinala que está escrita cunha prosa coidada e limpa, que o seu argumento xira entre a intriga e a historia ou que nela se ofrece un retrato da Galicia urbano-rural de mediados do século XIX. Remata destacando a habelencia do autor para combinar os tempos da acción e que deixa no lector un pouso de curiosidade por coñecer máis do feito histórico do que trata.

Achega á obra de Eliseo Alonso, de quen se comeza dicindo que era xornalista e etnógrafo ademais de poeta e narrador. A seguir alude á paisaxe do Baixo Miño que configura o mundo literario deste autor presente en obras como *Contos da cotovía* (1950), *Seara de romances* (1952), *A rúa do noxo* (1977) ou na propia obra que agora reeditou *La Voz de Galicia* na súa colección "Biblioteca 120", *Contos do Miño* (2001, publicada inicialmente en 1955. Encadrado na chamada "Promoción de enlace", destaca que esta obra forma parte dos primeiros libros en prosa da posguerra xunto con obras como *Xente da barreira* (1951)*Á lus do candil* (1953) e *Merlín e familia* (1955). Salienta que nesta obra non hai costumismo nin humorismo popular, que Blanco Amor no prólogo da primeira edición a emparentaba nalgúns aspectos coas *Cousas* ou *Retrincos* de Castelao. Deste conxunto de relatos sinala que foron publicados en Buenos Aires en 1955 e que neles aparece un forte realismo, o compromiso cos desherdados, o humor, a crueldade e o sentimento popular.

Artigo no que se destaca a publicación do libro *Obra narrativa en galego* (2000), de Uxío Carre Aldao, que fora o propietario da Librería Gallega da Coruña e editor de quince volumes de creación literaria na época do Rexionalismo, ademais de estar vinculado á coñecida Cova Céltica. Coméntase esta obra, que é unha recompilación dos textos narrativos do autor antedito, elaborada polo grupo de Narrativa Recuperada do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e que conta cun exhaustivo estudio introductorio de Mario Romero Triñanes.

Dá conta da saída do prelo do *Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia (1715-1970)* (2001), unha das publicacións do Museo Pedagóxico de Galicia, coordinada por Vicente Peña Saavedra. Sinala que os obxectivos deste Museo son, por unha parte, a recolleita, catalogación e conservación daqueles materiais documentais relacionados coa infancia e, pola outra, a elaboración de guías que faciliten a súa localización. Lembra que xa publicara con anterioridade a edición facsimilar de *La primera luz* (2000), de Manuel Murguía. Deste *Repertorio* di que está constituído por mil cento oito libros e duascentas cincuenta e catro publicacións periódicas, explicando pormenorizadamente as diferentes publicacións atendidas e destacando que se inclúen por primeira vez "obras xornalísticas patrocinadas polas sociedades galegas de instrucción da emigración". Refírese tamén ao acertado da delimitación temporal, á súa disposición en dúas bases nas que se atende, por un lado, a libros e folletos e, por outro, as publicacións periódicas. Remata destacando a utilidade do caderno de notas e felicitando aos autores deste traballo.

Incluído nun número deste suplemento no que se lle rende unha homenaxe a Francisco Fernández Del Riego, este artigo recolle un percorrido pola biografía deste persoeiro da cultura galega. Comeza cos primeiros anos na Lourenzá, os estudios en Monforte e logo en Madrid, ata o traslado da familia a Santiago de Compostela. Tamén se fai eco das súas actividades culturais e a participación en revistas como *Universitarios* ou *Alento*. Alude ao seu labor docente na institución universitaria compostelá, á suspensión en 1936 co estalido da Guerra Civil e o seu traslado a Vigo, onde retoma as súas actividades a prol do galeguismo. Alúdese á súa relación con Paz Andrade, Ramón Piñeiro ou Xaime Isla Couto, á súa participación en iniciativas como *La Noche*, a editorial Galaxia ou a creación da revista *Grial*. Remata referíndose á súa idea de celebrar o Día das Letras Galegas, así como aos galardóns que lle foron concedidos como a Medalla Castelao, a Medalla de Galicia ou o nomeamento de doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. En columna á parte, ofrécese unha bibliografía na que se recollen algunhas das súas monografías máis destacadas.

Navarro, María, “Unha volta de misterio”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 6, 13 xuño 2002, p. VII.

Sitúa a aparición da traducción da novela *Cianuro espumoso*, de Agatha Christie no ano 2001 da man da editorial Galaxia e da traductora María Cameselle, como un título que engrosa o número de textos vertidos ao galego da escritora británica. A seguir, a articulista resume o argumento, sinala que a narración se presenta estructurada en tres libros con continuos saltos temporais e destaca o mantemento da intriga ata o final a través da insinuación de acontecementos que manteñen o suspense. Comenta tamén que ningún elemento da narración resulta trivial e que deste xeito se consegue o dinamismo que emociona o lector e fai que goce do xogo de enxeño que propón o texto. Conclúe destacando a vixencia e aceptación das obras de misterio de Agatha Christie, sobre todo entre o público xuvenil.

Navaza, Gonzalo, “Cibergalaxia”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 13, 10 outubro 2002, p. I.

Refírese á introducción dos soportes informáticos e á influencia da rede na literatura. Sinala que cando comezou a introducción da informática algúns escritores expresaron as súas reticencias pero axiña descubriron as vantaxes dos procesadores de textos. Considera a Xavier Alcalá como un dos pioneiros e a seguir comenta a existencia de ferramentas informáticas que se presentan como axudas para a creación literaria, tales como o programa *storymaker*, que axuda a construír unha historia, perfilar personaxes, dosificar as secuencias narrativas, etc., a pesar de que require unha traballosa reelaboración posterior. Refírese asemade á existencia de páxinas web onde, con dúas ou tres palabras suxeridas polo usuario, se constrúen poemas mediante combinacións aleatorias e comenta a experiencia posta en marcha por Manuel Forcadela, que deseñou e colgou na rede un programa que combina aleatoriamente hendecasílabos tomados dun corpus previo. Con respecto ao lector, salienta a maior accesibilidade ás obras literarias que proporciona a rede, sobre todo daquelas libres de dereitos, e a posibilidade futura de poder ler os clásicos en galego gracias a iniciativas como a Bivir, a biblioteca virtual da literatura universal que promove na

rede a Asociación de Traductores Galegos. Tamén menciona a posibilidade de que no futuro se consuma tanta ou máis literatura na pantalla ca na páxina impresa debido á facilidade de reproducción e copia libre de control, co conseguinte conflicto de intereses económicos dos editores e autores, un mal que está afectando xa ás obras de consulta, enciclopedias e obras semellantes. Valora a difusión de información a través de Internet e salienta que a clave deste proceso vai residir na capacidade dos lectores para diferenciar entre información e ruído.








Comeza sinalando que na obra *Sempre no Páramo* (2001), de Suso do Páramo se reflicten "estados de ánimo, de rebeldía e paixón pola vida e a literatura en comuñón". Esta forma de facer poesía lémbralle a Manuel Xosé Neira os seus comezos, polo retrato que fai da paisanaxe do seu pobo onde cada individuo ten a súa propia historia, que suple a suposta falta de formalismo e de redondeo dos seus textos. Caracterízao como un libro coherente, que fala de cousas sinxelas e fondas, da propia vivencia da soidade do autor que lle canta ao Páramo e ás súas xentes, no que rescata nomes populares que axudarían a que cada aldea tivese unha voz que deixara escrita e recollida a súa idea. Advirte ao lector que o descoido formal non debe levalo a deixar o libro, posto que o importante é o contido "que vai ao corazón e á intelixencia das xentes". Remata cunha loanza do posicionamento de Suso do Páramo na súa poesía na que reivindica a identidade do pobo galego e que á que o articulista se une co fin de tomar unha posición a prol da defensa dun pobo cunha esencia milenaria, que considera que se recupera un pouco en cada libro de poesía coma este.

Manuel Xosé Neira comenta a obra *Reflexos* (1998), unha escolma de poemas de autoreslugueses realizada por Miguel Ángel Prado Aldegunde e Beatriz Rey Pereira. Sinala que esta singular obra presenta un deseño moi orixinal, a xeito de caderno, no que se inclúen fotografías de distintas paraxes da provincia luguesa. Explica a estructura en dúas partes e os autores antologados ademais das obras nas que se publicaron os poemas. Reprodúcense algúns versos considerados os máis significativos, sinalando ademais o carácter atípico dun volume que só quere “amosar uns anacos da beleza patria e nativa.”

Infórmase, nun primeiro momento, do pouco coñecemento e popularización que se ten da revista *Monfadal*, distribuída por unha Biblioteca de Mondoñedo, e dirixida por Antón X. Meilán e Alicia Tella-Villamarín. Coméntase que neste segundo número, editado no ano 2001, se ofrece o traballo de escritores vinculados dalgún xeito á vila de Mondoñedo. Alúdese á súa coidada presentación estética, con deseños de Caxigueiro, Puchades e Vizoso, entre outros, e dáse conta das colaboracións críticas de César Morán, Ramón Reimunde, Susana V. Mariño, Xavier Cordal, Armando Requeixo, etc. Finalmente, sinálaseque a revista recupera textos inéditos e esquecidos de escritores como Álvaro Cunqueiro, Méndez Ferrín e Uxío Novoneyra.

Traducción do poema do estadounidense Wallace Stevens (Pennsylvania, 1879-Connecticut, 1955) titulado “Unha tarde corrente en New Haven”, que foi publicado por primeira vez nunha escolma británica da obra deste autor. Sinala o traductor, na introducción que precede aos poemas en galego, que o poema conta con dúas versións, unha primeira na que está formado por once cantos e a segunda na que presenta trinta e un, que segundo Harold Bloom os vinte cantos engadidos son “unha caste de comentarios ou expansións dalgúns dos once iniciais”. Lembra o que Stevens deixou escrito nalgunhas cartas nas que explicaba que este poema fora feito para chegar “todo o preto do ordinario, do lugar común e do feo que lle sexa posible a un poeta”, ademais de sinalar que nel hai unha busca da pura realidade e a súa concepción (hjelmslevriana) de que o francés e o inglés son a mesma lingua. Remata caracterizando esta composición como “vello poema de afán innovador, vangardista ou modernista, que dá paso á reproducción dos trinta e un cantos.

Comeza falando da escritora austríaca Ingeborg Bachmann da que sinala que se traduciron dúas das súas obras ao castelán, e da que reproduce un poema titulado “Levar áncoras”. Aproveita esta composición para achegarse a unha concepción persoal do que entende por acto de creación literaria, que define como unha viaxe de descuberta. Sen embargo quere matizar esta afirmación e fai unha serie de reflexións, entre as que están que o feito de crear literatura non quere dicir que se parta de cero, senón que o autor bebe nas fontes de todos os que o precederon e enfróntase ao descubrimento dos límites da linguaxe; busca a transgresión e tenta “tornar visíbel o que era tradizón”; destaca a capacidade da literatura de que o autor á vez que reflicte o mundo tamén se mira a si mesmo en soidade ou o feito de que sempre acaba descubrindo que a única revelación é a da carencia. Finalmente, aínda que mantén a concepción da creación como aventura individual, considera que unha literatura nacional como a nosa non se pode permitir o luxo de deixar ao voluntarismo dos autores a súa pervivencia mentres os medios de comunicación a ignoran e o poder político se comprace por unha xestión que consideran acertada. Tamén denuncia o feito de que





Comentario da obra de Euloxio Ruibal, *Zardigot*, reeditada en 2001 por *La Voz de Galicia* na súa colección “Biblioteca Galega 120”, no que se comeza caracterizando a este autor como un “dramaturgo incómodo, arriscado, valente”. Coméntase que nesta obra, Ruibal toca o tema da Guerra Civil cun forte dramatismo, e afírmase que nela comeza a amosar unha aposta polo rexistro tráxico que se foi asentando ao longo dos últimos anos na escena teatral galega. Destaca da obra as paisaxes bélicas e os personaxes perdidos nun mundo no que a guerra abafa as relacións familiares e humanas, a través do que non é difícil evocar a obra *Nai coraxe* (1987), de Brech. Remata salientando que neste texto se dan cita dende o teatro épico, o *nouveau roman* ou a nova dramaturxia ata o experimentalismo, conformando un texto “extraordinario que fixo historia na literatura galega”, do que aconsella a súa lectura. En columna á parte salienta da obra que é unha parábola da guerra coa que o autor gañou en 1973 o premio Abrente e que ten como elementos singulares a coidada secuencia escénica e a tendencia fragmentarista.

Comeza sinalando que o título desta obra de Ramón Cabanillas *Da terra asoballada*, (1917), que se editou en 2001 na colección “Biblioteca Galega 120”, é o que correspondía a unha das seccións da obra *Vento mareiro* (1915) do mesmo autor. Explica que este poemario está composto por quince poemas, algúns deles coincidentes cos da obra da que toma o nome e que se viron incrementados na segunda edición de 1921. Segue sinalando que na edición que o autor fai en 1926 só quedan tres composicións da primeira edición. Considera que todo este proceso nos indica o continuado proceso de corrección e procura estilística do poeta, da súa evolución estética e ideolóxica, que pon parella ao movemento galeguista no que militou Cabanillas. Remata sinalando que este texto é un dos máis representativos da literatura galega de todos os tempos. En cadro á parte saliéntase da obra as palabras deÁlvaro Cunqueiro referidas a que ler esta poesía era como cantar, así como que estamos ante unha obra que testemuña o espertar da conciencia galeguista.

Comeza evocando o precedente deste novo suplemento "*Faro da Cultura*" naquel que levaba por título "*Faro das Letras*", nacido en 1996. Sinala os obxectivos que se perseguían e ofrece a listaxe de colaboradores, entre os que estaban X. Mª Álvarez Cáccamo, Carlos L. Bernárdez, Ramiro Fonte, Estro Montaña, Gonzalo Navaza Ramón Nicolás e Román Raña. Felicítase por ter a oportunidade de coordinar dúas iniciativas coma estas e sinala que os obxectivos que dominan esta nova andaina son os mesmos que dominaban na primeira, entre os que salienta a busca do debate en liberdade e que participen todos os que teñan algo que dicir. Remata aludindo a que este primeiro número sae á luz cunha aproximación á obra de Tolkien, estando próxima a traducción ao galego dunha parte da obra *A Irmandade do Anel* realizada por Moisés R. Barcia e publicada por Edicións Xerais de Galicia.

Achega á figura do filólogo e escritor Manuel Santiago Fernández Álvarez, máis coñecido como Manuel Forcadela. Refírese ao seu traballo como investigador no eido da literatura galega, dende as cantigas medievais, pasando polo século XIX ou a xeración da posguerra, ademais de destacar as súas achegas a autores referentes da literatura galega comoEduardo Pondal ou Álvaro Cunqueiro. Do primeiro sinala que está a realizar a reedición de *Os Eoas*, xunto con Manuel Ferreiro e Xosé Manuel Pena. Do segundo, que considera o creador do referente da imaxe da Galicia "de niebla, de etnografía, de hadas", está a realizar a análise narratolóxica do que el chama "dos Cunqueiros" por un lado o do *Merlín* ("celeste y sublime") e polo outro do *Sochantre* ("infernal"). Dise que un dos traballos dos que se sente máis orgulloso é de *Nova narrativa galega* (1993), no que logra demostrar a cohesión dun grupo de escritores dos anos cincuenta. En columna á parte refírense os numerosos premios que ten acadado este autor, entre eles o Nacional da Crítica pola súa obra *Refutación da musa* (2001), á vez que en dous cadros independentes se achega máis ao autor en canto á poesía, á narrativa e á cara máis oculta deste persoeiro.

Ponte, Pilar, “De baleiro en baleiro”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 9, “Letra de muller”, 12 setembro 2002, p. II.

Centrándose na nómina de mulleres escritoras da literatura galega, sinala que malia seren elas as encargadas de transmitir a inmensa riqueza da literatura popular, a penas existen nomes de mulleres na nosa historia da literatura ata chegar a Rosalía de Castro, aínda que como demostra o estudio de María Armas García, *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía* (2002), non permaneceron alleas ás reivindicacións do seu tempo. A seguir cita as contribucións de mulleres como Pura e Dora Vázquez, María Mariño ou Luz Pozo, xa que delas partiron as seguintes xeracións. Dende mediados dos cincuenta ata os setenta, na corrente da Nova Narrativa Galega, cita as achegas de María Xosé Queizán e Xohana Torres; nos oitenta a poesía do coñecemento de Pilar Pallarés, a existencialista de Ánxeles Penas e a da interpretación do espacio mariño de Ana Romaní, así como a aparición en 1983 da revista *Festa da palabra silenciada*. Na narrativa cita a Úrsula Heinze, Marilar Aleixandre, Marina Mayoral ou Margarita Ledo; no xénero dramático, a Inma Souto e Luísa Villalta; na literatura infantil e xuvenil a Fina Casalderrey, Concha Blanco, María Victoria

Moreno, Marina Mayoral e autoras novas como Beatriz García Turnes e Marga do Val. Conclúe cualificando de espléndido o movemento creativo actual porque nunca houbera tantas mulleres nunha mesma etapa literaria e porque en xéneros como a poesía salientan as producciónsfemininas por riba das masculinas. Baixo o epígrafe “Un mundo de mulleres entre séculos” recóllense as diferentes explicacións da crítica sobre o feito de que nos noventa se dese unha eclosión da escrita feminina, tales como a coincidencia cronolóxica de varias xeracións; a aparición dunha longa nómina de novas autoras, sobre todo poetas, como demostra a antoloxía *dEfecto2000* (1999); o diferente papel social desempeñado polas escritoras e a mestura da creación literaria con outras formas artísticas. Finalmente, sinala a función da rede como plataforma de difusión para as creadoras e como novo soporte para a producción.








Comentario da obra de Marcial Valladares, *Maxina ou a filla espuria* (1880), publicada na colección “Biblioteca Galega 120” no ano 2001. Comeza sinalando que se é a narrativa a que vai protagonizar a modernización na nosa tradición literaria, esta obra é das máis importantes. Destaca que asistimos da man do cronista ao xeito de vida da segunda metade do século XIX en Galicia, que en moitos trazos se mantivo ata hai ben pouco. Sinala que a temática xira arredor da descrición bucólica da vida campesiña, os diferentes roles de galego e castelán na sociedade do momento ou o sufrimento amoroso, ademais de destacar a súa adaptabilidade cinematográfica. Tamén describe o fío argumental da historia de Maxina, filla ilexítima de Otilia Sancti-Petri, a súa adopción por unha costureira ata o descubrimento final da súa orixe nobre. Considera que constitúe unha historia tópica e típica e polo tanto universal.

Queipo, Xavier, “Rivas en francés”, *A Nosa Terra*, nº 1.042, “Cultura”, 11-17 xullo 2002, p. 28.

Dá conta da traducción ao francés da obra de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro* (1998), que foi publicada na colección Folio da Editorial Gallimard no ano 2000. Sinala que isto é un feito relevante na proxección internacional do seu autor e no recoñecemento do galego como lingua literaria de interese universal, xa que a traducción aparece nunha das coleccións máis importantes da editorial, onde están representadas todas as linguas do mundo. Tamén considera importante sinalar que o texto a partir do cal se fixo a traducción é o orixinal galego e así se indica na versión en francés.

Dáse conta da publicación da obra *Manuel María: os traballos e os días* (2001), na que Camilo Gómez Torres repasa a vida e obra do escritor chairego, non esquecendo por isto facer unha panorámica da Galicia do seu tempo. Sinala que tenta ser esta obra unha sorte de biografía do poeta chairego pero, como moi ben di o autor, a vida de Manuel María non rematou, co que non se pode considerar rematada a súa biografía. Indica que este libro está editado dentro da colección “Ensaio” de Edicións Laiovento.

Escrito que dá conta da publicación do libro publicado polo IGAEM dentro da colección "Centro Dramático Galego", no que se recolle o texto da adaptación escénica que Roberto Vidal Bolaño fixo da obra *Rosalía* (2001), de Ramón Otero Pedrayo; un estudio de Xosé María Dobarro Paz e Luciano Rodríguez Gómez, o escrito "Coa paciencia dos elexidos", de Manuel Guede, e "as restantes seccións que veñen caracterizando a colección do Centro Dramático Galego. Tamén dedica Quintáns parte do artigo a analizar a representación teatral da obra da que estamos a falar, concluíndo que Vidal Bolaño foi moi fiel ao escrito orixinal de Ramón Otero Pedrayo, cambiando só algúns detalles que "están sempre ó servicio dun máis doado achegamento ó verdadeiro sentir de Otero".

Artigo que se dedica a recordar o I Congreso Internacional Curros Enríquez e o seu tempo, prestando particular atención á edición facsimilar de *Ao pobo cruñés; 25 poemas, unha loa en prosa e outras páxinas* (2001), que aparece precedido por un prólogo de Xesús Alonso Montero. Tamén se fai unha breve historia dos avatares editoriais desta obriña.

Achégase á edición non venal e facsimilar de *Égloga de Belmiro e Benigno. A alborada* (2001), de Nicomedes Pastor Díaz, que o Concello de Viveiro promove como homenaxe ao seu autor e que a Editorial Xerais entregou a xeito de agasallo nas celebracións do XVIII Premio Xerais de Novela e no XVI Premio Merlín de Literatura. Describe a obra, atendendo ao contido e aos aspectos máis formais, e recomenda a súa lectura. Sinala que a acompaña un prólogo de Ramón Nicolás no que fai memoria da biografía do autor, recolle a súa obra en galego e salienta a importancia desta figura no afortalamento do sistema galego do seu momento.

Comeza falándose do Premio Lueiro Rey, que no ano 2002 acada a súa décima edición premiando a Jaureguizar e Xesús Rábade Paredes. Pasa entón o xornalista a falar da obra premiada deste último, titulada *Como levar un morto* (2001), da que di que é un magnífico exemplo da historia próxima que nos rodea a todos e que tanta importancia ten na obra de Rábade Paredes. É, finaliza Quintáns, "unha novela, de certo, para ler a modo, diríamos mellor, para escoitar no silencio".

Fálase da Biblioteca Francisco Pillado Mayor e do seu labor editorial no teatro galego, facendo tamén edicións bilingües moi coidadas como a de *Nun pregue de veludo* (2001), do escritor mallorquín Alexandre Ballester. Segundo o xornalista, é interesante que se fagan estas cousas porque Mallorca e Galicia comparten moitos problemas sociais, lingüísticos, etc. que descoñecen e aos que o lector habitual se pode achegar a través destas obras. Destácase que esta edición leva un estudio introductorio de Xesús González Gómez, quen defende que *Nun pregue de veludo* é unha "comedia crítica" ou unha "farsa crítica", pero nunca unha "sátira". Remata o artigo felicitándose Quintáns a si mesmo, á Biblioteca Pillado Mayor e ao Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña.





Tras presentar o poemario *Eclipse* (2001), de Xavier Rodríguez Baixeras como o gañador no Premio Losada Diéguez que convoca o concello de Verín, Román Raña chama a atención sobre o seu carácter marcadamente narrativo, con respecto ao resto da producción do autor, en canto á utilización de recursos como a situación nun espacio e nun tempo determinados, a aparición de personaxes e a presentación de situacións. Seguidamente detense no estilo e afirma que se ben segue a ser exquisito e diáfano, o verbo faise máis complexo e domina a presencia de imperativos aplicados a obxectos inanimados, “co cal alcanzamos auténticos cumes de poesía”. Identifica tamén a persistente repetición de palabras e fórmulas sintácticas, as anáforas, os paralelismos e a sintaxe latinizante, recursos que emparenta coa aparición dun estilo salmódico, de oración ou de pregaria. Recapitulando todos estes trazos, sinala que o artista “bebe do manancial do pasado aqueles feitos que o conmoveron e transmuta aquilo que sentiu en metáfora e poema, en unión de imaxes que transmiten a súa paixón”, o que deriva necesariamente nunha poesía elexíaca na que Baixeras entra no





Comenta a última entrega narrativa de Bieito Iglesias, *A historia escríbese de noite* (2001), e sinala que case coincide na súa aparición coa súa anterior novela, *A vida apoteósica* (2001), na que retrataba tipos actuais como aduladores, buscavidas, policías corruptos ou violentos, e na que apostaba por unha estructura complexa. Con respecto a *A historia escríbese de noite*, destaca a presencia dunha estructura máis transparente e dun argumento máis claro, así como do que considera un dos valores primordiais da obra: o riso e o ton sarcástico que se empregan, provocados tanto polo uso de figuras literarias coma polas situacións descritas. Recoñece a influencia de Chesterton, Lawrence Sterne, Vicente Risco ou Castelao, aínda que sinala a individualidade ficcional de Bieito Iglesias. Considera como un dos principais logros da obra a linguaxe, que harmoniza diferentes estilos dun xeito eficaz, un trazo que leva a Román Raña a afirmar que estamos ante "un escritor de raza", "unha pluma afiada e aguda" e "un dos prosistas máis persoais e lúcidos dos últimos tempos", insólito na literatura galega. Finalmente cualifica o libro de "violento e punzante, escrito cunha prosa de intelixente brillantez, sarcástica até a médula".

Raña, Román, “A volta dun ‘autor secreto”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 19, 21 novembro 2002, p. I.

Con motivo da publicación do libro *Ángel Johán, retrato dun artista (1901-1965),* de Nuria López Presedo, merecedora do XV Premio Literario Ánxel Fole convocado pola Fundación Caixa Galicia, Román Raña manifesta a súa satisfacción por traer á actualidade a figura deÁngel Johán. Sinala as partes nas que se divide este estudio, centrado na vida e na producción do escritor lucense e valora especialmente o feito de que recupere unha serie de obras inéditas que completan a súa dimensión vital e creadora. Refírese tamén aos apéndices finais do volume, que recollen a faceta plástica e literaria do artista e que “constitúen unha contribución esencial para coñecermos o noso literato cabalmente”. Como única pega sinala que non se realice un labor de encadramento estético e literario, aínda que este obxectivo non estaba entre as intencións divulgativas da autora. Ofrece algúnsdatos biográficos de Ángel Johán, cita a súa participación na revista lucense *Ronsel* e considera que a producción deste escritor non pode adscribirse á vangarda porque todas as súas obras se realizan na posguerra, de onde provén a influencia do clasicismo garcilasiano





Columna na que Armando Requeixo fala da polifacecia do escritor Manuel Seixas, centrándose fundamentalmente no seu último libro de poesía, *Diario de ausencias* (2001), do que sinala que nel o autor fala de todas as ausencias posíbeis: “ausencia de alimento (fame), ausencia de vida (morte), ausencia de harmonía (ruído), ausencia de memoria (alzheimer), ou a máis arrepiante de todas as ausencias, o baleiro metafísico da Nada”. Conclúe que *Diario de ausencias* é, pois, un libro que foxe da poesía fácil e agradábel para falar de temas de importancia social e persoal.

Destácase a publicación de *Alfredo Brañas. Textos en galego* (2001), obra recompilatoria dos escritos en galego de Alfredo Brañas que edita a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia de Bergantiños. Sinala que este libro se abre cun prólogo de A. Precedo Ledo e que foi coordinado por E. García Canosa e C. Nogueira Blanco, correndo a antoloxía a cargo de Xosé Manuel Varela Varela, quen tamén revisou e adaptou parcialmente a escrita brañiana ao galego normativo actual. Celebra Armando Requeixo este tipo de iniciativas, aínda que destaca que este libro en concreto ten eivas que deberan ser solucionadas, como o grave erro que considera consiste en non citar as fontes das que se extraen os textos presentados neste volume. Sen embargo, remata o artigo animando este tipo de publicacións, tan necesarias para rescatar a memoria da escrita galega.

Columna na que se fala de *Subversións* (2001), último poemario asinado por Fran Alonso no que se recollen as súas dúas anteriores obras poéticas como son *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992) e *Tortillas para os obreiros* (1996), ademais doutros poemas inéditos, que aparecen na sección que, precisamente dá titulo a este libro. Destaca que ao final de *Subversións*, aparece o "substancioso epílogo" titulado "Subversións poéticas", no que Fran Alonso avoga por atentar contra a lingua, rompéndoa e reconstruíndoa. Para Armando Requeixo, este libro é "abondo subversivo" para os tempos que corren.





Fálase da recente edición do libro *Poemas e contos da muralla* (2001), obra de recompilación coordinada por Adolfo de Abel Vilela e patrocinada polo Concello de Lugo. Sinala que nela se dan cita escritores como Marica Campo, Manuel María, Manuel Xosé Neira, Manuel Celso Matalobos, Claudio Rodríguez Fer, Xesús Manuel Valcárcel, Xosé de Cora, Lois Diéguez, Paco Martín e Xosé Miranda. Tamén destaca que a arte non queda esquecida tampouco, xa que tamén se recollen ilustracións de Sara Lamas, Jorge López “Espiral”, Christian Villamide, María Teresa Calabuig-Prado, Xesús Otero, Blas Lourés,Matalobos, Andrés Romai, Miguel Ángel Marcía e Xosé María Lugilde. Remata indicando que, como o seu título indica, este volume está pensado como unha homenaxe á muralla lucense.

Artigo no que se fala do último poemario asinado por Xabier Cordal Fustes, titulado *A vella peneira a noite* (2001), cun título baseado nun dito popular. Di Armando Requeixo que na obra de Xabier Cordal o elemento metaliterario xoga un papel fundamental, así como os recordos das cidades nas que o autor viviu ao longo da súa existencia. Destaca, finalmente, que o libro está dedicado a Méndez Ferrín.

Comeza Armando Requeixo falando do relevo xeracional da literatura galega, que comeza a tomar forma nos nomes de autores de pouco máis de vinte anos, como Roque Cameselle e Samuel Solleiro. Despois, pasa a analizar en exclusividade o recentemente publicado libro de relatos de Samuel Solleiro titulado *Elexías a deus e ao diaño* (2001), no que aparecen historias extraordinarias mesturadas con outras de non tanta calidade, segundo o xornalista. Sen embargo, remata a columna dando un saldo positivo á obra deste novo narrador.

Cualifica o momento actual da poesía galega como un dos “máis interesantes da nosa historia literaria” e salienta a convivencia de voces pertencentes a varias xeracións. Aborda a súa análise por orde cronolóxica comezando polos poetas da xeración do 36, destaca como achegas de primeira orde do discurso poético galego obras como *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), de Celso Emilio Ferreiro; *Orballa en tempo lento* (1995) e *Desmemoriado río* (1997), de Pura Vázquez; *Sede e Luz* (1986), de González Garcés; *Pretérito imperfeito* (1980) e *Futuro condicional* (1982), de Carvalho Calero e *Herba de aquí e acolá* (1980), de Álvaro Cunqueiro. Entre os membros da denominada “promoción de Enlace”, nomea a Antón Tovar con *Calados esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990) ou *A nada destemida* (1991); a Manuel Cuña Novás con *Canto e fuga da irmandade sobor da terra e da morte* (1977) e a Luz Pozo Garza con *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* (1992) e *Vida secreta de Rosalía*. Entre os membros da xeración dos cincuenta, destaca a súa forte personalidade, a súa ampla e ben definida obra, así como a súa continua publicación neste período, con nomes como Manuel María, Uxío Novoneyra,

Méndez Ferrín, Xohana Torres, Bernardino Graña, Álvarez Torneiro, García-Bodaño, Avilés de Taramancos ou Mª Xosé Queizán. No apartado dedicado ás últimas tendencias nomea unha ampla listaxe con autores como Manuel Vilanova, Vítor Vaqueiro, Manuel Rivas, Pilar Pallarés, M. A. Fernán-Vello, Lois Pereiro, Eusebio Lorenzo Baleirón, Román Raña, etc. Deles salienta que se moven en poéticas e rexistros variados aínda que comparten o seu interese por atopar novos modos de expresión a través do gusto pola palabra, polos aspectos formais do poema e pola modernidade poética. Como temática salienta a morte, o amor, o tempo, a natureza, o canto elexíaco, o civismo, a epicidade ou a reflexión sobre a escrita. Entre as liñas temáticas transitadas polos poetas dos noventa menciona o tratamento do cotián, a reivindicación do coloquialismo, a ollada crítica, tenra, sensual ou irónica sobre o mundo. Salienta como novidade a ampla nómina de mulleres poetas, entre as que nomea a Olga Novo, Isolda Santiago, Anxos Romero, María Lado, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Emma Couceiro e Emma Pedreira. Considera unha promesa a poetas como Carlos Negro, Xosé Manuel Vélez, Manuel Xosé Neira, Fran Alonso, Estevo Creus, Miro e Rafa Villar e Martín Veiga.








Lembra a figura e a obra de Carlos Casares que cualifica como un legado indispensábel para a madureza das letras galegas. Detense nalgúns dos trazos da súa personalidade como o seu carácter “optimista de vontade e pesimista de intelixencia” como el mesmo se definía, o escepticismo que soubo trasladar ás súas obras e tamén no seu talante conciliador. A seguir realiza un percorrido pola obra de Casares dende *Vento ferido* (1967), na que salienta a vontade de achegamento ao lector a través da construcción de breves historias realistas ambientadas na Galicia dos anos 60; *Cambio en tres* (1969), novela curta na que recoñece a combinación do tema tópico da emigración cun tratamento formal de liña vangardista; *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), coa que inicia o interese nunha temática que proseguirá posteriormente, baseada na disección da vida dun personaxe para ilustrar diferentes momentos da vida do país; *Os escuros soños de Clío* (1979), onde mostra a concepción da literatura como xogo imaxinativo e inaugura un proceso de madurez creadora elaborado dende a ironía e a visión escéptica da realidade; un camiño que asenta en *Ilustrísima* (1980) e *Os mortos daquel verán* (1987). Finalmente, detense en *Deus*

sentado nun sillón azul (1996), na que sinala a volta ao itinerario vital e ideolóxico dun personaxe para recrear o clima social da posguerra, e *O sol do verán* (2002), que define como un canto póstumo á memoria. Nun epígrafe á parte coméntase con algo máis de detalle a novela *Ilustrísima* salientando o seu tema, recorrente na obra de Casares, a violencia que xera a intolerancia a través de catorce capítulos nos que a loita entre un bispo e os seus inferiores é o símbolo das loitas relixiosas e ideolóxicas de principios do século




XX. Conclúe mencionando que esta obra “responde a un meditado traballo de depuración e a unha elaboración coidada” e que “condensa a ollada deste escritor sobre a bondade e a intolerancia humanas”. Pon de relevo trazos como a sintaxe sobria e o emprego dos contrastes para marcar as diferencias ideolóxicas.

Caderno especial editado por *O Correo Galego* con motivo do seu oitavo aniversario. Nestas páxinas recóllense as declaracións de oitenta e oito persoeiros galegos dos máis diversos ámbitos sociais que reflexionan sobre cuestións de actualidade, dos que se inclúe unha breve biografía. Tamén salientan o labor deste xornal nos seus oito anos de existencia e a súa importancia para acadar a normalización cultural en Galicia. De entre os entrevistados aparecen persoeiros vinculados coa literatura galega como o estudioso Francisco Fernández del Riego, os escritores Carlos Mella, Carlos Casares, Alfredo Conde, Xosé Luís Méndez Ferrín, Miguel Anxo Fernán-Vello e Manuel Rivas, o debuxante Miguelanxo Prado, a profesora Blanca-Ana Roig Rechou e o filólogo Constantino García.

Alúdese á obra de Manuel Darriba, xornalista e narrador recoñecido, coa obra poética aparecida en 1997, *Calor* que segue retendo interese literario. Sinala que son trinta e seis poemas influenciados por Gil de Biedma e o seu discorrer do tempo, ao igual que a pegada de T. S. Eliot. Indica que aparece a tristura interior, pechada, que invade ao escritor e tamén a un planeta alleo en palabras que describen a contradicción entre individuo e mundo. Para terminar, Salgado incide na existencia de ningún exceso formal que puidera lastrar os poemas e si como un poema exacto, de ton preoutonal.





Dá conta da traducción ao castelán por Basilio Losada da primeira novela de Suso de Toro *Land Rover*, publicada orixinalmente en 1988. Indícase que está escrita en clave de novela negra e desde a óptica dunha mirada cínica e crítica sobre a realidade social e sobre os signos dunha cultura homoxeneizada. Nela, afirma o articulista, conviven signos da vida rural de Galicia e riscos da contemporaneidade do urbano. Así mesmo, sinálase que a linguaxe vincula a xerga co culto.

Achega o argumento desta novela de Luís Rei Núñez, *Expediente Artieda* (2001), que conta "un episodio concreto –imaginario, pero con raíz doumental– de la resistencia antifranquista". Comenta que conta cun "protagonismo múltiple" que relega a Artieda a un segundo plano e que se substenta "en una contraposición de caracteres y comportamientos que merece algunos reparos". Tamén apunta que o autor tende a un maniqueísmo que esixe un enfoque burlesco para resultar eficaz, ademais de que a obra é "un intenso ejercicio de buceo en las circunstancias individuales que rodean a la resistencia política". Considera que o que fai singular esta obra é o tratamento formal que recibe.

Infórmase da autotraducción feita por Suso de Toro de *Ambulancia*, logo de tres lustros da súa aparición en galego. Fálase do argumento da novela e sinálase que amosa unha visión fatalista da vida, así como riscos moi negativos da nosa condición. Así mesmo, dise que os trazos de solidariedade ou tenrura que pode presentar *Ambulancia* non progresan e fálase da técnica narrativa empregada na que a base é a celeridade da acción nun enfoque distante dos feitos e no diálogo. Destácase a curta extensión da obra, o seu aspecto de crónica periodística de sucesos e as breves descricións. De igual xeito coméntanse as fontes empregadas e o uso nos personaxes dunha lingua coloquial. En relación con isto último indícase a incapacidade de ofrecer un modo de representar a voz dos personaxes que non sexa a acumulación de léxico marxinal. Finalmente, o articulista lamenta que se trate dun feroz relato dos instintos violentos, falto de base literaria de maior orixinalidade.

Traducción de Amalia Salvado do artigo aparecido no xornal británico *Independent*, no que James Urquhart debulla as claves temático-formais dos contos de *Vermeers Milkmaid*, de Manuel Rivas, unha traducción ao inglés de Jonathan Dunne. Comenta brevemente algún dos contos e subliña que nestes “comprimiu algunhas anécdotas poéticas que se amosan como enseñas da súa arte”.





Conxunto de sete artigos nos que outros tantos persoeiros da cultura galega homenaxean a Francisco Fernández Del Riego con textos nos que falan da súa obra e da súa vida de dedicación á literatura, ao galeguismo e a Galicia en xeral, centrándose en anécdotas de carácter persoal que lle ocorreron co homenaxeado. Todos estes artigos aparecen acompañados de abondoso material iconográficos arredor da figura do homenaxeado e doutros persoeiros da cultura galega. Os colaboradores deste suplemento son:

- Carlos Casares, “Ser Paco ou Don Paco”, p. 2.

Describe a súa relación con Francisco Fernández del Riego e sinala que este ten dúas personalidades: unha identificada como don Paco e outra como Paco. Conta cómo o coñeceu e a impresión que lle causou de home serio; isto e a súa responsabilidade e dedicación ao traballo convérteno en don Paco. Mais relata unha anécdota que lles aconteceu, mostrando a súa simpatía e humor e como así coñeceu a Paco.

- Xosé L. Franco Grande, “Del Riego e os novos”, p. 3.

Analiza a visión que el e os seus compañeiros de xeración teñen de Paco, co que tiñan máis facilidade para relacionarse. Lembra a Del Riego como un “lector de literatura” como poucos e isto era un referente para estes homes que nos anos 60 e 70 eran uns aprendices de escritores e de galeguistas. Narra unha anécdota e define a relación persoal que mantiña con el como estreita e cordial.

- Xesús Alonso Montero, “Unha ponte co exilio”, p. 4.

Achega á relación epistolar que Francisco Fernández del Riego mantiña cos exiliados galegos. Sinala que estas cartas son un referente para reflectir a realidade cultural daqueles anos e destaca a correspondencia mantida con Luís Seoane (que se vai publicar proximamente), Carlos Maside e outros, dos que recolleu poemas en *Escolma de poesía galega* (1955).

- Víctor F. Freixanes, “Pensamento e sementeira”, p. 5.

Admite que no seu libro *Unha ducia de galegos* (1976), tal e como lle indicou Xosé Luís Fontenla, falta don Paco por que é un activista incansábel que traballa continuamente dende un discreto segundo plano. Así mesmo, resume a vinculación e o traballo realizado por Francisco Fernández del Riego nas diversas publicacións galegas dende que empezou a colaborar, en 1930, no xornal *Vallibria,* que Trapero Pardo dirixía en Mondoñedo.

- Carmen Blanco, “Tectónica galaica”, p. 6.

Fala do traballo de Francisco Fernández del Riego e destaca que foi un home que traballou por Galicia e polos seus intereses. Recolle algunha declaración do galeguista e membro de Galaxia sobre os seus obxectivos, fai referencia aos pseudónimos que don Paco empregou e sinala que en toda a súa obra ten unha especial relevancia Galicia, que aparece tanto nos títulos, coma no contido.

- Xosé R. Barreiro Fernández, “O galeguista eficaz”, p. 7.

Faise un repaso da historia do movemento galeguista. Sinala que o primeiro galeguista foi Murguía, que tivo en Risco o seu continuador e que logo chegaron Castelao e Bóveda; despois Brañas, Porteiro Garea, V. Carré, Anxel Casal, Alexandre Bóveda, Paz Andrade e hoxe Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa e Díaz Pardo son que proxectan o galeguismo na sociedade cultural ou política. Finalmente conclúe sinalando que Paco é un galeguista eficaz que está ben dotado doutrinal e ideoloxicamente.

- Isaac Díaz Pardo, “Un recordo de hai 68 anos”, p. 8.












Narra unha anécdota acontecida no 1934 cando Francisco Fernández del Riego vestiu un traxe tradicional de palla para un reporteiro do xornal *Ahora*. Isaac Díaz Pardo redacta os recordos que ten de don Paco en relación co Seminario de Estudos Galegos e co Centro Galego de Buenos Aires.

O autor analiza a novela *A vida apoteósica* (2001), de Bieito Iglesias partindo das distintas olladas que a literatura galega deitou sobre Compostela e salientando a nova óptica sarcástica, irónica e transgresora que achega Bieito Iglesias. Valcárcel céntrase nalgúns personaxes que exemplifican esa intención de sacar a relucir o lado deliberadamente oculto da cidade, como Rótolo, Ribeirao ou Amador Salgado. No plano formal, salienta a flexibilidade da estructura e o coidado da escrita, mais apunta tamén certos excesos que eivan o conxunto.

Comentario da obra *Pedinche luz prestada* (2001), conxunto de trinta e tres sonetos escritos por Marica Campo e que teñen como idea central o amor. Indica que os sonetos se articulan nun diálogo entre o Eu e o Ti, diálogo que prescinde de todo o superfluo e se centra unicamente no esencial: a necesidade de afastar unha relación amorosa rematada. Valcárcel salienta, xunto coa perfección dos versos, as novas perspectivas que introduce a autora no tratamento dun tema tan socorrido. En columna á parte faise eco do monográfico dedicado pola revista vasca *Zurgai* a José Ángel Valente, con traballos e poemas de Rodríguez Fer, Antonio Gamoneda ou Rábade Paredes, entre outros. O autor refírese tamén brevemente aos trazos definitorios da poesía do ourensán: a memoria da Guerra, o misticismo e ascetismo, etc.

Comentario de *Ensayos, conferencias y otros escritos* (2001), compilación da prosa de Lorenzo Varela realizada polo profesor Xosé Luís Axeitos. Valcárcel destaca sobre todo a actualidade e vixencia dunha obra que ten en Galicia e no compromiso ético as súas liñas mestras. Tamén sinala o autor a atención prestada á arte (Picasso, Goya, Seoane, etc.), a presencia de autores contemporáneos de Varela (Dieste, Arturo Cuadrado, etc.) ou a reivindicación que fai da memoria nos seus escritos. Remata lembrando os derradeiros anos de vida de Lorenzo Varela, ao retornar a Galicia tras un longo período de exilio.

O autor comenta neste artigo algunhas das reflexións incluídas no volume *Do músculo da boca* (2001), que recolle intervencións dos participantes no Encontro “Galego no mundo”. Xulio Valcárcel selecciona determinadas pasaxes de Mª Xosé Queizán, Manuel Seixas ou Luísa Villalta, entre outros, nas que se exalta a lingua como patrimonio e vínculo compartido, mais tamén chama a atención sobre afirmacións como as do angolano Janelo Costa, que poñen de relevo o perigo de que tal exaltación derive en novas formas de colonialismo.

Comentario da novela *Martázul* (2001), de Xosé Antonio Perozo. Valcárcel apunta como principal mérito a capacidade de atrapar ao lector mediante o dominio da técnica e o ritmo narrativos, a pesar de que o contido e os personaxes resulten un tanto recorrentes. Sinala que o sexo é un eixo fundamental da narración, como instrumento da protagonista, Martázul, para conseguir dos homes todo o que se propón. O autor sinala outros motivos de importancia na obra, como a amoralidade ou o desprezo da orde establecida e chama a atención sobre personaxes como Pigmalión, que inclúe entre os máis logrados da novela.





Análise da novela *Confesións do Mariscal Pardo de Cela* (2001), de L. Enrique Cabanela, centrada nunha das figuras máis recorrentes da literatura galega. Valcárcel valora o esforzo de documentación dun autor que se preocupa en ofrecer a dobre dimensión do Mariscal (política e humana), desde un "realismo cru" próximo en ocasións ao expresionismo. Tamén chama a atención sobre personaxes como Lopo, ao seu xuízo un dos máis logrados da obra. En cadro á parte dáse conta de *Cadáver adiado* (2001), de Antonio Tovar, ao que Valcárcel relaciona coa angustia existencial unamuniana pola súa actitude de enfrontamento e de amargura, e salienta a sinceridade da súa poesía.

Comentario da biografía sobre Carolina Otero, de Marga do Val, publicada en 2001, na que considera que presenta a unha Bela Otero cínica, frívola mais tamén intelixente e incapaz de escapar das súas orixes. Valcárcel salienta o esforzo de documentación realizado pola autora e o amplo repertorio fotográfico do libro.

Comentario da obra de Fernando Salgado *O Jalisco* (2001), que toma como cerne a historia dun crime pasional acaecido en 1948. Neste artigo establécense conexións entre a obra e xéneros como a novela de intriga, a novela negra ou a novela realista/histórica. En canto á técnica, sinálase a economía narrativa e maila escaseza de descricións. A valoración final é que se trata dunha “novela notable”.

Xulio Valcárcel analiza a novela *A historia escríbese de noite* (2001), de Bieito Iglesias, que define como unha visión das cidades de Santiago e Ourense partindo do submundo da prostitución. Indica que a focalización desa realidade é sarcástica, crítica e non exenta de certos excesos expresionistas. Isto é o que máis valora Valcárcel da obra, así como os elementos metaliterarios que lle confiren "a necesaria e suficiente dose de sal". En columna á parte refírese ao poemario de Xavier Rodríguez Baixeras *Eclipse* (2001). A súa madureza, a perfección e intelixencia dos poemas son os aspectos máis destacados.

Comentario de *Ganga* (2001), de Antón Lopo, no que sinala que é unha novela ben concibida, calculada en cada rexistro, cunha gran capacidade de observación intimista. Sinala que tentando facer unha novela de aventuras próxima á ciencia ficción, enléase un sarillo no que os clans da droga se mesturan con traficantes da felicidade. Sinala que os capítulos teñen certa independencia aínda que se articulan en conxunto dándolle unidade ao texto. Valcárcel termina incidindo no autor da obra como excelente estilista.





Lembra cómo coñeceu a Fiz Vergara Vilariño en 1972 na cidade de Lugo, cando acababa de publicar o seu primeiro libro, *Para vós*. Alude á enfermidade dexenerativa que sufriu cando neno e cómo lle afectou ao seu corpo e tamén á comunicación cos demais e como transformou a súa eiva nun mundo poético propio que amosou en obras como *Encontro con tiburós* (1973)*, Poeta muiñeiro á deriva* (1982)*, Nos eidos da bremanza* (1990) ou *Animal sen fel* (1998), con prólogo do autor deste artigo. Con respecto a este último poemario, Xulio Valcárcel comenta que contén os versos de amor máis fermosos, saudosos e apaixonados que se teñen escrito nos últimos anos e que Darío Xohán Cabana comparou o poeta con Quevedo e Dante. Refírese tamén ás terras de Lóuzara e Samos como espacio vital e poético do escritor. Finaliza citando algúns dos recoñecementos que se lle teñen feito e que demostran que Fiz Vergara está vivo na memoria e no corazón do seu pobo, tales como o monolito dedicado á súa memoria en Sarria, o centro educativo e o premio literario que levan o seu nome ou a excursión ás terras do poeta que organiza a Agrupación Cultural Ergueitos.

Valcárcel, Xulio, “Homenaxe a Consuelo Liñeira”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 216, “Páxina literaria”, 28 xullo 2002, p. 4.

Lembranza da poeta e pintora coruñesa Consuelo Liñeira de quen Xulio Valcárcel destaca que deixou pegada de si en cantos a coñeceron coa proba dunha “afouteza que nace da propia debilidade” e que permanece na súa obra aínda que a artista xa estea morta. Refírese á súa última mostra de pintura, que serviu como despedida, e tamén aos seus poemas, que escribiu en galego e en castelán e nos que recoñece a presencia dun fondo sentimento humanista, a defensa da igualdade do ser humano calquera que sexa a súa raza e condición, a homenaxe permanente á Coruña, a práctica de versos medidos, equilibrados e alleos a experimentalismos, ancorados no posromanticismo e no simbolismo. Comenta tamén que acadou o primeiro premio na XXX Festa do aquelarre poético cun poema dedicado á noite de San Xoán do que transcribe algúns versos e a homenaxe que lle dedicaron os membros da Comisión Promotora das Fogueiras de San Xoán da Coruña, presidida por José Eugenio Fernández Barallobre.

Comentario da obra, que segundo se indica se vai publicar en breve, *Latexos fragmentados*, de Olga Patiño, da que resalta que o tema principal neste poemario é o amor. Di que o libro, cun limiar de Luz Pozo Garza, pon de manifesto a "verdade poética" dos sentimentos da poeta. Finalmente, manifesta que se trata duns versos breves, de escasa acentuación, cheos de honestidade e verdade.

Explica que a poesía de Francisco Añón e de Manuel Curros Enríquez son dous exemplos da dualidade existente na poesía galega. Mentres os versos de Añón se caracterizan pola ironía, pola influencia do romanticismo telúrico e polo epigramatismo, os de Curros van do anticlericalismo ao misticismo. Considera que ambos autores comparten a vivencia persoal de estaren afastados de Galicia e ambos transmiten na súa obra a emigración e a opresión da lingua galega. Finalmente, sinala algunhas características da poesía de Rosalía e transcribe versos dos tres poetas.

Vázquez Freire, X., “Amor animal”, *A Nosa Terra*, nº 1.015, “Cultura”, 4-9 xaneiro 2002, p. 27.

Análise do poemario *Animais animais* (2001), do venezolano Juan Abeleira, que Vázquez Freire conecta de inicio co erotismo lírico da poesía medieval e de escritores actuais como Yolanda Castaño, Olga Novo, etc. A continuación, o autor analiza as tres partes que constitúen a obra: “Animais animais”, “Olca (poemas do amor animal)” e “Poemas animais”. A simboloxía animal (o moucho, o alce, a balea...) e mais ese erotismo centrado na figura de Olca son as notas dominantes en canto ao contido. No tocante á forma, sinálase como trazo máis relevante os xogos que Abeleira establece coa clase gramatical das palabras.

Recoñece como valores de *Un rabaño de ovellas brancas* (2001), de Xerardo Quintiá, en primeiro lugar o reflexo da realidade rural sen caer no localismo nin no costumismo, a recreación da fala popular, convertendo en protagonistas aos falantes e, en segundo termo, o valor literario xa que as accións transcorren nunha Galicia que segue viva coas súas xentes e os seus anceios. Repara tamén no uso de recursos tipográficos como a letra cursiva para facer falar aos labregos como realmente falan. Resume a temática dalgúns dos contos, salientando que se trata de historias de iniciación ou de primeiras veces, protagonizadas por personaxes que están sós fronte á experiencia e fronte aos outros. Conclúe que Quintiá soubo resolver con oficio, con coidado nas imaxes, nas palabras e nos xiros populares uns retratos de xentes anónimas e de situacións "que son comúns a unhas xentes e a unhas terras que cada día máis están nas marxes dunha sociedade que está en vías de desaparición".

Comenta o volume de relatos *Biografía de malogrados* (2001), de Manuel Veiga, destacando en primeiro lugar que se trata do segundo traballo literario do autor trala novela *As ruínas da cidade amada* (1998). Sitúa o libro a cabalo do conto e da semblanza ficticia e sinala que estes relatos comparten o trazo común de falaren de perdedores ou malogrados, como ben indica o título escolleito. Refírese especialmente a un deles, o titulado “Informe da raza” onde se narran as pescudas de Ricardo Ith, polo “insólito que resulta no panorama galego”, xa que contén reflexións sobre a condición antropolóxica e social dos galegos, que deixan de lado a visión tópica sobre o pobo e o carácter do pobo galego e a “Arcadia ilusoria” que forxou a xeración Nós. Alude tamén ao apelido do protagonista, destacando que se trata dun préstamo do nome do fillo de Breogán. Finalmente, conclúe saudando a aparición deste “singular volume”.

Referíndose ao texto dramático *Footing* (2001), de Gustavo Pernas salienta Manuel F. Vieites que nel o autor tenta reflectir o mundo desas persoas “incapaces de interromper o que están a facer para falar con un, prestar un pouco de atención ó interlocutor e mostrar os seus ollos, sempre fuxidíos; persoas que sempre rematan a conversa cun “¡Veña…!”, un significante pletórico de significados (de latencias e carencias), moitos deles relacionados coa présa e coa agresividade executiva”. Comenta a existencia na peza dese síndrome de velocidade nos personaxes, así como a súa soidade, o seu silencio, a paixón contida, os amores furtivos, os roles imposíbeis, o que propicia un horizonte de expectativas que non se logran por mor da présa, temas recorrentes na obra de Pernas. Sinala tamén que o texto recibiu o Premio de Teatro Rafael Dieste 2001, convocado pola Deputación da Coruña.

Afirma a necesidade crecente de distinguir entre a boa e a mala literatura, moito máis no caso das literaturas periféricas onde existen tensións entre canon e tendencias que aumentan cando entran en xogo outros axentes lexitimadores que establecen dende o exterior do sistema as liñas creativas a potenciar e as que deben limitarse ou agocharse. Alude ao concepto de subcampo da gran producción, establecido por Pierre Bourdieu, aplicándoo a un mercado editorial reducido coma o galego, para explicar cómo existe unha “nómina de autores e autoras que foi creando o grupo PRISA, que quizais non gocen de recoñecemento no campo da producción restrinxida, pero que si conseguiron facerse un sitio no subcampo da producción industrial. Sinala que a maneira de acceder a esa listaxe de supervendas, e máis dende literaturas periféricas, é un proceso que cómpre analizar con detemento. Menciona a existencia dun canon propio da literatura en lingua castelá e doutro da “literatura española”, integrada por títulos producidos noutra lingua e traducidos ao castelán e comenta que para calquera escritor dunha lingua minoritaria entrar neste campo é un paso importante na súa profesión e que mesmo ás veces é un fito transcendental en

procesos de lexitimación externa e interna, aínda que “nada é inocente nin depende do azar, pois moitas veces é a “necesidade” a que determina, máis alá de valores literarios, quen pode e quen non no reino dos elixidos ou elixidas”. Neste sentido incide no rechamante de feitos como o prestixio dun escritor no sistema galego que a penas é coñecido no español ou a promoción dun escritor no sistema español que aparella posteriormente o seu triunfo no sistema galego “coa axuda dunha crítica que por veces padece un autismo preocupante” e sinala que sería interesante analizar de qué xeito interfire o sistema español na creación dun canon para o galego. Destaca tamén, como factor que inflúe na creación deste canon imposto dende o exterior, o tema das representacións da nación, dos conflictos ou da identidade.








Recoñece nos últimos anos na creación cultural galega un retorno ao rexionalismo hiperenxebrista de principios do século XX, que converte a diferencia en espectáculo facendo que esta perda calquera tipo de dimensión reivindicativa ou transformadora que puidese ter. Así, sinala que fronte aos relatos da “Galicia asoballada e irredenta” dos tempos da transición, estendéronse os relatos da “Galicia gaiteira e polbeira” ou da “Jalisia terriña meigha” ou da Galicia atrasada e chea de contrastes, e que isto conduciu a unha idealización do atraso que se amosa nun mundo cheo de anécdotas que reflicten esa riqueza etnográfica, rexeitando unha exploración da épica que conduza a un compromiso coa realidade. Insiste na idea de que “esa é a Galicia que interesa potenciar nun sistema literario español, paraíso ao que se chega desde as claves do politicamente correcto” e remata declarando o seu desexo de que volvan os cisnes a Galicia, “narracións solidamente construídas e relatos armados dende a intelixencia (…).

Comentario de *Breve crónica universal da clase obreira* (2001), de Santiago Jaureguizar, gañadora do Premio Lueiro Rey de novela curta nese mesmo ano. Salienta a decisión do xurado, que considera que bota por terra a idea dalgúns “escritores frustrados” de que sempre son conservadores nas súas decisións, feito que considera que está suficientemente documentado nos galardóns dos últimos anos. Explica a estructura da obra en secuencias breves, na que se desenvolve un argumento arredor das implacábeis leis do neocapitalismo. Destaca do personaxe principal a perda total da súa dignidade na procura do sustento e o acerto do autor ao intercalar no texto crónicas xornalísticas con datos que reflicten a realidade da miseria no mundo, o que obriga ao lector a abrir os ollos e a perder a inocencia.

Comeza sinalando que moitas coleccións editoriais nas que se acolle a producción de “novos valores” poden converterse nunha sorte de “segunda división de escritores”, feito que non ocorreu con Xerardo Quintiá, que comezou publicando en “Descuberta” as súas obras *Finísimo po nas ás* (1997) e *Unha soa man e outros intres* (1999). A seguir, céntrase no volume publicado na colección “Literaria” de Galaxia, *Un rabaño de ovellas brancas* (2001), do que comeza sinalando a estructura en forma de relatos, cos que intercala pequenas estampas ou retratos, de entre os que destaca “Pequena historia 3” e “Pequena historia 9”. Repasa tamén a ambientación rural, os argumentos arredor da emigración, os conflictos familiares, o alcoholismo, a violencia, etc. Do título salienta a súa intertextualización nalgún dos relatos, o xogo do autor coa dobre lectura e o emprego simbólico do elemento “ovella”, que adquire connotacións de pureza moi diferentes ao valor referencial que tiña en *Fridom spik* (1995), de Jaureguizar.

X. G. G., “Unha obra inacabada”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 28.

Comeza sinalando algúns títulos de Carlos Casares, unha obra que considera inacabada e na que ve a necesidade de recompilar aqueles relatos que están esparexidos por diferentes publicacións. Percorre a obra do escritor ourensán dende que en 1967 publicara *Vento ferido*, do que destaca que malia ter sido colocado pola crítica dentro da chamada “nova narrativa” considera que os seus relatos son diferentes do que se tiña publicado ata o momento, que se ve a influencia nesta obra e en *Cambio en tres* (1969) de Cesare Pavese, de Hemingway e de Faulkner. Considéranse como as tres grandes novelas deste autor *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), nas que ve un fresco da Galicia de boa parte do século XX. Da primeira destaca o humor sutil e a tolerancia, mentres que da segunda o humor macabro, o sarcasmo e a denuncia da intolerancia. De *Deus sentado nun sillón azul*, dise que é a mellor novela do autor, que como as anteriores é moi medida, na que non se permiten digresións inútiles e se foxe dos tempos mortos para ofrecer o retrato dunha cidade dominada polo terror das súas clases dirixentes, a súa covardía e protagonizada por unha “personaxe odiosa e covarde”. Remata





V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “Centenario de García Ferreiro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 6 xaneiro 2002, p. 3.

Laméntase en principio que Luís Amado Carballo non fose máis evocado no 2001. Quizais debido a que nese ano, ademais do centenario do nacemento do contemporáneo de Bouza-Brey, cobraron especial énfase figuras como a de Valle-Inclán. Logo infórmanos de que este ano se cumpre o centenario do pasamento do poeta ourensán Alberto García Ferreiro, autor notábel do século XIX que escribiu obras como: *Volvoretas* (1887), *Chorimas* (1890), *Follas de Papel* (1892) e *Leenda de Gloria* (1891), ademais da obra dramática *Luchar pola patria*. Lembra que polemizou tamén, como xornalista, con Lamas Carvajal e aínda que se di que non conta co aprecio dalgúns críticos como Carballo Calero, si co doutros como Del Riego.

Con motivo do quincuaxésimo segundo aniversario da norte de Castelao, reflexiónase sobre o que supuxo a morte de Castelao sen cumprir o seu proxecto para Galicia. Pero tamén hai nas datas da súa morte indicios esperanzadores: publicábase *Cómaros verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Albariño uns anos antes; *Dona do corpo delgado*, de Álvaro Cunqueiro no mesmo ano, empezaban a andar Galaxia e *Grial*, e, por outra banda, nacían Xoán Manuel Casado ou Darío Xoán Cabana. Coa posíbel existencia dunha xeración de posguerra reflexiónase sobre as xeracións literarias. Por último, unhas palabras de Modesto Barcia nunha velada do premio Rodríguez Figueirido faille ao autor pensar sobre a figura de Castelao na actualidade e como esta é empregada.

Refírese á historia da aldea de Abuín de Leiro, considerada maldita segundo a lenda, coma outras aldeas. Sinala que en Abuín de Leiro é onde vive Xesús Rábade Paredes e a súa muller Helena Villar Janeiro, que vén de publicar o libro *Como levar un morto* (2001), finalista no premio Manuel Lueiro Rey de narrativa. Indica que este autor desde a súa participación en "Cravo fondo" xa tiña publicado moitos libros de poesía, entre eles *O sangue na Paisaxe* (Premio Manuel Antonio 1979). Defíneo como un gran traballador do verso, considerando o seu mellor libro *Os Dedos dos loureiros* (2000). Da súa narrativa destaca a triloxía sobre o século XVII galego: *A palabra secreta* (1989), *Branca de Loboso* (1991) e *As sombras do Barroco* (1994), onde se mesturan humor, fantasía e erotismo.

Neste artigo, o autor divide o seu discurso en catro partes falando do tempo meteorolóxico da primavera en Galicia e dos que queren fuxir da súa climatoloxía propia, do premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo de Opinión recibido por Borobó, da falta de recoñecemento da poesía de Luís Cernuda e da vixencia da obra de Antón Avilés de Taramancos despois dunha década do seu pasamento.

Denuncia da importancia que a Administración lle atribúe a figuras como Gonzalo Torrente Ballester ou Camilo José Cela e non de emblemas literarios que representan a Galicia como Ramón Cabanillas, Manuel Curros Enríquez ou Eduardo Pondal.





Reflexión sobre a problemática do Bierzo sobre a súa separación da Galicia histórica e a Galicia administrativa. Indica que O Bierzo, de fala galega e supremacía castelá, está sendo moi reivindicado por profesores e intelectuais do momento como é o caso de X. L. Méndez Ferrín, Francisco Fernández Rei ou Anxo Angueira. Así, fálase de autores autóctonos bercianos como é o caso d Fernández y Morales, poeta de Astorga nado no 1817.

Este artigo, como continuación do anterior, refírese á Asociación Cultural Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo, a cal celebra as xornadas da Cultura e da Lingua galegas no Bierzo. Achégase á figura de Antonio Fernández y Morales (entre outros) a partir dun texto de José Antonio Balboa Paz na xornada de “Textos e contextos do galego no Bierzo”, celebrada o 28 de decembro de 1996. Así, téntase ofrecer unha panorámica da vida e obra deste autor, moi silenciada nos diversos estudios literarios.

Loanza á terra do Deza na que destaca a romaría do Corpiño que move a tanta xente e na que destaca a mestura entre o relixioso e o profano. Logo pasa a facer un percorrido por estas terras destacando a súa paisaxe e os lugares que se poden visitar, e lembra a obra *No corazón de Galicia* (2001), de Xulio Valcárcel, centrada neste territorio.

Declara que non comparte a idea de que é preciso esquecerse de Rosalía como “choromiqueira e lacrimosa” e de que hai que ir “á procura dunha Galicia dinámica, forte e vigorosa. Unha Galicia capaz de reivindicar e defender os seus dereitos. Unha Galicia coa proxección enérxica en Europa”. Na súa opinión, os que defenden esta teoría, en boa parte, é xente que “vive, cobra e desfruta gracias a Rosalía”. Engade, ademais, que Galicia non sería a mesma sen Rosalía e, de non existir, habería que inventala. Remata o artigo afirmando que se debería declarar o 15 de xullo como Día Nacional de Rosalía.

Alude, en primeiro lugar, ao Día das Letras Galegas e comenta que o feito de homenaxear, nos dous últimos anos, a Murguía e ao Padre Sarmiento supón un aspecto positivo posto que se trataba de dous escritores “totalmente marxinados”. A seguir, céntrase en tres dos candidatos para dedicarlles o Día das Letras Galegas no ano 2003: Florencio Delgado Gurriarán, Labarta Pose e Herminia Fariña e remata cunha alusión ao homenaxeado finalmente neste ano Antón Avilés de Taramancos.

Con motivo do cento trinta e seis aniversario do nacemento de Ramón María del Valle-Inclán, o articulista fai un breve percorrido pola súa vida e a súa presencia en Galicia. En primeiro lugar, comenta que, posibelmente, Valle leu a Rosalía na súa adolescencia “e incluso cando xa era un escritor famoso”. Sen embargo considera que “hai xente en Galicia que fixo de Valle un escritor incompatible con Rosalía”. Engade, así mesmo, que se “trata de minusvalorar a Valle por non escribir parte da súa obra en galego, por non lles dar ás letras galegas esa gran novela que as proxectaría á órbita da literatura universal”.





Tras facer mención de figuras salientábeis do concello de Dodro, como Sixto Aguirre ou Anxo Angueira, reflexiónase sobre a homenaxe anual a Eusebio Lorenzo Baleirón e, especialmente, sobre o feito de que o colexio público da parroquia de Laíño vaia levar a partir de agora o nome do poeta.

Cóntanos as experiencias da súa última viaxe a Cuba, onde, seguindo as indicacións que Ortega daba de Pío Baroja e Azorín, se fixou tanto nos libros coma na xente. Sinala que a razón da viaxe era o estudio de cartas inéditas de Curros Enríquez e o mercado de libros da Praza de armas, no que atopou libros galegos de gran valía. Indica que tamén atopou unha edición de *Galicia Mártir*, ademais de visitar o Instituto de Literatura e Lingüística.

Comeza recordando unhas xornadas en homenaxe a Luís Seoane que se realizaron no Grove en 1980 dirixidas por Manuel Lueiro Rey. Sinala que os textos que alí se leron acaban de ser publicados por edicións do Castro e que pertencen a autores como Rafael Alberti, Enrique Azcona, Xesús Campos, Arturo Cuadrado, Manuel Cuña Novás, Rafael Dieste ou Uxío Novoneyra, todos eles participantes na homenaxe. Remata sinalando que entre todos ocupou un lugar destacado Rafael Alberti que leu o seu poema dedicado a Luís Seoane, ademais doutros non recitados nunca en España.

Co gallo da presentación dun estudio feito por Nuria López Presedo sobre o artista e escritor lugués Ánxel Johán, republicano e expulsado do seu traballo, o autor recorda xunto a el, a outro republicano, Arximiro Rico Taboada, profesor da Institución Libre de Enseñanza e "paseado" polo réxime franquista.

O autor láiase da morte da muller de Rafael Dieste, Carmen Muñoz, dando algún que outro dato biográfico coma o seu encontro co que sería despois seu marido. Ademais, insístese no seu talento como escritora que sempre ficou tras a persoa de Dieste citando o seu único libro publicado *La Edad Media*.

Faise referencia á morte do escritor Carlos Casares e á relación deste co autor, indicando que a relación de amizade foi esmorecendo por diferencias políticas e aparece un pouso de arrepentimento no articulista de non ter outra despedida con Carlos Casares.





Neste artigo, o autor láiase pola morte do asturiano Silverio Cañada, editor de enciclopedias rexionais ao que se lle debe a edición da *Gran Enciclopedia Gallega*, figurando nela desde 1972 ademais de Rosalía, voces poéticas como Curros Enríquez, Celso Emilio, etc. Incídese na súa actitude antifranquista acollendo temas que o pensamento oficial desaconsellaba ao igual que o compromiso que tiña coas letras galegas, fornecendo o coñecemento de páxinas que coa súa edición se espallaban por toda Galicia.

Alonso Montero, Xesús, “Matilde Lloria”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 xuño 2002, p. 12.

Achega á vida de Matilde Lloria, poetisa trilingüe (castelán, catalán e galego), finada o 16 de maio de 2002. Montero reclama un estudio da súa producción literaria en galego: *Caixiña de música*, *Dou fe* (1994) e *Unha casa no tempo* (2000) ao igual que un estudio de cómo falan e de qué falan certos poetas cando optan voluntariamente por unha lingua.





A propósito do centenario de Luís Cernuda enxalza o seu labor poético, destacándoo como o autor das páxinas máis nobres e reveladoras do Vintesete español. Apunta tamén á inserción de Rosalía de Castro e especialmente a obra *En las orillas del Sar* no seu volume crítico titulado *Estudios sobre poesía española contemporánea*, que Luís Cernuda publicou en 1957. Por último, Alonso Montero menciona a relación do poeta da Xeración do Vintesete con algúns autores galegos, destacando a que mantivo con Serafín Ferro, inspirador dos poemas de *Donde habite el olvido* (1934).

Achégase á representación da obra de Castelao *Os vellos non deben namorarse* realizada por Manuel Guede na súa versión en castelán que toma como versión unha traducción do articulista. Segue por loar a iniciativa do Centro Dramático Nacional por esta aposta de achegar un clásico da lingua galega ao resto de España. A continuación, relata un episodio do 1975 onde nunha charla en Salamanca sobre Castelao foi tachado de etarra e defendido por Alonso Montero. Remata transmitindo a súa satisfacción por poder asistir en Santiago á representación desta versión.





Céntrase nunha obra de edición non venal que lle agasallaron e na que Xoán González Muíños antologa poemas de amor da autoría de escritores homenaxeados no Día das Letras Galegas. Destaca que con este volume foron obsequiados os convidados a unha voda celebrada no Mosteiro de Armenteira no Día das Letras Galegas. Indícase que se seleccionaron textos de Murguía, Curros, Cabanillas, Castelao, Martín Codax, Dieste ou Cunqueiro, entre outros. Lembra un precedente deste feito ocorrido en 1955 cando Xosé Ramón e Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey) encargou dez sonetos a autores como Cabanillas, Otero Pedrayo, Victoriano Taibo, Gómez Ledo, Bouza-Brey ou Carballo Calero con motivo da primeira comuñón da súa filla. Remata coa consideración de que este sonetario constitúe un fito na historia galega deste xénero poético.

Iníciase o artigo cun breve achegamento á vida de Luís Viñas Cortegoso (Pontevedra, 1912-Vigo, 1999), que foi o encargado de facer “materialmente” algúns dos primeiros libros de Galaxia. A seguir, alúdese á empresa Monterrey de Vigo, dirixida por Viñas Cortegoso eXosé María Álvarez Blázquez, que “exhumou inéditos moi valiosos e reeditou libros raros, curiosos e, tamén, moi importantes”, entre os que se atopa a reedición do libro autobiográfico de Martín Sarmiento titulado *Vida y viajes literarios*, prologado e antologado por Viñas Cortegoso. Para rematar, infórmase de que este libro contén “textos en defensa e reivindicación da lingua galega”.

Infórmase da celebración, na Gudiña, dunha mesa redonda en homenaxe e estudio á figura de Laureano Prieto Rodríguez. A seguir, comenta que coñeceu ao homenaxeado en decembro de 1952, cando Alonso Montero estudiaba terceiro curso de Filoloxía Románica en Madrid, datas nas que Laureano Prieto era mestre de escola en Carracedo. Engádese, así mesmo, que Prieto sempre foi un profesor moi querido, “era tido por sabio, se ben por sabio un pouco raro” debido ao seu interese polo falar das xentes do común, da que recollía léxico. Para rematar, coméntase que Prieto foi un “excelente etnolingüista”.

Álvarez, Fernando, “Recordando a Aturuxo (I)”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 20 agosto 2002, p. 12.

Comeza o artigo cunha breve referencia ao libro *Ayer en que me dices*, de Miguel Carlos Vidal, un “libro extraordinario, de poeta intelectual, amén de sensitivo y hasta sincrético en sentido filológico”. Engade, a seguir, que Miguel Carlos Vidal é un dos responsábeis do nacemento en 1952, e posterior desenvolvemento, de *Aturuxo*. *Revista de poesía y crítica*. Trátase dun “empeño de ferrolanos, que contribuyó a llenar el espacio que en aquel tiempo había dejado vacío *Espadaña*, la también revista de poesía y crítica editada en León en 1944, por Victoriano Cremer y Eugenio de Nora”. Para rematar, cítanse algunhas revistas da época entre as que destacan: *Garcilaso* e *Adonais*, en Madrid; *Proel*, en Santander; *Norte*, en San Sebastián; *Cántico*, en Córdoba; *Álamno*, en Palencia; *Alcón*, en Valladolid; *Númen* e *Alba*, en Vigo, entre outras moitas.

Continuación do artigo anterior, no que se centra, en primeiro lugar, nos colaboradores de *Aturuxo*, entre os que destacan: Vicente Aleixandre, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas,Gabriel Celaya, Victoriano Cremer, Álvaro Cunqueiro, Isaac Díaz Pardo, Uxío Novoneyra, Luís Pimentel, os irmáns Prado Nogueira, González Garcés ou Xohana Torres. A continuación, comenta que a revista tiña un prezo de tres pesetas pero que a poesía sempre tivo un público minoritario. Así mesmo, engade que, a pesar da censura, das dificultades industriais, materiais e técnicas derivadas da guerra, o interese do público por algúns poetas como García Lorca non terminou dende o ano 1936. Para rematar, alude aos tres fundadores, "cuasi heroicos", da revista *Aturuxo*: Miguel Carlos Vidal, Tomás Barros e Mario Couceiro.

Reflexiona sobre os seus encontros e conversas con Carlos Casares, nos faladoiros, nos cafés, nos actos oficiais ou nas homenaxes nas que coincidiron. Para rematar, lembra as súas colaboracións no Club Faro de Vigo.

Artigo laudatorio dos artigos que escribe o doutor Sixto Seco, tanto polas temáticas que prioriza coma pola boa lingua que utiliza. Finaliza considerando que Sixto Seco e Fernández del Riego son dous dos mellores “narradores” en lingua galega.

Angueira, Anxo, “Narrar en galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. 1.

Colaboración pola que se reflexiona sobre o feito da escrita en idioma galego. Apúntase do pretendido estigma de escritores que decidiron acometer a súa tarefa intelectual tamén en idioma castelán, o que para el non é unha eiva. Aínda así, recoñece a entrada da literatura galega nun mercado capitalista, quen de provocar a perturbación dun sistema diferencial que, segundo confesa, sempre se encarga de deixar cada cousa no seu sitio.

Trátase o texto dunha reflexión sobre a propia columna, cando se cumpre un mes desde que comezou con ela. Fala dos seus modelos: Mario Couceiro, Carlos Casares ou Alfredo conde, e, entre os de fóra, Umbral, Campmany, Vicente ou Félix de Azúa. Unha consideración á parte merécelle Xavier Alcalá, o seu antecesor e ao mesmo tempo amigo.

Araguas, Vicente, “Plácido R. Castro.” *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 25 xaneiro 2002, p. 72.

Dedícase o artigo a Plácido R. Castro co gallo dos cen anos do seu nacemento. Dise que este home galeguista, que estudiou os seus primeiros anos en Inglaterra, aproveitou o seu coñecemento do inglés para traducir poemas ao galego (Omar Khayyám, Christina Rossetti, Gerald Manley Hopkins, etc.). Tamén lembra que despois da guerra e no exilio se ocupou de difundir a cultura galega pola BBC e que morreu en Cambados en 1967.

Dá conta da publicación de dous volumes sobre o poeta Manuel María, unha magna peza que recibe o título de *Obra Poética Completa* (2001) e coa que se tenta darlle o lugar que se merece este poeta. Elóxiase o seu compromiso coa Terra e a súa poesía durante o ano 1950 no que saíu á luz *Mariñeiro de brétemas* e se converteu nun dos grandes da nosa literatura.





Dise que a palabra “revoltado” aparece no título do último libro de Antonio Tovar Bobillo chamado *Diario íntimo dun vello revoltado* (2001), que se define como “morbosamente enguedellado”. Defínese como un poeta que é ensaísta de fondo, que sabía facer literatura social con segundas e terceiras lecturas. Considera que este libro que acaba de publicar é inconformista e que trata temas como o inconformismo relixioso.

Fálasenos da visita do autor, xunto co poeta Manuel Pereira, a unha exposición en Madrid do monfortino Antón Patiño titulada “Horizonte”. Sinala que este pintor, que participara na revista *Loia*, aposta polo formato grande en cadros coma “Ciclistas metafísicos” e que conta coa serie de cadros que se poden ler “Cartas a Lois Pereiro” en gabanza do poeta monfortino morto prematuramente. Por último, dáse conta da publicación do libro *Ganga* (2001), doutro monfortino, Antón Lopo.

Dáse conta do coñecemento da mala nova do pasamento de Carlos Casares. Lembra o último encontro no Pen Clube e a calidade humana do desaparecido cualificado de gran seductor de homes e mulleres. Tamén segundo Araguas era un grande orador e, cousa pouco común, escritor, faceta da que destaca *Deus sentado nun sillon azul* (1996). Retrocedendo no tempo aparece o primeiro encontro con el en 1968, cando o escritor xa publicara *Vento ferido* (1967). Por último lamenta a perda, incalculábel que sufriu Galicia.





Reflexiona sobre a presencia da guerra tanto na literatura coma no cine. Fala da última película de Sanchís Sinisterra que ten como temática de fondo a Guerra Civil española, o que lle fai lembrar que vén de ler *Agosto do 36*, de Xosé Fernández Ferreiro na súa versión ao castelán, na que indica que está descrita a guerra que agarda sexa a “derradeira e definitiva”.

Vicente Araguas indica que asistiu á representación de *Los viejos no deben de enamorarse*, de Castelao, e afirma que o español lle parece un idioma “moito máis enxoito” có galego para esta obra. Despois apunta algunhas das características desta representación como a súa sinxela montaxe e sinala os nomes dos actores que participaron nesta versión española da obra de Castelao.

Faise aquí un comentario sobre o último libro do poeta Xoán García, *Voz* (2001), facendo un pequeno estudio sobre a temática, estilo, etc., rematando cunha pequena referencia á súa vida.

O autor parte dunha mesa redonda á que asistiu en Rianxo ao redor da figura de Castelao e do seu teatro, defendendo a necesidade de levar esta figura fóra de Galicia para o seu coñecemento, como tamén dentro dela.

Reflexiona sobre a súa estadía en Cambados co gallo dunha conferencia sobre o traductor ao galego Plácido R.Castro. Dá conta tamén da súa cita cos poetas que Vicente Araguas, Domingo Tabuyo e Ramón Caride Ogando.

Refírese ao faladoiro que os últimos sábados de cada mes comparte no Café Comercial de Madrid, onde se dialoga sobre numerosos galegos: Borobó, Fermín Bouza, Ana Acuña, Pepa Nieto, Sabino Torres, etc., facendo despois unha crítica a algúns que tentan provocar nestes faladoiros.

Faise referencia á existencia, segundo defende o autor, de dous mil poetas que escriben hoxe en Galicia en revistas, folletos, libros, etc., e que sen embargo prexudican a poesía debido á falta de coñecementos poéticos de moitos deles. O autor nomea a Miguel Anxo Fernán-Vello que discrepa con el xa que afirma que poetas en activo e con obra recente non pasan de corenta.

Relata o caso que lle aconteceu ao recibir un correo electrónico no que unha persoa lle dicía que a súa última novela era moi mala. Arremete contra esta e reflexiona sobre o grao que se lle pode conceder a este tipo de críticas .





Dá conta da súa participación cun poema escrito nun abano na exposición que a galería compostelá Noroeste ten aberta ao público. Lembra a tradición dos abanos como medios de expresión do estado de ánimo feminino e conta a súa escasa experiencia con este trebello para darse aire.

Ofrece algunhas posibilidades de lecturas para o verán e recomenda, en primeiro lugar, a David Hume e o seu *Tratado*; os poemas de Rosalía de Castro e Pedro Salinas. Comenta, para rematar, que está a ler, en inglés, un libro moi voluminoso de Ben Pimlot sobre a raíña Isabel II de Inglaterra, con motivo do seu "golden jubilee".

Lembra, en primeiro lugar, as viaxes á Coruña, cando era preciso ir por unha “estrada incómoda e a bordo de transportes francamente ruíns”. A continuación, comenta que visitou a cidade con Carlos Rubiña coa intención de celebrar “o aniversario do día en que transcorre –en Coruña– a miña novela *A canción do verán* e morre, pero resucita para a literatura, un veciño de Nebia”.





Alude, brevemente, a un congreso en Catoira no que coñeceu a Roberto Vidal Bolaño. Comenta que Vidal Bolaño falou dos tempos “heroicos” nos que as compañías de teatro andaban polas aldeas e vilas galegas en pésimas condicións. Remata o artigo coa afirmación de que “Roberto Vidal Bolaño vén de morrer con cincuenta e dous anos, disparan perto, compañeiros, e a cultura galega está de loito”.

Comenta, Araguas, que naceu en Xuvia (Neda) un vintecatro de setembro de 1950. Engade, a seguir, que “nacín en domingo e quixen ser tranquilo como as nubes que pasan e sosegado como o río Belelle”. A este respecto, lembra que, cando empezou a escribir poesía, titulou un libro *Ás veces en domingo abonda coa tenrura* (1980). Declara, así mesmo, que naceu o día da “Merced”, motivo polo que o seu nome verdadeiro é Vicente María de la Merced.

Coméntase a aparición do disco *Mar vertical*, de Maite Dono, que presenta poucas coincidencias co poemario homónimo. Sinálase que no disco se recollen poemas de Mateo Feijoo, algúns da propia Dono, outros populares e o coñecido “Unha noite na eira do trigo”, de Manuel Curros Enríquez.

Co gallo da representación de *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso Rodríguez Castelao en lingua castelá, a xornalista expresa a súa opinión contraria á polémica que tal feito suscitou. Ela cre que o feito de que o Centro Dramático Nacional represente por toda España unha das obras de Castelao amosa a súa valía universal.

Escrito centrado na morte de Carmen Muñoz, viúva de Rafael Dieste e “testamenteira de ilusións”, de quen se resalta que non quixo ser outra cousa que muller de Rafael Dieste e que viviu nos lindes da creación e da investigación.





Comeza cunha cita de Azorín na que sinala a importancia do sentimento na poesía, e segue coa presentación do libro *Muller e mar* (2001), con debuxos de Julio Argúelles, presidente da Real Academia Galega de Belas Artes. Sinala que na presentación participaron numerosos escritores galegos como Xulio López Valcarcel, Ana Abeleda Vázquez, Manuel Álvarez Torneiro, Xosé Manuel Caeiro ou Olga Patiño; e críticos de arte. Explica que os gravados do libro, feitos en estilo lineográfico, representan a visión do mar e a muller que ten o artista. Remata indicando que os poemas que acompañan os debuxos son de autores como Manuel María, Francisco Fernández-Naval, Luz Pozo ou Miguel Anxo Fernán-Vello, ademais dun prólogo de Alfredo Conde.

Comeza referíndose ás reflexións que lle produce a chegada da Feria do Libro para despois mergullarse na revista, xa desaparecida, *Mundo Gallego*, fundada por Manuel Fraga de Lis,onde colaboraron autores como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo ou Álvaro Paradela. A seguir achégase á vida do fundador que chegará ata o final do artigo.

Informa da edición do libro de contos en lingua galega da profesora Mercedes Zaera Pedreira *Un niño no piñeiral*, que recolle historias sobre cousas cotiás e tamén sobre acontecementos e sentimentos universais como a amizade ou o amor.

Discurso lido polo presidente da Real Academia Galega no acto de presentación da colección “Biblioteca Gallega”, por iniciativa editorial de *La Voz de Galicia* . Salienta a importancia da iniciativa, que marcará historia xunto coa inauguración do Museo histórico do xornal. Lembra que a “Biblioteca Gallega”, homónima á que puxeran a andar Fernández Latorre e Martínez Salazar no 1885, non só facilita que moitos lectores teñan acceso á mellor literatura galega, senón que tamén reforza a identidade galega marcada pola lingua. Advírtenos do perigo que corren as culturas minorizadas, como a nosa, destinadas a perderse coa lingua pola presión doutras máis poderosas. Por iso felicita, en representación da academia, iniciativas coma esta polo reforzo que supoñen para o idioma e a cultura. Remata cun recordatorio das boas relacións entre a Academia e o xornal, que o primeiro presidente, Manuel Murguía tiña por medio de expresión e no que escribiron gran parte dos presidentes: Martínez Salazar, Lugrís Freire, Eladio Rodríguez González ou Francisco Fernández del Riego.

Recóllese o discurso do presidente da Real Academia Galega co gallo da presentación da convocatoria “Relatos de verán”. Di que se non se lle debe agradecer a súa presencia alí, senón que é el quen debe estar agradecido, desde o seu cargo, pola iniciativa que se presenta, xa que impulsos empresariais deste tipo, que prestixian a lingua galega, son beneficiosos e necesarios. Logo fai unha análise breve da relación do xornal coa lingua e remata agradecendo o empeño empresarial por defendela.

Comézase coa evocación dunha conversa entre o autor e Carlos Casares sobre a temática dos artigos xornalísticos, o que lle dá pé para lembrar a figura deste último e da relación existente entre ambos. Logo,“Seguindo o seu consello” comeza a argumentación do artigo, falando da peaxe e de como hoxe non se queixa de ter que pagala pero si doutras cuestións como a deficiencia nos servicios de saúde, do financiamento da universidade ou dos transportes.





Beccaría, Lola, “Benquerido Carlos”, *La Voz de Galicia*, “En las nubes”, 16 marzo 2002, p. 11.

Homenaxe a Carlos Casares na que se fala sobre todo da súa parte máis humana. A autora recorda cómo o coñeceu nun encontro de escritores en Verines no 1996, e como quedou prendada del, da súa maneira de falar e das súas dotes de orador, que lle poñía cor ás cousas

Crítica do estado da cultura galega nos medios de comunicación. O autor quere deixar constancia da precariedade que caracteriza á cultura e lingua galegas no seo das diferentes entidades da comunicación, situación xa denunciada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega nun manifesto dado a coñecer o 12 de maio de 2000. Aínda así, faise referencia á existencia dun importante e dinámico sector da poboación que aposta por unha alternativa dignificadora da cultura galega.

Con motivo do IIº Memorial Filgueira Valverde, a articulista pretende renderlle “unha pequena homenaxe a xeito dun artigo periodístico”, baseada na investigación que Luísa Blanco está a realizar sobre a tese de doutoramento de Filgueira “Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval”, defendida polo polígrafo pontevedrés o 15 de novembro de 1935. A seguir, comenta que Filgueira acadou o grao de doutor con 29 anos, despois de cursar, con Premio Extraordinario, as licenciaturas de Filosofía e Dereito. Por último, en canto á tese de doutoramento citada, afirma que chama a atención a cantidade de bibliografía manexada, así como a preparación e as deduccións que “para tan poucos anos tiña o doutor Filgueira”.

De entre as novas relacionadas coa vida dalgúns coñecidos persoeiros destaca a presentación no Centro Comercial Compostela da novela *Martázul* (2001), de Xosé Antonio Perozo, gañadora do premio Blanco Amor de novela. Sinala que no acto estiveron presentes, entre outros, Víctor Freixanes, Luís Tosar ou Marilar Aleixandre.

Nesta columna na que se atende a notas de actualidade da sociedade galega, dáse conta da homenaxe que se lle vai render no Consello da Cultura Galega a Xoán Manuel Casado, que fora premio Blanco Amor de Novela, premio Nacional de Crítica e fundador do PEN Clube de Galicia. Sinala que entre os organizadores está Luís González Tosar e que ao acto asistirán amigos como Basilio Losada ou Xesús González Gómez.

Fai unha crítica daqueles que rexeitan que un autor galego sexa traducido ao castelán, feito que o columnista non entende xa que opina que facer chegar un autor galego a outros públicos é algo do que se debería sentir orgulloso. Considera que deste xeito outros moitos poderán recoñecer a valía de autores como agora Alfonso Rodríguez Castelao coa peza *Os vellos non deben de namorarse*. Refírese entón á representación da obra antes citada que se basea na traducción de Xesús Alonso Montero .

A lembranza dalgunha anécdota de xornalistas galegos en Madrid, entre os que están o propio autor e Dionisio Gamallo, serve para evocar a figura deste último. Sinala que o seu primeiro encontro tiña sido no Santiago republicano e universitario, onde coincidiron con figuras como Álvaro Cunqueiro ou Valle-Inclán. Pouco despois Gamallo Fierros aparecería nun café madrileño cunha moza moi fermosa, segundo se di no artigo o seu amor frustrado, e o uniforme falanxista. Di Borobó que era un erudito que escribía “quintales” de folios sobre temas como a literatura española do século XIX ou Bécquer. Lembra as súas estadías na Universidade de Oviedo e na de Madrid, onde ademais da ensinanza se dedicaba a dar conferencias no Centro Galego. Remata sinalando que malia o cambio ideolóxico nos últimos anos da súa vida, seguía mantendo unha inconstante relación co autor.

O recordo de Gamallo Fierros remíteo para Xosé Ramón Fernández Oxea, máis coñecido como Ben-Cho-Shey. Sinala que os dous estiveron colaborando, aínda que tiñan ideas distintas sendo un máis hispanista e o outro máis “galleguista”, no desenvolvemento das letras galegas en Madrid. Lembra que Ben-Cho-Sey estivo por motivos laborais fóra de Galicia, realizando no tempo libre traballos de etnografía e folclore, que propiciaron que en Cáceres unha parte do museo leve o seu nome. Sinala que fora o “benxamín de nós” e o máis lonxevo, que morreu sen fala despois de ser desprezado e non lle deixaren entrar na presentación da *Enciclopedia Gallega*. Critica que a Real Academia Galega non apreciara o seu labor axudando á difusión da nosa cultura, desde vender libros na feira do libro ata loitar contra a censura franquista, e non puido ser académico por non vivir en Galicia, segundo recollían os estatutos. De feito, os seus últimos anos, que pasou en silencio, non recibiu ningunha homenaxe nin recoñecemento, e conta Borobó anecdoticamente que aínda que non podía falar, sempre que vía un coñecido emitía un estrondoso berro.

Entre as moitas historias ourensás que contaba Ramón Otero Pedrayo destaca dúas. A primeira comeza cando os condes de Bugallal acceden ao goberno civil de Ourense, e alí xorde unha historia de amor entre o sobriño dos condes e Angelita Santamartina, logo condesa de Atalaya Bermeja, que se frustra porque ao cambiar o goberno central cambian os gobernos civís e os condes de Bugallal teñen que volver a Pontecesures. A segunda historia, máis interesante, fala de como unha das fillas ilexítimas de D. Castor F. Maldonado, señor que aínda tiña dereito de pernada e fillos non recoñecidos por todos os seus enormes dominios, chegou a condesa de Bugallal, porque a el lle pareceu fermosa, mandouna estudiar para Francia e recoñeceuna.

O encargo dun prólogo para o libro *Galegos nas Alpujarras granadinas*, de Fernando Cabeza Quiles fanlle lembrar a Don Salvador Cabeza de León, parente deste e do propio Borobó. Os recordos da infancia, lévano para cando este visitaba a familia en Cesures e facía gala da súa oratoria. Logo fai unha pequena biografía, lembrando a súa figura que serviu de conexión entre o Rexionalismo de Brañas e Murguía e incluso Rosalía, xa que asistiu ao traslado dos seus restos a Bonabal, e o Seminario de Estudios Galegos, do que foi presidente, logo de ser alcalde de Santiago, ademais de catedrático de Dereito ata o último día da súa vida.

En resposta ao discurso de ingreso de Gonzalo R. Mourullo na Real Academia de Xurisprudencia di que lembrou a escola onde este se educara en Santiago. Sinala que a escola fora creada por varios pais santiagueses liderados por Manuel Beiras e na que se educaron moitos rapaces hoxe representativos da cultura galega como Gonzalo R. Mourullo, Xosé Manuel Beiras, os embaixadores Barcia, etc. Lembra que o seu mestre era Don Xesús Pereira, que ademais de educar os rapaces organizaba excursións a lugares importantes da cultura galega, coma a casa de Rosalía de Castro.

O autor fai referencia neste artigo a algunhas mulleres pertencentes á Asociación de Mulleres Universitarias, como Carmen Castro ou Solita Salinas e á súa presidenta, Rosa Castillo, nai de Rosa Moreno Castillo. Borobó loa o traballo desta última como alma impulsora da representación en castelán de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao e montada polo Centro Dramático Galego dirixido por Manuel Guede.

Reflexiona sobre a cuestión lingüística sobre o título da obra dramática de Castelao, *Os vellos de ben de namorarse*, onde se cuestiona se debería prescindirse da preposición. Recorda entón, a Aquilino Iglesia Alvariño como capaz de dar resposta ao mencionado antes e a Crisanto Sanmartín, "alma" da agrupación "Cantigas e Agarimos" e primeiro en estrear esta obra en plena dictadura franquista.

Faise referencia a un artigo de Aquilino Iglesia Alvariño que chegou ás mans do autor para ser publicado. Sinala que consistía nun estudio sobre *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, e que Borobó dividiu en dúas partes: “Primeira lectura” e “Segunda lectura”.





Despois de facer un comentario sobre o traballo como articulista de Aquilino Iglesia Alvariño en *La Noche* ou en *A Nosa Terra* o autor fai un pequeno estudio sobre as diferentes estacións do ano entendidas por Alvariño dando ademais o seu parecer.

Comentario do número antolóxico de *Poesía Gallega Contemporánea*, editado pola revista *Litoral*, de Málaga, no ano 1996. Sinala que está ilustrado con debuxos de artistas galegos dende Castelao a Laxeiro. Así, o autor refírese aos autores que aparecen nesta escolma, entre eles Rosalía de Castro, Lorca, Cabanillas, ou Novoneyra, e fai unha pequena parada nuns versos de Manuel María.

O autor láiase de que non tivera entrado na Real Academia Galega Uxío Novoneyra e, sen embargo, si o fixeron autores pertencentes á xeración, denominada das Festas Minervais. Segue co recoñecemento que disto fixo tamén outro autor desa promoción, Manuel María, mergullándose despois nas diferentes xeracións existentes na posguerra galega da man de Carmen Blanco, para rematar incidindo na pertenza do autor de *Os Eidos* a unha xeración, denominada “Xeración da Noite”, con influxos de Ramón Piñeiro e Carlos Maside.

Borobó destaca o labor de adoutrinamento de Ramón Piñeiro, xunto con Maside e Ramón Otero Pedrayo, aos mozos da “Xeración da Noite”, entre eles, Manuel María e Uxío Novoneyra, na súa estadía en Compostela. O artigo fai mención no título de “soldados/poetas” xa que o autor resalta a importancia de Traveso Quenlle ao destinar a estes dous poetas a Lugo para facer o servicio militar e así estar máis preto das súas respectivas terras natais, Terra Chá e O Courel.





O autor fai referencia a unha conversa mantida con Martínez Couselo sobre as eleccións ás Cámaras Agrarias, que lle levou a lembrar unha fotografía con Uxío Novoneyra do cal fai unha serie de loanzas da súa escrita e do augurio que este fixo sobre os resultados de ditas eleccións.

Co gallo da morte de Uxío Novoneyra, Borobó incide na ilusión imposíbel deste autor de entrar na Real Academia Galega e da representación masculina que si tivo na Real Academia da Coruña a promoción poética de posguerra, á que el chama “Xeración da Noite” e á cal pertencen figuras como Manuel María, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e o propio Novoneyra.

Recóllese unha serie de apuntamentos sobre os poetas pertencentes á promoción poética da década dos corenta ou primeira promoción poética da “Xeración da Noite”, aos cales, como indica o autor, pertencen tamén un grupo de mozos que redactaron o semanario de Pontevedra *Ciudad*.





Incide na aparición dos Xogos Florais da Mariña, acontecidos durante a dictadura fascista española e dirixidos por Celso Collazo e por José Goñi Aizpúrua onde foron galardoados Fermín Bouza Brey, Aquilino Iglesia Alvariño ao igual que un mozo coruñés apelidado Colina.

O autor fala do pasamento de Emilio Álvarez Negreira, curmán da muller de AlexandreBóveda e tamén familiar dos irmáns Álvarez Blázquez, e gran poeta pontevedrés. Sinálase como un dos poetas-redactor de *Ciudad*, que crearan a colección “Benito Soto”, onde se incluían autores como Cuña Novas ou José Ruibal. Este é un laio pola súa morte, un mes antes deste escrito, e pola discreción con que se deu.

Fai un percorrido polas distintas Fundacións que existen en Galicia. Deste xeito, alude, en primeiro lugar, á hipotética Fundación García Martí, que Alonso Montero inventou na casa de Rosalía, “como metáfora económica da fundación do Marqués de Iria Flavia, ante as xerarquías autonómicas, eclesiásticas e locais que o escoitan”. A seguir, alude á Fundación José Cela, á de Gonzalo Torrente Ballester, á Fundación Rosalía de Castro ou á Fundación Valle-Inclán, entre outras.





Alude a un acontecemento cultural que se celebrou no verán. Trátase do Iº Curso de verán "Valle-Inclán dende Galicia", celebrado en Pontevedra do 1 ao 5 de xullo. Lembra, así mesmo, o xantar do que gozaron no Galicia Palace ao final do Curso. Entre outros, compartiu mesa con Francisco Fernández del Riego, quen clausurou o Curso cunha conferencia titulada "A galeguidade de Valle-Inclán". Segundo o articulista, esta sería a última conferencia de Fernández del Riego, "canso de falar, case sen descanso, durante máis de setenta anos en actos públicos". Lembra, para rematar, os outros comensais: Sabino Torres e Celso García de la Riega.

Continuación do artigo anterior, no que Borobó comenta que o que máis lle sorprendeu aos tres coetáneos de Francisco Fernández del Riego que xantaron con el en Pontevedra é que lles comentou que “vive de aluguer na cidade da oliveira, onde mora dende que acabou a guerra”. E isto sorprendeulle porque Fernández del Riego é “o colexiado máis antigo do Colexio de Avogados de Vigo, redactor xefe de *Industrias Pesqueiras* (a revista dirixida por Paz Andrade) e director, redactor e colaborador da *Noite*, ter sido profesor de Dereito ou de Literatura en distintos centros e circunstancias, conselleiro delegado da Editorial Galaxia, presidente da Real Academia Galega, etc.”. A seguir, comenta que o piso de Fernández del Riego ten que ser grande para “conte-la colección pictórica que doou, hai poucos anos, á mesma cidade de Vigo”, así como para que coubesen “os centos de andeis que conterían os trinta mil volumes da biblioteca pertencente a Salvador Lorenzana que este lle entregou á Fundación Penzol”.

Alude á súa relación persoal directa con Vicente Risco. Afirma, en primeiro lugar, que se trata dunha personalidade contradictoria e polémica. Céntrase, a seguir, no ciclo de estudios rexionais, organizado pola Universidade galega, no que participaron Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas. Refírese, en segundo lugar, ao Encontro en Finisterre e fai referencia ao compromiso e ao comportamento político de Risco. Para rematar, refírese ao traslado de Risco da Escola de Maxisterio de Ourense á de Madrid, onde asistiu aos faladoiros literarios do Café Neguri e do Gijón.

Nesta ocasión, Borobó alude á figura de Antón Risco, a quen coñeceu no ano 1946. Fai referencia, en primeiro lugar, ao conto “Meixelas de rosa”, que Vicente Risco publicou cando o seu fillo Antón tiña tres anos. Refírese, a seguir, ao Simposio Internacional sobre Valle-Inclán, celebrado en Madrid e Galicia en maio de 1986 e no que coincidiu con Antón Risco,especialista na obra de Valle. En terceiro lugar, comenta que no Congreso Álvaro Cunqueiro, celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991, a profesora María do Carmo Ríos Panisse leu unha ponencia titulada “Análise comparativa entre as ideas do ‘Preludio a toda estética futura, de Risco, e o mundo da creación literaria de Cunqueiro”. Para rematar, alude ao Congreso Ánxel Fole, celebrado en Lugo, no que Antón Risco falou de Fole e a literatura fantástica.

Aproximación á figura do xornalista ourensán Adolfo Prego de Oliver, facendo un percurso pola súa participación en diversos periódicos, desde *La Región* ata chegar a ser director de *Blanco y Negro*, pasando pola súa colaboración en xornais durante a contenda civil.

Narración dalgunhas anécdotas vitais do escritor, compositor e intelectual políglota Manuel García Paz, de quen se comentan diversas peripecias desde os tempos da República ata os últimos momentos da súa lonxeva vida.

O autor fai unha achega á figura de Carlos Casares que pretende fuxir do estilo necrolóxico. Céntrase sobre todo nos anos de formación de Casares con Ramón Piñeiro, mais tamén chega a comentar encontros anecdóticos no comezo da autonomía ou en actos culturais recentes.

O articulista recorda a última vez que xantou con Carlos Casares para celebrar o feito de pechar un proxecto común “que levabamos acariñando”. A seguir, lembra cando Casares lle ensinou a súa maqueta ferroviaria, a colección de máquinas fotográficas ou o teclado despregábel para conectar ao seu ordenador de peto, “que sempre o acompañaba”. Para rematar, salienta a forma que Casares nos ensinou “a vivir a vida e a mirar o mundo”.

Dá conta dunha homenaxe tributada pola Fundación Premios da Crítica a Francisco Fernández del Riego, que militara con figuras como Castelao, Bóveda, Luís Seoane Otero Pedrayo, etc. Fálasenos de Del Riego como un “home rede”, que fixo posíbeis proxectos como o suplemento de letras do xornal *La Noche*, a editorial Galaxia ou a revista *Grial*, un gran lector e bibliófilo que estivo, dende que foi secretario xeral das Mocidades Galeguistas, por detrás doutras moitas empresas como o Día das Letras Galegas ou a colección “Illa nova”. Salienta tamén que serviu de ponte entre os membros de “nós” e as novas xeracións da posguerra, pero que segue publicando nos xornais ou dirixindo a biblioteca Penzol.

Bragado, Manuel, “¡Velaí vén o ave!”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 17 marzo 2002, p. 26.

O poema de Manuel Curros Enríquez “ Na chegada a Ourense da primeira locomotora”, serve de fío argumental. O autor ve no poema, escrito xa en 1881, unha identificación entre ferrocarril e modernidade. O que lle dá pé para falar da historia do ferrocarril en Galicia desde a primeira liña Santiago-Carril. Di o autor que Galicia, ou polas dificultdes orográficas ou por outros motivos de desputas localistas, estivo sempre atrasada nos camiños de ferro. Na última parte do artigo fala do presente, co ave, e di que se faga caso das palabras que Curros Enríquez deixou escritas.

Faise eco do nomeamento de Manuel María como membro da Real Academia Galega e ao mesmo tempo da celebración do Día das Letras Galegas na honra de Avilés de Taramancos en 2003. Logo céntrase en gabar a estes dous escritores, cos que os uniu unha grande amizade e fai unha pequena semblanza dos seus recordos.

Lino Braxe fai unha análise de si mesmo e declara que “nin renego das causas que apoio, nin da miña literatura, mais considero que todo risco ten que ter unha certa dose de veracidade”. Comenta, así mesmo, que “un poeta sen un espacio vital para a reflexión e a paixón non é poeta. Un ser humano sen un equilibrio sobre os seus compromisos é víctima da dispersión dos seus contidos e intencionalidades”.

Con motivo da polémica arredor da representación en castelán de *Os vellos non deben de namorarse* por parte do Centro Dramático Galego, o presidente de MESA escribe este artigo para criticar o feito. Entende que o CDG foi creado para que todas as obras levadas a escena estivesen en galego, por iso lembra a excepción que se fixo con Valle-Inclán e tamén agora neste caso, polo que entende que xa son demasiados matices. Ao mesmo tempo, acepta a traducción de Castelao para ser representado polo CDN no resto da Península, pois entende que isto levará, sen dúbida, a coñecer a nosa cultura.

Alude ás moitas horas de conversa que mantivo con Carlos Casares na primavera de 1993 para realizar unha biografía aínda inédita. Sinala que Casares era un excelente conversador e que nas súas lembranzas dos primeiros anos atopamos o xorne do neno grande e a materia da que saíron tantos artigos e algunhas das páxinas máis interesantes da literatura galega contemporánea. Comenta o que significa para o autor de Xinzo de Limia Ramón Piñeiro e atende ao seu perfil político, ademais de citar que foi Presidente do Consello da Cultura Galega, director de Galaxia, presidente do Pen-Clube, escritor, articulista, académico ou conferenciante. Tamén se refire a súa falta de vocación como docente.

Camba, Xabier, “Roberto Vidal Bolaño”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 24 setembro 2002, p. 13.

Homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, con motivo do seu pasamento. Comenta, en primeiro lugar, que tivo unha “relación moi achegada, desde hai tempo e por múltiples razóns” con Vidal Bolaño, co que compartiu a “lexítima defensa da nosa cultura e da dignificación do traballo cultural”. Engade, a seguir, que lle agradece especialmente o feito de telo ao seu lado durante os dous derradeiros anos , “convidándome a acompañarte polos escenarios de Galicia coa túa tribo do Teatro do Aquí”. Remata afirmando que “en Compostela, coa túa marcha, quedamos moitos –novamente– derrotados”.

Dáse conta da mesa redonda que se celebrou en Ourense sobre o poeta e ensaísta José Ángel Valente e na que participaron Marcos Valcárcel, Claudio Rodríguez Fer, Ramón Cao e José Paz. Lémbranse algunhas das opinións que se verteron sobre o escritor entre as que sobresaen o seu marcado intimismo ou a visión mística da vida.

Sucinto comentario no que se lembra a perda de Carlos Casares, do que se di que marchou inesperadamente e que agora andará a contar as súas historias no faladoiro do paraíso.

Casal, Benxamín, “Casares na lembranza”, *La Voz de Galicia*, “Ó meu ver”, 10 marzo 2002, p. 24.

Afirma que a partir de agora non vai atopar o recanto de Carlos Casares en *La Voz de Galicia* e comenta que foi Xaime Isla quen lle deu a nova da súa morte. Recorda que a súa vella amizade con Casares se inicia ao redor da “mesa camilla” de Ramón Piñeiro e sinala que non foi difícil ser seu amigo, posto que o escritor de Xinzo engaiolaba co seu carácter aberto e cordial. Tamén apunta que tivo o privilexio de gozar das súas conversas, deadmirarse da súa extraordinaria facilidade para escribir os seus “Á marxe” e, sobre todo, de compartir ideas, proxectos e esperanzas postos neste país.

Faise eco da publicación do poemario de Manuel Xosé Neira, *Templo* (2001), no destaca que volve demostrar a súa valía. Descríbese ao poeta lugués como un home humilde merecente de recoñecemento como llo tivo no seu día Ramón Piñeiro, que o visitaba cada vez que se atopaba na cidade das murallas. Finalmente, conclúese coa afirmación de que non son bos tempos para a lírica.

Ofrece unha achega á persoa de Ramón Piñeiro. Comenta que suscitaba unha grande admiración entre os estudiantes que, segundo Benxamín Casal, se debía á súa intelixencia, "potente e persistente coma a mesma claridade". Para rematar, declara que Fole sempre falou da intelixencia de Piñeiro e que García-Sabell afirma que "con el as cousas son claras, cristalinas, evidentes".





Chórase a morte do escritor galego Carlos Casares, do que destaca que era un home sempre preocupado polo galego, que nunca se fixo maior como mostra a traducción ao galego de *O Principiño* e remátase dicindo que hoxe “o vento vai ferido, de morte”.

Refírese á grata sorpresa de recibir libros dos seus achegados xa que entende que se trata dun acto de respecto cara a esa persoa. Enuméranse diferentes obras, pero céntrase especialmente na que leva por título *Galicia, unha luz no Atlántico* (2001), pois considéraa unha peza que mostra Galicia dende diferentes perspectivas, o que fai que se achegue dos galegos máis do que sabemos de nós mesmos.





Alude á polémica que xurdiu na Deputación de Pontevedra porque uns querían nomear a Alexandre Bóveda fillo adoptivo da cidade e outros non. Comenta, a seguir, que coñeceu a Bóveda dende moza, a ese “mestre innovador que xa escribía nos xornais, en galego, en plena dictadura”.

Fina Casalderrey comeza o seu artigo facendo alusión ao acto celebrado na igrexa de San Domingos de Bonaval de Santiago de Compostela por causa da catástrofe do “Prestige”. Di que diversos autores recitaron os seus poemas e que a música e a danza que no acto se entrelazaron motivaron os efusivos aplausos dos asistentes. Así mesmo, tomando isto como escusa, fala de como cambiaron os tempos xa que os aplausos e as mostras de alegría hai uns anos non eran permitidos e mesmo censurados nunha igrexa e de como a ela lle gustaría asistir na igrexa da súa parroquia a un recital poético.

Coméntase a noticia de que o comisario xefe de policía de Pontevedra, Enrique Mora Morandeira, declárase tamén poeta. Enténdese que calquera persoa, teña a profesión que teña, pode agochar un corazón proclive á poesía e polo tanto non lle parece sorprendente.

Casares, Carlos, “Os azares da historia”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 5 xaneiro 2002, p. 12.

Con motivo da presentación da colección “Biblioteca Galega 120”, por parte do xornal *La Voz de Galici*a, Casares lembra ao fundador do xornal máis importante de toda Galicia, Juan Fernández Latorre que por ser un mozo republicano, galeguista e librepensador foi condenado a morte, pero afortunadamente puido fuxir do país. Celébrase este feito porque gracias a el fundouse *La Voz de Galicia*.





Reflexiona sobre as palabras dun novelista novo que propuña que as clases de literatura foran un lugar de diversión, unha especie de “espacio circense ou lúdico”. Comenta como non estaba no seu día conforme co anterior, pero agora vendo o escándalo que tivo lugar entre dous escritores no programa de Sánchez Dragó e observando como tal feito aumenta a audiencia, entende que quizais tiña algo de razón.

Con motivo da disputa que levaron a cabo os escritores Vicente Molina Foix e Manuel García Viñó no programa televisivo de Fernando Sánchez Dragó, Casares repasa outras ilustres pelexas entre literatos. Destácase a que se produciu entre Manuel Bueno e Valle-Inclán pola que este último quedou manco.

Casares, Carlos, “O libro non publicado”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 18 xaneiro 2002, p. 23.

Recorda Casares o último encontro con Camilo José Cela antes do seu falecemento, no que o Premio Nobel lle preguntou por unha encomenda que lle fixera e que se trataba de publicar unha serie de textos de escritores galegos na súa revista *Papeles de Son Armadáns*. Conclúe coa convicción de que Cela quería facer isto para que o recoñeceran como galego, pero apunta que non era necesario.





Casares, Carlos, “O amigo Xoán Manuel”, *La Voz de Galicia,* “Á marxe”, 20 xaneiro 2002, p. 15.

Recorda ao poeta e prosista galego Xoán Manuel Casado que acaba de falecer en Barcelona. Repasa a súa vida dende neno cando pasaba o verán en Galicia nunha habitación pintada por Vicente Risco ata as últimas paixóns como as corridas de touros. Salienta o seu carácter inocente, despistado, intelixente e divertido que facía del unha boa persoa.





Casares, Carlos, “A dignidade humana”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 8 febreiro 2002, p. 14.

Con motivo da petición dunha lectora vai falar da dignidade humana, malia sentirse case incapaz de escribir sobre algo abstracto, séndolle máis sinxelo falar de persoas en concreto. Seguidamente fala da dignidade coa que vivía Valle-Inclán a súa pobreza e da santidade do seu amigo Ramón Piñeiro.

Casares, Carlos, “Consello Anarquista”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 12 febreiro 2002, p. 12.

Relátase brevemente o suceso que tivo lugar no ano 1906 cando o anarquista catalán Mateo Morral intentou matar aos reis de España. A continuación, fai referencia a que a revista *Cuadrante* pon en relación a este personaxe con Valle-Inclán, aínda que non foi o último que sentiu simpatía cara a el, posto que tamén o xornalista galego Xulio Camba se ocupou del. A este último sinala Casares que lle debe unha norma como columnista: non falar nos artigos nin de política, nin de relixión, nin de sexo.

Céntrase na presentación da obra de Xosé Antonio Perozo, *Martázul* (2001), na Casa do Libro en Vigo. Comenta que foi unha das presentacións máis "interesantes", por terse producido nela unha discusión amigábel entre o autor e a escritora María Xosé Queizán, que tiñan visións diferentes sobre a muller protagonista da novela. Apunta que ao autor de Llerena o enche de gozo ver que Martázul non deixa indiferente a ninguén, xa que, dependendo da idade dos lectores e ata do sexo, recibe opinións distintas. Considera que Perozo construíu o personaxe máis arriscado e forte, dende o punto de vista literario, da literatura galega dos últimos anos.

Alude ao acto de presentación da obra de Antón Lopo, *Ganga* (2001), na Librería Cervantes de Vigo, no que interviñeron Manuel Bragado e Xosé María Álvarez Cáccamo. Destaca o "exercicio intelixente de prestidixitación do autor", quen explicou "como hai palabras que unha vez ditas desaparecen e como existen as palabras pensadas pero nunca pronunciadas". Comenta que intelixencia, ironía e humor son algunhas das características de *Ganga*, na que Antón Lopo quere inventar un mundo e o consegue. Tamén puntualiza que o libro é unha viaxe por moitos lugares e que é unha pregunta dirixida á nosa percepción de nós mesmos e da nosa realidade.

Castro, Francisco, “Walt Whitman en galego”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 9 marzo 2002, p. 18.

Atende á presentación na librería Andel de Vigo da traducción ao galego da obra de Walt Whitman, *Canto de min mesmo* (2001), feita por Xosé Manuel Freire, un home que considera comprometido coa cultura, coa crítica literaria e coa divulgación das nosas letras. Opina que o feito de que tomase tanto traballo, cotexando diferentes versións dos propios textos do poeta norteamericano, demostra que fixo algo máis que traducir: “falar en galego o que o poeta falou en inglés”. Tamén salienta o traballo de Edicións Positivas que sempre aceptou este proxecto de traer á nosa fala a un dos clásicos da poesía mundial.

Castro, Francisco, “Unha cea”, *La Región*, “Carlos Casares 1941-2002”, 10 marzo 2002, p. 45.

Lembra o seu primeiro encontro con Carlos Casares, con motivo dun ciclo de conferencias sobre o escritor, que el coordinou, e das posteriores charlas que mantivo con el. Destaca a súa capacidade para contar historias e a cordialidade que caracterizaba a súa personalidade.

Detense na intervención de Marilar Aleixandre na Casa do Libro, nunha nova sesión do Club de Lectoras Alecrín 2002, que está levando a cabo unha serie de encontros con diferentes escritoras que falan dos seus libros en coloquio cos asistentes. Sinala que, nesta ocasión, a citada autora tratou a súa novela *Teoría do Caos*, que recibiu o Premio Xerais 2001, converténdose na primeira muller en gañalo. Comenta que Aleixandre se atreve a montar unha obra complexa na que as lecturas son múltiples e, ás veces, independentes e complementarias. Tamén considera que se trata dun pracer para calquera lector que desexa enfrontarse a un texto parido dende a intelixencia e o dominio do oficio.

Castro, Francisco, “Biografías de malogrados”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 8 xuño 2002, p. 15.

Refírese á presentación do libro de Manuel Veiga, *Biografías de malogrados* (2001), presentado na Librería Cervantes de Vigo. Considera que este conxunto de dez relatos vai sorprender a máis de un, tanto polas súas historias coma polo xeito de falar dos seus protagonistas, que son uns derrotados da vida. Comenta que Manuel Veiga mostra unha ollada intelixente ao revestir a fabulación de tenrura, ironía e dignidade e repasa algúns dos relatos. Tamén puntualiza que case todo o volume “navega en primeira persoa, e cara o pasado, a infancia, a adolescencia, todos eses intres gloriosos nos que todos estes malogrados viviron intres de gloria e de verdade”.

Alude á clausura do IV Salón do Libro Galego na Alameda, que foi visitada por moitos vigueses para descubrir que “en Galicia temos unha enorme e valiosa producción editorial”. Cita as diversas actividades que se levaron a cabo neste Salón e considera que se trata dun esforzo inmenso por poñer ao alcance de todos a “pluridimensionalidade inmensa da cultura galega, que, pese aos atrancos, segue adiante”.

Castro, Francisco, “Roberto Vidal Bolaño”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 13 setembro 2002, p. 32.

Breve comentario dedicado a Roberto Vidal Bolaño con motivo da súa morte, o pasado mes de setembro. Trátase, segundo o articulista, dun dos dramaturgos “máis importantes, un home que o deu todo polo noso teatro e a nosa escena, parindo textos, moitos, algúns, case que todos, dun gran nivel dramático”. Comenta, a seguir, que a súa morte vai deixar “un oco ben grande na nosa cultura”. Remata afirmando que agarda a que o Centro Dramático Galego, “ou quen sexa”, lle saiba render a homenaxe que merece, “poñendo de novo calquera das súas obras na escena e por toda Galicia”.





Artigo no que se fala do libro *Carolina Otero* (2001), de Marga do Val, “poeta, e apaixonada do personaxe, da palabra, do dicir e do sentir”. Alude, así mesmo, aos actos organizados por Alecrín, pola Consellería de Festas e Animación Cultural do Concello de Vigo e pola Casa do Libro con motivo da celebración duns encontros nos que xa participaron Luísa Castro, Marilar Aleixandre ou María Xosé Porteiro, entre outras. Para rematar, alude á obra de Marga do Val e comenta que o libro “narra a traverso dunha viaxe marabillosa, a vida de Carolina Otero, desde a casa humildísima de Valga (cunha biografía infantil arrepiante) ata chegar a ser a supervedette do cabaré parisino Folies Berguere”.

Castro, Francisco, “Marina Mayoral”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 30 novembro 2002, p. 15.

Francisco Castro dá conta da súa asistencia ao ciclo ofrecido na Casa do Libro, organizado por esta librería e por Alecrín, o Clube de Lectoras. Di que a este ciclo asistiron diferentes autoras, entre outras, Luísa Castro, Marilar Aleixandre ou Marina Mayoral, que foi a que pechou o ciclo. O articulista loa os traballos de Marina Mayoral nos que a muller ocupa un papel central e afirma que para el esta escritora é unha das que máis público fiel ten, ademais de ser unha das nosas voces máis recoñecidas.

Infórmasenos do recital polo “Prestige” organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega no que participaron dezaseis poetas nados ou residentes en Vigo e que se celebrou a finais do ano 2002 no Museo de Arte Contemporánea da cidade olívica. No artigo Francisco Castro declara que a poesía debe ser utilizada para denunciar as inxustizas e para facer escarnio do que cómpre, como xa acontecía na lírica galego-portuguesa, e non debe ser nunca un exercicio bucólico e académico no que se fale de cousas abstractas. Así mesmo, di que os poetas que no recital participaron están unidos pola palabra, algo que ninguén pode vencer, e que con ela e os seus versos souberon dar forma ao que tantos galegos pensan e non saben expresar.

Castro, Luísa, “Reunión no Derby”, *La Voz de Galicia*, “O inimigo na casa”, 16 maio 2002, p.14.

Expón a súa necesidade de recluírse do mundo pois non está inmunizada ás palabras dos demais como o parece estar o resto da sociedade. Céntrase, finalmente, no encontro ao que acudiu cun grupo de escritores no que se discutía a necesidade de fomentar a lectura, pero Luísa Castro entende que a negación dos escolares a ler libros supón liberdade e rebeldía.





Cóntase cómo eran os casamentos antigamente e para iso recórrense a fontes como Vicente Risco, Eladio Rodríguez, á enquisa do Ateneo ou ao xuíz Tenorio. Evidénciase que o máis común eran os matrimonios entre mozos dun mesmo lugar e cando isto cambiaba comezaban as disputas que só se mitigaban cun xantar de confraternidade.





Chamorro, Eduardo, “Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “La Península”, 28 febreiro 2002, p. 14.

Con motivo do vinteún aniversario da morte de Álvaro Cunqueiro, lémbrase a súa figura de escritor e, especialmente, de xornalista. Enténdese que este escritor foi o inventor da chamada “ficción xornalística” que, como se di a continuación, non foi superada posteriormente porque posúe características propias do escritor.

Relata a súa débeda con Álvaro Cunqueiro, que acompañaba ao seu pai na feira dos capóns de Vilalba. Lembra, así mesmo, a receita da “bola de Guitiriz”, que Cunqueiro lle deu á súa nai e que adoitaban preparar como sobremesa a véspera do San Ramón, patrón de Vilalba. Lembra Ramón Chao que, cando marchou a París, seguiu en contacto con Cunqueiro e comezou a ler as súas obras, empezando por *As crónicas do Sochantre* (1956). Sinala que a partir dese momento descubriu “el origen del realismo mágico y la presencia del mundo gallego en la literatura latinoamericana”.

Reflexiónase sobre a importancia que ten o estado para consagrar autores e tamén a súa obra. Cítase o caso de Camilo José Cela que debe moita da súa sona á proximidade política co Goberno Central. Fanse preguntas ao lector sobre esta cuestión, así dise, ¿se Cela escribise en galego sería un autor tan recoñecido?, ¿gañaría o Premio Nobel? Finalmente dise que foi el o que decidiu non escribir en galego, por esta razón non se pode incluír dentro do panorama literario galego aínda que ante esta afirmación haxa xente que se alarme.

Reflexiona, despois de ler un artigo de Julien Gracq, se os escritores galegos teñen un público, que é o mesmo que dicir se existe literatura galega. Pregúntase Conde qué fallou na cadea para que os que lían con quince anos non o fagan agora con corenta e así remata o artigo, deixándolle estas cuestións ao lector.

O pasamento do escritor Xoán Manuel Casado motiva un percorrido pola súa curta obra, así como pola figura humana. Destácase o seu fondo amor á lingua galega que cultivou desinteresadamente dende a distancia, pois naceu, viviu e morreu en Barcelona. Pídese a lectura das dúas novelas que deixou escritas e tamén dos seus poemas nun xesto de “facelo máis noso”.





Emotiva lembranza do seu amigo Carlos Casares que vai ser “dado á terra”. Lémbrase que foi “o gran polígrafo galego da segunda metade do século XX”, ao que cualifica como un home de carácter afable, dialogante, gran narrador oral e excelente escritor en calquera dos xéneros nos que traballase.

Conde, Alfredo. “Homenaxear vivos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 marzo 2002, p. 4.

Comeza o artigo cunha cita de *Romeo e Xulieta,* de Shakespeare na que se define os vellos, cita coa cal non se identifica o autor. Sen embargo escúsase coa condición de ancián que sofre de migrañas por non poder ir á homenaxe tributada ao “rapaz” Francisco Fernández del Riego. Laméntase de non asistir porque lle parece moi oportuno o festexar e honrar os vivos, que implica ledicia, e por iso fai sabedor a Don Paco do seu cariño, ao igual que o doutros, e pide para el longa e feliz vida.

Conde, Alfredo, “Escritores xuntos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 31 marzo 2002, p. 4.

Tras a asistencia ao Consello da Cultura Galega onde se celebrou unha homenaxe ao finado Xoán Manuel Casado, Conde reflexiona sobre os alí presentes e comenta que en cada ocasión son menos os autores que acoden e máis as viúvas ou os fillos. Para rematar comenta que só nos queda o seu recordo.

Compara as distintas xeracións de literatura galega, para iso alterna a lectura dunha obra de Xesús Rábade *Como levar un morto* (2001) e outra de Marta Rivera *Hotel Almirante*. Sinala que en ambas as dúas se retrata unha mesma época, a posguerra, pero a primeira descríbea como unha etapa dura, mentres que a segunda mostra unha imaxe máis amena daqueles anos. Finalmente, conclúese coa idea de que a pertenza a distintas xeracións leva a ter visións diferentes coma neste caso.

De novo se refire Conde á diversidade na ilustración dunha mesma etapa, lembra o contraste entre Xesús Rábade que pertence á súa xeración e Marta Rivera que naceu no ano 70. Reflexiona sobre cómo o tratamento da etapa de posguerra por parte dos escritores está influenciada polo anecdotario familiar, é dicir, nótase na prosa a pertenza dos antepasados ao bando dos gañadores ou dos perdedores.





Barállase a posíbel referencia da palabra “Linteo”, que dá nome a unha editorial, ofrecéndose dúas versións centradas na mitoloxía, pero non se opta por ningunha. Tamén se reflexiona sobre a denominación “Follas Novas”, pero é consciente de que neste caso é máis obvia a vinculación, e recorda que foi nesta editorial na que publicou o seu primeiro libro.





Comentario do autor sobre a segunda edición de *Contos da xustiza* (1991) que publica a editorial viguesa Ir Indo. Coméntase a súa temática que aborda o tema da xustiza, pero dende unha perspectiva galega, é dicir, tendo en conta a nosa situación sociocultural. Cítase que o prólogo correu a cargo de Xosé González Martínez e tamén o nutrido grupo de escritores que compoñen a obra, entre os que destacan Carlos Casares, Daniel García Ramos, Suso de Toro, Manuel Rivas, Xavier Alcalá ou Darío Xohán Cabana.

Conde, Alfredo, “Sexamos vividores”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 abril 2002, p. 4.

Reflexiónase sobre o feito de vivir pendentes da actualidade facendo que unha noticia desprace a outra sen que a primeira quedara asimilada. Deféndese a necesidade de convivir máis cos nosos escritores finados e isto só é posíbel coa súa lectura.

Explica que está a ler un libro inédito que se se chega a publicar será o primeiro do autor, que ten máis de cincocentas páxinas e baixo o título de *Rabo branco* relata as relacións dos rapaces de ensino secundario e os profesores. Entende que a construcción da novela é froito dun labor de reflexión que non todos poden levar a cabo, pois se isto fora así o mundo sería distinto.

Fala, neste caso, do feito de verse no xornal italiano *La Stampa* como un escritor “catalano”. Pensa que a confusión puido ser debida ao feito de que se celebrara a Feira do Libro de Turín dedicada especialmente á literatura catalana e a onde acudiu.

Relata que a primeira vez que se sentiu vello foi en Lisboa, na Feira Mundial onde se reunían máis de vinte escritores españois. Conta cómo se encontrou dentro do grupo dos veteranos e lonxe dos mozos. Ao mesmo tempo, o tratamento de don que recibe por parte do poeta Antonio Lage Martiñá tamén lle fai pensar que non é novo, aínda que neste caso se centra na súa poesía porque con ela séntese mellor persoa.





Conde, Alfredo, “Aínda sen análise”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 xullo 2002, p. 4.

Alude á morte de Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega, que se foi “deixando os froitos dun labor que é susceptible de análise e de crítica, pero que significou a continuidade do piñeirismo e mailo nexo da xente de hoxe coa do chamado galeguismo histórico”. Remata dicindo que a continuidade “acaba de manifestarse do xeito máis evidente a través da transmisión dos seus cargos máis importantes e transcendentais a Víctor F. Freixanes” e anuncia que agarda a que alguén se decida a analizar a situación derivada destes cambios.

Loa a figura de Ramón Piñeiro e alude ao seu labor á fronte da editorial Galaxia, na presidencia do Consello da Cultura Galega ou como membro numerario da Real Academia Galega. Alude, así mesmo, á sucesión de Carlos Casares na Real Academia Galega, no Consello da Cultura Galega e na editorial Galaxia e comenta que, polo de agora, non houbo reaccións de ningún tipo “no entorno do galeguismo máis próximo a Piñeiro”.





Breve comentario sobre a sucesión de Carlos Casares na presidencia do Consello da Cultura Galega. Afirma, en primeiro lugar, que posibelmente con Casares “desaparecera o derradeiro vestixio piñeirista”. Engade, así mesmo, que é preciso organizar un conxunto de persoas, “amplo e plural, que cumpra historicamente a función que historicamente cumpriron as xentes da xeración Nós e mailas xentes da xeración de Galaxia”.

Conde, Alfredo, “Amigos que se foron”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 agosto 2002, p. 4.

Lembra, con motivo da celebración do día de San Ramón, a persoa de Ramón Piñeiro, aínda que só sexa “pra evocar a súa memoria, pra recuperala e mantela viva, do xeito que me está dado facer, qué non é outro que este de escribir”. Lembra, así mesmo, a seu pai e a dous tíos, que tamén se chamaban Ramón.

Conde, Alfredo, “Libros adicados”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 31 agosto 2002, p. 4.

Analiza as dedicatorias dos libros e comenta que, para que se atreva a solicitar algunha dedicatoria, necesita “ter un especial vencello co autor, ou coa súa obra”. Necesita “sentir afecto persoal ou ter admiración pola obra do escritor”. En canto aos libros dedicados que posúe, fai referencia a un de García Márquez, que o autor lle asinou cando estaban ambos os dous na Habana.

Conde, Alfredo, “Un actor inmenso”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 12 setembro 2002, p. 4.

Artigo en recordo de Roberto Vidal Bolaño, do que afirma que foi un “actor inmenso. Faloulle ó país”. Engade, a seguir, que “morreu un actor inmenso, un inmenso home de teatro, tocado de chapeu coma un señor antigo, oculta a súa sabedoría tras dun nariz que semellaba un carabel”.

Conde, Alfredo, “Falo de amigos”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 outubro 2002, p. 4.

Lembra todo o que, ao longo da súa vida, lle debeu a Carlos Casares. Comenta, así mesmo, que sempre se dixo que Ramón Piñeiro era a “alma mater” de Casares pero, na súa opinión, “era Carlos quen influía en Piñeiro”.

Alude a unhas notas que atopou entre os seus papeis e que escribiu Carlos Casares hai anos. Comenta, a seguir, que lle gustaría que Casares vivira para poder comentar con el o sentido das citadas notas “e recordar xuntos o tempo que reflicten”.

Lémbrase a figura do Gaiteiro de Lugo como un escritor que amosaba o sentimento da lingua no seu léxico. O autor reclama a dedicación dun Día das Letras Galegas a esta figura histórica de Galicia e finaliza coa convicción de que se os medios de comunicación colaboran incluíndo as “previsións meteorolóxicas” do gaiteiro nas súas páxinas non se acabará con esas historias.

Comentario arredor da figura de Manuel Rivas, facendo del un símbolo de Galicia. Alude nos comentarios a diferentes obras do autor, á súa gran proxección fóra de Galicia e á súa facilidade para as palabras, que el non elixe “sino que las palabras le escogen a él”. Para rematar, comenta que o mellor de Manuel Rivas son as obras que aínda non saíron do seu “lápiz de carpintero”.





Dentro do interese suscitado polo personaxe de Carolina Otero na literatura galega, opina que o cualificativo de “muller vulgar” que Carlos Casares lle outorgou non ten sustento vendo a súa traxectoria. Descríbese a Carolina Otero como unha muller aventureira, arriscada, fermosa e con grandes dotes interpretativas que desperdiciou para vivir da súa beleza. A continuación recórdanse os seus últimos días na miseria por malgastar nos casinos a riqueza que conseguira durante a súa xuventude. Conclúese que unha vida así non pode ser tida por vulgar.

Enumera unha serie de escritores galegos que parecen estar prohibidos como é o caso de Isaac Díaz Pardo, Xesús Alonso Montero, Víctor Freixanes, García-Bodaño, María Xosé Queizán e Manuel Rivas, entre outros. Entende que na actualidade hai liberdade porque senón non poderían escribir, aínda que é certo que son escritores incómodos para o poder establecido. Finalmente, noméase a Alfredo Conde e a Carlos Casares como escritores observados pola tendencia política e parécelle inxusto tendo en conta a indubidábel calidade literaria de ambos. Conclúe que isto é froito da envexa.

Con motivo do pasamento do escritor Xoán Manuel Casado lémbrase a súa figura e a súa contribución ás letras galegas. Recórdase que coa súa novela *O inverno do lobo* (1985) gañou o Vº Premio Blanco Amor, pero ademais conta con varios poemarios como *Rexistro de menores espantos* (1973) ou *Os Preludios* (1980), entre outros. Para finalizar, engádense versos do poeta, pois ler a súa obra considérase a mellor homenaxe que se lle pode tributar.

Lémbrase a primeira noveliña da colección “Lar” que escribiu Wenceslao Fernández Flórez baixo o titulo de *A miña muller*. Sinala que saíu á luz no ano 1924 e a ilustración correu a cargo de Camilo Díaz. Recórdanse as características máis salientábeis da peza, aínda que se puntualiza que non é unha grande obra por ter un diálogo moi tópico, unha linguaxe moi anticuada e uns personaxes moi planos.

Emotiva lembranza de Carlos Casares que faleceu inesperadamente. Recórdase o seu prolixo valor a favor da cultura galega non só como escritor e estudioso dela, senón tamén como membro activo dos seus organismos, así lémbrase que foi presidente do Pen Club de Galicia, director da editorial Galaxia e membro da Real Academia Galega, entre outras cousas. Finalmente lémbrase a última ocasión na que coincidiu co escritor.

Recóllese a noticia da celebración dunha homenaxe aos poetas galegos da posguerra na cidade catalana de Cerdanyola del Vallés. Coméntase que o acto foi levado a cabo polo coordinador da Irmandade Galega O Botafumeiro e por Camilo Fernández Valdehorras, profesor de Filoloxía galega e portuguesa na Universidade de Barcelona. Cita aos poetas galegos Manuel Rodríguez Troncoso e Xosé Lois García que residen na cidade condal e levaron a cabo a lectura que congregou a un numeroso público e que rematou co himno catalán entoado polos gaiteiros.

Delgado, Fernando, “Carlos Casares”, *Faro de Vigo*, “Diario de un mirón”, 12 marzo 2002, p. 29.

Emotiva lembranza do escritor Carlos Casares que faleceu inesperadamente. Fálase da súa capacidade de buscar a palabra exacta na escritura o que o leva a ter un estilo aparentemente sinxelo. Tamén se lembra o seu humor e a súa calidade humana. Fernando Delgado di sentirse orfo xa que hoxe máis que nunca precísase a madurez e a sabedoría dun intelectual do seu nivel.

A propósito da publicación da novela de Blanco Amor *A Esmorga* (2001) por parte da colección “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia*, Díaz Pardo lembra todo o periplo que precedeu á súa publicación do que el foi testemuña. Conta como a novela foi censurada na súa totalidade e lémbrase que este non foi o único libro prohibido do escritor, pois *Xente ao lonxe* (1972) correu a mesma sorte. Conclúe facendo unha reflexión sobre a novela e entende que o título non debe ser traducido xa que perde dramatismo en calquera das linguas, aínda que sexan próximas.

Fai referencia á polémica arredor da posta en escena da obra *Os vellos non deben de namorarse* por parte do CDG e o CDN. Isaac Díaz Pardo desculpa a actitude daqueles que non comprenden a representación do texto en castelán, pero el apoia o feito de que se traduzan os nosos clásicos ao igual que autores máis actuais como Manuel Rivas ou Suso de Toro. Para comprender mellor a súa postura insire anécdotas dos seus tempos mozos nos que era máis impulsivo.

Refírese ás dificultades coas que se atopa o libro ante unha sociedade planificada e dirixida de antemán, que ocupa o tempo libre nos medios audiovisuais que propoñen un pensamento único. Compara o anterior coa liberdade e a variedade que ofrece un libro. Critícase a falta de apoio que reciben as obras galegas por parte das institucións públicas, os medios de comunicacións e ata os libreiros que non os promocionan. Conclúese coa reflexión de que a celebración do Día das Letras Galegas é un “paripé”, pois a situación tan precaria esquécese pasada esta xornada.

Dobarro, Sara, “Las primaveras de Casares”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 14 marzo 2002, p. 13.

Recórdase a entrañábel figura do escritor Carlos Casares que faleceu repentinamente. Recóllese o seu labor a favor da cultura galega, a loita por que Galicia espertase e as súas ideas debedoras, en boa medida, das de Ramón Piñeiro. Faise especial fincapé no seu carácter pacífico, comprensivo e moi lonxe da radicalización.

Dobarro, Sara, “Un día para la poesía y Vidal”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 18 abril 2002, p. 11.

Refírese á presentación dun poemario en castelán de Miguel Carlos Vidal que terá lugar no Centro Cultural Torrente Ballester na cidade de Ferrol, onde tamén se levará a cabo a presentación da edición facsimilar da revista *Aturuxo*, que realizou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Alude ao papel que na revista desenvolveron persoeiros como Tomás Barros, Mario Couceiro ou González Garcés.





Dobarro, Xosé María, “Carlos Casares”, *Diario de Ferrol*, “Outravolta”, 12 marzo 2002, p. 15.

Emotivo recordo a Carlos Casares no que Dobarro conta os encontros que mantiveron durante varios anos de amizade. Remata dicindo que é así, como narrador oral do cotián como quere lembrando, contando con gracia innata as máis dispares anécdotas.

Recréase a homenaxe que recibiu Francisco Fernández del Riego o 8 de marzo promovida polo círculo ourensán-vigués que ten á fronte a Bieito Ledo e Pepe González. Lémbrase doutras dúas homenaxes ás que X. M. Dobarro acudiu e, tamén, o día en que preparando o doutoramento coñeceu ao director da Fundación Penzol. Por último, lémbrase de Xosé Manuel Casado que foi homenaxeado o 22 de marzo pero este xa falecido.





Dobarro, Xosé María, “Castelao nesta hora”, *Diario de Ferrol,* “Outravolta”, 23 abril 2002, p. 15.

Coméntanse os actos que tiveron lugar en Madrid con motivo da representación da obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, en versión española. Refírese ao seminario que se celebrou durante tres días baixo o título “Arredor de Castelao” e no que participaron entre outros Henrique Monteagudo, José Antonio Durán, Vicente Araguas, Carlos Valle, Manuel Guede e o propio Xosé María Dobarro. Faise especial fincapé na boa organización dos actos e da excelente posta en escena da peza.

Dobarro, Xosé María, “Da nosa prensa local”, *Diario de Ferrol*, “Outravolta”, 18 xuño 2002, p. 16.

A propósito do terceiro aniversario de vida do xornal *Diario de Ferrol*, faise un pequeno percorrido pola historia da prensa local da cidade. O articulista lembra os seus inicios na lectura da man de *El Ideal Gallego*, así como a forte vinculación entre Ferrol e *El Correo Gallego* que finalmente se trasladou a Santiago.

Dobarro, Xosé María, “Os teatros do mundo”, *Diario de Ferrol*, “Outravolta”, 25 xuño 2002, p. 28.

Faise eco da constitución da Asociación de Amigos do Jofre, que dirixirán tres persoas do mundo do teatro: Luma Gómez, Elina Luaces e Gonzalo Rodríguez. Fálase do importante labor do mundo da escena e apláudese a iniciativa de traducir *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso Rodríguez Castelao ao castelán.





Artigo en lembranza do Roberto Vidal Bolaño, con motivo do seu pasamento. Lembra, en primeiro lugar, os premios que gañou e cita, entre outros, o Premio Abrente con *Laudamuco Señor de Ningures* en 1976 e en 1980 con *Bailadela da Morte Ditosa*; o Premio Cunqueiro (1991), pola obra *Saxo Tenor*; o Premio Rafael Dieste (1992), por *Días sen gloria*; o Premio Camiño de Santiago (1994), con *As actas escuras*; dous premios María Casares (1998 e 1999), por *Anxeliños* e *Rastros*, respectivamente; o Premio Xiria (1997), polo seu labor teatral ou o Eixo Atlántico (2000), pola obra *Criaturas*. A seguir, engade que Vidal Bolaño foi
o que demostrou que os textos de Otero Pedrayo “servían para levar á escena, eran en si mesmos escena e non meros pasatempos de lectura feitos para matar o tempo nas longas noites do inverno á luz do quinqué de petróleo”.

Lembra a figura de Celso Emilio Ferreiro, ao que lle dedicaron o Día das Letras Galegas no 1989. Alude a un artigo que escribiu, con motivo da publicación en 1968, de dous poemarios do autor de Celanova titulados *Viaxe ao país dos ananos* e *Cantigas de escarnio e maldecir*, publicados en Barcelona e Caracas, respectivamente.





Afirma que xa tiña disposto un artigo para a prensa sobre a catástrofe do “Prestige” cando coñeceu a noticia da morte do seu amigo Xoán González Millán e da súa dona en accidente de tráfico. Polo dito, e en lembranza do citado autor, declara que decidiu facer un breve repaso á relación que os unía. Fai mención a cómo o coñeceu no segundo congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos, da que o falecido foi fundador e presidente, de cómo formaron xuntos a revista *Anuario de Estudios Galegos*, cómo, pola mediación de González Millán, foi docente no Graduate Center da City University of New York ou como foi, xunto con Antón Santamarina, un dos catedráticos que emitiu informe sobre a producción científica de Xoán González para que o falecido fose catedrático.





Dá conta da reunión de diferentes escritores asociados ao Pen Club de Galicia a finais do mes de decembro do 2002 no faro de Fisterra onde se celebrou un acto literario de desagravio pola catástrofe do “Prestige”. Sinala que neste acto, estiveron presentes o poeta Luís G. Tosar, Xesús Alonso Montero, Helena Villar e outros membros do Batallón Literario da Costa da Morte. Do mesmo xeito indica que outros intelectuais galegos enviaron textos como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Bernardino Graña. Remata aludindo aos versos que el mesmo leu dirixidos ao capitán do “Prestige”.

Comentario sobre Carlos Casares, un amigo persoal do articulista e da Universidade de Vigo, para a que escribiu o último libro publicado coa súa firma, *Olores e sabores do saber*. A seguir, Docampo afirma que Casares “era un experto nesa degustación do saber, que compartía xenerosamente para ledicia de todos, dos que o escoitabamos e dos que o liamos predispostos sempre a devolver o sorriso que embarcaba nas súas palabras co ánimo dun humilde contacontos”.

Cóntanse algunhas anécdotas da vida de Alfonso Rodríguez Castelao, en concreto das súas andainas estudiantís. Observando o expediente académico de Bacharelato de Castelao, conclúese que este non foi un bo estudiante e que poucas veces superou a cualificación de aprobado. Dourado Deira entende que para ser un xenio non se estudia, senón que se é, como Castelao.

Analiza máis polo miúdo o expediente dos estudios de Bacharelato de Alfonso Rodríguez Castelao que lle facilitou Jorge García Pernas. Entende que os baixos resultados non teñen importancia, pois comprende que era un mozo que gustaba das romerías, da tuna e que principalmente quería ser artista. Recóllense as palabras de Castelao nas que lle di ao seu pai que non quere ser doutor, senón artista, o mellor caricaturista de España.

Resáltase a obra *Como levar un morto* (2001), de Xesús Rábade, na que se recrea a historia recente deste país, concretamente a época de posguerra. A continuación, resúmese brevemente a trama que ten por protagonista a Amador Souto que perdeu ao seu pai Ovidio por ser “roxo” e, anos despois, ingresará nun manicomio onde pasa vintecinco anos e onde, por consello psiquiátrico, comeza a escribir a novela.

Refírese ao libro *Manuel María* (2001), que organizou e impulsou a asociación Xermolos e editou Ophiusa. Fálase da importante información que proporciona sobre a figura do escritor chairego, ademais de que se contempla a súa variada obra que abarca todos os xéneros. Sinálase, para concluír, o prólogo de Francisco Fernández del Riego que considera un poeta que se vale da súa poesía para mitigar as angustias do mundo galego.





Sinala o carácter dialogante de Carlos Casares, descríbeo coma un home moderado e flexíbel, capaz de convencer tan só coa utilización da palabra. Lémbranse dúas conferencias do escritor recentemente falecido, unha delas a ponencia no Congreso sobre Castelao celebrado en Rianxo no ano 2000 e outra con motivo das vodas de prata da revista *Encrucillada.*

Refírese, en primeiro lugar, á pouca importancia que recibe hoxe a Semana Santa nunha sociedade plenamente mercantilizada. A continuación, dáse conta do Premio Blanco Torres recibido en Cuntis por Raimundo García Domínguez, máis coñecido por Borobó. Ao mesmo tempo, lémbrase a figura de Avilés de Taramancos dez anos despois do seu falecemento.

Faise eco da morte de Carmen Muñoz Manzano, viúva de Rafael Dieste, que finou en abril na Coruña. Comenta que foi unha muller de gran talento e formación e dunha cultura extraordinaria, ademais de referirse ás conversas que mantivo cos Dieste na súa casa de Rianxo, despois de que regresaran do exilio. Sinala que nos vinte anos de frecuente trato cos Dieste se puido decatar do rol fundamental que Dona Carmen desempeñou ao lado e á sombra do seu marido, pois explica que foi a forza impulsora do xenio creador e a secretaria fiel e puntual, que anotaba con precisión notarial canto saía da súa inspiración.

Dourado Deira, Manuel, “Operación Castelao”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 29 xuño 2002, p. 2.

Amosa o seu desacordo coa decisión de representar en Santiago e Pontevedra *Os vellos non deben de namorarse* en castelán. Di que non vai entrar a valorar as opinións doutros personaxes por considerar que “as cousas hai que tomalas como de quen veñen”, pero entende que este feito é unha humillación que pretende derrubar o piar máis importante do galeguismo, Castelao. Pensa que o seguinte paso será traducir a Dieste ou Cunqueiro para así destruír o galego.

Alude á figura de Rosalía de Castro con motivo do cento dezasete aniversario do seu pasamento. Afirma, en primeiro lugar, que moitos consideraron que Rosalía era "choromiqueira e lacrimosa, inimiga do progreso de Galicia" e arremete, como fixera xa Abuín de Tembra, contra os defensores desa teoría. Comenta, deste xeito, que da maior parte da obra de Rosalía se pode deducir unha "Galicia doce, máxica, harmoniosa e enmeigada".

Lembranza de Carlos Casares do que se destaca o seu bo facer como escritor á vez que loa a iniciativa do periódico no que colaboraba deixando o lugar da columna que escribía en branco.





Destaca a importancia das asociacións para a dinamización da cultura galega. Así, recorda asociacións como O Galo de Santiago ou O Facho da Coruña, camiño dos corenta anos de existencia. Salienta a importancia destas para a defensa do idioma e centros de acción reivindicativa durante a dictadura franquista. Logo céntrase na Asociación Alexandre Bóveda da Coruña pola celebración do seu vintecinco aniversario, na que sinala que se organizan numerosos talleres fotográficos, viaxes culturais, presentación de libros, etc. Apúntaa como unha das máis importantes dinamizadoras da cultura galega hoxe en día.

Dá conta da reunión de diferentes escritores e escritoras de Galeusca na illa de Mallorca co fin de levar a cabo o debate da necesidade e a oportunidade de “rachar fronteiras” utilizando como vehículo idóneo para tal mester a traducción, dado que moitos dos autores do País Vasco, de Cataluña e de Galicia teñen clara vontade de se comunicar máis alá do seu ámbito lingüístico. Afirma que este “rachar fronteiras” está moi condicionado, por unha banda, polas vontades editoriais e, pola outra, pola existencia ou non de políticas institucionais dirixidas a establecer fórmulas de fomento e apoio ao intercambio cultural que se materializa na traducción de textos literarios. Avoga pola necesidade da literatura galega ser traducida a outros idiomas e de ser receptora de obras traducidas procedentes doutras linguas. Polo dito, afírmase que unha das conclusións da XIX edición do “Galeusca das Letras” foi a defensa do territorio libre da traducción .

Reflexión sobre a importancia dos editores para a o entramado da producción literaria.Destaca a dous deles como Ánxel Casal e Xosé María Álvarez Blázquez que considera imprescindíbeis. Remata aludindo a que hoxe en día existe unha industria editorial galega de grande importancia para a creación dun patrimonio cultural indispensábel para o presente e o futuro.





Con motivo do falecemento de Carlos Casares sinala que é un referente fundamental da prosa galega contemporánea e engade que o seu compromiso cultural e lingüístico uníao á súa creación literaria. Ademais salienta aspectos do seu carácter e erudición xunto ao seu labor como presidente do Consello da Cultura Galega, entidade que revitalizou. Remata lamentando a súa morte e manifestando a perda que supón na representación cultural do noso país.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “Raíz e palabra”, *La Voz de Galicia*, “De cotío”, 10 marzo 2002, p. 24.

Artigo dedicado ao recordo que o poeta Fernán-Vello garda do escritor Carlos Casares, gran defensor da lingua galega e gran narrador, ademais de importante persoeiro da cultura galega, tendo sido Presidente do Consello da Cultura Galega, Académico da Real Academia da Lingua Galega, etc.

Dá conta da morte de Carlos Casares e reflexiona sobre a morte que aparece sen sequera avisar. Constata a debilidade do ser humano que non pensa que lle poida pasar algo ata que se dá conta de que somos máis fráxiles do que pensamos. Remata aludindo a que estamos tan acostumados a recibir información de que continuamente morren persoas que xa o tomamos cunha certa indiferencia.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “Chao ensaísta”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 21 marzo 2002, p. 3.

Semblanza de Xosé Chao Rego polo seu labor de ensaísta. Comeza por situalo ao lado de personaxes como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Castelao, Ricardo Carvalho Calero ou Xosé Manuel Beiras. Logo continúa por facer un resumo pola súa producción comezando por *Introducción ao Xénesis* (1972), seguida de *Eu renazo galego* sobre a identidade galega que obterá o Premio da Crítica de Galicia (1984). Pasa logo a enumerar outras obras do autor como *O misterio do lume* (1985) ou *O libro da auga* (1995). Finalmente, fala de obras caracterizadas por unha grande enerxía creativa como *Prisciliano, poeta contra o poder* (1999), *O sexo, a muller e o crego* (2000) ou a última *Itinerario da conciencia galega* (2001).

O autor expresa a súa opinión sobre a importancia do libro na educación e formación das persoas, sobre todo, dos nenos. Fai un chamamento tanto a pais coma a mestres para que sexan conscientes da función inigualábel que cumpren os libros na educación e formación dos seus fillos e alumnos nas diferentes etapas da infancia.

Refírese á semana de poesía que se celebra na cidade de Barcelona. Salienta o éxito desta iniciativa que se leva a cabo na cidade catalana e repasa os actos que se poden atopar dende a celebración de recitais poéticos, conferencias especializadas,... Continúa por incidir na entrega dos premios dos Xogos Florais de Barcelona ou no fallo do Premio Aula de Poesía de Barcelona. Segue por destacar persoeiros que foron homenaxeados como Luís Cernuda ou Gloria Fuertes para rematar reflexionando que este sería un proxecto moi bonito para realizar en Galicia.





Fala sobre os encontros celebrados en Lleida organizados baixo o título de “O estado das literaturas ibéricas”. Dela destaca a reunión de vinte persoeiros de Cataluña, Galicia, País Vasco, Castela e de Portugal. Así loa este esforzo no cal o diálogo e o intercambio de ideas se produciu de maneira fluída. Salienta tres dos participantes por considerar as súas achegas moi importantes como: Pere Gimferrer, Gustavo Martín Garzo e Xosé MaríaÁlvarez Cácamo. Remata felicitando esta iniciativa e deixando ver que esta é a liña que se debería seguir en Galicia.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “A nova academia”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 27 xuño 2002, p. 3.

Manifesta a súa ledicia pola entrada na Real Academia Galega de Manuel María. Loa o labor que está desempeñando o novo presidente Xosé Ramón Barreiro, integrando a membros como o anteriormente citado. Tamén recorda cando se produciu a entrada de Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas ou Xohana Torres. Remata por expoñer a súa felicidade ao coñecer que o próximo Día das Letras Galegas será dedicado a Antón Avilés de Taramancos.

Fai unha reflexión sobre a representación da obra de Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*, en castelán. Comeza por facer unha aproximación á situación do galego na sociedade que pensa que agora ten moita máis presencia tanto na educación, nos medios de comunicación ou na sociedade en xeral que antes. Dado isto defende a representación de Castelao en castelán xa que fai que poida ser coñecido en todo o mundo, posto que entende a universalidade como un feito positivo e non negativo.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “Galego en Madrid”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 18 xullo 2002, p. 3.

Analiza a presencia de escritores galegos en Madrid “que constitúen unha vizosa illa literaria do noso no centro mesmo desta plurilingüística península ibérica dominada nesa área polo castelán”. En primeiro lugar, lembra que Rosalía de Castro casou con Manuel Murguía en Madrid, que alí morreu o poeta e xornalista Francisco Añón ou que pola capital andaron Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Ferro Couselo, Rafael Dieste, Reimundo Patiño, Alexandre Cribeiro, Uxío Novoneyra, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro ou Sabino Torres, entre outros moitos. Para rematar, comenta que no Madrid actual viven e traballan homes e mulleres galegos como Xavier Frías Conde, Verónica Martínez, Viqui Veiguela, Covadonga d’Lom Suárez ou Imma Pérez Rocha.

Comenta, brevemente, as características dos libros dedicados, que suman ao valor material de cada libro en cuestión un valor inmaterial que reside nesa “vibración entrañábel” da letra manuscrita. Resalta o valor da dedicatoria, case sempre espontánea, polo pulso emotivo e inmediato como mostra de agradecemento ou como sinal de afecto. Engade, así mesmo, que un libro dedicado pasa a ser un obxecto “humanizado”. Para rematar, declara que el posúe libros dedicados por Eugène Ionesco, María Casares, Octavio Paz, Avilés de Taramancos ou Uxío Novoneyra, entre outros.

Céntrase na iniciativa da Galería Noroeste de Xoias de Autor de Santiago de Compostela, que organizou unha exposición de abanos e tivo a idea de “casar estes leves obxectos materiais” coa intervención directa da palabra dos poetas. Comenta que participaron trinta e cinco poetas, entre os que destacan Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Xohana Torres ou Manuel Álvarez Torneiro. A seguir, comenta que o profesor Anxo Tarrío, “mestre colaborador nas artes secretas desta sorprendente exposición” deu noticia doutros poetas e artistas que escribiron sobre os abanos, como Guy de Maupassant, Mallarmé, Rubén Darío, Antonio Machado ou Manuel Curros Enríquez, entre outros.

Reflexiona sobre a saúde do libro galego e afirma que debido aos “baixísimos índices de natalidade” e o modelo de globalización no que estamos leva a desprezar as identidades culturais periféricas, en beneficio dunha banalización universal. Tamén alude ao feito de que os rapaces chegan á escola con miles de horas de televisión que chegan a modelar o seu cerebro, o que presenta un panorama preocupante. Engade que debería existir unha Lei do Libro Galego, que permitira que o libro fora producido e difundido con absoluta normalidade e eficacia para favorecer a creación e transmisión de coñecemento, o que garantiría a nosa pervivencia cultural e lingüística.

Alude ao setenta aniversario da publicación, na revista *Nós*, do ensaio de Vicente Risco titulado “Nós, os inadaptados”. Inclúe, a seguir, unhas palabras do profesor Ricardo Carballo Calero sobre o Risco posterior á guerra nas que afirma que non cre que Risco “intentasedesmentir a súa actividade galeguista anterior, porque era mui notória. (...) É evidente que Risco non deixou de ser galeguista simplemente por medo físico. Na miña opinión, Risco foi sempre un diletante”. Para rematar, Fernán-Vello recomenda un “libro excelente que foi Premio da Crítica de Galicia no apartado de Ensaio” aos que queiran profundar na “complexidade da vida e da obra do autor ourensán”. Trátase de *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* (2001), da profesora Olivia Rodríguez González.

Fai referencia ao labor de Maite Dono, poeta, actriz e cantante. En primeiro lugar, lembra unhas palabras de Uxío Novoneyra, quen se referiu a Maite Dono como unha "artista posuidora dunha voz de estraña frescura e intensidade, unha voz que a natureza ofrecía límpida e brillante". A seguir, Fernán-Vello alude ao seu primeiro traballo discográfico e cita o seu primeiro libro, *O mar vertical*, publicado no 2000 e prologado por Ana Romaní. Sinala que se trata dun poemario no que "o mar é o centro maior de intensidade poética, protagonista que dialoga coa autora e diálogo interior que a poeta crea". Declara, así mesmo, que Maite Dono acaba de sacar un novo disco titulado, precisamente, *O mar vertical*.

Ademais de referir outros actos de actualidade, Lois Fernández tamén se fai eco da presentación na librería Couceiro de Santiago de Compostela da obra de Carlos Penela, *Acaso o inverno* (2001), á que di que asistiron Arturo Casas, Helena Villar e María do Cebreiro.

Dáse conta da estrea do programa literario *Ó pé da letra*, emitido na TVE en Galicia. Miguel Anxo Fernández móstrase entusiasmado con esta iniciativa a prol do libro galego que, segundo é de moito interese para o público "Como está a demostrar a 'Biblioteca 120' de *La Voz de Galicia*". Tamén lle recrimina á TVG que non promova programas deste tipo nas súas emisións.

Fernández, Ruth, “Ata outra Carlos”, *O Correo Galego*, “Noticias cotiás”, 27 marzo 2002, p. 2.

Fai unha lembranza de Carlos Casares e mostra a pena que sentiu ao coñecer a nova da desaparición deste escritor. Para iso achéganos ao día que o coñeceu e este lle dedicou un dos seus libros. Salienta a tristura que todos os galegos deben sentir pola súa desaparición. Continúa por reflexionar que a morte lle chegou cando estaba pasando polo seu mellor momento profesional. Remata por dedicarlle un ¡ata outra!.

Con motivo do debate sobre a suposta “morte da novela” fai unha crítica das posicións que defenden tal postura, sinalando que o verdadeiro problema é a falta dunha crítica seria, especialmente nas revistas. No que atinxe ao caso galego lembra a importancia da revista *Nós*, na que os autores do Grupo homónimo demostraban estar ao tanto do panorama internacional; *Vieiros*, cualificada como pluralista e modélica na que se acollían as firmas dos máis grandes autores; *Compostela*, de Alejandro Finisterre, que só presentou un número pero que foi un exemplar único pola presencia de firmas de importancia internacional, polas preto de mil páxinas e os seus diferentes papeis; *Grial*, da que sinala que sempre se mantivo coherente e “amplia de miras”; ademais doutras como *Escrita*, *Dorna*, *Arcodavella*, *Luzes de Galiza* ou *Casahamlet*. Remata aludindo a *Extramundi*, da que agarda que continúe malia a morte de Camilo José Cela.

Fernández, Xurxo, “Brujas”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 11 marzo 2002, p. 80.

Despois dunha introducción na que ofrece algúns datos sobre as crenzas panteístas que dominan a cultura galega, malia a influencia da relixión cristiá e a persecución á que foron sometidas moitas das mulleres declaradas bruxas, lembra ao “brillante y fértil autor” Carlos Casares desaparecido recentemente de quen destaca a súa obra de relatos *Os escuros soños de Clío* (1979) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), considerada unha das mellores novelas galegas de todos os tempos.

Despois de repasar algúns dos intérpretes que fixeron populares melodías que forman parte da nosa vida, céntrase en dar conta dunha relación publicada pola revista "*El Cultural*" de *El Mundo*, na que a Librería Follas Novas aparece entre as vinte mellores de España. Destaca o labor de José Luís Colmeiro á fronte desta librería e refírese tamén á importancia da colección que está a editar baixo o título de "Libros da Frouma", dirixida por Luís Alonso Girgado con títulos como *A núa lentitude* (2001), de Ricardo Martínez Conde ou *Flor de romances de Cervantes a Pedrafita* (2001), de Anabel Amigo.

Fernández, Xurxo, “Los poetas”, *El Correo Gallego*, “La rosa de los vientos”, 1 abril 2002, p. 72.

Repaso polos poetas máis destacados da historia, no que comeza por falar dos grandes escritores do século pasado como Kafka, Thomas Mann, Borges, Cunqueiro, Hemingway ou Celine. Logo pasa a reflexionar sobre cáles son as mellores circunstancias para que aparezan poetas. Cita a Castelao, que dicía que todo aquel que tivese algo que dicir o fixese, ou Ramón Cabanillas, Manuel María, Luís Seoane e Xosé Luís Méndez Ferrín. A seguir, salienta a dous dos poetas que máis proxección universal tiveron que son CarlosOroza e José Ángel Valente, dicindo deste último que foi un poeta trilingüe en francés, galego e castelán, recoñecido como o mellor da segunda metade do século XX. Destácanse numerosas obras do autor e tamén os seus encontros con Antoni Tapies que ilustrou algunha das súas obras en francés.

O autor fai unha reflexión sobre os membros pertencentes á súa xeración que xa desapareceron e recorda nomes como Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane, Celestino Fernández de la Vega, MarinoDónega ou Xose María e Emilio Álvarez Blázquez. Logo refírese aos obxectivos que perseguían pola cultura e o idioma galego cada un no seu campo de actuación.





Fala da función que lle corresponde ao libro en Galicia. Para iso, fai un percorrido pola actividade literaria ao longo do século XX, especialmente dende os anos vinte, nos que se produce un rexurdimento intelectual en Galicia no intento de equiparar a vida cultural galega coa europea. Fai mención especial do papel que desempeñou a "Biblioteca Gallega" deMartínez Salazar, a que baixo o título de "Nós" puxo en marcha Ánxel Casal ou Galaxia nos anos cincuenta, sen esquecer as iniciativas que dirixiu en América Luís Seoane.

Francisco Fernández del Riego recomenda a lectura dos libros de viaxes, sobre todo dos escritores do oitocentos que perfilaron, nas súas palabras, imperecedoiramente o xénero. Cos grandes libros escritos polos viaxeiros europeos afirma que se coñecen ambientes, xeitos de ser e de existir nas diversas xeografías e en tempos diversos.

Ramiro Fonte fala do poema “Agardando polos bárbaros”, de Cavafis e da importancia da poesía nos tempos de catástrofes. Segundo el, a poesía, revélanos a dobre condición de seres sometidos á intemperie da vida e ás tempestades da historia e afirma que Cavafis nos suxire que a historia do home moderno xa está recollida nos libros de historia antiga. Tomando como pretexto ese poema do que ofrece o argumento, fai alusión a unha das manifestacións polo “Prestige” e remata o artigo cunha frase de Juan Ramón Jimenez, segundo el, demasiado dolorosa: “Toda Galicia es un mojado manicomio, donde se tiene encerrada a si misma”.

Franco, Camilo, “O tempo, o que pasou”, *La Voz de Galicia*, “Crítica”, 7 novembro 2002, p. 67.

Alusión valorativa ao recital *Voces e ecos dun tempo e dun país* , realizado por Teatro do Atlántico. Sen lle restar mérito ou calidade ao espectáculo, afirma Franco que, ao seu entender, posúe unha excesiva e quizais involuntaria dependencia nostálxica dos anos da transición, concluíndo deste xeito que “o teatro galego anda agora medio preocupado polo pasado e non é fácil saber se por madurez ou por pérdida da perspectiva”.

Freixanes, Víctor F., “Álvarez Negreira”, *La Voz de Galicia*, “Vento das velas”, 5 xullo 2002, p. 11.

Recordo do escritor desaparecido nestes días Emilio Álvarez Negreira, no que comeza por sinalar a súa pertenza a unha familia de defensores da cultura como os Álvarez Limeses,Álvarez Gallego, Álvarez Blázquez, etc. Segue por facer un pequeno percorrido pola súa vida de escritor en castelán e como editor. Destácase a súa primeira achega ás letras galegas no ano 1949, que xunto con Cuña Novás e Sabino Torres Ferrer, constituíron a colección de poesía “Benito Soto”. Relaciona algunhas das obras que se editaron nesta editorial e remata aludindo a que a súa morte pasou desapercibida para moitos e quere que esta sexa unha pequena homenaxe para este poeta.

Análise dunha edición de *Longa noite de pedra* (1961), de Celso Emilio Ferreiro, patrocinada nos primeiros anos setenta por unha zapatería de Oviedo. A partir desta obra patrocinada, Freixanes reflexiona sobre a crise de identidade que está a vivir o mercado editorial. En canto ao libro galego, comenta que crece lentamente: 1.354 no 2001 fronte aos 1.286 do ano anterior. Ademais, engade que os lectores e lectoras escasean e que estamos a atravesar unha crise “estructural e profunda”.

Manifesta o seu sentimento de dor pola desaparición de Carlos Casares e recorda que facía tan só dous días que conversara con el e mesmo programaran unha comida. Ademais recorda cando este fora alumno seu na Universidade de Santiago e moi brevemente menciona algúns fitos na vida de Casares.

Columna dedicada a falar do estado actual do teatro, do que considera que xa presentaba os mesmos problemas na época romana. Considera que a solución está en que o teatro precisa “o calor da cara mirando ós ollos, o sorriso sen pintar, a sinceridade e.... menos máscaras”.

Refírese á entrada como académico de Manuel María e á celebración do Día das Letras Galegas na honra de Antón Avilés de Taramancos, decisións que considera acertadas, aínda que aproveita a ocasión para expoñer que a Real Academia debería de mudar en posturas referentes ao idioma, posto que algúns dos seus membros non falan galego. Deste xeito, pensa que a entrada de Manuel María fará que algo se mova dentro desta institución. Finalmente, dedícalle unhas palabras ao autor Avilés de Taramancos que o describe como un militante nacionalista e escritor que defendía o seu país.





Alude, brevemente, ao labor de Francisco Añón Paz que recolleu “as tradicións e prácticas que se facían no contorno dos cemiterios e que el recolle en moitos dos seus poemas”. Céntrase, a seguir, no poema titulado “Alma en pena”, do que sinala que se trata dun conxunto de setenta e dous versos que “nacen como a rosa que florece e perfuma todo un amplo espacio funerario”. Remata dicindo que Celso Emilio Ferreiro, no seu *Cemiterio Privado* (1973), foi un epígono ou continuador de Añón.

Comeza cunha alusión á obra de Roberto Vidal Bolaño *Bailadela da morte ditosa*, Premio Abrente no ano 1980. Engade que Bolaño foi “un home nacido radicalmente para o teatro como autor, como actor e como director. Unha excepcional existencia para a escena”. Afirma, así mesmo, que con motivo do pasamento de Vidal Bolaño se sucederán “memorias e estudios e representacións e mesmo, transcorridos os dez anos preceptivos, non é aventurado supoñer que a propia Real Academia Galega poida dedicarlle o Día das Letras Galegas”.





Refírese ao programa cultural emitido todos os mércores ás 8.30 do serán na TV2, *Ó pé da Letra*, e comenta que “representa unha estimábel excepción nas degradadas grandes grades televisivas que rivalizan por lograr os maiores índices de trivialidade e ata de grosería, nos que a cultura adoita brillar pola súa ausencia”. Alude, así mesmo, a outros programas televisivos e comenta que *Ó Pé da Letra* se rexe, dependendo da semana, por unha “escaleta” na que se atende en breves reportaxes (de tres minutos) a temas como as bibliotecas, librerías ou editoriais, un debuxante de cómic, unha entrevista a un escritor, novidades literarias ou concursos, entre outras cousas.

Faise eco da morte do escritor Carlos Casares e pasa a gabar a súa producción. Descríbeo como un narrador de feitos cotiáns cunha linguaxe coloquial e intimista. Logo pasa a centrarse máis en Casares como persoa destacando o seu sentido común e un bo amigo dos seus amigos. Finalmente salienta a súa faceta como orador e tamén como “escoitador”.

Comentario sobre a obra de Castelao que, na súa opinión, “é, na Galiza, mal coñecida e, mesmo, por veces, abertamente maltratada”. Neste sentido, comenta que *Os vellos non deben de namorarse* se estreou en Buenos Aires no ano 1941 en galego. Sen embargo, sesenta anos despois, “como se a historia non existise, temos que aturar que se represente, en Pontevedra e en Santiago de Compostela, en español, ‘importada’ desde Madrid”. Para rematar, formula catro preguntas que deixa sen resposta sobre por qué se ten que representar *Os vellos non deben de namorarse* en español en cidades galegas, en qué pode contribuír ao coñecemento de Castelao e da súa obra, se acaso se persegue “naturalizar como bilingües autores como Castelao” ou se o Centro Dramático Galego considera que o público galego actual é menos culto que o arxentino de 1941.

Con motivo do pasamento de Carlos Casares, a columnista ataca ao alcalde de Vigo, ao tenente alcalde e ao concelleiro de cultura por non teren asistido nin ao tanatorio nin ao cemiterio a despedir a Carlos Casares, ao mesmo tempo que destaca a presencia doutras personalidades do mundo da política. Logo pasa a salientar o nomeamento de “Vigueses distinguidos” e algún dos recoñecidos con este premio.

Con motivo da concesión do Premio Nacional de Literatura ao catalán Joan Perucho, reflexiona sobre o modo de facer literatura deste autor, que caracteriza como “una de lasgrandes voces de la anormalidad literaria” do seu momento, e ao que compara con Álvaro Cunqueiro. Considera que se poderían comparar nalgúns aspectos como o feito de teren escrito en dúas linguas minoritarias, aínda que no caso do galego a súa tendencia era cara a “cierto sugestivo arcaismo” polo modelo de lingua elixida.

Recordo de Ramón Otero Pedrayo, do que fai unha semblanza apuntando a súa grandeza como persoa sobre todas as demais cousas. Caracterizado como humilde e agradecido a todos aqueles que se achegaban a el, tamén se refire á súa faceta como intelectual coñecedor de numerosas materias e xéneros do saber humano. Remata recordando a morte do de Tasalba o 10 de abril de 1976 co “himno galego nos beizos, un libro de Chateubriand nas mans e unha oración no corazón”.

González Gómez, Xesús, “O CDG e o español”, *A Nosa Terra*, nº 1.041, 4-10 xullo 2002, p. 5.

Amplo comentario sobre Castelao e a súa obra. En primeiro lugar, reprodúcese o comezo dunha declaración política dos surrealistas, que data do ano 1935. A seguir, achégase á “política cultural” do Centro Dramático Galego con respecto á representación de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, en castelán “en diversas cidades e vilas da Galiza”. Por último, conclúe que o Centro Dramático Galego non quere admitir a realidade circundante, seón que “ten vocación de sepultureiro, ten vocación de enterrador; enterrar aos vencidos e derrotados, enterrar a nosa tradición máis válida”.

González Mariñas, Pablo, “Amigo”, *La Voz de Galicia*, “Rincón del viento”, 10 marzo 2002, p. 24.

Artigo dedicado a lembrar a figura do finado Carlos Casares dende a subxectividade dun amigo persoal do finado. O articulista di que prefire lembralo como home que promocionou a lingua, literatura e cultura galegas tanto dende a súa faceta de autor coma dende o posto de presidente que ocupaba no Consello da Cultura Galega. Outras das lembranzas que Pablo González quere gardar son as das conversas no Camilo ou o alcume de “O moucho” que o autor de *Deus sentado nun sillón azul* lle puxera ao que nesta ocasión escribe.

González Martínez, Xosé, “Homenaxe a don Paco”, *El Progreso*, “Firmas”, 8 marzo 2002, p. 83.

Artigo de loanza a Francisco Fernández del Riego, a quen a Fundación Premios da Crítica vai ofrecer unha homenaxe. Xosé González Martínez, presidente desta Fundación, presenta neste escrito unha breve semblanza da vida de del Riego, quen dende moi novo formou parte do ámbito cultural arredor da Xeración Nós, chegando incluso a ser director-xerente da Editorial Galaxia. Finalmente, Xosé González dedícalle un poema de Bertold Bretch que, segundo el, define á perfección a figura do homenaxeado. Remata o artigo dicindo que “a cultura galega débelle a don Paco, en boa medida, o nivel de normalización cultural acadado”.

Artigo no que Xoán González-Millán lembra a figura do seu amigo Carlos Casares. Comeza sinalando o seu desexo de que as comunicacións globais non fosen tan rápidas porque así "viviría, por tanto, coa ilusión de que todos eles son (ou eran) inmunes ás desfeitas da vida". Lembra a Casares, os seus libros, tanto os que escribía como os que posuía; á súa fascinación polos xoguetes, ás súas camiñadas polo labirinto de Manhattan, realizadas durante as visitas que facía ao que asina este artigo, quen aínda agarda con ilusión "que virá compartir comigo uns días de primavera".

Reflexiona sobre a obra de E. X. Insua, *Heraldo*, na que sinala que coloca fóra do Parnaso a galegos que non escribiron galego. Defende que os que naceron en Galicia tamén son españois e deben practicar o seu bilingüismo, escribindo na lingua que prefiran e por iso non deben ser afastados ou relegados a un segundo plano. Sen embargo, deixa claro que senteadmiración por escritores como Álvaro Cunqueiro, Ramón Cabanillas, Luz Pozo, Manuel María, etc. e por todos aqueles que escriben ben. Salienta a obra *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro e non esquece a autores galegos que escribiron en castelán como Ramón del Valle-Inclán, Gonzalo Torrente Ballester, Camilo José Cela ou Emilia Pardo Bazán.

Comentario sobre a obra narrativa de Roque Pesqueira Crespo, recollida nun volume publicado na colección “Narrativa Recuperada”, dirixida por Modesto Hermida García. Reproduce as palabras coas que comeza esta edición de María Teresa Araújo García, nas que sinala que malia ser un dos escritores máis prolíficos do seu momento son moi poucos os datos que os manuais e as obras clásicas de conxunto da literatura galega achegan sobre Roque Pesqueira Crespo. A seguir, ofrece uns breves apuntamentos biográficos deste autor e remata cunha recomendación para a lectura do libro, titulado *Relatos e outras prosas* (2001), de Roque Pesqueira Crespo.

Céntrase, para comezar, na revista *Tapal*, "que naceu no mes de novembro de 1955, convertida en programa oficial das festas patronais, publicada sempre baixo a dirección de Andrés Rodríguez millares e Manuel Fabeiro Gómez". A seguir, comenta que lle chamaron a atención uns poemas que asinaba un adolescente de catorce anos chamado José A. Avilés Vinagre e que aparecen en varios números da citada revista. Para rematar, comenta que, de non ser por *Tapal*, ao mellor non chegariamos a coñecer a Avilés de Taramancos, ao que se lle vai dedicar o Día das Letras Galegas en 2003.

Reflexión sobre a polémica acerca de cál é a verdadeira casa onde naceu Fermín Bouza Brey en Ponteareas no ano 1901. A falta de rexistros dese ano fai que se acuda á memoria popular, que sitúa a casa de Bouza Brey no número vintetrés da Praza Maior, no que actualmente se sitúa a placa conmemorativa correspondente. Sen embargo, segundo Antonio José Groba Diéguez a numeración das casas desa praza en 1901 non se correspondía coa actual, co que a situación da suposta casa natal do escritor estaría errada. Remata contando unha anécdota sobre o Seminario de Estudos Galegos e a Corporación Municipal de Ponteareas, ademais de aludir á loita cultural levada a cabo por Bouza Brey e ao seu exilio.





Carta de Manuel Guede Oliva a Carlos Callón na que lle responde en sete puntos ás diferentes acusacións vertidas contra o Centro Dramático Galego por representar en castelán a obra de *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao. Deste xeito, exponlle que o Centro Dramático Nacional é a primeira vez que incorporaba a un autor de lingua non castelá ao seu repertorio; lamenta que o señor Callón non asistise a ningunha das representacións tanto en Madrid coma en Salamanca ou en Galicia; desmente que as producción do CDG diminuísen nesta temporada; recórdalle que a obra de Castelao xa foi escenificada dúas veces polo CDG en galego; que ten que desprazarse a onde está a compañía que dirixe porque “aínda non sei dirixir espectáculos por teléfono”; que non xurdiu a polémica cando se fixo unha colaboración con Portugal e se representou en Galicia a obra en portugués; e remata por deixar claro que se algún centro dramático da península os invitan a facer unha colaboración accederán con gusto.

Refírese a dous volumes que recibiu das irmás Pura e Dora Vázquez. Comeza por falar do de Dora titulado *Noelia* (2001), que a propia autora define como novela histórico-poética, do que opina que a trama que se desenvolve se podería encadrar perfectamente como a vida da propia escritora. Do de Pura, titulado *O mundo máxico das ideas* (2001), di que é unha escolma de traballos da escritora publicados en distintas datas en *O Correo Galego*. Remata anunciando que el tamén está realizando unha escolma cos seus traballos publicados na última década do século XX.

Hervella retoma o paseo da “Ruta da Esmorga” que os tres personaxes de Eduardo Blanco Amor realizaron pola cidade das Burgas un día de esmorga. Partindo da novela *A esmorga* (1959), do autor ourensán, Juan Andrés Hervella recrea a ruta dos protagonistas ao tempo que fai un paseo polos principais puntos de Ourense e vai lendo inscricións e placas que son fragmentos do libro. Sinala que neste anaco de ruta o tempo total estimado para percorrela está entre a hora e media e as dúas horas.

Lembra que coñeceu a Carlos Casares a través do seu libro *Vento ferido* (1967). A seguir, recorda que o escoitou nas súas intervencións na Asociación Cultural de Vigo, nos faladoiros do Monterrei baionés, con Miguel Viqueira e Gustavo Garrido.

Fálase do segundo Encontro de Escritores Novos e faise referencia á polémica xurdida no primeiro cando os poetas mozos declaraban que era preciso “matar ao pai e meterlle cal vivo”. Jaureguizar afirma neste artigo que o “Non nos fan caso”, que proclamaban no encontro anterior os participantes, segue estando vixente aínda que agora os mozos poetas recoñecen que dispoñen de máis oportunidades para publicar gracias ao abaratamento dos medios. Remata aludindo a expresións como a que se denomina “literatura bravú”.

Cuestiónanse os aspectos positivos que se poden obter da profesionalidade do mundo do libro galego en Galicia xa que vivir da literatura en Galicia fanno, di el, moi poucos e eses poucos que viven dela estragan as súas carreiras polas esixencias do mercado e do número de vendas. Remata o artigo dicindo que a profesionalización será beneficiosa de contarmos cun mercado interno tan formado como para soster a edición de narrativa experimental.





Texto de agradecemento a Roberto Vidal Bolaño, despois do seu pasamento, por vintecinco anos de amizade e aprendizaxe. Cualifícao como o autor máis orixinal, comprometido e rico do noso teatro e define a amizade que os uniu como un privilexio.

Lembra a figura do finado escritor Carlos Casares e íspese ante os lectores ao confesar que en variadas ocasións criticou algunhas das súas actuacións como presidente do Consello da Cultura Galega, así como sobre a súa traxectoria no eido político-cultural galego.

Laméntase do descenso da edición de libros en Galicia. Informa que nos últimos dous anos recuou ata un total aproximado de cen títulos, fronte a países coma Reino Unido ou Canadá, que están á cabeza en número de libros por millón de habitantes. Ramón Latas achaca esta situación a que os empresarios do noso país “non arriscan co que non se vende”.

Fai varias disertacións sobre o que é a literatura e o oficio de narrador. Segundo el a primeira é unha actividade que “trata de interpretar e dar contestación a diversos aspectos da vida, segundo as diferentes épocas e situacións” e que, á súa vez, ten por misión elevar ou sublimar o espírito humano. En canto ao oficio de narrador Laxe Freire afirma que dende os primeiros tempos se concibe como “a arte de contar historias” capaces de “atraer e entusiasmar á xente”. Por último, repara na situación actual de predominio da imaxe e do son e nas vantaxes de rapidez, e nalgúns casos de efectividade, que teñen sobre a escrita.





Achéganos ao *Chufón* (1915), unha peza dramática de índole rural-costumista escrita polo lugués Xesús Rodríguez López que, segundo o estudio feito por Araceli Herrero e Aurora Marco en 1988, contribúe a aumentar a información sobre as características sociais e antropolóxicas dos labregos galegos, aínda que se atope “moi afastada dos parámetros estéticos actuais”. Laxe Freire, que lamenta que non se estea a recuperar a figura do chufón como unha tradición popular máis, lembra tamén que o tema dos matrimonios está protagonizado por outras figuras como a “casamenteira”, unha “vella sabia intermediaria nos asuntos de amores” que, a pesar de non ser privativa da cultura galega, atopou un oco moi importante nela.

Columna que o autor dedica a recordar a figura do recentemente finado Carlos Casares, amigo persoal seu e do que garda recordos dende a infancia, como o dunha peza teatral escrita a medias para un premio literario ou o precoz dúo poético que Carlos formou cun novísimo Arcadio López-Casanova. Pasa entón a falar da traxectoria vital de Casares dun xeito moi xeral, mencionando éxitos editoriais, amores e amizade compartida ao longo de moitos anos. Agora que el finou, a Arturo Lezcano resúltalle difícil asimilar a súa falta, e sempre pensa que estará nunha das súas “moitas e fructuosas viaxes” e que, se o chama por teléfono, o vello amigo contestará, coma sempre.

Fala de Avelino Pousa Antelo, familiarmente coñecido como Lucho do Peto, que vén de cumprir os oitenta e oito anos, pero que se sente coma “de quince”. Sinala que a importancia deste home radica en ser o presidente da Fundación Castelao, traballar no Pedrón de Ouro, pertencer ás fundacións Bóveda e Fernández Flórez, etc. Di que malia residir actualmente en Oza-Teo, el é barcalés, polo que considera que é moi importante que
o Concello da Baña o nomee Fillo Predilecto e lle dea o seu nome a un lugar do seu Seoane natal. Adianta que tamén está prevista a publicación dunha biografía súa que, segundo o autor, “completará o noso libro de *Conversas* (1991) con el”.

Comentario do libro *Compostela na historia* (2000), de Euloxio R. Ruibal. Sinala que se trata dunha obra na que se fai un repaso do pasado e presente da cidade, cunha redacción áxil e precisa, na que se tratan temas pouco habituais e no que se inclúen imaxes da cidade.

Artigo reivindicativo da figura de Castelao “ahora que tan olvidado está dicho personaje” no que José López Martínez repasa sucintamente o ideario político e a traxectoria vital do rianxeiro. Recorda tamén, inicialmente, o traslado dos restos mortais de Castelao dende o exilio arxentino ata a Galicia natal, así como a impresión social que dito traslado causou no seu momento.

Reflexión persoal dedicada a Carlos Casares días despois da súa morte, na que manifesta non crer que o acontecemento tivera ocorrido do mesmo xeito que é imposíbel crer que saian laranxas nun limoeiro. Ao longo de todo o texto hai un permanente xogo de palabras protagonizado polas laranxas, coa intención de homenaxear a unha das obras mestras de Casares: *A laranxa máis laranxa de tódalas laranxas*, publicada en 1973.

Céntrase no enfrontamento entre o CDG e a Mesa pola Normalización Lingüística por mor da montaxe *Los viejos no deben enamorarse* do Centro Dramático Nacional, dirixida por Manuel Guede. A articulista sostén que a educación española é tamén cultura, igual ca galega. Ademais pide que o CDN "escenifique e traduza autores galegos" e que a Xunta de Galicia "posibilite o estudio do galego fóra de Galicia".

O autor fai unha reflexión sobre o estado actual da lingua galega tras vintecinco anos de democracia. Chega á conclusión de que nunca se escribiu tanto e tan ben en galego, e que na actualidade existen arredor de cinco ou seis poetas de primeira liña, que nada teñen que envexar aos doutras linguas. Fai referencia tamén á figura de Carlos Casares por escribir un galego preciso, elegante, expresivo, capaz de expresar matices do pensamento e do espírito moi sutís.

Con motivo do centenario do pasamento da poetisa Avelina Valladares Núñez, coñecida como a Cantora do Ulla, Luna Sanmartín saca do esquecemento a súa figura recordando que pertence ao grande elenco de escritores do século XIX que contribuíron a construír o noso país. Ademais de subliñar da súa obra elementos tan importantes como a orixinalidade e o sentimento e a idea que dela tiña o director do primeiro xornal galego de América, WaldoÁlvarez Insua, que vía a escritora como “unha muller do temple de Concepción Arenal, do xenio de Rosalía e da intuición de Emilia Pardo”.

Esclarece neste artigo varias dúbidas existentes sobre a biografía de Eladio Rodríguez González, o poeta, lexicógrafo e xornalista ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas do ano 2001. Dá conta tamén da situación socioeconómica que naqueles anos vivía a comarca do Ribeiro, comarca que o homenaxeado deixou definitivamente a mediados de 1887.

Despois de explicarlles aos lectores que retoma as súas colaboracións neste xornal, logodun ano sabático, fala do significado que para el e para outros literatos (por exemplo Ánxel Fole, Juan Ramón Jiménez, López Picó, etc.) ten o mes de setembro. O artigo remata cuns versos do poeta Miguel González Garcés sobre un solpor de setembro.

Lembranza para o seu amigo, o escritor e pintor coruñés Fernando Mon (1914-2002), do que sinala que foi membro da Asociación Española de Críticos de Arte, condecorado coa Cruz de Afonso X o Sabio e autor dunha ducia de libros, ademais de grande admirador deÁlvaro Cunqueiro e, sobre todo, de Carlos Maside. Tamén lembra que foi o organizador da homenaxe ao poeta Miguel González Garcés e que era un asiduo de faladoiros.





Fala da viaxe que realizou por terras do Ribeiro ourensán recentemente e dá conta de tres feitos que o deixaron sorprendido, nuns casos positiva e noutros negativamente. Por un lado sinala que sentiu unha profunda alegría ao comprobar que se levara a cabo a restauración da casa de Curros Enríquez e, polo outro, indignouse ao comprobar que a lápida de Fermín Bouza Brey está en castelán e a casa de Celso Emilio Ferreiro está á venda e en ruínas.

Dá conta de como no número un da revista coruñesa *Atlántida*, correspondente a xaneiro efebreiro de 1954, aparece unha separata de Álvaro Cunqueiro sobre Deus de doce páxinas sen numerar, cun debuxo de Labra e co título *Crónica de la derrota de las naciones (Fragmentos)*. Comenta o insólito xeito no que Álvaro Cunqueiro trata a Deus neste poema que non sabemos se é unha peza fragmentaria e que está escrito, segundo a nota introductoria de Miguel González Garcés, en “sus dos lenguas maternas”. Indica que a separata, que alterna verso e prosa, posúe varios fragmentos misteriosos no tocante á maneira de tratar a Deus como son os titulados “El señor de las batallas” e “O derradeiro día”.

Comenta que ao longo da historia se deron diferentes respostas á pregunta qué é a poesía. Autores como Horacio, Hölderlin, Bécquer e os galegos Pondal ou Novoneyra fixeron a súa achega á literatura dando tamén resposta a esta pregunta. Pola súa parte, considera que unha boa poesía é aquela que aínda emociona e asombra aos lectores despois de pasado moito tempo.





Considera que a morte de Carlos Casares supón unha perda irreparábel para o país, para a fala e para arte. Así mesmo, sinala que este feito o marca profundamente e evoca afotografía na que estaban Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Carlos Casares e el hai vintecinco anos.

Reflexiona sobre a lingua máis axeitada para a edición de obras de literatura portuguesa no noso país. Sinala que polo momento só unha obra narrativa *O menino no espelho*, de Fernando Sabro e algunhas antoloxías foron publicadas en editoriais galegas respectando a súa lingua orixinal, do que pensa que é a opción máis acertada. Con respecto á literatura galega publicada no país veciño, sinala que a situación é semellante, posto que só existe unha antoloxía de poesía feminina en lingua galega que é *Muller a facer vento* (1999), editada por Edições Tema.





Ante a diferencia de opinión manifestada nesta sección por algúns colaboradores sobre a saúde da literatura galega, explica cal é segundo a súa opinión a situación real da nosa literatura. Considera que é un feito cultural consolidado, cun pasado glorioso e cun presente similar ao de culturas próximas; que a nivel lingüístico está aínda nun camiño de consolidación e que se enfronta á problemática da carencia de lectores.





Analiza a crise existente no sector editorial galego, que se centra en varios aspectos: a repartición de subvencións da Xunta de Galicia sen contar coa Asociación Galega de Editores; a creación dun consorcio entre tres editoriais para a edición do libro de texto en galego; o desfase entre obras publicadas e demanda; a escasa ou inexistente promoción do libro galego nos medios de comunicación e a competencia coas novas tecnoloxías dixitais.

Analiza a obra da poeta Helena de Carlos, da que sinala que ten esperanzas de que chegue a converterse no referente da poesía galega escrita por mulleres do primeiro tercio do século XXI. Opina que a súa obra, *Alta casa* (1996) e *1999* (2001), se caracterizan por aspectos como o clasicismo, a elegancia, a claridade, as lembranzas ou a dozura.

Comentario centrado no bo momento que está a vivir a literatura galega, referíndose concretamente á exportación a través da traducción dun gran número de obras. De xeito significativo cita a inauguración dunha delegación da editorial infantil Kalandraka en Madrid, onde vai traducir literatura infantil e xuvenil, ou a traducción de obras como *Ébora* (2000), de Xosé Carlos Caneiro, que vai ser trasladada ao alemán, castelán e portugués. Conclúe sinalando que esa exportación é sinónimo de calidade da producción literaria galega e é un mecanismo de riqueza e promoción.

Enxalzamento da figura de Raimundo García Domínguez, máis coñecido por Borobó, e do seu compromiso lingüístico co galego dende as páxinas do xornal vespertino *La Noche*, xornal que a xuízo de Martínez Couselo lle serviu a Borobó de tribuna para dar conta, entre outros temas, das actividades do Instituto de Estudios Portugueses creado en 1931.

Repaso dos estudios e traballos xornalísticos e literarios de Raimundo García Domínguez, Borobó. A xuízo de Martínez Couselo, trátase do “periodista humanista máis importante de Galicia do século XX” e para el reclama nomeamentos como o de doutor *honoris causa* pola USC e o de fillo adoptivo de Santiago de Compostela.





Apunta neste artigo que para coñecer as achegas de Camilo José Cela a Galicia hai que buscalas nas obras completas publicadas por Destino-De Agostini e en *Papeles de Sons Armadáns*. Repara tamén en distintos aspectos da versión galega de *A Familia de Pascual Duarte* (1962), traducida ao galego por Vicente Risco, prologada por Ramón Otero Pedrayo e ilustrada por Xohán Ledo. Ademais conta as diversas peripecias polas que tivo que pasar a obra, tanto en galego coma en castelán, para sortear a censura franquista.

Explícanse brevemente as tres tiradas que tivo a versión galega de *A Familia de Pascual Duarte*, de Camilo José Cela, que apareceu no ano 1962, vinte anos despois da súa primeira edición castelá. Martínez Couselo extrae dous dos parágrafos principais do prólogo que fixo Otero Pedrayo. Por último, fai un curto apunte sobre a Galicia do interior e a Galicia mariñeira, representadas as dúas polo Nobel de Literatura en *Mazurca para dos muertos* (1983) e *Madera de boj* (1999), respectivamente.

Enxalza a figura do xornalista Raimundo García Domínguez, máis coñecido por Borobó. Martínez Couselo recorda a súa estadía en Madrid como xornalista, as súas colaboracións nos xornais galegos e tamén as súas incursións no mundo da dramaturxia.

Aproveita o Día do Libro para escribir un breve artigo sobre o libro *Galicia, unha luz no Atlántico* (2001), editado por Edicións Xerais de Galicia e escrito por un equipo coordinado por Víctor Fernández Freixanes. Couselo elabora unha listaxe cos nomes dalgúns dos intelectuais e expertos que bota de menos nas páxinas do volume.

Fala do libro *Un verán en Galicia*, que foi publicado no ano 1999 pola editorial Galaxia e que é traducción de *Spain Revisited. A summer holiday in Galicia*, da autora inglesa C. Gasquoine Hartley. Indica que a orixe desta obra parte dunha viaxe que a autora fixo a Galicia en 1902, a partir da cal escribe este volume no que describe a paisaxe e paisanaxe galegas. No artigo transcríbense varios anacos da traducción.

Marina Mayoral dálles a noraboa aos rapaces e aos profesores que fixeron posíbel que a revista escolar *Amencer*, creada no Seminario Santa Catalina de Mondoñedo, teña xa vinte anos de vida e cento setenta e oito números no seu haber, ao tempo que os invita a seguir traballando nela. A escritora lembra a ilusión que ela mesma, xunto con Arcadio López Casanova e Fina Prado, puxeran na revista *Escritos*, sufragada polo profesor de Literatura do instituto de Lugo, Luís Quintela. Así mesmo, repara en que "as aventuras editoriais deste tipo acostuman ser efémeras".

O cronista láiase de que os medios de comunicación galegos, fronte ao que ocorre noutras comunidades autónomas ou noutros países, non dispoñan dunha programación cultural que dedique determinados espacios á literatura. Ademais considera que o tratamento das letras galegas recibe unha atención "subalterna e inferiorizante a respecto da literatura e dos libros en castelán". O autor critica tamén á TVG pola ausencia deste tipo de programación e amósase esperanzado ante un espacio que estreará TVE en Galicia, ideado pola xornalista Raquel Domínguez, e titulado *Ao pé da letra*.

Celebra que o Padroado Curros Enríquez se transformara en Fundación. Para Ferrín, o feito de que cada vez haxa máis Casas Museos de escritores supón a apertura dunha nova xeira histórica que permitirá comprender mellor o noso presente e construír mellor “a tradición democrática” a través das voces do pasado. Por iso, reclámalles tamén aos familiares de Eduardo Pondal e á Real Academia Galega que fagan posíbel un Museo do escritor na súa casa natal de Ponteceso (Bergantiños).

Crónica que lembra a figura do escritor Xoán Manuel Casado, natural de Castro de Caldelas e morto aos cincuenta e tres anos de idade en Barcelona, a cidade na que se criou e viviu toda a vida, pero na que decidiu ser galegofalante e galegoescribinte. Segundo Méndez Ferrín, amigo persoal do finado, o poeta Jaime Gil de Biedma foi a súa “grande devoción poética”.

Tomando como punto de partida o poema de Víctor Hugo *O reiciño de Galicia* (1998), traducido ao galego por Henrigue Harguindey para a Editorial Laiovento, faise un repaso histórico das desventuras do rei galego Don García. Aproveita para dar outros títulos relacionados coa figura do monarca, entre os que se atopan o *Orlando Furioso*, de Ariosto; e a novela *Morte de Rei* (1996), de Darío Xohán Cabana. Desta última Ferrín destaca a lucidez na interpretación psicolóxica dos personaxes e a boa administración dos informes narrativos.

Méndez Ferrín relembra, con motivo do seu segundo centenario, a influencia que o escritor Víctor Hugo tivo nas letras galegas do século XIX. Fai fincapé no poema que o francés titulou *Le Petit Roi de Galice*, traducido para *O Reiciño de Galicia* (1998), pero, sobre todo, repara nas semellanzas de mensaxe que, segundo o seu punto de vista, existen entre o *Divino Sainete* (1888), de Manuel Curros Enríquez, e o *Le Pape*, de Víctor Hugo. Considera que malia as diferencias estilísticas e enunciativas os dous escritores veñen a dicir que León XIII non asumirá nunca a Liberdade do mundo moderno.

A raíz da edición dos dous volumes de Espiral Maior coa poesía completa de Manuel María, Méndez Ferrín gaba neste artigo a figura do poeta chairego quen, ao seu ver, recolle na súa poesía a de todos os poetas da súa xeración: Antonio Tovar, Tomas Barros, Uxío Novoneyra, Mª Xosé Queizán, Ramón Lorenzo ou Salvador García-Bodaño, entre outros. Sinala que é unha poesía que comezou con libros como *Muiñeiro de Brétemas* (1950), da colección "Benito Soto", e que resume "a nosa vida, as nosas angueiras, os nosos errores, as nosas arelas, (...) o noso pobo e a súa permanencia como esperanza e como norte".

Crónica sobre o libro de Ermelindo Portela Silva, *García II de Galicia, el Rey y el Reino.* Méndez Ferrín recorda a figura do rei galego, “un rei mozo que, traizoado e roubado polos irmáns, vive o respecto dos seus días preso en Luna”, e fai un repaso por outros libros da historia da literatura galega e universal que tamén botaron man deste personaxe, como é o caso de *Morte de rei* (1996), de Darío Xohán Cabana, ou a noveliña en verso de Víctor Hugo, *Le Petit Roi de Galice*, traducido ao galego en 1998.

Manifesta a súa satisfacción de ver ao poeta chairego Manuel María no seo da Academia Galega, así como o feito de que a institución promovese a figura do poeta noiés Avilés de Taramancos, elixido para conmemorar o Día das Letras Galegas do ano 2003. A seguir, felicita á Academia en xeral e ao seu presidente en particular, Xosé Ramón Barreiro Fernández, pola “lectura do documento crítico e reivindicativo aos poderes políticos feita publicamente en Pontevedra”.

Recordo de Roberto Vidal Bolaño, que vén de falecer, do que sinala que cando morreu ía publicarse en *A Trabe de Ouro* o seu testamento dramático. Fala do importante lugar que ocupaba dentro da literatura galega, lembra cando foi membro do xurado que premiou unha obra súa dentro dos Premios Abrente 1977 e admira a forza e enerxía coa que chegou ata o final.

Critica aos traductores de *A rúa e outros relatos* (2000) e *Traballo de Campo* (1996) por sinalar na capa do libro e no prólogo, respectivamente, que esas son as primeiras traduccións que se fan ao galego dos libros de Gerry Adams e Seamus Heaney, xa que en ambos os dous casos apareceran algúns fragmentos traducidos na revista *A Trabe de Ouro*.

Tras o coñecemento da morte de Xoán González Millán, profesor da Universidade do Estado de Nova York, en accidente de tráfico, Xosé Luís Méndez Ferrín fai gabanza e recordo ao labor deste estudioso. Sinala o seu traballo dentro do ámbito da filoloxía e da teoría literaria (ensaios, artigos, colaboracións en revistas, dirección do *Anuario Galego de Literatura*, etc.) e alude á emigración galega en Manhattan, tema do que o falecido tiña anotadas moitas impresións.

Fala da figura do lobishome que segundo Ferrín é mítica e popular na nosa terra, mais tamén é unha figura na literatura universal. Sinala que o primeiro en tratar o tema na literatura culta é Ovidio coa transformación de Licaón no seu libro das *Metamorfoses* e a partir dese autor son numerosos os escritores que tratan o tema: María de Francia no século XII, Julian Kristeva, Xosé Miranda, etc.

Méndez Ferrín, X. L., “Querido Isidoro”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 30 decembro 2002, p. 2.

Ante a morte de Isidoro Millán González-Pardo, fai un breve recordo da vida do falecido. Ademais dalgunhas anécdotas, declara que o falecido era un apaixonado da poesía e do drama levando a cabo traduccións, por exemplo, de Eliot e Shakespeare ao galego. Afirma que a súa ampla sabedoría foi plasmada en poucos traballos, que era un examinador permanente da historia e da cultura micénica e galaica, etc. Considera que a conferencia “Raíces prelatinas da cultura galega: problemas e datos da Lingua e Crencias”, incluída no libro *Evolución Cultural de Galicia* editado no ano 1979, é o lugar onde mellor se expoñen as súas teses e a partir dos “Comentos filolóxicos”, o apéndice á *Antífona da Cantiga* (1951), de Ramón Cabanillas, o punto de partida da obra que nos deixou Isidoro Millán ata o seu falecemento.

Artigo de lembranza para o finado Carlos Casares. Moralejo lembra que o coñecera por medio de Luís Mariño ou Ramón Piñeiro, feito do que xa non se lembra ben, e destaca del a súa bondade como persoa, a súa calidade como contista e novelista e a súa "man mestra"para escribir con sinxeleza e perfección na "galería sabrosa de "Á marxe", a súa sección de *La Voz de Galicia*.

O autor defende a decisión de traducir ao castelán a obra teatral de Alfonso Rodríguez Castelao, *Os vellos non deben namorarse*, que nunca chega a citar explicitamente no texto. Para xustificar a súa opinión recorda que tamén se traduciu ao galego a obra castelá de Rosalía de Castro.





Achégase a algúns dos poetas máis destacados da literatura galega, dos que destaca algún dos seus aspectos máis relevantes. Así, de Amado Carballo sinala que fai unha poesía que non é estricta vangardista; que Noriega Varela “traballaba cun método moi preciso” e confeccionaba versos de “fasquía persoal, salvándose así da incuria do tempo”; mentres que de Ramón Cabanillas destaca a súa “leve e lixeira dicción” e a “atinada concepción formal” da súa obra. Finalmente, de Aquilinio Iglesia sinala a súa capacidade como versificador, aínda que considera que nos seus poemas, igual que nas súas traduccións, se constatan certas imperfeccións “ao fotografar un mundo campesiño que el viviu”.

Neira, Manuel Xosé, “Porteiro Garea”, *O Correo Galego*, “Licor de herbas”, 2 xullo 2002, p. 4.

Neira aposta pola figura do poeta de Valdeorras, Florencio Delgado Gurriarán, descartado pola Real Academia Galega para celebrar o Día das Letras Galegas do ano 2003. Segundo Neira a súa escolla viría a “decantar mellor a nosa tradición desfavorecendo ese inmediatismo e imninencia social mesmamente de Avilés de Taramancos”, o poeta noiés elixido pola institución galega. A seguir, centra a súa columna de opinión lembrando a traxectoria e os méritos de dúas figuras importantes dentro do ámbito da cultura galega: os lucenses Porteiro Garea e Lorenzo Varela, para os que reclama unha rúa na cidade das murallas que contribúa á súa lembranza.

Columna na que discrepa na decisión da Academia Galega de escoller a voz do noiés Antón Avilés de Taramancos no canto da de Florencio Delgado Gurriarán, poeta da terra de Valdeorrras, para conmemorar o Día das Letras Galegas. Segundo o columnista o ourensán é “o poeta dionisíaco galego” por excelencia. Del destaca, sobre todo, a riqueza do léxico que emprega á hora de elaborar os poemas, propio da súa zona natal, e subliña por riba doutros o que lle dedicou no seu día a Ramón Otero Pedrayo.

Fala da orixe do hilozoísmo e do neotrobadorismo, que sitúa na época medieval. Analiza aobra poética de Álvaro Cunqueiro e defínea como de verso primitivo e con falta de rigorosidade. De seguido, trata de xeito xeral a evolución do movemento vangardista, que considera integrado no sistema económico e falto dun pulo revolucionario.





Neira, Manuel Xosé, “Cinco poetas”, *O Correo Galego*, “Licor de herbas”, 15 xullo 2002, p. 4.

Fai un repaso pola poesía galega do século XX e elabora unha listaxe dos que, na súa opinión, son os cinco poetas máis significativos. Nesta enumeración sinala a Manuel Antonio, a Luís Pimentel, a Aquilino Iglesia Alvariño, a José Díaz Castro e a Lorenzo Varela. Sinala de cada un deles as razóns polas que os considera un referente dese período e apunta as principais características da súa obra.

Comeza sinalando que é un gran coñecedor da poesía de Bertolt Brecht, para continuar analizando algún dos máis destacados poetas sociais da literatura galega: Lorenzo Varela, Luís Seoane e Celso Emilio Ferreiro, entre os que destaca a calidade técnica do primeiro. Así mesmo, cita a outros poetas que sitúa no paso da poesía social á cultural, todos eles membros do grupo Rompente.

Neira, Manuel Xosé, “Apuntamentos”, *O Correo Galego*, “Licor de herbas”, 27 xullo 2002, p. 4.

Fala do actual esquecemento dos contidos sociais e da poesía comprometida e de acción, no que cita algúns cantantes e poetas considerados como comprometidos socialmente e apunta a súa opinión persoal. Doutra banda, fala dos movementos denominados hilozoísmo e neotrobadorismo. Neste último bota de menos a existencia dunhas “cantigas de romería” nas que se poderían reflectir as características esenciais do pobo galego.

Neira, Manuel Xosé, “Simboloxías”, *O Correo Galego*, “Licor de herbas”, 9 agosto 2002, p. 2.

Faise unha comparación entre a literatura de Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro, procurando a esencia de cada unha delas. Afirma así que a literatura de Fole evoca constantemente á modernidade e sobre todo ao mundo urbano, mentres que a literatura cunqueiriana ten evocacións de tempos idos e unha forte pegada do mundo rural.

Reflexiona sobre a creación literaria e a ampla capacidade que o galego, na súa esencia, ten para tal tarefa. Defende, ademais, as correntes realistas, xa que segundo sinala non é posíbel crear sen partir dunha realidade inmediata. En base a esta consideración fai unha breve defensa do realismo do século XIX, por considerar a literatura daquel momento o inventario ou testemuña dunha época.

Lembra as xornadas do Pen Club celebradas en Compostela, nas que participaron como invitados Derek Walcott e Wole Soyinla, ás que el asistiu como público. Expresa as impresións daquelas xornadas e do recital de Walcott, que en xeral define como un breve desatino.

Artigo arredor da figura de Lence Santar, do que “Libros da Frouma” fixo unha edición da súa obra en 2000. Sinala que é un dos persoeiros máis ilustres de Mondoñedo, comenta o prólogo do libro e a importancia do seu autor, que define como erudito, coñecedor dunha época culturalmente importante para Mondoñedo, na que evoca aos poetas e escritoresmáis destacados vinculados con esta cidade como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole ou Antonio Noriega Varela. Sinala que foi o transmisor do dialecto mindoniense e gran coñecedor de papeis, bibliotecas, arquivos e museos.

Fálase da figura de Manuel Pereira Valcárcel, poeta de Ouzande e do seu último libro *Inventario de fragmentos* (2001), do que se di sinalan algunhas das súas características como a súa estructura en forma de por poemas-fragmento, o uso de imaxes e metáforas novas, etc. Así mesmo, coméntanse fragmentos do prólogo feito por Francisco Fernández del Riego á obra de Noriega Varela na colección "Biblioteca das Letras Galegas" de Edicións Xerais de Galicia e menciónanse libros, como a colección "Libros da Frouma", dirixida por Luís Alonso Girgado, e a autores como Pura Vázquez.

A partir da loanza a Xosé Luís Méndez Ferrín como un escritor de grande importancia para a práctica das novas formas narrativas, proponse para optar ao Premio Nobel de Literatura, aínda que considera que a ideoloxía que Ferrín mostra nas súas obras fai que se distancie do recoñecemento da sociedade capitalista.





Fala do mes de Santos, de personaxes da súa vida cotiá e alude a diferentes autores comoÁnxel Fole ou Darío Xohán Cabana. Sinala que Jovita, unha muller que ten un posto na entrada á bocarrúa de Recatelo, disque coñeceu a Fole, de quen asegura que lle deron a gloria despois de morto, xa que era un home que levara mala vida, sempre co paraugas ao lombo, con ese desleixo galego na pronuncia, gordecho e gorentador dun café coma ninguén. Así mesmo, Xosé Manuel Neira di que lle ten aprecio aos xitanos porque no fondo son semellantes aos rillotes de Castelao e menciona ao autor de *Fírgoas*, Manuel Luís Acuña, un autor raro por intersticial. Finalmente, menciona a Darío Xohán Cabana polo seu poema que fala da “chousa da nación”.

A estrea da longametraxe documental de Xan Pérez Leira, *Castelao e os irmáns da liberdade*, estreada en San Domingos de Bonaval o 7 de xaneiro do 2002, sérvelle a Neira Vilas para lembrar outra vez aquel xaneiro de 1950 no que faleceu Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Para o autor desta crónica, que se inicia no galeguismo coincidindo co pasamento do rianxeiro, as conmemoracións feitas ao galeguista veñen a confirmar "a vixencia das súas ideas", "o exemplo perdurable da súa militancia rectiliña" e "a devoción que por el sinte
o pobo galego".

A tan só cinco meses de cumprírense os cen anos do nacemento de Nicolás Guillén (Camagüey 1902-A Habana, 1989), Neira Vilas fai un repaso pola súa vida e obra e enumera os distintos fitos que uniron ao poeta cubano con Galicia. Entre eles está a súa devoción pola pintura de Luís Seoane, as visitas á organización Follas Novas en Buenos Aires ou a edición do seu primeiro poemario, *Motivos de son* (1930), a cargo do impresor galego asentado na Habana, Xosé María Bouza.

O escritor Neira Vilas recupera neste artigo os versos do poeta cubano José Martí traducidos ao galego en varias ocasións, como por exemplo os que figuran nun monolito na praza pontevedresa que leva o seu nome. O autor do artigo recolle tamén os nomes de escritores galegos que traduciron á nosa lingua parte da obra do escritor cubano, que abrangue un total de vintesete volumes. Ademais, repara na presencia que sempre tivo Galicia na obra deste escritor a pesar de ser unha terra que non coñecía persoalmente.

A lembranza de Neira Vilas é para o poeta noiés Antón Avilés de Taramancos, ao que cualifica como “unha das voces líricas de maior altura que deu o noso país”. Lembra a súa amizade co poeta e a etapa da vida que este pasou en América, a terra que o acolleu en pleno franquismo e na que deixou a súa pegada en obras como *Nova crónica das Indias* (1978) e *Cantos caucanos* (1985).

Infórmase sobre a rehabilitación do cuartel coruñés de Macanaz, un edificio do século XIX que acollerá dende o vindeiro febreiro a Fundación Luís Seoane. No artigo ofrécense variados datos sobre as instalacións coas que contará a entidade presidida por Alberto González-Alegre, á vez que se enxalza a figura do ilustre escritor e da súa dona, Maruxa Fernández, que legou á cidade herculina o patrimonio básico que conforma a obra do autor.

Lembranza da figura da recentemente falecida Carmen Muñoz, viúva do escritor galego Rafael Dieste. Neira Vilas repasa os anos compartidos coa parella de intelectuais nos tempos da emigración en América e a correspondencia mantida con eles. Ademais felicita o xesto do concello de Rianxo, que a nomeou Filla Adoptiva e lle facilitou sepultura ao carón do seu marido e moi preto de Manuel Antonio.

Neira Vilas, Xosé, “Galicia en Sevilla”, *El Correo Gallego*, “O sarillo do tempo”, 2 xuño 2002, p. 2.

O autor de *Memorias dun neno labrego* dá conta da súa experiencia en Sevilla, lugar ao que foi invitado no mes de maio polo Lar Galego desa cidade con motivo do Día das Letras Galegas. Sinala que alí ofreceu unha conferencia titulada “Significación do Padre Martín Sarmiento”. A seguir, informa das distintas funcións do Lar Galego, fundado en 1956, ao tempo que vai lembrando a súa visita á capital andaluza, unha visita guiada pola presidenta da devandita institución, a monfortina María Teresa Rodríguez.

Láiase da “calamitosa” situación que vive Arxentina e relata a viaxe que fixo na compaña da súa dona Anisia Miranda a Buenos Aires en 1998, na que se reencontrou con vellos amigos intelectuais despois de trinta e sete anos.

Con motivo do cento once aniversario do traslado dos restos de Rosalía a San Domingos de Bonaval, lembra que este se debeu a unha iniciativa da Sociedade Galega en Cuba. Sinala que tres semanas despois do pasamento da poeta un artigo publicado no semanario *Galicia Moderna* xa informaba da intención dos galegos emigrados de perpetuar a súa memoria cun mausoleo. Tamén lembra que dous anos despois da publicación deste artigo a Sociedade Galega en Cuba lle enviou a Murguía 864,80 pesos en billetes de banco e 60,62 en ouro e catro anos máis tarde os restos de Rosalía son trasladados ao que agora é coñecido como Panteón de Galegos Ilustres.

Narra a viaxe feita a Córdoba para ofrecer unha conferencia sobre Frei Martín Sarmiento invitado polo presidente da Casa de Galicia naquela cidade. Dá conta de todas as iniciativas que se desenvolven nesta asociación, entre as que destaca a creación de diferentes premios, a edición dunha revista, a existencia dun grupo folclórico ou o mantemento dun faladoiro semanal, entre outras actividades. Finalmente, describe os lugares da cidade que visitou en compañía do historiador Isidro Rodríguez.

Fala da Vª edición das Xornadas “Catoira na Historia”, que este ano estiveron dedicadas á guerrilla antifranquista en Galicia. Sinala que contaron coa presencia de estudiosos galegos, familiares de guerrilleiros e o historiador alemán Hermut Heine. Neste evento tamén indica que tivo lugar a proxección de dous filmes, un sobre o fusilamento de Gómez Gaioso e outro sobre un mitin pronunciado por Castelao na Habana. Valora positivamente este tipo de actividades, por que segundo sinala non abonda con facer a historia senón tamén hai que contala.

Recorda ao seu amigo Ricardo Flórez, que faleceu en Buenos Aires recentemente. Fala da súa traxectoria vital, da súa chegada a Arxentina en 1929 e lembra que escribiu obras de teatro como *Mani e filla*, *Un ovo de dúas xemas* (1956) ou *Enguedello*, todas elas representadas e mesmo publicadas algunha nun libro de Edicións Rueiro. Tamén sinala que creou o grupo de teatro Lugrís Freire no que o articulista participou. Remata lembrando os seus últimos encontros e o desexo do finado de volver a Galicia.





Fala da VIIIª edición do Simposio Pondaliano que ano tras ano ten lugar en Ponteceso organizado pola Asociación Cultural Monte Branco. Ademais de sinalar que o contido da súa intervención neste versou sobre a figura de Pondal en América, destaca o compromiso desta asociación coas Letras galegas.

Comenta Neira Vilas a relación que mantén por correo con Claudia Doba, unha traballadora do Arquivo Histórico de Olavarría de Buenos Aires. Sinala que esta relación comezou cando Neira Vilas mandou unha carta ao alcalde de Bernasconi, poboación pampeana na que viviu Castelao entre 1896 e 1901 cos seus pais e irmás; que Claudia Doba o informou de que nada queda do barrio no que o pai de Castelao establecera o seu almacén “La Cruz Colorada”. Así mesmo, indicoulle que non hai ningunha referencia do autor rianxeiro e mandoulle a partida de nacemento de Teresa, as referencias que atopou en Internet e outros papeis relacionados coa historia de Bernasconi.

Sinala que os seres mitolóxicos da cultura clásica son os precedentes dos seres fantásticos e extraterrestres da literatura actual. Tamén fala da presencia dos animais como protagonistas de moitas obras, en moitas das cales acadan máis transcendencia que o propio autor, por exemplo Moby Dick, Platero ou o Gato con Botas.

Fai referencia ao emprego de pseudónimos por parte de escritores, entre os que aparecen citados os galegos Xosé Ramón Fernández Oxea, que asinou como Xan Fouciño e como Ben-Cho-Shey, e Manuel García Barros, que asinaba como Ken Keirades. Cita, ademais, os sobrenomes empregados por Larra (Fígaro), Leopoldo Alas (Clarín), Jean Baptiste Poquelín (Moliére), Henri Beyle (Sthendal), etc.

Fala do emprego especial que dos sobrenomes fan os autores do xénero policial. Na literatura galega cita o caso de Xesús Franco González, que xoga a “ocultar” o seu nome na novela *Blues para un asasino* (1994), mentres que noutros xéneros non o fai. Apunta o nome de autores da literatura universal que asinan de xeito diferente dependendo do xéneroda obra, por exemplo John le Carré vs. Ágatha Christie.

Alude ao cambio de autoría ou mesmo de título que ás veces se produce entre a primeira e sucesivas edicións dunha mesma obra. Dentro da literatura galega cita o exemplo de Celso Emilio Ferreiro coa obra *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968), que primeiro asinou como Arístides Silveira e logo como Alexis Vainacova, ademais de cambiarlle o título por *Os autentes* (1973).





Pon fin a esta serie de artigos dedicados aos sobrenomes apuntando unha longa relación de autores cos seus pseudónimos, entre os que citas tres casos galegos: Ramón Piñeiro, queasinou como Luís Veiga do Campo; Álvaro Cunqueiro, que asinou como Álvaro Labrada; e Valentín Lamas Carvajal, que asinou como Marcos da Portela.





Dá conta do encarceramento do lingüista Aníbal Otero por razóns alleas á súa obra. Lembra que fora acusado de traballar con código cifrado, cando viña de Portugal con transcricións fonéticas para o *Atlas Lingüístico da Península Ibérica*. Do mesmo xeito, sinala que no tempo que estivo no cárcere escribiu unha novela, *Esmoriz*, que non foi publicada ata 1994por que desapareceu de Edicións Castrelos cando ía ser publicada por Xosé María Álvarez Blázquez.





Comenta os problemas que tiveron coa xustiza, pola súa obra, Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. Sinala que o primeiro foi acusado por unhas declaracións que fixo do duque Montpensier e por *Aires da miña terra* (1880), polo que foi acusado de herético e blasfemo. Celso Emilio Ferreiro foi acusado por uns artigos nos que comentaba un discurso de Gil Robles e foi denunciado por unha veciña de criticar publicamente os crimes fascistas.

Comeza falando da presencia dos insectos na literatura universal para, posteriormente, centrarse na literatura galega. Sinala que os animais teñen unha presencia especial no grupo mindoniense formado por Noriega Varela, Iglesia Alvariño, Crecente Vega e Díaz Castro, nos que atopamos dous movementos diferentes: o animismo e o hilozoísmo.

Continúa falando da presencia do naturismo na literatura galega. Sinala que hai tres escritores que, ademais, son biólogos: Marilar Aleixandre, Xavier Queipo e Xosé Miranda. Apunta como curiosidade que estes tres autores adoitan introducir nas súas obras personaxes fantásticos e irreais. Outros autores que vincula ao naturismo son Carlos Velo, Antonio Machado e Italo Calvino.

Continúa a falar dos sobrenomes empregados por diferentes autores e cita algunhas técnicas frecuentes, como facer referencia ao lugar de nacemento (por exemplo Francisco Fernández del Riego que usou Cosme de Barreiros ou Salvador Lorenzana) ou adaptar o propio nome a outra lingua (por exemplo o polaco Teodor Józef Konrad Korzeniowski que adaptouno ao inglés como Joseph Conrad).

Dá conta de diversas traduccións da literatura universal a outras linguas, entre elas ao galego. Cita a traducción que á lingua galega fixo Darío Xohan Cabana de *A Divina Comedia*, de Dante; do *Cancioneiro*, de Petrarca, e de *Os tres Mosqueteiros*, de Dumas; ou Álvaro Cunqueiro dunha parte do *Fausto* de Goethe.

Fai un repaso pola historia xeral da traducción e destaca a primeira Escola de Traductores da Península (século XI), os primeiros traductores a romance (entre os que sinala a Alfonso X o Sabio), os “anosadores” e os autotraductores, que son aqueles autores que traducen a súa propia obra a outra lingua.

Novo, Paulino, “Traductores (VII)”, *El Progreso*, “Borboriño biográfico”, 10 agosto 2002, p. 71.

Fala das traduccións de autores portugueses a outras linguas, por exemplo ao italiano ou ao castelán. En relación con isto apunta algunhas curiosidades, como que o traductor de *Ensaio sobre a cegueira*, de José Saramago, quedase cego. De seguido, quéixase pola escasa traducción que se fai desa lingua e do brasileiro á lingua galega. Sinala que entre os poucos autores traducidos neste ámbito cita a Camilo Castelo Branco, Jorge Amado, Eça de Queirós e Nélida Piñón.

Faise referencia ao mundo editorial galego, do que se di que se está “poñendo moi caro”. Alúdese aos casos do escritor Alfredo Conde, quen desfilou pola práctica totalidade das editoriais sen conseguir unha maior implicación destas na publicación das súas obras, e Víctor F. Freixanes, que gañou o seu posto en Galaxia, aínda que esta non atravesa o mellor dos seus momentos.





Columna dedicada á memoria do escritor Carlos Casares. Nela Álvaro Otero sostén que o ourensán foi, sen sabelo, “o paradigma da sabedoría relativista galega” que sabía converter a “cotidianeidade máis trivial en feito literario”, o que constituía unha “xenuína maneira de entender a vida”.

Anúncianse os actos que terán lugar o día 27 de xaneiro en Rianxo no seo da Fundación Castelao: a presentación da biografía completa do autor e a proxección da película de Xoán Leira *Castealo e a(s) irmandade(s) da liberdade*, unha longametraxe que, segundo David Otero, constitúe "un percorrer rigoroso, feito con país e terra na cabeza, nas ideas, polos anos máis significativos de vida de Castelao".

Reflexións sobre a lectura en galego e en Galicia, que xunto con Andalucía e Valencia é unha das comunidades autónomas onde menos se le.





Nesta crónica David Otero recorda as actividades da recentemente finada Carme Muñoz Manzano, a mullher do rianxeiro Rafael Dieste, á que considera “parte esencial do proxecto e do traxecto de vida” do escritor galego.

Fai un chamamento aos libreiros galegos para que dediquen tempo á cidadanía galega, á marxe dos seus lugares de diario, as librerías. Segundo Otero ese será o mellor método para a normalización cultural do noso pobo e a transformación dos hábitos actuais de lectura.

O cronista alégrase de que a Real Academia Galega decidira dedicar o Día das Letras Galegas do 2003 ao noiés Antón Avilés de Taramancos. Asemade aplaude a decisión dos académicos de admitir no seu seo ao poeta chairego Manuel María.

Neste artigo David Otero aconsella e anima aos lectores a coller un libro e dedicar o tempo libre a ler. “Non esquecemos que os libros, léndoos establécense como un dos mediadores máis transparentes nos que gozarmos numerosas intimidades”, sostén Otero.

Emocionado recordo de Carlos Casares tras a súa morte, xa que con el compartía proxectos no Consello da Cultura Galega. Recorda especialmente dous momentos de encontro co falecido, un primeiro cando quen asina o artigo apoiaba a Antón Fraguas en vez de a Casares como candidato á presidencia do Consello da Cultura, e un segundo cando Casares lle regalou un libro sobre Ramón Piñeiro dedicado. Así mesmo, destaca o bo conversador que era Casares, a súa comprensión e a súa simpatía natural.

O director do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento fai un repaso á vida de Isidoro Millán González-Pardo, conde de Quirós, con motivo da súa morte. Comenta datos sobre a familia pontevedresa do falecido, os seus estudios en Salamanca e Madrid, a súa entrada na RAG e a posterior renuncia por firmeza das súas convicciónS; a súa incansábel dedicación aos estudios de etimoloxía, topomástica, epigrafía e lingua e literatura galega; á súa colaboración en diferentes institucións (caso do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento), etc. Finalmente, di que o artigo é unha pequena homenaxe ao falecido Conde de Quirós co que ten compartido distintos recordos e sentimentos.

Pena, Xosé Ramón, “Primavera no ‘Dublín”, *Faro de Vigo*, “De bolina”, 2 novembro 2002, p. 26.

Repasa a historia do pub Dublín de Vigo, no que se lle deu cabida á literatura a través do seu premio literario e que agora pecha as súas portas. Lembra que na primeira edición deste premio formaron parte do xurado Cid Cabido, Gonzalo Navaza, Camiño Noia e Camilo Gonsar, do que resultou gañador *O cable inglés*, de Xosé Antonio Moreno. Lembra tamén outros nomes de intelectuais galegos que foron xurado nas diferentes edicións deste premio, así como dos gañadores entre os que están Manuel Lourenzo, Anxo Angueira, Ramón Caride Ogando ou Xavier Queipo, entre outros.

Alúdese, nun primeiro momento, ao acto organizado pola Fundación Luís Seoane, no que se conmemorou a data da morte do escritor. Entre os actos, destácanse as exposicións e a lectura de textos seus. Por outra banda, faise unha achega á súa obra, na que se salienta a documentación fotográfica dos murais que realizou en Arxentina, aos que se cualifica de "emblemáticos e simbólicos". Tamén se citan as doce xilografías realizadas en 1969 baixo o título *Homenaxe a un paxaro*.

A primeira parte desta crónica dedícaa Pérez Prieto á memoria de Antón Gandoy, sacerdote, delegado de Caritas Diocesana e fundador da iniciativa pedagóxica “Preescolar na casa”. A segunda está escrita en memoria do escritor Carlos Casares que o cronista coñeceu por medio de Ramón Piñeiro e que ocupou un apartado no seu libro *Galegos e cristiáns*.

Pérez Prieto, Victorino, “De libros e moquetas”, *Diario de Ferrol*, “O recanto”, 19 maio 2002, p. 28.

O escritor e sacerdote Pérez Prieto repara no maior problema que, segundo a súa opinión, ten hoxe o libro e o escritor: a escaseza de lectores. Ademais mostra preocupación por esa tendencia á baixa que, afirma nos leva “cara a fórmulas fixas e estereotipadas de pensar e actuar”.

Recorda que cando regresou a Galicia, despois de varias décadas fóra, foron “dous ou tres amigos verdadeiros” os que lle axudaron a ver a nova realidade do país. Sen embargo, aínda que cita varios nomes, recoñece que quen verdadeiramente o axudou a recoñecerse a fondo na Galicia da cultura milenaria e do galeguismo humanista e tolerante foi Carlos Casares. Lamenta, pois, a súa desaparición e opina que a súa entrega ao país fixo que sacrificase parte da súa gloria persoal como escritor e xornalista.

Artigo publicado tamén en *La Vanguardia* o 25 de marzo do 2002. Nel Juan Perucho recorda, primeiramente, as viaxes e conferencias compartidas en Moscova, Baltimore e Nova York co que fora presidente do Consello da Cultura Galega, director de Galaxia e da revista *Grial*, Carlos Casares. En segundo lugar evoca a visita que fixo á súa casa de Vigo e
o encontro en Santiago con motivo do premio Rosalía de Castro, concedido ao articulista pola USC. Para Perucho Casares era un escritor tocado, sobre todo, polo “vento inapreixable” da poesía.

Fai referencia á relación e ao contacto que mantiña Carlos Casares co Liceo de Ourense. Comenta que o escritor estivo moi vinculado a esta institución, á que acudía sempre que era convidado.

Tras mencionar o labor de Carlos Casares como escritor, céntrase na súa actividade como orador, salientando a capacidade que tiña de facer do discurso algo escrito. Alude a unha conferencia que deu en Moya, vila canaria, na que falou sobre o ano europeo das linguas e do conflicto lingüístico que se está a vivir en Galicia.





Artigo que describe o “trallazo de emoción” que o autor viviu no cemiterio de San Félix de Nigrán onde foi enterrado Carlos Casares acompañado pola gaita do músico Carlos Núñez.

Anuncia que nun acto de ousadía vai corrixir a un poeta e, de seguida, solventa o erro que tivo Manuel María ao afirmar que a casa de Celso Emilio estaba en abandono, cando realmente esa vivenda non pertence ao poeta dende que el mesmo a vendeu ao seu actual propietario.





Continúa aclarando, con respecto a un artigo publicado por Manuel María sobre o estado da casa de Celso Emilio Ferreiro, que o poeta lucense se equivocou e que a casa que el xulgou foi vendida xa en vida do poeta ourensán a outra familia, polo tanto, o seu estado actual depende do seu dono lexítimo e sinala, ademais, que a memoria de Celso Emilio está presente nun cuarto da casa de Curros, situada a escasos metros da que foi obxecto de equivocación.

Loa o labor de Carlos Casares como columnista de *La Voz de Galicia*, do que destaca a súa capacidade para facer unha “peza maxistral” cos temas menos relevantes.

Dá conta do acto organizado polo concello de Ferrol para poñer o nome de Carlos Casares a unha praza desta cidade. Sinala que ao acto asistiron numerosas persoas entre familiares, amigos, admiradores e representantes da Fundación Carlos Casares. Considera que esta masiva asistencia é sinónimo do compromiso do concello ferrolán coa cultura galega e do recoñecemento existente pola figura do autor. Manifesta, finalmente, que o vínculo que o escritor mantiña coa cidade se debía á súa relación de amizade e admiración cara a Gonzalo Torrente Ballester.

Columna na que se desmente que Carlos Casares inventara as anécdotas sobre as que escribía. Prado Benigno recorda unha das que viviu co finado escritor, do que eloxia a súa "prodixiosa memoria".

Lembra as conversas-monólogos que mantivo co escritor ourensán Ramón Otero Pedrayo nos seus últimos anos de vida. Sinala que algúns dos temas que tocaban era o da figura de Pedro Madruga, as festas de Ourense ou o do esmorecemento do rural galego.

No seu recordo dende Sevilla ao finado escritor ourensán Carlos Casares, Fernando Ramos destaca, entre outras, a súa faceta como contador de historias. Por último quéixase da escasa representación oficial da cidade de Vigo o día do seu enterro no camposanto de Nigrán.

Reigosa lamenta nesta columna a perda de Carlos Casares, “un escritor de primeira liña e un home bo e xeneroso”.

Dáse conta da aparición dunha nova biografía de Xosé Crecente Vega (1896-1948) titulada *Xosé Crecente Vega. Vida e obra*, da autoría de Félix Villares Mouteira e publicada en Toxosoutos no ano 2001. Indícase que o autor da introducción é Ricardo Polín e destácanse os traballos deste e de Villares Mouteira en diferentes publicacións arredor da figura do autor de *Codeseira* (1933), como pode ser a revista *Amencer*. Finalmente, faise referencia á necesidade dunha edición da obra completa de Crecente Vega.

Achegamento á figura do falecido Carlos Casares, un escritor que para o xornalista Pedro Rielo seguirá a ser “unha persoa moi próxima”, xa que escribía “con claridade das cousas verdadeiramente importantes”.

A xeito de reclamación, recrea o “resucitamento” de Rosalía na súa Casa da Matanza e pregúntase se continuaría sendo escritora nas circunstancias actuais. Conclúe que tería certos problemas técnicos por que na súa casa, sede do Centro de Estudios Rosalianos, non hai ordenadores nin máquinas de escribir e solicita, polo tanto, que se dote aos estudiosos que traballan nesta institución dos medios necesarios para desenvolver o seu traballo.

Reflexiona sobre o descenso de lectores e de vendas, fronte ao contradictorio aumento de empresas editoriais. Pensa que as causas son, dunha banda, o mercantilismo co que se trata a literatura e, doutra, a falta de educación á hora de promover a lectura como algo divertido.

Texto de claras evocacións literarias no que Manuel Rivas nega a morte de Carlos Casares, baseándose no feito de que nós continuaremos escoitando a súa literatura no aire e en que, cando a realidade se porta vilmente e leva un dos nosos mellores homes-escritores, non merece a nosa aceptación.





Con motivo do terceiro centenario do nacemento de Diego Antonio Cernadas y Castro, coñecido como “o cura de Fruime”, repasa a súa actividade como poeta, xornalista e impulsor do idioma galego en pleno século XVIII.

Texto de José Rivela traducido ao galego por Antonio Piñeiro no que se recrea unha conversa que o autor e o pintor Manuel Vázquez Ribada, cariñosamente coñecido por “Donchiflado”, mantivo co escritor de Celanova, Manuel Curros Enríquez.

Recorda o “galeguismo vitalista” de Carlos Casares ao tempo que compara a súa figura coa do “mestre” Ramón Piñeiro, do que o escritor ourensán escribira un libro titulado *Homenaxe a Ramón Piñeiro.* Para Rodríguez os dous escritores representan o galeguismo que é capaz de acoller a todos á marxe de calquera tipo de dogmatismo.

A respecto da futura chegada do Tren de Alta Velocidade a Galicia, Carlos Luís Rodríguez manifesta con certa ironía que bota en falta nos días de hoxe a existencia dun Curros Enríquez moderno que asocie desenvolvemento e beleza, tal como o fixera no século pasado o escritor de Celanova a través da poesía cívico-social.

Crónica arredor da polémica suscitada en Galicia pola representación teatral en lingua castelá da peza *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao. O autor defende a súa versión en castelán xa que, ao seu ver, demostra, entre outras cousas a “universalidade” do artista rianxeiro.

Lembra a figura de Carlos Casares e declara que estar de faladoiro con el era “saír do tempo e do espacio para disfrutar coa súa chispa”. A seguir, engade que “poucos como el sabían conciliar a anécdota coa categoría sen pretender dar leccións a ninguén”. Para rematar, afirma que “Galicia di adeus a un dos seus máis significativos referentes. Carlos Casares, Presidente do Consello da Cultura Galega. Carlos Casares editor, catedrático, escritor e amigo dos seus amigos”.





Dáse conta da nova publicación poética *A Flor da Queiruga*, apadriñada por Xulio López Valcárcel e que ten, segundo o autor, como *alma mater* a Xabier Castro, Xesús Galán e Pepe Pol. Ramón Rodríguez Porto fala de que Galicia conta cunha longa tradición poética e que sempre é grato presentar unha nova publicación porque iso é síntoma de que tras dela hai homes e mulleres que se esforzan por transmitir o seu pensamento, as súas inquedanzas e o seu saber. Así mesmo, cualifica aos poetas como “homes de ben” e sinala que esta nova publicación conecta cos predecesores, mais tamén cos nosos poetas de hoxe. Remata felicitando aos promotores da publicación, especialmente a Pepe Pol, o poeta de Montefurado.

Réndeselle nesta columna unha última homenaxe a Carlos Casares, o escritor ourensán que, segundo Santiago Romero, lle tocou facer de ponte entre a vella garda galeguista, representada polo círculo de Ramón Piñeiro, e os novos tempos da política autonómica cun talante que non supuxera unha ruptura co pasado.

S. L., “Casares”, *La Región*, “Carlos Casares 1941-2002”, 10 marzo 2002, p. 47.

Sinala, nun primeiro momento, que coñeceu a noticia da morte de Carlos Casares mentres lía *Un País de Palabras*, libro no que o escritor recolle as súas conversas con Álvaro Cunqueiro. A continuación, dá conta das xuntanzas que mantivo con el e das características máis salientábeis da súa narrativa, como a sinxeleza e a capacidade de síntese da súa escrita.

Máximo Sar copia neste artigo algúns parágrafos do manuscrito *Apuntes de viaje* de Manuel Vázquez Barros, fundador do diario *La Nación Española,* no que o padronense rememora unha visita feita en 1884 a Rosalía de Castro na Casa da Matanza.

Lembranza de Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega recentemente finado. Iago Seara, que foi vocal do citado Consello, considera ao escritor de Xinzo “un traballador da palabra” que soubo deixarnos as súas para sempre “como xoguetes para un tempo prohibido”. Neste artigo Seara, arquitecto e coordinador das seccións de Arquitectura e Artes Plásticas do Consello da Cultura Galega, recorda de qué xeito se foi debuxando a súa amizade con el a través dos anos.

Crónica do museólogo e técnico de Xestión Cultural, Felipe Senén, que recrea o tempo primaveral cos seus símbolos particulares e que garda, ademais, un sentido recordo para o presidente do Consello da Cultura Galega e membro da Real Academia Galega, Carlos Casares, autor de títulos como *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) e *Os escuros soños de Clío* (1979).

Disertación acerca da literatura de viaxes en Galicia, na que parte dos primeiros itinerarios e *peregrinatios* como o da monxa Etheria no século IV, o do Códice Calixtino no XII e as viaxes de Padre Sarmiento, para achegarse logo ás odiseas e aos mundos cheos de fábulasde Álvaro Cunqueiro ou Ramón Otero Pedrayo, entre outros. Por outra banda, o autor bota de menos nas guías turísticas actuais o “patrimonio intelectual” e aposta por unha literatura galega de viaxes, na que o viaxeiro que parte o faga para volver partir e vaia, así, na procura de si mesmo, un pouco ao xeito da *Viaxe a Portugal* de Saramago ou das realizadas por Goethe a Italia, Burckhardt ao Sinaí e R. Burton á Meca.

Senén, Felipe, “Manuel Rivas”, *La Opinión*, “O labirinto do alquimista”, 22 decembro 2002, p. 46.

Faise unha valoración positiva da persoa de Manuel Rivas e sinálase o seu comportamento en diferentes aspectos da súa vida: na peixería, nunha presentación, etc. Así mesmo, indícase que é e foi militante ao pé da causa galega en moitas ocasións e que coa súa firma apoia e promove diferentes medios que normalizan o idioma. Lóase a persoa e o escritor de *O lapis do carpinteiro* e faise alusión a Xurxo Souto como bravú e a Castelao como home entre a xente que fai país.

Senín conta brevemente e a modo de homenaxe unha anécdota que o finado Carlos Casares e el viviron coa súa filla unha mañá en Vigo.

Sierra Quiroga, Juan, “Un de nós”, *La Voz de Galicia*, “Cartas al director”, 19 marzo 2002, p. 12.

Columna dun lector santiagués de *La Voz de Galicia* inserida na sección “Cartas al director” e na que recorda ao escritor Carlos Casares e a súa peculiar maneira de narrar.

Crónica do enterro de Carlos Casares, na que se dá conta dos familiares e persoas do mundo da cultura, política e empresa que asistiron, ademais de aludirse aos actos que se celebraron, como foi a interpretación do himno do antigo reino de Galicia por parte do gaiteiro Carlos Núñez. Tamén se apunta que antes da despedida se sucederon numerosas promesas e compromisos de homenaxes, de placas en rúas e prazas, de estudiar a obra e, sobre todo, de non esquecer o escritor e o amigo.

Fai fincapé na riqueza cultural de Padrón, lugar no que se garda o “Pedrón” ao que foi amarrada a “barca de pedra” que traía o corpo de Santiago o Maior ou onde naceron os escritores Rosalía de Castro e Camilo José Cela.

Comenta que despois de pasar as últimas horas de vida de Carlos Casares con el, non daba creto á noticia da súa morte tan só seis horas despois de despedírense. Salienta que ambos, xunto a outros persoeiros que menciona, asistiran ao acto de homenaxe que a Fundación Premios da Crítica fixera a Fernández del Riego e alude a algún comentario feito polo autor falecido coas persoas que se sentaran ao seu redor.





Comprácese de que a Universidade australiana La Trobe de Melbourne lle concedera o título de doutor *honoris causa* ao escritor allaricense Alfredo Conde, a quen teñen proposto tamén como Premio Nobel de Literatura.

Comprácese de que Manuel Vila López, colaborador de *LICEUS. Revista de Humanidades del Siglo XXI* quedase preso do "saudoso ambiente" da Casa-Museo de Rosalía e decidise escribir un artigo sobre a poeta e a Casa da Matanza. Por último, convida aos que non a coñezan a achegarse ao "lírico fogar que toda Galicia visita con fervor".

Impresións sobre as reaccións que suscitou a representación teatral da obra de Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*, feita en castelán polo Centro Dramático Nacional. Segundo o autor “nada crece á forza; tampouco o noso idioma, que precisa da quentura e agarimo”.

Fala do inicio das súas vacacións e fai repaso ao mes de xullo pasado en Santiago, onde gozou das Festas do Apóstolo e da celebración das efemérides de Rosalía de Castro. Do discurso ofrecido por Xesús Alonso Montero neste último acto destaca que o Centro de Estudios Rosalianos está nunha situación de precariedade económica e conclúe sinalando que hai que ter coidado con este tipo de afirmacións por que se poden interpretar mal.





Felicita a Alfredo Conde e a Luís González Tosar por levar a lingua galega alén das nosas fronteiras. Explica que o primeiro foi investido doutor *honoris causa* pola Trobe University de Melbourne e o segundo levou a Manila o espectáculo músico-literario “Palabra de Poeta”.

Samuel Solleiro contesta nesta carta a un artigo publicado con anterioridade neste xornal no que considera que as súas palabras poden ser mal interpretadas por estar incompletas. Sinala que o que aparece sobre a temática do seu primeiro libro, *Elexías a deus e ao diaño* (2001), non é a crítica da relixión tan só, senón que a súa intención é “criticar a irracionalidade negativa e castradora da relixión, pero sempre dende a irracionalidade positiva, espontánea, da arte e da creación”. Tamén critica aquelas obras que son doutrinais, posto que son as máis hipócritas e as súas críticas van máis alá das simples palabras.

Neste artigo de linguaxe áxil e humorística repásanse os enfrontamentos entre algúns dos autores máis coñecidos da historia da literatura peninsular, dende Quevedo e Góngora ata,no caso galego, a inimizade que houbo entre Celso Emilio Ferreiro e Álvaro Cunqueiro, que aínda non está explicada e coa que sinala que tivo que ver a marcha do primeiro a Venezuela.

Aproveita a súa sección de opinión para reproducir un texto literario narrado por un narrador omnisciente en terceira persoa que vai emitindo todos os pensamentos interiores do protagonista do relato, dende que se levanta ata que chega á súa oficina. O protagonista reflexiona sobre a felicidade da súa nai, sobre a morte incipiente da muller dun amigo, sobre o seu desexo de ascenso laboral, sobre os seus traumas adolescentes, etc. ata que, finalmente, chega á conclusión de que o único que a el o fai feliz é facer rir ás mulleres.





Anxo Tarrío dá argumentos a favor de que o finado Camilo José Cela posúe as dúas condicións que sempre reclamou, escritor e galego, pero deixa claro que este binomio só se dá por separado: “Cela non pode entrar no elenco de escritores da literatura galega propiamente dita, dado o pouco que escribiu na lingua do país”, sostén Tarrío.

Tato, Laura, “Na rúa do teatro”, *A Nosa Terra*, nº 1.047, “Cultura”, 12-18 setembro 2002, p. 26.

Nota na que se loa a figura de Roberto Vidal Bolaño, que vén de falecer. Destaca o seu papel dentro da historia teatral deste país e as súas admirábeis calidades como persoa.

Critica o artigo de Borobó, publicado o 14 de agosto de 2002, en *O Correo Galego*, no que supostamente denuncia o investimento da Xunta de Galicia nas Fundacións Camilo José Cela e Torrente Ballester por tratarse de dous escritores alleos á literatura galega. O autor do presente artigo critica as declaracións de Borobó (aproximándose ao insulto) e defende a "galeguidade" de Cela e Ballester.

Afirma neste artigo que o destino das librerías neste país “é sumamente incerto” e que o libro é “unha especie en extinción”. Segundo el “o prezo fixo e a prohibición de descontos son esenciais para manter a cultura literaria”, posto que do contrario, rebaixando prezos, estaríase a dar “o primeiro paso para abolilos”.





Poema dirixido a Carlos Casares xa morto no que se deixa constancia do desamparo no que quedamos sen el e no que se destacan as súas calidades como persoa.

V. A., Ángel, “Guerras entre paisanos”, *El Progreso*, “De actualidad”, 9 marzo 2002, p. 96.

De entre as noticias de actualidade que ofrece nesta sección do ámbito lugués dá conta da presentación na sala Sargadelos de Monforte da obra *Biografías de malogrados* (2001), de Manuel Veiga, de quen se sinala que publicara anteriormente *As ruínas da cidade amada* (1998).





V. A., Ángel, “La sabiduría de la edad”, *El Progreso*, “De actualidad”, 14 marzo 2002, p. 88.

Fai un repaso pola actualidade que atinxe a algúns persoeiros veteranos lucense, entre eles a Luz Pozo Garza, de quen sinala que lle veñen de facer unha homenaxe no Patronato da Cultura Galega de Montevideo, a onde se di que a poetisa enviou un poema para a ocasión.

V. A., Ángel, “Encuentros y desplazamientos”, *El Progreso*, “De actualidad”, 12 novembro 2002, p. 72.

Dá conta dalgúns encontros en actos organizados por entidades comarcais lucenses, que no que a cuestións relacionadas coa literatura galega se refire, informa da homenaxe a Isaac Díaz Pardo en Carracedo (Láncara), á que tamén asistiu Xosé Neira Vilas. Do mesmo xeito, anuncia o recital que ofrecerán Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro na Terra de Trives sobre a exposición “Palabras no aire: poemas sobre abanico de trinta e cinco poetas galegos actuais”.

“Carlos Casares, no centro da memoria” é un artigo colectivo que asinan todos os colaboradores do xornal *La Voz de Galicia* que compartiron co escritor ourensán o oficio de escribir na prensa. Destacan que a serenidade, o pensamento limpo, a sutileza, a proximidade, a palabra clara e sen adobíos son algunhas das ferramentas preferidas polo intelectual para o oficio de escribir.

Propón varias citas para conmemorar a persoeiros destacados das letras. Entre elas subliña o vindeiro aniversario do pasamento de Alberto García Ferreiro (Ourense, 1860-Compostela, 1902), avogado, xornalista e poeta ourensán, ou o nacemento do humanista e liberal Plácido Rodríguez Castro. Repara tamén na proximidade do setenta e cinco cabodano da morte do poeta Luís Amado Carballo ou dos cincuenta anos da edición dos versos de *Fardel do eisiliado*, de Luís Seoane, así como do *Fabulario Novo*, de Cuña Novás, entre outros.

Crónica na que se fai un breve perfil de Camilo José Cela (Iria Flavia, 1916-Madrid 2002), comentando a presencia do mundo galego nunha obra escrita maiormente en castelán. Neste mesmo sentido, Valcárcel recorda como o escritor subscribiu en 1968 un documento no que se solicitaba a introducción da lingua galega no ensino oficial de Galicia e a creación dun corpo de profesores formados nesta lingua. Ademais tamén lembra o papel que desempeñou na literatura galega a revista mensual *Papeles de Son Armadans* que o propio Cela fundou e dirixiu en 1956. Por último, Valcárcel remite ao lector ao número monográfico 518-519 da revista *Insula* (1990) para coñecer máis polo miúdo a pegada galega na obra deste escritor.

Con motivo do centenario do nacemento de Plácido Ramón Castro del Río o historiador Marcos Valcárcel profunda na vida e obra deste intelectual humanista de Corcubión, que define como “símbolo das arelas de universalidade do nacionalismo galego de preguerra”. Dende esta crónica Valcárcel fai uns pequenos apuntes sobre a liña política de Plácido Castro, sobre as súas posicións ao respecto de Irlanda e Inglaterra, sobre o seu labor como traductor, escritor e sobre o seu xornalismo e os seus artigos de crítica social. Por último, facilita a páxina web do Instituto Galego de Análise e Documentación (www.igadi.org), dende a cal se pode atopar un achegamento máis próximo á obra do escritor.

Loa a figura de Carlos Casares e achéganos á súa personalidade e aos seus valores como ser humano. Cualifícao como unha persoa “chea de vida e humanidade” e “xeneroso coa Terra, co idioma e coa súa cultura”. Finalmente, realiza unha breve incursión na súa narrativa, na que está moi presente a cidade de Ourense e as terra da Limia, e destaca a súa virtude como gran contador de historias e de anécdotas.

Refírese a cómo recibiu a noticia da morte de Carlos Casares, de quen salienta por riba de todo o seu gran corazón. Así mesmo, recorda que xusto o día anterior á súa morte Casares dixera que a morte é absurda, engadindo Valcárcel que tamén é “inxusta, cruel, estúpida”.

Aproximación á figura e perfil humano de Carlos Casares. Para Valcárcel o escritor ourensán era por riba de todo persoa, “un corazón cheo de vida e humanidade e un home fondamente xeneroso co país, coa Terra, co idioma e coa súa cultura”. O cronista, que remata facendo unha mención a obras súas coma *Deus sentado nun sillón azul* (1996)*, Ilustrísima* (1980) e *Vento ferido* (1967), vía nel a “un humanista namorado da vida, da beleza e da verdade” que “facía da ética a cerna do seu mundo”.





Lembra algúns dos últimos actos públicos nos que participou o finado Carlos Casares, académico e ex presidente do Consello da Cultura Galega, entre eles o congreso celebrado en Trives no 2000 en homenaxe a Manuel Luís Acuña ou o celebrado en Rairiz de Veiga en honra do poeta Antón Tovar. Valcárcel dedica un parágrafo especial a falar do maxisterio de Vicente Risco e a influencia que este escritor exerceu sobre Casares. Posteriormente comenta que a presencia do escritor era sempre “anuncio de faladoiros vivos” e fai un repaso polos moitos faladoiros, coloquios e historias literarias nas que participou o autor de Xinzo e que foron recollidos, en parte, no libro *Un país de palabras* (1998). Por último, destaca entre os grandes méritos de Carlos Casares, o de “saber achegarse a todo tipo de públicos”, así como a súa capacidade para falar cos mozos e mozas e captar a súa atención.

Ademais de facer alusión a cuestións de actualidade da cidade de Ourense, tamén dá conta da participación de Manuel Rivas no congreso nacional de libreiros celebrado na cidade das Burgas. Explica que o autor ofreceu unha conferencia na que falou dos libros, na que homenaxeou a Carlos Casares e Antón Tovar, ademais de ter falado de cuestións económicas que afectan ao mundo do libro.

Valcárcel, Marcos, “Historias da noite”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 24 maio 2002, p. 2.

Achégase á figura do escritor ourensán Bieito Iglesias Araúxo, autor de títulos coma *Vento de seda* (1992), *Miss Ourense* (1994), *Bajo las estrellas más bellas* (1999), *A vida apoteósica* (2001) ou *A historia escríbese de noite* (Premio Manuel García Barros, 2001). Para Marcos Valcárcel trátase dun mestre que traballa coa “memoria narrativa, tanto a súa memoria persoal biográfica e familiar como a propia memoria xeracional do tempo que lle tocou vivir”. Da súa obra destaca a riqueza lingüística, a espontaneidade e elaboración coidada da narración.

Realiza unha serie de comentarios sobre os poetas que cantaron en Galicia ao Xeneral Francisco Franco, entre os que están Carmiña Prieto Rouco, Julio Sigüenza, Antón García Nóvoa, Ricardo Abellás, Margarita Losada, Antonio Rey Soto, Celso Emilio Ferreiro ou Xan Cabana ("Xoan Soldado"). Por outra banda, refírese a aqueles poetas que satirizaron, ridiculizaron e combateron con versos a dictadura franquista, como Xesús Alonso Montero, Florencio Delgado Gurriarán ou Ricardo Gurriarán. Tamén alude aos traballos de Claudio Rodríguez Fer, *A literatura galega durante a guerra civil* (1994), e de Alonso Montero, *Os poetas galegos e Franco* (Akal, 1997), no que o autor recolle ata noventa e oito textos dedicados a Franco, dende os inicios da Guerra Civil española ata hoxe.

Analiza a pegada ourensá na época das Vangardas e acode, para isto, a unha fonte non galega como é o *Diccionario de las Vanguardias en España, 1907-1936*, de Juan Manuel Bonet. Sinala que, segundo se especifica nesta obra, é moi importante a presencia e o labor de xente como Vicente Risco, Eugenio Montes, Xavier Bóveda, Ramón Otero Pedrayo, Florencio Delgado ou Manuel Luís Acuña, entre outros. Refírese ao labor das institucións nesta época, como a Deputación ourensá ou a pontevedresa, que pagaban importantes bolsas de estudio que permitiron moverse por Europa a artistas como Castelao. A seguir, comenta que o máis sorprendente da época das Vangardas é "o forte pluralismo formal e ideolóxico dos artistas e escritores desta xeración, ás veces denominada como Xeración das Vangardas, Xeración do 25 ou (...) Escritores Novecentistas". Afirma que todos os autores desta época eran nacionalistas e estudia o papel que tivo a prensa durante ese período. Deste xeito, comenta que a revista *Nós* foi unha publicación "centro do pensamento galeguista, aberta ó debate das vangardas e á colaboración dos escritores e artistas máis identificados con ese espírito" e cita outras revistas culturais e literarias como *Alfar*, *Cristal*, *Resol*, *Universitarios*, *Ronsel*, *Yunque* ou *Papel de color*. Así mesmo, cita algúns xornais





Nota na que se alude ás teorías de Vicente Risco sobre o pobo galego. Deste xeito, o autor ourensán comenta que o pobo galego “quere a súa desaparición como tal Pobo”. Engade que, máis tarde, Risco renegaría desta afirmación. Sen embargo, o articulista di que se lembra desa teoría cando ve a natureza e a paisaxe destruídas, cando ve que se deixa roubar e desfacer o patrimonio artístico. Remata dicindo que, de seguir así, os historiadores, arqueólogos e antropólogos “só poderán escribir sobre o pasado”.

Alude, moi sucintamente, a unha homenaxe a Xohana Torres en Celanova. Así mesmo, fai referencia á Ruta Curros Enríquez, que considera que consolida a lembranza do autor de *O divino sainete*.

Lembranza de Roberto Vidal Bolaño, escritor de teatro, actor e director. Coméntase, en primeiro lugar, que Vidal Bolaño obtivo os seus primeiros éxitos en Ribadavia, onde gañou o Premio Abrente en 1976 con *Laudamuco, señor de ningures*. A seguir, cita outras obras premiadas do autor como *Memorias de mortos e de ausentes* (1978), *Bailadela da morte ditosa* (1980) ou *Días sen gloria* (1992). Alude, para rematar, a unha adaptación que fixo Bolaño do *Percival e outras historias*, de Ferrín no ano 1984.

Nesta aproximación aos escritores alófonos en lingua galega, faise referencia aos *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca. Declárase que existen numerosos estudios sobre este poemario de Landeira Yrago, Alonso Montero ou Luís Pérez, ademais de aludirse ao papel que nel tivo Eduardo Blanco-Amor, pois gardou o manuscrito orixinal, prologou a edición de 1935 e titulou varios dos poemas. Tamén se aproxima á figura de Carles Riba Bracóns, membro do Institut d'Estudis Catalans e profesor da Universidade Autónoma de Barcelona. Coméntase que se conservan vintecinco cantares de amor e cinco de amigo en galego, escritos polo autor catalán ao seu primeiro amor. A continuación, reprodúcense algúns fragmentos dos poemas de Carles Riba, que se poden considerar como unha das primeiras mostras da nosa poesía neotrobadoresca. Por outra parte, cítanse diferentes voces alófonas da área da lingua inglesa, holandesa, sueca, portuguesa, catalana, castelá e do mundo hispano-americano. Afirmase que se poden considerar alófonos autores "xa incorporados ó noso sistema literario, residentes no noso país, peronacidos fóra" como Úrsula Heinze, María Victoria Moreno Márquez, Kristina Berg e Anisia

Valcárcel, Marcos, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 6 outubro 2002, p. 70.

Nesta achega ás relacións entre o mundo das artes e o mundo do viño, declara que “centos de poetas e escritores de toda a historia da literatura universal tiveron como motivo de inspiración o viño, os seus traballos e os seus praceres”. A seguir, cita pezas literarias relacionados con este tema, entre as que destacan *Arte de Amar*, de Ovidio; *Sursum corda. Poesía Galego-Portuguesa ao Viño*, editada por Manuel María e preparada por Carlos Díaz e Xosé Lois García, ademais dun poemario de Xoán Manuel Casado ou poemas de Noriega Varela, Amado Carballo, Manoel Prieto Marcos, Rosalía de Castro, Blanco-Amor, Ramón Cabanillas e Manuel María, entre outros. Tamén cita algunhas *Cantigas de Santa María*, de Alfonso X, nas que aparecen varios milagres da Virxe relacionados co viño e afirma que na escolma *Sursum Corda* hai varios poemas trobadorescos medievais de Airas Pérez Vuitoron, Estevan da Guarda, Pero da Ponte e Martín Soárez. Tamén comenta que Celso Emilio Ferreiro afirma que o viño é un canto e símbolo da mocidade e que Delgado

Gurriarán di que o viño é “amor, sensualidade, a beleza feminina invocada polo poeta”. Para rematar, fai referencia a Uxío Novoneyra, quen evoca “a compaña do viño e das mulleres sobre as augas do río Mandeo con versos ben contundentes”, que reproduce a continuación.








Valcárcel, Marcos, “Poemas a Laura”, *La Región*, “A cerna da memoria”, 27 outubro 2002, p. 89.

Dá conta da publicación dun volume non venal que vén de publicar Luís F. Guitián con motivo do seu casamento, no que antologa a poetas galegos e que serviu de agasallo para a súa futura esposa. Sinálase que se publicaron dous centos cincuenta exemplares ilustrados por Menchu Lamas e Antón Patiño no que recollen quince poemas de amor dos poetas: Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Fiz Vergara Vilariño, Antón Tovar, PuraVázquez, Manuel Casado Nieto, Xulio López Valcárcel, Álvaro Cunqueiro, Darío Xohán Cabana, Aquilino Iglesia Alvariño, Miguel Anxo Fernán-Vello, Antón Avilés de Taramancos, Bernardino Graña e Uxío Novoneyra. Remata aplaudindo esta “suxerente proposta”.

Sinala que Joan Perucho foi o gañador do Premio Nacional das letras e, polo tanto, considera que todos os autores que conciben ao home como un deus cando soña e comoun mendigo cando pensa están de nora boa; entre estes autores cita a Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares, Borges, Cortázar, etc.

Coméntase unha fotografía aparecida o vintetrés de xuño de 1936 no xornal de Portela Valladares *El Pueblo Gallego* na que aparece un grupo de mulleres vestidas co traxe rexional do país. A partir dos comentarios sobre esa imaxe o autor fala do esquecemento, fóra de certos rituais, nos que están somerxidas as mobilizacións en defensa da lingua. Indícase que o Día das Letras Galegas mudou festivo, pero tamén esmorecente en canto á Lei de Normalización Lingüística, e afírmase que é preciso recuperar a nosa dignidade, recuperación dentro da cal, a lingua é un aspecto basilar a ter en conta.

Crónica da escritora Dora Vázquez sobre o libro *En prosa* (1895), de Manuel Murguía. Segundo esta cronista ourensá o volume recolle “un mollo de lirismo expresado en anacos de ringleiras de retallos da alma, reveladores do estado de espírito do poeta co seu mundo de emoción, matices e sentimentos”. Del destaca a harmonía da mensaxe lírica e o acerto na mestura das composicións da xuventude con aquelas que máis tarde “lle depararon soidades e penas”.

Recorda o momento no que coñeceu a morte de Carlos Casares, o escritor de Xinzo de Limia. Nesta crónica fai un repaso pola obra máis sobranceira que o intelectual ourensán deixou en vida: director da editorial Galaxia, autor, editor, membro da Real Academia Galega, etc. Defíneo, ademais, como “un home a carta cabal”, “bo amigo dos amigos e fiel compañeiro, amigo do traballo, da literatura e do ideal galego”.

Comentario do libro *A vellez na poesía galega* (2001), do profesor da Universidade de Vigo, Maximino Cacheiro Varela, que recolle as voces dun total de vintecatro escritores galegos de todos os tempos, entre poetas e prosistas. Para a escritora ourensá o libro vén a ser “un canto á ancianidade da vida do home que ten a sorte de chegar a ela”. Vázquez realiza finalmente un breve paseo polos principais capítulos do volume e cita algúns dos personaxes que discorren por esta escolma poética e prosística: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Xosé Neira Vilas, Antón Tovar, Nóvoa Santos, Ramón Otero Pedrayo,Domingo García-Sabell, Ramón Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Iglesia Alvariño ou González Garcés, entre outros.

Sostén que, igual que o turista leva unha cámara para fotografar, o escritor debe levar un caderno no que recoller “ideas que nun intre poidan asaltalo”. Dora Vázquez, que neste artigo se autodefine coma aprendiz de escritora, invita a todos a escribir e a trazar un bosquexo literario particular que logo será pulido co paso do tempo. Ademais dá ánimos para superar as dificultades que se lle presentan a todo escritor.

A autora desta crónica sostén que “un dos medios máis cotiáns de empregar o tempo que nos sobra vén ser o da lectura”. Para Dora Vázquez o libro é o gran medio de instrucción e formación das persoas e por iso aconsella matinar ben na boa literatura, no tema e no autor escollidos.

Crónica do libro *O mundo máxico das ideas* que a escritora Pura Vázquez publicou no ano 2001 e que conta cun conxunto de sesenta títulos desenvoltos ao longo de cento vintecatro páxinas, todos eles encamiñados a personaxes da cultura mundial. Sinala que o libro está prologado por Xosé Neira Vilas, que lle segue a pista á autora durante os seus días en Caracas. Cita os novos coñecementos de persoeiros da cultura cos que se relacionaba a poeta e xornalista ourensá: Carmen Conde, Ramón Cabanillas, Vicente Aleixandre, Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo ou Fernández del Riego, entre outros.





Comentario de *Galicia*, de Manuel Murguía, no que avalía a obra positivamente e resalta o tratamento que o autor fai do mundo lendario galego. Sinala que ten un gran valor documental e literario e fai fincapé, ademais, no feito de que Murguía empezou a escribir esta historia de Galicia cando Rosalía de Castro estaba enferma e que rematou cando xa morrera, o que, segundo Dora Vázquez, se reflicte na pegada de tenrura namorada existente na obra.

Fala de Eduardo Pondal e da súa poesía. Ademais de cualificar positivamente a súa obra, sinala que era unha gran persoa e recolle algunhas das palabras de Manuel Murguía sobre o poeta de Ponteceso.

Repasa os poemas e o prólogo que compoñen a obra *Follas Novas* (1880), de Rosalía de Castro para analizar os temas presentes. Sinala que o sentimento común a todos eles é a tristura, ben sexa propia, ben por diferentes causas que afectan a Galicia como a emigración, os problemas do campesiñado, etc. Ao longo da explicación introduce versos de Rosalía para exemplificar as súas opinións.

Comenta a obra *Latidos del Exilio* (2002), de Maximino Cacheiro Varela, que fora publicada en 1994 en galego baixo o título de *Memorial do exilio*. Sinala que está composta por trinta e seis poemas nos que o autor transmite os sentimentos vividos no exilio. Recolle abondosos versos cos que exemplifica a temática do poeta, os seus desexos e sentimentos, en especial a morriña que sempre acompaña ao exiliado. Tamén destaca da obra o limiar da profesora Rosa Navarro Durán da Universidade de Barcelona.





Sinálase a Pura Vázquez como a única poetisa que aparece no libro que Luís F. Guitián lle dedicou á súa muller Laura. Indícase que *En poemas a Laura,* un volume no que Guitián lle confiou aos seus amigos poetas a tarefa de que eles cantaran na súa voz poética a magnitude do seu amor á súa dona, ademais de autores como Manuel María, RamónCabanillas ou Álvaro Cunqueiro, aparece Pura Vázquez co seu poema “Cólleme as mans”, no que oito estrofas falan do amor e das súas mensaxes. Finalmente, menciónase a relación que une a Luís F. Guitián coas irmáns Vázquez e o desexo destas para a felicidade do matrimonio e o bo éxito do libro.

Mención de escritoras sobranceiras no eido da literatura galega, española e internacional. Pura Vázquez destaca, no contexto do século XIX, a Rosalía de Castro, a Emilia Pardo Bazán e a Concepción Arenal. Xa no século XX garda un lugar especial para escritoras como Filomena Dato, Francisca Garrido, Carmen Conde, Carmen Vázquez, Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán, Xohana Torres ou Ana Romaní, entre outras. Finalmente, nos últimos parágrafos reserva un oco para as escritoras máis novas: Yolanda Castaño, Olga Novo, etc.

Artigo dedicado ao escritor, investigador e crítico Xosé Ramón Fernández Oxea, coñecido como Ben-Cho-Shei, nome co que asinaba os seus escritos. Pura Vázquez volve ao pasado tamén para recordar a vida dos afiadores que tanto enxalzou na súa obra Fernández Oxea.

Vázquez, Pura, “A Matilde Lloria, amiga inolvidable”, *La Región*, “De paso”, 30 maio 2002, p. 20.

Crónica que rende tributo á poeta manchega Matilde Lloria, filla adoptiva de Ourense, coa que a cronista compartiu amizade e colaboracións en xornais como *La Región* ou o grupo *Poesía arte y letras.*

Dora Vázquez repasa neste artigo os momentos máis significativos da vida e da obra do galeguista Alfonso Daniel Rodríguez Castelao: a emigración en Arxentina, os estudios en Santiago, a chegada a Madrid e o éxito como debuxante, a época de deputado por Pontevedra, o exilio e a morte en Buenos Aires.

Fala de Federico García Lorca e, sobre todo, dos seus poemas escritos en lingua galega e incluídos na súa *Obra Completa*. Sinala que non foi o único autor foráneo que escribiu na nosa lingua e cita a Tomás Garcés e a Carles Riba como exemplos de poetas alófonos. Finalmente, fai unha breve análise dos seis poemas galegos de Lorca.

Preséntase como unha opinión persoal do seu libro *Desmemoriado río* (1997), pero o que realmente fai é un repaso pola súa traxectoria vital, unha análise da súa poesía, que é cualificada basicamente de intimista e unha descrición da situación na que se atopa na actualidade, atendendo, sobre todo, á madurez que proporcionan os anos.





Aproxímase á vida de Luís Amado Carballo e apunta algún dato da súa breve traxectoria vital. Sinala que non hai ningunha biografía publicada deste poeta e recolle as palabra de Méndez Ferrín sobre el e a súa obra.

Repaso pola traxectoria vital e pola obra de Ramón Cabanillas. Conta que se coñeceron cando ela estaba en Madrid e sinala que aínda garda unha postal que Cabanillas e outros contertulios seus lle escribiron cando ela marchou a América.

Fala das coleccións de poesía como espacio de publicación necesario e sinala que estas coleccións son, frecuentemente, financiadas polas subscricións dos propios poetas. Avalía positivamente a existencia dos premios como espacio para potenciar os poetas novos e dá conta das coleccións de poesía máis importantes que houbo nas nosas letras.

Reflexiona sobre a proximidade existente entre a obra de Rosalía de Castro e a de Emily Dickinson. Sinala que ambas tiñan unha maneira de pensar e entender a vida similar e ambas tratan os mesmos temas: morriña, importancia do fogar, existencialismo, etc. Salienta ademais que entre o seu nacemento só houbo cinco anos de diferencia, polo que viviron unha mesma época histórica.





Fala da súa obra, especialmente de *Desmemoriado río* (1997), e da súa traxectoria literaria e vital. Sinala que a obra citada é coa que máis se identifica e que mellor reflicte a serenidade da idade coa que foi escrita. Reflexiona, ademais, sobre a súa crítica e sobre a súa forma de ser.





Lembra cómo coñeceu ao poeta Alfonso Alcaraz e a outros poetas, como José Luís Varela, cando aínda era nova e participaba en Radio Puga e nas actividades paralelas, como o Círculo Azor e a revista *Posío*. Así mesmo, indícase que o falecido mozo na Guerra Civil, Alfonso Alcaraz, co que a autora tivo unha relación sentimental, xa daquela tiña escrito un libro de poemas que parece ser se perdeu e do que logo recuperou algunhas composicións por medio dos amigos, que publicaba polos anos corenta no diario ourensán *La Región.*

Vázquez Allegue, Jaime, “Feria del libro”, *Diario de Ferrol,* “La ventana”, 15 maio 2002, p. 30.

Vázquez Allegue repara na actual crise existente no mundo no libro. Analiza especialmente a situación de Ferrol, cidade que cada vez ten unha menor presencia nas feiras do libro. Para Vázquez Allegue, profesor na Universidade Pontificia de Salamanca, “a feira do libro debería ser unha oportunidade para pórnos ó día do que se escribe, do que se le. Unha oportunidade para recuperar o gusto pola lectura”.

Reflexiona sobre o éxito de vendas producido nas Feiras do Libro e o descenso de librerías, así como no paradoxo que se produce ao ser España o país de Europa co maior índice de venda de libros e no que menos se le. Apunta a posibilidade de que a existencia de feiras de libros se deba a un interese puramente económico e considera que o número de lectores podía aumentar se descendese o prezo dos libros.

Comentario da obra de Francisco Fernández del Riego, *Vigo sentimental* (2001). Sinala que é unha obra moi agradábel de ler, cargada de poesía, con ilustracións e textos explicativos de Javier Mosquera, que permiten un maior achegamento e coñecemento da cidade olívica.

Achega ao aspecto máis humano de Carlos Casares, do que se destaca o seu sentido da xustiza e a súa capacidade para escoitar. Alúdese, tamén, ao seu grande labor como escritor en lingua galega e como columnista no xornal *La Voz de Galicia*.

Lembranza do polígrafo Mario Roso de Luna tras cumprirse setenta anos da súa morte. Segundo de la Vega o científico Roso de Luna foi preferentemente filósofo, amante das doutrinas teosóficas e da metafísica. De la Vega apunta tamén neste artigo as influencias que deixou Roso nalgúns escritores galegos, entre os que están Vicente Risco e Valle-Inclán. Ao seu ver a pegada deste animador do Ateneo que estudiou mitos galegos como o da Santa Compaña apréciase en libros coma *Historia de Galiza* e *Leria*, de Risco ou *De gentes de otro mundo*, de Valle-Inclán.

Ventura, Joaquim, “Até sempre, Carlos”, *O Correo Galego*, “O sal da terra”, 18 marzo 2002, p. 2.

Lembra a figura do escritor ourensán Carlos Casares, rememorando principalmente a visita que o intelectual fixera a Barcelona no outono do 2001 co gallo da homenaxe a Basilio Losada. Para Ventura a súa conferencia sobre a narrativa oral foi verdadeiramente exemplar e cargada de anécdotas. Ventura tamén volve a vista atrás neste artigo para rescatar o momento no que coñecera a Casares.

Columna na que Manuel Vidal Villaverde rende unha pequena homenaxe ao escritor ourensán Ramón Otero Pedrayo partindo duns versos do poeta de Valdeorras, Florencio Delgado Gurriarán.

Fala da sorpresa con que o colleu a noticia da morte de Carlos Casares e da impotencia que se lle presenta á hora de escribir algo sobre el.

Vidal Villaverde, Manuel, “Manuel María”, *O Correo Galego*, “Fai fume”, 19 marzo 2002, p. 2.

Partindo do libro *Muiñeiro de brétemas* (1950) do escritor chairego Manuel María, Vidal Villaverde evoca a súa mocidade en Lugo e as figuras literarias coas que compartiu aqueles tempos: os escritores Ánxel Fole, Luís Pimentel ou Uxío Novoneyra; o director e propietario de *El Progreso*, Cora y Sabater; Xosé Trapero Pardo, subdirector dese mesmo xornal, entre outros. Vidal Villaverde gábase finalmente da iniciativa que tivo a editorial Espiral Maior ao decidir sacar á luz a obra poética completa do poeta Manuel María para conmemorar o seu décimo aniversario.

Vidal Villaverde, Manuel, “Valle-Inclán en abril”, *O Correo Galego*, “Fai fume”, 9 abril 2002, p. 2.

Fronte á disputa de se escritores como Valle-Inclán, Wenceslao Fernández Flórez ou Torrente Ballester poden ser considerados como escritores galegos, Vidal Villaverde posiciónase claramente no “non”, xa que considera escritor galego a “todo aquel que escribiu a súa obra en galego”. Posteriormente analiza a sintaxe, vocábulos e alocucións de Valle-Inclán en obras como *Tirano banderas* ou *Luces de bohemia*, claramente influenciadas polo galego, idioma que segundo o cronista subxace no autor arousán.

O autor expresa a súa alegría ao coñecer a noticia de que o Día das Letras Galegas 2003 estará dedicado ao noiés Antón Avilés de Taramancos.

Dálles as gracias aos académicos galegos que “fan que o poeta da Terra Chá, Manuel María, entre pola porta principal na Academia”. Ademais loa ao seu amigo e poeta Antón Avilés de Taramancos, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2003 e autor de obras como *Cantos caucanos* (1985) ou *Última fuxida a Harar* (1992).

Vidal Villaverde, Manuel, “Adeus Roberto”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 12 setembro 2002, p. 31.

Dá conta da morte de Roberto Vidal Bolaño e sinala que había anos que non se vían, malia que lembra que a última vez falaran eles dous e máis X. L. Méndez Ferrín durante un congreso da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Finalmente, amosa o seu profundo pesar polo acontecido.

Lémbrase a Antón Avilés de Taramancos e cítase a edición de *O tempo no espello* de Edicións do Castro do ano 1992, que contén unha introducción de Salvador García Bodaño, así como os poemarios *As moradías do vento* (1955), *A frauta e o garamelo* (1958-59), *Poemas a Fina Barros. Pequeno canto* (1959), *Poemas a Maricarme Pereira* (1961), *Os poemas da ausencia*, primeira e segunda parte, e *Nova crónica de Ulises* (1978). Igualmente, sinálase a posterior aparición de *Cantos caucanos* (1985) e *Última fuxida a Harar* (1992). Tamén se sinala a figura de Luís Pimentel como presente na obra de Avilés de Taramancos.





Recorda ao falecido Roberto Vidal Bolaño e dá conta da súa valía no eido teatral. Despois de repasar algunha das súas pezas máis destacadas, amosa o seu pesar por non ser Galicia un país normalizado, xa que de selo Vidal Bolaño podería ter amosado toda a súa valía. Sinala que debería existir unha Escola Superior de Arte Dramática, na que el ensinara os seus coñecementos a todos os mozos e mozas que desexaran ser actores. Apunta que agora cómpre crear unha institución co seu nome para manter viva a súa obra e a súa memoria.

Dá conta de cómo coñeceu a Carlos Casares facéndolle unha entrevista a raíz dun seminario sobre a Nova Narrativa Galega. Indica que a partir de aquí, e sobre todo a partir da súa implicación no proxecto editorial e cultural de Galaxia, a súa confianza foi medrando ata o punto de confiarlle os orixinais de dúas novelas sobre as que lle pediu opinión. Remata dirixíndose aos lectores de Casares e recomendándolles que volvan sobre algúns dos contos de *Vento ferido* (1967) para aliviar o sentimento de orfandade que poidan sentir, xa que nesta obra “xa está, en cerna, o mellor Carlos Casares”.

Recórdase a persoa e a obra de Carlos Casares e coméntase que, coa súa morte, se perdeu un grande escritor, o director da Editorial Galaxia, o presidente do Consello da Cultura Galega e, sobre todo, “unha persoa excepcional, capaz de converter, coas únicas armas da palabra e a razón, ao máis contumaz sectario nun adicto á tolerancia”. Para rematar, afírmase que Casares “era un amante da vida, da palabra e da amizade, que agasallaba con xenerosidade en tertulias e conversas cheas de amenidade, agudeza e bo humor”.

Lamenta a perda do amigo Carlos Casares co que compartiu longas conversas e destaca o bo contertulio que era por saber falar pero tamén por escoitar. Refírese tamén ao seu liderado no eido da cultura e á súa serenidade, virtude esta que o levaba a facer cousas importantes como se fosen sinxelas. Ademais disto salienta que era un escritor de gran finura e que foi un leal seguidor de Ramón Piñeiro.

Comentario sobre o teatro galego a raíz do Iº Congreso celebrado con motivo dos dez anos do Teatro Principal de Ourense. Destaca, principalmente, a ponencia presentada por Miguel Ángel González García titulada "*Fiesta y lección. Sueños y esperanza: teatro y vida en la historia de Ourense*", un documento-resume esencial da vitalidade teatral ourensá. Tamén aproveita a ocasión para felicitar aos organizadores do acto.

Columna na que a escritora Helena Villar Janeiro aproveita para viaxar mentalmente a varios lugares da xeografía galega partindo do libro coordinado por Xosé Manuel González Reboredo titulado *Galicia de lenda* (2001).

Columna-homenaxe a Xoán Manuel Casado, autor de poemarios coma *Rexistro de menores espantos* (1973), *Os preludios* (1980), *Libro de Caldelas* (1982, Premio da Crítica) e *Antigo futuro* (1986) ou de novelas como *O inverno do lobo* (1985).

Columna de opinión arredor da figura da profesora galega Pilar Vázquez Cuesta, nomeada doutora *honoris causa* pola Universidade de Lisboa. Villar Janeiro destaca dela, entre outros aspectos, o papel de ponte para “comunicar as literaturas galega e portuguesa”.

Achégase á figura do escritor Carlos Casares a través da música, tanto da que o acompañou en vida coma a que axudou a despedilo o día do seu pasamento no cemiterio de San Fiz de Nigrán.

A escritora recorda o acto no que, xunto con outros escritores galegos, plantou unha abelaneira ao carón da casa de Wenceslao Fernández Flórez o día cinco de abril, Día da Poesía e da Natureza.

Crónica en memoria de Carmen Muñoz Manzano, viúva do escritor Rafael Dieste e filla adoptiva de Rianxo falecida o 14 de abril do 2002. Dedica unhas liñas tamén a tratar o tema da educación nos días de hoxe. Considera que “a instrucción dun país vén determinada polos investimentos no ensino público ou polo papel educativo que asumen os medios de comunicación máis influentes”, entre outros aspectos.





Bota unha ollada rápida a un exemplar de *La Gacetilla del Reino de Galicia* que se edita en Marín con textos da prensa de febreiro dos anos 1900, 1930 e 1960 e repara nas principais noticias que recollen os xornais desa época, con alusións a autores como Uxío Novoneyra ou Ramón Otero Pedrayo.

En primeiro lugar dá conta de dous feitos positivos para a nosa literatura. Dunha banda a creación dun método para aprender galego dende o inglés, e doutra, os estudios que un estudiante da Universidade de Michigan está facendo da literatura galega. De seguido sinala que, aínda que isto sexa así, ela ten unha visión, moi pesimista da realidade e afirma que nas librerías galegas a presencia da nosa literatura é moi escasa.





Artigo epistolar no que a autora se dirixe a Afonso Becerra, que agora reside en Barcelona. Dille que a escena galega necesita xente entusiasta e preparada coma el, moito máis agora que está de loito polo pasamento de Roberto Vidal Bolaño.

Dá conta de dous actos nos que o Comité de Mulleres Escritoras estivo presente. Por unha banda reuniuse durante o sesenta e oito congreso do PEN Internacional celebrado en Ohrid-Macedonia e, pola outra, presentou durante o Seminario de Literatura Feminina, o segundo volume da antoloxía editada polo Comité e a Biblioteca de Textos universitarios. Ademais de destacar as conclusións tiradas de ambos actos, sinala a importancia de que a lingua galega estivese presente no volume antes citado e na mesa de presentación do Seminario.

X. G. D., “A Xoán González Millán”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, “Opinión”, 26 novembro 2002, p. 16.

Laméntase da perda en accidente de tráfico de Xoán González Millán o 24 de novembro de 2002 e sinálase a perda deste estudioso como a perda dun dos bastións máis firmes da investigación literaria. Así mesmo, lóase a súa persoa e dáselle o pésame aos familiares do falecido, así como ao seu amigo Antón Briones.

V. 7. Publicacións en xornais: entrevistas

AFA, “A RAG pode retomar o debate sobre a normativa da concordia”, *O Correo Galego*, “Cousas da Terra”, 8 xaneiro 2002, p. 4.

Entrevista ao presidente da RAG, Barreiro Fernández, quen fala dos proxectos da institución, entre os que destaca a creación dun diccionario castelán-galego, traballos de microtoponimia e onomástica, a catalogación e informatización do arquivo e da biblioteca ou a creación dun portal en Internet. Tamén fala do rexeitamento por parte da RAG da normativa da concordia e sinala que nesa decisión afectou que a súa presentación coincidise coas eleccións autonómicas. Asegura que non se descarta retomar o debate e conclúe afirmando que na institución se botan de menos persoas vinculadas ao xornalismo, ao teatro, ás artes e ao mundo empresarial.

Tras ser homenaxeado en Australia pola Comunidade Galega de Sidney e investido Doutor *Honoris Causa* pola Trobe University de Melbourne, Alfredo Conde sinala que conta cos méritos pero non coas simpatías para entrar na Real Academia Galega. Fai diversas afirmacións que atinxen á Real Institución e comenta todo o que supón ser nomeado *Honoris Causa,* trala proposta feita polo Departamento de Hispánicas da Facultade de Humanidades de dita Universidade, dirixido por Roi Ch. Boland, tamén director do seu Centro de Estudios Galegos. Afirma que o que en Galicia se lle negou por política en certas épocas, alí se lle recoñece por méritos.

Ampla conversa con Víctor Freixanes, editor, escritor, profesor, empresario e xornalista, que se define a si mesmo como “un profesor de instituto metido en fregados”. En primeiro lugar, reflexiona sobre a súa sucesión de Carlos Casares á fronte da editorial Galaxia e na Real Academia Galega e comenta que non puido negarse a aceptar “a proposta de dirixir unha empresa que é símbolo da reconstrucción da identidade galega”. En canto á situación da lingua galega, afirma que o país é o que terá que decidir qué facer con ela.

Carlos Casares fala nesta entrevista da relación que mantiña con Camilo José Cela. Casares cre que Cela achegou moito á literatura galega xa que, por unha banda, introduciu léxico galego nas súas obras (por exemplo en *Mazurca para dos muertos*) e, pola outra, creou nos anos 50 a revista *Papeles de Son Armadans* en Palma de Mallorca para que publicasen nela os autores galegos que aquí non podían facelo. Admite que a súa novela favorita é *Viaxe a la Alcarria* e considera que nos últimos tempos Cela foi inxustamente tratado como persoa, xa que era educado, de formación e modais exquisitos, aínda que cultivaba unha imaxe de brusco e maleducado.

Entrevista ao presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Bernardino Graña, que fala de diferentes aspectos relacionados coa asociación: problemas económicos e modo de solucionalos, número de socios, etc. Sinala que colaborarán coa Consellería de Cultura para crear un convenio co que impulsar a literatura galega e declara que, a pesar da cantidade e calidade de escritores galegos, poucos poden vivir na actualidade do que escriben.

A. N. T., “Francisco Castro”, *A Nosa Terra*, nº 1.015, “Fin de Semana”, 4-9 xaneiro 2002, p. 35.

Conversa con Francisco Castro que vén de publicar *A canción do náufrago* (2001), un conxunto de relatos que tratan tres tipos de amor diferentes: o amor carnal, o indecente e o decente. O autor considérase a si mesmo un irracional que reivindica o erotismo e o amor, e pensa que o amor máis irracional posíbel é o da familia, xa que a única relación definitiva é a de pais e fillos.

A. N. T., “Manuel Lourenzo González: ‘Publiquei vinte libros pero nunca tivo ningún tanto eco como o erótico”, *A Nosa Terra*, nº 1.018, “Fin de semana”, 24-30 xaneiro 2002, p. 35.

Manuel Lourenzo González nesta entrevista do seu último libro *Infidelicidades* (2001), polo que foi galardoado co Premio de narrativa erótica de Edicións Positivas. Sinala que o fío común de todos os relatos é o sexo e pensa que se pode falar de literatura erótica cando as referencias sexuais son explícitas e diversas. Considera que a literatura galega continúa sendo bastante pudorosa á hora de tratar este tema, aínda que considera que provoca certo morbo xa que, despois de publicar vinte libros, pode afirmar que nunca concedeu tantas entrevistas como por este.

A. N. T., “Xurxo Souto: ‘Teorízase sobre as cidades con catro tópicos”, *A Nosa Terra*, nº 1.020, “Fin de Semana”, 7-13 febreiro 2002, p. 35.

Entrevista a Xurxo Souto que explica que baixo o título *Contos da Coruña* (2001) recolle relatos publicados anteriormente en *La Opinión* e que son historias coas que pretende romper cos tópicos existentes sobre a cidade, por exemplo, afirma que se trata dunha cidade de músicos e navegantes.

A. N. T., “Iolanda Castaño: ‘Quero abrir na televisión unha fiestra á arte”, *A Nosa Terra*, nº 1.034, “Fin de semana”, 16-22 maio 2002, p. 35.

A escritora Iolanda Castaño fala nesta entrevista do seu proxecto máis recente: a dirección e presentación dun programa de televisión que emitirá TVE-2 en Galicia e que tratará os movementos vangardistas e rupturistas que se están a dar na cultura galega.

Entrevista a Alfonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura Galega, na que sinala que seguirá na liña de traballo marcada por Casares e repasa os proxectos de futuro que ten a institución, entre os que destacan o Arquivo da Emigración, a publicación da primeira Lei do Dereito Civil galega e a edición da obra completa do Padre Sarmiento. Tamén fala da situación actual do sector editorial, que segundo el se atopa nunha situación crítica, e da falta de normalización do idioma galego.

Verónica Rego, que é a nova delegada de Galaxia para o norte de Galicia, fala nesta entrevista da crise editorial e da baixada nos índices de lectura. Considera que isto se podería solucionar cun investimento maior en programas de animación á lectura en galego na televisión. Con respecto ás novas tecnoloxías sinala que estas deben complementar o libro e que unhas non poden substituír ao outro; por outra banda, recoñece as vantaxes do soporte dixital para os libros, pero sinala que o soporte tradicional non debe desaparecer.

B. L., “Marián Muíños: ‘La tradición mágica, también existe en la literatura gallega”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 5 marzo 2002, p. 70.

Marián Muíños, unha autora hispano-arxentina descendente de galegos, que ten publicado algunhas obras de literatura infantil e poéticas. Ante cuestións como a consideración de novo valor considera que si o é por ser a súa obra descoñecida aquí, a cal presenta cun poema en galego. Di que escribe só poemas en galego, que agarda levar un pouco máis de tempo en Galicia para dominar todos os aspectos da lingua, alude á temática das súas obras e á presencia do máxico na literatura galega froito da tradición de meigas e trasnos.

Conversa con Javier Sabadie, que é o novo director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Comenta que os seus proxectos para este teatro son estabilizar unha liña espectáculo cada semana, crear un público fiel, chegar ao público infantil e xuvenil e acoller compañías locais e espectáculos de danza.

Entrevista ao poeta e académico Salvador García-Bodaño. Comeza sinalando que Compostela, a cidade na que vive dende que tiña un ano de idade, influíu moito na súa obra. Explica cómo foron os anos da dictadura para os galeguistas que vivían en Santiago e cómo el separou a súa actividade política da literaria. Por outra banda sinala que Del Riego deu un novo pulo á Academia e que a nova presidencia pretende traballar nesa liña. Con respecto á perda de falantes en lingua galega, sinala que é consecuencia dunha ineficaz política lingüística e que, polo tanto, depende daqueles que están no poder.

Breve perfil biográfico do escritor e profesor Xesús Rábade Paredes, seguido dunha conversa co escritor na que reflexiona sobre a súa novela *Como levar un morto* (2001), unha obra "politicamente incorrecta que pretende destapar conciencias na inconsciencia do pasado". A continuación, Rábade comenta que, a pesar de que a novela ten un protagonista individual chamado Amador Souto, o que pretendía era escribir "unha crónica colectiva percorrendo unha amplísima temporalidade de 55 anos, desde a posguerra civil inmediata ata a actualidade, porque hoxe aínda pesan as consecuencias do franquismo". Para rematar, alude á crise editorial actual e comenta que se trata dun problema gravísimo. Engade que é preciso tomar medidas, "mediante unha acción conxunta das casas editoras, dos poderes públicos e dos medios de comunicación".

O escritor Víctor Freixanes comenta, en primeiro lugar, que a literatura e o xornalismo “veñen collidos da man practicamente dende que aparece a prensa” e engade que a primeira novela moderna escrita en galego, *Maxina ou a filla espúrea* (1880), de Marcial Valladares Núñez, viu a luz, antes de editarse en libro, nas páxinas da *Ilustración Galega e Asturiana*, que dirixía Murguía. A seguir, afirma que Internet é un novo medio de comunicación, “un espacio novo de intercambios de todo tipo entre os individuos e os grupos humanos” e permite coñecer textos “dun xeito radicalmente novo, máis alá do tradicional soporte do papel”. Todo isto, continúa Freixanes, leva a un cambio na maneira de narrar, o que non significa que desapareza o libro. Para rematar, alude á obra que acaba de coordinar, *Unha luz no Atlántico*, e afirma que nese libro se ensaiou “unha nova forma de acceder á información e ós coñecementos a través do libro”.

Comeza cunha breve nota biográfica do escritor Manuel Veiga e cítanse algunhas das súas obras como *As ruínas da cidade amada* (1998) ou *Biografía de malogrados*. A seguir, alude a esta última obra e comenta que, "variando en cada un dos contos, hai moito de meu". Engade, así mesmo, que na obra hai críticas ao antigo sistema educativo e á hipocrisía social. Trátase, segundo o autor, dunha crítica "soterrada pero perfectamente lexible, contra a intolerancia, contra os prexuízos e contra as ideas tradicionais". Para rematar, comenta que lle resulta máis doado escribir un relato porque "che permite domina-la obra" e unha novela é "como un edificio", no que o escritor, a modo de arquitecto, ten que ter "todo moi atado".

Infórmase de que Franck Meyer se instalou en Galicia dende o Sarre alemán tras dun intercambio na USC en 1991 e que realizou traballos de traducción e escribiu poesía, así como colaborou en publicacións periódicas e traballou durante catro anos en Galaxia. Nesta entrevista, Meyer comenta que co seu dobre papel de editor e poeta debe superar os gustos propios, aínda que considera que esta dobre perspectiva enriquece o seu labor e encaixa cunha filosofía que procura un tratamento individualizado para cada obra, transcendendo a simple fabricación de libros. Sobre a problemática editorial en Galicia opina que se está a competir cun xigante como é o mercado da edición en castelán e que todos os implicados se limitan a falar da crise sen buscar solucións. Indica tamén que a primeira máxima da súa editora é "cuestionar" e como proba disto sinala que os seus dous primeiros autores non responden ao perfil típico de profesor ou xornalista e sen embargo "teñen algo que dicir, historias fortes que falan, a través de discursos radicalmente distintos, do mesmo mundo palpable e cotián": Beatriz Dacosta faino con *Precipicios* e Xerardo Quintiá con *O libro dos aparecidos.*

Carrera, Rosé, “O erotismo é revolucionario e non é certo que vivamos nunha sociedade erotizada”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 febreiro 2002, p. 14.

Entrevista a Francisco Franco, que vén de quedar finalista do Certame Narrativas Quentes con *Xeografías* (2001). Sinala que esta obra está composta por trece relatos de narrativa erótica e temática amorosa que reuniu para este certame. Ademais de comentar algúns dos relatos, fala do erotismo e asegura que o exercicio erótico é un dos poucos momentos nos que unha persoa é realmente libre.

O xornalista e escritor Manuel Veiga fala da súa obra *Biografías de malogrados* (2001), publicada despois de dous anos de silencio xornalístico e tres de silencio literario. Sinala que o fío común dos relatos é o final tráxico ou desencantador e explica que con isto pretendía poñer un contrapunto á sociedade do éxito na que vivimos, xa que a maioría da xente é "do montón" e por moito que se esforce nunca logrará ser o número un. Nesta liña comenta o argumento dos relatos "Retrato dun futbolista", "O tresillo de M.B.", "Monólogo da nai solteira" e "Informe da raza", no que fai unha crítica da sociedade galega, xa que opina que moitas veces actúa con complexos e iso crea frustración.

Entrevista a Franck Meyer que acaba de poñer en marcha unha nova editorial coa que pretende achegar aos lectores literatura de calidade e con perspectiva europea. Considera que en Galicia hai un grupo reducido de xente que produce un tipo de literatura limitada, como se fose para eles mesmos. Nesta liña é determinante que a primeira obra de editorial sexa *Precipicios* de Beatriz Dacosta, é dicir, unha autora nova e cun estilo contemporáneo.

Entrevístase a Miguel Anxo Mato Fondo, poeta e profesor no Instituto Rafael Dieste da Coruña, do que se destaca o contacto que segue mantendo coa súa vila natal, Ponteceso, e a súa paixón pola poesía de Pondal, así como se alude á súa obra literaria e ensaística. Como experto na poesía dos oitenta, Mato Fondo valora os cambios fundamentais que se teñen producido na poesía galega e sobre a súa obra poética sinala que vai publicar proximamente un novo libro que contén poesía máis "na tona de cada día", con compoñentes biográficos e alusións á actualidade, aos amigos, á noite, aos pubs e á música. Fala das súas amizades no mundo da literatura e da súa paixón por Pondal, ademais de apuntar que a poesía social galega sufriu un inxusto desprezo que non existe na actualidade e mesmo recoñece esta temática nos poemas actuais. Refírese tamén a unha superación de tópicos relativos á realidade galega, que son froito dunha época pasada, e, con respecto á situación editorial en Galicia, opina que a publicación en galego está a pasar unha época dura economicamente. Sobre a súa faceta como profesor comenta que as

Manolo Rivas comenta como se sente ante a catástrofe do “Prestige”. Para el é unha historia demasiado real coma para escribir dela, pois abranguería todos os xéneros (comedia, traxedia, etc.). Declara que esqueceu o feito de ser Premio Nacional de Literatura, pois das medallas non se escribe e afirma que escribe por traballo, por pracer e por psicoterapia, con liberdade, pero ao mesmo tempo cunha estraña obriga. Finalmente comenta os seus gustos: temas literarios, escritores, libros, etc.

Entrevista ao catedrático e académico Francisco Fernández Rei, que fala da evolución da RAG e dos seus proxectos para o futuro máis inmediato. Fai unha valoración do cambio na presidencia e explica como lle gustaría que fose a Academia. Sinala que el, xunto con outros dous académicos, participou na redacción dos cambios da normativa e explica que eles tres consideran que para descastelanizar o galego hai que botar man do portugués. Por último indica que a lingua galega se está perdendo no eido familiar e que é preciso un nacionalismo sociolóxico.

Reproducción dunha entrevista inédita ao escritor Carlos Casares, realizada por Cristina Domínguez e que pertence á serie que levou a cabo o xornal “a xeito dunha radiografía de todos os membros que forman parte da Real Academia Galega”. Despois duns breves apuntamentos biográficos, Casares fai referencia aos tres obxectivos que perseguía nos anos sesenta con respecto á citada Institución: “primeiro salvala, segundo reconquistala para a cultura galega e por último dotala dunha sede”. A continuación, alude á inauguración da nova sede, á súa propia entrada na Academia, a proposta de García-Sabell e Ramón Piñeiro, á marcha de Fernández del Riego da presidencia ou á entrada do novo presidente, Xosé Ramón Barreiro, a quen cualificou como “unha persoa que reúne todo, respecto ó intelectual e ó persoal e que pode darlle unha volta importante á Academia”. Para rematar, comenta que a literatura está pasando un bo momento tanto na narrativa coma na poesía.

E. P., “A literatura vive un bo momento, pero as editoriais son un pouco medosas”, *La Región*/*AtlánticoDiario*, “Galicia”/“Sociedad”, 24 febreiro 2002/27 febreiro 2002, p. 29/p. 31.

Entrevista ao mestre e autor Bernardino Braña que foi recentemente elixido Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Sinala que, entre os retos máis inmediatos, está saldar as débedas existentes, elixir un novo membro (xa que falta unha persoa para completar os nove que deben ser) e mostrarse moito máis á sociedade mediante obradoiros, conferencias, recitais, etc. Fala da situación actual da literatura galega, sobre a que opina que está a vivir un bo momento, así como, sinala que a narrativa se ve prexudicada pola tendencia das editoriais de publicar preferentemente obras premiadas. Constata que o número de autores e lectores en lingua galega sufriu un incremento nos últimos tempos.

Xavier Queipo con motivo da presentación en Vigo de *O ladrón de esperma* (2001), comenta a temática e o variado rexistro dos seus relatos. Sinala a importancia que para el tiveron cada un dos premios que lle foron concedidos polas súas diversas obras.

Entrevista ao escritor Kiko Neves que vén de publicar a súa primeira novela: *Un baile de moscas* (2001). Fala desta obra e explica que nela hai unha ambivalencia do xénero poético e narrativo, así como explica que a acción transcorre nunha vila que é o trasunto da súa Ponteareas natal e que os personaxes son xente entre os 25 e 30 anos cun contrato en precario sen posibilidade de independizarse. Sinala que se trata dunha obra cunha visión pesimista da realidade na que non existe acción, xa que reflicte as posibilidades dos protagonistas.

Con motivo da reedición de *Que me queres, amor?* (2001) na “Biblioteca Galega 120”, entrevístase a Manuel Rivas. En primeiro lugar fai unha análise do valor que a literatura galega ten na sociedade e asegura que cada vez hai máis lectores, polo que a literatura non é minoritaria. Fala da perda de pulo que sufriu a Día das Letras Galegas e cualifícao de inexplicábel. Engade que lle gustaría que este día se semellase ao Sant Jordi de Cataluña.

Entrevista ao escritor Luís Rei Núñez, que no ano 2000 acadou o Premio Xerais pola obra *Expediente Artieda*. Toda a entrevista xira ao redor desta novela, sobre todo pola súa temática, ambientada na guerra civil. Explica que el non sufriu a guerra, pero si as súas consecuencias e que, coa novela, quixo poñer nome e rostros ás persoas anónimas que a protagonizaron.

Entrevista a Euloxio Rodríguez Ruibal con motivo da publicación por parte da Biblioteca 120 de *Zardigot* (1974), obra coa que gañou o Premio Abrente en 1973. Comenta que o feito de reler a obra, despois de tanto tempo, fíxolle variar a opinión sobre a peza, sorprendeuse de ter empregado xa daquela recursos metateatrais e intúe influencias de Brecht e Artaud. Fala da evolución do teatro e do papel do dramaturgo dende os anos de Abrente, ademais de reflexionar sobre si mesmo por tratarse dun autor máis publicado que representado.

Conversa con Xulio Valcárcel que vén de publicar *No corazón de Galicia: viaxe polas terras de Chantada e Ulloa* (2001), unha obra que escribiu despois de viaxar dous anos por esa zona e que está cargada de personaxes, paisaxes, lendas e historias. Sinala que reflicte un tipo de cultura próxima a desaparecer e que ademais é consciente diso; pensa que estamos a vivir un proceso de uniformidade no que estamos perdendo parte da nosa eternidade e que xa non existe iso que adoita chamarse “Galicia profunda”.

Ampla conversa con Fabiola Sotelo Blanco, presidenta da Asociación de editores galegos, que reflexiona sobre a situación do mercado editorial galego. En primeiro lugar, afirma que a baixada nas vendas de libros se nota máis no caso do galego porque ten menos lectores. Engade, así mesmo, que para recuperar as vendas habería que superar a crise internacional e, ademais, promover o gusto pola lectura. A seguir, céntrase no perfil do lectorado galego e comenta que, en xeral, “ama a lingua”, gústalle a literatura galega e “todo o que se está editando en Galicia e a producción editorial”. Fabiola Sotelo reflexiona, ademais, sobre a perda de lectorado xuvenil posto que os mozos ven a lectura como unha obriga escolar. A este respecto é importante o novo Plan de Normalización Lingüística que está a promover a Consellería de Educación para motivar os alumnos e os mestres. Alude á calidade do que se edita en galego e comenta que “nunca se escribiu tanto coma agora e cun gran nivel de calidade”. Engade, así mesmo, que a literatura infantil e xuvenil é a que está a vivir o seu “momento máis doce”. Para concluír, comenta que a súa obriga é “seguir

Entrevista ao escritor Carlos G. Reigosa na que fala das obras que publicou no 2000: a traducción ao castelán de *Crime en Compostela*, *A guerra do tabaco*, *Narcos* e *Homes detrás da corda* e a reedición de *Oxford, amén*. Explica que, a pesar de que durante anos non quixo traducir as súas obras, agora decidiu facer como Rivas, que publica en galego e aos seis meses saca a traducción. Sinala que *Crime en Compostela* podería ter sucedido noutra cidade calquera pero que foi así por que, dende que viviu na cidade, quixo ambientar algunha novela nela e define a obra como unha novela de estructura simple, con tensión narrativa e trama de suspense ata o final.

O profesor de educación secundaria Paco Veiga que vén de publicar *O libro dos xogos populares galegos* (2001), opina que este tipo de xogos teñen cabida na sociedade actual e que só fai falta unha vontade clara de recuperalos. Sinala, así mesmo, que unha das causas polas que non sabemos usar o noso tempo libre son os medios de comunicación.

Entrevista a Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao que se fundou no 1984 cando se trasladaron a Galicia os restos fúnebres de Castelao, con intención de que non se manipulase o seu nome. Avelino Pousa sinala que nestes anos se acadaron moitos logros, como a edición das obras completas na editorial Galaxia ou a organización dunha exposición da súa obra gráfica e pictórica. Así mesmo, define a Castelao como o arquetipo da galeguidade, xa que viviu entregado enteiramente á terra.

Conversa con Francisco Fernández del Riego, vintecatro horas antes de ser nomeado fillo adoptivo de Nigrán. A seguir, destaca que o momento que lle gustaría volver a vivir é o ano 1931, cando tivo conciencia do que era Galicia, a súa cultura e a súa lingua. Lembra, a continuación, cando no 1936 foi destituído como profesor universitario, inhabilitado para a docencia e sancionado polo Tribunal de Orden Público. Foi, así mesmo, censurado cando representaba á editorial Galaxia. En canto ao seu labor como responsábel da editorial Galaxia e da Biblioteca Penzol afirma que a batalla pola chamada “invisibilidade da lingua” rematará por gañarse, aínda que non tan rápido como desexariamos. Polo que se refire á súa labor actual, comenta que agora ocupa o seu tempo na Biblioteca Penzol.

Comeza o artigo cunha breve biografía de María Lado, que irrompeu na poesía galega co libro *A primeira visión*, editado por Letras de Cal. A seguir, a autora fala do libro *Casa atlántica, casa cabaret* (2001), publicado pola colección "Ablativo Absoluto", de Edicións Xerais de Galicia. Trátase dun poemario composto por dezasete poemas e a autora comenta que se trata dun libro no que "hai moitas partes dialogadas. Era, ao escribir, como se as cousas me falasen. Os diálogos víñanme á cabeza, como unha forma de dar sentido a todo". Para rematar, María Lado engade que ten "moitos proxectos, moita ilusión, moitas ganas de vivir".

Breve conversa con Marilar Aleixandre, na que fai referencia ao seu libro *Teoría do caos* (2001) e afirma que quixo “falar da xente que dicía unhas cousas e tiña uns ideais e co tempo van cambiando e acaban traizoándose a si mesmos e aos seus propios sentimentos,
o cal é a peor traizón posible”. A seguir, engade que *Teoría do caos* é unha novela “con certa mensaxe”, pois do que pretende deixar constancia é de que “a paisaxe neste país se está estragando moito”.

Nesta entrevista o Premio Nacional de Poesía 1972, Xulio López Valcárcel, considera que as palabras dos poetas non son máxicas para solucionar problemas como poden ser o do Prestige, pero que poden servir a modo de bálsamo. Afirma que o compromiso do poeta por estar inserto nunha sociedade é fundamental e a súa misión consiste en responder de maneira difícil, con ética e con coherencia interior, ao mercado e ao capitalismo criminal no que todo vale, á rapidez e á superficialidade que nos envolve hoxe en día. Di que a poesía é en parte un xénero da adolescencia, máis non só, e que a visión que ela ofrece é diferente da que se pode captar a partir dos sentidos. Ademais aínda que posúe unha linguaxe universal, tamén o idioma pode condicionar moito.

Reprodúcese unha entrevista concedida por Carlos Casares a *Diario de Pontevedra* en maio de 2001, unha das últimas que o escritor mantivo coa prensa galega. Nela responde a cuestións relacionadas cos seus comezos como escritor e a preguntas referidas á literatura galega en xeral. No tocante ao primeiro destes aspectos relata cómo se creou o seu primeiro libro, *Vento ferido* (1967), e os problemas de censura que sufriu unha vez que xa estaba na rúa, referíndose tamén a que comezou a escribir en galego por unha cuestión ideolóxica. Respecto ás cuestións relacionadas co mundo literario en xeral apunta, entre outras cousas, que cada escritor escribe por razóns distintas e de diferentes formas. Ademais subliña que as opinións dos escritores sobre diversos temas de actualidade deben verse como as dun cidadán calquera xa que os escritores non teñen que ser necesariamente intelectuais. Finalmente apunta que nese momento tiña a primeira versión dunha nova novela, que revisaría no verán.

Entrevista ao escritor Víctor Freixanes na que fala do seu último libro *Galicia. Unha luz no Atlántico* (2001), unha obra concibida e coordinada por el mesmo na que traballaron, encargándose dos diferentes ensaios: Ramón Villares, Henrique Monteagudo, Marcial Gondar, César Portela, Núñez Seixas, Xavier Vence e De la Dehesa. Explica que en 500 páxinas se recollen dous mil anos de historia e que isto supuxo un enorme esforzo de síntese. Tamén comenta que a obra xurdiu polo seu interese de crear un libro innovador pola súa organización, información e didactismo e con el preténdese crear un escaparate de Galicia construído dende o galeguismo e dende a conciencia da identidade do país.

Xabier Alcalá declara nesta entrevista que se non estragara as historias tería máis recoñecemento do que ten. Considera que escribe en galego e ese feito xa implica que a literatura galega sexa vista polos mercados que se expresan en castelán como algo menor. Afirma que os seus libros, aínda que teñen gran repercusión en Galicia, constitúen fóra unha frustración para el. Así mesmo, aínda que escribir en galego é un compromiso persoal, el é enxeñeiro de telecomunicacións e non se considera un escritor. Finalmente, declara que a mellor maneira de defender unha lingua é impulsar a súa utilidade, pensar con mentalidade de negocio e incidir en que o galego é o idioma que nos permitirá acceder a moitos mercados, así como fomentar o uso do galego nos nenos e a importancia que isto ten.

Con motivo da visita de Xosé Neira Vilas á Feira do Libro da Coruña para presentar a súa última publicación, *Crónicas galegas de América*, o escritor declara que nunca deixa de asistir a esta feira dende hai máis de vinte anos. A propósito do seu novo libro, onde recolle artigos sobre os emigrantes e os exiliados, comenta que é moi necesario coñecer o fenómeno da emigración porque dende América chegaron a Galicia moitas cousas como o himno, a bandeira, a Real Academia Galega e mesmo estatutos para sindicatos. Da súa experiencia como emigrante en Arxentina, manifesta que foi alí onde descubriu Galicia e a militancia cultural apaixonada e onde compartiu experiencias con mestres e amigos como Luís Seoane, Dieste e outros. Sobre a situación do galego, que segundo un informe dado a coñecer pola UNESCO é unha das linguas en perigo de desaparición, opina que o informe lle parece moi desfasado e que non cre que desaparece a lingua agora que acadou certa presencia nos medios e na sociedade, e mesmo un uso literario moi importante. Sobre a situación do mundo rural galego salienta que é moi necesario que se desenvolva nel unha

Con motivo da presentación na Feira do Libro da Coruña da novela *Ganga* (2001), Antón Lopo explica que a obra naceu tras dunha viaxe á India onde se decatou de que “a realidade non se atinxe” tal como ocorre na sociedade actual. Adscribe a novela ao xénero de aventuras e di que a súa estructura semella un xogo de espellos que deforman. Alude tamén á presentación do tema do narcotráfico dende unha perspectiva pouco habitual, xa que o considera un sen sentido máis da sociedade e móstrase partidario de eliminalo legalizando as drogas. Explica que emprende as súas creacións utilizando diferentes soportes, música, plástica ou escrita, pero que todas elas responden á manifestación dunha mesma tensión creativa. Considera que tanto a prosa coma o verso son formas de comunicar metáforas e perspectivas do mundo e que no seu estilo quizais se perciba na súa prosa o peso da poesía. Con relación ao seu traballo como xornalista recoñece ter recibido presións políticas e pensa que os medios de comunicación son cómplices do poder político do que dependen moito e mesmo apunta a existencia dunha censura non só ideolóxica senón idiomática.

Luca, G., “O público ten a palabra”, *A Nosa Terra*, nº 1.047, “Cultura”, 12-18 setembro 2002, p. 25.

Reprodúcese unha entrevista publicada en *A Nosa Terra* (nº 803) na que Roberto Vidal Bolaño radiografaba criticamente a situación do teatro galego. Refírese á importancia do texto nos seus espectáculos teatrais, a partir do convencemento de que coa situación do país renunciar á palabra era prescindir de demasiadas cousas, un feito que lle valeu, sen embargo, acadar a comunicación co público. Cualifica a política teatral de delirio, unha sucesión de erros que se alimentan a si mesmos “co estímulo e a bendición da maioría da profesión teatral”. Entre estes erros sinala: o feito de que o Centro Dramático Galego se gabe de ser a única Institución do estado que ten compañía estábel e que monte espectáculos de elevado presuposto, cando existen no país textos e espectáculos que si demandarían ese esforzo económico; a existencia dunha gran cantidade de compañías independentes que só inflúen na mantenza dun “minifundismo eterno e crecente”; ou o vicio “de vello” de non ter en conta ao público. Considera tamén que con traduccións e versións non se constrúe a dramaturxia dun país e que se se estrean textos actuais é porque persoas coma el ou Manuel Lourenzo se encargan de levar a escena os seus espectáculos.

Francisco Fernández del Riego fala dos anos que estivo ao cargo da presidencia da RAG, da normativa da concordia e da súa estancia en Vigo, a onde chegou no 1963 e onde recibirá proximamente unha homenaxe polo seu labor. Del Riego móstrase confiado con respecto á situación lingüística de Galicia e pensa que a lingua galega non está en situación de perigo; a pesar disto considera que é necesario un cambio normativo, xa que as diferentes correntes que existen na actualidade están a prexudicar á lingua.

M. B., “La producción propia es una utopía”, *La Opinión*, “Cultura”, 19 xaneiro 2002, p. 61.

Entrevista ao novo director de Teatro Rosalía, Javier Sabadie. Considera que as producciónss propias e as coproducciónss non son posíbeis, os primeiros por utópicos e as segundas por arriscadas. Sinala que as mulleres son as principais consumidoras de cultura e que no teatro fai falta autores que conecten co público xuvenil. A entrevista vén introducida por un resumo da súa traxectoria profesional.

M. C. L., “El ser humano es un actor que siempre se interpreta a sí mismo”, *El Ideal Gallego*, 2 febreiro 2002, p. 20.

Alfredo Rodríguez, que é profesor de Pedagoxía Teatral, sinala que a diferencia entre as Escolas de Arte Dramática e a diplomatura de Pedagoxía Teatral é que as primeiras forman actores e as segundas profesores de actores. Apunta, así mesmo, que o teatro ten un dobre valor educativo: dende o punto de vista do espectador, permite estudiar o xénero sobre o escenario; dende o punto de vista do actor, permite aos alumnos aprender a comportarse ante diversas situacións da realidade cotiá.

M. C. L., “É necesario ollar o mundo desde Galicia, pero con visión universal”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 setembro 2002, p. 19.

Breve entrevista con Alfonso Zulueta, presidente do Consello da Cultura Galega, con motivo da inauguración no Pazo de Mariñán dun curso sobre as telecomunicacións na sociedade da información. Nela afirma o seu convencemento sobre a necesidade de ollar o mundo dende Galicia pero cunha visión universal, así como a necesidade de contar coas novas tecnoloxías. Neste sentido, sinala que o Consello posúe unha páxina web que se actualiza continuamente e que recibe consultas non só de Galicia senón de todo o mundo. Fala tamén do novo proxecto da institución que preside, a recuperación e dixitalización de 30.000 escritos do Padre Sarmiento, pertencentes ao arquivo de Medina Sidonia, coa intención de elaborar unha edición crítica e redescubrir a súa figura no contexto da Ilustración española e europea. Valora finalmente o apoio das institucións privadas á cultura galega.

M. R., “A lingua galega non vive o momento, agonízao”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 125, 15 abril 2002, p. 2.

O escritor Breogán Riveiro alude, nesta conversa, á súa última novela, *O asasino bífido* (2001), que aborda “cun sutil humor negro unha serie de asasinatos nun gremio específico: o dos filólogos”. O autor afirma que “a idea xurdiu de escoita-la xente, os comentarios a pé de rúa”. A seguir, trata do conflicto lingüístico en Galicia, tema principal da súa obra, e comenta que non lles gustou nada a algúns filólogos. Para rematar, alude aos premios literarios e afirma que, dende o seu punto de vista, son moi positivos, entre outras cousas porque constitúen un estímulo para algúns escritores. Engade, así mesmo, que está a escribir unha novela dirixida ao público infantil.

M. R., “Sen risco non hai evolución na literatura nin na vida”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 126, 22 abril 2002, p. 2.

O escritor Xavier Queipo alude á súa última novela *O ladrón de esperma* (2001), galardoada co premio Café Dublín da Coruña. Comenta, en primeiro lugar, que os premios alimentan o *ego* dos autores. Engade, así mesmo, que non se sinte máis cómodo con ningún xénero en concreto e que escribe contos, novelas ou poemas dependendo do estado de ánimo, das experiencias, dos soños ou das circunstancias. Por último, comenta que, á hora de escribir, hai quen opta pola autocensura e a adaptación ás necesidades do mercado e hai quen, coma el, prefire a liberdade de creación.

Comeza cun breve perfil biográfico de Margarita Carballo Ramos, filla de Ricardo Carballo Calero. A seguir, Margarita Carballo lembra que estivo sen seu pai ata os cinco anos, posto que primeiro estivo na guerra e despois pasou dous anos no cárcere de Jaén. Sen embargo, ten moi bos recordos da súa infancia en Lugo e en Ferrol, cidade na que traballaba súa nai. Comenta que non cursou estudios de Primaria, senón que os seus pais lle puxeron unha profesora na casa. Asegura, así mesmo, que a súa irmá e mais ela recibiron unha educación moi esixente, posto que seu pai era moi esixente consigo mesmo e cos demais. Para rematar, alude ao exemplo de seu pai que, con cincuenta e catro anos, gañou a oposición de agregado de instituto e no 1972, a cátedra de Lingüística e Literatura Galega.

Mallo, Albino, “O ano do poeta”/“Manuel María: ‘Na poesía galega hai unha continuidade que se mantén”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 6 maio 2002, p. 17/p. 75.

Manuel María, recentemente galardoado co Premio da Crítica Galega, fala nesta entrevista da RAG e da súa actividade poética. Sinala que o seu nomeamento como académico non lle preocupa xa que non depende del e pensa que na RAG é necesario un maior orzamento para levar a cabo os proxectos existentes, como son unha gramática galega ou unha gramática histórica. O poeta, que afirma estar gozando dun ano sabático, considérase pertencente á xeración da posguerra e opina que en Galicia hai dende sempre moi bos poetas. A entrevista acompáñase dunha breve biografía.

Diálogo con Luz Pozo Garza que comeza cunha presentación na que se salienta que dende nova cultivou a literatura primeiro en castelán, logo alternando ata que en 1977 tomou a decisión de escribir todo en galego por “considerar que era o compromiso que tiña que cumprir”. Destácase tamén o seu labor docente e como académica dende 1996. Luz Pozo fala das primeiras edicións dos seus poemas, primeiro nos xornais, e logo, á súa chegada a Lugo, da publicación en *La Noche* ata a edición en libro de *Ánfora* (1949), que causou polémica na época ao consideralo demasiado sensual e mereceu unha crítica favorábel no *ABC* de Gerardo Diego. Refírese ao seu primeiro poemario en galego, *O paxaro na boca*, do que confesa que non quedou moi satisfeita por non ter ben asumida a lingua; á fundación da revista *Nordés*, xunto a Tomás Barros; aos seus últimos libros en castelán; á súa aposta definitiva polo galego con *Concerto de outono* e *Códice Calixtino*; e aos seus ensaios. Entre os seus libros máis recentes, nomea *Prometo a flor de loto*, co que acadou en 1991 o Premio González Garcés, e os ensaios *Galicia ferida*, *A visión de Luís Seoane*, *Ondas do*

Sitúase a Manuel Rivas na vangarda dos escritores españois con transcendencia mundial polo éxito da súa producción literaria e agora tamén cinematográfica. Destácase a adaptación de J. L. Cuerda de *La lengua de las mariposas*, a recente estrea de *O lapis do carpinteiro*, dirixida por Antón Reixa, e a adaptación teatral do conto "El héroe", pertencente a *As chamadas perdidas*. A seguir, Rivas fala das súas primeiras aventuras periodísticas nas revistas *Loia*, *Teima* e *Luzes de Galiza* e, posteriormente, como corresponsal en varios diarios e como colaborador fixo en *El País*. Refírese ao seu primeiro libro, recompilación dunha serie de poemas que escribira aos dezaoito anos titulada *O libro do entroido*, e aos seus ensaios, así como aos seus poemarios *Mohicania* (1978) e *Ningún cisne* (1989, Premio Leliadoura), e ao seu primeiro relato, "Todo ben". Comenta tamén as diferencias entre a profesión de xornalista e o oficio de escritor e amosa a súa satisfacción coa traducción dos seus libros ao castelán e a outras linguas. Achéganse finalmente as preferencias literarias, cinematográficas e pictóricas de Manuel Rivas.

Eva Veiga lembra, en primeiro lugar, o seu paso pola televisión galega e comenta que, neste eido, puido desenvolver a si mesma como observadora da vida. A continuación, explica que acaba de publicar unha guía de Santiago de Compostela para a editorial Everest e que xa rematou de escribir dous poemarios e un libro para nenos e nenas que contén poesías e pequenos relatos. En canto á narrativa, afirma que ten un monólogo protagonizado por unha muller, ao que lle custa traballo poñer fin. Para rematar, comenta que a poesía é o seu medio máis natural de expresión, aínda que non descarta o ensaio, a narrativa e a conferencia.

Entrevista con Xosé Neira Vilas con motivo da presentación na Feira do Libro da Coruña da súa última publicación, *Crónicas galegas de América (Rolda III)*, na que se recollen os artigos publicados en *El Correo Gallego* xunto a un apéndice titulado “Xénese e consolidación do Himno Galego”. Neira Vilas fala da súa estadía en Buenos Aires, onde chegou en 1949 aos vinte anos, lembrando que viviu unha “década brilante” xunto a Luís Seoane, Lorenzo Varela, Blanco Amor ou Rafael Dieste, que casou en 1957 con Anisia Miranda e que xuntos crearon unha organización para difundir o libro galego chamada Follas novas. Conta o seu paso a Cuba en 1961, para colaborar coa revolución de Fidel Castro, o traballo de Anisia no Consello Nacional de Cultura e o seu na creación do Instituto de Literatura e Lingüística dentro da Academia de Ciencias, así como a publicación de libros en galego na editorial cubana José Martí. Na actualidade di repartir o tempo entre a escrita e a Fundación Neira Vilas, dende a quen ten creado dous premios literarios bianuais, o Estornela de teatro para nenos e o Arume de poesía, ademais de viaxar a Cuba todos os anos. Anuncia a próxima publicación do volume *Relatos mariñeiros* e dun libro de poesía

que “vai pausadamente”. Comenta tamén a reiterada presencia de Galicia nas súas obras e di escribir en galego porque foi a lingua que aprendeu de neno e a que utilizou na xuventude e en América para se comunicar cos outros galegos. Nomea os seus escritores favoritos e declara estar lendo *Conversas con Xosé Chao Rego*, ademais de expresar as súas preferencias musicais, cinematográficas e o seu desexo de viaxar a Asia. Acompaña a entrevista unha nota biobibliográfica do autor de Gres.

María del Carmen Krukenberg repasa nesta entrevista a súa traxectoria vital e literaria. Alude á súa estancia en Buenos Aires, onde mantivo contactos con escritores galegos e casteláns exiliados ou emigrados e onde publicou o libro *Las palabras olvidadas*. Refírese tamén ao seu retorno a Madrid, onde permaneceu entre 1956 e 1963, e publicou *Cantigas do vento*, unha obra de xuventude, *Carnaval de ouro*, *Los pájaros inmóviles*, *Poemas y canciones de aquí y de allí* ou *Farol del aire*. Detense a seguir na posterior volta a Vigo, para estar cos seus pais, e o trato con vellas amizades. Recoñece que nos últimos quince anos ten publicado máis que no resto da súa vida e cita títulos como *Antología casi completa*, *Zas de beleza triste*, *Meditacións á beira da noite*, *XXI poemas nun grido de luz* e *Jazz espido* e *Historias na memoria*. A propósito da poesía galega actual, comenta que pasa por un dos seus mellores momentos dende hai máis de vinte anos. Cualifica o período que vive actualmente de “paro mental”, porque está a pensar en próximas obras, e sinala que a pesar das súas orixes alemanas, aprendeu a falar galego aos cinco anos porque nesta lingua se comunicaba co caseiro da finca que a súa familia tiña en Coia. Cita os libros que

Entrevista coa poeta de Bueu Lucía Novás Garrido, a quen se presenta como unha futura promesa da literatura galega tras acadar co seu primeiro poemario, *Epiderme de Estío* (2001), o IV Premio de Poesía do Concello de Carral. Sobre a mensaxe deste libro comenta que se trata de poemas de amor, relacionados coa sensibilidade e o sensorial, e que con eles quere transmitir unha especie de canto á felicidade, dentro da súa concepción da poesía como "algo que puede dar la felicidad, algo para disfrutar". Destácase que está a punto de rematar os seus estudios de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo e que ten colaborado con artigos nas revistas *PolpA, Casa da Gramática* e *Alquimia*. Valora o estado actual da literatura galega como un dos mellores en canto á calidade, aínda que recoñece eivas como a falta dunha boa infraestructura editorial e a escaseza de axudas. Cita tamén as súas lecturas favoritas, Rosalía de Castro, Pablo Neruda e autores da lírica medieval galego-portuguesa e anuncia a súa participación no XVI Festival de Poesía "Outro mundo é posíbel" que terá lugar no mes de agosto en Salvaterra de Miño, destinado a novos poetas galegos de quen se editará un libro con composicións inéditas.

Miragaya, María José, “Antes, tiñamos que gañar o dereito a ir á escola”, *La Región*, “Festival Internacional de cine”, 14 novembro 2002, p. 6.

Conversa con Xosé Neira Vilas, quen presentou en Ourense un documental sobre os corenta anos da publicación de *Memorias dun neno labrego*. En primeiro lugar, comenta que o libro tivo e segue a ter repercusións noutras culturas porque ten o mérito da autenticidade, da sinceridade e, ademais, “está escrito co corazón”. A continuación, fai referencia ao documental sobre o seu libro, que acabou de preparar Ismael González e Xan Leira. Para rematar, coméntase que, no acto de presentación do citado documental, Ismael González defendeu a proposta de crear unha plataforma en defensa da candidatura de Neira Vilas para o Premio Nobel de Literatura.

Nesta entrevista o escritor José Manuel Villanueva comenta distintos aspectos relacionados coa súa última novela, *Adeus India, adeus* (2001), como son o tema, extensión, relacións entre os personaxes, etc. Sinala que a novela é un proxecto no que traballa dende 1985 e que nela pretende expor unha serie de experiencias vividas por xente da súa xeración e relacionadas coa cultura hindú. Ademais disto explica que está apunto de rematar a súa próxima novela, da que unicamente indica que é especialmente extensa por ter unha trama complexa.

Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, alude, para comezar, á traducción en galego do *Hobbit* de Tolkien e do primeiro volume de *O señor dos aneis*. A seguir, afirma que o criterio que segue Edicións Xerais de Galicia para establecer a política de traduccións é a da "excelencia literaria". En canto aos índices de lectura en galego comenta que son baixos, aínda que nunca se leu tanto como agora. Engade, así mesmo, que "o camiño para aumentar os índices de lectura está na formación dun criterio e dunha afección lectora dentro da escola". Para rematar, cita as novidades de Edicións Xerais: *¡Sentinela alerta!* un libro de relatos de María Xosé Queizán; un conxunto de contos de Manuel Rivas, titulado *As chamadas perdidas*; un volume colectivo, en coedición coa Mesa pola Normalización Lingüística, titulado *Longa Lingua. Os contos da Mesa*; un estudio sobre *As Cantigas de Santa María*, de Elvira Fidalgo e o segundo volume da triloxía *O Señor dos aneis.*

O narrador e poeta Fran Alonso responde, como director da colección de poesía “Ablativo Absoluto”, de Edicións Xerais de Galicia, ás cuestións de Ramón Nicolás. Comeza cunha breve referencia á citada colección e afirma que, dende os seus comezos no ano 1990, “ten a vocación de seguir apostando pola renovación xeracional”. A seguir, comenta que Xerais non publica poesía só na colección “Ablativo Absoluto” senón en coleccións infantís, nas colección de clásicos como “Biblioteca das Letras Galegas” e mesmo forra de colección. En canto ás características propias da colección, afirma que existen nela tres liñas definitorias: unha que presta atención “aos autores e autoras novos ou novísimos”, outra que se centra “na reivindicación puntual de determinados autores doutras xeracións” e unha terceira liña que atende “á incorporación na colección de traduccións de autores contemporáneos vivos”. Para rematar, declara que están a piques de saír dous novos libros nesta colección. Trátase de *Unha vida de traballo nos bosques do cánabo*, de Claudio Pato e *Damas negras*, de María do Cebreiro.

Antón Mascato, director de Edicións do Cumio, valora a evolución do sector editorial galego nos últimos anos, recoñecendo a elevada capacidade de producción de todas as editoriais galegas, o desenvolvemento da industria gráfica, a renovación permanente e a introducción acelerada das novas tecnoloxías. Fala tamén da diversificación da oferta da editorial que dirixe e, entre os títulos máis demandados do catálogo, cita a serie de diccionarios de todo tipo, o manual das Normas Ortográficas, libros de exercicios de lingua, manuais de aprendizaxe do idioma, guías turísticas e audiolibros infantís. Salienta a experiencia da editorial no ámbito lexicográfico e valora especialmente este esforzo, realizado sen subvencións nin axudas de ningunha institución.

Paco Macías, responsábel de Edicións Positivas, fala nesta entrevista das orixes deste proxecto editorial e declara que ademais da canseira persoal do que facía no momento da súa creación, sentía certa insatisfacción co que se estaba a publicar. Sinala que a creación desta editorial veu demostrar que eran posíbeis outras editoras, á parte das xa consolidadas, que achegasen novas propostas. Acerca da súa liña de publicacións considera que Positivas aposta por temas vinculados á actualidade que á vez cobren carencias existentes no mercado e nomea aqueles títulos do catálogo máis demandados polos lectores. Con respecto a esta publicación sinala que intenta dar conta da actualidade, un proxecto que identifica co espírito que levou á creación da Sala Nasa en Santiago. Fala tamén das medidas necesarias para paliar o déficit de lectores e sinala que as perspectivas futuras para Edicións Positivas son de crecemento e expansión, citando as súas próximas publicacións.

Entrevista á poeta Iolanda Castaño, que se consagrou como tal co Premio da Crítica Española á mellor obra de poesía en galego en 1999. Explica que comezou a escribir sendo moi nova e que os poetas necesitan unha sensibilidade especial para traducir o mundo a unha linguaxe poética. Considera que o único que une á nova xeración de poetas galegos é a diversidade e está moi orgullosa de que a chamen “a poeta da lingua galega”. Admite ser pouco disciplinada á hora de escribir e sinala que intenta aprender continuamente da literatura, do cine, da música ou da pintura.

Con motivo do pasamento de Carlos Casares reprodúcese esta entrevista, publicada en 1979 en *La Región*, na que alude, nun primeiro momento, ao contacto que mantivo cos “grandes mestres” Vicente Risco e Ramón Piñeiro. Fala do seu paso polo Seminario, no que aprendeu as bases para escribir e moita literatura e, comenta que as súas narracións parten sempre de experiencias vividas ou de anécdotas que alguén lle contou. Por outra banda, sinala que o seu traballo como profesor é un medio de vida que lle permite dedicarse á vida literaria, e que o seu obxectivo é centrarse en facer grandes obras. Finalmente, subliña que de todas as súas creacións prefire *Vento ferido* e *Os escuros soños de Clío*, dado que sempre se sentiu máis cómodo facendo relato curto.

P. M., “Valle, Cela y Torrente non querían crear una literatura en gallego”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 abril 2002, p. 22.

O profesor de Filoloxía, Xosé Manuel Dobarro, refírese nesta entrevista á situación actual dos autores galegos que queren dar o salto ás editoriais nacionais, ademais de opinar que Valle Inclán, Cela e Torrente Ballester, pese a que escribían en galego de forma ocasional, non tiñan intención de crear unha literatura galega de verdade. Por outra parte, alude á súa intervención no III Congreso de Literatura Española Contemporánea, que tratará a obra *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao, porque se estreou en Madrid na súa versión en castelán. Tamén se achega unha biobibliografía do profesor coruñés.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro que comeza falando dos proxectos da RAG e afirma que como presidente pretende seguir a liña de traballo iniciado por Del Riego. Sinala que o plenario da Academia decidirá qué cambios son necesarios para darlle un impulso ao Día das Letras Galegas. Admite que, se os académicos queren, poderá retomarse o debate da normativa e apunta como posíbel causa do seu rexeitamento o momento e a forma de presentala. Conclúe este tema sinalado que hai correntes que non son integrábeis e que a RAG non vai permitir que o galego camiñe cara ao lusismo. Finalmente, fala da situación actual da lingua galega.

Leonel García, director da compañía viguesa Teatro Aforo dende 1998, anuncia nesta entrevista que vai impartir un curso intensivo de iniciación á interpretación no Círculo Recreativo Cultural de Porriño. Sinala tamén que o teatro pode servir para se coñecer mellor a un mesmo, descubrindo calidades que non se pensaba posuír e procurando as posibilidades expresivas do corpo e da voz. Entre as calidades do actor, menciona a vontade e o espírito de sacrificio, ademais dun potencial de voz, ritmo e movemento. Con respecto á situación da profesión en Galicia, opina que é moi difícil gañar a vida pola falta dunha infraestructura e dun apoio económico axeitados. Neste sentido refírese á existencia en Vigo dunha escola municipal de teatro case descoñecida para a xente pola falta de publicidade. Finalmente cita os próximos proxectos de Teatro Aforo, entre os que se contan as adaptacións do ensaio *Eloxio da loucura*, de Erasmo e dunha obra do autor polaco Mrozek.

Xesús Rábade Paredes é o autor de *Como levar un morto* (2001), quen nesta entrevista explica que o título encerra “Todo o peso da represión, a pesada carga dunha forma de morte, como a que vive o protagonista”. Resume o seu argumento e comenta que se trata dunha novela politicamente incorrecta, que denuncia a actual situación, o enfrontamento da dignidade humana ao fanatismo e a defensa da diferencia fronte ao pensamento único. Afirma que se impón revisar o presente á luz do pasado porque hai unha grande acomodación e sinala que, a pesar de non estar ben visto, el prefire ser fiel ás súas ideas e ir contracorrente.

Con motivo da toma de posesión como académico da Real Academia Galega de Víctor Freixanes, este declara que é “un honor absoluto” e sitúa o seu nomeamento dentro do intento de modernización e transformación da RAG, que intenta incorporar perfís distintos e complementarios para empatar coa tradición e á vez construír un discurso que conecte coas novas xeracións. Sobre o futuro de Galicia sinala que se está a vivir unha etapa na que se mesturan medos e esperanzas, pero que a súa concepción da cultura supón “virar a cadeira e mirar cara adiante”, detectando liñas de progreso que conecten cos novos tempos sen renunciar á identidade do país. Declara que lle gustaría achegarlle á RAG “a consciencia do valor das institucións para crear cultura e comunicación” e, con respecto ao feito de ter que substituír a Casares tanto na Academia coma no Consello da Cultura Galega, afirma que o oprime o peso de tanta responsabilidade que apareceu de súpeto e que é partidario da liberación da sombra do pasado, “alimentarnos dela pero abríndonos, porque a historia e a memoria son unha lousa se pesan moito”.

Víctor Campio nesta entrevista comenta a súa infancia marcada pola guerra e cómo esta influíu na súa poesía, a súa experiencia docente por toda España, os vinte anos que viviu no Magreb e a súa visión actual de Ourense, cidade natal. Sinala que tivo o seu primeiro contacto coa poesía a través dun poema de Cabanillas e que na súa inclusión no xénero tiveron grande importancia os poetas Rey Romero e Abelardo Santorum. Defínese a si mesmo como un poeta clasicista cun gusto especial polos sonetos.

O biólogo e escritor Xavier Queipo comenta nesta conversa a temática dos relatos “O ladrón de esperma” e “Shinju”, ambos pertencentes á súa obra publicada en 2001 *O ladrón de esperma*. Sinala que son a comparación entre o comportamento humano e animal, o suicidio e a homosexualidade, e a técnica empregada en “Soño nunha noite de inverno”. Así mesmo, opina sobre a saúde do galego na escrita, que considera nunha situación preocupante.

R. E., “O uso do galego nos medios é irresponsable”, *El Progreso*, “Gente. El chat”, 19 maio 2002, p. 9.

Resumo da conversa que Paco Martín mantivo cos internautas do chat de *El Progreso*, que xirou arredor do idioma galego, da normalización lingüística, do uso de galego nos centros de ensino ou nos medios de comunicación e da celebración das Letras Galegas. Destaca a necesidade de facer un uso responsábel por parte dos medios de comunicación e centros educativos para acadar a normalización que polo momento está lonxe de lograrse. Sobre a chamada “normativa da concordia” sinala que a súa aprobación sería positiva e que non entende a actitude dos académicos; conclúe afirmando que é moi importante que o galego estea na rede para sobrevivir como idioma.

Entrevista ao escritor Víctor Freixanes, que é coordinador e coautor, xunto con outras sete persoas, do libro *Galicia. Unha luz no Atlántico* (2001), que el mesmo define como un escaparate da sociedade galega. Sinala que está concibido dende o galeguismo, que nel o tema da emigración está omnipresente e que se unha muller traballase como autora dalgún dos ensaios podería ter achegado outros matices. A entrevista acompáñase dunha pequena biografía.

Entrevista ao escritor Francisco X. Fernández Naval en calidade de coordinador das Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional organizadas pola A.C. Canle e que este ano teñen como tema central as agresións que está a sufrir a paisaxe galega. Ademais de responder a preguntas relacionadas co tema das xornadas, comenta que o tema central das súas obras é a memoria e define a súa como unha literatura dos sentimentos que procura afondar na nosa realidade individual e colectiva. A entrevista vén acompañada dunha breve biografía.

Entrevista con Sofía Baquero, a viúva de Avilés de Taramancos, na que recorda cómo coñeceu o seu home e se mostra moi alegre porque a xente aínda se lembre del e lle dediquen o Día das Letras Galegas. Fala da súa vida en Colombia, primeiro en Bogotá e logo en Cali, e da volta a Galicia en 1980 para rexentar a Tasca Típica de Noia, e comenta o cariño das xentes da vila e de moitas personalidades da cultura galega por Avilés. Finalmente, expresa o seu desexo de que a xente de Noia lembre a Avilés tal e como foi.

Entrevista a Gonzalo Rodríguez Mourullo, autor de *Memorias de Tains* (2001), publicada na Biblioteca 120. Ademais de sinalar que a obra foi escrita durante os anos de carreira, explica que a súa actividade actual non lle deixa tempo para publicar, aínda que algo ten escrito e non descarta a posibilidade de dalo á luz pública. A entrevista acompáñase cuns breves datos biográficos e Mourullo responde a algunhas preguntas sobre a súa infancia e sobre a relación co seu pai.

Entrevista ao debuxante Miguelanxo Prado, na que fala da posibilidade de ficcionar a historia de Galicia e dos políticos que serían indispensábeis nese relato. Comenta a súa experiencia en EEUU como debuxante de *Men in black* e sinala que o fixo por que era algo novo no que lle prometeran liberdade absoluta. Indica que lle gustaría facer multimedia e conclúe falando dos seus gustos persoais con respecto á roupa.

Entrevista ao xornalista e escritor Manuel Rivas, que comenta que Galicia precisa unha saída diferente, con máis democracia, ecoloxía, educación e humor e pensa que para iso sería favorábel un cambio nos medios de comunicación. Defínese como unha persoa amiga do diálogo e sinala que ten un estilo de vestir bastante despreocupado, no que predominan as cores escuras; non lle gusta mercar roupa cara e non se sente a gusto cos traxes e as gravatas. Con respecto á imaxe de escritor atractivo que ten comenta que a beleza ten que ver coa emoción e non cos trazos físicos.

Víctor Freixanes fai referencia ao proxecto que coordinou, titulado *Galicia. Unha luz no Atlántico*. Trátase dun gran libro-atlas de cincocentas páxinas que contén “2500 ilustracións, 120 dobres páxinas temáticas, 15000 referencias de autores, institucións, acontecementos históricos, obras de creación e de pensamento, períodos artísticos, citas, datos estatísticos e unha estructura de lectura dividida en oito ensaios que abordan a identidade colectiva de Galicia, dende a Historia ata a Globalización, pasando polo Idioma, a Antropoloxía, a Paisaxe, a Emigración, a Economía e a Comunicación, escritas por cadanseu experto na materia”. A seguir, engade que o nacemento deste libro “xa ben de moi atrás. Concretamente da miña experiencia como editor e como idea compartida con Manuel Bragado”. A continuación, afirma que a obra é crítica, “non suxeita a condicionamento político de ningún tipo e, escrita (...) dende o ponto de vista do galeguismo, pero dun galeguismo integrador no que aparecen Rosalía de Castro á beira de Valle Inclán ou o arcebispo Xelmírez ao lado de Eduardo Dato e Montero Ríos”. Por último, engade que

Conversa coa escritora e profesora Marilar Aleixandre, na que alude á súa obra *Teoría do caos* (2001). Afirma que escolleu como modelo *Rayuela*, de Cortázar, porque lle pareceu que ese modelo "mantén unha coherencia coa temática de fondo da novela". Engade que a súa *Teoría do caos* remite "a moitas cousas e unha delas é a mecánica cuántica, non determinista, i esta metáfora que contempla que nun universo caben moitos universos posíbeis eu utilízoa na miña novela de varias formas". A seguir, comenta que coa súa novela non pretende xulgar a toda unha xeración pero o que si cre é que "a actual situación pola que atravesa a sociedade favorece que as persoas idealistas non estean precisamente abocadas ao éxito". Noutra orde de cousas, afirma que non se pode falar dun "boom" da literatura escrita por mulleres, pois estima que "non son tantas como parecen e, se as comparamos numericamente cos homes, con datos estatísticos na man, pódoche asegurar que son moitas menos, cáseque o vintecinco por cento en termos de producción". Alude ao poemario *Catálogo de velenos* (1999), co que gañou o Premio Esquío, e comenta que ela se ve a si mesma como narradora e que o Esquío foi o premio que máis lle sorprendeu.

Francisco Fernández del Riego comeza cunha breve alusión ás súas últimas lecturas e comenta que está a reler algúns autores brasileiros. Afirma que el non desconecta nunca xa que o seu descanso “consiste en pasar dun traballo a outro” e non concibe os fins de semana como tempo de lecer. A continuación, céntrase no seu labor profesional e comenta que nunca tivo vocación poética e que tampouco lle apetece meterse na ficción nin se considera “capacitado para a creación literaria”. Engade, sen embargo, que ten moi claro que o camiño que escolleu é o do ensaio. En canto ao seu labor como colaborador nos xornais, comenta que hoxe se perdeu o coidado que había antes por “escribir ben”. Noutra orde de cousas, comenta que dende o século XV ata o XIX o galego desapareceu totalmente da escrita e que, a pesar deste silencio, houbo uns literatos como Rosalía, Curros ou Pondal que volveron a poñer o galego “na corredoira”, o mesmo que fixeron os da xeración Nós. Para rematar, engade que hoxe necesitamos unha nova Xeración Nós, “no senso de que efectivamente fainos falta unha morea de xente que aproveite os avances

Conversa con Bernardino Graña, sucesor de Uxío Novoneyra na presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Comenta que, para el, ser escritor galego significa escribir en galego e afirma que o principal reto que quere conseguir é que a Asociación de Escritores en Lingua Galega estea máis presente na sociedade. Tamén engade que, neste momento, hai uns douscentos escritores afiliados á citada Asociación.

Víctor Freixanes alude ao seu nomeamento como novo director da editorial Galaxia, con motivo do pasamento de Carlos Casares. Comenta que Casares era “unha persoa insubstituíbel, tanto intelectual como humanamente” e engade que lle gustaría “fortalecer a capacidade competitiva e empresarial de Galaxia”. Así mesmo, concibe unha editorial como “un foro de reflexión, de debate e de creación, dende o que logo se poida permitir que todo iso saia á luz en distintos soportes e, polo tanto, mais alá do libro”. Por isto, V. Freixanes aposta tamén polos soportes electrónicos, aínda que non quere que se perda a identidade “daquela Galaxia que se marcou no seu día un esforzo de modernización”. Para rematar, comenta o feito de que en Galicia faltan lectores.

Entrevista a Víctor Freixanes en calidade de director xeral da editorial Galaxia, posto no que sucede ao finado Carlos Casares. Declárase consciente da crise existente no sector editorial e considera que debe afrontarse dando resposta aos procesos de modernización da sociedade do século XXI. Pensa que é necesario facer de Galaxia un foro de reflexión, de debate e de creación que permita que todo iso saia á luz en diferentes soportes.

Conversa con Fabiola Sotelo Blanco, quen reflexiona sobre a situación do mercado editorial galego, dende 1981, ano da fundación da editorial Sotelo Blanco. Salienta que o principal cambio é o crecemento no número de editoriais que publican en Galicia e declara que quizais agora se publican moitos libros para o número de lectores e lectoras pero “non así para as necesidades culturais do país”. A continuación, fai referencia á revista *A Trabe de Ouro*, dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín, e destinada a un público especial e minoritario e comenta que a editorial ten “plena confianza” no equipo responsábel da publicación da citada revista. En canto aos novos soportes tecnolóxicos, comenta que poden afectar a algunhas materias, como as enciclopedias, pero afirma que o libro, como tal, non desaparecería nunca. En canto á literatura escrita por mulleres, comenta que está en aumento. Así mesmo, declara que o cincuenta por cento da poboación lectora na actualidade está formado por mulleres. Por último, alude á literatura infantil e xuvenil e declara que, nun principio, editaban libros infantís traducidos ao galego pero agora pecharon as colección de obras traducidas e publican só aos autores galegos.

Rodríguez, Salvador, “Nunca se leu nin escribiu en galego tanto coma hoxe”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 21, “Entrevista”, 5 decembro 2002, p. III.

Víctor Freixanes comenta que Galaxia é unha editorial competitiva que require proxectos de gran traballo que ao mellor en termos comerciais teñen unha saída relativa. Así mesmo non está de acordo totalmente coa afirmación de que o libro galego pasa un mal momento e afirma que nunca se leu tanto como hoxe en día nin houbo unha sociedade tan capacitada para a cultura, nin tan bos autores. A crise editorial, di, é un capítulo máis da crise mundial que o libro galego ten que superar. De igual maneira, comenta que en beneficio do libro galego convén unha maior profesionalidade do mundo editorial e que desaparezan pequenas editoriais non é malo. Considera que a etiqueta de “premiado” xa non é aval de libro con moita venda e afirma que Galaxia non editará en castelán usando ese nome.

Entrevista realizada a Manuel Rivas con motivo da presentación no Círculo de Belas Artes madrileño da traducción ao español de *As chamadas perdidas* (2001). Rivas considera que a súa obra non se fundamenta no realismo máxico, tal e como din algúns críticos, e sinala que, como escritor, odia as clasificacións. Explica a influencia que Galicia, pola súa enorme densidade de relatos, ten na súa obra e afirma que o xornalismo tivo unha importancia vital na súa carreira literaria, xa que actuou como unha vacina contra o cinismo.

Entrevista a Manuel Rivas na que fala de asuntos moi diversos: política, obra e gustos literarios, etc. Sinala que tivo un inicio duro xa que lle abriron antes as portas fóra que aquí, pero que fai un balance positivo de todos estes anos. Considera que Galicia ten que "cambiar de piloto, por que o barco está estancado" e pensa que o poder político é unha metamorfose do antigo réxime. Valora positivamente o achegamento entre Beiras e Fraga por ser indispensábel para o país poder crear un consenso básico de supervivencia sobre asuntos como a educación, a cultura, a saúde, o medioambiente e a axuda familiar. Con respecto á literatura, sinala que non contempla a posibilidade de escribir en español e explica que na súa "biblioteca emocional" están *A esmorga* e *Os biosbardos*, de Blanco Amor; toda a obra de Rosalía en galego e *Orillas del Sar*; *Terra Brava*, de Ánxel Fole; *De catro a catro*, de Manuel Antonio; e *Arraianos*, de X. L. Méndez Ferrín. Remata comentando que a festa da lingua galega debería ter un carácter festivo e non deleitarse na cultura das pompas fúnebres.

Entrevista ao escritor, editor e xornalista Xosé Antonio Perozo, que ademais de falar dos vintecinco anos de democracia en España, dos cambios que isto supuxo e de cómo viviu as primeiras eleccións democráticas, fala da súa actividade como escritor. Sinala que esta profesión é coa que máis se identifica e que o xornalismo foi un xeito de aproximarse a ela. Comenta diferentes aspectos relacionados coa súa última novela, *Martázul* (2001), tales como a temática, a personalidade da protagonista e os seus elementos centrais: o sexo e a perversión. Tamén declara que lle gusta facer literatura infantil e xuvenil por que lle parece un xeito de modificar a realidade e opina que a literatura galega está a vivir un bo momento, xa que é realmente positivo que anualmente se publiquen uns dous mil títulos novos. A entrevista vén acompañada dunha breve biografía.

Entrevista a Carlos Casares, na que sinala que o galego está sufrindo unha perda de falantes importante e opina que un xeito de frear ese proceso é creando un organismo que estudie a situación actual, defina a qué tipo de sociedade queremos chegar e avalíe periodicamente o traballo realizado. Fala dos seus anos de universitario e sinala que daquela había máis uniformidade social entre o alumnado e que as relacións cos compañeiros e cos profesores eran máis cordiais. Sinala que na universidade actual a presencia da dimensión cultural non é tanta como debería e opina sobre o rexeitamento por parte da RAG da normativa da concordia.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro, presidente da RAG. Fala do papel da Institución nun momento social tendente á globalización ou unificación e dos mecanismos empregados para a defensa da lingua e da cultura galega, entre os que destaca a presencia nos medios de comunicación e nas universidades. Sinala que se debe diferenciar a identidade cultural da identidade política, xa que segundo afirma unha persoa castelán falante e votante do PP ou do PSOE pode ser “profundamente galego”. Finalmente, afirma que se considera nacionalista e conclúe sinalando que como presidente da RAG non vai aceptar ningún tipo de presión partidista.

Conversa con dous profesionais do sector editorial galego e un representante da Administración pública. Trátase de Manuel Bragado Rodríguez, director de Edicións Xerais de Galicia; Xosé Daniel Buxán Núñez, xefe do Servicio do Libro, e Xosé Antón Perozo Ruíz, director literario de Ir Indo. En primeiro lugar, Manuel Bragado afirma que o sector está en crise, "tanto en el proceso productivo como en el mercado, pero no sólo en Galicia, sino en todo el mundo". A seguir, X. Daniel Buxán comenta que non é tan pesimista, posto que hai algunhas melloras como o número de títulos publicados. Para rematar, o director literario da editorial Ir Indo declara que, se comparamos a época actual co pasado, estamos nunha situación extraordinaria, aínda que se facemos unha comparación coa realidade social, o momento actual pódese cualificar de "recesión".

Conversa con Alfredo Rodríguez López-Vázquez, catedrático de Didáctica da Lingua e da Literatura dentro do Departamento de Didácticas Especiais da Universidade da Coruña, codirector do Máster de Estudios Teatrais e Audiovisuais e responsábel da titulación de graduado e graduado superior en Pedagoxía teatral que, dende o curso pasado, ofrece a universidade coruñesa. Entre os obxectivos desta proposta académica, Alfredo Rodríguez menciona a necesidade de que a universidade integre o teatro na formación dos educadores para poñerse á altura das universidades europeas e americanas, así como conseguir coñecementos globais no ensino e na investigación e formar educadores e non só profesionais do teatro. Fala tamén da colaboración para o segundo ciclo desta titulación coas universidades de Turín e París e da xénese desta licenciatura, que naceu en 1992, no I Congreso Internacional sobre Ensino do Teatro e da Dramatización. Ante a falta de profesores especializados nestas materias, sinala que se tivo que recorrer a profesionais daárea de teatro que imparten docencia como Álvaro Guevara, licenciado pola universidade de San Petersburgo, que traballa sobre o modelo interpretativo de Stanislavski; Carlos

Entrevista ao novo presidente do Consello da Cultura Galega, Alfonso Zulueta de Haz, na que fala da liña de traballo da Institución, dos proxectos existentes e da cultura galega en xeral. Sinala que unha das súas prioridades como presidente é seguir a liña de traballo xa existente e rematar os proxectos pendentes, entre os que destaca o Arquivo Fotográfico da Emigración Galega, o estudio de viabilidade do museo da emigración, un informe sobre os 30 anos da TVG, o arquivo sonoro, etc. Considera que hoxe en día se está recuperando a cultura galega e explica que dende o CCG se traballa para responder ás inquedanzas que sobre a cultura ten a sociedade. Comenta o comunicado conxunto que o Día do Libro enviaron as asociacións de librerías, editoras e escritores ao CCG para demandar unha sección do libro.

Conversa con Xosé Antón López Dobao, que conta no seu haber tres poemarios –*Desde o teito da noite* (1987), *Caderno dos dereitos e das horas* (1994), accésit do Premio Miguel González Garcés, e *O tempo entre murallas* (1997)– e que sinala que aínda que nunca para de escribir non o fai a diario e que lle gusta "remoer o sabor das palabras" e deixar repousar os poemas. Apúntanse datos da súa formación e da súa dedicación profesional, así como se salientan algúns trazos da súa poética: a importancia da lingua na súa creación, o papel da poesía como espacio de liberdade expresiva no que se constrúe unha verdade co fin de chegar a unha comunicación íntima co lector que deixe á marxe o superficial, a súa orientación polos temas sentimentais e sociais e a concepción da poesía como unha axuda para matar pantasmas e superar a contradicción que implica a existencia. Lémbrase que comezou a publicar na revista *Dorna* e, sobre a situación do sistema literario galego, considera que está moi atomizado e que cómpre crear vías de contacto entre productores e consumidores. Cítanse os títulos que traduciu ao galego, o seu labor como membro do consello de redacción de *A Trabe de Ouro* e coordinador da área de publicación de

Entrevista a Francisco Fernández del Riego con motivo da publicación por parte da “Biblioteca Galega 120” de *Galicia* (2001). Sinala que a obra xurdiu a partir dunha viaxe real e non rematada que el empezou con dous profesores bretóns. Comenta que dende que deixou a presidencia da RAG ten máis tempo para a Fundación Penzol e para as súas cousas, aínda que se atopa nun momento baixo de saúde. Fala da súa relación con Cela, con quen mantivo unha importante correspondencia, e sinala que el mesmo fixo a traducción ao galego de *A familia de Pascual Duarte*.

Breve conversa con Ramón Caride, quen afirma que cultiva varios xéneros literarios e que se sente cómodo con todos: “non teño preferencias, porque tanto como me gusta ler de todo, tamén escribir de todo”. A seguir, afirma que está a preparar a segunda parte da antoloxía *Escáner* e engade que en Galicia o número de títulos publicados vai á baixa, sobre todo, se o comparamos co ano 1997, no que houbo un “boom”. Para rematar, comenta que escribir “constitúe á vez unha gloria e unha condena, unha paixón agobiante que, sen embargo, gusta cultivar”.

O editor Francisco Pillado Mayor reflexiona sobre o valor da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor e comenta que contén máis de 6.000 libros de teatro, ademais dalgunhas cousas “dun valor incalculable de tipo sentimental, como cartas de Luís Seoane, Maruxa Villanueva, Cacholas, Rafael Dieste, Otero Pedrayo...”. A continuación, declara que decidiu doar o seu material á Universidade da Coruña porque considerou “que era o lugar natural para o arquivo”. Por último, engade que, dende o seu punto de vista, a literatura de máis calidade en Galicia é a dramática e cita algúns autores do xénero como R. Vidal Bolaño, M. Lourenzo, Euloxio R. Ruibal ou Fernán-Vello, entre outros.

Conversa co escritor Lois Diéguez sobre o seu libro *Ónfalos* (2001), “unha delicada elexía en memoria da súa irmá” e que marca a súa volta á lírica despois de vinte anos dende a publicación da súa última obra poética. Comenta que a obra é unha homenaxe á súa irmá Carme, “unha viaxe pola vida e a morte que intenta despexa-lo enigma que xorde cando a materia se acaba, que é común para tódalas culturas”. A continuación, afirma que escribir significa para el, por unha banda, “un exercicio de liberdade sen pexas de ningún tipo, sobre todo editoriais” e, por outra banda, é un exercicio de dependencia, sobre todo, do sector editorial, que exerce unha presión negativa sobre os escritores. Por último, alude aos seus proxectos inmediatos e afirma que está a traballar nunha serie de narracións.

Entrevista ao doutor e presidente das Fundacións Rosalía de Castro e Otero Pedrayo, Agustín sixto Seco. Con respecto a Rosalía sinala que ela é o faro de Galicia e que é un exemplo de simbiose, polo feito de escribir en galego e castelán. Con respecto a Otero Pedrayo sinala que é o “patriarca de Galica” e que foi un referente para toda a intelectualidade. Finalmente indica que el traballou polo galeguismo dende a súa profesión de doutor e como exemplo sinala que fundou asociacións ás que lles puxo o nome en galego.

Ramón Chao comenta nesta entrevista aspectos da súa vida relacionados coa súa actividade na prensa, a súa postura política, a fama do seu fillo ou as súas preferencias literarias e fai mención á tatuaxe, que lle será realizada nas costas e deseñada por Miquel Barceló, que servirá de portada para o seu libro de entrevistas con este artista. Así mesmo, alude á súa obra *La pasión de Caroline Otero* e fai comentarios sobre a personalidade da protagonista deste seu libro. Tamén alude ao libro de Carmen Posadas que trata sobre a vida da Bella Otero.

A presidenta da Asociación Galega de Editores, Fabiola Sotelo, afirma nesta entrevista que está feliz polo éxito da “Biblioteca Galega 120” e que espera que o mesmo éxito se repita na colección “Son de Galicia”. De igual maneira di que o éxito de “Biblioteca Galega 120” se debeu á posibilidade de acceso á mellor literatura en galego, con boa encadernación, bo prezo e de maneira cómoda. Finalmente di que a iniciativa “Son de Galicia” permitiralle á xente acceder a boa música e en bo formato.

Entrevista ao traductor, poeta e editor Franck Meyer, que vén de poñer en marcha Francka Editora. Sinala que tralo proxecto están un deseñador gráfico e un editor, e que a editorial nace para dar cabida a novas opcións, crear e fomentar a creación. Comenta cál é o compromiso especial da editora coa xente nova e coas mulleres e explica cál é a situación do panorama editorial galego e aventura posíbeis solucións.

Víctor Freixanes declara que a pesar dos traballos que significa asumir a dirección dunha editorial como Galaxia, este non lle impide seguir coa súa producción literaria. Considera que o sistema literario galego ten os seus propios problemas e que non convén comparalo con outros sistemas xa afianzados, senón co propio sistema existente en Galicia anos atrás. O que é preciso facer segundo este autor é afondar nós mesmos en estratexias de edición e en esixencia creativa para que a sociedade galega saiba que temos un discurso propio e valioso. Estima que non é xusto botarlle a culpa só ás institucións, pois a sociedade é a que ten que decidir qué quere facer coa lingua galega e qué valor lle quere dar a esta, qué avances ten que pedir das institucións sen esperar só subvencións. Finalmente, considera que o tratamento que recibe o libro na TVG podería ser mellorábel e afirma que a posibilidade de que Galaxia edite en castelán para competir noutros mercados non se leva a cabo, aínda que non nega a posibilidade de editar escritores galegos con obras en castelán, nunha especie de colección dentro da editorial que dirixe.

Entrevístase ao xornalista Xosé Antonio Xesteira que se introduciu na literatura cunha obra colectiva, *Phiccións* (2000), e que agora vén de publicar *Acompáñoo no sentimento* (2001) e *Blues da Ría* (2001). A primeira é un conxunto de relatos cunha temática común, o momento da morte e do enterro, e a segunda é unha novela policiaca coa que quedou finalista no concurso Relatos de Verán. Explica que o paso do xornalismo á literatura xurdiu estando no paro, aínda que xa escribira cousas antes. Con respecto ao xornalismo, sinala que este xa non existe na súa concepción clásica, pois os xéneros desapareceron e todo é estándar.

Preséntase a Antón Figueroa como un discípulo recoñecido do sociólogo Pierre Bourdieu e como un ensaísta ben coñecido. Manuel Veiga comeza cuestionando o emprego da metodoloxía histórica na crítica dos sistemas literarios que Figueroa xustifica polo seu intento de responder a unha cultura crítica demasiado centrada nos textos, que obvia que para explicar fenómenos estilísticos hai que recorrer á historia e a factores externos ao libro. Considera que a literatura galega representa unha heterodoxia no campo político español e opina que existe unha serie de valores universais na crítica actual, tal como pensa Bloom, así como que a nación é unha formulación poderosa e atractiva, ademais de útil para a creación de identidades. Refírese ao carácter “autónomo” da literatura galega actual no sentido de que comeza a moverse por razóns literarias e non sociais ou políticas, aínda que os lectores aínda non o perciben así e a consideran militante. Neste sentido aclara que a literatura galega máis comprometida nunca chegou a caer no panfletarismo, dende a Xeración Nós ata a literatura dos sesenta. Finalmente sinala que a maneira de intervir nunha

Luz Pozo manifesta nesta conversa, concedida con motivo de ter pronunciado o pregón inaugural da Feira do Libro de Cangas, que non é partidaria de facer proxectos senón que prefire vivir o momento. Afirma que é a primeira vez que participa nun acto deste tipo e que se baseou “en que estamos inmersos nun universo que é un libro aberto, no que todos podemos ler, tanto os moi sabidos como os menos letrados” e en que “os libros tamén son universos”. Valora positivamente a realización de feiras do libro e explica que elixiu a poesía porque sempre lle atraeu e porque se trataba dun costume familiar, e o ensaio polo seu labor como catedrática de literatura. Considera que é importante achegar os nenos aos libros e amosarlles diferentes xéneros, “tamén a poesía que lles gusta moito”.

A poeta Yolanda Castaño, secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega e presentadora do programa *Mercuria* que emite a TVE, fala nesta entrevista de varios temas e defende a súa imaxe e a súa modernidade. Declara que escribir poesía na actualidade non é unha decisión senón que é un risco que se asume por amor á arte, xa que non reporta beneficio ningún. Indica que a súa dedicación profesional a orientou cara ao mundo da comunicación e expón os seus novos proxectos como a entrada na televisión e a gravación dun disco, coa intención de se ir construíndo pouco a pouco. A respecto da súa imaxe, considera que a beneficia nuns casos e a prexudica noutros, así como apunta que ten a imaxe que ten e non ten pensado pedir perdón por ela. Confesa a súa paixón polas viaxes e pronúnciase sobre o ambiente que se vive entre os escritores galegos, onde cre que todos se levan ben. Cre que a xeración de artistas novos galegos e a súa falta de compromiso político é atribuíbel a que falta cultura política e a que non viviron ningunha situación límite. Nun parágrafo á parte destácase a súa traxectoria literaria, que comezou aos dezasete anos

C. Vidal achega algunhas reflexións de Antón Lopo acerca da súa novela *Ganga* (2001). Considéraa unha protesta ante os estereotipos da sociedade actual e sinala que o seu protagonista, Ganga, vulnera claramente eses tópicos e inicia unha aprendizaxe vital que lle permite a Lopo tocar outros mitos da cultura occidental, dende as drogas ao esoterismo. Con todo, sinálase que non hai intención de provocar, senón máis ben de seducir. Ademais, Antón Lopo reivindica a literatura como "espazo de liberdade" fronte aos dogmatismos e as tradicións impostas, que el non comparte.

Fálase basicamente do último poemario de Xavier Cordal, *A vella peneira a noite* (2001), do que se sinalan certas diferencias con respecto aos anteriores, en concreto unha maior transparencia na expresión, mais tamén unhas constantes: a ironía e a parodia, o experimentalismo, etc. A narratividade dalgúns poemas, a referencia ineludíbel de Manoel Antonio ou a relación do autor con poetas como X. L. Méndez Ferrín ou Chus Pato son outros aspectos que se desenvolven ao longo da entrevista.

O tema central é o poemario *Eclipse* (2001), de Rodríguez Baixeras, que o autor considera como o punto e final a unha etapa da súa carreira poética. Segundo el, trátase dunha obra heteroxénea, mais na que segue a predominar a súa tendencia a evocar certos intres e vivencias. A continuación fai algunhas consideracións acerca da chamada "revolución poética dos 80", que ao seu xuízo non supuxo unha ruptura tan fonda como se quixo ver, e expresa o seu descontento coa situación actual, máis concretamente coa da poesía.

A entrevista xira ao redor de *Ónfalos* (2001), de Lois Diéguez, que significa o seu reencontro cos lectores despois de 20 anos sen publicar. A obra ten como xénese a morte da irmá do autor, de aí que sexa unha tentativa de perdurar fronte ao irremediábel que Diéguez quere compartir con todas as persoas que pasan por situacións similares. Sinálase, por último, que en *Ónfalos* hai tamén lugar para atoparse cun diálogo no que o autor augura un tempo mellor e se critica a destrucción dunha sociedade devoradora.

Céntrase esta entrevista ao redor de *Sedimentos* (2001), o primeiro poemario de Xabier Paz, quen admite as súas dúbidas á hora de dar a coñecer este compendio da súa producción poética. O autor sinala a importancia do mar, as conexións coa poesía clásica e mais a diversidade temática da obra. Tamén reclama unha maior esixencia na poesía galega e, por último, reivindica a aqueles autores "que dan golpes no leitor", e que el inclúe entre os seus mestres.

Faise un repaso pola traxectoria profesional de Víctor Freixanes, quen sinala que pretende introducir a súa marca e a súa personalidade dun xeito natural na editorial Galaxia. Opina que o seu traballo comezará por establecer prioridades, analizando a realidade actual, incorporando novas ideas e integrando persoas e vontades, dando continuidade ao espírito de Galaxia da que se sente parte porque aprendeu a ler cos seus libros. Sobre os proxectos que quedaron interrompidos pola morte de Casares, como a Biblioteca Shakespeare e a creación dun selo editorial en español, comenta que son ideas que necesitan unha análise. Declárase contrario á idea da cultura proteccionista e sinala que a crise do sector editorial é xeral en toda España e moito máis en Galicia polas dificultades específicas da súa realidade. Afirma tamén sentirse un pouco incómodo polas coincidencias de ter que substituír a Casares á vez na Real Academia Galega e no Consello da Cultura, porque non ten ningún interese en se converter nun home de poder na cultura. Finalmente, anuncia a próxima publicación en breve dun libro de relatos, *Cabalo de ouros*, tras un silencio narrativo de nove anos.

Vidal, Carme, “Xavier Queipo. ‘Non soportaría escribir sempre o mesmo libro”, *A Nosa Terra*, nº 1.042, “Cultura”, 11-17 xullo 2002, p. 29.

Entrevista con Xavier Queipo trala publicación de *O ladrón de esperma* (2001), que define como “ficción de experimentalismo”, un trazo que considera que está presente en todos os seus libros e co que intenta reflectir a “diversidade que está no mundo onde non hai nada homoxéneo e lineal”. Explica tamén que o libro se elaborou hai moitos anos, case dúas décadas, e para reflectir a diferencia utilizou un conto con catro finais, a primeira versión do cal data de 1980 que logo modificou cando volveu ter o mesmo soño que relata. Conta que corrixiu a lingua e xogou a introducilo neste volume para “comprobar como ninguén se ía dar conta de que estaba escrito por min antes de ter o estilo un pouco máis elaborado que agora”. Con respecto ao seu estilo, explica que pretende ofrecer algo distinto cada vez que publica e que aposta pola diversidade, de aí os diferentes rexistros que aparecen en *O ladrón de esperma* e que responden a que reside “nun distrito de Bruxelas no que están rexistradas cen nacionalidades distintas”. Refírese ás fontes dalgúns dos relatos e explica a recorrencia de temas como a morte, o suicidio e o desexo de transmitir a súa fascinación por

Co gallo da presentación da súa tese de doutoramento, *Villar Ponte. Vida, obra, traxectoria cívica e pensamento*, Emilio Ínsua lembra cómo comezou o seu interese por esta figura do nacionalismo galego. Opina sobre a débeda que existía con respecto a este home que desempeñou un papel fundamental en todas as facetas que desenvolveu. Defíneo como un activista da cultura, da literatura e da política, ademais de ser un home honesto cunha vida chea de privacións e sacrificios. Considera que o estudio do seu labor é fundamental para reconstruír a Galicia de comezos do século XX e que os seus artigos sobre temas diversos sorprenden pola súa modernidade e actualidade. Con respecto ao seu pensamento político, defíneo como "liberal, demócrata e progresista", segundo se desprende dos artigos que publicou en *La Voz de Galicia* e *El Pueblo Gallego*. Inscribe o seu xornalismo na liña ideolóxica e destaca iniciativas como a creación da Fundación de Periodistas Galegos Libres que non saíu adiante. Conclúe referíndose á súa vida, chea de desgustos, dende a súa ruptura familiar "para facerse republicano, ateo e anticlerical e adicarse á política e ó xornalismo", ata os tempos nos que pasou miseria material e desencontros políticos.

Vidal, Carme, “Alberto Augusto Miranda. ‘En Portugal comézase a ler a poesía galega”, *A Nosa Terra*, nº 1.048, “Cultura”, 19-25 setembro 2002, p. 29.

Entrevista co escritor e editor Alberto Augusto Miranda con motivo da presentación en Pontevedra dos últimos libros de Edições Tema. Defínese como un activista cultural que pretende “emitir” nun mundo condenado á recepción e confesa que descubriu a literatura galega por proximidade, xa que naceu e Tras os Montes e percorreu Galicia na adolescencia e nos anos oitenta profundou no coñecemento da poesía galega. Sobre o feito de publicar en Portugal libros en galego comenta que o galego lle axuda a recuperar palabras que deixaron de ser utilizadas en portugués e considera que forman parte dun vocabulario común que acabou por ser separado, xa que “se na Galiza non se impedira falar a súa lingua hoxe sería a mesma que en Portugal”. Indica que Edições Tema conta xa conmáis de vinte autores galegos, entre eles, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Luísa Villalta, Carlos Bernárdez ou Anxo Pastor, e que agora pretende editar unha antoloxía de poesía galega do século XX. Define o seu labor como informador literario como un proceso de “incomunidade”, do que forman parte os que son independentes das casas editoriais e que é

a maneira de vencer a globalización cultural. Ademais fala do seu labor como crítico literario, traductor e autor de libros. Finaliza definindo a poesía como unha actividade que non é discursiva e que non pretende comunicar mensaxes e recomendando a lectura de certos autores portugueses.

O profesor Luís García Mañá fala nesta entrevista da súa infancia na Raia e da importancia que na súa traxectoria vital tivo a cidade de Ourense, onde estudiou bacharelato e coñeceu a xente como Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Así mesmo, fala dos seus traballos de investigación *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense* e a súa tese de doutoramento que versaba sobre o Tratado de Lisboa e o Couto Mixto. Tamén se detén nas súas obras literarias: *O lume de Santo Antón* (1997) e *As plumas do moucho* (1999).

Entrevista a Ramiro Fonte, que pensa que un bo poeta ten que escribir bos versos incorporando vida, humor e corazón segundo sexa preciso. Considérase a si mesmo un epígono de moitos outros poetas e sinala que só é posíbel entender a poesía cando vén da poesía. A entrevista remata cuns versos do seu último libro.

Entrevista ao poeta Xavier Rodríguez Baixeras que fai un breve repaso por todas as súas obras: *Fentos no mar* (1981), no que establece unha relación psicoafectiva entre a terra e o mar; *Visitantes* (1991), pola que obtivo o Premio Miguel González Garcés; *Nadador* (1995), *A gándara da noite* e *Beira Norte* (1996), todas elas cun certo toque de formalidade. Xavier Rodríguez Baixeras non se define como un poeta clásico, pero si gustoso da formalidade e procurador das esencias.

Entrevista ao arqueólogo e escritor Francisco Calo. Comenta que el chegou á Facultade de Xeografía e Historia por casualidade e que non cre na vocación, xa que sería como falar de predeterminación. Considera que non hai ningunha relación entre a arqueoloxía e a literatura, aínda que a antropoloxía si lle foi de grande axuda nas súas obras, sobre todo en *Salseiros* (2001), que é a súa última obra e que está formada por relatos baseados na antropoloxía mariñeira.

Entrevista co profesor e crítico húngaro Lajos Asztalos. Tócanse fundamentalmente dous aspectos: a Unión de Intereses Húngaros en Romenia, da que el foi cofundador, e a súa traducción ao galego de *A traxedia do Home*, de Imre Mádach, que Asztalos compara coa tradición da poesía épica e máis en concreto con Milton.

Entrevista a Valentín Arias na que fai un resumo da súa traxectoria como escritor e traductor. Lembra que entre 1968 e 1970 escribiu en *El Progreso* en lingua galega, cando iso era difícil. Gracias ao Círculo das Artes Lugués publicou *O porvir da lingua galega: actitude fronte o idioma* e como traductor pasou ao galego libros de Julio Verne, Albert Camus e Cervantes. No 1983 foi cofundador da Asociación de Traductores, secretario e despois presidente. Ao longo destes anos foi galardoado cos premios Ramón Cabanillas e Plácido Castro.

Entrevista ao poeta Adolfo Caamaño, que define a poesía como unha maneira de botar as meigas fóra, de liberación individual a través da palabra. Tamén fala da súa obra *Poemario irlandés* (2000), pola que obtivo o IV Premio de Poesía Johan Carballeira, e confesa que unha das súas ilusións é publicar unha edición bilingüe desta obra en gaélico e galego.

Entrevista á poeta e docente Ánxeles Pernas a cerca do seu concepto de poesía. Considera que o poeta é unha persoa que ten a capacidade de descifrar as mensaxes que ao seu espírito chegan a través do “vento”, da inspiración e que, polo tanto, a poesía é unha especie de intuición próxima á pureza.

Entrevista a Darío Xohán Cabana, na que comenta que el empezou a escribir por conciencia política nacionalista e que non se considera un escritor profesional, senón máis ben vocacional. Vese a si mesmo como unha persoa sosegada que neste momento está nunha etapa de espreita, de observación para as futuras novelas que ten en mente.

O poeta, crítico literario e musical, traductor, profesor de galego, historia e ética, Xosé Freire Caamaño, fala nesta entrevista dos seus proxectos máis inmediatos: publicar unha obra de poesía e a traducción de *Under the milkwood*, de Dylan Thomas ao galego. Sinala que el escribe polo seu amor ao idioma e á terra e ofrécense uns versos de Whitman por el traducidos ao galego.

Entrevista a Manuel María na que fala da súa primeira obra, *Muiñeiro de brétemas* (1950), e dos libros que da súa producción considera esenciais: *Terra Cha* (1955) e *Soños na gaiola* (1968). Reflexiona, así mesmo, acerca de cáles son as razóns polas que escribe, entre as que destaca a necesidade de facer indestructíbel a palabra, que en esencia é esmorecente.

Manuel Vidal Villaverde reproduce unha conversa que mantivo co seu amigo, o poeta e Catedrático de Literatura Hispanoamericana na Universidade de Vigo, Maximino Cacheiro Varela, na que este alude á presencia do mar na súa vida e na súa obra literaria e á falta dunha epopea do mar galego tal e como é *Os Lusíadas* para Portugal, aínda que menciona libros de valía sobre esta temática como *Profecía do mar*, de Bernardino Graña ou as achegas de Xohana Torres. Refírese tamén á súa estadía en París para estudiar na Sorbona, aos faladoiros con García Calvo e outros exiliados como Gómez Pin ou Amancio Prada e aos cursos de Roland Barthes e Lacan aos que asistiu. Con respecto a Barthes sinala que como Proust é un grande escritor "que soubo expresar as pulsións do seu corpo coa escrita" e que recreou o seu pensamento no poemario *O tremor do amor*. Apunta tamén as súas definicións persoais sobre a vellez, un tema recorrente na súa escrita, "o reflectir a través da poesía no imaxinario do vivir histórico", e o amor, "a mar salgada no sol".

Conversa coa escritora Xela Arias na que alude aos seus comezos na escrita, unha actividade que, segundo declara, responde a motivacións diversas como entenderse, facerse entender e comprender o mundo no que vive. Sobre o seu primeiro libro, *Denuncia do equilibrio* (1986), sinala que nel procuraba reflectir a súa visión de adolescente chea de certezas, das cales co paso do tempo "algunhas vanse desbotando (…) e outras ficarán en nós para sempre". Destaca ademais a súa paixón polo mar, "o seu enigma", "amante amado" e tamén polo río, que entende como un elemento posuidor dunha "paixón inexplicable, moitas veces insondable". Cítanse tamén outros títulos da autora como *Tigres coma cabalos* (1990) e *Darío a diario* (1996), "unha fermosa aliteración do vivir".

Conversa con Mª do Carme Kruckenberg sobre a súa obra de próxima publicación *Lembranzas da beleza triste*. En primeiro lugar, declara que o poemario é "case unha síntese deste discorrer meu, este *flumen* que somos". Engade, así mesmo, que se trata dun "feixe de poemas" cunha certa unidade. A seguir, o articulista ofrece un breve achegamento á vida da autora que declara que "a poesía é vida, nada sería posible sen ela. É a beleza, o pensamento, a luz, a auga, o coñecemento amargo ou non da morte. Constitúe a miña filosofía vivencial, non sería posible vivir doutro xeito".

Conversa con María Xosé Queizán na que esta sinala que a súa escrita nace dunha pulsión interior e dunha necesidade de comunicación e de reflexión sobre un tema. Ademais, con respecto ao xénero que elixe, comenta que a partir dunha idea, que é o centro do libro, escolle un xénero determinado, poesía, ensaio ou narrativa. Declara que non cre no feito de que cadaquén escriba para si, porque desta consideración deduciríase a negación da escrita, que ten como orixe básica a comunicación. Finalmente indica que o camiño fundamental da vida é a dignidade, “ir desbrozando as cousas, os enigmas ata chegar ás orixes da luz”.

Conversa co poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro na que se comeza aludindo ao primeiro libro que publicou o escritor en Euskadi en 1969, ao que seguiron case nunha “escrita enfebrecida” *As labaradas da lembranza, Matria na néboa, Alba plena do alén, Os ciclóns do sino , Ofertorio de solpores, Cataventos e espigas de utopía*. Gómez Alfaro achega tamén unha definición da poesía, que entende como un “medio de coñecemento, comunicación, asombro, alucinación, relixión e algo que me vencella con alén alba”.

Vidal Villaverde entrevista nesta ocasión ao escritor Bieito Iglesias quen comeza valorando a influencia da súa volta á aldea aos cinco anos para se desenvolver, posteriormente, como novelista. Lembra que publicou os seus primeiros poemas na revista *Dorna* e que continuou a escribir textos poéticos que nunca publicou, aínda que non desbota que vexan a luz algún día. Confesa non se sentir tranquilo en ningún xénero porque os escritores desenvolven a súa actividade por necesidade e insatisfacción. Defínese como un "prosador ficcionista" e comenta que quizais transmitise algunha mensaxe moralizante nos seus relatos, aínda que as máis das veces procura "a beleza máis alá das palabras, o incendio da sintaxe". A seguir repásase a súa traxectoria literaria dende *Contos eróticos e exóticos* (1990), *Vento de seda* e *Miss Ourense*, que escribiu en 1991, *Bajo las más bellas estrellas* (1998), ata as súas últimas obras *A noite das cabras do aire* (1999), *A vida apoteósica* (2001) e *A historia escríbese de noite* (2001).

Manoel Riveiro Loureiro reflexiona sobre o seu labor como escritor, dende a súa casa na Coruña. Lembra, en primeiro lugar, a súa primeira novela, *Pola ida e pola volta* (1997). Comenta, a seguir, que se move en calquera xénero literario "que sexa humano, menos na ciencia ficción". Engade que escribe "coa intención de ridiculizar a soberbia do que manda, dos que mandan. Son, na literatura e na vida, un defensor dos pobres". Por último, alude á súa última novela, *Á volta de Castelao* (1996).

Sucinta conversa con Víctor Vaqueiro, quen cita algúns dos seus poemarios como *Lideiras entre a paisaxe* (1979), *Informe da gavilla* (1980), *Camiño de Antioquía* (1982), *A fraga prateada* (1983) ou *A cámara da néboa* (1989), entre outros. A seguir, afirma que se sinte máis cómodo co xénero da poesía e comenta que "a poesía sempre é algo máis que unha tentación, ás veces, quizais menos expresiva cá novela. Pero é a exaltación da beleza, na expresión nobre da palabra".

Xosé Neira Vilas comenta que comezou a escribir poesía aos nove ou dez anos, mais que non conserva nada desa época. Aos dezaseis anos, declara, foi cando comezou a escribir pequenas pezas de teatro e a partir de aí, sempre en galego, diferentes obras como *Aqueles anos do Moncho* (1977), *Memorias dun neno labrego* (1961), *Remuíño de sombras* (1973), *O tempo recadado*, *Querido Tomás* (1980), *Cartas a Lelo* (1971) ou *A muller de ferro* (1969), aínda que el sente predilección por *Galegos no golfo de México*. Recorda a súa primeira saída de Gres a Bos Aires en 1949 onde funda a editorial Follas Novas, a viaxe a Cuba no 1969 onde pasará trinta e un ano e finalmente o retorno a Galicia. Como remate fala do recoñecemento público que considera que chegou pouco a pouco, primeiro co Premio da Crítica Española no ano 1977 e logo co nomeamento de Doutor *Honoris Causa* pola Universidade da Coruña, así como o premio da Casa dos Poetas de Celanova. A entrada como membro numerario da Real Academia Galega supuxo, segundo el, o maior recoñecemento.

Amalia Barge Bustabad, autora de prosa e poesía inédita, afirma que para ela a escrita é unha liberación, unha terapia. Di que escribir serve para expresar o que sentimos e para amosar as verdades das cousas, pois a verdade non é única. Finalmente comenta que aínda que tamén escribe en castelán, non se manifesta da mesma maneira que o fai en galego, pois este é o seu idioma, a súa paixón.

Entrevista realizada ao escritor Xosé Antonio Perozo con motivo da presentación en Vigo de *Martazul* (2001). O autor explica que a novela se basea na tese dunha busca permanente do gozo e que a súa protagonista é unha muller amoral. Sinala que o protagonista masculino é un reflexo dos homes da súa xeración e indica que o libro está cheo de reflexións sobre a realidade, xa que el entende a literatura como un espello da realidade. Perozo puxo en boca dun dos seus personaxes que Cela é un Nobel esquecíbel, a este respecto sinala que ao redor de Cela houbo unha gran montaxe e que a súa relevancia se debe a que a súa figura é superior á súa obra, pero que co paso do tempo só se lembrará a súa obra e, polo tanto, o futuro colocarao no lugar que lle corresponde na historia.

Comézase definindo nesta entrevista a Cándido Pazó, quen declara que a súa faceta favorita é a de narrador oral polo seu carácter inmediato e pola relación directa co público, ademais de ser unha actividade que lle resulta moi rendíbel economicamente. Define o seu estilo de contar como unha mestura do culto, en canto ás estructuras, e do popular, en canto ás fontes que manexa, e tamén se refire á necesidade de desenvolver esta actividade en espacios onde se concentre toda a atención no narrador. Insiste na idea de que existe un movemento mundial de contadores de historias, con características propias en cada lugar, e di que o xeito de contar galego é moi apreciado no mundo. Concibe como fenómenos distintos a oralidade das historias e o seu paso á escrita, aínda que non desbota a idea de adaptalas ou gravalas e declárase partidario da experimentación teatral, xa que concibe o teatro como aventura formal e ruptura das convencións. Achega unha distinción entre os contos de lareira, a dimensión escénica dos contadores que el practica e a recolleita de contos pertencentes á tradición oral.

Conversa con Manuel María, a quen se presenta como un cliente habitual da cafetería Kirs, onde “a xente que senta preto da súa mesa, onde moitas veces se forma unha tertulia, quizais non saiba que este home ten unha das obras poéticas máis extensas da literatura galega”, dende a publicación en 1950 do seu primeiro poemario, *Muiñeiro de brétemas*, ao que lle seguiron trinta máis. Manuel María lembra que aprendeu a nadar nas augas do Miño, sendo moi rapaz, e que logo pasou á praia de Riazor e que o mar lle puña moito medo. Lembra tamén o tempo da súa adolescencia na aldea de Cespón, en Boiro, e en Santa Comba, preto de Outeiro de Rei, onde escribiu o seu primeiro libro de relatos, *Contos en cuarto crecente* (1952). Refírese tamén á súa vida coa muller en Monforte dende 1958 e ata 1998, onde lle axudaba coa librería que rexentaba e por onde pasaron Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro ou Uxío Novoneyra, entre outros, e ás escapadas a Foz nos veráns. Cre que a época ideal para viaxar é o mes de maio ou a primeira metade de xuño e conta as súas visitas a diversos países. Expresa a súa preferencia por Italia pola arte e porque Boticcelli é un dos seus pintores favoritos e recoñece que o seu libro *A primavera de Venus* (1993) “está

motivado polos seus dous cadros máis famosos". Conclúe contando que non lle gustan as viaxes en avión e que non adoita escribir coa calor do verán porque prefire o outono. Fala tamén do seu poemario *O camiño é unha nostalxia*, no que hai versos sobre lugares que visitou ou que lle gustaría visitar, e declara que cando lle gusta un sitio procura gardalo nuns versos.

X. T., “De tódolos medio, quédome coa radio, porque fas o que che apetece”, *Diario de Ferrol*, “Narón”, 23 maio 2002, p. 26.

Entrevista realizada a Xurxo Souto, con motivo da súa presencia nun acto organizado polo CPI O Feal para a celebración das Letras Galegas no que o exvocalista dos Diplomáticos falou das súas múltiples dedicacións e dos atrancos que tivo o grupo nos seus comezos polo feito de cantar “rock and roll” en galego. Na entrevista Souto afirmou que de todas as súas experiencias (guionista, actor, escritor, locutor e cantante) prefire a de locutor de radio e sinala que como actor só fixo algunhas colaboracións. Afirma que durante o tempo no que estivo cos Diplomáticos recolleu historias por toda Galicia, que agora lle serven para a súa actividade literaria e lembra que tivo que deixar o grupo por incompatibilidade coas demais actividades.

X. T., “El libro, además de un amigo, ha sido siempre mi fuente de inspiración”, *Diario de Ferrol*, “Narón”, 12 novembro 2002, p. 24.

Evangelina López García, pertencente ao grupo Chorima e colaboradora da revista *Ilusións*, responde a unha serie de cuestións sobre a poesía. Afirma, en primeiro lugar, que comezou a escribir poesía cando era unha nena e que sempre foi unha afeccionada á lectura. Comenta, a continuación, que garda máis de douscentos poemas escritos por ela e que, coa intención de publicalos, decidiu presentarse ao concurso Uxío Novoneyra, celebrado nas Pontes. Para rematar, engade que, como membro do grupo Chorimas, participa, con frecuencia, en recitais poéticos.

X. T., “É importante recupera-las historias que contaban os nosos antergos”, *Diario de Ferrol,* “La entrevista del día”, 22 decembro 2002, p. 26.

Con motivo do primeiro aniversario da Biblioteca do Centro de Atención ás Persoas Maiores do Concello de Narón, Flora Casal promoveu distintas iniciativas das que Montse Piñón López, a entrevistada desta sección, foi a responsábel. Nesta entrevista cóntase en que consistiron as actividades que se realizaron no centro para a animación á lectura de persoas maiores de sesenta anos, das que contar contos, construír un conto entre todos e lecturas de poemas foron as principais. Explícase que a escolla do poema “Negra sombra” de Rosalía de Castro para comentar non foi fortuíta senón que se debe a que o famoso poema reflicte algo semellante ao que aconteceu en Galicia coa presencia da marea negra. Asemade, fanse comentarios sobre a diferencia de traballar con rapaces e con persoas da terceira idade. Montse Piñón remata afirmando que traballou con distintas persoas e con diferente actitude cara a lectura mais que a experiencia lle gustou e o importante é pasalo ben.

V. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

AD, “A dor pola súa morte paseou entre o hospital e o tanatorio”, *La Región*, “Ourense. La noticia”, 10 marzo 2002, p. 4.

Ponse de manifesto nesta noticia, con apoio de varias fotografías, que o hospital do Meixoeiro e o tanatorio de Pereiro serviron de punto de reunión para persoeiros galegos e españois, dos que se citan algúns, que quixeron amosar a súa condolencia á familia do ourensán Carlos Casares con motivo do seu falecemento.

AFA, “Cónclave de aninovo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 xaneiro 2002, p. 29.

Anúnciase que a Asociación Galega de Editores realizarán unha asemblea extraordinaria co fin de saír da crise na que se atopa a asociación dende que dimitiron varios membros da súa xunta directiva e que levará parello a elección de novos membros ou a apertura dun proceso electoral.

AFA, “Martes, nova cita”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 xaneiro 2002, p. 33.

Fai referencia a que a Asociación Galega de Editores elixirá a súa nova Xunta Directiva para pechar a crise que padece dende o mes de novembro de 2001 cando catro dos seus membros directivos presentaron a súa dimisión ficando a súa presidenta, Fabiola Sotelo, nunha posición de “extremada debilidade”.

AFA, “Da verdade histórica”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 xaneiro 2002, p. 31.

Anúnciase que coa exhumación, da man de Abuín de Tembra, dunha carta escrita en español por Valle Inclán en 1935, que se reproduce fragmentariamente neste artigo e que vai dirixida a un relevante cargo político, pode verificarse claramente que Valle Inclán naceu en Vilanova de Arousa.

AFA, “… e continúa”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 xaneiro 2002, p. 30.

Noticia que se fai eco das actividades de renovación da RAG da man do seu actual presidente Xosé Ramón Barreiro, entre elas a publicación dos inéditos de varios autores galegos, en poder da Institución, dentro da colección “Letras Galegas”, sendo *Os Eoas* de Pondal o primeiro volume.

AFA, “A Asociación Galega de Editores tratará de pórlle fin hoxe á súa xa longa crise”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 xaneiro 2002, p. 30.

Anúnciase que a Asociación Galega de Editores tentará rematar coa súa crise cunha nova asemblea e fálase que o pacto de silencio dos seus membros non se romperá ata despois da elección da nova Xunta Directiva.

AFA, “Pídese a palabra”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 xaneiro 2002, p. 33.

Alude ao recital poético a favor do pobo palestino que terá lugar en Compostela organizado pola Plataforma Galega pola Paz e a Non Intervención e que servirá tamén para a

presentación do caderno de poesía *Pedimos a palabra. 38 poetas galeg@s contra a guerra e em Solidariedade com Palestina*.

AFA, "Whitman en galego", *O Correo Galego*, "AFA", 15 xaneiro 2002, p. 31.

Coméntase que a editorial Positivas recolle no volume *Canto de min mesmo* (2001) a traducción e mais a edición orixinal do poemario que en 1855 Walt Whitman publicou co título *Follas de herba* e tamén se fai un breve percorrido biobibliográfico pola figura do autor estadounidense.

AFA, "A Asociación de Editores zanxa a crise co triunfo da candidatura de Fabiola Sotelo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 xaneiro 2002, p. 75.

Indícase que a Asociación Galega de Editores seguirá tendo a Fabiola Sotelo como presidenta despois de acadar unha maioría non esmagadora "pero si suficiente", na asemblea realizada por esta asociación en Santiago de Compostela.

AFA, “A saída tranquila”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 xaneiro 2002, p. 31.

Afírmase que a Asociación Galega de Editores votou pola candidatura continuísta de Fabiola Sotelo para saír da crise na que estaba inmersa e que incluso ameazou con escindir a asociación.

AFA, “Criterio transversal”/“Fabiola Sotelo apela á cordialidade na nova etapa da Asociación de Editores”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 17 xaneiro 2002, p. 33/p. 68.

Destácase “o espírito de amizade” na presentación da nova directiva da Asociación Galega de Editores que tivo lugar en Compostela. Indícase que, despois da crise esta asociación terá a mesma presidenta ca antes, Fabiola Sotelo, pero que a súa Xunta Directiva se ampliará a vintesete membros e que terá, entre outros, a Xosé Manuel Fernández na vicepresidencia, a Antón Mascato na secretaría ou a Xoán Pazos na tesourería.

AFA, “Falece en Barcelona o escritor Xoán M. Casado”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 xaneiro 2002, p. 48.

Dáse conta de que Xoán Manuel Casado finou en Barcelona despois dunha fulminante enfermidade que a súa familia mantivo na intimidade. Faise tamén un sucinto repaso biobibliográfico da súa figura e destácase a obra *X. L. Méndez Ferrín* (1989), escrita en colaboración con Xosé M. Salgado.

AFA, “A palabra espida”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 xaneiro 2002, p. 35.

Faise eco da aparición da colección “Narrativas Quentes”, en edicións Positivas, que estará dedicada á literatura erótica e que comeza a súa andaina coas obras *Infedilidades*, de M. Lourenzo González, gañadora do I.° premio de Literatura Erótica, e mais co volume finalista *Xeografías* de Francisco Castro, das que se indican algunhas das súas características.

AFA, “Avelino Abuín de Tembra, novo presidente da Fundación Pedrón de Ouro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 27 xaneiro 2002, p. 49.

Infórmase de que Avelino Abuín de Tembra é o novo presidente da Fundación Pedrón de Ouro substituíndo a Santiago Gustavo Valenzuela despois da asemblea plenaria desta fundación que tivo lugar na Estrada.

AFA, “Viaxe poética polo escenario teatral”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 xaneiro 2002, p. 35.

Dá conta da estrea na Sala Yago de Compostela de *Ecos e voces dun tempo e dun país*, espectáculo dirixido por Xulio Lago no que un recital reflicte a voz poética de vintedous escritores galegos desde Álvaro Cunqueiro a Luísa Castro. Xulio Lago afirma neste artigo que é a terceira aproximación ao mundo da poesía que fai Teatro do Atlántico e explica os factores empregados á hora da selección dos poemas, realizada por el e por Xosé Manuel Pazos. Así mesmo, indícase que a música, en rigoroso directo, corre a cargo do piano de Xavier Constenla e a voz de Pilocha. Finalmente, sinálanse os intérpretes dos poemas (Pilocha, María Barcala e Xulio Lago) e algún dos autores recitados (Cunqueiro, Pimentel, Avilés de Taramancos, etc.).

AFA, “Contramito”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 febreiro 2002, p. 30.

Fai referencia á saída do prelo do cuarto volume dentro da colección “Mulleres” da editorial A Nosa Terra. Sinala que se trata dunha obra de Marga do Val, que leva por título o nome da figura na que centra o seu estudio, Carolina Otero. Explica que nela non se reflicte “só a muller fermosa das postais senón tamén unha muller cunha historia terrorífica na man”.

AFA, “Dor e necesidades”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 febreiro 2002, p. 30.

Anúnciase a presentación do poemario *Ónfalos* (2001) co que Lois Diéguez regresa ao panorama literario galego despois de case vinte anos sen publicar nada. Indícase que está publicado por Espiral Maior e asemade destácase a súa uniformidade temática que xorde trala morte da irmá do poeta nun tráxico accidente.

AFA, “Relevo na AELG”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 febreiro 2002, p. 33.

Infórmase da renovación da Directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Afírmase que, trala reunión de hoxe en Compostela, esta asociación podería ter a Bernardino Graña como novo presidente e a Iolanda Castaño na secretaría substituíndo a Miguel Anxo Fernán Vello.

AFA, "Achegarse ó pobo", *O Correo Galego*, "AFA", 17 febreiro 2002, p. 47.

Dáse conta de que Bernardino Graña foi elixido unanimemente como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega despois da asemblea "rápida e tranquila" de onte e amósase que entre os proxectos da nova directiva está o de reforzar os vencellos da literatura galega coa sociedade.

AFA, "Máis Pillado Mayor", *O Correo Galego*, "AFA", 19 febreiro 2002, p. 30.

Refírese á presentación de dúas novas obras dramáticas dentro da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor e que son *O Espaço Literário do Teatro*, un catálogo de

pezas da dramaturxia universal a cargo de José Oliveira Barata, e mais *Nun pregue de veludo* (2001), obra do escritor mallorquino en lingua catalana Alexandre Ballester.

AFA, "Camilo Gonsar: 'co galeguismo sentíame en contacto co mundo cultural europeo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 febreiro 2002, p. 75.

Repásase a producción literaria de Camilo Gonsar, da que se destaca *Cara Times Square* (1980) como obra clave na nova narrativa galega, así como algúns datos da súa biografía e algunhas das súas reflexións sobre a globalización co gallo da súa elección como académico da RAG.

AFA, "Unha xeneración de renovación da escrita e, de posguerra, ó completo na Academia", *O Correo Galego*, "AFA", 20 febreiro 2002, p. 31.

Indícase que gracias ao empuxe dos amigos de xeración –Méndez Ferrín, Franco Grande e García Bodaño– o escritor Camilo Gonsar entrou a formar parte dos académicos da RAG. Asemade recóllense algunhas palabras de Gonsar como que ten entre mans un novo

proxecto narrativo en galego, que o seu discurso de ingreso na RAG será unha lectura literaria sobre a novela e que avoga pola necesidade dunha edición completa da obra de Fernández de la Vega.




AFA, “Contracorrente”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 febreiro 2002, p. 33.

Fai referencia a que Xesús Rábade Paredes vén de tirar do prelo *Como levar un morto* (2001), unha obra “politicamente incorrecta de quen ve na escrita o máximo acto de liberdade”. Tamén se detalla que nela se conta a historia dun home, Amador Souto, que vive obsesionado co recordo do fusilamento de seu pai na Guerra Civil e mais que con esta novela o seu autor foi finalista do Lueiro Rei.

AFA, “Grandes minorías”/“Ir Indo intenta abrir el mercado editorial hacia unos lectores más especializados”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 25 febreiro 2002, p. 16/p. 66.





Anuncia que a editorial Ir Indo editará quince títulos, entre eles *O coleccionista de som bras*, de Antón Cortizas ou *Martázul* (2001), de Xosé A. Perozo, xunto con outros co obxectivo de abrir o mercado aos lectores especializados cunha aposta polos libros de ensaio e de investigación como coas biografías de Vicente Risco, de Olivia Rodríguez, ou a de Valle Inclán, obra de Cristina Vilarmeá.

AFA, "Son Delas", *O Correo Galego*, "AFA", 2 marzo 2002, p. 33.

Indícase que Caixanova presentará en Vigo, Compostela e Lugo o espectáculo *Son Delas* que estará integrado por unha ampla representación de mulleres, baixo a dirección artística da pintora galega Berta Cáccamo, vinculadas coa música, coa literatura –Ana Romaní que lerá poemas de Rosalía de Castro, María Mariño ou Xohana Torres– e mais coa plástica.

AFA, "Lectura de mercado"/"A escrita para nenos acrecenta o seu liderado editorial en Galicia", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 6 marzo 2002, p. 31/p. 75.

Coméntanse os datos que sobre a literatura galega tirou o *Informe de Literatura de 2000* que vén publicando anualmente o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Indícase que desta vez só foi editado en CD-Rom e reprodúcense algúns dos gráficos do *Informe 2000*. Ao longo deste comentario sobre os datos da literatura galega en 2000 saliéntase que a escrita para nenos reforza o seu liderado editorial, que se estanca a poesía, que as traduccións comezan a colleren forza no mundo editorial galego, dado que igualan en número de volumes publicados ás obras en galego, ou que a novela aumenta o seu volume de producción.

AFA, "As Lecturas dramatizadas viaxan a Bruselas", *O Correo Galego*, "AFA", 7 marzo 2002, p. 42.

Infórmase de que un grupo de actores e actrices –J. Aguiar, M. Braña, U. Blanco e M. Fernández– dirixidos por Manolo Otero van representar en Bruxelas a lectura dramatizada de *O incerto señor don Hamlet* de Cunqueiro a través da Fundación Galicia Europa.

AFA, “A Cultura recoñece en Casares un dos homes máis influentes do século XX”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 72.

Recolle os comentarios que fixeron sobre o falecido Carlos Casares distintas persoas da Cultura galega. As palabras de pesar, recordo e loanza que se transcriben pertencen aManolo Bragado, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Manuel Rivas, Víctor F. Freixanes, Carlos Lema e Alfredo Conde.

AFA, “Coa morte de Casares o Piñeirismo perde o seu referente máis visible”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 75.

Céntrase na idea de que a morte de Carlos Casares pode levar á desaparición da corrente histórica do Piñeirismo, corrente sobre a que sen embargo algúns intelectuais poñen en dúbida a súa existencia. Por outro lado menciónanse algúns dos cargos nos que o falecido substituíu a Ramón Piñeiro e transcríbense algunhas opinións de Alfredo Conde e Manolo Bragado sobre Casares e as súas ideas. Así mesmo, o presidente do Liceo de Ourense

destaca que este autor era a “referencia cultural” desta Institución e non descarta dedicarlle máis adiante algún acto literario.




AFA, “Galicia chora pola figura conciliadora dun home que buscou sempre a concordia”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 73.

Expón as opinións de diversas persoas sobre a figura de Carlos Casares comezando polas palabras de Francisco Fernández del Riego, homenaxeado o día anterior á morte de Casares nun acto no que tamén participara este autor. Así mesmo, indica que os representantes de distintos partidos políticos e institucións como o Consello da Cultura Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, o PEN Club de Galicia ou o CGAC tamén lamentaron a perda deste “gran xestor” da nosa cultura.

AFA, “Orfandade das letras”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 74.

Destaca que podería definirse a Casares como “un auténtico presidente da Cultura” e que coa súa morte creba unha das columnas do recambio xeracional de galeguistas. Ademais

enumera distintos cargos profesionais ocupados por el para logo centrarse no seu labor de articulista, editor e escritor. A propósito desta última faceta enumera os seus traballos e premios acadados como novelista, autor de literatura infantil, traductor e ensaísta, indicando finalmente que foi un auténtico cronista do século XX.




AFA, “A sucesión imposible”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 marzo 2002, p. 17.

Céntrase en describir a actividade de Carlos Casares en distintas institucións culturais de Galicia, polo que cre que a súa repentina morte deixa un importante baleiro no Consello da Cultura Galega, na Academia Galega e na editorial Galaxia. Así mesmo destaca o bo “xestor” que era e apunta algúns nomes que serán decisivos nas distintas institucións das que el formaba parte.

AFA, “Da homenaxe a Francisco Fernández del Riego ó adeus a Carlos Casares”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 marzo 2002, p. 74.

Incide no feito de que a morte de Carlos Casares resulta especialmente dolorosa para os seus compañeiros de xeración, a chamada “Os novísimos”, que eran o relevo da Xeración Nós. Por outro lado destaca que a súa perda quebranta os postos titores da Cultura debido a que o seu carácter permitíalle aunar distintas correntes e, para demostrar isto, sinala que el, ao contrario doutras persoas pertencentes ao mundo oficial, estaba a favor dunha ortografía de aproximación ao portugués.

AFA, “Un escritor vivo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 marzo 2002, p. 30.

Alude á misa funeral por Carlos Casares que tivo lugar no Panteón de Galegos Ilustres e que oficiou Andrés Torres Queiruga, á que asistiu unha ampla representación de cultura e da política de Galicia. Indícase que se leron dous textos –un do propio Casares e outro de Manolo Rivas– e faise a relación dos principais persoeiros que acudiron á cerimonia. Como complemento a esta información, reprodúcese o texto “O arcebispo de Antioquía”, de Antón Riveiro Coello, dedicado a Carlos Casares.

AFA, “Dos estudios galegos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 marzo 2002, p. 33.

Infórmase da reapertura da biblioteca do Instituto de Estudios Padre Sarmiento, vinculada ao CSIC. Afírmase que axiña se poderá consultar en liña os seus rexistros así como a petición de exemplares. Tamén se subliña que reúne coleccións únicas e monografías dos séculos XIX e XX.

AFA, "… e baixando", *O Correo Galego*, "AFA", 13 marzo 2002, p. 31.

Tomando como base unha enquisa realizada polo Ministerio de Cultura español, reflexiónase sobre a penosa situación na que se atopa a lingua galega nos hábitos de lectura. Galicia é xunto con Andalucía onde menos se le e por riba só o 25% dos galegos le na lingua propia de Galicia.

AFA, "Antoloxía do silencio"/"Unha edición da obra de Valente, estrea do Seminario Internacional de Traducción", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 15 marzo 2002, p. 30/p. 31.

Fala da presentación na Facultade de Filoloxía de Compostela da antoloxía bilingüe decento trinta poemas, español-portugués, do ourensán José Ángel Valente, que conta cun prólogo de Antonio Domínguez e que será editada por Espiral Maior. Tamén se destaca que esta publicación é o froito do Seminario Internacional de Traducción creado en 1999 pola Asociación Internacional de Amigos da Universidade Libre Iberoamericana en Galicia (AULIGA).

AFA, "Antón de Taramancos, vivo nos seus versos", *O Correo Galego*, "AFA", 15 marzo 2002, p. 31.

Fai referencia ao coloquio homenaxe que sobre a figura de Antón Avilés de Taramancos tivolugar na libraría Pedreira de Compostela. Detállase que ao acto asistiron Xosé Álvarez Cáccamo, Xosé Agrelo Hermo, Luísa Villalta e Cesáreo Sánchez Iglesias e que nel que se presentou o número especial que *A Nosa Terra* lle dedica a este escritor.

AFA, "Alfredo Conde, honoris causa por La Trobe de Merlbourne", *O Correo Galego*, "AFA", 21 marzo 2002, p. 35.

Alude a que o allaricense Alfredo Conde vén de ser distinguido co *honoris causa* pola Universidade de La Trobe, que lle será entregado en agosto de 2002 durante o encontro de escritores nesta universidade australiana. A seguir, repásase sucintamente a súa producción literaria.

AFA, "Colleita de dúas décadas"/"Queipo experimenta na narrativa coas cinco historias de *O ladrón de esperma*", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 21 marzo 2002, p. 35/p. 76.

Dá conta da presentación en Compostela do volume *O ladrón de esperma* (2001), de Xavier Queipo, co que o seu autor recolle os contos escritos dende os anos oitenta e que están marcados polos anceios da experimentación. Asemade indícase que con este volume acadou o premio Café Dublín e apúntase que o sinal de identidade desta compilación é que nel aparece o Queipo biólogo.

AFA, “Un lugar para a lembranza”/“O PEN homenaxea a Xoán M. Casado e quere axudar á edición da súa obra inédita”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 22 marzo 2002, p. 33/p. 76.

Anúnciase que o PEN Club de Galicia tentará axudar á publicación dos numerosos inéditos que deixou o poeta e narrador Xosé Manuel Casado despois da súa morte a comezos de 2002. Infórmase das homenaxes que se están a desenvolver ao redor da figura de Casado e indícanse as obras máis destacábeis deste galego da diáspora.

AFA, “David e Goliat”/“Galicia editou no 2001 dous mil títulos nun mercado que absorben no 50 por cento Madrid e Barcelona”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 22 marzo 2002, p. 34/p. 76.

Fai referencia, baseándose nos datos da estatística de producción editorial en 2001, a que o número de títulos editados en Galicia nese ano foi de 2.026 volumes o que representa o 3,2% de todo o Estado español, datos que sitúan ao noso país a gran distancia dos líderes no mercado editorial estatal.

AFA, “A crise consolídase”/“A edición en castelán en Galicia chega case ó 50 por cento da producción total”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 23 marzo 2002, p. 31/p. 76.

Anúnciase que se confirma a crise no sector editorial cos datos da estatística de producción editorial de libros, da que se destaca a explosión en Galicia da edición en español cunha porcentaxe do 50%. Asemade, na estatística apúntase que non só baixa a publicación de títulos senón tamén as tiraxes, que descenderon de media en Galicia un 27%.

AFA, “Máis cá periferia”, *O Correo Galego*, “AFA”, 28 marzo 2002, p. 35.

Recóllense as palabras de protesta dos tres candidatos galegos aos premio Max de Teatro – Roberto Vidal Bolaño, Cándido Pazó e mais Eduardo Alonso– no referente á marxinación das montaxes alleas ás de Madrid e de Barcelona e asemade reivindicaron un maior recoñecemento da crítica e do público para as produccións que non chegan aos escenarios das grandes cidades.

AFA, “O esquecido das vangardas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 2 abril 2002, p. 35.

Anúnciase que co gallo do centenario do nacemento do pintor e escritor galego Cándido Fernández Mazas, o Círculo de Belas Artes de Madrid inaugurará na Sala Pablo Picasso unha exposición antolóxica centrada na súa figura.

AFA, “Madrid é galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 abril 2002, p. 31.

Saliéntase que Madrid abra os seus espacios á creación galega con exposicións dedicadas a Fernández Mazas –no Círculo de Belas Artes– e mais a Manuel Vilariño –na galería La Fábrica–, coa actuación de Antón Lopo –na sala alternativa El Canto de la Cabra con *O Prestidixitador*– e mais coa estrea en español da versión española de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao no Centro Cultural da Villa de Madrid.

AFA, “A sucesión posible”/“O Consello, Galaxia e a RAG cobren a vindeira semana as vacantes de Casares”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 11 abril 2002, p. 35/p. 75.

Anúnciase que comeza o proceso de sucesión das vacantes que deixou Carlos Casares coa súa morte no Consello da Cultura Galega, na editorial Galaxia –onde se “espera o anuncio da designación de Damián Villalaín”– e mais na RAG. Apúntanse algúns dos posíbeis candidatos.

AFA, “Galaxia adentrarase no mundo da edición en castelán antes de un ano con ‘Mar Mayor”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 abril 2002, p. 35.

Afirma que a editorial Galaxia comezará a publicar en español co proxecto “Mar Mayor” e asemade sinala que comezará a publicar en galego a obra íntegra de Shakespeare, da man de Miguel Pérez Romero, dentro da colección “Clásicos Universais”.

AFA, “Analizar o galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 abril 2002, p. 32.

Fálase da inauguración das XII Xornadas de Lingua e Literatura promovidas pola CIG e mais pola AS-PG, que terán lugar en Compostela, e anúncianse algunhas das súas actividades como a conferencia de Francisco Carballo sobre a alfabetización en lingua galega en frei Sarmiento, obradoiros de teatro, con Cándido Pazó, ou de narrativa con Manuel Lourenzo, vintecinco seminarios, etc.

AFA, "Transición tranquila", *O Correo Galego*, "AFA", 16 abril 2002, p. 31.

Infórmase de que Alfonso Zulueta de Haz será elixido oficialmente presidente do Consello da Cultura Galega, substituíndo a Carlos Casares, dado que é a única candidatura presentada e que se caracteriza por "unha liña continuísta".

AFA, "Zulueta de Haz, elixido por maioría, presidente do Consello da Cultura Galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 abril 2002, p. 76.

Anúnciase que Alfonso Zulueta de Haz sucede na presidencia do Consello da Cultura Galega a Carlos Casares despois de que só houbese dúas abstencións, entre os vinte membros do pleno do Consello, á hora de escolleren novo presidente do Consello.

AFA, "Romaní leva 'Catro poetas suicidas' á Casa de Rosalía", *O Correo Galego*, "AFA", 18 abril 2002, p. 36.

Alúdese a que baixo a dirección de Ana Romaní será presentado no auditorio da Casa Museo de Rosalía de Castro o espectáculo *Catro poetas suicidas. Intervención poética contra a levidade*, no que a palabra é o único soporte dentro deste "recital poético con elementos da narración oral".

AFA, "Tres para unha"/"Manuel María, entre los candidatos a cubrir a vacante de Dónega na RAG", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 19 abril 2002, p. 33/p. 76.

Afírmase que Manuel María é un dos tres candidatos propostos para as vacante deixada por Marino Dónega na RAG e anúnciase que monseñor Araúxo podería renunciar á súa cadeira da RAG aínda que "non notificou nada dun xeito oficial".

AFA, "O artigo 10"/"Un artigo ignorado ata hoxe pola RAG frea o proceso de renovación da Academia", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 21 abril 2002, p. 49/p. 75.

Alúdese a que a descuberta dun esquecido "artigo 10" do regulamento interno da RAG –que impide conxugar a proposta de candidatos e a súa elección nun mesmo plenario– obrigará a adiar dous meses a elección da vacante de Marino Dónega á que están propostos Manuel María, Daniel Cortezón e mais Xosé González.

AFA, "Vai ben", *O Correo Galego*, "AFA", 23 abril 2002, p. 31.

Sinálase que mentres que medra un 50% a edición de libros no mundo en Galicia baixa. Incídese que isto se agrava polo baixo índice de lectores en lingua galega, que só abrangue o 25% do total de lectores en Galicia.

AFA, “Máis de fóra”/“Os concertos e as producciónsescénicas non galegas arrasan fronte ás ‘Made in Galicia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 24 abril 2002, p. 31/p. 76.

Baseándose no informe presentado pola Sociedade Xeral de Autores e Editores (SXAE) dá conta da situación das actividades artísticas, entre elas as representacións teatrais, que como reflicte este informe experimentaron un aumento de público pero con obras que veñen de fóra de Galicia.

AFA, “A trindade”/“Ráchase o acordo na RAG coas dúas ‘alternativas’ a Manuel María”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 1 maio 2002, p. 32/p. 76.

Sinala que se rompeu o consenso na presentación de candidaturas para as dúas cadeiras baleiras da RAG, postulándose Ramón Lorenzo, Méndez Ferrín e Franco Grande por Manuel María, Salvador García-Bodaño, Luz Pozo e Franco Grande por Daniel Cortezón e Constantino García, Manolo González e Ferro Ruibal por Xosé González.

AFA, “Un (dos) tres”/“Tres candidatos e unha cadeira”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 1 maio 2002, p. 33/p. 75.

Apúntanse as calidades de cada un dos tres candidatos para a vacante da RAG, entre elas destácase a imaxinación de Xosé González, “Pepiño de Redondela”, –última candidatura presentada–, a inconclusa obra teatral de Daniel Cortezón e a traxectoria poética de máis de cincuenta anos de Manuel María, que foi o primeiro candidato proposto en febreiro de 2002.

AFA, “Rivas mostra no XVIII congreso de libreiros unha visión esperanzadora do sector”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 maio 2002, p. 32.

Informa de que Manuel Rivas na conferencia inaugural do XVIII Congreso Nacional de Libreiros lanzou unha visión esperanzadora do futuro das librerías, sublíñase que este congreso comezou “con optimismo moderado sobre o futuro do sector” e anúncianse algúns dos actos do congreso.

AFA, “Monográfico literario”/“A Coruña será o 15 de maio o punto de partida do ‘IV Salón do Libro Galego”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 11 maio 2002, p. 31/p. 75.

Sinala que a Asociación Galega de Editores anunciou que, co obxectivo de promover nas principais cidades de Galicia espacios culturais e comerciais arredor de obras galegas, comezará o 15 de maio na Coruña o IV Salón do libro Galego, e mais que despois percorrerá as cidades de Pontevedra, Compostela, Vigo, Lugo, Ferrol e Ourense.

AFA, “O ‘Banquete de Cacabelos’ reclama o Día das Letras para o poeta do Bierzo, Antonio Fernández y Morales”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 maio 2002, p. 74.

Afírmase que o “Banquete de Cacabelos” xorde con vocación de continuidade, que se presentou en Vilafranca *Antoloxía de poetas bercianos en galego* e que se quere que o Día das Letras Galegas de 2011 se lle dedique a Antonio Fernández y Morales, investigador berciano, aproveitando que ese ano se conmemora o sesquicentenario da publicación dos *Ensaios poéticos en dialecto berciano*.

AFA, “Sentido histórico”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 maio 2002, p. 31.

Anúnciase que o BNG quere que o himno galego recupere a súa letra orixinal, deturpada por erros de transcrición, o antes posíbel logo de que o parlamento probase a súa recuperación e tamén se indica que a súa estrea tivo lugar en 1097 en La Habana.

AFA, “Poeta desde o fondo”/“Xabier Cordal, autor de *A vella peneira a noite*: ‘A min a derrota non me parece poética en absoluto”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 28 maio 2002, p. 31/p. 74.

Repásanse algunhas das características de *A vella peneira a noite* –que é un libro de recordos que foi concibido como unha reconstrucción da memoria– así como do seu autor, Xabier Cordal, con motivo da presentación deste poemario na Universidade de Vigo.

AFA, “Carlos Penela retoma en *Acaso o inverno* a súa preocupación pola perda da identidade”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 maio 2002, p. 33.

Coméntase brevemente o poemario *Acaso o inverno*, de Carlos Penela co que obtivo o XII Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, do que se salienta que sexa "un relato sobre a desaparición da inocencia en sentido colectivo dende un exercicio de introspección".

AFA, "Xosé Aguilar revela os seus *Desacougos na noite*"/"O actor e poeta Xosé Aguiar revela os seus *Desacougos na noite*", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 5 xuño 2002, p. 32/p. 71.

Anuncia que o actor e xornalista ferrolán Xosé Aguiar fará un recital poético en Compostela cos seus poemas tirados de *Desacougo na noite*, despois de superar "os receos de traballar por primeira vez con textos propios".

AFA, "Valle-Inclán noso"/"A Fundación Valle-Inclán reivindicará ó autor como creador galego nun curso de verán", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 14 xuño 2002, p. 27/p. 75.

Dáse conta do comezo das actividades da Fundación Va lle-Inclán coa realización en Pontevedra dun curso de verán "que está orientado á difusión e ó fomento da obra de Valle-Inclán". Sinálanse algunhas das actividades que se desenvolverán durante o curso así como os seus asistentes, entre outros, Alfredo Conde, Xosé Carlos Caneiro, Víctor Freixanes, Iolanda Castaño ou Fernández del Riego.

AFA, "Casares, o embaixador", *O Correo Galego*, "AFA", 18 xuño 2002, p. 33.

Sublíñase a proxección exterior de Carlos Casares e como exemplo ponse o número monográfico que a revista catalana *Quimera* lle dedica ao escritor ourensán. Indícase que nel están presentes profundos coñecedores da súa traxectoria como Basilio Losada, Bieito Iglesias, Freixanes ou Vilavedra.

AFA, "A Mesa prepara accións de protesta contra a montaxe dos *Vellos* do CDG en castelán", *O Correo Galego*, "AFA", 18 xuño 2002, p. 33.

Infórmase de que a Mesa para a Normalización Lingüística de Galicia está a estudiar as iniciativas que levarán a cabo en Pontevedra contra a representación en español de *Os vellos non deben de namorarse*, montaxe dirixida por Manuel Guede e traducida ao español por Alonso Montero.

AFA, "Un entre dous"/"Tres académicos avalan a Delgado Gurriarán para o Día das Letras de 2003", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 18 xuño 2002, p. 29/p. 75.

Noticia centrada nas dúas propostas que terá que debater a RAG na súa vindeira sesión: a elección do sucesor de Marino Dónega –Manuel María, Daniel Cortezón ou Xosé González– así como o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2003: Avilés de Taramancos, Delgado Gurriarán, Ramón Lugrís Freire, Labarta Pose ou mesmo o cura de Fruime.

AFA, "Entre poetas"/"Avilés únese a Delgado Gurriarán no debate do próximo Día das Letras Galegas", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 19 xuño 2002, p. 33/p. 76.





Indícase que todos os membros da RAG teñen sobre a mesa as dúas propostas –o poeta Antón Avilés de Taramancos e mais o escritor exiliado Florencio Delgado Gurriarán– para escolleren o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2002 e destácase que ambos os candidatos teñen o apoio total dos seus lugares de nacemento a vila de Noia, para Tamancos, e a aldea valdeorresa de Córgomo para Gurriarán.

AFA, "O CDN manda"/"Guede rebate as críticas do BNG e da Mesa ó Castelao do CDN, hoxe en Pontevedra", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 21 xuño 2002, p. 29/p. 75.

Refírese á polémica da representación en español de *Os vellos non deben de namorarse* e sinálase que segundo Pilar García Negro esta obra "submétese, agora por vontade do Centro Dramático Nacional a un esperpento". Anúnciase asemade que a Mesa pola Normalización Lingüística realizará actos de protesta durante a representación desta "provocación" en Pontevedra.

AFA, “Hoxe: unha intensa e excepcional sesión na RAG”/“A RAG decidirá hoxe sobre a vacante de Dónega e o Día das Letras de 2003”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 22 xuño 2002, p. 31/p. 75.

Nota que dá conta de que a sesión de hoxe da RAG está chea de expectación polo dobre proceso de designación do substituto de Marino Dónega e mais pola escolla da persoa a quen se lle dedicará o Día das Letras Galegas de 2002.

AFA, “Castelao volve a Santiago”/“Alonso Montero di que é a hora de que Castelao ‘se universalice”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 28 xuño 2002, p. 30/p. 75.

Infórmase de que baixo a presión de numerosas críticas –da Asociación de Actores, Directores e Técnicos, do BNG, da Mesa pola Normalización Lingüística, do Concello de Pontevedra, etc.– se estreará en español a obra *Os vellos non deben de namorarse* no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela.

AFA, “Estreas con protestas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 xuño 2002, p. 32.

Sinálase que a estrea en español de *Os vellos non deben de namorarse* en Compostela, como xa ocorrera en Pontevedra, estivo rodeada polas protestas de numerosos colectivos que criticaban, entre outras cousas, que por mor deste “esperpento” en español o Centro Dramático Galego só poderá producir dous espectáculos en Galicia: *O velorio*, de Francisco Taxes, e *Laudamuco e señor de Ningures* de Roberto Vidal-Bolaño.

AFA, “Memorias da emigración”/“As orixes do Himno, segundo Neiras”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura. Letras”, 1 xullo 2002/2 xullo 2002, p. 30/p. 76.

Indícase que no volume *Crónicas galegas de América. Rolda terceira*, de Xosé Neira Vilas, se publican cartas inéditas dos intelectuais galegos sobre a xénese e consolidación do himno galego xunto con sesenta crónicas sobre diferentes intelectuais que loitaron en América pola lingua galega.

AFA, “O inconformista”/“Escritores e lingüistas deitan a ollada galega sobre Valle-Inclán”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 2 xullo 2002, p. 31/p. 75.

Infórmase de que Alfredo Conde, Xosé Ramón Barreiro e Miguel d’Ors afondaron na figura de Valle-Inclán durante a inauguración dun curso en Pontevedra, organizado pola Fundación Valle-Inclán, que abordará, dende unha óptica galega, a figura de Valle-Inclán.

AFA, “Festa e patria”/“Música, poesía, proxección e debates no primeiro Festigal”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 12 xullo 2002, p. 30/p. 67.

Dá conta dos actos celebrados con motivo da celebración do Día da Patria Galega, entre os que están a iniciativa “Galería das letras”, un espacio para a poesía, as librerías e as editoriais, e no que participan os autores galegos Manuel Rivas, Xosé Neira Vilas, Marica Campo, Manuel María, Xavier Alcalá ou Lino Braxe.

AFA, “Prolongar a Casares”/“A Fundación Casares, na dinamización da cultura galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “AFA”, 16 xullo 2002, p. 31/p. 76.

Anuncia a constitución da Fundación Carlos Casares, entidade impulsada pola familia e apoiada por múltiples empresas e institucións que trascenderá o estudio do escritor e se centrará en potenciar o galeguismo tal e como el o entendía. Ao longo do texto cítanse aquelas entidades públicas e privadas que apoian o proxecto, coméntase o carácter fomentador da cultura que posúe e trátanse certos aspectos loxísticos e organizativos coma a sede ou a data de inauguración.

AFA, "Unanimidade ante o CDG", *O Correo Galego*, "AFA", 8 agosto 2002, p. 35.

Reflicte a polémica xurdida trala representación de *Os vellos non deben de namorarse* en castelán. Sinala que as tres forzas políticas do Concello de Rianxo, é dicir, PSOE, BNG e PP, apoiaron o manifesto creado pola Mesa pola Normalización Lingüística que leva por título "O CDG, o idioma e o diñeiro público" centra a devandita estrea en castelán. Plásmanse as declaracións feitas polo alcalde de Rianxo nas que expón a súa aprobación para que Castelao sexa traducido a outras linguas e sexa representado fóra das nosas fronteiras, pero rexeita a representación castelá en Galicia. Tamén vense recollidas as

valoracións da MNL, que cualifica de xeito moi positivo a unanimidade expresada na decisión municipal.




AFA, “O teatro a exame”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 agosto 2002, p. 31.

Resumos dos datos obtidos polo *Anuario do teatro Galego 1999-2000*, segundo o cal se realizaron 224 espectáculos teatrais representados polas 103 compañías existentes en Galicia, logrando unha facturación de máis de catro millóns de euros. A citada publicación, feita polo IGAEM, subliña ademais que o 35% das formacións foron convidadas a participar coas súas montaxes en feiras e festivais fóra das nosas fronteiras.

AFA, “Só a poesía”/“*Só a poesía*, na procura do recoñecemento da diversidade”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 24 agosto 2002, p. 31/p. 68.

“Só a poesía” é o certame dirixido por Ferrín sobre o que se centra o presente artigo, un certame levado a cabo entre o 10 e o 12 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra e aberto ás cinco poéticas ibéricas: a catalana, vasca, galega, castelá e portuguesa. Tras

plasmar unhas palabras doutro dos organizadores, Alfonso Pexeguiero, que versan sobre a importancia que ten a poesía na sociedade actual, o xornalista infórmanos das actividades que terán lugar entre as tres xornadas dedicadas a tal acontecemento cos correspondentes autores das conferencias.




AFA, “A polos cen anos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 setembro 2002, p. 33.

O artigo vén motivado pola nova de que o goberno central traspasa as competencias da RAG ao galego, feito que se produce ás portas da celebración do centenario da Institución, inaugurada na Habana en 1905 da man de patriotas galegos residentes nesa capital entre os que sobresaían Curros Enríquez ou Fontela Leal coa finalidade de xerar todos aqueles estudios que máis poden contribuír ao coñecemento da historia, antigüidades, literatura e lingua de Galicia. Faise un breve percorrido pola súa historia dende que é nomeada “Real” por Alfonso XIII en 1906 ata a actualidade subliñando diversas accións importantes levadas a cabo pola insigne institución, por exemplo, a dedicación do 17 de maio ás letras galegas dende 1963.

AFA, “Indo a menos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 setembro 2002, p. 33.

Recóllese a opinión do escritor e editor Miguel Anxo Fernán-Vello respecto da caída de traduccións de textos en linguas foráneas ao galego, así como a petición formal dun maior apoio por parte das institucións do poder de Galicia. Recordou o proxecto do goberno balear no que atinxe ás traduccións no seu idioma propio e propuxo a creación dun portal de Internet no que se poña en marcha un proxecto de traducción nas tres linguas peninsulares diferentes á española. Pola súa banda, Yolanda Castaño, secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega, expuxo que o apoio das institucións catalanas é maior có galego e destacou a necesidade de traducir os clásicos.

AFA, “O lugar da poesía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 setembro 2002, p. 32.

“Só a poesía” é o encontro literario sobre o que se centra este artigo, un seminario aberto organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo no que conflúen as cinco linguas e literaturas ibéricas. O primeiro encontro será con Ferrín, director de todo o evento que realiza un relatorio introductorio sobre as citadas linguas e literaturas, no que se conta

coa presencia da poeta Amalia Iglesias e do crítico Miguel Casado. Asemade infórmase que se tiña prevista a presencia de Antonio Gamoneda e cítanse os actos previstos para os dous días que lle resta ao Congreso.




AFA, “O feísmo como arte”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 setembro 2002, p. 31

Analiza a obra de Roberto Vidal Bolaño, destacando a súa consideración como un dos renovadores do teatro independente de Galicia. Así, percorre obras coma *Percival*, adaptación de textos de X. L. Méndez Ferrín coa que recibiu a Medalla de Ouro Cidade de Valladolid, *Romance dos figos de ouro, Agasallo de sombras, Caprice des Dieux* ou Cochos. Da súa historia como dramaturgo, destaca que foi evolucionando dende o evidente compromiso antifranquista a unha sorte de “neocostumismo feísta”. Pecha o texto un repaso polos seus últimos traballos e premios outorgados.

AFA, “Andaina cultural”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 setembro 2002, p. 32.

Faise eco da inauguración do obradoiro artístico no pazo Museo de Otero Pedraio en Trasalba, que leva por título “A arte na paisaxe” e que conta coa participación dos pintores Menchu Lamas e Antón Patiño. Afirmase que a catedrática Sobrino Manzanares disertará sobre a arte na paisaxe galega e que os artistas citados levarán a cabo as súas actividades teórico-prácticas entre os días 12, 13 e 14 de setembro. Remátase citando diversos proxectos que serán desenvolvidos polo Centro de Estudios Oterianos.

AFA, “Todo Avilés”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 setembro 2002, p. 34.

Faise eco do anuncio da publicación a finais de ano da obra completa de Antón Avilés de Taramancos por parte de Espiral Maior. Recóllense as declaracións de Fernán-Vello sobre os dereitos de autor que esta editora ten dende hai dez anos. Sinálase que este volume incluirase na colección “Opera Omnia” e que nel aparecerá material inédito. Sinálase que é a primeira vez que se homenaxea no Día das Letras Galegas a un autor do que ten os dereitos unha editora especializada en poesía como Espiral Maior e adiántase que tamén será a encargada de publicar un volume de lembranza coordinado polo propio Fernán-Vello e Ana Romaní. Remátase cuns breves apuntamentos biográficos do homenaxeado,

aludindo á súa etapa en Colombia e ás súas incursións na narrativa e colaboracións xornalísticas.




AFA, “Morre Roberto Vidal Bolaño, o gran renovador da escena galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 12 setembro 2002, p. 67.

Tras recoller os últimos intres na vida de Roberto Vidal Bolaño, o xornalista fai explícitos certos detalles da cerimonia civil de enterro, entre os que destaca a presencia do seu inseparábel chapeau e o nariz de pallaso riba do cadaleito. Do mesmo xeito, cítase a presencia dos máis destacados personaxes do mundo da política e da cultura compostelá e galega. Pecha a columna o anuncio dunha reedición de certa unidade didáctica que o dramaturgo fixera para presentar o teatro aos nenos. En cadros á marxe, recóllense diversas declaracións dos representantes de Institucións relacionadas co mundo do teatro.

AFA, “Vidal Bolaño, o creador dunha dramaturxia nada plácida para Galicia”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 12 setembro 2002, p. 68.

Recolle os últimos momentos da vida do actor, autor e director falecido, repasa os acontecementos que marcaron a súa vida profesional, dá a coñecer as obras máis salientábeis e fai un comentario acerca das características do seu teatro e do compromiso social ao que estaba vencellado.

AFA, “Universo pictórico”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 setembro 2002, p. 30.

Nova da inauguración de “A arte da paisaxe”, un obradoiro celebrado no mes de setembro e no que se pretende fundir a arte coa paisaxe de Trasalba e a visión universal de Otero Pedraio, baixo a organización do Centro de Estudios Oterianos. Incídese no acto de apertura, que contou con destacados persoeiros políticos, así como os responsábeis en impartir o citado obradoiro: Antón Patiño e Menchu Lamas.

AFA, “Aplausos”/“Galicia despide entre aplausos ó dramaturgo Roberto Vidal Bolaño”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 13 setembro 2002, p. 31/p. 72.

Detállanse os acontecementos que tiveron lugar con motivo da morte do dramaturgo Vidal Bolaño. Así, nárranse os pormenores acontecidos dende a saída do cadaleito –co peculiar sombreiro e nariz postizo– dende a capela ardente situada no Salón Teatro de Compostela ata o seu enterro en Boisaca. Do mesmo xeito, déixase constancia da asistencia das máis diversas figuras da vida política e cultural galega e destácase cómo se sucederon os últimos intres da vida do homenaxeado, ademais de facer un percorrido polos seus grandes logros.

AFA, "Segue a renovación"/"A RAG decidirá neste sábado a candidatura de Víctor Freixanes", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 26 setembro 2002, p. 35/p. 76.

Infórmase da celebración da sesión da Real Academia Galega na que lerá o discurso de ingreso o edafólogo Díaz-Fierros e sairá elixido como novo membro –en substitución de Carlos Casares– Víctor Freixanes. Aprovéitase para facer un repaso das obras máis importantes creadas polo escritor ourensán e subliñar a renovación que está a sufrir a RAG nos últimos tempos debido ás continuas incorporacións, entre as que destacan

mesmamente a do seu presidente X. Ramón Barreiro ou a de Rosario Álvarez e Camilo Gonsar.




AFA, “Unha nova era”/“La Academia Galega entra desde hoy en el Siglo XXI”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “El tema del día”, 28 setembro 2002, p. 32/p. 6

Faise eco da celebración da sesión plenaria da Real Academia Galega do 28 de setembro na que se completa, tras anos de sucesivas vacantes, o número de membros da Institución. Segundo se dá a coñecer, son trinta os que conta a RAG, dos cales, o que queda por ocupar a praza é, previsibelmente, Víctor F. Freixanes, sucesor de Casares na cadeira académica. Tampouco se esquecen outros aspectos esenciais que fan a citada sesión algo menos común cás demais e é que trátase da primeira en celebrárense tralo acordo de transferencia de tutela á Xunta de Galicia posto que ata o momento a RAG dependía do Estado. Ao longo do artigo destácanse, do mesmo xeito, as accións importantes levadas a cabo baixo a tutela de Del Riego.

AFA, “Vintesete Editoras galegas, en Barcelona”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 outubro 2002, p. 76.

Anúnciase a apertura do expositor da Asociación Galega de Editores na Feira Internacional do Libro de Barcelona, na que participará de modo oficial a Xunta de Galicia, feito especial porque, tras doce anos de asistencia, nunca se dera esta particularidade. Reflíctense tamén declaracións da Presidenta da Asociación, nas que se remarca a importancia de asistir a eventos coma este para axudar a linguas coma a nosa a expandirse no exterior e para coñecer outras novas tendencias. No stand da Asociación hai unha representación dos libros de todas as editoras correspondentes ao colectivo.

AFA, “Manuel María, o primeiro poeta que ve as súas obras completas”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 5 outubro 2002, p. 75.

Fai unha pequena recapitulación das novas que lle teñen acontecido ao escritor chairego dende a recuperación da súa enfermidade. Así, enfatízase a publicación da súa obra poética completa, a entrada na Academia, os premios da Fundación da crítica e da Asociación de

escritores como algúns dos méritos máis destacábeis que marcan o 2002 de Manuel María. Remata o texto recollendo unha reflexión do autor acerca da poesía segundo a cal esta constitúe unha forma máis de desenvolver o sentido da beleza, ritmo e sensibilidade ademais de servir para profundar no coñecemento do idioma.




AFA, “Mundo literario”/“Helena Villar e Úrsula Heinze, no congreso do PEN en Macedonia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 12 outubro 2002, p. 33/p. 76.

Céntrase na celebración do LXVIII Congreso do PEN Internacional Center en Macedonia, unacontecemento ao que asistiron como delegadas de Galicia Helena Villar e Úrsula Heinze e no cal as participantes interviñeron, entre outros, no comité de Mulleres Escritoras ou no comité de Traducción, no que proxectaron un traballo de traducción e intercambio entre a poesía galega e a hispanoamericana. Tamén se sinala que se debateu o concepto de Literatura, acción que non estivo afastada de dificultades e polémica. Remátase afirmando o cumprimento dos obxectivos marcados pola Institución e poñendo en coñecemento a conmemoración do seguinte Congreso no 2003 en México DF.

AFA, “O Teatro, baleiro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 outubro 2002, p. 30.

Tras aproximarse aos momentos últimos da súa vida, descríbese cómo transcorreu a xornada de enterro do autor, actor e director Roberto Vidal Bolaño recompilando con especial extensión unha listaxe dos máis destacábeis personaxes da vida teatral e política que visitaron a capela ardente. Nun cadro á parte, titulado “O respirar e vivir galego desde o activismo e a crítica”, recolle as declaracións de pésame realizadas por diferentes formacións políticas e institucións coma o Concello de Santiago, o Centro Dramático Galego, os membros da compañía Teatro de Aquí, a Mesa pola Normalización Lingüística ou a Asociación de Directores e Técnicos de Escena.

AFA, “O proxecto avanza”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 outubro 2002, p. 35.

Recóllese a saída de Damián Villalaín da xestora da Editorial Galaxia e a incorporación de Carlos Lema no seu lugar. Sinálase que Villalaín explicou que a súa marcha se debeu ao falecemento de Carlos Casares e a non coincidir coas novas autoridades empresariais da editorial.

AFA, “Volver a Láncara”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 outubro 2002, p. 31.

Infórmase que Basilio Losada vai recibir o nomeamento como fillo predilecto de Láncara, a súa terra natal. Tamén se fai un percorrido pola súa carreira investigadora e se expoñen os actos que se desenvolverán na xornada de homenaxe ao estudioso.

AFA, “Menos que cero”/“Galicia está á cabeza das comunidades nas que máis baixou a venda de libros”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 21 outubro 2002, p. 16/p. 76.

Información que retrata o panorama comercial das empresas editoras galegas, incidindo en que en Galicia se venden poucos libros. Segundo os datos do informe Comercio Interior do Libro en España, realizado polo gremio de editores, Galicia está vivindo unha crise profunda no que atinxe ás vendas nas librerías. Tamén se ofrecen datos comparativos respecto doutros territorios do Estado español.

AFA, “Autor textual”/“A memoria necesaria de Vidal Bolaño regresa hoxe a Compostela”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”, 22 outubro 2002, p. 31/p. 67.

Lémbrase o XXV aniversario da profesionalización do teatro galego, así como a homenaxe que a Facultade de Filoloxía compostelá dedicou a Roberto Vidal Bolaño. Exponse o ciclo que se desenvolverá nesta homenaxe, adiantando parte dos contidos das participacións de Laura Tato e Camilo Franco.

AFA, “Todo títulos”/“O ensaio e a investigación, aposta da temporada das editoras galegas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”, 29 outubro 2002, p. 31.

Infórmase das novidades editoriais, unicamente referida a Xerais, Galaxia, Sotelo Blanco, Ediciós do Castro, Ir Indo e A Nosa Terra. Saliéntase a permanencia de autores clásicos e o crecemento da literatura infantil, así como a cantidade de novos autores concentrados na narrativa e no eido das biografías.

AFA, “Rachar fronteiras”/“O XIX Galeuzca abordará a traducción na literatura”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 5 novembro 2002, p. 33/p. 76.

Refírese ao Galeuzca do ano, a XIX edición, celebrado en Palma de Mallorca, onde se desenvolverán diversos actos sobre a traducción e o futuro do diálogo multicultural. A creación ocupará a Yolanda Castaño e a outros poetas españois, así como a Enrique Rivadulla, Marilar Aleixandre, Xabier Cordal e Enma Couceiro. Como novidade, destácase o nacemento da Asociación de Escritores Cataláns.

AFA, “Preséntase a Antoloxía bilingüe da galega Chus Pato no VII Encontro de Mulleres Poetas”/“A ‘Antoloxía bilingüe’ de Chus Pato”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego,* “AFA”/“Cultura”, 9 novembro 2002, p. 33/p. 68.

Infórmase de que a escritora Chus Pato, acompañada de Mª Xosé Queizán e Helena González, presentou o seu último traballo, *Antoloxía bilingüe,* no VIIº Encontro de Mulleres Poetas celebrado en Granada e que será publicado a principios de 2003. Sinálase que no encontro participaron teóricas de EEUU, Latinoamérica, Europa e China, e que contou con

dúas prestixiosas poetas de Oriente Medio, unha israelí e outra persa. Apúntase tamén que no encontro deste ano se resaltou a figura da poeta Elena Martín Vivaldi. Remátase indicando algunhas das mesas redondas celebradas e as actividades paralelas que se organizaron.




AFA, “Pecha Galeuzca coa creación dunha web”, *O Correo Galego,* “AFA”, 11 novembro 2002, p. 16.

Infórmase da clausura da XIX edición do Galeuzca destacando que unha das súas conclusións prioritarias foi a necesidade de crear un espacio de relación entre as culturas galega, vasca e catalana, polo que se pretende crear unha páxina web que inclúa información do fondo editorial das tres culturas, novidades e a colocación de antoloxías dos textos e ponencias lidos nas xornadas. Recóllese como outra das conclusións a análise feita da situación internacional, pondo de manifesto o papel dominante que lingüisticamente exerce o español, así como a necesidade de que tres das culturas representadas non renuncien a ser traducidas ás linguas dominantes. Saliéntase por último a experiencia do

Goberno Balear de favorecer a traducción en diversas linguas, considerando que debe ser un exemplo para outros executivos autonómicos.




AFA, “Ourense acolle a estrea de ‘Neira Vilas, Memorias dun neno labrego”, *El Correo Gallego*, “AFA”, 13 novembro 2002, p. 76.

Faise eco da presentación do documental sobre *Memorias dun neno labrego*, no Festival Internacional de Cine Independente de Ourense. Sinálase que está dirixido por Isamel González, realizado por Xan Leira e feito a partir das testemuñas de Alonso Montero, Dolores Vilavedra, Agustín Fernández Paz e Isaac Díaz Pardo. Tamén se sinala como o día anterior foi presentado en Compostela o que é a primeira longametraxe documental da cinematografía galega, titulado *Castelao e os irmáns da liberdade*.

AFA, “Cunqueiro como emblema”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 novembro 2002, p. 33.

Apúntase que unha exposición dedicada Álvaro Cunqueiro centrará as mostras que o Círculo de Bellas Artes de Madrid dedicará á cultura galega o próximo ano. A exposición

reunirá por vez primeira máis de cen fotografías, manuscritos, correspondencia, primeirasedicións, poemas inéditos ou obxectos persoais de Álvaro Cunqueiro. Saliéntanse unhas declaracións do director do Círculo, Cesar Antonio Molina, na presentación da exposición nas que subliña que nunca antes se fixera unha mostra dos manuscritos e primeiras edicións deste autor, a quen considera o escritor “coa obra máis rica non só da literatura galega, senón tamén española”. Faise unha síntese da biografía de Cunqueiro e remátase indicando que outras das mostras do Círculo de Bellas Artes dedicadas á cultura galega se centrarán nos pintores Leopoldo Nóvoa e José Freixanes e no escultor Fernando Casás.




AFA, “O foro do ILG cifra a necesidade dun gran diccionario normativo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 15 novembro 2002, p. 75.

Ademais de referirse ao simposio “Léxico e estandarización de Galicia”, anuncia a próxima celebración da Semana literaria do Premio Esquío de Poesía e dunha exposición arredor da figura de Álvaro Cunqueiro, que se celebrará en Madrid no Círculo de Belas Artes. Do primeiro dos eventos destaca a presencia de Xosé Luís Axeitos, que falará da poesía de Lorenzo Varela, e de Luigi Coco, que falará da poesía italiana actual e a súa difusión en

España. Da exposición sobre Cunqueiro, sinala que nela se poderá ver abondoso material iconográfico, manuscritos, correspondencia ou algúns poemas inéditos, do autor que César Antonio Molina, director do Círculo de Belas Artes, considera “coa obra máis rica non só da literatura galega senón tamén española”.




AFA, “Máis creatividade literaria, menos apoio”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 novembro 2002, p. 30.

Infórmase da celebración do II Encontro de Novos Escritores Galegos organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Recóllense unhas declaracións de Yolanda Castaño, secretaria da AELG e encargada de elaborar as conclusións das xornadas, nas que sinala a necesidade de promocionar a escrita galega, salienta a vitalidade creativa desta e denuncia o desinterese dos autores consagrados, salvando un par de excepcións. Finalízase indicando algúns dos autores que participaron nas diversas mesas redondas coas que contou o encontro.

AFA, “Galardón a escena”, *O Correo Galego,* “AFA”, 30 novembro 2002, p. 30.

Dáse conta da sinatura do convenio de celebración da VI edición dos Premios Max entre o conselleiro de Cultura da Xunta, Jesús Pérez Varela, e o secretario da Fundación do autor e responsábel dos premios, Francisco Galindo. Reprodúcense unhas declaracións de Pérez Varela, nas que se destaca a evolución artística da comunidade galega e se sinala a promoción do mundo da música, da danza e do teatro, distinguindo o labor persoal dos profesionais e as producción españolas, como obxectivo dos premios. Tamén se anuncian os prazos das rondas de votacións e que será no Auditorio de Galicia onde se darán a coñecer os nomes dos premiados no transcurso dunha gala retransmitida en directo por Televisión Española. Finaliza a noticia cun breve resumo da traxectoria destes premios.

AFA, “O mariñeiro rebelde”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 decembro 2002, p. 31.

Fálase do proceso de recuperación de Bernardino Graña trala hemorraxia cerebral que sufrira a semana anterior. Saliéntase que o autor é considerado un dos poetas que con máis intensidade cantou o mar de Galicia e que por iso a súa obra está sendo lembrada de xeito especial tralo afundimento do *Prestige*. Faise por último unha breve semblanza do autor.

AFA, “Resistencia”, *O Correo Galego,* “AFA”, 15 decembro 2002, p. 49.

Infórmase do estado de saúde de Bernardino Graña, sinalando que superou unha nova recaída e que o seu estado é estábel, logo de ter sufrido un derrame cerebral. Remata a noticia cunha pequena semblanza do “poeta do mar”.

AFA, “A caricia da serpe’ e a liberdade”, *O Correo Galego,* “AFA”, 22 decembro 2002, p. 52.

Anúnciase a presentación na Sala Yago do espectáculo de *A Caricia da Serpe*, onde se fusiona música e poesía. Dáse conta dos seus compoñentes e indícase que todos os textos son do polifacético Lino Braxe, agás dous poemas de Lois Pereiro e un de Rosalía de Castro. Saliéntase o protagonismo da improvisación e o peso que van gañando as cancións ao longo do espectáculo. Remata cunhas declaracións de Lino Braxe nas que define o espectáculo como un exercicio de liberdade.

AFA, “A efervescencia”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 decembro 2002, p. 51.

Sinálase a relación que mantivo José Hierro con Galicia, salientando que presidiu o xurado do Premio Esquío de Poesía durante boa parte da existencia do galardón, e que lle foi concedida a Medalla de Ferrol por parte deste Concello. Recóllense unhas declaracións da última entrevista do poeta para este xornal nas que indicaba que a súa relación poética con Galicia comezara coa lectura de *Follas Novas* , amosaba a súa preocupación pola traxedia do Prestige e confesaba que xa case non escribía poesía.

A. G., "Rial propone a Nigrán para presentar en público a la Fundación Carlos Casares", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", 27 xullo 2002, p. 24.

Reflíctense as declaracións do alcalde de Nigrán, Manuel Rial, nas que se deixa constancia do seu desexo de que a Fundación Carlos Casares sexa presentada na súa vila e non en Vigo, tal e como inicialmente se pretende, debido á vinculación que o escritor falecido tiña nos seus últimos anos de vida. Péchase o artigo facendo referencia ás diferentes institucións que se integran nela e ao caracter cultural e difusor que se lle pretende dar.

AGN, “La Fundación Castelao cree que es el momento de una gran biografía del escritor”, *Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, “Galicia”, 5 xaneiro 2002, p. 29/p. 27.

Dá conta da intención da Fundación Castelao de facer unha ampla biografía sobre Castelao e indícase que co gallo do quincuaxésimo segundo aniversario do falecemento do rianxeiro proxectarase en San Domingos de Bonaval a primeira longametraxe documental da filmografía galega titulada *Castelao e os irmáns da liberdade*.

AGN, “La Fundación Castelao rindió un homenaje al intelectual rianxeiro”/ “Castelao fue homenajeado con la proyección de un filme de su vida”, *El Ideal Gallego*/*El Progreso*, “Galicia”/ “Cultura”, 8 xaneiro 2002, p. 50/p. 66.

Faise eco da homenaxe que a Fundación Castelao lle tributou en San Domingos de Bonaval a Castelao con motivo do aniversario do seu óbito e asemade indícase que pola tarde se proxectou o filme *Castelao e os irmáns da liberdade*, dirixido por Xan Leira, que ten a Castelao como protagonista.

AGN, “Una carta manuscrita de Valle-Inclán prueba que nación en Vilanova de Arousa”, *Diario de Ferrol*, “Galicia”, 12 xaneiro 2002, p. 29.

Informa de que unha carta descuberta por Abuín de Tembra é unha proba irrefutábel de que Valle-Inclán non naceu na Pobra do Caramiñal senón que o fixo en Vilanova de Arousa dado que esta carta foi escrita polo propio Valle-Inclán dous meses antes do seu falecemento.

AGN, “Carlos Casares reivindicará en un nuevo libro sobre Cela su condición de galleguista”/“Un libro de próxima aparición reivindicará la condición de gallego de Camilo José Cela”, *El Progreso*/*Diario de Pontevedra*, “Cultura”/“Cultura&Ocio”, 31 xaneiro 2002, p. 29/p. 70.

Anuncia que Carlos Casares, trala encomenda feita polo propio Cela, traballará na elaboración dun libro que contribúa a restituír o recoñecemento da condición galeguista de Cela gracias a un abondoso material que, unha bolseira da Fundación Camilo José Cela, foi recompilando durante un ano, nomeadamente da revista *Papeis de Son Armadáns*.

AGN, “Bernardino Graña, nuevo presidente de los escritores en lengua gallega”/“Bernardino Graña ocupa la presidencia de la asociación de escritores en gallego”/“Bernardino Graña ocupa la presidencia de la asociación de escritores en gallego”, *El Progreso*/*El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Cultura”/“Galicia”/“Galicia”, 18 febreiro 2002, p. 69/p. 18/p. 16.

Sinala a nova composición da Xunta Directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que contará con Bernardino Graña como presidente, cunha secretaría ocupada por Iolanda Castaño, con Carlos Bernárdez como vicepresidente e mais con Cesáreo Sánchez, Marica Campo, Marta Dacosta, Rafa Villar e Francisco Fernández Naval como vocais.

AGN, “Ir Indo’ apuesta por libros para grandes minorías en su catálogo de novedades”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 24 febreiro 2002, p. 63.

Sinálanse algunhas das novidades da editorial Ir Indo, entre elas *O burro*, obra bilingüe de luxo de Manuel Mandianes, *O coleccionista de sombras*, obra de teatro infantil de Antón Cortizas, *Martázul* de Xosé A. Perozo, as biografías *Vicente Risco*, de Olivia Rodríguez, ou *Valle Inclán*, obra de Cristina Vilarmeá.

AGN, “60 anos e unha gran obra”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 3.

Dá conta da inesperada morte de Carlos Casares e informa da asistencia de persoeiros da cultura galega ao tanatorio para despedilo. Así mesmo indica onde será o enterro e algunhas das homenaxes que se lle renderán a este escritor.

AGN, “Casares era alguén que se facía querer”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 6.

Reproduce algunhas palabras de Henrique Monteagudo sobre a saúde de Casares nos últimos meses. Dá conta ademais de que, despois da recente publicación dunha biografía do Padre Sarmiento, tiña en marcha outros proxectos como unha novela, un libro de memorias sobre Ramón Piñeiro ou un libro no que pretendía reivindicar a galeguidade de Camilo José Cela. Por outro lado sinala que Henrique Monteagudo cre que a obra de Casares gañará co tempo e que ultimamente se atopaba “pletórico dende o punto de vista

literario”. En columna á parte destaca que Alfredo Conde ve a Casares como o gran polígrafo da segunda metade do século XX, autor que tamén cre que a xente que o tratou o recordará tamén polo seu labor político.




AGN, “Emotivo e multitudinario adeus ó polifacético Carlos Casares na igrexa de San Félix de Nigrán”/“Centos de persoas reuníronse en Nigrán para despedir ó escritor Carlos Casares”, *Diario de Pontevedra*/*El Progreso*, “Cultura&Ocio”/“Cultura”, 11 marzo 2002, p. 63/p. 66.

Refire ao multitudinario adeus que centos de persoas e persoeiros da vida cultura e política de Galicia lle tributaron a Carlos Casares durante o seu enterro, que tivo lugar na igrexa de San Félix de Nigrán, do que se destaca a “sentida actuación do gaiteiro Carlos Núñez, que arrincou os aplausos dos asistentes”.

AGN, “Adeus ó home ‘da man tendida”/“Persoeiros de tódolos eidos sociais de Galicia despediron ‘un gran amigo”, *El Progreso*/*Diario de Pontevedra*, “Cultura”/“Cultura&Ocio”, 11 marzo 2002, p. 67/p. 64.

Faise unha relación dos intelectuais, políticos e empresarios que se congregaron no enterro do ourensán Carlos Casares, así como das declaracións dalgúns deles, que teñen como denominador común as loanzas e das que se subliña a vontade de concordia do finado.

AGN, "Espiral Maior edita en portugués las poesías de José Ángel Valente"/"Espiral Maior edita la primera antología en portugués y español de Valente", *Diario de Pontevedra*/*El Progreso*, "Cultura&Ocio"/"Cultura", 15 marzo 2002, p. 71/p. 85.

Anúnciase a saída do prelo dunha edición bilingüe dunha antoloxía de cento trinta poemas,en español e en portugués, do ourensán José Ángel Valente, da que se subliña que é a primeira traducción ao portugués de poemas de Valente, e asemade indícase que en palabras do seu prologuista, Antonio Domínguez, a figura de Valente é "o maior representante español do ensaio poético" dado que nel se funde a cultura europea e a iberoamericana.

AGN, “Fraga solicita la Cruz de Alfonso X el Sabio para Carlos Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 21 marzo 2002, p. 71.

Informa de que Manuel Fraga e mais Pío Cabanillas enviaron cadansúa carta á Ministra de Educación e Cultura española co fin de que o escritor ourensán Carlos Casares ingrese, a título póstumo, na Orde Civil de Afonso X o Sabio, no grao de Gran Cruz.

AGN, “Cultura investirá tres millones de euros en el sector teatral gallego”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 27 marzo 2002, p. 62.

Anúnciase o compromiso da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia de investir máis de tres millóns de euros no sector teatral galego a través do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais coa promoción de máis de 700 representacións teatrais ata fins de 2002.

AGN, “Casi 2,3 millones de libros y folletos fueron editados en gallego en 2001”, *El Ideal Gallego*, “Galicia”, 29 marzo 2002, p. 41.

Sucinta nota que informa de que en 2001 se editaron 2.285.000 libros e folletos en galego no Estado español, dos que 625.000 foron libros de texto e 330.000 publicacións para crianzas.

AGN, "O Consello da Cultura Galega elixe presidente ó vigués Alfonso Zulueta", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 18 abril 2002, p. 62.

Anuncia que Alfonso Zulueta de Haz foi elixido como novo presidente do Consello da Cultura Galega e indícase a intención de Zulueta de traballar en equipo e que tentará afianzar todos os proxectos encetados por Carlos Casares.

AGN, "Producción editorial en Galicia", *Diario de Pontevedra*, "La cifra", 23 abril 2002, p. 70.

Dá conta da producción editorial en galego que dentro de Galicia está encabezada pola provincia da Coruña cun 56%, seguida pola de Pontevedra cun 35%, pola de Lugo cun 4,5%

e pechando pola de Ourense cun 3,2%, mais saliéntase que o galego é a lingua máis lida no Estado español despois do español, catalán e inglés.

AGN, "Florencio Delgado, a las Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Cultura. La propuesta", 13 maio 2002, p. 62.

Apunta que o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento proporá ao poeta ourensán Florencio Delgado Gurriarán para que se lle dedique á súa figura o Día das Letras Galegas de 2003.

AGN, "Celanova recogerá firmas para apoyar la candidatura de Méndez Ferrín al Nobel de Literatura", *El Ideal Gallego*, "Galicia", 15 maio 2002, p. 45.

Anúnciase que en Vilanova dos Infantes se volverá a propor a Xosé Luís Méndez Ferrín como candidato para o premio Nobel con motivo da realización nesta localidade ourensán dunha romaría etnográfica.

AGN, “Éxito do Salón do Libro Galego”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura. A cifra”, 10 xuño 2002, p. 53.

Resáltase o éxito da IVª edición do Salón do Libro Galego en Vigo cunhas vendas de máis de 2.500 libros e que contou con numerosas actividades como presentacións de autores e libros, contacontos e recitais poéticos.

AGN, “Dobre homenaxe a Torrente y a Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/cultura”, 14 xuño 2002, p. 86.

Achegamento á dobre homenaxe que tivo lugar na presentación da Fundación Torrente Ballester en memoria deste recoñecido escritor e Carlos Casares, durante a cal se presentou o libro deste último, *Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo* (2001).

AGN, “O Día das Letras Galegas 2003 estará adicado ó noiés Avilés de Taramancos”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 23 xuño 2002, p. 24/p. 30.

Indícase que Galicia homenaxeará no Día das Letras Galegas de 2003 a Antón Avilés Vinagre de quen se fai un breve repaso biográfico e se apunta que Víctor Freixanes foi proposto para cubrir a vacante deixada por Carlos Casares na RAG.

AGN, "O lucense Manuel María substitúe a Dónega como académico da RAG", *El Progreso*, "Cultura", 23 xuño 2002, p. 83.

Resáltase que a RAG elixiu ao poeta chairego Manuel María como o sucesor do finado Marino Dónega e que o Día das Letras Galegas de 2003 estará dedicado a Avilés de Taramancos.

AGN, "Taramancos protagoniza as Letras 2003", *Diario de Pontevedra*, "Cultura. A cita", 23 xuño 2002, p. 70.

Anuncia que a sesión da RAG decidiu que o poeta noiés, Antón Avilés de Taramancos, será o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2003, que Manuel María será o novo

académico da RAG substituíndo a Marino Dónega e que Víctor Freixanes foi proposto para a vacante de Carlos Casares.




AGN, “Luís Avilés di que hai moito material de seu pai que ten que saír á luz”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Arousa*, “Galicia”, 24 xuño 2002, p. 8/p. 32.

Breve nota que alude á ledicia de Luís Avilés por estar dedicado o Día das Letras Galegas de 2003 a seu pai do que resalta que “temos moito material que ten que saír á luz”.

AGN, “A editorial Galaxia presenta ó escritor Víctor Freixanes como novo director xeral”, *El Progreso*, “Cultura”, 3 xullo 2002, p. 61.

Coméntase que o Consello de administración da editorial Galaxia presentará a Víctor Freixanes como o seu novo director xeral, converténdose na terceira persoa que ocupa este posto.

AGN, “El teatro gallego profesional recibirá más de 94.000 euros en ayudas”, *Diario de Arousa/Diario de Ferrol/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 23 xullo 2002, p. 31/p. 32/p. 48.

Nota na que se dá conta de que o Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) achegará como subvención para o teatro galego profesional máis de 94.000 euros, que serán destinados á organización de representacións e xiras teatrais.

AGN, “O dramaturgo Roberto Vidal Bolaño faleceu en Santiago ós 52 anos”, *El Progreso*, “Cultura”, 12 setembro 2002, p. 93.

Faise eco do falecemento de Roberto Vidal Bolaño, que tivo lugar o martes 10 de setembro no clínico de Compostela a consecuencia dunha longa enfermidade que o levou aos 52 anos de idade. Cóntanse diversos detalles da cerimonia de enterro e faise un minucioso percorrido polas obras que fixeron grande a este dramaturgo.

AGN, “Última homenaxe a Vidal Bolaño”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí. Cultura”, 13 setembro 2002, p. 77.

Refírese á innumerábel presencia de personalidades dos máis diversos ámbitos culturais no enterro de Roberto Vidal Bolaño e á correspondente homenaxe que nel lle foi tributada. Detállase cómo sucederon os acontecementos no día e sublíñase a presencia do seu amigo e compañeiro Manuel Lorenzo, quen lle dedicou unhas palabras durante a cerimonia civil. Tamén se comenta cómo transcorreron os últimos momentos da súa vida e cales eran os seus proxectos.

AGN, "Inventario do grupo Chévere", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 25 setembro 2002, p. 71.

Anúnciase que o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) realizará un inventario, catalogación, conservación e edición do fondo documental da compañía Chévere. Tamén se anuncia a extensión deste traballo ao resto do patrimonio escénico galego, coa finalidade de alcanzar o dobre obxectivo de prestar este servicio ao mundo da escena e seleccionar fondos para consultas externas.

AGN, “Reaberto o estudio sobre a ortografía galega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 29 setembro 2002, p. 77.

Ademais de facerse eco da sesión plenaria da RAG e as posíbeis modificacións da norma, tamén se fai eco do nomeamento de Víctor Freixanes para o posto que Casares deixara baleiro, de modo que son completados os trinta académicos dos que consta a Real Academia Galega.

AGN, “La literatura gallega en Italia y Francia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí. Cultura”, 3 outubro 2002, p. 71.

A nova reflicte o encontro efectuado entre Manuel Fraga e Giuliano Soria, membro da Fundación Grinzane Cavour, que lle presentou ao Presidente e ao Conselleiro de Cultura un proxecto a través do cal se intenta estreitar lazos entre as culturas galega, francesa e italiana, permitindo promocionar as nosas letras e autores nos países veciños a través de premios, conferencias e coloquios de galegos. Remátase recollendo a predisposición favorábel do executivo galego para poñer en marcha as actividades presentadas.

AGN, “O CDG conmemora 25 anos de teatro galego recuperando as primeiras estreas”, *El Progreso*, “Lugo”, 4 outubro 2002, p. 91.

Informáse da programación do CDG para conmemorar o XXV aniversario do teatro galego, salientando as representacións de *Laudamuco, Señor de Ningures*, *O Velorio* e *Daquel abrente*.

AGN, “Carlos Casares persiste na memoria”, *Diario de Pontevedra*, 19 outubro 2002, p. 71.

Presentación dos planos da Fundación Carlos Casares, que a súa viúva e un dos seus fillos fixeron pública a Manuel Fraga, máximo mandatario da Xunta de Galicia. Retrátase o intenso compromiso das autoridades do goberno galego do PP para coa Fundación viguesa, que pretende seguir a pegada de Casares no tocante á promoción cultural galega.

AGN, “A familia de Casares agradece á Xunta a súa axuda á fundación”, *El Ideal Gallego*, 19 outubro 2002, p. 43.

Información que destaca o compromiso do Presidente da Xunta de Galicia coa Fundación Carlos Casares de Vigo. Tras sinalar que o fillo do falecido escritor quixo deixar patente o seu agradecemento ao gobernante, déixase patente que aquel e a súa nai, responsábeis da Fundación viguesa, presentaron o futuro programa a Fraga Iribarne.

AGN, "Os grupos lucenses 'Metátese Teatro' e 'Achádego' no Salón Teatro de Santiago", *El Progreso*, "Cultura y comunicación", 2 decembro 2002, p. 91.

Anúncianse as actuacións de grupos teatrais e musicais que terán lugar ao longo da tempada de outono no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Entre eles destaca aos lugueses Achádego e Metátese Teatro, ademais doutros como Teatro de Cámara Ditea, Candelexas, O Trasno Novo Teatro, Lohengrin ou Teatro Mutante.

A. I., "Caixanova trae al Auditorio de Galicia 'Son Delas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 marzo 2002, p. 29.

Infórmase de que no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela terá lugar o espectáculo *Son Delas* e apúntanse algunhas das súas características entre elas a ampla representación de mulleres procedentes da música, literatura –Ana Romaní– e plástica.

A. J. P., "Vigo, el poder editorial", *Atlántico Diario*, "Vigo", 14 xaneiro 2002, p. 12.

Faise un repaso polas principais empresas do sector editorial que operan en Vigo e saliéntase que representan as principais editoriais de Galicia mais sublíñase que o ano 2002 será un ano de recesión. Apúntase que a crise do sistema escolar é un dos motivos deste mal momento debido a que representa o 35% da facturación editorial. Finalmente apúntanse algunhas das principais características das editoriais Galaxia, Obradoiro, Xerais, Nova Galicia, Ir Indo, A Nosa Terra e mais Do Cumio.

A. M., "Bolaño asegura que el teatro gallego resta público al foráneo", *ABC*, "Cultura. Galicia", 28 marzo 2002, p. 42.

Recóllense as palabras de Roberto Vidal Bolaño sobre os premios Max, coas que amosa o seu rexeitamento a que o xurado destes premios só sexa de Madrid e Barcelona e onde salienta que o teatro autóctono está a recuperar posicións fronte ao foráneo.

A. N. T., "A Asociación Galega de Editores elixirá unha nova directiva", *A Nosa Terra*, nº 1.016, "Cultura", 10-16 xaneiro 2002, p. 24.

Indícanse os membros que compoñen a Xunta Directiva da Asociación Galega de Editores e anúnciase que, despois da dimisión desta Xunta, haberá unha xuntanza na que se presentarán as opcións para ocupar os novos cargos directivos.

A. N. T., "O escritor Xoán Manuel Casado finou en Barcelona", *A Nosa Terra*, n.º 1.018, "Cultura", 24-30 xaneiro 2002, p. 29.

Nota que alude ao falecemento de Xoán Manuel Casado e na que se repasa a súa producción literaria como redactor de diversas publicacións e como autor de *Libro de*

Caldelas (1982), *O inverno dos lobos* –premio Blanco Amor 1985– ou do libro de entrevistas, xunto con Xosé M. Salgado, *X. L. Méndez Ferrín* (1989).

A. N. T., "A muralla de Lugo constrúese no terceiro milenio", *A Nosa Terra*, n.º 1.019, "Fin de semana", 31 xaneiro-6 febreiro 2002, p. 33.

Indícase que o libro *Poemas e contos da Muralla* (2001) convida o lector a unha viaxe pola Muralla de Lugo sen se ter que achegar a Lugo. Recóllese o nome dos dez escritores –Claudio Rodríguez Fer, Manuel María, Xosé Miranda, etc.– e dos dez artistas plásticos deste libro, editado polo Concello de Lugo, e afírmase que este volume recrea este monumento histórico en poemas, contos e obra plástica.

A. N. T., "Bernardino Graña asume a presidencia da Asociación de Escritores", *A Nosa Terra*, n.º 1.022, "Cultura", 21-27 febreiro 2002, p. 25.

Dá conta de que Bernardino Graña é o novo presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e que contará con Iolanda Castaño, no canto de Miguel Anxo Fernán Vello, na secretaría. Sublíñase a cordialidade na asemblea dado que esta era a única candidatura.

A. N. T., "A cultura e a política xúntanse para despedir a Carlos Casares", *A Nosa Terra*, n.º 1.025, "Cultura", 14-20 marzo 2002, p. 24.

Fai referencia ao enterro de Carlos Casares no cemiterio de San Fiz de Vilariño, en Nigrán, do que salienta que é imposíbel facer unha relación completa dos escritores, políticos e amigos que se achegaron ao seu enterro e faise un breve percorrido pola traxectoria vital do finado.

A. N. T., "Os ensinantes de lingua e literatura atópanse en Compostela", *A Nosa Terra*, nº 1.029, "Cultura", 11-17 abril 2002, p. 28.

Recolle algúns dos actos que se desenvolverán en Compostela con motivo das Xornadas de Lingua e Literaturas Galegas, que organizan a CIG e mais a AS-PG. Indícase que contarán

con obradoiros de poesía, narrativa, teatro, internet, con seminarios centrados na poesía de mulleres e na literatura galega e mais coa presencia de literatos galegos como Alfonso Pexegueiro, Luísa Villalta, García Bodaño ou Suso de Toro, que disertará ao redor da relación entre a literatura e o poder na conferencia de clausura.




A. N. T., “Confusa elección da Academia”, *A Nosa Terra*, nº 1.031, “Cultura”, 25 abril-1 maio 2002, p. 25.

Noticia que se refire á confusión na elección do substituto de Mariano Dónega na RAG, dado que a directiva botou man dun artigo que impedía na mesma sesión presentar e votar os candidatos –que desta vez eran Manuel María, Daniel Cortezón e mais Xosé González– e de aí que esta praza ficase aínda baleira.

A. N. T., “Poetas e artistas crean en Lugo os *Círculos Líticos*”, *A Nosa Terra*, n.º 1.037, “Cultura”, 6-12 xuño 2002, p. 25.

Faise referencia ao comezo das actividades en Lugo dos “Círculos Líricos” integrado polos poetas Lois Diéguez, Marica Campo, Antom Fortes, Isidro Novo e Xoán Rompe. Amósase que a idea coa que nace este colectivo é a de “volver á sociedade a cultura que ela criou e segue a facer” e como información de apoio reprodúcese o seu manifesto fundacional.

A. N. T., “O CDG representa a Castelao en español en Pontevedra e Santiago”, *A Nosa Terra*, nº 1.038, “Cultura”, 13-19 xuño 2002, p. 24.

Versa sobre as diversas representacións que o Centro Dramático Galego fará en Galicia da obra *Os vellos non deben de namorarse* en castelán trala estrea desta no Centro Cultural de La Villa en Madrid. Faise referencia acerca das críticas feitas aos máximos responsábeis do CDG por permitir que saia adiante un proxecto en castelán dentro de Galicia.

A. N. T., “Avilés de Taramancos e Florencio Delgado Gurriarán optan ao *Día das Letras* 2003”, *A Nosa Terra*, nº 1.039, “Cultura”, 21-26 xuño 2002, p. 25.

Faise eco da sesión da Real Academia do 22 de xuño na que se escollerá entre Avilés de Taramancos e Florencio Delgado Gurriarán para dedicar o Día das letras do ano 2003. Detállanse os diferentes méritos polos que tanto un coma outro poderían levar o galardón así como se anuncia o nomeamento dun novo membro para a Academia. Os nomes barallados son Manuel María, Daniel Cortezón e Xosé González.

A. N. T., "O Salón do Libro Galego incrementa as vendas un 30%", *A Nosa Terra*, nº 1.039, "Cultura", 21-26 xuño 2002, p. 25.

Plásmase o incremento da venda de libros tralos diversos salóns do libro que foron celebrados ao longo e ancho da nosa xeografía. Os datos facilitados oscilan entre un aumento do 20 e 30% respecto do ano pasado, o que contrasta coa crise que estaba a vivir o libro en xeral e o galego en particular, e déixase constancia dos 2.500 exemplares que se venderon, por exemplo, no Salón de Vigo.

N. T., "O CDG estrea o Castelao en español ante unha dúcea de persoas en Pontevedra", *A Nosa Terra*, nº 1.040, "Sociedade", 27 xuño-3 xullo 2002, p. 13.

Sinálase que a estrea do Castelao en español que o Centro Dramático Galego, en colaboración co Nacional, tiña previsto realizar en Pontevedra tivo unha moi escasa presencia de público, de tal xeito que estivo a piques de suspenderse. Déixase constancia do enfrontamento que se produciu ás portas do Pazo da Cultura de Pontevedra entre asociados da Mesa e de CIG-ensino e o Director do CDG, Manuel Guede.

A. N. T., "Protesta en Compostela contra a representación de Castelao en español", *A Nosa Terra*, nº 1.041, "Sociedade", 4-10 xullo 2002, p. 14.

A raíz da representación en español de Castelao, alude á protesta pública de A Mesa pola Normalización Lingüística na Rúa do Vilar de Compostela, nos baixos da sede do CDG, mediante a lectura do manifesto *O CDG, o idioma e o diñeiro público*, acto no que tamén interviu Avelino Pousa Antelo, o Presidente da Fundación Castelao. Asemade, recórdase a edición feita pola Mesa de certo material no que aparecen as seguintes palabras de Castelao: "Debuxei sempre en galego, escribín sempre en galego, e, se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra non ficaría nada dela".

A. N. T., “O Festival da poesía do condado renace cunha noite de fados”, *A Nosa Terra*, nº 1.043, “Cultura”, 18-24 xullo 2002, p. 25.

O renacemento do Festival de Poesía de Condado, tras seis anos desaparecido, centra esta nova na que se pon especial énfase nos diversos autores cos que contará (máis de vinte), o carácter reivindicativo co que naceu e permanece e os múltiples actos paralelos que terán lugar.

A. N. T., “Agosto péchase cunha festa da poesía”, *A Nosa Terra*, nº 1.045, “Cultura”, 4 setembro 2002, p. 25.

Anuncia a celebración do Festival de Poesía que se celebra en Salvaterra do Miño a finais do mes de agosto baixo o lema “Outro mundo é posible”. Ademais de subliñar a presencia de poetas galegos e portugueses, fai referencia á publicación que adoita facerse coa obra dos poetas participantes e aos actos paralelos ao certame e alleos á poesía que se realizarán na vila coma as exposicións de pintura, fotografía ou artesanía.

A. N. T., “A poesía volveu ao palco de Salvaterra”, *A Nosa Terra*, nº 1.046, “Cultura”, 11 setembro 2002, p. 25.

Alude ao XVI Festival da Poesía que se celebrou en Salvaterra a finais do mes de agosto, no que, ademais do encontro poético, houbo exposicións de pintura, fotografía, ou instrumentos tradicionais. Destaca que o festival poético se realizou o día 31 baixo o lema “Outro mundo é posible”, despois de ter lugar o teatro para cativos e o irmanamento entre Salvaterra e Monção. Apunta que este certame durou máis de seis horas e que nel participaron unha quincena de escritores galegos e portugueses, así como dá a coñecer algunhas reivindicacións de carácter social que realizaron os propios protagonistas coma Kiko Neves ou Marga do Val. En cadro á parte dá conta das actividades que terán lugar nas tres xornadas.

A. N. T., “Campaña para rebautizar o *Salón Teatro* co nome de Roberto Vidal Bolaño”, *A Nosa Terra*, nº 1.048, “Cultura”, 25 setembro 2002, p. 28.

Céntrase na posta en marcha dunha campaña que parte dos directores e actores compañeiros de Vidal Bolaño, segundo a cal se demanda que o Salón Teatro da Rúa Nova da Santiago de Compostela leve o nome do finado dramaturgo. Explica que se trata dunha campaña que conseguiu crear a solicitude asinada por máis de quince compañías de teatro e numerosas personalidades que posteriormente foi entregada á Consellería de Cultura e ao Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, sendo un dos promotores Lino Braxe. Destaca a gran perda que supón a morte de Vidal Bolaño para os escenarios galegos.

A. N. T., "A Feira de Frankfurt afectada pola crise", *A Nosa Terra*, nº 1.052, 17-23 outubro 2002, p. 25.

Información na que se recorda a caída da venda de libros en Europa e, concretamente en Alemaña. Rescátase parte da información conseguida na Feira do Libro de Frankfurt, onde se deixou constancia da posibilidade de que Xerais pasase a engrosar o patrimonio da Editorial Planeta. Destácase como coa irrupción das novas tecnoloxías resulta máis difícil a venda de libros e, así mesmo, a presencia editora galega no evento alemán.

A. N. T., “A tradución reúne os escritores galegos, vascos e cataláns en Mallorca”, *A Nosa Terra*, nº 1.055, “Cultura”, 7-13 novembro 2002, p. 25.

Anúnciase a celebración da XIX edición do Galeuzca, o encontro anual de escritores galegos, vascos e cataláns, que este ano se celebrará en Mallorca e estará centrado na tradución. Saliéntase a decidida política do goberno balear de apoio á tradución, gracias á cal apareceron nos últimos meses numerosas traduccións de poetas e autores dramáticos baleares ao galego. Indícase que Xavier Rodríguez Baixeras, responsábel dalgunhas destas traduccións, e Miguel Anxo Fernán-Vello, editor de numerosos poetas baleares, serán algúns dos participantes nos debates. Tamén se indican outros participantes galegos no encontro, entre os que estará a directiva da AELG. Remata a noticia cunhas declaración da súa secretaria, Yolanda Castaño, nas que salienta a importancia de establecer vínculos de comunicación entre as literaturas minoradas, e gaba a implicación e conciencia do patrimonio que supón a literatura amosada polo goberno balear, que pon como exemplo para outros gobernos.

A. N. T., “Chus Pato, Mª X. Queizán e Helena González participan en Granada no VII Encontro de Mulleres Poetas”, *A Nosa Terra*, nº 1.055, “Cultura”, 7-13 novembro 2002, p. 25.

Indícase que as galegas Mª Xosé Queizán, Chus Pato e Helena González participarán no VII Encontro de Mulleres Poetas que se celebrará en Granada. Lémbrase que foi Mª Xosé Queizán quen promoveu en 1996 a primeira edición deste encontro en Vigo e sinálase que o seu obxectivo é “entrar en contacto e intercambiar experiencias e reflexións coas mulleres poetas, teóricas e críticas doutros países e incluso doutras culturas”, salientando o achegamento á poesía chinesa escrita por mulleres que se fará nesta edición, así como a recuperación de voces esquecidas como a de Elena Martín Vivaldi. Por último, indícase o nome doutras participantes como Sharon K. Ugalde, Cristina Peri-Rossi, Zhao Zhenkiang, Clara Janés, Ana Rossetti e Mercedes Escolano.

A. N. T., “Recital na Coruña da xeración dos oitenta”, *A Nosa Terra,* nº 1.057, “Cultura”, 21-27 novembro 2002, p. 29.

Anúnciase a celebración do recital “Xeración dos oitenta. Doce grandes voces da poesía galega contemporánea” no Museo de Belas Artes da Coruña, como parte das actividades culturais programadas arredor do Premio de poesía “Miguel González Garcés” organizadas pola Deputación da Coruña. Infórmase que no recital, que terá lugar trala entrega dos premios e a presentación dos libros gañadores da XI edición do concurso, participarán os escritores X. M. Álvarez Cáccamo, M. A. Fernán-Vello, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Pilar Pallarés, Alfonso Pexegueiro, Román Raña Lama, Luís Rei Núñez, Manuel Rivas, Xavier Rodríguez Baixeras, Cesáreo Sánchez Iglesias e Xulio L. Valcárcel.

A. P., “Vilagarcía acolle hoxe actos de homenaxe a Plácido Castro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 xaneiro 2002, p. 31.

Dá conta dos actos e homenaxes á figura de Plácido Castro que terán lugar en Vilagarcía de Arousa como unha charla-coloquio de Ramón Villares, a entrega do I° premio de Traducción Plácido Castro así como outras actividades que estarán organizadas dentro da IIIª Conferencia Internacional Plácido Castro.

A. Q., “O Salón do Libro Galego quere achegarse ós cidadáns pola defensa da lingua”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 xuño 2002, p. 42.

Anúnciase que foi inaugurado o IV Salón do Libro Galego de Vigo, que ten a intención de asentar na Cidade Olívica esta feira, así como achegar aos vigueses a literatura galega. Coméntase que, segundo Arximiro Blanco e Juan Seoane, as estrelas en vendas serán Carlos Casares, Suso de Toro e Manolo Rivas.

A. Q., “A Fundación Casares inicia o Seminario Permanente de Animación á Lectura para mestres e bibliotecarios”, *Faro de Vigo*, 31 outubro 2002, p. 43.

Presentación do Seminario Permanente de Animación á Lectura para mestres e bibliotecarios na Casa do Libro de Vigo, acto que pertence ao programa da Fundación Carlos Casares de Vigo. Trátase dunha iniciativa do profesor Adolfo Suárez, coordinador xeral do seminario que vai dirixida a mestres de Primaria, Secundaria, Bacharelato e ao mundo dos bibliotecarios. Incídese na precariedade do eido da lectura, co que a partir desta

actividade, segundo se sinala, crearanse seminarios locais e provinciais, así como se dotarán de recursos técnicos a profesores e bibliotecarios.




A. Q./A. M./X. M., “O gremio louva a Bolaño como figura clave da escena galega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 setembro 2002, p. 36.

Recóllense diversas declaracións realizadas polos directores das institucións galegas máis relacionadas co mundo do teatro perante a morte de Roberto Vidal Bolaño. Así, en primeiro lugar, o Conselleiro de Cultura manifesta o seu pesar debido a que, segundo el considera, “é unha das pezas claves da dramaturxia galega”. Asemade, déixase constancia das declaracións do presidente do IGAEM, Amado Rincón, do director do CDG, Manuel Guede, do da *Revista Galega de Teatro*, Antón Lampareira ou da propia Asociación de Actores, Directores e Técnicos da Escena de Galicia.

A. R., “Máis actos arredor de Florencio Delgado”, *O Sil*, marzo 2002, p. 61.

Informa que a Asociación Bo Viño e a Asociación de Mulleres Rurais do Córgomo van propoñer que se lle dedique o Día das Letras Galegas 2003 a Florencia Delgado; con este fin están ultimando a publicación dun libro que inclúe unha antoloxía poética do autor e estudios da súa vida e da súa obra.

A. R., "Celanova señaliza una ruta de senderismo que inspiró a Curros hace más de un siglo", *La Región*, "Celanova", 9 xuño 2002, p. 20.

Infórmase de que se comezou a indicar con sinais de madeira a "Ruta Currosiana" dentro do Concello de Celanova, que conta con algo máis de oito quilómetros e que percorre os lugares máis salientábeis na vida e obra de Curros. Asemade saliéntase que todo isto foi posíbel gracias ao traballo do celanovés José Benito Reza.

A. S., "Libros para contemplar, libros para comprar", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 14 marzo 2002, p. 39.

Noticia que recolle as opinións de varias persoas da rúa sobre os seus hábitos de lectura e indica que os lectores vigueses achan que no Estado español se le pouco ou nada e mais que rexeitan o elevado prezo dos libros, de aí que recoñezan que len máis libros dos que mercan.

A. S., "A traducción depende tamén da súa revisión", *Faro de Vigo*, "Sociedad. Día das Letras Galegas", 17 maio 2002, p. 45.

Recóllense as opinións que Tomas Ruibal sobre a traducción, indica que el só traduce dous títulos ao ano e que sempre está en contacto co autor do texto durante a traducción. Remata destacando o bo nivel dos traductores galegos.

A. S., "A traducción é outra forma de creación literaria", *Faro de Vigo*, "Sociedad. Día das Letras Galegas", 17 maio 2002, p. 45.

Indícase que traducir o *Decameron* foi o texto que ao traductor Xavier Rodríguez lle pareceu máis complexo e sinálase que este traductor acha que traducir é outra forma de crear literatura e que ademais require "ter un mínimo de coñecemento cultural".

A. S., "La Feria del Libro busca mayor proyección con escritores gallegos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 xuño 2002, p. 48.

Informa sobre a inauguración do XXVIII Feira do Libro de Vigo que contará coa participación de vinteoito librerías galegas e mais quince editoriais e que a ela se achegarán para asinar exemplares dos seus libros, entre outros, M.ª Xosé Queizán e Xavier Queipo.

Abeledo Maristany, Carlos, "O meu avó e a vía do tren", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 5 agosto 2002, p. 16.

Relato de Carlos Abeledo Maristany no que se narra a historia dun labrego ao que lle é expropiada unha leira para a construcción da vía do tren. Tras saber que ía quedar sen leira,

marcha á feira, vende unha vaca e decide marchar da terra, subindo a un barco no porto da Coruña.

Abuín, Anxo, “A peza que marcou a senda da modernidade”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 6 febreiro 2002, p. 34.

Apunta algunhas das características da peza *Zardigot* de Euloxio Ruibal. Sinala que nela se manipula con mestría a tensión estética entre o brechtianismo e o teatro da crueldade, que se pon en escena as inquietudes do home como un ser desvalido e mais que describe con precisión espacios humanos que logo obsesionarán ao dramaturgo na súa traxectoria teatral.

Agrelo Sellán, Javier, “A illa da néboa”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 1 agosto 2002, p. 15.





Relato de Javier Agrelo Sellán, no que se narra a viaxe ao interior fantástico dun neno que soña cun paraíso afastado, unha illa envolvida na néboa que parece incitalo ao seu descubrimento e a onde, finalmente, marcha para non regresar xamais.

Agulla, A., "O Aturuxo acolle o recital poético adicado a Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "Bueu", 19 maio 2002, p. 19.

Anúnciase que un grupo de mozos de Bueu e estudiantes de Xornalismo de Compostela farán un recital poético dramático como homenaxe a Johán Carballeira, ex-alcalde de Bueu fusilado en 1937 polo fascismo franquista. Indícase que nesta peza, titulada *Cartafol de Ronseis*, o personaxe central é un suposto Carballeira que vai dando pé a que outras xentes vaian recitando textos literarios de Curros, Castelao, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro, Ferrín, etc.

Agulla, Álvaro, "Lucía Novas presento su libro *Epiderme de estío*, Premio Concello de Carral", *Diario de Pontevedra*, "Bueu", 12 febreiro 2002, p. 22.

Sinala que a escritora de Bueu Lucía Novas Garrido presentou o seu poemario *Epiderme de estío* nun acto, organizado pola Asociación Amigos da Biblioteca, no que Miguel Anxo Fernán-Vello afirmou que Lucía Novas nos transmite "un universo sensorial" do mar cunha linguaxe musical e íntima.

Agulla, Álvaro, "El centenario del nacimiento de Johán Carballeira pasó desapercibido", *Diario de Pontevedra*, "Bueu", 17 febreiro 2002, p. 18.

Critícase que, aínda que o Concello de Bueu declarase o ano 2002 como "Ano do Centenario de Johán Carballeira", na data do seu centenario, o 13 de febreiro de 2002, non se realizase ningún acto conmemorativo e anúnciase a convocatoria do premio de Periodismo Johán Carballeira 2002.

Albadalejo Calderón, Manuel, "Outrora", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 26 agosto 2002, p. 13.

Pensamentos dun traballador nun taller de zapateiro, que se considera toucado pola liberdade de non posuír nada de seu, agás unha gaita que resulta ser o seu consolo.

Aldán, Clara, “Un actor con mucho talento”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, 3 abril 2002, p. 11.

Dá conta dalgunhas das actividades que a Concellaría de Cultura do Concello de Pontevedra fará nesta cidade a prol da lectura como o programa “Abril dos Libros” no que o propio concelleiro Luís Bará participou activamente.

Aleixandre, Marilar, “A soga”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 1 agosto 2002, p. 14.

Relato de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) sobre unha novicia que, tentada polos seus insistentes desexos suicidas, acaba poñendo fin á súa vida aforcándose na súa cela.

Alonso, J., “Unos textos de poetas gallegos”, *El Progreso*, “Al paso”, 13 xaneiro 2002, p. 72.

Apartado no que se dá conta de notas de actualidade da cidade de Lugo, entre as que atende á elaboración dun disco a cargo do grupo musical A Quenlla, no que as letras son asdos poemas de Manuel María, Xosé Neira Vilas, Xosé María Álvarez Blázquez, Marica Campo, Fiz Vergara Vilariño ou Margarita Ledo, entre outros.

Alonso, J., "Escolanía de melros, en Lugo", *El Progreso*, "Al paso", 25 marzo 2002, p. 72.

Di que co gallo da presentación da reedición do libro *Escolanía de melros*, de Faustino Rey Romero, a fundación O Grelo volveu a Lugo para atoparse coas raíces lucenses. Comenta tamén que en Rianxo, terra natal de Faustino Rey, se celebrará proximamente un acto oficial para presentar a devandita obra.

Alonso, Rita, "O narrador tapado", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 27 febreiro 2002, p. 31.

Aproveitando a publicación de *Contos do Miño*, de Eliseo Alonso, dentro da “Biblioteca Galega 120” no ano 2001, apúntanse algunhas das características deste volume e achéganse algúns datos biográficos do seu autor. Fala de que a cultura galego-portuguesa da comarca baixomiñota é a fonte literaria do libro e da súa biografía resalta que atopou en Arxentina o seu “refuxio democrático”, que en 1954 é nomeado membro da RAG e que catro anos despois regresa a Galicia, concretamente a Goián.

Alonso Girgado, Luís, “Cen anos despois”, *La Voz de Galicia*, “Cultura. Lecturas cualificadas”, 25 febreiro 2002, p. 53.

Alude a que o primeiro centenario do nacemento de Luís Amado Carballo, en 2001, “pasou con máis pena que gloria” e a seguir, co gallo da publicación de *Proel* e *O Galo* na “Biblioteca Galega 120”, fala do labor poético deste poeta. Refírese a que tivo unha excelente recepción naquela altura, que está situado entre a vangarda e a tradición e remata subliñando a súa perdurabilidade por ser un “poeta puro, un lírico sensible, un pintor da palabra”.

Álvarez, Silvia, “O IV Salón do Libro Galego dá hoxe a palabra en Lugo ós fans do mago Harry Potter”, *El Progreso*, “Cultura”, 3 xullo 2002, p. 61.

Dá conta da inauguración do IV Salón do Libro Galego de Lugo e anúnciase que na xornada inaugural Xerado Vidal presentará *Balada do nudismo caviloso* e que haberá un encontro sobre Harry Potter.

Álvarez Cáccamo, Xosé M.ª, “Boa viaxe, Carlos”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 25.

Tomando como base a afección que tiña Carlos Casares polo mundo do tren eléctrico, Álvarez Cáccamo fai un repaso pola vida e por algúns dos proxectos que Carlos Casares deixou a medio facer coa súa morte. Chama a Carlos Casares “xefe da estación de Vilariño Pequeno” e remata desexándolle unha boa viaxe despois de que o 9 de marzo de 2002 subise “ao seu tren eléctrico con destino a unha dimensión de inatinxíbel miniatura onde cabe a inmensidade toda do adeus”.

Álvarez Corbacho, Mª Eloisa, “Al profesor X. Francisco González Millán”, *Faro de Vigo*, “Cartas”, 28 novembro 2002, p. 73.

Carta dirixida ao finado profesor Xan González Millán na que se lle amosa a consternación da autora pola súa morte e o grave estado da súa esposa. Faise unha pequena semblanza do profesor e lémbranse algúns momentos que pasaron xuntos. Remata desexándolle a recuperación da súa muller e que os seus restos sexan trasladados a esta terra que tanto amou.

Álvarez-Koki, Francisco, “O sono asulagado”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 novembro 2002, p. 34.

Dóese da morte de Xoán González Millán, destacando a perda que supón para a teoría da literatura galega, pero sobre todo para os que o coñeceron e foron os seus amigos.

Álvarez Pousa, Luís, “Carlos na memoria”, *La Opinión*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 65.

Luís Álvarez Pousa fala dos encontros que tivo “na vella e esmorgante Auria” co seu amigo Carlos Casares nos anos setenta e expresa o seu desexo de seguir véndose con el. Repasa algúns dos lugares que frecuentaron –café Volter, Miño, librería Tanco, etc.– e remata lembrándose tamén das súa xuntanzas en Santiago de Compostela.

Álvarez Ruíz de Ojeda, Victoria, “Celebración do exceso”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 16 xaneiro 2002, p. 31.

Céntrase en *A esmorga*, de Blanco Amor, da que sinala que tivo que publicarse en Buenos Aires en 1959 por estar prohibida en Galicia e resalta a súa carga transgresora así como que é a obra cimeira de Blanco Amor.

Ameneiros Ferreiros, Roberto, “Miña avoa”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 30 agosto 2002, p. 12.

Relato de Roberto Ameneiros Ferreiros recordo da avoa materna, falecida hai pouco. Desenvólvese o seu periplo académico como mestra, a súa formación intelectual castelá e o

agarimo que polo idioma galego, sen sabelo e despois de perder a memoria, espertou no seu neto.




Aneiros, Rosa, “Síndrome do noroeste”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 435, 19 setembro 2002, pp. 2-7.

Antes de ofrecerse o relato de Aneiros, unha nota sen asinar avisa sobre o contido da peza que a continuación se pode ler. Nela, ademais de salientarse un currículo da escritora, sinálase cómo xurdiu dunha experiencia literaria na que se recrea un andazo psíquico que sacode o país de Fisterra e que un médico chegado de Barcelona vai descubrindo a través dun dos seus personaxes, que o padece. O resultado reflicte que a epidemia está producida por influencia do naufraxio do “Casón” en 1987, un buque cheo de cargas tóxicas.

Aneiros Díaz, Rosa, “Zenabou”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 11 agosto 2002, p. 14.

Historia de Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976) na que se narra a vida dunha refuxiada nun campamento árabe. Destácase o sufrimento da guerra, o exilio e a conseguinte historia persoal que persegue a unha moza de nome Zenabou, privada dos seus fillos e da vida no seu país de orixe.

Arias, Valentín, "Don Paco e Galaxia", *El Progreso*, "Cultura", 9 marzo 2002, p. 91.

Dende a súa experiencia de ter traballado ao abeiro de Francisco Fernández del Riego, Valentín Arias realiza unha loanza á figura de don Pazo da que destaca que foi o "cerebro creador e impulsor da editorial Galaxia" e enfatiza que antepuxo os intereses dos galegos aos seus ao non tirar "ningunha sorte de medranza" desta editorial.

Asociación Galega de Editores, **Asociación de Escritores en Lingua Galega** e **Federación de Libreiros de Galicia**, "Pronunciamento público de editores, libreiros e escritores galegos", *O Correo Galego*, "AFA", 23 abril 2002, p. 30.

Reprodúcese o “Pronunciamento público de editores, libreiros e escritores galegos”, da Asociación Galega de Editores, Asociación de Escritores en Lingua Galega e mais da Federación de Libreiros de Galicia, no que se recalca a importancia do libro e de todos os axentes que interveñen neste eido –editores, libreiros, escritores, etc.– en calquera sociedade moderna. Sinálase o baixo índice de lectura en Galicia e avógase pola constitución dentro do Consello da Cultura Galega dunha sección dedicada ao libro, así como remátase convidando aos galegos a que merquen e lean libros en lingua galega.

B. D., “Xavier Queipo presenta a súa obra na Feira do libro de Vigo”, *ABC*, “Cultura. Galicia”, 7 xullo 2002, p. 46.

Infórmase de que na Feira do Libro de Vigo será presentada a obra *O ladrón de esperma* coa que o seu autor Xabier Queipo, acadou o premio Café Dublín 2000 e que se publicou no ano 2001 en Xerais. Indícase que a obra consta de cinco relatos experimentais e que ao acto asistirán tamén Carlos Lema e Manuel Bragado.

B. L., “Edicións Positivas publica as obras do Certame de Narrativa Erótica”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 24 xaneiro 2002, p. 70.

Dá conta do comezo da coidada colección de temática erótica “Narrativas quentes” dentro de Edicións Positivas cos volumes *Infedilidades*, de Manuel Lourenzo, e *Xeografías*, de Francisco Castro. Do primeiro volume indícase que foi o gañador o I premio galego de Narración Erótica que convocaba Edicións Positivas, que consta de trece relatos vinculados só polo erotismo e que o seu autor os estivo a escribir ao longo de cinco anos. De *Xeografías*, finalista deste mesmo certame, saliéntase que o seu autor coida que é un libro unitario a pesar de estar composto por historias totalmente diferentes entre si.

B. L., “Vía Dixital emite *Castelao e os irmáns da liberdade* de Leira”, *Diario de Pontevedra*, “Comunicación”, 17 febreiro 2002, p. 67.

Anuncia que a plataforma televisiva Vía Dixital emitirá o documental *Castelao e os irmáns da liberdade*, obra de Xan Leira, despois de que o seu director acadase varios premios.
Saliéntase que a protagonista deste documental é a viúva de Castelao e indícase asemade

que este filme é a primeira parte dunha triloxía sobre a historia contemporánea de Galicia. Finalmente apúntase que Xan Leira está a punto de comezar a rodaxe da segunda parte da triloxía que titulará *Atila en Galiza*.




B. L., "*Castelao e os irmáns da liberdade* competirá no Festival de Málaga", *Diario de Pontevedra*, "Cultura&Ocio", 19 marzo 2002, p. 69.

Sinala os diferentes premios acadados e aos que opta o documental *Castelao e os irmáns da liberdade*, obra de Xan Leira, e indica que os seus dereitos televisivos están en mans da TVG e de ETB. Descríbese que o seu director tardou catro anos en elaborar este filme e que forma parte dun proxecto multimedia: unha triloxía fílmica, exposicións e a edición dun libro.

B. L., "Marga do Val achégase á vida de Carolina Otero na súa última obra", *Diario de Pontevedra*, "Cultura&Ocio", 10 abril 2002, p. 62.

Alúdese á presentación do libro *Carolina Otero* (2001) que forma parte da colección "Mulleres" da editorial A Nosa Terra. Sinálase que a súa autora é Marga do Val e destácase

a cantidade de ilustracións e fotografías que inclúe, así como indícanse as cinco partes desta biografía sobre Carolina Otero.




B. L., “Fantasía, terror e ciencia ficción convertirán a vila de Pontevedra na vila de Ponteficción”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 9 maio 2002, p. 61.

Informa de que dentro das “Xornadas de fantasía, terror e ciencia ficción” de Pontevedra terá lugar unha mesa redonda sobre o xénero fantástico na literatura galega que contará coa participación de Ramón Caride Ogando, Miguel Vázquez Freire e mais Manuel Lourenzo González.

B. L., “Os raios de sol cólanse entre os renglóns”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Verano”, 13 xullo 2002, p. 56.

Fala da masiva asistencia ao acto de inauguración da XVI feira do Libro en Pontevedra presentado por diferentes personalidades políticas e culturais. Destácanse aspectos coma a entrega do premio “Benito Soto”, a recolocación da Feira na Ferrería, as librerías que

participarán nela ou as actividades complementarias que se levan a cabo, nas que incidiu de xeito especial a Delegada Provincial de Cultura.




B. L., “A feira do Libro rende homenaxe a Xosé Vázquez Pintor na Ferrería”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 22 xullo 2002, p. 54

Faise unha breve referencia á homenaxe que a Agrupación de Libreiros de Pontevedra lle fai Xosé Vázquez Pintor con motivo da XIV Feira do Libro. Detense na descrición desta homenaxe e cita o último libro do escritor, *A memoria do boi*.

B. P./A. S./A. Q., “Del Riego: ‘Tenía un compromiso con la cultura”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, “La Cultura Gallega, de luto”, 10 marzo 2002, pp. 4-5.

Amplo comentario sobre a persoa de Carlos Casares, con motivo do seu pasamento, no que se recordan as palabras de Francisco Fernández del Riego, que afirma que Casares tiña un gran compromiso co mundo da cultura e que cultivou todos os xéneros literarios. Pola súa banda, X. Alonso Montero alabou o talento narrativo do escritor, que “tiña a capacidade de

escribir como falaba”; Xosé González, presidente da Fundación Premios da Crítica, sinalou que foi un gran creador literario; e Jesús Bustos, presidente da Fundación “O Grelo”, destacou o seu impulso á cultura galega nos momentos difíciles do franquismo. A seguir, ofrécense algunhas declaracións de Mariano Rajoy, Jesús Palmou, Chema Figueroa, Manuel Fraga e Pérez Varela, entre outros.




B. R., “El 15 de mayo límite para participar en el Festival de poesía de Baixo Miño”, *Atlántico Diario*, “Baixo Miño”, 9 maio 2002, p. 24.

Subliña a data na que remata o prazo de presentación de traballos e apunta o enderezo ao cal deben dirixirse aqueles que desexen participar no Festival de poesía de Baixo Miño. Asemade, destaca o número de “inscritos” ata o momento e alude ao lugar e data da celebración.

B. R., “Conchi Regueiro inaugura hoxe a Feira do Libro Tudense”, *Atlántico Diario*, “Baixo Miño”, 17 maio 2002, p. 23.





Indícase que a escritora tudense, Conchi Regueiro, será a encargada de inaugurar a V.ª Feira do Libro de Tui e anúnciase que durante a feira pasarán por ela escritores tudenses como Luís Bugarín, Suso Vila e Roque Cameselle.

B. R., "Alberto Romer presenta su libro 'Dende o Aloia' en la villa tudense", *Atlántico Diario*, "Metropolitana", "Baixo Miño", 27 outubro 2002, p. 26.

Dáse conta da presentación do libro *Dende o Aloia*, asinado por Alberto Romer, na Área Panorámica de Tui. Destácase a presencia do autor e de Méndez Ferrín, quen escribiu o prólogo da obra antedita. Apúntase que esta presentación se inclúe dentro da Semana de Revitalización da Artesanía no Camiño Portugués. A seguir, cítanse algunhas actividades máis desta Semana, como mostras de artesanía e exposicións.

Bará, Luís, "Luís Amado Carballo, a voz da poesía galega do primeiro tercio do século XX", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 febreiro 2002, p. 53.

Luís Bará, aproveitando a reedición das obras *Proel* (1927) e mais *O Galo* (1928), de Luís Amado Carballo, dentro da "Biblioteca Galega 120" de La Voz de Galicia no ano 2001, repasa a biografía deste escritor galego e da súa obra literaria destaca os dous poemarios que agora se reeditan. Remata recalcando que Luís Amado "permanece como referencia clave da memoria colectiva" de Pontevedra e como un dos mellores exemplos da renovación literaria galega do primeiro tercio do século XX.

Barba, M., "El nacimiento de una ficción", *La Opinión*, "Cultura", 15 febreiro 2002, p. 53.

Recóllense as reflexións sobre a escrita que Manuel Rivas fixo na Coruña durante o curso de creación literaria "Cómo nace un libro" en El Corte Inglés. Entre elas, destaca que Rivas asegura que cada vez lle gusta máis escribir e menos ser escritor e que o éxito e o fracaso pouco teñen que ver coa literatura.

Barreiro, Xosé R., "Xa na lembranza", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 10 marzo 2002, p. 2.

Lémbrase X. R. Barreiro, con motivo do falecemento de Carlos Casares, da súa relación co ourensán, que comezou nunha libraría compostelá en 1965, e da súa figura destaca que é unha peza insubstituíbel dentro da articulación institucional da cultura galega.

Barro, David, "Catedrático de lo sencillo", *La Opinión*, "Cultura", 10 marzo 2002, p. 66.

Recordo de Carlos Casares como unha persoa sinxela e de carácter afábel que fixo da naturalidade unha opción persoal e literaria. Louva a maneira que tivo de levar adiante empresas como a Editorial Galaxia ou a revista *Interesarte* e, por último, di que prefire lembrar o Casares de faladoiros, sen présas, contando algunha das súas anécdotas.

Barros, Mar, "*Galeuzca* pide máis apoio institucional á tradución", *A Nosa Terra,* nº 1.056, 14 novembro 2002, p. 25.

Dáse conta da celebración da XIX edición do Galeuzca, na que se reflexionou con actitude crítica sobre a realidade da traducción entre as tres linguas das nacionalidades históricas participantes. Indícase que nas conclusións se destacou a necesidade de actuar

conxuntamente para reforzar as relacións entre as linguas a través da literatura, para o que se acordou crear unha páxina web que incluirá os textos das ponencias dos encontros e información sobre o fondo editorial de traducción e novidades das tres comunidades. No tocante ao panorama internacional, destacouse tamén a necesidade de traducir ás linguas máis faladas. Faise a seguir unha crónica do desenvolvemento do encontro, indicando que Rodríguez Baixeras reflexionou sobre a traducción de escritores cataláns ao galego, Miguel Anxo Fernán-Vello criticou a pouca traducción que se está a desenvolver en lingua galega e que Xulián Maure participou nun debate sobre a traducción como construcción da propia literatura. Apúntase tamén que na homenaxe a Ramón Llull participaron autores como Enma Couceiro, Xosé Henrique Rivadulla Corcón ou Marilar Aleixandre. Saliéntase por último o exemplo do Goberno Balear polas subvencións coas que favorece a traducción de autores propios a outras linguas, fronte ao caso galego no que se denuncia o nulo apoio institucional.




Barros, Miguel, “Un liberal”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 26.

Describe cómo Carlos Casares se integrou nas listas do PSdG-PSOE e sinala que este foi un intento de inserir o galeguismo no socialismo fronte ao nacionalismo independentista e fronte ao centralismo político dos partidos estatais. Sublíñase que este compromiso político de Casares foi episódico e circunstancial pero que sempre tentou dar cobertura e lexitimidade á instauración da Autonomía de Galicia xa que o seu proxecto vital era "servir a Galicia dende o idioma e defender a liberdade dende a creación".

Basterrechea, Susana, "Camilo Gonsar vindica un nacionalismo 'internacional' na súa entrada na RAG", *La Voz de Galicia*, 15 decembro 2002, p. 55

Dáse conta da entrada na Real Academia Galega de Camilo González Suárez-Llanos coa lectura do discurso *Sobre a literatura galega: un achegamento subxectivo.* Saliéntase a súa vindicación da necesidade de militar nun nacionalismo "internacional", aberto e integrador, e a súa denuncia da situación do idioma e a necesidade de pór en marcha medidas "persuasivas, pacíficas e democráticas" para a súa recuperación.

Bermúdez, María Teresa, “Fresca naturalidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura. Lecturas cualificadas”, 20 febreiro 2002, p. 34.

Apúntanse algunhas das características da novela *Adiós María* (1971), de Xohana Torres que agora reedita La Voz de Galicia dentro da “Biblioteca Galega 120”. Afírmase que recrea maxistralmente a linguaxe oral e mais que baixo unha aparente simplicidade agóchase unha obra complexa que engancha ao lector ao facelo cómplice das confidencias dunha adolescente chamada María.

Bernal, Xosé Luís (Farruco), “A vida e a vila”, *La Voz de Galicia*, “Cultura. Lecturas cualificadas”, 21 xaneiro 2002, p. 58.

Con motivo da reedición de *Crime en Compostela* (1984), de Carlos Reigosa, dentro da “Biblioteca Galega 120” de *La Voz de Galicia*, Farruco describe as súas reflexións de afecto ao ler este volume xa que nel se repasa a intimidade de Compostela na que naceu e medrou.

Bernárdez, Carlos L., "Centenario do 'Café Moderno' de Pontevedra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 2, p. 52.

Fala da recuperación, en 2002, do espacio do Café Moderno de Pontevedra, do que describe os orzamentos de rehabilitación do edificio e obras de arte nel custodiadas, así como salienta que nel se deron cita os máis variados intelectuais de comezos do século XX, especialmente Amado Carballo e os mozos creadores e editores de *Cristal*.

Berrocal de Partearroyo, Flavia, "¿Canto é o mínimo?", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 13 agosto 2002, p. 13.

Historia dunha parella rompida pola convivencia. Un home vai consultar a un avogado cánto debe pagarlle á súa esposa por desfacer o matrimonio entrambos.

Bilbao, Conchi, "A identidade feita libro", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 110, 2 xaneiro 2002, p. 1.

Fálase da edición do libro *Galicia. Unha luz no Atlántico* (2001), cualificado como un enorme atlas publicado pola editorial Xerais que repasa a historia, xeografía, antropoloxía, etc. de Galicia ao longo das súas máis de cincocentas páxinas. Sinala que esta obra está composta por escritos de Marcial Gonsar, César Portela, Ramón Villares, Núñez Seixas, Henrique Monteagudo, Xavier Vence, Guillermo de la Dehesa e Víctor Freixanes, responsábel da coordinación xeral do volume. Recóllense declaracións dalgúns dos autores feitas no acto de presentación do volume, que tivo lugar o 18 de decembro de 2001 no Consello da Cultura Galega.

Bilbao, Conchi, "A literatura non está para cambia-lo mundo", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 117, 20 febreiro 2002, p. 2.

Dáse conta da publicación de *O último paraíso* (2001), novela asinada por Xosé Fernández Ferreiro, na que o autor narra o mundo utópico do país de Papoulandia, onde todo o mundo é feliz e só se dedica a comer, sendo Papoulos o rei de todos eles. Indícase que esta novela utópica foi escrita como contrapunto á xa existente *O minotauro* (1989). Recóllense tamén unhas declaracións de Fernández Ferreiro, que lamenta que o mundo infantil que recorda da

súa aldea xa estea morto, aínda que afirma que non é a literatura a que pode cambiar o mundo, senón os políticos. A pesares disto, declárase apolítico, aínda que tamén di que a Papoulandia de *O último paraíso* ben se pode equiparar coa Galicia actual no senso de que, nese país, non lles é permitido pensar a ningún dos seus habitantes.




Blanco, Carmen, “Reflexións sobre nós”, *La Voz de Galicia*, “Cultura. Lecturas cualificadas”, 3 xaneiro 2002, p. 26.

Pequena aproximación ao volume *Follas novas*, de Rosalía de Castro, que aparece agora publicada por *La Voz de Galicia* dentro da “Biblioteca Galega 120”, na que a Carmen Blanco reflexiona sobre a problemática social que se reflicte neste poemario, sobre a súa sinxela linguaxe e sobre a métrica.

Blanco, Carmen, “Xohana Torres somérxese nas relacións do patriarcado familiar en *Adiós María*”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 febreiro 2002, p. 34.

Aproveitando a reedición de *Adiós María* de Xohana Torres na colección "Biblioteca Galega 120" de La Voz de Galicia, Carmen Blanco debulla esta novela da que destaca que a súa autora se somerxe no mundo das complexas relacións femininas do patriarcado cunha protagonista, María, que é unha proletaria de arrabalde na que repercute a conflictividade Galega dos anos sesenta.

Blanco, Marcos, "Poetas vigueses se unen en un recital para decir 'Nunca máis", *Faro de Vigo,* 19 decembro 2002, p. 23.

Dáse conta da presentación que a Asociación de Escritores en Lingua Galega fixo do recital poético "Os poetas de Vigo con Galicia. Nunca máis", no que participan un total de 16 poetas vigueses, motivado pola "situación extrema que vive Galicia" e a necesidade do compromiso da sociedade e o mundo da cultura galega ante a catástrofe.

Borobó, "Palabras en Cuntis", *O Correo Galego*, u, 24 marzo 2002, pp. 14-15.

Reprodúcese o discurso declamado por Raimundo García Domínguez, Borobó, co gallo da entrega á súa persoa do premio de Periodismo Roberto Blanco Torres na Casa de Cultura de Cuntis. Nel comeza describindo que foi antes de entregar os premios Galicia 2001 de Comunicación cando soubo que lle concederan o premio de Periodismo Roberto Blanco Torres gracias a unha chamada de Víctor Freixanes. A seguir indica que recibiu este premio polas series de artigos titulados "O novelo dos anacos" publicados en *O Correo Galego* e mais por "Anacos" en *A Nosa Terra*, nos que non hai xuízos de valor senón que se limita "sinxelamente a narrar o que recordo". Asemade fala da importancia dos dous galardoados anteriores con este premio –X. Alonso Montero e X. L. Méndez Ferrín – así como do finado Carlos Casares e remata referíndose á figura de Roberto Blanco Torres de quen lamenta non telo coñecido "sequera de vista".

Botrán, C. "La familia de Beiró donará un retrato de Otero Pedraio a la Fundación", *El Correo Gallego*, "Padrón", 27 xuño 2002, p. 37.

Anúnciase que a viúva do pintor Manuel Beiró Buxán doará, por vontade do propio pintor, ao pazo de Trasalba un retrato de Otero Pedrayo feito por Beiró en 1972 nun dos cuartos do

hotel Compostela de Santiago de Compostela e asemade indícanse algúns datos da vida do autor deste retrato.




Bragado, Manuel, “Demorarse na aventura da vida”, *La Opinión*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 66.

Describe o último encontro que mantivo con Carlos Casares na casa deste último, comentando a raíz disto a grande afección que sentía Casares polas “chilindradas tecnolóxicas”. Apunta que estas últimas horas vividas co escritor son agora unha metáfora visual do xeito que Carlos Casares tiña de entender a vida. Finalmente refírese á súa obra narrativa destacando que está marcada pola súa permanente curiosidade vital, e cualifica a súa prosa de transparente e afastada de ornamentalismos grandilocuentes.

Branco, Emma, “O discreto adeus de Carlos Casares”, *Enclave Universitari@*, “Cultura”, abril 2002, p. 26.

Faise un repaso pola traxectoria vital e literaria de Carlos Casares, centrándose nesta segunda e na importancia que tivo como unha das figuras indiscutíbeis da narrativa galega dende a publicación de *Vento Ferido* (1967), pasando polo premio da Crítica española con *Deus sentado nun sillón azul* (1996) ou co título *Un polbo xigante* (2000).

Brandido, Belén, “El gallego elimina fronteras en el Festival de teatro de Mozambique”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 agosto 2002, p. 42.

Infórmase da presencia de cinco compañías galegas na maior cita cultural que nunca Mozambique realizara, o Festival Internacional de Teatro D´Agosto 2002, no que participaron compañías africanas, principalmente, e outros moitos grupos procedentes de diversas partes do mundo. Incídese na fin cultural e humanitaria que ten o encontro debido ao traslado das compañías sen ningún afán lucrativo para facer valer o concepto da palabra e a arte de manifestarse de modos ben distintos

Braxe, Lino, “Animalias III”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 24 agosto 2002, p. 10.

Relato de Lino Braxe (Mugardos, 1962) dividido en tres partes, polo que se pinta a visión dun vagabundo que observa uns gatos fozando na varredura, o soño dun dinosauro que imaxina o nacemento dunha nova especie, a dos humanos, e a angustia dun insecto que se está a afogar nun vaso de viño.

Bugallo, Miguel, "Participamos nós mesmos", *La Voz de Galicia*, "Cultura. Lecturas cualificadas", 9 xaneiro 2002, p. 28.

O articulista pregúntase qué nos quere Manuel Rivas coa súa escrita en *¿Que me queres, amor?*, reeditada na "Biblioteca Galega 120" de La Voz de Galicia, e indica que o seu autor posúe "aquilo que temos en común para nos achegar á autoconsciencia" e mais que a obra merece ser lida varias veces xa que nos fai participar de nós mesmos.

Busto, Ramón, "Simposio Pondaliano en O Couto-Ponteceso", *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 setembro 2002, p. 68.

Infórmase da celebración do VIII Simposio Pondaliano, un evento celebrado baixo a organización da Asociación Cultural Monte Branco no que se conta con poñentes coma Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, Mato Fondo, Ramón Máiz ou Pazo Souto. Destácase o conseguido en anteriores ocasións e amósase o desexo dos organizadores de continuar progresando.

Busto, Ramón, "Nueva edición del Simposio Pondaliano", *El Correo Gallego*, "Cultura", 2 outubro 2002, p. 76.

Recóllese a inauguración do VIII Simposio Pondaliano, acto organizado pola Asociación Cultural Monte Branco, no que X. Neira Vilas incidiu sobre a influencia que Pondal tivo en Latinoamérica, especialmente en Arxentina, lugar no que se fundou a Sociedade Nacionalista Pondal. Pecha o artigo unha referencia aos autores participantes no Simposio ou ás diversas actividades que terán lugar coma a exposición de libros galegos.

C. B., "García Campelo destaca la labor cultural y de proyección de la Fundación Rosalía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 abril 2002, p. 47.

Recolle as declaracións da Directora Xeral de Promoción Cultural, Mª Carmen García Campelo, quen visitou a Fundación Rosalía e tomou nota das inquedanzas da Institución cultural padronesa, que a agasallou por medio do seu presidente, Agustín Sixto Seco, cun tomo encadernado das obras completas de Rosalía. Tamén se fai eco das palabras de Sixto Seco, quen sostivo que a Casa Museo atrae anualmente a unhas 40.000 persoas e que a Fundación está apostando polos estudiosos da obra de Rosalía.

C. B., "Unha arma fronte á invasión da publicación en castelán", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 133, 10 xuño 2002, p. 2

Información que incide na programación da Asociación Galega de Editores "como unha arma contra a invasión de publicacións en castelán". Recolle as palabras da súa presidenta, Fabiola Sotelo, sobre a previsíbel caída do sistema editorial galego.

C. C., "La tierra de Carlos Casares le recuerda", *La Región*, "A Limia. Actualidad", 26 maio 2002, p. 22.

Anúnciase que co obxectivo de homenaxear a memoria de Carlos Casares, o Concello de Xinzo de Limia decidiu conceder o seu nome á coñecida ata agora como Praza do Concello. Tamén se apunta que o descubrimento da placa conmemorativa vai coincidir coa celebración dunha xornada de actos dedicados ao recordo da traxectoria vital e profesional de Casares. Por outra banda, sinálase que o Concello da Porqueira lle dedicou unha céntrica praza no pobo de Sabucedo, onde o escritor falecido estivo temporalmente.

C. C. G., "Origen e importancia de las tertulias", *Diario de Pontevedra*, "Extra! Café Moderno", 13 abril 2002, p. 7.

Integrado nun especial sobre os cen anos que cumpre o edificio do Café Moderno de Pontevedra, lembra os faladoiros que nel se celebraron e a importancia dos feitos que se fraguaron neste local. Sinala que un dos faladoiros máis famosos foi o que se xurdiu en 1916 arredor da figura de Castelao e ao que asistían figuras como Ramón Cabanillas, Valentín Paz Andrade ou Antón Losada Diéguez, entre outros. Destaca que neste faladoiro

tiveron comezo as bases do galeguismo e do que logo daría lugar ao Estatuto de Autonomía de Galicia.




C. C. G., “Festival de poesía en el monasterio”, *Diario de Pontevedra*, 23 agosto 2002, p. 16.

Informa sobre o I Festival Popular de Poesía Monasterio de Poio, acto que se enmarca dentro das actividades organizadas polo Centro de Servicios Sociais pontevedrés para este verán. Despois de referirse ao sistema de participación, explica o desenvolvemento do Festival e detalla o programa a desenvolver. Tamén dá conta do xurado encargado de valorar os participantes, que ten entre os seus integrantes a “la poetisa gallega Carmeliña”.

C. D. C., “Enriquece-las letras”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 117, 20 febreiro 2002, p. 1.

Anúnciase unha escolma de Pere Roselló e traducida ao galego por Xavier Rodríguez Baixeras, *Vinte poetas das Baleares* (2001), que pretende achegar aos lectores a poesía dos escritores baleares máis emblemáticos. Tamén se recolle a páxina web do panorama

editorial “Bivir.com” que achega máis de cincuenta obras traducidas ao galego e que conta co premio de traducción “Plácido Castro”.




C. D. C., “A particular lei da oferta e demanda editorial galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 27 outubro 2002, p. 1.

Recolle parte da oferta editorial galega analizando os seus libros máis vendidos. Destácase que o escritor máis comprado é Manuel Rivas, “o ‘rei’ das librerías”. Segundo esta información, o público tamén acode a obras que recollan a historia de figuras literarias e culturais recentemente falecidas, o caso de Carlos Casares. Finalmente, entre outros aspectos salientados, sinálase como “se unha obra en galego supera os 7.000 exemplares xa é un éxito sen precedentes”.

C. d. U., “O Igaem e a Universidade da Coruña editan dous títulos da colección ‘Pillado Mayor”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 20 febreiro 2002, p. 3.

Atende ás últimas publicacións da colección “Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor”, *O espaço Literario do Teatro* (2001), de José Oliveira Barata, e *Nun pregue de veludo* (2001), de Alexandre Ballester. Explica que con esta colección se pretende conseguir a publicación dun catálogo de obras significativas da dramaturxia universal, no que estean presentes pezas galegas, portuguesas e francesas, así como estudios e material de investigación sobre teatro. Da primeira das obras citadas, comenta que recolle varios ensaios científicos sobre a historia, estética e dramaturxia portuguesa; mentres que da segunda, sinala que se presenta co prólogo, traducción e notas de Xesús González Gómez e destaca que supuxo a consideración do autor mallorquín-catalán como un dos máis valiosos da dramaturxia catalana ao revolucionar o teatro do século XX pola incorporación da ironía, da mordacidade e incluso do escarnio nas súas obras.

C. d. U., “Unha ‘intercampus’ estudia a obra en galego de Godofredo Filho”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 27 febreiro 2002, p. 2.

Informa de que María Auxiliadora de Jesús Ferreira é unha estudiante de Letras brasileira da Universidade Federal de Bahía, que chegou á Universidade de Vigo para profundar na

obra do escritor bahiano, Godofredo Filho, que estivo en Galicia no ano 1956. Recolle diversas declaracións da citada investigadora que decidiu vir á nosa terra para coñecer os lugares que o seu autor de estudio describe en varios dos seus poemas escritos en galego, ademais de apuntar que lle gustaría publicar algunha recensión sobre os seus traballos en *Agália* ou *Revista de Filoloxía Románcia* da Universidade Complutense de Madrid.




C. F., “A morte de Vidal Bolaño priva a Galicia do seu maior dramaturgo”, *La Voz de Galicia*, 12 setembro 2002, p. 48.

Información sobre a despedida a Roberto Vidal Bolaño, falecido tras sufrir un cancro irreversíbel. Faise un percorrido polo seu periplo persoal e bibliográfico, destacándose as súas achegas ao mundo do teatro galego e os premios acadados. Á parte, nun “perfil”, Camilo Franco expón a calidade da súa obra, as raíces populares dos seus traballos e os cambios que sufriu tras adaptarse ás esixencias que o novo teatro galego solicitaba.

C. G, “Borobó’ recibe hoxe en Cuntis o premio xornalístico Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra,* “Pontevedra//Caldas”, 21 marzo 2002, p.23

Faise eco do acto na Casa da Cultura no que participarán o alcalde de Cuntis, Eduardo Rei, o rector da USC, Darío Villanueva, e Víctor Fenández Freixanes, en representación do xurado, para entregarlle o Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres a Raimundo García Domínguez, "Borobó". Trátase da terceira edición deste premio, dotado de 6010 €, que convocan Concello de Cuntis e a USC e que en anos anteriores recaera en Xesús Alonso Montero e Xosé Luís Méndez Ferrín. Borobó é premiado este ano en recoñecemento á súa dedicación ao xornalismo galego dende hai máis de cincuenta anos, con especial interese nas súas seccións de artigos "O novelo dos anacos" e "Anacos".

H., "Casares, hijo predilecto de la provincia por aclamación", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 23 marzo 2002, p. 1.

Dá conta do acto desenvolvido na Deputación ourensá no que "sin necesidad de abrir expediente y con un caluroso aplauso" se aprobou a proposta de nomear a Carlos Casares como fillo predilecto da provincia de Ourense.

C. P., “A Asociación Galega de Editores elixe o martes nova xunta directiva”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xaneiro 2002, p. 6.

Informa que coa decisión de elixir a nova Xunta Directiva e de aclarar asuntos internos, rematou a asemblea da Asociación Galega de Editores (AGE). Sinala que a elección será *in situ* e *in voce* e que dos 24 asociados todos son elixíbeis, ademais de puntualizar que o pacto de silencio dos membros da AGE non impediu que algúns editores manifestaran o seu interese porque se restableza o consenso e a cordialidade por riba doutras posturas encontradas. Tamén recorda que os problemas da entidade débense a diferencias de criterio sobre a maneira de orientar a súa política de actuación nos frontes que lle afectan ao libro galego.

C. P., “Fabiola Sotelo seguirá presidindo a Asociación Galega de Editores”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xaneiro 2002, p. 30.

Apunta que Fabiola Sotelo, de Sotelo Blanco Edicións, repite como presidenta da Asociación Galega de Editores, tras saír elixida nunha votación secreta por doce votos a favor, fronte

aos nove que obtivo a lista encabeza por Alfonso García, de Rodeira Edicións. Achega o nome das persoas que conformaban ambos equipos e sinala que as únicas declaracións da Presidenta apuntaban que a nova directiva mostrará un programa de consenso que será debatido nunha asemblea da asociación, así como as liñas de traballo a seguir.




C. P., “Aire fresco no Consello da Cultura”, *La Voz de Galicia*, “O renovador do Consello da Cultura Galega”, 10 marzo 2002, p. 6.

Comenta que cando Carlos Casares rendía contas dos proxectos do Consello da Cultural Galega o facía “como quen conta unha historia aberta a máis dun final feliz”. Sinala que dende que Casares asumiu a presidencia da citada Institución, o 14 de outubro de 1996, o dinamismo das súas seccións abríronse máis alá da estreita marxe dos membros que conforman o seu plenario, así como cita as súas actividades e proxectos. Tamén se alude ao seu papel na Real Academia Galega, na que ingresou no ano 1977, ao seu labor como escritor monolingüe en galego e á súa participación na política.

C. P., “Mercancía cultural, a 80 euros o kilo”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 28 abril 2002, p. 8.

Ademais de aludir á intervención do Conselleiro de Cultura na inauguración da XXI Feira do Libro de Santiago, ofrece parte dos contidos do pregón de María Victoria Moreno, quen apostou pola oferta literaria que se achega nas feiras do libro e sinalou que “é un luxo ter horas de lecer para ler”. Explica que das 36 casetas dispostas na Feira, 22 corresponden a libreiros que ofrecen a últimas novidades, 2 son especializadas en cómic e 2 dedicadas ao mundo infantil. Tamén cita as actividades de animación que se van celebrar na Feira.

C. P., “As cinzas de González-Millán e Esperanza Canedo serán espalladas no mar do Grove”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 novembro 2002, p. 50.

Refírese á tráxica morte do matrimonio galego e indica ónde serán esparexidas as súas cinzas.

C. P., “O balance cultural da Asociación de Escritores”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 1 decembro 2002, p. 2.

Sinala que a Asociación Escritores en Lingua Galega está a valorar o que deu de si o ano e, a través da súa secretaria, Yolanda Castaño, expón os proxectos e os obxectivos desta Institución para o futuro máis inmediato.

C. V., “O rostro singular de Xoán M. Casado descuberto polos seus amigos das letras”, *A Nosa Terra*, nº 1.027, 21-27 marzo 2002, p. 29.

Comenta que máis de vinte escritores participaron na homenaxe a Xoán Manuel Casado, que se lle tributou no Consello da Cultura Galega nun acto que ía estar presidido polo recentemente falecido Carlos Casares, quen foi recordado. Recolle parte das intervencións de Basilio Losada, Víctor Freixanes, Pexegueiro, Xesús González Gómez, Alfredo Conde e X. L. Méndez Ferrín, entre outros, sobre a figura e obra do autor homenaxeado, avogado de profesión, descendente de galegos, amante do flamenco e o mellor anfitrión dos escritores galegos que chegaban a Barcelona. Finalmente, ofrece unha breve biobibliografía deste

autor que Basilio Losada situou como representante da xeración galega de Barcelona dos anos cincuenta e que conta cos poemarios *Rexistro de menores espantos* (1973), *Os preludios* (1980), *Libro de Caldelas* (1982)e *Antiguo futuro* (1986), ademais das obras de narrativa *O inverno do lobo* (1985), premio Blanco Amor 1985, e *Os brasileiros* (1986).




C. V., “Castelao na lingua de Shakespeare”, *A Nosa Terra*, nº 1.045, “Cultura”, 1 agosto-4 setembro 2002, p. 25.

Información sobre os proxectos das Universidades británicas de Oxford e Birminghan respecto da traducción de obras galegas ao inglés. Nestes intégranse versiónsanglosaxonas de Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín e Castelao, así como unha antoloxía de relatos de escritores actuais. A continuación, recóllense os criterios dun dos compoñentes dos proxectos, Craig Patterson, que en breve publicará a súa tese de doutoramento, sobre a identidade cultural galega na obra de Otero Pedrayo, e se lamenta de que a cultura galega non sexa máis coñecida no seu país.

Caamaño, Begoña, “Un universo de vidas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xaneiro 2002, p. 28.

¿Que me queres, amor? (1995) é para Begoña Caamaño o mellor libro de Manuel Rivas, que, na súa opinión, ofrece dezaseis narracións breves nas que se nos revela un autor maduro, con dominio da técnica do relato e mesturando en ponderadas doses o lirismo, a tenrura e o sentido do humor. Tamén se refire aos personaxes e escenarios destes relatos de Rivas, que ensarillan traizóns, derrotas, soidades e tenruras en mundos onde o medo nos convence de que hai que odiar aquilo que amamos e onde a música ten o rostro dunha “chiniña” saída da enciclopedia escolar”.

Cabanillas, Pío, “Da terra asoballada’ conxuga poesía e a necesidade dunha conciencia galeguista”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 xaneiro 2002, p. 55.

Considera que *Da terra asoballada* (1917), constitúe un dos cumes da poesía galega e recolle as diferentes tendencias que se conxugan na obra de Ramón Cabanillas. Apunta que esta obra se achega “á realidade galega do seu tempo, no dobre senso que caracteriza á

súa obra, tanto de reflexión política, de preocupación social, coma de expresión do ideario agrarista". Tamén sinala que todo isto o converte en seguidor da liña marcada por BasilioÁlvarez e un claro expoñente do ideario das Irmandades da Fala, nunha liña máis política. Fai outros comentarios desta obra que vén de ser reeditada na colección "Biblioteca Galega 120" e que é un relatorio de poemas reivindicativo, na busca da procura da creación dunha precisa conciencia da galeguidade. Asemade puntualiza que nunha análise da obra de Cabanillas na súa integridade, a súa defensa de Galicia e do galego non é allea a unha actitude positiva de apertura e contribución ao futuro.




Calderón, Gonzalo, “Los recuerdos”, *Atlántico Diario*, “Carlos Casares 1941-2002”, 10 marzo 2002, p. 36.

Detalla que coincidiu pouco con Carlos Casares, pero lémbrase especialmente dun faladoiro radiofónico nun vagón de tren entre Vigo e Compostela, e subliña que, ao día deste encontro, Casares lle dedicou a súa columna de *La Voz de Galicia*.

Calvo, Ana, “Pérez Varela destaca el empuje editorial gallego en la apertura de la Feria del Libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 abril 2002, p. 35.

Recolle as declaracións das autoridades institucionais que estiveron presentes na inauguración da Feira do Libro na Alameda compostelá e refírese ao “poético” pregón lido pola escritora María Victoria Moreno. Apunta que o 25% do espacio dos expositores, que debe reservarse a obras en galego, está presidido polo recentemente falecido Carlos Casares. Asemade, informa de que as trinta e seis casetas da Feira ofrecen un completo “barrido” polas novidades editoriais e das actividades que se van realizar, así como achega datos sobre os títulos publicados nos últimos anos ou o número de persoas asistentes á Feira.

Calvo, Ester, “Saudade”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 10 agosto 2002, p. 10.

Historia de Onitsha, da que sabemos que é unha inmigrante que vive nun país chuvioso, onde ten que traballar, e que, nunha das súas viaxes para gañar o sustento, recorda a súa

vida no lugar de orixe e bota a chorar ao ver un cartel publicitario no que se di “Vén o Verán”.




Calvo, Tucho, “O mundo pequeno dun gran escritor”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 17 marzo 2002, pp. 18-21.

Páxinas extraídas dun libro de conversas inédito que preparara a comezos dos noventa Carlos Casares con Tucho Calvo. Nelas é o propio Casares o que nos ofrece datos biográficos referidos fundamentalmente á súa relación con Piñeiro, á súa muller e ás viaxes que fixo. Primeiramente dá conta de que coñeceu á súa muller cando esta ía dende Bilbao ata a Coruña. Sinala que logo deste encontro todo foi rápido e pronto casaron. A continuación, fala da súa primeira viaxe ao país dela, Suecia, e relata algúns dos seus problemas co pasaporte. Segundo di, nesta primeira viaxe, quedou impresionado polas moitas diferencias que presentaba este país coa España de Franco. Así mesmo comenta as impresións que lle causaron outros lugares como Alemaña e a Unión Soviética.

Calvo Varela, Carlos, “Un mundo nun centilitro”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 15 agosto 2002, p. 12.

Relato polo que se traza o percorrido dunha sinxela gota de auga, que serve para destacar a importancia da auga no mundo.

Cameselle Rodríguez, Mª Teresa, “O emigrante”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 6 agosto 2002, p. 13.

Relato no que se narra o encontro entre unha muller e o seu home, emigrado en América, pero do que se creu que morrera afogado nun río. Ela descobre como, despois, casou con outro, co que criou a filla que xa tiña. Agora chega o marido perdido pero ela non quere refacer a súa vida con el.

Canal, Alberto, “O escritor Manuel Rivas define os libros como ‘unha forma de ecoloxía das palabras”, *La Región*, “Ciudad”, 2 maio 2002, p. 14.

Faise eco do acto de inauguración do XIIIº Congreso nacional de Libreiros celebrado Ourense, que foi aberto por Manolo Rivas, quen reivindicou "un trato máis ecolóxico para a literatura", afirmación que se explica a través das palabras reproducidas do autor coruñés. Tamén se recollen as intervencións do presidente do Comité organizador, Fernando Valverde, quen comentou "que os libros gozan aínda de boa saúde gracias ó elemento tradicional que os envolve"; e do Director xeral do libro, Fernando Luís de Lanzas, que subliñou a importancia do libreiro como enlace cos lectores.

Canal, Alberto, "Vicente Risco: O máis grande pensador da historia de Galicia", *La Región*, "Literatura", 4 maio 2002, p. 67.

Sinala que tería que ser Carlos Casares quen presentase *Historia e teoría da estética de Vicente Risco*, da autoría de Olivia Rodríguez, para a que fixera o limiar. A seguir, explica que polas "cousas da vida" a encomenda lle correspondeu a Arturo Lezcano, presidente da Fundación Vicente Risco, quen dixo que o citado volume era obxectivo, porque analizaba a traxectoria de Risco dende a distancia, aínda que discrepaba da profesora na cualificación do etnógrafo "como un ultraconservador que case lle chiscou o ollo ó fascismo". Tamén

recolle as declaracións do profesor Xosé María Paz Gago, que lembrou o Vicente Risco pioneiro na apertura ás vangardas europeas, e da autora do ensaio, que decidiu estudiar a obra do etnógrafo ourensán para que “a súa sabiduría non se quedase petrificada como as estatuas que o representan”.




Caneiro, Xosé Carlos, “A muller que ensinou a amar a Alfonso XIII”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, 17 febreiro 2002, pp. 18-19.

Fai un percorrido polo periplo vital da “bailarina, cantadora, encantadora, artista, amante” Agustina Carolina Otero Iglesias, coñecida por La Bella Otero, da que se teñen realizado diversas biografías e estudios, ademais de ser levada ao cinema.

Caño, X. M. del, “Xinzo llora a Casares”, *Faro de Vigo*, “*Faro Domingo*”, “La Cultura Gallega, de luto”, 10 marzo 2002, p. 7.

Ofrécense as declaracións e os recordos da xente de Xinzo de Limia, vila natal de Carlos Casares. A seguir, afírmase que pensan declarar a Casares fillo predilecto a título póstumo

e que van solicitar que a Real Academia Galega lle dedique o día das Letras Galegas no vindeiro ano 2003. Para rematar, cítanse algunhas das obras do autor como *Vento ferido*, *Deus sentado nun sillón azul*, *Xoguetes para un tempo prohibido* ou *Ilustrísima*, entre outros moitos.




Carballo, P., “La Biblioteca 120 distribuyó en cinco meses más libros que los editados en Galicia cada año”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xuño 2002, p. 30.

Crónica da presentación da colección “Biblioteca Galega 120” na Feira do Libro de Madrid, na que tamén se fixo balance de vendas desta novidosa iniciativa cultural, que entre os meses de xaneiro e maio de 2002 xa superou máis de 2.500.000 de exemplares vendidos. Reproduce parte das intervencións de Manuel Rivas, Fabiola Sotelo, Bieito Rubido e Xosé Luís Méndez Ferrín, ademais de puntualizar que esta iniciativa conseguiu reunir as oito grandes editoriais galegas: Xerais, Galaxia, Sotelo Blanco, O Castro, Laiovento, Espiral Maior, Ir Indo e SM. Explica que un dos criterios que rexeu o proceso de selección foi a diversidade de xéneros, xa que inclúe 36 novelas, 25 libros de relatos, 35 de poesía, 8 de teatro, 7 dedicados ao público infantil e xuvenil, 5 ensaios, 2 libros de etnografía e 1 de

viaxes. Tamén sinala que estes volumes están acompañados da publicación en *La Voz de Galicia* dunha completa ficha didáctica, da man do propio autor ou de especialistas.




Carballo Villaverde , Xeloíra, “Horóscopo”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 11 agosto 2002, p. 15.

Relato no que, durante un verán farturento en ledicia, unha rapaza moza atende as indicacións dun horóscopo de prensa no que se lle sinala o éxito profesional e persoal futuro. Finalmente, tras unha gastroenterite, decide non volver consultar as predicción xornalísticas.

Carneiro Ameneiros, Mario, “Ameixas”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 7 agosto 2002, p. 10.

Historia na que se narra o momento no que un home decide deixar a súa parella. É durante unha cea, na que os dous comen ameixas, unha froita que é debilidade da muller.

Carnero, Alberto, “O derradeiro Entroido”, *La Voz de Galicia*, “Galicia chora a Casares. As orixes”, 10 marzo 2002, p. 8.

Tralo pasamento de Carlos Casares, achégase ao seu Xinzo de Limia natal, para visitar a taberna de Manolo “Meco”, que era unha das paradas obrigadas do escritor no seu barrio de Abaixo. Alude ao ambiente que se vive na vila ao recibir a noticia da morte do escritor e tamén visita a casa dos seus avós, na que as súas curmáns non acaban de crer o acontecido. Conclúe sinalando que a terra de Casares segue viva nos seus contos e que esa mesma terra desexa hoxe unha homenaxe especial para o seu veciño excepcional: un día das letras galegas do 2003.

Carrera, R., “O Salón do Libro Galego abre as súas portas con máis de 10.000 títulos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 xuño 2002, p. 18.

Faise eco da presencia do Salón do Libro Galego en Vigo, despois de estar na Coruña e Pontevedra, nas que se rexistrou un volume medio de negocios de 30.000 euros. Recolle a opinión do vicepresidente da Asociación Galega de Editores (AGE), Antón Mascato, quen

explica que o salón busca dar a coñecer toda a producción editorial realizada en Galicia. Puntualiza que o salón abre con 10.000 títulos editados polas máis de 20 empresas que conforman a AGE, e que os volumes están expostos nunha carpa de 300 metros cadrados e organizados por seccións temáticas. Tamén informa que máis de 50 autores pasarán pola carpa dentro do programa de actividades complementarias do salón.




Carrera, Rosé, “Benquerido Don Paco”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 marzo 2002, p. 16.

Informa da homenaxe que se tributou a Francisco Fernández del Riego no Teatro do Centro Cultural Caixanova, á que asistiron representantes da cultura, da empresa e da política. Sinala que este acto estivo organizado pola Fundación Premios da Crítica e que nel unha comunidade enteira lle expresou o seu agradecemento por tantos anos de esforzo a prol da cultura galega. Recorda o labor de Fernández del Riego en diferentes eidos da nosa sociedade e cultura e faise eco das palabras que parte dos asistentes lle dirixiron, ademais de explicar en qué consistiu o acto de homenaxe, no que se lle entregou un libro conmemorativo en edición especial, coordinado por Suso Ferro e Antón Pulido. Por outra banda, sinala que a vida de del Riego xa fora emitida nun documento elaborado pola TVG e

que este lle doou a Vigo toda a súa pinacoteca e a súa biblioteca, que se atopa na Fundación Penzol.




Carrera, Rosé, “Os editores piden un maior compromiso da Administración co libro Galego”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 xuño 2002, p. 18.

Alude ao acto de inauguración do Salón do Libro Galego en Vigo, no que estiveron presentes certas personalidades políticas e a presidenta da Asociación Galega de Editores, Fabiola Sotelo, que demandou un maior compromiso da Administración co libro galego ante a situación que está a vivir o sector e o propio idioma e considerou o actual modelo de sociedade un atranco para a lectura. Tamén explica que esta feira percorre distintas cidades galegas e que está organizada tematicamente, así como está a renderlle este ano unha homenaxe a Carlos Casares coa lectura do seu último volume *A vida de Sarmiento* (2001). Cita as distintas actividades que vai acoller este Salón do Libro situado, nesta ocasión, na Alameda da Praza de Compostela.

Carril, Luís, “Victoria”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 23 agosto 2002, p. 10.

Nárrase a historia de Bieito de Traves, un rapaz que volveu da guerra e que conta as súas vivencias nos campos de batalla. Finalmente, dá contas de como se dirixe a unha recepción que ha celebrar o valor militar despregado, unha recepción para homenaxear o exército do que el é o único superviviente.

Casal, Hodei, “Una institución de las letras gallegas”, *El Mundo*, “Obituario”, 11 marzo 2002, p. 14.

Fai un repaso pola traxectoria profesional e literaria de Carlos Casares, salientando que a súa obra é pouco coñecida fóra de Galicia. Destaca ademais que foi discípulo de Risco e Ramón Piñeiro e que fora amigo de Torrente Ballester ou Cunqueiro. Por outra banda menciona a súa participación na política e ofrece varios títulos do seu legado literario tanto para adultos como para rapaces deténdose nas súas obras de creación e ensaio, así como

nas que traduciu. Tamén se achega ao seu labor periodístico, ámbito no que gañou o premio Julio Camba.




Casal, Iolanda, “Escritor y etnógrafo a los 70 años”, *El Correo Gallego*, 14 outubro 2002, p. 12.

Información na que se deixa constancia do periplo de Narciso Luaces, responsábel da colección etnográfica que se custodia no Museo de Meixido. Nunha columna á parte indícase o currículo do personaxe tratado e noutra máis queda constancia dos obxectos máis senlleiros que compoñen a colección. Tamén se destaca como Luaces é autor dun libro de relatos baseado na vida do tío Santos da Rodela, carpinteiro daquel país.

Casalderrey, Fina, “El era boa xente”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 9.

Lamenta o pasamento de Carlos Casares e fai un repaso por algunhas das súas calidades subliñando que, ante todo, era unha boa persoa. Destaca o sabio equilibrio de autenticidade

e discreción nas súas columnas xornalísticas, que por veces o convertían nalguén moi achegado, e salienta o convencemento que el tiña de que a bondade e a tolerancia eran moi importantes na cultura.




Casalini, César, “Preséntanse as VIII Xornadas Estivais de Lingua e Cultura Galega en Raxó”, *Diario de Pontevedra*, 22 agosto 2002, p. 15.

Infórmase da presentación da VIIIª Edición das Xornadas Estivais de Lingua e Cultura Galega, organizadas pola Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó. Sinálase que se desenvolverán en tres días, nos que se celebrará unha mesa redonda diaria sobre o apoio institucional á cultura, a cultura dende o punto de vista da xestión e as iniciativas privadas de temática cultural. Tamén se constata que se celebra o XX aniversario da creación da sociedade organizadora e, en nota á parte, apúntase que unha das súas reivindicacións é a creación dun centro cultural para Raxó.

Casares, Carlos, “El gallego que quería ser querido”, *El País* , “La Cultura”, 19 xaneiro 2002, p. 29.

Co gallo do pasamento de Camilo José Cela, Carlos Casares céntrase neste artigo na relación do Premio Nobel de Literatura con Galicia. Así, comenta que ao escritor padronés lle gustaría recoller nun volume todos os textos galegos que acollera na súa revista *Papeles de Son Armadans* e refírese a aquela rolda de prensa na que explicara que non escribía e galego porque esa nunca fora a súa lingua, aínda que a falaba e a lía con moito gusto. Tamén alude a algunhas das súas opinións contrarias sobre a lingua galega que lle crearon problemas e deixa entrever o apego á súa terra no feito de ter renunciado a ofertas multimillonarias polos seus fondos e o seu arquivo, querendo situar os seus cadros e a súa fundación no seu pobo natal. Asemade sinala que o autor sentía como se Galicia non o recoñecese como galego, así como puntualiza que esta foi sempre unha parte importante da súa obra.

Castelo Toba, Rosario, “Ás beiras do cabo Touriñán”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 14 agosto 2002, p. 13.

Diálogo entre unha rapaza e a súa avoa, quen lle conta unha historia de amor tráxica acaecida no cabo Touriñán, na que o elemento masculino viola ao feminino e na que, finalmente, o segundo colle ao primeiro para afundirse con el no mar.

Castrelo, Santi, "Cartafol de Ronseis', homenaje a Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Marín/Bueu", 12 abril 2002, p. 17.

Informa da celebración dun recital dramático na honra do poeta, xornalista e político buenense, Johan Carballeira, por parte da Asociación de Amigos homónima e o Concello de Bueu. Sinala que se trata de *Cartafol de* Ronseis, unha "novidosa e atraínte" mestura de teatro e literatura e un "performance" teatral centrado en Carballeira, que será o pé para que os "entes" que pasen polo escenario fagan uso da palabra en forma literaria. Explica que entre os "entes" están Amado Carballo, Manuel Antonio ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Tamén anuncia o lugar e hora de celebración deste recital dramático.

Castro, Francisco, "Unha cea con Carlos Casares", *Atlántico Diario*, "Carlos Casares 1941-2002", 10 marzo 2002, p. 35.

Lémbrase de cando convidou a Carlos Casares para abrir un ciclo de conferencias de escritores para Caixanova e destaca a maneira que tiña Casares de contar historias na cea que fixeron despois da apertura deste ciclo de conferencias.

Castro, Xan, “De súpeto, unha lebre”, *La Región*, 25 agosto 2002, p. 16.

Cóntase a historia do Serafín, un cazador que non atinaba cazar e que, un día, un coello entroulle pola chaqueta e tirouno a unha silveira. Tamén se narra unha historia que lle aconteceu a outro personaxe, o Angelito da Pura, ao que unha lebre se lle tirou á cara e tirouno ao chan, despois de tentar comer ao seu burro mentres estaba agachado.

Castro, Xan, “As peras do cura”, *La Región*, 28 agosto 2002, p. 14.

Relato no que se presenta a historia de Xan, un pícaro que se dedicaba a roubar froita nos xardíns alleos e que desexaba degustar a do cura da súa parroquia. Xa que malia a intentalo, nunca conseguira atrapar o cativo, o cura mandou vixiar o horto á garda civil,

debido ao que o rapaz tivo que aguzar o enxeño e decidiu convidar aos gardas a tomar un café na súa casa. Mentres, roubou as peras que alí quedaban.




Castro, Xan, “Ós meus mestres”, *La Región*, 31 agosto 2002, p. 13.

Narración pola que o autor quere deixar constancia da súa lembranza dos mestres infantís. Fala de Maruja Pardo, de Luís Otero Bobillo, de Xaquín Lorenzo e de Xosé Luís López Cid.

Castro R., Xavier, “Congreso arredor de Manuel Luís Acuña”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 114, 30 xaneiro 2002, p. 4.

Información sobre un congreso que, para recuperar a figura de Acuña, organizou a SA para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia xunto coa Dirección Xeral de Política Lingüística, que será coordinado por Domínguez Alberte. Destácase a publicación das súas actas e sinálase a actividade do escritor obxecto do congreso.

Castro R., Xavier, “Intensos poemarios”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 febreiro 2002, p. 53.

Comenta que Luís Amado Carballo é un deses casos atractivos dentro do abano dos escritores de poesía, que, malia a brevidades do corpus transmitido, acada entre os lectores e a crítica un lugar destacado nas nosas letras. Sinala que para conseguir esa boa comuñón que ten cos receptores da mensaxe que proxecta desde *Proel* (1927) e *O galo* (1928), Amado Carballo incorpora á atmosfera e á intensidade emocional elementos humanizadores, antropomórficos e zoomórficos mesturados nas imaxes, metáforas e linguaxe figurada. Asemade, considera que estes dous breves poemarios, que veñen de ser reeditados na colección “Biblioteca Galega 120”, nos transportan aos eidos do mar e da terra e neles o autor conxuga aspectos enxebres con outros de maior carácter cosmopolita.

Castro Casás, Rosario, “Interludio”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 27 agosto 2002, p. 13.

Conto no que se narra o afago polo mar dunha rapaza chamada Eliana. Descóbrese a intensa rede de paixóns e sensacións que experimenta ao ver o mar.

Caveiro, Laura, “Campo do sangue”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 30 agosto 2002, p. 12.

Relato no que se conta unha viaxe de recolledores de espárragos en Holanda, céntrado nun dos compoñentes do equipo, Krysztof, que sempre estaba a ler o evanxeo de San Mateo e que, finalmente, se aforca.

Cid Cabido, “UuuhooooooommmmmmM”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 16 agosto 2002, p. 12.

Historia na que se narra un rápido episodio da vida doméstica dun home que, segundo parece, está separado da súa parella. Dorme co seu fillo pequeno e esperta cos sons guturais do cativo, que emite antes de producirse un terríbel ruído.

Cid Cadavid, Anxo, “O silencio púrpura”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 11 agosto 2002, p. 14.

Historia que recolle os derradeiros momentos de vida dun home que, pensando na súa filla, vaise marchando deste mundo ata que, finalmente, falece.

Cid Fernández, Alba, “Novas do planeta da ilusión”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 13 agosto 2002, p. 13.

Relato autobiográfico no que se presenta o contraste entre un mundo enchido pola violencia das guerras e a actividade dun personaxe solidario coa amizade humana e o compromiso entre as xentes.

Cid Fernández, Emilio, “Manoel Antonio e os botafumeiros de Valle”, *A Nosa Terra*, nº 1.026, “Fin de Semana”, 21-27 marzo 2002, p. 35.

Recorre ao manifesto *Máis alá*, publicado por Manoel Antonio e Álvaro Cebreiro, para tratar de buscar aqueles aspectos que se manteñen no tempo e veñen sendo obxecto de controversia dende que se iniciara o espertar da nosa consciencia e se foran sucedendo as respectivas formulacións políticas e culturais con acento propio. Así, refírese ao apartado do manifesto titulado "A Fala" e con respecto aos escritores nacidos en Galicia, que desertan do galego e se incorporan á literatura española, apunta que o manifesto contén un apartado titulado "Pollitos bien", no que fala de Valle-Inclán como "maestro da Xuventude imbécil de Galicia", aínda que o propio Manoel Antonio se ten declarado valle-inclanista da obra contra os valle-inclanistas do nome. Fai extensivo o caso do escritor arousán a outros que tiveron actitudes semellantes cara a nosa lingua e reproduce un fragmento da obra *O desintegrista* (1999), de Xurxo Borrazás, referente ao manifesto do ano 1922.

Collazo, L. e M. **Sío Dopeso**, "Carlos Casares fue enterrado con los sones de una gaita y de un emocionado y fuerte aplauso", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 12 marzo 2002, p. 2.

Infórmase do enterro dos restos mortais de Carlos Casares, que foron desprazados do tanatorio vigués de Pereiró ao cemiterio de Nigrán. Cítanse as persoas que portaban o

féretro e sinálase que o enterro estivo enmarcado nun ambiente de solemnidade e máxima emoción, así como se explica que na cerimonia soou a música tradicional galega a cargo de Carlos Núñez e que houbo un grande aplauso no momento do seu enterramento. Tamén se apunta que, ademais do seu legado cultural, a figura humana de Casares foi a nota dominante entre os asistentes.




Conde, Félix C., “Hotel Memoria”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 22 agosto 2002, p. 10.

Historia autobiográfica dun amor entre un home e unha muller de nome Carolina. O primeiro recorda a súa afección polas letras e descobre un primeiro namoramento xuvenil por alguén que, agora, non pertence ao seu mundo.

Conde, Perfecto, “¿Carlos que?”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xaneiro 2002, p. 58.

Faise referencia a un dos protagonistas de *Crime en Compostela* (1984), Carlos Conde, no que houbo quen veu un calco da “fachada” do autor deste artigo. Tamén se alude ao autor

desta novela reeditada na colección “Biblioteca Galega 120”, Carlos G. Reigosa, de quen se di que aprendeu de Casona que as novelas só as escriben os que son incapaces de vivilas.

Conde, Perfecto, “Paco del Riego”, *A Nosa Terra*, nº 1.024, “Sociedade”, 7-13 marzo 2002, p. 13.

Considera que poucos homes da cultura galega merecen tanto ser homenaxeados coma Paco del Riego, “persoa boa e solvente”. Apunta que este galeguista, que vai ser homenaxeado o próximo día 8 en Vigo, mostra unha das biografías máis suxestivas que temos entre as persoas vivas da nosa terra, pois afirma que son poucos os que traballaron tanto e tan eficazmente coma el no terreo da cultura e da relación social dos galegos como se reflicte no seu labor na Fundación Penzol, a Editorial Galaxia, a Real Academia Galega, a BBC, a Gran Enciclopedia Galega ou a súa investigación sociolingüística. Asemade, destaca o plano persoal de Del Riego, a quen cualifica de “mestre, no auténtico sentido da palabra”.

Congil, Luís, “Yolanda Castaño: la perla negra de Venus”/“La perla negra de Venus”, *El Ideal Gallego*/*El Progreso*, “*La Galería*”, nº 9, 27 outubro 2002/10 novembro 2002, p. 9/p. 10.

Colaboración na que se descobre unha escritora, a poeta Yolanda Castaño, que se fai comparábel a Rosalía de Castro, á que se dirixen epítetos como “musa de mirada indescifrable”, “una gran mujer” e da que se fai partícipe dun grupo feminino que compón un conxunto xenérico no que “mujeres así son las que dan forma al alma de un pueblo”. Non é estraño que, finalmente, se sinale que Castaño “es un lujo, una perla negra nacida, como Venus, de una vieira mitológica que todavía tiene mucha poesía por escribir”.

Cora, José de, “Homes de Casares”, *El Progreso*, “En Portada”, 10 marzo 2002, p. 4.

Enumera distintos personaxes da cultura galega cos que dalgún modo Carlos Casares tivo relación. José de Cora destaca que tan só un ano despois de que el sacase un libro deconversas con Ánxel Fole, Carlos Casares sacou outro, cousa que nun principio lle molestou. Sen embargo, logo recoñece que o único beneficiado con isto foi Fole e que a elección deste autor por parte Casares se debeu a que sempre soubo escoller moi ben as súas amizades. Así, menciona como mestres e amigos do autor a Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro ou Francisco Fernández del Riego.

Corbelle, Mayte, “Poesía escrita ó longo do camiño”, *El Progreso*, 19 agosto 2002, p. 12.

Colaboración xornalística na que se informa do decorrer literario pola Ruta da Escrita de Castro de Rei. Nesta xornada acudiron Xosé Manuel Carballo, que fixo unha introducción, previa á camiñata, que consistiu na gravación de vintecinco poemas, catorce de escritores vivos, nove de mortos e un anónimo.

Cortiñas Ansoar, Soraya, “O bar no que nos coñecimos”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 21 agosto 2002, p. 10.

Crónica dun amor na que unha rapaza, agora a tratamento psiquiátrico, recorda un bar, lugar no que coñeceu un home, e confesa o seu namoramento a carón dun sentido de rexeitamento polo rapaz que, malia querela, tamén quería a máis mulleres.

Costa, Lui, “Espasa Calpe estudia abrir una gran librería en A Coruña”, *La Opinión*, “acoruña”, 11 xaneiro 2002, p. 6.

Anuncia a posíbel apertura dunha sucursal da cadea de librerías La Casa del Libro, que pertence ao grupo editorial Espasa Calpe, na Coruña, dependendo a decisión final en boa medida de encontrar un local que se adecúe ás necesidades da cadea. Cita outras cidades españolas nas que Espasa Calpe ten establecementos deste tipo, como é Vigo, e sinala que o primeiro se abriu en Madrid no ano 1923. Puntualiza que as librerías de La Casa del Libro reparten os exemplares por temas e que conta cunha sección de libros electrónicos e exemplares publicados en linguas estranxeiras.

Costa Clavell, Xavier, "Na morte dun poeta mozo", *O Correo Galego*, "AFA", 22 marzo 2002, p. 33.

Con motivo da morte de Xoán Manuel Casado, comenta que sempre seguiu de preto a súa traxectoria como escritor, que encetou no ano 1973 como poeta con *Rexistro de menores espantos*, á que lle seguirían *Preludios* (1980), *Libro de Caldelas*, Premio da Crítica en 1982 e *Antigo futuro* (1986). Asemade, sinala que foi autor da novela *O inverno do lobo*, coa que obtivo o Premio Blanco Amor en 1985, e de *Os Brasileiros*, obra finalista do Premio Edicións

Xerais de Galicia en 1985. Informa que Casado naceu ocasionalmente en Barcelona e que era fillo de Manuel Casado Nieto, tamén poeta en galego e xunto co que realizou unha *Mostra antolóxica de poetas ingleses, franceses, italianos e cataláns*, traducidos ao galego polos dous. Considera que a mellor homenaxe que se lle pode facer a un poeta é ler os seus libros e dar conta deles, polo que, a seguir, espiga algúns versos dos poemarios de Xoán Manuel Casado.




Costa Clavell, Xavier, “Ollar do paso do tempo nos outros”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 15 agosto 2002, p. 12.

Narración que reflicte un encontro entre dous homes, un vello e un mozo. O primeiro traza o seu periplo revolucionario, progresista e republicano. O segundo escóitao con atención e asinte ante os seus degoxos. Trátase dunha aposta por un futuro máis libertario.

Costas, Concha, “La Voz entrega mañá ‘A Esmorga’, unha obra fundamental da literatura galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xaneiro 2002, p. 31.

Sinala que todos os manuais e estudios críticos da literatura galega definen *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, como un clásico indiscutíbel e unha obra fundamental na historia da literatura. Considera que o lector pode gozar disto por diversas vías: pola novidosa e sorprendente técnica narrativa que nos convida continuamente; pola grandeza coa que está debuxada de fondo a cidade de Ourense; pola intensidade coa que nos achega á realidade sociolóxica do momento; e pola súa extraordinaria galería de personaxes. Afirma que se trata dunha obra complexa e intensa, que se reviste dunha aparente sinxeleza para atraparnos con paixón na lectura e que vén de ser reeditada na colección "Biblioteca Galega 120".

Couto Antelo, Raquel, "¿Por que me queres?", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de Verán", 28 agosto 2002, p. 13.

Diálogo entre unha parella, onde se confesan o amor mutuo e onde, ao final, un deles aposta por unha comunidade plena en todos as ordes.

Cruz, Ángel de la, “Sereas”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 17 agosto 2002, p. 12.

Relato no que se recupera a entidade das sereas como seres míticos cargados de encanto e atracción masculina. Trátase dun diálogo entre dous homes, no que non faltan recordosliterarios como as indicacións de Álvaro Cunqueiro.

Cuerdo, Ada, “As Neves recupera su antigua afición teatral”, *Faro de Vigo*, 10 agosto 2002, p. 17.

Destácase como, de seguir coa súa actividade teatral, As Neves podería converterse no centro teatral da bisbarra do Condado, xa que hai cinco anos que a Asociación de Mulleres Rurais de As Neves decidiu crear un grupo de teatro co que consolidar esta afección. Sinálase que despois se lle uniu á iniciativa o Cuadro Artístico do Centro Social da vila. Faise un percorrido histórico no que se destaca que en 1997, Alfonso Sotelo foi encargado de darlle forma ao proxecto, que foi desenvolvendo representacións dramáticas anualmente. Segundo a propia manifestación de Sotelo ao xornal vigués, a temática elixida foi a cómica e

o eido o español, xa que as obras de dramaturgos galegos requirían moito despregue de actores. Finalmente, sinala que van poñer en escena unha obra estranxeira e decide loar o interese das mulleres que compoñen os elencos.

F., “Gallegos sin fronteras”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 7 xullo 2002, pp. 42-45.

Fai un repaso por todos aqueles escritores galegos dos que se teñen feito algunha edición da súa producción en castelán, destacando que o que posúe un maior número é Camilo José Cela. Por outra banda, cita aqueles escritores galegos que foron traducidos ao estranxeiro, destacando de entre os vivos a Manuel Rivas, Julián Rivas e Xosé Luís Méndez Ferrín e sinalando que Ramón Valle-Inclán é o escritor galego máis internacional, o máis traducido e de quen máis estudios se realizaron. Asemade, dá conta daqueles autores galegos que foron traducidos ao vasco e ao catalán e daqueles que escribiron es castelán e as súas obras lle foron traducidas ao galego. Tamén alude a aqueles autores que sen ser galegos tiveron intensas relacións con Galicia, como é o caso de Alejandro Pérez Lugín ou Fray Martín Sarmiento, ou daqueles que teñen escrito sobre a boa mesa, como Álvaro Cunqueiro ou José María Castroviejo.

Darriba, Manuel, “Unha vida entre libros”, *El Progreso*, “Cultura”, 18 marzo 2002, p. 75.

Neste longo artigo achégase á figura de María Vázquez, descendente de galegos e directora da biblioteca do Instituto Cervantes de Milán. Fai un percorrido pola súa traxectoria profesional, dende o seu posto como directora da biblioteca do Goethe Institut de Barcelona, ata o seu futuro posto á fronte do Cervantes de Lisboa. Explica a súa idea de Galicia, á que volve cando ten ocasión, e mesmo dende o seu posto actual de Milán alude á aceptación da literatura galega e da lingua nesta cidade, sinalando que unha das últimas obras que se traduciu foi *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas.

Darriba, Manuel, “A Carreira da farándula”, *El Progreso*, “Cultura”, 22 xuño 2002, p. 90.

Comenta que, como cada final de trimestre, Casahamlet prepara a súa aula aberta, que é un festival no que os alumnos engarzan representacións de ton variado coa finalidade de recadar fondos. Apunta que máis de cen alumnos pasan por Casahamlet, que está situada no número 11 da rúa coruñesa Afonso VII e que conta con catro anos de existencia. Cita o

número de profesores que imparten a titulación, que está conformada por tres cursos, e refírese á xénese de Casahamlet, que é a un tempo centro de formación, compañía teatral e editorial de libros e revistas de teatro. Tamén explica que esta sociedade limitada foi posta en marcha por Santiago Fernández e Manuel Lourenzo, do que recolle certas declaracións coas que trata diferentes aspectos das escola de teatro, o interese da sociedade polo teatro e o teatro galego.




Darriba, Manuel, “Basilio Losada contou co fervor das institucións na homenaxe de Láncara”, *El Progreso*, “Cultura”, 20 outubro 2002, p. 21.

Aténdese á homenaxe celebrada en Láncara á figura de Basilio Losada Castro, a quen se nomeou fillo predilecto daquel Concello. Exponse a chegada do intelectual, as autoridades encargadas de dar constancia do agarimo institucional e o feito de que hai dous anos, o Concello de Láncara adquiriu quince mil dos corenta mil títulos que integraban a súa biblioteca privada. Tamén se recolle a intención de Losada por doar á Xunta de Galicia quince mil volumes máis e faise unha pequena recensión do discurso de agradecemento

que pronunciou no salón de plenos do Concello lancarés. Finalmente, nunha columna á parte dáse contas do currículo investigador e docente do homenaxeado.




Deaño Gamallo, Carlos, “Una antología de la poesía gallega elaborada por Dionisio Gamallo Fierros”, *El Correo Gallego*, “Fin de Semana”, 3 febreiro 2002, pp. 2-3.

Achega certos datos biográficos sobre Gamallo Fierros, que naceu en Ribadeo e se formou como alumno na Universidade de Santiago de Compostela, chegando a exercer a docencia universitaria. Sinala que foi antes ca nada investigador, un “fatigador” de bibliotecas, hemerotecas e arquivos, que tivo grande interese pola literatura galega e pola poesía, que tamén chegou a cultivar. Apunta que no ano 2002 se cumprirían sesenta anos do inicio do seu estudio centrado na análise da poesía galega ao longo da historia, que sería presentado en formato periodístico e galardoado co Premio Pérez Lugín. Explica que mantivo un intenso intercambio epistolar con Eladio Rodríguez González, polo que durante os anos 1942 e 1943 se enviaron poemas propios, críticas e autocríticas e valoracións sobre a literatura galega. Asemade, Eladio Rodríguez confeccionou unha sucinta biografía que ía servir de introducción aos poemas da citada antoloxía, sobre a que tamén lle fai certas

consideracións. Detense no comentario desta relación intelectual e alude á composición de Gamallo Fierros, “Piedra viva (exaltación lírica de la Fachada del Obradoiro”, que foi gañadora do premio de poesía castelá dos Xogos Florais de Santiago de 1944.




Díaz Sánchez, Francisco César, “O paxaro do inferno”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 9 agosto 2002, p. 12.

Relato na que un home conta a dous nenos como era a paisaxe nunha terra chea de animais e vexetación. Agora viven nunha cidade subterránea.

Doiro Taboada, Miguel, “Contos do Miño’, o achado dun tesouro ateigado de autenticidade literaria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 febreiro 2002, p. 31.

Considera que na traxectoria literaria de Eliseo Alonso, *Contos do Miño* (1955) constitúe a súa incursión no subxénero do relato breve e a súa segunda obra escrita en galego, despois do poemario *Seara de Romances* (1952). Comenta que *Contos do Miño*, que foi reeditada pola colección “Biblioteca Galega 120”, é fiel á nosa literatura máis “clásica”, a do relato

breve carente de artificios estéticos nin complicacións estructurais, de compromiso coa terra e de protagonista popular, ademais de ser elaborado nun galego vizoso. Tamén sinala que o "realismo lírico" da obra se asenta sobre construccións sinxelas e rexas, aínda que fortemente expresivas, e destaca o tratamento lírico do narrado, que contrasta co abafante clima social da época. Conclúe apuntando os lamentos que dotan de "enxebreza" este monllo de contos.




Domínguez Prieto, X. M., “Castelao, filósofo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 xuño 2002, p. 19.

Considera que o pensamento de Castelao aínda posúe un potencial heurístico non explotado e que falta por afondar nas súas achegas filosóficas, especialmente, nas antropolóxicas e éticas. A seguir, fai un breve esbozo do que achega nestes ámbitos, “cunha abraiante proximidade ó personalismo comunitario”. Así, sinala que a súa antropoloxía é “unha antropoloxía da persoa galega” e explica que as súas ideas se expresan e se encarnan moitas veces cunha roupaxe plástica e literaria. Tamén sinala que o seu nacionalismo ten unha liña fondamente ética e que o humor é para o escritor rianxeiro unha

actitude ética e máis unha interpretación da vida, así como a linguaxe constitúe o celme da cultura persoal, por ser a forza que guía ao individuo. Incide en que a concepción antropolóxica de Castelao é personalista pero tamén comunitaria e que a súa ética é unha reflexión para a revolución galeguista, para a construcción de Galicia. Por outra banda, no ámbito político, alicerzado pola súa ética e antropoloxía, defende que para Galicia sexa posíbel como comunidade e pobo cómpre unha acción política propia.




EFE, “La RAG abrirá con ‘Os Eoas’ de Pondal, una colección de textos inéditos”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 11 xaneiro 2002, p. 74.

Dáse conta da intención da RAG de publicar varios escritos inéditos co gallo do centenario da súa fundación que se celebrará no ano 2005. Esta iniciativa editorial dará comezo coa publicación de *Os Eoas*, de Eduardo Pondal, e levará o nome de colección “Letras Galegas”. Do mesmo xeito adianta outras iniciativas da RAG como a publicación de diccionarios, dunha gramática e a informatización total do seu arquivo e da súa biblioteca.

EFE, “Máis de 9.500 autores no legado epistolar da Fundación Cela”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 xaneiro 2002, p. 18.

Fálase da enorme cantidade de material epistolar gardada na Fundación Cela de Iria Flavia, que comprende a correspondencia de 9.500 autores distintos que dan a súa visión de España durante os últimos 50 anos. Tomás Cavanna asegura que se pode facer unha interesante labor investigadora, pero que será necesario moito esforzo e unha enorme publicación. Anuncia tamén Cavanna que Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega, “xa estivo tomando uns apuntamentos iniciais”.

EFE, “Sixto Seco, presidente de la Fundación Rosalía de Castro, visita la Real Academia Galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 marzo 2002, p. 75.

Dá conta da visita de Sixto Seco, presidente da Fundación Rosalía de Castro, á Real Academia Galega, á que lle fixo entrega da reproducción dunha fotografía da poetisa galega, recordándolle a X. R. Barreiro Fernández que “por estatuto, el responsable de la

institución es a su vez presidente de honor de la Fundación Rosalía de Castro". Barreiro manifestou, pola súa parte, que ambas institucións manteñen unha estreita relación.




EFE, “Intelectuales y políticos gallegos destacaron la labor de Del Riego”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 9 marzo 2002, p. 91.

Comentario do acto de homenaxe ofrecido a Francisco Fernández del Riego, presidente saínte da RAG, no Centro Cultural Caixanova de Vigo. Sinálase que a este acto acudiron moitos persoeiros da cultura galega e que nel se puideron escoitar unhas palabras deRamón Otero Pedrayo, Luís Seoane e Álvaro Cunqueiro nas que defendían a lingua galega, ademais da intervención de Xosé González Martínez e Xesús Alonso Montero, así como unha reportaxe que a TVG elaborou sobre o lorentino e no que se recollía o máis destacado da súa traxectoria vital. Finalizando o acto, o empresario e pianista Ramón Castromil interpretou unha peza de Grieg e deu paso á presentación dun libro dedicado á figura de del Riego.

EFE, “Fraga y Pío Cabanillas piden al Ministerio de Educación y Cultura la Gran Cruz de Alfonso X para Carlos Casares”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 21 marzo 2002, p. 76.

Fálase da petición por parte de Manuel Fraga e de Pío Cabanillas da Gran Cruz de Alfonso X el Sabio para o recentemente falecido Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega. Ambos peticionarios destacan o importante labor do finado a prol da lingua, literatura e cultura galegas.

EFE, “Más de dos mil libros fueron editados durante el pasado año en la comunidad gallega”, *El Progreso*, “Cultura”, 22 marzo 2002, p. 91.

Aténdese ás cifras editoriais do ano 2001 en Galicia, sinalándose que se editaron 2.030 títulos, un 3,2% dos libros do Estado, dos que 1.230 eran galegos. Tamén se destaca que o número de exemplares editados en España descendeu dende o ano 2000 de 233 millóns de volumes a 218 millóns no 2001, o que supón unha diminución do 6,3%.

EFE, “Manuel Rivas asegura ante cientos de escolares de Valencia que ser escritor es un trabajo que no moja”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 23 maio 2002, p. 76.

Breve nova da charla de Manuel Rivas ante os escolares do IES de Picassent, na que asegurou que se dedicara á escritura tras escoitarlle, de neno, á súa nai, “que buscara un trabajo donde no tuviera que mojarse, especialmente si iba a seguir viviendo en una tierra donde llueve 364 días al año”. Dise que a charla de Manuel Rivas en Valencia enmárcase dentro da campaña de animación á lectura organizada pola Generalitat valenciana.

EFE, “Perozo publica en castelán *Martázul*, con tres edicións en galego”, O *Correo Galego*, “AFA”, 28 maio 2002, p. 31.

Destacase a traducción ao castelán da novela *Martázul* (2001), de Xosé Antonio Perozo, que xa conta con tres edicións en lingua galega. O éxito de *Martázul* explícase, segundo o propio autor, “tanto polas barreiras que derruba, como pola súa ambientación, que é totalmente urbana, unha circunstancia pouco usual xa que sempre se adoitan facer novelas

do mundo rural". No parágrafo final fálase da ampla obra de Perozo, que abrangue dende novelas ata textos infantís, pasando pola prensa.




EFE, “Vigo acoge desde hoy el IV Salón do Libro Galego”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 5 xuño 2002, p. 71.

Fálase da inauguración do IV Salón do Libro Galego na viguesa Praza de Compostela. Este Salón do Libro achegará aos lectores que por alí pasen unha ampla representación da producción editorial galega, ademais de presentar un programa inzado de charlas, coloquios, concursos infantís, conferencias, encontros con escritores, etc. Tamén se ten prevista unha homenaxe ao finado Carlos Casares, facendo unha lectura ininterrompida da súa última obra, *A vida do Padre Sarmiento* (2001), na que poderá participar todo aquel que queira facelo. Representantes políticos e culturais cualifican este Salón do Libro como unha importante contribución para o contacto directo dos cidadáns coa lingua, literatura e cultura galegas. Este IV Salón do Libro Galego permanecerá en Vigo ata o día 9 de xuño, no que se trasladará a outra cidade galega para proseguir coa súa “aventura” de difusión da producción editorial galega.

EFE, “Os editores piden apoio da Xunta fronte á crise”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 xuño 2002, p. 34.

Recóllense as declaracións de Fabiola Sotelo, presidenta da AGE, durante a inauguración do IV Salón do Libro Galego de Vigo, onde reclamou un maior apoio institucional para as editoriais galegas, manexando os datos do Atlas das Linguas da ONU, no que se fala do perigo de extinción da lingua galega. A delegada provincial da Consellería de Cultura, Rosana López Salgueiro, mostrouse de acordo con Fabiola Sotelo, apuntando tamén que é necesario que “a xente participe máis directamente na conservación da cultura galega”. Despois, Lois Pérez Castrillo, alcalde de Vigo, cualificou á súa cidade como “capital editorial de Galicia”, por mor do gran número de editoriais alí asentadas. No último parágrafo do artigo recóllense os nomes de moitos dos escritores que pasarán pola carpa do IV Salón do Libro Galego de Vigo: Álvarez Cáccamo, Manuel Forcadela, Gómez Alfaro, Marta Dacosta, Xosé Freire, etc.

EFE, “Los viejos no deben enamorarse’ fue vista en Madrid por unos 10.500 espectadores”, *El Progreso*, “Cultura”, 12 xuño 2002, p. 83.

Breve nova da grande asistencia de público á representación da obra de Castelao *Os vellos non deben de enamorarse*, coproducida polo CDG e o CDN. Destácase que a obra permaneceu en cartel dende o 12 de abril ata o 9 de xuño e, entre os días 13 e 14, será representada no Teatro Liceo de Salamanca, dentro dos actos culturais organizados co gallo da Capitalidade Europea Cultural de Salamanca no ano 2002. Finalmente, sinálase que esta é a primeira obra que o CDG monta como traducción dunha lingua española non castelá.

EFE, “Os vellos’ de Castelao se estrena en Salamanca”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 14 xuño 2002, p. 76.

Destácase a estrea da obra *Los viejos no deben enamorarse*, adaptación e traducción da coñecida obra de Castelao, e coproducida polo Centro Dramático Nacional, o Centro Cultural de la Villa de Madrid e o Centro Dramático Galego. A obra presentouse en Salamanca, Cidade Europea da Cultura 2002, para dar a coñecer en Europa “qué ha

pasado en España después de Federico García Lorca” e recuperar autores “injustamente olvidados”, entre os que se atopa Unamuno. No último parágrafo faise un sucinto resumo do argumento da obra teatral.




EFE, “La revista ‘Quimera’ dedica un monográfico a Casares que recoge su faceta menos conocida”/“La revista ‘Quimera’ homenajea a Casares con un monográfico sobre su figura”, *Faro de Vigo*/*El Progreso*, “Sociedad”/“Cultura y comunicación”, 18 xuño 2002, p. 38/p. 75.

Breve columna dedicada a salientar a intención da revista *Quimera* de homenaxear ao finado Carlos Casares co monográfico “Carlos Casares: Memoria y homenaje”, pero sen “caer en lo panegírico”. Tentan neste monográfico falar de todas as facetas de Casares, coas colaboracións de Basilio Losada, Camiño Noia, Silvia Gaspar, Marcos Valcárcel, etc. Este número monográfico presentouse o día anterior á publicación desta nova no Consello da Cultura Galega da man de Kristina Berg, viúva de Casares, Fernando Valls, director de *Quimera*, Resina R. Vega, coordinadora do monográfico, e Alfonso Zuleta, presidente do CCG.

EFE, “A figura e obra de Valle-Inclán serán analizadas dende hoxe en Pontevedra”, *El Progreso*, “Cultura”, 1 xullo 2002, p. 69.

Fálase do Curso de Verán “Valle-Inclán dende Galicia”, que ten lugar en Pontevedra dende o 1 ata o 5 de xullo de 2002. Este curso está organizado pola Fundación Valle-Inclán en colaboración coa Consellería de Educación e nel trátanse temas como “a galeguidade de Valle-Inclán, a súa relación con Pontevedra, o seu papel no teatro galego ou personaxes das súas obras” coa asistencia de persoas como Xosé Ramón Barreiro (historiador e presidente da RAG), Alfredo Conde (novelista), Miguel d’Ors (poeta), Xosé María Palmeiro(xornalista), Roberto Vidal Bolaño (dramaturgo), Ángel Basanta (crítico literario), Víctor F. Freixanes (novelista, editor e xornalista), Francisco Fernández del Riego (ensaísta), etc.

EFE, “Freixanes hará una tarea ‘continuadora y renovadora’ en la editorial Galaxia”, *El Progreso*, “Cultura”, 4 xullo 2002, p. 77.

Dáse conta do nomeamento de Víctor F. Freixanes como director da Editorial Galaxia trala morte de Carlos Casares. Recóllense as palabras de Freixanes nas que declarou que

Casares é insubstituíbel, pero que el intentará dar á empresa unha orientación “continuadora y renovadora”. Finalmente, faise un breve repaso pola traxectoria profesional do novo presidente da editorial.




EFE, “Editores y Agapi analizan novelas gallegas para llevar a televisión o cine”, *El Progreso*, “Verano”, 5 xullo 2002, p. 69.

Fálase do informe que a Asociación Galega de Productores Independientes (AGAPI) e a Asociación Galega de Editores entregaron na Consellería de Cultura e no que se analiza a potencialidade fílmica dunha ducia de obras galegas contemporáneas, entre as que se atopan *Bala perdida* (1996), de Manuel Rivas; *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda; *O xabaril branco* (2001), de Tucho Calvo e *Un home que xaceu aquí* (1993), de Aníbal Malvar. Tamén se informa de que se está a realizar un documental titulado *A literatura galega no cine*, dirixido por Ángel de la Cruz e “sobre textos de Ferrín, Fole, Castelao, Dieste o Fernández Flórez”.

EFE, “Teatro, música y danza en 128 municipios”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 1 outubro 2002, p. 76.

Anuncia as actividades programadas pola Consellería de Cultura ata o remate do ano e que supoñen máis de trescentas cincuenta actuacións en toda Galicia. No que ao teatro se refire, sinala que se celebrará o Festival Internacional de Títeres en Santiago, Pontevedra e Lugo, o Festival de Teatro Afeccionado ou a Mostra de Teatro Infantil.

EFE, “El poeta Bernardino Graña, ingresado en un hospital con un derrame cerebral”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 15 decembro 2002, p. 83.

Nota na que se informa do derrame cerebral sufrido por Bernardino Graña, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e do seu estado estábel. Sinálase que este autor naceu en Cangas do Morrazo en 1932 e que estudiou Filosofía e Letras.

E. G., “Normalización Lingüística rechaza la convocatoria del Certame Literario de A Guarda”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 17 abril 2002, p. 17.

Informa de que a coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística do Baixo Miño non apoia o certame literario da Guarda debido á posibilidade de presentar textos en castelán cando este é un acto para festexar o Día das Letras Galegas.

E. G., "La Feira do Libro de Tui sorteará premios e instalará volúmenes gigantes para decorar", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 17 maio 2002, p. 15.

Destácase a celebración da V Feira do Libro de Tui, que contará con postos das catro librerías da cidade e achegará ao público as últimas novidades editoriais. Dise que ao longo destes días de Feira se celebrarán diversas actividades, entre as que destacan xogos infantís para os máis pequenos e a colocación de grandes libros de cartón na Praza de San Fernando para que os visitantes os poidan decorar. A inauguración correrá a cargo da escritora tudense Conchi Regueiro e contará cunha actuación musical e un recital poético a cargo da Asociación de Amigos da Poesía do Baixo Miño.

E. G., “La V Feira do Libro de Tui se aplaza a mañana domingo”, *Faro de Vigo*, “Louriña/Baixo Miño”, 18 maio 2002, p. 14.

Breve nova do aprazamento da inauguración da V Feira do Libro de Tui debido ás inclemencias do tempo, que impedían ás catro librerías tudenses expoñer os seus volumes ao aire libre. A inauguración queda aprazada ata o domingo 19 ás 12:00, momento no que se levará a cabo o programa previsto.

E. G., “El libro en gallego protagonizó un día de feria y fiesta en Tui”, *Faro de Vigo*, “Especial”, “Baixo Miño/Louriña”, 25 maio 2002, p. 23.

Resumo do acontecido na V Feira do Libro de Tui, na que se destaca que os libros máis vendidos e solicitados foron as últimas obras de Suso de Toro, Carlos Casares e Manuel Rivas, ademais de que os autores locais amenizaron a celebración coa dedicatoria de exemplares das súas obras. Finalmente, fálase das actividade infantís dirixidas aos máis novos, e a actuación do grupo musical “Vicius Spacorum”.

E. G., “Tomiño vivió su Festa do Libro con música”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, 25 maio 2002, p. 24.

Breve artigo no que se destaca a proliferación das festas e feiras do libro na zona do Baixo Miño, centrando a atención na localidade de Tomiño. Dise que esta vila celebrou o día 17 de maio a súa Festa do Libro con música, dous postos nos que se ofertaban as novidades editoriais e grande afluencia de público.

E. G., “El Festival de Poesía tiene como anfiteatro la Alameda de Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, 29 xuño 2002, p. 2.

Recóllese a nova da celebración do VIII Festival de Poesía do Baixo Miño, que este ano se vai celebrar na alameda de Tui. Recóllense verbas de Emilia Rosende, organizadora deste evento, que, no discurso de inauguración do Festival, falou dos inicios e da súa evolución ao longo das edicións anteriores. Tamén se destaca que, nesta edición, participan sesenta membros que se reúnen en catro grupos: “Brétema”, “Galería”, “Pontevedra” e “Portugués”.

Finalmente, Emilia Rosende destaca que “nuestro pago y nuestra alegría mayor, es que el público nos comente que les hemos hecho sentir, que les hemos emocionado”.

E. P., “A fundación Castelao celebrará hoxe o LII cabodano da morte do intelectual con actos en Bonaval”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 7 xaneiro 2002, p. 67.

Fálase dos actos que terán lugar no compostelán parque de Bonaval co gallo do LII cabodano da morte de Castelao. Á parte da ofrenda floral habitual, sinálase que este acto contará coa proxección da película documental *Castelao e os irmáns da liberdade*, dirixida por Xan Leira, no que o director contou coas declaracións de persoeiros da cultura galega como Xosé Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo, Eugenio Granell e mesmo de persoas achegadas a Castelao, caso da súa irmá Teresa.

E. P., “A novela gañadora do ‘Blanco Amor’ 2001, ‘Martázul’, preséntase o xoves en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 xaneiro 2002, p. 75.

Anuncio da presentación da novela *Martázul* (2001), escrita por Xosé Antonio Perozo e gañadora da edición do 2001 do premio Blanco Amor. Sinala a data e lugar de presentación, así como algúns trazos do seu argumento entre os que destaca que é a historia dunha muller que practica unha sorte de donxoanismo feminino.

E. P., "As actas de 'A cultura no século XXI' falan do papel dos mozos nas linguas minoritarias", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 febreiro 2002, p. 68.

Breve columna na que se fala da publicación das actas do congreso internacional *A Cultura no século XXI* (2001), celebrado en Santiago de Compostela entre os días 2 e 5 de maio de 2001. Dise que a publicación destas actas correu a cargo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e danse algúns datos dos temas tratados no congreso antedito.

E. P., "Publícanse as actas das xornadas sobre Ramón Cabanillas, celebradas en Cambados", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 febreiro 2002, p. 67.

Dáse conta da publicación das actas das xornadas sobre Ramón Cabanillas celebradas en Cambados o 7 e 8 de xuño de 2001 por parte da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dise que a estas xornadas acudiron numerosos estudiosos e interesados na figura do escritor galego. Faise tamén unha sucinta biografía do mencionado escritor, cualificándoo como "o máis importante poeta das Irmandades da Fala".

E. P., "A TVG estrea o próximo luns a nova serie 'Un mundo de historias", *O Correo Galego*, "Comunicación", 16 febreiro 2002, p. 45.

Fálase da estrea da serie titulada *Un mundo de historias* na TVG, serie de producción propia e baseada en relatos da literatura galega, que pretende recrear, en episodios de 50 minutos, relatos de autores galegos como Castelao, R. Dieste, X. L. Méndez Ferrín ou Eduardo Blanco Amor, aínda que hai un fío conductor que os une a todos: un cineaste que regresa a Galicia tras varios anos de ausencia e observa a realidade da súa terra. Os responsábeis desta serie son Xosé Antón Dobao como director e Roberto Vidal Bolaño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Rosa Castro, María Douro e Francisco Fernández Naval como guionistas e asesores literarios. Todos eles destacan a relevancia do feito de que, para a elaboración desta serie,

se botara man da literatura galega e agardan que, a pesares de estar rodados só sete capítulos, este proxecto continúe nun futuro non demasiado distanciado. Particularmente, Vidal Bolaño describiu esto como “un dos experimentos máis apaixonantes” nos que estivo implicado.




E. P., “O IGAEM e a Universidade da Coruña editan dous títulos da colección ‘Pillado Mayor”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 febreiro 2002, p. 68.

Dáse conta da publicación de dous novos títulos dentro da colección teatral “Pillado Mayor”. Estes dous novos títulos son *O espaço Literario do Teatro*, de José Oliveira Barata e *Nun pregue do veludo* (2001), de Alexandre Ballester. A primeira destas obras é un estudio sobre teatro, mentres que a segunda é unha das obras máis importantes do mallorquín Alexandre Ballester. A colección “Pillado Mayor” presta especial atención ás súas edicións, facéndoas sempre que se dea o caso en edición bilingüe orixinal/galego, como indica este artigo. Finalmente, sinálanse que este proxecto editorial se inscribe “no marco global de colaboración emprendido entre o IGAEM e a Biblioteca-Archivo Teatral Francisco Pillado

Mayor, que comprende tamén a dotación de medios para a catalogación, conservación e mantemento dos fondos do devandito arquivo, situado na cidade da Coruña”.




E. P., “Caixanova presentará el espectáculo ‘Son Delas’ en Vigo, Santiago, Lugo y A Coruña”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 marzo 2002, p. 75.

Anúnciase a presentación do espectáculo *Son Delas* os días 7, 8 e 9 de marzo en Vigo, Santiago e Lugo, respectivamente, e o 11 de abril en A Coruña. Este espectáculo, integramente conformado por mulleres, pretende integrar as artes musical, literaria e plástica nun todo representacional que pretende conmemorar o Día Internacional da Muller Traballadora. Algunhas das mulleres que integran este proxecto cultural son: Uxía Senlle, Mercedes Peón, Rosa Cedrón, Susana Seivane, Gaudi Galego, Sonia Lebedynski, María Manuela, Uxía Pedreira, Berta Cáccamo ou Ana Romaní.

E. P., “A Radio Galega emite o relato inédito de Casares ‘A radio, un soño’, escrito e lido para a emisora”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 marzo 2002, p. 74.

Dá conta dos distintos apartados dun programa que a Radio Galega dedicará a Carlos Casares. Salienta que este espacio ofrecerá un relato inédito, "A radio, un soño", lido por Casares o sábado anterior á súa morte. Así mesmo sinala os nomes dos distintos persoeiros encargados de realizar unha semblanza do autor, indicando ademais que se retransmitirán dúas entrevistas gravadas.

E. P., "Reclaman unha maior atención para o Panteón de Galegos Ilustres", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 abril 2002, p. 67.

Recolle as críticas de certas asociacións pola pouca atención prestada ao Panteón de Galegos Ilustres, que se atopa nun estado de abandono. Tamén se declara o estado de litixio pola titularidade do Panteón entre o Concello de Santiago de Compostela e a Igrexa. En título á parte, especifícanse as críticas que as Fundacións lle fan á situación do Panteón.

E. P., "Pola normalización", *O Correo Galego*, "AFA", 15 abril 2002, p. 17.

Breve comentario sobre as reivindicacións da CIG-Ensino e da AS-PG do dereito dos alumnos galegos a ser escolarizados no seu propio idioma. Ambas asociacións, usuarias de mínimos, consideran necesaria unha “normativa da concordia” para normalizar o uso da lingua galega nos centros educativos. Outras propostas destas asociacións son as de impulsar ofertas editoriais en galego (libros de texto, literatura ou cómic), así como “realizar convenios con empresas de ocio como pubs o salas de xogos para garanti-la presencia do galego nestes ámbitos de carácter social”. Todas estas conclusións tiráronse das XII Xornadas de Lingua e Literatura Galegas, nas que CIG-Ensino e AS-PG tamén declararon o seu rexeitamento da Lei de Calidade do ensino e o seu apoio ao pobo palestino. Finalmente, recóllese a convocatoria feita por estas asociacións para facer unha manifestación o Día das Letras Galegas en Santiago de Compostela co fin de reivindicar unha política lingüística que consiga a plena normalización do galego.

E. P., “Santiago acolle desde hoxe a Feira do Libro, que busca ser un encontro festivo da lectura”, *O Correo Galego*, “AFA”, 27 abril 2002, p. 34.

Destácase a inauguración da Feira do Libro de Santiago, que é vista polo seu organizador, Xosé Antón Pedreira, como un “encontro festivo da lectura”. Recóllense tamén as declaracións de Pedreira acerca das actividades a realizar nesta feira, que inclúen contacontos, coloquios de escritores ou visitas escolares ás casetas. Tamén se enumeran todas as feiras do libro que se van celebran en Galicia, acompañándose o nome de cada cidade coas datas nas que se vai celebrar este evento.

E. P., “O libro dedicado”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 maio 2002, p. 33.

Nova da exposición “O libro dedicado” que vai permanecer aberta entre os días 10 e 17 do mes de maio de 2002 no Colexio Público da localidade coruñesa de Cesares. Sinálase que nesta exposición se poden ver máis de medio millar de exemplares dedicados polos seus autores, entre os que se destacan a Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Vicente Risco, Castelao, Alfredo Brañas, os irmáns Villar Ponte, Concepción Arenal, Eduardo Blanco Amor, Camilo José Cela, Maside ou Xavier Pousa. Tamén se apunta que todos estes libros foron cedidos tanto por Institucións como a RAG, a Fundación Penzol ou a Casa Museo de Rosalía coma por particulares.

E. P., “Pax lingüística”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 maio 2002, p. 30.

Recóllense as opinións de Xosé Ramón Barreiro Fernández, actual presidente da RAG, sobre varios temas, sendo o principal o do uso bilingüe dos topónimos. Outro dos temas tratados é o da anulación do Día das Letras Galegas como festivo, para que así poida ter máis repercusión escolar. Sinálase tamén que no 2005 se celebrará o centenario da RAG, que ten prevista, ademais de diversas publicacións de diccionarios, a informatización total do arquivo e da biblioteca. Finalmente Barreiro móstrase disposto a retomar as discusións sobre a “normativa da concordia”.

E. P., “Casares e Sarmiento, protagonistas da apertura do IV Salón do Libro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 15 maio 2002, p. 76.

Fálase da inauguración do IV Salón do Libro nos xardíns de Méndez Núñez na Coruña. Este Salón do Libro contará cuns 10.000 exemplares en exposición e tamén con obras en “novos soportes complementarios á edición en papel”. Recóllense as declaracións de Fabiola

Sotelo, presidenta da AGE, que destacou que a homenaxe a Carlos Casares polo seu pasamento e a Frei Martín Sarmiento por mor do Día das Letras Galegas ían traducirse no único acto da lectura pública do derradeiro libro do recentemente finado, precisamente dedicado a estudiar a figura de Sarmiento. Finalmente, Fabiola Sotelo destacou que o Salón do Libro é unha oportunidade excelente para achegar as obras literarias ao público, sinalando tamén que “o oitenta por cento das vendas destes salóns son libros de fondo editorial”. No último parágrafo sinálase que o Salón do Libro permanecerá aberto na Coruña ata o domingo seguinte, día no que viaxará a Pontevedra como primeira parada no seu percorrido polas cidades galegas que o acollen.




E. P., “Unha fronte común”, *O Correo Galego*, “AFA”, “Un día para as letras”, 16 maio 2002, p. 59.

Recóllense as declaracións de Fabiola Sotelo, presidenta da AGE, acerca do panorama editorial galego, no que non ve necesaria unha fusión das editoriais existentes, senón unha ampliación do número de lectores existente, misión para a que considera á familia e á escola como dous piares fundamentais. Respecto do VI Salón do Libro da Coruña, que se

inaugura nese mesmo día, opina que é unha boa forma de achegar as publicacións galegas ao público xeral, sendo un complemento das librerías tradicionais e non unha competencia. Destácase tamén que este Salón do Libro ten como protagonistas a Carlos Casares, recentemente finado, e a Frei Martín Sarmiento, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas do ano 2002.




E. P., “A Xunta destina máis dun millón de euros en axudas á producción editorial en galego”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 1 xuño 2002, p. 76.

Destácase a concesión de máis dun millón de euros en axudas á producción editorial en galego por parte da Xunta de Galicia. Estas axudas están destinadas á publicación de libros escritos orixinariamente en galego, de libros traducidos ao galego dende outros idiomas e de libros escritos en galego e traducidos a outros idiomas. Ao longo do artigo detállanse as porcentaxes e cifras dedicadas a cada unha destas tres subdivisións, así como os requisitos que deben cumprir os solicitantes e os criterios de valoración para os mesmos, así como as contías máximas que se poden outorgar por publicación.

E. P., “Para Bragado, en Galicia hai premios literarios de máis”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 12 xuño 2002, p. 75.

Recóllense as declaracións de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, que considera “desmesurada” a cantidade de premios literarios existentes en Galicia, aínda que os considera como unha forma de achegar as obras ao público lector. Bota en falla, sen embargo, premios destinados a obras xa publicadas, sendo que “en Galicia en narrativa se editan máis dun centenar de novelas cada ano”. Bragado tamén avoga pola necesidade de “adaptación ós novos tempos”, ás novas tecnoloxías de todo o que rodea á literatura: librerías, editoriais, etc.

E. P., “En itinerancia”, *O Correo Galego*, “AFA”, 12 xullo 2002, p. 28.

Fálase da celebración do IV Salón do Libro Galego, situado nesta edición na Alameda de Santiago de Compostela. Teresa García-Sabell, edil de cultura do Concello compostelán, e Fabiola Sotelo, presidenta da AGE, destacaron a importancia deste salón para achegar a cultura e a literatura galegas a todo o mundo, funcionando como complemento e non como

competencia das librerías da cidade. Saliéntanse tamén as diversas actividades e opcións que se ofrecen neste Salón do Libro Galego, así como o feito de que Casares está a ser o autor máis vendido nesta edición.




E. P., “O compás de outono”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 novembro 2002, p. 30.

Alude á presentación do espectáculo multimedia *O compás do outono* por parte do Conselleiro de Cultura, Pérez Varela. Apunta que se trata duna simbiose entre poesía, música, e danza e refírese aos seus participantes, entre eles, Bernardino Graña, Luz Pozo ou Helena Villar.

E. P., “A porta pechada”, *O Correo Galego*, 29 novembro 2002, p. 32.

Fai referencia á presentación do I Encontro de Escritores Galegos. Recolle a opinión dos coordinadores e os obxectivos deste foro. Asemade, destaca os temas de estudio e o nome dos escritores que participarán.

E. P./AFA, “As academias buscan un acordo que acolla o plurilingüismo toponímico do Estado”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 31 maio 2002, p. 76.

Recóllese a polémica sobre a designación dun criterio toponímico único e válido para todo o Estado. A postura da RAG é a de manter os topónimos galegos máis alá das fronteiras da nosa comunidade, pero mantendo tamén aquí os topónimos foráneos. En título á parte fálase da reunión anual na que os membros da RAG deciden a quen se lle dedicará o Día das Letras Galegas do ano seguinte, reunión na que resultou elixido Antón Avilés de Taramancos para o ano 2003. Tamén se fala brevemente dos candidatos ao posto na Academia que quedou trala morte de Marino Dónega: Manuel María, Xosé González e Daniel Cortezón.

E. R., “Manuel María confía en que a Academia ‘volva ó camiño para o que foi creada”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 23 xuño 2002, p. 76.

Fálase da recente elección do poeta Manuel María como membro da RAG, a pesares das críticas que o autor dirixiu a esta Institución en varias ocasións. Tamén se recollen as

declaracións do que vén de ser nomeado académico sobre a súa positiva consideración acerca da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Avilés de Taramancos e sobre as súas intencións de continuar o labor que Francisco Fernández del Riego e Xosé Ramón Barreiro iniciaran na RAG, pretendendo que volvese ser un dos impulsores da lingua e literatura galegas. En título á parte, recóllese unha pequena biobibliografía de Manuel María.




E. V. R., “La Biblioteca de Moaña prevé incluír el catálogo de libros en la página web”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 3 abril 2002, p. 19.

Sinala que a Biblioteca de Moaña quere incluír o catálogo dos seus fondos, uns 16.000 volumes, na páxina web do Concello, onde hai un apartado dedicado á biblioteca e outro no que se fomenta a creación literaria. A biblioteca fomenta o achegamento de Internet aos veciños dende hai catro anos, cando ofreceron a conexión gratuíta á rede dende catro ordenadores.

Estévez, Arantxa, “A epopea galega de Víctor Hugo”, *A Nosa Terra*, nº 1.023, “Fin de semana”, 28 febreiro-6 marzo 2002, p. 31.

Destácase a celebración do bicentenario do escritor Víctor Hugo en Besançon, a súa vila natal. Víctor Hugo, a quen coñecemos por ser o autor de *Os Miserábeis*, tamén escribiu unha obra que agora estamos a redescubrir, *O reiciño de Galicia*, na que narra poeticamente os feitos ocorridos ao rei Don García. Hugo non é fiel á Historia, pero o que conta é a súa visión poética dos feitos. En *O reiciño de Galicia* o pequeno monarca Nuno é raptado polos seus irmáns, que cobizan o seu poder, e rescatado por Roldán. Arantxa Estévez identifica a Roldán co propio autor, xa que ambos foron pares de Francia (Roldán con Carlomagno e Víctor Hugo co rei Luís-Filipe). Tamén se pregunta a autora polo tema galego en Víctor Hugo, xa que el nunca estivo nesta terra, concluíndo que as súas fontes son, seguramente, *Orlando furioso* e a medieval *Chanson de Roland*. Finalmente, destácase a inauguración o 25 de febreiro en Besançon do Ano de Víctor Hugo, que contará con multitude de conferencias, exposicións, cine, teatro, etc. Faise tamén un moi breve comentario dalgúns dos acontecementos máis destacados da vida deste escritor.

Estévez, M., “Alecrín promove ciclo literario e videoforum”, *A Peneira*, “Vigo capital metropolitana”, 2ª quincena febreiro 2002, p. 23.

Sinala que o Concello de Vigo subvencionará dúas actividades organizadas polo colectivo feminino Alecrín que son o videoforum e o club de lectura. Indica que o videoforum se desenvolve dende 1996 e que con el se pretende reflexionar sobre a situación da muller a través do cine; mentres que o club de lectura funciona dende 1993 e ten como obxectivo fomentar a lectura e intercambiar opinións sobre os libros dende unha perspectiva feminista. Sinala que ambas actividades teñen unha periodicidade mensual e remata citando as películas e as obras que se van tratar nos primeiros meses.

Estévez, M., "Don Paco del Riego, unha vez máis homenaxeado", *A Peneira*, 1ª quincena marzo 2002, p. 1.

Dá conta da homenaxe que a Fundación Premios da crítica lle vai render proximamente a Francisco Fernández del Riego. Resume a súa traxectoria profesional e sinala que foi director da Biblioteca Penzol e presidente de múltiples padroados e institucións, entre elas a RAG. Lembra que escribiu numerosos artigos, ensaios e libros e que recibiu gran cantidade de galardóns e honras. Destaca o aprecio que senten por el os seus veciños de Vilanova de

Lourenzá, que, ademais de colocar un busto seu na vila, déronlle o seu nome a unha praza, a unha rúa e á biblioteca. Explica, finalmente, que na homenaxe esta previsto un concerto de piano, a proxección dun documental elaborado pola TVG, a intervención de diferentes persoeiros e a entrega dun libro ao homenaxeado.




Europa Press, “Xosé Antonio Perozo presenta hoxe en Vigo a súa novela ‘Martázul’, gañadora do ‘Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 30 xaneiro 2002, p. 76.

Breve nova da presentación da novela *Martázul* (2001), gañadora do XX Premio Blanco Amor ese mesmo día na Casa do Libro de Vigo. *Martázul* narra a historia dunha muller producto do século XX, “unha moza libre, independente e amoral”. Finalmente, destácase que Xosé Antonio Perozo forma parte de Ir Indo Edicións e da *Enciclopedia Galega Universal*.

Europa Press, “Cándido Pazó abre un congreso que reúne a 200 expertos de teatro en Ourense”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 20 febreiro 2002, p. 74.

Dá conta da celebración do I Congreso Nacional sobre Teatro, que se celebra no Teatro Principal de Ourense, e no que participou Cándido Pazó coa ponencia “Da escrita á posta en escena”. Recolle os datos da organización, que apunta a participación de arredor de dous centos congresistas, as actividades paralelas e o acto de inauguración, no que se apuntou á necesidade de dar a coñecer o teatro e ofrecer unha oferta de calidade.

Europa Press, “Suso de Toro rinde tributo a la violencia no gratuíta en ‘Ambulancia”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 6 marzo 2002, p. 63.

Anúnciase a presentación na Casa de América de Madrid da versión castelá da obra de Suso de Toro titulada *Ambulancia*. Faise un resumo do argumento da novela, destacándose tamén o seu pouso biográfico, xa que Suso de Toro se inspirou nos tipos que frecuentaban o bar no que traballou sendo novo para a creación das personaxes. Anúnciase que o escritor ten asinados os dereitos de catro libros seus (*La sombra cazadora*, *Cuenta saldada*, *Tic, tac* e *No vuelvas*) para ser levados á gran pantalla. Tamén se apunta que aínda que o autor compostelán se considera pacifista, gustou de escribir esta novela “de pura violencia”, na que pretende criticar a toda a literatura que presenta violencia gratuíta, non xustificada.

Europa Press, “A Radio Galega emite hoxe un relato inédito escrito e lido por Carlos Casares”, *Faro de Vigo*, “Televisión”, 11 marzo 2002, p. 67.

Breve columna na que se destaca a emisión dun conto inédito que Casares escribiu e leu para a Radio Galega co gallo dunha serie de programas especiais nos que varios autores escribirían e lerían un conto para a súa retransmisión que logo sería editado nun libro. Este programa no que se emitirá a voz de Casares tamén contará con semblanzas do falecido por diversas personalidades da cultura galega. Tamén se emitirá a derradeira entrevista realizada ao finado co gallo da homenaxe a Fernández del Riego, á que asistiu horas antes da súa morte, así como fragmentos doutra conversa radiofónica que Casares mantivera en 1986 coa xornalista Marina Castaño.

Europa Press, “Galicia, a la cola en los índices de lectura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 marzo 2002, p. 29.

Recóllese un resumo do último “Estudio sobre hábitos de lectura e compra de libros” elaborado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Federación de Gremios de Editores de España. Os resultados xerais deste estudio destacan que o 46% dos españois non le libros nunca ou case nunca, mentres que o 54% afirma ler cunha frecuencia trimestral. Os datos por comunidades deixan a Madrid, Cataluña, País Vasco, Navarra, Cantabria e La Rioja encabezando as estatísticas de poboación lectora, mentres que Valencia, Andalucía e Galicia figuran entre as comunidades menos lectoras. Os datos tamén revelan que as mulleres len máis que os homes, aínda que estes últimos dedican máis tempo á lectura. Esta diminución xeral nos hábitos lectores dos españois vén dada, segundo os propios entrevistados, por mor do traballo, aínda que o 27,6% da poboación asegura que non le porque non lle gusta e no 3% dos fogares españois non hai nin un só libro.

Europa Press, “Un panteón cun trato moi pouco ilustre”, *La Región*, “Galicia”, 31 marzo 2002, p. 29.

Denúnciase a situación de abandono na que está o Panteón de Galegos Ilustres, polo que se atopan en litixio o Concello de Santiago e a Igrexa no que respecta á súa titularidade.

Recóllense opinións dalgunhas asociacións culturais no referente a este tema, opinando todas elas que se debería prestar un pouco de atención a este espacio. En título á parte fálase do traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro dende o cemiterio de Adina en Iria Flavia ata este Panteón, que se inaugurou co sepulcro da padronesa. Tamén á parte se enumeran os requisitos para ter sepulcro propio neste Panteón, explícase quen pode ser Galego Ilustre e como o estatuto que pretendía dar ao Panteón un carácter de Institución cultural quedou só nun proxecto.

Europa Press, "Rivas leerá relatos de 'Las llamadas perdidas' en una noche amenizada con fados", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 maio 2002, p. 76.

Dáse conta da celebración da gala *La Noche de cuentos y fados* no Círculo de las Artes de Madrid, gala na que Manuel Rivas lerá relatos da súa última obra *Las llamadas perdidas*, acompañado polos fados que interpretarán Miguel Ladrón de Guevara, Iria Peña e Gastón Rodríguez. Tamén se resume a temática de *Las llamadas perdidas* e destácanse os eventos máis importantes da traxectoria de Manuel Rivas como escritor.

Europa Press, “La Fundación Torrente Ballester será abierta a principios del 2003”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 14 xuño 2002, p. 82.

Presentación da institución cultural Torrente Ballester que abrirá en Santiago de Compostela no próximo ano e que intentará que perviva a súa memoria a través da recollida da súa obra.

Europa Press, “Díaz-Fierros e Freixanes, novos vicepresidente e conselleiro do CCG”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 xullo 2002, p. 45.

Breve nova do nomeamento de Díaz-Fierros como vicepresidente e de Víctor F. Freixanes como conselleiro do Consello da Cultura Galega, presidido agora por Alfonso Zulueta por mor do pasamento de Carlos Casares. Finalmente, faise un pequeno resumo da profesión que cada un destes novos membros desempeña, así como dos seus méritos.

Europa Press, “Una muestra sobre Álvaro Cunqueiro descubrirá poemas inéditos en Madrid”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 15 novembro 2002, p. 90.

Anúnciase a preparación dunha exposición arredor da figura de Álvaro Cunqueiro no Círculo de Belas Artes de Madrid. Destácase nela a presencia de material inédito e a celebración doutras actividades paralelas como un recital de poesía de Amancio Prada ou un ciclo de conferencias e lecturas.

Europa Press, "O mundo literario galego reúnese hoxe no 'Encontro de Escritores", *El Progreso*, 29 novembro 2002, p. 90.

Anuncia o comezo do I Encontro de Escritores Galegos na Coruña. Recolle as palabras dos seus coordinadores, D. Vilavedra e L. Rodríguez, que subliñaron que se trata dunhas xornadas "plurais". Alude tamén ao patrocinio e aos asistentes, e destaca os temas que se ten previsto que se analicen, entre eles, o sistema literario galego.

Europa Press, "Una compañía teatral representará en Suiza una obra con textos de Reixa", *El Progreso*, "Cultura y comunicación", 13 decembro 2002, p. 90.

Sinálase que a compañía teatral L-Alakran vén de estrear en Suíza unha peza teatral baseada en textos de Antón Reixa adaptados ao francés e titulada *Cerebro magullado 2: King Kong Fire*, baseada en *Ringo rango* e *Escarnio*, así como nalgún texto inédito. Indica tamén que o autor foi convidado á estrea e a facer un recital poético.

Eyré, Xosé M., "Libros de Reis para adultos", *A Nosa Terra*, nº 1.062, "Cultura", 26 decembro 2002-3 xaneiro 2003, p. 24.

En dúas columnas e estructurado segundo o xénero, recoméndanse algunhas das obras de maior calidade que saíron á luz ao longo do ano, dende as novelas *Un tranvía cara a SP*, de Unai Elorriaga; *O sol do verán*, de Carlos Casares; *Ira*, de Xavier Manteiga; *Atuado na braña*, de Xabier Quiroga; *Concubinas*, de Inma López Silva; e *Trece badaladas*, de Suso de Toro. En relato recomenda *O sabre do francés*, de Miguel Anxo Fernández; *Longa lingua*, co que se celebran os quince anos da Mesa pola Normalización Lingüística; e *Materia prima*, unha antoloxía de narrativa curta de Xerais. Dos clásico recomenda *Poesía galega completa*, de Eduardo Pondal; e de banda deseñada *Cita na Habana*, de Fran Jaraba; e *A retirada de Sir Jonh Moore*, de Pepe Carreiro. En canto a biografías sinala tres: *Tres tempos*

e a esperanza, de Mariví Villaverde; *Carolina Otero*, de Marga do Val; e *A paixón de Carolina Otero*, de Ramón Chao. Segue cos breviarios *A embaixada do vinagre*, de Xosé Luís Martínez Pereiro; *A espera crepuscular*, de Carlos Quiroga; e *Cincuenta asasinatos breves e un prólogo*, de Antonio Sánchez Lorenzo. De poesía recomenda *Damas negras*, de María do Cebreiro; e *Subversións*, de Fran Alonso. Remata con *Conversas con Francisco Carballo*, de Santiago Prol e Xan Carballa; *Muller no baño*, de Manuel Rivas; e *Aire para respirar*, de Antón Baamonde.




Eyré, Xosé M., “Novas voces narrativas”, *A Nosa Terra*, nº 1.018, “Lecturas”, 24-30 xaneiro 2002, p. 26.

Destácanse as novidades editoriais do ano 2001, no que o teatro e a poesía non saen moi ben parados, pois cada vez contan con menos adeptos. A narrativa, sen embargo, ten moitas novidades e moitos lectores, como demostran as publicacións que Eyré destaca neste artigo: *Contos da Coruña*, de Xurxo Souto; *Quen faga voar*, de Vázquez Pintor; *Casarriba*, de R. Ruibal; *Fisteus era un mundo*, de Lupe Gómez; *Eu tamén fun coas vacas*, de Afonso Eiré; *Males de cabeza*, de Fran Alonso; *Teoría do caos*, de Marilar Aleixandre;

Triloxía dos tristes, de Xosé Carlos Caneiro; e *Breve crónica universal da clase obreira*, de Jaureguizar.

F. F., "Consternación por la muerte de Carmen Muñoz, viuda del escritor Rafael Dieste", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 abril 2002, p. 43.

Nova do falecemento de Carmen Muñoz, viúva do escritor galego Rafael Dieste. Tras unha primeira información acerca da condición da falecida como Filla Adoptiva de Rianxo e da forte repercusión da súa morte nesta vila, pásase a relatar unha sucinta biografía desta muller. Finalmente, faise un breve retrato do carácter de Carmen e infórmase da hora, data e lugar do enterro.

F. V., "El 'Insua Bermúdez' acogerá el Día das Letras Chairegas", *El Progreso*, 13 decembro 2002, p. 27.

Dá conta da decisión dos organizadores deste evento de escoller este instituto para a celebración da cuarta edición. Así mesmo, alude ás edicións anteriores e salienta a finalidade do festival.

Fandiño, Xosé Ramón, "Arroutado e pioneiro"/"Obituario para Silverio Cañada", *El Correo Gallego/La Opinión*, "Cultura"/"Tribuna libre", 21 maio 2002/22 maio 2002, p. 53/p. 76.

Artigo dedicado a lembrar a figura de Silverio Cañada, asturiano de orixe que impulsou o proxecto de creación da *Gran Enciclopedia Gallega*, unindo para conseguilo a grandes eruditos e investigadores. Explica o percorrido que seguían os traballos dende Santiago a Xixón e logo á imprenta en Vitoria. Fandiño sinala a importancia desta obra editorial dentro do contexto cultural galego, así como a do propio Silverio Cañada, "pioneiro da edición de enciclopedias, editor de poetas e xograres, de novela policial na colección de Etiqueta Negra de Júcar, de ensaio e de manuais prohibidos de Manuel Bueno". Finalmente, fálase do pasamento de Silverio Cañada "aos 64 anos, mentres lle entregábamos un dos Pedróns de Ouro á Mesa prá Defensa do Galego de Asturias", non sen deixar de salientar que o mundo editorial galego ten moito que agradecerlle a este home.





Fernández, Carlos, “Julio Argüelles ilustra obras de 17 poetas gallegos sobre el mar y la mujer”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 febreiro 2002, p. 32.

Dáse conta da publicación do libro *Muller e mar* (2001), elaborado conxuntamente polopintor Julio Argüelles e os poetas Ana Abelenda, Laureano Álvarez, Xosé M. Cairo, Isidro Conde, Fernández Naval, Miguel Anxo Fernán-Vello, María do Carmo Kruckenberg, Xulio López Valcárcel, Manuel María, César Antonio Molina, Olga Patiño, Alfonso Pexegueiro, Luz Pozo, Ketty Quintana Lacaci, Xavier Seoane e Eva Veiga. Sinálase que este libro pretende falar do mar e da muller a través dos versos que os poetas escribiron especialmente para esta ocasión, á vez que se ilustra cos gravados de Argüelles. Á parte, baixo o título “Na desconocida ribeira de nós mesmos”, preséntanse algúns versos dalgúns dos poetas que elaboraron esta obra.

Fernández, Daniel, “En la elite de la cultura gallega”, *Faro de Vigo*, “Especial”, “XXIX Festa do Salmón”, 17 maio 2002, p. 14.

Fálase do completo programa teatral que ofrece o Teatro Principal da Estrada que, dende a súa remodelación, entrou a formar parte do IGAEM e da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Sinálase que este auxe teatral estradense débese á gran calidade das obras que alí se representan, obrigando ao público, en varias ocasións, a non poder presenciar as representacións por esgotárense todas as entradas. Anúnciase tamén que, trala temporada de verán, con actividades máis lúdicas, se abrirá un novo ciclo teatral.

Fernández, Xurxo, "Ilustrar a Cela", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "Vieiro", 18 xaneiro 2002, pp. 26-27/pp. 38-39.

Refírese ao labor dos pintores e ilustradores que Camilo José Cela tivo ao seu redor e que se identificaban co que tiña que contar. Entre eles, cita a Pedro Bueno, Pablo Picasso, Antonio Saura e Laxeiro, que chegou a facer a capa de *O Camaleón Solteiro* (1991), o primeiro traballo do autor padronés en idioma galego. Por outra banda, reproduce o primeiro artigo e o último da serie "O Camaléon Solteiro" publicados en *El Correo Gallego*.

Ferro Ruibal, Xesús, “Volve soa-lo piano de Ramón Castromil”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 marzo 2002, p. 32.

Destácase a volta ás táboas por un día de Ramón Castromil, pianista e empresario, que interpretará pezas de Grieg na homenaxe a Fernández del Riego, que se celebrará en Vigo esa mesma noite. Recóllese unha breve semblanza biográfica do pianista, así como se enumeran as súas interpretacións musicais en público.

Fonte, Ramiro, “Rosalía en Cernuda”, *A Nosa Terra*, nº 1.055, “Cultura”, 7-13 novembro 2002, p. 25.

Alude ao Cernuda crítico, centrándose principalmente na visión que ofrece de Rosalía en *Estudios de poesía española contemporánea* (1957). Entre as reflexións do andaluz sobre a galega, subliña a pouca aceptación a nivel nacional da súa poesía debido á lingua empregada, “a conexión Bécquer-Rosalía-Machado” ou o feito de considerala “un caso aparte”. Remata preguntándose se isto último non seguirá vixente entre os propios galegos e é “por iso que seguimos contando os poetas galegos con ela”.

Forján, Emilio, “Ponte Far, Liñares Giraut y Ardeiro recibirán la Medalla de Ouro de Negreira”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 maio 2002, p. 9.

Fálase do outorgamento da Medalla de Ouro de Negreira a Ponte Far, Liñares Giraut e Ardeiro polo seu labor en prol das letras, “en concreto a Literatura e Historia”. Para o alcalde, José Blanco Pazos, esta concesión é “un prestixio para o pobo de Negreira, que debe servir para animar ós xóvenes a traballar como eles”.

Fraga, Manuel, “Retratista do cotiá”, *La Voz de Galicia*, “Galicia llora a Casares. La muerte”, 10 marzo 2002, p. 3.

Artigo do actual presidente da Xunta de Galicia dedicado a homenaxear no momento da súa morte ao escritor Carlos Casares, que é cualificado como “unha persoa profundamente humana, posuidora dunha inxente cultura e dono dunha visión cosmopolita da realidade”. Finalmente dise que, se ben perdemos a súa presencia, sempre nos queda a súa obra para recordalo e revivilo.

Fraga, Xesús, “As armas do pensamento literario”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, “Galicia chora a Casares. A obra dun autor prolífico”, 10 marzo 2002, p. 9.

Percorrido pola creación de Carlos Casares da man de Xesús Fraga, que elabora unha escolma das obras deste escritor, dando tamén espacio a opinións de estudiosos sobre a súa obra. Tamén trata Xesús Fraga o estilo literario de Casares, dicindo que, para el, “o barroco era o espontáneo, pero un estilo en apariencia transparente era o resultado do traballo”.

Fraga, Xesús, “Una edición póstuma recoge los poemas de inspiración japonesa de Valente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2002, p. 29.

Fálase da próxima edición dos poemas de inspiración xaponesa e das traduccións de haikus de José Ángel Valente por parte da editorial El gato gris. Apúntase que Claudio Rodríguez Fer foi o encargado de facer a selección e introducción a esta obra, titulada *Cima del canto*, así como tamén do *Cuaderno de versiones*, libro con todas as traduccións que Valente

realizou ao longo da súa vida e que editará Galaxia-Guttemberg. Rodríguez Fer, falando da faceta de traductor de Valente, declara que “lo que movía a Valente a traducir era la necesidad que él veía de que un texto de otra lengua figurase también en castellano o gallego”. Tamén se citan algúns dos autores que Valente traduciu como Dylan Thomas, Hölderlin ou Albert Camus.




Fraga, Xesús, Xesús, “O sector editorial afronta un futuro marcado polos poucos lectores e a inflación de títulos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2002, p. 25.

Neste estudio da situación editorial española e galega, sinálase que se España está dentro dos cinco primeiros países mundiais no que respecta á producción editorial, é todo o contrario no referente aos índices de lectura, xa que o 46% dos cidadáns confesan que non len libros “nunca ou case nunca”. Analízanse pormenorizadamente as cifras do estudio e do caso galego dise que a literatura está presente na escola, a crítica recoñécelle un bo nivel e o público distingue claramente aos clásicos literarios galegos. Sen embargo, as cifras de producción e recepción editorial son similares ás do estado español, cun número de lectores moi baixo e producción altas. Destácase, sen embargo, a exitosa iniciativa levada a cabo

conxuntamente polo xornal *La Voz de Galicia* e Edicións Xerais coa publicación da colección "Biblioteca Galega 120" a un baixo prezo, o que provoca unha grande aceptación dela por parte do público. Tamén se citan os autores máis vendidos en España.




Fraga, Xesús, “Xoias de puño e letra”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de La Voz”, “Exposición: Autógrafos famosos”, 12 maio 2002, p. 6.

Refírese á exposición de libros dedicados que permanece aberta no Colexio Público Forte Bragade, de Cesuras, ata o próximo día 17. Subliña a importancia que a dedicatoria do autor outorga a un libro, incrementando incluso o seu valor económico. Tamén comenta algunhas das dedicatorias que se poden ver nesta exposición de Miguelanxo Prado, Xosé Neira Vilas, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Manuel María, Valle-Inclán, Manuel Rivas, Carlos Casares, Otero Pedrayo, entre outros.

Fraga, Xesús, “Os encontros de literatura de Verines rinden homenaxe nesta edición a Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 xullo 2002, p. 26.

Dáse conta da homenaxe que, na edición deste ano, se renderá ao recentemente falecido Carlos Casares nos encontros literarios da asturiana Casona de Verines. Apúntase que a iniciativa desta homenaxe foi aceptada unanimemente por todos os asistentes, xa que todos tiñan idea de propoñelo. Tamén se destaca a activa participación de Casares nestes encontros, co significativo título de "As intervencións do autor poderían formar un libro" para dar idea da súa cantidade e calidade. Alúdese á substitución de Casares por Víctor Freixanes na dirección da Editorial Galaxia, así como a unhas declaracións do propio Freixanes acerca da insubstituibilidade de Casares e da importancia de dar un novo pulo á editorial.

Fraga, Xesús, "A poeta canadiense Erin Moure incorpora o galego á súa obra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xullo 2002, p. 36.

Fálase da poeta canadense Eirin Moure, descendente de galegos, que ven de titular *O cidadán* a un libro seu, nun xesto de unificación da súa lingua materna (o inglés) coa lingua do seu bisavó, pontevedrés de nacemento. apúntase que Eirin é unha ávida lectora de literatura galega e ten prevista unha estancia en Galicia para o próximo outono, coa

pretensión de escribir un novo poemario. Sinálase tamén que Eirin “divírtese pasando ó inglés a Rivas, Castelao e Cunqueiro”.




Fraga, Xesús, “A edición en galego medrou un 7,5 % no 2001 con respecto ó ano anterior”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 decembro 2002, p. 42.

Achega un balance do mercado editorial galego a partir dos datos da *Panorámica de la edición española de libros 2001* do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Salienta o incremento, mais acha negativa a dependencia do libro galego da escola e das institucións.

Franco, Cristina, “El primer filme gallego sale a la luz tras permanecer oculto desde 1931”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 febreiro 2002, p. 15.

Dáse conta da restauración do primeiro filme galego, titulado *La tragedia de Xirobio* e inspirado nun dos relatos do *Cousas* de Castelao. Sinálase que a recuperación desta película foi longa e dificultosa, pois o feito de que fose muda nun momento no que o cine sonoro xa estaba presente en todas as salas de Galicia impediu a súa estrea, o que

provocou que se atopase fóra dos índices hemerográficos e que se atopara despezada nos lugares máis insospeitados. Asemade apúntase que, despois dos traballos de recuperación e restauración, o CGAI estreará a primeira película galega en pleno século XXI. Achéganse dúas curiosidades acerca deste filme: que o seu director, José Signo, era mulato a pesar de ter nacido en Pontevedra e que todos os seus intérpretes morreron en circunstancias pouco claras, probabelmente víctimas dos Nacionais, xa que todos eles eran “rojos”.




Franco, F., “Un acto sencillo para un hombre con huella”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “La cultura gallega, de luto”, 11 marzo 2002, p. 14.

Crónica do enterro do recentemente finado escritor Carlos Casares, na que se dá conta dos asistentes ao sepelio, entre os que se atopaban, ademais de familia e amigos, Xosé Ramón Barreiro (presidente da RAG), Ramón Castromil (vicepresidente do CCG), os empresarios Manuel Rodríguez e Fonseca Moretón, o editor Bieito Ledo, o profesor de filosofía Manuel Rodríguez, o conselleiro Pérez Varela, o rector Domingo Docampo, González Tosar (presidente do Pen Club de Galicia), Damián Villalaín (subdirector de Galaxia), Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manolo Rivas,

Bernardino Graña, Agustín Sixto Seco, Ferro Ruibal, Xosé González (presidente da Fundación Premios Crítica) ou Carlos Núñez (quen interpretou a Marcha do Antigo Reino de Galicia para despedir ao finado). Tamén se destaca a traxectoria vital de Casares, tan ligada á lingua, literatura e cultura galegas.




Freixanes, Víctor F., “Berlín”, *La Voz de Galicia*, “Galicia chora a Casares. A obra dun autor prolífico”, 10 marzo 2002, p. 9.

Recorda Víctor Freixanes a súa amizade con Carlos Casares, rememorando sempre a súa estadía conxunta en Berlín como o máis salientábel momento. Para Freixanes, a morte de Casares é “unha raia no tempo, coma esa cunca de barro que hai uns segundos tiñamos nas mans e de repente aparece no chan, convertida nun montón de anacos”.

Fuente Rostro, Marcos de la, “Entelequio Amador”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de Verán”, 12 agosto 2002, p. 12.

Historia que reflicte o periplo dun desherdado, un vagabundo bohemio sen casa nin destino, xa falecido.

Gago, A., “Teatro para a Casa do Cuadrante”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 31 xaneiro 2002, p. 20.

Fálase dos actos de apertura da Casa do Cuadrante de Vilanova de Arousa, casa natal de Valle-Inclán, que abrirá as súas portas en maio, tras unhas remodelacións. Entre os actos de apertura, barállase a posibilidade de efectuar a representación dunha das obras teatrais máis importantes de Valle-Inclán polas rúas da cidade, debido a que Vilanova foi recentemente incluída na Rede Galega de Teatro do IGAEM. Apúntase que o Concello xa contratou ao “prestixioso deseñador de Cambados, Lino Silva” para que elabore o cartel anunciador do acto. Sinálase que outro evento salientábel é o de que varias pintoras doaron algunhas das súas obras para vestir os muros da Casa do Cuadrante, co que aumenta a carga cultural do edificio que, dende que se abra, contará cunha biblioteca na que se gardarán as primeiras edicións das obras do escritor e paneis informativos sobre a súa vida.

Gámir, Chinny, “La Casa de Galicia en Madrid cierra sus actos de aniversario con poesía y música”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 28 febreiro 2002, p. 54.

Dáse conta dos actos celebrados en Madrid co gallo do décimo aniversario da Casa de Galicia, que incluíron un recital poético da man de Luís G. Tosar, que contou cun acompañamento musical “con instrumentos tradicionais gallegos”. Apúntase que, previamente, tivera lugar un café-coloquio entre Aníbal Otero, Juan Carlos Pérez de la Fuente, José López Calo e Manuel Guede Oliva, no que se anunciou o aumento das colaboracións entre o CDG e o CDN, que comezarán coa posta en escena o 12 de abril no Centro Cultural de la Villa de Madrid da traducción ao castelán de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.

Gámir, Chinny, “Castelao habla castellano”, *Atlántico*, “La revista”, 14 abril 2002, p. 43.

Fala da estrea en Madrid de *Los viejos no deben enamorarse*, de Castelao. Destaca que a montaxe desta obra en castelán é un síntoma da normalidade da convivencia en Galicia de dúas linguas como son o galego e o castelán, salientando tamén que esa é a opinión de

Manuel Guede, director do CDG, compañía teatral que, xunto co CDN, é quen fai a montaxe desta versión da obra teatral do rianxeiro. Fai un pouco de historia recordando a primeira montaxe de *Os vellos non deben de namorarse* en Buenos Aires no ano 1941 e o implicado que o propio Castelao estivo nela, deseñando vestiario, máscaras, decorado, etc.




García, Jesús M., “La sombra de Valente”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 17 xaneiro 2002, p. 6.

Afírmase que a exposición “José Ángel Valente. Para siempre: la sombra” que se pode ver en Ourense consta dunha serie de fotografías autografiadas por Valente e seleccionadas pola Fundación Telefónica e que asemade contará cun libro da exposición a cargo de Matilde Sánchez.

García, Jesús Manuel, “El brillo de una década”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 16 febreiro 2002, p. 8.

Anúncianse as actividades que se desenvolverán en Ourense ao ter lugar o I Congreso sobre Teatro "Dez anos do Teatro Principal" que reunirá a importantes responsábeis do mundo teatral como Cándido Pazó, Jesús Campos, Nuria Espert ou Roger Salas. Tamén se indica que se editará un catálogo de luxo sobre a exposición deste congreso e asemade repásase brevemente a historia do teatro Principal de Ourense dende que se inaugurara en 1830 ata a súa reforma integral que comeza en 1990.

García, R., "A Biblioteca Galega 120 xa está na rúa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xaneiro 2002, p. 58.

Nova do inicio das entregas dos libros da "Biblioteca Galega 120" xunto co xornal *La Voz de Galicia*, así como da súa importancia para todo o mundo que se achega a quioscos e librerías a mercar a prensa diaria. Unha das reaccións máis frecuentes, apunta R. García, é a do asombro pola relación calidade-prezo da colección, xa que o normal neste tipo de entregas é que as edicións sexan de mala calidade. Apunta que os motivos principais que impulsan aos clientes que mercan estes libros son a boa calidade da publicación, a afección pola lectura, o teren que ler algúns dos títulos ofertados no ensino obrigatorio ou a intención

de facer un regalo. Tamén se recollen as reaccións de persoas do mundo da cultura con respecto de esta iniciativa editorial conxunta, sento todo verbas de eloxio.




García, R., “Bernardino Graña, elixido por unanimidade presidente dos escritores en lingua galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 febreiro 2002, p. 35.

Dáse conta do nomeamento por unanimidade de Bernardino Graña como novo presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Apúntase que o novo presidente salientou que este cargo supón unha responsabilidade, que hai uns socios máis comprometidos que outros e que necesitan apoio económico para realizar actividades, xa que, a pesares de recibir axudas da Xunta de Galicia e da entidade Cedro, estas non abondan. Sinálase que Yolanda Castaño foi elixida secretaria da Asociación e anunciou unha reunión en breve para “facer unha planificación das actividades, que despois será ratificada en asemblea”. Cítanse os outros membros da nova Directiva: Cesáreo Sánchez Iglesias, Marica Campo, Carlos L. Bernárdez, Marta Dacosta, Rafa Villar e Francisco Fernández Naval.

García, R., “O mundo cabía nunha marxe”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, “Galicia chora a Casares. O articulista e La Voz”, 10 marzo 2002, p. 12.

Resúmense os catorce anos de colaboración do finado Carlos Casares co xornal *La Voz de Galicia*, no que escribía unha columna titulada “Á marxe” e pola que, segundo R. García, “pasaba o mundo”. Coméntanse os múltiples temas que Casares trataba na súa columna e que eran do máis variado: dende a defensa do galego ata a súa opinión sobre quén debía ser o vencedor do concurso “Operación Triunfo”. Tamén se recolle un dos últimos artigos de Casares titulado “Impresión” e datado do 19 de agosto de 1999.

García, R., “Casares era un ‘candidato muy firme’ a la Academia Española”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, “Galicia chora a Casares. Un escritor cosmopolita”, 11 marzo 2002, p. 5.

Coméntase a amizade que unía ao finado Carlos Casares co tamén finado ex-académico Gonzalo Torrente Ballester. Segundo Víctor García de la Concha, actual director da RAE, o autor de *La saga/fuga de J.B.* tiña pedido un posto na Academia para Carlos Casares. Tamén se comenta que Casares escribiu un libro por encargo de Torrente Ballester e que,

trala súa morte e de Camilo José Cela, a presencia galega dentro da Academia Española de la Lengua queda reducida a Guillermo Rojo, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.




García, R., “La editorial germana que edita a Eco y Marías ficha a Caneiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 abril 2002, p. 30.

Destácase a traducción ao alemán de dúas obras do escritor galego Xosé Carlos Caneiro, *Ébora* e *Un xogo de apócrifos*. Sinálase que Caneiro pasou o último ano e medio escribindo unha biografía de Borges, que vén de publicar con Espasa, e unha novela da que non revela nin o título nin a trama, pero da que di ser a súa mellor novela xunto con *Os séculos da lúa*. Explícase que o éxito literario de Caneiro mídese precisamente polo número de traduccións das súas obras que se están a facer, declarándose o autor contento con esta circunstancia. Finalmente, destácase que o autor está a recuperarse dese ano e medio esgotador “leyendo y ‘ratificando que a vida e a literatura nada teñen que ver”.

García, R., “Crece el número de escritores gallegos que buscan nuevos lectores en el castellano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño 2002, p. 32.

Destácase o feito de que os escritores galegos cada vez se están abrindo máis camiño na lingua castelá. O caso máis destacado é o de Agustín Fernández Paz, que vén de presentar *El centro del laberinto* e *Avenida del Parque, 17*, ambas obras galegas traducidas ao castelán coas que o vilalbés ten xa case toda a súa obra traducida ao castelán. Outro escritor que tamén se confirma como exitoso coas traduccións das súas obras ao castelán é Xosé Carlos Caneiro. Tamén se fala doutros autores que traducen a súa obra ao castelán ou que escriben directamente neste idioma: Fernández Naval, García Mañá, González Reigosa, Manuel Rivas, Marina Mayoral, Luisa Castro, Lola Becaría, Susana Fortes, Blanca Riestra, María Menéndez-Ponte, etc.

García, Rodri, “Editores e productores crean un fondo para levar os libros galegos ó cine”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 26 xaneiro 2002, p. 56.

Dáse conta do proxecto levado a cabo pola Asociación de Editores Galegos, que propuxo dez títulos para o seu traslado ao cine e enviounos ao AGAPI, posto que "son os especialistas, os que saben", en palabras de Fabiola Sotelo. Sinálase que Pancho Casal, presidente da AGAPI, recibiu esta iniciativa con ánimo, pois así "un productor non ten que estar lendo todo o que se publica". Cítanse as obras propostas pola Asociación de Editores Galegos: *Morning Star* (Xosé Miranda), *O xabaril branco* (Tucho Calvo), *Aquí xaceu un home* (Aníbal C. Malvar), *As rulas de Bakunin* (Antón Ribeiro Coello), *Bala perdida* (Manuel Rivas), *O bandido Casanova* (Hixinio Puentes), *Reminiscencias de Bob Dylan* (Xosé Antonio Moreno) e *A memoria erótica* (Carlos Velo). Explícase que estas novelas serán sometidas a "un tratamento estructurado cinematograficamente" e enviadas a todos os productores de Galicia.

García, Rodri, "As máis de 5.000 obras da maior biblioteca do teatro galego estarán en Internet", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 febreiro 2002, p. 59.

Alúdese á publicación en internet das máis de 5.000 obras da Biblioteca teatral Pillado Mayor, da que tamén se está a elaborar un catálogo electrónico dos fondos dispoñíbeis para

facilitar o labor dos investigadores. Tamén se destaca o labor editorial da biblioteca teatral antedita, así como as últimas publicacións que fixo. En título á parte, destácase tamén que o IGAEM está a elaborar un catálogo de autores dramáticos dende 1882 ata a actualidade.




García, Rodri, “Carta á escritora oculta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Perfil”, 20 febreiro 2002, p. 35.

Carta que Rodri García dirixe a Xohana Torres, escritora e académica que presenta unha actitude fuxidía no que a actos públicos se refire. Recorren as liñas desta carta moi sucintamente a biografía da escritora, centrándose máis na descrición da súa forma de ser que en acontecementos puntuais, aínda que algúns deles, por teren moita importancia, non se deixan de lado (a aprendizaxe de Historia e Literatura da man de Carballo Calero). Finalmente, o xornalista remata a carta dicindo que xa é noite e que a redacción do xornal para o que traballa lle reclama o artigo que está a escribir que, nesta ocasión, toma forma epistolar. A última petición do xornalista alude directamente á escritora: “Sabes Xohana, nofondo penso que fas ben en fuxir do público. É todo un exemplo cando estamos aturando a

un feixe de personaxes que non teñen nada que decir e que morren por un anaquiño de papel. Segue así, graciñas e adeus”.




García, Rodri, “Víctor Freixanes, único candidato para substituír a Casares na Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xuño 2002, p. 37.

Dáse conta do feito de que a única candidatura presentada para substituír o posto vacante deixado polo finado Carlos Casares é a de Víctor F. Freixanes. Cítanse as actividades deste candidato como docente e investigador, aínda que é máis coñecido pola súa faciana de escritor. A este respecto, destácase que está a piques de se publicar a versión definitiva da súa novela *A cidade dos césares* e que está a elaborar un libro de relatos que espera entregar para fins do verán.

García, Rodri, “Víctor Freixanes será nomeado o próximo luns director xeral de Galaxia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 xuño 2002, p. 31.

Fálase do próximo nomeamento de Víctor F. Freixanes como director da Editorial Galaxia tralo pasamento do seu amigo Carlos Casares. Tamén se comenta a incomodidade de Damián Villalaín coa maneira na que se levou a cabo todo isto, pois, nun principio, propuxérano a el para o cargo. Destácase que Freixanes substituirá a Casares fronte aEditorial Galaxia, pero tamén no asento que o finado ocupaba na Real Academia Galega. Á parte, faise un breve comentario biobibliográfico do novo director de Galaxia.

García, Rodri, "A obra completa de Taramancos incluirá varios poemas inéditos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 outubro 2002, p. 45.

Anuncia a publicación da obra completa de Avilés de Taramancos editada por Espiral Maior, que, segundo Miguel Anxo Fernán-Vello, recollerá os poemas de xuventude, outros publicados nunha revista de Noia e toda a obra dispersa, o que permitirá unha visión máis global do poeta noiés. Tamén se fai eco dos preparativos doutras editoras cara ao Día das Letras Galegas, adiantando que a editorial Galaxia prepara unha antoloxía a cargo de AnaRomanía, unha biografía elaborada por Xosé Mª Álvarez Cáccamo ou a recuperación na colección "Dombate" de *As torres no ar*. Por outra parte, explícase que se está a preparar un

texto titulado *Tres capitáns de tempos idos*, unha obra de teatro infantil inédita escrita por Avilés e que será publicada por Xerais na súa colección “Merlín”, do mesmo xeito que publicará tamén a edición feita por Martín Veiga de *Contos caucanos*, unha nova edición de *Nova crónica das Indias* ou unha biografía e unha fotobiografía.




García, Xosé, “A vindeira obra de Xohán Cabana titularase ‘A casa da chousa grande”, *La Voz de Galicia*, “Arzúa-Ordes”, 1 maio 2002, p. 13.

Alude á charla de Darío Xohán Cabana cos alumnos do Instituto de Melide, que o invitaron co gallo da lectura da súa obra *Galván en Saor*. Fala sucintamente da relación de Xohán Cabana con Melide baseándose na novela *Fortunato de Trasmundi* e recolle as declaracións do autor, que anunciou estar traballando na segunda versión da súa traducción do *Cancioneiro* de Petrarca e ter a intención de titular *A casa da chousa grande* á súa vindeira novela, que tratará sobre un emigrante que retorna tras tres décadas nos Estados Unidos.

García, Xosé, “A biblioteca de Melide estrea un novo local no edificio multiusos”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 4 decembro 2002, p. 11.

Dá noticia do cambio de instalacións da biblioteca e achega algunhas das características desta. Así mesmo, lembra como comezou a funcionar en 1977.

García de la Concha, Víctor, “Carlos, ¿qué cuentas?”, *La Voz de Galicia*, “Galicia chora a Casares. Un escritor cosmopolita”, 11 marzo 2002, p. 5.

Víctor García de la Concha, actual director da RAE, refírese ao pasamento de Carlos Casares, presentando como o recordo máis querido as veladas nas que, na Casona de Verines, o finado os deleitaba coas historias de “don Juan de la Coba” introducíndoos, á vez, no máis fondo da cultura galega. Bota en falta a Casares, pero consólase pensando na algarabía que se formará cando chegue ao paraíso “que desde luego cae a la altura de las Rías Baixas (...) abrirá el turno Gonzalo Torrente Ballester: “Hola, Carlos, ¿qué cuentas?”. Y Carlos... Hasta que San Pedro cierre las puertas del pórtico de la gloria.”

García Diéguez, Ana, “A vinganza da morte”, *La voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 11 agosto 2002, p. 14.

Relato de Ana García Diéguez (Ourense, 1984), no que o protagonista para nun bar nunha noite escura e de treboada e o encargado lle conta unha lenda acerca da morte que pesa en toda a comarca. Como toda lenda, ten unha parte de realidade e outra de ficción e, nesta ocasión, cúmprese verdadeiramente o previsto.

García-Malvar y Mariño, Ramón, "Un gran legado cultural", *La Voz de Galicia*, "Los domingos de La Voz", "Tribuna", 26 maio 2002, p. 18.

Ramón García-Malvar y Mariño, neto de José García de la Riba, fala da colección "Biblioteca Galega 120" que está a reeditar o xornal *La Voz de Galicia*. Apunta que bota en falta nesta reedición a obra *Galicia en el último tercio del siglo XV*, de López Ferreiro, e propón a Santiago Rey Fernández-Latorre que a inclúa na nova reedición, porque sabe "que lo que transmito no caerá en caso roto".

García Mañá, Luís, "Jovito Lodeiro", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 5 agosto 2002, p. 16.

Conto de Luís García Mañá (Ourense, 1950), no que se narra a historia de Jovito Lodeiro, un emigrante a Cuba que volve á súa terra despois de corenta anos. Ao longo de todo o texto, faise especial fincapé na cantidade de cambios producidos no que outrora fora o seu contorno vital, abraiándolle de modo especial a aparente abundancia de recursos económicos.

García Negro, María Pilar, “Follas Novas’, un clásico que actualiza o debate dos problemas da muller galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xaneiro 2002, p. 26.

Refírese á entrega co xornal *La Voz de Galicia* do libro *Follas Novas*, escrito por Rosalía de Castro. Cataloga esta obra entre os clásicos da literatura galega porque, seguindo adefinición de Ítalo Calvino, “se configura como equivalente do universo, a semellanza dos antigos talismáns”. Tamén destaca a óptica feminina desta obra, xa que Rosalía foi a primeira muller que rescatou a todas as mulleres da excentricidade imposta, e comenta que a escritora do Sar se converte na primeira feminista de Galicia e a súa obra require un lector

novo “disposto a reconciliar-se co país, coñecendo-o na súa historia, no valor da súa literatura e na epopeia dunha muller como Rosalía”.




García Solano, Manuel, “Figura clave del teatro gallego contemporáneo”, *El Mundo*, 12 setembro 2002, p. 16.

Sinala que, coincidindo co fatídico 11 de setembro para Estados Unidos, en Galicia morre Roberto Vidal Bolaño, de xeito que, ao igual que os estadounidenses, na nosa terra tamén temos aquela data como clave. Faai unha escolma dos acontecementos e accións máis importantes levados a cabo polo dramaturgo santiagués ao longo da súa vida.

Gardón, Xavier de, “Moreiras iluminado por Cunqueiro”, *La Región*, “Cultura”, 6 decembro 2002, p. 67.

Fai referencia á mostra “Merlín e familia” de Baldomero Moreiras, que se expón no Centro Cultural da Deputación. Subliña que os cadros levan pequenos fragmentos da obra deÁlvaro Cunqueiro do mesmo título e salienta a perfecta simbiose entre a imaxe e os textos

do mindoniense. Asemade, destaca o valor didáctico da exposición que “anima a acercarse a Cunqueiro”.




Gimeno, M., “O mundo da cultura lamenta a perda ‘do mellor escritor da literatura galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 marzo 2002, p. 74.

Indica que os protagonistas da cultura galega das dúas últimas décadas coinciden en sinalar que coa morte de Casares perderon a un gran mediador que loitaba por levar adiante proxectos relacionados coa literatura e coa lingua. Menciona ademais o nome de varios dos amigos asistentes ao enterro e pertencentes ao ámbito da cultura, dos medios de comunicación e tamén da política.

Gimeno, M., “A baza de Freixanes no temón de Galaxia”/ “Víctor Freixanes modernizará Galaxia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/ “Cultura”, 4 xullo 2002, p. 34/p. 68.

Dáse conta do nomeamento de Víctor F. Freixanes como novo director xeral da Editorial Galaxia trala morte de Carlos Casares, anterior ocupante do cargo. Freixanes destacou no

seu discurso de toma de posesión do cargo que Casares é insubstituíbel, pero que “a nova etapa virá marcada polos cambios que axitan o mundo da letra impresa como consecuencia da crecente implantación das novas tecnoloxías da comunicación”.




Gimeno, M., “La fundación Carlos Casares nace para mantener viva su memoria”, *El Correo Gallego*, 10 setembro 2002, p. 67

Infórmase da presentación da Fundación Carlos Casares, unha entidade que se dedicará a impulsar o estudio sobre a súa obra, manter viva a súa memoria e levar á práctica o traballo do escritor ourensán. Cítanse as diversas personalidades que acudiron ao acto inaugural e anúncianse as principais actividades que se desenvolverán durante os tres primeiros meses de vida da Fundación.

Gimeno, Maite, “No facho dos devanceiros”/ “Del Riego, homenajeado en Vigo como ‘gran patriarca das letras”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/ “Cultura”, 9 marzo 2002, p. 31/p. 75.

Fálase da homenaxe ofrecida en Vigo a Francisco Fernández del Riego e organizada pola Fundación Premios da Crítica de Galicia. Achégase o nome dos asistentes que eran todos importantes persoeiros da lingua, literatura e cultura galegas. Destácanse varios dos actosque tiveron lugar, como a audición da gravación das voces de Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane e Ramón Otero Pedrayo e as intervencións de Xosé González, Xesús Alonso Montero, Pilar Vázquez Cuesta e Agustín Sixto Seco, finalizándose coa equiparación destahomenaxe á ofrecida no seu día a Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro.

Gimeno, Maite, “Profunda conmoción en Galicia pola morte de Carlos Casares”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 71.

Dá conta de que Carlos Casares morreu no Hospital do Meixoeiro de Vigo, logo dunha crise cardíaca. Salienta que esta noticia provocou unha profunda dor e nomea a varias das persoas que asistiron ao tanatorio onde se instalou a capela ardente. Así mesmo indica que os comentarios da xente que se achegou para despedir ao escritor xiraban arredor do seu talante persoal, a súa abondosa creación e o seu papel clave nas principais institucións culturais de Galicia.

Gimeno, Maite, “Toda Galicia chora en Nigrán no derradeiro adeus a Carlos Casares”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 marzo 2002, p. 73.

Describe cómo foi o enterro de Carlos Casares, ao que acudiron centos de persoas da cultura, da política e amigos anónimos. Salienta que o silencio que reinaba no cemiterio era sinal da profunda dor dos asistentes e destaca a chegada de flores dende toda Galicia, así como que foi soterrado acompañado polo son do Antigo Reino de Galicia. Tamén menciona os nomes de distintos persoeiros presentes neste acto, subliñando que o apoio e labor desenvolvido por Antonio Montero, Bieito Ledo e Xaime Illa Couto, foi fundamental para organizar un enterro como lle gustaría ao escritor.

Gimeno, Maite/**AFA**, “Casares, o amigo durmido”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 marzo 2002, pp. 13-16.

Descríbese o enterro de Carlos Casares, destacando a multitude de persoeiros e persoas anónimas que o quixeron despedir no cemiterio de Vilariño. Saliéntase que será un

momento que quede impreso na memoria dos presentes e que sen dúbida moitos recordarán o inicio do son da gaita de Carlos Núñez, xa que este foi un momento que fixo agromar as bágoas. Por outro lado, destácase que a morte de Casares é unha perda irrecuperábel e que coa súa desaparición se moven moitas fichas, pois el era o home que máis responsabilidades asumira na rede cultural do país. Tamén se reproduce o primeiro relato de Casares titulado “O xogo da guerra”.




Giráldez, José Miguel A., “Galicia e Escocia, almas xemelgas nos anos 20”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”,* 28 xullo 2002, p. 2.

Detállase a particularidade de que Galicia e Escocia viviron unha explosión literaria e cultural paralelas durante os anos 20. Explícase que un fenómeno semellante ao que aconteceu na nosa cultura coa Xeración Nós e o grupo de intelectuais que viviron ao redor da publicación, sucedeu en Escocia coa figura de Hugh McDiarmid. Puntualízase que nos dous casos se amosa unha vontade de “espertar” e un devezo de buscar elementos celtas para fundamentar a identidade do pobo.

Goberna, Alfredo, “Nigrán concederá a Fernández del Riego el título de Hijo Adoptivo”, *Atlántico Diario*, 25 agosto 2002, p. 21.

Anúnciase a concesión do título de Fillo adoptivo de Nigrán a Francisco Fernández del Riego, decisión tomada nunha reunión mantida entre o responsábel do departamento de Cultura do Concello e membros do Instituto de Estudios Miñorianos. Apúntase que outra cuestión tratada na citada xuntanza é a intención de traballar para que o devandito Concello reserve un espacio público ao que se lle porá o nome de Carlos Casares.

Goberna, Alfredo, “Nigrán xa ten un Irmán Maior”, *Atlántico Diario,* 20 outubro 2002, p. 21.

Nova na que se informa do nomeamento de “Fillo adoptivo” ao escritor e intelectual galeguista Francisco Fernández del Riego, realizado pola corporación municipal do Concello de Nigrán nun acto “sentido” e “entrañable”. Tamén se recollen as diferentes intervencións que tiveron lugar e plásmanse as palabras do homenaxeado.

Goberna, Alfredo, “El Instituto de Estudios Miñotanos tendrá su sede en el colegio de Mallón”, *Atlántico Diario*, 16 novembro 2002, p. 24.

Informa da cesión dun local ao Instituto de Estudios Miñoranos por parte do Concello de Nigrán. Asemade, salienta que o instituto acollerá unha colección de libros doados por Fernández del Riego.

Gómez, Chus, “Villanueva: ‘Borobó é unha pluma libre que se expresa con independencia”, *Diario de Pontevedra*, “Comunicación”, 22 marzo 2002, p. 75

Dá conta de que no día 21 de marzo na Casa da Cultura de Cuntis se celebrou a terceira edición do Premio Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres. Sinala que o premiado nesta edición foi Raimundo García Domínguez, “Borobó, por motivo da publicación continuada dos “Anacos” (*O Correo Galego*) e de “O novelo dos anacos” (*A Nosa Terra*) e pola súa traxectoria vital. Apunta que presenciaron o acto deste premio convocado pola USC e o Concello de Cuntis os anteriores galardoados, Xesús Alonso Montero e Xosé Luís Méndez Ferrín. Tamén recolle as palabras de Víctor Freixanes, membro do xurado, que tras

salientar que este premio mantén viva a memoria do xornalismo de opinión e a homenaxe á figura de Blanco Torres, lembrou e recoñeceu o valor da traxectoria vital de Borobó. Comenta que o rector compostelá cualificou ao galardoado de “xornalista de raza” e “unha pluma libre”, e que resaltou a súa dedicación ao xornalismo diario ao que conferiu páxinas dunha importante calidade literaria. Sinala que antes da entrega do premio interveu o gañador, quen, tras falar da súa relación coa comarca do Ulla-Umia, expresou a súa emoción por acadar este premio ao que chamou “bicoca” por ser un pago aprazado polas moitas columnas escritas sen remuneración algunha.




Gómez, Lupe, “Igor Lugris: Poesía contra “a poesía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 402, 31 xaneiro 2002, pp. 2-3.

A propósito da nova obra do escritor Igor Lugrís, *Mongolia* (2001), fai unha caracterización da súa poética a través dos temas, das constantes formais, das influencias, etc. Así mesmo, achega, coa axuda do poeta, unha reflexión sobre a literatura e, en particular, sobre a poesía, salientando que non pertence a ningunha xeración nin a súa obra pode etiquetarse de “social”.

Gómez, Lupe, “Perozo: “Quero Provocar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 406, 28 febreiro 2002, pp. 10-11.

Caracterización de *Martázul* (2001), de X. A. Perozo a partir dunha conversa co autor, da que se reproducen respostas deste, centrada, principalmente, na figura da protagonista da novela. Recóllense opinións doutras persoas sobre esta e achéganse así as claves temáticas desta obra.

Gómez, Lupe, “As poesías como flores”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 420, 30 maio 2002, pp. 2-3.

Comenta as liñas temáticas e os obxectivos de *Ónfalos* (2001), de Lois Diéguez e, tendo en conta as impresións do autor, pon de manifesto o poder da memoria, da palabra e a poesía como “terapia” ante a morte.

Gómez, Lupe, “Marga do Val reinventa a Bella Otero”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 423, 27 xuño 2002, pp 2-3.

Achega o máis destacábel dunha conversa que mantivo con Marga do Val sobre a súa biografía de Carolina Otero. Apunta que realiza unha análise rigorosa e “transparente” da vida da artista galega “en clave feminista”, pola que –di– mostra gran entusiasmo. Subliña que tentou desbotar tópicos e “abrir o seu lado máis humano”. Así pois, coméntanse diversos aspectos que sobre a figura da de Valga se revelan no estudio. Ademais, faise mención á obra de teatro que sobre a artista está preparando con Roberto Córdoba.

Gómez, Lupe, “Dúas chispas”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 4 agosto 2002, p. 14.

Relato de Lupe Gómez (Fisteus, 1972), no que detalla o momento que está a vivir unha parella pola que pasaron os anos. Nel amósanse os contrastes e diferencias existentes entre ambos os dous membros así como as pequenas cousas que os unen.

Gómez, Lupe, “Ensoñar o mar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 433, 5 setembro 2002, pp. 2-8

Número monográfico da “Revista das Letras” no que se recolle un texto en prosa da poeta Lupe Gómez. Está dedicado ao mar e de carácter moi intimista no que amosa, a través de continuos contrastes, as reflexións que xorden nela ao pensar no mar. Así pois, achámonos perante un cumio de reflexións das máis diversas índoles, enlazadas entre si, nas que vemos plasmadas tópicos como a xuventude, a muller, o eu, as ondas e outros moitos que son presentados dende a máis fera violencia ata a máxima tenrura persoal.

Gómez-Aller, Juan R., “A Real Academia dedicará o Día das Letras Galegas do 2003 a Avilés de Taramancos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xuño 2002, p. 36.

Recóllese a nova de que a Real Academia Galega dedica o Día das Letras Galegas do ano 2003 a Avilés de Taramancos, destacando o feito de que foi proposto pola poetisa Luz Pozo Garza e, tamén, de que este autor “cumpre a regra non escrita que obriga á Academia a agardar dez anos desde o pasamento do futuro homenaxeado”. Fálase tamén da

satisfacción da familia do homenaxeado e da das institucións de Noia, a súa vila natal. Reprodúcese baixo o nome de “Nereo a cabalo” unha pequena composición do propio Avilés, así como se destaca a substitución do finado Marino Dónega polo poeta Manuel María na cadeira da Academia Galega.




Gómez-Aller, Juan R., “A academia reabre o debate sobre a modificación da normativa do galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 setembro 2002, p. 55.

Recóllense os acontecementos fundamentais levados a cabo pola Real Academia Galega na sesión do 28 de setembro, na que se decidiu reabrir o estudio sobre a modificación da ortografía galega e nomear a Víctor Freixanes como sucesor de Carlos Casares, ademais de ter lugar o ingreso de Díaz Fierros, quen tomou posesión como académico.

González, Eva, “Un maratón de lectura abrirá os actos de la fería creativa de Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 12 marzo 2002, p. 18.

Destácase a celebración da primeira feira creativa de Tui, que, baixo o nome de “Érase unha vez...”, conta con diversas actividades, entre as que destaca un maratón de lectura. Sinálase que os impulsores deste proxecto destacan a importancia dos voluntarios que colaboran con eles para organizar a multitude de actos que se pensan levar a cabo, así como o apoio dos colaboradores cos que contan. Explícase que as actividades planificadas comprenden, entre outras, un maratón de lectura e un foro aberto no que, previa inscrición, todo aquel que queira pode dispoñer de cinco minutos para relatar unha anécdota, ler un conto ou calquera texto de creación propia.

González, Eva, “Los escritores locais, protagonistas de la nueva Feria do Libro de Tui”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 maio 2002, p. 15.

Resumo do acontecido na inauguración da V Feira do Libro de Tui, na que participaron as catro librerías da cidade. Sinálase que os discursos inaugurais correron a cargo dos escritores tudenses Conchi Regueiro, Suso Vila e Emilia Rosende. Apúntase que a primeira, autora do recentemente publicado *Tempos agradables*, falou de Frei Martín Sarmiento, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas do ano 2002; e que Suso Vila, autor de O *Tui*

esquecido, falou das novas promesas literarias tudenses e do seu novo proxecto editorial, un "libro sobre procesiones y fiestas populares en el Baixo Miño". Finalmente, sinálase que Emilia Rosende, presidenta dos Amigos da Poesía do Baixo Miño, recitou poemas dedicados a tres artistas galegos recentemente falecidos: Camilo José Cela, Carlos Casares e o escultor tudense Juan Oliveira.




González, Helena, “No pasamento de Xan González-Millán”, *A Nosa Terra,* nº 1.058, “Cultura”, 28 novembro-4 decembro 2002, p. 31.

Realiza unha loanza do ilustre profesor e alude á súa relación con el. Por outra banda, salienta o seu traballo a prol da literatura galega dende dúas perspectivas diferentes. Por un lado destaca as súas iniciativas para que as nosas letras tivesen un lugar en Nova York e, por outro, as súas propostas aquí para “provocar un cambio de paradigma teórico”.

González, José Miguel A., “A conexión cultural existente entre Galicia e Irlanda”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, 18 agosto 2002, p. 2.

Alúdese directamente á dedicación que Seamus Heaney lle fai a Santiago de Compostela a través dun poema recentemente publicado no número inaugural do *Irish Pages*, unha revista publicada en Belfast. Dise que a súa creación débese á estancia que o Nobel pasou na cidade galega con motivo do seu doutoramento Honoris causa pola Universidade da Coruña. Nos seus versos reflíctese o impacto que lle produciu a cidade baixo a chuvia.

González Millán, Xoán, "Foise camiño do país das mil e unha historias", *Diario de Pontevedra*, "En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista", 10 marzo 2002, p.7.

Lamenta a morte de Carlos Casares e mantén a esperanza de que o chame para ir visitalo a Nova York, cidade que tanto lle gustaba. Describe as actividades que facían os dous cando o visitaba o escritor falecido e destaca que a súa visión de Casares era a do prototipo de "homo ludens", é dicir, a dun rapaciño que non quere aceptar a realidade. Remata indicando que a próxima viaxe de Casares á cidade americana estaba prevista para o vinteseis de abril, aínda que teme que se interpoña algunha outra viaxe inevitábel e non poida asistir.

González Pérez, Brais, “O misterio do deserto”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 7 agosto 2002, p. 11.

Brais González Pérez (Salceda de Caselas, 1988) presenta un conto narrado en pasado e primeira persoa, no que se relata a estraña persecución que sufriu mentres residía nun pequeno campamento no deserto. Amosa un auténtico estado de preocupación e anguria cando intenta saír correndo tras ver unha noxenta criatura e se ve absolutamente paralizado. O relato remata descubrindo que a aparición fora producto do maxín.

González Reyes, Xosé A., “Estorbaba”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 4 agosto 2002, p. 14.

Ao longo deste relato de Xosé A. González Reyes (Pontedeume, 1922) reflíctese o momento no que un home maior é levado á Residencia de Anciáns polo seu fillo e nora. Detállase cómo se produce esa entrada no novo contorno do Señor Pedro, lugar no que falta “o barullo dos netiños, o enredo da cadeliña Mirta (...) ou os cantares da veciña Carmela”. Para o protagonista, este acontecemento aproxímao moito á morte.

Groba, Marco, “Carlos Casares será enterrado hoy en el cementerio de San Félix de Nigrán”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 10 marzo 2002, p. 2.

Relátase a crónica do enterro de Carlos Casares, escritor galego recentemente falecido. Ademais das horas de traslado do corpo dende o hospital onde faleceu ata o tanatorio, infórmase das personalidades que acudiron ao velorio, entre as que se atopaban Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto, Xesús Alonso Montero, Luís González Tosar, Antonio Montero ou Darío Villanueva.

Grobas Sánchez, Juan J., “Contos do meu avó”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 18 agosto 2002, p. 13.

Conto de Juan J. Grobas Sánchez no que se presenta o ambiente dunha noite de inverno, sentados fronte ao lume, mentres todos escoitan o conto do avó no que se relata que, sendo neno, en certa noite cando na súa casa estaban todos nunha situación semellante á citada, se escoitou chamar fortemente á porta. Así, desatouse un clima de tensión e medo que

afrontou o seu pai. Á mañá seguinte, sóubose que quen visitara fora a morte e esa mesma noite morreu.




Gutiérrez, J. M., “La fundación de la Real Academia Galega”, *La Opinión*, “Historias de hace un siglo”, 4 abril 2002, p. 10.

Retrospectiva da fundación da Real Academia Galega hai 100 anos, destacando a súa fundación por parte de José Fontenla Leal, co que colaboraron estreitamente Curros Enríquez ou Manuel Murguía. Sinálase que dende a súa declaración como Institución oficial por parte do Rei Alfonso XIII, a RAG ten como sé oficial o “caserón de la calle Tabernas que sirvió de residencia a la escritora Emilia Pardo Bazán” na Coruña. Faise finalmente un breve comentario de todos os presidentes que tivo esta Institución e declárase que a súa iniciativa máis destacada foi a declaración no 1963 do primeiro Día das Letras Galegas para conmemorar o centenario da publicación dos *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

Hermida, Xosé, “Fallece a los 60 años el escritor y editor Carlos Casares, eje de la cultura gallega”, *El País*, “La Cultura”, 10 marzo 2002, p. 39.

Nova do falecemento de Carlos Casares, figura que se recorda a través das declaracións de Xesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia e Suso de Toro, escritor. Tamén se recolle a crónica das últimas horas de vida de Casares, reconstruídas a través dos seus compromisos oficiais. Faise tamén un breve repaso pola traxectoria vital do autor, centrándose fundamentalmente nas súas relacións sociais, na súa breve carreira política, na súa importancia dentro do panorama cultural galego da segunda metade do século XX e na súa traxectoria literaria, destacando tamén os premios literarios que levou e para os que foi proposto.

Hermida, Xosé, "Xosé A. Perozo retrata en 'Martázul' el donjuanismo femenino", *El País* , "La Cultura", "61ª Feria del libro de Madrid", 6 xuño 2002, p. 35.

Refírese á reedición en castelán da novela *Martázul* (2001), de Xosé Perozo e do éxito que esta novela tivo en Galicia e está a ter fóra dela. Explícase que *Martázul* construíu o arquetipo da muller dominante e desaforada, cunha ampla actividade sexual e que é capaz de recorrer media España para cometer un asasinato e media Europa para fuxir do seu feito.

Á parte, e baixo o título de “Erotismo”, Xosé Hermida trata este tema na novela de Xosé Perozo, que, segundo o propio autor, é “tórrido y explícito”. Unha breve análise da personaxe protagonista de *Martázul* pecha o artigo.

Hermida, Xosé, “Fallece Roberto Vidal Bolaño, autor, director y autor teatral”, *El País,* 12 setembro 2002, p. 38.

Faise eco da homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, na que estiveron presentes personalidades do mundo do teatro e da política. Recórdase o día do seu enterro e aprovéitase para deixar patente unha breve biografía do dramaturgo citando a fundación da compañía teatral Antroido, a adxudicación de grandes premios do teatro galego ou a súa condición de finalista do Premio Nacional en 1992.

Huete, Cristina, “Las historias de la prensa”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense. Especial: Ourense en el siglo XX*”, 19 xaneiro 2002, p. 26.

Aproveitando a presentación do coleccionábel *Ourense en el siglo XX* (2001), Cristina Huete fai un pequeno repaso por algunhas das frugais cabeceiras xornalísticas que tivo a cidade de Ourense –subliñando a importancia de Lamas Carvajal– e falando tamén da importancia da radio na Cidade das Burgas.

I. E., "Eivas dos minoritarios", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 126, 22 abril 2002, p. 8

Recóllese a denuncia que fan escritores, críticos e profesores con respecto ao estado de desvantaxe que sofren as narrativas en galego, catalán e vasco en España en relación coa castelá. Culpabilízase disto ás políticas institucionais e editoras que fan que os vieiros da traducción dunha lingua a outra non flúan coa suficiente axilidade.

I. L./I. L. M., "Autores galegos, cataláns e bascos culpan ó Goberno de traba-lo acceso ó mercado español das literaturas periféricas"/ "Escribir fóra de circuíto", *El Correo Gallego*/*O Correo Galego*, "Cultura"/ "AFA", 18 abril 2002, p. 76/p. 34.

Infórmase da participación de Manuel Rivas nos V Encontros de narrativa castelá, galega e vasca, celebrados no Ateneo de Madrid e nos que se reclama unha maior atención por parte do goberno para as literaturas periféricas, que non contan co mesmo apoio que a literatura nacional. Con respecto a isto, recóllense declaracións de Manuel Rivas, que dixo, referíndose ao problema dos baixos índices de lectura españois, que "iso ten que ver coas políticas educativas e culturais. Aí estamos todos no mesmo barco, que espero que non sexa o Titanic". Tamén se apunta que Baltasar Porcel ten unha opinión similar, aínda que para el a situación é máis grave, xa que dende o castelán se ignoran completamente as demais literaturas. Explícase que a pesares destas opinións, as publicacións en castelán, catalán e vasco aumentaron dende o ano anterior, o que crea unha situación, cando menos, estraña. Sinálase que Basilio Losada resume as conclusións destes encontros dicindo que as literaturas periféricas da península ibérica están "fóra de circuíto permanentemente".

I. M., "Los reacios a la lectura centran la antenciónde la fiesta del libro", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 4 abril 2002, p. 23.

Dáse conta da celebración da II Festa do Libro na cidade da Coruña, festa que este ano contará con quince casetas, tres máis que o ano anterior. Sinálase que este ano se pretende achegar os libros aos lectores non habituais, polo que se organizaron actividades que impulsen á adquisición de exemplares editoriais e actividades para nenos, para intentar achegalos ao medio escrito. Entre as actividades previstas, cítanse unha homenaxe ao escritor galego Ramón María del Valle-Inclán.

I. S., "El libro infantil es el motor de la industria editorial en Galicia", *La Opinión*, "Cultura", 23 abril 2002, p. 51.

Refírese á celebración do Día do Libro 2002, no que os libreiros sacan os seus postos á rúa para ofrecer descontos especiais nos libros a todo aquel que se achegue ás casetas e queira adquirir algún volume. Co gallo desta celebración do Día do Libro, editores, libreiros e escritores de Galicia reivindicaron o carácter de producto cultural dos libros e tentaron animar á sociedade á adquisición e lectura de libros. Tamén se ofrecen as cifras editoriais do último ano, destacándose a información de que é o libro infantil quen sostén a industria editorial galega, constituíndo un 30% das publicacións feitas na nosa comunidade. Por

último destácase o acto de lectura continuada da obra *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*, que se celebra todos os anos en conmemoración do Día do Libro e que, naedición 2002, foi iniciada polo escritor Álvaro Mutis, gañador do Premio Cervantes 2002.




Iglesias, Ana, “El IV Salón do Libro Galego rinde un especial homenaje a Carlos Casares”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 xuño 2002, p. 37.

Destácase a celebración do IV Salón do Libro Galego na cidade de Santiago de Compostela. Apúntase que nesta edición, o Salón do Libro lle renderá unha sentida homenaxe ao recentemente falecido Carlos Casares coa lectura pública e continuada da súa obra *A vida do Padre Sarmiento*. Sinálase que o Salón do Libro Galego tamén visitará as cidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra, Vigo e Lugo. Por outra banda, coméntase que a concellala García-Sabell presentou o Salón como un importante acontecemento para o libro galego, xa que, dende actos como este, se impulsa a súa lectura, a súa adquisición e, polo tanto, a súa producción. Asemade, a editora Fabiola Sotelo, destacou que o principal obxectivo do Salón do Libro Galego é dar a coñecer o fondo

editorial galego ao público en xeral. Finalmente, ofrécese o horario de apertura do Salón do Libro Galego e unha lista dos escritores, ilustradores e creadores que visitarán este evento.




Iglesias, Bieito, “O último adeus”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 24.

Recorda a figura do recentemente falecido Carlos Casares e declárase amigo do escritor finado. Lémbrao como amante dos libros, nada orgulloso, moi comprometido co galeguismo e interesado nos temas culturais galegos. Tampouco faltan palabras de louvanza para a creación literaria de Casares nin un último parágrafo dedicado ao ingreso de Casares no ceo “acolledor como lume de lareira”.

Iglesias, Mero, “A fábrica dos soños”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas Cualificadas”, 4 febreiro 2002, p. 60.

Céntrase na edición da *Antoloxía do conto de tradición oral*, elaborada por Miranda, Reigosa e Cuba e editada pola “Biblioteca Galega 120”. Recorda os contos que lle contaba seu pai,

“deleitados coas palabras exactas” e conformados por “imaxes para o conto contado”. Sinala que esta é precisamente a maxia do conto, tanto de tradición oral coma escrita, que detecta neste tipo de narracións. Finaliza co desexo de que “Ogallá todo fose un conto e poideramos seguir, no rigor da tradición oral, contándonolos e afirmando así a realidade que é a que máis proxecta a nosa orixe”.




Iglesias Viqueira, “Nigrán nombrará hijo adoptivo al académico Fernández del Riego”, *Faro de Vigo*, 15 outubro 2002, p. 17.

Infórmase do acto que se levará a cabo na vila de Nigrán con motivo do nomeamento de Francisco Fernández del Riego como fillo adoptivo da localidade. Entre outras cousas, saliéntase a estreita relación que o escritor mantén con Nigrán e que se pode observar nas súas obras onde non dubida en recrear a súa paisaxe e paisanaxe. Finalmente, ofrécese unha lista das doce persoas que colaborarán na homenaxe lendo diversos textos entre os que podemos destacar ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro.

J. C., “75 ‘cousas’ de Castelao se exhiben en O Barco”, *La Región*, “Cultura”, 12 xaneiro 2002, p. 67.

Refírese á exposición de setenta e cinco debuxos de Castelao pertencentes á serie *Cousas* na Casa Grande de Viloira. Sinálase que as obras expostas pertencen á Caixa Galicia e que comezou a adquirilas no 1976 coa adquisición de 175 debuxos do rianxeiro. Coméntase que, segundo Filgueira Valverde, as *Cousas* de Castelao reflicten “os grandes temas do vivir galego”, tendo tamén moita carga de crítica e humor e denunciando os problemas sociais da Galicia da súa época.

J. D. C., “Galicia chorou por Casares baixo o son da gaita”, *La Región*, “Ourense”, “La noticia”, 11 marzo 2002, p. 3.

Crónica do enterro do recentemente falecido escritor Carlos Casares, celebrado en Nigrán. Recóllese a declaración dun veciño do pobo, que di que Casares “Debeu ser un home de moita concordia, porque hai xente de tódalas cores”. Refírese aos asistentes ao enterro que se clasifican por grupos políticos (representantes dos tres partidos maioritarios en Galicia),

académicos (rectores de universidades), compañeiros de profesión e “ilustres galeguistas”. Finalmente relátase o desenvolvemento dos actos fúnebres e péchase o artigo coa referencia ao funeral celebrado en Santiago.




J. D. C., “Bágoas e aplausos no adeus a Carlos Casares”, *Atlántico Diario*, “A cultura galega de loito”, 11 marzo 2002, pp. 47-48.

Destaca o feito de que ao enterro de Carlos Casares asistisen membros dos distintos partidos políticos, escritores, empresarios e artistas, ademais de familiares e veciños. Sinala que esta presencia de multitude de persoas leva a pensar, como apuntou un veciño de Nigrán, que debeu ser un home de moita concordia. Achega o nome dos políticos que asistiron xunto ao de escritores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Xosé Ramón Pena, Víctor Freixanes e Manuel Rivas. Así mesmo, salienta o profundo silencio que reinou no funeral, roto só polas bágoas e aplausos despois de escoitar o Antigo Reino de Galicia interpretado por Carlos Núñez.

J. G., “Filoloxía y Xornalismo ofrecen locais para iniciar los estudios de Arte Dramática”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 4 abril 2002, p. 8.

Salienta a posibilidade de estrear en outubro a titulación de Arte Dramática na Universidade de Santiago de Compostela, aínda que existe o problema de falta de infraestructuras para a realización destes estudios, que requiren locais de características moi específicas. Apúntase que, aínda que hai cinco anos que se veñen propoñendo edificios e solares para a situación do centro, as únicas posibilidades son os locais ofrecidos polas facultades de Filoloxía e Xornalismo de Santiago de Compostela.

J. L., “Fandiño recorda a débeda de Galicia co falecido editor Silverio Cañada”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 maio 2002, p. 30.

Achéganse as declaracións de Ramón Fandiño, último editor da *Gran Enciclopedia Gallega*, que considera que Galicia ten unha débeda co falecido Silverio Cañada, primeiro editor desta enciclopedia. Sinálase que esta débeda baséaa Fandiño no feito de que a *Gran Enciclopedia Gallega* “encheu o baldeiro” da falta de información da poboación galega,

“como demostra a venda de 20.000 exemplares”. Tamén se alude á vida e obra de Silverio Cañada, natural de Xixón e recentemente falecido.




J. M. J./C. F., “Fallece la viuda de Rafael Dieste”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 abril 2002, p. 35.

Rpasa a traxectoria vital de Carmen Muñoz, viúva de Rafael Dieste e natural de Malpartida, Cáceres. Puntualiza que a importancia desta muller para a recuperación da obra literaria de Dieste é inimaxinábel, xa que foi ela quen, dende que Dieste faleceu no 1981, se dedicou a recompilar todos os seus escritos e favoreceu a publicación, no 1995, do libro *Epistolario amoroso*, que reproduce a correspondencia mantida entre o que foi seu home e ela. Tamén recorda o acto de 1995 en Rianxo no que a nomearon filla adoptiva desa localidade.

Jabois, Manuel, “Letras feridas”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 5.

Sinala que Carlos Casares escribiu os relatos de *Ilustrísima* cando era aínda un universitario galeguista e que isto supuxo para el o éxito literario. Apunta tamén que ultimamente vía a este escritor como unha figura institucionalizada, "pouco comprometido", indicando a seguir que nas súas columnas xornalísticas facía reflexións triviais en vez de aproveitalas para temas de máis contido. Remata aludindo ao gusto que Casares sentía pola palabra, polos amigos ou polo aire libre e destaca que o seu compromiso coa cultura galega era absolutamente apaixonada.

Jaureguizar, "Diéguez presenta a dor como viaxe nos poemas de 'Ónfalos", *El Progreso*, "Cultura", 25 xaneiro 2002, p. 83.

Faise eco da presentación en Lugo de *Ónfalos*, o último poemario do escritor Lois Diéguez, que levaba 20 anos sen publicar. Coméntase que neste poemario Diéguez fai un recorrido pola dor sufrida polo pasamento da súa irmá, feito que lle serve para reflexionar sobre a morte. Sinálase que no acto de presentación deste novo libro estaban os escritores Xerardo Pardo de Verá, María Pilar García Negro e Miguel Anxo Fernán Vello en calidade de editor de Espiral Maior.

Jaureguizar, “Cordal busca referentes da crítica en lugares e persoas”, *El Progreso*, “Cultura”, 30 xaneiro 2002, p. 69.

Atende á publicación de *A vella peneira a noite*, cuarto poemario de Xabier Cordal, membro do xa extinto grupo poético “Ronseltz”. Comenta que Xabier Cordal é profesor de ensino medio en Castro Riberas de Lea e que a súa poesía está chea de mensaxe política. Recolle unhas declaracións do autor, que recoñece a súa influencia de autores como Luísa Castro, X. L. Méndez Ferrín e Xoán Manuel García Suárez.

Jaureguizar, “O sarriao Camilo Gonsar, novo integrante da Academia Galega”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 10 febreiro 2002, p. 75.

Alúdese ao nomeamento de Camilo Gonsar como novo integrante da RAG e destácase a súa pertenza ao grupo literario coñecido como Nova Narrativa Galega, integrado tamén por Mourullo, María Xosé Queizán, X. L. Méndez Ferrín ou Xosé Neira Vilas. Faise aquí un pequeno catálogo das publicacións deste autor e recóllense tamén as declaracións de Xosé

Ramón Barreiro, actual presidente da RAG, acerca do novo nomeado e do escritor a quen se lle dedicará o seguinte Día das Letras Galegas. Finalmente dedícase un breve parágrafo a recoller as declaracións do colectivo berciano Fala Ceibe.




Jaureguizar, “Camilo Gonsar pide achegar os galegos normativo e popular”, *El Progreso*, “Cultura”, 12 febreiro 2002, p. 53.

Recolle a opinión do académico Camilo Gonsar sobre cuestións de lingua e refírese ao silencio creativo do escritor, que dura xa sete anos e que o sarriano xustifica dicindo “cando non publico é porque non se me ocorre nada”. Finalmente, Gonsar declara que non cre quea súa xeración inflúa nas seguintes do mesmo xeito que fixo, por exemplo, Álvaro Cunqueiro.

Jaureguizar, “Rodríguez Baixeras celebra tres décadas como poeta en ‘Eclipse”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 28 febreiro 2002, p. 75.

Destácase a recente publicación de *Eclipse* (2001), poemario co que Rodríguez Baixeras vén de celebrar trinta anos como poeta e que se publicou na editorial Espiral Maior. Rodríguez Baixeras declara que esta obra "abre un interrogante en torno á actividade poética, unha reflexión sobre a realidade da poesía e sobre a crise existencial e social". Apúntase que a cidade de Ribadeo centra o obxectivo deste poemario, que xira ao redor desta vila mariñá, a pesares da orixe catalana do autor. Finalmente, recóllense opinións do autor sobre a poesía de xeracións anteriores, sobre a súa propia poesía anterior e sobre as traduccións de poetas das Illas Baleares que vén de facer e publicar gracias a un convenio entre a Generalitat e Espiral Maior.

Jaureguizar, "Manuel María ve a 'Obra poética completa' como o libro definitivo", *El Progreso*, "Cultura", 16 marzo 2002, p. 91.

Destácase a publicación e presentación das obras completas de Manuel María, recompilación de toda a súa obra poética, dende o 1950 ata o 2000, que considera como o libro definitivo neste eido. Sinálase que Fernán-Vello, editor deste volume, destaca a importancia de Manuel María como poeta popular galego, opinión coa que está de acordo

Lois Diéguez. Destácase tamén a importancia de Saleta Goi, muller de Manuel María, como “crítica” e “impulsora” da obra poética deste autor chairego.




Jaureguizar, “As xeografías máis quentes”, *El Progreso*, “Cultura”, “Libros”, 24 marzo 2002, p. 69.

Aténdese á recente publicación de *Xeografías*, obra asinada por Francisco Castro e que se engloba dentro do xénero literario de narrativa erótica. Sinala que son moi poucos os autores galegos que cultivan este xénero (María Xosé Queizán ou Xosé Antonio Perozo) e, finalmente, fai unha análise superficial desta nova obra de Francisco Castro.

Jaureguizar, “Destacan que o premio Ánxel Fole valeu para vindicar a Ángel Johán”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 12 abril 2002, p. 90.

Nova que reflicte o outorgamento do Premio Ánxel Fole a Nuria López Presedo polo seu traballo *Ángel Johán, retrato dun artista (1901-1965)*. Destácase que o premio Ánxel Fole servise para vindicar a figura deste home, que levaba moitos anos sendo obxecto dun

grande desinterese. Tamén se recollen as palabras dos membros do xurado, Xesús Alonso Montero, Manuel María e José Cora, que se referiron á obra e relación que tiveron co autor estudiado, así como da súa viúva e da autora do traballo premiado.




Jaureguizar, “Un baile difícil para as mulleres”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 13 abril 2002, p. 83.

Refírese á edición do libro *O baile das mariolas*, de Rosa Vidal, no que fala da condición feminina ao longo de doce contos. Brevemente, dáse conta da orixe e formación da autora, así como das súas obras publicadas.

Jaureguizar, “Ourense e Ferrol quedarán este ano sen Salón do Libro Galego”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 21 abril 2002, p. 75.

Fálase da edición do Salón do Libro do ano 2002, que este ano non visitará as cidades de Ferrol e Ourense. Saliéntase a importancia deste salón para que o público poida acceder ao

libro de fondo editorial e adquirilo a un prezo máis asequíbel, xa que se ofrecen descontos de ata o 10%.

Jaureguizar, “Reigosa recorda os lugueses o seu carácter de clásicos ‘universais”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 2 maio 2002, p. 75.

Recóllense fragmentos do discurso de apertura da Feira do Libro de Lugo pronunciado pro Carlos G. Reigosa e no que destacou que, a pesar do futuro altamente tecnificado que nos agarda, “os libros son o verdadeiro ADN da nosa civilización”. Destácanse os actos do día na Feira, que incluíron a sinatura de obras por parte de Reigosa e a presentación da novela *Hotel Almirante*, de Marta Rivera de la Cruz. Tamén se recollen declaracións dos libreiros, que se mostran satisfeitos coa evolución da Feira, aínda que non houbo moita afluencia de xente, e se informa dos actos a celebrar ese día.

Jaureguizar, “A poesía e a música únense no colectivo ‘Círculo Lítico’ de Lugo”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 8 maio 2002, p. 90.

Fálase do colectivo *Círculo Lítico*, que integra poetas e músicos coa pretensión de loitar "contra a barbarie globalizadora" por medio de distintas disciplinas artísticas. Sinálase que neste colectivo se unen os poetas Isidro Novo, Antom Fortes, Lois Diéguez e Marica Campo e o músico Xohán Rompe, así como está presente, de momento, nas cidades galegas de Santiago e Vigo. Anúnciase que o primeiro acto deste colectivo leva o título de *Viva Palestina* e realizarase no Auditorio de Lugo, en concreto, un grupo de nenos lerá poemas propios e de poetas palestinos, cantará temas relacionados co Oriente Próximo e dará a coñecer cartas de nenos que padeceron o enfrontamento palestino.

Jaureguizar, "Un coloquio sobre Harry Potter abrirá o Salón do Libro en Lugo", *El Progreso*, "Cultura", 30 xuño 2002, p. 85.

Dáse conta da apertura en Lugo do Salón do Libro Galego, tralo seu paso polas principais cidades galegas. Sinálase que haberá un coloquio sobre a obra da escritora J. K. Rowling, creadora do personaxe de Harry Potter, e que Galaxia está a editar a súa versión en galego. Apúntase que outros actos a celebrar neste Salón serán a lectura ininterrompida da obra de Carlos Casares, *A vida do Padre Sarmiento*, como homenaxe a ambos autores, a lectura de

fragmentos de obras de Xerardo Quinta, Celia Armas, Paco Martín, Darío Xohán Cabana ou Lois Diéguez. Tamén se comenta que está prevista unha sesión de contacontos por parte deÁnxela Gracián e a presencia de escritores como Xulio Pardo de Neira, Xosé Miranda, Conchi Regueiro, Antón Reigosa e Xoán Cuba.




Jaureguizar, “Darío Xohán Cabana prepara unha recompilación da súa obra poética”, *El Progreso*, “Cultura”, 7 setembro 2002, p. 75.

Anuncia a recompilación da obra poética de Darío Xohán Cabana, unha obra que ten previsto editar en novembro Edicións Xerais dentro de “Alternativas” e que abrangue tres décadas de creación, dende o poemario *Verbas a un irmao* (1970) ata *Canta de cerca de morte* (1994). Recolle a opinión do propio poeta ao respecto da súa obra e a do experto Carlos L. Bernárdez. Este último sostén que os seus primeiros libros son un canto á chaira natal, “ollada desde unha perspectiva que vai do épico ao costumista”. No que atinxe aos seus libros posteriores Bernárdez mantén que xa se constata “un proceso de adensamento do rigor e da contención formal, que se evidencia na perfección do soneto”.

Jaureguizar, “Xerais e Galaxia pugnan pola obra poética de Taramancos”, *El Progreso,* “Cultura y comunicación”, 11 setembro 2002, p. 75

Detállase que os herdeiros do poeta noiés Antón Avilés de Taramancos, autor ao que se lle dedica o Día das Letras de 2003, están a estudiar as ofertas das editoriais Xerais e Galaxia para publicar a súa obra poética completa. Cítanse as obras realizadas por Avilés no eido lírico e afírmase, de modo anecdótico que nesas datas a consellería de Cultura aínda non contactou cos herdeiros.

Jaureguizar, “Espiral Maior anuncia que se adiantou a Xerais e Galaxia para editar a Taramancos”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 12 setembro 2002, p. 91

Faise eco do anuncio feito polo director de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán Vello, no que se informa do acordo ao que chegou cos herdeiros de Antón Avilés de Taramancos para editar en exclusiva todos os poemas do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2003. Recóllense, asemade, diferentes impresións realizadas sobre a obra do noiés nas que se loa a súa creación lírica.

Jaureguizar, “A edición de premios literarios e *Harry Potter,* novidades de outono”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 16 setembro 2002, p. 75

Cita as principais actividades literarias que trae consigo o outono. Pon especial énfase nas novas publicacións que os escritores lugueses levarán a cabo, coma Xosé Miranda e Antonio Reigosa, que farán a edición castelá do *Diccionario dos seres míticos*. Son citados, asemade, outros moitos autores coas correspondentes novidades e as presentacións de novos libros dentro de colección pertencentes a editoriais coma Galaxia, Ir Indo ou Sotelo Blanco.

Jaureguizar, “A reforma de Galaxia retrásase pola renuncia do seu subdirector”, *El Progreso*, “Cultura”, 17 outubro 2002, p. 75.

Tras recoller as palabras do director da Editorial Galaxia, Víctor Freixanes, referentes á renuncia do seu subdirector, Damián Villalaín, fai un repaso polas tarefas máis importantes

que ocuparon a este último no seu paso pola entidade, así como fai o propio coa persoa que




o relevará no cargo, Carlos Lema, anterior editor de Sotelo Blanco.

B., “El Progreso rinde homenaje al escritor barreirense José Ramón Somoza”, *El Progreso*, “Comarcas”, 24 maio 2002, p. 27.

Alude á homenaxe que o grupo “El Progreso” renderá ao escritor barreirense José Ramón Somoza, integrante do equipo fundacional de *El Progreso*, co gallo do 75 aniversario do seu pasamento. Sinálase que o acto consistirá nunha charla na que intervirán Juan Soto, cronista oficial da provincia de Lugo, Suso Fernández, cronista oficial de Foz e Primi Nécega, sobriña do homenaxeado e tamén escritora. Finalmente, faise un breve recorrido pola traxectoria vital de José Ramón Somoza.

L. F., “O Meixoeiro acogió las primeras condolencias por la muerte del autor”, *Atlántico Diario*, “Carlos Casares 1941-2002”, 10 marzo 2002, p. 36.

Sinálase que diversos políticos e intelectuais –editores, artistas, escritores, etc.– galegos se deron cita na hospital do Meixoeiro de Vigo para amosar as súas condolencias á familia de Carlos Casares con motivo do seu falecemento.

L. P., “Borobó’ recibe el premio periodístico Blanco Torres en un homenaje improvisado a Casares”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 marzo 2002, p. 41

Apúntase que o recordo de Carlos Casares, membro do xurado do Premio periodístico Blanco Torres, presidiu o acto de entrega deste galardón. Explícase que o gañador, Raimundo García Domínguez, Borobó, estivo no acto arroupado por numerosas personalidades do eido da cultura e da comunicación. Indícase que no seu discurso ocupou un lugar especial a lembranza do xornal *La Noche*, no que se formaron coñecidos escritores e xornalistas, e que creou para o acto un “Anaco” no que non esqueceu o seu toque satírico na alusión feita ao acordo entre Manuel Fraga e Beiras. Engádese que o xornalista autor dos “Anacos”, que o fixeron merecedor do premio, e que foi considerado por Víctor Fernández Freixanes como indispensábel para comprender o xornalismo galego, nomeadamente polo seu compromiso nun período tan complicado e dramático como o dos

anos cincuenta e sesenta, rematou o seu discurso co prólogo que elaborou para a *Guía da Mancomunidade Ulla-Umia*, lugar onde viviu a súa infancia.




L. R., “Carlos Casares será nombrado ‘hijo predilecto de la provincia’ por aclamación”, *La Región*, “Ourense”, 14 marzo 2002, p. 10.

Fala do nomeamento por aclamación de Carlos Casares como Fillo Predilecto da provincia de Ourense. Sinala que esta decisión se tomou por unanimidade de todos os grupos políticos, que destacaron a importancia de Casares como expoñente da cultura e literatura galegas e como “una persona de consenso”. Finalmente, destaca que a vila de Nigrán tamén está a xestionar os trámites que permitirán nomear a Carlos Casares Fillo Adoptivo do municipio.

L. R., “Docentes y libreros constatan el descenso de la lectura, pese al mayor uso de la biblioteca”, *La Región*, “Ciudad”, 17 marzo 2002, p. 15.

Estúdianse os índices de lectura facilitados por fontes estatais e confróntanse coa situación ourensá, que se presenta bastante similar. Sinálase que directores de colexios e institutos destacan que, se ben os nenos de primaria chegan a ler un libro á semana estimulados polas actividades do "bibliobús", este índice decrece espectacularmente no momento no que estes rapaces chegan á ESO. Apúntase que Arturo Fernández, director do Instituto "Otero Pedrayo", destaca que os libros que máis se len son aqueles que veñen apoiados dalgún xeito polas novas tecnoloxías, como o caso de *Harry Potter* ou *El Señor de los Anillos*, ambas obras moi promocionadas a través da gran pantalla. Explícase que chegados á universidade, o caso vén sendo semellante, xa que, aínda que os estudiantes fan un gran número de consultas, o índice de lectura segue a ser moi baixo. Puntualízase que esta situación se ve reflectida na biblioteca municipal que, a pesar de prestar máis libros a máis persoas que en anos anteriores, non observou un aumento nos costumes lectores da poboación ourensá.

L. R., "La universidad australiana de La Trobe hace 'Honoris Causa' al escritor Alfredo Conde", *La Región*, "Ourense", 26 marzo 2002, p. 9.

Destaca o nomeamento Doutor *Honoris Causa* do escritor allaricense Alfredo Conde por parte da Universidade australiana de La Trobe. Sinálase que nesta Universidade se imparten clases de lingua, literatura e cultura galegas e que Alfredo Conde xa ten viaxado a ela nun par de ocasións para impartir seminarios e dar conferencias. Comenta que Conde considera este nomeamento moi importante, xa que "constata que o que un escribe chega fóra". Apúntase que Conde xa ten dous libros seus traducidos ao inglés e viaxará en agosto a Melbourne a participar no acto de nomeamento.

L. R., "Profesores del instituto de As Lagoas reclaman el nombre de Carlos Casares para el centro", *La Región*, "Ciudad", 29 marzo 2002, p. 12.

Salienta a intención do Instituto das Lagoas de presentar no claustro a proposta de dar o nome de Carlos Casares ao centro, ata agora sen nome. Sinala que esta proposta será feita á volta das vacacións de Semana Santa e, en caso de ser aprobada polo Claustro, será presentada a trámite coa maior brevidade posíbel. Puntualiza que esta proposta conta co apoio de todos os profesores de letras do centro, aínda que os de ciencias presentan certas reticencias.

L. R., “Los mártires vuelven a sacar a Carral a la calle”, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 28 abril 2002, p. 18.

Destácase a celebración en Carral da representación da xa clásica obra de Manuel María titulada, *Abril de Lume e Ferro*, na que se relata a historia dos mártires de Carral. Explícase que xa é xa tradicional que, no aniversario da morte destes homes, o pobo de Carral se transforme nun grupo de actores profesionais que representan esta obra en conmemoración e homenaxe a estes caídos. Coméntase que este ano se achegaron á representación preto de mil persoas, que non deixaron de aplaudir e ovacionar os actores, sobre todo nos momentos máis tensos da situación dramática, como o da insurrección popular. Posteriormente, sinálase que os actos de homenaxe aos Mártires de Carral continuaron cun percorrido polo camiño que o xeral Solís e os seus homes seguiron para atopar a morte, unha ofrenda floral aos falecidos e unha actuación do grupo folclórico Dorna, de Oleiros.

L. R., “Un pregón de Manuel Rivas prologará el Congreso de libreros”, *La Región*, “Ourense”, 30 abril 2002, p. 11.

Dáse conta da celebración en Ourense do XVIIIº Congreso Nacional de Libreros, que se abrirá o día 1 de maio co pregón de Manuel Rivas e converterá a cidade nun centro de referencia no que a lectura se refire durante os catro días que dura. Especifícase que os temas que se tratarán neste congreso van dende a implantación de sistemas de calidade ata a formación do libreiro en internet, pasando pola especialización ou o fenómeno lector. Infórmase que para o día 2 de maio está prevista unha homenaxe a Germán Sánchez Ruipérez, creador dunha fundación co seu nome moi comprometida co fomento da lectura.

L. R., "Libros con traxe de festa", *La Región*, "Ourense", 16 maio 2002, p. 6.

Fálase da celebración do Día das Letras Galegas en Ourense e Allariz, cidades que verán como as súas rúas se enchen coas casetas que as librerías sacarán para ofrecer libros cun de por cento de desconto e presentar sete novidades editoriais. Fálase tamén das dúas editoras ourensás, os libros que levan publicados e os que teñen previsto publicar. A máis antiga, a editorial Linteo, ten previsto publicar o *Ciclo de Mercurio*, de Millán Picouto, para unilo aos libros que xa leva editados e que son *A Casamenteira*, de Antonio Benito Fandiño;

O fillo da florista, de Blanco Amor; *Obra poética*, de Castor Elices; *Ciclo de Venus*, de Millán Picouto e *Pedro Guedellas* e *Max e Moritz*, dúas obras infantís. Pola súa banda, a editorial Duen de Bux sacará *As viaxes do Padre Sarmiento en Ourense*, de Enrique Bande. Sinálase que as novidades editoriais que se presentarán este ano serán *¡Sentinela, alerta!*, de María Xosé Queizán; *As chamadas perdidas*, de Manuel Rivas; *Trece badaladas*, de Suso de Toro; *Martázul*, de Xosé Antón Perozo; *O sol do verán*, obra póstuma de Carlos Casares e *Diccionario gallego-castellano*, de Eladio Rodríguez, ourensán ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas 2001.




L. R., “Literatura pasada por agua”, *La Región*, “Galicia”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2002, p. 27.

Dáse conta da celebración do Día do Libro en Ourense, que se viu deslucido pola chuvia que caeu e que desanimou a moita xente a achegarse ata as casetas dos libreiros e adquirir algún volume. Sinálase que o feito de que este día cadrara cunha ponte tamén influíu bastante no descenso das vendas e que os autores máis solicitados foron Manuel Rivas,

Carlos Casares, Suso de Toro e o Padre Sarmiento, así como a literatura infantil, que “é unha literatura que move moito”, segundo os propios libreiros.




L. R., “Un obradoiro revisará as investigacións de Otero Pedraio sobre a paisaxe de Ourense”, *La Región*, 29 setembro 2002, p. 15.

Infórmase da realización dun curso de verán realizado polo centro de Estudios Oterianos entre o 3 e o 5 de outubro dirixido polo xeógrafo ourensán Augusto Pérez Alberti que leva por título “As paisaxes a partir de Otero: Teoría e práctica”. Detállanse as conferencias que terán lugar, así como certos pormenores do currículo do director.

L. R., “Cristina Berg: “El cine siempre estuvo presente en la vida y obra de Casares”, *La Región*, 16 decembro 2002, p. 9.

Alude á presencia da viúva de Casares nun acto celebrado no Liceo Recreo de Ourense sobre a relación do egrexio galego co cine. Así mesmo, recolle o máis salientábel das

intervencións de Damián Villalaín e Miguel Anxo Fernández, que “coincidieron en señalar que el libro *Ilustrísima* tuvo una gran importancia para el cine gallego”.

L. Castro, Esmeralda, “Un mercado reducido para unha oferta fragmentada”, *La Opinión*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 58.

Coméntase que o panorama editorial galego está moi segmentado, pois existen máis dun cento de empresas que se enfrontan a un mercado reducido. Apúntase que os lectores en galego non supoñen máis do 2% do número de lectores totais de España e achéganse certos datos sobre a Editorial Galaxia e Edicións Xerais de Galicia, como son o seu ano de fundación, a orixe do seu capital ou o volume de facturación do ano 2001. Sinálase que estas dúas editoriais produciron no citado ano ao redor do 12% dos títulos editados en Galicia, que foron 1.922, e recóllese a opinión da presidenta da Asociación Galega de Editores, Fabiola Sotelo, quen pensa que a concentración das editoriais galegas suporía o fin da variedade de contidos. Tamén se apunta que o impacto económico da edición en galego é bastante modesto e ofrécense máis datos sobre as editoriais citadas e doutras como Ediciós do Castro, Kalandraka e Edicións Positivas.

L. Castro, Esmeralda, “A marxe de beneficios dun editor é o 25% do prezo final do libro”, *La Opinión*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 59.

Sinala que o prezo final dun libro é o froito dos múltiples intermediarios que actúan na súa creación e que, a excepción de pequenas diferencias cando se trata de edicións especiais, reedicións ou reimpresións, as porcentaxes do prezo destinadas a cada un dos intermediarios son constantes. Esmiúza o prezo final dun libro, que tamén ilustra nun gráfico que recolle os seguintes datos: vintecatro por cento custo industrial de edición, vinte por cento editor, sete por cento dereitos de autor, vinte por cento distribuidor, catro por cento IVE e vintecinco por cento libreiro. Por outra banda, alude ás axudas que dende a administración se lle conceden ás editoriais.

Lago Pereira, Xoán, “O encontrador”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 9 agosto 2002, p. 12.

O propio narrador conta en primeira persoa a súa experiencia vital en atopar todo aquilo que se lle perde á xente de xeito que, dende moi pequeno, adquiriu fama ata o extremo de "rexentar" a oficina escolar de obxectos perdidos. Pero un bo día, cando empezou a traballar, perdeu un documento de grande importancia, instante no que decide dar inicio ao labor de cada día como se fose a primeira vez. Este é un relato da autoría de Xoán Lago Pereira (Ponteareas, 1967), acompañado da ilustración de José Tomás.

Lamas, Jorge, "A homenaxe a Don Paco foi un inesperado adeus a Carlos", *La Voz de Galicia*, "Galicia chora a Casares. As últimas horas en público", 10 marzo 2002, p. 4.

Nárranse as últimas horas de vida de Carlos Casares, parte das que pasou no acto público de homenaxe a Francisco Fernández del Riego. Fálase da asistencia de Casares a este acto, da súa relación cos presentes e da súa pronta marcha á casa "empurrado por unha novela comezada non hai moito". Cóntase despois que, ás doce da noite, o escritor comezou a sentirse mal e, tras acudir ao Hospital Xeral de Vigo e ser trasladado ao centro médico de Meixoeiro, faleceu. Saliéntase a capacidade narradora do finado, que lle outorgou

múltiples premios e simpatías ao longo da súa vida e recóllense as primeiras impresións de varios persoeiros da cultura e da política sobre o falecemento de Casares.




Landesa, Daniel, “A poesía en voz de Plácido”, *A Nosa Terra*, nº 1.056, “*O foro das ideas e das artes*”, 13-20 novembro 2002, p. 3.

Realiza unha breve aproximación á concepción da poesía de Plácido Castro. Sinala a importancia do compoñente céltico e da saudade na súa obra e alude ás literaturas que o corcubionés consideraba célticas, ademais de subliñar un estudio inédito no que se comparaba a Rosalía e á inglesa Rosseti, destacando a base céltica das dúas.

Laso Lorenzo, Rafael, “O espello”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 12 agosto 2002, p. 12.

Relato de Rafael Laso Lorenzo (Xinzo da Limia, 1965) no que se conta a historia dun exitoso artista multifacético, dedicado á escritura e pintura e gozando, con estas actividades, do beneprácito do público e da crítica. Pero a súa prolífica acción artística interrómpese ao

morrer a súa muller e fillos nun accidente, feito que el, misteriosamente, adiviñou nun espello.




Lázaro, Mónica, “Dos poemas y un destino”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 26 marzo 2002, p. 15.

Recolle varios acontecementos composteláns, entre os que destaca a homenaxe a Antón Avilés de Taramancos, celebrada no liceo de Noia. Nesta homenaxe participaron Encarna Otero, Salvador García Bodaño, Ana Romaní, Ana Blanco de Romaní, Xosé Manuel Beiras, Aurichu Pereira, Álvarez Olariaga e Aurora Marco, que leron varios poemas do homenaxeado durante o acto.

Lázaro, Mónica, “Polémica en Compostela por representar en castellano una obra de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 xuño 2002, p. 31.

Dáse conta da polémica suscitada na cidade de Santiago de Compostela a raíz da representación en castelán da obra de Castelao titulada *Os vellos non deben de namorarse*

e que, na traducción elaborada por Xesús Alonso Montero para o CDG e o CDN, leva o título de *Los viejos no deben enamorarse*. Sinálase que a Mesa pola Normalización Lingüística convocou unha manifestación en Pontevedra para o 21 de xuño e outra para esa mesma noite en Santiago, querendo así manifestar o seu desacordo con esta traducción. Apúntase que os edís do BNG de Santiago non acudirán á representación en protesta por considerar pouco ético representar en castelán a Castelao cando aínda queda tanto labor normalizador por facer dentro do noso país. Por outra banda, o alcalde de Santiago, Sánchez Bugallo, considera un orgullo que “Castelao se represente en castellano” e Xesús Alonso Montero opina que esta polémica é absurda porque lle parece ben que “Castelao circule polo mundo dunha vez por todas”.




Lema Suárez, Xosé Mª, “O banco do crego Abente, tío e padriño de Pondal”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 maio 2002, p. 28.

Viaxa ao pasado para recuperar a figura de Eduardo Abente Chans, natural da parroquia de Laxe (A Coruña), tío e padriño do poeta de Ponteceso, Eduardo Pondal. Informa sobre o recente descubrimento dun banco de pedra do ano 1849 propiedade do crego Abente

Chans no adro da igrexa de San Amedio de Bamiro, na Terra de Soneira, e invita á comisión parroquial a adencentar “o histórico e literario banco” e aos bergantiñáns organizadores das xornadas do Simposio Pondaliano a peregrinar a esta nova ruta vinculada co bardo-poeta que contribuíu ao rexurdir das letras galegas.




Locán, Daniel, “Crime en Compostela’, un libro con sabor a alcohol de garrafa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xaneiro 2002, p. 58.

Dáse conta da aparición dentro da “Biblioteca Galega 120” da obra *Crime en Compostela* (1984), de Carlos G Reigosa e sinálase como obra inaugural do xénero detectivesco en Galicia, así como a súa boa acollida entre o público. Destácase o protagonismo da cidade de Santiago, a intriga da novela e alúdese á ollada escéptica de Nivardo Castro, o detective creado por Reigosa que recuncaría noutros textos do autor.

Lombao, Manuel, “Madrid-Galicia”, *A Nosa Terra*, nº 1.032, “Península”, “Madrid”, 2-8 maio 2002, p. 18.

Fálase das relacións Madrid-Galicia baseándose na representación da obra *Los viejos no deben enamorarse*, versión castelá elaborada por Xesús Alonso Montero da obra de Castelao titulada *Os vellos non deben de namorarse*. Considera que isto demostra as boas relacións entre as comunidades galega e madrileña, a pesar da polémica xurdida ao redor desta traducción. Tamén alude á importancia de Madrid dentro do galeguismo, citando a autores e recordando que foi alí onde naceron as Irmandades da Fala ou a UPG. Finalmente, intenta xustificar o limitado papel da prensa nestes casos.

López, A. R. e Soedade **Noia** (coords.), "Manuel María, desde a óptica total", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras"*, nº449, 26 decembro 2002, p. 4.

Valoración positiva da publicación de Espiral Maior, *Poesía Completa* (2001), de Manuel María. Salienta a "coidada edición" e recoméndaa. Asemade, apunta a variedade do conxunto da poesía do chairego, tanto en canto á estética como á temática.

López, Belén, “Marga do Val resucita á ‘Bella Otero’ en Pontevedra case corenta anos despois”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 11 abril 2002, p. 62.

Fálase da publicación dun libro sobre a “Bella Otero” escrito por Marga do Val e incluído dentro da colección “Mulleres” de A Nosa Terra. Sinálase que neste libro, Marga do Val rescata a traxectoria vital descoñecida e de difícil acceso da bela de Caldas de Reis, incluíndo tamén fotos súas e datos descoñecidos. Tamén se destaca o longo proceso de xestación desta obra, motivado sobre todo polo labor investigador que tivo que levar a cabo Marga do Val, ademais de facerse referencia a un par de acontecementos importantes na vida de Carolina Otero.

López, Belén, “Pétalos de caraveis para marca-las páxinas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 24 abril 2002, p. 58.

Fálase da celebración do Día do Libro en Pontevedra, que, coma todos os anos, viu a praza da Ferrería chea das casetas dos libreiros que, nesta edición, agasallaban cun caravel a todos os seus clientes. Tamén se alude á orixe do Día do Libro e da súa coincidencia coa

Fira dels enamorats catalana do século XV, data da que provén o costume de regalar unha flor o día 23 de abril.




López, Belén, “Luns pola tarde entre versos e melodías”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 maio 2002, p. 66.

Dáse conta da celebración dun recital poético-musical da man de Yolanda Castaño e Óscar Ibáñez no auditorio Caixanova nun acto que pretendía seguir celebrando o Día das LetrasGalegas. Coméntase que Yolanda Castaño, acompañada musicalmente por Óscar Ibáñez, foi a protagonista dunha “tarde máxica” propiciada pola unión de dúas artes moi arraigadas na tradición galega: a música e a poesía.

López, Belén, “Un salón do libro que quere ser un gran escaparate literario galego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 maio 2002, p. 71.

Saliéntase a celebración do IV Salón do Libro Galego, que pretende dar a coñecer os fondos editoriais das vinteseis editoras que se asocian para celebrar este acto e impulsar o sector.





Sinálase que neste Salón do Libro Galego están previstas homenaxes ao Padre Sarmiento, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2002, e a Carlos Casares, recentemente falecido.

López, Belén, “Milleiros de soños en lingua galega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 maio 2002, p. 65.

Fálase da celebración en Pontevedra do IV Salón do Libro Galego, levado a cabo pola asociación de vinteseis editoras galegas coa intención de dar a coñecer o seu fondo editorial, composto por preto de 10.000 volumes, ao público en xeral e, así, impulsar o mercado editorial ao mesmo tempo que traballan a prol da lingua, literatura e cultura galegas. Coméntase que os asistentes a este Salón se sorprenden moitas veces pola cantidade e calidade das edicións galegas. Tamén se dá conta das actividades celebradas ese día, que incluíron un discurso de Fabiola Sotelo, presidenta da Asociación Galega de Editores, e sinaturas de libros por parte de escritores como Francisco Carballo, Luís Rei ou Ramón Caride.

López, Belén, “A polémica espertada pola Mesa espanta ó público de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 xuño 2002, p. 69.

Dáse conta da polémica desatada pola representación da traducción castelá da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, que ten enfrontados á Mesa pola Normalización Lingüística, ao director do CDG e a certos sectores políticos. Sinálase que a Mesa e o BNG protestan pola versión castelá da obra do galeguista portando unha pancarta na que o propio Castelao se defende: “Escrebín sempre en galego, debuxei sempre en galego e, se tirades o que hai na miña obra de galego e de humano, non ficaría nada dela”. Pola súa parte, Manuel Guede, director do CDG, deféndese dicindo que a xira é do CDN e que é o CDN quen decide, ademais de opinar sobre as protestas da Mesa que “Afirmar algo así é como defender que é un autor que non pode pasa-lo Padornelo”. A Mesa e o BNG contraatacan recordando que a xira teatral non é só do CDN, senón tamén do CDG que, xa noutra ocasión, representara a Valle-Inclán en castelán dicindo que era “unha excepción”. Coméntase que o resultado desta polémica foi unha manifestación diante do centro onde se ía representar a obra en Pontevedra, apoiada pola CIG-Ensino e medio centenar de persoas máis e a escasa asistencia de público á representación en Pontevedra.

López, Belén, “Freixanes conta ‘con todos’ en Galaxia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verano”, 4 xullo 2002, p. 58.

Saliéntase o nomeamento de Víctor Freixanes como presidente de Galaxia tralo falecemento de Carlos Casares, anterior ocupante do cargo e amigo persoal de Freixanes. Sinálase que, a este respecto, o novo presidente destaca que non é cómodo ocupar o posto dunha persoa para el tan querida, pero que supón unha honra traballar na editorial Galaxia, que tanto significou e significa para a cultura galega. Tamén se recollen outras declaracións de Freixanes sobre a súa nova situación, o futuro de Galaxia, o ambiente de traballo ou os proxectos editoriais.

López, Belén, “Caballeros, ¡salud y buena suerte!”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Verano”, 6 xullo 2002, p. 57.

Fálase do curso de verán Valle-Inclán dende Galicia, organizado por Ponte Far e que contou cunha nómina de grandes conferenciantes, entre os que se atopaban Francisco Fernández

del Riego, Víctor Freixanes, Carlos García Reigosa e Domingo García Domínguez “Borobó”, entre outros. Sinálase que Ponte Far fai unha valoración moi positiva do curso, tanto pola calidade das conferencias coma pola asistencia de público, xa que se matricularon no curso preto de cen persoas, sendo a media de asistencia dunhas sesenta persoas por conferencia. Sen embargo, subliña Ponte Far, que o máis importante “é a calidade dese público que se interesou polos temas tratados cun grande respecto”.




López, Belén, “Creo que vai sendo hora de rematar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Verano/Cultura”, “Os detalles”, 6 xullo 2002, p. 58.

Fálase da última conferencia pronunciada por Francisco Fernández del Riego dentro dun curso de verán denominado *Valle-Inclán dende Galicia*. Coméntase que na conferencia sobre o fondo galego da obra literaria de Valle-Inclán, del Riego anunciou que “vai sendo hora de rematar”, referíndose tanto á conferencia en si coma á súa actividade pública intelectual, deixando a presidencia da RAG e as conferencias, charlas e coloquios, porque “xa son moitos anos”. Belén López imaxina que Valle-Inclán lle tería desexado “¡salud y buena suerte!” a Francisco Fernández del Riego.

López, Belén, “¿Pensache en levar un libro a tomar algo?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 27 novembro 2002, p. 68.

Salienta a iniciativa do bar “Entre Lusco e Fusco”, que consiste en convidar a unha copa a cambio dun libro, para crear unha biblioteca para os clientes.

López, José Miguel, “Xosé Chao Rego eloxia ás Letras Chairegas na homenaxe que recibiu onte”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 marzo 2002, p. 32.

Dáse conta da homenaxe a Xosé Chao Rego ofrecida co gallo da celebración do Día das Letras Chairegas, coa que o vilalbés de nacemento se sentiu moi agradecido e honrado. Sinálase que recibiu agasallos dos rapaces do Colexio Insua Bermúdez de Vilalba e do Instituto Basanta Silva, tamén de Vilalba. Coméntase que, na homenaxe, os alumnos do IES de Guitiriz levaron a voz cantante, facendo un percorrido pola vida de Chao Rego e presentando as revistas e o mural conmemorativo “A Chaira: un mundo de lembranzas”. Tamén se apunta que houbo unha actuación musical dos membros chairegos do grupo A

Quenlla, que “deleitaron os asistentes cun canto de cego, e a interpretación de O Carro de Manuel María e un poema de Neira Vilas”.




López, Uxía, “Las lecturas en gallego superan a las de castellano en la biblioteca de Padrón”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 20 xaneiro 2002, p. 12.

Destaca o uso da biblioteca de Padrón, que aumentou o seu número de usuarios dende o ano pasado, presentando tamén o dato de que son máis solicitadas as obras en galego que as escritas en castelán, contabilizándose 3.500 lectores na primeira lingua e 3.350 na segunda. Apunta que a época na que a biblioteca rexistrou maior número de usuarios foi a coincidente coas datas de exames e ofrece outros datos sobre os libros máis solicitados no 2001 que, en lingua galega, foron *As flores radiactivas*, *¿Que me queres amor?*, *A esmorga*, *Cousas* e *A pedra do Seixo*.

López, Uxía, “A Fundación Rosalía de Padrón suprime actividades por falta de presuposto”, *La Voz de Galicia*, “Sar-Ordes”, 2 marzo 2002, p. 11.

Dáse conta da falta de presuposto da Fundación Rosalía, o que implica a supresión de moitas das actividades previstas para a celebración do aniversario da poetisa e o recorte de presuposto de moitas outras actividades. Destácase que, a pesares da escaseza económica, a Fundación si publicará os prometidos volumes da edición bilingüe de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* elaborados por Helena Villar e Xesús Rábade Paredes e coordinados por Xesús Alonso Montero, director do Centro de Estudios Rosalianos. Tamén se apunta que a Fundación non está falta de ideas e que loita por levar adiante actividades culturais, que permitan que a Casa da Matanza sexa a "Casa da poesía", e por convocar os II Encontros Rosalianos.

López, Uxía, "O poeta de Laíño segue vivo", *La Voz de Galicia*, 20 decembro 2002, p. 12.

Fai referencia aos actos que celebraron o cambio de nome do centro Público Integrado de Dodro, que agora pasa a chamarse Eusebio Lorenzo Baleirón. Destaca a presencia de Anxo Angueira, David Pérez Iglesias e Paulino Vázquez e sinala que a xornada se converteu nunha homenaxe ao poeta falecido.

López, Xosé, “Tolerante”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 3.

Este membro do Plenario do Consello da Cultura Galega recorda a Carlos Casares como bo escritor e bo orador. Ademais subliña que Casares amaba o pequeno e ao mesmo tempo se desenvolvía ben nos mares da universalidade, que manexaba ben as ferramentas das novas tecnoloxías e que destacou sempre por saber escoitar, dialogar e tomar decisións en grupo. Comenta, finalmente, que tanto no campo do profesional coma do persoal se queda coa súa tolerancia.

López Martínez, Manuel, “In Memoriam (a Carlos Casares)”, *La Región*, “Sociedad”, 16 marzo 2002, p. 61.

Poema que homenaxea á figura do recentemente finado Carlos Casares. Este poema, escrito en formato prosístico e con barras para mostrar a separación dos versos, está escrito xogando con referencias literarias á propia obra de Casares, mesturadas con sentimentos e pretendidos mensaxes de Manuel López Martínez a Casares.

López Rivera, Dulce, “Ó final da rúa”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 8 agosto 2002, p. 10.

Tráxica historia da autoría da profesora de ensino secundario de Fene, Dulce Mª López Rivera, na que un narrador omnisciente conta cómo viviu unha muller os últimos instantes da vida do seu marido ao lembralo unha mañá que sae da casa para tomar café. Unha alucinación apodérase dela e emprende a romper os cristais dos coches presentes ao longo de toda a rúa na busca do seu home, quen morrera de accidente de tráfico.

López Silva, Inma, “Sede vós de música”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 3 agosto 2002, p. 12.

Relato de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) protagonizado por unha muller de procedencia cubana que conta en primeira persoa cómo viviu a noite do 14 de febreiro nun local no que baila e exerce a prostitución. Parágrafo tras parágrafo, López Silva presenta continuos contrastes entre o que sente e pensa esta muller cubana e a actitude

que ten cara a ela o home que paga os seus servicios. O texto aparece acompañado dunha ilustración de Abraldes.




Lorenzo, F. P., “O IGAEM afonda nos programas e centros de producción propia”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 26 xuño 2002, p. 76.

Dáse conta do acto no que se conmemorou o décimo aniversario do IGAEM e no que interviñeron todas as xerencias de dita entidade. Sinálase que nos discursos e actos que tiveron lugar nesta conmemoración houbo especial referencia ao primeiro equipo xerente do IGAEM e ao labor cultural que esta entidade está a levar a cabo, así como aos proxectos futuros de realizar copias de seguridade dos arquivos musicais das catedrais galegas ou a recuperación do corpus operístico e sinfónico de autoría galega.

Lorenzo, F. P., “Guede: ‘Dirixir as montaxes do CDG fai parta das miñas obrigas”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 26 xuño 2002, p. 76.

Atende á polémica entre Manuel Guede e a AADET, que bota en cara ao primeiro que se elixa a si mesmo como director artístico das producciónS do CDG, sendo como é director do CDG. Tamén acusa a AADET a Guede de "falla de transparencia na xestión do Centro Dramático Galego, particularmente no tocante ás coproducciónS" en clara referencia á polémica suscitada a raíz da estrea da coproducción do CDG co CDN da traducción ao castelán da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*. Apunta que Guede se defende destas dúas acusacións dicindo que, das trinta e unha últimas producciónS do CDG, el só dirixiu "catro e media". Asemade, con respecto á polémica das coproducciónS, Guede declara que "o diálogo con outros sistemas teatrais é un síntoma de normalidade" e que a estrea en castelán da antedita obra fai a Castelao un autor universal e non exclusivo da comunidade galega, rematando por dicir que está convencido de que "unha hipotética montaxe dos *Vellos* pola Comédie Française, en Galicia e en francés, non había xerar tal oposición".

Loureiro, Ramón, "Coa morte de Casares Galicia perde unha porta aberta ás literaturas do mundo", *La Voz de Galicia*, "Galicia chora a Casares. O editor de tesouros", 10 marzo 2002, p. 7.

Rememora a figura do recentemente falecido Carlos Casares, dende o punto de vista da súa actividade cultural como fundador de revistas como *Aturuxo* e *Grial*, como traductor e introductor doutras literaturas dentro das letras galegas e como creador el mesmo. Tamén comenta que “O certo é que as letras de Galicia, esas que tanto quixo Casares, quedan orfas sen el. Non saben cánto.”.

Loureiro, Ramón, “El poeta ferrolano Miguel Carlos Vidal rompe medio siglo de silencio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 abril 2002, p. 30.

Faise eco da recente publicación na editorial Follas Novas do libro *Ayer en que te dices*, asinado polo poeta ferrolán Miguel Carlos Vidal (Ferrol, 1929), tras case cincuenta anos de silencio creativo. Explícae que esta non é a única novidade que afecta a este poeta, xa que tamén se destaca que o Centro Ramón Piñeiro vén de publicar unha edición facsimilar da revista *Aturuxo*, na que o escritor colaborou xunto a Mario Couceiro, González Garcés e Tomas Barros. Finalmente anúnciase que o concello de Ferrol dedicará o próximo Día do Libro a render homenaxe á Xeración Aturuxo.

Loureiro, Ramón, “Un poeta para el mar de Ferrol”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 decembro 2002, p. 50.

Subliña o pesar pola morte de José Hierro e destaca a súa vinculación a Ferrol, e, en concreto, aos premios Esquío.

Lourenzo, Manuel, “Desde a sombra das estatuas”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 23 agosto 2002, p. 10.

Relato de Manuel Lorenzo (Ferreira de Valadouro, 1943), acompañado da ilustración de José Tomás, no que Mariz olla a cidade dende a sombra da súa estatua e leva a cabo diversas reflexións arredor das urbes, do paso do tempo por elas e dos seus homes.

Luna Sanmartín, Xosé, “A primeira novela escrita en galego entrégase mañá con La Voz de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 febreiro 2002, p. 52.

Columna que destaca a entrega, ao día seguinte, da novela *Maxina ou a filla espúrea* (2001) conxuntamente co xornal *La Voz de Galicia* dentro da colección "Biblioteca Galega 120". Sinala que a importancia desta novela é que foi a primeira escrita en galego e achégase ao seu autor, Marcial Valladares, e á súa familia, todos eles relacionados dalgún xeito coa cultura galega, tanto dende o punto de vista literario coma lexicográfico, en especial Marcial Valladares e Avelina Valladares, a súa irmá, cualificados como "espíritos libertadores", xa que ambos "aínda sendo señores, escribían en galego".

M. B., "O peche dunha xeración", *La Opinión*, "Cultura", 14 decembro 2002, p. 60.

Achéganse algúns datos biográficos de Camilo Gonsar, considerado un autor clave na xeración da Nova Narrativa xunto con Mourullo e Xosé Luís Méndez Ferrín. Da súa producción destaca *Cara a Times Square* (1980), considerada o peche desta xeración que caracteriza por ter limpado a lingua dos hiperenxebrismos do Grupo Nós, ademais de estar influenciados por Joyce e Faulkner. Danse algúns trazos da súa prosa e recóllense as palabras do autor nas que se refire á súa producción actual.

M. B., “Gonsar denuncia a pervivencia dun nacionalismo español ‘excluínte”, *La Opinión*, “Cultura”, 15 decembro 2002, p. 67.

Alude á entrada de Camilo Gonsar na RAG e salienta o máis destacábel do seu discurso de ingreso. Apunta que este tratou a problemática da lingua e sinala que “defendeu a súa vinculación ao espíritu do 98 de Azorín e baroja”. Por outra banda, subliña que, no seu discurso de resposta, Franco Grande repasou a traxectoria literaria do novo académico.

M. B. L., “No teatro nada é categórico, non existe unha verdade absoluta”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 3 xaneiro 2002, p. 13.

Alúdese ao curso de teatro “Proceso de creación dun espectáculo”, promovido polo Padroado Municipal de Artes Escénicas e Musicais de Ferrol e impartido por integrantes da compañía Sarabela Teatro. Menciónase o labor desenvolvido por Fernando Dacosta, quen tratou conceptos relacionados co quecemento, o ritmo e a presencia no escenario, entre outros. Segundo o dramaturgo, en Galicia hai un novo interese polo teatro e estase a desenvolver un labor “moi importante” por parte de “activistas culturais”.

M. C. S., “Carballo nombra Gallego del Año a Díaz Pardo”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 21 abril 2002, p. 22.

Dáse conta do nomeamento de Isaac Díaz Pardo como “Galego do Ano” por parte do Patronato Fogar de Bergantiños, galardón que compartiu co Centro Galego de Buenos Aires.

M. C. S., “Neira Vilar destaca el valor que Pondal tiene en América”, *La Opinión,* 2 outubro 2002, p. 19.

Resumo da xornada de apertura do VIII Simposio Pondaliano, no que o escritor Xosé Neira Vilas subliña a importancia que ten a obra do autor bergantiñán en América, e cítanse as primeiras publicacións transcontinentais que recollen traballos de Pondal a finais do século

De igual modo, dáse conta do Recital poético e musical que tivo lugar no Simposio.

D., “Actores con acento lugués”, *El Progreso*, “Unha factoría teatral”, 22 xuño 2002, p. 91

Faise unha achega á preparación de dous actores lugueses na escola coruñesa Casahamlet, Xoán Ramón Teixeira e Alberte Cabarcos. Coméntase que o que máis valoran son os profesores e os métodos empregados na escola, en especial as clases do dramaturgo Manuel Lourenzo. Tamén se fai referencia a cómo acolleu a súa decisión cada unha das familias e, en columna á parte, recóllense as súas reflexións sobre a dureza da profesión e a consciencia de que o éxito só chega co traballo, para rematar sinalando algunhas das súas iniciativas dentro do eido teatral.

M. D., "Un home querido", *El Progreso*, 20 outubro 2002, p. 22.

Faise eco da homenaxe a Basilio Losada organizada polo Concello de Láncara no que participaron unhas duascentas persoas. Detállase a presencia de destacadas figuras da nosa cultura que deron testemuño da súa admiración cara ao protagonista da xornada, entre outros, Isaac Díaz Pardo, Manuel María, Xosé Neira Vilas, Víctor Freixanes ou diversas entidades coma a Asociación Galegas de Editores.

M. F., “Isaac Díaz Pardo e Alonso Montero lembran no Grove ós escritores Lueiro e Luís Seoane”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 13 xaneiro 2002, p. 19.

Faise referencia á presentación, na librería Sargadelos, do volume titulado *Homenaxe a Luis Seoane. O Grove, abril, 1980* (2001), coordinado, no seu momento, por Manuel Lueiro. Sinálase que o evento congregou a persoeiros da literatura galega como Xesús Alonso Montero e Isaac Díaz Pardo, así como as viúvas dos dous escritores lembrados. Por outra banda, alúdese ao traballo biográfico no que Lueiro Rey recolleu parte das vivencias do escritor Luís Seoane, a persecución franquista, a colaboración co Partido Comunista, etc.

M. G., “Avilés no 2003”/“O Concello de Noia ríndelle unha homenaxe a Avilés de Taramancos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 18 maio 2002, p. 34.

Dáse conta da homenaxe realizada ao poeta Avilés de Taramancos na localidade de Noia con motivo do Día das Letras Galegas. Ademais, faise referencia á campaña que se está a desenvolver por parte dalgúns colectivos, como a agrupación cultural Sacou ou o Liceo de Noia, para conseguir que a Real Academia Galega lle dedique ao poeta noiés o Día das

Letras Galegas no ano 2003. Finalmente, ofrécese unha breve referencia bibliográfica do escritor.




M. G., “Velada poética”, *La Opinión*, “Cultura”, 10 decembro 2002, p. 53.

Fai referencia ao recital poético no que participarán Miguel Anxo Fernán-Vello, X. Seoane, Luisa Villalta, C. Sánchez e Yolanda Castaño no Pazo de Congresos da Coruña. Salienta que está coordinado por X. L. Valcárcel e se insire no “marco dunha exposición interdisciplinar do pintor Xurxo Gómez-Chao”. Destaca, ademais, a vinculación dos poetas mencionados ao mundo da pintura ou da música.

M. J. M., “Proyectos de futuro para el teatro”, *La Región*, “Cultura”, 23 febreiro 2002, p. 67.

Alúdese á clausura do congreso “Dez anos do Teatro Principal de Ourense”, no que se propuxeron novos temas de debate para anos posteriores como a escenografía, o atrezzo, a creación dun Museo de Teatro, etc. Tamén se recolle a intervención de Olga Mojón, xerente do Teatro Principal, que animou ás institucións e á sociedade a que o Teatro Principal siga

sendo un referente da vida cultural da cidade. Por último, faise referencia á exposición, no centro cultural da Deputación, que reúne vestiario, documentación, atrezzo e outros elementos relacionados co teatro de Ourense, así como se informa da publicación dun libro sobre a historia do Teatro Principal, elaborado por persoas que mantiveron contacto co lugar.




M. M., “Las cuatro literaturas del Estado español se encuentran en Madrid”, *El País*, “La Cultura”, 18 abril 2002, p. 31.

Dá noticia dos V Encontros de narrativa castelá, catalana, galega e vasca, convocados pola UNED e a UAM e que reuniron a escritores como Manuel Rivas, Baltasar Porcel, Vinyet Panyella e Basilio Losada. Dise que Baltasar Porcel reclamou a proxección exterior de todas as linguas do Estado, mentres que Manuel Rivas defendeu a puxanza das linguas minoritarias e a necesidade de compartir e mesturar as linguas. Finalmente, Basilio Losada solicitou a apertura dun circuíto editorial para as linguas con menor número de falantes.

M. P., “Díaz Pardo convirtió su homenaje en una exaltación de Ramón Piñeiro”, *El Progreso,* 10 novembro 2002, p. 13.

Destácase a entrega do Premio “Ramón Piñeiro de facer país” que conceden as asociacións culturais da comarca de Sarria e que na edición do ano 2002 recaeu sobre o pai de Sargadelos e o Instituto Galego da Información, Isaac Díaz Pardo, quen, no seu discurso de agradecemento, desviou a atención sobre a súa traxectoria para centrala na do fundador de Galaxia, Ramón Piñeiro. Tamén se dá conta de diversos escritores e autores que acudiron ao acto.

M. R., “Oseiro homenaxea a Manuel Murguía”, *La Opinión,* “Cultura”, 18 maio 2002, p. 42.

Infórmase de que os veciños de Oseiro fixeron unha ofrenda floral ao monolito de Manuel Murguía como vén sendo norma dende hai dez anos para conmemorar ao seu parroquián.

M. S., “Lorca y Castelao pasearon por La Marina”, *La Opinión*, “acoruña”, 24 xullo 2002, p. 10.

Cóntase que en 1932 a cidade da Coruña recibiu a visita de dous ilustres persoeiros: Federico García Lorca e Alfonso R. Castelao. Sinálase que o primeiro se trasladou á cidade en dúas ocasións, primeiro para ofrecer unha conferencia sobre o "cante hondo" e outra co grupo de teatro que dirixía para facer unha representación; pola súa banda, Castelao estivo na cidade herculina para ofrecer dúas conferencias, unha sobre o humor e outra sobre a caricatura.

Maceiras, Lourdes, "A chamada", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 22 agosto 2002, p. 10.

Conto de Lourdes Maceiras (Barcelona, 1955), no que unha muller dá a coñecer cómo iniciou a súa relación amorosa cunha madura idade. Plasma os diversos inconvenientes sociais provenientes tanto da familia coma da xente máis achegada pero ao mesmo tempo amosa a súa ilusión no noivado. O relato remata cunha chamada na que, previsibelmente, o home lle confirmará a súa decisión de ir vivir xuntos.

Macía, M., “Da prostitución e a escravitude”, *La Región*, “Cultura”, 6 marzo 2002, p. 67.

Alúdese ao encontro que a escritora María Xosé Porteiro mantivo cos alumnos do Instituto de Ribadavia, cos que falou sobre o seu novo libro *Covardes* (2001). Coméntase que o libro, editado por Ir Indo, xira arredor da prostitución e sobre o debate da súa legalización, nunha mestura de realidade e ficción. Recóllense as palabras da autora sobre a problemática que afecta a este colectivo feminino e sobre os seus traballos actuais: unha “historia de aventuras de piratas”, unha biografía e a recolleita de contos.

Maira, Ángeles F., “Queizán insta a los lucenses a no dejarse engatusar y a exigir mejoras”, *El Progreso*, 5 outubro 2002, p. 7.

Faise eco da lectura do pregón das festas de San Froilán en Lugo, por parte de Mª Xosé Queizán, quen aproveitou para instar ás autoridades a que se dediquen especialmente a asinar decretos e normativas que avalen accións positivas para conseguir a igualdade do xénero feminino. Asemade, reprodúcense fragmentos da súa intervención como pregoeira, nos que lembra as súas vivencias na cidade milenaria.

Maira, Ángeles F., “Certos contos danme pudor porque falan moito de min”, *El Progreso*, 25 novembro 2002, p. 7.

Alude á traxectoria teatral de Ana Carreira e lémbraa valéndose das palabras da propia actriz. Así mesmo, salienta a súa faceta de contacontos.

Mallo, Albino, “Paisaxe e paisanaxe”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 xaneiro 2002, p. 32.

Dáse noticia da presentación do libro *No corazón de Galicia. Viaxes polas terras de Chantada e de Ulloa* (2001), de Xulio López Valcárcel, na Fundación Alexandre Bóveda da Coruña. Sinálase que o libro é unha viaxe polas terras de Chantada, Taboada e A Ulloa, no que se combinan “os feitos históricos coa memoria individual”.

Mallo, Albino, “Hándicaps superados”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 xaneiro 2002, p. 33.

Tras mencionar o seu traballo como artista plástico e a exposición das súas novas composicións na Galería Atlántica da Coruña, tamén se fai referencia a outras facetas do humorista Moncho Borrajo. Así alúdese ao seu traballo como actor anunciando a preparación da obra *Recordos, 30 anos sen parar* e tamén á súa andaina como escritor, da que salienta que está a preparar un poemario en galego e unha recompilación de contos que lle contaba o seu avó e seu pai.

Mallo, Albino, “Son Delas”/ “Son Delas’, a música e a poesía nas mellores voces de muller de Galicia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/ “Cultura”, 4 marzo 2002, p. 17/p. 75.

Alúdese ao espectáculo musical “Son Delas”, onde se xuntaron oito cantantes galegas como Uxía Pedreira, Rosa Cedrón, Uxía Senlle, Mercedes Peón, María Manuela, Guadi Galego, Susana Seivane e Sonia Lebedynski, para celebrar o Día Internacional da Muller Traballadora. Sinálase que o espectáculo está patrocinado por Caixanova e se presentou nas cidades de Santiago, A Coruña, Lugo e Vigo e contou coa presencia da poeta Ana Romaní, quen ademais de crear poemas para a ocasión, recitou versos doutras poetisas galegas.

Mallo, Albino, “Carlos Casares, o narrador do cotiá”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 marzo 2002, p. 50.

Segundo indica, tan pronto soubo da morte de Carlos Casares, púxose a escribir algo sobre el, algo sobre o que probabelmente non escribirían outras persoas: as súas columnas diarias. Sobre estas destaca a naturalidade coa que trataba sobre as cousas de cada día, empregando a linguaxe da rúa pero respectando as regras do bo gusto. Lembra ademais a gran capacidade conversadora que posuía, cun diálogo que estaba sempre cheo de anécdotas.

Mallo, Albino, “Así ‘Son Delas’, 8 mulleres e canción”, *O Correo Galego*, 24 marzo 2002, p. 16.

Faise referencia ao espectáculo musical “Son Delas”, integrado por Susana Seivane, María Manuela, Uxía Senlle, Mercedes Peón, Rosa Cedrón, Guadi Galego, Uxía Pedreira e Sonia Lebedynski, para celebrar o Día Mundial da Muller Traballadora. Coméntase que con esta

variedade de estilos interpretativos se quere reflectir unha sociedade plural, caracterizada polos diferentes choques culturais.




Mallo, Albino, “Neira Vilas presenta o terceiro volume de artigos de El Correo”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 7 agosto 2002, p. 60.

Apunta que Xosé Neira Vilas presentou a terceira entrega de *Crónicas galegas de América* (2001) na Feira do libro da Coruña. Alude ao contido deste e lembra parte da historia do himno galego que recolle o apéndice do citado libro. Asemade, pon de relevo que pronto sairá do prelo unha nova obra do escritor de Gres, *Relatos mariñeiros*, inspirados en terras americanas. Por outro lado, subliña que nesta feira se presentaron dous estudios sobre Neira Vilas, un de Claudine de Oliveira e o outro de Corinne Son.

Mallo, Albino, “O retorno de María Casares”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 8 decembro 2002, p. 16.

Repasa a carreira teatral da actriz galega e salienta os vencellos con Galicia, a onde, di, “non quixo volver en vida”. Ademais recorda a relación no exilio con galegos como Dieste ou Seoane e subliña que ela mesma permitiu que os premios María Casares levaran o seu nome. Refírese tamén ás homenaxes que no 1996 lle renderon o Centro de Artes da Coruña e o Festival de Cine de Ourense.

Mallo, Albino, “Fundación Barrié: axuda para os investigadores”, *O Correo Galego*, “Visións”, 18 decembro 2002, p. 2.

Dá conta da inauguración da biblioteca da Fundación Pedro Barrié de la Maza dirixida aos investigadores, que conta con sesenta mil volumes que están editados en Galicia, tratan temas galegos ou están asinados por autores galegos. Segundo a directora da Fundación Marta Rey a xénese da biblioteca débese a traballos de busca, doazóns ou coleccións como a de Carlos Martínez-Barbeito ou Domingo García-Sabell. É comparábel segundo Marta Rei á biblioteca da USC ou á do Museo de Pontevedra. Sinala que os libros están a disposición dos investigadores na sede da fundación na Coruña e está prohibida a reprodución dos fondos salvo algunhas excepcións, mentres que o catálogo bibliográfico está dispoñíbel

nunha páxina web. Ademais do dito, a biblioteca conta cos libros publicados pola propia fundación, cun arquivo multimedia da fundación desde 1996 e cunha hemeroteca que contén cabeceiras de xornais e revistas galegas dende o século XIX.




Mallo, Albino, “Freixanes afronta sen pesimismo os proxectos para un difícil ano”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, AFA”/ “Cultura”, 29 decembro 2002, p. 48/p. 67.

Fai alusión aos proxectos para o ano 2003 de Víctor Freixanes, entre eles, as novidades de Galaxia e o seu discurso de entrada na RAG. Sinala, ademais, que o profesor agoira un ano duro pola crise económica e apunta que a súa tarefa literaria está “un pouco parada”, destacando a reedición de *A cidade dos Césares*.

Mallo, Albino, “O ano en que finaron Cela e Casares”, O *Correo Galego*, “Lecer”, 29 decembro 2002, p. 16.

Enumera o nome de ilustres falecidos no 2002 no mundo e en Galicia, que destacaron en diversos eidos. Entre estes, cita a Carlos Casares ou Vidal Bolaño.

Manteiga, M., “Llega a Ames la muestra ‘As nosas letras’ con grabaciones de literatos gallegos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 febreiro 2002, p. 38.

Anuncia a inauguración da exposición “As nosas letras”, na que se recollen gravacións coas voces dos autores máis coñecidos da literatura galega como Ramón Otero Pedrayo, RamónCabanillas, Alfonso Rodríguez Castelao, Luís Pimentel ou Álvaro Cunqueiro, entre outros.

Martínez, Alejandro, “O Val Miñor honrou a memoria de Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2002, p. 26.

Dáse conta da homenaxe póstuma rendida no Concello de Nigrán á figura de Carlos Casares. Dise que o acto estivo organizado pola Concellería de Cultura e o Instituto de Estudios Miñoranos, que contou coa presencia da súa viúva e do seu fillo, así como dos veciños do municipio que participaron na lectura de fragmentos dos seus libros e dacolumna literaria “Á marxe”, que escribía en *La Voz de Galicia*.

Martínez, Alejandro,"La corporación de Nigrán nombra hijo adoptivo a Francisco del Riego", *La Voz de Galicia,* 20 outubro 2002, p. 49.

Nova que recolle a celebración do acto solemne con motivo do nomeamento de Francisco Fernández del Riego como Fillo Adoptivo da cidade, unha designación que responde a unha iniciativa do Instituto de Estudios Miñorianos e que foi aprobada nun pleno no mes de setembro. Cítanse algunhas palabras pronunciadas polo autor así como de diversas personalidades da cultura galega que participaron na celebración.

Martínez, Ana, "Muere Carlos Casares, el escritor que dignificó la lengua y literatura gallega", *ABC*, "Cultura", 10 marzo 2002, p. 48.

Tras facer referencia ao aspecto médico da enfermidade de Carlos Casares, menciónase o seu labor e a súa traxectoria literaria. Cítanse outros campos aos que dedicou parte da súa vida como a dirección de *Grial*, a súa presidencia no Consello da Cultura Galega e a súa colaboración en diferentes xornais galegos.

Martínez, Juan, “Liñares, Ardeiro y Ponte: “La medalla de Oro es una nueva deuda con Barcala”, *El Correo Gallego,* 23 setembro 2002, p. 21.

Sinálase que o Concello de Negreira recoñece a traxectoria de tres dos seus veciños e escritores máis ilustres impoñéndolle a Medalla de Ouro a Amancio Liñares Giraut, José Manuel López Gómez (“Ardeiro”) e José Antonio Ponte Far, como recoñecemento pola defensa e labor de difusión que fixeron do municipio.

Martínez Moar, Ángel M., “Unha foto”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 31 agosto 2002, p. 13.

Relato de Ángel Martínez Moar (Lugo, 1991), no que se narra a historia dun home ao que chamaban “Negro”, “porque era moreno por fóra e turbio por dentro”. Tivera unha vida penosa cargada de roubos, estafas, xogos e moitas mulleres. Unha das súas amantes casadas, Sabela, ensinoulle unha foto na que o home puido coñecer que o seu pai era o home da súa amante. A vinganza do “Negro” resultará terríbel, pois ademais de tráxicas mortes, a Sabela terá un fillo seu ao cabo de nove meses.

Martínez Rey, Noelia, “Esquecido no tempo”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 3 agosto 2002, p. 13.

Relato futurista de Noelia Martínez Rey (Lugo, 1991) no que unha nena indaga acerca do significado dunha palabra que contiña a carátula dun disquete: “libro”. Este prezado obxecto está extinguido na época en que vive a rapaza e investiga ata dar co significado real, momento en que manifesta tristura por non poder ter un nas súas mans e asegura que se vivira noutro tempo o libro ocuparía un lugar privilexiado na súa vida.

Martínez Risco, Luís, “Un Ourense descoñecido”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xaneiro 2002, p. 31.

Con motivo da publicación de *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, na colección “Biblioteca 120” de *La Voz de Galicia* no ano 2001, analiza a impresión que lle provocou a lectura desta novela. Salienta a dureza da trama, o vocabulario impactante, as clases

sociais populares e a descuberta que fixo coa súa lectura dunha cidade de Ourense descoñecida para el que forma parte do universo literario galego.




Martínez Riveira, Andrés Carlos, “O segredo de Elsa”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 15 agosto 2002, p. 12.

Conto de Andrés Carlos Martínez Riveira (Ortigueira, 1982) no que se narra un episodio de dous amantes: Elsa, unha muller de avanzada idade, e Emilio, un mozo. Unha mañá, Elsa esperta e ao verse no espello sente un grande anguria, polo que se introduce no baño e bota a chorar. Ao sentila, Emilio achégase á porta e dille palabras de amor, pero Elsa morrera na bañeira.

Martínez Ruíz, Francisco Javier, “Os fillos e unha nota”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 4 agosto 2002, p. 14.

Conto de Francisco Javier Martínez Bouzas, un estudiante coruñés, no que se recolle a reflexión dunha muller sobre diversos aspectos cotiás da súa familia no momento en que

está a pasar o ferro. Durante todo o texto prodúcese unha auténtica treboada de diversos pensamentos acerca dalgúns defectos que teñen o seu marido e fillos, manifestando un sentimento de escravitude por ter que traballar a reo para eles nas tarefas domésticas.




Mato Martínez, Ángel, “O asedio”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 17 agosto 2002, p. 13.

Relato de Ángel Mato Martínez (Curtis, 1984) no que unha persoa permanece nun foxo cheo de persoas que contemplan un balcón no alto dunha torre que todos queren alcanzar, pero no intento de entrar polo único buraco posíbel morre moita xente. A meirande parte do relato describe cómo sobe o protagonista con grandes dificultadas ao balcón e, no intre en que chega a el a historia volve a comezar tal e como iniciara: no foxo.

Mauleón, Amaia, “ La escritora Carmen Panero y el pintor Antón Goyanes unen su arte en ‘Sombras”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 12 xaneiro 2002, p. 8.

Dá conta do traballo titulado *Sombras* (2001), que consiste nunha serie de serigrafías da autoría do pintor Antón Goyanes, acompañadas de poesías da profesora Carmen Panero. Coméntase que o traballo, editado pola Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, está formado por oito imaxes e cinco poemas que xiran baixo o motivo das sombras.

Mauleón, "Cunqueiro, estrella el próximo año en el Círculo de Bellas Artes", *Faro de Vigo*, 15 novembro 2002, p. 42.

Salienta que esta casa madrileña acollerá diversas exposicións e actos relacionados con egrexias figuras de Galicia. Entre estas actividades, destaca a mostra sobre a vida e a obrade Álvaro Cunqueiro, así como un recital de poemas deste e a representación dalgunha das súas obras teatrais.

Méndez, Xerardo, "Os nomes da ira", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 7 agosto 2002, p. 10.

Conto de Xerardo Méndez no que un rapaz lembra con grande ignorancia a chegada “duns camelos” correndo ao lonxe polo deserto. As figuras máis achegadas que mantén no recordo son a do pai e a nai, que o informan do acercamento de Land-Rovers “cuns homes con uniforme e fala autoritaria” e o acubillan no sombrizo do cuarto. Instantes despois iníciase un sanguento ataque bélico.

Míguez, Ana, “Teatro e chocolate”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 20 febreiro 2001, p. 34.

Con motivo da saída na colección “Biblioteca Galega 120” da obra de Xohana Torres *Adiós María* (1971), Ana Míguez lembra cómo coñeceu á escritora e a relación de amizade que mantiveron ata a actualidade. Conta cómo a coñeceu na Biblioteca Penzol e se dirixiu a ela para confirmar que era a autora da obra de teatro que ela estaba a preparar co grupo O Castro, *Á outra banda do Iberr*. Lembra tamén os ensaios da obra e o aborto final da representación, así como os chocolates que tomou coa autora unidas polo interese en levar a lingua galega á rúa.

Mínguez, Carlos, “Cuestión pendente”/ “El Inaem pide que el teato sea materia obligatoria en los colegios”, *O Correo Galego*/*La Opinión*, “AFA”/ “Cultura”, 2 maio 2002, p. 34/p. 41.

Faise alusión ao proxecto posto en marcha polo Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (Inaem) polo que se solicita que o teatro sexa unha materia obrigatoria na escola. Sinálase que representantes de diversos sectores implicados no feito teatral (actores, autores, empresarios, etc.), traballan nun documento para a elaboración dun plan xeral do teatro. Ademais, critícase a televisión por non colaborar e apoiar ao sector teatral. Por outra banda, coméntase que se está empezando a notar a falta de contidos propios na escena española e o crecente número de “remakes” de epectáculos foráneos.

Miragaya, M. J., “Los libreros buscan su lugar en la red”, *La Región*, “Ciudad”, 3 febreiro 2002, p. 16.

Dáse noticia dun novo proxecto de informatización e comercio electrónico, presentado pola Asociación de Libreiros ourensáns, que lles permitirá a máis dunha vintena de librerías galegas estar presentes na rede e optar a un comercio “on-line”. Por outro lado, faise

mención ao congreso de libreiros que se desenvolveu en maio en Ourense, no que se discutiron, entre outros asuntos, as preocupacións que ten o sector na actualidade, a situación da librería española con respecto ás librerías europeas, o hábito de lectura, as novas tecnoloxías e a calidade das librerías.




Miragaya, M. J., “Debate sobre un mundo de sueños y creatividad”, *La Región*, “Cultura”, 20 febreiro 2002, p. 67.

Alúdese ás xornadas “Dez anos do Teatro Principal de Ourense”, celebradas en Ourense, nas que se debateron diferentes aspectos sobre a producción teatral, a interrelación entre teatro e cine, o teatro galego na actualidade, a historia do Teatro Principal e a súa repercusión na vida social de Ourense, etc. Recóllese, tamén, unha entrevista do escritor e actor Cándido Pazó na que resalta a necesidade de crear uns “circuítos de exhibición máis regulares”.

Miragaya, M. J., “Un repaso por el pasado teatral de Ourense”, *La Región*, “Cultura”, 21 febreiro 2002, p. 67.

Séguese falando da segunda xornada do congreso “Dez anos do Teatro Principal deOurense”, que comezou cunha ponencia a cargo de Miguel Ángel González quen falou sobre os arquivos históricos para recuperar as referencias ao teatro en Ourense. Finalmente, recóllese a entrevista realizada ao presidente da Asociación de Autores de Teatro, Jesús Campo, que reflexionou sobre as transformacións que repercuten no labor dos actores de teatro, como o mundo do audiovisual, a separación entre o director de escena e o autor, etc.

Monteagudo, Henrique, “Casares no Consello da Cultura”, *A Nosa Terra*, nº 1.025, “Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 27.

Lembranza da traxectoria de Carlos Casares como presidente do Consello da Cultura Galega. Destaca del o seu talante dialogante e conciliador e a boa relación institucional do Consello cos poderes públicos. Sinala, tamén, aqueles proxectos polos que tiña nos últimos tempos máis querencia, entre eles, a edición das obras completas de Sarmiento, o museo da emigración galega ou a colección Gallaeciae Monumenta Historica. Tamén alude á

necesidade dun gran pacto político e social para a defensa do idioma galego polo que el apostaba abertamente. Remata desexando que o espírito deste home tolerante, conciliador e nada dogmático alente todos estes proxectos.




Montejano, Vicente, “Tres días de luto oficial en Nigrán”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, “La Cultura Gallega, de luto”, 10 marzo 2002, p. 6.

Coméntase que a morte repentina de Carlos Casares causou sorpresa e conmoción na comarca miñorana, motivo polo que o Concello de Nigrán, no que residía o autor, decretou tres días de loito oficial. A seguir, recórdanse algunhas das últimas aparicións públicas de Casares.

Montero García, Carlos, “O que me mataba”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 16 agosto 2002, p. 12.

Relato de Carlos Montero García (Ferrol, 1983), no que se recollen as lembranzas dun namorado ao que deixou a súa noiva. Dá conta de todos aqueles momentos nos que a

recorda cun desgarrado ánimo que tan só lle permite pensar que nunca atopará o amor nin a felicidade.




Mosquera Beceiro, María José, “Filla”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 2 agosto 2002, p. 13.

Brevísimo relato no que é “debuxada” unha pequena pasaxe na vida dunha muller maior que padece Síndrome de Alzeimer no que, ademais, son protagonistas a súa filla e marido. Pecha cun diálogo entre estes últimos, no que o pai lle prega que a coide docemente.

Mouriño Román, Iago, “Riguroso Directo”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 4 agosto 2002, p. 14.

Conto de Iago Mouriño Román (Lalín, 1984), no que se desenvolve unha escena vivida nun concurso televisivo que parte dun esquema clásico (preguntas e respostas continuas con acumulación de premios), co que se caricaturiza a realidade mediática a través de certos

cortes publicitarios nos intres de maior intriga ou accións absolutamente morbosas e irracionais para aumentar a audiencia.




Muíños, Marián, “El nombre de Carlos Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 12 marzo 2002, p. 68.

Con motivo da morte de Carlos Casares, lembra a conferencia que este impartiu no auditorio de Caixa Galicia durante o acto de apertura do curso literario da Asociación de Escritores e Artistas Españois. Destaca desa conferencia as alusións do escritor a aspectos como o papel da literatura, a evolución dos libros que pode levarnos a outro medio como o libro electrónico e o beneficio que este podería xerar, ademais de salientar a súa sinxeleza e coherencia.

Mundo, El, “Conmoción en Galicia por la muerte de Carlos Casares”, *El Mundo*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 53.

Dáse noticia do falecemento do escritor Carlos Casares, de quen se ofrece uns breves comentarios biobibliográficos. Recóllense, por outro lado, as palabras e primeiras impresións de destacados persoeiros do mundo da política e da cultura

N. V., "O teatro ten que estar máis próximo ás persoas e falar do que lles sucede", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 12 xuño 2002, p. 15.

Faise unha achega á figura de José Luís Prieto, escritor, actor e director escénico, á quen se lle considera un referente teatral na comarca de Ferrol. Coméntase que as súas armas son o humor distorsionado e abstracto e a realidade sempre presente. Ademais, indícase que formou parte da compañía Caroza, onde aprendeu o que sabe. Actualmente, segue escribindo e impartindo clases de teatro.

V., "Axeitos abre a Semana do Esquío reivindicando a Lorenzo Varela", *Diario de Ferrol*, 20 novembro 2002, p. 19.

Alude á conferencia inaugural da Semana Literaria, que precede ao Premio Esquío e que correu a cargo de X. L. Axeitos, quen tratou a figura de Lorenzo Varela. Apunta que Axeitos comentou a obra do poeta exiliado en galego e castelán e lembra que este profesor xa editara con anterioridade a obra de Lorenzo Varela a través dun proxecto de rescate da literatura do exilio, que inclúe á Editorial Renacemento, á Universidade Autónoma de Barcelona e a Edicións Xerais de Galicia.

Nasia, "O incrible punto parlanchín", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 26 agosto 2002, p. 12.

Relato imaxinario de Nasia (Ferrol, 1979) no que un punto pertencente a un conto estaba aburrido porque nunca antes fixera unhas liñas tan pouco interesantes coma as daquela historia na que o espacio era tan reducido que lle resultaba moi difícil respirar. Un bo día sorprendeu gritando a un lector, quen, despois de prestarlle atención lle permitiu volver a sentirse grande e interesante construíndo frases e ideas fermosas.

Neto, Tucho, "Os libros e a rede", *La Voz de Galicia*, "El Busc@dor", 22 abril 2002, p. 6.

Comeza reflexionando sobre as vantaxes que ofrecen os libros fronte aos novos medios que as Novas Tecnoloxías poñen ao alcance do home. A seguir, céntrase na relación que a literatura establece coa rede, onde os vinculados co mundo do libro poden recadar toda a información, colgar o seu material e que o lean milleiros de lectores. Tamén se refire á falta do problema da distribución que ten o papel ou á capacidade case infinita de atopar o que as librerías non poden presentar por motivos de espacio. Remata coa consideración de que tal vez o novo medio axude a revitalizar o anterior.

Nicolás, Ramón, "Unha conversa inacabada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 23, 19 decembro 2002, p. IV.

Informa que se vén de publicar o libro *Carlos Casares. Nove retratos e unha conversa inacabada*, onde Ramón Loureiro mantivo unha última e longa conversa co escritor Carlos Casares. Salienta que o libro está cargado dunha gran emotividade debido á forte amizade que mantiñan entrevistador e entrevistado.

Noia, Soedade e A. R. **López**, “Ler verán”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 427, 25 xullo 2002, pp. 10-11.

Faise un anuncio pormenorizado das propostas que as editoriais galegas realizan para o verán. Así, comeza repasando unha por unha, as actividades previstas e publicacións que farán Xerais, Galaxia, Sotelo Blanco, Espiral Mayor, Laiovento, Follas Novas, Francka Editora e Edicións do Castro.

Novo, Paulino, “Un autor incríble”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 6.

Sinala as distintas actividades que Carlos Casares tiña entre mans nos últimos tempos. Así, fala dos traballos realizados sobre o Padre Sarmiento, da preparación para publicar os textos galegos de Cela, da xestión diaria do Consello da Cultura, da dirección da Editorial Galaxia e das colaboracións xornalísticas ou doutro tipo e que el satisfacía continuamente. Conclúe sinalando que Casares antepoñía sempre os servicios ao país ao seu labor literario,

aspecto que lamenta xa que, segundo indica, se trataba do mellor narrador da literatura galega.




Nóvoa, Ruth, “Historia y periodismo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense. Especial: Ourense en el siglo XX*”, 19 xaneiro 2002, p. 9.

Destaca que unha vintena de expertos participaron na elaboración do coleccionábel *Ourense en el siglo XX* (2001) e entre eles destaca o labor de Luís M. Risco, Raúl Sotelo, Victoria Carballo Calero ou Xosé Manuel Cid.

Núñez, Toño, “Cereixas bravas”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 19 agosto 2002, p. 10.

Toño Núñez, mestre de Navia a Suarna, presenta un relato no que se conta a historia dun neno paupérrimo que se dedicaba a vender cereixas, pero eran cereixas bravas, de xeito que ninguén llas mercaba. Aínda por riba, un bo día sufriu o acoso dun grupo de rapaces

que lle tiraron con todo o que levaba. Remata o relato manifestando lástima polo que lle acontecera ao pobre rapaz.




Oreiro, Avelino, “¿Y por qué no leer también en la playa?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 24 xullo 2002, p. 51.

Comenta que este verán e como iniciativa en prol da lectura, o Concello de Sanxenxo abriu unha pequena biblioteca ao público na praia de Silgar. Informa que a “bibliopraia” funciona dende as 12 ata as 21 horas.

Otero, David, “Activar a memoria para non olvidar, para non amputar o sentimento”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 8.

Indica que escribe con pesar pola morte de Carlos Casares, un amigo que nunca lle dixo non ás cousas que lle pedía. Destaca algunhas características polas que sobresaía Casares, como por exemplo a súa tolerancia e o saber escoitar. Por outro lado, salienta o

feito de que, xunto con Alonso Montero e Víctor Freixanes, o axudou a el e a outros a manter o Premio de Novela García Barros.




Otero, Encarna, “Para Roberto”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 setembro 2002, p. 34.

Fai unha lembranza sobre a vida e obra de Vidal Bolaño. Di que foi un home universal e eterno, próximo á súa xente e ao seu pobo.

Otero Tranchero, Pablo, “Nai araña”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 17 agosto 2002, p. 13.

Preséntase a historia dunha muller, á que chama nai araña e que, frustrada e abandonada, intenta disfrazar a realidade cotiá para que a súa vida sexa máis levadeira. Ao final dos seus días consegue “descansar” na tan ansiada pedra de mármore rosa, aínda que segue preocupada polo futuro das súas arañiñas.

Outeiriño, Maribel, “La ciudad pierde a su hija Matilde Lloria”, *La Región*, “Ourense”, 19 maio 2002, p. 10.

Dáse noticia do falecemento da poetisa manchega Matilde León. Coméntase que a escritora estivo moi vinculada á cidade de Ourense, da que foi declarada filla adoptiva a petición de Otero Pedrayo e Blanco Amor. En canto á súa faceta de escritora destácase o seu primeiro libro, *Canción de Navidad* e *Caixiña de música*, entre outros. Finalmente, dise que doou a biblioteca familiar á Deputación de Ourense.

Outeiriño, Maribel, ¡Nos quiso tanto!”, *La Región*, “Ourense”, 19 maio 2002, p. 10.

Lembranza da escritora Matilde Lloria, de quen se destaca o seu amor por Galicia e por Ourense, cidade na que estivo integrada durante varios anos e á que doou a súa biblioteca familiar.

P. B., “Suso de Toro: ‘A literatura galega está escindida da sociedade”, *A Nosa Terra*, nº 1.030, “Cultura”, 18-24 abril 2002, p. 28.

Faise referencia á intervención do escritor Suso de Toro nas XII Xornadas de Literatura e Lingua, organizadas pola AS-PG, na que salientou a necesidade dunha literatura que exista nos lectores, sen estar burocratizada. Falou da precariedade na que se atopa a literatura galega e da necesidade dun debate autocrítico que revise o modelo de cultura.

P. L.,"Xan López defiende la inmortalidad de las letras frente a la dictadura del chip", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 agosto 2002, p. 20.

Dá conta da apertura un ano máis da Feira do Libro organizada pola federación de Libreiros de Galicia e coa colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, O Concello, Caixanova e Caixa Galicia. Di que o pregón correu a cargo de Xan López Domínguez, que ademais homenaxeou ao finado escritor e xornalista Carlos Casares.

PS, "El cementerio cuntiense de Cequeril acoge un acto en memoria de Xesús González", *Diario de Arousa*, "Caldas/Cuntis", 11 setembro 2002, p. 26.

Sinala que na parroquia cuntiense de Cequeril se realiza unha ofrenda floral ao escritor Xoán Xesús González, fusilado en Santiago no ano 1936. Di que o acto está organizado pola Asociación Cultural Meigallo en colaboración con colectivos como a Fundación Alexandre Bóveda e a Fundación Castelao, entre outros.

Pacín Jul, Alejo, "Fuxitivo en tempos de guerra", *La Voz de Galicia,* "Páxinas literarias. Relatos de verán", 18 agosto 2002, p. 12.

Narra a historia dun preso que soña coa liberdade. Ambientado no ano 1942, o cativo consegue fuxir do cárcere enganando ao garda e reflexiona sobre a vida.

Palacios, Xosé María, "Os novos escritores galegos debaten a relación co mercado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 novembro 2002, p. 49.

Realiza un breve balance do que deu de si o segundo día do Encontro de Escritores Novos de Mondoñedo, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Subliña

algunha das opinións sobre a dinámica editorial e a literatura galega. Entre estas destaca que Manuel Solleiro considerou que a industria editorial estaba a “converte-la narrativa nun subxénero da española”.




Pampín, Silvia, “Borobó’ recogió en Cuntis el III Premio de Xornalismo de Opinión”, *Diario de Arousa*, “Cuntis”, 22 marzo 2002. p.35

Faise eco do acto de entrega do III Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres a Raimundo García Rodríguez, “Borobó”, na Casa da Cultura de Cuntis, citando a nómina de asistentes. Sinala que tanto o alcalde de Cuntis, que desexou que o premio fose para todos os xornalistas e destacou a liberdade de expresión como fundamento da democracia, coma Darío Villanueva, que fixo fincapé na independencia dos criterios da escrita do homenaxeado, destacaron a consolidación do premio que convocaron en conxunción as entidades que representan. Recolle unha retrospectiva da traxectoria de “Borobó” feita por Víctor Fernández Freixanes e a súa cualificación como “mestre de xornalistas que ten tras de si a memoria dun século”. Refírese tamén á intervención do galardoado, na que con humor sinalou que sempre traballou de balde e que se non tivera escrito os “Anacos” ou “O

novelo dos anacos” ninguén se lembraría del, se autodefiniu como un “machacante dos catedráticos” e non esqueceu a Carlos Casares, López Nogueira, Blanco Torres e Xoán Xesús González, a quen o seu compromiso os levou á morte.




Pardo, Miguel, “A feira reivindica a vixencia do libro fronte ao soporte dixital”, *La Opinión*, “Cultura”, 2 agosto 2002, p. 37.

Informa da apertura da XXXI Edición da Feira do Libro da Coruña que este ano quedou inaugurada coa lectura do pregón por parte do ilustrador Xan López Domínguez, que se encargou de homenaxear o recentemente falecido Carlos Casares, a quen se referiu como “un home dedicado ao libro, que axudou a que siga vivindo hoxe en día”.

Patterson, Craig, “Amigo Xan”, *A Nosa Terra*, nº 1.058, “Cultura”, 28 novembro-4 decembro 2002, p. 31.

Loa emocionado a Xan González-Millán e lembra a derradeira vez que o viu con vida. Asemade, dedícalle a súa tese de doutoramento, á que contribuíu o falecido cos seus consellos.

Pedreira, Emma, “Voces”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 13 agosto 2002, p. 12.

Enma Pedreira (A Coruña, 1978) que, conta no seu haber con dous premios (o Premio de Poesía Centenario Fermín Bouza Brei e mailo Manuel Murguía), escribe un relato en terceira persoa no que unha muller, Sancha Rodrigues, se atopa de súpeto no seu cadaleito, desconcertada perante os signos da morte descoñecida que a axexan. Son as voces doutros compañeiros de cemiterio as que a fan comprender.

Pedro de Vera, Xerardo, “Elba”, *A Nosa Terra*, nº 1.055, “Cultura”, 7-13 novembro 2002, p. 30.

Co gallo dunha homenaxe a Novoneyra no Centro Cultural Municipal de Lugo, lembra a singular voz do poeta do Courel, mostrando a súa admiración tanto por este coma pola súa dona. Así mesmo, alude a un poema, “Pranto pola morte de Ché”, que lle fixera o egrexio lugués.

Pereira, Víctor Campio, “Matilde Lloria, in memoriam”, *La Región*, “Ourense”, 19 maio 2002, p. 19.

Detén o seu comentario na poeta ourensá de adopción, Matilde Lloria, que acaba de falecer en Valencia. Afirma que foi na cidade das Burgas, onde viviu vinculada á nosa cultura, onde naceu para a poesía galega e onde compartiu soños, alegrías e esperanzas cos escritores e poetas ourensáns da época. Asemade sinala que, coñecedora do castelán e valenciano, comezou a profundar no galego, tendo como mestres a Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco. Cita a súa producción, entre a que están *Caixiña de música*, *Dou fé* ou *Unha casa no tempo*, e puntualiza que froito do seu amor á cidade das Burgas foi a proclamación de filla adoptiva da cidade e o legado da súa biblioteca e outros obxectos de valor artístico e

filatélico á Deputación de Ourense. Conclúe reproducindo un fragmento dunha das últimas cartas que lle enviou.




Pérez, B. e A. **De Santos**, “Carlos Casares fallece en Vigo a causa de un infarto”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, “La Cultura Gallega, de luto”, 10 marzo 2002, p. 2.

Infórmase do pasamento do escritor ourensán afincado en Vigo, Carlos Casares Mouriño. A seguir, reprodúcense algunhas palabras duns dos seus mellores amigos, o profesor deFilosofía no Instituto Santo Tomé de Freixeiro (Vigo), Manolo Rodríguez Álvarez. Coméntase, así mesmo, que o día anterior Casares participara nunha homenaxe a Francisco Fernández del Riego, organizada pola fundación Premios da Crítica. Para rematar, cítanse algúns dos moitos intelectuais galegos que acudiron a despedir a Carlos Casares.

Pérez, Patricia, “Los directores de las casas museo destacan la figura de Luís Seoane”, *El Ideal Gallego*, 28 setembro 2002, p. 18.

Dá conta da celebración dun encontro nacional de corenta e sete agrupación que forman parte de ACAMFE (Asociación de Casas Museo e Fundacións de Escritores). Durante as reunións, destacaron o seu interese por integrar casas tales como a de Camilo José Cela. Aproveitando esas xornadas, di que se farán varias visitas, entre elas á Casa de Emilia Pardo Bazán e Luís Seoane.

Pérez, Paula, "Zulueta: 'Continuaré con la obra que Casares no pudo terminar", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 18 abril de 2002, p. 40.

Dá noticia do nomeamento de Alfonso Zulueta de Haz como novo presidente do Consello da Cultura Galega, durante os próximos catro anos. Recóllense as súas palabras nas que loa o traballo e a personalidade do antigo presidente Carlos Casases.

Pérez García, Manuel, "A fame é negra", *La Voz de Galicia*; "Páxinas literarias. Relatos de verán", 8 agosto 2002, p. 10.

Conta a historia dun rapaz que por primeira vez tivo que negociar por si só a compra dun

cuxo. Anos despois reflexiona sobre o complicada que é a vida para os ollos inocentes dun raparigo.




Pérez González, Germán, "¿Dasme lume cariño?, *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 23 agosto 2002, p. 11.

Alfredo, maniático da orde, tenta buscar o acendedor que a súa muller, Cristina, lle estea a pedir. Aínda que nun momento pensa que o perdeu nalgún lugar do despacho ou no restaurante, descobre que estea na mesiña de noite.

Pérez Lorenzo, Francisco, "O 'Padre Sarmiento' reabre ó público o seu fondo bibliográfico", *El Correo Gallego*, "Cultura", 12 marzo 2002, p. 74.

Dáse noticia da apertura da nova biblioteca do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, que conta cun depósito de libros sobre historia e humanidades de Galicia e cunha hemeroteca na que se rexistra unha colección importante de revistas e fotografías, así como legados como o do Seminario de Estudos Galegos. Apúntase que o seu director,

Eduardo Pardo de Guevara, comentou que o obxectivo é manter unha biblioteca de referencia para a investigación sobre Galicia.




Pérez Lorenzo, Francisco, “Os compañeiros de letras erguen a voz poética de Xoán Manuel Casado”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 23 marzo 2002, p. 75.

Faise referencia á homenaxe que lle rendeu o Pen Club Galego á figura do poeta Xoán Manuel Casado, onde se fixo un chamamento para a recuperación desta voz poética. Infórmase que no acto estiveron presentes distintos persoeiros das letras galegas como Xosé Luís Méndez Ferrín, Víctor Freixanes, Alfredo Conde, Xosé Mª Dobarro, Xavier Seoane, Xesús Rábade Paredes, Luís Tosar ou Henrique Monteagudo, entre outros. Finalmente, recóllense as palabras de Basilio Losada quen se referiu ao poeta como un home que “escribía cando tiña algo que dicir”. Saliéntanse as obras *Rexistro de menores espantos* (1973), *Libro de Caldelas* (1982) ou *Antigo e futuro* (1986), dos que se extrae unha temática “fondamente galega e universal”.

Pernas, Ramón, “Tamén eu”, *La Voz de Galicia,* “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 20

agosto 2002, p. 10.




Antes de matarse, o narrador relata a historia do seu pai, quen tamén se suicidara trinte e un anos antes. Cun traxe gris marengo, o protagonista espera ese intre no que o revólver que porta acabará coa súa vida.

Pino, Concha, “Casares reclama un museo para os fondos sobre a emigración”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 marzo 2002, p. 34.

Alúdese á petición de Carlos Casares da creación dun centro de documentación ou dun museo que recolla todos os fondos sobre a emigración. Por outro lado, sinálase que os portavoces políticos da oposición lamentaron o pouco avance na recuperación do patrimonio musical galego e que se insistiu na necesidade de que o Consello amplíe a súa representatividade e faga unha apertura a “novas sensibilidades”.

Pino, Concha, “A Escola de Arte Dramática iniciará a súa actividade nun espacio provisional”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 2 marzo 2002, p. 3.

Fálase da posibilidade de pór en marcha en Santiago de Compostela unha Escola Superior de Arte Dramática. Coméntase que a comisión de Música e Artes escénicas do Consello da Cultura Galega foi a promotora deste proxecto, elaborado de acordo coa lexislación educativa. Sinálase que nesta comisión están, entre outros, Eduardo Alonso, Cándido Pazó, Manuel F. Vieites, Xosé Mª Sánchez, Dolores Vilavedra e Damián Villalaín.

Pino, Concha, "Emotivo funeral por Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 marzo 2002, p. 30.

Dá noticia do funeral de Carlos Casares, oficiado na igrexa de San Domingos de Bonaval e que contou coa participación de persoeiros do mundo da cultura e da política. Ademais, sinálase que durante o evento se leron textos do escritor, como o último artigo que publicou en *La Voz de Galicia*, a cargo de Xavier Casares, un artigo de Manolo Rivas dedicado ao escritor, por parte de Ernesto Chao, a traducción dun texto de Michel Quoist, entre outros.

Pino, Concha, “O Consello da Cultura non ten candidatos firmes para nomear o novo presidente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 marzo 2002, p. 31.

Sinálase que o Consello da Cultura Galega vai convocar un plenario para discutir sobre a futura presidencia da Institución. Coméntase que se barallan os nomes de Ramón Villares e Henrique Monteagudo, este último con máis puntos por ser o membro máis novo e o secretario do organismo.

Pino, Concha, “Alfonso Zulueta, único candidato á presidencia do Consello da Cultura Galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 abril 2002, p. 26.

Coméntase que o notario vigués Alfonso Zulueta de Haz concorre en solitario ás eleccións de presidente do Consello da Cultura Galega. Sinálase que a súa candidatura foi a única rexistrada no prazo oficial. Ademais, ofrécese a traxectoria deste persoeiro, notario de profesión e presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, membro da administración da editorial Galaxia e fundador do Partido Galego Social-Demócrata entre 1974 e 1978.

Pino, Concha, “Alfonso Zulueta foi elixido presidente do Consello da cultura por maioría absoluta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 abril 2002, p. 34.

Informa da elección de Alfonso Zulueta de Haz como presidente do Consello da Cultura Galega. Apunta que o novo presidente declarou a súa intención de traballar en equipo e continuar cos proxectos que xa estaban en marcha. Comenta que o acto se abriu cun minuto de silencio e coa lectura dunha declaración institucional polo falecemento de Carlos Casares. Finalmente, recolle unha entrevista co novo presidente na que alude á súa amizade co escritor ourensán e á continuación do seu traballo.

Pino, Concha, “A Academia escolle hoxe entre tres aspirantes ó substituto de Marino Dónega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 abril 2002, p. 26.

Alúdese á elección dun novo académico para substituír a vacante deixada por Marino Dónega. Coméntase que para o posto se barallaron tres nomes, o de Manuel María, Daniel Cortezón e Xosé González Martínez. Asemade, sinálase que están propostos un total de

seis académicos para recuperar os postos dos académicos correspondentes, cítanse entre outros a, Xulio Ríos, presidente de Igadi, Xosé Manuel Lema e Xosé Luís Regueira.




Pino, Concha, “A falta de acordo sobre o sucesor de Casares mantén vacante a dirección de Galaxia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 xuño 2002, p. 31.

Sinálase que a presidencia da editorial Galaxia segue baleira despois dos tres meses da morte de Casares. Apúntase que Manuel Meixide, conselleiro delegado da editorial, comenta que as cousas levan o seu tempo e que a falta dun director non afecta ao funcionamento da editorial xa que conta cun equipo profesional cualificado. Tamén se subliña que o nome que se baralla para suceder a Casares é o de Damián Villalaín, home de confianza del, que compartía a mesma liña editorial.

Pino, Concha, “O fondo editorial menos coñecido compite con éxito coas novidades no Salón do Libro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 13 xuño 2002, p. 8.

Alúdese á apertura do Salón do Libro en Compostela e coméntase que nesta cita cultural non se deron cita todos os editores, pero si os fondos máis importantes do país. Fálase, tamén, que o obxectivo é converter o Salón do Libro en referencia para todos os galegos e facerlle competencia á editorial en castelán.

Pino, Concha, “A Fundación Torrente presentouse cunha homenaxe ó seu mentor e a Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 xuño 2002, p. 31.

Presentación da Fundación Torrente Ballester con motivo do novaxésimo segundo aniversario do seu nacemento e que será inaugurada co novo ano. Sinálase que o acto se converteu non só nunha homenaxe a este escritor, senón tamén ao seu amigo e tamén escritor Carlos Casares, que incluíu a presentación da edición do seu libro *Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo*.

Pino, Concha, “Os escolares enchen de animación o Salón do Libro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 14 xuño 2002, p. 9.

Faise referencia ao evento do Salón do Libro en Santiago de Compostela, no que os libreiros expuxeron a falta que ten de espacio o libro galego. Fálase, tamén, da asistencia de numerosos escolares e da lectura de poemas de obras editadas por Espiral Maior, por parte de Enma Pedreira, X. C. Gómez Alfaro, Baldo Ramos e Xesús Pereiras.

Pino, Concha, “A lectura colectiva do seu último libro foi unha homenaxe popular a Casares”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 15 xuño 2002, p. 9.

Fálase de Pepe Carreiro e dos seus debuxos para os nenos e dáse conta da lectura en público dunha das últimas obras de Carlos Casares, *A vida do Padre Sarmiento*, por parte de xente anónima e de persoeiros da vida pública compostelá.

Pino, Concha, “A producción galega de teatro, música e danza cumpre dez anos de xestión pública”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xuño 2002, p. 30.

Informa da celebración dos dez primeiros anos de actividade do IGAEM como organismo autónomo encargado da xestión da política e cultural nos eidos do teatro, a música e a

danza. Sinala que das mil duascentas actividades promovidas polo organismo, as de teatro representan un 63,5% fronte ás de música e danza. Por outra banda, fala da creación do CDG, da Xove Orquestra de Galicia e da Escola de Altos Estudios Musicais, así como da Compañía de Danza Rei de Viana.




Pino, Concha, “As artes escénicas e musicais celebraron os dez anos de existencia do Igaem”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 26 xuño 2002, p. 9.

Menciónase a celebración dos dez anos de existencia do Igaem no Salón Teatro en Compostela, ao que acudiron numerosas personalidades relacionadas co mundo da cultura. Sinálase que no acto se fixo un recoñecemento ao traballo do persoal das distintas unidades de producción e dos profesionais implicados no traballo artístico.

Pino, Concha, “A viúva de Carlos Casares desexa que Galaxia ‘non perda o rumbo que marcaron Piñeiro e Carlos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 xuño 2002, p. 30.

Dáse noticia do nomeamento de Víctor Freixanes como novo presidente da Editorial Galaxia. Recóllense unhas declaracións da esposa deste último, Kristina Berg, quen afirma que se sentiu sorprendida pola decisión de ser Víctor Freixanes e non Damián Villalaín o que continuase o traballo do escritor falecido.

Pino, Concha, “A familia de Carlos Casares crea unha fundación para continuar a súa obra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 xullo 2002, p. 36.

Sinala que despois da súpeta morte de Carlos Casares, a súa familia, contando coa colaboración dalgunhas institucións públicas e privadas, crea a Fundación Carlos Casares. Salienta que a devandita entidade será presidida pola viúva do escritor, Kristina Berg, e ten a súa sede provisional en Vilariño (Nigrán).

Pino, Concha, “O patrimonio de Castelao, espallado e sen declarar ben de interese nacional”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 2 setembro 2002, p. 54.

Comenta que toda a producción intelectual e artística de Castelao está espallada por

diferentes lugares. Sinala que a casa natal do escritor, situada en Rianxo, é propiedade de Xavier Baltar, herdeiro universal de Teresa Castelao. Apunta tamén, que a Fundación Castelao nin sequera conta cun local propio e centra a súa función basicamente en catalogar a obra do escritor. Informa do estado e lugar no que se atopan obras como *As cruces de pedra na Bretaña* e *Os dous de sempre*.




Pino, Concha, “O derradeiro monólogo de Bolaño”, *La Voz de Galicia*, 12 setembro 2002, p. L3.

Dá conta da morte do dramaturgo Roberto Vidal Bolaño e sinala que coa súa perda a escena teatral galega perde un dos representantes máis significativos deste século. Asemade, comenta que a capela ardente sitúase no Salón Teatro con acceso ao público e destaca da obra do citado autor títulos como *A burla do galo, Mar revolto, Rosalía* ou a última estrea *Animaliños.*

Pino, Concha, “A terra de Boisaca acolleu ó creador de mil esceas vivas”, *La Voz de Galicia*, 13 setembro 2002, p. L7.

Informa que no camposanto de Boisaca tivo lugar o acto de sepultura dos restos do dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, no que Manuel Lourenzo foi o encargado de brindarlle o último adeus ao citado autor.

Pino, Concha, “Vidal Bolaño foi enterrado co seu sombreiro e o nariz de pallaso”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 setembro 2002, p. 46.

Comenta que no camposanto compostelán de Boisaca foi soterrado o dramaturgo Vidal Bolaño, xunto co seu chapeo e o nariz de pallaso. Destaca ademais as palabras de loanza que Manuel Lourenzo lle dedicou ao finado, a quen se referiu como un home íntegro que deu todo polo teatro e por todos aqueles que o coñeceron.

Pino, Concha, “O CDG conmemora o nacimento do teatro profesional galego cunha montaxe única”, *La Voz de Galicia*, “A Coruña”, 4 outubro 2002, p. 8.

Infórmase da apertura de temporada do CDG, que inclúe as seguintes obras: día 18 de outubro, *O colaborador*, de Friedrich Dürrenmatt, dirixida por Manuel Guede; día 7 de marzo de 2003, *Daquel abrente*, espectáculo co que se conmemora o XXV aniversario do teatro profesional galego; *Laudamuco, Señor de Ningures*, de Roberto Vidal Bolaño, e *O Velorio*, de Francisco Taxes. Tamén se informa da renovación do compromiso co teatro do Norte de Portugal e a súa colaboración coa *Companhia de Teatro de Braga* no proxecto "Cantiga", dirixido por Pierre Sarrazac.

Pino, Concha, "Nove retratos e unha conversa inacabada", *La Voz de Galicia*, Cultura", 10 novembro 2002, p. 48.

Comenta que o que ía ser unha longa conversa entre o xornalista ferrolán Ramón Loureiro e o escritor Carlos Casares quedou no ar pola súpeta morte deste último. Di que o libro, editado pola Fundación Carlos Casares e o Concello de Ferrol , é de todas formas o reflexo da forma de pensar e de percibir a realidade que tiña Casares.

Piñeiro, Antonio, “Pura Vázquez: Foi no domingo de Pascua”, *La Región*, “No aniversario da poeta”, 31 marzo 2002, p. 12.

Faise un pequeno percorrido pola vida de Pura Vázquez, con motivo do seu oitenta e catro aniversario. Fálase da súa infancia na Coruña, en Ourense, das súas primeiras publicacións no diario *La Zarpa*, o impacto que supuxo para ela a Guerra Civil, as súas clases en Madrid, onde coñeceu a Ramón Cabanillas, Camilo José Cela, Ben-Cho-Sei, etc. Tamén se mencionan as súas viaxes a Venezuela, onde residiu dous anos. Finalmente, recóllense as palabras de López Morais, que cualifica a escritora como unha figura das letras galegas e das castelás; e de Olga Gallego, que se refire a ela como unha escritora que sabe reflectir moi ben o mellor do mundo rural que rodea a Ourense.

Piñeiro, Antonio, “Unha carta de Curros a Pardo Bazán”, *La Región*, “Memoria literaria”, 12 maio 2002, p. 10.

Faise referencia a unha carta que Manuel Curros Enríquez lle enviou a Emilia Pardo Bazán en 1880, conservada no Museo do Exército de Madrid, dentro da colección Antonio Romero

Ortiz. Explícase que a carta é unha resposta de Curros á invitación da escritora para colaborar en *La revista de Galicia*, nela loa a iniciativa que tivo Emilia Pardo Bazán, co envío dun poema titulado “As cartas”. Por outro lado, tamén se fala da ruptura da súa amizade, sobre todo, á raíz das discrepancias xurdidas co libro *Aires da miña terra*.




Piñeiro, Antonio, “García Mañá dá o salto á literatura castelá”, *La Región*, “Sociedad”, 8 xullo 2002, p. 44.

Alúdese á presentación da primeira novela traducida ao castelán do escritor Luís García Mañá, *O lume de Santo Antón* (1997), inspirada na cidade de Ourense do XIX, que conta os misterios duns envelenamentos reais. Dise que a novela foi presentada nun encontro literario sobre a prosa de suspense na “Semana Negra de Gijón”.

Piñeiro, Vicente, “Calutia, unha moza de Facoi nos tempos dos romanos”, *El Progreso*, 18 agosto 2002, p. 8.

Narra a historia de Calutia, unha moza que vive en Facoi e que discute cuns cabaleiros sobre temas diversos coma o xogo, o amor... A discusión ten lugar nunha taberna, onde a vella que a rexenta, parece a mesma morte.

Piñeiro, X., "A poesía que pasea polos extremos", *Diario de Arousa*, 21 febreiro 2002, p. 56.

Recóllense as opinións e impresións do poeta David Souto, quen define a súa poesía como "unha mistura de filosofía, erotismo e reivindicación", influída por Pimentel, Manuel Antonio, Walt Whitmann, Iolanda Castaño e Enma Pedreira. Asemade comenta que o panorama poético en Galicia é bo e defende que o escritor debe facer partícipe ao público dos seus traballos.

Ponte, José Manuel, "Un hombre ameno", *La Opinión*, "Cultura", 10 marzo 2002, p. 64.

Lémbrase a figura de Carlos Casares, do que se salienta os seus gustos á hora de escribir os temas domésticos, xuvenís, da infancia ou anécdotas. Dise que sabía transmitir as cousas dunha forma "sabia e cordial".

Pousa, Luís, “Os escritores debaterán a porta pechada sobre o seu oficio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 novembro 2002, p. 49.

Salienta que vintecinco escritores galegos reflexionaron sobre a lingua e a literatura no I Encontro de Escritores sen público e sen prensa. Recolle as explicacións dos organizadores, ao tempo que alude ao patrocinio do Concello da Coruña e salienta o nome dalgún dos autores.

Prieto Souto, Xosé A., “Hoxe comeza todo”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias”, 6 agosto 2002, p.13.

Xosé A. Prieto Souto (Vilalba, 1981) conta a historia dun neno que dá os seus primeiros pasos pola beiramar. Inconsciente do acaecido, é o pai quen relata a modo de crónica as primeiras sensacións que a face do neno mostra.

Quián, Alberto, “La cultura y la sociedad gallegas reivindican la figura de Xavier Pousa ‘maestro del color”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 9 xaneiro 2002, p. 10.

Fai referencia á homenaxe que o Concello de Vigo e a Fundación Xoán Piñeiro lle renderon ao pintor Xavier Pousa. Coméntase que ao acto asistiron representantes do mundo cultural galego e amigos do artista, que leron textos dedicados ao pintor e recollidos no libro *Homenaxe a Xavier Pousa* (2001).

Quián, Alberto, “Arte se escribe en femenino”, *Faro de Vigo*, 7 marzo 2002, p. 72.

Alúdese ao espectáculo “Son Delas”, no que oito cantantes galegas se xuntaron para celebrar o Día Internacional da Muller, a través dunha proposta na que se integra música, plástica e literatura. Coméntase que Ana Romaní recolleu as palabras doutras poetisas como María Mariño, Chus Pato, Xohana Torres, Rosalía de Castro, etc.

Quián, Alberto, “Son delas’, arte en estado puro”, *Faro de Vigo*, 8 marzo 2002, p. 76.

Comeza sinalando que este espectáculo combina oito voces nas que a música, a plástica e a literatura compoñen un espectáculo multidisciplinar. Describe cómo se desenvolve a actuación de cada unha das integrantes.

Quián, Alberto, “Un tesoro fantástico”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 abril 2002, p. 45.

Achégase á figura de Agustín Jaureguizar, dono da maior biblioteca de ciencia ficción que hai en España. Sinálase que este galego de Vilagarcía comezou a súa afección á lectura na biblioteca paterna e que o seu interese por este xénero vén dado pola capacidade de sorprender que ten fronte a outros xéneros. Destácase o seu labor como articulista na revista *Nueva Dimensión*, nos anos 60 e 70, e a amizade que o seu pai mantivo con Castelao.

Quián, Alberto, “Como vivir de los libros sin pasar hambre”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 maio 2002, p. 33.

Nesta reflexión sobre as relacións entre o escritor e as editoriais, recóllense as opinións de diferentes escritores, entre os que se atopan, Álvaro Otero que fala sobre a dificultade de vivir da literatura, senón se complementa con outras actividades, e da necesidade de colaboración entre escritor e editor. Antón Riveiro Coello que sinala que Internet e as grandes redes de transporte cambiarán o mercado, propiciando a autoedición e, polo tanto, os prezos máis baratos. Por outra parte, Xabier Quiroga, comenta que en Galicia as tiradas son moi reducidas e o número de lectores moi pequeno.

Quián, Alberto, “Constitúese a Fundación Carlos Casares para difundi-lo legado e a cultura galega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 setembro 2002, p. 30.

Comenta que Damián Villalaín, secretario da Fundación Carlos Casares, presentou onte a nova Institución nun acto presidido por Cristina Berg, viúva de Carlos Casares. Di que á constitución asistiron vinteún membros do padroado que asinaron no Pazo Quiñones de León o documento de adhesión a esta iniciativa.

Quián, A., B. **Pérez** e A. **Santos**, “Foi o gran polígrafo da segunda metade do século XX”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, “La Cultura Gallega, de luto”, 10 marzo 2002, p. 6.

Amplo comentario sobre a figura de Carlos Casares, no que se recollen as palabras de Alfredo Conde, que afirmou que o escribir de Xinzo de Limia foi “o gran polígrafo galego da segunda metade do século XX, quen tocou tódolos xéneros”. Manuel Rivas, pola súa banda, comentou que a faceta humana de Casares “entronca co mellor do humanismo galego” e que, ademais, o autor “sementaba alegría e bo humor nun país que ten tendencia á tristeza”. A seguir, reprodúcense as palabras de Méndez Ferrín, que afirmou que se perdera “unha figura de moita importancia na literatura galega da xeración posterior á miña”. Así mesmo, Suso de Toro declarou que Casares “ocupaba un papel central e determinante no sistema da cultura galega”. Para rematar, María Xosé Queizán definiu a Casares como un home comprometido con Galicia e un gran conversador.

Quintanar, Vanessa, “Palabras que no se lleva el viento”, *La Voz de Galicia*, 12 xullo 2002, p. 9.

Informa que na galería Noroeste se está expoñendo unha mostra de abanos baixo o título "Palabras no aire". Di que o obxectivo era retar a 35 escritores galegos a plasmar as súas verbas sobre o amor erótico nun elemento tan peculiar como era un abano.

Quitán, Alberto, "El escaparate de las palabras", *Faro de Vigo*/*La Opinión*, "Sociedad"/ "Cultura", 6 novembro 2002/10 novembro 2002, pp. 48-49/pp. 66-67.

Fai un repaso polas distintas editoriais salientando a importancia que teñen tanto as portadas dos libros coma as distintas ilustracións que adoitan acompañar aos textos. Destaca dun xeito especial á Editorial Kalandraka, dedicada exclusivamente ao sector infantil e que trata, dun xeito moi efectivo, de fundir texto e ilustración. Comenta que outras editoriais, como é o caso de Ir Indo, con Xosé A. Perozo ao fronte, tratan de darlle unha identidade a cada colección e tenta que cada libro sexa único.

R. F., "Yolanda Castaño destaca la 'boa saúde' de la literatura gallega actual", *Diario de Arousa*, "Pontecesures/Valga/Cuntis/Moraña", 20 decembro 2002, p. 31.

Informa da conferencia ofrecida pola poetisa Iolanda Castaño no Salón de Plenos do Concello de Pontecesures. Sinala que a poetisa falou da súa traxectoria literaria, da situación da literatura galega na actualidade e da poesía, ademais de recitar varios poemas propios e doutros compañeiros de xeración. Apunta, finalmente, que Iolanda Castaño é autora de varios libros, gañadora de diferentes premios literarios, directora dun programa cultural na TVE2 e secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

R. M., "El pañuelo, mejor que la toalla", *El Ideal Gallego*, "Historias bajo la sombrilla", 24 agosto 2002, p. 18.

Desvela os costumes e hábitos estivais da escritora Yolanda Castaño, quen adora viaxar e quen, malia a súa xuventude, ten percorrido xa quince países. Acompañan ao texto unhas fotografías vacacionais da poeta, ás cales esta lles presta especial mimo.

R. N., "Objetivo: fomentar la cultura entre los adultos", *La Región*, "Verín actualidad", 13 outubro 2002, p. 21.

Infórmase da próxima posta en marcha dunha aula de literatura, totalmente gratuíta, na escola de adultos do Instituto García Barbón de Verín. Sinálase que o obxectivo deste curso anual é posibilitar que as persoas adultas, calquera que sexa o seu nivel de estudios, poidan iniciarse ou retomar o hábito lector. Explícase que se trata dunha iniciativa dos propios docentes do Instituto e que se dividide en dous módulos: un centrado na lectura e posterior análise de libros, e o outro na práctica da capacidade lingüística dende un punto de vista creativo. Tamén se comenta que, canto á metodoloxía pedagóxica, tentarase fomentar a participación e a autonomía dos alumnos, así como o traballo en grupos reducidos. Por último, anúnciase a posibilidade de ampliar a idea cara a outros ámbitos, coma o cine.

R. V., "Un filólogo descubre que el apellido "Cunqueiro" significa "recordado siempre", *Atlántico Diario*, "Vigo", 5 decembro 2002, p. 26.

Fai referencia á conferencia que o filólogo Antonio Palacio impartiu na aula sociocultural de Caixa Galicia en Vigo sobre a orixe dos nomes de persoa na obra de Álvaro Cunqueiro e que foi organizada pola Asociación Amigos de los Pazos. Entre outras cuestións, explicou a

orixe do apelido Cunqueiro e indicou que o autor tiña tendencia a empregar apelidos que facían referencia á profesión dos seus personaxes.




Rábade Paredes, Xesús, “Curros en Cabanillas”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 22 novembro 2002, p. 3.

Dáse conta da recuperación pola Bibioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor de *A Virxe do Cristal* de Curros Enríquez, lenda para a que Cabanillas en 1924 adaptou o libreto e Xosé Baldomir puxo a música. Explica que moitos autores difundiron a identificación de Cabanillas con Curros, identificación que a obra do poeta cambadés desmente. Finalmente, sinala que Cabanillas, na súa obra *No desterro*, envía a Curros ao ceo por ser o autor de *A Virxe do Cristal* e non pola súa poesía civil e redentora, nin pola forza da súa voz en contra da inxustiza, nin pola persecución da que o fixeran obxecto.

Ramos, Rocío, “Córgomo vístese mañán coas verbas do poeta Florencio Delgado Gurriarán “, *La Voz de Galicia*,“*La Voz de Ourense*”, “Especial: Letras Galegas 2002 en Ourense”, 16 maio 2002, p. 15.

Anúnciase que os veciños da aldea valdeorresa de Córgomo participarán nun maratón de lectura de textos de Florencio Delgado Gurriarán seguindo unhas táboas de madeira cos seus versos. Tamén se sinalan outras actividades desenvolvidas polos veciños de Córgomo –conferencias, representacións teatrais e publicacións– co fin de que lle dedique a este poeta ourensán o Día das Letras Galegas de 2003.

Ramos, Rocío, "Alonso Montero apoya a Florencio Delgado para las Letras Galegas de 2003", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 27 xullo 2002, p. 8.

Afírmase que Alonso Montero manifestou no Barco de Valdeorras o seu apoio á candidatura do poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán para as Letras Galegas de 2003, acción que promove o Instituto de Estudios Valdeorreses.

Reboiro, X. A., "El teatro baja el telón", *La Región*, "Carballiño", 30 agosto 2002, p. 17.

Infórmase que, por vez primeira en vinte anos, a vila do Carballiño non acollerá ningunha función teatral durante o mes de setembro. Sinálase que o Concello resolveu suspender a celebración da terceira edición do "Teatro de rúa" porque, segundo declarou o Concelleiro de Cultura, "non hai grupos de calidade onde escoller". Coméntase que esta medida provocou as críticas de diversos colectivos e da oposición. Repásanse, por último, os principais fitos históricos desta tradición dramática na citada poboación.

Rei Ballesteros, Anxo, "Passport", *La Voz de Galicia*, "Páxinas Literarias. Relatos de verán", 21 agosto 2002, p. 10.

Relato de Anxo Rei Ballesteros (Codeso-Boqueixón, 1952), no que o narrador lle explica á súa irmá as razóns que o levaron a se quitar a vida a si mesmo e ao seu cuñado cuns comprimidos para matar cans. Tratábase dunha víctima dun odio acérrimo contra os fumadores e Presidente da Liga Galega Anti-tabaco, que non pode soportar ver o marido da súa irmá san, pese a que fume tres paquetes diarios, e a el enfermo de cancro de pulmón sen se achegar nin sequera ao fume. A ilustración que o acompaña é de Leandro.

Rei-Doval, Gabriel, “A porta da amizade”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, “Cultura”, 5-11 decembro 2002, p. 38.

Dá conta da viaxe que Xoán González-Millán fixo recentemente a Oxford para asistir como examinador externo da tese de Craig Patterson. Sinala que durante os catro días que pasou na cidade o acompañou e resume o que fixeron nesas xornadas. Destaca a ilusión que ambos teñen por novos proxectos para Galicia e o seu intento de crear unha sección de lingua galega na librería oxoniense Blackwell´s.

Requeixo, Armando, “As reflexións melancólicas dun Casares de vida vedraia, en forma escrita”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 24 novembro 2002, p. 4.

Presentación dun xeito próximo e cariñoso á publicación que Ramón Loureiro fai sobre a súa “conversa inacabada” con Carlos Casares. Di que se trata dun ambicioso proxecto que plasmaría o lado máis humano sen esquecer a capacidade creativa deste finado home das letras.

Rey, Noemí, “Un tesoro entre estantes”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 3 agosto 2002, p. 8.

Informa da celebración na alameda viguesa da XI Feira do Libro Antigo e de Ocasión, da que destaca o seu interese por se tratar de “un verdadero atractivo para coleccionistas y buscadores de gangas”. Salienta algunhas das “xoias” que conviven na Feira cos volumes máis asequíbeis e as edicións facsimilares, como é o caso dunha triloxía sobre as viaxes de Colón de 1892 ou unhas cartas manuscritas dun bispo do século XIII.

Rial Esmorís, Ana Mª, “A mirada do can”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 10 agosto 2002, p. 13.

Neste relato de Ana Mª Rial Esmorís (A Coruña, 1971) nárrase o encontro casual na estrada cun can, que fora abandonado por un camioneiro e que se conmove ao velo. No camiño de volta, decide procuralo pero xa o atopa morto.

Rivadulla Corcón, X. H., “O segredo do vello mariñeiro”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 14 agosto 2002, p. 12.

Conto de X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962), no que se descobre o segredo mellor gardado dun vello mariñeiro que morreu sen casar. Tratábase da paixón que silenciosa e profundamente sentiu durante toda a vida por unha muller de Muxía que coñeceu de noviño cando andaba na escola e á que nunca lle declarou o seu amor porque "as nenas cando son tan fermosas fíxanse pouco nos homes que de maiores van ser vellos mariñeiros".

Rivas, Manuel, "O namorado de María", *La Voz de Galicia*, "Los Domingos de la Voz", 22 decembro 2002, pp. 2-4.

Relato literario narrado en primeira persoa por un dos protagonistas e que se sitúa nun marco espacio-temporal concreto, o día 5 de xaneiro de 1951 nunha aldea galega. O relato describe como un guerrilleiro galego asalta a uns homes que ían disfrazados de Reis Magos para actuar no Belén vivinte dun pazo, para substituír a un deles e conseguir entrar nese lugar. O "maqui" é o pai do bebé que fai de neno Xesús e que está no colo da súa nai, unha criada do pazo que andaba en amores segredos co guerrilleiro. Cando os asistentes á

representación se decatan da situación, o pai do neno foxe e o resto de Reis Magos axúdano a escapar.




Rivas Delgado, Antonio, “As noites de hoxe”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 25 agosto 2002, p. 14.

O texto de Antonio Rivas Delgado (Baños de Molgas, Ourense, 1959), máis do que un relato propiamente dito, como cabería agardar da sección do xornal en que aparece, ten trazos de autopoética (“os poetas esgazámo-la alma para descubri-lo romanticismo que solta unha rosa no xardín”) e de reivindicación identitaria (“Subindo ou baixando, baixando ou subindo, os galegos non nos quedamos quietos, por moito que digan que non sabemos”).

Rivas Domínguez, Francisco, “O derradeiro bico”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 14 agosto 2002, p. 12.

Francisco Rivas Domínguez, profesor de galego e colaborador de radio, desenvolve neste breve relato o coñecido mito da Santa Compaña. Tomasiño, o protagonista, atópase con ela

unha noite que regresaba de visitar á súa namorada e, malia que ao comezo non se percata do que lle acontece, convértese nun espectro. De feito, “á mañá seguinte as campás da igrexa choraron badaladas”.




Rivas Folgar, Lita, “Carmiña”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 24 agosto 2002, p. 11.

Lita Rivas Folgar (Santiago de Compostela) deseña neste conto descritivo a imaxe dunha vendedora de tenda de barrio, Carmiña, que tiña ficado solteira e vendo a vida pasar no seu negocio. A narradora, unha voz que fai memoria desta figura que coñeceu na infancia, soubo da súa morte e relémbraa con mágoa, inventando un final máis activo para a súa vida triste e gris. A lectora en cuestión xa ten publicado un libro titulado *A idade de cristal*.

Riveiro, Breogán, “Traxedia”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 2 agosto 2002, p. 12.

Neste relato de Breogán Riveiro (Montevideo, 1967) cóntase cómo o narrador se achega cara a unha famosa e bonita realizadora que está a chorar desconsoladamente na barra dun bar. Ela comentaralle que o día anterior, durante a rodaxe dun documental, o seu mozo sufrira un accidente e non había cinta na cámara para recoller a desgracia. O relato aparece acompañado pola ilustración de Abraldes.

Riveiro Loureiro, Manoel, “De cómo Vareliña veu dar en Varela”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 29 agosto 2002, p. 12.

Historia de acción de Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933), na que ten cabida o diálogo de dous personaxes: o inspector Faílde e o chamado Vareliña “por inexperto ou miñaxoia”. Os dous teñen que resolver un caso de asasinato, que remata no momento en que Vareliña descobre ao culpábel no lugar do crime e o mata de dous disparos, momento este no que o veterano inspector pasou a tratalo como “Varela”.

Riveiro Tobío, Elvira, “Balteira”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 10 agosto 2002, p. 12.

Monólogo interior imaxinario, a través do cal o espírito da famosa soldadeira medieval, á que se refire o título, arremete contra todos os poetas de cancioneiro que a amaron sen valorar o seu traballo como trobadora, facendo escarnio da súa figura e comezando polo propio Rei Sabio.

Rodiño García, Xan, "¡Culpable!", *La Voz de Galicia*, "Páxinas Literarias. Relatos de verán", 25 agosto 2002, p. 15.

Xan Rodiño García, estudiante en Compostela, escribe unha narración curta onde toca o tema do maltrato á muller. Unha estudiante confesa en primeira persoa cómo e por qué matou ao seu pai, esquecendo o amor filial, cando descubriu inesperadamente que mallaba na nai.

Rodríguez, Ana, "Unidas por la poesía, que es pintura con palabras", *Faro de Vigo*, "Vigo por los 4 costados", 1 outubro 2002, p. 4.

Comenta que dúas viguesas, Ledicia Costas (poeta) e Paula Mariño (artista audiovisual), inaugurarán proximamente na Igrexa da Universidade compostelá a mostra “Ut pictura poesis”, na que a imaxe (vídeos, fotografías, instalacións, diapositivas) e a palabra (versos) se dan a man. Sinala que o tema central desta exposición é a muller e ten un carácter reivindicativo, aínda que “la crítica no se muestra evidente al espectador”. Tamén repasa os currículos profesionais das dúas creadoras viguesas.

Rodríguez, Lorena, “A literatura que vén este outono”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 setembro 2002, p. 47.

Anúnciase que xa están listas para saíren ao mercado as últimas publicacións, maioritariamente en galego, das editoriais Cumio, Xerais, Ir Indo, Galaxia e Kalandraka. Apúntase que a oferta abrangue todos os ámbitos, dende a literatura infanto-xuvenil (a que posúe máis títulos e maior garantía de vendas), ata os libros clásicos, pasando polas reedicións, as guías e a edición das obras dos autores noveis que recibiran algún premio. Descríbense algúns dos títulos que van aparecer, indicándose a colección e a firma que os lanzará.

Rodríguez, Manuel, “Adeus, vello amigo, adeus”, *Atlántico Diario*, “A cultura galega de loito”, 11 marzo 2002, p. 49.

Como amigo de Carlos Casares, dá conta da profunda perda que supón o seu falecemento. Di que vai botar de menos, entre outras cousas, lelo na prensa e logo discutirlle ou estar de faladoiro con el. Ademais recorda distintos momentos en común e remata coa idea de que cando un escritor marcha non o fai de todo porque queda a súa obra, polo que di que el o relerá unha e outra vez.

Rodríguez, Pacho, “La Fundación Barrié de la Maza reúne sesenta mil volúmenes sobre Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 decembro 2002, p. 45.

Informa da apertura da Biblioteca da Fundación Barrié de la Maza, que reúne 60.000 volumes que comparten unha das seguintes características: de autor galego, editado en Galicia ou de temática galega. Explica que este é un proxecto ambicioso, iniciado trala doazón da biblioteca dos Condes de Fenosa e posíbel gracias ás doazóns doutras

importantes bibliotecas privadas. Apunta que o centro bibliográfico, que conta cun catálogo informatizado dispoñíbel na páxina web da Fundación, poderá ser empregado por investigadores autorizados.




Rodríguez, Salvador, “Castelao, liberdade en ruta”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “*El Sábado*”, nº 274/”Cultura”, 17 agosto 2002/18 agosto 2002, p. 1/p. 44.

Faise eco da inauguración no Museo Carlos Maside de Sada dunha mostra de fotografías e murais baseados na película *Castelao e os irmáns da liberdade* de Xan Leira. Sinálase que os autores destes materiais foron José Luís Abalo, Marcela Santorum Ardone, Diana Noemí Reiter Bruchtein e o propio director do filme, quen concibiu a idea. Tamén se apunta que a exposición “Unha testemuña histórica e artística” se vai levar a Vigo, Madrid, Barcelona, Nova York, México, La Habana, Buenos Aires e Montevideo. Finalízase comentando que Xan Leira está preparado un libro arredor da figura de Castelao e pensa continuar a triloxía fílmica sobre as consecuencias da Guerra Civil en Galicia, que iniciou con *Castelao e os irmáns da liberdade*.

Rodríguez, Xosé Manuel, “Casares rodou un documental sobre a revolución dos craveis no ano 1975”, *La Voz de Galicia*, “Espectáculos”, 15 novembro 2002, p. 54.

Informa da mesa redonda que tivo lugar no Festival de Cine de Ourense baixo o título “Casares e o cine”, á que asistiron como relatores Miguel Anxo Fernández, Marcos Valcárcel, Damián Villalaín e Kristina Berg. Sinala que entre todos descubriron que Carlos Casares era un apaixonado e gran coñecedor do cine, sobre todo italiano, e que rodou un documental sobre a Revolución dos Caraveis en 1975 e varias películas nas que participaban o seu irmán, a súa muller e el mesmo.

Rodríguez, Xosé Manuel, “Xavier Villaverde estrenó en Ourense “13 badaladas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 novembro 2002, p. 49.

Anuncia a clausura do Festival Internacional de Cine Independente de Ourense, na que se presentou a película *Trece Badaladas*. Apunta que o seu director, Xavier Villaverde, explicou que a novela narra unha historia baseada nos medos do ser humano e na dificultade de

enfrontarse a eles, ademais de destacar a boa relación que mantén con Suso de Toro, autor da idea orixinal do filme e da novela homónima.




Rodríguez Pérez, Fátima, “Silencio”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 27 agosto 2002, p. 12.

Fátima Rodríguez, estudiante de segundo de Bacharelato, faise eco neste breve relato do problema da violencia de xénero. Fala en primeira persoa unha muller maltratada, reflectindo as súas angustias e sentimentos contradictorios de medo, odio e amor.

Rodríguez Puentes, Xan, “Renata”, *A Peneira*, “A peneira das letras”, 1ª quincena marzo 2002, p. 36.

Relato literario narrado en primeira persoa polo seu protagonista, que conta cómo nunha tarde de verán saíu de paseo coa súa moto polos arredores dunha vila e atopou unha taberna. Entrou nela e sentiuse atraído pola súa propietaria, que parecía corresponderlle. Despois duns minutos de miradas e insinuacións, ela acercóuselle e bicouno. Nese

momento entrou unha parella da Garda Civil e ela, ao velos, pegoulle e insultouno, facendo ver que estaba sendo forzada.




Rodríguez Rañón, Xosé Carlos, “Citröen&Citröen”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 21 agosto 2002, p. 10.

Xosé Carlos Rodríguez Rañón (Ribadeo, 1973) escribe este relato, no que o protagonista é Henri François Citröen, inxenuo amante do 2CV, que morre afogado ao caer co seu coche no mar.

Romero, Marga, “RVB. Voz. Escrita”, *A Nosa Terra*, nº 1.047, “Cultura”, 12-18 setembro 2002, p. 25.

Realiza unha poética e deliberadamente subxectiva loanza do actor, dramaturgo, productor e home de teatro en xeral, Roberto Vidal Bodaño. Destaca a súa valía profesional tanto enriba do escenario coma nos bastidores, salientando a contribución deste autor no que

respecta á recuperación dun xénero “ausente da Academia e dos programas do ensino oficial” e o esforzo por el realizado cara á consecución para o país de “un teatro de seu”.




Romero Rey, Manuel, “Ás nos pés”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 2 agosto 2002, p. 12.

Relato no que se narra a carreira aloucada dun pícaro a través de leiras, devesas e campos de millo coas súas zapatillas novas.

Rozados Lorenzo, Miguel Ángel, “Ira”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 28 agosto 2002, p. 12.

Miguel Ángel Rozados Lorenzo (Santiago de Compostela) presenta este relato escrito en primeira persoa, no que un narrador conta cómo atopa, camiñando ao anoitecer pola periferia, un rapaciño marxinal semiabandonado pola súa avoa, ao que libera dun inminente atropelo. Denuncia o caso á policía, pero cando esta chega ao lugar en que supostamente malvivía o neno, encontra a penas unha caseta de obras.

Ruibal, Tomás, “Na súa morte”, *Diario de Pontevedra*, “En Portada/Carlos Casares: Pasamento dun escritor galeguista”, 10 marzo 2002, p. 4.

Apunta que despois de asistir o día anterior á homenaxe a Fernández del Riego, Carlos Casares morreu inesperadamente. Sitúa a este autor na xeración de escritores que tivo que loitar contra o franquismo para reconstruír Galicia e cre que, quizais, fose unha persoa que se dedicaba a demasiadas cousas. Por último, fai referencia á súa humildade, ao apoio que prestaba a aqueles traballos que levasen á recuperación da memoria histórica galega e menciona que recentemente publicara un ensaio sobre o Padre Sarmiento, personaxe co que lle encontra similitudes.

S. F., “Neira Vilas regresa a la posguerra gallega en el documental de Leira”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 novembro 2002, p. 39.

Faise eco da presentación no día anterior do documental *Memorias dun neno labrego*, no marco do Festival de Cine Independente de Ourense. Coméntase que a película, baseada

no famoso *best-seller* do escritor Xosé Neira Vilas, está dirixida por Xan Leira e producida por Ismael González, e nela recréase o percurso vital de Neira Vilas e a súa muller, Anisia Miranda. Recóllense as declaracións que sobre o documental fixeron na devandita presentación o director, o productor e o mailo propio Neira Vilas.




S. J., “As editoras galegas gañaron un 12,8 por cento máis nos últimos oito anos”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 29 outubro 2002, p. 90.

Fanse públicos os datos da Federación de Gremios de Editores de España segundo os cales a facturación das editoriais do país medrou considerabelmente entre os anos de 1994 e 2001, pasando os ingresos de 12 millóns de euros a 21. Sinálase tamén que, segundo esta fonte, o número de títulos, de exemplares e de tiraxe media en Galicia descenderon lixeiramente (0.9%, 6.7% e 5.78%, respectivamente), incrementándose non obstante os títulos publicados en galego (fóra e dentro de Galicia). Por último, recóllese a advertencia da presidenta da Asociación de Editores Galegos, Fabiola Sotelo, sobre a crise que ao seu parecer está atravesando o sector.

S. L., “Antón Patiño ve en Otero Pedrayo al ‘inventor del paisaje gallego”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 13 setembro 2002, p. 76.

Salienta que se está a celebrar en Amoeiro o taller multidisciplinar *A arte da paisaxe*, organizado polo Centro de Estudios Oterianos da Fundación Otero Pedrayo e dirixido por Antón Patiño e Menchu Lamas. Sinala que nel participan vinte persoas de toda Galicia interesadas ou vinculadas a diferentes ramos, como a arquitectura, as belas artes, a fotografía, etc.

S. L., “Ismael González reclama desde Ourense o Nobel de Literatura para Neira Vilas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 novembro 2002, p. 35.

Informa da proxección, no marco das xornadas de Cine Independente ourensán, do documental *Memoria dun neno labrego*, dirixido por Xan Leira e baseado na novela de Xosé Neira Vilas. Sinala que tanto Xan Leira coma o productor Ismael González insistiron na necesidade de recoñecer o valor profesional e humano de Neira Vilas e propuxeron a creación dunha plataforma para reclamar que se lle outorgue o Premio Nobel de Literatura.

Apunta que no acto estivo o propio Neira Vilas, quen falou do bo momento polo que atravesa a literatura galega, a pesar do descenso de lectores. Comenta que a xornada concluíu coa proxección do documental *O Himno Galego*, que versa sobre a estrea en Cuba do poema de Eduardo Pondal.

S. P., "¡Un bolero de Curros Enríquez!", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 248, "Arte/Música", 16 febreiro 2002, p. 4.

Coméntase que entre as cancións do novo disco de Paco Lodeiro, *Magia negra* (Fonomusic), figura un poema de Curros Enríquez, "O vello e o sapo", musicado por Prudencio Romo. Lémbrase que o cantante e "showman" Paco Lodeiro é un vello coñecido dos medios de comunicación galegos e tamén que non é a primeira vez que a música galega recorre ao bardo de Celanova.

S. R., "O lápis é para despois do verán", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 263, 1 xuño 2002, p. 2.

Anúnciase que a estrea da primeira longametraxe de Antón Reixa *O lápis do carpinteiro*, baseada na exitosa novela de Manuel Rivas, está prevista para o próximo outono, con sesións en Santiago e Madrid. Coméntase que na película, producida por Portozás Visións e Morena Filmes e que contou cun orzamento de cincocentos millóns, interveñen María Adánez, Tristán Ulloa, Luis Tosar, Manuel Manquiña, "Morris", Serxio Pazos e Nacho Novo, entre outros. Sinálase que foi rodada orixinalmente en castelán e a dobraxe ao galego foi concluída recentemente.

Salgado, Fernando, "Mugisha", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 28 agosto 2002, p. 12.

Fernando Salgado (Monterroso, Lugo, 1953) trata neste conto o tema da doazón de órganos, xa que o argumento xira arredor do destino fatal dun rapaz de Uganda, Mugisha, que é milagrosamente salvado ao morrer un neno galego.

Sampedro Muñiz, Ramón, "Vinte anos menos", *La Voz de Galicia*, "Páxinas Literarias. Relatos de verán", 3 agosto 2002, p. 12.

Relato curto enviado á sección de escritores noveis por Ramón Sampedro (Carreira-Ribeira, 1965) e que narra a impotencia e a carraxe que sente un pai xa entrado en anos ao testemuñar desde o seu cuarto unha escena de violencia entre a súa filla e o seu xenro.

Santa Cruz, Rocío, “Una mirada atrás al 1936 coruñés”, *La Opinión*, “Cultura”, 1 setembro 2002, pp. 58-59.

Faise memoria dun dos fitos máis tráxicos da nosa historia recente a través da ollada de Maruja Seoane, fiel compañeira de Luís Seoane. Aos seus noventa anos, a viúva relembra a súa vida en común co pintor, facendo especial fincapé nos acontecementos do alzamento militar de 1936. Así, despois de repasar os tempos de militancia do mozo Seoane no Partido Galeguista, conta cómo a irrupción da Guerra Civil obrigou á parella a exiliarse en Buenos Aires, detallando as circunstancias do agochamento do intelectual mentres agardaba para fuxir, a morte por fusilamento de familiares, a viaxe secreta, desembarco e posterior actividade cultural na Arxentina, etc. Anúnciase unha próxima exposición de pinturas

inéditas na sede que a Fundación Luís Seone posúe de modo provisional, ademais de incluírse varias fotografías do matrimonio, de diversas datas e localizacións.




Santa Cruz, Rocío, “La viva sensación de un escritor muerto”, *La Opinión*, “Cultura”, 30 setembro 2002, p. 53.

Nesta reportaxe infórmase da celebración do IX Encontro de Casas Museo e Fundacións de Escritores na sede da Fundación Luís Seoane da Coruña, no cal participarán a filla de Gerardo Diego ou a muller de Blas de Otero, entre outros persoeiros. Ademais, ofrécese unha descrición das actividades principais das Casas Museo e Fundacións de Escritores galegas: a de Rosalía de Castro e Camilo José Cela en Padrón, a de Luís Seoane e a de Emilio Pardo Bazán na Coruña, a de Wenceslao Fernández Flórez en Cecebre, a de Curros Enríquez e a de Otero Pedrayo en Ourense, a de Ramón Cabanillas en Cambados e as de Valle-Inclán na Pobra do Caramiñal e en Vilanova de Arousa. Fálase por último dalgunhas institucións deste carácter en España.

Sanz, Antón A., “A Feira do Libro da Coruña renderalle unha homenaxe a Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 agosto 2002, p. 50.

Coméntase que nesta edición da Feira do Libro da Coruña haberá un especial empeño en homenaxear o desaparecido escritor Carlos Casares, a través da colaboración da Federación de Libreiros de Galicia e a editorial Galaxia. Así, ademais da promoción dos títulos de Casares nas casetas, organizaranse actos paralelos, tales como unha mesa redonda na que participarán Kristina Berg, viúva do autor, Dolores Vilavedra, Damián Villaín e Víctor Freixanes. Enuméranse outras actividades previstas na Feira e saliéntanse, para concluír, as declaracións de Freixanes arredor dos resultados do estudio da AS-PG sobre o galego.

Silva, Mayte, “Os ‘papeis de Salamanca’ galegos”, *La Opinión*, “Cultura”, 11 agosto 2002, pp. 43-44.

Percorrido pola historia do Seminario de Estudos Galegos e os problemas habidos tras a súa desaparición en 1936, no que se recollen datos procedentes do libro de Alfonso Mato, *O*

Seminario de Estudos Galegos, publicado por Ediciós do Castro, no que, baseándose nos fondos da institución que quedaron depositados na sede do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento dependente do CSIC, se recupera a historia da fundación, dos traballos e da desaparición da institución. Recóllense tamén as opinións contrapostas de Alfonso Mato, Isaac Díaz Pardo e Eduardo Pardo de Guevara sobre a problemática da recuperación de fondos cando se creou o novo Seminario de Estudos Galegos, criticando os primeiros a desaparición dos materiais e mantendo o último que estes pasaron á Universidade de Santiago de Compostela. Con respecto á creación do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Díaz Pardo sinala que se constituíu por presións de intelectuais portugueses e alemáns nos tempos da dictadura e daquela se reunira persoas do vello Seminario, incluído Otero Pedrayo, para crear unha institución "que se consideraba herdeira do SEG". En opinión de Alfonso Mato, sen negar a importancia do Instituto, as dúas institucións "foron tan distintas como os momentos históricos nos que se levaron a cabo". En relación á discusión sobre os fondos, Guevara comenta que moitos se perderon "no camiño do Seminario á Universidade e Isaac Díaz Pardo sabe moi ben que están en mans privadas". As consideracións de Mato revelan que é posíbel que nos vindeiros anos siga a aparecer máis documentación do SEG, procedente tanto dos fondos privados dos seus membros

destacados, coma da Universidade. Infórmase tamén de que o SEG abandonou a súa reivindicación de recuperación dos fondos hai aproximadamente quince anos.

Silva, Xan Carlos, “Sede de vinganza”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 27 agosto 2002, p. 12.

Relato breve de Xan Carlos Silva (Barcelona, 1966), escritor residente en Monterrei e gañador do Premio de Narrativa Trevinca. Trátase da historia tráxica dunha muller que, sufrindo por un amor non correspondido e sentíndose humillada, resolve queimarse viva co obxecto da súa paixón, un compañeiro de traballo.

Sóñora Rei, Patricia, “Miradas”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 29 agosto 2002, p. 13.

Patricia Sóñora Rei (Meaño, Pontevedra, 1979), licenciada en Filoloxía Galega, escribe un breve relato en primeira persoa, que transmite os pensamentos e sentimentos do narrador, mentres camiña pola rúa e se atopa coa insoportábel mirada dunha persoa á que odia.

Sotelino, B. R., “La primera editorial temática gay de Galicia se presenta hoy en Vigo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 outubro 2002, p. 43.

Dá conta da aparición pública do primeiro lanzamento editorial de Gayga, imprenta e librería-café viguesa pertencente ao grupo Trymar que se converte na primeira especializada en temática “gay” de Galicia. Recolle tamén as declaracións do director de edicións, Pablo Morell, sobre as intencións da publicación en sacar libros en galego, posibilidade que non está de momento no punto de mira preferente xa que “no hay mercado suficiente”. Por último, sinálase que o público a que esta editorial se dirixe non é exclusivamente o homosexual e resúmese o contido de *Ya no me quieras tanto*, novela de puertorriqueño Juan Rueda con que se inaugura a actividade de Gayga.

Soto Rodríguez, José Ramón, “De como caín no vicio solitario”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 21 agosto 2002, p. 10.

Este Capitán de Navío da Armada residente no Ferrol un relato con trazos autobiográficos no que o narrador explica a orixe da súa paixón pola lectura: o costume que había na súa casa de traer cada mércores *La Voz de Galicia* e *El Caso* do mercado semanal de Guitiriz. Os mércores eran, así, para o narrador-neno daquela época, un día moi especial.

Suárez, Iria, "Editores y libreros se oponen al préstamo de los libros de texto", *La Opinión*, "Sociedad", 5 decembro 2002, p. 40.

Informa da oposición dos libreiros e editores ao préstamo do libros de texto. Sinala que a presidenta da Asociación Galega de Editores considera que esta medida suporá a desaparición do 60 ou 70% das librerías. Asemade apunta que como alternativa propoñen á Xunta de Galicia un incremento das bolsas económicas ou a creación dun cheque-libro que se entregará ás familias para cambiar nas librerías por libros de texto.

Suárez, Mari Carmen, "El pregón del escritor Miguel Anxo Fernán Vello abre hoy la Feria del Libro de Carballo", *La Opinión*, "acoruña", 22 agosto 2002, p. 9.

Anúnciase o comezo da VIII Feira do Libro de Carballo, que terá como pregoeiro a M. A. Fernán Vello. Refírese ás casetas presentes e ás actividades previstas, entre as cales cita a segunda edición dun acto de homenaxe a Alfredo Brañas, presentacións de libros por parte dos seus autores, sesións de contacontos, coloquios ou talleres. Infórmase, por último, da nova edición en Vimianzo da Escola de Verán de Terra de Soneira, organizada polo Concello e a Asociación Jornadas do Ensino da Galiza e Portugal.

Suárez Abel, Miguel, “O repenique de Beatriz Gondal”/“Un traballo por sorpresa”/“Whisky para todos”/“Os números non cadran”/“O ulido da señora Goldar”/“Chorando coma un parvo”/“¡Que cales dixen”/“¿É por causa dunha muller?”/“Clientela exótica”/“Fervor relixioso”/“A festa do patrón”/“Papá foi emigrante”/“Repenique na capela”/“Unha bágoa no seu rostro”/“As mulleres do Duque”/“Ay no, no; ahora no, chico”/“Mario maquina un plan”/“¿Que será de min agora?”/“Unha señora pregunta por ti”/“Mira que te has demorado”/“Un banco con problemas”/“O inspector Alcorta”/“A vida sen Beatriz”/“Mamá, mamá, ¿non me oes?”/“O que medraron os castaños”/“Visita de Lavandeira”/“Encontro cunha enfermeira”/“Unha chamada impulsiva”/“Un paso de baile”/“A luz da Coruña”/“E que repenique ó andar”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, nº 1-31, 1-31

agosto 2002, p. 15/p. 13/p. 13/p. 15/p.17/p. 13/p. 11/p. 11/p. 13/p. 13/p. 15/p. 13/p. 13/p. 13/p. 13/p. 13/p. 13/p. 13/p. 11/p. 11/p. 11/p. 11/p. 11/p. 11/p. 15/p. 13/p. 13/p. 13/p. 13/p. 13.




Este relato de Miguel Suárez Abel (Arzúa, 1952) foi o gañador do Premio de Novela por Entregas 2002 de *La Voz de Galicia*, publicado ao longo de todo o mes de agosto en distintas entregas tituladas e acompañadas dunha ilustración de Norberto Fernández. Todos estes relatos e as ilustracións apareceron posteriormente en formato libro, descrito xa no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

T. P., "La Feria del Libro de Betanzos nace para consolidarse como cita anual", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 25 xullo 2002, p. 24.

Sinálase que Betanzos acolle a súa primeira Feira do Libro cunha inauguración na que participou a escritora María do Carmo Kruckenberg. Apúntase que no seu pregón, Kruckenberg manifestou o seu apoio a este tipo de actividades. Tamén se alude ás palabras

do alcalde, Manuel Lagares, e saliéntanse algunhas presentacións de libros previstas, coa presencia dos seus autores.




Taboada, Antón, “A poesía que levan as bolboretas mensaxeiras”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 18 agosto 2002, p. 2.

Dá conta da inauguración da mostra colectiva “Palabras no aire” na Galería de arte Noroeste de Santiago de Compostela. Sinala que a exposición, “case pictórica”, está conformada polos poemas que máis de trinta escritores galegos contemporáneos escribiron sobre abanos de papel, do mesmo xeito que en 1996 o tiñan feito distintos pintores para a mesma galería. Os abanos, comenta Taboada, semellan “bolboretas mensaxeiras (...) que abren as súas ás para mostrarnos as palabras que as decoran”.

Toro, Suso de, “Sobrevivir a Carlos Casares”, *La Opinión*, “Cultura”, 10 marzo 2002, p. 66.

Séntese sorprendido pola morte de Carlos Casares e sinala que coa súa falta a literatura galega se fai máis vella, aínda sabendo que ha nacer outra. Descríbeo como unha persoa

chea de proxectos e como todos os mortais con enfrontamentos persoais, por exemplo, o que mantivo co autor do artigo, quen agora se lamenta de non ter volto a amigar con el.




Toro, Xelís de, “O buscapeixe”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 21 agosto 2002, p. 10.

Relato fantástico de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) en que o protagonista é un neno mítico, o buscapeixe, a quen toda unha comunidade de pescadores, que viron como o seu medio de subsistencia desapareceu do mar, confía a misión de sinalar onde está o peixe. Como chegado o día o pequeno se decata de que non é quen de satisfazer as esperanzas dos mareantes, decide para non desilusionalos roubarlles o brillo dos ollos e facer con cada un unha escama, construíndo así un enorme peixe que lles devolve aos seus a felicidade. A ilustración é de Jim Sanders.

Torres Regueiro, Xesús, “Roldán Paderne, un escritor descoñecido do tempo das Irmandades da Fala”, *A Nosa Terra*, nº 1.045, “Cultura”, 1 agosto-4 setembro 2002, p. 28.

Aproximación á figura pouco coñecida do malogrado narrador Xaquín López Pita, vencellado ao parecer coa Irmandade da Fala desa localidade coruñesa e que asinaba baixo o pseudónimo de “Roldán Paderne”. Coméntase que foi víctima dun andacio de gripe en 1918 e que só deixou publicados dous breves textos en prosa: *Nouturnio* e “Irmandade cristiana”. Apúntase que tal vez este autor coñeceu ao tamén betanceiro Xosé Ares Miramontes, un irmandado destacado.

Torres Regueiro, Xesús, “Os Caneiros frustrados de Blanco Amor e Suárez Picallo”, *A Nosa Terra*, nº 1.051, “Fin de semana”, 10-16 outubro 2002, p. 35.

Fala da estadía de Eduardo Blanco Amor na casa de Ramón Suárez Picallo en Sada, na altura en que ao escritor ourensán lle morrera a nai, ano 1933, e da tentativa frustrada de ambos de asistir á festa dos Caneiros de Betanzos. Lembra que houbo unha placa en homenaxe a Ramón Suárez Picallo enviada pola emigración a Veloi, que non se puido colocar ata morrer Franco, doce anos despois de chegar ao seu destino.

Trillo Alvite, Beatriz, “Perpetuo corazón de cipreses”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas Literarias. Relatos de verán”, 6 agosto 2002, p. 12.

Beatriz Trillo, de Muxía, escribe un pequeno relato literario no que se mesturan o lírico e o narrativo e no que deseña a imaxe dunha misteriosa muller que descobre no camposanto unhas reveladoras cartas enterradas nun sepulcro.

U. L., “O colexio de Dodro homenaxea a figura de Lorenzo Baleirón”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 18 decembro 2002, p. 12.

Informa da homenaxe que o Colexio Público Integrado de Dodro ofrecerá ao poeta de Laíño, Eusebio Lorenzo Baleiro. Sinala que no acto se descubrirá un monolito dedicado ao escritor e se realizará un recital poético, no que participarán alumnos do centro e os poetas Anxo Angueira, Bernardino Graña, Helena Villar, Ana Romaní, David Pérez Iglesias e Paulino Vázquez Vázquez. Apunta que tamén se lle entregará un agasallo á familia do homenaxeado e se interpretará unha peza musical tradicional.

V. V., “A fundación de Carlos Casares nace seis meses despois da súa morte”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 10 setembro 2002, p. 13.

Alúdese a unha iniciativa “que nace co obxectivo de promover o estudio e difusión da obra do escritor ourensán, así coma da cultura galega en xeral”. Apúntase que se trata da Fundación Carlos Casares, á que pertencen, entre outros, Kristina Berg, Lois Castrillo, Xesús Pérez Varela, Ramón Barreiro, Xosé Luís Méndez, Damián Villalaín ou Xulio Fernández Gayoso.

Val, Marga do, “Marcela”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 26 agosto 2002, p. 12.

Neste relato de Marga do Val (Vigo, 1964), Marcela, a protagonista, soñaba co amor observando a profundidade do mar, pero súa nai mostroulle un beizo partido para que entendera a marca do amor. Ela casou e non tardou en ter a mesma cicatriz, pero un día estando ambos fronte ao mar Marcela non dubidou en rebelarse e empuxalo.

Valcárcel, Marcos, “Evocación de Carlos Casares en Xinzo de Limia (*)”, *La Región*, “Xinzo. Fiestas de Santa Mariña”, 18 xullo 2002, p. 47.

Lembranza do escritor ourensán Carlos Casares con motivo do seu pasamento. En primeiro lugar, comenta que Casares simbolizaba “unha forma de ver, de vivir e entender o país”. Engade, a continuación, que sempre foi recoñecido polo pobo como un dos seus, “como unha das voces máis ricas na literatura, no xornalismo, nos faladoiros, nas conferencias que pariu nunca este país”. Comenta, así mesmo, que Casares ten un lugar de privilexio “na nómina do xornalismo literario neste país” e que foi un “escritor excepcional”. Declara que son de salientar a súa “personalidade de amigo”, o seu xeito de ser, a súa “extrema elegancia ante a vida”, así como a súa “ética irreprochable”. Cómpre dicir, xa por último, que este artigo é un texto lido na homexaxe a Carlos Casares, celebrada en Xinzo de Limia o 22 de xuño do 2002 e organizada polo Centro de Cultura Popular da Limia.

Valcárcel, Marcos, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 13 outubro 2002, p. 70.

Repasa as sete viñetas que Castelao realizou para o xornal agrarista de Basilio Álvarez, *La*

Zarpa. Préstalle especial atención a dúas delas “No turreiro” e “Lóxica” que representan a crítica ao señoritismo e aos caciques, dous temas básicos da súa pintura. Ademais de referirse a estas viñetas de Castelao, comenta que tamén debuxou para o mesmo variascabeceiras entre as que destaca aquela que escribía Basilio Álvarez, os coñecidos “Zarpazos”, na que se incluía unha ilustración de Castelao.




Valcárcel, Marcos, “Un seudónimo co irmán Avilés”, *La Región*, “O alento do cotián”, 10 novembro 2002, p. 80.

Fala da vinculación do pintor Urbano Lugrís co mundo da literatura, xa fose polo devezo da lectura como polos lazos de sangue, posto que foi fillo dun dos pais do teatro galego, Manuel Lugrís Freire. Insístese, ademais, na grande amizade que tivo co poeta noiés Antón Avilés de Taramancos

Valcárcel, Marcos, “As uvas na solaina”/ “Carlos Casares e o cine: notas para unha relación”, *La Región*/*O Correo Galego*, “Sociedad”/ “AFA”, 17 novembro 2002/22 novembro 2002, p. 81/p. 30.

Sinala que o Festival Internacional de Cine de Ourense e a Sección de Literatura do Liceo Recreo ourensán homenaxearon a Carlos Casares, autor de *Ilustrísima* (1980), que é a gran novela sobre o cine en Galicia. Como mostra da relación de Casares co cine, lembra que foi organizador do Festival de Cine de Ourense nos anos 1974, 1975 e 1978 e que publicou múltiples artigos sobre este tema. Sinala que *Ilustrísima* describe a chegada do cine a Ourense e a defensa que del fai un bispo, así como resume as intervencións de Kristina Berg e Damián Villalaín sobre os gustos cinematográficos do autor e sobre a súa incursión nese mundo. Por último, indica que houbo intención por parte de TVE de facer unha película co texto de Casares e enumera outras novelas galegas levadas á gran pantalla.

Valcárcel, Marcos, "As uvas na solaina", *La Región*, "Sociedad", 1 decembro 2002, p. 71.

Sinala cales son, segundo diversos poetas, as causas que orixinaron a emigración. Apunta que Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Lorenzo Varela consideran a pobreza de Galicia como causa da emigración, mentres que Lamas Carvajal denuncia a marcha dos galegos a Castela por non traballar as nosas terras e afundir a Galicia aínda máis na miseria; García

Ferreiro denuncia a propaganda que se facía das Américas para favorecer os negocios dos transportistas de emigrantes; e Celso Emilio Ferreiro usou no poema “Carta a Fuco Buxán” a idea da emigración como protesta política. Sinala que este tema foi reflectido por moitos poetas nos seus traballos, como Xosé Neira Vilas, Antón Santamarina Delgado, Manuel María e Xosé Conde, dos que se acollen algúns versos. Tamén indica que moitos autores amosaron na súa obra unha imaxe de fracaso dos emigrantes, entre eles Castelao, Luís Seoane e Lorenzo Varela; mentres que outros, como Emilio Pita, deron conta do desprezo que en Europa se mostraba cara aos galegos. Por último, transcribe algúns versos de *Viaxe ao país dos ananos*, no que Celso Emilio Ferreiro se fai eco do desengano persoal que sente ante a utopía da emigración.




Valcárcel, Marcos, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 8 decembro 2002, p. 86.

Refírese á existencia dunha Ruta Currosiana, elaborada por Xosé Benito Reza, de 8 km de lonxitude e na que se percorren diferentes lugares de Celanova e dos seus arredores que aparecen reflectidos na producción literaria do poeta. Apunta que algúns dos lugares visitados nesta ruta son o Mosteiro de Celanova, que aparece no poema “A igrexa fría”, a

Capela de San Trocado, que aparece en “O gueiteiro” ou A Devesa, que aparece en “O Convento”. Finalmente, conta que el e un cento de persoas das Seccións de Literatura e Arte e Historia do Liceo fixeron recentemente o segundo tramo da Ruta Currosiana, que vai dende o Santuario do Cristal ata a casa natal de Curros. No percorrido explicáronse os aspectos máis salientábeis da arquitectura eclesiástica visitada e léronse poemas de Curros Enríquez e de Celso Emilio Ferreiro, tamén celanovés.




Valcárcel, Marcos, “Alberti e Blanco Amor”, *La Región* “Sociedad”, 16 decembro 2002, p. 59.

Describe a boa relación que Rafael Alberti mantiña con Eduardo Pondal e cos escritores galegos en xeral. Explica que na Biblioteca da Deputación de Ourense hai un cadro, cartas e debuxos de Alberti e fotos que Blanco Amor lles sacou a Alberti e á súa familia. Sinala que ambos colaboraron en cursos e publicacións durante o seu exilio en Bos Aires e que Alberti colaborou en diferentes revistas galegas (*Alfar*, *Resol*, etc.) e con outros autores galegos, por exemplo Luís Seoane, Lorenzo Varela ou Rafael Dieste. Indica, finalmente, que Blanco Amor e Alberti estiveron xuntos no 1978, nuns actos do Partido Comunista en Galicia.

Valcárcel, Xulio, “Achegamento a Méndez Ferrín”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, “Páxina Literaria”, 18 agosto 2002, p. 4.

Comentario das xornadas sobre X. L. Méndez Ferrín, organizadas por Xosé María Dobarro e Luciano Rodríguez, nas que formaron parte do grupo de investigadores na obra ferriniana Darío Xohán Cabana, quen se centra na batalla ideolóxica sostida entre ferrinianos e piñeiristas, ou Anxo Angueira, quen alude á faceta do Ferrín articulista e lembra as súas primeiras colaboracións en *Litoral* e *La Noche*. Para rematar, lémbrase a época de García-Sabell á fronte da Real Academia Galega e as críticas continuas que lle dirixiu Ferrín durante o seu mandato.

Valcárcel, Xulio, “Encontro de escritores”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, nº 236, “Páxina literaria”, 15 decembro 2002, p. 4.

Informa do encontro de escritores galegos que tivo lugar en Vigo, organizado por Dolores Vilavedra e Luciano Rodríguez, para debater os problemas cos que se enfrontan pola súa

profesión. Sinala que o encontro rematou cuns óptimos resultados, pois trataron os problemas existentes e as súas posíbeis solucións. Apunta que algúns dos participantes foron Arcadio López Casanova, Agustín Fernández Paz, Xavier Seoane, Darío Xohán Cabana e Cándido Pazó, dos que resume a súa intervención. En cadro á parte e baixo o título de “Homenaxe a González Garcés”, dá conta da entrega dos Premios Miguel González Garcés, organizado pola Deputación de Pontevedra, no que resultou gañador Román Raña Lama. Comenta que o mestre de cerimonias foi Henrique Rabuñal e que no acto participaron doce membros da Xeración dos Oitenta, que leron poemas de González Garcés e fixeron referencias á catástrofe do Prestige.




Valeiro, R. Marta, “Soñando coa Razón”, *El Correo Gallego,* “*Correo das Culturas*”, nº118, 27 febreiro 2002, p. 8.

Anuncia que a productora galega Continental, dirixida por Pancho Casal, está estudiando unha serie de proxectos entre os que destaca a posibilidade de levar á pequena e gran pantalla a vida do Marqués de Sargadelos, Antonio Ybañez, baixo o título *O soño da razón.* Comenta que, baseándose na obra de Alfredo Conde *Azul Cobalto* (2001), se pretende dar

a coñecer a nivel internacional a notábel figura do aristócrata galego. Explícase que este ambicioso proxecto aínda dá os seus primeiros pasos, polo que falta a concreción do elenco, da lingua da rodaxe ou dos guións. Finalmente, destácase o pulo que está a experimentar esta productora cinematográfica coa futura estrea de títulos tan salientábeis como *Los lunes al sol* e coa multitude de proxectos vindeiros entre os que sobresaen a producción de doce longametraxes.




Varela, Froilán, “Manuel María califica a poesía de Margarita Ledo como vangardista”, *El Progreso*, “Comarcas”, 1 decembro 2002, p. 17.

Sinala que a Asociación Cultural Xermolos organizou en Parga a XI edición dos Encontros na Terra Cha, que este ano estiveron dedicados á poeta e xornalista de Castro de Rei, Margarita Ledo Andión. Apunta que aos actos asistiron Manuel María, que comparou a poesía de Ledo coa primeira época de Álvaro Cunqueiro e Aquilino Iglesias Alvariño e veu na súa narrativa reminiscencia de Joyce; Xosé Ramón Pousa, que falou do seu traballo como investigadora do fotoxornalismo e lembrou o seu papel na refundición de *A Nosa Terra*; Carlos Díaz, que subliñou o seu compromiso político (anarquista, nacionalista e

vinculada á UPG); Xulio Xiz, que leu un escrito enviado por Pilar Iparraguirre, que foi compañeira de piso da homenaxeada, no que conta diversas anécdotas; e Chus Pato, que recitou varios poemas de Margarita.




Vázquez, D., “La otra casa de Carlos Casares”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 27 novembro 2002, p. 8.

Informa da homenaxe que o IES Meixoeiro de Vío ofreceu a Carlos Casares, rebautizando o centro co nome do escritor. Sinala que ao acto asistiron a súa viúva, Kristina Berg, os seu fillo, Hakan, o director de Galaxia, Víctor Freixanes e o alcalde de Vigo, Lois Pérez Castrillo, que lembraron as conferencias que Casares impartira nese instituto e a súa actividade docente. Tamén se apunta que a Fundación Carlos Casares se presentará no mes de xaneiro en Madrid.

Vázquez Lorenzo, J. M., “Vinganza”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 31 agosto 2002, p. 12.

Neste conto de J. M. Vázquez Lorenzo cóntase como un animal reta cos seus berros ao cazador que un ano antes matara a súa camada. Unha vez que o home está no monte comeza a busca, pero perde o equilibrio e cae desprendéndose varios metros. Na serra nunca máis se escoitou un ouveo porque o animal cumprira o seu propósito.

Vázquez Pita, Pablo, “Desparrame”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 29 agosto 2002, p. 12.

Neste relato de Pablo Vázquez Pita, un estudiante de Oleiros, a trama vai enlazando anécdotas disparatadas que acontecen na vila de Carral. Entre elas podemos salientar a do xuíz de Uzbequistán, namorado da muller máis fea da vila e a súa pretensión de levala á horta de María Castaña. Finalmente, todos os personaxes resultan ser felices.

Vidal, Carme, “A Mesa protesta pola representación de Castelao en español en Pontevedra e Compostela”, *A Nosa Terra*, nº 1.039, “Cultura”, 21-26 xuño 2002, p. 24.

Faise referencia á estrea de *Los viejos no deben de enamorarse*, traducción ao castelán da obra de Castelao, en coprodución do Centro Dramático Galego e o Centro Dramático Nacional. Coméntase que a Mesa pola Normalización Lingüística anuncia protestas, mentres que o director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, considera o feito como unha "boa noticia" que demostra a "normalidade cultural" do país. Para rematar, alúdese a outra producción do Centro Dramático Galego do ano 1998, trátase de catro pezas de Valle-Inclán en español, que levantou "críticas e protestas por parte de distintas agrupacións lingüísticas, políticas e teatrais".

Vidal, Carme, "Avilés de Taramancos, o autor máis novo do Día das Letras", *A Nosa Terra*, nº 1.040, "Cultura", 27 xuño-3 xullo 2002, p. 24.

Faise referencia á figura de Antón Avilés de Taramancos, homenaxeado no 2003 co Día das Letras Galegas, converténdose no autor máis novo homenaxeado neste día. A seguir, coméntase que Luz Pozo Garza foi a encargada de propoñelo como candidato e que outro membro da Academia, Salvador García-Bodaño, foi un dos seus "amigos máis íntimos e animador literario do poeta". Ademais, dise que Xosé Neira Vilas, tamén membro da Real

Academia Galega, foi o que o axudou a fuxir a Colombia. Tamén se comenta que, por vontade do propio Avilés, Miguel Anxo Fernán-Vello se converteu en depositario da súa obra e que, para Ana Romaní, a figura de Avilés está unida aos seus inicios literarios. Para rematar, cítanse algunhas das obras do autor de Noia como *A frauta i o garamelo* (1958), *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989), *Última fuxida a Harar* (1992) e *Nova crónica das Indias*, entre outras.




Vidal, Carme, “Manuel María, un novo poeta na Academia”, *A Nosa Terra*, nº 1.040, “Cultura”, 27 xuño-3 xullo 2002, p. 25.

Alúdese ao ingreso do poeta chairego Manuel María na Real Academia Galega e cítanse algúns dos académicos que o acompañarán na Real Institución como Xosé Luís Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza, Xohana Torres, Salvador García-Bodaño, Ramón Lourenzo, Xosé Luís Franco Grande, Francisco Fernández del Riego ou Xosé Neira Vilas, entre outros moitos. Para rematar, coméntase que Víctor Freixanes substituirá a Carlos Casares e cítanse algunhas das súas obras como *Unha ducia de galegos*, *Memoria dun fuxido*, *O*

triángulo inscrito na circunferencia (Premio Blanco-Amor no ano 1981), *O enxoval da noiva* e *A cidade dos Césares*.

Vidal, Carme, “Os concellos premian os poetas”, *A Nosa Terra*, nº 1.042, “Cultura”, 11-17 xullo 2002, p. 24.

Alúdese aos certames literarios dedicados a premiar aos poetas e afírmase que, na actualidade, son once as entidades locais que convocan este tipo de premios literarios. Coméntase, ademais, que moitos destes certames teñen o nome dalgún poeta vencellado biograficamente ao concello. Entre eles, destácanse a Celso Emilio Ferreiro, Fiz Vergara Vilariño, Fermín Bouza Brey, Eusebio Lorenzo Baleirón, Avelina Valladares ou Uxío Novoneyra como algúns dos “bardos que bautizan estes certames literarios”. Tamén se ofrece unha breve nota sobre os seguintes galardóns: o Premio de Poesía Johán Carballeira (Concello de Bueu), o Premio de Poesía Centenario Fermín Bouza Brey (Concello de Vilagarcía de Arousa), o Premio de Poesía Avelina Valladares (Concello da Estrada), o Premio Fiz Vergara Vilariño (Concello de Sarria), o Premio Uxío Novoneyra (Concello das

Pontes de García Rodríguez), o Premio Celso Emilio Ferreiro (Concello de Vigo), o Premio Cidade de Ourense, o Premio de Vilalba ou o Premio de Carral, entre outros moitos.




Vidal, Carme, “As mulleres dominan as novidades poéticas do Outono”, *A Nosa Terra*, nº1.046, 5-11 setembro 2002, p. 24.

Infórmase das novidades poéticas que verán a luz no outono, descríbese a nómina de poetas que nutren este xénero e obsérvase unha clara maioría de nomes femininos entre os que se destacan Xela Arias, Marta Dacosta, Olga Novo, Estíbaliz Espinosa, María Reimóndez e María do Carme Krukenberg. Apúntase que todas elas terán proximamentenovas obras na rúa e saliéntase, especialmente, a de Xosé Mª Álvarez Caccamo *O libro dos cen poemas* que contén cen poemas de diversos autores e co que pretende achegar este xénero literario aos máis pequenos. Tamén se menciona a aparición da antoloxía *Damas Negras* realizada por María do Cebreiro, unha orixinal iniciativa na que se combina a poesía coa música afroamericana. Finalmente, alúdese á colección “Tambo”, da Deputación de Pontevedra, que cada ano ofrece catro títulos de interese.

Vidal, Carme, “Suso de Toro, un escritor de película”, *A Nosa Terra*, nº 1.046, “Fin de semana”, 5-11 setembro 2002, p. 33.

Alúdese á película *Trece badaladas*, baseada nunha novela de Suso de Toro. Sinálase que se trata dun filme dirixido por Xavier Villaverde e protagonizado por Juan Diego Botto, Luís Tosar e Marta Etura. Indícase que Suso de Toro comenta que a película ten “os interiores fantasmagóricos, que estaban na historia, unha presencia obsesiva da cidade, o protagonismo dun home novo cun pasado que volve e as trece badaladas do fondo”. Para rematar, coméntase que a páxina electrónica da productora Continental xa anuncia, “en fase de preparación”, os filmes *Conta saldada* e *A sombra cazadora*.

Vidal, Carme, “Vidal Bolaño sae á escena por derradeira vez”, *A Nosa Terra*, nº 1.047, “Cultura”, 12-18 setembro 2002, p. 26.

Alude á persoa de Roberto Vidal Bolaño e á súa derradeira saída a escena: “o chapeu e a nariz de pallaso repousados sobre o cadaleito. A caixa no medio do escenario do Salón Teatro de Compostela, unha luz tenue e un forte olor a flores compuñan o atrezzo e a

decoración do velorio de Roberto Vidal Bolaño, autor, director, actor e home de teatro total e unha das máis significativas figuras da nosa cultura". A seguir, recóllense as palabras dalgúns homes e mulleres do mundo do teatro como Mónica Caamaño, Dorotea Bárcena, Francisco Pillado, Pablo Rodríguez, Antón Dobao, Elvira Souto, Bernardino Graña, Manuel Guede, Xulio Lago, Euloxio Ruibal ou Xosé Vázquez Pintor.




Vidal, Carme, “Os escritores falan dos seus irmáns artistas”, *A Nosa Terra*, nº 1.048, “Cultura”, 19-25 setembro 2002, p. 24.

Nesta reflexión sobre as familias de artistas, alúdese aos Álvarez Cáccamo –Xosé María, Berta, Celso e Alfonso–, así como o pintor Darío Álvarez Basso, pertencente á última xeración da familia. Faise referencia, a seguir, a Xavier e Rafael Rodríguez Baixeras, escritor e pintor, respectivamente, e a outros dous irmáns, Antonio e Enrique, tamén vinculados co mundo da cultura. Explica que Antonio é o autor da novela *O rei dos ameneiros* e que Enrique é un dos pioneiros do cine nos anos setenta. A continuación, faise referencia a Víctor e Xosé Fernández Freixanes, escritor e pintor, respectivamente. En canto á familia Ruibal, salienta a Mercedes, pintora, e a Ánxeles, poeta, compositora e cantante.

Por último, cítase a familia Murado, na que destacan o escritor, Miguel Anxo, e o pintor, Antonio.

Vidal, Carme, “Os escritores novos non queren ser un “clube de xubilados que intercambian poemas”, *A Nosa Terra*, nº 1.057, “Cultura”, 21-27 novembro 2002, p. 24.

Informa do II Encontro de Escritores Novos que se celebrou en Mondoñedo os días 15,16 e 17 de novembro, promovido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Indica que Rosa Aneiros, Roque Cameselle, Samuel Solleiro e María Arce formaron parte de mesa redonda sobre narrativa. Entre as conclusións ás que chegaron, destaca a necesidade de eliminar a Manuel Rivas como paradigma ético, a crise existente no mercado editorial, a ausencia de literatura nos medios de comunicación e a falta de lectores.

Vidal, Carme, “Letras de Cal desaparece por decisión dos poetas que a crearon”, *A Nosa Terra*, nº 1.058, “Cultura”, 28 novembro-4 decembro 2002, p. 37.

Informa da desaparición de “Letras de Cal”, unha colección poética que naceu hai catro anos como canle de expresión e publicación para os escritores novos e que durante a súa existencia publicou 14 libros (12 de autores novos e dúas antoloxías). Sinala que a editorial, que foi unha referencia para os novos e que traballou no impulso da poesía organizando múltiples recitais, xurdiu no I Encontro de Escritores Novos celebrado en Santiago de Compostela. Explica que os seus fundadores decidiron poñer punto e final a esta andaina, sendo conscientes de que “Letras de Cal” era unha editorial de referencia que aínda é necesaria dentro das letras galegas.

Vidal, Carme, “Mil gaiteiros contra o chapapote”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, “Cultura”, 5-11 decembro 2002, p. 30.

Dá conta das múltiples actividades organizadas por Burla Negra e outros grupos para protestar pola catástrofe do Prestige. Apunta que Burla Negra preparou unha “marea negra gaiteira” que percorrerá as rúas de Santiago, ten previsto sacar un CD no que participen diferentes grupos galegos e colgou na rede un libro de visitas para que os poetas escriban os seus versos sobre o desastre. Por outra banda, sinala que o Museo do Humor de Fene

está a preparar unha exposición de humor gráfico sobre o asunto e que Antón Reixa asegurou que gravará novos capítulos de *Mareas Vivas* facendo referencia ás consecuencias do naufraxio. Ademais doutras actividades, informa que o Consello da Cultura Galega manifestou a súa solidariedade cos afectados, criticaron a actuación do goberno e ofrecéronse como foro de reflexión para estudiar as consecuencias do desastre. Tamén inclúe tres poemas de Carlos Negro, Mónica Góñez Silva e Fernando Dacosta, que pertencen á *Escolma contra a Burla Negra*.




Vidal, Carme, “Os poetas de Fisterra escribirán sobre un mar de fuel”, *A Nosa Terra*, nº 1.060, “Cultura”, 12-18 decembro 2002, p. 24.

Comenta que os poetas fisterrás Alexandre Nerium e Modesto Fraga avalían a repercusión que a catástrofe do Prestige vai ter na súa producción poética, por teren no mar unha importante fonte de inspiración e que agora están desorientados e enfadados. Por esta razón, aseguran que a traxedia está sendo a temática habitual dos poemas escritos nos últimos días e consideran que é lóxico e necesario. Tamén comparan esta situación coa vivida co barco Casón nas nosas costas e consideran que sería axeitada a reunión do

Batallón Literario da Costa da Morte para enfrontarse a este desastre económico e ecolóxico.




Vidal, Carme, “As novidades volven ás librerías despois de meses en crise”, *A Nosa Terra*, nº 1.062, “Cultura”, 26 decembro 2002-3 xaneiro 2003, p. 24.

Dá cumprida conta de todas as novidades editoriais aparecidas nestes días de Nadal en narrativa, ensaio, biografías, crónica e en libros de fotografías. Entre todos eles, destaca a gran cantidade de novelas publicadas, que na súa maioría se corresponden coas obras galardoadas en diferentes certames literarios, como o Blanco Amor, o Nacional de Literatura, Xerais, o Merlín, etc.

Vidal Villaverde, Manuel, “Vento ferido”, *Atlántico Diario*, “Carlos Casares 1941-2002”, 10 marzo 2002, p. 55.

Nesta “epístola fuxidía para Carlos Casares”, sinala que non sabe ben qué dicir e lémbrase da importancia dalgúns dos relatos de Casares, así como se despide do escritor ourensán.

Vieites, Manuel F., “A farsa do ‘Prestige”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, 26 decembro 2002, p. 8.

Considera que o teatro é un servicio público que debe basear o seu repertorio no diálogo entre creador e receptor e que, polo tanto, debe procurar o establecemento dun diálogo entre a escena, o patio de butacas e a realidade máis circundante. Por esta razón, cre que o teatro actual debería dar conta da catástrofe do Prestige e ofrecer espectáculos que promovan unha concienciación verdadeira para converter o Nunca Máis nunha realidade certa. A este respecto lembra a existencia de dúas pezas nas que esta función dialogante está presente: *Esquema de farsa* (1957), de Luís Seoane, sobre a emigración, e *Maremia* (1996), de Euloxio R. Ruibal, sobre unha marea que infecta e destrúe a costa e as súas xentes.

Vila, Carlos, “Un adeus ao Café Dublín”, *A Nosa Terra*, nº 1.053, “Cultura”, 24-30 outubro 2002, p. 25.

Láiase do peche do Café Dublín despois de ser o foco de renovación cultural vigués onde se deron a coñecer importantes figuras dentro das nosas músicas e letras contemporáneas. A seguir, sinala o nacemento alí dun premio de novela curta que galardoou a autores como Manuel Lorenzo ou Ramón Caride Ogando, entre outros.

Villalta, Luísa, "Tramitación do olvido", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 25 agosto 2002, p. 14.

Este breve relato de Luísa Villalta (A Coruña, 1957) está ambientado nunha estridente cidade sempre en obras. O protagonista o día do seu aniversario reflexiona sobre a súa monótona existencia e entende que vive como se os recordos xa non lle deixasen pegada, como se quedaran sepultados baixo as obras.

Villar, A. G., "O escritor e xornalista Carlos Casares falece en Vigo ós 60 anos de idade a causa dun infarto de miocardio", *Atlántico Diario*, "Carlos Casares 1941-2002", 10 marzo 2002, p. 35.

Dá conta do falecemento de Carlos Casares a causa dun infarto de miocardio e ao non superar a operación de cirurxía á que foi sometido no hospital Xeral de Vigo e anuncia que será soterrado no cemiterio de San Félix de Nigrán.

Villar, M., “El almacén literario de la comarca”, *La Opinión*, “La Gran Coruña”, 14 xullo 2002, p. 12.

Comentario sobre as bibliotecas municipais dos concellos da área metropolitana coruñesa. Deste xeito, coméntase que os veciños da comarca coruñesa dispoñen de máis de 350.000 libros repartidos en vinteseis bibliotecas municipais. A seguir, fálase da informatización e de Internet, que se introducen pouco a pouco nas bibliotecas da comarca. Ademais, faise referencia ás distintas actividades que se levan a cabo nestas bibliotecas coa fin de fomentas os hábitos lectores. Para rematar, ofrécense pequenas notas informativas sobre as bibliotecas de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada e A Coruña.

Villar, Carmen, “La Fundación Torrente comenzará a funcionar a principios de 2003”, *Faro de Vigo*, “Sociedade”, 14 xuño 2002, p. 43.

Informa do acto que tivo lugar para presentar a Fundación Torrente Ballester que será inaugurada na cidade Compostela a principio do vindeiro ano tal e como o escritor desexaba. Durante o seu transcurso, tamén se rendeu homenaxe ao escritor falecido Carlos Casares e presentouse a súa obra póstuma *Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo* (2001).

Villar, Carmen, “¿Qué serías quen de facer en 48 horas?”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 270, 20 xullo 2002, p. 4.

Anuncia o grande abano de actividades culturais que ofrecerá o Festigal que se vai celebrar en Compostela nos días 24 e 25 de xullo. Así, fai mención dos diferentes concertos e dunha serie de debates onde participarán autores como Carlos Taibo ou Xosé Manuel Beiras. Asemade, lembra a oportunidade de asistir ás presentacións de libros de autores como Manuel Rivas ou Manuel María, ademais de poder mercar libros e achegarse a recitais

poéticos como o dedicado ao homenaxeado no día das Letras Galegas de 2003, Avilés de Taramancos.




Villar, Carmen, “Os amigos despiden a Vidal Bolaño, que repousa preto de Valle-Inclán”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 setembro 2002, p. 45.

Alúdese, brevemente, ao acto no que se despediu para sempre a Roberto Vidal Bolaño. Acóllese parte da intervención do director e autor teatral, Manuel Lourenzo, quen declarou que Vidal Bolaño “sempre foi unha persoa leal, sincera e atrevida nas súas opinións”. A seguir, coméntase que M. Lourenzo quixo lembrar dous textos do seu amigo “que están un pouco esquencidos”: *As actas escuras* e *Rastros.*

Villar Portas, María S., “Antón”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas literarias. Relatos de verán”, 30 agosto 2002, p. 13.

Relato protagonizado por Antón, un home que, acompañado polo seu can, busca a vida nos colectores do lixo. Un día alguén deposita unhas flores murchas que el recolle con gran

delicia botándose, de inmediato, a correr. O narrador pérdeo de vista e, finalmente, pensa que quizais marchara na procura dunha moza secreta.




Villares, Estrella, “As letras dos pobres”, *El Progreso*, “Especial”, 5 setembro 2002, p. 56.

Comentario sobre a homenaxe que recibiu o escritor ribadense Daniel Cortezón, ao que lle acaban de dedicar unha rúa, o que, na súa opinión, é o premio máis importante da súa vida. A seguir, ofrécense unha serie de notas biográficas sobre o autor de *As covas do Rei Cintolo*, a súa primeira novela, e cita outras obras súas como o ensaio *Saudade y sus formas*, premiado en Nova York, *Xelmírez, gloria de Compostela*, *Crónica do rei don Pedro*, *Crónica de Enrique IV*, *A vida sulagada* ou *Prisciliano*, entre outras. Cítanse, así mesmo, algúns dos seus premios como o Ciudad de Barcelona, o Premio Conde Alcoy ou o I Premio Blanco-Amor de Novela. Para rematar, coméntase que o escritor está a traballar nunha obra que dedicará a Gamallo Fierros, “un ilustre ribadense que fixo moito pola vila e que deixou parte da súa obra sen publicar”.

Villares, Estrella, “Cultura a raudales”, *El Progreso*, “Especial: Guitiriz”, 30 novembro 2002, p. XXII.

Explica que Xermolos é unha asociación xuvenil que naceu hai vinteseis anos en Guitiriz e sinala cáles son as súas iniciativas máis destacadas. Entre as actividades que organiza, nomea o Festival Folk Pardiñas, a publicación de libros, o apoio ao deporte, a creación da Fundación Manuel María e a organización anual do Congreso Cultural da Terra Cha. Por outra banda, entre as obras publicadas, cita *Letras chairegas*, dedicada aos escritores da Chaira, *As nosas raíces*, sobre o patrimonio e a historia de Guitiriz, e *Fotobiografía de Xosé María Díaz Castro*, sobre un poeta local. Tamén sinala que teñen previsto publicar un libro de Xaime Delgado, sobre as igrexas románicas do municipio, e outro de Camilo Gómez Torres, sobre a influencia da Terra Cha na obra de Manuel María.

Villarmeá, Iván, “As historietas da democracia”, *La Opinión*, “La Opinión de verano”, 20 agosto 2002, p. IV.

Alúdese á apertura da Vª edición do Salón do Cómic, no que oito exposicións analizan o panorama da historieta española. Trátase dunha mostra de carácter histórico, posto que abrangue os "autores, revistas e personaxes máis representativos dos últimos vintecinco anos do tebeo español". A seguir, cítanse algunhas das exposicións que forman parte do citado Salón do Cómic: "A historieta en España de 1977 a 2002", "Os tebeos en España de 1977 a 2002", "Inventos do TBO" ou unha mostra sobre a revista *Golfiño*, entre outras.

X. F., "Por un vieiro de palabras", *La Voz de Galicia*, "Día de Galicia", 25 xullo 2002, p. 23.

Reflexiona sobre os libros de viaxes e afirma que, durante séculos, "actuaron como os medios de comunicación", posto que asumían a función de crónicas "para dar a coñecer culturas e países afastados, e relatar as marabillas dos confíns do mundo". Sen embargo, no século XX, segundo o articulista, o xénero "mudou para primar a ollada do autor, que revelaba aspectos inéditos do lugar que visitaba". Para rematar, cita algúns autores de libros de viaxes como George Borrow, Frei Martín Sarmiento, Francisco Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo, Luís Moure ou Víctor Vaqueiro, entre outros.

X. M. R., “Los autores ourensanos se consolidan como referente en la actividad editorial”, *La Voz de Galicia*/*La Voz de Ourense*, “Especial: Año 2002 en Ourense”, 5 xaneiro 2002, p. 17.

Afírmase que os autores ourensáns Xosé Carlos Caneiro, Bieito Iglesias e Antón Riveiro Coello tiveron unha intensa actividade durante o pasado 2001 e destácanse as obras *Polos vieiros da saudade*, de Otero Pedrayo, e mais a edición facsimilar de *Del Orense antiguo* publicadas en 2001.

X. M. R., “El Centro Cultural da Deputación de Ourense trae la exposición en homenaje a José Ángel Valente”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 9 xaneiro 2002, p. 6.

Infórmase de que dentro da proposta do Centro Cultural da Deputación de Ourense estará aexposición homenaxe a José Ángel Valente titulada “José Ángel Valente. Para siempre: la sombra” que contará con cincuenta e sete fotografías.

X. M. R., “É unha obra de ourensáns para tódolos ourensáns”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense. Especial: Ourense en el siglo XX*”, 19 xaneiro 2002, p. 6.

Conversa con Alfredo Vara, coordinador do coleccionábel *Ourense en el siglo XX* (2001), onde reflexiona sobre a importancia desta publicación da que subliña que nela ten cabida a escrita de numerosos expertos que falan de Ourense e que asemade conta cunha presentación amena, un carácter divulgador e abondoso material fotográfico.

X. M. R., "Baltar destaca que el Principal es un 'símbolo de calidade e prestixio", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 20 febreiro 2002, p. 6.

Dáse conta do comezo das actividades do congreso "Dez anos do Teatro Principal", entre as que cita o relatorio de Cándido Pazó, que falou das difíciles fronteiras e das interrelacións entre o texto escrito e a posta en escena teatral, e o de Ángel Luís Hueso que disertou sobre as relacións do cinema e do teatro.

X. M. R., "A editorial Duen de Bux publica unha biografía inédita de Curros Enríquez", *La Voz de Galicia*, "Ourense", 7 marzo 2002, p. 44.

Anúnciase a presentación en Celanova do volume *Manuel Curros Enríquez. O home e o seu contexto* (2002) dirixido polo historiador Luís Martínez-Risco no que se recupera un texto orixinal de Juan Fernández Xesta que nunca se publicara, e indícanse os diferentestraballos que o compoñen obra de Ernesto Fernández Xesta, Ana Vidal roca, Óscar Freán, Alberto Valín e Raúl Soutelo.

X. M. R., "Trasalba acolle unha mostra creada baixo o espíritu de Otero Pedrayo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 setembro 2002, p. 57.

Alúdese a unha iniciativa promovida polo Centro de Estudios Oterianos, que dirixe Iago Seara, e que organizou o curso "A arte da paisaxe no pazo-museo" de Trasalba, impartido por Antón Patiño e Menchu Lamas. Sinálase que os dous artistas presentaron o curso como un "achegamento á paisaxe desde a clave oteriana, o teórico creador da paisaxe de Galicia". Para rematar, coméntase que esta foi a primeira iniciativa do Centro de Estudios Oterianos e que terá continuidade en outubro, cun achegamento á xeografía da man de Pérez Alberti.

X. M. R., “El Concello de Ourense se olvida de la memoria del escritor Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 24 novembro 2002, p. 8.

Destácase que o Concello de Ourense está a dar as costas a Carlos Casares mentres que outros concellos galegos como Porqueira, Xinzo de Limia ou Ferrol xa lle renderon numerosos homenaxes despois do seu falecemento.

X. M. R./J. M. G., “Recorrido por la vida y obra de Curros”, “*La Voz de Ourense*”, 16 marzo 2002, p. 7.

Anúnciase que o Concello de Celanova sinalizará a “Ruta currosiana”, mediante un proxecto desenvolvido por Benito Reza, co fin de promover a figura de Curros Enríquez e de amosar os lugares vinculados ás súa vivencias persoais e á súa producción literaria. Sinálase que este roteiro terá forma circular –partindo e chegando a Celanova– e que constará de algo máis de oito quilómetros.

X. S., “Carta gnómica a Urbano Lugrís”, *La Opinión*, “A Coruña”, 16 marzo de 2002, p. 10.

Recóllese unha carta gnómica de Avilés de Taramancos dedicada aos seu amigo Urbano Lugrís, publicada en 1959 no xornal compostelán *La Noche*. Sinálase que se recollen as lembranzas da súa estadía en Nassau e Xamaica xunto a Urbano Lugrís e as súas viaxes por Marsella, Amberes, etc.

Xesteira, J. A., "Requiescat", *La Voz de Galicia*, "Páxinas literarias. Relatos de verán", 6 agosto 2002, p. 12.

Relato de J. A. Xesteira (Redondela, 1946), no que a situación se centra no enterro dun conde que ordenara que ese día os pobres recibiran roupa, cartos e algo de comida. O funeral era multitudinario e todos rezaban pola súa alma, pero ao mesmo tempo desexaban que cada mes morrera un conde.

VI. Clásicos grecolatinos traducidos

Samosata, Luciano de, *Diálogos de deuses. Diálogos de prostitutas*, trad. María Teresa Amado Rodríguez, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública)/Editorial Galaxia, col. Clásicos en galego, nº 21, setembro 2002, 247 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-33860) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-555-3).☒⓾

Volume que recolle as obras *Diálogos de Deuses* e *Diálogos de prostitutas* de Luciano de Samosata (c. 120-190 dC) en edición bilingüe (grego e galego). Consta dunha introducción da traductora María Teresa Amado Rodríguez na que se comentan aspectos da vida e obra do autor, así como as características literarias desta. Tamén presenta os aspectos máis destacábeis do ideario deste grego, a influencia do seu pensamento e da súa obra en épocas posteriores e dous apartados nos que comenta a tradición dos manuscritos do nado en Samosata e as edicións e traduccións das súas obras. Así mesmo, esta mesma estudiosa asina as introduccións que preceden aos dous diálogos. Na introducción a

Diálogos de Deuses explica o contexto no que foi creada a obra, analiza o tempo e o espacio no que se producen os diálogos, e os personaxes e motivos que nesta peza aparecen. Na introducción a *Diálogos de prostitutas* explica a xerarquía sexual da muller na Antiga Grecia, o espacio e o tempo no que se desenvolven os diálogos e dá conta dos personaxes e os motivos na peza tratados. Así mesmo, explica nun apartado a escolla dos nomes dos personaxes, que non é casual, e noutro, a traducción do termo "etaipa", que non ten unha correspondencia plena na nosa lingua por carecer dunha realidade idéntica, e que nesta edición se optou por traducir como prostituta. Na primeira das dúas obras reprodúcense os diálogos entre os principais deuses do Olimpo, que son vistos desde unha perspectiva humana que revela as súas debilidades e mesquindades, e que tratan pequenas cuestións da vida doméstica aliñadas cunha visión humorística e crítica. Na segunda das obras, preséntasenos ás "etaipas"como prostitutas de alto nivel, que mesmo chegan a ter fillos cos seus amantes, entre os que figura un amplo rexistro de tipos masculinos da Atenas clásica: o militar fachendoso, o comerciante espléndido, o labrego pailán, etc. Nesta segunda obra tamén queda patente o motivo da rivalidade entre prostitutas ou o dos celos.




Recensións:





- Moisés R. Barcia, “Diálogos, diálogos”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”*, nº 17, 7 novembro 2002, p. IV.

Presenta o volume de Luciano de Samosata, *Diálogos de deuses. Diálogos de prostitutas*, en edición bilingüe grega e galega, en traducción de María Teresa Amado Rodríguez, dentro da colección “Clásicos en galego”. Cualifica esta obra de “sólida e solvente”. Comenta diferentes aspectos relacionados con Luciano de Samosata, salienta deste autor grego que viviu no século II d.C. a súa influencia na producción literaria de Erasmo de Rotterdam, de Rabelais, de Quevedo e mesmo de Cervantes. Achega tamén un resumo argumental das dúas obras que se inclúen nesta edición, que considera representativas do facer do autor e próximas, pola ironía e a visión humorística, ao cine de Woody Allen.

Lorenzo, Ramón (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 2003, 726 pp. (ISBN: 84-8121-972-X).⓾

Neste volume recóllense artigos de temática diversa. Aquí damos conta aquí dun artigo referido á literatura grecolatina traducida ao galego incluído neste volume colectivo que aparece xa descrito no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

-Xesús Alonso Montero, "O 'Beatus ille' de Horacio: a traducción galega de García Mosquera (1868) verquida ó castelán polo poeta chileno Eduardo de la Barra (1898)", pp. 659-669.

Salienta o profesor Alonso Montero que en 1868 José García Mosquera (1817-1868) traduciu ao galego o segundo dos *Epodos* de Horacio. Fai un repaso sobre a vida do traductor galego e comenta a traducción titulada "A vida d'o campo", unha traducción, considerada por diferentes especialistas como un traballo moi bo e de calidade semellante á

do orixinal, que tivo moito éxito en diferentes revistas e xornais e que foi incluída dentro do tomo I do libro *Horacio en España*, de Marcelino Menéndez Pelayo. Comenta que gracias á inclusión neste libro da traducción ao galego do poema latino chegou a ser coñecida fóra da fronteira española e que un importante escritor chileno, como é Eduardo de la Barra (1839-1900), fixo a traducción ao castelán de “A vida d’o campo”. Alonso Montero ofrece datos sobre a obra do chileno e reproduce neste artigo os textos facsímiles das dúas traduccións (a feita polo autor galego e a feita polo chileno) e compáraas entre elas e co texto latino.








VI. 1. Publicacións en revistas

Dasilva, Xosé Manuel, “Plauto posto en galego”, *Grial*, nº 155, Tomo XL, “Galicia, cidade atlántica”.“Libros”, xullo, agosto, setembro 2002, pp. 559-562.

Mostra satisfacción polo feito de que a colección “Clásicos en galego” acollese unha nova versión da *Aulularia* (2001), de Plauto, partindo da feita por Iglesia Alvariño trinta e nove anos antes desta e que tamén se recolle neste novo volume. Sobre esta colección auspiciada pola Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, indica que dá cabida tanto a autores greco-latinos coma a autores doutras literaturas modernas e que naceu co obxectivo de mostrar as posibilidades que ofrece o galego á hora de traducir. Concretamente referíndose a este volume salienta que se trata dunha versión de características didácticas que conta con dous apéndices onde se dá conta da súa posta en escena en Galicia a cargo de dúas compañías diferentes, que conta con anotacións do fillo de Iglesia Alvariño, aspecto este último que, dende un punto de vista xenético, permite observar a elaboración paulatina deste texto teatral. Ademais disto fai referencia á primeira aparición desta obra traducida ao galego en 1962, indicando que o poeta lugués reconstruíu

con liberdade o remate da obra orixinal, que se perdera, e na que empregou o galego da súa zona natal. A este respecto salienta que quizais esta elección idiomática tivese como finalidade outorgar unha maior xovialidade ao texto de partida. En relación con isto comenta que, sen embargo, esta mesma escolla da lingua puido ser o que determinase que no ano 1951 non gañase o premio de traducción de Bibliófilos Gallegos cos *Carmina*, de Horacio, xa que o xurado premiou o *Cancioneiro da Poesía Céltiga*, de Julius Pokorny, a pesar de que este non cumpría unha das bases do certame, sendo estas dúas obras as únicas presentadas ao concurso.








Rodríguez Barcia, Moisés, “Eficacia ben probada”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Narrativa”, febreiro 2002, p. 25.

Comentario do volume *O asno de ouro*, de Apuleio, que foi editado en 2001 na Colección Clásicos en Galego da Editorial Galaxia e traducido por Estrella Fernández Gralla. Explica que Apuleio é un autor de literatura clásica latina, do século II, que escribiu, ademais desta obra, *As metamorfoses*. Sinala que *O asno de ouro* narra a historia dun mozo que se transforma en burro debido aos seus tratos coa criada dunha bruxa e que, despois de diversas aventuras, recupera a forma humana. Explica que o libro, a pesar da súa forma de relato longo, inclúe contos soltos que aparecen como incisos lembrando a estructura de *O Quixote*. Indica que esta edición da obra (que é a segunda que se fai, pois Manuel Quintáns Suárez fixo unha en 1999) inclúe unha extensa introducción e o texto orixinal latino. Considera que a traductora tivo unha clara intencionalidade de non verter ao galego só o contido léxico, senón tamén de atopar unha equivalencia sociocultural. Destaca o carácter bilingüe da obra e asegura que isto supón un traballo engadido de fixar o texto latino orixinal. Avalía moi positivamente o traballo introductorio e as notas ao pé, que son exhaustivas e, ás veces, excesivas. Fai, finalmente, unha análise da lingua empregada e sinala que o galego

da traductora é “solvente, enxebre e ben adaptado aos ritmos dos períodos latinos”; destaca




o correcto emprego de formas coloquiais e critica a incorrecta traducción dalgunhas formas verbais, a presencia de grallas e termos non normativos, o uso estraño da tipografía, así como as referencias a obras non citadas na bibliografía.





VI. 2. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Barcia, Moisés R., “Os clásicos entre nós”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 2, 16 maio 2002, p. 50.

Analiza a traducción de *O asno de ouro*, realizada por Estrella Fernández Graña en 2001 e inserida na colección “Clásicos en Galego” da editorial Galaxia. Ademais de resumir o argumento desta novela, a única mostra xunto co *Satiricón*, de Petronio, de prosa narrativa de ficción en galego, detense na introducción que inclúe a edición cun “interesante estudio preliminar” e valora o galego da traductora como “solvente, enxebre” pero ben adaptado aos ritmos dos períodos latinos. Entre os erros da traducción sinala o mantemento da alternancia de tempos verbais referidos a unha mesma acción, existente no orixinal pero insostíbel en galego.

VI. 3. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Máiz Togores, Xosé María, “Edipo rei”, *O Correo Galego*, “O chiroleiro”, 26 agosto 2002, p. 3.

Achega algunhas das contribucións de Sófocles (495-406 a.C.) á dramaturxia como a limitación da intervención do coro, a concepción humana dos personaxes, a introducción da triloxía libre na que cada drama é autónomo, e cita, de entre as sete obras conservadas, *Antígona*, *Electra*, *Áiax* e *Edipo Rei*. Con respecto a esta última, sinala que se converteu nun dos temas máis tratados na literatura grega, serviu de fonte de inspiración de numerosas obras literarias e artísticas ao longo da historia e mesmo deu nome a un complexo estudiado por Freud. Finalmente resume o argumento da peza e pregúntase se Edipo merecía en realidade un castigo polos seus actos.

Méndez Ferrín, X.L., “Rara avis in Saxonia”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 11 outubro 2002, p. 2.

Refírese á edición bilingüe latín-galego que recolle a obra da freira Hortsvitha, realizada por Xosé Carlos Santos Paz e publicado na Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor” en 2000. Sinala que esta freira morou e escribiu no mosteiro de Gandersheim (Saxonia) na metade do século X e alude ao interesante que resultaría editar tamén os hexámetros dun poema da autora titulado *Pelagius* no que trata do martirio de San Paio nunha “narración morbosa”. Alude tamén a algúns aspectos mencionados por Santos Paz na introducción do volume, como a inspiración de Anatole France a finais do XIX na obra da freira de Saxonia para escribir a novela *Thais.*

VII. ***A Literatura Infantil e Xuvenil***

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 1. Narradores galegos

Alonso, Fran, *A casa da duna*, fotografías de Manuel G. Vicente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2002, [44 pp.]. (ISBN: 84-8302-871-9).

Neste relato fantástico realista en defensa da natureza, Fran Alonso (Vigo, 1963) por medio dun narrador en terceira persoa e dende a omnisciencia narrativa conta cómo vive Alba nun medio bañado polo mar ata que atopa unha amiga, Alma, que lle trae unha onda, para axudala a fuxir da onda negra que ameaza o medio ambiente onde ela desenvolve a súa vida cotiá. Unha metáfora da vida no medio marítimo e da importancia da súa preservación.

Este relato tamén se pode seguir por medio das fotografías e imaxes de Manuel G. Vicente que acompañan ao texto.

Recensións:

- CLIJ, “A casa da duna”, *CLIJ,* 155, decembro 2002, p. 63.

Salientan que este “álbum” é producto da complicidade de dous artistas, o escritor Fran Alonso e o fotógrafo Manuel G. Vicente, que se uniron para contar unha historia misteriosa. Describen o argumento e rematan salientando que estamos diante dun conto máxico con moitas posíbeis lecturas que apelan aos sentidos e sentimentos, unha aposta pola renovación da imaxe e do tipo de texto, en definitiva unha pequena obra de arte.

Referencias varias:

- R. N., “O mar de todos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 21 decembro 2002, p. 10.

Coméntase que esta obra de Fran Alonso, *A casa da duna*, está destinada ao público infantil e que conta coas fotografías de Manuel G. Vicente. Tamén se di que está concibida como un álbum no que prima a linguaxe fotográfica e no que o mar, como protagonista, ten un papel preponderante e bondadoso. Alúdese á pertinencia desta obra pola casualidade coa realidade galega e á intensidade que adquire por este mesmo feito.





Álvarez, Marta, *¡Como está o galiñeiro!*, ilust. da autora, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, outubro 2002, [32 pp.]. (ISBN: 84-8302-862-X).

Conto dirixido aos primeiros lectores, presentado con letra cursiva e con todas as páxinas ilustradas, a toda cor. Marta Álvarez (Vilagarcía de Arousa, 1976), ilustradora e autora do texto, por medio dun narrador en terceira persoa relata cómo se desenvolveron as vacacións de Uxía nunha casa de aldea e as consecuencias da entrada das galiñas no laboratorio do seu pai, o profesor Viraventos. Os feitos acaecidos fan que a estancia da nena da cidade na aldea sexa máis agradábel do que agardaba ao comezo das vacacións.

Barreiro, Manuel M., *Area Maior*, ilust. Marcela Santorum, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2002, 116 pp. (ISBN: 84-8302-908-1).

Nesta novela curta faise un canto á vida, á convivencia e ao respecto polo contorno no que se vive. Coa axuda das ilustracións de Marcela Santorum, un narrador en primeira persoa, o cangrexo ermitán Adrián, relátanos cómo se desenvolve a vida na praia de Area Maior na que el vive. Preséntanos aos seus veciños e compañeiros ao polbo sabio Don Paulo, á merla Marcela, encargada de traer as noticias do exterior, ou a Lucho, o berberecho, entre outra moita fauna que aparece ao longo de toda a obra. Todos estes animais mariños e terrestres serán os que, cansos dos ataques incontrolados dalgúns homes ao seu hábitat, comecen unha loita pola supervivencia que os levará ata a victoria final sobre os Bocatorta, furtivos que esquilman as praias. Adrián convértese no líder e á vez en transmisor da historia e da paisaxe do seu contorno enfocada dende o punto de vista dos seres mariños, e tamén nos conta as orixes de Muxía. A obra péchase cun epílogo de Fran Alonso titulado “Dúas palabras sobre o autor” no que se ofrecen algúns datos biográficos de Manuel M. Barreiro (Caracas-Venezuela, 1961).

Blanco, Concha, *Estela, a domadora de ras*, ilust. Evaristo Pereira, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos, nº 28 (máis de 8 anos), 2002, 88 pp. (ISBN: 84-7680-400-8).

Concha Blanco (Lires-Cee, A Coruña, 1950) por medio dunha terceira persoa cóntanos a vida da nena Estela que vive no circo xunto cos seus pais e que se sente bastante triste e baleira, pois non pode facer amigos por mor das continuas viaxes que teñen que realizar e que lle fai perder as súas amizades. Esta situación cambioulle no momento en que se atopou con Carla, unha ra que fala. As dúas fanse moi amigas e mesmo pasan a traballar xuntas nun espectáculo dentro do circo. Ao final do conto, a ra convértese nun fermosomozo chamado Álvaro e casa con Estela. O relato está acompañado das ilustracións de Evaristo Pereira (Vigo, 1959) que reflicten moi ben o que se relata. O libro está estructurado en dezasete capítulos xunto cun epílogo final. O tema principal da obra é a amizade e está ambientada en varias cidades e pobos de Galicia e contada dun xeito que lembra aos contos tradicionais, nos que o animismo e a anagnórise son características a salientar.

Calvo, Tucho, *Gatipedro*, ilust. Antonio Caíña, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Sondeconto, nº 2, marzo 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-117-1).

Este libro de Tucho Calvo (La Guaira, Venezuela, 1954) ilustrado por Antonio García Caíña (Carballiño, 1970), versa sobre a historia onírica da nena Adiña. A maior preocupación da nena é que todas as mañás acorda coa cama mollada. Un día mentres estaba a durmir, aparecéuselle o ananiño Pedro Chosco nos seus soños e dille que está disposto a axudala. Entre os dous e co apoio de Álvaro Cunqueiro descobren que o causante de todo este mal é Gatipedro, un animal que botaba auga por un corno mouro que tiña. Finalmente descobren que botando un chisco de sal na entrada da porta do cuarto podería solucionarse este problema. Adiña non se sente con forzas para facelo pero Pedro Chosco encárgase de axudar a nena e a todos os nenos e nenas botándolle sal nas portas dos ollos para liberalos do Gatipedro. Un narrador omnisciente en terceira persoa cóntanos esta historia queaparece acompañada dunhas ilustracións cheas de cor e realismo. É un conto narrado ao xeito dos clásicos relatos de fantasía e seres imaxinarios. Ven acompañado dun CD onde Santiago Fernández, con bos matices para diferenciar aos personaxes, narra a historia acompañado pola Orquestra Sinfónica de Galicia que interpreta a música de Javier

Santacreu.




Referencias varias:

- Rodri García, “O libro-disco ‘Gatipedro’ chega esta semana ás librerías galegas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 maio 2002, p. 32.

Di que este libro forma parte do grupo chamado “libros de museo”. Segundo el, estes libros caracterízanse por unhas chamativas ilustracións que fan que os contos sexan moito máis divertidos para os máis cativos.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Infantil/Xuvenil”, 6 xuño 2002, p. VII.

Comentario conxunto de tres obras: *Gatipedro*, de Tucho Calvo, da que fai un resumo do seu argumento e explica as orixes deste personaxe fantástico, dicindo que se trata dun animal que xa Álvaro Cunqueiro nos presentara na súa obra *Escola de menciñeiros*. De

Avós, de Chema Heras destaca que é unha historia chea de tenrura e dozura, que ensina cómo atopar a beleza a través dos ollos do amor. Así mesmo pon de relevo o papel dos debuxos, xa que a través das súas cores, sinxeleza e expresividade acentúan o sentido poético do texto e a dozura dos personaxes. Finalmente, de *O home e a neve* (2001), unha adaptación do Colectivo Crisol, sinala que é un conto con estructura en espiral, propio da tradición popular que servía para inculcarlles aos máis pequenos as normas de conducta que rexían a sociedade de cada momento.




-Luz Gallego, “O Gatipedro”, *Diario de Pontevedra*, “Letras Infantiles-Revista”, 16 xuño 2002, p. 8.

Empeza facendo un pequeno resumo do libro. Explícanos tamén que este animal fantásticoé un dos moitos seres imaxinarios que no seu día Álvaro Cunqueiro presentara na súa obra *Escola de menciñeiros*. Finalmente fai referencia ás magníficas ilustracións que lle dan ao libro un ton misterioso e máxico, moi apropiado para reflectir o mundo dos soños no que Adiña se mergulla.

- Beatriz Abelairas, “Los Premios Xerais”, *Qué leer día a día*, nº 68, “Otras letras”, especial verán 2002, p. 26.

Ver Calvo, Tucho, *Corazón entre desertos*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Cameselle, Roque, Ania **Pérez Alonso**, José Ángel **García López**, Isidro **Rodríguez Caamaño**, Julia **Scoruska** e Daniel **González Vázquez**, *IIIº Certame Literario de Relatos Curtos Os Viaductos 2002*, Redondela: Concello de Redondela (Concellería de Xuventude), 2002, 92 pp. (ISBN: 84-8302-836-0).❿

Volume que recolle o primeiro e segundo premio do IIIº Certame de Relatos curtos “Os Viaductos”, ademais de incluír outros tres relatos recomendados para publicar polo xurado encargado de dictaminar este premio. Estes relatos pertencen a:

- Roque Cameselle, “Amargo Azucre”, (Primeiro premio), pp. 9-38.

Conto no que o protagonista é o crego de Estás, don Leandro Fernández Moretón, coñecido polo alcume de *El si de las niñas* e caracterizado pola súa afección aos doces. Ambientado durante a represión franquista, o crego recibe a encomenda do San Campio, un santo da súa igrexa coñecido tamén como “O Deitado”, para que evite a entrada no lugar sagrado de don Armando, o Paseador. Decidido a levar a cabo tal encomenda, o crego terá que enfrontarse á fachenda do Paseador que, advertido de que o queren matar, non dubida en

asasinar a un inocente para finxir a súa morte e permanecer el agochado ata que é descuberto por don Leandro.




- Ania Pérez Alonso, “Conto fluvial”, (Segundo premio), pp. 39-54.

Historia que se desenvolve en terras zambianas e que ten como protagonista a Nalumeno Musiyalike, unha muller da aldea dos lozi co seu destino unido ao do río. Tanto é así que cando ela naceu este caeu pola pendente con máis forza, e despois de varios anos nos que o seu caudal non subía, volveu a facelo cando Nalumeno pariu o seu primeiro fillo xustamente nese río.

- José Ángel García López, “Crónica de sucesos”, (Primeiro accésit), pp. 55-63.

A través de conversas e fragmentos de emisións radiofónicas sabemos da morte de María, unha moza asasinada por alguén que logo transportou o corpo á beira do río. Finalmente deteñen a Aurelio por este crime, un amigo da asasinada quen, como se indica ao comezo do relato, se autoinculpou pola aldraxe que sentiu outra amiga ante este feito.

- Isidro Rodríguez Caamaño e Julia Scoruska, “O viaducto”, (Segundo accésit), pp. 65-78.

Páxinas nas que un home, en primeira persoa, vai contando o sentimento de rabia que o invade ao non poder sacar da cabeza a figura e voz do seu cuñado. Pouco a pouco, coa lectura dos pensamentos deste home descubrimos que este cuñado matara xa facía tempo un can da familia da muller e que para que a cousa non chegase a máis o narrador marchou para Alemaña. Sen embargo, ante a imposibilidade de esquecer este asunto, volve para facer xustiza, e preto de onde o cuñado matara o can, el acoitelou ao cuñado e ao mesmo tempo íase sentindo liberado dunha carga.

- Daniel González Vázquez, “Os espíritos do mar”, (Terceiro accésit), pp. 79-92.




Historia que se desenvolve de noite na ría de Vigo, lugar ao que acoden catro homes para comprobar se os espíritos dos que morren no mar axudan a quen o necesita e para ver se invocándoos correctamente aparecen en calquera momento. Cando estaban comprobando se era certo viron un barco con xente levando cousas dun lado a outro, á que eles

identificaron cos espíritos dos españois que transportaban o ouro de América cara á terra antes de entrar en loita cos ingleses. Ao mesmo tempo por medio dunha conversa entre persoas do barco, descobren que se trata de narcotraficantes . Finalmente os catro congresistas quedan durmidos e á mañá seguinte atopan unha espada cun nome en inglés mesturándose así completamente a realidade co mundo dos espíritos.




Campos Pico, Raquel, *Otma Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas*, Iº Premio en galego da décimo cuarta edición do Premio Rúa Nova 2002, Vigo: Ir Indo Edicións/Fundación Caixa Galicia, setembro 2002, 85 pp. (ISBN: 84-7680-406-7).

♋♍□■♦♏♍♍❍♏■♦□⬩ ◘□●↙♦♓♍□⬩ ❑◆♏ ❒□♎♏♋❒□□■ ♋
☼♏❖□●◆♍♓⇔■ ☼◆⬩♋ ♏ ❑◆♏ ❍♋❒♍♋❒□□■ □ ♎♏❖♓❒ ♎◆■♒♋
☜◆❒□◘♋ ♓■❍♏❒⬩♋ ■◆■ ♍□■➚●♓♍♦□ ⬩♏■ ◘❒♏♍♍♎♏■♦♏⬩☝




Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “No tren cara a Jekaterinburg”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, “Literatura”, 6 outubro 2002, p. 3.

Detense na análise temática e formal de *Otma Nicolaievna*. Destaca desde o comezo que se trata dun relato “moi ben ganduxado” que constitúe unha novidosa achega á novela histórica. Neste sentido salienta o rigor co que a autora manexou toda a bibliografía existente sobre a familia do último soberano ruso para facer protagonistas desta novela ás súas catro fillas. Loa ademais o artificio formal utilizado para narrar os feitos a través da voz dunha soa persoa e, por último, indica que o xurado que lle concedeu o galardón da XIV edición do Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova valorou o feito de que a autora profundase na personalidade e vivencias dos personaxes respectando as marxes históricas.

-Paula Fernández, “Duquesas de Rusia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 14, “Infantil/Xuvenil”, 17 outubro 2002, p. VII.

Dá conta da obra de Raquel Campos Pico, *OTMA Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas*, gañadora da XIV edición do Premio Rúa Nova 2002. Preséntase como unha biografía novelada sobre a vida das fillas dos tsares Nicolau II e Alexandra F’odorovna: Olga, Tatiana, María e Anastasia, nun intento de reivindicar a importancia das súas figuras. Sinala como nesta obra podemos atoparnos cun bo número de datos referentes ao desenvolvemento da Revolución Rusa e como vai desaparecendo pouco a pouco a familia dos tsares. Finalmente, menciónase o interese desta obra como unha oportunidade de dar a coñecer aspectos ata agora descoñecidos.

Referencias varias:

-Amalia Mauleón e Carmen Villar, “Inyección Literaria”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 abril 2002, p. 39.

Explica que no Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil foron varios os autores galegos que visitaron a nenos e nenas enfermos do Hospital Xeral de Vigo e aos que lle regalaron libros para motivalos e animalos á lectura. Ao mesmo tempo responderon a diversas preguntas e cuestións feitas polos cativos. Por outro lado, faise unha especial mención ao XIV Premio De Narracións Xuvenís "Rúa Nova", que este ano gañou a compostelá de 17 anos Raquel Campos Pico, polo seu relato *Otma Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas*. Finalmente di que o contacontos "Pipo" deu vida ao libro *Os ladróns de tixolas* do autor Xosé Antonio Perozo.

- Mónica Vázquez, "Me gusta escribir sobre sagas pero tengo miedo de caer en el culebrón", *La Opinión,* "Entrevista", 24 setembro 2002, p. 64.

Entrevista a Raquel Campos Pico (Santiago de Compostela, 1984), co gallo da concesión de XIV Premio Rúa Nova de Literatura xuvenil en galego pola súa obra *OTMA Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas.* Sinala que é unha novela histórica que se centra no último tsar de Rusia e na misteriosa morte da súa familia a comezos do século pasado. A continuación, menciónanse unha serie de datos biográfico e realízanse preguntas sobre a súa vocación

literaria, cómo a descubriu, de ónde lle vén a súa inspiración, por qué lle gustan as novelas de tipo histórico e as sagas familiares. Pásase logo a presentar cuestións máis relacionadas co panorama actual, coma o pequeno índice de lectura no noso país, qué se pode facer para animar a xente a ler... Así mesmo tamén se lle fan preguntas concretas en relación a personaxes da súa obra. Remata a entrevista cunha serie de cuestións persoais da escritora.




- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 12, “Libros”, 3 outubro 2002, p. V.

Ver Cabré, Jaume, *Señoría*, no apartado I. 3. Narradores traducidos ou versionados deste *Informe*.

- Beatriz Abelairas, “El adiós a otro maestro, bienvenidas a granel”, *Qué leer día a día*, nº 70, “Otras letras”, outubro 2002, p. 26.





Ver Fernández Pintos, Xulio, *A lenda do embruxado e outras historias*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.





Canosa, María, *Leo era un león,* ilust. Nieves Lago Garrido, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos (máis de 5 anos), 2002, 30 pp. (ISBN: 84-7680-414-8).

Conto fantástico realista de María Canosa (Cee, 1978) no que, a través dun narrador en terceira persoa e das imaxes de cores cálidas e vivas de Nieves Lago Garrido (Vigo 1977), se relata a ilusión coa que María, unha nena pequena, recibe como agasallo de Noiteboa un pequeno león de trapo chamado Leo, e a grata sorpresa que leva a mañá de Reis ao serlle concedido un dos seus maiores desexos: Leo pode falar. Ao longo da historia resáltanse os efectos óptimos que provoca na nena este león, co pelo cor de ouro vello e rabo cativo rematado nunha guedella, ao conseguir afastar da súa face a tristura.

Cao, Isabel, *O verdadeiro señor Pepe*, ilust. Xaime Asensi, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos (máis de 5 anos), 2002, 30 pp. (ISBN: 84-7680-414-8).

Isabel Cao (Montevideo, 1942) é a autora deste conto infantil no que, a través dun narrador en terceira persoa e das ilustracións a toda cor de Xaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957), se conta cómo no outono o Sr Pepe, cultivador de viñas, constrúe e lanza a voar, durante a festa de San Roque, un boneco de palla de centeo e globos de cores con mensaxes de paz. Ademais de levar a cabo este proxecto, o protagonista faise pasar polo seu irmán xemelgo inexistente co fin de gastarlle unha broma ao Sr Xaime, un forasteiro interesado en comprar o seu viño.

Carballeira, Paula, *Correo urxente*, ilust. Xan López Domínguez, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 33, serie Azul (a partir de 6 anos), outubro 2002, 126 pp. (ISBN: 84-8116-871-8).

Paula Carballeira (Fene, Ferrol, 1972) e Xan López Domínguez (Lugo, 1958) presentan a historia de dous irmáns Milio e Mara, e un amigo desta última, un carteiro chamado Raúl, mediante a presentación de sete cartas que se envían entre eles. Milio, o protagonista, un home grande e gordo, inclúe nas súas cartas non só historias do que lle vai sucedendo no colexio no que el traballa como cociñeiro na cidade, senón que tamén relata pequenas historias sobre seres imaxinarios, receitas de cociña, remedios para as pernas rotas, etc. Mentres tanto Mara vive no pobo coidando as hortas e os animais cos que fala e os que tamén lle conta historias. Coa axuda das cartas Mara coñece o carteiro do seu pobo, Raúl, co que lle une unha grande amizade e co que comparte as cartas do seu irmán. Ao longo da narración atopamos unha mestura de personaxes reais do propio colexio, nenos e profesores, e personaxes imaxinarios, que fan que este volume presente unha mestura de realidade e fantasía.

Carballeira, Paula, *O ganso pardo*, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Catavento, nº 3 (a partir dos 14 anos), 2002, 125 pp. (ISBN: 84-263-4893-9).

Primeira novela que Paula Carballeira (Fene-Ferrol, 1972) escribe para un público xuvenil despois da súa coñecida producción dirixida aos máis pequenos. Estructúraa en once capítulos numerados, e nela nárrase a vida do mariscal de Francia, Guilles de Retz, que viviu no século XV na Bretaña francesa e que pasou á historia por ser executado pola matanza de centos de nenos víctimas dos seus experimentos na busca da eterna xuventude. Focalizada a través dun narrador omnisciente selectivo, que é Adéle, a criada que traballa no seu castelo de Champtocé dende a infancia, coñecemos a vida deste sanguinario personaxe e o seu afán por desvelar os segredos máis escuros da maxia que mantén a vida humana, feito que o levará á forca. Rematada a súa vida, será Marie, unha nena de once anos a que se converta na herdeira dos bens do mariscal e continuadora dos seus experimentos, cun final igualmente tráxico nunha sociedade na que se confundía a maxia e a bruxería co espírito cientifista e renacentista dominado polo afán de coñecemento.

Carballude, Pepe, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, Premio O Barco de Vapor 2002, Madrid: Ediciones SM, col. O barco de vapor, nº 38, (a partir de 12 anos), 2002, 143 pp. (ISBN: 84-348-8528-X).

Nesta nova entrega de Pepe Carballude (A Estrada-Pontevedra, 1956) que acadou o Premio O Barco de Vapor no ano 2002 atopamos unha singular historia na que o principal protagonista é o Mestre Mateo. Empregando a técnica do *flash-back* o narrador relata a viaxe que o Mestre Mateo fixo xunto co Anxo Trompeteiro para percorrer o camiño de Santiago dende Lugo ata Fisterra, así como todos os inconvenientes que atoparon durante a viaxe, como a simbólica sombra negra que quere impedir que cheguen ao seu destino. A historia, que está articulada en nove capítulos, aparece chea de valores de gran relevancia na sociedade actual tales como a tolerancia cara ás persoas distintas a nós, a axuda ao próximo, a amizade... Ao longo da narración atopamos unha mestura de personaxes de marcado aspecto histórico tales coma o propio Mestre Mateo ou o Anxo fronte a outros personaxes secundarios como son o Sarxento Gamallo, o Comisario García , o sancristán do Cebreiro... que fan que a novela presente unha mestura de realidade e fantasía.

Referencias varias:

-Paula Bergantiños, “Os nenos demandan do escritor moito humor e fantasía”, *A Nosa Terra*, nº 1.054, 31 outubro-6 novembro 2002, p. 30.

Neste artigo Paula Bergantiños faille unha entrevista ao galardoado Pepe Carballude na que se fai un breve percorrido polo seu mundo como escritor. O entrevistado responde a unha serie de preguntas e pon de manifesto a importancia dos premios literarios á hora de promocionar tanto a literatura en xeral coma aquela dedicada aos máis cativos en particular.

-María Navarro, “Unha linguaxe fluída”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 15, “Infantil/Xuvenil”, 24 outubro 2002, p. VII.

Despois de facer referencia á producción literaria de Pepe Carballude, céntrase no comentario desta súa nova entrega, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*. Sinala que parte dunha base real-histórica e que o autor constrúe unha historia que, asentándose

na fantasía, lle permite ironizar e ridiculizar crenzas e situacións ilóxicas como as supostas propiedades curativas de prendas de vestir. Dá conta do contido argumental desta novela, na que a mestura de realidade e fantasía e a continua sucesión de contradiccións provocan a hilaridade do lector, que observa o absurdo que poden chegar a ser situacións grotescas que adoitan a ser xustificadas pola fe. Conclúe apuntando que estamos ante unha “entretida” novela de temática histórica, que está escrita cunha linguaxe fluída.




- I. M., “Carballude gana el Barco de Vapor al revivir en su libro al maestro Mateo”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 xaneiro 2002, p. 23.

Tras aludir brevemente ás claves da escrita de Carballude, achega coa axuda deste as liñas argumentais da obra premiada. Tamén se salienta a “responsabilidade” e as dificultades de escribir literatura para os máis pequenos.

-Belén López, “O pontevedrés Pepe Carballude gaña o Premio Barco de Vapor Infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 19 xaneiro 2002, p. 60.

Dá a coñecer o nome do gañador e recolle a impresión deste sobre o premio e a súa escrita, destacando “a responsabilidade” de escribir literatura infantil. Indica que “o segredo do autor pasa pola mestura perfecta de fantasía e humor”, sinalando que isto foi o que o levou a gañar o mesmo galardón anteriormente. Remata apuntando cómo xurdiu a idea da obra premiada.

-Alberto Quián, “Os nenos son os lectores máis esixentes”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2002, p. 40.

Entrevista a Pepe Carballude que xira, principalmente, arredor da súa obra *De cómo o Santo dos Croques se fai peregrino*, galardoada co XVIII Premio Barco de Vapor de literatura Infantil. Tamén alude ao premio e salienta a escrita infantil.

-AFA, “Pepe Carballude salienta a boa saúde da literatura infantil galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 31 outubro 2002, p. 76.

Refírese á entrega do premio Barco de Vapor, que recaeu en Pepe Carballude, quen destacou que este premio ten moita relevancia e difusión, cousa que favorece a nosa literatura. Respecto a *De como o Santo dos Croques se fai peregrino* o seu autor indica que xurdiu a raíz do último ano Xacobeo e salienta ademais que con esta obra intenta facer unha historia lúdica para os rapaces sen reducir o caudal léxico. Por outro lado tamén afirma o escritor que actualmente a literatura infantil galega está máis consolidada que cando el comezou a escribir e que hoxe en día compite co resto das linguas do estado.

-Carmen Villar, “Primeiro procuro escribir unha historia que me interese a min”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 outubro 2002, p. 44.

Entrevista ao gañador do XVIII premio Barco de Vapor, Pepe Carballude, na que destaca que o que pretendeu facer en *De como o Santo dos Croques se fai peregrino* foi unha historia divertida e con humor. Así mesmo sinala que intenta facer literatura para todos, que non valla só para rapaces, e que a actual industria do entretemento fai complicado que os rapaces abran un libro, aínda que indica que, por exemplo, el o conseguiu coas súas fillas.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas fan pis* (ISBN: 84-95350-61-0)/*Os Bolechas fan un carro* (ISBN: 84-95350-60-2)/*Os Bolechas están namorados* (ISBN: 84-95350-59-9)/*Os Bolechas perderon o can* (ISBN: 84-95350-62-9)/*Os Bolechas van ao parque de atraccións* (ISBN: 8495350-50-5)/*Os Bolechas van á hamburguesería* (ISBN: 84-95350-51-3)/*Os Bolechas xogan ao baloncesto* (ISBN: 84-95350-62-1)/*Os Bolechas pelexan cunha avespa* (ISBN: 84-9535054-8), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, n°s 21-28, 2002, [20 pp.].

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) publicou ao longo de 2002 oito novos títulos desta colección de álbums infantís protagonizada polos Bolechas e centrada no relato de diferentes episodios da vida cotiá protagonizados polos irmáns Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia, Tatá e o can Chispa. En *Os Bolechas fan pis* nárrase o que ocorre cando os cinco irmáns teñen esta necesidade fisiolóxica de madrugada e todos ao mesmo tempo, e a cola que se forma diante da porta do baño. En *Os Bolechas fan un carro* todos os irmáns dispóñense a colaborar para construílo. Así, Loli debuxa os planos, Sonia e Braulio procuran pezas vellas e o resto serran as madeiras. Coa colaboración de todos conseguen encaixar as distintas pezas e despois tíranse por unha costa ata que se decatan de que esqueceron poñer os freos e acaban

chocando cun cubo do lixo. En *Os Bolechas están namorados* Carlos, Pili, Loli, Braulio, Sonia e mesmo o can Chispa experimentan o que é o amor e reciben bicos dos seus amigos. Así, senten moitos nervios, calafríos no corpo e cóxegas na barriga. En *Os Bolechas perderon o can* os cinco rapaces perden a Chispa mentres xogan no parque e a pesar dos seus esforzos non o dan atopado. Cando chegan á casa póñense moi tristes pensando que ía ser do seu can pero axiña aparece Chispa que marchara de troula cos cans sen dono e vén sucio e cheirento coma eles. En *Os Bolechas van ao parque de atraccións* os protagonistas pásano moi ben ao longo da tarde na montaña rusa, na casa do terror e nos coches de choque. En *Os Bolechas van á hamburguesería* os irmáns pasan a tarde probando as súas hamburguesas favoritas. No local atopan a súa amiga Carol e todos rematan por lixar a roupa co *ketchup* e a mostaza. En *Os Bolechas xogan ao baloncesto* os irmáns Bolechas xogan divididos en dous equipos. No vermello van Sonia, Carlos e Pili e unha nena loura con síndrome de Down e no azul xogan Braulio, Loli e un neno americano ao que se lle dá moi ben este deporte. En *Os Bolechas pelexan cunha avespa* todos os irmáns foxen pola casa dunha perigosa avespa que entrou pola fiestra. Loli colle un bote con azucre e cuberta con panos de cociña consegue atrapala para logo ceibala pola xanela.




Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber que é a auga* (DL: VG-546-2002)/*Os Bolechas queren saber que é a enerxía* (DL: VG-540-2002)/*Os Bolechas queren saber que é o aire* (DL: VG-552-2002)/*Os Bolechas queren saber que é o lixo* (DL: VG-543-2002)/*Os Bolechas queren saber que é o solo* (DL: VG-549-2002), asesoramento de Adela Leiro e Xosé Ramón Daporta, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas queren saber..., n°s 1-5, 29 pp.

Nova colección de contos infantís de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) protagonizados polos irmáns Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia, Tatá e o can Chispa, na que esta banda descobre as principais características dalgúns elementos cotiáns. En *Os Bolechas queren saber que é a auga,* os rapaces aprenden que a auga non ten sabor, nin cor, nin olor; que pode presentarse líquida, sólida e gasosa; que hai auga salgada coma a do mar e doce coma a dos ríos, lagos e lagoas; que a auga dos pozos provén das augas subterráneas; cómo son o xeo, a neve e as nubes; cómo viven os peixes e os animais na auga; cómo chega a auga ás casas e pode producir corrente eléctrica; cómo a auga serve para curar e divertirse e cómo se pode evitar a contaminación e o gasto innecesario de auga. *En Os Bolechas queren saber que é a enerxía* a banda de rapaces coñece qué é a enerxía e para qué serve; cómo

os animais e as máquinas axudan aos humanos a obtela; as distintas formas de enerxía presentes na natureza (o sol, o vento, a auga, o mar, o carbón, o petróleo); e que é a contaminación e o xeito de evitala. En *Os Bolechas queren saber que é o aire,* ao longo dos diferentes apartados, titulados “O aire”, “O osíxeno”, “A temperatura do aire”, “O vento”, “O mar e as nubes”, “A tormenta”, “A néboa”, “A respiración”, “Animais voadores” e “A contaminación”, descríbense o aire e as súas propiedades e características. En *Os Bolechas queren saber que é o lixo* os irmáns coñecen que é o lixo, ónde se produce, ónde vai cando se recolle, cómo produce a contaminación do mar e do solo, cómo se pode aprender a seleccionalo e diferentes xeitos de reciclaxe. En *Os Bolechas queren saber que é o solo* defínese o solo e fálase dalgúns vexetais e animais que se alimentan e viven neste medio. Ademais desenvólvense conceptos relacionados como a agricultura, as características das minas ou as obras nas estradas e aténdese tamén a aspectos como a agricultura ecolóxica e o problema da desaparición dos bosques polos incendios e conclúese cuns consellos para conservar o medio.




Casalderrey, Fina, *A avoa ten unha menciña* (ISBN: 84-7864-667-1)*/A avoa non quere comer* (ISBN: 84-7864-666-3)*/O avó sae de paseo* (ISBN: 84-7864-667-1)*/O avó é sabio* (ISBN: 84-7864-668-X), ilust. Xan López Domínguez, Barcelona: Editorial Combel, col. Cabaliño Alado, serie Trote, setembro 2002, 22 pp.

Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1951) achega unha serie literaria que está formada polo de agora por catro títulos e que ten como tema principal as relacións dos avós e os netos. Atopamos a importancia que ten o cariño e a tenrura que a imaxe do avó e da avoa supón para os máis cativos. Trátase duns contos nos que salientan temas como o cambio de estacións, as enfermidades infantís, a complicidade entre avós e netos, os xogos... Os textos veñen acompañados polas ilustracións de Xan López Domínguez (Lugo, 1958), unhas ilustracións a toda cor que aparecen alternadas co texto e que lle serven ao lectorado para comprender mellor as narracións de cada un dos títulos. Así, en *A avoa ten unha menciña*, céntrase a historia na fórmula máxica que a avoa lle dá a Pedro para que deixe de tusir; en *A avoa non quere comer*, reflíctense as mañas que os maiores de familia aplican sen éxito para que a bisavoa coma, mentres que a pequena desta familia o consegue; en *O avó sae de paseo*, recóllense a influencia da nenez sobre o avó para que cambie a súa

actitude pasiva; en *O avó é sabio*, os protagonistas descobren en qué consiste esa sabedoría.




Casalderrey, Fina, *Cando a terra esqueceu xirar*, ilust. Óscar Villán, Madrid: Ediciones SM, col. O barco de vapor, nº 16, serie Azul (a partir de 7 anos), 2002, 59 pp. (ISBN: 84-3488674-X).

Volume estructurado en sete capítulos titulados no que Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra,1951) con ilustracións a toda cor de Óscar Villán (Ourense, 1972) narra en terceira persoa os problemas que xorden cando hai moitísimos anos a Terra esqueceu de xirar e camiñar polo espacio, provocando que nunha metade do planeta sempre fora de día e na outra de noite. Naquela, as persoas traballaban arreo ata que se durmían esgotadas, as aves nocturnas caían das árbores como follas mortas e os labregos tiñan que “descultivar” as plantas, que medraban seguido. No lado escuro, ocorría o contrario: as árbores mirraron ata desaparecer baixo a terra e a xente tremía de frío. O tempo pasaba e ninguén daba coa solución ao problema. Unha nena, Luceiro, que sabía camiñar sobre unha pelota de cores, sostiña que podía arranxalo, pero ninguén a creu. Mentres, todo cambiou: na metade da luz acordaron facer as casas sen ventás e os seus habitantes volvéronse de cor moura, cos ollos pequenos e ata catro metros de altura; os dos países da noite perpetua non podían prender lume nin andar nos coches por non gastar osíxeno e medráronlles moito os ollos e

as orellas. O intercambio de vivendas cada semana, tampouco non deu resultado. Luceiro, xa velliña, propuxo entón que todos os habitantes do planeta se puxesen a camiñar sincronizados. Cando o fixeron, a Terra volveu andar. E os homes recuperaron a súa aparencia. Non todos: aínda quedan os gnomos e os xigantes mouros das lámpadas marabillosas como testemuñas daquela época. Desde ese día, Luceiro quedou encargada de apagar as estrelas ao amencer. Unha primeira versión desta historia figura na publicación colectiva *Retrincos de Historias* (1993) co título de “Cando a terra perdeu a memoria”.




Casalderrey, Fina, *Derradeira carta ós Reis Magos*, ilust. Hoa-binh-Melgar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 124, serie Azul (de 7 anos en diante), outubro 2002, 42 pp. (ISBN: 84-8302-893-X).

Acompañada dalgunhas ilustracións a cor de Hoa-binh Melgar, Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1952), achéganos en tres capítulos á historia de Paulo. En primeira persoa este protagonista describe a súa vida uns días antes da noite de Reis. Relata que ese ano se portou moi ben, obedecendo sempre, para que os Reis Magos lle trouxesen todo o que el quería, un scalextric que había nas tendas da súa mesma rúa e que el ía ver todos os días mentres a súa nai traballaba e o seu pai buscaba traballo. Sen embargo, o día de Reis Paulo non atopou o regalo que el esperaba, por iso sentiuse moi defraudado e comezou a escribir a carta máis longa que nunca escribira e na que lle contaba aos Reis Magos todas as cousas que ía facer mal daquela en diante. A carta remata cunha posdata na que dá conta de que ao día seguinte os seus pais lle han mercar o scalextric e mais lle han contar un segredo.

Recensións:

-María Navarro, “Lección de coherencia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, “Infantil/Xuvenil”, 26 decembro 2002, p. VII.

Salienta a importancia de Fina Casalderrey dentro do terreo da literatura infantil, onde ten acadado numerosos galardóns dos que cita algúns. En canto a *Derradeira carta ós Reis Magos* fala do seu argumento e dos temas tratados a través das reflexións do protagonista. Considera que o acerto desta novela está en que a autora se sitúa no lugar dun neno empregando unha linguaxe similar á deles e, por último, sinala que malia estar dirixida a un público infantil, esta obra podería ser unha lección de coherencia para os adultos.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, 19 decembro 2002, p. VII.

Ver Risco, Antón, *O embrión*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Casalderrey, Fina, *Desventuras dun lobo namorado*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, serie Verde (a partir de 9 anos), nº 119, setembro 2002, 42 pp. (ISBN: 84-8288-571-5).

Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1951) preséntanos un conto de aventuras, ao xeito das fábulas de animais, no que un lobo namorado é o protagonista que nos relata en primeira persoa o que foi a súa vida. Dedicado pola autora ao seu pai, ao que cualifica de "experto en lobos e raposos", comeza a historia no momento en que o lobo de cachorro é testemuña da morte de seu pai a mans duns cazadores. Pouco despois presencia o enfrontamento dos machos da manda polo poder, feito que desencadea a súa espavorecida fuxida e o leva a vagar polo mundo. Avergoñado da súa covardía, decide non regresar ata atoparlle un agasallo á súa namorada, a Loba Nova, como xeito de desculpa por escapar. Sen embargo, malia ter atopado unha ola de mel coa que regresar, a aparición do raposo provocaralle algunhas desventuras que o levarán ata a morte. Resulta sorprendente o final desta obra,

ilustrada por Manuel Uhía (Portonovo-Pontevedra, 1944), posto que o lector non chega ao coñecemento de que o lobo que fala está morto ata o mesmo remate.




Casalderrey, Fina, Paco **Martín** e Magdalena de **Rojas**, *Tres pegadas*, ilust. Uqui Permui, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística)/Federación de Libreiros, 2002, 61 pp. (DL: C-587-2002).

Este volume parte dunha iniciativa conxunta da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Federación de Libreiros de Galicia. Trátase dunha edición non venal que sae á rúa para celebrar o Día Internacional do Libro Infantil, que se fai coincidir co 2 de abril, día do aniversario do nacemento do escritor de orixe alemana Hans Christian Andersen. Acolle nas súas páxinas tres relatos que están ilustrados con debuxos en branco e negro de Uqui Permui. O primeiro deles, “As bromas de dous grandes amigos”, é da autoría de Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1951) e nel recréase o coñecido dito popular de “o cazador cazado”. Lupe, a protagonista feminina principal do relato, narra en primeira persoa cómo xunto cos seus pais se traslada a vivir ás aforas dunha cidade e na escola lle mandan facer un traballo sobre un costume propio da zona ou inventar unha historia que se desenvolva no lugar. Considerando

que a mellor técnica para elaborar este traballo é mediante a entrevista a unha persoa maior, déixase aconsellar por un compañeiro da aula, Pedro, quen lle di que á única persoa á que pode recorrer é unha vella muller que, segundo o rapaz, é unha meiga. Despois de soportar os medos e sustos infundidos por Pedro, descobre por medio da nai deste que todo era unha trasnada do rapaz, polo que ela decide disfrazarse de meiga para que, nesta ocasión, o asustado sexa el e escape correndo. O segundo relato asínao Paco Martín (Recatelo-Lugo, 1940) e titúlase “A triste historia dun vagón de luxo”, que non é máis que un canto á amizade. Un narrador omnisciente en terceira persoa preséntanos a un vagón de primeira categoría que, ao espertar, se decata que quedou abandonado nunha vía e, pese a que nun principio pensaba que logo irían na súa procura, co paso do tempo vaise cubrindo de ferruxe. Un día un pobre vagabundo entrou nel para pasar a noite abrigado e, como tivo soños moi agradábeis, decidiu quedar alí. Aínda que nun principio ao vagón non lle facía moita gracia, xuntos rematarán compartindo moitos soños e viaxando coa imaxinación por moitas cidades do mundo (París, Viena, Moscova, Praga, Budapest, Venecia...). O vagabundo morre e o vagón ao saber tamén que chegaban os seus últimos días non se pon triste, xa que pensa que deste modo poderá seguir compartindo soños co amigo seu dos últimos tempos. O terceiro dos relatos preséntao Magdalena de Rojas (Santiago de

Compostela, 1967) co título “Marica Soliña” e nel avoga pola ruptura das supersticións e tradicións absurdas. Un narrador en omnisciente narra a historia de Marica Soliña, unha meiga á que as súas meigas antepasadas lle deixaran o encargo, que se transmitía hereditariamente, de coidar unha pota de caldo. O día do seu douscentos aniversario, un quincalleiro chamou á porta da súa casa e namorouse do caldo, ao que Marica lle botara un monllo fresco de herba de namorar. No momento xusto do seu aniversario, ás doce e media, pediu un desexo e, aínda que nun principio pensou en toda unha vida tendo man do caldo, abafada polo calor que apertaba do mes de xullo, pediu bañarse no río e pescar troitas coa man, que era o que ela realmente desexaba. Finalmente, o seu desexo cumpriuse: Marica foise ao río e deixoulle o caldo ao quincalleiro. Dende aquel día, é libre, entra e sae cando quere sen estar pendente do caldo.

Referencias varias:

- AFA, “En memoria de Andersen”/“Tres pegadas’, conmemora hoxe o Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 2 abril 2002, p. 28/p. 68.

Faise eco da firma dun convenio de colaboración para dúas campañas de promoción e fomento da lectura por parte dos conselleiros de Cultura e Educación e o presidente da Federación de Libreiros de Galicia. A primeira das campañas concrétase no agasallo do libro *Tres pegadas*, de Fina Casalderrey, Paco Martín e Magdalena de Rojas, para aqueles que merquen libros en galego na semana que se celebra o Día Internacional do Libro Infantil e xuvenil. A segunda das campañas está previsto realizala entre o 13 e o 17 de maio coa distribución do volume *De Rosalía a Frei Martiño Sarmiento*, unha antoloxía dos autores aos que se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Tamén se citan as actividades que a asociación Gálix ten previsto realizar para celebrar o Día Internacional do Libro infantil e xuvenil, que rememora o aniversario do nacemento de Hans Christian Andersen.

- AGN, “A Xunta e os libreiros fomentan a lectura cun tomo de contos infantís”/“A Xunta e os libreiros editan un libro de contos para promove-la lectura”/“Xunta e libreiros promocionan o galego con ‘Tres pegadas”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diaro de Arousa*/*Diario de Pontevedra*/*El Progreso*, “Galicia”/“Cultura &Ocio”/“Cultura”, 2 abril 2002, p. 45/p. 26/p. 27/p. 62/p. 61.

Refírense ao acordo asinado polos titulares das Consellerías de Cultura e Educación e o presidente da Federación de Libreiros de Galicia, que acolle dúas campañas para fomentar a lectura e a literatura en galego. A primeira delas consiste na distribución gratuíta do volume infantil *Tres pegadas*, de Fina Casalderrey, Paco Martín e Magdalena de Rojas, na semana que ten lugar a celebración do Día Internacional do Libro Infantil; mentres que a segunda consiste na distribución do volume *De Rosalía a Frei Martín Sarmiento*, na semana de celebración do Día das Letras Galegas.

- E. R., “Un libro para niños, nueve para adultos”, *La Región*, “Ourense”, 2 abril 2002, p. 8.




Recolle parte das declaracións da presidenta da Agrupación de Libreiros de Ourense, Pilar Rodríguez, quen se refire, especialmente, á superioridade nas vendas de literatura infantil con respecto á xuvenil. Bota man de estatísticas que reflicten as vendas que representa a literatura infantil ou os hábitos de lectura da poboación máis nova, ademais de dar conta dos usuarios e o tipo de volumes máis consultados na Biblioteca pública provincial de Ourense. Por outra parte, cita os libros máis vendidos para nenos e mozos e sinala que a editorial

ourensá Linteo conta no seu catálogo de publicacións con dúas reedicións de obras clásicas da literatura xermana, *Pedro Guedellas* (2001) e *Max e Moritz* (2001).




Díaz Díaz, Xosé, Iván **García Campos**, Roque **Cameselle Capón**, Noelia **Parada Fernández** e Guillermo **García López**, *Nun edificio e catro contos máis*, XIXº Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2002, Ourense: Agrupación de Libreiros de Ourense/Casa da Xuventude de Ourense, decembro 2002, 89 pp. (ISBN: 84-453-34492).☒⓾

Obra colectiva na que se recollen o relato gañador e finalistas do Premio Ourense de Contos para a Mocidade na súa convocatoria do ano 2002. A reproducción destes relatos vai precedida dun breve limiar dos editores no que expresan a súa satisfacción pola calidade dos traballos presentados e reiteran a vontade de difusión que ten esta obra. Os contos que se recollen son os que seguen:

- Xosé Díaz Díaz, “Nun edificio” (Premio Ourense), pp. 11-26.

Con este conto Xosé Díaz Díaz resultou ser o gañador da convocatoria do Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2002. Nel, un narrador omnisciente en terceira persoa leva ao lector, a xeito de cámara, polos distintos pisos que conforman un edificio no que se produce

un suicidio. Percorre por orde descendente cada un dos pisos, dende o Quinto A ata o Primeiro B, todos e cada un dos andares uns segundos antes de que se oíra o disparo no Terceiro B, onde Alicia decide poñer fin á súa vida por causa do desengano amoroso. Así, descríbenos o encontro amoroso que mantén o ocupante do Quinto A cunha prostituta, cómo a nena do Cuarto A xoga coas súas bonecas, como no Terceiro A se está producindo unha discusión familiar, etc. e todos teñen en común oír o disparo que cada un interpreta ao seu xeito, agás a anciá do Primeiro B que presente que ocorre algo malo.




- Iván García Campos, “Cloroformo en gotas” (Accésit), pp. 27-44.

Relato co que Iván García Campos gañou un accésit na convocatoria de 2002 do Premio Ourense de Contos para a Mocidade e no que un narrador en primeira persoa relata as últimas horas do moribundo Dalmiro, así como os ritos que seguen un grupo de amigos alentados polas crenzas do defunto na resurrección. Nun ambiente lúgubre e de desconfianza da muller e da filla de Dalmiro, asistimos, da man do seu amigo Hipólito, á conversa que manteñen no cuarto onde aquel expirou e a busca que fan dos elementos

necesarios para celebrar un ritual no que se tratan cuestións como os fogos fatuos ou os espectros de luz.




- Roque Cameselle Capón, “Doces empachosos”, pp. 45-62.

Este conto está descrito en: Roque Cameselle, “Amargo Azucre”, en Cameselle, Roque,Ania Pérez Alonso, José Ángel García López, Isidro Rodríguez Caamaño, Julia Scoruska e Daniel González Vázquez, *IIIº Certame Literario de Relatos Curtos Os Viaductos 2002*, neste apartado do *Informe*.

- Noelia Parada Fernández, “Tralos mesmos pasos” (Accésit, menor de 17 anos), pp. 63-76.

Gañadora dun accésit para menores de 17 anos do Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2002, Noelia Parada Fernández presenta este conto, no que a protagonista é Enma Mª Suárez, unha psicóloga afundida pola perda da súa filla adolescente Nadia no mundo das drogas. Decidida a saír adiante, relátanos en primeira persoa cómo é o seu enfrontamento de novo cos pacientes dunha clínica na que atopa á moza Silvia, co mesmo

problema de drogas que a súa filla. Decidida a non perder a esta tamén tenta salvala proporcionándolle toda a axuda posíbel, pero o desastre resulta inevitábel, repetíndose de novo a historia.




- Guillermo García López, “O Cadrado da Risa” (Accésit, menor de 17 anos), pp. 77-83.

Relato co que Guillermo García López foi recoñecido cun accésit para menores de 17 anos no Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2002. Neste conto, a través dun narrador omnisciente coñecemos retallos da vida de Mateo, o seu paso da infancia á adolescencia, as súas relacións cos amigos da banda, os desencontros que xorden entre eles, o cambio de gustos que provoca o paso dos anos, os primeiros namoramentos ou o contacto coas drogas son algunhas das cuestións que se achegan nun texto a xeito de manifesto dunha xeración, á que tamén vai dirixida a alegación final no que o propio autor dedica o seu conto á xuventude e pídelle non permita que as drogas a cambien.

Docampo, Xabier P., *A casa da luz*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, nº 20, serie Azul (a partir de 12 anos), outubro 2002, 192 pp. (ISBN: 848302-884-0).

Novela de aventuras de Xabier P. Docampo (Rábade, Lugo, 1946), con ilustracións de Xosé Cobas (Negreira, A Coruña, 1953), que recordan obras de pintores coñecidos. Nela relata cómo un grupo de rapaces entra dentro dun cadro gracias á súa relación con Pumariño, un home maior que vivía só, lonxe das outras casas e que se dedicaba a escaravellar nos valados e paredes buscando diñeiro. Un día, ao ver que Pumariño non se vía pola aldea foron á súa casa e alí descubriron que esta parecía un museo. Pero a sorpresa dos rapaces aínda foi maior cando os levou a unha casa apartada, aberta e chea de cadros, meténdose Pumariño nun deles case sen que os rapaces se decatasen, e logo Alicia, a máis atrevida dos amigos, seguindo as instruccións de Pumariño entrou noutro. Ao outro día entraron todos no mesmo cadro, onde coñeceron ao seu pintor, xa que este metíase dentro das súas obras para tomar ideas cando aínda non estaban acabadas. Dentro deste cadro viviron unha chea de peripecias, por exemplo ter que fuxir dos gardas que había na cidade pintada, dos que lograron escapar pintando dentro do propio cadro unha casa semellante á casa dos

cadros e atravesando a continuación a súa porta. Despois desta emocionante aventura o pintor refixo o cadro e volveu ao seu interior mentres que os rapaces volveron ás súas casas mantendo o seu segredo.




Recensións:

-Silvia Gaspar, “A novela de panda”, *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”*, 25 novembro 2002, p. 6.

Primeiro salienta que a traxectoria de Xabier Docampo na literatura infantil comeza a mediados dos oitenta, época na que dúas das súas obras, que denomina novelas de banda, acadaron éxito entre o lectorado. A seguir expón algunhas características comúns ás distintas creacións deste autor e remata aludindo ás súas dúas últimas obras: *O pazo baleiro* e *A casa da luz*, das que sinala o factor fantástico na aventura, os valores humanos dos rapaces e o intento de tender unha ponte entre o mundo da infancia como o entende a sociedade por un lado e a propia infancia por outro. En cadro á parte refírese ao gusto do escritor por tomar como fonte para as narracións breves a literatura oral, así como ás

ilustracións da última novela, das que destaca que están “sorprendentemente adaptadas ó espírito do texto” e que á súa vez todas elas lembran obras de pintores recoñecidos.




-Paula Fernández, “Unha narración dinámica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, “Infantil/Xuvenil”, 28 novembro 2002, p. VII.

Despois de citar algúns dos títulos publicados anteriormente por Xabier P. Docampo no terreo da literatura infantil e xuvenil, céntrase en analizar *A casa da luz*, da que resalta as liñas argumentais e a forma cinematográfica e visual da narración. Engade, ademais, que esta narración se consegue apoiándose nunha descrición semellante á da narración oral, polo que resulta dinámica. Así mesmo salienta que este dinamismo se ve aumentado por diversas situacións de acción, tenrura ou episodios humorísticos. Conclúe afirmando que se trata dunha novela de iniciación e que isto leva a pensar en atribuír “maior complexidade a un xeito de escribir aparentemente menos denso coma é o xuvenil”.

-F. Martínez Bouzas, “Unha viaxe iniciática a través das pinturas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 15 decembro 2002, p. 3.

Salienta dende o principio que en *A casa da luz* se mesturan intriga e aventura, pero que esta deixa de fluír xustamente cando comeza a verdadeira aventura, é dicir, a vivida polos rapaces protagonistas no cadro da Torre. Opina que é aquí cando comeza "unha aventura arrevesada, inverosímil e labiríntica" para os lectores, independentemente da súa idade, e que xustamente é tamén nesta parte cando a técnica narrativa empregada, ata este punto dinámica e visual, se ralentiza innecesariamente. Por outro lado encadra esta obra dentro das de viaxes de iniciación, que como tal cumpre a finalidade de mudar a personalidade dos viaxeiros. Así mesmo destaca que este escritor, que coñece ben os males da literatura infantil e xuvenil, consegue fuxir da infantilización e do didactismo explícito. En definitiva, cre que esta é unha novela desigual na que por moi alegórico que sexa o argumento, non se ten en pé.

- María Xesús Fernández, "A casa da luz", *CLIJ*, nº 155, decembro 2002, p. 70.

Comeza describindo a historia protagonizada por dous mozos e tres mozas que viven unha aventura nun cadro no que entraron. Logo dise que se conta cun estilo "agil y expresivo" e

con humor. Salienta os elementos que considera característicos da obra deste autor: gusto pola novela de aventuras, polo protagonismo colectivo, pola superposición realidade/extraordinario; e ademais engade que esta obra pretende aproximar ao lectorado a unha reflexión sobre a natureza da obra artística. Remata cunhas liñas referidas ás ilustracións de Xosé Cobas que cualifica de suxestivas para ir máis alá, para mergullarse no texto.




Referencias varias:

-M. Rodríguez, “A casa do cadro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros. Infantil”, 30 novembro 2002, p. 11.

Resume o argumento de *A casa da luz* incidindo no dato de que os rapaces se fan amigos do “toliño de Eiravella” e en que os protagonistas poden entrar nos cadros. A propósito disto último sinala que é algo que recorda a Alicia, a do país das marabillas, entrando no espello. Sen embargo, segundo indica, o propio autor di que é diferente porque a Alicia desta novela ten varios cadros para escoller en cal quere entrar.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 22, 12 decembro 2002, p. VII.




Ver López Silva, Inma, *Concubinas*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.





Fernández Naval, Francisco, *Suso Espada. O misterio do Grial*, ilust. Beatriz García Trillo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, 2002, 123 pp. (ISBN: 84-403-0434-X).

Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956) vén de engadirlle un título máis á súa producción narrativa, poética e ensaística, con *Suso Espada. O misterio do Grial*, que está ilustrado por Beatriz García Trillo. O protagonista central da historia, Suso Espada, relata cómo un membro da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago visita o seu centro de traballo, a Axencia de Detectives Nabucodonosor, para solicitar que busquen o Grial doCebreiro, que era o vaso polo que Xesucristo bebera o viño na Última Cea e desaparecera nos últimos días. Así, ao longo de trece capítulos numerados en números romanos, aínda que no volume aparezan numerados ata o catorce por algún erro, o lector vai percorrer con Suso diferentes puntos do Camiño de Santiago, que visita na procura de pistas e nos que se van ir descubrindo novas desaparicións nas igrexas, así como un conxunto de personaxes que lle achegan información ao mozo detective. Cando estaba a piques de completar o crebacabezas que o levaría á solución do caso, Suso foi raptado polos autores dos roubos, detrás dos cales tamén se agochaba unha rede de tráfico de inmigrantes. Trátase en fin, dunha novela de misterio con ocasionais alusións a feitos actuais ou á obra de certos

escritores, sobre todo galegos, no que o lector ademais de pasar uns intres agradábeis, ten a oportunidade de saber máis sobre o Camiño de Santiago ou a corte do Rei Artur.




Fernández Paz , Agustín, *Noite de voraces sombras*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 64, novembro 2002, 165 pp. (ISBN: 84-8302-910-3).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) toma o título deste relato, que combina o misteriocoas claves da novela de iniciación, dunha cita de José Ángel Valente que marca a intención do libro: a recuperación dos fragmentos rotos para que non morran na noite de voraces sombras do esquecemento. Rómpese así o silencio que rodeou ao protagonista para recuperar os anos da represión e do exilio interior que sufriron moitos mestres republicanos aniquilados durante a Guerra Civil española. Sara, unha moza de dezaseis anos, é a encargada de relatar en primeira persoa a experiencia que viviu durante as vacacións de verán na casa da avoa en Ribadeo, uns feitos cos que deixou abandonada a infancia para entrar nunha nova etapa da súa vida. Esta madureza ten que ver coa relación que viviu con Daniel, pero sobre todo co terremoto que lle cambiou a vida: a descuberta da historia de amor e compromiso do tío da súa nai, silenciada de sempre pola familia. Todo comeza cando Sara ocupa o cuarto do tío Moncho que a avoa conservara sempre pechado con chave e no que ela sente unha presencia que lle provoca terror e angustia. Sara vai reconstruíndo a personalidade deste home, de xeito que a imaxe daquel familiar distante do

que a penas sabía nada vaise transformando na figura dun home comprometido co seu tempo.Sara investiga nas pertenzas do tío, na súa biblioteca, nas fotos, nos papeis e, sobre todo nun estoxo de madeira que contén fotos, unhas cartas e un diario. Descobre lendo as cartas a historia de amor entre Sara Salgueiro e seu tío, unha relación amorosa, de experiencias como mestres, de esperanza dunha Galicia mellor, sen caciques, sen emigración e de paixón pola literatura. Unhas cartas que a partir do ano 36 comezan a reflectir o desacougo e o temor ante os crueis acontecementos que estaban a ocorrer, ata chegar á última, dramática e desacougante, que implica a perda de contacto entre ambos e suscita en Sara o desexo de atopar outras pezas da historia daquelas vidas. O diario, escrito polo seu tío no cárcere da illa de San Simón, completa a outra parte da historia: as penurias que pasou ao ser detido no 36 e condenado a vinte anos de prisión e o agocho dun obxecto moi importante para el e para Sara Salgueiro no cemiterio da illa de San Simón. A rapaza coñece os últimos acontecementos da vida do tío Moncho a través do relato da súa nai, conmocionada ao descubrir unha historia que ela mesma, co seu silencio, axudou a esquecer: cómo o tío Moncho saíu da cadea no ano 45 e foi vivir coa avoa onde montou un taller de carpintería ata que o atropelou un coche por mor da súa xordeira. Sara consegue

convencer a súa nai da necesidade de iren a San Simón na procura do obxecto do tío e cumprir dalgún xeito a promesa que el fixo un día.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A memoria e as cicatrices”, *La Voz De Galicia*, “Fugas”, “D libros”, 21 decembro 2002, p. 10.

Comeza cualificando *Noite de voraces sombras* como un exercicio narrativo ambicioso e de “lograda factura”. Comenta as referencias do escritor chairego a Ángel Valente e o seu libro *Fragmentos de un libro futuro*, e considera que *Noite de voraces sombras* ha marcar “un punto de inflexión na obra de Fernández Paz, unha obra na que sen esquecer a axilidade e claridade expositivas”, a dosificación da intriga e outras características penetra na evocación da Guerra Civil e as súas consecuencias, unha recordación que considera imprescindíbel. Insiste Ramón Nicolás en que a novela aínda que está editada nunha colección xuvenil non debería desnortar ao lector adulto pois a eles tamén lles vai gustar polos valores que contén. Volve o autor a unha noticia de xornal para desenvolver parte da novela que agora describe

e na que salienta a madurez que vai adquirindo Sara, a protagonista adolescente, que convive na obra con outras voces narrativas como as do diario de prisión coma o corpus epistolar. Unha historia familiar de amor que a guerra destrúe pero agora xorde coa esperanza depositada nas novas xeracións unha vez que coñezan os feitos.




Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Só se pode ser universal sendo fiel ás propias raíces”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, 23 maio 2002, p. VI.

O escritor Agustín Fernández Paz alude, en primeiro lugar, á súa obra *Aire negro* (2001) que, traducida ao catalán, vén de gañar o premio Protagonista Jove, “un galardón que os propios lectores cataláns máis novos outorgan á mellor novela do ano”. A seguir, afirma que, como expresa na súa obra *Longa Lingua. Os contos da Mesa*, a recuperación da lingua se debe producir a través dos máis novos. En canto a *No corazón do bosque* (2001), reeditada ultimamente, comenta que se trata dunha novela para rapaces novos, na que aborda “as relacións entre o mundo real e o mundo imaxinario do noso país”. Polo que se refire á crítica

da literatura infantil e xuvenil, Fernández Paz comenta que agora se observa “un tratamento máis maduro e obxectivo. Posibelmente porque xa se comeza a asumir que é un xénero cunhas características de seu”. Para rematar, declara que está a escribir un libro destinado ao público xuvenil titulado *Noite de voraces sombras* , formado por dúas novelas curtas, moi interrelacionadas, nas que aborda o tema da guerra civil en Galicia.




-Jaureguizar, “Fernández Paz novela a represión da posguerra no seu novo libro”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 11 decembro 2002, p. 82.

Dá conta da publicación de *Noite de voraces sombras* que toma o seu autor A. FernándezPaz dun poema de José Ángel Valente. Describe temática e contido. Salienta que o autor relaciona a obra con *Aire Negro* (2000) polo enfoque e temática, obra que mereceu o Premio Protagonista Jove, outorgado polos lectores novos cataláns ,que está incluída na lista de honor do IBBY e na da Biblioteca de Munich “White Ravens”.

- Carmen Vidal, “Agustín Fernández Paz. ‘Non pararei ata que me lean tamén os adultos”, *A Nosa Terra*, nº 1.061, “Cultura”, 15-25 decembro 2002, p. 37.

Conversa na que Agustín Fernández Paz respondendo ás preguntas da entrevistadora manifesta cómo lle xurdiu a idea desta obra coa que quixo recuperar o “elo perdido entre a xeración que sufriu directamente a represión e a máis nova” e facer unha homenaxe aos mestres republicanos. Tamén descobre personaxes e feitos reais inspiradores de personaxes e feitos ficcionais, e que intentou simbolizar a memoria viva e transmitir tamén a nosa tradición, por exemplo na que “os mortos non abandonan”. Tamén recuperar a memoria a partir dunha adolescente para todos pero sobre todo para os máis novos. Analiza el mesmo a novela publicada e, segundo di, decátase agora de que colleu elementos dos contos tradicionais e que tiña como intención comezar como se fose unha novela de aventuras de verán para logo entrar na historia. Fala dos temores que tivo ao achegar a temática da historia central: o amor. Remata referíndose ás súas obras xuvenís que el chama de fronteiras e que algúns editores e amigos quererían que visen o lume nunha colección de adultos. El está satisfeito de manterse nesta fronteira aínda que lle “amolan os prexuízos que fan que os adultos non se acheguen” a estes libros. Remata a entrevista falando do éxito das traduccións das súas obras, do número de vendas e de que “os lectores adultos están perdendo boas novelas por estar en coleccións para mozos”.

Fortes, Alberto, *O violín de Sarasate. Un caso de Sherlock Holmes*, nota preliminar de Fernando R. García Fernández, Vigo: Edicións do Cumio, col. Cómplice, nº 14, 2002, 95 pp. (ISBN: 84-8289-162-6).

Novela detectivesca de Alberto Fortes (Pontevedra, 1964), que aparece precedida por unha nota preliminar asinada por Fernando R. García Fernández, presidente da Sociedade Holmesiana de Pontevedra, na que explica a peripecia do manuscrito no que se recolle esta aventura do detective Sherlock Holmes, acontecida durante a súa estadía en Pontevedra en 1886, e que foi escrita por Watson. A novela, dedicada aos violinistas Cela e Sanmartín, está ilustrada en branco e negro por Norberto Olmedo. Ambientada na cidade de Pontevedra no mes de setembro de 1886, nela desenvólvese a trama que rodea o misterio da desaparición do violín do músico Pablo Sarasate que coincide coa visita á cidade de Shelock Holmes, convidado para dar unha conferencia sobre a relación entre a súa profesión e a literatura e que participará na súa resolución. Esta entrega preséntase como o último caso coñecido do famoso detective inglés.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Sherlock Holmes en Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 6 maio 2002, p. 3.

Describe o lugar e o tempo no que se desenvolve *O violín de Sarasate*; sinala que o seu protagonista é Sherlock Holmes e apunta que na novela hai unha mestura de ficción e realidade na que se poden recoñecer lugares e personaxes de Pontevedra.

-Xosé Freire, “Sherlock Holmes á beira do Lérez”, *A Nosa Terra*, nº 1.036, “Cultura”, 30 maio-5 xuño 2002, p. 27.

Infórmase da publicación dun novo caso de Sherlock Holmes: a desaparición do violín de Sarasate. Faise un repaso pola obra de Conan Doyle, creador deste personaxe, e resúmese esta última novela protagonizada polo famoso detective e polo seu compañeiro Watson.

- Navarro, María, “Elemental, querido Watson”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Infantil/Xuvenil”, 6 xuño 2002, p. VII.

Sinala que *O violín de Sarasate* é a terceira novela de Alberto Fortes e que agora está traballando nunha historia tráxico-marítima das Rías Baixas. Narra o argumento e comenta a nota preliminar coa que o autor pretende dar veracidade á narración; conclúe sinalando que o emprego da figura de Sherlock Holmes por parte de Fortes é unha proba da súa universalidade.

Referencias varias:

- B. I., “Alberto Fortes recrea unha aventura de Sherlock Holmes en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 13 abril 2002, p. 62.

Informa da presentación desta obra, que tivo lugar onte no Café Moderno de Pontevedra e que estivo inspirada nunha típica velada británica, na que non faltou o té, un concerto e un

faladoiro literario sobre a obra. Resúmese o argumento e indícase que durante a presentación se xogou a facer crer que o relato narrado era real.

- C. V., "¿Estivo algunha vez Sherlock Holmes en Pontevedra", *A Nosa Terra*, nº 1.030, "Fin de Semana", 18-24 abril 2002, p. 32.

Dá conta da presentación do libro e resume a nota preliminar que introduce o libro e que pretende darlle veracidade ao narrado, facendo crer que Sherlock Holmes, o personaxe literario creado por Conan Doyle, estivo en Pontevedra en 1886.

-M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 1, "Libros", 9 maio 2002, p. V.

Ver Armas García, Celia María, *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

García Teijeiro, Antonio, *Os peixes de cores*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 121, serie Laranxa (de 11 anos en diante), abril 2002, 106 pp. (ISBN: 84-8302-786-0).

Como xa vén sendo habitual Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) organiza esta obra paratextualmente a partir de tres dedicatorias a persoas concretas que cren ou el quere que sigan a crer nos peixes de cores e ás nenas e nenos da antiga Iugoslavia que soñan coa paz. A estas dedicatorias séguenlle textos tomados prestados de John Trudell e de An Alfaya. Tamén xoga no interior da obra con poemas de Rosalía de Castro ou con materiais líricos tomados da transmisión oral. Estes elementos iluminan a lectura da obra o mesmo que as ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira 1953). Obra que desenvolve en sete capítulos e un epílogo a busca das ilusións que non quere que perda Uli, o protagonista, un preadolescente con moita imaxinación, a pesar de que o seu pai llas quere romper facéndoo que baixe á vida rutineira, á vida máis real e aos problemas da sociedade. Botando man do mundo onírico, un narrador omnisciente conta cómo Uli viaxa na busca dos peixes de cores e de todo o que lle ocorre nesta viaxe, o seu encontro con personaxes misteriosos, coa rapaza melancólica, co vello, co unicornio... cun grupo que lle fai comprender que a pesar

das preocupacións, dos sentimentos moitas veces inconformistas , non precisa perder ilusións por moito que llo diga o seu pai. No epílogo o neno esperta e con ilusión, aínda que moitas cousas non lle gusten, incorpórase á vida real e mesmo pensa en darlle ao seu pai o debuxo dos peixes de cores que comezou a noite anterior e á súa nai o regalo de aniversario aínda que falte algún tempo para el, pois a ela tamén lle gustan, como se deixa ver no relato, os peixes de cores e tamén, coma o fillo, pon ilusión en conseguir a mellora da sociedade.




Recensións:

- Román Raña, “Unha parábola da rebeldía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, “Libros”, 27 xuño 2002, p. VII.

Comeza recordando algún dato da bibliografía de Antonio García Teijeiro tanto poética coma narrativa para logo centrarse en *Os peixes de cores*, unha novela curta que describe tematicamente e na que salienta o camiño iniciático do protagonista “que axiña comprobamos que posúe un carácter simbólico” e que encobre unha parábola. “Detrás dos

feitos e dos personaxes, dos acontecementos máis ou menos fantasiosos, atópase unha mensaxe redentora, un manifesto de liberación". Refírese finalmente aos debuxos de Xosé Cobas que cualifica de magníficos e que considera "complementan de modo perfecto a lectura deste libro".




-Xosé Freire, “Viaxes e iniciación no último García Teijeiro”, *A Nosa Terra*, nº 1.040, “Cultura”, 27-3 xullo 2002, p. 27.

Comeza recordando que Agustín Fernández Paz e Pep Albanel definían a literatura infantil como aquela que tamén podían ler os nenos e nenas. Neste marco sitúa a obra *Os peixes de cores*, de García Teijeiro, na que considera se atopa o universo do autor, o amor pola música e pola poesía. Cualifícaa de libro de viaxes, de busca, iniciático ao modo de Aladino ou da *Illa do Tesouro*, con predominio da fantasía, a imaxinación e a aventura”. Reflicte parte do argumento e salienta que non foxe da realidade e así colle como protagonista a un neno da guerra e a seres mitolóxicos e fantásticos e remata dicindo que é unha novela de loita contra a indiferencia do devalar cotián.

- María Navarro, “Prosa lírica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 11, “Infantil/Xuvenil”, 26 setembro 2002, p. VII.

Comeza dicindo que García Teijeiro en *Os peixes de cores* “crea un mundo de fantasía no que as ilusións e os desexos se visten dun extraordinario cromatismo”. Logo reflicte o argumento, salientando da súa aventura as cousas positivas e que sempre queda espacio para a esperanza. Remata, despois de considerar que esta obra é un desafío a “aceptar as cousas porque si”, cualificándoa de prosa lírica e recordando datos da obra xeral do autor.

Referencias varias:

-Salvador Rodríguez, “Os nenos tamén merecen novelas. O escritor vigués Antonio G. Teijeiro publica ‘Os peixes de cores”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 257, 20 abril 2002, p. 4.

Comeza salientando a tirada do autor “en colchoneta nos brazos da novela”. Refírese concretamente á obra *Os peixes de cores*, anuncia a súa presentación en Vigo e transcribe a conversa mantida co escritor que cualifica a obra de novela de aventura interior dun neno

que na viaxe coñece a guerra, a sociedade, o poder da palabra, a poesía, etc. Unha novela lírica que escribe para el mesmo. Afirma que non é o mesmo escribir para nenos que para adultos pero que non é quen de poñer as fronteiras, que como moito as vería na linguaxe empregada. Afirma que non lle molesta que o tilden de escritor infantil e que entre os xéneros elixe a poesía. Na tira da dereita, que completa este traballo xornalístico, coméntase que é esta obra a primeira de catro que pensa publicar García Teijeiro. Dá noticia dos outros tres títulos e das editoras que os van publicar: *Na agonía dos outonos do silencio* (Ediciós do Castro), un poemario*, ¡Ay cando falan as pombas* (Ir Indo)*, Paseniño, paseniño* (Everest) e *Trala liña do horizonte* (Edelvives).




García Teijeiro, Antonio, *Trala liña do horizonte*, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Catavento, nº 2 (a partir dos 12 anos), 2002, 116 pp. (ISBN: 84-263-4876-9).

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) abre esta obra coa dedicatoria “A Susi, Antón e Noa. A Alba, a miña amiga. Todos están comigo trala liña do horizonte” e coas palabras de persoas do mundo da escrita e da música, e incluso de dúas rapazas testemuñas da guerra, coas que se refiren a este mal atroz da humanidade. A continuación, un narrador en terceira persoa preséntanos a un mozo soldado que, non podendo aguantar máis nas entrañas da guerra, foxe desta loucura colectiva e se refuxia nunha casa pequena e abandonada. Alí atopa unha carpeta de cartón azul cunha serie de follas escritas e prendidas por uns clips a uns recortes de xornal con fotografías de guerra, que comeza a ler. Así, nas seguintes páxinas, a voz do narrador, que aparece en letra cursiva e se vai centrar na acción e descrición do estado de ánimo do soldado, vai alternar coa lectura das citadas historias, que se reproducen a modo de capítulos independentes. Trátase dun conxunto de dezanove historias protagonizadas por nenos danados, física e psicoloxicamente, pola guerra e nas que laten os seus sentimentos de dor, pánico e tristura. Neste ambiente tan desolador, recreado por medio dunha prosa acentuadamente poética, ábrese ao final unha luz de

esperanza. Péchase este volume, ilustrado por Andrés Meixide (Vigo, 1972), cos artigos da convención dos dereitos do neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989.




Recensións:

-María Navarro, “Caer na reiteración”, *Faro de Vigo*, “*Faro de Cultura*”, nº 22, “Infantil/Xuvenil”, 12 decembro 2002, p. VII.

Sinala que Antonio García Teijeiro en *Trala liña do horizonte* volve retomar unha liña temática xa iniciada hai algún tempo como é a guerra e as súas consecuencias directas e indirectas que afectan ao ser humano. Achega o contido da obra e comenta que nela a realidade lle dá paso á ficción e pon de manifesto a asombrosa similitude entre dous mundos distintos, pero ao mesmo tempo tan similares: o da invención e o da propia existencia. Salienta que nesta obra se atopan elementos comúns en canto á forma e contido con respecto a outras obras do mesmo autor, polo que considera que “non supón máis que unha certa reiteración do xa visto”.

García Vilariño, Rosa Mª, *Xosé e o vento*, ilust. Ángeles Maldonado, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2002, 48 pp. (ISBN: 84-403-0417-X).

Este conto de Rosa María García Vilariño (A Coruña) xira ao redor da vida do pequeno Xosé. Tomando o vento como punto de referencia, recréase a adaptación do neno a aquelas condicións do seu medio que á súa idade son percibidas como novas e perigosas. Asilustracións a toda páxina e a toda cor de Ángeles Maldonado (Madrid, 1961), serven como complemento á comprensión do texto. Ao longo do relato trátanse varios temas, entre eles, a amizade, a superación dos medos e a autoconfianza. Aínda que se trata dun libro para primeiros lectores o tipo de linguaxe que aparece é bastante artificiosa e elaborada.

Gómez, Lupe, *Querida Uxía*, ilust. Andrea López, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 2, serie Azul (a partir dos 8 anos), 2002, 67 pp. (ISBN: 84-263-4875-0).

Lupe Gómez (Curtis-A Coruña, 1972) compón esta obra a partir de sete cartas que Lupe lle escribe a súa sobriña Uxía que acaba de nacer. Segundo a autora, diante dos ollos da nena o mundo ábrese coma un libro coas páxinas en branco. Para que empece a saber cómo é ese mundo ao que vén de chegar nas diferentes cartas Lupe fálalle de Galicia e dos galegos, da vida familiar na aldea de Fisteus, da súa relación coa súa irmá Maribel e o seu cuñado Manolo, dos soños, das alegrías e das penas, da importancia da lectura e da aprendizaxe, da defensa da igualdade entre o home e a muller, das súas ideas relixiosas, da relación que debería manter cos seus iguais, do maltrato á muller, da importancia do amor e da aceptación da morte. Obra ilustrada por Andrea López (A Coruña, 1976) con debuxos, a media e a toda páxina, en branco e negro que sinalan trazos característicos da Galicia rural: forma de vestir, constitución física, animais, etc.

Referencias varias:

-AFA, “Querida Uxía introduce a Lupe Gómez no universo da literatura infantil”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 novembro 2002, p. 31.

Presenta a obra *Querida Uxía*, de Lupe Gómez como o primeiro volume desta autora dedicado aos máis novos, publicada na nova colección Ala Delta da Editorial Edelvives. Sinala que Lupe Gómez presenta este relato en forma de carta, na que lle dedica á súa sobriña acabada de nacer reflexións e consellos para axudala, a ela e ao resto dos nenos “a amortizar o choque” que comporta o proceso de descubrir o mundo. Finalmente refírese ao estilo suave apreciado nesta obra dunha poeta que mestura sempre a violencia coa tenrura. En cadro aparte preséntase a nova estructura (idades recomendadas, títulos e autores) da colección Ala Delta da Editorial Edelvives.

- A. R. López e Soedade Noia (Coord.), “A irrupción da poeta Lupe Gomez nas letras infantís”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 449, 26 decembro 2002, p. 6.

Dan conta da nova obra de Lupe Gómez, *Querida Uxía*, primeira dedicada ao mundo infantil e xuvenil. Sinala que este volume preséntase en forma de carta na que a autora lle dedica a

súa sobriña Uxía, que acaba de nacer, reflexións e consellos sobre diferentes temas importantes do mundo que a rodean. Tamén se refire ao discurso do relato como “cheo de amor e tenrura”.




Heras, Chema, *Avós*, ilust. Rosa Osuna, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, maio 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-040-X).

Axudado polas divertidas e coloristas imaxes de Rosa Osuna (Segovia, 1961), ChemaHeras (Ávila, 1958) trata neste volume o tema da dificultade que pode supoñer asumir a vellez xunto ao tema do amor. A historia está contada a través dun narrador en terceira persoa e dun amplo diálogo entre os dous protagonistas. Nel, un vello invita á súa muller a asistir a un baile, pero ela non quere ir porque non se sente ningunha nena. Sen embargo acaba convencéndoa despois de loar todo o seu físico mediante unha serie de metáforas. Finalmente, xa no baile, a muller mira ao seu home e descobre que el, cos mesmos signos de vellez que vía anteriormente nela, é “tan feitiño coma a lúa”.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Infantil/Xuvenil”, 6 xuño 2002, p. VII.

Ver Calvo, Tucho, *Gatipedro*, neste mesmo apartado do *Informe*.

Jaureguizar, *¡Balea morta ou lancha a pique!*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 65, setembro 2002, 115 pp. (ISBN: 84-8302-858-1).

Santiago Jaureguizar (Bilbo, 1965) preséntanos a segunda entrega da serie protagonizada polo fareiro de Ribadeo Expósito Vindeira, quen cre ser o bravo pirata Thunderskin ou Pel de Trono e que viviu a súa primeira aventura en *A rutina corsaria* (1998). Trátase dunha novela de aventuras na que se descontextualizan os tópicos habituais das historias protagonizadas por piratas recorrendo ao anacronismo, o que dá lugar a múltiples situacións humorísticas nas que os personaxes se converten en antiheroes. Ademais, *¡Balea morta ou lancha a pique!* basea o seu desenvolvemento na intertextualidade con Moby Dick, de Herman Melville. Nesta ocasión o vello pirata, acompañado da súa tripulación, o mestre Henrique Ferreiro e João, o mariñeiro portugués, trasládanse aos Estados Unidos co obxectivo de visitar o Pequod, o barco co que o obstinado Capitán Ahab dera caza á mítica balea Moby Dick, que acaba de ser recentemente restaurado na illa de Nantucket. No

transcurso da visita ao barco, o capitán decide secuestralo e fuxir con el para ir dar caza á arrepiante Dolly Dick, a balea clonada a partir das células da mítica Moby Dick. Mar adiante atopan un baleeiro xaponés capitaneado polo malvado Fu Man Chu, que en realidade é un barco coa misión científica de cazar a balea clónica para poder estudiar o seu comportamento e reproducila a milleiros. Cando conseguen fuxir, atopan no medio do mar unha balea disecada que agocha no seu interior un casino rexentado por Xonás, o personaxe bíblico, co que queda João tras desvalixar os seus compañeiros de travesía. Thunderskin e Ferreiro continúan a súa aventura e tras moitos avatares no mar acaban atopando a Dolly-Dick. Na loita coa balea o barco queda destruído, Ferreiro morre e o capitán, tras unha feroz loita coa balea, logra acabar con ela e volver a Ribadeo.




Recensións:

-Paula Fernández, “Unha aventura orixinal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 18, “Infantil/Xuvenil”, 14 novembro 2002, p. VII.





Sitúa a Jaureguizar no movemento bravú e cita algunhas das súas obras como a xuvenil *A rutina corsaria* e as de adultos *Comendo espaghetis diante da televisión* ou *Breve crónica universal da clase obreira* (Premio Lueiro Rei, 2001). A respecto de *¡Balea morta ou lancha a pique!* salienta que está baseada en Moby Dick, de Herman Melville e resume brevemente o argumento. Destaca como orixinalidade a mínima presencia dos tópicos das novelas de piratas en canto ao protagonista, un capitán trastornado pola lectura de *Moby Dick* ao igual que no *Quixote*, e a tolemia do resto dos personaxes, e tamén a abundancia de situacións ridículas. Conclúe sinalando que a novela conxuga "de xeito brillante" a tradición coa vida moderna e que a mestura "provocará un sorriso no lector adolescente que, de seguro, rematará a súa lectura satisfeito e sorprendido".

-Xosé M. Eyré, "Entre o medo e o humor: o perigo animal", *A Nosa Terra*, nº 1.057, "Cultura", 21-27 novembro 2002, p. 26.

Despois de sinalar que a competencia lectora do alumnado decreceu, pon en relación *Balea morta ou lancha a pique* e *Pel de lobo*, xa que, segundo indica, ningunha das dúas renunciou á riqueza léxica das tradicións nas que se encadran: a corsaria e a dos contos

foleanos, respectivamente. Sobre *Balea morta ou lancha a pique* indica que a presencia dun corsario nos tempos de hoxe leva a que se poida adscribir esta obra ás de carácter quixotesco. Salienta dela que os personaxes que aparecen teñen unha función desmitificadora e con algúns datos sobre a trama pon de manifesto que a intención desta novela é facer rir e entreter, cousa que, segundo indica, logra perfectamente. No tocante a *Pel de lobo* sinala que será do agrado dos seguidores de Fole, que debe ser lida con ollos actuais aínda que se sitúe noutros tempos, que as súas personaxes son densas, polo que manteñen o clima de misterio, e que a súa lingua é rica e enraizada na terra.




Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 19, “Libros”, 21 novembro 2002, p. VII.

Ver Piñeiro, Ramón, *Da miña acordanza. Memorias*, no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Loureiro, Ánxela, *Camiño perigoso*, ilust. Juan Carlos Abraldes, Finalista do Premio Merlín 2002, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 126, serie Amarela (de 11 anos en diante), outubro 2002, 155 pp. (ISBN: 84-8302-894-8).

Ánxela Loureiro (Ferrol, 1956) foi a artífice desta obra narrativa que traslada ao lector a un tempo pasado e cuberto polo veo do misterio e das intrigas, o do medievo. Así, ao longo de dez capítulos numerados e con título propio, unha rapaza de trece anos de idade e chamada Alba nárranos os duros acontecementos familiares que provocan a perda da súa inocencia infantil dun modo brusco e prematuro. O seu pai estaba vivindo agochado no monte xunto a outros homes, despois de que caeran nunha emboscada cando se dirixían a Pontedemo a falar co Conde de Endrino, porque os campesiños xa non resistían máis os abusos de autoridade e os elevados impostos que esixía; e a súa nai fora feita prisioneira pola xente do señor conde. Desesperada ante esta situación, Alba ensinoulles aos seus irmáns a sobrevivir por eles mesmos e, armada de valor, vestiuse de mozo para ir na procura dos seus proxenitores, obxectivo que alcanzou despois de vivir unha serie de situacións perigosas das que puido saír victoriosa gracias á axuda dos compoñentes da compañía

cómica Rite-rite, de Madalena e de Marcelino. No derradeiro dos capítulos sabemos que toda esta historia a conta Alba mentres está á espera de Froilán, un rapaz co que a unían sentimentos afectivos e co que quedara en verse ao pasar un ano. Juan Carlos Abraldes (Barcelona, 1971) é o encargado de reflectir, por medio das súas ilustracións, parte das escenas protagonizadas por esta valente heroína.




Recensións:

- R. García, “A filla do poeta”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D libros”, 7 decembro 2002, p. 11.

Achéganse os primeiros fíos argumentais da novela de Ánxela Loureiro, *Camiño perigoso*, que, segundo a súa autora, ten como remate “a liberdade”. Tamén se apunta que a historia está situada na Idade Media en espacios como Neda ou Pontedeume e que se trata dun feixe de aventuras ganduxadas para lectores dunha ducia de anos para riba. Conclúe sinalándose que esta “entretida” historia, chea de diálogos, ten un final que non deixa de ser sorpresivo.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 22, 12 decembro 2002, p. VII.

Ver López Silva, Inma, *Concubinas*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.





Lourenzo González, M., *Estanislao, príncipe de Sofrovia*, ilust. Santiago Gutiérrez Gómez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 127, serie Amarela (de 11 anos en diante), outubro 2002, 160 pp. (ISBN: 84-8302-895-6).

Esta obra de Manuel Lourenzo González (Vilaboa-Pontevedra, 1955) está protagonizada polo mesmo personaxe que xa no ano 1998 coñecemos en *Tanis I o Mocos*, igualmente ilustrada por Santiago Gutiérrez Gómez. Estructurada en dezasete capítulos numerados e un epílogo, o autor ofrécenos agora a historia dos primeiros anos do rebelde príncipe de Sofrovia, comezando dende o momento mesmo do seu nacemento e ata a súa partida a un internado en Inglaterra. Sometido ás estrictas normas do protocolo que dominan en palacio, o neno príncipe non chega a entender cómo funcionan as imposicións dos seus pais e protectores, polo que decide actuar ao seu xeito e buscar as fórmulas que favorezan acadar os seus desexos. Entre as súas principais calidades están o carácter fantasioso e a curiosidade, que o levarán a vivir arriscadas aventuras fóra do palacio. Escapando por un túnel segredo que o leva ata un parque, Tanis pérdese pola cidade de Urdela tentando coñecer cómo é a vida dun neno normal da súa idade, facer amigos, compartir xogos con eles sen estar obrigado ou brincar sen que o traten de xeito distinto por ser o fillo dos reis. A

máis arriscada das súas saídas lévao a estar a piques de morrer pola malleira duns rapaces dos que non sabe defenderse, perigo do que o sacará unha semente descuberta por el mesmo na gran biblioteca do palacio. En canto ao estilo, chama a atención o emprego dunha linguaxe propia do argot dos grupos marxinais *punkis*, prototipo ao que responde Estanislao pola súa estética e forma de ver a vida.




Referencias varias:

-Ángel V. A., “Un puñado de líneas cultas”, *El Progreso*, “De actualidad”, 27 novembro 2002, p. 87.

Ademais de dar conta da visita de Xosé Neira Vilas á Casa da Cultura de Antas de Ulla con rapaces do IES de Monterroso, de Palas de Rei e do Colexio de Antas de Ulla, tamén dá conta da publicación de *Estanislao, príncipe de Sofrovia*, de Manuel Lourenzo González, obra da que destaca as ilustracións de Santiago Gutiérrez. A seguir, anuncia a publicación en castelán da obra de Agustín Fernández Paz, *O centro do labirinto* (1997).

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, 28 novembro 2002, p. VII.

Ver Rivadulla Corcón, X. H., ... *do mar e a noite*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.





Maceiras, Lourdes, *A pantasma da torre*, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 118, serie Azul (de 7 anos en diante), abril 2002, 38 pp. (ISBN: 84-8302-783-6).

Esta obra de Lourdes Maceiras García (Barcelona, 1955) versa sobre as aventuras dun grupo de amigos que viven na aldea de O Novo. O relato xira arredor da aventura vivida por estes cativos cando deciden comprobar se son certas as lendas que circulan no seu pobo sobre a existencia dunha pantasma na torre da igrexa. A protagonista principal é Mariña , que xunto cos seus compañeiros Paio, Diego e Sabela se arriscan unha noite, na que a vila está de festa, a subir ao campanario e comprobar se é verdade a lenda. Mortos de medo cando algo lle tropeza a Mariña na cabeza caen polas escaleiras e foxen do lugar. Ao final é a nai de Mariña a que lle di que o único que hai no campanario son curuxas e os mesmos nenos o comproban acompañados polo cura. As ilustracións a toda cor que se intercalan co texto veñen da man de Manolo Uhía (Portonovo, 1944). Os temas principais que se tratan nesta obra son a amizade, as supersticións e os medos, e a fidelidade.

Referencias varias:

- Paula Fernández, “Pantasmas, Pantasmas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, “Infantil-Xuvenil”, outubro 2002, p. VII.

Di que Lourdes Maceiras é unha mestra e médico moi vinculada ao mundo infantil e xuvenil. Nesta obra, presenta a historia dun grupiño de amigos que teñen como obxectivo descubrir quen é a pantasma que vive no campanario da torre. Resáltase no artigo o sentido da amizade que teñen e defenden os protagonistas do relato.

Martín, Paco, *Auga para encher un cesto*, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Catavento, nº 1, (a partir dos 12 anos), 2002, 90 pp. (ISBN: 84-263-3741-4).

Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940) seguindo a liña da súa producción anterior, que el dirixe no só á adolescencia senón como indica na dedicatoria deste volume “A tódalas nenas e a tódolos nenos, e rapazas e rapaces, e vellas e vellos, ós que nunca ninguén dedicou un libro”, presenta oito relatos: “Gombó” unha tenra historia na que combinando presente e pasado, un narrador omnisciente conta a peregrinación dun neno africano ata que xa instalado en Galicia será adoptado por unha muller moi singular. Dedica Paco Martín esta historia a unha súa sobriña que pronto a comprenderá; séguenlle “O Pozo”, “Un reguiño na terra Cha”(dedicado a Saleta e Manuel María), “O Noso home no cine”, “Xograres”, “Pierre”, “Grave perigo” e “O Maxi”, historias diversas dende as que falan de lendas da terra galega, doutros tempos pero de actitudes eternas, ata as que centradas en personaxes determinados fan reflexionar sobre a vida, o agradecemento, a solidariedade, o saber en que consiste a felicidade, conservala e dala, a saudade, etc., e nelas Paco Martín, como fixera en obras xa clásicas como *Das cousas de Ramón Lamote* (Premio Barco de Vapor 1984 e Premio Nacional 1986) ou en *Lembranza nova de vellos mesteres* (1988), xoga coa

narración oral, coas mellores técnicas do relato curto, coa imaxinación e co humor para formar e informar a unha sociedade civil que sen esquecer o pasado, este débelle axudar a ve-lo presente e intuí-lo futuro.




Miranda, Xosé, *Ariadna*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 61, marzo 2002, 128 pp. (ISBN: 84-8302-769-0).

Á reducida producción de ciencia ficción existente en lingua galega, vénse a sumar esta nova entrega de Xosé Miranda (Lugo, 1955), na que as recorrencias á mitoloxía, á literatura e á filmografía son frecuentes. A historia arrinca cando Adriana e Ariadna, unhas irmáns aparentemente xemelgas, realizan unha viaxe turística ao vello Planeta Terra, do que os humanos marcharan había xeracións e os seus animais eran agora orixinarios, reconstruídos ou transxénicos. Alóxanse no Crital Palace e coñecen a Mr. Gide, o director do hotel, e a Moody Moonriver, e con eles realizan unha interesante excursión, na que coñecen a Preciosa, unha rapaza-robot, e cazan unicornios. O que parecía ser unha agradábel xornada de lecer vese alterada pola aparición dunha banda de mutantes fuxidos da colonia penitenciaría de Marte, que os van secuestrar e vixiar, ata que foron atacados por unhas criaturas nativas, semihumanas, capitaneadas polo Cabalo Tolo. Moitos son os sufrimentos e situacións difíciles que tiveron que superar Adriana, Ariadna e os seus compañeiros, ata que son rescatados gracias á axuda prestada polo Doutor Jaekel, que fora
o creador daquelas figuras semihumanas levado pola súa obsesión de atopar a raza

perfecta para o planeta Terra. Co transcorrer dos feitos as dúas irmáns vanse distanciando cada vez máis e xa nas derradeiras páxinas desta novela, sazonada con grandes doses de misterio e intriga, desvélansenos as verdadeiras identidades dos seus personaxes e outras cuestións clave para a súa comprensión, pois o xogo narrativo mantido por Adriana e Ariadna, ao longo de dezaoito capítulos, confunden por momentos ao lector.




Recensións:

- Paula Fernández, “Ciencia-ficción e mitoloxía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, “Infantil/Xuvenil”, 16 maio 2002, p. 53.

Fai un percorrido pola andaina literaria de Xosé Miranda e presenta o argumento de *Ariadna*, da que sinala que o que superficialmente parece unha novela de aventuras en contexto galáctico se converte nun achegamento ao complexo mundo das relacións humanas. Indica que está a medio camiño entre o relato mitolóxico e o de ciencia ficción e comenta que presenta unha prosa áxil e dinámica e que a acción e as aventuras se suceden dun xeito semellante ao dos fotogramas, aínda que tamén hai espacios máis líricos, que

provocan unha lectura máis entrañábel e plástica e consegue que o lector entenda o comportamento dos personaxes e constrúa os escenarios da acción. Conclúe dicindo que se trata dunha novela de ciencia ficción na súa expresión máis moderna, con reminiscencias da tradición mitolóxica da Grecia antiga, que consegue atrapar a un público xuvenil e adulto.




-Xosé M. Eyré, “A clonación en dúas novelas para a mocidade”, *A Nosa Terra*, nº 1.042, “Narrativa”, 11-17 xullo 2002, p. 26.

Comeza sinalando que tanto *Ariadna*, de Xosé Miranda coma *O faro de Arealonga* (2001), de Uxía Casal lémbrannos que a literatura fornece exemplos que non deberiamos pasar por alto nesta “megalománica simulación divina que é a clonación”. Ofrece o argumento de *Ariadna* e comenta que nesta novela de ciencia ficción o xogo das palabras (Ariadna-Adriana) e a confusión de personalidades (¿quen é quen?) reflicte con proxección de futuro algo que acontece hoxe co fomento da globalización: a neutralización das personalidades en favor dun único ideal baleiro e artificial. Entre outras consideracións que fai sobre esta obra, destaca que nela se tratan os lectores mozos “como seres pensantes capaces de descubrir e interpretar a rica simboloxía que agroma por aquí e por alá”. Por outra parte, indica que

Arealonga pode considerarse unha novela detectivesca, de aventuras, próxima á ciencia ficción, na que os efectos da clonación rematan por duplicar seres fisicamente semellantes, pero opostos psiquicamente. Puntualiza que un dos atractivos desta novela radica na relación que se establece entre tradición mitolóxica e ciencia, paralela á que hai entre realidade e ficción, ademais de sinalar que os seus capítulos se inician con reflexións que difuminan o impacto da acción e que os seus personaxes se caracterizan polos seus comportamentos case sempre predicíbeis.




Miranda, Xosé, *Pel de lobo*, Premio Merlín de Literatura Infantil 2002, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 66, outubro 2002, 101 pp. (ISBN: 84-8302-865-4).

Novela de aventuras coa que Xosé Miranda (Lugo, 1955) nos traslada á temática do lobishome ou lobo da xente situando a acción nun tempo no que aínda existían os foros. A historia está narrada por Xosé, un dos protagonistas, en primeira persoa e en ocasións diríxese a uns rapaces que, xa no final, di que son os seus netos. Cóntalles que cando el era novo foi requirido, xunto co seu pai, para atrapar un gran lobo que tiña atemorizadas ás xentes do Incio. Alí todos os veciños colaboraban nas batidas, mais ao gran lobo (que en realidade eran dous: un branco e un negro), nunca o daban atrapado xa que as balas non lle facían ningún dano. Na súa estancia no Incio coñecera ademais a dúas irmás, Aurora e Ana, fillas do fidalgo que as hospedaba. Tanto elas coma outras xentes aseguraban que o gran lobo era unha persoa, feito que puido comprobar Xosé ao poder queimar a pel do lobo branco, debaixo da cal se atopaba Aurora, con quen logo casaría. Sen embargo, a súa irmá, que ao igual que Aurora se convertía en lobo por unha maldición do seu pai sen que este o sospeitase, decidiu que ela sempre seguiría sendo libre coma os lobos e un día marchou a Madrid. Mais o narrador apunta outros posíbeis destinos de Ana ao dicir que había rumores

de que en León e noutros lugares próximos se deixaba ver de vez en cando un lobo negro e grande xa vello.




Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Historias galegas sobre o imaxinado lobo da xente”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 3 novembro 2002, p. 3.

Comeza sinalando que *Pel de lobo* se mergulla de cheo no universo mitolóxico popular galego recreando o mito do lobishome. Recorda outros títulos, ficcionais e etnográficos, onde este autor se achega tamén a este tipo de literatura popular e adscribe ademais esta nova novela ao xénero de terror. Por outro lado fai un repaso do argumento e dos fíos narrativos da acción e destaca a escolla dunha configuración apropiada así como o ritmo áxil empregado para conseguir atrapar ao lector. Por último, despois de destacar que o conxunto da obra é bo, sinala como aspecto negativo o feito de que nela aparecen demasiados lobos, máis incluso que nas ensoñacións máis fantásticas da Galicia doutro tempo.

-Manuel Vidal Villaverde, “Pel de lobo arredor do mito”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 10 novembro 2002, p. 47.

Comeza comentando que Xosé Miranda é un home de enxeño e certamente bo e entretido escritor, para logo centrarse en *Pel de lobo* (2002), coa que conseguiu o Premio Merlín de literatura. Fai un breve resumo do seu argumento e achega o título dos diferentes capítulos que o compoñen, puntualizando que os dous últimos, “O lobo branco” e “O lobo negro”, merecen especial atención. Remata afirmando que se trata dun “dignísimo” libro para quen sexa o lector.

- Xosé Freire, “O ouveo do lobishome”, *A Nosa Terra*, nº 1.056, “Cultura”, 14-20 novembro 2002, p. 27.

Destaca o feito de que esta novela se encadra dentro da tradición oral galega, feito que non estraña porque este autor é un importante investigador deste campo. E para avalar este dato cita outras obras nas que recolleu contos que, ao igual que esta novela, xiran arredor

do lobo. En canto ao estilo do relato subliña a súa axilidade, a dosificación da acción ou o misterio, para concluír finalmente indicando que se trata dunha novela de aventuras, entendendo deste xeito que a súa lectura é para gozar.




-María Navarro, “Entre o cotián e o imprevisto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 19, “Infantil/Xuvenil”, 21 novembro 2002, p. VII.

Primeiramente fai un repaso da traxectoria literaria de Xosé Miranda subliñando os distintos premios que conseguiu ata o momento. A continuación céntrase no resumo de *Pel de lobo*, obra tamén premiada, para logo destacar que nela resultan cativadores aspectos como algúns personaxes singulares, o papel da familia rica, a pouca importancia da muller que, sen embargo, aquí se rebela, ou a introducción da lenda do lobishome. Conclúe sinalando que o xeito de fabular deste autor o sitúa nun posto relevante dentro da nosa literatura.

-Xosé M. Eyré, “Entre o medo e o humor: o perigo animal”, *A Nosa Terra*, nº 1.057, “Cultura”, 21-27 novembro 2002, p. 26.

Ver Jaureguizar, *¡Balea morta ou lancha a pique!*, neste apartado do *Informe*.

-Jesús Fraga, “Construíndo a épica galega”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 14 decembro 2002, p. 11.

Destaca que Xosé Miranda sabe mirar na nosa historia e nas nosas lendas para artellar historias con elementos épicos, de acción e de aventura, á vez que profunda nos personaxes. Sobre *Pel de lobo*, despois de resumir o argumento e nomear varios dos seus personaxes, indica que é unha obra na que se reflexiona sobre a natureza e a súa manipulación polos homes, subliñando ademais a interrogante que deixa sobre a liberdade e
o seu valor, e sobre a multiplicidade de caras dunha mesma persoa. Así mesmo resalta os arrecendos de oralidade que ten esta obra e recorda que o seu autor é un bo coñecedor das claves deste xénero.

Referencias varias:

- Beatriz Abelairas, “Los Premios Xerais”, *Qué leer día a día*, nº 68, “Otras letras”, especial verán 2002, p. 26.

Ver Calvo, Tucho, *Corazón entre desertos*, no apartado I. I. Narradores galegos deste *Informe*.

- Marcos Valcárcel, “Pel de lobo”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 6 novembro 2002, p. 69.

Salienta que o tema do lobishome tratado en *Pel de lobo*, de Xosé Miranda, ten unha longa tradición literaria en Galicia e, neste sentido, recorda que Miranda invoca nunha nota de agradecemento o nome de catorce escritores que cultivaron esta temática. Por outra banda indica que a obra ten todos os elementos necesarios do xénero e que o autor manexa con habelencia algún destes como por exemplo a lingua, o ritmo e o estilo, para lograr unha boa novela de aventuras como xa fixera en *Morning Star* (1998).

- Salvador Rodríguez, “Non me interesa a literatura que só lle goste aos rapaces”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, 7 novembro 2002, p. III.

Entrevista na que Xosé Miranda explica que en *Pel de lobo* aparece o mito do lobishome porque a el sempre lle interesou o tema da dobre ou múltiple personalidade, ademais de crer que en Galicia se trata a este ser dunha maneira distinta a outros lugares. Comenta tamén que el non é partidario de clasificar os libros en coleccións en función da idade e recoñece que a publicación desta obra en "Fóra de Xogo" lle pode restar lectores adultos. Por outra banda opina que dende que el gañara o Premio Xerais en 1998 cunha novela de aventuras, en Galicia este xénero foi gañando o prestixio que merecía. Así mesmo responde a preguntas relacionadas co ámbito da literatura popular e enumera os que el cre que son os sinais de identidade propios da literatura tradicional galega.

-Marta R. Valeiro, "Hai que facer atractiva a lectura para os nenos", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 10 novembro 2002, p. 2.

Antes de comezar coas preguntas dirixidas a Xosé Miranda indica que se trata dun escritor que se dedica á literatura infantil dende hai só tres anos. Precisamente sobre este tema Xosé Miranda cre que para achegarse aos máis novos hai que facelo dunha maneira

distinta, segundo recoñece, a el custoulle traballo. Opina tamén que a literatura infantil está a vivir un bo momento e sinala que no sistema educativo habería que darlle máis importancia a conseguir unha boa lectura e non tanto á teoría. Sobre *Pel de lobo* apunta que tratou nela varios temas recuperando historias do pasado que sempre son actuais. Reponde ademais a cales son as súas preferencias e os seus plans actuais como escritor.




- Manuel Vidal Villaverde, “Pel de lobo arredor do mito”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 10 novembro 2002, p. 47.

Loa o traballo xeral de Xosé Miranda a quen cualifica de “home de enxeño e certamente bo e entretido escritor”. A continuación refírese a *Pel de lobo*. Cita o título de varios dos capítulos que a forman e reproduce un fragmento dun deles.Opina que se trata dun libro precioso.

-Manuel Vidal Villaverde, “A realidade non unidimensional”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 15 decembro 2002, p. 42.

Conversa con Xosé Miranda que xira arredor da escrita, exercicio que practica dende os doce anos. Sinala que o seu primeiro libro foi de poesía, pero que quizais sexa a novela o xénero no que mellor se atopa. En varias das respostas alude ao seu gusto pola mitoloxía e a tradición oral, destacando que tanto a súa recente novela *Pel de lobo* coma o seu próximo libro están relacionados con estes temas.

- X. L. Méndez Ferrín, “Pel de lobo”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 23 decembro 2002, p. 2.

Comenta que pese a estar moi enraizado o tema do lobishome ou lobo da xente na nosa cultura, este non ten moita presencia na literatura culta. A continuación cita algúns dos poucos títulos que deu a nosa literatura sobre este tema e manifesta que un deles, *Pel de lobo*, ten “boa prosa, excelente ambientación e argumento interesante”. Finalmente Méndez Ferrín fai referencia a tres relatos orais que el escoitou e que trataban casos de licantropía.

Miranda, Xosé e Antonio **Reigosa**, *Cando os animais falaban*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2002, 119 pp. (ISBN: 84-8302-907-3).

Xosé Miranda (Lugo, 1955) e Antonio Reigosa (A Pastoriza-Lugo, 1948) presentan baixo o subtítulo de “Cen historias daquel tempo”, noventa e nove narracións de temática diversa, dende cuestións referidas a Galicia, ata outras nas que os obxectos de análise son os animais ou as nosas crenzas relixiosas máis ancestrais. Todos os títulos responde ao porqué da cuestión que se aborda como por exemplo: ¿Por que a curuxa é branca?, ¿De onde saen os sapoconchos?, ¿Por que Galicia ten rías?, ¿Por qué hai trasnos polo mundo?, etc. Todos os relatos están narrados en terceira persoa, neles por medio de moito diálogo e abondosos elementos líricos fálase das estacións, da natureza, da amizade... Cada unha destas narracións aparece acompañada por unha ilustración de Andrés Meixide (Vigo, 1971).

Oli, *Un problema grande*, ilust. Felix Eckardt, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, marzo 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-128-7).

Álbum no que Oli (Xosé Manuel González, 1961) e Felix Eckardt presentan unha historia baseada na repetición e na interpretación dos feitos dende a perspectiva dun neno que vive a experiencia da chegada dun irmán. Vanse desenvolvendo as sucesivas mudanzas na vida de Paulo ocasionadas polo embarazo da súa nai: xa non pode ir á praia ou ao parque cando lle peta nin dar longos paseos. Ademais ve cómo o seu cuarto comeza a encherse cunberce e cestas con roupas. É así como chega á conclusión de que ter un irmán é un problema moi grande. Cando chega a súa irmá, Lara, séntese un tanto desprazado pois a nai está ocupada co bebé e mesmo xa non ten tempo de lle facer a súa torta de chocolate. O problema vai medrando e, ante a invisibilidade dos demais, Paulo busca novos pasatempos: descobre o pracer de pintar nas paredes, o encanto de se agochar debaixo das camas, o deporte de facer pis na roupa e os enfados da súa nai. Pero co tempo Lara foi medrando e repetindo os comportamentos de Paulo e entón o neno pensou que a súa irmá pequena tiña un problema grande.

Pérez, Elvira, *A contar ovellas*, ilust. Óscar Villán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 119, serie Verde (de 9 anos en diante), abril 2002, 63 pp. (ISBN: 84-8302-784-4).

Arrinca esta historia un 14 de abril cando Xan, un rapaz ao que lle gustaban moito os contos dende pequeno, se deita e a súa nai lle di que esa noite non lle vai contar ningún, e mándao que se poña a contar ovellas. Algo máxico acontece, xa que segundo Xan vai contando, van aparecendo ovellas e, despois, lambetadas, ata que unha voz familiar lle pregunta qué é o que máis desexa, ao que el responde: contos. Esa voz, baixo a condición de que Xan non abra os ollos, nárralle sete contos breves titulados “A lúa chea”, “O mar das sete ondas”, “O caldo de galiña”, “O insecto pao”, “A folliña verde”, “O neno papacontos” e “Xan e o oso almofada”. Neste último, desentráñase o misterio desa voz familiar, que se recolle cunha cor de tinta diferente ao restante texto e acolle a maior parte das páxinas desta obra escrita porElvira Pérez (Vigo, 1962) e ilustrada por Óscar Villán (Valladolid, 1972).

Referencias varias:

- J. F., “Contar e escoitar”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 24 agosto 2002, p. 11.

Comenta o argumento de *A contar ovellas*, obra de Elvira Pérez ilustrada por Óscar Villán. Destaca que o protagonista é Xan, un neno que cando súa nai deixa de contarlle contos pola noite recomendándolle contar ovellas, el atopa na súa imaxinación seres como a folla verde que non quere caer ou o insecto multicolor que ten problemas para xogar ás agochadas.Conclúe que este compendio de contos é un bo exemplo para “reivindicar a necesidade das historias non só na educación, senón na vida cotiá”.

Pérez Marín, Marta, Virxilio **Rodríguez Vázquez**, Roque **Cameselle Capón**, David **González Labrador** e María **Lorenzo Miguéns**, *Chungungo e catro contos máis*, XVIIIº Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2001, Ourense: Agrupación de Libreiros de Ourense/Casa da Xuventude de Ourense, maio 2002, 109 pp. (ISBN: 84-453-3346-1).☒⓾

Neste volume recóllese o relato gañador do Premio Ourense de Contos para a Mocidade correspondente ao ano 2001, e outros catro contos que mereceron accésits. Todos eles van introducidos por un limiar dos organizadores do concurso e editores da obra . A seguir descríbese cada un destes contos:

- Marta Pérez Marín, “Chungungo” (Premio Ourense), pp. 11-36.

Neste relato de Marta Pérez Marín (Barcelona, 1971), narrado en primeira persoa e no que os sentimentos teñen un gran protagonismo, Rocío describe o que ela sente, e ademais a través dos seus diálogos e cartas coñecemos tamén cales son as sensacións doutros personaxes. A historia, que comeza cunha noticia xornalística na que se dá conta da morte

dun importante científico español, desenvólvese logo a través dunha analepse para así describir a vida anterior dese personaxe a e a súa relación de cariño con Rocío.




- Virxilio Rodríguez Vázquez, “Uppercut” (Accésit), pp. 37-48.

Historia que Virxilio Rodríguez Vázquez (Vigo, 1978) pon en boca dunha primeira persoa que, en dez rounds, dá conta dunha pelexa e unha relación sentimental. Nos primeiros rounds vanse alternando as tramas destas dúas situacións, pero xa nos últimos mestúranse as sensacións e o narrador fala ao mesmo tempo do seu rival e da rapaza que o acompaña en coche. A historia remata coa morte do protagonista sen aclarar se esta se produciu durante a pelexa ou na viaxe en coche.

- Roque Cameselle Capón, “A cidade dos soños incumpridos” (Accésit), pp. 49-72.

Roque Cameselle Capón (Vigo, 1981) estructura este relato en tres partes nas que un narrador en terceira persoa conta as vivencias do seu avó cando era mozo e emigrou a Manaos en Brasil. Describe cómo foi a súa partida para facer as Américas vendendo café e

cómo volveu despois de comprobar que alí todo aparece e desaparece con moita facilidade. Na terceira das partes relata cómo foi o seu reencontro coa súa moza e a familia dela e cómo o sogro lle pediu axuda para fuxir a Buenos Aires, aínda sen el sabelo. Mais a familia da muller non quería que a xente soubese desta fuxida e facía como se estivese con eles, ata que aproveitou a morte dun inquilino que tiñan na casa para aparentar que quen morrera fora o sogro do protagonista. Este feito sérvelle a este para comparar a familia da muller con Manaos xa que segundo el as dúas teñen “unha aparencia fermosísima sobre un cento de soños incumpridos”.




- David González Labrador, “O Anxo de Raioso” (Accésit), pp. 73-94.

David González Labrador (Ourense, 1984) achéganos nestas páxinas unha historia de intriga protagonizada por un detective de cidade que se despraza a un pobo para investigar un caso de asasinato. Alí atópase co sarxento de policía dese lugar que xa daba o caso por resolto crendo que a víctima morrera a mans dun lobo; mais as pistas non lle coincidían ao detective e este seguiu atando pequenos detalles ata dar co asasino, quen na mesma semana tamén xa matara á testemuña do primeiro caso.

- María Lorenzo Miguéns, “Cabalos azuis” (Accésit), pp. 95-103.




“Cabalos azuis”, escrito por María Lorenzo Miguéns (Dodro, A Coruña, 1986), é a historia vivida por un rapaz ao entrar nun cadro que tiña na súa habitación. Atraído polos cabalos azuis desta pintura o rapaz entrou na paisaxe representada e alí coñeceu outro mundo no que se fixo amigo dun paxaro, quen o axudou a rescatar a filla dun ancián ao que coñecera na súa viaxe. Cando volveu á súa habitación descubriu que agora no cadro había tamén un paxaro e que no seu peto conservaba un regalo que lle fixera a moza á que salvara.

Pinto&Chinto (David Pintor e Carlos López), *Aquilino pinta unha nube e un camaleón*, ilust. dos autores, Barcelona: Editorial Combel, col. Cabaliño Alado, serie Galope (a partir de 6 anos), setembro 2002, 21 pp. (ISBN: 84-7864-674-4).

Segunda incursión no mundo da literatura infantil e xuvenil do dúo ourensán Pinto&Chinto integrado por David Pintor e Carlos López. Nel un narrador en terceira persoa narra as dificultades coas que se atopa Aquilino, un pintor, a tarde que decide intentar retratar a unha nube e a un camaleón xa que a primeira cambia constantemente de forma e o segundo de cor. Ao longo da historia tamén se relata o enfado e reacción do pintor ante a impotencia de realizar o seu labor e a expectación que provoca o cadro que pinta do camaleón ao cambiar de cores.

Referencias varias:

- Rodri García, “Pinto&Chinto ensinan a traballar con cores e formas no seu novo libro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 novembro 2002, p. 50.

Saliéntase a segunda incursión dos debuxantes na literatura infantil e xuvenil coa publicación de *Aquilino pinta unha nube e un camaleón* a que define coas verbas dos propios autores de relato humorístico. Despois de recordar a idade á que está destinada a colección Galope na que se publica manifesta o aspecto didáctico da obra que pretende ensinar o manexo das cores ao lectorado, e o desexo dos autores en crear anualmente unha publicación para os pequenos. A seguir, fai un sucinto resumo argumental de *O avó é sabio*, de Fina Casalderrey, destaca del o lectorado ao que vai dirixido, a colección na que se publica e a calidade das ilustracións. Finaliza, falando de *A casa da luz*, de Xabier P. Docampo, novela da que nos facilita un resumo argumental e recolle as verbas do escritor coas que explica a intensa unión da arte da escrita e da pintura.

- B. Antón, “Unha travesía con Pinto&Chinto”, *La Voz de Galicia*, “Crónica”, 28 novembro 2002.




Dáse conta da presentación de *Aquilino pinta unha nube e un camaleón*, de Pinto e Chinto, no transcurso do Salón do Libro Infantil e Xuvenil na biblioteca de Neda coa presencia do ilustrador Xaquín Marín. Infórmase da explicación que os propios autores deron do contido

da obra, da realización de caricaturas aos nenos asistentes e recóllense as verbas de Pinto nas que confesa cal é o segredo da “longevidad de su matrimonio profesional”.




Quintiá, Xerardo, *A verdadeira historia do burro Feldespato*, ilust. Andrea López, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, serie Verde (a partir de 9 anos), nº 118, agosto 2002, 59 pp. (ISBN: 84-8288-537-5).

Primeira achega á literatura infantil de Xerardo Quintiá (Friol, 1970) na que conta coas ilustracións en branco e negro de Andrea López (A Coruña, 1976). A obra está estructurada en once capítulos breves numerados nos que un narrador omnisciente en terceira persoa conta a vida do burro Feldespato. Comeza no momento en que este chega á casa da meiga Marica Pendella, situada na vila de Setelúas, e decide quedar a vivir nela tras abandonar ao seu anterior amo polos malos tratos que lle infrinxía. Na súa nova casa sente moita soidade, debido a que a súa dona permanece constantemente durmida polos efectos dun meigallo mal feito que a ten durmida durante cen anos. Sen saber qué facer, Feldespato aprende a pensar, logo comeza a falar e, finalmente, aprende a ler, condición que lle carrexa o rexeitamento dos que o rodean pero que provoca tamén o seu namoramento da meiga Marica Pendella. Decidido a aprender máis, viaxa polo mundo agardando a que pasen os cen anos que ela tarda en espertar do seu sono.

Recensións:

-María Navarro, “Os pequenos detalles”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Infantil/Xuvenil”, 10 outubro 2002, p. VII.

Comentario arredor de *A verdadeira historia do burro Feldespato*, de Xerardo Quintiá, no que comeza sinalando que estamos ante a primeira novela que o autor dirixe ao público máis novo e na que transgrede os tópicos e rompe cos canons establecidos. Repasa brevemente o argumento, salienta a importancia que adquiren as cousas cotiás nesta historia e a lección de superación que ofrece o protagonista, o burro Feldespato. Destaca o emprego da lingua, tanto para acadar efectos de eco, simulando o orneo dos burros, coma elemento de distorsión nun mundo máxico que se sustenta en premisas reais. Remata cun breve repaso á producción para adultos deste autor.

Rey Senra, José Ramón (coord.), *Achegamento ó libro. Se me queres abrir, unha aventura poderás vivir*. prólogo de Concha Blanco. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2002, 137 pp. [ISBN: 84-95950-08-1]






Riveiro Coello, Antón, *A canción de Sálvora*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Relatos históricos, 2002, 79 pp. (ISBN: 84-95350-63-7).

Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) indica nas páxinas iniciais que esta obra é unha versión ampliada de "O mastro dos soños", relato que publicara baixo o nome literario de Suso Paradela incluído na obra *O cuadrante das sereas*. Coa axuda das ilustracións de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), un narrador en terceira persoa dá conta da vida e soños de Xoán, un mozo que nacera a principios do século XX na illa de Sálvora. Condenado á loucura, unha noite de temporal ten un soño que determina a súa vida: nel coñece a unha moza que é pasaxeira do vapor Santa Isabel, que afunde esa mesma noite nas costas de Sálvora. Posuído e desacougado polo propio soño, Xoán comeza un camiño de busca que non rematará ata dar con ela en Uruguai, lugar no que lograrán ser felices. Sálvora adquire neste relato unha forte carga simbólica de loucura e morte, da que só se libera o protagonista manténdose lonxe. A súa volta ao lugar da nenez será despois de morto, cando xa vella a súa amada traia as súas cinzas para espallar na praia. Un relato curto no que se trata a loita contra a predeterminación e a herdanza xenética portada polo protagonista e

gañada pola forza do amor e no que a presencia do onírico e o simbólico se converten nos dous eixes fundamentais, confundindo por veces ao lector.




Sánchez, Gloria, *A Galiña da Paz*, ilust. Manuel Uhía, A Coruña: Editorial Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 31, serie Verde (a partir de 9 anos), abril 2002, 150 pp. (ISBN: 84-8116-8688).

Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) e Manuel Uhía (Portonovo, 1944) neste relato que tivo unha primeira versión no volume *Imos xuntos camiñar* (1999) botan man do humor para desmontar algúns dos tópicos referidos ao Camiño de Santiago. Preséntase dividido en quince capítulos titulados protagonizados por Galiña, que vive pechada na torre máis alta da catedral de San Domingos da Calzada, na Rioxa, por ser descendente da galiña que realizou o milagre de falar despois de asada. Un día coñece unha pomba da paz e como non está contenta co seu destino decide converterse nunha Galiña da Paz. Como as súas ás non serven para voar marcha en peregrinación onda o milagroso Apóstolo Santiago para que lle conceda o seu desexo. Nun descoido do sancristán, e acompañada de Lagarturo, un lagarto amigo, lisca para facer o Camiño de Santiago. Emprende entón unha arriscada aventura na que ten que superar moitos perigos: fuxir dos humanos que a atropelan cun coche e queren papala; coller o camiño correcto tras se equivocar e dar nunha escola, crendo que é a catedral de Santiago; despistar o raposo que lle quita as plumas pois a

convence de que logo hanlle nacer outras coas que voar e atopar a Lagarturo, a quen perdeu no camiño. Ambos chegan por fin o 25 de xullo a Santiago, gracias á axuda duns peregrinos franceses, aínda que a galiña está pelada e o lagarto vai sen rabo. Aínda que as figuras do Pórtico da Gloria non están moi convencidas de querer axudala, Galiña consegue logo de pedirllo ao Apóstolo e coa axuda da Berenguela, cubrir de novo o seu corpo de plumas, que agora si que lle permiten remontar o voo como soñara.




Recensións:

- CLIJ, “A galiña da paz”, *CLIJ*, nº 152, setembro 2002, p. 66.

Despois de describir o argumento desta obra de Gloria Sánchez na que a Galiña e o seu acompañante Lagarturo fan o Camiño de Santiago, di que se trata dunha especie de fábula ben tramada e enchida de humor. Salientan a recollida de lendas e milagres e as ilustracións de Manolo Uhía que “aporta una dosis extra de socarronería”.

Sánchez, Gloria, *Frangulla*, ilust. Xan López, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 1 serie Azul (a partir dos 8 anos), 2002, 91 pp. (ISBN: 84-263-4868-8).

Relato en primeira persoa estructurado en catorce capítulos sen titular no que Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) con ilustracións a toda páxina en branco e negro de Xan López Domínguez (Lugo, 1958) conta a historia de Frangulla, un oso polar ao que lle corresponde ser o terceiro non esperado dunha familia. Non é doado ser o máis novo, sobre todo, cando se esperaban dous irmáns e resulta que, ao final, son tres os que chegan: Aturuxo-Do-Ceo ao que lle chaman Trono porque cando naceu estalou un trebón, A-Quen-Non-Ten Acougo á que lle chaman Bule-Bule porque non para quieta e Frangulla. A sorte do terceiro non é precisamente agradábel (pequeno, enfermizo, de pelaxe amarela e de punta), ás veces, mesmo é moi cruel, xa que os irmáns cómenlle toda a comida e o osiño pasa fame. Por iso, Frangulla terá que loitar coas súas poucas forzas para facerse un lugar entre os seus irmáns máis fortes na súa viaxe cara ao mar para repoñer forzas para todo o inverno. Nesta aventura os osiños xogan ao escorregue, o troupeletrou e o rabicho e Frangulla ao principio dáse conta do pouca cousa que é conseguindo finalmente, a base de esforzo, facerse un oco na súa familia. A historia remata cando chegan ao mar.

Sendón, Pepe, Fausto **Isorna** e Fran **Pérez**, *O labirinto dos soños*, Coruña/Vigo: Grándola Nova Edición/Editorial Galaxia, 2002, [CDROM interactivo].

Conto de carácter interactivo que se presenta en formato CD-Rom no que, coa axuda das pezas musicais e dos elementos de animación en tres dimensións, se constrúe unha historia dividida en varios episodios que poden ter un final ou outro segundo escolla o usuario. O relato pode empezarse por calquera dos capítulos posto que existe unha opción para o comezo aleatorio e tamén presenta a estructura do final aberto. Ventura Tres Pelos, o protagonista, é un neno ao que lle custa moito durmir porque non sabe soñar. Un día, mentres le un libro de contos, séntese moi canso e de súpeto entra no labirinto dos soños para vivir unha serie de aventuras na procura da saída. Nelas atopa personaxes como un mosquito rebelde ao que non é quen de cazar e visita escenarios onde terá que facer cousas case imposíbeis como afiar un lapis xigante. Este CD da autoría de Pepe Sendón, Fausto Isorna e Fran Pérez inclúe tamén xogos interactivos e ferramentas didácticas. No xogo *A chave do labirinto* os usuarios deben atopar a clave que lles dará acceso a un menú

co que se chega de xeito directo a videoclips, xogos, pezas musicais, galerías gráficas ou ao texto íntegro do conto para a súa lectura tradicional. Ademais, é posíbel obter información sobre os labirintos nunha unidade didáctica que fala das súas orixes, representacións e xeitos de construílos e mesmo ofrece a posibilidade de imprimir varios deles para intentar resolvelos sobre o papel. A parte musical deste CD, ademais de servir de banda sonora do conto, pode escoitarse coma se tratase dun disco normal.




Referencias varias:

Carmen Villar, “Ventura pérdese no labirinto dos soños”, *Faro de Vigo*, 27 novembro 2002, 76.

Informa da saída ao mercado do CD interactivo *O labirinto dos soños* realizado por Pepe Sendón, Fausto Isorna e Fran Pérez. Salienta a semellanza desta proposta cos clásicos libros de “elixe a túa aventura” e sitúaa na liña de *A historia interminable,* de Michael Ende ao non ter un final. Sinala ademais que o CD está recomendado para usuarios a partir dos sete anos aínda que “entreterá a calquera, aínda que pase de 99”. Informa tamén de que a

idea tivo un custo total de noventa mil euros, dos que a Consellería de Cultura subvencionou unha parte, e se desenvolveu ao longo de tres anos de traballo. Adiántase a súa posíbel traducción a outras linguas e a súa adaptación teatral en Portugal.




- AFA, “O labirinto dos soños”/“O labirinto dos soños’ ou novos xeitos de narrar”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 27 novembro 2002, p. 30/p. 76.

Breve nota informativa sobre a presentación deste CD interactivo titulado *O labirinto dos soños* e realizado por Pepe Sendón, Fausto Isorna e Fran Pérez, que se cualifica como “unha narración non lineal que une elementos musicais e interactivos”. Infórmase tamén da producción de Grándola Nova, do financiamento da Consellería de Cultura e da participación no proxecto do estudio de infografía Tresdeseos que dirixe Ricardo de la Cierva.

- Mónica Vázquez, “Estase a traballar para que Galicia sexa un referente da animación”, *La Opinión*, “Entrevista”, 3 decembro 2002, p. 64.

Entrevista con Ramón Bermejo, productor executivo de Grándola Nova, empresa responsábel do CD interactivo *O labirinto dos soños* realizado por Pepe Sendón, Fausto Isorna e Fran Pérez. Comeza salientando Bermejo que se trata do primeiro proxecto galego destas características, mesmo tamén a nivel español, xa que é unha historia orixinal, con música orixinal e cunha animación que mestura dúas e tres dimensións. Sinala tamén que o proxecto xurdiu da "cabeza pensante" de Pepe Sendón para ir logo atopando o equipo que desenvolveu o resto do proceso e non descarta futuros proxectos na mesma liña. Finalmente, valora as actividades que se están a desenvolver arredor do mundo da animación en Galicia, mencionando os cursos e encontros internacionais que se realizan no CGAI e a implantación da empresa Brem, que favoreceu a chegada de animadores de fóra.

-O. I., "Os soños de Ventura", *O Correo Galego, "Océano. Internet",* nº 217, 14 decembro 2002, p. 1.

Dá conta da presentación do CD interactivo *O labirinto dos soños*, realizado por Pepe Senón, Fausto Isorna e Fran Pérez, no Club Internacional de Prensa de Santiago de Compostela. Sinálase que esta idea foi producida por Grándola Nova Edicións e financiada

parcialmente pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e está recomendado para rapaces a partir dos sete anos. Infórmase brevemente das posibilidades deste CD e saliéntase que podería ser traducido nun futuro a outras linguas como o castelán, o portugués, o catalán e o éuscaro e que cabe a posibilidade de que a TVG o inclúa dentro da súa programación infantil.




- Beatriz Abelairas, “Relevo con polémica”, *Qué leer día a día*, nº 72, “Otras letras”, decembro 2002, p. 34.

Ver Elorriaga, Unai, *Un tranvía cara a SP* no apartado I. 3. Narradores traducidos ou versionados deste *Informe*.

Tabuyo, Domingo, *Carmín*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 62, setembro 2002, 205 pp. (ISBN: 84-8302-857-3).

Segundo podemos ler na breve biobibliografía que nas derradeiras páxinas do volume se ofrece sobre Domingo Tabuyo (Pontevedra, 1959), *Carmín* é a primeira novela deste autor, con obra xa publicada e premiada no eido da poesía. Ao longo de quince capítulos, un narrador omnisciente en terceira persoa relátanos a intrigante investigación que levará a cabo Rafa Meruelo, un rapaz de Cambados de vintenove anos de idade. A historia arrinca cando este mozo recibe nun mesmo día dúas novas que van cambiar a súa vida por completo: o seu pai atópalle un traballo nunha empacadora e a súa moza Andrea abandónao por marchar para Boston a traballar nunha universidade. Unha avaría nunha das máquinas da empacadora provoca que Rafa se faga cun feixe de papeis que conteñen unha serie de mensaxes, nos que se repite a súplica e o desexo dunha persoa de verse liberado. Levado pola curiosidade e interesado en desvelar este estraño episodio, Rafa comeza a facer unha serie de indagacións que o levan a recorrer aos amigos e a desprazarse a cidades como Santiago e Barcelona, aumentando o seu nivel de preocupación segundo as probas ían apuntando con máis claridade cara á súa antiga moza, que parece ter a vida en

perigo. Ata as últimas páxinas desta narración, na que a intriga, o amor, os celos... se mesturan, o lector non coñece a solución desta investigación e o verdadeiro papel de cada un dos personaxes que nela estaban involucrados.




Recensións:

- Paula Fernández, “Unha escrita atractiva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 15, “Libros”, 24 outubro 2002, p. VII.

Despois de achegar certos datos biobibliográficos de Domingo Tabuyo, fai un breve resumo da súa primeira peza narrativa, *Carmín*. Comenta que estamos ante unha novela detectivesca, na que o seu autor se vale dos recursos propios destas obras, á que lle engade o recurso xa recorrente nas distintas literaturas, de que sexa un non-profesional da investigación o que se teña que facer cargo dela. Tamén apunta que o autor consegue en todo o momento unha sensación de veracidade e realismo e destaca que se trata dunha novela especialmente dirixida a un público xuvenil, cunha escrita áxil e dinámica e na que a acción transcorre dun modo parecido ao dos fotogramas cinematográficos.

- David Faro, “Carmín”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, 17 novembro 2002, p. 45.




Centra o seu comentario na novela *Carmín*, na que, en opinión do articulista, Domingo Tabuyo "cunha sensibilidade exquisita" presenta un "entretido texto para divertimento de calquera lector". Asemade sinala que, aínda que se trate da súa primeira entrega narrativa, en ningún caso o parece.

Referencias varias:

- M. Rodríguez, "Intriga desde O Salnés", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 9 novembro 2002, p. 11.

Fai algúns apuntamentos sobre o contido da novela de Domingo Tabuyo, *Carmín*, e sinala que nela o autor consegue o seu propósito de querer reivindicar o territorio do Salnés, como o testemuñan as referencias aos bos viños Albariños.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, 7 novembro 2002, p. VII.

Ver Quiroga, Carlos, *A espera crepuscular. Viagem ao Cabo Nom* , no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Uhía, Manolo, *Evaristo, un corvo moi listo*, ilust. do autor, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2002, 44 pp. (ISBN: 84-403-0430-7).

Manolo Uhía (Portonovo, 1944) ofrécenos, con ilustracións a cor e a toda páxina que serven de complemento, esta historia narrada en terceira persoa. Nela cóntase a aventura vivida por Lino un día que se estaba mergullando no mar. Todo comeza co susto que levou ao atopar enfronte un corvo mariño con quen pronto fixo amizade ensinándolle así os segredos que esconden os fondos mariños. Desta forma o rapaz puido ver varias clases de peixes, algas ou rochas que servían de amparo aos peixes. Na súa excursión polo fondo do mar o rapaz e o corvo, ao que Lino lle puxera o nome de Evaristo, víronse en perigo ao perseguilos unha quenlla, mais os dous foron axudados por un golfiño e logo tanto o rapaz coma o corvo marcharon onda as súas familias, non sen antes quedar para o día seguinte. O volume remata cunha nota paratextual asinada polo autor, quen ademais de dar conta do seu gusto polas artes plásticas, anima a todos os rapaces a ler.

Recensións:

-Paula Fernández, “Un documento educativo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, 19 decembro 2002, p. VII.

En primeiro lugar achega algúns dos títulos anteriores de Manolo Uhía e cita a autores cos que el colaborou como ilustrador. Seguidamente ofrece o resumo de *Evaristo, un corvo moi listo*, destacando a relación de igual a igual que se establece entre o neno e o paxaro protagonistas. Salienta ademais que esta obra é esencialmente descrición, pois case non hai aventura. Aínda así, considera Paula Fernández que a obra merece ser destacada por outros aspectos como por exemplo a gran riqueza léxica e o valor educativo, xa que o texto educa aos nenos no seu contacto co medio ambiente.

VV. AA., *Treze. VI Concurso de Relatos da Costa da Morte*, ilust. Francisco Souto, Costa da Morte: Institutos de Baio, Cee e Vimianzo, 2002, 65 pp. (DL: C-943-2002).

Recóllense os relatos que mereceron o primeiro e segundo premio correspondentes ao primeiro e segundo nivel do VI Concurso de Relatos da Costa da Morte, convocado polos institutos desta zona, así como outros nove relatos que participaron nalgún destes dous niveis. No primeiro nivel o primeiro premio foi para Alicia González Mourelle por "¿Interésache?", e o segundo para Alicia Baña Castro por "Lembranzas cheas de po". No segundo dos niveis o primeiro premio recaeu en Jorge Soneira Muiño por "Fillo do ferreiro", e o segundo en Vanesa Rojo Martínez por "¿Quen move os fíos?". Reprodúcense ademais outros relatos titulados "A chave máxica", de Alicia Alvarellos Pérez; "O berce das fadas", de Nerea Cousillas Vigo; "Os mariñeiros", de Nair Lema Lema; "Microinvestigación", de Adrián López Feijoo; "As miñas aventuras", de Iris Trillo Pérez; "Miña ruliña" e "Nun recuncho escuro", de Laura Canosa Louzán; "O ouro do inverno", de Mariana Lamela Rodríguez; e, por último, "Non a busques. Non existe", de Ana Nantón Varela.

Vázquez Pintor, Xosé, *A folla seca*, ilust. María Sánchez Lires, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, 2002, 27 pp. (ISBN: 84-7824-419-0).

Neste conto de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) un narrador en terceira persoa relata a oposición que exerce Amara, a derradeira folla seca que quedaba na árbore do sombreiro garrido, para deixarse arrastrar polo vento. A pesar de observar como o vento varredor leva as súas irmás e de escoitar as advertencias destas para que sucumbise ao seu destino, Amara négase a deixarse levar por medo a morrer. Son diversos os personaxes que intentan convencela e que lle aconsellan chimparse a favor do vento: o remuíño do ballón, as nubes coa súa forte chuvia, o vento do mar de fóra rodeado de nubes de moitas cores, a poliña na que está suxeita e incluso a lúa co seu falar baixiño ofrécese a iluminar o chan se decide soltarse. Pero son as piñas as que a convencen cando lle explican que lle acontecerá ao caer da árbore. Finalmente, Amara déixase caer, logo de facerlle xurar á súa póla que mirará por ela cando chegue ao chan, e a lúa vélaa ata o amencer namentres vagalumes, cascudas, un sapo señorón e o grilo bombardino danlle a benvida ao seu novo fogar.

VII. 1. 2. Narradores galegos: reedicións e adaptacións

Alonso, Tareixa (adapt.), *Barbazul*, ilust. Carles Arbat, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, abril 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-156-2).

Este conto popular francés recollido xa no século XVII por Charles Perrault (París, 1628-1703), nesta ocasión aparece acompañado das ilustracións de Carles Arbat (Becantó-Girona, 1973) adaptado por Tareixa Alonso. O coñecido argumento da maldade do home da barba azul que mataba a todas as súas mulleres aparece agora nesta entrega da colección "Os Contos do Trasno" de Kalandraka como unha historia de moita dureza estructurada en frases curtas que ocupan un lugar marxinal das ilustracións a toda páxina e de fortes tonalidades coas que o ilustrador quixo reflectir a historia contada con moito humor e ironía, nas que a simboloxía da cor vermella relacionada co sangue queda patente.

Recensións:

-Paula Fernández, “O retorno dun mito”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. VII.

Comeza sinalando que o protagonista deste conto foi creado por Charles Perrault no século XVII e que chegou a converterse nun clásico da literatura universal. Tamén alude á súa inclusión nesta colección da editorial pontevedresa na que lle dá cabida principalmente a contos de carácter popular ou clásicos da literatura infantil universal. Da adaptadora sinala que ten publicadas outras obras como *Xil Moniz* (2001), *O galo Quirico* (2001) ou *O anano saltareiro*, mentres que do ilustrador di que é un asiduo colaborador desta editorial. Lembra a liña argumental da historia narrada e destaca o emprego de fórmulas orais, así como as sensacións angustiosas que provocan as ilustracións, que dan como froito a claridade e expresividade necesarias para achegarse aos lectores desexados. Remata felicitando aos autores e manifestando a esperanza de que se sigan publicando obras coma esta porque axudarán a recuperar os hábitos de lectura entre os máis novos.

- CLIJ, “Barbazul”, *CLIJ*, nº 154, novembro 2002, p. 64.

Cualifican esta adaptación do conto de Perrault, *Barbazul*, realizado por Tareixa Alonso de "terrible y divertida a la vez". Salientan as ilustracións que consideran un traballo excelente o mesmo que o da adaptadora que axiliza a narración poñendo o acento nos diálogos sen restar dramatismo á acción.

Referencias varias:

-Belén López, "Tareixa Alonso adapta para Kalandraka o conto de 'Barbazul' de Charles Perrault", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 20 abril 2002, p. 68.

Anuncia a publicación por parte de Kalandraka con motivo do Día do Libro de tres novas obras: *Barbazul*, en adaptación de Tareixa Alonso; *A casa da mosca chosca*, de Eva Mejuto e a terceira entrega dos minilibros. Da primeira sinala que é unha historia de terror, que parte da versión recollida por Charles Perrault dun conto popular francés, na que destaca tamén as ilustracións de Carles Arbat. Dos "minilibros para soñar" destaca o éxito da serie e adianta os títulos que se incluirán neste estoxo: *O home máis rico do mundo*, *Dinosaurio Belisario*, *Os oficios de Xan*, *Poucapalla*, *Rapunzel*, *Pulguiña* e *Igor*. Finalmente, de *A casa*

da mosca chosca sinala que é unha adaptación dun conto popular ruso feita por Eva Mejuto na que destaca o protagonismo dos animais das ilustracións de Serxio Mora.




- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 258, 27 abril 2002, p. 2.

Ver Costa Rico, Antón, *Sarmiento. Vida e obra. Pensador e investigador ilustrado*, no apartado IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos, deste *Informe*.

Alonso, Tareixa (adapt.), *O soldadiño de chumbo*, ilust. Antonio Caíña, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, xullo 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-055-8).

Nova versión feita por Tareixa Alonso do conto de H. C. Andersen que aparece acompañada das ilustracións de Antonio García Caíño (O Carballiño, 1970). O argumento deste conto xira arredor do namoramento dun soldadiño de chumbo ao que lle falta unha perna dunha bailarina tamén de xoguete que está na mesma casa. A afouteza do soldado levarao a superar distintos atrancos como a súa caída nun sumidoiro, a chegada ao mar onde é comido por un peixe, e o seu regreso á mesma casa cando mercan o peixe para comelo. Reunido de novo coa súa namorada, nin o lume que os consume será capaz de poñer punto e final a esta historia de amor, pois das cinzas dos amantes quedará o brillantiño que levaba a bailarina e un anaquiño de chumbo en forma de corazón. Destaca da obra o emprego das tonalidades grises e o deseño dos personaxes en cartulina.

Referencias varias:

- R. L., “No país dos nenos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D libros”, 10 agosto 2002, p. 11.

Anuncia a publicación desta adaptación de Tareixa Alonso baseada nun conto de Andersen, que agora ilustra Antonio Caíña. Sinala que a obra se inclúe na colección “Os contos do Trasno” e que desenvolve a coñecida historia do soldadiño de chumbo ao que lle falta unha perna.

Alonso García, Tareixa, Xosé **Ballesteros**, Avelino **Hernández**, José Antonio **López Parreño**, Xosé A. **Neira Cruz**, **Oli**, Alberto **Sebastián**, *Xil Moniz*, ilust. Belén Padrón/*O frautista de Hamelín*, ilust. Samuel Ribeyron/*Aquel neno e aquel vello*, ilust. Federico Delicado, trad. Xoán Couto/*A ratiña presumida*, ilust. Pablo Mestre, trad. Marisa Núñez/*A caixa do tesouro*, ilust. María Lires/*Un problema grande*, ilust. Félix Eckardt/*Capitán Calabrote*, ilust. Carles Arbat, trad. Maite García Telmo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. minilibros para soñar, nº 4, 2002, [33 pp.]. (ISBN: 84-8464-043-4).

Cuarta entrega dos "Minilibros para soñar", estoxo no que se recollen sete historias xa publicadas anteriormente noutro formato pola mesma editora, entre as que se contan historias adaptadas por autores galegos e tamén algunha traducida. En *Xil Moniz*, Tareixa Alonso García adapta un conto popular, que está ilustrado por Belén Padrón e que ten como personaxe principal un rapaz lacazán que pretende enriquecerse a partir dun gran de millo enganando á xente. Xosé Ballesteros (Vigo, 1956) adapta un conto clásico en *O frautista de Hamelin*, que aparece ilustrado da man de Samuel Ribeyron. Nel cóntase cómo o pobo de Hamelín tentaba solucionar sen éxito a praga de ratos ata que chegou alí un mozo frautista que dixo que libraría ao pobo da praga a cambio de duascentas moedas de ouro. Despois

de facer o seu encargo o alcalde do pobo tan só lle entregou vinte moedas e en vinganza este músico, igual que levara os ratos con el atraídos pola súa frauta, levou os nenos do pobo. En *Aquel neno e aquel vello*, Avelino Hernández (Valdegeña-Soria, 1944) e Federico Delicado achégannos á historia dun neno que se aburre na aldea na que vive ata que coñece a un vello que vive só e xuntos van de pesca todas as tardes. *A ratiña presumida* é unha traducción da adaptación de José Antonio Parreño, ilustrada por Pablo Mestre, dunha historia que ten como protagonista unha ratiña que sempre que estaba a varrer viña algún animal atraído pola súa beleza para saber se querería casar con el. A ratiña, despois de rexeitar un touro, un can, un gato e un galo, xa que de noite a asustarían cos seus berros, decidiu casar cun ratiño que lle prometeu que polas noites calaría, durmiría e soñaría. *A caixa do tesouro* é unha adaptación dun conto popular realizada por Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) e ilustrada por María Sánchez Lires (A Coruña, 1973) na que se relata a historia dunha viúva con tres fillas, Rosalinda, Salinda e Linda, ás que lles deixa como única herdanza unha caixa pechada que as mantería unidas durante toda a vida e que tan só a última en morrer soubo o que contiña. *Un problema grande*, de Oli (Xosé Manuel González, 1961) e Félix Eckardt é unha historia baseada na repetición e na interpretación dos feitos dende a perspectiva dun neno que vive a experiencia da chegada

dun irmán. Describe así algunhas das actitudes do rapaz ante a pouca atención que lle presta a nai por estar ocupada coa nova irmá, quen ao medrar, polos seus comportamentos parece que tamén ten un problema grande. Finalmente, en *Capitán Calabrote*, escrita por Alberto Sebastián e ilustrada por Carles Arbat (Becantó-Girona, 1973), o pirata así chamado faise amigo doutro pirata que chega á illa na que el vivía só, despois de intentar pelexar con el e darse conta de que non só hai que ser valente para pelexar.

Ballesteros, Xosé (adapt.), *O frautista de Hamelín*, ilust. Samuel Ribeyron, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, febreiro 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-1317).

Adaptación que do clásico *O frautista de Hamelin* fai Xosé Ballesteros (Vigo, 1956). Trátase dunha obra narrativa que ten como principal protagonista un colectivo, o pobo de Hamelín. Nesta versión as ilustracións son de Samuel Ribeyron e a obra forma parte da colección *Os contos do trasno* da Editorial Kalandraka.O pobo de Hamelín era un pobo tranquilo e pacífico ata que se viu invadido de súpeto por unha praga de ratos. O alcalde tentou solucionar este problema o antes posible pero a solución non era doada. Unha mañá apareceu no concello un home alto e fraco, o frautista, e díxolle ao alcalde que el sería quen de librar ao pobo de Hamelín desta maldita praga. Como recompensa recibiría a cambio duascentas moedas de ouro. Coa axuda da súa frauta o home foi capaz de levar aos ratos ao río, onde afogaron, tocando unha doce melodía que servía para hipnotizalos. Cando chegou ao concello o alcalde só lle quixo dar vinte moedas que o frautista rexeitou. Este, con ira, comezou a tocar unha melodía que só podían escoitar os nenos que, hipnotizados, foron seguindo ao músico ata que o pobo de Hamelín quedou sen cativos.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 249, 23 febreiro 2002, p. 2.

De entre as novidades editoriais galegas dáse conta nesta páxina da obra *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media* (2001), de Santiago Gutiérrez e Pilar Lorenzo, baixo o título de “Un achegamento á literatura artúrica”. Indícase que esta obra recompila moitos dos materiais resultantes de diversas investigacións, á vez que busca a súa divulgación para todos os interesados na materia artúrica. Ademais de resaltar a dificultade de achegamento a este material, tamén nomea outros estudios feitos durante este século sobre a penetración dos textos artúricos nos reinos peninsulares. Co título de “O frautista na cidade dos ratos”, Blanco Rivas achégase á versión que Xosé Ballesteros fixo de *O frautista de Hamelín*. Sinala que é a primeira vez que se adapta esta obra ao galego, que está feita cun estilo áxil e fresco e que as ilustracións de Ribeyron recrean con moita expresividade os escenarios e os personaxes. Remata lembrando outras adaptacións feitas por Xosé Ballesteros como *O coelliño branco* (1998), *Tío lobo* (2000) ou *O traxe do rei* (2000). En

columna á parte ofrécese tamén a liña argumental de *O home e a neve* (2001), un conto para os máis pequenos cunha estructura en cadea do Colectivo Crisol, e *O baile das mariolas* (2001), de Rosa Vidal, uns relatos caracterizados pola crítica da autora cos malentendidos da sociedade.




Carballude, Pepe, *A historia do home-can*, ilust. Beatriz García Trillo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, 2002, 84 pp. (ISBN: 84-403-0418-8).

Reedición deste relato de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956), publicado orixinalmente por Ediciones SM na colección O Barco de Vapor en 1993 e que xa contara cunha primeira redacción, máis breve, no volume colectivo *Lerias* (1991). Cóntase a obsesión por recuperar a mocidade de Faustino Santos, un notario en excedencia dende que lle tocou a primitiva. Por fin parece ter a solución no "restituidor da mocidade" que lle envía o indio Kechú dende México. Próbao axiña, despois do vermú, sen ler as instruccións que indican que non se pode tomar logo de beber alcohol, e convértese en can. Entón, sen lle dicir nada á muller, foxe da casa comezando un percorrido en busca de axuda para recuperar a forma humana. Modesto, o seu amigo policía municipal, lisca espavorecido ao oír falar ao can; bótano dun bar deportivista por celebrar un gol do Celta; diríxese ao concello, pero o alcalde intenta utilizalo politicamente. Decide marchar para a cidade facendo autostop e recólleno uns mozos, abraiados de que saiba cantar en inglés e bailar na discoteca ata que o botan os gardas de seguridade; vai a unha igrexa, onde un cura o confesa, poñéndolle de penitencia facer unha obra de caridade. Entón, vai ao banco e

convence o director da sucursal de que lle permita facer unha transferencia para a Casa dos Pobres; logo diríxese á Sociedade Protectora de Animais e á consulta dunha psiquiatra pero non lle solucionan o problema. Volve á súa vila moi desanimado, ata que ás doce da noite de San Xoán acorda sobresaltado: recobrara a forma humana. Daquela regresa á casa, onda a muller para celebraren xuntos coma todos os anos o seu aniversario de voda.




Casal, Susana e Xosé **López** (adapts.), *O neno mosquito*, ilust. Pepe Carreiro (ISBN: 84-95350-83-1)*/O soño do galo*, ilust. Pepe Carreiro, (ISBN: 84-95350-84-X)*/ Xanardán e a becha*, ilust. Birís (ISBN: 84-95350-85-8), Vigo: A Nosa Terra, col. Contos do Miño, 2002, [28 pp.].

Volumes de pastas duras e con ilustracións de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) de varias cores a toda páxina nos que se adaptan tres contos distintos. En *O neno mosquito* o protagonista é un neno pequeno coma un mosquito, que se ve envolto en distintas aventuras. Todo comeza cando o pai do neno o vende a uns ladróns aos que logo el lles axuda a roubar na casa do cura, lugar no que unha vaca come ao neno, animal ao que logo sacrifican para intentar adiviñar de onde procedían as voces que emitía o rapaz. De aquí o rapaz pasa ao bandullo dunha raposa á que consegue enganar para que vaia comer as galiñas de seu pai, quen finalmente consegue salvalo. En *O soño do galo* relátase cómo un galo aínda novo se deixa enganar por unha raposa. Mais este galo cando xa estaba na boca da raposa conseguiu liberarse das súas fauces facendo que a raposa falase, momento no que aproveitou para saltar á póla dunha árbore. Aínda que a raposa quería enganalo de novo, o galo aprendeu ben a lección de non deixarse enganar por raposos. En *Xanardán e a becha*,

cunhas ilustracións que reflicten cómo se vai facendo de noite ao longo do relato, nárrase a historia dun rapaz chamado Xanardán e unha cobra que estaba debaixo dunha pedra, e á que el lle axudou a sacar a pedra de enriba. Mais a becha unha vez que se viu libre quería comer o neno, e como este cría que esta era unha situación inxusta os dous foron xunto ao raposo para resolver o seu problema. O raposo fixo de xuíz e decidiu que a cobra se colocase no mesmo lugar onde estaba atrapada deixándoa logo alí, polo que Xanardán quedou liberado.




Casalderrey, Fina, *O misterio dos fillos de Lúa*, A Coruña/Madrid: La Voz de Galicia/Ediciones SM, col. Biblioteca Galega 120, nº 89, 2002, 124 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-84-9) (ISBN de Ediciones SM: 84-348-8582-4).

Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra 1951) merecera con esta obra, que agora reedita *La Voz de Galicia* nunha nova colección, o premio O Barco de Vapor 1996 e o Nacional de Literatura do mesmo ano. Unha obra de misterio na que actúan como detectives un neno de oito anos, David, e a súa noiva Branca, quen dende a súa lóxica, preguntando aos maiores e empregando as súas mañas, conseguen descubrir cómo chegaron os gatiños á barriga da gata Lúa, cómo saíron dela e por qué desapareceron. Esta historia é narrada polo protagonista, David ou Djukic, chamado tamén así pola súa afección ao fútbol. Desenvólvese nunha parroquia, segundo o protagonista “un sitio estupendo”, e na súa casa situada, coma as outras da parroquia, no medio rural, en contacto coa natureza, unha forma de vida moi diferente á que levaba cando vivía na cidade “nunha casa que lle chaman segundo A”. Comeza o relato describindo o seu físico, o da súa amiga, para logo contar unha historia tenra, de amizade, sentimento, comprensión, xenerosidade, na que o humor preside o discurso e na que o tempo transcorre de forma verosímil e o espacio permite

desprazamentos críbeis tanto dos personaxes coma dos animais que nela participan. Unha historia narrada dende a perspectiva da idade dos protagonistas con moi poucas concesións á visión adulta.




Recensións:

-Carlos Mosteiro, “O valor da amizade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 febreiro 2002, p. 30.

Di que Fina Casalderrey dende a súa irrupción no mundo literario galego leva publicado ao redor de trinta títulos ata que no ano 2000 publicou *A máscara de palma*, conformando así “unha das carreiras literarias máis sólidas e coherentes do panorama galego”. Salienta na súa obra unha forma de facer baseada nos sentimentos, sensibilidade, tenrura, humor e un maxistral manexo dos resortes do tempo e do ritmo narrativo. Referíndose a *O misterio dos fillos de Lúa*, comenta que se trata dun libro sobre a amizade. A autenticidade, sobre a vixencia dos sentimentos máis delicados, resalta ademais dos trazos anteriores a sinxeleza,

a construcción impecábel, o coñecemento profundo da “esencia do ser neno” e o uso do espacio semiurbano tan do gusto da autora.




- Xavier Senín, “Dous nenos descobren ós lectores de La Voz ‘O misterio dos fillos de Lúa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 febreiro 2002, p. 30.

Comeza contando a historia desta obra de Fina Casalderrey, fala dos méritos que a levaron a acadar premios, a ser traducida a outras linguas. Salienta que esta narración está contada dende a perspectiva dun neno de oito anos e que reflicte “unha sensibilidade especial polo mundo dos animais e da vida no campo”. Finaliza referíndose ao humor que impregna a obra “un humor que fai sorrir e ó tempo obriga a pensar, un humor de profunda raíz galega, no sentido que o describe Celestino Fernández de la Vega”.

Referencias varias:

-Xesús Fraga, “Gústame que unha historia me seduza”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 febreiro 2002, p. 31.

Comeza esta entrevista recordando que *O misterio dos fillos de Lúa* recibiu en 1996 os premios O barco de vapor e o Nacional de Literatura, a seguir a autora respondendo ás preguntas de Xesús Fraga fala da súa actitude diante dos recoñecementos, da historia da narración pois efectivamente tivo unha gata que chamou Lúa e que morreu nun accidente, de que non sabe se volverá a usar a David e a Branca como protagonistas noutra obra, do humor que usa para tratar temas coma a morte, un humor que considera propio dos galegos diante das cousas ás que se lle ten medo, que a intriga e o misterio deben envolver calquera historia se lle temos lei ao lector, que calquera "planeamento imaxinativo" sempre é un reto, que todas as historias, en sentido amplo, sempre teñen a súa cerna nunha experiencia persoal. Que os adultos deben ler libros para nenos sen prexuízos, pensando que achegan algo, non ao revés; que haberá clásicos entre os escritores que están a escribir agora, como os hai dos anteriores que o fixeron ben, porque non imos ser quen de vivir sen literatura. Di que de pequena lía *TBOs*, *O jabato*, *El capitán Trueno* e contos de fadas. Remata o entrevistador falando de Fina Casalderrey como autora de libros de gastronomía en colaboración con Mariano García e dando unha brevísima biografía da autora e dos seus gustos, así comenta que a autora se tivese que elixir un personaxe de ficción elixiría a

Ramón Lamote; un histórico: a Ghandi; un bo libro para levar de viaxe: un de fácil lectura; unha paisaxe: a costa dende o mar; unha cor: segundo o día; un son: o canto da auga nas pedras; un pensamento: “non fagas o que non queres que che fagan”.





Docampo, Xabier P., *Cando petan na porta pola noite*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, nº 90, 2002, 89 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-93-8) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-756-9).

Esta obra, que Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) dedica “A Raimundo e Teresa meus pais, in memoriam”, foi publicada por vez primeira no mes de maio de 1994 na colección “Merlín” de Edicións Xerais de Galicia. Ao ano seguinte, en 1995, foi merecente do Premio Nacional de Literatura Infantil e do Premio Rañolas, aos que se sumarían a súa integraciónna Lista de Honra do IBBY 1996. Ábrese o volume cunhas palabras do autor chairego, coas que fai referencia ao seu gusto polos relatos orais, así como anuncia que as historias que ofrece naceron e criáronse no niño da súa alma e que desexa tamén aniñen na alma do lector. Trátase dun conxunto de catro historias marcadas polas estructuras e recursos propios da oralidade, nas que o medo, o misterio e a morte latexan nas liñas dos textos, que levan por título “O espello do viaxeiro”, “O Fornadas”, “A loba” e “O cumpremortes”. Péchase

o volume co apartado “Cando o autor fala de si”, no que Xabier P. Docampo se lembra dos debuxos que facía de pequeno, a partir dos cales imaxinaba historias, que logo chegou a escribir e darllas a ler aos seus amigos.

Recensións:

-Irene Penas, "¿Hasme contar...?", *La Voz de Galicia*, "Lecturas cualificadas", 18 marzo 2002, p. 59.

Sinala que *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo esperta a memoria e con ela os elementos da literatura de transmisión oral. Tamén apunta que os catro contos que compoñen o volume nacen sobre todo da certeza de que nada hai escrito neste mundo que alguén non pronunciara antes, así como puntualiza que o autor de Rábade protexe o reino da oralidade e da secular sabedoría popular coa única arma da palabra escrita. Finalmente, fai unha serie de apreciacións sobre esta obra, que considera "literatura espida, literatura espontánea que xorde do encontro entre persoas con capacidade para escoitar e transmitir".

Referencias varias:

- M. Figueira, “O libro ‘Cando petan na porta pola noite, mañá con La Voz de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 marzo 2002, p. 59.

Dun modo literaturizado, o autor deste artigo vainos narrando como un pai está interesado en ler algunha das obras de Xabier P. Docampo e irá mercar *Cando petan na porta pola noite*, que sairá ao día seguinte con *La Voz de Galicia*. Asemade, conta todo o que lle acontece segundo vai lendo o libro e se atopa cos diferentes personaxes que protagonizan cada unha das historias do citado volume.

- Rodri García, “Sen dúbida, o acto máis sublime de amor que eu coñezo é contar unha historia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 marzo 2002, p. 58.

Nesta entrevista Xabier P. Docampo recoñece o traballo que lle dá falar dos seus libros e indica que a obra *Cando petan na porta pola noite*, se ten algunha singularidade, é a de tentar recuperar o amor pola narración tradicional. Refírese á importancia que para el supón a forma de contar as historias e recorda o magnífico narrador que era seu pai, ademais de sinalar que non se perdeu o que é fundamental para que se conten historias, o desexo de

que chas conten. Tamén considera que o ser humano precisa da ficción para vivir e que o que busca é a verdade, o que el considera que “é unha especie de suma da realidade e soños”. Por outra banda, alude aos seus proxectos futuros, á literatura oral dos contacontos, que pode ser representativa ou narrativa, e manifesta o seu contento pola iniciativa de *La Voz de Galicia*, que vai provocar que miles de casas teñan unha biblioteca de 120 volumes que nalgún momento alguén lerá.




- Xosé Cobas, “Mixicas do cotián”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 18 marzo 2002, p. 59.

Xosé Cobas, ilustrador de obras de Xabier P. Docampo, reproduce unha conversa telefónica mantida co autor chairego, que “destapa o seu pucheiro dos soños e saen palabras que falan dos novos proxectos”, aínda que, ás veces, tamén saen “mixicas do cotián”.

Fernández Paz , Agustín, *Contos por palabras*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Galega 120, n.º 78, 2002. 117 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-97-0) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 84-8302-757-7).

■♋❒❒♋♎□⬩ ◘□❒ ◆■♒♋ ◘❒♓❍♏♓❒♋ ◘♏❒⬩□♋☞ ■□◆♦❒□⬩ ♏⬩♦♋ ❖□⌘ ■♋❒❒♋♦♓❖♋ ♍🡅♎♏●●♏ □ ❒♏●♋♦□ ♋ ◆■♒♋ ♦♏❒♍♏♓❒♋ ◘♏❒⬩□♋☞ □◆♦❒□⬩ ❒♏◘❒□♎◆♍♏■ ♎♓🡅●□♑□⬩ ♦♏●♏➚⇔■♓♍□⬩ ■□⬩ ❑◆♏ ⬩⇔ ⬩♏ □♏ ♋ ◆■ ♎□⬩ ♓■♦♏❒●□♍◆♦□❒♏⬩▭ □◆♦❒□⬩ ❍⇔■♦♋■⬩♏ ◘□❒ ❍♏♎♓□ ♎♏ ➚❒♋♑❍♏■♦□⬩ ♎♏ ♍♋❒♦♋⬩☞ ■□♦♓♍♓♋⬩ ♎♏ ☒□❒■♋♓⬩☞ ♓■➚□❒❍♏⬩ ◘□●♓♍♓♋♓⬩☞ ♏♦♍✍ ☜■ ☒♏❒♋● ♍❒♓♦🡇♍♋■⬩♏ ➚♏♓♦□⬩ □◆ ♋♍♍♓⇔■⬩ ❑◆♏ ♎♏♑❒♋♎♋■ ♋ ❖♓♎♋☞ ♦♋■♦□ ♎□ ❍♏♎♓□ ■♋♦◆❒♋● ♍□❍♋ ♎♋⬩ ◘♏❒⬩□♋⬩☞ ♋ ♓♋■❑◆♓⌘♋♍♓⇔■ ♎□⬩ ♍□⬩♦◆❍♏⬩ ♏ ♎♏➚🡅■♎♏⬩♏ ♋ ●♓■♑◆♋ ♑♋●♏♑♋✍




Recensións:

- Laura Caveiro, “Contos por palabras’, de Fernández Paz entra mañá na Biblioteca 120”, *La Voz de Galicia*, “Cultura” 20 marzo 2002, p. 29.

Salienta desta obra de Agustín Fernández Paz composta por dez contos que parten de anuncios de xornais e que mereceron o Premio Lazarillo, a mestura dunha “chea de matices de diversos materiais... un deseño harmonioso”, tamén a adaptación de vellos mitos aos tempos que vivimos, o humor e o afán de superación dos personaxes e a capacidade de fabulación, moi recoñecida polos lectores e críticos do mundo que levaron esta obra a ser traducida a varios idiomas.

Referencias varias:

-Celia Torres Bouzas, “Reflexos da vida”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 20 marzo 2002, p. 29.

Parte da xénese da obra, de anuncios a relatos, e salienta que estamos diante de dez relatos cheos de tenrura, esperanza, misterio, crítica, humor, dunha boa mestura de realidade e fantasía, e sobre todo o poder de suxestión cara ao lector que de seguro, sen marca de idade, gozará del.

-Xesús Fraga, “Agustín Fernández Paz, escritor’. Os anuncios que aparecen nos xornais son unha fonte inesgotable de historias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 marzo 2002, p. 28.

Comeza o entrevistador recordando a aparición por primeira vez de *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz, nas librerías e da dúbida dos lectores diante de anuncios dos xornais que daban o inicio de cada relato e que dubidaban se tamén foran inventados polo

autor. Agustín di que os anuncios son dos xornais, conta cómo se lle ocorreu a idea de partir deles para confeccionar os relatos, do abraio ao ver o que daban de si as historias, de que lle gusta a mestura de elementos fantásticos cos da vida real, para el unha maneira de entender a vida. Falan tamén do recoñecemento da obra co premio Lazarillo, da súa inclusión nunha lista dos cen libros mellores de España, da importancia do recoñecemento de libros coma este dirixidos aos rapaces e que ademais chegue a calquera lector, ponse do lado de Jostein Gaader cando di que “loitaría por un estatus para a Literatura infantil e xuvenil”. Recoñece certa invisibilidade para este tipo de textos. Fala da veta desta literatura que elabora materiais de transmisión oral como fixo Cunqueiro, feito que nos conecta máis coa literatura hispanoamericana que coa peninsular. Preguntado por se Harry Potter se converterá en arquetipo, considera que os libros teñen valía literaria, boas narracións e que é pronto para analizar cómo se decanta este fenómeno. Entre as súas lecturas recorda *A illa do tesouro* e a Salgari, cómics e a Verne. Faise un brevísimo percorrido pola bibliografía e remátase a entrevista recordando o momento no que Agustín tomou a decisión de se converter en escritor.




-Xabier Cordal Fustes, “Hoxe, entrega da obra de ‘Contos por palabras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 marzo 2002, p. 28.

Anuncio da entrega do libro baixo o amparo de *La Voz de Galicia* na biblioteca 120. Recorda datos biográficos do escritor: data de nacemento, que é perito industrial, filólogo, erudito, teórico do ensino, que acadou coas súas obras os premios Merlín, Lazarillo, Edebé, Raíña Lupa, Rañolas..., que a súa obra foi traducida a varias linguas. Salienta que é este escritor un dos máis lidos e que esta obra o demostrará.

Fernández Paz , Agustín, *Cos pés no aire*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 125, serie Amarela (de 11 anos en diante), outubro 2002, 72 pp. (ISBN: 84-8302-861-1).

Con este relato Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) merecera o Primeiro Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa. Agora reedítase nunha colección como a "Merlín" máis claramente orientada ao público infantil. Unha terceira persoa relata a través da focalización do protagonista, Daniel, os pensamentos do personaxe, que sente como a vida e o tempo se lle van esvaecendo nunha existencia gris e rutineira. Un día, por casualidade, áchase suspendido no aire e descobre que é quen de voar se o desexa con intensidade, feito que o sorprende agradabelmente, aínda que lle ocasiona contratempos e situacións cheas de humor. Coñece a Helena, unha moza a quen lle ocorre o mesmo e a outras persoas de diferentes idades coa mesma capacidade. Todos xuntos loitan por non ser excluídos da sociedade. En definitiva, con moito humor, Agustín Fernández Paz e Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) ofrecen, a través de Daniel, un percorrido esperanzador cara a reivindicar o valor de aceptar a diferencia na sociedade e tamén unha invitación á autoestima.

Martín, Paco, *Das cousas de Ramón Lamote*, A Coruña/Madrid: La Voz de Galicia/Ediciones SM, col. Biblioteca Galega 120, nº 66, 2002, 107 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-96-2) (ISBN de Ediciones SM: 84-348-8602-2).❿

Por este conxunto de relatos protagonizados por Ramón Lamote Miñato, un peculiar profesor de chairego e inventor de soños por encargo, Paco Martín (Lugo, 1940) mereceu o Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil en 1986 e anteriormente o Barco de vapor 1984, por iso publicouse por primeira vez en 1986 en Ediciones SM consorciada coa Editorial Galaxia. Foi moi ben recibida pola crítica do momento como ocorreu con esta nova reedición na "Biblioteca Galega 120" de *La Voz de Galicia*. Xa naquela altura, salientouse que estes relatos estaban influídos por clásicos da literatura infantil e xuvenil, como Gianni Rodari, Fernando Alonso, Miquel Obiols, Joles Sennels e Joan Manuel Gisbert, entre outros, por nos referir a escritores non galegos que escribiron para este lectorado, así como polosgalegos Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole. Xogou Paco Martín coa mestura de fantasía e a realidade, coa tenrura, co humor para facer unha crítica mordaz da sociedade do momento e das vaidades e hipocrisías dos que sustentan o poder.

Referencias varias:

- Xabier Cordal, “Un tolo necesario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 marzo 2002, p. 29.

Unha vez que contrastamos os volumes *Crítica e autores I* e *II* (Editado por *La Voz de Galicia*) nos que se recollen as recensións e referencias das obras publicadas na “Biblioteca Galega 120” e que se describen neste informe no apartado V. 1., observamos que, por confusión, se repite aquí o contido da nota que Eva Mejuto realizou co título “Entomodelfos” e que se describe máis abaixo.

- Ernesto P. Pombo, “O libro de Paco Martín, ‘Das cousas de Ramón Lamote’, mañá con La Voz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 marzo 2002, p. 28.

Considera que Ramón Lamote debería ter existido máis que na imaxinación de Paco Martín. Salienta deste personaxe o ser un home de palabra, un tipo “medio tolo” pero que sabe unha chea de cousas raras, e de Paco Martín que conta retallos da súa vida e da súa obra.

Remata dicindo que “Don Álvaro Cunqueiro acostumaba dicir que resistimos porque soñamos. Ramón Lamote Miñato axúdanos a vivir nestes tempos desacougantes”.

- Eva Mejuto, “Entomodelfos”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 21 marzo 2002, p. 28.

Salienta o personaxe de Ramón Lamote, un personaxe rodariano, home raro que sabe cousas raras. Considérao un tolo necesario que loita por medio da imaxinación contra vaidades e hipocrisías. Considera que Paco Martín “enfía con humor retranqueiro os feitos cotiáns surrealistas e delirantes dunha vila que agarda a chegada dun tal Reparante”. Considérao un libro de cabeceira.

-Xerardo Quintiá, “Unha confusión”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 21 marzo 2002, p. 28.

Conta cando coñeceu a Paco Martín, que o confundiu con Manuel María, e que lle deu as gracias por ter feito *Das cousas de Ramón Lamote*.

- Xesús Fraga, “Paco Martín, escritor’. Non teño nada claro ónde empeza a fantasía e ónde remata a realidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 marzo 2002, p. 29.

Fala con Paco Martín sobre Ramón Lamote que o escritor considera “é unha representación de Lugo, pero, por razóns obvias, non quere ser estrictamente lugués”. Seguen a falar das cousas que lle interesaban ao escritor no momento da creación dese personaxe que non distingue di ónde comeza a fantasía e ónde remata a realidade. Comentan unha anécdota sobre o chairego, parece que Paco Martín foi requirido, dende New York para que lles explicara qué era. Considera o libro como un medio para que esperte “a imaxinación, que chame a vivir, a pasalo ben”. Coincide con Xabier Docampo en que pertenceu a unha época na que a oralidade é fundamental por iso pensa que, moitas veces, a palabra vale máis que mil imaxes, aínda que considera son dúas linguaxes diferentes, que ás veces é mellor a película que o libro e outras a viceversa. Estima a lectura un vicio solitario e que hoxe se le moito, pero tamén que moitos libros son de lectura obrigada.

Martínez Oca, Xosé Manuel, *Todo o peso do ceo*, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Catavento, nº 4, 2002, 133 pp. (ISBN: 884-263-4888-2).

Edición renovada desta novela de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942), na que ademais de presentar modificacións en canto a formato e portada tamén presenta correccións lingüísticas da primeira edición publicada en 1997. Trátase dunha historia ambientada nos anos da posguerra española nunha vila de Castela, na que se van alternando a narración en primeira persoa duns capítulos, que relatan as vivencias dun neno orfo, coa terceira dos outros, nos que se dá conta do transcorrer da vida do protagonista xa mozo, as súas dificultades e sufrimentos como traballador dunha mina. Complétase así o cadro dun mundo duro e dominado pola tristura e a aprendizaxe emocional. A ausencia do pai, o seu traslado á casa rica de Aranda, os primeiros amores ou a amizade cos seitureiros galegos que traballan nas terras castelás van configurando a personalidade deste neno, que foxe pola opresión que sente na súa aldea, e que se verá envolto en duros acontecementos marcados pola represión, a tortura e o encarceramento.

Recensións:

- María Navarro, “O peso do ceo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 20, “Infantil/Xuvenil”, 28 novembro 2002, p. VII.

Con motivo dunha nova edición, dise que *Todo o peso do ceo*, de X. M. Martínez Oca está formada por dúas historias paralelas sobre unha mesma vida. Sinala que a máis extensa é a que lembra o pasado dun neno orfo, mentres que a segunda é o presente do mozo abafado por sentimentos de pesar. Ofrece a liña argumental da novela, protagonizada polo mozo Manuel que lembra o que foi a súa vida dende a súa chegada á casa dos Aranda trala morte de súa nai, á vez que aproveita para reflexionar e criticar a mesquindade que domina a vida da vila. Sinala que esta liña argumental xa fora iniciada polo autor en anteriores obras e nela
o protagonista comeza unha viaxe fuxindo de situacións hostís tentando mellorar a súa vida. Destaca o profundo lirismo da linguaxe e fai un repaso pola abondosa bibliografía do autor.

Méndez, Raquel (adapt.), *Homiño de mazapán*, ilust. Elia Manero, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, outubro 2002, [28 pp.]. (ISBN: 84-8464-064-7).

Un homiño de mazapán é o protagonista principal desta historia escrita por Raquel Méndez e ilustrada por Elia Manero, que, a diferencia de moitas obras destinadas para un público infantil, non presenta un final cun desenlace feliz. Un narrador en terceira persoa relata como unha avoa fai unha figuriña de mazapán que escapa polo xardín e que, a continuación, vai ser perseguida por ela e o seu marido, unha vaca e un cabalo, que devecen por comela. Pero o homiño de mazapán sempre consegue escapar e respóndelles en verso rimado aos seus perseguidores que non o han poder pillar. Finalmente, acepta o ofrecemento dunha raposa para poder cruzar un río e continuar a súa fuxida, pero o animal, guiado pola súa coñecida astucia, conséguelo papar, polo que o burlador resulta ser o burlado.

Recensións:

-Paula Fernández, “Un obxecto lúdico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 22, “Infantil/Xuvenil”, 12 decembro 2002, p. VII.

Despois de facer un breve resumo da obra de Raquel Méndez, *Homiño de mazapán*, sinala que a historia narrada é algo pechado que se vai desenvolvendo progresivamente, polo que, para facilitarlle esta progresión ao neno lector, introdúcense fórmulas da literatura de rapaces. Tamén apunta que o texto ten intervalos máis musicais e rítmicos, onde con sinxelas rimas podemos recordar a historia de Carapuchiña e onde aparece un retrouso, que provoca que o neno vexa o texto como un obxecto lúdico. Asemade, refírese á presencia de animais que nos remiten ás fábulas, como é a raposa, e detense no comentario das ilustracións, que contribúen “capitalmente” a que o lector inicial sitúe e comprenda o texto. Por outra banda, faise referencia ao campo da edición, no que se escollen distintos tamaños na tipografía coa finalidade de facilitarlle a lectura ao neno.

Miranda, Xosé e Antonio **Reigosa**, *Máis contos de animais I*, ilust. Xan López Domínguez, 69 pp. (ISBN: 84-8302-797-6)*/Máis contos de animais II*, ilust. Federico Fernández, 65 pp. (ISBN: 84-8302-798-4), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Cabalo buligán, n°s 13-14, abril 2002.

Nova entrega da colección “Cabalo buligán” dedicada a recrear os contos e fábulas da nosa tradición oral, que veñen complementar dúas das entregas publicadas en 2001 nas que as recreacións estaban protagonizadas tamén por animais. No primeiro dos volumes recompílanse vinteoito relatos, dos que Xosé Miranda (Lugo, 1955) se encargou da elaboración dos textos de: “A guerra dos cans”, “Por que os cans se olen uns ós outros”, “O lobo prefire a liberdade”, “O merlo e a formiga”, “O ourizo cacho”, “A araña”, “A cobra e o neno”, “Longa-longa e pende-pende”, “A cobra introdúcese no estómago do home”, “A serpe xigante”, “Debate entre os pés e a cabeza”, “O trigo e a liñaza”, “Febreiro e a vella” e “Marzo e o pastor”, mentres que da autoría de Antonio Reigosa (A Pastoriza-Lugo, 1948) son: “A única maña do gato”, “Caer, hanche caer”, “O primeiro en ver saír o sol”, “O lobo e a ovella pacedora”, “O raposo e o zoqueiro”, “O burro e o porco”, “O porco e a vaca”, “Vodas no ceo”, “O loro escarmentado”, “O corvo presumido”, “Consellos do gorrión ós fillos”, “A carriza”, “O

carrizo e o carneiro", "A carreira da lebre e a tartaruga". No primeiro grupo os protagonistas son tanto animais domésticos coma rectis e insectos, ademais de cuestións estacionais; pola contra no segundo predominan os protagonistas alados. No segundo volume recóllense doce relatos que presentan a autoría de Xosé Miranda os titulados "O tío das calzas vermellas", "O home, o lobo, a raposa, o burro e o corvo", "O home, o lobo e o raposo", "Os animais vanse quentar ó lume", "Os tres avogados", "O mozo e a cobra" e "O lobo valente"; e a de Antonio Reigosa "Epístola do lobo", "Os animais na pousada", "As verdades do barqueiro", "O lobo e o grilo" e "A carreira do sapo". Todos eles están protagonizados por animais que se comportan, razoan, falan coma humanos e que conseguen, gracias ao seu enxeño, saír dos conflictos nos que se ven inmersos. Ademais de manter o esquema dos contos da tradición oral, tamén cabe salientar a presencia de rimas, escenas humorísticas nas que o débil se mofa do máis forte, unha linguaxe coloquial con predominio de diálogos e un ritmo melódico co que se axiliza a lectura e capta a atención do lectorado. Ao final de cada volume, no apartado "Notas", ofrécense datos sobre as diferentes versións existentes e a súa clasificación.




Recensións:





- María Navarro, “A mellor tradición oral”, *Faro de Vigo,* “*Faro da Cultura*”, nº 16, “Libros”, 31 outubro 2002, p. VII.

Dá noticia da publicación dun novo volume da colección “Cabalo Buligán” da que recorda estar dedicada á recuperación de contos da tradición oral popular. A seguir, informa do contido do libro, vinte oito contos de animais; dos trazos comúns a todos os contos, os animais falan e os máis listos saen burlados polos seus inferiores e fin didáctico. Destaca cada unha das ensinanzas que denotamos de cada conto, a linguaxe coloquial empregada, a cal considera axeitada ao corresponderse ao nivel oral e considera de obrigada consulta o volume cando se trate a tradición oral popular.

-Paula Fernández, “Máis animais, máis”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, “Infantil/Xuvenil”, 7 novembro 2002, p. VII.

Dá conta da recompilación de doce contos protagonizados por animais baseados en diferentes versións recollidas en revistas ou publicacións de difícil acceso. Salienta dos

personaxes o feito de razoar, falar e comportarse como seres humanos, da estructura dos relatos o esquema “bastante tradicional” común a todos eles (presentación, desenvolvemento e resolución) e a presencia ás veces dunha sentencia moralizante coa que, segundo informa, se distingue o conto da fábula e se consegue o obxectivo didáctico e moralizador típico dos contos da tradición oral. Tamén resalta outros trazos significativos como a introducción de rimas, musicalidade, episodios humorísticos, nos que o máis forte é burlado polo feble; e a linguaxe coloquial con abundancia de diálogos para axilizar o ritmo da narración.




Miranda, Xosé e Antonio **Reigosa**, *Contos de encantamentos I*, ilust. Andrés Meixide, 76 pp. (ISBN: 84-8302-866-2)*/Contos de encantamentos II*, ilust. Fernando L. Juárez, 73 pp. (ISBN: 84-8302-867-0), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Cabalo buligán, n°s 15-16, setembro 2002.

Nova entrega de dous volumes da colección “Cabalo buligán”, nos que se recollen as recreacións que Xosé Miranda (Lugo, 1955) e Antonio Reigosa (A Pastoriza-Lugo, 1948) fan de catorce contos de encantamento. Como os volumes anteriores desta colección, contan cunha breve introducción na que reiteran o seu obxectivo principal de “ser a memoria do conto tradicional galego”, que se ve reforzada con esta nova entrega posto que estes novos contos “supoñen outro rexo elo que nos mantén unidos e xunguidos á cadea da transmisión oral da nosa literatura de sempre”. No primeiro dos volumes, ilustrado por Andrés Meixide (Vigo, 1971), están incluídos dous contos de Xosé Miranda, “O criado do mago”, no que se nos narra cómo o fillo, en aparencia máis parvo, dun pobre matrimonio chega a vencer a un mago coa súa habelencia, quedar coa súa riqueza e casar coa princesa; e “A alma externada”, protagonizado por un mozo que, axudado por algúns animais, consegue liberar á princesa do xigante que a mantén cativa e casar con ela. Da autoría de Antonio Reigosa

aparecen os cinco relatos restantes do volume: “A riqueza e a fortuna”, conto no que se pon de manifesto a importancia de ter riqueza pero tamén fortuna para conservala; “O gran comellón” é un texto breve no que se describe a maña do rei para desfacerse dun criado moi comellón ao que non pode manter; “A muller sen mans”, está protagonizado por Manuela, unha moza vendida ao demo por seu pai que, coa protección da Virxe e a axuda dos animais, vence todos os males e casa co rei; “Os catro irmáns con maña”, no que se describe a habelencia de catro irmáns moi pobres que collen os oficios de astrónomo, ladrón, cazador e xastre, cos que en colaboración logran salvar á princesa cativa por un dragón; e, finalmente, “O barco da princesa”, no que un mozo casa coa princesa despois de ter superado as probas que o rei lle puxo. No segundo dos volumes, ilustrado por Fernando

L. Juárez (Badajoz, 1974), inclúese o conto “Os tres atopes”, da autoría de Xosé Miranda, un amplo relato no que se nos achegan as probas que ten que superar o fillo dunha marquesa na busca do seu pai, ao que non coñece, axudado por un cabalo. Os demais contos incluídos, da autoría de Antonio Reigosa, son: “Un home de trescentos anos”, no que o rei coñece a un home de trescentos anos, quen o aconsella no que debe facer para chegar a esa idade; “As tres nenas e a virxe”, que lembra polo seu contido ao conto da Cinsenta, mais que agora a nena maltratada ten a intercesión da Virxe para superar a

situación; “O Xudeu Errante”, que nos remonta á época na que os animais falaban e todo era paz e harmonía no mundo, malia que a visita do Xudeu Errante anuncia a perda deste mundo polas obras humanas; “Ero e o paxariño”, no que se nos narra cómo o abade Ero, fundador do mosteiro de Armenteira, estivo trescentos anos escoitando o canto dun paxariño; “Santo Amaro na illa do Paraíso”, semellante ao anterior, nel relátase cómo Santo Amaro, buscando a illa do Paraíso botou centos de anos na contemplación deste sen decatarse; e “Xenoveva de Brabante”, no que se relata o rexeitamento que esta padece por parte do seu marido, desconfiado de que o fillo fose doutro home, ata que axudada por unha cerva logra sobrevivir no bosque no que foi abandonada. Os dous volumes péchanse con notas nas que se dá conta das fontes e das distintas versións manexadas de cada un dos contos.




Recensións:

-Jesús Fraga, “A tradición revivida”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 2 novembro 2002, p. 10.





Comentario conxunto dos dous volumes de *Contos de encantamento*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, que comeza situando dentro da colección "Cabalo buligán". Explica a metodoloxía empregada polos autores na adaptación dos contos e a inclusión dun apéndice con información sobre cada un dos relatos reelaborados. Destaca que nestes volumes podemos atopar fantasías e imposíbeis que se mesturan coa realidade cotiá, que neles se mantén "todo o sabor dos relatos populares", o emprego das fórmulas introductorias ou as fermosas ilustracións de Andrés Meixide e Fernando L. Juárez. Remata destacando a importancia da recuperación da tradición e o valor destes relatos que á vez divirten.

-María Navarro, "Encantar o encantamento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 18, "Infantil/Xuvenil", 14 novembro 2002, p. VII.

Comentario do primeiro volume dos *Contos de encantamento*, escritos por Xosé Miranda e Antonio Reigosa, que conta coas ilustracións de Andrés Meixide. Sinala que nesta ocasión trátase o sometemento de diferentes realidades a poderes máxicos, onde todo é posíbel. Percorre o fío argumental dos sete contos que inclúe este volume, dende a temática das aparencias que enganan ou de que a fe move montañas ata a importancia da sorte para

conservar a riqueza. Destaca que os trazos comúns nestes relatos son o emprego do enxeño para resolver as situacións comprometidas, o final feliz e a intervención do encantamento en favor dos homes. Remata salientando a importancia que o labor destes autores ten para o coñecemento e conservación das nosas tradicións orais.




-Paula Fernández, “Novos encantamentos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 19, “Infantil/Xuvenil”, 21 novembro 2002, p. VII.

Coméntase a aparición do segundo volume dos *Contos de encantamento*, de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, do que se comeza destacando a elaboración que fan os autores a partir das diferentes versións recollidas e nos que predomina a presencia do máxico e sobrenatural. Tamén se indica que nestes sete contos os protagonistas son reis, princesas e príncipes, condes ou ricos herdeiros que teñen que enfrontarse a un problema, que na maior parte dos casos lles axuda a solucionar un animal. Sinala, polas súas especiais características, como o conto máis belo da colección “Os tres atopes”, mentres que os outros presentan trazos propios do universo marabilloso como os encantamentos, ademais das localizacións concretas que lles confiren carácter de lenda. Remata loando a calidade

da obra, complementada polas ilustracións de Fernando L. Juárez, das que destaca a idea do fantástico que transmiten.




Moreno, María Victoria, *Afiaghiorse*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 74, 2002, 149 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-066-9) (ISBN de Editorial Galaxia 84-8288-552-9).

□⬧ ♋♎□●♏⬧♍♏■♦♏⬧ ■♋ ♌◆⬧♍♋ ♎♋ ⬧▫♋ ♓♎♏■♦♓♎♋♎♏📻 ♎♏ ♋↙ ❑◆♏ ♋ ♋◆♦□❒♋ ❍♋❒❑◆♏ ❍□♓ ♌♏■ ♋ ♓■♦♏●♓⊠♏■♍♓♋ ♏ ♍□❍◘❒♏■⬧♓⇔■ ♎□ ♋♎◆●♦□ ♏■♍♋❒♑♋♎□ ♎♏ □↗❒♏♍♏❒ ♋ ⬧♏♑◆❒♓♎♋♎♏ ◘❒♏♍♓⬧♋ ◘♋❒♋ ❑◆♏ □ ♋♎□●♏⬧♍♏■♦♏ ♋♦□◘♏ □ ❑◆♏ ♏⬧♍◆❒♋❍♏■♦♏ ♌◆⬧♍♋📬




Recensións:

-Rosa Gómez, “Galega por adopción”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 setembro 2002, p. 53.

Salienta a figura de Mª Victoria Moreno dentro do panorama literario galego. Fai mención á súa chegada a un Instituto Feminino en Pontevedra como profesora de Lingua e Literatura española, dende o seu lugar de nacemento, Estremadura. Refírese logo á perfecta asimilación que fixo do mundo galego, da súa cultura e da súa lingua. Remata sinalando que os escritores conforman a voz dun pobo que a través da palabra escrita buscan a permanencia do idioma galego.

- Francisco Carballo, “Anagnórise”, *A Nosa Terra*, nº 1.053, “Fin de Semana”, 24-30 outubro 2002, p. 35.

Considera que *Anagnórise*, de María Victoria Moreno, ten dúas virtualidades: a de levar da man ao protagonista e a de desvelar bocados autobiográficos da autora. A seguir, apunta que esta “vella” novela fíxolle lembrar a súa infancia e que, cun galego á vez común e gramaticalmente correcto, a autora estremeña conecta a paideia grega de Platón co fondo musical de David Bowie. Tamén sinala que esta odisea libera do desespero o rapaz e acompáñao na autoafirmación e na capacidade crítica do seu ambiente, así como considera este un “Libro útil, cheo de engado e conveniente para os mestres de ética na súa tarefa de desvelar valores”.

Referencias varias:

-Luz Gallego, “La Voz entrega mañá ‘Anagnórise”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 setembro 2002, p. 53.

Dá conta da obra *Anagnórise*, de Mª Victoria Moreno como un dos maiores éxitos editoriais dunha obra galega para a mocidade, dende a súa primeira edición na colección "Árbore" de Galaxia en 1988 ata a súa décimo terceira edición na colección "Biblioteca Galega 120". Así mesmo sinala que é unha das obras que conta cunha maior proxección fóra das fronteiras galegas. Conclúe mencionando unha serie de calidades propias da autora que guían os seus actos e como non o seu modo de escribir: o amor, a benevolencia, a xenerosidade, o compromiso, etc.

- Martiño Suárez, "Os personaxes veñen pola noite e acósanme no medio do sono", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 setembro 2002, p. 52.

Conversa con Mª Victoria Moreno con motivo da nova edición da obra *Anagnórise*. A autora conta que este libro sae do seu amor polos coches, polo poder da palabra e polo trato coa xente nova. Logo fai mención da importancia da vida e dos problemas de saúde que nun momento concreto lle xorden e lle van marcar dun xeito importante a súa maneira de traballar e o seu estilo de vida. Remata o artigo destacando a importancia da calidade do

libro xuvenil en Galicia fronte á cantidade. En columna á parte relata cómo a súa amizade con Xesús Alonso Montero a leva a empezar a traballar polo idioma galego.




-X. Enrique Acuña, “Sen moralinas entorpecedoras”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 25 setembro 2002, p. 53.

Comeza presentando unha panorámica da situación dos institutos galegos no momento da aparición da obra *Anagnórise*, de Mª Victoria Moreno. Un momento que cualifica como oportuno para unha mocidade inserida de cheo nun proceso de cambios. Remata facendo unha loanza da obra.





Neira Cruz , Xosé A., *As porcas porquiñas*, ilust. Noemí López, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2002, [47 pp.]. (ISBN: 84-403-0416-1).

Nova edición deste conto infantil, de Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968), publicado por vez primeira en 1997 pola Xunta de Galicia en colaboración con Caixa Galicia, Renfe e GÁLIX na colección IX Tren Caixa Galicia. Ruta Marítima. Ría de Arousa 1997. Nesta edición amplíase o número de ilustracións, inspiradas nas primeiras para manter a identidade, e relátase a mesma historia agás uns pequenos cambios lingüísticos. Nesta ocasión Noemí López (Xixón, 1974) realizou as ilustracións non só perfilando os debuxos con acuarela, como a primeira vez, senón empregando a maiores a técnica *gouche*. No texto relátase a visión que Victoria ten das reunións que todas as tardes teñen a súa nai e tres amigas, das que non ten moi bo concepto ao limitarse a falar a berros, tomar moito café, facerlle trampas nos xogos de cartas e cheirar bastante mal, calidades todos elas que a nai non recoñecía. Coa chegada dunha nova amiga, que arrecende a caramelo de limón, Vitoria séntese sorprendida ao pensar que así ulían as fadas, motivo polo que lle remexe en todos os petos do gabán ata descubrir que si o era pois, entre moitos obxectos atopou unha variña máxica e con ela fixo maxia e se vinga do resto das amigas da nai.

Recensións:

- Paula Fernández, “Unha historia novidosa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, “Infantil Xuvenil”, 26 decembro 2002, p. VII.

Dá nova da reedición en Everest de *As porcas porquiñas*, de Xosé Antonio Neira Cruz, da que fai un resumo argumental e destaca varios aspectos do libro como: a enfatización que se consegue a través das ilustracións, a tendencia do escritor a xogar co sentimento olfactivo do lectorado sen chegar a ser repugnante nin idiotizante para o neno, a escrita directa e a orixinalidade. No tocante ás ilustracións destaca o feito de xogarse co sentido da vista do neno e o tratamento dos personaxes semellante ao dos debuxos animados ou banda deseñada. Finaliza, sinalando que a súa escrita, o humor e as ilustracións de corte vangardista fan deste libro “un exercicio literario engaiolante, educativo e lúdico”.

Neira Cruz, Xosé Antonio, Pepe **Cáccamo**, Antonio **Rubio**, Xosé **Ballesteros**, Maite **García**, Manuela **Rodríguez**, Charo **Pita**, *O home máis rico do mundo*, ilust. Fernando L. Juárez, [36 pp.]./*Dinosaurio Belisario*, ilust. Carles Arbat, [36 pp.]./*Os oficios de Xan*, ilust. Rebeca Luciani, trad. Xoan Couto, [28 pp.]./*Poucapalla*, ilust. Ana Pillado, [36 pp.]./*Rapunzel*, ilust. Antonio Caíña, [36 pp.]./*Pulguiña*, ilust. Pablo Martínez "Orballo", [36 pp.]./*Igor*, ilust. Carmela Mayor, [28 pp.]., Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Minilibros para soñar 3, 2002, (ISBN: 84-8464-153-8).

Terceira entrega dos "Minilibros para soñar", que acolle nun estoxo de pequeno tamaño sete títulos publicados pola editorial pontevedresa nas súas diferentes coleccióǹs dirixidas ao lectorado máis miúdo, que permiten coñecer a historia a través do texto e das ilustracións a toda páxina e cor. Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) é o autor da obra *O home máis rico do mundo*, que está ilustrada por Fernando L. Juárez (Badajoz, 1974). Trátase dunha denuncia á avaricia que está representada na figura dun rei, que levado pola súa obsesión pola riqueza, morre ao saber que había un home máis rico ca el por contar con todo o ano para si mesmo, que era máis importante que posuír grandesriquezas. Xosé M. Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) asina a obra ilustrada por Carles Rabat,

Dinosaurio Belisario, na que se pon en verso as falcatruadas do dinosauro do mesmo nome, que remata vivindo nun armario, despois de que un millón de nenos lle protestaran. Antonio Rubio, autor do texto, e Rebeca Luciani, autora das ilustracións, presentan o volume *Os oficios de Xan*, no que se narran as marabillas que un neno mariñeiro é quen de crear gracias á súa imaxinación. Xosé Ballesteros Rei (Vigo 1956) é o encargado de facer a adaptación de *Poucapalla*, que está ilustrado por Ana Pillado e que recolle a historia dunha aldea na que ían desaparecendo cousas, ata que se descubriu que o autor destes roubos era o conde. Maite García e Antonio Caíña (Carballiño, 1970) son autores, respectivamente, da adaptación do texto e das ilustracións de *Rapunzel*, que era o nome dunha moza que estaba cativa por unha bruxa nunha torre, á que subía polas trenzas da súa prisioneira, que, finalmente, logra reencontrarse co seu príncipe amado. Manuela Rodríguez fai a adaptación de *Pulguiña*, que está ilustrada por Pablo Martínez e que relata as divertidas historias que protagoniza un neno tan pequeniño como unha lentella. A escritora Charo Pita e a ilustradora Carmela Mayor mostran en *Igor* a historia dun neno que malia ter catro anos de idade, xa se comportaba coma un verdadeiro home. Trátase, en fin, dun conxunto de historias por medio das cales o neno pode atopar uns intres de entretemento, ao mesmo tempo que aprender.




Referencias varias:

-Belén López, “Tareixa Alonso adapta para Kalandraka o conto de ‘Barbazul’ de Charles Perrault”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 20 abril 2002, p. 68.

Ver Alonso, Tareixa (adapt.), *Barbazul*, neste apartado do *Informe*.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, 23 maio 2002, p. VII.

Anuncia a aparición desta nova caixiña que acolle algúns dos títulos das obras “máis coñecidas” da Editorial Kalandraka, como son: *Poucapalla*, *Igor*, *Pulguiña*, *O home máis rico do mundo*, *Os oficios de Xan*, *O dinosaurio Belisario* ou *Rapunzel*, das que alude ao seu argumento brevemente. Tamén ofrece un comentario argumental de *No corazón do bosque* (2001), de Agustín Fernández Paz, da que sinala que a protagonista é Raquel, unha nena que vive unha excursión marabillosa ao bosque onde coñece a un trasno, e *¡Cázame ese*

pensamento! (2001), de Antón Cortizas, na que os protagonistas teñen que cazar o pensamento do rei que fuxiu.




Neira Vilas, Xosé, *Memorias dun neno labrego*, prólogo de Xesús Alonso Montero, A Coruña/Sada-A Coruña: La Voz de Galicia/Ediciós do Castro, col. Biblioteca Galega 120, nº , 2002, 134 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-084-7) (ISBN de Ediciós do Castro: 84-8485-088-9).❿

Partindo dos textos fixados para a vixésimo primeira edición publicada en 1999, ofrécese esta obra de Xosé Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928) publicada por primeira vez en 1961. Con formato característico desta colección, a obra está dedicada “A todos os nenos que falan galego”, e aparece precedida polo “Proemio á vixésima edición” da man de Xesús Alonso Montero no que, ademais de explicar a súa identificación coa obra e a importancia que acadou dentro da literatura galega, tamén se ocupa do personaxe central, Balbino, do que destaca a súa capacidade crítica e a transmisión da situación sociocultural da Galicia dos anos trinta e corenta. Remata aludindo ao recoñecemento que se lle outorgou ao autor como doutor *Honoris Causa* pola Universidade da Coruña en 1998. A seguir, reprodúcese a novela que ten como protagonista a Balbino, un neno de aldea, que conta as súas peripecias vitais ata que ten que marchar da casa por lle ter dado cunha pedra ao fillo do señor. Péchase o volume cun apéndice no que se recolle a bibliografía activa de Xosé Neira

Vilas, tanto os libros publicados en galego e traducidos ao galego coma os publicados noutras linguas, a súa bibliografía pasiva, algunhas referencias sobre *Memorias dun neno labrego*, que mostran as distintas edicións que coñeceu a obra e a súa ampla recepción e mesmo adaptacións.




Referencias varias:

- Ánxela Loureiro Fernández, “Abrir unha xanela”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 30 decembro 2002, p. 44.

Compara a lectura de *Memorias dun neno labrego* coa abertura dunha xanela a través da que se achega ao “aire puro” da linguaxe, a claridade da narrativa que destaca pola súa sinxeleza e que dá paso á contemplación do patrimonio cultural galego agochado na descrición da vida da aldea. Da man de Balbino sinala que o lector coñece as súas vivencias e achégase a toda unha filosofía vital sobre os temas universais: morte, relixión, guerra ou o efémero da vida. Remata destacando que as técnicas do autor están ao servicio dos valores

que se queren transmitir da importancia da cultura e da busca da “amizade como fonte de liberdade e felicidade”.




-Hakan Casares Berg, “Incomunicación e violencia”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 30 decembro 2002, p. 44.

Comeza sinalando que leu a obra non por recomendación escolar senón por vontade propia. Sinala que para as xeracións actuais esta obra pode ser un referente para aqueles que non tiveron contacto coa aldea, nin sequera a través dos seus avós. Do mundo de Balbino destaca a hipocrisía, a intolerancia e a violencia, que fai reflexionar ao protagonista e cuestionar unha realidade asumida e naturalizada polos demais. Considera como os momentos máis interesantes da obra aqueles nos que se retrata o status do neno que sofre
o mundo dos adultos, tanto a través da incomunicación coma da violencia, e que achega ao lector a cuestións de fondo como a emigración, a igrexa ou o caciquismo, que por veces parecen alleas a Balbino.

Pérez, Nacho, *Alba, unha aprendiza de meiga*, ilust. Fran Jaraba, Vigo: Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 4, serie Verde (a partir dos 10 anos), 2002, 141 pp. (ISBN: 84-263-4896-3).

Nova edición desta obra de Nacho Pérez (Vigo, 1957), editada por primeira vez en 1997, na que se narran as aventuras e os descubrimentos dunha pequena aprendiza de meiga. Coas ilustracións de Fran Jaraba, agora en branco e negro, e nunha serie dirixida a lectores de dez anos, en lugar dos doce aos que ía dirixida anteriormente, contén diferentes leccións nas que Morgana –que para nós será Alba– desvela parte da súa identidade, consciente do perigo que supón para ela a revelación dalgunhas notas sobre a súa personalidade. Trátase dunha nena de doce anos que vive no campo cos seus pais, un enxeñeiro agrícola e unha veterinaria, que tamén é meiga. Alba defínese como unha rapaza moi despistada e faladeira que terá que aprender dúas mil setecentas trinta e catro leccións e media para se converter nunha auténtica meiga. Estudia 1º da ESO e comparte os seus xogos coa súa mellor amiga, Adela, e co rapaz do que está namorada, Anxo. Ó longo do relato comparte co lectorado as nove primeiras leccións do *Libro Secreto das Meigas*, no que se afirma que unha boa meiga non pode desvela-la súa identidade, debe ter moita imaxinación, non pode emprega-los

seus poderes en beneficio propio, ten que ser fiel ós seus principios e debe coñece-la historia dos seus antepasados, entre outras moitas normas.





Perozo, Xosé Antonio, *O enigma de Embívicus* , A Coruña/Santiago de Compostela: La Voz de Galicia/Edicións Sotelo Blanco, col. Biblioteca Galega 120, 1ª ed., 2002, 159 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-88254-94-6) (ISBN de Edicións Sotelo Blanco: 84-7824-389-5).

♎□ ❍◆■♎□☞ □ ❑◆♏ □⬩ ●♏❖♋ ♋ ❍◆♎♋❒ □ ⬩♏◆ ⬩♓⬩◆♏❍♋ ♏♍□■⇔❍♓♍□☞ ⬩□♍♓♋● □◆ ♏♎◆♍♋♦♓❖□☝ ☜⬩◆♏ ♓●●♋❍♏■♦□ ⬩◆➚❒♓♎□ ◘□❒ ☜❍♌↙❖♓♍◆⬩☞ ❑◆♏ ⬩♏ ♍♏❒♍♋ ◘□❒ ❍♏♎♓□ ♎◆■♒♋ ♑❒♋■ ❍◆❒♋●●♋☞ ◘❒□❖□♍♋ ♎♏ ■□❖□ ♋ ♓■♓❍♓⌘♋♎♏ ♍□⬩ ❖♏♍♓⇧□⬩ ♎♏ ☞♓♑◆♏♓❒♋⬩☝ ☞♓■♋●❍♏■♦♏☞ ♦♋■♦□ ♏♑□♍♏■♦❒♓⬩❍□ ●♏❖♋❒↑ ♋ ♏⬩◆♋⬩ ♎▫♋⬩ ❖♓●♋⬩ ↑ ♎♏⬩♋◘♋❒♓♍♓⇔■☞ ❑◆♏♎♋■♎□ ♋ ♓●◆⬩♓⇔■ ♎♏ ♦♏❍◘□⬩ ❍♏●●□❒♏⬩ ♋ ⬩♋●❖□ ■♋ ❖♓●♋ ♎♋ ◘♋⌘☞ ❑◆♏ □⬩ ❒♋◘♋♍♏⬩ ♍❒♏♋❒♋■ ♏ ♍♒♋❍♋❒♋■ ☞◆■♎♋♍♓⇔■☝ ⚐⬩ ⬩□⇧□⬩ ♎♏ ☝♋●♓ ♏ ♦◆⬩♋■♋ ♍□■❖♏❒♦➚❒♋■⬩♏ ♏■ ❒♏♋●♓♎♋♎♏ ♏ □ ♋❍□❒ ♎♏⬩♦♏ ❒♋◘♋♍♏⬩ ➚□♓ ❑◆♏■ ♎♏ ⬩♋●❖♋●□⬩☝




Recensións:

-Paulino Novo Figueira, “Lirismo e lendas”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 19 marzo 2002, p. 31.

Despois de referirse á vila na que se vai centrar o argumento de *O enigma de Embívicus*, sinala que Xosé Antonio Perozo publicou esta obra cando se estaban poñendo os piares da literatura xuvenil galega, polo que se arriscou presentando un heroe transgresor, que se mete en pelexas, posúe unha fala coloquial e leva a aventura ata o prohibido, ademais de ser sometido á presión dun adulto, dándolle todo e logo quitándollo, e incluso mostrándolle a

traizón. Considera que nesta obra se ensambla con mestría doses de costumismo, lirismo, antropoloxía profunda galega e humor; e destaca que os seus mellores momentos literarios se producen cando Cali entra na cova do embigo, que supón deben estar inspirados por Jules Verne, de quen tamén recolle a tensión imprescindíbel que anima e entretén a lectura ata o final.




Referencias varias:

- Begoña R. Sotelino, “É unha responsabilidade facer literatura xuvenil, porque crea ou destrúe lectores”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2002, p. 30.

Conversa con Xosé Antonio Perozo, na que critica a pouca relevancia que ten para a crítica a literatura infantil e xuvenil, cando da súa calidade depende a formación ou destrucción de lectores. Dá conta da curiosa orixe de *O enigma de Embívicus* e sinala que o que trata de contar é que as sociedades que se miran o embigo acaban sendo endogámicas e rematan destruíndose, quedando só o amor como punto de esperanza cara ao futuro. Puntualiza que esta novela non é unha alegación contra as ideas nacionalistas e que pode ser lida por

calquera lector. Por outra parte, ofrécense unha serie de notas sobre a vida e obra deste autor estremeño e recóllense outras declaracións súas sobre *Martázul*, novela coa que gañou o Premio de Novela Blanco Amor e que está tendo un grande éxito, sobre a que as feministas “teñen actitudes bastante machistas”. Tamén comenta que escribe cos mesmos criterios de seriedade para os rapaces e maiores e que escribe para comunicarse e chegar ao maior número de lectores.




-David Otero, “La Voz entrega mañá o libro de Xosé Antonio Perozo ‘O enigma de Embívicus”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2002, p. 31.

A través dun estilo de marcado carácter literario, David Otero achéganos á obra de Antonio Perozo, *O enigma de Embívicus*, presentándonos aos seus protagonistas e referíndose a algúns dos elementos máis destacados, como son as aventuras e o amor. Apunta que se trata dun texto para todas as idades e fai certas consideracións sobre o pracer e riquezas que posúe a lectura en xeral e deste volume en concreto.

- María Canosa, “Loanzas á terra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2002, p. 31.

Estima que coa lectura de *O enigma de Embívicus*, de Xosé Antonio Perozo, un pode achegarse á maxia do libro e da lectura. Sinala que ten moi boas lembranzas desta historia, que non deixa de ser unha fervorosa loanza á paisaxe galega e ás súas tradicións. Tamén considera que o protagonista da historia, Cali, podería ser o mesmo Perozo cando era cativo e comenta que "Xeneroso, activo, humano e optimista son adxectivos que ben poderían defini-lo protagonista, o autor, a historia e o propio libro". Finalmente, refírese á maxia da lectura, que define como "discreta e tremendamente potente, embaucadora e tenaz".

Riveiro Loureiro, Manoel, *Benvidos*, ilust. de Xan López Domínguez, Vigo: Editorial Luís Vives-Tambre, col. Ala Delta, 3 (a partir de 8 anos), 2002, 133 p. (ISBN: 84-263-4890-4).

Nova edición deste relato fantástico realista, de Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933), publicado por vez primeira en 1996 e que agora sae do prelo cun único cambio: nesta ocasión Xan López Domínguez (Lugo, 1957) proporciona a súa particular lectura visual da historia coa realización das ilustracións en branco e negro. Neste conto un narrador omnisciente conta a historia de dous esquíos finlandeses, Tik e Tak, que deciden buscar un novo fogar lonxe do seu país de orixe. Naceron nos extensos bosques de Finlandia e viviron sempre alí rodeados de árbores e con comida en abundancia. Un bo día, uns homes cortan a árbore na que vivían tan comodamente e quedaron sen casa e sen provisións para o inverno. Debido ao afán aventureiro de Tik e ao desexo de Tak por quentarse cos raios de sol, emprenderon unha longa viaxe nun barco madeireiro e chegaron ao porto da Coruña. Unha vez que pisaron terra firme, dirixíronse ao Xardín de Méndez Núñez e alí foron moi ben acollidos polos habitantes, eran xa parte da vida do parque, polo que decidiron quedar vivir na cidade galega felices o resto das súas vidas.

Riveiro Loureiro, Manuel, *Sabotaxe na Estaca de Bares*, ilust. Xosé Cobas, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 3, serie Verde (a partir dos 10 anos), 2002, 101 pp. (ISBN: 84-263-4894-7).

Publicada por primeira vez en 1997, esta novela de intriga de Manuel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933), ve agora de novo a luz na renovada colección Ala Delta, pero na súa serie verde, dirixida a lectores a partir dos dez anos, fronte á serie azul na que apareceu inicialmente dirixida a lectores a partir dos oito anos. Outro dos cambios paratextuais que se observan é unha portada diferente, o cambio das dimensións do volume e a perda dos trazos de cor que tiñan na primeira edición as ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953). O argumento xira arredor das pescudas que o garda xurado Cacho Pampín leva a cabo para descubrir qué é o que provoca unha sabotaxe nas comunicacións da base da FISREU (Forzas de Intervención Súper Rápida dos Estados Unidos), situada na Estaca de Bares. As súas investigacións levarano ata un ancián que se quere vingar dos americanos por ter arruinado a seu avó en Cuba, logo a seu pai en Panamá e a el mesmo. De trama detectivesca, fai unha crítica explícita ao imperialismo americano, denunciando as

súas intervencións en países como Vietnam, Cuba ou Irak, sempre por intereses económicos.




Rodríguez, Manuela (adapt.), *O pescador e a súa muller*, ilust. Josep Rodés, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. os contos do trasno, xuño 2002, [44 pp.]. (ISBN: 84-8464-161-9).

Manuela Rodríguez e Josep Rodés, aproveitando as características dos contos marabillosos, recrean neste álbum unha historia recompilada polos irmáns Grimm sobre a avaricia desmedida da muller do pescador que contrasta coa humildade e boa fe deste. Mediante unha estructura repetitiva preséntanse cinco situacións idénticas nas que a acción vai progresando de xeito ascendente ata chegar a completar o círculo e volver á primeira situación. Todo comeza cando o pescador atopa no mar un rodaballo que concede desexos porque en realidade é un príncipe encantado. A muller decide aproveitar a circunstancia e comeza a pedirlle a través do seu home diferentes cousas: primeiro unha casa, logo un castelo, despois ser raíña e a seguir ser papá e por fin ser Deus. O pescador, a pesar de non estar de acordo con estas ambicións e de sentirse cada vez máis apurado e medoñento, vaille pedir ao rodaballo os desexos da muller, ante un mar que se vai transformando conforme ascende o nivel de avaricia: pasa de estar tranquilo e limpo a estar revolto, axitado, picado e finalmente embravecido. Finalmente, e a xeito de castigo, o rodaballo vólveos á chabola na que viviran sempre.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Infantil/Xuvenil”, 10 outubro 2002, p. VII.

Sección deste suplemento na que se fai un comentario conxunto a tres obras dirixidas aos rapaces e publicadas neste ano. De *A ratiña presumida*, de José Antonio López destaca a recreación deste conto tradicional que se ve enriquecida coas ilustracións de Pablo Mestre. De *Un pé aquí e outro acolá*, de Juanolo, Blanco Rivas sinala algúns dos tipos de pés que aparecen nesta obra, e destaca a importancia deles posto que “o primeiro que pisou a lúa foi un pé”. Finalmente, de *O pescador e a súa muller*, de Manuel Rodríguez, resume o argumento deste conto adaptado por Manuela Rodríguez e que se cualifica como “unha fermosa historia para grandes e pequenos, enriquecida coas primorosas ilustracións de Josep Rodés”.

Rouco, Fina, *¡Ai, cando llo conte a Uxía!*, ilust. Manolo Uhía, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 4, serie Azul (a partir dos 8 anos), 2002, 114 pp. (ISBN: 84-263-4889-0).

Novela de aventuras publicada por primeira vez na colección “Ala Delta”, da editorial Edelvives no ano 1992, na que Fina Rouco (La Habana, Cuba, 1950) narra as aventuras de Ana, unha rapaza baixa, gordiña, de pelo vermello, coa cara sementada de pintiñas e que fala coa zeta, á que lle gustaría ser como a súa mellor amiga Uxía, unha nena delgada, de melena longa e loura. A historia transcorre durante unhas vacacións de Nadal que Ana pasa co seu pai, divorciado da súa nai, en Tunicia. Ademais das sorpresas continuas de turista occidental, máis en concreto das vilas de Carballeda, onde vive coa súa nai, e de Santiago, onde reside o seu pai, a rapaza viuse metida de cheo no caso do secuestro dun príncipe, chamado Navaí, por uns narcotraficantes. Se a iso lle engadimos a súa amizade cun rapaz chamado Abdullah e o coñecemento dun vello arqueólogo en cadeira de rodas, William Webster, á busca das ruínas dun palacio, a Ana sáenlle unhas vacacións tan apaixonantes que ninguén cando volva a Galicia llo vai crer cando o conte. O descubrir outras formas de vida e resolver casos emocionantes e perigosos, converte a Ana nunha auténtica detective

privada. A historia remata facendo outra vez fincapé na súa mellor amiga Uxía, cando Ana sinala que só ela lle vai crer todo o sucedido. Ao longo do libro podemos atopar unhas cantas ilustracións de Manolo Uhía (Portonovo, 1944) en branco e negro.




VII. 1. 3. Narradores traducidos (versións, adaptacións, reedicións)

Alcántara, Ricardo, *Tomé e o lapis máxico*, trad. Xulio Cobas Brenlla, ilust. Gusti, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 3, serie Vermella (a partir dos 5 anos), 2002, 46 pp. (ISBN: 84-263-4899-8).

A colección “Ala Delta” da Editorial Luís Vives saca unha segunda edición deste volume publicado por primeira vez no ano 1991 na mesma colección da Editorial Edelvives. Nesta obra Ricardo Alcántara (Montevideo, Uruguai, 1946) trata de achegar aos nenos a importancia da amizade para o desenvolvemento pleno da persoa. Con axuda do seu protagonista, Tomé, un rapaz triste e sen amigos que vivía nunha caixa de zapatos, imos observando o cambio paulatino que sofre no seu estado de ánimo trala aparición, sen ningún tipo de explicación, dun lapis máxico. Lapis que lle vai servir a Tomé para ir debuxando aquelo que máis lle gusta, primeiro unha porta para saír da caixa, despois unha bolboreta, unha nube, unha flor... pero o que el desexaba era un verdadeiro amigo. Camiñou

e camiñou sen encontrar aquelo que tanto quería, ata que un día pasou por xunto unha pelota que lle dixo que levaba moito tempo esperando por el. A partir de aquí xorde unha gran amizade entre Tomé e a pelota, ata o punto de non separarse e soñar con facer moitas cousas xuntos, polo que botan a andar en busca dos seus soños. A historia remata coa aparición dun novo neno tamén triste e sen amigos que atopa o lapis máxico. O texto acompáñase con debuxos a toda cor de Gusti que utiliza as figuras xeométricas para representar ao protagonista.




Arnal, Txabi, *Arco da Lúa (Arco de la Luna*), ilust. Susanna Widmann, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, decembro 2002, [44 pp.]. (ISBN: 848464-068-X).

Conto fantástico de Txabi Arnal con ilustracións a toda cor de Susanna Widmann, realizadas en acuarela e que abranguen a totalidade das páxinas. Un narrador en terceira persoa relata cómo nace o Arco da vella e cómo concede un desexo a quen atravesa unha das súas cores. A seguir, narra coa axuda dos protagonistas, que teñen a peculiaridade de falar en verso, cómo cada un deles decide cruzar unha cor do Arco co obxectivo de cambiar aquilo que lles desgusta na súa vida. Así, don Gato cruza a cor vermella e consegue un bradar de tigre en troques do seu miañar, dona Cobra decídese pola laranxa e pode voar sen arrastrarse, dona Toupa pode vivir na praia ao pasar pola amarela, dona Cebra consegue unha pel sen raias na cor verde, don Peixe deixa o mar e vive en terra ao atravesar a azul, dona Lagarta lánzase á cor añil e vive na auga evitando a dor de cabeza producida polo sol e a Xirafa é dona dun pescozo normal ao introducirse na violeta. Ao final, os cambios non lles reportan a mellora esperada senón todo o contrario e os animais, tristes e desgraciados, conseguen que a Lúa lles devolva á normalidade ao atravesar o seu Arco Branco.

Berner, Rotraut Susanne, *¿Onde está Orelliñas?* (ISBN: 84-8302-868-9)*/Orelliñas vai de compras* (ISBN: 84-8302-869-7), ilust. Carl Hanser Verlag, trad. María Reimóndez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2002, [20 pp.].

Rotraut Susanne Berner (Stuttgart, 1948) é a autora do texto e das ilustracións destes volumes protagonizados polo coello Orelliñas. En *¿Onde está Orelliñas?* cóntase cómo, ao chegar o verán, Orelliñas vai pasar as vacacións coa súa avoa na aldea. Para que se entreteña a avoa mándalle que vaia buscar cenorias á horta para facer un pastel. Pero pasa o tempo e Orelliñas non volve, así que a avoa comeza a buscalo detrás dunha árbore, no tendal da roupa, no caseto da horta, ata que ao final o atopa agochado no armario coa súa curmá Dondiña. Como xa é a hora do xantar, a avoa ponlles o seu pastel de cenorias. En *Orelliñas vai de compras* , papá e Orelliñas van de compras o sábado nas bicis. Antes de saír da casa a nai vai detrás deles para lles lembrar que non esquezan todo o necesario: os cascos da bici, a nota da compra e a cesta para traer as cousas. No super, Orelliñas senta no carro e facendo a compra atopan os seus amigos Peluxín e Peluxán. Cando van pagar

na caixa, resulta que o papá esqueceu coller a carteira e ten que vir mamá a resolver a situación.




Bruno, Pep, *Conto para contar mentres se come un ovo frito*, ilust. Mariona Cabassa, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, xuño 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-162-7).

Esta narración de Pep Bruno Galán (Barcelona, 1971) achega a historia dun ovo. Dende o momento en que Anselma, unha galiña que ten a capacidade de falar e comunicarse, pon este devandito ovo, aparecen unha serie de procesos e situacións que sofre este divertido protagonista ata que é finalmente engulido por Xan. O ovo vai pasando por diferentes mans, entre elas o rei, o alcalde, a tía Helena... O texto, narrado en terceira persoa, vén acompañado polas ilustracións a toda cor e a toda páxina de Mariona Cabasa. Son unhas ilustracións moi divertidas e que serven de axuda á comprensión do texto. O conto forma parte da colección Demademora da Editorial Kalandraka dirixida por Xosé M. González e Marisa Núñez.

Cano, Carles, *Ó outro lado do sombreiro*, ilust. Paco Giménez, trad. Mª Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, nº 21, serie Amarela (a partir de 6 anos), outubro 2002, 64 pp. (ISBN: 84-8302-899-9).

Carles Cano (Valencia, 1957), por medio de Jaume Mirón, protagonista e narrador da historia, dá conta da investigación que leva a cabo co obxectivo de descubrir a procedencia dos coelliños que os magos sacan dos sombreiros. Durante a esculca penetra nun universo fantástico a través dunha desas chisteiras e descobre un mundo abraiante no que estes tenros animaliños están organizados en función da letra que os representa. As letras xogan un papel importante nesta obra, xa que se percorre todo o abecedario con coelliños en distintas posturas representando cadansúa letra. Péchase o libro co apartado “Escribiron e debuxaron” no que Carles Cano e Paco Giménez comentan que as orixes de *Ó outro lado do sombreiro* están nunha actividade de promoción da lectura posta en práctica con alumnos.

Carranza, Maite, *¿Queres se-lo mozo da miña irmá? (Vols ser el nòvio de la meva germana?*, 2002), Premio Edebé de Literatura infantil, ilust. Jordi Sempere, trad. Rosa Fernández Sánchez, A Coruña: Editorial Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 32, serie Verde (a partir de 9 anos), abril 2002, 142 pp. (ISBN: 84-8116-869-6).

Maite Carranza (Barcelona, 1958), gañou o Premio Edebé de Literatura Infantil, con esta narración ilustrada por Jordi Sempere (Alcoi, 1973). Dedicouna“A Rosa, a máis auténtica” e estructurouna en nove capítulos titulados. O personaxe central é Alicia, unha nena de once anos que nos relata en primeira persoa o transcorrer da vida familiar dende o comezo das vacacións estivais. Cunha linguaxe moi apropiada á idade da narradora, coñecemos os problemas de convivencia que esta ten coa súa irmá maior, Sonia, unha adolescente que lle resulta insoportábel e á que non consegue comprender. Do mesmo xeito, por veces tampouco chega a entender as reaccións dos seus pais e son moitas as preguntas sen resposta acumuladas día a día. Tamén a súa relación cos compañeiros de clase ocupa boa parte da obra tanto con Antonieta Vilaplana, gañadora de todos os premios e nena consentida, coma co Cenoria, un neno que se converte no seu cómplice nas correrías de verán. O obxectivo de ambos consiste en atoparlle mozo a Sonia para que deixe de

incomodar á familia coas súas reiteradas protestas e desacordos con todo. No momento en que Sonia atope mozo e mude a súa forma de comportarse, Alicia experimentará un cambio que lle provoca reaccións moi semellantes ás que antes detestaba, pero comeza a ser unha adolescente á que case todo lle molesta e para a que o máis importante pasa a ser ela mesma.




Carroll, Lewis, *As aventuras de Alicia no país das marabillas* (*Alice's adventures in Wonderland*, 1865), ilust. Federico Fernández Alonso, trad., introd. e notas Teresa Barro e Fernando Pérez-Barreiro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín de Ouro, nº 1, novembro 2002, 165 pp. (ISBN: 84-8302-912-X).

A editorial Galaxia volve presentar a traducción ao galego de *Alicia no país das marabillas*, agora ilustrada por Federico Fernández Alonso (Vigo, 1972), despois de facelo na colección"Xabarín" no ano 1984. Ábrese o volume cunha introducción na que se trata a condición de clásico desta novela e se achegan unha serie de comentarios sobre o seu autor, Lewis Carroll, pseudónimo do Rvdo. Charles Lutwidge Dodgson (Manchester, 1832-1898), que foi mestre, matemático, inventor de xogos, fotógrafo, afeccionado ao teatro e un gran escritor da literatura do "nonsense". Asemade, alúdese á época victoriana na que apareceu *Alicia...*, á súa orixinalidade e orixe, así como ás súas traduccións. Ao longo de doce capítulos numerados en romano e titulados, un narrador omnisciente en terceira persoa relátanos a historia de Alicia que se inicia cando a súa curiosidade a leva a seguir un coello branco cos ollos cor de rosa, que fai que descenda por un tobo, que a leva a unha sala subterránea. A partir de aí, o seu tamaño aumentará e diminuirá en función do que beba ou coma e vivirá

toda unha serie de aventuras, que a levarán a coñecer personaxes e animais un tanto extravagantes, cos que vivirá sucesos e manterá conversas tamén un tanto estrañas. Ao espertar a nena protagonista darase conta de que todo fora un soño. Cabe salientar desta edición as numerosas notas coas que se explican aqueles elementos que poden resultar descoñecidos ou confusos para o lectorado máis miúdo.




Collodi, Carlo, *As aventuras de Pinocchio (Le aventure di Pinocchio*, 1883), ilust. Federico Fernández Alonso, trad. e notas Antón Santamarina, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín de Ouro, nº 2, novembro 2002, 210 pp. (ISBN: 84-8302-913-8).

Unha das historias clásicas, máis versionada e traducida a outras linguas e incluso levada ao cinema, chégalle de novo ao lector galego nesta nova colección "Xabarín de Ouro" (que substitúe a "Xabarín") de Edicións Xerais de Galicia, ilustrada da man de Federico Fernández Alonso (Vigo, 1972) e con numerosas anotacións por parte do traductor. Ao longo de trinta e seis capítulos titulados e numerados en romano, que están introducidos por un breve resumo do contido a desenvolver en cada un deles, un narrador omnisciente, con frecuentes acenos ao lector, ofrécenos a historia de Pinocchio, comezando pola coñecida frase de "Había unha vez...". A partir de aí e, seguindo o esquema de presentación, nó e desenlace, coñecemos cómo Geppetto fai un monicreque cun pao e este recobra vida. Trátase de Pinocchio, quen, pese aos seus bos sentimentos e intencións, é enganado en varias ocasións e a piques está de perder a súa vida nas numerosas aventuras que vai vivir xunto a outros personaxes, algúns dos cales van intentar protexelo, como é o caso da fada. Finalmente, aprende a lección e sálvalle a vida ao seu propio pai que tanto fixera sufrir,

ademais de converterse nun verdadeiro rapaz de carne e óso. Ten o lector nas súas mans unha novela de aventuras, na que Carlo Collodi, pseudónimo de Carlo Lorenzini (Florencia, 1826-1890), nos mostra a fábula da vida humana.




Collinson, Roger, *As cousas de Berta (Grisel and the tooth fairy (and other stories)*, ilust. Antonia Santolaya, trad. María Reimóndez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Letras, nº 19, serie Laranxa (a partir de 8 anos), marzo 2002, 136 pp. (ISBN: 84-8302-7674).

Conto fantástico realista do escritor inglés Roger Collison (Londres, 1936) e da ilustradora Antonia Santolaya (Ribrafrecha-La Rioja) na que se relata as trasnadas e anécdotas vividas por Berta, unha rapaza rebelde e algo fedello. Ao longo de oito capítulos titulados, un narrador omnisciente narra unha serie de acontecementos incríbeis que vive a protagonista e cómo se viran na súa contra ao intentar cambiar o seu transcurso por capricho ou satisfacción persoal. A protagonista ten as mesmas inquedanzas que as de calquera outra rapaza da súa idade mais, Berta é un tanto peculiar pois odia as bonecas incluso quere enterrar a Hilaria, a boneca da súa irmá; quítase un dente para adquirir unha recompensa económica do Rato Pérez, desexa encher a piscina da veciña a gorrazos e é capaz de interpretar a unha Virxe María que rompe augas no medio da función escolar de Nadal. Ademais, no transcurso da historia descubrimos outras das súas calidades: é unha acérrima defensora das regras sempre e cando ela non as teña que cumprir, posúe un afán de

protagonismo extremo e encántalle ser observada por centos de persoas a pesar de non ser nada presumida e serlle indiferente a súa imaxe. Con estas vivencias, aprende a cumprir certas normas, a ser responsábel dos seus actos e a asumir as consecuencias das súas decisións. Péchase o volume coas verbas dos autores nas que: o escritor manifesta a importancia da literatura para potenciar a imaxinación e a formación moral no lectorado así como, o desenvolvemento do mundo emocional e cognitivo. Pola súa parte a ilustradora salienta o humor na literatura como medio de que os nenos e nenas entendan os seus problemas de forma menos traumática.




Recensións:

- CLIJ, “Las cosas de Berta”, *CLIJ*, nº 151, xullo/agosto 2002, p. 63.

Comezan dando uns datos biográficos e algunha opinión sobre a infancia do escritor Roger Collinson. A seguir descríbese a obra salientando que a protagonista é unha nena rebelde, impaciente, decidida polo que a súa vida se lle complica un pouco. Fálase de que está estructurada en episodios independentes nos que o autor se preocupou de explicar as

falcatruadas de Berta pero non os castigos para non estragar a diversión aínda que si se deixa ver que a protagonista asume a responsabilidade dos seus actos. Finalizan dicindo que as ilustracións a cor de Antonia Santolaya transmiten ben o carácter da protagonista.




- Paula Fernández, “Leccións de responsabilidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 8, 5 setembro de 2002, p. VII.

Logo duns pequenos datos biobibliográficos do autor londiniense saliéntase da obra o tipo de estructura, en oito historias independentes protagonizadas por unha rapaza chamada Berta, os valores que nela se transmite ao lectorado, a orixinalidade e a calidade da linguaxe empregada, a capacidade para transmitir a través da pequena “unha visión da vida feliz e infantil propiciada polas inquedanzas dunha nena da súa idade”, a caracterización da protagonista que foxe dos estereotipos e o feito de que en todas as historias Berta acabe cun mesmo final: un castigo por mor dos seus ensarillados. A seguir, enuméranse algúns dos trazos propios da infancia que se reflicten nas historias como a rebeldía, o afán de protagonismo, as ganas de sabelo todo... Finaliza, cualificando a obra de “colección de divertidas historias” que “atrapa e entretén ós lectores, volve tolos ós pais e profes”,

identifícase cos debuxos aos que están afeitos os nenos como Daniel o Fedello e coméntase a finalidade orientadora da obra lonxe do didactismo.




Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, 16 maio 2002, p. 48.

Comentario conxunto a tres obras da literatura infantil que son: *As cousas de Berta*, de Roger Collison, da que sinala que está protagonizada por Berta, unha nena cunha vida normal á que lle pasan cousas moi divertidas polo seu afán de acadar todo o que desexa. Tamén indica que é unha obra para nenos de máis de oito anos que está ilustrada por Antonia Santolaya. *O coleccionista de sombras*, de Antón Cortizas, unha novela ilustrada por Cesáreo Varela, da que explica brevemente o seu argumento arredor da teima de Bruno de coleccionar sombras. Finalmente, de *Elefante corazón de paxaro* (2001), de Mariasun Landa, indica que é unha obra gañadora do Premio White Ravens 2002, na que se conta a historia dunha manda de elefantes que buscan mestra.

Contijoch, Josefa, *A xoaniña e o piñeiro* (ISBN: 84-7864-649-3)*/A xoaniña e a noite* (ISBN: 84-7864-650-7)*/A xoaniña e a neve* (ISBN: 84-7864-651-5)*/A xoaniña e a festa maior* (ISBN: 84-7864-652-3), ilust. Luís Filella, trad. Xoán Babarro, Barcelona: Editorial Combel, col. Cabaliño Alado, serie Paso (a partir de 5 anos), setembro 2002, 22 pp.

Narracións protagonizadas por unha xoaniña e o seu grupo de amigos formado polo caracol, o verme, a araña, a formiga e a abella, entre outros. En *A xoaniña e o piñeiro* descríbeselle ao lectorado máis miúdo, ao que vai dirixida a obra, o piñeiro no que vive a Xoaniña e os diferentes lugares da árbore que ocupan cada un dos seus amigos, así como as actividades que desenvolve cada un deles. En *A xoaniña e a noite*, atopamos á Xoaniña acompañada dos seus amigos da árbore contemplando a lúa pola noite, momento no que todos se preguntan que sensacións provocará o astro, pois non saben se estará frío ou quente. En *A xoaniña e a neve*, nárranse as aventuras que viven a Xoaniña, o caracol, a araña e o paxaro mentres gozan xogando coa neve. En *A xoaniña e a festa maior* asistimos á festa que se

celebra na árbore, onde cada un dos animais desempeña unha función diferente: os grilos cantan, a bolboreta baila co cabaliño do demo, os vagalumes alumean o escenario, etc.




Ende, Michael, *Momo (ou a estraña historia dos ladróns do tempo e da nena que lles devolveu o tempo ós homes)(Momo*, 1973), ilust. do autor, trad. Antón Palacio e Sonia Pérez, Santiago de Compostela: Alfaguara Obradoiro, setembro 2002, 252 pp. (ISBN: 848224-604-6).❿

Esta novela fantástica de Michael Ende (Garmich-Alemana, 1929) foi *Deutscher Jugendbuchpreis* no ano 1974 (Premio ao mellor libro xuvenil editado en Alemaña). Momo, a absoluta protagonista, é unha rapaza que posúe a "estraña" calidade de saber escoitar, motivo polo cal todos os seus amigos recorren a ela cando teñen problemas, ou, sinxelamente, cando queren xogar, pasar o tempo… A trama argumental comeza a enlearse coa presencia dos homes grises, uns personaxes tan patoloxicamente preocupados por aforrar o tempo que incluso chegan a convencer á xente de que o deposite na súa caixa de aforros. Un bo día entra en coñecemento da nena a existencia deste grupo de homes, decide comunicarllo aos seus amigos (inicialmente a Beppo e Gigi, pero posteriormente a todos os demais) e inician manifestacións polas rúas da cidade para que todo o mundo saiba de tal existencia. Así, Momo convértese no inimigo número un do exército gris e, como resposta, estes promoven a súa captura. Cando o exercito da Caixa de Aforros do Tempo

sae coa intención de arrestar á rapaza, xorde, nunha máxica aparición, Casiopea, unha tartaruga que invita a seguila a través de mensaxes fosforescentes que resplandecían na súa cuncha. Tras moitas voltas pola cidade e no intre exacto en que os malvados ían collela, Casiopea e Momo introdúcense nun fantástico mundo no que o Mestre Hora lles recibe e ensina cómo se constrúe o tempo de cada persoa. Cando a rapaza volve ao seu mundo, todo cambiara. Pasara un ano sen que ela o soubera e xa ninguén, nin os seus amigos, perdían o tempo. Tras diversas accións nas que os acontecementos se complican, Momo vese na necesidade de volver á Casa de Ningures e nela, o grande Mestre infórmalle da única solución existente para salvar á humanidade, unha difícil acción que tan só poderealizar ela. É este, pois, o fantástico fío argumental dunha obra narrada en terceira persoa e estructurada en vinteún capítulos.




Figueras, Nuria, *As trenzas do avó*, trad. Marisa Núñez, ilust. Roger Olmos, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, outubro 2002, [28 pp.]. (ISBN: 84-8464-127-9).

O avó Serafín é un home que posúe unhas moi longas trenzas, tanto que lle permiten á xente colgarse delas, taparse cando vai frío, tender a roupa, etc. Un bo día afirma con rotundidade que cando lle cheguen ao chan as cortará pero, coma ninguén na cidade quere,
o seu zapateiro engádelle continuamente solas aos zapatos para que sexa máis alto e nunca aconteza tal particularidade. Un bo día, ao ir durmir, saca os zapatos e decátase do que estaba acontecendo. Despois de sopesar que ía facer, determina continuar tal e como permanecera durante toda a súa vida. Esta obra de Nuria Figueras remata cunha ilustración de Roger Olmos de moita cor na que o calzado de Serafín se converteu nuns enormes zancos que superan a altura dos edificios e as trenzas seguiron crecendo ata chegar ao tamaño dunhas grandes aspas.

Gomes, José António, *Contos tradicionais portugueses (Fiz das penas coração)*, ilust. Xaime Asensi, trad. Llerena Perozo Porteiro, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos, nº 27 (máis de 8 anos), 2002, 84 pp. (ISBN: 84-7680-398-2).

José António Gomes (Porto, 1957), axudado por Xaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957), presenta catorce contos de encantamento, relatos de animais, lendas e contos burlescos e xocosos da tradición oral portuguesa, pero versionados para achegar con humor, picardía e moito diálogo relatos de sempre á infancia, adolescencia, mocidade e a todos os lectores de todas as idades da actualidade. “O criado espelido”, “A corza da mazá de ouro”, “O raposiño gaiteiro”, “As señoritas da mantiña de seda”, “O doutor Grilo”, “Conto da pera de ouro”, “Lenda das amendoieras do Algarve”, “Pedro Malasartes”, “Pedro Malasartes e o home de Visgo”, “O sapo e a raposa”, “O príncipe Xato”, “A moura Cassima”, “A gaita milagrosa e Luida branca” son os títulos que xa anuncian parte do contido duns relatos que se contaban en tempos pasados e que se transmitían oralmente a partir sobre todo dun ambiente familiar. Péchase o volume cunhas "Notas", nas que se explica a selección destes relatos, as modificacións neles realizadas, a súa ordenación e procedencia.

Gort, Geertje, *E leva os nenos que non comen, non (Jan Jappie en de Veelvraat*, 1999), ilust. Ceseli Josephus Jitta, trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Editorial Luis Vives/Tambre, 2002, [34 pp.]. (ISBN: 84-263-4870-X).

Volume de gran formato e pastas duras de Geertje Gort (Friesland, 1941), con ilustracións a toda páxina e a toda cor de Ceseli Josephus Jitta (Wassenaarm, 1952), co que se pretende fomentar a dieta variada e equilibrada entre a infancia, un dos problemas da sociedade de hoxe que preocupa ás familias, sobre todo, nas etapas que máis inflúen no futuro adulto. A obra xira ao redor de Santi, un neno que se mantén a base de bocadillos e que recibe as ameazas dos pais e dunha tía, pero que con iso non muda de actitude. Terá que ser a través da correspondencia que mantén co Cocón, un misterioso ser que mora no armario da cociña, como o pequeno protagonista do relato mude os seus hábitos alimentarios e comece a probar de todo aquilo que antes rexeitaba e mesmo comeza a gozar con eles. Resultan salientábeis os diversos tipos, tamaños e orientacións dos textos escritos, nomeadamente as cartas que se envían Santi e o Cocón.

Heine , Helme, *Os tres amigos* (*Freunde y Der Wecker*, 1983), ilust. do autor, trad. María Reimóndez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, nº 23, serie Amarela (a partir de 6 anos), outubro 2000, 71 pp. (ISBN: 84-8302-885-9).

Recóllense neste libro dous contos de extensión similar e titulados, respectivamente, “Os tres amigos” e “O espertador”. Ambos comparten espacios e protagonistas, xa que a acción sitúase na granxa de Mulebap e ten como personaxes ao galo Paquiño, ao rato Xan e ao porco Bartolo. No primeiro dos relatos descríbese unha xornada na vida destes animais, mentres que no segundo relátanse as aventuras e medos vividos durante unha noite, ademais de apareceren mencionados novos personaxes como a vaca Mu e a cabra Xob. A obra conta con ilustracións coloristas a toda páxina que, en moitos casos inclúen texto no seu interior. No apartado “Escribiron e debuxaron” inclúe unha entrevista con Helme Heine na que este autor alemán explica o qué sentiu ao escribir para nenos, nomeadamente os valores que pretende transmitir.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 21, 5 decembro 2002, p. VII.

Ver Roubine, Jean-Jaques, *Introducción ás grandes teorías do teatro*, no apartado V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas deste *Informe*.

Hensgen, Andrea, *Melusina* (*Melusine*, 1999), trad. Franck Meyer, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, nº 38, outubro 2002, 188 pp. (ISBN: 84-8288-573-1).❿

Esta novela de personaxe de Andrea Hensgen conta con dous narradores alternos que se marcan, respectivamente, con letra redonda ou cursiva: un eu-protagonista que se corresponde coa persoa de Reimondo, e un narrador omnisciente en terceira persoa que dá conta da evolución vital de Melusina, protagonista feminina da historia. Melusina figura incluída, ademais, nos títulos dos doce capítulos nos que se está estructura a novela. O argumento desenvólvese a raíz da chegada de Reimondo á cidade de H. para traballar na billeteira dun cine, disciplina tamén moi presente en toda a novela con numerosas referencias ao filme *Foise co vento*. Ese personaxe recibe cada noite a visita de Melusina, unha curiosa muller coa que fala, e pola que se sente atraído, pero da que descoñece case todo, incluída unha estraña doenza cutánea que a ten convertido nunha muller-peixe, totalmente dependente da auga para sobrevivir. Esa información da que carece Reimondo recíbea o lector a través da narración en cursiva. Asemade, aparece na vida do protagonista unha moza, Andrea, que non chega a desprazar de todo a obsesiva presencia de Melusina.

Trátase dunha novela na que a vida interior dos personaxes e a súa evolución psicolóxica están por enriba das vivencias.





Janosch, *Correo para Tigre (Post for den Tiger, 1980)*, ilust. do autor, trad. Dolores Romay, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas (De 8 a 12 anos), abril 2002, 45 pp. (ISBN: 84-8464-136-8).

Nova entrega de Janosch (Silenia do Norte-Polonia, 1931) na colección “Seteleguas”, destinada ao lectorado de entre os oito e os doce anos, na que ofrece outra das historias protagonizadas polo oso pequeno e o tigre pequeno. Nesta ocasión, o tigre manifesta sentirse só cando o seu compañeiro, o oso, vai de pesca, polo que este leva tinta azul, pluma de canario, papel e sobre para escribirlle unha carta e así poder agradalo. Gracias a esta iniciativa dos dous amigos e a axuda das lebres, inventan o correo, por medio do cal o resto dos animais se poden escribir. Como o elefante quixo escribirlle á súa muller e non eraposíbel ir correndo a África, levoulle a carta unha pomba mensaxeira, o que deu lugar ao correo aéreo. A estes inventos, o oso e o tigre sumaron o do teléfono, co que conseguiron que a vida no bosque e no río sexa fabulosa e fermosa.

Jiménez, Ángeles, *Veciños (Vecinos, 2002)*, ilust. Pablo Pestifilippo, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, xuño 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-140-6).

De capas duras e gran formato, este volume de Ángeles Jiménez Soria (Ávila, 1955) está ilustrado a toda páxina, con cores vivas e trazos difuminados por Pablo Prestifilippo (Buenos Aires, 1960). O texto, escrito en frases breves, fúndese coas ilustracións e nel destácanse en letra máis grande os adxectivos e adverbios referenciais na obra. O argumento do texto xira arredor da aparición de auga na casa das catro toupas, habitantes do piso máis baixo da veciñanza do carballo, que soben polos diferentes andares para pescudar de onde sae a auga. Pregúntanlles aos coellos que viven enriba, logo aos ratos e finalmente aos esquíos que viven no tronco da árbore, pero teñen que subir ata a copa para descubrir que a auga son as bágoas dunha curuxa desconsolada que está soa no día do seu aniversario.

Jiménez de Cisneros, Consuelo, *Aínda quedan piratas na Costa da Morte*, Vº Premio Ala Delta, ilust. Nivio López Vigil, trad. Xulio Cobas Brenlla, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 2, serie Verde (a partir dos 10 anos), 2002, 122 pp. (ISBN: 84-263-4895-5).

Nova edición desta novela de Consuelo Ximénez de Cisneros que en 1995 foi galardoada co Vº Premio Ala Delta. Incluída inicialmente na serie verde da colección “Ala Delta”, aparece agora na súa serie marrón, dirixida a lectores de máis de trece anos. Tamén as ilustracións de Nivio López Vixil presentan cambios, posto que perderon a cor e aparecen agora en branco e negro. No texto, a través dun narrador en terceira persoa, nárrase a historia de Heitor, un rapaz de dezaseis anos que é castigado a pasar o verán na casa de seus tíos e súa curmá Carolina en Cudieiro, unha aldea da Costa da Morte, por ter suspendido moitas materias do curso. Lonxe de seus pais, que viven en Alacante, Heitor vai vivir unha chea de aventuras na busca dun tesouro, nas que descubrirá a amizade, o pracer da lectura e volverá á súa residencia habitual decidido a cambiar os seus hábitos de estudio e a ser máis responsábel.

Juanolo (Juan Ortega), *De man en man* (ISBN: 84-8288-530-8)/*Polos pelos* (ISBN: 848288-533-2)/*Moito ollo* (ISBN: 84-8288-532-4)/*Ter bo nariz* (ISBN: 84-8288-529-4)/*Un pé aquí e outro acolá* (ISBN: 84-8288-534-0)/*O cu* (ISBN: 84-8288-531-6), ilust. do autor, Vigo: Editorial Galaxia/Editores Asociados, col. ¡Que corpo!, nos 1-6 (a partir de 5 anos), 2002, [32 pp.].

Volumes de formato cadrado, pastas brandas, pouco texto e ilustración colorista de Juanolo que teñen como obxectivo dar a coñecer as diversas partes do corpo humano aos lectores máis novos. *De man en man*, presenta, inicialmente, diversos tipos de mans: abstractas, de lata, poutas, tentáculos, etc., e indica as múltiples utilidades que esta extremidade pode ter. Inclúe, ademais, léxico específico e ditos populares referidos ás mans. *Polos pelos*, introdúcenos no mundo dos pelos a través dunha comparación entre estes e as espiñas dun cacto ou dun ourizo de mar. Amósanos unha ampla tipoloxía de pelos e varias expresións da fala que inclúen esta palabra. Finalmente, incide na diferencia entre pelos, plumas e escamas, e fala da relación dos primeiros co mundo fantástico. *Moito ollo*, presenta as partes do ollo, unha ampla gama de ollos, as súas funcións e, ademais, bastante léxico novo

relacionado co sentido da vista. Do mesmo xeito que nos outros volumes da colección dá a coñecer fraseoloxía sobre os ollos. *Ter bo nariz*, tenta explicar a relación do nariz co sentido do olfacto, e o importante que pode chegar a ser este sentido. Inclúe unha serie de usos un tanto “anómalos” deste apéndice, un pequeno catálogo de narices, e as habituais expresións e frases feitas coa palabra nariz. *Un pé aquí e outro acolá*, presenta o mundo dos pés opoñéndoo ao das mans e establece unha tipoloxía de pés pouco comúns. Describe as partes dos pés, explica ónde se poden meter e recolle unhas cantas imaxes de animais cos pés curiosos. *O cu*, comeza analizando as diferencias e semellanzas que existen entre o cu e unha pera ou unha pataca, así como a súa relación co váter. Establece unha tipoloxía de cus e fai un percorrido polas expresións populares nas que está presente esta palabra.




Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, “Infantil/Xuvenil”, 19 setembro 2002, p. VII.

Comentario a tres obras traducidas ao galego para os máis pequenos, que son: *Eu non sei nadar*, de Daniel Nesquens e Mikel Valverde, da que recorda parte do argumento que se centra nas desventuras de Mateo, un neno que non sabe nadar e iso impídelle divertirse cos seus amigos na praia ou na piscina; *Ter bo nariz*, no que Juanolo fai un percorrido por todo tipo de apéndices nasais co que os rapaces, a partir de cinco anos, poderán rir a cachón; e, finalmente, de *Vou ter unha irmanciña* (2001), de J. M. Olaizola "Txiliku" e Jokin Mitxelena, di que é un relato "cheo de humanidade" e que narra o proceso de adaptación dun neno coa chegada dunha nova irmá.

-M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 11, 26 setembro 2002, p. VII.




Comenta tres dos títulos publicados por Juanolo: *Polos pelos*, no que describe algunhas das modalidades de pelos que se recollen neste volume, ao que cualifica de divertido e con debuxos moi coloristas para nenos a partir dos cinco anos. *Un pé aquí e outro acolá*, no que sinala que o lector máis pequeno poderá atopar todo tipo de pés e que el vai numerando. Finalmente, de *De man en man*, igual que nos casos anteriores, sinala algúns dos tipos de

mans que aparecen na obra augurándolle moito éxito entre os máis pequenos, posto que se divertirán moito con ela.




- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 12, “Infantil/Xuvenil”, 3 outubro 2002, p. VII.

Comeza comentando *O cu*, de Juanolo, do que sinala que é unha historia sobre cus con moitas ilustracións sobre os distintos modelos desta parte do corpo, na que se propón que cada un busque o que máis se parece ao seu; a seguir, detense en *Basilisa, a princesa sapiño* (2001), de Marilar Aleixandre, para salientar as aventuras e desventuras dos tres irmáns protagonistas: Igor, Boris e Alexis, fillos do tsar; e, finalmente, de *Moito ollo*, de Juanolo, salienta que describe e debuxa algúns dos posíbeis tipos de ollos que hai no mundo.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Infantil/Xuvenil”, 10 outubro 2002, p. VII.

Ver Rodríguez, Manuela, *O pescador e a súa muller* no apartado VII. 1. 2. Narradores galegos: reedicións e adaptacións deste *Informe*.





Krahn, Fernando, *¿Quen viu as tesoiras?* (*¿Quién ha visto las tijeras?*), ilust. do autor, trad. Xoán Couto, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, novembro 2002, [48 pp.]. (ISBN: 84-8464-123-6).

Volume de gran formato que se presenta con pastas duras, páxinas pares con texto bastante escaso e impares con ilustracións a toda cor de Fernando Kranh. Recolle o que lle pasou ao xastre Don Hipólito cando un día viu como as súas tesoiras marcharon pola fiestra decididas a vivir novas emocións cortando outras cousas que non fosen teas. Así, cortan o que atopan ao seu paso: xornais, cabelos, flores, cadeas de canas, gravatas, farois chineses, tendais, cordas de violín, fíos dunha madeixa, un papaventos, a corda dun equilibrista, a melena dun león, o sedal dun pescador, os tirantes dun predicador, as plumas dun paxaro e o bigote do seu amo. Como castigo polas falcatrúas, o xastre decide pechalas nunha gaiola.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, 26 decembro 2002, p. VII.

Ver López López, Xabier, *O mono no espello*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.





London, Jack, *A chamada da selva*, trad., introd. e notas de Gonzalo Navaza, ilust. Federico Fernández Alonso, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín de Ouro, nº 3, novembro 2002, 140 pp. (ISBN: 84-8302-914-6).

Versión galega desta clásica novela de aventuras escrita por Jack London (San Francisco, 1876-Hawai, 1916) que se presenta con pastas duras e ilustracións en branco e negro de Federico Fernández Alonso (Vigo, 1972). Ábrese o volume cunha introducción na que Gonzalo Navaza fai un percorrido pola intensa vida do autor norteamericano, ademais dunha descrición da situación socioeconómica de finais do século XIX, salientando a presencia de buscadores de ouro nas rexións máis frías do continente americano. *A chamada da selva* está estructurada en sete capítulos titulados nos que un narrador omnisciente clásico relata a evolución da vida de Buck, un enorme can que, despois de catro apracíbeis anos na granxa do Xuíz Miller, é levado por un deses buscadores de ouro ata Alasca. A adaptación á nova vida é un proceso lento e difícil, xa que son moitos os perigos: temperaturas extremas, traballo duro, competencia brutal doutros cans, violencia por parte dos amos, etc. Buck supera todas estas dificultades, afacéndose a loitar día a día pola supervivencia e conseguindo dominar a todos os compañeiros de zorra, sendo obxecto

de admiración en todos os campamentos por servir fielmente ao seu amo Jonh Thornton. Sente, ademais, un forte impulso que o atrae ao mundo salvaxe, ao mundo do lobo, e remata exercendo a mesma crueldade e irracionalidade que sentira en carne propia cando chegara a aquelas terras poboadas de buscadores de ouro.




London, Jack, *Polos Mares do Sur*, trad. Mª Fe González Fernández, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Infantil e Xuvenil, serie O ordenador (dos 12 anos en diante), 2002, 118 pp. (ISBN: 84-7824-417-4).

♌❒♋■♍□⬩ ⧫♏■⧫♋■ ♏■♑♋■♋●□☞ ❍♋♓⬩ ⬩♏❒↑ ♋ ♍♒♏♑♋♳♋ ♳◆■ ♑❒♋■ ⧫♏❍◘□❒♋● □ ❑◆♏ □♍♋⬩♓□■♏ ❑◆♏ 💣♋◘◆♒♓ ❒♏♍◆◘♏❒♏ ♋ ⬩▫♋ ◘♏❒●♋ ♏ □ ⬩♏◆ ⬩□⇧□ ♳♏ ⧫♏❒ ◆■♒♋ ♍♋⬩♋☞ ☜■ ❽⚐ ♳♏■⧫♏ ♳♏ ♌♋●♏♋❾ ♍⇔■⧫♋⬩♏ ♍⇔❍□ □ ❍♓⬩♓□■♏♓❒□ ☺□♒■ ♦⧫♋❒♒◆⬩⧫ ❍□❒❒♏ ♋ ❍♋■⬩ ♳□ ☒♏➚♏ ✍◆●♓ ♳♏ ☝♋⧫□&♋ ◘□❒ ❍□❒ ♳□ ♏■➚❒□■⧫♋❍♏■⧫□ ♏■⧫❒♏ ♋⬩ ♓♳♏♋⬩ ♍❒♓⬩◆♓↑⬩ ♏ ♋⬩ ⧫❒♋♳♓♍♓⇔■⬩ ◘❒□◘♓♋⬩ ♳♋⬩ ✋●●♋⬩ ☞♓☒♓☝ ❽💣♋◆&♓❾ ❒♏●♋⧫♋ ♋ ♒♓⬩⧫□❒♓♋ ♳♏⬩⧫♏ ◘♏❒⬩□■♋☒♏ ♳♏■♳♏ ❑◆♏ ♳♏ ■♏■□ ➚□♓ ❖♏■♳♓♳□ ♍□❍□ ♏⬩♍❒♋❖□ ♋□ ❖♏●●□ ☞♋■➚□♋☞ □ ☒♏➚♏ ♳□⬩ ◘□♌□♋♳□⬩ ♳♋⬩ ❍□■⧫♋⇧♋⬩ ♳♏ 💣♋●♋♓⧫♋☞ ♋⧫♋ ❑◆♏ ♳♏⬩◘□♓⬩ ♳♏ ⬩♏❒ ❒♏♍❒◆⧫♋♳□ ◘□●□ ♒□❍♏ ♌❒♋■♍□ ◘♋❒♋ ⧫❒♋♌♋●●♋❒ ■♋⬩ ◘●♋■⧫♋♍♓⇔■⬩ ♏ ♓■⧫♏■⧫♋❒ ➚◆☒♓❒ ♏■ ❍▫●⧫♓◘●♏⬩ □♍♋⬩♓⇔■⬩ ⬩♏■ ♍□■⬩♏♑◆♓●□☞ ♋♍♋♌♋ ♍□■❖♏❒⧫↑■♳□⬩♏ ■□ ♏⬩♍❒♋❖□ ♳□ ❍↑♓⬩ ♍❒◆♏● ♳□⬩ ♍♋◘♋⧫♋♍♏⬩ ♋□ ❑◆♏ ●●♏ ♋♍♋♌♋ ♍□❒⧫♋■♳□ ♋ ♍♋♌♏⌘♋☝ ☞♓■♋●❍♏■⧫♏☞ ♏■ ❽☹□□●♋◆ □ ●♏◘❒□⬩□❾☞ ☹□□●♋◆ ♏ □ ❒♏⬩◆□ ♳♏ ♏■➚♏❒❍□⬩ ♳♏ ●♏◘❒♋ ♏■➚❒⇔■⧫♋■⬩♏ ♋□⬩ ♌❒♋■♍□⬩☞ ♋□⬩ ❑◆♏ ♍◆●◘♋■ ♳♏ ⧫❒♋♏❒●●♏⬩ ♋ ♏■➚♏❒❍♓♳♋♳♏☞ ♏ ●□♓⧫♋■ ◘□❒ ⧫♏❒ ◆■♒♋ ❍□❒⧫♏ ♳♓♑■♋ ■♋⬩ ⬩▫♋⬩ ⧫♏❒❒♋⬩☞ ♋◤■♳♋ ❑◆♏ ⬩⇔ ☹□□●♋◆ □ ♍□■⬩♏♑◆♏☝




Recensións:

- Ramón Nicolás, “Polos Mares do Sur”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 19, “Libros”, 21 novembro 2002, p. IV.

Comeza destacando a presencia en galego de boa parte da producción deste autor e o éxito acadado por estas obras. Sinala logo que o espacio no que se desenvolven os relatos de *Polos mares do Sur* é nas illas Fixi, a Polinesia e a Melanesia. Tamén alude á presencia de elementos autobiográficos, ao compromiso do autor a través da denuncia que fai do sometemento do home branco no seu colonialismo, nunha obra na que o protagonismo é para "os desasistidos da sorte", onde as biografías están dominadas polo lado máis escuro e intransixente do ser humano. Do mesmo xeito, ve elementos constantes da obra do autor, pero caracterizados polo interese que esperta o seu tratamento literario en cinco traxedias, das que nomea aos seus protagonistas, para rematar sinalando que esta é unha obra "sobre a vida e a morte encaracoladas".

- Xavier Castro R., "Relatos dun clásico da literatura de aventuras, Jack London", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", 22 decembro 2002, p. 4.




Despois de apuntar o cambio de postura na atención que as editoriais están prestando nos últimos anos á literatura infantil e xuvenil, céntrase na obra *Polos mares do Sur*, de Jack London. Lembra algunhas das obras máis destacadas do autor, entre elas *A chamada da*

selva ou *O lobo de mar*, nas que destaca a presencia de elementos autobiográficos e as ambientacións exóticas. Desta obra traducida por María Fe González Fernández sinala que está formada por cinco relatos breves nos que se atopan as constantes antes mencionadas da súa obra, ademais de trazos como o afán de supervivencia do individuo, a loita e violencia do ser humano ou a forza da natureza destas terras tan afastadas.




Referencias varias:

-R. L., “Para visitar a Jack London”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 16 novembro 2002, p. 10.

Comeza anunciando a publicación desta obra de Jack London en galego, *Polos mares do Sur*, da man de María Fe González Fernández. Destaca da traducción o feito de que logre manter a “forza orixinal das palabras dun escritor excepcional”, ademais da súa musicalidade, que asocia coa forza do mar, e remata recomendando a súa lectura.

Mallorquí, César, *As lágrimas de Shiva (Las lágrimas de Shiva, 2002)*, Premio Edebé, trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 18, abril 2002, 238 pp. (ISBN: 84-8116-870-X).

Novela de misterio de César Mallorquí (Barcelona, 1953) estructurada en doce capítulos. Focalízase a acción no verán que Xabier, un rapaz de doce anos, pasa na casa duns tíos que viven en Santander. Ao chegar ao novo fogar e coñecer as súas catro primas, fai especial amizade con Violeta, a quen lle pregunta por algo que sempre fora un enigma na familia dos Obregón: Beatriz de Obregón e as Lágrimas de Shiva. Violeta nega calquera tipo de resposta pero, debido á vivencia de estrañas aparicións na casa, vese na obriga moral de contarlle os pormenores dunha historia que tivera lugar a principios de século: Beatriz de Obregón foi unha rapaza á que a súa familia quería casar por conveniencia con Sebastián Mendoza, fillo doutra apoderada dinastía, este regaloulle un colar con cinco pedras preciosas (As Lágrimas de Shiva) e, no momento da voda, a noiva desaparece co agasallo. A raíz disto, comezan as vinganzas e ofensas da familia Mendoza á Obregón que perduraron co paso do tempo. Volvendo ao presente, Violeta e Xabier deciden iniciar unha investigación sobre o que realmente acontecera coa súa antepasada pois, segundo a súa

interpretación, “quería dicirlles algo”. Tras moi diversos avatares, aparicións, investigacións e historias paralelas á principal –entre as que se atopa un novo idilio Obregón-Mendoza protagonizado por Rosa, irmá de Violeta– os dous curmáns descobren a auténtica verdade de todo o sucedido e conseguen unha reconciliación entre as familias. A obra remata cando




o protagonista volve á casa.

Recensións:

-María Navarro, “Cando chora Shiva”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”,* nº 10, “Infantil/Xuvenil”, 19 setembro 2002, p. VII.

Salienta que esta obra de César Mallorquí, *As lágrimas de Shiva*, foi a gañadora do premio Edebé de Literatura Infantil en 2002. Ademais de dar a coñecer a trama argumental da mesma, incide sobre o carácter xuvenil que posúe e a excesiva carga de incríbeis finais felices nunha novela que “tenta ser real”.

Mateos, Pilar, *A princesa que perdeu o seu nome*, trad. Antonio García Teijeiro, ilust. Teo Puebla, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 4, serie Vermella (a partir dos 5 anos), 2002, 44 pp. (ISBN: 84-263-4898-X).

Nesta obra de Pilar Mateos (Valladolid, 1942), que comeza co clásico “Era unha vez”, coñecemos as desventuras dunha princesiña tan despistada que chegou a perder o seu nome. Despois de procuralo polos máis imprevisíbeis lugares e de pedir axuda a varios personaxes, vai ser unha pomba, símbolo da paz, a que devolva o nome á protagonista da historia. Tratábase dunha pomba máxica que, ao seu paso, devolvía a felicidade, a xustiza e a solidariedade a todos os lugares polos que pasaba. No volume alternan as páxinas de texto coas de ilustracións a toda cor do toledano Teo Puebla (La Puebla de Montalbán, 1943).

Mebes, Marion, *Nin un biquiño á forza* (*Kein Küsschen auf Kommando*), ilust. Lidia Sandrock, trad. Servicio Galego de Igualdade, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude)/Servicio Galego de Igualdade, 2002, [24 pp.]. (DL: VI: 2316-02).

Con marcado ton didáctico, esta obra de Marion Mebes publicada polo Servicio Galego de Igualdade enmárcase dentro do Plan de Acción contra a violencia de xénero en Galicia (2002-2005) e ten por obxectivo contribuír educativamente á prevención deste tipo de violencia. Con frases breves e debuxos de cores sobre fondo branco de Lidia Sandock, que representan a nenos e nenas en diferentes actitudes, trasládaselles aos primeiros lectores, aos que vai dirixida a obra, a descrición do que é un bico e as sensacións que se poden experimentar con cada tipo de bico. Trátase de fomentar nos cativos a toma de conciencia da súa independencia á hora de tomar decisións como a de recibir ou ofrecer bicos sen sentirse obrigados. Remata aconsellando ao lector a que pida axuda sempre que a precise.

Nesquens, Daniel, *Eu non sei nadar*, ilust. Mikel Valverde, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Editorial Galaxia/Editores Asociados, col. ¿E que?, marzo 2002, 30 pp. (ISBN: 848288-510-3).

Inserido na colección "¿E que?", dedicada especialmente á atención pola diversidade, este conto de Daniel Nesquens é protagonizado por Mateo, un rapaz distinguido dos demais por non ter aprendido a nadar. Os seus catro amigos, Francho, Rafa, Carola e Ramón, divírtense cos xogos na auga mentres el tan só se limita a observalos e, moi lonxe de sentirse enfastiado por esta situación, recrease vendo ao resto. Ante a burla allea por non saber nadar, el explica que ese non é motivo para que se mofen e demostra que todos eles teñen tamén algunha lagoa. Aínda así, remata amosando que, co tempo, tamén aprendeu a facelo. A historia pode seguirse tamén por medio das ilustracións do coñecido creador Mikel Valverde (Vitoria, 1966).

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, 17 setembro 2002, p. VII.

Ver Juanolo, *De man en man*, neste apartado do *Informe*.





Nöstlinger, Christine, *Un* (*Einer*, 1980), trad. Franck Meyer, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 116, serie Verde (a partir de 9 anos), outubro 2002, 40 pp. (ISBN: 84-8302-892-1).

Nesta obra de Christine Nöstlinger (Viena, 1936), un narrador omnisciente clásico conta diversas pasaxes da vida de Un, curioso e solitario personaxe que vaga polo mundo na procura do bo tempo. A súa vida monótona muda cando é acollido por unha muller "redonda coma unha bóla" da que se namora e coa que ten un fillo. Chegado o inverno abandona a súa nova familia e viaxa cara ao sur na procurada de xente "dobar-dan" e do tempo bonanceiro. Despois de coñecer nova xente e de vivir innumerábeis aventuras (traballar nun circo, viaxar en barco, etc.) regresa ao lado dos seus cos raios de sol que anuncian un novo verán. Esta edición en galego da obra de Christine Nöstlinger conta coas suxestivas ilustracións do galego de adopción Enjamio (La Habana-Cuba, 1962).

Obiols, Miquel, *A auga está enferma (L'aigua està malalta*, 2002), ilust. Óscar Villán, trad. Xoán Couto, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, abril 2002, 39 pp. (ISBN: 84-8464-109-0).

Neste relato fantástico-realista de Miquel Obiols (Roda de Ter-Barcelona, 1945), coa axuda dunhas ilustracións moi axustadas ao que se conta realizadas por Óscar Villán (Ourense, 1972), relátase o que lle aconteceu ao protagonista, Xonás, e ao seu pai coa auga durante dous días das vacacións por mor de chegar á casa, situada nun barrio, cansos de correr e con ansias de beber. A anécdota parte de cando o pai de Xonás quere darlle un vaso de auga pero esta négase a entrar nel e nos conflictos que isto provoca que chegan a facer que o pai diminúa de tamaño e teñan que solicitar axuda ao "Servicio de Urxencias", que resolve o caso dado que se produciron moitos deste estilo. Saliéntase a enfermidade da auga como un problema ecolóxico, a relación pai-fillo e faise referencia a outras relacións coa auga, que asustaba ao protagonista, como cando por exemplo lembra que ao día seguinte tiña competición na piscina e ten que devolverlle a Lena o libro *Vinte mil leguas de viaxe submariña*.

Olaizola, J. M., "Txiliku", *Vou ter unha irmanciña (Arreba txiki bat dut, eta zer?)*, ilust. Jokin Mitxelena, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Editorial Galaxia/Editores Asociados, col. ¿E que?, nº 8, marzo 2002, 30 pp. (ISBN: 84-8288-509-X).

Obra de J. M. Olaizola (Zarautzen, 1951) que ten como principal protagonista ao pequeno Tomé. O neno está a piques de ter unha irmanciña e anda moi intrigado sobre o mundo dos bebés. Un día acode cos seus pais ao hospital e sorpréndese ao comprobar que a súa futura irmanciña está metida nun vello televisor en branco e negro, posto que el non entende o que é unha ecografía. Naquel momento todo lle parece moi estraño e séntese abraiado. Co seu amigo Manuel discuten das vantaxes e inconvenientes de ter un novo membro na familia e sobre todo na casa, porque hai que compartir todo con eles. Manuel dille tamén que as rapazas son moi choronas e moi egoístas e que xa verá o que lle espera. Ao final, cando nace a nena, Tomé comproba que é moi bonita e moi simpática. El séntese feliz e incluso se gaba dela fronte a Manuel. O texto está acompañado das ilustracións de Jokin Mitxelena (Guipúscoa, 1962) e serven como axuda á comprensión do relato.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, “Infantil/Xuvenil”, 19 setembro 2002, p. VII.

Ver Juanolo, *De man en man* neste apartado do *Informe*.

Paloma, David, *Un bo costume*, ilust. Teresa Novoa, trad. Xoán Babarro, Barcelona: Editorial Combel, col. Cabaliño Alado, serie Galope (a partir de 6 anos), setembro 2002, 21 pp. (ISBN: 84-7864-673-6).

Volume de David Paloma que se presenta con pastas brandas, formato cadrado e corpo de letra de tamaño grande na parte inferior de cada páxina, xa que a parte superior está ocupada polas ilustracións de Teresa Novoa (1955). Recolle a historia de Tranquiliño, un neno que se caracteriza pola sensatez e o bo xuízo dende o ventre materno e que, gracias a esas calidades consegue deter unha guerra que tiña lugar nas inmediacións do lugar no que vivía. Despois de tentar infructuosamente implicar aos pais, á mestra e ao director do colexio, decide pasar á acción e plantarse no medio do campo de batalla. O final feliz chega cando os exércitos rivais deciden sentar a ambos lados dunha gran mesa e solucionar as súas discrepancias a través do diálogo.

Perrault, Charles, *Contos completos de Charles Perrault (Griselidis, nouvelle. Avec le conte de Peau d'Asne, et celuy des Souhaists ridicules*, 1694) (*Histoires ou Contes du temps passé*, 1697), introd. Gustavo Martín Garzo, ilustradores Javier Serrano, Paz Rodero, Rocío Martínez, Ulises Wensell, Teresa Novoa, Juan Ramón Alonso, Emilio Urberuaga, Arcadio Lobato, Ana López Escrivá, Alicia Cañas Cortázar, Asun Balzola e Carme Solé i Vendrell, trad. Joëlle Eyheramonno e Emilio Pascual, apéndice Emilio Pascual, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2002, 270 pp. (ISBN: 84-8302-900-6).

Volume de luxo que presenta en tapas duras e gran formato a versión galega dos contos publicados por Charles Perrault (París -1628-1703) entre 1695 e 1697 e que constitúen un punto de referencia obrigado dentro da literatura infantil e xuvenil universal. Os textos literarios están precedidos dun prólogo titulado "Pagar en peñor" e asinado por Gustavo Martín Garzo, no que, entre outras reflexións, relaciona os personaxes creados por Perrault con certos mitos moi estendidos e tamén con personaxes literarios de todos os tempos. Compárao con outros clásicos como Andersen ou os Grimm, e considera que o escritor francés soubo crear "un compendio universal dos contos", que reflicten o conxunto das preocupacións do ser humano. Detense Martín Garzo, especialmente, na figura de Barba

Azul e leva a cabo unha análise deste personaxe. A seguir figuran os textos literarios agrupados en dous bloques, segundo sexa en prosa ou en verso. Así, en “Contos en verso” figuran os seguintes: “Grisélide” (ilustrado por Paz Rodero), “Pelica de Asno” (coas ilustracións de Rocío Martínez), “Os desexos ridículos” (con debuxos de Ulises Wensell), ademais dun breve prólogo do autor. En “Contos de Antano” están incluídos os que seguen: “A Bela dormente do bosque” (ilustrado por Teresa Novoa), “A Carrapuchiña vermella” (con debuxos de Juan Ramón Alonso), “Barba azul” (con ilustracións de Emilio Urberuaga), “Mestre gato” ou “O gato con botas” (con ilustracións a cargo de Arcadio Lobato), “As fadas” (debuxado por Ana López Escrivá), “A Cinsenta” ou “O zapatiño de cristal” (con ilustracións de Alicia Cañas Cortázar), “Riquete o do copete” (ilustrado por Asun Balzola) e “Polgariño” (con debuxos de Carme Solé i Vendrell). O penúltimo apartado está ocupado pola notas, que contribúen a resolver dúbidas léxicas e tamén aclaran as intertextualidades presentes nos contos. Finalmente, no “Apéndice”, Emilio Pascual achéganos á vida, á obra e á época de Charles Perrault e leva a cabo unha pormenorizada análise individual de cada un dos textos traducidos.




Referencias varias:





-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, 26 decembro 2002, p. VII.

Ver López López, Xabier, *O mono no espello*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Rivera Ferner, Marta, *Garoto busca unha estrela*, ilust. da autora, trad. Carme Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, outubro 2002, [32 pp.]. (ISBN: 84-8302-870-0).

Garoto é un canciño tan pequeno coma un grilo. Unha noite, mentres estaba a durmir, viu caer unha estrela dende o ceo, polo que pensou en ir buscala e púxose en camiño; pero topouse cunha flor, cun escaravello, cunha aguia, cunha bolboreta e cunha árbore que se fartaron de repetirlle que sería incapaz de atopala co pequeno que era. Garoto, teimudo, continuaba na súa busca e finalmente deu coa estrela Lucila quen, por un despiste, caera á terra e mancárase. O canciño curouna e axudouna a volver ao ceo. Achámonos perante un novo conto da colección “Merliño” no que a historia de Marta Rivera Ferner (Arxentina) narrada en terceira persoa é acompañada por unhas ilustracións creadas con técnica mixta da autora.

Rivera Ferner, Marta, *O sapo, a sapiña e a súa branca tripiña*, ilust. da autora, trad. Irene Penas Murias, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2002, 48 pp. (ISBN: 84-403-0426-9).

Nesta obra da arxentina Marta Rivera Ferner cóntase a historia dun sapo cunha barriga moi branca que lle cantaba todas as noites á lúa ata quedar ronco e canso. Pero unha boa noite a lúa manifestoulle ao animal a súa total repugnancia cara ás súas particulares interpretacións nocturnas, feito que lle entristeceu enormemente e motivou a decisión de se afundir na poza e non saír máis ata que a lúa non estivese escondida tralas nubes. Ese día chegou e os seus cantos namoraron a unha sapiña, momento a partir do cal deixou de cantarlle á lúa para deleitar á súa namorada.

Robberecht, Thierry e Philippe **Goossens**, *Meu pai foi rei (Toen papa koning was, 2001)*, ilust. dos autores, trad. Xosé A. Neira Cruz, Madrid: Editorial Luís Vives/Tambre, 2002, [28 pp.]. (ISBN: 84-263-4726-6).

Conto fantástico-realista, de Thierry Robberecht e Philippe Goossens no que o protagonista relata como a relación de amizade, cariño, compenetración e confianza que existe co seu pai vaise deteriorando a raíz do tamaño tan enorme que adquire o pai dende que o nomean rei. A través dos ollos do protagonista, enuméranse as consecuencias nefastas que se producen no ámbito familiar dende o ascenso profesional do pai, a ausencia da figura paterna na casa, a imposibilidade de xogar ás agochadas con el, o dano que lle fai á nai ao intentar darlle unha aperta... Ao final, será a soidade que sente o pai, ao non poder gozar da súa familia, a que provoque a toma dunha decisión importante: deixar de ser rei e volver a xogar ás agochadas co seu fillo.

Rodari, Gianni, *A góngola fantasma* (*La gondola fantasma*, 1953), ilust. Federico Delicado, trad. Silvia Gaspar, presentación Teresa Durán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, nº 22, serie Verde (a partir de 10 anos), outubro 2002, 128 pp. (ISBN: 84-8302897-2).

Trátase da versión galega da obra de Gianni Rodari (Piamonte, Italia, 1920). Este relato foi publicado inicialmente no ano 1953 nunha revista infantil. Atopamos como temas principais a amizade, o medo, o odio e a intriga. A obra está estructurada en dezaseis capítulos, todos eles titulados, e presenta ilustracións en branco e negro que son obra de Federico Delicado. Ambientada nas canles venecianas, un narrador omnisciente en terceira persoa, presenta a historia dunha góndola fantasma que navega á deriva por Venecia. Ao longo do relato ocorren as máis dispares situacións: enganos, roubos, pelexas... O obxectivo principal de todos os personaxes é atopar o fillo do Califa de Bagdad. Coa axuda duns e doutros, os diversos personaxes como son Arlequín, o capitán Tato, Polichinela... descobren ao final que o fillo do Califa é o choqueiro. O autor sérvese dos típicos personaxes da Comedia da Arte para presentar esta obra cómica e intrigante.

Referencias varias:

-Jesús Fraga, “Unha historia veneciana”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 21 decembro 2002, p. 11.

Empeza salientando o papel de Rodari dentro da literatura en xeral. Manifesta que é un dos máis coñecidos escritores do século XX dentro da literatura infantil e xuvenil. Finalmente puntualiza que *A góndola fantasma* “é unha homenaxe á *Comedia da arte*”, unha obra chea de personaxes que fan que a trama sexa máis intrigante e divertida.





Rowling, J. K., *Harry Potter e a pedra filosofal (Harry Potter and the Philosopher's Stone)*, trad. Marilar Aleixandre, Vigo/Barcelona: Editorial Galaxia/Ediciones Salamandra, febreiro 2002, 255 pp. (ISBN: 84-8288-496-4).

Trátase da primeira edición en galego da serie de aventuras que ten como protagonista ao pequeno meigo Harry Potter. Creado por J. K. Rowling (Inglaterra,1965), Harry vai ser o personaxe principal desta obra estructurada en dezasete capítulos. Despois de quedar orfo, o neno pasa ao coidado dos seus tíos, os Dursley. Con eles a vida é difícil e aburrida. Os seus tíos non o tratan moi ben e o seu curmán Dudley é un insoportábel chorón. Así transcorren os días, tristes, incluso o día do seu onceavo aniversario. Sen embargo todo muda de súpeto cando Harry recibe unha carta que o deixa estupefacto. Nela, anúnciaselle que foi aceptado na escola de maxia Hogwarts, onde poderá ir descubrindo pouco a pouco os seus poderes e aprender a empregalos para facelo ben. Deste xeito tan peculiar, Harry descobre que é meigo, e será na mesma escola onde coñeza a Hermione e Ron Weasley que pasan a ser os seus mellores amigos. Con eles comparte o día a día das actividades do colexio, e sobre todo o deporte que a Harry tanto lle gusta e do que é campión, o *quidditch*, que é unha especie de fútbol aéreo.

Recensións:

-Marilar Aleixandre, “No rescate de Harry Potter”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, “Libros”, 22 maio 2002, p. II.

Pon de manifesto que os libros de Harry Potter teñen unha maxia especial que fai que o lectorado quede enganchado coa lectura e estea ávido por coñecer máis e máis sobre as aventuras deste pequeno meigo. Apunta tamén que ao longo das obras e sobre todo dos personaxes, podemos ver reflectido a admiración que a autora, Rowling, sente por clásicas autoras inglesas como Jane Austen ou as irmás Brontë.

- Paula Fernández, “Fantasía e diversión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Infantil/Xuvenil”, 6 xuño 2002, p. VII.

Empeza falando de *Harry Potter e a pedra filosofal* e da súa traducción ao galego por parte da escritora Marilar Aleixandre. A continuación fai unha breve sinopse da obra, resaltando a

perfecta combinación que a autora, Rowling, consegue para conxugar o fantástico co máxico e mitolóxico. Finalmente critica a excesiva publicidade que a compañía Warner Bros lle deu a obra, coincidindo coa estrea cinematográfica baseada nesta, e di que o feito de encadrar tanto a obra nun mundo exclusivamente infantil pode afastar a un público adulto de gozar desta lectura.




- Domingo Tabuyo, “Harry Potter fala galego”, *Guía dos libros novos*, nº 41 “Literatura infantil e xuvenil”, xullo 2002, p. 25.

Achégase á traducción feita por Marilar Aleixandre de *Harry Potter e a pedra filosofal*, de J. K. Rowling, da que destaca o tratamento poético que ten na versión galega e que lle proporciona rima e ritmo, ausente na castelá. Da obra sinala elementos como o mundo simbólico, as referencias literarias e filosóficas e a súa capacidade para manter o interese do lector. A interacción de dous mundos paralelos, un vocabulario específico, os xiros lingüísticos propios do galego, os recursos clásicos da escrita como son o contraste do bo co malo, do positivo enfrontado ao negativo ou a amizade son algúns dos elementos desta obra. Sinala outros trazos do argumento, especialmente centrado no papel encarnado por

cada un dos personaxes, así como a relación de complicidade que Potter ten co gardabosques e o director da escola e a aparición de animais fantásticos.




-A. R. López e Soedade Noia, “Harry Potter en galego da man de Galaxia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 449, 26 decembro 2002, p. 7.

Empeza salientando a boa acollida que tivo a primeira entrega en galego das aventuras de Harry Potter, *Harry Potter e a pedra filosofal*, cunha tirada inicial de catro mil exemplares, traducida directamente do inglés por Marilar Aleixandre. Notifica tamén as protestas que a Mesa Pola Normalización Lingüística fixo ante a directiva da Warner en España por negarse a dobrar a última entrega do pequeno meigo ao galego. Segundo manifesta a mesa, “non corresponde a criterios empresariais senón a “prexuízos”.

Referencias varias:

- Rosé Carrera, “A editorial Galaxia lanzará a edición en galego de todos os libros de Harry Potter”, *Atlántico Diario*, 31 xaneiro 2002, p. 14.

Sinala que será a Editorial Galaxia, despois de firmar un acordo con Publicaciones y Edicións Salamandra SA, a encargada de presentar as aventuras do pequeno meigo Harry Potter en *Harry Potter e a pedra filosofal*. Di tamén que a traducción foi feita pola escritora Marilar Aleixandre.

- AFA, “Harry Potter en galego”/“A quinta entrega do ‘Harry Potter’ en galego sairá ó mercado á par do castelán”, *O Correo Galeg/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 6 abril 2002, p. 33/p. 76.




Dáse conta da presentación de *Harry Potter e a pedra filosofal* en Santiago de Compostela da man da editorial Galaxia, que ten a intención de traducir a serie completa. Indícase que a traducción de Marilar Aleixandre está feita directamente do inglés e que non se puideron adaptar os nomes, os topónimos e os alcumes. Recóllense as palabras de Damián Villalaín nas que se refire ás condicións da editorial Salamandra, dona dos dereitos. Sinálase tamén que esta obra está traducida a cincuenta e cinco linguas e que é un caso extraordinario en canto á animación á lectura entre os máis novos. Remátase sinalando que Damián Villalaín

anunciou tamén a presentación póstuma da obra de Carlos Casares, *O sol de verán*, de quen se ofrece unha breve achega biográfica.




- C. P., “Harry Potter, en galego, da man de Galaxia e Marilar Aleixandre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 abril 2002, p. 26.

Anuncia a presentación da obra *Harry Potter e a pedra filosofal* en coedición da editorial Galaxia e a catalana Salamandra. Sinala que é unha traducción do inglés feita por Marilar Aleixandre, da que Damián Villalaín sinalou que ten máis calidade que a feita ao castelán. Refire datos tamén da edición e das condicións impostas pola editora catalana.

- Carmen Villar, “Harry Potter xa fala galego”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad”/“Cultura”, 6 abril 2002, p. 56/p. 60.

Empeza cunhas frases tiradas do libro *Harry Potter e a pedra filosofal*. A seguir di que se trata do primeiro libro da serie de Rowling traducido ao galego da man de Marilar Aleixandre para a editorial Galaxia. Explica que a traducción non foi moi doada nun primeiro momento

posto que a editorial catalana Salamandra, titular dos dereitos da obra, puxo varios impedimentos. Para rematar di que a tirada inicial foi de catro mil exemplares e que segundo manifesta Damián Villalaín, director de Galaxia, está tendo unha moi boa acollida.




- AFA, “Harry Potter en galego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 maio 2002, p. 33.

Sinala que, cunha tiraxe inicial de catro mil exemplares, se presentou a nova entrega das aventuras do meigo Harry Potter. Trátase de *Harry Potter e a Pedra filosofal*, editada por Galaxia.

- A S, “Traductores: meigos das linguas. ‘Eu respecto a maneira de falar dos personaxes”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 maio 2002, p. 45.

Recóllense as opinións de Marilar Aleixandre, quen sinala que a traducción é un xeito de desconectar despois de cada novela. Sinala que é unha namorada de Harry Potter, de quen verteu ao galego a primeira entrega. Alude á importancia na traducción do respecto pola fala dos personaxes, aspecto que non se tivo en conta na versión castelá. Remata laiándose que

non lle fora permitido traducir os nomes ao galego, co que os lectores terían gozado máis.




- Beatriz Abelairas, “Harry Potter, más globalizado”, *Qué leer día a día*, nº 66, “Otras letras”, maio 2002, p. 26.

Comeza referíndose á traducción ao galego de *Harry Potter e a pedra filosofal* (2002) e á calidade da traducción a cargo de Marilar Aleixandre. Tamén dá conta das imposicións da editora catalana que ten os dereitos e as causas do atraso no lanzamento desta obra. A seguir, sinala que a Asociación Española de Críticos Literarios lle outorgou os seus galardóns a Xosé Vázquez Pintor pola novela *A memoria do boi* (2001) e a Manuel Forcadela polo poemario *Refutación da musa* (2001). De Xosé Vázquez Pintor destaca o seu interese polo vocabulario popular, explica a liña argumental da novela gañadora e adianta outros traballos do autor. Do poemario de Forcadela indica que está na liña de toda a súa producción, que foi traducido ao italiano, ao portugués e proximamente ao castelán, para rematar aludindo tamén á futura traducción da obra de Xosé Carlos Caneiro por parte dunha editorial xermana.

- Rocío Cortés Galdo, “O feitizo de Harry Potter”, *El Progreso*, “Verano”, 4 xullo 2002, p. 72.

Ver Vidal Rivas, Xerardo, *A balada do nudista caviloso* no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

- Miguel Anxo Fernández, “Harry Potter en la sopa”, *La Voz de Galicia*, “Interferencias”, 30 novembro 2002, p. 61.




Reflexión sobre o feito de que a película baseada nas aventuras de Harry Potter non poida ser traducida ao galego, sobre a repercusión dunhas productoras nos medios de comunicación fronte a outras e nas medidas que serían necesarias para a normalización da nosa cultura. Remata preguntándose se o novo volume que publica en galego a editorial Galaxia terá o mesmo efecto mediático que a súa versión fílmica.

Rowling, J. K., *Harry Potter e a Cámara dos Segredos (Harry Potter and the Chamber of Secrets*, 1998), trad. Eva M. Almazán García, Vigo/Barcelona: Editorial Galaxia/Ediciones Salamandra, 2002, 285 pp. (ISBN: 84-8288-577-4).❿

Segunda entrega en galego da obra de J. K. Rowling (Inglaterra, 1965). Trátase de *Harry Potter e a cámara dos segredos*, articulada en dezaoito capítulos, todos eles titulados. Despois dun intenso e interesante ano na escola de maxia Hogwarts, Harry está preparado para o segundo ano. Consciente xa da súa condición de meigo, ansía empezar o novo ano para estar outra vez cos seus dous mellores amigos, Ron e Hermione, e para aprender moitas cousas novas. Montado nun coche voador, diríxese cara á escola onde terá que empregar unha vez máis as súas artes de maxia. Cando se aproxima o mes de xuño, e xa co medo dos vindeiros exames, Harry e os seus compañeiros atopan un pasadizo nun aseo abandonado de rapazas, alí esta o espírito de Myrtle a chorona, asasinada anos antes. Cheo de carraxe, Harry adéntrase na cámara e atopa un enorme e feroz basilisco, contra o que loita e logra vencer. Na cámara atopa tamén a pantasma de Tom Morlow Riddle que lle conta toda a historia de Lord Voldemort: “Voldemort –dixo Riddle en voz baixiña– é o meu pasado, o meu presente e o meu futuro...”

Referencias varias:

- Rosé Carrera, “A editorial Galaxia lanzará a edición en galego de tódolos libros de ‘Harry Potter”, *Atlántico Diario*, 31 xaneiro 2002, p. 14.

Ver Rowling, J. K., *Harry Potter e a pedra filosofal (Harry Potter and the Philosopher’s Stone)*, neste apartado do *Informe*.

- E. P., “¿Maxia sen lingua?”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 novembro 2002, p. 30.

Destaca principalmente as reivindicacións que a Mesa pola Normalización Lingüística fai para que as aventuras de Harry Potter sexan tamén presentadas, cinematograficamente falando, en galego. Critica sobre todo a postura da Warner por este impedimento e por ter aceptado unha versión en catalán.

- AFA, “Unha palabra=mil imaxes”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 novembro 2002, p. 31.





Dá conta da presentación da segunda entrega protagonizada por Harry Potter da man de Víctor Freixanes, director da editorial Galaxia, acompañado dun grupo de rapaces. Saliéntase a boa acollida da primeira entrega, que se esgotou en pouco tempo, dise que a traducción é de Eva Almazán García e critícase que a versión fílmica non tivera sido traducida ao galego. Recóllense as opinións dalgúns nenos presentes no acto nas que indican que prefiren ler os libros que ver as películas e que é unha obra que ten moitas aventuras.

-AGN, “Galaxia volve traducir unha nova entrega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 30 novembro 2002, p. 75.

Faise eco da presentación da segunda entrega protagonizada por Harry Potter en Santiago de Compostela da man dun grupo de rapaces de Dodro. Sinálase tamén que a traducción é de Eva Almazán García. Recóllense as palabras de satisfacción de Víctor F. Freixanes, quen destaca a boa acollida da primeira entrega. Remata sinalando que nesta nova aventura o protagonista xa é meigo e se enfronta a un novo curso na escola de maxia.

- Carmen Villar, “Segundo curso de meigo en galego”, *Faro de Vigo*, 30 novembro 2002, p. 92.

Comenta a presentación no cinema da versión feita sobre *Harry Potter e a Cámara dos Segredos*. Di que o filme foi producido pola Warner, e foi presentado en castelán. Resalta as críticas de Víctor Freixanes, presidente de Galaxia, que di que faría falla unha versión en galego ao igual que pasa co libro.

- E P, “Galaxia presenta a nova entrega de Harry Potter en lingua galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 30 novembro 2002, p. 76.

Dá conta da presentación feita pola editorial Galaxia en Santiago da nova entrega de Harry Potter, *Harry Potter e a Cámara dos Segredos*, traducida ao galego por Eva Almazán García.

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, 19 decembro 2002, p. VII.

Ver Risco, Antón, *O embrión*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.





Rubio, Antonio, *A merliña* (*La mierlita*), ilust. Isidro Ferrer, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do Trasno, decembro 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464173-2).

Un conto popular adaptado por Antonio Rubio que trata sobre a historia dunha merla que vive cos seus cinco merliños no alto dun carballo e que se ve constantemente atacada pola malvada raposa. Ao final, e despois de perder a catro das súas crías, consegue salvar aúltima gracias á axuda do alcaraván. É un conto narrado ao estilo tradicional que presenta unhas esmeradas ilustracións a toda páxina que corren a cargo de Isidro Ferrer e serven de base a unha lectura paralela. Altérnase o tipo de letra e mesmo a cor desta. A narración é áxil e o tipo de linguaxe semella moi axeitado para uns primeiros lectores. Os temas principais que se tratan son o da amizade e tamén a importancia das relacións paternofiliais.

Sabaté i Rodiè, Teresa, *Chámome Asetu* (ISBN: 84-87674-21-6)/*A Caixa Máxica* (ISBN: 84-87674-24-0)/*O Neno sen Nome* (ISBN: 84-87674-46-1)/*¡Boas Noites!* (84-87674-68-2)/*O Sorriso de Tomás* (ISBN: 84-89803-36-6)/*¡Ti tamén, Inés!* (ISBN: 84-89803-38-2)/*Os Xemelgos do Outeiro* (ISBN: 84-89803-42-0)/*Un Accidente* (ISBN: 84-89803-74-9)/*A Andoriña Viaxeira* (ISBN: 84-89803-77-3)/*Nin Laranxa nin Lila* (ISBN: 84-89803-97-8), ilust. Carme Solà Ortega, A Coruña: Baía Edicións, col. Os Dereitos do Neno e da Nena, nºs 1-10, 31 pp. (ISBN colección: 84-89803-98-6).

Colección de dez volume en pastas duras, formato rectangular e distintas cores no lombo. As ilustracións a toda cor de Carme Solà Ortega figuran nas páxinas impares, mentres que o texto de Teresa Sabaté i Rodiè aparece nas páxinas pares. Ábrese cunha introducción na que se indica que está dirixida a nenos de educación infantil e primaria xa que trata temas relacionados con eles. Expón que os obxectivos de pais e educadores deben ser os seguintes: promover actitudes que faciliten a creación de situacións xustas dos nenos e nenas co seu contorno, facer que coñezan as diferencias culturais e étnicas a todos os niveis, e concienciar á infancia das inxustizas que hai no mundo e da necesidade de loitar contra elas. Cada un dos dez volumes inclúe cadanseu artigo da “Declaración dos dereitos

do neno e da nena” na fin do libro, ademais do apartado “Falemos deste conto”, que contén unha serie de preguntas breves sobre o contido de cada un. *Chámome Asetu* recolle a historia dunha nena de Gambia que acaba de chegar a Galicia e céntrase nas diferencias entre a forma de vida do seu país e a que leva a cabo na nosa terra. *A caixa máxica* presenta un invento para tranquilizar os nenos que se portaban mal. *O neno sen Nome* recolle a historia dun neno que sofre un accidente de avioneta cando viaxaba co seu avó. Sobrevive e é acollido por unha familia, pero esquece o seu nome e vive inmerso nunha fonda tristura. Un tempo despois recupera o contacto coa familia e tamén o nome. *¡Boas Noites!* mostra unha familia cunha nena pequena que acampa ao carón dunha granxa. Ela foxe de noite e os animais encárganse de coidala e de devolvela ao seu berce na mañanciña. Os pais non coñecen que pasou durante a noite, pero o granxeiro sorpréndese do sono dos animais durante a mañá. *O sorriso de Tomás* é a historia de Tomás, un neno con síndrome de Down, e dos esforzos da familia por integralo na sociedade que o rodea. Destácase a bondade de Tomás, o seu espírito servicial e o sorriso que permanentemente lle regala a quen se achega a el. En *¡Ti tamén, Inés!* unha nena cóntanos como coñece a Inés despois de que esta chegase coa súa familia para vivir a aquel barrio. Inés non pode ir á escola debido a que os pais non teñen traballo nin residencia estábel. Esta situación

supérase cando os pais da narradora axudan a que os pais de Inés atopen traballo, co cal as nenas se converten en amigas inseparábeis e acoden xuntas á escola. *Os xemelgos do Outeiro* recolle a historia de Xabier e Alexandre, dous nenos que viven sós coidando do avó enfermo. Son descubertos por uns estudiantes durante unha excursión e a partir de aí son trasladados á vila, onde teñen asistenta, acoden á escola e nela demostran o moito que coñecen da natureza. Tempo despois, un deles convértese en músico e o outro en médico. En *Un accidente*, despois de ver unha película, a pequena Andrea soña que ten un accidente en América do Sur no que sae moi mal parado o seu irmán Antón. Os servicios asistencias non lle fan caso ás súas reclamacións ata que aparece o Tucano, que a axuda e comprende, dando a entender que son moitos os adultos que non comprenden a linguaxe dos nenos. No remate da historia, Andrea cae da liteira e acorda do soño. En *A andoriña viaxeira*, unha andoriña relátalle a Xela as penurias que sofren os nenos do mundo e que ela contemplou como testemuña directa. Entre eles, salienta os nenos explotados, os denigrados e maltratados, aqueles que van á guerra, os meniños da rúa, etc. Atribúe todos eses males ao pésimo uso que se fai do diñeiro, ao egoísmo e ao afán de medrar a toda costa. En *Nin laranxa nin lila*, recóllese a historia de Pedro, un neno que vive nun val caracterizado polo enfrontamento irreconciliábel de dúas vilas, Laranxas e Lilas. O




protagonista axuda a unha anciá e esta, a cambio, entrégalle unha capa coa que pode ser invisíbel, para, deste xeito, poder ter o maior número de amigos posíbel. Pedro consegue deter os preparativos para unha inminente guerra e, ao mesmo tempo, reconcilia aos veciños de ambos bandos e faise amigo de todos eles.





Schwarz, Annelies, *Baixo o luar do acantilado* (*klippenmond*), trad. e nota sobre a autora Rosa Marta Gómez Pato, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. O ordenador dos 12 anos en diante, 2002, 162 pp. (ISBN: 84-7824-418-2). ©

♍□⬧ ⬧♏◆⬧ ♍□❍◘♋⇧♏♓❒□⬧♎ ❑◆♏ ♏⬧♦♠■ ♎♏⬧♏⊠♋■♎□ ❖♏●□♎ ♐♋♓ ♋⬧ ◘♋♍♍⬧ ♍□■ ♏●♏⬧♎ ♏ ❍♏⬧❍□ ♍♒♏♑♋ ♋ ♍□■❖♏❒♦♏❒⬧♏ ■□ ♑◆♓♏♓❒□ ◘♋❒♋ ♋●♑▫■ ◘♏❒♍□❒❒♓♎□☙ ☞♓■♋●❍♏■♦♏♎ ♍□■⬧♏♑◆♏ ❖♓❖♓❒ ♍□■ ♦♏❖♓❍ ◆■ ❒□❍♋■♍♍ ⬧♏❍♏●●♋■♦♏ ♋□ ♎♏ ❄❒♓⬧♦♠■ ♏ ✋⬧□●♎♋♎ □⬧ ⬧♏◆⬧ ♒♏❒□♏⬧ ♎♏ ●♏■♎♋♎ ■□■ ♏⊠♏■♦□ ♎♏ ♎♓♐♓♍◆●♦♋♎♏⬧ ♎♏♌♓♎□ ♠⬧ ♎♓♐♏❒♏■♍♓♋⬧ ♍◆●♦◆❒♋♓⬧ ♏■♦❒♏ ♋❍♌□⬧ ❒♋◘♋♍♍⬧☙




Saint-Exupéry, Antoine de, *O principiño (Le petit prince*, 1946), trad. Carlos Casares, ilust. do autor, Vigo: Editorial Galaxia, 2002, 95 pp. (ISBN: 84-8288-581-212/12).

Edición conmemorativa dos trinta anos da publicación en galego desta obra de Antoine de Saint-Exupéry (Lyon, 1900-Córsega, 1940) traducida por primeira vez por Carlos Casares en 1972, que agora se edita en maior formato e en pasta dura, preservando a estructura orixinal. Cóntase a historia dun rapaz que realiza unha viaxe interplanetaria fantástica na que se nos dan a coñecer misterios galácticos e pintorescos personaxes. Todo comeza cando ao narrador, parado no medio do deserto co seu automóbil, se lle aparece o Principiño, un "extraordinario rapaciño" do asteroide B 612. A raíz disto, dáse pé a unha conversa na que se poñen de relevo as particularidades do seu pequenísimo planeta. Nárrase que certo día O Principiño decidiu facer unha viaxe por outros planetas ocupados tan só por unha persoa e topouse con estraños personaxes. O sétimo planeta en visitar foi a Terra, lugar do que se fan as máis variadas reflexións. A obra remata cando o protagonista decide volver cara ao seu asteroide de orixe.

Shimel, Lawrence, *Misterio na horta*, ilust. Sara Rojo Pérez, trad. Xoán Couto, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, 2002, 25 pp. (ISBN: 84-8464-125-2).

Obra de Lawrence Schimel (Nova Iorque, 1973) que ten como protagonista principal ao pequeno Xan. Trátase dun relato contado en terceira persoa por un narrador omnisciente e acompañado das ilustracións de Sara Rojo Pérez. O pequeno Xan vive coa súa familia no campo e pasa os días intrigado polos segredos que agochará o vello baúl do avó que se atopa no ático. Un bo día, armado de carraxe encárase escaleiras arriba e descobre unha lupa. Será coa axuda desta lupa coa que Xan vai descubrindo un novo mundo e coa que chega a crerse un auténtico detective. As ilustracións de Sara Rojo Pérez que acompañan ao texto, a toda páxina e a toda cor, dan lugar a unha lectura paralela.

Recensións:

-María Navarro, “Misterios dunha lupa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, “Infantil/Xuvenil”, 23 maio 2002, p. VII.

Empeza facendo un estudio e valoración da ampla obra do neoiorquino Lawrence Schimel. Sinala que entre varias adaptacións de contos infantís tales como *Hansel e Gretel* ou *Cincenta*, conta no seu haber con máis de corenta libros publicados dedicados a un público infantil. Entre eles atopamos *Misterio na Horta*, unha obra chea de imaxinación. Salienta que nesta obra lle debemos prestar especial atención as ilustracións, posto que o seu minimalismo e o xogo de cores “fai que o lector imaxine a realidade do conto dun xeito particular”.





Sierra i Fabra, Jordi, *Nun lugar chamado guerra (En un lugar llamado guerra*, 2002), IV Premio Abril de narrativa para a mocidade, trad. María Cameselle, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, nº 36, maio 2002, 151 pp. (ISBN: 84-8288-540-5).



❍♓●●⇔■⬧ ♎♏ ❒♋◘♋⌘♋⬧ ♏ ❒♋◘♋♍♏⬧ ❖⬋♍♦♓❍♋⬧ ♎♏⬧♦♏⬧ ⬧◆♍♏⬧□⬧ ♏ ♎□⬧ 🡅☒□♎□⬧ ❍♋⬧♓❖□⬧☝ ✌ ♍❒⇔■♓♍♋ ❒♏❍♋♦♋ ♍□♋ ♦❒♏◘♓♎♋■♦♏ ➚◆☒♓♎♋ ♎□ ☒□❒■♋●♓⬧♦♋ ♎♋ ♍♋◘♓♦♋● ♦◆♎⌘♌♏♍♋ ♏ ♋ ♦❒♓⬧♦♏ ♎♏⬧◘♏♎♓♎♋ ♎♏ 💣♓●□☝




Recensións:

-*CLIJ*, “En un lugar llamado guerra”, *CLIJ*, nº 151, xullo/agosto 2002, p. 66.

Despois de describir o argumento desta obra gañadora do Premio Abril, convocado por Editores Asociados e Ámbito Cultural de El Corte Inglés, cualifica a obra de novela-reportaxe que permite identificar o estilo de Sierra i Fabra, a quen considera “un auténtico especialista en el tratamiento novelado de la realidad” e que presenta un texto directo, conciso e áxil no que a fraternidade e o pacifismo son valores a salientar.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 11, “Libros”, 26 setembro 2002, p. V.

Ver Seoane, Xavier, *O sol de Homero. Unha defensa da poesía*, no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

Terradas, Jaume, *A viaxe de Omoh (El viatge de l'Omoh)*, ilust. Montse Español, trad. Silvia Gaspar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, nº 18, serie Azul (a partir de 12 anos), marzo 2002, 112 pp. (ISBN: 84-8302-766-6).

Esta novela de aventuras do profesor universitario de ecoloxía, Jaume Terradas, está dividida en vinte capítulos titulados e relatada por unha voz narrativa en terceira persoa. Preséntase o percorrido de Omoh dende que é arrastrado mar a dentro por unha terríbel tormenta que arrasara a pequena illa na que vivía situada na Melanesia. O protagonista é rescatado por un barco e nel fai uns bos amigos, como son o Loiro, o Músico e o Médico, ademais de aprender leccións fundamentais para a súa vida futura. Chega á cidade americana de San Francisco e descobre un mundo novo, ademais de coñecer e namorarse de Fanny. Todo isto non impide que perda a ilusión por volver á súa pequena illa natal. Consegue ver realizado ese ansiado soño e, desgraciadamente, contempla como xa non quedan vestixios da súa familia. Péchase a obra co apartado "Escribiron e debuxaron", no que o escritor Jaume Terradas fala do seu gusto pola lectura e das diferencias existentes entre as novas tecnoloxías da información e comunicación e o libro, así como mostra o seu desexo de que esta obra agrade ao seu posíbel lector. Por outra parte, Montse Español

(Valle de Arán, 1967), que abre cada capítulo cun pequeno debuxo en branco e negro de trazos áxiles nos que se vai reproducindo os diferentes personaxes da historia, refírese á súa experiencia e goce á hora de ilustrar libros.




Tolkien, J. R. R., *O señor dos aneis II. As dúas torres (The Lord of the Rings. The Fellowship of the Ring*), trad. Moisés R. Barcia, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 57, xuño 2002, 429 pp. (ISBN do volume: 84-8302-826-3) (ISBN da obra completa: 84-8302-682-1).

Segundo volume dos tres que forman parte de *O señor dos aneis*, unha das obras máis coñecidas de John Ronald Reuel Tolkien (Sudáfrica, 1892-Gran Bretaña, 1973). Nesta parte, que leva por título *As dúas torres*, inclúense os libros terceiro e cuarto desta historia de elfos, homes, hobbits e ananos. No libro terceiro a Irmandade do Anel divídese en dous grupos. O primeiro deles, formado por Legolas, Gimli e Aragorn, ao intentar rescatar aos seus compañeiros Merry e Pipin, vese involucrado na batalla do abismo de Helmo entre as forzas de Rohan e as tropas de Isengarda, derrotando finalmente, coa axuda dos ents, as forzas de Saruman o Branco e tomando as posicións de Isengarda. No cuarto libro relátase a historia do resto da Irmandade do Anel, Frodo e Sam, que intentan avanzar ata o Monte do Destino guiados por Gollum, ao que teñen retido mediante a corda de Galadriel, e ao mesmo tempo este intenta conducilos ao refuxio de Elaraña en Cirith Ungol para que esta acabe con eles. Tras a pelexa con Elaraña, Gollum foxe e Frodo é capturado por uns orcos

debido a que Sam o dá por morto. Remata o libro coa partida de Sam tras a pista de Frodo despois de que se dese conta do seu erro de dalo por morto. O volume inclúe nas últimas páxinas un mapa da Terra Media para axudar ao lector a situar os feitos aquí relatados.




Recensións:

-Moisés R. Barcia, “Os eidos de Tolkien”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 1, 9 maio 2002, p. II.

O propio traductor desta obra ao galego analiza neste artigo algúns aspectos da vida e obra de John Ronald Reuel Tolkien, salientando o seu interese polas linguas, folclore, poesía e mitoloxías nórdica e británica dende ben cedo. Indica tamén que a súa formación se centrou nas linguas xermánicas, ademais de no galés e finés, e que obtivo unha cátedra de anglosaxón na universidade de Oxford. Alude a que a súa vida nese lugar era tranquila e que as historias que escribira dende sempre as deu a coñecer alí nunha xuntanza literaria á que asistía. Salienta que desas lendas e mitos que nunca deixaría de escribir e que publicou postumamente o seu fillo, foi de onde naceu *O Hobbit* e *O Señor dos Aneis*. Sinala que o

éxito do primeiro destes libros foi inmediato e que o segundo se publicou despois de que a editorial lle pedise máis material. Por outro lado comenta a ampla difusión que acadou esta obra, traducíndose a moitas linguas, e as distintas interpretacións que recibiu, a pesar de que Tolkien sempre rexeitou que fose unha alegoría defendendo que a escribira polo simple pracer de escribir. Finalmente, baixo o epígrafe “Traducir os ‘Aneis’ ao galego”, dá conta dalgunhas dificultades coas que se atopou á hora de pasar os nomes dos personaxes á nosa lingua.




- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 272, 3 agosto 2002, p. 34.

Páxina literaria dedicada a dúas novas entregas literarias da literatura infantil e xuvenil. En “A triloxía épica tolkiana en galego”, refírese á traducción da obra de Tolkien *O señor dos aneis. As dúas torres*. Ofrece algunhas características do pobo dos hobbits e sinala que nesta entrega os protagonistas, Frodo e Sam, viaxan cara á Terra das Tebras mentres que outros membros da Compañía loitan no escenario principal da Guerra do Anel. Salienta ademais que a triloxía de *O señor dos Aneis*, publicada en 1955, supuxo a renovación do xénero fantástico, que o tema nestas obras é a corrupción do poder e a impersonalización

do mundo industrializado e que esta historia segue a ter unha extraordinaria vixencia entre os lectores mozos. Co título de “Quince minicomedias ateigadas de humor”, recóllese o comentario da obra *Servicio de urxencias*, de Suso de Toro, da que se sinala que se trata de guións levados á pantalla da TVG en 1989, a través dos que o autor propón unha “divertida escenificación do teatro da vida”. Lembrando a concepción de Castelao, dise que o humor de De Toro nace da dor e que é unha forma de encaixar a dureza da vida. En columna á parte, tamén se ofrecen comentarios argumentais da reedición da peza teatral *Os irmandiños* (2002), de Daniel Cortezón, e da obra de relatos *Corazóns amolecidos en salitre* (2002), de Rosa Aneiros.




- Joaquim Ventura, “Unha boa estratexia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 11, “Libros”, 26 setembro 2002, p. V.

Alude ao éxito de J. R. R. Tolkien entre a mocidade de medio mundo e destaca que a aparición no cine da parte correspondente ao primeiro volume da obra deulle un pulo inusitado. Sobre a traducción ao galego indica que é certamente boa e que nesta segunda parte se diversifican os rexistros da lingua de destino. Ademais cre que a súa lectura é unha

boa maneira de facer lectores en galego, que máis tarde lerán a autores galegos. Conclúe indicando que a lectura desta segunda parte poñerá a funcionar a imaxinación dos rapaces xa que, a diferencia do que ocorreu coa primeira parte, o libro sae antes que a película.




Referencias varias:

- X. L. Méndez Ferrín, “Tolkien e nós”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 25 febreiro 2002, p. 2.

Crónica escrita arredor da figura de J.R.R. Tolkien, o autor da novela *O Señor dos Aneis* e que lle foi inspirada ao autor despois de ver a versión cinematográfica de Peter Jackson e de ler a traducción da obra ao galego feita por Moisés R. Barcia para Xerais. Nela o cronista e escritor Méndez Ferrín viaxa aos tempos de estudios e tabernas en Oxford nos que asegura ter coincidido, sen sabelo, con Tolkien, o escritor que “para o seu traballo de Lingüística Ficción manexara” o diccionario do galego Carré Alvarellos.

- Ágatha de Santos, “O galego segue a estar nunha única sección”, *Faro de Vigo*, “Sociedad. Día das Letras Galegas”, 17 maio 2002, p. 45.

Sinala que Moisés Rodríguez está inmerso na traducción ao galego de *O señor dos aneis* e que unha das súas maiores dificultades está en traducir certos nomes e apelidos inventados polo autor. Ademais disto apunta que este traductor cre que vivir deste labor en Galicia é difícil e que fomentar a lectura en galego tamén depende do vendedor, indicando a continuación que non lle parece axeitado agrupar todos os títulos desta lingua baixo a etiqueta de “galego”.

Tolkien, J. R. R., *O señor dos aneis III. O Regreso do Rei (The Lord of the Rings. The Return of the King*, 1955), trad. Moisés R. Barcia, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 58, novembro 2002, 385 pp. (ISBN do volume: 84-8302-916-2) (ISBN da obra completa: 84-8302-682-1).

Terceiro e último volume que engloba os libros quinto e sexto de *O señor dos aneis*, de John Ronald Reuel Tolkien (Sudáfrica, 1892-Gran Bretaña, 1973). No primeiro deles relátanse as batallas que acontecen tras a derrota de Saruman en Isengarda, nas que Aragorn acepta o seu papel como último descendente dos reis de Arnor e Gondor. Por outra banda as forzas de Rohan e Gondor súmanse ás forzas espectrais do Carreiro dos Mortos vencendo nasbatallas de Pelargir e de Pelennor, na que a doncela Éowyn e o hobbit Pipin derrotan ao capitán das forzas de Sauron, o rei bruxo Angmar. Finalmente descríbese a batalla que ten lugar na porta negra do reino de Mordor. Por outro lado no último dos libros Sam rescata a Frodo e conseguen, non sen dificultades, botar o anel no Monte do Destino en Mordor e así destruír a Sauron. Por último dáse conta do destino final de Saruman e dos heroes que participaron nesta triloxía. De igual forma que nas dúas partes anteriores o volume remata

cun mapa da Terra Media no que, ademais de destacarse os topónimos, se ofrecen algúns datos adicionais de carácter histórico.




Recensións:

- C.D.C., “Complétase a triloxía de ‘O señor dos aneis’ en lingua galega”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, “Novidades de Nadal”, 29 decembro 2002, p. 2.

Apunta que coa publicación de *O regreso do rei*, Xerais pecha a triloxía desta historia de hobbits coa que o seu autor revolucionou o xénero fantástico na literatura. Sinala que neste último volume os hobbits Frodo e Sam pasan por distintas aventuras antes de que o seu pobo acade de novo a paz e tranquilidade que defenden. Salienta ademais que esta obra, publicada inicialmente en 1955, conta con detalles e estructuras afastados de modas e que nela se trata o tema da corrupción do poder e a impersonalización do mundo industrializado. Por todo isto cre que esta obra segue a ter hoxe unha extraordinaria vixencia e unha gran aceptación en todo o mundo.

Referencias varias:

-Xesús Fraga, “Xerais completa a traducción ó galego da triloxía de Tolkien ‘O señor dos aneis”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 decembro 2002, p. 52.

Comenta que coa publicación de *O regreso do rei* se completa a traducción ao galego da triloxía máis célebre da literatura fantástica. Así mesmo ofrece algúns datos sobre o traductor e ilustrador da cuberta sinalando que o primeiro fixo unha traducción demorada, e que optou por adaptar ao galego topónimos de lugares que se podían identificar facilmente coa paisaxe galega. Respecto ao ilustrador destaca o seu criterio de non definir demasiado aos personaxes debido a que cada quen os imaxina dunha maneira distinta. Finalmente subliña que ambos crían que había un gran demanda de ler a Tolkien en galego.

- Francisco Castro, “O regreso do Rei”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 14 decembro 2002, p. 26.

Con motivo da asistencia a un ciclo titulado “O rexurdir da fantasía”, no que o traductor e ilustrador desta obra ían falar do seu traballo, destaca o bo labor levado a cabo por todo o

equipo de Xerais á hora de sacar adiante a traducción da triloxía *O señor dos aneis*. Afirma que esta edición é unha das mellores que se poden atopar no mercado e que no tocante a aspectos formais nesta traducción sóubose transmitir a intensidade e a música do orixinal tolkiano.




- AFA, “Xerais saca a terceira entrega da triloxía de ‘O señor dos aneis”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 27 decembro 2002, p. 67.

Sinala a coincidencia da estrea da segunda película de *O señor dos aneis* coa publicación en galego do terceiro volume desta triloxía. Subliña que esta obra, renovadora do xénero fantástico, é debedora da mitoloxía escandinava e que afonda na corrupción do poder e a impersonalización do mundo industrializado. Fai tamén unha pequena alusión ao argumento e destaca que tanto Xerais coma Galaxia contan agora con traduccións de grandes fenómenos editoriais a nivel mundial, apuntando que a segunda destas editoriais vén de sacar do prelo a segunda entrega de Harry Potter.

Uhlman, Fred, *Unha alma nobre* (*No Coward Soul*), introd. Fritz Haber, trad. Roberto Irimia, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, nº 37, outubro 2002, 101 pp. (ISBN: 84-8288-569-3).❿

Novela de Fred Uhlman (Stuttgart, 1901-Londres, 1985) na que Konradin Hohenfels, días antes de ser executado polas súas crenzas políticas, comeza a redactar unha carta dirixida ao seu pai onde lle suplicaba que busque o paradoiro de Hans Schwarz, o seu mellor amigo dende a época estudiantil. Trátase dunha carta na que fai un profundo percorrido polas andanzas que tiveron ámbolos dous en común ademais de pedirlle perdón ao seu amigo. Ambientada na Alemaña nazi trátase dun canto alegórico contra este tipo de pensamento e forma de actuar. Ten como temas principais a amizade e a ideoloxía dun país. O tipo de linguaxe que emprega o autor é sinxela e fai que o ritmo da lectura sexa moi áxil. O espacio que aparece na obra é principalmente urbano posto que a novela sitúase en Stuttgart, durante a toma de poder de Hitler e o conseguinte reacción de protesta. Aínda que predomina un narrador omnisciente en terceira persoa, hai unha serie de acontecementos históricos narrados en primeira persoa, que se ven reflectidos través da relación entre Hans e Konradin.

Referencias varias:

- Manuel Rosales, “Alegato anti-nazi”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 24, 20 decembro 2002, p. IV.

Fálase da emotividade e ao mesmo tempo tenrura que presenta este libro de Fred Uhlman. Dise que se trata dunha obra onde se lle dá moita importancia ao tema da amizade verdadeira que pode perdurar durante anos e incluso superar as situacións máis comprometidas. Tamén sinala que se trata dunha lectura clara e sinxela e que narra dun xeito conmovedor a tráxica época pola que atravesou Alemaña durante os anos de nazismo.

VII. 2. Poesía

VII. 2. 1. Poetas galegos

Álvarez Cáccamo, Pepe, *Lúa de pan*, Iº Premio Arume de poesía para nenos, limiar de Xosé Neira Vilas, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Arume de poesía para nenos, xuño 2002, 69 pp. (ISBN: 84-8485-057-9).

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo 1950) con *Lúa de pan* mereceu o Premio Arume de poesía para nenos convocado pola Fundación Xosé Neira Vilas, unha obra da que o xurado salientou a "mestría constructiva dos poemas, combinando unha fonda expresividade lírica cun sabido tratamento musical do verso, e contemplando con gran acerto e sensibilidade a imaxinación, a fantasía e as facultades creativas e lúdicas do mundo infantil". Nesta obra Cáccamo achega poemas para ler, oír e recitar. Poemas que reflicten as temáticas máis próximas á infancia: a vida animal, vexetal e humana deténdose nos contornos e nos

personaxes e tamén nas vivencias interiores do público infantil. Faino dende a tradición e modernidade pois aínda que se apoia en recursos métricos da lírica oral tamén practica a poesía visual, rompe estrofas e versos tratando a temática con humor e con invocacións ao absurdo tan gratificantes ao lectorado ao que se dirixe.




Referencias varias:

- Vicente Araguas, “¿Para nenos?”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 7 novembro 2002, p. 64.

Comeza afirmando que os escolares do Concello das Rozas que se presentan aos premios imitan polo xeral a Gloria Fuertes, dá unhas notas da vida e obra da poetisa e remata referíndose a *Lua de pan*, de Pepe Cáccamo. Sinala que este poemario está máis preto da poesía popular de Alberti ou Lorca que da de Gloria Fuertes e, polo tanto, voa máis alto a pesar das consonancias que as transcende.

Babarro, Xoán, *Tres contos do máxico tres*, ilust. Santiago Eiroa Pazos, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, [27 pp.]. (ISBN: 84-7824-420-4).

Volume que contén tres contos rimados de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947) con ilustracións de Santiago Eiroa Pazos a toda páxina e cor, nas que destaca o emprego de lapis de cores. Neles cóntase cómo o lobo feroz intenta tirar as casas dos porquiños e marcha rinchando os dentes ao non poder, cómo un raposo lambón come todo o mel del e do seu amigo o lobo coa escusa de bautizar a tres sobriños, e cómo unha princesa namorada é capaz de desfacerse duns malvados coa súa maxia e fuxir co seu amado. Estes tres contos posúen como denominador común a presencia dun número máxico e moi empregado nos contos: o tres. Tres son os porquiños que fan tres casiñas en “Os tres porquiños”, tres son as lambidas que o raposo lle dá ao xerro de mel do seu amigo e coas que di bautizar aos seus tres sobriños en “Principiadiño, medianiño e acabadiño”, e tres son os cabalos que pode escoller a princesa máis nova de “As tres princesas” para fuxir co seu namorado.

Cortizas, Antón, *Dominicus, o dragón*, ilust. Antonio Castro, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 1, serie Vermella (a partir dos 5 anos), 2002, 68 pp. (ISBN: 84-263-4871-8).

Poemario de Antón Cortizas (Ferrol, 1954) con ilustracións a toda cor de Antonio Castro (Ordes, 1947), no que se relatan as aventuras do dragón Dominicus, que vive na aldea de Vilalila de Enriba. Un dragón abofé, cheo de escamas e moi feo, que coma todos os da súa caste, se dedica a facer falcatruadas. Aínda que resultaba un pouco molesto para os veciños, o certo é que o dragón atraía moitos turistas ao botar lume pola boca, pero todo se complica no momento en que se lle esgota o lume para sempre e deixa de chamar a atención. Preocupado polo seu aspecto, e comprobando que ía espido, comeza a poñer roupa, a partir do que decide converterse en bombeiro ao verse nun espello cunha vestimenta rechamante e un casco na cabeza. Disposto a apagar todo o que atopa polo camiño, chega a matar as ilusións da xente, que o expulsa da aldea. Colle camiño ata que chega a un lago onde toma un baño e fica cara ao sol ardente e alí decide qué vai facer a partir de agora, apagar canto astro existe. A partir de aquí os habitantes do pobo de Vilalia

de Enriba daríanse conta de que o dragón nunca sairía das súas vidas, xa que os cambios que se producían no Sol e na Lúa eran por culpa de Dominicus.




Daporta Padín, Mon, *As ras* (ISBN: 84-95350-25-4)/*Unha de amor* (ISBN: 84-95350-26-2)/*Parella guai* (ISBN: 84-95350-27-0)/*Os nenos* (ISBN: 84-95350-28-9)/*No río* (ISBN: 84-95350-29-7)/*No mar* (ISBN: 84-95350-30-0)/*Na neve* (ISBN: 84-95350-31-9)/*Deportistas* (ISBN: 84-95350-32-7)/*De paseo* (ISBN: 84-95350-33-5)/*Festa despedida* (ISBN: 84-95350-34-3), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os contos da rata Luísa, nº^{s} 1-10, 2002, [24 pp.].

Serie de contos rimados de Mon Daporta Padín formada por dez títulos, todos eles coa dedicatoria “A Matías, ‘culpábel’ do nacemento destas historias”, a través dos que se lles vai achegando ao lectorado a vida da familia da Rata Luísa. De pequeno formato, aparecen ilustrados a toda páxina polo propio autor con trazos sinxelos combinados por veces con fotografías, cores moi vivas e letra grande. En cada un dos volumes coñecemos un aspecto da vida da protagonista, dende *As ras*, no que se nos presenta a Luísa que se ri moito co roar das súas veciñas as ras; en *Unha de amor*, trátase cómo a rata Luísa e o rato Roxelio se coñeceron e estableceron o seu niño; en *Parella guai*, explícase como a parella comparte as tarefas do fogar despois de chegaren os dous dos seus respectivos traballos; en *Os nenos*, coñecemos cómo os tres fillos de Luísa e Roxelio van ao colexio e a organización

que teñen cada día dende que se erguen ata que se deitan; en *No río*, *No mar*, *Na neve*, *Deportistas* e *De paseo*, en todos eles se describen as actividades que a familia leva a cabo ao longo do ano, segundo a estación na que nos atopemos, e os animais cos que se atopan en cada unha delas. Finalmente, en *Festa despedida*, volume co que remata, polo de agora, a serie, descríbese a festa celebrada por toda a familia como despedida dos lectores. Caracterízase esta serie literaria polo seu didactismo e a transmisión de valores da sociedade actual como o amor á natureza, a igualdade dentro da parella, a importancia da unidade da familia ou os bos hábitos, que lles son achegados aos máis pequenos de xeito divertido a través desta familia de ratos. Todos os volumes se pechan coa mensaxe “Luísa, Roxelio e máis os ratiños esperan que vos gusten estes seus contiños. ¡Abur!”.




Daporta Padín, Mon, *A ra Rita* (ISBN: 84-95350-35-1)/*O ourizo Rufo* (ISBN: 84-95350-36-X)/*A araña María* (ISBN: 84-95350-37-8)/*O moucho Rubén* (ISBN: 84-95350-38-6)/*O lagarto Alberte* (ISBN: 84-95350-39-4)/*O grilo Filipe* (ISBN: 84-95350-40-8)/*A toupeira Rosa* (ISBN: 84-95350-41-6)/*A carriza Aurora* (ISBN: 84-95350-42-4)/*O saltón Roberto* (ISBN: 84-95350-43-2)/*A banda dos ratos* (ISBN: 84-95350-44-0), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os amigos da rata Luísa, nº[s] 1-10, 2002, [24 pp.].

Esta serie literaria de dez títulos que forman a colección denominada “Os amigos da rata Luísa”, presenta como elementos paratextuais comúns a representación iconográfica de todos os protagonistas na primeira páxina de cada volume, a dedicatoria do autor “A José Luís que lle gustou moito e escribiume para dicirmo” e a páxina final que pecha todos os números coa mensaxe en pareado de: “Luísa, Roxelio e mais os ratiños esperan que vos gusten estes seus contiños. ¡Abur!”. Cada un dos dez volumes está protagonizado por un dos amigos da rata Luísa que segue a disposición de ilustracións a toda páxina, cores vivas e letra grande que Mon Daporta Padín xa mantivera nos “Contos da rata Luísa”. En *A ra Rita*, coñecemos a esta actriz amiga de Luísa nos seus diferentes papeis; en *O ourizo Rufo*, coñecemos a destreza deste animal como xardineiro; en *A araña María*, descríbese o

traballo que María fai todo o día como costureira, tecedora ou xastra con calquera tipo de material; en *O moucho Rubén*, achégaselle ao lector as funcións de garda e vixiante que ten asignado dentro da sociedade Rubén para que todo estea en orde; en *O lagarto Alberte*, coñecemos as trasnadas deste inquieto amigo de Luísa que anda sempre subido en aparellos de rodas ata a súa detención por Rubén; en *O grilo Filipe*, asistimos ao seu concerto no que non hai pandeiro, nin frauta, nin violín, senón só as súas ás; en *A toupeira Rosa*, baixamos ata as covas que esta fai coa súa familia, onde atopa unha cea moi gorentosa que a leva ao hospital despois da enchenta; en *A carriza Aurora* coñecemos a esta boa cantante que todos os días dá un concerto para recibir ao sol; en *O saltón Roberto*, un famoso equilibrista, asistimos a unha sesión dos seus malabarismos enriba da corda; e, finalmente, en *A banda dos ratos*, coñecemos a afección destes pola música e a banda que os curmáns de Luísa Rubén, Raúl, Rosa, Roxelio, Ramón, Rita, Roque, Raquel, Roman, Rodrigo e Roberto teñen, o éxito que acadan e os instrumentos que toca cada un.




Fernández, Ana María, *Amar e outros verbos*, Premio Lazarillo de Creación Literaria, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Editorial Everest-Galicia, col. Punto de Encontro, 2002, 57 pp. (ISBN: 84-403-0424-2).

Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) mereceu con esta obra, *Amar e outros verbos*, o Premio Lazarillo de Creación Literaria 2001, que convoca a OEPLI e ao que concorren obras escritas nas cinco linguas oficiais do territorio español. Abren o volume a dedicatoria da autora aos seus pais por terlle legado a herdanza da voz e dúas citas halógrafas de Antón Avilés de Taramancos e Gerardo Diego, nas que reflexionan sobre a palabra. A seguir, tomando como punto de partida un verbo, en cada dúas follas deste volume, realízase unha análise semántica do verbo por medio dunha expresión poética chea de riqueza léxica, sensual e emotiva. Os vintecinco verbos, que dan orixe a estes vintecinco poemas ausentes de esquemas rítmicos tradicionais, aparecen seguindo a orde do abecedario e neles poetízase amar, bailar, chorar, medrar, morrer, rir, ser, soñar, viaxar..., denotando, con sinceridade e sentimento, as notas máis salientábeis das accións e experiencias humanas que implican. Acompañan estes poemas, dirixidos a todos os públicos, as coloristas e suxestivas ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953),

quen tamén recollen o que para el suxire a palabra poética desta autora que acolleu a lingua galega para se manifestar literariamente.




Recensións:

- Mario Romero Triñanes, “A traxectoria poética da Ana María Fernández”, *Fadamorgana*, nº 8, primavera 2002, pp. 25-28.

Comeza este percorrido pola producción poética de Ana María Fernández deténdose na súa primeira entrega a este xénero, *Pola rúa dos versos* (1990), na que asoman unha serie de recorrencias que aparecerán na súa obra posterior, como é a vinculación co elemento popular, a permanente inspiración na natureza ou a ausencia de calquera elemento urbano. A continuación, achega unha serie de comentarios sobre *Oliña de azucre* (1995) e *Ondas de verde azul* (1994), na que considera se atopa a máis interesante Ana María Fernández, pois a franxa de idade á que vai destinada, maiores de nove anos, deixa translucir un certo despoxo das formas populares e outro tanto de atrevemento a certas innovacións. Con respecto aos seus seguintes poemarios, *Tres voltas ó planeta* (2000) e *A casa de había*

unha vez (2001), sinala que a autora escarva no parentesco entre poesía infantil e conto popular, aínda que botando man de recursos diferentes. Conclúe cunha ampla referencia a *Amar e outros verbos*, que supón unha aposta por unha poesía máis madura e orixinal e liberada de toda a serie de tradicionais esquemas formais e semánticos. Tamén apunta que dentro da ampla reflexión que nesta obra se fai sobre a propia existencia humana, hai lugar para o compromiso social. Por outra banda, cita as obras coas que esta escritora de Palma de Mallorca ten contribuído á literatura galega para os máis novos.




- CLIJ, “Amar e outros verbos”, *CLIJ,* nº 149, maio 2002, p. 65.

Comezan recordando o número de versos que ordenados alfabeticamente (amar, andar, bailar, rir, morrer, soñar, viaxar, ser) xeran os vintecinco poemas deste volume co que Ana María Fernández mereceu o Premio de Creación Lazarillo 2001. Un poemario no que o importante é o ritmo e o ton, as emocións e sensacións ao redor da existencia. Un volume arroupado polas ilustracións de Xosé Cobas que conquistan as páxinas e se funden cos textos e van do abstracto ao figurativo.

Referencias varias:

- X. A. Neira Cruz, “Ana María Fernández. A aposta pola poesía sen idade”, *Fadamorgana*, nº 8, “entrevista”, primavera 2002, pp. 22-24.

Nesta entrevista, Ana María Fernández refírese ao modo en cómo empezou na aventura da literatura e ao seu ambiente familiar que lle foi propicio á súa vocación literaria incipiente. Considera fundamental o labor dos ensinantes e, sobre todo, dos pais para espertar o amor polos libros entre os nenos e que o futuro do libro galego vai depender dos galegos, ademais de aludir á súa escolla como escritora de literatura infantil e xuvenil. A seguir, apunta que quizais sexa necesario reforzar o xénero teatral e comenta que non lle custa nada poñerse na pel do poeta, do narrador ou do dramaturgo. Afirma que a poesía sempre estivo ligada nela a unha forma moi natural de expresión propia e sinala o que significa na súa traxectoria a obra poética, *Amar e outros verbos* , un libro que empezou a actuar fóra dela dende o comezo e no que explorou nunha especie de conversa interxeracional que parte dos adolescentes pero pretende chegar a todo tipo de lectores. Achega as claves que manexou para chegar ao lector adolescente a través da poesía e pídelle á literatura que

estea da parte das cousas boas da vida, así como alude á súa contribución particular á literatura infantil e xuvenil galega.




Ferrer, Ánxeles, *¡Ola, son a Lúa!*, ilust. da autora, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2002, 48 pp. (ISBN: 84-403-0427-7).

Poemario escrito e ilustrado a toda páxina por Ánxeles Ferrer (Valdeorras-Ourense, 1957), que está dirixido aos primeiros lectores. Cun ritmo marcado pola rima asonante dos versos, achégaselles aos lectores a través da voz poética, que se identifica coa Lúa, aqueles elementos propios de cada unha das estacións do ano. Así, a Lúa recita cómo durante a primavera todo é alegría e cores, coas andoriñas facendo os niños, o canto do cuco, ademais da presencia do caracol ou dos vagalumes pola noite. No verán coa calor son as formigas as que traballan mentres as chicharras cantan entre a herba e pola noite acompáñase do canto dos grilos. Xa no outono, explica cómo caen as follas, se gorecen as formigas nos seus formigueiros e minguan os días, para xa no inverno atopar que todos os animais están durmindo, as árbores están espidas, hai fortes treboadas no mar e cae a neve, momento no que a Lúa tamén se acocha a durmir na súa casa.

García Teijeiro, Antonio, *¡Ai, canto falan as pombas que falan!*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos, nº 29 (máis de 8 anos), 2002, 46 pp. (ISBN: 84-7680-404-0).

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) e Manuel Uhía (Portonovo, 1944) uniron o seu talento para crear este poemario centrado fundamentalmente na defensa da paz e da harmonía entre culturas diferentes. Como fío conductor destaca o protagonismo das pombas: pombas de pombal, pombas feridas, pombas falangueiras e pombas que falan e espallan linguas e tradicións diferentes pero que se entenden ben. Formalmente trátase de versos de arte menor nos que destaca a musicalidade, o ritmo, así como a utilización de rimas sinxelas, constantes repeticións e estructuras paralelísticas.

Mosquera Roel, Gloria, *Mamá Cabra. Cantos Rodados*, limiar da autora, ilust. Laura Blanco, A Coruña: Editorial Primerapersona/Xunta de Galicia, 2002, 28 pp. (ISBN: 84-9592325-4). Este volume está acompañado dun CD (ISBN: 84-95923-) e unha cinta de vídeo (ISBN: 84-95923-).

Publicación que acolle un libro máis un CD, que vai acompañada dun vídeo. A autora, Gloria Mosquera Roel, no limiar preséntase como profesora de Educación Musical, pedagoga e fundadora do grupo de música infantil Mamá Cabra. Reflicte o que ela entende por música e explica que creou *Cantos rodados* debido á ausencia de materiais deste tipo en galego e á demanda deles por parte dos mediadores, pois atopouse con que nas aulas se seguen a usar rimas e cancións provenientes "maiormente do mundo rural". Por iso con *Cantos rodados*, que caracteriza por empregar o galego contemporáneo, por mesturar a literatura e música, entre outros trazos, pretenden conseguir os seguintes obxectivos: promover o uso habitual do galego, dar a coñecer poesías e poetas actuais ademais doutros de tipo musical. Finalmente, agradece ás escritoras Ana Mª Fernández, Concha Blanco e Gloria Sánchez e ao escritor Antonio García Teijeiro por cederen oito das dez composicións desta obra. A seguir reprodúcense as composicións que son rimas e cancións dirixidas maiormente ao

alumnado de Educación Infantil e que acompañan aos xogos dos primeiros anos xunto a algunha cantiga máis popular coa que ao parecer se queren achegar ao alumnado de Primaria. Remata o volume describindo os instrumentos que toca Mamá Cabra e os seus nomes, as ideas de Mamá Cabra para traballar cos *Cantos rodados*, a autoría de cada un dos textos para rematar cos integrantes do grupo: Gloria Mosquera Roel (voz, guitarra española), Tomi López Serrano (guitarra española, acústica, baixo, djembé, harmónica e bongoes), Manuel Rey Romero (percusión tradicional), Manuel Iglesias Anido “Sopas” (frautas e garita), Pablo da Lama Piñeiro (frautas) e Diego Maceiras Pedreira (acordeón).




Rodiño, Xan, *A auga* (ISBN: 84-7824-421-2)/*A vaca* (ISBN: 847824-422-0)/*A árbore* (ISBN: 84-7824-423-9)/*O lobo* (ISBN: 84-7824-424-7), ilust. María Lires, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Contos para crecer, 2002, [22 pp.].

Serie de catro volumes de pequeno formato de Xan Rodiño compostos por pareados, nos que se lle achegan aos máis pequenos as características da auga, da vaca, das árbores e do lobo. A través destas estructuras rítmicas, inseridas nas ilustracións coloristas e a toda páxina de María Lires (A Coruña, 1973), o autor busca inculcarlles aos nenos e nenas, a través dos adultos, o respecto polo medio ambiente, a ecoloxía e os animais. Así, en *A auga*, despois de achegar algunhas das súas características dálle paso á voz da propia auga para explicar a súa intervención no crecemento das plantas e dos seres vivos en xeral. En *A vaca* lémbrase a importancia deste animal na sociedade galega, as súas diferentes razas ou a importancia do seu leite. En *A árbore* descríbese o seu proceso de nacemento e medra, o perigo dos incendios e a súa importancia para a limpeza do aire que respiramos. Finalmente, en *O lobo* chámase a atención sobre a perda do hábitat destes animais, coa consecuente falta de espacios e alimentos para eles.

VV. AA., *V Certame Francisco Añón de Poesía*, limiar de Modesto Fraga, fotografías de Corina Pérez Villaverde, epílogo de María José Canitrot, Outes: Concello de Outes, 2002, 112 pp. (DL: C/964/02).?

Volume que recolle os traballos premiados no V Certame Francisco Añón de Poesía, do que se recollen as súas bases, a acta de constitución do xurado e acta da sesión na que se fallou este premio. A obra aparece encabezada por un limiar de Modesto Fraga, membro do xurado, titulado “primavera, palabra e poesía”, onde dá conta da expectante paixón que levantan estes tres elementos sinalando ademais algúns dos tópicos sobre a conxunción destes tres conceptos. Por outra banda outro membro do xurado, María José Canitrot, asina un epílogo no que expón as características que o xurado creu máis salientábeis de cada un dos traballos premiados. Estes aparecen no volume ordenados por categorías e son os seguintes: na categoría A (nenos de seis a dez anos) compartiron o primeiro premio Laura París Ruibal e Eduardo Balsa Noya, categoría na que tamén compartiron accésit Javier Agra García, Cristina Poncelas Abeijón, Tamara Sendón Rey e Carmen Cambeiro Domínguez. Na categoría B (nenos de once a catorce anos) o primeiro premio foi compartido por Víctor

Manuel Molinos Santiago por “Relación imposible” e Gema Andrade Fuentes por “Historias de Xoán e María”. Na categoría D (maiores de dezaoito anos) acadou o primeiro premio Lucía Durán Paredes por “Fillos da néboa”, mentres que Baldo Ramos con “As follas da memoria” e José Fernando Castro Paredes con “Caderno de don(i)celas”, compartiron accésit. Cabe destacar ademais que na categoría C (mozos de quince a dezaoito anos) o premio quedou deserto.




VV. AA., *Recopilación de poesías dos cinco primeiros Certames Literarios Benjamín Paz*, prólogo de Xosé M.ª Felpeto Enríquez. Vilalba- Lugo: Sociedade Cultural Recreativo de Vilalba/CEIP "A. Insua Bermúdez", 2002, 66 pp. (DL: LU 275-2002).






Villar, Miro, *Carlota e a bota perdida*, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, outubro 2002, [32 pp.]. (ISBN: 84-8302-860-3).

Neste relato rimado de carácter fantástico de Miro Villar (Cee,1965) cóntase, a través dun narrador omnisciente en terceira persoa a historia dunha marmota chamada Carlota. A marmota esperta na primavera tras pasar un longo inverno durmindo e cando se ergue vaicara ao río para lavarse con auga fresca e empezar unha nova estación. É alí onde escoita unha voz que lle pide axuda, trátase dunha bota abandonada que vai á deriva polo río abaixo. Carlota pídelle axuda á lontra Xonxa e esta consegue rescatar a bota. Despois de ser salvada, a bota cóntalle a historia da súa desgracia ás dúas protagonistas da obra. O conto vén acompañado dunhas ilustracións a toda cor e a toda páxina da man de Enjamio (La Habana, 1962). O tema principal do relato é a solidariedade e o bo facer.

Villar Janeiro, Helena, *Belidadona*, ilust. Enjamio, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, nº 2, serie Vermella (a partir dos 5 anos), 2002, 58 pp. (ISBN: 84-263-4897-1).

Neste poemario de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) plásmase toda unha vida individual e dunha colectividade. Vida que comezou nunha diminuta aldea alá nun curuto dun monte, como di a autora a través dos versos que compoñen este poemario, con referencias directas ao seu lugar de nacemento condicións case medievais, e dende este momento fai un percorrido polas súas vivencias, polos seus gustos (a música, a lectura, etc.) e pola terra que a viu nacer e medrar, pola cidade que a acolleu (Santiago de Compostela), ata chegar á época das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Unha obra poética que se constrúe coas formas líricas máis clásicas e máis modernas, formas adecuadas ás idades lectoras esperadas: cuartetos, dísticos monorrimos, paralelismos, metáforas, etc., con xogos nemotécnicos, con elementos simbólicos vellos e novos, cos ollos postos nunha universalidade que lle fai facer xogos intertextuais con obras clásicas de todos os tempos, un conxunto de formas e temas que axudan a comprender mellor o país de Belidadona, as súas vivencias e afeccións. A obra aparece acompañada das ilustracións de Enjamio (La Habana, 1962).

VII. 2. 2. Poetas galegos: reedicións e adaptacións

Mejuto Rial, Eva (adapt.), *A casa da mosca chosca*, ilust. Sergio Mora Cirujeda, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, abril 2002, [36 pp.]. (ISBN: 848464-155-4).

Este conto popular ruso compilado por Alexander Afanasiev é obxecto dunha nova versión realizada por Eva Mejuto (Sanxenxo-Pontevedra, 1975) agora en verso, xénero que se adapta moi ben á estructura acumulativa que presenta este conto que fala dunha mosca chosca que farta de andar dun lado a outro fai unha casa e organiza unha merenda para sete comensais que son os que caben no seu fogar. Chegan un a un os animais do bosque dende o máis pequeno ao máis grande pero resulta que este, o oso larpeiro, fai o número oito e cando chega enfádase por non ter sido convidado e come o pastel de amorodos. Xógase na presentación da anécdota cunha linguaxe sinxela, con moita repetición, cunha tipografía de remarques e con grandes ilustracións da autoría de Sergio Mora (Barcelona, 1975).

Recensións:

- María Navarro, “Volver ao relato tradicional”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. VII.

Dáse primeiro a benvida a esta adaptación dun conto popular ruso, logo descríbese o conto e saliéntase a repetición de estructuras, expresións e situacións que aseguran a memorización da narración, ademais da cualificación dos personaxes, o que provoca unha rima que fai do texto un xogo. Finaliza referíndose ao didactismo que entende Mª Navarro na forma “polo exercicio lingüístico repetitivo e o tipo de estructuras elixidas e no contido, xa que o final do conto pode levar ao neno a unha reflexión acerca de proceder dos personaxes”. Remata referíndose ás ilustracións de Sergio Mora que cualifica de “marabilloso trazo e colorido”.

- CLIJ, “A casa da mosca”, *CLIJ*, nº 155, decembro 2002, p. 62.

Descríbese o argumento deste conto popular ruso que adaptou ao galego Eva Mejuto. Saliéntase a estructura acumulativa do relato e a actualización lingüística directa e de gran sinxeleza realizada pola adaptadora. Tamén se pon de relevo a tipografía empregada que se encarga de destacar a palabra clave, os nomes dos animais e o número de comensais en cada momento. Finalizan analizando o traballo do ilustrador que se decantou "por la exageración, por la exhuberancia, la rareza pero también el humor". Cualifican a obra dun luxo para a vista.

Referencias varias:

-Belén López, "Tareixa Alonso adapta para Kalandraka o conto de 'Barbazul' de Charles Perrault", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 20 abril 2002, p. 68.

Ver Alonso, Tareixa (adapt.), *Barbazul*, no apartado VII. 1. 2. Narradores galegos: reedicións e adaptacións deste *Informe*.

VII. 2. 3. Poetas traducidos ou versionados

Gil Martínez, Carmen, *Unha pantasma con asma*, ilust. Sara Webster, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, maio 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464012-4).

Texto rimado no que Carmen Gil coa axuda das ilustracións de Sarah Webster, desenvolve unha historia protagonizada por unha pantasma e o seu doutor Godofredo. Unha mañá o matasáns Godofredo vai visitar un paciente: unha pantasma con catarro que vive nunha mansión moi grande e moi fría. Primeiro pensa que ten gripe ou asma porque está pálida e non para de espirrar, pero despois de moito examinala, decatouse de que o seu mal era a soidade e que cun pouco de cariño sandaría de contado. Godofredo dálle o enderezo dun castelo preto da praia no que viven outras pantasmas porque pensa que aí será feliz e que axiña volverá estar forte e animada. A sentencia final incide na importancia do cariño: “¡A grandes e a pequeniños todo lles cura o cariño!”.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, 30 maio 2002, p. VII.

Noticia do argumento de dúas obras para os máis pequenos: *Unha pantasma con asma*, de Carmen Gil, e *Os Bolechas van de acampada* (2001), de Pepe Carreiro. Da primeira sinala que é un conto áxil e con grandes doses de humor, na que o protagonista é unha pantasma que afoga necesitada de cariño e amizade. Do mesmo xeito, destaca as ilustracións de Sarah Webster, caracterizadas como impresionistas que crean un “ambiente hilarantemente fantasmagórico”. Da obra de Pepe Carreiro describe o proceso que seguen os irmáns para montar a súa tenda de campaña.

Voltz, Christian, *¡Eu non fun! (C'est pas ma faute!)*, ilust. do autor, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, maio 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464056-6).

Este conto de Christian Voltz ilustrado mediante a técnica do colaxe, dá comezo cando unha labrega entra no cortello e, horrorizada pola presencia dunha araña, toma a decisión de matala. Tras isto, comeza unha sucesión de acontecementos en cadea: a vaca embeste á dona alegando que previamente fora o burro o que lle dera un couce no cu; este culpa ao porco de trucarlle na cabeza; o porco acusa ao can, o can ao gato e o gato ao pito. Así pois, todos responden sempre coa frase que dá título ao libro ("¡Eu non fun!") ata chegar ao mosquito, quen, ao contrario, non só recoñece os feitos senón que ademais se sente marabillado por ter a liberdade de facer o que lle peta desde que a dona matara a araña, animal que sempre o cazaba.

VII. 2. 4. Antoloxías

Álvarez Cáccamo, Xosé María e Marisa **Núñez**, *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega*, ilust. Manuel Pizcueta, limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo, A Coruña: Edicións Espiral Maior, outubro 2002, 201 pp. (ISBN: 84-95625-47-4).

Nesta antoloxía X. Mª Álvarez Cáccamo no “Limiar” explica as razóns da selección, a mestura de escritores que nunca dirixiron a súa obra á infancia, pero que fixeron composicións con características específicas, cos que achegaron poemarios ao lectorado máis novo, permitindo así unha comparación e tamén unha análise do que se considera Poesía infantil. Un xénero no que Cáccamo cre e mesmo nos fala dos seus lindes, da súa apertura temática, de cómo se estructura formalmente e do deber de separala do “nicho ecolóxico da Pedagoxía”. Séguese na obra un criterio organizativo temático-xenérico e mestúranse composicións líricas da transmisión oral con poemas de autor. Un fío cronolóxico permítelles aos antólogos conciliar o criterio temático xenérico cunha visión diacrónica da Poesía Infantil. Así no primeiro apartado, “Animais”, un apartado temático

acolleron poemas que cantan aos animais máis próximos á infancia e sobre todo a aqueles dos que o código onomatopeico é máis coñecido, os máis simbólicos, moitos deles humanizados e seres prodixiosos. No dous, “Cancións de berce”, un apartado xenérico, refírese a esas cancións monótonas que os máis próximos ao coidado da infancia lle recitan no limiar do soño, cancións que “anuncian os contidos irracionais da vivencia onírica”, que Cáccamo emparenta co surrealismo e con “ese fluído do inconsciente colectivo que foi inventado polo creador popular moito antes de que André Bretón lle outorgase carta de natureza intelectual”. No tres, “Mundo” recóllense poemas que dan impresións sensíbeis da natureza. Neste apartado a característica fundamental é a visión animista da sensibilidade infantil conxugada coa estética do animismo hilozoista de Amado Carballo e os seus seguidores pero agora en metros curtos de xinea popular e visións vangardistas. No apartado catro, “Cancións de festa” dáse unha mostra importante dos maios, cantos do Nadal, aninovo e reis, panxoliñas e cantigas de Antroido que anticipan, coma en todos os apartados, o desenvolvemento destas fórmulas rítmicas e líricas á poesía de autor. No derradeiro apartado da antoloxía, “Nenas e nenos” achéganse poemas protagonizados por eles, algúns son fórmulas para xogos, recitados rituais para o coñecemento do corpo ou actividades lúdicas e discursos sociais. Remata o volume cun “Caderno de actividades”

onde se di que elixen, de entre os cen poemas, quince pola súa calidade textual e polas posibilidades que lles ofrecen para o desenvolvemento das actividades complementarias (exercicio lector e xogo). Pretenden con eles achegar ao mediador un instrumento auxiliar para o ensino de hábitos de interpretación e participación, adquisición de capacidades de comprensión e expresión oral e escrita e de instrumentos que favorezan a recepción creativa e pracenteira do texto. Non queren achegar “un complexo aparello de contidos históricos e técnicos” senón facilitar a “aprendizaxe natural” dende presupostos pedagóxicos “constructivistas” contando coa competencia infantil no manexo das “funcións lúdica e máxica da linguaxe”, queren ademais ensinar a usar o texto como pretexto para a realización de xogos e exercicios que favorezan o desenvolvemento doutras capacidades. Achegan suxestións de traballo para realizar dende o ensino primario ao Primeiro ciclo de secundaria. Parten de poemas cos que exercitar a oralidade para chegar aos interpretativos e ao comentario de textos. Queren conseguir coas propostas que realizan a participación do alumnado e a interdisciplinariedade para invitar á procura de novas liñas de actuación interpretativa e participativa. O volume está ilustrado por Manuel Pizcueta.

Recensións:

- Xosé Freire, “Lendo poesía desde a infancia”, *A Nosa Terra*, nº 1.062, 26 decembro-3 xaneiro 2002, p. 27.

Comeza lembrando que o termo literatura infantil foi cuñado no século XVII. En canto ao *Libro dos cen poemas*, de Espiral Maior, salienta que é a primeira incursión da editora no ámbito da Literatura infantil e xuvenil. Cualifica o libro de senlleiro, de deseño atractivo, sen colección, un intento de encher un baleiro que considera froito do descoñecemento da nosa tradición popular e da producción de poetas clásicos e contemporáneos “tentando que traspasen as fronteiras do gueto que forman os adultos e que redescubran ou descubranunha producción poética encorsetada pola idade. Salienta as palabras que X.M. Álvarez Cáccamo di na introducción en relación ao que debe ser un poema infantil, fala das partes do libro e salienta o Caderno de actividades que orienta aos profesionais para que usen esta obra “ben como libro de lectura ou material fora do tempo de lecer, buscando sempre o agarimo cara á palabra e ao verso”.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Espiral Maior prepara a primeira antoloxía de poesía infantil galega”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 3 outubro 2002, p. 74.

Anúnciase a publicación de *O libro dos cen poemas*. Dise que o seu editor salientou a necesidade dunha antoloxía coma esta que abrangue dende o século XIX a hoxe, que acolle composicións populares e de autores literarios. Anunciase que o libro superará as duascentas páxinas e que está dividido en cinco apartados. Cítanse os poetas e poetisasque se recompilan. Saliéntase que da escolma se encargou X.M. Álvarez Cáccamo que incide na pouca poesía que se escribe para estas idades. Finaliza referíndose a que se publicará fóra de colección, con tapa dura, tiraxe de dous mil exemplares e con ilustracións de Manuel Pizcueta e que quince das composicións servirán para desenvolver actividades didácticas, traballo realizado por Marisa Núñez.

- Mar Barros, “Os cen mellores poemas”, *A Nosa Terra,* nº 1.061, 12-25 decembro 2002, p. 39.

Dá a benvida a esta obra e acolle as palabras de Marisa Núñez, especialista en educación infantil, que salienta que os nenos saben ler poemas, xogar e gozar coa poesía sempre que transmita “ritmo sinxelo, atractivo e pegadizo, unha ritma divertida e xogos de palabras”. Reclama unha maior aproximación da poesía á xente miúda que tende máis á Televisión e ao audivisual. Tamén falan do libro, da súa estructura e reproduce as palabras de X. MªÁlvarez Cáccamo valorando a calidade dos poemas. Defende a inclusión de autores que non publicaron ningún poemario dirixido ao lectorado máis novo pero que si escribiron poemas que se adaptan ás características desta poesía.

Álvarez Pousa, Concepción e Xosé Henrique **Costas** (ed.), *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*, limiar dos editores, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, maio 2002, 85 pp. (ISBN: 84-87783-67-8).

Ver descrición e recepción desta obra no apartado II. 4. Antoloxías deste *Informe*.

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Dramaturgos galegos

Álvarez, Chus, Covadonga **Berdiñas**, Ana **Carril** e Victoria **Teijeiro**, *Entrecontos*, A Coruña: Cadernos de Teatro-2ª época/IGAEM, nº 9, 2002, 16 pp. (ISBN: 84-95806-06-01).❿

Esta novena entrega dos Cadernos de Teatro titulada *Entrecontos* está dirixida, nomeadamente, ao público infantil e nela faise unha sutil crítica ao mundo no que están a crecer moitas das crianzas de hoxe en día. Esta pequena obra teatral, xebrada en tres partes coas súas correspondentes acoutacións, comeza amosando a unha nena, Lauriña, que non quere ler libros de contos senón que lle agrada máis xogar cos videoxogos. Entón, ao adormecer Lauriña enriba dun gran libro de contos titulado “Contos de sempre”, saen do libro Pepe Grilo, Robin Hood, Branca de Neve e mais Meléfica coa misión, encomendada polo Señor dos Contos, de descubriren o porqué do afastamento dos nenos dos libros de

contos. Pero estes personaxes, no mundo real, fican hipnotizadas pola caixa, a televisión, e incluso recoñecen que son “estúpidos macacos que nin sequera entenden o que fan” e ante




o fracaso da misión regresan ao libro co perigo de que este fique pechado para sempre. Pero Lauriña esperta, e pensando que todo foi un soño e ante o perigo que corre o mundo dos contos ponse a ler toda a noite nos “Contos de Sempre”. A obra péchase coas palabras do Señor dos Contos: “Meus parabéns. Misión cumprida”.

Referencias varias:

-E. P., “Últimos títulos dos Cadernos de Teatro”/“A colección dramática ‘Cadernos de Teatro’ publica dous novos números en colaboración co Igaem”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 22 marzo 2002, p. 35/p. 76.

Ver Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

- AGN, “Cultura celebra el Día del Teatro con nuevas publicaciones y descuentos”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, 28 marzo 2002, p. 39/p. 25.

Ver Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

-Francisco Pérez Lorenzo, “O teatro galego reflíctese nos seus textos e desbota os centralismos”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 28 marzo 2002, p. 67.

Ver Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

-Lois Fernández, “Emoción en los pasos. El día mundial”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “O espello”, 28 marzo 2002, p. 16.

Ver Dans, Raúl, *Mantis (A misión)*, no apartado III. 1. Dramaturgos galegos deste *Informe*.

Arca Caldas, Olimpio, *Os Reis do Panchiño*, prólogo de Xosé Luna Sanmartín, ilust. Ana Margarita Pérez Rodríguez, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 6, 2002, 20 pp. (ISBN: 84-930917-9-0).❿

Ábrese o volume cun prólogo de Xosé Luna Sanmartín, director da colección, no que lembra o importante labor na recuperación cultural de Galicia, sobre do teatro, que desenvolveron editoriais como Galaxia, revistas como Grial e asociacións culturais como O Facho. Antes de centrarse na figura deste escritor cuntiense, recorda as orixes desta peza teatral, de Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928), e de Ana Margarita Pérez Rodríguez (Venezuela), pensada e escrita no ano 1972 para o alumnado do Grupo Escolar de Couso, e representada, neste mesmo ano, nun festival de Teatro Infantil no Instituto Masculino de Pontevedra, e lembra que foi galardoada co 2º Premio Provincial no concurso de representacións teatrais xuvenís de Pontevedra en 1973. Salienta a faceta deste dramaturgo como a “máis ricaz de todas as súas facetas artísticas” sen desmerecer ás de investigador ou escritor, proporciona datos bibliográficos deste escritor, cualifica de aberta, flexible e lúdico-didáctica as súa escrita e reivindica unha maior consideración da súa obra. A seguir, a peza estructúrase en dúas partes nas que se conta os quefaceres dunha familia rural moi pobre na noite de Reis e

cómo gracias a bondade e xenerosidade desta familia, ao axudar a uns forasteiros, conseguen agasallos para o seu fillo Panchiño nesa noite máxica. Ao longo da historia faise unha defensa do mantemento das tradicións dos nosos ancestros, como por exemplo os cantos de reis, e os froitos que recolle unha persoa cando axuda aos demais desinteresadamente.




García Barros, Manuel, *Carta da Habana*, introducción, estudio da obra e edición de Carlos Loureiro, ilust. Ana Pillado Vega, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 5, 2002, 21 pp. (ISBN: 84-930917-8-2).

Precedida por un estudio de Carlos Loureiro onde se explican as circunstancias nas que Manuel García Barros (Berres, 1876- Callobre-A Estrada, 1972) escribiu esta peza teatral, e por unha achega á lingua empregada polo autor, publícase *Carta da Habana*, escrita en 1926 e ata o de agora editada só na revista *Céltiga* de Bos Aires. A obra, escrita para recadar cartos para sufragar os danos dun desastre ecolóxico ocorrido en Cuba, é un apropósito lírico, é dicir, unha breve peza teatral de circunstancias como se indica no estudio da obra. Nela dous protagonistas denominadas cos xenéricos “el” e “ela” manteñen unha conversa na que a moza está triste pola carta que recibira dun irmán seu residente en Cuba. Lese a carta que describe a tempestade que arrasou a illa e os actores rematan solicitando do público xenerosidade para axudar ese pobo. A obra está ilustrada por Ana Pillado Vega.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “A razón de ser de edicións Fervenza é o compromiso co país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, 19 setembro 2002, p. III.

Entrevista a Xosé Luna, director de Edicións Fervenza, que responde a cuestións relacionadas con esta editora creada hai un ano. Comeza explicando as orixes e proxectos que teñen as persoas involucradas dende o principio e interesadas todas elas na difusión cultural e no seu compromiso con Galicia, polo que non teñen ánimo de lucro e todo o que se gaña é investido de novo na editorial. De entre todas as súas coleccións destaca o interese en achegar o teatro aos escolares, especialmente pola escaseza de textos teatrais con temáticas diferentes ás tradicionais, o que di que os levou a publicar na súa colección “A Pinguela”, títulos como *Sala de espera* (2001), de Xosé Vázquez Pintor. Sinala tamén que están abertas catro coleccións: A Pinguela, de teatro escolar; Orballo, de narracións de autores noveis; A Fontela, colección de contos ilustrados; e As Nosas Fontes, dedicada a biografías divulgativas. Remata aludindo a novos proxectos, entre eles unha obra sobre Avilés de Taramancos ou *Carta da Habana*, de Manuel García Barros.

Labraña, Carlos e Sabela **Labraña**, *Indo para o Samaín*, ilust. Fernando L. Juárez, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 2002, 45 pp. (ISBN: 84-403-0423-4).

Peza teatral de Carlos e Sabela Labraña, con ilustracións de Fernando L. Juárez (Badajoz, 1974), que se desenvolve en sete escenas dun acto único e na que interveñen rapaces, mazarocas, follas, castañas, o vento, unha cabaza e o avó dun dos rapaces. A acción transcorre na tarde e noite en que se celebra a festa do Samaín. Todo comeza cando tres rapaces andan buscando unhas cabazas para facer caveiras e levalas á festa. Cando xa crían que non encontrarían ningunha dan con tres cabazas, pero un dos rapaces deixa unha delas por ser pequena e retorta. Moi afectada, esta cabaza, xunto cunha mazaroca, decide ir á festa do Samaín pola súa conta e polo camiño únense a elas unha folla e dúas castañas. Sen embargo, antes de chegar ao lugar de celebración, outro rapaz, aconsellado por seu avó, colle esta cabaza e lévaa convertida en caveira á festa, onde por casualidade a atopa o rapaz que a rexeitara, admirando agora a súa feitura. Este feito provoca a indignación da cabaza e chámalles “retortos” aos rapaces igual que antes fixeran eles, polo que estes, asustados, escapan. O volume remata cun pequeno texto de Rafael López Loureiro que

explica en que consiste a festa da noite do Samaín, celebrada o trinta e un de outubro e de orixe celta.




Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 18, 14 novembro 2002, p. VII.

Ver Poe, Edgar Allan, *Berenice e outros relatos*, no apartado I. 3. Narradores traducidos ou versionados deste *Informe*.

Pereiro, Chus, *¡Mamasiña, que medo!*, ilust. Cuchi Soto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, nº 120, serie Verde (de 9 anos en diante), abril 2002, 62 pp. (ISBN: 84-8302-785-2).

Peza de Chus Pereiro (Marín, 1957) dirixida ao público infantil e estructurada en dous actos precedidos pola listaxe dos personaxes participantes na obra, as súas representacións icónicas de Cuchi Souto (Cobas-Ferrol, 1955) para identificalos e algunhas acoutacións, que se repiten ao longo de todo o texto como explicación da posta en escena. Destaca nesta obra protagonizada pola bruxa Celidonia e o xigante Xuvenco, o emprego que se fai de trazos populares como o propio nome da aldea na que se sitúa a acción: Xalundes, as cancións de cego que cantan a desgracia da aldea marcada polo terror e perigo que impón o xigante, coas que se abre e pecha a obra, ou a presencia de bruxas que acoden a un aquelarre. Fronte a isto xógase con elementos actuais como o aspecto da bruxa máis nova e o seu emprego das novas tecnoloxías como medios de traballo. O argumento xira arredor do encollemento que sofre o xigante por que lle chucharon o mel e xa non pode seguir comendo á xente da aldea, problema que lle axuda a solucionar Celidonia e as súas amigas Chincha e Chincheta, facendo del un xigante de corazón moi querido por todos. A obra

péchase co reparto de actores que levou a cabo a estrea desta peza en maio de 2000 no Auditorio do Concello de Vigo formado por rapaces do Colexio Canicouva.




Recensións:

-María Navarro, “Teatro para os máis novos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, “Infantil/Xuvenil”, 19 setembro 2002, p. VII.

Comézanse sinalando as inquedanzas desta mestra de ensino primario moi afeccionada ao teatro que dá ao prelo a súa primeira obra, a cal di que está dirixida a un público infantil e na que se ofrecen grandes dotes escénicas, principalmente polos abondosos personaxes e pola participación do público. Desenvolve o argumento e sinala os principais protagonistas, Celidonia e Xuvenco. Destaca o humor provocado polas situacións absurdas e a reflexión que provoca arredor da importancia de cargos civís e relixiosos ou dos idearios dos mozos, así como as cuestións que se poñen en tea de xuízo consideradas verdades universais. Remata chamando a atención sobre o desenvolvemento que está a experimentar o teatro infantil galego.

Pousa Antelo, Avelino, *O entroido en Perruscallos*, ilust. Ana Pillado Vega, prólogo de Valentín Arias López, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, nº 4, 2002, 17 pp. (ISBN: 84-930917-7-4) ⓾

♎□ ❑◆♏ ♍□⇧♏♍♏❍□⬧ ♋⬧ ⧫❒♋⬧■♋♎♋⬧ ❑◆♏ ♐♋■ □⬧ ❍□⌘□⬧ □◆ ♋⬧ ♍♋■⧫♓♑♋⬧ ◘❒□◘♓♋⬧ ♎♏⬧◆♋⬧ ♐♏⬧◆♋⬧ ◘♋♑↑⬧☞ ♑❒♋♍♓♋⬧ ↑ ♓■⧫♏❒❖♏■♍♓⇔■ ♎□⬧ ⬧♏◆⬧ ■□❖♏ ◘♏❒⬧□■♋⊠♏⬧☞ ✌♍□❍◘♋⇧♋ □ ⧫♏⊠⧫□ □ ⧫❒♋♌♋●●□ ♓●◆⬧⧫❒♋⧫♓❖□ ♎♏ ✌■♋ ⌦♓●●♋♎□ ✞♏♑♋☞




Toro, Suso de, *Servicio de urxencias*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 63, xuño 2002, 181 pp. (ISBN: 84-8302-827-1).

Conxunto de minicomedias ambientadas no servicio de urxencias dun hospital que Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) escribira como guións para unha serie de televisiónque se emitiu na TVG. Ábrese a obra cunha introducción do propio autor titulada “Corre, corre” na que explica cómo se crearon estes guións, como inicialmente ía ser unha serie sobre a consulta dun doutor e rematou sendo dun servicio de urxencias e como a falta de orzamento determinou que fora un reparto de poucos actores. Tamén salienta a forma rápida e eficaz de facer a gravación, lembra os nomes dos actores participantes e o ben que o pasaron todos nesta rodaxe. A seguir, é o realizador Xaime Fandiño o que lembra a experiencia da rodaxe, que dá paso á acoutación na que se recollen os personaxes principais que interveñen nas comedias (a doutora Chus Nespereira Nespereira, a enfermeira Encarnación Silva Silva, o doutor Paulino Pereiro Pereiro, o celador Cipriano Vilariño Vilariño e o doutor Dapena, que é o xefe do Servicio de Urxencias. Tamén se indican as características do escenario no que ten cabida a sala de persoal, o corredor de agarda e dúas cabinas. En quince capítulos titulados desenvólvese a peripecia destes

personaxes nas súas quendas de atención de pacientes, marcadas sempre polo humor e a ironía que provocan as situacións absurdas, os equívocos e malentendidos.




Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 272, 3 agosto 2002, p. 34.

Ver Tolkien, J. R. R., *O señor dos aneis II. As dúas torres* , no apartado VII. 1. 3. Narradores traducidos (versións, adaptacións, reedicións) deste *Informe*.

-Paula Fernández, “Urxencias, urxencias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Infantil/Xuvenil”, 10 outubro 2002, p. VII.

Comézase sinalando que *Servicio de urxencias*, de Suso de Toro é unha compilación de quince guións de minicomedias que o autor elaborara a finais da década dos oitenta para un programa humorístico da Televisión de Galicia. Dise que se trata de comedias de situación protagonizadas por cinco traballadores dun hospital caricaturizados, que entran en contacto

con curiosos pacientes. Cuestiona a calidade literaria desta obra, en especial ao comparala co resto da producción do autor, posto que como guións para a televisión, conteñen breves e rápidos diálogos cos que se busca o humor. Remata aludindo á relación de Suso de Toro cos medios de comunicación, froito da que saíron adaptacións dalgunha das súas novelas ao cine.




Referencias varias:

-S. R., “O lado cómico de Suso de Toro”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 269, 13 xullo 2002, p. 4.

Anuncia a publicación de *Servicio de urxencias*, de Suso de Toro, do que explica que son os guións preparados para unha serie emitida pola TVG en 1989. Destaca que esta obra deixa ver o sentido do humor dun autor que non o emprega asiduamente nas súas obras, á vez que recolle as palabras de De Toro nas que se refire ao contrasentido que supón rirse do que en realidade debería levar á compaixón e remata aludindo a algunhas das situacións tratadas.

VIII. 3. 2. Reedicións

Cortizas, Antón, *O coleccionista de sombras*, Gañadora do Iº Concurso de Teatro Infantil "Xeración Nós", ilust. Cesáreo Varela, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos, nº 26 (máis de 8 anos), 2002, 81 pp. (ISBN: 84-7680-389-3).

O coleccionista de sombras é a primeira obra dramática de Antón Cortizas (Ferrol, 1954), que apareceu no ano 1990 na colección "A biblioteca do arlequín" de Sotelo Blanco e que, agora, se publica ilustrada da man de Cesáreo Varela (Vigo, 1967). O volume ábrese cunha dedicatoria dirixida "A quen cadre. Don Bruno Penumbra Orixinal" e cunha descrición dos dezasete personaxes que van intervir na peza teatral, así como cunha serie de notas dirixidas á súa representación, especialmente, no ámbito escolar. A obra estructúrase en tres actos e dous entreactos, nos que a ficción e a realidade se van mesturar dando lugar a unha serie de situacións estrañas e, á vez, cómicas. Nos tres actos de breve extensión, ponse en escena a historia de Don Bruno, un coleccionista de sombras, que se atopa co incrédulo de Cecilio Mirón Reollo, a quen lle ensina a súa colección e se decata de que lle

falta a sombra verde, que buscarán con axuda do Pescudador. Por outra banda, nos entreactos interveñen o resto dos personaxes, entre os que cabe citar o Director, un Espectador e, sobre todo, a Entedela, unha especie de muller enciclopédica, que presenta no primeiro intermedio a Don Literato Refráns, Don Xoán Manoplas, Don Bento Nordés e Don Peseteuro Dólar Rublo da Rupia; mentres que no segundo intermedio, dálle paso ao espectáculo de sombras *O vello e o coello*, da Compañía “Sol e Lúa”, do que as súas sete escenas poden ser representadas con máis facilidades gracias ás explicacións gráficas que se achegan.




Recensións:

-María Navarro, “Teatro para os máis novos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, “Infantil/Xuvenil”, 12 setembro 2002, p. VII.

Despois de se referir á producción narrativa e dramática de Antón Cortizas Amado, achega o argumento de *O coleccionista de sombras*. Apunta que o autor fai do lector-espectador un personaxe máis e que as alusións por parte dos personaxes-actores son moitas,

conseguindo crear un clímax no que se advirte que a finalidade principal da obra é a súa representación. Para tal fin, sinala que o autor ferrolán presenta unha serie de acoutacións e apuntamentos nos que dá unhas exhaustivas pautas que se deben seguir para conseguir este obxectivo. Por outra parte, alude ás ilustracións de Cesáreo Varela, que tamén inciden na idea de representación e amosan as sombras chinesas coa división que debe ter o escenario. Por último, comenta que a doada representación da obra, a súa sinxeleza e orixinalidade e a conxunción que nela se dá do mundo real e do universo imaxinario fana atractiva e recomendábel para ser representada polos nenos a quen vai dirixida.




Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, 16 maio 2002, p. 48.

Ver Collinson, Roger, *As cousas de Berta*, no apartado VII. 1. 2. Narradores traducidos (versións, adaptacións, reedicións) deste *Informe*.

VII. 3. 3. Traduccións (versións, adaptacións, reedicións)

López Parreño, José Antonio “Rodorín” (adaptación teatral traducida do castelán), *A ratiña presumida*, ilust. Pablo Mestre, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, febreiro 2002, [36 pp.]. (ISBN: 84-8464-130-9).

Nesta adaptación teatral do clásico conto popular *A ratiña presumida*, realizada por J.A. López Parreño, “Rodorín”, con ilustracións fotográficas de Pablo Mestre dos diferentes obxectos cotiáns que rodean os protagonistas da obra, desenvólvese a historia da coñecida ratiña que se converte en “presumida” trala compra dun laciño. Con esta graciosa indumentaria entretíñase día tras día varrendo na súa casa e cantando *“la, larà, lariña, varro a casiña”*, pero a miúdo era interrompida por diferentes animais que lle pedían casamento aínda que a todos llelo negaba porque de noite consideraba, despois de facerlles a pregunta retórica, que a asustarían cos seus ruídos. Así, pedíronlle casamento o touro, o can, o gato e o galo e a ratiña refutou todas as proposicións destes posíbeis noivos. Pero chegou o rato,

con quen finalmente casou porque, no canto de facer ruído durante a noite, prometeulle “calar e durmir, durmir e soñar”.




Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, “Infantil/Xuvenil”, 10 outubro 2002, p. VII.

Ver Rodríguez, Manuela, *O pescador e a súa muller* no apartado VII. 1. 2. Narradores galegos: reedicións e adaptacións deste *Informe*.





VII. 3. 4. Postas en escena

VII. 3. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas

Iº **Ciclo** “Teatro e familia” de **Cariño**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Cariño coa colaboración do IGAEM e a Deputación Provincial da Coruña, está pensado como actividade de comezo do curso escolar. Nesta edición inaugural celebrouse durante tres domingos que se corresponderon co 29 de setembro no que actuou Títeres Trompicallo con *Jiñol*, o domingo 13 de outubro con Trinke Trinke que representou *A princesa e a pardela* e, finalmente, o domingo 27 de outubro que actuou Monicreques de Kukas con *Xan Trapallas*.

IIIº **Ciclo** de teatro infantil "**Domingos do Principal**" de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se está organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir desta pasou a celebrarse no inverno. En 2002 tivo lugar entre o 13 de xaneiro e o 17 de marzo, con sesións ás dezaoito trinta horas da tarde dos domingos no Teatro Principal de Pontevedra, ademais doutras sesións matutinas exclusivas para escolares. As compañías participantes foron: Higiénico Papel de Xixón, Compañía Trinke Trinke con *A princesa e a pardela*, Jácara Teatro de Alacante, Sarabela Teatro con *A illa amarela*, Compañía de Teatro de Braga, Teatro del Finikito de Madrid, Miro Magariños con *Os xigantes*, Teatro Akatro coa estrea de *Súper heroes* e pechou o cicloÓpera Oberta de Barcelona cunha versión de *La Flauta Mágica*.

Referencias varias:

-Belén López, “Nove domingos de teatro no Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 10 xaneiro 2002, p. 70.

Faise eco do acto de presentación deste ciclo de teatro “Domingos do Principal” repasando as actuacións previstas ao longo dos domingos dos meses de xaneiro, febreiro e marzo na cidade do Lérez. Tamén apunta aqueles cambios máis importantes con respecto á edición anterior como as datas e o aumento do número de obras. Recóllense as explicacións dos organizadores con respecto a estas cuestións e ofrécese o programa deste ciclo.

- Belén López, “Pontevedra levanta o telón do teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 22 xaneiro 2002, p. 70.

Achégase información sobre as postas en escena que se están a celebrar na cidade de Pontevedra como *A princesa e a pardela*, da compañía Trinke Trinke, que actúa no ciclo “Domingos do Principal”, da que explica o seu argumento, a técnica empregada e o éxito que dende a súa estrea en 1999 acadou este espectáculo para os máis pequenos. Tamén dá conta doutras obras en castelán da programación teatral pontevedresa.

-B. L., “Jácara Teatro’ ponlle un ‘Corazón de mel’ a ‘Domingos do Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 27 xaneiro 2002, p. 61.

Dá conta do argumento do espectáculo *Cor de mel* (*Corazón de mel*) da compañía alacantina Jácara Teatro, que participa no ciclo “Domingos do Principal” de Pontevedra. Ademais de recoller as declaracións dos seus integrantes e destacar a importancia da música nesta peza que defende a igualdade ante a diferencia, tamén se adiantan os outros espectáculos deste ciclo.

-B. L., “Sarabela Teatro’ reflexiona sobre o modo de vida en ‘A illa amarela”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 3 febreiro 2002, p. 62.

Salienta a participación de Sarabela Teatro neste ciclo e explica o argumento da peza teatral. Destaca da posta en escena o feito de que faga reflexionar aos escolares e o lanzamento de mensaxes sobre a importancia de valores como o respecto polos demais ou a natureza.

-Belén López, “Xurxo Cortázar: ‘En Pontevedra non hai un grupo profesional para adultos porque ninguén se arrisca”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 11 marzo 2002, p. 65.

Entrevista con Xurxo Cortázar, membro de Teatro Akatro, organizador do ciclo “Domingos do Principal”. Destaca o éxito que está acadando este evento, os cambios que se introduciron con respecto á edición anterior, a importancia de que os nenos vaian ao teatro dende pequenos para que se formen como espectadores do futuro, o bo momento que vive o teatro para nenos en Galicia e remata sinalando que malia a tradición teatral que hai en Pontevedra non hai ningún grupo teatral para adultos porque non se quere arriscar ninguén. En columna á parte descríbese o espectáculo que Teatro Akatro estreou neste ciclo, *Súper heroes* e alúdese a problemas do mundo da escena como o económico, en especial do dirixido aos nenos.

-B. L., “A adaptación para nenos de ‘La Flauta Mágica’ pecha ‘Domingos do Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 18 marzo 2002, p. 62.

Balance positivo da acollida que tivo esta edición do ciclo “Domingos do Principal”, ao que se estima que acudiron máis de catro mil rapaces. Lémbranse as compañías participantes, a satisfacción destas e dos organizadores e refírese brevemente ao espectáculo que pechou o ciclo, *La Flauta Mágica*, de Opera Oberta, unha das miles de versións que dende o século XVII coñeceu esta ópera de Mozart.

Ciclo de monicreques "**O domingo ven aos títeres**"

Organizado pola Sala Sant Yago de Santiago de Compostela dende o ano 1999, inclúe diversas actuacións desenvolvidas por grupos de teatro galegos e de fóra de Galicia, coa finalidade de achegar o teatro ao público máis novo. As funcións matinais teñen lugar os domingos. No ano 2002 celebrouse os domingos dos meses de febreiro, marzo, abril e maio, no que participaron ademais de compañías foráneas as galegas Títeres Cachirulo con *Pinocho* e Teatro do Noroeste con *O país acuático*.

Ciclo de teatro infantil “Titerentroido” de **Lalín**

Celebrado por primeira vez como xeito de retomar a vinculación dos monicreques co Entroido, levouse a cabo no Museo Municipal Ramón Mª Aller entre o 9 e o 12 de febreiro. Nel participaron: Títeres Trompicallo con *Jiñol*, Viravolta con *Hip, hip, hurra*, Seisdedos con *Varietés* e Cascanueces con *A rúa das pantasmas*.





VII[os] **Encontros** de teatro escolar e amateur de **Bande**

Estes encontros véñense organizando dende o ano 1996 polo Concello de Bande e o Centro de Formación e Recursos de Bande, xunto coa colaboración do CEIP Xaquín Lourenzo e o IES desta localidade ourensá. Pode participar o alumnado de ensino non universitario e grupos de teatro afeccionado. As obras presentadas deben ser escritas en galego e a duración non debe ser inferior a quince minutos nin superior a unha hora. Todos os centros participantes reciben un premio de 180 euros (60 euros máis se se presenta unha segunda obra) e un diploma de participación, menos naqueles casos que o xurado considere que as obras presentadas non se axustan ás bases publicadas pola organización. Todos os grupos participantes reciben o premio e unha retribución de 60 euros se o seu lugar de procedencia dista máis de cincuenta quilómetros do lugar da representación, 120 no caso de que sexan máis de cen quilómetros. Todos os grupos de teatro afeccionados recibirán unha placa conmemorativa. No ano 2002 celebráronse entre o 13 e o 16 de maio no Salón de Actos da Casa do Concello desta localidade ourensá e representáronse vinte e unha pezas de teatro. O luns 13 actuou o Colexio Santo Anxo de Ourense coas pezas *A casa dos afogados* e *Que faría Napoleón sen a revolución* e o CEIP do Xurés de Lobios con *A nena que quixo ser*

volvoreta e *O príncipe feliz*. O martes día 14 actuaron o IES Blanco Amor de Ourense con *Sentimentor*, o CP Cruz de Nigrán de Pontevedra con *A muller da choiva* e o CEIP Curros Enríquez de Celanova con *Falsa morte e certa morte de Estorauque o indigno*. O mércores 15 tiveron lugar as actuacións do CEIP Rogelio García Yáñez de Ramirás con *O Estebiño* e *A ledicia dos animais*, o CEIP dos Blancos con *Ollos de botella de anís* e *Os antollos de Margarida*, o IES de Bande con *Triste chegada* e *Así foi, doutor*, o CEIP Xaquín Lourenzo de Bande con *O cego de Fornelos* e a Escola Obradoiro Nosa Señora do Viso con *Pista e peste*. Por último, o xoves 16 tiveron lugar as actuacións do CEIP Filomena Dato con *O rei Artur e a abominable dama* e *Estangarañados*, o CEIP Xoán de Requeixo de Chantada con *O Quijote*, o CEIP Igrexa Somozas da Coruña con *O netiño* e *A estatua* e pechou estes Encontros a Aula de Teatro Escola Viva de Ourense coa peza *A zapateira prodixiosa*.




Referencias varias:

- R. N., “Bande recibe a 15 escuelas gallegas de teatro y 21 representaciones en 4 días”, *La Región*, “Bande/Actualidad”, 11 maio 2002, p. 26.

Dá conta da programación dos catro días nos que se celebran os VII Encontros de Teatro escolar e afeccionado de Bande, do que sinala que se representarán vinteunha obras coas que os organizadores queren divertir instruíndo, segundo a máxima de Beaumarchais.

Xª **Feira** do Teatro de **Galicia**

Ver Xª Feira do teatro de Galicia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas neste *Informe*. Apartado no que se describen tamén as actuacións de teatro infantil.

Festival de teatro infantil de **Gondomar**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Gondomar, celebrouse os días 9, 10 e 11 de febreiro no Auditorio Lois Tobío con sesións ás seis da tarde. As compañías participantes foron: Miro Magariños con *Os Xigantes*, Artello Teatro con *Unha de amor*, Compañía de Pablo Nojes con *¿Qué pasa en la plaza?* e Títeres Cachirulo con *Catro contos da China*.

Referencias varias:

-A. G., "Titerelandia' acercará teatro infantil a Gondomar este Entroido", *Atlántico Diario*, "Val Miñor", 5 febreiro 2002, p. 23.

Dá conta das compañías que van participar neste festival organizado pola Concellería de Cultura, así como as datas e lugares de celebración.

Vº **Festival** Internacional de Títeres “Galicreques” de **Lugo**

Organizado polo Concello de Lugo dende o ano 1998 en colaboración co IGAEM, celébrase de xeito, case simultáneo, nas cidades de Lugo, Pontevedra e Santiago de Compostela, para así favorecer a presencia de compañías internacionais. Na edición de Lugo de 2002 celebrouse entre o 5 e o 12 de outubro. O escenario foi Campo Castelo e actuaron quince compañías con outros tantos espectáculos que se levaron a cabo en sesións vespertinas os días lectivos e dobres os festivos. As compañías galegas participantes foron: Títeres Trompicallo con *Jiñol*, Falcatrúa con *A sorprendente historia do benfadado*, Artello Alla Scala con *Unha de amor*, Títeres Cascanueces con *Un conto vello volto a contar*, Spaguetti con *Chímpate, Chámpate*, Títeres&Gualdrapas con *A familia Malasangue* e Viravolta con *O candil marabilloso*. Como actividades paralelas celebráronse mostras de monicreques e de libros antigos no Centro Social Uxío Novoneyra, onde tamén se acolleu unha das montaxes por cuestións técnicas.

Referencias varias:

- J. C., “Para los peques”, *El Progreso*, “San Froilán”, 5 outubro 2002, p. XII.

Repasa todas as actuacións que van ter lugar ao longo da celebración do Festival Internacional de Títeres “Galicreques” en Lugo. Percorre cada unha das actuacións explicando brevemente cal é o argumento da peza que os monicreques protagonizan.





IVº **Festival** Internacional de Títeres “Galicreques” de **Pontevedra**

Festival que se celebra de forma simultánea nas cidades de Pontevedra, Lugo e Santiago de Compostela. Na cidade de Pontevedra está organizado polo Concello desta cidade en colaboración coa asociación Barriga Verde. O escenario no que se celebra é o Teatro Principal, onde se realizan tanto sesións matinais concertadas cos colexios coma sesións vespertinas para as familias. En 2002 celebrouse durante a semana do 30 de setembro ao 4 de outubro e contou con actuacións de compañías foráneas de diversa procedencia (Argentina, Cuba, Madrid, Jerez, Eslovenia, Francia ou Bélxica) e coa representación galega de Trompicallo coa peza *Jiñol*. Tamén se celebrou nesta edición unha homenaxe a José Silvent, máis coñecido por Barriga Verde, o promotor en Galicia durante a dictadura de espectáculos de monicreques en galego que paseaba por todas as vilas e cidades cunha barraca.

Referencias varias:

- M. J., “Os títeres están en todas partes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 1 outubro 2002, p. 60.

Explícase que está tendo lugar o Festival Internacional de Monicreques que no seu primeiro día contou coa actuación de Trompicallo coa obra *Jiñol*. Sinala que aínda que en Pontevedra este festival se celebra dende hai catro anos en Galicia leva dez anos de existencia. Recóllense as palabras de Jorge Rei, director do festival nas que se refire aos anos que leva traballando con monicreques, á importancia e necesidade dun evento coma este, ademais de lembrar a figura de José Silvent, pioneiro na arte dos monicreques en Galicia, ao que se lle rende unha homenaxe en Pontevedra dentro do festival.

- AFA, “Unha sombra no chan”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 outubro 2002, p. 33.

Ademais de facer referencia á homenaxe celebrada no Teatro Principal a José Silvent, Barriga Verde, tamén se fai unha achega á historia dos monicreques e a súa presencia na literatura ou no cine. Lémbranse as palabras coas que Barriga Verde convidaba aos espectadores a asistir aos seus espectáculos e ao contacto que tiveron con el autores

galegos como Manuel María ou Alfredo Conde, que escribiron textos para monicreques inspirados nesta figura de referencia en Galicia. Do mesmo xeito, anúnciase a clausura do festival en Compostela, o seu desenvolvemento en Lugo, coincidindo coas festas do San Froilán, e alúdese á existencia da revista *Bululú*, que tenta ser “unha referencia en todo o mundo hispano”, segundo a súa directora Mar Nogueira.




VIIº **Festival** de teatro infantil de **Pontevedra**

Este evento está promovido polo Grupo de Expresión, formado por profesionais do maxisterio, que pertence á Sociedade Cultural Os Carballiños. O seu obxectivo é levar o mundo da expresión dramática ao proceso educativo. Na edición de 2002 celebrouse entre os días 27 e 30 de maio. Os colexios que participaron foron: Doroteas, Salcedo, A Xunqueira II, Santo Tomé de Cambados, o Colexio Público de Froébel, o Colexio Público Villaverde de Mourente, o grupo San José da Casa da Xuventude, o Colexio Barcelos, a Casa Rosada de Poio e do Castro, o Sagrado Corazón de Pontevedra, o Sagrado Corazón de Mourente e de Figueirido.

Referencias varias:

- Belén López, “Todo un escenario para... xogar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 28 maio 2002, p. 69.

Dáse conta das actuacións dalgúns colexios no festival e explícase que non parten dun texto, senón que se basean na improvisación, posto que os mestres que dirixen este festival parten da idea de Piaget de que “todo o que se ensina impide ser inventado” e de Einstein, que opinaba que “a imaxinación é máis importante que o coñecemento”.

IIIº **Festival** Internacional de Títeres de **Redondela**, “Memorial Juanjo Amoedo”

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, coa colaboración do Concello de Redondela e a Consellería de Cultura, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A programación divídese en catro áreas: a escolar, a da rúa, a das salas e os monicreques para adultos. En 2002 celebrouse entre o 20 e o 26 de maio e nel tiveron lugar as representacións de catorce compañías de oito países diferentes: Arxentina, Bélxica, Brasil, China, Eslovenia, Italia, México e Perú, ademais da participación de dúas compañías españolas, unha catalana e unha galega. As actuacións celebráronse no Multiusos da Xunqueira, no auditorio José Figueroa e no pub Solera, ademais das rúas e prazas desta vila. As compañías participantes foron: Monicreques de Kukas con *Anxélica no ombral do ceio*, Teatro de la Luna, Román e cia, de Madrid, Anima sonho, de Brasil, Saltimbanqui, de México, Gioco Vita, Hugo e Inés de Perú, Yeung Fai, de China, Teatro Pizzicatto, de

Arxentina, Trac Trac, de Cataluña, El vagón de los títeres, de Arxentina, Plansjet, de Bélxica, Salvatore Gatto, de Italia e Antón Anderle, de Eslovenia.




Referencias varias:

- Neli Pillado, “El Festival de Títeres amplía la participación internacional a 8 países”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 17 abril 2002, p. 18.

Refírese á ampla participación de compañías estranxeiras no Festival Internacional de Títeres de Redondela, á colaboración na organización do colectivo sociocultural “Erre que erre” e todas as asociacións que o forman, á vez que sinala que o deseño artístico corre a cargo de Tanxarina. Sinala que se celebrarán actuacións para os escolares e que haberá espectáculos en sitios pechados e na rúa. En columna á parte analiza o orzamento co que conta o festival.

- C.D.C., “Chegan os títeres a Redondela”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 128, 6 maio 2002, p. 8.

Infórmase de que o IIIº Festival Internacional de Tít eres de Redondela, organizado pola Asociación Cultural Erre que erre, contará con catorce compañías, entre elas algunhas de China, Bélxica, Italia, Arxentina, Perú, México, Eslovenia e Brasil. Asemade, sinálanse algunhas das características das dúas edicións anteriores e remátase subliñando o bo momento que está a vivir "a arte de mover os bonecos coas mans" en Galicia.

-Neli Pillado, "Nuestro montaje es un fiel reflejo de la crisis argentina", *Faro de Vigo*, "Redondela", 19 maio 2002, p. 14.

Gerardo Capobianco, membro do grupo experimental de monicreques Pizzicatto, contesta a unha serie de preguntas sobre o seu labor profesional. Deste xeito, afirma que o seu espectáculo é para toda a familia e que no festival de monicreques de Redondela representarán *A todo trapo!!!*, un "fiel reflejo de la crisis argentina, pero también incluye contenidos políticos universales a través del absurdo y la ironía".

-M. C. N., “El Festival de Títeres inauguró su programación escolar”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 21 maio 2002, p. 21.

Dá conta da representación de Teatro de la Luna coa peza *El pequeño conejo blanco*, baseada na adaptación de Xosé Ballesteros para Kalandraka dun conto popular portugués. Explica que os membros do grupo son Eulalia Domingo e Juan Manuel Recover, que formaron a compañía en 1991. Do mesmo xeito, anuncia tamén a actuación de Gioco Vita con *Los amigos de Loulou*.

- M. C. N., “El Festival de Títeres abrió a los adultos”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 23 maio 2002, p. 20.

Nota na que anuncia as actuacións de: Monicreques de Kukas coa obra *Anxélica no umbral do ceo*, na que se debate con ironía o conflicto entre o amor humano e divino; Román e cia con *Paella*, que son poemas escénicos; os peruanos Hugo e Inés e Teatro Pizzicatto con *A todo trapo!!!*.

- Neli Pillado, “Los titiriteros disfrutamos jugando a ser dioses”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 24 maio 2002, p. 17.




Entrevista ao grupo peruano Hugo e Inés que actúan no Festival Internacional de Títeres de Redondela, na que se refiren ao éxito das súas actuacións polo cotián das historias, á súa validez para pequenos e adultos, ao feito de que os bonecos sexan unha prolongación dos seus corpos, que eles proveñen do teatro de mimo ou que gozan coas representacións, ademais de aludir ás dificultades diarias e ao esforzo da profesión.

-María C. Noguerol, “Prestigiosos grupos internacionales presentan sus títeres en el Festival”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 25 maio 2002, p. 24.

Dá conta das actuacións previstas no penúltimo día de Festival no que se agardan as postas en escena da compañía mexicana Saltimbanqui, da belga Plansjet e da chinesa de Feung Fai.

-María C. Noguerol, “Denuncio lo malo de la sociedad”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 26 maio 2002, p. 23.




Entrevista con Salvatore Gatto, expoñente do teatro de cachiporra, que actúa no Festival Internacional de Títeres de Redondela. Responde ás cuestións que se lle formulan, nas que explica en qué consiste o personaxe de Polichinela, a súa simboloxía do home como dualidade do ben e do mal e que persegue coas súas obras o divertimento, á vez que denunciar o que funciona mal na sociedade.

- A. Estévez, “Redondela, unha vila titiriteira”, *A Nosa Terra*, nº 1.035, “Fin de semana”, 2329 maio 2002, p. 32.

Achégase á celebración do Festival internacional de Títeres de Redondela referíndose á tradición que existe na vila en canto ao teatro de monicreques. Considera que boa parte desta afección vén da man do grupo Tanxarina, e en especial do seu integrante Eduardo Rodríguez Cunha, “Tatán”. Refírese ao acto de presentación, á satisfacción polos apoios institucionais e á vontade de que sexa un festival de referencia. Repasa as intervencións de

compañías estranxeiras, para rematar sinalando que entre os convidados está Monicreques de Kukas.




IIIº **Festival** de Nadal de teatro infantil de **Santiago de Compostela**

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o IGAEM. En 2002 celebrouse entre o 26 e o 30 de decembro con funcións ás seis da tarde no Salón Teatro, agás as da compañía leonesa Rayuela Producciones, que estableceu na Alameda o seu Teatrobús, no que levaron a cabo as súas actuacións de xeito gratuíto. Nesta edición todas as compañías participantes eran de fóra de Galicia.

Referencias varias:

- R. G. A., “O Salón Teatro de Santiago pechará a súa programación anual do III Festival de Nadal”, *ABC*, “Galicia”, 22 decembro 2002, p. 29.

Anuncia a participación de cinco compañías neste festival organizado pola Consellería de Cultura e o IGAEM. Especifica as datas de celebración, os lugares, horarios e prezos.

-E. P., “Un teatrobús ofrecerá en Santiago dos funciones diarias a fin de mes”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 decembro 2002, p. 75.

Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán” no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

- AFA, “Escenario de Nadal”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 decembro 2002, p. 30.

Ver Iº Festival de teatro afeccionado “Agustín Magán” no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

VIIº **Festival** Internacional de Títeres “Galicreques” de **Santiago de Compostela**

Organizado dende o ano 1995 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde baixo a dirección de Xurxo Rey, está patrocinado polo Concello compostelán, e dende a edición do 2000 contou tamén co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas de teatro de Santiago de Compostela: O Teatro Principal, A Sala de Títeres San Yago e o pub Momo, e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas Prazas do Toural, das Praterías e de diversos barrios de Santiago de Compostela. No ano 2002, reconvertido en “Galicreques”, celebrouse entre o 2 e o 8 de outubro e contou coas actuacións de compañías procedentes de Cuba, Arxentina, Eslovenia, Bélxica e da península, ademais das galegas Trompicallo con *Jiñol* e *Drácula*, Monicreques de Kukas con *Anxélica no ombral do ceio* e Cachirulo con *Un conto vello volto a contar*. Como actividades paralelas celebráronse dúas clases maxistrais a cargo do titititeiro cubano René Fernández Santana, que na Fundación Granell falou sobre “A posta en escena e a dirección do teatro infantil e no teatro de monicreques”, e o constructor de monicreques Francisco Peralta González, que

presentou a súa última marioneta. Nesta edición tamén se celebrou un encontro de titiriteiros en Betanzos, onde se levaron a cabo representacións teatrais celebradas tamén nas outras cidades que acolleron este festival. Do mesmo xeito, nesta edición tamén se fixo pública a convocatoria do Primeiro Premio Internacional de textos para monicreques, convocado pola asociación Galicreques co apoio do Centro de Documentación do IGAEM, que nace coa vontade de defender, fomentar e proxectar o mundo dos monicreques en Galicia e que leva




o nome de José Silvent.

Referencias varias:

- AFA, “Un titiriteiro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 outubro 2002, p. 32.

Entrevista a Jorge Rei, director do Festival de Títeres que responde a cuestións como o número de actuacións, a qué público están dirixidas, os escenarios escollidos e a importancia de Santiago de Compostela para este evento. Destaca o feito de que na cidade compostelá exista unha programación estábel, a importancia de que as compañías galegas

tomen contacto coas de fóra e o labor de autores como Valle-Inclán ou Dieste que escribiron pezas para monicreques.




- AFA, “Unha sombra no chan”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 outubro 2002, p. 33.

Ver IVº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Pontevedra neste apartado do *Informe*.

- A. I. S., “Clausurura del Festival Internacional de Títeres ‘Galicreques”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 9 outubro 2002, p. 30.

Dá conta da clausura desta edición do festival en Santiago de Compostela e do éxito acadado. Tamén salienta a ampla participación de nenos aos que ían dirixidas practicamente todas as montaxes. Remata sinalando que na última xornada se celebrou unha clase maxistral sobre o deseño e construcción de monicreques, así como a presentación do primeiro premio José Silvent para Textos de Teatro de Títeres.

Mostra de teatro escolar de **Cambados**

Pensada como xeito de conmemorar a semana das Letras Galegas, está organizada polo Concello de Cambados e as representacións tiveron lugar no instituto Francisco Asorey a partir das seis e media da tarde. Nela participaron os centros de ensino do municipio, dende o colexio A Pastora con *A galiña Paulina* e os estudiantes da ESO do Colexio Salesiano de la Merced con *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor, que abriron a mostra o día 13 de maio, seguindo o día 14 polo alumnado do CEIP de Vilariño con *As pilas son unha caca*, de Manuel Rico, e os de educación infantil do Colexio Santo Tomé que puxeron en escena *O carriño caracol*, de Inmaculada Pérez. O día 15 escenificáronse as obras *Insectos*, no Colexio Vilariño e *O anel de Pirompiña, o Fogar das letras, Cantar de cego e ¡Ghai! ¡Ghai!* todas no Santo Tomé.

XIV[a] **Mostra** de teatro de **Cee**

Ver XIV[a] Mostra de teatro de Cee no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.





XII[a] **Mostra** de Teatro infantil de **Lugo**

Dirixidas a escolares de entre os tres e os trece anos, está organizada polo Concello de Lugo en colaboración con Caixa Galicia. Ten como obxectivo achegar á infancia e adolescencia o teatro e tamén estimular a creación de grupos nos colexios. Nesta edición non participou ningunha compañía galega.

VIª **Mostra** de teatro do ensino secundario do **Morrazo**

Conta co patrocinio da Deputación, dos Concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. No ano 2002 celebrouse entre o martes 23 e o venres 26 de abril, dando acollida ás seguintes pezas teatrais: *Gallaegaria*, do grupo de teatro do IES a Rodeira, escrita por Xosé Manuel Pazos; *Knock, ou o triunfo da medicina*, de Jules Romain, representada polo grupo de teatro do CPR Eduardo Pondal; *OsonénosO*, do obradoiro de teatro do IES María Soliño; *Un anel para arlecchino*, do grupo de teatro Comediantes anónimos do IES Johán Carballeira de Bueu; *Odisea 2001*, da Aula de teatro "San Narciso" do Colexio San Narciso; e *Un millón de vacas*, da Aula de teatro municipal de Pontevedra.

Referencias varias:

-Estela Veloso, “Cien chicos participarán en la VI Mostra de Teatro do Ensino”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 19 abril 2002, p. 21.

Dáse conta da celebración da VIª Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo, coordinada, nesta ocasión, polo Instituto Rodeira de Cangas. A seguir, afírmase que no certame participarán cinco institutos de Cangas, Moaña, Bueu e Marín. Para rematar, cítanse as distintas obras que se representarán durante o certame e alúdese a unha exposición paralela sobre a historia da Mostra e o teatro galego, que terá lugar no vestíbulo do citado centro de Cangas.

- B. L., “Seis representacións compoñen a IV Mostra de Teatro Universitario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 20 abril 2002, p. 68.

- A. Agulla, “Comienza hoy la Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Bueu”, 23 abril 2002, p. 19.

Alúdese á celebración da VIª Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo, organizada polo Concello de Cangas, a Deputación Provincial de Pontevedra e Caixanova. Sinálase que nela poden participar todos os institutos de ensino secundario da comarca do Morrazo. Adiántanse algúns dos grupos que van participar na mostra e os títulos das súas pezas.

- Pedro P. Riobó, “Crónica da VI Mostra de Ensino Secundario do Morrazo”, *Revista Galega de Teatro*, nº 31, verán 2002, pp. 46-48.

Ver IVª Mostra internacional de teatro universitario de Vigo, no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.





Dáse conta da celebración, entre o 23 e o 26 de abril de 2002 no Auditorio de Cangas, da VI Mostra de Teatro do ensino dos centros de secundario do Morrazo. Indícase o horario, as condicións nas que se levou a cabo a edición e as medidas realizadas encamiñadas a facer valorar como se merece o traballo realizado polos diferentes grupos e polos coordinadores da mostra. Así mesmo, sinálanse cáles foron as obras representadas polos diferentes

colexios e as características principais destas: directores, argumento, actores, etc. Finalmente laméntase o cronista polo ausencia nesta edición do IES Salvador Moreno Marín e sinálase que se debe acabar coa provisionalidade e asegurar o futuro da mostra e da actividade teatral nos centros de secundaria independentemente de persoas e vontades. Afírmase que é preciso que os responsábeis da administración educativa tomen en consideración a importancia de axentes dramáticos na formación dos mozos e indícase que é preciso unha planificación na que se contemplen non só os medios e o profesorado, senón tamén na que se deseñe un currículo para a materia. Que dunha vez por todas se dea entrada no ámbito do ensino á dramatización como membro de pleno dereito.




Mostra de teatro infantil e xuvenil de **Narón e Ferrol**

Organizada por primeira vez en 2001 conxuntamente polo Padroado da Cultura do Concello de Narón e o de Ferrol, coa colaboración do IGAEM e da Deputación da Coruña, coa que queren achegar o teatro a miles de escolares dos dous concellos durante o mes de novembro, á vez que recuperan a vella mostra infantil “Xeración Nós” que se celebraba dende 1984 polos sete concellos da Mancomunidade. Ten como sedes o Auditorio de Narón e o Centro Torrente Ballester de Ferrol. En 2002 tivo lugar ao longo do mes de novembro, dende o luns día 4 ata o 22. As compañías participantes procederon de diferentes comunidades da península como Euskadi, Asturias ou Cataluña, ademais das galegas Trinke Trinke con *A princesa e a pardela* e Sarabela Teatro con *A illa amarela*.

Iª **Mostra** de teatro escolar do Concello de **Ourense**

Organizada por primeira vez neste ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, este certame conta con premios á mellor obra, á mellor dirección, ao mellor actor e actriz e un premio especial á mellor obra que concederá directamente o público. Naceu coa vontade de ser un espacio teatral para o alumnado de secundaria. Celebrouse en sesións matinais no Instituto Blanco Amor entre os días 22 e o 29 de maio e nela participaron os grupos: Teatro Leria do IES As Lagoas, o grupo de teatro do colexio Divina Pastora, o grupo Tarumba do IES Universidade Laboral con *Deus*, a Aula de teatro Gargallada do IES da Universidade Laboral, o grupo Faragullas do IES Otero Pedrayo, o taller do colexio Santo Angel con *A casa dos afogados* e a Aula de teatro do colexio Padre Feijóo-Zorelle coas pezas *O accidentado*, de José Moreno, e *O crack*, de Juan Mayorga.

IIª **Mostra** de Títeres e Teatro infantil das **Pontes**

Celebrada por segundo ano consecutivo, desenvolveuse entre o domingo 7 e 21 de abril, con sesións os domingos a partir das catro e media da tarde no cine Alovi. Abriu a mostra Tanxarina Títeres coa peza *Titiricircus*, o domingo 14 de abril foi Títeres Cachirulo con *Pinocho* e o domingo 21 actuou Artello Teatro con *A do libro*.

Mostra internacional de teatro de **Ribadavia**

Ver Mostra internacional de teatro de Ribadavia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.





XIV[a] **Mostra** de teatro infantil e xuvenil “Vive o teatro” de **Vilagarcía**

Mostra de teatro na que participa o alumnado de varios colexios e institutos de Vilagarcía, ademais de grupos profesionais, e que está organizada por este concello. Na edición de 2002 temos noticia da participación do grupo de teatro Tatapola con *O dragón come nubes* (dirixida e escrita por Mercedes Miguéns Gómez), o alumnado dos talleres do colexio de Arealonga con *Carapuchiña Bermella*, *Os faladores*, *A liorta das flores*, *Estación de autobuses*, *Cantares de cego* e *Poemas sobre Galicia*, o Taller de teatro infantil da escola Vagalume, o San Francisco e o grupo de teatro do Servicio Preventivo Asistencial de Drogodependencias do colexio A Lomba.

IV[a] **Mostra** de teatro infantil “Vive o teatro no Nadal” de **Vilagarcía**

Organizada pola Concellería de Cultura como actividade para a celebración das festas do Nadal, ten como obxectivo achegar o teatro á nenez mediante a representación de pezas especialmente deseñadas para ela. En 2002 celebrouse entre o 27 de decembro e o 3 de xaneiro con actuacións que tiveron lugar ás seis da tarde na Casa de Cultura de Vilagarcía, con entrada foi gratuíta. Nela participaron Bambán Galaxia con *A incrible historia do libro*, Artello Teatro con *Amadís de Algures*, Monicreques de Kukas con *Anxélica no umbral do ceo* e Títeres Cachirulo con *Cousas de Castelao*, que clausurou o festival.

Sala Nasa

Nesta sala alternativa, ademais das actividades organizadas durante todo o ano, descritas no apartado III. 4. 1 deste *Informe*, tamén se atende ao público máis novo dentro da súa programación estábel co programa de teatro infantil “Asteroide B-612”, que se celebra os sábados dos meses de xaneiro, febreiro e marzo polas tardes. Iniciado na Sala Nasa en 1998 como espacio para o teatro infantil, está impulsado por esta sala alternativa e pola compañía Berrobambán co apoio do Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago, que logo o estenderon a Ferrol en 2000, onde é coordinado por esta mesma compañía en colaboración co Concello ferrolán. Conta con dúas modalidades “satélites saturno”, que son obras de teatro propiamente ditas, e “choiva de meteoritos”, que son espectáculos multidisciplinares de participación da nenez nas diferentes disciplinas artísticas. No ano 2002 a programación desenvolveuse os sábados a partir das catro e media da tarde e nela participaron Berrobambán Teatro con *Dous contos sen final e un final por fin*, Cambaleo Teatro con *Cuentos de niños reais*, Teatro de Marionetas do Porto con*Óscar*, Teatro A4, Chévere, TMP e James Carles.

Referencias varias:

- Marga Mosteiro, “Teatro y cuentos para niños”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 3 febreiro 2002, p. 16.

Ademais de dar conta doutros actos que se desenvolven na cidade compostelá tamén se fai eco da representación de Berrobambán dentro do programa Asteroide B-612 da Sala Nasa coa peza *Dous contos sen final e un final por fin*.

- M. Beceiro, “Marionetas do Porto exhibe todos sus lenguajes en ‘Os 3 porquinhos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 10 outubro 2002, p. L9.

Anuncia a posta en escena da obra *Os tres porquinhos* da compañía Teatro de Marionetas do Porto na Sala Nasa de Santiago de Compostela, despois de ter clausurado o festival Galicreques. Explica as diferencias entre os dous espectáculos ofrecidos en Galicia, a concepción da expresión teatral dos membros desta compañía e repasa a súa traxectoria dende a súa creación en 1988, ademais de explicar a temática da peza representada.

Sala Yago

Con esta nova denominación a Sala Yago de Santiago abre unha nova liña de programación, da que se dá conta no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste Informe, na que segue mantendo a celebración de eventos como o "Festival de Reis" e o "Festival Internacional de Títeres", ademais das programacións "O domingo ven aos títeres" e a campaña de teatro dirixida aos escolares denominada "Teatro escolar", que despois do verán de 2002 se pasou a denominar "Teatro no ensino medio" e na que se representaron as obras *O Lazariño de Tormes*, de Celso Parada, e *Campo sur*, de Lino Braxe, ademais do recital poético *Voces e ecos dun tempo e dun país*.

Referencias varias:

- Eduardo Alonso, "A Sala Yago", *Bululú*, nº 2, "Actualidade", verán 2002, pp. 76-78.

Ver Sala Yago no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

-Ana Iglesias, “La Sala Yago inicia una nueva etapa ofertando teatro y títeres”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 setembro 2002, p. 36.

Ver Sala Yago no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Montse Pernas, “A Sala Yago recupera as funcións teatrais na súa nova programación”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 28 setembro 2002, p. L9.

A. I. S., “Teatro de títeres y ciclo de cine en la agenda de la Yago”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 21 decembro 2002, p. 38.

Ver Sala Yago no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Ver Sala Yago no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

-C. Pino, “A Sala Yago estrea a oferta de cine na súa programación”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 21 decembro 2002, p. L8.

Ver Sala Yago no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas, deste *Informe*.

- Eduardo Alonso, “Teatro na Sala Yago de Compostela”, *Bululú*, nº 3, “Actualidade”, inverno 2002, pp. 89-90.

Céntrase na programación “Teatro no ensino medio” que a Sala Yago quere poñer en marcha coa chegada do novo curso escolar. Especifícanse os obxectivos desta actividade

teatral, entendida como un complemento á formación académica dos escolares, entre os que se atopan o de favorecer a socialización dos individuos, cultivar a súa capacidade para descodificar formas comunicativas diferentes, fomentar neles o espírito crítico ou ofrecerlles aos docentes unha ferramenta didáctica. Sinala as pezas que están programadas para o cuarto trimestre do ano e remata sinalando que no final de cada representación se realizará un coloquio cos actores e actrices para que o público poida facer preguntas.




Xª **Semana** teatral "**Ben veñas, maio**"

Organizado pola Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística dos Institutos de Pontevedra e este Concello, enmárcase dentro de varios certames que levan como título xeral "Ben veñas, maio", entre eles o IXº Certame de narración curta, o VIIIº Certame de banda deseñada, o IIº Certame musical ou o Iº Certame de poesía, dos que se dá conta no apartado X. 9 deste *Informe*, ademais desta semana teatral, que funciona como unha mostra do traballo realizado ao longo do curso polos grupos dos diferentes institutos da provincia. Na súa Xª edición tivo lugar entre o 29 de abril e o 3 de maio, con funcións no Teatro Principal que se celebraron a diferentes horas da tarde. Os participantes ao longo da semana foron os grupos de teatro dos seguintes Institutos: o IES Sánchez Cantón, o IES Frei Martín Sarmiento, o IES Luís Seoane, o IES A Xunqueira I, o IES Valle-Inclán, o IES A Xunqueira e o IES A Xunqueira II, que pechou a semana de teatro.

IV[a] **Semana** de teatro para nen@s de **Vigo**

Organizada pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo dende o ano 1999, como actividade final das festas do Cristo de Vigo. Celébrase na Praza da Estrela da cidade viguesa na que se desenvolven diferentes espectáculos teatrais dirixidos ao público máis pequeno en idade. No ano 2002 tiveron lugar espectáculos de teatro, circo, monicreques e marionetas a cargo de compañías de Navarra, Barcelona, Madrid e Santiago, que actuaron a partir das oito da tarde e con entrada libre entre o día 5 e 11 de agosto. En canto ao teatro, foron os barceloneses El negro y el flaco os encargados de inaugurar a semana, seguiulle o martes Sambhu Teatro de Navarra, logo o mércores foron os santiagueses Os Quinquilláns que representaron *O circo das máscaras* , o xoves actuou Hilando Títeres , o venres Trastero Títeres, o sábado Xirriquiteula Teatro, mentres que se pechou a semana o domingo cun espectáculo no que actuou Berrobambán con *Movementos para trasnos e trastes*, que excepcionalmente tivo lugar en Castrelos.

Referencias varias:

-D. V., “La semana de teatro convertirá la Praza da Estrela en un circo con títeres y marionetas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 6 agosto 2002, p. 8.

Ofrécese a programación desta semana de teatro sinalando os nomes das compañías contratadas, as obras que van representar e a temática de cada unha delas.

VII. 3. 4. 2. Estreas

VII. 3. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais Teatro **Akatro**: *Súper heroes*. O argumento xira arredor de Lucas, un rapaz novo que está fascinado polo mundo dos cómics de súper heroes de aventuras como Súper Paqui ou Súper Love, cos que acabará atopándose. Ver IIIº Ciclo de teatro infantil “Domingos do Principal” de Pontevedra.

Alacrán Teatro: *Relatos de terror*.

Artello. Teatro alla Scala 1:5: *Amadís de Algures (Unha de cabalerías)*.

No fragor da guerra que asola Algures, un bebé é depositado nunha arca para poñelo a salvo dunha morte segura. Tras dun longo periplo arriba a un reino afastado, onde é acollido polo cabaleiro Gandales e a súa dona Leonora. Dende neno, a súa vitalidade chama a atención da xente do anquilosado país no que vive. Sendo mozo atopa no bosque á princesa Oriana, á que salva do perigo no que se atopa. Dende ese momento a súa maior aspiración é ser nomeado cabaleiro. As súas fazañas en defensa dos máis febles farán que a súa sona chegue aos lugares máis afastados, aínda que tamén lle crearán algún problema coa súa amada.

Dirección: Manuel Pombal. Actores/Manipuladores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Guión, posta en escena, deseño gráfico e producción: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Banda sonora: Manuel Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Fotografías: Simón Balvís e Santi Amil.

Ver XVIIIª Mostra internacional de teatro de Ribadavia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Bacana Teatro: *Ratman&Bobyn*.

Ver Bacana Teatro: *Ratman&Boby* no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis e profesionais deste *Informe*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Frescuras dos herois”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 13 abril 2002, p. 7.

Faise referencia, brevemente, a catro obras teatrais dirixidas aos rapaces. Trátase de *Supermáis!!!*, *Xan Trapalla*, *Os vellos non deben de namorarse* e *Ratman&Bobyn*.

Berrobambán Teatro: *Movementos para Trasnos e Trastes* .

O trasno Compás, acompañado de dous músicos da Filharmonía de Ultramundo, ensina aos seus compañeiros e compañeiras de falcatrúas cómo moverse e cómo escoitar a música que esta Filharmonía compuxo para o ano capicúa 2002, que é unha data moi importante para os trasnos e para os humanos.

Títeres **Cachirulo**: *As cousas de Castelao*, de Jorge Rey.

Baseada nas publicacións de *Cousas da vida*, de Alfonso Daniel Castelao, é un espectáculo de sombras que pretende levar a estética e o humor do autor rianxeiro a un teatro de imaxes inspirado nas técnicas das sombras chinesas, as transparencias e as fantasmagorías.

Dirección: Marcelino de Santiago. Interpretación: Isabel Rei,
Javier Méndez e Gena Baamonde.

Chévere: *Río bravo 02* Ver Chévere: *Río bravo 02*, no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

Falcatrúa-Teatro de Títeres (1): *Dado trucado, xogo revirado.*

Falcatrúa-Teatro de Títeres (2): *A sorprendente historia do benfadado.*

Ver Vº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Lugo.





Monicreques de **Kukas**: *Anxélica no ombral do ceio*, de Eduardo Blanco Amor.

A peza desenvolve cómo Anxélica, unha moza doce e virxinal, morre e chega ás portas do ceo, onde non se decide a entrar porque quere coñecer o amor que aínda non tivo ocasión de sentir.

Ver IIIº Festival Internacional de Títeres de Redondela “Memorial Juanjo Amoedo”. Ver VIIº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Santiago de Compostela. Ver Sábados teatrais de Narón no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Compañía de **Miro Magariños**: *Os xigantes*.

Espectáculo baseado na obra *Os xigantes de nunca acabar*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández que fora publicada por SM na súa colección “O barco de vapor”. Protagonizada por un carpinteiro e o seu axudante Pucho, que tras escoitar o parte radiofónico pola mañá lembrará o primeiro unha historia que xa lle contaba o seu avó.

Dirección: Eduardo R. Cunha “Tatán”.
Interpretación: Miro Magariños, Mundo Villalustre. Música: Pablo Costas. Escenografía: P. Pastor. Narración e percusión: Eva del Campo. Vestiario: Belén Puentes.

Referencias varias:

-A. R., “Os xigantes’ nueva representación en el CEIP Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Sanxenxo”, 22 marzo 2002, p. 26.

Como actividade programada pola comisión de teatro do centro de Portonovo, sinala que se celebrou a representación de *Os xigantes*, a cargo de Miro Magariños. Da comisión deste centro dise que ten como obxectivos coa organización destas representacións que a nenez coñeza e goce das distintas modalidades de teatro e animación, achegalos a personaxes do mundo literario e que estimulen a súa imaxinación.

- E. V. R., “Teatro y música centran la oferta del Auditorio hasta fin de año”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 4 outubro 2002, p. 23.

Recollese a programación que o Concello de Cangas ten prevista ata finais de ano. Repasa os espectáculos cos que se conta, tanto de teatro coma de música, e destaca a presencia das compañías dirixidas ao público infantil como Migallas Teatro con *Canta connosco*, Miro Magariños con *Os xigantes* e a versión para escolares de Teatro de Ningures con *O Principiño*.

Ver IIIº Ciclo de teatro infantil “Domingos do Principal” de Pontevedra. Ver Festival de teatro infantil de Gondomar. Ver Ciclo de “Teatro de Primavera” de Culleredo no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.





Teatro de **Ningures**: *O Principiño*, de Saint-Exupery.

Ver Teatro de Ningures: *O Principiño* no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

Referencias varias:

- E. V. R., “Teatro y música centran la oferta del Auditorio hasta fin de año”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 4 outubro 2002, p. 23.

Ver Miro Magariños: *Os xigantes* neste apartado do *Informe*.

Os **Quinquilláns&Media Volta**: *A torre do trebón*.

Espectáculo dividido en dúas partes, no que primeiro o público infantil participante é o encargado de preparar todo para logo converterse en cabaleiros. Cando isto está feito chega o momento dos monicreques que serán acompañados pola nenez a percorrer a cidade para resolver o problema que se lles presenta. Os personaxes que se atopan son un domador, un contacontos, un fotógrafo tolo e un malabarista.

Referencias varias:

- Belén López, "Os nenos fanse coa 'Torre do Trebón", *Diario de Pontevedra*, "Vivir verano", 7 agosto 2002, p. 52.

Faise eco das actuacións de Yllana e Os Quinquilláns en Pontevedra. Explica o desenvolvemento de ambas pezas, unha para o público adulto e outra para o infantil, destacando a participación que este último ten en *A torre do trebón*.

Talía Teatro: *Supermáis!!!!*, de J. M. Benet i Jornet.

Cóntase a historia dun súper heroe, de clara estética inspirada no cómic, nunha cidade que está en perigo.

Dirección: Arturo Trillo. Interpretación: Toño Casais, Rosi Barcala, Borja Insua, Xurxo Barcala, Gustavo G. Dieste e Marta Ríos.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Frescuras dos herois”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 13 abril 2002, p. 7.

Ver Bacana Teatro: *Ratman&Bobyn*, neste apartado do *Informe*.

Ver Ciclo de “Teatro de Primavera” de Culleredo no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*. Ver Xª Feira do teatro de Galicia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*. Ver XVª Mostra de teatro de Cee no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Tanxarina Títeres: *Rapatú*. Ver XIII Ciclo de teatro profesional de Moaña no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Títeres **Teatro Argallada**: *¿Hai ogros na lúa?*

Títeres en acción: *Viva a cor*.

Interpretación: Marcos Escariz e Gui Bobillo.

Referencias varias:
- V. V., "Los títeres 'llenarán' el Marco durante los fines de semana", *Atlántico Diario*, "Vigo", 29 novembro 2002, p. 15.

Anuncia a programación dirixida á nenez polo Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, entre a que se inclúe a actuación de Títeres en acción.

- Carlos G. Machuca, "Marco' ofrece su teoría infantil de los colores", *Faro de Vigo*, "Vigo", 8 decembro 2002, p. 4.

Descríbese a posta en escena desta peza para monicreques, caracterizados por seren de aspecto abstracto, que se levou a cabo no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo. Sinálase

que está dirixida a rapaces e rapazas a partir dos dous anos, a través da que se lles achega a arte, comezando polas cores, logo serán as texturas ou as formas e todos os aspectos fundamentais da arte. Ademais da posta en escena tamén se celebran talleres nos que se pon en práctica o visto na representación. Remata sinalando que con esta iniciativa quérese achegarlle á nenez a arte.




Títeres&Gualtrapas: *A familia Malasangue*.

Ver Vº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Lugo.

Títeres **Tres globos**: *Os tres porquiños*.





Títeres **Trompicallo**: *Jiñol*.

Cóntase a historia do señor Bulú, que é tan rico e ten tanta fortuna que non ten onde gardala, polo que chama a Jiñol para que lle faga unha caixa forte, pero que á mañá seguinte descobre que lle roubaron o diñeiro. As súas vidas, xunto coas de Rosalía e o Policía veranse alteradas pola chegada nun paquete dun crocodilo.

Dirección: Beatriz Sánchez.

Referencias varias:

- J. R., “La bella y la bestia’ se representó ayer con gran éxito entre el público infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 4 xaneiro 2002, p. 70.

Dá conta da posta en escena no Teatro Principal de Pontevedra da obra *La bella y la bestia* a cargo de Cachirulo e de *Jiñol*, de Títeres Trompicallo. Explica brevemente o argumento

das dúas obras e salienta a boa acollida destas por parte do público infantil que encheu o aforo da sala.

- A. I., “Marionetas en la Alameda”, *El Correo Gallego*, “Ascensión 2002”, 11 maio 2002, p. 35.

Dá conta da escenificación da obra *Pinocho* por parte da compañía Cachirulo e de *Jiñol*, a cargo da compañía Trompicallo, así como outras actividades encadradas dentro do programa das festas da Ascensión en Santiago de Compostela.

Ver Vº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Lugo. Ver IVº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Pontevedra. Ver VIIº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Santiago de Compostela. Ver Xª Feira do teatro de Galicia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Títeres **Viravolta**: *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*

Historia das andanzas de Mamed Casanova, coñecido como “Toribio”, un bandoleiro galegode finais do século XIX e principios do XX a través de diferentes técnicas. É unha parella de titiriteiros cun teatriño ambulante a que conta as aventuras de Toribio, famoso por roubar aos ricos para darlles aos pobres.

Dirección: Anxo García Fernández.
Marionetistas: Pilar Álvarez. Voces:
Pilar Álvarez.





VII. 3. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias Grupo

de teatro **Alecrín**: *Triste chegada*. Dirección: Manuel Solla.

Referencias varias:
-C. F., “Cuentacuentos, teatro y magia en Figueirido y Bértola”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Comarca”, 27 xullo 2002, p. 11.

Dá conta das actividades que o Ateneo “O Toxal” e a asociación “Chan do Vilar de Figueirido” levan a cabo coa colaboración do Concello de Vilaboa. Entre as diversas actuacións sinala a do grupo de teatro A Lume coa peza *Menciñeiro á forza* e o grupo de teatro Alecrín con *Triste chegada*.

Amigos do Marcial: *Pañolín rompenubes*, de Marcial Suárez.

Nárrase a historia de Pañolín, un neno abandonado que é recollido por unha pastora, que vive diversas aventuras e mesmo se enfronta co xigante Megalón no Castelo dos Misterios.

Adaptación e dirección: Xián Bobillo.

Referencias varias:

- Mar Gil, "As Letras lembran a Marcial Suárez", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 19 maio 2002, p. 4.

Subliña que a vila de Allariz celebrou o Día das Letras Galegas, alén de lembrar a Sarmiento, coa representación de *Pañolín rompenubes*, primeira dunha serie de historias que Marcial Suárez dedicou a "un neno calquera" e indícase, asemade, que este grupo está dirixido por Xián Bobillo.

Grupo de teatro de **Antas de Ulla**: *O rei Artur*, de Carmen Domeq.

Dirección: Jouse García.
Coordinación: Teresa Batán.

Referencias varias:

- Begoña Mouriño, “Unas 200 personas, en el estreno de dos obras del grupo de teatro de Antas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 12 marzo 2002, p. 12.

Ver Grupo de teatro de Antas de Ulla: *A cantante calva*, no apartado III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias deste *Informe*.

- A. N., “No pobo hai unha base de teatro, saben entendelo”, *El Progreso*, “Fotomatón”, 19 maio 2002, p. 12.

Ver Grupo de teatro de Antas de Ulla: *A cantante calva*, no apartado III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias deste *Informe*.

-Estrella Billares, “Aficionados que pisan escenarios”, *El Progreso*, “Especial”, 8 setembro 2002, p. XVI.

Ver Grupo de teatro de Antas de Ulla: *A cantante calva*, no apartado III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias deste *Informe*.

Aula de teatro Escola Viva de Ourense: *A zapateira prodixiosa*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.





Aula de teatro do Colexio San Narciso: *Odisea 2001*, creación colectiva desta aula de teatro.

Dirección: Héctor M. Silveiro Fernández. Interpretación: Daniel Antelo de la Puente, Patricia Campelo González, Luísa Collazo Carballa, Xerardo Costas Fernández, Serxio Otero García, Lucía Piñeiro Fernández, Simón Novoa Fernández, Anxo Núñez Millán, Rocío Pastoriza Martínez, Iria Pazos Piñeiro, Cristina Pazos Vilas, Xaquín Rodiño Pérez, Marcos Salgado Linares, Marcos Sanmartín Domínguez, Javier Sans Besada, Roi Soliño, Miguel Vidal García e Gonzalo Vilar Gavieiro.

Ver VIª Mostra de teatro do ensino secundario do Morrazo.

Grupo de teatro do **CEIP dos Blancos** (1): *Ollos de botella de anís* .

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP dos Blancos** (2): *Os antollo de Margarida*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP Curros Enríquez de Celanova**: *Falsa morte e certa morte de Estorauque o indigno*. Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP Filomena Dato** (1): *Estangarañados*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP Filomena Dato** (2): *O rei Artur e a abominable dama*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP Igrexa Somozas** da Coruña (1): *A estatua*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP Igrexa Somozas** da Coruña (2): *O netiño*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP Rogelio García Yáñez** de Ramirás (1): *O Estebiño*. Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande. Grupo de teatro do **CEIP Rogelio García Yáñez** de Ramirás (2): *A ledicia dos animais*. Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP** de **Vilariño**: *As pilas son unha caca*. Grupo de teatro do **CEIP Xaquín Lourenzo** de Bande: *O cego de Fornelos.*

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP Xoán de Requeixo** de Chantada: *O Quixote.*

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP do Xurés de Lobios** (1): *A nena que quixo ser volvoreta.*

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CEIP do Xurés de Lobios** (2): *O príncipe feliz.*

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CP Cruz de Nigrán de Pontevedra**: *A muller da choiva*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **CPR Eduardo Pondal**: *Knock, ou o triunfo da medicina*, de Jules Romain.

Dirección: Guiomar López, Sabela Brión e Ana Piñeiro. Interpretación: Antón Vieito, Gabriel González, Benito Vilas, Antonio Riobó, Manuel Riobó, Bárbara Alcántara, María Cerviño, Iciar Troncoso, Marta Paz, Noemie González, Olalla Villanueva, Miguel González e Gabriela Cordeiro.Escenografía: Ángel Currás e Nucky López. Son: Sabel Brión e Ana Piñeiro. Vestiario: Nucky López.

Ver VIª Mostra de teatro do ensino secundario do Morrazo.

Grupo de teatro do **Colexio Santo Anxo de Ourense** (1): *A casa dos afogados*.

Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **Colexio Santo Anxo de Ourense** (2): *Que faría Napoleón sen a revolución*. Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **Colexio A Pastora**: *A galiña Paulina*.





Grupo de teatro do **Colexio Salesiano de la Merced**: *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor.

Grupo de teatro do **Colexio Santo Tomé**: *O carriño Caracol*, de Inmaculada Pérez.

Comediantes anónimos do Instituto de Ensinanza Secundaria Johan Carballeira de Bueu: *Un anel para Arlecchino*, adaptación do texto de Goldoni.

Dirección: Roxana Villagrasa e Fran Paredes. Interpretación: David Juncal, Demelza Miranda, David Cerviño, Adri Mandado, Ito Otero, Rebeca Mandado, Sé Camiña, Marta Boubeta, Manuel Dopazo, Aarón López e Carlos García. Músicos: Pati, Diego, Dani, Hugo, Pablo, Damián e Félix. Máscaras: Mª Xosé e os seus alumnos de deseño. Decorados: Fran e os seus alumnos de tecnoloxía.

Luces: Santi Dopazo. Ver VIª Mostra de teatro do ensino

secundario do Morrazo.

Grupo de teatro de Ensinanza Infantil do colexio de **Cabanas** (1): *O galo pinto*.
Peza baseada nun conto popular na que se pon de manifesto a avaricia e as súas consecuencias negativas.

Grupo de teatro de Ensinanza Primaria do colexio de **Cabanas** (2): *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor.

Peza na que se plasman algúns dos problemas que eran comúns na época da emigración e das grandes diferencias sociais existentes na Galicia doutras épocas.

Dous son compañía: *As cincentas desclowntroladas*.

Historia baseada no conto clásico da Cinsenta e os seus problemas coa madrasta, nos que mediará a fada madriña e participa o príncipe encantador.

Dirección: Good Idea Company e Iván Prado. Interpretación: Marián Díaz Bañobre e Isabel Martínez-Risco Valdivieso.

Referencias varias:

-Chelo G. B., “Protagonismo de las actuaciones infantiles”, *La Región*, “Xinzo. Fiestas de Santa Mariña”, 18 xullo 2002, p. 40.

Dá conta da posta en escena de : *As cincentas desclowntroladas* a cargo do grupo Dous son compañía en Xinzo da Limia. Explica brevemente que é unha versión en clow do conto clásico da cincenta e adianta a participación doutros grupos foráneos nesta vila.

Escola de Teatro Municipal de Baíñas: *Zongalo quirico.*

Escola de Teatro Municipal de Carnés: *O anel da pirompiña.*

Escola de Teatro Municipal de Salceda: *O Camaleón.*

Escola de Teatro Municipal de Vimianzo: *A moeda falsa.*

Escola-Obradoiro Nosa Señora do Viso: *Pista e peste.*

Ver VII Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.





Grupo de teatro **Falcatrueiros**: *Os cravos de prata*. Dirección: Jouse García.

Grupo de teatro do Instituto de Ensinanza Secundaria de **Fontenla**: *Auto de Nadal*

Referencias varias:

-M. I., “O instituto de Fontenla presentou ‘Auto de Nadal’ ante un xurado”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 18 abril 2002, p. 17.

Alúdese á representación titulada *Auto de Nadal*, representada polos alumnado e profesorado do Instituto de Ensino Secundario de Fontenla e escrita polo escritor e profesor do Instituto de Poio, Segundo Ventín. Así mesmo, infórmase da existencia dunha exposición sobre as artes de pesca, que tivo lugar no citado Instituto de Poio.

Grupo de teatro do **IES Blanco Amor** de Ourense:

Sentimentor. Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **IES** de **Bande** (1): *Así foi, doutor*. Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.

Grupo de teatro do **IES** de **Bande** (2): *Triste chegada*. Ver VII[os] Encontros de teatro escolar e amateur de Bande.





Obradoiro de teatro do **IES María Soliño**: *OsonénosO*, creación colectiva a partir de diversas pezas musicais.

Dirección: Pedro P. Riobó. Interpretación: Bárbara Alló, Lali Boubeta, Cristina Fernández Dacosta, Vanessa Fernández de la Campa, Fernando Fernández Díaz, Ana Fernández Piñeiro, Andrea Fonseca, Elena Franco, Lorena Gago, Pepi González, Cristina Gutiérrez, Anxo Lemos, Lía Martínez, Antonio Otero, Rubén Portela, Iago Quinteiro, Elisa Rial, Ismael Ventosinos, Irene Vidal e Noemí Villar.

Ver VIª Mostra de teatro do ensino secundario do Morrazo.

Grupo de teatro do **IES A Rodeira**: *Gallaegaria*.

Ver VIª Mostra de teatro do ensino secundario do Morrazo.

Grupo de teatro do **IES Vilalonga**: *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor.

Referencias varias:
-A. R., “Esta tarde, doble sesión de teatro en el IES Vilalonga”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Sanxenxo”, 21 maio 2002, p. 20.

Anuncia a dobre representación que o grupo de escolares de primeiro de bacharelato e de cuarto de ESO do IES Vilalonga levaron a cabo para os seus compañeiros e compañeiras e para o público en xeral. Sinala que representaron *A tía Lambida*, unha peza de Eduardo Blanco Amor.

A **Lume**: *Menciñeiro á forza*.

Referencias varias:

-C. F., “Cuentacuentos, teatro y magia en Figueirido y Bértola”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Comarca”, 27 xullo 2002, p. 11.

Ver Grupo de teatro Alecrín: *Triste chegada* neste apartado do *Informe*.

Grupo de teatro infantil **Monte Oribio**: *Os antollos da Margarida*, de Fina Casalderrey.

Adaptación e adaptación: Carmen García Conde.

Grupo de teatro infantil da Asociación de **Mulleres Rurais de Cercido**: *O testamento de Antón/A comida do patrón* e *Petición de man*.

Dirección: Araceli Filgueiras Loureiro.

Grupo de teatro da asociación xuvenil **Noitebra**: *Inés no país dos contos*.

Referencias varias:
- E. G., “El grupo de teatro de Servicios Sociais actúa en Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, 26 outubro 2002, p. 17.

Ver Grupo de teatro Casa Rosada: *Triste chegada*, no apartado III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias deste *Informe*.

Grupo de teatro do IES de **Rodeira**: *Gallaegaia*, de Xosé Manuel Pazos, a partir da obra de Plauto.

Dirección: Antón Lamapereira.

Interpretación: Lorena García Moreira, Merchi Rey Fandiño, Tania Castro Paredes, LauraTato Vidal, Alberto Rodríguez Álvarez, Breixo Mariño Malvido, Alejandro Estévez Fernández, Rodrigo Vieitez Rodríguez, Alejandro Núñez Gómez, Iván Rodríguez González e David Molanes Ruibal. Espacio escénico: Juan Sicilia e Luz Beloso. Deseño de vestiario: Miriam Martínez Pérez e Yanira Curra Hernández. Iluminación: Miguel Riobó e Christian Blanco.

Ver VIª Mostra de teatro do ensino secundario do Morrazo.

Taller de expresión dramática do Concello de Pontevedra: *Misterio na escola*.

Peza de creación colectiva baseada na improvisación, froito do taller coordinado polo grupoMigallas Teatro e que leva como título xenérico “Á procura do tesouro”, que está organizado polo concello pontevedrés.

Referencias varias:

-Belén López, “Buscadores de tesouros e detectives”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 12 maio 2002, p. 61.

Dá conta da posta en escena polo grupo de rapaces e rapazas do Taller de expresión dramática organizado polo Concello de Pontevedra que tivo lugar no Teatro Principal. Destaca a calidade na representación dos participantes e explica brevemente a traxectoria desta iniciativa.

Grupo de teatro **Tarumba**: *Deus*, de Woody Allen. Premio á mellor obra e mellor actuación na Iª Mostra de Teatro para Institutos de Ourense. Peza representada polo alumnado da Universidade Laboral de Ourense. Dirección: Venancio Asorey.

Teatro Caracol: *A viaxe de Florisel*, baseada na peza *A vía fantástica*, de Lola González.

Peza na que se presenta o marabilloso mundo de Florisel e as bruxas, no que tamén aparecen mexillóns, dragóns ou medusas, nunha obra na que os máis pequenos son os protagonistas.

Adaptación do guión: Patricia Rey e Olga González.
Dirección: Olga González.

Grupo de teatro **Tranghallada**: *A revolución do galiñeiro*.

Asociación Cultural **Ubu Teatro**: *A raíña aburrida*, versión de *O rei aburrido*, de Xesús Pisón.

Grupo de teatro **Verbas**: *O merlo branco*.

VII. 3. 4. 3. Postas en escena que continúan en cartel

VII. 3. 4. 3. 1. Gupos estábeis ou profesionais

Artello. **Teatro Alla Scalla 1:5**: (1): *A do libro (Aventuras de Perello de Chora-que logo-bebes)*, baseada nunha serie de narracións do escritor portugués José Ferreira Gomes.

Chora-que-logo-bebes é unha aldea pequena que se atopa ao lado da Fraga Branca, que é un parque de seres fantásticos rodeado dun muro moi alto. De tan alto que é ninguén ousou atravesalo nunca ata que Perello, un cativo choraquelogobebense, pensando que ninguén se atreve polo medo que lle dan os xigantes e monstros que din que hai alí, decide saltar o muro e descubrir por si mesmo o que hai de certo nas historias que lle contan. Así coñecerá lugares tan insospeitados como o Camiño da Felicidade o da Infelicidade, atopará nas nubes o rastro da Cidade da Confusión... ata chegar á mesmísima Boca da Felicidade á Forza.

Dirección: Manuel Pombal. Dramaturxia: M. Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Banda sonora, efectos e dirección de dobraxe: Manuel Pombal. Escenografía, texto, vestiario, atrezzo, monicreques, iluminación, selección musical e deseño gráfico: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Técnico de iluminación e son: Efraím Rivera.

Artello. Teatro Alla Scala 1:5 (2): *Unha de amor* (Inspirada no conto de Jorge Amado “O gato e a andorinha Sinhá” e nas ilustracións de Carybé).

Os animais que habitan nunha pequena vila viven atemorizados pola inquietante presencia dun veciño díscolo, o Gato Gaiado. A el atribúen os máis horrendos crimes e a orixe de todas as desgracias que alí acontecen. Coa chegada da primavera, unha nova e ousada andoriña consegue o nunca visto: ante o estupor de todos os veciños, o Gato Gaiado sorriu. A partir dese momento, desenvólvese unha relación entre o Gato e a Andoriña.

Dirección: Manuel Pombal. Actores/Manipuladores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Guión, espacio escénico, monicreques e iluminación: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Escenificación e producción: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Mestura e edición da banda sonora: Manuel Pombal. Pintura do decorado: Suso Montero. Texto e selección musical: Manuel Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Referencias varias:

- Antonio Pinacho, “Los escolares porriñeses descubren el teatro de títeres”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, 3 outubro 2002, p. 17.

Dá conta da representación da peza *Unha de amor*, a cargo de Artello Teatro no Centro Cultural de Porriño para o alumnado de primaria. Ademais de ofrecer detalles da posta en escena como o xogo de sombras e cores, recóllense as impresións dalgúns nenos e nenas asistentes. Remata sinalando que esta iniciativa forma parte da campaña “Os títeres na escola”.

Ver Festival de teatro infantil de Gondomar. Ver Vº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Lugo.

Teatro do **Aquí**: *Os papalagui.*

Ver Ciclo de teatro profesional escolar de San Sadurniño.





Berrobambán Teatro (1): *Dous contos sen final e un final por fin*, obra escrita por José Campanari.

Dirección: José Campanari e Diana Tessari.

Berrobambán Teatro (2): *Diariamente.*

Trátase dun espectáculo de clown mudo dirixido ao público infantil. A través da posta en escena reflíctense os encontros e desencontros entre persoas e cousas a través de catro personaxes. No lugar de texto o espectáculo baséase na linguaxe visual.

Dirección: José Campanari. Interpretación: Paula Carballeira, Teresa Rodríguez, Manolo Vázquez e Chiqui Pereira.

Teatro **Buratini** (1): *Contos para todo o ano*, baseado en textos de Carles Cano e Gianni Rodari.

Este espectáculo teatral de contacontos e marionetas para o público infantil relata unha historia protagonizada pola coñecida escritora Estrela da Fonte, quen acode a falar do seu último libro de contos. Tamén tentará atopar a Clara, unha rapaza que lle regalou un caderno cheo de historias. O contido son diversos contos curtiños relacionados coa natureza, as estacións do ano, o mar e o universo. O espectáculo no seu conxunto pretende levar aos asistentes de viaxe polo mundo dos contos.

Dirección: Pablo Suárez.

Teatro **Buratini** (3): *O Pazo de papel*, espectáculo de marionetas, baseado en textos de José Zafra e Gianni Rodari.

Espectáculo estructurado en dúas partes: na primeira delas o espectador presencia a viaxe á biblioteca dun vello caserón, onde descobre os amores dunha ratiña de biblioteca cun rato de campo. Trátase dun relato de ton intimista e esperanzador. Na segunda parte xorde a presencia de Don Gato, quen ten complicacións co seu mundo de negocios, e acaba de ter unha idea: inaugurar unha tenda de ratos en conversa.

Dirección: Pablo Suárez. Interpretación: Larraitz Urruzola e
Manuel Gutiérrez (pianista).

Títeres **Cachirulo** (1): *Catro contos da China.* Catro aventuras nas que descobren un cómico e divertido mundo agachado moi preto de nós e cheo de inquedantes situacións: a amizade, os disparates humanos, aprendizaxes humanos e xogos realizados con monicreques chineses. Dirección: Yang-Feng. Ver Festival de teatro infantil de Gondomar.

Títeres **Cachirulo** (2): *A guerra de Galicsias. Unha aventura intergaláctica,* de Xurxo Rei.

Aventura interplanetaria baseada nas tradicións máxicas gastronómicas e culturais da terra galega. Aparece o planeta vermello de Marticia que ve contaminadas as súas augas polo malvado emperador Madfrud e os valentes Marticiáns teñen que recorrer ao Mago Merlín para que lles faga un antídoto.

Guión e dirección: Xurxo Rei.

Títeres **Cachirulo** (3): *Pinocho*, baseado no conto *As aventuras de Pinocchio*, de Carlo Collodi.

Peza teatral adecuada para públicos de todas as idades, na que o famoso monicreque feito por Geppetto vive as máis incríbeis aventuras para chegar a ser un neno de verdade e cun corazón cheo de felicidade. Cando o monicreque adquire vida ninguén é quen de suxeitalo.

Dirección: Xurxo Rei e Luís González.
Manipuladores: Carmen Domech e Xurxo Rei.

Referencias varias:

- A.I., “Marionetas en la Alameda”, *El Correo Gallego*, “Ascensión 2002”, 11 maio 2002, p. 35.

Ver Títeres Trompicallo: *Jiñol*, no apartado VII. 3. 2. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais, deste *Informe*.

Títeres **Cachirulo** (4): *Santiago, historia dunha viaxe*, de Xurxo Rei.

Espectáculo baseado no Códice Calixtino que narra as aventuras, paixón e milagres do Apóstolo Santiago en terras da Xerusalén de Herodes. Tamén recolle cómo o seu corpo é trasladado polos seus discípulos ata a Fin da Terra.

Dirección: Xurxo Rei e Luís González. Titiriteiros: Carmen Domech,
Luís González, Xurxo Rey e Li Ying Bai.

Títeres **Cachirulo** (5): *El-Rei Artur e a Abominable Dama*.

El-rei Artur, tras un enfrontamento cun cabaleiro máxico ten que resolver un enigma para salvar a súa vida que consiste en responder a qué é o que máis desexan as mulleres. Artur terá que pasar por intrincadas aventuras que o van levando a unha revisión do seu posicionamento sobre o papel das mulleres no seu redor e o da dona Xenebra en particular. O seu compañeiro de aventuras é Sir Galvan.

Autores: Marilar Aleixandre, Carmen Domech e Xurxo Rei.
Dirección: Carmen Domech e Xurxo Rei. Manipuladores:
Carmen Domech, Xurxo Rey e Luís González.

Ver Sábados teatrais de Narón no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Títeres **Cachirulo** (6): *Pequenas historias de nenos e familias.*

Espectáculo para todos os públicos no que se mostran situacións familiares conflictivas e como o hábitat circundante de amigos e familiares se involucra para tentar solucionalas. Tamén se tocan aspectos como as adopcións.

Títeres **Cascanueces** (1): *Un conto vello volto a contar.*

Trátase da historia dunha malvada bruxa que tenta crear o caos no mundo roubando o sol e a lúa, pero Nenusín, un neno moi atrevido, é o encargado de recuperar os tesouros naturais coa axuda doutros nenos.

Ver Vº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Lugo.
Ver Festival de títeres de Reis de Pontevedra.

Títeres **Cascanueces** (2): *A rúa das pantasmas.*

Teatro do Curro: *Un día de espías, ou o caso do repolo con anteollos*, de Ignacio del Moral.

Dirección: Víctor Vez Vilar. **Danthea Teatro**: *A casiña de chocolate.*





Espello Cóncavo (1): *Castelao, sempre,* de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao.

O mozo Castelao, xurdindo da Historia, enfróntase coa súa propia obra a través dos mesmos personaxes por el creados. Todo transcorre nun espacio máxico, nun transmundo no que os espectadores son testemuñas de cómo Castela, revivindo a súa historia, destrúe a imaxe do mito.

Director: Arturo López. Interpretación: Rubén Castro, José Leis, Denís López, Marita Martínez, Isabel Risco e Paula Serantes.





Espello Cóncavo (2): *Peter Pan*, de J. M. Barrie.

Direccción: Arturo López.
Producción: Teresa Horro.
Dramaturxia: M. Lourenzo.

Grupo de teatro **Expresión da Asociación Cultural Os Carballiños**: *Conto contigo.*





Falcatrúa-Teatro de Títeres (1): *As aventuras de Pepín o Pelegrín.*

Todo xira arredor da promesa do Marqués de Donalbai de percorrer o camiño de Santiago co seu neto Pepín. A súa filla Belisenda, tía de Pepín, decide contratar a dous asasinos para que os egrexios romeiros non regresen xamais, e así prolongar a súa rexencia. Pero non resulta doado desfacerse dos peregrinos. Un rosario de emboscadas e sucesos estraños marcan a accidentada viaxe que ao cabo desvela moitas sorpresas.

Dirección: Esteban Losada.

Falcatrúa-Teatro de Títeres (2): *A Fantástica transformación de Maurocaracol.*

Dende que a doutora Furaespellos chega á rúa do Cobotelo, a tradicional e pacífica convivencia vese alterada, porque entre os vidros e espellos rotos, ademais de toda clase de sucesos estraños, atarefan ao Pepón. Maurocaracol decide trocar a moderna educación da súa filla Candela por un remedo caduco de sexista, mentres que o noivo dela, Michi, navega por Internet e acaba descubrindo por casualidade que uns delincuentes están a experimentar cunha droga quebravontades.

Dirección: Esteban Losada.

Falcatrúa-Teatro de Títeres (3): *O espírito do bosque*.

Espectáculo que combina o monicreque tradicional cunha coidada posta en escena. Cabe salientar o complexo deseño de luces, con técnicas empregadas como a de luva, variña eMarrote. É unha comedia na que se narra o acontecido nun bosque ao ser invadido polo lixo e demais residuos industriais e de cómo Celes, o trapeiro calé, mantedor inconsciente do precario medio, é captado polo ruín especulador Maldrás para que abandone a súa benéfica actividade e traslade uns misteriosos bocios ao bosque. Estes resultan ser radioactivos polo que os habitantes da fraga alertan a Celes, que decatándose da gravidade da situación, tenta desbaratar os planos do pérfido Maldrás.

Dirección: Esteban Losada.

Monicreques de **Kukas** (1): *Cucarandainas*, de Marcelino de Santiago.

Xénero: Comedia de intriga.
Dirección: Marcos Vieitez.
Interpretación: Kukas e Isabel Rey.

Monicreques de **Kukas** (2): *Xan Trapallas, ou un día calquera na vida dun home calquera*.

Comedia muda na que se tenta facer reflexionar e afondar nas situacións, por veces absurdas, que nos depara a vida cotiá e a relación que establecemos os humanos con todo tipo de obxectos que nos rodean. Xan Trapallas é un paisano inxenuo, trangalleiro e dormilón que dende que se ergue só pensa en volverse deitar.

Dirección: Isabel Rey e Susana Dans. Interpretación: Gena Baamonde, Kukas e Javier Méndez Oro.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Frescuras dos herois”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 13 abril 2002, p. 7.

Ver Talía Teatro: *Supermáis!!!*, no apartado VII. 3. 2. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais, deste *Informe*.

Ver Xª Feira do teatro de Galicia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*. Ver Sábados teatrais de Narón no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Magerit: *Melissa e os seus feitizos*.

Historia protagonizada por unha bruxa boa chamada Melissa que é moi amiga das plantas e da natureza, pero que un día coñece a unha fada moi ambiciosa que quere utilizala para converterse na emperatriz do reino das fadas.

Manicomio de muñecos: *Os tres porquiños*.

Clásico no que os tres irmáns porquiños se teñen que enfrontar co lobo dentro das súas casas.

Migallas Teatro (1): Espectáculo *¡Canta connosco!*, versión infantil de *O cantante e as mulleres*, creación do grupo.

Espectáculo que reúne un bo número de cancións de todos os estilos, dende cancións infantís tradicionais ata o rap ou a canción africana e onde os diferentes personaxes que aparecen no escenario, todos moi próximos aos rapaces e rapazas, tratan temas como os xogos tradicionais fronte á televisión ou os videoxogos; os xoguetes bélicos e sexistas fronte á animación á lectura ou a importancia do uso do galego, a ecoloxía, a lectura, a cultura en xeral, etc.

Dirección: Migallas. Interpretación: María Campos e Carlos Yus. Técnico de Son: Xurxo Cortázar. Escenografía, vestiario, cancións, fotografía, deseño gráfico e producción: Migallas.

Referencias varias:

- Gonzalo García, “Música para niños y mayores con ‘Migallas’ y ‘Mamá cabra”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, 16 agosto 2002, p. 8.

Dá conta da participación de Migallas e Mamá Cabra na praza da Ferrería de Pontevedra con cadanseu espectáculo para a nenez.

- E. V. R., “Teatro y música centran la oferta del Auditorio hasta fin de año”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 4 outubro 2002, p. 23.

Ver Miro Magariños: *Os xigantes* no apartado VII. 3. 2. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

Migallas Teatro (2): *O libro máxico*, espectáculo no que se convida aos rapaces e rapazas a vivir aventuras a través da lectura.

Historia da Rosiña, unha nena que un día queda soa na casa porque os seus pais teñen que asistir a unha reunión. Buscando nun baúl atopa un libro vello e comeza a lelo, á vez que empezan a ocorrer cousas raras que acaban por introducir a Rosiña e ao público na historia de piratas que recolle o libro.

Dirección: Migallas. Interpretación: María Campos, Carlos Yus e Xurxo Cortázar.
Técnico de son: Xurxo Cortázar. Escenografía, vestiario, cancións, fotografía,
deseño gráfico e producción: Migallas.

Referencias varias:

-Belén López, “Cando esteas aburrido e non saibas qué facer, colle un libro, meu amigo, todo pode suceder”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 3 abril 2002, p. 62.

Comenta que en Pontevedra, e coincidindo co programa de animación a lectura e coa celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil, tivo lugar unha sesión de contacontos e unha representación no Teatro Principal de dita cidade. Foron varios os colexios que acudiron a presenciar estas representacións e que puideron familiarizarse con Rosiña , protagonista principal da obra “O Libro Máxico” da compañía de teatro Migallas de Pontevedra.





Teatro do **Morcego**: *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso R. Castelao.

Ver Teatro do Morcego: *Os vellos non deben de namorarse* no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Frescuras dos herois”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 13 abril 2002, p. 7.

Ver Talía Teatro: *Supermáis!!!*, no apartado VII. 3. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais, deste *Informe*.

Teatro do **Noroeste** (1): *Feirantes*, baseada en textos de *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro.

Ver Teatro do Noroeste: *Feirantes*, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.





Teatro do **Noroeste** (2): *O país acuático*, de Eduardo Alonso.

Este grupo, despois dunha longa experiencia de varios anos realizando e organizando campañas de teatro para a adolescencia e mocidade dos centros de ensino medio e dos últimos cursos do Bacharelato, formación profesional ou COU, aborda con esta peza teatral a súa primeira montaxe de teatro infantil. Nela cinco actrices e actores contan a historia deste país, no que malia o seu nome, non tiña auga. Un país sen mar, sen río, sen regatos nin charcos, pero que gracias á imaxinación dos seus habitantes, acadou o que máis apreciaba: transformarse nun país fermoso e florido, cheo de fontes e surtidores. Obra que recibiu unha mención especial no Premio Estornela de Teatro infantil do ano 2000.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Luma Gómez, Belén Constenla, Rebeca Montero, Xosé Vilarelle e Carlos Mosquera *Mos*.

Ver Ciclo de “Teatro de Primavera” de Culleredo no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Os **Quinquilláns** (1): *O circo das máscaras.*

Ver Os Quinquilláns: *O circo das máscaras* no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*. Ver Semana de teatro para nen@s de Vigo.





Os **Quinquilláns** (2): *Gulliver*, adaptación da obra de Jonathan Swift.

Montaxe que mestura a música, danza, coreografía, manipulación de bonecos, títeres, zancudos e teatro. Dirección: Carolina Ramos. Interpretación: Olga Cameselle, Xurxo Vázquez, Natalia Pérez, Nazaré da Vila, César Cambeiro, Lucho Penabade e Xurxo Piñeiro. Música e son: Xurxo Piñeiro. Escenografía e atrezzo: Pepe Míguez. Vestiario: Betti Lobato. Coreografías: Olga Cameselle. Guión: Lucho Penabade. Asesoría: Seaga. Distribución: Nazaré da Vila. Producción: Os Quinquilláns.

Os **Quinquilláns** (3): *A noite.*

Peza na que ademais de marionetas, tamén se inclúen inchábeis autoiluminados en zancos, danza contemporánea e música en directo.

Sarabela Teatro (1): *A illa amarela*, adaptación da obra de Paloma Pedrero.

Cóntase a historia do rei Kuavi, xefe da Illa Amarela, que visita con catro compañeiros Europa e durante esta viaxe vanse poñendo de manifesto as diferencias nos costumes e valores entre estes dous mundos distintos. Quérese criticar a obsesión creada no mundo occidental por acadar poder e riquezas, acompañado o texto con números musicais como o famoso "Money, money" da película *Cabaret*, que quere achegar ao público infantil esta obra de fácil comprensión pero coa que os adultos reflexionan máis alá da risa fácil.

Dirección e dramaturxia: Ánxeles Cuña Bóveda Interpretación: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Tito Asorey, Fina Calleja e Sabela Gago.

Referencias varias:

- Zaida Iglesias, "A illa amarela' vuelve a los escenarios para sensibilizar a los estudiantes ourensanos", *La Región*, "Ourense", 28 xaneiro 2002, p. 6.

Dá conta da posta en escena en diferentes vilas da provincia de Ourense da peza *A illa amarela* a cargo de Sarabela Teatro, froito dun acordo da Consellería de Medio Ambiente e o xornal *La Región*. Repásase o argumento desta obra baseada nun texto de Paloma Pedrero, recóllense as palabras de satisfacción dos actores pola boa acollida que tivo dende a súa estrea, así como a importancia de facerlle chegar a mensaxe ao público infantil.

- AFA, “Galegos en FETEN”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 febreiro 2002, p. 33.

Faise referencia á participación de Sarabela Teatro na Feira Europea de Teatro para Nenos (FETEN2002), que se celebrará en Xixón entre o 24 de febreiro e o 1 de marzo de 2002. A compañía ourensá representará a obra *A illa amarela*, adaptada pola directora do grupoteatral Sarabela, Ánxeles Acuña, a partir do texto de Paloma Pedrero. Sinálase que a obra supón “unha viaxe polas nosas propias vidas dende o punto de vista de cinco personaxes que son habitantes dunha illa da Polinesia que se trasladan a Europa e observan os costumes dos occidentais”. Así mesmo, infórmase de que a Sarabela segue coa representación doutras obras como *O lapis do carpinteiro*, mentres traballa en novos proxectos como *A conxura dos necios*, “unha crítica humorística de todo e século”. Para

rematar, Fernando Dacosta, un dos protagonistas de *A illa amarela*, comentou que a situación do teatro galego “está á espera dunha consolidación ampla, avalada polas institucións públicas e privadas”.




Ver IIIº Ciclo de teatro infantil “Domingos do Principal” de Pontevedra.

Sarabela Teatro (2): *Romance de Micomicón e Adhelala*, de Eduardo Blanco Amor. Premio La Celestina 2000 outorgado pola crítica teatral de Madrid e Finalista en Teatralia.

Adaptación do xoguete teatral escrito por Eduardo Blanco Amor para monicreques, no que se conta a historia dun reino estraño gobernado por unha raíña viúva e histérica, filla e neta de tiranos, no que hai un pazo a piques de derrubarse baixo as arroutadas de Micomicón, un príncipe de dimensións xigantescas por mor dunha maldición. Entre tanto personaxe estrafalario destaca Adhelala, unha princesa en cativerio que posúe a sabedoría e a iniciativa precisas para cambiar as cousas.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Interpretación: Elena Seijo, Fina Calleja, Sabela Gago, Suso Díaz Chambelán e Antón R. Macías. Adaptación: Begoña Muñoz.Deseño de luz: Ánxeles Cuña, Antón R. Macías e Suso Díaz. Deseño gráfico: 1: Media. Vestiario: Carlos Rodríguez.

Fotografía: Ánxeles Cuña Bóveda.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “Una lección de Blanco Amor para escolares”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 maio 2002, p. 36.

Explícase cómo se desenvolve a función, da que se destaca o contacto dos actores co público nesta peza para monicreques de Eduardo Blanco Amor adaptada para a súa representación por actores. Tamén salienta as numerosas representacións que se teñen feito dela e algúns dos premios acadados. Recóllense as palabras dos actores nas que falan de cada un dos seus personaxes, da temática da obra arredor da tiranía e o abuso de poder, así como as impresións dalgúns dos nenos e nenas asistentes.

Ver Semana de Teatro Escolar de Vigo. Ver Xª Feira do teatro de Galicia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Ver Iª Mostra de “Teatro en Galicia” de Lugo no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Grupo de teatro **Sardiña**: *Cásina* de Plauto.

Historia da moza Cásina da que se namora o ancián Lisídamo e o seu fillo Eutinicio, á que recolleron na súa casa de nena. Todo xira arredor das peripecias que Lisídamo protagoniza para quedar a soas con Cásina, e que rematarán coa trampa que Cleóstrata prepara cambiando a bela Cásina por un escravo forzudo e barbudo.

Spaguetti Teatro de Títeres (1): *Cinco contos para unha man*.

Referencias varias:
- E. G., “El auditorio de Salceda es el capitolio del espectáculo local”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, 30 novembro 2002, p. 26.

Ver Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de estrelas II*, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

Spaguetti Teatro de Títeres (2): *Chímpate chámpate*.

Referencias varias:
- A. Rodríguez, “Teatro, conciertos y títeres para festejar las Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los costados”, 14 maio 2002, p. 8.

Ver Sísifo Teatro: *¿Que...?*, no apartado III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias deste *Informe*.

Ver Vº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Lugo.

Talía Teatro: *Menos lobos.*

Jennifer, Jonathan e Christopher son dous nenos e unha nena de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o aniversario desta, pero atópanse coa noticia de que o aniversario é mañá. Para non aburrírense, despois de moito pensar en qué facer deciden representar un conto onde haxa lobos.

Dramaturxia e dirección: Artur Trillo. Interpretación: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste. Espacio escénico e atrezzo: Carlos Alonso. Vestiario e maquillaxe: Martina Cambeiro. Iluminación: Víctor Trillo. Fotografía: Fernando de Juan. Deseño Gráfico: Blanca Barrio. Producción: Producciónes Teatrais Talía, S. C.

Referencias varias:

-Xosé García, “Escenario de luces y asombro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 12 novembro 2002, p. L13.

Dá conta das actividades que se levaron a cabo na vila de Arzúa con motivo da celebración dunha semana de actos lúdicos dirixidos aos máis pequenos. Sinala que están organizados pola Asociación Ánxel Casal, Amarai e asociacións de pais dos centros públicos. Ademais das sesións de maxia, tamén dá conta da posta en escena de *Menos lobos*, de Talía Teatro.

- Javier Pena, “Valdoviño cuida el teatro”, *Diario de Ferrol*, “Especial Navidad”, 21 decembro 2002, p. 21.

Ver Emeigual Teatro: *Lux nas torres*, no apartado III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias deste *Informe*.

Tanxarina Títeres (1): *Ah, ah, ah, Estamos monstros de risa.*

É unha novela de aventuras na que o profesor Fraiz da Universidade de Santiago de Compostela viaxa no tempo gracias á pedra máxica atopada na catedral. Tamén está de fondo o feito de que a súa moza é secuestrada, preguntándose quen estará enterrado no sepulcro santo ou se será capaz de regresar coa súa namorada.

Dirección: Cándido Pazó.





Tanxarina Títeres (2): *Contaloucos*, espectáculo baseado en *A bomba e o xeneral*, de Umberto Eco e *A historia de Anselmo e o seu amigo Timoteo*, de Terry Jones.

Son tres contos nos que os protagonistas son tres tolos titiriteiros escollidos da literatura universal contemporánea. Con diferentes bonecos cóntanse tanto historias de agora coma contos con sabor tradicional nos que se fala da guerra, dos trasnos, dos narigudos ou da amizade.

Dirección: Cándido Pazó. Actores-manipuladores: Eduardo Rodríguez Cunha, Andrés Giráldez e Miguel Borines. Música: Paco Barreiro. Efectos de son: Manuel Pombal. Vestiario dos bonecos: Belén Puentes. Atrezzo: Carlos Alonso e Concha González.

Referencias varias:

- E. G., “El auditorio de Salceda es el capitolio del espectáculo local”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, 30 novembro 2002, p. 26.

Ver Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de estrelas II*, no apartado III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.





Tanxarina Títeres (3): *A historia dos narigudos*.

Trátase da historia dos habitantes dunha illa que tiñan o nariz moi longo e cheo de problemas. Xénero: Títeres e marionetas.

Tanxarina Títeres (4): *Titiricircus.*

Espectáculo arredor do mundo do circo de rúa, dos seus personaxes e as historias queestas viven. É unha lembranza ensoñadora e festiva do gran circo de carpa na que dous vellos traballadores lembran con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

Referencias varias:

-Carlos Fernández, “Música, teatro, diversión y cultura en las fiestas de San Xoán de Paredes”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Comarcas”, 16 xuño 2002, p. 17.

De entre todos os actos organizados para celebrar as festas patronais deste municipio, tamén se inclúe unha sesión de contacontos con Paula Carballeira e a posta en escena de *Titiricircus*, de Tanxarina Títeres.

Tarabuleque Teatro: *Pallasos puros e duros, tres pallasos en apuros.*

O circo Tarabuleque pechou e os nenos xa non van ver o espectáculo porque todos os artistas marcharon. Só quedaron os pallasos despistados que non se queren ir e que son Crispín, Sócrates e Papita que deciden que farán sós o espectáculo circense axudados pola nenez.

Dirección: Ramón G. de Fontecha

Títeres **Trécola**: *Gus, un guiñol con moito gas.*

Historia de Gus, un repartidor de pizzas, que corre diversas aventuras na súa vila na que hai unha praza, unha rúa e tamén veciños como MR Klic e o seu can Fly-Boy, o Canillas ou Don Arcadio. Todo se enlea de tal forma cando aparece a cabra Macarena que ao final ninguén sabe explicar que é o que pasou.

Dirección: Rafael Vázquez.

Títeres **Tres globos** (1): *Pedro e o lobo.*

Pedro é un pastor moi fedello que atopa moi divertido ver como vén correndo seu pai coa escopeta cando el berra que vén o lobo. Un día chega un lobo de verdade e Pedro volve berrar pero ninguén lle fai caso. Este lobo que chega non é un lobo normal, senón un canlobo que se chama Guff e quere ser pastor. Guff terá que convencer ao público para que Pedro lle ensine a ser pastor, cousa moi difícil porque a ovella Belinda desconfía del.

Dirección, textos e vestiario: Xoán Pérez Manipulación dos monicreques: Xoán Pérez e Marián González

Títeres **Tres globos** (2): *O sapo encantado.*

Unha das reporteiras máis intrépidas que existen entrevista á Meiga Maleira, que hai moito tempo converteu ao príncipe Croberto en sapo porque non quería casar. A reporteira descobre que o único xeito de que ese sapo volva a ser un príncipe é que unha princesa casadeira o bique e tratará de buscar unha que o faga, para desfacer o meigallo. Sen embargo a Meiga Maleira cambiará o meigallo de xeito que se unha princesa bica ao sapo quedará convertida en ra.

Dirección: Xoán Pérez.

Trinke Trinke : *A princesa e a pardela*, de Javier Vizoso.

Historia que se desenvolve nun afastado país chamado Kublai Khan, defendido por un exército de pardelas (moi semellantes ás gaivotas), no que todo é prosperidade ata o día no que deixan de soñar os seus habitantes e perden a capacidade de ilusionarse.

Dirección: Pablo Sánchez

Ver IIIº Ciclo de teatro infantil “Domingos do Principal” de Pontevedra. Ver Xª Feira do teatro de Galicia no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

Títeres **Trompicallo** (1): *Drácula*, de Branm Stoker.

Jhonathan Harker é un adolescente con algún que outro trastorno de personalidade que se sente dividido entre o seu amor a Mina e a súa atracción por Lucy, a mellor amiga da primeira. Na súa busca da verdade atópase con dous sinistros personaxes que son Drácula e o Doutor Van Helsin.

Dirección: Luís González. Manipuladores: Marián González, Beatriz Sánchez e Luís González.

Ver VIIº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Santiago de Compostela.

Títeres **Trompicallo** (2): *Manoladas*.

Espectáculo de maxia protagonizado polo monicreque Manolo, composto de cartón e trapo, acompañado polo seu axudante que é un can. Unha das características de Manolo é que é un tanto maleducado e case faltón.

Dirección: Mª Ángeles González Rodríguez. Manipuladores: Marián González Rodríguez, Eva Sanz Santás e Luís González Rodríguez.

Títeres **Viravolta** (1): *As aventuras do señor Sabañón.*

Peza na que se nos achega ao traballo que leva o doutor Sabañón e o seu axudante Flemón na procura dun remedio para curar a cabra do xitano Caetano. Dirección: Anxo García

Títeres **Viravolta** (2): *¡Hip, hip, hurra!*, de Magdalena de Rojas.

Os personaxes principais son Tanxerina e Pergamiño, unha princesa e un príncipe de dous países veciños. O que os caracteriza é o seu esforzo por botar abaixo a intención dos seus proxenitores de que casen e rematar así coa súa solteiría, ademais de darlles un escarmento aos seus pais por estaren sempre apostando. Despois de moitas aventuras e axudados polo cabalo Foguete, conseguen que todo se amañe, mesmo que desapareza o hipo e a tartamudez que atacaba aos seus pais.

Dirección: Anxo García. Escenografía: Anxo García e Ignacio Vilariño.Actores: Anxo García, Ignacio Vilariño e Pilar Álvarez.Vestiario: Pilar Álvarez. Iluminación: Xulio Balado.

Títeres **Viravolta** (3): *O candil marabilloso.* Versión libre do conto das mil e unha noites na que o gran Sultán está moi enfermoe o único remedio está no sifón máxico. Aladino axudado polo candil intentará conseguilo a través das trampas que lle pon o mago Ali-Ol-i. Dirección: Anxo García. Ver Vº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Lugo.

Títeres **Viravolta** (4): *Barriga Verde.*

Versión libre de Biel Poncel dun conto popular sueco para teatro de títeres caracterizado pola intriga e a emoción nunha historia de ogros na que a heroína é unha nena moi atrevida.

VII. 3. 4. 3. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións Teatre (Aula de teatro municipal de **Pontevedra**): *Un millón de vacas*, de Manuel Rivas. Ver Grupo Teatre (Aula de teatro do Campus de Pontevedra) (2): *Un millón de vacas*, no apartado III. 4. 3. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias, deste *Informe*.

VII. 4. Cómic

VII. 4. 1. Cómics galegos

Agrelo Hermo, Xosé, *Noia. Porto de Compostela*, ilust. Xosé Luís Veiras Manteiga, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Galicia en cómic, nº 1, setembro 2002, 44 pp. (ISBN: 84-95622-64-5).❿

Ábrese este cómic cunha "Introducción" da editorial Toxosoutos, na que se fai referencia ao interese que esta editorial ten mostrado por achegarlle ao lectorado as raiceiras da Historia de Galicia e se comenta que *Noia, porto de Compostela* supón o primeiro volume dun novo proxecto que intenta expor o devir histórico das vilas e cidades de Galicia en formato cómic, coa pretensión de ofrecer este coñecemento por medio dunha linguaxe gráfica e literaria, máis consonte coas preferencias neste comezo de milenio. A seguir, dáselle paso á historia da vila de Noia en formato cómic, dende que foi fundada pola bisneta de Noé, Noela, o seu

irmán e marido, ata a Guerra Civil española, pasando por diferentes períodos históricos como son os da cultura castrexa, o imperio romano, os suevos, os normandos, bretóns e berberiscos, o medievo co Camiño de Santiago, os gremios e os Irmandiños, o neoclasicismo, o século XIX, cos industriais cataláns, ou o século XX, coas renovacións urbanas da época e o auxe cultural experimentado. É de sinalar que, ao longo deste percorrido cronolóxico polas diferentes etapas históricas de Noia, se presentan os seus persoeiros máis sobresaíntes, as diferentes edificacións que van ir conformando a vila, a organización e desenvolvemento da súa economía, ou aquelas institucións ou sociedades de carácter cultural que se foron creando. Xosé Agrelo (Santa Cristina de Barro, Noia, 1937), a través do texto, e Xosé Luís Veiras Manteiga, a través das ilustracións, son os encargados de ofrecer esta presentación da historia de Noia para que poida ser coñecida polo lectorado infantil.




Recensións:

- Xavier Castro R., “A historia resumida en viñetas das principais vilas medievais galegas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 3 novembro 2002, p. 4.

Logo de facer alusión á importancia e difusión protagonizada polo cómic nos últimos anos en Galicia, faise eco do proxecto "Galicia en cómic", promovido pola Editorial Toxosoutos e que pretende achegar ao lector-espectador a historia resumida en cómic das principais vilas medievais galegas. A seguir, céntrase no primeiro volume que parte deste proxecto, que se publicou co título de *Noia, porto de Compostela* e que está elaborado a través do guión histórico de Xosé Agrelo Hermo e as ilustracións de Xosé Luís Veiras Manteiga, dos que se achegan certos datos sobre o seu labor en diferentes vertentes. Tamén sinala que se trata dun "fermoso traballo" dunha vila importante e interesante pasado dende hai séculos, a de Noia.

Referencias varias:

-Miguel Vázquez Freire, "Historia", *La Voz de Galicia*, "*La voz de la escuela*", "As recomendacións de Golfiño", 16 decembro 2002, p. 6.

No seu percorrido polas iniciativas que se teñen levado a cabo no sector da banda deseñada con temática histórica atende a aquelas de índole galega, comezando pola de Primitivo Marcos, *Aventura no Camiño de Santiago*, da que sinala que é dificilísimo conseguir algún exemplar, malia estar financiada pola Deputación de Lugo. Segue logo por *O máxico arrecedendo* (1992), da editorial Vía Láctea, dous volumes de calidade desigual; *Cita na Habana* (2000), de Fran Jaraba; ou *A retirada de sir John Moore* (2002), de Pepe Carreiro. Tamén anuncia un novo proxecto, Galicia en Cómic, que consiste en facer a historia de vilas e cidades galegas e que xa viu a luz o seu primeiro número, *Noia, porto de Compostela* (2002).





Carreiro, Pepe, *A retirada de Sir John Moore.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. *Galicia nas Guerras Napoleónicas*, Unha aventura de Teixugo, 2002, 46 pp. (ISBN: 84-8302-772-0).

Con texto e debuxos de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) sitúa a súa acción no contexto histórico das guerras napoleónicas, situación que aparece explicada brevemente nunha das páxinas iniciais do volume. Cun estilo humorístico e mesmo irónico, relátase a historia dun arrieiro galego que estaba de paso por terras leonesas, Teixugo, e a quen o exército francés lle requisa as súas mulas e o británico, aliado do galego e enfrontado ao francés, as sardiñas que el ía vender en Astorga. Ante este feito, Teixugo volve a Galicia e o abade da súa parroquia ínstao a que recupere a mercadoría, xa que a igrexa era beneficiaria do dez por cento do seu valor. Así, Teixugo, acompañado por uns cantos veciños, parte na busca dos dous exércitos para recuperar o roubado, cousa que conseguen despois de facerse pasar por ingleses e despois de superar distintos atrancos e aventuras que rematan coa famosa batalla de Elviña, na que se retiraron os ingleses e o seu xeneral Sir John Moore morreu. O volume remata co poema que Rosalía de Castro titulou “Na tomba do xeneral inglés SIR JOHN MOORE morto na batalla de Elviña (Cruña) o 16 de Xaneiro de 1809”, e cunha cita de Lord Wellington contestada por outra do propio autor do cómic.

Recensións:

- Abril, Gabriel, “A retirada de sir John Moore”, *CLIJ*, nº 152, setembro 2002, p. 71.

Cualifica este cómic, de Pepe Carreiro, de “divertido” e considera que navega entre un libro de historia e tebeo de humor. A seguir describe a historia que se conta coas guerras napoleónicas de fondo e cun apartado histórico no que Carreiro ilustra “toda una serie de paisajes y situaciones que llevará a los lectores más jóvenes a una mayor comprensión de lo que fue su propia historia, quizá narrada con demasiada solemnidad en los libros de texto”.

-Paula Fernández, “Not a drum was hard”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 9, “Infantil/Xuvenil”, 12 setembro 2002, p. VII.

Comeza sinalando que Pepe Carreiro xa demostrara anteriormente unha peculiar forma de novelar a nosa historia dirixíndose a un público infantil, aspecto que retoma agora de cara a

un auditorio xuvenil. A continuación describe o feito histórico no que está baseado este cómic que tomou como personaxe de referencia a Sir John Moore, especie de heroe romántico por morrer na batalla de Elviña lonxe da súa terra. Por outro lado sinala que, sen embargo, o autor concedeulle importancia na historia a outras cuestións que fan que a súa lectura sexa amena, feito ao que tamén contribúen as divertidas ilustracións e os trazos irónicos e humorísticos do seu estilo.




Referencias varias:

- J. F., “Arrieiro entre exércitos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros. Cómic”, 13 xullo 2002, p. 11.

Opina que a banda deseñada é un bo medio para relatar aventuras históricas como demostraron Uderzo e Goscinny e agora tamén Pepe Carreiro ao reproducir o episodio da retirada do exército inglés perseguido polo francés no inverno de 1808. Destaca deste cómic a retranca dos personaxes galegos que aparecen nel e cre que estamos ante un material moi ficcionábel no que nunca se perde de vista a premisa da diversión.

-María Louro, “Deixei de publicar nalgúns xornais por sentirme censurado”, *La Opinión*, “Cultura”, 7 agosto 2002, p. 37.

Entrevista ao debuxante Pepe Carreiro con motivo da súa estancia na Feira do Libro da Coruña para asinar exemplares do seu cómic. Sobre este explica que o ambientou no marco do tránsito ao novo réxime porque é unha época que lle gusta moito. De feito, ten en mente facer dous cómics máis que se encadrarían na mesma época e que versarían sobre a reconquista de Vigo aos franceses e a batalla de Pontesampaio. Por outro lado indica que como debuxante en xornais se sentiu censurado apuntando ademais que o seu estilo na prensa é moi distinto ao deste cómic. Por último, sobre a situación do cómic en Galicia cre que é mala e que non hai un estilo galego determinado.

-F. P. Lorenzo/Francisco P. Lorenzo, “Teixugo, o novo heroe”/“Pepe Carreiro debuxa con humor e rigor a Guerra da Independencia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 9 agosto 2002, p. 33/p. 67.

Sinala que a través desta aventura o lectorado pode seguir a historia do xeneral inglés Sir John Moore, personaxe que se inclúe dentro dos heroes románticos do país. Encadra ademais esta obra dentro do relato histórico, xénero ao que este autor xa se achegara con anterioridade e que segundo el está pouco aproveitado na producción cultural galega. Así mesmo apunta que esta podería ser a primeira de tres entregas ambientadas no tránsito do Antigo Réxime ao Novo Réxime, ambientación na que o autor pretendeu fuxir do folclorismo achegándose con fidelidade aos costumes, indumentaria e hábitos.

- Iván Villarmeá, “Busque e compare”, *La Opinión*, “La Opinión de verano”, 9 agosto 2002, pp. IV-V.

Ver Fernández Ferreiro, Xosé, *Millo verde*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

- Alberto Quián, “Quero que Teixugo sexa o Astérix ou o Tintín galego”, *Faro de Vigo*, “Faro Verano”, 29 agosto 2002, p. 31.

Despois de facer unha breve descrición do protagonista e do argumento deste cómic, reprodúcese unha conversa con Pepe Carreiro. Nela indica que a idea deste cómic xa xurdira hai quince anos, aínda que a súa execución foi finalmente de dous. Así mesmo destaca o seu gusto polo momento histórico no que está ambientada a acción, cómo levou a cabo o labor de documentación ou o equilibrio buscado entre texto e ilustración. Por outra banda achégase ao protagonista, que en realidade é un contraheroe co que o autor pretende achegarse ao público, e, finalmente, alúdese a que este volume está pensado como a primeira de tres entregas.

- Vicente Montejano, “A retirada de Sir John Moore”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, 9 novembro 2002, pp. 12-13.




Presenta este cómic como unha primeira achega ás aventuras de Teixugo e a continuación fai un minucioso resumo do argumento, así como unha detallada descrición do volume. Despois disto reprodúcese unha divertida entrevista con distintos personaxes do cómic como Teixugo, que só quere que o deixen traballar no seu; a tía de Teixugo, que confesa aquí ser coñecida como “a Marsellesa”; o marqués de la Romana, que fai unha defensa do

exército; o xeneral Soult, que aparece defendendo as ideas de liberdade, igualdade e fraternidade; e, por último, o cura, que explica por qué prefire aos Borbóns antes que a Napoleón.




-Miguel Vázquez Freire, “Historia”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “As recomendacións de Golfiño”, 16 decembro 2002, p. 6.

Ver Agrelo Hermo, Xosé, *Noia. Porto de Compostela* neste apartado do *Informe*.

Ferreiro, Xan, *Valadouro&Co*[2], Santiago de Compostela: Edición do autor, 2002, 54 pp. (DL: C-2629/02).

Segunda entrega deste cómic, publicado por primeira vez en 1998, por Xan Ferreiro, que é o autor do argumento, do guión e dos debuxos. Como sinala na primeira folla, tivo a colaboración de X. M. Manteiga e Manuel Benigno en canto ás ideas que deron lugar ás tiras "Nespraman" e "En busca da Marta perdida". Deseñado en branco e negro, está conformado polas seguintes historietas: "Por favor, sr. carteiro", "Que tarde a de aquel Día!","Crónica electoral", "Amizades perigosas", "É difícil dicir: Síntoo", "Determinación", "O masters", "Perigo inminente", "Plano 'A", "Desafío na cidade sen lei", "Balompé", "Máis dura será a caída", "Filla do Tada", "Cunha pequena axuda dos meus amigos", "Nespraman", "Grand Prix", "(Maestus) Fatum", "Ela é demoledora", "En busca da Marta perdida. Unha aventura de Samuel Puñal" e péchase o volume co apartado "Cousiñas", no que as tiras aluden a diversos aspectos de xeito moi breve. O protagonista de todas estas aventuras, como xa ocorrera na primeira entrega, é o mozo Valadouro de Torpes, que se caracteriza por ser moi despistado, tímido e por veces desafortunado nas súas diversas aventuras.

VII. 4. 2. Cómics traducidos

Ibáñez, F., *Mortadelo e Filemón. ¡O estrelato!*, (*El Estrellato*), trad. Xosé A. Neira Cruz, ilust. Ibáñez, Barcelona: Ediciones B, 2002, 46 pp. (ISBN: 84-666-1080-4).

Francisco Ibáñez (Barcelona, 1936), por medio das súas ilustracións e guión, ofrécenos unha nova aventura de dous dos seus personaxes máis populares, Mortadelo e Filemón, que van estar acompañados do resto dos membros da TIA (Técnicos en Investigación Aeroterráquea). Despois de facerse un breve repaso polos xéneros cinematográficos máis coñecidos, ponse en acción aos seus personaxes, que, nesta ocasión, teñen como misión gravar un filme. As trasnadas de Mortadelo e Filemón, os inventos extravagantes do Profesor Bacterio e as histerias de Otilia provocan toda unha serie de disparatadas, aínda que graciosas situacións, que van rematar con máis dunha ducia de directores, tendo que ser o propio Super quen asuma a dirección para que se poida concluír a gravación. Finalmente, achéganse unha serie de datos biobibliográficos sobre Ibáñez, quen creou

moitos personaxes que acadaron o “Olimpo” da historieta, como é o caso da familia Trapisonta, o “botones” Sacarino, Rompetechos, Otilio ou Pepe Gotera. Gracias á traducción desta historieta cómica, o lector miúdo e non tan miúdo ten a oportunidade de degustar en galego as aventuras de Mortadelo e Filemón, que comezaron a publicarse o 20 de xaneiro e 1958 en *Pulgarcito*, ao mesmo tempo que se incrementa o escaso número de volumes destas características que se teñen editado en lingua galega.




VII. 5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Briografías. Crónicas

VII. 5. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Agrelo Costas, Eulalia, Adelina **Guisande Couñago**, Isabel **Mociño González**, Amparo **Raviña Rosende** e Isabel **Soto López**, *Narrativa e promoción da lectura no mundo das novas tecnoloxías*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), 2002, 753 pp. (ISBN: 84-453-374-3).⑩






Capítulo I. “Tendencias narrativas e influencia das novas tecnoloxías”:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Tendencias narrativas e influencia das novas tecnoloxías nas literaturas infantís e xuvenís castelá, catalana, galega, portuguesa e vasca”, pp. 23-26.

A xeito de introducción, Blanca-Ana Roig Rechou adianta os obxectivos deste primeiro capítulo que son, entre outros, os de informar aos mediadores entre o escritor e o público das tendencias narrativas dos últimos vinte anos do século XX, como paso previo para abordar a cuestión do canon en todas as literaturas infantís e xuvenís da península. Alude á falta de obras canonizadoras, ao papel dos libros escolares e á confusión entre “cultura” e “industria cultural”, á vez que resalta a influencia das novas tecnoloxías e a importancia das

teorías sistémicas nos estudios máis recentes da literatura para os máis novos. Reproduce o guión establecido para orientar o discurso dos investigadores, no que se atende a cuestións como a producción, desenvolvemento do consumo e beneficio, ás tendencias narrativas (atendendo aos paratextos, valores educativos, relacións intertextuais, características discursivas e temáticas), á calidade estética e á literatura en formato non libro. Sinala como conclusións desta panorámica que, malia a mellora da producción literaria e a innovación dalgunhas propostas, hai un estancamento da calidade, unha clara falta de elaboración do canon ou que a influencia das TIC's só se deu na temática e na producción literaria. Remata chamando a atención sobre a importancia no estudio das obras literarias dos elementos paratextuais e convida aos estudiosos a prestar atención a Karl Mannheim e o seu establecemento de unidades xeracionais.




- Xosé Antonio Neira Cruz, “Tendencias narrativas e influencia de las nuevas tecnologías en la LIJ gallega”, pp. 63-77.

Unha vez establecido o marco cronolóxico e as características da producción galega, sinala que na última década do século XX asistimos a un período de consolidación no que se foron

cubrindo paulatinamente os distintos ámbitos do sistema literario galego e no que se dá tamén a convivencia de distintas xeracións. Aposta pola modernización e a creación de propostas narrativas suxestións á vez que denuncia a ausencia dunha aposta eficaz no ámbito das novas tecnoloxías, por responder as experiencias existentes a iniciativas individuais e aínda pouco desenvolvidas. Conclúe que a LIX galega se atopa nos albores da creación dun canon de calidade.




- Olga Carballo e Tomás Castro, “Literatura infantil en soporte multimedia”, pp. 119-126.

O texto literario non implica necesariamente medio de transmisión en formato papel. Coa presente comunicación pretenderon abordar a presencia da Literatura infantil en formato multimedia para, dende a presentación dun determinado corpus, formular unha serie de criterios que sirvan ao educador de guía e apoio na selección textual.

-Ramón Caride Ogando, “A soberanía do ADN. Sobre ciencia, literatura e outros eternos dilemas”, pp. 127-140.

Céntrase en reflexións sobre a ciencia e a literatura entre as que considera que non hai nin pode haber portas herméticas de illamento, tamén que a tecnoloxía e a arte non son compartimentos estancos, senón antes ao contrario construccións humanas dinámicas que se condicionan mutuamente na súa evolución, e por evolución entende o seu significado primixenio: alteración ou cambio, non necesariamente dirixido nin finalístico. Sinala que o tempo lineal da física clásica e o tempo cíclico da mitoloxía son ambos verdade, pero ningún é toda a verdade. Nin a contradicción entre un e outro tempo é tan absoluta como xeralmente se supón, segundo o autor deste traballo. A maior fonte de equívocos en relación á literatura futurista, e á ciencia en xeral, provén de supoñer que as grandes preguntas da existencia humana serán respondidas polo que agora se chama tecnoloxía e que prefire chamar ciencia. Todo o máis, presentaranse doutro xeito. Aínda así, como di unha famosa cita: un analfabeto científico é, sinxelamente, un analfabeto. E o feito de que os interrogantes, de acordo co coñecemento de cada época, se presenten de distintas formas non é unha cuestión menor. Pensa na revolución que supuxo o heliocentrismo, ¿alguén poderá defender hoxe que o planeta Terra está inmóbil no centro dun universo que xira ao seu redor? A ciencia transforma tamén a nosa visión do mundo, non menos que a arte.

- Marilar Aleixandre, “A desventura no centro da novela de aventuras”, pp. 281-285.

Neste traballo abórdase o papel central da desventura na novela de aventuras, partindo da hipótese de que sen desgracia, perigo, risco, morte, non hai verdadeira aventura nin, en consecuencia, verdadeira novela de aventuras. Esta idea discútese analizando exemplos de novelas de aventuras clásicas e actuais, como *La Isla del Tesoro*, de Stevenson; *Huckleberry Finn*, de Mark Twain; *El Novio Bandido*, de Eudora Welty; a triloxía *La materia oscura*, de Philip Pullman, e *El Polizón del Ulises*, de Ana María Matute. Considera que a novela, e en particular a novela de aventuras, ten un papel fundamental á hora de comprender a desventura e o risco como parte consubstancial da vida, de comprendernos a nós mesmos.

-Xabier Campos Villar, “A crítica social na narrativa infantil e xuvenil galega: unha aproximación á súa evolución histórica”, pp. 293-301.

Despois de fixar con precisión o corpus de textos que estudia nesta comunicación, Xabier Campos agrúpaos nos seguintes bloques temáticos: “crónica social e política do mundo rural”, “a escola tradicional”, “os problemas medioambientais”, “conflictos do mundo, conflictos de todos” e “novos problemas que afectan á infancia”. Conclúe que a crítica social é unha tendencia moi vencellada á narrativa infantil e xuvenil galega nas súas orixes que non deixou de cultivarse na actualidade, aínda que os temas tratados tenderon a unha universalización progresiva.

- Ánxela Gracián, “O tratamento dos seres míticos tradicionais na literatura infantil e xuvenil galega”, pp. 315-331.

Faise neste artigo unha análise do mito como concepto romántico das culturas minoritarias, como sinal de identidade e autoafirmación dun pobo. Fálase da necesidade da súa recuperación dentro dunha cultura mundial cada vez máis globalizada e americanizada. Destácase a importancia da aparición dunha serie de obras de recente publicación como son a *Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria* (1998), de Vitor Vaqueiro e o *Diccionario dos seres míticos*, de Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, que se centran no

estudio e definición tanto literaria coma plástica na viaxe a través da mitoloxía do país, asentada na oralidade dos devanceiros. Finalmente, defínense os principais seres míticos tradicionais galegos e as diferencias fundamentais entre os de creación popular e literarios partindo de obras como *Sete casas, sete bruxas e un ovo* (1997), de Gloria Sánchez; *O trasno de Alqueidón* (1996), de Marilar Aleixandre;e *As fadas verdes* (1999) e *Aire negro* (2001), de Agustín Fernández Paz.




- Adelina Guisande Couñago, “Personajes con problemas psicológicos en la literatura infantil y juvenil gallega”, pp. 333-339.

Esta comunicación xira arredor dos problemas que se presentan en dúas obras da literatura infantil e xuvenil galega: *Down* (2001), de An Alfaya, e *Miña irmá ten síndrome de down* (2001), de Pako Sagarzazu, que tratan a síndrome de down. De cada unha delas podemos extraer información sobre as características físicas e do desenvolvemento deste nenos e nenas cun curso evolutivo diferente, e que nos poden servir como punto de partida para traballar este tipo de temas na aula co alumnado.

- Isabel Mociño González, “Visión das novas tecnoloxías na narrativa de ficción científica infantil e xuvenil galega”, pp. 353-361.

Aproximación a cómo os autores galegos de narrativa de ficción científica infantil e xuvenil galega reflectiron nas súas obras unha particular visión das novas tecnoloxías; cómo imaxinaron mundos futuros ou civilizacións descoñecidas para nós, en qué estadio de evolución tecnolóxica aparecen estes mundos e os efectos desta nas súas vidas. Tamén se fixa na carga crítica que na ducia de obras tomadas como referencia, pon de manifesto a denuncia de problemas actuais como a contaminación, a soidade, o individualismo ou a avaricia, á vez que se defenden aspectos como a lingua, a familia ou a existencia de diferencias que enriquecen o mundo.

- María Isabel Vázquez Fernández, “*Os biosbardos* de Blanco-Amor, una reconstrucción de la infancia desde la edad adulta”, pp. 417-422.




Despois de ofrecer algúns datos biográficos de Eduardo Blanco-Amor e salientar que unha parte da súa producción permaneceu ignorada durante un tempo, céntrase na súa obra *Os*

biosbardos, que recolle unha serie de relatos curtos escritos dende un país afastado do seu, ao sentir a nostalxia propia do emigrante, e como desafogo e necesidade de comunicación. Neles convoca os seus recordos para reconstruír as lembranzas da súa terra e da súa nenez. Considera que o atractivo deste autor polo que representa para a realidade galega do mundo da emigración é a sinceridade con que concibe a súa obra literaria, o interesante do tema, o axeitado do conto como xénero, etc. son parte das razóns do atractivo que estes relatos exercen sobre o lector.




Capítulo II. “Promoción da lectura e influencia das novas tecnoloxías”:

- Adriana Gewerc, “Introducción”, pp. 425-429.

Adriana Gewerc explica o obxectivo deste capítulo, que se centra no estudio das influencias das TICs na promoción da lectura, no que os expertos tentan avaliar a integración das novas tecnoloxías nos diferentes ámbitos lingüísticos, avaliar se implican linguaxes diferentes e explicar as súas experiencias persoais, así como a institucional. Alude aos cambios provocados polas novas tecnoloxías na nosa vida cotiá e aos seus efectos en forma de

novos mecanismos de comunicación, de control e cooperación, así como lugares e técnicas intelectuais inéditas, unhas consecuencias que se deixan sentir na educación en xeral, pero moi especialmente na promoción da lectura. Tamén se refire ao cambio do papel das librerías e das editoras motivados polas vendas en grandes superficies ou a través de Internet, medio que veu subverter os nosos costumes. Remata aludindo ao papel do “ciberlector” ou “navegador” da rede.




- Agustín Fernández Paz, “Promoción da lectura e influencia das novas tecnoloxías na LIX galega”, pp. 481-487.

Destaca a presencia das TICs na vida cotiá da infancia e da xuventude, o seu poderoso atractivo e ampla influencia. Citando a Umberto Eco: nin apocalípticos nin integrados. Urxe explorar as súas posibilidades, que nalgúns campos xa ofrecen alternativas consolidadas. Existen outros camiños baseados na interacción persoal e o contacto cos libros que son esenciais para a promoción da lectura.
- Rosa Mª Fernández Sánchez, “A bruxa da biblioteca premio á innovación educativa 1998-99”, pp. 521-528.

“A bRuxa da biblioteca” foi un programa de animación á lectura que se desenvolveu no CEP. Pedro Caselles Beltrán (Tomiño-Pontevedra) durante tres cursos (1995-96, 1996-97 e 1997-98) e que resultou gañador dun Premio á Innovación Educativa da Xunta de Galicia no ano 1998. Describe esta experiencia que se centralizou na biblioteca escolar e que abrangueu a todos os alumnos do centro, que eran estudiantes de Educación Primaria. O eixo central estaba situado nun personaxe misterioso, unha bruxa que vivía na biblioteca e que enviaba cartas ós rapaces todas as semanas para animalos a visitala e participar en numerosas actividades, das que dá conta.

- Mª Esther Vázquez Blanco, “Literatura Infantil e Xuvenil nas TICs concepto e achegamento xeral ó estado da cuestión”, pp. 733-745.




Reflexiona sobre o momento de confusión e alarmismo que estamos a pasar ante a aparición e auxe de novas formas de expresión literaria no ámbito das TICs (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) e achégase a ese novo concepto de literatura para valorar a súa lexitimidade, así como para analizar o tipo de propostas que pode atopar o público

infantil e xuvenil nestes novos medios. Para iso, comeza clarificando o concepto de literatura do que parte e dende o cal fala de expresión literaria dentro das TICs e achégase á actual confrontación entre a cultura literaria do papel e a nova cultura literaria. Seguidamente afonda nas notas que definen esta nova forma de facer literatura. Unha vez abordadas estas cuestións, remata cun achegamento a diferentes proxectos existentes na rede, analizando os distintos tipos de propostas que se fan e as potencialidades de cada unha delas.




Becerra Suárez, Carmen e Mª Teresa **Vilariño Picos** (eds.), *Roberto Vidal Bolaño. Escritor escénico*, Lugo: Editorial Tris Tram, col. Máscaras, nº 2, 2002, 398 pp. (ISBN: 84-89377-37-5).❿

Dámos conta aquí do artigo referido ao teatro infantil de Roberto Vidal Bolaño que se inclúe nesta obra colectiva descrita xa no apartado V. 1. Monografías. Biografías. Crónicas e libros colectivos, deste *Informe.*

- Noemí Pazó, “Da *Xaxara* ao *Touporroutou*. O teatro infantil de Roberto Vidal Bolaño”, pp. 193-212.

Noemí Pazó ocúpase nestas páxinas da dramaturxia infantil de Roberto Vidal Bolaño, que considera inxustamente descoñecida en comparación coa doutros membros da Xeración Abrente á que pertence este creador. Antes de levar a cabo a súa análise, a autora defende a existencia do subxénero non só dentro da producción de Vidal Bolaño, senón tamén no campo xeral da literatura galega. Así o fai no apartado titulado “Unha necesaria xustificación”, tendo en conta sobre todo as dúbidas que o propio escritor manifestaba

respecto da entidade dun teatro infantil. A continuación, detense no comentario das pezas infantís de Roberto Vidal Bolaño, notando que, malia o éxito de público e premios, só unha delas foi publicada: trátase de *Touporroutou da lúa e do sol*, que saíu ao prelo en 1996 na efímera colección "Teatro nas aulas" da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega. Destaca como características comúns destas obras, e así o recolle nas "Conclusións", a presencia de personaxes que fan de intermediarios entre a ficción e o público, a pegada da tradición popular, os títulos sonoros, o xogo metateatral, a reflexión sobre o poder e o ton irónico e crítico. Perante a existencia destes trazos recorrentes, a estudiosa ratifícase na súa opinión de que existe un teatro infantil individualizábel en Roberto Vidal Bolaño, aínda que estea sempre en consonancia co conxunto da súa creación teatral.




Soto López, Mª Isabel (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 2000*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural/Galaxy (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), col. Guías Culturais, nº 26, decembro 2002, 158 pp. (D.L. C-2971-2002)

♋■□⬧◑🖃 ●♏♍♦□❐♏⬧ ❍□⌘□⬧ ☎♌♏ 🗁🗁 ♋ 🗁🗐 ♋■□⬧◑ ♏ ❍□⌘□⬧ ♋♌◆●♦□⬧ ☎♋ ◘♋❐♦♓❐ ♌□⬧ 🗁🗐 ♋■□⬧◑🖋 ☠♋ ◘♋❐♦♏ ♐♓■♋● ♓■♍●▫♏ □⬧ ◚■♌♓♍♏⬧ ♌♏ ♋◆♦□❐♏⬧ ♏ ♋◆♦□❐♋⬧ ♑♋●♏♑□⬧ ♏ ♦❐♋♌◆♍♓♌□⬧🖃 ♓●◆⬧♦❐♋♌□❐♏⬧ ♏ ♓●◆⬧♦❐♋♌□❐♋⬧🖃 ♦◚♦◆●□⬧ ♑♋●♏♑□⬧🖃 ♦◚♦◆●□⬧ ♦❐♋♌◆♍♓♌□⬧🖃 ♍□●♏♍♍♓⇔■⬧🖃 ♏♌♓♦□❐♓♋♓⬧🖃 ♓♌♋♌♏⬧ ♏ ☒🡅■♏❐□⬧🖃 ◘♋❐♋ ♐♋♍♓●♓♦♋❐ ♋⬧ ♌◆⬧♍♋⬧ ♏■ ♍♋♌♋ ◆■ ♌♏⬧♦♏⬧ ♍♋❍◘□⬧🖋 ❄❐🡅♦♋⬧♏🖃 ⬧♏♑◆■♌□ ⬧♏ ♓■♌♓♍♋ ■♋ ■□♦♋ ♓■♦❐□♌◆♍♦□❐♓♋🖃 ♌◆■ ♍♋♦🡅●□♑□ ❑◆♏ ◘❐♏♦♏■♌♏ ⬧♏❐ ◆■ ♓■⬧♦❐◆❍♏■♦□ ♌♏ ♍□■⬧◆●♦♋ ◘♋❐♋ ♦□♌□⬧ ♋❑◆♏●♏⬧ ♓■♦♏❐♏⬧♋♌□⬧ ■♋ ●♓♦♏❐♋♦◆❐♋ ◘♋❐♋ □⬧ ❍🡅♓⬧ ■□❖□⬧ ♏ ◘♋❐♋ ♏●♏⬧ ❍♏⬧❍□⬧🖋




VII. 5. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

Grupo Celt, *Children's books from Galicia. Rights 2002. Writres-Illustrators-Publishers*, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo)/Asociación Galega de Editores, abril 2002, 109 pp. (DL: C-628/2002).



✋■➚♋■♦♓●　♏　✠◆❖♏■♓●　☎✌☹✋✠☽📪　♋　✌⬧□♍♓♋♍♓⇔■
✋■♦♏❒■♋♍♓□■♋●　♎□　☹♓♌❒□　✋■➚♋■♦♓●　♏　✠◆❖♏■♓●
☎☞✋☹✋✠☽　♏　□　♁♋●⇔■　♎□　☹♓♌❒□　✋■➚♋■♦♓●　♏　✠◆❖♏■♓●📣
☞♓■♋●❍♏■♦♏📪　□➚❒➧♍♏■⬧♏　□⬧　♏■♎♏❒♏⌘□⬧　♎♋⬧
♎♓➚♏❒♏■♦♏⬧　♏♎♓♦□❒♓♋♓⬧　♏　❖♋❒♓□⬧　↙■♎♓♍♏⬧💻　♎♏
♦↙♦◆●□⬧📪　♎♏　♋◆♦□❒♏⬧　♏　♎♏　♓●◆⬧♦❒♋♎□❒♏⬧📣




VII. 5. 3. Publicacións en revistas

A. R., “Fantaseando illas”, *Tempos Novos* , nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, abril 2002, p. 68.

Refírese ao “universo marabilloso que recrea Xabier P. Docampo en *Un conto de tres noites* (2001). Apunta que se trata “dunha historia de reis, príncipes, belísimas doncelas e destinos fatais”.

Abril, Gabriel, “A retirada de sir John Moore”, *CLIJ*, nº 152, setembro 2002, p. 71.

Cualifica esta obra de Pepe Carreiro como “divertido cómic que navega entre el libro de historia y el tebeo de humor”. Ve nel reminiscencias de Asterix. Describe o argumento centrado nas guerras napoleónicas como pano de fondo, que axudará ao lectorado máis novo a unha maior comprensión do que foi a súa propia historia “quizás narrada con demasiada solemnidad en los libros de texto”.

Alonso, Fran, “A poesía para adolescentes”, *Fadamorgana*, nº 8, “Poesía sen idade”, primavera 2002, pp. 66-69.

Na primeira parte do artigo Fran Alonso comenta que cando escribiu *Cidades* (1997) non tiña claro se o facía para nenos ou para adolescentes, aínda que afirma que ten claro que a súa intención era escribir un libro de poemas que puidesen ler os nenos e os adolescentes, ademais dos adultos e aquel neno que el fora e que nunca puidera ler un libro coma o seu. A seguir, refírese ás dificultades coas que se atopa o escritor de literatura infantil e xuvenil e puntualiza que un dos motivos máis claros polos que *Cidades* é asignado á categoría de poesía para adolescentes é polo seu uso do verso libre. Considera retrógrado a asunción da rima como verdade incuestionábel para a poesía infantil e indica que na literatura infantil se estima moi relevante as formas, que son as que determinan a designación desas obras por idades aos destinatarios, mentes que se desatende a transcendencia dos contidos. Por outra banda, cuestiona a existencia da propia poesía para adolescentes e fai un repaso pola desalentadora producción poética para os máis novos noutros países europeos, así como afirma que a literatura destinada á franxa de idade xuvenil xorde como resposta do mercado á demanda do sistema escolar e ás novas sensibilidades que os cambios sociais produciron.

Finalmente, fala do tratamento que a poesía ten a nivel comercial e de cómo a poesía se lles debe achegar ao lectorado.

Álvarez Martínez, Gabriel, “Raizames”, *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, nº 62, “Auria das letras”, xuño 2002, pp. 36-37.

Reprodúcese o relato “Raizames” co que Gabriel Álvarez Martínez obtivo o primeiro Premio de Relato Curto no nivel de Educación secundaria postobrigatoria da Campaña “Entre nós, en galego”, organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia no curso 2001-2002.

Aneiros, Rosa, “Zaina, a nena de ás de colibrí”, *Fadamorgana*, nº 8, “Diario de morgana”, primavera 2002, p. 90.

Relátanos cómo unha noite Zaina, a nena de ás de colibrí, entrou nos seus soños e lle narrou a súa entrada na ría de cons vermellos, onde compartira a historia dos afogados e do que arrastrara consigo alén mar, e cómo, a partir de aí, comezou a crer nas fadas. Achéganse tamén unha pequena biobibliografía de Rosa Aneiros, quen di que Zaina é un personaxe que lle suplicou aparecer en varios relatos dunha obra súa que se vai dar coñecer co título de *Corazóns amolecidos en salitre*.





CLIJ, "¿Onde perdeu Lúa a Risa?, *CLIJ*, nº 145, xaneiro 2002, p. 46.

Despois de recordar a historia que se conta en *¿Onde perdeu Lúa a Risa?* (2001), din que se trata dunha historia sinxela na que pola "senda de un humor *nonsense"* a autora Miriam Sánchez conduce a historia con sinxeleza e nela xogan un papel moi importante as ilustracións de Federico Fernández, unhas ilustracións que botan man da esaxeración das formas das cousas, dos encadres imposíbeis, dos movementos improbábeis que fan comprensíbel o argumento aos destinatarios.

CLIJ, “Micifú e os seus amigos”, *CLIJ*, nº 146, febreiro 2002, p. 61.

Comeza cunha declaración do autor, Ramón Caride, que di escribiu esta historia dun gato de campo e os seus amigos como desagravio por ter atropelado a un felino, feito que lle fixo reflexionar sobre os animais que morren por culpa das presas dos humanos e comparar estas actitudes coas dos animais, máis harmoniosas coa natureza. Presentase a narración deste “álbum” en poesía narrativa e cunhas boas ilustracións “exuberantes en formas e cores”de Juárez que non só fala do gato senón doutros labores realizados por outros animais: abellas, troitas, grilos, formigas

CLIJ, “El quadre més bonic del mon”, *CLIJ*, nº 146, febreiro 2002, p. 62.




Saliéntase que estamos diante do primeiro álbum que a editorial pontevedresa Kalandraka, que abriu sucursal en Barcelona, presenta en castelán, catalán, éuscaro e galego. Tamén que se recuperou a Miquel Obiols que levaba tempo sen escribir para a infancia e que rescatou esta historia de *O cadro máis bonito do mundo* (2001) da súa etapa televisiva na que presentara este relato sobre cinco manchas de cores (amarelo, azul, encarnado, negro e verde) que Joan Miró tiña pechadas no seu estudio e que un día decidiron viaxar dende Mallorca a Barcelona e dende alí á montaña de Montserrat onde de novo o artista as recuperou. Un relato “pictórico-fantástico que inspirou ao ilustrador Roger Olmos que fixo un libro, xunto ao escritor, “exuberante, atrevido, inclasificable-¿cuento?-¿libro de arte?”.

CLIJ, “Cuentos de las 1001 noches”, *CLIJ*, nº 145, febreiro 2002, p. 72.

Coméntase que o coñecido escritor e ensaísta, especialista nas relacións cinema-literatura atreveuse neste libro a contar, ao seu modo e sen traizoar as fontes, algúns dos famosos contos das 1001 noites comezando polo sacrificio de Sherezade que sobrevive gracias á pericia de contar contos, pericia que agora salienta Juan Tobar que non só relata o conto senón que nos fala da súa orixe, etc., que está acompañado por un grupo de ilustradores que fan do libro un precioso obxecto de regalo.

CLIJ, “Pequena mitoloxía de Galicia”, *CLIJ*, nº 145, febreiro 2002, p. 73.

Dáse a benvida a esta obra de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Cuba que ofrecen esta galería de habitantes imaxinarios de Galicia, seres que poboan a literatura e as lendas do país. Fálase da dificultade do traballo á que aluden os autores no prólogo e saliéntase, cos autores, que debido á diversidade a clasificación que ofrecen non é rigorosa, só aproximada. Danse exemplos das entradas e remátase cualificando de excelente traballo e salientando as ilustracións de Irene Fra, Fino Lorenzo, Enjamio e Teresa Novoa.

CLIJ, “Xonás, o pescador”, *CLIJ*, nº 147, marzo 2002, p. 69.

Comezan describindo a colección “Seteleguas”, da Editorial Kalandraka, que ten como obxectivo “rescatar y verquer al gallego clásicos contemporáneos de la Literatura Infantil y Juvenil actualmente descatalogados” e apostar por novas creacións que presenten calidade literaria e imaxe. Neste sentido publicaron *Xoñás, o pescador*, do pintor e escritor polaco Reiner Zirnnik, que comezou a súa carreira literaria neste ámbito en Alemaña. Despois de dar unhas notas argumentais da obra que trata o prezo dos soños e a medida da felicidade, protagonizada por un pescador de París que non só pesca en París senón que percorre o mundo na busca do seu soño. Salientan as sinxelas ilustracións que sustentan o texto.

CLIJ, “Lista de honor de CLIJ 2001”, *CLIJ*, nº 148, abril 2002, pp. 7-9.

Como é habitual, ano tras ano, *CLIJ* publica un número da revista para dar a coñecer a selección de “buenos libros” dirixidos a profesores, bibliotecarios, pais, estudiosos e interesados na Literatura infantil e xuvenil dos ámbitos lingüísticos do Estado Español. Esta lista de honor realízase gracias á colaboración de comentaristas dos distintos ámbitos lingüísticos. En Galicia a encargada é María Jesús Fernández que na lista de honor do 2001 incorporou os seguintes títulos: de 0 a 5 anos, *Carlota a marmota*, de Miro Villar, e a traducción de *A cebra Camila*, realizada por Marisa Núñez; de 6 a 8 anos, *A memoria das árbores*, de X. A. Neira, e *Nube de neve*, de Xabier P. Docampo; de 8 a 10 anos, *Os ollos de Ramón*, de Xabier P. Docampo; de 10 a 12 anos *Matapitos.com*, de Gloria Sánchez; de 12 a 14 anos *O home do impermeable amarelo*, de Gloria Sánchez; de máis de 14 anos, *Aire Negro*, de Agustín Fernández Paz e a traducción de *Catro Cartas*, de Xabier P. Docampo.

CLIJ, “Premios del año 2001”, *CLIJ*, nº 148, “Informe”, abril 2002, p. 11-75.

Coma todos os anos por estas datas, *CLIJ* ofrece un Informe sobre os premios do ano anterior en todos os ámbitos lingüísticos do Estado. De entre os premiados no ano 2001 figuran os galegos Antón Cortizas que mereceu o premio Merlín por *A merla de trapo;* Pepe Carballude que mereceu o Barco de vapor por *O santo dos croques se fai peregrino*; Xoan Carlos Mosteiro Fraga por merecer o Premio Abril por *Manual de instruccións para Irene*; Ana María Fernández por ter obtido o Premio Lazarillo por *Amar e outros verbos;* O ilustrador Fino Lorenzo, mereceu xunto ao escritor Daniel Nesquens por *Mermelada de fresas*, o premio Ciudad de Alicante. De todos eles ofrécense datos biobibliográficos, unhas reflexións do autor así como un breve resumo da obra premiada.

CLIJ, “Una pesadilla en un armario”, *CLIJ*, nº 149, maio 2002, p. 59.

Comezan salientando que a colección “Libros” para soñar da editorial Kalandraka recuperou un clásico da Literatura norteamericana publicado en 1968 da autoría de Mercer Mayer para editar en todas as lingua do Estado. Dise que é un tema aínda vixente non só polo tema senón polo humor con que se presenta. Cóntase o argumento, dise quen narra e cómo e saliéntanse as ilustracións.

CLIJ, “Víchela, víchela?”, *CLIJ*, nº 150, xuño 2002, p. 65.

Contan a historia desta obra que Xabier Docampo publicou no ano 2001 e da que existe unha edición en castelán, que se comenta agora. Cualifican a obra de “bonito relato que habla del poder de la imaginación infantil, del poder de los cuentos, y de la magia y el misterio que a veces envuelve el proceso de creación de un libro ilustrado”. Salientan a sinxeleza da narración e as imaxes de dobre rexistro humorístico e máxico de Xosé Cobas.





CLIJ, “Un puñado de besos”, *CLIJ*, nº 150, xuño 2002, p. 62.

Comezan dicindo que este álbum de Antonia Ródenas, publicado en galego por Edicións Xerais de Galicia en 2001, fai súa a consigna dos sesenta “haz el amor y no la guerra” adaptada ao mundo infantil. Despois de describir o argumento da obra cualifican o texto de tenro, suxestivo, cálido e moi apto para a lectura en voz alta. En canto ás ilustracións dise que a “veterana” Carme Solé centrouse nas facianas dos nenos e nenas facendo fincapé nos xestos, as experiencias faciais e as miradas para transmitir a mensaxe de forma física conseguindo así facer visíbeis os sentimentos dos protagonistas con todos os seus matices. Rematan considerando a obra dunha marabillosa fusión de texto e imaxe.

CLIJ, “¡Buenos días!”, *CLIJ*, nº 151, xullo/agosto 2002, p. 60.

Despois de contar a historia desta obra de Rotraut Susanne Berber, publicada en 2001, salientan que á nenez lle gusta ver reflectidas nas obras as situacións da vida cotiá e “mas si es en clave de juego y humor como en este caso”, tamén que a escritora e ilustradora alemana soubo tratar o tema con elementos recoñecíbeis e sorprendentes. Refírese tamén a que na mesma colección “Mi primera sopa de libros” podemos atopar a traducción *¡Buenas noches!*, na que tamén aparece o coelliño poñendo imaxinación aos actos máis actuais.

CLIJ, “O galo Quirico”, *CLIJ*, nº 152, setembro 2002, p. 63.

Descríbese un novo título da colección “Libros para soñar” da editorial Kalandraka que se dita en todas as linguas do Estado español, unha adaptación do conto popular protagonizado “por un gallo sin escrúpulos que acaba recibiendo su merecido”. Relátase pormenorizadamente a historia que se conta e saliéntase que se fai en verso, que conserva a frescura dos relatos orais, as ilustracións “minimalistas”, a modernización que leva a historia a un espacio urbano de hoxe aínda que o rexistro do conto non sexa realista e o surrealismo no que se insire.

CLIJ, “A contar ovellas”, *CLIJ*, nº 152, setembro 2002, p. 65.

Comezan describindo o argumento da obra de Elvira Pérez na que as ovellas contan sete “fascinantes relatos” ben tramados. Contos que falan dende a fantasía do se “plateamiento” de sentimentos, amizade, do ciclo da vida, do poder, da necesidade dos contos, axudadospolas ilustracións de Óscar Villán.

Cabaleiro Carro, Sandra, “A poesía infantil galega na década dos noventa”, *Fadamorgana*, nº 8, “Poesía sen idade”, primavera 2002, pp. 47-55.

Estudio no que se pretenden extraer algunhas das liñas temáticas máis comúns na poesía infantil e xuvenil galega durante a década dos noventa e comezos do actual século e facer unha achega aos autores considerados como máis relevantes. Así, en primeiro lugar, faise referencia a aqueles poemarios concibidos con intención lúdica para iniciar os cativos na lectura e que se acostuman a presentar en formato álbum, dos que ofrece unha serie de mostras como é o volume de *Píntome de cores* (1999), de Sabela Arias ou *Carlota, a marmota* (2000), de Miro Villar. A seguir, céntrase naquelas obras que presentan incursións interxenéricas entre poesía e teatro ou poesía e narrativa, como é o caso de *Animais xoguetóns* (1995), de Xoán Babarro ou *Rata linda de Compostela* (1995), de Bernardino Graña, ademais de aludir a aqueles outros poemarios nos que reflicte a pegada da poesía popular ou tradicional e os trazos tradicionais do folclore infantil, como o testemuña *A campá da lúa* (1999), de Helena Villar Janeiro ou *Contos de vento e nunca acabar* (1999), de Antón Cortizas. Tamén se detén no intento dalgúns autores por incorporar a poesía ás lecturas do público xuvenil e de atraelos cara a ese xénero, como o fai Fran Alonso con *Cidades* (1997)

ou Ana María Fernández con *Amar e outros verbos* (2002). Por outra banda, fai unha análise máis pormenorizada daqueles autores que contan no seu haber con propostas poéticas máis innovadoras e que se dedicaron a este xénero case exclusivamente: Gloria Sánchez, Antonio García Teijeiro e Fran Alonso. Conclúe aludindo á pouca atención que a crítica, as editoriais ou os premios lle teñen dedicado a poesía galega para os máis novos, segundo se pode constatar nos *Informes de literatura*.




Campo, Eva, “Memoria do teatro escolar no I.E.S. Xelmírez II”, *Revista Galega de Teatro*, nº 30, primavera 2002, pp. 7-9.

Repaso da actividade teatral desenvolvida no instituto Xelmírez II desde 1989. Eva Campo, profesora de Lingua Española e Literatura do centro, fai memoria da andaina á que ela mesma deu inicio xunto coa súa colega Elisa Vázquez. Deste xeito, parte das carencias infraestructurais iniciais ata chegar, por exemplo, á creación de concursos e certames internos no presente. Para alén de dar noticia dalgunhas pezas que foron representadas nese tempo (como *Celtas sen filtro*, *O soño de Bagdad* ou *Unha andoriña non fai verán*) e

destacar os aspectos positivos da experiencia, aproveita a ocasión para pedir un maior apoio administrativo cara a esta actividade interdisciplinaria.




Enríquez, Xosé Manuel, “Sobre mitos e cosmogonías”, *Guía dos Libros Novos* , nº 38, “Narrativa”, marzo 2002, p. 25.

Neste comentario de *O señor dos aneis (I)*, de J. R. R. Tolkien e traducida por primeira vez ao galego no 2001 da man de Moisés R. Barcia, ademais de ofrecer datos biográficos de John Ronald Reuel Tolkien (1892-1973), saliéntase o seu gusto por hobbits, elfos, ananos, magos, Xente Grande (ou Homes mortais), trolls, orcos e Señores Escuros e a súa capacidade por crear un fantástico mundo mitolóxico persoal e “dotalo dunha completa cosmogonía de deuses e espíritos benéficos e maléficos, cunha historia, unha topografía e mesmo uns sons, unha onomástica e unhas linguas... propias... coa finalidade de elaborar un relato destinado a introducir docemente no sono os seus fillos, aos que cada noite ofrece unha achega da súa invención máxica e aos que tan fascinados deixa, que non lle resta outra saída que completar o relato”. A seguir, describe a obra e incide na subversión de valores, na solidariedade, no egoísmo, crenzas e comportamentos moi asentados na tradición xudeu-cristiá. Xoga cos contrastes e todo o exemplifica coa obra en cuestión.

Etxaniz, Xabier, “Magalik badaki”, *CLIJ*, nº 146, febreiro 2002, p. 58.

Despois de contar a historia desta obra de Patxi Zubizarreta, traducida ao galego, e protagonizada pola nena Magali e pola súa irmá, salienta a estructura coa que presenta a obra que combina a realidade de Magali coa actuación da súa irmá, a linguaxe, a visión das cousas dende a idade da protagonista que evoluciona co decorrer da historia. Tamén salienta as ilustracións que completan a obra.

Etxaniz, Xabier, “Bota gorriak”, *CLIJ,* nº 149, maio 2002, p. 64.

Comeza dando unhas notas sobre a bibliografía de Linazasoro, autor desta obra que se traduciu a todas as linguas do estado. Unha obra simbólica protagonizada por unhas botas encarnadas que son máxicas e que lle fan vivir experiencias marabillosas a Karlos o narrador da historia. Unha obra chea de referencias e acenos ao lectorado. Un texto cheo de citas poéticas e acompañado de ilustracións que se funden no texto e fan unha lectura “placentera”.

Fernández, María Jesús, “No corazón do bosque”, *CLIJ*, nº 145, xaneiro 2002, p. 49.

Salienta que se trata dunha historia de amizade na que o autor “no sólo retrata la vida en el hogar –procurando presentar roles que refuerzan la no descriminación y la igualdad de sexos- sino también la del colegio”. Tamén salienta o tema de fondo da novela que sitúa na “decidida apuesta de futuro confiando en la sensibilidad y buen sentido de los niños y niñas de hoy”. A preservación do medio ambiente e da tradición son tamén trazos que salienta. Remata valorando positivamente as ilustracións.

Fernández, María Jesús, “Mermelada de fresa”, *CLIJ*, nº 146, febreiro 2002, p. 58.

Despois de salientar que Anaya inaugura colección con esta obra de Daniel Nesquens, gañadora do I Certamen Internacional de Album Ilustrado “Ciudad de Alicante” e de reflectir a historia deste conto protagonizado por un rato e os seus gustos culinarios, considera que esta obra é unha mostra da producción de Nesquens, do seu característico absurdo que disparou a imaxinación do ilustrador que “compone colages espectaculares que llenan las páginas de este álbum de respetables proporciones”, un traballo, o do galego Fino Lorenzo, cheo de riqueza visual, cheo de referentes que “divertirán al narrador adulto”.

Fernández, María Jesús, “Chinto e Tom”, *CLIJ*, nº 147, marzo 2002, p. 66.

Comeza dicindo que Gloria Sánchez é unha autora que se caracteriza por “ofrecernos en sus obras, ya sea narrativa, teatro o poesía una gran variedad de temas y estilos y, al mismo tiempo, por mantener en todas ellas un sello personal que la identifica y distingue”. Considera singular o anterior e un dos elementos para a singularización a habilidade da autora para “aunar humor y sensibilidad”, o uso da linguaxe expresiva, intelixente e conciso, “desprovisto de artificios” e moi respectuoso coa capacidade intelectual do lectorado máis novo. En canto á narración *Chinto e Tom* (2001), premio Lazarillo 2000, salienta as situacións absurdas que se crean pero coa habilidade suficiente para non ridiculizar aos protagonistas, e tamén as referencias entrañábeis a personaxes do cine mudo, unha especie de “El Gordo y El Flaco”.

Fernández, María Jesús, “Carlos Mosteiro. *Manual de instruccións para querer a Irene*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 78.

Achega os fíos argumentais da obra gañadora do Premio Abril de Narrativa 2001, *Manual de instruccións para querer a Irene*, que se trata do típico relato con protagonista adolescente, no que o seu autor, Carlos Mosteiro, nos introduce no universo vital de Irene, unha rapaza que atravesa un momento delicado da súa vida. Salienta da novela as descricións que presenta dos ambientes cotiás e o desenlace orixinal que o autor lles reserva ao seu lectorado, no que revela un novo elemento a historia e, ao mesmo tempo que se explican certos misterios, aparece a figura do “creador”, extraviado entre a ficción e a “realidade”.

Fernández, María Jesús, "Ánxela Gracián. *Eu tamén fun peliqueiro*", *Fadamorgana*, nº 8, "Novidades", primavera 2002, p. 79.

Fai un amplo resumo do contido argumental da novela de Ánxela Gracián, *Eu tamén fun peliqueiro de Laza* (2001), que está ilustrada por Coquixo. Comenta que entre un inicio e un remate un tanto "teatrais" e artificiosos, que sitúan o presente da novela nun futuro no que os anos actuais son recordados con nostalxia de tempo ido, transcorre a historia narrada, que se centra no tránsito da adolescencia á adultez. Neste caso concreto, sinala que se trata de Berto, que vai deixar a súa condición de neno submiso e dependente e pasar á etapa das decisións persoais. Puntualiza que ese tránsito está simbolicamente representado polo desexo, finalmente cumprido, que o rapaz ten de ser peliqueiro no antroido de Laza.

Fernández, María Jesús, “Ledicia Dotras. *¡Voa, Cascuda!*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 79.

Ofrece un extenso resumo do argumento de *¡Voa, Cascuda!* (2001), escrita por Ledicia Dotras e ilustrada por Neus Selga, a través da cal nos desvela o contido e personaxes desta novela, que recolle a historia dunha vida. Pois, unha voz feminina en primeira persoa, por medio dunhas cartas, diríxese á súa filla para facela partícipe dos seus recordos e impresións máis íntimos.

Fernández, María Jesús, “Ana María Fernández. *A casa de había unha vez*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 75.

Considera que *A casa de había unha vez* (2001), de Ana María Fernández conta con dous elementos que a fan axeitada para o gusto dos seus destinatarios: a evocación dos contos clásicos e marabillosos e a súa forma poética. Sinala que os poemas que compoñen o volume están inspirados en personaxes e situacións coñecidas, o que supón unha garantía de recoñecemento e complicidade. Asemade, puntualiza que os nenos e nenas aos que o libro se dirixe entran xa nunha etapa na que cada un destes textos vai perdendo a súa condición de fórmula ritual, inviolábel e inalterábel, e comezan a gozar coas versións e transgresións que ofrecen unha visión nova e sorprendente. Recalca en que outro gran recurso desta entrega é o da forma poética, pois sendo a súa autora pródiga en recursos poéticos, emprega con certeza e variedade aqueles que a tradición, os gustos dos nenos e a madurez lingüística dos seus lectores lle fan considerar como máis adecuados. Por outra parte, comenta que as estupendas ilustracións de Enjamio presentan unha visión dos clásicos universais da infancia, que supoñen unha renovación da iconografía tradicional e unha decidida aposta por novas formulacións estéticas.

Fernández, Mª Jesús, “Galicia: creatividad y variedad”, *CLIJ*, nº 153, outubro 2002, pp. 46 62.

Como vén sendo habitual, *CLIJ* neste número ofrece o panorama actual da literatura infantil e xuvenil nos ámbitos lingüísticos do estado. A encargada de realizar a panorámica galega, Mª Jesús Fernández comeza o seu traballo referíndose á perda que supuxo para a cultura galega e para a literatura infantil e xuvenil a morte de Carlos Casares, a seguir refírese aos creadores e creadoras premiados, comeza polo Lazarillo que por terceiro ano consecutivo volveu a ser gañado por unha galega, Ana Mª Fernández, pola obra *Amar e outros verbos*, un libro que considera singular no ámbito da obra da autora. Tamén salienta que Agustín Fernández Paz merecese o galardón do Premi Protagonista Jove pola versión en catalán de *Aire Negro*, unha obra que cualifica de “elaborada trama”. Felicita especialmente ao ilustrador Federico Fernández e aos responsábeis de Kalandraka por conseguir por segunda vez que un dos seus ilustradores se fixese co Premio Nacional de Ilustración. Pasa logo a salientar, a) o descenso de primeiras edicións en lingua galega; b) o incremento de libros dirixidos a prelectores e primeiros lectores e tamén á mocidade; c) o predominio do xénero

narrativo. Logo analiza singularidades como os títulos publicados na colección A Letra Dormente de Xerais da autoría de Gonzalo Navaza, *Santos e defuntos*, e de X. P. Docampo *Un conto de tres noites*, obras que analiza brevemente. Detense tamén en títulos como *Lendas de onte, soños de mañá*, de Francisco Fernández Naval, unha recreación de lendas que traslada a ambientes actuais; en narracións de ficción científica como *O faro de arealonga*, de Uxía Casal; *Ariadna*, de Xosé Miranda e *Valdamor*, de Beatriz García Turnes; en *O Pausiñas*, de Roque Cameselle, que sorprende pola madurez a pesar da súa xuventude e que presenta un conxunto de semblanzas; no relato policial *Blues da ría*, de J. A. Xesteira; en *Eu tamén fun peliqueiro de Laza*, de Anxela Gracián, unha obra que cualifica de iniciación como *Voa cascuda*, de Leticia Dotras. Cualifica de interesante polo que achega de novidade xenérica *Servicio de urxencias*, de Suso de Toro, e *Os feitizos de Medea*, de Xan Babarro. No apartado titulado “Fantasía e vida cotiá” dentro do grupo de idade de 7 a 13 anos fala de *Eu, coma sempre*, de Cándido Casal, do *O cazador de trolls*, de Luis Seixido, de *Ith*, de Silvestre Gómez Xurxo, de *Os peixes de cores* , de Antonio García Teijeiro, de *A merla de trapo*, de Antón Cortizas, premio Merlín 2001, de *Alén das estrelamares* (2001), premio O Barco de Vapor 2000, de *O reino da dama Duira*, de Xoán Babarro, de *Basilisa, a princesa sapiño*, e de Marilar Aleixandre, de todos dá unhas notas

cualificadoras. Detense tamén nun grupo de obras que recuperan a tradición oral e que se publicaron na colección O cabalo Buligán, de Xerais, da man de Xosé Miranda e Antonio Reigosa. Fai logo un repaso polos títulos dirixidos aos lectores máis novos salientando *¿Víchela, víchela?*, de X. P. Docampo, *Un tren cargado de misterios*, de Agustín Fernández Paz, *A galiña da paz*, de Gloria Sánchez, *O anel*, de Manolo Uhía, *A contar ovellas*, da novel Elvira Pérez, *Down*, de An Alfaya, *A pantasma da torre*, de Lourdes Maceira, *Estela, a domadora de ras*, de Concha Blanco, *Os ladróns de tixolas*, de X. A. Perozo; e *A goma de borrar que falaba*, de Carme Carballo, das que tamén dá unhas breves notas cualificadoras. No apartado “Teatro para ler” salienta o incremento deste tipo de obras, moitas delas provenientes de obras galardoadas con premios anteriores. Comenta *A música da noite*, de




M. Lourenzo, *O país acuático*, de Eduardo Alonso, premios Estornela, un premio creado en 2000; e logo *O coleccionista de sombras*, ¡*Cázame ese pensamento!*, ambas de Antón Cortizas; *A estrela Volarina na torre carolina*, de An Alfaya; *¿Mamasiña, que medo!*, de Chus Pereiro; e *Historia dunha sobreira*, de Ramón Caride. No apartado “Imágenes de cuento” refírese ás propostas para os prelectores e primeiros lectores no que observa unha gran variedade, algunhas de “gran belleza e interés”. Fai un percorrido por todas elas, dá notas das súas calidades. Salienta neste ámbito o labor de Kalandraka por medio das súas

coleccións Demademora, Os contos do trasno e MareMar, refírese tanto ás obras galegas coma as traducidas, e mesmo ás reeditadas por novas editoras e en novas coleccións, como foi o caso das aparecidas na colección Montaña Encantada de Everest-Galicia. Repasa as publicacións da colección Merliño, de Xerais e das de editorial A Nosa Terra, salientando neste caso a serie literaria Os Bolechas, e dá a benvida ás novas coleccións para estas idades. Finaliza co apartado “Cómic y Revistas” que considera precario aínda que se poida contar cun álbum como *A retirada de Sir John Moore*, de Pepe Carreiro, coa revista de cómics *Golfiño* e remata referíndose á revista *Fadamorgana*, que considera unha referencia xa ineludíbel. Ao rematar a versión castelá deste traballo ofrécese unha versión galega nun corpo de letra menor.




Freire, Xosé, “Condición humana”, *Guía dos libros novos*, nº 41, “Narrativa”, xuño 2002, p. 22.

Comentario sobre a última incursión narrativa de Gonzalo Navaza, a obra *Santos e defuntos* (2001). Fálase en primeiro lugar da colección na que se insire, “A letra dormente”, salientando a súa elegancia e a atención que se lles presta ás ilustracións, coa intención de embelecer o libro como obxecto e dirixirse a todas as idades. Cítanse ademais outros títulos desta colección, como *Cos pés no aire* (1999), de Agustín Fernández Paz, *O brillo dos elefantes* (1999), de Fran Alonso, *O que ven os ollos dos nenos* (2000), de Antonio García Teijeiro, e *Un conto de tres noites* (2000), de Xavier P. Docampo. A seguir destácase o éxito acadado por Navaza entre os lectores, nomeando o premio que mereceu por *Erros e Tánatos* (1996), distinguido polos mozos de ensino secundario que constitúen o xurado do Premio Arcebispo San Clemente. Valórase a prosa clara e transparente do autor e a propósito de *Santos e defuntos*, sinálase que se trata dun relato curto de plena actualidade no que se dosifica a acción para manter a tensión narrativa e sorprender o lector cun final inesperado. Alúdese tamén a que se trata dun relato centrado na condición humana no que

se critica en ton humorístico e irónico, constantes na obra de Navaza, o retorno dos emigrantes á patria.




García Teijeiro, Antonio, “Poderes da palabra poética”, *Fadamorgana*, nº 8, “Poesía sen idade”, primavera 2002, pp. 58-65.

Despois de comentar o que supón a palabra poética, que posuía para el un certo feitizo nos primeiros pasos da súa aprendizaxe literaria, fai referencia a cómo se foi afastando da súa necesidade de escribir ata que no ano 1970, a través dos poemas recollidos no disco de Paco Ibáñez, *La poesía española de hoy y de siempre. Los unos por los otros 3*, recuperou a sensación de ser poeta. Reproduce uns dos seus primeiros versos, que considera “brodios”, para insistir no seu proceso de evolución tanto persoal coma poético, e sinala o que para el significou a saída no ano 1972 doutro elepé de *La poesía española de hoy y de siempre*, co que se decata que a poesía é unha arma cargada de futuro. A seguir, alude ao que para el supuxeron as cancións de Bob Dylan, a actitude rebelde dos Beatles ou a súa chegada a autores como Lorca, Machado ou Juan Ramón, aos que lles seguirían o compromiso coa súa cultura e coa súa lingua. Recolle unhas palabras que lle dedicou A. Cunqueiro, que marcaron definitivamente a súa relación coa escrita, e cita os autores galegos aos que visitou: Castelao, Rosalía, Pimentel, Novoneyra ou Amado Carballo. Tamén explica a súa relación coa poesía e a escola, que se reflicte no CLAP (Clube de

Amigos da Poesía), a partir do cal decidiu escribir para os máis pequenos, ou nos traballos que nos anos oitenta realizou con rapaces dunha aula de 3º de EXB, dos que xurdirían os seus tres primeiros poemarios. Conclúe puntualizando que, a partir de aquí, o seu mundo poético foi medrando e enriquecéndose coas palabras daqueles que fixeron da súa vida un lugar onde agroman os versos, ademais de indicar que está nunha etapa na que confunde os destinatarios dos seus versos e que o espírito que o anima a seguir escribindo é o lector.




Gaspar, Silvia, “Xabier P. Docampo. *Os ollos de Ramón*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 74.

Sinala que unha vez máis nos atopamos ante un relato de tipo fantástico de Xabier P. Docampo, que, nesta ocasión, consegue superar os logros doutras últimas obras menores. Achega o argumento de *Os ollos de Ramón* (2001) e puntualiza que o pensamento fantasioso e rebelde do neno encontra na narrativa unha solución, á vez positiva, coherente e mesmo didáctica, impoñéndose o ton sinxelo e o espírito de diversión. Tamén comenta que o lapis composto e a técnica mixta de Xosé Cobas ofrece un excelente trasunto plástico da historia.

Gaspar, Silvia, “Carmen Domech, Jorge Rey e Marilar Aleixandre. *El-Rei Artur e a abominable dama*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 75.

Afirma que a colaboración de profesionais do teatro de títeres –Carmen Domech e Jorge Rey– e dunha autora de literatura infantil –Marilar Aleixandre– en *El-Rei Artur e a abominable dama* (2001) demostra que o teatro non ten porque constituír un xénero minoritario e que calquera historia pode valer á hora da transtextualidade. Sinala que, nesta ocasión, se trata dun conto que segue a formulación tradicional artúrica, que aparece renovado en forma dramatizada, acolléndose aos recursos escénicos que permiten, posibelmente, unha maior rendibilidade da historia potencial. Tamén considera que esta peza serve como materia de reflexión sobre qué é o teatro para unha recepción infantil e refírese á dificultade de delimitar a idade do seu receptor infantil. Tamén apunta que esta edición, orientada para rapaces a partir dos dez anos, acolle un apéndice no que se resumen as claves das narracións da chamada materia de Bretaña.

Gaspar, Silvia, “Antón Cortizas. *A merla de trapo*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 76.

Centra o seu comentario na obra gañadora do Premio Merlín do ano 2000, *A merla de trapo* (2001), escrita por Antón Cortizas e ilustrada por Xosé Cobas. Considera que se trata dunha excelente mostra de literatura infantil desbordante de valores literarios e humanos. Asemade, comenta que a historia da costureira que ten o don de dotar as súas prendas dun espírito animado lévanos á narración popular pola axilidade da linguaxe e polos recursos da oralidade combinados cunha ben dosificada ambientación anos corenta, que non se fai estraña a un lector actual. Afirma que a “narración evoluciona en función do lirismo sen sensiblería, do marabilloso sen excentricidade, do humor que descarta o obvio, resultando unha peza na que prevalece o espírito positivo”. Por outra banda, resalta a estructura da novela, que se edifica sobre os procesos de ficción, e sinala que non se perde en narracións interpoladas, senón que todas elas levan a un desenlace redondo.

Gaspar, Silvia, “Xosé Miranda. *Feitizo*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 77.

Considera que un certo minimalismo discursivo –narración en presente, períodos breves de sintaxe sinxela e a práctica ausencia de diálogos– é o que artella a historia de espírito sorprendentemente inmobilista de *Feitizo* (2001), de Xosé Miranda. Achega o argumento desta obra, da que estima que a súa interpretación é un “misterio” e sobre a que cabería preguntarse cál é a súa lectura ou intención. Volve incidir nesa desleixada ambigüidade que presenta, “quizais debida a unha factura apresurada, nun autor da acreditada traxectoria de Miranda” e na falta de coherencia entre rexistro da lingua e historia, para rematar sinalando que as ilustracións de Ruibal Piai son moi de “banda deseñada *heavy*”.

Gaspar, Silvia, "Xoán Babarro, Fina Casladerrey, Antonio García Teijeiro e Gloria Sánchez/Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Xosé A. Neira Cruz e Antonio Reigosa/An Alfaya, Ramón Caride, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo e Miguel Vázquez Freire. *Un saquiño de contos*/*Contos para levar no peto*/*Historias para calquera lugar*", *Fadamorgana*, nº 8, "Novidades", primavera 2002, p. 77.

Apunta que, ao abeiro da recuperación do conto como xénero forte ou para ofrecer volumes que calen ben entre os lectores, Edicións Xerais de Galicia presentou no ano 2001 tres pezas orientadas a cadanseu tramo de idade, das que fai certos comentarios sobre o contido, estructura ou elementos dos relatos que as compoñen. Así, sinala que para os primeiros lectores Xoán Babarro, Fina Casalderrey, Antonio García Teijeiro e Gloria Sánchez presentaron os seus contos baixo o título xeral de *Un saquiño de contos*, mentres que para o Segundo Ciclo Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Xosé A. Neira Cruz e Antonio Reigosa, o fixeron co de *Contos para levar no peto*. Considera que estes dous volumes se adecúan á variedade de discursos, temas e necesidades dos lectores propostos, fronte ao terceiro, *Historias para calquera lugar*, que cae nunha "abraiante" inadecuación e que recolle

os relatos de An Alfaya, Ramón Caride, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo e Miguel Vázquez Freire.




Gracián, Ánxela, “Xabier P. Docampo. *¿Víchela, víchela?*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 74.

Considera que *¿Víchela, víchela?* (2001) é unha “obriña menor” de Xabier P. Docampo, pois carece da súa habitual destreza para a maxia e as súas grandes dotes de contador oral. Tamén lle reprocha que non explore con máis rigor o argumento literario de libro dentro do libro ou da realidade e a ficción mesturadas. Finalmente, ofrece un resumo do argumento deste volume ilustrado por Xosé Cobas.

Gracián, Ánxela, "Xosé A. Ventoso Mariño. *A pesca está no vento*", *Fadamorgana*, nº 8, "Novidades", primavera 2002, p. 77.

Sinala que o libro de Xosé A. Ventoso Mariño, *A pesca está no vento* (2001), presenta unha artificiosa unidade creada mediante un sistema narrativo de acumulación de estampas que teñen como vínculo o personaxe Nico. Apunta que as dúas partes nas que se divide son semanticamente heteroxéneas: a primeira contén anécdotas próximas ao mundo rural, mentres que a segunda presenta unha recreación nostálxica do mundo mariñeiro. Asemade, considera que a obra rezuma saudade, ironía, humor e populismo, pero cunha sensación de incompletitude. Alude ao seu argumento e afirma que se trata dun libro "de boas intencións e bondadosas vaguedades que só se quedan niso, nunha recreación detallada e costumista".

Gracián, Ánxela, "Lourenzo González. *O que é a vida*", *Fadamorgana*, nº 8, "Novidades", primavera 2002, p. 78.

Comenta que a obra *O que é a vida*, de Lourenzo González, é unha "lograda" construcción de tramas que se mesturan a través dun hábil sistema de casualidades e conxecturas cunha dosificación sabia da información. Tamén considera que é interesante a actitude narrativa, fundamentada no contraste desmesurado e brutal entre o soño e a realidade, enmarcado sempre nun trasfondo de pesimismo e melancolía. Alude ao argumento desta obra e puntualiza que o mellor dela é que esa busca absurda da felicidade por parte de diversos personaxes remata nun final sen estridencias no que conflúen todas as tramas.

Graña, Bernardino, “Sensibilidade, poesía”, *Fadamorgana*, nº 8, “Poesía sen idade”, primavera 2002, p. 70.

Nesta conversa mantida entre Nico e Albi faise un comparación do beber coa poesía, así coméntase que se a xente non sabe beber, “entón non hai alma, non hai sensibilidade, non hai poesía...”. Tamén se apunta que o poeta pode nalgún momento ser unha persoa “lanzada”, impulsiva ou nerviosa, aínda que o contacto co mar, o río ou o monte calma esa persoa. Por outra banda, pregúntase se tanto nos custaría acostumarnos a substituír a televisión pola lectura dun bo libro, unha boa revista ou un bo programa de Internet. Conclúese indicando que para facer versos e bos poemas é importante a aprendizaxe.

J. M. P., “Gloria Sánchez”, *Leer*, nº 128, “Infantil y juvenil”, “Extra de Navidad 2001”, decembro 2001-xaneiro 2002, p. 90.

Comeza sinalando que Gloria Sánchez é un dos poucos cultivadores españois do humor absurdo. Repasa algúns dos premios que lle foron outorgados como o Edebé por *Doctor Rus* ou o Lazarillo coa obra *Chinto e Ton*. Sinala que esta obra significou un xiro na súa traxectoria, que a propia autora recoñece como o paso dunhas obras moito máis críticas, cheas de ironía e dobres sentidos a outras con humor moito máis “blanco, mucho más simple”. Dos personaxes que dan título a esta obra de forte contido simbólico sinala que se atopan cunha cama moi grande que non lle cabía na casa, e que a autora explica como o símbolo do noso pasado, aquilo que herdamos e que temos que buscar onde colocar. Do mesmo xeito que a xiganta é o futuro imprevisíbel. Remata sinalando que Gloria Sánchez é mestra e que ten publicadas outras obras como *La casa de cristal y el señor Clin*, *Siete días, siete brujas y un huevo*, *Rimas con letra* e *303 adiviñas.*

Martín Rogero, Nieves, “*Chinto y Tom*. Gloria Sánchez”, *Lazarillo*, nº 6, “Primeiros lectores”, pp. 22-23.

Resume amplamente o argumento desta obra escrita por Gloria Sánchez e ilustrada por Irene Fra, *Chinto e Tom* (2001), que foi merecente do Premio Lazarillo 2000. Sinala que os lectores principiantes poden gozar con esta sinxela historia na que episodios disparatados van acumulándose ao redor dos conceptos de grande e pequeno. Asemade explica que o xogo coas dimensións está presente na corrente da fantasía na literatura infantil e que permite introducir un carácter de *nonsense* moi de agradecer dentro da producción española para nenos. Por outra banda, comenta que o desexo de ser independentes e o medo nocturno fan que estes personaxes se aproximen aos lectores en proceso de crecemento. Conclúe sinalando que a desmitificación final do tradicional xigante achega unha nota de humor e que a historia está transmitida cunha linguaxe suxestiva.

Martínez Bouzas, Francisco, “Máis narrativa serial”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Narrativa”, febreiro 2002, p. 23.

Achégase á novela *Blues da Ría* (2001), de J. A. Xesteira, que foi finalista do Premio de Novela por Entregas 2001 convocado polo xornal galego *La Voz de Galicia*. Despois de sinalar cáles foron a outra obra finalista e a gañadora deste certame literario, indica que todas elas comparten a pertenza ao xénero negro e a estructuración en trinta e un capítulos (un por cada día do mes), que viña imposta polas características do certame. Explica que a novela narra as investigacións dun detective tras os asasinatos de varias persoas, detrás dos que se agochan todos os ingredientes do xénero negro: alcohol, droga, mulleres infieis, “peixes gordos”, etc. Indica que o tratamento que se fai destes elementos, xunto co humor e a ironía presentes no libro, fan desta novela unha especie de parodia do xénero literario. Indica, finalmente, que a trama se desenvolve nunha cidade, presumibelmente, Vigo e que, formalmente, é unha obra cun estilo solto e atrevido.

Navarro, María, “Unha prosa áxil”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Literatura xuvenil”, febreiro 2002, p. 29.

Despois de ofrecer un percorrido pola obra de Uxía Casal, mestra de ensino secundario nacida en Santiago de Compostela en 1957, céntrase na súa última entrega, *O faro de Arealonga* (2001). Ofrece un amplo resumo do seu argumento, que xira arredor dos avances da biotecnoloxía, nunha novela protagonizada pola moza xornalista Rosalía, coa particularidade de non medir máis dun metro, que volve á súa vila natal, Arealonga. Alí retoma o contacto coa familia e os amigos, entre os que se atopa Néstor Daponte, o fareiro, do que chega a descubrir a súa conexión con experimentos de reducción de materia, o seu labor como investigador no Xapón, de onde tivo que fuxir polos problemas derivados dos experimentos. Considera que se está a dar nun sector da literatura xuvenil unha abondosa presencia dos avances biotecnolóxicos, cos que se queren achegar solucións para un mundo máis xusto e equilibrado. Tamén salienta a crítica na obra pola falta de ideais, a ambición dos que queren acadar poder e a importancia dos sentimentos da protagonista. Remata salientando a prosa áxil e directa nunha novela entretida que fai reflexionar sobre o mundo da ciencia e a complexidade do ser humano.

Navarro, María, “Unha narración amena”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Literatura xuvenil”, abril 2002, p. 31.

Despois de facer un percorrido polo labor desenvolvido por Miguel Vázquez Freire no eido da literatura infantil e xuvenil galega con obras como *As aventuras do gato Bógar*, *A malvada María Xosé* (1989) ou *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos* (1999), céntrase no argumento de *Proxecto pomba dourada*, reeditada en 2002. Explica que o protagonista é Arno, un mozo que perde a seus pais asasinados e que vive nun futuro denominado terceira Centuria da Nova Cronoloxía, no que tentando rematar o traballo paterno, vive unha viaxe chea de perigos. Considera que é patente o gusto do autor polo cine e a imaxe, que o leva a concibir esta obra como unha sucesión de secuencias coa dobre función de captar a atención do lector e convidar a reflexionar sobre o que insinúa, nunha mestura de ficción científica e mundos máxicos e de aventuras. Dá algúns trazos dese mundo moi avanzado, no que tamén existe a marxinalidade, nunha obra que considera amena, de temática futurista e técnica cinematográfica cunha linguaxe clara e directa.

Neira Cruz , Xosé A., “Cando o Principiño aprendeu a falar en galego”, *Fadamorgana*, nº 8, primavera 2002, pp. 8-10.

Neste percorrido polo quefacer de Carlos Casares no campo da literatura infantil e xuvenil galega, comeza referíndose aos textos cos que ten contribuído en gran medida ao desenvolvemento desta literatura. Así, detense no comentario do relato *A galiña azul* (1968) e da peza teatral *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), coas que fora premiado nas primeiras edicións do Concurso de contos e teatro infantil O Facho, respectivamente. Asemade, apunta que o escritor de Xinzo non deixou de cultivar a parcela da súa producción literaria na que tamén podían entrar os nenos, como se reflicte no título *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), e refírese ao seu intento de creación dunha serie infantil en galego iniciada por *Este é Toribio* (1991), á que lle seguirían unha serie de títulos. Cita outra das súas obras no ámbito infantil, *Lolo anda en bicicleta* (1996), pola que recibiu o premio Rañolas ao mellor libro ilustrado en Galicia, e sinala que a súa intensidade da obra sen idades queda testemuñada de novo por *Un polbo xigante* (2000). A seguir, alude ao seu labor como editor e traductor, no que sobresae a traducción ao galego da obra de Antoine

de Saint-Exupéry, *O principiño*. Finalmente, fala da súa paixón por coleccionar versións da obra do autor francés citado nas moitas linguas e edicións que o libro ten en todo o mundo.





Nogueira, Mar, “Un museo galego para a marioneta”, *Bululú*, nº 2, verán 2002, pp. 71-75.

Achégase á Casa do Títere de Lalín, á que relaciona coa “época de rexurdimento” que está a vivir o mundo dos monicreques en Galicia. Lembra que o oficio dos titiriteiros comezou sendo nómade ata que actuaron en teatros, onde ofrecían espectáculos escénicos con “tódolos matices que a arte teatral esixe”. Tamén alude a iniciativas actuais como os festivais estábeis, unha sala con programación específica, a revista *Bululú* ou o importante número de compañías de monicreques ou institucións como o Centro de Documentación das Artes Escénicas do IGAEM. Sinala que a Casa do Títere de Lalín é froito da colaboración das compañías Viravolta e Seisdedos co Concello de Lalín, e que nela se expoñen materiais das coleccións privadas destas compañías. Repasa os elementos que inciden no espectáculo teatral e sobrancea o valor de conservación, así como o pedagóxico que encarna este museo. Repasa algunhas das iniciativas que se levan a cabo, entre elas obradoiros para nenos, conferencias e mesas redondas, promoción de estudios sobre monicreques ou a colaboración con diferentes festivais. Remata felicitando a todos os que fixeron posíbel esta iniciativa.

Obiols, Nùria, “Máquinas”, *CLIJ*, nº 147, marzo 2002, p. 66.

Salienta a beleza dos albums editados por Kalandraka pero agora dedica unha consideración especial a este de Chloe Poizat, *Máquinas* (2001), traducido por Luísa Morandeira “por ser una obra repleta de máquinas, a modo de catálogo”. Un libro para amantes das apostas gráficas suxestivas, como o viron os responsábeis do Ministerio de Educación, Ciencia e Deporte que lle outorgou o segundo galardón ao libro mellor editado do ano.

Obiols, Nùria, “Paxaros de papel”, *CLIJ*, nº 149, maio 2002, p. 60.

Comeza describindo o argumento da obra que nos fala do poder da imaxinación, da cotidianeidade, do feo e do belo, das ganas de romper coa rutina e da literatura. Un texto “seductor” e unhas ilustracións “conquistadoras” como quedou demostrado ao ser seleccionadas para a mostra de ilustración de Boloña 1998 e premiadas no concurso Norma da Unesco (Tokio, 1998).

Obiols, Nùria, “Os dous corcovados”, *CLIJ*, nº 150, xuño 2002, p. 62.

Comeza describindo a historia que se conta nesta adaptación publicada no ano 2000 por Raquel Méndez, e a seguir di que se confirma unha vez máis “la teoría de que el cuento popular encierra una gran sabiduría que ayuda a aprender a andar por la vida”. Cualifica esta adaptación de “bonita y correctísima”. Salienta as ilustracións de Óscar Villán, quen, considera, realizou un traballo elegante, divertido, comprensíbel e agradábel á vista.

Obiols, Nùria, “Los oficios de Juan”, *CLIJ*, nº 151, xullo/agosto 2002, p. 59.

Primeiramente descríbese o argumento desta obra de Antonio Rubio que se publicou en galego en 2001, para logo considerar que estamos diante dunha singular e especial homenaxe á imaxinación infantil (ao xogo simbólico), unha obra ben estructurada e resolta en “unas páginas bellamente ilustradas”.





Raña, Román, “O máxico poder da fabulación”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Narrativa”, 2002, p. 24.

Comentario de *O Pausiñas* (2001), de Roque Cameselle Capón no que comeza destacando a madureza do autor, a intelixencia, paixón, tenrura e bo oficio que se detecta nos contos, así como a construcción das historias que prenden ao lector ata o remate. Dos once relatos destaca o equilibrio entre a tensión do real e do imaxinario, entre as lembranzas e a inxustiza e aleivosía da mundo. Sinala que a situación xeográfica está no Val Miñor e Tui no tempo da posguerra, en contos nos que se observa a influencia de Fole, Cunqueiro, Castelao, Méndez Ferrín ou Manuel Rivas, ademais da de Borges e Cortázar. Repasa os títulos dos once contos dos que ofrece algúns dos seus trazos máis salientábeis, como a preparación do suicidio que prepara “O Pausiñas”, as vivencias amazónicas en “Indo a Manaos”, “Manaos” e “Retorno de Manaos”, a homosexualidade presente en “Manoliño Fonfón” ou a imprecisa liña entre o delirio, a lembranza e a realidade que aparecen en “Rembrandtpleine”. Remata recomendando a lectura deste libro.

Requeixo, Armando, “A parentela perdida”, *Tempos Novos*, nº 61, “Voces e culturas. Crítica”, “Libros”, xuño 2002, p. 71.

Recomenda *Santos e defuntos* (2001), de Gonzalo Navaza, de quen salienta a súa traxectoria literaria. Apunta que o argumento xira arredor dun emigrado no Brasil que busca as súas raíces galegas. Asemade, indica que a novela, dirixida principalmente a mozos, é apta para todo tipo de lectores. Tamén destaca certos elementos que, di, están na mesma liña dos seus anteriores traballos como a presencia da ironía, o “humor galaico” ou a “visión agidoce do real”.

Reyes, Pablo, “Antonio Reigosa. *Resalgario*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 76.

Fai un breve comentario sobre *Resalgario* (2001), de Antonio Reigosa, na que se nos ofrece a historia da peregrinaxe a Santiago que ten que facer o demo Resalgario por castigo de seu pai. Salienta que o humor é un elemento fundamental que está presente tanto na formulación de Resalgario coma no desenvolvemento das historias por el protagonizadas. Asemade, apunta que neste volume, ilustrado por Santiago Gutiérrez Gómez, está moi presente o elemento popular nas historias e na linguaxe, “que é rica, precisa e coidada”.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*No corazón do bosque*", *Revista Galega do Ensino*, nº 34, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", febreiro 2002, pp. 253-254.

Roig Rechou ofrece nesta sección da revista comentarios críticos arredor de obras da literatura infantil e xuvenil galega e doutras linguas. Nesta ocasión ocúpase de *No corazón do bosque* (2001), de Agustín Fernández Paz. Comeza destacando a ampla producción deste autor, que se pode adscribir ás máis variadas tendencias, na que observa unha clara intención de achegar valores dunha sociedade de paz e coa conciencia de estar a traballar na construcción dunha literatura. A seguir, describe a disposición peritextual da obra, dende a cita de Méndez Ferrín ata a estructura en trece capítulos, e o seu argumento. Destaca que nesta entrega están presentes temas recorrentes do autor como a igualdade de sexos, a amizade ou a tradición, ademais da crítica pola falta de valoración da cultura na sociedade. Salienta a boa descrición do espacio, a verosimilitude da historia e a conexión do mundo simbólico co mítico, nunha busca de actualización e revitalización dos valores da cultura popular.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*Aire sonoro*", *Revista Galega do Ensino*, nº 34, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", febreiro 2002, p. 255.

Comeza salientando que Antonio García Teijeiro é un dos autores galegos que máis ten cultivado o xénero poético, dende obras nas que recreou rimas populares como *Nenos*, *Coplas, Aloumiños* (1988) ata aquelas nas que a propia estudiosa etiquetou como "poesía é xogo", "poesía é conto", "poesía é música" e "poesía é maxia". A seguir, céntrase en *Aire sonoro* (2001), o seu último poemario, que adscribe a "poesía é maxia", no que salienta os deseños de Xosé Covas, que ofrecen unha interpretación visual dos poemas. Indica tamén que nesta entrega o autor fixo un percorrido poético pola música, no que empregou diferentes ritmos e rimas para homenaxear a músicos como Busoni ou Beethoven. Remata concluíndo que García Teijeiro recorre de novo ao tema musical para penetrar na imaxinación infantil pero sen esquecer a outros lectores.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*Lémbrate dos dinosauros, Ana María*", *Revista Galega do Ensino*, nº 34, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", febreiro 2002, p. 256.

Despois de lembrar algúns dos premios cos que ten sido galardoado Gabriel Janer Manila, sinala que con *Lémbrate dos dinosauros, Ana María* (2001), acadou o premio EDEBÉ de Literatura Infantil. Resume o argumento da obra, que se inicia cunha prolepse, protagonizada por unha nena e un vagabundo. Describe o desenvolvemento da historia a través da súa estructura en diferentes capítulos, nos que o autor saca bo rendemento deste personaxe, aproveitado para establecer a separación entre o mundo da infancia e o dos adultos. Finalmente, lembra que esta distinción foi defendida polos autores "partidarios da chamada literatura antiautoritaria" para favorecer o desenvolvemento integral da personalidade dos máis novos.

Roig Rechou, Blanca-Ana, “Carlos Casares in memoriam (1941-2002)”, *Revista Galega do Ensino*, nº 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, pp. 235-236.

Co gallo da morte de Carlos Casares, Roig Rechou fai unha aproximación biográfica á figura do finado, na que comeza referindo o seu nacemento en Ourense e os estudios deste na cidade, onde obtivo o Primeiro Premio no Concurso Provincial de Cuentos de Navidad en 1959. Alude á súa amizade con Vicente Risco e aos seus estudios universitarios en Compostela, onde entra en contacto co galeguismo e en especial con Ramón Piñeiro, figura que marcará a súa traxectoria. Refírese tamén á docencia, aos expedientes polo activismo do autor contra o réxime e á súa entrada na Real Academia Galega en 1977. Dos seus cargos públicos refire a dirección de Galaxia, da revista *Grial* ou do Pen Clube de Galicia, ademais da presidencia do Consello da Cultura Galega e a súa pertenza a outras institucións culturais. Repasa a súa producción literaria, dende que en 1967 se dera a coñecer con *Vento ferido* ata a novela póstuma *O sol de verán* (2002), atendendo á súa producción infantil con obras como *A galiña azul* (1968), *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), ou *Lolo anda en bicicleta* (1996), todas elas descritas amplamente noutros artigos deste mesmo número.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*A galiña azul*", *Revista Galega do Ensino*, nº 35, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", maio 2002, p. 237.

Análise sobre a obra *A galiña azul* (1968) da que salienta que Carlos Casares inaugurou con ela a narrativa fantástica, e sobre todo a fantástico-realista. Así mesmo indica que se trata da obra coa que este autor comezou na literatura infantil e xuvenil para logo facer unha descrición da estructura deste libro que, como sinala, se abre cunha carta a Ana, unha nena galega. Subliña tamén o feito de que Carlos Casares merecese o premio do Iº Concurso Nacional de contos "O Facho" con este volume que inclúe seis contos dos que ofrece o título e que, segundo indica, presentan unidade en canto ao narrador, ao espacio e algúns personaxes. Por outra banda sinala que se trata dunha obra na que se fai unha defensa da diferencia e a liberdade social, dereitos polos que sempre loitou Carlos Casares.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*", *Revista Galega do Ensino*, nº 35, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", maio 2002, p. 238.

Achega á obra teatral de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), da que destaca que foi moi ben acollida naquela altura amais do seu grande uso en centros escolares. Salienta que Carlos Casares foi o encargado de retomar o traballo doshomes da Época Nós en canto ao teatro infantil e que o fixo precisamente con esta obra coa que mereceu o galardón do concurso de bianual para obras de teatro dirixidas ao lectorado infantil-xuvenil convocado pola asociación "O Facho". Asemade ofrece un resumo da trama argumental desta obra coa que este autor inaugurou o teatro fantástico e humorístico na literatura infantil e xuvenil galega e da que, segundo indica, os seus personaxes son xa referentes dentro deste xénero.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*O can Rin e o lobo Crispín*", *Revista Galega do Ensino*, nº 35, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", maio 2002, p. 239.

Reseña sobre a obra de Carlos Casares *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), obra ilustrada por Pedro del Llano que abriu a colección "A chalupa". Detense na análise formal para indicar que se trata dun conto narrado á maneira dos contadores tradicionais conpersonaxes que recordan as historias de Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro. En definitiva, indica que é un conto no que humor e a ironía están presentes e no que a "conxunción de descrición, diálogo e ilustración" cobra gran importancia.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*Este é Toribio*", *Revista Galega do Ensino*, nº 35, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", maio 2002, p. 240.

Artigo no que describe a serie titulada *Este é Toribio* (1991), de Carlos Casares, que creou ao personaxe protagonista desta serie na década dos noventa. Comeza sinalando o título das catro aventuras protagonizadas por este personaxe para salientar como elementos comúns a estes títulos o gusto pola composición de palabras novas e pola mestura de palabras, a introducción de avances técnicos dos últimos anos do século XX, así como a presencia dos valores tradicionais dos contos clásicos. Así mesmo fai referencia ás ilustracións, da autoría de Penélope Ares, destacando que cada comentario textual vai acompañado dunha imaxe, o que contribúe ao carácter descritivo desta serie.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*Lolo anda en bicicleta*", *Revista Galega do Ensino*, nº 35, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", maio 2002, p. 241.

Comentario da obra de Carlos Casares *Lolo anda en bicicleta* (1996). En primeiro lugar destaca que con esta obra este autor inaugurou a colección Bambán dentro de Galaxia en consorcio con editores asturianos, vascos, cataláns, galegos e valencianos. Deste consorcio que permitiu unha maior difusión dos autores e ilustradores galegos subliña o feito de que fose animado polo propio Casares. A seguir céntrase no conto *Lolo anda en bicicleta* e fai un resumo do argumento desta obra narrada con "humor, gracia e unha linguaxe áxil". Finalmente apunta que se trata dunha historia na que se premia o esforzo, a valentía e a obediencia ben entendida e que, como xa fixera este autor en ocasións anteriores, ten o feitío dos contos narrados nos faladoiros.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*Un polbo xigante*", *Revista Galega do Ensino*, nº 35, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", maio 2002, pp. 235-236.

Destaca que con motivo do aniversario de Galaxia (1950-2000) se editou en formato de capas duras, papel satinado e moita ilustración, a obra de Carlos Casares *Un polbo xigante* (2000). Salienta que a variedade de rexistros fan pensar no desexo do autor de dirixirse a un público amplo. A continuación resume a historia que xira arredor do terror que lle produce a un rapaz un relato que lle contara unha criada e que el tomara por verdadeiro. Fai ademais unha análise do estilo indicando que se trata dunha historia sinxela contada á maneira dos narradores clásicos polo protagonista xa adulto. Así mesmo destaca a elección do período histórico da Guerra Civil, xa que isto permitiulle ao autor introducir elementos da tradición galega, aínda que tamén se fagan acenos á modernidade. En definitiva, cre que se trata dunha historia na que se mesturan realidade e absurdo, elementos importantes xunto a outros como a ironía e a desmitificación.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*A vida de Ánxel Fole*", *Revista Galega do Ensino*, nº 35, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", maio 2002, pp. 235-236.

Artigo dedicado á obra de Carlos Casares titulada *A vida de Ánxel Fole* (1996), obra coa que, segundo sinala, principia unha colección que enche un oco importante na literatura infantil e xuvenil galega. Apunta ademais que adaptándose ás normas do xénero narrativohistórico fai un percorrido pola vida e obra do escritor lucense, aínda que introduce algúns elementos propios da ficción novelesca. Así mesmo fai unha descrición da temática dos distintos capítulos da obra e de maneira xeral salienta que se trata dunha obra que recolle recordos, anécdotas e aventuras de Fole mesturándoas cunha descrición moi lograda da época na que se desenvolveron. Finalmente dá conta de que se pon de relevo neste libro acapacidade fabuladora de Ánxel Fole, capacidade e habelencia que tamén lle atribúe a Carlos Casares.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*Un conto de tres noites*", *Revista Galega do Ensino*, nº 37, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", novembro 2002, pp. 151-152.

Recensión a *Un conto de tres noites*, publicado a finais de 2001 por Xabier P. Docampo. Tras ofrecer un rápido perfil do autor e repasar o seu labor no ámbito infanto-xuvenil, Roig Rechou describe e analiza o mencionado libro destacando que nel se realiza unha "homenaxe" ao modo de contar tradicional. Neste sentido, equipara o autor con "clásicos"galegos, como Álvaro Cunqueiro ou Ánxel Fole, que tamén aproveitaron na escrita os recursos da narración oral. Resume o argumento do conto, unha historia fantástica narrada en forma de relato inserido, para indicar despois as súas claves interpretativas. Conclúe aplaudindo a capacidade de Docampo para conxugar "tradición e modernidade".

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*Un tren cargado de misterios*", *Revista Galega do Ensino*, nº 37, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", novembro 2002, p. 253.

Comenta Blanca Roig a última publicación de Agustín Fernández Paz: *Un tren cargado de misterios* (2001). Afirma que, malia se tratar da continuación dunha obra anterior, a titulada *Ana e o tren máxico*, este novo volume é moito máis ca unha simple "ampliación da primeira entrega", pois, ao seu entender, trátase dunha peza máis "redonda". Salienta por outra banda o diálogo intertextual establecido no libro con outros textos autóctonos ou foráneos.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "*El-Rei Artur e a abominable dama*", *Revista Galega do Ensino*, nº 37, "O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil", novembro 2002, p. 154.

Comentario da peza para monicreques *El-Rei Artur e a abominable dama* (2001), escrita a tres mans polos membros do grupo de marionetas Cachirulo e Marilar Aleixandre. Subliñando en primeiro lugar a excepcionalidade do sistema literario galego canto á publicación de obras teatrais, Blanca Roig refírese a seguir en termos eloxiosos a esta peza, froito do traballo conxunto de Carmen Domech, Jorge Rey e Marilar Aleixandre. Indica, asemade, que se trata dunha actualización do mito artúrico, de gran rendibilidade nas nosas letras, así como presenta e resume a súa estructura e contido. Finalmente, lembra o éxito que supuxo a primeira escenificación desta obra e anima a que se continúe coa súa posta en escena.

Rojas, Magdalena, “Xoán Babarro González. *Carpametacarpadeduna*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 72.

Achega o argumento de relato rimado *Carpametacarpadeduna* (2001), da autoría de Xoán Babarro González, que se centra na historia dunha man e dos seus cinco fillos. Salienta que o mellor deste volume son as ilustracións de Xan López Domínguez, que “opta por presentar tan extravagantes personaxes baixo aparencia humana porque en realidade non había case outra opción”.

Rojas, Magdalena, “Pepe Cáccamo. *Dinosaurio Belisario*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 72.

Apunta que con *Dinosaurio Belisario* (2001), Pepe Cáccamo “adéntrase no terreo das historias con malo-malísimo usando un clásico e coidado contar en verso que consegue un ritmo perfecto e axeitado para dicir ou escoitar”. Tamén sinala que as ocorrencias e prohibicións de Belisario son maldades de conto e que, xunto coa anacrónica figura do dinosauro, compoñen un sutil combinado de crítica e alegación que culmina cunha gran manifestación infantil en protesta pola situación orixinada polo gobernante Belisario. Por outra banda, comenta que o traballo de ilustración que Carles Arbat fai para este álbum se concentra na tremebunda figura do dinosauro.

Rojas, Magdalena, “Marta Rivera Ferner. *O elefante que non era elefante*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 72.

Comenta que a busca da propia identidade é un asunto que con asiduidade visita os libros dirixidos ao lectorado máis miúdo, pero que en poucos casos os autores permiten aos protagonistas abandonar o papel que por natureza lle vén asignado. A seguir, describe o protagonista de *O elefante que non era elefante* (2001), escrito e ilustrado por Marta Rivera Ferner, que, non convencido da súa identidade, inicia “unha longa busca entre elementos de colaxe integrados nun mundo de páxinas dominadas por cores intensas”. Conclúe salientando o interesante que resulta o final desta historia.

Rojas, Magdalena, “Irene Pérez Pintos. *Manu*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 73.

Resume o argumento de *Manu* (2001), da autoría de Irene Pérez Pintos, que nos presenta un divertido xogo de equívocos protagonizados por un rapaz que “malentende” os recados que lle fai a súa nai e intenta conseguir toda unha serie de extravagancias por diferentes establecementos e mesmo pola rúa. Tamén comenta que o apoio gráfico que ofrece Ramón Trigo é de boa axuda para uns primeiros lectores que, posibelmente, terán que esforzarse para se situar nesta anécdota que xoga sobre todo co equívoco.

Rojas, Magdalena, “M. Lourenzo. *O patadón*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 73.

Achega o argumento da obra de M. Lourenzo, *O patadón* (2001), un relato versificado que ofrece as peripecias e cadea de acontecementos provocadas por un balón de fútbol. Considera que as ilustracións de Andrés Meixide materializan con gracia situacións a penas suxeridas no texto, enriquecendo a historia con novos elementos humorísticos ou redondeando o álbum na divertida persecución das páxinas finais.

Rojas, Magdalena, “Marilar Aleixandre. *Paxaros de papel*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 73.

Considera que *Paxaros de papel* (2001) non precisa indicación da idade lectora porque posúe elementos de conexión coa infancia, xuventude e madurez. Achega o argumento desta historia protagonizada por Rodrigo e os paxaros Cai-barién e escrita por Marilar Aleixandre, que, sobre unha idea do ilustrado Lázaro Enríquez, propón un texto cheo de matices e gran carga lírica como elemento de conexións entre os diversos escenarios que atravesamos da man dos Cai-barién. Remata loando o labor ilustrativo deste álbum apaisado.

Rojas, Magdalena, “J. E W. Grimm. *Rapunzel*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 74.

Comentario sobre a obra dos irmáns Grimm, *Rapunzel* (2001), que ten a maxia desas historias que fican na memoria de toda unha vida. Sinala, con respecto ao traballo de Antonio Caíña, que a elección dos materiais, a economía e claridade na composición das figuras sobre fondos limpos e o equilibrio acadado entre estampados, zanefas e vellas caligrafías son posibelmente os aspectos máis sobresaíntes do seu traballo de ilustración. Tamén sinala que as figuras humanas conseguen unha expresividade e dinamismo pouco usuais nos traballos elaborados coa técnica da colaxe. Por outra parte, considera que a adaptación do texto, feita por Maite García e concentrada na eficación da transmisión, utiliza unha linguaxe directa e exenta de adornos, que atende de forma exclusiva á acción e se permite poucas licencias respecto do orixinal.

Rojas, Magdalena de, “Agustín Fernández Paz. *Un tren cargado de misterios*”, *Fadamorgana*, nº 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 76.

Fai un resumo da obra de Agustín Fernández Paz, *Un tres cargado de misterios* (2001), na que se nos presenta a Ana, unha rapaza que fai unha insólita viaxe tapizada de fantasía dende o sexto vagón ata a locomotora, que tende unha ponte entre o mundo real e o dos soños. Sinala que nos encontramos ante unha narración estructurada en breves capítulos ou vagóns, nos que a protagonista vía resolvendo os enigmas que lle son formulados para ir xuntando as pezas que lle permitirán resolver o misterio final. Destaca as ilustracións a toda cor de Enjamio, a súa linguaxe coidada e esa equivalencia de capítulo por vagón, que lle confiren ao texto un dinamismo que, xunto co sinalado misterio, convida a continuar a lectura ata ese remate que resume o espírito e a intención do conto. Tamén apunta que o mundo dos soños queda reflectido neste sinxelo conto no que o xogo coas palabras adquire unha importancia principal no desenvolvemento da acción a través, por exemplo, dos enigmas formulados á nena protagonista.

Sánchez, Gloria, “A complexa sinxeleza da poesía infantil”, *Fadamorgana*, nº 8, “Poesía sen idade”, primavera 2002, p. 55.

Remite a unha anécdota da súa infancia para ilustrar o afastamento que existe entre o mundo adulto e o infantil e, polo tanto, do diferente valor que posúe a palabra na liña do tempo. Afirma que cando se afronta ao acto creativo as súas palabras perderon a transparencia e se foron embazando co paso dos anos. Tamén considera que de haber unha Idade de Ouro na literatura infantil foi cando os rapaces, botando man dos refugallos das composicións poéticas dos adultos, as acolleron para pórlles música aos seus xogos e para debuxar o seu mundo cheo de misterios. Conclúe comentando que a poesía infantil “é ritmo, é rima; materia fónica. Arte simple e primitiva e a un tempo tan complexa, para nós, que xa perdemos a inocencia”.

Solana, Pilar, “Antonio García Teijeiro”, *Lazarillo*, nº 8, “Diez autores”, 2002, pp. 44-46.

Repaso pola producción poética infantil e xuvenil en lingua española, que está acompañado da biobibliografía de dez autores, entre os que se atopa Antonio García Teijeiro, que nos é presentado por Pilar Solana. Achega datos sobre a súa biografía e labor como mestre, crítico e especialista en literatura infantil, e centra o seu comentario na súa obra poética, que foi merecente de importantes galardóns. A saber: o premio Merlín en 1996 con *Na fogueira dos versos* , libro co que foi finalista do Premio Nacional (1997) e entrou na Lista de Honra do IBBY (1998); o Premio Europeo Pier Paolo Vergerio (1998) e a inclusión de *Versos de Agua* (en galego, *Carabín, Carabón*), en Los 100 del siglo XX. Reproduce as palabras do autor vigués relativas á súa consideración da poesía e apunta que a maior parte da súa obra de creación está escrita en galego, ademais de ter publicado en castelán *Versos de agua*, *Volando por las palabras*, *Al hilo de la palabra* e o estudio e edición da obra de Celso Emilio Ferreiro. Por outra banda, alude ao seu labor como director dunha colección literaria para mozos, autor de libros de textos, xurado de importantes premios literarios, traductor e director do programa radiofónico de música e poesía *Os sons do silencio*. Tamén se

reproducen poemas en castelán e galego de *Versos de agua*, *Na fogueira dos versos*, *Unha chea de aloumiños* e *Aire sonoro*.

Soto López, Mª Isabel, e Amparo **Raviña Rosende** , “Debate y reflexión sobre bibliotecas”, *CLIJ*, nº 149, maio 2002, pp. 32-36.

Descrición dos relatorios e actividades que se desenvolveron nas XI Xornadas del Seminario de la Biblioteca “Nova 33” que se celebraron en Santiago de Compostela os días 15 e 16, e 22 e 23 de febreiro, xornadas organizadas pola Biblioteca “Nova 33” e GALIX (Asociación galega para o libro infantil e xuvenil). Fálase dos obxectivos dos encontros e sobre todo de cómo as bibliotecas de toda a Península se preocupan pola promoción da lectura, das deficiencias que presentan e das necesidades que se debían cubrir por medio dos responsábeis dos estados. Coma sempre as xornadas remataron co intervención de dúas creadoras, Fina Casalderrey e Ana María Matute que puxeron o “broche de oro” as xornadas.

Tabuyo, Domingo M., “Inxectar solidariedade”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Literatura xuvenil”, febreiro 2002, p. 31.

Achégase á obra de Ramón Caride Ogando, *As aventuras de Said e Sheila* (2001), volume no que se recompilan as tres entregas protagonizadas por estes mozos e unha cuarta, na que se desvela a orixe e primeiros anos destes. Comeza por esta última parte da que destaca a similitude bélica coa actualidade da zona de Oriente Medio, no que se sitúa a orixe de Said e Sheila. Segue polo punto de esperanza para a súa solución que se observa cando o oficial que localiza os nenos decide deixalos con vida e pasa a centrarse no contrapunto que supón o muíño de Loreda ao que os leva o avó, nun retorno ás orixes. Considera que malia estar situada a finais do século XXI, se sente que a trama é moi actual “o que lle dá máis forza e credibilidade”. A seguir, percorre brevemente o argumento dos tres relatos restantes, que teñen como punto de partida o muíño de Loreda, espacio referencial que se converte nun “microuniverso idílico” e o resto do mundo é o escenario das aventuras dos irmáns, dende a Pampa arxentina de *Perigo vexetal* (1995), a illa grega do Mar Exeo de *Ameaza na Antártida* (1997) ou a Costa da Morte de *Futuro roubado* (2000). Considera que Caride ten a facultade de inxectar nos seus personaxes comportamentos

solidarios, así como a defensa do medio ambiente, o respecto ás diferentes etnias e relixións na procura do entendemento e un bo manexo da información mesturada coa divulgación dos avances científicos, nunha prosa de calidade.




Valado, Liliana, “Astrid Lindgren traducida. Galicia apuesta por Os irmáns corazón de León”, *CLIJ*, nº 155, decembro 2002, p. 25.

Dáse noticia de que na primavera de 2003 Edicións Xerais de Galicia vai publicar *Os irmáns Corazón de León*, da recentemente falecida Astrid Lindgren. A súa traductora que mereceu con esta obra o Premio da Universidade de Vigo fai neste artigo un percorrido pola obra desta autora e sobre todo pola biografía da obra que traduciu *Os irmáns Corazón de León*, polas traduccións e recepción, ademais de analizala pormenorizadamente.

Vázquez Freire, Miguel “Óscar Villán”, *Fadamorgana*, nº 8, “O ilustrador”, primavera 2002, p. 4.

Centra o seu comentario no labor artístico de Óscar Villán, de quen di que pertence a ese grupo de ilustradores que debuxan cunha sinxeleza que se semella a do debuxar dos nenos, pero que, ao mesmo tempo, posúe unha riqueza de recursos e perfección no acabado que só está ao alcance dos artistas máis esixentes. Apunta que no seu primeiro libro, *O coelliño branco* (1999), co que obtivo o Premio Nacional de Ilustración, aparecen as principais constantes estéticas que caracterizan a súa obra: un acusado sentido da composición que se evidencia na organización do espacio da páxina mediante un amplo fondo limpo e monocromo; e uns personaxes e uns moi escollidos e escasos elementos escénicos que se perfilan contra ese fondo sobre unha liña de horizonte sempre moi marcada e case sempre moi baixa. Puntualiza que a virtude máxima deste artista ourensán atópase na extraordinaria expresividade que consegue proporcionarlles aos seus protagonistas. Tamén achega datos da súa biografía e cita as obras publicadas.

Ventura, Joaquim, “Solpores para acordar”, *Guía dos libros novos*, nº 40, “Literatura xuvenil”, maio 2002, p. 29.

Comeza o seu comentario de *Helena e o solpor* (2001), de Juan Kruz Igerabide, sinalando a condición de docente do autor. Do mesmo xeito di que unha característica de boa parte das novelas dirixidas a mozos é a formación dos protagonistas, na que se van encadeando experiencias que conforman a súa “primeira vez”. Destaca que a localización vasca se intúe, malia que non hai marcas de localismos, que asistimos a diversas etapas do protagonista a través do seu contacto con outros personaxes, no que o fío conductor é o amor imposíbel por Helena e a imaxe dunha moza que atopa no parque. Describe o ambiente familiar no que se desenvolve a acción e destaca que na linguaxe sinxela e no ritmo constante se dan situacións que parecen lóxicas, sen que o autor busque educar a través da lectura. Céntrase no gran cambio que se produce cara ao final, no que parece que todo se descontrola, cando chegan problemas graves como a morte de Helena e do tío do rapaz, que considera gratuítas. Ve neste final tráxico “unha negativa colectiva” aos finais felices no País Vasco.

Vietes, Manuel F., “Estornela, creación dramática”, *Guía dos libros novos*, nº 37, “Teatro”, febreiro 2002, p. 31.

Comeza destacando a importancia dunha iniciativa como a da Fundación Neira Vilas, na que se convoca o premio Estornela de creación dramática para nenos, e que na primeira convocatoria tivo como gañadora a obra *A música da noite*, de Manuel Lourenzo, e merecedora dunha mención especial a *O país acuático*, de Eduardo Alonso. Tamén se refire á precariedade que este xénero mantén no sistema literario galego e lembra os traballos que sobre este asunto publicou Xoán González-Millán. Das obras gañadoras comeza pola de Manuel Lourenzo, que caracteriza polo seu marcado ton didáctico e da que ofrece un resumo do argumento. Indica que se trata dunha trama de loita das forzas do ben coas do mal, onde a natureza, a bondade, a ecoloxía, a amizade e a solidariedade por un lado e a cidade, a maldade, o progreso mal entendido ou a traizón, polo outro, son os eixes temáticos da obra. Destaca tamén a densidade simbólica do texto, o emprego da maxia e as súa accesibilidade para a representación colectiva. De *O país acuático* sinala que carece aparentemente da vontade didáctica e instrumental que presentaba a anterior, pero que si ten abondosos contidos relacionados coa educación en valores. Atende ás estratexias

empregadas polo autor, entre as que están os referentes extratextuais, o xogo que se establece entre os personaxes e a sinxeleza. Remata sinalando como a principal diferencia entre ambas obras o feito de ser a primeira un espectáculo virtual mentres que a segunda está pensada para favorecer a súa representación sen a penas medios.




VII. 5. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Eyré, Xosé Manuel, “Do escepticismo ao amor”, *A Nosa Terra*, nº 1.028, “Cultura”, 4-10 abril 2002, p. 26.

Céntrase en dúas propostas literarias dirixidas a mozos e mozas a través de dúas coleccións: “Fóra de Xogo” de Edicións Xerais de Galicia e “Costa Oeste” da Editorial Galaxia. Así, por unha banda dáse conta da obra de J. A. Xesteira, *Blues da ría* (2001), onde se presenta un asunto detectivesco con fondo negro que debe resolver o protagonista. Sinala que é unha novela de conflicto a resolver onde os personaxes teñen ben pouco peso no conxunto da trama e onde a brevidade é tamén protagonista xa que a novela consta de trinta e un capítulos. Por outra banda, coméntase *Helena e o solpor* (2001), de Juan Kruz Igerabide, traducida por Mario Unamuno, onde en seis capítulos se contan os primeiro contactos do protagonista co amor. Destaca dela o feito de que reborda sensualidade e tenrura, aínda que evitando sempre a “sensiblería” fácil e inútil.

Fernández, Paula, “Recendos de lenda”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 11, “Infantil/Xuvenil”, 26 setembro 2002, p. VII.

Tras ofrecer algúns datos biobibliográficos de Marilar Aleixandre, presenta a súa obra infantil, *Basilisa, a princesa sapiño* (2001), na que comeza salientando o seu carácter de reelaboración dun conto popular ruso do que existen varias versións e que xa fora recollido polos irmáns Grimm. A seguir resume brevemente o argumento deste texto, incidindo no trasfondo fantástico do relato, no seu escenario medieval e na presencia de numerosos trazos orais, como rimas, repeticións, cantigas e conxuros que teñen como función que o lectorado non perda o fío da historia. Menciona así mesmo a presencia de tópicos da literatura popular como a figura da rapaza protagonista, Basilisa, metade animal, metade fermosa muller, que só pode ser liberada do encantamento que sofre polo amor do seu namorado, Alexis, aínda que esta versión de Marilar Aleixandre introduce novidades e “o desenlace non é ese exactamente e así Basilisa libérase do feitizo dun xeito pouco violento e case casual”.

Fernández, Paula, “Un universo lúdico”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura”*, nº 16, 31 outubro 2002, p. VII.

Refírese ao poemario *As catro estacións* (1991), de Antonio García Teijeiro de quen recolle algúns datos profesionais como a súa dedicación ao ensino e á didáctica e tamén como autor de títulos dirixidos a que os máis pequenos gocen da lectura e se interesen pola poesía. Detense na estructura do poemario, divido en catro partes, que atenden a cada unha das estacións do ano e ás súas características. Salienta o uso dos adxectivos e dos xogos de palabras, así como dos versos curtos, as rimas sinxelas, as repeticións, os paralelismos, a musicalidade, o ritmo e a influencia das composicións tradicionais. Conclúe que se trata dunha obra que pon de manifesto o respecto que o autor ten pola literatura infantil, chea de dozura e sinxeleza, coa que pretende introducir os rapaces no universo lúdico da poesía e das palabras.

Fernández Paz, Agustín, “Da galiña azul a Un polbo xigante”, *A Nosa Terra*, nº 1.025,“Cultura”, 14-20 marzo 2002, p. 28.

Resalta que dende a década dos sesenta, na que a literatura infantil en galego se atopaba nunha etapa de silencio, foron moitos os autores que centraron a súa creación nun publico máis novo. Foi no ano 1968 a Asociación Cultural O Facho quen convoca o “Concurso Nacional de Contos Infantís” e que serve de pé ao inicio dunha nova etapa dentro daliteratura infantil e xuvenil. É nesa primeira convocatoria na que Carlos Casares recibe o premio pola súa obra *A galiña azul*. Despois dese premio seguirá Casares escribindo obras dedicadas a un público infantil entre as que atopamos *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), *O can Rin e o lobo Crispín*, os cinco títulos de *Toribio*, *Lolo anda en bicicleta (1996)* e Un *polbo xigante* (2000), así como a traducción de *O principiño*, de Saint-Exupéry. Asemade fai certos comentarios destes dez títulos que exerceron unha influencia determinante na evolución da literatura infantil galega.

Gallego, Luz, "¿Quien ha dicho miedo?", *Diario de Pontevedra*, "Letras Infantiles", 21 abril 2002, p. 8.

Comeza definindo o concepto "medo", para logo reflexionar sobre as actitudes adoptadas polos nenos que padecen exceso de medo e aqueles que non teñen ningún, o que provoca conductas intrépidas e aloucadas. Bota man de álbums infantís para achegar realidades coas que se identifica a nenez, ofrecendo algúns títulos en castelán e, no que á literatura galega se refire, céntrase na obra publicada por Kalandraka na súa colección "Tras os Montes", *Un pesadelo no meu armario* (2001), de Mercer Mayer, que fora publicada por primeira vez en 1968 nos Estados Unidos. Sinala que a autora achégase ao tema dos medos infantís nocturnos con humor e tenrura, nunha obra na que o seu protagonista é capaz de enfrontarse aos seus medos e superalos. Das ilustracións destaca que presentan a un monstro doce e entrañábel, que supera os seus propios medos cando se mete na cama co protagonista. Felicítase por esta iniciativa de recuperar libros ilustrados para o galego e destaca títulos anteriores como *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza* (1998), *Contos de ratiños* (1999) ou *A que sabe a lúa* (1999).

Gaspar, Silvia, “Literatura práctica para problemas cércanos”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “O que le, é un león”, 21 xaneiro 2002, p. 6.

Reflexiona sobre a problemática do lecer existente entre a adolescencia e cómo a literatura reproduce esta situación ás veces sen achegar ningunha vía de solución namentres que outras veces se fai unha literatura máis pragmática “realizada en función das necesidades sociais” como é o caso das obras de McPherson e Macfarlane. A seguir, cita as obras e creadores galegos que tamén reflicten esta temática centrándose na falta de esperanza que sente a mocidade. Finaliza cunha serie de actividades coas que promover diferentes proxectos, coas que tratar diferentes materias transversais.





Gaspar, Silvia, “Historias do pasado para tódolos momentos”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “O que le, é un león”, 6 maio 2002, p. 6.

Comenta que a literatura nos últimos anos coincide en ollar cara ao pasado cun afán renovador e que se ilustra en títulos para os máis novos como *A merla de trapo* (2001), de Antón Cortizas, *Tristes armas* (1994), de Marina Mayoral, *A escura luz do Tíber* (2000), de Lola Gándara, *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, *Cita na Habana* (1999), de Fran Jaraba ou a serie *Astérix*. Por outra banda, entre os títulos para adultos, cita *Por tras dos meus ollos* (1999), de Nacho Taibo, *Magog* (1997), de Lola Gándara, *O paso do Noroeste* (1996), de Xavier Queipo ou *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda. De todas estas obras fai unha serie de comentarios acentuando o seu aspecto histórico.

Gaspar, Silvia, “Nova Narrativa Galega”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “O que le, é un león”, 10 xuño 2002, p. 6.

Presentación pedagóxica do movemento literario galego coñecido como a Nova Narrativa Galega, que comezou nos anos sesenta e deu un novo pulo á literatura galega. Fala Silvia Gaspar de autores literarios e da obra xeral que comprende a Nova Narrativa Galega, facendo unha breve análise dos contidos e da forma dos libros que a compoñen, relacionándoos con outras literaturas do século XX nun breve exercicio de literatura comparada ao alcance dos lectores máis novos.

Gaspar, Silvia, “O triunfo da narración infantil”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “O que le, é un león”, 9 decembro 2002, p. 6.

Pon de relevo algúns dos trazos presentes nas obras de Fina Casalderrey dende *Dúas bágoas por máquina,* gañadora do Premio Merlín, como “a conciencia infantil posta en primeira persoa (coa expresión dunha visión en plena comprensión do mundo propio desa idade)”, a ambientación nun medio rural ou vilego, e a presencia da familia onde os conflictos se sitúan en torno aos avós e a unha mascota. Deixa patente a evolución destes trazos cara a unhas obras “máis moderadas no compoñente sensitivo” e a intención da autora: mostrar a evolución do protagonista nunha situación común pero extrema tal como corresponde á novela de iniciación, segundo a articulista. Destaca tamén a inserción da escritora na narrativa xuvenil sen “marcar un estilo de seu” como as destinadas ao lectorado máis novo. A seguir, presenta unha proposta de actividades ao redor dalgunha das obras desta autora e centradas na observación da maduración na novela de iniciación, no obxectivo da autora, na identificación coa personaxe protagonista... Finaliza, cun breve resumo argumental de *Cando a terra esqueceu xirar* (2002).

Jack, Ana T., “Hoy al teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “Orientación escolar”, 9 decembro 2002, p. 8.

Fai unha serie de suxestións e orientacións para levar aos rapaces ao teatro e que estes desexen volver. Indica que para que o feito de asistir a unha función teatral sexa unha experiencia emocional nova e enriquecedora, haberá que escoller a peza tendo en conta a idade dos espectadores. Así, cre que os monicreques son unha boa forma de comezar a tomar contacto co mundo teatral, podendo pasar logo a un teatro participativo. A continuación sinala que dos sete anos ata a adolescencia viven o teatro como un xogo dramático, e a partir dos quince anos xa son quen de aprecialo como unha globalidade. En cadro á parte destaca qué se debe facer antes e despois dunha función para aproveitar mellor unha tarde de teatro coa nenez.

Loureiro, Ramón, “Palabras vestidas de domingo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Libros”, 19 outubro 2002, p. 11.

Comeza sinalando que a obra *Santos e defuntos* (2001), de Gonzalo Navaza, vén recuperar a tradición de ilustrar os relatos para adultos que se foi perdendo sen coñecer a razón de que a linguaxe pictórica desaparecera destas obras. Sen embargo apunta a cuestións como o encarecemento do custo das edicións e pregúntase sobre a posibilidade de que estas obras tiveran un mercado de seu, posto que malia ver que en Galicia os ilustradores están sendo constantemente recoñecidos, mantén unha materia pendente neste sentido pola falta de ilustracións en obras que non son necesariamente para a nenez. Destaca a calidade da obra, que considera un exemplo máis da forza do xénero do relato curto nas narrativas atlánticas e, despois de apuntar brevemente algúns trazos do argumento, recomenda a súa lectura.

Martínez Bouzas, F., “Unha revelación”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 114, 30 xaneiro 2002, p. 3.

Fálase da recente publicación de *O Pausiñas* (2001), de Roque Cameselle, libro que sorprende fundamentalmente porque foi rematado de escribir cando o autor tiña dezaoito anos. O xornalista tamén está asombrado pola capacidade creadora do autor, que con tan pouca idade foi capaz de crear mundos ficcionais complexos e tirar do seu maxín historias que, se ben poden ter base real, son completamente inventadas. Opina Martínez Bouzas, finalmente, que este é “unha escolma de fabulacións máxico-realistas que certamente nos fan pensar nas mellores páxinas de Cunqueiro”.

Martínez Bouzas, F., “Unha pequena alfaia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 123, 1 abril 2002, p. 3.

Dáse conta da publicación de *Santos e defuntos* (2001), a última obra de Gonzalo Navaza e na que o autor conta a historia do narrador que se ve metido nun enredo familiar provocado por un programa de televisión. Cóntanos Martínez Bouzas ao inicio do artigo que este libro é froito dun reto lanzado a Navaza para escribir un relato que contivera a frase “o mar ó lonxe seguía a bater con forza” e que o pontevedrés inseriu en *Santos e defuntos* modificándoa ao seu xeito: “Omar, ó lonxe, seguía a bater con forza os seus bongós”. Como di o xornalista, “un maxistral enredo de humor e impostura”.

Martínez Bouzas, F., “O trasmundo, a ‘metade do soño’ para os máis pequenos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, “Olladas”, 8 setembro 2002, p. 2.

Depois de afirmar que un país sen mitoloxía é un país sen raíces, nomea unha serie de persoas que dende o pasado século se veñen ocupando de recuperar o imaxinario popular galego, aos que se suman agora Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba. A seguir, sinala que son eles os que dende hai anos nos veñen lembrando esa nosa condición expresada no dictum cunqueirán de “Somos a metade soño” e cita as súas obras, entre as que están o *Diccionario dos seres míticos galegos*, as series *Contos marabillosos* e *Contos de maxia* e a *Pequena Mitoloxía de Galicia*, “unha escolma requintada dos seres e realidades arrolados no mundo das fantasías dun país de dous mil anos de memoria e que os autores nos transmiten en breves definicións ou descricións e en fugaces historias de xorne popular recuperadas da oralidade, da memoria ancestral”.

Navarro, María, “Tecnoloxía e maxia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 1, 9 maio 2002, p. VII.

Fala nun primeiro momento da producción literaria de Lourdes Maceiras. A seguir, resalta o argumento da obra. Esta está ambientada principalmente na aldea mariñeira de Arealonga, aínda que aparecen outros espacios como Compostela ou Xapón. Navarro di que se trata dunha novela que mestura dun xeito eficaz a realidade e a maxia , unha maxia da que a autora se serve para explicar fenómenos naturais dificilmente explicábeis.

Navarro, María, “Os camiños da vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, “Infantil/Xuvenil”, 16 maio 2002, p. 53.

Despois de indicar que o escritor vasco Juan Kruz Igerabide ten unha ampla obra literaria e que se trata dun bo coñecedor do mundo da mocidade, dá conta do argumento da súa novela *Helena e o solpor* (2001), traducida ao galego por Mario Unamuno. Comenta que o relato conta as lembranzas dun rapaz situado ao final da adolescencia, estratexia que lle serve para demostrar cómo a vida se vai tornando, co paso do tempo, en escuridade, en solpor. Así mesmo, exemplificando con distintos elementos da novela, subliña que todo o relato constitúe un interesante xogo de dualidades que suscitarán no lector interrogantes sobre o rumbo da vida.

Navarro, María, “Nos límites do soño”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, “Infantil/Xuvenil”, 23 maio 2002, p. VII.

Sinala que *A viaxe de Cora* (2001), de Heike Hinrichs, é un dos primeiros títulos da colección “Tiramillas”. Sobre a obra comenta que a súa protagonista fai unha viaxe para descubrir o porqué das cousas e para buscar a morte. Así mesmo salienta que, baixo a forma de interrogacións retóricas, presenta asuntos filosóficos profundos dunha maneira clara e que, segundo indica, “non deixan imperturbable ao lector”. Por outro lado destaca que toda a novela está impregnada de maxia, elemento que lle serve parar introducir personaxes que serán relevantes na obra. Por último indica que a linguaxe utilizada é clara e sinxela, que se trata dunha novela na que se mesturan realidade e soño, ser e saber, ter e desexar, ademais de poñer de relevo que aínda que está dirixida á banda de idade de doce anos, podería ser ben acollida por un público adulto polas inquietudes que manifesta e por ser unha historia envolta en maxia.

Navarro, María, “Unha boa novela xuvenil”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, “Infantil/Xuvenil”, 27 xuño 2002, p. VII.

A articulista comeza loando o prolífico traballo de Xabier Docampo e xustificando o seu posto de honor dentro da literatura galega. A seguir analiza a obra *O Pazo baleiro*, dicindo que o argumento é moi apto para un público xuvenil ao tratarse dun relato de misterio moi intrigante. Di que é un relato cheo de coloquialismos que fan que a lectura resulte máis próxima e críbel. Finalmente resalta os temas principais que aparecen na obra, entre eles a amizade e a honestidade.

Navarro, María, “Teatro para adolescentes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 8, “Infantil e Xuvenil”, 5 setembro 2002, p. VII.

Presenta a Antón Cortizas como un dos mellores dramaturgos en lingua galega, facendo mención a diferentes aspectos destacábeis dentro da súa biobibliografía: premios, accésit, etc. A continuación, refírese a súa obra *¡Cázame ese pensamento!* (2001), recollendo un breve resumo do argumento, estructura, personaxes, temática, e tipo de expresións que aparecen reflectidas nesta obra. Sinalan o absurdo como algo que xoga un papel importante nesta peza de teatro converténdose nun dos aspectos nos que reside o humor e a ironía. Finalmente cualifica a obra de sinxela e divertida que invita á participación do público, onde unha vez máis se pon de manifesto o bo quefacer literario do autor.

Navarro, María, “Un clásico xuvenil”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 17, “Infantil/Xuvenil”, 7 novembro 2002, p. VII.

Fai un percorrido pola producción literaria de Xosé Neira Vilas dende que, no ano 1961, publicara *Memorias dun neno labrego*. Ofrécenos o argumento de *Espantallo amigo*, que xa conta con sete edicións e que se trata dunha “novela” na que cobran importancia valores como o da sincera amizade ou o da axuda mutua entre seres desprotexidos, por medio da presentación dunhas situacións concretas de forma sinxela, doada e amena. Tamén apunta que, nesta ocasión, o autor de Gres presenta unha novela dirixida aos cativos sen máis pretensión que amosar situacións cotiás resoltas de forma positiva pola boa vontade dos personaxes.

Navarro, María, “Gracias a Winn-dixie”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 21, “Infantil/Xuvenil”, 5 decembro 2002, p. VII.

Comentario centrado na liña argumental que segue a obra de Kate Dicamilo, *Gracias a Winn-Dixie* (2001), traducida por Tomás Ruibal e Chema Heras. Sinala que nela se recollen as reflexións da adolescente India Opal, que trasladada con seu pai a unha nova cidade, atopa na compaña dun can abandonado a maneira de relacionarse cos que viven no seu contorno. Serán as conversas que manteña coa bibliotecaria, co traballador da tenda de animais ou coa anciá á que os rapaces do barrio consideran unha bruxa, as que nos dean a coñecer o pasado e as circunstancias vitais de cada un deles. Remata salientando a linguaxe sinxela, directa e tenra que presenta esta obra, así como a óptica vitalista e positiva que a nena protagonista lle imprime aos feitos da vida cotiá narrados.

Navarro, María, “Unha novela iniciática”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, “Infantil/Xuvenil”, 19 decembro 2002, p.VII.

Comentario de *Bala perdida* (1996), no que comeza por aludir en primeiro lugar ás facetas de escritor e xornalista polas que se caracteriza a Manuel Rivas. A seguir desenvolve o argumento da obra e os principais protagonistas dunha novela que cualifica de “iniciática”, na que os personaxes se van perfilando a medida que avanza a historia e na que o lector obtén información do seu pasado e a súa proxección de cara ao futuro. Tamén sinala que está ambientada no século XIX, que nela Manuel Rivas emprega información xustaposta coa que o lector ten que facerse unha idea de conxunto e remata salientando da coidada linguaxe que fai do relato “un ameno exercicio literario”.

Raña, Román, “Degaro de ler”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 2, 10 maio 2002, p. 50.

Román Raña empeza o artigo loando a obra de Gonzalo Navaza , tanto en prosa coma en verso. A continuación di que a súa obra *Santos e defuntos* presenta unha liña de misterio e enigma que fan que o lector se sinta moi atraído polo relato ata a última páxina.

Requeixo, Armando, “Fernández Naval, redeiro de lendas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 110, 2 xaneiro 2002, p. 3.

Fálase do libro *Lendas de onte, soños de mañá* (2001), escrito por Francisco Fernández Naval, no que o autor revisa o lendario tradicional galego, como xa fixeran outros antes ca el. Destaca Armando Requeixo que o tema das lendas populares galegas está a ser moi productivo editorialmente e moi ben acollido polo público lector, como demostran as publicacións de recompilacións de lendas feitas por Xoán Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda. No inicio do artigo, o xornalista fai un breve repaso pola obra escrita de Fernández Naval.

Tabuyo, Domingo, “Inxectar solidariedade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 1, 9 maio 2002, p. VII.

Sitúa *As aventuras de Said e Sheila* (2001), de Ramón Caride, na liña dos relatos que constitúen un soporte para “colocar espacios de liberdade, burbullas de esperanza e desexos de solidariedade que van máis alá das fronteiras e das falas”. Seguidamente, comenta “A primeira aventura”, a cuarta narración deste libro e resume o seu argumento, sinalando que trata o tema da morte e os ataques e loitas violentas entre pobos e que se sitúa no último cuarto do século XXI en Xordania e nos países de arredor, “espacios de batallas eternas entre etnias, ideoloxías e credos mal entendidos”. A este espacio bélico contrapón o vello muíño familiar de Loreda, que representa as raíces e a ausencia de conflictos, ademais de reflectir as oposicións río/muíño/auga fronte ao deserto de Xordania. A respecto do resto das narracións comenta que os protagonistas van medrando e cumprindo anos, experimentando novos sentimentos coma o amor, reiterándose sempre o esquema fixo que consiste no espacio referencial do muíño de Loreda fronte a diferentes escenarios nos que se levan a cabo as investigacións, como sucede en Perigo vexetal, onde a acción se traslada a Arxentina. Indica tamén que o autor posúe a facultade de inserir nos

seus personaxes as súas propias posturas éticas, tales como comportamentos solidarios, xenerosidade, defensa dos valores ecolóxicos e respecto polo medio, intentando crear un mundo sen sexismo, sen racismo, “un mundo plural e diverso onde todos estamos condenados a entendernos”. Conclúe sinalando que Ramón Caride combina notabelmente o manexo da información de actualidade coa divulgación científica e o perfecto coñecemento da psicoloxía xuvenil, na procura da maior calidade literaria no que atinxe á construcción da trama, a sucesión de escenarios e a resolución da aventura.




Varela, María, “Os contos de Kalandraka van á praia”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, 28 xullo 2002, pp. 4-6.

A xeito de conto, elabórase un repaso polos principais protagonistas das obras editadas pola editorial Kalandraka, que coa chegada do verán se senten abandonados polos nenos que marcharon de vacacións. Relátase como nunha xuntanza cada un presenta as súas protestas e falan de ir buscar aos nenos e nenas para contarlles as súas historias, pero foi tal o balbordo que fixeron que Eva, unha traballadora da editorial tivo que ir poñer orde, escoitou aos personaxes dos contos e tentou explicarlles que non os abandonaran senón que agora estaban a ler novidades da editora. Faille un pequeno comentario desas novidades, salientando *Eu non fun*, de Christian Voltz, do que sinala que ten un argumento en espiral no que este autor recrea unha galería de personaxes moi divertidos, nos que ademais do aspecto lúdico tamén ofrece unha segunda lectura na que reflexiona sobre a culpa. Tamén lles fala de *O soldadiño de chumbo*, unha adaptación de Tareixa Alonso dun conto de Hans Christian Andersen, con ilustracións en tres dimensións de Antonio Caíña, do que lles di que é a historia de amor dun soldadiño de chumbo ao que lle falta unha perna e unha bailarina da caixa de xoguetes. A seguir, fálalles de *Correo para tigre*, de Janosch,

unha obra na que o argumento xira arredor do xeito de comunicarse tigre pequeno e oso pequeno, nunha obra protagonizada por dous personaxes moi singulares e entrañábeis, que transmiten valores como a amizade. De *Veciños*, de Ángeles Jiménez, sinala que é unha obra de “frases sinxelas e estructuras paralelas que acada ton e ritmo poéticos” na que a autora consegue manter a tensión ata o final. Tamén destaca as ilustracións de Pablo Prestifilippo de óleo sobre tea. Remata coa recomendación de lectura para os maiores de *A viaxe de Cora* (2001) e *Gracias a Winn-Dixie* (2001), da primeira sinala que é a historia dunha nena que foxe da súa casa para tentar entender o sentido da morte, mentres que da segunda sinala que narra a vida de India Opal, que vén de trasladarse de cidade, e que coñece a un can do que non se separa.




Vázquez Freire, Miguel, “A banda deseñada en España”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “Cómic”, 9 decembro 2002, pp. 4-5.

Comentario cronolóxico da aparición e desenvolvemento da banda deseñada na España do século XX. O autor conta a historia do tebeo desde as primeiras ilustracións como *Pulgarcito* ou *TBO*, pasando polo *Capitán Trueno* ata chegar á actualidade. Ao final destácase a pouca práctica deste xénero. No caso galego, trala traxectoria histórica, Vázquez Freire menciona aos tres creadores de cómic máis importantes en Galicia: Reimundo Patiño, Xaquín Marín e sobre todo Miguel Anxo Prado; ademais do labor da revista *Golfiño* con periodicidade mensual, editada por *La Voz de Galicia*.

Vieites, Manuel F., “Os amores de Galván”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 6, “Infantil/Xuvenil”, 13 xuño 2002, p. VII.

Tras lembrar cómo en Inglaterra, Australia, Canadá ou Estados Unidos é unha práctica habitual a aprendizaxe da expresión dramática e teatral no ensino primario, no secundario e no bacharelato, desenvolvéndose dende os anos trinta unha importante liña de traballo arredor do que se coñece como Pedagoxía teatral, sinala o relevo que está a cobrar en Galicia o teatro escolar e os retos aos que se enfronta: a combinación de pracer e aprendizaxe. A seguir, comenta *El-Rei Artur e a abominable dama* (2001), de Carmen Domech e Jorge Rey, destacando que se trata da recreación das aventuras do cabaleiro Galván que percorre os camiños procurando unha resposta á pregunta ¿que é o que máis desexan as mulleres? e cómo no transcurso desta viaxe iniciática imos coñecendo ao resto dos personaxes e van agromando temas como o respecto pola vida, a amizade, o amor, as aparencias, a liberdade ou as discriminacións de xénero. Nomea tamén as ilustracións deAndrea López Álvarez que acompañan o texto e que considera suxestivas e provocadoras, e texto de Marilar Aleixandre, titulado “Agardando a volta de Artur”, unha paráfrase das lendas sobre a historia do Rei Artur e do seu reino mítico. Conclúe mencionando que se

trata dun texto para xogar e aprender co teatro co que toda a clase pode participar activamente na súa lectura e escenificación.




VII. 5. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Alonso, Fran, “Literatura infantil”, *A Nosa Terra*, nº 1048, 19-25 setembro 2002, p. 40.

Comenta que o sorprenden os prexuízos que hoxe en día hai contra a literatura infantil e xuvenil, pois, na súa opinión, no ámbito académico menosprézase e resulta moi revelador o baleiro sistemático que os lectores adultos lle fan á hora de escoller un libro para ler. Considera que existe un gran descoñecemento ao redor da literatura infantil e xuvenil e que está sometida a unha forte presión comercial que deforma boa parte do seu corpo, ademais de sinalar que un dos principais problemas que o lector ou mediador ten ante esta literatura é o diferenciar os títulos que pagan a pena. A seguir, afirma que boa parte dese problema radica no desinterese académico por esta literatura e, en consecuencia, na lamentábel falta dunha crítica seria que oriente e dun espacio que lle outorgue unha presencia digna nas revistas e suplementos literarios. Finalmente, apunta que a literatura infantil fai unha achega

de desinhibición, orixinalidade ou atomización estilística e sintáctica, que poucas veces ten sido explorada pola literatura para adultos




Casalderrey, Fina, “O censor censurado”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Opinión&Análisis”/“Dende un punto”, 19 xaneiro 2002, p. 31/p. 25.

Cóntanos como o seu alumnado ten unha visión parcial do escritor Camilo José Cela motivada, en boa parte, polos medios de comunicación. Relátanos as preguntas que lle fixeron sobre o seu mal carácter, ou as súas extravagancias e non lembran que é o autor do libro máis traducido do mundo despois de *El Quijote*. Conclúe agradecéndolle que escribise *A banda de pombas* no que demostra que a literatura infantil non é un xénero insignificante.





Casalderrey, Fina, “Libros para soñar”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Opinión&Análisis”/“Dende un punto”, 16 marzo 2002, p. 25/p. 31.

A escritora eloxia as andainas de Kalandraka Editora e fai un repaso pola súa historia dende que persoas de diferentes puntos de procedencia (do teatro, do ensino, do mundo da edición) se uniron para fundar esta editorial e montar unha librería en Vigo ata que na actualidade veñen de ser galardoados no Concurso Internacional de Libros Mellor Editados do Mundo, fallado en Leipizg. Tamén menciona outros dous volumes que acadaron o Premio Nacional ao Mellor Libro Editado, na modalidade de Libros Infantís e Xuvenís e o Premio Nacional de ilustración para un dos seus ilustradores: Óscar Villán. Lembra algunhas das primeiras publicacións da Editora, como *O Gañapán das palabras* ou *O ladrón de voces*, e engade que dende aquela ata hoxe xa van máis de cento sesenta títulos nas catro linguas do Estado.

Casalderrey, Fina, “Botar a noite a andar”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Opinión&Análisis”/“Dende un punto”, 6 abril 2002, p. 23/p. 31.

Relata as emotivas vivencias que experimentou con algúns dos nenos e nenas ingresados no Hospital Xeral de Vigo, que ela e outros autores de libros infantís galegos visitaron a propósito da participación nunha das actividades da Asociación Galega para o libro infantil e xuvenil (Galix), programadas con motivo da conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil. Vai contando as diferentes impresións que lle causaron cada un dos nenos e nenas aos que se achegaron, e destaca ese propio mundo que se van configurando dentro das paredes do propio hospital; resalta de todos eles esa mirada intensa e clara que os fai alleos –en moitos casos – á propia enfermidade. De feito, conclúe a escritora, a súa misión consistía en axudarlles a minimizar o trauma de estaren alí, da súa enfermidade... pero “eu saín coa sensación de que foran eles quen me deran a lección con aquelas olladas que viraban cara a luz como ramallos de ameceres, siluetas de pombas que saben botar a noite a andar”.

Casalderrey, Fina, “¿Ler... para que?”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Opinión&Análisis”/“Dende un punto”, 27 abril 2002, p. 25/p. 31.

Nesta colaboración a escritora fala do pracer da lectura, pero reflexiona sobre o feito de lerlle a alguén. Conta unha historia da cal ela foi protagonista na súa infancia, cando era reclamada por unha veciña para que lle lese as cartas que lle mandaba o seu fillo. Vendo as sensacións que a lectura daquelas cartas producían na señora, Fina afirma non ter nunca a necesidade de preguntarse ¿ler para que?, pero si que se cuestiona quen é, ao final, o dono das palabras: ¿o que as escribe?, ¿o que as escoita?, ou mesmo, ¿quen as le? Ao abeiro destas reflexións repasa os costumes de lectura para outros ao longo da historia; así xa Plinio o Novo, á hora de xantar, pedía que lle lesen en voz alta e nalgunhas sociedades medievais, o ritual para aprender a ler consistía en que o neno fose repetindo o que o mestre escribía na pizarra, logo untábana de mel e o neno lambía de maneira física aquelas palabras.

Casalderrey, Fina, “A substancia”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Opinión&Análisis”/“Dende un punto”, 28 setembro 2002, p. 31/p. 25.

A partir do conto de *Carapuchiña Vermella*, comenta que a versión de Charles Perrault quizais sexa a máis estendida, aínda que houbo unha febre de recreacións e adaptacións posteriores, que, pretendendo unha historia politicamente correcta, eliminaron o que estimaban machismo ou moralina. Tamén comenta que, no nº 144 da revista *CLIJ*, se publicou un exhaustivo traballo de Luís Bernardo Yepes Osorio sobre o tema, no que reflexiona sobre o que pode pasar pola mente e o corazón dun cativo se, despois de coñecer a versión de Perrault, repara na lectura que lle dá a arxentina Elsa Bornemann nunha suposta carta a Carapuchiña, que reproduce. Por outra banda, conta unha anécdota persoal que lle aconteceu cando intentou recrear un conto popular galego dun lobo e un raposo, que lle achegara seu pai, e decátase de que ao querer innovalo se estaba trabucando.

Casalderrey, Fina, “O home do saco”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 16 novembro de 2002, p. 31.

Aproveitando a súa sección neste xornal Fina Casalderrey fala dunha anécdota que lle aconteceu na Ribeira Sacra onde coñeceu un home cun saco ao lombo moi falador que ela cualificou como “dono do tempo”. Afirma que a cualificación dada se debe á tranquilidade en que parecía se tomaba o señor do saco a vida en contraposición á dela e dos seus acompañantes.





Castro, Francisco, “Desde Galicia ata Corea”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 30 xaneiro 2002, p. 12.

Destaca o labor da editorial Kalandraka anunciando que o conto de H. C. Andersen, *O traxe novo do rei,* que foi adaptado ao galego por Xosé Ballesteros e ilustrado por João Caetano, proximamente vai ser editado en inglés e en coreano. Di que o mesmo vai acontecer con outros dous libros tamén editados por Kalandraka: *A cebra Camila* (1999), de Marisa Núñez, e *O coelliño branco* (1998), un conto popular portugués, que tamén van ser traducidos aos dous idiomas anteriormente citados.

Castro, Francisco, “O patadón”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 4 febreiro 2002, p. 10.

Conta que na librería Libros para soñar, a Bruxa Maruxa leulles aos cativos *O patadón* (2001), texto versificado de Manuel Lourenzo González e ilustrado por Andrés Meixide. Conto que pertence á colección “Merliño”, o espacio que Xerais dedica aos máis pequenos. O xornalista engade que a historia narrada achégase moito ao que calquera rapaz pode pensar diante dun balón e que está baseada en personaxes tamén moi reais, coma o do abusón que nunca lles deixa o balón aos compañeiros.

Castro, Francisco, “Manu”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 17 febreiro 2002, p. 12.

Refire o divertido que resultan os xogos da linguaxe cos que está artillado o libro *Manu* (2001), de Irene Pérez Pintos, editado por Kalandraka e presentado nestes días na librería Libros para soñar. Destaca o enxeño que posúe a escritora, tanto neste libro coma en *Ire* (2000) –relato que tamén foi publicado na mesma editorial– para xogar coas palabras, tentándoas levar ata as máximas fronteiras, para mesturalas e confundilas e así crear novos vocábulos, loxicamente ilóxicos, que serven para excitar a fantasía dos cativos.

Castro, Francisco, “Glub contra Blef”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 18 febreiro 2002, p. 14.

Presenta a historia escrita por Isabel Freire Bazarra, *Glub contra Blef* (1998), que editou Ir Indo e que se vén de presentar na Casa do Libro. Este conto, recomendado para unha banda de idade a partir dos cinco anos, xira ao redor duns peixes que viven felizmente nun acuario ata que chega un novo e lles fai a vida imposíbel. O xornalista recomenda vivamente este texto para que os primeiros lectores, e mesmo os adultos que llelos lean, descubran o pracer desta historia de animais e de poder onde a imaxinación rematará triunfando.

Castro, Francisco, “Premio para un libro galego”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 13 marzo 2002, p. 13.

O libro *Máquinas* vén de recibir a medalla de bronce no certame internacional de Leipizg ao mellor libro editado. Acadou este premio pola calidade da edición -que levou a cabo Kalandraka Editora-, pola encadernación, pola impresión e pola ilustración; esta última xunto co texto vén da man do escritor Chloé Poizat. *Máquinas* xa recibira anteriormente o Premio Nacional ao Libro Mellor Editado na súa modalidade de libro infantil e xuvenil do Ministerio de Cultura. Francisco Castro recomenda este texto para ler na casa e xogar a inventar máquinas fantásticas, igual que se fai neste libro onde se presentan máquinas para lavar os dentes, para facer voar, para recitar de memoria ou mesmo para coller nubes.

Castro, Francisco, “Día do libro infantil”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 2 abril 2002, p. 15.

A propósito do Día Internacional do Libro Infantil o xornalista fai unha reflexión sobre a importancia de promover a literatura infantil en galego, xa que a xente le pouco e menos aínda nesta lingua; por iso propón coidar e mimar este tipo de literatura para enganchar aos nenos dende pequeniños á lectura. Resalta a a importante representación de autoras e autores, así como de editoriais, que manteñen moi alto o nivel desta literatura en Galicia. Así mesmo, pon de relevo o difícil labor de escribir para nenos, tendo que empregar con suma destreza non só a lingua senón tamén a fantasía e o humor.

Castro, Francisco, “Os contacontos do sábado”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 8 abril 2002, p. 11.

O actor Paco Barreiro é o encargado de levar adiante a actividade “Os contacontos do sábado” que terá lugar cada semana na casa do Libro en Vigo co patrocinio de Caixanova. Ademais de resaltar a actuación do actor contando contos aos nenos, o xornalista enxalza dobremente esta iniciativa ao tratarse dunha librería o lugar escollido para realizar esta actividade e o feito de que os nenos vigueses o sábado pola mañá teñan outra alternativa máis ca quedarse na casa vendo a televisión.

Castro, Francisco, “Máis contacontos”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 15 abril 2002, p. 13.

O xornalista volve potenciar as iniciativas de crear actividades que inciten á lectura aos máis cativos; esta vez faino ao abeiro da sesión de contacontos levada a cabo no Corte Inglés de Vigo, tamén o sábado pola mañá, onde se lles contou aos nenos *A estrela Volarina na Torre Coralina* (2001), da escritora viguesa An Alfaya. Esta actividade realízase en colaboración coa editorial Ir Indo, que está apostando forte polo teatro para nenos.





Castro, Francisco, “Aire negro”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 25 abril 2002, p. 12.

Dá conta do premio que a obra de Agustín Fernández Paz, *Aire negro* (2001), vén de gañar en Cataluña que leva por nome Premio de Literatura Protagonista Jove 2001, que xa vai na súa sexta edición. Sobrancea o feito de que sexa un premio outorgado polos lectores e pasa a centrarse no contido da obra. Sinala que é a historia de Laura Novo, moza escritora que vive recluída nun psiquiátrico, onde o doutor que a atende conseguirá achegarse a ela a través da literatura. Destaca que asistimos así á lectura de dúas obras paralelas: a que escribe Laura e a que nos conta o seu médico. Remata loando a calidade e o éxito que está acadando a obra, á vez que considera que é a mellor forma de “atrapar” á xente nova na lectura.

Castro, Francisco, “Kiko da Silva”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 1 xullo 2002, p. 37.

Este ilustrador, e agora tamén escritor de literatura infantil, estivo dedicando libros cos seus debuxos aos nenos na Feira do Libro de Vigo. O xornalista destaca a carreira meteórica que está a ter este ilustrador, xogando con materiais diversos e ofrecendo un apoio visual que é tan afortunado como o texto; por iso –opina Francisco Castro– que poucos ilustradores merecen tanto a categoría de coautores coma el.

Castro, Francisco, “Federico Fernández”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 13 xullo 2002, p. 35.

Centra o seu comentario no volume *¿Onde perdeu Lúa a risa?* (2001), escrito por Miriam Sánchez e ilustrado por Federico Fernández, co que obtivo o Premio Nacional de Ilustración. Sinala que vai ser editado en coreano e que estamos diante dun texto para prelectores, polo que o libro-obxecto debe ser o máis suxestivo posíbel. Considera que o papel do ilustrador no libro infantil e xuvenil é importante, dependendo o éxito do volume máis do seu traballo que da historia que se nos conte. Aclara que este non é o caso do citado libro, no que a autora viguesa expresa perfectamente a historia que se quere contar, aínda que puntualiza que a plasticidade e a vida que Federico Fernández lle soubo poñer ao texto, explican que este volume estea a gozar de tanta celebración internacional.

Fernández, Lois, “Al sol que más calienta. Regalar literatura”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 2 abril 2002, p. 16.

Breve columna na que se destaca a sinatura dun convenio entre Xesús Pérez Varela, Celso Currás e Xaime Corral para fomentar a literatura galega. Este acordo dictamina que, o Día Internacional do Libro Infantil (2 de abril), os libreiros regalen un libro en galego “a los que se gasten unos euros en un libro”. Tamén se salientan as actividades de contacontos que efectuará a Biblioteca Nova 33 e o reparto de libros a nenos hospitalizados que farán varios escritores.

Fernández, Lois, “Tiempo de compartir”, *La Voz de Galicia*, “O espello”, 28 abril 2002, p. 16.

Repásanse algúns actos sociais que se desenvolveron na cidade de Compostela, entre os que tamén atende ás lecturas e contos para os máis pequenos que se celebraron no Pazo de Bendaña e na Praza do Toural. Sinala que esta actividade está organizada pola Concellería de Educación e a editorial Kalandraka e que nela participaron Marisa Núñez, Xosé Ballesteros e Kiko Dasilva.

Fernández Paz, Agustín, “Poñer en palabras a vida”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio de 2002, p. 28.

Fai unha reivindicación sobre as axudas que debería de recibir a literatura galega, e faino tendo en conta a fervenza de creatividade que hoxe a define. Ten en conta, ademais que esta creatividade debe transmitirse aos lectores por outras canles de comunicación. Para todo isto, pon como exemplo a evolución da moda galega, que pasou de ser un feixe de enerxías creativas á realidade actual debido a unha xenerosa axuda de autoridades políticas e económicas.

Freixanes, Víctor F., “Historietas no Atlántico”, *La Voz de Galicia*, “Vento nas velas”, 24 agosto 2002, p. 13.

Artigo centrado no mundo do cómic. Comenta, en primeiro lugar, que o seu fillo maior é admirador de Moebius, Jodorowsky e Arno, François Bourgeon, Cadelo ou Miguelanxo Prado; mentres que o seu fillo menor, de doce anos, está entre Superlópez, Calvin and Hobbes ou Golfiño. A seguir, Freixanes comenta que lle gusta o estilo de Hugo Pratt ou as historias de Xaquín Marín e Raimundo Patiño. Engade que tamén lle interesan as producciónsde David Rubín, Lois Bernal, María Alcañiz, Porto Hermida, Manuel Silva ou Brais Rodríguez, entre outros.

Gil de Bernabé, J. M., “A paisaxe e os libros”, *La Opinión*, “El periscopio”, 20 abril 2002, p. 8.

Artigo dedicado a reseñar literaria e poeticamente a celebración da II Festa do Libro da Coruña, na que o que escribe adquiriu dous libros: *Medio burato* (2000), “do meu amigo e paisano Paco Martín”, e *Catro Cartas* (2001), de Xavier P. Docampo. Finalmente, Gil de Bernabé destaca que esta festa do libro é para gozo daqueles transeúntes que desexan adquirir algunhas novidades editoriais dignas de mérito.

Gómez, J. “Lecturas para crecer”, *La Voz de Galicia*, “En directo”, 14 abril 2002, p. 7.

Salienta as actividades levadas a cabo no hospital La Paz de Madrid sobre a importancia de fomentar a lectura no neno dende unha etapa moi inicial. Sinala tamén que a campaña de animación á lectura Libros para Soñar terá lugar durante todo o mes de Abril e conxuntamente coas actividades de contacontos haberá tres exposicións simultáneas no Palacio de Bendaña.

González Pérez, Clodio, “Barriga Verde”, *O Correo Galego*, 27 abril 2002, p. 3.

Fai un repaso sobre a vida do boneco “Barriga Verde”, dende o seu nacemento a mans de José Silvent Martínez ata a súa actual pervivencia malia o pasamento do seu creador. Sostén que boa parte do éxito que tivo e ten o boneco está no emprego da fala galega, aínda que o seu proxenitor fose estremeño. Tamén menciona a farsa para bonecos titulada *Barriga Verde* que publicou Manuel María e, por último, destaca o labor que está levando a cabo a asociación socio-cultural Cedofeita de Lérez, para recuperar a memoria do monicreque e, ao mesmo tempo, de José Silvent.

Navaza, Xavier, “A galiña azul”, *El Correo Gallego*, “A punta seca”, 10 marzo 2002, p. 3.

Navaza recorda a visita que Carlos Casares, o que fora presidente do Consello da Cultura Galega, fixera a mediados dos anos sesenta á galería Sargadelos de Barcelona, unha viaxe que aproveitara tamén para ver aos fillos de emigrantes galegos na escola de Santa Coloma de Gramanet que representaran a súa obra *A galiña azul*.

Otero, David, “Abril”, *O Correo Galego*, 4 abril 2002, p. 2.

Co gallo da celebración do día do Libro Infantil e Xuvenil o dous de abril enxalza o labor dos autores que escriben para nutrir a cultura en Galicia e, malia ao que ás veces se transmite, o prestixio da literatura en lingua galega. Así mesmo, fai un chamamento aos lectores e lectoras galegos para “actuarmos potentes e competentes, convencidos, para a afirmación da nosa literatura, para a da valencia dos nosos creadores e das nosas creadoras, para a dos nosos libros e para a da lectura”.

Lira Pousa, Lolín, “O Principiño de Casares”, *La Región*, “De paso”, 20 marzo 2002, p. 21.

Lolín Lira Pousa réndelle homenaxe ao escritor Carlos Casares con motivo do seu pasamento lembrando a traducción que este fixera ao galego do orixinal francés de Saint-Exupéry, *Le Petit Prince*.

Martín, Paco, “Os outros ‘sacaúntos”, *El Progreso*, 18 agosto 2002, p. 25.

Comeza sinalando que o “saca untos” era un deses personaxes que, vivindo na imaxinación das xentes, serviu durante xeracións para ir moldeando o que se coñece como inconsciente colectivo e actuar como elemento previsor de certas situacións de risco. Refírese ao que supuxo para el este personaxe na súa infancia e achega certas exemplificacións actuais, que nos fan ver que o “saca untos” sempre vai estar aí.





Quintela Julián, José Luís, “De libros, jóvenes y justicia social”, *La Opinión*, 3 abril 2002, p. 25.

Destaca a importancia do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, no que se celebran as letras dedicadas a un público tan esixente e tan difícil como son os máis novos, ademais de estar educando e preparando cidadáns para un mundo mellor. José L. Quintela cre que para a educación en valores dos máis novos é fundamental ter o libro como aliado, e destaca principalmente tres ámbitos para levar a cabo este labor: o primeiro, e o máis formal, na escola; o segundo debe ser levado a cabo nas bibliotecas, nas asociacións xuvenís ou mediante seminarios diversos, viaxes e campos de traballo. O terceiro circunscríbeo ao ámbito familiar, onde se deben fomentar valores sociais como a tolerancia, o respecto...

Senín, Xavier, “A Carlos Casares de Luís Lamas”, *El Correo Gallego*, “De vagar”, 9 maio 2002, p. 3.

Crónica dirixida en primeira persoa ao finado Carlos Casares co que o autor compartiu moitos momentos da súa vida: conferencias en institutos; xurados para premios literarios, entre eles o do Barco de Vapor que gañou Paco Martín con *Das cousas de Ramón Lamote* ou as feiras do libro en Xenebra ou Boloña, esta última con motivo da presentación da revista *CLIJ*.





Valcárcel, Marcos, “John Steinbeck”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 6 marzo 2002, p. 69.

Repasa a producción do autor norteamericano John Steinbeck con motivo da celebración do centenario do seu nacemento, e que fora premio Nobel de Literatura en 1962. Ademais de consideralo o principal representante da novela social norteamericana, sinala que a súa obra cume foi *As uvas da ira* (1939), na que relata a situación dos campesiños de Oklahoma na crise de 1929. Tamén sinala que outras obras súas de calidade son *De ratos e homes* (1937) e *A perla* (1947), ambas traducidas ao galego pola editorial Galaxia nas súascolección “Costa Oeste” e “Árbore”, a primeira en 1997 e a segunda en 1990, respectivamente. Atopa coincidencias entre a visión do autor americano e a de Ramón Otero Pedrayo, ademais de atopar nel un panteísmo lírico moi próximo a Walt Whitman.

Vázquez, Pura, “Cantigas para a infancia”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 24 abril 2002, p. 3.

Fala da importancia e da productividade da canción no mundo dos máis pequenos, destacando o aspecto educativo e lúdico da mesma. Pura Vázquez propón que hai que ensinarlles aos nenos a cantar, a transmitir a ledicia e a sentila, e de paso axúdase a perpetuar a tradición lírica que hai en Galicia e a desterrar a crenza de que este pobo chora e sofre dende sempre.

Vázquez, Pura, “O Platero galego en Eubensey”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 1 maio 2002, p. 3.

Eloxio ao finado escritor galego Manuel Beiras García (Eu-ben-sei) pola versión ao galego de *Platero* (1990). Sostén que esta versión, xa na súa segunda edición, non ten nada que envexarlle ao *Platero* do gran mestre e poeta Juan Ramón Jiménez e que vén a enriquecer notabelmente a literatura infantil galega.

Vázquez, Pura, “Cantigas para a infancia”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 14 agosto 2002, p. 4.

Sinala que hai un tempo participou nun festival de cantiga infantil e puido constatar o gusto que esperta nos nenos da nosa terra o canto, ademais de destacar que en Galicia estas cantigas e festivais teñen un primordial interese, xa que a galega é unha terra onde se cantae se sente que hai unha gran sensibilidade para a música e a poesía. É da opinión que os nenos son a “arquiña de ouro” onde se gardan as mellores canles espirituais que posuímos, polo que lles hai que ensinar a cantar. Puntualiza que hoxe as antigas de e para o mundo da nenez non son só a resurrección e repetición dos cantos dos nosos devanceiros, senón que tamén han ser un adro no que se acollan os motivos doutros artistas. Conclúe sinalando que as cantigas infantís son unha das máis fermosas manifestacións e das máis transcendentes para os nenos, inseríndoas nas primicias do coñecemento da literatura e da música.

Vázquez, Pura, “Os nenos, homes para o futuro”, *La Región*, “De paso”, 2 outubro 2002, p. 20.

Considera que os nenos do presente son os homes do futuro, polo que é necesario darlles os medios que os poidan colocar en condicións de desempeñar no seu intre as funcións para as que están preparados. Tamén apunta que o enredo, o canto, o conto e a lectura, entre outras cousas precisas, serven plenamente para conseguir o desenvolvemento integral da infancia. A seguir, sinala que hai que encamiñar os nenos, polo que o educador e os pais teñen que ter en conta as lecturas que elixen libremente. Afirma que no noso país houbo sempre grandes escritores para a infancia, pero que, se non os houbera, sería preciso volver os ollos para os Grimm, Andersen, Juan Ramón Jiménez, Mistral ou Lorca, e moitos do presente galego, como Fina Casalderrey, Xabier P. Docampo, José Antonio Neira Cruz ou Neira Vilas. Finalmente, indica que as editoras están ofrecendo bos libros para o recreo dos nenos e pide que se siga dignificando cada día máis os libros infantís.

Villar Janeiro, Helena, “Tristezas infantís”, *El Correo Gallego,* “Notas de actualidade”, 26 abril 2002, p. 3.

A partir dunha carta que recibe dunha nena de doce anos, a escritora galega chama a atención sobre unha situación que vén sendo un dos males endémicos da sociedade actual. A nena que lle escribe pídelle ser súa amiga porque di sentirse moi soa, a pesar de ter un cuarto cheo das últimas tecnoloxías con ordenador, televisor, *walkmans* e mesmo un teléfono móbil. Pero a soidade e a falta de alguén con quen verbalizar as emocións e tristezas, en opinión de Helena Villar, non se poden mercar ata que os fabrique en serie a última tecnoloxía.

VII. 5. 6. Publicacións en xornais: entrevistas

A. A. S., “Memorias dun neno labrego’ sintetiza moi ben a cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “A Coruña”, 4 agosto 2002, p. L6.

Conversa con Corinne Son, a autora do ensaio *Neira Vilas e Memorias dun neno labrego* (2001), publicado por Ediciós do Castro. Sinala que o seu interese por esta obra vén dado polo feito de que sintetiza a cultura galega, de que o seu autor é monolingüe e moi prolífico. Remata aludindo ao feito de que está a traballar na traducción desta obra ao francés, malia non contar de momento con editoriais que a distribúan pero agarda que isto mude en breve.

A. N. T., “Federico Fernández: ‘Pretendo que as ilustracións poñan os pelos de punta”, *A Nosa Terra*, nº 1.043, “Fin de semana”, 18-24 xullo 2002, p. 35.

Entrevista con Federico Fernández que recibiu o primeiro premio Nacional de Ilustración 2001 por *¿Onde perdeu Lúa a risa?*. Comenta que das cinco historias, que entre el e Mirian Sánchez ilustraron e escribiron, respectivamente, foi esta a que a editorial Kalandrada seleccionou. Respecto do proceso que segue para crear unha ilustración para unha obra compárao cun guión cinematográfico e engade que nos seus traballos mestura a ilustración clásica coa pintura, dándolle unha segunda lectura.

Abuín, Carme, “Recibo moitas cartas de mozos que leron libros meus”, *El Progreso*, 14 decembro 2002, p. 16.

Entrevista con Agustín Fernández Paz despois de estar na casa da cultura de O Vicedo animando á lectura aos máis cativos do lugar. O escritor recoñece a dificultade de escribir literatura infantil, por iso os seus destinatarios preferidos son os adolescentes. Sostén que non hai temas tabú na literatura xuvenil e que se pode tratar calquera tema; o único que cambiaría sería a forma de presentalos. Remata a entrevista salientando a mellor recepción dos mozos e nenos cara a literatura cá dos propios adultos.





Alonso, Carmen, “Regalar libros a los niños es importante para que se aficionen a la lectura”, *El Ideal Gallego,* “Rostros de la ciudad”, 27 decembro 2002, p. 18.

Nesta entrevista María del Carmen Fernández, propietaria da librería A Libreira no Temple, comenta que sempre convén regalar un libro, sobre todo aos nenos, xa que a infancia é a mellor época para adquirir a afección pola lectura. Segundo ela é para o público infantil e xuvenil para o que máis se vende atopando libros preciosos con magníficas ilustracións, interactivos ou incluso libros de cartón para os que non é preciso saber ler. Tampouco cabe esquecerse das coleccións con moita venda como “Barco de vapor”. Afirma que os adultos son os que menos len, decantándose polos *betsellers* e non polos clásicos. Así mesmo, considera que, aínda que na súa librería existe un importante fondo galego, este non esperta o interese dos compradores salvo excepcións como Manuel Rivas ou Suso de Toro. Remata facendo algunhas recomendacións de novidades como *Intramundi* (2002), de Carlos Reigosa, ou *Concubinas* (2002), de Inma López Silva.

Álvarez, Silvia, “Mi trabajo no tendría sentido si no lo recibiera el público”, *El Progreso*, “Verano”, 15 xullo 2002, p. 51.

Nesta entrevista, o debuxante, escritor e pintor Miguelanxo Prado conta como dende os vinte anos foi compatibilizando os seus estudios de Arquitectura coa pintura e pouco a pouco se foi metendo no mundo da ilustración e do cómic. Deste último destaca que lle permite combinar as dúas linguaxes que máis lle gustan: a literatura e a plástica. Á pregunta da xornalista sobre a súa participación no “Xabarín Club” responde que ao principio foi unha grande aposta xa que ningunha televisión tiña un espacio deste tipo, e conclúe que a nivel persoal tamén foi moi especial xa que era a primeira vez que se dirixía ao público xuvenil.

Álvarez, Silvia, “Moitas veces pénsase que os contacontos contan chistes”, *El Progreso*, “Verano”, 19 xullo 2002, p. 83.

Entrevista con Ana Carreira, quen conta que foi ao abeiro do teatro como se iniciou na narrativa oral cando esta se puxo de moda. Di que os seus contos son tanto para adultos coma para nenos; para os primeiros amáñaos sobre lecturas súas e para os nenos emprega aqueles que lle contaron a ela de pequena. Tamén diferencia estas dúas clases de público en canto á recepción que cada un deles ten, aos lugares nos que actúa e ao seu comportamento con eles. Remata a entrevista explicando a finalidade que pretende contando contos: “divertir, que non é facer rir. Tamén para a animación á lectura, para que os nenos sintan interese”.

Blanco Outón, C., “A fabulación, igual cós soños, constrúese a partir da experiencia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Comunicación”/“Entrevista”, 13 xuño 2002, p. 45/p. 6.

Entrevístase a Isabel Freire Bazarra, redactora da RTVG e escritora, que ademais de comentar cal é o seu traballo actual na radio e cómo foron os seus inicios, fala da súa carreira literaria. Considera que a literatura é un proceso de catarse, xa que obriga ao escritor a reflexionar e posicionarse ideoloxicamente co fin de dar coherencia ás obras; así mesmo, opina que non hai ningunha diferencia entre as chamadas literatura feminina e masculina.

E. O. R., “Nogueira Nine: ‘A editorial Mirabel nace seguindo o camiño do etnoturismo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 xaneiro 2002, p. 36.

Entrevista a Javier Nogueira Nine, que é o xerente dunha nova editorial, Mirabel, que vén de nacer en Vilagarcía. Explica que a empresa pretende publicar obras que manteñan relación co mundo da viticultura e da etnoloxía, ademais de crear, a medio prazo, unha colección para o público xuvenil.

Fernández, Manrique, “La novela parte de un texto para adultos pero adaptado al público infantil”, *Atlántico Diario*, “Metropolitana”, 14 febreiro 2002, p. 20.

Entrevista a Juan Lago Pereira co gallo da presentación en Ponteareas da súa obra *Alén das estrelamares* (2001), gañadora o ano 2001 do premio “Barco de vapor”. Segundo o seu autor esta novela foi pensada nun principio como narrativa para adultos, pero logo de tela presentada a varios concursos decatouse de que polo seu propio personaxe –un centolo da Ría de Vigo- o seu público debían de ser os nenos e reconverteuna en novela infantil.

I. S., “Quero chegar a facer un libro como o *PRINCIPIÑO*”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 xullo 2002, p. 45.

Federico Fernández é entrevistado con motivo do Premio Nacional de Ilustración 2001 que convoca o Ministerio de Educación e Cultura. A obra galardoada foi *¿Onde perdeu Lúa a risa?* cos textos de Mirian Sánchez e as súas ilustracións. Ante a pregunta da xornalista sobre cómo ve o mundo da ilustración dentro e fóra de Galicia contesta con optimismo expoñendo que as editoriais Kalandrada e Xerais están apostando por xente nova que comeza neste mundo. Así mesmo, tendo en conta que en tres anos dous dos premiados polo Ministerio foron ilustradores galegos cre que tamén hai suficiente proxección fóra de Galicia para eles. Adianta que está preparando as ilustracións do conto *Os chivos chivóns* e finaliza confesando que lle encantaría chegar a facer un libro como *O Principiño,* “unha obra que nun principio poida parecer para nenos, pero co paso do tempo lle poidas atopar unha segunda lectura”.

I. V., “O cómic español nunca foi un prato apetitoso para institucións e editoriais”, *La Opinión,* “De verano”, 20 agosto 2002, p. V.

Entrevista con Miguelanxo Prado, director dende hai cinco anos da mostra de cómic “Viñetas desde o Atlántico” que ten lugar na Coruña. Introdúcense as súas palabras destacando o seu interese, xa dende mozo, por renovar a banda deseñada galega, unha idea da que naceu a creación da revista *Xofre*, xunto a Xan López Domínguez e Fran Jaraba, da que só saíu un número. Abórdase despois a etapa en Barcelona e a publicación do seu primeiro cómic, *Fragmentos de la Enciclopedia Délfica*, que lle serviu para facerse un oco no panorama do cómic español e para seguir publicando álbums como *Crónicas incongruentes* ou *Quotidiana delirante*. A seguir, Miguelanxo Prado sinala que o cómic español pode presumir de non ter sobrevivido gracias a subvencións e que non é un prato cobizado por institucións e editoriais porque neste mundo non se fala de grandes cifras. Declara que os debuxantes son os únicos artistas aos que non se lles pide un autógrafo, senón que tamén deben facer unha mostra do seu traballo. Sobre as expectativas desta edición de “Viñetas desde o Atlántico” manifesta o seu desexo de que se manteñan as cifras de visitantes das edicións anteriores, que andaron en 2001 nas 60.000 persoas.

Mallo, Albino, “Galica conta con debuxantes ós que soamente lles faltan editores”, *El Correo Gallego*, “Entrevista”, 22 xaneiro 2002, p. 6.

Entrevista ao creador de cómics e cine de animación Miguelanxo Prado, que foi galardoado no 2001 co premio Blois polo conxunto do seu labor. Fala dos seus inicios e explica porqué deixou os seus estudios de arquitectura, cómo comezou a publicar en *El Jueves* e cómo xurdiu a súa primeira historia longa *Trazo de tiza*. Tamén fala da experiencia nos Estados Unidos, onde traballou nos estudios Columbia, e do seu traballo para a TVG. Finalmente comenta o seu labor como director do Salón Internacional do Cómic da Coruña “Viñetas desde o Atlántico”.

Nicolás, Ramón, “O proxecto de Kalandraka é unha achega á normalización da nosa lingua”, *Faro de Vigo, “Faro da Cultura*”, nº 12, 3 outubro 2002. p. III.

Nesta entrevista que se lle fai a Eva Mejuto fálase dos inicios de Kalandraka Editora, do seu presente e das perspectivas de futuro desta editorial que naceu a finais do ano 1997 vinculada a persoas que traballaban en “Kalandraka Teatro” e que animaban á lectura de literatura galega para os máis novos. Eva Mejuto sostén que as dúas claves do éxito que está a ter a editorial aséntanse na calidade do producto final e na orixinalidade do proxecto de Kalandraka. Afírmase tamén que o proxecto foi dende o principio achegarse á normalización da lingua galega, aínda que cando apreciaron a demanda destes libros noutros idiomas comezaron a publicar libros galegos en catalán, éuscaro e mesmo en inglés. Falase tamén da apertura de librerías como “Libros para soñar” en Vigo como unha prolongación do proxecto editorial de Kalandraka. Finalmente Eva Mejuto apunta libros infantís como *A cebra Camila*, *O coelliño branco, A Toupiña que quería saber...* como clásicos contemporáneos que xa están recomendados en calquera listaxe de bibliotecas, de especialista ou de libreiros.

Noguerol, María C., “La televisión es nuestro enemigo, se usa para que el niño no dé la lata”, *Atlántico Diario*, “Metropolitana”, 17 maio 2002, p. 20.

María Noguerol entrevista ao escritor Ramón Caride Ogando despois de que este visitase aos nenos de Redondela para falarlles das aventuras do gato protagonista do seu próximo libro infantil: *Micifú na beiramar*. Caride Ogando quéixase do pouco tempo que se lle dedica actualmente á lectura. Di que a televisión é un grande inimigo desta, e incluso culpa os xornais, xa que lle dedican poucas páxinas ao fomento de libros en relación coa cantidade que proporcionan a outros temas televisivos. Tamén insiste en que os pais teñen a súa parte de culpa ao non lles leren contos aos nenos dende pequeniños.

Pardo, Miguel, “Os galegos somos moi tímidos para triunfar fóra”, *La Opinión*, “De verano”, 26 agosto 2002, p. III.

Tras dun repaso á traxectoria profesional de Xan López Domínguez, no que se salienta que comezou na ilustración da man de Miguelanxo Prado, recóllense as súas declaracións sobre diversos temas. Sinala que é partidario do papel ante a ameaza das novas tecnoloxías, aínda que valora Internet porque permite a conexión con todas as partes do mundo, un feito importante á hora de facer traballos, e que sobrevivir como ilustrador segue a ser difícil porque cómpre traballar moito. Di tamén que agora que vive en Madrid decatouse de que se aprecia moito máis o traballo cultural galego fóra ca no propio país e a seguir reflexiona sobre os seus comezos na revista *Xofre,* aínda que tras desta experiencia no cómic decantouse pola ilustración, tomando como modelos nun primeiro momento aos debuxantes estranxeiros *underground* para logo apostar polas súas propias ideas. Valora positivamente a situación actual da ilustración en Galicia, aínda que recoñece a falta de proxección e a dificultade de vivir desta actividade, unha situación da que culpa os propios ilustradores pola falta de convicción e decisión e pola timidez que amosan. Entre as medidas que se podería tomar para paliar estas eivas apunta, á parte dunha maior promoción e das axudas a

asociacións, a necesidade de perder o medo a saír fóra, de asumir un maior compromiso persoal e máis autoconvicción, unhas eivas que estende ao resto do mundo cultural galegoque non aposta pola traducción dos productos galegos. Á pregunta de se non está algo desprestixiada a ilustración no mundo da literatura responde que na literatura en xeral desapareceu pero que se mantén na literatura infantil cun nivel espectacular que mesmo pode conducir “a morrer de éxito”. Apunta finalmente a aparición de novas tendencias e innovacións, tanto por parte dos ilustradores coma das editoriais.




Pino, Concha, “Na Galicia profunda aínda quedan algúns Balbinos, salvando a distancia”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 30 decembro 2002, p. 45.

Conversa na que Xosé Neira Vilas afirma que o éxito que a súa primeira obra de narrativa *Memorias dun neno labrego* (1961) posúe se debe a que o seu protagonista Balbino representa o xeito de vida dun rapaz campesiño nunha aldea de Galicia nos anos corenta, ademais de que está escrita de maneira lineal e sinxela dá fe de algo auténtico. Considera que a vida mudou moito desde aqueles anos, mais aínda así certos aspectos dos que viviu Balbino aínda perduran na actualidade. O labor do escritor é segundo Neira Vilas dar memoria da época na que vive dado que cada un debe escribir do que coñece e do que viviu, que no seu caso foi o rural e o campesiño. Tamén se refire á próxima publicación de *Relatos mariñeiros*, unha obra ambientada en América. Respecto á dicotomía aldea/urbe considera que non hai por qué contrapoñer unha literatura segundo a vida da sociedade.

Rey, Donato, “El premio del año pasado ha supuesto un reconocimiento a la actividad de la biblioteca”, *Atlántico Diario*, “Metropolitana”, 13 marzo 2002, p. 19.

Entrevista con Rafael Sánchez Bargiela, director da rede de bibliotecas de Ponteareas. O director desta rede de bibliotecas, que o ano pasado recibiu un premio do Ministerio de Educación e da Fegam polas actividades de dinamización da lectura, quéixase nesta entrevista da falta de valoración da súa profesión e insiste no baixo número de usuarios. Comenta que un sesenta por cento do total de usuarios son estudiantes de doce a dezaseis anos que buscan información para traballos académicos; outro vinte por cento corresponde a nenos de seis a dez anos e a porcentaxe restante a persoas maiores. Remata anunciando
o traslado da biblioteca de Ponteareas á zona da Perillana para poder contar con máis espacio e así dedicarlle unha zona para infantil, outra para estudio e unha sala xeral de lectura.

Rodríguez, Lorena, “A los niños no hay que forzarlos a leer”, *Faro de Vigo*, “Faro Verano”, 11 xullo 2002, p. 42.

Entrevista a Arximiro Blanco, encargado da librería viguesa “Cervantes”. Sinala que na actualidade houbo un descenso na venda de libros, probablemente debida aos seus prezos. Comenta, ademais, que a porcentaxe de vendas é superior na literatura en castelán e remata concluíndo que son os pais quen deben fomentar a lectura entre o público infantil.





Rodríguez, Lorena, “En Galicia es muy difícil vivir sólo del cómic”, *Faro de Vigo,* “Sociedad”, 6 setembro 2002, p. 46.

Entrevista con Sergio Covelo, debuxante vigués de cómics, que realiza un taller sobre esta arte en O Castro, dentro da Semana da Banda Deseñada en Vigo. O ilustrador e deseñador afirma que ós dezaseis anos empezou a tomar en serio isto do cómic aínda que asegura que non pode vivir del, senón que é máis ben un traballo para o aproveitamento persoal. Respecto da elaboración dun cómic di que depende do grosor do mesmo, que require unha producción e unha documentación previas, logo ten que elixir o encadre partindo duns modelos, despois escoller un estilo narrativo. Por último recoñece que en Galicia hai moi bos debuxantes, pero admite que aínda que se publica bastante, moitas destas publicacións son reedicións doutros países.

Rodríguez, Salvador, “Nós sempre traducimos a partir do idioma orixinal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, 23 maio 2002, p. III.

Conversa con Damián Villalaín, subdirector da Editorial Galaxia, quen comeza cunha reflexión sobre a situación actual da literatura infantil e xuvenil en galego. Fai referencia, deste xeito, á colección “Árbore”, que se inaugurou en 1988, e que deu logo paso a outras coleccións “Sete Mares”, para nenos e nenas de nove a doce anos, e “Costa Oeste”, dirixida ao público xuvenil. Así mesmo, fai referencia ao lanzamento das obras de Conan Doyle e deÁgatha Christie. Alude aos criterios para incluír obras en coleccións xuvenís e afirma que no campo da literatura infantil “é verdade que un libro ten potencialmente un público interxeneracional, pero a nós non nos supón ningún tipo de problema optar por incluír unha obra nunha ou noutra colección”. En canto ao número de vendas dos libros de literatura infantil e xuvenil, Villalaín comenta que habería menos demanda de non existir “unha cota de mercado asegurada nos centros escolares”. Para rematar, afirma que sempre traducen directamente ao galego dende o idioma orixinal en que foi escrita a obra.

Ruíz, Jacinto, “Los grandes dibujantes del siglo XX están en el mundo del cómic”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de La Voz”, 18 agosto 2002, p. 11.

O xornalista Jacinto Ruíz entrevista a Miguelanxo Prado co motivo da inauguración na Coruña do Salón do Cómic. O debuxante e director deste Salón recoñece que a súa adicción á viñeta nace da súa inicial militancia na pintura e da súa vocación literaria. Miguelanxo Prado pensa que gracias ao tebeo creouse unha liña mixta entre o cómic e o cine, as dúas portas grandes dunha nova cultura visual. Finalmente fala do seu traballo en “Nen in black” e do realizado para a serie de animación *Os vixilantes do camiño*. Do primeiro resalta a oportunidade que lle deu para coñecer a linguaxe da animación e “facelo dentro dunha factoría norteamericana era unha situación excepcional”, pero sitúao por debaixo do realizado na televisión galega, porque este era máis comprometido e con ideas absolutamente propias.

Suárez, Iria, “Quero chegar a facer un libro como o ‘PRINCIPIÑO”, *La Opinión,* “Cultura”, 11 xullo 2002, p. 49.

Nesta conversa co ilustrador vigués, Federico Fernández tras recibir o Premio Nacional de Ilustración 2001, repítense exactamente as respostas que se lle deron á entrevistadora I.S. no xornal *Faro de Vigo*, como se viu anteriormente neste mesmo apartado. Agora, engade que está preparando un libro de literatura xuvenil en branco e negro para Xerais, que se achega ao cómic clásico.

Valeiro, Marta R., “O mellor lector é o que ten a capacidade de imaxinar”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 124, 8 abril 2002, p. 2.

Conversa co mestre e escritor Paco Martín, quen comenta, en primeiro lugar, que está a pasar por un momento de “retiro da escritura”, aínda que segue a facer “cousiñas”. Declara, así mesmo, que nunca sentiu a necesidade de publicar. A seguir, céntrase en *Das cousas de Ramón Lamote* e comenta que tivo tanto éxito porque se publicou no momento oportuno, “tratando o que tiña que tratar”. En canto á literatura, opina que pensa que hai unha crise da literatura en xeral e non só da galega. De todos os xeitos, engade que a literatura infantil e xuvenil está a vivir un bo momento.

Varela, María, “A nena que tiña fame de libros”, *Diario de Pontevedra*, “Entrevista”, 3 marzo 2002, p. 6.

Nesta longa conversa coa escritora Fina Casalderrey vaise facendo un percorrido pola súa vida; comezan pola infancia, facendo fincapé sobre todo naquilo que anos máis tarde lle serviría para escribir os seus libros; declara que aquelas historias tan ben contadas polo seu pai a miúdo as retoma e reelabora para moitos dos seus contos. Conversan tamén de cómo o seu traballo de docente, primeiro de matemáticas e agora de lingua e literatura galega, lle ten influido na súa narrativa; falan tamén de cando e como escribe e á que dedica o pouco tempo libre que lle queda.

Vázquez, Doda, “Víctor Omgbá: ‘Me han llamado de todo”, *La Opinión*, “A la contra”, 24 marzo 2002, p. 72.

Víctor Omgbá, este escritor do Camerún que reside na Coruña, pon de manifesto ao longo desta entrevista a difícil situación do emigrante; de feito, sostén que non animaría aos seus compatriotas a vir a España. Recoñece que o seu primeiro libro, *Calella sen saída* (2001), escribiuno tanto para os de aquí coma paro os nativos da súa terra, co que pretende que os galegos se informen e se acheguen ao tema da inmigración e para que os que están aló lles axudase a tomar a importante decisión de abandonar o seu país.

Veloso, Estela, “Gloria Sánchez: ‘Cando escribes para os nenos tes que deixar a un lado o moralismo”, *Atlántico Diario*, 1 xuño 2002, p. 19.

Entrevista a Gloria Sánchez na que se lle pregunta a esta escritora de literatura infantil sobre o xénero que máis lle gusta, ao que ela responde que despois de empezar coa poesía pasou por outros xéneros e actualmente inclínase máis polo relato breve. Cualifica de falso o tópico de que aos nenos non lles guste a poesía, pois pola súa experiencia como docente asegura que estes se senten máis atraídos por este xénero ca por calquera outro. Respecto da literatura infantil en xeral opina que dentro da desconsideración que existe actualmente, a que se fai en Galicia está moi ben considerada. Insiste a escritora nos tempos difíciles que corren para que os cativos se inicien na literatura e presenta como inimigo importante o uso abusivo que se fai da televisión e o pouco espacio que esta lle dedica á literatura.

Vidal Villaverde, Manuel, “O mar é a liberdade”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 24 febreiro 2002, p. 45.

Entrevista ao poeta Bernardino Graña, na que fala de dous dos seus poemas: “Se o noso amor e os peixes”, que escribiu cando quería ir a Donón e ao mar, e “Ouh Marías, donas decote corazón namorado...”, no que lembra os anos nos que viviu en Compostela. Comenta, ademais, que escribe relatos infantís nos que reflicte o mundo da súa infancia, a vida mariñeira, as paisaxes afastadas e urbanas, etc. por que considera que isto é positivo para uns nenos que viven na barbarie da industrialización deshumanizada.

Vidal Villaverde , Manuel, “A paixón non cega polo teatro”, *Atlántico Diario*, “La revista: Musas”, 28 abril 2002, p. 47.

Entrevista ao profesor Henrique Harguindey que fai un repaso polas súas publicacións, entre elas *Lerias e enredos para os máis pequenos* (1983), *Contos populares* (1995) ou *Exercicios de estilo* (1995), todos eles en colaboración con Xosé Manuel Pazos Varela. Comenta que tamén fixo traducción de autores estranxeiros como Rabelais, Voltaire, Víctor Hugo, Vian, Jacques Prevert, Max Jacob, Paul Keineg e Eugenio Ionesco. Ademais disto comenta que dende sempre tivo unha gran paixón polo teatro, mesmo non sabe dicir cando empezou.

Villar, Carme, “Os rapaces son novos, non parvos, e teñen dereito a ler calquera historia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 maio 2002, p. 39.

Agustín Fernández Paz é entrevistado logo de que o pasado día realizase un taller de literatura para os nenos na Fundación Camilo José Cela como parte da homenaxe ao Nobel galego. Di o escritor de literatura infantil que os cativos teñen dereito e poden ler calquera tipo de historia, incluso aquelas contadas coas técnicas literarias máis vangardistas. Así mesmo, opina que a propia literatura cualificada para nenos tamén debería ser lida polos adultos, aínda que non considera que hoxe en día se lea pouco.

VII. 5. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

AFA, "Xosé Luna crea 'fabulación mítica' desde a parroquia estradense de Liripio", *O Correo Galego*, "AFA", 5 xaneiro 2002, p. 33.

Fálase de que Xosé Luna presentou en Compostela a súa obra *O ano das mimosas* (2001) dentro da editorial Fervenza. Indícase tamén que esta novela curta, en palabras do seu autor, é unha "fabulación mítica" xurdida dende as vivencias dunha familia e que está especialmente dirixida aos nenos.

AFA, "¿Almacéns de libros?", *O Correo Galego*, "AFA", 16 febreiro 2002, p. 31.

Dá nova da celebración das Xornadas do Libro Infantil e Xuvenil, organizadas polaBiblioteca Nova 33 e GÁLIX, ao redor do tema "Bibliotecas e a Literatura Infantil e Xuvenil" co que, segundo o articulista, se pon de relevo as carencias e defectos dos sistemas actuais e se intercambian ideas para mellorar a situación. A seguir, recolle as verbas do director do

seminario nas que enumera as deficiencias máis salientábeis nesta área. Cita aos especialistas participantes nas xornadas e dá unha pequena orientación do contido da súa intervención.




AFA, “Matute, a imaxinación como norma de vida”, *O Correo Galego*, “O día”, 24 febreiro 2002, p. 50.

Resalta que a escritora Ana María Matute puxo punto final ao Ciclo Panorámicas da Literatura Infantil e Xuvenil, celebrado en Compostela e promovidos por Gálix e Caixa Galicia. Sinálase que durante o ciclo a autora explicou algunhas das claves que caracterizan a súa obra e as claves da literatura infantil e xuvenil na sociedade actual.

AFA, “Un día de balance”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 abril 2002, p. 33.

Fala da gran acollida que tivo tanto *Harry Potter* coma *O Señor dos Aneis* durante a celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil. Faise tamén referencia ás diversas actividades levadas a cabo pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX) cos

nenos da Escola Camilo José Cela do Hospital Clínico de Santiago e do Hospital Xeral de Vigo.




AFA, “A excepción saudable da literatura infantil”/“Munich e Cataluña premian tres libros galegos de literatura infantil e xuvenil”, *O Correo Galego/El Correo Gallego,* “AFA”, “Ler, a grande aventura”/“Cultura”, 23 abril 2002, p. 30/p. 76.

Nota referida ao éxito acadado polos libros galegos editados por Xerais, *Paxaros de papel* (2001), de Marilar Aleixandre e Lázaro Enríquez; *Elefante corazón de paxaro* (2001), de Mariasun Landa e Emilio Uberuaga, que pasaron a formar parte da selección de obras da Biblioteca Internacional de Múnic, e tamén de *Aire negro* (2001), de Agustín Fernández Paz, gañador do Premio Protagonista Jove 2001 que outorga o Consell Català del Llibre per a Infants i Joves, converténdose no primeiro galego recoñecido polos lectores cataláns. Sinálase que estes éxitos marcan a celebración do Día do Libro, malia a crise editorial existente. Ademais, recóllense as declaracións de Marilar Aleixandre quen salienta que *Paxaros de papel* presenta a peculiaridade de que as ilustracións foron realizadas antes que o texto, que a obra agocha unha metáfora do exilio e que a literatura infantil e xuvenil é o

sector menos afectado pola crise editorial galega porque “as obras para nenos teñen unha vida activa moi superior ao do resto, agás os clásicos, como demostran as traduccións e as continuas reedicións” Finalmente, en palabras de Fernández Paz a literatura galega “ten que chegar a unha parte da sociedade á que non está conectada principalmente pola falta de normalización da lingua”.




AFA, “Literato e cineasta”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 maio 2002, p. 30.

Fálase da presentación en Compostela da curtametraxe *Soldado sen fortuna*, do director e escritor, Roque Cameselle, autor tamén do libro de contos *O Pausiñas* (2001). Anúnciase que este rapaz de vinte anos gravará proximamente dúas longametraxes e unha serie de televisión

AFA, “Un reto perigoso”, *O Correo Galego*, “AFA”, 21 outubro 2002, p. 32.

Recolle as conclusións presentadas por Blanca-Ana Roig, presidenta de GALIX, do Congreso Hispano-Luso de Literatura Infantil e Xuvenil. Nelas saliéntase que, ademais da necesidade de creación dun canon, os expertos reunidos en Santiago concordaron en que as novas tecnoloxías teñen influído nas temáticas abordadas nesta narrativa, no xeito de traballo pero non na faceta “imaxinativa”. Considérase que no eido da promoción da lectura os avances tecnolóxicos son eficaces, eido no que se enmarca a presentación do programa SOL. Finalmente, sinálase que os expertos se situaron entre a atracción e a desconfianza das novas tecnoloxías.

AGN, “As obras dirixidas á mocidade son as máis traducidas ó idioma galego”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 24 marzo 2002, p. 63.

Salienta que, segundo datos ofrecidos no *Informe de literatura*, publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, entre as obras que se traducen ao galego, as máis traducidas son aquelas que van dirixidas a un público infantil e xuvenil. Un

dos autores máis traducidos é Tolkien, admirado pola súa lograda fantasía, sen esquecer outros autores tales coma Bram Stoker ou H.G. Wells.

AGN, “Un grupo de escritores repartirá hoy libros a niños internados en hospitales”, *Diario de Ferrol/Diario de Arousa/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 2 abril 2002, p. 26/p. 27/p. 45.

Salienta que durante a celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil , 2 de Abril, lle serán entregados aos máis novos varios libros nos hospitais de Santiago e Vigo. Os libros seranlles dados por célebres escritores tales como Ramón Caride, Helena Villar, Fina Casalderrey... Así mesmo, resalta que na Biblioteca Nova 33 haberá unha sesión de contacontos ademais dun sorteo entre os participantes.

AGN, “Los niños, interesados por los poemas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 18 maio 2002, p. 54.

Coméntase nesta nota que a fonte de inspiración de *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández vén dos propios nenos xa que, segundo as palabras da autora, “son os nenos os

que máis en serio toman a lectura de poemas". Faise referencia a que a escritora se converteu na primeira en gañar cun poemario o Premio Lazarillo 2001, probando tamén o bo momento da literatura infantil e xuvenil galega xa que é a terceira galega galardoada con este premio tras Marilar Aleixandre e Gloria Sánchez. Explícase, para finalizar, que cada un dos vintecinco poemas deste libro parte dun verbo para expresar diferentes sentimentos e que o universo estético de Xosé Cobas, responsábel das ilustracións, reforzan o contido do libro.

AGN, "Kalandraka presenta 'Books for dreaning' unha colección en inglés para os nenos", *O Progreso*, "Cultura", 20 setembro 2002, p. 83.

Faise eco da presentación da colección "Libros para soñar" en inglés dirixida a nenos e nenas de todo o estado español e ao mercado inglés e norteamericano. Cita as obras traducidas: *O coelliño branco*, de Xosé Ballesteros e Óscar Villán e *Once damas divertidas*, conto popular adaptado por Xosé Manuel González Barreiro.

A. I. S., “Ana María Matute participa hoy en el Seminario de Literatura Infantil”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 23 febreiro 2002, p. 29.

Apunta que a escritora Ana Mª Matute visitará Compostela para participar nas XI[as] Xornadas do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil, que teñen lugar na aula de Cultura de Caixa Galicia, e que están organizadas pola Biblioteca Nova 33 xunto con Gálix.

ALS, “Seminario de Literatura Infantil y Juvenil en el Aula de Cultura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 febreiro 2002, p. 31.

Anúnciase a inauguración da undécima edición do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil organizado pola Biblioteca Nova 33 e GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) ao redor do tema “Bibliotecas e Literatura Infantil e Xuvenil”. Infórmase das sesións e dos persoeiros que interveñen nelas como: Fina Casalderrey, Ana María Matute, José Victorio, Cristina Novoa, Antonio Martínez e Juana Vázquez.

A. **M.**, “El cuentacuentos “Pipo” da vida al libro “Os ladróns de tixolas”, de Xosé Antonio

Perozo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 abril 2002, p. 39.




Comenta que co gallo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil tivo lugar en Vigo a lectura escenificada do último libro de Xosé Antonio Perozo *Os ladróns de tixolas*. Sinala tamén que en Pontevedra se inaugurou "Abril dos libros", unha actividade promocionada pola Concellería de Cultura do Concello da devandita cidade, actividade coa que pretenden promover a lectura entre os escolares.

A. Q., "La necesidad de cuidar la ilustración infantil", *La Opinión*, "Cultura", 10 novembro 2002, p. 66.

Sinala que a norma en literatura infantil é incluír ilustracións nas obras, feito que lle preocupa coidar especialmente á editorial Kalandraka, que busca conseguir que o texto e as imaxes poidan contar a historia independentemente. Lembra que a filosofía de Maurice Sendak era que "Un libro es un poema donde no se deber percibir las costuras".

A. R., “Entre libros e inventos de transporte”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 costados”, 16 abril 2002, p. 4.

Nota que recolle as actividades que se realizarán en varias ludotecas de Vigo, como Coia, Casa da Xuventude e Lavadores, con motivo da celebración do Día do Libro o 23 de abril. Entre as actividades previstas cítanse a realización dun xogo de memoria con personaxes de contos, un taller sobre cómo se fai un libro, sesións de contacontos, talleres de cómics e concursos de contos, entre outras.

AV, “Editan en coreano e inglés el libro de la editorial Kalandraka ‘O traxe novo do rei’, adaptación de Xosé Ballesteros”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 27 xaneiro 2002, p. 74.

Infórmase da publicación na editorial coreana Hansol do libro *O traxe novo do rei*, adaptación de Xosé Ballesteros a partir da obra de Andersen. Coméntase que esta editorial coñeceu o volume na Feira de Boloña, á vez que anuncia a próxima publicación noutra editorial oriental dos libros *O coelliño branco* e *A cebra Camila*. Remátase facendo eco da satisfacción de Kalandraka Editora coa venda dos dereitos destas obras, así como a

importancia do recoñecemento ao labor feito en Galicia, que resulta atractivo para outras culturas.




Álvarez-Koki, F., “As aventuras de Said e Sheila”, *A Peneira*, “Axenda”, 2ª quincena xaneiro 2002, p. 26.

Dá conta da publicación de *As aventuras de Said e Sheila* (2001), que é o último libro de Ramón Caride. Sinálase que se trata dunha obra na que se recollen tres libros publicados anteriormente: *Perigo vexetal* (1995)*, Ameaza na Antártida* (1997) e *Futuro roubado* (2000). Ademais de citar as obras de poesía e narrativa para adultos do autor, indica que *As aventuras de Said e Sheila* presenta a dous cativos con conciencia, con amor polas nosas cousas, pola xustiza e pola nosa terra e considera que sería moi axeitado facer con elas unha película ou unha serie de debuxos animados.

Álvarez, Susana, “Los niños buscan la risa de Lúa”, *Faro de Vigo,* “Faro Verano”, 20 xullo 2002, p. 48.

Relato do acto de presentación de *¿Onde perdeu a Lúa a risa?* (2001), de Mirian Sánchez e Federico Fernández, que se celebrou o día 19 de xullo na librería Libros para soñar no que participaron adultos e nenos ademais dos autores. Mirian Sánchez explicou que para ela foi un traballo difícil sobre todo pola linguaxe e a sintaxe e deixouse ver o seu nerviosismo diante dos nenos pola incógnita de se lles gustaba. Federico mostrouse contento co traballo, di que foi divertido. Finaliza cualificando o acto de divertido.

Ares, María/Miguel **Barral**, "Sherlock Holmes, un tipo con mucha química", *Diario de Pontevedra*, "Ciencias", 25 novembro 2002, pp. 4-5.

Fai unha proposta químico-deductiva ao estilo de Sherlock Holmes e protagonizada por el, de cómo levar a cabo o reto: investigar o motivo do protagonismo de Holmes nestas páxinas para o que dá unha serie de pistas textuais. Para iso reproduce fragmentos dun grupo de obras do famoso detective e por último dá a solución.

B. L., "Talleres con piratas, tesouros e arcos da vella para animar a ler", *Diario de Pontevedra*, "Cultura & Ocio", 8 febreiro 2002, p. 78.

Dáse a nova da presentación dun obradoiro de animación á lectura “A hora do conto. O arco da vella”, a cargo do grupo Pavís Pavós, e dun de expresión dramática “Á procura do tesouro”, coordinado polo grupo Migallas Teatro, promovidos polo Concello de Pontevedra. Ademais de explicar os seus horarios e estructura coméntase o que as dúas coordinadoras dos talleres explicaron dos seus contidos.

B. L., “Kalandraka recibe un diploma pola edición da obra ‘Máquinas”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 6 abril 2002, p. 62.

Sinala que tivo lugar a entrega dos Premios Nacionais 2001 aos Libros Mellor Editados, Mellor Encadernados e aos Libros Infantís e Xuvenís Mellor Ilustrados no salón de actos da Biblioteca Nacional. Entre os premiados atopamos a obra *Máquinas* da Editorial Kalandraka, que tamén recibira un galardón a nivel internacional.

B. L., “Pavis Pavós propón convertir Mugartegui nunha ‘Casa de Conto”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 14 abril 2002, p. 62.

Dá conta da actuación que o grupo Pavis Pavós co seu espectáculo “Unha casa de conto” presentou ante os nenos no pazo de Mugartegui en Pontevedra. Os nenos puideron escoitar varias historias, contadas por diversos personaxes. Tamén se sinala que ao mesmo tempo na praza da Pedreira houbo actividades complementarias nas que os nenos aprenderon xogos populares.

B. L., “Kalandraka repite entre os mellores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán/Cultura”, 11 xullo 2002, p. 69.

Refírese á concesión do Premio Nacional de Ilustración por parte do Ministerio de Cultura á editorial Kalandraka. Sinálase que o galardón recaeu no vigués Federico Fernández Alonso polo volume *¿Onde perdeu Lúa a risa?* (2001), con texto de Mirian Sánchez, e que se trata do máximo recoñecemento no eido na ilustración infantil ao que se pode aspirar en España. Lémbrase que se trata do segundo premio Nacional para esta editorial, tras acadalo en 1999 Óscar Villán por *O coelliño branco*, e que, segundo a editorial, o libro tivo moi boa acollida dende a súa aparición, especialmente no mercado norteamericano e tamén noutros. Deste

interese naceu o compromiso da editora asiática Book Bid para publicalo proximamente en coreano. Completan a información algúns datos sobre Federico Fernández, nos que se destaca que naceu en Vigo en 1972, é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo na especialidade de Pintura, ten colaborado en proxectos relacionados coa escenografía musical, formou para de numerosas exposicións de pintura e gravado e esta era a súa primeira obra ilustrada para nenos. Así mesmo, sinálase que prepara para Kalandraka as ilustracións de *Os chivos chivóns.*




B. L., “Debaixo dun chapeu poder de todo”, *Diario de Pontevedra*, “A hora do conto”, 20 outubro 2002, p. 68.

Fálase do éxito, ano tras ano, dos obradoiros infantís organizados polo Concello dePontevedra centrados en “A hora do conto” da man do grupo Pavís Pavós e “Á procura do tesouro” dirixido pola actriz pontevedresa María Campos (Migallas Teatro). Explica as idades á que se dirixen estes obradoiros e faise eco doutras actividades que o concello pensa poñer en marcha. A festa de outono, o ciclo festivo de Nadal e Reis, o IV Salón do Libro infantil e xuvenil e a nova edición de Domingos do Principal. Céntrase logo no

obradoiro de contacontos que este ano ademais de aumentar a duración xira ao redor de o señor Chapeu pois como din os membros do grupo debaixo dun chapeu pode haber de todo. Parece que esta maneira de animar á lectura está a dar bos resultados.




B. L., “Máis de cen propostas para animar a ler”, *Diario de Pontevedra*, 1 novembro 2002, p. 76.

Comeza dicindo que algo faltaba no ano de Sarmiento, polo que fai un percorrido polas actividades que se realizaron no Concello de Pontevedra con ese motivo. Salienta o obradoiro “A Hora do Conto”, un obradoiro de animación á lectura coordinado polo grupo de teatro Pavís Pavós; o premio “Abril dos libros”, dirixido aos centros de ensino infantil, primaria e secundaria do concello para premiar a actividade cultural dos centros e “O conto viaxeiro”, anunciando que se publicarán os contos gañadores en xaneiro.

Bilbao, Conchi, “Óscar Villán, ilustrador”, *El Correo Gallego, “Correo das Culturas”*, nº 123, 1 abril 2002, p. 6.

Recolle as reflexións de Óscar Villán sobre os efectos de ter sido galardoado co Premio Nacional de Ilustración 1999 por *O coelliño branco*. Recorda que ao rematar os seus estudios de Belas Artes, en Pontevedra, entregou os seus debuxos a varias editoras e non tivo resposta, pero a partir de que a Editorial Kalandraka lle permitise ilustrar a obra galardoada comezáronselle a abrir portas. Salienta que nas Escolas de Belas Artes non se atende a ilustración e que está de acordo cos que lle dan tanta importancia ao texto escrito coma a ilustración. Di que o seu traballo é lento e que parte das directrices técnicas das editoras, do texto e do lectorado pois cando o volume se dirixe aos "prelectores os debuxos deben constituír unha historia en si mesmos, sen apoio de texto algún", salienta "a necesidade de acada-la harmonía entre texto e imaxes" e afirma que a ilustración de literatura infantil é o seu presente e o proxecto de futuro, aínda que pensa buscar tempo para ampliar horizontes.

Bilbao, Conchi, "Marilar Aleixandre, escritora", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 127, 29 abril 2002, p. 2.

Comeza salientando que a Literatura infantil e xuvenil “segue a se-lo terreo menos tocado pola crise que asola á producción editorial galega”, logo dá conta de que Marilar Aleixandre, unha das autoras máis premiadas nos últimos tempos acaba de ser incluída la lista “Merlos Brancos” da Biblioteca de Munich con *Paxaros de papel*, unha obra que realizou a partir dos debuxos do cubano Lázaro Enríquez, e que como di a autora supón un recoñecemento internacional importante. Despois danse unhas notas temáticas e argumentais do álbum e saliéntase que co recoñecemento da Biblioteca Internacional de Múnic estase a recoñecer a boa saúde da Literatura infantil e xuvenil galega, recóllense neste sentido declaracións de Marilar Aleixandre, quen insiste en que hai un grupo de xente que en Galicia está a facer propostas interesantes, que escribe con poucos prexuízos e cun gran sentido do humor, e sobre todo refírese ao facer e recoñecemento dos ilustradores.

Blanco, Jesús J., “Los Buenos cómics no tienen edad”, *Diario de Pontevedra,* 19 decembro 2002, pp. 82-83.

Para dar noticia da exposición que acolleu a Biblioteca Pública de Pontevedra “Un siglo de Viñetas” que realiza un repaso minucioso pola historia do cómic, unha mostra que foi

organizada pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Jesús J. Blanco ademais de describir a exposición sen deixar detalle, recorda datos que se poden ler no catálogo da exposición, como que existen moitos termos para designar a arte de combinar debuxo e texto, dá datos sobre a evolución do cómic, fala dos seus trazos máis característicos, salienta que foi considerado un xénero menor aínda que “es más difícil aprender el lenguaje de un tebeo que leer una novela” en palabras do organizador da exposición Bernardo Vergara, de quen tamén o comentarista ofrece datos biobibliográficos.




Blanco Rivas, M., “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 244, 19 xaneiro 2002, p. 2.

Nota argumental da obra de Marilar Aleixandre, *Os paxaros de papel* (2001), nesta páxina de Blanco Rivas na que se ocupa tamén doutros ensaios de carácter político e histórico. Explica que nela se nos narra cómo Rodrigo logra cazar os paxaros de mil e unha cores e cómo chega á simbólica illa de Caibarién. Tamén sinala que esta obra ilustrada por Lázaro Enríquez foi premiada pola UNESCO en Toquio.

Blanco Rivas, M., “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 1, 9 maio 2002, p. VII.

Describe o argumento de tres traduccións ao galego *Unha manchea de bicos* (2001), de Antonia Rodenas, da que salienta que aborda os conflictos e as relacións interpersoais (amizade, sentimentos, etc.) entre os máis pequenos nos seus primeiros anos de escolarización. A segunda das traduccións, *Gracias a Winn-Dixie* (2001), de Kate di Camillo, cualifícaa como “unha estupenda sucesión de escenas” e da que salienta as ilustracións que acompañan a historia que conta o protagonista. Por último, refírese a *¡Boas noites!* (2001), de Rotraut Berner, un volume dirixido aos nenos e nenas de dous anos en diante para “iniciar aos máis pequenos na aprendizaxe dos conceptos temporais e dos hábitos básicos no seo da familia”.

C. C. G., “Mañana se inicia la Semana del Cómic con múltiples actividades”, *Diario de Pontevedra*, 29 setembro 2002, p. 21.

Información sobre a celebración do II Certame Galego de Imaxe Artística-Banda Deseñada, que terá lugar no Centro de Servicios Sociais de Pontevedra, e os actos paralelos que tratarán diversos aspectos sobre o cómic: senllas exposicións, das que se informa do seu horario de visita, proxeccións de vídeo e películas infantís e xuvenís relacionadas co mundo da banda deseñada e un obradoiro de cómics. Finalmente, dáse conta das actividades de diferentes colexios pontevedreses (Poio, Isidora Riestra, Viñas, Chancelas e Espedregada) respecto da súa adhesión ao certame, que farán público visitando as exposicións, visionando o material presentado e facendo uso da bedeteca alí instalada.

C. D. C., "Kalandraka sigue colleitando premios", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas"*, nº 122, 25 marzo 2002, p. 1.

Cualifica á editora de factoría da maxia que fai soñar o mundo, para dar a benvida á colección "Libros para soñar" e á obra *Máquinas,* de Chloé Poizat que foi galardoada coa Medalla de Bronce no Concurso Internacional de Libros Mellor editados en todo o mundo, concurso que se resolveu en Alemaña e no que participaron máis de trinta países. Cualifica a obra de mostra inmellorábel de harmonía entre texto e imaxe. Logo cita a outros

galardoados e recorda que coas obras premiadas se organiza unha exposición itinerante que ten como punto final a Feira do libro de Francfort. Recorda que a editora xa merecera outros galardóns e tamén os seus obxectivos entre os que salienta a publicación noutras linguas do Estado por medio desta colección “Libros para soñar” coa que pretenden dar a coñecer autores e ilustradores novos e consagrados que poidan enriquecer o panorama literario infantil e xuvenil. Tamén dedica unhas liñas á actividade de animación á lectura que realiza Kalandraka por medio da maga Rulana que viaxa cunha maleta cargada de contos para soñar.




C. D. C., “Debuxar entre liñas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas”*, nº 122, 25 marzo 2002, p. 8.

Deféndese que para inculcar nos máis novos o hábito lector as editoriais máis involucradas deben buscar fórmulas atractivas. Considérase que a ilustración ten tanta importancia coma o texto nas obras infantís. Por isto, a seguir refírese á Editorial Kalandraka que apostou nos últimos anos polos novos valores na ilustración. Recóllense palabras de Xoán Couto, responsábel da editora, en relación aos mecanismos que permiten conseguir a harmonía

entre textos e debuxos. Explica que a editora parte do texto que se lle entrega ao ilustrador que primeiro é sometido a unha proba e logo ten tres meses para realizar a chamada “story board” ou recreación en forma de viñetas de cómic o que leu. Comenta que é un proceso complicado pero que vai dando resultados. Neste sentido salienta a concesión do Premio Nacional de Ilustración a Óscar Villán.




C. D. C., “Día mundial do libro infantil. As páxinas cativas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas”*, nº 123, 1 abril 2002, p. 1.

Dáse conta de que a Feira do Libro de Boloña dende 1965 acolleu, a proposta do IBBY, para instaurar o día 2 de abril como Día do Libro Infantil e Xuvenil e así homenaxear a Hans Christian Andersen. Tamén fala de que a sección española do IBBY, a OEPLI e as súas seccións, así como as restantes dos cincuenta e oito países que o conforman, súmanse todos os anos á efeméride e cada ano, unha delas por sorteo, encárgase de facer o cartel e a mensaxe para divulgar o día. Este ano tocoulle a Austria que encargou do cartel á ilustradora María Blazejovsky e a mensaxe á escritora Renata Welsh. Coméntase que esta difusión faise en inglés, francés, alemán e español. Tamén se indica que a OEPLI á súa vez

elixe un escritor e ilustrador para facer unha divulgación propia, unha carta a todos aqueles que sintan amor pola lectura, que este ano se encargou ao ilustrador e escritor Miguel ÁngelPacheco, da que se dá a coñecer parte do seu contido. Saliéntase que GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) se encargará de divulgar en galego as mensaxes anteriores e que ademais realizou outros actos como a entrega de libros por parte da asociación e de escritores e escritoras aos nenos hospitalizados no Hospital Clínico de Santiago e no Cíes de Vigo, así como unha sesión de contacontos e un sorteo para elixir escritor e ilustrador para versionar *O patiño feo*, de Hans Christian Andersen, que se publicará coa das demais seccións de España.




C. G., “Los caldenses más jóvenes aprenderán a conocer su biblioteca con juegos y teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Caldas”, 22 febreiro 2002, p. 24.

Explica que en Caldas de Reis, gracias ao Proxecto “Merenda na Biblioteca”, os nenos aprenderán a valorar máis a lectura, acercándose a ela dun xeito máis lúdico.

C. G., “O autor Olimpio Arca presenta en Cuntis o seu libro ‘Pelexa no Souto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Caldas”, 22 febreiro 2002, p. 24.

Faise referencia á presentación da obra de Olimpio Arca, *Pelexa no Souto* (2001), na Casa da Cultura Roberto Blanco Torres de Cuntis. Sinala que esta peza teatral foi representada por primeira vez en 1974, baixo a dirección do seu autor, polos nenos da Agrupación Escolar de Couso. A seguir, dá conta doutras representacións posteriores da obra e informa que a inquietude do mestre Xosé Luna e o apio económico da Constructora Bamarti fixeron posíbel que a obra tomase forma de libro e teña unha maior divulgación nos medios escolares. Tamén sinala que a presentación do libro estará ilustrada cunha serie de fotografías que recollen momentos da historia desta obra.

C. G., “Os contacontos de Pavís-Pavós pechan as ‘merendas’ na biblioteca caldense”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Caldas”, 11 maio 2002, p. 26.

Dá conta da actuación dos contacontos da agrupación pontevedresa Pavís -Pavós como remate da campaña “Merendas na biblioteca”, celebrada na vila caldense para nenos de tres a cinco anos e de seis a trece.

C. G., “Cándido Casal falou en Caldas sobre o seu traballo como escritor”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Caldas”, 6 xuño 2002, p. 26.

Dá conta da charla ofrecida polo escritor Cándido Casal na biblioteca municipal de Caldas de Reis na que respondeu a preguntas sobre o seu labor como escritor. Repasa algunhas das obras de Casal como *Eu, coma sempre* (2001), da que sinala que se trata a infancia, a adolescencia e as relacións familiares, ou *Nunha praza calquera* (1996), da que sinala que trata sobre o deterioro urbano, o lixo, os ruídos ou as vantaxes e desvantaxes de vivir nunha cidade. Remata sinalando que esta actividade está incluída na campaña de animación á lectura da Consellería de Cultura.

C. G., “El escritor Antonio García Teijeiro visita la Biblioteca de Caldas de Reis”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Caldas”, 18 decembro 2002, p. 32.

Dá conta de que o escritor Antonio García Teijeiro visita a Biblioteca Municipal Martínez Ferro de Caldas de Reis, dentro do programa "Os nosos escritores" promovido pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Salienta que o encontro consta dunha serie de actividades ao redor da obra do escritor, de quen se achegan datos biobibliográficos.

C. V., "Da poesía ás tres dimensións", *A Nosa Terra*, nº 1.062, "Cultura", 26 decembro-3 xaneiro 2002, p. 25.

Refírese á ampla gama de volumes que sacan á rúa nestas datas as editoriais galegas para os lectores máis novos. Principia dando conta de que se completa a triloxía *O señor dos aneis*, e que sae un novo volume de *Harry Potter* para logo mencionar outros títulos, tanto de poesía coma de narrativa, xa sexan de autores galegos ou traducidos. Así mesmo alude ao comezo de novas coleccións como "Xabarín de Ouro" de Xerais, ou á historia en tres dimensións *O labirinto dos soños*.

Casanova, J., “Odisea escatológica”, *La Voz de Galicia*, “D Libros”, 12 outubro 2002, p. 11.

Despois de describir o argumento de *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*, de Werner Holzwarth, comenta que a aventura do topo, traducida a moitos idiomas entre eles o galego, foi recuperada por Alfaguara nunha edición en castelán de pequeno formato que tamén se converteu en supervendas. Unha boa historia con ilustracións simpáticas e un toque escatolóxico.

Castro, Francisco, “Books for dreaming”, *Atlántico Diario*, 23 setembro 2002, p. 13.

Loanza da publicación en inglés de tres títulos galegos, destinada ao público do Reino Unido e dos EUA, pertencentes a unha colección nacida en Galicia, “Contos para soñar”, da man da editorial Kalandraka. Salienta que como cando naceu Galaxia, a sociedade mira para outro lado e non aprecia o traballo dos seus artistas, creadores, da xente que se dedica á beleza pero aínda así “existimos, somos, insistimos, resistimos, seremos”.

D. **R.**, “Los niños de Guillade pueden acceder desde ayer a un fondo de 2.500 libros”,

Atlántico Diario, “Área Metropolitana”, 3 abril 2002, p. 22.




Di que a alcaldesa de Ponteareas, María Nava Castro, vén de inaugurar a Axencia Municipal de Lectura de Guillade "Trovador Xoán García de Guillade". Dise que tras a apertura do inmoble tivo lugar a intervención do estudioso da figura do trobador Xoán García, José Manuel Domínguez, quen destacou a excepcional categoría do trobador.

EFE, "La editorial Bruño y Antena 3 sacan una colección de libros infantiles", *Faro de Vigo*, "Televisión", 25 outubro 2002, p. 83.

Esta axencia de noticias informa que o Grupo Antena 3 e Editorial Bruño puxeron no mercado a colección "Megatrix", dirixida por Elena O'Callaghan. Dise que arrincou con seis títulos que abranguen temas tan variados coma o humor, as aventuras, a ficción científica ou o suspense. Salienta que se trata dunha edición coidada, manexábel e práctica, que se divide en tres bandas de idade: de seis a oito anos, de oito a dez e de dez a doce, e que se adquire por un prezo asequíbel. Sinálase que do ámbito galego se escolleu a obra de Fina Casalderrey, *Desventuras dun lobo enamorado*. Finaliza coas palabras de Antonio

Camacho, director da Editorial Bruño que salienta a orixinalidade da colección e que por primeira vez se une unha editora cunha cadea televisiva.




E. G., “Un cuento donde los contenedores hablan”, *Faro de Vigo*, “Especial”, 27 xullo 2002, p. 27.

Comenta a iniciativa do Concello de Mos titulada “Imaxina un conto” e consistente na elaboración por parte dos nenos e nenas dun relato curto animado que debe tratar o medioambiente, o respecto e a natureza. Son varias as etapas fixadas. A primeira: análise e posta en marcha do relato por parte do grupo, reflexións, ideas, imaxinación...; a segunda: ilustración e dar forma ás ideas dos nenos e nenas sobre o papel; a terceira: “vida” e a relacionada cos medios tecnolóxicos, pois hai que dar voz aos protagonistas, etc. Cada grupo de nenos participantes realizará un capítulo e logo uniranse todos. A seguir cita os centros participantes.

E. P., “Vigo comeza a súa Semana de banda deseñada”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 setembro 2002, p. 36.

Descrición das actividades a realizar na Casa da xuventude de Vigo dende o día 2 ao 7 de setembro con motivo da Semana de banda deseñada. Exposicións dos premios e accésit do II Certame Galego de Imaxe Artística-Banda Deseñada promovido polas direccións xerais de xuventude e de Promoción Cultural, dos paneis dos cómics didácticos: *¿De que é a auga?* e *Vivir no solo*, exhibición de películas, ademais da xeración BD Banda, onde se poden ver os máis destacados autores da banda deseñada actual. A seguir exponse a programación día a día.

E. P., "Educación e Cultura únense nunha gran campaña para fomentar a lectura ata o 2008", *O Correo Galego*, "AFA", 14 decembro 2002, p. 32.

Dá conta da sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a de Educación e Ordenación Universitaria a través do que buscan potenciar instrumentos para fomentar a lectura entre os galegos. Ademais de infraestructuras que permitan o acceso aos libros tamén se fala de campañas de fomento entre os máis novos e programas de formación entre os maiores. Este convenio sitúase dentro do Plan Galego de

Fomento da Lectura e as Bibliotecas Escolares 2002-2008, do que adiantan algunhas das súas medidas, entre as que están a elaboración de guías de lectura por idades, a difusión de rutas literarias ou a formación do profesorado.




E. V. R., “Títeres para animar a la lectura”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana. Morrazo”, 30 maio 2002, p. 17.

Refírese á actuación das compañías de Títeres Viravolta de Lalín e Chonchón de Arxentina nas Bibliotecas de Cangas e Moaña dentro da campaña de animación á lectura que realiza a Consellería de Educación. Infórmase da representación de *Guillermo Tell*, a cargo de Viravolta, para nenos de entre tres e sete anos na axencia de lectura de Hío e da peza *La Celestina en el retablo*, da compañía arxentina, dirixida a adolescentes no centro cultural Daniel Castelao de Moaña. Así mesmo infórmase da representación de *Juan el panadero,* da compañía El vagón del títeres tamén da Arxentina e da visita da escritora Gloria Sánchez.

Eyré, Xosé Manuel, “Libros de Reis para xente miúda”, *A Nosa Terra*, nº 1062, “Cultura”, 26 decembro 2001-3 xaneiro 2002, p. 25.

Columna na que Xosé Manuel Eyré ofrece un repaso dalgunhas das series dirixidas aos máis novos con motivo da celebración de Reis, comezando polos Bolechas, segue logo polos cantos da rula, as aventuras protagonizadas por Orelliñas, as entregas dos minilibros, os referidos a animais domésticos que protagonizan a colección dos Contos do trasno de Kalandraka ou de Plis-Plas de Sotelo Blanco; ademais das obras da colección “Xabarín de Ouro”, na que se inclúen traduccións de autores clásicos universais, do mesmo xeito que outras de autores máis recentes como *Harry Potter e a cámara dos segredos* ou *O señor dos aneis*. Remata con tres recomendacións para os máis mozos: *Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz; *¡Balea morta ou lancha a pique!*, de Jaureguizar; e *Pel de lobo*, de Xosé Miranda.

Europa Press, “Kalandraka obtiene un galardón por uno de los libros mejor editados del mundo”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 9 marzo 2002, p. 91.

Notifica que a obra *Máquinas* da editorial Kalandraka foi galardoada coa Medalla de Bronce no concurso Internacional Libros Mellor Editados de todo o mundo fallado en Alemaña. A obra que foi escrita e ilustrada por Chloé Poizat foi o único traballo presentado polo Ministerio de Cultura Español. Finalmente, di que este mesmo libro obtivo o Premio Nacional ao Libro Mellor Editado.

Europa Press, "Kalandraka e o Museo Granell animarán ós nenos a ler con obradoiros", *El Progreso*, "Cultura", 26 marzo 2002, p. 69.

Comenta que o Pazo de Bendaña en Santiago acollerá a segunda campaña de animación á lectura que organizan a Editorial Kalandraka, a Fundación Granell e o Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Compostela. O obxectivo principal da campaña é achegar aos nenos o pracer da lectura. O programa contará con exposicións, obradoiros, contacontos e charlas.

Europa Press, "Kalandraka presenta "Tiramillas", una colección dirigida a mayores de 12 años", *El Progreso*, "Cultura", 31 marzo 2002, p. 85.

Breve nota de prensa na que se informa da presentación da colección “Tiramillas” por parte da editorial Kalandraka o día 2 de abril, da que forman parte os títulos *A viaxe de Cora* e *Gracias a Winn-Dixie*. Ademais, sinálase que coincidindo con esta presentación, Kalandraka abrirá unha delegación en Madrid e recollerá o galardón Libros Mellor Editados 2001 por *Máquinas*.

Europa Press, “Varios artistas actuarán en A Coruña en el maratón de cuentacuentos de ‘Meniños”, *El Progreso*, “Cultura”, 20 maio 2002, p. 61.

Infórmase da celebración por parte da Fundación Meniños da segunda edición do maratón de contacontos, con motivo do Día Internacional da Familia, que ten como obxectivo dar a coñecer a súa actividade e concienciar a sociedade sobre os problemas da infancia. Entre os participantes cítase a Antón Reixa, Mercedes Peón, Mela Casal, Cándido Pazó e Josito Porto, así como a presencia do grupo de teatro Chichiribio.

Europa Press, “Un documental lleva a la pantalla los recuerdos de Xosé Neira Vilas”, *El Progreso*, “Cultura”, 14 novembro 2002, p. 84.

Nota na que se dá conta da presentación do documental *Memorias dun neno labrego*, baseado na obra homónima de Xosé Neira Vilas no Festival de Cine Independente de Ourense.

F. P. L., “Federico Fernández, Premio de Ilustración do Libro Infantil”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 xullo 2002, p. 68.

Refírese á concesión por parte do Ministerio de Cultura do Premio Nacional de Ilustración ao artista Federico Fernández Alonso (Vigo, 1972) polo volume *¿Onde perdeu Lúa a risa?*, con texto de Miriam Sánchez Moreiras editado por Kalandraka. Lémbrase que se trata dosegundo premio Nacional para esta editorial tras acadalo en 1999 Óscar Villán por *O coelliño branco*. Infórmase de que o premio está dotado con 12.000 euros, que se lle concedeu á edición en castelán do libro, que xa está publicado en todas as linguas do estado. Ademais, indícase que o segundo premio, dotado con 6.000 euros, correspondeu a

Noemí Villamuza polas ilustracións de *De verdad que no podía*, de Gabriela Kesselman, e que o xurado estivo composto por Fernando de Lanzas, Director Xeral do Libro do Ministerio de Educación e Cultura, Gonzalo Izquierdo, Ignacio Casanova, María Rius, Francesc Capdevilla, Ulises Wensell, Javier Serrano e Josefina Delgado. Completan a información algúns datos sobre Kalandraka nos que se destaca que a editorial naceu en 1998 co obxectivo de ofrecer libros de máxima calidade para os primeiros lectores e que conta coa publicación en todas as linguas do estado a través da colección “Libros para soñar”.




Forján, Emilio, “Afonso Eanes pecha o seu 25 aniversario coa edición de ‘Contos de Xente Nova”, *La Voz de Galicia*, “Barcala”, 5 xaneiro 2002, p. 13.

Dá nova da presentación da publicación coa que a Asociación Cultural Afonso Eanes conmemora os vintecinco anos de existencia que cumpriron no 2001, *Contos de xente nova* (2001). Nomea as entidades patrocinadoras gracias ás que se publicou o volume e ás persoas que participaron no acto. Informa dos títulos e autores deste libro no que se recollen os seis contos, gañadores da última edición do premio Afonso Eanes, e os debuxos premiados no certame de plástica infantil de Afonso Eanes.

Fraga, Jesús, “Los científicos encuentran relación entre las lecturas y los sueños”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2002, p. 58.

Infórmase da realización dun estudio da Universidade de Gales, dirixido polo doutor Mark Blagrove, que investiga a relación entre os contidos dos soños e as afeccións literarias e conclúe que pode existir naqueles certa influencia das lecturas. Indícase que o traballo se realizou a partir de enquisas a 10.000 lectores para intentar clasificar os seus soños en función dos seus xéneros preferidos e dos datos obtidos parece que as persoas que len obras de ficción terán soños sobre cousas imposíbeis e estrañas mentres que os lectores de novelas románticas experimentarán soños de gran carga emotiva. No exame dos nenos, o estudio destaca que as narracións de intriga ou terror lles producen tres veces máis pesadelos do normal. Complétase esta información aludindo ao peso do subconsciente nas obras literarias dos escritores, mencionando a este respecto a Borges, quen repasaba cada mañá os seus soños da noite anterior, e tamén a Xavier Queipo, que considera que a lectura pode influír no comportamento e que os soños son una manifestación deste, ademais de sinalar que bota man dos soños para as súas obras. Finalmente, recóllese a opinión do

doutor Fernando Masa, xefe da área de trastorno do sono da Sociedade Española de Neumoloxía, que considera que os libros non teñen maior impacto nos soños que calquera outra actividade desenvolvida ao longo do día. Cualifica o estudio inglés de “poco valor científico” ao estar baseado en respostas a unha enquisa.




Freire, Pilar e Pablo R. **Gavín**, “O son das palabras”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, 11 marzo 2002, p. 8.

Coméntase a importancia da literatura oral e das lendas na historia e cultura dun pobo. Dise que autores galegos coma Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Pondal trataron na súa obra a riqueza da transmisión oral que existe na nosa literatura. Por último, sinálase que este tipo de literatura oral está presente hoxe na figura dos contacontos.

Gallego, Luz, “Osos de cuento o cuentos de osos”, *Diario de Pontevedra*, “Letras Infantiles”, 17 marzo 2002, p. 8.

Fai un percorrido pola literatura infantil tomando como referencia aqueles contos nos que os

personaxes principais son os osos. Destaca varios osos que no seu momento marcaron unha historia e que hoxe en día se consideran clásicos dentro da literatura para os máis novos. Atopamos entre eles a Baloo, Winnie the Poo, o osiño Paddington, o tandem osotigre de Janosh, etc.




Gallego, Luz, “Día internacional del libro infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Letras infantiles”, 31 marzo 2002, p. 8.

Resalta o artigo “B.I.B.L.I.O.T.E.R.A.P.I.A” que Luz Gallego nos presenta e comenta nun ton humorístico. Di que este termo de Biblioterapia foi acuñado en Europa a finais da II Guerra Mundial por un grupo de psicólogos que tentaban “curar a xente a través dos libros”.

Gallego, Luz, “17 de maio, Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Letras infantiles”, 12 maio 2002, p. 8.

Luz Gallego da librería Seijas destaca a importancia da celebración do Día das Letras ao se tratar dunha homenaxe á nosa lingua, máximo expoñente da nosa cultura, dedicada nesta

edición a frei Martín Sarmiento, un adiantado que defendeu no século XVIII o ensino en galego. A seguir compara o acontecer histórico da nosa lingua co conto da *Bela Durminte*, de Charles Perrault, xa que viviu un longo soño nos chamados séculos escuros e nese tempo medrou a influencia do castelán, como "as silveiras que medraban arredor do castelo da nosa bela durminte e que o príncipe tivo que vencer", coa que loitaron con vontade firme homes como Castelao, Risco ou Otero Pedrayo. A respecto do século XX compara o acontecer da lingua coa situación que presenta Ana Mª Matute en *El verdadero final de la Bella Durmiente* "acerca do desterro dunha princesa cativa nunha terra allea, como lle pasou aos nosos escritores ilustres en terras sudamericanas". Para concluír enumera algúns feitos que dan conta do próspero panorama actual da literatura infantil e xuvenil: a traducción de grandes obras (*O principiño*); obras de grande éxito como *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas, *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de Carlos Casares, *Anagnórise*, de Mª Victoria Moreno, entre outras; editoriais especializadas neste eido ou o recoñecemento mundial acadado por Kalandraka.




Gallego, Luz, “Se te atreves... Tiramillas”, *Diario de Pontevedra*, “Letras infantiles”, 7 abril 2002, p. 8.





Dá a benvida á colección “Tiramillas” de Kalandraka, unha empresa da que destaca a calidade das súas publicacións e o recoñecemento internacional que está a obter. A seguir detense nos dous títulos que inauguran a colección. A propósito de *A viaxe de Cora*, comenta que se trata dunha novela realista e máxica que combina a filosofía e a denuncia e, sobre todo, as preguntas dunha nena ante o seu despertar ao mundo. Resume o argumento e aclara que é a primeira novela da autora, Meike Hinrichs, unha escritora de orixe alemana que estudiou Medicina e Veterinaria e que se dedica a escribir poemas e contos. De *Gracias a Winn-Dixie*, ademais de resumir o argumento, destaca que se trata dun canto á amizade, aos animais e aos Estados Unidos, ademais de ser un himno colectivo á solidariedade, ao respecto pola diferencia e á busca da beleza interior, que obtivo un grande éxito de vendas no seu país.

García, Rodri, “Un libreiro organiza unha firma de exemplares da Biblioteca 120”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 marzo 2002, p. 27.

Destácase a actividade organizada por un libreiro da Coruña consistente na firma de libros da colección Biblioteca 120 por parte de Xabier P. Docampo, quen vive xusto enfronte da antedita librería. A actividade tivo un éxito moito maior do que agardaba o libreiro, quen declarou que se trataba "de cambiar, de sorprender ó cliente con algunha cousa".

García, Rodri, "Libros galegos en inglés entran no mercado de EEUU e de Inglaterra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2002, p. 49.

Acolle as declaracións de Eva Mejuto, responsábel de Kalandraka, en relación á traducción ao inglés de tres títulos da editora que xa se publicaran en galego, castelán, catalán e éuscaro. Di Eva que se decidiron a isto debido á boa acollida no mercado americano das obras que publican en castelán. Informan que xa contan con distribuidora en todos os países hispanofalantes. Logo coméntanse os tres títulos traducidos, *O coelliño branco* (premioNacional de Ilustración, 1999), adaptado por Xosé Ballesteros e ilustrado por Óscar Villán; *¿Onde perdeu lúa a risa?*, de Miriam Sánchez e Federico Fernández (premio Nacional de Ilustración 2001) e *Once damas divertidas*, de Xose Manuel González Barreiro "Oli" e Helle Thomassen. Define as obras como de iniciación á lectura e polo tanto libros de pouco texto

que usan fórmulas de repetición e eloxia as traduccións que foron realizadas por Susana López Rubio que di “consegue manter os recursos e a sonoridade dos textos orixinais en galego”.




García, Rodri, “A literatura infantil ocupa gran parte das novidades literarias de outono”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 outubro 2002, p. 47.

Dáse conta das novidades de outono salientando *Noites de voraces sombras*, de Agustín Fernández paz que cualifica como novela para adultos, tamén a colección “Eu aprendo”, de Sotelo Blanco, catro volumes dedicados á cidade, á granxa, á casa e ao tempo libre. Destaca tamén que a literatura de todos os xéneros dirixida aos máis novos é a que máis novidades presenta, e que moitos dos títulos proveñen de obras galardoadas ou presentadas aos concursos literarios.

Gaspar, Silvia, “O regreso do conto”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la escuela*”, “O que le, é un león”, 25 febreiro 2002, p. 6.

Sinala que nos últimos anos se están a publicar cada vez máis contos e relatos. Salienta que no mundo infantil e xuvenil podemos atopar volumes dun só autor, como é o caso de *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz, ou coleccións de varios autores.

Gaspar, Silvia, "Historias do pasado para tódolos momentos", *La Voz de Galicia, "La voz de la escuela*", "O que le, é un león", 6 maio 2002, p. 6.

Comeza aludindo á recente recuperación da novela histórica e aínda que sinala a pouca presencia doutros momentos históricos na literatura infantil, xa que os contos clásicos adoitan caracterizarse pola falta de localización temporal, recoñece o seu tratamento nas obras para rapaces de máis idade, citando, entre os títulos recentes, *A merla de trapo* (2001), de Antón Cortizas e varias das *Historias para calquera lugar* (2001), centradas na guerra civil. Para o lectorado a partir dos trece anos, ademais de clásicos como *Memorias dun neno labrego* (1961)*, As aventuras de Alberte Quiñoi* (1972) ou *A nosa cinza* (1972), nomea *Tristes armas* (1994), de Marina Mayoral; *A escura luz do Tíber* (2000), de Lola González ou *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre e títulos do cómic como
o clásico *Astérix* ou o máis recente *Cita na Habana* (1999), de Fran Jaraba. Conclúe

mencionando outros títulos pertencentes á “literatura xeral” que frecuenta o estudiantado de bacharelato e que miran ao pasado cunha visión integradora e universalista. Entre eles menciona a recreación do medievo galego de *Por tras dos meus ollos* (1999), de Nacho Taibo, e *Magog* (1997), de Lola Gándara, aos que suma outras dúas novelas nas que a aventura decimonónica ao estilo de Stevenson se funde con intrigas universalistas: *O paso do noroeste* (1996), de Xavier Queipo, que recrea os tempos da revolución francesa e baralla temas actuais, e a novela de iniciación *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda.




Gaspar, Silvia, “De pandas e institutos”, *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”,* “O que le, é un león”, 13 maio 2002, p. 6.

Sinala o gran desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil galega dende os últimos quince anos non só en número de libros senón tamén na resposta ás demandas do público. Céntrase nas narracións de bandas e comenta que ata os anos oitenta eran moi celebradas, aínda que en galego non foi unha modalidade demasiado transitada, agás títulos como *O misterio das badaladas* (1989), de Xabier Docampo, *Os mornias* (1993) e *Conxurados* (1995), de Lola González, entre outros. Salienta que cada vez abundan máis as historias

centradas nun protagonista, con ou sen banda de amigos, con algún problema de seu que ou ben se supera como en *Amigos en tempo real* (2000), de Ramiro J. Álvarez, na que dous rapaces solitarios loitan pola súa integración nun grupo, ou ben non existe saída positiva como en *En voz baixa* (1998), de Antonio García Teijeiro, na que a incomunicación non parece ter remedio. Salienta que a superación dos conflictos persoais coa axuda da banda é unha temática habitual nas chamadas novelas de instituto e cita a este respecto *As cousas claras* (2000), de Neira Cruz e *A banda sen futuro* (1999), de Marilar Aleixandre.




Gaspar, Silvia, “A maxia da voz”, *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”,* “O que le, é un león”, 20 maio 2002, p. 6.

Remóntase ás orixes da literatura que sitúa na mesma orixe da humanidade e nos relatos transmitidos oralmente a través da maxia da voz humana, que é a que dá seguridade e acougo aos nenos “fronte ás sombras da noite”. Recoñece esta mesma maxia no teatro e sinala que nesta manifestación artística o verdadeiramente importante é a identificación que se consegue a través da linguaxe oral e xestual. Comenta que a pesar da crise actual do teatro, sobre todo do infantil, os rapaces adoitan manter contactos co teatro, “sexa cos

bonecos, cos amigos ou consigo mesmo” e por iso teñen importancia na idade infantil os exercicios de improvisación escénica, os espectáculos de monicreques, os disfraces e o uso de máscaras. Conclúe sinalando que cómpre valorar a aparición dos volumes de textos teatrais para nenos (catro ao longo de 2001), así como o boom dos contacontos, un fenómeno baseado nos recursos da oralidade, que deriva da representación teatral e enlaza coa tradición galega da narración de sucedidos.




Gaspar, Silvia, “Taller de poesía”, *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”,* “O que le, é un león”, 27 maio 2002, p. 6.

Comeza definindo a poesía como a literatura en estado puro e como área básica para o estudio da expresión e recoñece como un dos seus principais valores a presencia do ritmo, que atrae a atención dos cativos e axuda a formar un pensamento e unha expresión organizados. Entre os autores especializados nos ritmos infantís nomea a Gloria Sánchez e Xoán Babarro, que adoitan elaborar historias rimadas que crecen e decrecen do un ao dez e recorren aos xogos repetitivos. Para o lectorado con autonomía lectora e certa madureza para a comprensión de argumentos e sensacións sinala que son axeitados os poemas

narrativos simples, como *Historias e algún percance, todas ditas en romance* (1996), de Antón Cortizas, textos intimistas coma os de Antonio García Teijeiro ou pezas simples dos clásicos. En relación co coñecemento do medio recomenda *Os soños na gaiola* (1972), de Manuel María e para materias transversais *Cantarolas* (1975), de Neira Vilas e Anisia Miranda. Para o lectorado de maior nivel de maduración emocional recomenda a poesía non suxeita a metro e rima como *Cidades* (1997), de Fran Alonso e para estudiantes da ESO textos máis complexos tanto para a interpretación coma para a creación, xa que é o momento de invitar á expresión dos sentimentos por medio do xogo da imitación e o traballo con estructuras métricas e figuras estilísticas.




Gaspar, Silvia, “Criterios de avaliación”, *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”,* “O que le, é un león”, 17 xuño 2002, p. 6.

Silvia Gaspar ofrece unha serie de recomendacións dirixidas ao estudiantado para valorar as aprendizaxes adquiridas ao longo do curso escolar conxuntamente co profesorado. Propón debater os criterios de avaliación empezando pola Literatura que “non é un territorio sagrado reservado ós escollidos que son quen de memorizar listas interminables de figuras

estilísticas", senón "unha parte da vida, artística, fermosa, apaixonante e complexa, pero só unha parte da vida", que tamén está composta da creatividade que fai posíbel o gusto pola arte e a arte mesma. Sinala que no debate entre alumnos e profesores poderán tirarse conclusións como en qué medida serviron as ensinanzas, as que resultaron máis atractivas e divertidas ou as de maior utilidade. Conclúe comentando que os profesores son maiormente persoas interesadas en axudar aos seus alumnos aínda que sempre hai algún caso grotesco como o "dunha profesora de Lengua que se vingaba dos seus alumnos de ESO (...) someténdoos a un nivel inalcanzable. Se algunha vez vos toca un caso así, aturade con paciencia a falta de profesionalidade e buscade consolo na biblioteca: tamén o gran Cervantes empezou ríndose da xente demasiado seria".




Gaspar, Silvia, “Unha nova etapa” *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”,* “O que le, é un león”, 7 outubro 2002, p. 6.

Reflexiona sobre o que comporta a vida do estudiante ao longo do curso e para este comezo recomenda botar man de narracións ambientadas na escola e no instituto, como por exemplo *Max e Lili* para os menores e *O pazo baleiro*, de Xavier P. Docampo para os de

instituto. Considera que estas narracións e outras achegan “a evolución persoal dos rapaces protagonistas e a invitación a desenvolveren un papel activo e responsábel, é dicir, crítico e positivo”.




Gaspar, Silvia, “Planificación das lecturas” *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”,* “O que le, é un león”, 14 outubro 2002, p. 6.

Considera a ensinanza secundaria como a etapa perfecta para abordar de forma planificada a lectura como alternativa ao ocio. Opina que nas primeiras semanas do curso co alumnado de ESO, unhas semanas que se dedican a dar unha información básica dos xéneros literarios é o momento para organizar un calendario de lecturas, pois a temática permite ir definindo o criterio dos rapaces fronte aos temas preferidos: “aventuras, policial, ciencia ficción, histórico, costumista, sentimental... así como o enfoque discursivo (realismo, fantasía, intimismo, etc.)”. Dá unhas mostras que poden ser de interese segundo os gustos.

Gaspar, Silvia, “A imaxe que fala” *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”,* “O que le, é un león”, 21 outubro 2002, p. 6.

Para rematar salientando a recuperación de *Golfiño* por *La Voz de Galicia* para os lectores, comeza falando das raíces dos cómics, dos seus valores educativos, dalgúns dos xa publicados en Galicia e da importancia que foron collendo nos últimos anos como textos que nos axudan a "enfocar desde unha perspectiva reflexiva algunhas destrezas como a propia lingua e a expresión plástica, ademais de seren un vehículo excelente para aproximárense os lectores a materias que resultan alleas, como a historia ou as ciencias" ademais dos cómics como pura diversión.

Gaspar, Silvia, "A maldición histórica", *La Voz de Galicia, "La voz de la escuela"*, "O que le, é un león", 4 novembro 2002, p. 6.

Dá conta de que o alumnado de secundaria se declara mal disposto á narración de tema histórico aínda que os adultos consideran que a ficción histórica enriquece a aprendizaxe xeral. Parece que o alumnado quere obras con ritmo acelerado, pouca descrición, diálogo funcional e narración ben secuenciada. Salienta entre as galegas *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre; e *A escura luz do Tíber*, de Lola Gándara. Tamén recomenda *Tristes*

armas, de Marina Mayoral; *Morning Star*, de Xosé Miranda; e *O paso do noroeste*, de Xavier Queipo. Recomenda evitar a selección para o alumnado de obras non moi coñecidas.




Gaspar, Silvia, “Arredor somos distintos. Libros para comprender a diversidade”, *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”*, “O que le, é un león”, 11 novembro 2002, p. 6.

Recorda que nas próximas semanas nas que se celebrarán o día do neno, o da SIDA e o das persoas discapacitadas, o libro pode axudar a reflexionar sobre o dereito á diversidade, do tipo que sexa. Cita obras galegas e traducidas nas que poder apoiarnos, así *O patiño feo* (Kalandraka), *¿Por qué a María Xosé lle chaman Xosé Mari?*, e *Eu fágoo sentado e ¿que?* (Galaxia). Para o lectorado con certa autonomía *Max e Lili* (Galaxia), *A formiga coxa* (Xerais) e *A casa de vidro do señor Clin* (Barco de vapor). Sinala que os ciclos medios contan con *Espinacas sobre rodas* (Galaxia), *A serea do deserto, Laia, a nena da illa* ou *Miroslav*, orientados a abrir as miras do país de acollida.

González, Eva, “Escolares de 17 colegios plasman en sus poemas el desastre del “Prestige”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 7 de decembro 2002, p. 12.

Informa que foron dezasete colexios os que participaron no VIIIº Certame Poesía na Escola que organiza a Asociación de Amigos da Poesía do Baixo Miño en colaboración co Concello de Tui. Di que os nenos tiñan entre nove e dezaseis anos e que enviaron poemas sobre as consecuencias do vertido do "Prestige". Tamén dá conta dun volume que se presentará o día 21 de decembro no que se recollen todos os traballos que concorreron nas edicións dos anos 1997, 1999, 2000 e 2001.

González, Mónica, "Edicións Fervenza 'destapa' a obra do cuntiense Francisco González Graña", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 xaneiro 2002, p. 39.

Faise eco da presentación de *O diario de Daniel* (2001), de Fernando González Graña, volume que inaugura a colección "Orballo" da Editorial Fervenza. Alude á súa afección pola escrita dende que era un neno, á influencia do mestre Francisco Rodríguez, á súa disposición a repartir os seus escritos entre os amigos ou ao seu labor na asociación cultural O Meigallo, dende a que se recuperou a figura de Roberto Blanco Torres. Sinala a colaboración existente entre Xosé Luna, director da editorial, e o autor, a decisión de que na

obra apareceran os debuxos de Paco Lareo e anuncia a presentación na Casa de Cultura de Cuntis da obra, que conta cunha tiraxe de cincocentos exemplares.




Jaureguizar, “Unha taberna fantástica”, *El Progreso*, “Cultura”, 23 marzo 2002, p. 93.

Destaca a nova entrega do rabadense Xabier P. Docampo, *Un conto de tres noites* (2001). Di que se trata dunha obra contada polo cliente dunha taberna e que está ambientada na costa e tamén nunha illa que se move.

Jaureguizar, “O escritor Paco Martín representa a Galicia no Día do libro infantil”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 26 novembro 2002, p. 90.

Dáse noticia de que Paco Martín e Ánxeles Ma Idonado foron seleccionados no sorteo celebrado o día do libro infantil e xuvenil para se encargar de versionar *O patiño feo* ao galego, versión que se anuncia será publicada o próximo ano xunto coas versións doutros creadores de texto e ilustración dos ámbitos lingüísticos do Estado. Recóllense palabras de

Paco Martín sobre o contido da súa versión, tamén se fala da obra *Medio buraco* que acaba de ver o lume na Editorial Tambre




Jaureguizar, “As ‘Xornadas de Cómic e Libro Xuvenil’ amosan seis mil obras”, *El Progreso,* “Cultura y comunicación”, 14 decembro 2002, p. 91.

Refírese ás primeiras Xornadas do Cómic e do Libro Xuvenil convocadas pola Consellería de Familia coa colaboración da Agrupación de Libreiros de Lugo. Nelas dise que participaron cinco librerías que fixeron unha exposición de seis mil volumes. Dáse noticia do acto de inauguración, da satisfacción dos organizadores e das actividades que se realizarán na semana que durará e na que participarán contacontos e se realizarán talleres e sorteos, así como o acto de entrega do Premio Galego de Narrativa Xuvenil.

Jaureguizar, “O museo animará á lectura entre os rapaces cun volume de relatos”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 27 decembro 2002, p. 73.

Fai referencia ao proxecto do Museo Provincial de Lugo de elaborar un volume con relatos

inspirados neste lugar. Apunta que os encargados de escribir os contos han de ser Xavier P. Docampo, Xosé Miranda, Paco Martín e Agustín Fernández Paz. Asemade recolle as palabras do coordinador, Carlos Reigosa, sobre a iniciativa e subliña que *Contos do Museo* pretende que os “rapaces de secundaria da provincia aprendan a gozar das artes achegándose a elas a través da literatura”.




L. P., “Libros para los más pequeños de la casa”, *La Opinión*, 22 de outubro 2002, p. 10.

Conversa con Anabel Cardiel, bibliotecaria da biblioteca municipal de Durán Lóriga, na Coruña, quen conta as actividades da biblioteca á que non só acoden nenos e nenas, senón que tamén a mocidade e os pais para elixir lectura para os fillos. Salienta entre as actividades os contacontos, mesmo o Fuco Ratapón, o rato mascota da Biblioteca, e tamén que agora convive o libro, que segue a ser o máis solicitado, co CD-Rom, o DVD e o vídeo. Conta cómo chegou a ser bibliotecaria.

L. R., “Los niños se lo pasan en grande”, *La Región*, “Concello de Ourense. Actualidad”, 18 maio 2002, p. 12.

Dá conta das iniciativas emprendidas pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense dentro da Campaña de animación á lectura, entre elas: a exposición "A hora máxica", baseada no conto de Carina Baltar Salgado gañador do III certame de contos e narración curta convocado polo concello con motivo do Día das Letras Galegas de 1999; contacontos nas aulas; visitas ás bibliotecas municipais; un encontro con Marilar Aleixandre; a exposición "Un futuro de letras", cunha aula informática onde os asistentes poden manipular e recrear contos coñecidos e inventar novas historias como por exemplo "O conto viaxeiro", realizado coa axuda da informática dende case todos os centros do concello.

L. R., "Trabajar para fomentar la lectura", *La Opinión*, "A Coruña", A pie de calle", 27 maio 2002, p. 6.

Refírese á idea posta en marcha por Jesús Vázquez, profesor de Primaria do colexio Peñarredonda, para conseguir que o seu alumnado se afeccione á lectura e que consiste nun xogo chamado Eurolibrómetro no que os pequenos conseguen euros de mentira por cada libro que len.

López, Belén, “O conto de Kalandraka ‘O traxe novo do rei’ é editado en coreano por Hansol”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 27 xaneiro 2002, p. 60.

Anúnciase a traducción ao coreano e ao inglés do conto *O traxe novo do rei*, adaptado por Xosé Ballesteros e publicado por Kalandraka. Destácase o interese que teñen espertado os álbums desta editorial galega nas feiras internacionais como a de Boloña. Adiántase tamén que en breve sairán ao mercado no país asiático as adaptacións do conto popular portugués *O coelliño branco* e *A cebra Camila*, ambos ilustrados por Óscar Villán. Achégase o argumento de *O traxe novo do rei* e lémbrase que fora publicado en galego no ano 2000 na colección “Os contos do trasno Comodín”, así como na dos “Minilibros para soñar”. Remátase cun repaso pola traxectoria desta empresa editorial que ten publicados xa máis de setenta títulos en galego, recóllese a satisfacción dos seus directivos polo interese que espertan as súas publicacións en moitos países do mundo e o amplo mercado de distribución que teñen.

López, Belen, “Un conto con debuxos de cemento”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 3

marzo 2002, p. 70.




Di que Kiko Dasilva presentou “Moncho e Mancha” de Kalandraka na sala de mostras de A Factoría do Sur. Estas sesións de contacontos son organizadas co motivo da celebración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil.

López, Belen, “Un premio mundial para Kalandraka”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 9 marzo 2002, p. 69.

Sinala que a obra *Máquinas* da Editorial Kalandraka recibiu a Medalla de Bronce no concurso de “Libros Mellor Editados” a nivel internacional. Este premio foi fallado en Leipzig, Alemaña. Puntualiza que a obra que recibiu o antedito premio está escrita e ilustrada por Chloé Poizat e forma parte da colección “Demademora”.

López, Belen, “Kalandraka celebra os seus catro anos de vida lanzando a colección Tiramillas”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 31 marzo 2002, p. 63.

Informa sobre a saída ao mercado dunha nova colección da editorial Kalandraka, “Tiramillas”, que coincide co seu cuarto aniversario e que supón un paso máis ao se dirixir a lectores maiores de doce anos. Menciona os dous primeiros títulos desta colección: *A viaxe de Cora*, de Meike Hinrichs con ilustracións de Wiebke Oeser, e *Gracias a Winn*, de Kate di Camillo con ilustracións de Felix Eckardt, obras que contaron cun grande éxito en Alemaña e Norteamérica, respectivamente. Informa tamén de que Kalandraka naceu en 1998 e que leva editados un total de cento oitenta títulos nas catro linguas oficiais do estado, ademais da próxima inauguración dunha delegación en Madrid que se presentará no Círculo de Bellas Artes da capital cunha sesión de contacontos e a presentación dos seus novos títulos en castelán, *La ratita presumida* e *Los oficios de Juan*, feitos que coinciden coa entrega do galardón Libros Mellor Editados 2001 do Ministerio de Cultura por *Máquinas*, unha obra coa que tamén acadaron a Medalla de Bronce do Certame Internacional “Best designed books in all over the wordl” na Feira do Libro de Leipzig en Alemaña. Salienta que neste certame a de Kalandraka foi a única obra do estado que recibiu un premio.

López, Belen, “Contos para saber entende-la vida”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 2 abril 2002, p. 61.

Redacta as diversas actividades que o Concello de Pontevedra organiza ao redor do Día do Libro Infantil e Xuvenil. Entre elas, o grupo Pavís Pavós, entretén aos cativos co obradoiro “A hora do conto”. Unha das compoñentes do grupo defende o papel do contacontos e manifesta que os nenos son “incapaces de atender 30 segundos seguidos”.

López, Belén, “Bandas pontevedresas na Coruña”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, 2 agosto 2002, p. 59.

Páxina na que en pequenos apartados titulados se comentan os proxectos que a Editorial Polaqia presentou na quinta edición do Salón do Cómic da Coruña, “Viñetas desde o Atlántico”. Fálase dos seus autores Alejandro Viñuela, Jano (A Coruña, 1979) e Alberto Vázquez (A Coruña, 1980), dous estudiantes de Belas Artes de Pontevedra e das súas obras *Patricia*, unha historia intimista de dezaseis páxinas na que se narra a historia de amor entre unha pomba e un mozo, e *Alter Ego*, un traballo de sesenta e catro páxinas, respectivamente. Logo cítase e lóase o traballo de Polaqia, un proxecto editorial que saíu deste salón, que se nutre de autores da facultade pontevedresa apadriñados polo debuxante

Fernando Iglesias de Vilagarcía (coñecido polo pseudónimo de Orballo). Recóllense os comentarios de Kiko Dasilva que considera asegurado o futuro para a banda deseñada en Galicia e anúnciase a presentación do terceiro número da revista *BD Banda*. Noutra columna dáse noticia de cómo discorreu o acto de apertura do Salón do Cómic.




López, Carmela, “Almorzo con libros”, *Diario de Ferrol*, 9 xuño 2002, p. 64.

Breve resumo da sesión de contacontos realizada no Concello de Narón dentro da programación das Letras Galegas co obxectivo de espertar o interese polos libros.

M. A. S., “Unha lectora de só tres anos”, *Diario de Ferrol*, 18 outubro 2002, p. 64.

Con motivo da entrega do carné número cinco mil a unha nena de tres anos, á que se lle entregou tamén un lote de libros, coméntase o labor realizado polo bibliotecario Alexandre Caínzos, que se encarga de encher de contido e polo tanto de atraer un número moi importante de usuarios á biblioteca municipal de Pontedeume por medio de campañas lectoras, actividades cos colexios, etc.

M. C. N., “Cuentos escenificados para los niños de Redondela”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana. Redondela”, 12 maio 2002, p. 21.

Anúnciase a celebración dunha sesión de contacontos organizada pola editorial Ir Indo no colexio público de Redondela e cítanse os participantes: Rosario Miloro e Pipo Arribe, que relatarán *A estrela Volarina na torre coralina*, de An Alfaya, *El Rei Artur e a Abominable Dama*, de Cachirulo e Marilar Aleixandre e *Bicos de prata*, de Fina Casalderrey.

M. I., “Alumnos de Secundaria e Primaria recibiron charlas sobre literatura e arquitectura popular”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 5 febreiro 2002, p. 21.

Repasa algunhas das actividades que se desenvolven en diferentes centros de ensino da zona de Pontevedra, incluíndo entre estas actividades a dun recital de poesía no que se percorreu a historia da literatura galega. Sinala que o encargado de ler os textos foi o actor Xaime Marí, que recitou poemas de Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal ata Manuel María ou Fermín Bouza Brey. Tamén se dá conta da ampla participación deste actor en recitais por

distintos centros de ensino galegos dende 1993 así como os seus relatorios sobre a historia do galeguismo.




M. I., “Seis espectáculos de títeres buscarán o riso de escolares de toda a provincia”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Provincia”, 2 outubro 2002, p. 23.

Dá conta da presentación da campaña de monicreques “Títeres na escola”, que nesta edición levará trinta e oito espectáculos aos colexios da provincia de Pontevedra. Dá conta tamén do orzamento e recolle as declaracións de Manuel Abeledo, quen destaca o interese da institución pola actividade, así como a dos representantes das compañías participantes, que agradeceron o apoio da Deputación pontevedresa, salientaron o feito de chegar a lugares aos que doutro xeito nunca irían ou a importancia de dar a coñecer aos máis pequenos o mundo dos monicreques. En cadro á parte, destácase que na pasada edición foron arredor de dez mil espectadores os que participaron nesta campaña e recóllese os nomes das compañías participantes: Tanxarina, Viravolta, Títeres&Gualtrapas, Spaguetti, Artello Teatro e Miro Magariños, das que sinala que as tres últimas se incorporan nesta edición á campaña.

M. L., “Animación á lectura con Fina Casalderrey en Espedregada”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio”, 23 maio 2002, p. 17.

Dáse conta da visita de Fina Casalderrey ao colexio de Espedregada de Raxó e recóllense algúns datos sobre a importancia das actividades de animación á lectura en relación á aprendizaxe das linguas maternas. Así mesmo, infórmase da traxectoria da escritora nos eidos da didáctica e a escrita, salientando que se deu a coñecer en 1991 con *Mutacións xenéticas*, que logo acadou en 1992 o Premio Merlín e en 1995 o Nacional de Literatura Infantil e que ten realizado diversos traballos centrados no teatro e na literatura popular.

MR, “Las mujeres llenan la biblioteca virtual”, *La Opinión*, “Arteixo”, 14 febreiro 2002, p. 14

Logo de salientar o aumento de socios da biblioteca de Arteixo e o aumento principalmente de mulleres, resalta a organización nela de sesións de contacontos e lecturas dramatizadas de relatos nos que se transmite ao lectorado hábitos para coidar os libros e normas básicas de convivencia. Finaliza, informando que foron os grupos Alacrán Teatro e Melandrainas

ademais da ilustradora Marisa Irimia os encargados destas actividades de animación á lectura.




Máiz, Xosé María, “Adiviñanceiro popular galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 20 outubro 2002, p. 28.

Dáse a definición da adiviña, fálase do seu “contido semántico”, dos arquetipos que empregan e polo tanto transmiten, do valor pedagóxico, do contorno ecolóxico todo exemplificado. Remata avisando que son apuntamentos baseados nos traballos dos profesores Xosé Lois Garfer e Concha Fernández.

Manteiga, M., “La entidad Afonso Eanes de Negreira publica sus ‘Contos de xente nova”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 xaneiro 2002, p. 31.

Dá conta da presentación da obra *Contos de xente nova* (2001), froito do XX concurso de Contos infantís e V de Narrativa curta xuvenil convocado pola asociación Afonso Eanes de

Negreira. Describe o acto de presentación e faise eco das palabras dos directivos que participaron nel.

Manteiga, M., "La biblioteca de Touro anima a los 'peques' a la lectura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 maio 2002, p. 44.

Informa sobre a celebración na biblioteca de Touro dun programa de acercamento á lectura para pais e alumnos dentro do programa Preescolar na Casa, unha iniciativa que consiste en educar a nenos menores de seis anos como paso previo ao ensino obrigatorio a través de xogos didácticos e lectura de contos a cargo de Raquel Varela e Vicky Dopazo. Ademais, anúncianse as actividades previstas con motivo do Día das Letras Galegas, que consistirán en xogos, talleres de plástica, contacontos, a visita de Xan López Domínguez e unha nova edición do certame Lectorín.

Manteiga, M., "El escritor Daniel Buján 'recorre' con los alumnos de Negreira la gestación de un libro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 maio 2002, p. 42.

Dáse conta da presencia do escritor Daniel Buján en Negreira para impartir unha conferencia sobre o proceso de xestación dun libro dentro dunhas xornadas de achegamento á lectura promovidas polo concello e a biblioteca municipal. Resúmese o contido da súa charla, salientando que definiu a literatura como unha forma de desenvolvemento da personalidade e da experiencia da vida e insistiu na necesidade de achegar á sociedade á lectura. Así mesmo, referiuse a que a literatura non adoita dar para vivir, animou a todos aqueles que tivesen vocación e analizou os factores que interveñen na creación dun libro, dende o escritor, que ás veces se dá a coñecer a través dos concursos literarios; a creación das obras, que poden xurdir dunha anécdota ou dunha simple idea; e o contacto coas editoriais, que xulgan a difusión ou o interese dos libros antes de investir no seu lanzamento.

Mauleón, Amaia, “Fantasía entre líneas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 abril 2002, p. 29.

Resalta que entre os diferentes temas que aborda a literatura, os máis cativos prefiren a fantasía e o misterio. Entre os máis lidos e demandados polos nenos atópanse “Harry Potter”, “Kika Superbruja” e “Manolito Gafotas”. Aparecen tamén varias declaracións de

nenos onde manifestan o seu gusto ou disconformidade coa literatura fantástica. Finalmente sinala as diversas actividades que GÁLIX ten previstas para celebrar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.




Mauleón, Amaia, “Travesuras alemanas para niños gallegos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 xuño 2002, p. 44.

Nota sobre a sesión de lectura de contos realizada por dous traductores alemáns no Salón do Libro Galego de Vigo, Marta García, que se encargou da traducción de *Pedro Guedellas* e Luciano Fernández, responsábel da versión ao galego de *Max e Moritz*. Recóllense as palabras de Marta García que declara ter escollido este conto porque trata temas como o racismo e o maltrato de animais e porque favorece o diálogo entre pais e fillos. Pola súa parte Luciano Fernández declara ter traducido *Max e Moritz* porque xa fora versionado a cen linguas. Ambos coinciden en valorar a escasa participación de nenos nesta actividade como unha mostra de que poucos pais inculcan aos seus fillos o amor pola lectura.

Monge, Raquel, “Esas bolitas verdes son la magia”, *El Ideal Gallego*, 13 agosto 2002, p. 72.

Dáse noticia dun curso que se realizou na biblioteca municipal Durán Loriga para formar pequenos bruxos. Nel a bibliotecaria vestida de meiga repartiu libros sobre crenzas ancestrais. Reflíctese tamén a reacción dos nenos participantes.

Mosteiro, Marga, "Nadalxogo abre sus puertas con la novedad del salón del libro infantil", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 27 decembro 2002, p. L7.

Anuncia algunhas das actividades que se desenvolven arredor de Nadalxogo, onde ademais das atracción lúdicas tamén se celebra un salón do libro infantil e xuvenil, unha sesión diaria de contacontos e talleres de ilustración e creación.

Mozo Cajaraville, Alberto, "Fomenta-la lectura na idade infantil", *O Correo Galego*, "Lecer/Educación", 6 xaneiro 2002, p. 18.

Comeza salientando a importancia da lectura no proceso de maduración do neno, unha tarefa que debe realizarse tanto na escola coma na casa. Sinala que os contos, a poesía, o

teatro e outras actividades de dramatización potencian a fase expresiva e a creatividade dos nenos. A seguir, ofrece uns principios metodolóxicos cos que considera que se pode orientar ao lector interesado neste tema para fomentar a lectura na idade infantil, dende o tipo de material indicado, a adaptación deste á idade do neno, a importancia das repeticións, o tipo de relatos e temas así como a relación destes co seu contorno, etc. Ademais de aludir a outros factores que inciden na adquisición da lectura coma os biolóxicos, os intelectuais ou os ambientais, remata destacando a importancia da literatura infantil tanto dende o punto de vista comunicativo coma expresivo para a nenez.




P. S., “Cuentacuentos en Moraña para animar a los más pequeños a la lectura”, *Diario de Arousa*, “Valga, Cuntis, Moraña, Cangas”, 19 maio 2002, p. 21.

Breve nota que informa dos actos previstos na Casa de Cultura de Moraña dentro da campaña de animación á lectura promovida pola Xunta de Galicia: a visita do escritor José Manuel González, os contacontos Pavís-Pavós e o grupo teatral Seis dedos.





P. S., “Un encuentro literario acoge la reapertura de la biblioteca en el Auditorio de Caldas”, *Diario de Arousa*, “Caldas, Portas, Valga”, 1 xuño 2002, p. 28.

Infórmase da reapertura da Biblioteca Municipal de Caldas de Reis nas salas de exposicións do auditorio, polas obras de mellora que se levarán a cabo no verán, e da visita do escritor Cándido Casal para charlar con rapaces de 1º e 2º da ESO.

Perozo, Xosé A., “Escribir para nenos”, *Faro de Vigo*, *“A escola do Faro”*, nº 45, 9 abril 2002, p. 1.

Con motivo da celebración da festividade aínda “necesaria” do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, Xosé A. Perozo reflexiona neste artigo sobre as razóns que o levan a escribir para rapaces. Pensa que a literatura para os novos lectores non ten aínda a consideración cultural e social dos outros xéneros ou modalidades da literatura para adultos, ademais de ser transparente para críticos e pensadores agás ante casos “mediáticos” como *A historia interminable*, *Manolito Gafotas* ou o boom internacional de *Harry Potter*. Sinala que escribir para rapaces é unha tarefa moi satisfactoria no persoal, é “camiñar por un

territorio propicio para a sementeira” porque permite “pensar que podemos ter ese poder efectivo de influír no perfeccionamento da sociedade (...), que podemos procurar un futuro mellor se os individuos que se forman no berce das nosas propostas intelectuais, estéticas, ideolóxicas, relixiosas, etc. tiran delas as ensinanzas que toda obra literaria debe implicar, amais de entreter, divertir ou facer pensar”. Atribúe a estas características que a literatura para rapaces estea tan mediatizada polo ensino e quizais por isto cause o receo dos que a desprezan. Continúa aclarando que escribe para rapaces dende as mesmas formulacións que para adultos e que o seu obxectivo é crear boa literatura, provocar a curiosidade do lector e atrapalo a través do humor e da ironía, fundamentalmente. Ademais salienta que non pon límite ningún aos temas porque pensa que os rapaces son quen de entendelo todo se se lles conta axeitadamente, que foxe da literatura didáctica e que trata de dignificar esta literatura coa responsabilidade engadida “de dirixirme a posibles lectores en proceso de formación intelectual”. Conclúe afirmando que “ás veces, os nenos che son lectores moito máis vivos, espertos, maduros e intelixentes que moitos maiores” e “por atopalos paga a pensa escribir para eles”.




Pinacho, Antonio, “Trueque de letras”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, 24 abril 2002, p. 18.





Refírese á iniciativa levada a cabo no Instituto Ribeira de Louro para celebrar o Día do Libro que consistiu no intercambio de libros entre os alumnos co obxectivo de fomentar a lectura e a solidariedade. Indícase tamén que a actividade foi organizada polo seminario de Lingua e Literatura Española e desenvolvida polos alumnos de cuarto curso de Diversificación Curricular da ESO. Finalmente recóllense algunhas valoracións dos rapaces presentes salientando o éxito desta idea.

Pino, Concha, "Os escritores só asumen o uso das novas tecnoloxías como instrumento", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 setembro 2002, p. 46.

Comentario sobre a sesión do congreso que reuniu a especialista de España e Portugal que constataron que as posibilidades das novas tecnoloxías están por explotar. Salienta a intervención de Agustín Fernández Paz, un dos membros da mesa, que considera a influencia das novas tecnoloxías como instrumento informativo e de axuda pero aínda non se atreve a aventurar afirmacións sobre o papel delas na lectura. Considera o correo electrónico de grande utilidade para manter coloquios co alumnado. Reflicte a conclusión

final do congreso baseada na necesidade de traballar en profundidade nas relacións entre formas tradicionais e as emerxentes. Finaliza referíndose ao filme animado *O labirinto dos soños*, producido por Grándola Nova a partir da idea de Francisco Isorna, guión de Pepe Sendón e música de Fran Pérez.




Ponte, Elena, “Dibújame un cuento”, *El Ideal Gallego*, “Cambre/Arteixo”, 4 abril 2002, p. 26.

Fala das diversas actividades que son organizadas pola rede de Bibliotecas de Cambre co gallo da celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil. Para celebrar este día, a Concellería de Cultura organizou varias actividades con e para nenos, ao redor da mostra “Debúxame un conto”. Contando coa presencia do ilustrador Suso Cubeiro, os nenos aprenderon a valorar os debuxos así como diferentes trucos para sacarlle un mellor partido ás artes plásticas, mediante o uso libre da imaxinación.

Ponte, Pilar, “Literatura ‘Teen’: contra a *latinización* do público xuvenil”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 3, 23 maio 2002, p. I.

Comeza definindo a literatura xuvenil como un conxunto de obras destinadas á adolescencia, que se presentan en coleccións específicas e que son protagonizadas por adolescentes. Logo fala do gran desenvolvemento que tivo nos últimos anos que considera debido a ampliación do ensino obrigatorio e máis á decidida aposta das empresas editoriais que actúan atraídas pola importante cota de mercado que supón este público, dá como dato que a colección "Fora de xogo" de Xerais no ano 2001 vendeu cincuenta mil exemplares. Cita as varias coleccións xuvenís que están no mercado e obras que as conforman e remata salientando a necesidade de crear lectorado, pois a lectura completa o ciclo vital do ser humano.

Prol, Santiago, "Xoán Babarro, dinamizador do galego na escola", *La Región,* "Cultura", 26 decembro 2002, p. 59.

Con motivo do nomeamento de Xoán Babarro como membro correspondente da Real Academia Galega faise unha achega á súa biobibliografía, na que se salienta o seu labor cos libros escolares de texto, dende o manual *As nosas letras* (1971), pasando polo método de iniciación á lectura e escritura *Volvoretas* ata *O noso galego* aparecido nos anos oitenta.

Tamén se refire á súa formación académica, ao seu interese polas cuestións lingüísticas do asturiano ou ás súas colaboracións en revistas como *A Freita* ou *Britonia*. Repasa algúns dos galardóns que ten acadado e destaca o seu labor creativo, especialmente no eido teatral para nenos, no que acadou o Premio o Facho de Teatro en 1987 coa peza *Grande invento para saír do aburrimento*. En columna á parte, salienta a súa abondosa bibliografía, tanto individual coma en colaboración coa súa dona ou en publicacións colectivas. Alude á presencia da súa aldea natal nas súas obras e á premonición sobre a catástrofe do Prestige en *O dragón de Gondomil* (1989).

Rodríguez, Xosé Manuel, “Disfruta con los tebeos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Escenarios”, 28 setembro 2002, p. 3.

Dá noticia das actividades que van ter lugar do día 4 ao 6 de setembro en Ourense con motivo das Xornadas de Banda Deseñada: exposicións, ciclo de cinema e banda deseñada, entrega dos premios Ourense de BD 2002, presentacións, coloquios, mesas redondas,homenaxes a cómics xa clásicos, etc. É de salientar as exposicións dos gañadores do premio 2002 e da exposición colectiva. Sinala que nelas estiveron as planchas orixinais de *A*

retirada de Sir John Moore (2002), álbum de referencia creado por Pepe Carreiro, dos orixinais da revista *Golfiño* e da obra dos gañadores do 3º certame galego de Imaxe artística –Banda Deseñada, do ourensán David Rubín. Entre as presentacións salienta a de *Noia, porto de Compostela* (2002).




Romero, M., “Kalandraka inaugura ‘Tiramillas’, una colección para mayores de doce años”, *ABC*, “Cultura”, 31 marzo 2002, p. 40.

Informa sobre a saída ao mercado dunha nova colección da editorial Kalandraka, “Tiramillas”, coa que a empresa celebra o seu cuarto aniversario e que ten como obxectivo “mostrar las realidades de aquí y de allá y la pasión por la lectura”. Sinala que nesta colección se aposta por historias que fan pensar, destinadas a lectores a partir dos doce anos e que os dous primeiros títulos en ver a luz serán *A viaxe de Cora*, de Meike Hinrichs con ilustracións de Wiebke Oeser, e *Gracias a Winn*, de Kate di Camillo con ilustracións de Felix Eckardt, obras que contaron cun grande éxito en Alemaña e Norteamérica, respectivamente. Informa tamén que Kalandraka inaugurará unha delegación en Madrid e celebrará unha sesión de contacontos e a presentación dos seus novos títulos en castelán,

La ratita presumida e *Los oficios de Juan*, feitos que coinciden coa entrega do galardón Libros Mellor Editados 2001 do Ministerio de Cultura por *Máquinas*.




S. A., “Más de 400 escolares siguen los relatos del ciclo ‘A Hora do Conto”, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 7 febreiro 2002, p. 12.

Salientase o éxito acadado co programa de animación á lectura infantil “A Hora do Conto” organizado polo Concello de Culleredo e anuncia ónde se realizarán as vindeiras sesións e os relatos que A Ratiña Lupiña interpretará nelas.

S. A., “Xaquín Marín dibuja sonrisas de papel”, *La Opinión*, “Culleredo/Cambre”, 12 abril 2002, p. 13.

Notifica que o debuxante e humorista Xaquín Marín acudiu ao Edificio Municipal de Servicios Múltiples de O Burgo para participar xunto coa nenez en diversas actividades organizadas co gallo da celebración da Iª Semana do Cómic de Culleredo.

S. P., “Olimpo Arca presentará mañana en Cuntis su obra “Pelexa no Souto”, *Diario de Arousa*, “Moraña/Cuntis”, 21 febreiro 2002, p. 22.

Anúnciase a presentación do volume *Pelexa no souto* (2001), de Olimpo Arca, cítanse as escenificacións que ao longo dos anos realizaron colexios e grupos teatrais desta peza teatral escrita en 1974, e saliéntase o feito da súa publicación en formato libro para divulgar entre as escolas, gracias ao apoio económico da constructora Bamarti e da inquietude do profesor Xosé Luna.

S. P., “Segunda sesión de la Campaña “Merenda na Biblioteca” de Caldas”, *Diario de Arousa*, “Caldas”, 1 marzo 2002, p. 22.

Salienta que na Biblioteca Pública Municipal Padre M. Martínez Ferro de Caldas de Reis se están a celebrar un conxunto de actividades que integran a campaña “Merenda na Biblioteca”. Entre os actos vanse contar unha serie de clásicos infantís dirixidos a nenos de idades comprendidas entre os seis e os doce anos.

S. R., “Casa de muñecos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 275, 24 agosto 2002, p. 1.

Comeza referíndose a H. Ibsen, á súa obra *Casa de muñecas* para dicir que a pesar de que non atenden o teatro de monicreques si foi un importante dramaturgo. Debeu ser por iso polo que o Museo de marionetas que se inaugurou en Lalín en Novembro do ano pasado, da man do grupo Viralvolta dirixido por Anxo García, leva o nome da obra citada. Neste traballo fálase de que historicamente o mundo das marionetas estivo sempre moi relacionado co teatro itinerante, “aquel que tan magnificamente reflejó Fernando Fernán Gómez”, quen precisamente está no Museo. Logo faise un repaso polas pezas do museo, algunhas fixeron que Viravolta recuperase os monecos para a reconstrucción de obras, como foi o caso dos de Barriga Verde, o titiriteiro estremeño que foi perseguido polo franquismo, saliéntase un grupo de pezas procedentes de países estranxeiros e que a composición de colección permanente inclúa monecos construídos polo grupo Viravolta e Seisdedos para os seus espectáculos e os doutras compañías galegas. Remata referíndose ás visitas escolares que se fixeron ao museo nas que un guía fala das técnicas empregadas e explica o contido do Museo.

Santos, Ágatha de, “Los escolares juegan con los libros”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xuño 2002, p. 40.

Dáse conta da visita de alumnos de 2º e 3º de Primaria do colexio Vigo ao Salón do Libro Galego de Vigo e da charla que mantivo con eles o escritor e ilustrador Pepe Carreiro, na que lles desvelou curiosidades da banda dos Bolechas ademais de realizar para eles debuxos dos seus personaxes, de Harry Potter. Recóllense tamén as palabras de Carreiro quen asegurou que estes encontros son moi interesantes porque achegan aos nenos o mundo da literatura e que o texto e a imaxe son dúas formas distintas de comunicación.

Silva, Mayte, “Colorín en Galicia, colorado en Corea”, *La Opinión,* “Cultura”, 21 abril 2002, p. 67.

Refírese ao éxito acadado pola editorial Kalandraka que comezou unha colaboración con editoriais coreanas para publicar catro dos seus títulos, *O traxe novo do rei*, ilustrado por João Caetano, e *O coelliño branco*, ilustrado por Óscar Villán, ambos adaptados por Xosé Ballesteros; *A cebra Camila*, de Marisa Núñez e *Onde perdeu Lúa a risa*, de Miriam Sánchez

e Federico Fernández Alonso. Comenta as orixes desta editorial pontevedresa que naceu en Pontevedra en 1998 co fin de renovar o concepto de álbum ilustrado e apostar pola multiculturalidade e sinala que a publicación de *O coelliño branco* supuxo un punto de inflexión ao recibir o Premio Nacional de Ilustración. A partir deste recoñecemento, Kalandraka comezou a publicar regularmente en galego e en castelán e a apostar pola edición de contos clásicos en galego, catalán e éuscaro, unha iniciativa pioneira en Galicia. Coméntase tamén que este pulo na edición infantil en Galicia conflúe cunha etapa de recuperación do lectorado máis novo, en gran medida debida ao fenómeno Harry Potter, e tamén polos éxitos de vendas acadados por obras como *O principiño*, de Antoine de Saint-Exupery ou *Manolito Gafotas*, de Elvira Lindo. Finalmente destácase que estes éxitos de vendas comezan a notarse nas estratexias de varias editoriais. Así, a publicación en galego por parte de Galaxia de *Harry Potter e a pedra filosofal*; títulos de actualidade como *Nassima, á sombra dos talibán*, de Merçé Rivas ou de fantasía e humor como *Memorias de Viriato*, de Andrés Toxeiro e *Os ladróns de tixolas*, de X. A. Perozo, por parte da editorial Ir Indo. Indícase tamén que o nivel da edición infantil galega queda patente na publicación por parte da Xunta de Galicia dun catálogo en inglés, *Children's Books from Galicia,* e tamén na concesión da Medalla de Bronce no concurso internacional Libros mellor editados de todo o

mundo 2002 ao volume *Máquinas*, de Chloé Poizat, de Kalandraka, o único traballo presentado polo Ministerio de Cultura español ao certame.

Sola, Juan de, "Los escolares de Pontevedra exhibieron su talento artístico en el Teatro Principal", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Ciudad", 1 febreiro 2002, p. 12.

Fai referencia á presentación do libro *A cidade da chuvia e a cidade do sol* coa súa interpretación a cargo dun grupo de once mozos de diferentes centros escolares con idades comprendidas entre os cinco e os oito anos. Sinala a abundancia de debuxos e material gráfico na publicación ademais dun texto explicativo das imaxes. Recolle as verbas dun dos organizadores para explicar o porqué da incorporación dos debuxos e destaca a presencia no conto de aspectos como a fantasía, a creatividade e de actual repercusión sobre todo a nivel ambiental. Pon fin, coas verbas dos autores nas que se manifesta a capacidade dos nenos e nenas para entender os problemas e inquietudes da humanidade e a necesidade de educalos na arte para ensinarlles o que deben facer no futuro.

Suárez Abel, Miguel, "¿Debemos aparta-los nosos fillos de Harry Potter?, *El Correo Gallego*, "Fin de Semana", 27 setembro 2002, p. 1.

Parte de consideracións sobre Harold Bloom e de H. Blom sobre a literatura e o que non é literatura, como por exemplo as obras protagonizadas por Harry Potter. Miguel Suárez Abel non se atreve a ser tan tallante como Bloom e aínda que está de acordo na posición do "vello sabio e polémico" cre que se debe distinguir, agás excepcións, a literatura para a infancia da do adolescente; cre que é na adolescencia onde se crean os lectores e non está de acordo con Bloom en considerar só os que comezan con Shakespeare ou a poesía de W. Blake.

U. L., "O escritor Neira Cruz anima os escolares padroneses a ler a diario", *La Voz de Galicia*, "Sar", 8 xuño 2002, p. 13.

Dáse conta da visita do escritor Xosé Antonio Neira Cruz ao colexio de Padrón e do seu encontro cos escolares de 6º curso. Recóllense algunhas das recomendacións que lles fixo aos rapaces como a necesidade de ler para estar preparados e defenderse mellor no mundo

e as súas opinións sobre fenómenos como Harry Potter, que na súa opinión animou a ler a moitos nenos, ou feitos como que a literatura infantil non é só para nenos.




V. A., Ángel, “Momentos de diversión”, *El Progreso*, “De actualidad”, 19 setembro 2002, p. 80.

Entre outras actividades culturais desenvolvidas en diferentes vilas da provincia de Lugo, dá conta da sesión celebrada por Fátima Fernández Gómez na casa da cultura de Chantada cun grupo de nenos para a promoción entre eles da lectura.

Val, P., “Los héroes del cómic tomarán de nuevo las calles de la ciudad”, *La Opinión*, “Fiestas de María Pita”, 3 agosto 2002, p. XIV.

Faise referencia á quinta edición do Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”, que se inaugurou o 19 de agosto. Trátase dunha mostra que, nesta ocasión, se centrará na historia da viñeta española dende os setenta. Nesta edición, a mostra terá lugar en distintas salas municipais. Así, as dependencias do Kiosco Alfonso acollerán a parte de

creación; a sala de exposicións do Palacio Municipal de María Pita gardará varias obras con carácter hemerotérico, exemplares de autores españois dos últimos trinta anos e unha exposición conmemorativa das vodas de prata da revista *El Jueves*; na biblioteca González Garcés estará a exposición “Los inventos del tebeo” e no Fórum Metropolitano do parque Europa haberá un espacio dedicado á investigación. A seguir, cítanse algúns dos ilustradores invitados, entre os que destacan Jan, Jordi Benet, Albert Monteis, Pascual Ferry, Jaime Martín, José Luís Martín ou Alfonso Font. Para rematar, faise referencia a algúns dos actos que terán lugar durante esta quinta edición do Salón Internacional do Cómic.




Val, Pilar, “La lectura puede resultar un hábito muy divertido”, *La Opinión*, “A Coruña/“A pie de calle”, 19 xaneiro 2002, p. 10.

Alude aos programas del Servicio Municipal de Lectura Pública “Meriendas con cuentos” e “Encontros@.son” coordinados polo equipo dirixido por Elena Pernas. Explica, coas verbas da coordinadora, os contidos e obxectivos a lograr en cada un así como, os destinatarios aos que se dirixen. Recolle as palabras da coordinadora Elena Pernas nas que pensa que

este tipo de ideas e proxectos non nacen por que se lea menos senón máis ben polo interese de inculcar hábitos lectores.




Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 24 febreiro 2002, p. 75.

Nesta sección sinala Marcos Valcárcel que comezou facéndose acompañar polos debuxos de Vicente Risco, logo de Chagall, de Isaac Díaz Pardo ou de Maruja Mallo, e que agora serán os de Pablo Otero Peixe, de quen ofrece algúns datos. Sinala que estes debuxos foran incluídos en *303 adiviñas* (1994), de Gloria Sánchez, que este autor ten obras que lle lembran a Valcárcel as fantasías de Urbano Lugrís e que é ampla a súa experiencia como ilustrador de libros, tanto xuvenís coma para adultos, ademais de ser autor do conto “Lolo”.

Valcárcel, Marcos, “Santos e defuntos”, *La Región*, “Sociedad”, 3 abril 2002, p. 61.

Fala da prolífica obra do lalinense Gonzalo Navaza, quen acaba de presentar unha nova obra, *Santos e defunto* (2001), publicada por Edicións Xerais. Sinala que se trata dunha obra narrativa que parodia os programas televisivos que unen a aqueles familiares

separados pola emigración.




Válcárcel, Marcos, “Libros mozos”, *La Región*, “Sociedad”, 31 decembro 2002, p. 59.

Repaso por algunhas das novidades do ano 2002 que nas datas de Nadal recomenda como agasallo, comezando polas traduccións: *Harry Potter e a Cámara dos segredos*, de J. K. Rowling; *O regreso do rei*, de Tolkien; *Polos mares do Sur*, de Jack London; *Contos completos*, de Charles Perrault; *Unha alma nobre*, de Fred Uhlman; e *Melusina*, de Andrea Hensgen; do mesmo xeito que nas de creación en galego recomenda: *Pel de lobo*, de Xosé Miranda; *Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz; *A casa da luz*, de Xabier Docampo; *Camiño perigoso*, de Ánxela Loureiro; e *Estanislao, príncipe de Sofrovia*, de Manuel Lourenzo.

Vázquez, Miguel, “Contadores de contos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 febreiro 2002, p. 30.

Comeza citando a Paul Hazard e a súa consideración sobre a literatura infantil e sobre os que escribiron para a infancia. Cita a autores como Perrault, Collodi, Andersen...sen querer referirse aos máis recentes como exemplo de excelencia. Salienta os pasos dados polos escritores galegos que se dedicaron a escribir para este lectorado sen apoios mediáticos pero conseguindo recoñecementos, a pesar de que saben que non terán nunca o recoñecemento como se escribisen para adultos. Fai unha chamada aos pais para que non desprecen esta literatura pois "nela habita aínda a esencia da literatura, a arte marabillosa de contar un conto".

Vázquez Freire, Miguel, "Banda deseñada: a oitava arte", *La Voz de Galicia, "La voz de la escuela"*, 4 novembro 2002, pp. 4-5.

Breve percorrido pola historia da banda deseñada dende o seu nacemento o 16 de febreiro de 1896 no xornal estadounidense *New York World* da man de Richard F. Outcault. Sinala que neste nacemento conflúen varios elementos que caracterizan no futuro esta nova forma de expresión, dende o lugar que ocupan as notas ata os intereses empresariais que tiveron que asumir os creadores, e que considera que condicionaron o carácter de arte menor que

marcou o xénero. Sinala que os primeiros cómics en formato libro naceron en 1929, primeiro como agasallos e logo xa con carácter comercial. En apartado diferente refírese á súa valoración, que estima de carácter europeo tanto dende o punto de vista estético coma cultural, feito que é relativamente recente. En columna diferente tamén se recollen catro preguntas ao debuxante Fran Bueno nas que responde a cuestións como a formación dun debuxante, o estado actual do xénero en Galicia, marcada polas revistas *Golfiño* e *BD Banda* ou a falta de difusión e recoñecemento destes soportes, para rematar referíndose ao estado do xénero en Francia, país no que ten maior difusión.




Vázquez Freire, Miguel, “Mulleres”, *La Voz de Galicia, “La voz de la escuela”*, “As recomendacións do Golfiño”, 11 novembro 2002, p. 6.

Nesta sección “As recomendacións de Golfiño” reflexiónase sobre algún aspecto da Bandadeseñada. Á dereita en dúas tiras recoméndanse lecturas para o bacharelato, neste caso *Calella sen saída* (2001), de Victor Omgbá, da que se lembra o seu contido e tamén se achegan algunhas actividades que se realizan ou se poden realizar nas aulas.

Villar, M.(arta), “Niños editores en el colegio”, *La Opinión*, “Sada/Betanzos, 28 novembro 2002, p. 9.

Dáse conta da celebración dun taller dirixido ao alumnado do Colexio Vales Villamarín de Betanzos no que este aprendeu a elaborar o papel, tinguilo, realizar ilustracións e gravados ou encadernalo, ata configurar un libro. Recóllense as declaracións dos encargados do taller, o encadernador Manuel Gómez e a gravadora Anne Heyvaert, nas que salientan a importancia de que os escolares teñan unha relación máis estreita co libro, así como as dos propios participantes que se mostran moi satisfeitos.

X. G., “La biblioteca melidense anima a leer a trescientos escolares con cuentos”, *La Voz de Galicia*, “Arzúa-Melide”, 14 marzo 2002, p. 16.

Conta que durante unha semana a biblioteca de Melide ofreceralle aos escolares diversas actividades englobadas na campaña de animación á lectura. Entre as citadas actividades, destaca a presencia da actriz Sabela Gago, da compañía Sarabela Teatro, que actuou como contacontos.

X. G., “La biblioteca de Melide promueve la animación a la lectura”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 5 decembro 2002, p. L12.

Nota na que se anuncia que a biblioteca melidense vai levar a cabo unha serie de actividades centradas na animación á lectura entre os máis novos, das que sinala cinco representacións teatrais da compañía Trinke Trinke e a campaña de Nadal titulada “Un pai, un libro”.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos

Annicchiarico Ramos, Rubén e Ovidio **Rodeiro Tato** (dirs. e coords.), *Xogos e xoguetes tradicionais, cantigas e témporas no Concello de Boqueixón*, ilust. David Spuch Calvar, Boqueixón-A Coruña: Concello de Boqueixón/Asociación Raíña Lupa, 2002, 153 pp. (DL: C-2319-2002).□•

A obra, que conta con prólogos do alcalde de Boqueixón e mais do presidente da Asociación Raíña Lupa, divídese en catro bloques: “Xogos tradicionais”, “Xoguetes tradicionais”, “Cantigas populares” e “As témporas”. O bloque de “Cantigas populares” comeza cunha introducción na que se explica o que son as cantigas, seguida dun mapa das parroquias de Boqueixón. Baixo o epígrafe “Cantigas varias” reprodúcese unha serie de cantigas populares relacionadas con Boqueixón ou algún dos seus lugares e parroquias, seguidas da

“Cantiga do San Benito de Rodiño” asinada por Fernando Couto Rozas. Continúa, en “Cantigas do Pico Sacro”, cunha pequena descrición do Pico Sacro seguida dunha selección das cantigas máis coñecidas que se recolleron sobre este lugar. No apartado “Cantigas dos muíños” dáse conta da importancia da auga nos asentamentos humanos e dos numerosos muíños cos que conta o concello de Boqueixón, así como a importancia que estes tiñan no mundo rural. Así, recóllense un par de ditos populares e varias cantigas centradas nestas construccións. Por último, baixo o epígrafe “Cantigas do entroido: atranques e altos”, descríbese a celebración desta tradición no concello de Boqueixón e reprodúcese o “Alto dos xenerais de Sergude do 2002”.








Aparicio Casado, Buenaventura, *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Biblioteca de divulgación, nº 27, serie Galicia, 2002, 155 pp. (ISBN: 84-9750-122-5).•

Obra de divulgación na que o historiador e antropólogo Buenaventura Aparicio Casado (Peñafiel, Valladolid, 1946) analiza a presencia da sociedade campesiña na mitoloxía popular galega. A obra, que inclúe unha Advertencia do autor, unha Introducción, un Epílogo e unha Bibliografía, estructúrase en catro capítulos nos que se explican as crenzas e lendas populares que a sociedade creou para dar explicación ás mámoas (capítulo 1), aos gravados rupestres (capítulo 2), aos castros (capítulo 3) e aos seres mitolóxicos, como os mouros, as fadas, a Santa Compaña ou a galiña dos pitos de ouro (capítulo 4). En cada capítulo transcríbense, segundo os criterios expostos na advertencia do autor, varios textos orais e ofrécese unha interpretación antropolóxica de cada un deles; a conclusión á que se chega é que a sociedade campesiña crea as lendas para explicar os fenómenos que descoñece a partir do que lle é común, polo que a maior parte dos mitos son un reflexo da propia sociedade.

Cameselle Ben, Xesús, *A lenda da coca de Redondela*, ilust. Alfonso Dasilva, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Editorial Galaxia, xuño 2002, 223 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-3337-2) (ISBN da Editorial Galaxia: 84-8288-541-3).□•

Obra na que Xesús Cameselle Ben recolle a tradición popular, literaria e musical, que existe ao redor da lenda da Coca. Na presentación do libro, escrita polo conselleiro Xesús Pérez Varela, explícase que a Coca era un monstro, entre dragón e serpe, que habitaba na Illa de San Simón e que cada ano, por primavera, ía á vila de Redondela para capturar cen mozas coas que alimentarse o resto do ano; ata que os veciños, cansos desta situación, decidiron enfrontarse a ela para matala. O autor recolle oito cantigas populares e sete fragmentos, que serven de fío narrativo entre as cantigas; de cada cantiga e fragmento inclúense o texto literario e as partituras para voz e para diversos instrumentos musicais (violín, guitarra, piano, etc.). Inclúe, ademais, un CD coas interpretacións das cantigas e ilustracións de Lino Lage (cuberta) e Alfonso Dasilva (interior).

Gil, Helena (coord.), *Livro de Actas do Congresso "Cultura Popular da Galiza e Norte de Portugal"*, Porto: Delegação Regional da Cultura do Norte, 2002, 157 pp. (ISBN: 972-957555-X).•

Este libro recolle as conferencias, relatorios e mesas redondas celebradas ao longo do Congreso "Cultura Popular da Galiza e Norte de Portugal" que tivo lugar no Porto entre os días 12 e 14 de setembro de 2001. Tamén rexistra a "Sesión de apertura" que correu a cargo do Director Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia e do Delegado Rexional da Cultura do Norte. As intervencións dos seus participantes aparecen agrupadas en tres bloques temáticos: o primeiro dedicado á antropoloxía cultural, o segundo, á música, e o último á literatura. Neste último apartado inclúense as tres intervencións dos escritores e investigadores galegos que a continuación se detallan:

- Paco Martín, "¿Que cousa é cousa?", pp. 115-122.

A intervención deste escritor estivo baseada nas adiviñas galegas. Falou sobre a súa estructura, os principais temas sobre os que versan, os espacios e contextos máis usuais do seu emprego e comparou algunhas delas con outras moi similares noutros idiomas. Aproveitou a ocasión para chamar a atención sobre o seu progresivo desuso, e en xeral, sobre a mingua no emprego de frases e palabras con dobre significado, dentro dunha tendencia cara ao uso esquemático da lingua e da linguaxe simbólica.

- Xesús Ferro Ruibal, “A fraseoloxía galega, espello de Galicia e dos galegos”, pp. 123-132.

A contribución de Ferro Ruibal a este Congreso veu da man da fraseoloxía. Despois de explicar a diferencia entre as colocacións, as locucións, as fórmulas e os refráns foi demostrando con exemplos cómo mediante a fraseoloxía se reflexa a paisaxe, o clima, as tradicións, a historia e algúns aspectos do carácter dos galegos. Tamén falou da internacionalización dos fraseoloxismos galegos como *Tarde piache* e *María Castaña.* Por último, sinalou a crise pola que atravesa a fraseoloxía parella á crise da cultura popular tradicional.

- Xabier Puente Docampo, “O narrador, entre a autoridade de ter vivido e a transmisión da palabra”, pp. 139-145.








O escritor centrou a súa intervención na figura do narrador dentro da transmisión oral, o peso que ten este na narración e na propia transmisión da cultura. Relaciona a figura do receptor coa do narrador e sostén que aquel sempre lle concede ao narrador o don da autoridade e da credibilidade: todo o que conta tense por verdade. Falou da estructura máis usual que adoitan ter estas historias narradas, das frases coas que se encabezan, dos elementos que as compoñen –destacando o do misterio– e dos finais máis típicos. Tamén se referiu aos personaxes que as protagonizan, que segundo Xabier Docampo, son sempre persoas reais, e polo xeral coñecidas.

Foxo, Xosé Lois, *Cantares da tía Antonia de Atás*, Ourense: Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense, maio 2002, 89 pp. (DL: OU 92-2002).•

Este volume, no que se recollen testemuños da literatura popular galega concretizados na tía Antonia de Atás, ábrese cunha biografía sobre esta muller de nome Antonia Pousa Sanmamed (Atás-Coaledro-Ourense, 1914). Achéganse certos datos sobre a formación e profesión desta muller do ámbito rural galego, que aprendeu os cantares dos mozos e dos cegos e, sobre todo, da forma de vida fundamentada na intercomunicación da veciñanza e a mutua axuda nos traballos do campo. A continuación, ofrécese un limiar no que se citan os nomes de persoas, como Pedrell, Bal y Gay ou Mini e Mero, que, co paso do tempo, estiveron interesadas na recompilación de textos e música en pautas musicais. Asemade, incídese en que o propósito deste traballo é valorar esas “mentes privilexiadas” que nos transmitiron o saber popular, precisamente agora que o espírito do ser galego se esvaece coa desaparición do mundo rural e a súa civilización. Por outra banda, alúdese á transición melódica que se fai das composicións e ao estilo dos cantares da tía Antonia, dos que, a seguir, se ofrece unha ampla mostra por medio da reproducción dos seus textos e melodías e atendendo á diferente tipoloxía: cantares de cego, desafíos, cantar da seitura, romances e

historias, “vilancicos” e cantar de reis, e muiñeira e “jota” de Atás. Todos estes cantares van introducidos por un breve estudio, no que se dá conta da súa definición, historia ou temática.





Liñares Giraut, X. Amancio e Antonio **Puentes Chao** (dirs.), *Xente e Terra de Xallas. Letras da mocidade*, ilust. Raquel Ramos Silva, limiar de David Otero, Santa Comba-A Coruña: Concello de Santa Comba, 2002, 210 pp. (DL: C-1363/2002).•

Traballo de memoria recuperada onde se recompilan textos dos alumnos do IES "Terra do Xallas" de Santa Comba (A Coruña). O libro ábrese con dúas presentacións, unha asinada por José Toja Parajó, alcalde de Santa Comba, e outra de Mª José Ares Casal, exconcelleira de Cultura do concello de Santa Comba e Delegada Provincial de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia. A continuación desenvólvense senllas introduccións paralelas ás anteriores, asinadas por Xosé Amancio Liñares e Antonio Puentes (titulada "Guieiro") e por David Otero, profesor e escritor (titulada "Limiar"). Despois dunha reproducción dun mapa do concello publícanse dezasete traballos, asinados por distintos alumnos do instituto, que se centran nas dezasete parroquias que conforman o territorio do concello. Neles abórdanse temas como a historia, a emigración, a gastronomía, as festas, os divertimentos, a superstición, a música, a tradición, as cancións e os poemas populares, a hidrografía e a arquitectura civil e relixiosa. Ademais nun bo número deles se recollen textos procedentes

do acervo popular da bisbarra. Finalmente ofrécese un apartado fotográfico que recolle distintos momentos que uniron aos autores da compilación.




Referencias varias:

- E.F., “Una treintena de alumnos elabora un libro sobre la historia de Santa Comba”, *La Voz de Galicia*, “Barcala-Xallas”, 21 febreiro 2002, p. 15.

Infórmase de que un total de trinta e dous alumnos e alumnas do instituto Terra de Xallas son os autores de *Xente e Terra de Xallas. Letras da Mocidade*, un libro dedicado a recoller a historia, tradicións, costumes e lendas das diferentes parroquias do municipio de Santa Comba que se publicará o 17 de maio con motivo da festividade do Día das Letras Galegas. Menciónase aos profesores encargados de coordinar o proxecto, Amancio Liñares e Antonio Puentes e saliéntase que a publicación é froito dun encargo da actual delegada provincial da Consellería de Asuntos Sociais e exconcelleira de Cultura de Santa Comba, María José Ares Casal.

- C.B., “Alumnos del IES editarán un libro sobre las tradiciones de Santa Comba”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 21 febreiro 2002, p. 31.

Explícanse as orixes da edición do libro *Xente e Terra de Xallas. Letras da Mocidade*, sinalando que partiu dunha idea da exconcelleira de Cultura de Santa Comba, María José Ares Casal coa pretensión de que os rapaces e rapazas se achegasen ás tradicións que gardan na memoria as xentes do concello. Anúnciase que o libro será editado integramente polo Concello de Santa Comba, que nel aparecerán personaxes que transcenderon a memoria dos tempos, curiosidades, tradicións gastronómicas e culturais e calquera aspecto relevante do municipio, que contará cun prólogo de David Otero e coas ilustracións da xalleira Raquel Ramos.

- David Otero, “Xente e terra de Xallas”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 11 abril 2002, p. 2.




Dá conta, ademais doutras experiencias persoais, do traballo que está a desenvolver o alumnado do IES de Santa Comba, baixo a coordinación dos profesores Amancio Liñares e

Antonio Puentes, que “grupalmente dinamizados, aprendendo a aprender, eles todos restauran e pescudan, comprendendo significativamente (in situ), animados e crentes, no afecto e no sentimento da aldea para o efecto do saber como actitude, valor e conducta de vida”, un traballo que sairá á luz co título *Xente e Terra de Xallas. Letras da Mocidade*. Saúda a próxima aparición do volume e dálles a noraboa ós autores polo valor educativo da proposta e o feito de “facer e aprender ilusionando”.




-C.B., “Xente e Terra de Xallas, letras da mocidade’ recoge las costumbres y vida de las gentes de Santa Comba”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 xuño 2002, p. 32.

Dáse conta do acto de presentación do libro *Xente e Terra de Xallas. Letras da Mocidade*, ao que acudiron José Toja, alcalde de Santa Comba; Mª José Ares, delegada de Servicios Sociais; David Otero, autor do prólogo; Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao; e os coordinadores do proxecto, Amancio Liñares e Antonio Puentes.

- E.F., “Alumnos do instituto de Santa Comba presentan un libro sobre o concello xalleiro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 23 xuño 2002, p. 12.

Nota na que informa da presentación do volume *Xente e Terra de Xallas. Letras da Mocidade*. Recóllense as palabras de Amancio Liñares, que valorou que fosen os rapaces e rapazas os que se encargasen de facer o libro e de recuperar a memoria histórica dun pobo; de David Otero, autor do prólogo, quen dixo que “a memoria é sempre unha conquista” e valorou a contribución da mocidade a este proxecto; e de Mª José Ares, delegada de Servicios Sociais, quen recoñeceu a súa alegría por idear o proxecto e porque non se perda a historia do concello. Recóllese tamén que con este libro se pretendeu sensibilizar os lectores sobre a relevancia histórica das dezasete parroquias que compoñen o municipio, ademais de aprenderlle ao alumnado cómo se realiza un traballo de campo.

Mariño Ferro, Xosé Ramón e Carlos L. **Bernárdez**, *Romanceiro en lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 2002, 415 pp. (ISBN: 84-8302-754-2).

Os profesores Xosé Ramón Mariño Ferro (Castrofeito-A Coruña) e Carlos L. Bernárdez (Vigo, 1958) abren este volume cunha “Introducción” na que explican que o romance, como xénero literario, ha de ser englobado na literatura oral tradicional, documentándose dende finais da Idade Media nos territorios de linguas románicas hispánicas. Asemade, aluden aos problemas da nosa lingua que impediron a recolla escrita dos romances, aínda que a súa conservación foi posíbel gracias ao proceso denominado por Menéndez Pidal como “tradicionalidade”. Apuntan as definicións de certos estudiosos sobre “romance tradicional” e tratan cuestións relacionadas coa súa autoría, metro, estructuración, recursos estilísticos, temas ou simboloxía, un dos seus principais obxectivos de análise. A seguir, detéñense na recollida e estudio do romanceiro en Galicia, polo que se refiren ao traballo daquelas persoas que, dende J. López de la Vega no século XIX, mostraron interese polos romances tradicionais, como é o caso de Marcial Valladares, Manuel Murguía, os irmáns de la Iglesia, Saco y Arce, Vicente Risco, Armando Cotarelo Valledor e Antón Santamarina, entre outros. Tamén achegan certas notas sobre o romanceiro en Galicia e destacan que, sendo evidente

a súa inclusión no conxunto da tradición hispánica, cunha forte influencia do castelán, se pode constatar que hai un número de temas que reflicten unha relación estreita co romanceiro portugués. Informan dos criterios de edición seguidos e reproducen os textos fornecidos por anteriores colectores baixo os seguintes epígrafes, que acollen ao redor de catrocentas versións de máis de setenta temas romancísticos: Romances históricos e épicos, Romances carolinxios, Romances novelescos (Aventura amorosa e namoro), Amor desgraciado, Amor fiel e infidelidade, Mulleres seductoras e seducidas, Raptos e violacións, Mulleres vingadoras, Incesto, Romances pastorís, Familia e parentesco, Romances varios, Romances relixiosos e Romances burlescos. Todas as composicións van acompañadas dunha ficha informativa, que, xunto ás notas a pé de páxina, achegan comentarios sobre a súa orixe, pervivencia, temática, simboloxía e outras cuestións de interese.




Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Libros”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 253, 23 marzo 2002, p. 2.

Páxina literaria na que se estudian varias novidades editoriais. Comeza co epígrafe “Os romances en lingua galega”, no que sinala que Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez, coa publicación de *Romanceiro en lingua galega*, queren demostrar que Galicia cantou e recitou historias en verso. A seguir, cita o nome daqueles etnógrafos, folcloristas e estudiosos da literatura popular que se dedicaron a recoller romances en galego dende que López de la Vega editara os primeiros en 1863. Apunta que, segundo os autores do presente volume, probabelmente a maior desgracia radica en que as mellores coleccións de romances –as de Castro Sampedro e Víctor Said Armesto– non se editaron ata hai pouco e que a obra de Hervella Courel aínda está sen publicar. Tamén recolle o parecer dos autores sobre as influencias do castelán no noso romanceiro e as súas relacións co romanceiro portugués. Baixo o título de “Historias de Roma no século II”, dá conta dalgúns trazos que caracterizan o século II como un talante harmonizador propiciado pola maioría da clase culta dominante. Sitúa neste contexto histórico a figura de Apuleio, do que salienta a súa faceta de orador e coñecedor da cultura grega e das relixións orientais. Presenta seguidamente a única novela da literatura romana que chegou íntegra aos nosos días, *O asno de ouro*, traducida ao galego por Estrella Fernández Graña en 2001. Resume o argumento da obra e destaca a inserción nela do épico, da sátira menipea, de historias mitolóxicas e de libros de

viaxes, novelas helenísticas e fábulas milesias. Co título de “Unha sociedade no territorio do absurdo”, faise unha crítica da novela de *O último paraíso* (2001), de Xosé Fernández Ferreiro. Amén do seu currículo, o xornalista apunta que o traballo é “o espello dunha sociedade que, coma nos tempos actuais, camiña á toa polo territorio real do absurdo”. Destaca a súa feitura e as imaxes empregadas no seu decorrer, así como que se trata dunha “fábula para todas as idades”, chea de humor, tenrura e influencias literarias enriquecedoras. En columna á parte dá unha pinceladas argumentais de *Escolanía de melros*, de Faustino Rey Romero.

- Marcos Valcárcel, “Romanceiro galego”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 27 marzo 2002, p. 53.

Dáse conta da aparición do libro *Romanceiro en lingua galega* do antropólogo Xosé Ramón Mariño Ferro e do especialista en literatura galega Carlos L. Bernárdez, así como das características deste volume. Sinálase en primeiro lugar a inexistencia en Galicia de estudiosos do romanceiro, como Menéndez Pidal no romanceiro castelán ou Teófilo Braga no romanceiro portugués; e indícase, a pesar do dito, a presencia de folcloristas que

recollen esta forma de literatura popular, como é o caso de López de Vega, Dorothe Schubart, Antón Santamarina, Saco y Arce, Ben-Cho-Sey, Laureano Prieto ou Florentino Cuevillas. Infórmasenos que nesta obra publicada por Xerais se recollen máis de oitenta romances; diferentes versións de cada un deles segundo a súa procedencia xeográfica; diferentes tipos (históricos, carolínxeos, pastorís, etc.); dísenos que moitos coinciden cos romances casteláns, mais que outros o fan coa área galego-portuguesa, son galegos ou incluso versións sefardís; etc.




-Armando Requeixo, “A tradición galega do romanceiro hispánico”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 127, 29 abril 2002, p. 4.

Refírese á estructura que presenta a obra de Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernández, *Romanceiro en lingua galega*, que se abre cun elaborado estudio introductorio no que dan conta de cuestións relacionadas coa realidade romanceiril de Galicia, para logo presentar unha ampla antoloxía compilatoria, na que se reproducen máis de setenta temas romancísticos exemplificados en preto de catrocentas versións. Asemade, apunta que cada romance vai precedido dunha ficha informativa que se completa cun amplo aparato de citas

a pé de páxina. Por outra parte, faise eco de certas eivas que detecta neste volume relativas á inclusión de romances non tradicionais e daqueloutros que figuran nun galego libresco, froito das artes literarias de editores pouco escrupulosos, ademais de apuntar que o título do volume xoga deliberadamente ao equívoco, pois acolle textos que seguen a configurarse maiormente como bilingües e pode suxerir a idea imprecisa de que hai un romanceiro que, como tal, é xenuína e independentemente galego. Finalmente, sinala que o balance xeral desta obra é positivo.




- C.V., “A poesía popular esquecida”, *A Nosa Terra*, nº 1.035, 23-29 maio 2002, p. 25.

Despois de sinalar a pouca sorte que tivo o romanceiro na literatura galega e de indicar que os compendios da tradición literaria popular atoparon circunstancias adversas, destácase o traballo do antropólogo Xosé Ramón Mariño Ferro e do especialista en literatura galega Carlos L. Bernárdez no seu libro *Romanceiro en lingua galega*. Indícase que nel se recolle o corpus de romances elaborados desde o século XIX, ademais de traballos inéditos como a colección de Hervella Courel. Ofrécesenos, continúa, o máis amplo catálogo de romances en lingua galega nun só volume, coas súas distintas versións e un estudio de cada un.

Afírmase que en cada unha das composicións os autores elaboran un estudio desde distintas perspectivas (simbólica, literaria, antropolóxica), configurando un singular modelo de estudio inédito ata agora en Galicia. Finalmente dise que un dos obxectivos dos investigadores foi o de salientar que o romance é parte importante da literatura galega e faise un breve repaso aos diferentes autores que tamén trataron o tema. Tamén se destaca
o papel primordial das mulleres nestes romances e alúdese aos romances musicados.

- A.R., “Escolma de romances”, *Tempos Novos*, nº 61, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, xuño 2002, p. 71.

Salienta de *Romanceiro en lingua galega*, de X. R. Mariño Ferro e C. L. Bernárdez como positivo “a capacidade actualizadora” deste xénero e “a potencialidade informativa e documentalmente divulgativa”. Pola contra, acha negativo “a asunción e reproducción de romances manipulados por anteriores colectores e mailo equívoco do título”.

- José Luís Forneiro, “Fora as vossas torpes maos do Romanceiro Galego”, *A Nosa Terra*, nº 1.046, “Cultura”, 5-11 setembro 2002, p. 28.





Comeza comentando que o volume *Romanceiro en lingua galega*, de Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernádez é "umha perfeita amostra de frivolidade intelectual desde o princípio até o fim, tanto na ediçom dos textos como no suposto "estudo" que os acompanha". Sinala que Carlos L. Bernárdez, nunhas declaracións feitas a *A Nosa terra* (nº 1035), ocultou a existencia de traballos previos, así como que ambos os dous autores inclúen romances tradicionais que non o son e lle outorgan autenticidade a versións tradicionais manipuladas e a temas que se fixeron pasar como romances obtidos da tradición oral. A seguir, apunta que prescindiron das dúas terceiras partes do corpus romancístico galego auténtico, que utilizaron unha bibliografía escasa e que non estiveron en contacto cos textos inéditos das outras pólas da tradición romancística. Conclúe expondo en oito apartados outras deficiencias que os autores presentan nesta publicación.

Referencias varias:

- Salvador Rodríguez, "O papel da muller é fundamental no romanceiro galego", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 16, "Entrevista", 31 outubro 2002, p. III.

Entrevista a Carlos L. Bernández, na que comenta que a xénese do *Romanceiro en lingua galega* partiu da iniciativa do seu coautor, Ramón Mariño Ferro, quen lle suxeriu que podían combinar as súas pólas de traballo, respectivamente, a antropoloxía e literatura. Explica que o romance é un xénero que se caracteriza porque a súa transmisión se realiza a través das vías da cultura tradicional e popular e refírese aos criterios de selección que seguiron, nos que primou o da lingua. Tamén alude ás temáticas predominantes destes romances galegos, destacando os de carácter novelesco, e fala do papel activo que neles posúen as mulleres, especialmente, como transmisoras. Finalmente, dá conta da procedencia da materia que fornece o romanceiro galego e indica que se trataba de pezas compostas para ser cantadas e recitadas.

- Xosé Ramón Ferro e Carlos L. Bernárdez, “Resposta a unha refutación”, *A Nosa Terra*, nº 1.049, “Cultura”, 26 setembro-2 outubro 2002, p. 28.

En resposta ao artigo publicado por José Luís Forneiro no nº 1046 de *A Nosa Terra*, os autores do *Romanceiro en lingua galega* (2002), Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L.

Bernárdez, contéstanlle ás descualificacións que alí se fan sobre eles e o contido do seu volume. Así, defenden a súa actividade investigadora sobre o tema e aclaran certas cuestións relativas á bibliografía consultada, ademais de refutar, seguindo o mesmo esquema presentado polo profesor Forneiro, todas aquelas eivas que este lle impuxera ó volume publicado por Xerais.





Mandianes, Manuel, *O Burro*, debuxos de Daniel Beiras García-Sabell, Vigo: Ir Indo Edicións, 2002, 129 pp. (ISBN: 84-7680-382-6).

Traballo de investigación no que Manuel Mandianes (Loureses, Ourense, 1942) se achega á figura do burro desde o punto de vista antropolóxico, denunciando a súa desaparición como referente na vida do home e defendendo o uso deste animal no contexto do turismo rural da nosa comunidade. Conta cunha introducción do autor na que explica a estructura do volume e o método de traballo empregado. Está divido en tres partes: "Protagonista", "O burro perdido" e "O reencontro". A primeira delas presenta ao animal como protagonista dunha manchea de creacións artísticas, tanto da literatura (con burros célebres como o Rocín de Cervantes, o Puck de Shakespeare, o Cadichón da Condesa de Segur, o Platero de Juan Ramón Jiménez, etc.), coma da arte plástica (estando presente o animal en filmes, *westerns*, cadros de Miró ou Sorolla, etc.). A segunda, achégase á realidade actual do burro, co perigo de extinción que o ameaza e a súa progresiva desaparición na nosa cultura. A terceira supón o reencontro co burro nos países máis avanzados como método para recuperar as raíces. O volume leva ademais unha breve conclusión e un apartado de anexos dividido en tres partes: "Refráns e ditos", que teñen como protagonista a este animal

doméstico en diferentes linguas; “Asociacións”, que fala de diferentes organizacións protectoras e das actividades nelas realizadas para evitar a extinción do burro; e “Bibliografía. Libros con burros protagonistas e outros”, na que se citan obras en diferentes linguas que falan desta especie. O burro é protagonista de historias humanas, de coplas e de lendas, así como símbolo do erotismo, etc., das que no libro aparecen algúns exemplos.




Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Unha verdadeira alfaia”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 133, 10 xuño 2002, p. 2.

Columna na que se comenta *O burro*, de Manuel Mandianes. Martínez Bouzas gaba o labor de investigación que fixo o autor sobre a figura deste animal, “un animal sufrido, pero sobre todo simbólico, referente sobranceiro moitas veces nas nosas vidas”. A seguir resume a estructura do libro, dividido en tres partes. A primeira presenta o animal como protagonista dun grande número de creacións artísticas; a segunda achégase á súa realidade actual, ao

perigo de extinción; a derradeira parte significa o reencontro co burro nos países máis desenvolvidos.




Referencias varias:

- AFA, “O ornear do amigo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 maio 2002, p. 30.

Dáse conta da presentación do libro antropolóxico *O burro* de Manuel Mandianes na Casa do libro de Vigo, así como dos asistentes ao acto. A noticia recolle a opinión do autor sobre este animal, verdadeiro protagonista deste volume publicado pola editorial Ir Indo Edicións, e no que se presenta como a personaxe principal de historias humanas, de coplas e de lendas. A seguir enuméranse as viaxes e a documentación que o autor precisou realizar e consultar para a elaboración desta obra, que ten unha tiraxe de 1.000 exemplares, dos que 150 son edición limitada e van acompañados dunha escultura en bronce de Juan Oliveira e unha serigrafía de Antón Pulido.

- X. M. R., “Ir Indo presentou un libro de Mandianes sobre o burro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 10 maio 2002, p. 7.

Informa da presentación na Casa do Libro de Vigo do volume *O burro* (2002) do que se indica que “analiza en profundidade a presencia deste animal na sociedade occidental”. Asemade subliña que este volume conta cunha tiraxe de 1000 exemplares, dos que 150 pertencen a unha edición limitada que presenta xuntos o volume en castelán e en galego nun estoxo encadernado en seda e acompañado dunha escultura de Juan Oliveira e mais dunha serigrafía de Antón Pulido.

- EFE, “El saber del burro”, *El Progreso*, “Cultura”, 21 maio 2002, p. 69.




Nova sobre a publicación de *O burro*, obra en edición bilingüe do director de Antropoloxía do Instituto de Estudios Sociais Avanzados de Barcelona, Manuel Mandianes. A noticia recolle varios datos da editorial Ir Indo Edicións no que atinxe á publicación do libro. Trátase dun volume que fai un percorrido polo tratamento que se lle deu ao animal na literatura, tanto relixiosa coma culta, ou na tradición oral. Entre outras achegas informativas a noticia inclúe

o nome dalgunhas das obras anteriores do autor, quen reflexiona, así mesmo, sobre a concepción do espacio e do tempo a través deste animal nas sociedades agrarias.




- Marta R. Valeiro, “Un tratado antropolóxico sobre os anos. Manuel Mandianes: “O burro é a medida do mundo”, *O Correo Galego*, nº 131, “Correo das Culturas”, 27 maio 2002, p. 2.

Comentario da obra *O Burro* do antropólogo establecido en Barcelona Manuel Mandianes. Sinálase que neste libro Mandianes se achega á figura do citado animal dende o punto de vista antropolóxico e que denuncia, ademais, a súa desaparición como referente na vida do home. Dise que o investigador, que prepara un novo traballo sobre os porcos, defende o uso deste animal no contexto do turismo rural da nosa comunidade, entre outros aspectos. Por último fai un repaso pola bibiliografía consultada sobre a figura deste animal que acompañou ao home durante séculos nos traballos do campo.

- Alfredo Conde, “Cousas do burro”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 xuño 2002, p. 4.





Artigo de opinión sobre o libro *O burro*, do antropólogo Manuel Mandianes, un libro que, a xuízo do escritor Alfredo Conde, “recupera esta figura para a nosa memoria”. No artigo Conde mestura as opinións sobre este volume con varias anécdotas da historia deste animal.

Neeson, Eoin, *Mitos e lendas celtas*, trad. Ana Suárez Piñeiro, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, serie Keltia, nº 16, 2002, 217 pp. (ISBN: 84-95622-50-5).•

Libro de Eoin Neeson (Cork, 1927), publicado en Irlanda en 1998, que aparece neste 2002 en lingua galega gracias á traducción de Ana Suárez Piñeiro e aos esforzos da editorial Toxosoutos. Consta dunha longa introducción e de sete lendas celtas elixidas entre outras cousas, como o mesmo autor indica no prólogo, por representar o mellor e máis distintivo dos mitos irlandeses. Na introducción infórmase aos lectores da orixe dos celtas en Irlanda e defínese o significado de "mito". Dáse conta así mesmo das correntes mitolóxicas herdadas por Europa e do nacemento e evolución da literatura mitolóxica irlandesa, remarcándose a idea de que é unha das máis vellas de Europa. No tocante ás sete historias que aparecen en *Mitos e lendas celtas*, cómpre salientar que foron recollidas de forma escrita na Irlanda paleocristiá e que presentan feitos extraordinarios. Os títulos delas son: "O destino dos fillos de Turieann", un dos relatos máis antigos, que presenta similitudes coa historia de Xasón e os Argonautas; "O cortexo de Etain", lenda da que existen dúas versións mesturadas neste volume; "O combate no vao", que representa quizais o máis fermoso exemplo do seu xénero; "Deirdre e os fillos de Usna", outra das traxedias gaélicas xunto con "O destino dos

fillos de Turieann” e “Os fillos de Lir”; “Os fillos de Lir”, que constitúe un relato de gran intensidade e considerábel mérito literario e que demostra a relación da antiga tradición coa Cristiandade; “Diarmuid e Grainne”, que ten como fonte principal o *Libro de Leinter*; e “O leito do enfermo de Cuchulain”, que constitúe un relato sobre o maior símbolo de heroísmo asociado con Irlanda e do tamén hai varias versións.




Recensións:

- Estro Montaña, “Desde a verde Erín”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura”*, nº 10, 19 setembro 2002, p. IV.

Alúdese á invención feita por diferentes escritores galegos, como Murguía ou Pondal, do mito dun pasado celta heroico e glorioso para o pobo galego, que foi decrecendo e perdendo recoñecemento conforme foi pasando o tempo. Refírese a aparición en 1996 na editorial TrisTram de *Contos celtas* e ponse esta publicación en relación coa obra *Mitos e lendas celtas*, de Eoin Neeson, publicada en Irlanda nun primeiro momento e que sae ao prelo en Galicia traducida por Ana Suárez Piñeiro. Coméntase de onde proceden as lendas

recollidas no volume, sinalándose dúas como as máis interesantes, e afírmase que a mitoloxía celta, xunto coa grega e a latina, constitúe unha das máis vellas de Europa. Finalmente sinálase a próxima aparición, dentro da mesma colección, de *Linguas e literaturas celtas. Orixe e evolución*, da autoría de Ramón Sainero.








Noia Campos, Camiño, *Contos galegos de tradición oral*, ilust. Eugenio de la Iglesia, Vigo: Edicións NigraTrea, novembro 2002, 492 pp. (ISBN: 84-95364-16-6).•

Volume de Camiño Noia Campos (Santiago, 1945) no que se recollen contos tradicionais, coas súas versións, procedentes das catro provincias galegas e das limítrofes de Oviedo e Zamora. Leva un limiar no que a autora comenta aspectos sobre a transmisión da literatura oral, xeral e galega, ao tempo que sinala a falta de estudios nos que se recompilen contos orais de Galicia. Alí explica Camiño Noia o móbil que a levou á realización deste traballo e indica tamén cal é a maneira de presentar os contos, a existencia nalgúns deles de comentarios e referencias doutras versións orais galegas, e a presencia dun apartado final de bibliografía. Sabemos tamén polo prólogo que a realización deste volume seguiu tres fases: unha descritiva, outra comparativa ou xeográfica e unha terceira histórica ou xenética. Na fase descritiva preséntase o texto sen modificacións respectando os trazos diatópicos e idiolectais do falante; a fase comparativa refírese á extensión do conto nas diversas áreas lingüísticas do mundo, ás versións orais e escritas coñecidas e á súa transmisión no espacio e no tempo; a fase histórica dá conta da orixe e das fontes do conto (de coñecelas) e das variacións que tivo nos distintos espacios nos que viviu ao longo do tempo. A seguir,

preséntase xa o corpo do texto establecéndose varios apartados. O primeiro deles titúlase “O conto popular” e nel explícanse o nacemento do folclore en Europa e en Galicia, a autoría e recepción dos contos, as características do conto popular (estructura, clasificación e teorías sobre a súa orixe), as coleccións existentes desde a Antigüidade ata Idade Media, etc. Despois veñen os cinco últimos capítulos, precedidos dunha breve introducción na que se indican os criterios de clasificación dos relatos: “Contos de animais”, “Contos folclóricos ou ordinarios”, “Chistes e anécdotas”, “Contos de fórmula” e “Contos sen clasificar”, que inclúen diversas narracións segundo se acollan a unha ou outra temática.








Reimóndez, María (ed.), *Mitos e lendas hindús*, trad., introducción e selección de María Reimóndez, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Popular, nº 6, 2002, 127 pp. (ISBN: 84-87783-69-4).•

Esta antoloxía de mitos e lendas hindús é publicada na colección Popular de Positivas baixo a responsabilidade da escritora e intérprete María Reimóndez (Lugo, 1975), boa coñecedora da cultura da India, país co que está dende hai anos activamente comprometida. Como explica a compiladora e traductora na Introducción, os dezaseis relatos foron vertidos do inglés (aínda que non se especifica o título ou a autoría desa escolma) e non dos orixinais sánscritos, e as fontes principais dos mesmos son os valiosos e longos libros épicos *Mahabharata* e *Ramayana*, mailos filosóficos *Upanishads* e *Vedas*. Cunha intención representativa e non exhaustiva, o volume pretende, segundo afirma Reimóndez, quebrar os estereotipos que sobre desta civilización adoitan deitar “os nosos ollos occidentais”. As narracións, que sempre carretan unha moral ou ensinanza, dan explicacións máxicas a fenómenos naturais, exaltan o valor do ascetismo e a vida sacrificada, mostran as fortes desigualdades sociais existentes na cultura hindú, remítennos ao comezo dos tempos, contan episodios da vida dos deuses (un seres, por certo, moi “humanos”, cos seus

caprichos, envexas e veleidades) ou de homes santos (os brahmanas), fálannos de reencarnacións (nomeadamente as de Vishnu), etc. Os textos van acompañados dunhas notas explicativas finais.




Referencias varias:

- Jaureguizar, “A luguesa María Reimóndez traduce ó galego lendas populares da India”, *El Progreso,* “Cultura y comunicación”, 10 decembro 2002, p. 74.

Ver Reimóndez, María, *Moda galega*, no apartado II. 1. Poetas galegos deste *Informe*.

Rivas Quintas, Eligio e José **Rodríguez Cruz**, *Terra das Frieiras*, Ourense: Deputación de Ourense, 2002, 384 pp. (ISBN: 84-96011-07-0).•

Estudio no que Eligio Rivas Quintas (Xunqueira de Ambía, 1925) e mais José Rodríguez Cruz (A Gudiña, 1956) analizan diversos aspectos dos concellos da Mezquita e da Gudiña, sitos no sueste ourensán, e que conforman a Terra das Frieiras. Os autores debullan os seus aspectos físicos –relevo, clima, flora e fauna–, a súa historia, a economía, os aspectos espirituais –costumes e folclore, crenzas e literatura popular–, a súa fala, o ensino e incluso se deteñen no carácter das súas xentes. Con respecto á literatura popular reproducen lendas, contos, poesía relixiosa, romances, cántigas, parrafeos, refráns, ditos e adiviñas, acompañadas dun pequeno comentario que introduce cada epígrafe.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 12, “Libros”, 3 outubro 2002, p. V.

Ver Cabré, Jaume, *Señoría*, no apartado I. 3. Narradores traducidos ou versionados deste *Informe*.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *A aventura de oír, contar e ler*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural), novembro 2002, 99 pp. (DL: VG-1008-2002).•

Volume editado pola Concellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo como apoio á campaña de promoción da lectura para maiores "Cóidate e le". Coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, conta cunha breve introducción na que se explica que os materiais de transmisión oral seleccionados nesta obra queren lembrarlles aos adultos, destinatarios agardados da mesma, o acervo cultural que han de seguir transmitindo aos máis novos para crear neles o hábito lector. O volume está estructurado en dous grandes apartados titulados "Cantigas e rimas infantís" e "Narrativa de transmisión oral", que á súa vez aparecen subdivididos noutros capítulos máis breves, asinados cada un deles polos membros do equipo de redacción: Eulalia Agrelo Costas, Adelina Guisande Couñago, Isabel Mociño González e Amparo Raviña Rosende. No primeiro organízanse as rimas en "Arrolos ou cantigas de berce", "Xogos dos primeiros anos cos que a infancia toma conciencia do seu propio corpo", "Cancións e rimas de interrelación", "Invocacións, conxuros, burlas, disparates e mentiras", "Adiviñas e refráns" e "Romances", mentres que o segundo está integrado por fábulas de

Amador Montenegro Saavedra e José Rubinos, así como lendas e contos populares. Cada un dos diferentes tipos de textos vai precedido pola súa definición. Un volume, en definitiva, dirixido aos maiores pero que favorece o seu achegamento aos máis pequenos.








Teijeiro Rey, Xoán Xosé, *Seres galegos das augas. Mitoloxía comparada*, ilust. Alfonso Costa, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Serie Keltia, nº 15, 2002, 218 pp. (ISBN: 84-95622-49-1).

Estudio que conta con ilustracións de Alfonso Costa (Noia, 1943), e no que Xoán Xosé Teijeiro Rey describe dezaseis seres míticos das augas galegas achegando datos sobre as súas orixes, a súa evolución e o seu significado. O propio autor no limiar xustifica a escolla que fixo dos seres e salienta que a clasificación destes, atendendo aos elementos primordiais: auga, terra, aire e lume, conta coa vantaxe de que todos eles se relacionan nas diferentes cosmogonías e tradicións mitolóxicas do mundo co mítico país das ánimas dos mortos. Os seres tratados nos dezaseis capítulos son o cabalo pantasma, as lavandeiras, os homes peixe, os carbuncos, os trasnos mariños piratas, as feiticeiras de Arbo e Melgaço, as xerpas, os xacios, as sereas mouras, o gando vacún das augas, os cabaleiros do Rei Artur, a moura troita, as baleas xigantes, algúns monstros acuáticos, as cocas e as anas, aparecendo algúns deles ademais con outras denominacións. Cada un destes seres descríbese nun capítulo independente e todos eles contan coa mesma estructura, primeiro faise unha descrición do ser e logo pásase a establecer as súas semellanzas con outros

seres do mundo, aínda que case sempre se fai só con entes de países europeos. Así mesmo, ao longo do volume poden atoparse citas literarias, das que se recolle a súa procedencia, e lendas que xiran arredor do ser descrito no capítulo correspondente. O volume remata cunha bibliografía de obras galegas e estranxeiras que xiran arredor do tema mitolóxico.




Recensións:

- Xosé Freire, “Viaxe a un mundo submarino”, *A Nosa Terra*, nº 1.038, “Cultura”, 13-19 xuño 2002, p. 27.

Comenta que o autor explica no limiar cales foron as razóns de escribir este libro, páxinas nas que ademais fai unha defensa afervoada da tradición e transmisión oral. Sinala cales son os seres mitolóxicos descritos no volume que, segundo di, foron escollidos ao chou, e salienta que a introducción de citas literarias, lendas e contos na análise que se fai de cada un dos seres imprimen amenidade na lectura. Destaca, ademais, que ao analizar a evolución dos seres tamén se ve cómo evolucionou o pensamento galego, e neste sentido

indica que o autor fai fincapé na importancia que tivo o cristianismo ao facer que moitos destes seres se reinterpretasen. Por outro lado refírese á estructura dos capítulos, á “excelente bibliografía” que dá o autor e ao feito de que esta obra pretende ser un alicerce para o descubrimento do noso pasado prerromano. Finalmente indica que as ilustracións son un engadido atractivo para o lector.




-Xavier Castro R., “A mitoloxía das augas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas”*, nº 135, 23 xuño 2002, p. 4.

Comeza indicando que o universo mitolóxico é un dos maiores atractivos en calquera cultura e destaca que naquelas de maior tradición oralizante, coma no caso de Galicia, este universo segue vivo. A continuación salienta que este libro se encadra dentro daqueles que pretenden afondar na mitoloxía galega a través da análise e comparanza con outras mitoloxías. Por outro lado engade que esta escolla de seres míticos xerará dúbidas e interrogantes, aínda que destaca que en compensación as citas literarias e as fontes lendarias achegadas fan que a lectura sexa amena. Así mesmo subliña o labor do pintor noiés, que se adaptou perfectamente á esixencia textual.

- Laura Caveiro, “Monstros de augas doces e mariñas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 7, “Libros”, 27 xuño 2002, p. IV.

Céntrase en tres dos seres míticos descritos neste volume para salientar o bo traballo levado a cabo por Xoán Xosé Teijeiro Rey, que se achegou aos seres das augas doces e mariñas. Sinala que o autor afondou na mitoloxía comparada ao conectar os nosos seres míticos cos doutras culturas ao tempo que pescudaba no seu carácter simbólico. Opina que é na descrición das lendas onde a obra sorprende máis e fai un resumo da que se ofrece no volume sobre a coñecida coca de Redondela. Conclúe salientando que a través da lectura das vicisitudes dos mitos os lectores volven á súa orixe e que este é un xeito de que a lenda se manteña na memoria.

Referencias varias:

- N. V., “Tódalas culturas do planeta coinciden nos mesmos mitos”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 5 maio 2002, p. 15.

Con motivo da publicación de *Seres galegos das augas*, indícase que o autor ten a intención de publicar máis libros que traten sobre os seres dos outros elementos (lume, terra, aire), sempre e cando esta primeira achega ao mito teña éxito. Así mesmo saliéntase a capacidade de erudición demostrada con este traballo e a formación autodidacta do autor, que indica que dende sempre se interesou pola mitoloxía e que cre que hai unha raíz común do mito dende o Neolítico que permitiría explicar o mundo. Por outro lado destácase que este autor opina que en Galicia aínda quedan seres míticos por descubrir e que iso suporía un traballo etnográfico que só podería sustentar unha institución. Para rematar refírese a que o volume se presentará en Ferrol e Porto do Son e que neste último lugar quedarán expostos debuxos do pintor encargado de ilustrar os seres descritos no volume.

-Xesús Precedo Lafuente, “Mostras da mitoloxía galega”, *O Correo Galego*, “Antena da Berenguela”, 17 xuño 2002, p. 3.

Opina que cómpre estudiar a mitoloxía de cada pobo porque nela se atopan explicacións de distintos aspectos dun pobo. Por isto destaca o acerto de Xoán Xosé Teijeiro ao achegarse

á mitoloxía galega na obra que subtitula *Mitoloxía comparada*. Salienta que se trata dunha obra que resulta interesante e profundamente valiosa debido a que á marxe das achegas que fai o autor incorpora as opinións doutros estudiosos.








Sabaté, Onofre (recompilador), *Contos xitanos*, limiar do compilador, trad. Xavier Campos, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Popular, nº 7, 2002, 85 pp. (ISBN: 84-87783-71-6).

Tralo Limiar, asinado por Onofre Sabaté, onde se plasma a intención coa que se escribiron estes contos tradicionais sobre xitanos, que non é outra máis que a de ver cómo son, cómo lles gustaría ser e cómo os ven os demais, dáse paso aos dezanove contos, tendo todos eles como protagonistas aos xitanos e aos seus procederes e/ou costumes. En “O violín dos xitanos” nárrase cómo unha rapaza xitana consegue o amor doutro xitano a través da música dun violín que o Diaño lle ofrece; tamén “De como os xitanos se fixeron músicos” versa sobre a destreza deste pobo para a música. No titulado “A voda do rato” cóntanse as peripecias que un mago xitano, que atopou un ratiño na beira dun río e o converteu en nena, tivo que facer para casala. En “O sono traizoeiro”, fálase dun dos costumes dos xitanos: o de raptar as mozas para despois casaren con elas. En “A xitana e a cova” descríbese cómo unha xitana emprega os seus poderes para adiviñar o futuro e botar a boaventura, e así pode salvar a outra muller sometida ás envexas e maleficios da súa veciña. “A casa encantada” dálles refuxio a tres familias xitanas que viaxaban por terras castelás, pero nela

vive a alma errante dun paio e todos os que alí entraron nunca máis volveron a saír. Coa estadía dos xitanos nela a casa queda desencantada. “O ferreiro xitano” trata dos artífices dun gran palacio que mandara construír un rei, e no convite final cada un dos participantes críase o máis imprescindíbel para a construcción do edificio, ata que chegou o ferreiro e quedou como o máis necesario, xa que el fixera as ferramentas coas que todos os demais traballaran. Nos contos “O paxaro”, “Bobby Rag” e “Alfi e Dalfi”, reformúlanse as diverxencias que veñen existindo entre paios e xitanos á hora de casaren entre si. Tal como indican os seus títulos, en “Orixes xitanas” e en “A creación” fálase dos inicios do pobo xitano; no primeiro cóntase que cando Deus ía subir aos ceos asignoulle a todos un oficio, pero os xitanos chegaron tarde e non os atendeu, por iso agora sempre andan de nómades; no segundo faise referencia ao momento no que Deus fabricou nun forno aos homes: os primeiros queimáronselle e así saíron os homes negros, os segundos, a medio cocer, foron os blancos e a última fornada –no seu punto- foron os xitanos. En “O rei Eduardo e o xitano” dise que o rei Eduardo de Inglaterra lles concedeu a liberdade para habitar por toda a terra aos xitanos. Nos contos “De como o xitano foi ao ceo”, “O xitano e o xigante” e “Os dous ladróns” enxálzase a intelixencia dos xitanos; no primeiro o xitano é capaz de enganar a Deus para ir ao ceo; no segundo, un xitano anano consegue vencer a un xigante, e no

terceiro cada un dos ladróns é capaz de ser máis astuto có outro no seu oficio. Como se de caixas chinesas se tratase, en “O conto de voso Zachari” un xitano conta o que lle pasou a outro xitano que atravesou de noite unha ponte onde había dúas pantasmas. En “O xitano no piano” relátase a aventura dun xitano que entrou dentro dun piano na casa dun rei e todos os avatares que lle aconteceron despois de que a filla do rei se namorase del. No derradeiro conto deste libro, “O avogado xitano”, cóntase cómo un xitano fai de avogado dun cura que tiña que pagar toda unha fortuna por catro ovos que lle fiaran hai dez anos.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Edicións Positivas prepara unha recompilación de contos xitanos”, *El Progreso*, “Cultura”, 30 outubro 2002, p. 82.

Fálase de que se está a preparar a publicación dunha colección de contos xitanos a cargo do filólogo ribadense Xavier Campos. Destácase no artigo a escaseza deste tipo de contos na tradición editorial ibérica, fronte á súa presencia en países como Finlandia, Francia e Portugal. Esta é unha das taras que Campos tenta salientar coa súa recompilación que, sen

embargo, non incluirá testemuñas de xitanos galegos, pois “agora son iguais co resto da xente, no vestir, no relacionarse, [...] o cambio xeracional que se deu de avós a netos no caso dos paios, tamén se ve na comunidade xitana, porque é máis permeable do que poida parecer”. Tamén se destaca que os contos xitanos obedecen a temáticas universais, sendo




o seu risco diferencial o da xente que os narra, pois adáptaos á súa cultura cambiando oficios, nomes, etc., pero deixando intactos os temas universais de enfrontamento ricos-pobres, relacións amorosas, relacións de fidelidade-traición, etc. No final do artigo, Campos destaca a ausencia de localizacións nos contos xitanos, excepto naqueles que proceden de Inglaterra ou Irlanda. Os contos máis antigos que aparecerán nesta antoloxía datan do século XIX.





Vega Cerqueiro, Mari, *As lavandeiras –lendas e imaxes das donas do río–*, Premio Xohana Torres de ensaio do Concello de Santiago, limiar Xosé Lesta Meis, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Historias gráficas, nº 3, 2002, 115 pp. (ISBN: 84-95350-17-3).

Este volume de Mari Vega Cerqueiro é un percorrido polo oficio das lavandeiras. Descríbese cómo era o traballo, os salarios, as técnicas e utensilios empregados, as enfermidades queconlevaba, etc., todo isto ilustrado con numerosas fotografías. É no apartado “Folclore: lendas e mitos, rexoubas e coplas” onde se comentan diferentes mitofs e lendas populares relacionados coa auga (e os seres marabillosos que alí habitan, como as ‘feiticeiras’, ‘xacios’, ‘homes-peixes’ e ‘lavandeiras’), así como outras referencias presentes no noso folclore relacionadas co oficio de lavar a roupa. Tamén se salienta que os lavadoiros eran lugares idóneos para rexoubar e cantar, e se recollen algunhas cantigas e coplas populares relacionadas coas lavandeiras e o seu oficio. Ao longo da obra tamén se insiren algúns fragmentos de textos literarios relacionados co tema (de autores como Rosalía de Castro, Xosé Lesta Meis, Antón Vilar Ponte, ou Manuel Rivas).

Recensións:

-Alfredo Iglesias, “As donas do río”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 21, “Libros”, 5 decembro 2002, p. V.

Tras reflexionar sobre os diversos traballos que as mulleres realizaron ao longo da historia, ponse de manifesto cómo o libro de Mari Vega recupera para a nosa memoria colectiva o oficio de lavandeira. Así destácanse algúns dos datos históricos que sobre a evolución do oficio ou a súa retribución económica ofrece o libro recensionado. Tamén se sinala cómo o traballo destas mulleres orixinou numerosas coplas, que foron recollidas por Sarmiento, Bouza Brey, Santamarina, etc., e que a autora recupera para o lector neste libro, ademais doutros escritos sobre lavandeiras de autores como Rosalía de Castro, Vilar Ponte ou Manuel Rivas. Tamén se destacan as numerosas enfermidades que padecían as lavandeiras, e o feito de que fotógrafos como Dimas, Mas, Pacheco, Ksado ou Suárez Canal percorreran o espacio das lavandeiras para amosarnos a arte de lavar ben a roupa.

- A.R. López e Soedade Noia (coords.), “Un oficio perdido e de muller en ‘As lavandeiras”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 449, 26 decembro 2002, p. 7.

Infórmase dos contidos do libro, do que se destaca o valor de recuperar un oficio perdido e de tentar restaurar unha parte da cultura popular a través das lavandeiras, sinalando así mesmo que o traballo gañou o premio Xohana Torres do Concello de Santiago. Recórdanse algunhas das principais características sociais das lavandeiras, salientando que este oficio exclusivamente feminino se movía nas marxes da ignominia, e que espertaban o medo da xente por seren mulleres de lingua libre. Sinálase por último que foron unhas fotografías do arquivo duns amigos as que fixeron que a autora empezase a investigar sobre o tema.

Referencias varias:

- Belén López, “As donas do río eran as lavandeiras”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 13 setembro 2002, p. 74.

Dáse conta da aparición do libro de Mari Vega, da que se indica que é profesora de fotografía na Escola Mestre Mateo de Santiago. Recóllense unhas declaracións da autora nas que explica a xénese da obra, cómo foi o proceso de investigación, as conversas con lavandeiras e fillas de lavandeiras e algunhas anécdotas.

-AFA, “Oficios perdidos”/“Mari Vega rescata a memoria dun oficio perdido en ‘As lavandeiras”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Afa”/“Cultura”, 4 decembro 2002, p. 33/p. 76.

Infórmase da aparición do libro de Mari Vega, con motivo da súa presentación pública na Fundación Granell de Santiago. Saliéntase que o libro restaura a cultura popular a través dun oficio de muller sempre infravalorado, e destácase que a obra foi gañadora do premio Xohana Torres de investigación. Faise un pequeno percorrido pola historia e as características sociais deste oficio perdido, e indícase tamén cal foi a xénese da obra. Finalmente anúnciase a presentación do libro, dando conta dos persoeiros que intervirán nesta a carón da autora.

VIII. 2. Reedicións

Ferro Ruibal, Xesús, *Refraneiro galego máis frecuente*, A Coruña/Vigo: La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, col. Biblioteca Galega 120, nº 119, 2002, 222 pp. (ISBN de La Voz de Galicia: 84-9757-085-5) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-567-7).•

Este volume recompilatorio, realizado por Xesús Ferro Ruibal, recolle, a petición dos editores da "Biblioteca Galega 120", como o propio colector explica no "Limiar", os refráns de uso máis estenso na nosa comunidade a partir da segunda metade do século XX. O compilador, que xa publicara no ano 1987 un vasto *Refraneiro galego básico*, baseouse para determinar eses refráns máis frecuentes nas cento corenta e seis coleccións que conforman a base de datos do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, perfacendo un total de aproximadamente sesenta mil ditos populares. A partir deles, e empregando un programa informático, aglutinou tan só os que máis se repetían ao longo desas cento corenta e seis recompilacións. Dásenos a coñecer tamén nestas verbas introductorias os criterios de edición e as características do presente refraneiro, sinalando

por exemplo qué clase de sociedade e estado de lingua “espellan” estes adaxios. Ponse de relevo, a seguir, a dificultade que supón a súa clasificación, así como se constata unha distribución etaria na frecuencia de uso dos refráns (maior nos vellos ca nos mozos). No corpo do libro ofrécense os proverbios mediante unha categorización temática ordenada alfabeticamente; os tópicos que máis cantidade deles posúen son, principalmente, os referidos á pesca, agricultura, gandería, alimentos, meteoroloxía, homes e mulleres e, sobre todo, ás estacións e meses do ano.




Referencias varias:

- María Álvarez de la Granja, “La Voz entrega mañá o Refraneiro galego básico recompilado por Ferro”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 13 novembro 2002, p. 50.

Ao longo desta columna, Álvarez de la Granja realiza unha pequena reflexión arredor dos refráns e do seu emprego na nosa vida cotiá. Deles subliña que se trata dunha sentencia “sustentada por toda unha comunidade [...] á que botamos man” no caso de que precisemos

apelar a unha verdade refrendada por toda unha cultura popular. Destaca, en definitiva, a importancia que teñen tanto na nosa fala coma para comprender a nosa cultura.




-R.J.C., “Os nosos avós fixéronlle ver a Napoleón o que é a ira dos mansos”, *La Voz de Galicia,* 13 novembro 2002, p. 51.

Entrevista realizada a Xesús Ferro Ruibal, autor de *Refraneiro Galego máis frecuente,* na que responde acerca de cuestións que atinxen ao nacemento da súa obra, á cantidade de refráns existentes, á temporalidade destes, ás súas características eu ao seu emprego no día de hoxe.

-Ramón Mariño Paz, “Retrato puntillista”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 13 novembro 2002, p. 50.

Tras facer un repaso polos diferentes intentos históricos que houbo por recompilar refráns galegos, o autor atribúelle unha especial relevancia á obra realizada por Xesús Ferro Ruibal ao tratarse dunha auténtica primicia. Loa a súa extensión e boa organización.

-Teresa Monteagudo, “Eixe na andamiaxe da lingua”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 13 novembro 2002, p. 50.

Monteagudo, nesta ocasión, fai referencia á obra orixinal que reedita a Biblioteca 120, (unha obra que levaba por título *Refraneiro galego básico*) subliñando a importancia que ten o feito de recoller nun libro máis de 11.300 refráns, acción non moi habitual, como manifesta, dos investigadores.

VIII. 3. Publicacións en revistas

Cadaval, Kico, “Que é o que é?”, *Revista Galega de Teatro*, nº 31, verán 2002, pp. 20-23.

Kiko Cadaval comenta nestas páxinas cómo foi o seu comezo como contacontos a mediados da década dos 90 cando, obrigado polas circunstancias, contou na Sala Galán, dentro dos chamados “Curtos da Galán”, catro das súas historias. Explica cómo xurdiu a súa fascinación polo acto de contar contos cando oíu falar a Alejandro Tossati de Costa Rica nun cursiño, e a través de diferentes anécdotas que lle aconteceron descubrimos a súa concepción do que implica e significa ser contacontos. Cadaval rexeita a palabra contacontos por resultarlle cacofónica respecto da inglesa *story-teller* e por non estar de acordo coa equivalencia entre narrador oral e contacontos: non se pode confundir, segundo el, aos que contan historias cos autores. Explica ademais cales foron as causas do seu fracaso en dúas ocasións, as experiencias da súas primeiras actuacións, a quén lle debe dous contos que el narra, etc. Finalmente, afirma que non sabe que é nin para que serve contar historias, pero que cando lle preguntan bota a lingua a pacer.

Carballeira, Paula, “O camiño do contador de historias”, *Revista Galega de Teatro*, nº 30, primavera 2002, pp. 7-9.

Paula Carballeira dá conta en primeira persoa do seu percorrido profesional como contacontos e narradora de historias, actividade que comezou case sen querer e animada por Quico Cadaval. Enumera tamén os espacios e os contadores de historias habituais neste tipo de *performances* orais e fai un resumo da súa historia recente, constatando un novo interese pola recuperación deste quefacer noutrora vizoso.

Cuns Lousa, Xulio, “O refrán”, *Anuario Brigantino 2001*, nº 24, “Arte, Literatura, Antropoloxía”, xullo 2002, pp. 497-508.

Achega ao refraneiro galego na que se comeza por dar a definición de *refrán*, para continuar cunhas consideracións sobre a semántica da paremioloxía (ou tratado dos refráns) e mais a súa variada nomenclatura (proverbio, sentencia, dito, adaxio, ditado, aforismo, retrouso, etc.). Enumera algúns diccionarios de refráns, entre eles algúns dos moitos publicados en Galicia, como por exemplo o que Saco y Arce recolleu en apéndice na súa *Gramática* de 1868 (a primeira da lingua galega). Ao describir estas obras, recolle moitos refráns tradicionais.

Fernández Sulleiro, Xesús, “A profesión dos rapaces”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Antropoloxía”, xaneiro 2002, pp. 8-9.

Comentario de *Xogo popular. Educación e identificación cultural* (2001) e *O libro dos xogos populares* (2001), ambos de Paco Veiga e que son o resultado parcial da súa tese de doutoramento. Explica que no primeiro analiza e reflexiona teoricamente sobre o fenómeno lúdico popular galego; mentres que no segundo fai unha catalogación dos xogos tradicionais galegos. Sinala que no primeiro volume, dividido en seis capítulos, o autor reflexiona sobre o conflicto existente entre progreso e tradición e subliña a importancia que o xogo ten para o desenvolvemento dos rapaces; en canto ao segundo volume, destaca a dificultade que supón facer unha recolleita deste tipo e sinala que o libro inclúe cento vintetrés fichas de xogos clasificadas nas seis etapas educativas descritas por Veiga (e que se basean no modelo de Piaget); nas fichas hai un total de vintedúas entradas nas que se recollen aspectos descritivos e pedagóxicos, así como referencias bibliográficas. Finalmente, avalía positivamente ámbolos dous volumes e cita o libro *Chirlosmirlos* (2001), de Antón Cortizas, que ten idéntica temática.

González Fernández, Helena, “O crego cando namora. A imaxe dos sacerdotes na poesía popular galega dos séculos XVIII e XIX (I)”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 15, “Literatura”, 2002, pp. 6-17.

Logo dunha breve introducción da autora na que se nos di que o obxectivo do artigo é o estudio sobre a imaxe do crego, cómo se concibe e cómo funciona este prototipo social no imaxinario popular a través das cantigas transcritas nos séculos XVIII e XIX, así como a opinión que lles merecen ás mulleres e aos homes a conducta dos curas, atopamos a análise de diferentes aspectos da vida destes. En primeiro lugar, atopamos un apartado dedicado ás burlas á falta de virilidade deste personaxe, á súa febleza, á súa mocidade, aos seus atributos femininos, á súa falta de experiencia, etc. De seguido, un apartado dedicado ás mozas que o crego namora, centrándose na figura da ama ou criada, que é un personaxe secundario (compañeira natural do crego) que serve para ridiculizar o comportamento irregular do cura e que xeralmente se caracteriza pola súa dispoñibilidade sexual permanente. Finalmente, achamos un apartado dedicado á roupa do crego cando pretende, e outro apartado, aos lugares do encontro amoroso dos cregos (o muíño, o campo e/ou a horta e o forno). Neste estudio hai exemplificación con cantigas das afirmacións ditas sobre

a figura do cura, así como unha listaxe das abreviaturas e bibliografía empregadas. Previo ao artigo ofrécense datos biobibliográficos da autora do mesmo.








González Fernández, Helena, “O crego cando namora. A imaxe dos sacerdotes na poesía popular galega dos séculos XVIII e XIX (II)”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, “Literatura Popular”, nº 16, 2002, pp. 30-45.

Constitúe a segunda parte do estudio publicado co mesmo título no número anterior da revista e nel séguese analizando a figura do crego no cancioneiro popular. En primeiro lugar analízanse as burlas ao comportamento xenérico normal do crego. Hai sorprendentes ataques dentro do cancioneiro popular nos que se recoñece que hai cregos que teñen un comportamento semellante aos outros homes da aldea formando un núcleo familiar no que o cura, que pode chegar a mostrar fraquezas de pai, semella un home casado e a criada a súa muller. De seguido estúdianse os avisos contra o crego, os cales, xeralmente, están dirixidos a mozas inexpertas ás que se lle descobren as consecuencias de namorar co crego (tanto de índole relixioso-moral como sexual) aínda que tamén hai dentro do cancioneiro avisos para o crego (presentado como absoluto descoñecedor da natureza sexual), así como tamén para os seminaristas e para mulleres vellas (estas últimas contribúen a ridiculizar aínda máis a figura do cura). A continuación analízase a actitude das mulleres ante os requirimentos do cura (xeralmente son mozas que refugan eses requirimentos, mais

tamén existen mostras doutras mozas que fan valoracións sobre as relacións amorosas co cura e outras que consenten os requirimentos deste), así como tamén os excesos na comida e na bebida do crego e o seu apego ao diñeiro. Finalmente detense a autora do estudio naquelas burlas sen dobre intención e nas razóns das burlas dos cregos no cancioneiro popular. Nesta segunda parte, como na primeira, hai exemplificación das afirmacións ditas sobre a figura estudiada, así como unha listaxe das abreviaturas e bibliografía empregadas. Previo ao estudio ofrécense datos biobibliográficos da autora do mesmo.








González Rodríguez, Mª Teresa, "Asociación Xuvenil Os Estraloxos", *Lvcensia*, nº 24, "Libros", 2002, pp. 200-201

Comentario á obra *Lendas e tradicións da Ribeira Sacra* (2001), feita pola Asociación Xuvenil Os Estraloxos de Lugo, onde se indica que na orixe do libro está a reedición dun volume que describía dende o punto de vista histórico a parroquia de Vilar de Ortelle: así, a asociación propúxose completala cunha historia popular da vila, para o cal, segundo se nos informa, recolleron toda a información posíbel da xente maior, un tesouro en perigo de extinción.

Losada, Basilio, “Casares y la literatura oral”, *Quimera*, nº 217, “Carlos Casares: memoria y homenaje”, xuño 2002, pp. 28-30.

Comeza sinalando que unha boa parte da obra de Carlos Casares non a leremos nunca, posto que se “perdió en el aire, en conversaciones de sobremesa, en anécdotas, en ejercicios deslumbrantes de oralidad”. Tamén recolle algunhas palabras de Casares publicadas en *El Ciervo*, nas que referíndose a Dieste sinalaba que del só nos quedan as súas obras, do mesmo xeito que do propio Casares. Gaba a capacidade do autor como conferenciante e lamenta que moitas destas palabras do autor non quedasen recollidas para a posteridade. Fala sobre a columna que tiña en *La Voz de Galicia*, que era un referente fundamental para moitos recensionistas. Destaca que logo da súa morte todos os xornais falaban sobre a capacidade que posuía como gran conversador. A súa oralidade é entroncada coa súa forte vinculación co mundo rural galego, polo que evoca as noites de infancia arredor da lareira, tradición que morreu coa chegada da luz eléctrica e a televisión. Fala da súa afección aos trens en miniatura e ás cámaras fotográficas antigas. Remata cunhas palabras de Manuel Rodríguez Álvarez, un dos seus amigos máis próximos e que o

acompañou no último momento, quen destaca da figura de Casares o ter acadado ser un referente cultural en Galicia.








González Reboredo, Xosé Manuel, “Unha variada achega á narrativa oral erótica”, *Guía dos Libros Novos*, nº 40, “Antropoloxía”, maio 2002, p. 9.

Comeza aludindo á creación hai dez anos, en Lugo, do equipo Chaira de investigacións etnográficas, responsábeis de achegas importantes neste eido, como *Polavila na Pontenova* (1998), de alcance local, o *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), síntese de tradicións de toda Galicia, e o volume que o recensionista comenta seguidamente, *Contos colorados. Narracións eróticas de tradición oral* (2001). Menciona algunhas das contribucións sistemáticas centradas na temática do sexo na literatura oral, como a do profesor Mariño Ferro, *O sexo na poesía popular* (1995), ao que se suma o presente libro, do que salienta como mérito o feito de encher un baleiro e abrir novos camiños para futuras achegas arredor deste tema. Con respecto ao título escollido, *Contos colorados*, indica que está tomado da tradición oral do oriente lucense e que identifica os relatos recolleitos polos autores, Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, dunha maneira xeral, pois os singulariza como grupo arredor da sexualidade. Céntrase tamén no número de relatos seleccionados, un total de douscentos noventa, e nos temas máis recorrentes: maridos cornudos, sancristáns e cregos luxuriosos, mulleres infieis, fillas deshonradas, trucos para

manter relacións socialmente pouco aceptábeis ou burlas de comportamentos sexuais defectuosos e esaxerados. Na súa opinión, esta escolma pon de relevo que o pobo galego non foi unha excepción á hora de considerar o sexo como un dos principais estímulos da sociedade humana. Valora tamén o esforzo dos autores por lograr o equilibrio entre a fidelidade ao esquema básico das narracións e a adaptación da mensaxe para ser comprendida por todo tipo de lectores, cumprindo así a dobre función de traductor e, en certa medida traidor, que corresponde ao etnógrafo, así como a súa honradez científica ao dar conta das distintas versións manexadas, máis de cincocentas, para facilitar a consulta das fontes. Como un dos valores engadidos do libro, salienta a fixación por escrito e a posta en circulación en diferentes espacios sociais e culturais destes textos, ademais da fina ironía e a fondura analítica da realidade que transmiten e que demostran “que os nosos labregos, mariñeiros, artesáns e pequenos comerciantes imaxinaron, ou imaxinan, por creación propia ou influencia allea, con humor e sentido crítico, sobre as tendencias sexuais dos seus semellantes”. Remata aludindo ás suxestivas ilustracións de Lázaro Enríquez, que non só son un complemento aos textos senón unha anovadora e persoal lectura artística das narracións.








Pazó, Cándido, “Os mil nomes... dunha arte escénica na fronteira para unha nova criatura que non é tan nova”, *Revista Galega de Teatro*, nº 30, primavera 2002, pp. 10-11.

Reflexiona Cándido Pazó acerca da “multiterminoloxía” existente para designar a arte escénica oral que el mesmo practica e que deixa transparentar neste artigo, inserindo as súas opinións ao respecto coma se dunha historia se tratase. Así, apunta o autor entre outros nomes “empíricos e provisorios” cos que se ten atopado, os seguintes: “narración oral”, “cuentería”, “oralidade”, “narración oral escénica”, para a actividade; “conteiro”, “cuentero”, “narrador oral”, “contador de historias”, “fabulador”, para as persoas que a exercen. Encontra nesta variedade un síntoma da indefinición e do carácter fronteirizo do fenómeno en si, pois participa dos trazos propios de varios xéneros; e lembra, finalmente, que non se trata en realidade dun feito novo, residindo en todo caso a súa “novidade” no seu uso actual.

Piñeiro, Blanca, “José G. Reboredo. O poder controla as festas populares”, *Tempos Novos*, nº 63, “Horizontes”, agosto 2002, pp. 43-46.

Entrevista ao antropólogo González Reboredo sobre cuestións relativas á tradición folclórica. Comeza lembrando cómo xorde no XIX o interese polas manifestacións populares, aludindo á Sociedade del Folklore Gallego que presidía a Pardo Bazán ou ao labor recompilador de Murguía. Continúa o percorrido pola historia desta materia ata hoxe, salientando o que supón “o paso do folclore ao folclorismo” e sinalando “un cambio de significado”. Observa o que pasa actualmente e fai referencia, sobre todo, á música e ás festas tradicionais. Por outro lado, pon de manifesto a existencia dun folclore urbano .

Requeixo, Armando, “Romances cervantegos e cebreiregos” *Tempos Novos*, nº 58, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, marzo 2002, p. 72.

Tras salientar varios títulos actuais e “teóricos” sobre a “literatura de transmisión oral” e mais concretamente sobre o romanceiro, presenta *Flor de romances de Cervantes e Pedrafita* (2001), de Anabel Amigo. Subliña que esta escolma gaña moita importancia nun panorama no que a tradición romancística está a desaparecer, confirmando así as palabras de Torneiro, autor do limiar. Alude ao “afastamento vital e comunicativo” dos concellos nos que se recolleu o material. Así mesmo, aplaude a “pulcritude filolóxica” amosada na reproducción dos textos, ademais da “extensa e descritiva introducción”. A seguir, refírese á variedade de temas e ás ilustracións de Dolores Domínguez. Remata insistindo na relevancia deste volume.

Requeixo, Armando, “La literatura gallega de transmisión oral”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 664, abril 2002, pp. 21-23.

Ofrece unha ampla panorámica do estado que presenta e presentou a literatura galega de transmisión oral. Para isto, en primeiro lugar aclara algúns termos sobre este campo da literatura xa que, como indica, aínda seguen confundíndose conceptos como os de literatura popular e literatura tradicional. Así mesmo deixa constancia de que durante moito tempo se tratou a literatura de transmisión oral como algo marxinal, idea que pouco a pouco, segundo indica, vai desaparecendo. Achégase tamén á cuestión de qué é aquilo que se entende por “galego” aplicado á literatura en xeral, debido á importancia que este tema ten dentro da literatura de transmisión oral. Neste sentido apunta que se só se considera literatura galega a escrita nesta lingua, quedarían fóra deste tipo de literatura certas coplas e boa parte dos textos do romanceiro. Por outra parte fai un resumo da historia deste tipo de literatura, abranguendo dende a Idade Media ata os nosos días, e salienta ademais o nome de varios escritores que se inspiraron nesta literatura. Así, cita varias obras nas que se nota esta influencia na literatura escrita de autor, e destaca que este diálogo literario é especialmente intenso no campo da literatura infantil e xuvenil actual. Finalmente, referíndose ao presente

e futuro da literatura galega de transmisión oral, indica que a súa existencia en canto á creación e reproducción oral está en claro retroceso, pero que como contrapartida parece tomar forma unha nova literatura popular, a dos contacontos. Así mesmo afirma que este tipo de literatura goza dunha saúde envexábel no tocante á súa existencia secundaria, é dicir, na súa fixación en colectáneas e antoloxías ou estudios: para dar conta disto remata cunha nómina de estudiosos que se achegaron a este tema nos últimos anos.








Tenreiro López, Uxía, “Romances de Cervantes e Pedrafita”, *Grial*, nº 155, Tomo XL, “Galicia, cidade atlántica”, “Libros”, xullo-agosto-setembro 2002, pp. 565-567.

Como persoa interesada no estudio do romanceiro dálle a benvida a *Flor de romances de Cervantes e Pedrafita* (2001), en edición de Anabel Amigo, que recolleu cincuenta e seis versións de trinta e tres temas nos concellos citados. Destaca que entre os obxectivos deste volume está o de demostrar a vitalidade do romanceiro nestes concellos, así como confirmar as diferencias locais, a “eterna” decadencia do romance, a sensibilidade dos novos informantes cara á tradición literaria ou o importante número de varóns informantes. Sinala tamén cándo se levou a cabo a recollida, que os grupos nos que están divididos os romances atenden á clasificación proposta por Ana Valenciano, así como que a obra conta cun prefacio de José Luís Forneiro e cunha introducción da propia autora. Sobre este último apartado valora os datos que achega pero bota en falta información sobre o realizado a partir de Murguía referido a esa zona, así como un pequeno estudio sobre a lingua das composicións. Por outra banda, pon de relevo que unha soa investigadora fose quen de recoller unha maior cantidade de temas que outros estudiosos que tamén se achegaron a esta zona, a pesar de que non conseguise ningún tema novo na tradición oral galega.

Apunta ademais que non hai dúbida de que Anabel Amigo partiu dos traballos realizados na década dos oitenta por Dorothé Schubarth e polos investigadores do Seminario Menéndez Pidal para dar “boa conta da saúde da que aínda goza o romanceiro no inicio do século XXI”.

VIII. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Araguas, Vicente, “Flor de romances de Cervantes e Pedrafita”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 29 decembro 2002, p. 3.

Lóase a obra de Anabel Amigo *Flor de romances de Cervantes e Pedrafita* (2001), da que se destaca o prólogo no que a propia antóloga explica polo miúdo cales foron as súas fontes. Indícase tamén o idioma empregado nos romances recollidos e resáltase o feito de ser unha transcrición fiel de todo canto o tempo foi capaz de conservar neses lugares de transición que son Cervantes e Pedrafita. Finalmente, sinálase que nas diferentes seccións deste volume se recollen todo tipo de romances, e fálase concretamente do titulado “Delgadiña”.

Fernández Fernández, Ruth, “Noite meiga”, *O Correo Galego*, “*Lecer*”, “Mitoloxía”, 20 xaneiro 2002, p. 25.

Despois de loar a paisaxe galega, sinala que Galicia é un país no que a crenza nas supersticións sempre estivo presente malia que as historias de tradición oral, como as contadas en *A lús do candil* de Ánxel Fole e que se narraban nas lareiras, xa non están tan presentes na vida dos rapaces galegos do século XXI. Fálasenos a continuación das figuras míticas femininas de orixe galega, que foron estudiadas polo miúdo no *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999) elaborado por Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, coa colaboración de Lázaro Enríquez nas ilustracións. Enuméranse a seguir figuras míticas como a da meiga (meiga chuchona, bruxa dos dentes verdes, anturuxa), a figura da cartuxeira (que le as cartas e ten a capacidade de adiviñar o futuro), a da muller animal (muller-cerva, muller-loba, muller-cabra), a de Blancaflor, a da moura, a da afogada, a da feiticeira, a da mariña ou muller con escamas, etc. Cóntansenos lendas relacionadas con algunhas destas personaxes, para subliñar por último que ademais delas hai outros seres, como trasnos, chupasangues, sacaúntos ou homes do saco, que unhas veces son seres máxicos cheos de gracia, outras veces serven para asustar aos nenos e outras, a maior

parte das veces, están relacionados coa morte, como é o caso da Santa Compaña ou Estadea.








Peña, Francisco, “As cancións das tabernas”, *La Voz de Galicia*, “Lectura cualificadas”, 11 febreiro 2002, p. 60.

Comeza sinalando que a poesía popular galega dos séculos XVIII e XIX representa o canto dunha nación, que agora aparece recollida neste novo volume de *Poesía popular galega* (2001) editado na colección “Biblioteca Galega 120”. Destaca que a canción nun pobo é símbolo da súa vitalidade, e que no caso do galego foi o propio pobo o que mantivo viva a lingua ata o Rexurdimento. Achégase á temática tratada nestas composicións populares que xira arredor da vida cotiá dos galegos, polo que cre que ler poesía popular galega é “un descenso ao universo máis entrañable dos nosos devanceiros”, que axuda nesta evocación a soster a nosa capacidade de felicidade e ilusión. Remata dándolle a benvida a este libro.

Requeixo, Armando, “Contar, contar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 21, 5 decembro 2002, p. I.

Este artigo constitúe a primeira parte dun estudio que terá continuación no número seguinte do suplemento *Faro da Cultura*. Logo de denunciar a distancia que durante moito tempo se ten imposto nos estudios entre a nosa literatura escrita ou de autor coñecido e a literatura de transmisión oral, Armando Requeixo indica que esta é visibelmente menor hoxe en día, así como que os sinais de diálogo entre os diferentes ámbitos van sendo cada vez máis notorios. O autor, persuadido da necesidade de recuperar lectores e espectadores para estes productos literarios, afirma que a literatura oral e a literatura escrita correron sempre parellas na nosa tradición, e sinala o crecente interese que nos últimos tempos a literatura de transmisión oral foi espertando entre os especialistas. Fai, por último, un repaso á historia galega desde a Idade Media ata a actualidade destacando en cada período os autores e as obras máis importantes que trataron este tema, por exemplo: Sarmiento e o seu *Coloquio de 24 gallegos rústicos* (1746), no século XVIII; no XIX, Rosalía de Castro ou Curros; no XX,Leiras Pulpeiro ou Risco; na posguerra, Ánxel Fole ou Cunqueiro; na actualidade, Marilar Aleixandre ou Xosé Miranda, etc.

Requeixo, Armando, “Continuar a cerna”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 22, 12 decembro 2002, p. I.

Trátase da continuación do artigo publicado no número anterior deste suplemento de *Faro de Vigo*. Tal e como xa fixera en “Contar, contar”, Armando Requeixo ocúpase da atención crítica e compilatoria suscitada pola nosa literatura oral ao longo da historia, citando persoeiros galegos ou peninsulares como Cernadas e Castro, Cornide Saavedra, Sarmiento, Murguía, Teófilo Braga, Milà i Fontanals, Saco e Arce, etc. No século XX distingue dous momentos clave a este respecto: un prebélico e outro posterior ao enfrontamento civil. Oprimeiro divídeo aínda en dous subperíodos aos que denomina “Época das Irmandades” e “Época Nós”, e indica que se estudiaron e recolleron neste tempo cantigas, cantares populares, romances, contos, lendas, adiviñas, xogos tradicionais, oracións, esconxuros, etc. Canto ao segundo momento, o da posguerra, subliña o labor de autores como Antón Santamarina ou Antón Fraguas, entre outros; facendo fincapé ademais no profundo cambio que sufriu a literatura de transmisión oral a raíz das mudanzas tecnolóxicas e sociais experimentadas nesa época. Finaliza Requeixo comentando a situación actual da literatura

popular: se por un lado é evidente que retrocede na súa forma tradicional, constátase tamén




o nacemento dun xeito novo de folclore que tería nos contacontos ou nos cantautores aos herdeiros da cerna da cultura de transmisión oral.





Valcárcel, Marcos, “Laureano Prieto, un nome a recuperar”, *O Correo Galego*, “*Lecer*”, 27 outubro 2002, pp. 10-11.

Con motivo da homenaxe celebrada o 14 de setembro na Gudiña, organizada pola asociación cultural Os Torgueiros, ao escritor Laureano Prieto Rodríguez, ao se cumpriren os vintecinco anos da súa morte, Marcos Valcárcel salienta o seu labor de investigación arredor da cultura popular, á vez que lamenta que a súa figura estea demasiado esquecida a pesar da súa inmensa relevancia. A este respecto sinala que a Biblioteca Virtual Galega da Universidade da Coruña non o inclúe como autor nin na listaxe de obras comentadas. Cita algunhas das súas publicacións e algúns dos proxectos que emprendeu, centrados en múltiples saberes, dende o campo das ciencias naturais e da tecnoloxía agraria ata o mundo das humanidades en xeral (Historia, Arqueoloxía, Lingua, Literatura Popular, Etnografía), fiel ao espírito dos integrantes do Seminario de Estudos Galegos. Refírese ás súas achegas máis coñecidas, *Contos vianeses* (1958) e *Contos para nenos* (1968) que, na súa opinión, pagaría a pena reeditar. Recolle as palabras de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, presentes na homenaxe, con respecto ao seu labor no eido da literatura popular e como fiel recompilador de contos de tradición oral que cumpre coas regras da etnografía en canto ao

respecto polo informante, pola lingua dialectal, pola clasificación temática dos contos recolleitos e polas excelentes introduccións das súas escolmas. Ademais, di que Xosé Miranda sinalou que o seu labor debería ser recoñecido coa dedicación dun Día das Letras Galegas en homenaxe á literatura oral popular. Acompaña a este artigo un resumo da biografía de Laureano Prieto que recolle dende o seu nacemento nunha aldea do concello da Gudiña en 1907, os anos da emigración en Cuba, os seus estudios de Maxisterio, ata a súa morte en 1977.








VIII. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Castro, Francisco, “Contos rodados”, *Atlántico Diario*, “a crítica”, 22 marzo 2002, p. 17.

Alude á presentación dos *Contos colorados* (2001), de Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, na Casa do libro de Vigo. Considera que se trata dunha interesante, divertida e formativa escolma de narracións eróticas da tradición oral galega, que resulta imprescindíbel para non esquecer as nosas vellas formas de contar. Explica que, nesta ocasión, os autores aproximáronse “ós contos colorados, ós contos subidos de temperatura, ás historia cheíñas de sexo, dobre linguaxe e algo de malicia da boa”. Apunta que as ilustracións de Lázaro Enríquez e a propia edición coidada de Xerais fan deste volume “unha pequena alfaia que ha engaiolar a quen a posúa”. Asemade sinala que quen lea estes contos ha de atopar “moito de coña, moito de verdade, e moito de diversión e pracer”, ademais dunha “visión da vida, e unha filosofía completa sobre a natureza dos homes, das mulleres, e do que pasa por debaixo do embigo”.

González Pérez, Clodio, “Galicia de lenda”, *O Correo Galego*, “O rodicio do tempo”, 14 decembro 2002, p. 2.

Lóase tanto a presentación como o contido da obra *Galicia de lenda* (2001) e sinálase que a boa acollida dos lectores se manifesta na existencia da súa segunda impresión. Indícase que na obra se recollen cento vintecatro narracións ou lendas xa publicadas por diferentes autores, como Risco, Bouza Brey ou Álvaro das Casas, e que nelas se abrangue unha vasta cantidade de temas: motivos relixiosos, historias de mouros, contos de encantos e tesouros, temas históricos, de cidades ou vilas asolagadas, narracións sobre serpes ou lobishomes, historias da muller-lobo, etimoloxías populares, etc. Finalmente, destácase a lenda do cruceiro de Gándara, da que se nos conta a historia.

Laxe, M. A., “A nosa narrativa oral”, *O Correo Galego*, “Follas Soltas”, 8 setembro 2002, p. 2

M. A. Laxe reflexiona aquí sobre a desaparición da tradición da literatura oral, así como sobre o recente interese que por esta expresión propia das sociedades preindustriais amosan os escritores e críticos da nosa “era da cibernética”. Lembra asemade a súa experiencia e a da súa xeración, na que se esta literatura de autoconsumo era un ben sempre gorentado. Considéraa unha boa estratexia para a formación de lectores en todo tipo de literatura: así foi en épocas anteriores polo feito de os nenos non teren acceso á literatura infantil ata o instituto. Fai fincapé na desaparición do hábito de contar e escoitar historias, sobre todo na perda da asunción da historia como algo real, hoxe convertida nun pacto de complicidade no que o lector se somerxe nunha ficción que abandona no momento en que deixa de ler.

Mallo, Albino, “Escolma de textos en ‘Galicia de lenda”, *O Correo Galego*, “Dende a miña fiestra”, 13 xaneiro 2002, p. 16.

Comenta a saída do prelo da obra *Galicia de lenda* (2001), elaborado polo profesor García Reboredo e que recolle lendas de toda Galicia nun mesmo volume. O libro está formado por un total de cento vintetrés lendas orixinais que se agrupan en eidos temáticos como as Etiolóxicas, Históricas ou Haxiográficas. Ademais esta edición consta dun bo número de ilustracións fotográficas feitas por Xosé María Salgado Mosquera e Anxo Rial que amosan o lugar no que en moitos casos se supón que sucedeu a historia ou lenda. Neste artigo aparece unha fotografía da Santa Compaña.

Neira Vilas, Xosé, “Cantares de cego”, *El Correo Gallego*, “O sarillo do tempo”, 3 febreiro 2002, p. 2.

Felicítase a Xosé Luís Ribas e Baldomero Iglesias pola publicación na Editorial Ophiusa do segundo volume de *Cantos, coplas e romances de cego* (1999), constituído por catrocentas páxinas e dividido tematicamente en: “Parrafeos”, “Suceso”, “Crimes e asasinatos”, “Acontecementos históricos”, “Amores tronzados”, “O servicio do Rei”, “Coplas do Antroido”, “Cantares non de cego”, “Temas varios” e “Outros cantares”. Así mesmo, destácase a análise introductoria e a reproducción fotográfica dunha copiosa mostra daquelas papeletas de feira que os autores recuperaron en moitas aldeas de Galicia. Neira Vilas tamén menciona que o tema dos cegos das feiras motivou máis dunha vez a poetas, narradores e dramaturgos galegos, así coma a algúns dos mellores artistas plásticos, entre os que sinala a Castelao, Carlos Maside, Laxeiro, Díaz Pardo, etc. Finalmente indícase que o labor dos autores deste volume continúa, menciónandose algunhas publicacións suas como *Contos de vellos pra nenos* e *Somos lenda viva*.

Valcárcel, Marcos, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 28 xullo 2002, p. 66.

Alude a un estudio do profesor Ricardo Carballo Calero sobre a importancia da cultura e mitoloxía popular nas letras galegas e sobre a presencia, na literaruta culta, de recursos como o humorismo ou o lirismo, propios da cultura popular. A seguir, comenta que esta presencia é evidente en *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro; “A Virxe de Cristal” e outros poemas costumistas de Curros Enríquez; *O catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal e noutros autores como Heraclio Pérez Placer, Manuel Amor Meilán, Lugrís Freire ou Manuel Lois Vázquez. Tamén comenta que Ramón Otero Pedrayo “buscaba nos relatos que lle escoitou á súa avoa de neno en Trasalba o argumento remoto das historias que logo pasarían a obras como *Os camiños da vida* ou *O mesón dos ermos* ” e engade que Ánxel Fole recorreu a miúdo “á memoria das niñeras da casa e ás anécdotas dos labregos nos faladoiros”. Apunta asemade que a presencia da oralidade na literatura galega se manifesta en múltiples xéneros poéticos e prosísticos e cita dúas revistas importantes á hora de recoller mostras da literatura popular como *Nós* e *Raigame*. Por outra banda, destaca o labor levado a cabo por Laureano Prieto e Antón Fraguas e, máis recentemente, por Xosé

Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba, así como achega o título de máis obras nas que podemos apreciar distintos elementos da literatura popular.








Valcárcel, Marcos, “Laureano Prieto”, *La Región*, “Ronsel dos libros”, 13 setembro 2002, p. 77

Anuncia que a Agrupación Cultural Os Torgueiros organiza no sábado vindeiro unha homenaxe a Laureano Prieto Rodríguez á que acudirán Francisco Fariña, Xosé C. Sierra, Xosé A. Fidalgo, X. Miranda e A. Reigosa. Este escritor, hoxe esquecido fóra dos ámbitos da etnografía e literatura popular, traballou con Ferro Couselo e outros persoeiros en múltiples tarefas históricas e culturais, foi compilador de relatos populares e estudiou a lingua da bisbarra do Bolo. Alén disto foi autor de libros como *A Gudiña*, *Cuentos de animales*, *Contos vieneses*, *Contos para nenos*, *Contos de cregos na terra de Viana*, *Contos populares da terra*, etc.

Valcárcel, Marcos, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 22 setembro 2002, p. 82.

Fai referencia a unha homenaxe na Gudiña ao escritor Laureano Prieto Rodríguez, estudioso da cultura popular galega, cando se cumpren vintecinco anos da súa morte. Achega o nome dos participantes na homenaxe e ofrece un percorrido polo labor de Laureano Prieto nos distintos campos do saber, isto é, na historia, arqueoloxía, lingua, literatura popular ou etnografía, citando estudios coma o das cantigas da Gudiña (*Douro Litoral*, 1950). Tamén comenta que Xosé Miranda e Antonio Reigosa destacaron que Prieto foi “o máis fiel e mellor recolector de contos de tradición oral que cumpre coas regras máis esixentes da etnografía: respectar ó informante, que aparece citado nos seus libros; respectar a lingua na súa versión dialectal do lugar [...]; clasificar tematicamente os contos populares e poñelos en relación co resto do mundo”.

Valcárcel, Marcos, “As uvas na solaina”, *La Región*, “Sociedad”, 22 decembro 2002, p. 90.

Páxina que contén nos seus apartados habituais catro artigos titulados: “O Neno Xesús galego”, “Os vilancicos galegos”, “¡Qué Neno tan garridiño!” e “O Belén de Baltar” nos que se nos sinala a escasa presencia da literatura culta, de autor coñecido, durante os Séculos Escuros en contraposición á abundante presencia da literatura oral. Nestes artigos clasifícansenos os diferentes subxéneros deste último tipo de literatura en vilancicos, panxoliñas, nadais, aninovos e reises e establécense as diferencias entre os “vilancicos de galego” e os “vilancicos galegos” dos que se ofrecen as súas características específicas. Así mesmo, sinálanse os traballos e autores que estudiaron mellor o tema dos “vilancicos galegos” dos que son un exemplo os de Carlos Villanueva ou os de Filgueira Valverde.

Vázquez, Dora, “Cantémo-los Reis”, *O Correo Galego*/*La Región*, “Ronseis”/“De paso”, 9 xaneiro 2002/5 xaneiro 2002, p. 2/p. 19.

Trátase dunha pescuda na cultura popular na que Dora Vázquez lembra as cantigas que tradicionalmente se cantaban polo nadal nos primeiros anos do século XX. Eran cantigas, explica, que pasaban de xeración en xeración e se acompañaban con gaitas, pandeiretas e zambombas. De entre elas destaca os cantos da noite de reis, cando os nenos ían camiñando de fogar en fogar labrego para pedir os seus “reises”. Remátase cun lamento polo que supón a pérdida dos costumes dun pobo. A autora e emprega unha cita a Ramón Cabanillas como introducción e epílogo do artigo.

VIII. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

AFA, “Con 120 anos de atraso”/“Editada por primeira vez a colección de cantares galegos de Xosé Casal Lois”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego* “AFA”/“Cultura”, 3 abril 2002, p. 35/p. 68.

Dáse conta da presentación en Santiago de Compostela da primeira edición da *Colección de Cantares Gallegos* (2001) de Xosé Casal Lois, editada conxuntamente polo Consello da Cultura Galega e polo Museo de Pontevedra a partir do manuscrito co que o seu autor gañou os Xogos Florais de Pontevedra do ano 1884. Así mesmo, reprodúcense as palabras de Antón Santamarina, autor do limiar, que afirma que gracias á existencia de numerosas edicións de cancioneiros dispersos e a aparición deste libro só queda agardar que cristalice
o grande cancioneiro da literatura oral galega, comentando que quen mellor podería levar a cabo tal proxecto sería Domingo Blanco, encargado da edición do presente volume. Tamén se salienta a Valladares, Saco y Arce e López Ballesteros entre os autores galegos que na segunda metade do XIX recompilaron o patrimonio dos cantares tradicionais galegos.

Álvarez, Natalia, “As regueifas, un desafío a través da palabra”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 costados”, 10 decembro 2002, p. 9.

Infórmase da organización, por parte da Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao”, dun obradoiro de regueifas impartido por Luís Correa, “O Caruncho”, integrante de “Os Carunchos” de Coruxo. Coméntase tamén que en Galicia hai dúas zonas onde as regueifas continúan a ser unha tradición viva: Bergantiños e os Ancares. Por último amósase o interese da Federación “Eduardo Chao” por iniciar aos alumnos da ESO na aprendizaxe do canto improvisado.

Corbelle, Mayte, “Ascensión Yeguas presentou un libro de contos de tradición oral”, *El Progreso*, “Terra Chá”, 16 outubro 2002, p.24

Un grupo de nenos do CEIP Mato Vizoso recolleu tras conversas con maiores unha serie de historias que se publican agora, co financiamento de Asuntos Sociais, baixo o nome *O que contan os maiores*. A tiraxe de mil douscentos exemplares e que non se porá á venda será repartida en colexios e centros de maiores. No día quince de outubro tivo lugar a presentación do volume no centro de servicios sociais de Vilalba ao que acudiu a delegada provincial de Asuntos Sociais, que fixo finca pé na simboloxía de unión entre dúas xeracións, e o director do centro, José Antonio Pita, que declarou que os obxectivos da obra eran a “relación interxeneracional e a recollida de material oral”.

Cuba, Xoán Ramiro, “Atopar a trabe de ouro”, *La Voz de Galicia*, “Lecturas cualificadas”, 4 febreiro 2002, p. 60.

Despois de referirse á significación da trabe de ouro e de alcatrán, que son as encargadas de soster o mundo, comenta que o tesouro é a tradición. Considera de tesouro e posibilidade case máxica que hoxe poidamos recrear nas páxinas da *Antoloxía do conto de tradición oral* (2001), contos tan nosos e tan universais como “Brancaflor”, “O demo na mochila” ou “Marica arteira vai cabaleira”. Sinala que os contos acompañan e que están na biografía de todos nós, así como destaca que nos contos de tradición oral, como en toda literatura, está a vida, a morte, o amor ou a liberdade, todo aquilo que fai de nós seres humanos: a trabe de ouro.

Darriba, Manuel, “O incerto futuro da tradición oral”, *El Progreso*, “Comarcas”, 26 setembro 2002, p. 16

Este artigo céntrase no labor do equipo de etnógrafos Chaira, formado a comezos dos noventa por Xoán R. Cuba, Mercedes Salvador, Antonio Reigosa e Ofelia Carnero para traballar na recollida de literatura oral na Terra Cha. Explica que este proxecto, iniciado en 1992, tivo que ser suspendido en 1995 ao rematar unha subvención que recibían da Xunta de Galicia. Non embargante, conseguiron reunir máis de dúas mil pezas gravadas, transcritas e fichadas. Chama así mesmo a atención sobre a petición dos autores respecto á publicación destes traballos: ningunha editorial se amosa interesada en facelo por non ser rendíbeis, e deste xeito o traballo resulta improductivo e inservíbel. Informa a seguir de que, tras esta interrupción forzada, o grupo Chaira se puxo a traballar en Pontenova, concello onde coñecen a Dolores Marqués Villarino, unha sorte de Sherezade que sempre os deixaba en suspense para que voltaran e que sabía de memoria máis de sesenta romances. Froito desta pescuda é o volume *Polavila na Pontenova* (1998). Recóllense tamén algunhas anécdotas dos investigadores e mais as súas opinións relativas á tradición oral e ao método de traballo empregado. O grupo Chaira afirma, por último, ser consciente de que a única

forma de conservación deste xénero hoxe en día é a recollida mediante gravacións e publicacións: os nenos só se achegan a este tipo de literatura mediante traballos escolares.





E. P., “O Consello da Cultura publica a Colección de Cantares Gallegos de Xosé Casal Lois”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 abril 2002, p. 68.

Nota que dá conta da publicación da *Colección de Cantares Gallegos* (2001) de Xosé Casal Lois por parte do Consello da Cultura Galega en colaboración co Museo de Pontevedra. Destaca que o volume recolle mil oitocentas dezaseis poesías populares que o autor escolmou para os Xogos Florais de Pontevedra e que esta edición de Domingo Blanco destaca pola riqueza léxica e temática.

Gaspar, Silvia, “Para xogar sen parar”, *La Voz de Galicia*, “*La voz de la Escuela*”, “O que le, é un león”, 14 xaneiro 2002, p. 6.

A raíz da volta ás clases logo do Nadal, recorda o educativo e productivo que é o xogo na Educación Preescolar e céntrase en tres volumes relacionados con este tema: *O libro do xogos populares galegos* (2001), *Xogo popular galego* (2001), ambos de Paco Veiga, e *Chirlosmirlos, enciclopedia dos xogos populares* (2001), de Antón Cortizas. Define o primeiro como un conxunto de fichas ilustradas cunha tipificación de posíbeis actividades e o segundo como un estudio sobre a función e propiedades do xogo. Do terceiro, destaca a recompilación das variantes zonais do xogo e as partituras das cancións. Finaliza cunha proposta de actividades para organizar o propio lectorado un catálogo de xogos.

Giadás, Luís, “Diversos trasnos que garda a tradición”, *O Correo Galego*, “De Meigas Trasnos e Enfeitizos”, 15 decembro 2002, p. 6-7.

Esta é unha pequena viaxe imaxinada tentando descubrir unha serie de trasnos que emerxen da cultura popular. Nesta ocasión céntrase en explica-la orixe do termo duende (‘dono da casa’) e da predilección que estes seres teñen por facer falcatruadas. En columnas adxuntas fálase da imaxe de diaños coa que os trasnos son representados en certos relatos, por unha parte; e, por outra, o autor tenta dar unha pequena explicación do que son os gnomos e os elfos, así como da súa relación e da súa procedencia mítica.

Giadás, Luís, “Na procura dos máis “fabulosos” trasnos”, *O Correo Galego*, “De Meigas Trasnos e Enfeitizos”, 22 decembro 2002, pp. 6-7.

Nesta ocasión o autor centra o seu artigo sobre o mundo das criaturas fantásticas na descrición de Man Peluda, un trasno que se achega na noite ás gorxas dos que dormen apertándoas e alterando a respiración ao tempo que producindo terríbeis pesadelos. Faise unha pequena relación da figura do Tardo cunha película de Hollywood (*Durmindo co inimigo*) e coa nosa cultura, e finalmente introdúcense posturas que a Igrexa defendeu sobre os trasnos e os valores.

López, Belén, “O Cancioneiro de Casal Lois volve a ser noticia en Pontevedra un século despois”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 9 abril 2002, p. 67.

Faise eco da presentación en Pontevedra do libro *Colección de Cantares Gallegos* (2001). Trátase da obra inédita coa que Xosé Casal Lois gañara en 1884 os Xogos Florais de Pontevedra. O presente volume foi editado en conxunto polo Consello da Cultura Galega e polo Museo de Pontevedra. Coméntanse asemade as palabras pronunciadas por Carlos Valle e Domingo Blanco no acto. Carlos Valle indicou as razóns polas que o Museo de Pontevedra está satisfeito pola realización da mencionada obra, entre as que destaca a de dar a coñecer un pouco máis con esta publicación os fondos do museo pontevedrés. O encargado de sacar adiante a edición, Domingo Blanco, resimiu pola súa banda cómo o autor se presentou aos Xogos Florais e a importancia de gañar ese premio. Finalmente anúncianse as datas e os especialistas participantes na segunda parte do ciclo de conferencias sobre Frei Martín Sarmiento, organizada polo Museo de Pontevedra figura reivindicada no Día das Letras Galegas.

M. J. M., “Os contos que reviven en imaxes”, *La Región*, 19 setembro 2002, p. 67.

Nova acerca da exposición realizada na Galería Sargadelos acerca dunha mostra realizada por Xosé Blanco na que se integran gravados sobre os contos de Valadouro, unhas historias que se foron transmitindo de xeración en xeración de modo oral. Infórmase, asemade, da publicación dun libro e dunha colección numerada con reproduccións das obras expostas.

Souto, Xurxo, “O mar de Pucho Boedo”, *La Opinión*, “Historias que non nos contan en ningures”, 5 xaneiro 2002, p. 12.

O autor dá conta dunha cantiga popular que fai referencia á Pena da Marola, unha illa pequeniña situada no concello de Oleiros. Comenta tamén algunhas referencias que a literatura galega fixo a esta pedra para finalmente remitir á que para el é máis importante de todas, a de Pucho Boedo, que cantou ós mariñeiros da Marola e doutras illas galegas. En columna á parte e baixo o título de “As cantigas da Marola”, Xurxo Souto fala da Pena da Marola e relaciónaa primeiramente cos veciños que viven preto dela e posteriormente cos refráns e as cantigas que esta illa xera na cultura popular da zona. Destas cantigas o autor vai dando, parellamente á súa reproducción gráfica, pequenas notas que ofrecen información sobre a súa orixe así como das temáticas que aparecen con máis frecuencia.

***Agália. (Revista de ciências sociais e humanidades*)**
(ISSN: 1130-3557 / DL: C-250-1985).

Publicación que comezou a súa andaina na primavera de 1985, coa dirección da presidencia de AGAL, coordinada por Joám J. Costa Casas e cun Consello de Redacción, integrado por oito persoas, que se foi ampliando ata chegar aos trece que ten na actualidade. Dende o n.º 41 (primavera 1995) ata o n.º 61 (primavera de 2000) tivo a M.ª do Carmo Henríquez Salido como directora mais dende o n.º 62 (verao 2000) ten a Carlos Quiroga como director. Dende o número dobre 63-64 (2º semestre 2000) *Agália* presenta un novo deseño na capa e inclúe un novo subtítulo: "Revista de ciências sociais e humanidades". Asemade no enderezo electrónico <http://www.agal-gz.org> podemos ollar os índices dos diferentes números desta revista dende o n.º 56 (inverno 1998) ata hoxe en día, así como consultar algúns destes traballos. En 2002 chegaron a nós dous números dobres conmemorativos do "20 Aniversário da AGAL": o 65-66 (1º semestre 2001) e mais

o 67-68 (2º semestre 2001). Estes dous números duplos presentan varias seccións: “Para a história do reintegracionismo”, “Estudos”, “Poesia”, “Entrevista”, “Notas” e “Recensons” e contan con apoio fotográfico a cargo de Luz Castro Pena. O número 65-66 presenta as seccións “Para a história do reintegracionismo”, “Poesia”, “Entrevista” e mais un Índice de todos os números publicados por *Agália* dende 1985 a 2000 elaborado por Joel R. Gômez. Referido á literatura galega temos dentro da sección “Para a história do reintegracionismo” un texto de Joám Manuel Araújo (“Reintegracionismo e opiniom pública na Galiza (1981-2000): alguns contributos”), e dentro de “Poesia”, poemas de Ricardo Carvalho Calero, José-Martinho Montero Santalha e Amado L. Caeiro. O número 67-68 contén as seccións “Para a história do reintegracionismo”, “Estudos”, “Poesia”, “Entrevista”, “Notas”, “Recensons” e “Percurso”. Con referencia á literatura galega, o apartado “Poesía” inclúe cinco poemas de José Carlos de Vasconcelos, e a “Entrevista” ten como protagonista a Xavier Alcalá. En “Notas” temos un artigo de José-Martinho Montero Santalha (“Sobre o catálogo das rimas trovadorescas”) mestres que en “Recensons” atopamos as recensións dos volumes *Do músculo da boca*, a cargo de Joám M. Araújo e *Donosiña*, de Luís Gonçálex Blasco, e xa en “Percuros”, aparecen reflexións sobre as obras *Mongólia*, a cargo de Igor Lugrís, e mais *Caracol ao Pôr-do-Sol*, obra de

Joám M. Araújo. Todos os artigos e recensións aquí referidos figuran descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:

-Lola Airas, “Una tarde con el arte”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 2 marzo 2002, p. 16.

Despois de falar dalgunhas das actividades culturais que tiveron lugar en Ourense afírmase que na libraría Torga tivo lugar a presentación dun novo número da revista *Agália*.





Alameda
(DL: C-888-2000).

Publicou o primeiro número en agosto de 2000, dirixida pola Sociedade Liceo de Noia, coordinada por Cándido M. Prego Rajo e cun Consello de Redacción formado por oito persoas. Ata o de agora presentou seis números coas seccións fixas: “Historia do Liceo”, “Pinceladas Sanitarias”, “O ensino en Noia”, “Xeografía”, “Personaxes”, “Historia”, “Cancións de Noia”, “Visións de Noia” e “Os nosos libros”. En marzo de 2002 sacou á luz o seu número 7, que presenta un monográfico en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos no que se recollen os seguintes artigos: “Estación Wadley”, de Luís Avilés; “Carta a Antón Avilés”, de Xosé Manuel Beiras; “As viaxes de Ulises Fingal. De Itaca a Harar”, de Aurora Marco; “Tiña o poeta dúas patrias”, de Xosé Neira Vilas; “As sólidas arquitecturas de Avilés de Taramancos”, de Ana Romaní; “A sombra”, de Alfonso Costa; “Noia como modelo para Avilés de Taramancos”, de Joel Gómez; “Avilés no espello humano”, de Xavier Costa Clavell; “Memorial de débedas (e certos agravios)”, de Xoán X. Mariño; “Antón Avilés, memoria eterna de Taramancos”, de Pedro García Vidal; “Un poemario da mocidade. *A frauta i-o garamelo*”, de Dolores Arxóns Álvarez e Xavier Castro

Rodríguez; “Entrevista a Avilés de Taramancos”, de Xosé Agrelo Hermo; “O mito dadeusa nai na poesía de Antón Avilés”, de Ánxeles Penas; “Aniversario do pasamento de Avilés”, de Manuel Hermida Iglesias; e “Textos recuperados”, de Aurora Marco. Tamén aparecen os poemas “A taberna Gótica”, de Salvador García-Bodaño; “Contemplación”, de Xavier Seoane; “Corazón Simbad”, de Francisco X. Fernández Naval; “Lembranza de Avilés”, de Eva Veiga; “Resposta a un poema de Avilés (“Concerto de Outono”)”, de Luísa Villalta; “Antón Avilés de Taramancos”, de Emilio García; e “Vida. Poema telúrico”, de Xabier A. Olariaga. Esta homenaxe acompáñase coa reproducción dalgúns poemas de Antón Avilés de Taramancos e diverso material icónico. Tamén chegou a nós unha segunda edición deste número saída do prelo no mes de xullo, a cal presenta como diferencia con respecto á do mes de marzo as cartas que a Sociedade Liceo de Noia enviou a organismos e persoas (das que se ofrece unha relación) solicitando que se lle dedicase o Día das Letras Galegas a Antón Avilés de Taramancos. Tamén no apartado “Axenda” se ofrece un resumo dos actos de homenaxe celebrados en honra deste autor o 23 de marzo no Salón de actos do Liceo de Noia. Entre estes actos sinálase que se representou a obra *O peirao dos soños*, posta en escena que estivo a cargo da Escola de

Teatro Liceo de Noia, un espectáculo teatral dirixido por Manuel Sabín e baseado en textos de Avilés.

Amastra-n-gallar
(DL: 134-2002).

Publicación de creación e ensaio sobre poesía dirixida por Emilio Araúxo que se estreou no ano 2001 cun número no que diferentes autores fan as súas respectivas achegas ao redor do concepto do “acto poético” como tema de fondo. Neste ano 2002 sacou do prelo tres números: o 2 (inverno), o 3 (primavera) e o 4 (outono). No n.º 2 recóllese unha mostra de poemas irlandeses en versión bilingüe de autores como Leland Bardwell, Harry Clifton, Pearse Hutchinson, P. J. Kavanagh, Paul Muldoon, Eiléan Ní Chuilleanáin, Michael O´Dea, Desmond O´Grady, Macdara Woods, Vicent Woods e Pól Breathnach. Tamén acolle unha entrevista a Cesáreo Carballido e unha autopoética de María do Cebreiro, así como traballos de Georges L. Roux e Alain Badiou e textos poéticos orixinais. No n.º 3 aparecen un conxunto de artigos centrados en Fernando Pessoa e as creacións de Rea Nikova, Claude Royet-Journoud, Uxío Novoneyra e Natacha Michel, ademais de varios textos orixinais. Finalmente, no n.º 4, reprodúcense varios artigos relativos á figura de Henry Bauchau e á situación da poesía, que, pola parte galega, está referida por Xabier Cordal e Paulino Vázquez. Asemade contén poemas de Judit Balso, Xulio Calviño, Jean

Clet Martin e Manuel Outeiriño en lingua galega e o xa habitual apartado de textos orixinais. Todos aqueles textos relacionados coa literatura galega son descritos no apartado V.4 deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:

- Vicente Araguas, “Amastra-N-Gallar”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 126, 22 abril 2002, p. 3.

Considera unha boa iniciativa a publicación da revista *Amastra-N-Gallar*, editada por Emilio Araúxo na que a poesía é a protagonista. Comenta que o número que acaba de saír á luz está dedicado ao acto poético, no que unha serie de autores reflexionan sobre o seu significado, como é o caso de Alain Badiou e Uxío Novoneyra.

-A.R., “Irlanda, sempre Irlanda”, *Tempos Novos*, nº 64, “Voces e Culturas. Crítica”, “Libros”, setembro 2002, p.73.

Cita os autores que “constitúen o centro de interese do segundo número da revista Amastra-N-Gallar” e loa a contribución á nosa literatura dos poemas foráneos traducidos por Emilio Araúxo e Roberto Neal Baxter.



Anima + I
(ISSN: 1137-599X / DL: C-541-96).

Publicación creada en febreiro de 1991, co subtítulo *Revista cultural para todas as especies*, editada por Edicións Positivas e que presenta unha periodicidade variábel. Comezou a súa andaina tendo a Xelís de Toro como director e coordinador mais nos tres números tirados en 2000, que corresponden aos nºs 8, 9 e 10, presenta unha redacción composta por Francisco Macías, P.rC.B, Xis, Olalla Cociña e mais Comba Campoy. Presenta seis seccións: “En canal”, “Entrevista”, “A colmea”, “Outras especies”, “Incubación” e mais “Subliminal”. No ano 2002 publicou o número 12 (verán), un monográfico dedicado ao pobo saharauí no que se analiza a historia, o ensino, a gastronomía así como outros aspectos culturais da República Árabe Saharauí Democrática. Tamén teñen cabida poemas en español referidos a este pobo así como unha pequena obra de teatro escrita por Xis Costa, co título *O camelo*, na que un saharauí e un marroquí, acompañados por unha espectadora e o director, falan dos diversos nomes que reciben os camelos.

Recensións e referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Librería galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 271, 27 xullo 2002, p. 2.

Baixo o título de “Monográfico sobre o pobo sahariano”, Blanco Rivas describe o contido do monográfico publicado pola revista *Anima+l*, dedicado ao pobo sahariano, no que se recollen traballos que inciden na historia deste pobo, nas súas festas, xogos, poesía, etc. Coméntase que a idea de dar a coñecer mellor o mundo dos saharianos naceu da Asociación Chantadina de Solidariedade co Sahara e do subdelegado da Fronte Polisaria en Galicia, Abdalá. Sinálase, tamén, que foron os propios saharianos os que colaboraron na elaboración do presente monográfico. Ofrece ademais breves comentarios temático-argumentais da obra para os cativos *Conto para contar mentres se come un ovo frito* (2002), de Pep Bruno, así como dos poemarios *Caderno a destempo* (2002), de Franck Meyer, e *Cantos da seiva* (2002), de Xesús Pereiras.

Anuario Brigantino
(ISSN: 1130-7625/DL: C-1613/2000).

Publicación fundada por Francisco Vales Villamarín que edita anualmente o Concello de Betanzos co copatrocinio da Deputación da Coruña, a Fundación Caixa Galicia e o Banco Etcheverría. Coñeceu dúas épocas: unha primeira etapa que comezou en 1949, cando saíu do prelo o *Anuario Brigantino de 1948*, baixo a dirección do fundador, para continuar nos anos 1950 e 1951. A segunda xeira encetouse en 1981 tras trinta anos de silencio e esténdese ata a actualidade. Alfredo Erias Martínez dirixiu o comité científico dende o pasamento de Vales Villamarín. A publicación estructúrase nas seccións de "Historia", "Arte, Literatura, Antropoloxía", "Entidades culturais e deportivas" e "Acontecementos do ano". No mes de xullo do ano 2002 sacou do prelo o número 24, correspondente ao ano 2001, no que se inclúen na sección de literatura os seguintes artigos: "Curros Enríquez escolmado por Cabanillas: tres epístolas inéditas a César Alvajar", de Xosé María Dobarro; "Palabras para presentar a *Obra poética* de Francisco Vales Villamarín", de Arturo Casas; "O decaer do espírito galego nos terceiros Xogos Florais de Betanzos", de

Concepción Delgado Corral; e “O refrán”, de Xulio Cuns Lousa. Todos estes artigos aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, "... e baixe a caña", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 22, "Libros", 12 decembro 2002, p. IV.

Coméntase a publicación do número 21 do *Anuario Brigantino* dirixido por Alfredo Erias Martínez no que se recollen en máis de cincocentas páxinas diferentes traballos sobre materias como a historia, a arte, a literatura, a antropoloxía, etc.

Anuario Galego de Estudios Teatrais 2001
(ISSN: En trámite/DL: VG-247-2002).

Primeiro número deste anuario publicado pola Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega, que nace coa vontade de potenciar e desenvolver a capacidade discursiva no eido dos estudios arredor do feito teatral, ademais de tentar convocar nas súas páxinas a todos os que se dediquen á investigación sobre esta forma de expresión artística, entendendo o teatro como realidade escénica e non literaria, segundo se indica na editorial que abre o volume. Está dirixido por Manuel F. Vieites, e conta cun consello de redacción formado por Héctor M. Pose, Anxo Abuín González, Francisco J. Sanjiao Otero, Dolores Vilavedra e Damián Villalaín, ademais de Inma López Silva como secretaria de redacción. Este primeiro número consta de tres apartados: “Estudios e investigacións”, no que se ofrecen estudios arredor do feito teatral de diferentes países como Inglaterra ou Estados Unidos, “Artigos e notas”, onde se analizan obras de autores representativos ou a relación do teatro con outras artes, e “Recensións”, apartado no que se dá conta de obras relacionadas co mundo do teatro publicadas recentemente, tanto galegas coma de fóra. Neste primeiro volume os artigos relacionados

coa literatura galega son o de “Oralidade e escritura na traducción teatral”, de Henrique Harguindey Banet; “Teatro e traducción”, de Miguel Pérez Romero, e “Historias do teatro galego”, de Dolores Vilavedra. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe.*




Augasverso

Folla literaria publicada pola Concellería de Cultura do Concello da Estrada. No seu consello de redacción figuran Antía Otero, Chus Nogueira, Xosé Lueiro, Valentín García,Óscar Valladares, Janei Cartimil e Fran Ameijeiras. Esta entrega, correspondente ao número 4, ábrese cun editorial no que se fai referencia á nova entrega de *Augasverso*. A folla literaria estructúrase en tres partes. A primeira é a titulada “As nosas fontes”, onde se inclúen poemas de Xosé Manuel Cabada Vázquez (“¡Galego!”), Bernardo Rodríguez (“Falade sempre galego”), Manuel Pereira Valcárcel (“A mañá”, “Ela vaise”, “Casa en obras”), Otilia Docampo (“Mátame de señardá”) e Xosé Lueiro (“Lembranzas”). A segunda é “Augas berce”, e nela inclúense as composicións de Mariña Otero (“Quixera”), Carlos Solla (“Face oculta”), Saulo Avendaño (“Rosas”) e Juan L. Blanco Valdés (“Sen”). Finalmente, aparece a sección *Outras augas* onde se recolle información bibliográfica sobre algún dos libros dos poetas anteriormente citados.

Auria (Revista mensual de Caixanova)
(ISBN: 1138-0837/DL: OU-46-97).

Publicación mensual que naceu en marzo de 1997 ao saír do prelo o seu número 0 co título de *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)*. Trocou de nome en agosto de 1999 – nº 28– , ao comezar o proceso de fusión das Caixas do sur de Galicia, quedando como *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)* ata xullo de 2000 –nº 39– cando ficou co seu actual título *Auria (Revista mensual de Caixanova)*. Esta revista ten dende a súa fundación a Alfonso Sánchez Izquierdo como director e a José Luís Outeiriño Rodríguez como editor, a Antonio Piñeiro como director de cada edición dende agosto de 2000, e conta ademais cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos da cultura. Está editada por Caixanova en colaboración coa Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Ao longo de 2002 publicáronse 12 números,concretamente dende o número 57 ao 68. Ábrese cada número cunha “Axenda” que dá conta dos principais fitos e actividades culturais –teatro, conferencias, exposicións, música, etc.– que terán lugar durante o mes seguinte en toda a provincia ourensá así como na cidade de Vigo. A seguir aparecen artigos, con abondoso apoio fotográfico, que

tocan variados temas, nomeadamente, literatura, teatro, historia, arqueoloxía, natureza, arte urbana, música, tradicións, cine, fotografía, etc., e péchase cun apartado que fala especificamente das noticias económicas e institucionais de Caixanova. Cómpre destacar que na sección “Auria das letras”, que conta coa colaboración da Aula de Literatura do Liceo de Ourense, aparecen reproducidos textos literarios de autores galegos, nomeadamente ourensáns, entre eles o celanovés Gumersindo Reza Nóvoa, Manuel de Dios Martínez, etc. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Boletín da Real Academia
(ISBN: 84-87987-21-4 / DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o nº 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Está coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos Agrelo e Xosé Ramón Barreiro Fernández e coeditado pola Real Academia Galega, A Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No ano 2002 sacou do prelo o número 363 dedicado, en boa parte, ao Padre Sarmiento con motivo da homenaxe que se lle rendeu a esta figura no Día das Letras Galegas. Estructurado en catro capítulos, no primeiro, “Estudios e investigacións sobre o P. Sarmiento”, inclúe estudios como: “O nome e a obra do Padre Sarmiento no franquismo”, de Xesús Alonso Montero; “A imprecación contra a morte de Xosé Labrada. A primeira *laudatio* en honra do Padre Sarmiento”, de Xosé Ramón Barreiro Fernández; ou “Tradición manuscrita e divulgación impresa do Coloquio en coplas galegas. Consideracións á luz do autógrafo orixinal”, de Henrique Monteagudo Romero. No

segundo, “Alocucións académicas sobre o P. Sarmiento no Día das Letras Galegas” recóllense artigos como: “Un labrego na vida e na obra do filólogo Martín Sarmiento”, de Xesús Alonso Montero; ou “O coloquio do Padre Sarmiento”, de Xosé Luís Méndez Ferrín. No terceiro, “Traballos de investigación sobre outros temas”, ademais de traballos sobre alingua aparecen os estudios de Rosario Álvarez e Xosé Luís Rodríguez Montederramo, “O Diálogo de Alberte e Bieito. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI”, e de Diego Bernal, Manuel Dans, Xosé Mª Dobarro e Afonso Méndez, “Os libros de Fontenla Leal”. Péchase este número coas novas da “Vida oficial da RAG”, onde se ofrece a relación de membros directivos e académicos numerarios, unha biografía do novo presidente Xosé Ramón Barreiro Fernández, a crónica do último ano de actividade da academia, as propostas que esta lle trasladou ao goberno e o parlamento galegos, e unha necrolóxica a Marino Dónega Rozas da man de Francisco Fernández del Riego. Todos estes artigos aparecen nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Boletín Galego de Literatura
(ISSN: 0214-9117/DL: C-641-1989).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostelasubvencionada pola Xunta de Galicia e na que colabora Ámbito Cultural/El Corte Inglés. No seu Consello Científico figuran catedráticos de universidades de todo o mundo. Cada volume vai ilustrado por un fotógrafo ou por un artista gráfico. Sen cambios no Consello Científico nin tampouco no Redactor e Corrector, chegaron ás nosas mans durante o ano 2002 o número 26, correspondente ao segundo semestre de 2001 e ilustrado por Víctor Casas, e un número monográfico que fai o número 2 dentro da serie "Monografías do Boletín Galego de Literatura", dedicado a escolmar a poesía estonia. O número 26 é un monográfico coordinado por Arturo Casas, titulado *Bibliografía sistemática de Teoría Literaria*, no que non aparecen as seccións habituais da revista, unha excepción que, como indica Anxo Tarrío na presentación do volume, vén dada pola importancia e a utilidade dos seus contidos. Reúnense deste xeito un conxunto de referencias bibliográficas e hemerográficas, ás que se suman traballos centrados nos vínculos entre a

Teoría da literatura e outras disciplinas humanísticas e sociais, como a Filoloxía, a Literatura comparada, a Estética, a Hermenéutica ou os Estudios Culturais; en total, un conxunto de seis mil referencias, repartidas en cincuenta e seis epígrafes. O volume ábrese cunha introducción, á que lle seguen a organización temática da bibliografía, os recursos e fontes xerais, a atribución sistemática de referencias e, finalmente, as referencias bibliográficas. O devandito número monográfico leva por título *Vello ceo nórdico. Antoloxía da poesía estonia contemporánea* e nel inclúense en edición trilingüe estonio-galego-inglesa, da que figuran como responsábeis Arturo Casas e Jüri Talvet, poemas estonios dos últimos corenta anos do século XX. Escolmáronse principalmente textos de poetas pertencentes ás xeracións que achegaron innovacións no curso histórico da poesía estonia. A selección e versión inglesa foi realizada por Jüri Talvet e H.L. Hix; a versión galega correu a cargo de Manuela Palacios e Manuel Barbeito, e as ilustraciónscorresponden a Vive Tolli. Ábrese o volume cunha presentación de Anxo Tarrío Varela, cunha introducción realizada por Jüri Talvet titulada “A poesía estonia (pos)moderna”, e cos criterios de traducción. A seguir comeza a antoloxía, que recolle textos dos poetas Hando Runnel, Andres Ehin, Jaan Kaplinski, Paul-Erik Rummo, Juhan Viiding, Ene

Mihkelson, Jüri Talvet, Mari Vallisoo, Hasso Krull e Triin Soomets, que van seguidos dos respectivos datos biobibliográficos.

Recensións e referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Poesía estonia contemporánea”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 257, “Libros”, 20 abril 2002, p. 2.

Ver Castro del Río, Plácido R., *Unha escolma xornalística*, no apartado V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas deste *Informe*.

- Xavier Castro R., “Poesía estonia en galego, no “Boletín Galego de Literatura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 128, 6 maio 2002, p. 4.

Despois de enxalzar a importancia que ten o *Boletín Galego de Literatura* no panorama das publicacións periódicas, alude ao volume monográfico que se editou no ano 1992dedicado á figura de Álvaro Cunqueiro. A seguir, fai referencia a unha nova monografía na

que se recolle, nunha edición trilingüe (estonio-galego-inglés), unha mostra da poesía estonia dos últimos corenta anos do século pasado baixo o título “Vello ceo nórdico”.




- Ramón Nicolás, “Vello ceo nórdico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 10, 19 setembro 2002, p. 5.

Lémbrase que non é a primeira vez que o *Boletín Galego de Literatura* publica unhamonografía, pois xa o fixera en 1992 cun volume dedicado a Álvaro Cunqueiro, e dáse conta do presente estudio monográfico dedicado á poesía estonia contemporánea. Explica que se trata dunha edición trilingüe, galego-estonio-inglés, de poetas de diferentes idades, obras e estilos. Así mesmo indícase que O *Boletín* vai precedido dun limiar de Jüri Talvet traducido por Arturo Casas (“A poesía estonia (pos)moderna”) no que se realiza un percorrido pola poesía de Estonia, destacando os seus cantares populares e o poema épico nacional, o Kalevipoeg. Así mesmo, dísenos, no prólogo desvélanse as claves da poesía estonia e das tendencias, autores e estilos do panorama poético deste país. Para concluír a recensión, Ramón Nicolás enumera os poetas que aparecen no volume.

Bululú. A revista dos títeres
(DL: C-767-2001).

No verán do 2001 o Centro de Documentación das Artes Escénicas (IGAEM) editou o primeiro número desta revista. No editorial da mesma os seus directores Mar Nogueira e Jorge Rey expoñían como fundamental obxectivo "crear un espacio de divulgación para o mundo dos títeres no que teñan cabida tanto os temas de investigación, como os de opinión e mesmo de difusión". Conta esta revista cun consello de redacción formado por Patricia López, Lucía Ansemil, María Ríos, Aurelia Fernández, Carmen Domech e Francisco Cambreiro. Estructúrase nas seguintes seccións: "Vozvoces", "A Personaxe", "Entrevistas", "Estreas", "Axenda", "Publicacións" e "Anexo". No ano 2002 chegaron ata nós dous números desta revista, o nº 2, correspondente ao verán, e o 3, ao inverno. No primeiro dos números dáselle acollida na sección "A personaxe" a un artigo sen asinar sobre "A figura de Blanco Amor e a súa relación cos títeres", no que se achega ao labor do autor ourensán con textos de farsas, publicadas inicialmente en castelán e que el mesmo traduciu ao galego. Tamén se reproduce o prólogo da primeira edición das *Farsas*

para títeres (1973) no que Blanco Amor explica cómo chegou a escribir este tipo de teatro e as características que nel atopa, ademais dun anaco dunha entrevista na que o autor ourensán admite descoñecer fontes desta tradición teatral en Galicia. Tamén se recolle a apertura da casa do Títere de Lalín en "Un museo galego para a marioneta", de Mar Nogueira; en "Actualidade", dáse conta das actividades da Sala Iago, do Festival de Títeres de Redondela, faise un resumo das mesas redondas celebradas neste festival sobre o papel do autor e do editor no teatro de monicreques e sobre Barriga Verde, nas que participaron, entre outros, Marilar Aleixandre, Francisco Pillado, Jorge Rei, Alfredo Conde, Amado Rizón, Xurxo Fernández ou Alfonso Silvent. No segundo dos números, ademais dun amplo artigo sobre o teatro de monicreques de García Lorca, tamén se dá a coñecer cómo funciona o Centro de Documentación teatral do INAEM, un dosier que recolle a historia do teatro de autómatas, o desenvolvemento de "Galicreques 2002" e as compañías participantes nesta edición, "A manipulación no movemento: conexión entre danza e títeres", de Branca Novoneyra; e "Teatro na Sala Iago de Compostela", de Eduardo Alonso.




Recensións e referencias varias:





-AFA, “Deseño renovado no segundo número da revista ‘Bululú”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 30 agosto 2002, p. 68.

Anuncia a saída do prelo do segundo número da revista *Bululú*, do que destaca a atención prestada a autores como Eduardo Blanco Amor e á tradición migratoria galega. Salienta tamén o renovado deseño do volume e algúns dos aspectos tratados nel, entre os que se atopa unha referencia a unha compañía gaditana, rexida durante anos por galegos, ou o dosier central sobre maquetas ou troqueis de espectáculos teatrais de monicreques do século XIX. Remata lembrando que esta revista comezou a súa andaina en maio de 2001 e que é a única que se ocupa da promoción do teatro para monicreques.

- AFA, “Unha sombra no chan”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 outubro 2002, p. 33.

Ver IVº Festival Internacional de Títeres “Galicreques” de Pontevedra no apartado VII. 3. 2. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

- Afa, “A revista dos títeres”/ “O IGAEM e a Sala Yago poñen na rúa o cuarto número de ‘Bululú”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”, 28 decembro 2002, p. 31/p. 67.

Infórmase da publicación do número tres da revista *Bululú* dedicada ao estudio e divulgación do teatro de marionetas levada a cabo pola Sala Ya go e o IGAEM. No seu contido destaca o texto sobre a relación de García Lorca co teatro de títeres, o texto do “teatro de autómatas”, a relación entre a danza e os títeres e a entrevista realizada ao chileno Miguel Oyarzún. Dise que á presentación en Santiago asistiron Mar Nogueira, codirectora da revista e directora do Centro de Documentación do IGAEM, Amado Ricón, director da revista e Jorge Rey, director da Sala Yago e codirector de *Bululú*.

-M. B., “Hacer una revista de títeres exige tener vocación”, *La Voz de Galicia*, “El cronómetro”, 31 decembro 2002, p. L2.

Entrevístase a Jorge Rey, director da Sala Yago e codirector de *Bululú*, única revista de títeres en España e unha das catro europeas. Jorge Rey comenta o seu contido, o xeito

de distribución, e salienta o importante labor dun equipo de once persoas e colaboradores que traballan para sacala periodicamente.

Cadernos de Estudios Chairegos
(D.L.: LU-250-02).

Revista lucense realizada baixo o formato de libro, editada polo Instituto de Estudios Chairegos de Vilalba, que sae ás rúas sen facer constar quen é o seu comité de redacción. Nun limiar introductorio explícanse os obxectivos e as liñas investigadoras da publicación, onde se destacan os seguintes apartados: “Investigación”, unha sección fundamentalmente histórica (na que se recollen catro artigos, “A Escola Primaria Pública en Vilalba, 1852-1901", de Francisco Rafael Rego Blanco; “Caetano Arias López”, de Xoán Ramiro Cuba Rodríguez e Mercedes Salvador Castañer; “Os cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Cospeito”, de Fernando Arribas Arias e José Manuel Blanco Prado; e “Apuntes sobre a fidalguía chairega”, de Xosé Manuel Abel Expósito), “Memoria histórica”, centrada na recuperación de figuras relevantes da redonda (aí inclúese “Irmáns Peña Novo”, realizado polo consello de redacción do Instituto de Estudios Chairegos), “Lembranza”, na que se recordan individuos destacados en calquera eido (neste caso o artigo publicado é “Xosé García Mato”, tamén asinado polo consello de redacción do Instituto de Estudios Chairegos), “Tal como eramos”, unha sección

fotográfica, e “Nova poesía”, que tratará de acercar as novas voces poéticas da Terra Cha lucense (neste caso inclúe textos de Miguel Barrera e Cándida). Neste último apartado unicamente se reproducen os documentos sen ningún tipo de comentario.




Casahamlet
(DL: C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor. No Consello de Redacción desta publicación, que está apoiada pola Deputación da Coruña, figuran os nomes de Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón. No ano 2002 publicou o seu número catro, no que conta coas ilustracións repartidas ao longo de todo o volume de: Xosé Luís de Dios, Perfecto A. Estévez, Xurxo Fernández, Manuel Lourenzo, Mondelo, Aurichu Pereira, Francisco Pérez Porto, Ana Pillado Vega, Xesús Pisón, Felipe Senén, Blanca Silva, Carlos Silvar, Miguelanxo Varela e Fidel Vidal. Conta con dúas seccións, “Creación” e “Estudios”, que aparecen precedidas por un editorial, no que se reafirma o compromiso desta revista co teatro, e unha introducción de Nuria Araúxo García que titula “A escrita dramática galega”. Os artigos que aparecen en “Creación” son: “As escaleiras mecánicas (Representación nun só acto”, de Daniel Cortezón; “Día de festa”, de Raúl Dans; “Palabras na néboa dun xornalista”, de Miguel Anxo Fernán-Vello; “As incertezas de Scotty, comédia filosófica”, de João Guisan Seixas; “Eclipses (fragmentos)”, de Manuel Lourenzo; “Auto do alugado ou o encanto de Raboces”, de Manuel María; “Unha misión

humanitária", de Xoán Carlos Mexuto; "A vella sensación do prohibido, peza pintoresca e pinteriana", de Gustavo Pernas Cora; "Serpe", de Xesús Pisón; "Mariola, cronoxogo diédrico", de Euloxio R. Ruibal; "Poema dramático con cinco acotacións", de Roberto Salgueiro; e "A increpación (Cinco variacións improbables arredor dun mesmo e brután maldicir)", de Roberto Vidal Bolaño. Na sección "Estudios" aparecen as colaboracións de Anxo Abuín González con "Apuntamentos para unha teoría do "non-lugar" no teatro de Gustavo Pernas Cora", de Alberto Allegue Leira con "O xardín das pernas roubadas ou un exercicio de civismo", de Carlos Manuel Callón Torres con "As innovacións de Xesús Pisón na literatura dramática galega", de Maria J. Diaz Pinheiro con "A obra de João Guisan: um regalo aos sentidos e à consciência", de X. M. Fernández Castro con "Memoria do *Día de festa*", de Araceli Herrero Figueroa con "Miguel A. Fernán-Vello, poeta dramático", de Inmaculada López Silva con "Un mundo de tremoias na im axinación de Roberto Salgueiro" e "Roberto Vidal Bolaño e a literatura dramática en Galicia", de Carlos Paulo Martínez Pereiro con "Da poderosa (in)verdade dos mitos no teatro de Manuel Lourenzo", de Miguel Mato Fondo con "Edipo, aquel inxenuo poeta" (unha achega ao teatro de Manuel María)", de Miguel Pérez Romero con "O teatro de Euloxio R. Ruibal"

e de Manuel F. Vieites con “Daniel Cortezón e o compromiso histórico”. Todos estes artigos aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Inma López Silva, “Casahamlet, o fascinante proxecto de Pancho Pillado”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 28 xullo 2002, p. 3.

Fálase da revista *Casahamlet*, aparecida en 1999 baixo a dirección de Francisco Pillado. Sinala que é un proxecto “fascinante e ambicioso”, onde se combina a creación dramática e o ensaio teatral. Asemade, dá conta dunha serie de colaboradores habituais da revista como Laura Tato, X. R. Barreiro, P. García Negro, M. F. Vieites, H. Rabunhal, entre outros, e de autores teatrais que colaboraron no último número da revista, entre os que cita a Vidal Bolaño, X. Pisón, R. Dans, M. A. Fernán-Vello, Daniel Cortezón, etc.

Dorna. Expresión Poética Galega
(ISSN: 0213-3806/DL: C-94-1982).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís G. Tosar “Che”, Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Enrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, Mª Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva no lugar de Iris Cochón compoñen o Comité de Redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupa o posto de Director. Nos últimos anos ten unha periodicidade anual, facendo coincidir a saída do seu número coa celebración do Día das Letras Galegas. No ano 2002 sacou do prelo o número 28 que presenta con tres seccións: “Creación”, onde se inclúen poemas de Marilar Aleixandre, Manuel ÁlvarezÁlvarez, Anxo Angueira, Xavier Campos, Helena de Carlos, Iago Castro, DI.A.BRA., Xosé Díaz, X. Antón L. Dobao, Francisco Domínguez Romero, Eduardo Estévez, Modesto Fraga, X. L. Franco Grande, Toni García Arias, Xosé Luís Méndez Ferrín, Franck Meyer,

Carlos Negro, Manuel Xosé Neira, Alexandre Nerium, Chus Pato, Santiago Prol, R.M.A., María Reimóndez Meilán, Daniel Salgado, Xesús Manuel Valcárcel, e Miro Villar, mentras que os textos en prosa son de Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Inma López Silva, Esperanza Mariño Dávila e Emma Pedreira. A seguir, vén “Voces de fóra” onde aparece a bibliografía de Jon Kortazar Uriarte seguida dun estudio titulado “A literatura vasca na fin do milenio: tres características”, publicado en *Boletín de Ficciones* (2000), en traducción de Inma López Silva. Finalmente, en “Caderno da crítica” aparecen os artigos de Noel Blanco Mourelle, Xosé Anxo García López, José Antonio López Silva e Franck Meyer, que son descritos no apartado V. 4 deste *Informe.*




Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián
(ISSN: 1131-6519/D.L.: 80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. No ano 2002, como ocorre dende os seus comezos, publicáronse cinco números. No número 126 (xaneiro-febreiro) atopamos unha entrevista con Engracia Vidal, colaboradora habitual desta publicación, con motivo da celebración dos vintecinco anos da revista; un artigo de Xoán Bernárdez Vilar titulado "¡Euro, euro, euro!", na súa habitual "Rolda de cultura" e, para rematar, atopamos a habitual sección de Engracia Vidal, "Libros chegados á redacción". No número 127 (marzo-abril) temos un artigo de Francisco Carballo titulado "Frei Martín Sarmiento. Bibliografía"; un artigo de Celia Castro Ojea titulado "Unha data para o recordo"; unha colectánea de "Cantares pequenos", da man de María López Giménez; unha colaboración de Camino Noia que leva por título "Casares, escritor"; a "Rolda de cultura", de Xoán Bernárdez Vilar, titulada "A biblioteca virtual galega" e os "Libros chegados á redacción", de Engracia Vidal. O número 128 (maio-xuño) ofrece, en primeiro lugar, "Unha visión dos vintecinco anos de *Encrucillada*", de Carlos Casares; un artigo de

Modesto Vázquez Gundín, titulado “Homilía no enterro de Carmen Muñoz, viúva de Rafael Dieste·”; a “Rolda de cultura”, de Bernárdez Vilar, titulada “Erre que erre”; dúas recensións, unha sobre a obra de Xosé L. Barreiro Barreiro, *Martín Sarmiento na Ilustración*, da man de Xosé Luís Pastoriza Rozas e outra de Andrés Torres Queiruga sobre o libro *Paixón poética e militancia galeguista. Estudio biográfico sobre Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)* e a habitual sección de Engracia Vidal Estévez, “Libros chegados á redacción”. No número 129 (setembro-outubro) Xoán Bernárdez Vilar ofrece a súa “Rolda de cultura”, titulada “A batalla de Rande e o capitán Nemo” e contamos cos “Libros chegados á redacción”, de Engracia Vidal. Por último, no número 130 (novembrodecembro) temos o “Manifesto do Mar”, de Manuel Rivas, na secció´n “Achegas”; a habitual “Rolda de cultura” de Xoán Bernárdez Vilar, titulada “Santos, magosto, Samain” e, para rematar, a sección de Engracia Vidal Estévez, “Libros chegados á redacción”.




Escaramuza
(D.L.: 738-1997).

Revista trimestral creada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena no ano 1997 e coordinada por Celso Parada. Conta co patrocinio da AISGE (Actores e Intérpretes, Sociedad de Gestión de España) e coa colaboración do Instituto Galego das Artes e da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación dedicada ao mundo do teatro, que conta cunha serie de sección fixas: “Humor”, “Laboral”, “Eventos”, “Teatranet”, “Aprenda teatro”, “Informes”, “Revista” e “Versículos picantes”, así como con artigos de opinión, entrevistas e debates que varían en cada número. No ano 2002 publicáronse tres números, que corresponden ao inverno (nº 12), ao mes de xuño (nº 13) e a decembro (nº 14). En relación á dramaturxia galega, interesan, do número 12 as contribucións de Raúl Dans (“Un dramaturgo na TV”) e de Concha Campoy e Fátima Rodríguez (“Miguel de Lira. Os riscos de xogar con pólvora mollada”); do número 13, os artigos de Inma López Silva (“Feria doTeatro”) e mais de Rosa Álvarez e Xavier Estévez (“Informe da secretaría de teatro”); e donúmero 14, as achegas de César Lombera (“Roberto Vidal Bolaño. Da Ética á Estética”),

Iolanda Ogando (“Robertovidalbolaño”) e Manuel Vieites (“Do cainismo e outras patoloxías”). Todos estes artigos están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Fadamorgana
(ISSN: 1575-9520/DL- C-670-1999).

Esta publicación nace no ano 1999 co obxectivo de encher certos baleiros respecto á información entre os encargados de achegar os rapaces á lectura e ao libro; en canto á crítica, estudio e reflexión sobre os camiños que se van trazando nese eido; e para estar cabo das restantes producciónsliterarias. Está dirixida por Xosé A. Neira Cruz e conta cun Consello de Redacción formado por Marilar Aleixandre, Xabier Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Xosé Victorio Nogueira, Cristina Novoa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire. No presente ano, o número que se publicou foi o 8, que corresponde ao período de primavera 2002. Como xa é costume, ábrese co apartado “fadario”, no que, nesta ocasión, se recolle un texto de Angelica Reiger sobre as fadas e a súa comparación coa beleza feminina na literaturamedieval. A seguir, están os apartados “o ilustrador”, que está dedicado a Óscar Villán, e “despezas”, que recolle diferentes noticias relacionadas coa literatura infantil e xuvenil (premios, novas edicións…), así como unha lembranza de Xosé A. Neira Cruz da achega de Carlos Casares ao ámbito da literatura para os máis novos. Na “entrevista”,

reprodúcese unha conversa mantida por Neira Cruz coa escritora Ana María Matute, que, está acompañada dun artigo de María Victoria Sotomayor Sáez sobre a obra da citada autora catalana. De igual modo, recóllese nun apartado tamén denominado “entrevista”, a que o director de *Fadamorgana* lle realiza a Ana María Fernández e que se complementa co traballo de Mario Romero Triñanes, que fai un percorrido pola producción poética da autora nada en Palma de Mallorca. A continuación, atópanse os artigos que conforman o apartado monográfico presentado baixo o título de “Poesía sen idade” e que tratan a poesía vasca, catalana, castelá, portuguesa e galega; esta a cargo de Alexandra Cabaleiro, Gloria Sánchez, Antonio García Teijeiro, Fran Alonso e Bernardino Graña. Séguelle o apartado “novidades”, no que se recollen unha serie de pequenas recensións sobre obras de literatura infantil e xuvenil en galego (estas aparecen por tramos de idade), portugués, castelán, catalán, vasco, alemán e chinés. Nesta mesma sección inclúese tamén un subapartado titulado “materiais”. Conclúese co bloque de “adiantos”, no que de novo se ofrecen noticias sobre a literatura para os máis miúdos, e co “diario de morgana”, no que Rosa Aneiros escribe sobre o personaxe fantástico de Zaina. Todos os artigos referentes á literatura infantil e xuvenil en galego aparecen descritos nos diferentes subapartados do apartado VII deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “*Fadamorgana*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 34, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, febreiro 2002, pp. 258-259.

Despois de sinalar que *Fadamorgana* é a única revista especializada na literatura infantil e xuvenil galega, describe detidamente as diferentes seccións que a conforman, dende “Fadario”, pasando por “O ilustrador” ou “Despezas”, ata “Novidades”. Céntrase no seu número sete, no que Miguel Vázquez Freire se achega á figura de Kiko Dasilva, ilustrador do número. Despois percorre cada unha das colaboracións, como as de Xabier Etxaniz e Manu López que entrevistan a Patxi Zubizarreta; Xosé Antonio Neira Cruz que entrevista a Xabier P. Docampo; e o estudio de María Jesús Fernández que se centra na obra deste último. Do mesmo xeito, sinala que o tema monográfico deste volume é a novela de aventuras, sobre o que reflexionan varios escritores, así como a estudiosa Inma López Silva que se achega dende o punto de vista académico; ou Alexandra Cabaleiro que se

centra na problemática desta denominación. Remata manifestando a necesidade que ten a Literatura Infantil e Xuvenil de estudios como os que aparecen nesta revista.




FerrolAnálisis
(DL: C-1106-1990).

Revista que botou a andar no ano 1990 cando saíu o seu primeiro número, que se correspondía co mes de setembro. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Astano, Bazán, Fenosa, Fundación Caixa Galicia, Imenosa, Xunta de Galicia, Cámara Oficial de Comercio e Deputación Provincial da Coruña e está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había ser trimestral, malia que este obxectivo se truncou de seguido debido á falla de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5 de 1993 comezamos a atopar as primeiras referencias á literatura galega. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios ata o ano 2000, cando pasa a ocupar a Presidencia de Honra deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O Consello de Redacción está composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Xaime Quintanilla Ulla, Mario Couceiro Bescos, Enrique Sanfiz Raposo e María Ares Sanmartín. No ano 2002 saíu á luz o número 17, que presenta as seccións que veñen sendo habituais na

revista: “Ferrolterra”, “Separata especial”, “Galicia”, e “Internacional”, ademais das novidosas “Creación” e “Portafolio”. Nesta ocasión aténdese a aspectos didácticos, a persoeiros da comarca como Concepción Arenal ou Wenceslao Fernández Flórez, e no referido á literatura galega recóllese unha serie de artigos na “Separata especial” dedicados a Ernesto Guerra da Cal que son os que seguen: “O brillante escritor na memoria”, de Francisco Fernández del Riego; “A poesía de Ernesto Guera da Cal posterior a 1962”, de Xosé Luís Franco Grande; “Despedida ao portugalego Ernesto Guerra da Cal, nosso amigo”, de Joaquín de Montezuma de Carvalho; “Ernesto Gerra da Cal: recuerdos entrañables”, de Theodore S. Bardsley Jr.; “Resposta apurada a Ernesto Guerra da Cal”, de Xavier Alcalá; “Un edén no Sil da memoria”, de Xosé Estévez; “Guerra da Cal: um cientifista e literato galego para o século XX”, de Joel R. Gômez; “Ernesto Guerra da Cal, poeta galego”, de Luís Gonçálex Blasco; “Ernesto Guerra da Cal poeta da posguerra”, de Armando Requeixo; “As poesías galegas de Federico García Lorca”, de Luís Pérez Rodríguez; “A Ernesto Guerra da Cal, *in memoriam*”, de María Pilar García Negro; “Cartas de Ernesto Guerra da Cal a Otero Pedrayo”, de Isabel Seoane; e “Lembranzas dun amigo ilustre e un epistolario americano”, de Xosé María Dobarro. Ademais de todos estes artigos inclúese tamén abondoso material epistolar, icónico,

portadas de libros e mesmo unha copia da partida de nacemento do autor. Por outra parte, na sección “Galicia” dedícaselle un artigo a María Casares, ademais dos de Emilia Pardo Bazán ou Rof Carballo. Todos estes artigos aparecen descritos na sección correspondente deste *Informe*.

Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales

Facsímile realizado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e a Xunta de Galicia deste *Semanario de Intereses Generales*, que fora publicado na Habana entre 1885 e 1890, fundado por José Novo y García e que contaba cunha amplísima listaxe de colaboradores. Esta edición facsimilar, a cargo de Luís Alonso Girgado, combina o formato libro co CD-Rom. No primeiro inclúense a ficha técnica da revista, un amplo estudio introductorio de Natalia Regueiro, e os índices de colaboradores e suplementos de *Galicia Moderna*. O devandito estudio detense primeiro na "caracterización panorámica e na análise externa", na que se dá conta daqueles aspectos históricos, sociais ou literarios do momento, de aspectos como a emigración, o galeguismo ou o asociacionismo, ademais de atender ao aspecto xornalístico, para pasar logo a fixarse na configuración externa da publicación, onde se lle presta atención ao formato, ás épocas, á cronoloxía, á súa periodicidade e mesmo á paxinación. Na análise interna estúdiase a lingua, os xéneros máis frecuentes na publicación e tam én a estructura que adoptaban elementos como as notas a pé de páxina, os cadros, os sumarios, seccións, ilustracións, publicidade ou suplementos. Por último, faise un repaso

dalgúns dos participantes en *Galicia Moderna*, destacando as persoas que formaban parte do consello directivo e as figuras dos irmáns Novo y García. Canto ao CD-Rom que acompaña ao volume, cómpre dicir que nel se reproducen os douscentos catorce números localizados dos douscentos vinte que saíron en total, mais os suplementos.




***Golfiño*.**
(ISSN: 1576-8201 D.L. VG-344/2002).

Revista dedicada á banda deseñada que ten como obxectivo chegar non só aos máis novos senón a un público de todas as idades, recuperando a mellor tradición dos cómics clásicos. Naceu no ano 2000 froito dunha iniciativa dos seus directores, Miguel Vázquez Freire e Fausto Isorna, co apoio de Edicións Xerais de Galicia. Daquela contaba cunha periodicidade mensual, aínda que deixou de publicarse tras catorce números. No ano 2002, concretamente o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, *Golfiño* reapareceu nos quioscos, dando comezo así a unha segunda época, desta volta impulsada por *La Voz de Galicia* e co apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística, cunha periodicidade semanal e exclusivamente centrada na banda deseñada que realizan debuxantes galegos. Ese primeiro número contou cunha tirada de cento sesenta mil exemplares e distribuíuse gratuitamente para posteriormente pasar a venderse conxuntamente co xornal ata o número 43, cando pasou a ser gratuíta e a distribuírse co dominical do xornal. A revista ofrece dezaseis páxinas a toda cor cunha concepción fundamentalmente lúdica. Colaboran un amplo abano de debuxantes, dende o decano do

cómic galego, Xaquín Marín, ata os creadores máis novos que comezan a publicar. A lectura da revista comeza nas capas, realizadas por Fausto Isorna, creador do personaxe que dá nome á publicación, e sempre protagonizadas polas súas aventuras. A seguir inclúense diferentes colaboracións, algunhas das cales van alternando a súa aparición: as aventuras de “Os Escachapedras”, asinada por Fran Bueno e Marilar Aleixandre e protagonizada por unha panda de rapaces, Chuspi, Demi e Tirizó; “O bosque animado”, protagonizado polos personaxes da película adaptados ao formato cómic por un equipo de Dygrafilms; “A escola de Vilaverzas”, de Miguel Robledo, que presenta as peripecias dun conductor dun autobús escolar, Tobuso, e dos alumnos e alumnas da escola de Vilaverzas; “Os Biosbardos”, unha creación de Kiko da Silva protagonizada por Fiz, un rapaz que ten unha predilección especial polos temas escatolóxicos; “Tinto Longueirón, deportista”, de Pinto e Chinto, un personaxe empeñado na práctica de diferentes deportes a pesar do seu escaso éxito en cada un deles; Jacobo Fernández e a súa serie “Os amigos de Archimboldo Roque”, na que o rinoceronte Archimboldo vai presentando os seus insólitos amigos, sempre co lema “Na terra hai moita xente e cada un é cada un”; “O Castelo Regadeira”, asinada por Norberto Fernández, protagonizada por Xiana, unha rapaza fermosa, independente e intelixente que vive nun mundo fantástico no que,

acompañada dos seus amigos, Gorxón, Toxo e Tuxo, vive diferentes aventuras; “A fraga Milmañas”, con guión de Carlos Amil e debuxos de Manel Cráneo, que presenta as aventuras da raposa Fonsa e do lobo Ferocio para acadar a maior cantidade de comida posíbel; “Os vixilantes do camiño”, de Miguelanxo Prado, serie na que o personaxe televisivo Xabarín e os seus amigos continúan as súas aventuras televisivas; “Os Kinkilláns”, do debuxante ourensán David Rubín, centrada nas aventuras que viven uns superheroes no espacio; “Os Fernández”, de Primitivo Marcos, unha serie de corte realista protagonizada por unha familia galega; “Xurxo”, asinada por Macaco, un pintor que sofre as trasnadas dos seus compañeiros, o mono Ulises e o loro Nexus; “Xen”, realizada polo guionista Kike Benlloch e o debuxante Víctor Rivas, centrada nas peripecias dunha rapaza experta en novas tecnoloxías; “Thom”, de Andrés Meixide, centrada na vida cotiá dun americano de Nova York que se instalou no rural galego; “Tonecho”, serie asinada por Xaquín Marín, contracapa habitual da revista, unha colaboración centrada nas peripecias dun rapaz afeccionado ao fútbol que interpreta os feitos que o rodean, sempre dende o humorismo e ás veces revelando o que a realidade ten de absurdo. En formato de tira aparecen “Palleiro”, de Xaquín Marín, que mostra a vida dende o punto de vista dun can; “Capitán Lixo”, de Alberto Varela Ferreiro; Abraldes

e as súas series “Os Tronantes” e “Érase unha vez”; “Luzbell”, de José Tomás e Diego Rosales; Gundas e a súa mostra do humor absurdo en “Perçy e Marionetti”; Alexandre Marín e a visión da realidade dun bebé en “Iago Medra” ou Miguel Porto e “Lúa”, unha rapaza afeccionada aos videoxogos. Coa intención de ir mostrando novos talentos, incorporouse tamén o formato de media páxina que cobren coas súas creacións MarcosCostoya con “O disparate”, Daniel Docampo con “Ágata e Coitelo, heroes de medio pelo”, Leandro con “Humor G”, Leticia Rodríguez (Lets) con “Kike e Berto”, María con “As aventuras espaciais de Ga e Tuké”, e “A familia coello”, de Sergio Covelo. Os números aparecidos a finais do ano 2002 tiveron un carácter especial. Así, o 31 (13 de decembro), tivo como eixe temático de todas as súas colaboracións a cidade de Ourense, debido ao patrocinio do Eixo Atlántico; o 32 (20 de decembro), aproveitando a súa aparición nas vésperas do Nadal, xirou arredor da temática navideña e nel os personaxes habituais viviron as festas dentro da revista; o 33 (27 de decembro), cunha capa realizada por Norberto Fernández, recolle as historietas protagonizadas por Golfiño dadas a coñecer na etapa anterior da revista, seguindo así unha liña moi habitual da tradición das revistas de cómic, que adoitan recuperar periodicamente as súas creacións para ofrecerlles aos lectores a posibilidade dunha lectura conxunta. A revista completa as súas dezaseis




páxinas coa sección “Cartas ó director” á que os lectores fan chegar as súas opinións e os seus debuxos, e que inclúe o apartado “Os nosos artistas”, no que se recolle a traxectoria dos debuxantes da revista, apartado que foi substituído temporalmente por “A linguaxe da banda deseñada”, no que se achegan os conceptos fundamentais da banda deseñada. A páxina complétase cunha sección dedicada a un concurso que a revista *Golfiño* realiza en colaboración co programa da TVG, Xabarín Club.

Grial
(ISSN: 0017-4181 / DL: VG-99-1963).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego e dende entón non se deixou de publicar. Nunha primeira etapa publicáronse 100 números subtitulados *Revista Galega de Cultura*. Logo asumiu a súa dirección Carlos Casares, desaparecendo o subtítulo. Na segunda etapa continúase coa periodicidade trimestral. Durante o ano 2002 esta revista mantivo a súa periodicidade trimestral e non modificou o Consello de Redacción, mentres que a partir do número 154 mudou o seu cadro directivo debido á morte do seu anterior director, Carlos Casares. Nos datos editoriais deste número ese espacio quedou baleiro, pero xa nos números 155 e 156 no seu lugar apareceu Víctor F. Freixanes como editor. Os números que apareceron este ano foron os seguintes: o 153, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo; o 154, de abril, maio e xuño; o 155, correspondente a xullo, agosto e setembro; e o 156, pertencente aos meses de outubro, novembro e decembro. O primeiro dos números deste ano, ademais da sección habitual denominada “Libros”, está estructurada

en dous grandes apartados baixo os títulos de “Diversidade lingüística: De Humboldt a Nós” e “No centenario de Plácido Castro”. O número 154 está dedicado ao audiovisual galego, se ben o artigo titulado “The Big Brother. O teatro e o audiovisual”, trata ademais algúns aspectos sobre a historia do teatro en Galicia. O volume correspondente ao terceiro trimestre ten como tema a distribución territorial de Galicia, polo que o seu título xeral é “Galicia, cidade atlántica”. Por último, o número 156, baixo o título “Liberalismo, comunitarismo, republicanismo”, céntrase en cuestións políticas. Ademais os catro números inclúen as sección de “Libros”, na que se recensionan distintas obras literarias, científicas ou ensaísticas. Os artigos, documentos e recensións destes catro números que versan sobre a literatura galega figuran descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:

-Xosé Ramón Pena, “Revista de revistas”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Revistas”, xaneiro 2002, p. 30.

Dá conta da nova entrega das revistas *Grial* e *A trabe de Ouro* e explica os seus contidos. Indica que *Grial* é editada por Galaxia e está dirixida por Carlos Casares, que no seu número 151 inclúe artigos de contido variado escritos por Dominique Poulout, Justin O´Connor, Xosé Manuel Dasilva, Ramón Lugrís, Manuel Venta, Eduardo Bragado e Pedro Lago Peñas e María Reimóndez Meilán. Por outra banda, sinala que *A Trabe de Ouro* vén de publicar o seu número 47, que é editada por Sotelo Blanco e dirixida por X.L. Méndez Ferrín; os autores dos artigos incluídos neste número son Francisco Fernández Rei, Mª Carmen Alén e Carlos Valcárcel, José Enrique Gargallo Gil, Alba Nogueira, Margarita Parajo e Xosé-Henrique Costas González, e tratan todos eles da situación das linguas minorizadas/minoritarias, as súas posibilidades legais de desenvolvemento, os impedimentos que impiden a súa normalización, etc.

-Xosé Ramón Pena, “O audiovisual galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 18, “Libros”, 14 novembro 2002, p. 4.




Faise unha aproximación ao novo número de *Grial* que analiza o fenómeno audiovisual galego. Sinálase que se pretende profundar neste tema contando cos traballos e

investigacións dos especialistas (críticos, profesores universitarios, autores...). Engádese que a revista se abre cunha introducción da autoría de José María Folgar de la Calle, titulada “Do cinema en Galicia ao cinema galego”, no que revisa a historia do noso cinema e que tamén se ofrecen traballos de Miguel Anxo Fernández, “O progresivo desmantelamento da distribución e da exhibición galegas”, Marcelo A. Martínez Hermida, “Contexto de ficción e series de televisión en Galicia”, e Olga Fontán Nogueira, con “As axencias da publicidade en Galicia. Informe sobre a situación no sector”. Finalmente, alúdese a outras seccións da revista como a de crítica das últimas publicacións.




- Xosé Ramón Pena, “Cidade Atlántica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 23, “Libros”, 19 decembro 2002, p. IV.

Infórmase da presentación do número 155 da revista *Grial*, coordinada por Carlos Fernández e editada pola editorial Galaxia sobre o tema de “Galicia, cidade atlántica”. O exemplar divídese en dúas partes, a primeira contén novos proxectos para unha planificación de Galicia, presentados por Martínez Suárez, Iglesias Veiga entre outros, e a

segunda parte, coa presentación de novos proxectos inclúe ademais unha entrevista a César Portela.




Guía dos libros novos
(DL: C-1783/98).

Publicación que naceu en novembro de 1998 baixo a dirección de Xavier R. Madriñán e a coordinación de Xosé Ramón Pena. Ten carácter mensual. Preséntase en formato de xornal, con papel tintado en ton sepia. A intención desta publicación é comentar e analizar criticamente as novidades que aparecen no mercado en relación coas diversas áreas de coñecemento (literatura, antropoloxía, arquitectura e urbanismo, arte, ciencia e tecnoloxía, ciencia política, cine, comunicación, ecoloxía e medio ambiente, economía, educación, estudios sociais, filosofía, historia, informática e relixión). Estructúrase seguindo estas áreas, podendo faltar nalgúns números algunha delas debido a que non se publique nese mes libro ningún sobre esa temática, e engádese a maiores unha destinada ao Día das Letras Galegas. Durante o ano 2002 presentou seis números, correspondentes ao primeiro semestre do ano, para logo anunciar a súa desaparición. Os números foron do 36 (correspondente ao mes de xaneiro) ata o 41 (do mes de xuño e xullo). Seguiu mantendo as súas seccións habituais e dando conta das novidades editoriais con amplos artigos, que se combinaban con fotografías de todo tipo de expresións artísticas. A

literatura galega aparece tratada en apartados como “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Estudios literarios”, “Narrativa infantil e xuvenil” ou “Revistas”, entre outros, ademais de ofrecer listaxes de novidades editoriais na contraportada. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:

- Francisco Castro, “Unha traxedia”, *Atlántico Diario*, “A crítica”, 3 novembro 2002, p. 13.

Fala do peche da revista dedicada á crítica literaria *Guía dos Libros Novos*, e da “traxedia” que iso representa para a cultura galega. Así mesmo, deixa explícita a preocupación que lle carrexa o feito de que na literatura galega non queden xa revistas especializadas, xa que inflúe na normalización da lingua e da literatura galegas.

- A.N.T., “Pecha a *Guía dos Libros Novos*”, *A Nosa Terra*, nº 1.054, “Cultura”, 31 outubro6 novembro 2002, p. 25.

Alúdese ao cese da publicación *Guía dos Libros Novos*. Coméntase que o seu director, Xavier R. Madriñán, confirmou que o peche se debeu a causas económicas. Por outro lado, sublíñase que na revista colaboran especialistas de diferentes materias, como teatro, poesía, narrativa, ciencia , historia, etc., entre os que se citan a Xosé R. Pena, Iago Seara, Ramón Máiz, Ramón Nicolás, Xosé Freire, entre outros.

- Luísa Villalta, “Necrolóxica”, *A Nosa Terra*, nº 1.057, “Fin de semana”, 21-27 novembro 2002, p. 34.




No artigo a autora comenta a recente desaparición da *Guía dos Libros Novos* que segundo explica o seu director, Xavier Madriñán, foi por motivos económicos. A partir deste feito critícase a falta de axuda económica que ofrece o Estado ao desenvolvemento cultural, informativo e intelectual

El Liceo
(DL: OU-97-99).

Publicación bianual editada polo Liceo Recreo Ourensán que comezou a súa andaina en maio de 1999 ao saír o seu número cero. Está dirixida por Francisco G. Sarria e naceu como herdeira do efémero xornal *El eco del Liceo* (1870) que fora publicado por esta mesma sociedade e que actualmente está dirixida por José Carlos Martínez-Pedrayo García. No seu número inaugural sinálase que pretende recuperar unha parte da súa historia e amosar aos seus seus socios e á sociedade de Ourense en xeral o seu quefacer diario así como os eventos máis sobranceiros que acolle. Durante o ano 2001 saíron os números 3 (xaneiro) e 4 (setembro). Na revista aparecen reflectidos os actos culturais máis salientábeis que teñen lugar ou que están organizados por esta institución ourensá: presentacións de libros, encontros literarios, coloquios, entrega de premios, exposicións, etc., e inclúe tamén diversas colaboracións relacionadas coa literatura galega. O número 3 presenta tres artigos: “De cea co Liceo” de Marcos Valcárcel, “Valentín Lamas Carvajal: a rúa do Liceo” de Rafael Adán e mais “Castelao en el Liceo” de Anselmo López Morais, mentres que o número 4 contén “O Liceo e Curros Enríquez”

de Rafael Adán. Todos estes artigos aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación
(ISSN: 1130-6381 / DL: 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez e cun consello redactor formado porManuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Ángel LorenzoSánchez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas. A revista conta con catro seccións tituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Textos”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia, antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo, e “Libros”, que informa sobre as novidades editoriais. Neste ano publicáronse os números 24 e 25, nos que ademais de cuestións culturais xerais tamén se dá cabida a artigos arredor da literatura galega. No primeiro inclúese o artigo “Martín Sarmiento, monje benedictino. El hombre, el gallego, el sabio”, de Pedro de la Portilla, e “A casa, berce e lama, no novo poemario (‘Ónfalos’) de Lois Diéguez”, no que se recollen poemas publicados por Lois Diéguez en *Ónfalos* (2001) e que versan sobre aspectos da súa infancia. Tamén se comentan as publicacións *Abrindo as portas ao San Froilán* (2001) e *Lendas e tradicións da Ribeira Sacra* (2001).

No segundo número, inclúese unha selección das poesías que Xoco de Rao que se publicaron na revista *Tío Pepe*, publicada na Fonsagrada ao longo do ano 1913. Dise que este pseudónimo corresponde ao cura de san Martiño de Suarna, con bo dominio do galego e moi lembrado polos seus fregueses. Reprodúcense os poemas titulados “Tristuras e bagoas”, “Serpentiñas”, “Layos” e “Unha cova sin cabo”. Péchase este volume cos comentarios ás obras *Contrato nulo* (2002) e *Ángel Johán. Retrato dun artista*. Todos estes artigos aparecen descritos no apartado V. 4 deste *Informe*.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos
(ISSN: 1138-9664/DL: M. 18.263-1999).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. No ano 2002 segue mantendo o mesmo equipo directivo, con Alonso Zamora Vicente como Director Honorífico, Mª Josefa Postigo Aldeamil e Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como Directoras, ademais dun amplo Consello de Redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Denis Canellas de Castro Duarte, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Eugenia Popeanga Chelaru, Juan Miguel Ribera Llopis, Ana Mª González, Adolfo Lozano Brao, Rosario Suárez Albán, Carlos Zubillaga, Ana Acuña Trabazo, etc. Figura como secretario de redacción Miguel Louzao, da Universidade Complutense. Presenta as mesmas seccións de números anteriores: “Artigos”, “Crónica”, “Creación”, “Traducción”, “Entrevista” e “Recensións”. Na primeira delas recolle os seguintes artigos referidos á literatura galega: “*Abrojos* (1948), primeiro poemario –inédito-de Novoneyra. Noticia e facsímile de nove textos”, de X. Alonso Montero; o artigo colectivo “Aproximación a la

poética de Claudio Rodríguez Fer"; "Erotismo y feminidad en tres novelas de Alfredo Conde: *Breixo, Memoria de Noa, Xa vai o Griffon no vento*", de C. Estévez; "A tenzón e o partimén: definición dos xéneros a partir das artes poéticas trobadorescas e dos propios textos", de J. Ghanime López; "Chus Pato o el hermetismo rupturista", de S. González; e "La simbolización de la desnudez según Olga Novo: Cuatro poemas de *Nós Nús*", de F. Llorca Antolín. Na sección "Crónica" atópanse "Bos Aires desde a lembranza. Entrevista con Inés Canosa", de Miguel Louzao e Carmen Mejía; "La actividad cultural gallega en las publicaciones periódicas (2001)", de Mª Josefa Postigo e "Carlos Casares: *in memoriam* ", de Carmen Mejía. Inclúense en "Creación" as composicións de Javier Arconada Álvares, Antonio Fernández Seoane, Iria F. Silva, Luis Luna, Lucía Novás, Luís Rei Núñez e Miro Villar, no apartado de poesía e Xurxo Borrazás e Ana Rodríguez Borrego no de narrativa. En "Traducción" atópase o traballo de Xavier Frías Conde, que traduce ao galego unha mostra poética de Antioco Casula "Montanaru". Aparece tamén unha sección titulada "Entrevista a Francisco Fernández del Riego", realizada por Ana Acuña. No que respecta a recensións inclúense as seguintes: "Germán Conde Tarrío: *Diccionario de refráns*", de J. de la Cuesta; "Arcadio López Casanova: *Diccionario Metodolóxico de Análise Literaria. I. A poesía*" e "*Festa da palabra silenciada*", de F. Llorca Antolín; "Xavier Castro: *Castelao e*

os galeguistas do interior", de M. Louzao; "Andrés Pociña: *Versos para Aurora*", de M. Martínez Xoubanova; "Roberto Vidal Bolaño: *Mar revolto*", de H. Ramos Mateo; "V.V. A.A., *Muller de doce sal. Homenaxe a Inés Canosa*", de B. Regueiro Salgado e "Olivia Rodríguez: *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*", de M. Verdeal Durán.

Recensións e referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Un novo número de Madrigal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 15, "Libros", 24 outubro 2002, p. IV.

Achega á revista anual *Madrygal*, dirixida por Carmen Mejía e Josefa Postigo, que ofrece artigos, recensións, reflexións e traduccións sobre a producción literaria galega. Indícase que neste número se ofrece a reproducción facsímile parcial dun poemario inédito de Uxío Novoneyra, titulado *Abrojos (Poemas cortos)*, e unha serie de artigos que estudian o erotismo na poesía de Claudio Rodríguez Fer. Así mesmo, dáse conta dun traballo que amosa a amizade que uniu aos cineastas Luis Buñuel e Carlos Velo e das reflexións

dedicadas á poesía de Chus Pato e Olga Novo. Finalmente, fálase da entrevista realizada a Francisco Fernández del Riego e das creacións de Luís Rei e Xurxo Borrazás.




Microfisuras. Cadernos de pensamento e creación
(ISSN: 1137-747 X/DL: VG-391-1997).

Revista trimestral editada en Vigo por Amando González e centrada fundamentalmente na reflexión sobre as artes plásticas. Comezou a se publicar en 1997 cun Consello de Redacción integrado por Ignacio Castro, Amando González, Francisco Jarauta e Antón Patiño. Inclúe artigos sobre a teoría da arte e cada número conta con ilustracións de diversos artistas, ademais de textos poéticos e narrativos en galego. No 2002 publicáronse catro números. No número 17, correspondente a abril de 2002, titulado “Tiempos inciertos**”**, aparecen achegamentos á obra de Pierre Bourdieu con motivo do seu falecemento e a Jean Starobinski, ademais dunha entrevista ao escritor italiano Antonio Tabucchi. Conta coas ilustracións de Antón Patiño, Rosanna Zaera, Jorge Galindo, Lara Almarcegui, Manuel Figueiras, Antonio Saura e Eugenio Granell. No 18, xuño de 2002, o título elixido é “Literaturas” e nel colaboran Eduardo Galeano, Cecilia Quílez, Francisco Jarauta, José Luis Corazón e Ignacio Castro, entre outros, con artigos dedicados a figuras da literatura mundial (Rilke, Mallarmé, San Juan de la Cruz, etc.). As ilustracións corresponden a Amando, Carlos Troncoso, Alfonso Albacete e Rosanna

Zaera. O número 19, de outono de 2002, dedicado maioritariamente a Eduardo Chillida, acolle poemas en galego de Luís Rei Núñez, baixo o título “Un ferrado de historia”. José Caruncho, Amando, Chillida, Alberto Corazón e Antón Patiño son os responsábeis das ilustracións. O número 20, correspondente a decembro de 2002, leva como título “Marea Negra” e nel reprodúcense colaboracións e textos poéticos ao redor deste tema. Os poemas corresponden a Luís Rei Nuñez, “Loito onda as lendas”; Xavier Seoane, “Nocturno”; Manuel Vilariño, “Decapitados del confín”; Xosé Luis García Canido, “Poemas” e Suso de Toro, “A pedra e a água”. Colaboran tamén neste número Francisco Jarauta, Carlos Martínez-Buján, José Alejo Ferro Calvo, César Antonio Molina, Alfonso Armada, Eugenio Castro, entre outros, e as ilustracións corresponden a José Caruncho, Michelle Barbe, Antón Patiño, José Freixanes, Roberto Díez e Ilka Hartmann.




O ollo público. Revista das artes
(DL: VG-1036-2001).

Revista nacida a finais do ano 2000 da man de ADESGA (Asociación de Deseñadores Galegos) que, como se sinala no seu editorial inaugural, leva o título dunha película de cine negro que trataba sobre o xornalismo. Encárganse da redacción e da maquetación Leticia Iglesias Pérez, Fernando Vilaboa Martínez e Elena Mariño, que non colaborou a partir do terceiro número, mentres que no sexto número Fernando Vilaboa Martínez estivo axudado por Sara González Carbón e non por Leticia Iglesias Pérez. Conta con seccións fixas: “Editorial”, “Literatura”, “Cine”, “Pintura”, “Fotografía”, “Música”, “Cousas da vida” e “Fagamos unha escapada”, incrementadas no segundo e terceiro número coas de “Teatro”, “Cómic”, “Pensamento” e “Axenda”. No primeiro número, publicado en outubro de 2000, indícase no editorial que esta é unha revista de cultura na que se quere atender a todas aquelas persoas que non teñen outras vías de difusión e que están a traballar en cousas interesantes en todos os campos da cultura. Adiantan que ademais de facerse eco destas iniciativas tamén queren ser un órgano de denuncia porque entenden que as cousas poden ser doutro xeito. Durante o ano 2002 saíron os números catro, cinco e seis.

No que á literatura galega se refire, no número catro publícanse poemas de Anxo Quintela, un pequeno cómic de Carlos Llauger no que se conta a triste historia de Lucca Massini (un rapaz que comeza a vivir realmente despois dunha traxedia familiar), e un artigo sobre teatro. Respecto ao número cinco, só na axenda se achega a revista a algunha obra en lingua galega. Por outro lado, no número seis inclúense poemas de Lucía Aldao e Lucía Novas Garrido, xunto ao relato "333 Dafne 333" de Xabier Gil Jardón e a traducción do poema "Die Schwestern" de Rainer María Rilke, que vai acompañado dunha pequena introducción de Montserrat Bascoy Lamelas e Marga Romero Lorenzo. Tanto este último traballo como o relato aparecen descritos no apartado V. 4. Publicación en revistas deste *Informe*, mentres que o artigo que fala sobre teatro vai no apartado III. 4. 2.

2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.

Recensións e referencias varias:

- Carlos Barcón, "Para lectores curiosos", *Diario de Ferrol*, "entre nosotros", 5 xuño 2002, p. 18.

Fai un repaso polas publicacións que chegaron ultimamente ás súas mans, de entre as que sinala un número de *Ollo Público*. Di que é unha revista editada pola Asociación de Deseñadores Galegos, pero que non parece ter un contido do seu interese.

- Xosé Feixó, “O ollo público”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 5, “Libros”, 6 xuño 2002, p. V.

Dáse noticia dunha nova entrega de *O ollo público*, revista de artes, editada pola Asociación de Deseñadores Gráficos, na que se abarcan diferentes campos, dende a pintura ata o cine, pasando pola poesía, fotografía, cómic, música, pensamento e teatro. Ademais, coméntase que ten unha sección na que se presentan libros e se suxiren determinadas páxinas web. Por outra banda, ofrécese unha relación das persoas encargadas da súa redacción e deseño, entre as que se atopan Leticia Iglesias e Fernando Vilaboa, entre outros. Finalmente, sinálase que a revista concede unha maior importancia ao aspecto gráfico e artístico fronte ao literario.

- Estro Montaña, “Unha nova entrega de ‘O Ollo público”, *Guía dos Libros Novos*, nº 41, “Revistas”, xuño 2002, p. 31.

Saúda a aparición do número 4 da revista *O Ollo público* e destaca a publicación, na sección literaria, de dous poemas de Isabel Rodríguez Presas, tres de Anxo Quintela e varios fragmentos de Susana Díaz Núñez. Ademais refírese a outros contidos da revista, dedicados ao cómic, á fotografía, á pintura, ao cine e á natureza. Conclúe que se trata dunha revista “feita con entusiasmo, breve en contidos, e que vén facer máis plural a oferta no mercado galego”.

- Xosé Ramón Pena, “No ollo público”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 19, “Libros”, 21 novembro 2002, p. IV.




Anúnciase a publicación do sexto número da revista *Ollo Público* que edita Adesga co subtítulo de “revista das artes”. Neste caso recolle na sección de ‘Literatura’ poemas de Lucía Aldao e Lucía Novas Garrido, a prosa de Xavier Gil Jardón e unha análise sobre Rilke. Na sección de ‘Artes cinematográficas’, aparecen os traballos de Emilia López e

Sara González; Fernando Vilaboa encárgase da sección de pintura e Juan Pino do tema dedicado ao pensamento.




Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares
(ISSN: 1136-3207/DL: OR-75/95).

Publicación semestral que naceu en decembro de 1995, editada pola Deputación de Ourense, coordinada pola Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo, baixo a dirección de Mariló e Xulio Fernández Senra. Contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica, tecnoloxía tradicional, etc. Esta publicación subtitulada *Revista de arte, cultura e tradicións populares* deu a coñecer durante o 2002 dous números, o 15 e o 16. O número 15, correspondente ao mes de maio, está dedicado ao falecido Carlos Casares, como se indica no "Editorial" firmada por Marcos Valcárcel, e ofrece un apartado especial do Día das Letras Galegas dedicado ao monxe Martín Sarmiento. O número 16, correspondente ao mes de novembro, recolle un especial sobre a "Romaría Etnográfica Raigame" celebrada en Vilanova dos Infantes o 17 de maio. Os artigos que conteñen algunha información relacionada coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:





- Baraxeiro, “As novas que nos chegan”, *A Xanela*, nº 13, “Publicacións”, primavera 2002, pp. 29-30.

Baraxeiro realiza unha breve aproximación a varias publicacións tanto galegas coma portuguesas que veñen de saír do prelo. Con referencia á literatura galega céntrase na antoloxía poética bilingüe de Xulio L. Valcárcel *El volumen de la ausencia* (1997), así como no volume da *VI Bienal da Caricatura. Ourense 2002*, ademais de deterse nas revistas *Raigame*, *As 4 aldeas* e *Terra Chá.*

- Baraxeiro, “As novas que nos chegan”, *A Xanela*, nº 14, “Publicacións”, outono 2002, pp. 29-30.

Breve descrición de publicacións que viron a luz recentemente onde se destacan, no referente á literatura galega, a antoloxía poética de Xulio L. Valcárcel *En voz baixa. Quince anos de poesía (1979-1994)* (1997) e as revistas *Xistral*, *Raigame* e *As 4 aldeas*.

Revista Galega de Teatro
(ISSN: 113-956 X/DL: VG. 21-1994).

Revista dedicada á información teatral, publicada semestralmente dende 1985 e que, a partir do número 22, inicia unha segunda etapa, saíndo ao mercado cada tres meses. Está editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas” e dirixida por Antón Lamapereira. Conta cun Consello de Redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega; actúan como secretarios Che Mariño e Mª José Vilas Rodas, incorporándose esta última a partir do número 28. Tamén hai que salientar que esta revista é membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo, así como que ten o apoio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais presenta unhas seccións fixas como son “Editorial”, “Opinións desde a butaca”, “IGAEM”, “Libros”, “Revistas”, “Axenda”, “En cartel”, “Ficheiro”, etc. No ano 2002 chegaron ata nós os números 30, 31 e 32. O número 31, correspondente á primavera, leva por título “O contacontos”, que constitúe precisamente o

tema central sobre o que xiran moitos dos artigos recollidos nesta entrega. Cómpre destacar tamén o comentario do “Editorial” sobre o inicio con este número dunha nova sección fixa denominada “Es (cenas) atlánticas”, que intenta ofrecer mostras do que se está a facer no norte de Portugal. No número 31, continuación do anterior co título de “Contacontos 2”, dáse cabida ao que sucedeu no Maratón dos Contos de Guadalajara e á situación da narración oral en Andalucía e Portugal, así como a un amplo artigo sobre a traxedia clásica. No número 32, titulado “Festivais: Ribadavia, Girona, Imaginarius...”, e tal como se explica no “Editorial”, o asunto da maioría das crónicas é as mostras estivais de teatro. Ademais, nese mesmo lugar lévase a cabo unha lembranza do multifacético home de teatro Roberto Vidal Bolaño, recentemente finado, a quen, segundo se nos informa, se lle dedicará en especial o próximo número.




Recensións e referencias varias:

- Inma López Silva, “Criticar ao crítico”, *O Correo Galego*, “*Correo das Culturas*”, nº 111, 9 xaneiro 2002, p. 5.





Céntrase no labor da crítica teatral en Galicia e nas súas relacións co teatro, á raíz dunha mesa redonda transcrita no número vinteoito da *Revista Galega de Teatro*, na que participaron Casilda García, Cándido Pazó, Estanislao Graña e Camilo Franco. Expón que o exercicio da crítica debe estar feito dende o rigor e a seriedade e afirma que é necesaria para que todos os que forman parte do proceso teatral saiban que o seu traballo é asumido desde fóra con formalidade. Por último, engade que a crítica depende da seriedade e da amabilidade con que os teatreiros galegos reciben o traballo feito polos especialistas.

- Inma López Silva, “A Revista Galega de Teatro cos contadores de historias”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 11 agosto 2002, p. 3.

Achégase á *Revista Galega de Teatro,* correspondente ao número 30, no que se ofrece un estudio monográfico sobre os contacontos. Salienta que se recollen as actividades e as reflexións dos protagonistas, así como as experiencias noutros ámbitos xeográficos como Francia, Italia e Gran Bretaña. Así mesmo, sinala que no volume tamén se inclúen traballos sobre a reflexión estética e formal da arte de contar contos, a cargo de José

Campanari, Boniface Ofongo e Magdalena Labarga, e alusións aos Premios María Casares, ao proxecto En Pé de Pedra e Alternativa 2000. Finalmente, comenta que a revista ofrece un espacio para a crítica de espectáculos e de libros.




Revista Galega do Ensino
(ISSN: 1133-911X).

Esta revista trimestral, que foi creada en decembro de 1993 e que na actualidade está editada pola Xunta de Galicia, conta cun Comité de Redacción formado por unha directora, Ana María Platas Tasende, unha subdirectora, Mª del Mar Lorenzo Moledo, unha secretaria, María Natividad Rodríguez López e cun encargado da ilustración, Javier Vilariño Pintos. Tamén conta cun amplo Consello Asesor e Editorial, integrado por docentes universitarios de todo o mundo. Presenta un carácter interdisciplinario e acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico, pensado para o fornecemento de material auxiliar aos docentes de todos os niveis. Neste ano 2002 tirou os números 34 (febreiro), 35 (maio), 36 (outubro) e mais o 37 (novembro). Todos eles presentan as mesmas seccións: “Colaboracións especiais”, “Estudios”, “O pracer de ler”, “Recensións”, “Novidades editoriais” –cun apartado especial dedicado ás novidades editoriais referidas á literatura galega e española–, “Noticias”, “Lexislación” e “Normas para os autores”; agás o 36, que é un número especial, coordinado por Javier Vilariño

Pintos, co título “Artes”, no que se recollen unha serie de colaboracións sobre aspectos das diferentes artes, incluídas algunhas sobre o teatro. Todos os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Taboada, A. Revista das asociacións culturais A Cabana e O Meigallo.
(DL: PO-109/00).

Publicación de carácter semestral que saca á luz o seu primeiro número en decembro de 1999 e o segundo en xuño de 2000. Sae baixo a dirección de Pilar Pena Búa e conta cun equipo de persoas que participan como Consello de Redacción, Administración e Coordinación e Supervisión Lingüística, entre os que están Xosé Casal Porto, Manuela Ferreira Couso, Susana Fuentes Gago, Fernando González Graña, Baltasar Pena Abal, Héctor e Martiño Picallo Fuentes, Marcos Seixo Pastor, Reis Camiña Castro e Belén Pazos Touriño. Cada un dos números ábrese cun editorial. No ano 2002 chegaron ata nós os números 5, que se corresponde co mes de xullo, e o 6, do mes de decembro. No primeiro inclúense artigos de socioloxía e antropoloxía da bisbarra, mentres que no que á literatura se refire aparece unha escolma poética de Manuel Pérez Lourido e unha recompilación de cantos de Reis feita por Susana Fuertes Gago e Rita Sueiro Campos, así como un artigo de Roberto Blanco Torres publicado orixinalmente en *A Nosa Terra* que se centra no personaxe de “O cego de Padrenda”. No segundo número, inclúense o artigo de Xavier Barreno “Xantar de trasnos no magosto”, no que se analizan algúns dos

seres míticos relacionados con esta festa e “Escolma de cantigas referentes á Virxe dos Milagros que se venera no santuario de Amil (Moraña)”, de Reis Camiña Castro. Todos os artigos que tratan a literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate
(ISSN: 1137-6945 / DL: C-588-97).

Publicación que naceu en abril de 1997 pola iniciativa do Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A., coa pretensión, declarada no seu número inaugural, de crear medios de comunicación alternativos e de calidade, e co obxectivo de desenvolver un movemento orixinal de desafío e subversión fronte á mundialización que se está a impor pola vía tecnolóxica, ademais de reforzar a identidade colectiva. A revista estádirixida por Luís Álvarez Pousa, conta con Ana Belén Puñal Rama como coordinadora de redacción e Ivám Cozinha como redactor e encargado de fotografía. Tamén conta cun elevado número de colaboradores habituais como Xurxo Souto, Miguelanxo Prado, Bieito Iglesias, Armando Requeixo, Olga Novo, etc. En 2002, seguindo a súa periodicidade mensual, sacou do prelo doce números que se corresponderon co número 56 do mes de xaneiro ata o 66 do mes de decembro. Como vén sendo habitual presenta a súa estructuración nos apartados: “Opinión”, “Cataventos”, “A contratempo”, “Horizontes” e “Voces e culturas” (que no mes de agosto pasou a titularse “Entregas culturais. Libros para entreter as horas de verán”). No número de decembro presenta excepcionalmente, e

motivado pola crise do afundimento do petroleiro Prestige, dúas únicas seccións: “Baixada ó inferno” e “Un mundo ferido”. Todos os artigos nos que se atende a cuestións relacionadas coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




La Tierra Gallega (A Habana, 1894-1896)
(ISBN: 84-453-3299-6).

Edición facsimilar deste semanario decimonónico dirixido por Manuel Curros Enríquez na Habana, a cargo de Luís Alonso Girgado e Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro. Estructurada en dous volumes de gran formato, que reproducen as dimensións da súa versión orixinal, conta cun amplo estudio introductorio no que se analiza o contexto histórico e literario no que o poeta galego desenvolveu o seu labor xornalístico na illa caribeña. A seguir, céntrase o estudio na publicación ofrecendo en primeiro lugar a súa ficha técnica, a caracterización externa na que se dá conta da intrahistoria do semanario e se atende aos aspectos directivos e administrativos, así como á súa análise interna que se fixa na dirección e na liña programática, nas seccións e os contidos destas, nos colaboradores, a lingua ou a variedade de xéneros presentes nas súas páxinas. Remátase este estudio cunha síntese das claves caracterizadoras que dá paso á reproducción do facsímile de *La Tierra Gallega*. Péchase o segundo dos volumes cos índices de colaboradores e de colaboracións.

Recensións e referencias varias:

- Ramón Loureiro, “O centro Ramón Piñeiro reeditará o xornal de Cuba ‘La tierra gallega”, *La Voz de Galicia*, 2 novembro 2002, p. 39.

Dáse noticia da reedición do xornal cubano *La Tierra Gallega*, ao coidado de Luís Alonso Girgado, publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, no que se recollen os cento corenta e sete números publicados por Curros Enríquez na emigración. Sinálase que o traballo contou coa colaboración do Instituto de Lingua e Lingüística de La Habana e coa da Biblioteca Nacional José Martí, ademais da Real Academia Galega e a Biblioteca Provincial de Ourense. Finalmente, coméntase que no xornal publicaron, entre outros, Aurelio Ribalta, Federico Maciñeira, Bernardo Barreiro Florencio Vaamonde Lores e Galo Salinas.

A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico
(ISSN: 1130-2674 / DL: C-351-1994).

Revista de periodicidade trimestral, editada por Sotelo Blanco Edicións dende 1990 e dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez, mentres que a secretaría de redacción está a cargo de Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. Cada número consta de cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica", nos que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Durante o ano 2002 viron a luz os números 49 (xaneiro-febreiro-marzo), 50 (abril-maio-xuño), 51 (xullo-agosto-setembro) e 52 (outubronovembro-decembro). No número 49 inclúense os artigos "Un poema de Rosalía de Castro", de Anxo Angueira; "Arredor d'*O divino sainete*", de Xosé Luís Méndez Ferrín; "Álvaro de las Casas e a súa actividade política na Galiza republicacana (1931-1936)", de

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel; e “Antón Figueroa: *Nación, literatura e campos sociais en Galicia*”, de Arturo Casas. No número 50 inclúese “Terra e memoria en Otero Pedrayo”, de Ramón Villares; a peza de teatro “Sen ir máis lonxe”, de Roberto Vidal Bolaño; o comentario a “Helena de Carlos: *1999*”, de Paula Costa; “Xabier Cordal Fustes: *A vella peneira a noite*”, de Iago Castro Buerger; e “Un labrego na vida e na obra do filólogo Martín Sarmiento”, de Xesús Alonso Montero. No número 51 inclúese no apartado “Acoutacións” o artigo “25 puntos sobre a actuación social da literatura galega”, de Xabier Cordal Fustes, mentres que en “Publicacións” aparecen os artigos “Antón Lopo: *Ganga*”, de Xabier Cordal, e “Un relevante contributo aos estudios sobre Rosalía de Castro”, de Carlos Manuel Callón Torres e Paulo Filgueiras Fachal. Finalmente, no número 52 aparece o texto “Ouveo”, de Allen Ginsberg, en traducción de Daniel Salgado; e oscomentarios das obras de “Concepción Álvarez Pousa/Xosé Henrique Costas: *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*”, de Armando Requeixo; e “Anxo Fernández Ocampo: *A esperanza bretona*”, de Carlos Pérez Varela. Todos estes artigos están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:





- F. Martínez Bouzas, “Unha fiestra para o pensamento crítico”, *El Correo Galego*, “*Correo das Culturas*”, nº 115, 6 febreiro 2002, p. 2.

Céntrase nos doce anos de existencia da revista *A Trabe de Ouro*, a pesares de non contar con subvencións e outras axudas por parte dos poderes públicos galegos. Alude tamén ao número 48 da revista onde se recollen artigos sobre o posicionamento de EE.UU. despois do acontecido o 11 de setembro de 2001. Así mesmo, inclúense traballos de Francisco Fernández Rei sobre o acordo normativo do ano 2001, e sobre o seu posterior rexeitamento.

-Armando Requeixo, “Linguas de aquí e de acolá”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 115, 6 febreiro 2002, p. 4.

Alúdese á publicación do último número monográfico de *A Trabe de Ouro*, centrado na relación das diferentes linguas e da súa situación no ámbito da Unión Europea. Engádese que Francisco Fernández Rei foi o coordinador deste número e o encargado de reunir un

conxunto de especialistas que deron conta da situación lingüística en Italia, Francia, Val de Arán, terra de Miranda, etc. Así mesmo, sinálase que o volume recolle un artigo sobre as posibilidades legais das Linguas Minorizadas na Unión Europea, ademais doutros traballos de diferente temática, como o de X. M. Dasilva sobre as conexións galegas do poeta Teixeira de Pascoães; o de Xosé Manuel Salgado, que exhuma unha peza oratoria de Otero Pedrayo; así como a recuperación de poemas de Xohán Casal, a cargo de Carlos Fernández.




- Xosé Ramón Pena, “Dúas citas obrigadas”, *Guía dos libros novos*, nº 38, “Revistas”, marzo 2002, p. 31.

Comentario conxunto do número corenta e oito da revista *A trabe de ouro* e do *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, correspondentes ambos ao ano 2000. Sinala que a primeira está dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín e editada por Sotelo Blanco, ademais de explicar que inclúe colaboracións de X. Antón L. Dobao, Xosé A. Teixeira, David Simón Losada, Francisco Sampedro e F. Fernández Rei (encargados do apartado “Publicacións”), etc.; para alén de artigos ou textos de creación de autores foráneos

traducidos ao galego. Asemade, refírese aos contidos da publicación do *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, do que tras indicar que o director da revista é Xoán González Millán e que está editada por Galaxia, enumera os artigos que inclúe. A recensión de ambas revistas inclúe, ademais, notas sobre algúns dos artigos que conteñen.




-Xosé Feixó, “Pensamento crítico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 4, “Libros”, 30 maio 2002, p. V.

Infórmase da publicación do número cincuenta da revista *A Trabe de ouro*. Lóase o traballo levado a cabo por Xosé Luís Méndez Ferrín na dirección da publicación, e dos responsábeis da secretaría e do consello da redacción, e dáse unha relación das persoas que colaboraron nesta nova entrega como Anxo Angueira, Aijaz Ahmaz, Uxía López, Ferrín, Uxío Diéguez, José Viale Moutinho e Manuel Barreiro.

- Xosé Ramón Pena, “De novo ‘A trabe”, *Guía dos Libros Novos*, nº 41, “Revistas”, xuño 2002, p. 30.

Repasa o contido do número 49 da revista *A Trabe de Ouro*, citando os artigos de Anxo Angueira, sobre un poema de Rosalía incluído en *Cantares gallegos* do que destaca a súa dimensión social, feminista e anticlerical; de Aijaz Ahmad, un dos mellores teóricos arredor da teoría literaria en relación cos conflictos de clase e cos procesos de reivindicación nacional, en traducción de Manuel Outeriño; o artigo sobre "O fascismo e a cultura nacional: ler Gramsci nos días da Hindutva", de X.L. Méndez Ferrín, que analiza *O Divino Sainete* reivindicando a actualidade de Curros e o diálogo áxil e o sarcasmo deste texto; o de Uxía López Meirama arredor da banda deseñada; e o de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel sobre Álvaro de las Casas e a súa actividade política na Galicia republicana. Cita tamén os textos de José Viale Moutinho, que ocupan a sección deste mesmo nome; o apartado dedicado ás recensións e a habitual sección "Crónica".

- Xosé Ramón Pena, "Sempre na Trabe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 15, "Libros", 24 outubro 2002, p. IV.




Despois de deixar clara a satisfacción que lle produce ler *A Trabe de Ouro*, céntrase nos traballos da nova entrega da publicación. Comeza aludindo ao artigo de Crhistopher

Caudwell, “Beleza, estudio sobre a estética burguesa”, no que afonda sobre os conceptos de Beleza e Verdade, e dá conta do traballo de Ramón Villares acerca da percepción de Otero Pedrayo sobre o sentimento da Terra. A seguir, comenta que neste número tamén se ofrecen pezas de teatro de Roberto Vidal Bolaño, e artigos de Francisco Fernández Rei, Xesús Alonso Montero e Méndez Ferrín sobre a figura de Frei Martín Sarmiento.




Unión Libre
(ISSN: 1137-1250 /DL: C-1668-1996).

Publicación editada por Ediciós do Castro e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco que naceu en 1996 co propósito de ser unha colección de cadernos de periodicidade anual dedicada a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva que se anuncia “radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria”. Integran o Comité de Redacción Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No 2002 saíu á luz o número sete, titulado “Indíxenas” e coa distribución dos seus contidos en seis apartados. No primeiro deles titulado “No principio foi o lugar”, inclúese un artigo ensaístico sobre o lugar de María Lopo e un poema de Emma Luaces titulado “Descalza” no que a plástica cobra gran importancia. A seguir a parte titulada “Indixenismos culturais” contén artigos sobre cuestións lingüísticas e identitarias de Carmen Junyent e Noam Chomsky (ambos traducidos) e outro de Santiago Lopo titulado “O discurso espurio do xefe Seattle”. O terceiro apartado, “Arte mestiza”,

baixo o título de “Bestiario vivo”, inclúe vintedúas ilustracións de Sara Lamas. No cuarto dos apartados, titulado “Aperturas indixenistas”, aparece un relato de Carmen Blanco e dous artigos que tratan distintos aspectos sobre o indixenismo relacionado coa arte, un de Olga Novo e outro de Manuel Fernández Rodríguez. O penúltimo dos apartados, titulado “Reserva Chippewa-Shoshone”, está dedicado a nila northsum, indíxena Chippewa-Shoshone, da que Kathleen N. March traduce algúns dos seus poemas que falan sobre a morte ou as relacións familiares. Por último pecha o volume a sección “Recreación maná”, que inclúe un relato de Claudio Rodríguez Fer, varias fotos distintas dunha mesma persoa e un poema traducido que enxalza a vida. As creacións literarias relacionadas coa nosa literatura descríbense no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.




Recensións e referencias varias:

-Xosé M. Eyré, “Isaac Díaz Pardo, o mecenas das revistas culturais”, *A Nosa Terra*, nº 1.038, “Cultura”, 13-19 xuño 2002, p. 25 .

Abórdase o labor de mecenado cultural de Isaac Díaz Pardo, en particular dunha actividade menos coñecida como é a de editor de revistas literarias e científicas que ven a luz no selo editorial de Ediciós do Castro: *Nordés*, *Luzes de Galiza*, *Unión Libre*, *Gallaecia* ou *Ingenium*. Como trazo común a todas elas destácase a autonomía da súa dirección e dos seus consellos de redacción, sendo responsabilidade da editorial a edición, impresión e distribución. Repasa a traxectoria destas revistas comezando por *Nordés*, dirixida por Luz Pozo Garza, que naceu en 1980 como “Revista de poesía plural e crítica” e deixou de publicarse en 1995; *Luzes de Galiza*, que naceu en 1985 dirixida por Manuel Rivas e que conta con trinta números publicados ata o momento, cunha ampla nómina de colaboradores como Antón Baamonde, Xavier Seoane, Lino Braxe ou Alfonso Mato; ou a máis recente *Unión Libre*, que naceu en 1996 coordinada por Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, con periodicidade anual e temas monográficos. En canto ás revistas de carácter científico, fálase en primeiro lugar da máis antiga, *Gallaecia*, *Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, *Ingenium*, *Larouco* ou *Minius*. Conclúese destacando que con esta ampla nómina de revistas e con outras publicacións de carácter monográfico, Díaz Pardo recupera o espírito do Seminario de Estudos Galegos dende Ediciós do Castro.

A Xanela. Revista Cultural das Mariñas
(DL: C-1696/96).

Publicación que vén editando dende 1994 a Asociación Cultural "Eira Vella" de Betanzos e que dende a primavera de 1996 comezou unha nova xeira baixo a coordinación de Suso Torres. En 2002 viron a luz os números 13 e 14 –correspondentes á primavera e ao outono, respectivamente– que contan con numerosos colaboradores literarios e gráficos e que asemade inclúen traballos de temática cultural variada: etnografía, historia, folclore ou literatura. O número 13 presenta dentro da sección "Creación" os relatos de Paulo Martínez Lema ("Evaristo Antelo"), Maxi Rei ("As cadeiras"), Xabier López ("A primeira voz") e de Medos Romero ("Sito Mar"), así como poemas de Iolanda González Villar, Lucía Aldao e mais de Gabriela Rodríguez. Así mesmo inclúe dentro do apartado "Letras de Portugal" composicións poéticas de Fernando Botto Semedo, Ruy Ventura, Margarida Parreira Alves e Nicolau Saião. No apartado "Festa das Letras" homenaxéase á figura do padre Sarmiento cunha pequena cronobiografía ("Frei Martiño Sarmiento"), co artigo

“Sarmiento, un precursor do galeguismo” a cargo de Ramón Villar Ponte e mais coa reproducción dun fragmento do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* (1751) escrito por Sarmiento. Na sección “Rescate” recóllese o artigo “Roldan Paderne. Un escritor descoñecido do tempo das Irmandades da Fala” de Xesús Torres Regueiro, e no remate da revista temos o apartado “Publicacións” que conta co texto “As novas que nos chegan”, de Baraxeiro. O segundo número de 2002, o 14, conta dentro do apartado de “Creación” coas colaboracións poéticas de Maxi Rei, Lucía Aldao, Gabriela Rodríguez e Medos Romero xunto cos relatos de Paulo Martínez Lema (“Amadeo Lourido”), Emma Pedreira (“O bufo en min”), Laura Fraguas (“Cando estoupa a burbulla”) e de Xabier López (“Socioloxía do desencontro”). Como peche deste número 14 aparece a sección titulada “Publicacións”, que conta novamente cun artigo de Baraxeiro (“As novas que nos chegan”). Todos os artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.




Xistral (Revista lucense de creación poética)

Esta revista poética, que aparece coordinada por Camilo Gómez Torres, está editada pola Concellería de Cultura do Concello de Lugo. Conta cun consello de redacción formado por Luz Pozo Garza, Manuel María, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Ignacio Rodríguez. No mes de maio de 2002 publicou o seu número 5, no que se recollen as composicións poéticas de: Lupe Bao (Lugo, 1978), José Miguel Barrera Vázquez (Vilalba, 1964), Eloi Caldeiro (Sarria, 1955), J. Luís Calvo Vidal (Oviedo, 1973), Joaquín R. Carballido Parra (Ponferrada, 1962), Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976), Xosé María Costa (Chantada, 1951), Emma Couceiro (Cospeito, 1977), Manuel Darriba (Sarria, 1973), Lois Diéguez (Monforte, 1944), Mª Sara Fernández (Burela, 1964), Xosé Lois García (Lugo, 1945), Iria López Cabanas (Lugo, 1984), Alexandra López Coca (Lugo, 1979), María López Sande (Lugo, 1973), Paulo Martínez Lema (Damil-Begonte, 1982), Manuel C. Matalobos (Lugo, 1959), Manuel Xosé Neira (Meilán-Lugo, 1964), Xoán Neira López (Meilán-Lugo, 1959), Isidro Novo (Lugo, 1951), Olga Novo (Pobra do Brollón, 1975), Ana Pillado Vega (A Coruña, 1971), Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954), Andrés Pociña (Lugo, 1947), Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922),

Xerardo Quintiá (Friol, 1970), Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949), Francisco Xavier Reija Melchor (Lugo, 1973), Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), Margarita Rodríguez Otero (Monforte, 1934), Ramón Rodríguez Porto (Chantada, 1963), Daniel Salgado (Monterroso, 1981), Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955), Milo Valdonedos (Quiroga, 1948), Saturnino Valladares (Lugo, 1978), Carlos Vázquez (Láncara, 1968), Lois Vázquez Fernández (Chavaga-Monforte, 1938), Antonio Vázquez Tierra (Monforte, 1960), Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) e Antonio Yebra de Ares (Monterroso, 1926). De todos eles ofrécense nas últimas páxinas unhas notas bibliográficas nas que se recolle a súa producción literaria ata o momento.




Recensións e referencias varias:

- Baraxeiro, “As novas que nos chegan”, *A Xanela*, nº 14, “Publicacións”, outono 2002, pp. 29-30.

Ver *Raigame*, neste apartado do *Informe*.

-Armando Requeixo, “Unha posta ó servicio da creación poética con liberdade e pluralidade de textos”, *El Correo Gallego*, “*Correo da Culturas*”, 10 novembro 2002, p. 4.

Despois de centrarse na primeira etapa da revista *Xistral*, baixo a dirección de Manuel María e M.A. Sopena, faise referencia a unha nova andaina da revista coa publicación do quinto número no ano 2002. Coméntase que a revista recolle a expresión poética de escritores veteranos e noveis. Infórmase que nesta entrega se ofrecen as creacións de Luz Pozo, Helena Villar Janeiro, Lois Diéguez, Xesús Rábade Paredes, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Xesús Manuel Valcárcel e Enma Couceiro, así como as de creadores máis novos como Daniel Salgado, Iria López Cabanas e Paulo Martínez Lema.

X. Premios

Damos noticia e unha pequena biografía dos premios literarios convocados no 2002 e tamén daqueles que premian o traballo dunha vida de entrega a Galicia e que ás veces coincide con homes ou mulleres de letras. De entre os numerosísimos premios convocados por asociacións culturais, concellos, centros de ensino, etc., para incentivar á mocidade a escribir en galego, serán motivo da nosa atención os que teñen unha certa tradición e publican os traballos galardoados. Relacionaremos algúns dos que temos noticia, na certeza de que son moitos máis os convocados. Informaremos dos que cumpran os requisitos anteriores, os de máis tradición ou que se inician seguíndoos do ano de nacemento, patrocinadores e bases fundamentais, así como da contía, gañador, membros do xurado e lugar e día do dictame da última convocatoria. Acompañan a este comentario os artigos e notas de revistas e xornais, se están asinadas, que inciden sobre calquera dos puntos xa comentados (número de obras presentadas, lugar e día do dictame, composición do xurado, finalistas, presentacións, etc.). Os artigos de tipo xeral, é dicir, os que se refiran

a varios premios e non á convocatoria específica, poderán verse glosados noutros apartados deste *Informe*.

X. 1. Narrativa

IIº Certame literario de relato de aventuras "**Antón Avilés de Taramancos**"

Convócao o Concello de Noia e organízao A Casa Da Gramática do IES Virxe do Mar, contando coa colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Poden concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Nesta segunda edición increméntase a contía económica do premio en 1.200 €, pasando así a ser de 3.000 € e a publicación da obra gañadora nunha tiraxe especial por parte do concello de Noia. A obra, cunha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, presentarase por cuadriplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados sen firma, cun lema, e utilizando un sistema de plica no concello de Noia, Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia (A Coruña). O prazo de admisión de traballos remata o 6 de marzo de 2003 e o xurado, que estará composto por persoas de recoñecido prestixio no eido das letras galegas, emitirá publicamente o seu veredicto o 6 de abril de 2003, coincidindo co aniversario da data de

nacemento de Antón Avilés de Taramancos. No ano 2002 deuse a coñecer que o gañador da primeira edición deste certame foi Ramón Carredano pola súa obra *Frei Samuel*.

Referencias varias:

-Xulio Valcárcel, "Premio Avilés de Taramancos", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", "Páxina literaria", 10 febreiro 2002, p. 4.

Presentación dun novo certame de Relatos de Aventuras que leva o nome do poeta Avilés de Taramancos e que acolle o Concello de Noia. Indica a extensión que levarán os traballos e a contía do premio.

- Rita Filgueira, "Fray Samuel", *O Correo Galego*, "AFA", 7 abril 2002, p. 49.

Dá a coñecer o gañador do Iº Certame literario de relato de aventuras "Antón Avilés de Taramancos", que foi Ramón Carredano, pola súa obra *Fray Samuel*. Tamén sinala que foi

elixida “polos seus matices de vivacidade e dinamismo no seu discurso narrativo” segundo palabras de García-Bodaño, membro do xurado.

- C. V., “A historia é o importante, a calidade son os efectos especiais”, *A Nosa Terra*, nº 1.033, “Cultura”, 9-15 maio 2002, p. 30.

Describe o acontecido no acto de entrega deste premio, no que se galardoou a Ramón Carredano, autor de *Frei Samuel*. Sinálase que a está obra ambientada na primeira metade do século XIV, coincidindo coa chegada do Bispo Berenguel de Landoira a Compostela.

VIIIº Premio literario "**Arcebispo Juan de San Clemente** "

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o I.B. Rosalía de Castro, creador no ano 1995 do Premio Literario "Arcebispo Juan de San Clemente", convocou de novo este premio dotado con 9.000 € a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O xurado estivo formado por alumnos dos institutos Virxe do Mar, de Noia; IES Carril; Xoglar Alfonso Gómez, de Sarria; e IES O Couto; ademais do Rosalía de Castro, organizador do evento. Os gañadores nesta oitava edición foron: Marilar Aleixandre pola súa novela *Teoría do caos*, publicada en galego por Edicións Xerais de Galicia no ano 2001; Laura Restrepo na categoría de lingua castelá con *Leopardo al sol* e Amélie Nothomb por *Metafísica de los tubos*, en lingua estranxeira traducida ao castelán. Autores galegos premiados en anteriores edicións foron: Manuel Rivas, Suso de Toro, Xurxo Borrazás, Xelís de Toro e Bento da Cruz na pasada edición.

Referencias varias:

- EFE, “Rábade Paredes, entre los finalistas de los ‘Arcebispo San Clemente”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 22 marzo 2002, p. 90.

Dá conta das obras seleccionadas como finalistas dos premios Arcebispo San Clemente no día 21 de marzo chamando a atención sobre a selección dunha obra de Rábade Paredes. Dise que a concesión dos premios corre por conta de estudiantes das catro provincias galegas e subdivídese en tres seccións para as que este ano se escolleron: a) obras escritas en galego: *Como levar un morto*, de Xesús Rábade Paredes; *Teoría do Caos*, de Marilar Aleixandre; e *Azul cobalto*, de Alfredo Conde; b) obras en castelán: *Soldados de Salamina*, de Javier Cercas; *El cielo raso*, de Álvaro Pombo; e *Leopardo al sol*, de Laura Restrepo; c) libros estranxeiros: *Metafísica de los tubos*, de Amélie Nothomb; *El amante de mi madre*, de Urs Widmer; e *El procedimiento*, de Harry Mulish. Os estudiantes escolleron outros anos obras de autores como Paul Auster, José Saramago, Antonio Tabucchi ou Carmen Martín Gaite.

- F. Martínez Bouzas, “O verdadeiro Antonio Tabucchi” *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, n° 129, 13 maio 2002, p. 2.

Artigo dedicado ao escritor Antonio Tabucchi que recibiu o premio de narrativa Arcebispo Juan de San Clemente, sumándose así a escritores de prestixio como Mario Vargas Llosa, Javier Marías ou Manuel Rivas.

- A. I., “Marilar Aleixandre, Laura Restrepo y Amélie Nothomb, ganadores del Premio San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 xuño 2002, p. 37.

Informa da concesión do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente a estas tres escritoras. Fai referencia, ademais, aos finalistas, entre os que cita a Xesús Rábade e Alfredo Conde. Tamén alude á composición do xurado.

-A. N. T., “Amélie Nothomb, unha escritora con club de fans”, *A Nosa Terra*, nº 1041, “Cultura”, 4-10 xullo 2002, p. 25.

Comeza sinalando que por primeira vez o premio Arcebispo Juan de San Clemente recaeu en tres mulleres nas tres categorías que presenta: Marilar Aleixandre, Laura Restrepo e

Amélie Nothomb. A seguir, céntrase nesta última autora, á que presenta como unha escritora que cada vez conta con máis recoñecemento entre os lectores e non tanto entre a crítica. Salienta ademais algúns trazos das súas obras, como por exemplo o feito de ser autobiográficas e conteren moita ironía. Por outro lado, indica que en Francia esta autora é un fenómeno sociolóxico e apunta que ela mesma cre que unha das claves da súa escrita é a simplicidade e claridade que busca como esixencia literaria.

XXIº Premio de novela longa “**Blanco Amor**”

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 300 € cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso ata chegar á actual contía de 12.000 €. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espacio. Os interesados deben enviar as súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao concello encargado da edición. En sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, debe indicarse o nome e enderezo do autor. Neste ano 2002, o concello encargado foi o de Santa Comba, lugar ao que chegaron vinte obras para concursar. O gañador foi Xosé Monteagudo con *As voces da noticia*, obra elixida polo xurado formado por Rosa Aneiros, Amancio Liñares Giraut, Manuel Suárez Quintáns, Antonio Puentes Chao e Xosé Antonio Perozo. En anteriores edicións este premio recaera en escritores

como Xavier Lorenzo Tomé, Suso de Toro, Xavier Alcalá, Xosé Cid Cabido ou Xosé Carlos Caneiro.

Referencias varias:

-E. F., “O Concello de Santa Comba dá hoxe a coñecer o dictame do premio Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 9 novembro 2002, p. L11.

Anuncia a celebración do acto que terá lugar na Casa da Cultura do Concello de Santa Comba con motivo do anuncio do dictame do xurado da XXI edición do Premio de Novela Longa Blanco Amor, a entrega do cal está prevista para o 20 de decembro.

C. B., “As voces da noticia”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 novembro 2002, p. 51.

Dá conta do gañador da vixésimo primeira edición do certame literario Branco Amor, Xosé Monteagudo Folgar coa súa obra *As voces da noticia*, elixida de forma unánime polo xurado de entre un total de vintenove traballos presentados, e premiada con 12.000 €.

- Emilio Forján, “Xosé Monteagudo gaña o Blanco Amor coa novela ‘As voces da noticia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 novembro 2002, p. 49.

Recolle que a obra gañadora do XXI Premio de Novela Longa Blanco Amor celebrado no Concello de Santa Comba foi *As voces da noticia*, de Xosé Monteagudo, presentada baixo o lema “Caleidoscopio” e que conta cunha dotación económica de 12.000 €.

-B.L., “Vén de nacer un novo escritor”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 13 novembro 2002, p. 76.

Ver Monteagudo, Xosé, *As voces da noticia*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

- Carme Vidal, “Xosé Monteagudo. ‘Quería contar unha historia rural de xeito diferente”, *A Nosa Terra*, nº 1056, “Cultura”, 14-20 novembro 2002, p. 30.

Ver Monteagudo, Xosé, *As voces da noticia*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

-E. F., "O Concello de Santa Comba entrega o venres o premio Blanco Amor a Xosé Monteagudo", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 18 decembro 2002, p. L12.

Sitúa o dictame do premio no salón de actos do Centro de Cultura de Santa Comba, nomea o gañador e os membros do xurado.

AFA, "Xosé Monteagudo deixa de ser escritor secreto"/"As voces dun escritor 'secreto", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Área de Compostela", 21 decembro 2002, p. 34/p. 39.

Xosé María Dobarro, "Premios", *Diario de Ferrol*, "Outravolta", 26 decembro 2002, p. 13.

Ver Monteagudo, Xosé, *As voces da noticia*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

O profesor autopreséntase como membro do xurado destes premios nesta vixésimo oitava edición e fai un repaso polas relevantes figuras das letras galegas que compartiron con el o labor de dictaminar o premio, lamentando a ausencia de Bernardino Graña. Dá conta do relato que por unanimidade elixiron e tamén daqueles aos que lles concederon un accésit.

-AGN, "O gañador do 'Blanco Amor' tenta acabar cos tópicos da Galicia interior", *El Progreso*, "Cultura y comunicación", 28 decembro 2002, p. 81.

Nota na que se dá conta da presentación da novela *As voces da noticia*, coa que Xosé Monteagudo gañou o premio Blanco Amor 2002 e recóllense algunhas declaracións do autor a respecto da obra.

XIIIº Premio literario “**Camilo José Cela**” de narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como “homenaxe perpetuo á figura humana e literaria do egrexio escritor”. Os relatos escritos en castelán ou galego teñen que ter unha extensión de doce a vintecinco folios, mecanografados a dobre espacio, deben enviarse, por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón. O premio está dotado con 1.502 €. Nesta convocatoria, na que o prazo de presentación de orixinais remataba o 15 de setembro, o xurado estivo formado por Anxo Abuín, Antonio Gil, JuanCasas, Beatriz Vázquez, Ramón Rei, Ángel Vázquez, Manuel Baltar e Masito Beiró, responsábel de prensa do concello que foi quen levantou acta. A obra gañadora, de entre as máis de cincuenta presentadas, foi *Porque ésta es mi sangre* de Lorenzo Luengo Regalado.

Referencias varias:

- U. L., “Más de cincuenta obras concurren a la décimotercera edición del premio literario Camilo José Cela”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 24 setembro 2002, p. L10.

Dá conta do número de obras presentadas á XIII edición do premio Camilo José Cela convocado polo Concello de Padrón, un total de cincuenta e un provenientes de distintos puntos da Península e incluso de Estados Unidos. O premio conta cunha dotación de 1.500 € e a posibilidade da súa posterior publicación.

- C. B., "Lorenzo Luengo obtén o premio Cela de narrativa"/"Lorenzo Luengo: 'Ganar el premio Camilo José Cela es un gran prestigio", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Área de Compostela", 24 outubro 2002, p. 36/p. 38.

Describe os principias motivos polos que a obra *Ésta es mi sangre* do mozo madrileño Lorenzo Luengo Regalado foi o finalista da XIII edición do Premio de narrativa Camilo José Cela.

- Uxía López, "Un joven estudiante de Filología obtiene el premio Cela de narrativa", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 24 outubro 2002, p. L12.

Informa do dictame do xurado que concede o Premio Literario Camilo José Cela na súa XIII edición que recaeu nun estudiante madrileño de Filoloxía Hispánica, Lorenzo Luengo Regalado de vinteoito anos de idade, pola súa obra *Porque ésta es mi sangre* e polo que recibirá un diploma e 1.502 €.

- Uxía López, "El ganador del Premio Cela, orgulloso de asociar su nombre al del Nobel", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 8 novembro 2002, p. L13.

Informa da celebración do acto de entrega do XIII Premio Literario Camilo José Cela cunha dotación económica de 1.500 €, que recaeu no mozo madrileño Lorenzo Luengo Regalado de 28 anos, quen profesionalmente se está a dedicar á literatura.

- Uxía López, "El Concello de Padrón quiere publicar las obras ganadoras del premio Cela", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 4 decembro 2002, p. L12.

Transmite a pretensión que ten o goberno local padronés de publicar os relatos premiados no certame literario Camilo José Cela. Estes doce relatos que queren publicar, distribuídos

en dous volumes, servirían de homenaxe ao escritor homónimo con motivo do próximo aniversario do seu falecemento, que terá lugar a mediados de xaneiro do 2003.

Premio Literario “**Carlos Casares**”

Denominación coa que, a partir deste ano 2002, convoca o Liceo de Ourense o seu premio anual que, nesta ocasión, correspondeu á modalidade de microrrelato. Establecéronse dúas categorías, para maiores e para menores de vintecinco anos, podendo presentar ao certame textos inéditos redactados en galego ou castelán cunha extensión máxima de dous folios DIN A4, mecanografados a dobre espacio por unha soa cara. Os orixinais deben remitirse por duplicado baixo plica e lema ao seguinte enderezo: Secretaría do Liceo de Ourense, rúa Valentín Lamas Carvajal, 5, 32005 Ourense, antes do 31 de maio. Establécese un premio de 600 € por categoría e 300 € para os accésits. Nesta ocasión, o xurado, que tivo que escoller entre un total de dous centos trinta e cinco traballos, estivo composto por Marcos Valcárcel, Teresa Devesa, Isabel García e Delfín Caseiro. O gañador na categoría de maiores de vintecinco anos foi Gerardo Méndez por “Palabras”, categoría na que conseguiu un accésit Adolfo Camaño por “A cidade dual”. No apartado de menores de vintecinco anos o premio foi para Emma Pedreira por “Cuarto minguante” e o accésit para Roque Cameselle por “A velocidade do amor é un lampexo”.

Referencias varias:

-E. G., “O premio literario do Liceo de Ourense levará o nome de Carlos Casares”, *O Correo Galego*, “AFA”, 27 marzo 2002, p. 35.

En memoria e agradecemento á contribución e vinculación do recentemente falecido presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, ao Liceo de Ourense, o seu máximo representante, José Carlos Martínez-Pedrayo García, anunciou que o premio que se convoca anualmente pola sociedade denominarase Premio Literario “Carlos Casares” do Liceo de Ourense.

- L. G., “Un ourensán premiado polo Liceo”, *La Región*, “Literatura”, 22 xuño 2002, p. 83.

Recóllense os nomes dos gañadores nas dúas categorías do Premio “Carlos Casares” convocado polo Liceo de Ourense: Gerardo Méndez –gañador o pasado ano– co relato “Palabras” na categoría de maiores de vintecinco anos e Emma Pedreira co relato “Cuarto minguante” na categoría de menores de vintecinco anos, cunha dotación de 600 € cada un.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 22 xuño 2002, p. 83.

Destácase a gran concorrencia de obras presentadas á convocatoria anual do premio de Literatura do Liceo de Ourense, un total de douscentos trinta e cinco, chegadas de toda Galicia, o que considera Valcárcel que demostra a grande creatividade literaria.

IVº Premio Narrativa Fantástica “**Cidade da Coruña**”

Convocado polo Pub Dublín da Coruña en colaboración coa editorial Espiral Maior. Preténdese crear un espacio de encontro ao redor da imaxinación literaria, que no caso de Galicia, ten dado importantes mostras no transcurso da época contemporánea. A dotación do premio, que noutras ocasións era de 1.502 € e a publicación da obra gañadora na colección Espiral Maior de Narrativa, variou na súa contía económica, xa que pasou ás 1.200 € na pasada edición e aos 1.300 € nesta cuarta convocatoria. A extensión debe oscilar entre os trinta e os setenta e cinco folios articulados en forma de novela curta ou conxunto de relatos. Os orixinais enviaranse ao Pub Dublín (Rúa Panadeiras, 50, 15001 A Coruña), antes do 31 de maio. Este premio acadárono en anteriores ocasións Breogán Riveiro, Xosé Luís Martínez Pereiro e Lois C. Carballal. Esta cuarta convocatoria non se resolveu durante o ano 2002.

Vº Premio “**Eixo Atlántico**” de narrativa galega e portuguesa

Premio que anteriormente convocaba a Asociación Galega de Editores e a Asociación Portuguesa de Editores e Libreiros co patrocinio da Asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, e que nesta edición pasou a ser convocado por O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e os xornais *La Voz de Galicia* e *Público*. Nel poden participar autores de calquera nacionalidade que presenten orixinais en galego ou portugués conforme á normativa vixente. De cada orixinal enviaranse oito copias, mecanografadas a dobre espacio e presentaranse baixo lema, acompañando en sobre á parte os datos persoais, antes do 15 de maio de 2002 na sede de La Voz de Galicia, Avda. da Prensa, 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 16142 Arteixo (A Coruña). O premio consiste nunha contía de 9.000 € e a publicación da obra en galego e portugués. A este certame presentáronse un total de douscentos catro orixinais, dos que cento setenta procedían de Portugal, e debido á gran cantidade de obras recibidas o dictame do xurado, que por parte galega estivo representado por Bieito Ledo, Ramón Pernas e Xosé Carlos Caneiro, tivo que atrasarse tres meses, polo que pasou para a primeira quincena de outubro. Nesta edición o premio recaeu no autor portugués Rui Miguel Oliveira pola obra *Voar como os pássaros,*

chorar como as nuvens (Um filme português). No ano 2001 non se convocou este premio e nas catro convocatorias anteriores resultaron gañadores dous autores portugueses e dous galegos, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Carlos Caneiro.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, “En Portugal a penas existe literatura galega”, *A Nosa Terra*, nº 1053, “Cultura”, 24-30 outubro 2002, p. 24.

Ampla entrevista realizada ao escritor lisboeta Rui Miguel Oliveira que coa súa obra *Voar como os pássaros, chorar como as nuvens* resultou gañador do Premio Eixo Atlántico de narrativa, polo cal será publicada en galego por *La Voz de Galicia* e en lingua portuguesa polo xornal *Público*.

- B. R. Sotelino, “A fusión de culturas presidiu o espírito do premio de narrativa Eixo Atlántico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 decembro 2002, p. 45.

Destácase o irmanamento da cultura portuguesa e da galega neste acto que tivo lugar no Club Financeiro de Vigo, e tamén a fusión co mundo do xornalismo, xa que os dous xornais, o luso, *Público* e o galego, *La Voz de Galicia* se involucraron neste proxecto. *La Voz de Galicia* comprometeuse a traducir a obra ao galego e logo difundila xunto co xornal.

- B. R. S., "Tódolos anos leo a Faulkner", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 decembro 2002, p. 45.

Entrevista co gañador do Premio Eixo Atlántico. Fala do seu paso do mundo da informática ao da literatura; sostén que o seu escritor preferido é Faulkner e finalmente refírese á estructura da novela premiada, que a configurou a modo de filme cinematográfico.

XXXIº Concurso de contos “**Funcas**”

A Fundación de las Cajas de Ahorros Confederadas (FUNCAS) convoca este premio, no que poden participar todos aqueles que presenten contos escritos en calquera das linguas oficiais de España. A súa extensión debe estar entre os tres folios como mínimo e oito como máximo, mecanografados a espacio e medio por unha soa cara. Deben ser orixinais e inéditos e non ser seleccionados ou premiados en ningún outro concurso literario antes da terminación total deste. O tema é libre e cada concursante pode enviar os orixinais que desexe e debe presentalos por triplicado baixo pseudónimo, xunto a un sobre pechado no que figure no seu exterior o pseudónimo e o título do conto, e no interior os datos persoais do autor. Os orixinais deben remitirse ao seguinte enderezo: Concurso de Cuentos “Hucha de Oro” de las Cajas de Ahorros Confederadas. Funcas. (R/ Juan Hurtado de Mendoza 19, 28036 Madrid). O xurado estará formado por un Académico de número da Real Academia Española, que o presidirá, seis membros escollidos entre personalidades do mundo da cultura e das letras e un secretario designado por FUNCAS, con voz e sen voto. Establecéronse tres primeiros premios coas seguintes dotacións: 30.000, 12.000 e 6.000 €.

Ademais hai vintedous premios de 300 € para cada un dos restantes finalistas. Nesta ocasión non se premiou ningunha obra en galego.

XIVº Premio de novela “**García Barros (Ken keirades)**”

Convocado dende 1989, polo Concello da Estrada en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A contía económica é de 9.015 € e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editorial Galaxia. Os orixinais en galego normativo teñen que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do estado. O xurado estará composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contará con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorialGalaxia. Nesta ocasión os encargados de escoller a obra premiada foron Luís Álvarez Pousa, Juan Fonseca, Plácido Lizancos, Damián Villalaín e Valentín García, que actuou como secretario. O xurado dictou a súa resolución o 21 de xuño e a obra gañadora, de entre as vintecinco presentadas, foi *Un nicho para Marilyn* de Miguel Anxo Fernández, que recolleu o seu premio o 23 de novembro.

Referencias varias:

- AFA, “Un nicho para Marilyn”/“Miguel Anxo Fernández gaña o XIV Premio García Barros de Novela”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 22 xuño 2002, p. 31/p. 75.

Ver Fernández, Miguel Anxo, *Un nicho para Marilyn*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe.*

-Xosé Manoel Rodríguez, “Miguel Anxo Fernández gaña o García Barros de novela que convoca A Estrada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xuño 2002, p. 29.

Ver Fernández, Miguel Anxo, *Un nicho para Marilyn*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe.*

XIVº Certame de narrativa “**Gonzalo Torrente Ballester**”

Certame instituído pola Deputación da Coruña, no ano 1989, como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Anteriormente estaba dotado con 18.000 € e a publicación da obra, pasando agora a cantidade económica a 20.000 €. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado, escritos por unha cara a dobre espacio e acompañados de plica, na que se fará constar o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os traballos enviaranse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, s/n. 15006 A Coruña) antes do 1 de xullo de 2002, e o xurado estará constituído por: un familiar de Gonzalo Torrente Ballester, polo Presidente da Deputación da Coruña, polo presidente da Comisión de Cultura, Deportes e Xuventude da Deputación, sete persoas de recoñecido prestixio do ámbito literario e un dos gañadores de edicións anteriores, actuando como secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. Na edición do ano 2002 presentáronse trescentos noventa e tres orixinais, corenta e cinco escritos en galego, e o xurado, presidido por José Luís Torres Colomer, estivo formado por Carlos López Crespo, José María Merino, Luís Mateo Díez, José María Guelbenzú, Pedro Sorela, Luz Pozo Garza, José Antonio Ponte Far, Alfredo Conde, César Rodríguez Gavela

e Marcos Barnatán. Este xurado fixo pública a súa resolución o 10 de decembro, resultando gañador o valisoletano Rubén Abella coa novela que se publicará baixo o título de *La sombra del escapista* e que se presentara co lema de "Crombet".

Referencias varias:

- Efe, "La Diputación de A Coruña convoca la XIV edición del 'Torrente Ballester", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 marzo 2002, p. 76.

Informa da presentación do certame e achega un breve compendio das súas bases.

- E. P., "Convocan o XIV certame Torrente Ballester", *O Correo Galego*, "AFA", 3 marzo 2002, p. 47.

Dá noticia da convocatoria do premio e resume as bases deste achegando a información máis destacada para todas aquelas persoas que queiran presentarse, xa que indica, entre outras cousas, a onde se deben dirixir os orixinais.

- Ezequiel, “Todo eso de la Diputación”, *El Ideal Gallego*, “Gente y Noticia”, 23 marzo 2002, p. 28.

A petición de Renaldo Ojea e “cinco amigos más” o articulista resume as convocatorias de premios e bolsas que fai a Deputación Provincial da Coruña (IV Premio de Ensaio Manuel Murguía, IV Certame de Artesanía Antonio Fraguas Fraguas, V Premio de creación fotográfica Luís Ksado, Premio de literatura infantil e xuvenil Raíña Lupa, Premio de Narrativa Torrente Ballester, Premio Otero Pedraio, bolsas para deportistas) anotando as datas de presentación, a súa dotación económica e ofrecendo un breve resumo da súa finalidade. Deixa constancia de que a información foille fornecida por José Luís Torres Colomer, Antonio Erias, Dositeo Rodríguez, Felipe Senén e Juan José Gallo.

- AFA, “A forza de narrar”, *O Correo Galego*, “AFA”, 10 decembro 2002, p. 31.

Presenta o Premio Torrente Ballester coma un dos máis cuantiosos economicamente e coma o único que acolle obras en castelán e en galego dos que se celebran en Galicia.

Menciona algúns dos escritores galegos que acadaron o devandito premio, destacando o éxito editorial e da crítica de *Ela, maldita alma* de Manuel Rivas. Por último, repasa algúns dos actos que terán lugar na cidade da Coruña ao abeiro do dictame destes premios.

-E. P., “Cerca de cuatrocientas obras se presentan al XIV ‘Torrente Ballester”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 decembro 2002, p. 76.

Dá conta de que hoxe na cidade da Coruña se dictaminará o devandito certame e resalta o alto número de orixinais que se presentaron. Tamén recorda as actividades culturais paralelas que terán lugar ao longo do día na citada cidade, das que destaca unha mesa redonda sobre literatura feminina.

- AGN, “Rubén Abella recibe el Premio de Narrativa Torrente Ballester”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 11 decembro 2002, p. 77.

Dá conta do gañador deste premio, dos compoñentes do xurado, do número de obras que se presentaron e das características deste certame literario instituído pola Deputación da

Coruña. Baixo o título de “Datos” engade tamén algúns aportes biográficos do escritor gañador.

- Albino Mallo, “Abrir portas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 11 decembro 2002, p. 31.

O xornalista fai fincapé na alta participación que se acadou nesta edición do Torrente Ballester –trescentas noventa e tres novelas-, que segundo o portavoz do xurado se debeu á súa difusión a través de internet. Achega tamén unha pequena entrevista co galardoado, quen espera que este premio lle abra portas para a publicación doutras obras posteriores.

- Albino Mallo, “El escritor vallisoletano Rubén Abella gana el ‘Torrente Ballester”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, p. 76.

Presenta a Rubén Abella como un fotógrafo e escritor que vén de gañar este premio impoñéndose a case catrocentos orixinais, dos cales corenta e cinco se presentaron en galego. Engade algunhas pinceladas sobre a súa vida e obra.

- M. Barba, “El vallisoletano Rubén Abella gana el premio Torrente Ballester”, *La Opinión,* “Cultura”, p. 60.

Dise que o galardoado lle dedicou o Premio ao seu pai, natural da Poboa de Trives e falecido recentemente. Ademais de citar os compoñentes do xurado e outros datos relativos ao premio Torrente Ballester, faise fincapé na formación académica de Rubén Abella: nas súas facetas de filólogo, escritor, traductor e fotógrafo; así como tamén se describen algúns dos aspectos formais e de contido que configuran a obra premiada.

- S. B. N., “Rubén Abella gana el Torrente Ballester con ‘La sombra del escapista”, *La Voz de* Galicia, “Cultura”, 11 decembro 2002, p. 52

Despois de facer algúns comentarios sobre a décimo cuarta edición deste premio, do seu gañador e da composición do xurado, o xornalista presenta unha pequena biobibliografía de Rubén Abella, destacando os seus ascendentes galegos, os estudios cursados en EE.UU. e a súa afección á fotografía e á traducción. Tamén transcribe algunhas das

impresións que a novela gañadora, *La sombra del escapista*, provocou nos membros do xurado.

- Susana Basterrechea, “Mi gusto por la narrativa fantástica gallega es algo que llevo en los genes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 decembro 2002, p. 52

Entrevista ao gañador do Premio Torrente Ballester, na que conta que tardou dous anos en rematar a obra e que a ideou cando viviu nos Estados Unidos e en Australia. En canto ao seu contido di que se trata dunha mestura da intriga do fantástico e fábula coa realidade.No tocante aos seus gustos literarios, destaca a Álvaro Cunqueiro e asegura ter herdado do seu pai, que era de Galicia, o gusto pola literatura fantástica galega.

-Dolores Vázquez, “Las escritoras reivindican que ‘un texto no tiene género”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 decembro 2002, p. 54.

Dá conta do penúltimo acto de actividades comprendidas dentro do Premio de Narrativa Torrente Ballester e que consistiu nun debate protagonizado por catro autoras, entre elas a

coruñesa Blanca Riestra, no que trataron sobre a denominación “narrativa femenina”, etiqueta coa que as editoriais agrupan a literatura feita por mulleres. Así, pon de manifesto que todas elas cuestionaron esta etiqueta, xa que todas coincidiron ao afirmar que na literatura non hai fronteiras, nin tan sequera sexuais.

-A. N. T., “O vallisoletano Rubén Abella gaña o premio de narrativa da Deputación da Coruña*”, A Nosa Terra,* nº 1.060, “Cultura”, 12-18 decembro 2002, p. 30.

Esténdese unha relación dos membros que conformaron o xurado deste premio, das obras galegas que se teñen presentado ao mesmo en edicións anteriores e descríbense brevemente as súas características.

IIº Premio de narrativa "**Historias na Universidade**"

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Servicio Universitario de Residencias (SUR) e os Colexios Maiores e Residencias de titularidade privada adscritos a ela, convocou no verán do ano 2000 este premio co fin de fomentar evocacións literarias da vida universitaria nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo e nos seus Colexios Maiores e Residencias. Os mantedores de cada edición son dous dos Colexios Maiores ou Residencias convocatorias: un encárgase de acoller o dictame do xurado e outro do acto de entrega do premio. Pode concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega, de acordo coa normativa oficial vixente e cunha extensión que ensuma ao lector polo menos entre media e dúas horas. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado en soporte de papel, mecanografados por unha soa cara e a dobre espacio, antes do día 30 de marzo de cada ano, no Vicerrectorado de Estudiantes (Rúa Nova, nº 6, Santiago de Compostela) ou nos Colexios Maiores e Residencias convocatorias. Con cada orixinal, que debe ser presentado baixo lema, hai que acompañar en sobre pechado os datos do autor e o título da obra. O xurado está composto por cinco persoas de recoñecida solvencia no eido da crítica literaria e polo

director ou directora do centro encargado de acollelo, con voz e sen voto, que asume as funcións propias da secretaría. A súa composición dáse a coñecer pouco antes do seu dictame, feito que ten lugar nos meses de abril ou maio, coincidindo coa entrega das Insignias e/ou Bandas colexiais. Nesta ocasión, os nomes que o compuxeron foron Mercedes Brea López, Anxo Tarrío Varela, Anxo Abuín González, Patricia Fra López e María Vilariño Picos, todos eles da Facultade de Filoloxía, e actuou como secretaria María Dolores Fernández Tilve. A dotación económica é de 3.000 €. A obra premiada é publicada no prazo dun ano polo Servicio de Publicacións da USC e por capítulos no periódico dixital da USC. O gañador debe achegar o texto premiado nun soporte electrónico para este fin. Nesta segunda edición o premio foi para Ana María Galego Gen polo traballo presentado baixo o lema de “Verduras das eiras” e titulado *O malfadado ano no que perdín a moza por culpa dun robot, porque as desgracias sempre veñen mal acompañadas*.

Referencias varias:

- Elisa Álvarez, “Gústame escribir, pero non penso comer da literatura”, *La Voz de Galicia*, “O cronómetro”, 30 abril 2002, p. 2.

Tras achegarnos o argumento da obra gañadora do II Premio de Narrativa “Historias naUniversidade”, Elisa Álvarez entrevista á súa autora. Na conversa, Ana María Galego pon de manifesto o seu gusto pola literatura e a súa predilección polo relato curto. Tamén opina sobre o certame que vén de gañar, destacando que todos os concursos deste tipo lle parecen moi ben.

- C.D.U., “Ana María Galego gaña a segunda edición do Premio de Narrativa ‘Historias na Universidade”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 1 maio 2002, p. 3.

Dá a coñecer o nome do gañador deste premio e apunta brevemente os aspectos que da súa obra valorou o xurado, do cal achega a composición. Refírese tamén á dotación do galardón e á data de entrega. Finaliza aludindo á terceira edición.

Xº Certame literario “**Manuel Lueiro Rey**” de novela curta

Convocado polo Concello do Grove para honrar a figura deste galeguista e impulsar a literatura galega e os seus autores. Os traballos deben presentarse por quintuplicado e ir precedidos polo título e un lema. Asemade, hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e lema e dentro conteña os datos do autor, no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n. 36980). Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de sesenta folios e máxima de cento vinte, que non superen os mil oitocentos caracteres cada un deles aproximadamente. Concédese un único premio de 3.000 € e a publicación por Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado, que se dá a coñecer antes da concesión do premio, está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura. Un deles é o gañador da edición anterior do premio, dous son nomeados polo comité organizador e outros dous son representantes de Sotelo Blanco. Os traballos son recollidos ata o 15 de agosto e o gañador dáse a coñecer durante o mes de outubro. Nesta edición o xurado, que deu a coñecer a súa decisión o 16 de novembro, un pouco máis tarde do previsto, estivo formado por Xesús Alonso Montero en calidade de presidente, Manuel Quintáns Suárez, Francisco Martínez Bouzas, Santiago

Jaureguizar Ortiz de Zárate e Rexina Rodríguez Vega. De entre as doce obras presentadas, o galardón, con data de entrega prevista para o 2003, recaeu en Xabier López López por *O mono no espello*.

XIº Certame “**Manuel Murguía**” de narracións breves

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Poden concorrer todos os autores que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios. Os traballos deben entregarse ao Concello convocatorio (Praza do Alcalde R. Dopico, 1, 15142 Arteixo), por cuadriplicado, mecanografados a duplo espacio por unha soa cara e só co título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe achegarse o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor. O premio, que pode ser repartido *ex aequo* entre dous autores, consiste en 3.005 € e a publicación da obra. Este galardón foi gañado noutros anos por escritores como XavierAlcalá, Marilar Aleixander, Alfonso Álvarez Cáccamo, Isidro Novo, Antón Riveiro Coello, Xosé Carlos Caneiro e Rosa Aneiros xunto a José Martínez Pereiro, estes dous últimos na anterior edición. Na edición do 2002 houbo de novo dous gañadores que se repartiron o premio, Emma Pedreira con *A flor perfeita* e Daniel Asorey con *Soñar pedras con fútbol*. O xurado estivo formado por Cristina Galán, Francisco Fernández Naval, Xosé Luis Martínez Pereiro e Henrique Rabuñal.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, “Certame de narracións Manuel Murguía”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, nº 187, 6 xaneiro 2002.

Informa do prazo de presentación á XI edición do Certame Manuel Murguía, consolidado por Henrique Rabunhal Corgo, no Concello de Arteixo, do que Murguía foi nomeado fillo ilustre. Dá conta de que aquel que queira participar deberá presentar unha única obra en lingua galega cunha extensión entre 15 e 30 folios. O premio supón, ademais dunha dotación económica, a posible publicación da obra.

-María Rodríguez, “Non debe haber un escritor de narrativa en Galicia que non se presentase ó premio”, *La Opinión*, “Arteixo”, 26 maio 2002, p. 20.

Entrevista a Henrique Rabuñal, coordinador do Certame de Narracións breves Manuel Murguía no Concello de Arteixo, cando faltan uns días para a celebración da súa XI edición

durante a cal tamén terá lugar a presentación do libro *Paisaxes con palabras* onde se recollen todos os relatos anteriormente premiados, así como unha homenaxe ao escritor falecido Carlos Casares.

-EFE, “Emma Pedreira y Daniel Asorey reciben el premio Manuel Murguía”, *Faro de Vigo/El progreso*, “Sociedad”/“Cultura”, 2 xuño 2002, p. 49/75.

Recolle os acontecementos máis destacados do acto de celebración do XI certame de narracións breves Manuel Murguía onde o premio foi para dúas obras, *A flor perfeita* de Emma Pedreira e *Soñar pedras con fútbol* de Daniel Asorey Vidal. Fai referencia tamén a que se presentou durante o transcurso de dito acto a obra *Paisaxes con palabras*, na que colaboraron todos os gañadores das anteriores edicións deste premio.

-A.N.T., “Emma Pedreira. ‘Odiei a poesía ata descubrir que non consistía en agochar sentimentos”, *A Nosa Terra*, nº 1037, 6 ao 12 xuño 2002, p. 35.

Breve entrevista á escritora Emma Pedreira que xunto con Daniel Asorey obtivo o premio Manuel Murguía de narrativa breve por *A flor perfeita*, biografía dunha rapaza a través de varias etapas da súa vida.

XXVIIIº “**Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**”**. Certame nacional de narracións breves**

Convocado polo Padroado o Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1974. Os orixinais deben presentarse por cuadruplicado, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara e deben contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. O tema é libre, pero tense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Os participantes teñen que enviar catro exemplares dos seus traballos sen remite ou outra forma de identificación á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 1.046, 15780 Santiago de Compostela). Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano, correspondéndolle nesta edición a Oleiros correr cos gastos de organización. O primeiro premio e os accésits son publicados por Ediciós do Castro. A dotación económica para o primeiro premio é de 600 € e de 240 para os dous accésits posíbeis. Foron gañadores deste certame en edicións anteriores: Antón Riveiro Coello, Nacho Taibo, Martínez Oca, Guisán Seixas, Rey Ballesteros, Tucho Calvo, Carlos González Reigosa, Miguel Suárez Abel, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miro Villar, Riveiro Loureiro, Isidro Novo,

Antón Castro, Bieito Iglesias, Piñeiro Cochón, Helena Villar, Rosa Aneiros e Álvaro Lago. Na edición de 2002 o xurado, que estivo formado por Avelino Abuín de Tembra como presidente e en representación do Pedrón de Ouro, por Xosé María Dobarro, Ignacio Taibo e Xulio L. Valcárcel, resolveu o premio o 21 de decembro en Santiago de Compostela outorgándolle o primeiro premio a Emma Pedreira por *Os doces devorados*, mentres que o primeiro accésit foi para Xosé Luís Vázquez Somoza por *O río do esquecemento* e o segundo recaeu en dúas obras da autoría de Xosé Díaz Díaz, *Lupanar* e de Xaime Domínguez Toxo, *Están ardendo as serras orientais*.

Referencias varias:

-Xosé García, “O Padroado do Pedrón de Ouro reunirase mañá en Arzúa para fallar o premio”, *La Voz de Galicia*, “Sar-Arzúa”, 15 marzo 2002, p. 12.

Recolle a nova de que as terras de Arzúa foron escollidas polos membros do Pedrón de Ouro para fallar o premio Modesto R. Figueiredo de narración curta e seleccionar ao gañador do Pergamiño de Honra e Louvanza, que recoñece a labor daquelas

personalidades, galegas ou non, residentes fóra de Galicia. Un grupo de intelectuais galeguistas, entre os que citan a Avelino Abuín da Tebra (presidente do Padroado), Avelino Pousa Antelo (presidente da Fundación Castelao), Xosé Ramón Fandiño Veiga (director da Gran Enciclopedia Galega), Carlos García Martínez (director do Museo do Pobo Galego), David Otero (escritor) e Xosé María Dobarro (catedrático de Literatura Galega), reuniranse para iso no mesón A Paínza, de Viladavil. Lembra que o Padroado Pedrón de Ouro foi fundado en 1964 coa intencionalidade de premiar a unha personalidade galega viva que sobresaíse en calquera ámbito da cultura galega por Avelino Abuín Tebra e Maximino Rodríguez Buján. Finalmente anuncia que a entrega do Pedrón de Ouro realizarase no Día da Letras Galegas en Padrón.

- U. I. “Primera recepción oficial a la Fundación Pedrón de Ouro”, *La Voz de Galicia*, “Sar”, 26 abril 2002, p. 11.

Breve noticia na se que recolle que o mércores 24 de abril tivo lugar en Padrón unha recepción da Fundación Pedrón de Ouro por parte do poder local con motivo do cambio de presidente. Abandonou o seu cargo Gustavo Santiago Valencia en favor dun dos

fundadores da entidade en 1964, Avelino Abuín Tebra. Este último, infórmasenos, ademais de falar do vínculo padronés da entidade, demandou axuda institucional e lembrou que os distinguidos co Pedrón de Ouro e o de Honra son, nese ano, Luciano García Alén e as colectividades de Asturias, O Bierzo e Puebla de Sanabria.

-EFE, “O Museo de Rosalía acolle a entrega do ‘Pedrón’ ó creador do Club Alén Nós”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 19 maio 2002, p. 75.

Indica que no acto que se celebrará na Casa de Rosalía nese mesmo día se fará entrega do Pedrón de Ouro a Luciano García Alén, creador do Club Alén Nós, fundador e vicepresidente do padroado do Museo do Pobo Galego e organizador da sala de olería do Museo de Pontevedra. A Fundación, di aínda a noticia, premia deste xeito o pulo imprimido por García Alén á restauración de olería e tamén a súa achega á difusión do coñecemento histórico dos valores antropolóxicos e etnográficos de Galicia.

- Avelino Abuín de Tembra, “O 28º Modesto R. Figueiredo (I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 29 setembro 2002, p. 2.

Recóllese a traxectoria seguida polo premio Modesto Rodríguez Figueirido, denominado na súa orixe, aló no 1975, como “Certame Nacional Galego de Narracións Breves do Pedrón de Ouro”.

- Avelino Abuín de Tembra, “O 28º Modesto R. Figueiredo (e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 30 setembro 2002, p. 3.

Artigo que continúa a falar das numerosas obras e autores gañadores de cada unha das edicións do premio Modesto R. Figueirido así coma dos accésits, nas case tres décadas de convocatoria do mesmo.

- AFA, “Enma Pedreira gaña o premio Modesto Figueiredo co relato ‘Os doce devorados”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 decembro 2002, p. 52.

Ademais de dar conta da obra ganadora e da que foi recoñecida co primeiro accésit, sitúa temporalmente o dictame do certame e a entrega de premios que terá lugar no Concello de Oleiros.

-EFE, “Un relato de la autora Enma Pedreira ganó el Premio Modesto R. Figueiredo”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 23 decembro 2002, p. 91.

Lembra o obxectivo deste certame galego: promover a narrativa en lingua galega e rememorar a figura e obra do escritor pontevedrés. Presenta a Enma Pedreira como gañadora desta edición co conto *Os doces devorados* e aos recibidores do primeiro e segundo accésit.

Xosé María Dobarro, “Premios”, *Diario de Ferrol*, “Outravolta”, 26 decembro 2002, p. 13.

Avelino Abuín de Tembra, “Madrigal en Oleiros”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 29 decembro 2002, p. 3.

Ver XXIº Premio de novela longa “Blanco Amor” neste apartado do *Informe*.

Primeiramente gaba os obxectivos conseguidos nas sucesivas edicións do Modesto Figueirido e fai un repaso polos escritores galegos que gañaron as primeiras convocatorias; despois enumera os distintos concellos que acolleron a organización dos actos de entrega dos premios do Pedrón e detense especialmente no Concello de Oleiros, onde se vén de facer a entrega da vixésima oitava edición do citado premio.

IVº Premio de novela da Asociación de “**Mulleres Progresistas de Vigo**”

Convócao a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo e nel poden participar mulleres de calquera cultura e nacionalidade. O tema é libre e os orixinais en galego, inéditos e cunha extensión mínima de cento cincuenta páxinas, deberán presentarse por quintuplicado e unha copia en soporte informático antes do 30 de decembro na sede da asociación (R/ Policarpo Sanz 12-2º, 36202 Vigo). A contía do premio é de 1.500 € e o seu dictame farase público o 8 de marzo de 2003, coincidindo co “día da muller traballadora”.

IVº Certame “**Mundanal de Contos Ultralixeiros**”

Convocado por primeira vez en 1998 polo Café das Artes e a revista *Alem-Parte*. Os contos participantes deben ter unha extensión de trinta e tres palabras exactas e estaren escritos en galego. Os orixinais deben enviarse a Café das Artes, R/ Xosé Antonio 6, 27500 Chantada (Lugo), por quintuplicado, baixo título e asinados cun pseudónimo, xunto a un sobre pechado, co mesmo pseudónimo no seu exterior, no que hai que indicar os datos persoais do autor. O xurado, composto por tres coñecidos escritores galegos, outorgará tres premios consistentes nunha cesta de ferrado e medio de cereixas, o primeiro, dun ferrado, o segundo, e de medio ferrado o terceiro, ademais de concederlle aos tres unha escultura de Lomarti. Nesta edición o prazo de presentación dos contos rematou o 30 de abril e os premios déronse a coñecer o 11 de maio, para facer a súa entrega o 18 do mesmo mes. Tendo que escoller entre cento cincuenta orixinais, o xurado, formado por Paco Martín, Xosé Miranda e Isidro Novo, decidiu conceder o primeiro premio a María Rey Torrente, o segundo a Santiago Jaureguízar e o terceiro a Alberto Rodríguez Díaz.

IIº Concurso para autores “**Novela por entregas**”

La Voz de Galicia e Canal Voz convocan este concurso no que poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita e que non opten a outros concursos, escrita en galego e dividida en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espacios incluídos). As obras presentaranse por quintuplicado, impresas a dobre espacio e por unha soa cara. Os orixinais deben enviarse a: “3ª Edición dos Relatos de Verán de La Voz de Galicia (Premio de Novela por entregas). Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono Industrial de Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña), polo sistema de “plica cerrada”, introducindo nela os datos do autor. O prazo de presentación de orixinais remata o 10 de maio e o xurado darase a coñecer conxuntamente co seu dictame, que será inapelábel e que se fará público o 12 de xullo de 2002. Establécese un único premio dotado con 6.000 € e a publicación da novela nas “Páxinas Literarias” de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdegalicia.com). Ademais, a editorial Ir Indo levará a cabo a publicación da obra gañadora en formato libro, dentro do ano 2002 e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Nesta edición, á que concorreron vintetrés traballos, o xurado, composto

por Darío Villanueva, Marilar Aleixandre, gañadora da anterior edición, Xosé Luís Vilela, Ernesto Sánchez Pombo e Tucho Calvo, estes tres últimos directivos do xornal que convoca o premio, decidiu galardoar a obra de Miguel Suárez Abel *O repenique de Beatriz Goldar*.

Referencias varias:

- R. García, “A literatura parte da dor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xullo 2002, p. 28.

Ver Suárez Abel, Miguel, *O repenique de Beatriz Gondar*, no apartado I.1 deste *Informe.*

IIIº Concurso de relato curto “**Ramón del Valle-Inclán**”

Convocado por terceiro ano consecutivo pola Asociación Amigos do Museo Valle-Inclán e o Concello da Pobra do Caramiñal coa finalidade de perpetuar a memoria do ilustre autor que lle dá nome e promocionar os valores propios de Galicia. Poden participar todos os autores a partir dos dezaseis anos, que redacten os seus orixinais en lingua galega cunha extensión máxima de vinte folios. Deben presentarse cinco copias mecanografadas en tamaño folio a dobre espacio dentro dun sobre pechado, que especifique no exterior un pseudónimo e o nome do concurso. Dentro do sobre hai que incluír un folio que conteña os datos persoais do autor. Os escritos deben ser remitidos a un dos seguintes enderezos: Asociación Amigos do Museo Valle-Inclán (Apartado de Correos 3, 15940, A Pobra do Caramiñal-A Coruña) ou Concello da Pobra do Caramiñal (Departamento de Cultura, Rúa Gasset, 28, 15940 A Pobra do Caramiñal-A Coruña). Establécense dous premios, un de 450 € para o gañador e un de 240 € para o finalista. O xurado está composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e dáse a coñecer o mesmo día da publicación do dictame. O prazo de presentación de orixinais remata o 14 de decembro e o dictame do xurado darase a coñecer xa no 2003. Ademais desta nova convocatoria neste ano déronse

a coñecer os gañadores da segunda edición deste concurso que foron Xan Rodiño García co primeiro premio por “Paseo dos leóns”, e Marcelino Sisto Deibe co segundo premio por “O moucho”.

IIº Premio de Contos Galicia “**La Rebotica**”

Convócao o programa radiofónico de divulgación sanitaria e social “La Rebotica” en colaboración coas consellerías de Cultura, Comunicación Social e Turismo, de Sanidade, de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia. Esta segunda edición ten como lema “Cuestión de Pel” e pode referirse a calquera dos seguintes aspectos: A) a pel como barreira que separa e enfronta aos homes nas diferencias culturais e sociais que teñen a súa orixe na diferente cor; B) a pel como símbolo de achegamento: a química da pel, o amor, o cariño; e C) a pel como fonte de saúde: transplantes e enxertos, utilización de células nai illadas na pel; a pel como risco de enfermidade (cancro e outras); valorándose moi especialmente aqueles traballos que mostren unha clara sensibilidade contra os comportamentos xenofóbicos ou discriminatorios. Poderán participar todas as persoas residentes en Galicia con traballos inéditos, escritos en galego ou castelán, de extensión entre os cinco e oito folios, mecanografados por unha soa cara e a dobre espacio. Os traballos deben enviarse por triplicado e polo sistema de plica a: La Rebotica- Grupo Quator, Boix y Morer 6, 2º esqda. 28003 Madrid, indicando no exterior do envío “Para o II Premio de Contos Galicia de la

Rebotica", antes do 3 de maio de 2002. O premio é de 1.500 € e un accésit para tres traballos que o xurado decida, ademais da edición dun libro cos contos gañadores. Nesta convocatoria na que participaron cento cincuenta autores, o xurado estivo formado por Xesús Pérez Varela, María Antón, Alberto Barciela Castro, Marina Castaño, María Felisa Fernández Pampillón, María del Carmen García Campelo, Ruth Gómez Vázquez, Teresa Rey, José Manuel Rey Novoa, Carmen Sixto da Silva, Manuel Vila, Enrique Beotas López,Jesús González Mateos, Francisco Muro de Iscar, Fernando Ónega e Jorge Alonso, todos eles representantes de distintas institucións políticas, culturais e sanitarias, así como do programa radiofónico que convoca este concurso. O primeiro premio recaeu en Leonor Rey por *La historia de Mario Epko Maquieira*, mentres que o primeiro accésit foi para Cristina Labrador por *Esperanza*, o segundo para Xoán Xosé Piñeiro por *A verruga no pulso* e o terceiro para Manuel Mondragón por *Rexeneración*.

IIIº Premio “**Risco**” de literatura fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco, convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Está dotado con 6.000 € e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos, debe oscilar ao redor dos trinta mil caracteres. Os orixinais, por sextuplicado e soporte de papel en tamaño DIN-A4 mecanografados por unha soa cara e a dobre espacio baixo lema, deben acompañar en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. A entrega debe facerse no Rexistro Municipal antes do 5 de xaneiro de cada ano e o premio dáse arredor do 30 de abril, efeméride da morte de Vicente Risco. O xurado está composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo concello para actuar como presidente. Nesta terceira edición o xurado estivo composto por Darío Villanueva, Anxo Tarrío, Arturo Lezcano, Armando Requeixo, Aurelio Gómez Villar e o gañador da pasada edición, Xabier López. Dos cinco traballos finalistas, os membros do xurado elixiron por unanimidade a

obra de Xosé Luís Martínez Pereiro titulada *A embaixada do vinagre*, presentada baixo o lema de “Calogrenante”. Os gañadores das anteriores edicións deste premio foron Xosé Carlos Caneiro e Xabier López na primeira e segunda edición, respectivamente.

Referencias varias:

- E. P., “A embaixada do vinagre’ de Xosé Luis Martínez Pereiro gaña o III Premio ‘Vicente Risco”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 23 marzo 2002, p. 76.

Informa de que X.L. Martínez Pereiro recibirá unha cantidade de 6.000 € como gañador do III Premio Vicente Risco pola súa obra *A embaixada do vinagre* presentada baixo o lema “Calogrenante”.

- Europa Press, “Un coruñés gana el ‘Risco’ de Literatura Fantástica con ‘A embaixada do vinagre”, *El Progreso*, “Cultura”, 23 marzo 2002, p. 93.

Informa do gañador do premio “Risco” de Literatura Fantástica na súa III edición, sinalando que o elixido foi José Luís Pereiro, coa obra *A embaixada do vinagre*. Indica tamén que o gañador saíu por maioría e que o xurado estaba composto por cinco persoas.

-S. De la Fuente, “Moitas veces, a realidade supera todo canto poida imaxinar”, *La Opinión*, “Cultura”, 23 marzo 2002, p. 60.

Realízaselle unha pequena entrevista ao escritor José Luís Martínez Pereiro, gañador do Premio “Risco” de Literatura Fantástica coa obra *A embaixada do vinagre*.

- Xosé Manuel Rodríguez, “A embaixada do vinagre’, obra gañadora do premio Risco”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 marzo 2002, p. 26.

O artigo faise eco do gañador do Premio “Risco” de Literatura Fantástica, que recaeu no escritor coruñés X. L. Martínez Pereiro e do que o xurado destacou a “grande habilidade, a gracia, o humor e a ironía” da obra que presentou.

- I. M., “El lado humorístico se puede encontrar en lo más macabro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 27 marzo 2002, p. 19.

Ver Martínez Pereiro, Xosé Luís, *A embaixada do vinagre*, no apartado I. 1. Narradores galegos deste *Informe.*

- X. M. R., “Imaxinación e sorriso contra a estupidez”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 29 maio 2002, p. 3.

Sinálase que o Liceo de Ourense acolleu a entrega do IIIº premio Risco de Literatura Fantástica e que foi parar á obra *A embaixada do vinagre*, de Xosé Luís Martínez Pereiro. Indica tamén que ao acto asistiron, entre outros, o galardoado, Arturo Lezcano, Mª Jesús Martínez Risco e o alcalde de Ourense.

IIIº Concurso de Relatos de verán "***La Voz de Galicia***"

La Voz de Galicia convidou aos escritores afeccionados a que enviasen no ano 2000 por primeira vez os seus relatos para publicar durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas, segundo esta nova convocatoria, inclúen fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos e nesta edición dá cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resulte gañadora do premio de novela por entregas que convoca por segunda vez este xornal. Os interesados deben enviar o seu relato, en castelán ou galego, que non poderá exceder as vintecinco liñas mecanografadas de corpo once, xunto a unha pequena ficha con foto e os datos do autor a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, 84-85, Polígono de Sabón, 15142 Arteixo, A Coruña) ou ao correo electrónico (redac@lavoz.com). Se o número de orixinais excede as posibilidades de publicación, un xurado vaise encargar de realizar unha primeira selección, da que extraerán os cento vintecatro textos que serán publicados a razón de catro diarios ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina web. A seguir, os lectores de *La Voz* elixen cada semana o mellor conto dos autores noveis que se publican durante ese período facendo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no periódico. Polo feito de

participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha subscrición á Enciclopedia Galega Universal da editorial Ir Indo, premio que tamén lle corresponde ao autor do relato máis votado. Nesta edición, o prazo de presentación de orixinais estendeuse entre o 15 de xuño e o 15 de xullo. O xurado encargado de facer unha primeira selección estivo composto por Ramón Loureiro, Manuel Rodríguez, Xesús Fraga, Xosé Luís Vilela, Ernesto Sánchez Pombo e Tucho Calvo, que escolleron cento vintecatro relatos de entre os preto de setecentos que se recibiron ao inicio do concurso, e deles, os máis votados foron os seguintes: na primeira semana foi *Esquecido no tempo* de Noelia Martínez Rey, na segunda semana gañou Mari Carme Espasandín con *Nas mans dun amigo*, na terceira, Ángel Mato Martínez con *O asedio*, na cuarta, Félix Cid Conde con *Hotel Memoria* e na quinta, María Jesús Martínez con *El abuelo*.

Referencias varias:

- Lara García, “Esquecido no tempo’, primer ganador de los Relatos de Verán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 agosto 2002, p. 46.

Dá conta da alta participación na terceira edición dos relatos de verán, concurso que na súa primeira semana tivo un triple empate ata os últimos minutos. Indica que finalmente a gañadora foi Noelia Martínez Rey, quen indicou que o seu relato se refire a algo marabilloso, a viaxes pola fantasía ou a segredos absurdos. Nunha columna á parte indícase que os gañadores de cada semana conseguirán unha subscrición á Enciclopedia Galega Universal da Editorial Ir Indo, premio que tamén poderán levar os que voten por correo para elixir o relato gañador de cada semana.

-L. G., “Rosalía es mi autora favorita porque escribe de forma muy libre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 agosto 2002, p. 46.

Entrevista a Noelia Martínez Rey, unha lucense de dez anos que, pese á súa curta idade gañou na primeira semana dos relatos de verán. Contesta a preguntas relacionadas co seu gusto pola escritura, a súa maneira de escribir ou os seus autores favoritos. Remata indicando que lle gustaría ser escritora ou dedicarse ao periodismo.

- Lara García, “Nas mans dun amigo’, gana esta semana el concurso de Relatos de Verán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 agosto 2002, p. 41.

Sinala que as votacións para elixir o mellor relato dos publicados neste xornal durante a semana estiveron moi igualadas, e que finalmente se premiou o relato de Mari Carme Espasandín, da que se di que xa fora a primeira gañadora que tiveran os Relatos de Verán fai dous anos.

-Lara García, “O asedio’ muestra el lado profundo de Relatos de Verán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 agosto 2002, p. 46.

Destaca que nos relatos que se publican en *La Voz de Galicia* hai que deixarse levar polaimaxinación. Así mesmo achégase ao gañador da última semana, Ángel Mato Martínez, e ofrécense pequenos datos sobre o argumento do seu relato.

- L. G., “Hay que mantener el gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 agosto 2002, p. 46.

Entrevista a Ángel Mato Martínez, gañador da terceira semana de agosto dos relatos de verán polo seu conto “O asedio”. Achégase á idade, afeccións e situación actual deste estudiante que manifesta que lle gusta escribir nun estilo de denuncia, polo que no seu relato quixo expresar a dificultade de chegar ao máis alto e o doado que é perder esa posición. Sinala cómo xurdiu a historia, porqué a escribiu en galego, a ilusión que lle fixo ver publicados os seus relatos e os seus gustos pola lectura.

- Lara García, “Una historia de amor gana esta semana en los Relatos de Verán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 setembro 2002, p. 46.

Describe o argumento do relato que gañou na penúltima semana dos relatos de verán salientando que se trata da historia dun adolescente namorado da súa profesora sen se atrever a dicirllo. Indica ademais que con esta historia quixo renderlle agradecemento a unha profesora que lle descubriu o mundo da literatura a un adolescente.

-L. G., “O mundo dos poemas é algo moi particular”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 setembro 2002, p. 46.

Entrevista con Félix Conde, gañador por segundo ano consecutivo do concurso literario organizado por *La Voz*, Relatos de Verán, na súa cuarta semana. Resúmese ao comezo o seu perfil biográfico, así como se fai mención da próxima aparición dun libro seu: *Xente na Ziralla*, conxunto de narracións breves ambientadas en Allariz.

- Lara García, “El abuelo’ texto ganador de la última semana de los Relatos de Verán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 setembro 2002, p. 57.

Indica cómo se decidiu a autora deste relato a enviar o seu conto ao concurso. Destaca que está baseado nun caso real xa que a autora se fundamentou no seu sogro, que padece alzheimer, para escribir o conto. Ademais dá conta de que María Jesús Martínez contou coa colaboración da súa filla a quen, ao igual ca ela, lle gusta moito a lectura.

XIXº Premio “**Xerais**” de novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais (por sextuplicado) teñen que presentarse nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (R./ Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral, pero a partir de introducir o lema “A forza dos lectores” (1988) compóñeno lectores en xeral e un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Poden concorrer autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pago de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que dende 1998 está dotado con 12.000 €, comprométese a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos e recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Na súa décimo novena edición o prazo de entrega dos orixinais rematou o día 15 de abril, e o xurado, queestivo conformado por Chao Quintana, Xabier Paz Garza, Sonia Iglesias Martínez, Ánxeles

Fernández Pérez, Juan Tallón Salgado, e como secretario Francisco Alonso, subdirector de Edicións Xerais, decidiu premiar a obra *Concubinas* de Inma López Silva. O galardón entregouse nunha gala celebrada esta vez en Allariz.

Referencias varias:

- AFA, “Vintedúas obras compiten polo Premio Xerais de novela, que se entregará o 15 de xuño en Allariz”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 maio 2002, p. 33.

Informa sobre a realización da edición anual do Premio Xerais cunha dotación de 12.000 € e o Merlín de Literatura infantil cunha dotación de 6.000 €, que terá lugar no Concello de Allariz o 15 de xuño despois do cal se servirá unha cea no Museo do Coiro da vila.

- X. M. R., “Xerais fallará o seu galardón de novela, ó que se presentan 22 obras, o 15 de xuño en Allariz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 maio 2002, p. 28.

Anuncia a próxima edición dos premios Xerais de novela e o Merlín de Literatura Infantil cunha dotación de 12.000 e 6.000 € respectivamente, a cal terá lugar nun acto que se desenvolverá no concello ourensán de Allariz o vindeiro 15 de xuño, ás 20:30 horas. Salienta que concorren un total de vintedúas novelas ao premio Xerais e vinteoito ao Merlín, onde é de destacar que o xurado está conformado por lectores non profesionais.

- Europa Press, "O Premio Xerais de Novela, ó que aspiran 22 obras, fállase o día 15", *El Progreso*, "Cultura", 30 maio 2002, p. 83.

Faise eco da próxima realización dun acto con motivo da entrega do Premio Xerais de Novela ao que concorren vintedúas obras, e o Merlín de Literatura Infantil ao que concorren vinteoito, e que terá lugar o vindeiro 15 de xuño na Casa da Cultura de Allariz durante o cal tamén se entregará o Premio á Cooperación no Labor Editorial.

-E. P., "Os premios Xerais 2002 de Novela e Literatura Infantil fallaranse o sábado en Allariz", *El Correo Gallego*, "Cultura", 10 xuño 2002, p. 67.

Alude a que o dictame do premio Xerais e Merlín de Literatura Infantil será o 15 de xuño e a continuación cita as obras finalistas de cada un destes premios.

- AGN, “Os Xerais xa teñen gañadores”, *Diario de Pontevedra*, “O premio”, 16 xuño 2002, p. 72.

O artigo achéganos ás obras *Concubinas* de Inma López Silva e *Pel de lobo* de Xosé Miranda, gañadores da XIX edición do Premio Xerais de Novela e o XVII Premio Merlín de Literatura Infantil, respectivamente.

- F. P. Lorenzo, “Fantasía e simbolismo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 xuño 2002, p. 47.

Describe os elementos máis salientábeis das obras *Concubinas* de Inma López Silva e *Pel de lobo* de Xosé Miranda, merecedoras dos Premios Xerais de novela e o Merlín de Literatura Infantil respectivamente, nesta edición 2002.

- Francisco Pérez Lorenzo, “Concubinas’ de Inma López Silva, faise co Premio Xerais de Novela”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 xuño 2002, p. 74.

Recóllese o dictame do XIX Premio Xerais de novela que foi para Inma López Silva coa súa obra *Concubinas* e o Merlín de Literatura Infantil que foi para Xosé Miranda coa obra *Pel de lobo*. O acto de entrega destes premios tivo lugar segundo tamén se indica na Casa da Cultura de Allariz, e a el asistiron preto de duascentas cincuenta persoas.

- Jaureguizar, “O ‘Xerais’ premia o devalar galego dun século visto por López Silva”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 16 xuño 2002, p.75.

Comentario das obras gañadoras do Premio Xerais de Novela e o Merlín de Literatura Infantil, sendo respectivamente, *Concubinas* de Inma López que “relata os avatares dunha saga familiar desde o punto de vista das mulleres”, e *Pel de lobo* de Xosé Miranda, unha “narración sobre a caza do lobo no Incio”.

- LR, “Xerais premia a fantasía e a maxia do mundo literario de Inma López Silva e Xosé Miranda”, *La Región*, “Ourense”, 16 xuño 2002, p. 9.

Recolle os acontecementos máis salientábeis do acto de celebración dos premios Xerais, durante o cal arredor de duascentas persoas puideron presenciar cómo Inma López coa novela *Concubinas*, e Xosé Miranda con *Pel de lobo*, se facían gañadores respectivamente do Premio Xerais de Novela cunha dotación de 12.000 € e co Merlín cunha dotación de 6.000 €.

-S. De la Fuente, "Xerais premia a Inma López Silva e Xosé Miranda na súa festa literaria"/"Xerais premia os escritores Inma López Silva e Xosé Miranda", *Faro de Vigo/La Opinión*, "Sociedad"/"Cultura", 16 xuño 2002, p. 40/p. 66.

Informa sobre o dictame dos premios Xerais de Novela e o Merlín de Literatura Infantil 2002 que foron para Inma López por *Concubinas* e para Xosé Miranda por *Pel de lobo*, celebrados na Casa da Cultura de Allariz ao que asistiron duascentas cincuenta persoas de

toda Galicia, entre elas, numerosos e recoñecidos escritores como Alfredo Conde, Víctor F. Freixanes ou Marilar Aleixandre.

- Alfredo Conde, “Co corazón e maila alma”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 xuño 2002, p. 4.

Conde fai agora nesta súa sección fixa unha descrición de Allariz con motivo do recordo que lle produce o feito de ir aló pola entrega dos Premios Xerais na Casa da Cultura.

- X. C., “Inma López Silva e Xosé Miranda gañan os premios Xerais 2002”, *A Nosa Terra*, nº 1.039, 21-26 xuño 2002, p. 30.

Presenta aos gañadores dos premios Xerais e Merlín, Inma López Silva e Xosé Miranda, respectivamente. Da primeira indica que gañou cunha obra da que o xurado destacou a habelencia coa que a autora transita no tempo e singulariza mitomanías literaturizadas. Da obra de Miranda destaca que nela mestura terror e literatura e que o autor reivindica obras

que se insiren na mesma tradición narrativa como as obras de Laureano Prieto, Vicente Risco, Ánxel Fole ou Novoneyra.

- Beatriz Abelairas, “Los Premios Xerais”, *Qué leer*, nº 68, “Otras letras”, especial verán 2002, p. 26.

Ver Calvo, Tucho, *Corazón entre desertos*, no apartado I. I. Narradores galegos deste *Informe*.

X. 1. 1 Outros premios de Narrativa

XVIº Certame de narración curta da "**Biblioteca Pública do Municipio de Arzúa**"

Convocado pola Biblioteca citada e dirixido a quen presente traballos inéditos en galego, de tema libre. Para máis información dirixirse á Biblioteca Pública Municipal (Concello de Arzúa, 15810, Arzúa, A Coruña). No 2001 fixérase a décimo sexta convocatoria que se resolveu neste ano 2002. Foron cinco os gañadores: Armando Cascón, Xosé García Rodríguez, Miguel A. Rozados, Verónica Pérez Sueiro e Xosé A. Picón.

Referencias varias:

-Xosé García, "O Concello de Arzúa presenta un libro de edición propia de Aureliano Pardo Villar", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 23 marzo 2002, p. 12.

Indica por unha banda que nese mesmo día se ía celebrar na Casa da Cultura de Arzúa unha festa cultural, coa participación de representantes da cultura galega como Xosé Ramón Fandiño Veiga, Xosé Neira Vilas, Avelino Abuín de Tebra ou David Otero, tendo lugar durante a mesma a presentación do libro *Notas encol da Vila de Arzúa* de Aureliano Pardo Villar, editado polo Concello coa colaboración da Deputación. Ademais indica quen foran os gañadores do certame de narración curta, que se deran a coñecer en xaneiro.

- Xosé García, "Arzúa homenaxea ás letras galegas e ó frade dominico Aureliano Pardo Villar", *La Voz de Galicia*, "Arzúa", 26 marzo 2002, p. 13.

Cóntase que esta fin de semana na Casa da Cultura de Arzúa celebráronse as letras galegas coa entrega, por unha banda, do premio do décimo sexto certame de narración curta que xa fora fallado o cinco de xaneiro, e por outra, coa homenaxe a Aureliano Pardo Villar. Relátase que o acto deu inicio cunha interpretación literaria da man David Otero en honra aos gañadores do certame, quen tamén loou o premio pola súa promoción das nosas letras. Posteriormente, engádese, o acto centrouse na persoa de Aureliano Pardo Villar, investigador e frade dominico.

- David Otero, “Arzúa”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 28 marzo 2002, p. 2.

Loanza ao concello de Arzúa por convocar o certame de Narración Curta Biblioteca Pública de Arzúa, que promove con entusiasmo o bibliotecario Torreiro coa axuda de Radio Arzúa, os xornais con delegación local e a Concellería de Cultura do Concello de Arzúa. Indica quen foron os gañadores da edición deste 2002 e destaca que se trata dun proxecto que se encadra dentro da nosa normalización cultural.

XXXVº Premio “**Breogán**” de contos en galego

Foi creado en 1968 polo Centro Galego de Bizkaia (Barakaldo) e patrocinado polo Banco de Biscaia. Dende 1999 colaboraron a Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia e o Concello de Barakaldo. Poden participar no certame todos os autores de calquera nacionalidade que presenten unha obra ou varias en galego. Os traballos, inéditos, non deben ter unha extensión inferior aos tres folios nin superior aos seis. No ano 2002 estableceuse un primeiro premio de 2.100 € e un segundo de 300, aínda que estes poderán ser declarados desertos, engadíndose en tal caso esa contía á do ano vindeiro. Os traballos e cinco copias máis, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, teñen que enviarse ao Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo (Galiza, 3, 48902 Barakaldo-Bizkaia). En sobre adxunto, debe indicarse o lema escollido para a obra e o nome e enderezo do autor. O Centro Galego de Bizkaia resérvase

o dereito de publicar as obras premiadas cando lle conveña, sen prexuízo de que o autor tamén as poida publicar. O prazo de admisión das obras remata o 30 de xuño e as gañadoras daranse a coñecer o 25 do mes de xullo.

VIIº Premio de narración curta “**Concello de Marín**”

Convocado pola Concellería de Cultura do Concello de Marín para conmemorar o Día das Letras Galegas. Está dotado con 1.000 €. Nesta ocasión o xurado, de entre os corenta e sete traballos presentados, elixiu como gañador un relato de Emma Pedreira titulado “Marilín Moura”.

Referencias varias:

- A. Agulla, “Entrega de premios e romería para celebra-las Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Marín/Bueu”, 17 maio 2002, p. 17.

Subliña que “os municipios de Marín e Bueu conmemoran as letras galegas con diversidade de actividades” e enuméraas. Anuncia a entrega do “Premio de Poesía e Narración Curta” de Marín e informa do acto de entrega do día anterior duns premios literarios no colexio A Pedra de Bueu.

- A. Agulla, “Enma Pedreira recibe o premio do Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, “En portada/Día das Letras Galegas”, 18 maio 2002, p. 4.

Informa do acto de entrega do galardón do “Certame de Narración Curta Concello de Marín” á escritora coruñesa Emma Pedreira. Destaca ademais que neste acto tamén se entregaron os premios aos gañadores no concurso de escolares e menciona aos premiados nas distintas categorías.

IIº Certame de “**Cuentos y leyendas Concello de Mondariz Balneario**”

O Concello de Mondariz Balneario e a Fundación Mondariz Balneario, co obxectivo de recuperar a tradición literaria deste concello, convocan este certame no que pode participar calquera persoa, sen límite de idade, condición ou nacionalidade, sempre que os traballos que presenten estean redactados en castelán ou galego e non foran publicados nin presentados con anterioridade a ningún outro concurso. O tema será libre, con formato de conto ou lenda, e a narración debe vincularse total ou parcialmente ao ámbito do concello convocatorio. Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, cunha extensión máxima de tres folios tamaño DIN A4, debidamente grampados ou encadernados e asinados cun pseudónimo en todos os seus exemplares. Os traballos remitiranse ao Concello de Mondariz Balneario (R/ Constitución, 2). Nesta segunda edición o prazo de presentación rematou o catro de novembro de 2002 e o dictame do xurado tivo lugar o 13 de decembro. A diferencia da primeira edición, nesta segunda os premios son de distinta contía para a categoría de adultos e para a de infantil. Así, o primeiro premio dos adultos está dotado de 450 € e diploma, o segundo de 300 € e diploma e o terceiro de 150 € e diploma. Na categoría infantil tamén hai tres premios, todos

eles con diploma, o primeiro dotado con 300 €, o segundo con 150 e o terceiro con 90 €. Ademais o xurado poderá conceder tres accésits, tanto na categoría de adultos coma na infantil. No primeiro caso consisten nun diploma e 120 €, e no segundo nun diploma e 60 €.

IVº Certame de contos "**Cultura Quente**"

Convócao a Biblioteca Pública P. Manuel Martínez Ferro de Caldas de Reis. Os participantes poden presentar os seus relatos, inéditos e escritos en galego, persoalmente ou por correo certificado na Biblioteca Pública P. Manuel Martínez Ferro, nº 9 do Paseo de Román López, 36650, Caldas de Reis. A entrega do texto debe facerse por triplicado, entregando nun sobre á parte os datos persoais do autor. A contía dos premios é diferente segundo a categoría e posto acadado. Para máis información dirixirse ao organismo convocatorio.

Referencias varias:

-C. G., "Convocado o VI Certame de Contos 'Cultura Quente' para orixinais en galego", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Caldas", 20 abril 2002, p. 26.

Informa da convocatoria deste premio e enumera algunha das características como por exemplo as categorías, que presenta, a contía dos premios ou a súa extensión. Así mesmo

destaca que os galardoados recibirán os premios durante a celebración do Festival Cultura Quente que se desenvolverá ao longo do mes de xullo.

IVº Concurso “**Hipercurtos contos**”

Convocado por primeira vez pola Asociación Xuvenil Amencer de Ourense, pasou logo a convocalo a Federación de Centros Xuvenís Don Bosco, para así estender a convocatoria a toda Galicia. Este certame pretende involucrar a mozos e mozas, pero tamén aos rapaces e rapazas, na celebración do Día das Letras Galegas. Os participantes deben presentar textos de entre unha e cento setenta e cinco palabras de extensión e competirán en tres categorías distintas. A categoría A inclúe rapaces de ata trece anos, a B vai dende os catorce aos trinta anos e, por último, a categoría C está aberta aos maiores de trinta anos. Cada unha destas categorías só recibirá un premio que consiste nun xalgarete, escultura artesanal de barro e dous libros escritos en galego.

IIº Concurso de narrativa en galego “**Narrabreve**”

Organízao a Agrupación Socialista da Coruña para contribuír ao enxalzamento do Día das Letras Galegas. Está dotado cun único premio de 601 € e a el pode optar calquera persoa que presente un relato inédito de entre quince e trinta folios. O prazo de presentación rematou o 1 de maio para logo conceder o galardón coincidindo coas Letras Galegas. Para máis información dirixirse á agrupación convocatoria.

X. 2. Poesía

Iº Premio de poesía “**Afonso Eanes do Cotón**”

Para celebrar o seu XXV aniversario a Asociación Cultural Afonso Eanes convoca este premio co patrocinio do Concello de Negreira, TresCeTres Editores e euroGráficas lembrando así a figura do trobador do Cotón e a importancia da nosa lírica medieval como alicerces para o cultivo e normalización do idioma neste século XXI. Poden concorrer ao premio autores de calquera nacionalidade que presenten poemas orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos e escritos en lingua galega. O tema e forma dos poemas é libre e para participar a súa extensión será como mínimo de cincocentos versos. O prazo de presentación é ata o 30 de abril e cada participante debe enviar cinco copias mediante o sistema de plica ao Apartado de correos nº 18 de Negreira, A Coruña. O premio consiste en 1.502 €, que achega o Concello de Negreira, e a publicación da obra galardoada na Colección Varilongo/Poesía de TresCes Editores, 3C3. O xurado estará formado por cinco

membros designados pola Sociedade Afonso Eanes e un membro do Concello de Negreira, ou no seu defecto unha persoa en representación da Asociación Cultural convocatoria, que actuará como secretario con voz, pero sen voto. Nesta primeira edición unha das súas bases, a referida ao prazo de presentación, viuse modificada ao ampliar este durante un mes máis. O xurado, composto por María Lado, Chechu Sende, Antonio Puente, Xosé Ponte Far e Euxenio Pichel, decidiu premiar a obra *Palabras para un parque hidráulico* de David Creus Andrade.

Referencias varias:

- C. G., “Afonso Eanes’ convoca el primer certamen de poesía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 febreiro 2002, p. 33.

- X. Amancio Liñares Giraut, “Poesía”, *La Voz de Galicia*, “O Fiadeiro”, 28 marzo 2002, p. 2.

Cita varios poemarios recentes de autores barcaleses que, di, “se verán completados co libro que resulte gañador do I Premio de Poesía “Alfonso Eanes do Cotón”. Alude aos patrocinadores do certame e remite a unha páxina de Internet para consultar as bases.

- E. F., “Ampliado o prazo do concurso barcalés de poesía Afonso Eanes Cotón”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, p. 13.

Apunta a data límite de recepción de traballos e recolle brevemente certos puntos das bases.

- Marcos Manteiga, “David Creus gaña o premio ‘Eanes do Cotón’ de poesía”/“David Creus Andrade gana el I Certame de Poesía Afonso Eanes”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Área de Compostela”, 8 setembro 2002, p. 48/p. 34.

Sucinta nota na que se anuncia a creación deste premio e se recollen parte das bases.

Informa de que David Creus foi o gañador do I Premio de poesía que convoca a Asociación Cultural Afonso Eanes. Sobre este autor apunta que xa conseguira algún outro premio literario, que pertence ao Batallón literario da Costa da Morte e que é irmán de Estebo

Creus, poeta xa consolidado con varias publicacións. Así mesmo indica que o gañador se mostra satisfeito por poder ver a súa obra publicada ao recibir este premio.

IIº Certame de poesía “**Anduriña Voandeira**”

Organizado pola Irmandade de Centros Galegos en Euskadi. A el pódense presentar autores de calquera nacionalidade que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega. Os traballos serán inéditos e cunha extensión non superior a cen versos. Haberá dous premios: un primeiro de 600 € e un segundo de 150 € podendo quedar desertos, incrementándose nese caso a súa contía á do ano vindeiro. As obras mecanografadas a dobre espacio, en sobre pechado con lema e tres copias, enviaranse á Irmandade de Centros Galegos de Euskadi. O prazo de admisión de orixinais remata o 15 de maio e o dictame do xurado dáse a coñecer o Día de Galicia en Euskadi, podendo ser publicadas as obras gañadoras nas revistas dos Centros Galegos en Euskadi. Nesta segunda edición o xurado estivo composto por Xosé Estévez Rodríguez, Isabel Seoane Sánchez e Andrés Temprano Ferreiro, todos eles profesores de universidades vascas, ademais de José David Fidalgo Fidalgo, que actuou como secretario. O gañador desta segunda edición foi María Goretti Fariña Caamaño polo traballo *Achados*, presentado baixo o lema de “In Vetitum Semper”. O segundo premio foi para *Vertixe*, presentado baixo o lema de “O señorito dareboraina”, da autoría de José Ángel García López.

Iº Certame de Poesía e Xogos Frorais do “**Ateneo Santa Cecilia de Marín**”

Para celebrar o seu cincuenta aniversario o Ateneo Santa Cecilia de Marín retoma nunha nova etapa os Xogos Florais de Marín na liña dos xa organizados anteriormente por este Ateneo nos anos 1958 e 1962. Santa Cecilia desexa sumarse deste xeito á promoción da creación poética no marco da lingua e cultura galegas e, así mesmo, á súa difusión, xa que entenden que este tipo de certames poéticos que tanta importancia tiveron no pasado constitúen un marco perfecto para que poetas e público poidan vivir unha achega viva ao feito poético. Poderán concorrer todos os autores de calquera nacionalidade que presenten poemas orixinais e inéditos escritos en lingua galega, que non poderán ter menos de setenta e cinco versos nin sobrepasar os cento vintecinco. Os poemas terán tema e estilo compositivo libre, e deberán ser presentados antes do día 1 de outubro de 2002 no Ateneo Santa Cecilia de Marín (R/ do Caracol 36, baixo, 36900 Marín). Os orixinais deberán presentarse mecanografados a dobre espacio, por unha soa cara, en papel tamaño folio, paxinados, por quintuplicado e debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen

sinatura nin nada que identifique ao autor, que o fará por sistema de plica ou sobre pechado. O primeiro premio está dotado con 1.200 €, camelia de ouro e diploma, o segundo con 800 €, camelia de prata e diploma e o terceiro con 400 €, camelia de prata e diploma. O xurado resérvase o dereito de declarar desertos os premios e ademais o Ateneo Santa Cecilia resérvase o dereito de publicación en calquera medio de difusión ou edición dos poemas premiados. O xurado, que estará composto por destacadas personalidades do mundo das letras e da poesía, fará público o seu dictame na primeira semana de novembro do 2002.

VIº Premio de poesía “**Avelina Valladares**”

Convócao o Concello da Estrada xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo do poeta e descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega co sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, precursora xunto ao seu irmán Marcial do cultivo literario da lingua no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, serán presentados por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de cento cincuenta versos e un máximo de catrocentos, ao seguinte enderezo: Premio de Poesía Avelina Valladares (Excmo. Concello da Estrada. Prz. da Constitución s/n., 36680 A Estrada (Pontevedra). Con cada orixinal entregarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 1.503 € será indivisíbel e poderá ser declarado deserto. Nesta edición o xurado integrado por Yolanda Castaño, Xosé María Álvarez Cáccamo, Luísa Villalta e Dolores Araújo Arias, actuando esta como secretaria, decidiron entregarlle o premio a María Goretti Fariña polo poemario *Dos eidos vividos*. En anteriores edicións este premio

outorgáraselle a Modesto Fraga Moure, Domingo Tabuyo Romero ou Jorge Armesto Fariña.

Referencias varias:

- Mónica Glez., “A arousana Goretti Fariña gaña o premio de poesía Avelina Valladares”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 maio 2002, p. 46.

Presenta a María Goretti Fariña e recolle a valoración do xurado sobre a súa obra. Alude tamén a outros premios recibidos pola escritora pontevedresa e a varios proxectos nos que está a traballar. Remata referíndose á dotación económica deste galardón e á data de entrega, ademais de lembrar aos premiados do ano pasado.

- A. N. T., “María Goretti Fariña”, *A Nosa Terra*, nº 1.036, “Fin de semana”, 30 maio-5 xuño 2002, p. 35.

Breve entrevista á gañadora do Premio de Poesía Avelina Valladares. Esta xira arredor do poemario premiado e doutros traballos anteriores, da temática e das motivacións. Tamén pon de manifesto o significado deste galardón.

Iº Premio de poesía “**Caixanova**” 2002

Premio que ao igual que a colección de poesía “Arte de Trobar” nace co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego, froito dun convenio entre a entidade bancaria Caixanova e o PEN Clube de Galicia. A el poderán concorrer todos os poetas que o desexen presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente. O premio é indivisíbel e está dotado con 10.000 € e a publicación da obra gañadora na colección “Arte de Trobar”, coeditada por Caixanova e o PEN Clube de Galicia. As obras aspirantes han ser inéditas, terán unha extensión mínima de seiscentos versos e enviaranse por quintuplicado mecanografadas a dous espacios e baixo lema a CAIXANOVA, Obra Social. Avda. García Barbón 1-3, entrechán, 36201 Vigo. O prazo de admisión remata o 31 de outubro de 2002 e o xurado cualificador, que estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega, emitirá o seu dictame a última semana de novembro. Nesta primeira edición houbo oitenta participantes e o xurado, que estivo composto por Luís González Tosar, presidente do xurado e do PEN Club, Luciano Rodríguez, Luz Pozo Garza, María Xesús Nogueira e Xohana Torres, decidiu premiar a Xavier Seoane por *Dársenas do ocaso*.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “El premio de poesía Caixanova nace con una dotación de 10.000 €”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xuño 2002, p. 40.

Recolle o anuncio dun convenio entre Caixanova e o PEN Clube que establecen para convocar o primeiro premio anual Caixanova de Poesía, do que sinala as bases. Sinala que na colección “Arte de Trobar” na que se vai publicar a obra gañadora publicaranse tres volumes de poesía, galega ou estranxeira. Anuncia que o primeiro libro en saír do prelo será unha selección de poesías de Ramón Cabanillas, que estas iniciativas serán complementadas por outras actividades literarias e que o nome da colección e o símbolo do certame, o cervo, foron escollidos en honra da importancia da lírica medieval, a que Galicia tanto lle debe, e pola vitalidade que representa.

-EFE, “Caixanova y el PEN Clube crean un premio anual y una colección de poesía”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 7 xuño 2002, p. 90.

Dá conta da creación da colección de poesía “Arte de Trobar” e dun premio anual neste xénero tras un convenio subscrito polo director de Caixanova e o presidente do PEN Clube. A colección, que editará anualmente tres libros cunha tirada de entre 1.500 e 3.000 libros, recollerá a obra poética tanto de autores galegos como estranxeiros, e será distribuída por librerías tanto de Galicia como de Porto, Lisboa, Barcelona e Madrid. O primeiro volume será unha selección de Ramón Cabanillas. No que respecta ao premio está dotado de 10.000 € e a publicación da obra na colección, rematando a recolla de orixinais para a primeira convocatoria o 31 de outubro.

- M. G., “Re-creando os xograres”/“Caixanova y el Pen Clube dotan con 10.000 € a su premio de poesía”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Galicia”, 7 xuño 2002, p. 27/p. 21.

Dá conta de que o director xeral de Caixanova, Julio Fernández Ganoso, e o presidente do PEN Clube, Luís González Tosar, asinaron un convenio polo que a entidade se compromete a convocar un premio de poesía dotado de 10.000 €, a crear e apoiar a

colección de poesía “Arte de Trobar”, que editará cada ano tres títulos (tanto o premio coma poesía galega e internacional), e a organizar actividades ao redor deste xénero literario. O consello editorial estará formado por Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández del Riego, Arcadio López Casanova, Basilio Losada, Xoana Torres e Darío Villanueva. Ao acto acudiron persoeiros do eido cultural galego. Xesús Rábade Paredes será o redactor do primeiro libro da colección que se centrará na obra de Cabanillas. Recóllense as palabras de Francisco Fernández del Riego nas que defende o proxecto considerando que a pesar do que Galicia lle debe á poesía, este é hoxe un xénero desprotexido.

-Agustín Sixto Seco, “A clásica chave de ferro”, *El Correo Gallego*, “Fóra de portas”, 15 xuño 2002, p. 3.

Loanza para Luís G. Tosar e Helena Villar Janeiro, responsábeis en Galicia do PEN Clube, que acaban de conseguir unha axuda de Caixanova de dez mil euros para o premio de poesía que convocaban anualmente. Ademais dedica unhas liñas a falar das II Xornadas

sobre Casas-Museo celebradas o 14 de xuño en Santiago polo Consello da Cultura Galega e coordenadas por Gonzalo Rey Lama.

- AFA, “O PEN falla mañá o seu primeiro certame poético”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, p. 76.

Nota na que se achegan dúas informacións relacionadas co PEN Clube. Dunha banda, faise referencia á colección de poesía que esta institución, presidida por Luís G. Tosar, está a preparar para a súa próxima publicación. Indícanse os obxectivos desta serie, os colaboradores na mesma, e tamén que están previstos tres volumes e que o primeiro, realizado por Xesús Rábade, é dedicado a Ramón Cabanillas. Por outra parte, menciónase a celebración do primeiro premio poético da asociación, que conta co patrocinio de Caixanova e que resulta “o de maior dotación económica” do país. Anúnciase que a resolución se fará pública no día seguinte, e, finalmente, enuméranse os nomes dos membros do xurado.

-Alberto Quian, “Dársenas do ocaso’, de Xavier Seoane, Premio de Poesía Caixanova”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 decembro 2002, p. 42.

Resalta a obra *Dársenas do Ocaso*, poemario de Xavier Seoane Rivas que foi galardoado co I Premio de Poesía “Caixanova”. Segundo Luciano Rodríguez, membro do xurado, o poemario “supón un punto de madurez e de avance na obra de Seoane”. Ofrece tamén unha entrevista na que o premiado manifesta que no libro “sintetiza algunhas das súas preocupacións”. Defínese a si mesmo como unha persoa moi comprometida coa natureza e critica o modelo de modernidade cultural europeo que Galicia está a adoptar.

-B.R. Sotelino, “El coruñés Xavier Seoane gana el primer Premio de Poesía Caixanova”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 decembro 2002, p. 45.

Comenta que o escritor Xavier Seoane gañou o I Premio de Poesía “Caixanova” co poemario *Dársenas do Ocaso*. O gañador foi elixido entre un total de oitenta obras e a súa obra será publicada en Arte de Trobar.

-Maite Gimeno/M. Gimeno, “Xavier Seoane se siente ‘honrado’ tras lograr el premio Caixanova”/“Dársenas do Ocaso”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 3 decembro 2002, p. 31/p. 75.

Ver Seoane, Xavier, *Dársenas do ocaso (1999-2002)*, no apartado II.1. Poetas galegos deste *Informe.*

-V. V., “Dársenas do Ocaso’, de Xavier Seoane, primeiro Premio de Poesía Caixanova”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 decembro 2002, p. 12.

Empeza dicindo que tras horas de deliberación, o xurado do I Premio de Poesía “Caixanova”, acordou outorgarlle o galardón ao escritor coruñés Xavier Seoane. Recolle tamén as declaracións do propio escritor onde manifesta que foi un libro moi traballado no que quixo plasmar as súas inquedanzas e preferencias, entre elas a natureza.

-Carme Vidal, “Xavier Seoane. ‘Os tempos de crise son bos para a reflexión poética”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, 5-11 decembro 2002, p. 37.

Ver Seoane, Xavier, *Dársenas do ocaso (1999-2002)*, no apartado II.1. Poetas galegos deste *Informe.*

-María Guerreiro, “Sen a poesía o que queda é un home amputado e roto”, *La Opinión*, “Entrevista”, 5 decembro 2002, p. 68.

Ver Seoane, Xavier, *Dársenas do ocaso (1999-2002)*, no apartado II.1. Poetas galegos deste *Informe.*

-R. G. A., “O poeta di as verdades do tolo; as que non gustan ós políticos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 7 decembro 2002, p. 21.

Despois de referir brevemente as circunstancias e características do Premio de Poesía do PEN Club preséntase unha entrevista ao gañador do mesmo; pregúntaselle a Xavier Seoane sobre o contido dos seus versos, sobre cómo cre que afecta o paso do tempo e a

chegada das novas tecnoloxías á poesía, sobre cómo ve e entende el a poesía e sobre cómo atopa a situación actual de Galicia.

XXº Premio “**Cidade de Ourense** ”

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Ourense, dende o ano 1979. Poden participar todas as persoas que presenten orixinais en galego ou portugués, cun mínimo de seiscentos versos. Entregaranse mecanografados a dobre espacio en follas tamaño folio en exemplar sextuplicado, debidamente grampados, cosidos ou encadernados. Deberanse presentar baixo lema xunto a un sobre á parte, pechado e lacrado, que conteña no seu interior os datos persoais do autor. Outorgarase un premio de 6.010 €, placa de prata e publicación do libro, a primeira edición do cal será editado polo Concello. Desta edición farase entrega dun número de exemplares ao autor, que quedará en propiedade da obra para sucesivas edicións. A entrega deberase facer na Concellería de Cultura do Concello de Ourense (R/ Arcediagos, 3-2º dereita). Os concursantes portugueses poderán facer a súa entrega na Câmara Municipal de Vila Real (Portugal). O xurado cualificador será nomeado a proposta da Comisión Municipal de Goberno e estará integrado por personalidades das letras galegas e portuguesas, e un representante da Corporación. Nesta convocatoria o prazo de admisión de traballos vai ata o 15 de marzo de 2003.

VIº Premio de poesía “**Concello de Carral**”

Convocado dende 1997 pola Concellería de Cultura de Carral coa finalidade de contribuír á promoción e difusión da poesía realizada en lingua galega. Poden optar ao premio todos os autores maiores de idade de calquera nacionalidade sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Os traballos serán orixinais, inéditos e non premiados e cunha extensión non inferior aos catrocentos versos. Así mesmo, presentaranse por triplicado, mecanografados a dobre espacio por unha soa cara e debidamente grampados ou encadernados, achegándoos cun sobre pechado no que conste no seu exterior o título da obra e o lema do autor, contendo no interior os seus datos persoais. Deberán presentarse na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175 Carral- A Coruña). Fíxase un único premio de 1.000 € e o xurado estará presidido polo Concelleiro de Cultura do Concello convocatorio e integrado por persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior, actuando como secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. Este premio xa fora gañado por Fernando Díaz-Castroverde, Rafael Lema, Rafa Villar, Lucía Novas Garrido e Baldo

Ramos. Nesta edición o prazo de presentación rematou o 30 de abril e presentáronse un total de vintecinco traballos. O xurado estivo formado por Lois Anxo Ferreiro, Concelleiro de Cultura, que actuou como presidente, Xulio López Valcárcel, Luciano Rodríguez Gómez e o gañador da anterior edición, Baldomero Fernández Ramos. A obra gañadora foi a titulada *Derrotas* de Eduardo Estévez.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, “Concurso de poesía Concello de Carral”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 200, “Páxina literaria”, 7 abril 2002, p. 4.

Tras destacar a importancia deste premio que deu a coñecer a autores como Lucía Novás, Rafa Lema ou Baldo Ramos, así como o apoio do concello de Carral á poesía galega, achega brevemente as bases da sexta edición.

IIIº Premio de poesía “**Díaz Jácome**” para novos creadores

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deberán enviarse en DIN-A-4 mecanografados a dobre espacio cun lema e plica en sobre pechado, onde constará o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debe facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo) e o xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. Haberá un primeiro premio de 1.500 €, placa e diploma, un segundo de 600 €, placa e diploma e un terceiro de 300 €, placa e diploma. Nesta ocasión presentáronse ao certame trinta e cinco candidatos e, o xurado, composto polos profesores de Lingua e Literatura Galega Áurea Ramil Díaz,Ricardo Polín e Félix Villares Mouteira, outorgou o primeiro premio a José Ángel García polo seu poema *Vertixe*, o segundo a Ramón Echeverri Caamaño por *Poemas dende a ventá*, e o terceiro a Alicia Fernández Rodríguez polo traballo *O cantar da Deusa*.

Referencias varias:

- M.A.N., “Mondoñedo convoca el certamen ‘Díaz Jácome’ para jóvenes poetas”, *El Progreso*, “Cultura”, 16 abril 2002, p. 77.

Subliña o máis destacábel do acto de presentación deste concurso no consistorio mindoniense e achega algunha das bases desta edición, ademais de destacar o éxito de participación da pasada convocatoria.

XIº Premio de poesía “**Espiral Maior**”

A editorial Espiral Maior e o club poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de trinta e cinco anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende a novena edición, o premio quedou aberto tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. Este premio non ten dotación económica e consiste na publicación da obra gañadora na colección “Espiral Maior Poesía”. Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica) teñen que ter un mínimo de catrocentos versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña). O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial. Resultaron gañadores deste premio autores como Rafael Lema, Martín Veiga, Enma Couceiro, Francisco Souto, Manuel Forcadela, Charo Pita ou Estíbaliz Espinosa, esta última na anterior edición. Nesta convocatoria o xurado estivo formado por Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Xabier Rodríguez Baixeras, Miguel Anxo Fernán-Vello e actuou como secretario Xosé Manuel Díaz Campos. De entre os corenta e dous poemarios presentados a este concurso, elixiron como gañadora a obra *In-ventos*, do ferrolán Xoán Xosé García López.

Referencias varias:

- EFE, “Xoán Xosé García gana con ‘In-ventos’ el premio Espiral Maior de poesía”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 29 decembro 2002, p. 73.

Breve referencia ao Premio Espiral Maior de Poesía obtido no día anterior polo libro *In-ventos*, de Xoán Xosé García López. Indícase que concorreron á presente edición deste galardón, a undécima, máis de corenta obras. Ofrécese unha listaxe dos membros do xurado e coméntase por último que esta distinción é a única en Galicia que non posúe dotación económica.

XXIIº Premio “**Esquío**”

Convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Establécense dous premios indivisíbeis de 9.000 € con cadanseu accésit de 1.500 € para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. Poderán concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estean escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudicarase a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais terán que ser inéditos e non premiados noutro certame. Enviaranse antes do 31 de xullo por cuadruplicado, mecanografados a dous espacios e baixo plica, á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregaranse en man en calquera oficina da Caixa Galicia. Os traballos premiados serán propiedade dos respectivos autores, a excepción da primeira edición, que será publicada pola Fundación Caixa Galicia na colección “Esquío de Poesía”. O xurado estará composto por persoas de recoñecida solvencia nos eidos da crítica literaria ou dacreación poética. En anteriores edicións este premio fora conseguido por Álvarez Torneiro, Ramiro Fonte, Miguel Anxo Fernán Vello, Xavier Seoane, Víctor Vaqueiro, Pilar Pallarés ou

Estíbaliz Espinosa. Durante o ano 2002, ademais de convocarse a vixésimo segunda edición, déronse a coñecer os gañadores da anterior, premiando en galego a Manuel Forcadela coa obra *Lámpada e Medusa*, mentres que María do Cebreiro quedou finalista con *Nós, as inadaptadas*. Respecto á edición do 2002, a ela concorreron douscentos vinte traballos, dos que cento setenta e seis eran en castelán e corenta e catro en galego. Nesta ocasión, o xurado da parte galega, composto por Vicente Araguas, Teresa López, Xulio Valcárcel, Estíbaliz Espinosa e Fernando Bores, decidiu declarar deserto este premio e outorgar o accésit a Antón Lopo por *Fálame*.

Referencias varias:

- N. V., “Iníciase a XXI edición do Esquío cunha charla de Ramón Mariño”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 16 xaneiro 2002, p. 15.

Recolle os actos previstos que terán lugar nestes días con motivo da celebración da XXI edición do Premio Esquío que comeza co desenvolvemento da xa tradicional Semana Literaria que será aberta nesta ocasión por Ramón Mariño, profesor da Universidade de

Santiago de Compostela que falará do Padre Sarmiento. Haberá dúas conferencias máis, e o sábado terá lugar a cea durante a cal se entrega o premio, ao que concorren setenta obras en galego e duascentas quince en castelán.

- Sara Dobarro, “Sentimientos con Hierro”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 17 xaneiro 2002, p. 7.

Dáse conta da próxima celebración na cidade de Ferrol do Premio Esquío de Poesía no que participará como membro do xurado o poeta José Hierro. Lóase o bo facer do autor de *Cuaderno de Nue*va *York*, e tamén se lembra a Hernán Esquío, un dos grandes nomes da nosa lírica medieval que cantou ao amor. Conclúe dándolle a benvida ao certame que premiará a novos poetas e que cada ano ten un maior prestixio.

- Ramón Loureiro, “Manuel Forcadela y Adolfo Zutel ganan el premio Esquío en gallego y castellano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 xaneiro 2002, p. 34.

Achéganos o dictame do xurado do Premio Esquío nesta nova edición que correspondeu a Manuel Forcadela por *Lámpada e medusa* en lingua galega, e ao arxentino Adolfo Zutel en lingua castelá, cunha dotación económica de 9.015 €, respectivamente.

- Xoán Rubia, “Esquío”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 20 xaneiro 2002, p. 17.

Dá conta da gran relevancia do Premio Esquío de Poesía que vai para a súa XXI edición, xa que está a piques de darse a coñecer os gañadores, un en lingua galega e outro en lingua castelá.

- R. P. P., “Los argentinos ganadores del Premio Esquío reciben con alegría la noticia”/“Los ganadores del premio Esquío de poesía reciben con alegría el galardón”, *Diario de Ferrol*/*El Ideal Gallego*, “Ferrol”/“Sociedad”, 21 xaneiro 2002, p. 9/p. 24.

Recolle os gañadores da XXI edición do Premio Esquío de Poesía, en lingua galega o veterano escritor Manuel Forcadela con *Lámpada e medusa*, e en lingua castelá o

arxentino Adolfo Zutel por *Si alguien no escribe un verso y otros poemas*. Ambos os dous sinalaron “el prestigio que supone pasar a formar parte de la nómina de este galardón”.

- A. N. T., “Manuel Forcadela gaña o Esquío de poesía con Lámpada e medusa”, *A Nosa Terra*, nº 1.018, “Cultura”, 24-30 xaneiro 2002, p. 29.

Artigo que recolle quen foron os gañadores da última edición do Premio Esquío de Poesía: o arxentino Adolfo Zutuel en castelán e Manuel Forcadela en galego. Céntrase fundamentalmente na obra deste nos últimos anos, así coma no poemario *Lámpada e medusa* polo cal recibiu este galardón.

- Europa Press, “El monterrosino Lorenzo Varela estará presente en el Premio Esquío”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 15 novembro 2002, p. 90.

Anuncia o comezo da Semana literaria do Premio Esquío de Poesía ao que indica que se presentaron duascentas vinte obras, das que cento setenta e seis son en castelán e corenta e catro en galego. Destaca o predominio dos poemarios e a diversa procedencia

destas obras, do mesmo xeito que anuncia a conferencia sobre Lorenzo Varela que pronunciará Xosé Luís Axeitos.

Sara Dobarro, “Ferrol, capital da poesía”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 21 novembro 2002, 18.

Apunta que un ano máis se celebra o premio Esquío de Poesía en Ferrol. Entre os membros do xurado atópase o poeta José Hierro, que deleitará aos asistentes ao premio cos seus recitais.

-N. V., “ El regreso de Hierro antecede a la decisión final del Premio Esquío”, *Diario de Ferrol*, 22 novembro 2002, p. 17.

Comenta a chegada a Ferrol de José Hierro, membro do xurado no premio Esquío de Poesía. Puntualiza ademais que foron duascentas vinte as obras presentadas, e que entre as finalistas se atopan obras como *Anatomía fónica* ou *Sed de sombras*, en lingua castelá, e *Alta luz* ou *Lagoas por forza*, en lingua galega.

- N. V., “El catalán Ramón Sanz gana el XXII Premio Esquío en castellano”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 23 novembro 2002, p. 11.

Refírese á entrega do XXII premio Esquío de Poesía en Lingua castelá a Ramón Sanz Tardío pola súa obra *La lluvia en los zapatos*. Comenta tamén que o premio en lingua galega quedou deserto xa que o xurado considerou que “hai obras boas pero non o excepcionais que un premio como este merece”.

-Ramón Loureiro, “El Esquío premia a Ramón Sanz en castellano y queda desierto en gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 novembro 2002, p. 52.

Informa que o escritor Ramón Sanz foi galardoado co premio Esquío na sección de Lingua Castelá por *La lluvia en los zapatos*. Di tamén que a sección do premio en lingua galega foi declarado deserto. Sen embargo, recibiron un accésit as obras *Mercuriales* da gaditana Ana Sofía Pérez Bustamante e *Fálame* de Antón Lopo.

- Vicente Araguas, “Deserto”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 24 novembro 2002, p. 64.

Critica o feito de que o premio Esquío de Poesía fose declarado deserto na sección de lingua galega. Fai tamén un comentario sobre Antón Lopo, galardoado cun accésit dentro deste premio, dicindo que “é novelista e poeta, e non dos peores”.

- N. V., “Antón Lopo: ‘Entre 44 obras resulta difícil non elixir unha gañadora” *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 26 novembro 2002, p. 18.

Comenta que o poeta Antón Lopo obtivo un accésit no Premio Esquío pola súa obra *Fálame*. Di que *Fálame* é unha obra experimental na que mestura dende correos electrónicos a mensaxes de móbil, tratando temas eternos coma o amor e a soidade.

-C. V., “O premio Esquío queda deserto por primeira vez”, *A Nosa Terra*, nº 1.058, “Cultura”, 28 novembro-4 decembro 2002, p. 37.

Comenta que por primeira vez na súa historia o Premio Esquío foi declarado deserto a

pesar de que corenta e catro obras concorrían a el. O único premiado na sección de lingua galega foi Antón Lopo que recibiu un accésit polo seu poemario *Fálame*.

- Xulio Valcárcel, “Premio Esquío”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 235, “Páxina Literaria”, 8 decembro 2002, p. 4.

O xornalista presenta o Premio Esquío como un “exemplo de organización e eficacia” e coma un dos premios máis importantes de España. Despois de facer un repaso dos escritores e xente afín ao mundo das letras que se deron cita no Hotel Almirante de Ferrol (escenario deste Premio). Xulio Valcárcel lembra algúns dos membros do xurado deste ano e doutras edicións anteriores, destacando especialmente o paso polo mesmo de José Hierro.

- Vicente Araguas, “Señor Hierro”, *Diario de Ferrol*, “Miudiño”, 4 decembro 2002, p. 64.

Fala sobre o poeta José Hierro con quen, segundo indica, tivo a sorte de alternar o día no que se dictaminou o premio Esquío. Cualifica a este autor de gran poeta e subliña a súa vitalidade.

XVº Premio de poesía “**Eusebio Lorenzo Baleirón**”

O Concello de Dodro, para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, decide crear con carácter anual este premio. A el poden concorrer todos os poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de catrocentos versos. Enviaranse catro exemplares escritos a máquina, sen remite identificador, ao seguinte enderezo: Concello de Dodro-A Coruña, XVº Premio de Poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón”. Así mesmo, as obras terán un lema, que figurará no exterior da plica, onde se incluirán os datos persoais do autor. Establécese un único e indivisíbel premio de 2.260 € e a publicación da obra na colección de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado será designado polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria, facéndose pública a súa composición antes de concluír o mes de novembro. Un membro da Corporación Municipal actuará como secretario, sen voz nin

voto. O prazo de entrega de orixinais remata o 22 de novembro. O dictame darase a coñecer nun acto celebrado na Casa da Cultura do Concello de Dodro o día 21 de decembro e a entrega do premio terá lugar o día 29 do mesmo mes. Nesta edición presentáronse un total de dezasete obras, entre as que o xurado formado polo alcalde como presidente, Cesáreo Vidal Alborés como secretario, Marilar Aleixandre, Modesto Fraga Moure, Iria Sobrino Freire e o gañador da anterior edición, Xosé Lois Rúa Núñez, como vocais, elixiu como gañadora a obra *Caderno apócrifo da pequena defunta* de Eduardo Estévez.

Referencias varias:

-U. L., “Un total de 17 obras poéticas concorren ó premio Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 30 novembro 2002, p. L11.

Puntualiza que foron dezasete as obras presentadas ao premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, organizado polo Concello de Dodro e que conta cunha dotación de 2.260 €. Entre os membros do xurado, atópase o alcalde de Brión, Fernando Vila.

- Uxía López, “Eduardo Estévez gaña o premio de poesía Eusebio Lorenzo de Dodro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 22 decembro 2002, p. L12.

Refírese a xornalista ao galardón acadado por Eduardo Estévez con *Caderno apócrifo da pequena defunta*: o décimo quinto Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, dotado con 2.260 € maila publicación do traballo distinguido. Anúncianse tamén a data e o lugar de celebración da entrega deste premio, para alén de dar conta do programa de actividades culturais organizadas polo concello de Dodro nesa semana.

- U. L., “O autor premiado en Dodro co Eusebio Lorenzo non puido asistir ó acto de entrega”, *La Voz de Galicia*, “Local”, 31 decembro 2002, p. L12.

Sitúa o dictame do Premio no concello de Dodro e describe o acto, salientando a ausencia do gañador do mesmo por se atopar en Bélxica. Refire que foi Helena Villar Janeiro quen recolleu o Premio e quen loou algúns dos aspectos da obra de Eduardo Estévez, *Caderno apócrifo da pequena difunta*.

- Carme Vidal, “Eduardo Estévez. ‘A literatura ten que facer sentir”, *A Nosa Terra*, nº 1.062, “Cultura”, 26 decembro-3 xaneiro 2002, p. 30.

Destaca que Eduardo Estévez conseguiu con *Caderno apócrifo da pequena defunta* o premio de poesía Lorenzo Baleirón, despois de acadar o premio de poesía do concello de Carral con *Derrotas*. Salienta que estas dúas obras se diferencian na súa temática e centrándose sobre todo na primeira di que é unha homenaxe a Alejandra Pizarnick, a escritora coa que aprendeu a ler poesía. Por outra banda achega algúns datos sobre a biografía deste autor, do que indica que se trasladou a Compostela en 1995 e que tan só dous anos despois xa conseguira un accésit no premio González Garcés de poesía. Así mesmo apunta o título doutras obras deste autor en castelán e salienta que se trata dun autor no que as lecturas que facía sempre deixaron moita pegada.

XXIIº Premio nacional de poesía “**O Facho**”

Premio creado no 1978 pola Agrupación Cultural O Facho para difundir a poesía de autores mozos. Poden concursar todos aqueles autores que, sen limitación de idade, non teñan publicado un libro poético individual en galego. Os participantes poden concorrer cun máximo de cinco poemas de tema libre, a dobre espacio e por cuadriplicado, con lema e baixo plica. Os traballos deberán enviarse á Agrupación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia 12-1º, Apartado 46-A Coruña) e haberá un único premio de 300 € para o gañador, mais as mencións honoríficas que o xurado, designado pola agrupación, estime oportunas. Así mesmo, O Facho comprométese a publicar os traballos do concurso e, previo consentimento dos autores, introducilos na páxina web da agrupación. Para máis información dirixirse á agrupación convocatoria.

Vº Premio de poesía “**Faustino Rey Romero**”

Convocado polo Centro Cultural Faustino Rey Romero de Rianxo para estimular a creación literaria en galego e promocionar a figura e obra do insigne poeta isornés. Premiaranse poemas ou conxuntos de poemas escritos en galego, de temática libre e cunha extensión de entre trinta e cen versos. Deben enviarse por triplicado ao Centro Sociocomunitario s/n., Isorna, 15983 Rianxo, nun sobre pechado sen remite, que conteña á súa vez outro no seu interior cos datos do autor. O premio, único e indivisíbel, é de 600 € e o gañador debe asistir á entrega e recitar a súa obra neste acto. A entidade convocatoria resérvase o dereito de editar a obra, tamén o gañador pode publicala facendo constar a calidade de gañadora deste certame. O xurado estará formado por personalidades relevantes no ámbito da creación e a crítica literaria. Nesta convocatoria o prazo de entrega rematou o 15 de outubro e o xurado, que estivo formado por José Ramón Brea, Helena Villar, Juan Bautista, Xesús Santos e Xesús Carou, premiou a obra *Vagas en espiral* de Alexandre Nerium, mentres que *Pingas* de Xan Rodiño mereceu unha mención de honor.

Referencias varias:

-A. H., “El poeta Alexandre Nerium gana el certamen Faustino Rey Romero”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 outubro 2002, p. 45.

Nota na que se anuncia o dictame do premio Faustino Rey Romero e no que resultou gañador Alexandre Nerium co poemario *Vagas en espiral*, do mesmo xeito que lle foi concedido un accésit a Xoán Rodiño García por *Pingas*. Remata sinalando que a entrega do premio terá lugar o domingo día 3 de novembro no Centro Cultural de Isorna.

IIIº Premio de poesía “**Fiz Vergara Vilariño**”

A Agrupación cultural Ergueitos e o Concello de Sarria convocou este premio co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Os traballos estarán en galego e terán unha extensión mínima de catrocentos versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espacios e baixo plica, en sobre pechado cun pseudónimo, no seguinte enderezo: III Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Concello de Sarria, R/ Maior, 14, 27600 Sarria. O premio consta dunha dotación económica de 3.000 € e a publicación da obra na editorial Espiral Maior. O xurado estará integrado por primeiras figuras da creación ou da crítica literaria. A gañadora da primeira edición fora Marica Campo e o da segunda Xesús Pereiras López, quen neste ano viu editado o seu poemario *Cantos da seiva.* Na súa terceira convocatoria, o prazo de presentación rematou o 31 de outubro e o xurado estivo formado por Marica Campo, Chus Pato e Xabier Baixeras, xunto con Elena Corujo, Concelleira de Cultura, e María Casar, da Asociación Ergueitos, que deron a coñecer o gañador o 14 de decembro. De entre os corenta traballos presentados, resultou gañador Estevo Creus con *Decrúa*.

Referencias varias:

- A. N. T., “Corenta libros no Fiz Vergara Vilariño”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, “Cultura”, 5-11 decembro 2002, p. 38.

Informa do número de traballos que concorren a este Certame e do día no que se reunirá o xurado para dar a coñecer o gañador. Tamén indica a contía que se lle asignará ao mesmo, e sinala que isto acontecerá o 13 de febreiro e que se acompañará dun percorrido literario polo val de Louzara.

- AFA, “Norma e loucura”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 decembro 2002, p. 17.

Sinálase que, tras cinco libros de poesía publicados, o gañador do premio Fiz Vergara Vilariño, Estevo Creus, acada con *Decrúa* o recoñecemento ao seu labor nese eido. Ofrécese a nómina completa do xurado do galardón, así como se indica a súa contía. Analízase despois brevemente o poemario, indicando que se trata dun libro “complexo” e de corte social no que o tema principal é a loucura. Coméntase por fin que nesta obra

poden rastrexarse as pegadas da profesión do seu autor, que é psicólogo, e que agora Creus deixou temporalmente a lírica para se achegar ao xénero narrativo.

- C. Sigüenza, “Estevo Creus gaña o Fiz Vergara Vilariño”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 decembro 2002, p. 67.

Despois de dar conta dos compoñentes do xurado que dictaminaron o premio e da contía que recibiu o gañador, fálase da obra que resultou vencedora, *Decrúa*; descríbese como un poemario social no que se trata, sobre todo, “das distintas concepcións da realidade e das imposicións desa realidade”. Faise tamén unha pequena andaina pola traxectoria biográfica e profesional de Estevo Creus.

- A.N.T., “Estevo Creus. ‘A loucura é unha enfermidade social non só médica”, *A Nosa Terra*, nº 1.061, “Fin de Semana”, 19-25 decembro 2002, p. 41.

Nesta entrevista con Estevo Creus, gañador do premio Fiz Vergara Vilariño de poesía co seu libro *Decrúa*, o autor explica cómo xurdiu ese poemario, cáles foron as súas intencións

ao escribilo (principalmente, a denuncia social), por qué no momento actual está a experimentar no campo da narrativa e o que significou o Batallón Literario da Costa da Morte ao que pertenceu.

VIIº Premio de poesía “**Johán Carballeira**”

O Concello de Bueu organiza este certame dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johan Carballeira. Poderán concorrer todos os autores que presenten textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio terá unha dotación única de 1.500 €. Remitiranse cinco copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espacio e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, á Casa do Concello de Bueu (R/ Eduardo Vincenti, s/n., 36930 Bueu-Pontevedra). O xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente e estará composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. Gañadores de edicións anteriores son: Xosé Carlos Caneiro, Yolanda Castaño, Emma Pedreira, Adolfo Caamaño e Xurxo Alonso. Na súa sétima edición o prazo de presentación de orixinais rematou o 30 de setembro e o dictame do xurado deuse a coñecer o 30 de novembro. Nesta ocasión os integrantes do xurado foron Teresa Seara, Román Raña, Marta Dacosta, Rafael Fernández

e Xurxo Alonso, que gañara a anterior edición deste certame. Dos corenta e nove traballos presentados seleccionaron cinco finalistas para logo conceder o premio *ex-aequo* a Alexandre Nerium por *Vogar de couse* e a Carlos Negro por *Héleris*.

Referencias varias:

-A. Agulla, "A Concellería de Cultura convoca o 'Premio de Poesía Johán Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Bueu", 20 marzo 2002, p. 16.

Informa brevemente da convocatoria da VII edición do galardón por parte do Concello de Bueu e achega un extracto das bases.

-S. C., "Segue aberto o prazo no VII Premio de Poesía Johán Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Marín/Bueu", 7 abril 2002, p. 15.

Despois de salientar que aínda se poden presentar traballos ao certame, resume as bases desta sétima convocatoria.

- B. L., “Un novo premio de xornalismo levará o nome do poeta Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 abril 2002, p. 66.

Tras pór de relevo a creación dun premio de xornalismo, salienta a convocatoria da nova edición do certame de Poesía Johán Carballeira, do cal apunta, nunhas poucas liñas, algunha das súas características.

- C. M., “Dictame del premio Johan Carballeira, mañana en la Casa de la Cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Bueu”, 29 novembro 2002, p. 24.

Dá conta de cando será o dictame do premio Johán Carballeira e menciona os nomes dos compoñentes do xurado, que terán que escoller entre os corenta e nove traballos que se presentaron.

- Estela Veloso, “Dos autores comparten el premio ‘Carballeira”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 1 decembro 2002, p. 19.

Comenta que na sétima edición o premio “Johán Carballeira” de poesía foi concedido *ex-aequo* aos escritores Alexandre Nerium polo seu poemario *Vogar de couse* e a Carlos Negro polo traballo *Héleris*.

- Carme Vidal, “Carlos Negro e Alexandre Nerium gañan o Johan Carballeira de poesía”, *A Nosa Terra*, nº 1.059, “Cultura”, 5-11 decembro 2002, p. 31.

Tras informar sobre as características xerais do Premio Johan Carballeira -data, xurado e finalistas-repárase en cadansúa obra dos gañadores. Da obra *Heleris* de Carlos Negro dise que reconstrúe a biografía dun home e dunha muller da posguerra con vidas paralelas que se xuntan cando forman unha parella. *Vogar de couse*, a outra obra gañadora e da autoría de Alexandre Nerium, descríbese como un poemario mariño, cunha riqueza de léxico referente ao mar da Costa da Morte que “sorprendeu ao xurado”.

XIº Premio de poesía en lingua galega “**Miguel González Garcés**”

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos, orixinais e inéditos, deberán estar escritos en galego e a súa extensión non será inferior aos trescentos versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espacio e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviaranse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n.). O xurado, que estará presidido polo presidente da Deputación da Coruña, estivo integrado nesta ocasión por Carlos López Crespo, presidente da Comisión de Cultura, Deportes e Xuventude da Deputación, quen finalmente actuou como presidente, Salvador García-Bodaño, Xulio López Valcárcel, Gonzalo Navaza, Xohana Torres e Xavier R. Baixeras, este último gañador dunha edición anterior. O premio está dotado de 6.050 € e a publicación da obra por parte da Deputación, quen poderá sacar a primeira edición sen dereitos para o autor, a quen se lle entregarán trinta exemplares. Este certame foi gañado en anteriores edicións por Xabier Rodríguez Baixeras, Luz Pozo Garza, Xulio L. Valcárcel, Paulino Vázquez, Marta Dacosta, Estebo Creus Andrade, Ramiro Fonte,Manuel Álvarez, Xosé María Álvarez Cáccamo e Manuel Álvarez Torneiro. Nesta edición á

que se presentaron setenta e un orixinais, a obra gañadora foi *Eloxio da desorde* de Román Raña Lama, mentres que Lino Braxe con *O longo día acaba* conseguiu un accésit.

Referencias varias:

-Efe, “La Diputación de A Coruña falla hoy el XI premio de poesía González Garcés”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 xuño 2002, p. 75.

Informa de que neste día a Deputación de A Coruña dará a coñecer o gañador do premio de poesía González Garcés, ao que nesta edición concorreron setenta e un orixinais, segundo indica. Ademais dá conta da contía do premio e a composición do xurado.

-AFA, “Eloxio da desorde”/“Román Raña recibe o ‘González Garcés’ por ‘Eloxio da desorde”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 12 xuño 2002, p. 27/p. 75.

Artigo que recolle declaracións do vigués Román Raña en relación á súa obra *Eloxio da desorde*, gañadora do premio Miguel González-Garcés de poesía convocado bianualmente pola Deputación da Coruña e dotado con 6.050 €.

- D. V., “Raña gana el premio de poesía González Garcés con una apuesta por el ritmo y los sentimientos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xuño 2002, p. 29.

Recolle a obra vencedora da XI edición do premio de poesía Miguel González Garcés *Eloxio da desorde*, pertencente a un profesor dun instituto vigués, Román Raña Lama, na que destaca “un mayor tratamiento del sentimiento, una apuesta por una poesía transparente y la expresión de su reivindicación por elementos rítmicos y musicales”.

-I. S., “Román Raña gana el premio de poesía Miguel González Garcés”, *La Opinión*, “Cultura”, 12 xuño 2002, p. 53.

Comunica o dictame da XI edición do premio de poesía Miguel González Garcés, que recaeu nun profesor de literatura galega, o vigués Ramón Raña pola súa obra *Eloxio da desorde* polo que percibirá 6.000 € e verá o seu poemario publicado no mes de novembro.

- M. Carmen López, "El premio González Garcés era el único que faltaba en mi vitrina", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 xuño 2002, p. 21.

Comentario sobre a obra gañadora da XI edición do premio de poesía Miguel González Garcés, que cada dous anos convoca a Deputación da Coruña. Sinala que *Eloxio da desorde* do vigués Román Raña Lama, foi elixida como gañadora de entre as setenta e unha obras presentadas polo seu ritmo musical e conceptual. Así mesmo, o xurado outorgoulle un accésit a *O longo día acaba* de Lino Braxe.

-Carme Vidal, "Román Raña. 'Os poetas dos oitenta fumos demasiado herméticos", *A Nosa Terra*, nº 1.038, "Cultura", 13-19 xuño 2002, p. 24.

Ver Raña, Román, *Eloxio da desorde*, no apartado II. 1. Poetas galegos deste *Informe.*

- F. P. Lorenzo, “Eloxio da desorde”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 novembro 2002, p. 33.

Comenta que “ o amor, a morte e a soidade” son os temas principais do libro *Eloxio da desorde* co que o poeta vigués Román Raña gañou o XI Premio Miguel González Garcés.O libro conta ademais coas ilustracións de Ánxel Huete.

-E. P., “El Premio González Garcés reúne a los poetas gallegos de los años 80”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 30 novembro 2002, p. 82.

Puntualiza que no museo de Belas Artes de A Coruña tivo lugar un recital poético baixo o epígrafe “Xeración dos oitenta. Doce grandes voces de poesía galega contemporánea”. O acto, organizado pola Deputación de A Coruña, tivo lugar coincidindo coa entrega do Premio de Poesía González Garcés a Román Raña pola súa obra *Eloxio da desorde*. No acto, recitaron entre outros Álvarez Cáccamo, Fernán Vello, Pilar Pallarés... O gañador, Román Raña, manifestou que o seu poemario está elaborado “coma homenaxe á desorde que preciso para ordenar os meus poemas”.

Premio de poesía “**Suso Vaamonde**”

Coa finalidade de fomentar o uso do galego entre as novas xeracións e axudar a potenciar os poetas novos, A Fundación “O Grelo” Amigos de Galicia convoca este certame, que está patrocinado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Dirección Xeral de Política Lingüística. A el poden concorrer poetas ou escritores de calquera nacionalidade a condición de que non teñan publicado ningún libro de poesía e presenten os seus traballos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de seiscentos versos. Os orixinais presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dous espacios e enviaranse, baixo plica, á Fundación convocatoria (R/ Luís Kasado, 10-6ºA 36209 Vigo). Establécese un único premio de 1.202 €, aínda que tamén se poderá outorgar un accésit como máximo sen dotación económica.

IIº Concurso de poesía “**Uxío Novoneyra**”

Convocado polo Departamento de Cultura do Concello das Pontes para renderlle homenaxe a Uxío Novoneyra. Poden participar todos os escritores que o desexen independentemente da súa nacionalidade sempre e cando sexan maiores de idade. Os traballos deberán estar escritos en galego e ter unha extensión mínima de catrocentos versos. O gañador poderá optar a un premio de 3.000 € e a publicación da obra. Nesta convocatoria, o prazo para presentar os orixinais no Concello das Pontes (Parque Municipal s/n., 15320), rematou o 30 de setembro e o dictame do xurado deuse a coñecer en decembro. Na anterior edición o premiado fora o autor Xosé Vázquez Pintor, que nesta ocasión formou parte do xurado xunto a Marica Campo, Rafa Villar e Anabel Alonso, que actuou como secretaria. O poeta premiado foi o lucense Daniel Salgado polo libro titulado *Sucede*.

X. 2. 1. Outros premios de Poesía

XIIº Certame de Poesía "**Concello de Marín**"

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Marín para traballos escritos en lingua galega, cun mínimo de cen versos. Está dotado con 1.000 € que se entregarán durante os actos que se celebren co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Para máis información dirixirse ao concello convocatorio.

XVIº Premio de poesía “**Feliciano Rolán**”

Organiza este premio a Agrupación Cultural Guardesa e patrocínao o Concello da Guarda, establecendo tres premios para poemarios de entre trinta e cen versos, que poden estar escritos en castelán ou en galego. Os encargados de xulgalo serán membros da Agrupación Cultural Guardesa e persoas relacionadas co mundo das letras. Para máis información dirixirse á Agrupación convocatoria (Apartado de Correos 69, 36080 A Guarda). Nesta ocasión o primeiro e segundo premio recaeron en poemas en castelán, e o terceiro foi para Antón Ferreira Lorenzo por *Amores xunto ó mar*.

Referencias varias:

- Ricardo Rodríguez, “La Agrupación Cultural Guardesa convoca el XVI Premio de Poesía “Feliciano Rolán”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriñá”, 17 xullo 2002, p. 16.

Indica que a Agrupación Cultural Guardesa convoca a décimo sexta edición do premio de poesía Feliciano Rolán e destaca algúns datos das súas bases.

X. 3. Teatro

Premio “**Álvaro Cunqueiro**” para textos teatrais

Foi convocado en 1988 polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), aínda que dende 1992 a 1999 deixou de convocarse. Reapareceu no ano 2000 cunha dotación de 6.000 € e a posibilidade de publicar e representar a obra galardoada. Os textos que se presenten teñen que ser inéditos, de temática libre e sen limitación de extensión agás as obras de teatro breve. Non deberán ser premiados nin representados anteriormente. Enviaranse por quintuplicado en exemplares separados e mecanografados a dobre espacio ao IGAEM (Pavillón de Galicia, s/n. San Lázaro. Apartado. 150, 15703 Santiago de Compostela). O xurado terá en conta a viabilidade da representación da obra no que se refire a aspectos que afectan ao número de páxinas, espacio escénico ou condicións técnicas. Nesta edición o prazo para presentar os traballos foi ata o 18 de xuño, e o xurado, composto por Amado Rincón Virulegio –como presidente–, Cristina Domínguez, Albino Mallo, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Afonso Becerra, o gañador do

pasado ano, premiou a obra orixinal *Molière Final* de Roberto Salgueiro, que xa fora premiado en dúas ocasións anteriores. Outros autores que recibiron este premio en edicións anteriores son: Raúl Dans, Agustín Magán, Manuel Riveiro Loureiro, Euloxio Ruibal, Alfonso Becerra Arrojo e o gañador deste ano, Roberto Salgueiro.

Referencias varias:

-R. T., "Vinte orixinais optan ó premio Álvaro Cunqueiro 2002 para textos teatrais", *O Correo Galego*, "AFA", 7 xullo 2002, p. 49.

Tras pór de relevo o número de candidatos que optan ao galardón, apunta que se agarda para o mes de agosto a resolución do xurado e recorda parte das bases. Tamén explica en qué consiste o premio.

-Europa Press, "Roberto Salgueiro gaña por terceira vez o Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro", *El Progreso*, "Cultura", 26 outubro 2002, p. 91.

Subliña que *Molière final* é a obra que resultou gañadora do premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais de entre outras vinte obras. Informa de que o autor, Roberto Salgueiro González é a terceira vez que acada este premio, e percibirá 6.000 € ademais da publicación da obra.

-César Lorenzo Gil, "Roberto Salgueiro. 'Fainos falta un Teatro Nacional, así, con maiúsculas", *A Nosa Terra*, nº 1.054, "Cultura", 31 outubro-6 novembro 2002, p. 20.

Alude á obra de Roberto Salgueiro (Caracas, 1966), *Molière final*, galardoada co PremioÁlvaro Cunqueiro no ano 2002. Declara, así mesmo, que o autor xa gañara o citado premio nos anos 1988 e 2000 coas obras *O arce no xardín* e *Eliana en ardentía*, respectivamente. A seguir, céntrase, nunha conversa co articulista, na obra *Molière final*. Afirma, en primeiro lugar, que o punto de partida da súa obra é a morte de Molière "e as vicisitudes do seu enterramento". Engade, así mesmo, que a obra é unha traxedia. En canto á situación do teatro galego na actualidade, comenta que o Centro Dramático Galego non cumpre coa súa función de Teatro Nacional, posto que non se dedica a "espallar axeitadamente o único teatro que se pode denominar galego: o escrito en lingua galega". Para rematar, afirma que

non é normal que os actores “teñan que crear as súas compañías para poder representar as súas obras”.

- Manuel Beceiro, “Roberto Salgueiro espera levar a escea e dirixir ‘Molière Final”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 24 novembro 2002, p. 9.

Faise referencia ao escritor teatral Roberto Salgueiro que, por terceiro ano consecutivo, vén de gañar o Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais coa obra *Molière final*. A seguir, cítanse as outras dúas obras galardoadas anteriormente co citado premio. Trátase de *O arce no xardín*, no 1988, e *Bernardo destemplado*, no ano 2000. A continuación, céntrase en *Molière final* e coméntase que parte “do feito biográfico da morte do dramaturgo, nun tempo que transcorre desde o momento do óbito ata que é soterrado”. Cítanse, así mesmo, algúns dos protagonistas da obra, que acompañaron a Molière, como a súa dona Amanda, os actores Baron, Lagrange e Montefleaury ou o músico Lully. Por último, infórmase de que Salgueiro traballa na posta en marcha dun taller de Escrita Teatral, no que participarán a Casa de América e varias universidades.

VIº Premios “**María Casares**”

Premio convocado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de escena de Galicia en colaboración co Concello da Coruña. Selecciónanse tres finalistas para cada unha das modalidades que se teñen en conta: mellor actor e actriz protagonistas; actor e actriz secundarios; director; texto, adaptación e traducción; mellor espectáculo; música orixinal; escenografía; vestiario e maquillaxe. Haberá tamén un premio especial que leva o nome da actriz Marisa Soto, que será o dado pola xente da Asociación. Os socios da agrupación emiten o seu voto por correo e en segredo. Esta selección de nomeados pásaselle a un xurado integrado por persoas relacionadas co mundo da escena. A entrega de galardóns coincide co Día Mundial do Teatro, o 27 de marzo, e o acto de entrega ten lugar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Na edición correspondente ao ano 2002, os galardoados nas diferentes categorías foron:

-Mellor espectáculo: *Sexismunda* de Sarabela Teatro. -Mellor dirección: Cristina Domínguez por *Coitelos nas galiñas*, de Factoría Teatro.

-Mellor actriz protagonista: Elena Seijo por *Sexismunda* de Sarabela Teatro. -Mellor actor protagonista: Roberto Vidal Bolaño por *Os papalagui* de Teatro do Aquí. -Mellor actriz secundaria: Susana Dans por *Rosalía* do CDG. -Mellor actor secundario: Josito Porto por *Sexismunda* de Sarabela Teatro. -Mellor escenografía: Paco Conesa por *Rosalía* do CDG. -Mellor texto orixinal: Quico Cadaval por *Espantoso* de Mohicania. -Mellor texto adaptado: Fina Calleja, Ánxeles Cuña e Begoña Muñoz por

Sexismunda de Sarabela Teatro. -Mellor música orixinal: Rodrigo Romaní por *Rosalía* do CDG. -Mellor iluminación: Suso Díaz por *Sexismunda* de Sarabela Teatro. -Mellor vestiario: Carlos Alonso por *Fausto* de Teatro de Ningures. -Mellor maquillaxe: Carmela Montero por *Sexismunda* de Sarabela Teatro. -Premio de honra “Marisa Soto” para a Fundación Teatro Principal de Tui.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “Hoxe fállanse na Coruña os premios ‘María Casares”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 27 marzo 2002, p. 67.

Recordatorio da celebración da VIª edición dos Premios de Teatro María Casares onde os gañadores non se darán a coñecer ata o transcurso da gala. O Centro Dramático Galego concorre co maior número de nominacións, cun total de nove, coas producción*s Rosalía* e *A Cacatúa Verde*.

- Camilo Franco, “Saúde e risco”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 marzo 2002, p. 25.

Breve e crítica alusión ao teatro galego que, despois de dictaminarse os Premios María Casares, apunta cara a un clima de cambio en canto a que estes representan unha aposta pola fuxida do conservadorismo.

- Iria Suárez, “El montaje ‘Sexismunda’ triunfa en los premios María Casares”, *La Opinión*, “Cultura”, 28 marzo 2002, p. 40.

Achéganos á gran noite da agrupación Sarabela Teatro como gañadora indiscutíbel dos Premios de Teatro María Casares, nos que acadou seis galardóns dos sete aos que optaba coa súa obra *Sexismunda*. Dise que o Centro Dramático Galego con nove nomeados pola obra *Rosalía* tan só obtivo dous, e coa obra *A Cacatúa Verde* obtivo unha de cinco.

- M. J. M., "El teatro: Un arte entre avatares", *La Región*, "Cultura", 28 marzo 2002, p. 51.

Recóllense algunhas reflexións sobre a situación actual do teatro galego en canto á formación, actores, teatro universitario, teatro afeccionado e espacios teatrais, extraídas do acto celebrado con motivo da entrega dos Premios de Teatro "María Casares" e que celebraba, así mesmo, o Día Mundial do Teatro. Saliéntase que a compañía Sarabela Teatro foi a triunfadora da noite, recollendo seis dos sete premios aos que estaba nomeada.

-E.G., "La Fundación Teatro Principal recibe el premio de honor Marisa Soto, en A Coruña", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño-O Morrazo", 29 marzo 2002, p. 11.

Dá conta de que no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia lle concedeu o Premio de Honra Marisa Soto á Fundación do Teatro Principal de Tui polos seus pulos á hora da recuperación deste espacio escénico, tanto desde a perspectiva cultural coma arquitectónica. Faise eco das palabras de agradecemento de José Antonio Quiroga, presidente desta fundación, e alude á polémica pola adquisición do inmoble pola Consellería de Política Territorial e a Deputación Provincial.

-M. J. M., "Los premios 'María Casares' avalan el trabajo de Sarabela", *La Región*, "Cultura", 29 marzo 2002, p. 57.

Faise eco da entrega de Premios de Teatro "María Casares", dos que destaca o éxito logrado polo grupo Sarabela, que acadou seis dos sete galardóns aos que estaban nomeados, converténdose así nos triunfadores do acto. Sinálanse tamén as categorías nas que foron premiados como mellor espectáculo, mellor adaptación, mellor actriz, mellor actor secundario, mellor maquillaxe e mellor iluminación.

- M. P., “O máis importante é amar o teatro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 29 marzo 2002, p. 19.

Crónica da entrega dos Premios “María Casares” de Teatro, presentados por Josito Porto e Fina Calleja, que ademais conseguiron premio por *Sexismunda,* de Sarabela Teatro. A seguir recóllense as impresións dalgúns gañadores, nas que aluden á situación do teatro galego actual. En columna á parte inclúese unha pequena entrevista a Roberto Vidal Bolaño que na súa quinta tentativa conseguiu acadar o premio ao mellor actor protagonista, que antes só conseguira como escritor. Indícase que Vidal Bolaño, sorprendido e contento polo seu premio, amosouse decepcionado polos poucos medios dispoñíbeis para a celebración da gala, que considerou moi por debaixo do que a súa profesión se merece. Non esqueceu referirse ao problema da existencia en Galicia de máis compañías das que pode aguantar o mercado e as axudas cada vez menores. Cando lle preguntan pola censura afirma que a liberdade é unha utopía e que a censura actual é a económica.

- Santi Prego, “Os María Casares”, *Escaramuza*, nº 12, “En Portada”, inverno 2002, p. 14.

Informa da entrega dos Premios de Teatro “María Casares”, que organiza a Asociación de Actores, a finais do mes de marzo. A seguir, comenta que sería mellor celebrar o acto de entrega de premios nunha casa da cultura ou nun pavillón de usos múltiples e non no Teatro Rosalía de Castro, que lle dá un aire moito máis formal. Conclúe dicindo que sería mellor que levasen os premios a unha empresa de mensaxería para que cada un reciba o premio na súa casa.

- Alfredo Conde, “O teatro”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 abril 2002, p. 4.

Artigo de cariz sarcástico onde fai referencia á historia do teatro galego a raíz da celebración do acto de entrega dos Premios de Teatro “María Casares” no Teatro Rosalía de Castro na Coruña, concedidos coma cada ano pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena.

- Inma López Silva, “Os María Casares, ou cómo rozar o Óscar”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, n° 124, 8 abril 2002, p. 5.

Achegamento aos Premios de Teatro “María Casares” da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena que dende hai seis anos se celebran coincidindo co Día Internacional do Teatro e que nesta edición recaeron en boa medida na compañía Sarabela con *Sexismunda*.

- Inma López Silva, “Teatro: os premios do ano”, *Tempos Novos* , nº 59, “Voces e Culturas. Crítica”, “Teatro”, abril 2002, pp. 78-79.

Critica a elección dos galardoados cos Premios María Casares 2002 e a gala de entrega destes. Achega o nome dos premiados e sinala certas “contradiccións”, pondo de relevo que é necesaria unha “revisión” das bases, comezando polo xurado.

- Xosé Boubeta, “VI Premios de Teatro ‘María Casares”, *Revista Galega de Teatro*, nº 30, primavera 2002, pp. 34-36.

Comenta a sexta edición dos Premios de Teatro “María Casares”, que se celebrou no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Tras notar que se trata dunha iniciativa loábel, fai

unha serie de críticas “con ánimo constructivo” que van desde a “concentración parcelaria” que para el supón o feito de só teren sido nomeadas doce obras e once compañías de entre todas as que pasaron polos escenarios galegos no ano 2001, ata as anomalías que detecta no sistema de votación. Engade aínda que, na súa opinión, o galardón ao mellor texto orixinal, que recaeu sobre *Espantoso* de Quico Cadaval, é unha “aberración”: se ben se trata de “un bo profesional e un gran escritor”, había ao seu entender textos moi superiores ao agasallado. Canto ás restantes distincións, das que se inclúe a nómina completa, destaca como gran triunfador o espectáculo *Sexismunda* de Sarabela Teatro (seis premios) e como gran fracaso o do Centro Dramático Galego (que conseguiu dous premios).

- Concha Campoy, “Pero ¿quen coñece a estes fulanos?”, *Escaramuza*, nº 13, “María Casares”, xuño 2002, pp. 4-5.

Con motivo do Día Mundial do Teatro, o 27 de marzo, Concha Campoy reflexiona sobre a situación do teatro galego actual. Comenta, en primeiro lugar, que, ao día seguinte da entrega dos Premios María Casares, houbo críticas polo sistema de votos e falouse de que

as propostas eran pouco axeitadas. Ademais, afirma que as críticas dos medios de comunicación foron pouco adecuadas, debido ao descoñecemento por parte dos xornalistas do obxecto da festa de entrega dos premios ou a producción teatral do ano anterior. Pola contra, na súa opinión, a prensa dedicouse a dar conta do número de famosos asistentes ao acto, así como das ausencias máis destacadas.

- Pepe Souto, “María Casares. Breve historia”, *Escaramuza*, nº 13, “María Casares”, xuño 2002, p. 3.

Ofrece unha breve reflexión sobre os Premios de Teatro “María Casares”, como consecuencia da polémica xurdida a raíz dos citados premios. Comenta, en primeiro lugar, que os obxectivos que se perseguían dende un principio –estabilidade, dignificar a profesión e darlle máis protagonismo social– están conseguidos. En canto aos premiados ausentes no acto de entrega dos premios, comenta que “desafortunadamente hai ausentes por razóns de saúde, afortunadamente hai ausentes por razóns de traballo e, ademais, hai ausencias porque si, por decisión persoal”.

Premio “**María Teresa León**” para autoras dramáticas

Convocado dende 1994 polo Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de España e a Asociación de Directores de Escena de España, coa colaboración dende 1996 da Fundación Autor da SGAE, coa finalidade de propiciar e favorecer a escritura de obras literarias dramáticas por parte de mulleres. Poden concorrer as escritoras de textos dramáticos escritos nas linguas do Estado español. As obras deberán ter unha extensión equivalente á duración normal dun espectáculo e o xénero, estilo, estructura e temática serán libres. Os orixinais deberán ser inéditos e non estreados e irán firmados cun lema e acompañados dun sobre pechado que mostre no seu interior o nome do premio, o lema e o título da obra. No seu interior aparecerán os datos do autor e o seu currículo persoal. Deberán enviarse por triplicado á Asociación de Escena de España (Costanilla de Los Ángeles, 13, baixo, esquerda, 28013 Madrid). O xurado estará formado por destacadas personalidades do mundo teatral e o premio consistirá nun certificado acreditativo, unha estatuíña do pintor e escultor José Hernández e 8.200 €. Así mesmo, concederase un accésit de 4.000 € e certificado acreditativo. Poderase conceder unha mención especial a

algunha das obras presentadas, recomendando a súa publicación xunto ás obras premiadas, que aparecerán nun volume da colección “Literatura Dramática Iberoamericana”, das Publicacións da ADE, para o que teñen que ceder os dereitos de publicación, en exclusiva e para todo tipo de linguas, soportes e modalidades editoriais, por espacio de tres anos a partir da data de proclamación do premio. A resolución do premio farase pública a finais de ano no marco do Acto Anual de Entrega de Premio ADE. Nesta novena edición a autora gañadora foi a catalana Gemma Rodríguez polo texto *34.5 (Estamos quedando fatal)*. Así mesmo houbo un accésit e unha mención especial que tamén recaeron en textos en castelán.

IIº Premio de interpretación teatral "**Maruxa Villanueva**"

O Concello de Padrón convoca este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. A el poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cun premio de 1.200 € e unha estatuíña de bronce que representa o busto de Maruxa Villanueva. O gañador da primeira edición fora Roberto Vidal Bolaño, que este ano pasa a ser membro do xurado xunto a Jesús Villamor(presidente), Ángel Vázquez Castaño, Manuel Baltar, Dolores Vilavedra, Francisco Pillado, Manuel Vieites, José Manuel González, Miguel Gómez Segade, Lino Braxe, Rubén García Fernández, Anxo Abuín, Euloxio Ruibal, José Mª Paz Gago e Noemí Pazó. Este xurado decidiu premiar nesta segunda edición a Susana Dans pola súa participación no espectáculo *Mulleres* de Uvegá Teatro.

Referencias varias:

- C. B., “El pleno de Padrón ratifica el jurado y las bases del premio Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 febreiro 2002, p. 33.

Refírese á aprobación definitiva das bases do certame e do equipo que xulgará este. Sinala algunha das características desta segunda edición e cita o nome dos compoñentes do xurado. Así mesmo, alude a certas discrepancias políticas sobre o tema.

- M. Manteiga, “Trala versatilidade de Susana Dans”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 novembro 2002, p. 49.

Salienta que o Premio de interpretación teatral “Maruxa Villanueva” lle foi outorgado á actriz Susana Dans. A actriz xa recibira no ano 2000 o premio María Casares. Comenta ademais que a pesar da súa xuventude, a premiada conta cunha sólida formación.

- M. Manteiga-M. González, “La actriz Susana Dans ‘arrasa’ en el II Premio Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 novembro 2002, p. 35.

Di que a actriz Susana Dans foi galardoada co Premio de interpretación teatral “Maruxa Villanueva” de teatro pola súa prolífica carreira dentro do panorama teatral galego. Sinala que a actriz, considerada coma un dos valores dentro do teatro galego, xa recibira o premio María Casares no ano 2000. Salienta que os membros do xurado, entre os que se atopaba Euloxio Ruibal, Anxo Abuín, ou Manuel Baltar, destacaron da premiada “a súa longa traxectoria de alto nivel interpretativo e gran versatilidade”.

- Uxía López, “O premio Maruxa Villanueva recoñece o “nivel interpretativo” de Susana Dans”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 24 novembro 2002, p. L12.

Fala da entrega do premio de Interpretación Teatral “Maruxa Villanueva”, fallado no Concello de Padrón, á actriz Susana Dans quen está a participar no espectáculo *Mulleres* de Uvegá Teatro. A actriz, a pesar da súa xuventude, ten xa unha ampla e sólida traxectoria dentro da escena galega.

- A.N.T., “Susana Dans: ‘A crise do teatro galego non depende dos actores”, *A Nosa Terra*, nº 1.058, “Fin de semana”, 28 novembro-4 decembro 2002, p. 41.

Entrevista a Susana Dans que veu de gañar o Premio “Maruxa Villanueva” de teatro pola súa participación na obra *Mulleres*. Fala ademais da crise que está a sufrir o teatro que hoxe en día se ve desprazado polo cine ou a TV. A actriz quéixase da falta de axudas para o teatro por parte da Administración.

Premio “**MAX**” de teatro

En 1998 naceron os premios “Max” das Artes Escénicas co propósito de estimular e premiar o talento dos artistas e profesionais das artes escénicas do noso país. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en distintos apartados como autores, traductores, adaptadores, compositores, escenografía, iluminación, etc., que son elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escritura en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén en conta as outras linguas do estado. Deste xeito, nesta quinta edición, o premiado na categoría de mellor autor teatral en galego foi Cándido Pazó pola obra *Ñiki Ñaque*.

Referencias varias:

- M. J. M., “Sarabela opta a los premios ‘Max’ de teatro”, *La Región*, 22 febreiro 2002, p. 68.

Fálase da nominación da compañía ourensá Sarabela aos premios “Max” de teatro, na categoría de mellor espectáculo revelación coa súa obra *Sexismunda*. Ademais, infórmase das próximas representacións da compañía en Asturias, Cáceres, Madrid e Badaxoz, coa obra *O lapis do carpinteiro*.

- Ana Martínez, “Tres dramaturgos defienden la actual descentralización del arte escénico”, *ABC*, “Cultura”, 28 marzo 2002, p. 42.

Alúdese aos premios Max, aos que foron nominados profesionais galegos do teatro como Roberto Vidal Bolaño, por *Mar Revolto*; Cándido Pazó, por *Ñiki, ñaque*; e Elena Seija, candidata ao premio revelación por *Sexismunda.* Recóllense as palabras de Vidal Bolaño quen opina sobre a inxustiza dos premios, xa que non responden á realidade escénica actual. Fai un chamamento para que o traballo realizado noutras linguas teña cabida nalgún dos galardóns destes premios. Finalmente, o Conselleiro de Cultura, Jesús Pérez Varela, reiterou o compromiso da Xunta para a potenciación do teatro galego cun investimento de tres millóns de euros.

- Sofía de Benito, “Tres compostelanos por un Max”, *La Voz de Galicia*, “Agenda de Santiago”, 28 marzo 2002, p. 15.

Breve referencia a que os autores dramáticos compostelláns Roberto Vidal Bolaño con *Mar revolto*, Eduardo Alonso con *Alta comedia* e mais Cándido Pazó con *Ñike Ñaque* optan este ano a un dos premios “Max” das Artes Escénicas e Musicais da SGAE no apartado dedicado ao mellor dramaturgo en lingua galega.

- A. N. T., “Candido Pazó: ‘Non é máis importante un premio *Max* que un *María Casares*”, *A Nosa Terra*, nº 1031, “Fin de semana”, 25 abril-1 maio 2002, p. 35.

Conversa co actor e escritor Cándido Pazó na que fala da súa obra *Ñiqui Ñaque*, pola que recibiu o premio “Max” da Sociedade de Autores. Define a peza como unha “pateticomedia”, xa que os protagonistas son dous personaxes patéticos que viven de enganar a xente, e sinala que obter dito premio é moi satisfactorio, aínda que el sente máis aprecio polo María Casares. Considera que os espectáculos de pequeno formato son unha

saída para o teatro galego e indica que se sente moi cómodo traballando como contacontos.

-E. P., “Compostela acogerá en mayo la sexta edición de los Max”, *El Correo gallego*, “Cultura”, 30 novembro 2002, p. 75.

Fai referencia ao “protocolo” asinado polo Conselleiro de Cultura Pérez Varela, e Francisco Galindo, representante da promotora dos premios “Iberautor Promociones Culturais”, polo que a entrega dos “Max” terá lugar no Auditorio de Galicia de Santiago o cinco de maio. Recolle a opinións destes ao respecto e salienta numerosos aspectos desta edición, tales como categorías, datas de elección, etc.

-Concha Pino, “La gala de los Premios Max se celebrará en Santiago el 5 de mayo”, *La Voz de Galicia*, 30 novembro 2002, p. 48.

Dá noticia da sinatura do acordo polo que os “Max” se entregarán en Galicia. Refírese a algunhas características destes premios e salienta o elevado número de candidaturas.

Asemade, lembra que Cándido Pazó e Roberto Vidal Bolaño foron galardoados en edicións anteriores.

X. 4. Investigación

XVIº Premio literario "**Ánxel Fole**"

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín e o xornal *El Progreso* dende 1987 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega, sendo o personaxe elixido nesta edición Fiz Vergara Vilariño. Os orixinais deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos, mecanografados a dobre espacio, e teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ao Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ao xornal *El Progreso*. Está dotado cun único premio indivisible de 6.000 € e a publicación da obra. O dictame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocatorias, realízase na primeira quincena de maio coincidindo cocabodano do falecemento de Ánxel Fole. O prazo de admisión de orixinais remata o 31 de marzo e a este premio non poderán concorrer os redactores de *El Progreso*. Os orixinais non premiados non lles serán devoltos aos seus autores e as entidades convocatorias non

manterán correspondencia sobre os mesmos. Na edición do 2002 o xurado estivo constituído por José de Cora Paradela, Manuel María, Xesús Alonso Montero e Luís Asorey, actuando como secretario José Ramón Soilán. O traballo gañador foi *Fiz Vergara Vilariño, o poeta de Lóuzara* de Luís Celeiro.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Lois Celeiro, gañador do ‘Ánxel Fole’ descubrindo ó Fiz Vergara narrador”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 9 maio 2002, p. 82.

Informa de que na décimo sexta edición do Premio “Ánxel Fole”, o xurado fixo recaer por unanimidade o galardón no Xefe do Gabinete de Comunicación da USC Lois Celeiro polo seu ensaio dedicado a analizar a vida e obra de Fiz Vergara Vilariño. Destaca ademais que o voceiro do xurado, Xesús Alonso Montero, adiantou que a próxima edición deste premio estaría dedicada ao viveirense Antón Vilar Ponte.

-Jaureguizar/AGN, “Lois Celeiro gaña o ‘Ánxel Fole”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 9 maio 2002, p. 62.

Comenta que a decisión do xurado encargado de dictaminar a décimo sexta edición do Premio “Ánxel Fole” foi unánime e que o galardón recaeu en Lois Celeiro, Xefe do Gabinete de Comunicación da Universidade de Santiago. Faise eco ademais dalgúns comentarios dos membros do xurado tanto sobre o ensaio gañador como sobre a figura de Fiz Vergara.

-A. N. T., “Luís Celeiro. ‘Fiz Vergara é dos grandes da poesía”, *A Nosa Terra*, nº 1.033, “Fin de Semana”, 9-15 maio 2002, p. 35.

Entrevista na que o gañador do Premio “Ánxel Fole” fala sobre o traballo co que conseguiu o galardón. Destaca, entre outras cousas, que se trata dun traballo xornalístico, que nel se trata sobre distintas obras de Fiz Vergara Vilariño e que mesmo inclúe unha entrevista dunhas vinte páxinas feita a este autor. Salienta ademais que este é un autor valorado polos grandes poetas contemporáneos, pero que non é suficientemente coñecido.

Iº Premio de investigación “**Bouza Brey**”

Premio creado polo Concello de Ponteareas para conmemorar o centenario do nacemento do poeta Fermín Bouza Brey e co que se quere premiar traballos inéditos que versen sobre temas tratados polo intelectual galego como a arqueoloxía, a arte, etnografía, historia ou literatura da comarca do Condado. O prazo de presentación de traballos remata o 23 de outubro. Os traballos, que non teñen límite de extensión, presentaranse por quintuplicado e baixo plica na que figure unha copia do DNI do autor, os datos persoais , enderezo e teléfono. As obras enviaranse ao Museo Municipal de Ponteareas (R/ Gabino Bugallal 56, 36860 Ponteareas). Establécese un único premio indivisible que poderá quedar deserto se así o decide o xurado, cunha contía de 2.000 € e a publicación da obra, na que o autor renuncia aos seus dereitos correspondéndolle trinta exemplares da primeira edición. O xurado estará formado pola alcaldesa de Ponteareas, un representante do Consello da Cultura Galega, outro do Instituto de Estudios Galegos “Padre Sarmiento”, así como da Universidade de Vigo e do Consello Galego de Museos e o director do Museo de Ponteareas que actuará como secretario. A entrega terá lugar en Ponteareas o día 31 de

marzo de 2002 coincidindo coa data de nacemento de Fermín Bouza Brey y Trillo. A obra premiada foi *Muíños do Xabriña*, da autoría de Gonzalo Pagán Vázquez. Ademais durante o 2002 convocouse a segunda edición deste premio podendo presentarse traballos ata o 13 de decembro nas oficinas do Museo Municipal.

Referencias varias:

- D. R., “Ponteareas entrega hoy a Gonzalo Pagán el premio ‘Bouza Brey”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, 21 marzo 2002, p. 22.

Dá conta de que o concello de Ponteareas entregará o primeiro premio de investigación “Fermín Bouza Brey” ao estudioso Gonzalo Pagán Vázquez polo seu traballo sobre os muíños. Destaca que o xurado salientou deste traballo a súa contextualización xeográfica e histórico-social e ofrécense algúns apuntamentos sobre o contido deste estudio.

- Gabino Porto, “El premio Bouza Brey de investigación será convocado de nuevo”, *Faro de Vigo*, “Condado/O Morrazo”, 22 marzo 2002, p. 13.

Faise eco da entrega deste premio gañado por Gonzalo Pagán Vázquez co traballo *Os muíños do Xabriña*, no que fai un inventario dos muíños deste río. Lembra a dotación do premio, convocado polo Concello coa intención de conmemorar o centenario do nacemento nesta vila de Fermín Bouza Brey, destaca a pouca asistencia de público ao acto e recolle as palabras de agradecemento do gañador, así como as da alcaldesa de Ponteareas, nas que afirma que o compromiso do Concello co escritor Fermín Bouza Brey levará ao concello a seguir convocando o premio que espera contribúa ao mellor coñecemento da nosa terra e no que desexa que aumente a participación na vindeira convocatoria.

IVº Premio “**Dámaso Alonso**” de investigación filolóxica

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egrexio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio estará dotado coa suma de 6.010 € que o autor da obra galardoada recibirá do Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Poderán concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre cento cincuenta e douscentos cincuenta follas tamaño DIN-A-4, escritas mecanicamente a dobre espacio e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que deberán ser enviados por quintuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago). Os exemplares irán acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debe ter aínda os trinta anos de idade. A lingua das obras de investigación filolóxica poderá ser o

galego ou o castelán e o tema corresponderase cos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudios lingüísticos peninsulares, estudios e ensaios histórico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura, historia da crítica literaria. O xurado, presidido polo Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa en quen delegue, estará formado ademais por catro filólogos nomeados pola Universidade que convoca o premio, e actuará como secretario, con voz e sen voto, unha persoa designada polo Alcalde de Ribadeo. A reunión do xurado terá lugar no Concello de Ribadeo ou na Universidade de Santiago de Compostela nun día do mes de xuño de 2002, no que se fará público o dictame e o nome do premiado. A obra será editada polo Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela con tempo suficiente para ser presentada o 22 de outubro, data do nacemento de Dámaso Alonso en 1898, ou en datas próximas. No acto de presentación, organizado polo Grupo Voz, o autor recibirá así mesmo o premio. Nesta edición, o xurado estivo formado por Darío Villanueva Prieto, que actuou como presidente, Guillermo Rojo Sánchez, Antón Santamarina, Luís Iglesias Feijoo e Carmen Parrilla, actuando como secretario o concelleiro de Cultura de Ribadeo, Manuel Valín Valdés. De entre as oito obras presentadas a concurso, o gañador foi o

investigador catalán Jordi Juliá coa obra *La Perspectiva Contemporánea. Ensayos de teoría de la literatura y literatura comparada*.

Referencias varias:

-Xosé María Palacios, “O investigador catalán Jordi Juliá gaña o cuarto premio Dámaso Alonso”, *La Voz de Galicia*, 8 xuño 2002, p. 31.

Dá conta da resolución do xurado e da valoración feita do traballo galardoado. Por outro lado, refírese á data de entrega do premio e á convocatoria da quinta edición.

IIº Premio “**Ramón Piñeiro**” de Ensaio

A Editorial Galaxia, convocou por primeira vez este premio no ano 2001 con motivo do cincuentenario e co propósito de estimular a reflexión dende Galicia. Nel poden participar todas aquelas persoas, que presenten escritos orixinais e inéditos en lingua galega, segundo a normativa vixente. A extensión dos traballos abranguerá entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espacios. Deberán ser presentados por quintuplicado, en formato DIN A4, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. O tema dos ensaios será libre e os traballos deberán evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estrictamente académico. Os orixinais enviaranse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (R/ Reconquista, 1, 36201 Vigo), indicando no sobre “II Premio “Ramón Piñeiro” de Ensaio”. Establécese un único premio, consistente en 3.005 € e unha escultura conmemorativa, que será outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección “Ensaio”. Na súa primeira edición gañara Basilio Lourenço, que este ano formou parte do xurado xunto a Víctor Freixanes, Félix Quintero,

Xaime Illa Couto e Damián Villalaín, que actuou como secretario. O galardoado nesta segunda edición foi Anxo A. Rei Ballesteros coa obra *Tempo e vinganza*.

Referencias varias:

- Belén López, “Basilio Lourenço recibe en Santiago o premio de Ensaio Ramón Piñeiro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 15 marzo 2002, p. 69.

Preséntase o gañador do Premio de Ensaio “Ramón Piñeiro” na súa primeira edición, Basilio Lourenço, e faise unha pequena achega ao traballo co que mereceu este premio, salientando ademais que se trata da súa primeira obra individual.

- AFA, “Casares volve unir”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 marzo 2002, p. 31.

Refírese á celebración da entrega do Premio de Ensaio “Ramón Piñeiro” correspondente á súa primeira edición e que recaeu no traballo *A submisión das masas* do profesor vigués

Basilio Lourenço. Así mesmo, dá conta de que foron presentadas as bases correspondentes á segunda convocatoria, aberta ata o 14 de xuño de 2002.

-Concha Pino, “A entrega do premio ‘Ramón Piñeiro’ converteuse nunha homenaxe a Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 marzo 2002, p. 26.

Referencia ao acto celebrado con motivo da entrega do primeiro Premio de Ensaio “Ramón Piñeiro” en Compostela, na que sinala que asistiron numerosas personalidades da vida social e cultural galega e que se converteu nunha homenaxe ao galeguista que lle dá nome ao premio e a Carlos Casares. Dá conta tamén de que este galardón foi para o profesor e filósofo pontevedrés Basilio Lourenço.

- Francisco Pérez Lorenzo, “Homenaxe a Casares na entrega do I Premio Ramón Piñeiro de Ensaio”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 marzo 2002, p. 74.

Coméntase o acto que tivo lugar no Hostal dos Reis Católicos con motivo da entrega do Premio “Ramón Piñeiro” de Ensaio que foi para o pontevedrés Basilio Lourenço polo seu

traballo *A submisión das masas*. Salienta tamén que o acto se converteu nunha homenaxe ao recentemente falecido director da editorial Galaxia, Carlos Casares.

- Xulio Válcárcel, “II Premio Ramón Piñeiro”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 208, 2 xuño 2002, p. 4.

Informa sucintamente da convocatoria do certame, organizado pola editorial Galaxia, e recolle algúns puntos das bases.

-A. Mauleón/C. Villar, “Rei Ballesteros logra el Premio de Ensayo Ramón Piñeiro por ‘Tempo e vinganza”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 setembro 2002, p. 38.

Comunica o dictame do xurado por unanimidade do Premio de Ensaio “Ramón Piñeiro” que concede a Editorial Galaxia por segundo ano, e que recaeu na obra de Anxo A. Rei Ballesteros *Tempo e vinganza*. Tamén dá conta das dúas novelas gañadoras do Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova, *El héroe de Duranza*, de Juan Gómez, e *OTMA Nicolaievna,* de Raquel Campos.

- E. P., “Rei Ballesteros faise co ‘Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 20 setembro 2002, p. 76.

Dá conta da concesión do premio Ramón Piñeiro de Ensaio na súa segunda edición á obra de Anxo A. Rei Ballesteros da Pobra do Caramiñal, *Tempo e Vinganza*, dotado de 3.005 €, e que concede Galaxia co patrocinio de Unión Fenosa.

- Europa Press, “Anxo Rei Ballesteros gaña con ‘Tempo e vinganza’o ‘Ramón Piñeiro’ de ensaio”, *El Progreso*, “Cultura”, 20 setembro 2002, p. 83.

Recolle o dictame da IIª edición do Premio “Ramón Piñeiro” de Ensaio que recaeu por unanimidade no escritor Anxo Rei Ballesteros coa súa obra *Tempo e vinganza* que presentou baixo o lema “Hamlet”.

- Jorge Lamas, “Anxo Rei Ballesteros gaña o premio Ramón Piñeiro de Ensaio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 setembro 2002, p. 50.

Dá conta do gañador do Premio “Ramón Piñeiro” de Ensaio, Anxo Rei Ballesteros, pola súa obra *Tempo e vinganza*, que conta cunha dotación de 3.005 €.

IIº Premio de ensaio “**Sempre en Galiza**”

Convócao o Concello de Pontevedra en colaboración con Caixa Galicia para conmemorar o día do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e destacar os aspectos esenciais do seu pensamento e a súa práctica política. Pódense presentar obras de carácter ensaístico que traten sobre calquera tema relacionado coa realidade social, cultural, económica ou política de Galicia. Estas deben estar escritas en lingua galega, mecanografadas a dobre espacio por unha soa cara, ser inéditas e non premiadas anteriormente. A contía do premio é de 12.000 € e os traballos deben enviarse por quintuplicado ao Concello de Pontevedra (Praza de España, s/n., 36002) antes do 30 de novembro de 2002. A entrega do galardón farase durante o primeiro trimestre de 2003.

Referencias varias:

- M. J., “Sempre en Galiza, outra forma de comprometerse co país”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 17 setembro 2002, p. 61.

Presentación das bases do Premio de Investigación “Sempre en Galicia” por parte do concelleiro de Cultura Luís Bará e a coordinadora da Obra Social de Caixa Galicia, María Encinas.

VIIº Premio “**Vicente Risco**” de antropoloxía e ciencias sociais

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Está dotado con 6.010 € e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta ou máxima de trescentos folios a dobre espacio, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (Apartado de Correos 2096, 15780 Santiago) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está constituído por membros do mundo da cultura e representantes dos concellos. A súa composición darase a coñecer na primeira quincena do mes de decembro de 2001 e a súa decisión, que será inapelábel, na segunda quincena de xaneiro de 2002. Deste modo, nesta convocatoria realizada no ano 2001, resultou gañador o traballo de Anxo Fernández Ocampo titulado *A esperanza bretona á luz dos estudios de traducción*, por decisión do xurado composto por Antonio Blanco Rodríguez (en representación do Concello de Allariz), Fernando Acuña Castroviejo (en representación do

Concello de Castro Caldelas), Luis Martínez-Risco Daviña e Óscar Freán Hernández (ambos en representación da Fundación Vicente Risco), e Francisco Fernández Rei (en representación da Fundación Sotelo Blanco, que actuou como secretario). Ademais durante o ano 2002 fíxose pública a convocatoria da oitava edición con data límite para a entrega de traballos o 30 de novembro.

Referencias varias:

- AFA, “A esperanza bretona”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 febreiro 2002, p. 18.

Revela quen foi o gañador do VIIIº Premio “Vicente Risco” de Ciencias Sociais, o profesor de Filoloxía da Universidade de Vigo, Anxo Fernández Ocampo, co ensaio titulado *A esperanza bretona á luz dos estudios de traducción*, que recibirá o galardón nun acto que terá lugar na primavera en Castro Caldelas.

- M. R., “Fernández Ocampo recibe el VI Premio Vicente Risco”, *ABC*, “Cultura”, 17 febreiro 2002, p. 46.

Refírese ao vigués Anxo Fernández Ocampo e á súa obra *A esperanza bretona á luz dos estudios de traducción*, gañadora por unanimidade do VIº premio "Vicente Risco" de Ciencias Sociais dotado con algo máis de 6.000 € e que supón ademais a súa publicación pola editorial Sotelo Blanco.

- E. P., "Fernández Ocampo recibe mañana el Vicente Risco", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 maio 2002, p. 75.

Presentación da obra gañadora do Premio "Vicente Risco" de Ciencias Sociais *A Esperanza Bretona á Luz dos Estudios de Traducción*, de Fernández Ocampo que acadou o galardón por unanimidade do xurado do certame, quen destacou a "originalidad metodológica en el enfoque del tema de la Bretaña".

- E. P., "O 'Vicente Risco' a Fernández Ocampo"/"O 'Vicente Risco' de Ciencias Sociais premia o enfoque da Bretaña de Fernández Ocampo", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 26 maio 2002, p. 49/p. 76.

Recolle brevemente o acontecido durante o acto da entrega do premio “Vicente Risco” de Ciencias Sociais 2001 que o xurado outorgou á obra *A esperanza bretona á luz dos estudios de traducción*, xa que valoraron “a actualidade dun tema recorrente na historia da cultura galega” e “a orixinalidade do enfoque da cuestión da Bretaña”.

-Xesús Losada, “O mundo da cultura citouse en Castro Caldelas”, *La Región*, “Premio Vicente Risco”, 27 maio 2002, p. 14.

Dá conta do acto celebrado con motivo da entrega do Premio “Vicente Risco” de Ciencias Sociais en Castro Caldelas que foi para a obra de Anxo Fernández Ocampo e que deu cita a coñecidos escritores, escultores, profesores e representantes políticos.

- Xesús Losada, “Dous concellos para un premio”, *La Región*, “Premio Vicente Risco”, 27 maio 2002, p. 15.

Informa sobre os cambios na convocatoria do premio de Antropología de Ciencias Sociais "Vicente Risco", que a partir deste ano será celebrado alternativamente polos concellos de Allariz e Castro Caldelas, o cal nos seus inicios era convocado pola Editorial Sotelo Blanco e mais o concello caldelao. Fala tamén do actual gañador, Anxo Fernández Ocampo, ao que se lle concedeu o premio pola "orixinalidade metodolóxica do tema da Bretaña".

- Alfredo Conde, "Por Castro Caldelas", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 4 xuño 2002, p. 4.

O autor fala de Castro Caldelas con motivo da súa visita a este lugar pola entrega do VIº Premio "Vicente Risco" de Ciencias Sociais ao vigués Anxo Fernández Ocampo, co traballo *A esperanza bretona á luz dos estudios de traducción*.

Premio de investigación “**Xohana Torres**”

A Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela convoca dende 1993 este premio ao que poden concorrer mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación. Os traballos presentados referiranse a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade: sociolóxico, humano, histórico, etc. Estarán escritos en lingua galega e mecanografados a dobre espacio e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema e acompañados cun sobre pechado co mesmo lema no que se inclúan os datos das participantes. A partir do ano 2001 a contía do premio pasou das 1.800 € iniciais a 3.000 € para o único traballo premiado. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril). Neste ano 2002 o xurado, composto por Encarna OteroCepeda (presidenta), Mar Bernal Rivas, Marta Álvarez Montes, Rita Ralfp e Javier Castiñeira Izquierdo, premiaron o traballo presentado baixo o lema de “Rosalía xa non chora” e desenvolvido co título de *Esquecidas pola historia: as mulleres compostelás entre 1890 e 1936*.

Referencias varias:

- E. P., “Por elas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 marzo 2002, p. 33.

Ver Uvegá Teatro: *Mulleres*, no apartado III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais deste *Informe*.

X. 5. Mixtos (Varias modalidades)

XVIIº Premio "**Antón Losada Diéguez**"

Convocado dende 1985 polos Concellos de Boborás e O Carballiño e pola Deputación de Ourense. Está dotado con 6.000 € e consta de dúas modalidades, creación literaria e investigación, que serán premiadas con 3.000 € cada unha delas. Son merecentes do premio as obras publicadas o ano anterior e teñen que ser presentadas polas editoras. Compoñen o xurado un representante de cada entidade convocatoria, un membro da Real Academia Galega, do Consello da Cultura, do Museo do Pobo Galego e das Cátedras de Lingua e Literatura Galega das Universidades de Santiago, Vigo e A Coruña. Entrégase o premio nun acto literario que se celebra no mes de xuño no pazo da familia Losada en Boborás. Nesta edición participaron vintesete obras literarias e vintecatro de investigación, das que as obras gañadoras foron *Eclipse* (2001), de Xavier Rodríguez Baixeras, na modalidade de creación literaria e *Escolantes e escolas de ferrado* (2001), de Narciso de Gabriel, na de investigación.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, “Las bases del ‘Losada Diéguez’ aún fijan el premio en pesetas”, *La Región*, “Carballiño”, 10 xaneiro 2002, p. 14.

Informa da convocatoria da XVII[ª] edición do premio, salientando que as bases non variaron o seu contido con respecto a outros anos. Dá a coñecer tamén as datas relativas á resolución e entrega do premio e a do prazo límite de recepción de traballos.

-X. A. Reboiro, “Medio centenar de obras literarias optan a conseguir el premio ‘Losada Diéguez”, *La Región*, “Carballiño”, 26 abril 2002, p. 15.

Alude á próxima xuntanza do xurado deste certame na que se darán a coñecer os gañadores. Apunta, así mesmo, algunhas características do premio e destaca o número de candidatos desta edición. Remata referíndose á data e lugar de entrega dos galardóns.

- AFA, “Dezasete anos coas letras”, *O Correo Galego*, “AFA”, 28 abril 2002, p. 49.

Informa da resolución do xurado da XVII[a] edición do premio “Antón Losada Diéguez”. Achega as conclusións ás que chegou este para premiar as obras gañadoras e remata facendo referencia á data de entrega dos galardóns.

- EFE, “O poeta Rodríguez Baixeras, gañador do ‘Losada Diéguez”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 30 abril 2002, p. 91.

Dá a coñecer o nome dos gañadores do premio e alude ás obras premiadas, deténdose especialmente en *Eclipse*, de Rodríguez Baixeras. Apunta desta certos aspectos que influíron na decisión do xurado e realiza unha breve presentación do autor.

-Carme Paradela, “Unha lección sobre a terra nos premios Losada Diéguez”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xuño 2002, p. 37.

Describe o protocolo da entrega da última edición deste certame.

Premio da **Asociación de Escritores en Lingua Galega**

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. O premio non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que deben elixir a mellor obra literaria do ano pasado. Algúns autores distinguidos con este premio foron Manuel Rivas ou Xosé Luís Méndez Ferrín. No 2002 concedéuselle este galardón a Manuel María polos dous volumes da súa *Obra poética completa* (2001).

Referencias varias:

-AGN, "O poeta Manuel María, premiado pola Asociación de Escritores", *El Progreso*, "Cultura y comunicación", 23 setembro 2002, p. 67.

Anuncia a obra escollida como merecedora do premio que outorga a Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Obra Poética Completa*, pertencente ao escritor Manuel María.

- Miguel Sande, “Vello poeta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura” 28 setembro 2002, p. 46.

Dá conta do máximo galardón, o AELG, outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega ao considerado mellor libro publicado no ano 2001 que recaeu na *Obra poética completa* de Manuel María polo que recibiu unha pluma estilográfica de ouro gravada.

- AFA, “Os anos dourados”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 outubro 2002, p. 31.

Destaca que Manuel María é o primeiro poeta que ve publicada a súa obra completa, que entrou na Real Academia Galega despois de ser proposto varias veces e que conseguiu os premios da Crítica e o da Asociación de Escritores. Así mesmo, lembra os seus inicios na literatura citando algúns dos seus primeiros títulos.

Iº Premio literario “**Benito Soto**”

Homenaxeando ao popular Benito Soto, figura altamente representativa da cidade de Pontevedra, convócao a Asociación de Librerías de Pontevedra coa finalidade de potenciar tanto a lingua galega coma os seus escritores. O galardón deste premio, que non ten dotación económica, consiste en que o autor premiado poida exhibir o seu libro en todos os escaparates das librerías de Pontevedra durante un ano. Neste premio participan as obras escritas en galego que foran publicadas o ano anterior á data deste premio, e que entre as súas características estean as de ser un libro de espallamento, que comente novas vivencias, que sexa entretido e que divulgue valores novos. Así mesmo, sen descoidar a calidade literaria e os valores das obras, búscase premiar aqueles traballos que satisfagan mellor o gusto dunha maioría posíbel de lectores. Nesta primeira edición premiouse a Carlos G. Reigosa pola súa obra *Narcos* (2001).

XXVIIIº Certame literario do “**Concello de Vilalba**”

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este Certame literario dende 1984 para premiar o mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado con 3.000 € e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 900 €, diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado onde consten os datos persoais do autor e baixo plica, teñen que enviarse ao Concello de Vilalba. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios. A súa composición non se coñece ata o momento do resultado. Nesta edición a admisión de traballos rematou en xullo, o dictame do xurado deuse a coñecer en agosto e a entrega de premios foi o 30 dese mesmo mes. O xurado, composto por Ana Chao Villarino, como presidenta, Bernardo García Cendán, Félix Villares e Xulio Xiz Ramil, decidiu que o premio de narrativa quedase deserto e que o de poesía fose *ex aequo* para Xoán Neira e Bernardino Graña por *O derradeiro herdeiro* e *Aos bandazos*, respectivamente. Ademais o xurado outorgou un accésit con diploma de honra a María Xosé Fernández Lamas por *Cartafol de nostalxias*.

XXV[os] Premios da "**Crítica de Galicia**"

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Institúense co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizarán (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade son da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrezan as achegas que se consideren, haberá de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se darán a coñecer no decurso dun acto público que se celebrará o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxirán á producción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio será un e indivisíbel, podendo quedar deserto. Todas as producción s que se consideren merecedoras de premio terán que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica

Galicia, antes do 1 de marzo, inmediatamente precedente á data da decisión do xurado. Este, aténdose así mesmo aos períodos fixados, poderá incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O xurado de cada modalidade compoñerase de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designará un presidente entre eles que terá a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliará ao presidente e demais membros do xurado, redactará e lerá a acta no acto de entrega dos premios. Os membros de cada xurado terán que ser persoas de recoñecida competencia, alomenos nun sector da modalidade do premio, e non deberán ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes, e ademais aceptar estas bases. Todos os xurados quedarán nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros terán que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se vaian cualificar, correspondéndolles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais, que serán inapelábeis, tomaranse nunha sesión de traballo que se celebrará o mesmo día da entrega do premio e permanecerán secretas mentres os secretarios non dean lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da “Crítica Galicia” abranguen as modalidades

seguintes: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluída o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atinxe esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos nos que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas –preferente, pero non exclusivamente– da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas producción de transmisión, comunicación ou expresión que se articulan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais. Nesta modalidade enxergaranse todos aqueles feitos ou labores

que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan vixentes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se estime merecente dela. Neste ano 2002 os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes:

-"Investigación": Narciso de Gabriel por *Escolantes e escolas de ferrado*, traballo que recoñeceu o xurado formado por Ramón Villares, Manuel Gómez, Nemesio Barxa, José García Losada, Andrés Precedo, Teresa García Sabell e Alba Nogueira.

-"Ensaio e Pensamento": Olivia Rodríguez González por *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* (2001). O xurado que outorgou este galardón estivo constituído por Xosé L. Barreiro, Salomé Álvarez, Xosé Ramón Cólera, César Cunqueiro, Manuel Quintás e Pilar Allegue.

-“Creación Literaria”: Manuel María pola súa *Obra poética completa* (2001), editada por Espiral Maior. O xurado deste apartado estivo formado por Ramón Lorenzo, Xosé Manuel Villanueva Prieto, Juan Soto Gutiérrez, Isabel Soto López, José María Paz Gago, Dolores Vilavedra e Luís Alonso Girgado.

-“Iniciativas Culturais”: Pobos do Couto Mixto por recuperar a súa autoestima e memoria histórica, por favorecer a convivencia entre Galicia e Portugal e por recuperar unha manifestación da riqueza e complexidade antropolóxica de Galicia.

-“Ciencias e Artes da Representación”: Leopoldo Novoa, artista plástico pontevedrés premiado pola coherencia da súa traxectoria artística, a transgresión da súa obra e pola súa traxectoria internacional.

-“Música”: Henrique Otero pola súa dedicación á gaita. Nesta modalidade o xurado fixo ademais unha mención honorífica póstuma ao labor e persoa de Suso Vaamonde.

-“Galego Egrexio”: Carlos Casares Mouriño. Outros galardoados con anterioridade foran Francisco Fernández del Riego, Xosé Filgueira Valverde, Andrés Torres Queiruga, Daniel García Ramos, Isaac Díaz Pardo, Basilio Losada, Milladoiro, a Editorial Galaxia e Olegario Sotelo Blanco.

Referencias varias:

- Belén López, “A Fundación Premios da Crítica nomea Galego Egrexio 2002 a Carlos Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura & Ocio”, 16 marzo 2002, p. 61.

Dáse conta do nomeamento póstumo de Carlos Casares como “Galego Egrexio” 2002 por parte da Fundación Premios da Crítica. Recóllense declaracións dos responsábeis nas que se destaca que xa se estaba pensando en outorgarlle este galardón en vida pero que, ao producirse o falecemento de Casares, a decisión tomouse rapidamente. Tamén se recollen os tres motivos fundamentais para este nomeamento de Carlos Casares, que son a súa “constante participación, como xestor, a prol da cultura e da identidade do país”, a súa “condición de escritor notabilísimo no contexto da recuperación cultural de Galicia despois

dos anos escuros" e a súa "bonhomía e capacidade de relación lúdico-afectiva". Asemade destacan a grande preocupación do autor de *Ilustrísima* por crear unha obra monolingüe en galego.

- E. P., "A 'Fundación Premios da Crítica' nomea Galego Egrexio ó autor de 'Vento Ferido", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 marzo 2002, p. 74.

Breve nova na que se recolle o nomeamento do recentemente finado Carlos Casares como "Galego Egrexio" por parte da Fundación Premios da Crítica. Ademais da súa faceta como escritor, esta fundación considerou para este nomeamento a "constante participación, como xestor, a prol da cultura e identidade de Galicia", o feito de ter fundado e presidido o PEN Club de Galicia, ter sido xerente da Editorial Galaxia e ter presidido o Consello da Cultura Galega. Sen embargo, neste artigo dáse a entender que o motivo final desta homenaxe a Carlos Casares foi "o seu inquebrantable compromiso coa lingua galega [que] fixo que, tanto a súa vida como a súa obra, fose monolingüe".

- Europa Press, “A Fundación Premios da Crítica nomea ‘Galego Egrexio’ a Casares”, *El Progreso*, “Cultura”, 16 marzo 2002, p. 91.

Nova do nomeamento póstumo de Carlos Casares como “Galego Egrexio” por parte da Fundación Premios da Crítica, quen acordou isto pola “constante participación, como xestor, a prol da cultura e identidade de Galicia”, ademais de ter sido o fundador e presidente do PEN Club de Galicia, xerente da Editorial Galaxia e presidente do Consello da Cultura Galega.

- L. R., “La Fundación ‘Premios da Crítica’ nombra ‘Galego egrexio’ a Carlos Casares”, *La Región*, “Ourense”, 17 marzo 2002, p. 12.

Fálase da decisión da fundación Premios da Crítica de nomear a Carlos Casares como “Galego Egrexio” en base ao seu labor pola cultura e literatura galegas, ademais de consideralo como un escritor “notabilísimo” e de ter en conta a súa “bonhomía e capacidade de relación lúdico-festiva”. Por outro lado, tamén se destaca que a comisión de Cultura do Concello de Xinzo está a estudiar novos nomeamentos honorarios para Carlos

Casares e para a pintora Carmen Nóvoa, ambos expoñentes da cultura limiá falecidos recentemente. Tamén se baralla a posibilidade de dar os seus nomes a rúas ou prazas da comarca.

- A. S., "A Fundación Premios da Crítica nomea Galego Egrexio a Carlos Casares", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 abril 2002, p. 46.

Destaca que no ano no que os Premios da Crítica cumpren xa a súa XXV edición, o nomeamento de "Galego Egrexio" é para Carlos Casares. Ademais sinala que se prepara un acto cultural amplo que se celebrará no centro Cultural Caixanova, e no que se lembrará cada unha das edicións pasadas, destacando tamén que o premio non é monetario senón de recoñecemento social.

-M. G., "Renóvanse os Premios da Crítica de Galicia que chegan ó 25 aniversario con nova imaxe"/"Los Premios da Crítica de Galicia se renuevan al cumplir veinticinco años", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura", 20 abril 2002, p. 30/p. 76.

Faise eco do acto literario que terá lugar o vindeiro día 4 de maio no Centro Cultural de Caixanova en Vigo, con motivo do cumprimento do XXV aniversario da existencia dos “Premios da Crítica de Galicia”, durante o cal se fará entrega dos premios correspondentes a esta edición e do galardón “Galego Egrexio”.

- R. Carrera, “Casares será nomeado ‘Galego Egrexio’ a título póstumo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 abril 2002, p. 17.

Recóllense as declaracións feitas en rolda de prensa pola Fundación Premios da Crítica, que en poucos días celebrará o acto de entrega dos premios correspondentes a esta edición 2002, a cal se corresponde co XXV aniversario. Sinala que se prepara un acto literario que se desenvolverá no Centro Cultural Caixanova e salienta que este ano o galardón de “Galego Egrexio” é para o escritor e presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, falecido recentemente.

- B. R. Sotelino, “Os premios da Crítica cumpren 25 anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 abril 2002, p. 34.

Percorrido pola historia dos Premios da Crítica de Galicia con motivo da súa XXVª edición, na cal, un xurado especializado e elixido pola Fundación dos Premios é o encargado de elixir a aquelas persoas que consideran destacadas ao longo de cada ano nos campos da investigación, creación literaria, ensaio e pensamento, ciencias e artes da representación, música e iniciativas culturais, así como o nomeamento de "Galego Egrexio".

- Alberto Quián, "Sen concienciación haberá retraso na recuperación da identidade galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 2 maio 2002, p. 31.

Entrevista realizada a Xosé González Martínez, presidente da Fundación dos Premios da Crítica de Galicia, con motivo da celebración do vintecinco aniversario destes premios. Xosé González destaca que os premios, dende o seu nacemento en 1978, "son un referente moi importante no calendario cultural galego", e que os obxectivos da fundación son o da defensa da lingua e da cultura galega, á vez que a promoción da autoestima, que considera ameazados "globalización e o retraimento en determinados sectores sociais".

- Alberto Quián, “Os premios da Crítica recoñecen ó escritor Manuel María e ó artista Leopoldo Nóvoa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 maio 2002, p. 44.

Recolle os gañadores dos “Premios da Crítica de Galicia” nas distintas categorías existentes. Sinala que en Creación Literaria recoñeceuse a Manuel María, en Ensaio e Pensamento a Olivia Rodríguez, en Investigación ao artista Leopoldo Nóvoa, en Música ao gaiteiro Henrique Otero Covelo e en Iniciativas culturais aos pobos que se denominan o Couto Mixto. Por outra parte, di que o premio “Galego Egrexio” foi a título póstumo para o escritor Carlos Casares, e a mención honorífica que fixo o xurado foi para o tamén falecido Suso Vaamonde.

- Jorge Lamas, “A entrega dos premios da Crítica convírtese nunha homenaxe a Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 maio 2002, p. 28.

Describe o acto de entrega dos “Premios da Crítica de Galicia” que recaeron nos profesores Narciso de Gabriel e Olivia Rodríguez, o gaiteiro Henrique Otero, o poeta Manuel María, o artista Leopoldo Nóvoa e os pobos do Couto Mixto. Remata indicando que

a distinción de “Galego Egrexio” foi para o escritor ourensán, recentemente falecido, Carlos Casares.

-Maite Gimeno, “La viuda de Carlos Casares agradece el ‘Galego Egrexio”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 5 maio 2002, p. 75.

Destácase de todo o acto de celebración da XXV edición dos “Premios da Crítica de Galicia” a entrega do galardón de “Galego Egrexio” ao escritor recentemente falecido Carlos Casares, representado no acto pola súa muller Cristina Berg, quen agradeceu non só esta distinción, senón tamén o cariño recibido por tantos amigos.

- R. C., “Premios da Crítica destaca a Manuel María e ó gaiteiro Henrique Otero”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 maio 2002, p. 14.

Artigo centrado no acto de entrega dos “Premios da Crítica Galega”, do que destaca a ampla asistencia de persoeiros de diferentes ámbitos da cultura galega. Percorre a listaxe de galardoados, como os pobos do Couto Mixto (Iniciativas Culturais), o escritor Manuel

María (Literario) ou a estudiosa Olivia Rodríguez (Ensaio e Pensamento). Destaca que o acto se converteu nunha homenaxe a Carlos Casares, nomeado “Galego Egrexio” a título póstumo, así como ao cantautor Suso Vaamonde, a quen se lle concedeu unha mención honorífica no apartado de Música.

- R. C., “Os Premios da Crítica galardoan o labor de exaltación cultural do Couto Mixto”, *La Región*, “Ourense”, 6 maio 2002, p. 4.

Infórmase dos galardoados na XXVª edición dos “Premios da Crítica de Galicia” onde destacou o nomeamento do “Galego Egrexio” que recaeu no escritor recentemente falecido Carlos Casares. Dá conta dos galardoados en cada unha das categorías, entre as que aparece o recoñecemento da Manuel María pola súa *Obra Completa* (2001) ou a Olivia Rodríguez polo seu ensaio *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco* (2001).

- A. N. T., “As obras de Manuel María e Leopoldo Nóvoa, Premios da Crítica”, *A Nosa Terra*, nº 1.033, “Cultura”, 9-15 maio 2002, p. 25.

Relátase o máis destacado do acontecido durante o acto de celebración do vintecinco aniversario dos “Premios da Crítica de Galicia” e sinálanse os galardoados en cada unha das categorías.

-Agustín Sixto Seco, “Dous talantes e un colofón: Galicia”, *El Correo Gallego*, “Fóra de portas”, 15 maio 2002, p. 3.

Sixto Seco realiza nesta columna un comentario á Noite das Letras, coa que se celebrou en Vigo o vintecinco aniversario da Fundación Premios da Crítica e se repartiron as distincións, malia non ter podido asistir e da que coñeceu os pormenores polos medios de comunicación. Aplaude a concesión do galardón de “Galego Egrexio” a Carlos Casares, a título póstumo, e o de Creación Literaria a Manuel María.

Premios “**Nacionais da Crítica**”

Estes premios, que foron convocados por vez primeira en 1956 e son outorgados pola Asociación de críticos de España, distinguen as mellores obras de narrativa e poesía escritas en castelán, galego, catalán e vasco ao longo do ano anterior. No 2002 os escritores galegos galardoados foron Xosé Vázquez Pintor coa obra *A memoria do boi* (2001), na modalidade de narrativa; e, na modalidade de poesía, Manuel Forcadela co seu poemario *Refutación da musa* (2001).

Referencias varias:

- AFA, “Premios da crítica”, *O Correo Galego*, “AFA”, 14 abril 2002, p. 49.

Recóllense os premios concedidos pola Asociación da crítica aos dous autores gañadores no apartado de lingua galega, Manuel Forcadela na modalidade de poesía e Xosé Vázquez Pintor na modalidade de narrativa; e aos outros dous gañadores no apartado de lingua castelá. Infórmase de que este premio carece de dotación económica e concédeselle ás

mellores obras consideradas dentro da narrativa e da poesía en cada unha das catro linguas do Estado.

- Belén López, “O pontevedrés Xosé Vázquez Pintor recibe o Premio da crítica 2001”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 14 abril 2002, p. 62.

Artigo dedicado ao pontevedrés Xosé Vázquez Pintor, gañador do Premio Nacional da Crítica 2001 pola súa novela en lingua galega *A memoria do boi*, quen segundo as súas propias declaracións recíbeo “con optimismo” e resúltalle ser “un estímulo”. Destaca tamén que *A memoria do boi* (2001), editada por Xerais, xa fora recoñecida polo Premio Torrente Ballester.

- EFE, “Longares y Marzal, Premios de la Crítica en castellano y Vázquez y Forcadela, en gallego” *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 abril 2002, p. 42.

Informa dos gañadores dos premios concedidos pola Asociación Española de Críticos Literarios do ano 2001 en lingua castelá e en lingua galega, onde o Premio foi para Xosé

Vázquez Pintor pola súa novela *A memoria do boi* (2001) e para Manuel Forcadela polo poemario *Refutación da musa* (2001).

- EFE, “Manuel Longares y Carlos Marzal ganan los Premios de la Critica”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 14 abril 2002, p. 75.

Comeza referíndose aos gañadores desta edición dos Premios da Crítica do 2001 en lingua castelá, Manuel Longares e Carlos Marzal, para logo aludir aos gañadores en lingua galega Xosé Vázquez Pintor pola súa novela *A memoria do boi* (2001) e Manuel Forcadela polo poemario *Refutación da musa* (2001).

- Carme Vidal, “Dous libros afortunados. Forcadela e Vázquez Pintor gañan os Premios da Crítica”, *A Nosa Terra*, nº 1.030, “Cultura”, 18-24 abril 2002, p. 28.

O artigo presenta aos gañadores dos Premios da Crítica: Manuel Forcadela co poemario *Refutación da musa* (2001) e Xosé Vázquez Pintor coa novela *A memoria do boi* (2001).

Sinala que ambos os dous atravesan tempos afortunados xa que recibiron varios galardóns en recoñecemento ás súas últimas creacións literarias.

Premios “**Nacionales de Literatura**”

Convocado polo Ministerio de Cultura para premiar as mellores obras publicadas nos diferentes xéneros, no ano anterior en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 15.025 € e nesta edición non se premiou ningunha obra galega. Os galardoados foron os seguintes: na modalidade de narrativa, Unai Elorriaga pola obra *Sprako tranbia,* modalidade na que *Azul cobalto*, de Alfredo Conde, foi finalista; na de poesía, José Carlos Marzal por *Metales pesados*; na de literatura dramática, Ignacio Armestoy por *Cierra bien la puerta*; na de ensaio, José Álvarez Junco por *Mater Dolorosa*; na de literatura infantil e xuvenil, Miquel Desclot por *¡Mes música, Mestre!*, categoría na que quedou finalista a obra *No corazón do bosque*, de Agustín Fernández Paz; na de mellor traducción, Míkel de Epalza pola versión catalana do *Corán*, e Carlos García Gual polas numerosas traduccións que fixo do grego clásico ao longo da súa vida, na de mellor traductor.

XIº Certame Literario “**A Pipa**”

Organizado pola revista cultural *A Pipa* de Becerreá. Divídese nas modalidades de conto e poesía e en tres categorías: maiores de dezaoito anos, de catorce a dezaoito anos e de oito a catorce anos. En cada modalidade hai dous premios para cada unha das tres categorías e os accésits que o xurado considere oportunos. Os premios consisten en estatuíñas de Sargadelos e lotes de libros e non se descarta ademais que os traballos premiados poidan ser editados nun futuro pola Asociación Cultural “A Pipa”. Cada participante poderá presentar un ou máis traballos en calquera das modalidades, de xeito anónimo, introducindo nun sobre pechado os datos persoais. A data límite para enviar os traballos a: XI Certame Literario “A Pipa” 2001, Rúa Ancares, 57, 27640 Becerreá (Lugo), foi o 23 de decembro de 2002. Máis información na entidade convocatoria.

IIº Premio de traducción "**Plácido Castro**"

Convocado pola Fundación Plácido Castro para a promoción da obra dos traductores galegos. A el poden concorrer todos aqueles que teñan publicado na biblioteca virtual www.bivir.com algunha obra da literatura universal en galego entre o 1 de novembro de 2001 e o 31 de decembro de 2002, así como as obras finalistas da anterior edición. O primeiro premio está dotado con 3.000 € e haberá ademais dous finalistas que poderán participar na terceira edición. Este galardón entregarase no 2003, da mesma forma que neste 2002 se fixo entrega dos premios da primeira convocatoria na que se premiou *ex aequo* a Lois Tobío pola traducción de *Fausto*, de Goethe, e a Valentín Arias por *O sobriño de Rameau*, de Diderot. Recibiron ademais mencións especiais Ana María Valladares Fernández por *O espertar* (2002), de Kate Chopin, e Xosé Carballude Blanco e Xosé María Liñeira Reboredo por *Sobre a amizade*, de Cicerón.

Referencias varias:

- E.O.R., “Plácido Castro’ do 2001 premia dúas traduccións ó galego de Goethe e Diderot”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 xaneiro 2002, p. 40.

Crónica da gala de entrega do premio, na que se recollen os gañadores e finalistas. Destaca o obxectivo do certame, así como o labor da Biblioteca Virtual Vivir e refírese á intervención de Xulián Maure, Presidente da Asociación de Traductores Galegos. Por outro lado, achega unha breve biografía de Plácido Castro, na que lembra a súa intervención “en actos e mítines de afirmación galeguista en prol do Estatuto Galego, en compaña de Castelao, Alexandre Bóveda...”, ou a súa tarefa como traductor. Ademais, alude aos actos que a fundación que leva o seu nome ten previstos para celebrar o seu centenario.

-Fernando Salgado, “Valentín Arias e Luís Tobío comparten o premio de traducción Plácido Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 27 xaneiro 2002, p. 60.

Alude ao acto de entrega deste recoñecemento da Fundación Plácido Castro. Despois de citar o nome dos galardoados e finalistas, recolle brevemente o máis salientábel das diversas intervencións.

-Montse Fajardo, “Lois Tobio e Valentín Arias, vencedores do I Premio de Traducción Plácido Castro”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 27 xaneiro 2002, p. 19.

Informa da cerimonia de entrega dos galardóns, facendo referencia aos gañadores e ás mencións especiais. Alude tamén ás intervencións de, entre outros, Xosé Luís Franco ou Xulián Maure, quen advirte da diminución das traduccións á nosa lingua e “pide editar en galego os prospectos das medicinas”.

- David Otero, “Lois Tobío e Valentín Arias”, *O Correo Galego*, “Pola Banda de Laíño”, 31 xaneiro 2002, p. 2.

Tras presentar aos gañadores do premio de traducción “Plácido Castro”, destaca deles o traballo sincero e comprometido a prol da cultura galega. Apunta que un dos eidos nos que concentraron os seus esforzos foi o da traducción, subliñando que “moitas veces as linguas rescátanse traducindo”.

- A. N. T., “Homenaxes no centenario de Plácido Castro”, *A Nosa Terra*, nº 1.019, “Mundo”, 31 xaneiro-6 febreiro 2002, p. 19.

Repásase brevemente a biografía de Plácido Castro, Ministro de Exteriores do Partido Galeguista, e anúnciase que co gallo do centenario do seu nacemento tiveron lugar diversas actividades como conferencias, exposicións e a convocatoria dun premio de Traducción que acadaron *ex aequo* Luís Tobío e Valentín Arias.

-AFA, “Bivir.com’ afiánzase co premio ‘Plácido Castro’ de traducción”, *O Correo Galego*, “AFA”, 7 febreiro 2002, p. 35.

Tras describir brevemente a Biblioteca Virtual da Asociación de Traductores Galegos, fai referencia ao acto de presentación do premio. Recolle os obxectivos e algunhas características deste.

- AGN, “Los traductores de gallego podrán optar al premio Plácido Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 7 febreiro 2002, p. 71.

Dá noticia da convocatoria da segunda edición do certame e explica brevemente as características deste. Asemade, apunta que no acto de presentación se aludiu á "biblioteca electrónica" vivir.com. da Asociación de Traductores Galegos.

- Valentín Arias, "A traducción ao galego", *A Nosa Terra,* nº 1.056, "O foro das ideas e das artes", 13 novembro 2002, p. 5.

Reflexiónase sobre os motivos que tivo Plácido Castro del Río para verter ao galego textos literarios ingleses, concluíndo que o fixo porque vía neles utilidade para Galicia e para a recuperación da nosa identidade. Ofrécense algúns datos biográficos e apúntanse as distintas traduccións que fixo ao galego en diversos períodos da súa vida, salientando a importancia e o carácter pioneiro que tiveron. Saúdase por último a atinada decisión de crear un Premio de Traducción "Plácido Castro", pero laméntase que tivese que ser a Fundación Plácido Castro quen o instituíse ante a falta de vontade e sensibilidade da Administración Galega.

Iº Concurso Artístico e de Investigación “**Raigame**”

Convocado polos organizadores da Romaría Etnográfica Raigame (Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense e Concello de Celanova), conta con tres modalidades (debuxo e pintura, fotografía e literatura) nas que os seus temas deben estar inspirados na romaría celebrada o 17 de maio en Vilanova dos Infantes. No apartado literario os traballos en prosa ou verso escritos en lingua galega terán unha extensión de tres a cinco folios a dobre espacio. O primeiro premio ten unha dotación de 300 €, o segundo de 150 € e o terceiro de 90 €. O xurado do apartado literario estivo formado por Marcos Valcárcel, Lalo Pavón e José María Rodríguez. O primeiro premio foi para Purificación Rodríguez Rodríguez por “Romariana”; o segundo premio foi compartido por Manuel Herminio Iglesias Vázquez con “Canto a Vilanova dos Infantes”, e Liliana Carro Estévez con “Os anos mozos da miña avoa”; e, por último, o terceiro premio tamén foi para dous traballos, “Vilanova ten encanto”, da autoría de Lorena Rodríguez Mociño e María de los Ángeles Mociño Chao, e “Un reencontro especial” de Andrea Velairas Fernández. Estes premios entregáronse o 14 de setembro en Vilanova dos Infantes nas festas da Virxe do Cristal.

XIIº Certame literario-lingüístico “**Ricardo Carvalho Calero**”

Foi creado no ano 1991 polo Concello de Ferrol, con quen colabora a Sociedade Medulio. Son dúas as modalidades que presenta: “Premio de Investigación Literaria ou Lingüística”, ao que haberá que presentar traballos cunha extensión mínima de cincuenta folios, e “Premio de Creación Literaria (Narrativa Curta)”, no que poderán concorrer unha narración ou un conxunto de contos por autor que non superen os cen folios en conxunto. En ambos os dous casos os traballos deben estar escritos en lingua galega, con liberdade normativa, e ser inéditos, ademais de presentarse grampados e conter aproximadamente dous mil caracteres. Os orixinais e cinco copias entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, co correspondente título e lema, indicando no sobre “XIIº Certame Carvalho Calero” e cun remite que sexa exclusivamente o lema. Así mesmo, en sobre á parte, constarán os datos persoais, número de conta corrente, un currículo breve, enderezo, teléfono e DNI do participante. Non poderán concorrer os premiados en calquera das dúas modalidades ata cinco anos despois de que lles fose outorgado o premio. O galardón consiste nunha

dotación para cada unha das modalidades de 3.606 € e a publicación da obra gañadora, reservándose a entidade convocatoria os dereitos de autor na primeira edición. A partir da segunda, as obras premiadas pasan a ser propiedade do seu autor, que deberá facer constar a condición de gañador deste premio na modalidade que corresponda. No caso de tratarse da de investigación lingüística, atribúeselle ao xurado a facultade de determinar o tipo de publicación segundo corresponda á natureza do traballo. O xurado estará composto por cinco membros propostos pola Comisión organizadora, entre os que figurará o gañador ou gañadores da edición anterior, presididos polo Alcalde do Concello de Ferrol ou persoa en quen delegue. Nesta ocasión os membros do xurado foron Lois Diéguez, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Lisardo López Varela e as gañadoras da anterior edición Rosa Aneiros e Antía López. A entrega de premios farase coincidir coa data na que se conmemora o aniversario do pasamento do profesor Carvalho Calero, dándose a coñecer o nome dos gañadores o día anterior. Nesta convocatoria o prazo para presentar os traballos rematou o 26 de abril e finalmente concorreron unha trintena de traballos, dos que resultaron gañadores *A dona do tempo antigo. Campo literario portugués, escritores (1547-1557)* de Roberto López Sanmartín na modalidade de investigación lingüística, e *A cor do cavalo* de Félix Rodal Fraga na de narración curta.

Referencias varias:

-Nicolás Vidal, “Roberto Sanmartín e Félix Rodal gañan o XII Premio Carvalho Calero”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 4 outubro 2002, p. 15.

Dá conta dos gañadores do XIIº Premio Carvalho Calero organizado pola Asociación Cultural Medulio e que recaeron en Roberto Sanmartín no apartado de investigación por *A dona do tempo antigo* e en Félix Rodal Fraga no apartado de narrativa con *A cor do cabalo*.

-AFA, “Novas descubertas”/“Samartim gaña na modalidade de ensaio”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 5 outubro 2002, p. 32/p. 76.

Dáse conta de que o ensaio gañador do premio Carballo Calero, concedido polo Concello de Ferrol, foi *A dona do tempo antigo*, de Roberto Sanmartín, mentres que na modalidade de narrativa foi *A cor do cabalo*, de Félix Rodal.

-José Xavier Bom, “Escribo para dar conta do mundo, explicar as cousas”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 11 outubro 2002, p. L2.

Breve entrevista realizada a Félix Rodal Fraga arredor da súa obra *A cor do cavalo*, gañadora do Premio Carvalho Calero de literatura.

-José Xavier Bom, “Na literatura, antes que a estética interesou a moral”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 15 outubro 2002, p. L2.

Breve entrevista realizada a Roberto López Sanmartín gañador do premio de investigación Carballo Calero centrado no estudio de literatas portuguesas do período 1495-1557.

- María C. Noguerol, “Ramón Samartín, gañador do premio Carballo Calero de investigación”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 15 outubro 2002, p. 25.

Artigo que se achega á vida de Ramón López Iglesias Sanmartín, redondelán que acaba de gañar o premio de investigación Carballo Calero co traballo *A dona do tempo antigo. Campo literario portugués, escritores 1547-1557*.

IIº Certame de investigación e creación literaria “**Terra de Melide**”

Convocado por primeira vez no ano 2001 leva a denominación que os membros do Grupo Nós lle deron ao traballo de investigación que publicaron en 1933 e que abranguía os máis diversos aspectos desta comarca, dende a arqueoloxía, pasando pola xeografía ou os estudios históricos. Está organizado pola comisión de estudios e publicacións do Padroado de Cultura e Deportes de Melide e naceu coa intención de premiar os traballos de poesía, relatos curtos, novelas e traballos de investigación dos veciños melidenses. Sen embargo, nesta segunda edición as seis modalidades da anterior reducíronse a dúas, e pola contra, a dotación total do premio, que o ano pasado fora de 4.500 €, pasou na presente convocatoria a 6.000 €, 3.000 para cada unha das modalidades. Ao apartado de narrativa poden concorrer traballos orixinais de temática libre, en lingua galega e con liberdade de normativa, cunha extensión mínima de cen folios A4. Pola súa banda, ao apartado de investigación poderán presentarse traballos orixinais que versen sobre Melide e a súa comarca. Fixouse a data do 7 de xuño para a entrega de premios como conmemoración da publicación da obra do Grupo Nós. Nesta convocatoria o premio na modalidade de investigación declarouse deserto, xa que non se presentou ningunha obra, mentres que na

modalidade de narrativa o xurado, composto por Miguel Ramón Pampín Rúa (presidente), Manuel Díaz González (secretario), Beatriz Dacosta Molanes, Xosé Ramón Fandiño, Franck Meyer, Xerardo Quintiá e Santiago Jaureguizar, premiou o conxunto de relatos que Xoán Piñeiro Cochón presentou co título de *O sarabullo e outros agoiros*, decidindo así mesmo recoñecer a valía do traballo *Breviario de amores apócrifos e metaliteraturas para unha lectora inxenua*, de Xabier López López.

Referencias varias:

- Xosé García, “O certame literario Terra de Melide aumenta a súa dotación a 6.000 €”, *La Voz de Galicia*, “Melide-Arzúa”, 9 febreiro 2002, p. 12.

Alude á presentación da segunda convocatoria deste concurso, salientando as principais novidades que introduciu a organización. Achega, así mesmo, un extracto das bases e apunta que a resolución se saberá nunha data emblemática para Melide, o día da publicación de *Terra de Melide* de varios membros da xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos.

- X. G., “Os relatos impóñense no certame de creación literaria melidense”, *La Voz de Galicia*, “Melide-Arzúa”, 9 xuño 2002, p. 12.

Faise eco da resolución do dictame do xurado deste premio e as súa valoracións, no que destaca o feito de que as obras premiadas están formadas por relatos. Da obra de Xoán Piñeiro Cochón, *O sarabullo e outros agoiros*, sinálase que o xurado destacou o pracer e interese espontáneos na lectura, mentres que da de López López, *Breviario de amores apócrifos e mataliteraturas para unha lectora inxenua*, saliéntase a innovación, a estructura traballada e os xogos intertextuais.

- Xosé García, “O Concello de Melide destina 6.000 € a un certame de narrativa”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 1 novembro 2002, p. 12.

Sinálase que o Concello de Melide, na celebración da terceira edición do certame literario “Terra de Melide” a cargo da sección de estudios e publicacións do Padroado de Cultura e Deportes, acordou concentrar a dotación do concurso nun só premio converténdose nun

dos certames mellor dotados da nosa comunidade para o que se destinan 6.000 € e 2.000 máis por parte da institución municipal coa intención de publicar a obra gañadora.

Premios del “**Tren**”

Dando continuación ao premio de narracións Antonio Machado, a Fundación de Ferrocarrís Españois convoca os Premios do Tren 2002 co fin de manter viva a tradición da creatividade literaria referida ao ámbito do ferrocarril. Esta convocatoria, que se realiza en colaboración coa Fundación Camilo José Cela, inclúe dúas categorías distintas: Antonio Machado de Poesía (cunha extensión máxima de trescentos vinte versos) e Camilo José Cela de Contos (máximo dez folios). Poden participar os autores que o desexen, con unha ou máis obras orixinais e inéditas en calquera lingua oficial do Estado español. As obras, que serán premiadas con 15.000 € para o gañador, 5.000 € para o segundo clasificado, e no caso das obras en prosa con 500 € para cada unha das oito finalistas, deben ter algunha relación co ferrocarril. O prazo de admisión de traballos conclúe o 13 de setembro e o seu dictame farase público en decembro. Os traballos remitiranse por duplicado á Fundación de los Ferrocarriles Españoles (Santa Isabel 44 – 29012 Madrid). O xurado estará formado por persoas de recoñecido prestixio, actuando como secretario, con voz pero sen voto, un representante da Fundación de Ferrocarrís Españois. Os gañadores desta edición foron Vicente Gallego na modalidade de Poesía, e Miguel Sánchez Robles na

de Contos, ambos con obras en castelán. Na modalidade en prosa quedou finalista o lucense Manuel Darriba coa obra “Variación Conrad”.

Referencias varias:

- AGN, “Manuel Darriba, uno de los finalistas del Premio Camilo José Cela de cuentos”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 29 novembro 2002, p. 90.

Subliña que o periodista sarriao Manuel Darriba é un dos dez finalistas dos premios Camilo José Cela de contos. Indica tamén que a este premio se presentaron máis de mil catrocentos orixinais e sinala a cantidade total de cartos para os galardoados e para os finalistas. Ademais dá uns breves apuntamentos biográficos sobre este escritor.

-C.B. “Renfe entrega en Iria los premios del tren”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 29 novembro 2002, p. 37.

Dá conta da entrega en Iria Flavia (Padrón) dos premios do tren. Sinala que os premios

están organizados pola Fundación de Ferrocarís Españois en colaboración coa Fundación Camilo José Cela e que entre os finalistas que optan ao Premio están escritores como Víctor Alperi, Juan Cánovas ou Miguel Sánchez.

- C. P., “Un lucense, entre los finalistas de los premios de poesía y cuento que tienen como centro el tren”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 novembro 2002, p. 49.

Destaca que a Fundación de Ferrocarriles Españoles xa deu a coñecer o nomes dos finalistas nos premios que organiza e nos que agora colabora tamén a fundación Cela. Destaca tamén que nestes premios se inclúe a partir desta convocatoria o apartado de poesía denominado “Antonio Machado” e indica a cantidade de euros que recibirán os gañadores. Por último ofrece o nome dos finalistas en cada modalidade.

- C.V., “La Fundación Cela acogerá el dia 12 la entrega de los Premios del Tren de poesía y de cuentos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 novembro 2002, p. 38.

Sinala que foron máis de mil catro centos autores os que presentaron os seus traballos aos Premios do Tren 2002. Indica que o premio, que está dotado con 15.000 €, será entregado o 12 de decembro. Comenta ademais que entre os oito finalistas se atopa o sarriao Manuel Darriba que opta ao premio "Camilo José Cela" no apartado de contos cun relato presentado en galego.

-Agn, "A Fundación Cela entregou a Vicente Gallego e Miguel Sánchez os premios do Tren", *El Ideal Gallego*, "Galicia", 13 decembro 2002, p. 48.

Preséntanse breves apuntamentos biobibliográficos do escritor valenciano e murciano, respectivamente, ademais de mencionar os finalistas, destacando a presencia entre eles do escritor lucense Manuel Darriba, que se presentou coa obra titulada "Variación Conrad".

- Carmen Villar, "Los Premios del Tren 2002 de poesía y cuentos recaen en dos escritores del Mediterráneo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 13 decembro 2002, p. 51.

Iniciando o artigo coa frase “Camilo José Cela fue un hombre del tren desde su cuna” pronunciada pola viúva do Nobel galego, a xornalista fai un breve repaso pola historia destes premios convocados pola Fundación dos Ferrocarrís Españois. Relaciona os gañadores e a contía económica coa que foron dotados, así como os seis finalistas, entre os que destaca o escritor lucense Manuel Darriba.

-EFE, “Un murciano gana el Premio del Tren, en el que el lucense Darriba recibió un accésit”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 13 decembro 2002, p. 90.

Ademais de presentar os escritores que resultaron gañadores neste Certame, fai a relación de todos os que recibiron un accésit, resaltando especialmente o redactor de *El Progreso* Manuel Darriba. Tamén achega datos sobre o número de autores que participaron e os países dos que procedían.

- E. P., “Vicente Gallego e Miguel Sánchez gañan os premios do Tren 2002 da Fundación Cela”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 decembro 2002, p. 33.

Fala dos gañadores en cadansúa modalidade, menciona o segundo galardoado e achega algúns detalles persoais e da obra literaria dos autores citados.

X. 5. 1. Outros premios Mixtos (Varias modalidades)

IVº Certame de contos, fotografía e cómic "**Ágora cultural**"

Convocado por Ágora Cultural co Concello de Lugo, ademais da colaboración da Editorial Galaxia, a Galería Sargadelos de Lugo e Pro-Aventur. Consta de dúas categorías: A) menores de dezasete anos e B) maiores de dezasete anos. O tema é libre, establécense tres premios en cada categoría e o prazo de entrega dos traballos é entre o 2 e o 31 de xaneiro de 2003. Para máis información dirixirse ao Centro Sociocultural Uxío Novoneyra (Oficina de Información Xuvenil, R/ Quiroga Ballesteros, nº 1-A, 2º- 27001 Lugo) ou a Ágora Cultural (Apartado de correos, 227, 27080 Lugo). Neste 2002 entregáronse ademais os premios correspondentes á terceira edición. Na categoría de cómic premiouse a Daniel Lago na categoría A e a Xavier Varela Quintás na categoría B. Na modalidade de contos o xurado, composto por Alfredo Valín, Antón Fortes, Covadonga Alonso, Isidro Novo, Roberto

Irimia e Xulio Pardo de Neira, premiou a Lara Dopazo na categoría A por “O lume negro”, e a Xosé Manuel Vázquez López na categoría B por “A botica”.

VIº Concurso de poesía e narrativa “**Asociación de veciños Nós**”

A Asociación de veciños Nós de San Pedro de Cangas convoca este concurso no que poden participar todas aquelas persoas que o desexen e que teñan a súa residencia habitual no Concello de Cangas. Presenta tres categorías: infantil (ata doce anos), xuvenil (de doce a dezaseis anos) e adulto (a partir de dezaseis anos). Para máis información dirixirse á Asociación convocatoria (San Pedro de Cimadevila, Apartado 119).

Referencias varias:

-Estela Veloso, “A primavera é unha estación creativa”, *Atlántico Diario*, “Morrazo”, 27 xuño 2002, p. 20.

Recolle unha breve conversa con Patricia Dacosta Soliño, a gañadora do concurso de narración curta da asociación *Nós*, na categoría xuvenil, que se centra no seu relato, no premio e nas súas expectativas de cara ao futuro.

Iº Certame literario “**Fernando Arenas Quintela**”

Convócao a Librería Arenas coa colaboración do Concello da Coruña. Para máis información dirixirse á Librería Arenas (Cantón Pequeno, 25, 15003 A Coruña).

VIIº Certame literario “**Manuel-Orestes Rodríguez López**”

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel-Orestes Rodríguez López. Consta das modalidades de narrativa e poesía, ambas cun premio de 600 €. Para máis información dirixirse ao Concello convocatorio. Neste ano 2002, ademais de presentar esta nova convocatoria, entregáronse os premios aos gañadores desta edición que xa se convocara o ano pasado. Os galardoados foron Simón Iglesias na modalidade de poesía, e Xosé Nicanor Alonso na de narrativa.

Referencias varias:

- V. L. Villarabid, “Entregados los premios del séptimo certamen de literatura de Paradela”, *El Progreso*, “Sarria”, 26 decembro 2002, p. 15.

Relaciónanse os nomes e as obras galardoados con este premio e tamén os accésits, tanto na modalidade de narrativa coma na de poesía. Relátase como discorreu o acto e as

personalidades que alí se deron cita, sen esquecer en ningún momento ao homenaxeado deste certame, Manuel-Orestes Rodríguez.

X. 6. Premios a unha vida

XVIIIº Premio “**Celanova. Casa dos Poetas**”

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano a unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten ningunha dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco “C” concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. Cabe destacar que o nome de Castor refírese a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe

da concesión do premio e firmará no libro de honra do premio. A concesión farase pública o 7 de marzo, coincidindo co cabodano de Manuel Curros Enríquez e entregarase nun acto que ten lugar en Celanova o 31 de agosto, coincidindo neste caso, coa data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. Tentando unir, así, as datas finais de dúas das figuras máis salientábeis das letras de Celanova. O xurado estará composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Padroado e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. No ano 2002 este galardón recaeu en Xohana Torres, converténdose así na segunda muller que recibe este galardón despois de que o ano pasado fose para Luz Pozo Garza.

Referencias varias:

- A. R., “El Patronato de Curros se convertirá en Fundación para abrir la casa del poeta”, *La Región*, “Celanova”, 11 xaneiro 2002, p. 15.

Alúdese á sesión do Padroado Curros Enríquez no que se decidirá a súa disolución e a futura constitución dunha Fundación para abrir a casa do poeta ao público, así como a proposición dos nomes dos candidatos para o XVIII Premio "Celanova, casa dos poetas".

- A. R., "El patronato de Curros Enríquez falla hoy el premio 'Celanova, casa dos poetas", *La Región*, "Celanova", 7 marzo 2002, p. 17.

Anuncia que, coincidindo co noventa e catro aniversario da morte de Curros Enríquez, o Padroado do seu mesmo nome dará a coñecer na Casa do Concello ao gañador da décimo oitava edición do premio "Celanova, casa dos poetas". Sinala que o premio, que xa fora recibido en ocasións anteriores por persoeiros como Xosé Luís Méndez Ferrín, UxíoNovoneyra, Ricardo Carvalho Calero, Alfredo Cid Rumbao, Ánxel Fole, Carlos Velo, Xaime Quessada, Francisco Fernández del Riego ou a "Mesa para a defensa do galego en Asturias", recoñece o labor dunha persoa ou entidade a prol da cultura e letras galegas. Anuncia que tamén se presentará neste día o libro *Curros Enríquez, o home e o seu contexto* (2001), que inclúe unha biografía escrita por Juan Fernández Xesta.

- AFA, “A segunda muller”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 marzo 2003, p. 31.

Cóntase que o xornalista Xosé Manuel del Caño, secretario da Fundación Curros, nome que recibe o Padroado Curros Enríquez nesta nova etapa, deu a coñecer o nome da gañadora deste ano, a escritora e académica Xohana Torres. Anuncia que o acto de entrega celebrarase o 31 de agosto, coincidindo co vintedous cabodano do tamén celanovés Celso Emilio Ferreiro, e concederáselle á escritora unha medalla de prata do escultor Acisclo Manzano que reproduce a face de Curros por unha cara e un C, letra inicial do premio (casa, Curros, Celanova, Castro Elices e Celso Emilio), pola outra, así como unha placa que reproduce un treito da acta na que se lle outorga o premio. Destacouse de Xohana Torres, unha das catro mulleres da RAG e a segunda en recibir este premio, as súas achegas á literatura galega en diferentes xéneros, sobre todo no lírico e no narrativo con *Adiós, María*, a súa visión unitaria de Galicia proxectada baixo unha mirada feminina, os premios recibidos ao longo da súa traxectoria e o seu rigoroso monolingüísmo.

-A. R., “Xohana Torres recibe el premio ‘Casa dos poetas’ por su ‘fidelidade coa lingua galega”, *La Región*, “Ourense”, 8 marzo 2002, p. 12.

Informa que o xurado do Premio “Celanova. Casa dos poetas” deu a coñecer que a gañadora deste ano era Xohana Torres nun acto celebrado na casa consistorial, despois de dictaminarse os dous anos anteriores na Coruña. Sinala tamén que o 31 de agosto, vixésimo segundo cabodano da morte de Celso Emilio e o mesmo día en que a poeta estreará unha das cinco cadeiras libres da RAG, recibirá na horta da Casa de Curros, habilitada xa como centro de interpretación da obra do poeta, a medalla de prata esculpida por Acisclo Manzano na que se lembra a tres poetas de Celanova. Cóntase que para estas datas xa estea en funcionamento a ruta currosiana que comeza na Praza Maior de Celanova e finaliza no santuario do Cristal en Vilanova, logo de percorrer case oito quilómetros. Tamén se recolle a cita da acta do xurado na que define a Xohana Torres como: “a cantora do mar, filla e muller de mariñeiros, que lle profesou e lle profesa unhaespecial fidelidade a lingua galega. É unha escritora case secreta, celosa da súa privacidade, á que se pode chegar polos fecundos eidos da mellor literatura” e unha brevísima referencia á súa traxectoria.

- A. Mínguez, “Xohana Torres recibe el premio Celanova, casa dos poetas, con un ‘latido fuerte”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 setembro 2002, p. 38.

Refírese á entrega do premio “Celanova, Casa de poetas” na casa recuperada de Curros Enríquez. Fai un achegamento á biografía da galardoada, Xohana Torres, da que Méndez Ferrín, membro do xurado, fixo unha persoal exhortación. Sinala ademais o nome de distintos asistentes ao acto e o feito de que Xosé Neira Vilas fixera entrega de documentos da casa de Curros na Habana ao Padroado.

-E. P., “Tecedora de poesía”/“Celanova premia a la poetisa Xohana Torres”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 1 setembro 2002, p. 49/p. 68.

Informa da entrega do premio “Celanova. Casa dos poetas”, celebrada na recuperada casa de Curros Enríquez. Salienta que a galardoada, Xohana Torres, agradeceu o premio e fixo un recoñecemento da figura de Curros Enríquez. Ademais dá conta dos méritos desta autora que tivo en conta o xurado para a concesión do premio.

-Jesús Manuel García, “O canto da escritora do mar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 1 setembro 2002, p. 7.

Infórmase do acto de entrega do premio Casa dos Poetas 2002 que recaeu na poetisa Xohana Torres e sinálase que tamén neste mesmo acto ficou inaugurada literariamente a Casa de Curros Enríquez en Celanova.

- M. J. Miragaya, “Xohana Torres leva o mar a Celanova”, *La Región*, “Cultura”, 1 setembro 2002, p. 65.

Achégase á figura de Xohana Torres salientando que se lle outorgou o premio “Celanova. Casa de poetas” pola súa actividade poética, teatral, novelística e traductora. Dá conta de distintas personalidades asistentes ao acto e refírese a outros actos culturais que tamén se desenvolveron en Celanova como a ofrenda floral a Celso Emilio Ferreiro ou a inauguración da “ruta currosiana”.

-X. L. Méndez Ferrín, “Ela, Xohana”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 2 setembro 2002, p. 2.

Destaca o compromiso de Xohana Torres coa lingua e loa a súa poética, o seu teatro e a súa obra narrativa. Así pois, cre que a nosa cultura lle debe moito á literatura de Xohana Torres dende que comezara como poeta a mediados dos anos cincuenta. Finalmente, alude ao premio que recibiu esta autora na casa natal de Curros Enríquez.

VIº Premio Xerais á "**Cooperación no labor editorial**"

Con este premio sen dotación económica, a editorial Xerais recoñece publicamente a axuda que, dende distintos ámbitos da edición e da promoción, se presta para a mellor difusión da cultura do noso país. Estes premios entréganse nun acto que cada ano se celebra nun lugar distinto e no que tamén se entregan o "Xerais" de novela e o "Merlín" de literatura infantil e xuvenil. Este ano a entrega de premios tivo lugar en Allariz e distinguiuse con este galardón á Biblioteca 120 de *La Voz de Galicia*.

Referencias varias:

- Europa Press, "O Premio Xerais de Novela, ó que aspiran 22 obras, fállase o día 15", *El Progreso*, "Cultura", 30 maio 2002, p. 83.

Ver XIXº Premio "Xerais" de novela, no apartado X. 1. Narrativa deste *Informe*.

Premios de "***El Correo Gallego*/*O Correo Galego*": "Galego do ano", "Galegos do mes"**

Os Premios "*El Correo Gallego*/*O Correo Galego*" foron creados no ano 1990 polo Grupo Correo Gallego a iniciativa do seu editor, Feliciano Barrera, co obxectivo de premiar a aquelas persoas e institucións que máis destacan na promoción de Galicia e son exemplo, dende a súa actividade profesional e social, dos máis nobres valores que definen esta terra e as súas xentes. Os galardóns consisten en 6.000 € e unha medalla de ouro para o "Galego do Ano", que escolle un xurado nomeado polo xornal, e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co "Galego do Mes", que escolle a mesa de redacción. O galardón de "Galego do Ano" foi recibido en anteriores ocasións por Camilo José Cela, Isaac Díaz Pardo, Gonzalo Torrente Ballester, Antón Fraguas Fraguas ou Francisco Fernández del Riego. No ano 2002 fíxose entrega destes premios o 25 de outubro no Hostal dos Reis Católicos, e en relación coa literatura galega cabe destacar que Darío Villanueva Prieto recibiu o galardón de "Galego do ano", mentres que nos nomeados como "Galegos do mes" só cabe adscribir ao mundo da literatura a Luís García Mañá, galego do mes de setembro. O xurado encargado de elixir a Darío Villanueva como "Galego do ano

2002" estivo formado por Feliciano Barrera como presidente; o Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela; o rector da Universidade compostelá, Senén Barro; o secretario do Consello da Cultura Galega, Xosé Henrique Monteagudo; o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández; o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Agustín Sixto Seco; e o director dos diarios que convocan este premio, Xosé Manuel Rey Nóvoa.

Referencias varias:

-EFE, "Darío Villanueva elegido 'Gallego del Año 2002' por el 'Correo Gallego", *El Progreso*, "Galicia", 8 xuño 2002, p. 38.

Apunta brevemente os criterios que levaron ao xurado, do que achega a composición, a conceder o galardón a este polifacético profesor.

- Agn, "Darío Villanueva recibe el galardón que le acredita como 'Gallego del año", *Diario de Ferrol*/*El Ideal Gallego*, "Galicia", 26 outubro 2002, p. 50/p. 48.

Achéganos ao gañador da XIIIª edición do premio “Gallego del año 2002” que outorga o grupo Correo Gallego a aquelas persoas que considera que dalgún xeito contribuíron á promoción de Galicia, recaendo no que fora rector da Universidade de Santiago de Compostela Darío Villanueva Prieto.

- EFE, “El Correo Gallego’ otorga el Premio Gallego del Año a Darío Villanueva”, *El Progreso*, “Comunicación”, 26 outubro 2002, p. 93.

Informa do gañador do Premio “Gallego del Año” que concede o grupo Correo Gallego e que recaeu no que fora rector da Universidade de Santiago Darío Villanueva e que conta cunha dotación de 6.000 € e cunha medalla de ouro.

XI^{os} Premios “**Irmandade do Libro**”

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos, engadíndose nesta edición un premio para o mellor libro en galego O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 1.502 € só na modalidade destinada á promoción da lectura e, en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. As editoriais Galaxia, Xerais, Sotelo Blanco e Edicións Laiovento e os escritores Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña, Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas e Xosé Luís Méndez Ferrín obtiveron este galardón en edicións anteriores. No ano 2002, resultou galardoado na modalidade de autor Roberto Vidal Bolaño; na de libreiros, a librería Bahía de Foz; na de medios de comunicación, a páxina literaria semanal de *El Ideal Gallego*; na de colexios, o CEIP A Rúa de Cangas; na de institucións O Instituto da Lingua Galega; e na de mellor libro en galego a *Obra poética completa* (2001), de Manuel María.

Referencias varias:

- AFA, “A Federación de Libreiros de Galicia convoca os premios Irmandade do Libro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 xaneiro 2002, p. 30.

Informa brevemente da convocatoria da novena edición do premio. Salienta a modalidade de “comunicación e novas tecnoloxías” e sinala algunha das súas características. Remata aludindo á procedencia dos membros do xurado.

-AFA, “Barreiro presidirá o 2 de marzo na Coruña a entrega dos Premios Irmandade do Libro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 22 febreiro 2002, p. 33.

Anuncia a data e o lugar do acto de entrega dos galardóns. Ademais, recorda a composición do xurado e as diferentes modalidades do premio.

-Belén López, “A librería Paz de Pontevedra, finalista para os Premios Irmandade do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 28 febreiro 2002, p. 62.

Salienta a candidatura desta librería, recolle a opinión do seu propietario ao respecto e cita as outras nomeadas na mesma categoría. Ademais, subliña o nome doutros finalistas pontevedreses e dá a coñecer o lugar e data de entrega dos premios.

- David Otero, “Irmandade do Libro”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 28 febreiro 2002, p. 2.

Aproveita a noticia da próxima entrega destes premios para facer unha defensa da lectura e do libro, do cal di que “é unha fonte primordial de enerxía impulsora de cultura e de civilización”.

-I. S., “Vidal Bolaño, galardonado como mejor autor teatral”, *La Opinión*, “Cultura”, 28 febreiro 2002, p. 57.

Dá a coñecer o nome do premiado na modalidade de mellor autor dos Premios “Irmandade do Libro” e destaca a traxectoria profesional deste. Asemade, lembra as demais categorías

destes galardóns e anuncia o día no que se saberá a decisión do xurado. Remata aludindo á sede desta edición e aos patrocinadores.

-R. M., “El Premio Irmandade do Libro al mejor autor recae en Vidal Bolaño”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 febreiro 2002, p. 24.

Principia aludindo ás novidades do premio, entre elas a de coñecer “por adiantado” o nome do galardoado na modalidade de mellor autor. Apunta, así mesmo, o nome dos finalistas nas demais categorías, subliñando a data na que se saberá o dictame do xurado. Ademais, fai referencia á dotación económica e simbólica do premio.

- AFA, “Páxinas de ouro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 1 marzo 2002, p. 31.

Anuncia a cerimonia de entrega dos premios “Irmandade do Libro”, lembrando que só se coñece o nome de Roberto Vidal Bolaño como gañador na categoría de autor. Achega, así mesmo, o nome dos finalistas e tamén o dos membros do xurado. Remata cunha sucinta descrición deste concurso.

- AGN, “A obra completa de Manuel María gaña o Premio Irmandade do Libro”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, “Cultura&Ocio”/“Cultura y comunicación”, 3 marzo 2002, p. 70/p. 75.

Destaca os galardóns que foron concedidos a diferentes lucenses, entre eles Manuel María. Alude á *Obra Completa* (2001) deste e recolle o seu testemuño. Tamén achega o nome dos outros premiados e fai referencia moi brevemente ao acto de entrega.

- Albino Mallo, “A ‘Poesía completa’ de Manuel María, elixido mellor libro galego do ano 2001”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 3 marzo 2002, p. 76.

Breve crónica de cerimonia de entrega dos Premios Irmandade do Libro deste ano. Recolle o nome dos galardoados, así como o dos persoeiros que interviron no acto e o dos membros que compoñen o xurado.

- E.P., “O ano do poeta chairego”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 marzo 2002, p. 47.

Fai referencia á gala de entrega dos premios da Federación de Libreiros de Galicia, destacando o nome dos gañadores e, en especial, o de Manuel María. Tamén cita os persoeiros que tomaron a palabra no acto e alude á composición do xurado.

-I. S., “Manuel María, obra completa’, mejor libro en gallego de 2001”, *La Opinión*, “Cultura”, 3 marzo 2002, p. 68.

Recorda os gañadores dos premios. Ademais, recolle a opinión de Xaime Corral, presidente da Federación de Libreiros de Galicia, sobre estes galardóns.

VIIIº Premio Literario “**Letra E**”

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema “O escritor na súa terra”. Non ten dotación económica. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a asociación convocatoria fanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo,entrégaselle unha escultura feita en madeira por Manuel Coia coa letra “E”, de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. En edicións anteriores, concedéuselle a Antón Avilés de Taramancos, Manuel María e María Xosé Queizán, entre outros. No 2002 concedéuselle este galardón a Xosé Chao Rego, quen o recolleu o 13 de xullo na súa vila natal, Vilalba.

Referencias varias:

- AFA, “E de escritor”/“A escrita de Galicia recoñece o compromiso ético de Chao Rego”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 9 xullo 2002, p. 33/p. 68.

Recolle que a Asociación de Escritores en Lingua Galega elixiu unanimemente a Xosé Chao Rego como galardoado na súa oitava edición pola súa entrega e calidade na práctica dun xénero pouco cultivado nas nosas letras como é o ensaio, o seu compromiso ético, a súa firmeza moral e a súa coherencia. Anuncia a data de entrega da “Letra E”, describe o programa de actos previstos e recóllense as palabras do gañador, Chao Rego, quen destaca o moito que escribiu, a súa dedicación ao ensaio e anuncia que está a rematar *A muller que cale*, no que analiza o antifeminismo. Remata sinalando que Xerais publicou o *Libro de conversas sobre Chao Rego*, de Daniel López Muñoz, que el considera útil para entender cómo foi a toma de conciencia crítica no clero galego ou os coloquios europeos de parroquias.

- José Miguel López, “A homenaxe tiña que facela eu ós que sempre confiaron en min”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xullo 2002, p. 29.

Entrevista a Xosé Chao Rego, ensaísta e pensador vilalbés que recibe na súa terra a homenaxe “O escritor na súa Terra” con motivo de conseguir a “Letra E”, premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Destaca que agradece recibir tantos recoñecementos aínda que cre non estar afeito e considera tamén que a homenaxe debería facela el aos que sempre confiaron nel. Fala tamén dalgún dos títulos de ensaio que vai publicar, como *A muller que cale*, un libro sobre o antifeminismo, e *Remexer Roma con Santiago*, na que a historia da Igrexa se aborda dende a perspectiva dos papas e a dos crentes.

- Mayte Corbelle, “Chao Rego dixo estar “no edén” co xardín que leva o seu nome”, *El Progreso*, “Terra Chá”, 14 xullo 2002, p. 16.

Sinala que artistas, familiares e amigos acompañaron a Xosé Chao Rego na homenaxe que se lle tributou en Vilalba para concederlle a “Letra E” que outorga a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega). Transcribe a inscrición que contén a pedra instalada no antigo xardín do grupo Pedrosa Latas e que agora leva o nome do escritor, ademais de

destacar que se plantou un bidueiro na súa honra e que varios escritores loaron as calidades de Chao Rego.

- A. Estévez, “Os escritores homenaxean ao Chao Rego ensaísta”, *A Nosa Terra*, nº 1.042, 11-17 xullo 2002, p. 25.

Indica que o ensaísta Xosé Chao Rego vai recibir a máxima distinción que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a “Letra E”. Dá conta dos moitos títulos que publicou este autor e refírese á súa vida profesional destacando que nos anos sesenta e setenta exerceu como crego. A seguir, informa de que a investigación lle restaba tempo para dedicarse á parroquia e que por renunciou. Así mesmo, sinala o seu labor docente e outros recoñecementos xa recibidos para destacar logo que con este galardón se valora a súa ampla e comprometida producción ensaística.

- Xulio Valcárcel, “Xosé Chao Rego”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, nº 217, 4 agosto 2002, p. 4.

Dá conta de que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle concedeu a Xosé Chao Rego a súa máxima distinción, a “Letra E” de escritor. Sinala que con isto se recoñece a traxectoria deste autor que aquí se presenta como un dos mellores ensaístas dos nosos días. A concesión deste galardón sérvelle a Valcárcel para achegarse á súa obra *O sexo, a muller e o crego*, da que destaca a reflexión que fai sobre a cuestión do sexo e o matrimonio no catolicismo, achegando datos sobre estes dous temas na historia da Igrexa.

VIIIº Premio das “**Letras e das Artes de Galicia**”

Convocado e promovido pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia dende o ano 1995. En anteriores edicións contaba cunha dotación de 30.000 €, aumentando logo a 36.000 €. Pretende “recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela”. Este galardón substitúe aos premios “Xunta de Galicia de Creación Cultural”, “Carlos Velo”, de guións de cine, e “Ramón Cabanillas”, de traducción ao galego, aínda que durante anos tamén substituíu opremio “Álvaro Cunqueiro” de teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante un escrito dirixido ao Conselleiro de Cultura. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio no Hostal dos Reis Católicos. O xurado convocará aos cinco finalistas seleccionados. En anteriores ocasións, foron premiados Antón Fraguas, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Francisco Fernández del Riego, Domingo García Sabel, Lois Tobío, Pura Vázquez e Francisco Javier Río Barja. Nesta edición premiouse a José López Calo polo seu labor a prol da música galega.

Referencias varias:

- Salvador García-Bodaño, “Premio das Letras e das Artes” *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 7 abril 2002, p. 3.

Reivindicación de que o Premio das “Letras e das Artes de Galicia”, se entregue a alguén que se teña distinguido polo fomento das nosas letras e as nosas artes ao longo da súa vida. Considera que de non ser así se perdería a esencia deste galardón, que se vén concedendo dende hai oito anos e que se entrega no transcurso dun acto organizado pola Consellería de Cultura coincidindo co 17 de maio.

-AFA, “A Xunta premia o ‘ciclópeo labor’ do padre Calo pola música galega” *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 18 maio 2002, p. 32/p. 67.

Recolle a traxectoria do gañador da presente edición do Premio das “Letras e das Artes de Galicia”, o musicólogo xesuíta Xosé López Calo, de oitenta anos de idade ao que o

presidente da Xunta, Manuel Fraga, lle fixo entrega do galardón en recoñecemento “ó estudio e difusión da música galega con firmeza e rigorosidade intelectual”.

-AGN, “Premio á defensa da música galega” *Diario de Pontevedra*, 18 maio 2002, “En Portada/Día das Letras Galegas”, 18 maio 2002, p. 7.

Achegamento á traxectoria e obras do xesuíta, musicólogo, filósofo e teólogo José López Calo, Premio das “Letras e das Artes de Galicia”, a quen o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, no transcurso da entrega do premio destacou como “figura cimeira da musicoloxía”, recoñecendo deste xeito o seu traballo en favor da cultura galega.

- Carmen Villar, “López Calo cre que ás veces se esquece o valor da música galega” *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 maio 2002, p. 36.

Refírese ao xesuíta e musicólogo José López Calo, galardoado co Premio das “Letras e das Artes de Galicia”, do que se destacou que foi quen de facer “un inxente e ciclópeo labor”. Así mesmo, dáse conta de que López Calo no seu discurso salientou que a música

é “unha parte esencial da cultura galega” ademais de ser “un tesouro da arte, que non sempre está recoñecido”.

-Concha Pino, “José López Calo recibe o Premio das Artes e das Letras en nome de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2002, p. 26.

Recolle o acontecido durante o acto de entrega do Premio das “Letras e das Artes de Galicia” que recaeu no xesuíta e musicólogo José López Calo, do que se di que presenta un labor de envergadura, e que, en palabras de Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galicia, o fan merecedor “do lugar máis alto da peana na que se asentan os estudios de música sagrada de España e Italia”.

- Europa Press, “O padre López Calo recibiu o Premio das Artes e das Letras”, *El Progreso*, “En portada”, 18 maio 2002, p. 3.

Informa que o gañador do Premio das “Letras e das Artes de Galicia” foi José López Calo, xesuíta, filósofo e musicólogo, que recibiu o galardón de mans do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, ademais de expoñer o seu labor.

Medallas de Galicia e Castelao

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servicio da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia, que consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar a volta a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. No ano 2002 Francisco Fernández del Riego recibiu a Medalla de Ouro de Galicia antes da data prevista para o resto das categorías, aínda que logo esta medalla se entregou tamén a outra entidade. No resto de categorías, polo que se refire ás letras galegas foron galardoados coa Medalla de Galicia na categoría de prata, o Centro Galego de Montevideo e coa de bronce o presidente do Centro Galego de Buenos Aires. As Medallas Castelao premiaron, entre outras persoas, ao doutor en Filoloxía Constantino García e á poetisa María do Carme Kruckenberg.

Referencias varias:

-Agn, “Del Riego dedica a la Xeración Nós la Medalla de Ouro de Galicia”, *Diario de Arousa*/*Diario de Ferrol*/*El Ideal Gallego*, “Galicia”, 24 abril 2002, p. 29/p. 47/p. 46.

Artigo que recolle os acontecementos máis significativos que tiveron lugar durante o acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia ao galeguista Francisco Fernández del Riego, no que se destaca a ovación do público e a denuncia do galardoado do gran silencio que vive a cultura galega, ademais de lembrar as iniciativas coas que intentou continuar o labor da Xeración Nós.

- F.P. Lorenzo/Francisco Pérez Lorenzo, “Nin honor nin mando”/“Del Riego recolle a Medalla de Ouro coma ‘símbolo vivo’ do pobo galego”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 24 abril 2002, p. 33/p. 75.

Recolle as palabras máis significativas que formaron parte do discurso de personaxes como Barreiro Fernández, actual director da Real Academia Galega, ou de Manuel Fraga,

presidente da Xunta, durante o acto no que se lle fixo entrega a Fernández del Riego, da Medalla de Ouro de Galicia, máxima distinción que outorga o Goberno Galego.

- Agustín Sixto Seco, "O 'símbolo vivo' do pobo galego", *El Correo Gallego*, "Fóra de portas", 27 abril 2002, p. 3.

Lembra a cerimonia de entrega da Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Fernández del Riego, na que sinala que Xosé Ramón Barreiro cualificou ao homenaxeado de "símbolo vivo".

- Europa Press, "Del Riego recibe a Medalla de Ouro de Galicia con 'fonda satisfacción". *El Progreso*, "Cultura", 24 abril 2002, p. 77.

Recolle o máis destacado do acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia ao que fora presidente da Real Academia Galega e actual director da Biblioteca Penzol en Vigo, o galeguista Francisco Fernández del Riego, que lle foi outorgada pola súa dedicación á lingua e á cultura galega.

-Manuel Dourado Deira, “Don Paco: Ouro de lei”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 27 abril 2002, p. 2.

Artigo que aplaude a decisión do Goberno Galego de entregarlle a Medalla de Ouro de Galicia a Francisco Fernández del Riego en recoñecemento “pola súa fidelidade a Galicia servida con honradez” e “todo por amor a Galicia”.

- S. Lorenzo, “La Xunta condecora con la Medalla de Ouro de Galicia al Deportivo de A Coruña” *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 7 xuño 2002, p. 4.

Informa da decisión da Xunta de Galicia de entregarlle a Medalla de Ouro de Galicia ao Club de Fútbol Deportivo da Coruña. Recolle ademais, os nomes de todos os personaxes galardoados coas Medallas de Prata, Medallas de Bronce, así como as personalidades distinguidas coas Medallas Castelao, entre as que se atopa a poetisa María do Carme Kruckenberg.

- David Gippini, “Fraga reivindica el Estatuto al entregar las Medallas de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2002, p. 5.

Describe a cerimonia na que se entregaron as Medallas de Galicia, acto que tivo lugar no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia e ao que asistiron arredor de mil persoas. Salienta que Manuel Fraga aproveitou para facer algunha manifestación de carácter político, aínda que, segundo di, foi unha noite na que os protagonistas foron as trinta persoas e institucións homenaxeadas.

- E. P., “30 medallas: 21 homes, 3 mulleres e 6 entidades”, *O Correo Galego*, “Galicia”, 25 xullo 2002, p. 5.

Sinala que o presidente da Xunta vai facer entrega das Medallas de Galicia de ouro, de prata e de bronce a distintos persoeiros destacados en varios campos sociais e empresariais. Fai unha listaxe cos galardoados con cada unha das medallas e destaca que se trata de distinguir a quen polos seus méritos ao servicio de Galicia sexa digno de obter o recoñecemento do pobo galego.

- AGN, “Fraga reclama en la entrega de las Medallas de Galicia la consolidación del consenso”, *El Progreso*, “Galicia”, 26 xullo 2002, p. 27.

Comeza sinalando a mensaxe do presidente da Xunta na entrega das medallas de Galicia. Ofrece ademais o nome dalgún dos galardoados coas distintas medallas e salienta que o presidente eloxiou o labor de todos os premiados tanto no eido das actividades culturais e científicas coma no de creación de empresas.

- Agn, “Fraga quere consolidar as políticas de consenso no marco da Constitución”, *Diario de Arousa*/*Diario de Ferrol*/*El Ideal Gallego*, “Galicia”, 26 xullo 2002, p. 29/p. 31/p. 41.

Destaca as palabras que o presidente da Xunta de Galicia pronunciou no acto de entrega das Medallas de Galicia. Así mesmo, pon de relevo a xustificación que deu para entregar os galardóns de ouro a Eugenio Granell e ao Real Club Deportivo da Coruña. Respecto aos premiados coas medallas de prata e bronce comenta que tamén o presidente apuntou que todos eles destacan polas súas notábeis actividades culturais e científicas.

- Irene Bascoy, “Fraga pide la unión en torno al Estatuto que ‘tantos bienes trae”, *El Correo Gallego*, “El tema del día”, 26 xullo 2002, p. 10.

Salienta que o presidente da Xunta Manuel Fraga aproveitou o discurso na entrega de Medallas de Galicia para facer unha defensa da Autonomía e apostar polo diálogo. Ademais dá conta de que tivo palabras de agradecemento para as persoas e institucións galardoadas e que a estes lles dixo que deben continuar traballando para facer do noso país a primeira das rexións de España e Europa en riqueza e benestar.

-Irene Bascoy, “Lendoiro receta imaginación y solidaridad como vías de progreso”, *El Correo Gallego*, “El tema del día”, 26 xullo 2002, p. 11.

Ademais de destacar as palabras que pronunciou Augusto César Lendoiro, en nome de todos os galardoados, ao recoller a medalla de ouro, ofrece unha listaxe con todos os premiados con medallas de prata e bronce. Así mesmo, ofrece outros datos referidos a

estas medallas como por exemplo cándo se crearon e que recoñecen a persoas e institucións que prestaran servicios relevantes dignos de agradecemento público.

- M. V., “Eugenio Granell recibe su cuarto oro”, *La Opinión*, “Galicia”, 26 xullo 2002, p. 14.

Considera que a entrega das Medallas de Galicia 2002 pasará á historia polo seu protagonismo coruñés, xa que o Deportivo e Eugenio Granell recibiron a máxima distinción que concede a Xunta de Galicia. Salienta ademais que este último xa recibira anteriormente tres medallas de ouro concedidas por outros organismos en recoñecemento do seu labor. Finalmente, indica que o seu legado está agora na Fundación Granell para paliar o descoñecemento que sufriu este artista na súa terra debido ao seu exilio.

-M. V., “La Xunta reconoce el trabajo en favor de Galicia con 30 medallas”, *La Opinión*, “Galicia”, 26 xullo 2002, p. 14.

Indica que a Medalla de ouro de Galicia foi aprobada por decreto en 1984 e que dende aquela se distinguiu con este galardón a persoas e institucións que destacaron polo seu

servicio á comunidade autónoma en distintos campos, mesmo no deportivo, aspecto que se tivo en conta este ano para concederlla ao Real Club Deportivo e ao pintor Eugenio Granell. Ademais ofrece unha listaxe cos nomes dos galardoados coas medallas de prata e de bronce.

- M. V., “El Dépor gana su primera medalla”, *La Opinión*, “Galicia”, 26 xullo 2002, p. 15.

Destaca que Augusto César Lendoiro, o presidente do Real Club Deportivo, foi o encargado de facer os agradecementos en nome dos trinta homenaxeados na entrega das Medallas de Galicia 2002. Salienta a corrección e formalidade do seu discurso e indica tamén que o presidente da Xunta tivo palabras de eloxio para todos os galardoados.

-AGN, “La entrega de las Medallas Castelao constata la normalidad”, *El Progreso*, “Galicia”, 29 xuño 2002, p. 36.

Nota na que se fai eco do acto de entrega das Medallas Castelao, indicando os persoeiros políticos que estaban presentes. Explícase que estes premios se crearon co gallo do

regreso dos restos do escritor e intelectual galeguista que lle dá nome a Galicia en 1984. Ofrécese finalmente a nómina dos galardoados este ano, entre os que figura Mª do Carme Kruckenberg.

Premios “**Otero Pedrayo**”

Convócase cada ano, dende o 1976, polas Deputacións provinciais para “perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións”. Poderán optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ao Presidente da Deputación convocatoria, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, achegando os seguintes documentos: descrición breve biográfica da persoa que aspira ao premio, e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da súa dimensión literaria ou científica. Entregaranse cinco exemplares, mecanografados a dobre espacio, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou producción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación

de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Este está dotado con 30.050 € e o xurado estará constituído polo presidente da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e as representacións da Universidade Sur, da Coruña e de Santiago de Compostela xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Nesta edición o premio recaeu no Centro Galego de Bos Aires pola súa intensa actividade no eido académico, divulgativo e asistencial a prol do pobo galego.

Referencias varias:

E. P., “A Deputación da Coruña convoca unha nova edición do Premio Otero Pedrayo, dotado con 30.050 €”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 24 febreiro 2002, p. 73.

Albino Mallo, “No alén mar”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 novembro 2002, p. 31. Informa da convocatoria do premio, salientando sucintamente algunha das características deste e refírese tamén á composición do xurado.

Fala da concesión do Premio “Otero Pedrayo” ao Centro Galego de Buenos Aires. Sinala que un dos motivos principais que levou ao xurado a conceder dito premio foi, segundo declaracións de Torres Colomer, “destacar a súa longa e modélica historia de dedicación”.

-Ana Lorenzo, “El Centro Gallego de Buenos Aires, premio Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 novembro 2002, p. 53.

Sinala que o xurado do Premio “Otero Pedrayo” decidiu conceder este galardón ao Centro Galego de Buenos Aires polo seu labor en prol do pobo galego. Matiza que esta institución, fundada no ano 1907, loitou tanto polo pobo galego coma pola súa lingua e cultura.

- Mayte Silva, “O Centro galego de Bos Aires, obtén o Premio Otero Pedrayo”, *La Opinión*, “Cultura”, 23 novembro 2002, p. 60.

Dá conta da concesión do Premio “Otero Pedrayo” ao Centro Galego de Buenos Aires, institución inaugurada no ano 1907. Sinala que o premio, convocado polas Deputacións

Provinciais e a Xunta de Galicia, irá este ano para esta institución arxentina que conta hoxe en día con trinta mil socios.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro”, a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia, e o “Pedrón de Honra”, a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No ano 2002 o “Pedrón de Ouro” recaeu en Luciano García Alén, mentres que o “Pedrón de Honra” recaeu en tres asociacións e unha persoa independente. As asociacións premiadas foron Mesa Prá Defensa do Galego de Asturias, a Escola de Gaitas de Vilafranca e Xeito Novo, premiándose ademais a Felipe Lubián, alcalde de Lubián e parlamentario que propuxo a inclusión do galego no ensino das comarcas estremeiras. Os galardóns foron entregados o 19 de maio nun acto celebrado na Casa-Museo Rosalía de Castro.

Referencias varias:

-Xosé García, “O Padroado do Pedrón de Ouro reunirase mañá en Arzúa para fallar o premio”, *La Voz de Galicia*, “Sar-Arzúa”, 15 marzo 2002, p. 12.

Dá conta da decisión dos membros do Pedrón de Ouro de dictaminar o premio Modesto R. Figueiredo de narración curta e seleccionar ao gañador do Pergamiño de Honra e Louvanza, nunha xuntanza en Arzúa, entre os que cita a Avelino Abuín da Tebra (presidente do Padroado), Avelino Pousa Antelo (presidente da Fundación Castelao), Xosé Ramón Fandiño Veiga (director da Gran Enciclopedia Galega), Carlos García Martínez (director do Museo do Pobo Galego), David Otero (escritor) e Xosé María Dobarro (catedrático de Literatura Galega). Lembra que o Padroado Pedrón de Ouro foi fundado en 1964 coa intencionalidade de premiar a unha personalidade galega viva que sobresaíse en calquera ámbito da cultura galega por Avelino Abuín Tebra e Maximino Rodríguez Buján. Finalmente, anuncia que a entrega do Pedrón de Ouro se realizará no Día da Letras Galegas en Padrón.

- AFA, “O triunfo da paixón”/“O Pedrón de Honra premia a defensa dos dereitos lingüísticos nos lindeiros de Galicia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 24 marzo 2002, p. 48/p. 76.

Considera este ano o de recoñecemento das asociacións que traballaron pola lingua galega de fóra das fronteiras administrativas, xa que se lle dedicou o Día da Letras a Frei Martín Sarmiento, se conseguiu a entrada da lingua no ensino na zona do Bierzo e se lle concede o Pedrón de Honra á Mesa prá Defensa do Galego de Asturias, Escola de Gaitas de Vilafranca, Xente Nova e a Felipe Lubián. Indica que arredor de cen mil persoas falan galego nas zonas fronteirizas de Asturias e Castela-León e dá conta da situación legal da lingua nestas autonomías. Realiza unha caracterización das accións acometidas polas asociacións homenaxeadas en prol da lingua e achégase á figura de García Alén, gañador do “Pedrón de Ouro” 2002. Cita algunhas das razóns recollidas na acta para esta concesión, como a “súa lealdade inquebrantable coas causas de Galicia” ou o traballar con institucións, como o Museo do Pobo Galego e o Museo de Pontevedra, que difunden os coñecementos históricos, etnográficos e antropolóxicos de Galicia.

- Avelino Abuín de Tembra, “O Pedrón de Ouro 2002”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 1 abril 2002, p. 3.

Este artigo de Abuín de Tembra posúe dous obxectivos diferenciados: en primeiro lugar, lembrar a historia e a significación do Pedrón de Ouro, creado no ano de 1964 no contexto da dictadura, nacemento no que interveu o propio cronista; e, por outra banda, destacar a figura de Luciano García Alén, distinguido no 2002 con este galardón. Así, enuméranse as razóns que levaron ao xurado da Fundación Pedrón de Ouro a outorgarlle este premio a García Alén. Resúmense tamén as súas producciónes e/ou contribucións no ámbito da medicina e da etnografía galega.

-U. L., “Primeira recepción oficial a la Fundación Pedrón de Ouro”, *La Voz de Galicia*, “Sar”, 26 abril 2002, p. 11.

Noticia na que recolle o acto que tivo lugar en Padrón na Fundación Pedrón de Ouro con motivo do cambio de presidente. Sinala que abandonou o seu cargo Gustavo Santiago Valencia en favor dun dos fundadores da entidade en 1964, Avelino Abuín Tebra, e que

este último, ademais de falar do vínculo padronés da entidade, demandou axuda institucional e lembrou que os distinguidos co Pedrón de Ouro e o de Honra son, neste ano, Luciano García Alén e as colectividades de Asturias, O Bierzo e Puebla de Sanabria.

- Avelino Abuín de Tembra, “Os Pedróns de Honra 2002 (I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 28 abril 2002, p. 3.

Comeza escribindo sobre a defensa da lingua galega en Asturias, datando os seus inicios na figura do Padre Benito Feijoo, e lembrando a importancia do traballo dalgunhas institucións cívicas para salvar a lingua nestes territorios da Galicia histórica. Chama a atención sobre o feito de que en Galicia non somos conscientes deste esforzo e sobre o desinterese das institucións a este respecto. Considera acertada a decisión sobre os premiados co “Pedrón de Honra” 2002 e pasa a describir a actividade da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias, unha das entidades galardoadas. Indica como se formou en 1988, os concellos onde actúa, o seu lema, a súa loita contra a “bablización”, as súas tentativas falidas no que respecta á petición de axudas ás institucións e algunhas das actividades que levou a cabo ao longo da súa traxectoria. Recolle ademais un fragmento dunha carta dun

afiliado aos dezaoito alcaldes dos municipios onde se fala galego e dá conta de varias actuacións desprezativas das autoridades respecto á lingua galega nestes territorios.

- Avelino Abuín de Tembra, “Os Pedróns de Honra 2002 (II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 29 abril 2002, p. 3.

Continuación do artigo anterior, no que comeza describindo a zona do Bierzo desde unha perspectiva histórico-lingüística, vinculándoa á figura do Padre Sarmiento, e administrativa, caracterizándoa hoxe en día. Logo de lembrar que en 1996 comezou a publicación do *Atlas Lingüístico do Bierzo*, pasa a explicar qué é a Escola de Gaitas e as súas iniciativas. Continua presentando á agrupación Xente Nova de Lubián, fundada en 1981 nas Escolas Vellas de Lubián, ademais de indicar que este grupo comparte premio con Felipe Lubián, que desde 1979 é alcalde de Lubián e loitou pola lingua galega, conseguindo que esta fora recoñecida materia optativa nas Cortes de Castela e León. Finalmente loa estas accións en defensa da lingua.

- AFA, “Premios á cultura”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 abril 2002, p. 33.

Anuncia a entrega o día 19 de maio na Casa Museo Rosalía o “Pedrón de Ouro” 2002 a Luciano García Alén. Retómanse as verbas do actual presidente deste padroado, Avelino Abuín de Tembra, quen destaca a importancia do homenaxeado na divulgación dos valores de Galicia, a súa vida entregada ao estudio da olería e a difusión, a través do Museo do Pobo Galego, dos nosos valores etnográficos. Ademais tamén se recollen as palabras nas que relaciona o feito de que neste ano se lle outorgase o “Pedrón de Honra” a tres organismos como a Mesa Prá Defensa do Galego de Asturias, a Escola de Gaitas de Vilafranca e Xente Nova (no artigo por erro pon Xeito Novo) e se dedicase o Día das Letras Galegas a Sarmiento. Finalmente, ofrece unha explicación de por qué se entrega este galardón despois da celebración das Letras Galegas e, por outra banda, ofrece datos históricos da fundación que concede este galardón.

- Xosé M. González Reboredo, “Luciano García Alén: Unha vida ó servicio de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 10 maio 2002, p. 12.

Artigo no que pretende destacar algúns aspectos humanos e intelectuais do home que recibiu neste ano o Pedrón de Ouro, recoñecendo así a dedicación a Galicia de Luciano García Alén. Lembra as súas orixes e o seu afán por combinar a súa profesión médica, exercida desde un punto de vista humanista, co estudio e difusión do ser diferencial galego. Sinala que como defensor de Galicia cultivou vertentes como a de etnógrafo ou a de "impulsor de iniciativas cívicas", como a creación e traballo no Museo do Pobo Galego, ademais de referirse amplamente a outras iniciativas deste autor. Finalmente, felicita esta homenaxe e lembra a varias persoas que sempre estarán ao seu carón.

- C. B., "Luciano García Alén recibe mañana en la Casa Museo Rosalía el Pedrón de Ouro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 maio 2002, p. 36.

Anúnciase a entrega na Casa Museo de Rosalía dos premios “Pedrón de Ouro”, nas categorías de ouro e de honra. Indícase que o primeiro recaeu no médico Luciano García Alén, do que se relacionan algúns méritos. Sinálase que neste trinta e oito aniversario da Fundación o “Pedrón de Honra” recaeu na Mesa prá Defensa do Galego de Asturias, na Escuela de Gaitas de Villafranca e no colectivo Xente Nova-Felipe Lubián en

recoñecemento ás persoas que falan galego en Asturias, no Bierzo e en Portelas. Lémbrase o nacemento deste premio e recóllese, finalmente, o programa de actos para a entrega dos galardóns, aclarando que a novidade fundamental do acto deberase ao cambio de presidente da entidade, ocupado agora por Avelino Abuín de Tembra en substitución de Gustavo Santiago Valencia.

- Clodio González Pérez, “Luciano García Alén”, *O Correo Galego*, “O rodicio do tempo”, 18 maio 2002, p. 4.

Anuncia a súa presencia na entrega do “Pedrón de Ouro” 2002 a Luciano García Alén na Casa de Rosalía de Castro e repasa a súa relación con el, ligada especialmente ao Museo do Pobo Galego. Refírese a seguir ao seu labor etnográfico e ás obras publicadas neste eido.

- M. Concepción Losada Vázquez, “Luciano García Alén, o profesor”/“Don Luciano García Alén, Profesor de Medicina”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 18 maio 2002, p. 36/p. 66.

Esta doutora en Medicina e profesora na Facultade de Psicoloxía da USC céntrase na súa relación con García Alén, a quen lembra que coñeceu nunha revolta estudiantil no ano 1981. Afirma que lles ensinou a inventar cada día unha maneira diferente de ser profesor, a entender que cada muller tiña detrás unha historia diferente, que lles falou dos avances que se producían noutros lugares de Europa e lles permitían ás mulleres elixir e lles explicou como era necesario falar sempre coas pacientes. Indica que posibelmente o doutor lle transmitiu ás posteriores xeracións o seu saber na tradición humanística e criterio psicobiolóxico pero que só a súa promoción foi testemuña do proceso iniciático e que para moitos foi decisivo á hora de tomar unha decisión sobre o seu futuro e crear unha nova xeración de profesores universitarios.

- Uxía López, “A Casa-Museo de Rosalía en Padrón acolle a entrega do Pedrón de Ouro”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 18 maio 2002, p. 9.

Anuncia a entrega dos Premios Pedrón de Ouro e de Honra, o primeiro concedido a Luciano García Alén e o segundo a tres entidades que teñen en común a defensa da nosa

lingua fóra das fronteiras da nosa Comunidade: Mesa prá Defensa del Galego (Asturias), Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo e Xente Nova (As Portelas, Zamora), neste último caso especialmente a Felipe Lubián, alcalde, que propuxo o estudio do galego. Recolle o número de falantes destas zonas e describe varios aspectos do programa.

- Xosé Ramón Fandiño, “As razóns dunha distinción”, *La Voz de Galicia*, “Tribuna”, 18 maio 2002, p. 13.

Indica primeiro que o Padroado Pedrón de Ouro acordou conceder a súa distinción a Luciano Rodríguez Alén e a tres colectivos de galegofalantes de Asturias, o Bierzo en León e as Portelas en Zamora. Realiza despois unha semblanza do médico humanista e percorre algunhas das súas iniciativas no eido da cultura galega.

- EFE, “O Museo de Rosalía acolle a entrega do ‘Pedrón’ ó creador do Club Alén Nós”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 19 maio 2002, p. 75.

Anuncia a celebración na Casa de Rosalía da entrega do “Pedrón de Ouro” a Luciano García Alén, co que a Fundación premia o seu pulo á restauración de olería e a súa achega á difusión do coñecemento histórico dos valores antropolóxicos e etnográficos de Galicia.

- Jacinto Ruíz, “La aldea es la piel de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la voz”, 19 maio 2002, pp. 12-13.

Entrevista a Luciano García Alén con motivo da entrega do Pedrón de Ouro na que lembra a súa infancia, explica a súa concepción de Galicia, o seu afán por practicar o humanismo na medicina, á que se dedicou case toda a súa vida, ademais de referirse ao significado que ten para el a concesión deste premio pola súa dedicación á cultura popular galega. Destaca a importancia deste recoñecemento do seu labor de estudio da cultura popular, a través especialmente da alfarería, e fala da situación deste sector, de cómo chegou a coñecelo e estudialo durante anos. En cadro á parte, recóllese cál foi o último libro que publicou, algunha das descubertas das súas investigacións sobre o sector e a súa opinión sobre o cambio na economía galega.

- Xosé Martínez Couselo, “Luciano G. Alén apañou a memoria da olería”, *O Correo Galego*, “Recuncho de Altamira”, 19 maio 2002, p. 2.

Céntrase na figura de Luciano García Alén, galardoado co “Pedrón de Ouro”, e repasa a súa obra arredor da etnografía galega, así como a súa profesión de médico.

-C. B./C.B.M. “Cultura e identidade”/“Luciano García Alén avoga en Padrón por recuperalas formas tradicionais de Galicia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “AFA”/“Área de Compostela”, 20 maio 2002, p. 55/p. 16.

Faise eco da entrega dos premios da Fundación Pedrón de Ouro na Casa Museo Rosalía de Castro na Matanza, da que destaca o cambio de presidente, Avelino Abuín de Tembra en lugar de Gustavo Santiago. Sinala as intervencións que tiveron lugar no acto, no que se lle entregou o “Pedrón de Ouro” a Luciano García Alén, mentres que o “Pedrón de Honra” foi para a Mesa pola Defensa do Galego en Asturias, a Escola de Gaitas de Vilafranca a

Institución cultural Xente Nova. Recolle as declaracións dos representantes dos galardoados.

- EFE, “El profesor Luciano García Alén recibe el Pedrón de Ouro por sus estudios sobre la alfarería”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 maio 2002, p. 14.

Dá conta do acto de entrega do “Pedrón de Ouro” 2002 a Luciano García Alén, achégase ao discurso de agradecemento e lembra a outros galardoados como Antón Fraguas, Fernández del Riego, Díaz Pardo ou Borobó, entre outros. Sinala, tamén, que se lle concedeu o Pedrón de Honra a tres colectivos, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias, Escola de Gaitas de Villafranca del Bierzo e Xente Nova-Felipe Lubián, implicados na defensa da lingua galega en terras asturianas comprendidas entre os ríos Éo e Navia, no Bierzo occidental e nas Portelas zamoranas.

- EUROPA PRESS, “García Alén aposta por Galicia como destino dun ‘turismo culto’, *El Progreso*, “Galicia”, 20 maio 2002, p. 23.

Informa do acto de entrega do “Pedrón de Ouro” a Luciano García Alén, profesor de Xinecoloxía, na Casa Museo de Rosalía, e do “Pedrón de Honra” á Mesa prá Defensa del Galego en Asturias, a Escola de Gaitas de Villafranca do Bierzo e a Asociación Cultural Xente Nova de Portelas.

- Uxía López, “García Alén augura ó recibir o Pedrón de Ouro un bo futuro para a artesanía rural”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 maio 2002, p. 43.

Dá conta da entrega dos Premios Pedrón de Ouro na Casa-Museo de Rosalía resaltando a contraposición entre o optimismo de García Alén ante o futuro da olería galega como productos da nosa identidade e o pesimismo dos defensores do galego nas terras que non pertencen administrativamente á nosa comunidade autónoma que solicitan apoio institucional. Tamén sinala algúns dos asistentes máis relevantes da sociedade galega.

- Encarna Otero, “Parabéns a Luciano García Alén”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 21 maio 2002, p. 36.

Dálle os seus parabéns a Luciano García Alén por este recoñecemento que considera máis que merecido debido ao seu traballo, humanidade, xenerosidade e compromiso con Galicia. Considera que Compostela ten que sentirse orgullosa por ter homes coma el figurando na súa sociedade e lembra a súa faceta intelectual e de home comprometido.

- Xosé María Dobarro, “De letras e pedróns”, *Diario de Ferrol*, “Outravolta”, 21 maio 2002, p. 15.

Tras contar que como cada domingo posterior ao 17 de maio se celebrou na Casa da Matanza a entrega dos Pedróns de Ouro e Honra, lembra o nacemento desta iniciativa da man do actual presidente e de Máximo Rodríguez Buxán, da que Octavio Sanmartín foi o seu primeiro presidente. Remata explicando que neste ano o galardón foi caer en Luciano García Alén e en tres colectivos da “Galicia irredenta”.

- Agustín Sixto Seco, “O gran cacharreiro galego”, *El Correo Gallego*, “Fóra de portas”, 22 maio 2002, p. 3.

Explica que con esta denominación Clodio González alude ao recentemente galardoado co "Pedrón de Ouro", o doutor García Alén. Logo realiza unha lembranza do premiado desde o punto de vista persoal, do que destaca o seu traballo na consecución dunha medicina moderna e humanística, á vez que xustifica a súa ausencia no acto de entrega do premio.

- Avelino Abuín de Tembra, "As gracias do Pedrón", *O Correo Galego*, "A lúa nos beizos", 26 maio 2002, p. 3.

Cun ton entusiasta Avelino Abuín de Tembra relata o acontecido na entrega dos Pedrón de Ouro e dá as gracias. Sinala que neste ano se uniron as “galicias” administrativamente arredadas desde 1833 e que se honrou a “Galicia permanente”, simbolizada en García Alén. Deste último afirma que nel se conxugan “algún aspectos bíblicos”, entre os que destaca a lealdade. No que respecta aos “Pedróns de Honra” fai fincapé na tentativa do padroado de acadar unha Galicia Universal, como a pretendida pola Xeración Nós. Destaca o xantar como verdadeira mostra de unión entre a “Galicia real e a Galicia histórica”. Menciona tamén a Francisco Fernández del Riego e Anxo Angueira que recoñeceron o labor de defensa da lingua feito alén das fronteiras administrativas e explica

que, xunto con Méndez Ferrín e Anxo Angueira, os bercianos homenaxearon en Cacabelos ao poeta Fernández y Morales do Bierzo.

-Xerardo Fernández Albor, “O señor das olas”, *El Correo Gallego*, “Comentarios e lembranzas”, 26 maio 2002, p. 3.

Artigo no que se amosa o seu afecto persoal e admiración pola obra de Luciano García Alén, doutor e intelectual galeguista premiado co Pedrón de Ouro. Diferencia catro vertentes loábeis na súa traxectoria: a persoal-familiar, a profesional-médica, a cultural e a da amizade, esta última verificada co grande número dos asistentes ao acto. Tamén destaca a laudatio de Antón Segade na entrega do premio que lle lembrou a Otero Pedrayo e remata facendo unha petición a Sant-Iago para que protexa e dea longa vida a García Alén.

IVº Premio “**Rosalía de Castro**” do PEN Club de Galicia

A sección galega do Pen Club galego, que naceu en 1988 dentro do Pen Club internacional, convocou este premio por primeira ven en 1996 coa finalidade de premiar un escritor de cada unha das outras literaturas peninsulares, para así “desde Galicia establecer lazos coas nosas literaturas veciñas”. Son entregados cada dous anos e, en anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, José Mari Lekuona, Miquel dePalol, António Lobo Antúnes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer e Anjel Lertxundi. Nesta edición, o xurado, que estivo composto por Luís González Tosar, Marilar Aleixandre, Xesús Alonso Montero, Alfredo Conde, Bieito Iglesias, Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, premiou a Ernesto Sábato en literatura castelá, Nélida Piñón na portuguesa, Ricard Salvat na catalana e Felipe Juaristi na éuscara. Nesta ocasión os premios entregáronse o dous de maio no Salón Nobre de Fonseca da Universidade de Santiago.

Referencias varias:

- AFA, “Memoria de ‘gallegos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 maio 2002, p. 29.

Fálase dos premiados polo PEN Club Galego co Premio “Rosalía de Castro”, que este ano recaeu nos escritores Felipe Juaristi, Ricard Salvat, Nélida Piñón e Ernesto Sábato, escritor do que se destaca a súa relación cos galegos e a grande admiración que admite pola nosa terra e pola nosa lingua.

- AGN, “Sábato recibe el ‘Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 3 maio 2002, p. 71.

Recolle os nomes dos galardoados na IVª edición dos Premios “Rosalía de Castro” do PEN Club de Galicia que cada dous anos se lle conceden a escritores doutras linguas ibéricas en recoñecemento ao seu labor e traxectoria literaria. Sinala que os premiados foron: Ricard Salvat, Ernesto Sábato, Felipe Juaristi e Nélida Piñón pola súa traxectoria literaria en catalán, castelán, éuscaro e portugués, respectivamente. Anuncia que ademais deste

premio, Ernesto Sábato aproveitará a estancia no noso país para recibir das mans do rector da USC, Darío Villanueva, a Insignia de Ouro da Universidade.

- Carmen Villar, “Sábato: ‘Lástima que escritores como Valle-Inclán no siguieran la ruta de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 maio 2002, p. 44.

Refírese ao acto celebrado en nome dos escritores galardoados polo PEN Club Galego co Premio “Rosalía de Castro” que serven para recordar á poetisa galega e evocar aqueles versos que serían repetidos por centos de emigrantes galegos. Sinala que os galardoados, Felipe Juaristi, Ricard Salvat, Ernesto Sábato e Nélida Piñón (ausente por problemas de saúde) aproveitaron a súa quenda de palabra para compartir recordos nostálxicos, sentimentos de admiración, reproches e mesmo reivindicacións tanto lingüísticas coma culturais ou literarias.

-Concha Pino, “Sábato recolleu o premio Rosalía xunto con Felipe Juaristi e Ricard Salvat”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2002, p. 30.

Descríbese o acto de entrega dos Premios do PEN Club de Galicia “Rosalía de Castro” ao escritor catalán Ricard Salvat, ao vasco Felipe Juaristi, ao arxentino Ernesto Sábato e á brasileira Nélida Piñón, en recoñecemento á súa traxectoria literaria en distintos ámbitos e linguas. Sinálase que nesta edición lle foi solicitado aos premiados que fixeran un texto que evocase a súa visión da poetisa galega que lle dá nome a este galardón para ler no acto de entrega, no cal estiveron presentes numerosos coñecidos da vida cultural e social galega.

- Francisco Pérez Lorenzo, “Ernesto Sábato ergue a fidelidade de Rosalía ó pobo e á lingua galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 3 maio 2002, p. 75.

Recordo dos momentos máis emotivos que tiveron lugar durante os discursos que se sucederon no acto de entrega dos Premios “Rosalía de Castro” do PEN Club Galego na súa IVª edición aos escritores de recoñecida traxectoria nas distintas linguas peninsulares que foron para Felipe Juaristi, Ricard Salvat, Nélida Piñón -ausente por enfermidade-e Ernesto Sábato.

- Marcos Valcárcel, “Pan por pan”, *La Región*, “Cultura”, 4 maio 2002, p. 67.

Breve referencia aos Premios “Rosalía de Castro” outorgados polo PEN Club Galego a catro autores nas diversas linguas peninsulares: Felipe Juaristi, representando a lingua vasca; Ricard Salvat, pola catalana; Nélida Piñón, pola portuguesa; e Ernesto Sábato, pola castelá.

- Marcos Valcárcel, “De Rosalía a Ernesto Sábato”, *La Región*, “Sociedad”, 4 maio 2002, p. 69.

Fai un percorrido polo acontecido no acto de entrega dos Premios “Rosalía de Castro” outorgados polo PEN Club Galego e que concede cada dous anos a escritores nas distintas linguas ibéricas. Sinala que este ano, os premios foron para Nélida Piñón (que non puido asistir ao acto), Ernesto Sábato, Felipe Juaristi e Ricard Salvat. Indica tamén que ao acto acudiron numerosos e recoñecidos escritores como Manuel Rivas, Alfredo Conde ou Víctor Freixanes.

- Xosé María Dobarro, “Merecidos premios”, *Diario de Ferrol*, “Outravolta”, 7 maio 2002, p. 15.

Recolle o acontecido durante a cerimonia da entrega dos Premios “Rosalía de Castro” concedidos polo PEN Club a escritores que empregan as linguas da península na súa IVª edición, que tivo lugar en Santiago de Compostela, no Salón Nobre de Fonseca. Sinala que contou coa presidencia do rector da USC, Darío Villanueva, e con Xesús Alonso Montero como mantedor do acto.

- Helena Villar Janeiro, “Cos escritores”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 10 maio 2002, p. 3.

Recolle algunhas anécdotas do paso por Santiago dos escritores galardoados na IVª edición dos Premios “Rosalía de Castro”: Felipe Juaristi, Ricard Salvat e o arxentino Ernesto Sábato.

- Xulio Valcárcel, “Sábato en Galicia”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n° 205, “Páxina literaria”, 12 maio 2002, p. 4.

Informa sobre o acto que tivo lugar no Pazo de Fonseca, na cidade compostelá, con motivo da entrega dos Premios “Rosalía de Castro” a Ernesto Sábato, xunto a outros tres escritores, outorgado polo Pen Clube de Galicia. O autor recolle parte do discurso de Sábato e loa non só as súas palabras, senón tamén a súa traxectoria literaria.

- Alfredo Conde, “Premios”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 maio 2002, p. 4.

Recolle algúns datos do acontecido durante o acto que tivo lugar con motivo da entrega dos Premios “Rosalía de Castro” outorgados polo PEN Club de Galicia cada dous anos, e que nesta edición recaeron en Nélida Piñón, Ernesto Sábato, Ricard Salvat e Felipe Juaristi en representación das varias linguas da Península: portugués, español, catalán e éuscaro, respectivamente.

- A.N.T., “Sábato láiase de que Valle-Inclán non escribise en galego”, *A Nosa Terra*, nº 1.033, “Cultura”, 9-15 maio 2002, p. 28.

Faise eco do acontecido durante o acto dos IVºˢ Premios “Rosalía de Castro” que outorga o PEN Club de Galicia a escritores significativos de cada unha das linguas peninsulares. Sinala que nesta edición o galardón recaeu en Felipe Juaristi no apartado de éuscaro, Ricard Salvat no de catalán, Ernesto Sábato no de castelán e Nélida Piñón no de portugués, aínda que esta non puido asistir ao acto. Indica tamén que cada un deles tivo a oportunidade de dirixirse aos presentes, neste senso destácanse as nostálxicas palabras de Sábato para recordar a personaxes coma o rei Afonso o Sabio, Valle-Inclán ou á mesma Rosalía de Castro.

Premios “**San Martiño**”

Trátase da XIIª edición destes premios que concede a Fundación San Martiño a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e promoción do galego. O premio consiste nunha estatuíña realizada polo escultor estradense Manuel Villaverde. Nesta edición o profesor, escritor e traductor Valentín Arias López acadou o premio na categoría de “Toda unha vida”, mentres que Antón Santamarina se fixo co denominado “Galicia enteira”. Estes premios fóronlles entregados o 21 de decembro no Recreo Cultural de A Estrada.

XXº Premio "**Trasalba**"

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que todos os anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. Na edición de 2002 o galardoado foi o xeógrafo Augusto Pérez Alberti. O premio foi entregado o 30 de xuño na festa literaria que tivo lugar en Trasalba no Pazo Museo de Otero Pedrayo**.**

Referencias varias:

- AFA, “Un xeógrafo en Trasalba”/“O catedrático e xeógrafo Augusto Pérez Alberti recibe o Premio Trasalba”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 abril 2002, “AFA”/“Cultura”, p. 29/p. 76.

Recolle a decisión da Xunta de Goberno da Fundación Otero Pedrayo de conceder o premio "Trasalba" 2002 ao catedrático de Xeografía Física da Universidade de Santiago Augusto Pérez Alberti, discípulo e continuador do labor xeográfico de Otero. Sinálase a data de entrega do galardón e repásase a obra do premiado.

- M. J. M., "El 'Trasalba' para un geógrafo ourensano", *La Región*, "Cultura", 28 abril 2002, p. 83.

Sinala que a achega ao estudio da xeografía galega de Otero Pedrayo, campo no que foi precursor, é lembrada nestes días coa concesión do Premio "Trasalba" 2002 ao catedrático de Xeografía Física na USC Augusto Pérez Alberti. Recolle as palabras do galardoado e a data de entrega do premio.

- Ramón Loureiro, "A terra vive con nós", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 abril 2002, p. 35.

Entrevista co gañador do Premio “Trasalba” que declara sentir unha grande satisfacción polo recoñecemento que ten para o seu traballo recibir este premio, ademais na terra dos seus pais e achégase ao seu eido de traballo.

- Agustín Sixto Seco, “Otero sempre en Trasalba”, *El Correo Gallego*, “Fóra de portas”, 29 xuño 2002, p. 3.

Escribe sobre a exposición “Otero sempre en Trasalba” que a Fundación Otero Pedrayo con afán didáctico levará ao longo de Galicia. Explica que se trata dunha viaxe literaria que percorre a nosa xeografía contando a vida deste escritor mediante uns paneis elaborados por Alfonso V. Monxardín. Dá conta de que tamén en Ourense se realizou outra mostra itinerante, co motivo do vintecinco aniversario da morte do escritor, que percorreu centros culturais e áreas recreativas por iniciativa do Liceo-Casino Ourensán. Tamén anuncia a entrega do Premio “Trasalba”, que neste ano será para o profesor Augusto Pérez Alberti, catedrático de Xeografía da USC, que segue a liña do “Patriarca das Letras Galegas”.

-LR, “La fundación Otero Pedrayo entrega hoy el premio Trasalba a Pérez Alberti”, *La Región*, “Ciudad”, 30 xuño 2002, p. 17.

Anuncia a entrega no Pazo de Otero Pedrayo do Premio “Trasalba” 2002 a Augusto Pérez Alberti. Describe os actos do día, dende a reunión plenaria do Consello da Fundación ata o acto de entrega, que estará a cargo do director do Centro de Estudios Oterianos, ademais dunha degustación gastronómica de comida tradicional.

- Marcos Valcárcel, “As uvas na solaina” *La Región*, “Sociedad”, 30 xuño 2002, p.73

Esta páxina ten como eixo vertebrador contar a historia dos premios “Trasalba” que se celebran anualmente na Casa Museo de Otero Pedrayo desde 1983 e cos que se premia a persoeiros que tiveron unha relación directa con Ramón Otero Pedrayo ou seguiron aspectos da súa obra. A retrospectiva lévase ao cabo diferenciando aos homenaxeados pola vertente de consecución do premio e explicando en cada caso a publicación que xurdiu como resultado. Adscribe así ao grupo dos etnógrafos, antropólogos e investigadores da cultura popular a Xaquín Lorenzo Fernández, Antonio Fraguas Fraguas,

Carlos García Martínez e Miguel Anxo Araúxo Iglesias. No eido das letras menciona a Pura Vázquez, Xesús Alonso Montero e Xosé Luís Méndez Ferrín. Logo traza un grupo vinculado a Galaxia, editorial da que Otero fora presidente fundador, no que están Valentín Paz-Andrade, Ramón Martínez López, Francisco Fernández del Riego, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Xaime Ilsa Couto, Marino Dónega Rozas e Xohán Ledo. Sen esquecer a condición polifacética de Otero, lembra ao investigador en xeografía e crea un grupo no que figuran Francisco Río Barxa e Augusto Pérez Alberti. Finalmente, baixo a etiqueta de "outros nomes oterianos" inclúe a Isaac Díaz Pardo, Luís Tobío Fernández e Raimundo García Borobó.

X. 7. Literatura Infantil e Xuvenil

IVº Premio “**Abril**” de narrativa para mozos

Nace no ano 1998 por iniciativa de Ámbito Cultural/El Corte Inglés e Editores Asociados, dotado con 18.000 € e a publicación da obra en aragonés, asturiano, catalán, castelán, galego e vasco. Os orixinais poden presentarse escritos en español ou nas linguas dos territorios dos que proceden as editoriais convocatorias nas que se encontran La Galera de Catalunya, Elkar de Euskadi, Tándem Edicións de Valencia, Galaxia de Galicia, Llibros del Pexe de Asturias e Xordiga de Aragón. Poderán participar escritores e escritoras de calquera nacionalidade con obras orixinais inéditas e destinadas a lectores entre doce e dezaseis anos. As obras, cunha extensión de entre oitenta e cento vinte folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, enviaranse segundo as bases da IVª convocatoria do premio antes do 30 de novembro de 2001 a calquera das editoriais

integrantes de Editores Asociados indicando no sobre a referencia do premio, que no caso dos traballos galegos se poderán remitir a Galaxia, R/ Reconquista, nº 1, 36201 (Vigo). Na súa terceira edición gañara o galego Carlos Mosteiro, mentres que nesta cuarta convocatoria o galardoado foi o escritor catalán Jordi Sierra i Fabra coa obra *Un lugar llamado guerra*.

Referencias varias:

-E. P., "Jordi Sierra i Fabra gaña o 'Abril' cunha novela que editará Galaxia en lingua galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 abril 2002, p. 76.

Dá a coñecer o gañador da cuarta edición deste concurso. Despois de referirse á entidade organizadora e lembrar o obxectivo do premio, achega as liñas argumentais da obra galardoada, que anuncia que será publicada en galego por Galaxia. Por outro lado, fai referencia á posición da lectura en galego e da nosa "producción editorial" no conxunto do territorio español.

XIIIº Premio “**Ala Delta**” de literatura infantil

A Editorial Luís Vives (Edelvives) convoca o Premio “Ala Delta” de literatura infantil coa finalidade de promover a creación literaria para nenos. Establécese un premio único, dotado con 12.020 €. e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Ala Delta”. A extensión das obras, mecanografadas a dobre espacio, será dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento corenta. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou calquera lingua do estado. O tema dos orixinais é libre, igual có xénero literario, e enviaranse baixo plica cos datos do autor, á Editorial Luís Vives “Para
o premio Ala Delta” (Xauradó, 25 28034 Madrid). O xurado será nomeado por Edelvives e estará formado por especialistas en literatura e educación, sendo un deles membro da Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil, e dará a coñecer o seu dictame na segunda quincena do mes de setembro do ano 2002. Nesta ocasión o xurado premiouunha obra en castelán da autora Blanca Álvarez González.

XXIº Premio “**Apelles Mestres**” de Literatura Infantil e Xuvenil Ilustrada

Convócao a editorial Destino e poden optar ao premio todas as obras inéditas ilustradas de tema libre (ben sexan cómics, contos, narracións, obras de divulgación ou outro tipo de obras) e que estean dirixidas a un público infantil e xuvenil. Nelas a ilustración non pode ser accesoria, é dicir, debe ter un peso específico de tanta importancia como o texto. As obras poderanse presentar en calquera das linguas do territorio español, así como en inglés, francés ou italiano. O prazo de admisión de orixinais remata o 30 de setembro de 2001 e o premio outorgarase o 6 de xaneiro de 2002. Os orixinais deben enviarse a nome de Ediciones Destino, S. A., Provenza, 260, 08008, Barcelona, indicando “Para el premio Apel.les Mestres”. Nesta edición non se premiou ningunha obra en galego.

XVIIIº Concurso do libro infantil “**O Barco de Vapor**”

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para “promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. As obras presentadas en lingua galega terán unha extensión mínima de cincuenta folios, mecanografados a dobre espacio, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. A súa composición manterase en segredo ata a publicación da resolución, sendo os encargados de valorar as obras presentadas nesta edición, Agustín Fernández Paz, María Pilar Jiménez, Xabier Senín, Rafael Chacón e Manuel Figueiras. Conta cunha dotación económica de 6.000 € mais a publicación da obra. Nesta edición presentáronse douscentos quince orixinais e a obra gañadora, que será publicada pola Editorial SM, foi *De como o Santo dos Croques se fai peregrino* de Pepe Carballude, autor que xa gañara este mesmo

premio na edición de 1990 e que recolleu o galardón o 30 de outubro. Gañadores de edicións anteriores son: Fina Casalderrey (1994), Antón Cortizas (1995), Daniel Buján (1996), Xosé Antonio Neira Cruz (1997), Xosé Antonio Neira Cruz (1998), María Dolores Ruíz Gestoso (1999), Xosé Antonio Neira Cruz (2000) e Xoán Xosé Lago Pereira (2001).

Referencias varias:

- I.M., “Carballude gana el Barco de Vapor al revivir en su libro al maestro Mateo”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 xaneiro 2002, p. 23.

Ver Carballude, Pepe, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, no apartado VII. 1. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

-Belén López, “O pontevedrés Pepe Carballude gaña o Premio Barco de Vapor Infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 19 xaneiro 2002, p. 60.

Ver Carballude, Pepe, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, no apartado VII. 1. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

- Alberto Quian, “Os nenos son os lectores máis esixentes”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2002, p. 40.

Ver Carballude, Pepe, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, no apartado VII. 1. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

-AFA, “Pepe Carballude salienta a boa saúde da literatura infantil galega”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 31 outubro 2002, p. 76.

Ver Carballude, Pepe, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, no apartado VII. 1. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

-Carmen Villar, “Primeiro procuro escribir unha historia que me interese a min”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 outubro 2002, p. 44.

Ver Carballude, Pepe, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino*, no apartado VII. 1. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

Xº Premio “**EDEBÉ**” de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas a lectores de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 €, e a xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 12 anos, dotado con 30.000 €. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a douscentos para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espacio e enviarse por triplicado, baixo plica, antesdo quince de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do dictame do premio, fixado para finais de xaneiro. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado. Nesta edición non se premiou ningunha obra en galego, mais as dúas obras premiadas saíron neste mesmo ano traducidas ao galego baixo os títulos de *¿Queres se-lo mozo da miña*

irmá? (Vols ser el nòvio de la meva germana?), de Maite Carranza, e *As lágrimas de Shiva (Las lágrimas de Shiva)*, de César Mallorquí.

IIº Premio “**Estornela**” de teatro

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio que alterna anualmente co premio de poesía infantil “Arume”. Poden concorrer a el todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os traballos enviaranse, un orixinal e tres copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (36587 Gres, Vila de Cruces (Pontevedra). A Fundación convocatoria escollerá un xurado de recoñecido prestixio e o premio, que ten unha dotación económica de 1.500 € e a publicación do traballo premiado en Ediciós do Castro, entregarase durante o mes de decembro. Nesta segunda edición, o prazo de presentación concluíu o 30 de setembro e o xurado, que estivo composto por Anisia Miranda, Miguel Anxo Fernán-Vello, Valentín García Gómez e Luís Reimóndez Fernández, quen actuou como secretario, de entre as vinteúnha obras presentadas, premiou a titulada *Os mundiños*, de Heidi Künh-Bode, quen recolleu o galardón o 15 de decembro na sede da Fundación Neira Vilas. O gañador da anterior edición fora Manuel Lourenzo e Eduardo Alonso Rodríguez recibira unha mención especial.

Referencias varias:

-AFA, “Para nenos lectores”/“A Fundación Neira Vilas convoca a II edición do Premio Estornela”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “AFA”/“Cultura”, 18 xullo 2002, p. 34/p. 68.

Destaca o labor de dinamización cultural que desenvolve a Fundación Neira Vilas, que convoca o premio “Estornela” de Teatro. Anuncia a presentación da súa segunda convocatoria e salienta que os textos deben estar “inspirados, dirixidos e escritos para nenos”. Así mesmo, dá conta de que este premio se alterna co “Arume de Poesía”, premioconcedido o ano pasado a Xosé María Álvarez Cáccamo. Por outro lado, tamén indica que na súa primeira edición o “Estornela” de Teatro fora para Manuel Lourenzo.

- AFA, “Lembrar a arte”, *O Correo Galego*, “AFA”, 7 setembro 2002, p. 33.

Anuncia a inauguración na Fundación Xosé Neira Vilas dunha sala de exposicións que leva o nome de Luís Seoane. Do mesmo xeito tamén se sinala que está a piques de rematar o

prazo de presentación de orixinais para o Premio “Estornela” de Teatro que convoca esta Fundación, a través do que se buscan orixinais que os nenos poidan representar. Ademais de lembrar as bases do premio, tamén recolle os nomes dos galardoados na edición de 2000: Manuel Lourenzo con *A música da noite* (2001) e Eduardo Alonso con *O país acuático* (2001).

-Doda Vázquez, “La literatura para niños es la que les gusta a ellos”, *La Opinión*, “Entrevista”, 11 decembro 2002, p. 72.

Entrevista a Heidi Kühn-Bode (Munich, 1945), gañadora do Premio Estornela de teatro da Fundación Neira Vilas coa peza *Os mundiños*, na que se comeza sinalando o seu coñecemento de diferentes linguas e se lle pregunta por cuestións como cándo comezou a escribir, os seus próximos títulos ou a súa concepción da literatura infantil. Sinala que publicou a súa primeira obra en galego en 1990, *Fideliño o carteiro* e, asemade, apunta que na súa última obra cada “mundiño” é unha sorpresa e unha curiosa concepción do mundo. Sinala tamén que está a traballar nunha novela titulada *Pomeraña, meu amor* e

considera que non hai literatura para nenos e para maiores, posto que a ela con dez anos gustáballe *A cantante calva*.

- A. N. T., “Heidi Hün-Bode, premio Estornela de Teatro”, *A Nosa Terra,* nº 1.059, 5-11 decembro 2002, p. 38.

Sinala cál foi o xurado que premiou a obra *Os mundiños*, de Heidi Hün-Bode, que será publicada por Ediciós do Castro, e engade que esta peza evoca o mundo do circo e do teatro de monicreques. Fala un pouco das circunstancias deste premio que alterna co “Arume” de Poesía infantil nos certames promovidos pola Fundación Neira Vilas.

- Monica González, “O teatro, de volta en Gres”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 decembro 2002, p. 68.

A xornalista relata a entrega deste premio por parte de Anisia Miranda á escritora alemana Heidi Hün-Bode na Fundación Neira Vilas. Tanto a periodista como o propio Neira Vilas destacan a alta participación no certame aínda que só conte con dous anos de tradición.

Sinálase que Xosé Neira Vilas engadiu ademais que é o único de Galicia destas características e salientou a necesidade de contar con compañías teatrais dedicadas ao público infantil.

Premio “**Lazarillo**”

Foi convocado por primeira vez no ano 1958 e está outorgado a partir de 1986 pola Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI) e conta co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Ten dúas modalidades: a de creación literaria infantil e a de ilustración. Na de creación literaria poden participar textos en calquera das linguas do estado e destinados a nenos e nenas lectores de ata once anos. A dotación é de 6.000 € para o gañador, e pódense conceder tamén dous accésits de 1.300 € cada un, que se outorgan preferentemente aos xéneros nos que non recaese o premio. A extensión máxima é de setenta folios de dous mil cen caracteres para a narrativa e teatro e de douscentos cincuenta versos para a poesía. O xurado noméao a OEPLI e está presidido polo presidente da entidade organizadora e composto, ademais, por un membro do Ministerio de Educación e Cultura e un vocal por cada unha das catro seccións da OEPLI. Os traballos deben ser enviados polos aspirantes por triplicado á OEPLI (R/ Santiago Rusiñol, 8, 28040 MADRID) antes do 2 de xullo de 2002. A modalidade de ilustración está dotada tamén con 6.000 € e 1.300 € para cada un dos dous accésits. Para participar esíxense un mínimo de oito ilustracións inéditas dun libro infantil. Unha mesma obra pode participar ao

mesmo tempo na modalidade de creación literaria e ilustración. O xurado está composto de igual maneira que o de creación literaria. En anteriores ocasións, este premio na súa modalidade literaria xa fora conseguido por autores galegos como Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Gloria Sánchez, e na pasada edición a gañadora foi Ana María Fernández. Así mesmo, obtiveran accésits Antón Cortizas, Fran Alonso e Concha Blanco. Nesta edición no apartado de creación literaria gañou a bilbaína Laida Martínez Navarro, mentres que na modalidade de ilustración o gañador foi o catalán Carles Arbat. Neste último apartado, un dos accésits recaeu no ilustrador cubano, afincado en Galicia dende 1994, Luís Castro Enjamio polos debuxos da obra *Oito fermosos contos* dos irmáns Grimm.

Referencias varias:

- Efe, " La vasca Laida Martínez gana el premio Lazarillo 2002", *El Correo Gallego*, 4 decembro 2002, p. 76.

Preséntase a gañadora deste premio e resume o argumento da obra gañadora, *Max*, como a historia dun neno fantasioso, tatabexo e que cre todo o que lle contan. Tamén se

menciona a Carlos Serarols, gañador do primeiro Premio Lazarillo 2002 de ilustración polo seu traballo no libro *La citat dels ignorants.*

IIº Premio de literatura infantil e xuvenil “**Lecturas**”

GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) convoca este premio co propósito de estimular a lectura e a imaxinación entre a infancia e a adolescencia e apoiar as actividades de animación á lectura que se realizan nas bibliotecas galegas. As bibliotecas, por medio dos seus mozos lectores e lectoras, deberán seleccionar entre a producción do ano anterior dez volumes pertencentes a calquera destes xéneros: narrativa, poesía, teatro e cómic. Con respecto á primeira edición introducíronse dous cambios importantes: a primeira é que nos dez volumes escollidos deberán contemplarse catro grupos de idade (ata sete anos, de oito a dez anos, de once a catorce e a partir dos catorce anos) e non tres, de xeito que haxa polo menos dous títulos para cada tramo, e a segunda é a creación dun premio para a ilustración. Os bibliotecarios darán a cada grupo de lectores a producción do ano 2000 para que elixa dez títulos e os lectores daranlle a cada libro unhapuntuación entre cero e dez puntos. A biblioteca enviaralle a GÁLIX a listaxe de libros elixidos coa súa puntuación. Os títulos que acaden máis puntuación en cada grupo de idade serán os gañadores. O dictame do premio darase a coñecer nun acto público que se celebrará no mes de abril. Os gañadores recibirán como distinción unha placa

conmemorativa e entre as bibliotecas e os lectores que formen parte dos xurados, sortearanse lotes de libros cedidos por editoriais galegas. Nesta edición a obra gañadora na modalidade de libros de ata 7 anos foi *Os Bolechas van á praia* (2000), de Pepe Carreiro; na de 8 a 10 anos resultou máis votada *Anamarciana* (2000), de Alberto Varela Ferreiro; na de 11 a 14 anos *Quero que veñan meus pais* (2000), de Concha Blanco; e na de máis de 14 anos *As cousas claras* (2000), de Xosé Antonio Neira Cruz. O premio na área de ilustración foi para Pepe Carreiro pola serie *Os Bolechas*.

Referencias varias:

- Lois Fernández, “Premio para los mejores”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “O espello”, 5 maio 2002, p. 16.

Ademais de facerse eco doutros actos sociais celebrados na cidade de Compostela, no que á literatura galega se refire dá conta da entrega do premio “Lecturas” a Pepe Carreiro, Concha Blanco, Alberto Varela e Xosé Antonio Neira Cruz.

- Carme Vidal, “Os Bolechas gañan un premio”, *A Nosa Terra*, nº 1.032, “Fin de Semana”, 2-8 maio 2002, p. 33.

Dáse conta do triunfo nos premios Gálix de 2002 da serie “Os Bolechas” que realiza Pepe Carreiro e que ten como protagonistas aos irmáns Bolechas mais o seu can Chispa. Destácase o feito de que este galardón é concedido mediante votación polos propios lectores e o éxito que a devandita colección ten entre os máis pequenos. Reprodúcense algunhas declaracións do autor co gallo da concesión desta distinción, e enuméranse no fin os títulos doutros libros para rapaces que tamén foron premiados nesta ocasión nas súas correspondentes categorías.

- Patricia Sánchez, “Ti non elixes a literatura infantil é ela a que te elixe a ti”, *La Opinión*, “Cultura”, 8 agosto 2002, p. 40.

Despois de citar algúns dos premios conseguidos por Xosé Antonio Neira Cruz con varias das súas obras, entre os que se alude ao premio “Lecturas” outorgado polos lectores de catorce anos en diante, fánselle algunhas preguntas relacionadas co mundo da literatura

infantil. Así dá conta do auxe que están tendo os autores galegos de literatura infantil e indica que nunca vai deixar de escribir para os rapaces, aínda que ao mellor algún día tamén escribe para adultos.

- M. Pardo, “Os nenos galegos teñen dereito a achegarse á cultura na súa lingua”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 8 agosto 2002, p. 20.

Dá conta de que dous dos gañadores do premio “Lecturas”, Xosé Antonio Neira Cruz e Concha Blanco, estiveron na feira do libro para asinar exemplares das obras polas que recibiron o premio, *As cousas claras* (2000) e *Quero que veñan meus pais* (2000), respectivamente. Así mesmo refírese á súa temática, destacando da primeira que toque o sexo ou a pederastia, cuestións que ata o de agora non se abordaran na literatura infantil e xuvenil. Da segunda apunta que trata valores que teñen importancia para os máis pequenos.

XVIIº Premio “**Merlín**” de literatura infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Está dotado de 6.000 € e poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espacio, nos locais da editora (R/ Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o Premio “Merlín”. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia e, dende 1988, está constituído por cinco lectores, na súa maioría menores de dezaseis anos e algúns deles recoñecidos profesionais da cultura, e un secretario nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pago de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete

a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscribindo a tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición. Na convocatoria deste ano o prazo para a entrega de orixinais rematou o 15 de abril e o xurado estivo composto por Iria Domínguez Vázquez, Catuxa Seara e Roi García Camba, todos eles rapaces menores de dezaseis anos, segundo indican as bases do premio, e pola animadora cultural Sabela Gago, o escritor Agustín Fernández Paz e a coordinadora da colección “Merlín”, Elena Pérez, esta con voz pero sen voto. Das vintesete obras presentadas, resultou gañadora *Pel de lobo* de Xosé Miranda. O acto de entrega tivo lugar o día 15 de xuño, nesta ocasión en Allariz.

Referencias varias:

- AFA, “Vintedúas obras compiten polo Premio Xerais de novela, que se entregará o 15 de xuño en Allariz”, *O Correo Galego*, “AFA”, 29 maio 2002, p. 33.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

- X. M. R., “Xerais fallará o seu galardón de novela, ó que se presentan 22 obras, o 15 de xuño en Allariz”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 maio 2002, p. 28.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

- Europa Press, “O Premio Xerais de Novela, ó que aspiran 22 obras, fállase o día 15”, *El Progreso*, “Cultura”, 30 maio 2002, p. 83.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

-E. P., “Os premios Xerais 2002 de Novela e Literatura Infantil fallaranse o sábado en Allariz”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 10 xuño 2002, p. 67.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

AGN, “Os Xerais xa teñen gañadores”, *Diario de Pontevedra*, “O premio”, 16 xuño 2002, 72. Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

F. P. Lorenzo, “Fantasía e simbolismo”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 xuño 2002, p. 47. Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

-Jaureguizar, “O ‘Xerais’ premia o devalar galego dun século visto por López Silva”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 16 xuño 2002, p. 75.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

- LR, “Xerais premia a fantasía e a maxia do mundo literario de Inma López Silva e Xosé Miranda”, *La Región*, “Ourense”, 16 xuño 2002, p. 9.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. deste *Informe*.

-S. De la Fuente, “Xerais premia a Inma López Silva e Xosé Miranda na súa festa literaria”/“Xerais premia os escritores Inma López Silva e Xosé Miranda”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Sociedad”/“Cultura”, 16 xuño 2002, p. 40/p. 66.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. Narrativa deste *Informe*.

- X. C., “Inma López Silva e Xosé Miranda gañan os premios Xerais 2002”, *A Nosa Terra*, nº 1.039, 21-26 xuño 2002, p. 30.

Ver XIXº Premio “Xerais” de novela, no apartado X. 1. Narrativa deste *Informe*.

Premio **Nacional de Literatura Infantil**

Ver Premios “Nacionales de Literatura” no apartado X. 5. Mixtos (Varias modalidades) deste *Informe*.

Referencias varias:

- Efe, “Desclot gaña o Nacional de Literatura Infantil co poemario ‘¡Mes música, Mestre!”.*O Correo Galego*, 29 outubro 2002, p. 35.

Recolle o nome do gañador do premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Miquel Desclot, co seu poemario *¡Mes música, mestre!* e indica que percibirá a cantidade de 15.025,30 €. Sinala que entre os finalistas se atopaba o galego Agustín Fernández Paz coa obra *No corazón do bosque* (2001).

VIº Premio de Literatura **Protagonista Jove**

O Consell Catalá del Llibre per a Infants i Joves, en colaboración coa Associació Catalana d'Amics del Llibre Infantil i Juvenil convoca este premio co fin de estimular a lectura de imaxinación nos mozos. Para isto proporciónaselles a todos os centros de ESO e Bacharelato e Bibliotecas de Cataluña que se inscriban, unha lista de oito libros en catalán seleccionados por unha comisión de expertos na literatura para mozos. Catro libros son recomendados para mozos de trece a catorce anos, e os outros catro para os de quince a dezaseis. Cada participante deberá ler os catro libros que lle correspondan ao seu grupo de idade para logo establecer debates e votacións. Todos os centros e bibliotecas que participen recibirán un diploma que os acredita como membros do xurado e participan no sorteo de lotes de libros concedidos polas editoriais que publicaran os libros máis votados. A comisión de expertos nesta edición estivo composta por Teresa Canela, Rosa Mut, Pep Molist, Teresa Mañà e Joan Portell. Nesta sexta convocatoria, que se dictaminou o 23 de abril de 2002, premiouse por primeira vez unha obra galega. Foi dentro da categoría de mozos de quince a dezaseis anos onde a obra *Aire Negro* (2001), de Agustín Fernández Paz, publicada en Cataluña por Edicións Bromera, recibiu o galardón.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “Aire negro”, *Atlántico Diario*, “crítica”, 25 abril 2002, p. 12.

Dá conta do recoñecemento da novela *Aire negro* (2001), de Agustín Fernández Paz como Premio de Literatura “Protagonista Jove” 2001, do que sinala que é un galardón concedido polos alumnos de instituto, sendo esta a primeira vez que unha obra galega obtén tal recoñecemento. Resume o argumento da obra, destaca a boa acollida que está tendo dentro e fóra de Galicia, a importancia de obras coma esta para achegar a xente moza á lectura e a habelencia do autor para “argallar unha historia intelixente para lectores intelixentes”.

IVº Premio “**Raíña Lupa”**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña, ten unha dotación de 6.050 €, ademais da edición da obra gañadora a través do Servicio Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Segundo as bases, ao premio poderán presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estructura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión será libre e poderanse incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deberán presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A-4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados. Presentaranse baixo título e un lema, achegados de plica na que se fará constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Coruñesa (Avenida Alférez Provisional, s/n. A Coruña), indicando no sobre “Premio de Literatura infantil Raíña Lupa”. Nas tres anteriores edicións, este galardón fóralle entregado a Agustín Fernández Paz, Mario Pereira Fernández e Antonio Reigosa Carreiras. Nesta cuarta edición, xa que no ano 2001 non houbo convocatoria deste premio, o prazo de admisión de orixinais concluíu o 15 de xullo e o xurado, que estivo presidido polo titular da Deputación, José Luís Torres Colomer, e formado por Xurxo Torres Santomé, Olivia Rodríguez González, Paulino Novo

Filgueiras e José Ángel Fernández, de entre as cincuenta e dúas obras participantes, premiou a Xosé Antonio Neira Cruz por *O armiño dorme*.

Referencias varias:

- Ezequiel, "Todo eso de la Diputación", *El Ideal Gallego*, "Gente y Noticia", 23 marzo 2002, p.28

Ver XIVº Certame de narrativa "Gonzalo Torrente Ballester" no apartado X. 1. Narrativa deste *Informe*.

- EFE, "Xosé Antón Neira Cruz gana el premio de narrativa para niños 'Raíña Lupa", *El Progreso*, "Cultura y comunicación", 25 setembro 2002, p. 74.

Dá conta do gañador da cuarta edición do Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Raíña Lupa" organizado pola Deputación da Coruña que foi para a obra *O armiño dorme*, de Xosé Antonio Neira Cruz.

- Patricia Pérez, “La escritura respondió a todas mis inquietudes desde la adolescencia”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 25 setembro 2002, p. 20.

Artigo dedicado ao escritor Xosé Neira Cruz e á súa obra *O armiño dorme*, gañadora do Premio de Literatura Infantil “Raíña Lupa” dotado con 6.050 € e a súa posterior publicación.

- A.N.T., “Xosé A. Neira Cruz. ‘O público infantil non se rexe por modas”, *A Nosa Terra*, nº 1.049, “Fin de Semana”, 26 setembro-2 outubro 2002, p. 33.

Pequena entrevista realizada a Neira Cruz, autor da obra *O armiño dorme*, que acaba de recibir o Premio de Literatura Infantil “Raíña Lupa”.

-Beatriz Abelairas, “La cultura gallega visita el Liber”, *Qué leer*, nº 71, “Otras letras”, novembro 2002, p. 30.

Dáse conta dunha serie de eventos literarios, comezando pola participación de vintesete editoriais galegas na Feira Internacional do Libro de Barcelona. Recóllense as declaracións de Fabiola Sotelo, presidenta dos editores galegos, nas que asegura que a cultura galega aínda ten que asistir a moitos eventos para darse a coñecer todo o que precisa. A seguir, infórmase do dictame do xurado do Premio de Literatura Infantil "Raíña Lupa" convocado pola Deputación da Coruña, que recaeu na obra de Xosé Neira Cruz *O Armiño dorme*, indicándose que ao xurado lle gustou a súa alta calidade literaria, unha ambientación histórica moi documentada, unha boa recreación da sociedade renacentista italiana, un dominio magnífico da linguaxe e unha estructura sinxela pero moi efectiva. Finalmente, coméntase que Xosé Neira Vilas inaugurou o VIIIº Simposio Pondaliano destacando a influencia de Eduardo Pondal en América e situándoo como un dos tres poetas máis sobresalientes do Rexurdimento. Indícase tamén que o Simposio contou coa presencia de Miguel Anxo Mato, Ramón Millo, Xosé Manuel Varela, Tucho Calvo e Paco Souto.

X. 8. Premios escolares e xuvenís

Son moitos os premios convocados por concellos, asociacións culturais e colexios nacionais para incentivar aos escolares á creación en lingua galega, só glosaremos neste apartado aqueles dos que temos noticias contrastadas.

Premio **"Abril dos Libros**" 2002

Convocado neste ano 2002 por primeira vez para premiar o centro escolar de ensino non universitario do Concello de Pontevedra que desenvolva a programación de maior interese sobre o libro e a animación á lectura. O premio terá unha dotación económica de 1.000 € en libros ou outro material bibliográfico. Os centros escolares interesados en participar deberán presentar no rexistro do Concello de Pontevedra, antes do 31 de maio, unha memoria das actividades de animación á lectura desenvolvidas ao longo do curso 2001

2002 (actividades da biblioteca escolar, de promoción da lectura, de creación literaria, publicacións escolares, presentacións de libros, encontros con escritores, participación en actividades complementarias fóra do centro, etc.). O Concello de Pontevedra designará un xurado cualificador que estará presidido polo Concelleiro de Cultura e composto por: un representante de cada un dos grupos municipais, un representante das editoriais, un representante dos libreiros, un escritor ou escritora e unha persoa en representación das asociacións de renovación pedagóxica. A resolución do xurado darase a coñecer no curso dunha reunión que terá lugar durante a primeira quincena do mes de xuño. Nesta ocasión decidiuse que os catro centros que se presentaron ao premio o compartisen. Así, os centros premiados foron os colexios de Campolongo, Campañó, Doroteas e Verducido.

Referencias varias:

-B.L., “Catro colexios comparten o Premio Abril dos Libros 2002”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 20 xuño 2002, p. 56.

Apunta que todos os colexios que participaron na primeira edición deste concurso se fixeron co galardón, “dado o similar da cantidade e calidade das actividades”. Por outro lado, lembra que o obxectivo do certame é a “animación á lectura”.

XIº Concurso literario “**Achegamento ao Libro**”

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal “Don Francisco Mayán” e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixavigo, convocan este concurso. Nel poden participar todos os alumnos de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, que serán en galego, deben ser orixinais e inéditos e terán unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema estará relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entregaranse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Establécense cinco premios de diferente contía para os distintos ciclos de primaria e secundaria. Tales cantidades non serán entregadas en metálico, senón que o seu valor será representado en vales para material didáctico e libros. O xurado terá facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Nesta ocasión estivo formado por Ramón Vigo Sambade (Concelleiro Delegado de Cultura e Deporte), BelénÉzara Trillo (responsábel da oficina de información xuvenil do Concello), Víctor M.

Castiñeira Castro (animador sociocultural do Concello), Artur Trillo Sendón (director de Talía Teatro e responsábel da Escola Municipal de Teatro de Cee) e José Ramón Rey Senra (responsábel da Biblioteca Pública Municipal). Os gañadores desta undécima edición foron no primeiro ciclo de primaria, Roberto Coloma Nadal con “As follas da árbore”; no segundo ciclo de primaria, María del Pilar Vigas Lagoa con “A cidade afundida”; no terceiro ciclo, Paula Caamaño Sambade con “Unha victoria sen guerra”; no primeiro ciclo da ESO, Alex Antelo Cambeiro con “A maxia dos libros”; e no segundo ciclo de ESO, Sara García Couto por “Cartas a Henrique”.

IIIº Concurso literario “**Achegamento ao teatro**”

A Biblioteca Pública Municipal “Don Francisco Mayán” e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee convocan este concurso coa finalidade de animar os escolares a que experimenten na creación dun texto teatral. Poden participar todos os alumnos de calquera dos centros educativos da bisbarra e o tema da obra será libre. Os traballos, que deben estar en galego, serán orixinais, inéditos e de extensión libre. Entregaranse sen asinar cos datos do autor nun sobre á parte, no que conste no seu exterior a idade do autor, na Biblioteca Pública Municipal. O premio consiste en vales para material didáctico e libros e o xurado poderá outorgar os accésits que considere oportuno. O Concello de Cee resérvase a posibilidade da posta en escena da peza premiada polo grupo de actores da Escola Municipal de Teatro de Cee. Nesta terceira edición o xurado composto por Ramón Vigo Sambade (Concelleiro Delegado de Cultura e Deporte), Belén Ézara Trillo (responsábel da oficina de información xuvenil do Concello), Víctor M. Castiñeira Castro (animador sociocultural do Concello), Artur Trillo Sendón (director de Talía Teatro e responsábel da Escola Municipal de Teatro de Cee) e José Ramón Rey Senra (responsábel da Biblioteca Pública Municipal), decidiu que dúas obras compartisen este

premio: *O que une Becquer, non o separa nin a morte*, de Vanesa Atán Rodríguez, e *As aventuras de Cantolo e Gatolo*, de Esteban Martínez Rivadulla.

IVº Certame de contos, fotografía e cómic “**Ágora cultural**”

Ver IVº Certame de contos, fotografía e cómic “Ágora cultural”, no apartado X. 5. 1. Outros premios Mixtos (Varias modalidades) deste *Informe.*

Concurso “**Alfredo García Alén**”

Convócao o Padroado do Museo de Pontevedra e está aberto a todos os alumnos de ensinanza Primaria e do primeiro ciclo de ESO de todos os centros de Galicia, integrados en equipos e dirixidos por un mestre. Os traballos poderán tratar sobre algún dos aspectos que atinxen aos temas dos seguintes apartados: costumes relixiosos, nomes de leiras e literatura oral. Este último está patrocinado polo Consello da Cultura Galega, con cargo ao Arquivo Sonoro de Galicia e ten como obxectivo recoller cantigas, romances, refráns, ditos e adiviñanzas existentes na zona de influencia do centro escolar ou nun concello determinado, coa súa música cando a teñan, presentándoas en cinta magnetofónica que o centro pode solicitar do citado Consello da Cultura. Os traballos redactaranse preferentemente en lingua galega e en cada un deles constará o nome do centro escolar, o do director do equipo e o dos alumnos que o compoñen, así como o enderezo, número de teléfono e curso a que pertencen. Deberán entregarse na Secretaría do Museo (Apartado 104, 36080 Pontevedra). Establécese para cada apartado un primeiro premio e un accésit, podendo o xurado propoñer a creación dalgún “Premio especial”. A súa entrega terá lugar no Museo de Pontevedra durante a Semana das Letras Galegas. Na convocatoria

correspondente ao ano 2002 no apartado de literatura oral premiouse ao Colexio “Manuel Padín Truiteiro” de Arcade e no apartado de costumes relixiosos ao colexio Xunqueira 2 de Pontevedra.

VIº Certame Literario “**Antón Fraguas**”

Convocado polo Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela con el quere lembrar a un intelectual que fora docente no centro, Antón Fraguas, e establece dúas modalidades unha de poesía e outra de prosa. Nesta convocatoria recibiron premio AlbertoOtero de Costa, José Xiao Caamaño Viña, Fabio Álvarez Castro, Jessica Carreira Vilaboa e María Herranz Vázquez.

IXº Certame de relato curto “**Antonio Fernández Pérez**”

Convócao o Concello de Verín e nel poden participar todos os autores que estean matriculados na ESO en calquera centro docente da comarca de Verín. O relato debe ser orixinal, inédito, escrito en galego e mecanografado ou en letra lexíbel e a temática e o estilo é libre. O traballo que presente cada centro á fase intercentros do premio asinarase cun lema, que se entregará xunto a un sobre pechado, que conteña no seu exterior o mesmo lema e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega dos traballos seleccionados en cada centro efectuarase na Casa do Concello verinés. A organización da fase de preselección é a criterio de cada centro participante. Establécense os seguintes premios para o primeiro e o segundo ciclo da ESO: un primeiro de 100 € e lote de libros; un segundo de 75 € e lote de libros e un terceiro de 50 € e lote de libros. Tamén haberá lotes de libros para cada un dos relatos que concorran á fase intercentros e que non acaden algún dos tres primeiros premios e libros para sortear entre os alumnos participantes ou para a biblioteca dos centros. Nesta edición, dentro da modalidade de 1º ciclo de ESO pasaron doce traballos á fase final, e deles o primeiro premio quedou deserto, polo que a súa contía se subdividiu entre catro persoas: Tania Boo Losada, Alba Regueira Castro,

Antonio Cid Fernández e Francisca García Araújo. O segundo e terceiro premio destamodalidade recaeu en Yolanda Rodríguez Vieira e Patricia Álvarez Payo, respectivamente. Por outro lado, dentro dos traballos de 2º ciclo de ESO pasaron nove deles á fase final,recaendo logo o primeiro premio en Diego Álvarez Rodríguez, o segundo en Lorena González Díaz e o terceiro en Lucía Más Penedo.

VIIº Concurso literario “**Ánxel Casal**”

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato “Arcebispo Xelmírez I” para conmemorar o cento cincuenta aniversario do nacemento deÁnxel Casal e promover o coñecemento deste galeguista entre a mocidade. Este concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, pois está dirixido a alumnos de Ensino de Secundaria. As obras en galego deben ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ao Concello de Santiago (Departamento de Educación). O certame está dotado dun primeiro premio de 900 € e dun segundo de 600 para cada unha das modalidades: poesía, conto e teatro, engadíndose esta última modalidade nas bases da sexta edición para estimular a creación de textos teatrais. A presidencia do xurado correspóndelle ao alcalde de Santiago e estará composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. Nesta edición na modalidade de poesía o primeiro premio foi para Noel Blanco Mourelle por *Espiral e sombra*, mentres que o segundo recaeu en Anabel Varela. Na categoría de contos conseguiu o primeiro premio David Soto Alcalde co título *A través do ar interior*; e o segundo foi para Antía García Casal. Por último, na modalidade de

teatro, o primeiro premio declarouse deserto e o segundo foi para Mónica Calo co título *O Gran Sol*.

Referencias varias:

- A.I.S., “Fallados los séptimos premios del Concurso Literario Anxel Casal”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 15 maio 2002, p. 39.

Salienta, entre outros temas, que o concello de Compostela fixo pública a resolución do xurado deste certame, apuntando o nome dos gañadores nas diferentes categorías.

- Ana Iglesias, “Recuperando la creación literaria”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 maio 2002, p. 39.

Fai referencia ao acto de entrega dos premios do VIIº Concurso Literario “Ánxel Casal”, citando o nome dos gañadores e dos seus traballos.

XXIº Concurso de contos infantís e VIº Concurso de narrativa curta xuvenil Día das Letras Galegas da "**Asociación cultural Afonso Eanes de Negreira**"

A Asociación Cultural Afonso Eanes de Negreira convoca estas dúas modalidades de concurso dirixidas a escolares con motivo do Día das Letras Galegas. Poden participar no Concurso de Contos Infantís alumnos de Primaria e de ESO dos colexios de A Baña, Santa Comba, Brión, Viceso, Tapia, Bertamiráns, Portomouro, Bembribe, Urdilde, Mazaricos, Pino de Val, San Cosme e Negreira. O Concurso de Narrativa Curta Xuvenil está dirixido a alumnos de Bacharelato destes mesmos colexios. En todos os casos os orixinais, de tema libre, deben ser inéditos e estar escritos en lingua galega. Haberá premios de 90, 60 e 30 €, ademais de lotes de libros. Os contos deberán ter unha extensión máxima de cinco folios por unha soa cara, e as narracións xuvenís, un máximo de dez folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. Os orixinais deberán enviarse ao Apartado de Correos, 18, 15830 Negreira. Máis información na asociación convocatoria.

Referencias varias:

-M. M. O., “La asociación Afonso Eanes convocará concursos de narrativa y pintura en junio”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 maio 2002, p. 41.

Anuncia a presentación do Certame de Contos e do Concurso de Narrativa Curta Xuvenil, dos cales achega parte das bases. Tamén se alude a un certame de artes plásticas.

Iº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil “**Atenea**”

Convócao o Ateneo Ferrolán e a entidade Caixanova co obxectivo de promover o interese ou afección pola representación escénica. Os participantes poderán provir de todo tipo de grupos non profesionais de entidades veciñais, colexios públicos ou privados, sociedades culturais, etc. da comarca de Ferrolterra. As categorías que presenta o certame son tres: A) grupos de ata doce anos, equivalente a Primaria en actividade escolar; B) grupos de ata dezaoito anos, equivalente a Secundaria; e C) centros de Educación Especial. Cada unha destas compañías só poderá presentar unha obra ao certame e esta non deberá exceder os setenta e cinco minutos de duración. Os interesados en participar deberán enviar as súas solicitudes ao Ateneo Ferrolán (R/ Magdalena, 202. Apartado 303, 15042, Ferrol) indicando o nome do colexio, entidade ou persoa responsábel cos datos referidos á compañía e á obra presentada. O prazo de presentación de solicitudes remata o 21 de xaneiro de 2003 e entre os meses de febreiro e abril deberán representarse as obras das que o xurado elixirá tres na categoría A e B, e unha na C. Todas as compañías seleccionadas actuarán na fase final do certame, que coincidirá coa semana das Letras Galegas. Ademais todas as compañías recibirán unha figura representativa e un diploma, e

os finalistas 250 € para a adquisición de material encamiñado á formación nas artes escénicas. O xurado estará composto por persoas elixidas polo Ateneo e Caixanova en función da súa relevancia dentro do mundo do ensino e da cultura de Ferrol.

Concurso de contos 2002 “**Ateneo Santa Cecilia de Marín**”

O Ateneo Santa Cecilia en colaboración coa Federación Provincial de Comercio organiza este certame dirixido a todos os escolares de Marín e arredores, que cursen estudios de primaria, ESO, BUP e FP. Haberá seis categorías: A) 1º e 2º de Primaria, B) 3º e 4º de Primaria, C) 5º e 6º de Primaria, D) 1º e 2º de ESO, E)3º e 4º de ESO, BUP e FP e F) Educación Especial. Todos os participantes deben cubrir a ficha de inscrición que acompaña as bases e que se deberá acompañar ao traballo presentado. Os relatos non poderán ter unha extensión superior aos tres folios DIN A-4 escritos por unha soa cara. Os membros do xurado serán elixidos pola Xunta Directiva e os premios consisten en libros e material escolar. A presentación dos traballos pódese facer dende o 1 ata o 30 de marzo no local do Ateneo e a entrega dos premios farase o 23 de abril. O xurado desta edición estivo composto por Mabel Santiago Esperón, Nenuca Santiago Vidal, Emilia Fernández, Benita Crespo e Xulio González Agra. Os gañadores na categoría A foron Alba Quintairos Soliño, Aitor Martínez Seco e Xulián Santiago Otero. Na categoría B, Manuel Ogando Martínez, Xacobo Freire González e Rosi Neira Dopazo. Na categoría C, Aroa de Rosario Amado, Carolina Domínguez Parada e Daniel Abal Freire. Na categoría D, Jean-Marie

Okuto Kouletio, Rebeca Juncal Rosales e Patricia Graña Santomé. Na categoría E, Raquel Figueroa Pastoriza, Lorena Novás Domínguez e Miguel García Gago. E por último, na categoría F, Sandra Cortegoso Fontenla, Pablo Jiménez Fernández e Enrique Carballo Carrera.

VIº Certame literario “**Benjamín Paz**”

Convócao o CEIP “A. Ínsua Bermúdez” e colabora a Asociación Minusválidos “Benjamín Paz”. Pode concorrer todo o alumnado pertencente a centros educativos da Terra Cha. Os textos responderán ás modalidades de poesía e narrativa e haberán de ser inéditos, orixinais e en galego. Nesta edición o prazo para entregar os traballos rematou o 23 de abril de 2002, e o dictame deuse a coñecer con motivo do Día das Letras Galegas. O xurado, formado por Bernardo García, Félix Villares Monteira, Xulio Xiz, Afonso Blanco, Xosé Antonio Pombo e Xosé María Felpeto, decidiu premiar a Judith Dobao, Tania Ares Díaz e David Cortiñas Requeixo en poesía nas distintas categorías de Primaria, mentres que en Secundaria a galardoada foi Cristina Novo. Polo que respecta á narrativa premiouse a Sandra Méndez, José Luís Lamas, Alberto Barja, Baruk Domínguez e Patricia Cabarcos en Primaria, mentres que en Secundaria os galardóns foron para Tania Villaba e Cristina Novo.

IIIº Certame Galego de “**Banda Deseñada**”

Convócao a Consellería de Familia e nel poden participar persoas de entre catorce e trinta anos en tres categorías distintas: o grupo A comprende dende os vintetrés aos trinta anos, o B dende os dezanove a vintedous, e o C dende os catorce aos dezaoito. Os premios dos dous primeiros grupos son en metálico, mentres que para o grupo C o premio consiste nunha estadía nun campamento. O primeiro premio da categoría A, consistente en 1.200 € recaeu en David Rubín polo traballo *Antón ardendo*. Neste mesmo apartado resultaron gañadores Hugo Covelo, Marcos García e Manuel Pena. Na categoría B os premiados foron Diego Blanco, Alberto Vázquez e David Roi Corral. Por último na categoría C a primeira clasificada foi María Rial.

Referencias varias:

- Marcos S. Pérez, “En Galicia hay muy buenos dibujantes, pero sin medios”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 22 setembro 2002, p. L2.

Entrevista a Marcos García Rodríguez, gañador dun premio no Certame Galego de Imaxe Artística. Nela comenta que o seu interese polo debuxo vén dende sempre, aínda que tamén influíu nel xente próxima. Ademais dá conta de que en Galicia hai moi bos debuxantes pero sen medios e indica que tampouco hai unha adecuada difusión e publicidade do cómic.

Xº Certame de narración curta, IXº Certame de **banda deseñada** e IIº de poesía "**Ben veñas, maio**"

Organizado pola Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística dos institutos de Pontevedra en colaboración co Concello. Poden concorrer todos os alumnos e alumnas dos centros públicos de Ens ino Medio do Concello de Pontevedra. O tema das narracións será libre. As obras deberán estar escritas en lingua galega e deberán ser absolutamente orixinais e inéditas. Os relatos terán unha extensión mínima e máxima de dous e oito folios, respectivamente, mecanografados a dobre espacio por unha soa cara. Establécense dúas categorías: unha para estudiantes ata catorce anos e outra a partir dos quince. En todos os apartados cada participante poderá concursar con todas cantas obras quixer. Nelas non poderá aparecer o nome, senón que o escribirán nunha folla á parte, xunto coa data de nacemento, nome do seu centro, curso que estudia, enderezo e teléfono particular. Esta folla gardarase nun sobre pechado que acompañará ao relato (no caso da narración); no exterior do sobre figurará o mesmo título do relato ou obra presentada e a categoría na que concursa (esta última no caso da narración). Os sobres coas obras e os traballos entregaranse nos seminarios de Lingua e Literatura galegas ou noutros lugares que se

indiquen no centro. O dictame final dos certames será dado a coñecer nun acto público que se celebrará en maio, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas. Na modalidade de relato curto dentro da categoría A recibiu o primeiro premio Jaime López Gutiérrez por *Pequena historia dun poldro que chegou a ser cabalo*, e na categoría B a gañadora foi Fátima Peón Torres por *Cemiterio de moscas*. En canto á banda deseñada premiouse "ex aequo" a Daniel Matarranz Lerones e a Xoán Xosé González Fernández. No apartado de poesía o galardón recaeu en Fátima Peón Torres, premiada tamén en narración curta.

Referencias varias:

- Belén López, "Por un maio de teatro e fotografía", *Diario de Pontevedra*, "Cultura&Ocio", 14 marzo 2002, p. 62.

Refírese ao acto de presentación de varios concursos por parte do Concello de Pontevedra; entre eles, o X Certame de "Narración Curta" e o II Certame de "Poesía".

Recolle algunha das características destes e apunta, en palabras de Luís Bará, que "a estimulación creativa a través do idioma" é un dos obxectivos.

- B. L., "Un sábado musical", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 30 abril 2002, p. 62.

Sucinta nota de prensa na que se informa da celebración da Xª Semana Teatral "Ben veñas, Maio". A continuación, cítanse os grupos de teatro que participarán na citada Semana. Trátase de varios grupos de teatro de distintos Centros de Ensino Secundario (A Xunqueira I e II, Frei Martín Sarmiento, Luís Seoane e Valle-Inclán). Para rematar, cítanse as obras que representaron e coméntase que tanto a semana de teatro coma o resto de certames e actividades de "Ben veñas, Maio" están organizados pola Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística de Pontevedra, en colaboración co Concello.

IIº Certame de poesía e narrativa curta da “**Biblioteca Pública Municipal de Valdoviño**”

Co obxectivo de estender a escrita en galego, a Biblioteca de Valdoviño convoca este certame que consta de dúas modalidades: poesía e narrativa curta. En ambos casos o tema é libre e as obras deben ser inéditas, non superando no caso dos relatos as tres páxinas. Establécense catro categorías: alevíns, que comprende entre os seis e os oito anos; infantil, entre os nove e os doce; xuvenil, entre os trece e os dezasete; e os adultos, a partir dos dezaoito anos. Os premios consisten en vales para a compra de libros, sendo de 31 € no caso da categoría alevín, de 61 na infantil, 91 na xuvenil e 151 na adulta. Ademais o premio inclúe a publicación das obras gañadoras. No caso da modalidade de poesía entregaranse os orixinais e tres fotocopias dos poemas, mentres que no caso dos relatos curtos o número de copias será de cinco. O modo de presentación será indicando no exterior dun sobre a modalidade á que se presenta e no interior un sobre máis pequeno no que figure no seu exterior o título da obra, lema, categoría e pseudónimo, e no interior os datos reais do concursante con fotocopia do DNI.

IIIº Premio “**Castelao**” de narrativa

Convócao a Asociación Recreativa de Xeve e a APA do Colexio Público “Santo André de Xeve”, e patrocínao o Departamento de Cultura do Concello de Pontevedra. Este certame pretende recordar e dar a coñecer a figura de Castelao entre os máis pequenos. Poden participar alumnos de entre seis e dezaseis anos en distintas categorías: o grupo A comprende os estudiantes de seis a nove anos, o B os de nove a doce, e o C os de doce a dezaseis. Os traballos deben estar en galego e ambientados en Galicia ou na emigración galega. Os premios consisten nun diploma acreditativo e un lote de libros. No grupo A o primeiro premio recaeu en Pedro Lorenzo López por “O caracol”, o segundo nos alumnos de primeiro e segundo do colexio de Verducido e o terceiro en Celia Fariña Fontán. Na categoría B o primeiro posto foi para Marlén Varela Sanmartín polo conto “A vaca pinta”, o segundo para Sonia Barreiro Fontenla e o terceiro para María Castro Maquieira. Por último, na categoría C, o primeiro premio acadouno o conto titulado “O exame de galego” de María Lorena Fariña Carballo, e o segundo foi para Débora Tilve Sanmartín.

Referencias varias:

-J. E., “El “Premio Castelao’ de creación literaria congregó a alumnos de 3 parroquias”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra ciudad”, 26 xuño 2002, p. 16.

Refírese á entrega dos premios da terceira edición deste concurso, destacando, entre outros aspectos, o nome dos gañadores nas diferentes categorías.

VIIIº Concurso de contos do “**CEIP de Bueu**”

Con motivo das Letras Galegas, o CEIP de Bueu convoca este certame, no que poden participar todos os alumnos de Educación Infantil, Primaria e 1º ciclo da ESO dos centros educativos do Morrazo. Establece sete grupos: A) para alumnos de Infantil de tres anos, B) para alumnos de Infantil de catro anos, C) para alumnos de Infantil de cinco anos, D) para alumnos de primeiro ciclo de Primaria, E) para alumnos dos segundo ciclo de Primaria, F) parar alumnos do terceiro ciclo de Primaria, e G) para alumnos do primeiro ciclo da ESO. Concederanse para cada grupo tres premios: material didáctico, diploma e publicación, alomenos dos dous primeiros de cada grupo, nun número especial da revista *Candil*. Os concursantes poderán presentar os contos en galego, con tema libre e con extensión variábel dependendo do grupo. Estes deberán estar mecanografados ou escritos á man, por unha soa cara e, se así se desexa, tamén poderán presentar algún debuxo alusivo ao conto. Os traballos poderán mandarse por correo ou entregarse persoalmente no CEIP de Bueu (Rúa da Pedra, nº 26, 36930 Bueu), indicándose neles o nome do autor, idade, curso e colexio. A entrega dos premios farase no acto a celebrar con motivo do Día das Letras Galegas, o venres 16 de maio na Casa da Cultura de Bueu. Nesta edición a entrega de

traballos concluíu o 3 de maio e o xurado estivo composto por Esther Rosalía Lois Salgado, que actuou como presidenta, Antía Castro García, Arturo Sánchez Cidrás e dous vocais elixidos polo equipo de normalización lingüística do centro. Na categoría A o primeiropremio foi para Nerea Carragal Álvarez, o segundo para Alba Fernández Otero e o terceiro para Abel Diz Estévez. Na categoría B o primeiro premio recaeu no colectivo de alumnos da aula Polucha Villanueva do CEIP Domaio de Moaña, o segundo en Noelia Pousada Lobeira e o terceiro en Cristian Ferreira Otero. Na categoría C o primeiro premio correspondeulle a Inés Lorenzo Rial, o segundo a Irene Estévez Villanueva e o terceiro a Aida Queimaño Soage. Na categoría D o primeiro clasificado foi Pablo Navarro Martínez, o segundo Manuel Fazañes Cerviño e o terceiro Aitor Martínez Seco, conseguindo tamén un accésit Alba Quintairos Soliño. Na categoría E o primeiro premio foi para Daniel A. Burton González, o segundo para Ángel Docampo Boubeta e o terceiro para Paula Fernández Diz. Na categoría F os premiados foron Raquel Diéguez Loira en primeiro lugar, os alumnos de 6º do CEIP Quintela de Moaña en segundo lugar e Mª José Suárez Castro en terceira posición, mentres que Sara Santaclara Soliño conseguiu un accésit. Por último, na categoría G conseguiu o primeiro premio Ana Menduiña Pastoriza, o segundo Romina

Bastón Cadabón, o terceiro Susana Martínez Otero e conseguiu un accésit Fátima Carballo Rosales.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Os colexios de Marín e Bueu acaparan os actos das Letras”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Marín/Bueu”, 16 maio 2002, p. 15.

Alude ás actividades culturais que están a desenvolver os colexios da zona con motivo da celebración das Letras Galegas. Salienta a inminente entrega dos premios do VIII Concurso Literario das “Letras Galegas” do colexio A Pedra de Bueu e dá a coñecer o nome dos gañadores nas diferentes categorías.

- A. Agulla, “Entrega de premios e romería para celebra-las Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Marín/Bueu”, 17 maio 2002, p. 17.

Ver VIIº Premio de narración curta “Concello de Marín” no apartado X. 1. 1. Outros premios de narrativa deste *Informe*.

XXIº Concurso de contos en galego do "**Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo da ONCE de Pontevedra**"

Establécense tres categorías: A) para primeiro ciclo de educación primaria, B) para segundo ciclo de educación primaria, e C) para terceiro ciclo de educación primaria. Os traballos abranguerán un mínimo dun folio e un máximo de tres, mecanografados ou escritos á man por unha soa cara. Entregaranse no Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo da ONCE (R/ Luís Braille, 40, 36003 Pontevedra). Haberá un primeiro premio de 200 € e diploma, un segundo de 100 € e diploma e un terceiro de 75 e diploma, para cada unha das categorías.

Referencias varias:

- B. L., "O CRE Santiago Apóstol amplía a máis escolares o Concurso de Contos Galegos", *Diario de Pontevedra*, "Cultura&Ocio", 16 febreiro 2002, p. 69.

Informa do acto de presentación da XXI edición deste certame, salientando as “novidades”. Asemade apunta que o centro tamén deu a coñecer o número 7 do libro *Contos de nenos* que recolle os relatos premiados entre 1999 e 2001.

- J. D. S., “El certamen literario ‘contos en galego’ premia a una pontevedresa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Ciudad”, 1 xuño 2002, p. 15.

Principia salientando que Marta Pérez se fixo co terceiro premio da XXI edición deste concurso do Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo da ONCE de Pontevedra. Logo, alude ao acto de entrega dos galardóns e á dotación económica do premio, destacando a publicación dun “libro cos contos gañadores”. Finaliza lembrando cómo xurdiu este certame.

XXIIIº Certame literario do “**Colexio Peleteiro**” de Santiago de Compostela

A Asociación de Pais de Alumnos do Colexio M. Peleteiro, con ocasión do Día das Letras Galegas, convoca este certame para os alumnos de segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria e Primeiro ciclo de ESO. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega e hai unha modalidade de poesía (un poema de extensión libre) e outra de prosa (narración breve dunha extensión máxima de dous folios). A temática darase a coñecer no momento da realización dos traballos. Cada alumno poderá presentar unicamente un traballo e en cada curso poderán concederse tres premios de poesía e tres de narración e accésits. O xurado formarano membros da Asociación de Pais e mestres do colexio, que dará a coñecer o seu dictame nun acto que se celebrará co gallo do Día das Letras Galegas. Dáse conta dos traballos premiados na revista *Vamos*, que edita este colexio.

IIº Certame Literario “**Concello de Ames**”

A Concellería de Cultura de Ames convoca este certame de narrativa co fin de fomentar a nosa lingua e o seu uso entre os rapaces e rapazas deste concello con idades comprendidas entre os oito e dezaoito anos. Consta de distintas categorías segundo a idade, de xeito que a categoría A comprende entre os dezaseis e dezaoito anos, a B entre os trece e os quince, e a C entre os oito e os doce. A data límite para a entrega de traballos é o 10 maio e os galardóns entréganse coincidindo co Día das Letras Galegas. Nesta segunda edición na categoría A o primeiro premio foi para Borja Furelos Couselo por “Historia violeta”, o segundo para Diego Villaverde Varela por “Espectros” e o terceiro para Adrián Mosquera Pazos por “Senlleiros”. A categoría B quedou deserta, e no tocante á categoría C o primeiro premio recaeu en Irene Adrán Suárez por “Vampiros de Nonsalmáis”, o segundo en Alba Díaz Baamonde por “O meu amigo Robotilo” e o terceiro en Beatriz Uña Bóveda por “A Noite”. Ademais o xurado outorgou un accésit a Guillermo Santiso Martínez por “A porta máxica”.

IXº Certame Literario “**Concello de Cambre**”

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre os mozos, os Equipos de Normalización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos institutos de Educación Secundaria “David Buján” e “Afonso X”, as Asociacións de pais e nais e a Concellería de Cultura do concello de Cambre, convocan este certame no que poden participar mozos con idades comprendidas entre os doce e vinteseis anos de acordo coas seguintes categorías: A) de doce a catorce anos, B) de quince a dezaoito anos e C) de dezanove a vinteseis anos. As modalidades ás que poden concorrer son a de poesía e narración. No caso da poesía presentaranse como mínimo tres poemas de tema e forma libre, e no caso da narración a extensión máxima será de cinco folios e o tema tamén será libre. Os traballos presentaranse mecanografados a dobre espacio e entregarase un orixinal e catro copias nun sobre no que figure: Certame literario, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado incluirá un sobre pechado no que, por fóra, deberán figurar os mesmos datos e, no interior, unha fotocopia do DNI, o teléfono e o centro no que estudia ou traballa, se é o caso. Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos

institutos convocatorios ou ben poden enviarse por correo ao Concello de Cambre, Concellería de Cultura (Adro, 1, 15660 Cambre). Haberá dous premios por categoría e modalidade aínda que o xurado poderá declarar desertos calquera deles. O primeiro premio da categoría A será de 150 € e o segundo de 90 €. Na categoría B o primeiro será de 210 € e o segundo de 120, e, na categoría C o primeiro será de 270 € e o segundo de 150. A admisión de traballos remata o 30 de abril.

Referencias varias:

- S. A., “Cultura abre la inscripción en el IX Certame Literario de Cambre”, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 2 abril 2002, p. 11.

Nota de prensa na que se alude á presentación das bases do concurso por parte do Concello de Cambre. Despois de sinalar o obxectivo do premio, recolle moi brevemente algunha das características deste.

Premio para escolares do “**Concello de Marín**”

Convócao o Concello de Marín dentro das actividades a celebrar no Día das Letras Galegas. Poden participar todos os marinenses e os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en galego e de tema libre. Presenta tres categorías: a primeira para alumnos de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria; a segunda para os de 4º, 5º e 6º de Primaria; e a terceira para alumnos de 1º e 2º de ESO. Entregaranse tres premios por cada categoría, consistentes en material escolar e unha placa para o primeiro de cada unha, así como para o centro que represente. Cada centro escolar participante deberá seleccionar un máximo de tres traballos por categoría, que entregarán no Concello de Marín. Así mesmo, cada orixinal irá acompañado dunha plica na que se indique, no seu exterior, o lema que apareza na primeira folla do traballo e, no seu interior, os datos do autor. O xurado estará formado por un representante de cada centro participante, representantes da Comisión Municipal de Cultura e un do mundo da cultura marinense, e actuando como secretario, sen voz e voto, o secretario da Comisión de Cultura. Na primeira categoría os gañadores foron Alba Quintairos Soliño, Xela Touza Soage e Carmen Otero Fandiño. Na segunda categoría gañaron Nerea García Veloso, Tania Santos Cerviño e Alberto de la Puente

Pazos. Finalmente na terceira categoría os gañadores foron Patricia Graña Santomé, Laura Viñas Caneda e María del Carmen Lorenzo López.

XIº Concurso municipal de contos e narracións curtas infantís e xuvenís “**Concello de Oleiros**”

Organizado polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais co fin de conmemorar o Día das Letras Galegas. Está dirixido a todos os nenos, nenas e mozos do concello que estean cursando Ensinanza Primaria a partir de terceiro curso, ESO, Educación Compensatoria, Bacharelato, Ciclos Formativos e COU, e que presenten orixinais inéditos en lingua galega. Segundo o curso que realice cada participante establécense cinco grupos. O primeiro grupo comprende os cursos de terceiro e cuarto de Primaria; o segundo grupo os de quinto e sexto de Primaria; o terceiro grupo inclúe aos alumnos de primeiro e segundo de ESO e de Educación Compensatoria; o cuarto grupo é para os de terceiro e cuarto da ESO; e o quinto para primeiro e segundo de Bacharelato, Ciclos Formativos e COU. En cada grupo haberá un primeiro, un segundo e un terceiro premio, que consisten en vales para a adquisición de productos bibliográficos, discográficos, videográficos, informáticos ou didácticos por un importe de 120, 90 e 60 €, respectivamente. Ademais haberá premios de lotes de libros en galego para os colexios participantes. Nesta décimo primeira edición no primeiro grupo conseguiu o primeiro premio Lucía Pérez Fernández por “A colmea que se

instalou nun calzón", o segundo Diego Fajardo Facal por "¿Por que Saturno ten un anel?", e o terceiro Sara Blanco Buela por "A bruxa Maribuxa". No segundo grupo premiouse a Denis Pazos Pardo por "O can que rapou a lúa", co primeiro premio, a Cintia Gómez Sánchez por "Don Quixote en Galicia", co segundo premio, e co terceiro a Berta García Macho por "Repoludo e Paspalletas". No terceiro grupo o primeiro premio foi para Ana Escrigas Rodríguez por "O mañá que nunca chega", o segundo para Teresa López de Castro por "Xurxo en busca do mundo feliz", e o terceiro para Antón Freire Montero por "A loba". No cuarto grupo premiouse a Carolina Varela Vázquez por "Ensíname a voar", a Alberto González Oulego por "Pepo e o progreso", e a Alba Cortés Patiño por "A maldición de Caín". Por último, no quinto grupo o primeiro premio foi para Ana Belén Tajes García por "A Fuga", o segundo para Lúa López Pérez por "Historia dunha noite", e o terceiro para Laura Pazos Seoane por "Feitizo".

Iº Certame literario “**Conto contigo**”

Organizado polas Concellerías de Xuventude e Cultura de Soutomaior está dirixido a mozos de nove a dezaoito anos. Os participantes terán que residir no municipio e nos seus contos, inéditos e escritos en galego, deberán aludir a lugares coñecidos de Soutomaior como o Castelo, fontes, igrexas ou monumentos. A extensión non poderá exceder o seis folios escritos a dobre espacio e por unha soa cara. Consta de dúas categorías: a categoría A dende os nove aos catorce anos, e a categoría B para os de quince a dezaoito. As dúas categorías contan cun primeiro premio de diploma acreditativo e un trofeo, mentres que os outros premiados recibirán un lote de libros e un diploma. A admisión de traballos remata o 30 de marzo. Nesta primeira convocatoria recibiron premio Miriam Boullosa Magariños, Ester Socorro Piñeiro e Rosa María Barreiro Conde.

Referencias varias:

-C. F., “Gala de premios “Conto Contigo” en Arcade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Comarca”, 14 maio 2002, p. 15.

Anuncia o acto de entrega dos galardóns da primeira edición deste concurso literario do Concello de Soutomaior.

-C. F., “Unha viaxe no tempo” gana “el conto contigo” de Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Comarca”, 21 maio 2002, p. 15.

Fai referencia á entrega dos galardóns e nomea os gañadores.

IIº Certame “**Contos de Cerdido**”

Con motivo da celebración do Día do Libro e para fomentar a lectura entre a súa cidadanía, o Concello de Cerdido convoca este certame no que os textos poden presentarse en lingua galega ou castelá e a súa temática ou o desenvolvemento da súa acción deben localizarse neste concello. O premio consiste nun lote de libros. Os gañadores desta segunda edición foron Iria Cribeiro Breijo (Infantil de tres a catro anos), Víctor Castro Fernández (Infantil de cinco anos), Antonio Castro Fernández (primeiro e segundo de Primaria), Sara Martíns Rodríguez (terceiro de Primaria), Gabriel Martínez Caneiro (cuarto de Primaria), Alberto Fernández Candales (quinto de Primaria), Sergio Landrove Rico (sexto de Primaria), Paula Pena Permuy (primeiro da ESO) e Santiago Breijo González (segundo da ESO).

Premio artístico e literario sobre "**Consumo**"

Premio convocado pola Consellería de Educación e pola Consellería de Industria a través do Instituto Galego de Consumo (IGC) para conmemorar o Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. Está dirixido a escolares de niveis non universitarios para promover neles a educación para o consumo. Consta de distintas modalidades entre as que se encontran as de debuxo, cartel, banda deseñada e relato curto. Polo que se refire a este último apartado a gañadora foi a estudiante de Bacharelato Blanca Cid Bouzas co traballo titulado "A bicicleta de Aldara".

Referencias varias:

-Agn, "Escolares de Pontevedra, ganan tres premios de Consumo"/"Educación y el IGC premian trabajos escolares en defensa del consumidor", *Diario de Pontevedra*/*El Progreso,* 4 decembro 2002, p. 39/p. 50.

Informa da participación e dos gañadores do concurso de carteis, bandas deseñadas, debuxos colectivos e relatos que organizaron a Consellería de Educación e o Instituto Galego de Consumo con motivo do Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. Os galardoados foron varios escolares de educación Infantil e Secundaria dos colexios e institutos de Pontevedra, Lugo e A Coruña.

- S. A., "Una alumna del Alfonso X gana un concurso de relatos sobre consumo", *La Opinión* "Cambre/Culleredo, 4 decembro 2002, p. 28.

Este artigo céntrase só nunha das gañadoras deste concurso sobre consumo. A estudiante do instituto Alfonso X de A Barcala, en Cambre, foi a gañadora do mesmo na modalidade de relatos, co conto titulado "A bicicleta de Aldara". Engádese que a galardoada xa ten recibido outros premios, tales como o Premio "Minerva" de Narrativa e o Concurso de Relatos "Repsol YPF".

VIº Certame de relatos “**Costa da Morte** ”

Está convocado polos Equipos de Normalización Lingüística dos institutos das comarcas da Costa da Morte e vai dirixido a todos os alumnos de ensinanza secundaria da zona, que participarán en dúas categorías: unha reservada a alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO e outra para os de 4º de ESO e ensino postobrigatorio. O xurado estivo integrado por profesores dos institutos das localidades de Cee, Vimianzo e Baio. Na primeira categoría o primeiro premio foi para Alicia González Mourelle por “¿Interésache?”, e o segundo para Alicia Baña Castro por “Lembranzas cheas de po”. No segunda categoría o primeiro premio recaeu en Jorge Soneira Muiño por “Fillo do ferreiro”, e o segundo en Vanesa Rojo Martínez por “¿Quen move os fíos?”.

VIº Premio de relatos curtos e contos “**Daniel Hortas**”

A Fundación “O Grelo” Amigos de Galicia convoca este certame, no que poden participar todos os escolares galegos de ata dezaoito anos, con traballos en galego e de temática libre. Os traballos, que deberán presentarse mecanografados a dobre espacio por duplicado, hai que envialos á Fundación Daniel Hortas (R/ Luís Ksado 10-6ºA, Melide). Máis información na fundación que convoca este premio.

Concurso literario “**Descubre a Baixa Limia**”

Convócao o concello de Muíños e vai dirixido a alumnos de Primaria, Secundaria e Bacharelato de toda a comarca. No apartado de Primaria e Secundaria hai un primeiro e un segundo premio, de 180 e 90 €, respectivamente, mentres que no apartado dirixido a alumnos de Bacharelato hai un único premio de 300 €. Nesta ocasión en Primaria o primeiro premio foi para Gabriel Martínez por “Unha nena da Baixa limia”, e o segundo para Alba Cougil por “Viaxe pola Baixa Limia”. En Secundaria premiouse a Alba Cid por “Un soño de cor esmeralda” e a Sandra Estévez por “No Corgo hai unha serea”. O premio para estudiantes de Bacharelato recaeu en Diego Jesús García por “Maus”. Ademais os colexios de Celanova e Bande recibiron un premio especial pola participación.

Referencias varias:

- A. R., “A Baixa Limia premia a los escolares que escriben promocionando a la comarca”, *La Región*, “Baixa Limia”, 10 maio 2002, p. 19.

Alude ao acto de entrega dos galardóns do concurso literario “Descubre A Baixa Limia” do concello ourensán de Muíños. Cita o nome dos galardoados e apunta a dotación económica de cada premio. Ademais, achega a opinión dalgún asistente ilustre, refírese aos temas dos traballos e salienta outras cuestións relativas ao transcurso do evento.

Concurso “**Emilia Estévez Villaverde”**

Convócao o Padroado do Museo de Pontevedra e está aberto a todos os alumnos de ensinanza Primaria e de ESO dos centros da comunidade autónoma e de escolas da emigración. Os alumnos de primeiro e segundo ciclo de Primaria poden presentar contos e poesías; os de terceiro ciclo de Primaria, traballos que describan festas locais tradicionais; os de primeiro ciclo da ESO, traballos referentes a oficios típicos ou característicos da zona na que estea situado o centro escolar e os seus instrumentos de traballo; e os de segundo ciclo de ESO, traballos sobre feitos históricos ou semblanzas de personaxes, que sexan conmemorados ao longo do próximo ano. Os traballos, que se presentarán en lingua galega, manuscritos e ilustrados con debuxos, non excederán os 6 folios, a excepción das composicións poéticas que terán como máximo dous folios. En cada traballo presentado figurará o nome do seu autor, con indicación do curso a que pertence, así como o nome do centro escolar e outros datos persoais. Este concurso conta cun primeiro premio e contempla a posibilidade de establecer cinco accésits. Os traballos hai que presentalos na Secretaría do Museo e a entrega dos premios terá lugar durante a Semana das Letras Galegas. Nesta edición, no apartado destinado a alumnos de Primaria e na modalidade de

narrativa recibiron premio Estefanía Casal Campos, Laura Rosendo Arosa, Dola Mohamed Ahmed e María Rodríguez Morodo, obtendo un premio especial o colexio Dr. Daniel Monje de Navia de Suarna. Na modalidade de poesía os premios recaeron en María Castro Maquieira e Alba Díaz Sánchez, obtendo un premio especial o Colexio Público Comarcal de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa. Na categoría para alumnos de ESO premiouse a Sara Rodríguez, do Colexio Cemar de Mondariz Balneario, que tamén recibiu un premio especial.

Certame “**Entre nós, en galego**”

Certame convocado pola Xunta de Galicia, a través da dirección Xeral de Política Lingüística, e a Federación Galega de Libreiros. O certame enmárcase dentro da campaña que leva o mesmo nome, iniciada no ano 2001, e que ten como fin fomentar o uso do galego entre as xeracións máis novas. Consta de distintas modalidades nas que poden participar tanto os centros educativos no seu conxunto (premios ás actividades e experiencias normalizadoras) como os alumnos individualmente. Dentro destes últimos inclúense os concursos de cartel e lema de publicidade en lingua galega, dirixido a centros de infantil e primaria; e premios de relato curto e de poesía, ambos dirixidos a centros de educación obrigatoria e postobrigatoria. A estas categorías xa presentes na primeira edición da campaña engadíronse na correspondente ao curso 2001-2002 a de representación de obras teatrais para secundaria e a de recitado de poemas, narración de contos e dramatización para o alumnado de educación infantil e primaria e o premio ás revistas escolares. Os traballos deben enviarse aos Gabinetes das Delegacións Provinciais da Consellería de Educación e primeiramente seleccionaranse os gañadores das fases provinciais, que serán os que logo participen na fase autonómica. Premiouse neste

certame a máis de cen rapaces das catro provincias galegas que participaron nas distintas categorías deste premio.

Referencias varias:

- AGN, “Educación inicia unha nova andaina de promoción da lingua entre mozos”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 15 febreiro 2002, p. 70.

Refírese á presentación da segunda edición da campaña “Entre nós, en galego”. Explícanse brevemente as características desta, salientando diversas actividades, entre as que destacan os concursos literarios. Despois de aludir aos premios, comenta que se agarda acadar o éxito do ano pasado.

- M. I., “Desenvolvemento de actividades culturais en Meis e Meaño”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio/Meaño”, 6 abril 2002, p. 16.

Destaca, entre outras actividades, a representación da obra de Blanco-Amor *Romance de Micomicón e Adhelala* por parte de alumnos do C. P. I. de Meis. Apunta que unha comisión de Normalización Lingüística avaliou esta escenificación coa que o centro "participa no concurso "Entre nós, en galego".

-B. L., "A entrega de premios pechou 'Entre nós, en galego' en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 12 maio 2002, p. 61.

Breve nota na que informa da entrega dos premios da fase provincial de Pontevedra.

- L. R., "Un cento de nenos recibiron premios pola "lección" sobre o uso da lingua galega", *La Región*, "Ciudad", 12 maio 2002, p. 17.

Alude ao acto de entrega dos premios do certame "Entre nós, en galego" da fase provincial de Ourense. Recolle a opinión de Xesús González Moreiras, director de Política Lingüística, sobre os premiados e tamén a de varios alumnos sobre a nosa lingua.

-M. V., “Dos estudiantes de Betanzos consiguen premios literarios”, *La Opinión*, “Betanzos/Sada”, 16 maio 2002, p. 17.

Despois de destacar que Ana Novo Porca e Déborah Núñez Morate foron galardoadas no certame “Entre nós, en galego” da provincia da Coruña, recolle unha breve conversa con esta última, que xira arredor da súa actividade literaria.

-M. V., “Sé que no se puede vivir de la poesía”, *La Opinión*, “Betanzos/Sada”, 16 maio 2002, p. 17.

Breve conversa con Déborah Núñez Morate, gañadora de seis premios de poesía dende que no ano 1998 se presentara ao primeiro concurso. Respondendo á temática do seu poema di que fala sobre a lingua galega e que está feito como se falara con Rosalía de Castro. Lembra outros concursos nos que resultou gañadora, entre eles na pasada edición deste mesmo concurso ou o Galicia Dixital. Remata falando dos seus plans de futuro nos que a poesía segue como afección.

- Marcos Valcárcel, “De Eça de Queiroz a Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 17 maio 2002, p. 2.

Fala de diferentes temas de actualidade, entre eles, a entrega dos premios do “Entre nós, en galego” da fase provincial de Ourense. Salienta destes a actitude lingüística de Diana Sanz, unha das premiadas.

- María Rodríguez, “A canteira literaria do instituto de Pastoriza”, *La Opinión*, “Arteixo”, 19 maio 2002, p. 22.

Destaca da entrega dos premios “Entre nós, en galego” da Coruña os galardóns outorgados a Paloma Calvo e Estefanía Iñán, ambas as dúas do Instituto da Pastoriza, e ao Equipo de Normalización Lingüística do Galán de Oseiro. Comenta brevemente os traballos das dúas rapazas. Remata aludindo a outros gañadores e ao desenvolvemento do acto.

- Eduardo Fernández, “La publicación ‘Pallares’ gana un premio autonómico de revistas escolares”, *El Progreso*, “Comarcas”, 24 maio 2002, p. 24.

Salienta que esta revista do “Tino Grandío” de Guntín gañase “o primeiro premio autonómico do certame ‘Entre nós, en galego’ na modalidade de revistas escolares”. Remata aludindo ao acto de entrega.

-E. P., “Entre Nós, en Galego’ moveu a 52.000 alumnos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 maio 2002, p. 49.

Fai referencia á clausura desta campaña e á entrega dos premios. Recolle tamén o máis salientábel do discurso do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás.

- Salvador García-Bodaño, “Casa da Gramática”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 26 maio 2002, p. 3.

Fálasenos da concesión dos premios “Entre nós, en galego”, salientando o “merecido” galardón á revista noiesa *Casa da Gramática*, realizada no IES Virxe do Mar desa vila coruñesa. Con este motivo, García-Bodaño repasa brevemente a traxectoria do centro no que ao seu labor de divulgación da cultura galega se refire, manifestando unhas palabras de recoñecemento para tres dos seus profesores que son os promotores e directores da recoñecida publicación escolar.

- Xosé García, “O IES de Melide rexeita o premio dun concurso ó que non se presentou”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 28 maio 2002, p. 9.

Sinala que o Equipo de Normalización Lingüística deste Instituto rexeita o cuarto premio do certame “Entre nós, en galego” e explica as causas. Por outro lado, recolle as duras críticas e denuncias do centro á Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

- Inma López Silva, “A Dirección Xeral de Política Lingüística e o teatro escolar”, *O Correo Galego*, “A voltas co país”, 15 xuño 2002, p. 4.

Dura crítica á Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia por non cumprir coas expectativas que se crearan co “Primeiro Certame de recitado de poemas, narración oral de contos e dramatización”.

- J. A. Martínez Sevilla, “Ventana Escolar”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 xuño 2002, p.

21.

Describe a forma e o contido do número doce da revista *Nós* do Instituto da Guarda, gañador do I concurso de revistas escolares da Consellería de Educación.

- E. P. “O programa “Entre Nós, en galego” chegará a doce centros do Bierzo”, *El Correo Gallego*, 16 novembro 2002, p.75.

Sinala que a Campaña de Educación “Entre Nós, en galego” será levada a cabo tamén en comarcas limítrofes da área do Bierzo. Entre as actividades organizadas este ano, destaca un certame de creación musical en galego.

VIº Certame “**Francisco Añón**” de poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Establécense catro categorías: A) para nenos de seis a dez anos, B) para os de once a catorce anos, C) para os mozos de quince a dezasete anos e D) para os maiores de dezaoito anos. Os orixinais deberán presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que conteña os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregaranse na Oficina de Información Xuvenil (Avda. de San Campio, s/n. 15230 Outes) e os das categorías C e D terán unha extensión mínima de cen versos. Nesta sexta edición, o xurado integrado por Rita Molinos Castro, Xosé Manuel López Gómez, Manuel Iglesias Nimo, David Pérez Iglesias, Manuel García Fiuza e Santiago Nieto Romarís, que actuou como secretario, deu a coñecer o nome dos galardoados o 16 de maio de 2002. Dentro da categoría A o primeiro premio (vale de 90,15 € en libros e publicación da obra) acadouno Noelia Martínez Rey. Ademais dentro desta

categoría concedeuse unha mención a Cristina López Igón. Na categoría B o primeiro premio (vale de 120,20 € en libros e publicación da obra) foi para Alicia Fernández Rodríguez pola súa obra *O esquecemento inexistente*. Nesta mesma categoría tamén recibiu unha mención Manuel Molinos Santiago. Dentro da categoría C (vale de 150,25 € en libros e publicación da obra) o galardón recaeu en Genma María Andrade Fuentes por *Lingua dos rumorosos* , mentres que a mención desta categoría foi para María do Carmen Fernández Lago. Por último, na categoría D, o primeiro premio (cheque de 901,52 € e publicación da obra) foi para María Arce Barreiro por *Intraduccións*, categoría na que recibiu mención Daniel Salgado García.

Referencias varias:

- M.G., María Arce gana la sexta edición del certamen Francisco Añón de poesía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 maio 2002, p. 35.

Dá a coñecer o nome dos premiados nas diferentes categorías, así como o das mencións especiais. Ademais apunta a composición do xurado e achega a opinión deste sobre a obra gañadora.

Xº Certame galego de poesía e narración “**Francisco Fernández del Riego**” para autores novos

Este certame desenvólvese a través da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude de Lugo coa colaboración da Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Nel poden participar os galegos ou residentes en Galicia, dos dez aos trinta anos, que non teñan publicado ningún libro. Establécense as seguintes categorías: A) de dez a trece anos; B) de catorce a dezasete anos e C) de dezaoito a trinta anos. Para as tres categorías hai unha modalidade de poesía e narrativa. Os concursantes deberán formular a súa solicitude no impreso normalizado que figura nun anexo da convocatoria e remitirán os seus traballos sen datos persoais, identificándoos cun lema. Este repetirase no exterior dun sobre pechado dentro do cal figurarán o boletín de inscrición que se indica noutro anexo, os datos persoais do concursante, unha fotocopia do seu DNI ou do libro de familia na folla que corresponde ao participante e unha declaración xurada de non ter publicado ningún libro. Os participantes remitirán os orixinais mecanografados a dobre espacio, en DIN-A4 e a unha soa cara, indicando no sobre “Para o Certame Francisco Fernández del Riego”. Poderán dirixir os

orixinais e o sobre pechado ao servicio de xuventude da delegación da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que teñan establecida a súa residencia habitual ou na que radique o colexio, instituto ou asociación xuvenil no caso de grupos, podendo ser en: Rúa Ronda da Muralla, 70, 27003 Lugo / Avenida da Habana, 81, baixo, 32004 Ourense / Rúa Durán Loriga, 9, 1º, 15003 A Coruña / Rúa Mª Berdiales, 20-entrechán, 36203 Vigo. De entre todos os traballos presentados en cada provincia, o xurado procederá a seleccionar aqueles que pola súa calidade os considere merecentes, sendo enviadas as notificacións das decisións do xurado aos solicitantes nun prazo non superior a seis meses. No mes de novembro o xurado entregará os premios aos finalistas nas distintas categorías. Polo que se refire á modalidade de poesía, á que concorren composicións en lingua galega de tema e metro libre cunha extensión máxima de 150 versos, concédense os seguinte premios por categorías. Categoría A: primeiro (150 €, figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de campamentos, organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción do Emprego Muller e Xuventude, na campaña “Verán-2002”), segundo e terceiro (lote de libros en galego e figura de Sargadelos). Categoría B: primeiro (300 €, figura de Sargadelos, un lote de libros

en galego e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de campamentos ou campos de traballo, organizados pola citada Dirección Xeral), segundo e terceiro (lote de libros en galego e figura de Sargadelos). Na categoría C: primeiro (450 €, figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa como as xa nomeadas), segundo e terceiro (lote de libros en galego e figura de Sargadelos). En canto á modalidade de narrativa, os relatos serán en galego, de tema libre e cunha extensión máxima de 5 folios DIN-A4 mecanografados, sendo os premios concedidos iguais aos de poesía. Así mesmo, farase entrega, a cada un dos participantes nas distintas categorías e modalidades, dun diploma que acredite a súa participación neste certame. O xurado será nomeado polos delegados provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo de Lugo, recaendo a secretaría nun funcionario da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude de Lugo. Nesta décima convocatoria na modalidade de poesía o primeiro premio da categoría A foi para Alfonso Valcárcel Aguiar por “A lúa”, o segundo para Aiala Suso Gil por “Arco da vella”, e o terceiro para Noelia Martínez Rey por “Na soidade da dor”; na B o primeiro premio de poesía foi para Alicia Fernández Rodríguez por “Alfabeto dos días”, o segundo para Laura Lamas Abraira por

“Contos da avoa e a pastoriña”, e o terceiro para Beatriz Valcárcel Aguilar por “Unha tarde de outono”; por último nesta modalidade e na categoría C recibiu o primeiro premio Lidia Carrión Fernández por “Eurídice da Mancha”, o segundo Francisco David Paz Lafuente por “Palabras no vento”, e o terceiro Jonathan Rodríguez Cabaleiro por “Ollos de laranxeira”. Por outra banda, na modalidade de narrativa, o primeiro premio da categoría A foi para Iraseme Pino Ponte por “Unha extraña árbore”, o segundo para Eva Vilar Coira por “Balbino e a pomba branca”; na B, o primeiro posto conseguiuno María Rivo Vázquez por “Campo de trigo con corvos”, o segundo Alicia Fernández Rodríguez por “Dar cor dos toxos”, e o terceiro Mónica Fernández Armesto por “Lapislázuli”; en canto á categoría C o primeiro premio recaeu en Arsenio Iglesias Pazos por “Lume de queimar recordos”, o segundo en Luís Sánchez Graíño por “O retrato do home de negro”, e o terceiro en Mª Noelia Lamosa Torres por “Esta noite en Baio”.

Referencias varias:

-E. P., “Fállanse os premios ‘Fernández del Riego”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 11 decembro 2002, p. 76.

Infórmase da celebración da décima edición do Certame de Poesía e Narración “Francisco Fernández del Riego” Xuventude 2002, salientando que son xa dezaoito obras as premiadas. Indícase que os premiados teñen unha idade comprendida entre os dez e os trinta anos e que os galardóns (premios en metálico de diverso valor, lotes de libros en galego, bolsas, etc.) serán entregados proximamente. Coméntanse tamén as categorías existentes e dáse o nome dos gañadores en cada unha delas.

IVº Concurso “**Hipercurtos contos**”

Ver IVº Concurso “Hipercurtos contos” no apartado X. 1. 1. deste *Informe*.

VIIIº Concurso literario “**IES Campo de San Alberto” e “IES Virxe do Mar**”

Os equipos de normalización lingüística destes dous institutos de secundaria convocan este concurso con motivo do Día das Letras Galegas. Consta das modalidades de narrativa e poesía. Nesta oitava edición o xurado estivo integrado por Domingo Campos, Mercedes Rivas, Alberto Romasanta e Benigno González. Na modalidade de narrativa o primeiro premio recaeu en Minia Mariño por “Os reflexos da sospeita”, o segundo en Micaela Alvear Arroyo por “Rúa Melancolía”, e o terceiro en Heriberto Villar Patiño por “A memoria”. Namodalidade de poesía o primeiro premio recaeu en Ana María Ínsua por “Pekín”, o segundo en Micaela Alvear por “Café, fume, ruína, ausencia”, e o terceiro en Heriberto Villar Patiño por “Outono nos soños”.

IIº Concurso de pintura, poesía e narrativa xuvenil do “**IES Castro Alobre**”

Organízao a APA deste centro escolar de Vilagarcía e consta das modalidades de pintura, poesía e narrativa, ás que poden concorrer todos os alumnos dos colexios do municipio de Vilagarcía. O xurado está composto por varios profesores do centro, representantes da APA e persoas relacionadas co mundo da cultura. O prazo de presentación de traballos rematou o 1 de maio para dar a coñecer a resolución do concurso coincidindo coa celebración das Letras Galegas.

Certame literario Letras Galegas do “**Instituto Xelmírez II**” 2002

O Departamento de Lingua Galega e Literatura do Instituto Arcebispo Xelmírez II convoca este certame, no que poden participar os alumnos deste centro do presente curso con traballos en lingua galega, orixinais e non publicados anteriormente. Haberá dúas modalidades: unha de poesía, para a que se presentará un ou varios poemas cun mínimo de trinta versos mecanografados; e outra de contos, que terán unha extensión entre os dous e dez folios e estarán mecanografados a dobre espacio. En cada unha destas modalidades establécense dous niveis: un primeiro para alumnos de 1º, 2º e 3º da ESO; e un segundo para os de 4º da ESO, 1º de Bacharelato e COU. Para cada modalidade e nivel haberá os seguintes premios: un primeiro dotado de 18 € e diploma; un segundo, de 12 € e diploma; e un terceiro de 6 € e diploma. No primeiro nivel os premios serán para adquirir material didáctico. Cada traballo irá asinado por un pseudónimo e incluído dentro dun sobre pechado no que só constará por fóra: “Concurso Letras Galegas 2002”. Así mesmo, entregarase outro sobre no que poña por fóra o pseudónimo elixido e dentro os datos identificativos do autor. A presentación dos traballos farase na oficina do centro escolar. Os premios serán entregados nun acto que terá lugar no Instituto durante a

semana das Letras Galegas. Nesta edición, na modalidade de poesía e dentro do primeiro nivel, o primeiro premio foi para Beatriz Cebro Trenaco por “Un día de inverno”, mentres que o segundo recaeu en Alexandra Noelia Vieites Martín por “Miña nai marcha”. Por outra banda, na modalidade de contos neste nivel o primeiro premio levouno Alexandra Cea Riveiro por “A flor de Ágata”, o segundo Xesús Carbia Gómez por “A décima dimensión” e o terceiro Marcos Candelero Landeira por “Moito come leña”. No segundo dos niveis só se premiou a Paula Batán Veiga por “A golpes de timbal” co primeiro premio de poesía.

IIº Certame galego de poesía e narración por “**Internet**”

A Consellería de Educación e o Parlamento de Galicia, en colaboración co portal Galiciadixital.com, convoca este certame no que poden participar todos os rapaces e rapazas de ensino primario e secundario a través dos seus centros e que nesta convocatoria se desenvolveu baixo o lema “Temos un parlamento, temos unha lingua”. Preténdese potenciar o uso de internet no mundo da educación e crear así unha Biblioteca Xeral Xove, que inclúa as obras dos autores galegos máis novos. Así mesmo esta edición pretende que os escolares de Primaria e Secundaria perciban o Parlamento como expresión da vontade colectiva do pobo galego e valoren a lingua galega como principal sinal de identidade. Establécense diferentes premios, que oscilan entre os 300 e os 60 €, segundo o nivel de ensinanza e a categoría do galardón obtido. Ademais os traballos gañadores serán publicados na sección de “Tribuna libre alumnos” do portal de Educación incluído en Galiciadixital.com. Para a modalidade de poesía, os traballos terán un máximo de cento vinte versos, mentres que para narrativa un máximo de cinco folios. Deberán ser remitidos exclusivamente por internet antes do 1 de maio do 2002 ao enderezo certame@galiciadixital.com cos datos do participante e o aval dun profesor do centro. O

xurado estivo formado por Salomé Álvarez Blanco, en representación do Parlamento de Galicia, quen actuou como presidenta, Modesto Hermida García, en representación da Consellería de Educación, Agustín Fernández Paz, escritor, e Xulio Giz, en representación de Galicia Dixital, que actuou como secretario. Na categoría de poesía en ensino primario premiouse a Cristina Ramudo Barro co primeiro premio, co segundo a Esteban Fernández Pérez, co terceiro a Iván Portabales Martínez e Verónica Castro Barro recibiu un accésit. En ensino secundario o primeiro premio recaeu en Francisco Denís Díaz Gallego, o segundo en Eva Vilar Coira, o terceiro en Sandra González Pardal e mereceu un accésit Alicia Fernández Rodríguez. Na categoría de narrativa o primeiro premio de primaria foi para Edén García Veiga, o segundo para Verónica Castro Barro e o terceiro para Sara Villamarín Freire. En secundaria premiouse a María Castiñeira Busto co primeiro premio, a Eva Vilar Coira co segundo, a Rosalía Fernández Rial co terceiro e concedéronse dous accésits, un a Nuria Piñeiro Lamas e outro a Miriam Zas Martínez.

Referencias varias:

- Ángel V. A., “¿No quedamos en que era verano?”, *El Progreso*, “De actualidad”, 25 xuño 2002, p. 80.

Ademais de dar conta doutros temas non literarios refírese a que no día anterior á noticia se fixo entrega no parlamento galego dos premios do certame “Temos un parlamento Temos unha lingua”.

- Lois Fernández, “Mini diputados con premio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “O espello”, 25 xuño 2002, p. 16.

Brevemente alude á entrega dos premios que se presentaron ao reclamo de “Temos un parlamento. Temos unha lingua”. Destaca que se entregaron en total dezaseis premios e trinta e dous diplomas.

- E. P., “Fállanse os premios Fernández Del Riego”, *El Correo Gallego*, 11 decembro 2002, p. 76.

Infórmase das características deste Premio que organiza a Consellería de Familia e Xuventude. Fálase da idade que deben ter os concursantes, dos premios que recibirán segundo o posto no que queden e relaciónase algúns dos nomes e obras que resultaron premiadas.

Vº Certame de contos e narración curta “**Letras Galegas 2002**”

Organizado pola área de Educación, Universidade e Xuventude de Ourense para conmemorar o Día das Letras Galegas. Establece dúas modalidades, unha de contos e outra de narración curta. Na de contos poden participar todos aqueles centros de Primaria e de 1º ciclo da ESO, que presenten os seus orixinais en lingua galega seguindo a normativa vixente. O tema será libre e a extensión mínima será de tres folios e a máxima de seis a dobre espacio. Os textos presentados serán inéditos e totalmente orixinais. A primeira selección será realizada polos profesores de galego de cada centro participante, que enviarán como máximo cinco traballos por aula. A entrega dos traballos farase preferentemente en disquetes en formato Word ou WordPerfect. Os contos entregaransenas dependencias da Área de Educación, Universidade e Xuventude (R/ Arcediagos, 3-2º esq.). Os premios consistirán en dúas minicadeas (unha para Primaria e outra para ESO), xunto cunha selección de música galega. O xurado estará composto pola Concelleira-Delegada da Área de Educación, Universidade e Xuventude, polo normalizador lingüístico de Educación, un profesor/a, un escritor e un técnico da área. Os mellores traballos serán publicados pola Área para o curso 2002/2003. Estas mesmas bases son válidas para a

modalidade de narración curta, na que poden participar todos aqueles alumnos de 2º ciclo da ESO, Bacharelato, Ciclos formativos de grao medio e superior e COU, que presenten os seus traballos orixinais en lingua galega seguindo a normativa vixente. O tema será libre e a extensión mínima de 5 folios e a máxima de 10. Nesta edición concursaron 45 traballos na modalidade de contos e 34 na de narración curta. Na modalidade de contos, en Primaria, o primeiro premio foi para Daniel Calles González por “O poder de Ouro” e en ESO na modalidade de narración curta premiouse a Bruno Salgado Brezal por “As Américas” mentres que en Bacharelato o premio foi para Elena López por “O espello da humanidade”. Ademais houbo tres accésits en cada unha das modalidades; en contos foron para Iria Aldomar, Susana González e Marta Campos, e na de narración curta foron para Inés Pavón, Iria Domínguez e Nuria Blanco.

Certame de narración e debuxo infantil “**Letras Galegas 2002**”

Este certame conta cunha primeira fase local, na que participan bibliotecas públicas de diversos municipios lucenses, e unha fase provincial, na que só participan os traballos seleccionados da primeira fase. Na fase local poden participar os rapaces socios de cada unha das bibliotecas convocatorias con narracións sobre a “miña biblioteca” ou debuxo sobre “o libro” ou “a biblioteca”. Con respecto ás narracións, os traballos serán en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Cada autor pode presentar cantos traballos desexe, acompañando cada un deles cunha folla cos seus datos persoais. Establécense tres categorías: A) ata oito anos, B) de nove a once anos e C) de doce a dezaseis anos. A entrega será efectuada polos seus autores na biblioteca pública municipal. O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os autores seleccionados recibirán cadanseu diploma e libros. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame convocada pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo. Na edición correspondente ao 2002 concorreron á fase

provincial traballos seleccionados nas fases locais convocadas polas bibliotecas públicas municipais de Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Barreiros, Burela, Cervo, Chantada, Cospeito, Foz, Guitiriz, Lourenzá, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Outeiro de Rei, Pantón, Pastoriza, Poboa de Brollón, Pol, Quiroga, Ribadeo, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, O Valadouro, Xermade e Biblioteca Nodal de Lugo. Os premiados na fase provincial recibirán cadansúa estatuíña de Sargadelos, diploma e lote de libros, mentres que os distinguidos con accésits obterán un diploma e un lote de libros. O xurado da fase provincial estivo formado por Antonio Calvo Varela, que actuou como presidente, Blanca Pacín Somoza, María Rosario Fernández González, Xavier Rodríguez Barrio, Carmen López López, Isabel Pérez Fórneas e Xulio Giz Ramil, que actuou como secretario. Os gañadores foron os seguintes: na categoría A, Patricia Martínez Rey, da Biblioteca Provincial; Patricia Duarte Bellón, da Biblioteca Provincial; José Luis Seco Bouza, da Biblioteca municipal da Pastoriza; e Enrique Veiga Bermúdez, que recibiu un accésit. Na categoría B, os gañadores foron Noelia Martínez Rey, da Biblioteca Provincial; Alba Díaz Sánchez, da Biblioteca municipal de Navia de Suarna; e Violeta Núñez Martínez, da Biblioteca Provincial. Por último, na categoría C, os premios recaeron en Eva VilarCoira, da Biblioteca Provincial; Diana Mandiá Álvarez, da Biblioteca municipal de O

Valadouro; e Laura Sánchez Guerra, da Biblioteca municipal de Navia de Suarna; mentres que os accésits foron para Christian Núñez Rodríguez, da Biblioteca Provincial; Andrea Escudero Palmeiro, da Biblioteca Provincial; e Lucía García Irimia, da Biblioteca municipal de Alfoz.

Referencias varias:

-Zotero, “La biblioteca pública convoca un certamen de dibujo y narración infantil”, *El Progreso*, “Chantada”, 20 abril 2002, p. 14.

Anuncia a convocatoria do concurso do Concello de Taboada e subliña algúns dos puntos das bases.

-Mayte Corbelle, “Fallados os premios do certame ‘Letras Galegas 2002’ en Vilalba”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2002, p. 14.

Dá a coñecer o dictame do xurado deste certame e apunta a data de entrega dos premios. Por outro lado, fai referencia ás actividades previstas en Vilalba para conmemorar o Día das Letras Galegas.

-A. L., "Fallado el certamen literario organizado por la biblioteca del Ayuntamiento", *El Progreso*, "Chantada", 17 maio 2002, p. 18.

Dá a coñecer o nome dos galardoados con este premio de Chantada, salientando que estes pasarán a concursar na fase provincial que organiza a Biblioteca Provincial.

- Zotero, "Los galardones del concurso da narración infantil se entregarán el día 22", *El Progreso*, "Comarcas", 19 maio 2002, p. 23.

Anuncia a data de entrega destes premios do concello de Taboada, sinalando a presencia no acto da escritora Marta López Fabello. Ademais achega a resolución do xurado.

XIº Premio literario “**Manolo Lado**”

O IES Alfredo Brañas de Carballo convoca este premio, coa colaboración do Concello de Carballo e Caixa Galicia. A el poden concorrer todos os estudiantes de ensino medio matriculados no curso académico 2001/2002 en calquera dos institutos de Bacharelato, FP ou IES de Galicia. Os traballos deben estar escritos en lingua galega e establécense dúas modalidades: narrativa, que recolle relatos curtos de tema libre e cunha extensión mínima de dous folios e máxima de oito, mecanografados a dobre espacio e por unha cara; e poesía, que abrangue un conxunto de poemas, entre catro e dez, de tema e forma libre, mecanografados a dobre espacio e por unha cara. Deben ser inéditos e estar acompañados dunha plica co mesmo pseudónimo e, no seu interior, figurarán os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo, teléfono e centro onde o autor realiza os seus estudios. Os orixinais enviaranse á Secretaría do IES Alfredo Brañas (R/ Vila de Corcubión, s/n. 15100, Carballo). Concederanse tres premios para cada unha das modalidades de narrativa e poesía. O xurado estará constituído por membros da comunidade educativa e os premios serán entregados no acto que se celebrará o día 16 de maio na Semana das Letras Galegas, no IES Alfredo Brañas. Os traballos premiados ficarán en propiedade do

citado instituto para ser publicados, mentres que os restantes poderán retirarse no prazo de tres meses, a partir da resolución do xurado. Nesta edición o primeiro premio de narrativa foi para Fátima Peón Torres por “O coitelo no ar”, o segundo para David Piña Villar por “De novo caeu a noite”, e o terceiro para Rosa Martínez Vilas por “As bruxas das Galanas”. Na modalidade de poesía o primeiro premio recaeu tamén en Fátima Peón Torres por “París sen ti”, o segundo en Mª José Facal Martínez por “Itzumal”, e o terceiro en Nazaret Tilve Costas por “Xelda”.

XIVº Concurso de contos “**Manuel Murguía**”

Certame convocado polo Concello de Arteixo para os seus escolares, que deberán entregar un único conto inédito e escrito en galego cunha extensión mínima dun folio e máxima de cinco. O xurado desta edición, formado por Xavier Álvarez Lires, Mª AmeliaÁlvarez Aller e Mª José Rodríguez Mañana, decidiu que as obras premiadas nas distintas categorías fosen as seguintes: “O peixe que non sabía nadar” de Andrea González Blanco (primeiro ciclo de Primaria), “A raíña das castañas” de Javier Obelleiro Riveiro (segundo ciclo de Primaria), e “Rosendo, deus do medo” de Soraya Fraga Cereijo (terceiro ciclo de Primaria). Pola súa parte, en secundaria a obra gañadora foi “O día en que me convertín nun reloxo de parede” de Iris Brandón Rodríguez (primeiro ciclo de Educación Secundaria), mentres que para a categoría de segundo ciclo de Educación Secundaria non se presentaron candidatos. Por outra banda na categoría de Bacharelato, Formación Profesional e mozos de dezaseis a dezaoito anos, recibiu o primeiro premio Daniel Naya Paulos por “Un conto ó pé da lareira”.

Vº Certame de poesía “**María Baña**”

Co motivo de promover a figura e a obra da “poetisa popular” de Neaño (Cabana de Bergantiños), María Baña, o Departamento de Cultura e Deportes do Concello de Cabana de Bergantiños convoca este certame. A el poden concorrer alumnos de Ensino Primario, Secundario, FP, e Bacharelato de todos os centros de Galicia, así como adultos maiores de dezaoito anos. Establécense as seguintes categorías: A) para o 1º ciclo de Primaria; B) para o 2º ciclo de Primaria; C) para o 3º ciclo de Primaria; D) para o 1º ciclo de Secundaria; E) para o 2º ciclo de Secundaria, Bacharelato e FP, e F) para adultos (maiores de 18 anos). A extensión e temática dos traballos é libre, podendo participar cun único poema ou con varios, sempre que estean escritos en galego e sexan inéditos. Entregaranse nun sobre, no que se indique por fóra a categoría participante e no que no seu interior vaia outro lacrado cos datos do autor. A entrega deberá efectuarse no Departamento de Cultura e Deportes (Casa do Concello. A Cabana, s/n., 15115, Cesullas, Cabana de Bergantiños, A Coruña). Cada un dos seis premios constará de placa do Concello convocatorio e dun lote de libros. A concesión dos premios terá lugar o 17 de maio na Biblioteca Municipal de Neaño. Nesta quinta edición na categoría A resultou gañadora Carla Carballo Triñanes polo

poema “Primavera”; na categoría B, Cristina Sánchez Martínez por “Azul”; na categoría C, Isabel Domínguez Caamaño por “Unha noite soñei”; e, por último premiouse a Carmen Espasandín Domínguez por “Vai”, na categoría de adultos.

XXXº Certame literario “**Minerva**”

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel poden participar alumnos de 3º e 4º de ESO, BUP, COU, novo Bacharelato e ciclos de FP, que cursen os seus estudios en centros de Galicia e non teñan cumpridos os 20 anos o 31 de decembro de 2002. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espacio). Enviaranse o orixinal e tres copias, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, que deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno do centro. No exterior do sobre figurarán o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse a XXXº Certame literario “Minerva” (Colexio M. Peleteiro, San pedro de Mezonzo, 27, 15701, Santiago de Compostela). Concederanse tres premios en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 €, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do

certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado estará constituído por escritores e profesores de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia e darase a coñecer con anticipación á emisión do seu dictame. Na entrega de premios os agasallados deberán ler, total ou parcialmente, a súa obra. Na edición do 2002 na modalidade de narrativa os galardoados foron en primeiro lugar Bianca Cid Bouzas, co relato *Os avós*; en segundo lugar quedou Lidia López Teijeiro con *As once da noite*, mentres que en terceiro lugar quedou Fátima Peón Torres con *Morriña*. Nesta modalidade tamén se concederon accésits a Sabela Recalde Penabad, Inma García Fernández e Eva Vila Melero. Na modalidade de poesía o primeiro premio foi para David Souto Alcalde con *Pulmonario de duros latexos*, seguida de Noel Blanco Mourelle con *Tres latexos inconexos*, o terceiro premio recaeu en Emilio Xosé González Pérez con *Feptsss*. Os áccesits foron para Anabel Valera Formoso e Pablo Fidalgo Lareo. O xurado de poesía, presidido por Luís Alonso Girgado, contou con Avelino Abuín de Tembra, Miguel Anxo Fernán-Vello, Armando Requeixo e Manuel Fonte. O da modalidade de narrativa estivo presidido por Manuel Quintáns Suárez, e contou con outros membros como Ramón Nicolás, Xavier Manteiga, Manuel Castro Mera, Teresa González da Silva e Xavier Ferreiro Lozano. Os galardóns foron entregados o xoves 23 de maio no Colexio Peleteiro.

Referencias varias:

-Ana Iglesias, “Bianca Cid y David Souto, ganadores de los XXX Premios Literarios Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 maio 2002, p. 34.

Dá a coñecer o nome dos galardoados desta edición. Ademais, alude ao elevado número de traballos presentados ao concurso e achega a valoración xeral que sobre estes emitiron os xurados do concurso, dos que ofrece a composición. Tamén, apunta a data de entrega dos premios e sinala que as obras gañadoras serán publicadas.

-EFE, “Bianca Cid e David Souto, premios literarios Minerva 2002”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 maio 2002, p. 30.

Informa da resolución dos xurados de narrativa e poesía deste certame e recolle a opinión destes sobre “a obra xeral presentada”.

- Sandra Abad, “Siempre escribo en gallego, es una lengua mucho más rica”, *La Opinión*, “Cambre/Culleredo”, 22 maio 2002, p. 14.

Achega un retrato da gañadora do primeiro premio na modalidade de narrativa do XXX Certame Literario Minerva, así como unha entrevista a esta. A conversa recolle a súa impresión sobre o premio que vén de gañar por segunda vez e tamén doutros similares. Alude ademais aos seus gustos literarios e á súa vertente de escritora, sen deixar de falar do traballo galardoado.

- A.I.S., “Fernán-Vello será el mantenedor de la entrega de los premios ‘Minerva”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 23 maio 2002, p. 39.

Alude, entre outros temas, á data da gala de entrega destes premios e á presencia nesta do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello. Tamén nomea os gañadores nas modalidades de poesía e narrativa.

-Ana Iglesias, “Cientos de personas aplaudieron a los ganadores de ‘XXX Certamen Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 maio 2002, p. 38.

Fai referencia ao acto de entrega dos galardóns e cita o nome dos gañadores. Salienta ademais a presencia de Fernán-Vello “como mantenedor”.

Certame de poesía infantil de “**Nadal 2002/2003**”

Ao igual que o Certame de narración e debuxo infantil “Letras Galegas 2002”, descrito neste apartado de premios escolares, no mes de Nadal as bibliotecas públicas de diversos municipios lucenses seleccionan unha serie de traballos para que logo poidan concursar na fase provincial. Polo que se refire á fase local, cada biblioteca pública municipal convoca este certame, no que poden participar os nenos con poemas sobre o tema xenérico de “O Nadal”. Establécense tres categorías: A) ata oito anos, B) de nove a once anos, e C) de doce a dezaseis anos. Cada autor poderá presentar cantos traballos desexe, debendo estar escritos en galego cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Con cada traballo acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor. Deben ser entregados na Biblioteca pública municipal. Un xurado, formado por entendidos na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os autores seleccionados recibirán cadanseu trofeo, diploma e libros. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do certame, convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo. Para máis información dirixirse á biblioteca Provincial: Biblioteca Nodal (Avda. Ramón Ferreiro, s/n. – 27002 Lugo).

Referencias varias:

- Zotero, “Abre el plazo para presentar trabajos al certamen poético infantil de Navidad”, *El Progreso*, 4 decembro 2002, p. 24.

Anúnciase que a biblioteca municipal de Taboada abre o prazo ata o día 22 para a presentación de poesías coas que se queira participar no concurso de Nadal. Tamén se informa das datas de entrega de premios e dalgunhas pautas do devandito concurso.

Premio “**Ourense de Banda Deseñada**”

Convócao a Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellería de Cultura do Concello de Ourense. Presenta dous apartados distintos: un dedicado ás mellores iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros como en institucións, e outro dedicado ao mellor autor novel, que recaerá no primeiro premio deste ano no III Certame de Banda Deseñada na categoría C, convocado pola Consellería de Familia e descrito neste apartado de premios escolares. O premio do primeiro dos apartados decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). Nesta edición este apartado deste premio recaeu na revista *Golfiño*, mentres que o premio ao mellor autor novel foi para María Rial.

XIXº Premio “**Ourense de contos para a mocidade**”

Convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense co patrocinio da Concellería de Cultura e a Delegación Provincial de Familia, Muller e Xuventude. Poderán participar todos os mozos de catorce a trinta anos. Os traballos serán de tema libre, orixinais, inéditos e en lingua galega. A extensión mínima será de seis folios e a máxima de vintecinco. Presentaranse baixo pseudónimo e irán acompañados dun sobre pechado, no que figure no seu exterior o pseudónimo, así como a frase “menor de dezasete anos”, se fose o caso; e no seu interior, unha fotocopia do DNI mais o título dos contos e o enderezo ou teléfono. A entrega efectuarase na secretaría da Casa da Xuventude de Ourense (R/ Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004). O primeiro premio será de 600 € e haberá catro accésits de 150, ademais de publicárense as obras. Dous accésits recaerán necesariamente en concursantes menores de dezasete anos. Este premio xa fora conseguido en anteriores edicións por Xosé Carlos Caneiro, Pedro Gonzalves, Marco Valerio Lama, Paula Carballeira Cabana, Sechu Sende, An Alfaya, Rafa Villar, Antón Riviero Coello, Estevo Creus, Ana Cristina López (“Ana Mirinda”) ou Marta Pérez Marín. Nesta edición presentáronse sesenta e catro contos de corenta e tres autores e o xurado

estivo composto por Serafín Alonso, Raquel Crespo, Teresa Devesa, Sandra de la Fuente, Jesús Manuel García e Benito Losada, que actuou como secretario sen voto. O relato gañador foi o titulado *Nun edificio* de Xosé Díaz Díaz, mentres que os catro catro accésits foron para Iván García Campos por *Cloroformo en gotas*, Roque Cameselle Capón por *Doces empachosos*, Noelia Parada Fernández por *Tralos mesmos pasos* e Guillermo García López por *O cadrado da risa*, estes dous últimos na categoría de menores de dezasete anos como estipulan os regulamentos. A entrega dos premios tivo lugar en xuño con motivo da Feira do Libro de Ourense.

Referencias varias:

- AGN, “O lucense Xosé Díaz Díaz gaña o Premio Ourense de contos con ‘Nun edificio”, *El Progreso*, “Cultura”, 17 maio 2002, p. 90.

Dá a coñecer o nome do gañador e recolle brevemente a opinión deste sobre o seu relato.

Premios artísticos “**Picariños**”

Convócao o Círculo Cultural e Deportivo de Sanxenxo e vai dirixido a escolares. Consta das modalidades de narrativa e poesía, nas que poden participar os escolares do municipio dentro de dúas categorías: infantil, para nenos de Educación Primaria, e xuvenil, para alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria. A temática será libre e nesta edición os traballos deben remitirse ao Local Social do Círculo Cultural e Deportivo de Sanxenxo (Contumil, Nantes) ou ao Apartado de Correos 72, antes do 3 de maio.

Referencias varias:

-A. R., “El viernes termina el plazo para participar en el certamen literario del Círculo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Sanxenxo”, 1 maio 2002, p. 23.

Informa do remate do prazo de presentación de traballos ao XI Certamen literario “Os Picariños” e achega brevemente as bases, entre outros asuntos.

Vº Certame de poesía e contos “**Poeta Lorenzo Varela**”

A Asociación Cultural Falcatrueiros de Monterroso convoca este certame en colaboración coa Consellería de Educación, co gallo do Día das Letras Galegas. Está dirixido a rapaces que cursen os seus estudios de Primaria, Bacharelato ou ESO en calquera centro educativo, público ou privado. Os traballos terán que estar escritos en galego e o seu tema será libre. Haberá catro categorías, con tres premios cada unha: de seis a oito anos, que entregarán dous contos; de nove a doce anos, tres contos ou tres poesías; de doce a dezaseis anos, catro contos ou catro poesías; e de dezaseis a dezaoito anos, cinco contos ou cinco poesías. A extensión por categorías será a seguinte: na primeira, un máximo de dous folios por conto, por unha soa cara e a dobre espacio; na segunda, un máximo de tres folios cos mesmos requisitos; e na terceira e na cuarta, catro folios. Os traballos, que se deben presentar por duplicado, xunto a un sobre que inclúa os datos do autor, teñen que entregarse na secretaría dos centros educativos onde cursen os seus estudios, nas bibliotecas municipais ou na asociación convocatoria. Os premios daranse a coñecer a partir do 27 de maio.

IVº Concurso de narrativa “**Da Reboraina**”

Convócao o CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda para alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria do CEIP de Reboreda (categoría A), e para alumnos da ESO do Concello de Redondela (categoría B). Os textos deben estar escritos en galego e, ademais de portada ilustrada, poderán presentar algunha pequena ilustración interior. A extensión será dun mínimo de dous medios folios por unha soa cara para a categoría A e de catro medios folios por unha soa cara para a categoría B. Os participantes da categoría A deben presentar os textos e debuxos feitos á man, mentres que os da categoría B teñen liberdade de presentación. Os relatos deberán presentarse baixo pseudónimo na secretaría do centro convocatorio ata o 5 de abril e irán acompañados dun sobre pechado coa identidade do pseudónimo. Os relatos premiados serán publicados na revista escolar *Bolboreta* e ademais o centro resérvase a posibilidade de editar conxuntamente as narración premiadas en sucesivas convocatorias. Só se poderá presentar un traballo e os premios poden quedar desertos. O xurado estará composto por membros da comunidade escolar

do CEIP de Reboreda e no seu dictame valorará a calidade literaria do traballo presentado e a idade do autor. Dentro da categoría A haberá un primeiro premio que consiste en 150 € e libros, e tres accésits que, ademais de libros, obterán distintos regalos. Na categoría B o primeiro premio é de 300 €.

Referencias varias:

- B.O., “Concurso de narrativa Da Reboraina”, *Atlántico Diario*, “Redondela”, 3 abril 2002, p. 20.

Refírese ao inminente peche do prazo de presentación de traballos para este concurso e realiza uns breves apuntamentos sobre as bases deste.

IIIº Premio literario “**Suárez Ferrín**”

Convócao o Instituto de Estudios políticos e Sociais e está dirixido a mozos de entre catorce e vintecinco anos. Nesta ocasión a temática xira arredor da tolerancia na sociedade actual. Consta de dúas categorías: unha de catorce a dezaoito anos, cun premio de 300 € e outra de dezanove a vintecinco, dotada con 600 €. A admisión de traballos remata o 31 de marzo e débense enviar ao instituto convocatorio (San Andrés, 36, A Coruña). Na primeira categoría premiouse o traballo “O meu amigo Muhammad”, de Rosa María Pereiro, e na segunda o titulado “De feridas e home”, de Francisco Manuel Castiñeira.

Referencias varias:

-S.A., “Un certamen de literatura premiará obras que defiendan valores cívicos”, *La Opinión*, “Culleredo”, 23 febreiro 2002, p. 14.

Dá a coñecer o tema proposto para o IIIº certame literario “Suárez Ferrín” e indica que o Concello de Culleredo patrocina este concurso.

-Pilar Val, “La tolerancia será el tema del Premio literario Suárez Ferrín”, *La Opinión*, “A Coruña”, 26 febreiro 2002, p. 12.

Dá noticia da presentación, entre outros asuntos, da terceira edición do certame. Tras achegar algunha característica deste, alude ao acto de entrega, apuntando que nel estará Xosé Luís Méndez Ferrín. Tamén insiste no tema proposto para os traballos.

IIIº Certame literario de relato curto “**Os Viaductos**”

O Concello de Redondela, a través da Concellería de Xuventude, convoca este premio para autores con idades comprendidas entre os dezasete e trinta anos. Os traballos serán de tema libre e terán unha extensión máxima de quince folios e mínima de dez. Deberán presentarse en formato DIN A4 e estar escritos a máquina por unha cara e a dobre espacio. Así mesmo, serán orixinais, inéditos e non premiados en calquera outro tipo de concurso. Entregaranse tres copias sen firmar, dentro dun sobre pechado que especificará no exterior o pseudónimo elixido e o nome do certame. Dentro irá outro sobre que conteña os datos do autor. Establécese un primeiro premio de 1.200 € e un segundo de 600. Entréganse no Rexistro do Concello de Redondela, entidade que se reserva a propiedade dos relatos premiados e os dereitos de publicación, renunciando o seu autor a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autor. O xurado estivo formado por Carmen Rodríguez Cunha, Manuel Bragado, Luís García Mañá e Luís González Tosar. De entre os vintedous traballos presentados o gañador foi Roque Cameselle por *Amargo Azucre*, mentres que o segundo premio foi para Ania Pérez Alonso con *Conto fluvial*. Concedéronse ademais tres accésits: o primeiro a José Ángel García López por *Crónica de sucesos*, o segundo a Isidro

Rodríguez Caamaño e Julia Scoruska por *O Viaducto*, e o terceiro a Daniel González Vázquez por *Os espíritos do mar*.

Referencias varias:

- B.O., "El concurso 'Relatos Curtos Os Viaductos' está dotado con 1.800 € en premios", *Atlántico Diario*, "Redondela", 5 xaneiro 2002, p. 23.

Breve nota que anuncia a publicación das bases deste certame e enumera algunha.

- M. C. N., "Certamen de Relatos Curtos 'Os viaductos", *Atlántico Diario*, "Redondela", 29 maio 2002, p. 20.

Breve nota na que se citan os premiados.

- N. P., "Roque Casemelle gaña o Certame Os Viaductos con 'Amargo azucre", *Faro de Vigo*, "Redondela", 30 xuño 2002, p. 16.

Alude á entrega dos premios, salientando o traballo do gañador do primeiro premio, sen esquecerse dos demais galardoados. Así mesmo, pon de manifesto as palabras de, entre outros, Manuel Bragado, director de Xerais e membro do xurado, de quen recolle certas apreciacións sobre os contos vencedores.

IIIº Concurso “**Reconquista**” de narracións infantís e xuvenís

Convocado polo Instituto de Estudios Vigueses coa colaboración do Círculo Cultural, Mercantil e Industrial. Haberá tres categorías: unha infantil, para aquelas persoas que teñan ata trece anos; outra xuvenil, para as que teñan entre catorce e dezaoito; e outra para os de dezanove en diante. O traballo consistirá nun conto ou narración no que apareza algún feito histórico de Vigo, personaxe, monumento, edificio ou lenda, nos que se mesture realidade e ficción. Non deberá ter menos de catro folios escritos á man por unha soa cara e poderá levar algunha ilustración persoal. Presentarase nun sobre que indique “Para o IIIº Concurso ‘Reconquista’ de Narracións”, asinado cun lema ou pseudónimo e acompañado doutro sobre pechado, co lema ou pseudónimo por fóra, e os datos persoais do autor por dentro. Deberá enviarse ao Círculo Mercantil (Rúa do Príncipe, 44, baixo) ou ao Instituto de Estudios Vigueses Fundación (Praza de Compostela 22, baixo) ata o 18 de abril. Os premios van dende os 60 € aos 300 segundo a categoría e posto acadado. Haberá ademais dous premios especiais, sen ter en conta a idade, para os socios do Círculo mercantil. Nesta terceira edición o xurado, que estivo composto polos profesores Gerardo Sacau Rodríguez, Xoán Carlos Abad Gallego e Xosé Ramón Iglesias Veiga, o

arquitecto José Antonio Martín Curty, e o administrador do Círculo Mercantil, José Ramón Vázquez González, decidiu outorgar os seguintes premios: na categoría de ata trece anos o primeiro premio de 120 € foi para Clara Palleiro Palmou polo conto “Vigo é noso”, o segundo, de 90 €, foi para Pilar Román Iglesias por “Notas dun mariñeiro”, e o terceiro, de 60 €, para Sara González Rivas por “O sireno”. Na segunda categoría, de catorce a dezaoito anos, houbo un primeiro premio de 210 € para Lara María Fernández Sánchez polo traballo “Apenas unha rapaza”, o segundo de 150 € foi para María Rodríguez Piñeiro por “A verdadeira historia do xénese”, e o terceiro desta categoría recaeu en Adriana Valcarce y Guimaraes e Costa con “Unha aventura en Rande”. Na categoría de maiores de dezanove anos o primeiro premio de 300 € levouno Rafael Costas Costas con “Moncho, o Reconquistador”, o segundo de 240 € foi para María de la Concepción Álvarez Lebredo por “De cómo a Oliveira chegou ó seu sitio. Conto de Berce”, e por último, o terceiro premiado foi José A. Rodríguez Ferreras por “Crónica inédita de Georges Smith, reportero de guerra”. Por outro lado os premios especiais para os socios do Círculo Mercantil declaráronse desertos.

XVº Certame de contos “**Repsol**”

Convocado pola compañía Repsol e dirixido a estudiantes galegos de ESO, Bacharelato e FP. Está dotado cun primeiro premio de 910 € (para cada unha das modalidades: en galego e castelán) e dous segundos, e ademais os centros aos que pertenzan os escolares galardoados recibirán un premio pola súa colaboración. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos e a súa extensión non superará os seis folios, mecanografados a dobre espacio e por unha cara. As obras entregaranse por duplicado, sen asinar, indicando no seu encabezamento o título e o lema. Así mesmo, incluirase un sobre no que conste no exterior
o lema do traballo e, no seu interior, o nome e enderezo do autor. Nesta edición os gañadores en lingua galega foron Bianca Cid Bouzas do IES Alfonso X O Sabio da Coruña co relato titulado “Os fillos de María”, e en segundo lugar Estefanía Bargados Almuiña do IES Gregorio Fernández de Sarria con “Anacos dos meus recordos”.

XIVº Premio de narracións xuvenís “**Rúa Nova**”

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Establécese un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen dezaoito anos o día 2 de abril de 2002. Cada un dos dous primeiros premios contará cunha dotación económica de 1.500 € e a publicación do texto na colección “Nova 33” que a Fundación coedita coa editorial Ir Indo. Estes traballos poden ter unha extensión de vintecinco a cento vintecinco folios, mecanografados a dobre espacio, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, facendo constar o nome, o enderezo e o teléfono, así como fotocopia do DNI ou do libro de familia, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º 15705 Santiago, Apartado de Correos, 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O prazo de presentación nesta convocatoria foi máis amplo do habitual debido a que esta é a mesma do ano anterior, edición na que se ampliou o prazo de presentación ata marzo de 2002. O xurado, integrado por Agustín Fernández Paz, Dolores Vilavedra, Xosé Antonio Perozo, Paulino Novo e Xosé-Victorio Nogueira Barcia, no apartado de lingua galega premiou a Raquel Campos

Pico por *Otma Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas*, apartado no que ademais outorgou mencións a Alba Díaz Geada e a Fátima Peón Torres. No apartado de lingua castelá o gañador foi Juan Gómez Bárcena por *El Héroe de Duranza*.

Referencias varias:

- AFA, “As obras ambientadas na Rusia dos tsares e na Guerra Civil española gañadoras dos Rúa Nova”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 abril 2002, p. 33.

Dá a coñecer o dictame do xurado da XIVª edición do premio Rúa Nova de narracións xuvenís e dá conta das valoracións que fixo o xurado sobre as obras premiadas.

- Agn, “Raquel Campos y Juan Gómez Bárcena ganan los premios Rúa Nova de narración juvenil”, *Diario de Arousa/Diario de Ferrol/El Ideal Gallego*, “Galicia”, 3 abril 2002, p. 31/p. 39/p. 45.

Cita o nome dos gañadores e mais o dos mozos que recibiron mencións especiais, subliñando que os seus traballos serán editados na colección Nova 33. Remata achegando a valoración do xurado sobre *As catro grandes descoñecidas* de Raquel Campos.

- Ana Iglesias, “La literatura más joven”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 abril 2002, p. 32.

Recóllese o dictame do xurado, as obras gañadoras e algunhas das características que as fixeron merecedoras do galardón. Tamén se ofrecen os títulos dos traballos que recibiron mencións tanto en lingua castelá coma galega, destácase o abondoso número de obras presentadas, a diversidade da súa procedencia e a maior participación de mulleres que de homes, como vén ocorrendo nas trece convocatorias deste certame. En columna á parte, saliéntase a importancia deste premio como plataforma para moitos autores mozos e achéganse algunhas das actividades levadas a cabo pola Biblioteca Nova 33 con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

-OTR/PRESS, “Una pontevedresa, mención de los premios de Narracións Xuvenís Rúa Nova”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 3 abril 2002, p. 62.

Informa da resolución do xurado do premio, subliñando o nome dos gañadores e o das mencións especiais, entre os que destaca o de Fátima Peón Torres por ser de Pontevedra. Asemade, recolle as claves temáticas das obras vencedoras.

- Carmen Villar, “A literatura galega está moi enfocada cara as elites”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 setembro 2002, p. 42.

Breve entrevista a Raquel Campos, gañadora do Premio Narracións Xuvenís “Rúa Nova” 2002 en galego, quen responde a cuestións relacionadas coa temática da súa obra para a que se documentou en bibliotecas e librerías, e a cuestións xerais sobre a situación da literatura actual.

-Mónica Vázquez, “Me gusta escribir sobre sagas pero tengo miedo de caer en el culebrón”, *La Opinión,* “Entrevista”, 24 setembro 2002, p. 64.

Ver Campos Pico, Raquel, *Otma Nicolaievna. As catro grandes descoñecidas*, no apartado VII. 1. 1. Narradores galegos deste *Informe*.

XIIIº Certame galego de “**Teatro Xuventude 2002**”

A Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo convoca este certame para grupos teatrais non profesionais compostos por rapazas e rapaces galegos ou residentes en Galicia, que se inclúan dentro dalgunha das seguintes categorías. Categoría A para grupos de teatro independentes, compostos por persoas non maiores de trinta anos; categoría B para grupos de teatro que se constitúan nos distintos centros de ensino primario e que agrupen a alumnos de ditos centros; categoría C para os grupos de teatro que se constitúan en centros de ensino secundario, institutos de bacharelato e centros de formación profesional de Galicia, formados por alumnos de ditos centros e de idades que non superen os trinta anos; categoría D para grupos de teatro que se constitúan en escolas e facultades universitarias de Galicia e que as súas idades no superen os trinta anos. As obras poderán ser de autores galegos, españois ou estranxeiros e poderán presentarse textos orixinais e nunca premiados en anos anteriores. Cada centro participante só poderá presentar un total de tres obras en cada categoría. Os participantes deberán enviar un boletín de inscrición,

feito para o caso, nun sobre pechado no que figurará exclusivamente o título da obra que se vai representar; unha fotocopia do DNI ou libro de familia dos compoñentes do grupo; unha síntese da obra (título, autor, adaptación dos diálogos, se é o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestiario, espacio que se precisa, etc.); e un vídeo dunha representación da obra. Os impresos de solicitude, a obra e o sobre pechado deberán remitirse ao Servicio de Xuventude da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que residan habitualmente, que poden ser: R/ Ronda da Muralla, 70, 27003 Lugo; Av. de La Habana, 81 -baixo 32004 Ourense; R/ Durán Loriga, 9 -1º, 15003 A Coruña; R/ Mª Berdiales 20 - entrechán 36203 Vigo. A contía dos premios varía dependendo da categoría e posto conseguido, e ademais hai unha serie de diversas axudas por distintos conceptos. Nesta edición na categoría A premiouse o traballo *Campanas de Bastavales* da compañía Imaxina. Na categoría B o primeiro premio foi para CEIP Casás pola obra *O sorriso das pedras*. Na categoría C o primeiro premio recaeu no colexio Liceo Paz por *La casa de Bernarda Alba*.

Referencias varias:

-Ángel V. A., “Pensando en el futuro próximo”, *El Progreso*, “De actualidad”, 24 outubro 2002, p. 88.

Dá conta, entre outros actos de actualidade, da celebración da décimo terceira edición do Certame de “Teatro Xuventude 2002”, que se celebra en Lugo. Indica tamén que fóra de concurso levouse a cabo a representación de *Fahrenheit 451*, a cargo da Aula de teatro do campus de Ourense e que os premios se resolverán o día 30 de outubro.

- Isabel Chousa, “Triunfo del colegio de Casás en el Certamen Galego de Teatro”, *El Progreso*, “Lugo”, 30 outubro 2002, p. 17.

Dá conta da celebración do XIII Certame Galego de “Teatro Xuventude 2002” celebrado en Lugo no cal resultou gañador co primeiro premio o grupo de teatro do CEIP Casás pola obra *O sorriso das pedras* e co segundo premio o CEIP Illa Verde coa obra *Soño dunha noite de verán*.

VIIº Certame de “**Teatro Intercentros**” de Santiago de Compostela

Certame organizado pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Santiago coa colaboración do Departamento Municipal de Educación do Concello santiagués no que participan alumnos de institutos de Santiago e comarca. Nesta edición o certame celebrouse entre o 16 e o 19 de abril nos Institutos Rosalía de Castro e Xelmírez I e no Lamas de Abade de Compostela, e a obra gañadora representouse o día 25 de abril no Teatro Principal. Nel participaron nove grupos de teatro dos Institutos Rosalía de Castro coas pezas *Os habitantes da casa deshabitada* e *Cómicos no camiño*; o Antonio Fraguas con *O guaperas* e *Tantometén*; o Xelmírez I con *Café Paradise*, o Eduardo Pondal con *Asemblearias*; e o de Pontepedriña con *Como na vida mesma*, ademais do Instituto de Ames con *A guerra ¡Que desatino!* e o de Bembribe coa peza *Diario de abordo*. O xurado serán os alumnos de vinte centros que acudan ás representacións. O premio é igual para todos os grupos participantes, a excepción do gañador absoluto que ten como premio a representación no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- A.I.S., “Finaliza el VII Certame de Teatro Intercentros de Compostela con gran éxito”, *El Correo Gallego*, “Así está el Patio”, 19 abril 2002, p. 38.

Fai referencia, entre outros asuntos, á derradeira “xornada” desta edición, citando o nome das obras teatrais que se representarán nos diferentes colexios.

Premio de poesía, relato curto, teatro, traducción e investigación da “**Universidade de Vigo**”

Convocados pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística para todos os alumnos desta institución. Os traballos, que deben estar escritos en galego normativo e ser inéditos, presentaranse no rexistro da Universidade de Vigo, titulados, mecanografados e por cuadruplicado, xunto cun sobre pechado cos datos do autor. A extensión para a modalidade de poesía será de entre cen e cento cincuenta versos, para a de relato de oito a doce folios, para teatro vinte folios, e para traducción entre oito e vinte páxinas. A contía dos premios ascende a 750 € para o gañador e concédense dous accésits de 180 € para cada unha das modalidades. Os traballos serán publicados pola Universidade de Vigo. Nesta edición o xurado, formado por Óscar Rubiños López, presidente, Manuel Bragado Rodríguez, Xosé Sánchez Puga, XoséHenrique Costas González, Camiño Noia Campos, Alberto Álvarez Lugrís e Anxo M. Lorenzo Suárez, que actuou como secretario con voz pero sen voto, tomou a súa decisión o 21 de maio. Na modalidade de poesía o primeiro premio foi para Isaac Fernández Fernández por “Elementos de matemáticas”, o primeiro accésit para María Baqueiro Vidal

por “Infinda caída” e o segundo para Iago Castro Buerger por “Canto ó bipedismo”. O primeiro premio de relato curto recaeu en Paula Costa González por “Nova fuga de Fanto Fantini”, o primeiro accésit en Tamara Pena Vidal por “Cando os anxos dormen”, e o segundo en Daniel González Vázquez por “O estraño caso do profesor Leiro”. En canto ao teatro, nesta edición declarouse deserto. Por último, na modalidade de traducción, o primeiro premio foi para “Os irmáns Corazón de León”, presentado por Marta Dahlgren Throsell e Liliana Valado Fernández, o primeiro accésit foi para Saleta Fernández Fernández por “A estación de Zimpren”, e o segundo foi para Patricia González Piñeiro por “Ledicia”.

VIIº Premio de relato curto “**Varela Buxán**”

O Concello de Lalín organiza este premio que conta coas seguintes categorías e premios: A) de doce a catorce anos, cun premio de 120 € e dous accésits de 30 € e B) de quince a dezaoito anos, cun premio de 150 € e dous accésits de 30 €. Os traballos de tema libre deberán estar escritos en galego, cun mínimo de tres follas e un máximo de dez, mecanografadas a dobre espacio por unha cara. Irán firmados con pseudónimo e, nun sobre cerrado, aparecerán os datos do autor e fotocopia do DNI. Entregaranse na Biblioteca Municipal do Concello (Praza do Concello, s/n. 36500 Lalín). O dictame farase público o 17 de maio, coincidindo coa presentación do libro dos gañadores do VI premio. Nesta edición o prazo para entregar os orixinais rematou o 27 de abril. Na modalidade A o primeiro premio foi para Débora Pichel, quedando finalistas nesta categoría Beatriz Ferradás e Raquel López. Ademais recibiron unha mención especial Cristina Iglesias e Nerea Brey. Dentro da modalidade B premiouse a Mª Pilar Vence, Ana Mª González e Iago Mouriño. As mencións desta categoría recaeron en Naomi Fernández, Graciela Pérez, Laura Cerdeira e Mª José Ledo.

XIIº Certame de contos da “**Vila de Pontedeume**”

Co gallo do Día das Letras Galegas, o Concello de Pontedeume organiza este certame, destinado a estudiantes de BUP, 2º ciclo de ESO, Bacharelato, COU e FP. Os traballos, que deberán ser en galego, terán unha extensión de entre catro e seis folios e entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume (R/ Real, 13, 15600 Pontedeume-A Coruña). Os premios son de 300, 120 e 90 €. O dictame coñecerase o 17 de maio. Nesta décimo segunda edición o xurado composto por Agustín Fernández Paz, Vanesa Vázquez e Lis e Esther Leira Penabad outorgou o primeiro premio a Lidia López Teijeiro polo conto titulado “Meu avó era un tronante”, o segundo a Anabel Varela Formoso por “Adrián non volve”, e o terceiro a María Luaces Pérez por “Todo polo meu libro”.

Xº Concurso literario “**Xaime Isla Couto**” de narrativa e poesía

Organizado polo Concello de Poio e as asociacións Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó, Samieira, Vides Novas, Boureante e Ateneo Corredoira. Poden participar todos os alumnos dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e vintecinco anos, que antes da novena edición se limitaba aos dezaoito anos. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía e o seu contido pode estenderse ata un máximo de catro caras de folio A-4. Os premios consisten nun obsequio, nun diploma e un vale de 35 € para compra de material escolar en cada categoría, agás na que comprende entre os dezaoito e vintecinco anos que é un diploma de 160 €. O xurado está composto polo Concelleiro de Cultura, un representante de cada entidade cultural e mais Xaime Isla que ademais de presidir é a persoa que dá nome ao concurso. Na edición de 2002, o dictame do xurado foi no mes de abril e o acto de entrega tivo lugar na confraría de Raxó coincidindo co Día das Letras Galegas. Os gañadores das diferentes modalidades foron: no grupo A, correspondente a poesía de seis a oito anos, Adriana Pose Freire, e na de relato Javier González Penas; no grupo B, correspondente a nenos de entre nove e once anos, en poesía gañou Paula Calvo Mora e en relato Xeila Moure Piñeiro; no grupo C,

de doce a trece anos, en poesía resultou galardoada Débora Magdalena Martínez e en relato Araceli Rodríguez Serén; Polo que respecta ao grupo D, de catorce a quince anos, e ao grupo E, para rapaces de entre dezaseis a dezaoito anos, quedaron desertos todos os premios excepto no grupo E e na categoría de narrativa que se premiou a Aitor Abal Sánchez. No grupo F, de dezaoito a vintecinco anos, os dous premios foron para Begoña Villapol Fernández.

Referencias varias:

-M. I., “O concurso literario Xaime Isla Couto xa ten gañadores nas súas modalidades”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Poio/O Salnés”, 27 abril 2002, p. 24.

Informa da resolución do xurado, ao tempo que achega algunha característica deste certame. Apunta ademais a data e lugar de entrega dos galardóns.

- M. I., “Raxó centraliza os actos municipais con motivo do Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, Pontevedra/Poio, 15 maio 2002, p. 24.

Anuncia a gala de entrega da décima edición do Concurso Literario “Xaime Isla Couto”, recollendo a opinión dos seus organizadores sobre os traballos presentados. Alude tamén á revista *Raxeira*, na que se publican as obras gañadoras e á dotación do premio. Así mesmo, salienta a presencia no acto do egrexio intelectual que dá nome ao certame. Remata dando noticia dunha conferencia sobre Sarmiento, organizada pola Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó.

IXº Certame de poesía “**Xosé Carlos Caneiro Pérez**”

Organízao o Concello de Verín e a el poden concorrer todos aqueles que estean matriculados na ESO en calquera dos centros docentes da comarca de Verín. O poema debe ser orixinal, inédito, escrito en galego á máquina ou en letra lexíbel e o estilo é libre. O traballo que presente cada centro á fase intercentros do premio irá asinado cun lema e entregarase xunto a un sobre á parte, que conteña no seu exterior o mesmo lema e no seu interior os datos do autor. A entrega dos traballos efectuarase na Casa do Concello de Verín. Establécense os seguintes premios para primeiro e segundo da ESO: un primeiro de 100 € e lote de libros, un segundo de 75 e lote de libros e un terceiro de 50 e lote de libros. Tamén haberá lote de libros para cada un dos traballos que concorran á fase intercentros e non acaden algún dos tres primeiros premios e, para cada centro participante, libros para sortear entre os alumnos que concorreran ao concurso ou para a biblioteca do centro. Nesta novena edición na que pasaron dez traballos á fase final dentro da modalidade de 1º ciclo de ESO, o primeiro premio foi para Antía Veiga Feijoo por “Maio”; o segundo recaeu en Silvia Colmenero Atanes e o terceiro en Elisa Vilela Delgado. Por outra banda na modalidade de 2º ciclo de ESO pasaron nove traballos á fase final, e destes recibiu o

primeiro premio o de Tamara Fernández Alonso titulado “Mirada Apesarada”, o segundo o de Manuel Pereira Núñez e o terceiro o de Rocío Parada Justo.

XI. 1. Monografías e libros colectivos

Aue, Hartman von, *Gregorio*, trad. Antonio González Fernández, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Galaxia/Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública), col. Clásicos en Galego, nº 20, setembro 2002, 257 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-3387-9) (ISBN de Editorial Galaxia: 84-8288-556-1).•

Este volume ofrece a primeira traducción á nosa lingua do *Gregorius*, obra do alemán Hartmann Von Aue, introductor na literatura alemana medieval dos temas e personaxes artúricos popularizados en Francia por Chrétien de Troyes. O texto narra a lenda dun pecador arrepentido que se eleva ata a santidade e chega mesmo ata o papado. A obra, integrada na colección "Clásicos en Galego", pretende achegar aos lectores as obras máis importantes doutras literaturas mediante a traducción rigorosa dos textos. Este é un medio considerado óptimo, pois facilita o aproveitamento de todas as posibilidades expresivas da

lingua, á vez que permite engadir ao noso patrimonio lingüístico outras notas caracterizadoras procedentes de grandes obras da historia da literatura que enriquecen desta forma o noso idioma.




Referencias varias:

- Moisés R. Barcia, “Antes de Goethe”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 18, 14 novembro 2002, p. IV.

Comeza sinalando a escaseza de obras da literatura alemana traducidas ao galego, agora ampliada con esta obra de Hartmann von Aue. Sinala que este autor que viviu entre os séculos XII e XIII foi o impulsor da literatura cortesá xermana e introductor nela de elementos do tema artúrico. Do contido desta obra explica o argumento que xira arredor da lenda dun pecador que, arrepentido, chega a papa; que parte dunha lenda francesa á que lle fai algunhas modificacións. En canto á recepción da obra destaca que na Idade Media foi unha obra de carácter moralizante e exemplarizante, unha influencia que percibe incluso en autores alemáns contemporáneos, entre eles Thomas Mann. Do traductor di que asina a

introducción da obra na que aclara moitos dos aspectos relevantes, que malia partir dunha obra en verso, preferiu manter o contido e achegarnos unha obra en prosa.








Boitani, Piero, Mario **Mancini** e Alberto **Vàrvaro** (dirs.), *Lo Spazio Letterario del Medioevo. Il Medioevo Volgare*. *La Circolazione del Testo*, (volume II), Roma: Salerno Editrice, 756 pp. (ISBN 88-8402-357-2).•

Segundo volume dos cinco dedicados a estudiar as literaturas medievais en linguas vulgares, de onde xurdiría a literatura moderna de Occidente. Está centrado na temática da circulación do texto e relacionados con este aspecto recóllense algúns artigos nos que se dá cabida á literatura galego-portuguesa, que resumimos a continuación:

- Luciano Formisano, “L’Area Ispanica”, pp. 149-187.

Este traballo que trata sobre toda a área hispánica, no caso do galego-portugués refírese a esta como lingua vehicular nas composicións pertencentes á escola poética trobadoresca desenvolta no ámbito peninsular durante os séculos XII-XIV. A continuación, Formisano comenta a importancia da cidade de Santiago de Compostela como centro de elaboración dunha lírica precortesá claramente influenciada por literaturas tales como a mozárabe e de modo especial a provenzal. Así mesmo, o autor destaca a corte do rei castelán Alfonso X o

Sabio como principal centro de producción desta escola poética. Ademais, resalta a figura do monarca como o máis importante promotor da composición das *Cantigas de Santa María*, obra de índole mariana composta nesta lingua de xénero. Formisano conclúe este estudio mediante unha visión xeral da decadencia e posterior desaparición da devandita escola trobadoresca, acontecida no ano 1350, data do finamento do Conde de Barcelos, destacando tamén algúns dos seus máis importantes cultivadores epigonais.




- Giovanni Acciai, “Il testo musicale e le sue esecuzioni”, pp. 341-372.

Neste estudio, Giovanni Acciai realiza un percorrido pola poesía musicada producida en distintos ámbitos xeográficos, entre eles na Península Ibérica na época medieval. Os únicos testemuños que chegaron aos nosos días procedentes da escola poética galego-portuguesa foron as sete cantigas de amigo de Martin Codax e o corpus de cantigas marianas atribuídas ao rei castelán Alfonso X o Sabio e producidas na súa corte, destacando de maneira especial a importacia das segundas dentro do ámbito europeo. Acciai analiza por último as principais características de índole codicolóxica, estructural, métrica e temática dos tres volumes que conservaron o corpus mariano alfonsí, que constitúen, na súa opinión, un dos

máis importantes exemplos non só da cultura musical relixiosa e profana da Península Ibérica, senón tamén de toda a lírica europea medieval.








Domínguez, César, *A Lírica Medieval no territorio de Lugo. Trobadores e Xograres*, Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, col. Literatura, 2002, 150 pp. (ISBN: 84-8192-207-2).•

O presente volume ofrece un estudio no que se aborda, en primeiro lugar, o número e identificación de trobadores e xograres vinculados co territorio de Lugo, feito que nos permite coñecer a contribución rexional de Galicia ao corpus lírico trobadoresco. Logo do establecemento dun conxunto de nove trobadores e xograres cunha producción de setenta e cinco cantigas, preséntase, en segundo lugar, unha panorámica sobre os temas e motivos máis frecuentes das cantigas de amor e de amigo, facendo uso de numerosos exemplos de composicións pertencentes a trobadores non lugueses. En terceiro lugar, analízase brevemente o enfrontamento entre trobadores e xograres, pois facilita a comprensión dos antecedentes históricos e dos temas presentes nas cantigas de escarnio. Na segunda parte da obra preséntase o corpus lírico. De cada trobador ou xograr temos unha nota biográfica e un comentario xeral sobre as súas cantigas. Ao mesmo tempo, identifícase o xénero, tipo de cantiga, estrofa e esquema métrico-rítmico de cada unha delas.

Fidalgo, Elvira, *Historia crítica da Literatura Medieval. As Cantigas de Santa María*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 2002, 359 pp. (ISBN: 84-8302-787-9).

Iníciase o estudio cunha visión panorámica da literatura miraculística medieval, desde as *passiones* latinas e relatos haxiográficos dos primeiros séculos ata a redacción dos milagres literarios en romance. Ofrécese unha detallada relación de obras que probablemente serviron de fontes para a elaboración da obra de Afonso X, estudiando con atención especial a obra *Les miracles de la Sainte Vierge* de Gautier de Coincy. Proporciónase información sobre a transmisión manuscrita, a autoría e a interpretación e difusión das cantigas. Por outro lado, analízase o modelo de cantiga narrativa, profundando no refrán, nos temas, no tipo de exordio e no corpo narrativo. Para as cantigas de loor faise, previamente, unha introducción sobre a Virxe na tradición lírica medieval; céntrase na inspiración que supoñen as cantigas de amor e os himnos latinos. Achégase aos aspectos métricos e musicais e ofrécese un interesante estudio sobre as prosificacións castelás. Preséntanse en apéndice (pp. 240-244) catro textos prosificados: *Os vermes de Segovia*

(séc. XVII), *Pedro Sigrar* (VII), *Teófilo* (II), *Loor 20* (XIX). Inclúe tamén un episodio dedicado ao estudio da iluminación:




- Rocío Sánchez Ameijeiras, “Imaxes e teoría da imaxe nas *Cantigas de Santa Maria*”, pp. 245-330.

Estudia a iluminación das *Cantigas de Santa Maria* conservada en tres dos catro códices transmisores da obra, centrándose no *Códice Rico* e no *Códice de Florencia*, conxunto ao que dá a denominación de *Códices das Historias.* Analiza a retórica visual, os problemas de estilo e de fontes. O deseño xeral dos códices ponse en comparación con outros materiais iluminados, principalmente co códice máis antigo da serie que trasmite *La vie et miracles de Notre Dame* de Gautier de Coincy. Analízanse as pegadas de espiritualidade franciscana na imaxinería sacra das *Cantigas*, así como a significación da insistente presencia das imaxes de María. Por outro lado, dedica un apartado á análise do *Códice dos músicos*, de inferior riqueza iconoclasta (pp. 299-302). Por último ofrece unha serie de reproduccións correspondentes aos folios miniados de diversas obras (pp. 303-330).

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, “Esta é de loor a Santa María”, *Faro de Vig*o, “*Faro da Cultura*”, nº 8, 5 setembro 2002, p. IV.

Fai un repaso do contido da edición que fixo a profesora Elvira Fidalgo de *As cantigas de Santa María*. Considera que é un traballo elaborado con rigor e, ao mesmo tempo, redactado nunha linguaxe accesíbel ao público non especializado. Dende o punto de vista do contido sinálase o estudio das fontes das que se valeu Afonso X, os modelos narrativos empregados, o exame das cantigas de loor e a atención ás prosificacións castelás.

Gutiérrez García, Santiago, *As orixes da Materia de Bretaña. A Historia Regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística)/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2002, 221 pp. (ISBN: 84-453-3319-4).•

Nesta obra, *As Orixes da Materia de Bretaña. A Historia Regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII*, Santiago Gutiérrez fai unha análise daqueles elementos que definen a obra máis importante que se compuxo na Inglaterra do século XII, a *Historia regum Britanniae* de Geoffrey de Monmouth. O estudioso presta especial atención, por unha banda, ás circunstancias históricas nas que viviu o autor (coa consolidación da dinastía anglonormanda), e, por outra banda, á súa visión do mundo, especialmente no que atinxe á súa concepción do universo da maxia e a astroloxía, usando a figura de Merlín como fío conductor. A exaltación do pobo bretón que Monmouth fai na súa obra obedece a un desexo de equiparar os seus compatriotas celtas con saxóns e normandos, imaxinándoos como un pobo de guerreiros e conquistadores, acaudillados por figuras míticas como Constantino ou Artur. Neste caso, Merlín é a figura que facilita a interpretación da mensaxe contida na obra,

ao mesmo tempo que é en certo sentido trasunto do propio autor, por canto permite entender a súa ideoloxía e máis a súa formación cultural: Merlín está concibido segundo o arquetipo dun crego do século XII, interesado pola natureza, a maxia e as artes mecánicas. Así pois, esta crónica amosa unha dobre faceta do personaxe: unha política e outra novelesca, común na literatura de ficción.




Recensións:

-José Manuel A. Giráldez, “Geoffrey, Merlín, o Rei Arturo e aquela xente”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 30 xuño 2002, p. 8.

Reseña da obra *Orixes da Materia de Bretaña*, libro publicado polo Centro ‘Ramón Piñeiro’ para a Investigación en Humanidades, da que afirma que condensa perfectamente o relato dos feitos recollidos por aqueles textos enmarcados dentro do denominado ciclo da materia de Bretaña, propagados principalmente polo autor galés medieval Geoffrey de Monmouth. O panorama histórico no que se inscriben os relatos artúricos e a súa progresiva mitificación ao longo do tempo, da que resulta unha mestura perfecta entre ficción e realidade histórica,

son outros dos temas que se detallan neste volume, do que o autor afirma que “reflicte dun xeito minutísimo, brillante, científico, aínda que quizais demasiado denso, o curioso mundo cultural e político da Inglaterra do século XII”.








Lopes, Graça Videira, *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*, Lisboa: Editorial Estampa, 2002, 651 pp. (ISBN: 84-8121-951-7).

O presente volume ofrece un novo estudio do cancioneiro satírico galego-portugués, no que a investigadora Graça Videira inclúe 474 cantigas de *escarnio e mal dizer*, marcando cun asterisco aquelas composicións que non están recollidas na edición do ilustre profesor portugués M. Rodrigues Lapa. A autora preséntanos os trobadores e xograres segundo unha escala temporal que nos indica o movemento histórico ao que pertencen cada un deles, dividíndoos en tres grandes grupos: primeira xeración (os primeiros trobadores e xograres), segunda xeración (trobadores e xograres afonsinos) e terceira xeración (reinados de D. Denis e D. Sancho IV de Castela). O obxectivo de Graça Videira é poñer á disposición do público o conxunto de textos satíricos dos trobadores e xograres galego-portugueses, acompañados estes dun breve comentario destinado a facilitar a lectura, fornecendo ao mesmo tempo os datos contextuais sen os que a maioría de cantigas se volverían incomprensíbeis para un lector actual.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudios e Investigacións, serie Maior, 2002, 340 pp. (ISBN: 84-7824-399-2).

O presente volume, que parte de análises e estudios anteriores do mesmo autor, pretende, por unha banda, revisar algunhas das teorías máis relevantes sobre a nosa literatura medieval ofrecidas polos estudiosos ao longo da historia. Así mesmo, Xosé Ramón Pena ofrece a súa interpretación persoal dos feitos históricos, culturais, políticos e sociais que, interrelacionados, influíron de forma vital na formación, apoxeo e decadencia da nosa literatura medieval. A procura dunha ollada doada e obxectiva sobre os feitos facilita igualmente que o volume constitúa o punto de partida para futuras investigacións de índole máis concreta. Esta obra, que pretende ofrecer unha visión xeral á vez que rigorosa da literatura medieval galega e portuguesa, destaca pola súa accesibilidade a todos aqueles lectores interesados en realizar unha primeira achega a este mundo.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Mirar o pasado para garantir o futuro”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, “Olladas”, 6 outubro 2002, p. 2.

Fai referencia á publicación por Sotelo Banco da obra de Xosé Ramón Pena, *Historia da literatura medieval galego-portuguesa*. Considera que o libro foi elaborado cun “rigor encomiable e botando man dun instrumental moderno”. Por outra banda destaca dous aspectos que acoutan o traballo de X. R. Pena: a constatación de que a existencia dunha literatura nacional galega é interdependente do consenso lingüístico e a clara demarcación de lindes entre o campo literario galego e o portugués.

-Xosé Feixó, “Tal vai o meu amigo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 14, “Libros”, 17 outubro 2002, p. V.

Refírese á publicación do estudio de Xosé Ramón Pena *Historia da literatura medieval galaico-portuguesa*. Indica que o autor mostra nesta investigación un profundo coñecemento da literatura galego-portuguesa medieval e unha predisposición persoal polo estudio, a análise e a interpretación da Historia. Salienta que estamos, deste xeito, ante un libro de

madurez, completo no seu índice, profundo na súa exposición, actualizado ao máximo nos seus contidos e sobre todo moi rigoroso, ademais de orixinal en canto ás causas e motivos que contribuíron á formación, grandeza e decadencia da nosa literatura medieval.




Referencias varias:

-S. R., “Regreso á Idade Media galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 282, 12 outubro 2002, p. 2.

Entrevista na que o profesor Xosé Ramón Pena aclara algúns aspectos relacionados coa súa nova *Historia da literatura medieval galego-portuguesa* e coa literatura medieval en xeral. En primeiro lugar sinala que esta obra é máis especializada que os seus anteriores volumes sobre esta materia, aínda que, segundo indica, non pretendeu redactar un texto de lectura difícil. Refírese ademais á mitificación á que ás veces se somete o mundo dos trobadores galego-portugueses e ao incalculábel valor que teñen os textos dos trobadores xa coñecidos así como outros textos aínda por descubrir. Por último cre que a etiqueta de

literatura “galego-portuguesa” é a máis lóxica das propostas ata a data e sinala que a discusión desta fórmula centra o primeiro capítulo do seu libro.




- Albino Mallo, “Literatura medieval galaico-portuguesa”, *O Correo Galego*, “Visións”, 16 outubro 2002, p. 2.

Comentario sobre a publicación do libro de Xosé Ramón Pena *Historia da literatura medieval galaico-portuguesa*, obra de referencia para persoas interesadas nas orixes da nosa cultura literaria. Segundo Albino Mallo o estudio pretende ser unha contribución ao espacio do noso Medioevo, na que o autor, a partir dalgúns traballos anteriores, revisa diferentes análises e investigacións realizadas sobre os diferentes apartados da historia literaria galegoportuguesa ao longo da Idade Media e ofrece a súa visión persoal sobre as causas que contribúen na formación, esplendor e decadencia da nosa literatura naquela época.

-Manuel Vidal Villaverde, “Literatura Medieval”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, “Musas”, 20 outubro 2002, p. 51.

Dáse conta da presentación do libro *Historia da literatura medieval galaico-portuguesa* a cargo do profesor Xosé Ramón Pena, doutor en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. Salienta que X. R. Pena, con rigor e minuciosidade, e incluso con amenidade, explica, tanto para iniciados como non, o decurso da literatura medieval galego-portuguesa, polo que esta é unha obra que serve de guía e axuda indispensábel para quen queira afondar no estudio e coñecemento da literatura galega medieval.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 16, “Libros”, 31 outubro 2002, p. VII.

Ver Borrazás, Xurxo, *Pensamentos impuros*, no apartado I. 1. Narradores galegos, deste *Informe*.

- A.N.T., “Xosé Ramón Pena. ‘Galicia fai unha contribución especial no eido das cantigas de amigo”, *A Nosa Terra*, nº 1.054, “Fin de Semana”, 31 outubro-6 novembro 2002, p. 33.

Reprodúcese a entrevista a Xosé Ramón Pena, feita con motivo da recente publicación da obra *Historia da literatura medieval galego-portuguesa.* O autor ofrece a súa opinión sobre a significación da literatura medieval galego-portuguesa na Europa medieval, así como valoracións sobre os estudios que na literatura medieval desenvolve a Escola Italiana.





Tavani, Giuseppe, *Trovadores e Jograis. Introdução à Poesia Medieval Galego-Portuguesa*, Lisboa: Caminho, col. Estudos de Literatura Portuguesa, abril 2002, 448 pp. (ISBN: 9722114662).

Esta obra realiza un pormenorizado percorrido por todos aqueles textos poéticos producidos nas cortes rexias e señoriais do occidente peninsular dende finais do século XII ata a primeira metade do século XIV, que conforman o corpus da lírica medieval galegoportuguesa, conservada polos tres principais códices transmisores da mesma, isto é, o Cancio*nerio da Ajuda*, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*. A única excepción a este estudio constitúea a poesía mariana do rei Alfonso X o Sabio, por mor da incompatibilidade, tanto temática coma formal, que existe entre os dous conxuntos poéticos. Desta forma, Tavani realiza en primeiro lugar un achegamento cronolóxico e cultural a este momento histórico, que pretende contextualizar os textos, ademais de por sobre a mesa algunhas das principais hipóteses ofrecidas polos estudiosos sobre as conflictivas orixes da nosa lírica medieval. A continuación, o autor analiza a problemática existente na tradición manuscrita dos códices transmisores antes citados, e pasa a recoller toda a información dispoñible de índole retórica, xenérica e estructural dos

textos. Por último, Tavani, no capítulo que titula *Estratigrafia e topografia da lírica galego-portuguesa*, ofrece unha visión de conxunto sobre as principais xeracións de poetas e trobadores adscritos á lírica medieval galego-portuguesa.








Tavani, Giuseppe, *Tra Galizia e Provenza: Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese*, presentación de Furio Brugnolo, Roma: Carocci, col. Lingue e Letterature Carocci, nº 17, serie Finis Terrae, 2002, 107 pp. (ISBN: 88-430-2086-2).•

Reúne unha serie de traballos de Giuseppe Tavani expresamente dedicados á lírica galego-portuguesa que parten da súa asistencia a un ciclo de seminarios celebrados polo departamento de Romanística da Universidade de Padua. O primeiro dos traballos titulado "Eterotopie ed eteronomie nella lettura dei canzonieri galego-portoghesi" céntrase no estudio dos fenómenos de heterotopía e heteronomía manifestados nos cancioneiros galego-portugueses. Dos casos analizados, cómpre destacar o fenómeno heterotópico localizado arredor da constitución da tradición manuscrita. O profesor Tavani presenta ademais a súa proposta de *stemma codicum* dando datos que considera necesarios para a súa argumentación. No segundo estudio recollido, "Tra galego e provenzale", analiza o uso dunha lingua diferente da canónica por trobadores galego-portugueses e provenzais. O estudio está constituído por dous apartados, no primeiro deles detense en composicións galegas de autores de fóra e así analiza o *discord* plurilingüe de Rimbaut de Vaqueiras, o sirventés trilingüe de Bonifacio Calvo, e a cobra monoestrófica de Cerveri de Girona. Nun

segundo apartado ten en consideración aquelas composicións que, sendo de trobadores galego-portugueses, se presentan en lingua provenzal: a cansó de Garcia Mendez d'Eixo e




o refrán da pastorela de Airas Nunes. Por último, en “Sátira e improperio nella lírica galego-portoghese” analiza as raíces deste xénero que é orixinario da cultura carnavalesca, onde os elementos foron dexcontextualizados dunha linguaxe oral e xestual a unha linguaxe escrita. Ademais ofrece as diferencias entre a sátira e a ironía e establece diferentes tipos de xéneros satíricos, dividíndoos en catro grupos temáticos: a sátira política, a sátira literaria, a sátira moral e a sátira de costumes e o escarnio persoal, grupos nos que diferencia o tipo de crítica que fai cada un deles ou a quen se dirixen.

XI. 2. Actas

Casas Rigall, Juan e **Díaz Martínez**, Eva Mª (ed.), *Iberia cantat. Estudios sobre poesía hispánica medieval*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Lalia, nº 15, Series Maior, 2002, 592 pp. (ISBN: 84-9750-134-9).•

Este volume compila os contributos presentados nun congreso celebrado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre os días 2 e 5 de abril de 2001. A reunión convocou a algúns dos máis reputados especialistas nos ámbitos das literaturas mediolatina, galaico-portuguesa, castelá e catalana, que presentaron e debateron os resultados das súas últimas investigacións. O volume recolle unha selección e actualización daqueles traballos presentados no congreso, que se centran na análise dos diversos períodos e marcos xeográficos da poesía hispánica medieval. Describimos a continuación os traballos especificamente dedicados á literatura galega medieval:

-Giuseppe Tavani, “O provenzal dos trobadores galego-portugueses e o problema da heterodoxia expresiva”, pp. 61-74.

Giuseppe Tavani analiza neste estudio “o papel maiéutico exercido pola área occitánica [...] sobre toda a literatura lírica da Europa medieval”, centrándose no caso concreto da lírica galego-portuguesa. Os trobadores e xograres adscritos a esta escola poética adoptaron principalmente as innovacións estilísticas dos trobadores provenzais, aínda que o emprego da lingua d’oc para as súas composicións foi minoritario, pois “na Península Ibérica, os trobadores e os xograres hispánicos -no curso dos séculos XII, XIII e parte do XIV-non usaron outra lingua distinta do galego, calquera que fora a súa proveniencia xeográfica e o seu estrato social”. Os dous únicos autores da escola poética galego-portuguesa que empregaron a lingua occitana nas súas composicións foron Garcia Mendiz d’Eixo e Airas Nunes, levados segundo Tavani por un desexo de prestixiar e ennobrecer os seus textos mediante a utilización dun idioma considerado como o principal vehículo de transmisión da sabedoría provenzal.

- Mariña Arbor Aldea, “Vervo antigo’ e ‘sententia’ na lírica galego-portuguesa: unha achega puntual”, pp. 74-92.

Na presente comunicación, a estudiosa Mariña Arbor Aldea analiza o emprego da *sententia* e do proverbio ou *vervo antigo* na tradición medieval galego-portuguesa. O proverbio insírese na producción poética dos trobadores e xograres que cultivaron a *Arte de Trovar* nas cortes señoriais e rexias de Galicia, Castela e Portugal entre os anos 1200 e 1350 “basicamente en dúas posicións, marcadas ámbalas dúas na organización estructural e conceptual do texto: en posición inicial de cantiga ou de cobra e en posición final de estrofa ou na *fiinda*”. Desta forma, Arbor Aldea exemplifica mediante diversos textos como en posición inicial de cantiga *vervo antigo* e *sententia* teñen valor de xuízo xeral ou máxima ou indican unha pauta de comportamento a seguir, condicionando desta forma a recepción do texto. Situados ao final da estrofa ou na *fiinda* da composición, estas “figuras de pensamento situadas ó servicio do *ornatus*” funcionan a modo de *conclusio* da cantiga, condensando a substancia significativa da mesma. Así pois, *sententia* e *vervo antigo* “adoptan sempre unha posición estratéxica na cantiga e teñen un alto grao de rendemento na formulación conceptual da mesma, xa que ou contribúen a reforza-lo contido semántico

do texto ou ben establecen un nítido contraste co conxunto da composición, contraste que, con frecuencia, é o portador da clave de lectura do poema”.




- Gerardo Pérez Barcala, “Tipoloxía da ‘palavra-rima’ galego-portuguesa”, pp. 93-108.

Gerardo Pérez Barcala analiza neste traballo o emprego da *palavra rima* na lírica galego portuguesa, recurso que presenta diversas realizacións nos textos, así como múltiples “posibilités de variation” descritas polos estudiosos da materia. Mediante unha exhaustiva e pormenorizada investigación, Pérez Barcala realiza un percurso polas diferentes variantes que presenta este artificio, exemplificados no corpus textual correspondente. Aclara así mesmo que para o emprego da *palavra rima* “é necesaria a identidade rimática dos versos nos que se inserta”, razón pola cal unicamente pode figurar inserida en textos deste tipo, pois “a *singularidade* da rima exclúe en principio a súa realización”. Ademais establece unha nova tipoloxía para este recurso, pois o investigador distingue na súa análise *palavra rima unisonante*, *dobra* e *alterna*, aclarando o “notable predominio da primeira” no corpus lírico galego-portugués conservado hoxe. Conclúe afirmando que estas variantes non responden a un intento de renovación progresiva deste artificio, senón que, ao rexistrarse en diversas

escolas trobadorescas de tipoloxía diversa, só poden considerarse como “variedades que a propia técnica ofrecía dende as súas orixes”.




- María do Cebreiro Rábade Villar, “Ler entre liñas, escribir nas marxes: O ‘saber alegre’ nos tratados poéticos peninsulares da Baixa Idade Media”, pp. 109-116.

María do Cebreiro Rábade Villar efectúa neste estudio un labor de descarte que ten coma obxectivo “deslindar e caracterizar as poéticas da *gaia ciencia* ou do *gai saber* fronte a outras modalidades teóricas máis ou menos afíns”, incidindo na consideración da dobre dirección do pensamento poético medieval, que propicia a ambivalencia do termo *gaia ciencia*, identificado en ocasións con “poesía”, mentres que noutros casos é sinónimo de “arte poética”. O proceso de irradiación das ideas poéticas provenzais cara a outras áreas de influencia, que se concreta en tratados de índole gramatical, retórica, versificatoria e poética como a *Arte de Trovar* ou *as Razós de Trovar* –adscritas respectivamente ás escolas poéticas galego-portuguesa e catalana–, é outro dos aspectos referidos neste traballo, pois, segundo María do Cebreiro, estes volumes institúense nalgúns casos no “verdadeiro punto de partida para a articulación dun corpus doutrinal en lingua romance”. A

autora conclúe considerando que o xurdimento do concepto da *gaia ciencia*, introducida nos séculos XIV e XV, propiciou que os tratados baixomedievais referidos a esta iluminaran “a gravidade da materia doutrinal, tendendo unha fráxil ponte entre teorización e práctica poética”, aínda que os intentos por salvar esa distancia “redundaron nunha adaptación rebaixada dos principais conceptos e presupostos da *fin d’amors*”.




- Xosé Xabier Ron Fernández, “O ‘gap’ na lírica galego-portuguesa: ¿Unha proxección conceptual acertada?”, pp. 117-128.

O presente estudio pretende resultar unha aproximación á natureza tipolóxica do *gap*, ademais de reflexionar sobre a consideración -viábel ou non- da súa presencia en textos da lírica medieval galega portuguesa. O autor do traballo, Xosé Xabier Ron Fernández, realiza nun primeiro momento unha aproximación ás orixes e etimoloxía deste motivo, ademais de analizar a súa función na lírica occitana, dende onde será proxectado ata os textos da escola poética galego-portuguesa. Neste apartado refire polo miúdo as opinións de diversos eruditos sobre a presencia do *gap* na nosa lírica, ademais de referir o corpus de cantigas que xeralmente se consideran adscritas a esta tipoloxía. O autor realiza nesta altura unha

crítica onde refuta diversas afirmacións relativas á inclusión de certos textos neste corpus, que resume afirmando que sería posíbel considerar a presencia deste motivo na lírica medieval galego-portuguesa, aínda que “con outros nomes”. Podería ser factíbel, segundo Ron Fernández, considerar as cantigas de escarnio e de maldicir dentro desta tipoloxía, aínda que advirte a necesidade de reflexionar sobre a validez desta consideración, pois “antes de empregar un termo convén definilo e ver a súa validez” dentro dun determinado corpus poético.




- Anthony Lappin, “Lujuria, tentación e impotencia. Desde San Hugo de Avalón a las ‘Cantigas de Santa María”, pp. 129-152.

Anthony Lappin realiza neste estudio unha análise do corpus medieval de historias nas que se relata a liberación milagrosa dos desexos carnais por parte de determinados individuos e os métodos empregados para loitar contra esas experiencias consideradas impuras. Esta tradición ten a súa orixe no século XII, en determinados círculos monásticos ingleses, e continuará vixente ata finais do século seguinte, época da redacción das *Cantigas de Santa María* de Alfonso X. O autor fai un percorrido histórico e xeográfico no que refire as máis

importantes lendas relativas a este aspecto presentes en cada zona, que influíron e polo tanto tiveron continuidade a posteriori en obras como a do Rei Sabio. Lappin comenta neste estudio algunhas destas historias milagrosas, moitas de índole mariana, onde a Virxe intercede elevando ao protagonista do relato, atormentado polos seus instintos sexuais, cara a un estado de ataraxia no plano carnal, convertido desta forma en modelo de conducta e santidade. Segundo indica, a funcionalidade destes textos é clara: por unha banda os haxiógrafos pretendían con estes relatos resaltar o poder, a compasión e a gracia da Nosa Señora, mentres que en segundo lugar reforzaban a crenza da necesidade do celibato clerical e criticaban a concupiscencia que corrompía a santidade dos cregos, co fin de provocar reaccións tales como o remorso, a penitencia ou a culpa.




- César Domínguez, “Lírica y cruzadas en el ámbito hispanomedieval. Una lectura de las cantigas gallego-portuguesas desde la literatura comparada”, pp. 153-186.

Na presente comunicación, César Domínguez analiza a presencia da chamada ‘literatura de cruzada’ nas cantigas medievais da lírica galego-portuguesa dende os presupostos da literatura comparada, aclarando que a escasa presencia desta temática no corpus referido

vén motivada pola nula participación dos reinos peninsulares en tales empresas ultramarinas de índole bélico-relixiosa, por causa da recomendación papal feita aos monarcas do medievo hispánico de concentrar todos os seus esforzos no proceso da Reconquista. Aínda así, a existencia de vínculos entre a situación política da Península Ibérica e a dos estados cruzados de Oriente propiciou a aparición, xa dende o século XI, de diversos exemplos de textos adscritos a esta temática en diversas zonas peninsulares, que conforman en total un corpus bastante extenso, composto por composicións castelás e catalanas, ás que se deben sumar textos galego-portugueses compostos entre finais do século XIV e mediados do XV. O establecemento de vínculos temáticos relativos á 'literatura de cruzada' nas cantigas galego-portuguesas é relativamente recente, polo que o autor centra as súas investigacións na posibilidade de adscribir a este xénero as composicións de maneira estricta –o que non resulta factíbel, pois non se axusta ao modelo– ou ben suavizar tal consideración e, polo tanto, relaxar os vínculos que se establecen entre o xénero puro e invariábel denominado pola xermanística "cantiga de chamamento" ou *Aufrufslied* e o corpus a analizar. A continuación, o autor fai un breve percorrido pola "cansó de crozada" provenzal, a "cantiga de ultramar" da lírica galego-portuguesa e os principais autores que cultivaron este xénero, ademais de referir mediante exemplos algunhas das principais

subliñas temáticas que se poden detectar dentro da “literatura de cruzada”. A realización dunha análise comparativa das cantigas galego-portuguesas no marco da lírica europea que cultivou esta temática permite demostrar, segundo César Domínguez, que ditas cantigas non constitúen un corpus anómalo. Aínda que en numerosas ocasións as composicións do corpus comentado presentan interrelacións con outras temáticas “endémicas”, pode afirmarse que un dos motivos típicos do repertorio temático galego-portugués con raigame da “lírica de cruzada” é a denuncia por parte dos trobadores do denominado “falso cruzado”,
o que demostra que a Península estaba ó corrente da problemática existente a este respecto, que era debatida por toda Europa naquela época. En resumo, a importante presencia desta temática na nosa lírica medieval demostra o estreito vínculo existente coa lírica europea de cruzada.

- Esther Corral Díaz, “A poesía profana amorosa de Alfonso X”, pp. 213-245.

Na presente comunicación, a investigadora Esther Corral Díaz realiza unha visión de conxunto sobre o corpus de composicións de carácter profano atribuídas ao rei Alfonso X o Sabio, que estructura en diversos apartados. En primeiro lugar, a autora analiza o

problemático proceso de transmisións das cantigas alfonsinas, facendo fincapé na organización das mesmas dentro dos códices que conservaron a lírica galego-portuguesa medieval ata os nosos días. Os atrancos que presenta o estudio dos textos, relativos a atribucións e problemas ecdóticos, son outros dos temas que se desenvolven ao longo desta primeira parte da comunicación. Nun segundo momento, Corral Díaz refire as principais características da obra poética profana do monarca castelán, resaltando a forte unidade temática, formal, conceptual e léxica que presentan os textos, que moitas veces mesturan múltiples influencias novas, especialmente da lírica francesa, con outros trazos propios dos trobadores que vivían na corte baixo a súa protección.




- Vinçenç Beltrán, “Del ‘Cancioneiro’ al ‘Cancionero’: Pedro Vélez de Guevara, el último trobador”, pp. 247-286.

Vinçenç Beltrán analiza neste traballo a figura e a producción de Pedro Vélez de Guevara, trobador pertencente ao entorno do rei Enrique III. A sorprendente datación do único texto que del se conserva, de xénero escarnino e recollido polo *Cancionero de Baena*, contradí as teorías que enmarcaban a decadencia final da poesía trobadoresca no ano 1350, data do

finamento de Don Pedro, Conde de Barcelos. Desta forma, o autor pon de manifesto a problemática relativa ao establecemento dunha cronoloxía fiábel da decadencia e ulterior desaparecemento da escola poética galego-portuguesa, acontecida a mediados do século XIV, que se concreta principalmente na perda do galego como idioma vehicular da lírica peninsular e a evolución cara a formas poéticas propias de séculos posteriores detectada nalgunha das composicións máis tardías. Beltrán presenta neste estudio a edición da devandita cantiga, a cal mostra aínda fidelidade aos modelos antigos, instituíndose polo tanto como unha das últimas mostras de composición fieis aos preceptos e a lingua propios de escola poética galego-portuguesa. Aínda así, o autor fai notar determinadas características do texto e do seu autor -biográficas, temáticas e formais- que permiten datalo nunha época tardía e certamente de transición cara a outras fórmulas poéticas compostas xa en castelán.








Lacarra Lanz, Eukene (ed. e dir.), *Amor, escarnio y linaje en la literatura gallegoportuguesa*, Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco (Euskal Herriko Unibertsitatea Argitalpen Zerbitzua), 2002, 143 pp. (ISBN: 84-8373-423-0).•

No mes de maio de 1998, co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas aos trobadores Johan de Cangas, Mendinho e Martin Codax celebráronse unhas Xornadas, organizadas polo lectorado de Estudios Galegos da UPV/EHV, centradas no estudio da cultura e literatura medievais do occidente peninsular. O volume recolle os estudios que se ofrecen sobre os tres xéneros maiores –cantigas de amigo, cantigas de amor e cantigas de escarnio e mal dizer– e diferentes cuestións xenealóxicas que proporcionan valiosas análises que axudarán á difusión e ao mellor coñecemento desta etapa da nosa literatura. Describimos a seguir os traballos especificamente dedicados á poesía galega medieval:

-Mercedes Brea, “Albas, albadas, alboradas, canciones de aurora...¿Un problema terminológico en la lírica gallego-portuguesa?”, pp. 25-45.

A profesora Mercedes Brea plantéxase a existencia e o carácter das albas na lírica galegoportuguesa. Examina as características do xénero tal e como aparece na lírica occitana, comparándoas cos trazos máis salientábeis das cantigas da lírica tradicional castelá. Logo de realizar un recorrido exhaustivo das posturas críticas e da análise dos textos, a investigadora chega á conclusión de que as sete cantigas que dalgún xeito se relacionaron coas albas occitanas teñen pouco que ver con elas. De todos xeitos, sinala que algunhas comparten elementos que se atopan nas cancións da lírica tradicional castelá. Ante a dificultade de compatibilizar as diferencias, Mercedes Brea propón redefinir a terminoloxía do xénero de modo que se limite o nome de *alba* ás composicións occitanas, que se diferencian porque os namorados se separan coas primeiras luces do día, e se utilice o termo *alborada* para designar a aquelas cantigas nas que os namorados se atopan ao abrir

o día.

- Vicenç Beltrán, “Nuno Fernandez Torneol y el simbolismo de la canción de mujer”, pp. 47 74.

Vicenç Beltrán ofrece unha nova lectura da famosa cantiga “Levad’, amigo que dormides as manhanas frias”. Inicia o seu estudio cunha actualización das opinions críticas e analiza pormenorizadamente a métrica, a rima e a estrofa da cantiga. Chega á conclusión de que tanto a métrica irregular como a asonancia e a forma métrica con estribillo distancian á composición das formas poéticas trobadorescas cultas, acercándoa máis ás cantigas de tipo tradicional, tanto da literatura francesa, como da castelá. A continuación examina os símbolos que a integran e analiza un a un os motivos simbólicos que se atopan na cantiga, relacionándoos cos que hai noutros textos, ben da propia lírica galego-portuguesa ou ben doutras literaturas románicas. A súa análise permítenos gozar e comprender o significado desta cantiga de amigo que lamenta a ruptura e o desamor do seu amado e que espera unha reconciliación que parece imposíbel. No que corresponde ao xénero, V. Beltrán conclúe que se trata dunha alba tradicional que é allea á tradición trobadoresca tanto nos seus aspectos formais, métrica, rima e estrofa, coma na súa expresión simbólica.

- Eukene Lacarra, “Sobre la sexualidad de las *soldadeiras* en las cantigas d’escarnho e de maldizer”, pp. 75-97.

Eukene Lacarra examina neste artigo a parodia do desexo amoroso, tanto masculino coma feminino. A utilización de textos médicos e de manuais de penitencia, xunto co estudio léxico de eufemismos e disfemismos, permítenlle á investigadora facer novas lecturas de cantigas moi coñecidas, pero mal estudiadas. Entre as súas conclusións pódese sinalar unha que quizais sexa a máis novidosa, e é que, na súa opinión, o protagonismo das *soldadeiras*, sinaladas a miúdo con nomes e apelidos é, ás veces, máis aparente que real, pois a súa presencia é, con frecuencia, un medio para mencionar outros, xa que serven de vehículo para parodiar o desexo sexual masculino que disfrazan as cantigas de amor. Claro que algunhas cantigas vituperan ás *soldadeiras* por medio do uso dos termos disfémicos máis procaces, pois o fin é provocar o riso dos oíntes. De aí que abunden as composicións de *risabelha*, definidas como cantigas que teñen como obxectivo facer rir sen máis. Tanto unhas coma outras utilizan un discurso misóxino que é compartido por toda a comunidade e que serve para cohesionar ao grupo nunha ideoloxía colectiva que é así recordada e mencionada.

- Carlos Mota, “El linaje de Garcia Mendiz d’Eixo”, pp. 99-125.








Carlos Mota analiza un poema pouco coñecido deste autor como medio para exemplificar a transformación do legado dos trobadores provenzais na literatura galego-portuguesa. Segundo as súas propias palabras, Mota non pretende resolver os puntos escuros do texto –"me apresuro a decir que no pretendo aportar soluciones a esos puntos dudosos"–, senón comentalos. A través dos seus comentarios relaciona a orixinalidade de Garcia, coa do seu fillo Fernan Garcia Esgaravunha e coa doutros poetas da súa liñaxe que se atopan entre os primeiros autores coñecidos da poesía galego-portuguesa. O seu traballo poderíase dividir en dúas partes. Na primeira trata as relacións hipotéticas dos poetas occitanos cos galegos, e singularmente con Garcia. De seguido, pasa a reseñar
o que se sabe documentalmente do poeta, a partir sobre todo das investigacións de A. Resende de Oliveira. Na segunda parte analiza o poema e as opinións críticas. Detense no papel xenerativo que xogou o poema de Bernart de Ventadorn, "La dousa votz ai auzida", sobre o poema de Garcia.

- J. Ramon Prieto, "Don Pedro de Barcelos genealogista", pp. 127-143.

Trátase dun estudio do *Livro de Linhagens*, imprescindíbel para o coñecemento dos autores das cantigas. Prieto ocúpase do título IX, sobre a liñaxe de Haro. Examina a forma e organización dos materiais heteroxéneos que a obra integra, sexan xenealóxicos, biográficos, cronísticos ou lendarios e céntrase especificamente no uso que se fai dos relativos a esta liñaxe. Alega que Don Pedro posibelmente manexara unha xenealoxía ampla que formaría parte dunha hipotética *Historia nobiliaria de Castilla* hoxe perdida e cre que a súa composición foi un longo proceso de elaboración. Conclúe que as súas varias intervencións e manipulacións das fontes tiveron como obxectivo final «ofrecer el retrato de una familia unida, integrada por diferentes linajes nobles» capaz de manter a defensa dos seus intereses políticos durante un longo período, pero que nas súas últimas xeracións sufriu unha progresiva decadencia que necesitaba de renovación.

XI. 3. Publicacións en revistas

Ghanime López, Joseph, “A tenzón e o partimén: definición dos xéneros a partir das artes poéticas trobadorescas e dos propios textos”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, “Artigos”, nº 5, 2002, pp. 61-72.

Artigo baseado nun capítulo dun traballo de investigación presentado na facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela en setembro de 2001, que constitúe unha aproximación ao estudio das tenzóns galego-portuguesas co fin de establecer as bases dunha tipoloxía dos textos. Analízase, en primeiro lugar, o que os tratados poéticos provenzais e galego-portugueses din respecto do xénero tenzón e reflexiónase sobre a coherencia ou non entre o que defenden os preceptos teóricos e o que se atopa na lírica galego-portuguesa. A partir destas bases teóricas, trátanse as diferencias entre tenzóns e partiméns e establécese o grao no que os dous textos galego-portugueses, definidos tradicionalmente pola crítica como partiméns, poden considerarse como xenericamente independentes das tenzóns. A seguir estúdianse as características destes textos, Pero da

Ponte e Don Garcia Martijz (120,9); Joan Baveca e Pedr'Amigo de Sevilha (154,8), considerando que non hai nada neles nin na poética fragmentaria de B que permita supor que o partimén era considerado un xénero polos nosos trobadores e xograres e que dende o punto de vista temático os textos galego-portugueses si teñen moito en común cos partiméns occitanos, tendo en conta a enumeración de M. de Riquer dos temas comúns do partimén en *Los trovadores*. Conclúese sinalando que parece máis axeitado explicar estas composicións como tenzóns de debate sobre casuística amorosa que como representantes dun xénero independente á tenzón e que, como moito, os partiméns galego-portugueses constituirían un subtipo dentro da tenzón, aínda que tampouco existen argumentos para entendelo así. Indícase que composicións coma estas puidesen ter recibido influencias dos textos occitanos considerados partiméns, ou que entre os dous textos galegos haxa moitas similitudes, aínda que "non abonda todo esto para establecer unha nova categoría xenérica na nosa lírica".








Montero Santalha, José-Martinho, “Existe rima de vogal aberta com vogal fechada na poesia trovadoresca galego-portuguesa?”, *Revista Galega de Filoloxía*, nº 3, 2002, pp. 107 143.

José-Martinho Montero Santalha analiza neste artigo a posibilidade da existencia na lírica medieval galego portuguesa de casos de rima de vocais *e* ou *o* abertas coas súas respectivas fechadas. Este estudio pretende demostrar que tal afirmación, proposta por algúns autores, non ten en principio fundamentación segura, o que se exemplifica mediante o recurso a determinadas ocorrencias rexistradas no corpus a analizar. En primeiro lugar, Montero Santalha introduce a problemática cuestión a comentar, recollendo de forma literal as encontradas opinións ao respecto dalgúns dos máis importantes estudiosos do noso trobadorismo, como Celso Cunha, Rodrigues Lapa ou Mussafia, e advertindo a continuación que moitas das razóns aducidas para defender tal afirmación parten de falsos supostos –lecturas e fórmulas rimáticas erradas– e, polo tanto, carecen de fundamento algún. A continuación, o autor describe algúns factores de índole filolóxica que, na súa opinión, determinan a non existencia da devandita rima vocal nasal-vocal oral, como poden ser a neutralización e a mudanza do timbre vocálico durante e despois do período trobadoresco

ou certos fenómenos relacionados coa analoxía e a metafonía. Así pois, conclúe a súa investigación afirmando que “a rima era sempre perfeita e nunca se dava a combinação rimática de vogal aberta com fechada”, aínda que advirta “como eventualidade extrema, a possibilidade de alguma rara excepção”.








Pardo Pastor, Jordi, “Ricardo Luiz Silveira da Costa. *A guerra da Idade Média. Um estudo da mentalidade de cruzada na Península Ibérica*”, *La Corónica*, nº 31.1, 2002, pp. 173-175.

O autor desta reseña condensa no seu resumo os tres obxectivos principais aos que segundo Silveira da Costa responde o seu volume. En primeiro lugar, pretende delimitar de modo xeral o panorama que presentaba a Península Ibérica na época da Reconquista. En segundo lugar, fixar o concepto de guerra medieval, facendo especial fincapé no caso portugués, e por último, analizar os conceptos de ideoloxía e mentalidade cabaleiresca. Pardo Pastor opina que as pretensións do autor do ensaio foron cumpridas ‘satisfactoria’ e ‘brillantemente’, pasando a continuación a comentar polo miúdo cada un dos apartados do volume, resaltando a súa utilidade ao resultar esta obra unha das máis clarificadoras para todo aquel que procure achegarse á complexa realidade da época.

Pena, Xosé Ramón, “Camelot en Galicia”, *Guía dos libros novos*, nº 39, “Estudios Literarios”, abril 2002, p. 30.

Analízase o contido e as características formais da obra *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media* (2001), da man de Santiago Gutiérrez García e Pilar Lorenzo Gradín. Trátase dun volume no que se analiza, con sumo detalle, a materia de Bretaña e a época do Rei Artur. Deste xeito, no primeiro capítulo estúdianse as orixes do ciclo artúrico; no segundo, analízase a difusión que tivo na Península Ibérica. Así mesmo, o capítulo terceiro trata da transmisión dos mitos do Grial, o reinado de Arturo, a maxia de Merlín, as fazañas de Percival, Lancelot e Galahaz ou a crónica infeliz dos amores de Tristán, entre outros temas. Nos seguintes capítulos, pola súa banda, estúdiase, con máis detalle, os fragmentos conservados, é dicir, o *Xosé de Arimatea*, o fragmento do *Libro de Merlín* ou *A Demanda do Santo Graal*.

Vieites, Manuel F., “A inquietante castidade das santas virxes”, *Guía dos libros novos*, nº 36, “Teatro”, xaneiro 2002, p. 28.

Estudio da *Obra dramática* (2000), de Rosvita de Gandersheim, que foi traducida ao galego e editada por X. C. Santos Paz. Indícase que a obra ten un alto valor literario e documental, pola importancia que os textos de Rosvita tiveron no momento da súa producción; destácase a introducción e o aparato crítico de Santos Paz, que inclúe numerosas notas a rodapé. Explícanse as propostas de Rosvita de Gandersheim con respecto á conducta humana e delas tíranse dúas posíbeis lecturas da súa obra: aquela que exemplariza aos homes e mulleres que renegan dos costumes pagáns e aquela que parte das hipóteses máis inverosímiles para buscar novas motivacións nas conductas dos personaxes. Relaciónase a ilustración da portada coa posibilidade de que o destino dos textos de Rosvita fose a representación teatral e afírmase que, aínda que este non fose o seu fin, os textos presentan múltiples posibilidades de escenificación e representación. Conclúe sinalando que é un libro que suscita numerosas interrogantes e que, dependendo da lectura que del se faga, pode invitar a rezar ou a ser malicioso.

XI. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Máiz Togores, Xosé María, “María a Balteira”, *O Correo Galego*, “O chioleiro”, 14 decembro 2002, p. 3.

Refírese a un dos personaxes máis aldraxados por trobadores e xograres nas cantigas de escarnio e mal dizer, María Pérez a Balteira, muller de dubidosa moralidade que bailaba durante as representacións poéticas a cambio dunha soldada. Coméntase a orixe da Balteira, probablemente da zona de Betanzos, á que tamén pertencen Pedr’Amigo e Pero d’Ambroa, dous dos trobadores que fixeran escarnio dela nas súas obras, así como tamén se citan dúas cantigas dirixidas á soldadeira: “O que veer quiser, ai, cavaleiro” e “Maria Pérez, a nossa cruzada”.

Méndez Ferrín, X. L., “Don García e primavera”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 29 abril 2002, p. 2.

Crónica actual que, a raíz do libro publicado por Ermelindo Portela Silva *García II de Galicia, el Rey y el Reino*, repasa outra crónica do ano 1344 escrita polo conde Pedro Afonso de Barcelos, o derradeiro trobador dos cancioneiros galego-portugueses. Nesa crónica, que Méndez Ferrín trae a colación no seu texto, sinala que se narra a primeira prisión do rei galego, executada polo seu irmán Sancho de Castela en territorio taifa de Badaxoz.





Méndez Ferrín, X. L., “De Saxonia a Galicia”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 14 outubro 2002, p. 2.

Evoca, con motivo da edición da obra dramática de Rosvitha von Gandersheim en 2000, a lenda que xurdiu nos anos cincuenta sobre a relación desta con Adosinda Guterres, rexente do mosteiro de Vila Nova das Infantes. Sinala que se di nesta lenda que entre as dúas mulleres se estableceu unha asidua correspondencia que levaba dun lugar a outro de Europa Amalarico, a través do que parece que lle chegou a Rosvitha o relato do martirio de San Paio e a partir do que escribiu o seu poema “Pelagius”. En agradecemento esta autora remitiu a Vila Nova o seu drama *Conversión da Puta Thais*, que parece que foi representado no 960, e no que participaron unha ampla nómina de nomes coñecidos da época. Sinala que esta lenda se forxou no Seminario de Montero Díaz en 1958.

Vázquez, Pura, “O señor de Rianxo”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 13 setembro 2002, p. 4.

Comentario de aspectos biográficos do trobador pertencente á escola poética galego-portuguesa Paio Gómez Charinho, que condensa os principais feitos históricos relacionados con este autor, como a súa intervención na conquista de Sevilla no 1248 baixo as ordes do rei castelán Alfonso X o Sabio, do que era amigo e conselleiro. A estreita relación establecida por Charinho con outros monarcas, como Fernando III e Sancho IV, o seu nomeamento como adiantado maior do Reino de Galicia -mostra do seu enorme prestixio político a nivel peninsular-e o seu asasinato no ano 1295 de man de Rui Pérez Tenorio, narrado de xeito pormenorizado na crónica do rei Fernando IV, son outros aspectos detallados pola autora neste estudio de carácter esencialmente biográfico.

XI. 5. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

AFA, “Historia nova”, *O Correo Galego*, “AFA”, 15 maio 2002, p. 33.

Indícase que José Antonio Souto presentou a edición do derradeiro texto literario medieval escrito en galego, a *Crónica de Santa María de Iria*, do que se destaca que o paleógrafo demostra que o seu autor foi o crego Rui Vázquez entre os anos 1767 e 1468.

EFE, “Las Cantigas de Santa María, integradas en un proyecto de catalogación digital”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 13 marzo 2002, p. 75.

Destácase o proxecto conxunto da Fundación Caja Madrid e Patrimonio Nacional chamado “Música Inédita”, que pretende clasificar, dixitalizar e difundir as nove mil partituras manuscritas dos fondos do Patrimionio Nacional, sendo a maioría delas inéditas. Os fondos a catalogar concentraranse no Palacio Real de Madrid e espérase ter finalizado este proxecto para o ano 2004. Entre estas partituras figuran as *Cantigas de Santa María*, o *Códice de las Huelgas* e diversas pezas de compositores españois e europeos dende o século XVI ao XVIII.

E. P., “A lenda de Turpín”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 xullo 2002, p. 30.

O presente artigo refire a presentación na cidade de Santiago de Compostela dunha edición de luxo do *Codex Calistinus* traducida ó castelán, concretamente do seu libro IV, tamén denominado *Lenda de Turpín*. Esta obra recolle a crónica da entrada de Carlomagno en España, inspirado polo apóstolo Santiago, co fin de derrotar os musulmáns. O arcebispo Turpín refire así mesmo no seu relato a derrota franca en Roncesvalles, que remata coa morte en combate do heroico e mítico cabaleiro Roldán. O volume, realizado pola editorial Liber Edicións, inclúe así mesmo diversas ilustracións a man que describen as andanzas do monarca por terras peninsulares, que aínda que presentan un estilo sensibelmente actualizado nalgunhas escenas que describen accións en movemento, denotan unha clara influencia da estética medieval.

Gómez, Joel, “La edición de la ‘Crónica de Íria’ explica la grandeza de la diócesis de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 7 marzo 2002, p. 51.

Fálase da recente publicación da *Crónica de Iria* por parte de Edicións do Castro. José Antonio Souto Cabo, o autor desta nova edición, que presenta un serio estudio filolóxico, unha versión crítica e paleográfica, traballou catro anos para elaborar o volume que agora se vén de editar. Neste libro recóllense importantes datos históricos sobre a revolta irmandiña, os dereitos históricos da institución eclesiástica xacobea, ... A obra orixinal foi escrita entre o 3 de abril de 1.467 e o 29 de marzo de 1.468 na Catedral compostelá polo crego Rui Vasques. En título á parte, dáse conta dos novos proxectos editoriais da Colección Histórico-Documental da Igrexa, que ten programados vinteún volumes, entre os que se atopan dúas obras de José Antonio Souto Cabo.

Luca, G., “Unha casa das palabras medieval”, *A Nosa Terra*, nº 1.023, 28 febreiro-6 marzo 2002, p. 40.

Describe os principais métodos de creación de copias “case orixinais” de manuscritos medievais presentados polo profesor José A. Puras na exposición titulada “Os xograres e beatos na Idade Media”. Esta mostra inclúe así mesmo a reproducción dun *scriptorium* da época, así como unha mostra dos máis importantes códices do ámbito peninsular e europeo, como poden ser os tres cancioneiros compiladores da lírica medieval galegoportuguesa, que permiten introducir ao visitante nesta tipoloxía da arte escritural desenvolta principalmente nos mosteiros. A análise pormenorizada do curtido e proceso de preparación da pelica e os medios empregados para a realización das copias dos textos, como poden ser os diferentes tipos de tinta, as plumas máis recomendadas ou os pinceis utilizados para a iluminacións dos códices, son algúns dos principais asuntos que se detallan neste artigo.

XII. Folletos de novidades editoriais

A Nosa Terra
(Sen DL nin ISBN)

Catálogo de publicacións no que Edicións A Nosa Terra ofrece un resumo dos seus fondos e novidades. Organizados por colección, das que se sinalan as súas principais características, inclúese unha fotografía da portada e un pequeno resumo do contido, ademais doutros datos como o ISBN, o número de páxinas ou o prezo de venda. Comeza cos dezanove títulos da colección “Historia de Galicia”, segue cos de “Monografías”, arredor de aspectos históricos, sociais ou literarios; “Nós os galegos”, que recolle volumes de contido interdisciplinar na que se abordan temas de pensamento e cultura; “Prensa&Criación”, na que se dá cabida a traballos xornalísticos, reportaxes ou entrevistas; “Campus”, na que se

inclúen traballos ensaísticos con carácter divulgativo; ou “O Fardel da Memoria”, coa que se tenta recuperar biografías de persoeiros que marcaron o devir histórico galego. A seguir, inclúese tamén o catálogo de publicacións da literatura infantil e xuvenil publicada por esta editorial no que se reproducen, sen comentarios, portadas de coleccións como “A Nosa Natureza”, “A Nosa Historia”, “Historia Universal”, “Os Bolechas”, “Contos populares”, “Protagonistas da Historia”, a “Enciclopedia temática ilustrada” ou os “Animais domésticos”. Péchase co repaso a coleccións divulgativas como “A Nosa Historia”, “As viaxes”, “Mulleres”, “Historias gráficas”, “Esencias” ou “Froita do tempo”.








Ir Indo Edicións
(ISBN: 84-7680-391-5)

Baixo o título de *Ex Libris Ir Indo*, a editorial deste nome publica o seu primeiro folleto no outono de 1999. Agora no inverno de 2002 saca á luz o terceiro número, que se abre cun artigo sobre a *Enciclopedia Galega Universal*, merecedora do Premio da Crítica 2001 ás Iniciativas Culturais. A seguir, recóllense comentarios a toda páxina dalgunhas das obras da colección de narrativa que foron premiadas no pasado ano como *Unha presa de terra*, de Marilar Aleixandre, Premio de Novela por Entregas 2001 de La Voz de Galicia; *Martázul*, de Xosé A. Perozo, Premio Blanco Amor de Novela 2001; e *Adeus India, Adeus*, de Xosé Manuel Villanueva, Premio da Crítica 2000 á Creación Literaria. Tamén se dá conta de ensaios que mereceron o recoñecemento doutros galardóns e que pertencen a coleccións como "A Fraga Universitaria" e "A Fraga", ou volumes como o dedicado a Frei Martín Sarmiento de Pilar Allegue, con motivo da homenaxe a este autor do Día das Letras Galegas. Séguenlle comentarios máis breves doutras obras de narrativa como *O asasino bífido*, de Breogán Riveiro, finalista do Premio de Novela por Entregas 2001; *O Jalisco*, de Fernando Salgado; *A canción do náufrago*, de Francisco Castro; *Confesións do Mariscal*

Pardo de Cela, de Luís Enrique Cabanela; ou *Relatos de verán 2001*, na que se recollen os contos de cento vintedous autores que participaron na iniciativa de La Voz de Galicia. A seguir, tamén se atende a dúas obras pertencentes á colección “Narrativa Gran Formato”, que son *A canción de verán*, de Vicente Araguas, e *Covardes*, de María Xosé Porteiro, que vai pola segunda edición. Todas estas obras presentan un comentario sobre o seu argumento e ao pé unha breve biobibliografía do seu autor. Péchase o folleto cunha selección de títulos pertencentes á colección “Elefante contacontos”, nos que aparecen recensionados *Contos populares rusos*, de Alexander Afanásiev; *A pesca está no vento*, de Xosé A. Ventoso Mariño; *Memorias de Viriato*, de Andrés Toxeiro; *Nassima, á sombra dos talibán*, de Merçé Rivas; *A estrela Volarina na torre Coralina*, de An Alfaya; *Cázame ese pensamento*, de Antón Cortizas; *A goma de borrar que falaba*, de Carme Carballo; *Os ladróns de tixolas*, de Xosé A. Perozo; e *O reino da dama Duira*, de Xoán Babarro. Todos eles, ademais do nome do ilustrador encargado dos deseños, tamén recollen a idade recomendada dos lectores aos que van dirixidos, o ISBN, o número de páxinas e o prezo de venda.








Laiovento
(DL: C-324-2002)

Este *Catálogo Xeral* ábrese cunha cita de Epicuro na que sinala que “Non é impío quen nega os deuses da maioría senón quen atribúe aos deuses as opinións da maioría”. A continuación, dividido por coleccións, aparecen por orde cronolóxica dende 1991 cada unha das fichas das obras publicadas por esta editorial. En cada unha delas ofrécese o título, o nome do autor e un resumo do seu contido, mentres que nunha columna á parte se sitúa o número, o xénero ao que pertence a obra, o ISBN, o lugar e data de edición, o número de páxinas, o seu formato e prezo de venda. Ao final de cada unha das coleccións ofrécense tamén os títulos de próxima publicación. Neste folleto a colección con máis volumes recollidos é “Laiovento”, aínda que tamén se ofrecen os títulos da colección “Vento do Sul”, na que se inclúen obras en lingua portuguesa; “Breviarios”, dedicada a volumes de divulgación, e “Fóra de serie", onde aparecen escasas obras que non pertencen a ningunha das anteriores. Finalmente, aparece o índice de autores e títulos das obras recollidas neste folleto e que ten publicado Laiovento Edicións coas páxinas nas que se localizan.

Rodeira
(Sen DL nin ISBN)

Esta editorial presenta o seu catálogo 2002 de Literatura infantil e xuvenil, que se abre coa notificación expresa da editorial na que reitera o seu propósito de seguir suscitando entre os nenos e mozos a paixón pola lectura. Para isto adianta que segue aumentando as súas coleccións que son: "Tren Azul", "Tucán Azul" e "Tucán Verde" para os nenos de seis a doce anos, mentres que "Periscopio" vai dirixida aos "non tan nenos". De "Tren Azul" recolle os títulos *Gago por merenda*, de Xan López Domínguez; *A máxica historia do Ratiño Pérez*, de Fidel del Castillo; *Ricardo e o seu robot*, de Esteban Martín; *Dóeme a lingua*, de Margarita Mainé; *A tea de araña que todo o apaña*, de Xoán Babarro; *Unha toupa nun mar de herba*, de Joan de Deu Prats; e *Un gato moi pouco gato*, de Elena O'Callaghan. En "Tucán Azul" algúns dos títulos seleccionados son dende *O crocodilo na habitación*, de Andrés García Vilariño; *Eu vivín cunha bruxa*, de Mª Teresa Martín; ata os máis recentes *Inés e a cadela sabia*, de Darío Xohán Cabana; *Mauricio o Achacoso*, de Maite Carranza, ou *Down*, de An Alfaya. En "Tucán Verde" atopamos os títulos que van dende *Robin e a boa xente*, de Paula

Carballeira; *Pé mais eu*, de Gloria Sánchez; pasando por *Unha raíña negra*, de Fina Casalderrey, ata *O xenio de Aladino García*, de Joaquín Carbó, e *Lémbrate dos dinosauros, Ana María*, de Gabriel Janer Manila, premio Edebé de Literatura infantil. Por último, na colección "Periscopio" aparecen títulos como *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz; *O dado de lume*, de Milagros Oya; *A escura luz do Tíber*, de Lola Gándara, ata *As raíces do Tamarindo*, de Sindo Pacheco e *¡Voa cascuda!*, de Leticia Dotras. Ao final aparecen organizados os títulos recollidos no catálogo segundo a colección na que ten acollida e relacionados tamén segundo a temática que abordan.








Toxosoutos
(DL: C-467-2002)

Catálogo correspondente ao ano 2002 no que se ofrece unha panorámica das obras que ten publicadas esta editorial, organizadas por coleccións. Así aparecen obras pertencentes a "Cruceiro do rego", na que se recollen cadernos de historia, xeografía, poesía ou teatro; "Divulgación e ensaio", centrada en libros para o gran público de temas de interese xeral como o histórico-xeográfico, o filosófico, o científico ou o etnográfico; "Delfín", na que se inclúen obras monográficas sobre temas diversos; "Ensino", na que aparecen os libros dedicados á ensinanza de distintas materias; "Fasquía", na que aparecen breves biografías de persoeiros galegos da cultura; "Keltia", unha colección seriada que pretende achegar ao lector a historia, arte, literatura, lendas e estudios etnográficos do mundo celta; "Nume", conformada polos volumes de narrativa, poesía e teatro; "Seitura", dedicada á recuperación de textos antigos que están esquecidos; "Trasmontes", na que se ofrecen as traduccións de autores galegos que escribiron en castelán ou autores estranxeiros; "Trivium", dedicada exclusivamente ao estudio do medievo galego en todas as súas facetas; a seguir en "Fóra de colección" aparecen aquelas obras que polas súas características non se adecúan a

ningunha das coleccións existentes; “Biblioteca filolóxica”, na que se acollen as obras dedicadas ao estudio do campo filolóxico do ámbito hispánico; a colección “Lingüística”, na que aparecen obras de especialistas en lingüística de diversas universidades. Cada colección distínguese das outras cunha cor característica, vai precedida dunha portada na que se explica qué contidos se inclúen nela e cada obra aparece coa reproducción da súa portada, o nome do autor, o número de páxinas, o formato, o ISBN o prezo, así como un pequeno resumo do seu contido.








Xerais
(ISSN: 1576-7604)

Durante o ano 2002 Edicións Xerais de Galicia sacou do prelo os números 43 (primavera) e 44 (outono) dos seus folletos de novidades, nos que dá conta daquelas obras que editou máis recentemente, así como dos premios Xerais e Merlín. No número 42 comeza adiantando algunhas das novidades para a primavera e verán, que se acompañan de comentarios sen asinar como o do *Romanceiro en lingua galega* ou *Sarmiento. Vida e obra*, de Antón Costa Rico. Do mesmo xeito, recolle breves comentarios dalgúns títulos de próxima aparición na súa colección "Merlín", entre eles *A pantasma da torre, A contar ovellas, ¡Mamasiña, que medo!, Os peixes de cores, ¡Bos días!* e *¡Boas noites!*. Pecha este número unha achega a *Ariadna*, de Xosé Miranda e á colección "Fóra de xogo" en xeral, da que se salienta o feito de ter acadado unhas vendas de máis de trescentos mil exemplares dende a súa aparición en 1994. O número 44 ábrese cunha selección de novidades da colección "Narrativa", que son comentadas amplamente no interior, da "Biblioteca das Letras Galegas" ou dos "Libros do Centro Dramático Galego", ademais de adiantar a edición de tres obras de Antón Avilés de Taramancos: *Nova crónica das Indias*, *Cantos caucanos* e *Tres capitáns de*

tempos idos. Tamén atende a novidades das coleccións de “Peto”, “Ablativo Absoluto” ou “Fóra de xogo”, así como á entrega do Premio Xerais a Inma López Silva pola súa obra *Concubinas* e a Xosé Miranda do Merlín por *Pel de lobo*. Neste número sorprende a atención prestada á literatura infantil, pois adiántanse numerosas novidades da colección “Sopa de libros”, “Merlín” e “Merliño”. A continuación, damos conta de todas as noticias asinadas que aparecen nestes folletos:




- Alonso, Fran, “A viaxe astral de Antón Lopo”, *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 3.

Comentario da obra *Ganga* (2001), de Antón Lopo, da que salienta que é un xogo de aparencias igual que o propio autor, que se caracteriza pola multifacecia. Sinala que a obra de Antón Lopo lle interesou dende a súa obra *Sucios e desexados*, nos anos oitenta, e que dende entón a súa liberdade e ollada totalizadora non deixou de sorprendelo. Considera a súa novela *Ganga* como unha das máis lúcidas, interesantes e novidosas que se escribiron en Galicia nos últimos anos. Di que o lector se pode achegar a través do protagonista da novela, Ganga, ao mundo da psicodelia, do esoterismo e dos psicotrópicos. Salienta a

capacidade expresiva e plástica do narrador que leva ao lector ao universo de “mestizaxe cósmica, galega e contemporánea” que presenta a novela.




-Alonso, Fran, “Nos próximos anos as mulleres van ocupar un lugar decisivo no desenvolvemento da narrativa galega”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 15.

Entrevista a Inma López Silva, gañadora do premio Xerais de Novela 2002 coa obra *Concubinas*. Define a novela como unha “historia de historias” onde os personaxes queren ser libres e loitan contra a súa soidade, feito que a autora aproveita para indagar na tensión entre a liberdade do individuo e a non liberdade marcada pola dependencia de todo o que o rodea. Sobre o título manifesta que quere expresar a capacidade de amar e de ver ese amor ou amizade como liberdade e cadea, a existencia de lugares imaxinarios e outros con correlatos reais como Buenos Aires, Berlín, Múnic, etc. Tamén alude ao feito de que é unha novela coral e polifónica, na que o emprego de feitos extraordinarios serve como crítica de diversas cuestións reais. Malia que non atopa un criterio xeracional para definir as novas tendencias narrativas galegas, considera que hai moitos indicios da importancia que a muller

está acadando neste terreo, refírese ao seu labor de investigación no terreo do teatro galego e valora a súa situación como precaria.




- Bragado, Manuel, “Tralo fío de Ariadna”, *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 12.

Lembra o inicio da colección “Fóra de xogo” hai sete anos e o arriscado dunha proposta que xa leva publicados sesenta títulos e cunhas vendas que superaron os trescentos mil exemplares. Tamén destaca o gran abano de temas abordados nos títulos desta colección que preocupan aos mozos e mozas galegos de hoxe e a aposta por autores galegos aínda que tamén por algunhas traduccións como a de *O señor dos aneis*. Remata sinalando algúns dos autores que verán as súas obras publicadas nesta colección e na que a editorial vai seguir apostando pola calidade e a excelencia literaria.

- Bragado, Manuel, “As chamadas perdidas’ ou a mensaxe da esperanza”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 4.

Comeza comparando a Manuel Rivas na súa obra *As chamadas perdidas* cun artesán que sabe manexar perfectamente as ferramentas do seu oficio. Destaca da obra o realismo interior, o humor, a retranca, a presencia da música, da pintura, da fotografía ou o boxeo, que serve de metáfora da loita de cada personaxe no seu interior. Sinala que cada relato parte dunha dimensión social e céntrase na realidade individual, que a viaxe interior dos personaxes discorre paralela á viaxe interna do libro que recolle contos de fasquía clásica e outros máis experimentais. Destaca a calidade dalgúns contos, onde ve o selo do estilo do autor, de fasquía máis clásica como “Nós os dous”, “O heroe”, “O partido de Reis”, “O amor das sombras” fronte a aqueles que considera máis experimentais como “Smif, bang, bla, bla, bla” ou “Espiritual”. Observa influencias cinematográficas, cunha prosa “táctil”, nos que ademais dos recordos do pasado está tamén a “restauración da vida por medio das sensacións”. Refírese ao título da obra e a súa relación simbólica co contido, nomea contos como “Inseparables de Fisher” ou “A casa das gueivotas”, nos que o amor e a pluma maxistral de Rivas faille pedir máis ao lector. Remata sinalando que esta obra é unha loita contra a vulgaridade, a estupidez e como unha declaración “de quen vive nun mundo xordo”.

- Bragado, Manuel, “Reivindico a nosa memoria e o noso orgullo por, sinxelamente, sermos o que somos”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 14.

Ademais de referirse ao que supuxo para el o recoñecemento do premio Merlín pola súa obra *Pel de lobo*, Xosé Miranda responde nesta entrevista a cuestións como a recuperación da tradición oral, a súa adaptación aos nosos tempos e a reivindicación da nosa memoria como xeito de loitar contra a globalización, así como unha postura clara contra o costumismo e a favor dunha “literatura da imaxinación”. Sinala que *Pel de lobo* é unha novela de aventuras, de terror e de amor. Considera que a novela histórica interesa aos lectores actuais, poñendo como exemplo *Morning Star*, e sinala como claves para que funcione a actualización dos sentimentos, o ritmo e a arquitectura da novela. Finalmente, di que reivindica a riqueza lingüística do galego, a adaptación desta obra para todo tipo de lectores e a ampla presencia de lobos baseada tanto na tradición coma en fontes documentais.

- Bragado, Manuel, “A guerra civil e a posguerra tan amarga son feridas que non deixan de supurar”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 17.

Entrevista a Agustín Fernández Paz sobre a súa obra *Noite de voraces sombras* , na que comeza respondendo ao motivo que o levou a enfrontar o lector coa historia, na que as feridas como a da Guerra Civil e a posguerra aínda non están pechadas. Considera que é un xeito de superar esta realidade para que non se repita e como homenaxe a “tantos soños rotos”. Sinala que o título pertence a un verso de José Ángel Valente e que a obra xurdiu a partir dunha noticia de xornal na que se falaba dos papeis atopados dun mestre republicano, co que quixo facer unha homenaxe explícita ao labor pedagóxico da República. Sinala que nesta novela os sentimentos ocupan un lugar moi importante, que nela a presencia do misterio está influenciada por *Outra volta á torniqueta*, de Henry James, e que simboliza a memoria dos mortos. A elección da illa de San Simón como escenario di que foi por cuestións históricas e que o emprego dunha voz narrativa en primeira persoa vén dado pola presencia de sentimentos e emocións. Remata referíndose aos lectores agardados, tanto un público xuvenil coma adulto. En cadro á parte achégase a liña argumental da novela.

- Bragado, Manuel, “Quixen arrastrar ao lector cara á arte. A beleza é un habitante agochado no corazón de cada ser humano”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 23.








Entrevista a Xabier P. Docampo arredor da súa última obra *A casa da luz*, na que comeza referíndose á lectura como reto que leva ao lector a avanzar no obxectivo de acadar sabedoría. Tamén alude á súa admiración por Carroll ou Stevenson, de aí o nome da protagonista, Alicia. Do personaxe de Pumariño sinala que está inspirado nos tolos que hai en todos os lugares e nos que a xente non repara. Da presencia da pintura destaca a capacidade de Xosé Cobas para a recreación de obras de arte, a quen o une unha forte amizade e co mantivo un constante contacto durante o proceso de creación, ademais de destacar algunhas das achegas de Cobas nesta obra. Refírese tamén ás dúas realidades que viven os protagonistas, por un lado, a obxectiva e polo outro a creativa nunha aventura que lles vai mudar o xeito de estaren no mundo, posto que abandonan a infancia que os leva a ter novas arelas. Remata sinalando que a súa concepción da novela é como unha reivindicación da beleza e da arte. En cadro á parte ofrécese a liña argumental da obra.

-Fernán Vello, Miguel Anxo, “O sol de Homero’ é unha auténtica enciclopedia do coñecemento poético”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 12.

Destaca a fermosura do título de *O sol de Homero*, de Xavier Seoane, que cualifica como "auténtica enciclopedia do coñecemento poético", e no que se contabilizan máis de douscentos setenta e cinco poetas e creadores. Sinala que a través das citas e referencias textuais se tenta dar unha visión máis ampla de todo o que afecta ao fenómeno poético estructurado en corenta e sete capítulos. A seguir, refírese á beleza do título, á súa inspiración nun verso de Schiller, á importancia de Homero como "pai da literatura occidental" e remata recomendando esta obra que cualifica como imprescindíbel.

-Iglesias, Mateo, "En 'Ganga' quixen escribir un relato de aventuras, fantástico, próximo á ciencia-ficción", *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 3.

Entrevista a Antón Lopo arredor da súa novela *Ganga* na que comeza respondendo a cuestións como a súa propia consideración da obra que ve como moitas novelas simultáneas, nas que quixo mesturar diferentes expresión artísticas na súa concepción da literatura como "un magma común". Refírese ao xerme da obra na India en dous días, á non convencionalidade do personaxe protagonista que foi mudando a medida que escribía a obra, á súa intención de contar unha historia dende unha perspectiva nova e á súa idea de

que o fundamental é a posición na que o autor se sitúa para contar a súa historia, máis incluso que a lingua ou a voz. Remata ofrecendo a súa visión sobre as drogas e as medidas para abordar este problema.




- Iglesias, Mateo, “Unha novela de aprendizaxe da vida e da morte”, *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 3.

Comeza sinalando que o “dono e señor” é o protagonista Ganga que conduce ao lector nunha novela que non ten retorno. Explica brevemente o argumento da novela no que Ganga, un obeso adicto ás drogas se ve enleado nunha trama de narcotráfico. Tamén salienta a viaxe física de Compostela á India, que é á vez unha fuxida do pasado, e unha busca do amor. Remata referíndose á multiplicidade de xéneros e rexistros presentes na obra.

- Iglesias, Mateo, “Estes cinco contos son tematicamente moi distintos entre si, pero en todos hai unha preocupación formal moi importante”, *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 5.

Entrevista con Xavier Queipo na que responde a cuestións relacionadas coa súa obra *O ladrón de esperma*, gañadora do Premio Café Dublín 2000. Comeza por sinalar que o único que os cinco contos que a compoñen teñen en común é o autor, que foron xurdindo ao longo dos últimos vinte anos e nos que hai unha gran preocupación formal. Das temáticas sinala que desexaba describir un mundo ao revés, polo que no relato que dá título á obra os humanos adoptan os comportamentos dos insectos; no titulado "Shinju" achégase ao suicidio dos amantes como proba de amor da cultura xaponesa; e nos dous últimos, "O tío Filipe" e "Os cabalos da procesión" sinala que son froito da reflexión que fixo durante os dous anos que non saíu de Galicia sobre aspectos nos que antes non reparara. Remata referíndose á presentación da obra en Bruxelas, o seu lugar de traballo, co que sinala que quixo reivindicar
o cosmopolitismo do galego.

- Iglesias, Mateo, "Tres badaladas' arrinca dunha cifra tráxica por excelencia: o destino maldito do rebelde", *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, pp. 6-7.

Suso de Toro nesta conversa arredor de *Trece badaladas* comeza sinalando que é unha novela que á súa vez ten dentro outras novelas, "unha caixa dentro doutra caixa" que non sabe moi ben como definir, posto que nela se poden atopar trazos da novela de misterio, gótica ou novela de ideas. Refírese á súa visión de Compostela na obra, sobre a que tardou moito en escribir e só o fixo cando se distanciou e logo volveu a través do estudio e da imaxinación, empregando o mito e a traxedia para "levantar un espacio cheo de ecos". Reflexiona sobre o título, as súas dificultades para decidirse, a evocación de misterio que adianta e a súa coincidencia coa obra de Xabier Puente Docampo *O misterio das badaladas*, a quen lle pediu permiso para empregalo. Refírese aos distintos xeitos de amor, á súa concepción da literatura como forma de coñecemento, a presencia nesta novela de todas as lecturas anteriores e á vez a continuidade con respecto ás outras entregas do autor, así como o ambiente abafante de temporal permanente ou os fantasmas da Guerra Civil. Remata aludindo á próxima publicación de *Servicio de urxencias*, que se decidiu a publicar despois de dez anos de ser emitidos na televisión para dar unha visión global da súa obra.

-Iglesias, Mateo, "Un conto de tres noites'. A señardade do mar que nos explica a vida", *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 11.

Sinala que en *Un conto de tres noites* (2001) Xabier Puente Docampo comeza confesando a súa identidade chairega e a súa señardade do mar, para dar paso á historia dunha illa que anda perdida polo mar dende non se sabe cándo. Explica que durante tres noites o Visito relata a historia do rei Gaoth e a súa esculca do mar ata que atopa unha illa moi verde. Destaca que é unha historia que nos explica a vida, na que se empregan as palabras precisas e un ritmo pousado que dan como resultado unha narración "medida, exacta, estructuralmente perfecta, que engaiola de principio a fin". Destaca tamén as ilustracións de Xosé Covas e remata facendo un amplo percorrido pola producción de Docampo dende *O misterio das badaladas* (1986), pasando por *Cando petan na porta pola noite* (1994) ata *O pazo baleiro* ou *¡Estampado!* (1998).

- Iglesias, Mateo, "A ficción é un xeito de disfrute, pero tamén de coñecemento", *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 8.

Conversa con Xurxo Borrazás arredor da súa novela *Pensamentos impuros*, na que comeza referíndose á elección do título provocador, aos precedentes da narrativa apegada á

realidade que el fai en autores como Montaigne, Pessoa, Galeano ou Suso de Toro e Antón Baamonde. Sobre os lectores sinala que busca a aqueles que len para gozar da arte, aos que non se achegan ás obras co esquema que se impón na escola, senón que el tenta facer literatura para un lector “ceibe”, posto que adecuarse aos esquemas académicos é un xeito de facer política. Da mestura de ficción, realidade e pensamento considera que reflectilo na novela é demostrar a través de imaxes sensoriais e lingüísticas o triunfo da ficción. Tamén alude ao emprego de aforismos e prosas breves para caracterizar a un dos personaxes, Marta, co que tamén explica as súas motivacións e a relación co outro protagonista. Finalmente, recomenda a lectura secuenciada da novela despois da que a mente, a memoria e o esquecemento do lector rachará a secuencialidade polas interferencias que existen entre as partes, ademais de agardar que o lector atope unha novela emocionante e divertida.




-Iglesias, Mateo, “Os referentes da nosa poesía deben ser os da rosa dos ventos”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 12.

Conversa con Xavier Seoane, autor de *O sol de Homero*, na que comeza explicando porqué fai esta defensa da poesía, o seu proxecto de vida. Define a poesía como poliédrica, sobre a

que existen múltiples abordaxes e perspectivas, o que el mesmo tentou facer na súa obra. Sobre os autores antologados, considera que a poesía galega padeceu moito de “embiguismo” na súa necesidade de acadar a normalización. Denuncia a eiva que a literatura galega ten en canto a traduccións das principais obras canónicas da tradición literaria universal, explica de ónde colleu o título e da significación de Homero para a literatura, á vez que adianta o seu próximo proxecto, que segue unha liña de defensa dos valores.




-Iglesias, Mateo, “A comprensión é un modo de coñecemento de quen actúa”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 9.

Entrevista a Mª Xosé Queizán na que responde a cuestións sobre *¡Sentinela, alerta!*, un conxunto de dez relatos, nos que denuncia a opresión e violencia da nosa sociedade que considera indignante. Sinala que a maioría dos relatos están ambientados na dictadura, que os seus motivos para escribir son comunicar e denunciar a violencia existente. Sobre a factura da súa obra considera que a técnica é fundamental, posto que non é suficiente con ter unha boa historia, senón que a velocidade que as máquinas imprimiron á nosa vida tamén mudaron a nosa forma de escrita. Finalmente, refírese á presencia do corpo nos seus

textos como froito da súa escrita materialista, posto que o corpo e as súas manifestacións dominan a vida.




- Iglesias, Mateo, “Facer un cómic de corenta e oito páxinas é algo máis duro que escalar o máis pequeno dos oito miles”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 20.

Entrevista a Pepe Carreiro con motivo da publicación de *A retirada de sir John Moore*, que xa o debuxante esbozara na revista *Golfiño*. Sinala que nesta obra hai unha pretensión didáctica e restauradora de facer ver que os galegos tamén facemos a historia. Fala da dificultade de levar a cabo un proxecto deste tipo, polo que as entregas nunha revista facilitan o traballo. Indica que esta é a primeira dunha serie de tres obras nas que se tratará a reconquista de Vigo e a batalla de Pontesampaio. Tamén se refire ao seu interese nesta época por representar as ideas libertarias en Europa e América. Do personaxe principal, Teixugo, sinala que encarna un antiheroe e que tentará definir mellor os personaxes nas próximas entregas. Define o seu estilo como conscientemente tradicional e remata referíndose aos condicionantes que actúan na normalización do cómic, dende os autores,

pasando pola promoción dos medios de comunicación e finalmente o público. En cadro á parte faise unha achega argumental á obra e en especial ao papel do protagonista.




-López, Antonio R., “Defensa dunha nova ética: limpar a memoria e abrir os lindes das diferencias”, *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 5.

Ve nas cinco historias que compoñen *O ladrón de esperma* (2001), de Xavier Queipo a crónica de vinte anos de aprendizaxe, onde o autor demostra a súa habelencia, obsesións e intereses, a través dunha prosa sen atavíos pero fiel ao Queipo enxeñoso que desconcerta ao lector. Atopa que é un título brillantísimo e evocador onde demostra crer no valor da natureza e na forza cultural, cunha prosa na que por veces parece querer construír fábulas. Ademais do experimentalismo que caracteriza os cinco relatos, salienta en todos eles a constante presencia do narrador, que se permite ofrecer o seu punto de vista e as súas crenzas. Percorre os títulos para cualificar ao autor como ilustrado, romántico ou heterodoxo a través dos seus cinco relatos unidos pola morte como destino violento.

-Loureiro, Hadrián, “Santos de defuntos’, unha nova entrega para A Letra Dormente”, *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 10.

Comeza sinalando que a ironía é o mecanismo narrativo fundamental de *Santos e defuntos* (2001), de Gonzalo Navaza. A seguir, ofrece a liña argumental da novela que xira arredor da presencia nun programa televisivo dun emigrante galego no Brasil do que a familia non sabía nada dende a Guerra Civil e que desexa volver para morrer na terra. Destaca a habelencia do autor para resolver unha historia que podería caer no tópico, a través do distanciamento escéptico que mantén o narrador e a dosificación de detalles circunstanciais cos que se amplifica a sensación de complicidade co lector. Remata aludindo ás ilustracións de Ramón Trigo caracterizadas polo caricaturesco e imaxinativo que dan máis verosimilitude e axudan á lectura.

-Loureiro, Adrián, “Pensamentos impuros’ ou a narrativa libre”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 8.

Lembra a publicación en 1999 de *O desintegrista*, de Xurxo Borrazás, na que sinala que rompía os "valados dos xéneros", tendencia que continúa agora na súa nova entrega *Pensamentos impuros*. Atribúelles a esta novela as características de postular unha ficción intelixente, mesturada coa ironía, o pensamento e a capacidade lúdica, co que se intensifica a complicidade do lector co texto. Tamén atopa continuidade coas obras anteriores de Borrazás no cuestionamento do papel do autor, posto que nesta obra se introduce como personaxe a través da narradora, Marta, que o suplanta "invadindo a intimidade creativa dese personaxe-autor chamado Xurxo". Destaca de entre as historias que aparecen na obra a do pintor hiperrealista Xes, o coleccionista Pancho ou o transportista Farruco, que se mesturan con evocacións da adolescencia. Remata salientando que ofrece unha lectura sen prexuízos nin convencións, pero con imaxes reveladoras e sorprendentes.

- Martínez Bouzas, F., "Materia prima'. Unha antoloxía literaria epocal", *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 7.

Comentario da antoloxía narrativa *Materia prima. Relatos contemporáneos*, editada e prologada por Ramón Nicolás e Armando Requeixo. Comeza salientando que con esta obra

se pretende “reflectir o estado actual do magma fabulador galego”, recollendo mesmo textos inéditos de autores consolidados na década dos noventa. Sinala tamén que é unha antoloxía epocal e non xeracional, que nela se expón a plataforma de autores que exploraron diferentes vías de creación; alude á polémica deste tipo de selección subxectiva na que os antologadores buscan elaborar un volume co máis representativo da que considera a época de “maior e máis variada productividade de toda a historia da literatura galega”. Sinala como exemplos os relatos de Marilar Aleixandre e Luísa Villalta, o primeiro ambientando nos últimos días de vida de Franco e o segundo nos tempos da Guerra Civil, á vez que repasa os nomes dos dezasete antologados. Salienta como preferencia “O día das torres”, de Fran Alonso, no que se recrea o atentado do 11 de setembro; “O cura de Fruíme”, de Anxo Angueira, ambientado na posguerra e no que se narra a espera dun cura pola chegada da súa amante; ou “Confesións dun asasino”, de Cid Cabido, no que destaca o dominio das técnicas narrativas vinculadas coa oralidade, o evidencialismo, o sarcasmo e a ironía. Remata salientando o labor dos antologadores.




- Nicolás, Ramón, “Relatos que convidan á recuperación da memoria”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 8.

Este texto parte do lido por Ramón Nicolás na presentación de *¡Sentinela, alerta!*, de Mª Xosé Queizán na librería Cervantes de Vigo. Caracteriza a obra polo seu compromiso, pola sensibilidade, a xustiza, a terra ou a denuncia da opresión, da tiranía ou da violencia, á vez que destaca a multifacecia da autora. Sitúa a orixe da obra en dous planos que son, por un lado, a experiencia persoal froito do seu percorrido vital e, polo outro, no proceso dinámico de creación que comezou con *A orella no buraco* ata esta última obra, conformando o macrotexto desta autora. Dos dez relatos que conforman a obra sinala que se articulan como biografías ficcionais de personaxes magoados na súa dignidade, feito que os caracteriza a todos, dende "Lei de fugas" ata "A misa". Conclúe que esta obra é fundamental para recuperarmos a memoria.

- Rivas, Manuel, "Desacordo sobre un suceso", *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p.




2.

Proposta de Manuel Rivas na que busca a complicidade do lector para negar a morte de Carlos Casares e seguir vendo ao escritor a través da súa literatura, posto que “unha cousa é morrer un día, por exemplo o 9 de marzo de 2002, e outra moi distinta morrer toda a vida”.

- Toro, Suso de, “A morte de Carlos”, *Novidades Xerais*, nº 43, primavera 2002, p. 2.

Reflexiona sobre os efectos da morte súbita de Carlos Casares na xente da cultura galega. Considera que el era unha peza clave que coa súa desaparición provocou un sentimento de unanimidade na sociedade que mesmo sorprendería ao autor. Considera que era “un dos nosos” e que malia moverse entre a xente que está no poder tamén conseguiu facerse querer polo resto da sociedade galega en xeral. Remata desexando que o sentimento de unidade social provocado pola morte de Carlos Casares se alongue.

- Torres, Celia, “Na necesidade de enfrontar o que non sabemos de nós mesmos, anque poidamos sucumbir nese intento, radica o valor das persoas”, *Novidades Xerais* , nº 43, primavera 2002, p. 4.

Entrevista a Xabier Quiroga, autor de *Atuado na braña*, finalista do premio Xerais de 2001 na que comeza respondendo ao que significou para el este recoñecemento. Sobre a cuestión do gran volume da súa obra nunha sociedade de présas e escaso tempo para longas lecturas, considera que se a editorial quixo editala é porque viu algo interesante nela e considera que será o lector o que deba decidir se merece a pena fixarse no número de páxinas ou non. Do protagonista, que considera un antiheroe, salienta o feito de que pode ser calquera de nós, a quen asalta a dúbida da súa identidade e da súa relación co contorno. Tamén sinala que na súa obra reivindica o non esquecemento do interior e das raíces, para rematar sinalando que cada escritor debe ser libre para asentar o seu estilo, ter liberdade para manter vivo o seu compromiso coa terra e as ideas e facer unha prosa acorde co ritmo narrativo e a historia que se conta.

- Torres, Celia, “Esta novela é a crónica realista dun grave drama social”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 5.




Conversa con Xosé Fernández Ferreiro sobre a súa novela *Millo verde*, da que comeza mostrándose de acordo coa crítica en cualificala como unha crónica realista dun grave drama

social e cunha certas pinceladas surrealistas. Considera que a súa profesión de xornalista inflúe na visión do mundo que novela e na súa capacidade de percibir a actualidade que o rodea, como xa fixera en *Morrer en Castrelo de Miño*. Do tema explica que está inspirado nun caso real ocorrido na Coruña, aínda que os personaxes son totalmente ficticios e situados nunha cidade chamada Vilagrande do Sur que podería ser Vigo. Fala da influencia do xornalismo e do cine nas súas obras, lembrando a súa afección ao xénero cinematográfico, froito da que publicaría *Corrupción e morte de Brigitte Bardot*. Remata referíndose ao poder que a prensa sensacionalista exerce sobre a opinión pública e á súa denuncia da presión que esta exerce sobre a xustiza en casos semellantes ao que se narra en *Millo verde*.




-Torres, Celia, “O perigo non é tanto que vaia desaparecer a literatura oral como que se esquezan os temas tradicionais”, *Novidades Xerais*, nº 44, outono 2002, p. 21.

Entrevista a Xosé Miranda e Antonio Reigosa sobre a súa última entrega da colección de “Cabalo buligán” *Contos de encantamento I* e *II*. Comezan manifestando a súa satisfacción pola boa acollida do público cara a esta colección, seguen por destacar o moito que

aprenderon da tradición oral na súa recollida polas aldeas, en especial na forma de contar as historias. Refírense á boa conservación da literatura oral tradicional galega motivada pola especial situación histórica a nivel socioeconómico. Das fábulas sinalan que son exemplos para a vida, nas que os animais son paradigmas dos comportamentos humanos e falan da evolución deste tipo de narración. Rematan adiantando outros proxectos nos que están traballando como *Cando os animais falaban*. En cadro á parte, faise un resumo argumental destes dous volumes ilustrados por Andrés Meixide e Fernando L. Juárez.








Agrupación Cultural “O Facho”
(http://teleline.terra.es/personal/ofacho/)

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
(www.vieiros.com/museohumor/castelao.html)

Ameixa cómics
(personal.redestb.es/ferreiro/)

Andel virtual
(www.andelvirtual.com)

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Andel invisible”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 7 xuño 2002, p. 90.

Sinala que unha librería virtual (www.andelvirtual.com) está presente na Feira do Libro de Lugo e recolle as declaracións do seu xerente, que afirma que a maior parte dos seus pedidos proveñen da provincia de Lugo, probabelmente pola falta de librerías especializadas en galego, pola dispersión da poboación e pola presencia da librería en diferentes Feiras do Libro. Así mesmo, informa da actuación dun contacontos na cidade de Lugo.

ANILIJ
(www.uvigo.es/anilij)

Arousáns ilustres

(www.galeon.com/arousa/arousans_ilustres.htm?)

Arturo Casas Vales
(http://web.usc.es/~tlcasas/)

Asociación Cultural Conversas
(www.conversas.org)

Asociación Galega de Editores
(www.editoresgalegos.org)

Asociación Teatral Artello
(www.artello.com)

Baía Edicións
(www.baiaedicions.com)

Batallón Literario da Costa da Morte
(www.finisterrae.com/batallon)

Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil
(www.filix.org)

Biblioteca virtual de literatura universal en galego
(www.bivir.com)





Biblioteca Virtual Galega
(www.bvg.udc.es)

Referencias varias:

- Rodri García, “Nace a Biblioteca Virtual Galega, na que cada escritor terá a súa propia páxina web”, *La Voz de Galicia* “Cultura”, 17 febreiro 2002, p. 34.

Informa do nacemento da web da BVG, que nace na área de educación do Departamento de Innovación Tecnolóxica da Universidade da Coruña, e dá conta da súa próxima presentación. Describe os seus contidos e sinala que é un novo centro dinamizador da cultura galega; destaca os enlaces dende a páxina a editoriais, xornais, universidade, etc. e
o sitio “Viaxe por Galicia”, que ofrece todo a información turística e cultural de Galicia.

-Jaureguizar, “Trinta autores lucenses figuran na primeira biblioteca virtual galega”, *El Progreso*, “Cultura y Comunicación”, 21 febreiro 2002, p. 74.

Explica que o equipo que traballa na BVG, que se presenta mañá, está formado por cinco filólogas e dez informáticos. Destaca que, dos cento corenta e cinco autores incluídos, trinta sexan lucenses e asegura que o listado de autores aumentará. Describe o apartado dedicado a cada un dos autores e sinala, ademais, que a web inclúe as rutas literarias deÁnxel Fole e Ramón Otero Pedrayo.

- E.R., “A Biblioteca Virtual Galega abre o seu portal con obras de máis de 150 escritores”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 23 febreiro 2002, p. 73.

Describe o portal da BVG e achega datos cuantitativos dos seus fondos: cento cincuenta escritores, mil oitocentas obras literarias catalogadas, máis de duascentas cincuenta obras en texto, lidas ou en vídeo e trinta obras dixitalizadas. Indica que cada autor contemporáneo ten unha páxina web propia, que os autores novos poden presentar as súas obras e recibir comentarios doutros visitantes e que ofrece unha viaxe virtual con información de todos os Concellos de Galicia. Cita as persoas que participaron na presentación da páxina e recolle as intervencións de Nieves Brisaboa, que pensa que é unha dinamizadora e normalizadora

da lingua e cultura galega, e de José Luís Meilán, que compara este portal co Cervantes Virtual.




- Enrique de Ron, “bvg.udc.es”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 febreiro 2002, p. 31.

Faise eco da presentación da Biblioteca Virtual Galega e describe pormenorizadamente a presentación e estructura desta páxina web. Recolle as declaracións da profesora Nieves Brisaboa, quen salienta o papel dinamizador e de normalización da lingua e a cultura galega que pretende acadar esta nova ferramenta virtual. Tamén se recollen as palabras do rector da Universidade da Coruña, Meilán Gil, quen a comparou co portal Cervantes Virtual. Remata achegando os nomes dalgunhas das personalidades presentes no acto.

- L.R., “La Universidad ‘cuelga’ en Internet 270 obras en gallego”, *La Opinión* “Acoruña”, 23 febreiro 2002, p. 10.

Informa de que a Universidade da Coruña, a través do Vicerrectorado de Innovación Tecnolóxica, puxo en funcionamento a primeira Biblioteca Virtual Galega, baixo a dirección

de Laura Tato e Nieves Rodríguez. Na web poden lerse duascentas setenta obras, ver a edición dixitalizada de trinta libros, escoitar trinta gravacións de autores e ver quince vídeos. Recolle as declaracións de Miguel Anxo Fernán Vello, que cualifica a iniciativa de “revolución”; José Luís Meilán, que afirma que esta é a primeira reacción ao informe da Unesco e de Iolanda Castaño, que asegura que quen non coñece a literatura galega é por que non quere.




- Vidal, C., “Nace o portal da literatura galega. Conta xa con obra inédita de máis de 150 autores”, *A Nosa Terra*, nº 1.022, “Cultura”, 21-27 febreiro 2002, p. 24.

Fai referencia á Biblioteca Virtual Galega e sinala que nela xa están presentes cento cincuenta autores, dos que se ofrece unha autobiografía completa, unha fotografía e algunha obra inédita. Comenta que só dous escritores galegos rexeitaron a súa participación neste proxecto; dá conta do apartado autobiográfico, no que hai auténticos relatos literarios, por exemplo na ficha de Chus Pato; sinala algunhas das obras inéditas que se poden consultar, entre elas o libro de poemas *Cidade virtual*, de García Bodaño; indica que non accederon a incluír fotografías persoais Xaquín del Valle-Inclán nin Xohana Torres e

enumera algúns dos autores que se sumarán á BVG proximamente; explica, ademais, que once autores participaron nunha gravación de audio e voz, que permitirá velos na rede recitando os seus textos. A web tamén inclúe información e bibliografía de corenta escritores falecidos, dos que tamén se ofrece algún texto inédito. Indica, finalmente, que se pode imprimir a obra dalgúns escritores, que calquera pode incluír textos propios no sitio “Andel do creador” e que hai un apartado de recursos da lingua.




- C. D. C., “As letras galegas polos mares da rede”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 118, 27 febreiro 2002, p. 1.

Describe os contidos da Biblioteca Virtual Galega, portal posto en marcha pola Universidade da Coruña e no que xunto aos autores clásicos se pretende dar cabida aos novos valores. Alude aos distintos ficheiros que se poden atopar e tamén aos enlaces con páxinas web de institucións, medios de comunicación ou portais culturais, feito que posibilita facer unha viaxe virtual por Galicia partindo deste portal. Destaca que no catálogo de autores, que está previsto que aumente, hai corenta clásicos e cento dez contemporáneos ofrecéndose de todos eles unha verdadeira ficha que inclúe biografía, autobiografía, bibliografía e obra en

diversos formatos. Ademais salienta que os autores poderán recibir mensaxes dos lectores, e remata facendo aos primeiros unha petición de apoio a este proxecto, que xa contou coas achegas de diversas institucións e persoas co obxectivo de converter esta biblioteca virtual no gran portal web da literatura e cultura galegas.




-Arantxa Serantes, “Biblioteca Virtual Gallega”, *Diario de Ferrol* “Ferrol”, 3 marzo 2002, p. 21.

Valora a BVG como unha iniciativa que promove a lingua galega e que achega, gracias ás novas tecnoloxías, a literatura ao público. Considera que a web é unha nova alternativa que reúne de forma gráfica e textual a nosa literatura e reflexiona sobre a actividade creativa.

-Susana Basterrechea, “Unha lingua que non estea na Rede está condenada a desaparecer”, *La Voz de Galicia*, “El Busc@dor”, 25 marzo 2002, p. 3.

Entrevista a Nieves R. Brisaboa, codirectora da BVG, que valora positivamente o primeiro mes de vida desta web. Sinala que é unha ferramenta útil e que axuda no proceso de

normalización da lingua; destaca a guía turística virtual que ofrecen e os enlaces con editoriais, institucións, etc. Anuncia que están previstas outras seccións, como un taboleiro de anuncios ou unha axenda, e considera que a web pode ser o trampolín de moitos escritores novos.




- AGN, “A Biblioteca Virtual leva a Internet tódalas obras da literatura galega”, *El Ideal Gallego*, “Galicia”, 14 abril 2002, p. 25.

Explica que a Biblioteca Virtual Galega (www.bvg.udc.es) foi presentada onte en Santiago e que está presente na rede dende o 22 de febreiro. Indica que nela se poden consultar as biografías e obras duns cento cincuenta escritores galegos; ver vídeos de autores recitando ou lendo a súa obra ou consultar un listado de recursos lingüísticos. A BVG, que nace dende a Universidade da Coruña, ten ademais unha función editorial, pois permite aos novos escritores que colguen en Internet as súas obras.

- Europa Press, “A Biblioteca Virtual publica os novos escritores”/“A Biblioteca Virtual Galega brinda ós novos autores poder publicar”/“A Biblioteca Virtual Galega, unha oportunidade

para os novos escritores", *O Correo Galego*/*El Progreso*/*El Correo Gallego*, "AFA"/"Cultura y comunicación"/"Cultura", 14 abril 2002, p. 50/p. 75/p. 76.

Dá conta da presentación da Biblioteca Virtual Galega (BVG) que tivo lugar en Santiago durante as XIIª Xornadas de Lingua e Literatura. Indica que nesta web se poden atopar libros de literatura galega consagrados e que os novos escritores poden colgar os seus textos, coa posibilidade de recibir comentarios dos demais lectores. O obxectivo da web, que tamén ofrece un apartado con "Recursos de lingua", é contribuír á normalización da lingua oral galega e ofrecer unha canle de publicación aos escritores.

- EP, "O campus da Coruña e a RAG asinan o proxecto da Biblioteca Virtual Galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 agosto 2002, p. 68.

Informa de que o presidente da Real Academia Galega e o rector da Universidade da Coruña asinaron un convenio no que ambas institucións se comprometeron a colaborar no proxecto da Biblioteca Virtual Galega. Así mesmo sinala que este consiste en facilitar o acceso á obra escrita en lingua galega e aos seus autores a través das novas tecnoloxías

da información. Tamén fai referencia a que as dúas institucións colaborarán noutros proxectos como por exemplo a creación do portal da Real Academia.




- P. L., “Los fondos de la Real Academia Galega, disponibles en Internet”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 1 agosto 2002, p. 20.

Dá conta de que a Biblioteca Virtual Galega é un proxecto no que están unidas a Universidade da Coruña e a Real Academia Galega, xa que a primeira achega a tecnoloxía necesaria e a segunda ofrece os seus fondos documentais para a súa dixitalización. Indica ademais que no convenio que asinaron ambas institucións se prevé a creación dun portal para a Real Academia.

- Manuel Forcadela, “Proximidades e distancias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, 10 outubro 2002, p. II.

Comeza comentando cómo foi o seu contacto persoal co mundo dos ordenadores a mediados da década dos oitenta para logo facer un repaso de cómo evolucionou Internet en

Galicia. Opina que Galicia, a súa lingua e a súa cultura reaccionaron con certa lentitude ás posibilidades do invento xa que, como di, aínda hoxe hai moitos puntos de Galicia que non dispoñen dunha telefonía que permita o seu acceso. Aínda así, destaca a cantidade de páxinas en galego e critica a falta de actualización. A seguir expón dous modelos de páxinas que lle parecen funcionais: aquelas que se dedican a amorear textos e información, poñendo como exemplo disto a Biblioteca Virtual Galega, e aquelas que son quen de servir información recente, destacando que é neste segundo modelo onde se produce un dos principais baleiros en Galicia. Nun cadro á parte refírese a que “O Ximnasio de Academo”, páxina web que naceu hai dez anos, superou con moito as expectativas iniciais, a xulgar polo número de visitantes. Ademais enumera cales son os distintos apartados literarios que presenta e destaca que esta iniciativa persoal foi punto de partida para outras páxinas dedicadas á literatura.




Bierzo Cultura
(www.bierzocultura.com)

Bravú
(www.bravú.net)

Referencias varias:

- B.L., “Bravu.net avanza o último traballo da banda deseñada de Kiko Dasilva”, *Diario de Pontevedra* “Cultura&Ocio//Agenda de Servicios”, 5 abril 2002, p. 73.

Resume os contidos da web bravu.net, onde se pode atopar información sobre música, teatro, exposicións, cuestións que afectan a Galicia, etc. Destaca que na súa sección de novas bravu.net dá conta das novidades no mundo do cómic: dunha banda, avanza *Maiópoli*, cómic de Kiko Dasilva sobre a creación dun sindicato e as súas funcións sociais; da outra, ofrece a serie da banda deseñada dixital feita por Kike Benlloch e Jano, *Os fillos do Napster*, onde se contan as peripecias de tres universitarios.

Britonia
(www.pangalaica.com/britonia/inicio.htm)

El Caserón de Milagros Oya
(www.nenos.com)

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
(www.cirp.es)

Colectivo de Escritores do Eo-Navia Cotarelo Valledor
(teleline.terra.es/personal/cvalledor)





Consello da Cultura Galega
(www.culturagalega.org)

Referencias varias:

- Belén López, “Dúas páxinas web de Pontevedra optan ós premios anuais de AUI”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura&Ocio”, 10 xaneiro 2002, p. 73.

Dá conta da convocatoria dos premios Anuais da Asociación de Usuarios de Internet, nos que hai cinco categorías. Explica que varias páxinas galegas teñen opcións a gañar algún premio, entre elas a web do Consello da Cultura Galega, que recibiu premios similares e que presentou a súa candidatura á dúas categorías: Mellor Web Española e Mellor Web Española de Ocio e Entretemento.

- E.P., “O portal do Consello da Cultura cambia de formato cun web ‘máis sinxelo e práctico’ no que priman os contidos”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 22 xuño 2002, p. 76.

Dá conta dos cambios de formato no portal do Consello da Cultura Galega, que funciona dende outubro de 2000. A web, que pretende divulgar e achegar a cultura galega ao público mais novo a través da rede, modificouse en base a uns criterios de "racionalismo e desnudez", para dar máis importancia aos contidos.

-Europa Press, "Culturagalega.org cambia de imaxe", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí. Agenda de servicios", 25 xuño 2002, p. 72.

Anuncia o cambio de formato do portal do Consello da Cultura Galega co que este órgano quere facilitar o acceso á información do usuario. Recolle as palabras do presidente do Consello da Cultura Galega, Alfonso Zulueta, e do coordinador da sección de comunicación, Xosé López, que foron os encargados da presentación.

Çopyright
(www.udc.es/dep/lx/cac/sopirrait/)





Día das Letras Chairegas
(www.letraschairegas.com)

Día das Letras Galegas
(www.diadasletrasgalegas.com/)

Edicións do Cumio
(www.cumio.com)

Edicións Embora
(www.edicionsembora.com)

Edicións Xerais de Galicia
(www.xerais.es)

Ediciós do Castro
(http://www.sargadelos.com/ga/edicios.html)

Editorial Casals
(www.editorialcasals.com)

Editorial Galaxia
(www.editorialgalaxia.es/)

Editorial Kalandraka

(www.kalandraka.com)

Especial Letras 2002
(http://mais.vieiros.com/letras2002)

O Espello
(www.terravista.pt/Enseada/6172/espello/index.html)

Estudios Galegos
(www.vieiros.com/estudiosgalegos)

Fernando Rios
(www.terra.es/personal2/trasgos)





Fillos de Galicia
(www.fillos.org/fillos/)

Foro literario
(www.geocities.com/foroliterario/FLGalegoN.html)

Fundación Castelao
(http://terra.es/personal/castelao/)

Galicia Dixital
(http://www.galiciadigital.com/)





Galicia Solidariedade
(http://www.chantada.com/solidariedade/)

Galicia Viva
(www.galiciaviva.org)

GÁLIX
(www.oepli.org/galix)

Grupo Edelvives
(www.edelvives.es)

Instituto da Lingua Galega
(http://www.usc.es/ilgas/)

Jaureguizar
(www.geocities.com/jaure2000)

Kiko Neves
(www.arrakis.es/~kikoneves/)

La maleta
(http://ovillan.com)

Libraría Couceiro

(www.iaga.com/couceiro/index.stm)

A Lingua das Cantigas. Congreso da Lingua Galego-Portuguesa na Rede
(www.vieiros.com/galego.org/linguadascantigas/index.html)

Lúa Gris. Espacio para a poesía galega
(http://www.luagris.net/)

Marilar Aleixandre
(www.terra.es/personal8/rfacal/)

Museo Castelao
(www.museocastelao.org)





Nadir
(www.arrakis.es/~rojea/nadir.htm)

Necesariamente X
(http://mais.vieiros.com/necesariamentex)

A Nosa Terra
(www.anosaterra.com/)

Omnibus
(www.revistaomnibus.com/)

Referencias varias:

- AFA, “Nace Omnibus, unha revista virtual da que se poderán baixar libros galegos”, *O Correo Galego* “AFA”, 6 xuño 2002, p. 33.

Dá conta da presentación da revista virtual *Omnibus*, que terá lugar en Compostela. A revista, que nace co obxectivo de ser un transporte de ideas, debate e cultura crítica e cunha periodicidade bimensual; conta con sete seccións temáticas: Rede, Norte-Sur, Lingua e Sociedade, Política, Literatura, Música, Ecoloxía e O atraso psicolóxico da Galiza; permite, ademais, descargar libros en galego (o primeiro deles, *Coloquio de 24 gallegos rústicos* de Sarmiento) e conta cun apartado titulado “5 minutos”, que é unha escolma de novas. No acto de presentación actuará o novo grupo de Uxía Pedreira, Ecléctica Ensemble.

-AFA, “Danzar na rede”, *O Correo Galego*/ *El Correo Gallego*, “AFA”/ “Cultura”, 8 xuño 2002, p. 30/p. 75.

Explica que o acto de presentación da revista virtual *Omnibus* tivo lugar onte en Santiago e que nel participaron Xosé Ramón Pichel e Diego Vázquez Rey, ambos membros de Imaxin Software. Sinala quen é o responsábel de cada unha das partes temáticas da revista; informa da existencia dun apartado chamado Fotomnibus, onde os internautas poden enviar imaxes e artigos e lembra a posibilidade de descargar libros. Finalmente, indica que o acto foi clausurado coa actuación de Ecléctica Ensemble.

Patronato da Cultura Galega
(www.internet.com.uy/pcgalega)

Páxina de Avelaíña
(http://geocities.com/Area51/Shadowlands/7336/index.htm)

A páxina de Heracles

(http://www.terravista.pt/IlhadoMel/4424/index.html)

O Pica-Folla
(http://www.o-pica-folla.org)

Polaqia
(www.inicia.es/de/kikebenlloch/polaqia)

Por conto alleo
(www.vieiros.com/rlts.asp)

O Q do mundo
(www.ctv.es/USERS/luz)





Sala Nasa
(www.salanasa.com)

Sotelo Blanco
(www.corevia.com/~sotelo/index.html)

Suso de Toro
(www.ywz.com/susodetoro)

Tempus Naturae
(www.geocities.com/Paris/Rue/8653/index2.htm)

Voz de Galicia
(www.lavozdegalicia.com)

Xabier Frías Conde
(teleline.terra.es/personal/roxavi/homepage.htm)

Xanela da cultura
(www.xaneladacultura.com)

Ximnasio Academo
(www.ctv.es/USERS/mforca/home.htm)

Referencias varias:





- Manuel Forcadela, “Proximidades e distancias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 13, 10 outubro 2002, p. II.

Ver Biblioteca Virtual Galega neste apartado do *Informe*.

Xornal Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela
(www.usc.es)

Referencias varias:

- E.P., “Premian la labor comunicativa a través de internet del USC. Xornal Electrónico”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 9 xaneiro 2002, p. 12.

Fai referencia ao premio que a Asociación para o Desenvolvemento da Comunicación Interna concedeu á USC polo seu xornal dixital. Explica que o xornal se edita diariamente,

que ten unhas sección fixas, que se basea na liberdade e na profesionalidade e que informa do desenvolvemento da actividade diaria da universidade.




Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
(www.xunta.es/conselle/cultura/index.htm)





I. Narrativa

I. 4. Antoloxías

Rei Lema, Xosé María, *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*, Cee-A Coruña: Concello de Cee/Asociación Neria, 2001, 127 pp. (DL: C-1603-01).•

Estamos perante unha antoloxía literaria –poesía e narrativa– de textos, íntegros ou fragmentarios, que tocan algún aspecto da Costa da Morte, xeograficamente dende Malpica ata Fisterra. Cómpre sinalar que teñen cabida textos escritos en galego, español ou portugués e que están organizados por orde cronolóxica de edición, e xebrados en dous apartados "Libros" e "Publicacións periódicas". O primeiro apartado abrangue dende Antonio Rioboo e Seixas con *La barca más prodigiosa…* (1728) ata o volume colectivo *TreZe. V Concurso de Relatos da Costa da Morte* (2001), mentres que "Publicacións periódicas" o fai

dende Pepe de Xan Baña cun texto datado en 1899 na revista habaneira *Follas novas* ata Lupe Gómez cun relato publicado no nº 4 da revista *Bravú* en 2001. Cada texto está precedido por unha breve aproximación ao seu autor e ao texto reproducido. Entre o amplo abano de autores compilados temos, entre outros a Rosalía de Castro –*La hija del mar* (1859), *Cantares gallegos* (1863)–; Eduardo Pondal –*Queixumes dos pinos* (1886), *Os eoas* (1992)–; José Ángel Valente –*Breve son* (1968)–; Nélida Piñon –*O calor das coisas* (1980)–; Manuel Rivas –*Libro do Entroido* (1980), *Mohicania* (1986), *Ningún cisne* (1989), *Galicia, el bonsai atlántico* (1989), *Os comedores de patacas* (1991), *Toxos e flores* (1992), *En salvaxe compaña* (1993), *Que me queres, amor?* (1995), *Costa da Morte Blues* (1995), *El periodismo es un cuento* (1997), *Ela, maldita alma* (1999), *A man dos paíños* (2000)–; Manuel María, Darío Xohán Cabana, Mónica Góñez, etc., dentro do apartado "Libros", mentres que en "Publicacións periódicas", que é máis pequeno, temos entre outros un fragmento do relato "Xureliña" publicado en 1982 en *Dorna*, obra de Ramón Otero Pedrayo.




II. Poesía

II. 1. Poetas galegos

Álvarez Rodríguez, Miguel, *Eu Viaxei Co Vento (Poemas da ribeira do Sil)*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, novembro 2001, 92 pp. (ISBN: 84-8190-224-1).

Poemario de canto e amor á terra, como o propio autor, Miguel Álvarez Rodríguez (Torbeo, Ribas do Sil, 1965), sinala nun pequeno texto de carácter introductorio, este libro divídese en tres partes: unha primeira, titulada “Do outono ao verán”, na que se manifesta de xeito máis vehemente a exaltación e exuberancia da natureza por medio dos seus contornos paisaxísticos estacionais diferenciados e dos fenómenos meteorolóxicos e accidentes xeográficos que condicionan a atmosfera propia da Ribeira do Sil, con pezas escritas entre 1997 e 2001; a segunda, “Catro poemas amorosos”, escrita en 2001 que, sen abandonar de todo o ambiente anterior, se centra nun plano de expresión de gabanza da muller como obxecto de amor; e seis “Poemas soltos”, para rematar, escrita entre 1984 e 1995 que

redunda máis nun intimismo solitario e metafísico que se confunde por momentos coa paisaxe.




González, Ismael, *Adicado a vós (Poemas en galego)*, antoloxía de Eva González Esteban, Ponteareas: Edicións Alén-Miño, xullo 2001, 65 pp. (ISBN: 84-930739-1-1).

Adicado a vós é unha selección de trinta e oito poemas (dous deles en castelán) escritos por Ismael González entre o ano 1998 e o 2000. Na contracapa do libro asina unha nota paratextual Xosé Neira Vilas, a través da cal se nos informa brevemente do perfil vital do autor do poemario, "home de moitos oficios e camiños". As composicións tenden á sinxeleza formal (metros curtos, ritmo marcado, rimas consoantes), á presencia de elementos naturais, paisaxísticos e folclóricos dotados dun simbolismo pouco elaborado ("A volvoreta", "O xílgaro", Nos vales do Tambre", "O peixiño", "Saramago verde", "Cantigas do gaiteiriño de Lugo") e ao ton ora biográfico ("en cada poema hai coma un lóstregueo [sic] de vivencias condensadas", di Neira Vilas) ora reivindicativo. O suxeito lírico apela recorrentemente a un destinatario plural, os galegos ou a Galiza (que aparece como "paraíso" estragado polos malos gobernantes foráneos), co fin de estimular a súa conciencia de pobo aínda asoballado e minado polo caciquismo ("Señoritos da merda", "Ermos", "Esperta, Galiza"), o fanatismo relixioso ("Os monxes", "Campanarios de Galiza", "Os mouriscados"), ou o esquecemento do idioma, entre outras herdanzas históricas do presente aquí rememoradas. Tamén se fai

unha homenaxe aos que arriscan a vida no mar (“A costa do sol ponente”, “A lancha”, “Alá, nas costas da Irlanda”), aos emigrados (“Tía Amalia”, “Adeus”), aos pobres do mundo, ás víctimas da Guerra Civil, e a escritores de relevo como Ángel Valente, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Gabriel García-Márquez (Gabo) e Miguel Hernández.




Máiz Togores, José María, *Verbas da terra*, Ames-A Coruña: Concello de Ames, 2001, 79 pp. (DL: C-2625/2001).•

Trinta e seis poemas de carácter paisaxístico de José María Máiz Togores, na súa meirande parte con abundantes referencias toponímicas da comarca da Amaía e localizacións explícitas da cidade de Compostela (prazas, rúas, etc.). A temática agroma dunha forte comuñón co entorno rural e urbano que presenta, pero tamén cos elementos máis tradicionais da entidade cultural galega. As composicións son sinxelas en canto a estructura, métrica e rima. Non hai ningunha subdivisión no corpus poético do libro e remata con catro fotografías, sen información de autor nin lugar, que presentan diferentes paisaxes da comarca referencial do poemario.

II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Crespo, Celestino Luís, *Brétemas mariñás*, presentación de Concepción Delgado Corral, ilust. J. Núñez, Betanzos: Concello de Betanzos, 2001, 60 pp. (ISBN: 84-923797-1-5).•

Edición facsimilar da obra coa que Celestino Luís Crespo (Betanzos, 1913-1965) se adiantou un ano ao poemario *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño. Esta obra editada orixinariamente en 1946 pola imprenta de M. Villuendas é, pois, a primeira obra en galego que rompe o silencio editorial imposto pola Guerra Civil. Esta reedición está presentada por Concepción Delgado Corral quen, a pesar da brevidade da obra e de ter pasado desapercibida para a crítica, destaca que esta é realmente a obra inaugural da literatura galega na posguerra. Ademais salienta que ao ser esta unha época de declive, esta obra supuxo un retroceso a moldes tradicionais, aínda que os autores seguidos sexan da talla de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. Despois desta introducción reprodúcense os poemas que van divididos en cinco seccións tituladas “Os rumorosos”, “Recordo”, “Rimas”, “A ti” e “Pasóu un recordo”. Todas elas conteñen poemas breves con predominio dos versos de arte menor, que se achegan a temáticas como a costumista ou a intimista.

Pastor Díaz, Nicomedes, *Égloga de Belmiro e Benigno/Alborada*, prólogo de Ramón Nicolás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Concello de Viveiro, 2001, 49 pp. (ISBN: 84-8302654-6).•

Edición facsimilar da obra publicada en 1951 por Xosé María Álvarez Cáccamo *Égloga de Belmiro e Benigno* e a *Alborada*, de Nicomedes Pastor Díaz (Viveiro, 1811-Madrid, 1863), publicada agora por Edicións Xerais de Galicia en colaboración co Concello de Viveiro con motivo da celebración, o día 23 de xuño de 2001, do acto de entrega dos Premios Xerais de Novela na súa XVIIIª edición e Merlín de Literatura para nenos na súa XVIª edición. Conta cun prólogo de Ramón Nicolás no que ofrece algúns datos biográficos de Pastor Díaz,refírese á súa pouca producción en galego e céntrase na edición de 1951 de ÁlvarezBlázquez, na que sinala que este lle atribúe o poema "Égloga" a Nicomedes Pastor Díaz a través dunha análise "breve pero substanciosa". Tamén explica a estructura de ambos poemas, sinalando que a "Alborada", composta por dezaseis estancias de versos hendecasílabos e heptasílabos, viu a luz no *Museo Artístico Literario* en 1828, mentres que

a “Égloga” é un conxunto de silvas agrupadas en estancias de catorce versos hendecasílabos e heptasílabos. A seguir, reprodúcese a edición de 1951 publicada porEdicións Monterrey co limiar de X. Mª Álvarez Blázquez e ilustracións de X. Sesto.




II. 4. Antoloxías

Rei Lema, Xosé María, *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*, Cee-A Coruña: Concello de Cee/Asociación Neria, 2001, 127 pp. (DL: C-1603-01).•

Para coñecer o contido de carácter poético que se inclúe neste volume, ver Rei Lema, Xosé María, *Namorados da Costa da Morte. Antoloxía de textos literarios sobre a Costa da Morte*, descrito no apartado I. 4. Antoloxías deste Apéndice do *Informe*.

III. Teatro

III. 1. Dramaturgos galegos

Salgueiro, Roberto, *Historia de María Atrapada. Pequeno tratado de amor precipitado*, A Coruña: Cadernos de Teatro-2ª época/IGAEM, nº 4, 2001, 24 pp. (ISBN: 84-95806-03-7).•

Drama escrito por Roberto Salgueiro (Caracas, 1966) e dedicado a Ibán Toxeiro “en recordo dos bos momentos compartidos” no que asistimos ao encontro de tres personaxes nunha rúa calquera. Marcados pola soidade e pola busca desesperada do amor, Muller e Home, que así son denominados dous deles, manteñen unha conversa na que, malia as reticencias iniciais a falar das súas vidas privadas, acabarán confesándose os seus respectivos fracasos amorosos. A aparición do Outro, que lle propón a María que se amen porá punto e final á relación que parecía que ía manter co Home e desemboca no tráxico final da súa morte a mans do Home, que celoso se sente rexeitado e non o atura. A soidade dos seres

urbanos, a busca precipitada do amor e a violencia de xénero son tres dos puntos fundamentais sobre os que se asenta o argumento desta peza.

V. Ensaio. Teoría xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Abuín, Anxo, *Teatro, cerimonia e xogo. A traxectoria teatral, literaria e cinematografía de Euloxio R. Ruibal*, Lugo: Editorial Tris Tram, col. Máscaras, nº 1, 2001, 330 pp. (ISBN: 84-89377-30-8).•

Volume colectivo no que, a través de diversos traballos, estudiosos galegos se achegan á traxectoria de Euloxio Ruibal (Ordes, 1945) e ás súas diversas facetas artísticas. Deles damos conta de seguido:

- Anxo Abuín González, “Euloxio R. Ruibal: Glosario”, pp. 9-25.

O traballo de A. Abuín, dividido en once epígrafes, constitúe unha sorte de taxonomía analítica e exemplificada dos aspectos clave para a hermenéutica da dramaturxia de Euloxio

Ruibal. Así, segundo sostén o autor, é recorrente nela a presencia do rito e do xogo, do irracional, o mítico e o máxico (conectando deste xeito a obra de Ruibal “coa tradición cultural na que se inscribe”); como tamén do absurdo, a crueldade, e a violencia verbal liberadora. Por outra parte, sinala Abuín a liña experimental de tendencia antirrealista en que se inscribe o dramaturgo, co influxo de Artaud e sobre todo de Brecht; o recurso ao metateatro, á carnavalización (transgresión) e ao dialoxismo. Destacan tamén, polo seu peso específico no conxunto, o escatolóxico (tanto na dimensión apocalíptica da palabra, cos signos e símbolos de destrucción e morte que adoitan posuír as creacións de E. Ruibal; como no senso médico do termo, aludindo sen eufemismos aos tabús da cultura oficial e mesturando o sagrado e o grotesco), o nihilismo e a concepción do tempo como eterno retorno, e mais o neoexpresionismo (deformación artística para documentar a fealdade inherente ao mundo que se retrata).




- Laura Tato, “A obra dramática de Euloxio R. Ruibal”, pp. 27-39.

Tras situar a Euloxio Ruibal dentro do denominado “Grupo Abrente”, e sinalar a súa capacidade para conxugar o mellor da nosa tradición dramática (Castelao, Blanco Amor)

coas tendencias europeas de vangarda e para levar a cabo unha arte comprometida coa realidade social e política do país, Laura Tato reúne e comenta neste relatorio os títulos que constitúen o conxunto da producción dramática publicada do autor dende a súa estrea nos anos 70. Repásanse, así, *Zardigot* (Premio Abrente 1973), *A sonada e proveitosa enchenta do Marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida*, *O cabodano* (Premio Abrente 1975), *Cousas da morte*, *A volta do vello emigrante* (1979), *Teatro Infantil* (1988), *Brinquemos ó teatro* (1990), *Azos de esguello* (Premio Álvaro Cunqueiro 1989), *Teatro mínimo* (1991), *Maremia* (1996), *O son da buguina* (1999), *Unha macana de dote* (1990), *Vive a túa vida*, (1991) e *A greta Chirintolas* (1996). Os elementos que dan unidade á práctica totalidade destas obras son, segundo afirma a estudiosa, o sexo e a violencia. Moi frecuentes tamén na dramaturxia de Ruibal son a crítica política, a denuncia, o teatro ritual,




o expresionismo, a ironía, etc. Conclúe Tato que a súa é unha aproximación inconclusa, xa que o autor “aínda pode dar o mellor de si mesmo”.

- Miguel Pérez Romero, “Aspectos populares no teatro de Euloxio R. Ruibal”, pp. 41-55.

O autor do artigo demostra cómo o conxunto teatral de Ruibal, coa única excepción de *Azos de esguello*, recolle e recrea de diversos modos varios elementos —algúns dos cales se poden cualificar eles mesmos como parateatrais— do rico patrimonio folclórico tradicional galego, sen con isto "contradicir o seu carácter experimental e vangardista e lonxe de calquera tentación costumista". Entre eses elementos populares presentes nas pezas do dramaturgo estudiado figuran o Entroido e o grotesco, o pranto e as ladaíñas, a parodia das cerimonias rituais litúrxicas, o banquete, a queimada e o seu conxuro, a maxia negra ou branca, o marabilloso e fantástico (entes do alén, personaxes enmeigados, animais humanizados ou seres humanos animalizados), o lirismo e o humor. Como conclusión, Pérez Romero subliña dunha banda que a cuestión por el esbozada precisa dun tratamento máis pormenorizado e profundo, e doutra insiste no feito de a cultura popular ser tratada por Euloxio Ruibal "sempre cunha función dramática e expresiva concreta e nunca como mero marco referencial".

- Camilo Fernández, "Hermeneuse de *Zardigot*: traxedia, existencialismo e sicoanálise", pp. 57-102.




Neste caso o foco de interese é a penas unha peza dramática de Euloxio Ruibal, a cal se somete á análise baixo varios puntos de vista, a saber: a xa "clásica" *Zardigot*, primeira obra publicada do autor teatral e coa que gaña o Premio Abrente en 1973. A modo de introducción, Camilo Fernández fai un encadre do obxecto de estudio, remitíndonos á Ribadavia das Mostras de Teatro Galego, aludindo á renovación teatral consumada entorno da Agrupación Cultural Abrente e os seus galardoados, e dando unhas indicacións sobre o estilo, a recepción, o argumento, etc. de *Zardigot*. A seguir, para realizar a achega hermenéutica que se propón, o estudioso localiza tres dimensións ou "planos de sentido" na obra: un "histórico-ideolóxico" (denuncia da barbarie que supuxo a Guerra Civil española, erixíndose así a peza nunha alegoría sociopolítica), outro "filosófico-existencial" (porque, segundo sostén Fernández, *Zardigot*, "baixo a apariencia [sic] dunha simple fábula bélica", reflexiona sobre os grandes temas que preocuparon á filosofía existencialista) e un último "sicoanalítico" (coa aparición dramatizada das pulsións instintivas de Eros e Thánatos, das represións, de complexos como o de inferioridade ou o de Edipo; e, incluso, coa inclusión dunha cerimonia sicodramática no lance XI que vén representar o conflicto sico-sexual incestuoso que se da entre Xaquín e Sabela).

- Dolores Vilavedra, “Apuntes para unha análise da recepción de *Zardigot*”, pp. 103-112.

Abórdanse as modalidades de recepción coas que foi acollido *Zardigot* coa intención de valorar mellor a función alboral que a peza desempeñou sincrónica e diacronicamente no teatro de Euloxio Ruibal e na periodización da producción teatral das últimas décadas. Saliéntase como o conxunto da producción teatral de Euloxio Ruibal foi a que antes se abordou desde unha perspectiva analítica de entre todos os autores da “Xeración Abrente”, e a que xerou un maior número de estudios, o que para a autora evidencia a consideración implícita do autor ou do texto xulgado como canónicos, reducíndose ou eliminándose a fase crítica da súa recepción. Así, a autora recolle algunhas das valoracións que circularon pola prensa sobre o autor cando gañou o Premio Abrente, e a recepción da estrea de *Zardigot* en 1975 tamén lle serve a Dolores Vilavedra para confirmar a súa hipótese da prevalencia do que denomina “valencia lingüística” e logocentrismo do sistema teatral galego. A seguir sinálase que a “fase preceptiva” do proceso de recepción da peza estivo condicionada polo carácter fundacional da mesma, e que a “fase de interpretación” se desenvolveu sen un contexto galego que actuase como marco de referencia. Así, dada a escasa recepción crítica coa que contou a obra, subliñouse por parte da crítica o interese que suscitou fóra

das fronteiras galegas, e a recepción analítica esforzouse en relacionala con “parentes ilustres” (a Nova Narrativa ou o teatro de Brecht) como mecanismo de lexitimación. Sinálase a desorientación do público ante a representación da peza e a tensión producida entre unha interpretación concreta (a guerra como referencia á guerra civil) e outra universal (a guerra como trasunto de todas as guerras), o que pon de manifesto o carácter abstracto e elíptico da peza. Saliéntase por último a coherencia da traxectoria de Ruibal e a capacidade da obra para resultar funcional ao longo do tempo, o que é recoñecido pola crítica como un valor canónico.




-Cristina Blanco González, “Achegas para a comparación entre *Madre Coraxe e os seus fillos* e *Zardigot*”, pp. 113-138.

Comeza facendo unha sucinta exposición da teoría do teatro épico de Bertolt Brecht (fronte ao teatro dramático), para analizar despois a súa aplicación en *Madre Coraxe e os seus fillos*. A seguir a autora céntrase en *Zardigot,* e tras unhas consideracións xerais sobre a obra estúdianse as técnicas empregadas por Brecht e Ruibal para conseguir o efecto do distanciamento, centrándose naquelas que comparten as dúas obras analizadas, aínda que

estean presentadas en cada unha de maneira diferente. Así compárase o uso que ambos autores fan de técnicas como o distanciamento histórico, a función e evolución de determinados personaxes, os decorados, iluminación e música, o coidado pola lingua do texto, a utilización dun personaxe que ao nos ofrecer o seu punto de vista actúa como unión entre a representación e o patio de butacas e tamén como elemento perturbador ao contribuír a destruír a ilusión de realidade, o uso continuo de indeterminacións temporais, anacronismos, prolepses e analepses, ou a estructura interna de ambas obras. Finaliza sinalando como a pesar das moitas coincidencias, Euloxio Ruibal non asume na súa totalidade as técnicas brechtianas, e é aí onde a autora sitúa a mestría de Ruibal ao buscar este unha actitude distante e crítica do espectador colocando o público nun lugar máis conectado co pasado inmediato e nunha posición menos distanciada do pasado histórico daquela na que Brecht situaba o seu público.




- Carmen Becerra, “O mito do poder nunha farsa de Euloxio R. Ruibal”, pp. 139-154.

Abórdase o tratamento do mito do poder en *A sonada e proveitosa enchenta do Marqués de Ruchestinto no derradeiro século da súa vida.* Comézase repasando o debate que

manteñen diversos estudiosos (Lévi-Strauss, Edmund R. Leach, Malinowski, Paul Ricoeur...) sobre a funcionalidade do mito, para chegar ás reflexións sobre personaxe e mito de Francisco Ruíz Ramón, concluíndo que o Marqués de Ruchestinto de Ruibal sería a máscara dun 'personaxe' mítico, o Poder, que remite a modelos orixinais de estrutura social, "ás relacións de xerarquía e/ou de autoridade entre os integrantes dun grupo social organizado". Sinálanse as diferencias entre esta obra e *Zardigot* e *O cabodano*, onde tamén se abordaba o tema do poder. Logo de sintetizar os dous actos nos que se divide a obra, arguméntase a caracterización xenérica desta como unha farsa. Sinálase como os personaxes responden a tipos que encarnan o poder e os seus vasalos en perfecta xerarquía en función do poder (sostida por un irracional respecto e sobre todo por medo ao castigo), e como todas as figuras se reducen a un esquema funcional que reflicte a relación entre amos e escravos na súa dimensión máis rexeitábel e degradada. Finaliza pondo en relación a obra de Ruibal con outras como *Ubú rei* de Alfred Jarry, *O rinoceronte* de Ionesco, *Marat-Sade* de Peter Weiss ou *Farsas para Títeres* de Eduardo Blanco Amor e *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao.

-Manuel F. Vieites, “*O cabodano*: comunicacións patolóxicas e conflicto dramático. Notas dispersas para unha dramaturxia posible”, pp. 155-208.

Comeza o autor relatando tres experiencias determinantes na súa formación teatral: a súa participación nun proxecto de posta en escena de *O cabodano*, de Euloxio Rodríguez Ruibal, entre xaneiro e maio de 1982, que non se chegou a estrear mais que supuxo unha inmellorábel ocasión para iniciar unha aprendizaxe teatral e un achegamento ás posibilidades analíticas e terapéuticas de procedementos, técnicas e metodoloxías de carácter dramático; a súa participación nun Obradoiro de Teatro que se creou na Universidade Popular de Corcubión entre 1981 e 1983, para crear un espectáculo a partir doutro texto de Ruibal, *A sonada e proveitosa enchenta do Marqués Ruchestinto*, outra proposta que tampouco callou; e a coordinación dun taller que concluíu coa posta en escena do alumnado de textos recollidos en *Teatro mínimo* (1991) en 1993. Confesa que estas e outras experiencias lle permiten agora analizar a obra de Euloxio R. Ruibal dende unha perspectiva que suma ás técnicas de análise e interpretación da Teoría e da Crítica Literarias, as metodoloxías propias da teoría e da práctica da posta en escena. O corpo do artigo baséase na exploración de *O cabodano*, un texto que considera relevante no

conxunto da obra do autor polos numerosos valores que reúne e as lecturas que suxire, á luz das achegas da “teoría da escena” desenvolvida por psicodramatistas como Jaime Rojas Bermúdez, Carlos Martín Bouquet ou Eduardo Pavlovsky; das contribucións de sociólogos especializados no estudio da interacción social, como Erving Goffmann; dos traballos de autores que analizan as relacións entre teatro e comportamento ritual como Victor Turner e Richard Schechner; ou de estudios agrupados ao redor da “teoría da comunicación”, promotores do “enfoque sistémico” nas ciencias da conducta, como Paul Watzlawick, Edward T. Hall, Gregory Bateson, Ray L. Birdwhistell ou Jürgen Habermas. Dá conta, así, dunha lectura que abandona o plano político presente no texto para se centrar no plano persoal, na ideoloxía da vida cotiá, nos conflictos latentes que se manifestan na comunicación interpersoal e na conducta dos personaxes, para intentar establecer “cal é a historia real que en certa medida oculta o xogo de roles que se presenta no ritual, na “cerimonia de laios e salaios” que constitúe *O cabodano*”.




- Inmaculada López Silva, “O son da buguina: xogos de ficción ou novidade saudosa”, pp. 209- 227.

Aproxímase á última obra dramática de Euloxio Ruibal, *O son da buguina*. Sinala que con esta obra o dramaturgo pretende presentala como un "anuncio de novas épocas para a literatura galega". Inclúea dentro das pezas de carácter tráxico-realista, como *Zardigot* (1974), *O cabodano. Cerimonia de laios e salaios* (1977) e *Maremia* (1996). Ademais, sinala a relación que existe entre o teatro do dramaturgo e a Nova Narrativa Galega, pola súa temática existencial, a inclusión do absurdo na cotidianeidade, a innovación europeísta, entre outras. Segue comentando que na obra predomina unha ollada nostálxica sobre a Galicia espallada polo mundo e do cambio no teatro de Ruibal a partir dos oitenta cara a unha liña satírica e paródica, sinalando a adecuación da obra aos novos tempos que a dramática galega está sufrindo dende os noventa. Por outro lado, afonda nas características temáticas que máis sobresaen na peza, o pesimismo e a angustia existencial. Relaciona elementos tradicionais coa ollada absurda e surreal do ser humano cunha linguaxe sinxela e sintética. Así mesmo, destaca a importancia das acoutacións, do significado que teñen na obra, onde o lector está disposto a ser crítico co estatuto ficcional e está obrigado a analizar e cuestionar. Sinala que da obra tamén se desprenden notas de cosmopolitismo, salvaxismo e agresividade do ser humano, a abolición da tradicionalidade, así como a presencia de elementos rituais e parateatrais. Finalmente, céntrase na imaxe da buguina como símbolo

da vida, que trata de paliar cun ton nostálxico a visión desesperanzada do mundo, e no mar como ámbito de liberdade e inmensidade. Remata subliñando que con esta peza se celebran vintecinco anos dende a publicación de *Zardigot*, xa que conflúen as teimas estilísticas e temáticas presentes en toda a obra dramática.

- Mª Teresa Vilariño Picos, "De 'Cartel de cego' a *Casarriba*. A *fantástica viaxe* narrativa de Euloxio R. Ruibal", pp. 247-281.

Estudio detallado sobre a narrativa de Euloxio R. Ruibal. Segundo a articulista, tanto Manuel Bragado coma X. González Gómez coinciden en afirmar que as dúas constantes principais na narrativa de Ruibal son a ironía e a oralidade, acompañadas pola presencia do fantástico. A seguir, analiza, con detalle, a presencia destes tres elementos fundamentais da narrativa de Ruibal, baseándose nos estudios e teorías de autores como os xa citados, Manuel Bragado e X. González Gómez e outros como Anxo Tarrío, W. Propp, A. J. Greimas ou Philip Hamon, entre outros. Cómpre engadir, así mesmo, que as obras analizadas neste estudio son *De corpo enteiro*, *A fantástica viaxe de Sabela* e *Casarriba*. Para concluír, a articulista comenta que, dende "Cartel de Cego" ata *Casarriba*, Ruibal desenvolve unha

narrativa “moi coidada tecnicamente, moi meditada na súa estructura”. Ao final do artigo aparece unha bibliografía das obras consultadas.




- Norma Rodríguez González, “Euloxio R. Ruibal, creador fílmico”, pp. 283-302.

Amplo artigo no que se analiza, con detalle, as características do guión cinematográfico, “susceptible dunha análise textual autónoma dende a perspectiva literaria”. Para comezar, cítanse as distintas teorías de estudio relacionadas cos vínculos de intersección entre o sistema narrativo e o fílmico. Despois desta breve introducción, a articulista mergúllase na análise da cinematografía na traxectoria de Euloxio R. Ruibal, na que se fai eco de que o dramaturgo quixo inicialmente facer cine. Máis tarde e como consecuencia do seu contacto co mundo do teatro a través dos grupos Ditea e Obradoiro, comezou a escribir teatro. A continuación, cítanse tres puntos de interese na cinematografía de Ruibal. Trátase do traballo “onde se da unha implicación directa no proceso de filmación, no que se combina a dirección coa escritura de guións”; en segundo lugar, “a presencia do cinematográfico na producción dramática” e, finalmente, “o seu labor como guionista”. A seguir, alúdese á actividade do autor co grupo teatral Lupa, durante os anos setenta e cita algunhas das obras

de ficción do grupo como *Catro por catro* (1971), *Holocausto* (1972), *Inqueda volta* (1973) e *Berros na cova* (1973). A continuación, analízanse dúas obras do autor, nas que se aprecia a técnica cinematográfica. Trátase de *Zardigot* (1974), obra coa que se dá a coñecer, e *Azos de esguello* (1990), peza coa que volta á escrita dramática despois dunha década de silencio. No apartado "O gran vendedor" analízase este texto, publicado no ano 2000, e que pretende "ser levado ó celuloide". Estúdiase a temática de *O gran vendedor*, que "entronca coa liña iniciada en teatro con *Azos de esguello* e continuada en *Unha macana de dote*. Por último, ofrécese unha bibliografía na que se citan as obras do autor e as consultadas pola articulista.




- Inmaculada López Silva, “Euloxio R. Ruibal: vintecinco anos de vivir e escribir en Galicia (Apuntes biobicliográficos)”, pp. 303-325.

Ofrécese un amplo estudio sobre a vida e a obra do dramaturgo nado en Ordes, Euloxio Rodríguez Ruibal. Nun primeiro apartado titulado “Da vida e da literatura. Notas para unha cronoloxía”, analízase, con bastante detalle, a vida do dramaturgo, así como a influencia dos seus amigos na súa obra. Cítanse, así mesmo, algúns textos do autor como *A sonada e*

proveitosa enchenta do marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida (1975), *O cabodano. Cerimonia de laios e salaios* (1977), *Cousas da morte* (1977), *A sombra do bon Celidonio* (1977), *Unha macana de dote* (1991), *Azos de esguello* (1991), *A fantástica viaxe de Sabela* (1992), *De corpo enteiro* (1994), *Maremia* (1996) ou *O son da buguina* (1999), entre outras. No apartado “Vintecinco anos de cultura: bibliografía de Euloxio R. Ruibal” ofrécese unha cronoloxía detallada de toda a producción do autor nos eidos do teatro (obras dramáticas en volumes individuais e obras dramáticas en prensa, revistas ou volumes colectivos), a narrativa (libros de relatos e novelas), literatura infantil (teatro e narrativa), guión cinematográfico, ensaio (estudios sobre teatro, artigos de divulgación sobre teatro, críticas de espectáculos teatrais, estudios sobre artes plásticas e libros). Por último, en “Unha escolma bibliográfica -(im)posíbel sobre Euloxio Ruibal e a súa literatura” ofrece unha lista de artigos en revistas especializadas e volumes de crítica colectivos, limiares e estudios introductorios aos seus libros, artigos de prensa, entrevistas e referencias en monografías de carácter histórico e crítico en xeral.




Máiz Togores, José María, *Aturuxos (figueiriñas que plantei) (Colaboracións no Correo Galego de Santiago de Compostela, novembro 1999-agosto 2000)/Peito de bronce (Publicado no Correo Galego dende abril ata outubro do 2000)*, Ames-A Coruña: Concello de Ames, 2001, 63 pp. (DL: 2622/2001) (DL: 2623/2001).•

Obras de José María Máiz Togores que recollen unha serie de artigos publicados polo autor no Correo Galego compostelán dende novembro do 1999 ata outubro do 2000, no primeiro volume, e dende abril ata outubro do 2001, no segundo. Neles trata de diversos autores e persoeiros galegos como Rosalía de Castro, Macías o Namorado, Eduardo Tejero, a Raíña Lupa, Wenceslao Fernández Flórez, don Gaiferos de Mormaltán, Pura Vázquez ou dona Ernestina a xenerala, entre outros moitos. Fala, así mesmo, de temas relacionados con Galicia, a súa historia e tradicións en artigos como “A badalada da terra”, “Lembrando o mar”, “Castalia de pedra”, “O Pico Sacro”, “Corticela”, “O traballo na horta”, “A Amaía”, “O carro e maila nena”, “A véspera da festa”, “Noites de can afastado”, “O afiador”, “A mocidade de hoxe”, “Noutra ourela”, “Á Saf”, “A Costa da Morte”, “Galicia verde”; “A mazá”, “Na matanza”, “A choiva”, “As lumias”, “Día das Letras Galegas” ou “O dolmen de Dombate”, entre outros. Por último, fai referencia tamén á muller e ao home no refraneiro popular

galego, aos contos de vello, aos sentimentos en Galicia, aos artigos sen sinatura que “invaden” os xornais, á poesía popular galega ou ás vangardas na literatura galega, entre outros moitos.




Martínez-Risco Daviña, Luís (dir.), *Manuel Curros Enríquez. O home e o seu contexto*, limiar de Luís Martínez-Risco Daviña, Ourense: Duen de Bux, col. Historia. Monografías, nº 1, 2001, 163 pp. (ISBN: 84-932078-0-2).

Volume que recolle unha biografía inédita de Curros Enríquez, escrita por Juan Fernández Pérez “Xesta” en 1916 e que foi consultada por Celso Emilio Ferreiro para elaborar a biografía que el fixera do poeta do Rexurdimento. Tal e como indica Luis Martínez Risco Daviña no limiar da obra esta biografía xa foi superada, polo que pide que se comprenda o momento no que foi escrita. Sinala ademais que, a pesar disto, cre que o público galego ten dereito a ter acceso a un dos primeiros traballos que tratan sobre este gran poeta, polo que creu necesaria a súa publicación. Así mesmo para que o lector contextualice mellor a época de Curros Enríquez complétase o ensaio de Juan Xesta con outros traballos que xiran tamén arredor do celanovés. Os traballos que complementan o xa citado son os seguintes:

- Ernesto Fernández-Xesta y Vázquez, “Biografía de Curros Enríquez”, pp. 11-14.

O autor, neto de Juan Xesta, conta cómo recuperou a obra inédita de seu avó *Biografía de Curros Enríquez* e ofrece algunhas claves dela. Así mesmo indica que, a pesar de ser un texto inédito, non é totalmente descoñecido xa que puido ser consultado gracias á familia que posuía o orixinal.

-Luis Martínez-Risco Daviña, “Sobre Don Juan Xesta”, pp. 17-22.

Aproximación á biografía deste polifacético ourensán que naceu en 1870 e morreu en 1944, descubríndonos o seu interese pola música, a pintura, o debuxo, a literatura e a investigación histórica.

- Ana Vidal Roca, “Sobre desencontros literarios”, pp. 59-93.

Esta autora deixa sobre todo constancia dos desencontros, aínda que tamén das semellanzas, entre Lamas Carvajal e Curros Enríquez, incluíndo tamén notas sobre a literatura e a sociedade do último tercio do século XIX.

- Óscar Freán Hernández, “Curros e o anticlericalismo”, pp. 95-105.

Artigo que se centra no anticlericalismo de Curros Enríquez destacando que o gran enfrontamento entre este autor e a Igrexa católica se produce en 1880 coa publicación de *Aires da miña terra*.

- Alberto Valín Fernández, “Manuel Curros Enríquez e a francmasonería”, pp. 108-120.

Páxinas nas que primeiramente se ofrecen algúns datos sobre a francmasonería en España e logo en Galicia para a continuación apuntar algúns detalles sobre a relación de Curros con esta asociación, aínda que principia por salientar que se sabe pouco da traxectoria masónica deste autor.

- Raúl Soutelo Vázquez, “A emigración galega a Cuba nan época de Curros”, pp. 123- 163.




Artigo que trata sobre a emigración de Curros a Cuba, lugar no que, como se indica, estableceu contacto con outros emigrados que levaron a cabo un importante labor político e cultural.

Peña Saavedra, Vicente (dir.), *Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia (1715-1970)*, limiar de Vicente Peña Saavedra, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)/Museo Pedagóxico de Galicia, 2001, (ISBN: 84-453-3254-6).•

Repertorio en formato CD-Rom no que se recollen aqueles fondos biblio-hemerográficos que atenden a cuestións relacionadas coa educación en Galicia entre os anos 1715 e 1970. Os seus autores son Vicente Peña Saavedra, director do Informe de Investigación e coordinador científico de Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), Manuel FernándezGonzález e Óscar Montero Feijoo. Segundo se indica no limiar, este repertorio ten a súa orixe no catálogo elaborado con motivo da exposición coa que se conmemorou o 150 aniversario en 1999 da fundación da Escola Normal Superior de Santiago de Compostela, no que se recollían referencias de textos escolares, escritos de pedagoxía, prensa pedagóxica ou xornais de carácter escolar. O resultado final da pescuda en bibliotecas, centros de documentación e catálogos deu como froito a catalogación de 1.108 volumes e 254 publicacións periódicas. Tamén se explica que a delimitación temporal de 1715 e 1970 vén dada pola data da primeira edición da obra localizada fisicamente e da promulgación da

Ley General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa. Unha vez feita a instalación deste CD-Rom, o usuario atopa diferentes iconas que o levan a: “Documentos”, no que inclúe a presentación institucional, o propio limiar, as siglas empregadas e as referencias bibliográficas; “Ver”, onde se accede aos fondos recollidos que aparecen estructurados en “Libros e folletos” e “Publicacións periódicas”, dividíndose cada un deles en “Textos escolares”, “Obras pedagóxicas” e “Outros textos”, fronte a “Prensa estudiantil”, “Prensa pedagóxica” e “Prensa institucional”; “Notas”, que dá a opción ao usuario de gardar nelas os rexistros consultados e tamén conta coa icona “Buscar”, a través da que se poden facer as máis variadas consultas por todos e cada un dos campos. Cada unha das fichas elaboradas consta de: “Datos da obra”, no que se ofrece o título, os datos da edición e a súa descrición física; “Datos do autor”, onde se recollen os datos coñecidos do autor de cada obra; e “Outros datos de interese”, onde se dá a clasificación, localización, fontes de referencia e as observacións que se consideran oportunas.




V. 4. Publicacións en revistas

Araújo, Joám Manuel, “Reintegracionismo e opiniom pública na Galiza (1981-2000): algúns contributos”, *Agália*, nº 65-66, “Para a história do reintegracionismo”, 1º semestre 2001, pp. 69-90.

Este artigo comeza co apartado “Publicaçons reintegracionistas na Galicia” no que se describen algunhas das publicacións reintegracionistas galegas, entre as que están *Agália* ou *Já* –continuadora da desaparecida *Gralha*–, así como outras nas que ten cabida a norma reintegracionista como *A Nosa Terra*, *Luzes de Galiza*, *Encrucillada*, *Grial*, *Llengües vives*, *Xo!* ou *Ar!* Finalmente no apartado “Conclusons” destácase que a “presença do Reintegracionismo avançou” mais non “atingiu umha mínima normalidade nos meios de comunicación do país”.

Araújo, Joám Manuel, "*Do músculo da boca*", *Agália*, nº 67-68, "Recensons", 2º semestre 2001, pp. 249-252.

Dá conta do volume *Do músculo da boca* (2001), edición coordinada por Carlos Quiroga, Elias J. Torres e Gonçalo Cordeiro. Sinálase que xurdiu do encontro "Galego no Mundo. Latin em Pó", que tivo lugar en decembro de 2000 en Compostela, e indícanse os diferentes colaboradores deste volume orixinarios de Angola, Brasil, Timor Lorosae, Cabo Verde, Galiza, Guinea-Bisau, Mozambique ou Portugal. Remata subliñando que este volume está inserido nun "projecto grandioso, histórico e exemplar".

Díaz Jácome , Xosé, “Poesías inéditas”, *Monfadal. Revista mindoniense de cultura*, nº 2, “Estelo [Textos inéditos]”, 2000, pp. 97-112.

Como se explica na “Noticia” introductoria, con estes poemas de Díaz Jácome a revista inaugura unha nova sección titulada “Textos inéditos”. Nesta ocasión, son dez as composicións do mencionado autor mindoniense (pertencentes a un arquivo persoal que o seu fillo Juan Ramón Díaz puxo á disposición de *Monfadal*) as que se rescatan do esquecemento, pois trátase de poemas que ficaron fóra dos libros editados. Anúnciase, ademais, unha próxima entrega cos poemas en castelán; para alén dun proxecto máis amplo de publicación da súa obra poética completa. Acompáñanse os textos con ilustracións fotográficas e algunha reproducción do material orixinal, mecanoscrito e manuscrito. Os citados poemas son os seguintes: as odas “Creador de beleza”, “A Xan Montes” e“Agasallo”; a elexía “Lembrando a Álvaro Cunqueiro o silenzo de Modoñedo”; as composicións hilozoístas “Unha vez” e “A lúa e o muíño”; os cantos de Nadal “Panxoliña para Nosa Señora do Carme, en Mondoñedo”, “Tríptico del amor” (composición trilingüe asturiano-castelán-galega) e “Cantiga pra dormir ôs nenos a noite de reises”; e, por último, o rezo de petición por un amigo “A modo de oracionciña aldeán”.

Gômez, Joel R., “Índice da revista *Agália* (1985-2000)”, *Agália*, nº 65-66, “Índice de todos os números de *Agália*”, 1º semestre 2001, pp. 101-290.

Estamos perante unha pormenorizada descrición interna da revista *Agália* dende a súa aparición en 1985 ata o ano 2000. Comézase repasando as características desta revista —periodicidade, capa, seccións, paxinación, etc.– e a súa dirección –directores, coordinadores, consello de redacción e asesor, etc. Despois sinálanse os diferentes traballos publicados neste período –clasificados por autores, por traballos asinados e mais por traballos sen asinar– así como os diferentes documentos facsímiles reproducidos, quer xornalísticos quer de institucións oficiais. Finalmente, alúdese á iconografía, á publicidade, eremátase cun “Índice Onomástico Remissivo” dos números da revista *Agália* publicados entre 1985 e 2000.

Gonçález Blasco, Luís, “A recuperación de *Donosiña*”, *Agália*, “Recensons”, nº 67-68, 2º semestre 2001, pp. 225-237.

Debulla o volume *Donosiña* (1997) publicado dentro da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, baixo a edición de Laura Tato. Destácase que conta cunha ampla introducción, xebrada en catro apartados, que son debullados, que conta cunha reproducción coidada e anotada e en conxunto destácase que estamos perante “um verdadeiro modelo de como debe ser recuperado um clássico da nossa literatura”.

Lugrís, Igor, “Nova editora”, *Agália*, “Percurso”, nº 67-68, 2º semestre 2001, pp. 258-260.

Comeza Igor Lugrís referíndose á repercusión do libro en Galicia e á situación da literatura galega. Segundo o autor a nosa literatura “vive de costas ao seu espaço natural e dependendo dum sistema literario, o espanhol”, e tamén reflexiona sobre o seu libro *Mongólia* (2001).

Martínez Sánchez, Rafael, “Guillermo Alonso, poeta mindoniense”, *Monfadal. Revista mindoniense de cultura*, nº 2, “Seivane [Notas]”, 2000, pp. 123-124.

Breve achega á figura de Guillermo Alonso (Modoñedo, 1836-1865), poeta do que se posúe moi pouca información e sobre o cal Rafael Martínez pretende fornecer algúns datos novidosos dado que, como el mesmo explica, Alonso “era irmán da miña bisavoa”. Indica que a súa obra saíu publicada na prensa da época, aínda que ficou case toda inédita. A maior parte do artigo consiste na transcrición dunha reseña contemporánea en castelán arredor de Guillermo Alonso de Alejo Barja Prieto, “Paulo”.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, “Discurso na entrega do I Premio de poesía Díaz Jácome”, *Monfadal. Revista mindoniense de cultura*, nº 2, “Samordás [Discursos]”, 2000, pp. 117-120.

Trátase da transcrición do discurso pronunciado por Méndez Ferrín no ano 1999, co gallo da súa recepción no Concello de Mondoñedo como gañador do I Premio de poesía Díaz Jácome. Tras saudar aos membros da corporación municipal mindoniense e presentes no acto e agradecerlle ao xurado esta distinción á súa traxectoria poética, o galardoado realiza en primeiro lugar unha semblanza da figura que lle dá nome ao premio, Xosé Díaz Jácome. Así, destaca entre outras cousas o feito de o mencionado escritor ter sido Redactor Xefe do *Faro de Vigo* na altura en que Ferrín iniciaba as súas colaboracións con este xornal. Despois refírese en termos laudatorios á cidade de Mondoñedo, enumerando as razóns que lle fan sentir especial aprecio pola mesma. Remata expresando un desexo de continuidade, recoñecemento e independencia de criterios para a distinción que aquel ano se concedía por vez primeira.

Morán Fraga, César, “As viaxes imaxinarias de Álvaro Cunqueiro”, *Monfadal. Revista mindoniense de cultura*, nº 2, “Sasdónigas [Crítica]”, 2000, pp. 15-26.

Morán Fraga, especialista en Cunqueiro, fai neste artigo unha análise da producción narrativa en galego do escritor mindoniense. Non embargantes, antes de se debruzar sobreesas “viaxes imaxinárias” que significan as narrativas de Álvaro Cunqueiro, e tras unhas palabras introductorias, insire o autor unha serie de consideracións previas. Para comezar, contextualiza a figura e a obra do lucense, insistindo na súa orixinalidade no ámbito da literatura universal (malia certos “preconceitos” de carácter extrínseco teren impedido a súa xusta valoración) e no feito de na súa escrita non existir unha nítida separación xenérica(“non hai en Álvaro Cunqueiro unha concepción dos xéneros literários como compartimentos estancos”). Seguidamente pasa a realizar unha “consideración idiomática”, para concluír que “Cunqueiro non se pode partir en idiomas, pois é sempre el mesmo”; e demostra por último que a do autor estudiado non foi unha inmersión abrupta no ámbito da narrativa, como ás veces se ten afirmado. Centrándose xa no tema das viaxes, explica a transcendencia que o concepto de “viaxe” ten en Cunqueiro e cómo cada novo libro seu significa unha nova singradura. Estudia asemade a traxectoria evolutiva das novelas do lucense, repasando e

examinando as características de todos os títulos en galego, con apoio nos escritos en castelán.




Penabade, Bernardo, “Xavier Alcalá: escritor e primeiro presidente de AGAL”, *Agália*, nº 67-68, “Entrevista”, 2º semestre 2001, pp. 193-222.

Reprodúcese a conversa que Bernardo Penabade mantivo con Xavier Alcalá en abril de 2001 na Coruña. Nesta entrevista Xavier Alcalá fala dos seus inicios na literatura galega e da súa obra narrativa, cos seus vínculos realistas en Eça de Queiros. Tamén se detén nos numerosos premios literarios que acadou e reflexiona sobre a importancia de América na súa producción literaria. Finalmente, fala da defensa da norma reintegracionista, do asociacionismo nacionalista, dos seus artigos xornalísticos e da súa mala experiencia dentro da TVG.

VV. AA., “Argomoso. [Creación]”, *Monfadal. Revista mindoniense de cultura*, nº 2, “Argomoso. [Creación]”, 2000, pp. 51-86.

Nesta sección da revista *Monfadal*, destinada especificamente á publicación de textos de creación, aparecen no presente número tres relatos breves en galego e varios poemas, todos eles acompañados de ilustracións. Canto ás narracións, estas son: “Constanza de Castro: o destino dunha estirpe”, de Luís Cabanela González-Seco, que repasa un dos momentos clave da nosa historia; “A malfadada ventura”, de Xe Freyre, que narra o fin tráxico do carpinteiro Bernal; e “O mago e o santo” de Antonio Reigosa, onde se conta o encontro imaxinario entre San Rosendo e Merlín e as súas consecuencias. Centrándonos xa nos poemas, inclúense os seguintes: “Mondoñedo”, de Xabier Cordal, serie de versos autopoéticos para expresar unha singular e subxectivada descrición desa cidade; cinco composicións que César Cunqueiro lle dedica a Uxío Novoneyra no libro inédito *Poemas de la aceptación*, escritas en castelán; tres poesías de Leticia Cunqueiro, tiradas de *El laberinto de la entraña*, tamén en castelán; un par de “Poemas” de Marcos Loureiro, centrados respectivamente en Galicia e no mar; os “Dous poemas” de Miguel Lustres (“Fado” e mais

“A cidade”); o nostálxico “Naquela casa” de Xoán Rodríguez; e o conxunto titulado “Introduccións e poemas”, de Chus Ruiz.




VII. A Literatura Infantil e Xuvenil

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 1. Narradores galegos

Babarro, Xoán, *O reino da Dama Duira*, ilust. Xosé Luís Matalobos, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante Contacontos, nº 25 (máis de 10 anos), decembro 2001, 78 pp. (ISBN: 84-7680-379-60).

Nesta nova entrega de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) atopamos unha historia fantástica narrada en primeira persoa. Trátase dunha novela estructurada en quince capítulos, todos eles titulados e que presentan varias ilustracións en branco e negro, obra de Xosé Luís Matalobos (A Estrada, 1969). O relato comeza cando Paulo e os seus amigos deciden ir a Castrofiz en procura da tan desexada neve azul, unha planta máxica que, segundo o torreiro Marcelo, ten as propiedades de curar e salvar tanto animais coma

persoas nos rigores do inverno. O que menos esperaban Paulo, a súa irmá Mina e os seus amigos era encontrárense cos máis dispares personaxes ao longo da súa viaxe. Atópanse con seres fantásticos como curandeiras, dragóns, un cervo con corna dourada, o camelo de po... e tamén cunha misteriosa señora que resulta ser a Dama Duira. Entre o enxeño destes pequenos e todos os seres que lles van axudando ao longo do camiño conseguen chegar a Castrofiz e vencer ao malvado Malifaz que tiña preso ao heroe deste reino. Deste xeito, a Dama Duira recupera o seu reinado, o heroe queda libre e os nenos conseguen atopar a ansiada neve azul.




Biblioleiros. Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros (coord.), *O conto viaxeiro*, Oleiros: Concello de Oleiros/Fundación Municipal de Cultura, 2001, (DL: C-1039-2001).•

Estoxo de sete pequenos volumes nos que se recollen os “contos viaxeiros” que percorreron as aulas de Educación Infantil e Primeiro e Segundo de Ensinanza Primaria das escolas públicas do Concello de Oleiros. Os títulos incluídos son: *O Dragón e a Bolboreta máxica*, no que se narra a relación de amizade da bolboreta María e o dragón Póter que xogan ás agachadas; *A Balea trotamundos*, conto no que se relata a aventura dunha balea convertida en boneco inchábel que xoga cos nenos do colexio; *Cando o Raposo Goloso viu a Galiña Carmiña*, no que con pouco texto e abondosos debuxos se lle traslada ao lector como o raposo papou á galiña; *O rescate do Caracol*, no que a colaboración de todos os amigos logra salvar ao caracol da poza na que fora beber; *A Bolboreta despistada,* no que a xeito de conto de fadas, se relata cómo un príncipe bolboreta rescata a unha despistada moza bolboreta que chocara cunha árbore; *As Vacas larpeiras*, no que coñecemos o xeito de que as vacas dean leite con sabor a chocolate, e *A Galiña Pauliña*, volume sen texto no que se debuxa a galiña e os seus pitos.

Corral Uzal, Mª Luz, (coord.), *Cóntame un conto. Concurso Municipal de Contos e Narracións Curtas Infantís e Xuvenís Concello de Oleiros 1998, 1999, 2000*, Oleiros-A Coruña: Concello de Oleiros/Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais/Fundación Municipal de Cultura, 2001, 330 pp. (D. L.: C-2658-2001).

Volume no que se recollen os contos premiados no Concurso Municipal de Contos e Narracións Curtas Infantís e Xuvenís do Concello de Oleiros correspondentes ás edicións dos anos 1998, 1999 e 2000. Antes de reproducir os relatos hai varias páxinas dedicadas a explicar cales son as principais características do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais e a explicar cales foron algunhas das actividades de animación á lectura que se desenvolveron nelas. Así mesmo reprodúcense as actas de cualificación dos xurados correspondentes ás edicións recollidas neste volume. A seguir resúmense os relatos que aparecen distribuídos por grupos segundo a idade para a que se recomenda a súa lectura.

- Isabel Gómez González, “A curuxa e os seus netos” (Primeiro premio 1998), pp. 67-70.

Conto no que os tres netos dunha curuxa se dedican a facer falcatruadas mentres esta se ocupa de distintos labores. Sen embargo eles mesmos se van encargar de amañar as súas desfeitas porque do contrario a avoa non lles dará a merenda.

- María Sánchez Mosquera, “As tres bruxas medio boas” (Segundo premio 1998), pp. 71-74.

Aventura de tres bruxas que viven xuntas e que gastan bromas aos veciños. Cóntase como a un destes o converteron nun sapo gordo e peludo por entrar na súa casa e roubarlles uns botes.

- Sara Suárez Martínez, “Un conto de primavera” (Primeiro premio 1999), pp. 75-77.

Historia dunha flor que estaba triste porque non podía ver mundo e á que unha abella axudou traéndolle unha fada que a converteu en bolboreta.

- Graciela Tallón, “O paraugas que quería ser chuvia” (Segundo premio 1999), pp. 79-81.

Describe a causa de que un paraugas quixese ser auga, pero un día cando viu que a auga caía contra o chan estivo feliz de ser paraugas porque a vida da chuvia era moi curta.

- Andrea Martínez Estévez, “Un neno moi delgado” (Primeiro premio 2000), pp. 83-85.

Relata como un neno moi delgado se fixo gordo e como celebrou isto xunto co seu aniversario.

- Aitor Beaz Varela, “A caveira monstruosa” (Segundo premio 2000), pp. 87-89.

O protagonista desta historia é un neno moi medroso que se salva da morte a mans da caveira monstruosa porque mesmo a esta lle deu pena. Finalmente ademais esta faise amiga do rapaz.

- Laura Casal Figueroa, “Maxia de Primavera” (Accésit 2000), pp. 91-93.

Relato no que se explica o porqué do refrán “En abril augas mil”. Conta que a causa de que chova moito neste mes é porque chegaron a un acordo as fadas do inverno, Inverni, e a da primavera, Tuli.

- Diego García Nogueira, “Esa maldita ciencia” (Primeiro premio 1998), pp. 97-99.

En catro parágrafos expón de forma ficticia e divertida como se inventaron outras tantas cousas. En primeiro lugar refírese ao descubrimento da roda, logo a como xurdiron as pirámides, en terceiro lugar como se clasificaron os animais e, por último, como Alexander Fleming descubriu a penicilina.

- Diego Fernández García, “A molécula deambulante” (Segundo premio 1998), pp. 101-109.

Relata a viaxe dunha molécula pirata pola illa Cociña para conseguir uns tesouros que ían destinados a unha princesa. Vai describindo como na súa travesía ata a habitación da princesa tivo que pasar polo monte da teteira ou pola terra do sorbete.

- Olalla Carballude García, “Bruxas, meigas e sapos” (Primeiro premio 1999), pp. 111-114.

Uns rapaces cóntannos a persecución que lle fixeran ás súas mestras unha vez que as viran vestidas de bruxas, persecución na que descubriron que se reunían nunha casoupa cun cartel que poñía “Asociación de Bruxas Anónimas”.

- Teo Villamarín Olmo, “Os segredos do mar” (Segundo premio 1999), pp. 115-120.

Teolindo narra a súa aventura no fondo do mar, a onde caera ao asomarse á varanda do barco no que viaxaba. Xusto ao caer a mordedura dun peixe converteuno en meiga e co seu novo aspecto foi de visita polo fondo do mar, aloxouse no Titanic e foi de compras a unha cidade chamada Atlántida. Despois disto un peixe mordeuno de novo e subiu ás superficie co seu aspecto normal.

- Brais Lema Martínez, “O nacemento universal” (Primeiro premio 2000), pp. 121-124.

O planeta Terra é o protagonista desta historia que nos conta como se separou do resto dos planetas ao principio do universo e cómo fixo trato logo con eles para facer criaturas e así ter inquilinos permanentemente.

- Amanda Roux Lendoiro, “Maïla & Tomás” (Segundo premio 2000), pp. 125-129.




Maïla é unha pelota e Tomás unha buxaina cos que xoga Joé no seu tempo libre. Tomás quería casar con Maïla, pero esta queríao facer cunha gaivota. Un día a pelota desapareceu e Tomás púxose triste, pero outro día que o rapaz xogaba con Tomás, este caeu ao cubo do lixo e alí atopouse coa súa princesa que correra a mesma sorte ca el.

-Eva Mª Sánchez Salgueiro, “As aventuras dun botón chamado Buton” (Primeiro premio 1998), pp. 133-137.

Historia protagonizada por un botón negro que conta como vai pasando de prenda en prenda e de lugar en lugar. Así, pasa dun gabán a unha chaqueta de pallaso ou á camisa dun neno, ata dar coa camisa dun home ao que espera non deixar.

- Patricia Amenedo Carballeira, “O zapato mergullado” (Segundo premio 1998), pp. 139-143.

Morfín, un zapato que vivía mergullado nun río, conta como pasou a pertencer a un home pobre que o perdeu e logo de que o reparasen a outro home que non era pobre, pero tampouco honrado.

- Ana Pampín Franco, “O espírito da escritora” (Primeiro premio 1999), pp. 145-151.

Unha rapaza que vai de vacacións á praia recibe un encargo do espírito da muller que vivira na habitación que agora ela ocupaba. Este pedido consistía en que lle entregase un caderno á irmá da defunta para que a primeira lle perdoase e así pasar o seu xuízo final sen problemas.

- Leticia Aradas Souto, “Lúa” (Segundo premio 1999), pp. 153-158.

Unha rapaza á que lle gusta moito soñar relata como un día imaxinou que a Lúa chamaba á súa ventá e as dúas tiñan unha conversa na que a nena lle contaba como era a vida na terra mentres que a Lúa lle contaba historias sobre planetas, astros, galaxias, viaxes pola Vía Láctea, etc.

- Iván Rodríguez Pérez, “Baixo o sol” (Primeiro premio 2000), pp. 159-162.

Con ambientación típica do Oeste desenvólvese esta historia na que John Mckenzie morre no seu primeiro e último duelo por defender a unha muller, cun rostro que o engaiolara, o do tipo máis duro de todo o Oeste.

- Pablo Souto Casares, “A morte da morte”, pp. 163-166. (Segundo premio 2000).

Historia na que a propia morte morre debido a unha explosión e na que logo resucita gracias a un mozo que inventara algo así como o “Super Glue”, producto que utilizou para pegar o fío da morte.

- Beatriz Fernández Barreiro, “O papaventos”, pp. 169-172. (Primeiro premio 1998).

Historia dun papaventos que viaxou polo ceo ao soltárselle ao rapaz co que estaba xogando. Na súa viaxe todo ía ben ata que choveu e quedou descolorido, feito polo que quería volver onda o seu amo. Finalmente coa axuda do vento consegue baixar de novo xunto ao rapaz.

- Adrián Martín Prieto, “O...” (Segundo premio 1998), pp. 173-217.

Recóllense aquí dous fíos narrativos distintos desenvolvidos en tempos ben afastados, pero que teñen en común unha cidade. Por un lado relátase a historia da desaparición dunha cidade debido ás guerras. Por outra banda recóllese a historia dunhas persoas que se dedican a ler libros e a facer traballos de campo para descubrir onde se atopa esa cidade e así dar co tesouro que precisamente causou a súa destrucción.

- Lucía Méndez Rodríguez, “De cando o lume se xeou” (Primeiro premio 1999), pp. 219-226.

A protagonista deste relato é unha nena que está nun campamento e á que o lume lle contaba historias, polo que esta non marchou do campamento ata conseguir levar o lume con ela nun candil.

- Gladys Vázquez Montes, “Recordos mareiros” (Segundo premio 1999), pp. 227-239.

Historia dunha moza que deixou o seu traballo na cidade da Coruña para ir traballar nunha casa rural de Laraxe. Este cambio supón para ela ter que enfrontarse aos seus recordos, xa que este fora o lugar onde nacera e onde seu avó e seu pai afogaran no mar. Despois de dous anos nese lugar a moza séntese feliz e perdeu ademais os seus medos.

- Daniela Arias-Andreu Pérez, “A historia do ladrón de Alouvín” (Primeiro premio 2000), pp. 241-249.

Unha muller de cincuenta e dous anos recorda a súa infancia e relata como descubriu a un rapaz que lle roubaba ovos na súa casa e como este rapaz, que lle axudou un día que ela caeu mentres o perseguía, chegou a ser o seu marido.

- Olaia Ocerín Vázquez, “Pensylvnia” (Segundo premio 2000), pp. 251-256.

Narra como un rapaz se converte en vampiro ao ser mordido por un profesor do seu instituto que recibira unha carta de Pensylvania indicándolle que tiña que morder alguén porque se lle acababa o tempo. Remata contando que ese rapaz agora é mestre e recibiu unha carta de Pensylvania.

- María Rey Fariña, “Lembranzas” (Primeiro premio 1998), pp. 259-266.

Unha viaxe en tren sérvelle a un home xa maior para darse conta da felicidade que supón ser neno, do rápido que pasa a vida e do que realmente é importante nela.

- Elena Hernández Uz, “Viaxe á lúa” (Segundo premio 1998), pp. 267-271.

Un mozo que perdeu a súa namorada e o fillo que esperaban séntese só e non consegue borralos da súa memoria. É por isto polo que unha noite decidiu fuxir e voar onda eles, a ese lugar onde non existe a liña que separa os soños da realidade.

- Adrián Martín Prieto, “Tres ou catro vacas mortas, estiñadas e cheas de formigas na beira da corredoira nova” (Primeiro premio 1999), pp. 273-283.

Descríbese o traballo habitual dunha vella que recibe continuamente correos electrónicos de defuncións. Así mesmo intercálanse fragmentos nos que se nos achega algún momento da vida das novas víctimas.

- Carlos Hernández Camblor, “Na busca da morte” (Segundo premio 1999), pp. 285-292.




Como indica no propio final esta é a morte da Morte, razón pola que Satanás tivo que escoller candidatos entre os espíritos para substituíla. Sen embargo, como ningún se axustaba para o posto decidiu que todos os espíritos farían o seu traballo en quendas de catro horas.

-Adrián Martín Prieto, “A sombra dunha manada de moscas: un relato curto de Azul Iris” (Primeiro premio 2000), pp. 293-302.

Conversa na que alguén pretende que outra persoa fale do acontecido na noite do dezaseis sen obter resultados, xa que o seu discurso xira arredor de distintos temas como a morte, o medo, os cambios na sociedade, etc.

- Adrián Martín Prieto, “Manual do xogador de bólas: un relato do enigmático Dr. Diédrico” (Segundo premio 2000), pp. 303-327.

Historia dun vello que se sente só e abandonado como presentimento da súa morte. Pero antes desta mantén unha conversa con alguén que xa no final tamén se dirixe ao lector suxeríndolle que a fin de contas non é máis que un ente de ficción xa que o creador da historia fíxoo formar parte dela.

González Graña, Fernando, *O diario de Daniel*, ilust. Paco Lareo, A Estrada: Edicións Fervenza, col. Orballo, decembro 2001, 56 pp. (ISBN: 84-930917-3-1).

Primeira entrega de Fernando González Graña (Cuntis, 1962) na que, a xeito de diario, nos dá a coñecer a vida de Daniel, un neno de oito anos que vén de facer a súa primeira comuñón e recibir como agasallo un diario. Nel irá plasmando os seus pensamentos, dúbidas e confesións en diferentes días dende o 15 de agosto de 1988 ata o 1 de agosto de 1989. O lector coñece o contido deste diario a través da actualización que a lectura do propio Daniel, doce anos despois da súa escrita, fai cando atopa o libro esquecido nun recuncho, abandonado polo desgusto de que alguén lle lera o que el ía escribindo. A través desta lectura asistimos retrospectivamente ao seu namoramento de Andrea, unha nena que vive no País Vasco e que vén a Galicia de vacacións, lemos as cartas que se escriben ao longo do ano; coñecemos a amizade que mantén con Romualdo, un neno xitano que lle conta as dificultades coas que se atopa na súa vida día a día, ou ao gran desgusto que sofre Daniel cando morre un compañeiro de clase nun accidente de tráfico, así como as súas dúbidas ante a noticia do nacemento dunha irmá. Todos estes feitos fan reflexionar ao rapaz sobre o sentido da vida, a importancia duns acontecementos ou as dúbidas que lle provocan

outros e o seu xeito de enfrontalos, nun proceso de maduración e aprendizaxe. O volume complétase coas ilustracións de Paco Lareo (Piloño-Vila de Cruces, 1938).




Luna Sanmartín, Xosé, *O ano das mimosas* , ilust. Paco Lareo, A Estrada: Edicións Fervenza/Concello da Estrada, novembro 2001, 54 pp. (ISBN: 84-930917-1-5).•

Relato de Xosé Luna Sanmartín (A Estrada, 1965) que, como o propio autor indica nunha nota final, está inspirado na lenda do sino do trono da parroquia estradense de Liripio, lugar no que se desenvolve a acción. O protagonista é André, un neno de once anos, que non entende porqué o seu avó Aarón, gran coñecedor das mimosas, vive só na aldea de Liripio e non quere ir vivir co fillo á cidade. Ansioso por coñecer os grandes segredos que garda na memoria o seu avó, Aarón decide contarlle ao neto a historia familiar cando cumpre os once anos, a mesma idade coa que el coñeceu á que foi a súa muller, Ana, filla do xitano Pedro Montoya. As lembranzas do seu amor, que padeceu os atrancos da separación pola desaparición do sino de Liripio, do que o pedáneo acusou á familia Montoya para expulsala da aldea, mestúranse co arrecendo das mimosas, flor que lle regalara á súa namorada, e coa maxia da presencia do trono que non deixaba a aldea, segundo algúns pola expulsióninxusta desta familia. É un relato no que se reivindica a importancia da historia persoal de cada un, a toma de conciencia da identidade, o valor da transmisión do saber popular de

vellos a novos e a súa recuperación e fixación, todo isto acompañado das ilustracións en branco e negro de Paco Lareo (Piloño-Vila de Cruces, 1938).




VII. 1. 2. Narradores galegos: reedicións e adaptacións

Perozo, Xosé Antonio, *A ratiña presumida*, ilust. Miriam Klug, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Parrulo, nº 26, 2001, 23 pp. (ISBN: 84-7680-377-X).

Conto popular en versión libre de Xosé Antonio Perozo (Llerena-Badajoz, 1951), no que se recrea a historia protagonizada pola ratiña presumida. Dirixida aos primeiros lectores, está escrita con letra caligráfica e o texto compleméntase coas ilustracións a toda páxina de Miriam Klug, nas que ademais do emprego de cores moi vivas, que mesmo aparecen tamén nas letras, combina trazos pintados en fotocomposicións con elementos reais. O argumento, moi coñecido, xira arredor da elección que a ratiña ten que facer cando atopa unha moeda de ouro coa que non sabe se mercar un sombreiro, uns lentes, unhas luvas ou un bolso, decidíndose finalmente por unha fita para o pelo. Tamén terá que elixir con quén quere casar ante a proposición do touro, o porco, o galo, o gato ou o can, pero será co rato co que case. As estructuras repetitivas e a identificación de obxectos con partes do corpo ou sons con animais son algunhas das características que presenta esta obra.

VII. 1. 3. Narradores traducidos ou versionados

Alcántara, Ricardo, *Tento e mailo oso de peluche* (ISBN: 84-263-4602-2), *Tento e mailo mar* (ISBN: 84-263-4599-9), *Tento e mailo medo* (ISBN: 84-263-4600-6), *Tento e maila tele* (ISBN: 84-263-4603-0), *Tento e maila cadea* (ISBN: 84-263-4598-0), *Tento e mailo Nadal* (ISBN: 84-263-4601-4), trad. X. Carlos Rodríguez Pérez, ilust. Guti, Zaragoza: Edelvives, nºs 7-12, 2001, 28 pp.

No ano 2001 publicáronse sete novos números desta serie protagonizada polo can Tento, da autoría de Ricardo Alcántara (Montevideo, 1946) e ilustrados por Gusti (Gustavo Ariel Rosemfett, Buenos Aires, 1963), que lle achegan aos máis pequenos as experiencias vividas polo protagonista. En *Tento e mailo oso de peluche*, cóntase como malia a ilusión inicial de Tento polo seu oso de peluche, remata decepcionado con el porque non participa nos seus xogos nin lle fala. En *Tento e mailo mar*, nárrase a viaxe de Tento e mailo seu amigo Rolo á praia, onde xogan coas ondas e experimentan a sensación da auga salgada. En *Tento e mailo medo*, cóntase a saída do can protagonista coa súa panda de amigos ata

o centro da cidade, onde se perde e experimenta unha forte sensación de medo. En *Tento e maila tele*, é a experiencia de Tento nunha proba para un programa de televisión a que lle fai ver cómo funciona realmente o mundo televisivo, onde todo o que ve é de mentira, o que lle fai apreciar o mundo real que o rodea. En *Tento e maila cadea*, reflexiónase sobre o feito de que, querendo ser diferente aos seus amigos, pon unha cadea como a que lle vira a un can moi estirado e da que logo case non se dá liberado. En *Tento e mailo Nadal*, nárrase como malia o forte desexo de ter un patinete como regalo de Nadal, Tento esquécese de incluílo na carta aos Reis, pero estes coñecían o seu desexo e tráenllo igual. Nestes contos quérese transmitir aos primeiros lectores valores como a liberdade ou a amizade e a descuberta de sentimentos como o medo, ademais de achegarlle a relación que se establece con distintos obxectos da súa vida cotiá.




Dygra, *O Bosque animado. A aventura de Furi*, A Coruña: Editorial Everest Galicia, 2001, 71 pp. (ISBN: 84-403-0130-8).

Estructurada en once capítulos, esta versión de *O bosque animado* aparece en formato de peto e coa particularidade de que nos achega a mesma historia que a versión en formato grande, pero dende o punto de vista da toupa protagonista, Furacroios, á que os amigos coñecen por Furi. Narrado en primeira persoa e coas ilustracións que se empregaron tanto para a versión fílmica coma para a de libro de gran formato, esta edición resulta máis manexábel para o lector miúdo ao que vai dirixida e recolle as aventuras que viven os animais e plantas do Bosque Animado co fin de pasar desapercibidos para o home. Agora é o propio Furi o que nos conta o transcorrer da vida diaria no bosque, o seu namoramento de Linda e como cando esta se atopa en perigo de afogar el é incapaz de socorrela paralizado polo seu medo ás alturas. Avergoñado pola súa covardía, liderará ao grupo de animais que van ao pazo dos señores D'Abondo salvar ás toupas cativas que estes cazaran con fins maléficos. Resulta sorprendente a galería de animais e plantas que conforman o universo do bosque e que aparecen ao longo da obra, dende a gata Morriña, o vagalume Luci, o can

Cuscús, o rato Piorno ou as moscas Hu-Hu e Ho-Ho ata o Carballo, o Eucalipto, o Piñeiro ou a desagradábel árbore poste.




Landa, Mariasun, *Elefante corazón de paxaro (Elefante txori-bihotza, 2001)*, Premio Merlos Brancos 2002, ilust. Emilio Urberuaga, trad. Silvia Gaspar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Letras, nº 16, serie Laranxa (a partir de 6 anos), outubro 2001, 70 pp. (ISBN: 84-8302-680-5).

A través dunha carta que a narradora protagonista lle escribe a Xabier, coñecemos a divertida historia desta profesora de animais. Despois de ter lido no xornal *Elefantenews* , que unha manda de elefantes con intereses culturais busca unha mestra con espírito dinámico e aventureiro, decide trasladarse á selva africana. Alí, atópase cunha manda de elefantes que, a pesar de ter todos un mesmo físico, todos queren unha cousa distinta e, sobre todo, cada un deles ten un corazón diferente: de tigre, de mono, formiga... Un día estando na clase, Kikunga, unha elefanta que tiña un corazón de paxaro, polo que era moi doce e misteriosa, comezou a berrar que o paxaro Kolokolo lle acababa de dicir que o Río Limpopo viña coma unha furia arrasándoo todo. O resto dos seus compañeiros comezaron a burlarse dela, polo que a mestra para non deixala en ridículo lles indicou que ían facer un pouco de exercicio subindo unha montaña. Así, o río chegou e arrasou con todo, pero a mestra e os elefantes puideron salvar as súas vidas, polo que lle quedaron moi agradecidos

a Kikunga. O volume péchase con dúas breves entrevistas, nas que a autora do texto, Mariasun Landa (Rentería, Guipúscoa, 1949), e o autor das ilustracións, Emilio Urberuaga (Madrid, 1954), falan do traballo que aquí presentan para lectores a partir dos 6 anos.




Rodenas, Antonia, *Unha manchea de bicos* (*Un puñado de besos*), trad. Mª Xesús Fernández, ilust. Carme Solé Vendrell, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, nº 17 (a partir de 4 anos), 2001, [32 pp.]. (ISBN: 84-8302-681-3).

Esta obra dedicada por Antonia Rodenas "A todos os nenos dos que aprendo día a día", é un canto á amizade, ás relacións entre os nenos e nenas e aos bos sentimentos. Aparece ilustrada nas follas impares por Carme Solé Vendrell (Barcelona, 1944) que, empregando trazos grosos, representa as expresivas caras dos nenos protagonistas. O texto, repartido ao longo do libro nas follas pares sobre fondo azul, conta a través dun narrador omnisciente en terceira persoa como Kati, a nena protagonista, emprega os seus bicos para superar as situacións desagradables que se lle presentan, entre elas os choros de César cando súa nai
o deixa na escola ou cando Diego lle saca algo a algún dos outros nenos da súa clase. Sen embargo, o día que ela leva un empurrón de Diego serán os seus amigos os que lle dean bicos a ela para que deixe de chorar, o que fai que se sinta feliz con esta manchea de bicos.

VII. 2. Poetas galegos

Perozo, Xosé Antonio, *Nada no país dos números*, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Parrulo, nº 24, 2001, 23 pp. (ISBN: 84-7680-378-8).

Poemario de Xosé Antonio Perozo (Llerena-Badajoz, 1951), ilustrado a toda páxina por Ramón Trigo (Vigo, 1965), no que a través dos distintos personaxes que representan os números se lles achega aos primeiros lectores de xeito divertido recursos para a formación de cifras. Estructurado en estrofas de oito sílabas con rima asonante nos pares, a xeito de romance, está protagonizado pola fada Nada, que representa o número cero co seu sombreiro. A través da súa unión co resto dos números irá formando distintas cifras, dende
o dez que forma co bigotudo rei dos Uns, pasando polo chepudo Cinco co que forma cincuenta, ou o detective Sete co que forma setenta, ademais do Dous, o Tres, o Catro, o Seis, o Oito e o Nove, cos que se emparella. Todos queren casar con Nada porque aínda que o Cero non vale nada “No país dos números/ sen o Cero non hai festa”.

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Dramaturgos galegos

Conde, Alfredo, *Barriga Verde e o Demo Negro, texto para teatro de títeres*, ilust. Xaime Quessada, Santiago de Compostela: Editorial Pedra Aguda, 2001, (DL: C-1593-2001).

Peza teatral para representar con monicreques de Alfredo Conde (Allariz, 1945)acompañada das ilustracións moi coloristas de Xaime Quessada (Ourense, 1937). Ábrese a obra cunha introducción de Mar Nogueira na que explica que esta peza está dedicada á súa filla con motivo da súa primeira comuñón, agasallo tamén para os convidados que asistan ao acto. A seguir, explícanse os elementos necesarios para levar a cabo a representación: dende un coro de ras, unha banda de parrulos ou árbores, unha lagoa e as estrelas todo para crear o ambiente no que se desenvolve a trama, do mesmo xeito que a banda sonora e os personaxes que participan: Barriga Verde, O Demo Negro, O Neno Galopín e A Nena Galana. A trama xira arredor do enfrontamento de Barriga Verde e o Demo Negro, o primeiro para que se conserve o ecosistema que hai ao redor da lagoa, mentres que o

segundo se empeña en convencer os homes de que cacen ras e que lixen todo. Barriga Verde axudado da Nena Galana e o Neno Galopín, consegue recuperar a lagoa que fora secada para que os veciños das súas ribeiras cultivaran tabaco.




Labraña, Carlos, Mª Jesús **Guillén** e Miguel **García Cernuda**, *O Mexillón*, ilust. Luz Rei, Cedeira-A Coruña: Asociación Cultural Garola, col. A Biblioteca Ambulante da Garola, nº 1, 2001, 57 pp. (ISBN: 84-607-3666-0).•

Peza de teatro de Carlos Labraña, Mª Jesús Guillén e Miguel García Cernuda, membros do Colectivo Garola de Cedeira que se dedica á escrita, posta en escena e difusión do teatro infantil. Nela trátase o tema da amizade e da avaricia, a través dun texto estructurado en dous actos. Os personaxes que forman parte da acción son os integrantes dunha panda de mozos que se atopan de acampada e que son caracterizados como: Martín, o máis lacazán do grupo; Tomás, o bromista; Rosi, a vaidosa; Virxinia, moi afeccionada aos deportes e ao aire libre; e Luís, impulsivo e arroutado; ademais de Serafín, que é o monitor do campamento, moi rosmón e farto de aguantar os rapaces. O argumento que se desenvolve nestes dous actos xira arredor das reaccións que experimentan todos os personaxes ante a aparición dunha suposta perla nun mexillón. A avaricia e os desexos de facerse con ela desatan enfrontamentos e o afán de apropiación de todos eles, poñendo de manifesto o máis ruín e mesquiño de cada unha das persoas. Finalmente, cando a que crían perla se desfai, todos toman conciencia da súa actitude e reaccionan desculpándose entre eles.

Vázquez Pintor, Xosé, *Sala de espera*, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, nº 2, 2001, 25 pp. (ISBN: 84-930917-2-3).•

Peza teatral de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) que se desenvolve nun só acto e nun espacio escénico que é unha confortábel sala de espera dunha clínica privada de beleza corporal. Conta coa presencia de seis clientes anónimos, que ao longo da representación se irán poñendo eles mesmos o nome; a recepcionista, Conchi; a muller do servicio, que en realidade é a doutora Spicca; e o Ovelleiro, que facéndose pasar por un visitante é o doutor que os vai consultar. Entre os personaxes que van chegando á sala de espera establécense diálogos, por veces un tanto absurdos e mesmo agresivos, que serven para desconcertar ao espectador e facer aflorar a través das tensións as fobias e medos de cada un deles, exteriorizados pola visión dunha suposta araña que colga do teito, e ante a que cada un reacciona dun xeito distinto. Todo se descobre finalmente cando coñecemos que a espera á que son sometidos os pacientes responde a un experimento do propio doutor, que se fixo pasar por paciente, para facer un primeiro diagnóstico.

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 4. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Abuín, Anxo, *Teatro, cerimonia e xogo. A traxectoria teatral, literaria e cinematográfica de Euloxio R. Ruibal*, Lugo: Editorial Tris Tram, col. Máscaras, nº 1, 2001, 330 pp. (ISBN: 84-89377-30-8).•

Damos conta agora aquí do artigo referido á literatura infantil e xuvenil incluído nesta obra descrita xa no apartado V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste apéndice do *Informe*.

- Sury Sánchez, “O xogo dramático no teatro infantil de Ruibal”, pp. 231-246.

Fai unha achega aos primeiros textos de teatro infantil de Euloxio Ruibal, *O aparello toca tempos, Os ledos chirlomirlos de don Farruco, Farraqueiro e a marquesiña encantada.* Alude ao "teatro para nenos", teatro feito por adultos que ten como destinatario a xente máis nova para darlle maior vida á comunicación e espertar a fantasía e a imaxinación dos máis pequenos. Así mesmo, comenta que o autor concede certa liberdade para que as compañías monten o seu espectáculo, coa utilización de monicreques, máscaras, efectos escénicos e lumínicos, etc. Segue dicindo que Ruibal tamén publicou outro libro, *Brinquemos ó teatro,* no que se recollen vintecinco peciñas teatrais que van dirixidas aos máis nenos e tamén aos adolescentes. Contén composicións provocadoras de xogos complementarios que invitan a ser representadas e a procura dunha certa complicidade cos nenos. Subliña que o autor toca a comedia, o drama, a traxedia, etc., de onde destaca *Raposeteo. Traxedias de tempos idos*, ideal nas escolas para abordar a análise das traxedias gregas e *Ceibes. Mascarada dramática*, na que amosa a dualidade do ser humano a través das máscaras. Por outro lado, céntrase nos monólogos, *Todo un loriño*. *Amor bufo. Pallasada italiana* e nas fábulas, *O misterioso ovo esférico. Fábula miúda*, *O resistible gareo dun negociante nato. Fábula épica* e *A-sombra-da Pantomima absurda*. Tamén subliña que en *Brinquemos ó teatro* podemos encontrar influencias de Esquilo, Sófocles, Kant, Chekhov,

Kafka e Pirandello, entre outros, ademais dunha preocupación pola expresión xestual e fonética da linguaxe e unha importancia cara á expresión plástica e a música, coa introducción de cancións infantís. Finalmente, subliña que en *Brinquemos ó teatro* se canaliza a creatividade segundo o tema a tratar, cun talante aberto e dialéctico e cun afondamento na cultura popular. Indica que entre os diferentes temas recorrentes destaca o do poder nas súas variadas formas de manifestación, o amor pola natureza e a conxugación entre o moderno e o tradicional. Por último, sinala que o libro contribúe á formación da personalidade, á adquisición de riqueza na linguaxe, á facilidade de expresión e ao razoamento lóxico.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos

Fernández Senra, Xulio e Mariló **Fernández Senra** (dir.), *Cancioneiro popular da provincia de Ourense. Volume I (Concellos de Avión e Beariz)*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1997, 230 pp. (ISBN: 84-87575-47-1).

Traballo que recolle un amplo cancioneiro popular dos concellos ourensáns de Avión e Beariz. E que está xebrado en catro apartados. No primeiro deles, faise unha achega a diferentes aspectos relacionados con esta compilación: descrición xeográfica destes concellos ourensáns; método de traballo –reunir aos veciños da aldea no lugar onde facían as "pandeiradas"–; música, rimas, métrica e variantes das cantigas, etc. Despois temos máis de cincuenta partituras, de muiñeiras, pasodobres, valses, etc., e a seguir, no terceiro apartado, aparecen reproducidas numerosas cantigas populares –de amor, de divertimento, de humor, de traballo, relixiosas e de desafío–, e este libro péchase cun apéndice no que

temos as relacións dos informantes así como das aldeas que aparecen nas partituras e nas coplas recollidas nesta colectánea.




Zernova, Elena (ed.), *Cancións da gaita*, San Petersburgo: Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo, col. Antoloxía da literatura galega, tomo V, 2000, 198 pp. (ISBN: 5-288-02784-6).

Breve antoloxía de cantigas populares que presenta a versión destas en lingua galega e a súa traducción ao ruso. Consta dunha introducción en ruso, un índice final co título das cantigas seleccionadas e un apartado no que se relaciona a bibliografía que serviu de fontepara a selección dos textos. Presenta composicións como “Ó pasa-la barca”, “Miña nai quero casar”, “Santa Lilaina”, “Pasei pola túa porta”, etc. nas que se dá conta da picaresca popular e dos costumes e ditos galegos.

VIII. 2. Publicacións en revistas

Reimunde, Ramón, “A cuestión da literatura popular”, *Monfadal. Revista mindoniense de cultura*, nº 2, “Sasdónigas [Crítica]”, 2000, pp. 27-33.

Trátase dun breve estudio que se achega á literatura de difusión oral, concretamente á poesía popular que ten na copla ou cuadra octosilábica a súa forma preferida. Ramón Reimunde subliña en primeiro lugar a importancia que posúe esta “irmá pobre da Literatura”, por canto implica transmisión da memoria colectiva da que formamos parte. Advirte asemade que a literatura popular deixou de ser auténtica desde que comezou a recollerse por escrito no século XIX. Máis adiante entra na cuestión da autoría destas composicións e insiste en que non se trata dunha creación colectiva do “povo en plural”, senón individual: “algúns dos individuos da tribo, notábeis nese arte, son os que compoñen e cantan coplas que se axeitan ao sentir colectivo e son aceptadas e recibidas como própias pola colectividade”, que as perpetúa recreándoas. Continúa diferenciando producción popular de producción popularizante ou neopopular, e demostrando cómo nesta última é común reflectir unha imaxe idílica, pero falsa, do pobo. Reflexiona a seguir sobre a improvisación como

método tradicional de creación, referíndose ás regueifas que aínda sobreviven nalgúns puntos da nosa xeografía. Para rematar, enxalza a capacidade deste xénero para manter viva a nosa lingua.




IX. Revistas

Monfadal. Revista mindoniense de cultura
(ISSN: 1139-7438/DL: As/4036-98).

Iniciou a súa andaina en decembro de 1998, coa finalidade de conmemorar os primeiros quince anos de funcionamento da Biblioteca Municipal Pena Trapero de Mondoñedo. Dirixida, sobre todo, ao mundo literario, pretende abranguer, en números posteriores, calquera aspecto relacionado coa historia e a cultura da terra do Masma. Está distribuída pola Biblioteca Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, baixo a dirección de Antón X. Meilán e Alicia Tella-Villamarín Ferreiro. Na secretaría da revista figuran Isabel Morán Cabanas, Delia Polo Losada e Aurita Ramil Díaz, mentres que no Consello de Redacción aparecen Henrique Cal Pardo, Xabier Cordal, Alfonso Díaz, José Mª Eiros Bouza, Xe Freyre, Miguel Lustres, Francisco Mayán Fernández, Isabel Morán Cabanas, Delia Polo Losada, Aurita Ramil Díaz, Ramón Reimunde Noreña e Armando Requeixo. No ano 2001 sacou á luz o seu segundo número, correspondente ao 2000, no que presenta as seguintes seccións:

“Recadieira [Limiar]”, “Sasdónigas [Crítica]”, “Argomoso [Creación]”, “Zoñán [Textos ignorados]”, “Estelo [Texto inéditos]”, “Samordás [Discursos]”, “Seivane [Notas]” e “Folgueirrasa [Ilustracións]”, que como se explica no limiar son topónimos da zona deMondoñedo e algúns deles literaturizados xa por Álvaro Cunqueiro, autor ao que está dedicado este número e do que aparece abondoso material iconográfico esparexido ao longo de todo o volume. En canto aos artigos relacionados coa literatura galega aparecen nasección de crítica “As viaxes imaxinarias de Álvaro Cunqueiro”, de César Morán Fraga; e “A cuestión da literatura popular”, de Ramón Reimunde. En “Creación” inclúense os relatos “Constanza de Castro: O destino dunha estirpe”, de Luís Cabanela González-Seco; “A malfadada ventura”, de Xe Freire; e “O mago e o santo”, de Antonio Reigosa. En canto aos poemas desta sección en galego reprodúcese “Mondoñedo”, de Xabier Cordal; “Poemas”, de Marcos Loureiro; “Dous poemas”, de Miguel Lustres; “Naquela casa”, de Xoán Rodríguez; e “Introduccións e poemas”, de Chus Ruíz. En “Textos ignorados” inclúese o artigo “Gerard Hopkins (Varias notas y reflexiones)”, de Álvaro Cunqueiro; e varias “Poesías inéditas”, de Xosé Díaz Jácome. Finalmente, en “Discursos” recóllese o “Discurso na entrega do I Premio de poesía Díaz Jácome”, de Xosé Luís Méndez Ferrín; e en “Notas” o artigo de Rafael Martínez Sánchez sobre “Guillermo Alonso, poeta mindoniense”.




XI. Literatura Medieval

XI. 1. Monografías e libros colectivos

Paredes, Juan, *El cancionero profano de Alfonso X el sabio: Edición crítica, con introducción, notas y glosario,* Roma: Japadre editore, L'aquila, 2001, 466 pp. (ISBN: 887006-387-9)

Preséntase a edición crítica do cancioneiro profano de Afonso X o Sabio, un corpus conformado por trinta e nove cantigas de escarnio e maldizer (incluíndo nesta categoría catro tensons), catro cantigas de amor e unha cantiga de amigo. Inclúe previamente un estudio da tradición manuscrita e as características xerais dos xéneros líricos cultivados por Afonso X. Recolle, así mesmo, un estudio dos rexistros léxicos, reparando fundamentalmente nas cantigas do xénero satírico. A edición das cantigas acompáñase dun estudio métrico e da bibliografía máis sobresaliente, indicada xunto a composición correspondente. Inclúe un apartado de notas para sinalar variantes e comentarios que

axuden na interpretación. A edición consta, ademais, dunha traducción do texto galego-portugués ao castelán. Por último, o traballo complétase cun glosario (pp. 340-452) e un índice de rimas (pp. 453-460) e de primeiros versos (pp. 461 - 463).




XI. 2. Actas

Maleval, Maria do Amparo Tavares (coord.), *Atas do III Encontro Internacional de Estudos Medievais. Realizado na UERJ de 7 a 9 de julho de 1999,* Rio de Janeiro: Ágora da Ilha, 2001, 736p. (ISBN: 86854).

Reúne os estudios presentados no congreso celebrado en Rio de Janeiro entre os días 7 e 9 de xullo de 1999, co obxectivo específico de homenaxear a cidade de Santiago de Compostela, dada a importancia da *peregrinatio* durante a Idade Media. De acordo cos obxectivos xerais, conseguiuse: 1) reunir investigadores e profesores interesados na Idade Media propiciando un forum de debates e un espacio de intercambio de experiencias; 2) contribuír na formación de novos medievalistas; 3) propiciar a reflexión sobre as relacións entre o local e global, sobre o diálogo do presente co pasado. Participaron especialistas en distintas áreas: artes, dereito, filosofía, historia, letras, teoloxía e estudios afíns incluíndo os que analizan a apropiación da tradición medieval en lugares e épocas diversas. Dedícanse especificamente á literatura medieval galego-portuguesa os seguintes traballos:

- Vicenç Beltrán, “El rey sabio y los nobles rebeldes”, pp. 31-58.

Céntrase nos sucesos políticos transcorridos do 1271 ao 1273, durante o reinado de Afonso X, e as implicacións que estes tiveron na lírica galego-portuguesa. Analízanse os diversos episodios con implicacións na lírica galego-portuguesa, xa que os trobadores axudaron normalmente a Afonso X nas loitas políticas. Desde esta perspectiva examínanse diversos escarnios de Gil Perez Conde e un de Pero Barroso, que por medio do equívoco parodian as reivindicacións dunha nobreza rebelde. Refírese ao comportamento dos nobres respecto da guerra de Granada, unha composición de Afonso X, e mais unha de Afonso Fernandez Cubel, trobador que adopta o punto de vista dos rebeldes e denuncia ao rei por diversos abusos. Inclúe no traballo a composición de Pedr’Amigo de Sevilha, que por medio da parodia do xénero de amigo escarnece a D. Estevam, un nobre empobrecido, tónica das sátiras contra ricoshomes rebeldes.

- Ria Lemaire, “Por que será que Carolina Michaëlis de Vasconcellos nunca fez o seu *Livro das donas*?”, pp. 88-99.

Preséntase a cantiga de amigo como xénero de tradición interpretativa con máis alteracións na convivencia cos presupostos do discurso tradicional. Anúnciase a intencion de C. Michaëlis de elaborar a edición dun *Livro das Donas* ou *Livro feminil* na que se incluirían só cancións con voz de muller. Segundo a autora, a tese do libro sería a cantiga de amigo paralelística, interpretada como variante galego-portuguesa da arcaica canción de muller dos pobos indoeuropeos. Os dous principais obstáculos cos que deu a ilustre estudiosa para a realización da obra foron o escriptocentrismo que mutila a nosa visión de moitos textos medievais e a imposibilidade de pensar na muller como autora dos textos.

- José Eduardo López Pereira, “Verdade e ficción no *Códice Calixtino*”, pp. 100-109.




Presenta unha relación de obras que teñen como tema central a peregrinación a Santiago de Compostela durante a Idade Media, centrándose principalmente na *Guía do Peregrino,* libro V do *Códice Calixtino* (s. XII), considerado a primeira descrición do camiño francés. Segundo sinala foi redactado pola necesidade de sinalarlle aos peregrinos os camiños a seguir, os santuarios a visitar e os consellos prácticos para os que emprendesen a viaxe. O libro está atribuído a un clérigo francés chamado Americo Picaud. Por outro lado, o autor

tamén fai referencia ao libro IV, coñecido como Pseudo-Turpín pola falsa atribución ao bispo de Reims, Turpín.




- Giuseppe Tavani, “O texto Medieval e as suas ‘miserias e desventuras”, pp. 110-129.

Analiza problemas hermenéuticos específicos detectados na lírica medieval. Respecto da lírica galego-portuguesa intenta aclarar determinados puntos nos que estudiosos e editores tiveron un obstáculo. Dá unha hipótese para a composición “Quand’eu vejo las ondas” de Roy Fernandez de Santiago, onde aparece o hapax “debrocas”; alude á impericia editorial exercitada no refrán da cantiga de Mendinho; e intenta dar unha solución á lectura “caboudanha”, presente na cantiga de Afonso X “Johan Rodriguiz foy osmar a Balteira”.

- Leodegário A. de Azevedo Filho, “Algumas achegas para a história da edição de textos medievais galego-portugueses no Rio de Janeiro”, pp.133-137.

Repasa a historia da edición crítica de textos medievais galego-portugueses en Rio de Janeiro, facendo mención non só das obras máis destacadas deste panorama, senón tamén

daquelas obras e estudiosos que serviron de precursores no proceso de desenvolvemento da edición crítica.




-Ângela Vaz Leão, “Os estudos medievais na atualidade brasileira: região Sudeste”, pp. 138-145.

Expón cal é a situación actual dos estudios de lingua e literatura medieval en Brasil. Destaca o papel precursor de Oskar Nobling, ou o labor neste eido doutras figuras como Leodegário Amarante de Azevedo, Augusto Magne, o profesor Nicolau Salum, Segismundo Spina, Lênia Márcia de Medeiros Mongelli, Yara Frateschi Vieira e Wilton Cardoso. No dominio da crítica textual, resalta a contribución de Celso Ferreira da Cunha, en Rio de Janeiro. Indica a existencia dun grupo de investigación dedicado ás *Cantigas de Santa Maria* na Universidade de Minas Gerais, dirixido pola prof. Ângela Vaz Leão. Fai alusión aos estudios elaborados na área delimitada, versados na etapa medieval mais de materia non lingüística nin literaria. Destaca, así mesmo, a positiva acción levada a cabo pola ABREM (Associação Brasileira de Estudos Medievais), destacando o traballo efectuado pola súa vicepresidenta, Maria do Amparo Tavares Maleval.

-Maria Eurydice de Barros Ribeiro, “Estudos medievais na atualidade. Os estudos medievais no distrito federal”, pp. 155-158.

Presenta unha reflexión sobre cales son os problemas fundamentais para os estudios medievais en Brasil. Os obstáculos xorden tanto pola indispoñibilidade de fontes primarias, pola atención que lle é concedida á Historia Medieval no ensino secundario, así como polo desinterese das casas editoriais. Reflexiona sobre a utilidade dos materiais dispoñíbeis e a validez dos métodos empregados. Declara a necesidade de reforzar estes estudios aceptando o compromiso de formar profesores de ensinanza secundaria.

- Maria do Carmo Parente Santos, “Pesquisas medievalistas centralizadas em universidades cariocas”, pp. 159-161.

Delimita os grupos de traballo que actualmente se dedican aos estudios medievais, sinalando os seus respectivos obxectivos, a lista dos conformantes e o enderezo de contacto.

- Célia Marques Telles, “Aspectos medievais enfocados no ensino da Filologia Românica na Universidade Federal da Bahía”, pp. 162-170.




O ensino da Filoloxía Románica ten enfocado, na Graduación e na Posgraduación en Letras na UFBA (Universidade Federal da Bahía), tanto o estudio relativo ás edicións críticas de textos manuscritos coma a análise de elementos lingüísticos na formación de algunhas linguas románicas (portugués, francés, español, galego). Preténdese discutir as directrices xerais que se veñen dando aos traballos teóricos no exame de problemas de fonética, morfosintaxe e léxico románicos, a partir de textos medievais e quiñentistas. Por outro lado, preténdese mostrar cómo os estudios de crítica textual veñen traballando na edición crítica de textos manuscritos (medievais e quiñentistas), buscando preparar investigadores que editen textos non literarios dos séculos XVIII a XIX.

-Maurice Van Woensel, “Os poetas populares nordestinos, descendentes legítimos dos trovadores”, pp. 173-180.

Analiza aspectos que, desde o punto de vista formal ou de contido, poñen en relación a literatura medieval galego-portuguesa coas composicións dos poetas populares; segundo o autor, “não ha dúvida de que os chamados folhetos de cordel constituem uma herança direta daquela espécie da cual adotaram quase todas as marcas. A linguagem épico-lírica; os versos de sete sílabas formando duplas abalizadas pela rima reservada aos versos pares; a ausência do refrão; a sintaxe simplificada e a predominância dos assíndetos; o efeito dramático provindo da alternância narrativa/diálogos: em resumo, encontramos na poesia popular nordestina os traços que atestam suas origens arcaicas e a transmissão oral que a conservou”

- Vanda de Oliveira Bittencourt, “Mecanismos de envolvimento da instância autoral nas cantigas de Santa María”, pp. 248-254.

Analízase un corpus constituído polas cincuenta primeiras *Cantigas de Santa María* da edición de W. Mettmann (1959-1972), coa finalidade de localizar na enunciación trazos que denuncian subxectividade. As cantigas de louvor revelan, tomados no conxunto completo da obra, a devoción e o ton sentimental. Nas cantigas de milagres aprécianse dúas formas de

identificar ao rei como devoto: refráns nos que o propio autor se coloca entre os exortados para louvar á Virxe e por autorreferencias. Por outro lado, estúdiase un segundo tipo de relación, a que se establece co lector/oínte. Nas cantigas de loor aprécianse dous actantes:




o rei trobador e a Virxe. Nas cantigas de milagres o rei narrador busca manter vivo o contacto coa instancia receptora representada polo oínte/lector. A busca de trazos de subxectividade nas cantigas de milagres deixa patente o enredo do rei consigo mesmo, co seu enunciatario (oínte/lector, a Virxe) e co seu obxecto de fala (a Nai de Deus). Atinxe recursos lingüísticos variados, por exemplo índices deícticos (pronomes e adverbios) e fóricos, indicadores de modalidade, actitude, avaliación ou estado psicolóxico.

- Ofelia Manzi/Francisco Corti, “La imagen de los peregrinos en la ilustración de las cantigas de Santa María de Afonso X el Sabio”, pp. 327-337.

Fai un pequeno estudio das ilustracións que acompañan ao texto nas *Cantigas de Santa María.* Coñécense catro códices que conteñen parcial ou totalmente as catrocentas vinte cantigas atribuídas ao rei Afonso X; dous destes están ilustrados. A cada cantiga corresponden seis miniaturas, agás aquelas nas que o numeral remata en cinco, que

conteñen doce. O conxunto da obra permite analizar, desde un punto de vista literario e iconográfico, o pensamento medieval sobre o feminino (respecto do tratamento dirixido ás damas das cortes e á Virxe) nunha sociedade fortemente masculina. No caso das peregrinacións o texto e ilustracións amosan trazos excepcionais; é factíbel, en diversos casos, localizar unha situación histórica particular que involucra ao rei e a súa relación con Santiago de Compostela a través da figura dos bispos. Analízase pormenorizadamente a cantiga 278 e a cantiga 253, tendo presente o contido de textos e imaxes.




- Raúl Cesar Gouveia Fernandes, “Casamento e adultério na lírica galego-portugesa”, pp. 345-351.

Pártese das explicacións sociolóxicas de Koelher e Duby para o carácter adulterino do amor cortés na súa zona orixinaria. Os poetas provenzais non asociaban o amor cortés co casamento, senón que sitúan a realización amorosa fóra da unión conxugal ou incluso como oposta a esta. Na área ibérica o amor cortés asúmese como extramatrimonial, aínda que nas cantigas rara vez se fai alusión ao estado civil da muller amada. O autor localiza e comenta as cantigas do trobador Pai Soarez de Taveirós e do xograr Lourenço, nas que a

protagonista é unha muller casada. Destaca, así mesmo, a denominada por José Joaquím Nunes como “cantiga de malmaridada” da autoría de Don Dinis. Por outro lado, o tratamento desta temática é moi diferente, segundo este investigador, nas cantigas de escarnio: critícase o adulterio, ridiculízase ao marido e satirízanse ás esposas infieis. O amor declarado a mulleres casadas ten, nos cancionieros galego-portugueses, un ton irónico e satírico.




- Nadia Paulo Ferreira, “O amor cortês”, pp. 352-357.

Faise unha análise do amor cortés tendo en conta que é producto da inspiración organizada por un conxunto de regras. Segundo a estudiosa, o poeta válese da linguaxe para crear un obxecto amado inaccesíbel. O amor cortés implica renunciar ao obxecto amado e non ao amor; deste xeito, a dama queda transformada nun símbolo de ausencia. As principais características do amor cortés sinaladas son que é un amor que nace da desigualdade da muller na sociedade medieval; que as regras de cortesía se organizan arredor da inaccesibilidade do obxecto; e que as forzas maldicentes e a manutención do segredo por

medio do “senhal” dan lugar a equivocacións. Por último, analízanse os estadios que o trobador experimenta ata atinxir o grao de amador.




-María Helena Sansão Fontes, “O trovador medieval e o poeta do moderno cancioneiro popular”, pp. 363-373.

Pártese das convencións amorosas da lírica galego-portuguesa e da estructura social que nela se ten en conta, para observar en qué grao os motivos permanecen vivos na música popular cantada xurdida en Brasil. Estas, de letras sen pretensións literarias, repiten o tópico da infidelidade como atributo feminino e o home como víctima do perxurio. Por outro lado, a cantiga de amigo, que inaugura sentimentos femininos espontáneos na oralidade, ten correspondencias tamén nas cancións actuais nas que os compositores alían a sensibilidade artística con preocupacións de orde social e existencial co sexo feminino.

-Marcia María de Arruda Franco, “As aves todas cantavam d’amores”: Ritmo e imagem medievais no soneto ‘o sol é grande...’ de Sá de Miranda”, pp. 374-378.

Busca detectar as pegadas que a lírica medieval galego-portuguesa deixa no soneto “O sol é grande...” de Sá de Miranda. Establécese unha relación entre o verso “as aves todas cantavam d’amores”, coa imaxe das “aves que cantan” presente en catro composicións de trobadores galego-portugueses: Nuno Fernandes Torneol (“Levad’, amigo, que dormide’-las frias manhãas”), Johan Airas de Santiago (“Pelo souto crexente”), Airas Nunes (“Que muito m’eu pago deste verão”) e Afonso X (“Nom me posso pagar tanto”). A estudiosa analiza o valor dos elementos que entran en xogo nas referidas composicións galego-portuguesas e a relación que gardan, polo valor adquirido, coa obra mirandina. “A relação entre Sá de Miranda e a poesia galego-portuguesa é profunda e transparece, quer nas pesquisas rítmicas, quer na circulação de uma única imagem para a metáfora do ato poético: o canto das aves”. Presta unha atención especial ao verso “non me posso pagar tanto”, que é visto pola autora como outra das afinidades entre o rei Afonso X e Sá de Miranda, xa que existe unha insatisfacción semellante que os afasta dos temas comúns.

- Regina Michelli, “O perfil masculino em demanda: o poder do rei, o dever do cavaleiro, o saber do eremita”, pp. 448-454.

Analízanse as figuras masculinas da materia arturiana que se desenvolve na Demanda do Santo Graal. Segundo a autora, o rei érguese como modelo de perfección lonxe da dimensión humana, consubstancial á calidade de personaxe mítico-literario. É unha figura cristianizada na que se percibe que na súa creación interviñeron elementos de orixe celta. Fronte á figura paterna do pai, a autora atribúe aos cabaleiros unha relación filial, xa que como vasalos xuran servir e gardar ao seu señor. Por outro lado, Galaaz é considerado na narrativa un ser perfecto, imaxe de Xesús. Segundo a autora, na Demanda do Santo Graal hai dous tipos de figuras masculinas: os cabaleiros que loitan por acadar o status de heroes e os homes bos (eremitas, vellos, abades). Este último grupo está analizado en detalle.

-Marco Antônio de Oliveira de Pais, “Difusão e recepção de elementos culturais da Idade Media no Brasil: Uma ‘Cantiga de Santa María’ no nordeste”, p. 486-490.

Relaciónase o tema do folleto titulado *Historia da Emperatriz porcina* de Baltazar Dias, impreso no século XVI, cun milagre da Virxe narrado nas *Cantigas de Santa María* (nº 5, na edición de Mettmann 1986), que leva o epígrafe ‘Esta é como Santa María ajudou a emperatriz de Roma a sofre-las grandes coitas per que passou”. Contempla as posíbeis

fontes escritas das que se serviu Afonso X para a elaboración da cantiga, que á súa vez inspirou a composición do folleto.




- María Guadalupe Pechero-Sánchez, “Peregrinação e peregrinos no sermonário do *Codex Calixtinus”*, pp. 491-498.

Comenta o contido do libro I do *Codex Calixtinus*, prestando especial atención á análise do sermón coñecido como *Veneranda dies,* atribuído ao papa Calixto, destinado á celebración do día da elección e traslado do Apóstolo Santiago. Tematicamente, o sermón está dividido en tres partes: a primeira trata a louvanza a Santiago e a historia da súa chegada a Compostela; a segunda é unha chamada á peregrinación; e a terceira xira arredor dos perigos no camiño.

- João Antonio de Santana Neto, “Aspectos discursivos de uma cantiga medieval”, pp. 560 565.

Analízase a enunciación na cantiga “Rei Judeorum, Jesu Nazareno” (B1557) atribuída a Fernan Soarez de Quinhones. O estudio está centrado na polifonía e na argumentación da cantiga, facilitando as fontes que posibelmente foron utilizadas para a elaboración da composición. A presencia de expresións latinas e a evidente alusión a temas bíblicos ten, segundo o autor, un triple efecto: ornamental, irónico e psicolóxico. A crítica que tece o trobador está asentada nunha oposición entre un plano positivo, no que está Xesús, representante de bens espirituais para os homes, e un plano negativo no que se localiza un “nós” dominado polos bens materiais para nós mesmos. Destacan os procedementos retóricos, tales como a metáfora, metonimia e alegoría para chegar ao retrato dunha sociedade voltada aos intereses materiais, desprezando o amor a cambio da riqueza.

- Cristina Mainardi Silva, “Neotrovadorismo: manifestação pos-moderna?”, pp. 582-589.

Analiza as diferencias que se localizan na producción poética de autores brasileiros que fan referencia aos modelos poéticos medievais nas súas composicións. Alude á relación que se establece entre unha composición de D. Dinis e a obra de Manuel Bandeira, os paralelismos entre a a alba de Nuno Fernandes Torneol e a producción de Guilherme de Almeida. Cecília

Meireles rememora as cantigas medievais facendo referencia a través dos títulos “cantar”, “cantiga”, “canción”, recuperando o uso de termos que funcionaban como elementos da temática medieval.




-José Pereira da Silva, “Edição e exegese de textos arcaicos da língua portuguesa”, pp. 590-595.

Comenta os avances acadados no campo da edición, tanto crítica coma diplomática, de textos medievais galego-portugueses. Ofrece a relación das edicións máis importantes: *Cancioneiro da Ajuda, Cancioneiro da Vaticana, Cancioneiro da Biblioteca Nacional, Cantigas de Santa Maria, Crónica Geral de Espanha de 1344, Demanda do Santo Graal.* Presenta unha serie de consideracións sobre *Cantigas de Amigo* de J. J. Nunes e *Demanda do Santo Graal* e *O Livro de Vita Christi em lingoagem português* de Augusto Magne, edicións que o autor considera relevantes para os estudios de lingua medieval.

- Paulo Roberto Sodré, “A especiologia das cantigas de amigo, de José Joaquim Nunes”, pp. 615-620.

Estudia no corpus editado por J. J. Nunes, *Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses*, a especialoxía proposta polo editor, en busca de figuras protagonistas que non sexan a amiga. Para efectuar esta análise procédese a examinar os destinatarios aos que se dirixe a protagonista da cantiga.

- Yara Frateschi Vieira, "A corte literária de D. Rodrigo Gomes de Trastâmara", pp. 641-647.




Apúntanse diversos nomes de trobadores que probabelmente frecuentaron a corte de Rodrigo Gomes de Trastámara; do panorama de trobadores galego-portugueses destacan seis que posibelmente mantiveron contacto con esta corte: Pero García de Amboa, Nuno Fernandez de Mirapeixe, João Lopes de Ulhoa, Pai Soarez e Pero Velho de Taveiros e Nuno Rodrigues de Candarei. A autora proporciona datos para a datación e a súa localización. Achega, ademais, un breve comentario sobre o contraste entre a producción deste grupo de trobadores coa de aqueloutros relacionados coa corte de Afonso X.





XI. 3. Publicacións en revistas

Montero Santalha, José-Martinho, "Sobre o catálogo das rimas trovadorescas", *Agália*, nº 67-68**,** "Notas", 2º semestre 2001, pp. 225-237.

Reprodúcense as palabras lidas por José-Martinho Montero Santalha no acto de defensa da súa tese de doutoramento titulada *As rimas da poesia trovadoresca galego-portuguesa: catálogo e análise*. Sinálase que esta obra ofrece un catálogo das rimas dos trobadores galego-portugueses, incluíndo as *Cantigas de Santa Maria*, durante o período clásico, que abrangue dende 1200 a 1350. Entre as súas conclusións sinala que a meirande parte desta rimas eran consonánticas, que parece haber indicios de que os trobadores empregasen algún diccionario de rimas ou que as nosas rimas seguen ás da poesía provenzal.